I. Narrativa

I. 1. Narradores galegos

Alonso, Fran (coord.), *Mini-relatos*, fotografías de Manuel G. Vicente, Vigo: Librería Cartabón, 1999, 71 pp. (D. L.: VG-1000-1999).

Edición non venal de relatos curtos que nace do obxectivo da Librería Cartabón de contribuír á consolidación do libro galego para que "adquira toda a forza como expresión dunha identidade colectiva", tal e como manifestan os libreiros nun primeiro limiar que leva por título "Celebración". A continuación, o coordinador da edición asegura nun segundo prólogo, titulado "Todo un reto", que tentou explorar "un camiño pouco transitado, polo de agora, na literatura galega", o do microrrelato, "ó xeito dos italianos nos seus microraconti". A obra consta de vinteoito relatos curtos de diferentes autores, que alternan cos retratos de cada un deles tirados polo fotógrafo M. G. Vicente. Péchase cun apartado que informa sobre os escenarios que serviron de marco para o fotógrafo. O volume contén os seguintes mini-relatos:

- An Alfaya, "Raíces", p. 11.

Relato de An Alfaya (Vigo, 1964) no que se narra o conflicto que se dá na protagonista sobre a súa inclinación sexual, debate que nace da presencia onírica e homosexual de Llimaima. Finalmente, desfaise desta figura que a tenta afastar dun "el".

- Fran Alonso, "A patrulla na estrada", p. 13.

Fran Alonso (Vigo, 1963) ofrece neste relato unha crónica do abuso do poder militar exemplificado na violencia que exerce un grupo de soldados sobre unha familia que viaxa nunha furgoneta.
- Rosa Aneiros, “Ata que a morte os arredou”, p. 15. Relato de Rosa Aneiros (Ferrol, 1976) cargado dunha forte carga simbólica no que se fala do sometemento matrimonial e da violencia de xénero.

- Anxo Angueira, “Dahar”, p. 17.

Historia mítica de Anxo Angueira (Manselle, San Xulián de Laíño, Dodro, 1961), que ten como personaxes a dous membros dunha tribo que camiñan por Dahar, deserto dos seus medos e mortos, cando se ven envoltos nunha tormenta.

- Xosé Ballesteros, “A raíña das pombas”, p. 19.

Xosé Ballesteros (Vigo, 1956) presenta un relato en terceira persoa no que se asiste á reflexión sobre o paso do tempo que fai o protagonista da historia, mentres observa que, aparentemente, non mudou nada nun parque, excepto a presencia inocente dunha muller, agora anciá, que lles dá de comer ás pombas.

- María Baredo, “Ese día”, p. 21.

A través da ironía e, ás veces, do sarcasmo, a protagonista feminina transmite con emoción a “aventura” da regra.

- Xurxo Borrazás, “Infalible”, p. 23.

Relato en clave humorística de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) no que o narrador transmite en primeira persoa a aventura da morte.

- Xosé Carlos Caneiro, “O tempo e a nada”, p. 25.

Neste conto de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) cóntase a vida de Don Silesio que, interno nun psiquiátrico, vive do recordo da súa defunta muller coa esperanza de que volva.

- María Canosa, “Remexendo”, p. 27.

Presenta María Canosa (Cee, 1978) un cadro descritivo da estación invernal, que propicia o illamento e a introspección.

- Uxía Casal, “O nacemento da humanidade”, p. 29.

Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) relata as orixes da humanidade remontándose ó descubrimento daquilo que a describe como tal: o sentimento.

- María do Cebreiro, “Monólogo exterior”, p. 31.

Nesta historia de María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) relátase como a protagonista feminina se procura, paradoxalmente, noutros corpos, o que provoca, ó final, a perda da propia esencia.

- Xosé Cid Cabido, “Sen título”, p. 33.

Relato de Xosé Cid Cabido (Casasoá-A Limia, 1959) no que se narra unha anécdota protagonizada por Raúl, un pai de familia que se dispón a baixar, sorpresivamente armado, a busca-lo pan por indicación de Telle, a súa muller, coa que mantén unha relación rutineira.

- María García Yáñez, “A anfitriona”, p. 35.

María García Yáñez (A Cañiza) presenta neste relato a descrición da beleza absoluta que acada unha muller coa morte, resultado do asasinato provocado pola obsesión enfermiza do protagonista.

- Mónica Góñez, “Leña verde”, p. 37. Expresión xubilosa de orgullo
xeracional nas palabras dun estudiante.

- Inma López Silva, “Frade lendo, namorado”, p. 39.

O protagonista desta historia de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1979) é un frade namorado da Quintana que, farto de tantos turistas, percorre o Camiño de Santiago ó revés. A el únese Prisciliano, que foxe do santo sepulcro, e encamíñanse cara a un mar mítico no que poidan atopa-la felicidade.

- Antón Lopo, “Glamur”, p. 41.

Neste relato de Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961) asistimos ás reflexións dun "macho" que mostra os prexuízos homófobos da sociedade actual.

- X. A. Neira Cruz, "O apuntador", p. 43.

X. A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) reivindica neste relato a memoria na figura do "Apuntador", un home que toleou na estación do ferrocarril á espera de alguén que nunca chegou.

- Olga Novo, "Mármore para puttana (Isola de San Michele)", p. 45.

Olga Novo (Vilarmao, Pobra do Brollón, 1975) presenta un canto á intensidade amorosa fronte á perfección como unha forma intemporal do amor.

- Manuel Núñez Singala, "Totalitarismo", p. 47. Nunha única frase, Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963) expresa o absurdo da opresión do poder.

- Santiago Jaureguízar, "¿Teletransportábase Mari?", p. 49.

Nesta historia de Santiago Jaureguízar (Bilbo, 1957) nárranse as alucinacións de Maruxa, que mantén unha relación co alén, vía móbil, coa súa filla, morta nun rito satánico a mans do mozo.

- Xavier Queipo, “Poesía no autobús”, p. 51. Retrato prototípico de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) dos “moitos” poetas que viaxan en autobús a partir do tropezo do protagonista cun deles.

- Xerardo Quintiá, “Roxanne”, p. 53.

Xerardo Quintiá (Friol, 1970) relata nesta historia a soidade do personaxe que cre albisca-la compañía dunha muller no espellismo alcohólico dunha noite calquera.

- Antón Riveiro Coello, “O afogado de Baronzás”, p. 55. Relato en primeira persoa de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) no que Ana lembra as visións míticas e lendarias do seu avó Luís, que teimaba en resucita-la Lagoa de Antela ante a incomprensión cega dos que o rodeaban.

- Manuel Seixas, “Revelación”, p. 57.

Relato intimista de Manuel Seixas (Vilagarcía de Arousa, 1961) no que unha muller baleirou progresivamente as entrañas no seu contacto coas persoas e que agora dará constancia do amor dun home no fillo que esas entrañas gardan.

- Xurxo Souto, “Visitación de Santa Mariña (Historia bonita)”, p. 59.

Xurxo Souto (A Coruña, 1966) presenta a historia dunha rapaza de Camariñas, Visitación, que non casou con aquel mariño inglés que curou cos seus coidados tras naufragar.

- Luísa Villalta, “Os amantes de imaxes”, p. 61.

Luísa Villalta (A Coruña, 1957) presenta unha historia na que se narra unha relación esporádica como tantas outras entre un home e unha muller. Sen embargo, foron momentos vividos como verdadeiros na súa breve duración.

- Rafa Villar, “A estatua”, p. 63.

Personifica Rafa Villar (Cee, 1968) neste relato o paso do tempo nunha estatua que, despois de trinta anos no seu pedestal, escolle o peor momento para baixar del. Entón, decide subir ó seu lugar ata que pase outro tanto tempo.

Angueira, Anxo, *Pensa nao*, XVIº Premio Xerais de Novela 1999, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 153, decembro 1999, 190 pp. (ISBN: 84-8302467-5).

Esta primeira novela longa de Anxo Angueira Viturro (Manselle-Dodro, 1961) lévanos ós meses finais da Segunda República e ós comezos da Guerra Civil. Ó longo dos sete capítulos numerados en romanos nos que está estructurada a obra, un narrador principal, omnisciente en terceira persoa, cóntano-la vida dos veciños de Sernanselle, unha aldea do concello de Dodro situada entre o Ulla e as primeiras ladeiras da Barbanza, que se constitúen como protagonista colectivo da obra. Esa modalidade narrativa clásica compleméntase coas cartas que unha nai lle escribe a un seu fillo emigrante. *Pensa nao* preséntanos esta época como unha etapa de profundas transformacións no mundo do agro: aumento da mecanización, explotación da terra seguindo criterios de productividade e rendibilidade, comezo da industrialización, introducción dos abonos químicos, mellora xenética das sementes, etc., e tamén como un momento de activa participación política e sindical, cambios que se verán fanados coa sublevación militar do 18 de xullo de 1936. A través das páxinas de *Pensa nao*, Anxo Angueira ponnos en contacto con moitas tarefas agrícolas, hoxe xa desaparecidas, e dános a coñecer boa parte da riqueza léxica que estas actividades xeraban.

Recensións:

- Martínez Bouzas, “100%”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 295, 30 decembro 1999, p. 8.

Primeiramente recorda que a narración se desenvolve nos meses que precederon á Guerra Civil, no norte da desembocadura do Ulla. A seguir, opina que as propias vivencias de Anxo Angueira alimentan gran parte do texto, no que se ensarillan o pulo renovador dos paisanos, o papel dinamizador dos indianos e o turbulento ambiente político da época. Destaca da novela o seu carácter amoroso e lírico, por baixo dos máis evidentes aspectos tráxico e político. Aínda que gaba a obra en xeral, salienta especialmente as últimas corenta páxinas e o léxico, que xulga arredado da normativa e moi rico nas variedades dialectais da zona.

Referencias varias:

- F. Franco, “Anxo Angueira e Bieito Iglesias, premios este ano do Xerais de Novela e Merlín”, *Faro de Vigo*, 7 novembro 1999, p. 49.

Noticia sobre a concesión dos premios “Xerais” de Novela e “Merlín” de Literatura Infantil. Polo que respecta ó primeiro deles, sinala que foi gañado por Anxo Angueira, pola súa obra *Pensa nao*, unha novela que está ambientada na Guerra Civil e que destaca pola súa prosa “coidadísima” e por un novidoso rexistro dialectal. Por outra banda, sinala que o Merlín obtívoo Bieito Iglesias por *A noite das cabras do aire*, na cal renova o xénero do terror recreando ambientes propios da nosa tradición.

- Pancho Tristán, “Anxo Angueira faise co Xerais”, *El Mundo. Galicia*, 7 novembro 1999, p. 9.

Aproximación ás obras premiadas co “Xerais” de Novela, por parte de Anxo Angueira por *Pensa nao,* e co “Merlín” de Literatura Infantil, obtido por Bieito Iglesias con *A noite das cabras do aire*. Con respecto á primeira obra, indícase a súa contextualización e a súa localización, ademais de referirse ás apreciacións que sobre ela fixo o portavoz do xurado, Francisco J. Gil. Outros aspectos ós que se fai referencia son a anterior faceta de Angueira como poeta, a dotación económica do premio e o recordo que este tivo para o recentemente falecido Antón Fraguas. De Bieito Iglesias, saliéntase o feito de converterse “nun dos valores máis en alza da literatura galega”, ademais de darse conta de que recibira outros premios con anterioridade e do seu próximo libro.

- M. Fontán, “Pretendo dar unha visión distinta do rural galego”, *Faro de Vigo*, 8 novembro 1999, p. 14.

Conversa con Anxo Angueira na que se refire ó proceso de maduración que seguiu a novela premiada co Xerais e ó seu intento de dar “unha visión distinta do noso mundo rural”, dando conta do contexto de “gran progreso” no que a obra está ambientada. Fai referencia, así mesmo, ó espacio xeográfico “imaxinario” no que esta se desenvolve. Tamén afirma que, a pesar de facer poesía durante moito tempo, se sente “orgulloso desta obra narrativa” e incide na importancia que a poesía galega ten actualmente, considerándoa como “punta de lanza da nosa literatura”.

- M. Gimeno, “Angueira a prol da normativa”, *O Correo Galego*, 8 novembro 1999, p. 14.

Tras reflecti-la postura de Anxo Angueira con respecto ó galego que el utiliza na súa literatura faise un achegamento á súa obra literaria facendo un especial fincapé na obra galardoada co Premio Xerais 1999, *Pensa nao*; introdúcesenos nalgúns aspectos da mesma como cál foi a intención do autor, cál é a ambientación da obra ou qué fontes utilizou. Refírese, finalmente, á prematuridade para decidir se vai continuar ou non no xénero da novela.

- Pancho Tristán, “Toda a literatura é política”, *El Mundo. Galicia*, 8 novembro 1999, p. 8.

Anxo Angueira reflicte as súas intencións á hora de pasar da poesía á narrativa e comenta cal foi o proceso de xestación da súa novela, ademais de afirmar que se presentou ó premio Xerais porque ten unha proxección moi importante. Así mesmo, dá conta dos seus proxectos para o futuro no eido da literatura, afirmando que neste momento non ten ningún, e mostra a súa reivindicación pola normativa oficial. Antes da entrevista, faise unha achega á súa intervención no acto de entrega dos Premios Xerais.

- Silvia R. Pontevedra, "O mellor premio é ese de papel que se leva ó banco", *La Voz de Galicia*, "Última voz", 9 novembro 1999, p. 96.

Entrevista con Anxo Angueira e con Bieito Iglesias, premios Xerais e Merlín do ano 1999, respectivamente, na que se incide nas súas orixes e na súa procedencia e se fai unha aproximación, da man dos propios autores, ás obras galardoadas con estes dous premios. Así mesmo, nesta charla, ofrece Bieito Iglesias a súa visión da literatura de terror para nenos e da posible función pedagóxica que escribir obras transgresoras, fundamentalmente as dirixidas ós nenos, pode ter tanto nos escritores coma nos lectores.

- Rosé Carré, "América foi un producto de luz e de diñeiro", *Atlántico Diario*, 14 novembro 1999, p. 10.

Anxo Angueira di que precisou moita información para escribir esta novela e salienta a importancia que tivo na súa vida a emigración de familiares. Tamén se refire ó que supuxo a necesidade de emigrar para Galicia e explica as razóns de acoller na obra variantes dialectais e a normativa oficial.

-Carme Vidal, "A primeira literatura coa que me atopei foron as cartas de América", *A Nosa Terra*, nº 908, "Guieiro Cultural", 18 novembro 1999, p. 21.

O gañador do Premio “Xerais” de Novela comenta as razóns que o levaron a publicar unha novela, logo dun poemario e dun libro de relatos. Explica como foi recompilando información oral sobre os meses previos ó ano 1936. Ó final, sinala mostrarse radicalmente a favor da lingua oral e da normativa oficial que el practica.

- Sandra Penelas, “A guerra civil aínda vive na mente de moitos galegos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 132, 20 novembro 1999, p. 3.

Fala Anxo Angueira, en resposta ás preguntas da entrevistadora, da diferencia de cultivar poesía e narrativa, da utilidade desta última para expresa-la vivencia dos meses previos á Guerra Civil; dos traballos de investigación que tivo que facer para escribi-la novela e mais da paixón que o levou a escribir nunha lingua case dialectal.

Antelo Suárez, Asunción, *As penurias dun amor*, ed. e prólogo de Xosé Manuel Varela Varela, Ponteceso-A Coruña: Asociación Cultural Monte Branco, col. Narrativa, nº 1, 1999, 57 pp. (D. L.: C-816-1999).

No prólogo que presenta esta narración de Asunción Antelo Suárez (Coristanco, 1919), achégase unha descrición da autora, tamén coñecida como “a rexoubeira de Bergantiños”, e coméntanse as facetas artísticas de Asunción, como escultora, oleira e poetisa, na súa aldea de Segufe, Coristanco. Esta narración está dividida en tres capítulos, que segundo indica o prologuista, constitúen unha “curta historia dun amor, dunha nai e dunha filla, que leva trazas de se converter nun amor imposible”. No primeiro capítulo, “Maruxiña da Penela”, descríbese como Maruxiña, unha rapaza de quince anos anda angustiada porque non coñece o seu pai. Coa axuda do seu profesor e dos seus padriños descobre que seu pai é Xosé da Brasileira, un home rico ó que servira súa nai Manuela. Xosé, ante unha posible demanda, acepta casar con Manuela, e fano esa mesma noite. En “O señor cura”, prodúcese un flash-back onde se relatan as peripecias do cura e dunha costureira o día anterior á voda. No derradeiro episodio, “Os compadres Xan mais Roque”, nárrase como Xan e Roque van da-los parabéns ós acabados de casar, mais ó regresaren tarde ás súas casas teñen que atura-las súas mulleres. Remata coa presentación dos pais de Maruxiña o domingo na misa, onde son felicitados por toda a xente do lugar, feito que os leva a facer unha festa polo San Xosé á que invitan os padriños.

Arellano, Ana María, *Menú de degustación*, Galaxia, Vigo: col. Descuberta, nº 5, 1999, 140 pp. (ISBN: 84-8288-254-6).

Seguindo a estructura de composición dun menú, Ana María Arellano (Zaragoza, 1954) divide este volume nas seguintes partes, que, á súa vez, recollen unha serie de contos. A primeira delas é “Entrantes”, que comprende os relatos curtos “O futingo”, “O Roxo de Cuntis”, “Ensalada de desatinos” e “Azaleas de primavera”. A continuación está “Culebrón de cores salteadas”, que presenta “A Cova de Alverdó I” e “Sorbete ácido de cola”, e “Encadeado de finais con gornición”, que mostra o relato “A cova de Alverdó II”. Por outra banda, en “Sobremesa” aparecen ostitulados “Delicias cegas”, “Ósos de santo á maneira de Lérez” e “Reflexos no espello”. Por último, en “Licores” atópase “Bágoas de cervexa”. Trátase, en fin, dun conxunto de relatos de variable extensión, en cada un dos cales ten cabida unha historia diferente, na que os protagonistas viven historias de amor, sofren da soidade ou doutros males ou viven unha singular experiencia.

Recensións:

- Xosé M. Eiré, “O comedor solitário”, *A Nosa Terra*, nº 880, “Guieiro Cultural”, 29 abril 1999, p. 27.

Lembra o pasado de Ana María Arellano, vencellado á revista feminista *Andaina*. A seguir, comenta os relatos curtos que integran este volume e opina que neles hai moita historia “que semella recheo, arredor de un núcleo consistente e ben contado”, onde os personaxes masculinos parecen bastante monolíticos. Tamén apunta que se trata dun “menu” escrito ó redor da soidade, no que a sensibilidade feminina está

patente sempre, “pero onde botamos de menos máis literariedade mentres a complexidade da estrutura deixa pouca marxe para unha clara e correcta lectura”.

-F. M. Martínez Bouzas, “Mínimas delicatessen”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 61, 13 maio 1999, p. 9.

Saúda a aparición de Ana María Arellano no escenario narrativo galego con *Menú de degustación*. Considera que “os pratos fortes deste menú” son os relatos que teñen que ver coa cova de Alverdó, ós que cualifica de “intensos (...) pero formalmente moi complexos”. Salienta a novidade na narrativa galega destes textos curtos, frescos e orixinais, que relaciona co xénero literario que Castelao usou en *Cousas*. Céntrase no comentario de dous destes textos, “O futingo” e a historia de Mouriña, nos que salienta a emotividade e o carácter melódico.

- Xosé Manuel Enríquez, “Un libro moi aparente”, *Guía dos libros novos*, nº 10, “Narrativa”, setembro 1999, p. 26.

Salienta que con esta entrega, Ana María Arellano consegue a súa afirmación literaria en lingua galega. Observa neste conxunto de relatos o desexo de ofrecer unha “summa literaria”, a concisión, a efectividade e a presencia do marabilloso como trazos comúns a todos. Refírese a tres dos relatos, “Culebrón de cores salteadas”, “Encadeado de finais con gornición” e “A cova de Alverdó”, por ser máis extensos e ofrecer unha historia fluída e non momentánea como o resto. Enumera aqueles que considera meras “prácticas de estilo” e nos que se quere exercitar unha ortografía que “trascende a pura conectividade da palabra” con “guinadas ó folclore narrativo tradicional”. Estima que é unha obra “aparente, de intención orixinal e ben ofrecida”, pero insuficiente; que os textos son presentados coma xantares, que a ruptura da imaxinación neles provoca distanciamento do experimentalismo con xogos de acasos, sorpresas, vivez e alegría e sinala a presencia de suxestións non concretadas o suficiente.

Referencias varias:

- Antía Gándara, “*Menú de degustación*”, *Redacción Xove*, nº 23, 10 abril 1999, p. 23.

Comentario breve no que se pon de relevo a variedade dos contos, así como o enxeño da escritora ó establece-la relación dos títulos cos relatos presentados, e a súa capacidade narrativa e descritiva ó facer mención ós sentimentos dos personaxes. Sublíñase tamén que é un libro “ameno e interesante” para calquera amante dos relatos curtos.

- Beatriz Pallas, “A muller pode escribir cos mesmos cánons ca un home”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 78, 18 maio 1999, p. 7.

Con motivo da publicación da súa primeira incursión na literatura galega, recóllense as opinións de Ana María Arellano, que comezou a súa traxectoria na revista *Andaina*. Comeza reflexionando sobre a existencia dunha escrita exclusivamente feminina, e céntrase despois no nacemento do título e o argumento da obra. Finalmente, comenta a súa relación coa lingua galega como medio de expresión escrita, e refírese brevemente ó significado da fantasía e da realidade no seu propio mundo literario.

Borrazás, Xurxo, *O desintegrista*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 18, 1999, 143 pp. (ISBN: 84-8302-384-9).

A narración en primeira persoa mantense ó longo destes oitenta e un textos que non son propiamente relatos, como o propio Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) recoñece: "máis que un libro de lectura este parece un libro de consulta ou referencia". Un pintor que viaxa á América do Norte, un amigo que tolea a causa da ordenación da súa biblioteca e a esposa do narrador configuran as presencias máis frecuentes, aínda que sempre discontinuas, na obra. Non obstante, o monólogo monopoliza a maioría dos textos. Inzan particularmente as reflexións metaliterarias cunha gran riqueza de perspectivas. A atención adoita reborda-lo eido da literatura para explorar outros como a pintura ou a cultura en xeral. A despersonalización e os excesos do mundo moderno compoñen o segundo centro de interese desta obra e a política ocupa un lugar significativo, mais secundario, nas reflexións do autor carballés.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, "Entre o ensaio lírico e o diário persoal", *A Nosa Terra*, nº 895, "Guieiro Cultural", 12 agosto 1999, p. 25.

Dá conta da estructura do libro, composto de oitenta e un capítulos, no que Xurxo Borrazás ofrece a súa visión do mundo. A seguir, refírese ás dificultades de adscrición xenérica que suscitan as obras deste escritor e valora este feito en tanto se converte nun reto para a crítica. Considera que *O desintegrista* posúe a fondura do ensaio actual, na liña de Suso de Toro en *Parado na tormenta* (1996) ou Antón Baamonde en *A*

rosa sen porqué (1997), pola desaparición do talante culturista na enunciación do pensamento, a falta deretórica en favor do lirismo e a aparición da interpretación individual. Ó lado destes trazos advirte da presencia de recursos narrativos como os personaxes, as descricións, os diálogos ou capítulos con aparencia de relato.

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Enxulla dialéctica", *La Voz de Galicia,* "*Culturas*", nº 97, 28 setembro 1999, p. 7.

Considera que tanto a colección "Ferros" de Xerais como esta obra de Xurxo Borrazás, servirán na historia crítica da narrativa dos noventa para falar da "deconstrucción xenérica, da ruptura de fronteiras e da mestizaxe" en canto ós xéneros. Salienta o xogo entre ficción e realidade que se percibe en *O desintegrista* a través do desvelamento das claves do escritor en relación dialéctica co lector. Refírese tamén á presencia de trazos como o humor, a ironía, a reflexión metaliteraria ou a anécdota.

- A. R., "O ismo desintegrista", *Tempos Novos*, nº 29, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", outubro 1999, p. 65.

Achega a súa particular opinión sobre esta publicación, da que ofrece en ton irónico unhas breves notas dos temas que aborda Borrazás como o amor, a morte ou o sentido da existencia e critica a tendencia do escritor polo feito de estar "defendéndose enrabechadamente da crítica".

-Xosé Manuel Enríquez, "Case un epifonema", *Guía dos libros novos*, nº 12, "Narrativa", novembro 1999, p. 22.

Cunha escolma bibliográfica de Xurxo Borrazás dáse paso ó comentario de *O desintegrista*. Reflexiona sobre a dificultade á hora de encontrar un fío unificador dos oitenta e un apartado do libro e sobre a definición do termo desintegrismo despois desta lectura. Pregúntase cómo foi o proceso de escolla do título, proporciona un resumo do argumento e explica qué tipo de textos (fragmentos, cursos, pensamentos) conforman esta obra. A seguir, informa da dificultade para dilucida-lo subxénero literario ó que pertence este libro e da incapacidade do fío argumental para manter unha "cohesión entre tanta dispersión de temas".

Referencias varias:

- Manuel Darriba, "Anacos de vida propios e alleos", *El Progreso*, 1 agosto 1999, p. 33.

Faise eco da aparición do libro *O desintegrista*, de Xurxo Borrazás, dentro da colección "Ferros" da editorial Xerais. Tamén se loa a figura do autor e se subliña a temática variada deste volume.

Braxe, Lino, *A cor do ceo*, introd. Manuel Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, 108 pp. (ISBN: 84-8302-413-6).

Cunha breve presentación de Manuel Rivas ábrese este volume de Lino Braxe (Mugardos, 1962), no que saúda a publicación da obra, á que cualifica como unha creación insólita no panorama literario galego. Baixo a súa opinión, estes relatos “emocionan, conmoven e, sobre todo, animan”. O libro está concibido como un caderno de bitácora no que se alternan os textos en prosa de moi diversa extensión, co verso, estructurados baixo diferentes epígrafes: “Baixo as calores do trópico”, “O mar onde se encontran as almas”, “A sinfonía dun novo mundo”, “Galicia, mon amour” e “Como un epílogo”. O fío conductor de todos eles é a memoria do mar, as historias de piratas e a imaxinación alimentada con “monstros mariños”. Percorre diferentes lugares afastados de Galicia e é constante a presencia de personaxes exóticos dos que se contan diferentes anécdotas ou que serven como inspiradores dos versos, os cales se caracterizan pola tendencia á imaxe surrealista e o versolibrismo. O libro vén acompañado dun CD no que se reproducen algúns dos relatos publicados.

Calvo, Tucho, *Luz de abrente*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 159, febreiro 1999, 118 pp. (ISBN: 84-8288-263-5).

Esta nova entrega narrativa do escritor e xornalista Tucho Calvo (A Guaira, Venezuela, 1954) estructúrase en dezaseis capítulos curtos marcados con números romanos. Un narrador omnisciente cóntanos en terceira persoa o retiro do escritor Urx e da súa dona Loaira a Foz de Abelaira, unha pequena aldea mariñeira, para escribir unha obra. Pouco a pouco vai tecendo un mundo de fantasía que nos achega á ficción científica, con momentos cargados de intriga. Os personaxes fantásticos e os mundos imaxinarios, case todos eles moi relacionados co mar, aboian por toda a novela dando corpo a historias secundarias.

Recensións:

- X. L. Franco Grande, "Unha novela de ilusión", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 73, 13 abril 1999, p. 7.

Destaca a adecuada integración entre os mundos real e imaxinario dentro desta obra de Tucho Calvo, a pesar de que os dous son ficcionais. Sinala que a ambigüidade que o autor mantén en todo momento é o máis valioso da novela e apunta a capacidade do texto para involucra-lo lector, a súa riqueza lingüística e pericia técnica. Remata contrapoñendo esta obra coas premiadas en diversos certames, das que o articulista non ten, en xeral, moi boa opinión por lle parece-las máis das veces "imposibles de ler".

- Xulio Valcárcel, "*Luz de Abrente*", *El Ideal Gallego*, "Páxina literaria", 18 abril 1999, p. 6.

Dá conta da volta de Tucho Calvo ós camiños da fantasía, afastándose así do realismo predominante na novela galega actual. Sobrancea a construcción de ambientes, o xogo de identidades dentro da obra e a relación personaxes-autor. Alén diso, coida que os seres e situacións fóra dos límites da realidade dan vida a unha mitoloxía eminentemente galega.

- F. Martínez Bouzas, "*Luz de abrente* iluminando realidades", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias",* nº 58, 22 abril 1999, p. 8.

Gábase a estructuración e ensamblaxe dos dous mundos que conviven nesta novela de Tucho Calvo: o do escritor que se instala na Foz de Abelaira e o da súa obra. Malia os cruzamentos entre o personaxe real e o ficticio, crese que o relato non induce a confusións. Por outra parte, cualifícase o contido de sinxelo e exponse o argumento. A linguaxe e as imaxes son consideradas moi positivamente.

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Una obra rica e polisémica", *La Voz de Galicia*, 26 abril 1999, p. 61.

Adscribe a novela de Tucho Calvo ó "sempre difícil" xénero da fantasía. Destaca a identificación dos dous personaxes principais, situados en diferentes planos da realidade e louva a pericia nos diálogos e nacreación de atmosferas. Alén disto, acha relación con Álvaro Cunqueiro, Vicente Risco e Franz Kafka.

- Chema Paz Gago, "*Luz de abrente*", *Grial*, nº 142, Tomo XXXVII, "Libros", abril-maio-xuño 1999, pp. 325 327.

Considera que esta novela de Tucho Calvo é moi orixinal porque mestura realidade e fantasía ó producirse un desdobramento da personalidade do protagonista, e que busca un lector "intelixente e imaxinativo". Opina que é este o trazo máis novidoso, xa que argumentos similares foran manexados con anterioridade noutras

obras da literatura universal. Compáraa con *Froito das lembranzas* (1981) en canto á orixinalidade estructural e coas obras de Wenceslao Fernández Flórez e de Torrente Ballester pola utilización da fantasía. Salienta que *Luz de abrente* "significa a recuperación dunha descrición brillante, ben integrada no discurso narrativo" e ó mesmo tempo constitúe "unha narración chea de trampas e enganos".

- Xosé M. Eiré, "Xogo de espellos", *A Nosa Terra*, nº 897, "Guieiro Cultural", 26 agosto 1999, p. 24.

Comeza esta recensión da novela de Tucho Calvo coa descrición da mestura de distintos planos: o real, o da fantasía e o dos soños, a través da actuación dos personaxes principais, de entre os que salienta a Loaira como "auténtico fío conductor da novela" e "a personaxe mellor construída". Opina Eyré que é "un bon proxecto de novela" pero que peca da falta de profundización na caracterización dos personaxes. Destaca tamén a intertextualidade con Cunqueiro e as influencias de Dante e das traxedias gregas.

Referencias varias:

- Rocío Cortés Caldo, "Tucho Calvo: 'A fronteira entre a realidade e a fantasía é borrosa", *El Progreso*, 13 maio 1999, p. 77.

Información sobre a presentación da obra de Tucho Calvo en Lugo, na que participaron Roberto Irimia, representante da editorial, e Carmen Blanco, docente da universidade santiaguesa. Esta última relacionou a novela coa tradición fantástica da literatura galega e, máis concretamente, con Cunqueiro. Tamén se recollen as palabras en que Calvo asume a ruptura co realismo e sinala que se pode le-la obra en dous niveis de distinta profundidade.

- Beatriz Abelairas, "Gallego", *Que Leer día a día*, nº 36, xuño 1999, p. 44.

Tucho Calvo responde nesta entrevista a preguntas sobre a súa última novela *Luz de Abrente*. Fala da súa dobre lectura, do feitizo da ensoñación e das cargas da ironía. Por último comenta por qué tardou tanto tempo en publicala.

-Xosé Manuel Enríquez, “Un lenzo feito de retallos”, *Guía dos libros novos*, “Narrativa”, nº 8, xuño 1999, p. 20.

Desglosa o argumento da obra de Tucho Calvo, *Luz de abrente*, salientando que consiste nun relato dentro doutro relato, xa que o narrador conta como o protagonista está escribindo un libro, e chega un momento onde non se distingue se é o escritor ou o protagonista o que está falando.

- Julio Torres, “A fantasía e a imaxinación mestúranse coa realidade en “Luz de Abrente*”, O Correo Galego*, “AFA”, 10 setembro 1999, p. 34.

Achega o argumento da última entrega de Tucho Calvo e recolle varias declaracións deste, que define a súa obra como “optimista” e sinala que pode ter dúas lecturas: unha, na que prima a fantasía e que só busca entreter e outra, que vai máis alá, “pois fai unha análise moito máis profunda desta fantasía”. Por último, refírese ós recoñecementos recibidos e ás obras máis recentes de Tucho Calvo.

Caneiro, Xosé Carlos, *Os séculos da lúa*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 18, maio 1999, 359 pp. (ISBN: 84-89814-70-8). .

Nova entrega narrativa do novelista e poeta ourensán Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963). Neste caso trátase dunha novela longa estructurada en seis capítulos, que á súa vez están divididos en fragmentos máis curtos que se pechan con parágrafos entre parénteses nos que o propio autor reflexiona sobre a obra, sobre os personaxes e sobre a súa condición de escritor, ademais de tentar guia-la lectura. A obra percorre a vida de varias xeracións de Olvidos e de Elías, "amantísimas" elas e "burladores" eles, dende os comezos do século XVIII ata a o momento presente. A historia que se repite, xeración tras xeración, está contada por Elías Eliseu Feliz, tamén chamado Cholo, que é fillo de Elías Feliz "o Profeta", un psiquiatra cego que tentará curala última das Olvido. Os personaxes actúan movidos por un destino do que non se poden afastar e que está marcado polo "Libro de Ruth", que vén se-la "pedra angular" ó redor da que xira a novela. Cada unha das parellas está contextualizada no seu tempo con indicacións literarias, musicais, artísticas e históricas que permiten segui-lo fío argumental relacionándoo coa época na que se sitúan os feitos narrados.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "*Os séculos da lúa*", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 27 xuño 1999, p. 9.

Cualifica a obra de extraordinaria. Nota que a complexidade pode reducir moi significativamente o seu público mais valóralle que sexa fiel á súa traxectoria e se manteña arredado da literatura comercial, sen cinguirse ós

canons do politicamente correcto. Salienta tamén a faceta metaliteraria da novela e a sabencia coa que Xosé Carlos Caneiro introduce o humorismo, ademais de apuntarlle os excesos de "reflexión melancólica pseudopoética". Remata cun pequeno comentario sobre a radical reducción dos signos de puntuación.

-Xosé M. Eiré, "Preciosa novela exemplar", *A Nosa Terra*, nº 892, "Guieiro Cultural", 22 xullo 1999, pp. 23 24. Comeza facendo unha relación das obras publicadas por Xosé Carlos Caneiro a quen considera "o autor máis en forma das nosas letras". Pasa despois a sitúar *Os séculos da lúa* no conxunto da pentaloxía que se propón crea-lo escritor. Describe o argumento e destaca a súa rica e traballada linguaxe, así como a súa concepción dende un punto de vista musical pola obsesión polo ritmo, "perfectamente acompasado, perfectamente medido". Analiza os personaxes, caracterizados pola súa riqueza, e valora especialmente o narrador e remata subliñando que é "unha novela de madurez escrita por un autor ben novo".

-Ramón Nicolás Rodríguez, "¿Novela pretenciosamente insufrible?", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 98, 5 outubro 1999, p. 7.

Destaca da última novela de Xosé Carlos Caneiro a súa complexa estructura de saga familiar na busca da felicidade. Valora a presencia dunha voz narradora que esixe en todo momento a atención e a implicación do lector, así como o recurso formal do fragmentarismo, "aparentemente caótico" pero ben inserido na estructura da novela. Refírese tamén ás intertextualidades presentes no relato, en particular coa novela picaresca, coa literatura universal e coa galega, coa mitoloxía universal e cos textos bíblicos. Conclúe destacando que esta novela é "un monumento metafórico da vida, da historia e da propia literatura", e que cómpre considerala entre "as novelas de maior alento creativo dos últimos tempos".

Referencias varias:

-Mar Gil, “Por cada cen autores que entran en Galicia chega un galego a Madrid”, *La Voz de Galicia*, 23 maio 1999, p. 42.

O escritor verinés Xosé Carlos Caneiro explica algunhas das claves da súa última novela, *Os séculos da lúa*, e reflexiona sobre a relación do escritor galego co mercado e sobre as traduccións de obras galegas ó castelán.

- Rodri García, “Estou canso de ser escritor de culto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 83, 22 xuño 1999, p. 7.

Recóllense diversas declaracións de Xosé Carlos Caneiro sobre *Os séculos da lúa*, da que salienta a súa “prosa insólita e diferente”. Sinala que é unha novela complexa e que esteticamente non a podería superar, ademais de referirse á boa resposta que está obtendo por parte do lectorado. Así mesmo, di que está “canso de ser un escritor de culto” e, con respecto á temática da citada novela, apunta que esta é “unha saga na que como fondo está a busca permanente da felicidade”. Por último, Caneiro defende a liberdade que deben te-los escritores para escribir e anúnciase a traducción ó castelán da súa novela *Xogo de apócrifos* (1992).

- Marcos Valcárcel, “A literatura entendida como reto”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 30 xullo 1999, p. 2.

Reflexións sobre a última novela de Xosé Carlos Caneiro, “un auténtico exercicio literario onde se xoga cunha enorme variedade de rexistros e unha rica documentación histórica”, segundo afirma Marcos Valcárcel. Apunta tamén que é unha “fonda reflexión” sobre os grandes temas de sempre e, sobre de todo, unha

"aposta titánica" de comunicación co lector. Por último, refírese á funcionalidade que posúen os textos apócrifos nesta novela e á concepción que ten o propio Caneiro sobre a literatura, á que ve "como un pulo desesperado por negar a morte desde a creación estética".

- Luis Pousa, "El libro es objeto de feria y de taberna", *El Ideal Gallego*, 6 agosto 1999, p. 20.

Despois de apuntar que Xosé Carlos Caneiro logrou conformar con *Os séculos da lúa* unha obra literaria con poucos equivalentes entre os seus compañeiros de xeración, mantén unha conversa con el. Comenta Caneiro que esta novela é a terceira da súa pentaloxía e que é un poema desenvolvido en "400 y pico páginas, con un componente rítmico similar y homogéneo". Sinala que a verdadeira literatura é estilo e que o importante é o libro e non o espectáculo que se forma ó seu redor, ademais de considerar que é bo que se publique moito en Galicia, pois o tempo xa irá sinalando o bo e o malo. Tamén alude ós seus proxectos literarios e indica que xa ten a cuarta novela da citada pentaloxía, *Talvez melancolía*, coa que gañou o Premio García Barros, e que está a traballar na derradeira peza da serie.

Caneiro, Xosé Carlos, *Talvez melancolía* (*Diario do home imposible*), XIº Premio de Novela Manuel García Barros 1999, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 22, 1999, 250 pp. (ISBN: 84-89814-80-5).

Será no subtítulo desta novela *(Diario do home imposible)* onde vexamos con exactitude as intencións novelescas desta nova entrega narrativa coa que Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) gañou o XIº Premio de Novela Manuel García Barros. Trátase do diario dun home que conta en primeira persoa o seu devalar vital ata o suicidio. Cada unha das tres partes está composta por un xogo no que tres acrósticos delimitan a letra coa que debe comezar cada unha das palabras do diario: "O vendedor de botas altas soñaba con ser un poema interminable e un río de palabras e a escritura dun diario infinito", "O vendedor de botas altas soñaba con ter alguén que o amase" e "O vendedor de botas altas soñaba con ser feliz". Deste xeito configúrase a última etapa da vida do Pirata, así é como se fai chama-lo protagonista, e as súas ansias de felicidade e de amor, que unhas veces son de carácter homosexual, personificado no Purísima, o seu psicólogo, outras heterosexual, coa súa amada Mara. Ambas relacións, quer por uns motivos quer por outros, non chegan a realizarse. E sobre todo a relación amorosa coa nai, totalmente edipiana, que nunca chega a realizarse sexualmente, aínda que sabemos que é autora de cinco asasinatos de amantes e do propio pai do Pirata. Entrementres unha vida ilusionada e feliz entre prostíbulos, fulanas, bebedeira e a escritura do diario nun camiño arelante de se converter nun vendedor de botas en París, o espacio imaxinario, a vila onde se desenvolve a novela.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, “O home que quería ser feliz”, *A Nosa Terra*, nº 913, “Guieiro Cultural”, 16 decembro 1999, pp. 27-28.

Tras establece-los puntos en común, Eiré sitúa esta obra a carón de *O infortunio da soidade* (1992). Comenta que o protagonista é un profesor de literatura acomplexado que procura a felicidade e o amor, xa que logo, cualifica o texto de existencialista, a pesar de que non despreza o mundo senón que desexa mudalo para mellor. Tamén lle apón as etiquetas de social e metaliteraria, xa que fala de Ende, Kafka, Proust, Otero, Hugo, entre outros escritores de referencia, ademais doutras artes como a pintura ou o cinema. Gaba finalmente a riqueza da linguaxe e a capacidade creativa desta obra de Xosé Carlos Caneiro, que se traduce nun número adecuado de neoloxismos.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, “Algunhas notas sobre ‘*Talvez melancolía*” *Tabeirós Terra*, nº VIII, novembro 1999, p. 5. Xosé Carlos Caneiro compara *Talvez Melancolía* co resto da súa producción narrativa, sinalando primeiramente que esta entrega completa *O infortunio da soidade* (1992) e que transcorre nun tempo anterior. Cualifica as súas catro novelas –*O infortunio da soidade*, *Un xogo de apócrifos* (1997), *Os séculos da lúa* e *Talvez Melancolía*– como saga novelesca sobre a busca da felicidade, que se completaría cunha quinta aínda sen escribir. Sinala que mentres *O infortunio* e *Talvez Melancolía* son novelas de protagonista, *Un xogo* e *Os séculos* son novelas corais. Con respecto a *Talvez Melancolía* considera tamén que fala da

permanente frustración do ser humano e que ten como fondo a decadencia e o desencanto. Alude por último ó seu final aberto.
- Manuel María, "*Talvez melancolía*. (Carta aberta a Xosé Carlos Caneiro)", *El Correo Gallego*, "Terras, homes e palabras", 7 decembro 1999, p. 3.

Carta aberta a Xosé Carlos Caneiro, na que se lle dá "testemuño público do noso asombro e da nosa admiración", pola súa obra poética e narrativa, e se lle comenta que "andamos deslumbrados" co seu último libro, *Talvez melancolía*.

Castro, Brais do, *Arredor da lúa*, A Coruña: Sementeira de Ediciones, col. Xeitos, 1999, 146 pp. (ISBN: 84-931083-0-8).

Brais do Castro (A Coruña, 1950) preséntanos en *Arredor da lúa* a vida dun home a modo de diario. Cómpre salienta-la linguaxe xergal da xuventude actual e as continuas aparicións de noticias meteorolóxicas nas que a lúa, referencia da amada, está sempre presente. Descríbese a vida cotiá do protagonista, quen non dá esquecido a súa amada, Liberdade, xa que ela estácontinuamente presente no seu vivir e incluso lle escribe dúas cartas. Ó remate reencóntrase con ela, mais o destino obrígaos a xebrarse novamente.

Chao, Ramón, *O camiño de Prisciliano*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 17, xaneiro 1999, 286 pp. (ISBN: 84-89814-62-7).

Novela que narra a viaxe en motocicleta de Ramón Chao (Vilalba, 1935), baixo o pseudónimo de Mario Luís, dende París ata Santiago de Compostela co obxectivo de achegarse a Galicia para consegui-lo carné de moto, na que pasa por diferentes puntos do centro leste peninsular como Mérida ou Salamanca. A través da viaxe física insírese unha viaxe histórica pola vida de Prisciliano que chega ó protagonista da man de diferentes informantes que van aparecendo ó longo deste percorrido. Os comentarios destes personaxes chegan ó narrador inicialmente por un encontro casual, que se converte despois na fin mesma da viaxe, suplantando ó obxectivo inicial. Estructuralmente atópase dividida en catro partes, nas que se desenvolven, a modo de diario, os pormenores das visitas que vai realizando e as relacións que establece coa xente que atopa en cada lugar, así como a información que lle van ofrecendo sobre o mito de Prisciliano. A segunda parte é contada por Berta, viaxeira que se une a el en Jaca e que o acompañará ata Sigüenza, pasando a ser ela a voz que relata as etapas correspondentes a este tramo da viaxe. No final da viaxe común, retoma Mario Luís á transmisión dos feitos, acompañado agora polo seufillo Óscar no camiño cara á meta que se atopa en Compostela, lugar no que se supón que está enterrado Prisciliano baixo a advocación de Santiago O Suplantador, completando só alí a vida que deste galego do século IV chegou ata os diferentes e numerosos estudiosos da súa vida.

Recensións:

-Marta Palacios, "*O camiño de Prisciliano*", *Citania*, nº 2, "Artes, Espéctaculos", outono-inverno 1999, pp. 93-94.

Faise un resumo do argumento desta obra de Ramón Chao paralelamente que se van comentando algúns aspectos da súa escrita, do seu estilo ou da própia diéxese. Destácanse a axilidade narrativa, os diferentes xogos de linguaxes e o pluralismo de discursos cultos e cotiáns.

- Xulio Varcárcel, "*O Camiño de Prisciliano*", *El Ideal Gallego*, "Crítica literaria", 21 febreiro 1999, p. 29.

Sinálase a existencia dunha novela de viaxes, na que Mario Luís se dirixe a Santiago, e outra novela histórica, que narra a andaina de Prisciliano. Compárase a novela cunha reportaxe e destácase a aparición de personaxes reais. Lóuvase a variedade estilística, especialmente feliz no referente á linguaxe humorística e á documental antiga. "Amena e feliz" son os cualificativos cos que Valcárcel define globalmente a obra de Ramón Chao.

- Marga Romero, "Novidades sobre Prisciliano", *Galicien Magazin*, nº 7, maio 1999, pp. 39-40. A autora desta recensión preséntano-las obras dos irmáns Chao Rego, *Prisciliano, Profeta contra o poder*, de Xosé Chao Rego e *O camiño de Prisciliano* de Ramón Chao. A propósito da primeira obra comenta que se trata dun ensaio novelado no que se acada un difícil equilibrio entre erudición e amenidade. Sobre a novela de Ramón Chao salienta que pode considerarse unha novela histórica que segue a estructura e as regras do xogo do ganso.

Referencias varias:

-Marta Palacios, “Quizá Santiago no debería llamarse así”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 61, 19 xaneiro 1999, p. 7.

Ramón Chao, crítico literario no xornal francés *Le Monde* e traductor de obras galegas para o francés, reflexiona sobre a figura de Prisciliano. Comeza a entrevista describindo as súas actividades durante o franquismo cando, dende París, emitía para Galicia, e en galego, dende Radio Francia Internacional. Refírese á próxima publicación do seu novo libro sobre o Priscilianismo, que será editado en tres versións distintas – galega *O camiño de Prisciliano*, española *Prisciliano de Compostela* e a francesa *Santiago el usurpador*, con tres finais lixeiramente diferentes. En relación con este libro comenta que os membros da Xeración Nós viron en Prisciliano a un dos primeiros intelectuais galegos e sinala a posibilidade que o seu sepulcro estea na Catedral de Santiago de Compostela. Comenta tamén que fixo un percorrido polos lugares onde se supón que estivo Prisciliano para aumenta-las súas propias experiencias dentro do libro. Por último, fala dos seus futuros proxectos, entre os que destaca crear un centro cultural en Bastavales e publicar un libro sobre La Bella Otero, muller nacida en Bastavales que se converteu nunha grande artista e cabareteira en Francia.

-C. P., “Ramón Chao restablece a realidade histórica con *O camiño de Prisciliano*”, *La Voz de Galicia*, 13 febreiro 1999, p. 37.

Di que “restablece-la realidade histórica e acabar co mito de Santiago Matamoros”, foi o que moveu ó periodista e escritor da Terra Cha, Ramón Chao, a escribir unha novela histórica, *O camiño de Prisciliano*. Dá un resumo do argumento, refírese ás experiencias e fontes nas que se inspirou e bebeu o autor: viaxe en Vespa de París a Santiago, as *Crónicas,* de Sulpicio Severo, e o texto de San Martín de Tour. Fala da producción anterior do chairego afincado en París, do seu traballo alí, da presentación da obra en Compostela e anuncia a traducción desta obra ó castelán na editorial Seix Barral.

-Carme Vidal, “Ramon Chao. Desde Rádio Paris mantiven relación con toda a oposición ao franquismo”, *A Nosa Terra*, nº 870, “Guieiro Cultural”, 18 febreiro 1999, pp. 30-31.

Nesta conversa, o escritor e xornalista Ramón Chao Rego analiza o seu labor durante o franquismo en Radio París e a figura de Prisciliano. Describe que en Radio París dirixiu o programa *Alló Galicia* no que se facía oposición ó réxime fascista español e que se relacionaba coa oposición galega: UPG, PC, etc. Con referencia ó priscilianismo, indica que vén de presenta-la súa obra *O camiño de Prisciliano* que é definida como “unha rota heteródoxa fronte á xacobea do “usurpador” e coida que Prisciliano “foi silenciado pola invención de Santiago e até que a finais deste século se descobriron os seus escritos apenas se falou del”. Por último aclara que o proxecto da *Feira das Mentiras* (1998), organizada polo seu fillo Manu Chao, naceu na viaxe que fixeran polo Camiño de Prisciliano.

Cid Cabido, Xosé*, grupo abeliano*, Premio Blanco Amor de Novela 1999, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, 149 pp. (ISBN: 84-8302-466-7).

Segunda novela de Xosé Cid Cabido (Xunqueira de Ambía, 1959) que relata as actividades de "seis ou sete" individuos durante unha semana nunha cidade inconcreta e que forman o "grupo abeliano", un grupo que carece de sentido orgánico e xerárquico pero que actúa de xeito determinado e unitario. A súa actitude marxinal maniféstase nuns comportamentos antisociais que, lonxe de pasar á clandestinidade e de se concretar na violencia gratuíta, se mostran ásociedade provocando incluso a submisión desta. Ó mesmo tempo, reflicten unha crítica ó poder económico, político e policial e unha alternativa á vida rutineira e convencional actual. A narración aséntase nun estilo áxil baseado na economía discursiva e nun tratamento lineal que reforza a importancia da acción fronte á psicoloxía dos personaxes, como demostra o uso dun narrador protagonista moi selectivo e pouco convencional.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "*Grupo abeliano*, un libro insólito", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 6, 17 decembro 1999, p. 3. Refírese á historia e ós personaxes desta última entrega de Xosé Cid Cabido, ós que considera un único personaxe grupal, polo cal acha o título da novela moi acaído. A seguir, explica o argumento, comenta algúns lances inverosímiles e indica a inexistencia de acción propiamente dita. Na parte negativa, os diálogos seméllanlle por veces excesivos e prescindibles. En conxunto, atopa o texto orixinal e innovador dentro do panorama da literatura galega.

Referencias varias:

- Ana Rubinos, “Xosé Cid Cabido gaña por segunda vez o premio Blanco Amor con “*Grupo abeliano*”, *Faro de Vigo*, 25 setembro 1999, p. 65.

Anuncia a concesión do premio á obra *grupo abeliano*, de Xosé Cid Cabido, que xa gañara o certame en 1994 con *Panificadora*. Segundo os membros do xurado, Bernardino Graña e Manuel Antón Mosteiro García, a escolla motivouse na innovación temática e estructural da obra, que expón unha visión rupturista da sociedade por parte duns personaxes indefinidos. Ademais, afirman que a súa principal competidora foi a novela finalista *As rulas de Bakunin*, de estilo máis tradicional. Por outra parte, menciona a traxectoria literaria do autor, merecedora xa de cinco premios.

-Marcos Gago, “Xosé Cid Cabido gana el Blanco Amor de novela con la obra “*Grupo abeliano*”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 1999, p. 90.

Refírese á concesión deste premio á obra *grupo abeliano* polo seu estilo e temática e pola conmutación e indefinición que presentan os personaxes, en palabras de Bernardino Graña, voceiro do xurado. Tamén cita as outras obras finalistas deste premio e a composición do seu resto do xurado.

-Antonio Rodríguez/A. Rodríguez, “Límites difusos”/“Cid Cabido defende na novela que lle valeu o Blanco Amor a idea dunha identidade móbil”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 27 setembro 1999, p. 16/p. 75.

A raíz da concesión da presente edición deste premio a Xosé Cid Cabido, destaca a investigación formal que define ó autor, característica que foi valorada polo xurado na obra galardoada e que se estende ó espacio e

ós personaxes. A continuación, recolle as declaracións do escritor que afirma que na súa obra pon en xogo o "evidencialismo" de Kafka e Beckett polo cal o individuo é asimilado polo grupo. Por outra parte, resalta a economía de recursos, que ofrece unha "sensación de acción nula" ligada á ausencia de guión. Para finalizar, di que os personaxes forman un grupo non organizado e que o "bilingüismo harmónico é unha falacia", en referencia ós premios bilingües, así como advirte unha presencia crecente dos *best-sellers* na literatura galega relacionados coa condición docente de moitos dos escritores.

- Ana Prieto, "A nosa cultura vai sufrir cambios espectaculares", *La Voz de Galicia*, 28 setembro 1999, p. 92.

Entrevista con Xosé Cid Cabido tras gaña-lo Premio "Blanco Amor" de Novela. Despois de amosa-la súa satisfacción polo galardón recibido, polo estímulo e compensación ó traballo que supón, o entrevistado centra a innovación da novela na indefinición duns personaxes que só se caracterizan pola acción. Ademais, cre que a cultura galega afrontará grandes mudanzas no futuro.

- Carme Vidal, "A literatura é renovación, non me interesa a novela de fórmula", *A Nosa Terra*, nº 902, "Guieiro Cultural", 30 setembro 1999, p. 34.

Nesta conversa, Xosé Cid Cabido sinala que en *grupo abeliano* ten en conta a liña que vai de Kafka a Beckett, "na que desaparecen os compromisos establecidos no que se podía considerar unha forma de narrar correcta e corrente", xa que é un dos personaxes o que asume o papel do narrador "pero non é convencional". Sinala que a actitude dos personaxes é colocarse fóra do sistema e que é difícil de encadrar este tipo de relatos que con frecuencia recorren á reflexión. Refírese ás relacións que se establecen entre o cotián e o extraordinario e á influencia da propia experiencia na súa nova novela, ademais de falar da súa "marca" literaria e do evidencialismo que aparece nas súas obras. Di que se sitúa na liña dos que escriben como exploración e alude á introducción do erotismo e do sexo na súa narrativa, para rematar apuntando que, dende o punto de vista da literatura, somos unha "poténcia cunha situación moi esperanzadora".

- Sandra Penelas, “Prefiro escribir sen método”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 132, 20 novembro 1999, p. 2.

Xosé Cid Cabido fala de *grupo abeliano*, do seu xeito de escribir e das formas que emprega para se manifestar: nomeadamente o evidencialismo. Comenta as principais características desta súa obra e da dificultade que lle supuxo crear un grupo anónimo que se expresase como tal. Por último afirma que a situación actual da lírica galega é “alentadora” e recoñece que os escritores galegos que non escriban en galego corren o risco de non seren publicados.

- A. F., “Cid Cabido recibe en Bueu o premio Blanco Amor pola súa novela ‘*Grupo Abeliano*”, *A Comarca do Morrazo*, nº 79, 29 decembro 1999, p. 24.

Ademais de dar conta da composición do xurado e da bibliografía literaria de Cid Cabido, expón o tema da obra facendo fincapé nas nulas perspectivas que o mundo lles ofrece ós mozos protagonistas. Sinala como características principais da voz narradora a memoria selectiva, a ironía e a imprecisión consciente. Informa tamén de que o portavoz do xurado declarou que a crítica á sociedade actual, dominada polo mercantilismo, é un trazo común a tódolos textos finalistas do Premio “Blanco Amor” de Novela. Non esquece lembrar que este autor xa lograra o mesmo premio na edición de 1994.

Costa Clavell, Xavier, *Lume esmorecido*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 27, maio 1999, 111 pp. (ISBN: 84-7680-303-6).

A figura feminina ocupa un posto preponderante nestes once relatos misceláneos fornecidos por Costa Clavell (Chantada, 1923). Gábase frecuentemente a súa beleza. Outras características que lle apón máis esporadicamente son: hipocrisía, cobiza ou debilidade. O sexo ocupa taménun papel central. É tratado como fonte de felicidade e enriquecemento persoal malia apareceren personaxes, sempre mulleres, definidos polos seus comportamentos concupiscentes. Alén diso, denuncia a lacra da emigración e os comportamentos fascistas do período da contenda civil española. Outra vía temática é a composta por elementos relixiosos, oníricos e máxicos. A localización temporal dos relatos é moi variada: espállase polo último milenio e medio. Cómpre sinalar que a narración "Soños e cores", que realmente son dous textos unidos, xa gozara dunha edición de bibliófilo de setenta e cinco exemplares en 1991.

Recensións:

- A. R., "Cinsas", *Tempos Novos*, nº 29, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", outubro 1999, p. 65.

Breve achega a esta obra da que ofrece un sucinto resumo do seu contido, e salienta que as once narracións que se inclúen no libro constitúen un "mosaico literario na estela continuísta dos grandes mestres galegos que noutrora foron".

Referencias varias:

-AGN, “El escritor Costa Clavell presentó en Chantada su obra “*Lume esmorecido*”, *Diario de Ferrol*, 26 agosto 1999, p. 31.

Anuncia a presentación do libro de Costa Clavell na súa localidade natal, Chantada. Fai despois un breve percorrido polas súas publicacións tanto en galego coma en castelán. Lembra tamén as súas habituais colaboracións periodísticas en diferentes xornais e revistas así como a concesión do Pedrón de Ouro no ano 1991 polo seu labor de difusión no ámbito da cultura galega.

Fernández, Xonxa, Jorge **Gende**, Ana Cristina **López**, Irma **Amado Nodar** e Lois **Pérez Diéguez**, *Curriculum vitae e catro contos máis*, Premio Ourense de Contos para a Mocidade 1998, coord. Benito Losada, revisión de textos Henrique Torreiro, Ourense: Agrupación de Libreiros de Ourense/Casa da Xuventude de Ourense, 1999, 74 pp. (ISBN: 84-921613-3-7). .

Volume no que se recollen o relato premiado no XVº Concurso de Contos para a Mocidade 1998, así como os catro accésit. O libro vai precedido dun breve limiar asinado polas dúas entidades editoras, no que se resume a temática dos relatos premiados e no que se afirma que este tipo de concursos ofrecen a oportunidade "a xoves autoras e autores de veren convertidas as súas frases en letra impresa, ou o que é o mesmo, unha parte delas/deles convertida en parte xa de todas/todos". Os cinco relatos que se reproducen son os seguintes:

- Xonxa Fernández, "Currículum Vitae", pp. 9-15.

Ofrece, en ton irónico, a descrición dunha entrevista para consegui-lo primeiro emprego. Narra, con detalle, a sensación do aspirante ante as innumerables preguntas do entrevistador. O relato remata co fracaso do protagonista e as recomendacións para o futuro.
- Jorge Gende, "Rúa Miuño", pp. 17-23.

Describe, con detalle e coa rapidez que lle outorga ó relato a falta de pausas, marcada pola ausencia total de puntuación, a vida do protagonista e dos seus amigos durante a infancia. Alude ós xogos de indios e vaqueiros, á construcción de casetas para as diferentes bandas, ós partidos de fútbol, ás carreiras de coches fabricados por eles ou ás sesións no cine de barrio.

- Ana Cristina López, “Intervalo“, pp. 25-32.

Describe, brevemente, o que ocorre nun circo minutos antes de que comece a función diaria. Alude ós nervios do presentador, ós últimos preparativos, á espera do público e á actuación dos pallasos que, nesta ocasión, foi “mediocre, parda, indigna”.

- Irma Amado Nodar, “A moza do tren”, pp. 33-39.

O protagonista lembra, mentres viaxa no tren, a unha moza chamada Noa, que coñeceu cando era neno e da que se namorou. Despois de moitos anos, mentres recorda o pasado, cre que unha das mozas que viaxa con el no tren pode ser Noa e, no último momento, aproveitando unha segunda oportunidade, atrévese a falar con ela.

- Lois e Raúl Pérez Diéguez, “O crime perfecto”, pp. 41-67.

O máis extenso dos relatos narra as aventuras de tres detectives afeccionados que intentan soluciona-lo crime perfecto. Trátase de Pepe o zapateiro, Paco o afiador e Xan o canteiro, que se enfrontan ó caso da morte do herdeiro dunha gran fortuna, así como da presidencia da empresa de seu pai. Despois de seguir e investigar tódalas pistas, descobren que non houbo asasinato senón un triste accidente. Ó final, gracias á recompensa que reciben por soluciona-lo caso, os tres protagonistas conseguen mellora-la calidade das súas vidas.

Referencias varias:

- R. F., “Un libro recolle os relatos gañadores do Concurso de Contos 98”, *La Región*, 14 maio 1999, p. 13.

Noticia sobre a presentación deste libro de contos que recolle os relatos do Concurso de Contos para a Mocidade 1998. Dá conta dos relatos que se presentan neste volume, do número de participantes no certame e dos integrantes do xurado.

Fernández Ferreiro, Xosé, *O atentado*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 152, xullo 1999, 149 pp. (ISBN: 84-8302-394-6).

Esta nova entrega literaria de Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, 1931) constitúe a segunda parte da historia que comezou en *A ceo aberto* (1981). Céntrase na mocidade e madurez de Cándido, un rapaz que abandona os eidos nativos para casar en Madrid cunha galega que coñecera mentres cumpría o servicio militar. O protagonista, que traballa dirixindo o tránsito na capital española, aparece como un inadaptado a unhas condicións de vida opresivas. A súa saudade da aldea non é compartida pola muller nin pola filla, mellor adaptados ó estilo de vida urbano. O fútbol e as revistas do corazón axudan respectivamente a homes e mulleres a soportar unhas vidas sen moitos alicientes. Unha viaxe a Galicia concentra as ilusións da familia, que se verán truncadas ó sufri-lo garda, o día que compraba os billetes de tren, un atentado terrorista no que perde a vida. En conclusión, esta novela supón un novo achegamento ó drama da emigración e do desenraizamento ocasionados polas paupérrimas condicións socioeconómicas do país durante os anos do franquismo.

Recensións:

- C. Fernández, “Un autor con oficio”, *La Voz de Galicia*, 17 agosto 1999, p. 29.

Despois de facer unha breve presentación do libro comenta o seu argumento, así como a técnica cinematográfica seguida para a construcción da novela. Finalmente, considera a Xosé Fernández Ferreiro un dos narradores máis destacados da literatura galega.

-F. Martínez Bouzas, "*O atentado*", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias",* nº 77, 2 setembro 1999, p. 8.

Analízase *O atentado*, de Xosé Fernández Ferreiro, indicando que é a segunda parte dunha historia comezada con *A ceo aberto* (1981). Relaciónanse ambas pezas narrativas explicando as súas similitudes narrativas e argumentais, "a vida dun desarraigado que emigra a Madrid".

- Xosé M. Eiré, "Quentura da lembranza", *A Nosa Terra*, nº 900, "Guieiro Cultural", 16 setembro 1999, pp. 27 28.

Comeza facendo referencia e exemplificando a importancia de Xosé Fernández Ferreiro como renovador do tecido literario galego dende 1959 coa obra *A noite* ata hoxe en día con *O atentado*. Analiza esta última novela dicindo que é a continuación, ou segunda parte, de *A ceo aberto* (1981) que é definida como "unha novela de infáncia". Posteriormente, comenta *O atentado* asegurando que "os diálogos son a peor parte da novela" e que se trata dunha "novela de emigración, realista". Para rematar afirma que as dúas novelas xuntas conformarían "unha novela de moita máis entidade".

- Xulio Valcárcel, "Unha boa novela "*O atentado*", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 19 setembro 1999, p. 4.

Comentario sobre a novela de Xosé Fernández Ferreiro, no que se expón algunha das súas calidades, se analiza o tema –"desraizamento dun home normal"– e se describe o protagonista do libro.

Joaquim Ventura, "Nostalxias dun garda urbano", *Guía dos libros novos*, nº 12, "Narrativa", novembro 1999, 21.

Lembra algúns datos bibliográficos de Xosé Fernández Ferreiro, fai fincapé na capacidade deste autor para cambiar, nas súas obras, de rexistros e temáticas e resume o argumento de *O atentado*. Menciona entre as características deste relato a presencia dunha emigración obxectiva, o uso de flash-backs temporais e achegas simbólicas ó longo da narración. Cualifica de absurdo o desenlace da historia e de erro "a galeguización absoluta e sen razón da toponimia galega". Evoca a presencia do clasicismo do Centro Galego na obra e a non pretensión de facer transcendental a historia contada.

Referencias varias:

- Natalia Paris, "Escribo sobre o amor e a morte", *La Voz de Galicia*, 4 agosto 1999, p. 29.

Entrevista con Xosé Fernández Ferreiro, con motivo da presentación de *O atentado*, na Feira do Libro da Coruña. O autor explica a continuidade desta obra con respecto a *A ceo aberto* (1981) e sinala que a presencia da violencia, xunto ó lirismo nas súas obras, débense a que a loucura, a rapina e a imbecilidade forman parte da vida cotiá. Recoñece unha maior madureza narrativa nas súas obras dende os inicios ata agora, alude á desaparición da aldea e nomea a X. L. Méndez Ferrín como exemplo dos grandes nomes da novela galega.

- Eduardo Álvarez, “Fernández Ferreiro presenta na Feira do Libro da Coruña a novela ‘*O atentado*’, segunda parte de ‘*A ceo aberto*”, *El Correo Gallego*, 5 agosto 1999, p. 76.

Con motivo da presentación de *O atentado* no transcurso da Feira do Libro da Coruña, faise referencia á temática da obra coas palabras do propio autor. Así, segundo Xosé Fernández Ferreiro, trátase dunha novela en parte urbana e en parte rural e dunha “historia de amor e de morte, de desarraigo e de imposible retorno ós vellos eidos”.

- Julio Torres G., “O atentado contra a aldea”, *O Correo Galego*, “AFA”, 13 agosto 1999, p. 33.

Comenta que *O atentado*, unha “historia de amor e de morte, de tenrura e de violencia” é unha continuación de *A ceo aberto* (1981) e que, a pesar das dúas novelas seguiren o mesmo fío conductor, o seu autor recoñece que as súas fronteiras están ben delimitadas. Tamén indica que esta última entrega de Xosé Fernández Ferreiro recolle o desarraigo e o imposible retorno ós vellos eidos nativos, “algo que lle ocorre á maioría dos emigrantes galegos”, e que está ambientada en Madrid, onde el viviu moitos anos. Finalmente, ademais de sinalar que a novela é fácil de ler, aproxímase á producción do seu autor.

Fernández Pintos, Xulio, *Máis alá do alén*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, decembro 1999, 116 pp. (ISBN: 84-89129-80-0).

Reúnense neste volume trece relatos curtos sen conexión entre eles agás pola presencia nalgúns do tema da morte, como ocorre nos seguintes: “O pensador”, “ A perruca”, “O ferruxe”, “Alma emprestada” e “Xente”. Nos demais a temática é moi variada dende a historia de Adán e Eva no paraíso en “Chepudo”, ás alucinacións en “A alcaldesa” ou reflexións de varios tipos (monólogos interiores, problemas de parella por causa da informática, trastornos familiares por un trasgo, relacións persoas/animais personalizados e aventuras espaciais cheas de humor) en “Na praia”, “Elvira”, “Farruco”, “Pingas” e “Xocas”.

Franco, Anxo, *Hóspedes do medo*, Finalista do Premio Blanco-Amor 1997 e Accésit do Premio de Novela Manuel García Barros 1998, Ferrol: Edicións Embora, maio 1999, 345 pp. (ISBN: 84-930147-0-2).

Primeira novela de Anxo Franco Bañobre (Ferrol, 1958) que comeza cunha cita do acto V do *Hamlet* shakespereano. A seguir, nun apartado titulado “A xénese do libro”, o narrador explica as orixes da obra a partir dun encontro casual cun tal Valerio, que por entón vivía en Madrid, e que lle amosa uns documentos sobre a historia de Ferrol durante a República. Os documentos foron escritos por Emilio, co que ambos chegan a entrevistarse. A continuación, iníciase a novela que o autor divide en catro partes que se suceden no tempo. A primeira parte, localízase no Ferrol de 1923 e céntrase na vida da nai de Emilio; a segunda, que vai dende 1933 a 1936, narra os acontecementos que marcaron a vida de Emilio dende os dezaoito ata os vinteún anos; na terceira relátanse os feitos que se produciron en Ferrol durante a guerra civil e a posguerra; a cuarta sitúase xa no ano 1947 con continuas analepses ás épocas que conforman a segunda e a terceira parte da novela. Para rematar, reprodúcese outra entrevista con Emilio, que agora vive en Lisboa, completamente alleo á situación política de España. Trátase, en definitiva, dunha obra na que se recollen as reflexións e os apuntes do diario de Emilio sobre o período da República. O narrador e Valerio limítanse a ordenalos, amplialos e documentalos coa fin de construír unha ficción baseada en feitos reais que xa forman parte da historia de España.

Referencias varias:

- C. F., “El mercado gallego recibe una nueva obra sobre la Guerra Civil”, *La Voz de Galicia*, 18 xullo 1999, p. 35. Sinala que esta novela, sobre o apaixonante tema da guerra civil en Galicia, está precedida doutras obras escritas en galego de autores de Galicia, das que achega o seu nome. Así, apunta que no ano 1957 inicia a temática Ramón de Valenzuela con *Non agardei por ninguén* e que nos 70 aparecen *Memento de vivos*, de Alfredo Conde e *Aqueles anos do Moncho*, de Xosé Neira Vilas; nos 80 *Morrer en Vilaquinte*, de Helena Villar e Xesús Rábade e *Lembranza dun home*, de Xosé Manuel del Caño e nos 90, *Terra coutada*, de Antonio Fernández Pérez, *O lapis do carpinteiro*, de Manolo Rivas e *Hóspedes do medo*, de Anxo Franco, entre moitas outras que tamén cita.

García Mañá, Luis, *As plumas do moucho*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 28, maio 1999, 155 pp. (ISBN: 84-7680-306-0).

Luis García Mañá (Ourense, 1950), ó longo de dez capítulos, narra a historia de Renate, unha fermosísima moza alemana que veu a Vigo para pór unha tenda de pianos a mediados dos anos corenta, escusa útil para esconder nos instrumentos paquetes que contiñan penicilina. Forma parte dunha rede alemana que enviaba wolframio para a Alemaña e introduce ilicitamente, aínda que coa complicidade do réxime franquista, a menciña tan útil coma escasa. Ó mesmo tempo, coa procura de aprender a falar español, faise amiga de Estela que comeza a sentir unha ambigua admiración por ela. Comeza a sentirse cómoda e querida por primeira vez na súa vida. Mais, en pouco tempo o seu mundo vigués esfarélase: Estela sepárase dela dun xeito violento ó non se sentir correspondida; morre Arthur Muller, o xefe da “arañeira” e o que exercía unha suprema potestade sobre todos. Co esfarelamento dos negocios, propiciados por un maior celo do goberno de Franco, e co abandono das amizades máis prezadas, comeza a decrepitude de Renate. Comeza polo incendio intencionado da súa casa, que a deixa soa e sen ter onde ir, xunto ó seu deterioro físico cada vez máis rápido que a leva ó suicidio. Mais será no último capítulo cando sabemos que se trata en realidade dun mozo alemán chamado Enrich, que fora aviador coa lexión Cóndor e despois na Segunda Guerra Mundial viñera para Galicia escapando da Alemaña natal, onde xa non tiña familiares, e logo de facer unha operación de troco de sexo en Portugal. O seu labor na mafia, alén de achegarlle sustento económico, fornecíalle as hormonas precisas para que o seu corpo mantivese a forma de muller que arelaba e que puidera conseguir logo de moitos anos. Antes de se suicidar asasinou á súa amiga Estela e ó seu mozo, e ós dous vellos actores portugueses cos que durante uns meses aprendera xeitos e modos femininos xa que non quería deixar pegada da súa anterior personalidade.

Recensións:

- Joaquim Ventura, “Unha novela instructiva”, *Guía dos libros novos*, nº 10, “Narrativa”, setembro 1999, p. 22. Salienta a escaseza da temática tratada en *As plumas do moucho* (presencia dos nazis en Vigo e o mercado negro da penicilina na posguerra mundial) na narrativa galega e o fito de que o seu autor, Luís García Mañá, sexa comisario de policía. Subliña a mellor situación policial e das letras galegas actualmente, en comparación coa presentada na novela, e a converxencia na persoa do escritor como síntoma da normalización de ámbalas dúas. Para o recensionista non é unha obra “flor dun verán” e agarda que se publiquen máis obras coma esta. No tocante ó tempo cualifícao de breve e sitúao na anunciada caída de Alemaña, a creación das Nacións Unidas e o cruzar do Rhin por parte dos aliados. Conta que o lectorado só descobre ó final o truco, á maneira de Agatha Christie, para lograr unha acción narrativa “ben resolta”. Nomea outros conflictos presentes nesta historia (celos, amoríos ou envexas) que se entrecruzan na perfección da organización nazi e resalta a intención do autor por instruí-lo lectorado nunha época recente da historia galega. Estima un erro que o novelista non sacase maior proveito coñecendo a importancia do mercado negro, estraperlo e contrabando en Vigo e que non botase man de certos sucesos da realidade dese momento como o préstamo de igrexas como almacéns ou os arribistas camuflados de falanxes. Cita tamén algunhas chatas na mecánica narrativa como a falta de marcas de lectura, a presencia de léxico portugués erróneo ou o hiperenxebrismo dos nomes das rúas rebautizadas no réxime e manifesta, por último, o seu desexo de que existan máis novelas como esta onde se desvelen historias agachadas de Galicia.

Referencias varias:

- Francisco J. Gil, “O que máis lle interesa á xente é a propia xente”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1999, p. 50.

Nesta entrevista Luis García Mañá fala sobre as fontes das que se valeu para escribir esta novela, segundo di, a investigación sobre un amplo material histórico para delimitar espacios e ambientes. Considera que o

fundamental da historia non é a compoñente histórica senón a historia humana que viven os personaxes. Con respecto á relación entre a súa profesión, vinculada ás forzas de seguridade do Estado, e a súa actividade literaria sinala que non se considera un escritor profesional e que deixa de lado a súa faceta de policía cando escribe.

- Javier D. Campa, "Luis García Mañá: "Mi trabajo me ha dado facilidad para investigar la Historia", *Atlántico Diario*, 5 maio 1999, p. 11.

Infórmase da presentación da novela en Vigo e cítanse as palabras de Luis García Mañá, quen se referiu ás dúas facetas da súa vida, a de policía e a de escritor, e explicou o título e a ambientación da súa obra.

- Lois Sandoval, "O comisario Mañá esculca a historia", *O Correo Galego*, "AFA", 6 maio 1999, p. 40.

Con motivo da presentación da novela na Feira do Libro de Santiago, comenta brevemente o argumento da novela e alude ó infrecuente que resulta nunha literatura que un escritor compaxine a publicación de libros coa profesión de comisario xefe de policía. Salienta tamén o interese de García Mañá pola historia, como xa demostrara en *O lume de Santo Antón* (1997).

- L. R., "Luis García Mañá se valió de la historia y la ficción para escribir su segunda novela", *La Región*, 14 maio 1999, p. 12.

Anúnciase o acto de presentación da obra en Vigo. Tras uns apuntamentos biográficos, cítanse as palabras do autor xustificando a escolla espacio-temporal realizada para ambienta-la novela.
- Antonio Piñeiro, "Un libro para recuperar o pracer da literatura", *La Región*, 15 maio 1999, p. 15.

Dáse conta da presencia de Basilio Losada e García Mañá no acto de presentación da novela celebrado no Liceo Recreo da Cidade das Burgas. Dise que o primeiro destacou a sinxeleza da obra e encheuna de gabanzas ademais de profetizar longa vida para a literatura e lembra-los tempos da súa mocidade, contemporáneos cos que serven de marco á narración.

- Alfredo Conde, "Novela negra", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 1 xuño 1999, p. 48/p. 4.

Conde compara dúas obras que está a ler: esta de García Mañá e outra que non identifica. Contrapón a sinxeleza da primeira coa excesiva artificiosidade da segunda, para concluír que prefire a do autor ourensán. Finalmente, coida que para estructurar ben as novelas non hai como le-las do xénero negro.

- Lalo Vázquez Gil, "*As prumas do Moucho*", *Atlántico Diario*, "Tiempo de Vigo", 6 xullo 1999, p. 20.

Tras comenta-lo polifacetismo de Luis García Mañá, Lalo Vázquez diserta sobre a época en que se desenvolve a narración referíndose á urbe viguesa. Opina que o tratamento que lle dá García Mañá é adecuado. Remata gabando a claridade estilística e augurándolle unha chea de lectores.

- Borobó, "A novela dos nazis en Galiza", *A Nosa Terra*, nº 892, "Guieiro Cultural", 22 xullo 1999, p. 28.

Segundo vai lendo *As plumas do moucho*, sinala que as lembranzas se lle van acugulando. Así, comenta que o propio Luis García Mañá lle recorda a Carlos Caba, que foi, igual ca el, comisario de policía e novelista. Apunta que o libro do autor ourensán se centra nos anos posteriores á IIª Guerra Mundial e xira ó redor dun enxeñeiro alemán e empresario de moita influencia en Galicia, que vén se-lo arquetipo real e exemplar dos axentes da Gestapo que apoiaban as operacións submarinas e controlaban o wolframio. Remata indicando que este tema novelístico fora moi ben aproveitado polo citado comisario Caba.

González Agís, Leopoldo, *Os contos do tío Ramón*, limiar de Francisco Xavier Martínez Durán, Portonovo-Sanxenxo: Edición do autor, 1999, 83 pp. (ISBN: 84-605-8712-6).

Volume bilingüe galego-castelán de Leopoldo González Agís que está precedido dun limiar de Francisco Martínez Durán, que apunta o "ambiente tertuliano" que o lector atopará nos contos. A obra consta de dezaseis relatos protagonizados por un vello mariñeiro, o Tío Ramón, que narra diversas historias no faladoiro da barbería dunha vila mariñeira. Estes contos breves, unitarios en canto á estructura, caracterízanse pola esaxeración, a temática mariñeira e o marabilloso popular que se sustenta no anecdotario cotián.

Referencias varias:

- Manuel Jabois, "González Agís regresa con un nuevo libro a la escena literaria", *Diario de Pontevedra*, 4 xullo 1999, p. 23.

Inicialmente recórdanse os dous libros publicados previamente por González Agís, unha compilación de artigos e outro de historia local de Portonovo (Sanxenxo), e maila súa andaina política. Infórmase de que o acto de presentación se celebrou dous días antes. Inscríbese a obra nun costumismo esaxerado e dáse conta da renuncia explícita de González Agís á gloria literaria.

Iglesias, Bieito, *O mellor francés de Barcelona*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 165, outubro 1999, 257 pp. (ISBN: 84-8288-287-2).

O título desta nova obra de Bieito Iglesias (Ourense, 1957) corresponde ó derradeiro dos dez relatos que conforman este volume. Trátase de narracións tituladas e contadas dende moi variadas instancias narrativas: o narrador protagonista ou testemuña en primeira persoa, o diario persoal, o intercambio epistolar e a omnisciencia clásica en terceira persoa. A través de *O mellor francés de Barcelona* desfilan unha galería de personaxes superados polos acontecementos do seu vivir cotián que, a través da imaxinación, o desexo e a mentira, intentan cambia-las súas vidas, pero rara vez o conseguen. Os relatos non perden o seu xenuíno sabor galego; quer a través da localización espacial no noso país, quer a través do comportamento e actitude dos protagonistas. Entre os temas tratados na obra, destacan a morte, a violencia, o sexo e a loita polo poder, todos eles abordados dende unha sutil ironía.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Baixada á Galicia esperpéntica”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 3, 26 novembro 1999, p. 3.

Comeza referíndose ó carácter excesivamente explícito do título, así como á traxectoria narrativa de Bieito Iglesias e á súa contribución á literatura erótica. A seguir, nomea tamén o “feito normalizador” que ó seu xuízo supón ter gañado recentemente un premio noutra lingua. Considera que *O mellor francés de Barcelona*

“tenta retratar en clave expresionista a Galicia actual e o perfil das alfaias que aquí moran” e fai mención da ironía e a mordacidade “cómico-realista” desenvolvidas na obra.

Kruckenberg, María do Carme, *Historias na memoria*, limiar de Mª Camiño Noia, ilust. Antón Goyanes, Vigo: Unión Comarcal de CC. OO. de Vigo, 1999, 48 pp. (Sen ISBN nin D. L.).

Publicada con motivo do Día das Letras Galegas 1999, esta obra de Mª do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) está precedida polas presentacións de Mª Teresa Fernández Piñeiro e Xosé Manuel Fernández Pérez, así como un limiar de Mª Camiño Noia e con ilustracións de Antón Goyanes precedendo cada un dos sete relatos curtos que conforman a obra. Todos eles se caracterizan por desenvolvérense na cidade de Vigo ou arredores, entre os anos 1933 e 1950, como explica a profesora Noia no limiar. Salienta, así mesmo, que non son propiamente contos, senón mais ben "impresións persoais", exceptuando o titulado "O morto asasinado", no que se narra un feito real que afectou á familia da propia autora: o asasinato do seu avó materno disfrazado de suicidio. En todas estas anécdotas que nos narra, como pode se-lo encontro de dous estraños en "Unha refolada de vento", a naturalidade dunha costureira e o seu fillo en "Amelia a modista", ou a idea de grandeza que se lles atribúe ós emigrados só por saíren da terra en "A campaíña", atopámola visión nostálxica dunha sociedade que desapareceu igual cá cidade que a acollía, transformándose co paso do tempo, acentuándose esta consciencia de cambio e perda en "O tren".

López López, Xabier, *Doutor Deus*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 1999, 298 pp. (ISBN: 84-7824-334-8).

Nova entrega narrativa de Xabier López López, (Bergondo, 1974), na que se recrea o ambiente represivo do franquismo dunha vila de Galicia nos anos cincuenta, á que chega o protagonista, Afonso Deus, escritor portugués, que entra en contacto cos habitantes da vila, especialmentecon aqueles que se hospedan na mesma pensión ca el. É significativa a presencia da pantasma de Trotski, visitante nocturno do escritor portugués co que se establece unha relación que evolúe ó longo da obra, e que se converte en símbolo da conciencia crítica do protagonista. Formalmente, presenta unha estructura externa de cinco libros divididos á súa vez en pequenos episodios titulados, ademais dun prefacio e un epílogo. Dende o punto de vista do contido presenta unha estructura circular condicionada pola chegada e partida en tren do protagonista. En canto ó estilo, é relevante a reproducción no texto de elementos externos como as notas necrolóxicas, anuncios publicitarios, rótulos e outros códigos informativos que ve no seu tránsito pola rúa.

Recensións:

- Silvia Gaspar, “Xabier López López: *Doutor Deus*”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Publicacións”, Tomo II, Ano X, abril-maio-xuño 1999, pp. 227-279.

Considera a obra *Doutor Deus* como un relato complexo, de difícil lectura mesmo para un lector medio. Con todo, pensa que quen afonde na novela de Xabier López observará, por entre a aparente confusión,

suficientes referencias que apuntan a unha reflexión consciente do autor. Unha reflexión centrada, neste caso, no propio acto da creación literaria, intentando achegarse ó automatismo absoluto do surrealismo.

-Carlos L. Bernárdez, “Con múltiples rexistros”, *Guía dos libros novos*, nº 10, “Narrativa”, setembro 1999, p. 27.

Comeza resaltando o labor da editorial Sotelo Blanco por “apostar por novos e prometedores novelistas” entre os que cita a Xabier López López, quen se incorpora coa obra *Doutor Deus*. Considera que a colección “Medusa”, desta editorial, así como, as series narrativas de Xerais, Galaxia e Espiral Maior marcan “o camiño para a actual prosa galega” nestes anos de “consolidación e diversificación da nosa literatura”. Achega uns breves datos deste escritor e refírese á súa primeira obra, *Biff, bang, pow!* (1997), parodia do xénero policial que, segundo Carlos Bernárdez, mantén “a cotío no seu mundo literario”. Con respecto a *Doutor Deus* indica que posúe unha estructura complexa e unha ordenación espacio-temporal non lineal. Sitúa a historia nos anos cincuenta en Cabaleiros, describe ó protagonista (escritor portugués, solitario e triste) e fai un resumo do argumento. Indica tamén a existencia de múltiples rexistros, con elementos paródicos e humorísticos, e a “recreación metaliteraria” coa que a “literatura remite a si mesma e na que a propia obra narrada se converte en obxeto de reflexión”. Na súa opinión excede en notas a pé de páxina que achegan pouco á comprensión da historia e á complicidade do lector, ademais do intento de forza-lo paródico, irónico e o lúdico. Cualifica a elección dos personaxes como “acerto” e refírese ó baleiro, ó fracaso vital que sente o protagonista despois da culminación das súas obras, e á representación da súa conciencia crítica no personaxe de Trotski. Por último afirma que a novela mantén o interese do lectorado gracias á tensión narrativa e que o escritor chegará a crear algún día unha “novela de altura”.

-Franck Meyer, “*Doutor Deus*”, *Grial*, nº 143, Tomo XXXVII, “Libros”, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 509 511.

Comeza cunhas palabras de louvanza para o traballo emprendido por Sotelo Blanco de dar a coñecer autores novos que exploran “a literatura pura e dura”, conscientes de estaren a facer algo diferente. Despois de considerar que *Biff, bang, pow* (1997), a anterior novela de Xabier López López, é unha historia de detectives un pouco atípica, opina que *Doutor Deus* é “unha fascinante novela” que posúe un “narrador áxil”, capaz de manexarse no tecido de personaxes, rexistros e voces diferentes sen “perder o norte”. Ademais de resumi-lo argumento de *Doutor Deus* e de observar nela a presencia do contexto histórico da Galicia dos anos 50, destaca a multitude de lecturas que permite, así como a capacidade que ten a novela para entreter e desacougar ó mesmo tempo.

Ramón Nicolás Rodríguez, “Máis ca un retrato”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 106, 30 novembro 1999,
7.

Faise eco da última entrega do escritor Xabier López López, que acaba de publica-la súa segunda novela, *Doutor Deus*. Trátase, segundo R. Nicolás, dunha obra densa, “onde sorprende a fusión engaioladora do sobrenatural co cotián; o ritmo áxil que consegue tralo primeiro bloque narrativo; o xogo de perspectivas e a hábil distribución das rupturas cronolóxicas e espaciais”. Por outra banda, o articulista considera que a novela contén un excesivo número de sinónimos “con matices significativos un tanto inútiles”, que dificultan ou, en todo caso, retrasan a lectura da obra. Para rematar, afirma que o protagonista, o Doutor Deus, é un dos mellores tesouros do libro.

López Silva, Inma, Rosa María **Vidal Vázquez**, Manoel **Riveiro Loureiro** e Estefanía **Domínguez Caamaño**, *VIº Certame Literario 'Manuel Lueiro Rey' Novela Curta 1998*, O Grove: Concello do Grove, decembro 1999, 109 pp. (D. L.: 507/99). .

Neste volume recóllense os relatos premiados no Certame Literario de Novela Curta "Manuel Lueiro Rey" 1998. Son pezas de diferente extensión e temática:

- Inma López Silva (1º Premio), "Canción de amor india", pp. 7-28.

Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1979) presenta unha narración centrada na historia de amor entre Armando Sinde Lamas, profesor universitario de alta posición, e Rosa, unha fermosa india. Mediante un xogo retrospectivo vemos como o citado profesor tivo un namoramento con Rosa na súa xuventude que se converteu nunha obsesión. Na vellez volve ós Estados Unidos, onde sucedera o amorío, e encóntraa avellada e con familia. Volve e séntese frustrado por ter vivido nunha ficción toda a súa vida. Mais morre cunha canción de amor nos oídos e cunha dor no corazón.

- Rosa María Vidal Vázquez (2º Premio), "A curvatura das chemineas", pp. 31-73.

Ó longo de cinco capítulos, mediante unha ollada omnisciente retrospectiva nárrase a historia dunha familia de alto avoengo. Cóntase o seu devir histórico dende comezos de século ata os anos corenta aínda que a perspectiva actual está encadrada nos anos oitenta. Ó xeito dunha telenovela vanse sucedendo amoríos entre señores, entre criados e mixtos en dous espacios básicos: Valverde, de onde era orixinaria a familia, e Madrid onde rematará decrépita e perdida na multitude.

- Manoel Riveiro Loureiro (3º Premio), “Un cuarto de século”, pp. 77-89.

Neste relato de Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933), un pai chileno narra, en primeira persoa, como foi que perdeu o seu fillo que loitaba contra o réxime de Pinochet. Inclúe anécdotas, vivencias e outros pesonaxes próximos que sufriron esa dor de perder un fillo e a liberdade, o sentimento de soidade e desamparo. Denuncia a persistencia no poder, aínda, do dictador chileno.

- Estefanía Domínguez Caamaño (Accésit), “Verdade descuberta”, pp. 93-106.

Unha moza internada no hospital escríbelle á súa nai unha longa carta na que percorre todas aquelas preguntas sen resposta fácil dende a máis tenra infancia, ós anos difíciles da adolescencia cunha anorexia galopante que a consumía, ata os días de ruptura co cordón umbilical que requiría a xuventude. Por todo ese sufrimento mutuo séntese doída e mostra o seu amor pola súa proxenitora.

López Valcárcel, Xulio, *Campo de marte*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 20, novembro 1999, 184 pp. (ISBN: 84-89814-78-3).

Comeza o libro Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) cun relato titulado “Zapping”, que parece ser unha declaración de intencións do autor en canto ó deseño que o libro presenta, xa que os apartados nos que está dividido –“A retranca do carniceiro”, “Fondo azucena”, “Miserere nobis”, “A paciente espera do lobo”, “Estación Afrodita”, “As pegadas da amizade “Lugo mil novecentos setenta e tantos”, “Bosnia mil novecentos noventa e cinco” e “Labañou, mil novecentos noventa e tantos”, (estes dous últimos cunha soa peza baixo o seu título)–, no canto de formar bloques separados aparecen espallados ó longo do libro que ten como características fundamentais o humor, a linguaxe obscena e a heteroxeneidade formal (grafittis, coplas populares, partes de xulgados, partes de atestados da policía ou poemas). Aparece retratado, na maioría das ocasións, o mundo dos perdedores, trazado polo autor dende a solidariedade e a comprensión.

Referencias varias:

- Luis Pousa, “A literatura galega é conservadora”, *El Ideal Gallego*, 24 decembro 1999, p. 17.

Entrevista con Xulio López Válcarcel, quen sinala que en *Campo de Marte* quixo facer un relato que reflectise a realidade multifocal e comenta a súa estructura. Fala da marxinalidade dos personaxes desta obra e do seu lector teórico, ademais de afirmar que se trata dun “libro con risco porque é un libro de estilo”. Refírese á sorte que ten de poder escribir dende a absoluta liberdade de face-lo que lle interesa e ó exceso de brandura

existente nas letras galegas. Volvendo ó seu libro, mostra a razón pola que recupera certos episodios dos xornais e explica o seu título. Por último, alude á introducción que fixo do erotismo na prosa galega.

Lorenzo Tomé, Xavier, *Animados na sombra*, ilust. Raúl Gómez Pato, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1999, 79 pp. (ISBN: 84-87783-55-4).

Nova obra narrativa de Xavier Lorenzo Tomé (Madrid, 1961), na que reúne oito relatos breves que recrean a memoria mediante a recuperación retrospectiva da infancia ou dunha evocación sensitiva dese tempo perdido a partir de calquera anécdota: “Conto do coche que pasa”, relato introspectivo no que o pasado se sente como algo que falta; “Troita vella”, Premio “Via Gallaecia” 1992 (Chaves), que supón o tratamento máis lírico e simbólico do libro; “Xuliana”, os recordos dunha moza entre a atracción e a lástima; “Tobogán”, o eterno parque de xogos e primeiros bicos; “Ce, cabalo”, un medo infantil; “Perdices”, un amor fulminante nun verán adolescente; “O día da festa”, a aprehensión total dun día de festa; e “Como nunha estampa”, que retoma o carácter reflexivo inicial e no que convida o lector a se interrogar sobre ese pasado e mais: “¿Lembramos ou esquecemos, mentres lemos?” A narración caracterízase por unha linguaxe sinxela e familiar e unha estructura discursiva lineal.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Conclusións xubilosas”, *El Mundo. Galicia*, 17 outubro 1999, p. 9.

Breve comentario do libro *Animados na sombra*, no que se salienta a capacidade de Xavier Lorenzo Tomé para construír esta colección de relatos partindo da vida cotiá dos personaxes.

Ramón Nicolás Rodríguez, “Sombras saudosas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 109, 21 decembro 1999,
7.

Sinala que a voz narradora é moi similar á de *O paxaro que canta un nome*, anterior obra de Xavier Lorenzo Tomé, e, malia estar resolta adecuadamente, carece de orixinalidade. Opina que os diferentes relatos resultan reiterativos, defraudando así as expectativas abertas ó principio do volume. En conxunto, conclúe que esta novela pretende máis do que ofrece.

-Armando Requeixo, “Relatos intelixentes”, *Tempos Novos*, nº 31, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, decembro 1999, p. 76.

Refírese a *Animados na sombra*, de Xavier Lorenzo Tomé indicando que aposta pola dimensión curta como vía de creación. Comenta a importancia da memoria da infancia nos oito relatos breves que conforman este volume, así como a versatilidade narrativa do libro, mediante microrrelatos introspectivo-reflexivos, narracións caleidoscópicas con sucesión de flashs e mesmo con tradicionais historias lineais.

-Xosé Manuel Freire, “Donos do tempo e da memoria”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Narrativa”, decembro 1999, p. 23.

Análise dalgúns dos relatos que compoñen a obra como “Troita vella”, cualificado como o máis sólido e no que sobrancea o lirismo que se considera unha constante na obra de Lorenzo Tomé, ademais da importancia da memoria, o tempo ou a recuperación da infancia perdida, que por veces se evoca a través das sensacións olorosas e gustativas, ou “Abella”, no que é necesaria a participación activa do lector na composición do “crebacabezas” que presenta para obte-la imaxe final que nos transmite.

Martínez Pereiro, Xosé Luís, *Breviario de calamidades*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 19, 1999, 129 pp. (ISBN: 84-89814-77-5).

Esta obra de Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) comeza cunhas palabras do autor nas que aclara a modificación do título inicialmente previsto, *Mitoloxía singular pero ao alcance detodos os públicos segundo as súas capacidades privadas*, e nas que expresa a súa opinión de que "o drama vende máis que a comedia, as bágoas poden co humor". Consta este *Breviario de calamidades* de nove relatos, todos eles titulados, que abordan diversos temas: o mundo da ultratumba, a sexualidade, a prostitución, a vinganza, o amor, a través das vivencias de personaxes que actúan en situacións límite. En canto á modalidade narrativa, están contados sete deles a través da omnisciencia en terceira persoa e dous por medio dun narrador protagonista en primeira persoa.

Referencias varias:

- D. Janeiro, "O cosmos pequeno", *O Correo Galego*, "AFA", 24 decembro 1999, p. 35.

Comenta que o humorismo desta obra está conseguido a través da imaxinación e relaciona a Xosé Luís Martínez Pereiro con Blanco Amor, Risco, Cunqueiro ou Rivas. Por último, sinala que Martínez Pereiro escribiu o *Breviario de calamidades* hai xa varios anos, case paralelamente ó seu libro *As irmás bastardas da ciencia*, e dá conta doutros traballos que está a facer.

Martínez Pereiro, Xosé Luís, *As irmás bastardas da ciencia*, VIIIº Premio de Narración Curta Ricardo Carvalho Calero 1998, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 115, febreiro 1999, 150 pp. (ISBN: 84-89896-41-0).

Este novo libro de Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) está composto por seis relatos, precedidos, cada un deles, por unha ilustración realizada polo propio autor. Este, segundo afirma no “Limiar”, non vai explica-lo título da obra nin a súa xénese. Ademais, comenta os cambios que fixo no volume antes da súa publicación. No primeiro dos contos, “As irmás bastardas da ciencia”, nárrase a historia de Evaristo Neira que vai consultar coa meiga Emerencia e áchaa morta. Cando tenta fuxir atópase co socio da defunta que o retén durante nove horas para saber se el é o asasino da meiga. Pola súa banda, en “A identidade clandestina de Severino Muñiz”, relátanse as investigacións dun xornalista ó redor do asasinato do hermafrodita Severino Muñiz. Mediante as informacións dos seus familiares e amigos, o xornalista descobre unha historia que se negará a publicar. O terceiro dos contos, “A insolencia inicial”, céntrase nos intentos dun mestre por descubri-lo que lle quixo dici-lo seu veciño Fraguela ó afirmar que “era un eme”, mentres que en “A sorpresa maiúscula de Tasende, o pequeno” trátase a historia de Uxío, que ten que atender na rúa un parto dunha boneca que morre ó te-lo seu fillo. No quinto dos contos, “As dúas nais de Isidro Folgueira”, relátase como Isidro, un rapaz que non sabía dicir que non, é acusado de matar a unha das súas nais. O derradeiro dos relatos, “Notas sobre a feitura do evidente”, é a historia dun gaiteiro que mata a súa moza Carme e tenta fuxir en tren ata a fronteira con Irún. Por último, inclúese un apéndice titulado “Últimos recordos para a violación da morriña”. Nel recóllense en vinteún fragmentos distintas anécdotas con temática moi diversa: o paso do tempo, a Igrexa, a infancia ou o sexo. Nestas historias mestúranse os feitos históricos e literarios cos recordos e vivencias do autor.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Andrómenas e andrómenas”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 59, 29 abril 1999, p. 9.

Nesta obra de José Luís Martínez Pereiro ve unha morea de disparates que nos ofrecen unha visión da realidade dende outro prisma, pero que resultan aburridos cando non conseguen cativa-la atención do lector. Réstalle transcendencia pero recoñécelle a capacidade de imaxinación e de facer rir.

- F. Salinas Portugal, “A ciéncia da escrita e a irmandade da arte”, *A Nosa Terra*, nº 881, “Guieiro Cultural”, 6 maio 1999, p. 28.

Comenta que os relatos desta obra, na que a ironía está omnipresente, conteñen historias disparatadas que rematan no absurdo. Non obstante, considera que encerran unha grande cantidade de realismo nun sentido amplo. Nota como o autor combina citas verídicas e inventadas, creando así un ambiente refinado, e sérvese da técnica da narrativa policial. Entre os textos, sobrancea “Apéndice: últimos recordos para a violación da morriña” e confía en que a figura literaria de Martínez Pereiro medre nos próximos anos.

- Xulio Valcárcel, “*As irmás bastardas da ciencia*”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 6 xuño 1999, p. 9.

Tomando como punto de partida *As irmás bastardas da ciencia*, sinala que Xosé Luís Martínez Pereiro anda sobrado de talento e de humor e que consegue “cunha prosa fresca, arroutada, un moito ácrata e ocurrente, páxinas moi amenas”. Tamén comenta que sobre un fondo realista, “pero vislumbrado canto de choqueiro, extravante e absurdo ten a propia realidade”, Pereiro realiza un percorrido pola cara oculta da Historia.

Referencias varias:

- Rodri García, “Hai que traballar moito os textos”, *La Voz de Galicia, “Culturas”,* nº 71, 30 marzo 1999, p. 7.

Rodri García lembra os inicios do autor no mundo literario e indica a estructuración do libro. Recolle as manifestacións nas que Martínez Pereiro defende que o escritor debe ler moito, alén de comenta-la rareza dos seus personaxes e anuncia-la súa próxima obra, *Breviario de calamidades*, para maio.

Martínez Pereiro, Xosé Luís, Beatriz **Lorenzo**, Kiko **Neves** e Xan **Rodríguez Puentes**, *A Peneira. IIº Premio de Relatos Curtos de Humor. Iº Premio de Novela Curta*, Ponteareas-Pontevedra: Egasur SL, agosto 1999, 142 pp. (ISBN: 84-930739-2-X).

Recolle este volume a composición gañadora do IIº Premio “A Peneira” de Relatos Curtos de Humor e as tres mellores composicións do Iº Premio “A Peneira” de Novela Curta do ano 1999.

- Xosé Luís Martínez Pereiro (IIº Premio de Relato Curto de Humor), “O antropófago”, pp. 7-33.

A través do que escribe durante nove días do ano 1999, o protagonista deste relato, de Xosé Luís Martínez Pereiro (A Coruña, 1959) fainos partícipes das súas persoais tribulacións. Así que se presenta, mantendo o seu nome en anonimato, vai dando conta da súa vida, que estivo toda ela dominada e dirixida pola súa antropofaxia. Sentíndose farto de todo isto, decide suicidarse.

- Beatriz Lorenzo López (Iº Premio de Novela Curta), “A terra da Terra”, pp. 35-61.

Despois de que transcorresen 2000 anos da fundación da Erz, un lugar perfecto que creara un destacado científico cando a Terra estaba morrendo, prodúcese un conflicto que fai que se envíe a súa habitante O-JK para ver se hai posibilidades de solucionalo. Unha vez alí, O-JK decide que sexa a Terra, que comezaba a latir de novo, a que se salve e non Erz, posto que as dúas sociedades non podían vivir paralelamente.

- Kiko Neves (Iº Premio de Novela Curta), “Desbrozadora. (Unha historia da Guerra Civil)”, pp. 63-86.

Neste relato de Kiko Neves (Ponteareas, 1969), preséntaseno-la historia de Mariño, un mozo da aldea de Bretemosa, que vivía de roza-los montes e que parecía estar posuído polo demo, pois ademais de verse involucrado na morte de dous amigos seus, deixara embarazada a María, unha rapaza da aldea coa familia da cal a súa tivera diferencias na época da Guerra Civil. Finalmente, remata coa súa vida cortándose o pescozo cunha desbrozadora.

- Xan Rodríguez Puentes (Iº Premio de Novela Curta), “O verme da cereixa”, pp. 87-136.

Pasado o tempo, o protagonista sitúase nos seus once anos de idade para lembrar aquel suceso que marcaría a súa vida e a de toda a súa familia. Coa chegada de Manoel das Américas, todo era felicidade na casa onde vivía coa súa nai viúva, a súa irmá e os seus avós. Logo, tras descubri-las relacións que aquel mantiña coa súa nai, un verme entráballe no corpo e non o deixaba vivir, polo que decidiu porlle fin a isto, artellando un plan, que remataría coa morte de Manoel e a dispersión de toda a familia.

Mateo, Francisco J., (coord.), *Ata que malle en min o mencer*, Premios do XXVIº Certame Literario Minerva 1998, Limiar de Bernardino Graña, Santiago de Compostela: Colexio Manuel Peleteiro/Revista *Vamos*, 1999, 143 pp. (D. L.: C-10399).

O volume recolle os traballos premiados no Certame "Minerva". Está precedido por un limiar que reproduce as palabras pronunciadas por Bernardino Graña no acto de entrega do devandito premio. Os traballos premiados no apartado de "Narración" son os seguintes:

- Samuel Solleiro González, "O estraño nome da flor do toxo" (Iº Premio de Narración), pp. 73-80.

Relata a peregrinación da señora Angustias á ermida de San Antonio con motivo dunha promesa, as súas dúbidas, reflexións e renuncia final.

- Alejandro R. Cameselle Capón, "O pausiñas" (IIº Premio de Narración), pp. 81-91.

O suicidio do Pausiñas e o seu agardado regreso, dez anos máis tarde, para o enterro da súa muller, serve de fío argumental ó relato.

- Germán Labrador Méndez, "María" (IIIº Premio de Narración), pp. 93-101.

Desenvolve, en dous planos temporais, a historia dun vagabundo namorado dunha *maja* de Goya.

- Laura Freire Domínguez, “Perfil histórico dunha historia de amor” (Accésit de Narración), pp. 103-110.

Relato de ambientación futurista que narra, baixo a forma dun informe elaborado para un estudio, unha historia de amor.

- Germán Labrador Méndez, “Retablo con variacións” (Accésit de Narración), pp. 111-119.
Trata o tema das relacións entre a vida e o teatro recreando unha pequena escenificación.

- Sara Barreiro González, “O apagón das 11.35” (Accésit de Narración), pp. 121-129.
Historia narrada dende o punto de vista dun ordenador, que reflexiona acerca da súa vida.

- Alberto Jurjo Costa, “Perfectos edificios azuis” (Accésit de Narración), pp. 129-139. Un mozo estudiante relata e reflexiona sobre a súa vida cotiá, as súas obrigas e as súas obsesións. Os traballos premiados na modalidade de “Poesía” poden verse no apartado II.1 deste *Informe*.

Recensións:

- M. Quintáns S., “Os traballos premiados no Certame Minerva 1998”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 11 abril 1999, p. VI.

Referencia ó Certame Literario “Minerva”, promovido polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela que vén de publica-los traballos premiados en verso e prosa do ano 1998. Faise unha exhortación “ós mestres e particularmente ós pais” para que lean este tipo de libros. Coméntase cáles son as preocupacións e esperanzas que aparecen reflectidos nos traballos destes rapaces e remátase recordando que o mellor premio en calquera certame literario é a publicación dos traballos premiados.

Referencias varias:

Avelino Abuín de Tembra, “Traballadores da palabra”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 14 febreiro 1999, 4.

Artigo no que se rememora a convocatoria do Premio “Xogos Florais Minerva” que o colexio homónimo convocaba na cidade de Compostela. Lembra quen eran os que conformaban o xurado tanto en lingua castelá coma en galego. Trae todo isto a colación por se publicaren arestora os contos e poemas da edición do presente ano, dos que cita os nomes dos seus autores e o título das mesmas, e considerándoos “Traballadores da palabra”.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, *No ventre do silencio*, IIº Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galego Portuguesa Carlos Blanco 1998, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 150, maio 1999, 191 pp. (ISBN: 84-8302-369-5).

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) lévanos a través dos corenta e dous capítulos desta novela á Compostela de mediados de século. Unha narradora feminina lembra, dende o cuarto dun hospital e corenta anos despois de teren acontecido os feitos, o ambiente que se respiraba en Santiago nos duros anos da posguerra. É este espacio o punto de encontro da pluralidade de personaxes que aboian pola obra: universitarios influídos polas correntes existencialistas do momento e decididos a cambia-la situación política, malia ó control a que están sometidos polo SEU; representantes do poder eclesiástico e militar que se moven polo fanatismo e polo autoritarismo; prostitutas, costureiras e traballadores do común que viven alienados e alleos á falta de liberdade e ó medo que se respira naqueles primeiros anos da dictadura. *No ventre do silencio* reúne moitos dos trazos, tanto estilísticos coma temáticos, que caracterizan a obra ferrineana: o léxico denso e depurado, a presencia da violencia e a superioridade moral dos oprimidos sobre os opresores. Dentro do macrotexto ferriniano, a obra completa a triloxía comezada con *Antón e os inocentes* e *Bretaña, Esmeraldina*.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Novela de iniciación nun tempo de silencio”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 105, 8 maio 1999, p. 6.

Define a obra como unha “superación do xénero da estudiantina” e como unha novela de iniciación que, ambientada nunha Compostela “escura e fanática”, se constrúe como unha novela coral de gran poder evocativo e descritivo e dunha técnica narrativa e lingüística excepcional. Así mesmo, resalta o reflexo da conformación dun “novo pensamento nacionalista” sartreano e sintetiza a trama da novela. Por último, lembra a producción literaria de X. L. Méndez Ferrín e a súa importancia na literatura galega.

- Manuel Darriba, “Prosa maior para oídos finos”, *El Progreso*, 16 maio 1999, p. 75.

Incide na “poderosa personalidade estilística” do autor que se vén confirmar con esta última obra, espello dun texto global facilmente identificable como seu. Refírese tamén ós seus “alardes verbais e gramaticais” e considera esta como a “prosa máis plástica” de X. L. Méndez Ferrín, aínda que observa certas lagoas estructurais.

- Ramón Nicolás Rodríguez, “A narrativa dun clásico”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1999, p. 63. Cre que a expectación creada por *No ventre do silencio* ha de verse cumprida por unha “das novelas máis estilizadas” de X. L. Méndez Ferrín, que supón un paso máis na construcción do seu universo literario. Afirma que trasloce a penas o xénero da estudiantina na liña de Pérez Lugín e Trindade Coello, mais sinala principalmente tres aspectos: a atracción do “mosaico de 250 personaxes”, delatores do ambiente e da sociedade compostelá dos cincuenta, a singularidade da voz narrativa e a “forza evocadora dunha linguaxe pulida e depurada”.

- Franco Grande, “Experiencia de morte e silencio”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 78, 18 maio 1999, p. 2.

Pensa que *No ventre do silencio* implica unha excepción na prosa de X. L. Méndez Ferrín ó delimita-lo tema nun espacio e nun tempo definidos, aínda que advirte que non é unha obra realista a pesar das realidades

concretas que expresa. Encádraa na novela de iniciación que evoca a experiencia vivida polo autor e outros na Galicia de entón a través dun innumerable coro de personaxes, “procedemento moi caro á literatura deste século”. No mesmo sentido, engade que non se deben identificar personaxes ficcionais con outros reais, porque o narrador conseguiu unha obra verdadeira por medio da imaxinación. Remata engadindo que a novela ofrece unha cosmovisión diferente á de Pérez Lugín e que presenta un estilo e unha lingua moi ricos.

- Sonsoles López Pérez, “A novela de Méndez Ferrín”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1999, p. 26.

Resume brevemente o argumento da obra, mais indica que a “novela é moito máis” para así fixarse en diversos aspectos como o título e as citas. Seguidamente, céntrase no desenvolvemento da estructura e no tratamento espacio-temporal, concordando coa afirmación de Cid Cabido que comparou esta novela co *Ulisses* no aspecto espacial: Santiago é un labirinto cheo de “grandes fendeduras” que fagocita os personaxes. A continuación, revela a función do lector na reconstrucción da historia e exemplifica con diversas frases “a indagación” lingüística que se traza na obra. Finalmente, relaciona a narrativa ferrineana co discurso dialóxico de Bakhtín e ve este como “o libro de todos os libros” do autor porque conxuga toda a súa Poética.

- F. M. Martínez Bouzas, “A novela de Ferrín. Despois de varios anos de silencio na prosa, o escritor vigués regresa coa súa mellor narrativa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 62, 20 maio 1999, p. 8.

Comeza por considerar a X. L. Méndez Ferrín un “obxecto de culto e reverencia”, incluso para aqueles que o detestan, sobre todo, trala “proposta para o Nobel”, e cre que é a súa unha obra riquísima na que o narrador constrúe o lector. Como “vías e modos” de lectura apunta o “grande retablo sardónico, carnavalesco, esperpéntico-realista” que é Compostela, toda unha fileira de personaxes e sucesos asimilados pola cidade ou o enfrontamento ideolóxico Galaxia-Heidegger *versus* comunismo práctico-Sartre. Para rematar, sitúa *No*

ventre do silencio na liña da irrealidade, “mesmo da irracionalidade” de *O crepúsculo e as formigas*, e encontra nela algunhas das mellores pasaxes da lingua e do estilo de Ferrín.

- Xosé M. Eiré, “O osíxeno das musas”, *A Nosa Terra*, nº 883, “Guieiro Cultural”, 20 maio 1999, pp. 27-28.

Identifica diversas cualidades literarias polas que X. L. Méndez Ferrín se fai inconfundible no panorama literario e cualifica a novela como “algo” orixinal resultado do dominio de recursos como o xogo lingüístico empregado e o “microestilo” narrativo. Sitúa o texto no subxénero do relato debido ó multiperspectivismo e á fragmentariedade de sucesos, lugares e personaxes que constrúen “un precioso labor de ambientación”, tamén con espacios alleos a Compostela que axudan ó lector a segui-la obra.

- D. A., “*No ventre do silencio*. Compostela, anos cincuenta”, *El Mundo. Galicia*, 31 maio 1999, p. 9.

Xulga que en *No ventre do silencio* Xosé Luís Méndez Ferrín “non está moi en forma” e despois localiza o argumento. Aínda así, “sen ser o mellor Ferrín posible”, salienta unha linguaxe virtuosa e a súa capacidade narrativa, e como excesos cita “ocos sen resolver”, excesivas referencias culturalistas e a ausencia dun “fío conductor sólido”.

- Xulio Valcárcel, “*No ventre do silencio*”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, nº 52, 6 xuño 1999, p. 9.

Coida que X. L. Méndez Ferrín consegue introduci-lo lector na intriga da novela e menciona diversos acertos: a figura da narradora omnisciente, que vai recompoñendo “as vidas que se cruzan”; a estructura de “fotos fixas” ou a técnica do “punto-contrapunto”; a linguaxe poética que rende servicio á narración”; e o seu

carácter coral, tanto de personaxes coma de ambientes e ideoloxías. Para acabar, considera que Compostela é a verdadeira protagonista e asegura que esta novela recolle intertextualmente todas aquelas que teñen esta cidade como escenario.

-Armando Requeixo, “Aprendizaxe do silencio”, *Tempos Novos*, nº 25, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xuño 1999, p. 72.

Logo de seren repasadas as principais obras de X. L. Méndez Ferrín, o crítico reflexiona sobre a novela *No ventre do silencio* da que resalta o seu poderoso estilo e “a textura poliédrica dunha prosa difícil de igualar” e mostra algunhas das características da Compostela dos anos cincuenta. Sinala “que o vizoso da súa verba” fai que sexa unha obra clave de entre as moitas que con anterioridade trataron “o lugar común da Compostela universitaria de posguerra”.

-Martínez Bouzas, “Fabricando a cidade da morte e do silencio”, *Guía dos libros novos*, nº 8, “Narrativa”, xuño 1999, p. 21.

Inicia o comentario sinalando que Xosé Luís Méndez Ferrín non é un autor ó que lle guste escribir novelas, como el mesmo ten confesado. Alude a este respecto ós doce anos de silencio novelesco que separan *No ventre do silencio* de *Bretaña, Esmeraldina* (1987). Define *No ventre do silencio* como unha novela de cidade, Compostela, e de recuperación da memoria dunha época e dunha xeración que confluíron nese espacio. Salienta a presencia de personaxes reais e acontecementos históricos, ó lado doutros ficticios e desfigurados, e algúns enigmáticos como o Maître Obscur e a moza Narda. Conclúe que a novela constitúe unha “peza narrativa argumentalmente moi rica e complexa”, que funde elementos da realidade e da irrealidade, cunha “estructura nada complexa, con modos do discurso perfectamente harmonizados e sabiamente desenvolvidos”.

- Vicente Araguas, “Olladas no silencio”, *Grial*, nº 143, Tomo XXXVII, “Libros”, xullo-agosto- setembro 1999, pp. 507-509.

Comeza aludindo á claridade coa que se identifican as obras de X. L. Méndez Ferrín, tanto na temática coma no estilo, pola "mestura de exuberancia e economía expresiva, fantasía e realismo, sincronía e diacronía, nostalxia e vitalismo". Considera Araguas que o autor ourensán segue sen ser tan aceptado na novela coma no relato curto. Describe a temática como a parodia da estudiantina clásica e cuestiónase a necesidade da narradora feminina que nos achega os feitos corenta anos despois de teren acontencido. Remata coa inclusión dun fragmento de *Fría Hortensia y otros cuentos* no que Ferrín se reafirma na idea do macrotexto.

- M. Quintáns S., "Premio Eixo Atlántico", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 7 novembro 1999, p. 6. O autor considera unha sorpresa cada nova aparición editorial de X. L. Méndez Ferrín. Salienta a dificultade da súa narrativa, da que non está exenta esta novela testemuñal. Comenta algúns aspectos da obra, á que define como "un convite a peregrina-la Compostela dos anos cincuenta na compañía duns personaxes". Salienta tamén o carácter de "acoutacións teatrais valleinclanescas" dalguhas pasaxes. A recensión conclúe afirmando que esta obra xustifica a consideración que o escritor ten nas nosas letras.

-Catuxa López Pato, "*No ventre do silencio*. Crónica dunha eterna decepción", *Galicien Magazin*, nº 8, "Rezensionen", novembro 1999, pp. 51-52.

Recensión da novela de Méndez Ferrín na que se salienta o seu significado crítico, a relembranza da vida universitaria da Compostela da posguerra e o seu valor como denuncia da pobreza económica e intelectual que trouxo consigo a dictadura que se reflicte no propio clima chuvioso sempre presente ó longo de toda a obra.

-María Xesús Lama, "*No ventre do silencio*. Crónica dunha eterna decepción", *Galicien Magazin*, nº 8, "Rezensionen", novembro 1999, pp. 50-51.

Céntrase na análise dos personaxes, os xogos autorreferenciais que o autor utiliza e maila descrición do ambiente gris, triste e mesmo violento da Compostela dos anos cincuenta no que se desenvolve a trama.

-Xosé Manuel G. Trigo, "*No ventre do silencio*", *Revista Galega do Ensino*, nº 25, "Recensións", novembro 1999, pp. 219-221.

Comenta que *No ventre do silencio* é unha novela que recolle "o estado de asfixia en que se encontra este proceso de ruptura coa alba substancia mítica, nun punto do tempo: 'aqueles días de Hungría', no microclima neboento do ano 56, naquela pouquidade existencial, naquel estado de emasculación histórica que, naturalmente, só pode xerar esterilidade intelectual e extravío".

-Marcos Valcárcel, "Méndez Ferrín, compromiso coa palabra", *Auria (Revista mensual de Caixavigo e Ourense)*, "A cita", nº 32, decembro 1999, pp. 34-35.

Despois de se referir a X. L. Méndez Ferrín como unha das grandes plumas deste século, comenta a relación que o autor de *Arraianos* mantén co lector, así como as cualidades que procura neste. Céntrase, a seguir, en *No ventre do silencio*, novela que, segundo Valcárcel, reúne boa parte das características da obra ferrineana, como a pluralidade de lecturas, a intertextualidade e a independencia do escritor, entre outras. Atópalle tamén o autor do artigo unha certa influencia de Blanco Amor, así como un "forte simbolismo". Considera que nesta novela Ferrín atina no manexo das estratexias narrativas e que a obra se converte "nunha auténtica etnografía da modernidade". Finalmente, lembra Valcárcel a presencia de Compostela e do mundo do cine, a homenaxe a Torrente Ballester e o dominio lingüístico que demostra o autor ourensán.

Referencias varias:

- Elva Otero, “Ferrrín obtén o IIº Eixo Atlántico”/“Ferrín volve á Compostela para facerse co ‘Eixo Atlántico”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 23 xaneiro 1999, p. 37 /p. 73.

Indícase que a novela *No ventre do silencio* de X. L. Méndez Ferrín foi a gañadora da IIª edición do premio que se deu a coñecer nunha gala literaria en Vilareal. A seguir, sintetiza o argumento da obra que cristaliza os diferentes estratos sociais do Santiago dos anos 50. Recolle tamén as palabras do premiado que apoiou esta obra en vivencias persoais e, para rematar, informa sobre a composición do xurado.

- Francisco J. Gil, “Méndez Ferrín gana el II Premio de Narrativa Eje Atlántico con una novela sobre Compostela”, *Faro de Vigo*, 23 xaneiro 1999, p. 45.

Resalta a sorpresa que provocou o coñecemento do autor premiado entre o público asistente á gala de entrega do concurso, xa que X. L. Méndez Ferrín nunca se presentara a un certame deste tipo e, á vez, a súa presencia dota de maior prestixio ó Premio Eixo Atlántico. A seguir, revela as valoracións que o xurado atopou na obra e comenta a cerimonia literaria. Finalmente, fai un detallado percorrido bioblibliográfico do autor para concluír que a súa obra se atopa moi ligada á realidade e ó seu ideario revolucionario e nacionalista.

-Xaime Calviño, “Méndez Ferrín gana el premio de narrativa del Eixo Atlántico”, *El Progreso*, 23 xaneiro 1999, p. 60.

Comenta a elección da obra *No ventre do silencio*, de X. L. Méndez Ferrín como gañadora da IIª edición do Premio de Narrativa Carlos Blanco. Trátase dunha obra coral ambientada na Compostela universitaria dos

anos 50 na que transpira “a mediocridade da sociedade franquista”, en palabras do autor, que agradece o premio por se-lo “único galardón galaico-portugués”.

- Francisco J. Gil, “Xerais e Dom Quixote publicarán en maio “*No ventre do silencio*” en galego e portugués”, *Faro de Vigo*, 24 xaneiro 1999, p. 53.

Sinala que as editoriais Xerais e Dom Quixote asumiron a publicación de *No ventre do silencio*. A continuación, e seguindo as declaracións de X. L. Méndez Ferrín, explica as influencias e a localización da novela, na que destaca o seu protagonista colectivo, arredor de 270 personaxes e a Compostela da década dos 50. Sen embargo, o galardoado afirma que non é unha novela realista e di que a novela lle é un xénero necesario ó que acode cando o precisa, desta volta, doce anos despois de *Bretaña, Esmeraldina*. Ademais, incorpora unha crónica da velada literaria na que se concedeu o premio.

- Olivia Tudela, “Méndez Ferrín recibiu o premio Eixo Atlántico”, *Eco*, nº 93, febreiro 1999, pp. 70-71.

Con motivo do acto de entrega do IIº Premio Eixo Atlántico, Xosé Luís Méndez Ferrín recoñece a vinculación da novela coa que acadou este premio, *No ventre do silencio*, con *La casa de la Troya*, de Alejandro Pérez Lugín, xa que lembra as revoltas estudiantís do Santiago dos anos cincuenta e o ambiente de silencio e de tristura que reinaba cando era universitario. Salienta que este foi o espacio que intentou recrear na súa novela e que o premio ten un valor especial para el por vir dun certame aberto a obras galegas e portuguesas. Lamenta o distanciamento histórico que se produciu entre Galicia e Portugal e pronúnciase a favor da denominación *Gallaecia* para o territorio que une ambas nacións.

-E. P., “A última novela de Méndez Ferrín, “*No ventre do silencio*”, estará á venda en maio en todas as librerías de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 26 marzo 1999, p. 75.

Anuncia a saída desta obra de X. L. Méndez Ferrín para os primeiros días de maio e adianta algúns aspectos como a localización. Ademais, informa que a novela gañadora do Premio de Narrativa Galega e Portuguesa "Carlos Blanco" sairá en versión portuguesa en outono.

-F. Franco, "Bragado: "A obra de Méndez Ferrín xa é parte indisociable da cultura galega", *Faro de Vigo*, 4 maio 1999, p. 44.

Noticia sobre a presentación da obra no Club Faro de Vigo. Dá conta da intervención do director de Xerais, Manuel Bragado, que sinalou a fixación que a obra de X. L. Méndez Ferrín fixo da memoria colectiva, e dos escritores Xosé Cid Cabido e X. L. Franco Grande, que profundaron máis nesta novela e na traxectoria literaria do autor ofrecendo algunhas claves para a súa interpretación. Tamén se recollen as palabras de Ferrín sobre o momento de xestación da novela e o seu aparente realismo.

- Arturo Lezcano, "Os camiños da iniciación", *La Voz de Galicia*, "O Guiño", 5 maio 1999, p. 36.

A raíz da publicación de *No ventre do silencio*, pensa que na literatura galega adoitan coincidir "os bestsellers coa qualité" e que as expectativas que desperta X. L. Méndez Ferrín non soen decepcionar. Di que esta é unha novela de iniciación "para os hoxe mozos", a pesar de non posuíren "as chaves mestras dos prodixios do 68", e que a súa obra seguirá a abrirlles a Marx, Heidegger e Sartre.

-Concha Pino, "Méndez Ferrín presentou a súa novela nun dos escenarios da época que narra", *La Voz de Galicia*, 5 maio 1999, p. 36.

Dá conta da presentación en Santiago da novela de X. L. Méndez Ferrín, do que se recollen algunhas manifestacións. Segundo o escritor, a novela ten un punto de partida autobiográfico na Compostela

universitaria dos 50, mais asegura que a realidade foi transformada e os personaxes non son reais, salvo contadas excepcións. Tamén compara situacións como a sublevación húngara evocada na novela e a actual guerra de Iugoslavia, da que a mocidade ten máis información.

- Lois Sandoval, “Bodaño reclama a entrada de Ferrín na Academia Galega”/“García Bodaño reclama a entrada de Ferrín na Academia Galega”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 5 maio 1999, p. 31/p. 75.

Con motivo do acto de presentación en Compostela da última novela de X. L. Méndez Ferrín, reflicte as palabras de Salvador García-Bodaño, que reclamou o ingreso do autor na RAG, así como as intervencións de Darío Villaueva, Víctor Freixanes e do propio Bodaño acerca do motivo da estudiantina, da coralidade da novela ou da intertextualidade. Por último, Villanueva recomendou a lectura das memorias de Franco Grande, prologadas polo propio Ferrín, para contextualiza-la época da novela.

- R. G., “Marcado pola política”, *La Voz de Galicia*, 5 maio 1999, p. 36.

Fai un percorrido pola traxectoria política de X. L. Méndez Ferrín dende o achegamento ó marxismo nas súas viaxes por Europa ou a formación do grupo Brais Pinto ata a fundación da UPG e o seu enfrontamento ó Proxecto Galaxia e a Ramón Piñeiro. Resalta, ademais, a ascendencia que o autor ten sobre os escritores galegos e a súa candidatura ó Nobel, asegurando que esta traxectoria agocha “tódalas opinións politicamente incorrectas” que se puidesen emitir sobre *No ventre do silencio*.

- Luis Pousa, “Méndez Ferrrín: “Cada vez que escribo un libro trato de ir a un lugar diferente”, *El Ideal Gallego*, 6 maio 1999, p. 45.

Crónica do acto de presentación desta novela na Fundación Caixa Galicia da Coruña. Recolle as palabras de X. L. Méndez Ferrín sobre as súas pretensións iniciais ó concibir esta obra e o realismo desta. Infórmase

tamén da intervención no acto de Manuel Bragado, Manuel Sánchez Salorio, que recoñeceu a Compostela evocada na obra, e Manuel Rivas, que gabou o seu tratamento narrativo. Así mesmo, mostra a traxectoria literaria do autor que vén de ser galardoado co Premio "Xosé Díaz Jácome" de poesía en recoñecemento á súa faceta poética.

- Salvador García-Bodaño, "*No ventre do silencio*", *El Correo Gallego*, "No pasar dos días", 9 maio 1999, p. 3.

Comenta esta novela de X. L. Méndez Ferrín, que enlaza con *Percival e outras historias* (1958) para valora-la carreira como escritor do autor ourensán. Seguidamente, enfróntase ó último texto do autor destacando aspectos como o narrador homodiexético, o cadro escénico multiperspectivista, a linguaxe simbólica e descritiva, "a dispersión actoral", que incide na "multifocalidade argumental", e outros recursos que completan "unha novela urbana de fondura dramática e intelectual". Ademais, cre conveniente unha lectura allea ó extraliterario, que se centre na obra en si mesma e que afaste o perigo de interpretacións realistas, xa que opina que "merece ser apreciado máis alá de calqueira fronteira". Conclúe que esta novela "debe ser minuciosamente estudiada" e que supón para a literatura galega unha "historia feramente humana".

- Jaureguizar, "Con esta novela quixen pintar aquela época e a miña xeración", *El Progreso*, 13 maio 1999, p. 73.

Entrevista co escritor X. L. Méndez Ferrín celebrada con motivo da presentación de *No ventre do silencio* en Lugo, na que este declara que hai algo de descrición simbólica de Compostela e que tentou presentar unha situación colectiva e non unha denuncia. O entrevistado explica que reflectiu diversas Compostelas nas que ten cabida a cidade cultural, a comercial ou a inmobilista. Sitúa, ademais, a súa obra na liña de Sartre, mais non na de *La colmena*. Noutra orde de cuestións, considera necesarias as presentacións de libros, aínda que tamén di que os escritores galegos son discretos e algúns ata amediáticos. Finalmente, recolle as declaracións efectuadas no acto por Xosé Miranda, Darío Xohán Cabana e Xosé Manuel Bragado.

- Marcos Valcárcel, “A última novela de Ferrín”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 2 xullo 1999, p. 3.

Aventura algúns comentarios que *No ventre do silencio* pode estimular e comenta a posible influencia de Blanco Amor “na épica de resistencia de *Xente ao lonxe”* e na “crónica da decadencia e da derrota de *A esmorga”*. Atopa un elo máis con Blanco Amor na descrición de certos ambientes marxinais e no simbolismo que define como realismo expresionista. A seguir, enumera algúns dos símbolos desta novela de X. L. Méndez Ferrín e defínea como “microcosmos” que o lector ten que engarzar. Para rematar, alude a algunha pasaxe para mostra-la estratexia narrativa desta “etnografía da modernidade” na que reinvindica Compostela ser obviar outros espacios alleos.

- Borobó, “A novela en clave de X. L.”, *A Nosa Terra*, nº 894, “Guieiro Cultural”, 5 agosto 1999, p. 28.

Centra o seu comentario nos personaxes desta “flamante” novela de Méndez Ferrín, que ademais de menciona-lo nome do articulista, fai abondosas referencias a *La Noche*, xa que os citados personaxes, con nomes e aspectos máis ou menos disimulados, son membros daquela “xeración da *Noite*”. Tamén sinala que a pesar de que moitos deles están ocultos baixo nomes “supostos e crípticos”, o autor non se recata en designar polo seu nome verdadeiro a unha serie de notabilidades compostelás daquel tempo. Apunta, finalmente, que habería que indagar en *Os anos escuros* (1985), de Franco Grande para saber quén poden se-las figuras coetáneas que se enmascaran nesta novela de Ferrín.

-Beatriz Pallas, “Méndez Ferrín: a literatura galega atravesa a súa época máis importante”, *La Voz de Galicia*, 7 agosto 1999, p. 29.

Despois de cualificar a Méndez Ferrín de “pouco afeccionado á autopromoción”, refírese á firma por parte do escritor, coa súa man en estribeira debido a un accidente cun cabalo, dos seus libros na Feira do Libro da

Coruña. Nesta nota fálase ademais da presentación do libro de Enrique Rabuñal, *A Coruña na historia*, á que asisitiu X. L. Méndez Ferrín. Finaliza referíndose á firma das obras en castelán da escritora Marta Rivera.

- Beatriz Abelairas, “Gallego”, *Qué leer día a día*, nº 35, Especial Verán 1999, p. 48.

Entrevista na que Xosé Luís Méndez Ferrín se mostra satisfeito de ter gañado o Premio Eixo Atlántico coa novela *No ventre do silencio*. Comenta o realismo e a ficción que posúe esta obra, e a intencionalidade narrativa ó tempo que reflexiona sobre a situación política da época e da súa xuventude.

Neira Vilas, Xosé, *O home de pau*, ilust. Siro López, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 149, maio 1999, 99 pp. (ISBN: 84-8302-357-1).

Neste volume reúnense quince relatos relacionados con temas urbanos. No “Aviso” inicial o propio Xosé Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928) recoñece que se trata da terceira versión destes contos. Así mesmo, afirma que en cada historia se tenta reflexionar “sobre o previsible destino das actuais cidades”. Cada relato vai introducido por unha ilustración de Siro López e salienta algún dos problemas que afectan á vida urbana. Deste xeito, “O home de pau”, conta como un home que ten que facer unha vixilancia acaba volvéndose de pao agardando a que o vaian substituír; “Coches” narra a influencia que os automóbiles acadan na vida de Rod; “Unto” céntrase nos negocios pouco rendibles que realiza Her; “Casa” desenvolve unha historia cíclica na que se fala das empresas que creban e das familias que ocupan un edificio abandonado para vivir; “O Parvo” destaca como se recoñecen entre si dous parvos; “Alameda” relata a desaparición da Alameda pola especulación urbanística; “O xigante Med” presenta a historia de Alien de Burg que foxe da cidade para escapar do xigante Med; “Folga”, baixo a forma dunha carta que Suxolo dirixe a Alba, describe os problemas orixinados por unha folga dos recolledores do lixo; “Papeis” conta a liberación que supuxo para unha cidade a queima da fábrica de papel e, polo tanto, a desaparición deste; “Babel S. A.” fala da soidade que provoca un edificio de vivendas e que leva á tolería a Xis; “Fumes” amosa os problemas creados pola contaminación nunha cidade; “Decibelios”, reproducindo unha conversa telefónica, serve para que o protagonista se queixe a Audís dos excesivos ruídos que o afastaron da cidade; “Cadelandia” narra como os cans se fixeron os donos de Tolobre; “Anuncios” é a historia de Lin que non se dá afeito ós carteis da cidade e decide sabotealos; finalmente, “Reloxos” presenta os problemas provocados pola falta de reloxos fiables cos que medi-lo tempo.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "*O home de pau*", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 69, 8 xuño 1999, p. 8.

Sublíñase a traxectoria tan persoal trazada polo autor na súa narrativa diferenciándoa dos autores da Nova Narrativa Galega. Logo de menciona-la novidade que supoñen estes relatos tinguidos de "realismo crítico", coméntase a translación que Neira Vilas fai do campo, escenario das súas anteriores obras, ás cidades, caricaturizándoas criticamente e proxectando un futuro negativo. A continuación, describe estas cidades deshumanizadas e o ser que nelas vive e apunta as vías de solución que suxire o escritor. Conclúe centrándose na súa técnica narrativa, que se achega á sinxeleza das *Cousas* de Castelao, e nos contidos dos relatos.

- Ramón Nicolás, "Alegato contra a deshumanización", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 82, 15 xuño 1999, p. 6.

Comenta o libro de relatos *O home de pau*, de Xosé Neira Vilas que inclúe ilustracións de Siro López e que foi escrito cando o autor era xefe-redactor da revista infantil cubana *Zunzún*, aínda que foi reelaborado para a súa publicación. A pesar de aparentar uns argumentos inocentes, asegura que a alegoría os transforma nunha denuncia das "eivas crónicas que padecen as cidades do noso tempo". Sobresae destes quince relatos unha prosa contida e unha "enxebre riqueza lexical" que, mediante a ironía e o sarcasmo, constrúe "unha atmósfera urbana, sempre fría e insolidaria, sempre desesperanzada" que ten como única solución a volta "aos valores ecolóxicos e naturais".

- M. Blanco Rivas, "Alegoría sobre as eivas das novas cidades", *Faro de Vigo, "El Sábado"*, nº 112, 26 xuño 1999, p. 4.

Comeza describindo as carencias urbanas que Xosé Neira Vilas debuxa alegoricamente nestes quince relatos e caracteriza a súa prosa como “limpa e depurada” e apoiada “no expresionismo” das ilustracións de Siro López. A seguir, fai un esbozo da obra do autor de Gres e da reelaboración deste volume ata a súa publicación.

-M. Quintáns, “Unha reflexión sobre o destino das actuais cidades”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 22 agosto 1999, p. 6.

Descrición conxunta dos quince relatos da obra de Xosé Neira Vilas, *O home de pau*, onde se amosa que as cidades actuais son como cárceres monstruosos, poleiros de cemento e que están gobernadas polos anuncios. Indícase tamén que o volume conta con ilustracións de Siro.

- Ramón Nicolás, “As alegorías citadinas de Neira Vilas”, *Guía dos libros novos*, nº 10, “Narrativa”, setembro 1999, p. 20.

Faise eco do retorno de Xosé Neira Vilas ó ámbito da creación literaria coa obra *O home de pau* na que emprega o relato curto. Resalta a habelencia e bo facer neste xénero deste autor e que as quince fabulacións deste volume son reelaboracións dos publicados por el na revista infantil cubana *Zunzún*, cando era o seu redactor-xefe. Neles aprecia o desexo de evidencia-las “eivas crónicas que padecen as cidades do noso tempo” ademais dun estilismo esencialista e unha economía lingüística con gran riqueza lexical meditada, ata unha “diáfana alegación”, para amosarse en contra da “crecente uniformización e a deshumanización” do noso tempo. Destaca a existencia no seu argumento dunha “franca sinxeleza” e inocencia ademais de ser concomitante no argumento central e na “claridade expositiva” con *Cidades*, de Fran Alonso. A ironía, a descrición, a busca dos protagonistas a prol dunha rebelión que non conseguen e a situación espacial son outros dos recursos que observa.

Referencias varias:

-Ángel Varela, “Neira Vilas volve ás librerías con quince relatos sobre as cidades”, *La Voz de Galicia*, 28 maio 1999, p. 32.

Fai unha síntese dos principais motivos da obra e refírese á reelaboración á que Xosé Neira Vilas someteu estes relatos dende que foran escritos en Cuba en 1988. Recolle, así mesmo, as declaracións do autor sobre a simboloxía urbana destas historias e sobre a sinxeleza da escrita.

- D. P., “Neira Vilas alerta en su última obra sobre los problemas de la ciudad”, *Diario de Pontevedra*, 17 xullo 1999, p. 11.

Noticia sobre a presencia de Xosé Neira Vilas na Feira do Libro de Pontevedra para firmar exemplares do seu último libro, *O home de pau*, no que reflexiona sobre os graves problemas de habitabilidade que presentan as grandes cidades de finais deste século. Achega ademais o nome doutros escritores que asisitirán á feira e dá conta de varias das actividades a realizar dentro dela, como a representación do grupo de teatro monicreques Seisdedos, de Lalín, que escenificará *Mantas non son cobertores*.

- David Otero, “*O home de pau*”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 18 xullo 1999, p. 3.

Mostra a súa opinión sobre a primeira lectura que acaba de realizar desta última entrega de Xosé Neira Vilas, explicando que de principio nela se nos dá un aviso e se confesa a súa intencionalidade: “a de achegarse por alegorías a algunhas eivas crónicas que padecen as cidades”. Tamén sinala que o autor leva os “monicreques de cavanelas” por espacios temáticos diferentes, pero todos tecidos polo fío da preocupación e

alarma, “para que nos dean luz ás intervencións que prevexan o peor que nos agarda”, e describe os tipos de “homes de pao” que asentaron nas cidades.

- E. Álvarez/Albino Mallo, “Contar o mundo”/“Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda falan sobre os seus últimos libros”, *O Correo Galego,* “AFA”*/ El Correo Gallego*, 4 agosto 1999, p. 30/p. 73.

Faise eco da presentación de *O home de pau* no segundo día da Feira do Libro da Coruña. Dáse conta do título e argumento dalgún dos quince relatos que compoñen dito volume e recolle varios comentarios do seu autor sobre o mesmo, do que di que é “díficil de explicar e ten un gran compoñente de denuncia”. Tamén se informa de que no mesmo día a muller de Xosé Neira Vilas, Anisia Miranda, deu a coñece-lo seu libro *A cama, a bolboreta e o paxariño* (1998), que está destinado a nenos que aínda non saben ler e contén unha serie de trece contos nos que a preocupación máis importante da autora é “a solidariedade, o contacto coa natureza, co lugar de orixe”.

- Luis Pousa, “La literatura está para hacer idioma”, *El Ideal Gallego*, 4 agosto 1999, p. 20.

Comeza referíndose á presentación do último volume de relatos de Xosé Neira Vilas, na que a súa muller, Anisia Miranda, falou da súa obra *A cama, a bolboreta e o paxariño*. A seguir, mantense unha conversa co escritor, por medio da cal explica que o relato curto é o xénero máis adecuado para a súa prosa e que, por medio do protagonismo que lles outorga ás cidades na súa obra, quere alertar para que non se continúe coa “especulación, la contaminación y los decibelios”. Comenta, por último, que as ilustracións que fixo Siro López para este libro axústanse ó texto, que está escribindo sobre algunhas vivencias e que a literatura está “para hacer idioma”.

-Marta Villar, “De pouco vale escribir se non se fai idioma”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 117, 7 agosto 1999, p. 1.

Achega certos datos biobibliográficos sobre Xosé Neiras Vilas, quen sinala que o “Home de pau” é o primeiro dos quince contos do libro ó que lle dá título, “unha parábola, unha sátira sobre as cidades en xeral”. Comenta o autor que a súa obra transcorre en cidades galegas porque nunca tivo vivencias urbanas antes de emigrar e declara ser “moi esixente”. Ademais de apuntar que prefire a narración breve á novela, tamén comenta que estamos nunha etapa da literatura galega na que é fundamental facer idioma. Por último, refírese á boa adecuación dos debuxos de Siro López, que ilustran esta súa última entrega, ó bo momento que está vivindo a literatura en xeral e ós seus proxectos futuros.

- Beatriz Abelairas, “Gallego”, *Qué leer día a día*, nº 36, setembro 1999, p. 64.

Xosé Neira Vilas fala da súa última novela *Un home de pau*, do seu argumento e da crítica que lles fai ás cidades actuais. Polo demais, recoñece que sente saudade permantemente dos lugares nos que viviu nalgún momento da súa vida e que goza moito estudiando a emigración galega.

Novo, Isidro, *Antollos de Eimarmena*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, maio 1999, 190 pp. (ISBN: 84-87783-54-6).

Isidro Novo (Lugo, 1951) achéganos nesta obra unha colección de textos narrativos nos que se mestura o real co fantástico. O conxunto ofrécenos dez relatos nos que está moi presente a vida cotiá dos diferentes protagonistas. Podemos atopar rocambolescos relatos de amor como é o caso de “Liñaxe”, “Xémini”, “Calaza” e “Brétema”; tamén historias cun ar fantasmagórico en “Fenómeno”, “Bicicleta” e “Frechada”; e por último, evocacións pretéritas dos personaxes que os conducen ó óbito no caso de “Templete”, “Aló” e mais “Orballo”.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “O río do destino”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 73, 5 agosto 1999, p. 10.

Comentario centrado no libro de contos de Isidro Novo *Antollos de Eimarmena*. Descríbense, brevemente, algúns contos e sinálase que son “contos de carácter culto pero con certas fasquías populares”.

-M. Blanco Rivas, “Os mundos fantásticos de Isidro Novo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 117, 7 agosto 1999, p. 2.

Pequeno comentario do libro de Isidro Novo, *Antollos de Eimarmena*, onde o recensionista indica algunha das súas calidades como o humor, a sorpresa xunto coa axilidade narrativa e de linguaxe, aspecto que se bota en falta en moita literatura galega actual.

- Xosé M. Eiré, “Ángulos de amor”, *A Nosa Terra*, nº 901, “Guieiro Cultural”, 23 setembro 1999, pp. 27-28.

Tras menciona-las obras anteriores de Isidro Novo, *Por unha presa de machacantes* (1997) e *Carne de can* (1997), describe *Antollos de Eimarmena*, salientando o “recendo lírico, mesmo melancólico” de Eimarmena. Analiza os dez contos do libro e percibe en conxunto certo apresuramento en canto ó ritmo narrativo e ó discurso, en ocasións pouco logrado. Resalta que o amor é o motivo escollido polo autor para lle dar certa unidade ó libro, con resultados desiguais e lamenta que o conxunto non acade a coherencia desexada.

Pascual Carballo, Alberto, *Faragullas e líricas do solpor*, prólogo de Ramón Sarmiento, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, xullo 1999, 277 pp. (ISBN: 84-87575-76-5). ¤

Nova entrega de Alberto Pascual Carballo (Ourense), que se presenta como un conxunto de estampas da Galicia rural. Está dividida en tres partes, ilustradas todas elas por debuxos de diferentes autores e autoras galegos, doutras zonas da xeografía española, do veciño Portugal e mesmo da Arxentina. Na primeira parte, “Faragullas”, inclúense unha serie de contos tomados da tradición popular galega pero narrados co estilo peculiar do autor, así como anécdotas que forman parte da vida cotiá dos habitantes das nosas aldeas, todos eles “atravesados de ironía, retranca e a alegría de conta-lo pracer de vivir”. A segunda parte, o poemario titulado “Líricas do solpor”, é un canto á vida centrado na “realidade do hoxe, a fatiga do onte e a incertidume do mañá”, segundo expresa Ramón Sarmiento no “Prólogo”. Por último, “Follas do outono” recolle unha escolma de recordos cargados de nostalxia nos que se inclúen experiencias, sentimentos e reflexións sobre a realidade da vida. Para rematar, ofrécense breves comentarios biográficos sobre tódolos ilustradores e ilustradoras da obra.

Referencias varias:

- Chinny Gamir, “Faragullas”, una lanza a favor del mundo rural gallego”, *La Región*, 15 outubro 1999, p. 15.

Dá conta da presentación desta última entrega de Alberto Pascual, na que estivo presente Ramón Sarmiento, profesor na Universidade Autónoma de Madrid, quen, ó falar da obra, sinalou que nela o autor pretendeu recupera-la Galicia interior e rural fonte á “urbanidad progresiva a que nos lleva el mundo actual”. Cita as tres partes nas que se divide a obra e o que en cada una delas se reflicte.

Pereiro, Paulino, *Calidoscopio*, A Coruña: Bahía Edicións, col. Narrativa, nº 8, xuño 1999, 118 pp. (ISBN: 84-89803-39-0).

A través de pequenos fragmentos, Paulino Pereiro (A Coruña, 1957) narra a historia da relación amorosa entre Luís e Aurora, que teñen unha visión diferente da vida, pois mentres el vive fuxindo do "*si* da norma", ela rexe a súa conducta pola norma e a moral. Tras dunha serie de acontecementos, as súas conductas vólvense contradictorias e chegan a crear entre ámbolos dous o seu propio mundo. Pero Aurora suicídase e Luís refúxiase nos recordos das súas vivencias conxuntas, ata que unha noite morre esmagado polas rodas dun coche. Trátase, en fin, dunha historia que vai mostrando realidades diferentes, segundo vai transcorrendo a novela, como o fan os vidros de cores dun calidoscopio cando se moven.

Piñeiro, Antón, Bento da **Cruz**, Luis M. **García Mañá** e Antonio L. **Fontes**, *Contos sen fronteiras*, ilust. Lorena García Pascual, Vigo: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, 1999, 101 pp. (D. L.: VG: 495-1999).

Co propósito de contribuír ó achegamento entre Galicia e Portugal, a Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular promoveu a edición deste libro de contos, no que catro escritores, dous galegos e dous portugueses, ofrecen cadanseu relato. Nel participan, con relatos en portugués, os escritores Bento da Cruz, autor de "A Preta Dalila", e Antonio Lourenço Fontes con "O Padre, O Negro e O Lobo". Os relatos en galego son os seguintes:

- Antón Piñeiro, "A Casa da Neve", pp. 5-38.

Antón Piñeiro (Celanova, 1959) presenta neste relato, dende o punto de vista dun neno, o ambiente que se vivía en Celanova nos anos da posguerra. A través do seu mestre Don Marcelo, o neno vai comprendendo o que significa a presión política e chega a coñece-lo seu pai, que está preso en Celanova e non fuxira a Lisboa como lle fixera crer súa nai. Gracias a todos estes acontece-mentos, o rapaz chega a coñece-la lenda da Casa da Neve, mítico espacio da liberdade.

- Luís M. García Mañá, "O Misterio da Gralleira", pp. 53-72.

Neste relato de Luís M. García Mañá (Ourense, 1950) mestúrase a realidade e a fantasía para dar conta da existencia da alma en pena dun cabaleiro mouro encargado noutrora de velar pola unidade de Galicia e Portugal. Nos anos da posguerra, un neno contrabandista pérdese na neve pola canseira e chega a unha cova onde o mouro lle salva a vida e lle conta as causas da separación dos dous reinos. O neno salva a vida

e anos despois, xa vello, recibe de novo a visita do mouro, quen lle comunica que por fin pode descansar porque aínda que queda labor por facer, Galicia e Portugal achéganse cada vez máis.

Referencias varias:

- S. Espinoso, “La literatura une a gallegos y portugueses”, *La Región*, 15 decembro 1999, p. 12.

Informa que da man da Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular saíu á luz *Contos sen fronteiras*. Describe este volume e sinala que responde a unha proposta de Juan Vázquez Mao de escribir contos relacionados coa fronteira e que estivesen “cargados de solidaridad, de unión entre “hermanos” y pueblos”. Tamén comenta que esta iniciativa non é algo illado, senón que aparecerán outros volumes, e que dá unha oportunidade a escritores noveis.

Piñeiro González, Vicente, *Os círculos sagrados*, Lugo: Edicións da Chaira, novembro 1999, 112 pp. (ISBN: 84-89961-10-7).

Novela histórica ambientada na cidade de Lugo de finais do século II d.C. Na introducción, Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954) explica algúns aspectos relativos á xénese da obra e realiza aclaracións de tipo histórico que se complementan con notas a pé de páxina e con algunhas referencias bibliográficas relativas á temática do libro. A historia é conducida por un narrador omnisciente en terceira persoa que en contadas ocasións realiza apelacións ó lector. O protagonismo recae na moza celta Catulia e na súa historia de amor con Ambolo, o que serve para canaliza-lo contraste entre a sociedade celta que convive nos arredores de *Lucus Augusti* cos colonizadores romanos. Paralelamente á achega ós modos de vida dos pobo dos protagonistas, descríbese en clave novelesca o proceso de planificación e construcción da muralla como recurso de defensa diante dos bárbaros, o que dá paso tamén a unha incursión na organización administrativa romana. A pesar da aparente convivencia pacífica e de colaboración entre ámbolos pobos, asístese ós receos e ás diferencias, contraposición que dende o punto de vista formal se traduce na forte pegada paisaxística, por veces tinguida de erotismo, que rodea os episodios relativos ó pobos celtas.

Queipo, Xavier, *Malaria sentimental*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 1999, 141 pp. (ISBN: 84-7824-336-4).

Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) volve optar nesta nova entrega narrativa por situa-la trama en espacios exóticos como xa fixera en libros anteriores. Neste caso, o relato en primeira persoa preséntanos a un botánico que viaxa á Camboxa actual co fin de estudia-la flora parasita do templo de Angkor, centro espiritual do desaparecido imperio dos kmeres e unha das xoias arquitectónicas universais. Sen embargo, o seu obxectivo inicial vese truncado ó ser secuestrado, xunto co seu guía Pick, durante un longo período de tempo por forzas guerrilleiras hostís ó sistema oficial. Este feito súmeo nunha atmosfera asfixiante que alterna entre a realidade e a fantasía, situacións de violencia extrema e profundas reflexións sobre a condición humana, sen reflectir unha visión maniquea do conflicto, e o sentido da vida, xa que a experiencia lle supón unha forma de enriquecemento persoal. Por outra banda, destaca a sucesión de ambientes, personaxes e situacións, a introducción de longas digresións, unha alta capacidade lingüística que bota man de léxico especializado e de préstamos doutras linguas e unha tensión discursiva paralela ós acontecementos narrados.

Recensións:

- F. M. Martínez Bouzas, “Malaria que é Sentimental”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 64, 3 xuño 1999, p. 9.

Para comezar, cita as anteriores narracións de Xavier Queipo que dan paso a esta novela de aventuras "ó estilo de Conrad", xa desenvolto en *O paso do noroeste* (1996), "a mellor novela galega de aventuras". En *Malaria sentimental* tamén encontra unha viaxe, agora "ó corazón da selva camboxana" no contexto dos Khmeres Roxos. Engade que a aventura reside na acción, na superación de obstáculos que se desenvolven de xeito lineal, mais tamén hai lugar para "a disgresión ético-existencial". Despois refire algúns dos acontecementos que forman parte da acción e sinala que esta ten "como pano de fondo, o arrepío" e que este sentimento provoca "un final ben pouco eufórico" que aguilloa a consciencia do lector.

- Manuel Darriba, "Asia sentimental", *El Progreso*, 20 xuño 1999, p. 75.

Cualifica como orixinal a ambientación e o argumento da obra porque Xavier Queipo "é un heterodoxo nese sentido". Ademais, sitúa esta historia entre as máis "vividas e fortes" da última narrativa galega e gaba a veteranía e os coñecementos do autor, malia que observa tópicos "e dúas historias de amor pouco convincentes" que provocan canseira na lectura.

- Xosé Manuel Enríquez, "Reportaxe literaria/novela de viaxes", *Guía dos libros novos*, nº 9, "Narrativa", xullo-agosto 1999, p. 20. Dá nova da publicación de *Malaria sentimental*, de Xavier Queipo, a menos dun ano de detención, xuízo e morte de Saloth Sar. Para o articulista este é un libro no que se "explora as rugosidades do espírito humano e máis as súas distancias" nun tempo, lugar e circunstancias que o colocan na actualidade referenciada e histórica que se superpón á escrita literaria, transformándoa e acentuando a súa vertente máis informativa ou documentalista, nun texto de xornalismo máis ou menos literaturizado ou personalista. Afirma que con esta mestura, en partes iguais de literatura e xornalismo, o que fai é unha especie de reportaxe literaria ou novela de viaxes e consegue recarga-lo ritmo e a presión narrativa coa tendencia xornalística das descricións paisaxísticas, históricas ou políticas de Camboxa. Comenta que a narración presenta unha serie de avatares polos que pasa un adolescente, nunha viaxe ó Sudeste asiático co fin de estudia-la flora que nace nos

monumentos abandonados e que se converte nun traballo espiritual e formativo onde se coñece a si mesmo despois de pensar que nunca regresaría daquela viaxe, factor que se lle asemella ó exposto en *Corazón da Escuridade*, de Joseph Conrad. Sitúa esta historia nun lugar exótico e fala da posibilidade de recoñecelo mediante os datos (paisaxe sefardí) e nomes (Artico, Tibet) citados no texto. Na súa opinión, este distanciamento territorial dalle maior liberdade ó escritor para crea-los personaxes, accións e feitos sen a presión dun posible contraste coa realidade ó descoñecela, o lectorado, ou non poder acceder facilmente a ela. Recoñece unha sensación de verismo na obra por mor da "revelación sistemática de pormenores visuais, táctiles e físicos"; a descrición da paisaxe dunha maneira obxectiva, sen introducir sensacións e o enlace dos diferentes feitos sen acougo e de maneira automática "nunha escrita chea de frases plenas e desbordada".

- Xosé M. Eyré, "As febres intermitentes", *A Nosa Terra*, nº 894, "Guieiro Cultural", 5 agosto 1999, p. 23.

Alude ós premios acadados por Xavier Queipo ata o momento –Premio da Crítica por *Ártico e outros mares* (1990) e García Barros por *O paso do noroeste* (1996)– e á fascinación que esperta na crítica e no lector. Define a súa escrita con tres trazos: concisión poética, tendencia analítica e divagación, trazos que aplica a *Malaria sentimental*. Define a novela como "clásica" dende o punto de vista formal e di que conxuga aspectos da novela de viaxes, de aventuras e de amor. Considera que o mellor momento da novela é o capítulo nove, porque nel se desvela o verdadeiro significado do título en relación coa palabra "malaria".

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Exaltación da diferencia", *La Voz de Galicia, "Culturas"*, nº 91, 17 agosto 1999, p. 7. O recensionista comenta a ambientación exótica, en Camboxa, de *Malaria sentimental*, na liña do distanciamento espacial e o exotismo presente noutras entregas narrativas de Xavier Queipo. Sinala que *Malaria sentimental* rompe coas fronteiras xenéricas en tanto conxuga ficción e reportaxe sobre a situación real de Camboxa. Observa que fóra de aspectos como a intervención dunha voz homónima á do narrador, recollida entre parénteses e "facilmente prescindible", desvélase o espírito didáctico do autor na captación

dunha realidade historicamente distante. Finalmente, destaca a continuación da liña presente en *Ártico e outros mares* (1990) e o "camiño peculiar e persoal, nunca exento de interese" do escritor.
- Diego Ameixeiras, "Febres tropicais", *El Mundo. Galicia*, "Libros", 20 agosto 1999, p. 9.

Comentario á publicación de Xavier Queipo, *Malaria sentimental*, no que se describe o seu argumento e no que se di que estamos perante unha novela de aventuras que se converte, segundo medra a súa intensidade, nunha sutil crónica moral.

-Armando Requeixo, "Queipo en estado puro", *Tempos Novos*, nº 27, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", agosto 1999, p. 58.

Despois de facer referencia ás obras de aventuras de Xavier Queipo, fálase das principais características de *Malaria sentimental*, entre as que destaca o seu argumento aventureiro e exótico. Sinálase que esta nova entrega de Xavier Queipo segue a súa liña aventureira, como pode verse na súa localización –a actual selva camboxana– e nas numerosas aventuras –secuestros, noites de esmorga, amores hétero e homosexuais, etc.– que inzan a novela.

-Xosé A. Neira Cruz, "Xavier Queipo: *Malaria sentimental*", *A Trabe de Ouro*, nº 39, "Publicacións", Tomo III, Ano X, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 409-411.

Xosé A. Neira compara esta obra de Queipo con outras de similar ambiente de Baricco ou Tabucchi. Neira considéraa un manual de supervivencia, non só na selva camboxana, onde se desenvolve a acción, senón nun sentido máis extenso. O protagonista, un botánico, recolle esa actitude diante da vida dos personaxes das obras coas que Neira relaciona esta *Malaria sentimental*. O protagonista é, en realidade, en palabras de

Neira, un vagabundo occidental, en definitiva, que se busca e se busca ata “chorar polo que era e, sobre todo, polo que non era”.

Referencias varias:

- Carme Vidal, “A literatura é evasión”, *A Nosa Terra*, nº 885, “Guieiro Cultural”, 3 xuño 1999, p. 34.

Entrevista a Xavier Queipo a raíz da publicación da novela *Malaria sentimental*. O escritor revela que a novela existe porque “hai reflexión ou diálogo interior, relato e personaxes definidos” e é un xénero que non está en decadencia porque convida á evasión do cotián. Di tamén que a ficción ten un “substrato real” e un traballo serio de documentación. Tamén se centra na ambientación da súa obra e nas reflexións que pode producir para, finalmente, valora-lo momento actual da narrativa galega.

-Alfredo Conde, “Eses pequenos praceres”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 xuño 1999, p. 4/p. 48.

Inclúe os libros neses “pequenos placeres” que se deben compartir, como é o caso de *Malaria sentimental*, de Xavier Queipo. Afirma que non vai facer crítica literaria da obra, mais recoméndaa por ser “a mellor de tódalas nosas” do ano, período cheo, segundo di, de “maulas literarias”.

-D. A., “O escritor, amais de escribir ben, ten que ser un intelectual e transmitir unha ética propia”, *El Mundo. Galicia*, 21 xuño 1999, p. 9.

Co gallo da saída ó mercado de *Malaria sentimental*, o seu autor, Xavier Queipo, declara nesta entrevista que a súa é unha novela de aventuras na liña de *Corazón da escuridade*, de Joseph Conrad e que o exotismo que desprende débese ó seu interese por culturas alleas, tamén como método para relativiza-la cultura propia, concretamente, o bo momento da narrativa galega. Defende, amais, a necesidade da figura do intelectual e do compromiso ideolóxico e, para acabar, di que nunha sociedade non normalizada córrese o risco de facer unha literatura demasiado dirixida a certos sectores.

- Alfredo Conde, “Paciencia e barallar”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 agosto 1999, p. 48/p. 4.

Dedícalle varias gabanzas a última novela de Xavier Queipo, que el mesmo presentou na Coruña. Lamenta que a obra non estea por encima dos últimos éxitos editoriais e mostra a súa indignación ante a “pasmosa obsecuencia do estamento intelectual” que traga literatura de “quiosque”, mentres que esquece outra que si axuda a que a arte de narrar consiga a altura literaria que os tempos demandan. Encadra *Malaria sentimental* dentro desta segunda categoría e opina que debe obte-la consideración dos lectores e críticos, xa que se non é así, a culpa é destes “tempos avoltos nos que se nos está a dar matute literario”.

- Luis Pousa, “La búsqueda de otras geografías nos hace huir del nacionalismo excluyente”, *El Ideal Gallego*, 3 agosto 1999, p. 16.

Fai referencia á presentación da última obra de Xavier Queipo, polo escritor Alfredo Conde na Feira do Libro da Coruña. Recolle as palabras do autor quen salientou que o motivo polo que situou a obra en Camboxa está xustificado pola súa “obsesión” polos atlas e libros de viaxe e que esa busca doutras xeografías fainos fuxir do “nacionalismo excluyente”. Apunta tamén que hai bos textos narrativos en galego, aínda que a maioría son máis “proyectos que realidades”, e que debería ser máis frecuente a aproximación entre

literatura e público. Remata aludindo ó seu novo proxecto*, Manual de instruccións*, que recolle unha colección de ensaios curtos con abundante dose de humor.

Queipo, Xavier, *Manual de Instruccións*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 20, 1999, 93 pp. (ISBN: 84-8302-448-9).

Estructurada en once capítulos titulados, esta breve obra de Xavier Queipo (Santiago de Compostela, 1957) como o propio título recolle, *Manual de instruccións*, tenta ser unha guía para o home moderno que se enfronta a situacións cotiás como: comer nun avión e non pasar fame, atopar unha boa sombra debaixo dunha árbore ou mandar unha mensaxe nunha botella con éxito a calquera parte do mundo, para as que non conta con manuais coma os que acompañan cada novo aparello que chega ás casas e que mecaniza un pouco máis as nosas vidas. Conta tamén cun limiar do autor e unha "xustificación e orixes" que funciona a modo de prólogo, así como cun "epílogo innecesario" e un "aviso final". É moi salientable o humor e a retranca presentes en todos e cada un dos parágrafos que conforman a obra, unha visión irónica e crítica do mundo que tenta facer reflexionar ó lector cun sorriso na boca.

Recensións:

- Manuel Darriba, "Hai que ser subadultos", *El Progreso*, 21 novembro 1999, p. 75.

Cualifica esta obra, así como outras que Xavier Queipo publicou na colección "Ferros", de "caprichos" e lembra o referente cortazariano. Refírese ó ludismo desenvolvido no libro, tanto no que atinxe ós temas coma ó estilo, "orixinal, agudo, retranqueiro, moi a miúdo crítico". O autor chama a atención sobre aquelas

“instruccións para ser adulto”, resaltando a súa frescura ó tempo que gaba a marxinalidade do libro no panorama do mercado editorial.

- Diego Ameixeiras, “Métodos de supervivencia”, *El Mundo. Galicia*, 22 novembro 1999, p. 9. Chámase a atención sobre o carácter cortazariano do punto de partida deste libro de instruccións, elaborado desde un notable grao de irreverencia. Logo de comentar algunha sección, como “Instruccións para ser subadulto”, o autor da recensión refírese ó recurso da ironía. Finalmente, considera que o libro de Xavier Queipo “debe ser entendido como unha necesidade de intervir literariamente alí onde ninguén chama polas musas”.

Referencias varias:

-D. Janeiro, “O cotián transcende”/“Xavier Queipo bota man da ironía no seu novo libro ‘*Manual de instruccións*”, *O Correo Galego,* “AFA”, *El Correo Gallego*, 11 novembro 1999, p. 40/p. 73.

Sinala que *Manual de Instruccións* supón unha “volta á realidade máis próxima” de Xavier Queipo, quen recoñece as influencias de Cortázar e a evidente ironía que reflicten as súas frases. Recolle tamén os comentarios de Xurxo Xouto e Cid Cabido sobre esta peza.

Quintiá, Xerardo, *Unha soa man e outros intres*, Vigo: Galaxia, col. Descuberta, nº 6, decembro 1999, 105 pp. (ISBN 84-8288-334-8).

Este libro de Xerardo Quintiá (Friol, 1970) comeza cun prólogo narrativo “Unha soa man (Prólogo con moralexa)”, seguido de nove relatos curtos independentes e remata con “O espellismo (Unha novela curta)” a modo de epílogo. Estas nove composicións narrativas están divididas en dúas seccións: “Primeira parte” con catro relatos e “Segunda parte” con cinco. As narracións de X. Quintiá reflicten os problemas do vivir cotián na sociedade actual: frustración, soidade, droga, violencia doméstica, divorcio, etc. por medio de diálogos entre os personaxes e mediante descricións.

Quiroga, Carlos, *Periferias*, IXº Premio de Narración Curta Carvalho Calero, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 126, novembro 1999, 98 pp. (ISBN: 84-89896-59-3).

Primeiro volume narrativo no medio editorial galego de Carlos Quiroga (Escairón, O Saviñao, 1962). A obra consta de tres relatos breves, de sete capítulos cada un, que presentan unha mesma estructura narratolóxica: unha primeira persoa enunciativa que usa a escrita para dirixirse a un ou varios destinatarios co motivo de lle(s) relatar unha viaxe iniciática na xuventude, con destino común en Lisboa, mais en tres tempos históricos distintos. Así, un escravo africano (1499), un estudiante galego (1999) e unha rapaza de orixe brasileira (2099) comparten non só unha translación no espacio físico, senón unha viaxe de aprendizaxe e maduración que os conduce dende tres puntos periféricos ás orixes comúns dunha mesma raíz lingüística e cultural. Para lograr iso, o autor adapta os ambientes e a linguaxe ós distintos tempos en que se desenvolven os acontecementos, de xeito que, por exemplo, o relato inicial recorre á lingua medieval e o ambiente futurista está tirado de William Gibson, tal e como afirma o autor nunha das notas preliminares.

Risco, Antón, *Os fillos do río*, Finalista do IXº Premio de Narrativa Gonzalo Torrente Ballester 1997, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 164, agosto 1999, 187 pp. (ISBN: 84-8288-286-4).

Antón Risco (Ourense, 1926-Vigo, 1998) recrea un Ourense no que viven unha serie de seres marxinais: Pedriño, un rapaz negro e orfo, que vive do roubo e dos recados que lles fai ás prostitutas e ionquis; a señora Fátima, unha pobre vella portuguesa, que se mantén da mendicidade; Loliña, unha muller de idade madura, que se dedica á prostitución; Raúl, un heroinómano que gaña a vida tocando a frauta e don Ricardo, un funcionario xubilado, moi afeccionado ás letras e considerado coma un tolo por moitos. Así que, ó longo das páxinas desta novela, relata como xunto ó río Miño estes personaxes se van coñecendo e relacionando, ó mesmo tempo, que amosa as historias das súas vidas, as súas penas e todo aquilo que soñan obter algún día.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, “Adeus, Ourense amado”, *A Nosa Terra*, nº 904, “Guieiro Cultural”, 14 outubro 1999, pp. 23 24.

Fálase do problema á hora de editar unha obra póstuma, dado que poderiamos estar perante unha “obra inacabada”. Coméntase o libro *Os fillos do río*, de Antón Risco indicando que é unha clara homenaxe a E. Blanco-Amor. Sinálanse as afinidades desta obra con *A esmorga* (1959) e mais con *Xente ao lonxe* (1972).

Apúntase tamén que este libro de A. Risco é unha novela “de Ourense” e “do río Miño” na que el mesmo se despide da Cidade das Burgas, e destácase, finalmente, a súa fácil lectura.

- Inma Fernández, “Os marxinados de Ourense”, *El Progreso*, 24 outubro 1999, p. 73.

Comenta a novela de Antón Risco achegándose ós cinco personaxes marxinais que “pululan pola vida co único fin de chegar a ver realizados os seus soños”, así como ó que a autora da recensión considera o sexto personaxe: o río Miño. Refírese á proximidade que a obra presenta coa técnica teatral e comenta, a seguir, outras estratexias narrativas.

- Martínez Bouzas, “Risco (f)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 286, 28 outubro 1999, p. 8.

O autor do texto chama a atención sobre a maior sinxeleza desta segunda obra póstuma de Antón Risco, ó tempo que fai un sucinto percorrido pola súa traxectoria narrativa. Considera que *Os fillos do río* se caracteriza por unha mínima liña argumental. Trátase, na súa opinión, dunha novela “de pouca espesura diexética”, baseada no diálogo e na que concorren a tenrura, a parodia e a crítica. No texto faise unha achega ó argumento, baseado na vida de cinco personaxes marxinais e defínese a obra como unha “paisaxe microcósmica de cinco marxinados que liscan da realidade mediante a realidade dos seus soños”.

-Attilio Castellucci, “Descenso á Galicia infernal”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 1, 12 novembro 1999, p. 3. Cualifica *Os fillos do río* como un bo libro e achégase á súa liña argumental. Refírese á súa ambientación na cidade de Ourense e afirma que a pesar da dureza da novela non hai amargura. Finalmente, fai referencia á confusión da “fantasía e o cotián” nun único plano, así como á constante presencia do río Miño nesta obra de Antón Risco.

Referencias varias:

- Arturo Lezcano, “Antón Risco, un ano despois”/“No cabodano de Antón Risco”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 7 febreiro 1999, p. 21/p.75.

Cando se cumpre o primeiro ano da morte de Antón Risco, recorda que este autor deixou unha ampla obra literaria e anuncia a inminente publicación da súa novela, *Fillos do río* (1999), finalista do premio Torrente Ballester. Refírese ademais ás súas narracións inéditas e á creación por parte da Fundación Vicente Risco dun premio anual de literatura fantástica co seu nome.

-César Casal, “Antón Risco rexurde da man de Galaxia e a Deputación coruñesa”, *La Voz de Galicia*, 21 decembro 1999, p. 83.

Dá noticia da presentación da novela póstuma de Antón Risco, *Os fillos do río*, e refírese a certos aspectos da producción deste autor. Tamén recolle parte das declaracións de Damián Villalaín, quen dixo que nesta entrega citada vemos “o Risco novelista e máis pegado o seu entorno” e Arturo Lezcano, quen sinalou que nela aparecen personaxes, que quedan á marxe da sociedade, e que ten como escenario Ourense, “co pai Miño sempre presente”.

Risco, Antón, *Un, dous e tres (novela) + poesía gráfica*, limiar de Xosé Mª González Xil, Lugo: Tris Tram, col. Imaxe Escrita, 1999, 145 pp. (ISBN: 84-89377-25-1).

Neste volume recóllense a escrita visual e os poemas gráficos de Antón Risco (Allariz, 1926-Vigo, 1998), proxecto arelado dende 1993 e rematado en 1997. No limiar, Xosé Mª González Xil analiza a relación de A. Risco coa pintura, fai un repaso polas obras con referencias ó eido das artes do allaricense e describe as dez composicións do apartado "poesía gráfica" deste libro. Os tres apartados que o conforman son: "Un, Dous e Tres (Novelas)", "poesía gráfica" e "Sobre a miña literatura ideográfica". O primeiro deles consta de corenta debuxos, normalmente a base de simples trazos; no segundo figuran dez debuxos acompañados cun breve texto, mentres que no derradeiro, Antón Risco reflexiona sobre a súa escrita ideográfica, fundamentándoa no seu carácter universal, e sinala a importancia do lector como colaborador na creación da obra. O libro péchase cunhas notas biobibliográficas sobre Antón Risco.

Rivas, Manuel, *Ela, maldita alma*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 162, xuño 1999, 146 pp. (ISBN: 84-8288-283-X).

Colección de trece relatos cos que Manuel Rivas (A Coruña, 1957) retorna á narración breve tralo éxito acadado coa novela *O lapis do carpinteiro* (1998). Os diferentes relatos inciden na procura do interior do ser humano presentando diferentes formas da alma, que se pode manifestar a través dun enxame de abellas, dun estraño aceno da boca, dunha trasnada infantil, da pedra milenaria de Compostela ou de historias de mariñeiros. O autor parte do realismo e do carácter anecdotario das historias para construír mediante unha prosa fluída, mais non exenta de lirismo, unha visualización poética da vida que traspasa os personaxes e os espacios recoñecibles nunha radiografía universal da condición humana. O volume alterna relatos abertos con outros totalmente fechados ou circulares nos que tamén teñen cabida o humor e a fantasía para modera-lo pesimismo dalgunha das historias.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "*Ela, maldita alma*", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 73, 22 xullo 1999, p. 11.

Comentario sobre o libro de Manuel Rivas *Ela, maldita alma* no que se afirma que "é unha compilación de relatos" unificados pola alma que "rebule e se estremece coas súas mil faces nas páxinas deste libro". O comentarista apunta que a maxia do cotián, a tenrura e o lirismo están moi presentes neste volume e que en conxunto resultan uns "relatos moi sentimentais".

Xosé M. Eiré, “Esperabamos máis...”, *A Nosa Terra*, nº 893, “Guieiro Cultural”, 29 xullo 1999, p. 23. Fai referencia ó “fenómeno Rivas” na literatura galega e repasa a traxectoria literaria deste autor. Posteriormente, describe brevemente os trece títulos que forman *Ela, maldita alma* e indica que os once primeiros relatos son contos e que os dous do remate aproxímanse máis ó relato breve.

M. Blanco Rivas, “Unha mirada compasiva e solidaria sobre o ser humano”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 117, 7 agosto 1999, p. 2.

Fálase das características principais dos relatos que integran *Ela, maldita alma*, de Manuel Rivas e resáltase o feito de que o home sexa o elemento central das narracións. Remata este artigo cun breve percorrido bibliográfico ó redor do autor de *O lapis do carpinteiro* (1998).

- Ramón Nicolás Rodríguez, “Á procura da alma”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 98, 24 agosto 1999, p. 7.

Comentario centrado no libro de Manuel Rivas, *Ela, maldita alma*, no que se loa o seu “lirismo de raigame persoal” e a incorporación da estratexia discursiva. Tamén se critican as “numerosa grallas que afean o volume”.

- Xulio Valcárcel, “Relatos de Rivas”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 26 setembro 1999, p. 4.

Recalca que a clave do éxito de Manuel Rivas está no talento e mais no traballo, e sinala que “contribuíu a dignificar a literatura galega”. Valora positivamente o seu libro *Ela, maldita alma* do que destaca o humor, o realismo duro da infancia e a carga social.

-Xosé Manuel, Enríquez, “Unha faena de aliño”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Narrativa”, outubro 1999, p. 11.

Sinala que este libro se estructura en trece relatos evocativos e dispersos, tanto na temática coma na extensión, e explica o significado da alma que aparece nalgún deles. Cualifica estas narracións de amenas e agradables, aínda que denotan unha sensación de que falta algo para culmina-la obra ó non existir combate nelas. Tamén comenta que algúns dos relatos non sobrepasan a memoria anecdótica dalgunha situación cotiá e que no volume se aprecia a complicidade e apropiación da benevolencia do lector, ademais de indicar qué procedementos efectistas se empregan para destruí-lo espírito activo/creador deste. Remata afirmando que a obra, pese a que non defrauda, tampouco arrebata.

- Ángel Basanta, “Ella maldita alma”, *El Mundo. Galicia*, “*El Cultural*”, 7-13 novembro 1999, p. 21.

Comenta o “fenómeno literario sin precedentes en las letras españolas surgidas en una lengua minoritaria” que representa Manuel Rivas e céntrase na publicación de dous volumes, *Ella, maldita alma* e *El secreto de la tierra*. Describe a composición do segundo, que reúne *Un millón de vacas* e *Los comedores de patatas*. Refírese ó hibridismo xenérico, así como ós axustes textuais dos relatos compilados. Na súa opinión, “poemas, cuentos y novela corta componen una depurada crónica sentimental que hunde sus raíces en los vínculos rotos durante la noche sobrevenida en el paso de una Galicia rural a la moderna sociedad urbana”. No que atinxe a *Ella, maldita alma*, comenta o feito de que reúne trece relatos coas principais claves narrativas do escritor: a solidariedade, o particular imaxinario ou a tenrura. Como trazo fundamental salienta a sinxeleza narrativa.

Referencias varias:

-Concha Pino, “Rivas viaxa ó corazón das tebras cos relatos de “*Ela, maldita alma*”, *La Voz de Galicia*, 25 xuño 1999, p. 37.

Informa da presentación deste libro de relatos na que Manuel Rivas afirmou que a obra nacía dunha necesidade e que así como en cada relato reflectiu o máis fondo do ser humano, a literatura debe ser “un fino sensor do que pasa no mundo” e non pode quedar estancada. Ademais recóllense as intervencións de Carlos Casares, que resaltou o carácter poético e o significado antropolóxico da obra, e Dolores Vilavedra, que gabou o reflexo da vida que ofrecen estas historias destacando a perdurabilidade dos textos do autor.

- D. J., “Manuel Rivas viaxa ó corazón das tebras”/“Manuel Rivas viaxa ó corazón das tebras co seu novo libro “*Ela, maldita alma*”*, O Correo Correo*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 25 xuño 1999, p. 31/p. 75.

Crónica do acto de presentación da obra no que Manuel Rivas salientou que os trece relatos que a conforman manifestan diferentes zonas da alma, da “zona secreta do ser humano“, e declarou que a literatura debe anticiparse á realidade para non caer no estancamento. Así mesmo, estiveron presentes no acto Carlos Casares e Dolores Vilavedra, que destacou o volume como unha guía sentimental na que o pesimismo se supera mediante a arma do humor e cualificou o autor como “un dos mestres do relato galego contemporáneo”.

- Paula Pérez, “Manuel Rivas descubre el lado oscuro del alma en un libro de trece relatos”, *Faro de Vigo*, 25 xuño 1999, p. 59.

Con motivo da presentación da última obra de Manuel Rivas, recóllense as declaracións do autor nas que identifica o volume como un camiño ó máis fondo do home. Ademais, reflicte algunhas claves que sobre a obra deron Dolores Vilavedra e Carlos Casares.

- Primitivo Carbajo, “Rivas define sus relatos en gallego como un viaje a “lugares del alma”, *El País*, 25 xuño 1999, p. 53.

Anúnciase a presentación oficial de *Ela, maldita alma*, de Manuel Rivas, salientando o éxito que acadaron as súas obras anteriores que están sendo adaptadas ó cine, ademais de sinala-la preparación dunha antoloxía de textos satíricos que está a prepara-lo autor. Ofrécese a múltiple variedade de conceptos nos que se plasma a “alma” na obra, e sinálase o contido dalgúns dos trece relatos que contén como “O loro da Guaira” e “O loro anarquista”.

- César Casal, “Os meus heroes pertencen ó pobo”, *La Voz de Galicia*, 2 xullo 1999, p. 33.

Co gallo da presentación na Coruña da obra *Ela, maldita alma*, Manuel Rivas comenta este último libro seu e critica o labor cultural da Xunta de Galicia, sinalando que “temos uns dirixentes anacrónicos» e que «aquí non se potencia a fábrica da imaxinación”.

- Cristina Egea, “Está bien llevar los libros a las tabernas”, *Atlántico Diario*, 3 xullo 1999, p. 10

O escritor Manuel Rivas fala da situación actual da literatura galega, da súa última obra, *Ela, maldita alma* e das Feiras do Libro salientando a importancia de saca-los libros á rúa.

- César Casal, “Mis héroes pertenecen al pueblo”, *Diario 16*, “El atolladero”, 5 xullo 1999, p. 31.

Recolle unha breve entrevista con Manuel Rivas a raíz da presentación do libro de relatos *Ela, maldita alma*. O entrevistado afirma que a obra é un percorrido cara ó lugar da alma e que partindo de heroes do pobo pretende chegar á condición humana. Ademais, declárase crítico coa industria cultural galega vehiculada no programa cultural do Xacobeo.

- Francisco Castro, “*Ela, maldita alma*”, *Atlántico Diario*, 19 agosto 1999, p. 30.

Comenta que leu “banado nun pracer inmenso” os trece relatos que compoñen o libro de relatos *Ela, maldita alma*, de Manuel Rivas. Tamén apunta que é no relato curto onde o escritor coruñés está mellor e expón o que no citado volume podemos atopar.

-R. Romar, “Alfaguara traducirá ó castelán a obra de Rivas “*Ela, maldita alma*”, *La Voz de Galicia*, 8 setembro 1999, p. 34.

Afirma que este será o oitavo libro de Manuel Rivas que se traducirá ó castelán e que interpreta como unha “novela polifónica”, xa que tódalas pezas están interrelacionadas. Refírese tamén a súa presencia en Santander para presenta-lo seu ideario literario, que recolle en “Dez ideas para prolonga-las *Mil e unha noites*”, que é froito “da miña senda vital, porque o meu feito literario é un feito biográfico”. Nunha nota á parte, dáse conta das traduccións da súa obra e dos perigos que, na súa opinión, corre a literatura.

- Silvia Cáceres, “Manuel Rivas: “La vida sólo existe cuando hay conflicto, el orden supone la muerte”, *La Región*, 22 outubro 1999, p. 53.

Refírese á presentación da última novela de Manuel Rivas, coa que considera que resolveu, á súa maneira, o enigma da localización da alma, "viajando a mi propia zona secreta, para descubrir que no se encuenta dentro de uno mismo, sino fuera". Recolle o motivo polo cal o citado autor titulou *Ela, maldita alma* a súa novela e a súa opinión sobre a literatura e o oficio de escribir. Finaliza mencionando o acordo acadado na pasada Feira do Libro de Francfurt polo cal *O lapis do carpinteiro* (1998) se vai publicar noutros países.

- Emma Rodríguez, "Manuel Rivas, el discurso de un cazador de almas", *El Mundo. Galicia*, 25 outubro 1999, p. 46.

Cita parte dos éxitos alcanzados por Manuel Rivas, que se converteu nun "cazador de almas" neste seu último libro de relatos, *Ela, maldita alma*, que Alfaguara acaba de editar, ó mesmo tempo que recolleu dúas obras súas anteriores, *Os comedores de patacas* (1991) e *Un millón de vacas* (1990), no volume titulado *O secreto da terra*. Recolle tamén as palabras de Rivas sobre o feito de escribir, a busca da alma, a cal parece que atopou "donde me preguntaba por los conflictos de los demas", e a reivindicación do conto.

- Juan Manuel González, "Trazos de azar y saudade", *Diario 16*, "SOS", 26 novembro 1999, p. 63.

Refírese á anterior producción de Manuel Rivas e indica que, agora, lle deu unha "vuelta de tuerca" e que vén de entregar un volume de trece relatos, *Ela maldita alma*, "unificados por nuevos trazos narrativos con los que palpar un viejo juego a tres: entre el azar, lo inmaterial del hombre –¿alma?– y, como no, la saudade". Achega tamén algunhas notas sobre algúns dos relatos e finaliza dicindo que este libro foi ideado nun conxunto a modo de "manual de sentimientos encontrados".

-Beatriz Abelairas, "Manuel Rivas: Fotógrafo de Almas", *Qué leer día a día*, nº 38, novembro 1999, pp. 26 32. Fala Manuel Rivas nesta entrevista sobre a súa última obra, *Ela, maldita alma*, sobre a situación da literatura galega e sobre a Galicia fantástica que aparece na súa obra. Tamén resposta preguntas relativas á

emerxencia dunha cultura fronte á mediocridade oficial, e sobre as mudanzas que provocarán en Galicia nos vindeiros anos. Finalmente móstrase satisfeito coa realización de dúas películas baseadas nas súas dúas últimas obras.

- Luis Pousa, “Del Huevito al difunto cine Rex”, *El Ideal Gallego*, 5 decembro 1999, p. 16.

Comeza sinalando que Manuel Rivas volve retratar algún dos lugares menos coñecidos da Coruña en *Ela, maldita alma*, para, a continuación, sinalar cales son os relatos nos que aparecen. Tamén comenta que entre os personaxes do volume pulula un individuo real, o artista coruñés Antón Mouzo.

Riveiro Coello Antón, *A quinta de Saler*, Finalista do Xº Premio Narrativa Gonzalo Torrente Ballester 1998, Vigo: Galaxia, maio 1999, 190 pp. (ISBN: 84-8288-270-8).

Nesta ocasión Antón Riveiro Coello (Xinzo da Lima, 1964) presenta unha novela múltiple de rexistros, voces e soportes. Trátase dun xogo literario no que o editor Manuel Monteira propón a dous escritores escribir unha novela sobre un seu devanceiro chamado “O liberal de Saler”, un home que quixo instaurar unha especie de comunismo no Antigo Couto Mixto, esa terra de ninguén entre Galicia e Portugal que puido se-la Andorra do Occidente Peninsular. Estes son Bieito Pereira, un escritor novo que quere facer camiño, e Helena Otero, unha fermosa mullerque ó final acaba tendo un romance co editor. Úneos a novela que están a escribir, que se vai intercalando, coa súa propia historia, contada por un narrador omnisciente en terceira persoa, e tamén a vontade posta na afronta por creren que o contrincante é Méndez Ferrín. Tamén se intercalan anacos dunha sentencia xunto con noticias de xornais, a xeito de fotocopias (xornais ficticios: *A Voz do Miño*, *O Correo de Galicia*, etc.), que aparecen ó comezo e ó final, xusto cando facemos encaixar estes anuncios de algo que descoñeciamos. Así pois, coas noticias xornalísticas e co anaco da sentencia do remate sabemos que o libro gañador do Premio Castelao, que se anunciaba ó comezo, era Xesús Paradela, o garda civil que, logo de teren un accidente mortal os dous escritores e o editor, se apropiou dos relatos e púxoos en cursiva escribindo el propio a historia dos tres falecidos que se nos acababa de narrar polo que só é acusado de plaxio parcial.

Recensións:

- Ramón Nicolás Rodríguez, “Unha afortunada novela sobre o Couto Mixto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 93, 31 agosto 1999, p. 7.

Primeiramente comenta a fascinación que ten suscitado o espacio do Couto Mixto na creación de Méndez Ferrín ou García Mañá, ós que agora se une Antón Riveiro Coello con *A quinta de Saler*. Resume despois parte da trama argumental poñendo de manifesto algunhas eivas como a confusión que pode provocar no lector o ocultamento da identidade dos dous escritores protagonistas ou a deficiente reproducción dos retallos e planos do xornal que aparecen na novela. Entre os recursos que captan o interese do lector salienta a ampliación do argumento inicial co universo vivencial dos protagonistas, así como o "impecable rexistro literario, extremadamente coidado en todos os detalles" e a verosimilitude no deseño de personaxes e situacións.

- Xosé M. Eiré, "Unha novela que pedia máis traballo", *A Nosa Terra,* nº 898, 2 setembro 1999, p. 23.

Considera un acerto da novela de Antón Riveiro Coello o discurso, "moi ben argallado" e a estructura, "áxil e acertada". Das tres historias que se desenvolven na narración valora especialmente a historia marco, o desafío que reciben os dous escritores, pola súa crecente tensión narrativa. Entre os trazos negativos menciona a falta dun axeitado tratamento lingüístico, "non só no vocabulário, senón nun estilo frástico bastante pobre". Observa no texto certa precipitación do autor pola presencia de lagoas e lamenta que non tirase máis partido da historia da Quinta de Saler. Conclúe salientando a madeira de bo narrador de Riveiro Coello e recomendándolle "menos apuro e máis concentración".

-F. Martínez Bouzas, "Novela de novelas", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 79, 16 setembro 1999, p. 9.

Afirma que *A quinta de Saler*, de Antón Riveiro Coello é "unha novela de novelas" pola súa configuración estructural de historias inseridas unhas nas outras en diferentes planos narrativos. Valora a axilidade do autor e os trazos da súa prosa, "intensa, por veces, feroz e brillante", malia a considerar que desaproveitou a ocasión de ofrecer un relato que transfigurase dun xeito fantástico a realidade. Compara a súa escrita co realismo máxico de García Márquez e, neste sentido, cre que a historia daba máis xogo. Refírese finalmente ó desenlace precipitado da novela.

-Dolores Vilavedra, “Unha novela sobre a novela”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Narrativa”, outubro 1999, p. 20.

Céntrase no comentario desta nova entrega de Antón Riveiro Coello, á que considera exemplo da autonomía que posúe a literatura galega. Sinala que nela se fai unha recuperación do Couto Mixto como espacio literario, ademais de falar da concepción da novela como homenaxe a X. L. Méndez Ferrín, por se-lo popularizador do Couto Mixto, e da conversión do homenaxeado en modelo e desafío para un dos escritores protagonistas da novela. Cita algúns dos seus trazos máis salientables referentes á perfecta ensamblaxe das súas partes e ó seu ritmo narrativo. Tamén manifesta a presencia dun “feixe de saltos xornalísticos” que preceden a novela e a intercalación duns extractos da declaración do demandado, cos que se desvelan certos enigmas da novela. Finalmente, cita as semellanzas da súa temática e protagonistas con respecto a outras obras da literatura galega e alude ós xéneros de aventuras presentes na obra e ó simbolismo do personaxe encargado de face-lo contrapunto fantástico.

Referencias varias:

- R. G., “Riveiro Coello: ‘Traballo as páxinas como poemas”, *La Voz de Galicia*, 4 xuño 1999, p. 31.

Anuncia a presentación na Coruña desta novela de Antón Riveiro Coello e recolle as declaracións do autor nas que reflexiona sobre a obra e di sentirse un autor marxinal debido a unha pose romántica.
- C. Castilla, “A dobre novela dun limiano”, *La Región*, 22 xuño 1999, p. 14.

Apunta que, a través da lectura de *A quinta de Saler*, témo-la oportunidade de coñece-lo desenvolvemento de dúas historias diferentes nun só libro. Refírese ó seu emprazamento temporal e espacial moi concreto e sinala que Antón Riveiro Coello a define como "novela compartida". Tamén recolle certas declaracións de Carlos Casares, que foi o encargado da súa presentación, que a describe como "harmonía e equilibrio entre as partes". Tamén comenta que nesta novela o seu autor lle rende unha pequena homenaxe "a colegas da literatura galega" que admira e dá conta dos seus proxectos futuros.

- Carme Vidal, "Antón Riveiro Loureiro. Unha cousa é ser famoso e outra ter prestíxio como escritor", *A Nosa Terra*, nº 889, "Guieiro Cultural", 1 xullo 1999, p. 32.

Entrevista a Antón Riveiro Coello co gallo da publicación de *A quinta de Saler*. O escritor encádrase naquel grupo de autores que "teñen a literatura como unha forma de existéncia" e non no grupo dos mediáticos ou famosos. Entende tamén que a boa literatura é amena e, a continuación, remítese á estructura narrativa da novela, estructura moi estudiada e esquematizada. Foxe da fama e do peso do autor no marco literario mais busca o interese do lector a través do traballo textual. Pensa que a documentación é importante, como se demostra en *A historia de Chicho Antela* ou na súa última novela, e conclúe que os premios literarios son necesarios e que recorreu a eles en certas ocasións.

- Marcos Nine, "Son un escritor de vila", *La Voz de Galicia*, 15 xullo 1999, p. 36.

Comeza definindo a Antón Riveiro Coello, ó que encadra dentro do grupo de autores que crea dende unha posición "marxinal", para manter logo unha conversa con el. Afirma o autor ser bastante crítico cos premios, aínda que sabe que é unha saída para a publicación, e define *A quinta de Saler* como "unha homenaxe á literatura galega e especialmente á literatura de Ferrín", do que di que está presente en toda a súa obra.

Finalmente, ademais de falar das súas influencias e dicir que “é un escritor máis de vila ou de aldea”, expón o seu parecer sobre a literatura urbana ou burguesa e os seus próximos proxectos.

Seixas, Manuel, *Bailarina*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, nº 151, 1999, 229 pp. (ISBN:84-8302-405-5).

Novela de ficción científica de Manuel Seixas (Vilagarcía, 1961) cunha obra situada cronoloxicamente no ano terrestre 2120 e na que o centro do mundo xa non é a Terra senón o propio sistema solar. A obra comeza cun “Test de Lubvskaia” que vén ser un posicionamento argumental sobre a conexión das pulseiras para o desenvolvemento das pulseiras, mediante a conexión das cales se sabía da boa saída das relacións das parellas que a activaban. Remata cun “Glosario básico” e unha “Coda musical”. No medio desenvólvense vinte e oito apartados nos que se conta a historia de Ollos, de quen estaba namorado Anne, mais que, ó verse rexeitada, suicídase; Eva, pola que suspira Ollos; e David Vishniac, xefe da Resistencia, que finalmente cae tamén rendido ós pés da “fermosa” Eva. No medio de todo este enredo teñen especial relevancia as pulseiras Lubvskaia, por seren empregadas para saber das posiblidades de relación entre eles. Ó final logo dun longo conflicto entre o deber de xefe da resistencia e o amor por Eva, que o leva a loitar con Ollos, David acaba tendo unha relación con Eva na terra e posteriormente é localizado e apresado. Eva tamén é reeducada e volta ó seu traballo mecánico habitual de camareira, o mesmo que Ollos que, logo de reeducado-dominado, dedícase a dicir que estaba equivocado. Ó final o xefe da resistencia fica vencido e a fermosura do amor debastada.

Recensións:

- Manuel Darriba, “Desamor no Sistema Solar”, *El Progreso*, 18 outubro 1999, p. 75.

Manifesta o seu aburrimento ó ler este libro de Manuel Seixas. Indica que non é orixinal, posto que "case todo o que se conta parece saído de anteriores libros ou películas" e remata sinalando o desagradable "tufo moralizante" da novela.

- Dolores Vilavedra, "Reseso", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 286, 28 outubro 1999, p. 6.

Ofrece unha valoración negativa da novela que inicia xa co argumento pois, dende o seu punto de vista, está a retomar unha historia demasiado repetida pese a estar ambientada no século XXII. Incide nos meritorios esforzos do autor por elixi-la metáfora á hora de decidi-los nomes dos protagonistas, Eva, David ou Caronte, pero considéraos estériles e innecesarios. Insiste na falta de calidade e na redundancia do texto e salienta o retroceso que supón na traxectoria do autor. A seguir reflexiona sobre o desinterese que deben provocar nos lectores obras literarias coma estas e cuestiónase se non sería mellor asumir que "hai trens definitivamente perdidos". Finalmente compara a obra con outras de Manuel Seixas como *A velocidade do frio* (1998), da que resalta os seus valores literarios polos que se lle concedera un creto e que, nesta nova novela "non fai méritos abondos como para merecer o investimento do esforzo do lector".

- Xosé M. Eyré, "Bravú amor sideral", *A Nosa Terra*, nº 907, 4 novembro 1999, pp. 31-32.

O texto comeza cunhas reflexións a propósito da literatura bravú e a súa pervivencia. Polo que respecta á obra comentada, o autor considera que a traxedia, o amor e o cine son os elementos fundamentais da narrativa de Manuel Seixas. Comenta algúns aspectos como o "glosario" da obra, a súa estructuración en dúas partes ou os personaxes. Critica a inferior calidade do comezo con respecto ó conxunto. Finalmente, considera o libro unha novela de xénero e salienta o ritmo e a estratexia narrativa.

-Dolores Torres París, "Ciencia ficción made in Galicia", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 1, 12 novembro 1999, p. 3.

Sitúa esta obra de Manuel Seixas dentro do xénero da ciencia ficción. Ademais do seu argumento futurista, salienta a creación dun tempo e un espacio particulares, así como dunha linguaxe na que abonda o neoloxismo. Refírese tamén á historia que subxace a este tecido e salienta que, ademais do carácter novidoso, os ingredientes fundamentais da novela son "o amor, sentimento intrínseco do ser humano, o desexo de aventura e a procura de liberdade", e alude a Bradbury e Carl Sagan como fontes literarias.

-Armando Requeixo, "Amores galácticos", *Tempos Novos*, nº 30, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", novembro 1999, p. 64.

Análise crítica desta entrega de Manuel Seixas. Apúntase que o volume "se interna polos vieiros xenéricos da ciencia ficción" e que resulta un "híbrido entre a novela amorosa e a de aventuras". Critícase a datación dalgúns feitos no futuro inmediato –ano 2003–, dado que condena ó libro a unha lectura caduca, restándolle verosimilitude.

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Danza futurista", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 107, 7 decembro 1999, p. 7.

O texto fai mención da traxectoria narrativa de Manuel Seixas e sinala que *Bailarina* é un paso adiante no xénero galego da ciencia ficción. Destaca o seu estilo e explica como detrás dun decorado futurista subxacen grandes temas de sempre como o amor ou a procura da identidade.

- Xosé Manuel Enríquez, "Unha escrita sen pretensións", *Guía dos libros novos*, nº 13, "Narrativa", decembro 1999, p. 21.

Comeza centrándose na descrición do mundo futurista de amargura e desencanto no que nos sitúa a obra, pasando despois ós personaxes deste mundo alegórico, dos que salienta as relacións que se establecen entre eles, xa sexan afectuosas ou de amor, e como afecta á trama da obra, que remata cualificando de "frouxa (...) simple e sen pretensións", achando nela os ingredientes propios dunha obra de lectura rápida.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O futuro permite a invención”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 1999, p. 91.

Recolle a noticia da presentación desta novela de Manuel Seixas en Vilagarcía. Recolle a explicación do autor que comenta que con *Bailarina* quería escribir algo que lle permitise estar moi cómodo e que o futuro lle pareceu que lle permitiría gozar da “invención da circunstancia, dos obxectos, e, sen embargo, podía contar exactamente o que quería”. Tamén apunta que o que desexaba era escribir unha historia de amor con toda a liberdade para demostrarse que non era autor dunha única novela. Afirma, finalmente, que se trata dunha novela de “confirmación”.

- Beatriz Abelairas, “Seixas, el filósofo fantástico”, *Qué leer día a día*, nº 37, outubro 1999, p. 62. Refírese Manuel Seixas ó seu último libro, do que fai un pequeno resumo e intenta explica-la súa intencionalidade comunicativa, o que desexa que vexa o lector. Alén disto, di que está a preparar un libro de poesía e opina sobre os premios, ós que desacreditaba ata gañalos el.

- Diego Ameixeiras, “Téñolle medo ó pensamento único e á futura uniformización dos individuos”, *El Mundo. Galicia*, 2 novembro 1999, p. 9.

Nesta conversa Manuel Seixas dá conta das ideas polas que comezou a argalla-lo seu derradeiro libro e sinala que ese futuro “decadente” do que fala, xa está moi presente nos nosos días. Tamén se refire ó seu medo ó pensamento único e á uniformización dos individuos, ademais de apuntar que para el a tecnoloxía é unha cousa moi aproveitable, pero que se está a empregar para que moita xente non pense. Manifesta a súa desconfianza deste presente “tan estrano” e o seu gusto de escribir “coma se levase unha cámara ao ombro”, para finalizar falando da homenaxe que fai ó final da historia á música que máis o inspirou durante a escrita.

-C. Lorenzo, “*Bailarina*, un mundo de paixón e intriga”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 novembro 1999, p. 35.

Noticia da presentación desta novela de Manuel Seixas, entre as colaxes de Xurxo Romero e a música de Seixas, na librería María Balteira de Santiago. Comenta as liñas temáticas desta novela de ciencia ficción e recolle as declaracións de persoas como Anxo Quintela, quen, entre outros comentarios, afirmou que este é un dos libros “máis importantes” que se teñen publicado en Galicia nos últimos anos, e o seu propio autor, quen indicou as propostas que nel presenta.

Souto, Xurxo, *O retorno dos homes mariños*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 21, 1999, 125 pp. (ISBN: 84-8302-404-7).

Este relato de Xurxo Souto (A Coruña, 1966) ábrese cun mapa que presenta o enclave espacial que serve de marco á acción, A Coruña, e, á vez, sitúa os tres naufraxios que viviu a cidade: o do Erkowit (1970), o do Urkiola (1976) e o do Mar Exeo (1992), mailo desgraciado derrubamento do vertedoiro do Portiño (1996), acontecementos que teñen unha especial importancia na memoria colectiva da cidade e na traxectoria persoal dos protagonistas. Tralo mapa, seguen vinte “lances” e un epílogo nos que, cunha estructura anárquica, vaise dando conta da vida cotiá de dous personaxes que centralizan o relato: Mercedes, unha costureira que traballa nos talleres téxtiles das grandes empresas da moda galega; e o Agoiro das Lagoas, antenista de profesión e posuidor dunha teoría de aproveitamento da enerxía psíquica, ó que todos lle atribúen un talentopara a adiviñación do que el renega. Ámbolos dous personaxes comparten un vínculo especial co mar coruñés e, sobre todo, o contacto cos homes mariños, seres estraños, metade peixes metade homes, que saen do mar en contadas ocasións. O autor recupera así unha das lendas asociadas co mar, que foi rescatada por Jerónimo del Hoyo no século XVII cando visitou A Coruña, segundo se explica nun texto intercalado entre o lance doce e o trece. A presencia de enclaves da costa coruñesa, a recuperación de espacios cada vez con menos presencia na fisonomía da cidade pola invasión da modernidade, a literaturización da mitoloxía popular relacionada co mar por boca de varios personaxes e acontecementos como o afundimento do Casón ou a entrada do Discoverer Enterprise na Ponte das Pías de Ferrol, son outros dos trazos que configuran o relato.

Recensións:

- Manuel Darriba, “Mitos do mar e subemprego”, *El Progreso*, 5 decembro 1999, p. 73.

Afirma que esta primeira novela de Xurxo Souto reproduce os mesmos temas e recursos que empregara noutras narracións anteriores. Fai referencia a algunhas características do autor, como a anarquía estructural, a frescura, a incorporación da mitoloxía, a fraseoloxía popular e a crítica social.

- Xosé M. Eiré, “Quédanos o orgullo”, *A Nosa Terra*, nº 914, “Guieiro Cultural”, 23 decembro 1999, pp. 27-28.

Principia comentando *A tralla e a arroutada* (1996) e *Fumareu* (1997), obras anteriores de Xurxo Souto das que, segundo Eiré, *O retorno dos homes mariños* é unha evolución. Entre os aspectos máis destacables sinala a caracterización dos personaxes, nomeadamente a psicolóxica, e o uso dun auténtico e autóctono argot xuvenil mentres que a puntuación sería o peor do texto. Salienta ademais a omnipresencia da Coruña, o mar e as catástrofes navais acontecidas na zona. A pesar de outorgarlle o cualificativo de realista, o xornalista acha tamén na obra características simbolistas. En conclusión, pensa que a novela é un chamamento a recupera-las raiceiras como único xeito de mante-la identidade.

- Joaquim Ventura, “A épica da catástrofe”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Narrativa”, decembro 1999, p. 20.

Céntrase no microcosmos que aparece na obra: Monte Alto, dentro do cosmos que é Galicia, do que se salienta a particularidade de ser un barrio da cidade da Coruña representativo do choque entre cultura tradicional e cultura urbana. Tamén se sinalan as tres reivindicacións que se fan na obra: a mitoloxía a través dos habitantes das augas, como recuperación da cultura tradicional mariñeira; a situación dos traballadores denunciando as duras condicións de traballo e reivindicación dunha épica “que forxa a memoria histórica popular”, rematando con referencias ós personaxes protagonistas, Agoiro das Lagoas e Mercedes, nos que se di aprecia-la influencia de Cunqueiro.

Referencias varias:

- Luis Pousa, “Xurxo Souto retrata a cidade atlántica en “*O retorno dos homes mariños*”, *El Ideal Gallego*, 10 novembro 1999, p. 20. Refírese á roda de prensa dada por Xurxo Souto, na que, ademais de falar de certas cuestións relacionadas coa Coruña, sinala que en *O retorno dos homes mariños* quere recupera-la lenda destes seres míticos para reivindicar unha Coruña “atlántica, enxebre e bravú”.

-Maxi Lorenzo, “Xurxo Souto reivindica o “punkismo máxico” na súa primeira novela”, *Faro de Vigo*, 10 novembro 1999, p. 52.

Dá conta da presentación da primeira novela de Xurxo Souto, coa que pretende inaugurar un novo xénero: “o punkismo máxico”. Refírese ó argumento desta obra, ademais de sinalar que con ela se dá unha triple dimensión da Coruña e que recupera unha tradición perdida hai trescentos anos, a dos homes mariños.

- Sonia Vizoso, “As boas ideas deben reiterarse”, *La Voz de Galicia*, “Última Voz”, 21 novembro 1999, p. 96.

Nesta conversa Xurxo Souto sinala que esta súa primeira novela non ten entidade para crear un xénero en si mesma, o bravú, e que el ten unha soa teima, a de contar todo o que pasa neste mundo tan fecundo, polo que emprega tódolos medios que ten a man. Volvendo á súa novela, afirma que non cre que, con repetir tanto os termos “carnocho” ou “repichoca”, baleire de significado eses tópicos. Por último, fala sobre o bravú, do que opina que non está institucionalizado e que quere ter unha voz propia na loita por salva-lo mundo do sector primario.

- R. C., “Xurxo Souto presentará en Vigo a súa novela “*O Retorno dos Homes Mariños*”, *Atlántico Diario*, 23 novembro 1999, p. 10.

Alude á presentación do libro de Xurxo Souto, *O retorno dos homes mariños*, e de Xavier Queipo, *Manual de instruccións*, que veñen de ser publicados por Xerais, ademais de ofrecer un resumo do contido de cada un deles. Tamén sinala que a editorial presenta as reedicións de *Arrabaldo do norte*, de X. L. Méndez Ferrín e *Vidas senlleiras*, de Darío Xohán Cabana, entre outros.

- M. A. S., “Xurxo Souto: “Ferrol é terra de músicos e navegantes”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 12 decembro 1999, p. 5.

Entrevista con Xurxo Souto, quen define o movemento bravú como unha “forma de facer música popular contemporánea con fondas raíces galegas mirando a todo o planeta” e afirma que para el algúns alicerces do que é o bravú veos en Ferrol. A seguir, tomando como punto de partida elementos de *O retorno dos homes mariños*, refírese á comarca de Ferrolterra, á recorrencia do mar na súa novela, á situación de ASTANO e á obriga da xente de dar a coñece-los casos de inxustiza.

Soutullo Carolo, Salvador, *República Galega*, Hospitalet del Llobregat-Barcelona: Acega Edicións, col. Narrativa Acega, xullo 1999, 98 pp. (ISBN: 84-605-9182-4).

Esta primeira novela en galego de Salvador Soutullo Carolo (Barcelona, 1965) está estructurada en quince capítulos, breves e sen título, que transcorren entre o 20 de decembro de 2016 e o 25 de xullo de 2019, unha época na que os nacionalismos triunfan en toda Europa e na que varias nacións sen estado conseguen a súa independencia, entre elas Galicia, Cataluña, Euskadi e Canarias, con cadanseu referéndum de autodeterminación. O autor debúxanos un mapa político galego dividido entre o Partido do Pobo Galego Ceibe, o Partido Galego Interclasista e a Coalición Españoles de Galicia, e insiste especialmente nas principais dificultades do proceso independentista; as actividades do grupo terrorista madrileño España Grande e a estructura caciquil da sociedade galega. Paralela ó argumento principal transcorre a historia de amor entre Xosé Rendo e María Castro, unha parella de Camporrapado que vive en primeira liña os feitos narrados.

Taibo, Nacho*, Por tras dos meus ollos*, Finalista IIº Premio Eixo Atántico de Narrativa Galego Portuguesa Carlos Blanco 1998, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 1999, 127 pp. (ISBN: 84-7824-335-6).

Novela histórica coa que Nacho Taibo (Madrid, 1949) concorreu ó Premio Eixo Atlántico de prosistas e que publica agora Sotelo Blanco. O relato está construído sobre as lembranzas dunha dama xa vella que fai reconto da súa vida. Dona María de Ulloa e Castro ensaia un longo monólogo no que revive as súas memorias e nos ofrece a súa visión subxectiva dunha época particular na historia de Galicia. O texto é unha ambiciosa reconstrucción histórica nun ton marcadamente lírico. Dona María de Ulloa e Castro, casada con Álvaro Páez de Soutomaior, con quen non tivera descendencia, déralle dous fillos ó bispo Afonso II de Fonseca, un dos cales sería máis tarde Afonso III. A partir desta situación inicial, desfilan polas páxinas de *Por tras dos meus ollos* personaxes e acontecementos da historia galega, como as loitas dos Fonsecas contra a nobreza, Pedro Madruga, as guerras irmandiñas, as loitas dinásticas trala morte deHenrique IV ou a "doma e castración de Galicia" promovida polos Reis Católicos. Dona María de Ulloa encarna nas súas reflexións a reivindicación dunha historia galega vista con ollos galegos, chegando á simpatía coa loita dos irmandiños ou ó odio contra quen fora o seu amante, Afonso de Fonseca. Para darlle selo de autencidade ó que se nos conta, o autor inclúe varios documentos da época, algúns copiados na lingua na que foron redactados, outros reproducidos e outros adaptados á ortografía de hoxe.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, "*Por tras dos meus ollos*", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 67, 24 xuño 1999, p. 9.

Ofrece un breve esquema argumental da obra no que salienta a figura da muller narradora e protagonista encargada de lembra-los feitos, que simboliza, ademais, a "doma y castración" de Galicia. Tras se referir ó fondo histórico, aclara que non debe ser entendida como unha novela histórica ó uso pois Nacho Taibo tenta reflectir "un mundo interior gravado tras dos ollos" en primeira persoa. Por iso, pensa que o lector potencial desta obra é aquel que desexa "intensas experiencias persoais".

-Armando Requeixo, "Crónica certa de María Ulloa", *Tempos Novos*, nº 26, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", xullo 1999, p. 58.

Describe *Por tras dos meus ollos*, de Nacho Taibo, salientando a súa atinada escolla do contexto temporal medieval, no final do século XIV, xa que este representa para a historia de Galicia "un momento de inflexión no seu devir como pobo e como nacionalidade". Considera que pese a ter algunhas anacronías lingüísticas e erros históricos esta novela é unha "lograda mestura de relato histórico, libro de aventuras e novela sentimental".

Ramón Nicolás Rodríguez, "Cos ollos no medievo", *La Voz de Galicia, "Culturas",* nº 96, 21 setembro 1999, 7.

Albisca en *Por tras dos meus ollos*, un avance na obra de Nacho Taibo, en canto recorre a un tema histórico e de reapropiación da identidade, comparándoa con algunhas obras de Bernárdez Vilar ou Daniel Cortezón. A seguir, resume o argumento da novela e salienta a galería de personaxes que por ela discorren e ó mundo de intrigas que presenta. Pon de manifesto a técnica fragmentaria que emprega o escritor, así como o seu rexistro fluído, "fóra dalgúns lastimosos anacronismos ou neoloxismos que lle outorgan unha perda de coherencia ao seu discurso".

-Francisco Martínez Bouzas, “Fotogramas dun tempo e dunha vida”, *Guía dos libros novos*, nº 10, “Narrativa”, setembro 1999, p. 25.

Sinala a recuperación de Nacho Taibo, autor “prolixamente productivo” nos setenta e oitenta, ó ser finalista do Premio Eixo Atlántico coa obra *Por tras dos meus ollos*. Ofrece unha breve bibliografía deste creador dende o seu primeiro libro, *Os inmortais* (1975), e menciona algúns dos premios que obtivo, destacando como o máis premiado no “Modesto R. Figueiredo”. Tilda a esta nova obra de novela histórica e nela observa “unha sutura da historia e da memoria vivencial” a finais do Medievo e comezos da Idade Moderna nas experiencias dunha muller. Subliña o cambio na concepción da novela histórica do século pasado (“textos melodramáticos ou folletinescos de capa e espada”) á de hoxe (“se mergulla nas augas revoltas e confusas dun tempo e toma posesión dun mundo interior sen deixar de ser fiel á historia e o encadramento das súas figuras”) e salienta o emprego da primeira persoa para evitar mediacións, a perspectiva feminina que trasloce as súas inquedanzas e intencións, e coa que, na súa opinión, semella máis descuberta a identidade e o interior dunha muller que unha novela. Aprecia unha frouxedade nos personaxes ó ser demasiado planos e deseñados, unha excesiva fidelidade á historia a pesar de se afastar dela e fala da estructura en douscentoscapítulos breves. Ó final cita as características da escrita do autor, cualificándoa de “cadenciosa”.

- Xosé M. Salgado, “Nacho Taibo: *Por tras dos meus ollos*”, *A Trabe de Ouro*, nº 39, “Publicacións”, Tomo III, Ano X, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 401-404.

O crítico di, xa no comezo, que a novela de Taibo apunta alto desde as primeiras páxinas: unha proposta atractiva, unha recreación histórica ambiciosa e un estilo coidado e profundamente lírico. Continúa dicindo que, na trama, ás veces se impón a exploración da psicoloxía dos personaxes sobre a análise histórica. A pesar disto, cre que esta novela ten moito de arqueoloxía, pois ó autor interésalle o friso histórico. Remata valorando a traxectoria e o presente de Nacho Taibo dentro das letras galegas. Di que pode agardarse del un futuro esperanzador para a narrativa en galego, ó pertencer a unha selecta media ducia de escritores que aínda non cumpriron os cincuenta anos.

- Xosé M. Eire, “Nen pan nen compango”, *A Nosa Terra*, nº 911,“Guieiro Cultural”, 2 decembro 1999, p. 27.

O recensionista nota que a realidade tardomedieval galega está escasamente tratada na literatura e alédase de que Nacho Taibo se decida a explorar esta vía semisalvaxe. Non obstante, trala lectura séntese decepcionado e rebáixalle a categoría de novela histórica a memorias. Opina que os acontecementos se suceden con demasiada celeridade, o que pexa o desenvolvemento dos personaxes e cualifica o estilo de “pobre”. En resumo, pensa que a novela non é merecente de ser finalista no Premio Eixo Atlántico 1998 e que necesitaría ser revisada.

Taibo, Nacho, *Salvador de Occidente*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 30, 210 pp. (ISBN: 84-7680-310-9).

Nesta nova incursión no xénero narrativo Nacho Taibo (Madrid, 1949) preséntanos unha novela histórica en cinco capítulos, todos eles precedidos de fragmentos de *A Demanda do Santo Graal*, e ambientada no século XV. Nos catro primeiros capítulos, que son catro libros a modo de diario, Pero Falcón o Vello descríbeno-la súa vida como servente do señor Pai Gomes de Soutomaior –que era descendente do almirante e trobador Pai Gomes Charinho– ó cal acompañou na misión, encomendada polo rei Henrique de León e de Castela, de iren en embaixada a Oriente. Aquí axudaron ó tártaro Tamorlán, que era o gran señor Timur Lenc e herdeiro do Imperador de Samarcanda, a derrota-lo turco Baia Cid. Tamén relata o vivir cotián da Pontevedra daquela altura, con referencias ós abusos das alcabalas e á chegada masiva de prelados non galegos a Compostela. No derradeiro capítulo –que é unha pequena continuación, ambientada nas revoltas irmandiñas, e reflexión sobre o descrito por Pero Falcón– o seu autor, Goterre Falcón, bisneto de Pero Falcón, afirma que tivo que ler todo o diario do seu bisavó pola encomenda que lle fixeran uns “fulanos importantes de Pontevedra” para investigar se nese diario aparecía algunha pista sobre Cristovo Colón, traballo que resultou infructuoso.

Toro, Xelís de, *Os saltimbanquis no paraíso*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa Narrativa, 1999, 217 pp. (ISBN: 84-7824-345-3).

Esta novela de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) localízase nos ambientes marxinais londinenses dos *squats*, as casas ocupadas, e está protagonizada por Vicente, un mozo galego que comparte a súa vida con outros tres *squats* cos que se dedica ocasionalmente á realización de espectáculos teatrais e circenses para conseguir algúns cartos. Todo muda de súpeto cando Vicente atopa no lixo unha pistola coa que, xunto os seus amigos, planea un atraco a unha tenda do seu barrio que remata, segundo cren eles, co disparo fortuíto da arma e a morte do dono da tenda. A solución que se lles ocorre é a fuxida a Galicia, un lugar que se presentacomo terra descoñecida e agocho seguro para todos eles. É así como Vicente, acompañado de dous dos seus amigos, Andy e Patrick, deciden roubar un barco que os leve temporalmente á vila da costa da que procede Vicente, mentres Lizard decide quedar en Londres. Todos eles veranse sorprendidos pola súa nova vida que se presenta ante eles como unha posibilidade de comezar de novo. Vicente vive unha etapa de desconcerto, desbordado polas súas lembranzas de neno e dunha vida da que foi arrincado por cuestións familiares. Pouco queda do que lembra, agás algunhas persoas do pobo que de seguido comezan a axudalo. Pasado un tempo, as posibilidades dunha vida nova comezan a ser reais mais son os ingleses os que atopan acomodo en Galicia e se mostran felices ante o seu éxito como saltimbanquis, mentres Vicente non para de pensar na volta a Londres e finalmente decide marchar a ver como están as cousas no lugar que el cre que lle pertence. Cando chega a Londres e volve de novo ós ambientes dos *squats*, segue a senti-la falta dun lugar de seu que lle pertenza e descobre que o asasinato do que se sentía responsable nunca chegou a ocorrer porque todo fora un engano do dono da tenda. Decídese a buscar a Lizard e descobre que este realizou unha suplantación perfecta da súa vida e vive agora do[illegible] relación. Tras moitas reflexións e ante a falta dun espacio propio e a asistencia o

desdobramento de personalidade que descobre, decide finalmente voltar a Galicia cos seusamigos. É así como Vicente logra reconstruír, a través do contraste de dúas vidas e dúas realidades completamente diferentes, a súa identidade.

Recensións:

- Manuel Darriba, “Unha fallida exploración”, *El Progreso*, 26 decembro 1999, p. 59.

Visión moi negativa da obra. Áchaa pouco crible nalgúns lances e critícalle o ritmo, moi falto de harmonía. Compara a ausencia de viveza na narración con *Outonos espectaculares*, de Manuel Darriba. Acaba chamándolles mediocres a estes dous autores tras comparalos con Paul Auster, quen é recoñecido coma un mestre no xénero. Non obstante, coida que Xelís de Toro empregou o seu coñecemento da costa galega e da sociedade británica para compor este libro.

- Dolores Vilavedra, “Okupa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 295, 30 decembro 1999, pp. 4-5.

Comézase cun repaso comentado da andaina narrativa previa de Xelís de Toro para afirmar que esta obra vén sintetizar todo o anterior. Sobrancéase o carácter rupturista respecto de certos tabús que aínda sofre a literatura galega, contextualizando a novela nas Illas Británicas e empregando personaxes marxinais da sociedade postindustrial, para o cal sabe adapta-lo discurso. Ademais sinálase o valor engadido de interesalo lector en realidades alleas e engarzalo todo coa lacra da emigración. Para rematar, gábase o clímax final provocado pola inadaptación do protagonista ó medio galego, o subsecuente conflicto vital e un desenlace metafórico.

Referencias varias:

- D. Janeiro, “Xelís, o saltimbanqui”/“O escritor Xelís de Toro presentou onte o seu novo libro ‘Saltimbanquis no paraíso”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 10 decembro 1999, p. 31/p. 73.

Dá conta da presentación da nova entrega de Xelís de Toro, quen falou do seu título e da maneira en que foron xurdindo os seus personaxes. Tamén sinala que este escritor vén de editar unha serie de textos aínda non publicados e que puxo en marcha a edición de Londres de *Vieiros*.

- Alfredo Conde, “Novelar”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 decembro 1999, p. 4.

Ademais de falar do feito da construcción das novela, achégase á obra novelística de Xelís de Toro, da que destaca que nela “se encerra a potencialidade creadora de quen é un novelista feito”. Así mesmo, fala da “ledicia de ler unha novela que di algo”, referíndose a súa última entrega, sobre a que ofrece tamén uns breves comentarios.

VV. AA., *Deixade pois que voe o Paporroibo, que nos conte contos*, prólogo de Bernardo Penabade, varios ilustradores, Ortigueira-A Coruña: Edicións O Paporroibo, nº 8, 1999, 502 pp. (ISBN: 84-88850-56-S).

Compendio de contos breves, en galego e castelán, precedidos dun prólogo no que se fai un breve percorrido pola traxectoria de Edicións O Paporroibo. A seguir, B. Penabade afirma que "máis dun cento de voces forman a coral que neste libro interpreta a comedia da vida, e, coma nela, altérnanse ledicia e tristeza, valor e medo, amor e xenreira; mestúranse bágoas, humor, tenrura, sexo; confúndense cordura e tolermia, a imaxinación desbórdase, e aínda queda tempo para que, ademais, se materialice algún soño". Os contos escritos en galego e publicados neste volume son os seguintes:

- Isabel Aldao Losada, "Soños imperfectos", pp. 15-17.

Neste conto, Isabel Aldao Losada (A Coruña, 1983) reflexiona sobre o decorrer dos acontecementos e sobre o inxusta que pode chegar a se-la vida. Sen embargo, remata cunha actitude positiva, xa que "non importa porque eu camiño cara ó novo día".

- Tucho Calvo, "Cormorán", pp. 19-21.

Tucho Calvo (La Guardia-Venezuela, 1954) describe, con detalle, a viaxe dun fermoso Cormorán que cruza as augas, dende a Pobra a Vilagarcía e, dende estas costas ata terras descoñecidas.

- María Jesús Payo Boullosa, “A curuxa mensaxeira”, pp. 25-26.

Breve relato de María Jesús Bayo (Pontevedra, 1977) centrado na lenda da vella curuxa, mensaxeira da morte, que se aparece á xente pouco antes de que a meiga da morte lles faga unha visita.

- Mar Paradela González, “Os catro elementos”, pp. 27-29.

Mar Paradela (A Coruña, 1967) recrea a historia das orixes do universo e céntrase na acción dos catro elementos: a auga, o lume, a terra e o aire.

- María R. Guerreiro, “Desgraciada”, pp. 35-38.

Nárrase a historia da morte dunha muller a mans dun dos homes que a rodeaban, mentres agardaban a súa reacción ante as súas continuas provocacións.
- Anxo M. Rosende Fernández, “Miguel Reira”, pp. 41-44.

Relato de Anxo M. Rosende (Porto do Baarqueiro-A Coruña) sobre o final de Miguel Reira, un estudiante que se uniu á Fronte Popular e que morreu dun disparo a mans dun veciño da súa aldea, que pertencía ó bando contrario.

- Jesús Rubianes, “Fillunmorto”, pp. 45-47.

Jesús Rubianes (Madrid, 1947) narra a historia dun rapaz ó que alcumaban mocoverde e, ás veces, Fillunmorto. O rapaz quixo coñecer en varias ocasións o motivo polo que lle chamaban “fillo dun morto” e a súa nai, despois dun tempo de silencio e cando considerou que chegara o momento de contarlle a verdade, explicoulle como morrera seu pai, ferido dun disparo, pouco despois de que el fora concibido.

- Ana Valín García, “Querido Alfredo”, pp. 53-55.

Recolle unha carta escrita por unha moza ó seu mozo Alfredo, despois de se enterar de que vai ter un fillo e de que el non o quere. Na carta, a protagonista despídese de Alfredo, dille que vai te-lo fillo que espera e que nunca lle dirá que seu pai vive pero non quixo saber nada del.

- Beatriz Gómez Barral, “O guardián de soños”, pp. 65-68.

Beatriz Gómez Barral (A Coruña, 1978) ofrécenos un relato fantástico baseado na historia de Ferrín, un pequeno Gardián dos soños que, despois de atoparse cun pesadelo que ten un xigante, consegue vencelo e encerralo nun tarro de cristal, levando a cabo, deste xeito, o seu labor cotián.

- Begoña Barcón Peña, “Anxos”, pp. 69-71.

Relato de Begoña Barcón (Ortigueira, 1977) sobre a vida de dous bebés, Carliños e Leovigildil, antes de nacer. Narra como se coñeceron, como vivían no ceo e como, despois duns meses de escuridade, viron de novo a luz e seguiron sendo amigos para sempre.

- Emilio Ramil González, “A barba do santo”, pp. 73-76.

Cóntase a historia dun neno chamado Xanciño, de sete anos escasos, que gozaba cada sábado coas historias que contaban na súa casa os veciños da aldea. Entre outras cousas, aprendeu que os homes non podían ter barba porque iso significaba que eran revolucionarios e, polo tanto, non apoiaban ó réxime. Un día no que o médico da aldea, Don Xaime, un fanático do réxime, tivo que ir á casa de Xanciño para atende-la súa avoa, o neno colleu un cadro e afeitou como puido o santo para que o médico non crese que eles eran revolucionarios.

- Bernard Pereira Duchamp, “Negro sobre verde”, pp. 81-86.

Parte dunha anécdota, a caída dunhas bragas negras sobre unha berza dunha horta, para relata-la relación entre a protagonista e o seu home, así como a inimizade que existe entre esta e a súa veciña, dona da horta onde se atopaba a berza.

- Fuensanta María Rivas Aguado, “A meiga do valado publicitario”, pp. 97-105.

Narra, con detalle, a historia de Pánfilo, un home xa entrado en anos, que decide facer unha viaxe a Tenerife para descansar e afacerse ó marcapasos que lle acaban de colocar. Alí coñece a Candi, casa con ela e comparten as súas vidas durante algún tempo ata que, ó final, Pánfilo, queda viúvo e só como ó principio da historia.

- Arantxa Serantes López, “Plenilunio”, pp. 107-109.

Arantxa Serantes (Ferrol, 1982) describe, con todo detalle, un día na cidade, un día chuvioso no que a protagonista sae a percorre-las rúas e atópase cun violinista, unhas nenas que saíran a xogar, un pintor, un

mendigo, unha anciá co seu bastón, un señor que lles daba de comer ás pombas nun banco da praza e, de volta á casa, o mesmo violinista que seguía amenizando a tarde coas súas cancións.

- Xacobo Castro García, “Pepe pequeno”, pp. 113-115.

Nárrase unha anécdota na vida cotiá de Pepe, o panadeiro da vila que, co seu enxeño, solucionaba os problemas a tódolos seus veciños. Co tempo Pepe casou e tivo un fillo ó que todos chamaban Pepe pequeno e, anos despois, converteuse en avó. A partir dese momento, o avó dedicouse a contaxiarlle ó seu neto a súa afección polo F. C. Barcelona.

- Belén Torrente Torrente, “A lancha”, pp. 125-126. Relato de Belén Torrente (Neda, 1983) no que se conta a historia dunha vella lancha que “o vento balancea e move, levándoa a ningunha parte”. Trátase dunha embarcación pequena, vella e sen nome, da que as algas se están apoderando lentamente.

- Lucía Rilo Castelao, “Mirando ó mar”, pp. 127-129.

Lucía Rilo Castelao (Vedra, 1982) narra a historia dunha muller que pasa os seus días na praia agardando a que seu mozo Xoán, que morreu afogado nesas augas, veña algún día a buscala. Unha tarde, despois de moito agardar, a muller afundiuse pouco a pouco no mar e atopouse definitivamente con Xoán.

- Mª Carmen Losada Vázquez, “Mans de prata”, pp. 135-138.

Neste relato Mª Carmen Losada Vázquez (Barcelona, 1966) narra a historia da vida cotiá dunha muller á que, despois de quince anos de convivencia, o seu home abandona. A rabia da protagonista aínda é maior cando se entera de que a muller coa que seu home decide marchar é a súa mellor amiga Charo, que se dedicara a axudala durante todos estes anos.

- Medos Romero, “As que tecen outro canto”, pp. 147-152.

Relato de Medos Romero (Somede-As Pontes, 1959) que se centra no estilo de vida que levaban as mulleres hai moitos anos. A seguir, o narrador conta como atopou morto ó home co que tiña pensado saír esa noite.

- Xosé María Sainz Pena, “Ve-me aquí”, pp. 153-157.

Nesta narración, Xosé María Sainz (Ferrol, 1968) conta a historia dun galego que emigrou a Amsterdam e pasou o resto dos seus días pensando na Galicia que deixara atrás.

-Víctor Vázquez Gulías, “A trabe”, pp. 165-168.

Cóntase a viaxe de Xurxo, un galego que emigra a Buenos Aires, moi lonxe da súa Galicia natal, para fuxir da fame, da represión e da pobreza. Corenta anos despois chega á aldea a noticia da morte de Xurxo, só en terras arxentinas.

- Susana Pérez López, “Estancia azul”, pp. 171-172. Breve descrición dunha habitación vella, chea de humidade e de silencio, na que parece que se escoita “o paso do frío”.

- Manuel Serantes Lamas, “Enventilla-los paxaros”, pp. 173-175.

Narra a loita constante do propietario de grandes extensións de trigo contra un exército de paxaros que se dedicaban a comer toda a colleita. O tío Culás, un “home de mundo” que vivira en Cuba e no Brasil, ofreceuse para “enventilla-los paxaros” cunha rama de loureiro, auga bendita e unhas oracións e evitar, deste xeito, que acabasen coa colleita.

- William Barbeitos Wells, “Martes de antroido”, pp. 177-179.

William Barbeitos Wells (Canal da Mancha, 1964) reproduce, brevemente, a estampa dun martes de antroido nunha aldea galega. Para rematar, describe moitos dos disfraces que se ven polas rúas.

- Andrés Teixido Somoza, “A boca lambereteira”, pp. 181-183.

Neste relato, Andrés Teixido (Viveiro, 1958) narra a triste historia de Ovidio, un home de case sesenta anos que gastou dúas fortunas en mulleres, bebidas e coches e rematou os seus días morto na rúa, “como un can”.

- Manuel Pereira Valcárcel, “Ao outro lado”, pp. 189-191.

Manuel Pereira Valcárcel (Ouzande-A Estrada, 1955) relata a viaxe en tren dunha muller que percorre a xeografía galega cunha libreta de follas amarelas na que escribe tódolos seus soños.

- Carlos Amboa Biol, “Da cousa micofáxica”, pp. 199-203.

Fai un amplo e detallado resumo das diferentes especies de fungos; fala das súas propiedades curativas, dos fungos velenosos e das súas numerosas propiedades culinarias.

- Fernando Alberto Díez Martín, “Os alpurneiros”, pp. 205-209.

Narra a historia de Wolfrang, máis coñecido por señor Ulfe, que naceu en Alemaña e pasou alí unha boa parte da súa vida. Cando xa era mozo, enrolouse nun submariño da Kriegmarine e alí pasou moito tempo ata que, varios anos despois, volveu á súa aldea cunha pequena fortuna e pasou alí o resto dos seus días.

- Fina Casalderrey, “Querido aviador”, pp. 215-220.

Relato de Fina Casalderrey (Xeve, 1951) baseado na obra *O Principiño* de Saint-Exupéry. Nel a autora conta como o neno viaxa a través das estrelas e coñece a un aviador que lle regala un año. A partir dese momento, o pequeno príncipe pasa os seus días loitando por salva-lo seu planeta, por evitar que o año coma a flor e por conseguir que a flor non sinta celos do año.

- Carmen Rodríguez González, “Reencontro en Compostela”, pp. 221-223.

Ofrécese a crónica da viaxe dun mozo chamado Xan a Compostela, coa fin de agradecerlle ó Apóstolo que o protexera no campo de batalla. No camiño Xan atopouse con outro peregrino que resultou ser Andrés de Betsaida, que viña dende San Andrés de Teixido a visita-lo seu amigo e compañeiro de fatigas, o Apóstolo Santiago.

- Xacobe do Campelo, “Xabier”, pp. 225-226.

Conta a visita dun ancián ó seu amigo Xabier, un home que quedou xordo a causa dunha meninxite e que vivía nun lugar privilexiado, “cercado de castiñeiros e nogais, ó que lle daba vida un río, troiteiro el, e cantarín que mesmo era un gozo”. Alí o ancián vivía feliz e nunca se preocupou por soluciona-los seus problemas auditivos.

- Ramón Pazos Rabuñal, “María”, pp. 227-229.

Ramón Pazos Rabuñal (Val de Quinta, 1970) relata a historia de María, unha muller que soñou que “endexamais volvería a amar” ata que, un bo día, coñeceu o home da súa vida e viviu con el unha fermosa historia de amor. Sen embargo, despois dun tempo, María descubriu que iso non podía ser.

- Concha Blanco Blanco, “Andainas de neno”, pp. 235-238.

Nárranse unha serie de anécdotas na vida dun neno chamado Brais. Concha Blanco (Lires-Cee-A Coruña, 1950) fai un repaso por diferentes etapas da vida do protagonista, marcadas pola incomprensión, a adversidade, a alegría e a esperanza.

- Carlos López-Keller Álvarez, “Lorenzo do Segoiro”, pp. 245-247.

Carlos López-Keller (Bilbao, 1966) alude á historia de Lois do Ferreiro, un home que vivía nunha aldea ó coidado dunha ducia de xatos. Lois era moi afeccionado a contar contos ós seus veciños, a cada un deles “tíñalle enxergado ou adicado un conto” e cada vez que se atopaba cun veciño “reincidía na súa historia, dando novos datos, engadindo noticias de sitios lonxanos, e de tal xeito o facía, que nunca foi collido nun renuncio ou nunha cousa de mentira”.

- María de los Ángeles Pérez Rosales, “A entrevista”, pp. 253-254.

Entrevista de María de los Ángeles Pérez Rosales (Buenos Aires, 1976) a varios personaxes anónimos. Trátase dun escritor, un periodista, un lector e o lector en xeral, que reflexionan sobre o proceso de lectura.

- Pilar Rego Ferreño, “Bruno”, pp. 255-256.

Ofrece o relato da morte de Octavio, como resultado dun suicidio que deixou unha fonda pegada na vida do seu amigo Bruno.

- Obdulia Dopico Cachán, “Monchiño”, pp. 263-266.

Obdulia Dopico (Landrove-Viveiro, 1968) relata a triste historia de Monchiño, “o tonto oficial que sempre hai en cada vila”, e que, con cincuenta e tantos anos, pasa o día na igrexa e leva a cabo o labor do sancristán. Anos despois e durante o enterro de Monchiño, a narradora recorda unha conversa que mantivo con el sentados nun dos bancos da igrexa.

- Marcelino Sisto Deibe, “A bandouga”, pp. 271-274.

Cóntase a historia de Emerenciana, unha muller que non podía evitar “arrecender a morcela”. Marcelino Sisto Deibe (Canido-Ferrol) describe a vida de Emerenciana na vila, chea de tristeza polas burlas e o desprezo dos seus amigos e veciños.

- Antonio Sá, “Un feixe de luz”, pp. 279-282.

Carmiña e Sara, dúas mulleres soas, dúas “viuvas de vivos”, volven da feira de Cambás lamentándose polas súas vidas. Carmiña vive soa despois de que a súa filla María marchase para A Coruña. Anos despois, María volveu á casa cun fillo e vestida de loito pola morte do seu home. A partir dese momento, comprenderon que “o neno era unha nova primavera que nacia. Foi como se nacera unha gardenia no luar”.

- Tino Ferreiro, “O cura de Lavacoia”, pp. 283-286.

Tino Ferreiro (Val do Ulla, 1928) lembra a historia de Nocencio Raposeira, un rapaz que vivía coa súa nai e co seu tío cura. Cando este se trasladou á parroquia de San Pío de Lavacoia, Nocencio e súa nai foron con el e Nocencio ingresou no seminario. Anos despois e debido á morte de seu tío, Nocencio fíxose cargo da parroquia e seguiu coas actividades clandestinas ás que fora acostumado por seu tío.

- Elisa González Villaverde, “A auga azul”, pp. 291-293.

Elisa González Villaverde (Rivadavia-Ourense, 1957) achégase á historia dun neno que pasaba horas e horas subido a un outeiro e contemplando o ceo, o horizonte e o mar que adiviñaba ó lonxe. Un día decidiu marchar na busca do espello azul e volveu, despois de varios días, cunha botella chea de auga común e corrente pero que para el era dun azul intenso.

- Donalbái García González, “O rei da lúa”, pp. 295-298.

Alex Di Coré é o protagonista desta historia de Donalbái García (1980) que lembra, cunha copa na man nun bar calquera dos moitos que hai na cidade, como coñeceu á que foi a súa muller e a nai dos seus fillos. Así mesmo, recorda como acabou coa súa vi da unha noite na que estaba bébedo e canso das moitas infidelidades da súa muller.

- Marcos Jesús González-Redondo Ares, “Por puta”, pp. 299-301.

Marcos Jesús González-Redondo Ares (Mondoñedo, 1973) narra un episodio vivido por cinco amigos na estrea da película *Nova cinza*, alá polo ano 1954 no cine Capitol. A obra estaba protagonizada pola parella de moda: o francés Jean Tristan e a italiana Rebeca Rossi.

- Ramón M. Vilar Landeira, “De amores no outono”, pp. 303-304. Breve relato centrado nos pensamentos do protagonista que vive só nunha casa da cidade e ve como todo discorre ó seu redor e a pesar del. Ramón M. Vidal (Rodís-Cerceda, 1973) conta, en poucas palabras, como
o protagonista observa que “pasan os anos, el faise vello e ten a sensación de que só os anos pasan pero el segue aquí, igual”.

Antía Rodríguez García, “Crónica dun día que amencín cun tupé”, pp. 305-307. Cóntase como un neno de poucos anos esperta unha mañá cun tupé na cabeza. Non sabe qué facer, nonsabe a quén responsabilizar deste desastre e busca culpables na súa habitación. Ó final descobre que a causante do seu novo peiteado é a súa almofada azul e berra con ela.

Constantino Chao Mata, “O fantasma de Torres del Río”, pp. 311-316.

Constantino Chao Mata (Betanzos-A Coruña, 1955) recrea a historia do fantasma dun pequeno pobo chamado Torres del Río, situado na estrada nacional de Logroño a Pamplona. O fantasma resultou ser un cura moi afeccionado á augardente galega que fixo un pacto co demo para conseguir doce barrís do preciado licor. Despois da súa morte, San Pedro enviouno de novo á terra a vagar eternamente e aloxouse nun albergue do Camiño de Santiago situado en Torres del Río. O cura, chamado Don Alonso, permaneceu alí durante moito tempo e coñeceu o noso protagonista que se fixo amigo del e procurou que non lle faltase a augardente pola que tanto suspirara en vida.

- Patricia Colorado Pérez, “Inocencia”, pp. 321-324.

Patricia Colorado (Ortigueira, 1978) recorda o Nadal de 1982-83 cando, na noiteboa, se reuniron todos, incluída a súa avoa, para gozar dunha cea en familia. Nesa ocasión, seu pai disfrazárase de Papá Noel e entregáralle o coche das “barriguitas” e unha boneca que andaba soa.

- Xela Rodríguez García, “Tacto”, pp. 325-327.

Relátase un caso curioso e extraordinario no que un home descobre, pouco a pouco, que as súas mans teñen vida propia. Movidas polos celos, ambas mans atácanse mutuamente e provócanse feridas que o protagonista ten que sufrir. Todo remata cando a nai do protagonista verque, sen querer, unha pota chea de sopa quente sobre as citadas mans que, enfurecidas, acaban coa vida da señora ante a mirada atónita do seu dono.

- Ilda Luaces Torre, “Contame un conto”, pp. 335-344.

Ilda Luaces (Pontedeume, 1982) reproduce unha retransmisión radiofónica dende Andrómeda5, na Dixitaleixon Radio. Trátase do programa Mundos Estraños que se ocupa de narrar acontecementos cotiáns que se desenvolven noutros planetas. Nesta ocasión, alúdese ás experiencias dun avó que, mentres lle está

a ler contos á súa neta, ve como aparecen na habitación da nena algúns dos personaxes que protagonizan os contos.

- “Bodeón”, “Familia de percebeiros”, pp. 345-346.

Breve relato sobre o labor dos percebeiros en Galicia. Nárrase un día na vida dun home que decide saír ó mar a pesar do tempo porque, en épocas de Nadal, os prezos dos percebes soben rapidamente. Mentres descansa nunha cova e agarda a que deixe de chover, o percebeiro atopa o nome do seu irmán, morto no mar hai anos, escrito na pedra.

- Palmira Vila do Encanto, “Conversas con Sara”, pp. 351-354.

Palmira Vila do Encanto (Olot, 1983) recrea a historia dunha prostituta e drogadicta calquera que narra algúns episodios da súa vida, que a levaron á situación na que se atopa na actualidade.

- Xosé Díaz Díaz, “Tan guapa”, pp. 355-358.

Relato de Xosé Díaz Díaz (Lugo, 1980) no que o protagonista lembra a unha compañeira de colexio coa que aprendeu a ler e escribir. Nestos momentos, a súa compañeira está morta e el acórdase do fermosa que foi dende que era unha nena.

- Gerardo Vidal Rivas, “Dúas guerras”, pp. 359-363.

Relato sobre dúas guerras sucesivas que se desenvolveron na casa dun xigante. Gerardo Vidal (Friol, 1980) narra como o xigante loitaba, cada vez que cambiaba o tempo, contra un exército do que el chamaba invasores-becho que se apoderaban do seu espacio vital. Pouco despois apareceu unha araña que se alimentaba do sangue do xigante ata que o deixou moi débil. Desa araña naceron mil crías que, pouco a pouco, acabarían co xigante e cos invasores-becho. Sen embargo, un insecticida empregado a tempo puxo fin a todas esas invasións e o xigante continuou coa súa vida.

- Carme López, "Confesión", pp. 365-368.

Carme López (Viveiro, 1975) recolle as páxinas do diario dunha muller que asina co nome de Aída Varal C. No diario nárrase a historia da súa vida, como comezou a estudiar Maxisterio, como se namorou dun profesor do colexio no que fixo as prácticas, casou con el, tiveron un fillo e, despois de que pechara o colexio e el quedara sen traballo, aloxáronse na casa dos pais dela. Como o tempo pasaba e o seu home non atopaba traballo, afeccionouse á bebida e todo rematou nunha desgracia que saltou ós titulares dos xornais: "Afórcase despois de mata-lo seu xenro nunha disputa familiar".

- Santiago Bergantiños Martínez, "A colmatación do vacío", pp. 369-374.

Relato de Santiago Bergantiños (Ferrol, 1973) no que se conta unha historia fantástica dun home que, sen saber quen era, onde nacera nin cando aprendera a ler e a escribir, vai polas noites de casa en casa,prepárase as súas comidas, goza das comodidades da casa, ve a televisión ou le algún libro. Ó final do relato, e despois de moito tempo afirma: "hoxe recordei o meu nome, recordei a miña infancia e os meus amigos, e o motivo de todo este tempo dun lado a outro, dun sitio a outro".

- Isabel Ayude Vázquez, "O suceso", pp. 375-376.

Breve descrición dunha anécdota que ocorreu mentres os nenos e nenas estaban na escola. De repente o ceo escureceuse e fíxose noite pecha. Todos saíron ós pasillos para comenta-lo suceso e para buscarlle unha explicación. Entre outras hipóteses falaban de naves espaciais, o comezo da fin do mundo, un escape nuclear, un atentado contra a natureza, un eclipse total ou un elemento meteorolóxico da nova era.

- Andrés Toxeiro Fraguela, “¡Abur, neno!”, pp. 377-382.

Ofrécese a historia de Xabier de Luamo, un home que marchou coa súa muller para Xenebra, despois de que a moza que lle gustaba –Marina– non quixera casar con el. Anos despois e xa separado da súa muller, que o enganara cun negro, volveu a Ortigueira e atopouse con Marina que lle contou que se separara do seu home porque lle pegaba e que a semana anterior casara precisamente cun negro.

Beatriz Lorenzo López, “Consecuencias dunha espera”, pp. 383-388. Beatriz Lorenzo (Ourense, 1982) relata a decisión que debe tomar Gabriel esa mesma noite. Ten que decantarse pola súa moza de sempre –Amanda– e a cidade de Ourense ou por París e a muller que coñeceu alá –Margot. Ámbalas dúas agardan a súa chamada pero, despois de darlle moitas voltas, Margot decide volver a París e Amanda ingresa no convento das Clarisas. Por fin Gabriel toma unha decisión ó azar e chama pero non sabe que xa ningunha das dúas mulleres está a agardar pola súa resposta.

Patricia Seijo Alonso, “Crónica dun soño”, pp. 389-391.

Neste relato Patricia Seijo (Fene, A Coruña, 1972) alude á teima dun home que marchou da súa aldea e sempre soñou con poder volver e morrer nela. Despois de sesenta e un anos fóra da súa terra, o protagonista atopouse coa aldea que deixara e con moi pouca da xente que coñecera. Hoxe en día, só se poden ver unhas casas en ruínas e un cruceiro que sempre ten flores e no que hai unha inscrición que di: “Aquí, descansa feliz un corazón errante. A súa alma voa libre pola terra coa que sempre soñou”.

- Francisco Fernández Fole, “O mandado”, pp. 399-400.

Francisco Fernández Fole (Quiroga, Lugo, 1921) narra a historia de dous compadres –Eduardo e Isauro– que pasaron parte das súas vidas enfadados porque Eduardo lle vendeu a Isauro un porco cego. Anos despois, cando Eduardo estaba no leito de morte, chamou a Isauro e fixeron as paces á súa maneira.

- Paio Freire Salgueiro, “Aqueles maravillosos anos”, pp. 401-408.

Lembranza dos anos escolares nos que o protagonista recorda anécdotas da súa vida cotiá no colexio. Entre as lembranzas máis queridas polo narrador atópase a dunha rapaza que estaba na súa clase e á que vía de cando en vez porque pasaba longas temporadas enferma. Intentou namorarse doutras rapazas pero non conseguiu esquecela. Agora, trinta anos despois, lembra como tivo que esquecerse dela cando foi vivir a outra cidade.

- Francisco J. Martín Caamaño, “Infindamente nada”, pp. 409-413.

Carta do narrador, Ramón, a unha muller chamada Muriel á que quixo moito e que xa non está con el. Tempo despois da morte de Muriel, Iria, a nova moza de Ramón, intenta convencelo para que se esqueza dela xa que o seu recordo só consegue mantelos separados.

- Antón Labraña, “O enxeñeiro que quería ve-lo mar”, pp. 415-418.

Antón Labraña (Cedeira, 1955) narra a historia de don Eulogio Ramírez, licenciado en enxeñería e cun cargo no Ministerio de Obras Públicas. Na actualidade, con sesenta e nove anos e media ducia de netos, ten que trasladarse a Cedeira onde levará a cabo o seu último traballo.

- Emma Pedreira Lombardía, “Ao diaño”, pp. 423-426.

Breve relato de Emma Pedreira (A Coruña, 1978) que recolle a historia fantástica dunha muller que, ante a imposibilidade de ter fillos, fixo unha especie de pacto do demo. Tempo despois, cando morreu e os veciños tiveron que entrar na súa casa, atoparon un “montículo de estraños seres medio-bácaros con translúcida pel humana e membros informes agarrándose ao seu corpo, amamantándose”.

- Xosé Manuel Dopazo Mella, “A morte apacible”, pp. 427-429.

Xosé Manuel Dopazo (San Fins de Sales, 1975) narra un momento concreto, o derradeiro, na vida de Mauriac. Sigfrif, o home que o ía matar, deixoulle a navalla coa que pensaba acabar coa súa vida para que atocara. Ó final, Mauriac xa non tiña medo, “a navalla xa lle era familiar e non lle podería causar dor de ningún tipo”.

- Manuel Bustabad Rapa, “Como Cristal conseguiu compañeira”, pp. 431-433.

Cóntase como Cristal, “solteirón vocacional” que vivía “só e desastrado dende que morrera o seu irmán”, conseguiu unha compañeira para comparti-la súa vida. Manuel Bustabad (Venta-Luhía, 1949) describe tódolos traballos que pasou Xosé, un amigo de Cristal, para amaña-lo casamento entre Marica das Grañas e Cristal de Vilarnovo.

- Carmen Loureiro López, “Noite de San Xoán no Ortegal”, pp. 439-443.

Noméanse unha serie de agasallos que diferentes personaxes nos ofrecen na máxica noite de San Xoán. Trátase da “capacidade de ver con nitidez o exterior do mundo e o interior das almas”, un tacto afinado “para percibir i executar as máis melodiosas e cálidas caricias”, o olfato “que deberá guiarnos coma unha brúxula no proceloso mar das dúbidas”, o “gusto e o temple para combate-los prexuizos mesquiños e os odiosos costumes que afogan as liberdades” ou “a sabedoría para coñece-los nosos corazóns e vivi -los seus instantes coma se cada un deles fose unha diferente e asombrosa flor horaria”.

- Alberte Momán Noval, “A náusea”, pp. 445-447.

Expóñense, brevemente, os motivos que ten o protagonista para odiar tanto á súa nai. Alúdese, entre outras anécdotas, á decepción que sufriu cando a persoa á que máis quería e admiraba non foi capaz de cumpri-los seus desexos e mercarlle os rangers do universo.

- Iago Mouriño Román, “Dous veciños”, pp. 449-451.

Cóntase como unha muller abandonou ó seu mozo Francisco e, máis tarde, a Bernardo. A Francisco costoulle moito traballo superalo e un bo día mercou unha pistola coa intención de matar a Bernardo. Sen embargo, cando estaban os dous reunidos nunha habitación, oíronse dous disparos e viuse unha figura feminina que se perdía na escuridade.

- José Carou Rey, “A burbulla”, pp. 453-457.

José Carou Rey (Rianxo, 1969) alude a unha tradición familiar que consistía en leva-los fillos, no seu décimo terceiro aniversario, á casa do señor Escoto, o máis sabio do lugar, e ver dende alí unha posta de sol. Amaro foi co seu pai, que lle cantou cancións tristes polo camiño, e, ó ve-la posta de sol, pensou que ese era o regalo máis cativo que recibira. Anos máis tarde, cando Amaro levou ó seu fillo Iago, cantoulle unha alegre canción que falaba da revolución. Iago pechou os ollos e, antes de chegar á casa de Escoto, díxolle ó pai: "Vin porse o sol moito máis aló do fin das terras, no mar aberto...".

- Xesús Balteiro, "Xa os seus avós tiveran vacas", pp. 459-461.

Cóntase como Remedios de Remasal tivo que abandona-la aldea na que vivira durante toda a súa vida e trasladarse á vila. O motivo desta decisión foi que o *Instituto Nacional para el Desarrollo* dictaminou que os que quixesen rexentar unha explotación agraria debían pasar un exame. E Remedios, a pesar de vivir toda a vida na aldea, non sabía se vaca se escribía con "b" ou con "v".
- Víctor Peinó Janeiro, "Dositeo", pp. 463-468.

Víctor Peinó (Lugo, 1945) conta como o narrador é testemuña da morte do seu amigo Dositeo, que xace morto dun disparo na rúa mollada. Mentres o asasino entra no bar onde está o narrador para tomar unha cervexa coa pistola na man, o noso protagonista está cheo de pánico e presinte a súa morte.

- Francisco Maceira Rodríguez, "Rebrincos da vida", pp. 469-472.

Recóllese unha experiencia vivida por Fuco, que traballaba nun petroleiro de dezasete mil toneladas. Un día, mentres paseaba por cuberta, viu ou soñou que se aproximaba unha nave espacial e que o transportaba ó seu interior. Máis tarde, atoparon o seu cadáver "no copo dun pesqueiro coreano que faenaba no banco canario-sahariano".

- Luís Pena Mosquera, “Un chandal vermello”, pp. 477-479.

Luis Pena Mosquera (San Ciprián, 1972) conta, brevemente, as impresións dun rapaz ó ver un montón de estorniños que cubrían o ceo e unha nena cun chandal vermello que xogaba na rúa.

- Alba Payo Froiz, “A roda”, pp. 481-484.

Alba Payo Froiz (Lalín, 1981) describe unha xornada de clase na vida da protagonista. O seu día está marcado polo ring-ring que sinala o cambio de clase, de profesor e de materia.

- Di. A. Bra, “Traspasar fronteiras”, pp. 485-486.

Di. A. Bra (Sada-A Coruña, 1977) describe unha viaxe que realizaron as almas dos mortos, aproveitando a escuridade da noite que cubría o cemiterio.

VV. AA., *O inglés e outros relatos*, ilust. Xan López Domínguez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), 1999, 87 pp. (D. L.: C-2522/1999). .

Volume publicado dentro da “Campaña de Fomento da Lectura dos Maiores” que, este ano, se celebrou baixo o lema “Cun libro nas mans”. Recompílanse nel unha serie de relatos curtos de coñecidos creadores en lingua galega como son: “O inglés”, de Alfonso R. Castelao; “O lobo da xente”, de Vicente Risco; “O caso dos tres fornos”, de Rafael Dieste; “As meigas atinan sempre”, de Ánxel Fole; e “Un tonto e máis tres curas”, de Enrique Harguindey e Maruxa Barrio.

VV. AA., *Premios Pedrón de Ouro*, Certames XXIIº (1996) e XXIIIº (1997), Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 162 pp. (ISBN: 84-7492-937-7).

Recóllense as obras premiadas nos XXIIº e XXIIIº Certames Nacionais Galegos de Narracións Breves “Modesto R. Figueiredo” da Fundación do Pedrón de Ouro, durante os anos 1996 e 1997.

- Xosé Antonio Moreno Fernández, “As xeiras de D. Xoán”, pp. 9-28.

Xosé Antonio Moreno (Vigo, 1952) narra as aventuras de don Xoán Quiroga, “médico libertino e afrancesado”, que ten que fuxir de España polas ameazas de Don Pedro de Cisneros, Conde de Ximonde, quen prometeu matalo por traizoa-la súa confianza e ama-la súa filla. Despois de pasar un tempo en París, don Xoán volve a Compostela e traballa como médico do arcebispo. Un día atópase con Isabel de Cisneros, que xa se esquecera del, e coa súa tía Mariana, da que se namora. O Conde de Cisneros enfróntase con el e dispáranse un ó outro. Sen embargo, as afinidades políticas borran calquera outro tipo de diferencias entre ambos.

- Manuel Blanco Rivas, “A lealdade do capitán Milos”, pp. 29-45.

Conta como Martiño, un rapaz de catorce anos, emigra a Cuba para poder axudar á súa nai e á súa irmá, despois de coñece-la noticia da morte de seu pai no Brasil. En Cuba coñece a un capataz adiñeirado que o leva a traballar na súa facenda. Anos máis tarde, Martiño volve a España, despois da morte de Milos, o capataz que o axudou cando chegou á illa.

- Xosé Antonio Moreno Fernández, “Como un deus bo”, pp. 47-68.

Berto regresou á casa da súa avoa e ela convenceuno de que herdara os poderes da súa tía avoa Amalia. Era un bruxo dende que tiña cinco anos e non podía facer nada para evitalo. Agora, co paso dos anos e cos seus estudios, Berto rexeitaba esta idea que lle parecía absurda pero, despois de pensalo detidamente, decidiu aproveitarse da situación e sacar partido dos seus poderes de bruxo durante unha temporada.

- Xosé Antonio Moreno Fernández, “Poñendo ladrillos”, pp. 69-86.

Relato de carácter político centrado nas aventuras dun “republicano de formación”, que comezou a colaborar cos comunistas despois da guerra civil. Foi adestrado en Moscú e axiña viaxou a Nova York para traballar na Laramie Foundation, “unha institución altruísta para promover no mundo enteiro os valores dos pais fundadores americanos”. Despois de varios anos dedicados á espionaxe, o protagonista dedidiu viaxar a Arxentina con Irina, coa que compartira os últimos anos.

- Antón Riveiro Coello, “Setetraxes”, pp. 91-100.

Narra a historia de Aniceto Lamas, un ancián que chegou ó asilo “unha tarde de frío inverno xusto no medio dunha bategada de auga”, completamente espido e cunha maleta na man, “na que traía os seus sete traxes”. Fíxose amigo de Felipe Ramos, o seu veciño de habitación, e unha noite contoulle a historia da súa vida. Seguiron paseando polas tardes e falando das súas cousas ata que, unha tarde, Aniceto, máis coñecido por Setetraxes, decidiu aforcarse pendurándose dun carballo e poñerse o último dos sete traxes que o acompañaran durante unha boa parte da súa vida.

- Pepa da Vila, “A entrega”, pp. 101-119.

Conta como Andrés se enfronta ós folios en branco nos que escribirá a súa novela. A historia baséase na súa propia vida e o escritor dedícase a recordar tódolos detalles que lle proporcionarán o argumento que está a buscar.

- Alfonso Álvarez Cáccamo, “A meritoria cortesía de Edón de Cigala”, pp. 121-134.

Preséntase a historia da Compañía Embotelladora de Ataxerxes Cruz que ardeu completamente nun incendio hai uns dez anos. Despois da catástrofe, o seu propietario sabe sacar partido da situación e decide converte-la súa empresa, chea de cristais de cores, nun “parque de recreo e ensoño”. E neste parque é onde o narrador se atopa cunha anciá chamada Ela que lle pide que rescate o seu home Basilio, que leva anos morto baixo os cristais do fermoso parque.

- Antón Riveiro Coello, “Os cadros baldeiros”, pp. 135-145.

Relátase a morte do pintor Lucho Limia, que foi atopado morto no seu piso pola señora da limpeza. A seguir, nárranse as detalladas investigacións do comisario Tobías e do brigada Miranda.

- Alberto Fernández Canal, “Reflexión”, pp. 155-162.

Reflexiona sobre o feito de escribir e sobre o oficio de escritor. Así mesmo, realiza unha homenaxe ó relato curto. A seguir, analiza dous relatos escritos polo extremeño Manuel Pérez Aguado e publicados no libro *Entre líneas*. Trátase de “O labirinto de papel” e “O manancial segredo”.

VV. AA., *Iº Certame Mundanal de Contos Ultralixeiros*, prólogo de Isidro Novo, Chantada: Além-parte, 1999, 72 pp. (D. L.: LU-443-1999).

Recóllense neste volume os contos premiados no Iº Certame Mundanal de Contos Ultralixeiros celebrado en Chantada. Isidro Novo explica no prólogo, titulado “Entrante para un menú variado de a prato de o bocado...”, as particularidades deste certame e define estes textos como literatura concentrada ó máximo. A seguir inclúense os dous textos gañadores: “Vida e obra de Joseph de Cesarea”, do chantadino X. Carlos Enríquez, e “Irlanda, Irlanda” do poeta Rafa Villar. Tras este apartado recóllense os textos finalistas, que corresponden a Luisa Lage Garea (dous textos), Moncho Failde, Xavier Cid Fernández, Mª José Pérez Fernández, Xosé Ramón García Soto e X. Carlos Enríquez López. Tralos finalistas veñen os 96 relatos ultracurtos participantes. No derradeiro apartado do libro aparecen os nomes dos integrantes do xurado –Alfredo Valín, Xosé Manuel Eyré, Rocío Conde, Primitivo Lareu, Isabel Recarey, Juan Camilo Gómez, Chus Rodríguez e María Rodríguez– e un índice de tódolos participantes acompañados do seu pseudónimo.

VV. AA., *Quince relatos titulados. "31-XII-1999 11:30 p.m."*, prólogo de Beatriz González López-Valcárcel, Ourense: Imprenta Sanmartín, 1999, 90 pp. (ISBN: 84699-1378-6).

Dende Ourense xurdiu esta iniciativa na que quince autores, dos que Alfredo Conde (Allariz, 1945) era o único profesional, achegan cadanseu conto cinxíndose a unhas condicións previas: non pasar de 2000 palabras, aterse ó título que encabeza este volume e utilizar, obrigatoriamente, unha lista de 150 palabras dadas polos editores. Beatriz González López-Valcárcel, unha das convocantes e, á súa vez, autora, fala de como agromou esta experiencia no prólogo e repasa os resultados na lectura que fai dos relatos. A continuación, ofrécese unha breve nota biográfica e agrúpanse os relatos partipantes en dous apartados: versión galega e versión castelá. Aínda que na regulamentación da convocatoria só se contemplaba a publicación en galego, o libro conta con dúas partes: quince contos en castelán, por unha banda, e, por outra, once deses mesmos contos en galego. Esas pezas curtas en galego son as que seguen:

- Alfredo Conde, "31-XII-1999 11:30 p.m.", pp. 5-8.

Neste conto de Alfredo Conde (Allariz, 1945) o narrador sitúase nunha posición de observador, como vendo o que pasa no mundo dende unha ventá. Hai un mariñeiro que vai nunha lancha, un frade e un cura. Nun momento dado, parece que o mariñeiro vai atraca-la lancha e roubar no priorado de Sobrado, onde está Frei Venerando. O narrador proponnos unha historia un tanto confusa que ten, quizais, moito de metaliteratura, de reflexión sobre a propia escrita.

- Abel Rodríguez Canal, "31-XII-1999 11:30 p.m.", pp. 9-12.

É o derradeiro día do ano na cafetería de Manuel, O Chicharro, neste relato de Abel Rodríguez Canal (A Habana, 1959). Alí desenvólvese unha animada conversa entre varios personaxes: Gervasio, Xan, Don Justo, Isidro. Falan do xornal, de poesía, rin, incrépanse, etc.

- Ana González Masid, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, 13-17.

Relato intimista no que a protagonista repasa a súa vida no día de fin de ano, antes de marchar para a casa paterna a celebra-lo aninovo. Ana González Masid (Chantada, 1964) desvélanos no remate, a través desta personaxe, que todos eses momentos eran un soño no que estaba mergullada e do que acaba despertando.

- Armando González López, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 19-21.

Armando González López (Miño Abaixo, 1955) preséntano-lo monólogo case entolecido, falando ás veces consigo mesmo, de Vincent Van Gohg a piques de entrar no novo século.

- Aurora Otero Rodríguez, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 23-26.

O conto de Aurora Otero Rodríguez (Monforte de Lemos, 1969) recorda un encontro no pasado da protagonista, unha noite de fin de ano, cun mariñeiro chileno chamado Xan. Xan comezou sendo unha ilusión para ela e rematou por ser un ogro. Agora intenta recompoñe-la súa vida en soidade.

- Beatriz González López-Valcárcel, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 41-44.

Beatriz González López-Valcárcel (Vigo) compón dúas historias paralelas, con mil anos por medio, de dúas violacións e de dúas nais a punto de parir dúas nenas froito desas relacións. Os relatos céntranse na figura dos violadores: D. Gervasio, catedrático universitario corrompido e Orentino, abade déspota.

- Clara Rivero Martínez, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 31-36.

No conto de Clara Rivero Martínez (Santomé, Ourense, 1951), o avó Gervasio, sentado no sofá na noite de fin de ano, percorre coa memoria o itinerario da súa vida: emigrante na Arxentina, repasa a historia galega e española e a da humanidade no século que morre coa complacencia e a tranquilidade dos seus anos.

- José Manuel Baltar Blanco, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 37-40.

O personaxe do relato de José Manuel Baltar Blanco (1967) recibe no día de fin de ano a chamada de súa madriña, a súa protectora trala morte de seus pais, e que vive nun faro. O seu tío sente melancolía nesta fin de século e di que quere morrer. O sobriño intenta consolalo facéndolle ve-lo que aprendeu del e o que con el gozou.

- Luis Antonio González Rodríguez, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 41-45.

Luis Antonio González Rodríguez (Ourense, 1962) coloca o seu protagonista sentado nun parque de Madrid ó comezo do conto. A ese mesmo parque volve o relato no remate. O personaxe chámase Antón e ten vintecinco anos. Por mediación do seu protector, D. Gervasio, marcha a Madrid para traballar, pero xa ó baixar do tren escorda o nocello e, a partir de aí, todo se torce no seu futuro.

- Manuel González Leyte, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 47-51.

Manuel González Leyte (Cartelle, Ourense, 1982) fai que un tal D. Gervasio nos conte, en primeira persoa, algunhas cousas sobre si mesmo: dinos que é unha persoa bastante fea e que pasa a vida sentado nunha cadeira, entre libros. O día de fin de ano baixa á farmacia e, de seguido, ó bar próximo. Alí coñece a un mariñeiro apátrida chamado Mirdin que lle devolve as gañas de vivir. Con todo, ó final atopámolo outra vez na fiestra do seu cuarto.

- Castor Velo Cobelas, “31-XII-1999 11:30 p.m.”, pp. 53-59.

Castor Velo Cobelas (Cartelle, Ourense, 1915) sitúa o seu relato na Guerra Civil, onde o protagonista exerce de auxiliar do doutor Batuecas. Un día entra na librería Álvarez de Santiago e alí colle un libro titulado *Matemáticas para el millón*. O protagonista era un rapaz de Cartelle: de neno pasara unha temporada na casa de súa tía, que lle regalara un talismán secreto. Anos despois, el inventará un Tan Gran, un modelo de quebracabezas chinés. O resto do conto desenvólvese intentando demostra-lo Teorema de Pitágoras mediante o Tan Gran.

Referencias varias:

- J. Noguerol, “Quince cuentistas tras el cadáver del siglo”, *La Región*, 3 decembro 1999, p. 14.

Refírese ó traballo realizado polos quince escritores que aceptaron o “desafío literario” de Armando González, quen lles propuxo escribir un relato, a partir de 150 palabras seleccionadas ó azar, sobre o “31-XII

1999 11.30 p.m.”. Dá o nome dalgún dos autores destes relatos curtos, como é o caso de Alfredo Conde, e sinala que o volume ofrece un prólogo e deseño “muy cuidado”.
- S. Espinoso, “Componer “calzando” palabras”, *La Región*, 3 decembro 1999, p. 14.

Dá conta do proceso que se seguiu para a elaboración deste libro de quince relatos curtos, que partiu da idea do delegado de Sanidade, Armando González López. Esta consistía en escribir unha serie de relatos sobre a fin de milenio, que deberían contar con 2000 palabras como máximo, 150 das cales foran sacadas ó azar dun diccionario galego.

Vaqueiro, Vítor, *Os xenerais de África*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 160, marzo 1999, 128 pp. (ISBN: 84-8288-267-8).

Segunda entrega narrativa deste recoñecido poeta dos anos 80. Desta volta, son once os relatos de extensión breve que teñen como tema principal, ou alomenos como fondo de todos eles, a Guerra Civil Española, e como espacio, Vigo, a cidade onde transcorren tódolos contos, o que vén ser unha homenaxe como o propio autor pon de manifesto no "Epílogo". Na maioría dos contos, aparece esta temática dun xeito explícito (sobre todo, en "Balanzo") ou soterrado ("Tardes de futbol", "As de Manuela", "Andalucía mía"), así ao que se emprega como pretexto de Título, outros (como "A defensa da liña"), ben como algo inaprehensible, ben como algo irremediable que non permite volta atrás. Tamén se achan contos ("Reflexión dun zoólogo en día feriado" e "Memoria do silencio") en que se reflexiona sobre as relacións de parella e os conflictos que xorden no seu seo.

Recensións:

-F. M. Martínez Bouzas, "Recuperación da cidade", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 65, 10 xuño 1999, p. 8.

Introduce o artigo aludindo á faceta investigadora, *Guía das festas populares de Galicia* (1997) e *Guía da Galiza máxica* (1998), e literaria de Vítor Vaqueiro, que volve á narrativa da man de *Os xenerais de África*. Di que son dez relatos e un epílogo de título esclarecedor, "Vigueses", que nos falan de Vigo e as súas xentes mesturando realidade e fantasía nunha "ollada nostálxica e saudosa". A continuación, eleva os personaxes a

seres míticos e recupera a memoria sen esquece-los tempos da Dictadura, que enchen de infelicidade e crueza algúns dos relatos, nin o tema amoroso. Sinala que máis alá do contido tamén se advirte unha preocupación formal evidente nalgúns recursos de raíz poética que a converten nunha "literatura esixente" e moi persoal.

- Dolores Vilavedra, "Os xerais de África", *Grial*, nº 142, Tomo XXXVII, "Libros", abril-maio-xuño 1999, pp. 323 325.

Opina Dolores Vilavedra que Vítor Vaqueiro nesta última obra foise afastando do lirismo e conseguiu con iso un gran valor significativo. Considera, ademais, que é salientable a vontade de creación léxica que demostra. Despois de observar unha certa desigualdade entre os relatos, característica que é común a moitos libros deste tipo, comenta individualmente algún dos textos que integran *Os xenerais de África*; a "Balanzo" e a "As desvantaxes da defensa en liña" critícalles a extensión, mentres que de "Visitas" destaca a dosificación da intriga, así como o final inesperado e sorprendente. Refírese tamén á situación espacial dos relatos en Vigo, co que esta cidade "fica elevada á categoría de espacio literario".

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Narrativa alicerzada", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 89, 3 agosto 1999, p. 6.

Neste comentario indica que o libro *Os xenerais de África*, de Vítor Vaqueiro é un conxunto de dez relatos máis un epílogo que teñen como ligazón a cidade de Vigo, dado que case tódolos relatos están situados ou contextualizados nela. Tamén resalta a riqueza expresiva do volume.

- Xosé Manuel Freire, "Un libro esixente", *Guía dos libros novos*, nº 10, "Narrativa", setembro 1999, p. 23.

Rememora os comezos de Vítor Vaqueiro cos poemarios *Lideiras antre a paisaxe, informe da gavilla* e a obtención do Premio da Crítica Española, con *Fraga prateada*, co que foi considerado unha das personalidades máis preocupadas pola nosa poesía. Indica que coa presencia de prosa e verso no último poema de *A cámara de néboa*, "Arribada", xa se prognosticaba a inmersión deste autor no xénero narrativo. Resume parte da temática do novo libro deste escritor, *Os xenerais de África* e destaca o interese de Vaqueiro pola narrativa breve. Pondera que despois de sete anos volve a este xénero con estes dez contos breves onde crea unha ponte cos seguintes elementos: fervenza do paso da infancia á adolescencia, o espertar ó sexo, a conciencia mudable, a trivialidade dun partido de fútbol convertida "no Periplo" da memoria da cidade. Para o recensionista este exemplar é a crónica dunha cidade, dun tempo político, sólido, meticuloso, agarimoso coa lingua e reflexivo, e confirma que é un libro esixente e para un lectorado ó que lle guste a literatura non só para entreter.

Referencias varias:

- Miguel Olarte, "Vaqueiro: 'O reto da literatura galega é conquistar un público masivo", *El Progreso*, 16 maio 1999, p. 77.

Refírese á presentación das últimas obras de Vítor Vaqueiro, *Os xenerais de África* e *Guía da Galiza máxica*, no marco da XVII^{a} Feira do Libro de Lugo. Así, recolle as declaracións do escritor vigués nas que indica que a literatura galega debe chegar a un público máis amplo e que actos como a Feira ou o Día das Letras contribúen algo a normaliza-la lingua, pero a política lingüística "ou non existe ou é moi negativa". Para finalizar, o autor adianta os seus proxectos máis próximos.

- Manuel Veiga, "Non podemos seguir escrebindo coma no século XIX", *A Nosa Terra*, nº 883, "Guieiro Cultural", 20 maio 1999, p. 34.

A raíz da presentación do seu último libro de relatos, Vítor Vaqueiro resposta nesta entrevista a diferentes cuestións. O entrevistado aclara que o seu paso á narrativa deuse despois dun parón poético "provocado por circunstancias persoais" e que escolleu o relato por estar máis próximo á poesía, malia que esa pegada é menos visible ca na súa anterior obra, *O soño dirixido* (1992). Concédelle, así mesmo, importancia á forma pois quere escribir unha "obra ben feita", aínda que posúa un estilo recoñecible. Baseándose en diferentes exemplos, pensa que a novela "está a piques de se esgotar" porque recorre a modelos caducos e salienta na narrativa galega actual a Caneiro, Casares e Ferrín nun primeiro nivel, e a Xavier Queipo e Gonzalo Navaza nun segundo.

-Francisco J. Gil, "Galaxia presenta en Vigo "*Os xenerais de África*", a última producción literaria de Vítor Vaqueiro", *Faro de Vigo*, 18 xuño 1999, p. 52.

Sinala que a visión do mundo político e a descuberta da dureza da vida, son algunhas das claves dos relatos que forman *Os xenerais de África*, ademais de indicar que a visión que se presenta de Vigo, fai pensar nas obras de "semellante factura" noutras culturas. Recolle as delaracións feitas por Damián Villalaín na presentación do libro, coas que se referiu ó seu título e salientou o firme compromiso do seu autor coa linguaxe. Por último dá conta da actividade fotográfica e literaria de Vítor Vaqueiro.

- Lalo Vázquez Gil, "Escrito sobre...Vigo", *Atlántico Diario*, "Tiempo de Vigo", 10 xullo 1999, p. 24.

De entre os libros que xiran ó redor de Vigo ou as súas xentes destaca este. Seguidamente, tras presentar a Vítor Vaqueiro, reproduce algúns fragmentos de diferentes relatos para demostrar que a presencia de Vigo e do seu "conxunto social" é recorrente nesta obra.

- Salvador Rodríguez, "Vigueses", *Faro de Vigo, "El Sábado*", nº 114, 10 xullo 1999, p. 1.

Breve entrevista a Vítor Vaqueiro despois de presentar algunhas claves de *Os xenerais de África*. O autor afirma que algúns personaxes se inspiran na realidade e di que hai nostalxia de homes e mulleres que viviron en Vigo, pero non da cidade. Asemade, cre que consolidou a súa narrativa comparando esta obra coa anterior, *O soño dirixido* (1992), de maior pouso poético, e aclara que retrata un Vigo xa desaparecido, pero a saudade ten como motivo a infancia. Ademais, pensa que o xénero novelesco quedou estancado no século pasado.

- X. L. Méndez Ferrín, "Manuel Lence", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 16 xullo 1999, p. 2.

Recorda o episodio no que Manuel Lence rachou en xullo do ano 36 o bando de guerra que estaba lendo un oficial e o seu corpo foi atravesado por unha baioneta, para logo sinalar que en tal sinistro se basea un dos contos que conforma *Os xenerais de África*, de Vítor Vaqueiro. Comenta que nesta obra a cidade de Vigo resulta un "personaxe colectivo" e destaca a gran habilidade técnica que presenta. Por último, indica que o suceso mentado xa fora obxecto de recreación literaria na obra de Bento da Cruz, *O Lobo guerrilheiro* (1996), que conta con versión galega.

-Fátima Pazos, "Hai obras galegas moi superiores ás do español", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 87, 20 xullo 1999, p. 8.

Conversa con Vítor Vaqueiro, quen declara que o que o impulsou a lanzarse á narrativa foi o feito de que non puido seguir escribindo poesía. Manifesta que elixiu o relato pola súa proximidade coa poesía e explica a elección do título desta súa última entrega, da que comenta certos aspectos como a temática e o tratamento que nela recibe o amor. Tamén sinala que a súa narrativa non é de evasión e refírese á óptima situación da literatura galega actual, afirmando que hai un grupo de persoas que fan unha literatura superior á do Estado Español. Por último, denuncia a falta dun cambio de Goberno, xa que senón o galego "desaparecerá".

Vázquez, Pablo, Pilar **Fernández**, Goretti **Fernández**, Ángela **Barral** e Daniel **Vila**, *Premio 1999 de Relato, Poesía e Teatro da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo, verán 1999, 162 pp. (ISBN: 84-8302-393-8).

Neste volume recóllense os premios de relato, poesía e mais teatro da Universidade de Vigo en 1999. Os correspondentes á modalidade de narrativa son os seguintes:

- Pablo Vázquez Pereira (Iº Premio de Relato Curto), “Pensión de madrugada”, pp. 11-19.

Narración centrada na descrición dos moradores de sete cuartos dunha pensión que teñen a característica de seren xentes feridas pola soidade.

- Pilar Fernández Iglesias (Iº Accésit de Relato Curto), “O derradeiro sorriso da Gioconda”, pp. 23-29.

Relátase a historia do namoramento dun doutor e a súa paciente, que remata co suicidio da enferma ó descubrir que son irmáns.

- María Goretti Fernández Caamaño (IIº Accésit de Relato Curto), “A obra”, pp. 33-44.

Cóntanse as aventuras amorosas dun director de obra que finalizan coa súa morte mentres dirixía a construcción dos alicerces dun predio.

- Ángela Barral Caneda (IIIº Accésit de Relato Curto), “A gaiola”, pp. 47-60.

Relátase como Andrea soña coas historias que escoita nun programa radiofónico nocturno que ela mesma presenta.
- Daniel Vila Seoane (IVº Accésit de Relato Curto), “Texto para concurso”, pp. 63-70.

Narración que describe como Nelo se reúne con Emilio e Susana co pretexto de escribiren unha peza teatral, que rematará co namoro de Nelo e Susana e co enfrontamento entre Nelo e Emilio.

Vidal, Francisco A., *O cuarto dos ausentes*, Premio de Narrativa Concello de Vilalba 1997, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 21, novembro 1999, 164 pp. (84 89814-79-1).

Francisco A. Vidal (Palmeira, A Coruña, 1957) repasa a historia dunha aldea galega de beiramar, Cerqueixo,tendo como punto de partida a intrahistoria dos distintos personaxes e os lugares que aparecen nas fotos que estaban no cuarto onde se velaba ó defunto don Adrián Sardá, dono da fábrica de conservas do lugar. Esta habitación era denominada polo finado como o “cuarto dos ausentes” e dende aquí descríbeseno-la vida de Cirilo –un dos sete fillos non recoñecidos de Adrián e ó que se lle aparece a pantasma do defunto–, o troco de fisonomía de Cerqueixo, a historia da familia dos Sardá, etc. Aparecen tamén no relato náufragos, polisóns, problemas de lindes, mortes, contrabando, indianos, etc., que en conxunto amosan o vivir cotián e persoal dos moradores de Cerqueixo.

I. Narrativa

I.2. Reedicións comentadas e facsímiles

Cabana, Darío Xohán, *Vidas senlleiras*, IIIº Premio Cidade de Lugo 1992, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, Serie Literaria, nº 17, 1999, 129 pp. (ISBN: 84-8302-414-4).

Obra de Darío Xohán Cabana, publicada por vez primeira en 1992, coa que comezou a da-los primeiros e exitosos pasos literarios. Trátase de cinco amplos relatos situados xeograficamente na provincia de Lugo, quer na alta montaña do Courel ("O Fuxidor"), quer na ampulosa Terra Cha ("Rubén Cruzoi"), quer en ambos espacios. Tódolos contos xiran arredor da peripecia vital de homes solitarios, que teñen en común a soidade buscada, ben por necesidade, ben por confronto coa sociedade. Así, "O Fuxidor" está protagonizado por un home que foxe ó monte primeiro para escapar dos falanxistas mais que logo se afará a vivir así e aparecerá e desaparecerá na vida dos familiares e veciños dun xeito case misterioso. En "Rubén Cruzoi" temos un home que, desexoso de imita-las aventuras de Robinson Crusoe, procura a soidade en varias insuas galegas. En "O vello da montaña", vese como un home crea case unha tribo que durará o mesmo que a súa vida. Nos dous últimos contos, "Severo da Melisenda" e "A Mariñeira de Quilmas", vemos a soidade como medio de rexeita-la sociedade, por non aturar vivi-la vida que os demais queren para cadanseu protagonista.

García Barros, Manuel, *Contos da terriña*, ed. de Carlos Loureiro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 47, 1999, 244 pp. (ISBN: 84-8302-468-3).

Trátase da reedición comentada da obra de Manuel García Barros (A Estrada, 1876-1972) *Contiños da Terra*, na que Carlos Loureiro ofrece o perfil biográfico deste escritor estradense, centrándose na súa faceta de xornalista e na súa orientación política. A seguir, insire unhas notas sobre a temática, a forma e o esquema lingüístico dos contos recollidos no libro, exemplificando con dous deles, "Quen con rapaces se deita" e "Na mascarada". Trala introducción aparecen os 56 relatos, de corte costumista que describen tipos populares e anécdotas protagonizadas polos mesmos, por veces, revestidas dunha intención crítica. O libro remata cun "Glosario", inserido a xeito de epílogo, no que aparecen explicados aqueles termos de uso labrego, que foron deixando de se empregar e, polo cal, resultan alleos ó lector de hoxe.

Méndez Ferrín, X. L., *Arrabaldo do norte*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, Serie Literaria, nº 15, 1999, 86 pp. (ISBN: 84-8302-425-X).

Nova edición desta novela inicial de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), publicada por primeira vez en Galaxia no 1964, que pasa por ser un exemplo representativo da Nova Narrativa Galega. Ó longo de seis capítulos, un misterioso personaxe descríbenos en primeira persoa, e seguindo unha técnica semellante a unha cámara cinematográfica, o mundo que o rodea no Arrabaldo do Norte, un espacio enigmático no que predominan as figuras elípticas, símbolo do eterno retorno ás orixes contra o que loita o narrador protagonista. Ese intento de evita-la volta ás orixes manifféstase a través da procura do pai, ó que tenta eliminar para evitar ser enxendrado de novo.

Rodríguez Castelao, Daniel Alfonso, *Obras. Castelao*, vol. I, ed. de Manuel Rosales, Vigo: Galaxia, decembro 1999, 606 pp. (ISBN Tomo I: 84-8288-338-0) (ISBN Obra Completa: 84-8288-337-2).

No limiar, o editor manifesta as razóns que favoreceron a dimensión mítica que posúe Castelao cincuenta anos despois da súa morte, os factores favorecedores da difusión da súa sona entre as diferentes xeracións que contactaron coa tradición galeguista na dictadura e as consecuencias da súa transformación en emblema nacionalista. Declara que esta edición crítica palia a falta dunha biografía do escritor con procesos científicos e achega documental e dunha edición sistemática do conxunto da obra escrita con garantías. Por último, cita as entidades, os estudiosos e os investigadores que participaron na súa elaboración. Na presentación da edición, explícase o contido do volume e dáse conta do proceso de edición e do seu destinatario. Afírmase que os textos recollidos se cinguen ás últimas edicións publicadas en vida do escritor, que para fixa-la escrita literaria de Castelao e amosa-la historia xenética da súa obra baseáronse nos escritos que publicou en xornais. Noméanse os xornais e revistas nos que colaborou amosando, nos seus escritos, o seu compromiso co nacionalismo, ónde foron publicados os seus libros de narrativa e unha ordenación esquemática do corpus narrativo de Castelao, cunha interrelación entre xornais, revistas e libros editados en vida. Ademais facilítase un cadro sinóptico co nome do xornal onde apareceron os relatos, os libros nos que se atopan e as reproduccións dos restantes. Saliéntase que ata 1975 non se elabora unha edición da obra completa deste autor e facilítanse os títulos dos libros reeditados entre o 61 e o 67 por Galaxia, os das antoloxías da producción narrativa deste escritor, despois da súa morte, e os xornais nos que están as contemporáneas. Manifesta que ata 1999 só existía unha edición da súa única peza

teatral, de 1953, e con diferencias textuais co orixinal ademais da supresión das notas dos lances onde se decía onde foran escritas. Resume o contido e estructura dos dous manuscritos de *Os vellos non deben de namorarse* e declara que esta edición tomou como base o segundo por se-la versión definitiva. Alude á presencia a modo de apéndice na narrativa de catorce relatos soltos non publicados en libro, "outras cousas" que atoparon na Biblioteca da Fundación Penzol e un apéndice de pezas narrativas e artigos sobre aspectos literarios divididos en tres grupos temáticos. No apartado "A Nosa Edición" aclara os criterios e variantes lingüísticas seguidos na edición, o método empregado no aparato crítico que acompaña no pé de páxina ós textos, as siglas coas que denominan ós libros de Castelao, o índice deste tomo e dá algunhas referencias bibliográficas de cada obra. A seguir, reprodúcense os seguintes textos: *Un ollo de vidro*, *Cousas, Retrincos, Os dous de sempre* e *Prosas recuperadas* na narrativa*, Os vellos non deben de namorarse* no teatro e un último bloque co citado *Apéndice coas prosas variadas.*

I. Narrativa

I.3. Narradores traducidos ou versionados

Apollinaire, Guillaume, *O poeta asasinado* (*Le poète assassiné*, 1916), trad. e notas de Alberte Allegue Leira, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 123, setembro 1999, 156 pp. (ISBN: 84-89896-55-0). .

Composta de dezaseis relatos titulados e dedicados a amigos ou artistas da súa época, Guillaume Apollinaire (Roma, 1880-1918) preséntanos dous relatos longos e varios de extensión reducida, nos que se transmiten situacións ou anécdotas curiosas, cando non absurdas. No primeiro relato que dá título á obra "O poeta asasinado", dividido en dezaoito partes, séguese a vida do protagonista, Croniamantal, comezando pola fama adquirida e a partir de aí dende o momento da xestación ata o do seu asasinato e a apoteose final. No segundo, "O rei Lúa", atopamos un mundo onírico, futurista e marabilloso, mundo presente tamén en relatos como "Artur rei pasado rei futuro"; outros están dominados polo simbolismo como "O ollo azul"; pola morte como "A sombra" ou esta e o amor estéril en "O encontro no círculo mixto" ou "Santa Adorata". Esta obra de relatos sen aparente relación, péchase no final co relato "Caso do brigadier mascarado é dicir o poeta resucitado", no que recolle tódolos personaxes esparexidos polos anteriores relatos, co poeta asasinado, que agora é un Lázaro resucitado, como visionario do papel xogado por cada un deles no conflicto que asola Europa no ano 1915, e que nos ofrece un posible final de moitos destes seres que antes quedaran suspendidos na historia.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Doce contos de Apollinaire, un axitador comprometido", *Faro de Vigo, "El Sábado*", nº 124, 25 setembro 1999, p. 2.

Fai unha enumeración da producción literaria de Guillaume Apollinaire e, posteriormente, describe *O poeta asasino*, onde indica as opinións de Walter Benjamin e mais de André Bretón sobre Apollinaire e a ducia de contos que conforman este libro.

- X. G. G., “Apollinaire: a tradición é o novo”, *A Nosa Terra*, nº 903, “Guieiro Cultural”, 7 outubro 1999, pp. 27 28.

Comézase sinalando que xa está traducida ó galego a novela erótico-pornográfica de Guillaume Apollinaire, *As once mil vergas*, e que agora sae do prelo outra traducción *O poeta asasinado*, que é definida como “libro de novelas e narracións”. Faise un breve percorrido pola poesía de Apollinaire e afírmase que “os caligramas é o menos interesante da súa producción poética”. No referente á narrativa, analízase pormenorizadamente *O poeta asasinado* do que se di, entre outras cousas, que representa a “autobiografía soñada” do seu autor e que é “unha crítica da poesía”. Indícase tamén que o libro está composto por dezaseis narracións, algunhas das cales son comentadas polo recensionista.

Bécquer, Gustavo Adolfo, *Lendas*, (*Leyendas*), trad. Xoan Carlos Domínguez Alberte, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, 1999, 279 pp. (ISBN: 84-89129-11-8).

Traducción dos relatos que o escritor romántico Gustavo Adolfo Bécquer (Sevilla, 1836-Madrid, 1870) publicou entre 1858 e 1864. A presente edición contén unha “Nota do traductor” na que se comenta o seu propósito de trasladar esta obra ó galego e se sinalan os problemas que xurdiron ó realizar este labor. A continuación, dáselle paso ós dezasete relatos de Bécquer, que presentan unha gran variedade temática, pero que se mostran unitarios en canto á presencia do misterio e da imaxinación. Deste xeito, podemos atopar lendas nas que se dá unha visión maniquea do comportamento humano, nas que o mal é punido (“O caudillo das mans vermellas” ou “A cruz do demo”); o poder do amor e a muller, xa destructivo (“Os ollos verdes”), xa imposible (“O raio de lúa”); ou a intervención do marabilloso sobrenatural, na súa vertente divina (“O Cristo da caveira”) ou pagá (“O gnomo” ou “A cova moura”).

Blanco, Cristina (coord.), *Mulleres fronte ó século XX: Traduccións ó galego de narracións femininas en lingua inglesa*, limiar de Cristina Blanco Outón, selección e trad. Teresa Nandín Vila, Ana Belén López Pérez, Margarita Estévez Saá, Cristina Blanco Outón e José Manuel Estévez Saá, Santiago de Compostela: Editorial Compostela (O Correo Galego/El Correo Gallego), 1999, 141 pp. (ISBN: 84-8064-083-9).

Volume que recolle os relatos de dez escritoras en lingua inglesa comprendidos entre 1880 e 1980 e abrangue mediante esas diferentes voces femininas e diferentes concepcións do mundo a cotidianeidade do século XX. A obra ábrese cunha introducción de Cristina Blanco Outón na que dá conta dos criterios de selección destas escritoras e advirte que atende máis a unha organización cronolóxica cá preocupacións feministas dunhas autoras que se converteron xa en obxecto de estudio universitario. A continuación, inclúense os dez relatos que van precedidos por unha breve síntese da obra e da vida de cada unha das autoras: “O papel pintado amarelo”, de Charlotte Perkins Gilman (1860-1935), “Os xardíns de Kew”, de Virginia Wolf (1882-1941), “A festa no xardín”, de Katherine Mansfield (1888-1923), “O amante endiañado”, de Elizabeth Bowen (1899-1973), “¿De onde vén a voz?”, de Eudora Welty (1909), “A señora Fortescue”, de Doris Lessing (1919), “Un bo home é malo de atopar”, de Flannery O’Connor (1925-1964), “Nas horas escuras”, de Edna O’Brien (1936), “Uso cotián (para a túa avoíña)”, de Alice Walker (1944) e “A suavidade”, de Janice Galloway (1956).

Referencias varias:

-A. R., “De escritoras anglófonas”, *Tempos Novos*, nº 31, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, decembro 1999, p. 77.

Aplaude a aparición do libro colectivo *Mulleres fronte ó século XX: Traduccións ó galego de narracións femininas en lingua inglesa*, coordinado por Cristina Blanco Outón. Indícanse os nomes das autoras e traductoras así como o título dos dez relatos que conforman este volume, que pretende “desecar a importante lagoa do mundo da traducción en Galicia”.

Blixen, Karen, Charlotte **Perkins** e Emilia **Pardo Bazán**, *Fenda, loucura e morte*, prólogo e trad. de Mª Xosé Queizán, Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, Serie As literatas, nº 14, 1999, 95 pp. (ISBN: 84-8302-396-2).

Volume que se abre cun prólogo de Mª Xosé Queizán no que xustifica a selección dos catro relatos incluídos na edición. Comenta que non responde a un criterio arbitrario senón ó feito de seren escritoras cunha liña ideolóxica semellante, e de estaren escritos entre a segunda metade do século XIX e principios do XX. Así mesmo, a elección da orde de aparición dos textos non segue un criterio cronolóxico senón que se corresponde "coa significación da propia historia", que vai dende a perda da virxindade ata a institución do matrimonio. A seguir, comenta a traxectoria literaria das tres autoras elixidas e analiza as claves temáticas e argumentais de cada un dos relatos, así como a súa significación a través da historia feminina. A seguir, dáse paso á reproducción dos catro relatos. No primeiro deles, "Unha páxina en branco" da autoría de Karen Blixen (Dinamarca, 1885-1962), a narradora en primeira persoa conta o seu encontro cunha anciá contadora de contos quen lle desvela o significado da "páxina en branco". No segundo relato, "O papel de parede amarelo", de Charlotte Perkins Gilman (Connecticut-EE.UU, 1860-1925), achégase á vida dunha muller casada que se debate entre manter ou anula-la súa propia identidade co fin de procura-lo amor e o servicio que lle demanda o seu esposo. No terceiro dos contos "O indulto" de Emilia Pardo Bazán (A Coruña, 1851-1925) toma como tema de fondo a solidariedade das mulleres da comunidade con Antonia, unha asisenta que vive aterrorizada pola violencia do seu marido. Finalmente, o derradeiro relato, "O encaixe roto", tamén da autoría de Pardo Bazán, reflicte a valentía dunha noiva que consegue escolle-lo rumbo da súa vida e cambia-lo seu matrimonio e apostar pola liberdade. O volume péchase cun breve apartado baixo o título "Breve noticia das autoras", no que se ofrecen unhas notas biobibliográficas de cada unha delas.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “As literatas. Arte e reivindicación en catro narrativas feministas”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 78, 9 setembro 1999, p. 8.

Dáse conta da aparición, baixo a dirección de M. X. Queizán, da serie “As Literatas” dentro da colección “Xerais de Peto” que pretende ofrecérno-los textos básicos da narrativa feminina internacional. Analízase a primeira publicación desta nova serie, *Fenda, loucura e morte*, indicando que está integrada por catro textos, un de Karen Blixen, outro de Charlotte Perkins e dous de E. Pardo Bazán. Finalmente saliéntase que “homenaxea a tres mulleres feministas, comprometidas e rebeldes, e, asemade a tres brillantes literatas”.

-Carme Lado, “Femininas”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Narrativa”, novembro 1999, p. 20.

Salienta a defensa dos dereitos da muller como tema común dos catro relatos recollidos e traducidos por María Xosé Queizán en *Fenda, loucura e morte*. Logo de resalta-las últimas décadas deste século como o período no que máis se traduciu e escribiu ó redor da problemática e condición das mulleres e de recorda-la situación destas no s. XX, alude ás claves temáticas de cada un dos textos. De “A páxina en branco”, de Karen Blixen, destaca a incitación a transgredi-la opresión á que está sometida a muller, a defensa da muller escritora e a necesidade dun lector capaz de descodifica-las referencias simbólicas. En “O papel de parede amarelo”, de Charlotte Perkins, fai referencia á relación entre a crecente creatividade do culto nos homes e loucura nas mulleres. Dos relatos de Emilia Pardo Bazán, “O indulto” e “O encaixe roto”, resalta o canto en prol da liberdade e independencia presente no primeiro e a capacidade de intuí-la sociedade do novo século, no segundo.

- Olga Novo, “Virginem eam tenemus”, *Tempos Novos*, nº 30, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, novembro 1999, p. 65.

Refírese ó libro *Fenda, loucura e morte*, que está composto por un conxunto de catro relatos de Karen Blixen, Charlotte Perkins e E. Pardo Bazán, compilados e traducidos por M.ª Xosé Queizán. Analízanse brevemente os catro textos, saliéntase o "interesante limiar", a cargo de Queizán, e faise mención á denuncia feminista dos relatos.

Referencias varias:

- B. Pallas, "María Xosé Queizán inicia en Xerais unha serie sobre grandes escritoras", *La Voz de Galicia*, 31 xullo 1999, p. 30.

Infórmase de que saíu do prelo o primeiro volume da colección "As Literatas" titulado *Fenda, loucura e morte*, dirixida por M. X. Queizán, e composto por relatos de Karen Blixen, Charlotte Perkins e Emilia Pardo Bazán.

-Nathalie Grischkat, "Neue Publikationen von und über Frauen", *Galicien Magazin*, nº 8, "Rezensionen", novembro 1999, pp. 48-49.

Anúnciase a publicación de novidades editoriais sobre mulleres e feitas tamén por mulleres como son *Fenda, Loucura e Morte* da colección "As Literatas" de Xerais onde María Xosé Queizán traduce catro relatos de Karen Blixen, Charlotte Perkins e Emilia Pardo Bazán, e as biografías *María Casares*, de Arantxa Estévez e *Maruxa Mallo*, de Carme Vidal, ámbalas dúas aparecidas na colección "Mulleres" de A Nosa Terra.

Bourdouxhe, Madeleine, *A muller de Gilles* (*La femme des Gilles*, 1937), trad. Alberte Allegue Leira, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 120, maio 1999, 96 pp. (ISBN: 84-89896-49-6). .

Novela de Madeleine Bourdouxhe (Liexa, 1906-Bruxelas, 1996) estructurada en dezaoito capítulos nos que asistimos á existencia cotiá de Elisa, unha muller abnegada, que dedica a súa vida a coidar do seu marido, Gilles, e das súas dúas fillas xemelgas. Gilles traballa como obreiro nunha fábrica da vila e ela agarda na casa, ilusionada a que chegue cada noite. Elisa ama tanto o seu marido, que cando el enferma de paixón por Victorine, a súa cuñada, decide converterse na súa cómplice e esperar pacientemente a que volte a ela. Pero ese día non chega. Gilles obsesiónase cada día máis pola irmá de Elisa, unha muller inconstante e frívola, allea ó sufrimento do matrimonio. Esta encrucillada de sentimentos remata en traxedia cando Gilles lle confesa a Elisa a súa resignación ante a perda definitiva da súa amante e, o que en principio parece ser un alivio para o corazón de Elisa, condúcea a tomar unha drástica decisión: o suicidio.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Unha tentativa de escrita sensual”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 112, 26 xuño 1999, p. 4.

Refírese á recepción que tivo a obra dende a súa publicación en 1937 e reproduce os cualificativos que mereceu de Simone de Beauvoir, Thierry Haumont e Michael Torgall. Así mesmo, coida que esta obra é

"sobre todo unha invitación a pensar" e cita algunhas obras de Madeleine Bourdouxhe como *À la recherche de Marie* (1943), *Sous le Pont Mirabeu* (1944), *Les jours dela Fenne Louise* (1947) ou *Sept nouvelles* (1985), obra que posibilitou a reedición das anteriores desta escritora que foi nomeda Secretaria Perpetua da Academia Libre de Bélxica dende 1964.

-F. Martínez Bouzas, "*A muller de Gilles*. Historias de resignacións", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias",* nº 76, 26 agosto 1999, p. 9.

Dáse conta da aparición da traducción da obra de Madeleine Bourdouxhe, *A muller de Gilles*, e indícase que, pese a estar publicada orixinariamente en 1937, "segue a ser unha boa novela, unha narración actual". Analízase o seu nó argumental e saliéntase a súa calidade, destacando que é unha obra merecente de estar traducida ó galego.

- Joaquim Ventura, "Unha temática universal", *Guía dos libros novos*, nº 9, "Narrativa", xullo-agosto 1999, p. 22.

Cualifica de valentía o fito de que Laiovento se atrevese a publica-la traducción de *A muller de Gilles* xa que a súa autora, Madeleine Bourdouxhe, é practicamente descoñecida entre nós. Opina que é unha magnífica novela e que a historia que nela se conta podería ser universal sempre que exista, na zona onde se desexe localizar, unha poboación obreira e un marcado sentimento relixioso católico no conxunto da sociedade. Despois de rememora-los conflictos entre católicos e calvinistas no s. XIX, fai un resumo argumental e explica certos aspectos da sociedade obreira da época da historia, os papeis adxudicados ós homes e ás mulleres, para entende-la actitude resignada da protagonista, que consente o adulterio do seu marido. Dende
o seu punto de vista a traducción está "ben resolta", a pesar do emprego do termo "serea" co significado de

“sirena”, e de que un texto feminista como se indica na contralapela é “vindicador do orgullo de muller obreira”.

Calvino, Italo, *O barón rampante* (*Le Baron perché*, 1957), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, Serie Literaria, nº 18, 1999, 258 pp. (ISBN: 84-8302-461-6).

Primeira edición desta novela de Italo Calvino (Cuba, 1923-Italia, 1985) na colección “Peto” de Xerais, logo de ser xa publicada por esta editorial en 1988, 1990 e 1992. Corría a segunda metade do século XVIII cando Cosimo Piovasco de Rondó, un rapaz de 12 anos membro dunha familia nobiliar de Sombrosa, decidiu subirse a unha árbore en sinal de protesta por non querer comer caracois. Así que, a partir deste acontecemento, o seu irmá máis novo, Biagio, tendo en conta o que Cosimo lle contara, relátanos cómo transcorrera toda a súa vida subido ás árbores, aquelas historias de amor e aventuras, por veces fantásticas, que tiña protagonizado, e as relacións que mantivera con personaxes tan famosos como Rousseau ou Voltaire. Finalmente, mantendo sempre a súa teima e rexeitando o amor e as riquezas que puidera ter en vida, Cosimo morreu e a súa fama estendeuse polo mundo enteiro.

Cela, Camilo José, *Mazurca para dous mortos* (*Mazurca para dos muertos*, 1983), trad. Xesús Rábade Paredes, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), xuño 1999, 297 pp. (ISBN: 84-453-2584-1). .

Tras unha presentación a cargo do presidente da Xunta de Galicia, na que afirma que "endexamais arriou Cela a bandeira do noso pobo", aparece a versión galega de *Mazurca parados muertos* (1983). Esta longa novela, obra de Camilo José Cela (Iria Flavia, 1916), ambientada totalmente en Galicia –nomeadamente na provincia de Ourense– e de protagonista colectivo, conta, por medio de varios narradores, o vivir cotián da Galicia do interior durante a guerra civil. Moitos dos personaxes están relacionados entre si e as referencias ás occisións, ó sexo e ó chover manseliño imbúen toda a novela. O título vén da mazurca "Ma petite Marianne" que un acordeonista cego, chamado Gaudencio Beira, que traballa nun prostíbulo ourensán, tocou cando mataron a Baldomero Marvís, alcumado Afouto, e mais a Fabián Minguela, chamado Moucho. Afouto fora asasinado no inicio da guerra civil por Moucho mais ó remata-la guerra civil este tamén é asasinado por Tanis Gamuzo e os seus cans, que son os que lle dan as dentadas necesarias para a súa morte, de aí que no informe do médico forense que pecha o libro se afirme que faleceu polas mordedelas dos lobos.

London, Jack, *Contos de Jack London*, selección Equipo Tris Tram, trad. Begoña Combo Castro, Patricia Fernández de Aguirre e Equipo Tris Tram, ilust. Matalobos, Lugo: Tris Tram, 1999, 163 pp. (ISBN: 84-89377-17-0). .

Antoloxía que recolle nove relatos da autoría de Jack London, pseudónimo do nortemaericano John Griffith London (San Francisco, 1876-Glen Ellen, California, 1916). Malia non conta-la edición con nota introductoria ningunha, na lapela do libro sublíñase a variedade espacial na obra do autor así como a intensidade e o fondo humanismo da súa producción literaria. Estas características conforman a escolma na que se dan constantes da producción novelística do autor como o humor, o gusto pola ficción científica, a natureza en estado salvaxe e unha acción intensa a través da cal se canalizan a tensión entre o home e a Natureza ou outros homes. Os relatos escollidos son “A forza dos fortes”, “A liga dos anciáns”, “O fillo do lobo”, “O deus dos seus pais”, “Lei de vida”, “Amor pola vida”, “O canón de ouro”, “Guerra” e “Mil Mortes”.

Sartre, Jean Paul, *As palabras*, (*Les mots*, 1964), trad. Dulce Mª Fernández Graña e François Davó, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 119, marzo 1999, 148 pp. (ISBN: 84-89896-46-1). .

Autobiografía de Jean Paul Sartre (París, 1905-1980) trazada dende o punto de vista do seu descubrimento da linguaxe a través das palabras que ocupan os libros. Estructúrase en dúas partes : I) Ler e II) Escribir, que fan referencia ás dúas actividades que Sartre desenvolveu ó longo da súa vida. Non quedan á marxe outros aspectos como as relacións familiares e humanas en xeral, a relixión, a música ou a súa particular concepción do mundo a través do cinema.

Recensións:
- Martínez Bouzas, "As armas dun grande escritor", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 68, 1 xullo 1999, p. 9.

Resalta o significado que ten para a literatura galega nutrirse de obras mestras da literatura universal como *As palabras* de Jean Paul Sartre, paradigma do intelectual comprometido e progresista. Seguidamente, sinala as máximas do pensamento sartriano exposto tanto en ensaios coma en obras literarias e encaixa este libro como o momento no que se converte en "verdadeiro e grande escritor". Así, describe as dúas partes que compoñen a obra: na primeira fai un ensaio autobiográfico no que recupera a nenez e a xuventude, e na segunda emerxe a concepción existencialista da escrita como auto-coñecemento. Por último, remítenos ó final do libro para lembrarnos de Sartre "a súa espada é a súa pluma, a necesidade de renderlle culto á relixión dos libros e a súa pulsión pola escrita".

- Ana Luna Alonso, “As *Palabras* de Sartre”, *Viceversa*, nº 5, “Recensións”, 1999, pp. 165-168.

Céntrase en expor unha panorámica vital do autor galo, con especial atención ó crecemento a carón dos libros, ó proclamado ateísmo, á adhesión ás correntes filosóficas existenciais e á defensa do compromiso social do literato *versus* as correntes esteticistas que apoiaban o confinamento do artista nunha torre de marfil. Canto á traducción, coida que se afasta máis do necesario do orixinal.

Referencias varias:
-Xesús Fernández Sulleiro, “Cando eu significa escribindo”, *Guía dos libros novos*, nº 7, “Ensaio”, maio 1999, p. 15. Despois da súa primeira edición en 1963, Laiovento vén de publicar *Les Mots*, de Jean Paul Sartre. Trátase dun ensaio autobiográfico no cal o seu autor recorda a súa infancia e tódalas relacións que tivo coa literatura dende os primeiros anos da súa vida. As dúas partes nas que se divide o libro, “Ler” e “Escribir” aparecen resumidas neste artigo.

Tabucchi, Antonio, *Afirma Pereira* (*Sostiene Pereira*. *Una testimonianza*, 1994), trad. Dolores Martínez Torres, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 166, 1999, 188 pp. (ISBN: 84-8288-313-5). .

A través dun narrador omnisciente constrúe esta novela testemuñal Antonio Tabucchi (Pisa, Italia, 1943) a base da reiteración da fórmula “afirma Pereira”, como fío conductor do narrado, sempre dende o punto de vista do protagonista, Pereira, un anodino e modesto xornalista que dirixe a páxina cultural do periódico *Lisboa*. A historia, desenvolvida na Lisboa fascista de 1938, narra a vida de Pereira, un antiheroe, un home sen ambición, viúvo dende hai moitos anos, quen ten como única compañía o retrato da súa muller, á que lle conta cada día como lle van as cousas. Pereira sabe que algo non vai ben no seu país, hai rumores de torturas e asasinatos de cidadáns da man da policía, pero non quere tomar partido. Séntese vello e canso e asume que a páxina cultural do seu xornal non ten nada que ver cos acontecementos que están a suceder. Pero na súa vida irrompe Monteiro Rossi, un rapaz inquedo que lle pide formar parte da redacción do xornal, redactando homenaxes a escritores xa mortos. Pereira accede, pero os contidos das súas columnas son impublicables, dende o seu punto de vista, polo ton subversivo e perigoso que utiliza. Aínda así, establece unha relación proteccionista con Montero Rossi ata o punto de axudalo economicamente. Pereira ten medo e insiste na súa neutralidade ideolóxica, pero un tráxico suceso vai facer que finalmente se posicione e farao con gran valentía. Esta novela remata cun final aberto no que se deixa na man do lector saber cál é a sorte do protagonista, quizais o exilio ou quizais a súa propia morte.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “A peripecia tráxica do antiheroe Pereira”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 135, 11 decembro 1999, p. 4.

Comenta brevemente *Afirma Pereira*, de Antonio Tabucchi, traducida ó galego por Dolores Martínez Torres, na colección “Literaria” de Galaxia. Indica que a historia transcorre no Portugal salazarista, nos comezos da Guerra Civil Española e do fascismo italiano. Sintetiza o argumento do libro no que o protagonista é Pereira, un xornalista, que prefire dedicarse á literatura do pasado, a eloxia-los escritores desaparecidos e facer necrolóxicas anticipadas antes que dirixir *Lisboa*, un “xornal mediocre”, ademais de sufrir unha transformación e crise persoal debida á súa relación cunha rapaza chamada Marta. Cre que Tabucchi consegue crear un personaxe inesquecible que “deixará unha profunda pegada no lector”, gracias “ó equilibrado discurso narrativo e unha grande economía de medios”. Considera ó protagonista “un antiheroe que afronta a irrupción da historia e das súas esixencias na súa vida tranquila”. Afirma que foi “definida como unha gran novela civil e como unha obra destinada a perdurar no tempo”. A seguir, achega algúns datos biográficos deste autor italiano, ó que cualifica como un dos máis prestixiosos do século XX, e unha listaxe dos seus libros máis coñecidos.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “*Afirma Pereira*”, *Atlántico Diario*, 23 setembro 1999, p. 8.

Manifesta que esta obra de Antonio Tabucci é “unha das obras máis fermosas das escritas nos derradeiros dez anos” e ofrece un resumo do seu argumento. Sinala tamén que esta obra aproveita esta historia para

falar da dignidade que sempre ten aquel que loita polo que considera xusto, ó mesmo tempo que fai un repaso polos fascismos que a mediados de século esnaquizaron Europa. Por último, mostra a súa ledicia pola iniciativa de Galaxia de traduci-los grandes da literatura.

-AGN, "Galaxia publica en galego a novela "*Afirma Pereira*", *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 26 novembro 1999, p. 27/p. 31.

Sinala que a versión galega desta célebre novela de Antonio Tabucci foi realizada por Dolores Martínez Torres e publicada por Galaxia. Apunta que xa se traduciu a máis de vinte linguas e que coñeceu un grande éxito cinematográfico.

Voltaire, *Cándido ou o optimismo* (*Candide ou l´optimisme*, 1758), introd. de Herminio Barreiro, trad. Henrique Harguindey, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto, Serie De-liberacións, nº 12, 1999, 173 pp. (ISBN: 84-8302-399-7). .

Herminio Barreiro pon en primeiro termo a actualidade do autor galo, que se chamaba realmente François-Marie Arouet (París, 1694-1778), canto á defensa de valores como á liberdade e á tolerancia. Chega a definilo como “verdadeiro príncipe da Ilustración” e cita a súa importante actividade revolucionaria. Tras dar conta do amplo éxito editorial que esta obra obtivo inmediatamente, explica algunhas cuestións sobre a xénese da obra. Para iso, baséase principalmente nos estudios de Michel e Jeanne Charpentier, Claude Blum e Pol Gaillard. Voltaire cóntanos, valéndose do tópico do manuscrito achado, a historia de Cándido, un rapaz teutón que é expulsado da casa na que viviu toda a vida a causa dos seus amores cara a Cunegunda, quen o superaba amplamente en nobreza. A partir de aquí, comeza unha longa peregrinación que o leva arredor do mundo e na que lle acontecen unha chea de desgracias e penalidades. Pero, por baixo desta serie trepidante de aventuras, latexa unha novela filosófica que satiriza acedamente a filosofía de Leibniz, de carácter netamente conformista, encarnada en Pangloss, o mestre de Cándido. O rapaz irá cuestionándose conforme progresa o texto a validez da doutrina que lle ensinaron dende a súa infancia.

Yourcenar, Marguerite, *Memorias de Hadrián, seguido de Cadernos de Notas de Memorias de Hadrián*, (*Mémoires d'Hadrien*, 1974), trad. Ánxela Gracián, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1999, 329 pp. (ISBN: 84-87783-52-X). .

Traducción da novela histórica da escritora francesa Marguerite Yourcenar (Bruselas, 1903-Illa de Mount Desert, Maine, Estados Unidos, 1987). O libro está composto por tres apartados diferenciados: *Memorias de Hadrián*, "Caderno de notas de *Memorias de Hadrián*" e "Nota". O primeiro dos bloques mencionados fórmao a novela propiamente dita, baseada na vida do emperador romano Hadrián. Trátase dun inventario autobiográfico ficticio que o emperador fai pouco antes de morrer. A través de seis capítulos con títulos latinos o vello Hadrián repasa a súa vida: a súa infancia, os seus éxitos militares, os seus distintos cargos políticos ata chegar a ser emperador de Roma e os acontecementos que marcaron o seu mandato. Asemade, nesta edición inclúese un apartado titulado "Caderno de notas de *Memorias de Hadrián*". Nel a autora foi apuntando as distintas fases polas que pasou esta obra dende que comezou a traballar nela en 1924 ata que a rematou. Finalmente, a escritora francesa engade unha "Nota" na que dá información sobre as fontes bibliográficas que empregou e sinala os datos que incluíu neste libro e que non están baseados en feitos reais.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, "A novela que marcaría a vida de Marguerite Yourcenar", *Faro de Vigo, "El Sábado",* nº 96, 27 febreiro 1999, p. 2.

Fai referencia á biografía de Marguerite Yourcenar, subliñando que foi a primeira muller integrante da Academia Francesa (1980), e apunta os temas principais da súa polémica obra, da que destaca *Alexis ou o tratado do inútil combate* (1929), *O desvío do sono* (1934)*, Memorias de Hadrián* (1951) e *Opus Nigrum* (1969). Sobre a presente novela, di que é un texto rico que revela as preocupacións humanas e que desatou "en moitos lectores o interese polo mundo romano". Para finalizar, dá conta dos problemas que tivo a autora para a súa redacción definitiva e describe esta edición.

-F. Martínez Bouzas, "*Memorias de Hadrián*", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 54, 25 marzo 1999, p. 8.

Introduce o artigo louvando o labor da traductora e define a obra como unha novela histórica que toma posesión dun mundo interior. Tamén afirma que Marguerite Yourcenar centrou nun home as súas teimas porque a muller só fala de si mesma para botarse en cara a súa condición. Asemade, di que é un relato en primeira persoa que supón "a descuberta da identidade e o interior dun ser humano" que vai "entrar na morte cos ollos abertos" e, posteriormente, ofrece algunhas claves da vida dese home, o emperador Hadrián, que ten como pano de fondo Roma. Para acabar, comprácese pola traducción ó galego desta obra "moderna e clásica" que "empeza a formar parte dos mananciais da nosa literatura".

- Estro Montaña, "Resistir o paso do tempo", *Guía dos libros novos*, nº 6, "Narrativa", abril 1999, p. 22.

Comentario sobre a obra *Memorias de Hadrián*, da escritora belga Marguerite Yourcenar, traducida ó galego por Ánxela Gracián. Trátase dunha autobiografía apócrifa, escrita en forma de carta. Ampliamente cóntase o argumento e fálase das circunstancias que se deron para que a autora empezase a escribir esta obra.

- M. Quintáns S., “Unha gran novela histórica”, *El Correo Gallego,* “*Edición 7*”, 27 xuño 1999, p. 8. Louva esta iniciativa editorial porque permite a traducción á nosa lingua desta novela abríndolle a posibilidade ó lector galego de ler un clásico, entendendo por clásico aquel texto que resposta a algunha das interrogantes “que desacougan ó ser humano”. Ademais, describe a presente edición, gaba a traducción de Ánxela Gracián e destaca a subvención que a Consellería de Cultura achegou para esta iniciativa. Para finalizar, reproduce parte da nota final de Marguerite Yourcenar sobre a súa novela.

-Ánxela Gracián, “A traducción das *Memorias de Hadrián*”, *Viceversa*, nº 5, “Traduccións xustificadas”, 1999, pp. 133-138.

Confesa que intentou facer unha traducción das *Memorias de Hadrián*, segundo a terminoloxía de Novalis, mítica. Esta “esixía a intervención do espírito poético e debía respecta-lo puro e perfecto carácter da obra”. A continuación, comenta o acerto de Yourcenar na creación do personaxe do emperador. Expón tamén a dificultade de artellar un estilo elevado e clásico en galego que sexa asemade claro e sinxelo, debido ás deficiencias da nosa historia literaria. Cita exemplos en francés e galego de cómo resolveu diferentes situacións discursivas e recoñece outros casos para os que non atopou unha solución plenamente satisfactoria. Finalmente, enumera as traduccións das que se serviu para a súa versión: a catalana, a portuguesa do Brasil e a española de Cortázar, a cal loa especialmente.

Referencias varias:

- Concha Pino, “La Yourcenar es especial”, *La Voz de Galicia*, “La Entrevista”, 5 maio 1999, p. 42.

Conversa coa traductora e escritora Ánxela Gracián na que describe a súa última traducción, *Memorias de Hadrián* de Marguerite Yourcenar, e anuncia tamén que a súa próxima traducción será unha obra do Marqués de Sade.
- Rocío Cortés Galdo, “Transmitir fielmente a obra dun autor é un reto para o traductor”, *El Progreso*, 28 maio 1999, p. 112.Ánxela Gracián fala da súa faceta como traductora e como escritora de relatos infantís. Insiste na necesidade de traducir moitas obras ó galego e analiza algunhas características da súa traducción de *Memorias de Adriano*, de Marguerite Yourcenar.

Zabal, Manuel, *Auria abandonada*, prólogo Antonio Tovar, trad. Celia Díaz Núñez, Ourense: Concello de Ourense/Xunta de Galicia, 1999, 139 pp. (D. L.: OU-41/99). ¤

Este libro ábrese cun prólogo manuscrito a cargo de Antonio Tovar no que ademais de analiza-lo volume de Manuel Zabal o prologuista declara que os seus libros en galego non se venden polo seu pasado españolista e comunista. *Auria abandonada* é unha fabulación biográfica da vida de Santiago do Val, afeccionado á escritura, á novela e á música. Nárrase como este ourensán, nado en 1915, decide agocha-la súa obra, despois de recibi-lo aviso dos deuses, e vivir dende aquela rodeado dunha auréola de misterio. Despois da súa morte, Xosé e mais Luís son os que se encargan de lembra-la súa figura, ante o silencio que nos ambientes literarios producira a súa defunción. Neste relato aparecen numerosas referencias á cidade de Ourense e ó ambiente literario no que estivera presente Santiago do Val.

Referencias varias:

- S. Espinoso, “Unas letras en homenaje a López Cid”, *La Región*, 12 decembro 1999, p. 16.

Anuncia a presentación de *Auria Abandonada*, de Manuel Zabal, que nos achega á vida de José López Cid. Recolle varias declaracións do autor, quen considera que a novela é unha “deuda” co profesor e catedrático e sinala que hai un “tortuoso” camiño detrás dela. Así mesmo, indica o que supón *Auria Abandonada* para

Manuel Zabal, que fai na súa portada un recordo á revista *Trebo*, na que López Cid traballaba con tódolos seus amigos.

I. Narrativa

I.4. Antoloxías

Castelao, Alfonso R., *Pequena escolma*, Vigo: Galaxia, novembro 1999, 103 pp. (ISBN: 84-8288-332-1).

Volume en pequeno formato que se abre cun limiar onde se achega a traxectoria vital de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, no que se salientan as datas máis significativas da súa vida. Ademais, faise un percorrido pola producción literaria, ensaística e artística do autor. A seguir, dáse paso ós textos seleccionados para este libro: “O inglés” e “O retrato”, de *Retrincos. Un ollo de vidro*; “O Rifante”, “Aínda eu non nascera”, “Era un barbeiro de sábado”, “Cado Bieito quedou orfo”, “Manter un animal para comelo” e “O fillo de Rosendo”, de *Cousas*; “Alba de Gloria” e “Cousas da vida”.

II. Poesía

II. 1. Poetas galegos

Aleixandre, Marilar, *Catálogo de velenos*, XVIIIº Premio Esquío de Poesía 1998, epílogo de Pilar Pallarés, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío de poesía, nº LXXIV b, marzo1999, 71 pp. (ISBN: 84-86046-98-X).

Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) elabora un poemario que ten como protagonista o mundo da infancia e, máis concretamente, as relacións entre a filla e a nai. A obra está inzada de referencias literarias, nomeadamente a Sylvia Plath e tamén dalgúns ecos da literatura infantil. O poemario consta de tres partes: "O veleno e a mazá", "O veleno no coitelo" e "Onde os alacráns" nas que reitera o *leit-motiv* do veleno. Na obra atopamos unha mestura de elementos tirados da ficción con outros de fasquía autobiográfica, así como unha constante reflexión sobre o exercicio da escritura. O poemario conclúe cun epílogo de Pilar Pallarés titulado "A mazá envelenada sobre os labios", no que se centra na formalización das relacións entre a nai e a filla na obra, a particular interpretación do conto de Brancaneves e os contos de fadas, e a revisión de certos tópicos androcéntricos.

Recensións:

- Vicente Araguas, "¡Á sombra de Sylvia!", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 63, 27 maio 1999, p. 9.

Logo de se referir a Marilar Aleixandre como unha "poeta de batalla, de loita", comenta algúns aspectos do seu libro, como son a cita de Adrienne Rich, as numerosas alusións a Sylvia Plath, a confusión de realidade e fantasía que se produce na obra e o xogo de máscaras levado a cabo pola escritora. Finalmente, considera

a poesía da autora “épica, pero tamén lírica na forza persoalmente reivindicativa que aquí aparece e que nos permite falar da carraxe, moderadamente contida”.

- Olga Novo, “Da madrasta ó marido”, *Tempos Novos*, nº 24, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, maio 1999, p. 66.

Describe o primeiro libro de poemas de Marilar Aleixandre *Catálogo de velenos*, galardoado co Premio Esquío de Poesía, do que destaca a súa riqueza léxica. Analiza as tres partes do libro –“O veleno na mazá”, “O veleno no coitelo” e “Onde os alacráns”– así como o tema da nai e da familia, tan importantes neste poemario.

- Xosé M. Eiré, “Fervendo dentro”, *A Nosa Terra*, nº 906, “Guieiro Cultural”, 28 outubro 1999, pp. 27-28.

Despois de salienta-lo bo momento que está a atravesa-la literatura galega, saúda a aparición dunha voz na expresión poética. De Marilar Aleixandre destaca a “limpeza da súa poesía” e comenta recursos como a supresión de signos de puntuación ou a procura dun ritmo particular. Comenta as tres partes nas que se estructura o libro, analizando o motivo do veleno. Finalmente, considera que a obra é “un anguriado berro clamando liberdade para que unha poda ser ela mesma, un precioso canto feminista”.

-Marta Dacosta Alonso, “*Catálogo de velenos*, de Marilar Aleixandre”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 98-99.

Opina que o libro de Marilar Aleixandre, *Catálogo de velenos* (1998), é singular pola súa sinceridade e por reflecti-lo mundo cotián a través do traballo doméstico das mulleres. Di Dacosta que o podemos ler como

unha viaxe polo ser da muller, viaxe que continúa no presente e se proxecta no futuro, constatando a necesidade de non ser como foron outras, de intentar saír do labirinto.

Alvarado Feixoo-Montenegro, Segundo, *Orfo de ti*. *Cantigas de amor*, limiar de Víctor Campio Pereira, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 84 pp. (ISBN: 84-7492-920-2).

O amor é o tema central do libro de Segundo Alvarado (Ourense, 1922). O poemario ábrese co texto introductorio "Proposta", no que a voz lírica insiste na condición oral da súa poesía. O libro bota man dalgúns recursos da estética neotrobadorista (nomeadamente o paralelismo) e reproduce versos do corpus medieval. No que atinxe á estructura, organízase ó redor de pequenas seccións: "Soño", "Ceo", "Camiño de Santiago", "Mar", "Amor", "Paisaxe", "Laídos", "Soidade".

Referencias varias:

- Víctor Campio Pereira, "Cantigas de amor", *La Región*, 9 maio 1999, p. 33.

Comentario a propósito da publicación da obra *Orfo de ti*, de Segundo Alvarado. O autor lembra a traxectoria poética anterior do escritor, así como as súas actividades na radio ourensá. Finalmente, reflexiona sobre o exercicio neotrobadoresco levado a cabo neste libro.

- Isidoro Guede, "*Orfo de ti*", *La Región*, 3 xuño 1999, p. 23.

Comenta o prólogo de *Orfo de ti*, de Segundo Alvarado, así como algúns aspectos relativos ó título da obra e á autenticidade da súa estética neotrobadoresca.

-Dora Vázquez, “*Orfo de ti*, a poesía de Segundo Alvarado”/“*Orfo de ti*”, *O Correo Galego*/*La Región*, “Ronseis”, 12 xuño 1999/20 xuño 1999, p. 3/p. 31.

A autora lembra a actividade xornalística e teatral de Segundo Alvarado. A seguir, céntrase no comentario do libro, reflexionando acerca das referencias a Mendiño presentes no texto. Finalmente, remata expresando o seu apoio ó escritor para a realización de novas obras.

- Jaime Noguerol, “El temblor de una ausencia”, *La Región*, 5 xullo 1999, p. 8.

Informa da publicación de Segundo Alvarado, *Orfo de ti*, da que sinala que é “un testimonio, el temblor de una ausencia, una vela vacilante en la noche de insomnio”. Refírese tamén á xeración de poetas da revista *Posío*, á que considera que non se lle fixo “justicia”, e achega unhas palabras do prólogo de Víctor Campio.

Álvarez, Xosé Luís, Pilar **Fernández**, Lucía **Novás** e María Goretti **Fariña,** *Premio 1999 de relato, poesía e teatro da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo, verán 1999, 162 pp. (ISBN: 84-8302-393-8).

Neste volume recóllense os premios de relato, poesía e mais teatro da Universidade de Vigo en 1999. Os correspondentes á modalidade de poesía son os seguintes:

- Xosé Luís Álvarez Pérez (Iº Premio de Poesía), “A vella e coñecida historia do mariñeiro cunha soa perna e os seus soños con baleas”, pp. 77-90.

Despois dun breve limiar, aparecen unha serie de poemas, xunto con textos narrativos, nos que predominan as referencias mariñeiras.

- Pilar Fernández Iglesias (Iº Accésit de Poesía), “Movemento sísmico”, pp. 93-101.
Conxunto de textos que evocan o pasado, a infancia e mais o amor.

- Lucía Novás Garrido (IIº Accésit de Poesía), “As laranxas”, pp.105-112.
Poemas centrados nas acordanzas saudosas e na arela de volta á nenez.

- María Goretti Fariña Caamaño (IIIº Accésit de Poesía), “Propiedade do pranto”, pp. 115-119.

Composicións poéticas que teñen como referencia constante a reflexión sobre o pranto e a tristura.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, *Na flor do vento*, prólogo de Carlos L. Bernárdez, ilust. Berta Cáccamo, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 81, marzo 1999, 49 pp. (ISBN: 84-89814-63-5).

Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) publica neste ano o seu primeiro poemario, un compendio de 25 poemas divididos en dúas partes: “Nós” e “Eles”. Son poemas que abordan a vida, a experiencia vivida dende a sentimentalidade, tratando de reflexionar sobre o pasado e o seu sentido, o seu significado. Para o prologuista, Carlos Bernárdez, nesta obra o pasado é compendio e límite da vida. O autor sitúase no ámbito do familiar, do cotián, dos seres que se perderon, e dende alí intenta elaborar un discurso que axude a entende-la existencia. Dende a madurez, o autor ve o presente como unha travesía “que agora é doce vaivén no navío amarrado”. En cada un dos fragmentos percíbese a intención de narrar, de contar ordenadamente o que se sente. Aínda que traballados, os poemas, como confirma Bernárdez, son un instrumento ó servicio da voz, nunca unha simple cuestión formal.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Agora non é rir”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 68, 1 xullo 1999, p. 8.

Considera que non se trata dun libro irónico nin conceptista e salienta o distanciamento que se produce con respecto á súa estética anterior. Refírese ó contido da obra, centrada no paso do tempo, a infancia, a

lembranza do pai e a presencia do ser amado e entende que un dos trazos desta poética é o afastamento dalinealidade. Finalmente, aposta polo labor poético de Alfonso Álvarez Cáccamo.

- Manuel Xosé Neira, “Poesía básica”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Poesía”, outubro 1999, p. 26.

Recolle ó longo do artigo unha escolma de versos do poemario *Na flor do vento*, de Alfonso Álvarez Cáccamo, para reflexionar sobre o uso neles de diversos vocábulos. Diserta sobre parte do prólogo deste libro e principalmente sobre o parágrafo que transcribe neste artigo onde se fala da preocupación pola expresión dos sentimentos, por parte do poeta, máis que pola cuestión formal. O articulista está de acordo con Gonzalo Navaza sobre a necesidade dun “artesanal labor coa palabra para darlle un aspecto formal ó texto” e a este respecto lembra a concepción filosófica que sobre a forma tiñan Platón e os presocráticos. Subliña a dificultade á hora de explica-las ferramentas empregadas polo poeta, a definición da súa técnica e a procedencia desta. Destaca o uso de técnicas próximas á pintura, cando se fala dos versos, afirma que estamos “diante dunha especie de expresionismo abstracto, lírica más que desarraizada, desgarrada”, que na actualidade andamos entre unha poética da inocencia –da intelixencia– e a rabia” e que cun só poema se pode definir ó poeta.

- M. Vidal Villaverde, “A flor do vento de Alfonso Álvarez Cáccamo”, *A Nosa Terra*, nº 912, “Guieiro Cultural”, 9 decembro 1999, pp. 24-25.

Tilda de “poemario narrativo-descritivo” a *Na flor do vento*, a primeira incursión na poesía de Alfonso Álvarez Cáccamo, e considérao froito da intimidade, o desasosego e o amor. Opina que o volume “debulla” as cousas cotiás e sinxelas da vida “sen a exención da beleza formal da melancolía”. Non atopa no exemplar ningún indicio que denote que é o seu primeiro libro de poemas e indica que Carlos L. Bernárdez, no limiar, aclara por que tece o poeta “os seus versos esenciais co fío desas vivencias entrañables, nostálxicas, fieis a esa realidade xa envolveita nunha mera de lembranzas”. Afirma que nel o poeta traslada á lírica as súas experiencias, fai das estampas cotiás “asisadas metáforas” e na temática, aprecia a presencia da evocación

ás paisaxes, “ás fontes do corazón”, ademais do temor á ausencia e a que todo sexa un soño. Pensa que o tempo para o poeta “está dentro de sí” e compárao co fluír do río, por iso non lle dá grande importancia no discurso poético. Salienta a sinxeleza coa que debuxa os diferentes elementos da natureza, sentimentos e reaccións humanas presentes nos seus poemas (estampas domésticas, cantíns, fragas, temor do home ante un espello, o tempo, a infancia perdida...) así como, os vocábulos estremecidos e lexemas que indican a fuxida do “abisal da morte”. Considera acertada a decisión da colección Espiral Maior con esta publicación, destaca as ilustracións de Berta Cáccamo e a edición de P. A. Estévez e cita algunha das obras narrativasdeste escritor. Ó longo da recensión, o articulista apoia os seus comentarios coa reproducción de estrofas das poesías deste libro.

Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, “Primavera en flor”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 8 abril 1999, p. 26.

Impresións persoais que o novo poemario de Alfonso Alvarez Cáccamo, *Na flor do vento*, produciu en Manuel Vidal Villaverde.

- Carme Vidal, “Alfonso Álvarez Cáccamo. “A poesia require autenticidade, o poeta non pode finxir”, *A Nosa Terra*, nº 886, “Guieiro Cultural”, 10 xuño 1999, p. 31.

Alfonso Álvarez Cáccamo describe o seu primeiro poemario *Na flor do vento*, indicando que nel recrea a súa feliz infancia “na zona idílica que daquela eran as Travesas de Vigo”, pero na última parte poetiza o sufrimento dos seres queridos, e explica que simboliza o padecemento da represión que experimentou a súa familia, Alexandre Bóveda entre eles, e aclara que o seu irmán Xosé María segue nesta liña coa obra *Os cadernos da ira* (1999). Fala tamén da súa narrativa e afirma que segue a tendencia do humor triste de Castelao.

- Alfonso Álvarez Cáccamo, “Na defensa de Carlos L. Bernárdez”, *A Nosa Terra*, nº 907, “Guieiro Cultural”, 4 novembro 1999, p. 34.

Analiza “a neura que verque” Neira, recensionista e poeta lugués, contra o poemario *Na flor do vento*, afirmando que non lle tolera que desprecie “o traballo intelectual e sincero de Carlos L. Bernárdez” e recoméndalle que sexa ou poeta ou crítico literario.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Os cadernos da ira*, limiar de X. L. Méndez Ferrín, A Coruña: Espiral Maior, col. Espiral Maior Poesía, maio 1999, 58 pp. (ISBN: 84-89814-71-6).

Comezan estes *Cadernos da ira* cun limiar titulado “Hemorraxia interna”, no que Xosé Luís Méndez Ferrín comenta cada un dos tres poemarios que conforman o volume. De *Prego de cargos*, xa publicado en 1991, salienta o sarcasmo e a ironía coa que trata “argumentos reais vergoñentos”. Con respecto a *De mañá que medo* (1993) considera que é “o máis alto teito lírico”que conseguiu Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950). Finalmente, valora “Crónica do espanto” como “o primeiro ensaio coral da narración do holocausto galego”. Esta “Crónica doespanto”, a única parte inédita desta obra, está integrada por catorce poemas dedicados a ÁlvaroÁlvarez Blázquez e a Darío Álvarez Limeses, tío e avó, respectivamente, do autor. Predominan os versos de arte maior e as longas enumeracións, tanto de víctimas coma de verdugos da represión franquista.

Recensións:

- Xosé M. Eiré, “Benaventurada sexa Ira”, *A Nosa Terra*, nº 887, “Guieiro Cultural”, 17 xuño 1999, p. 27.

Comeza referíndose á falta de liberdade de expresión na época franquista e reflexionando sobre a relaciónentre a literatura e a política. O autor da recensión considera que o libro de Xosé María Álvarez Cáccamo “non é unha obra fóra do tempo” senón un “poemario intemporal” e insiste na falsidade da oposición poesía íntima *vs.* poesía social, claramente exemplificada neste libro. Despois dunha referencia ó prólogo de Xosé

Luís Méndez Ferrín, achégase ó texto atendendo á súa estructura, ó uso do formulario administrativo e ó "dominio dos recursos tanto clásicos como modernos" por parte do escritor.

-Vicente Araguas, "Lira irada", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 71, 22 xullo 1999, p. 10.

Refírese á confluencia das vetas intimista e comprometida no poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo. A seguir, fai unha descrición do libro, salientando a dureza da súa temática e preguntándose ademais "se para esta viaxe fixeron falla as alforxas culturalistas que nos atafegaron nas dúas últimas décadas". Finalmente, dá conta dos tres apartados nos que se artella o libro, salientando especialmente o segundo, "De mañá que medo" e destacando "as posibilidades poéticas dos índices onomásticos" na obra.

- Román Raña, "Un libro iracundo", *Guía dos libros novos*, nº 9, "Poesía", xullo-agosto 1999, p. 25.Fai fincapé na consolidación do escritor Xosé María Álvarez Cáccamo como unha das voces máis plurais da xeración dos oitenta e dos progresivos cambios temáticos nos seus versos: o paso dunha "serena meditación de materiais case inertes ou case inaprensibles" ó tratamento de asuntos de temas máis íntimos, dolorosos e emotivos, e máis tarde a realidade amorosa "para abranguer territorios misteriosos onde entrou o seu estro por vez primeira, convocando o asombro e a perplexidade en libros prosísticos", *Microtofanías* e *A luz dos desnortados*, ós que a crítica, segundo o recensionista, non calibrou con equidade. Anuncia a recolleita en *Os cadernos da ira* de dous opúsculos, *Prego de cargos* e *De mañá que medo*, subtitulado, este último, *Tristura e paixón en Compostela*. Menciona o tema reflectido en cada un (manifesto iracundo contra o axustizamento duns profesores e a represión fascista na cidade universitaria) ademais do emprego que fai o autor de recursos expresivos, imaxes visionarias de ascendencia surrealista para reflecti-la vida sen liberdades. Estima a *Crónica do espanto* "unha das máis estremecedoras alegacións contra o esquecemento histórico do noso país" e resalta nela a recuperación da función social e o compromiso ético; así como a listaxe de verdugos e víctimas da nosa historia recente. Remarca a morte da poesía social-realista a causa do esquecemento destas funcións recuperadas e descríbeo de "berro descomunal", "conmovedor de conciencias abafante pola cantidade de nomes... que causan dor só coa súa

pronuncia". Remata coa conversión do poeta en cronista por introducir no discurso poético os nomes das víctimas da "satrapía franquista".

- Xosé Manuel Enríquez Rodríguez "*Os cadernos da ira*, de Xosé María Álvarez Cáccamo", *A Trabe de Ouro*, nº 40, "Publicacións", Tomo IV, Ano X, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 585-587.

Xosé Manuel Enríquez cualifica esta obra de Xosé M. Álvarez Cáccamo como un alegato contra o exercicio abrumador do poder, que impón o medo a disoar e a rompe-la harmonía social. Seguindo as súas palabras, o verso "social" dos *Cadernos da ira* arrebata o lector e acompáñao, paso a paso, sen cansazo, con recursos ideolóxicos e estéticos que superan ós da poesía social dos anos setenta. Enríquez remata este artigo cunha valoración xeral da obra, á que denomina poesía "partidaria e non aliñada, en absoluto atenuada ou relaxante".

Referencias varias:

- M. Veiga, "Cronica do espanto. Xosé M. Álvarez Cáccamo publica un estarrecedor poemário sobre o 36", *A Nosa Terra*, nº 885, "Guieiro Cultural", 3 xuño 1999, p. 35.

Alusión ó libro de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Os cadernos da ira*, e, concretamente, ó poemario "Caderno do espanto". Comenta ó respecto a influencia do estilo xornalístico e a lembranza que este texto lle produce de voces como a de Pimentel, Bernardino Graña e Vítor Vaqueiro. Reproduce tres textos e remata esixindo ó PP a condena do feitos acontecidos a raíz do golpe militar do 36.

- Xesús Alonso Montero, “As musas da ira”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 18 xuño 1999, p. 16.

Logo de facer unha reivindicación da poesía inspirada polas “musas da ira”, refírese ó poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo, salientando o feito de que “por vez primeira na literatura galega, alguén constrúe un poema cos nomes (e apelidos) dos asasinos “profesionais” do verán de 1936. O autor insire ó poeta nunha tradición literaria que se remonta, cando menos, ó século VII a. C.

- Manuel María, “Un libro necesario”, *El Correo Gallego*, 13 xullo 1999, p. 3.

Comenta que xa era hora de que no actual panorama da nosa lírica aparecera un libro como *Os cadernos da ira*, “cheo de fonda e desbordada paixón, de emoción, de verdade, de autenticidade formando un todo co noso ser e existir”. Continúa louvando esta entrega de Xosé María Álvarez Cáccamo que, na súa opinión, se converte en testemuña das feridas recibidas pola nosa xente e patria e se fan carne en nós para, a continuación, falar dos seus posibles detractores.

- Albino Mallo/Eduardo Álvarez, “Xosé María Álvarez Cáccamo asegura que en Galicia o libro de poesía ten moita saída”/“Xosé María Álvarez Cáccamo presentou onte, na Fundación Seoane da Coruña, o seu poemario ‘*Os cadernos da ira*”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 16 outubro 1999, p. 34/p. 75.

Dá conta da presentación do poemario de Xosé María Álvarez Cáccamo, *Os cadernos da ira*, unha obra de contido político, que contén dous poemarios xa coñecidos e un inédito. Tamén recolle certas declaracións do autor, quen afirmou que a poesía se vende ben e destacou o traballo da editora Espiral Maior.

Álvarez-Koki, Francisco, *Alén da fronteira*, limiar de Ramón Caride Ogando, Ponteareas-Pontevedra: Egasur SL, agosto 1999, 65 pp. (ISBN: 84-930739-4-6).

Ramón Caride salienta a “estructura fonda” da poesía de Francisco Álvarez-Koki (A Guarda, 1957) e a combatividade dos seus versos. A obra está formada por un conxunto de corenta e cinco composicións que tratan o tema da nostalxia, o amor, Galicia, a paisaxe e a denuncia da inxustiza social. A voz lírica adopta por veces un ton cosmopolita, manifestado na formalización dos espacios, que contrasta coa presencia, ó longo do poemario, do tema da identidade galega. O libro remata cun “itinerario” pola paisaxe natal.

Álvarez Torneiro, Manuel, *Luz de facer memoria*, Premio Miguel González Garcés de Poesía 1998, ilust. Din Matamoro, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1999, 92 pp. (ISBN: 84-89652-94-5). ¤

A memoria é o eixo deste libro de Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932), conformado por corenta e tres poemas de extensión diversa nos que o eu lírico reflexiona sobre a perda das cousas cotiás dun tempo pasado, a marcha dos amigos ou a súa propia morte. O libro constitúe ademais unha homenaxe a perdedores, "Visión dos mendigos", ou perseguidos doutra época, "perspectiva de sombras". En xeral, a evocación do pasado preséntase na maioría destes poemas como unha reconciliación do eu lírico coa realidade presente. Dende o punto de vista formal predominan os versos longos, o que xera lentitude no ritmo, ó mesmo tempo que fai uso dunha linguaxe poética dura, con imaxes metafóricas en ocasións próximas ó surrealismo.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Os nomes e as cousas", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 81, 30 setembro 1999, p. 11.

O texto comeza cunha reflexión sobre o esquecemento do labor poético de Manuel Álvarez Torneiro. Refírese a seguir á dureza da súa linguaxe poética e á presencia de ecos surrealistas. Céntrase logo no poemario *Luz de facer memoria*, salientando a súa continuidade con respecto á poética anterior e compara ó autor con

Xosé María Álvarez Cáccamo baseándose na humanidade das súas propostas. Finalmente, lembra a pertenza do escritor ó grupo Amencer.

- Xulio Valcárcel, “Luz de facer memoria”, *El Ideal Gallego*, “Crítica literaria”, 10 outubro 1999, p. 4.

Loa a figura de Manuel Álvarez Torneiro e salienta a fidelidade que demostra a súa traxectoria poética. Neste senso, lembra a concesión do Premio Miguel González Garcés no ano 1998 á obra *Luz de facer memoria.* Identifica na súa poesía unha “vocación de totalidade” e salienta o seu distanciamento dos excesos do culturalismo. Por outra banda, Valcárcel refírese á tematización da nostalxia e das cousas cotiás neste libro, destacando a madureza poética que demostran os versos.

Referencias varias:

Alfredo Conde, “Un verán de poesía”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 xullo 1999,
48/p. 4.

Logo de se referir ó modo no que moitos libros entran na súa casa, comenta que remata de le-la *Poesía completa*, de Miguel González Garcés, que se reeditou en 1998 e *Luz de facer memoria*, de Manuel Álvarez Torneiro, que é un dos autores que máis admira de todos cantos leva lido e que, concretamente, gañou con esta obra o premio que leva o nome do escritor anteriormente citado. Tamén indica que está lendo as *Xeografías do Sal*, de Ramón Caride Ogando, un autor a quen o seu despiste o fixo ignorar e que presenta agora un libro “de tacto ameno e lectura áxil e xenerosa”.

- Miguel Anxo Fernán-Vello, “Poesía de Álvarez Torneiro”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 19 agosto 1999, p. 3.

Ofrece unha serie de comentarios sobre o poeta Manuel Álvarez Torneiro, en quen a “verdadeira” poesía está presente na “ampla tonalidade textual que constrúe o poeta”. Achega o título doutras obras deste autor e céntrase no comentario da súa última entrega, *Luz de facer memoria*, onde a poesía triunfa “con plenitude eesplendor”. Por último, declara que Álvarez Torneiro é “poeta que demostra que a poesía é un exercicio de comunicación necesaria e imprescindíbel”.

-Xosé Lois García, “O Memorándum poético de Álvarez Torneiro”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 28 setembro 1999, p. 3.

Sinala que a poesía de Manuel Álvarez Torneiro, a pesar de que este autor veña de gañar con *Luz de facer memoria* o Premio de Poesía Miguel González Garcés, non precisa pasar por ningunha criba, dado que se defende soa e sen a aprobación de ningún xurado. A continuación, detense na análise desta súa peza gañadora, que contén unha serie de poemas que posúen unha inquebrantable unidade, “froito desa trama argumental que o pensamento do poeta predispón”. Refírese ó que os poemas nos presentan e ó estilo con que están compostos para, finalmente, declarar que Torneiro acada neste libro “unha expresión lírica e, tamén, unha riqueza onírica sorprendente”.

- R. G., “A poesía ou explícase por si mesma ou non se explica’, di Álvarez Torneiro”, *La Voz de Galicia*, 27 novembro 1999, p. 83.

Dá conta da presentación dos libros gañadores do Premio de Poesía Miguel González Garcés, na que Ponte Far se referiu ós escritores premiados, entre outros aspectos. Tamén recolle as declaracións de ManuelÁlvarez Torneiro, quen gañou o premio con *Luz de facer memoria* e quen insistiu en que “a poesía se explica

por si mesma ou non se explica", e Ramón Caride Ogando, quen levou un accésit con *Xeografías do sal* e quen dixo que o seu libro é "un resumo de todo o que levo feito en poesía".

- Luis Pousa, "A literatura e o periodismo lévanse moi mal, andan sempre a sopapos", *El Ideal Gallego*, 28 novembro 1999, p. 18.

Mantén unha conversa con Manuel Álvarez Torneiro, que vén de publica-lo poemario *Luz de facer memoria*, co que gañou o Premio de Poesía Miguel González Garcés. Sinala este autor que non fai falta que a poesía sexa algo masivo e comenta que nos tempos que el empezou a escribir había que ir ó mercado negro para merca-los versos de Neruda ou de Lorca. Tamén di sentirse o mesmo, pese a que gañara o Esquío e o Miguel González Garcés, e fala da súa preocupación pola memoria, ademais de referirse á oposición existente entre a literatura e o periodismo e á razón pola que comezou a publicar tardiamente. Por último, exclama que Deus nos libre de utiliza-los ordenadores para escribir poesía.

-Albino Mallo, "Publícanse as obras gañadoras"/"A Deputación da Coruña edita os poemarios do González Garcés", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 29 novembro 1999, p. 16/p. 76.

Dá conta do acto de presentación das obras galardoadas co premio de poesía González Garcés 1998, *Luz de facer memoria*, de Manuel Álvarez Torneiro e *Xeografías do sal*, de Ramón Caride Ogando, que consistiu nunha exposición literaria e nun coloquio dos autores gañadores. Achega ademais unha sinopse da obra destes autores e uns breves comentarios sobre os volumes citados.

Beiro, Pilar, *Hinterland*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, decembro 1999, 76 pp. (ISBN: 84-87783-58-9).

O libro de Pilar Beiro está estructurado nas seguintes seccións: un conxunto de poemas sen título, “Mincho”, “Cádigos”, “A casa do pan”, “Lagoas” e “Morgana”. O volume está integrado por un conxunto de composicións caracterizadas, dende o punto de vista formal, pola ruptura da orde léxica do poema e mesmo da orde sintáctica. A voz lírica achégase a temas como a paisaxe, a memoria, o traballo, a identidade ou a propia condición de escritora, levando a cabo a miúdo unha revisión de mitos e tópicos.

Recensións:

- A. R. López, “A veta dun mineral bárbaro e remoto”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 43, 7 xaneiro 1999, pp. 2-3.

Refírese ó descubrimento serodio dun “mineral bárbaro e remoto” na poesía de Pilar Beiro. Logo de informar da súa relación con escritoras como Chus Pato ou Ana Romaní, alúdese ás dificultades ás que tivo que facer fronte á hora da edición e reprodúcense catro poemas do libro.

Braxe, Lino, *A caricia da serpe*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 343, marzo 1999, 48 pp. (ISBN: 84-89814-67-8).

Este poemario de Lino Braxe (Mugardos, 1962) recolle unha serie de poemas de extensión variable e de temática múltiple. Así baixo dous epígrafes inclúense expresións poéticas xa comúns na poesía deste escritor e actor. Na primeira parte titulada “A caricia da Serpe” atopamos poemas de claro compromiso social: “Somalia” no que se fala das dificultades deste país; “O desfiladeiro das bestas” protagonizado polas mulleres afganas; “A patera” relacionado coa inmigración do estreito de Xibraltar; “Luces e sombras no malecón” sobre a problemática cubana, entre outros. Tamén hai composicións de carácter amoroso-filial dedicadas a amigos, en especial ó finado Lois Pereiro. A segunda parte baixo o título de “Caderno Beat” recolle tres poemas de circunstancias que compuxo, segundo di, en bares e outros locais cando ía dar recitais.

Recensións:

Olga Novo, “Acaríciame, serpe”, *Tempos Novos*, nº 23, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, abril 1999, p. 63. Describe o libro de Lino Braxe, *A caricia da serpe*. Mediante numerosas citas dalgúns dos seus poemas, indica que ten un discurso directo nun estilo coloquial e descritivo, e que pode lerse “en clave (auto)biográfica, como itinerario persoal”.

Manuel Xosé Neira, “De caricias e careixas”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Poesía”, decembro 1999, p. 27.

Conxunto de impresións da obra de Lino Braxe, entre as que salienta a presencia da denuncia nalgún dos poemas como “A Patera”, considerado crucial na obra, especialmente pola rotundidade e a “didáctica” que reflicte a actual problemática social, loando tamén o ritmo musical que consegue imprimirlle ó texto. Sinala algunhas das influencias que se aprecian na obra como a de Álvaro Cunqueiro ou Eduardo Pondal. Remata sinalando que é un libro “interesante pola poesía e polo sistema de citas ou mencións”.

Braxe, Lino, *Poemas obxectos e visuais*, limiar de Xavier Garrido, fotografías de Xosé Garrido, A Coruña: Espiral Maior, col. Visual, nº 2, novembro 1999, 69 pp. (ISBN: 84-89814-81-3). .

Volume de Lino Braxe (Mugardos, 1962) que se abre co limiar “A lenda do alquimista laico” no que Xavier Seoane ofrece unha lectura das claves constructivas e intertextuais da obra, que se move “no fío da navalla da experiencia persoal ou ao tempo que vivimos”. A obra estructúrase en dúas partes que se compoñen de colaxes fotográficas con título a pé de foto. O resultado poético devén dos choques verbais e visuais que desvelan o segredo dos obxectos en encontros imaxinativos de abondosas evocacións literarias (Salgari, Manuel Rivas, Poe, Verne; Hamlet ou Werther), históricas (Franco, o Plan Marshall ou Hitler) e cinematográficas. Ademais, conxuga historias persoais e colectivas (o alcohol, a droga, etc.) cunha gran dose irónica e sarcástica raiana por veces no humor negro. A primeira parte, “Poemas obxecto”, componse de 31 montaxes con títulos cinematográficos e cun nexo común case omnipresente en todas elas: a folla de afeitar “Gillette” nun alarde pop. O segundo bloco, “Poemas visuais”, inclúe 19 composicións que seguen as mesmas pautas e incorporan, desta volta, o elemento da baralla de naipes.

Referencias varias:

-Carme Vidal, “Lino Braxe publica o primeiro libro de poemas obxecto e visuais”, *A Nosa Terra*, nº 914, “Guieiro Cultural”, 23 decembro 1999, p. 35.

Trala aparición desta obra de Lino Braxe, sinala que é a primeira vez que no panorama editorial galego se publica un libro de poemas obxectos e visuais. Apunta que este autor define tódalas súas facetas artísticas como distintas manifestacións da súa condición de poeta e que é por ela pola que fita os obxectos para combinalos e provocar emocións. A seguir, achega certos comentarios sobre este libro no que se confunden as artes plásticas e a literatura, pois son “poemas sen palabras e obxectos que se tornan líricos”. Así, dise que nel se mostra a “queréncia” do autor polas vangardas e as referencias culturais que máis o influíron e que supón unha volta a experiencias case adolescentes.

Braxe, Lino, *O sangue dos árabes*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 16, outono 1999, 117 pp. (ISBN: 84-8302-451-9).

O mundo e a cultura árabes son o motivo fundamental deste poemario de Lino Braxe (Mugardos, 1962). Ademais dun prefacio poético, os corenta e seis poemas en verso libre que compoñen o libro distribúense ó longo de cinco seccións. A primeira delas titúlase “Poemas de oriente” e predominan os versos e as estrofas curtas marcadas por un talante esencialista e filosófico próximo ó aforismo. Nalgúns casos o eu lírico incorpórase a esta atmosfera musulmana personalizando sentimentos como a nostalxia ou o amor e participando da sensualidade e da sensorialidade suxeridas por esta cultura. Con fórmulas máis longas, “Poemas palestinos” é un canto melancólico de solidariedade e tristeza, pero tamén de esperanza, coa loita do pobo palestino mentres que o ton fondamente meditativo regresa con “Poemas beduínos”. O drama do pobo do Sáhara é tratado en “Poemas saharauís”, sección na que, con tendencia á narratividade, o poeta se implica dende a súa experiencia persoal. O último apartado denomínase “Poemas doutro destino” e trátase fundamentalmente dun percorrido heteroxéneo pola desolación da guerra en Somalia, Beirut, Bosnia ou Chipre que culmina cun poema de cercanía e identificación co mundo islámico.

Caamaño Campos, Helena, Xacobe **Paz Limia**, Ramón **Blanco**, Modesto **Fraga**, Xurxo **Alonso** e Marcelino **Sisto Deibe**, *IIº Certame Francisco Añón de poesía. Outes 1998*, limiar de Martín Veiga, Outes-A Coruña: Concello de Outes, maio 1999, 114 pp. (D. L.: C-887/99). ¤

Achega este volume as bases do IIº Certame Francisco Añón de poesía e un limiar que, ó xeito de "obertura" lírica, ofrece sucintas notas de cada unha das composicións gañadoras co fin de chama-los lectores a soterrárense nestas páxinas de poesía nova. Tamén reproduce as obras premiadas, que son as seguintes: *A orquestra sonora*, de Helena Caamaño Campos; *Ánforas comestibles*, de Xacobe Paz Limia; *Hecatombe dos Arlequíns*, de Ramón Blanco; *Máis alá do silencio*, de Modesto Fraga; *Acaba o mar, comeza a terra*, de Xurxo Alonso e *Boceto Mariñeirá*, de Marcelino Sisto Deibe. Alén disto, entre poema e poema, poden verse fotografías antigas de Outes.

Cairo Antelo, Xosé, *Impreciso xermolar dos renovos*, A Coruña: Galinova, 1999, 75 pp. (ISBN: 84-89459-70-3).

Plácido Lizancos Santos é o encargado de presentar nun breve limiar o conxunto de composicións poéticas que se reúnen neste volume de Xosé M. Cairo (Noia, 1945), no que se refire ó contido das dúas partes que o conforman e salienta as calidades dos autores ós que lles dedica cada unha destas partes. Así, a primeira leva o título “Afogou a miña chamada” e nela inclúe poemas nos que lle rende homenaxe a Antón Avilés de Taramancos. A segunda parte inclúe poemas da escolma publicada como Cartafol de poesía na colección “Verba que comeza”, baixo o título *Esas mans*, avaliado pola Casa da Cultura do Concello de Noia, como xa se salienta na lapela do libro. Coa identidade como un dos motivos fundamentais predominan as composicións nas que a voz poética se identifica coa súa terra e coa súa paisaxe, con múltiples chamadas á súa liberación e espertar. Dende o punto de vista formal teñen en común o feito de seren composicións con predominio de versos longos e pausados, que intercala por veces con versos de brevísima extensión. A presencia de versos nos que abunda a enumeración de elementos así como certa tendencia á narratividade fan que as composicións adquiran ralentización no ritmo poético.

Calviño de Castro, Xesús, *Obra en galego de Xesús Calviño de Castro. Forza segreda (teatro). Poemas inéditos e dispersos*, estudio crítico de Concepción Delgado Corral, ed. de Concepción Delgado Corral, Mª Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias Martínez, Betanzos: Concello de Betanzos, maio 1999, 199 pp. (ISBN: 84-923797-3-1). ¤

Obra completa en galego de Xesús Calviño de Castro (Abegondo, 1893-Bos Aires, 1972), que se abre cunha “Introducción” na que os editores manifestan o seu desexo de contribuír ó coñecemento da obra literaria do autor. A seguir, inclúe un “Estudio”, a cargo de Concepción Delgado Corral, que aborda a súa bibliografía e o contexto histórico-cultural e literario desta producción. Así mesmo, analiza a poesía, inédita ou publicada en diferentes medios arxentinos, xa que Calviño de Castro só deu ó prelo dous poemarios en castelán: *Hojas dispersas* (1943) e*Bordón peregrino* (1947). Finalmente, e despois de aludir ás outras facetas artísticas que cultivou, céntrase na obra teatral *Forza segreda*, tamén inédita e entregada polo autor á súa irmá Amalia en 1958. Polo que se refire á parte poética, presenta un conxunto de trinta poemas que encerran dous tipos de poesía: intimista e social ou comprometida. A vea intimista presenta un *eu* poético que reflexiona sobre o amor, a poesía, a saudade e o sentido da existencia. Aquí, temos poemas como “Levo na ialma unha pena” ou “¡Antonte á noite...!”. Por outra banda, nos poemas de carácter social dáse entrada á liberación da terra asoballada (“Rexurdimento”), á materia de Bretaña e ó celtismo (“¡Galahad!”) e a unha chamada á loita naquelas composicións sobre as que se cerne a sombra da Guerra Civil (“¡Galiza ceibe!”). Nesta concepción poética, pode verse a influencia de Ramón Cabanillas e Eduardo Pondal. Aínda intercala outros poemas, a medio camiño entre estas dúas vertentes, que dedica a personaxes como Xervasio Paz Lestón, Ramón Suárez Picallo, Alexandre Bóveda ou Laxeiro. No aspecto estilístico, mostra unha gran liberdade na versificación e unha lingua inzada de hipergaleguismos e vulgarismos.

Recensións:

- Román Raña, “Un poeta (recuperado) dos anos vinte”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Poesía”, decembro 1999, p. 26.

Achégase á obra de Xesús Calviño de Castro comezando pola peza de teatro da que sinala a influencia de Castelao, ademais da trama que se desenvolve na mesma. Da obra poética, ofrece algúns fragmentos dos que salienta a denuncia da marxinación de Galicia, a influencia de Ramón Cabanillas, ademais da referencia ós seus poemas laudatorios dirixidos a Suárez Picallo, Alexandre Bóveda, Laxeiro ou Maza, apuntando a poesía de carácter intimista como a “de maior profundidade e fineza”, na que di que canta temas como a morriña, o paso do tempo ou o desacougo e a inquedanza.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Calviño de Castro: recuperación”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 21 maio 1999, p. 16.

Refírese á presentación que fixo en Betanzos do libro dedicado a Xesús Calviño de Castro, outro autor da diáspora do que se logra a súa recuperación gracias á nova publicación da que se dá conta moi brevemente do seu contido. Despois de ofrecer unhas notas biográficas, céntrase na súa producción tanto en galego coma en castelán, das que dá conta dos títulos e os anos de publicación. Finalmente, comenta que a pesar de non ter unha gran calidade poética “abóndalle como soldado valioso dentro das filas dos compoñentes do discurso poético galego”. Remata agradecéndolle ó Concello de Betanzos a edición do libro.

-Xosé Neira Vilas, “Vida e paixón de Calviño de Castro”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 14 outubro 1999, p. 4.

Achega unha serie de datos biográficos sobre Xesús Calviño de Castro, que pola súa condición de “bohemio impenitente” padeceu algunhas penurias. Sinala que escribiu na prensa galega da emigración e que foi republicano de esquerdas e galeguista, ademais de comentar que descubriu a Galicia na diáspora. Dá conta da súa producción en lingua castelá e galega, na que deixou moitos poemas dispersos e a peza teatral *Forza segreda*, que agora aparecen publicados nun volume co que o homenaxea o Concello de Betanzos. Remata lembrándose do último encontro que tivo co autor de Abegondo.

Caneiro, Xosé Carlos, *Aínda soñas con piratas,* A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 84, marzo 1999, 113 pp. (ISBN: 84-89814-66-X).

Nas cento unha composicións que se inclúen neste volume de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963), o eu lírico lamenta a perda do amor e recolle vivencias pasadas. Os recordos dunha existencia feliz xunto ó obxecto amado en contraste co presente de soidade e esquecemento constitúen os elementos inspiradores da maioría dos poemas. En consonancia con isto, é constante a presencia dos piratas como unha referencia vital que simboliza a infancia fuxida, cos que en ocasións o eu lírico chega a unha plena identificación, "vou pirata como vai o vento a ningures". Dende o punto de vista formal o libro caracterízase pola súa brevidade na extensións dos versos así como pola sinxeleza léxica.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, "Cento un piratas namorados", *A Nosa Terra*, nº 885, "Guieiro Cultural", 3 xuño 1999, pp. 27 28.

Despois de reflexionar sobre a lírica de hoxe e reivindica-lo valor da poesía fronte á narrativa, saliéntase a sinxeleza dos versos de Xosé Carlos Caneiro. O autor da recensión comenta algunhas cuestións sobre o libro, como son o seu título, a brevidade dos textos ou a recreación da memoria. Finalmente, fai unha valoración moi positiva da obra.

- Vicente Araguas, “Piratas e peliqueiros”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 79, 16 setembro 1999, p. 8.

Logo dunha referencia á narrativa do escritor, o texto céntrase na obra *Aínda soñas con piratas*. O autor cualifica a poesía de Xosé Carlos Caneiro como simple, directa e afastada de calquera hermetismo, criticándolle, con todo, o feito de que “ás veces as formulacións deveñan un chisco resesas”. Refírese tamén á vontade de recuperación da adolescencia formalizada nos seus versos, á presencia da música de Dylan e á inclusión de notas a pé de páxina.

- Román Raña, “Amor Pirata”, *Guía dos libros novos*, nº 10, “Poesía”, setembro 1999, p. 28.

Sinala o ben coñecida que é a figura literaria de Xosé Carlos Caneiro entre o lectorado galego, principalmente, pola novela *Un xogo de apócrifos* (1997), gañadora do Premio Torrente Ballester, da que resalta o seu estilo barrocamente torrencial, a prosa con “escintileos poéticos” e unha imaxinación desbordante. Facilita unha listaxe das súas últimas publicacións entre as que está o poemario *Aínda soñas con piratas* no que centra este comentario. Distingue nesta obra unha tendencia ó epigrama ó ser case tódalas súas pezas epigramáticas e mesmo lacónicas pois, aprecia no poeta unha busca da “humildade da sinxeleza, non a penuria da simplicidade”. Opina que isto fai que os seus poemas sexan sinxelos e non simples ó xacer no amor e na relación amorosa home-muller dende a perspectiva do amante e xustifica esta característica coa reproducción do poema XI deste exemplar. Recolle algúns versos destas composicións para amosa-la plasmación dos “pensamentos atravesados da poesía”, “inocencia convertida en verso”, nos cen poemas do libro como o tratamento da ansia da perduración da xuventude, do “retorno á plenitude da mocidade” no poema XV. Menciona diferentes aspectos presentes nesta lírica (retornos, malentendidos, preguntas retóricas, referencias a piratas de adolescencia, declaracións de amor, o desexo da utopía, o diálogo coa amada), a figura do pirata como símbolo da lectura dos rapaces e o “espírito subversivo” das composicións, “recoñocendo o carácter indómito e furtivo” desta, ademais da existencia de temas como a perda da nenez, a dor da despedida, a inmersión no pasado e a volta destes seres para conquista-lo corazón da amada.

Caride Ogando, Ramón, *Xeografías do sal*, Accésit do Premio Miguel González Garcés de Poesía 1998, ilust. Miguelanxo Prado, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1999, 97 pp. (ISBN: 84-955335-15-8). ¤

Recóllense neste libro os poemas presentados ó Premio Miguel González Garcés de Poesía, no que acadou un accésit, e outros cinco poemas xa publicados con anterioridade en diferentes lugares. É este un poemario que se articula graficamente de dous xeitos: alterna a disposición vertical habitual, cunha disposición horizontal en maiúsculas. En ambas créase unha paisaxe erótico-sexual que se ve ilustrada por deseños de Miguelanxo Prado. Comézase presentando a situación amoroso-sexual en “Pórtico”, para, a seguir, desenvolvela e chegar á máxima éxtase relacional en “A quentura do sangue” e “O frío azul”. Son dez partes nas que se alternan algunhas chamadas “Erótica alfabética”, que rematan con “Ramo”, na que se pon punto e final á aventura sexual do eu lírico.

Recensións:

- Xavier Castro R., “Xeografías, ecotonías e eróticas sobre o amor”, *El Correo Gallego,* “*Edición 7*”, 22 agosto 1999, p. 7.

Comeza referíndose ó carácter polifacético de Ramón Caride Ogando e ó recoñecemento público da súa obra. A seguir, ocúpase do libro *Xeografías do sal*, considerándoo un poemario plural no que conflúen a

narratividade e o erotismo. Refírese tamén á tipografía e salienta as catro series de poemas tituladas “Eróticas Alfabéticas”.

- Vicente Araguas, “Notable”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras*”, nº 290, 25 novembro 1999, p. 9.

Considera a obra poética de Ramón Caride Ogando un exercicio á marxe das correntes dominantes e refírese ó seu escaso recoñecemento. Critica tan só o feito de que ó escritor lle sobre “unha certa irregularidade”, no que atinxe á calidade dos textos. Logo de se referir ó seu anterior poemario, salienta o radical tratamento do erotismo que o escritor leva a cabo na obra, advertindo da gran calidade do poema “Inventario epilogal”. Finalmente, alude a outros poemas que ó seu xuízo, “pouco ou nada din”.

Referencias varias:

Alfredo Conde, “Un verán de poesía”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 xullo 1999,
48/p. 4.

Ver Álvarez Torneiro, Manuel, *Luz de facer memoria*, nestas páxinas.

-Xosé Lois García, “*Xeografías do sal*’ de Moncho Caride”, *O Correo Galego,* “Ecos de Berenguela”, 12 outubro 1999, p. 3.

Sinala que este poemario vén introducirnos nun itinerario posible de variados temas desa colleita un tanto persoal de Ramón Caride Ogando e detense na análise da creación deste. Dá conta ademais dos temas do volume citado, como son o amor ó pasado e a crítica existencial, para rematar indicando que, a pesar de non ser unitario pola súa temática, ten un fío conductor cara a aquelas realidades e suxestións máis nobres e sinceras que o autor quixo codificar.

- Francisco Castro, "*Xeografías do sal*", *Atlántico Diario*, "Culturamanía", 9 novembro 1999, p. 11.

Sinala que ata o de agora só coñecía a faciana narradora de Ramón Caride Ogando e recomenda con entusiasmo o seu poemario, *Xeografías do sal*, do cal realiza unha serie de comentarios. Apunta, por último, que o poetizar do autor citado é "digno dunha claridade intuitiva que só os verdadeiros donos da palabra poden atreverse a manexar".

- R. G., "A poesía ou explícase por si mesma ou non se explica', di Álvarez Torneiro", *La Voz de Galicia*, 27 novembro 1999, p. 83.

Ver Álvarez Torneiro, Manuel, *Luz de facer memoria*, nestas páxinas.

-Albino Mallo, "Publícanse as obras gañadoras"/"A Deputación da Coruña edita os poemarios do González Garcés", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 29 novembro 1999, p. 16/p.76.

Ver Álvarez Torneiro, Manuel, *Luz de facer memoria*, nestas páxinas.

Castro López, Eduardo Víctor, *Latexos dun arousán III.* "*Fervenzas e devalos*", ilust. Antón Sobral Iglesias, Marín-Pontevedra: Edición de autor, 1999, 171 pp. (D. L.: PO-166/99).

O libro de Eduardo Víctor Castro López, que firma co seudónimo de E. V. Calo, está· precedido por uns "datos biográficos", unhas "verbas do autor" e unha presentación de José Ruiz Guirado. O poemario estructúrase en dúas partes: "Da miña Vilagarcía" e "Do meu Marín". O amor e a paisaxe son os eixos temáticos deste conxunto de composicións de expresión sinxela e directa.

Referencias varias:

- D. P., "Eduardo Víctor Castro presenta mañana un nuevo libro. El Liceo inicia con teatro los actos de las 'Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1999, p. 18.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, informa que o Liceo de Marín ofrece a prepresentación da obra de Susana Jages Fernández, *Hai que demo de Farruco*, polo seu propio grupo teatral. Tamén sinala que, entre outros actos, está a presentación do libro de Eduardo Víctor Castro López, *Fervenzas e devalos*, por parte de José Ruiz Guirado, quen tamén disertará sobre a figura e a obra de Blanco Torres.

- D. P., "*Fervenzas e devalos*', nuevo libro de D.V. Calo", *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1999, p. 14.

Anuncia o acto de presentación do libro de Eduardo Víctor Castro López, que tivo lugar no Liceo Casino de Marín. Coméntase que este libro forma parte da colección “Latexos dun ourensán”, creación do propio autor, e infórmase que no transcurso deste acto tivo lugar a celebración dunha homenaxe a Elixio Rivas Quintas.

Corral, José Alberte, *Acarom da brêtema*, prólogo de Rafa Villar, A Coruña: AGAL (Asociaçom Galega da Língua), col. Criaçom, 1999, 91 pp. (ISBN: 84-87305-15-6).

Segunda entrega poética deste poetisa que publicara a súa primeira obra, *Palavra e memória*, en 1997. Posúe o libro un prólogo do tamén poeta Rafa Villar no que comenta sucintamente algunhas notas particulares da escrita de José Alberte Corral. A seguir, veñen toda unha serie de poemas de breve extensión sempre sen título, agás tres, e encabezados por versos doutros escritores galegos e internacionais. Serán precisamente pequenas citas poéticas as que lle sirvan como punto de partida para a súa recreación poética. Os tres grandes temas do poemario son o amor (da amada e dos amigos), a loita política (o comunismo, o 25 de abril, etc.) e a dor existencial (coa morte sempre como trasfondo). Todos eles ligados con persoas ou lugares que a voz lírica nos presenta. Tamén é lugar, poético e xeográfico, de arribada poética e recurso metafórico a Costa da Morte e o seu mar como símbolo de sentimentos múltiples.

Recensións:

- Luís Macãs López, “José Alberte Corral Iglésias: *Acarom da brêtema*”, *Agália*, nº 56, “Recensons”, Inverno 1998, pp. 499-501.

Describe a relación que ten con José Alberte Corral Iglésias dende que o coñeceu a comezos de 1997 e lembra a traxectoria política e literaria deste autor. A seguir, afonda no estudio da poética de Corral a través da análise de *Acarom da brêtema*, un poemario que considera “equilibrado” e no que “junto a uma atitude ética, fruto do seu pensamento político, há verdadeiramente uma investigação da linguagem, uma lavoura

estética". Opina que ten moita importancia a simboloxía da brétema e tamén a perspectiva do proletariado, así como o autobiografismo. Finalmente, refírese á intertexturalidade, sobre todo con Bouza Brey e o neotrobadorismo, e salienta a variedade estilística e as fórmulas rupturistas.

- Serxio Iglesias, "José Alberte Corral e o paradigma do arrabaldo", *O Correo Galego*, "AFA", 27 maio 1999, p. 43.

Dá noticia da publicación do libro e refírese ó poemario *Palabra e memória* (1994). Salienta a evolución deste último libro de José Alberte Corral, consistente nun maior coidado formal e unha grande austeridade. Refírese tamén á heteroxeneidade da obra e ó protagonismo dos "desposuídos", o que achega ó escritor a voces como a de Robert Rowell ou o movemento *beatnik*. Sinala, finalmente, as referencias vivenciais e o tratamento do desamor, así como a unidade do libro e a gran cantidade de citas incorporadas ó texto.

Creus, Estevo, *Teoría do lugar*, XIº Premio de Poesía Eusebio Lourenzo Baleirón, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Eusebio Lorenzo Baleirón, 1999, 121 pp. (ISBN: 84-7492-936-9).

Con este libro de poemas, prodúcese a volta de Estevo Creus (Cee, 1971). Lonxe dos poemas de amor evocado e vivido do último libro, dese amor imposible por ser precisamente amor, de *Areados* (1996) presenta agora a procura dun eu dubidoso da propia existencia. A dor existencial é o marco no que hai en encadrar este libro, dividido en tres partes, tres lugares, así se chaman "Teoría do lugar". No primeiro deles témo-la busca á desesperada, dun "eu lírico" do seu espacio vital. Na segunda aparecen os intentos por situarse, probar bancos onde poder sentar. Xa na terceira temos o "lugar" procurado: áchase un lugar ó tempo que retorna o desacougo, a dúbida, expresada no clímax lírico "preciso da terra pero tamén de voar".

Estévez, Eduardo, *Lúa Gris*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 15, 1999, 68 pp. (ISBN: 84-8302-387-3).

Eduardo Estévez (Bos Aries, 1969) estructura o seu libro en catro partes claramente diferenciadas. A primeira delas, “Palermo” está construída a partir da tematización do recordo e a reconstrucción da figura da avoa. “Coghlan” introduce o motivo da viaxe e recrea o espacio recorrente da estación. Nesta parte atopamos tamén unha reflexión sobre a literatura e a poesía, entendida esta como o feito de “dicir/de cada cousa o íntimo/o necesario”. “Distancias” contén textos intimistas e unha poesía fundamentalmente amorosa, mentres que “Soidade” reúne poemas reflexivos nos que predomina un sentimento de derrota. En xeral, o libro caracterízase pola expresión espida, o esencialismo, o decadentismo e a sensualidade das descricións.

Recensións:

-Milagros M. N., “Os poetas non son místicos, nin coñecen as musas, nin follan con elas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 68, 1 xullo 1999, pp. 4-5.

Aproximación a Eduardo Estévez con motivo da publicación do seu libro. Baseándose nas declaracións do escritor, ponse de relevo a importancia que para o poeta ten a figura do lector. Alúdese ó símbolo da casa, que ten a súa orixe na lembranza da avoa, en Palermo, así como ás pegadas que o tango, Borges e Cunqueiro deixaron na obra de Estévez. Recóllense tamén as opinións do escritor sobre o debate interxeneracional, salientando cuestións como a afinidade estética dos anos 70 e 90, os factores sociais e políticos e o maior individualismo dos escritores máis xoves. Logo de se referir a proxectos comúns como

Letras de Cal, ponse de manifesto a visión que o autor ten do poeta: “a persoa que fai poesía”, que “nin é místico, nin coñece as musas nin folla con elas”. A semblanza remata coas opinións do escritor a respecto das relacións entre a poesía e o contexto social.

- Vicente Araguas, “Nuez”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 286, 28 outubro 1999, p. 9.

O texto comeza gabando un dos trazos que caracterizan a poesía de Eduardo Estévez, como é o feito de “acadar a comunicabilidade a partir de mínimos, de mínimos léxicos”. Alúdese á súa condición de poeta nado na emigración e ás posibles pegadas deste feito na súa poesía. Con respecto ó seu libro, valórase positivamente a arriscada escolla do sintagma *lúa gris*. Finalmente, destácanse outros elementos presentes na obra como a viaxe, o fragmentarismo, a mirada “agridoce” do eu, insistindo na delicadeza dos versos e “nuez elemental” desta poética.

Referencias varias:

- F. P. Lorenzo, “Lupe Gómez e Eduardo Estévez unen a súa voz esencial”/“Eduardo Estévez e Lupe Gómez ergueron en Compostela os seus versos esenciais”, *O Correo Galego*, “AFA”*/El Correo Gallego*, 25 xuño 1999, p. 32/p. 75. Dá noticia do acto de presentación dos libros de Lupe Gómez e Eduardo Estévez, no que participaron, ademais dos autores, o director da colección Ablativo Absoluto, Fran Alonso, e os escritores Sechu Sende e Antón Lopo.

Fernández Naval, Francisco X., *Días de cera (1987-1997)*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 82, marzo 1999, 70 pp. (ISBN: 84-89814-64-3).

A memoria (a infancia, o pai, a casa) e, en xeral, o paso do tempo son os motivos centrais do libro de Francisco X. Fernández Naval (Ourense, 1956). A voz lírica elabora un poemario dende unha actitude nostálxica, un poemario vivencial e vagaroso no que predominan os textos curtos, caracterizados pola economía de recursos. A obra está estructurada en catro partes: "Días de cera", "Tres poemas de París" (con textos nos que practica o bilingüismo e a incorporación de numerosos estranxeirismos), "Ara Solis" (textos que xa foran publicados en París, en versión bilingüe) e "Elexía".

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "*Días de cera*", *El Ideal Gallego*, "La Galería", "Paxina Literaria", 1 agosto 1999, p. 6.

Comenta a publicación desta obra, logo de dez anos de silencio poético de Francisco X. Fernández Naval, e refírese á "fraxilidade" dos versos. Reflexiona tamén sobre a presencia da memoria, a cotidianeidade, o amor e a morte, e salienta a "carencia de artificiosidade e de pretenciosas metas" que se aprecia no poemario.

-Vicente Araguas, "Exvotos", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 77, 2 setembro 1999, p. 9.

Informa do regreso poético de Francisco X. Fernández Naval cun “libro de mostras elementais (...), silandeiro, exquisito (na exaltación das miudezas), probablemente místico, no que a penas se ousa explorar, ou definir, o inefable”. No seu comentario da obra céntrase no tratamento da infancia e na precisión da linguaxe, comparando a Fernández Naval con voces como a de Luis Rei Núñez, Xulio L. Valcárcel ou Domingo Tabuyo. Finalmente, refírese á tematización do cotián e a esencialidade do poemario, do que fai unha breve descrición.

-Román Raña, “Días derretidos”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Poesía”, outubro 1999, p. 27.

Facilítase unha pequena bibliografía do autor, Francisco X. Fernández Naval. De seguido, identifícase neste poeta a creación dunha poesía baseada na concisión, para “esencializar as cousas”, e menciónanse os dous perigos que conleva a tendencia á esencia, dos que este creador procura fuxir. Menciónanse os temas máis tratados nestes poemas, dise cál é o tema central do poemario e pénsase que o poeta fai unha defensa do intimismo coa presencia na súa poesía dos temas eternos (a soidade, o amor ou a transmutación de identidades coa unión amorosa). Infórmase dos títulos e composicións das catro seccións nas que se divide o volume sublimando o subxacer da morte cun ton lúnebre, na cuarta, e o parentesco dos versos da terceira pola súa forma e espírito co haikú xaponés. Por último, adxunta un listado dalgunhas das características e trazos presentes nesta obra.

Referencias varias:

- R. Feijóo, “A poesía ocupa un lugar na miña vida”, *La Región*, 26 maio 1999, p. 12.

Dáse noticia da publicación da obra de Francisco X. Fernández Naval e da súa presentación no ateneo ourensán. Despois dun percorrido pola vida e a obra do escritor, recóllense algunhas das súas opinións acerca do novo poemario, que se define como "un libro esencial que busca a reflexión", e un libro importante que supón a recuperación da súa voz, da orixe e reúne os elementos que están presentes na súa obra narrativa.

- Jesús M. García, "A saudade é unha abstinencia", *La Voz de Galicia*, 27 maio 1999, p. 34.

Francisco X. Fernández Naval analiza o seu último poemario *Días de cera*, explicando a súa estructura e afirmando que é "unha especie de diario poético de 1987 a 1997". Expón a súa visión sobre o eido poético en Galicia e sobre qué cidade é máis poética, se A Coruña ou Ourense.

Fonte, Ramiro, *Capitán Inverno*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, 166 pp. (ISBN: 84-8302-374-1).

Nova entrega poética de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) estructurada en seis apartados que levan os seguintes títulos: “Mínima Moralidade”, no cal se reproducen poemas xa publicados no libro que leva o mesmo título (1997), “Litoral Urbano”, “Eternidades”, “Salas de Cine”, “Infernos Piadosos” e “Unha lenda”, ademais dun poema introductorio titulado “Volver”. Estas divisións, que obedecen a un criterio temático, inclúen poemas compostos por versos de longa extensión que se caracterizan por unha marcada tendencia á narratividade, así como pola presencia da cidade como espacio vital do creador, ambientada na maioría dos poemas no inverno, que simboliza a nostalxia da que se enchen os versos. Neles a voz poética reflexiona sobre a existencia do serhumano e o tempo fuxido, que por veces reverte nun ton decadente e pesimista. Ó mesmo tempo son frecuentes as referencias metapoéticas, que nalgúns casos se centran no seu propio labor como creador.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Poesía para todos”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”*,* nº 78, 9 setembro 1999, p. 9.

Comeza o texto coa lembranza dunha nota necrolóxica asinada por Ramiro Fonte con motivo da morte do poeta Javier Egea. A continuación, ocúpase de *Capitán Inverno*, obra que evidencia a poética confesional que o escritor vén elaborando nas últimas entregas e que o afastan da frialdade do seu discurso anterior. Refírese

tamén á incorporación neste libro do poemario *Mínima moralidade* (1998), gañador do Premio Miguel González Garcés, preguntándose acerca das causas da reedición. Finalmente, salienta o apartado “Salas de Cine” e considera a poesía de Fonte “funcional, pegadiza, emotiva, de calidade”.

- Xulio Valcárcel, “*Capitán inverno*”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 28 novembro 1999, p. 8.

Comeza comentando que Ramiro Fonte é un caso singular na historia da nosa poesía polo feito de ter desenvolvido “un dos proxectos máis coherentes e ambiciosos da lírica galega”. Logo de facer unha descrición dos poemarios que se reúnen en *Capitán Inverno*, achégase a algúns dos elementos que dan cohesión á obra: a simboloxía do inverno, a cidade e o ser humano. Por outra banda, salienta a importancia da narratividade e o pouso pesimista do libro. Finalmente, refírese á reflexión que sobre a poesía leva a cabo a voz lírica.

- Román Raña, “Corazón corsario”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Poesía”, novembro 1999, p. 25.

Despois de incidir nos cambios poéticos que se observan entre a poesía dos anos oitenta e a dos noventa, comenta *Capitán Inverno*, de Ramiro Fonte. Considera a este autor un dos fundadores da xeración dos oitenta e aponta algúns dos títulos que conforman o seu corpus lírico. Da súa escrita destaca o seu gusto por unha poesía da experiencia e pola imbricación de diferentes direccións estilísticas, discursiva e narrativa, e o emprego dunha narrativa maioritariamente ata a mestura da “propensión narrativa nun discurso poético de altísimo voo lírico”. Gaba a unidade de ton presente neste poemario, a pesar de recompilar poemas xa coñecido e outros inéditos, o discurso e o ritmo empregado nas composicións e os lazos que as une a estilos musicais.

-Xulio Valcárcel, “*Capitán Inverno*”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “Libros”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 750-753.

Comenta inicialmente a excepcionalidade de Ramiro Fonte por entende-la poesía como un “estado vital”, lonxe da maioría dos autores que a entenden como unha actividade esporádica e circunstancial. Céntrase, a seguir, na descrición de *Capitán inverno* comezando pola estructura, conformada por seis poemarios. Analiza a presencia do inverno como “universo simbólico” ó redor do cal se artella o libro, e refírese tamén á cidade como o espacio no que este poeta sitúa toda a súa obra, unha cidade na que se achega a “eses lugares que fican apartados e olvidados, á marxe, onde a vida ten outra densidade, outro pouso”. Aproxímase tamén Xulio Valcárcel ós varios temas de *Capitán Inverno*: a metaliteratura, o azar, a casualidade, todos eles abordados con desengano e escepticismo. Dedícalle un espacio á parte ó comentario de dous dos poemarios que integran a obra; “Litoral urbano” e “Eternidades”, dos que fai unha análise temática. Conclúe a recensión coa afirmación que “Ramiro Fonte logra con *Capitán Inverno*, un libro capital, un fito na poesía galega dos últimos anos”.

Referencias varias:

-D. J./D. Janeiro, “As matemáticas”/“Ramiro Fonte publica ‘*Capitán Inverno*’ na procura da transparencia da linguaxe”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 4 agosto 1999, p. 33/p. 74.

Céntrase no comentario de *Capitán Inverno*, que é “un libro de libros”, porque na opinión do seu autor foi traballado durante moitos anos e mantén a unidade compositiva, a pesar de tocar moitas cordas temáticas. Gracias ás declaracións de Ramiro Fonte, ofrece certos comentarios sobre as partes que compoñen o mencionado volume e sinala que remata cun longo poema de 212 versos titulado “Unha lenda”, do que tamén se achega unha análise. Finaliza apuntando que, segundo o autor de Pontedeume, a forma na poesía é só un medio e achega algunhas disertacións do mesmo, quen aposta “dende sempre” pola “pluralidade” como “síntoma de normalización e de saneamento dun espacio cultural”.

- Beatriz Pallas, “A poesía propón preguntas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 94, 7 setembro 1999, p. 7.

Dá conta da producción de Ramiro Fonte, para logo manter unha conversa con el, na que se centra fundamentalmente en *Capitán Inverno*, un libro de poesía que recolle a producción que escribiu en verso branco nos últimos cinco anos. Declara que lle gusta a poesía baseada na convicción e nas pequenas verdades, aínda que tampouco lle interesa a poesía de solucións globais. Detense no comentario de “Salas de cine”, e apunta que cada día está máis convencido de que a poesía que lle interesa é a que ten que ver coa súa vida. Tamén afirma que esta é unha obra de madurez e mostra a súa opinión sobre a cuestión de se a poesía está condenada a ser un xénero minoritario e a poesía actual galega.

- Francisco J. Gil, “Nos tempos que vive a literatura galega prefiro ser un corsario”, *Faro de Vigo*, 19 setembro 1999, p. 52.

Comenta que *Capitán Inverno* é un traballo poético cunha concepción moi pouco ó uso das modas, pero que se identifica perfectamente na liña vital e estilística do seu autor, e dá conta das entregas que xa deron a coñecer parte do texto deste volume. A seguir, entrevista a Ramiro Fonte, quen sinala sentirse “libre” por non ter ningún compromiso editorial firme con ninguén e que explica o título desta súa última publicación, á que cualifica de “obra de madurez”. Tamén se refire á heteroxeneidade das diversas partes que a integran e fala da súa estadía como profesor en Londres.

Fonte Moura, Manuel e Miguel **Marvoa Dalímia**, *Voces da limia (Poemas de amor e loita)*, limiar de Cesáreo Villar Blanco, Ourense: ALGA, Activadores da Lingua, 1999, 62 pp. (ISBN: 84-605-9198-0). .

Neste libro de poemas recóllense as composicións líricas de Manuel Fonte Moura, na primeira parte, e de Miguel Marvoa, na segunda. Así mesmo o libro ábrese cun “Limiar” de Cesáreo Villar Blanco, secretario de ALGA (Activadores da lingua) e péchase cunha “Guía para outros leitores da lusofonía”. No medio altérnanse fotografías e poemas de ámbolos dous autores: tanto nos da autoría de Manuel Fonte Moura coma nos de Miguel Marvoa achamos unha mesma sensibilidade. Aparece a chamada telúrica versificada libremente. Unha identificación do home coa terra de reminiscencias panteístas. Así, nuns poemas laméntase a perda, quer transformación quer pola deturpación, dunha natureza que xa non é como a voz lírica, enténdase neste caso como evidente alter ego dos poetas, quixera. Poetízase a louvanza, lembranza, canto de carballos, chairas, eidos, lagoas e da xente que as humanizou dun xeito palpitante. Hai tal identificación entre o home e a natureza, por exemplo nun poema titulado “Carballo-eu”, que a voz lírica sofre as inclemencias desa natureza, esa dor inesgotable. Por iso mantén unha actitude de defensa, denuncia e protesta pola desfeita dunha realidade, que se converte, xa que logo, en humana.

Referencias varias:

- L. R., “Un libro de poemas recorre A Limia ‘como tierra y patria”, *La Región*, 16 xullo 1999, p. 43.

Sinala que a Limia “coma terra e coma patria” é o eixe temático ó redor do cal xira este libro de poesía conxunto, que xurdiu trala presentación da primeira obra de poemas de Manuel Fonte Moura. Apunta que o libro se divide en dúas partes ben diferenciadas: unha primeira, na que aparecen dezasete poemas de Fonte Moura, e unha segunda, que contén quince de Miguel Marvoa Dalímia. Ofrece máis comentarios sobre o contido destes poemas e informa da creación da Asociación Apli, por parte dos dous autores citados, coa pretensión de axudar á xente a publicar e acerca-la poesía a tódolos públicos.

García, Xoán, *Poemas da Beiramar*, Perlío, Fene-A Coruña: San Estebán, 1999, 111 pp. (ISBN: 84-930622-0-0).

O libro de Xoán García (Barallobre, Fene, 1942) está precedido por varias seccións: “Presentación”, “Introducción”, “Saúdo”, do propio autor; “Xoán Poeta da Alma”, de María Xosé López Pérez; “Xoán García”, de Manuel Pérez Guieiro; e “Para Xoán García, en Madrid, outono do 98”, de Ramón Suárez Gómez”. O poemario, de expresión sinxela e directa, trata o tema do amor, a experiencia, a paisaxe e o recordo. Por veces, a voz lírica asume un ton social, que se formaliza na defensa do medio e da paz. A obra péchase co texto “Poesía e música pola paz”.

García Teijeiro, Antonio, *Nos mares diversos*, limiar de Román Raña, ilust. Mª Antonia Pascual, Pontevedra: Unión de Cooperativas do Ensino de Traballo Asociado de Galicia, 1999, 131 pp. (ISBN: 84-922542-4-6).

Novo volume de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952), despois de dez anos de ausencia no terreoda literatura para adultos. Ábrese cun limiar de Román Raña, quen se dirixe ó lector para ofrecer unha breve síntese do posicionamento do creador á hora de compoñer este poemario. A seguir, inclúense nove apartados: “Primeiros mares”, “Mar de nenez e de lembranzas”, “Mar de fugas e ausencias”, “Mar de monólogos”, “Mar de homenaxes”, “Mar de silencios”, “Mar de impotencias”, “Mar de amores” e “Mar de esperanza”, nos que o elemento unificador é a presencia do mar concibido como elemento simbólico, polo que o eu lírico transita a través do seu pasado, da súainfancia, das súas lembranzas ou dos seus amores. É un libro de marcado carácter intimista no que son constantes as reflexións sobre o paso do tempo. Con ton doloroso o creador deixa sentila súa rebeldía e o seu abraio “polo ruído que embrutece os homes e que os aliena totalmente”, como apunta Román Raña no seu limiar. Dende o punto de vista da estructura formal utiliza con certa frecuencia estructuras paralelísticas nas que se apoia para mante-lo ritmo poético.

Referencias varias:

- D. P., “Mi obra es una biografía de vivencias y sentimientos”, *Diario de Pontevedra,* 20 maio 1999, p. 13.

Noticia que cobre a información da presentación do libro en Pontevedra. Alúdese ó prestixio do autor no eido da literatura infantil e reprodúcense as súas palabras ó explicar que *Nos mares diversos* é un libro de

vivencias persoais concibido como travesía cara ó pasado pero non cunha idea de nostalxia senón como asunción dese pasado para seguir navegando cara ó futuro. Ademais de indica-la estructuración do poemario en nove capítulos cítanse algúns títulos e premios literarios que conforman a traxectoria de Antonio García Teijeiro.

Gómez, Lupe, *Os teus dedos na miña braga con regra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 14, primavera 1999, 122 pp. (ISBN: 84-8302-364-4).

O libro de Lupe Gómez (Fisteus, Curtis, 1972) está precedido dun limiar da propia autora titulado "Hai que correr como nenas que rachan as bragas", onde expón algunhas cuestións de natureza metaliteraria. A obra está formada por un conxunto de textos de extensión curta e carácter, as máis das veces, reflexivo, nos que o eu lírico agochado trala personaxe da *nena* se afirma na súa condición de muller ó tempo que reivindica un certo malditismo. Unha boa parte dos poemas son unha reflexión sobre cuestións como o descubrimento do amor, o sexo, a relación co contorno e o seu sufrimento.

Recensións:

Vicente Araguas, "Radical", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 73, 5 agosto 1999, 9.

Comeza cunha reflexión acerca do exhibicionismo que se reflicte na última entrega de Lupe Gómez e que non se materializa, na súa opinión, no ton do poemario. Fai alusión ó carácter reivindicativo, dende unha óptica feminina, de tal lema e comenta algúns aspectos do libro, como son o ton monocorde, o minimalismo, a provocación e a dimensión metafísica da poesía de Lupe Gómez. Por outra banda, relaciona a autora con voces como a de Olga Novo, Xela Arias, Luísa Castro e Emma Couceiro.

Referencias varias:

- Lupe Gómez, “Levo unha maldición dentro, estou chea de palabras rebeldes”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 67, 24 xuño 1999, p. 12.

Reflexión poética na que autora parte da publicación de *Os teus dedos na miña braga con regra* para se referir á imposibilidade de escribir “sobre cisnes e cousas amables”. Ademais, pon de relevo a necesidade de ir e vir ó pasado xa que pensa que só dende a infancia se pode reconstruí-lo mundo. Tamén manifesta o seu compromiso “para erguer o ánimo do sexo feminino” e identifica o sangue coas dificultades dunha xeración para ser felices e vivir. Lupe Gómez incide na importancia do humor como arma para a escrita e a vida, ó tempo que reivindica o sexo como algo natural e non como tabú forzoso. Di tamén espera-la resposta do público ante esta obra e expresa a liberación que lle produce escribir, para rematar apuntando que “a meta é a liberdade total dun pobo, dun sexo e dunha poesía prostituídos”.

-R. Navia, “Lupe Gómez: “A miña vida vai máis envorcada nas palabras”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 67, 24 xuño 1999, pp. 10-11.

A poetisa galega Lupe Gómez reflexiona sobre a vida, a morte, o amor e mailo sexo. Indica que só lle atopa sentido á vida a través da literatura. Con referencia ó seu último poemario, *Os dedos na miña braga con regra*, afirma que “é unha historia de amor e desamor” e analiza tamén a gran presencia do sexo na xeración poética dos noventa.

- F. P. Lorenzo, “Lupe Gómez e Eduardo Estévez unen a súa voz esencial”/“Eduardo Estévez e Lupe Gómez ergueron en Compostela os seus versos esenciais”, *O Correo Galego*, “AFA”*/El Correo Gallego*, 25 xuño 1999, p. 32/p. 75.

Ver Estévez, Eduardo, *Lúa Gris*, nestas páxinas.

- Aser Vilar, “Lírica desgarrada”, *La Región*, “Libros”, 22 xullo 1999, p. 39.

Logo de referirse ás dúas últimas xeracións de voces femininas, insire na última “fornada” a Lupe Gómez, que vén de publicar nesta súa nova entrega unha poesía que afonda nunha escrita, segundo a súa autora, “intencionadamente marcada con sangue de muller”. Indica, por último, que entre os breves poemas desta entrega hai acertos dunha gran capacidade evocadora e poemas de estremecedora madureza.

Gómez Alfaro, X. C., *Ofertorio de solpores*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 297, marzo 1999, 66 pp. (ISBN: 84-89814-68-6).

A temática relixiosa é o elemento fundamental deste libro de X. C. Gómez Alfaro (As Chabolas, Ribadavia, 1949). Trátase dunha obra na que se mesturan a pregaria e a reflexión, expresadas a miúdo en metros clásicos. A obra comeza cun "Ofertorio". Segue a sección "Peregrino a Compostela", onde a propia temática da viaxe se combina coas da elexía e a celebración. En "Pregaria das mans unidas" achégase a unha temática social dende unha actitude solidaria. "Advento" recrea motivos relativos ó nacemento de Xesús. O libro conclúe con invocacións á Virxe reunidas na sección "Salve". Unha boa parte das composicións contextualízanse na xeografía do Baixo Miño.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Libro de pregos", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 67, 24 xuño 1999, p. 8.

Cualifica o poemario como "monográfico" e apunta como único tema a inquedanza relixiosa. A propósitodesta temática sitúa como antecedentes na literatura galega a Lois Álvarez Pousa, Manuel María ou Aquilino Iglesia Alvariño, aínda que aprecia certo baleiro entre os poetas incorporados á poesía con certa idade, se cadra polas poucas posibilidades provocativas que ofrece o tema ou porque a relixión non está de moda. Subliña a orixinalidade da poesía de X. C. Gómez Alfaro e alude á utilización maioritaria e ben desenvolvida do soneto, ademais de entender que cando se afasta desta estrofa pode entrar na pregaria devindo o canto

de puro ecuménico en interdoutrinal e reivindicativo. Así mesmo, considera menos interesantes os poemas da sección “Salve”. En conxunto cre que *Ofertorio de solpores* é un libro intelixente e rechamante digno de ser tido en conta sobre todo pola intencionalidade independente do seu autor, de quen di que reclama con humildade un posto no panorama poético galego.

Referencias varias:

- Ricardo Rguez. Vicente, “*Ofertorio de solpores*’, nuevo poemario de Carlos Gómez Alfaro”, *Faro de Vigo*, 30 abril 1999, p. 35.

Información referente á saída do prelo do poemario. Cítanse os nomes dalgúns dos premios gañados por X. C. Gómez Alfaro e recóllense unhas declaracións súas nas que di concibir este poemario como unha presentación dos grandes problemas da humanidade. Co apoio destas mesmas palabras alúdese á estructuración do libro e á variada métrica con predominio do hendecasílabo. Do mesmo xeito coméntase que aínda que a maioría dos poemas foron escritos nos dous últimos anos, hai dúas composicións anteriores. Ademais apúntase que o libro está escrito en clave relixiosa, partindo do Humanismo cristián, e que lle concede universalidade a feitos e realidades da Guarda ou o Ribeiro.

-Antón Ferreira, “*Ofertorio de solpores*’ del poeta Gómez Alfaro sale a la calle por ‘Espiral Maior”, *Atlántico Diario*, 18 maio 1999, p. 15.

Fai referencia á publicación do libro de X. C. Gómez Alfaro, subliñando a presencia nos seus versos da traxedia que envolve o ser humano en forma de guerra, fame, miseria, droga ou racismo. Alude ademais á· estructura e á conxunción do universal e o local partindo do humanismo cristián.

Gómez Pato, Raúl, *Choiva, vapor e velocidade*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, marzo 1999, 55 pp. (ISBN: 84-87783-53-8).

Raúl Gómez Pato lembra nesta obra episodios da súa vida, que cre reveladores, por medio dun estilo sinxelo, próximo ó do xornalismo. Cunha técnica descritiva evoca os soños perdidos, a derrota do neno e a nostalxia do mundo rural que se enfronta coa modernidade. A nostalxia reflíctese por veces en anécdotas que forman parte dunha historia social recoñecible, como a do emigrante en USA. A obra remata cun pequeno apartado titulado “Nove poemas de amor apaixoado”, que inclúe un conxunto de textos moi curtos que comezan coa fórmula “Quérote como...”.

Recensións:

- Manuel Darriba, “Intimidades e mais sátiras”, *El Progreso*, 9 maio 1999, p. 73.

Comenta que nesta obra se poden atopa-las constantes que definen a colección “Di-versos” e ve neste poemario de Raúl Gómez Pato semellanzas con obras anteriores publicadas nesta colección. Centrándose en *Choiva, vapor e velocidade,* alude á convivencia de contidos de corte político-social con outros máis intimistas. No primeiro dos rexistros detecta Manuel Darriba demasiada carga tópica e cre que o ton máis persoal e amoroso se vehicula a través de símiles nada habituais na poesía dese estilo, polo que entende que a orixinalidade está nesta obra por riba da sinceridade.

- Manuel Xosé Neira, “Imaxes de Turner”, *Guía dos libros novos*, nº 8, “Poesía”, xuño 1999, p. 26.

Evocando o cadro de Willian Turner “Chuvia vapor e velocidade” que leva o mesmo título que a obra de Raúl Gómez Pato, comeza reproducindo algúns dos versos que máis lle desagradan do poemario, así como temas presentes na poesía, especialmente o do “porcino”, co que considera que en Galicia seguimos nunha “lírica de piñón fixo e coas balestras tronzadas polo cal non salvamos as foxas dos camiños nin das corredoiras”, aludindo tamén a poetas desta xeración como Manuel Rivas ou Antón Reixa, e conclúe que con esta poesía se está matando “calquera recurso a unha futura épica nacional”. Remata cualificando a obra de “libro basto, brosmo e delicado á vez, como ten que ser Galicia”.

González Suárez, Unai, *De min para vos. 45 poemas galegos*, Santa Uxía de Ribeira-A Coruña: Doste'x Edicións, 1999, 79 pp. (Sen ISBN e sen D. L.). ¤

Este poemario de Unai González Suárez (Donostia, 1978) comeza cun breve prólogo do alcaldede Ribeira, xunto cunha descrición de Unai a cargo de Álex Cortés Ayaso e unhas palabras do novo poeta. O libro está composto por corenta e cinco poemas datados entre 1993 e 1999 e distribuídos en dúas partes: "Da terra" con doce composicións e mais "Suspiros (poética amorosa)" con trinta e tres. A primeira parte ten como principais referentes a Galicia, a Santiago de Compostela e a Aguiño –vila na que mora o poeta– complementados con referencias sobre a muller e Deus. A segunda parte focalízase na reflexión sobre o amor: a muller, o sexo, a soidade, etc., onde o poeta reflicte algunhas das súas vivencias acompañadas con dous poemas, "Carta a Miguel Hernández" e mais "A Neruda", dedicados ós poetas Miguel Hernández e Pablo Neruda, respectivamente.

Herrero Valeiro, Mário J., *No limiar do silêncio*, VIIIº Premio Espiral Maior de Poesía1999, limiar de Celso Álvarez Cáccamo, A Coruña: Espiral Maior, nº 91, col. Poesía, decembro 1999, 60 pp. (ISBN: 84-89814-85-6).

O libro de Mário Herrero Valeiro (A Coruña, 1968) está precedido por un prólogo de Celso Álvarez Cáccamo que o presenta como un amigo, un escritor para poetas e un escritor culto, ó tempo que fai un achegamento temático á obra. No libro combínase a poesía “heat”, inspirada no propio Ginsberg, cunha poesía case obscena onde o sexo ten un lugar destacado. Hai tamén unha marcada tendencia ideolóxico-política, non explícita na maioría dos casos, nos que o “eu lírico” se manifesta contra o capitalismo e o neoliberalismo, a prol da liberdade dos pobos e daspersoas, mais todo tratado con suma complexidade metafórica. É tamén evidente ese sen sabor do poeta-eu lírico motivado pola incomprensión e pola incultura da arte, só ó alcance duns poucos.

Kruckenberg, María do Carme, *JAZZ espido*, debuxos de Eva Lloréns, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, abril 1999, 39 pp. (ISBN: 84-7492-918-O).

Inclúe o volume de Mª Carme Kruckenberg (Vigo, 1926) dezasete composicións que foron creadas para apoia-los debuxos dos nus JAZZ I e JAZZ II de Eva Llorens. Son imaxes minimalistas que insinúan corpos espidos en movemento a partir de trazos moi breves e difusos, os cales van acompañados dun poema que nace da suxestión que produce na voz poética cada unha das imaxes. Así mesmo, cada composición quere ser unha homenaxe a diferentes músicos de Jazz, de xeito que a música de Luis Amstrong, Miles Davis, Albert Collings, etc. se transforma en palabra escrita para dar conta das sensacións da poetisa: a beleza, a sexualidade ou a busca da propia identidade.

Kruckenberg, María do Carme, *Poemas sen resposta*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, outubro 1999, 57 pp. (ISBN: 84-89814-73-73-2).

"Tempo derrubado", "Nomes no recordo" e "Epigramas" son os títulos das partes que se inclúen neste novo volume de María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926). No primeiro apartado, sustentado no verso libre de diversa extensión, a voz poética insírese en espacios e momentos que evoca dende a tristura do presente. O abafamento metafísico da realidade como se reflicte neste verso, "entre catro paredes esmorecen meus ollos de non mirar nada", é outra das constantes deste grupo de versos. A poeta recrea imaxes nas que a noite, o inverno, ou a escuridade se converten en símbolos cos que consegue unha atmosfera decadente e mesmo desacougante. O segundo dos apartados está conformado por unha serie de poemas dedicados a diversas persoas, a maioría amigos da autora e relacionados co mundo da cultura como son Xesús Alonso Montero, Avilés de Taramancos, Luz Pozo Garza ou Xohana Torres. Pecha o libro a serie de 52 epigramas de corte intimista nos que concentra a expresión lírica en breves versos que en ocasións alcanzan un ton sentencioso co que expresa a súa dor, a soidade ou a propia existencia.

Recensións:

- Helena González, "Lembra", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 290, 25 novembro 1999, pp. 4-5. Comeza indicando algunhas concomitancias existentes entre os libros *Poemas sen resposta*, de María do Carme Kruckenberg e *Álbum de fotos*, de Helena Villar. Son estes a tematización dun tempo pasado, a sinceridade, a humanidade, a paisaxe como proxección do eu, a actitude testemuñal e o biografismo. A autora cualifica o libro de María do Carme Kruckenberg como un "testamento poético", pois nel recrea trazos

fundamentais da súa traxectoria poética, como o emprego de formas neopopularistas ou a tematización do paso do tempo. Por outro lado, refírese a unha serie de poemas dedicados ós amigos. O libro de Helena Villar, considérao un conxunto de comentarios ó seu "Álbum", onde a voz lírica lembra as vivencias do pasado. A recensión remata cun apuntamento crítico sobre a lapela deste volume, polo feito de conter numerosos erros e deficiencias de importancia.

Referencias varias:

-R. G., "Kruckemberg, Helena Villar e Seoane editan novos poemarios", *La Voz de Galicia*, 10 decembro 1999, p. 88.

Sinala que estes días están saíndo á rúa os primeiros libros de poesía da nova etapa de Espiral Maior. Trátase de *Poemas sen resposta*, do que se comenta a súa estructura e se dá o nome das persoas que nel son obxecto dun poema; *Álbum de fotos*, de Helena Villar Janeiro, quen sinala que está dedicado "á memoria de miña nai, tan presente nas fotos deste álbum"; *Don do Horizonte*, de Xavier Seoane, quen apunta que esta poesía reúne "a miña poesía publicada", aínda que "do conxunto eliminároonse algúns textos e matizáronse outros" e "na parte final, engadíronse dúas seccións inéditas"; e *Ámome en por min*, de Medos Romero, que é o seu segundo poemario, pese a que xa fora escrito antes de *Rendeome no tempo* (1998). Tamén achega o título doutras obras que vén de publica-la colección de narrativa de Espiral Maior.

Lema, Rafael, *Atlántida*, IIº Premio de Poesía Concello de Carral 1998, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 90, decembro 1999, 60 pp. (ISBN: 84-89814-84-8). .

O libro de Rafael Lema (Porto do Son, 1967) está construído arredor da simboloxía da travesía e estructurado en catro seccións: “Primeira viaxe”, “Segunda viaxe”, “Terceira viaxe” e “Cuarta viaxe”. A voz lírica leva a cabo un percorrido pola memoria, a infancia e o amor, que por veces adquire unha dimensión mítica e atemporal. En ocasións hai tamén unha procura da identidade colectiva. O poemario remata cunha reflexión sobre o destino do pobo galego: “E a voz maldita da santa que pide a esmola doutros versos/...ánimo compañeiros! Toda a terra é dos homes...”.

Lence-Santar, Eduardo, *Poesía galega*, ed. Xe Freyre e Armando Requeixo, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 5, marzo 1999, 103 pp. (ISBN: 84-85385-32).

Este volume pretende exhuma-la totalidade da obra lírica en galego de Eduardo Lence-Santar (Mondoñedo, 1876-1960): 28 poemas. Van ordenados cronoloxicamente e acompañados de minuciosa información sobre os lugares e datas nos que foron publicados polo autor. Armando Requeixo é o encargado da edición propiamente dita, tarefa para a que renunciou a introduci-la máis mínima modernización ou homoxeneización nos textos. A confección da introducción compartiuna con Xe Freyre, quen ofrece uns apuntamentos biográficos e unha bibliografía descritiva e selectiva co máis significativo da producción do mindoniense. Tamén sinala a deficiente preparación académica de Lence-Santar e critícalle a escasa elaboración da información. Armando Requeixo cualifica a súa lírica de epigonal, moi apegada ó costumismo e arredada das novas tendencias, e nota as influencias, sobre todo, de Leiras Pulpeiro e Noriega Varela. Así mesmo, dá detallada noticia da escasa atención crítica da que foi obxecto. No relativo ós temas, confirma que o mar e a Virxe son os máis recorrentes. Relaciona o estilo co cancioneiro popular e enumera e exemplifica os recursos literarios empregados. Ademais fai unha caracterización lingüística que o leva a afirma-la vontade interdialectal do cronista de Mondoñedo, a cal é causa do galego polimórfico empregado. Tamén considera numerosos os castelanismos e vulgarismos presentes nos textos.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Eduardo Lence-Santar, en ‘Libros da Frouma”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 23 maio 1999, p. 7.

Cualifica de extraordinaria a colección “Libros da Frouma” pola recuperación de textos e escritores e pola utilización para a súa edición da fórmula do mecenado. No tocante a Eduardo Lence-Santar alude á súa vastísima obra e reproduce unhas palabras nas que os editores poñen de relevo o interese que presenta este autor. Ademais alude á recorrencia do tema do mar que converterían ó autor en discípulo avantaxado de Leiras Pulpeiro.

- Miro Villar, “A poesía galega de Lence-Santar”, *Grial*, nº 143, Tomo XXXVII, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 511-513.

Refírese inicialmente á historia da colección “Libros da Frouma” e repasa os títulos publicados ata o de agora, salientando que se rexe pola fórmula do mecenado. A seguir, comenta a última entrega, *Poesía Galega*, de Eduardo Lence-Santar. Con respecto á biobibliografía, que corre a cargo de Xe Freire, salienta o punto de vista orixinal e o humanismo co que está afrontada, xa que parte dunha fotografía reproducida nunha revista da colectividade galega da Arxentina. Do estudio literario que fai Armando Requeixo, destaca a relación de Lence-Santar con outros escritores do momento e a recepción crítica da súa obra. Finalmente, considera que esta obra poética “non engade gran cousa á escola mindoniense”.

Ramón Nicolás, “A volta dun poeta mindoniense”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Poesía”, decembro 1999,
28.

Salienta da poesía de Lence-Santar o paisaxismo e o costumismo que o sitúan como un epígono de Leiras Pulpeiro ou Noriega Varela, e que malia non achegar nada novo, constitúe un acto máis de recuperación da obra, dispersa e esquecida, dunha figura que forma parte da “singular conxuntura do noso discurso literario”.

Mateo, Francisco J., (coord.), *Ata que malle en min o mencer*, Premios do XXVIº Certame Literario Minerva 1998, limiar de Bernardino Graña, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista *Vamos*, 1999, 143 pp. (D. L.: C-103-99).

O volume recolle os traballos premiados no certame “Minerva”. Está precedido por un limiar que reproduce as palabras pronunciadas por Bernardino Graña no acto de entrega do devandito premio. Os traballos distinguidos no apartado de “Poesía” son os seguintes:

Irene Cacabelos Vieites, “Da fonte serodia” (Iº Premio de Poesía), pp. 15-21. Composicións nas que abondan os elementos cósmicos, paisaxísticos e sensuais. A voz lírica leva a cabo unha revisión de determinados mitos e lugares comúns.

Alejandro Cameselle Cadón, “Círculos de xente”, (IIº Premio de Poesía), pp. 23-30.

María Álvarez Sánchez, “Nós, con e sen lúa” (IIIº Premio de Poesía), pp. 31-37.

Sara Arias García, “Só un corpo” (Accésit de Poesía), pp. 39-46.

Os textos tratan o tema do suicidio así como a relación do eu lírico coa sociedade.

Conxunto de poemas cunha temática que xira arredor da lúa.

Textos que tematizan a perda da esperanza, a derrota e a morte.

Noela Fernández-Albor Batallán, “O meu mundo” (Accésit de Poesía), pp. 47-53. Trátase de tres “nocturnos” de temática intimista.

Borja Verea Fraiz, “Cousas” (Accésit de Poesía), pp. 55-62. Poemas intimistas e eróticos cunha vontade experimentadora no que se refire ás imaxes.

David García Díaz, “Tres pequenas suites” (Accésit de Poesía), pp. 63-69. Trátase de tres poemas de natureza simbólica e reflexiva. Os traballos premiados na sección de “Narración” poden verse no apartado I.1. deste *Informe*.

Recensións:

- M. Quintáns S., “Os traballos premiados no Certame Minerva 1998”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 11 abril 1999, p.VI. Ver Mateo, Francisco J., (coord.), *Ata que malle en min o mencer*, no apartado I.1 deste *Informe*.

Mosquera Carbón, Xosé Manuel, *Dame a túa mán. Personalidade e obra poética de Xosé Manuel Mosquera Carbón*, ed. coordinada por Mª Carmen Mosquera Carbón e Paulo Porta Martínez, introds. de Xosé Manuel Martínez Oca e X. Amancio Liñares Giraut, A Estrada-Pontevedra: Asociación Cultural "A Estrada", outubro 1999, 56 pp. (ISBN: 84-9522840-5-6). .

Volume co que se pretende render homenaxe póstuma a Xoseme Mosquera (A Estrada 1960-1982). Comeza coas seguintes lembranzas breves: "A riqueza dunha vida breve" a cargo de Xosé Manuel Martínez Oca; "A Xoseme, na lembranza", asinado por X. Amancio Liñares Giraut; "O tempo compartido", coa sinatura dos familiares e amigos deste poeta; e "Xosé M. Mosquera, lembrado por David Otero García", recuperado de *El Correo Gallego* do 25 de maio de 1984. En todos eles recóllense anécdotas coas que os seus autores queren salienta-la humanidade deste autor falecido mozo. A seguir, inclúense ó redor de corenta textos de Xoseme Mosquera, na súa maioría en verso. Trátase dunha poesía bastante achegada ó seu mundo familiar e rural, na que non está ausente a temática amorosa, a política, a dor, a morte e a incerteza cara ó futuro.

Novoneyra, Uxío, Federico **García Cabezón** e Emilio **Araúxo**, *Onde só queda alguén pra aguantar dos nomes*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1999, 63 pp. (ISBN: 84-921196-9-6).

Volume que inclúe un conxunto de textos e fotografías que teñen como tema común a realidade xeográfica e humana do Courel e, máis concretamente, a súa despoboación. O libro ábrese cun "Poema" de Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, O Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999) onde denuncia a deshumanización da paisaxe e fai unha reivindicación da "estirpe campesiña". A seguir, preséntanse unha serie de fotografías de Federico García Cabezón e o poemario "Pedras, máis vagarosas aínda", de Emilio Araúxo (Coles, Ourense, 1946), que trata a cuestión da orixe nuns versos tamén reivindicativos da cultura rural ameazada. Finalmente, o libro recolle "Outros textos", de Uxío Novoneyra sobre o Courel, entre os que figuran algúns poemas de *Os eidos*.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Gadañar en homenaxe", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 60, 6 maio 1999, p.11.

Dá noticia da publicación deste libro e da súa vontade de homenaxea-lo Courel, informando do seu contido. Refírese ó tratamento da despoboación e ó espírito recuperador dos textos de Uxío Novoneyra, reparando na inclusión de fragmentos de poemas xa publicados. Con respecto ós textos de Emilio Araúxo, repara na súa

evocación das raíces. O autor refírese tamén ás fotografías de Federico García Cabezón e lamenta a humildade desta edición.

- Xulio Valcárcel, “A morte da aldea”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 13 xuño 1999, p. 9.

Reflexiona sobre a desaparición da aldea e dos seus costumes e tradicións milenarias. Logo de facer unha breve semblanza dos textos de Uxío Novoneyra e de Emilio Araúxo, salienta a “confluencia armónica das tres personalidades” e a existencia dun obxectivo común como é “a denuncia do abandono que sofren algunhas aldeas do noso país”, actitude que confire un valor documental á obra.

- C. Fernández, “Un poeta auténtico”, *La Voz de Galicia*, “Libros”, 25 agosto 1999, p. 30.

Comeza salientando a autenticidade de Novoneyra, ó que considera herdeiro de González Garcés e fai un breve percorrido polos diferentes poemas que conforman o volume.

Outeiriño, Manuel, *Letras vencidas*, prólogo de X. L. Méndez Ferrín, Santiago de Compostela: Noitarenga, marzo 1999, 98 pp. (ISBN: 84-920723-0-X).

Manuel Outeiriño (Ourense, 1962) dedica este libro a Gonzalo Navaza e encabézao con citas de Nabokov e Celso Emilio Ferreiro. No prólogo de Ferrín, “Stanze pró Manuel”, cualifícase así o poemario: “*Letras vencidas* significa un aturuxo, un slogan gaélico, un esgutío de triunfo”. Máis adiante, Ferrín considera a obra como a que lle produciu unha máis grande impresión de orixinalidade. Di, así mesmo, que na poesía de Outeiriño está· a única certeza de que dispón o home: a da morte. Gaba tamén o libro polo estilo de lingua, pois cre que é todo un modelo de galego literario. En *Letras vencidas* hai 49 poemas repartidos en oito partes: “Obxectos suxeitos (cunha corda de cas do enforcado)”, “Excavacións”, “Letras vencidas”, “Tenzós”, “Días astrosos”, “Poemas do si roñón”, “Scherzofrénico e espiritado” e “Alargas”. Trátase dun libro críptico, escuro, surrealista, con abondosa imaxinería, aínda que hai moitas referencias culturais e moitas teñen que ver con Galicia e coa súa identidade colectiva. Polo medio do discurso metafórico hai, moitas veces, versos que remontan o ton, variándoo cara á coloquialidade máis común. A ironía e, en moitas ocasións, o significado dos poemas aparece nos títulos a través de xogos de palabras, de variacións mínimas que repercuten no sentido. Introduce nos poemas, frecuentemente, conceptos, palabras, frases noutras linguas: alemán, inglés, francés, latín, etc. Na primeira parte utiliza metáforas de animais que lle serven para facer unha alegoría do presente. Na segunda, aparecen referencias literarias e culturais que semellan apuntar á colectividade. Na terceira, fala da vellez, da ruína das cousas e de certa nostalxia debida, quizá, ó amor. En “Días astrosos” volve a vista ó pasado, ós días felices, sen que a nostalxia lle impida seguir. En “Poemas do si roñón” intenta unha definición da poesía á galega: entre Curros e Pondal, di, entre exilio e artificio.

Recensións:

- Xulio Calviño, “A metáfora como terceira forma de verdade”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Poesía”, outubro 1999, p. 26.

Tilda a *Letras vencidas*, de Manuel Outeiriño de “paráfrase festiva... das relacións conflictivas entre Símbolo e Referente na constitución da base do Triángulo Semiótico de *The Meaning of Meaning*, de Orgen e Richards”. Na súa opinión trátase dunha poesía analítica, posmetafísica, antirromántica cunha única metáfora: “do esquizo desexante, que formula enigmas”. Apunta os recursos estilísticos empregados no poemario ademais da busca e da finalidade desta poesía baseada no artificio e a presentación dun “suxeito posmoderno de crequemas”. Comenta diversos aspectos presentes nestes textos como: o uso da “semántica da bestialización e cousificación da condición humana, o lirismo do cotián sen aura, a alquimia da hipálaxe, a metaforicidade da palabra ‘momento’, a creación dunha infinitude ilusoria e a súa fonte literaria en Homero”.

- Manuel Darriba, “Poeta maior da infelicidade”, *El Progreso*, 14 novembro 1999, p. 75.

Refírese á dificultade que representa a lectura do segundo poemario de Manuel Outeiriño, que vén dada pola densidade conceptual da obra. Sinala tamén a proximidade temática deste libro ó anterior, *Depósito de espantos*, baseándose na omnipresencia da infelicidade. Finalmente, salienta o menor pouso culturalista da obra con respecto á anterior, así como o constante emprego do humor e a ironía.

Pastor, Anxo, *Sombra fértil*, A Coruña: Espiral Maior, col. Illa Verde, nº 259, marzo 1999, 52 pp. (ISBN: 84-89814-69-4).

Anxo Pastor (Vilardonas, Ribas do Sil, Lugo, 1959) divide este libro en catro partes: “a) As voces mudas”, “b) O azul atado. Diario do alento e a respiración”, “c) O cabalo económico” e “d) Golpes de vento”. Os apartados a) e c) están formados por un total de dez e quince pezas, respectivamente, nas que se confunde a poesía, polo particular mundo presentado, e a narrativa, polo seu aspecto formal. Case todas estas composicións están escritas en primeira persoa. Pola súa banda, nos apartados b) e d) déixase paso á expresión poética materializada en frases curtas sen aparente conexión entre si.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Palabras convertidas en ladrillos”, *O Correo Galego,* “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 66, 17 xuño 1999, p. 8.

A publicación de *Sombra fértil* sérvelle a Vicente Araguas para reflexionar brevemente sobre a dificultade de establecer fronteiras entre xéneros. Así, considera que existe un tipo de prosa poética que non se distingue moito do relato breve ou do conto. No tocante ó libro de Anxo Pastor cre que moitos dos seus poemas semellan “Short Stories” e sitúa a cuarta sección na categoría de “short short stories”, greguerías ou aforismos. Pensa que é nesta sección onde o autor acada maiores cotas de efectividade. Nunha visión global do libro pon de relevo a economía expresiva, o don da conceptualidade e a capacidade de sorpresa e

suspensión de que dispoñen. Por último, fai mención á parte para a sección “O azul atado” co anceio metafísico que leva á poética do silencio.

Pedreira Lombardía, Emma, *Diario Bautismal dunha anarquista morta*, IIIº Premio Johán Carballeira de Poesía 1998, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 89, decembro 1999, 48 pp. (ISBN: 84-89814-83-X). .

No primeiro volume lírico que ve publicado, Emma Pedreira Lombardía (A Coruña, 1978) adopta unha perspectiva conscientemente feminina. En versos maioritariamente longos, anisosilábicos e sen rima, trata diversos aspectos universais e outros exclusivamente ligados á muller. O do nacemento é un dos máis recorrentes, con referencias explícitas á fecundidade e á esterilidade. Neste sentido, o uso do campo léxico do sistema reproductor non é eludido. Moi relacionado co anterior está o tema do sexo, visto como algo momentaneamente redentor que axuda a leva-la rutina mundana. Alén de tratar aspectos como a entrega ou a intimidade, non evita amosa-la parte máis dolorosa: abortos, violacións... A autora non dubida en tomar parte pola liberación das emocións pero a cidade, medio hostil e deshumanizado, oponse a unha convivencia harmónica. A palabra será o elemento de resistencia ante o medio que nos rodea.

Recensións:

- Helena González, “Así non”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 295, 30 decembro 1999, pp. 6-7.

Dá conta da publicación de diversos libros. Primeiramente, alude a *Doutrina Galicianista*, da librería Couceiro para celebra-lo seu trinta aniversario. Informa do contido desta obra, unha réplica ó centralismo de Estado que constitúe un exemplo do tesón da emigración. Constata as dúbidas do ensaísta Antón Capelán no tocante á procedencia deste texto asinado por Pardo de Cela, pseudónimo de Constantino Hortas, emigrado

a La Habana. A seguir, céntrase nas obras de Emma Pedreira Lombardía e Mário Herrero Valeiro, gañadoras do Johán Carballeira e Espiral Maior deste ano, respectivamente. Respecto do primeiro poemario, comenta que constitúe un catálogo dos lugares comúns da poesía feminista, mentres que do segundo, manifesta que se trata dunha tendencia cara á poesía civil. Ademais disto, reflexiona sobre o lectorado de poesía e da existencia de poetas, lamentando que haxa máis poetas ca lectores, debido "a unha fartura de publicacións ou a un desinterese".

Pipas, Manolo, *Marzo abril e outros naufraxios*, Ponteareas-Pontevedra: Edicións Egasur SL, 1999, 105 pp. (ISBN: 84-930739-1-1).

Libro múltiple de formas e xestos mais cunha vocación inequivocamente rebelde, en pé de guerra polas causas solidarias todas, malia seren as actuais as máis reinvindicadas. Comeza cun poema prólogo para de seguido se mergullar en versos de temática antimilitarista e pacifista, nun apartado chamado precisamente “Versos Insubmisos”. Xa na segunda parte, titulada “8 poemas de/en marzo” temos unha ollada crítica á situación das mulleres ó tempo que unha choscadela tenra pola súa redención. A continuación vén “Abril maio e outras lúas”, de temática heteroxénea. En “Historias con nen(arroba)” aparecen breves poemas que xiran ó redor da infancia. Finalmente, en “Outras consciencias” e en “8 textos urxentes polos balcáns e un poema esperado”, volvemos á temática central do libro que se concreta na guerra dos Balcáns como paradigma da senrazón, histórica e política, no que se canta sobre todo á necesaria e xusta paz.

Referencias varias:

-Xosé Antonio Perozo e Mercedes Moralejo, “De coyotes, versos y utopía”, *La Voz de Galicia* (Edición de Vigo), “Vigo Sociedad Anónima”, 26 setembro 1999, p. 59.

Comentan que Manolo Pipas, como case tódolos poetas, cre na utopía e soña con mundos mellores e refírense á súa insumisión, que o levou a loitar con versos, pancartas ou charlas contra a organización militar. Sinalan que vén de publica-lo seu primeiro libro de versos, *Marzo abril e outros naufraxios*, que nos fai

pensar que podemos estar ante un novo gromo de poesía social. Recollen algunhas declaracións deste vigués, quen di que a súa é unha “poesía dun tempo” e que, en vez de ser de “protesta”, é de “propuesta”.

Pociña, Andrés, *Versos para Aurora*, limiar de Luz Pozo Garza, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 1999, 93 pp. (ISBN: 84-7492-932-6).

Andrés Pociña (Lugo, 1947) xunta nesta obra 34 poemas, repartidos nestas cinco partes: “Na mañanciña”, “Lembrando viaxes”, “Sonos e sensacións”, “As miñas poetas” e “Adiós e fuga”. Na primeira, declara o poeta que o seu único tema é o seu amor a Aurora e que, sendo o seu un amor non desgraciado, non por iso deixa de ser un amor poético. Na segunda, “Lembrando viaxes”, párase no tópico do amor como forza que libera o home e recorda algunhas viaxes con Aurora a Lisboa, Alemaña, Venecia e outros sitios. Na terceira aparecen referencias ó erotismo e descricións do amor carnal. “As miñas poetas”, cuarta parte, son poemas dedicados ás poetas que admira e ás que xa no poema de comezo cita como musas: Safo, Rosalía, Pura Vázquez ou Luz Pozo. Tamén ten moi presentes ó longo do libro a autores como Catulo, Whitman ou Lorca. O libro remata, no derradeiro apartado, cun único poema titulado “E se fose preciso un epitafio”, que no seu derradeiro verso di: “Tivo un amor longo. Pagoulle a pena a viaxe”.

Prol, Santiago, *Alga e Fungo*, Pontecesures: Edición de autor, maio 1999, 85 pp. (D. L.: PO-190-99).

Comeza este poemario de Santiago Prol (Maceda, Ourense, 1960) cun texto, en prosa e en castelán, de Gioconda Belli titulado “Vestidos de dinamita”. A seguir, preséntanse tres partes de extensión desigual e temática diferente: a primeira, titulada “fungo” contén vinte poemas enunciados a través dunha voz en terceira persoa que presenta situacións de supervivencia ó límite da desesperación; a segunda, titulada “alga”, inclúe dez composicións de carácter intimista nas que unha voz poética en primeira persoa expresa diversos sentimentos relacionados co amor, a esperanza e a nostalxia; a terceira, titulada “punto final” consta dunha cita de Mario Benedetti e un poema onde latexa o tema da morte.

Referencias varias:

- R. F., “Un diario de sentimentos en prosa poética”, *La Región*, 24 agosto 1999, p. 10.

Presenta esta primeira publicación de Santiago Prol, que xa rematara de escribir no ano 1997 e coa cal pretende que o lector “se identifique cos poemas, porque plantexan situacións que lle poden pasar a calquera persoa”. Tamén recolle a definición que o autor dá sobre o seu traballo e a consideración que el ten da súa condición de poeta, ademais de ofrecer outros datos deste *Alga e Fungo*, que está divido en tres partes: “Fungo”, “Alga” e “Punto Final”.

Quintela, Beatriz, *Colección de cinza*, Accésit do XVIIIº Premio Esquío de Poesía 1998, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío, nº 75b, marzo 1999, 53 pp. (ISBN: 84-86046-99-8).

Beatriz Quintela Rúa (A Coruña, 1968) dá á luz este que é o seu primeiro libro de poemas. Conta con tres partes: “Aceno de cinza”, “Espellos de cinza” e “Palabras de cinza”. As dúas primeiras teñen 12 poemas cada unha e a derradeira 13. En “Aceno de cinza”, a autora intenta sentenciar e pecha-los capítulos amargos do pasado. Repítense ó longo dos poemas palabras como “orixe”, “noite”, “cinza” ou “fracaso”. A figura do neno e o recordo do amor teñen ampla presencia nestas páxinas. A poeta encadea reflexións e recordos como fragmentos dunha colección de cinzas. A sensación de fracaso, de perda do paraíso ou de derrota do soñado é explícita. Conforme avanza a obra, vanse confirmando estas ideas, pero xa en “Espellos de cinza” a dor da derrota dá paso á serenidade e, en “Palabras de cinza”, ó desexo de regreso da vitalidade doutros días.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Ónice”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 64, 3 xuño 1999, p. 8.

Indica a alusión ós espellos na obra de Beatriz Quintela e apunta que tamén se produce en obras de María do Cebreiro e Marilar Aleixandre. Considera a poesía de *Colección de cinza* como dura e translúcida e recoñece na obra a unha poeta clásica no manexo da métrica, salientando ademais a composición de dez sonetos en verso branco que para Araguas son do mellor dos últimos anos. Sinala tamén que, malia non

presentar excesivas novidades, tampouco desbota a radicalidade conceptual. Conclúe apuntando que a partir de agora cómpre ter en conta a esta poetisa.

Quiroga, Carlos, *Gong. Mais de 20 poemas globais*, fotografías de Carlos Quiroga, Ferrol: Fundaçom Artábria, col. Poesia, 1999, 119 pp. (ISBN: 84-605-8469-0). .

É esta a primeira posta en escena do poeta Carlos Quiroga cun libro que presenta unha sobre capa dun pseudo-papel cebola e nas lapelas un prefacio-presentación de Elías Torres Feijó. No seu interior contén un monllo de poemas agrupados en catro apartados e mais unha última parte narrativa que, baixo o título "Para um prefacio Global", mostrou o seu autor nun acto público na cidade de Santiago de Compostela. Nel explica o que é un "globema" e cómo lelo, e outras cuestións adxacentes á creación e producción editorial en Galicia. Tamén aparecen ciscados ó longo do libro fotografías que queren ser extemporáneas. Na primeira das partes do poemario, "Feros poemas de situaçom", reprodúcense poemas de situación. Na segunda, "Codigo Penal", e na terceira, "E andam anjos escuros no epíreo", aparecen poemas amorosos, existenciais, de relacións cos demais (persoas amadas, amigos, cidades, lugares íntimos...), etc. Pola parte final pasan poema a poema personaxes cos que o poeta quere comunicarse poeticamente.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Gong de Quiroga", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 19 decembro 1999, p. 4. Explica que a nova obra de Carlos Quiroga é un compendio de varios libros nun mesmo volume, no que se aprecia unha pluralidade de rexistros creativos. Sinala a presencia da sátira no epígrafe "Delicias de Murro", con actitudes vitais e xeitos de proceder que se rexeitan e se critican. Salienta que Elías Torres, no limiar deste exemplar, afirma que este autor "non resulta cómodo para os circos oficiais que gobernan a república

das letras e que pontifican con criterios políticos ou oportunistas obviando os literarios". Afirma que na obra se observa un "manierismo aséptico de laboratorio".

Referencias varias:

- Lois Sandoval, "O son do '*Gong*", *O Correo Galego*, 4 maio 1999, p. 33.

Noticia da presentación do poemario na Feira do Libro de Santiago. Indícase que o autor posúe unha ampla experiencia como poeta e activista cultural e alúdese ó texto que Carlos Quiroga leu no transcurso da presentación baixo o título "Surrealistas, nós" e no que se situou na "periféria da periféria" como creador debido á súa elección ortográfica reintegracionista. Alúdese á intervención no acto do profesor Elías Torres Feijó, que glosou *Gong* como libro de denuncia e cualificou ó seu autor como "quinto heterónimo de Pessoa".

Reixa, Antón, *Escarnio*, Madrid: 52 P.M., col. LCD El Europeo, 1999, 119 pp. (ISBN: 84-930491-0-7).

Conxunto formado por dez textos de Antón Reixa (Vigo, 1957), en edición bilingüe e acompañada dun CD coa interpretación destes temas. Os poemas ós que a voz lírica pretende vincular co xénero das cantigas de escarnio, abordan con ironía e desenfado temas da actualidade cotiá. O humor, a actitude crítica e a constante reflexión conducen a miúdo á perplexidade e ó paradoxo. Os textos son os seguintes: “Discurso de embestidura”, “Ollos que non ven”, “Fátima”, “Planeta azul”, “Aerobic torpeza”, “O deserto imposible”, “O Tempo non é o Clima, o Clima non é o Tempo”, “Lupa”, “Historia actual do movemento obreiro” e “Nordesía”.

Referencias varias:

- J. D. C., “Música, imagen, poesía”, *Atlántico Diario*, 21 maio 1999, p. 9.

Noticia relativa á presentación de *Escarnio* en Vigo. Recóllese, con palabras do autor, a idea de que nesta obra se resume a triple dimensión da obra de Antón Reixa, literaria, musical e audiovisual. Menciónase a colaboración do músico vasco Kaki Arkarazo e as imaxes de Antón Patiño e Isacc Vicente, así como a presencia de “colaboradores de luxo” como Antón Seoane, Santi Mouriño, Nicolás Pastoriza e mesmo Arsenio Iglesias ou José María Aznar, a voz do cal abre o disco. Alúdese tamén ós poemas “Fátima” e “Planeta azul” e anúnciase a representación da obra en directo, posto que o autor considera que o que gravou é facilmente trasladable ó directo.

- A. Estévez, “Eu queria ser un poeta medieval”, *A Nosa Terra*, nº 885, “Guieiro Cultural”, 3 xuño 1999, p. 31.

Reprodúcense algunhas declaracións de Antón Reixa referentes á publicación do libro-CD Rom *Escarnio*. O autor remóntase á época das cantigas medievais para reivindica-la utilización da sátira. Ademais ponse esta obra en conexión coa poesía do Grupo Rompente, por concibi-lo nacemento da poesía nos feitos cotiáns. Antón Reixa manifesta a súa aposta por propostas multidisciplinares e remítese tamén ós poetas medievais que cantaban e recitaban. Ademais de se referir á temática da peregrinación a Fátima, alude á reivindicación da poesía de Manuel Antonio como xa fixera hai vinte anos, xunto con Alberto Avendaño e Manuel Romón, e cre tamén que “hai que ser recalcitrante nas consideracións sobre o país”. Finalmente, Reixa fala da preparación do espectáculo poético visual de *Escarnio* e do titulado *Galicia beibe*.

- Josu Montero, “Galicia caníbal”, *Gara*, 12 xuño 1999, p. 5.

Fai referencia a *Escarnio*, a última entrega discográfica de Antón Reixa e explica que se trata dun conxunto de poemas que o autor recita ó seu modo. A seguir, ofrece un breve perfil biográfico do autor, e afirma que iniciou a súa carreira profesional no seo do grupo vigués Rompente. A continuación, alude a outro grupo, Loia, ó que pertenceron Manuel Rivas e Lois Pereiro, e lembra a outro dos “pilares da literatura galega”: Xosé Luís Méndez Ferrín. Para rematar, afirma que no ano 1973 se publicaron 53 libros en galego e no 1997, foron 1.235, máis que os editados en eúscaro.

-Antón Dios e Gonzalo Brocos, “Contradicción Reixa”, *Tempos Novos*, nº 28, “Cataventos”, setembro 1999, pp. 6-9.

Conversa con Antón Reixa na que fala do seu último traballo *Escarnio*, libro de poemas que resultou un CD-Rom que “xongue distintas formas expresivas a través das que encarna a súa actividade dispersa, e do seu espectáculo musical *Galicia Beibe*, que é o resultado da mestizaxe de acentos, ritmos e sons.

Rivas, Paco, *Cantaruxos do meu mar e outras cantigas*, ed. de Teresa Monteagudo Cabaleiro e Xoán Carlos Rodríguez, limiar de Luís Alonso Girgado, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 7, novembro 1999, 91 pp. (ISBN: 84-85385-31-4).

Primeiro poemario de Francisco Rivas (Cervo, 1955), que conta cun limiar no que Luís Alonso Girgado achega datos biográficos do autor e apunta algunhas das claves da obra. Así, ademais do influxo de Rafael Alberti e Luís Amado Carballo, cita a paisaxe do mar lugués, o amor e a lembranza familiar como motivos fundamentais. Ademais, pon de relevo o ton popular que late trala emoción, a sensibilidade, o pulo vitalista e a sensorialidade. O libro divídese en dous grandes bloques que son os que lle dan título ó conxunto. “Cantaruxos do meu mar” son vintedúas composicións centradas no mar como núcleo dunha natureza animada e concibido como punto no que se proxectan os sentimentos do poeta e que por veces se identifica coa persoa amada. A recorrencia das estructuras paralelísticas vai acompañada dun predominio métrico do octosílabo, encamiñado a través de cuartetas asonantadas ou doutras estrofas curtas, con rima asonante ou non. Os mesmos elementos formais percíbense nos trinta e cinco poemas que compoñen “Outras cantigas”, coa presencia dunha nostalxia que ten a súa orixe na lembranza da infancia ou no amor ausente. Xunto a estas constantes, e ó igual que na primeira parte, aparecen pequenas composicións nas que o eu lírico adopta unha postura máis intrascendente para envolve-los versos de matices marcadamente humorísticos.

Romero, Medos, *Ámome en por min*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 87, outubro 1999, 77 pp. (ISBN: 84-89814-75-9).

Esta segunda entrega poética de Medos Romero (Somedes, As Pontes, 1959) está formada por sesenta e un poemas estructurados en dúas partes, “A fonte dos ameneiros”, con trinta e un, e“Ámome en por min”, con trinta. Os poemas non levan título e a súa extensión é variable, predominando os curtos. Un dos eixos do poemario vén dado polas referencias, case constantes, á natureza, á paisaxe e ós fenómenos meteorolóxicos. No libro aparecen tamén o amor, a muller, a infancia e a soidade como elementos temáticos.

Referencias varias:

-R. G., “Kruckenberg, Helena Villar e Seoane editan novos poemarios”, *La Voz de Galicia*, 10 decembro 1999, p. 88.

Ver Kruckenberg, Carme, *Poemas sen resposta*, nestas páxinas.

San Luís Romero, Xesús, *Versos escritos en Buenos Aires e outros poemas*, limiar e ed. de Alfonso Rey López, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 6, decembro 1999, 107 pp. (ISBN: 84-85385-30-6).

Edítanse neste volume trinta e catro poemas da autoría de Xesús San Luís Romero (Carballo, 1872-Santiago de Compostela, 1966). No limiar Alfonso Rey López reivindica para este escritor "o sitio que lle corresponde" e expresa o seu propósito de exhuma-los textos e poñelos a disposición dos estudiosos. Logo dun percorrido biobibliográfico, e baixo o título *Versos escritos en Buenos Aires*, dá a coñecer sete poemas inéditos tirados dun caderno manuscrito do autor e escritos entre 1894 e 1898 na capital arxentina. Precedidos dun estudio lingüístico e sometidos a algunhas revisións ortográficas recóllense neste apartado sete poemas de temáticas variadas como son a ensoñación, a nostalxia das terras bergantiñás (con forte impronta da paisaxe), a exaltación da España derrotada na guerra diante dos Estados Unidos ou a recreación da figura de Viriato, ademais dunha composición satírico-moral en contra das falsas aparencias. Tres das composicións son sonetos e nas catro restantes rexístranse, no medio da irregularidade, series de quintillas, sextillas e oitavas. *Outros poemas* é o título escollido polo editor para englobar, sen modificacións, os restantes vintesete poemas, fundamentalmente sonetos, publicados na prensa galega entre 1916 e 1929 con temática predominante de circunstancias e en especial de semblanzas de amigos.

Seixas, Manuel, *Vestixios do verme*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, outubro 1999, 43 pp. (ISBN: 84-87783-56-2).

Manuel Seixas (Vilagarcía, 1961) constrúe un poemario baseado no ritmo, no paralelismo e na expresión directa, no que a voz lírica se identifica coa figura do verme, para soñar con deixar un vestixio onde só había un oco. O libro desenvolve unha temática cotiá (a noite, o amor, a ausencia, o paso do tempo) e o falante lírico asume por veces un certo malditismo. Por outra banda, é notable a influencia, tanto formal coma temática, da música, con referencias explícitas a Tom Waits e ó blues.

Seoane, Xavier, *Don do horizonte. Obra poética (1976-1998)*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 88, outubro 1999, 320 pp. (ISBN: 84-89814-76-7). .

O volume recolle tódolos poemarios publicados anteriormente por Xavier Seoane (A Coruña, 1954): *A caluga do paxaro* (1979), *Os bosques acendidos* (1981), *Presencias* (1985), *Iniciación e regreso* (1985), *O canto da terra* (1987), *Regreso e advenimento* (1990), *Eu tamén oín as voces do orvallo* (1994) e *Umbral de vida* (1996). O cuarto e o sexto aparecen refundidos nun só que leva o título do primeiro deles. A seguir, inclúense outras dúas obras inéditas ata o de agora: *A néboa invisíbel* e *Agra da Brea*, que foron compostas maioritariamente entre os anos 1992 e 1998. A ordenación dos poemarios dentro do volume é cronolóxica. Nembargantes *Os bosquesacendidos* ocupa o primeiro lugar porque foi escrito antes ca *A caluga do paxaro*, malia ser publicado con posterioridade. O autor supervisou a edición e expurgou algúns dos poemas, alén de enmendar outros. O Concello de Oleiros patrocina a publicación desta colección lírica.

Recensións:

-Pura Vázquez, “O ‘*Don do Horizonte*’: a poesía de Xavier Seoane”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 decembro 1999, p. 26.

Refírese á poesía de Xavier Seoane, da que comenta que adoita ser simbólica e que nela os mitos teñen “unha tendencia a renovarse e a aflorar tamén neles un anceio depurador, das formas e tamén da linguaxe”. Sinala ademais que trata a forma poética “sobre dunha base experiental”, querendo relacionar a miúdo a súa poesía coa terra e co “contorno territorial, físico e metafísico dela”. Fai un percorrido a través da súa

traxectoria vital, destacando o seu labor en diferentes revistas e proxectos literarios. Remata coa alusión a *Don do horizonte*, que contén a súa obra poética dende 1976 ata 1998, e que abrangue "os máis distintos matices nestes versos que engada ler e saborear, pola cantidade de libros de poesía que contén e da súa inmensa variación de fermosos e interesantes temas e contidos e pola beleza indiscutible dos seus poemas".

Referencias varias:

-R. G., "Kruckenberg, Helena Villar e Seoane editan novos poemarios", *La Voz de Galicia*, 10 decembro 1999, p. 88.

Ver Kruckenberg, Carme, *Poemas sen resposta*, nestas páxinas.

Sisto Deibe, Marcelino, *Aegean Sea*, Premio de Poesía Camiño de Santiago-Xacobeo 1999, limiar de Jesús Busto Peteiro, Lugo: Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, 1999, 72 pp. (D. L.: PO-417/99). .

Primeiro poemario de Marcelino Sisto Deibe que se abre cun limiar de Jesús Busto Peteiro, Presidente da Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, no que informa sobre a composición do xurado e os méritos que este recoñeceu na obra para merece-lo Premio Camiño de Santiago. A través de dezaseis composicións, o poeta recrea o mundo do mar: a evocación telúrica do océano e toda unha serie de actividades mariñeiras que localiza nas rías de Ferrol e Mugardos, a Costa da Morte e sobre as que se cerne ó final a catástrofe da marea negra. No aspecto formal, destaca o uso de versos de arte menor, a rima áxil e musical que recorre á onomatopea e a presencia constante do léxico mariñeiro.

Referencias varias:

- Carlos Barcón, “Entre la poesía de Sisto Deibe y las novelas de Antón”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 9 decembro 1999, p. 20.

Ademais de falar das novelas de José Luís Antón Miranda, refírese á obra de Marcelino Sisto Deibe, *Aegean Sea*, coa que gañou hai pouco tempo o premio de poesía dedicado ó Camiño de Santiago. Ofrece certos comentarios desta obra, que proximamente será presentada e da que sinala que foi valorada “muy especialmente” por parte do xurado, “por la recreación innovadora del mundo del mar a través de una forma popular con ritmo poético propio”.

- B. A., “O léxico do galego é un tesouro que se está a perder sen remisión”, *Diario de Ferrol*, 19 decembro 1999, p. 13.

Mantén unha conversa con Marcelino Sisto, na que se refire á temática mariñeira que presenta o seu libro, *Aegean Sea*, e ós recordos do barrio de Canido que lle dan “ese alento popular”. Tamén fala da recuperación de léxico, ó que considera un “tesouro descoñecido”, que fixo na mencionada obra e da situación da lingua galega.

Solla, Carlos, *Xábregho. Escolma*, limiar de Ana Acuña, Neda-A Coruña: Edicións Río Xuvia, col. O Roibén, xaneiro 1999, 46 pp. (D. L.: M-6367-1999).

Ana Acuña presenta a Carlos Solla no seu limiar como un “amigo e fistor”. Fai referencia ó título do libro e relaciona algúns textos con determinadas teses antropolóxicas sobre a morte. Por outra banda, estudia a presencia do totemismo, a antropomorfización e o culto á nai na obra. A escolma de Carlos Solla (Pontevedra, 1971) inclúe textos pertencentes a catro poemarios:*Ollobecho en off* (1990), *Calixe* (1995), *Nai furada* (1997) e *Can caendo* (1998). O seu verso caracterízase pola axilidade, a forza expresiva e unha particular linguaxe na que, ademais da representación dalgunhas expresións dialectais, percibimos un léxico cunha importante presencia de tecnicismos. Por outra banda, caracteriza tamén a obra a súa dimensión cósmica, escatolóxica e ritual.

Timiraos, Ricardo, *Se Deus se namorase*, Madrid: Edición de autor, decembro 1999, 63 pp. (ISBN: 84-605-9945-0).

Feixe de poemas de Ricardo Timiraos Castro (Viveiro, 1946) quen se encargou da edición dos mil exemplares da obra. Nela aparece un prólogo do autor no que explica o contido dos seuspoemas cualificándoos como “trocitos de un corazón, que unas veces habla castellano y otrasgallego”, reflectido na obra nunha primeira parte titulada “Poemas gallegos”, composta porvinteunha composicións , mentres que a segunda “Poemas castellanos” recolle doce poemas,todos eles introducidos por “una ambientación para ayudar a su lectura”, como aclara o autor noprólogo. Formalmente presenta unha grande heteroxeneidade tanto métrica coma estrófica ó igual que de rima, sendo asonante nalgúns poemas con esquemas pouco usuais e ausentenoutros. Tematicamente hai unha visión crítica do mundo e da sociedade, unha preocupación patente pola lingua e a terra galegas como nos poemas “Homenaxe á fala” e “Falan inglés” ou“Namorado de ti” e “Vivero”, adquirindo un forte ton crítico os poemas “Non quero ser”, “Sontempos de falacia” ou “Cloacas de Sudamérica”. Tamén o autor lle rende homenaxe a figuras como Pastor Díaz, Celso Emilio Ferreiro ou Cervantes, ademais doutros seres queridos para el.

VV. AA., *O entrelazo das palabras*, Galiza: Consello Comarcal do BNG, maio 1999, 111 pp. (D. L.: C-891-1999).

Volume que se abre co texto “Portal”, no que Salvador García-Bodaño presenta a obra como unha publicación que reúne “poemas de contido e forma absolutamente libres achegados solidariamente por autores e autoras da coetaneidade, textos de poetas vencellados e vencelladas neste intre dalgunha maneira a Compostela”. Na colectánea figuran textos dos seguintes autores: Iolanda R. Aldrei, Dores Asorei, Suso Bahamonde, Suso Benitez, MoncoBouzas Tobío, Ángelo Brea, Rosa Bugallo Veciño, Carlos Manuel Callón Torres, María do Cebreiro, Corporación Semiótica Galega, Marta Dacosta, Helena de Carlos, Maite Dono, Eduardo Estévez, Salvador García-Bodaño, Xosé García Lapido, Blandino García Roel, Gustavo García Suárez, Xosé Antón G. Maceiras, Lupe Gómez, Raúl Gómez Pato, María Lado, Inma López Silva, Antón Lopo, Igor Lugrís, Uxío Novoneyra, Xaquín Penas Patiño, José Carlos Quiroga, Xesús Rábade Paredes, Roberto Reigosa, Xavier Rodrigues Fidalgo, Ana Romaní, B. Santalla, Sechu Sende, Francisco Souto, Bautista Vega Taato, Crisanto Veiguela Martins, Miro Villar, Rafa Villar, Helena Villar Janeiro e Rafa Xaneiro.

Vázquez, Dora, *Pasatempo ferido de versos*, Ourense: Edición de autor, primavera 1999, 39 pp. (D. P.: OU-130/99).

Dora Vázquez (Ourense, 1913) reúne un conxunto de textos intimistas. Neles, a voz lírica evoca e reflexiona sobre a súa traxectoria vital, concedendo unha atención especial á infancia e á experiencia poética. O libro conclúe cunha "mensaxe" titulada "Esa meta ideal", na que a autora fai unha defensa da paz, así como cunha relación de obras e galardóns obtidos pola escritora.

Referencias varias:

- Dora Vázquez, "Un ritmo narrativo. ¡Gracias!", *La Región*, 2 novembro 1999, p. 25.

Dálle as gracias a Xesús López por ter bautizado, sen pretendelo, o seu *Pasatempo Ferido de versos*, como "Ritmo narrativo moi orixinal", xa que é así como considera que debeu ser titulado. Explica tamén Dora Vázquez a orixe destes vintecatro poemas, dos que comenta que non son máis có "froito dunha maneira de pasar o tempo facendo versos sen intentar facer de poeta".

Vázquez Tierra, Antonio, *Inventario esquecido da esistencia*, prólogo de XoséÁlvarez, Barakaldo-Bizkaia: Asociación Cultural Rosalía de Castro, col. Nimbos, 1999, 192 pp. (D. L.: BI-2121-99).

Xosé Estévez sinala, no limiar, a continuidade que supón esta obra con respecto ó poemario anterior, *O fume das cinsas* (1995) e chama a atención sobre algúns elementos novidosos: o estilo, o versolibrismo, o tema da infancia e os ecos clásicos. O libro de Antonio Vázquez Tierra (Distriz, Monforte de Lemos, 1960) presenta un conxunto de composicións, ás máis delas breves, que recrean, nun ton reflexivo, motivos como a dor, a vida, a soidade, o amor, a infancia, a figura da nai e a paisaxe. No poemario, de expresión sinxela e directa, podemos ler unha reflexión sobre a condición humana.

Veiga, Eva, *Paisaxes do baleiro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 17, outono 1999, 98 pp. (ISBN: 84-8302-450-0).

Conxunto de poemas de diversa extensión con predominio das composicións breves, construídas cunha linguaxe directa, baixo unha aparente sinxeleza, a través da que constrúe imaxes en ocasións moi próximas ó surrealismo. O eu lírico adopta en cada composición un ton intimista e meditativo, mesmo nalgúns dos seus versos deixa paso a certa desesperación ante o silencio, o medo, as sombras en loita coas luces, e a dor que son constantes ó longo do libro. Os espacios nos que habita a voz poética convértense en símbolo da vida e da morte e entran en directa conexión cos sentimentos e as vivencias persoais. A composición de longa extensión na que se manifesta a rebeldía e a busca da esperanza ante a quietude e o baleiro, que habitan nos versos anteriores, “Rompamos este muro de brillos”, pecha este volume de Eva Veiga (Pontedeume, 1961).

Recensións:

-Xoan Villar, “O regreso de Eva Veiga desde os límites silenciosos do baleiro”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 295, 30 decembro 1999, p. 5.

Lembra que en 1993 Eva Veiga conseguiu ser finalista do premio Esquío coa obra *Fuxidíos*, coa que “deixaba entrever unha capacidade infrecuente na poesía galega para indagar nos estados do espírito”. Destaca a lucidez reveladora da autora no seu novo poemario, *Paisaxes do baleiro*, as cadencias que “a achegan á lírica mística” e unha vía de rexeneración ó moverse “cerca dos límites da nada”. No libro aprecia o uso do paradoxo para descubrir-lo mundo e os sentimentos; o agromar da voz da poeta “desde as raíces do

silencio", na procura da luz ou dos "esbruízos e os encoros da súa canle"; e o feito de estar concibido coma unha especie de "diario dunha resurrección".

Villar, Rafa, *Ícaro*, Lisboa: Edições Tema, 1999, 46 pp. (D. L.: 140 239/99).

Nesta nova entrega poética de Rafa Villar (Cee, 1968) temos un conxunto de poemas harmonizados pola súa breve extensión e pola temática, a ausencia dun mundo que non se ten, porque xa pasou ou porque se arela. Trátase dun conxunto de poemas sen título, como formando un continuo, un só poema, agás ó final que temos un poema dividido en cinco partes titulado "Mar de ás". Precisamente, este "Mar" é o elemento fulcral do poemario, pois arredor del pivotan as "aves", a "balea", o "naufraxio", etc., coma nun espacio de liberdade pasada e futura. Mais arredor deste tema principal aparecen tratadas outras cuestións, moitas veces nacidas desa temática central e outras como elementos independentes dentro do macrotexto. Así, pois, séntese o latexo do "eu lírico" sufrindo pola perda dese mar que era a súa propia columna vertebral, polo tanto elemento físico que sostén os humanos, e por outro as inquedanzas, quer sociais, quer lingüísticas, quer como intento de reflexión-interrogación metapoética. Polo demais, nos pequenos poemas sen rima e con versos libres de métrica, xorde tamén o amor, como unha constante á que recorrer sempre, como unha necesidade vital, que se ve nalgúns casos acompañada por uns toques de erotismo.

Recensións:

-Helena González Fernández, "Unha viaxe mítica cara á independencia", *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, "Libros", outubro-novembro-decembro 1999, pp. 754-756. Considera Helena González Fernández que con *Ícaro* estamos diante dun "poemario marcado polos silencios e a brevidade" no que Rafa Villar conseguiu elaborar uns "textos rematados". Presenta esta obra como unha

continuidade na mesma liña de anteriores poemarios, caracterizada pola épica e polo minimalismo, unha épica narrada en primeira persoa, o que constitúe "un dos maiores logros do poemario". Comenta a temática e salienta as múltiples referencias culturalistas a través da presencia de mitos que se converten "nun recurso económico, rápido, ilustrativo de figurar abstraccións: a prisión, a represión, o silenciamento, a loita pola liberdade". Finalmente, opina a autora da recensión que *Ícaro* supón a confirmación definitiva para o seu autor "como un dos poetas imprescindibles nestes momentos".

Referencias varias:

-Antonio Rodríguez, "Rafa Villar ponse ás"/"A editorial lusa Tema publica '*Ícaro*', un novo poemario de Rafa Villar", *O Correo Galego,* "AFA"*/El Correo Gallego*, 27 agosto 1999, p. 33/p. 75.

Expón as razóns polas que Rafa Villar neste novo libro se aproxima ó mito clásico de Ícaro e recolle as súas palabras, a través das cales comenta que *Ícaro* "é un libro sobre o individuo" e que nel plasma a súa ideoloxía. Sinala que se trata da primeira entrega dunha triloxía que o escritor da Costa da Morte está a realizar e refírese á "crise de creación" que sufrira anos atrás, ademais de recolle-la súa opinión sobre o feito de que este poemario se publique en Portugal.

- Carme Vidal, "Alberto Augusto Miranda, editor de libros galegos en Lisboa", *A Nosa Terra*, nº 900, "Guieiro Cultural", 16 setembro 1999, p. 32.

Dá conta dos inicios da portuguesa Edições Tema, que está dirixida por Alberto Augusto Miranda e que xa ten publicado a obra de certos autores galegos, dos que achega o seu nome. Refírese ó modo que ten de face-las tiradas e de divulga-las obras, ademais de recolle-lo parecer de Miranda sobre a poesía que se está

a facer en Galicia. Por último, presenta a opinión de Luísa Villalta, que foi quen comezou esta proposta editorial con *Rota ao interior do ollo* (1995), e de Rafa Villar, que vén de publicar nela *Ícaro*, sobre esta editorial que promove a nosa literatura no mundo cultural luso.

Villar Janeiro, Helena*, Álbum de fotos*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 86, outubro 1999, 61 pp. (ISBN: 84-89814-74-0).

Esta nova entrega poética de Helena Villar Janeiro (Becerreá, Lugo, 1940) está formada por vinteoito poemas titulados, que se constitúen nun verdadeiro álbum de fotos de lembranzas e vivencias da autora. No poemario teñen cabida os recordos da infancia a través das figuras do avó e da avoa, da primeira comuñón, as evocacións á paisaxe da montaña, á casa familiar e ás festas e romarías. Tamén se detén na adolescencia ó lembra-los momentos de estudio e o descubrimento do amor, poemas que nos conducen á etapa adulta en Compostela, ás viaxes polo estranxeiro, á voda e a acontecementos puntuais do presente. O "eu poético" está presente nos poemas máis introspectivos e intimistas, "Enterro dun poeta", "Paseo pola rúa da Raíña", "No camiño da noite estrelecida" e "Bañista".

Recensións:

Helena González, "Lembra", *O Correo Galego,* "*Revista das Letras*", nº 290, 25 novembro 1999, pp. 4-5.
Vicente Araguas, "Instantáneas", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 5, 10 decembro 1999, p. 3

Ver Kruckenberg, Carme, *Poemas sen resposta*, nestas páxinas.

Comentario da obra *Álbum de fotos*, de Helena Villar Janeiro, no que a escritora outorga linguaxe poética a unha serie de fotografías. Sinala que este recurso, empregado por outros autores de poesía, “non desentoa en absoluto”, que a mensaxe do libro é implícita, a voz da autora non é “impostada” e que non existe un “desfase entre o que se di e como”. Encadra á poetisa entre a xeración das Festas Minervais e a do sesenta e oito, aprecia nela unha poética clásica, confortable e sen disonancias conceptuais ou estéticas, e opina que se atopa entre os que posúen unha visión diáfana da xogada, cunha ollada funcional reinventando o pasado e detendo o presente. Salienta a elegancia e pudor á hora de expresa-los seus sentimentos últimos, presentes no volume. Pois, segundo Araguas, é unha poetisa lírica e agradécelle que non escollese para este libro a épica ou narrativa.

Referencias varias:

- R. G., “Kruckenberg, Helena Villar e Seoane ditan novos poemarios”, *La Voz de Galicia*, 10 cembro 1999, p. 88. Ver Kruckenberg, Carme, *Poemas sen resposta*, nestas páxinas.

Villar Janeiro, Helena, *Nas hedras da clepsidra*, IVº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 1998, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, 1999, 38 pp. (ISBN: 84-7492-942-3).

Breve entrega de dezaseis poemas titulados de Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) cos que gañou o IVº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón convocado polo Concello de Dodro. Tematicamente atopamos dende a presencia de lugares simbólicos relacionados cun estado puro e inxenuo de infancia, lembranza que fai evidente o paso inexorable do tempo como nos dous primeiros poemas, “Dona do tempo todo” e “Na voz da noite sei da miña tribo”, que trae consigo un forte sentimento de soidade e orfandade, ata a busca dun mesmo como en “Nas bóvedas da espera”, así como unha presencia negativa en practicamente tódolos poemas, moitas veces identificada claramente coa morte. Relacionado co título atopamos o poema “Señora da clepsidra”, dedicado a dona Sancha, muller de Fernando Moscoso, coa que o eu poético fala nunha conversa imposible ante a súa ruinosa tumba chea de hedras. É moi significativo o uso constante de metáforas, así como formalmente, a presencia de versos longos en contraste con outros moi breves que rompen e aceleran o ritmo, en consonancia coa temática do paso do tempo.

II. Poesía

II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles

Castroviejo, José María, *Poesía*, ed., introd. e notas léxicas de Manuel Mourelle de Lema, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 1999, 194 pp. (ISBN: 84-7492-943-1).

Edición anotada, en castelán, da poesía de José María Castroviejo (Santiago de Compostela, 1909-Tirán, 1983), a cargo de Manuel Mourelle de Lema. A obra consta dunha “Introducción”, na que se ofrecen unhas notas sobre o contexto histórico no que lle tocou vivir ó poeta compostelán; alúdese ó contido da súa poesía, “altamente vivencial” e “un arte del decir que no comunica propiamente los sentimientos del autor” e, finalmente, describe os tres poemarios que aparecen nesta obra: *Mar del sol. Poemas de un diario a bordo*, escrito no ano 1933 a bordo do pesqueiro María del Carmen que percorría os mares de Irlanda e publicado en 1940; *Altura. Poemas de guerra*, publicado no ano 1938 e *Tempo de outono e outros poemas*, publicado na colección de poesía Salnés en 1964 e precedido por un “Limiar” no que o autor escribiu “E ista a primeira obra miña escrita en galego, inda que tivera feito antes algunha cousa solitaria”. Trátase dunha obra “escrita co corazón” e constitúe “a ofrenda dun mariñeiro aldeán a Galicia”, segundo afirma o autor no citado “Limiar”. A seguir, reprodúcense os versos dos seus poemarios, precedidos por unha nota do editor e acompañados por un amplo número de notas léxicas que axudan á comprensión dos textos. Para rematar, ofrece un índice de vocabulos, un índice de poemas e outro índice xeral.

Cuña Novás, Manuel, *Fabulario Novo*, Pontevedra: Servicio de Publicacións Deputación Provincial de Pontevedra, col. Benito Soto, 1999, 93 pp. (ISBN: 84-89690-81-2). ¤

Edición fascimilar do poemario publicado na colección Benito Soto no ano 1952. Na lapela dáse noticia da creación deste proxecto nos anos da posguerra e infórmase do 50 aniversario dos libros *Madrigal*, *Como el Río* e *Poemas de ti e de min*, publicados por este selo. O volume leva unha cuberta deseñada por Rafael Alonso e reproduce, ademais, unha dedicatoria autógrafa do exemplar ó doutor José Ramón Martínez Díaz.

Referencias varias:

Xesús Alonso Montero, “Un pirata na poesía galega”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 27 agosto 1999,

14. Alude ó nacemento en 1949 da colección de poesía “Benito Soto” en Pontevedra, que publicou libros ata 1951, dez deles en galego, sendo os autores Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, Cunqueiro, Carballo Calero, Pimentel, Manuel María, Augusto Casal, Manuel Fabeiro, Juán Pérez Creus, Cuña Novás e Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, comenta os problemas que tivo a publicación debido ó malestar provocado nas “voces influíntes da cidade” polo feito de titulala co nome do pirata da Moureira e que foron resoltos polo bo facer do impresor Sabino Torres, quen despois codirixiu a colección xunto a Celso Emilio Ferreiro. Así pois, celebra tal título por emula-la trasgresión do pirata e anuncia a edición facsímil de *Musa alemá*, obra censurada de Celso Emilio e Antonio Blanco Freijeiro, e de *Fabulario Novo*, de Cuña Novás, os dous libros publicados fóra da colección, no marco do cincuentenario desta iniciativa.

- D. P., “Presentación de la reedición de dos libros de la colección ‘Benito Soto”/“La colección ‘Benito Soto’ recibe su primer homenaje por parte del Museo”, *Diario de Pontevedra*, 29 novembro 1999/30 novembro 1999, p. 10/p. 8.

Achega certos datos biográficos da colección de poesía “Benito Soto” e dá conta dos actos organizados co gallo da conmemoración do cincuenta aniversario do seu nacemento. Entre eles, cita a presentación da reedición de dúas das súas publicacións: *Musa Alemá*, de Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro, que foi considerada polo seu propio editor, Sabino Torres, “el mejor libro lírico de Ferreiro”, e *Fabulario Novo*, de Manuel Cuña Novás. Recolle tamén unhas declaracións de Alonso Montero, quen se pronunciou sobre a citada colección, e informa da celebración da conferencia “A colección Benito Soto na Pontevedra dos anos 40”, que será impartida polo propio Sabino Torres.

- D. P., “La colección ‘Benito Soto’, recibió el último homenaje de su 50 aniversario”, *Diario de Pontevedra*, 4 decembro 1999, p. 12.

Faise eco dos actos organizados para conmemora-lo 50 aniversario da colección de poesía Benito Soto, entre os que salienta, a homenaxe que realizou o Museo e que serviu para presenta-las edicións facsímiles de *Fabulario Novo*, de Manuel Cuña Novás e *Musa Alemá*, de Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freixeiro.

- María G. Eyo, “A editorial pontevedresa Benito Soto cumpre medio século”, *El Mundo. Galicia,* 6 decembro1999, p. 7.

Informa da presentación de dous facsímiles de obras poéticas que foran publicadas na colección de poesía Benito Soto: *Fabulario Novo* e *Musa Alemá*. Rememórase, ó mesmo tempo, o labor de recuperación literaria

que provocaron os promotores desta colección ó publicar neses anos da dictadura libros de poemas en galego sen pasar polas instancias administrativas da época.

Curros Enríquez, Manuel, *O Divino Sainete*, ed. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 45, 1999, 146 pp. (ISBN: 84-8302-358-X).

O texto está precedido por unha extensa introducción na que se expoñen datos biobliográficos e se fai unha reconstrucción do contexto socio-político e literario da época de Manuel Curros Enríquez (Celanova, Ourense, 1851-A Habana, 1908). Segue o estudio cunha lectura de *O Divino Sainete*, onde se tratan cuestións como as influencias literarias na obra, a estructura formal, a métrica, o contido e os principais recursos estilísticos. A análise complétase cun achegamento á lingua e coa exposición dos criterios da edición e dunha selección bibliográfica. A obra inclúe ademais un glosario de termos.

Recensións:

- Estro Montaña, “Sempre Curros”, *Guía dos libros novos,* nº 8, “Poesía”, xuño 1999, p. 23.

Saliéntase a achega de Xavier R. Baixeras, nesta obra de Curros Enríquez, ó contexto socio-político para unha mellor comprensión das reaccións suscitadas pola obra no seu momento, ademais de sinala-lo posicionamento político do autor e a súa defensa da práctica dun cristianismo primitivo fronte ó “escurantismo eclesiástico” da súa época. Tamén se sinala o estudio das relacións da obra coa poesía peninsular e dentro do propio contexto galego, así como as influencias de figuras como Voltaire, Quevedo, Víctor Hugo, Guerra Junqueiro ou Petrarca.

Díaz Jácome, José, *Primeiras cantigas do amor*, introds. de Armando Requeixo e Luís Alonso Girgado, Mondoñedo-Lugo: Concello de Mondoñedo, abril 1999, [20 pp.]. (Sen ISBN nin D. L.). ¤

Edición facsimilar do opúsculo *Primeiras cantigas de Amor*, de José Díaz Jácome (Os Muíños, Mondoñedo, 1910-A Coruña, 1988), publicado por primeira vez en 1936 pola Editorial Un, de Mondoñedo. O volume fora ilustrado por Vidarte e conta cun breve epílogo no que Álvaro Cunqueiro se refire en ton lírico á esencialidade da poesía. Agora aparecen estas oito cantigas acompañadas polas palabras introductorias de Armando Requeixo e Luís Alonso Girgado. A de Requeixo titúlase “Muiñeiro fidel de versos e de soños” e nela trázase sucintamente unha visión panorámica da vida de Díaz Jácome, así como do seu labor como escritor e xornalista. Pola súa parte en “Novas primaveras para unhas cantigas”, Alonso Girgado refírese á precoz vocación poética do autor, inscrita no contexto do Mondoñedo dos anos trinta e no seo da mocidade galeguista desta vila. Ademais, alude á relación de Díaz Jácome con Cunqueiro, co ilustrador Vidarte e co impresor Xesús López Díaz e sinala que o modelo do soporte material de *Cantigasdo amor*, hai que buscalo nos tarxetóns poéticos a cores de *Papel de Color* e *Frol de Diversos*,impulsados por Álvaro Cunqueiro. Menciónase tamén nesta introducción a coincidencia dos críticos ó situaren a Díaz Jácome como “virtuoso da cantiga neotrobadoresca” e, ademais da presencia dos recursos propios da cantiga medieval, apúntanse outras características como a gracia, lixeireza, ton de celebración e exaltación, o recendo xuvenil ou a presencia do mar nestes versos.

Recensións:

- Ramón Nicolás Rodríguez, “Primeiros versos de Díaz Jácome”, *La Voz de Galicia,* “*Culturas*”, nº 85, 6 xullo 1999, p. 7.

Breve comentario que fai mención da iniciativa levada a cabo polo Concello de Mondoñedo, consistente na edición fascimilar dos poemas de Xosé Díaz Jácome. Considera fundamental a divulgación dalgúns textos que resultaban inaccesibles e cualifica de documentada a introducción de Armando Requeixo e Luís Alonso Girgado. Por outra banda, salienta o “gozo estético” que produce a lectura destes poemas.

- Xavier Castro R., “Lembranza de Xosé Díaz Jácome”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 3 outubro 1999, p. 7.

Refírese ó quefacer poético e xornalístico de Xosé Díaz Jácome e informa que se vén de reeditar facsimilarmente a primeira edición da súa obra, *Primeiras cantigas do amor*, que fora a terceira e última das entregas da particular “factoria” editorial Un. Achega outros títulos publicados por dita editorial e sinala que, gracias a esta publicación, recuperamos oito textos marcados pola palabra poética do neotrobadorismo con debuxos de Vidarte e epílogo lírico de Cunqueiro.

Ferreiro, Celso Emilio e Antonio **Blanco Freijeiro**, *Musa Alemá. (Versión de 6 poetas)*, prólogo de Aquilino Iglesia Alvariño, ilust. Rafael Alonso, Pontevedra: Colección Hipocampo Amigo, 1999, 57 pp. (sen ISBN nin D. L.).

Edición facsimilar do poemario *Musa alemá (versión de 6 poetas)* (1951), volume extraordinario nº I da Colección Benito Soto publicado polo editor Sabino Torres que a penas acadou circulación no seu día ó ser retirado das librerías pola censura. Trátase dunha edición que só adapta o formato e a portada e respecta o prólogo de Aquilino Iglesia Alvariño e as ilustracións de Rafael Alonso respecto á obra orixinal. Recolle a traducción para o galego que Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro fixeron de 15 poemas dos poetas románticos alemáns Friedrich Hörderlin, Heinrich Heine, R. Dehemel, Rainer Maria Rilke, Agnes Miegele e Franz Werfel como paradigma da *Sehnsucht,* representación alemana da saudade galega.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “Un pirata na poesía galega”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 27 agosto 1999, p. 14.

Ver Cuña Novás, Manuel, *Fabulario Novo*, nestas páxinas.

- D. P., “Presentación de la reedición de dos libros de la colección ‘Benito Soto”/“La colección ‘Benito Soto’ recibe su primer homenaje por parte del Museo”, *Diario de Pontevedra*, 29 novembro 1999/30 novembro 1999, p. 10/p. 8.

Ver Cuña Novás, Manuel, *Fabulario Novo*, nestas páxinas.

- Dunja Von Morzé e Marga Romero, "*Musa Alemá*: Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro Traductores", *Galicien Magazin*, "Beiträge", nº 8, novembro 1999, pp. 5-10.

Céntranse as autoras nas orixes, evolución e andainas da revista clandestina *Burla Negra de Benito Soto*, ideada por Sabino Torres, na que se recollía o mellor da poesía de finais da década dos 40 e 50. Así mesmo, dan conta da publicación, como número extraordinario, da antoloxía poética *A Musa Alemá*, na que se recollían poemas traducidos do alemán ó galego por Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro. Na última parte do artigo, ofrécese unha bibliografía do tema e ademais tradúcese ó alemán o poema "Digo Viet Nam e basta.." por Nuno Oliveira e Montse Bascoy.

- Marga Romero, "A Musa Alemá de Benito Soto", *A Nosa Terra*, nº 911, "Guieiro Cultural", 2 decembro 1999, p. 31.

Sinala que este libro, que en marzo de 1951 se remataba de imprimir no obradoiro pontevedrés "Gráficas Torres" e que foi a primeira antoloxía poética da literatura alemana traducida ó galego, pasou á historia da literatura galega por meras alusións. Dá conta dos achegamentos existentes entre a literatura alemana e a galega, antes e despois da publicación de *Musa Alemá*, e comenta certos aspectos referentes a esta obra, como son o traballo realizado por Antonio Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro e o descoñecemento dos criterios seguidos na escolla dos poemas.

- D. P., "La colección 'Benito Soto', recibió el último homenaje de su 50 aniversario", *Diario de Pontevedra*, 4 decembro 1999, p. 12.

Ver Cuña Novás, Manuel, *Fabulario Novo*, nestas páxinas.

- María G. Eyo, “A editorial pontevedresa Benito Soto cumpre medio século”, *El Mundo*. *Galicia*, 6 decembro 1999, p. 7.

Ver Cuña Novás, Manuel, *Fabulario Novo*, nestas páxinas.

Lamas Carvajal, Valentín, *Espiñas, follas e flores, colección de versiños galegos. Ramiño Primeiro*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), outubro 1999, 145 pp. (ISBN: 84-453-2590-6). ¤

Comeza o libro cunha dedicatoria ó “meu filliño”, na que Lamas Carvajal o convida “cando chegues a ser home” a senti-lo amor pola terra. Séguelle un “Prólogo” no que salienta o labor realizado polos escritores do Rexurdimento e polos Precursores destes, desexando que el con esta obriña “pódia seguir á senda de frores por que camiñaron istes xénios” e desexando poder espertar cos seus versos o amor pola lingua en tódalas xentes. Veñen, a continuación, vintenove poemas que presentan unha temática variada: a referencia á lingua galega, á súa paisaxe e ás súas xentes, o recordo e homenaxe a persoas concretas e a comuñón do poeta coa terra xunto a outros poemas intimistas, existenciais, amorosos, de temática relixiosa ou da emigración.

López, Aurora, Teresa **Luján** e Andrés **Pociña**, *Saloucos (15 poetas da terra nai)*, Vigo: Galaxia/Xunta de Galicia, 1999, 187 pp. (ISBN: 84-453-24-35-7). ¤

Volume de formato grande e pastas duras que se distribúe acompañado dun CD insertado na contracapa do libro, que contén as cancións na voz de Aurora López e acompañada ó piano por Teresa Luján, que tamén se encargou dos arranxos. No limiar, Andrés Pociña presenta a Aurora López como a verdadeira artífice da obra, describe a traxectoria musical desta galega afincada en Granada e explica a xénese de *Saloucos*. A seguir, presenta cadanseu poema de Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Federico García Lorca, Xosé María Díaz Castro, María Mariño Carou, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María do Carme Krukenberg, Xosé L. Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, Arcadio López-Casanova, Andrés Pociña e Claudio Rodríguez Fer, que están seguidos dunha versión musical a cargo de Aurora López, con notación incluída, e precedidos dunha breve presentación de cada autor, na que Andrés Pociña repasa e caracteriza brevemente a producción literaria de cada un, comenta a relación dalgúns coa música e mesmo chega a incluír, no caso dos escritores vivos, anécdotas que a el lle aconteceron.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Música", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 72, 29 xullo 1999, p. 8.

Comeza cunha descrición do libro, do que destaca a beleza e a singularidade, así como o feito de levar un “título tan fermoso como antanón”. Trala gabanza do resultado final, fai unha semblanza de Aurora López e do traballo levado a cabo por Andrés Pociña. Conclúe o texto cun comentario sobre algunhas cuestións puntuais da obra.

-M. Blanco Rivas, “Cancións sobre poemas galegos dos séculos XIX e XX”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”, nº 120, 18 agosto 1999, p. 2.

Descrición da estructura do libro á que segue unha semblanza de Aurora López, onde destacan a voz e o “gusto interpretativo”. Ofrécese unha nómina dos autores dos textos musicados e valóranse positivamente os arranxos de Teresa Luján. Finalmente, destácase o coidado filolóxico dos poemas, responsabilidade de Andrés Pociña.

Referencias varias:

- M. Dourado Deira, “Saloucos, 15 poetas da Terra Nai”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 31 xullo 1999, p. 3.

Manifesta a sorpresa que lle produce a publicación do libro pola Xunta de Galicia e a Editorial Galaxia e refírese a outros traballos levados a cabo polo “matrimonio Pociña”, destacando a magnitude da súa *Documentación Biográfica y Bibliografía Crítica* sobre Rosalía de Castro. Logo de denuncia-los “moitos silencios e displicencias institucionais respecto dos Pociña” cometidos, fai unha descrición do libro, cualificándoo en termos moi positivos.

- Manuel Dourado Deira, “Unha escolma poética de difícil selección”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 7 agosto 1999, p. 3.

Despois de recibi-lo exemplar de *Saloucos, 15 poetas da Terra Nai* e de ter xa escrito unhas “breves notas” sobre el, comenta que agora vai facer algunhas precisións. Así delimita o traballo que neste volume fixeron Aurora López, Teresa Luján e Andrés Pociña e refírese á selección que realizaron, da que din que foi “un parto doloroso: 15 autores resultan moi poucos no vasto eido da poesía galega”.

- Pura Vázquez, “As cantigas de Lorca”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 setembro 1999, p. 27.

Dá conta do traballo efectuado polos creadores deste libro de música e de poesía e sinala que, segundo Andrés Pociña, foi “un parto doloroso”, porque falta xente e porque sería fermoso que puidesen participar todos neste “fecundo exemplo solidadrio”.

- Miguel Anxo Seixas, “Cantart’ei, Galicia”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 13 setembro 1999, p. 3.

Achega o nome das composicións e dos seus respectivos autores que aparecen recollidas en *Saloucos (15 poetas da terra nai)*, ás que lle poñen voz e música Aurora López con arranxos e piano de Teresa Luján. Refírese á tradición nacida na idade media da arte de vestir con voces as letras doutros e dá conta dos discos que ultimamente teñen aparecido. Por último, volve facer fincapé nesta nova publicación, na que tamén colaborou Andrés Pociña.

López-Casanova, Arcadio, *Mesteres*, ed. de Román Raña, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 48, 1999, 135 pp. (ISBN: 84-8302-412-8).

Desta volta Edicións Xerais de Galicia recupera para os lectores do cambio de milenio unha obra que supuxo, segundo se di na introducción da autoría de Román Raña, unha mudanza, unha fenda, na orientación poética no socialrealismo dos anos sesenta e sententa que derivaría cara a unha viraxe de tratamento e cultivo poético nos oitenta. Na introducción da obra Román Raña ofrece unha sucinta biografía do autor e sitúao no sistema literario galego, á vez procura contextualiza-lo poemario no contexto da época e no conxunto da súa obra creactiva. A seguir fai unha detallada análise da obra en si, dende o deseño editorial, ós eixos temáticos, pasando polos campos sémicos, alén dos símbolos e recursos lingüísticos empregados. De seguido aparece o poemario cun convenientemente acompañado cun aparato crítico que permite ó lector unha lectura minuciosa. Os poemas constitúen pezas protagonizadas polo exilio, a morte, a infancia labrega, a desposesión ou a metapoesía, cun “eu lírico” introspectivo que emprega unha linguaxe selecta coa que se interroga así mesmo e ó lector. No final do libro aparece un glosario no que se recollen moitos termos que requiren unha mínima explicación para lectura máis profunda.

Lorenzo Varela, Xesús Manuel, *Ofrenda a los franceses. Offrande aux français*. *Ofrenda ós franceses. (en 14 linguas),* ed. e prólogo de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, marzo 1999, 58 pp. (ISBN: 84-7492-915-6).

No limiar co que comeza este opúsculo indícase que é unha das publicacións que recibiron os asistentes a "60 anos despois. Congreso para o estudio do exilio republicano", celebrado en Compostela en marzo de 1999. A seguir, Xesús Alonso Montero, achéganos unha nota biobibliográfica de Lorenzo Varela (A Habana, 1916-Madrid, 1978) en "Do home, do escritor", para a que se centra nas actividades deste lugués no exilio. Na segunda parte do prólogo, "Ofrenda a los franceses", estudia brevemente o poema, tanto dende o punto de vista paratextual coma interpretativo. A parte central da obra está ocupada pola edición do poema antedito ás seguintes linguas: francés, galego, catalán, éuscaro, portugués, alemán, danés, inglés, italiano, occitano, romanés, ruso, xaponés e bretón, esta última exenta, por chegar cando a obra estaba no prelo. Péchase o volume cunha táboa de traductores.

Referencias varias:

-Alonso Montero, "Lorenzo Varela en 15 linguas", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 14 marzo 1999, p. 16.

Sinala que vén de editarse en 15 idiomas o poema "Ofrenda a los franceses", que fora publicado por Lorenzo Varela en 1944 na revista bonaerense, *Correo Literario*. Apunta que o poema citado se titula "Ofrenda" porque nel o seu autor agasalla ós franceses libertadores cunha palabra do seu país que el ama moito, co nome dun

monte do seu Monterroso: “o Cairón”. Aclara que son 15 e non 14 os idiomas ós que esta composición foi traducida, xa que a traducción bretona chegou tarde e aparece como folla solta. Por último, afirma que con esta edición “faise xustiza, creo, a un poema moi importante no que un ilustre exiliado noso fala do exilio”.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, *Poesía enteira de Heriberto Bens*, ed. Anxo Angueira, ilust. Luís Seoane, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 46, 1999, 136 pp. (ISBN: 84-8302-359-8).

Conta o poemario de Ferrín (Ourense, 1938) cun estudio previo de Anxo Angueira, repartido nestes temas: “Perfil biográfico”, “A alteridade en Méndez Ferrín. Heriberto Bens”, “A poesía de Heriberto Bens no seu contexto. Escola formalista e social-realismo”, “Distanciamento vaticinante”, “A épica de Heriberto Bens”, “Lingua e estilo”, “Conclusións”, “A nosa edición”, “Bibliografía básica”. Angueira di nesta introducción: “Heriberto Bens é un claro elo que rescata directamente a poesía e as figuras , practicamente illadas e descoñecidas, dos poetas exiliados”. Tamén cualifica o *alter ego* de Ferrín deste xeito: “O poeta por excelencia da primeira etapa do proxecto político da UPG”. Di del, finalmente, que intervén ó lado de Ferrín e dos membros de Rompente no proceso renovador da poesía galega de mediados dos setenta. Angueira segue a edición de Xerais do ano 80, engadindo o poema “Unión do Pobo Galego”, editado na revista*Terra e Tempo* en 1977, e retirando “Reclamo a libertade pró meu pobo” por estar incluído en *Con pólvora e magnolias* (1975). Respecta o texto orixinal, agás algunha pequena adaptación ortográfica. O poemario é o xa sabido canto patriótico e proletario de Ferrín cos seus apartados “Noticia de Heriberto Bens”, onde o autor intenta darlle autenticidade ó seu heterónimo, e os grupos de poemas “Cantos”, “Sonetos”, “Homes” e “Elexías nacionais”.

Recensións:

- Joaquim Ventura, “Un clásico contracorrente”, *Guía dos libros novos*, nº 8, “Poesía”, xuño 1999, p. 25.

Fálase deste libro de X. L. Méndez Ferrín das diverxencia entre a ideoloxía do autor e o labor poético, salientando a vixencia da obra para este e algunha corrente de pensamento político nacionalista, pero sinalando que tanto esta obra coma *Estirpe* (1994) van contracorrente e fóra de tempo. Sinala tamén algunhas eivas no estudio de Anxo Angueira, pedindo un maior rigor porque os potenciais lectores son as novas xeracións que non viviron a época na que se sitúa, así como a acusación de que cae "na mímese do revolucionarismo mendezferrinino".

Novo, Olga, *A teta sobre o sol*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, 1999, 34 pp. (ISBN: 84-922620-8-7). .

Nova edición do poemario de Olga Novo (Vilarmao-Pobra do Brollón, 1975) que viu a luz por vez primeira no ano 1996 a cargo de Edicións do Dragón. Ábrese ó volume cunha nota introductoria da autora na que se manifesta en contra dunha civilización que vive de costas á verdade e á beleza e na que considera o amor como único redentor para "ler pracidamente o libro da vida". A continuación, reprodúcense as composicións nas que a diversidade métrica é o trazo máis significativo dende o punto de vista da forma. O eixe temático dos textos é o erotismo que se reflicte no estalido dos sentimentos, nas sensacións máis íntimas que ó eu lírico lle producen o amor e na ausencia dese amor vivido. Así mesmo, é constante a presencia dun interlocutor en segunda persoa, presunto amante, co que establece un permanente diálogo e faino partícipe do descubrimento do universo a través do sexo, a entrega amorosa e a paixón.

Soto Rodríguez, Xosé, *Cara a unha poética ecoloxista: Noriega*, limiar de X. Antonio Quiroga, ilust. Ángel Gómez, Santiago de Compostela: Fundación Xosé Soto de Fión, decembro 1999, 139 pp. (ISBN: 84-605-9713-X). ¤

Primeiro volume publicado pola Fundación Xosé Soto de Fión, dedicado a recupera-la poesía de Noriega Varela (Lugo, 1869-1947). No "Limiar", X. Antonio Quiroga presenta este volume bilingüe galego-castelán e afirma que "sae a rúa para vindicar o labor de resistencia frente a colonización reglamentadora encabezada pola agresión televisiva, que coma unha estadea de ficción, quere borrar a raigame do noso maxín colectivo". Trátase, en fin, dun "berro de urxencia, para que non se poida perder toda a poesía que contén un xiro tan propio como "*afellas que me non foidesdoado*", unhas verbas e regras que son toda unha filosofía". A seguir, reprodúcense numerosos poemas de Noriega Varela, pertencentes a *Do Ermo*, cunha serie de comentarios e notas biográficas da man de Xosé de Arxeriz. O autor deste volume afirma que non atopou a maneira de "mante-lo metro e maila rima" dalgúns versos "sen lles botar man ós trocamentos". Engade que se trata dunha "poesía rusticista, ceibe de apósitos de convención vilega", sobria no uso de ornamentos, cun "toque pousón, retranqueiro", chea de sensibilidades e emocións. A continuación, ofrece un apartado titulado "Variantes léxicas e locucións de seu na poesía de Noriega", no que analiza, con detalle, as características do léxico empregado polo autor. Afirma que se trata dunha grafía "abundosa en apóstrofes e riscadelas, usados con escasa firmedume de criterio", emprega "con teimosía o demiuditivo" e incorpora "con xenerosía o vulgarismo". Para rematar, inclúe un glosario no que se recollen unha serie de termos empregados por Noriega Varela nos seus versos.

II. Poesía

II. 3. Traduccións ou versións

Alpera, Lluís, *Taronja de cel de Novembre. Laranxa de ceo de Novembro*, selección e trad. de Xosé Luís Méndez Ferrín, Valencia: 7 i mig, col. Poesía, outubro 1999, 77 pp. (ISBN: 84-95043-37-8). ¤

Antoloxía de Lluís Alpera (Valencia, 1938) que recolle trinta e dúas composicións en edición bilingüe, precedidas dunha breve nota, na que o traductor deixa constancia da súa proximidade estética ó poeta. Nos textos recompilados predomina unha constante reflexión sobre temas universais, como o paso do tempo, a derrota e a morte, o erotismo e o amor. O diálogo coa tradición literaria, especialmente a grecolatina, é tamén unha constante. Dende o punto de vista formal, destaca o esteticismo e o ton barroquizante das composicións.

Recensións:

- Vicente Araguas, "Alpera por Ferrín", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 295, 30 decembro 1999, p. 9.

Faise eco da producción de Lluis Alpera e puntualiza que, a partir de 1985, desbota as tentacións ou estratexias realistas que anteriormente encheran a súa obra de significado ético e que é, nesta nova liña, onde está inserida *Taronja de cel de Novembre*. Comenta que se trata dun libro amplo e vigoroso, no que teñen entrada a ética, a estética e un sentido opulento da métrica e da temática. Dá conta do tipo de poemas que recolle e declara que a traducción feita por X. L. Méndez Ferrín é "moi gustosa" e non ten

“intencións recreativas senón subliñadoras”, ademais de presentar esa linguaxe “opulenta, emotiva –barroca– que o poeta ourensán ten rexistrada”.

Referencias varias:

- C. V., “Ferrin anosa a poesia de Lluís Alpera”, *A Nosa Terra*, nº 892, “Guieiro Cultural”, 22 xullo 1999, p. 26.

Comenta que X. L. Méndez Ferrín toma de Álvaro Cunqueiro o concepto de “anosar”, “convertir en noso o que era alleo”, para presenta-la súa traducción da antoloxía do poeta valenciano Lluís Alpera. Dá conta do papel que a traducción ten na obra de Ferrín e da relación que este mantén dende hai anos co autor valenciano citado. Remata mostrando a opinión do autor ourensán sobre as relacións exteriores do galego e a traducción, ademais de reproduci-la composición “A barcaza de Carón”, de Alpera.

- X. L. Méndez Ferrín, “Migreiras na Maía”, *Faro de Vigo*, 2 agosto 1999, p. 2. A raíz dun artigo de Alfredo Conde, dá conta das solucións que tomaron as diferentes linguas da Península para referirse á especie da familia das puniáceas que ten por nome científico *Punica Granatum L.*. Sinala que no século XIII Airas Nunes empregou a solución “milgranada” e que, cando quixo traducir un poema de Lluis Alpera, empregou a forma adoptada polos galego-falantes dos concellos estremeños da Serra da Gata, “migreira”.

- R. C. G., “Alpera dice que la poesía es el reto por excelencia”, *El Progreso*, 10 novembro 1999, p. 75.

Conversa con Lluís Alpera, que vén de presentar na librería Alonso de Lugo a edición bilingüe da súa antoloxía poética. Sinala que esta obra foi concibida como “un reto y una aventura” e comenta como foi realizada. Considera que a resposta do público ante este libro pode “ayudarse” en que sexa unha curiosidade e que conte con Méndez Ferrín como introductor e traductor. Tamén se informa de que, despois da presentación, tivo lugar un recital de poemas de Alpera, traducidos ó galego, polo propio autor e Bernardino Graña.

Grünbein, Durs, *Zona gris á mañá*, escolma e trad. de Franck Meyer, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 13, 1999, 110 pp. (ISBN: 84-8302-334-2).

Recóllense neste libro catro escolmas de cadanseus poemarios que mostran a evolución poética de Durs Grünbein (Dresde, 1962) dende os seus comezos ata arestora. Antes aparece un prólogo de Franck Meyer no que, primeiramente, xustifica as razóns da escolla poética e, a seguir, presenta este novo poeta alemán que segundo informa, está a gozar do prestixio da crítica e do público. Trátase de poemas antologados dos seguintes libros: *Zona Gris á mañá* (1998), *Lección de base cranial* (1991), *Engurras e trampas* (1994) e *Aos queridos mortos* (1994) que, en edición bilingüe, mostra tamén unha evolución na creación poética deste autor alemán. Así vemos como dende o seu comezo mostra unha complexidade intelectual e formal que se acentuará con cada nova entrega poética. En tódolos poemas, maiormente nos primeiros, atopamos unha visión despiadada do mundo urbano, por outra parte auténtico motor da reflexión poética, que se reflicte como un mundo monótono, intranscendente, fisicamente horrible, inexpresivo, etc. Haberá, segundo avanza a lectura, un xiro, un troco do Modus Operandi, pois o “Eu poético” humanízase, materialízase, considérase o home como un ser físico con tódalas consecuencias. Tamén se toca a política, a condición de suxeito informativo que posúe o home, do home como masa, etc. Todo iso expresado cunha linguaxe arisca para ollos desindustrializados como os dos galegos, xa que a lingua semella máis propia das ciencias ca da poesía.

Recensións:

- Carlos L. Bernández, “Riqueza de matices”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Poesía”, outubro 1999, p. 28.

Comentario sobre *Zona gris á mañá*, de Durs Grünbein, no que se informa da temática dos catro poemarios escolmados nesta antoloxía. Do primeiro, que dá título a escolma resalta a presencia do contexto sociopolítico no que se formou o autor e a descrición negativa dun mundo urbano onde os seres son sombras. Considera que no segundo, “Lección de base cranial”, se reflexiona sobre o ser humano cunha visión de “carnalidade bioloxicista” e o referente desta actitude. De “Engurras e trampas” alude ós cambios producidos na poesía deste autor e de “Aos queridos mortos” ó retorno do tema da morte e da dicción esgrevia ós seus poemas. Opina que a obra deste autor é complexa, sutil e está en contacto coa tradición e a modernidade. Salienta o labor do traductor, Frank Meyer, na elaboración desta edición bilingüe, cualifica de excelentes as súas versións e considera de gran axuda a contextualización político-literaria que antecede ós textos.

-Montserrat Bascoy, “As cores grises”, *A Nosa Terra*, nº 909, “Guieiro Cultural”, 18 novembro 1999, pp. 23-24.

Despois de achegar algúns datos biográficos de Durs Grünbein, o texto detense en cada un dos libros que están representados na antoloxía. A respecto do primeiro, *Zona gris á mañá*, saliéntase, ademais do motivo da hora primeira do día, a dimensión crítica enfocada nunha visión deshumanizada da cidade e da morte. Con respecto a *Lección de base cranial*, coméntase a presencia de temas como a falta de humanidade, a mentira, a liberdade de expresión e a poesía. Trátase tamén a recreación de motivos como o egoísmo ou a guerra en *Enrugas e trampas*, así como o tema da morte en *Aos queridos mortos*.

Heinze de Lorenzo, Úrsula, *Credo. Gedichte/poemas*, trad. Ramón Lorenzo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 93 pp. (ISBN: 84-7492-921-0).

Nova entrega poética de Úrsula Heinze de Lorenzo (Colonia, Alemaña, 1941) desta volta cun poemario en lingua alemana, a súa lingua nai, traducido por Ramón Lorenzo ó galego. Nesta edición bilingüe, enfeitada con deseños de Isaac Díaz Pardo, vanse debullando os grandes temas da poesía: o amor sobrancea, dun xeito quer implícito quer explícito, na maioría dos poemas sendo nalgún deles o elemento central ("Bícote", "Sorriso", "Páxinas de bolboretas", "Dime", etc.). Outro tema igualmente recorrente é o da Morte que, ligado ó paso do tempo, configuran un dúo temático que loita en espacio lírico co Amoroso. Son poemas desta índole "Ceo desenganado", "Reciclar", "Anos amusgados" entre outros moitos. Outras veces mestura elementos da natureza (monte, lúa...) para evocar paisaxes que levan á voz lírica a xogar coa dualidade vida-morte, que no final do poemario fica decantada na auga, "de novo a auga para consolar" di no poema último titulado "De novo".

Recensións:

-M. Bascoi Lamelas, "Lírica alemana e galega", *A Nosa Terra*, nº 892, "Guieiro Cultural", 22 xullo 1999, p. 24.

Comeza coa traxectoria creadora de Úrsula Heinze no terreo da narrativa e da traducción, para abordar logo a súa producción lírica. Neste sentido, salienta o feito de estarmos diante da súa primeira achega poética, así como o de tratarse dun volume bilingüe, con poemas en alemán, coas súas correspondentes versións

galegas, elaboradas por Ramón Lorenzo. O autor da recensión reflexiona sobre a posible relación linguaxénero e sobre diversos aspectos do poemario, como o título ou a tematización do desengano.

-Antón Feixoo M., "Heinze transita polo amor e soidade", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 1, 12 novembro 1999, p. 3.

Comeza cun breve percorrido pola traxectoria literaria de Úrsula Heinze, denunciando o feito de non ter acadado esta "o lugar, egrexio e propio, que lle corresponde". Céntrase, a seguir, no poemario bilingüe *Credo*, traducido do alemán por Ramón Lorenzo, e do que se comentan algúns trazos como o tratamento do erotismo ou da soidade. Finalmente, valórase positivamente a obra, "aínda que non constitúa unha dasmellores contribucións de Úrsula ás nosas letras" e reclama para ela un espacio nos andeis das bibliotecas.

-Montserrat Bascoy Lamelas, "Dúas poetas alemanas en galego", *Galicien Magazin*, nº 8, "Rezensionen", novembro, 1999, pp. 47-48.

Breve recensión que toca a temática da colección de poemas *Aquí*, de Hilde Domin quen propón unha participación activa do lector para a realización artística dos seus textos, e máis *Credo*, de Úrsula Heinze quen fala dende unha perspectiva intimista de tres temas clásicos do universo poético: a vida, a morte e o amor. Ámbalas dúas obras, traducidas ó galego en 1998 e 1999, respectivamente, están dispoñibles nas librerías galegas en versión bilingüe alemán-galego.

Padrón, Justo Jorge, *Calafrío*, trad. Miro Villar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, 85 pp. (ISBN: 84-8302-476-4).

O existencialismo é o principal referente nesta obra de Justo Jorge Padrón (Las Palmas, 1943). Está estructurada en cinco partes de cadanseus dez poemas. “O sangue irrefreable” trata da necesidade de vivi-la vida na súa plenitude, sen covardía, tomándoa de fronte e arriscándose. O goce tiraniza porque é imposible substraerse a el. O home é visto como unha realidade dual e témese a súa conciencia oculta. En “O amor elixe a súa verea” coméntase a escravización que supón a integración nunha relación de parella e faise da noite, momento da relación amorosa e sexual, o centro dunha xornada carente de maior engado. “Anos de renuncias” fai da rutina a forza conductora dunha relación sentimental xa gastada polo paso do tempo e que se nutre da ocultación cómplice da verdade. Xa só fican os recordos e deséxase recobra-lo pulo xuvenil. A ausencia de referentes e a perda da memoria e da forza vital centran “A cobiza do tempo”. O poeta vexeta e as noites, noutrora intensas, non son máis cá confirmación do fracaso. O autor reserva os poemas máis longos para a derradeira sección, “Extensión da morte”, na que reflexiona sobre a extinción da vida. En conxunto, *Calafrío* é a historia lírica de toda unha vida sentimental, dende a eclosión xuvenil ata o final da existencia. Cómpre finalmente sinalar que o volume ofrece a pé de páxina e en texto corrido, cos versos separados por unha barra, a versión orixinal, en castelán, dos textos.

Piñán, Berta, Humberto **González** e Alfonso **Velázquez**, *Xeitos de falar. Mostra de poesía Asturiana*, trad. e limiar de Xavier Frías Conde, Neda-A Coruña: Edicións Río Xuvia, 1999, 71 pp. (D. L.: M-63366-1999).

Breve antoloxía en edición bilingüe galego-asturiana, que se abre cun limiar de Xavier Frías Conde, no que ofrece unha panorámica xeral da literatura asturiana na que pretende presenta-la producción nesta lingua pois considera, segundo afirma, que é a gran descoñecida das literaturas ibéricas. Despois de relacionar algúns elementos comúns entre os pobos galegos e asturianos, como símbolos que se reflicten en ambas literaturas tales como a paisaxe, o carácter ou unha similar visión do mundo, fai un breve percorrido pola historia da literatura asturiana, que sitúa como punto de inicio no século XVI con Antón de Marirreguera. Despois de citar algúns dos autores clásicos dos séculos seguintes, detense no ano 1974 como data clave na que nace a chamada Asociación "Conceyu Bable", dende a que se pretendeu normaliza-lo asturiano. Ademáis de referirse a algúns dos autores máis significativos deste momento, alude ó segundo *resurdimentu*, no cal se adscriben os autores que se inclúen no presente volume, e remata centrándose nos anos 90 nos que, segundo a súa análise, alcanza a literatura asturiana unha maior madurez. Finalmente, presenta a cada un dos autores elixidos para esta escolma: Berta Piñán (Cangas de Onís, 1963) Humberto González (Miéres, 1961) e Alfonso Velázquez (Tinéu, 1951), co que espera "que sexan a mellor carta de presentación da poesía asturiana desta fin do século XX". A seguir dá paso a unha selección de poemas de cada un dos autores.

Sacré, James, *Labrego coma (cinco veces)*, trad. Emilio Araúxo, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1999, 55 pp. (ISBN: 84-920723-1-8).

O libro de James Sacré (Vendée, 1939) está estructurado en dous bloques. O primeiro deles, "¿Que é o que se viste de poema?", está formado por un conxunto de textos que reflexionan sobre a natureza do feito poético e nos que a voz lírica amosa por veces unha vocación autobiográfica. Os poemas desta primeira parte aparecen acompañados da súa versión orixinal. A segunda, "Labrego coma (catro veces)" é unha visión da vida do labrego, figura coa que ese identifica o eu, onde se mesturan a descrición e a reflexión.

Recensións:

- Román Raña, "A poesía cara a si mesma", *Guía dos libros novos*, nº 13, "Poesía", decembro 1999, p. 24.

Ofrécense algúns fragmentos das poesías contidas no volume de James Sacré, a través dos que se fala da reflexión e indagación sobre a propia poesía, chamada "metapoesía", sobranceando a constante presencia de preguntas sen resposta, ademais do estilo caracterizado por versos curtos nos que se chega á conclusión que sempre se escribe o mesmo poema, que non hai novidade. Fálase dalgúns dos temas que poetiza, entre eles as referencias vivenciais, o pasado da infancia na aldea ou as semellanzas rurais entre diferentes países, o cal os achega a través das afinidades que se atopan.

Toro Santos, Antonio Raúl de, *Poesía irlandesa contemporánea*, trad. Antonio Raúl de Toro Santos, David Clark e Emilio Ínsua González, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 92, 1999, 190 pp. (ISBN: 84-89814-86-4).

Recóllense neste libro unha mostra da poesía irlandesa en lingua inglesa dos nosos días. Así pois, reprodúcense catro poemas de Eavan Boland, Ciaran Carson, Paul Durcan, Seamus Deane, Thomas Kinsella, Derek Mahon, Medbh McGuckian, John Montague, Paul Muldoon,Richard Murphy, Bernard O'Donoghue, Tom Paulin e nove do Premio Nobel Seamus Heaney. Á beira dos orixinais en inglés aparece a traducción galega o que permite a comparación obxectiva co orixinal e, alén da lectura profunda, observa-la reviravolta lingüística e cultural que supón o trasvase dende o orixinal en lingua inglesa e cultura irlandesa ó galego cultural e lingüístico. Nestes poemas, referentes expositivos dos seus demiurgos, ollámo-lo país dende diferentes ópticas e sentires: o exilio, o desencanto, o pesimismo, o estrañamento, a crise de identidade, a escisión físico-xeográfica actual, a propia situación xeográfica mundial, e a micropaisaxe nacional que cada un destes poetas olla quer dende calquera recanto de Irlanda, quer dende os recunchos do exilio ou da emigración. Por último, informan os traductores das traduccións destes autores á nosa lingua e as linguas do noso contorno por se os lectores ficasen con vontade de máis.

Valcárcel, Xulio L, Pilar **Pallarés** e Ramiro **Fonte**, *Galician generation of the eighties. Three poets: Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés e Ramiro Fonte*, introd. Luciano Rodríguez, trad. Victoria Fernández Cuesta, Susan Byrne, Mónica Schinaider, Sara Villa e Jeffrey Ruth, A Coruña: Servicio de Publicacións da Universidade da Coruña, febreiro 1999, 115 pp. (ISBN: 84-89694-94-X). ¤

Luciano Rodríguez explica no prólogo que este libro ten a súa orixe no traballo realizado polas súas alumnas do curso de doutoramento impartido no Graduate School and University Center. The City University of New York, no ano 1997. No limiar fai tamén un achegamento á poesía dos oitenta, explicando os seus trazos principais: o culturalismo, a preocupación polos aspectos formais, a preocupación polo idioma, a combinación de tradición e modernidade e as novas propostas temáticas: amor e sensualidade, a morte, a natureza, o carácter elexíaco, a epicidade, o civismo e a reflexividade escritural. A seguir preséntase, en edición bilingüe, unha selección de poemas de Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953), Pilar Pallarés (Culleredo, 1957) e Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957).

II. Poesía

II. 4. Antoloxías

Angueira, Anxo (ed.), *La poésie galicienne de 1936 à 1990*, trad. Emma Lázare, Namur-Bélxica: Sources (La Maison de la poésie de Namur), col. Cahiers Poésie des Régions d'Europe, nº 24, 1999, 171 pp. (ISBN: 2-87406-062-3).

Esta antoloxía bilingüe comeza cun prólogo no que Anxo Angueira fai unha breve historia da literatura galega centrándose no século XX e, nomeadamente, no período escolmado: 19361990. Ademais de ofrecer unha caracterización da producción literaria destes anos, tamén nos achega ós acontecementos políticos e sociais máis sobranceiros. A seguir, presenta os poemas en galego nas páxinas pares e a versión francesa nas impares, comezando por Luis Pimentel e continuando coas seguintes agrupacións xeracionais: "Génération de 1936", con textos de Aquilino Iglesia Alvariño, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Ricardo Carballo Calero, María Mariño, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Moreiras, Miguel González Garcés e Xosé María Díaz Castro; "Génération de liaison", con mostras poéticas de Manuel Cuña Novás, Antón Tovar e Luz Pozo Garza; "Génération des fítes minervales" con poemas de Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres, Manuel Álvarez Torneiro, Bernardino Graña, Antón Avilés de Taramancos, X. L. Franco Grande, Xosé Alexandre Cribeiro, X. L. Méndez Ferrín, Salvador García Bodaño e María Xosé Queizán; "Nouvelles générations", que inclúe poesías de Xavier Rodríguez Baixeras, Arcadio López Casanova, Farruco Sesto Novás, Alfonso Pexegueiro,Manuel Vidal Villaverde, Xosé María Álvarez Cáccamo, Darío Xohán Cabana, Xulio López Valcárcel, Xavier Rodríguez Barrio, Xavier Seoane, Víctor Vaqueiro, Chus Pato, Pilar Pallarés, Antón Reixa, Manuel Rivas, Manuel Outeiriño, Lois Pereiro, Gonzalo Navaza, Miguel Anxo Fernán-Vello, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Román Raña e Eusebio Lorenzo. Péchase o volume con cadansúa referencia bio-bibliográfica dos autores antologados.

Recensións:

-Xabier Cordal Fustes, "*La poésie galicienne de 1936 à 1990*", *A Trabe de Ouro*, nº 40, "Publicacións", Tomo IV, Ano X, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 589-590.

Segundo Xabier Cordal, a heteroxeneidade de esforzos para editar esta antoloxía e o feito de que sexa unha publicación destinada ó público estranxeiro marcan a singularidade do volume. Así pois, segue Cordal, non é caso polemizar nesta ocasión sobre a idoneidade de autores e textos. Escolleron, os editores, corenta e oito voces; o maior número delas posible: a cantidade en prexuízo da intensidade. Conclúe Cordal dicindo que "gracias a empeños coma este existimos máis"; felicita a iniciativa polo seu labor divulgador e polo exemplo que supón cara a proxectos similares noutros idiomas.

-Carlos L. Bernárdez, "Ler poesía galega en Europa", *Guía dos libros novos*, nº 12, "Poesía", novembro 1999, p. 28.

Logo de enumera-las causas polas que a nosa literatura fóra das nosas fronteiras é aínda unha materia pendente, considera unha "boa carta de presentación da nosa poesía contemporánea" fóra de Galicia a antoloxía *La poésie galicienne de 1936 à 1990* publicada pola revista francesa *Soucers* seleccionada e traducida por Anxo Angueira. Destaca o labor que están a realizar en prol da divulgación, entre o lectorado francés, das culturas europeas a devandita revista con este tipo de iniciativas. A seguir, explica a estructura e contido desta antoloxía na que se recolle a producción poética galega do período que se indica no título da mesma. Subliña a introducción, realizada por Anxo Angueira, coa que se encabeza o volume consistente nunha panorámica da literatura galega seguindo as clasificacións xeracionais canonizadas pola crítica. Achega un listado dos autores e títulos dalgúns dos poemas presentes nesta edición bilingüe, textos en galego e francés, para deixar constancia da boa elección realizada e valora positivamente as traduccións de Emma Lázare ó francés.

Referencias varias:

-X. L. Méndez Ferrín, “Dous libros sobre a mesa”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 15 outubro 1999, p. 2.

Recóllese a publicación de dúas obras, a primeira, *El compromiso cívico de un juez demócrata*, de Perfecto Andrés Ibáñez, consistente nunha recompilación de traballos xornalísticos de Claudio Movilla, do que salienta a evocación dunha época de represión política e ideolóxica e tamén o esforzo deste xurista por ofrecer unha visión diferente; a segunda, *Poésie en Galice Aujourd’hui*, recompilación de poesía galega traducida ó francés por Emma Lázare que conta cun prólogo de Anxo Angueira, da que se salienta a boa calidade e representatividade da mesma.

- Manuel Vidal Villaverde, “*La poésie galicienne de 1936 à 1990*”, *Atlántico Diario,* 20 outubro 1999, p. 54.

Anuncia e felicita a antoloxía que vén de ser editada en Bélxica por Sources e gracias á cal os lectores de fala francesa poden ler e saber dos poetas galegos, xa que vai acompañada da referencia biobibliográfica dos poetas incluídos. Láiase de que o seu antólogo, Anxo Angueira, non figure nesta nómina e recolle algúns dos versos traducidos dos corenta e sete poetas seleccionados.

- X. L. Méndez Ferrín, “O regreso de Pimentel”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 22 outubro 1999, p. 2.

Comeza laiándose do esquecemento ó que foi sometido Luís Pimentel, máxime cando o considera modelo poético da súa xeración literaria e o primeiro en denuncia-la barbarie franquista, debido a unha “falsa idea de Pimentel provinciano, elitista, simbolista tardío”. Por iso, exemplifica con versos do poeta a práctica nacionalista, a denuncia do terror ou a pegada do surrelismo que agardan, segundo el, unha nova crítica. A

continuación, constata estas ideas nos poemas “A Rosalía” e “Cunetas” que Emma Lázare verqueu para o francés en *Poésie en Galice aujourd’hui. La poésie Galicienne de 1936 à 1990* con prefacio de Anxo Angueira e editada pola Casa Poesía de Namur.

-Carme Vidal, “Antoloxía en ruso, catalán e francés para a poesia galega”, *A Nosa Terra*, nº 909, “Guieiro Cultural”, 18 novembro 1999, p. 21.

Faise eco da aparición de tres colectáneas poéticas: a realizada por Xulio Ricardo Trigo, unha edición galego-catalán, que recolle unha mostra de entre oito e dez poemas de dez autores pertencentes á poesía nova, da que achega a súa opinión; a titulada *La poésie Galicienne de 1936 á 1990*, que sae da man de Anxo Angueira e que recolle ó redor de cincuenta nomes de autores que naceron antes de 1960, ós que presenta maiormente cun só poema, e que “dá a coñecer no mundo da francofonia a existéncia da literatura galega e tamén o número e a altura poética que temos”; e a edición galego-rusa a cargo de Elena Zernova, *No limiar do novo milénio*, que mostra a obra de case trinta autores con datas de nacemento entre 1945 e 1966.

Araguas, Vicente (ed.), *Billarda*, prólogo de Fermín Bouza, Madrid: Huerga y Fierro editores, col. Fenice poesía, xullo 1999, 115 pp. (ISBN: 84-8374-104-0).

Recóllense nesta edición bilingüe galego-castelá poemas dos oito libros de poesía publicados por Vicente Araguas, dende *Paisaxe de Gasglow* (1978) ata a *Work in Progress*. Antes un prólogo, tamén esencialmente lírico, da autoría de Fermín Bouza fálanos da condición de escritor galego fóra do país, da intencionalidade da escrita de Araguas e da "estrañeza" e "misterio" da súa poesía. Ábrese *Billarda* coa primeira das obras citadas, *Paisaxe en Gasglow*, marcada polo mesmo versolibrismo e polos numerosos anglicismos do resto da obra, mais que ben definida por unha temática amorosa e rebelde, en simbiose cun outro momento histórico que se manterá tamén en *Ás veces en domingo abonda coa ternura* (1980), no que mantén a unidireccionalidade feminina do eu lírico coma en *Poema para Ana Andrea* (1982). Remata en *Gato Branco* (1995) cunha sucesión de poemas dedicados a Ferrol, a Portugal, ou mesmo un titulado "Suspiros de España", nos que ofrece a súa óptica destes tres territorios reais. Finalmente, obsérvase en*Work in Progress* o seu pesimismo, case nihilismo, da poesía máis recente.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "Antoloxía de Vicente Araguas", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 31 outubro 1999, p. 4. O texto comeza cun comentario sobre a actualidade da obra de Vicente Araguas recollida na antoloxía. Considera ó poeta posuidor dunha voz propia dentro do panorama da poesía galega e refírese ós moitos atrancos editoriais que minguaron a recepción da súa obra. Neste senso, lemos unha reivindicación do lugar que merece a proposta poética de Araguas. Logo de se referir ó prólogo do libro, enuméranse algunhas

características da poesía do escritor: a melancolía, a epicidade, o enxeño, o humor, a tenrura e a denuncia, e insiste no importante lugar que esta voz ocupa na poesía galega contemporánea.

Referencias varias:

- Julio Torres, “Dete-lo tempo e mirar ó pasado coa poesía”/“O poeta e crítico literario Vicente Araguas rescata a memoria en ‘*Billarda*’, a escolma da sua obra”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 29 setembro 1999, p. 30/ p. 73.

Sinala que para Vicente Araguas o título de *Billarda* “contribúe a dete-lo tempo, volver atrás, e, afastarse da morte”. A seguir, comenta que esta obra se divide en oito partes, das que achega o seu título, ademais de indicar a qué obras poéticas realizadas polo seu autor corresponde cada unha delas, así como a temática que desenvolven. Tamén se refire ó “magnífico” prólogo que lle fai Fermín Bouza e ofrece unha serie de datos sobre a vida e obra de Araguas.

- Beatriz Pallas, “Un pode ser poeta tódolos días”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 100, 19 outubro 1999, p. 7.

Vicente Araguas expón nesta entrevista a razón pola que esta antoloxía é bilingüe e fala da súa situación como escritor ó vivir en Madrid. Comenta o que é para el a poesía e sinala que el fai crítica literaria da súa producción, sendo os poemas que “sobreviven á censura” aqueles que rebasan a barreira da calidade e os que teñen capacidade de conmovelo. Mostra a súa opinión sobre a lírica que se fai en Galicia e a súa poesía, para apuntar, con respecto á prosa, que Manolo Rivas está axudando moito á literatura galega fóra.

García, Xosé Lois (coord.), *Alén do azul. Unha ducia de poetas galegos en Catalunya*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 1999, 189 pp. (ISBN: 847492-950-4).

Ábrese este volume co limiar do coordinador no que aclara que esta compilación poética reúne as composicións de diferentes poetas que souberon reflectir e le-lo país dende a emigración en Catalunya. Ademais, cre que estes autores "foron minimizados dun xeito interminente desde Galicia", sendo ignorados e afastados do ámbito literario galego por unhas antoloxías restrictivas e miopes. Tamén afirma que esta poesía presenta unha temática variada que sempre apunta a Galicia e que, como criterio compilador, só recolleu textos de autores con algunha obra publicada. A seguir, inclúense 97 poemas de 12 autores: Enrique Labarta Pose, Augusto Casas, Manuel Casado Nieto, Xavier Costa Clavell, Manuel Rodríguez Troncoso, Manuel Rodríguez López, Xosé Lois García, Alfonso Pexegueiro, Xoan Manuel Casado, Xosé María Costa, Camilo Valdeorras e Luísa Castro. Finalmente, complétase a colectánea cunha bibliografía dos poetas.

López Fernández, Xesús (ed.), *Poesía de Galicia. Poemas á nai*, Santiago de Compostela: Edición de autor, 1999, 1000 pp. (ISBN: 84-605-8548-4).

Compilación de poemas escritos por autores galegos (tanto en galego coma castelán) que tratan o tema da nai. A obra está precedida por unha introducción na que o autor expón algúns criterios da antoloxía, xustificada a xeito de homenaxe, ó tempo que describe a súa estructura e denuncia a ausencia dunha obra semellante na literatura galega. O responsable da edición sinala algúns antecedentes do seu traballo noutras literaturas e explica a dificultade da empresa debido á dispersión do material. Por outra banda, explica a clasificación do material en dous apartados: poesía en galego e en castelán, que á súa vez diferencian “poesía popular”, “poesía elexíaca” e “outros poemas”. Segue a estas páxinas un longo capítulo no que se proporcionan datos biobibliográficos dos 190 poetas reunidos. O corpo central do libro ocúpao a escolma de 412 textos, dos que 90 son cantigas populares. Completan a edición dous apéndices: “Poemas de autores sen identificar” e “Poemas de nai en xeral”, ademais dun “índice de nais cos fillos” e un “índice de poetas”. Os autores con poemas en lingua galega, éditos ou inéditos, compiladosnesta antoloxía son: César Eliseo Maximino Abellás, Domingo Sabas Bernabeu Álvarez Álvarez,Emilio Álvarez Blázquez, Manuel Álvarez Torneiro, Emiliano Balás Silva, Ricardo Barros Pintos, Manuel Casado Nieto, Augusto María Casas Blanco, Lourenzo Castiñeira Canosa, Enrique Manuel Chao Espina, Narciso Luís Xoán Boaventura, Carmelo Coello Osorio, Xavier Costa Clavell, Manuel Curros Enríquez, Filomena Ana Dato Muruais, Xosé Díaz Jácome, Manuel Domínguez Domínguez, Cástor Elices Rodríguez, Matías M. Escariz Méndez, Ánxel Espiñeira Otero, Xosé Fariña Jamardo, Xosefa Fernández Alonso, Carlos Fernández Iglesias, Carme Fernández Lamas, Xosé Urbano Fernández Parada, “Padre Comesaña”, Manuel María Fernández Teixeiro, Celso Emilio Ferreiro Míguez, Xosé Fraga Iglesias, Francisca Basilia Herrera Garrido, Manuel María Leiras Pulpeiro, Roxelio Xermán Manuel Lois Estévez, Xesús López Fernández, Manuel Carlos Lueiro Rey, María Mariño Carou, Xosé Martínez Bargiela, Manuel Masdiás Sánchez, Cástor Méndez Brandón, Antonio Nieto Oliva, Antonio Manuel Xesús María

Noriega Varela, Doce María Orjales Valcárcel, “Maruxa Orxales”, María Xesús Payo Boullosa, Carlos Penelas Abad, Víctor Campio Pereira González, Santiago Pereira Piñeiro, Heraclio Manuel Antonio Salustiano Pérez Placer, Roque Miguel Silvestre Pesqueira Crespo, Maruxa Pino Piñeiro, María Rufina do Carme Prieto Rouco, Xosé Rey González, Carlos Rivero Troncoso, Lisardo Francisco Rodríguez Barreiro, Roxelio Rodríguez Díaz, Manuel Rodríguez Troncoso, Galo Xosé María do Carme Salinas Rodríguez, Xesús Serantes Louro, “Xuxo”, Perfecto Sulleiro González, Francisco Xavier Ignacio María Andrés Valcarce Ocampo, Lois Vázquez Fernández, Edelmiro Vázquez Naval, Elvira Veloso Rodríguez, Clementina Vidal Caramés, María Dores Aurora Vidal Caramés, Aurora Vidal Martínez, Manuel Luís Francisco Acuña Sarmiento, Ramón Armada Teijeiro, “Amador Marán”, Xosé Antonio Avilés Vinagre, “Antón Avilés de Taramancos”, Alexandro Barreiro Noya, Xosé María Brea Segade, Xosé Manuel Cabada Vázquez, Darío Xohán Cabana Yanes, Mario Canda Pérez, Uxío Ernesto Xustiniano Carré Alvarellos, Avelino Díaz, Xoán Xosé Fernández Abella, Moisés Fernández Formoso, Elsa Fernández González, Antón Fernández León, Fernando García Acuña, Carme de Xesús García Pereira, “Carmeliña”, Nicolao García Pereira, Arcadio López Casanova, Manuel López González, “Manuel Catoira”, Xulio LópezValcárcel, Áurea Lorenzo Abeijón, Francisco Ramón Lourido Sánchez, Manuel Antonio Lugrís Freire, Xosé Neira Vilas, Román Pedreira Ancochea, Hipólito de Sa Ravo, Francisco Sánchez García, “Antón de Pepiño”, Albino Simán Pintos, Dora Vázquez Iglesias, Xosé Vázquez Pintor, FizVergara Vilariño, Graciela, Xosé López de la Vega, F. Paredes Rubias, Xoán Álvarez, Antonio Álvarez Nóvoa, Xosé Candocia Varela, Xoaquín González Tuch, Tomé López López, Alfonso B. Paradela, Eladio Vázquez Ferro, Luís Vidal, Faustino Boado Vázquez, Xosé Conde Fernández,Xosé Docampo Vázquez, Xosé Elias Ferreiro Álvarez, “Xoel Ferral”, Xosé Isorna Ferreiros, Valentín Lamas Carbajal, Valentín Manuel Paz Andrade, Xavier David Leoncio Prado Rodríguez, “Lameiro”, Francisco María das Neves Salgado e López e Xosé Tobío Mayo.

Recensións:

- Xulio Valcárcel, "*Poemas á nai*", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 2 maio 1999, p. 9.

Logo de loa-lo "xeneroso esforzo" de Xesús López Fernández en *Poemas á nai* comenta que a únicaantoloxía que coñece centrada na temática da nai é a de Ángel Urrutia pero sinala que nela, e a diferencia de *Poemas á nai*, unicamente corenta dos poemas están dedicados á nai mentres que o resto presentan un tratamento máis conceptual da maternidade. Xulio Valcárcel fai referencia a algúns dos poemas presentes no libro e, no tocante a Rosalía, considera que a figura da nai é fundamental para a poetisa. Con respecto a Curros cre que "Na morte da miña nai" está entre os seus mellores poemas. Menciona tamén a Xosé DíazJácome e a Manuel María, do que apunta o dramatismo e o ton elexíaco. Prosegue citando a Emilio Álvarez Blázquez, Antón Avilés de Taramancos e repara no estremecedor poema de Álvarez Torneiro e na extraordinaria composición de Lorenzo Varela.

-Xoán Xosé Fernández Abella, "*Poesía de Galicia: 'Poemas á nai'*, unha antoloxía xigantesca e única", *El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 9 maio 1999, p. 6.

Achega primeiramente algúns datos da traxectoria do autor como sacerdote e profesor de lingua e define o traballo *Poemas á nai* como "xigantesco e único", apoiándose para iso nas propias palabras introductorias de Xesús López Fernández, A seguir, aconsella a lectura desta introducción porque considera de enorme interese algúns dos datos que alí se atopan. Describe tamén a estructuración do volume e cita os nomes dalgúns dos escritores xa mortos que se inclúen na obra. Xoán Xosé Fernández Abella, escritor que tamén figura na antoloxía, expresa a honra que para el supón figurar no libro e cre que os datos biobibliográficos que se dan sobre a súa persoa avalían unha sensibilidade e compresión extraordinarias por parte de Xesús López.

-Mª D. A. Vidal Caramés, “Monumento literario”, *A Nosa Terra*, nº 884, “Guieiro Cultural”, 27 maio 1999, pp. 27-28.

Comentario sobre *Poemas á nai*, que aparece precedido da consideración de que a existencia da nai ou a súa perda é a realidade máis transcendente da vida dunha persoa e supón un reducto de tenrura e saudade no corazón do home. Ademais saliéntase o escrupulosamente coidada que está a edición do libro e a fermosura da súa introducción. Ponse de relevo, do mesmo xeito, o forte entusiasmo que en Xesús López Fernández espertou a tarefa investigadora que deu orixe a este volume, que transcende a recompilación de textos dedicados á nai ó dar noticia de poetas ata o de agora descoñecidos e noutros casos de datos inéditos. Logo de aludir ós poemas de Rosalía e Curros repara na particularidade de que predomine a poesía elexíaca moito máis que a festiva na liña do sinalado polo autor na introducción.

- M. de Bran, “Unha monumental colección de poemas á nai”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 decembro 1999, pp. 24-25.

Comentario sobre *Poemas á nai*, de Xesús López Fernández, á que define de “magna obra de poemas en galego e en castelán, de poetas galegos”. Resume, coas verbas do recompilador, o contido da mesma e salienta o formato e a encadernación do volume, así como, a inclusión do cantar popular “miña nai, miña naiciña” coa súa música. Refírese ás diferentes partes que integran este volume e recolle as críticas xurdidas ó redor deste, que apareceron en diferentes publicacións periódicas de Galicia, para rematar coas verbas de López Fernández, coas que asevera que é motivo de honra para as nais galegas a colección de poemas á nai xa que non existe outra tan grande.

- X. V. Freire Lestón, “Encher un baleiro”, *A Nosa Terra*, nº 915, “Guieiro Cultural”, 30 decembro 1999, p. 23.

Comentario verbo da obra *Poesía de Galicia. Poemas á nai*, de Xesús López Fernández na que se rende homenaxe a tódalas nais galegas e á terra galega. Explica que a obra se estructura en dúas partes: unha centrada nun diccionario biobibliográfico de autores e outra, na compilación dos poemas coa fonte da súa extracción. Indica que pola súa temática é unha obra única non só da comunidade galega, senón tamén de España. O recensionista opina que a primeira parte é a máis importante ó facilita-los datos novos e precisos para unha investigación "digna dese nome" e evitar que os investigadores galegos da historia da literatura galega caian na "repetición absurda de erros" por non corrobora-la información cos orixinais. Destaca o laborioso traballo de investigación deste autor por dar a coñece-la vida daqueles escritores practicamente descoñecidos e amplia-los datos dos coñecidos. Cualifícaa de obra singular, de traballo pioneiro pola súa temática e rigoroso polas súas pesquisas. Tamén alude á aparición de certas obras como son *Os saltimbanquis no paraíso*, de Xelís de Toro; *Noitebra*, de Xavier López Rodríguez ou *O gol imposible*, de Enrique Sánchez.

Referencias varias:

- Dora Vázquez, "*Poemas á nai*", *O Correo Galego*, "Ronseis", 17 abril 1999, p. 4.

Cualifica como magnífico o traballo e cita a algúns dos poetas máis coñecidos incluídos nesta colección de poemas, entre eles Curros, Manuel María, Francisca Herrera, Rosalía de Castro, etc. Remata dándolle a noraboa a Xesús López Fernández pola súa capacidade de traballo investigador e escrito para unha obra "desta extensión e categoría".

- Víctor Campio Pereira, "*Poemas á nai*", *La Región*, 18 abril 1999, p. 29.

A propósito da publicación de *Poemas á nai* alude ó carácter de homenaxe ás nais galegas que atinxe o volume e o feito de que se trate dunha "empresa poética" sen parangón no resto das linguas peninsulares e mesmo románicas. A continuación, refírese ó feito de que os poemas con data máis antiga no libro pertenzan a dous ourensáns como Francisco Álvarez de Novoa e Curros Enríquez e cre que ilustran as raíces da saudade nos albores do Rexurdimento. Por último fai alusión ós poemas do propio Xesús López Fernández, marcados pola íntima emoción e por un lirismo conmovedor.

-Maruxa Pino, "Xesús López Fernández autor da antoloxía '*Poemas á nai*", *A Peneira*, nº 258, 1ª quincena de maio, 1999, p. 4.

Louva o traballo realizado por Xesús López Fernández nesta antoloxía dedicada á nai e salienta a presencia que nela hai "do rito inquebrantable de entrega, dedicación, sacrificio e traballo". Achega ademais certos datos referentes á biografía e ó labor, como mestre de lingua e literatura, do citado relixioso.
- Ricardo Rguez. Vicente, "Chuny Vázquez, incluída en el libro '*Poemas á nai*' de Xesús López Fernández", *Faro de Vigo*, "Especial", 28 maio 1999, p. 10.

Logo de se realizaren algunhas alusións á estructuración e características do volume, indicadas polo propio autor na introducción do libro, faise referencia á antoloxía da autora guardesa Chuny Vázquez. Ademais indícase a intención de Xesús López Fernández de preparar unha segunda edición da obra na que pensa incluír poemas á nai de autores galegos que por non saber deles non aparecen na primeira edición.

-Xosé Neira Vilas, "Nai e poesía", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Crónicas galegas de América", 6 xuño 1999, p. 3/p. 4.

Aplaude o traballo realizado por Xesús López Fernández e fai alusión á presencia no libro de autores que viven ou viviron na emigración e como son Avelino Díaz, Ramón Armada Teixeiro ou Avilés de Taramancos. Considera ademais que o canto á nai dende a distancia ten unha especial carga de saudade.

- Manuel María, “Unha antoloxía única”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 10 agosto 1999, p. 3.

Comenta que esta entrega de Xesús López Fernández é unha “obra monumental”, que recolle 412 poemas en honra da nai e noventa cantares populares, escritos por 190 autores naturais ou moi relacionados con Galicia. Refírese á dificultade de facer esta publicación e á diversidade do contido, calidade e estilo dos poetas que antologa. Agradece, finalmente, a realización deste traballo e, en especial, da investigación feita sobre a vida e obra de moitos dos poetas escolmados.

Morán, César (ed.), *Río de son e vento. Unha antoloxía da poesía galega*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, 467 pp. (ISBN: 84-8302-372-5).

César Morán xustifica a aparición desta antoloxía de seu, entre outras razóns, pola necesidade de contar cunha obra que comprenda a totalidade da lírica galega e que estea feita coa rigorosidade necesaria. Na presentación da obra expón algúns dos criterios que tivo en conta para levala a cabo. Destaca, entre eles, a decisión de te-la máis ampla representación poética posible, dándolle preferencia á poesía contemporánea. Tamén a de coincidir cos criterios de selección de textos e autores feitos ata o momento pola crítica, aínda que neste sentido confese a ineludible interferencia dos seus propios gustos poéticos. Non considerou incluír ningún tipo de información adicional dos autores antologados, rexistrando, simplemente, a súa obra poética. Cada apartado histórico ábrese cunha breve introducción teórica para contextualiza-los autores que alí se encontren. A antoloxía arrinca con Afonso X, o Sabio, Airas Nunes e Don Dinis, entre outros, e chega ata os anos 90 con Emma Couceiro, Yolanda Castaño, Miro Villar e Martín Veiga.

Recensións:

Ramón Nicolás Rodríguez, “Unha antoloxía poética”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 90, 10 agosto 1999, 7.
Comenta que, baixo a perspectiva de recompilar poemas galegos de tódolos tempos, esta escolma poética ofrece unha visión persoal e singular da nosa lírica. Sinala ademais que sofre un significativo desequilibrio ó prestarlle especial preferencia á poesía contemporánea, en detrimento da presencia de autores doutras

épocas e mesmo dos 90. Remata apuntando certos defectos desta escolma, que, na súa opinión, "cómpre saudar con satisfacción".

- M. Blanco Rivas, "Unha antoloxía completa da lírica galega", *Faro de Vigo,* "*El Sábado*", nº 118, 14 agosto 1999, p. 4.

Comentario acerca das antoloxías existentes na literatura galega no que se salienta o lugar que pretende ocupa-la obra de César Morán: "un libro que comprenda a totalidade da lírica galega cunha ampla representación canto a poetas e que ademais posúa o rigor documental, a fiabilidade textual, a autenticidade fónico visual que a unha obra destas características se lle debe esixir". O autor comenta os criterios desta antoloxía, salientando a súa amplitude. Describe a súa estructura, reparando na incorporación dun CD con textos musicados. Finalmente, fai unha breve semblanza do seu autor.

-Armando Requeixo, "Nova antoloxía (da poesía galega)", *Tempos Novos*, nº 28, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", setembro 1999, p. 56.

Análise da antoloxía de poesía *Río de son e vento*, de César Carlos Morán, que conta cun CD que lle serve de complemento sonoro. Saliéntase que esta compilación poética galega abrangue dende os inicios da nosa literatura ata os nosos días, incluíndo os anos noventa, pero critícase a nómina de autores do século XX que foron antologados.

-Carlos L. Bernárdez, "Unha nova antoloxía da poesía galega", *Guía dos libros novos*, nº 13, "Poesía", decembro 1999, p. 25.

Comeza sinalando a débeda desta antoloxía con outra publicada no Brasil por Yara Frateschi de poesía galega tamén, tanto nas presentacións e organización do material coma no propio deseño do libro. No referente ó contido saliéntase a preeminencia da poesía contemporánea, fronte á doutras épocas, pasando a describir polo miúdo as sección nas que está dividida a obra e remata apuntando algunha das eivas que observa, como a división efectuada nos anos oitenta, na que bota en falta parte dos autores que propiciaron a renovación poética, aínda que a considera, en conxunto, unha obra atractiva para o público e cun rico panorama da producción galega.

Referencias varias:

- Ángel Varela, “Unha antoloxía reúne a poesía galega de tódolos tempos”, *La Voz de Galicia*, 30 xullo 1999, p. 30.

Comenta que á parte de se-la primeira antoloxía poética desta clase, “con intencións divulgativas e dun só volume”, a iniciativa de César Morán ofrece a posibilidade de conseguir un CD onde o propio autor pon música a quince poemas, dos cales catorce están incluídos na antoloxía e un é seu. Sinala que ademais das anotacións á pé de páxina nos poemas e a introducción biográfica de cada autor, este traballo acolle un estudio introductorio en cada capítulo, no que aborda a explicación da obra en conxunto de cada xeración poética tratada. Refírese, por último, á presentación de *Río de son e vento* e ás colaboracións coas que contou o CD.

- Aser Vilar, “*Río de son e vento*”, *La Región*, 30 setembro 1999, p. 64.

Informa que nesta antoloxía de César Morán se acollen a 101 poetas de tódalas épocas, ademais de indicar que nela se dá conta das edicións de onde se sacaron os seus poemas e aparecen uns breves apartados teóricos que introducen cada unha das etapas nas que se subdivide. Refírese tamén á selección de poetas feita, apuntando o nome dalgún poeta recuperado e a falta doutros.

Novo, Olga (ed.), *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer (Estudio e Antoloxía)*, Santiago de Compostela: Librería Follas Novas, col. Libros da Frouma, nº 4, marzo 1999, 128 pp. (ISBN: 84-85385-32).

Volume no que Olga Novo (Vilarmao, Lugo, 1975) elabora unha “Introducción” á antoloxía de Claudio Rodríguez Fer que pretende “ofrecer unha visión de conxunto e comunicar os distintos niveis en que se estructura e se vive a producción literaria do autor”. O estudio está estructurado en catro bloques. “A plenitude vital” analiza a presencia do erotismo como filosofía existencial na poesía do escritor. “Sempre no mundo” achégase ós distintos espacios dunha poética asentada nun “nomadismo ancestral”. “O bosque máxico” estudia a formalización da “utopía libertaria”, mentres que e “A viaxe dos signos” aborda a reflexión sobre a literatura na poesía de Claudio Rodríguez Fer. A autora salienta a identificación plena entre o poeta e a súa poética, na que están presentes “a integración das artes e a integralidade total, a plenitude e a ledicia cósmica, a ruptura dos cánones e a aposta pola vangarda radical, un universo unitario de rebosamento carnal, un amor sempre sen morte”. A antoloxía, que leva o título de “E o rumor dos teus pétalos durará máis que a morte” fai un percorrido ó longo da traxectoria poética do escritor.

Referencias varias:

- Jesús Fraga, “Granell y Rodríguez Fer dialogan a través del arte y poesía en un libro”, *La Voz de Galicia*, 3 xullo 1999, p. 32.

Anúnciase a próxima publicación por parte da Editorial El Gato Gris dunha decena de poemas de Claudio Rodríguez Fer xunto a outras tantas serigrafías de Eugenio Granell. O escritor lucense amosa a súa ilusión por este proxecto no que explica que tanto el coma o artista tiveron total liberdade á hora de daren vida ás súas composicións. Ademais dáse noticia da publicación do estudio e antoloxía de Olga Novo e explícase que ó longo de catro apartados se trata o amor e o erotismo na obra de Rodríguez Fer, así como a súa apertura universal dende Galicia, as utopías libertarias e a función cognoscitiva da literatura.

VV. AA., *dEfecto 2000. Antoloxía de poetas dos 90*, ilust. Nolo Suárez, Compostela: A C. Amaía, col. Letras de Cal, novembro 1999, 144 pp. (ISBN: 84-922620-9-5).

Décimo título de Letras de Cal que comeza cunhas “Letras limiares” nas que, ademais de se lembraren as orixes e a traxectoria deste colectivo, defínese que esta antoloxía é “unha achega a varias das poéticas máis interesantes nesta última década do século”. Consideran que estamos ante unha obra elaborada dende o punto de vista do lector e explican o proceso de escolla dos autores, os criterios seguidos e a selección dos textos, ademais de expresa-los problemas que ese método conleva. Publícanse de seguido máis de cen textos pertencentes a: Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Xabier Cordal, Emma Couceiro, Estevo Creus, Marta Dacosta, Eduardo Estévez, Celso Fernández Sanmartín, Lupe Gómez, María Lado, Igor Lugrís, Olga Novo, Manuel Outeiriño, Chus Pato, Isolda Santiago, Sechu Sende, Francisco Souto, Miro Villar e Rafa Villar. Péchase esta antoloxía coa referencia dos títulos poéticos publicados por estes autores.

Referencias varias:

- Antonio Rodríguez López, “2000”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 290, 25 novembro 1999, p. 11.

Considera que *dEfecto* antoloxías *2000* é “un nome pretensioso e, paradoxalmente, con complexo de inferioridade: probablemente intentouse un xogo de palabras e, ó cabo, quedou curto por *defecto*”. Opina que a poesía demostrou ó longo do tempo unha maior adaptación ás novas culturas, o mesmo que agora acontece coa adaptación ás novas tecnoloxías. Neste sentido, compara a posición da poesía con respecto á novela coa que a publicidade ten con respecto ó cine nesta fin de milenio.

-C. Lorenzo, “*Defecto 2000*’, a antoloxía dos poetas dos 90 presentouse onte en Compostela”/“Compostela acolle a presentación da antoloxía de poetas dos noventa, ‘*dEfecto 2000*’, que edita Letras da Cal”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 4 decembro 1999, p. 33/p. 73.

Informa da presentación da antoloxía feita por Letras de Cal e sinala que con ela se pretende amosa-la pluralidade de voces e estéticas que se viñeron configurando na poesía galega actual, por parte dos autores máis novos, ós que lles é máis difícil publicar. Recolle as palabras dun dos membros da citada editorial, Mª Xesús Nogueira, quen se referiu ó criterio seguido para facer esta antoloxía e sinalou que “non é unha obra crítica nin obxectiva” senón “unha suma de subxectividade”. Por último, dáse conta dos autores que participan nesta escolma.

- Carme Vidal, “Cen poetas publicaron o seu primeiro libro nos noventa”, *A Nosa Terra*, nº 913, 16 decembro 1999, p. 32. Refírese ó volume *dEfecto 2000*, que presenta a escolma feita polo consello editorial de Letras de Cal, que partiu dun listado de cen nomes de autores que se deron a coñecer na década dos noventa. Tamén recolle as declaracións dalgúns dos autores antologados como son Rafa Villar, Olga Novo, Isolda Santiago e Fran Alonso, os que, entre outros aspectos relacionados coa poesía actual, falan da presencia da muller na poesía, do seu lectorado, das xeracións anteriores á súa e da configuración da poesía como xénero emblemático na escrita galega.

Zernova, Helena (ed.), *No limiar do novo milenio. Antoloxía da literatura galega*, Tomo IV, limiar de Darío Villanueva, San Petersburgo: Xunta de Galicia/Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petesburgo, 1999, 307 pp. (ISBN: 5-88-407-068-3). ¤

A obra está precedida por un limiar no que Darío Villanueva contextualiza a empresa e reflexiona sobre o seu contido, dende o punto de vista da historia, experiencia e teoría da literatura. Os autores que aparecen nesta antoloxía son: Xavier Rodríguez Baixeras, Alfonso Pexegueiro, Xoán-Manuel Casado, Xosé María Álvarez Cáccamo, Vicente Araguas, Cesáreo Sánchez Iglesias, Luís González Tosar, Xúlio Valcárcel, Félix (Fiz) Vergara Vilariño, Xavier Rodríguez Barrio, Xavier Seoane, Claudio Rodríguez Fer, Pilar Pallarés, Luisa Villalta, Manuel Rivas, Ramiro Fonte, Gonzalo Navaza, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Forcadela, Román Raña, Anxo Quintela, Eusebio Lorenzo-Baleirón, Xela Arias, Ana Romaní, Paulino Vázquez Vázquez e Luísa Castro.

Recensións:

- A. Koss, “Poetas galegos en lingua rusa”, *Viceversa*, nº 5, “Recensións”, 1999, pp. 169-170.

Informa de que esta analecta, dedicada ós autores nados entre 1945 e 1966, é a cuarta das que este centro universitario dedica á literatura galega tralos volumes que se ocupan da Idade Media, do período que vai do Rexurdimento ó Alzamento e da Dictadura. Dá unha lista dos traductores, que xebra en tres xeracións, que se ocupan de cada autor galego, facendo notar que o número dos primeiros sobrepasa o dos segundos.

Debido á carencia de espacio e ó nulo aproveitamento que tirarían os lectores que non coñezan o ruso, renuncia a facer unha análise das traduccións.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, “Antoloxía poética”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 agosto 1999, p. 48/p. 4.

Refírese á aparición do cuarto volume desta antoloxía e fai un percorrido polas entregas anteriores. Refírese ao contido da obra e destaca o “traballo exhaustivo e pleno, laborioso e feliz” levado a cabo pola súa autora, á que considera “un luxo para a nosa cultura”. Finalmente, reclama a presencia dos volume que integran esta obra nalgunhas das librerías de Galicia.

- Carme Vidal, “Antoloxias en ruso, catalán e francés”, *A Nosa Terra*, nº 909, “Guieiro Cultural”, 18 novembro 1999, p. 21.

Ver Angueira, Anxo, *La poésie Galicienne de 1936 a 1990*, nestas páxinas.

III. Teatro

III.1. Dramaturgos galegos

Cortezón, Daniel, *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, Santiago de Compostela: IGAEM/Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), col. Centro Dramático Galego, nº 20, xullo 1999, 363 pp. (ISBN: 84-453-2528-0). ¤

Preséntase neste volume o texto da representación de *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, realizado e dirixido na súa posta en escena por Roberto Vidal Bolaño, así como a reproducción facsímile da primeira edición desta obra de Daniel Cortezón (Ribadeo, 1927), publicada por Edicións Nós en Buenos Aires en 1974. Ademais o volume contén, tralos limiares institucionais, unha presentación do director do CDG, Manuel Guede Oliva, titulada "Nun espacio que foi sagrado", na que destaca a compoñente histórica do texto de Cortezón así como a súa condición de autor dramático inédito, e na que loa a adaptación de Vidal Bolaño. A seguir inclúense a ficha completa do equipo artístico e o elenco, a reproducción dos signos icónicos da posta en escena, obra de Rodrigo Roel, e fotografías dos ensaios xerais. Daniel Cortezón ofrece en "Un proxecto teatral inconcluso", unha reflexión sobre a súa decisión de escribir un teatro histórico sobre heroes e feitos representativos galegos co propósito de recupera-la memoria dun pobo. Sinala así mesmo que as súas obras inclúen unha interpretación que adoita diferir da defendida pola historiografía, e un forte peso documental, no que constitúe un proxecto teatral composto por once obras das que quedan tres sen escribir. Roberto Vidal Bolaño, en "Xelmírez, Cortezón, o teatro histórico, o teatro total e outras cousas propias", identifica dúas correntes no teatro galego, o teatro histórico, centrado na reflexión sobre o pasado de Galicia, e presente dende as orixes de literatura galega e que vive na actualidade, e o teatro total, que agroma nas diferentes formas do teatro popular. Sinala tamén os vínculos existentes en todolos tempos entre teatro e historia e fai un breve percorrido por algunhas das mostras destas dúas correntes. Anxo Abuín é o encargado do estudio crítico da obra, titulado "A traxectoria teatral de Daniel Cortezón: cara a unha poética do drama histórico galego", no que adscribe a Cortezón, en razón da súa traxectoria como escritor bilingüe, ó denominado Novo Teatro Español, autores que comezaron a escribir nos

anos sesenta e que se caracterizan pola dificultade de leva-los seus textos a escena a causa da censura. Fai un percorrido pola obra en castelán do autor, destacando dúas tendencias principais: un teatro simbólico-irracional, *El rey de Harlem* (1969) ou *Semáforo* (1970), e un teatro documental, *Compañero, Presidente, compañero* (IV Premio "Ciudad de Alcoy" 1974). Céntrase despois no teatro histórico en galego, afondando na memoria e na reinterpretación dos feitos, aspectos que o levan a revisita-los mitos fundadores galegos. Xorde así o corpo fundamental da súa obra en galego: *Prisciliano* (1970), *Xelmírez ou a groria de Compostela* (1973), *Os irmandiños* (1977) e *Pedro Madruga* (1981), e a súa tetraloxía sobre a figura de Castelao, publicada co título conxunto *Castelao ou a paixón de Galicia* (1986, 1989, 1996 e 1997). Finalmente, detense en *Xelmírez*, escrita orixinalmente en galego en 1972, premiada co "Ciudad de Barcelona" en 1973 e estreada, na versión castelá, en Barcelona en 1974. Salienta que Xelmírez representa para Cortezón o último esforzo da nación galega por contrarresta-lo poder castelán e acabar co incipiente desenvolvemento de Portugal e que os feitos que se relatan abranguen dende 1100 ata 1139. Incide na concepción deste como estratega obsesionado pola gloria de Compostela, en continua manobra por reunir na cidade a maior cantidade de poder posible contra os inimigos que impedirán, finalmente, o seu proxecto dunha Galicia unida máis alá do Miño. Destaca aspectos como o protagonismo individual, a importancia da memoria na dramaturxia de Cortezón, a escolla como fonte documental da *Historia compostellana* e, con respecto ó traballo realizado po Vidal Bolaño, considera a profundización hermenéutica no tema e a selección dos materiais empregados en escena, unha "toma de partido" significativa que constitúe un enriquecedor diálogo intertextual entre Daniel Cortezón e Roberto Vidal Bolaño. O texto da representación comeza coa rebelión dos composteláns encabezada por Guillermo Seguín e a petición dos cóengos a Xelmírez de que fuxa dunha morte segura. Este considera inútil este xesto e comeza a lembrar feitos anteriores: o seu xuramento como bispo de Compostela, a concesión do reino de Galicia a Afonso Raimúndez por parte do seu avó Afonso VI, as súas intervencións en beneficio de Compostela, os problemas cos burgueses composteláns que rematan nunha revolta e na fuxida do bispo, a co[illegible], a traizón da raíña Urraca, o

convencemento final do fracaso do seu proxecto para Galicia e a morte de Xelmírez a mans do crego Guillermo Seguín, no que constitúe un peche circular da peza que volve á escena inicial.

Recensións:

- M. Quintans S., “Unha revisión histórica”, *El Correo Gallego*, “Dominical”, 10 outubro 1999, p. 8.

Refírese á posta en escena polo Centro Dramático Galego da obra de Daniel Cortezón, así como a algúns estudios que se ocuparon da peza, centrándose especialmente no de Anxo Abuín, incluído na publicación do texto, da que fai unha descrición.

Referencias varias:

- Avelino Abuín, “Xelmírez: a gloria de Compostela”, *O Correo Galego*, “Cousas da Terra”, 27 xullo 1999, p. 4.

Considera que os textos teatrais publicados polo Centro Dramático Galego serán paradigma de correctísima edición e presentación durante moito tempo e achega o título dos que xa ten tirado do prelo. Esclarece que estes libros coinciden coa representación das obras que ten levado a escena a compañía e salienta os estudios críticos que aparecen en cada un deles. A continuación, indica que os autores de teatro de Galicia son os perpetuos ignorados e refírese á aparición de *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de Daniel

Cortezón. Sinala que esta obra saíu inicialmente en castelán no ano 1974 e fai alusión á "delicadísima" edición na que é presentada agora polo CDG, ademais de dar conta dos estudios que presenta e doutros datos relacionados coa dirección e dramaturxia ou escenario desta.

- Baldomero Cores, "Diego Xelmírez, entre o silencio e a gloria", *O Correo Galego*, "*Lecer*", 8 agosto 1999, p. 26.

Fai memoria das interpretacións iconográficas que se teñen feito sobre Diego de Xelmírez e sinala que houbo que esperar a que Daniel Cortezón puxese a súa pericia recreadora na obra *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, para que se lle fixese a xustiza necesaria a esta figura. Comenta ademais que o Centro Dramático Galego auspicia tanto a posta en escena coma un interesante libro, no que os implicados na recreación escénica, así como Anxo Abuín, explican a trama deste "notable acontecemento cultural".

Dans, Raúl, *Cita co diaño/O Paso*, prólogo de Xosé Manuel Fernández Castro, introd. Manuel Manquiña, Lugo: Editorial Tris Tram, col. Teatro, nº 2, 1999, 151 pp. (ISBN: 84-89377-20-0).

Edición de dúas pezas dramáticas de Raúl Dans (A Coruña, 1964). No prólogo, Xosé Manuel Fernández Castro lembra a traxectoria do autor e analiza as dúas obras en relación coa súa restante producción. Na introducción, o actor Manuel Manquiña explica os motivos que o impulsaron a encargarlle *Cita co diaño* ó seu autor, traxicomedia que resultou finalista do Premio Cidade de San Sebastián no 1995. Esta obra está dividida en tres partes: "Prólogo", "Acto único" e "Epílogo". No "Prólogo", Xoán, o protagonista da peza, comeza a conta-la súa historia ó irmán Manuel. A continuación, no "Acto único" reflíctese o primeiro encontro de Xoán con Mefistófeles e o pacto ó que chegan os dous. Por último, no "Epílogo" móstrase a morte de Xoán tras destrui-lo manuscrito que contaba a súa historia. A peza breve *O Paso* está formada por un único acto no que se refire a historia de amor que un home lle conta a unha muller coa que coincide nun banco dun parque. O volume cérrase co *Manifesto do teatro galego* no que se fala das características que debe te-lo teatro actual así como da situación deste.

Recensións:

-Manuel F. Vieites, "Sex, drug, rock'n'roll e bocadillos de queixo con marmelo", *Guía dos libros novos*, nº 13, "Teatro", decembro 1999, pp. 28-30.

Panorámica da creación no teatro actual, na que se pide unha maior atención á creación dramática como sistema literario e que se fomente dende tódolos ámbitos a súa lectura. Dentro do actual panorama teatral, insírese esta obra da que se comeza salientando o seu pesimismo e desacougo. Fálase da situación actual en Galicia dos autores teatrais, debilitada pola falta de comunicación entre creación dramática e realización escénica, así como da xeración de autores novos, entre eles o propio Raúl Dans, Cándido Pazó, Luísa Villalta ou Miguel Sande, que traballan malia a falta dunha Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, pero baixo un conxunto de "variables comúns" como continuadores da postmodernidade, con temas como a desolación, a insolidariedade, a droga ou a insatisfacción, sen esquece-la crise presente no texto e no espectáculo, da que dá exemplos como *Rosalía*, de Otero Pedrayo. Achégase a catro textos de Raúl Dans: *Estrema*, do que salienta a influencia do mundo de *Matalobos*, de Valle Inclán, e no que se recolle o conflicto entre a Galicia urbana e rural; *Cita co diaño*, achega ó mito de Fausto; *O paso* e *Derrota*, nas que di que retoma a liña desenvolvida en obras anteriores como *Water-look* ou *Foreber*, ademais de presentaren conflictos cotiáns da verdadeira actualidade fronte a situacións límite dunha realidade adiviñada, rematando por loa-la capacidade de "amosa-los conflictos máis universais e recorrentes da existencia humana".

Referencias varias:

- Miguel Olarte, "Tris Tram publica dos obras teatrales de Raúl Dans", *El Progreso*, 20 maio 1999, p. 77.

Dáse conta da presentación do libro na Feira do Libro de Lugo. Recóllense palabras do propio autor nas que conta a xénese de cada unha destas e en que medida "teñen un certo afán renovador". Finalmente ofrécese a nómina dos gañadores dos diferentes concursos literarios organizados pola Feira do Libro.

Dans, Raúl, *Estrema*, finalista do Premio Rafael Dieste 1998 e *Derrota*, XXIIº Premio Born, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 29, 1999, 203 pp. (ISBN: 84-453-2401-2). .

Raúl Dans (A Coruña, 1964) presenta dúas obras nun só libro. Son *Estrema* e *Derrota*. A primeira delas está protagonizada por dous homes maduros, o da esquerda e o da dereita, que nun medio rural dirimen en catorce escenas sobre as vicisitudes causadas polas estremas dunha leira, que ó tempo reflicten dous polos de actitudes e vivencias opostas, a Galicia rural e a Galicia urbana. Así tamén xorden as temáticas do paso do tempo, da morte, as raíces, etc. Pola contra en *Derrota* aparecen doce personaxes anónimos, que no espacio indeterminado dun parque público (urbano), protagonizan unha serie de escenas sen relación entre si mais que gañan contra o final polo seu significado: o paso do tempo, a identidade, a marxinación, a morte... todos eles fíos comúns das máscaras que deambulan polo parque.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Desacóuganos Raúl Dans”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 80, 23 setembro 1999, p. 9.

Achega unha serie de comentarios sobre estas dúas pezas de Raúl Dans, que reproducen a realidade humana na súa vertente máis próxima, desaborida e complexa. Sinala que o citado autor constrúe as dúas obras por medio da aclimatación, no noso sistema literario, de modelos, rexistros e técnicas de construcción dramática xa traballados e de inequívoca contemporaneidade, ó mesmo tempo, que se esforza por atopar

vías autóctonas para que o teatro galego se poida normalizar e nos conecte coa tradición. Tamén apunta que tanto en *Estrema* coma en *Lugar*, a súa obra máis coñecida, a tradición é unha pedra, que, sendo límite de terras, transmite as pegadas dos devanceiros e marca os niveis de intolerancia. A seguir, indica que *Derrota* é unha peza literaria de "estragos e negruras, que, a pesar do seu aparente nousenso, lle entra na ánima ó lector". Por último, afirma que se trata de textos dramáticos con temáticas e arquitectura teatral moi modernas e sinxelas e que presentan abundancia de monólogos, diálogos escindidos, silencios e escenas sen texto.

-Manuel F. Vieites, "Sex, drug, rock'n'roll e bocadillos de queixo con marmelo", *Guía dos libros novos*, nº 13, "Teatro", decembro 1999, pp. 28-30.

Ver Raúl Dans, *Cita co diaño*/*O Paso*, nestas páxinas.

Dans, Raúl, *Lugar*, Santiago de Compostela: IGAEM/Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), col. Centro Dramático Galego, nº 18, marzo 1999, 205 pp. (ISBN: 84-453-2401-2). ¤

Volume no que se recolle a peza *Lugar* de Raúl Dans (A Coruña, 1964) que acadou o premio Álvaro Cunqueiro de teatro do 1994 e que foi representada polo CDG. A peza teatral vén precedida, despois dos habituais limiares institucionais, da presentación de Manuel Guede, titulada “O lugar ó que nunca se renuncia”, na que reflexiona sobre a relevancia de Raúl Dans no panorama teatral actual. Despois desta presentación, en “Reparto”, o primeiro dos tres grandes apartados nos que aparece dividido o volume, faise mención do equipo artístico, do técnico e de todo o elenco que fixo posible a representación de *Lugar*. No seguinte bloque, “A montaxe”, inclúese o texto “Ultimo tren a lugar (Memoria dunha estrea)”, recreación de Raúl Dans sobre os días previos á estrea da obra. Así mesmo, en “Un apeadeiro abandonado non é lugar calquera” recóllense as reflexións que Antonio F. Simón fai sobre a relación de *Lugar* cos recordos da súa infancia. Tamén se inclúe unha descrición do proceso que deu orixe á representación desta obra no apartado “Desde a sala de máquinas” de Francisco Oti Ríos. Engádense, ademais, as fotografías do escenario en “Espacio escénico e iluminación” de Antonio F. Simón e os bosquexos do vestiario en “Signos icónicos” de Suso Montero. O terceiro gran bloque, “O contexto” de Xosé Manuel Fernández Castro, é un detallado estudio, non só desta peza teatral, senón tamén de toda a producción de Raúl Dans. Reprodúcese despois o texto empregado na representación no que se reflicte a conversa de dúas persoas, David e O Viaxeiro, que se atopan na plataforma dun apeadeiro. Os dous reflexionan sobre a súa infancia, os vellos amigos e a situación actual de cada un, o que os levará a un final tráxico. Finalmente, inclúense algunhas fotografias dos ensaios xerais do Centro Dramático Galego.

Paredes, Rita, Fernando **Pazó** e Gonzalo José **Iglesias**, *Premio 1999 de relato, poesía e teatro da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Universidade de Vigo, verán 1999, 162 pp. (ISBN: 84-8302-393-8). .

Neste volume recóllense os premios de relato, poesía e mais teatro da Universidade de Vigo en 1999. Os correspondentes á modalidade de teatro son os seguintes:

Rita Paredes Gayo e Fernando Pazó Fernández (1º premio de teatro), “A doncela cerva”, pp. 127-139. Historia amorosa, con final tráxico, entre uns noivos, fillos de familias ricas, que teñen a intención de casar pero resultan ser irmáns.

Gonzalo José Iglesias Iglesias (1º accésit de teatro), “O destino de Breogán”, pp. 145-162.

A trama desta obra céntrase na historia da fundación da cidade de Brigantia, polo rei Brath e mais polo seu fillo Breogán, xunto cos intentos de rexicidio por parte de Connadh e do Druída.

Pernas Cora, Gustavo, *O galego, a mulata e o negro*, Premio Compostela ó "Mellor Texto Dramatico Orixinal" 1991, Finalista como "Mellor Espectáculo" e "Mellor Protagonista" (Gustavo Pernas), prólogo de Lino Braxe, Lugo: Editorial Tris-Tram, col. Teatro, nº 3, 1999, 144 pp. (ISBN: 84-89377-23-5).

Baixo o título de "Todos os galegos somos zambos", Lino Braxe comenta que esta obra foi "unha aposta por erguer un ar fresco e orixinal" no teatro de finais dos oitenta. Salienta o labor de documentación, que presenta sobre os diferentes momentos históricos que viviu Cuba, e o coidado da súa construcción, ademais de referirse ó código lingüístico de cada un dos personaxes, que reforza a acción e o ritmo. Así mesmo, destaca o acerto das introduccións que abren cada escena, pois nelas sitúase o tempo e a acción e aparece unha canción ou presencia musical que a define. Tamén, baixo o encabezamento de "A Cubana", Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959) fala da súa relación familiar con Cuba e da viaxe que fixo coa súa muller, Anxela G. Abalo, a esta illa, despois da cal traballaron xuntos sobre propostas diferentes cun común denominador, os tres protagonistas que darían título á obra. Explica cómo a escribiron e histórica vivida pola illa cubana, dende a Cuba escravista de 1886 a actual, representando un papel de acorde co panorama dese momento. A través destas escenas, créanse situacións divertidas, ó mesmo tempo que se deixa late-la denuncia de Cuba con respecto ó Descubrimento, a consideración de que os únicos estranxeiros que nela hai son os ianquis, a solidariedade que hai entre o Galego e o Negro, que son explotados na súa chegada a Cuba, ou a tentación brutal que a muller mulata ten para os negros e galegos.

Ruibal, Euloxio R., *O son da buguina*, Lugo: Tris Tram, col. Teatro, nº 4, decembro 1999, 87 pp. (ISBN: 84-89377-24-3).

Peza teatral nun só acto, creada por Euloxio Ruibal (Ordes, 1945). A historia desenvólvese no interior da cela dun cárcere galego na que conviven catro presos (tres galegos e un mexicano). Despois de que Jalisco, o mexicano, logre a confianza dos demais, inician os catro protagonistas unha viaxe retrospectiva pola vida de Jalisco, dende o momento en que coñece a súa futura sogra ata o asasinato da súa muller e sogros. Ó longo da historia son constantes as referencias ós "foucelle", guerrilleiros antifranquistas, discuten sobre a sospeita dunha tendencia comunista en Castelao e agroma a frustración do amor que senten el e a súa dona polo dominio que sobre ela exerce a súa sogra. O tráxico desenlace ten lugar cando, ó recrea-la morte da súa esposa, acaba coa vida dos seus compañeiros de cela.

Salgueiro, Roberto, *Teatro Nacional e nacionalismo***Váter (comedia claustrofóbica)*, Santiago de Compostela: Noitarenga, 1999, 103 pp. (ISBN: 84-920723-2-6).

Ábrese este volume cunha introducción, “A xeito de prólogo”, na que Roberto Salgueiro (Caracas, Venezuela, 1966) indica as motivacións que o levaron a publicar este libro. A seguir, inclúe un breve estudio no que aborda a problemática derivada do sintagma “Teatro Nacional” partindo da xestación das nacións europeas a comezos do século XIX e atendendo ó caso específico dunha nación sen Estado como é Galicia. Para isto, asume unha concepción universalista do nacionalismo en contraposición ó nacionalismo autoritario que nace das teorías antropolóxicas de carácter racista de finais do século XVIII. A continuación, recolle a peza dramática *Váter (comedia claustrofóbica)*. Nela, atopamos a un crego e a un fontaneiro, Moncho, que quedan pechados no baño dunha igrexa cando o operario se dispuña a desatasca-lo váter. A partir de aí, e nun período inconcreto de tempo, asistimos a unha situación delirante na que saen á luz os medos humanos como a morte e ou a soidade ante a posibilidade dos personaxes quedaren atrapados no baño de por vida. Trala morte do fontaneiro, provocada por un paro cardíaco, o crego recoñece os propios medos, ata entón só revelados polo seu compañeiro de encerro, que teñen a súa orixe nos traumas infantís.

Sande, Miguel, *Ninguén chorou por nós*, Premio Rafael Dieste 1998, ilust. Xoán Guerreiro, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, xuño 1999, 39 pp. (ISBN: 84-95335-16-16). ¤

Brevísima peza teatral de Miguel Sande (Pastoriza-Arteixo, 1961) composta por un pequeno texto inicial, tres partes e un final, caracterizados pola contención expresiva e metáforas sobre metáforas. Con tendencia á narración, máis que á teatralidade, é significativa a atmosfera de inquietude que se respira ó longo do texto. O argumento desenvólvese con lentitude, cunha ollada cinematográfica, con pequenos enfoques dun incendio, incendio real, monte borrallento a voar polo aire, e irreal na cabeza dos protagonistas: Unha nai morta, un pai na aldea na que xace, a súa muller, que suspira pola súa ausencia e recibe a visita de homes da empresa que o queren botar do val. Unha filla na cidade prepara a tesiña ó tempo que pasa por un aborto, situación que lle fai necesita-la presencia do seu pai, mais sénteo lonxe. Preséntase así a incomprensión xeracional, mundos en proceso de desaparición, frustracións prematuras e a dor pola ausencia epola morte. Ó final, o que queda é a sensación de baleiro, por dentro e por fóra. O texto está escrito cun nihilismo expresivo, comunicativo e sentimental.

Referencias varias:

-Albino Mallo, “Miguel Sande presentou ‘*Ninguén chorou por nós*” e hoxe resólvese o Premio Dieste”, *O Correo Galego*, “AFA”, 28 outubro 1999, p. 38.

Con motivo da presentación da obra, reprodúcense as palabras de Miguel Sande quen considera que “o teatro debe estar feito para ler e logo para representar”. Así mesmo, expón as razóns polas que a súa peza, *Ninguén chorou por nós*, aínda non foi representada. Refírese tamén ás características “singulares” desta obra e dá conta do seu argumento.

.

III. Teatro

III.2. Reedicións comentadas e facsímiles

Calviño de Castro, Xesús, *Obra en galego de Xesús Calviño de Castro. Forza segreda (teatro). Poemas inéditos e dispersos*, Betanzos: Concello de Betanzos, 1999, 199 pp. (ISBN: 84-923797-3-1). ¤

Como xa se indicaba no apartado II deste *Informe*, este volume, ademais de presentar un conxunto de composicións poéticas, conta coa reproducción da peza teatral intitulada “Comedia social”, que está dividida en 2 lances e 22 escenas precedidas dun limiar. Calviño de Castro defínea como unha obra comprometida escrita para loitar contra a ignorancia, a inconsciencia, o engano e a explotación do home polo home. No primeiro lance, o ministro da Nación Sueva San Xurdio, tamén chamado Don Uxío, devólvelles a terra ós labregos quitándollela ós caciques coma Antón “O Ricaz”. Ademais, mostra do seu carácter antimilitarista, substitúe o exército por arados e castiga os invasores cunha máquina en forma de reloxo que lles provoca grandes males. No segundo lance, resólvense tódolos asuntos co restablecemento da xustiza e a punición dosbelicosos. Ó final da obra, aparece Galicia, simbolizada nunha moza vestida de galega, que é a verdadeira “forza segreda” que move a San Xurdio, personaxe principal que dá unidade á historia.

Recensións:

-Román Raña, “Un poeta (recuperado) dos anos vinte”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Poesía”, decembro 1999, p. 26. Ver Calviño de Castro, Xesús, *Obra en galego de Xesús Calviño de Castro. Forza segreda (teatro). Poemas inéditos e dispersos*, no apartado II. 1. deste *Informe*.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Calviño de Castro: recuperación”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 21 maio 1999, p. 16.

Ver Calviño de Castro, Xesús, *Obra en galego de Xesús Calviño de Castro. Forza segreda (teatro). Poemas inéditos e dispersos*, no apartado II. 1. deste *Informe*.

- Xosé Neira Vilas, “Vida e paixón de Calviño de Castro”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 14 outubro 1999, p. 4.

Cunqueiro, Álvaro, *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*, adapt. Quico Cadaval, estudio introductorio de Xosé María Paz Gago, Santiago de Compostela: IGAEM/ Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), col. Centro Dramático Galego, nº 21, 177 pp. (ISBN: 84-453-2587-6). ¤

Despois das presentacións institucionais, o volume inclúe un estudio a cargo de Manuel Guede Oliva titulado “Cousas que pasan”, no que sinala que esta estructura escénica argallada por Quico Cadaval en 1999, parece que naceu da mesma máquina de escribir na que Álvaro Cunqueiro ordenou a narración *Si o vello Sinbad volvese ás illas* na metade do século. No apartado titulado “Reparto” dáse conta do equipo artístico e do elenco desta peza estreada no Salón Teatro de Santiago de Compostela o día 29 de outubro de 1999. A seguir, Fabio Mangolini, director da representación teatral, no estudio titulado “Suspendémo-lo tempo: soñamos”, comenta que este espectáculo non é máis ca unha “festa teatral”. Segue a este a ficha biobliográfica deste director nacido en Roma. Quico Cadaval, en “Un preguiceiro soñador e un modesto imitador”, propón dous prólogos para esta obra e explica como fixo esta adaptación teatral. Bernardo Martínez alude á música deste espectáculo e Xosé María Paz Gago realiza un extenso estudio sobre o teatro do escritor mindoniense, no que sustenta que este viviu o teatro intensamente e coñecía a súa dimensión espectacular, ademais de mostra-la presencia que este xénero tivo dentro da súa narrativa. Comenta o seu paso do teatro surrealista ó falanxista e, posteriormente, a súa participación na formación do teatro do absurdo e as obras *Romeo e Xulieta, famosos namorados* (1956), *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958),*A noite vai coma un río* (1960) e *Palabras de víspera* (1974). Así mesmo, refírese ós coñecementos que posuía Cunqueiro sobre a Comedia da Arte e ás escenas segunda e vixésimo quinta da “peciña” de teatro chinés que aparece no apéndice epilogal á novela *Si o vello Sinbad volvese ás illas...* Finalmente, ábreselle o paso á peza teatral de Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) protagonizada por Sinbad, un vello piloto mariño, que continuamente está relatando as fantásticas historias e aventuras, que di vivir o longo das súas

viaxes, ata que, cando de novo decide atravesa-los mares e non o logra, perde a vista por quedarlle baleira a saqueta dos soños.

Otero Pedrayo, Ramón, *O fidalgo e o teatro. Tres textos dramáticos de Ramón Otero Pedrayo*, introd., ed. e notas de Xosé Manuel Sánchez Rei, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor/Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña, serie Azul, nº 7, novembro 1999, 205 pp. (ISBN: 84-95322-18-8). ¤

O presente volume recolle tres pezas teatrais de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888–1976). “Diálogos na néboa” é un brevísimo diálogo filosófico entre Demócrito e Heráclito. “Traxicomedia da noite dos santos” presenta un fidalgo que volve ó pazo familiar dende o estranxeiro para vendelo. Alí os devanceiros xa finados e os obxectos da casa intentan convencelo de que non o faga. Ó final, decide casar alí cunha paisana ex-amante que marchara ás Américas e fundar unha familia. “O fidalgo e a noite”, do que se ofrece copia do manuscrito orixinal, volve sobre o tópico oteriano da decadencia da fidalguía. Ámbalas dúas usan un léxico culto e inclúen reflexións filosóficas como, por exemplo, a posta en cuestión do concepto de Europa. Os textos dramáticos están precedidos por unha introducción na que se ofrece unha panorámica biográfica. Canto á novelística oteriana en xeral, revísanse as clasificacións preexistentes, sen esquecer repasa-la obra lírica e ensaística. O editor cita tamén a producción de Otero noutras linguas e sinala o paradoxal de que traducise un fragmento do *Ulyses* antes de existi-la versión francesa, xa que el non coñecía o inglés. A seguir, céntrase no teatro e sinala tres etapas entre 1917 e 1931: folclorista, culta e de represión. Continúa cunha breve explicación de cada unha das obras de Otero, salientando a súa dedicación constante a este xénero. Xustifica a escolla dos tres textos por procederen de etapas diferentes e indica algunhas características comúns. Alén disto, efectúa un amplo estudio lingüístico tras constatar que non hai ningún traballo global que

trate este aspecto do autor. Nel atende ás vertentes gráfica, fonética, morfosintáctica e semántica-lexical. Así mesmo, sinala os criterios de edición e recolle unha bibliografía activa e outra pasiva.

III. Teatro

III.3. Traduccións ou versións

Badiou, Alain, *Ahmed alporízase. Comedia en catro movimentos* (*Ahmed se fâche*), trad. Luís Martul e Nicolás Xamardo, Santiago de Compostela: Noitarenga, decembro 1999, 73 pp. (ISBN: 84920723-3-4).

Esta peza teatral de Alain Badiou constitúe un exemplo de literatura social e metadramática polo que o argumento desta obra dramática está fundamentalmente sustentado nas reflexións que os personaxes fan sobre o papel do público no teatro e a censura que realizan á lixeireza coa que moitas veces a crítica se pronuncia, decote en contradicción coa opinión dos actores, sobre un espectáculo determinado. Esta idea cristaliza coa chamada de atención dun espectador ó crítico, ambos personaxes, porque este xa tiña as notas escritas ó pouco de iniciarse a obra. Xa dende unha perspectiva parateatral, poñen en cuestión o papel da administración, acusada de falta de seriedade, e apuntan como posible solución a privatización dos teatros. Respecto do outro gran tema, o civil, os personaxes disertan sobre os problemas de racismo existentes entre os franceses e as comunidades inmigrantes de orixe árabe e manifestan o seu rexeitamento ante a intolerancia da ultradereita francesa de igual modo có patrioteirismo árabe. Con este fin, aparecen na obra referencias concretas a políticos galos actuais, como Le Pen ou Pasqua. Este problema conecta coa guerra civil encuberta que vive Alxeria e amósase unha postura crítica tanto cos integristas islámicos canto cos militares no poder. Conclúe este segundo motivo principal cuestionando a existencia de comunidades e razas. Finalmente cabe salienta-la constante presencia de referencias intertextuais (Shakespeare ou Rojas).

Lagarce, Jean-Luc, *Eu estaba na casa e agardaba que viñese a chuvia*, trad. Iolanda Ogando González, Noemí Pazó González e Dolores Vilavedra Fernández, Santiago de Compostela: IGAEM/Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), col. Centro Dramático Galego, nº 19, abril 1999, 139 pp. (ISBN: 84-4532416-0). ¤

Tres grandes bloques compoñen este volume: “A montaxe”, “O contaxe” e “O texto da representación”. Despois deles, recóllense oito fotografías tiradas durante o ensaio xeral e, ó principio, cítase o reparto da obra –sen esquece-los equipos artístico e técnico– e reprodúcese un texto de Manuel Guede, quen empraza no Eixo Atlántico o futuro do teatro galego e recoñece que Viana do Castelo vai por diante de Galicia no labor de crear un espacio teatral común. “A montaxe” é unha sección miscelánea na que José Martíns dá a súa opinión sobre a obra e deseña un esquema do sistema de iluminación, Alexandra Moreira da Silva procura ecos de simbolismo no texto e Catarina Amaro ofrece sete debuxos dos personaxes e do espacio escénico. Noemí Pazó, en “O contexto”, repasa o esperanzador momento que se está a vivir nos últimos vinte anos en terras galas canto á creación dramática. Informa da biografía de Lagarce (1957-1995) atendendo especialmente á homosexualidade e á morte prematura a causa da SIDA, ó mesmo tempo que achega un percorrido pola obra do autor francés. A análise do texto que nos ocupa céntrase primordialmente na estructura e nos personaxes. En “O texto da representación”, precedido dunha sinopse, presentásenos cinco mulleres –tres irmás, a nai e unha quinta que aparenta ser avoa– no momento do regreso á casa do irmán despois de varios anos fóra. As cinco lembran as disputas cotiás entre o rapaz e o pai, a marcha da casa do primeiro e a súa longa ausencia. Nestes recordos mesturan realidade e fantasía. Tamén aventuran o futuro tralo pasamento do rapaz, quen se non está morto está a morrer.

Recensións:

-Inma López Silva, "*Eu estaba na casa e agardaba que viñese a chuvia*", *Revista Galega de Teatro,* nº 20*,* "As expectativas do público", primavera-verán 1999, pp. 64-65.

O desenvolvemento do particular mundo que propón Jean-Luc Lagarce, a súa temática ou as débedas que esta obra ten con outros textos dramáticos son algúns dos puntos polos que discorre este comentario. Fai referencia ademais, deixando á marxe o texto, ó espectáculo do Centro Dramático Galego como proposta escénica e ó traballo dos diferentes actores. Finalmente reflexiona sobre o labor levado a cabo polo CDG e cuestiónase se este é o máis adecuado para a situación concreta do teatro galego.

Manuel F. Vieites, "Novas dramaturxias francesas", *Guía dos libros novos*, nº 10, "Teatro", setembro 1999,
29.

Despois de repasa-las tendencias da dramaturxia francesa, na que se integra esta obra que agora é traída ó galego, Vieites céntrase na versión galega da obra de Lagarce, da que salienta a presencia de voces, máis ca de personaxes, especialmente, a través de monólogos cos que enfían os relatos as cinco mulleres protagonistas pechadas nunha casa. Tamén se refire á concepción da vida como a construcción da memoria, a través, principalmente, co recurso da circularidade e da oralidade, así como a relevancia que adquire a ausencia, dándolle unha tonalidade case mística. Finalmente, acha a explicación de boa parte dos recursos e visión da obra na experiencia vital do autor, víctima da SIDA, despois de oito anos de loita.

Pinter, Harold, *Vellos tempos*/*A festa de aniversario* (*Old times*, 1971)/ (*The Birthay Party*, 1959), ed., introd. e trad. de Manuel F. Vieites, Vigo: Edicións Xerais de Galicia: col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 28, 1999, 191 pp. (ISBN: 84 8302-362-8). .

Este volume ábrese cunha introducción de Manuel Vieites na que pon de relevo que a segunda obra recollida neste libro foi a primeira que Harold Pinter (Londres, 1920) viu representada, e lembra o gran fracaso que esta supuxo. Así mesmo, indica que Pinter non ofrece pistas para a compresión da obra, xa que logo, haberá que contar só co texto. A seguir, salienta algúns trazos definitorios do dramaturgo ó que cualifica de realista, simbolista e autor comprometido. Tamén sinala que utiliza personaxes normais e que a tensión é máis emocional que física. Apunta tres claves na obra do londinense: o perigo constante ó que o home está sometido, as dificultades de comunicación interpersoais e a imposibilidade de verifica-lo pasado. A seguir, defende o papel do traductor na dramaturxia, co obxectivo dun mínimo afastamento entre a representación e o orixinal, e menciona as edicións que tomou como base para esta edición. As dúas obras, de extensión desigual, pertencen á primeira época de Pinter. En ambas aparecen conversas cheas de tópicos que deberían transcorrer pracidamente pero que sempre crean malentendidos e tensións. Cando os personaxes lembran o pasado, xorden fondas discrepancias entre os recordos duns e outros. Habitualmente non se di cál das versións é a verídica e nin sequera se as lembranzas remiten ó pasado ou só a unha creación mental. Ese pasado constitúe un espacio de escuridade que ou non se recorda ou non se quere recordar.

Referencias varias:

- E. P., “O Igaem e Xerais editan un volume con dúas obras do director de escena Harold Pinter”, *El Correo Gallego*, 11 novembro 1999, p. 75.

Anuncia a publicación de *Vellos tempos/A festa de aniversario*, de Harold Pinter, que vén a face-lo número 28 da colección creada en 1993.

Rostand, Edmond, *Cyrano de Bergerac*, versión de Paulino Pereiro e Francisco Pillado, A Coruña: Bahía Edicións, col. Bahía Teatro, nº 1, outubro 1999, 203 pp. (ISBN: 84-89803-51-X).

Versión de cámara da obra de Edmond Rostand (Marsella, 1868 - Cambo, 1918) que foi estreada no Teatro Principal de Ourense o día 23 de marzo de 1999 pola compañía Librescena. Esta comedia heroica francesa, estructurada en cinco actos divididos en trinta e seis escenas, recolle a evolución do triángulo amoroso formado por Rosana, Cristián, que era un militar mozo moi fermoso pero sen enxeño, e Cyrano, un poeta e dramaturgo, polemista, romántico e enxeñoso, que vive aburado pola súa fealdade, especialmente polo tamaño do seu nariz. Cyrano redacta as cartas que o seu rival lle envía á amada, e mesmo chega a suplantalo nalgún momento, ata conseguir que Rosana case con Cristián. Como vinganza, o Conde de Guiche, pretendente frustrado de Rosana, envía a Cyrano e a Cristián ó campo de batalla, do que regresa malferido o primeiro e atopa a morte o segundo. Remata a obra co descubrimento do engano por parte da protagonista e co falecemento de Cyrano, despois de ter feito unha declaración de principios.

Wilde, Oscar, *Ernesto. Comedia trivial para xente seria* (*The importance of Being Earnest*. *A trivial comedy for serious people,* 1899), ed., notas e trad. de Miguel Pérez Romero, introd. Raúl de Toro Santos, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Pillado Mayor/Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña, serie azul: Literatura Dramática Galega, nº 4, febreiro 1999, 189 pp. (ISBN: 84-89694-96-6). ¤

Edición bilingüe en galego e inglés da obra *The Importance of Being Ernest. A Trivial Comedy forSerious People* de Oscar Wilde (Dublín, 1854-París, 1900), estreada por primeira vez en Londres en 1895. A obra desenvolve un xogo de equívocos polo cal Algernon e Jack, e os seus dobres Bumbury e Ernest, procuran o matrimonio de Cecily e Wendolen protagonizando unha comedia próxima á farsa e non exenta de sátira que atenta contra o *earnestness*, a solemnidade victoriana hipócrita e ausente de ironía. Ademais, evoca variados temas como a morte, o interese económico do matrimonio ou a decadencia da aristocracia. Antonio Raúl de Toro Santos ofrécenos, previamente, unha introducción ó autor e á obra e Miguel Pérez Romero “Tres notas preliminares” nas que formula a problemática da traducción, sobre todo, do título, os antecedentes interpretativos da obra e edicións. O volume complétase cunha “Táboacronolóxica” de Óscar Wilde e un “Apéndice” sobre a representación da obra en 1982 pola Escola Dramática Galega, que conta coa achega de Manuel F. Vieites sobre este proxecto teatral.

Recensións:

-Lois Sandoval, “Ser ‘Ernest’ ou nada”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 57, 15 abril 1999, p. 4.

Preséntase a traducción que Miguel Pérez Romero fixo de *The importance of Being Ernest*, publicada co título de *Ernest*. *Comedia frívola para xente seria*, pola Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña. Faise unha pequena e sutil análise da obra de Oscar Wilde e recórdase a súa figura e a súa vida.

Manuel F. Vieites, “Eloxio e fortuna da impostura”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Teatro”, novembro 1999, 29.

Antes de centrarse na análise da obra de Óscar Wilde, ofrece unha ampla visión panorámica da situación do teatro na Inglaterra do século XIX. Así, explica as causas, relacionadas coa temática e cos personaxes, polas que o melodrama foi o xénero preferido polo público neste período e nomina algúns dos subxéneros (farsas, extravaganzas ou xogos burlescos) que tiveron importancia neste período. Destaca a influencia do teatro francés neste momento e cita os nomes dalgúns dos autores que deixaron unha maior pegada. Logo informa dos representantes e alicerces das dúas correntes máis significativas da dramática inglesa contemporánea nadas a finais do último cuarto do século. A seguir, resume as diferencias na maneira de entende-la dramática dos representantes de distintas correntes entre as que destaca o realismo de Ibsen e a dimensión didáctica de Shaw. Seguidamente, sitúa a Oscar Wilde na corrente de Ibsen e pon de relevo algunhas das características principais do seu teatro como son o emprego da expresión e dos sentimentos nos elementos formais ou a creación de mundos dramáticos coherentes, significativos e con lóxica interna.

Finalmente, detense no contido e na temática da peza teatral, que considera un retrato a unha clase “en proceso de descomposición”.

.

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.1. Ciclos, encontros festivais, mostras, semanas e salas alternativas

Ciclo de Teatro Afeccionado de Bueu

Organizado pola Concellería de Cultura de Bueu tivo lugar na Casa do Pobo de Beluso e na Casa de Cultura de Bueu durante os venres do mes de marzo de 1999. O día 5 de marzo o grupo de teatro da Asociación Cultural "A Cepa" de Cangas puxo en escena *O arce no xardín*, o día 12 representouse *O armacén dos artistas* a cargo de Obradoiro de Teatro do Instituto de Ensino Secundario "María Soliña" e o día 26 *O achado do castro* representado polo Grupo de Teatro da Asociación de Mulleres de Moaña.

- Álvaro Agulla, "La Concellería de Cultura organiza un ciclo de 'Teatro Afeccionado", *Diario de Pontevedra*, 2 marzo 1999, p. 16.

Anuncia a celebración do ciclo e cita os nomes dos grupos participantes.

- A. A., "Comienza en Beluso el "Ciclo de Teatro Afeccionado", *Diario de Pontevedra*, 5 marzo 1999, p. 17.

Anuncia o inicio do Ciclo e ofrece a axenda de días e dos grupos participantes.

- A. A., "Continúa o ciclo de "Teatro Afeccionado" na casa da Cultura", *Diario de Pontevedra*, 26 marzo 1999, p. 16.

Entre outras noticias referidas á actualidade cultural do concello de Bueu, informa da representación de *O achado do castro*, obra de Manuel Núñez Singala, a cargo do Grupo de Teatro da Asociación de Mulleres de Moaña. Dá conta do horario, prezos e lugar da posta en escena.

Ciclo de Teatro Profesional 1999 de Moaña

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Moaña e foi cofinanciado pola Dirección Xeral de Cultura. Tivo lugar no cine Veiga e tódalas representacións comezaron ás 11 da noite. Comezou o día 9 de outubro e celebrouse con carácter semanal ata o día 13 de novembro. Participaron Teatro do Adro con *Bululú do linier*, Alalá Producción con *A viaxe de Lola*, Teatro do Aquí con *Rastros*, Teatro da Lúa con *Ultimamente non durmo nada*, Teatro de Ningures con *Lugar común* e Teatro do Morcego con *Morte accidental dun anarquista*.

Ver Alalá Teatro.
Ver Teatro do Aquí.
Ver Teatro de Ningures.
Ver Teatro do Morcego.

IIº Encontro de Teatro Afeccionado de Boiro

Certame organizado polo Departamento de Cultura do Concello boirense e conta coa colaboración da Deputación da Coruña. Celébrase na casa de Cultura Ramón Martínez López de Boiro do día 27 de xullo ó 2 de agosto. O día 27 de xullo representou Teatro do Anónimo Val do Salnés a obra *Laudamuco, sr. de ningures*, o día 28 o grupo Valacar levou a escena a obra *Os cravos de prata*. O 29 a compañía Bufarda representou *Rei Lear*, o 30 O grupo Avento escenificou *O Porco*, o día 31 Badius puxo en escena a súa obra *Xoo, ante o perigo*, os días 1 e 2 de agosto Teatro do improvisto clausurou o ciclo coa obra *A noite de Sabina*.

- M. X. B., "Milladoiro y la IIª Mostra de Teatro Afeccionado serán protagonistas de la agenda cultural de Boiro este verano", *El Correo Gallego*, 19 xuño 1999, p. 47.

Entre os actos culturais programados para o verán en Boiro, cítase a celebración da Mostra de Teatro Afeccionado de Boiro e cítanse os nomes dos grupos participantes.

- Ver Teatro da Bufarda.
- Ver Teatro Avento.

VIos Encontros de Teatro Universitario

Organizado polo Servicio de Extensión Universitaria. Desenvolveuse entre 23 e o 29 abril. Participaron as seguintes compañías: A Balteira con *Xacobeo suicida-xenocida*, Teatro da Bufarda con *O rei Lear*, Farsalia con *Sono dunha noite de verán*, Sergio Vences e o grupo del Valle -Inclán con *A Celestina*, Estragón coa posta en escena de dúas obras: *Porno* e *El Taller de Pierrot*. Finalmente Hac Luce puxo en escena *Chejovtre*s.

VIIª Feira do Teatro de Galicia

Organizada polo IGAEM, e cooordinada por Rubén García, celebrouse entre os días 23 e 27 de de marzo en Santiago de Compostela, tendo como escenarios a Aula de Cultura de Caixa Galicia, o Teatro Principal e as Salas Nasa e Galán. Participan este ano as seguintes compañías: Teatro do Aquí, coa representación da obra *Doentes*, Sarabela Teatro coa posta en escena da obra *Os soños de Caín*, Teatro do Morcego con *Morte accidental dun anarquista*, Teatro da Lúa estrea o día *26 Ultimamente non durmo nada*, Producción Librescena con *Cyrano de Bergerac*, Uvegá Teatro con *Un home que se parecía a Macbeth*, Matarile Teatro con *Teatro para camaleóns*, Teatro Alla Scala con *Unha de amor*, Cachirulo Teatro con *Pinochio*, Bruto e Pífano con *Interruptus II*, Alalá Producciónss con *A viaxe de Lola*, Teatro do Adro con *Bululú do linier* e Pilar Pereira con *Un lunar vermello (con pintiñas).* Pola súa banda, a Nasa e a Galán celebraron o Congreso Estatal de Salas Alternativas. Ademais, participou a compañía castelá-leonesa Teatro Corsario.

-Pancho Tristán, "Tres compañías no gallegas participarán en la Feira do Teatro", *El Mundo. Galicia*, 14 marzo 1999, p. 9.

Logo de aludir á Feira do Teatro de Galicia como "cita imprescindible" xunto á Mostra do Teatro de Ribadavia, céntrase nas tres compañías de fóra de Galicia que participan no evento: Teatro Corsario (Castela e León), Teatrapo (Estremadura) e Cal Teatro (Castela-A Mancha). Ademais repara no feito de que este ano a Feira leve como nome Feira-Mostra de Teatro no Camiño ó ser asumida a súa organización polos responsables do Xacobeo. Segundo Pancho Tristán a organización explicara que o nome se debía a que as compañías foráneas participantes habían de ser procedentes de comunidades polas que pasa o Camiño Francés, feito que o final resulta non ser así.

- A. I. S., "Cerca de mil personas aplaudieron los temas cubanos de la Vieja Trova", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 19 marzo 1999, p. 34.

Entre otras noticias relacionadas co mundo da cultura, infórmase da presentación da Vª Edición do Congreso Estatal que este ano se celebra en Compostela dos días 23 ó 25 de marzo. Recolle a opinión de Xesús Ron, fundador da Sala Nasa, quen destacou a importancia do Congreso, entre outras cousas, porque serve para coñece-lo labor das diferentes salas alternativas de todo o estado español.

- Galia Blanco, "Xesús Ron dice que las salas privadas se gestionan mejor que muchas públicas", *El Mundo*. *Galicia*, 19 marzo 1999, p. 10.

Comeza recollendo a opinión de Xesús Ron, fundador da Sala Nasa de Santiago de Compostela, quen cre que as salas alternativas teñen unha xestión máis eficaz que moitos teatros públicos. A seguir anuncia o Vº Congreso dos Teatros alternativos que ten lugar os días 23, 24 e 25 de marzo en Santiago de Compostela coincidindo coa Feira de Teatro de Galicia. Comenta algúns dos obxectivos do Congreso como son a celebración dun circuito intersalas e facer autocrítica do seu traballo.

- R. G., "Galicia estrena semana de teatro", *La Voz de Galicia*, 22 marzo 1999, p. 55.

Informa do comezo dunha semana dedicada ó teatro en Galicia. Así, Santiago acolle a VIIª edición da Feira do Teatro de Galicia e en A Coruña celebrouse a IIIª edición dos premios María Casares. Pola súa banda, o Centro Dramático Galego iniciou os ensaios da súa nova montaxe e segue a representar *Lugar*.
- Rodri García, "Palabras para la escena", *La Voz de Galicia*, 22 marzo 1999, p. 55.

Alude implicitamente ós obstáculos que sufriu ó longo do tempo o teatro galego e lembra que Vidal Bolaño chegou a montar un espectáculo que tiña como argumento a crítica á falta de apoios oficiais. Así mesmo, refírese á "resistencia" de Manuel Lourenzo ata que lle chegou o recoñecemento e engade que días atrás en Lugo protestaban uns mozos porque "no les dejan actuar aunque sea en una representación universitaria". Para Rodri García "la crisis del teatro sigue, pero de otra forma". Considera finalmente que a semana na que se celebra a Feira do Teatro, e a entrega dos Premios María Casares e do Día Mundial do Teatro é unha boa ocasión para apoia-lo mundo da "farándula" acudindo ás salas.

- Paula Pérez, "A Feira do Teatro exhibe esta semana en Santiago veinte espectáculos gallegos", *Faro de Vigo*, 24 marzo, 1999, p. 49.

Informa da inauguración da Feira, inscrita este ano na programación do Xacobeo 99 e da que se di que serve de escaparate do teatro galego para un cento de programadores españois e portugueses que se dan cita no evento. Alúdese á participación de Sarabela con *Os soños de Caín*, Teatro do Aquí con *Doentes* e Teatro do Adro con *Bululú do linier*. Así mesmo cítanse como novidades as estreas de *Un lunar vermello*, de Pilar Pereira e *Morte accidental dun anarquista*, de Teatro do Morcego.

- Elva Otero, "Non é cóncavo"/"Teatro do Morcego' estrea na Feira a 'Morte accidental dun anarquista' de Fo", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 25 marzo 1999, p. 45/ p. 74. Celebradas as dúas primeiras xornadas da Feira do Teatro de Galicia coméntase que as compañías galegas coinciden en sinalar que o teatro atravesa un dos seus mellores momentos. Neste sentido concíbese a Feira como unha mostra do bo estado de saúde do teatro galego. A continuación faise unha breve referencia ó cartel da xornada formado polas actuacións de Cachirulo, Uvegá Teatro, Teatro do Morcego, Matarile Teatro, Bruto e Pífano e Alalá Teatro.

- Paula Pérez, "Maratón de teatro gallego", *Faro de Vigo*, "Faro del Ocio", 26 marzo, 1999, p. 7.

Diante da penúltima xornada da Feira glosa brevemente o argumento das obras *Ultimamente non durmo nada*, de Teatro da Lúa; *Agardando por Godot*, de Teatro Galileo e *Cyrano de Bergerac*, de Librescena. Ponse de relevo que o traballo destas compañías está a ser observado "con lupa" por parte dos expertos asistentes do resto de España.

- AGN, "Cinco espectáculos escénicos lembrarán hoxe en Galicia o Día Mundial do Teatro", *La Región*, 27 marzo 1999, p. 50.

Indica a coincidencia do Día Mundial do Teatro coa última xornada da Feira do Teatro de Galicia así como coa representación de *Lugar* en Vilalba a cargo do Centro Dramático Galego e a actuación do grupo Miman Teatro en Oleiros.

- Camilo Franco, "Axitación social", *La Voz de Galicia*, 28 marzo 1999, p. 38.

Valora como "frouxa" a edición deste ano da Feira do Teatro de Galicia, "abrigando algunhas esperanzas falsas e confirmando despistes monumentais". Así, e a propósito de *Cyrano* considera que prometía máis do que en realidade deu, poñendo de relevo a falta de ritmo e entende que a versión escénica é pesada "e non entende que para un texto áxil se precisa tamén un estar lixeiro". Refírese tamén a *Últimamente non durmo nada ben* de Teatro da Lúa e malia que vía nela un intento de teatro comercial "non deixa de ser máis que unha sucesión de chistes previsibles". Neste sentido pensa que a escena galega ten dificultades para facer teatro comercial pero agarda que cando se faga non sexa así.

- Ver Sarabela Teatro.
- Ver Teatro do Morcego.
- Ver Librescena.
- Ver Uvegá Teatro.

- Ver Artello-Alla Scalla.
- Ver Títeres Cachirulo, no apartado VII. 3.1.deste informe.
- Ver Alalá Produccións.
- Ver Teatro do Adro.
- Ver Pilar Pereira.

IVº Festeixo, Festival de Teatro do Eixo Atlántico

Tivo lugar entre en Viana do Castelo entre os días 26 de novembro e 5 de decembro, organizado pola compañía portuguesa Teatro do Noroeste, tendo como escenarios os Antigos Paços do Concello, o adro do Museo do Traxe e o Salón Nobre. Participaron dezaseis compañías portuguesas e galegas. Os nove grupos galegos participantes foron Teatro do Atlántico con *O Cerco de Leningrado*, Teatro do Morcego que puso en escena *Morte accidental dun anarquista*, Teatro do Adro que representou *Bululú do linier*, Teatro do Aquí coa obra *Sen ir máis lonxe*, Teatro de Ningures con *Lugar común*, Alalá Producciónss con *A viaxe de Lola*, Tanxarina cos *Contaloucos* e Monikrekes de Kukas que participou co espectáculo *Cucarandainas*.

- D. J., "Nove compañías teatrais galegas participan no IV Festeixo"/"Teatro galego e portugués únense nunha nova edición do 'Festeixo", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 25 novembro 1999, p. 43/p. 76.

Cítanse os nomes dos escenarios que acollen o Festival así como os das compañías participantes. Ponse de relevo o incremento de lazos que se establece entre Galicia e o Norte de Portugal con este evento, así como o feito de que a cita sexa punto de encontro para programadores portugueses que poden coñecer máis de preto a dramaturxia galega.

- Ver Teatro do Atlántico.
- Ver Teatro do Morcego.
- Ver Teatro do Adro.
- Ver Teatro do Aquí.

- Ver Teatro de Ningures.
- Ver Alalá Produccións.

Vº Festival Internacional de Teatro Universitario. Campus de Compostela

Celebrouse entre os días 19 e 30 de abril baixo a organización do Vicerrectorado de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade da Universidade de Santiago de Compostela. Tivo como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio da Universidade e as salas Nasa e Galán. Participaron vintetrés compañías procedentes de Valencia, Madrid, Barcelona, Estremadura, Puerto Rico, Marrocos, Bulgaria, Portugal e Venezuela. Doce das compañías participantes pertencían á universidade Compostela. entre as que se atopaba Repámpapanos Teatro con *Azofrando nas cereixas*. A representación galega completouse con Maricastaña, que representou *O país das últimas cousas*.

-Paula Pérez, "El Festival de Teatro reúne en Santiago a 23 compañías de universidades de todo el mundo", *Faro de Vigo*, 17 abril 1999, p. 45.

Informa do próximo inicio do Festival e alúdese ó proceso de seleccións dos grupos de entre un total de sesenta e dúas compañías que solicitaron a participación. Indícanse, así mesmo, os lugares utilizados como escenario ó evento.

- Elva Otero, "O efecto 2000", *O Correo Galego*, "AFA", 23 abril 1999, p. 30.

Anuncia a celebración do Festival centrándose na representación de *Azofrando nas cereixas* a cargo de Repámpanos Teatro, obra da que se indica a súa xénese cinematográfica e se adiantan algunhas claves

escenográficas e argumentais pero sen quereren os autores adiantar nada do contido. Realízase tamén unha breve reflexión sobre o voluntarismo no que asenta o teatro universitario.

Vº Festival Internacional de Teatro Universitario. Campus de Lugo

Organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, Celebrouse en Lugo do 21 de abril ó 8 de maio baixo a organización de "Lugo Cultural" e tendo como escenario o auditorio Gustavo Freire. Contou coa participación de universidades galegas e doutras procedentes de Escocia, Francia, Venezuela, Costa de Marfil, Navarra, Alacante, Murcia e Catellón. As compañías galegas que partiparon foron Ápeiron Teatro con *Desamañecenendo* e Captatio Benevolentiae de USC con *Animalia* con textos de José Ruibal.

Ver Ápeiron Teatro.
Ver Captatio Benevolentiae.

Mes de Teatro de Negreira

Organizado pola Asociación "Afonso Eanes", as representacións tiveron lugar tódolos venres e sábados do mes de novembro na Casa da Cultura de Negreira. As compañías participantes foron Anet Beiro con *Monólogo de Laurencia*, Kuva:2l do Instituto de Bertamiráns con *Nocturno de dragón*, Tarabuleque con *Paiasos puros e duros, tres paiasos en apuros*, Flor de Tilo con *Moedas de traición*, Axóuxere con *Situación delicada*, Berenguela Teatro con *Cría Corvos*, e *En paz de guerra*, Asociación de vecinos Xuntanza con *Cascallos* e o grupo Mare-mare con *Teñamos o sexo en paz*.

-Eva Suárez, "Negreira vivirá el "Mes do Teatro", organizado por el grupo Afonso Eanes", *La Voz de Galicia*, 17 outubro 1999, p. 51.

Faise referencia á celebración do concurso de arte dramático como unha das principais novidades da presente edición do Mes do Teatro Negreira. Así mesmo, recóllese ademais un extracto das bases que rexen este certame.

- A. H., "A A. C. Afonso Eanes organiza o Mes do Teatro e o 1º Concurso de Obras Teatrais", *O Norte*, nº 129, 2ª Quincena de outubro 1999, p. 9.

Recóllense as bases do concurso de obras teatrais que se celebra no marco da edición de 1999 do Mes do Teatro de Negreira.

XVª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia

Baixo a organización do Concello de Ribadavia e en colaboración coa Concellería de Cultura, tivo lugar entre os días 17 e 25 de xullo, tendo como marco a Praza Maior de Rivadavia, o Auditorio do castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu. Participaron un total de catorce grupos, procedentes de Hungría, Australia, Valencia, Andalucía, Madrid, País Vasco, Canarias así como os galegos Teatro do Noroeste con *Feirantes*, Títeres Cachirulo con *As aventuras de Pinochio* e Librescena con *Cyrano de Bergerac*.

- P. T., "La Mostra de Teatro regresa a Ribadavia a partir del sábado", *El Mundo. Galicia*, 13 xullo 1999, p. 8.

Noticia que se refire á Mostra como referente imprescindible no teatro galego e na que se significa como principal novidade a estrea de *Feirantes* a cargo de Teatro do Noroeste. Cítanse os nomes das tres compañías galegas participantes e alúdese ó Castelo dos Sarmiento e a Praza Maior como os dous espacios que acollen os distintos espectáculos.

- C. González, "Ribadavia abre hoy su Mostra Internacional de Teatro", *La Voz de Galicia*, 17 xullo 1999, p. 32.

Recóllese o programa da Mostra logo de se facer fincapé na variedade de propostas como demostración de que o dramático está en continua transformación.

- Raquel Feijóo, "Rubén García: "Ribadavia constitúe unha cita máxica para tódalas compañías teatrais", *La Región*, 17 xullo 1999, p. 10.

Ante o comezo da Mostra, o seu coordinador, Rubén García é entrevistado e destaca a variedade de público e de propostas que abrangue o certame. Considera que este evento lle dá vida e enerxía a Ribadavia e cre totalmente consolidada a Mostra. Paralelamente a esta conversa exponse parte do programa, de entre o cal se subliña a estrea de *Feirantes* a cargo de Teatro do Noroeste.

- Xosé Lois Carrión, "Comezou a Mostra que pecha o milenio", *La Región*, 18 xullo 1999, p. 12.

Noticia que recolle información relativa á xornada inaugural coa alusión ó pregón pronunciado por Dorothy Williams, delegada cultural da Unesco. Dá conta tamén da actuación de La Cubana e alude ás declaracións do xerente do Igaem Aníbal Otero e do delegado de cultura Felipe Ferreiro, que expresaron os seus desexos de éxito para o evento.

- Víctor Rodríguez, "Ribadavia celebra su XVª Mostra Internacional de Teatro", *El Mundo. Galicia*, 18 xullo 1999, p. 9.

Informa da inauguración da Mostra a cargo do grupo catalán La Cubana e anuncia os actos previstos para a segunda xornada.

- Xosé Lois Carrión, "Ribadavia mete os nenos no teatro", *La Región*, 19 xullo 1999, p. 34.

Céntrase esta nota na parte que a programación da Mostra reserva ó público infantil coa idea de fomentar nos máis novos o gusto polo teatro. Así, alúdese a unha serie de actividades entre as que se citan obradoiros promovidos pola compañía Cachirulo ou actos de animación á lectura. Así mesmo, alúdese ó argumento da obra de títeres *Pinochio* a cargo de Cachirulo.

- Emma Araújo, “Una Mostra para 5.000 espectadores”, *La Voz de Galicia*, 21 xullo 1999, p. 33.

Transcorrida a metade da XVª Mostra de Ribadavia alúdese á presencia de cinco mil espectadores, sublíñase a forte presencia de público nos espectáculos ó aire libre e anúncianse as actividades da xornada.

- J. Noguerol, “El rostro de la catequista”, *La Región*, “Al trasluz”, 22 xullo 1999, p. 40.

Realiza un breve percorrido coas súas impresións sobre os espectáculos desenvoltos e cita entre eles o nome de Cachirulo “que se ocupa de que los niños crezcan en amor al teatro”.

- Xosé Lois Carrión, “Da Mostra de Teatro de Ribadavia ó cine”, *La Región*, 22 xullo 1999, p. 40.

Faise eco da posibilidade de que membros do grupo Teatro do Vilar colaboren nun filme coa productora cinematográfica Continental, logo da colaboración deste grupo cos cataláns de La Cubana na xornada inaugural. Rubén García, director de Teatro do Vilar expresa o seu orgullo por ter colaborado coa compañía catalana e comenta a incredulidade dos compoñentes do grupo ante a posibilidade citada.

- J. Noguerol, “Tertulia en la plaza”, *La Región*, 25 xullo 1999, p. 70.

Comeza coa demanda de recoñecemento para o público que asiste ó evento e prosegue coa alusión a unha conversa mantida con Rubén García e co productor teatral madrileño Eladio Sánchez. Segundo Noguerol, Eladio Sánchez comentou que as compañías galegas están excesivamente protexidas pola Xunta e polos organismos oficiais e iso supón un freo para a creatividade. Así mesmo referiuse o citado productor ó feito de que os grupos de Galicia contan

con bos actores pero case non saen do circuíto do Noroeste. Alude, a continuación, á ironía de Rubén García ó respostarlle que esta é "unha Mostra Internacional" ó tempo que lle fixo saber que as compañías galegas son máis caras que as de fóra de Galicia.
- J. Noguerol, "Ribadavia fue una fiesta", *La Región*, "Al trasluz", 26 xullo 1999, p. 41 .

Resalta a vitalidade que mantén a Mostra logo das quince edicións que se levan celebradas. Alude tamén ó amor que a vila de Ribadavia sente polo teatro e gaba o labor de dirección de Rubén García malia a austeridade económica. Así mesmo fai fincapé na vocación universal e de calidade que rodea a este evento.

- Emma Araújo, "Ribadavia cierra la Mostra con éxito de público y elogios a las obras", *La Voz de Galicia*, 26 xullo 1999, p. 53.

Faise balance nesta nota da clausura da Mostra e destácase a presencia dunha resposta por parte do público maior da que se agardaba. Alúdese á cifra de sete mil espectadores e ponse de relevo o recoñecemento do público cara ó teatro de rúa que, segundo Rubén García, se espera fortalecer en vindeiras edicións para converter Ribadavia nun escenario xigantesco que elimine barreiras entre o público e o artista. Como "puntos escuros" faise referencia ás queixas do público pola incomodidade dos asentos do auditorio e as longas colas que se produciron para acceder ó auditorio.

- Camilo Franco, "O humor como refuxio", *La Voz de Galicia*, 26 xullo 1999, p. 53.

Rematada a Mostra reflexiona sobre o humor no teatro e cre que en ocasións a risa acaba por converterse nunha coartada porque a pregunta para o humor non é se se produce senón como se produce. A propósito disto cre que a Mostra "ten collido o truco das comedias" e contrapón *Barataria* de Teatroz con *Las manos*, da que di é un xogo irónico sobre a memoria e como todo drama é argumento para o sorriso, sen desfigura-la súa condición. Cre Camilo Franco que as compañías participantes na Mostra prefiren utiliza-lo humor "como pantalla" e considérao razoable pero entende que se debería esixir máis "de quen manexa un arma tan poderosa como o humor con tanta simpleza".

-María Ornedo, “Una Mostra para ocho mil almas”, *Faro de Vigo*, 26 xullo 1999, p. 27.

Céntrase na clausura da XVª Edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia e comenta que foi a compañía Producciónss Librescena coa posta en escena de *Cyrano de Bergerac* a encargada de poñe-lo punto e final a esta Mostra. Despois ofrece unha panorámica retrospectiva sobre o transcurso desta XVª edición, marcada, pola calidade das catorce compañías participantes, cita a Praza Maior e o auditorio do Castelo dos Sarmiento como escenarios das represen-tacións, salienta a numerosa asistencia de público que por primeira vez bateu o récord de espectadores, oito mil persoas, e destaca como única deficiencia a incomodidade dos asentos do auditorio do Castelo, que impediu presencia-los espectáculos con comodidade.

Ver Teatro do Noroeste.
Ver Títeres Cachirulo.
Ver Librescena.

XVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas

Tivo lugar do 5 ó 12 de setembro e contou coa dirección de Mª Xosé Mariño. Roberto Vidal Bolaño pronunciou o pregón inaugural. Compaxina o teatro de rúa co de sala e tódalas pezas presentan como trazo común o seu carácter cómico. No transcurso desta Mostra celebráronse tamén os IIIos Encontros de Teatro Galicia-Portugal (Teatral) entre os día 10 e 13 de setembro. Nesta edición participaron as seguintes compañías galegas: Teatro de Ningures con *Lugar común*, Teatro do Morcego con *Morte accidental dun anarquista*, Llu Llu Teatro con *Ñaque ou de piollos e actores* e Chévere con *A rutina é o deber de tódalas criaturas* ademais do contacontos Quico Cadaval co espectáculo *Falar por falar.*

- A. Otero, "La Mostra de Teatro de Cangas ofrecerá 18 espectáculos durante una semana", *Faro de Vigo*, 25 agosto 1999, p. 10.

Anuncia ó inicio da XVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas que se desenvolveu entre os días 5 ó 12 de setembro. Comenta que Ché Mariño, a organizadora da Mostra, presentou o programa e finalmente citaalgunhas das compañías participantes como Teatro Guirigai, Teatro Chévere, ou a costarriqueña Teatro de Quetzal. Ó final da noticia ofrécese o calendario de actuacións.

- Carolina Torres, "La risa está asegurada", *A-tláncico Diario*, 28 agosto 1999, p. 42.

Información referente á Mostra na que este evento é cualificado como imprescindible e na que se alude ó seu nacemento como elemento de dinamización cultural na vila canguesa. A organizadora, Che Mariño, refírese á orixinalidade dos espectáculos como elemento que se procura dende a organización malia non se rexiren por criterios

específicos á hora de escolle-los grupos participantes. Ponse tamén de relevo a variedade das representacións anunciadas para a decimosexta edición.

- Salvador Rodríguez, "Quén e qué na Mostra de Cangas", *Faro de Vigo, "El Sábado",* nº 121, 4 setembro 1999, pp. 1 2.

Refírese ó comezo da XVIª Mostra, que por terceiro ano consecutivo conta coa dirección de María Xosé Mariño. Reprodúcense os seus comentarios sobre a iniciativa, quen manifestou o seu empeño por conseguir que a Mostra sexa cada ano máis grande a pesar da diminución das subvencións. A seguir, achega unha ampla axenda de tódalas compañías participantes galegas e non galegas das que se ofrece unha breve sinopse, así como doutras actividades desenvolvidas durante a celebración como foron curso de sombras chinesas, impartido por Tanxarina Teatro ou un Curso de expresión corporal.

- Xosé Boubeta, "As compañías Guirigai e Teatro de Ningures abren hoxe a decimosexta edición da Mostra", *Atlántico Diario*, 5 setembro 1999, p. 14.

Anúnciase a apertura da Mostra a cargo de Teatro de Ningures, compañía á que se fai referencia como unha das máis antigas e consolidadas do panorama galego. Sobre a obra a representar, *Lugar común*, aludese á temática da incomunicación na parella e á súa formulación de drama con tintes cómicos ou de comedia con fondo dramático. A parte final da noticia céntrase na compañía madrileña Guirigai, que tamén participa na xornada inaugural.
- Xosé Boubeta, "Espiral Teatro e a arxentina Mabel Manzotti protagonizan a terceira xornada", *Atlántico Diario*, 7 setembro 1999, p. 11.

Información centrada nos espectáculos das compañías Espiral Teatro e Mabel Manzotti na terceira xornada e anúncianse os espectáculos previstos para a xeira seguinte.

- Xosé Boubeta, "Teatro político en estado puro", *Atlántico Diario*, 10 setembro 1999, p. 11.

Céntrase neste caso na actuación da compañía costaricense Quetzal e o seu "rigorosísimo" traballo.

- S. P., "Gallegos, cómicos y muy festivos", *Faro de Vigo*, "Faro del ocio", 10 setembro 1999, p. 3. Recóllese o programa previsto para os tres últimos días da Mostra e no caso dalgúns dos espectáculos apúntanse notas argumentais como no caso de *Morte accidental dun anarquista*, de Teatro do Morcego; *Ana Pudor*, a cargo de Patricia de Lorenzo e *A rutina é o deber de todas as criaturas*, a cargo de Chévere.

- X. B., "Xornada galega no sexto día da mostra", *Atlántico Diario*, 10 setembro 1999, p. 11.

Anúncíase a actuación das compañías galegas Llu Llu Teatro, Magical Brothers e Teatro do Morcego. A propósito da representación deste último grupo, *Morte accidental dun anarquista*, apúntanse algunhas claves do seu argumento e coméntase que a dirección de Xoán Cejudo e a interpretación do elenco fan desta proposta unha das máis interesantes das se que poden ver nesta edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo.

- Xosé Boubeta, "Teatro do Morcego bate records", *Atlántico Diario*, 12 setembro 1999, p. 10.

Cífrase en setecentos o número de espectadores que asistiron á actuación de Teatro do Morcego na XVIª Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. Alúdese á fidelidade ás formulacións de Darío Fo e á versatilidade da interpretación de Celso Parada. Alúdese tamén o éxito que xa tivera a representación nunha sala barcelonesa.

- Xosé Boubeta, "Sota, caballo y gay": un espectáculo ousado", *Atlántico Diario*, 13 setembro 1999, p. 9.

Logo de se referir ós espectáculos de Teatro Estudio e Airón Teatro, e a falta dun espectáculo para rematar, conclúe valorando o "altísimo" nivel da presente edición.

- Xosé Boubeta, "Chévere, división de opinións", *Atlántico Diario*, 14 setembro 1999, p. 11.

Valoración sobre a representación de *A rutina é o deber de todas as criaturas* a cargo de Chévere. Ante o pretendido vangardismo da compañía compostelá, Boubeta considera que a vangarda "vai por outros camiños", entende que se se pretende transgredir "hai que ultrapasar a codia e chegar ao miolo", característica que non percibiu na representación e alude á división de opinións entre o público. Sobre Llu-Llu Teatro apúntase o gran reto que para un grupo novo significa representa-lo texto de Sanchís Sinisterra pola súa dificultade. Conclúe considerando que esta compañía entra con bo pé e cun bo espectáculo no panorama teatral.

- Ver Teatro de Ningures.
- Ver Teatro do Morcego.
- Ver Chévere.

IVª Mostra Internacional de Teatro Universitario

Organizada pola Universidade de Vigo co patrocinio do Concello de Ourense e o Igaem. Tivo lugar no Teatro Principal de Ourense entre os días 16 e 30 de abril de 1999. Na cidade ourensá, organizada por Sarabela e a Aula de Teatro Universitaria de Ourense, déronse cita grupos procedentes de Zaragoza, Estremadura, Xaén, Madrid, Almería, Málaga, Portugal, Italia, Colombia e Xapón xunto ás compañíasgalegas Ápeiron Teatro (Universidade de Santiago de Compostela) con *Desamañecendo*, Eis con *Destino Ourense Empalme*, Teatro da Bufarda con *O rei Lear* e Maricastaña con *O país das últimas cousas*. No que atinxe ós campus de Pontevedra e Vigo o evento celebrouse respectivamente no Teatro Principal e no Auditorio de Caixavigo entre os días 26 de abril e 6 de maio. Contou neste caso co patrocinio da Deputación de Pontevedra e Caixa de Pontevedra e participaron seis das compañías que o fixeron en Ourense, procedentes de Estremadura, Italia, Colombia e Xapón ademais de Maricastaña con *O país das últimas cousas* e a Aula de Teatro da Universidade de Vigo. Ademais da novidade que supuxo que a Mostra tivese lugar en tres campus tamén foi novidosa a creación do Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro para premiar con cen mil pesetas a unha das compañías participantes.

-R. Soto, “Las aulas abren el telón”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 18 abril 1999, p. 3.

Noticia que cita os nomes das compañías participantes na Mostra na cidade de Ourense ademais de subliñar que se trata dun evento consolidado. Así mesmo, sinálase que o motivo do apoio das institucións débese a que ven como a arte escénica constitúe unha alternativa asimilable por parte dun público cansado de “otras propuestas sin sentido”.

- R. Soto, “Es necesario un teatro de advertencia”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 18 abril 1999, p. 3.

Entrevista con Fernando Dacosta, director da MITEU, na que se refire á esencialidade do bo teatro para xustifica-lo bo momento que vive o xénero dramático. Fala tamén o entrevistado da solidez do teatro universitario e recoñece o achegamento do teatro á realidade. Lembra finalmente a figura de Carlos Couceiro que lle dá nome ó premio instituído no marco da IVª MITEU.

- E. R., "La Mostra de Teatro Universitario reúne a grupos de Italia, Japón y Colombia", *Faro de Vigo*, "Faro del Ocio", 22 abril 1999, p. 7.

Recóllense os nomes das compañías e das obras que se representan dende o o 22 de abril e o 6 de maio nas cidades de Vigo e Pontevedra.

- D. P., "Pontevedra acogerá la IV Mostra de teatro universitario", *Diario de Pontevedra*, 23 abril 1999, p. 12.

Dá conta da chegada a Vigo e Pontevedra da IVª MITEU e coméntase que con ela a Universidade de Vigo aposta pola creación dun escenario aberto á cultura que integre a universidade coa sociedade onde a arte escénica, a creación e a imaxinación sexan protagonistas da vida das cidades por un día. Así mesmo faise referencia a algúns das actividades formativas que no ámbito teatral prepara a Universidade de Vigo.

- D. P., "Caixa de Pontevedra acoge la tercera sesión de teatro universitario", *Diario de Pontevedra*, 28 abril 1999, p. 12.

Recóllese a programación da terceira xornada da Mostra en Pontevedra e nela cítase a actuación de Eis coa representación da obra *Destino Ourense Empalme.*

- D. P., “El teatro universitario se consolida en Galicia”, *Diario de Pontevedra*, 4 maio 1999, p. 12.

A clausura da IVª MITEU serve para realizar un repaso da actividade teatral nas distintas universidades galegas. Así, faise referencia á consolidación no campus de Santiago e destácase a Maricastaña de entre os grupos da Universidade de Vigo. Sobre a Mostra explícase que naceu hai catro anos realizándose unha con carácter galego e outra internacional que este ano confluíron na internacional. Resáltase asemade a grande afluencia de público que se rexistrou nas representacións levadas a cabo en Pontevedra.

- Ver Teatro da Bufarda.
- Ver Maricastaña.

XIIª Mostra de Teatro do Barco

Ten lugar entre os días 4 ó 7 de setembro nesta localidade. Participan as seguintes compañías: Teatro do Aquí con *Sen ir máis lonxe*, Teatro do Adro con *Bululú do Linier*, Producción Librescena con *Cyrano de Bergerac* e Teatro Alla Scala 1:5 con *Unha de Amor*.

-Ver Teatro do Aquí.
Ver Teatro do Adro.
Ver Producción Librescena.
Ver Teatro Alla Scala 1:5, no apartado VII.3.5.3.1.

XIIª Mostra de Teatro de Cee

Organizada anualmente pola Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade, conta coa colaboración da Delegación de Cultura do consistorio de Cee, da Deputación Provincial da Coruña e o Igaem. Dende o sábado 21 ata o 29 de agosto celebrouse a 12ª edición da Mostra de Teatro de Cee no salón de actos da Fundación Fernando Blanco. Actuaron os grupos Alalá Teatro coa obra *A viaxe de Lola*, Teatro do Improvisto con *A noite de Sabina*, Avento con *¿Quen matou a Mari Lauri?,* Teatro do Aquí con *Sen ir máis lonxe*, Talía Teatro con *Marsal Marsal*, O Leo Arremecaghoná con *Suspiros de Kaña*, Teatro da Bufarda con *O Rei Lear*, Títeres Cachirulo con *Pinochio*, Teatro do Adro con *Bululú do Linier*, Berrobambán con *Xuvenca e Cochón, estrelas da canción* e Teatro do Atlántico con *Vellos tempos*. Tamén estiveron Carlos Blanco, José Campanari, Cándido Pazó e o grupo Os Contracontos, integrado Paula Carballeira, César Martínez, Nekane Fernández e Pili Alonso, que foron os encargados de inaugurar esta edición da Mostra coa adaptación de Carapuchiña Vermella, *Caperucitoloxía*.

- M. V. M, "Cee abre el telón", *La Voz de Galicia*, 22 agosto 1999, p. 48.

Dá conta do inicio da XIIª Mostra de Teatro de Cee. Salienta a importancia da Mostra e o mérito desta ó conseguir unir gran cantidade de grupos do panorama teatral galego a pesar do baixo presuposto co que conta. Seguidamente ofrece o contido da Mostra e cita o nome dos grupos participantes e as obras representadas por cada un deles.

- J. T., "Cabalos e teatro son as ofertas para o verán da Costa da Morte", *O Correo Galego*, 23 agosto 1999, p. 12. Informa brevemente do desenvolvemento da Mostra e cita algunhas das compañías participantes.

- C. S., "XII Mostra de Teatro na vila da Xunqueira", *O Norte*, 24 agosto 1999, pp. 18-19.

Informa do inicio da Mostra e ofrece, exahustivamente, o programa de actuacións previsto para os nove días de duración desta. Seguidamente fai referencia ás orixes da Mostra, que tivo lugar hai doce anos organizada pola Asociación Cultural Domingo Antonio de Andrade, a cal foi fundada no ano 1977 por Antonio Castro. Divide en dúas etapas a traxectoria desta Asociación, unha ata o ano 82 e a seguinte do 85 a actualidade. Salienta o ano 88, ano no que se iniciou a Mostra promovida por Arthur Trillo, e destaca que neste ano tamén tivo lugar a creación da compañía Talía Teatro, pertencente tamén a esta Asociación.

- C. S., "A Mostra de Teatro de Cee clausurouse cunha masiva afluencia de público", *O Norte*, 1ª quincena setembro 1999, pp. 12-13.

Cítanse entre as montaxes que rexistraron máis público *Quen matou a Mari Lauri*, *A viaxe de Lola* e *Bulubú do linier.* Recóllense declaracións nas que Artur Trillo, director da Mostra, destaca a masiva afluencia de público así como a consolidación deste evento, do que destaca como un dos principais acertos a combinación de comedias e dramas así como a heteroxeneidade do público.

- Ver Alalá Produccióǹs.
- Ver Teatro do Aquí.
- Ver Talía Teatro.
- Ver Teatro da Bufarda.
- Ver Teatro do Adro.
- Ver Teatro do Atlántico.
- Ver Títeres Cachirulo, no apartado VII.3.5.2.1.
- Ver Berrobambán, no apartado VII.3.5.3.1.

XXIª Mostra de Teatro de Vilalba

Celebrada entre os días 2 e 30 de de outubro organizada polo Centro Dramático Vilalbés e o Concello de Vilalba. O evento, que tivo lugar no Auditorio Municipal, contou coa participación de Armar Teatro con *Ligazón/La rosa de papel*, Asociación Cultural O Carballo con *La casa de Bernalda Alba*, Monte Oribio coa obra *O Triciclo*, Achádego Teatro, con *A Maxia vermella*, Colectivo Merlín representou *O documento*, Ollomoltranvía coa representación da obra *Qui pro quo*, Faro Miño con O *Laberinto* e clausurou a Mostra O Centro Dramático Vilalbés, coa obra A *zapateira prodixiosa*.

- Ver Ollomoltranvía, *Qui pro quo*.

IXª Mostra de Teatro Popular de Chantada

Celebrouse entre os días 16 e 20 de agosto na Praza do Cantón baixo a organización do centro teatral Faro Miño, co apoio do concello chanatadino. Participaron a Agrupación O Carballo con *A casa de Bernarda Alba*, Monte Oribio con *O Triciclo*, Alalá Teatro con *A viaxe de Lola*, Faro Miño con *O Laberinto* e Contracontos con *Caperucitoloxía*.

Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Gondomar

Organizada polo Concello de Gondomar con motivo do día das Letras Galegas. Celebrouse os días 25, 26 e 27 de xuño. Participaron a compañía viguesa Avento coa obra titulada *O Porco*, *Estratexia para dous xamóns*; a compañía de teatro Badius, que representou a obra *Xoo... ante o perigo,* o grupo Achádego de Lugo, coa obra *Maxia Vermella* e Teatro da Bufarda con *O xardín das pernas roubadas*. Na mostra concédense catro premios en metálico: 125.000 pts. para o mellor espectáculo, 100.000 pts. para o segundo, 75.000 pts. para o terceiro e, por último, 50.000 pts. para o cuarto. Tamén se outorgaron diplomas a mellor interpretación feminina, masculina, mellor vestiario, mellor escenografía e mellor iluminación e son.

- Ver Teatro Avento.

IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo

No 1999 celebrouse a IIIª edición da Mostra, baixo a organización da Asociación de Portonovo Avante para a prevención, loita contra a droga e axuda ós drogodependentes. Clausurada o día 27 de xuño coa representación do Grupo de Teatro A Florida da obra *A pantasma Caramba* Ademais, participaron as seguintes compañías: O Obradoiro de Teatro Abrente de Portonovo con *A benfadada historia de coitado Bamboliñas* e *Bartolo*; o Grupo de Teatro da Asociación Xuvenil Saraiba do Mar, de Portonovo con *Unha avoa a catro patas, calcetíns e garabatas. ¡Escapa que ven a Paca!*; O Tarabelo con *Triste chegada* e *Casados de pouco*; a Escola de Teatro do Centro Cultural de Nantes con *Os xemelgos*; Grupo de Teatro Avante con *O enfermo imaxinario* e o grupo de teatro da Apa do colexio público de Portonovo con *¿Hai gato pechado na caixa de Torcuato?*.

- M. J., “Mañana dará comienzo la ‘IIIª Mostra de Teatro Afeccionado”, *Diario de Pontevedra*, 28 maio 1999, p. 27.

Nota na que se recolle o programa da Mostra ademais de se facer referencia á inauguración a cargo do Grupo de Teatro A Florida e Obradoiro de Teatro Abrente.

- Manuel Jabois, “Se reanuda esta noche la ‘III Mostra de Teatro Afeccionado”, *Diario de Pontevedra*, 5 xuño 1999, p. 24.

Dá conta da reanudación da Mostra de Teatro Afeccionado coas representacións de *Triste chegada* e *Casados de pouco*, ámbalas dúas a cargo de O Tarabelo. Alúdese á aparición do grupo, formado por persoas maioritariamente

procedentes do grupo de teatro da Asociación de Mulleres Rurais de Sanxenxo. Así mesmo, anúnciase a representación de *Os xemelgos* a cargo da Escola de Teatro do Centro Cultural de Nantes.

- Manuel Jabois, "El grupo de teatro de la APA del CEIP de Portonovo actúa hoy", *Diario de Pontevedra*, 12 xuño 1999, p. 20.

Sublíñase a grande afluencia de público que rexistran as distintas xornadas da Mostra e anúnciase a actuación do Obradoiro de Teatro do Colexio Abrente con *Bartolo* e o grupo de teatro da Apa do colexio público de Portonovo con *¿Hai gato pechado na caixa de Torcuato?* .

- Manuel Jabois, "El Grupo de Teatro Avante cierra mañana en Portonovo la 'Mostra", *Diario de Pontevedra*, 19 xuño 1999, p. 21.

Cualíficase como "espectáculo de lujo" a representación de *O enfermo imaxinario* a cargo do Grupo de Teatro Avante de Portonovo, montaxe coa que se pon fin á terceira edición da Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo. Segundo a noticia agárdase, como nas edicións anteriores, unha grande afluencia de público.

VIIIº Outono de Teatro de Carballo

Organizado pola Asociación Telón e Aparte e a concellería de Cultura do Concello de Carballo. O programa desta edición desenvolveuse entre os días 25 e 30 de outubro e nel participaron as seguintes compañías: Noba Producciones coa obra *Manual de supervivencia sentimental para mujeres*, Teatro del Temple coa obra *¿Que coño es el hombre?,* Jácara Teatro coa obra *Pasarela Otoño Infierno* e Teatro Corsario con *Edipo Rey*. Esta última compañía foi galardoada co Premio do Público Outono de Teatro 98, pola obra representada na pasada edición, *La vida es sueño*. Nun principio no cartel figuraba Teatro Pífano coa obra *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os 50?,* pero un accidente sufrido por un dos integrantes da compañía fixo que no lugar deste grupo actuase Contracontos coa obra *Caperucitoloxía*.

- X. R., "El 'Outono de Teatro' rendirá este año un homenaje a las mujeres", *El Correo Gallego*, 21 outubro 1999, p. 47.

Fai referencia á VIIIª edición do Outono de Teatro de Carballo, que se desenvolveu do 25 ó 29 de outubro nesta cidade. Nestas xornadas, dedicadas ás mulleres, participaron compañías procedentes de diversos puntos de España. Entre elas destácanse as seguintes: Noba Producciones de Zaragoza, con *Manual de supervivencia sentimental para mujeres*; Jácara Teatro de Alicante, con *Pasarela Otoño Infierno*; Teatro Corsario de Valladolid, con *Edipo Rey* ou Teatro Pífano de Galicia, con *¿Qué pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os 50?*.

- X. R., "Noite dos contos', en el festival teatral carballés", *El Correo Gallego*, 24 outubro 1999, p. 46. Alúdese á oitava edición do Outono de teatro de Carballo organizado pola asociación cultural Telón y Aparte e o concello carballés, que este ano comezou coa Noite dos contos na que participaron contadores de contos de toda Galicia como Cándido Pazó, Paula Carballeira, Carlos Blanco ou Patricia Vázquez, e ofrece o programa de espectáculos

previsto nesta edición, que conta coa participación das seguintes compañías: Pífano Teatro, Noba Producciones, Teatro del Temple y Jácara Teatro.

Sábados Teatrais de Narón

Organizado polo Padroado da Cultura do Concello de Narón, coa colaboración do IGAEM e da Deputación Provincial da Coruña. Tivo lugar no Auditorio Municipal de Narón durante os sábados dos meses de xaneiro a abril e de novembro e decembro. Participaron con textos en galego as seguintes compañías: Teatro do Atlántico con *Vellos Tempos*, Tanxarina con *Contaloucos*, Talía Teatro con *Marsal, Marsal*, Espello Cóncavo con *Peter Pan*, Caroza Teatro con *Os Palleiros.* (*Desjraciados*), Mofa e Befa con *Manifesto do Teatro Perralleiro* e *Finis Mundi Circus*, Sarabela Teatro con *Os soños de Caín*, Teatro do Adro con *Bululú do linier*, Alalá Teatro con *A viaxe de Lola*, Teatro do Morcego con *Morte accidental dun anarquista,* Centro Dramático Galego con *Lugar*, Librescena con *Cyrano de Bergerac*, de Monicreques de Kukas con *Cucarandainas*, Teatro do Aquí con *Sen ir máis lonxe* e Tres globos con *O sapo encantado*.

Ver Teatro do Aquí.
Ver Mofa e Befa.
Ver Teatro do Morcego.
Ver Alalá Teatro.
Ver Sarabela Teatro.
Ver Librescena.
Ver Teatro do Atlántico.
Ver Espello Cóncavo, no apartado VII. 3. 1 deste *Informe*.
Ver Tanxarina, no apartado VII. 3.1. deste *Informe*.
Ver Talía Teatro.
Ver Centro Damático Galego.

Sala Galán

Sala independente de Santiago de Compostela que forma parte do circuíto de salas alternativas españolas e na que se organizan actividades teatrais, debates e cursos sobre o teatro. A encargada da programación, Ana Vallés e directora do grupo Matarile Teatro é quen sustenta a sala. Entre outras actividades organiza o Festival de Teatro Universitario, que se celebra entre os días 19 a 23 e do 26 ó 30 de abril; A Mostra de Danza Contemporánea e O Festival *En pé de pedra* (4ª edición), no que participaron sete compañías procedentes de Madrid, Barcelona, Mallorca, Andalucía, Massachussets e Lisboa. A compañía de teatro Nigures representa os días 20, 21 e 22 a obra *Lugar Común*.

- C. P., "Programas comlementarios para públicos distintos e compartidos", *La Voz de Galicia*, 7 marzo 1999, p. 47.

Faise referencia á actividade realizada polas salas Teatro Galán e Sala Nasa, ambas en Santiago de Compostela. Comézase aludindo ó concepto "alternativo" co que se identifica a ambas salas e recóllense as opinións de Ana Vallés e Baltasar Patiño, responsables da Sala Galán e de Xesús Ron, responsable da sala Nasa. Os tres coinciden en considerar errado e case perigoso o termo "alternativo" polo que socialmente ten de influínte na medida que o público pode identifica-lo termo alternativo con marxinal ou con falta de calidade. Insisten en que ambas salas funcionan como espacios nos que teñen cabida propostas que non teñen posibilidades nos medios institucionais. Xesús Ron pola súa banda considera como clave das propostas alternativas a independencia coa que traballan e Baltasar Patiño incide en que do teatro alternativo se está dando lugar "a lo cutre", algo que non está nas expectativas dos proxectos das sala Galán. Finalmente, tamén se citan algúns dos espectáculos que ofrecen estes locais como son o teatro, cabaret, variedades, rock, blues ou cursos e talleres no caso da sala Nasa, mentres que o Teatro Galán, se centra fundamentalmente na danza e no teatro.

- M. B., “Escenarios alternativos”, *La Voz de Galicia*, 24 marzo 1999, p. 37.

Noticia sobre a celebración do Vº Congreso Estatal de Salas Alternativas, coordenado por Juan Muñoz. No citado Congreso participaron salas de toda España, entre outras, as salas galegas Nasa e Galán. O obxectivo é “debatir la situación de la Coordinadora y de los proyectos pasados y futuros, y contar el momento actual de cada día”. Para rematar, cítanse algunhas das actividades que levaron a cabo as salas alternativas: a atención ó sector público con menor poder adquisitivo, a creación de novos públicos ou o apoio á creación contemporánea e ós novos creadores, entre outras moitas.

- Ana Iglesias, “A Galán coproduce as montaxes de dúas compañías catalanas”/“La Sala Galán coproduce los nuevos espectáculos de dos compañías catalanas”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 31 marzo 1999, p. 32/p. 36.

Comenta o programa de postas en escena da Sala Galán para o mes de abril. En primeiro lugar, actuou a compañía asturiana Teatro del Norte que representou *Pasajero de las sombras*. A seguir, a compañía de danza catalana Las Malqueridas, puxo en escena o espectáculo *Agalopar*, baixo a dirección de Lipi Hernández. Así mesmo, a Sala Galán e o grupo Cuerpo Transitorio coproduciron *Dolorosa*. Para rematar informa da acollida que lle deu a Sala Galán ó Festival Internacional de Teatro Universitario.

- Ana Iglesias, “Danza y teatro para paseantes”, *El Correo Gallego*, 22 xuño 1999, p. 36.

Dáse conta do programa de actos da cuarta edición do espectáculo de danza-teatro “En pé de pedra”, organizado pola Sala Galán de Santiago. Entre as compañías que representarán en diferentes escenarios da Cidade do Apóstolo, sinálase a madrileña dirixida por Elena Alonso co espectáculo *En el espacio: Escultura. Danza. Música*; a catalana de

Carol Dilley coa representación de *Ida y vuelta* a mallorquina Au Ments con *Quan ses bistis volaven* ou a catalana de Lipi Hernández con *Malqueridas*, entre outros moitos espectáculos.

-M. Beceiro, "Las Salas alternativas reabren sus puertas con estrenos y nuevas secciones", *La Voz de Galicia*, 5 setembro 1999, p. 49.

Ofrece a nova axenda de espectáculos da Sala Nasa e o Teatro Galán. Con respecto a sala Nasa, fai eco dun gran número de propostas, entre as que se encontran o espectáculo "Ultranoite", e a experiencia piloto "Doble sesión", que inclúe un espectáculo de pequeno formato, neste caso coa estrea de *Caperucitoloxía*, do grupo Os Contracontos. Tamén continúa a programación infantil Asteroide B-612 que ten cita os domingos cos pequenos e adultos e a programación do circuito "Intersalas", que ten lugar a partir do 21 de outubro deste ano. Pola súa banda, do Teatro Galán, anuncia novos espectáculos de teatro, danza e teatro-danza, así como a estrea do espectáculo *The Queen is dead*, a cargo da compañía Matarile Teatro.

- Ana Iglesias, "Matarile mata a raíña"/"Un otoño de danza y teatro", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 8 setembro 1999, p. 31/p. 36.

Informa dun novo espectáculo que organizou a Sala Galán. Trátase da posta en escena da obra *The Queen is Dead*, a cargo do grupo de teatro Matarile. A obra, creada e dirixida por Ana Vallés, está protagonizada por Mechtild Barth, Ana Vallés, Eugenia Iglesias e Rosa Manteiga. A seguir, organizouse un taller de danza dirixido polas andaluzas Paloma Díaz e Chiqui Carabante. Outras das actividades son a representación de *Ha pasado un ángel*, dirixida por Chiqui Carabante. Para rematar, no mes de novembro celebrouse unha nova edición do Circuíto Intersalas.

Sala Nasa

Creouse no 1994 co nome de Nave de Servicios Artísticos. É unha sala alternativa na que se desenvolven espectáculos teatrais, musicais e debates. Durante o ano 1999 continuou a funciona-la programación estable de teatro infantil co programa "Asteroide B-612". Do mesmo xeito seguiron a celebrarse as habituais "Ultranoites", que chegaron á súa oitava edición. No que respecta ó teatro galego a sala acolleu a representación de e *A rutina é o deber de todas as criaturas* a cargo de Chévere, ademais da actuación de Mofa e Befa durante os venres do mes de decembro. Tamén a partir do mes de decembro púxose en marcha unha experiencia-piloto consistente en espectáculos de pequeno formato que botou a andar con *Caperucitoloxía* a cargo de Os Contracontos. Outra das novidades foi o programa Fanzinasa.

M. C., "Como niños en el "Asteroide", *La Voz de Galicia*, 17 xaneiro 1999, p. 54.
C. P., "Programas complementarios para públicos distintos e compartidos", *La Voz de Galicia*, 7 marzo 1999, p. 47.
Concha Pino, "Escenografías desnudas y sin telón", *La Voz de Galicia*, 7 marzo 1999, p. 46.

Comenta que o grupo Berrobambán, tras capta-lá necesidade de crear un espacio en Santiago no que os nenos puidesen ir ó teatro e, deste modo, formar un potencial afeccionado, creou o espectáculo "Asteroide B-612.

Ver Sala Galán, nestas páxinas.

Comeza referíndose ó inicio da aparición das salas de teatro alternativas xurdidas en Madrid e en Barcelona a mediados da década dos oitenta pola necesidade de promocionar a compañías que non teñen o seu espacio nas salas comerciais. Explica a seguir que este é o motivo do termo "alternativas". Céntrase despois nas salas nacidas en Compostela nos anos noventa: a Sala Nasa e a Sala Galán, hoxe Teatro Galán e detense nas características de cada unha así como nos membros creadores: A Sala Nasa da man e "do corazón" do grupo Chévere dende 1992 e a Galán creada pola compañía Matarile a partir do 1993.

- M. B., "Escenarios alternativos", *La Voz de Galicia*, 24 marzo 1999, p. 37.

Ver Sala Galán, nestas páxinas.
- A. I. S, "El 'Asteroide B-612' llega a su fin con una gran fiesta en el Campus", *El Correo Gallego*, 13 abril 1999, p. 37.

Dá conta da festa de primavera, que se celebrou no Campus Sur, con motivo da clausura do programa "Asteroide B612" que se desenvolveu na Sala Nasa durante o mes de novembro. Afirma que no espectáculo Asteroide B-612 participaron máis de tres mil nenos e nenas.

- M. B., "La Nasa rompe sus techos de asistencia alcanzando los quince mil espectadores", *La Voz de Galicia*, 24 xullo 1999, p. 40. Ofrece un balance das postas en escena que tiveron lugar na Sala Nasa durante o primeiro semestre do ano 1999. Afirma que se levaron a cabo un total de 154 funcións: 116 de teatro, 28 de música e 10 doutros espectáculos. Así mesmo, realizáronse 171 actividades diversas: 63 ensaios, 10 cursos-talleres, 74 montaxes e 24 exposicións.

- M. B., "Las salas alternativas de Santiago creen que el Xacobeo no les ha beneficiado", *La Voz de Galicia*, "Especial Festas do Apóstolo", 24 xullo 1999, p. 12.

Os responsables das Salas Nasa e Galán comentan que, coa chegada do Xacobeo, se paralizou toda actividade cultural, incluídas as que se levan a cabo cada temporada nas diferentes salas alternativas. As dúas salas, ademais, uníronse debido a que o Consello da Cultura Galega defende a necesidade de crear compañías de teatro residentes nas distintas cidades galegas.

-M. Beceiro, "Las salas alternativas reabren sus puertas con estreos y nuevas secciones", *La Voz de Galicia,* 5 setembro 1999, p. 49.

Ver Sala Galán, nestas páxinas.

- M. Beceiro, "La Nasa celebra su octavo año con callos y café-cantante", *La Voz de Galicia*, 9 outubro 1999, p. 45.

Amplo artigo sobre a apertura da oitava temporada da Sala Nasa, que se inaugurou en Santiago o oito de outubro do 99. Con motivo desta inauguración, presentouse o novo proxecto "Interzonas Café-Show", que ofreceu espectáculos teatrais e musicais na liña do café-cantante ou o teatro de variedades. A seguir, presentou o programa da Sala que mantén a liña e os obxectivos dos dous últimos anos: manter e aumenta-lo traballo creativo da súa compañía residente, Chévere, e consolida-la programación dos teatros infantil e familiar dos domingos. Ademais, coa chegada do ano 2000, a Sala Nasa preparou un proxecto titulado "Os Outros Formatos".

- M. B., "La Nasa celebra los ocho del "Ultranoite" con un disco recopilatorio", *La Voz de Galicia*, 16 outubro 1999, p. 49.

Fai referencia á VIIIª edición do espectáculo "Ultranoite", un espacio aberto ós espectadores de pequeno formato, tanto teatrais coma musicais. Así mesmo, fala do CD *Sons da Ultranoite*, que recompila cancións, frases, diálogos, monólogos, risas e músicas e no que colaboraron Mofa e Befa, The Magical Brothers, Tristán, Os Contacontos, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Suso Alonso, Rafa Xaneiro, Carlos Santiago, Goldi, Nekane, Tián, Antonio Pérez, A Rá, Chévere, entre outros moitos.

Semana de Teatro no Concello de Vilamarín

Inclúese dentro do programa a "Noites teatrais no Pazo de Vilamarín", que se celebraron do día 12 ó 15 de xullo. Participaron as seguintes compañías: Nove/Dous con *Crimes Anónimos*; Máscara Producciónes, con *Máis se perdeu en Cuba*: Teatro Kaos, *con Os nenos que plantaron a pedra da auga*; Avelaíña con *O Casting* e *O cantar dos cantares*, de Blanco Amor.

Xoves Teatrais 99 de Ferrol

Organizado polo concello ferrolán coa colaboación do IGAEM e a Fundación Caixa Galicia e coordinada polo Ateneo Ferrolán. O Centro Cultural Municipal acolleu tódolos xoves dende o 30 de setembro ó 16 de decembro a actuación dos seguintes grupos galegos: Teatro do Adro con *Bululú do linier*, Teatro do Noroeste con *Feirantes*, Nove-Dous con *Crimes Anónimos*, Contraste (Asociación Cultural N+1) con *Manipulación*, Teatro do Morcego con *Morte accidental dun anarquista*, Balea Branca con *Parella Aberta*, Obradoiro de Teatro do IES Rodolfo Ucha con *Os facedores de bonecas*, Rara Avis con *O rabo*, Mofa e Befa con *Finis Mundi Circus* e Alalá Producciónss con *A viaxe de Lola*.

-Ver Teatro do Adro.
Ver Teatro do Noroeste.
Ver Teatro do Morcego.
Ver Balea Branca.
Ver Mofa e Befa.
Ver Alalá Producciónss.

l.

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.2.Estreas

III.4.2.1.Grupos estables ou profesionais

Obradoiro de Teatro **Abrente** (1): *A benfadada historia de coitado Bamboliñas*, de Xulio González Moreno.

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

Obradoiro de Teatro **Abrente** (2): *Bartolo*.

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

Grupo de Teatro **Amistade**: *O inocente sexólogo.*

Dirección: Manuel Basoa.

Grupo de Teatro **Aurín**: *¡Veñan máis quince!*, de Pedro Riobó.

- D. P., "O Grupo de Teatro 'Aurín' actúa hoxe na Casa da Cultura", *Diario de Pontevedra*, 9 abril 1999, p. 18.

Anuncia a representación da obra en Bueu e indícase que a montaxe tenta recolle-los mellores momentos do grupo ó longo dos seus quince anos de vida.

- Ver Semana de Teatro no Concello de Vilamarín.

Avelaíña: *O Casting*.

Campusinus in Albis: *O Sindo*, monólogo de Nani Matos.

Dirección: Elías González.
Interpretación: Laureano Matos
Barcis.Música: Bieito Álvarez. Realización da escenografía: Eladio Portela.

- Antón Ferreira, “Camposancos tiene un grupo escenográfico que se estrena con la obra ‘*O Sindo*”, *Atlántico Diario*, 26 febreiro 1999, p. 14.

Dá conta da nova formación teatral que nace co nome “Campusinus in Albis”, nacido na Garda. Informa da súa primeira obra en escena, un monólogo de Nani Matos titulado *O Sindo* e resúmese o contido desta.

-Ricardo Rguez., “Campusinus in Albis” presenta hoxe a obra teatral ‘*O Sindo*”, *Faro de Vigo*, 26 febreiro 1999, p. 33.

Anúnciase a representación da obra no Centro Goianés dentro da programación da Asociación Cultural Eliseo Alonso. Explícase que se trata dun “breve monólogo producto dun día disparatado”. Recóllense as declaracións de Nani Matos que explica como naceu o seu contacto co teatro e faise referencia á súa condición de músico.

Caroza Teatro: ...*Oh! (Que facer cando non sei quen son?*, de José Luis Prieto.

Dirección: Lino Braxe.

Casahamlet, Estudio de Teatro (1): *A doncela guerreira*, de Rafael Dieste, trad. Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo e Santiago Fernández. Interpretación: Manuel Lourenzo, Cilha Lourenço, Santiago Fernández, Marián Bañobre, Milo Taboada, Ana Carril, Iván Marcos, Covadonga Berdiñas e Luisa Fernández Miranda. Vestiario: Xoán M. López Eirís. Iluminación: Octavio Más.

- E. P., "Casa Hamlet representa en seis concellos '*A doncela guerreira*"/"Casa Hamlet leva ós escenarios '*A doncela guerreira*' de Dieste", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego,* 1 maio 1999, p. 32/p. 75.

Anuncia a representación de *A doncela guerreira*, nos Concellos da Coruña, Carballo, Padrón, Ortigueira, Rianxo e Ferrol co apoio da Deputación da Coruña. Alúdese ó argumento consistente na historia dunha doncela que se fai pasar por varón para servi-lo rei na guerra contra Francia e acaba namorándose dun príncipe, o que provocará unha serie de equívocos.

- Luis Pousa, "Casa Hamlet rinde homenaje a Dieste en el centenario de su nacimiento", *El Ideal Gallego*, 1 maio 1999, p. 45.

Informa da estrea da peza o día 3 de maio no Teatro Colón da Coruña. Lémbrase que Manuel Lourenzo traducira ó galego en 1981 esta obra de Dieste. Coméntase que a representación corre a cargo de dez actores, algúns deles alumnos do estudio Casahamlet, ademais do propio Lourenzo, director, e Santiago

Fernández. Recóllense as palabras do director, que indica que prescindiron da escenografía "para non distorsiona-lo xogo dos actores e a luz". Así mesmo anúnciase a saída do primeiro número da publicación que leva o mesmo nome que a compañía.

-S. Noia, "Casahamlet estrea en Compostela '*A doncela guerreira*' de Dieste"/"O Dieste de Casahamlet", O *Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 13 novembro 1999, p. 74/p. 33.

Cóbrese nesta nova a información relativa á presentación da montaxe en Santiago. Así reprodúcense unhas palabras nas que Manuel Lourenzo define a obra como "un camiño de encontro coa literatura popular de calquera época". Alúdese á estructuración en tres escenas faladas e un prólogo e quere ser tamén unha homenaxe a Rafael Dieste no centenario do seu nacemento. Outro dos aspectos marcados por Lourenzo é a conxunción de formas contemporáneas coa antiga lenda e anuncia outro proxecto teatral para o 2000 titulado *Velada de Londres*.

- M. B., "La compañía Casa Hamlet recupera el teatro de guiñol de Rafael Dieste", *La Voz de Galicia*, 13 novembro 1999, p. 45.

Noticia que anuncia a representación en Santiago e na que se indican algunhas características da montaxe tales como a vinculación co teatro festivo e musical. Ademais ponse de relevo a ironía, algúns anacronismos intencionados e algunhas intervencións de personaxes mudos. Segundo explica o propio Manuel Lourenzo con esta montaxe busca facer "a festa do teatro, a festa do romance e a diversión". Na mesma liña exprésase Xavier Castiñeira ó afirmar que o obxectivo deste espectáculo é gozar e pasalo ben ademais de cualificar de moi divertido e rítmico o xogo escénico.

Casahamlet, Estudio de Teatro (2): *A velada de Londres*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Xosé María López Baño, Manuel Lourenzo e Cilha Lourenço.

-Luis Pousa, "Casahamlet presentará en Lisboa "*A velada de Londres*", de Lourenzo", *El Ideal Gallego*, 17 setembro 1999, p. 15.

Anúnciase a representación de *A velada de Londres* en cinco cidades e vilas galegas e posteriormente en Lisboa. Segundo se explica, a xira forma parte do Laboratorio de Investigación e Creación Teatral fundado por Casahamlet coa apoio da Deputación da Coruña. Con palabras de Manuel Lourenzo, explícase que a inciativa conta con actividades paralelas como seminarios sobre dramaturxia dirixidos a escritores e recitais de poesía. Para Lourenzo un dos principais logros é a participación dos alumnos en diversas obras de teatro e series de televisión. Finalmente alúdese á preparación do segundo número da revista Casahamlet para ser distribuído en maio do 2000.

Centro Dramático Galego (1): *Lugar*, de Raúl Dans.

Dirección: Antonio Simón. Interpretación: Gonzalo Uriarte, Marcos Viéitez e Pepe Soto. Axudante de dirección: Manuel Areoso. Auxiliar de dirección: Belén Bermejo. Xefe de producción: Francisco Oti Ríos. Estudio crítico: Xosé Manuel Fernández Castro. Espacio escénico e iluminación: Antonio F. Simón. Vestiario: Suso Montero. Selección musical: María Armesto.

-Rodri García, "El Centro Dramático apuesta por los nuevos autores con '*Lugar*", *La Voz de Galic*ia, 25 febreiro 1999, p. 35.

Alúdese á aposta polo teatro de autores mozos que representa a montaxe de *Lugar*. Recóllense as palabras de Antonio Simón que indica que ó estar vivo o autor e ó ser un amigo calquera dramaturxia pasa polo consentimento do autor e cre que un dos acertos da obra é "o saber pasar o tempo". Tamén se recollen declaracións de Raúl Dans que destaca de entre a variedade temática da peza a memoria e a abolición do tempo real. Ademais o autor valora positivamente os cambios experimentados polo teatro galego malia soster que a crise é algo consustancial ó teatro.

L. P., "El coruñes Raúl Dans estrena en el teatro Colón su obra '*Lugar*", *El Ideal Gallego*, 27 febreiro 1999,
46.

Noticia que anuncia para o día 3 de marzo a estrea de *Lugar* no teatro Colón da Coruña. Alúdese ó argumento da peza e céntrase nas opinións de Raúl Dans, autor da obra. Dans subliña o total respecto de Antonio Simón ó texto e considera que máis ca unha resurrección a actividade dramática en galego está a ocupa-lo seu espacio natural.

-A. R. López, "O CDG estrea mañá '*Lugar*', a obra dun dos mais audaces dramaturgos galegos de hoxe"/"O CDG estrea mañá '*Lugar*' de Raúl Dans, unha montaxe teatral sobre a memoria, *O Correo Galego,* "AFA"*/El Correo Gallego*, 2 marzo 1999, p. 30/p. 75.

Ante a estrea de *Lugar* na Coruña achéganse algunhas impresións do autor do texto que manifesta que un dos obxectivos da peza foi o de "atopar un espacio específico para o teatro na memoria". Raúl Dans saúda que o CDG aposte polos novos creadores malia o seu escepticismo ante a posibilidade de que a situación dos dramaturgos contemporáneos se normalice. Lembra ademais o seu traballo como actor en 1988 co Centro Dramático Galego en *O mozo que chegou de lonxe*.

-E. P., "O CDG inicia con '*Lugar*' de Raúl Dans a súa nova temporada teatral", *El Correo Gallego*, 3 marzo 1999, p. 76.

Dáse noticia da representación da nova posta en escena do Centro Dramático Galego estreada no Teatro Colón da Coruña o día 4 de marzo. Recóllense as palabras de Manuel Guede, quen destacou o compromiso do Centro Dramático coa "dramaturxia galega contemporánea". Cítanse os actores que interveñen na obra e recóllense algunhas declaracións como a de Gonzalo Uriarte quen definiu o seu personaxe como un "aparentemente triunfador" pero "no fondo é un resentido". Conclúe referíndose o escritor da obra, Raúl Dans, quen valorou positivamente a representación do seu texto e finalmente cítanse os lugares onde se representa a obra.

- Camilo Franco, “Baleiro”, *La Voz de Galicia*, 5 marzo 1999, p. 41.

Comentario no que se anotan algunhas carencias da montaxe malia apuntar maneiras de teatro sobrio e directo. Así, detecta en *Lugar* falta de decisión para soporta-la indefinición ata o final apuntando neste sentido a dificultade para facer coincidir “un teatro verité cuns argumentos fantásticos”. Ademais cre que nalgúns puntos o sinxelo se converte en simple e considera demasiado feble o recurso de lle sustraer ó espectador o desenlace da obra. Para Camilo Franco a obra “leva o seu ritmo para chegar tarde a un lugar no que nunca pasa nada”.

- Raquel Feijóo, “*Lugar*”: Unha aposta pola dramaturxia galega”, *La Región*, 10 marzo 1999, p. 13.

Con motivo da estrea de *Lugar* en Ourense lóase a magnífica definición do espacio escénico así como a dirección con tintes cinematográficos de Antonio Simón. Ademais da alusión ó argumento indícase o ritmo próximo á intriga entre o tempo da realidade e o dos recordos con temas como o valor da amizade, a relación do home co seu contorno, a liberdade ou os posibles efectos inversos do progreso tecnolóxico. Anúnciase ademais que a xira do CDG ten prevista a estrea da obra ademais de na Coruña e Ourense en Narón, Vigo, Ribadeo, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lalín, O Barco, Lugo e Burela.

- S. R., “O CDG volta ao seu “*Lugar*”, *Faro de Vigo*, “Faro de ocio”, 12 marzo 1999, p. 2.

Alúdese ó argumento de *Lugar* indicando a súa unidade de espacio, tempo e acción. Logo de se facer un repaso pola traxectoria profesional e artística de Raúl Dans recóllese o calendario da xira do espectáculo pola Coruña, Ourense, Narón e Pontevedra.

- Raquel Feijóo, "*Lugar*' é "unha peza para a reflexión", *La Región*, 12 marzo 1999, p. 16. Entrevista con Antonio Simón na que o director da montaxe subliña a orixinalidade da obra representada e explica que mantivo unha fidelidade absoluta ó texto de Dans. Cre que era imprescindible dar un "golpe de temón" no CDG coa escolla de obras de autores novos, e ve como os dous temas máis importantes da peza a amizade e a relación do home co contorno e neste sentido aposta polo irmanamento do progreso co ser humano. Destaca tamén o traballo dos actores e a súa aposta pola interpretación e subliña do texto a súa vontade reflexiva a través da pregunta: "Se poidesemos volver atrás, ¿cantas cousas cambiariamos?".

- Alvarado, "Todavía se oye el paso del tren", *La Región*, 20 marzo 1999, p. 12.

Valora positivamente a ambientación pero, de seguido, considera inxusto que nomes como os de Raúl Dans, Marcos Viéitez, Gonzalo Uriarte, Pepe Soto ou Antonio F. Simón queden relegados ó segundo plano por mor de non se informar nada deles na presentación protagonizada polo director do CDG. Pide reflexión en vista da escaseza de público e ademais critica a excesiva presencia de elementos cinematográficos que os directores de escena incorporan ó teatro en detrimento da palabra. Ademais cualifica o fondo musical como "pegote" e veo como un disimulador de tanta reflexión e lentitude no desenvolvemento da trama. No texto de Raúl Dans detecta a inocencia do novel e cre que a obra provoca aburrimento. Menciona concretamente ó actor que fixo de David, do que di que fala para el en lugar de falar para o público o que produce inintelixibilidade na argumentación e neste sentido cre que na falta de técnica na expresión da fala galega radica a deserción do público.
- Ágatha de Santos, "El director del Centro Dramático critica el mal reparto de las ayudas al teatro", *Faro de Vigo*, 27 marzo 1999, p. 7.

Faise referencia a algunhas das manifestacións realizadas por Manuel Guede e Antonio Simón no transcurso da presentación de *Lugar* en Vigo. Da intervención de Guede destácase a reflexión que fixo sobre a inestabilidade das compañías galegas, atribuíble, segundo el, non tanto á falta de axudas como a un mal reparto. Canto ás palabras de Simón coméntase que apelou á necesidade dunha relación simbiótica entre

teatro e sociedade. Ademais repárase no chamamento feito por ámbolos dous para que se volquen con *Lugar* aqueles que criticaron con dureza a representación de Valle-Inclán en castelán.

-E. P., "Antonio Simón pide unha nova política teatral ante a 'falta' de xestión actual no sector", *O Correo Galego*, 27 marzo 1999, p. 38.

Recóllense as declaracións feitas por Antonio Simón no transcurso da presentación da montaxe. Segundo a noticia, o director teatral solicitou que as compañías inicien unha nova política para optimiza-los recursos e subvencións recibidas da administración autonómica. Ademais destácase que cualificou o teatro galego de "minifundista" pola cantidade de pequenas compañías, avogando por unha decena de grupos que se estableza nos teatros das cabezas de comarca e porque os grupos teatrais se comuniquen coa sociedade galega. Canto á representación de *Lugar* alúdese ó seu paso por Ourense e Narón e ás actuacións previstas en Vigo, Santiago e Ribadeo.

-J. D. C., "O CDG defende as compañías residentes nas cidades como futuro do teatro galego", *Atlántico Diario*, 27 marzo 1999, p. 12.

Primeiramente reprodúcense unhas declaracións nas que Manuel Guede, director do CDG, critica o "minifundio" do teatro galego, con máis de cincuenta compañías, apostando por un modelo de descentralización semellante ó francés coa creación de compañías residentes nas cidades. Nesta mesma noticia reprodúcense as palabras nas que Antonio Simón aposta pola estabilidade coa simbiose entre teatro galego e sociedade. Respecto de *Lugar* menciónanse o nome dos actores e anúnciase a súa estrea en Vigo. Con palabras de Antonio Simón indícase que se trata dunha peza atraínte ó convidar á reflexión sobre o pasado e recoñécese a obriga do CDG de ser punteiro no sentido de abrirlle paso ás novas xeracións de autores, directores e escenógrafos.

-Pablos, “*Lugar*’, un buen intento dramático del novel autor gallego Raúl Dans”, *Faro de Vigo*, 28 marzo 1999, p. 12. Comeza referíndose á inconcreción espacial que puidera situarse en calquera punto dos montes de Galicia e alude á temática da eterna loita polo progreso diante da terra na que viviron durante xeracións uns seres que a aman moito, nunha acción que segundo Pablos “es mínima, pero de gran intensidad dramática”. Considera que Raúl Dans dialoga ben e consegue o interese do espectador e loa o efectismo da escenificación de Antonio F. Simón así como o excelente xogo de luces. Ve na obra de Raúl Dans influxos do teatro contemporáneo próximo e cita os nomes de Ugo Betti e Luigi Pierandello, sobre todo no que ten que ver co xogo co tempo. Finalmente alude ó grande interese que a obra espertou en Vigo.

-Iolanda Ogando, “Mudan os tempos (non) mudan as vontades”, *Tempos Novos*, nº 23, “Crítica. Voces e Culturas. Teatro”, abril 1999, p. 68.

Neste comentario sobre *Lugar* de Raúl Dans, montaxe do CDG dirixido por Antonio F. Simón, Iolanda Ogando dá conta do novo rumbo tomado pola compañía con esta obra, na que só aparecen tres actores acompañado cunha gran sinxeleza na escenografía e mais no decorado, non obstante resalta que “a montaxe non convence”.

-P. V., “El Centro Dramático Galego representa ‘*Lugar*’ mañana y pasado en Ribadeo”, *El Progreso*, 2 abril 1999, p. 18.

Faise eco da representación da obra no instituto de educación Secundaria nº 1 en Ribadeo con dúas funcións durante a fin de semana do 2 de abril.

-E. P., “O CDG representará dende hoxe en Santiago cinco funcións da súa producción ‘*Lugar*”, *El Correo Gallego*, 13 abril 1999, p. 31.

Anuncia a partir do día 17 de abril a estrea en Santiago de *Lugar*, da que se indica a unidade de acción, espacio e tempo. Alúdese ó argumento salientando que os personaxes están “atormentados” e tentan subir ó tren que pasa por “Lugar”.

-AGN, “El Centro Dramático Galego estrena hoy en Pontevedra ‘*Lugar*’ de Raúl Dans”, *El Ideal Gallego*, 21 abril 1999, p. 20.

Dá conta da representación da obra no Teatro Principal de Pontevedra dende o día 21 ata o 23 de abril dentro da programación teatral promocionada polo Xacobeo. Resume brevemente o argumento e nomea os actores que forman parte na posta en escena.

D. P., “El Principal acoge la obra ‘*Lugar*’ del Centro Dramático Galego”, *Diario de Pontevedra*, 21 abril 1999,
12.

Infórmase do acto de presentación da montaxe en Pontevedra e anúnciase a súa representación entre os días 21 e 23 de abril no Teatro Principal desta cidade. Faise referencia tamén ás palabras de Manuel Guede, quen puxo de relevo o propósito da compañía de rescata-la memoria do teatro galego e promociona-lo teatro contemporáneo. Faise, así mesmo, unha breve referencia ó argumento da historia.

Centro Dramático Galego (2): *Eu estaba na casa e agardaba que viñese a chuvia*, de Jean-Luc Lagarce. Trad. Dolores Vilavedra, Iolanda Ogando e Noemí Pazó.

Dirección: Xosé Martíns. Auxiliar de dirección: Belén Bermejo.Interpretación: Rosa Álvarez, Luma Gómez, Inma Antonio, Maxo Barjas e Mariana Carballal. Dramaturxia: Alexandra Moreira da Silva. Escenografía e Vestiario: Catarina Amado. Selección musical: José Prata. Maquillaxe: Dolores Centeno.

- A. López, "Xosé Martíns: 'A creación teatral só pode ter o seu sentido a partir do risco", *El Correo Gallego*, 30 marzo 1999, p. 71.

Noticia baseada nas declaracións de Xosé Martíns ante a estrea da peza en Vilalba o día 9 de abril. En palabras do director o traballo realizado foi intenso e baseado no diálogo. Entre os temas apúntanse a incomunicación e a imposibilidade de amar no seo dunha familia onde as recriminacións e as traizóns son constantes. Explica que o seu rexistro como director nesta experiencia non ten nada que ver co realizado tamén co CDG en *Las Galas del difunto*. Asemade opina sobre o teatro galego, do que di preocuparlle a falta de público e cre que se deberían establecer compañías residentes nas cidades.

- E. O. R., "A ruptura dos lindes do teatro"/"O CDG estrea hoxe en Vilalba unha obra do dramaturgo francés Jean-Luc Lagarce", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 9 abril 1999, p. 31/p. 74.

Con motivo da presentación da montaxe en Santiago faise fincapé na importancia da colaboración no eido cultural entre Galicia e o Norte de Portugal, representada neste caso pola colaboración entre o Centro Dramático Galego e o Centro Dramático de Viana do Castelo. Apúntanse tamén algúns datos do argumento no que cinco mulleres dan a súa versión diferente dunha mesma realidade, o momento en que o home as deixou na casa. Segundo a noticia, algunhas claves temáticas son o mundo feminino, a falta de comunicación, as relacións de comunicación, as relacións de poder ou desamor. Ademais apúntase que coa representación da obra do dramaturgo belga pódese ver en Galicia unha das tendencias máis contemporáneas da escena europea.

-Pancho Tristán, “O Centro Dramático Galego estrea a terceira montaxe da tempada”, *El Mundo. Galicia*, 9 abril 1999, p. 9.

Comeza referíndose ó texto como mestura de lírica e pura realidade para proseguir cunha referencia argumental que se complementa coa opinión de Maxo Barxas ó explicar que a maior dificultade de interpretación desta obra radica na necesidade de contención física. Alude tamén ás palabras de Manuel Guede, quen subliñou que é a primeira vez que en España se leva este texto ós escenarios, e que desmarca a obra do discurso feminista. Anuncia a estrea en Vilalba o día 9 de abril e faise referencia á colaboración entre o CDG e o Centro Dramático de Viana do Castelo, explicando José Martins que fixo algúns cambios sobre a versión portuguesa, tamén dirixida por el, en base ó cambio de lingua.

- Paula Pérez, “El CDG se viste con alma de mujer”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 101, 10 abril 1999, p. 7.

Coméntanse algúns aspectos da obra co apoio das palabras dos seus responsables. Así, sublíñase que sobre o escenario se verte o mundo interior feminino ante a rixidez e e inmobilismo aparente da posta en escena. Ademais, Xosé Martíns considera que Lagarce é un dos máis importantes dramaturgos

contemporáneos e cre que a súa obra é imprescindible. O director do Centro Dramático de Viana do Castelo comenta que xa dirixira esta obra en portugués e di que agora introduciu algúns cambios para axustarse ás interpretes femininas galegas. Martíns indica tamén que o texto remitiuno a Beckett e Lorca e entende que non se pode afasta-la obra dos universos pechados e obsesivos de *Agardando por Godot* ou *A Casa de Bernarda Alba*. Apúntanse finalmente algunhas claves como a incomunicación, a memoria ou o illamento e infórmase de que trala estrea en Vilalba prevense trinta funcións por Galicia.

- Camilo Franco, “Magnolias de cartón”, *La Voz de Galicia*, 26 abril 1999, p. 61. Comeza considerando que “hai xa algúns anos que o CDG está enfrontado coa naturalidade. Prefire o exceso”. Cre, neste sentido, que esta montaxe é unha “antoloxía da confusión sobre o fondo e a forma dos sentimentos”. Non cre que sexa un problema de elección da obra, senón de interpretación do seu sentido. Prosegue opinando que o director da peza “esquece algunhas cousas sobre os problemas humanos, esquece outras sobre a verosimilitude, pero sobre todo esquece a intimidade”. Entende Camilo Franco que a obra de Lagarce o que semella pedir é “esa fina liña pola que camiñan os dramas: unha liña dende a que se mira o abismo, un punto no que hai un espacio humano, duro pero habitable”. Por último pensa que na representación do CDG está só “o cartón dalgúns sentimentos tópicos expresados bastante torpemente”.
- R. F., “O CDG presenta no Principal a súa última montaxe”, *La Región*, 13 maio 1999, p. 16.

Noticia da representación da obra no Teatro Principal de Ourense entre os días 13 e 17 de maio. Ademais de se menciona-lo reparto e unha breve nota argumental sitúase a Jean-Luc Lagarce como un dramaturgo que representa as tendencias máis contemporáneas da escena europea.

- Raquel Feijoo, “A muller galega sinte esta obra como propia”, *La Región*, 16 maio 1999, p. 18.

Entrevista coa actriz Maxo Barxas que fala do seu personaxe como o que se enfronta con máis enteireza e responsabilidade á situación. Cre esta intérprete que na obra se comparte a angustia co público aínda que sen facelo dun xeito moralizante. Ademais entende que a peza recolle un intimismo, unha angustia e un proceso de amores e desamores que identifica a calquera muller pero máis aínda á muller galega. Do dramaturgo pon de relevo que recolle a influencia do teatro francés contemporáneo e a tendencia dos franceses de meditar sobre os feitos. Finalmente valora moi positivamente a colaboración coa compañía portuguesa.

- D. P., "El Centro Dramático Galego vuelve al Principal con su última producción", *Diario de Pontevedra*, 10 xuño 1999, p. 15.

Anúnciase a representación no Teatro Principal de Pontevedra e alúdese ó argumento así como á colaboración co Centro Dramático de Viana do Castelao. Neste sentido indícase que Manuel Guede afirmou que o futuro do teatro galego xira ó redor da fusión co luso sempre respectando as súas propias particularidades. Segundo a noticia, o director do CDG decantouse tamén por Pontevedra e Ourense como as dúas cidades galegas que contan cos espacios máis atractivos para as representacións de "propostas escénicas intimistas ó tempo que populares e ambiciosas".

- Francisco Castro, "Volve o CDG", *Atlántico Diario*, 17 xuño 1999, p. 10.

Considera que a calidade do texto está asegurada ó ser traducida por Dolores Vilavedra, a quen considera unha das persoas que máis sabe de literatura contemporánea en Galicia. Ademais de aludir á colaboración entre o CDG e o Centro Dramático de Viana do Castelo, esboza algunhas partes do argumento da obra.

Centro Dramático Galego (3): *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón Álvarez.

Dirección e dramaturxia: Roberto Vidal Bolaño. Reparto: Miguel Varela, Laura Ponte, Dorotea Bárcena, Gonzalo M. Uriarte, Vicente Montoto e Xoan Cejudo. Proxecto de vestiario: Rodrigo Roel. Deseño de iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Utilería e ambientación: Rodrigo Roela. Música: Manel Rodeiro. Axudante de dirección: Rubén Ruibal. Auxiliar de dirección: Belén Quintáns. Estudio crítico: Anxo Abuín. Asesor relixioso: Juan José Cebrián Franco.

- R. G., "Daniel Cortezón: "Xelmírez intentó crear una Galicia fuerte y poderosa", *La Voz de Galicia*, 26 xuño 1999, p. 33.

Lémbranse as palabras que Fernando Lázaro Carreter fixera sobre a figura de Xelmírez trala estrea da obra en Barcelona. Ademais inclúense declaracións de Cortezón, que sostén que o arcebispo compostelán se opoñía á formación do reino de Portugal e comenta que durante o seu mandato a importancia de Santiago foi mesmo superior á de Roma.

-A. Rodríguez, "Unha relativa victoria"/"Vidal Bolaño regresa como director ó CDG con 'Xelmírez' de Cortezón", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 30 xuño 1999, p. 31/p. 75.

Ante a estrea de *Xelmírez ou a gloria de Compostela* reprodúcense algunhas declaracións de Roberto Vidal Bolaño. O director da montaxe considera "unha relativa victoria" a súa participación nun espectáculo do CDG logo das críticas vertidas en ocasións contra esta compañía e ás que se fai alusión na noticia. Vidal Bolaño expresa a súa predilección polo teatro histórico e cualifica o teatro de Cortezón como "arriscado" e "incómodo" mesmo para o nacionalismo. Ademais rexeita calquera paralelismo como que se puidese establecer entre Xelmírez e Manuel Fraga.

- AGN, "El Centro Dramático Galego revivió la época de Xelmírez , el primer arzobispo que tuvo Santiago", *El Ideal Gallego*, 4 xullo 1999, p. 29.

Informa da posta en escena da obra, e dá conta do seu argumento, que xira arredor dos primeiros anos do século XII galego, época na que viviu o arcebispo Xelmírez. A seguir coméntase que o CDG realiza máis de corenta funcións desta obra, e finalmente apúntase que a dirección correu a cargo de Roberto Vidal Bolaño a partir dun texto de Daniel Cortezón.

- Camilo Franco, "Xelmirez ou a cólera do texto", *La Voz de Galicia*, 4 xullo 1999, p. 38.

Comentario de *Xelmírez ou a gloria de Compostela* no que Camilo Franco parte da consideración de que "en Galicia temos un problema serio con nós mesmos: paralízanos a perspectiva da historia". Cre, por iso, que o espectáculo do CDG é lento e reiterativo, "asfixiado polo peso sublime da historia e pola contradicción de confundir literalidade con fidelidade". Malia que o considera "florecido" en canto ó idioma, apunta a falta de axilidade que lle resta capacidade de manobra ós actores. Conclúe sostendo que "este "Xelmírez" ten máis pompa que circunstancia".

- D. P., “Vidal Bolaño, director de escena da última montaxe do CDG”, *Diario de Pontevedra*, 6 xullo 1999, p 26. Fai referencia á posta en escena do Centro Dramático Galego, dirixida por Roberto Vidal Bolaño e baseada nun texto de Daniel Cortezón. Refírese ó elenco de actores que forman parte do espectáculo, un grupo de vinteseis actores e actrices, “que dan vida a case un cento de personaxes que viviron na época do arcebispo Xelmírez”.

- E. P., “Vidal Bolaño atribúelle cualidades de teatro histórico á última montaxe do CDG”, *El Correo Gallego*, 6 xullo 1999, p. 73.

Alúdese ás reflexións de Vidal Bolaño a propósito da obra de Cortezón, á que lle atribúe signos propios do teatro histórico e do teatro total. Recóllense as palabras do propio director da montaxe quen afirmou que ó igual que a maior parte da producción de Cortezón “é un intento apaixoado e fecundo de concilia-las virtudes de moitos e diferentes camiños dos que a dramaturxia se veu dotando para aproximarse criticamente á historia, e reflexionando sobre ela, ver de contribuír a mudala”.

- E. P., “Boa acollida no mundo da cultura para a montaxe de “Xelmírez” pol CDG”, *El Correo Gallego*, 8 xullo 1999, p. 73.

Resáltase a boa aceptación que tiveron entre a crítica as primeiras funcións de *Xelmírez ou a gloria de Compostela*. Recóllense, deste xeito, as declaracións de Darío Villanueva, Isaac Díaz Pardo e Sixto Seco.

- D. P., “Intelectuais destacan a “Xelmírez” ou a gloria de Compostela”, *Diario de Pontevedra*, 8 xullo 1999, p. 24.

Alúdese ás valoracións positivas feitas por Darío Villanueva, Isaac Díaz Pardo, Margarita Ledo e Agustín Sixto Seco sobre a representacións logo das primeiras funcións. Segundo a noticia, o rector compostelán cualificou de magnífica a utilización do espacio escénico da Igrexa da Compañía. Díaz Pardo resalta a espectacularidade da montaxe e Margarita Ledo gaba o espacio escénico e a dirección. Finalmente o presidente da Fundación Rosalía de Castro resaltou a boa acollida entre o público.

- D. P., "Rodeiro, musicou "*Xelmírez ou a gloria de Compostela*", *Diario de Pontevedra*, 14 xullo 1999, p. 26.

Sucinto comentario sobre a representación da peza teatral, da que achega unhas breves notas do contido, ó mesmo tempo que cita a Manuel Rodeiro como responsable a música da posta en escena.

-D. P., "*Xelmírez ou a gloria de Compostela*" remata hoxe as representacións", *Diario de Pontevedra*, 3 setembro 1999, p. 22.

Anúnciase a derradeira función en Santiago logo de corenta e nove representacións. Segundo a noticia probablemente sexa a derradeira oportunidade de asistir ó espectáculo dado que as súas particulares características escenográficas e artísticas impiden a súa adaptación a outros espacios teatrais do resto de Galicia.

- AGN, "El Centro Dramático Galego representa hoy por última vez "*Xelmírez ou a Gloria de Compostela*", *El Ideal Gallego*, 3 setembro 1999, p. 28. Breve noticia que anuncia o remate das corenta e nove representacións que dende o día dous de xullo tiveron lugar na Igrexa da Universidade, e salienta o gran éxito de público durante os dous meses que duraron as funcións.

-Alfredo Conde, “Constancias teatrais”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 setembro 1999, p. 56/p. 4.

Gaba a gran intelixencia teatral de Roberto Vidal Bolaño a quen se refire como “o noso director, dramaturgo e actor por antonomasia”. Considera, neste sentido, que a “man sabia” do director se adiviña no movemento dos actores e nalgunhas das interpretacións. Do mesmo xeito, loa as interpretacións de Miguel López Varela e Luis Iglesia. Considera que co labor de Vidal Bolaño e dos actores citados “serve para converter en grandioso o que doutro xeito probablemente devise en portentoso fracaso”.

Centro Dramático Galego (4): *Si o vello Sinbad volvese ás illas*.

Dirección: Fabio Mangolini. Adaptación e axudante de dirección: Quico Cadaval. Interpretación: Xosé Manuel Olveira “Pico”, Rebeca Montero, Antonio Durán “Morris”, Xoán Cejudo, Xosé A. Porto “Josito”, Marcos Orsi, Fernando Dacosta, Manuel Millán e María Bouzas. Dramaturxia: Fabio Mangolini e Quico Cadaval. Música: Bernardo Martínez e Piti Sanz. Auxiliar de dirección: Elena Benito. Escenografía: Peter Bottazzi. Deseño vestiario: Gilda Bonpresa. Composición musical: Bernardo Martínez. Iluminación: Baltasar Patiño. Maquillaxe: Carmela Montero.

- Pancho Tristán, “O CDG repite con Castelao”, *El Mundo. Galicia*, 7 setembro 1999, p. 12.

Noticia que informa dos tres proxectos previstos polo CDG para a tempada teatral 1999-2000. O primeiro deles é a representación de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, da que se apunta a fantasía, a ironía e o xenio creador do seu autor. Tamén se fai referencia á estrea de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, dirixida por Manuel Areoso e unha versión do *Don Xoán* feita por Vidal Bolaño. Sublíñase como revelador que logo da representación en castelán de Valle-Inclán, o Centro Dramático Galego representou obras de catro autores galegos nas súas seis últimas montaxes.

- C. P., “El Centro Dramático Galego lleva a escena a Cunqueiro y Castelao”, *La Voz de Galicia*, 16 setembro 1999, p. 33.

Anúncianse os títulos das montaxes que o CDG planifica para a tempada 1999-2000. Así, ademais de *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, as producción son *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, cunha proposta innovadora diferente á levada a cabo pola compañía en 1985 e *Don Xoán*, dirixida por Xoán Cejudo eescrita por Roberto Vidal Bolaño e que contará con versión en castelán para as representacións en Madrid. Á parte desta información recóllense unhas declaracións do conselleiro de Cultura, Pérez Varela, quen opinou que a concentración das compañías privadas favorecería a creación de compañías residentes.

- Concha Pino, “Descubrir a Cunqueiro fue un flash”, *La Voz de Galicia*, 11 outubro 1999, p. 83.

Fabio Mangolini, director de *Si o vello Simbad volvese ás illas* para o CDG, afirma que os bos actores que hai en Galicia e que o CDG aceptara o seu proxecto foron os feitos fundamentais para que se animara a dirixir no noso país. Mostra o seu coñecemento da obra de Cunqueiro e di como xurdiu o proxecto: comenta a parte de responsabilidade que cadaquén ten no proxecto; dirección, montaxe, actores, músicos... recoñecendo que “tuve plena libertad para elegir a los actores y el cuadro técnico” e destaca finalmente cal é o seu estilo a hora de afronta-lo *Simbad* de Cunqueiro.

- Concha Pino, “Artífices de sueños teatrales”, *La Voz de Galicia*, 17 outubro 1999, p. 49.

Recolle algunhas impresións dos italianos Gilda Bonpresa, deseñadora do vestiario e Peter Botazzi, escenógrafo, diante dos preparativos da montaxe do CDG. Bonpresa explica o seu método de traballo, baseado na complicidade cerativa co escenógrafo e o director e na importancia dos materiais e das cores.

Pola súa parte Botazzi incide na importancia de traballa-lo espacio, polo que na súa faceta teatral non concibe as escenografías clásicas.

- Carlos Crespo, “Al teatro actual le falta humanidad”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 128, 23 outubro 1999, p. 8.

Entrevista a Fabio Mangolini na que lembra como xurdiu a idea de adapta-la novela de Cunqueiro e cre que o mindoniense estaría contento con esta adaptación. O director italiano, a quen se asocia coa *Commedia dell'arte*, comenta que malia non haber elementos de *Commedia* nesta montaxe si cre que hai ritmos asociables a esta. Recoñece que no teatro europeo os actores tenden a actuar máis para a xente da profesión que ó público e cre que hai que mudar esta tendencia. Ademais de eludi-las respostas sobre a polémica co CDG por representar en castelán a Valle-Inclán, alude ó auxe do teatro galego e cre que esta montaxe “arrasaría” en Madrid ou Barcelona sen ser necesariamente traducida.

- C. P., “El CDG estrenará el día 29 el nuevo Salón Teatro con una obra de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, 23 outubro 1999, p. 44.

Noticia dos preparativos levados a cabo no Salón Teatro de Santiago para a súa inauguración oficial o día 26 de outubro e para a primeira representación de *Si o vello Sinbad volvese ás illas...*o día 29. Ademais de reparar nalgúns datos técnicos do rehabilitado edificio coméntase o entusiasmo co que os actores e equipo técnico do CDG afrontan esta estrea.

- Pancho Tristán, “La derrota del soñador”, *El Mundo. Galicia*, *“El Cultural”*, 24-30 outubro 1999, p. 9.

Apóiase nas impresións de Quico Cadaval e Fabio Mangolini para realizar un repaso por algúns dos elementos da montaxe. Así, despois de subliñar tres lugares recorrentes na narrativa de Cunqueiro como o exotismo, a ensoñación e a melancolía, Quico Cadaval lembra unha anécdota que pon de relevo a imaxinación do mindoniense. Alúdese tamén ó argumento da novela e Mangolini explica que concibe a representación como un gran xogo teatral. Tamén se alude ó escenario, que deixa espacio para que se vexa o traballo dos tramoistas, "as vísceras técnicas do que se representa". Cadaval comenta que durante a trama deixa algúns fíos soltos que despois reaparecen para sorpresa do espectador. Pola súa parte Mangolini fala da utilización da palabra como signo evocador de imaxes máis que acabarse en si mesma.

- A. C., "Simbad na rúa Nova"/"El teatro vuelve a la rúa Nova", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 27 outubro 1999, p. 29/p. 32.

Informa da reinauguración do Salón Teatro da rúa Nova coa representación da obra de Álvaro Cunqueiro *Si o vello Simbad volvese ás Illas*, (1961), a cargo do Centro Dramático Galego, que estrea así a súa sede estable, onde acollerá, ademais das súas propias representacións, outra serie de manifestacións artísticas. Recóllense tamén as declaracións que o presidente da Xunta, Manuel Fraga, e o alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, fixeron no acto inaugural, así como unha explicación das novas características do centro, que contará con Mar Nogueira, funcionaria do Intituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, como coordinadora, axudada por un grupo de organización no que estará representado o Centro Dramático Galego.

-AGN, "El Centro Dramático estrena el Salón Teatro con el "Simbad" de Cunqueiro", *El Ideal Gallego*, 29 outubro 1999, p. 28.

Ante a estrea da montaxe en Santiago faise referencia ó espectáculo como cheo de fantasía e ensoñación. Indícase ademais que esta obra é a derradeira das preparadas polo CDG para o programa Xacobeo 99.

D. P., “O CDG estrea o Salón Teatro cunha fantasía de Cunqueiro”, *Diario de Pontevedra*, 29 outubro 1999,
29.

Noticia na que se anuncia a estrea da peza no Salón Teatro, co que queda inaugurado o reahbilitado edificio. Preséntase a montaxe como accesible para todo tipo de público e cheo de delicadeza e incitacións ó mundo do soño. Ademais apúntase a mesutra do real e o imaxinario na acción e na posta en escena. Finalmente faise unha breve alusión argumental.

-Concha Pino, “O vello Sinbad de Cunqueiro volve ás illas no Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, 29 outubro 1999, p. 90.

Anuncia a estrea da representación no Salón Teatro compostelán o día 29 de outubro e comenta que se trata dunha montaxe chea de suxestións e con lecturas diferentes para tódolos públicos. Ademais alúdese á satisfacción mostrada por Quico Cadaval e Xosé Manuel Olveira. Tamén se refire á música como punto de inflexión e á súa adaptación ó proceso creativo participado e comunicativo de toda a montaxe. Logo de se daren os nomes dos actores cítanse unha relación de máis de vinte dramaturgos galegos dos que o CDG leva representado obras nos seus quince anos de existencia e que vai dende Castelao a Daniel Cortezón.

- Pancho Tristán, “Cunqueiro inaugura el Salón Teatro”, *El Mundo. Galicia*, 29 outubro 1999, p. 12.

Destaca o feito de que unha montaxe do CDG estea a espertar tanta expectación e atribúeo á novidade do espacio escénico, o Salón Teatro de Santiago, así como á calidade de Álvaro Cunqueiro. Alude ó argumento da obra así como ós responsables da súa representación e indica o coidado co que foi preparado todo o que ten que ver co visual e concretamente ó labor da figurinista. Ademais incídese no feito de que os tramoistas estean á vista do público. Anuncia a estrea en Santiago e a posterior representación en Vigo, Pontevedra,

Lugo, Vilalba, Narón e A Coruña. Considera que con esta montaxe o o CDG se reconciliou con algúns actores e técnicos que levaban anos sen participar nos seus espectáculos.

- D. P., “Inaugurada a temporada teatral do CDG”, *Diario de Pontevedra*, 30 outubro 1999, p. 29.

Informa da boa entrada que se rexistrou durante a estrea da obra no Salón Teatro de Santiago, a primeira obra que se representa no recuperado teatro. Cítanse ademais os nomes dos actores e responsables desta montaxe coa que o CDG inaugurou a tempada teatral 1999-2000 e que pecha o ciclo preparado pola compañía con motivo do Xacobeo 99.

- Concha Pino, “Cunqueiro non estaría defraudado”, *La Voz de Galicia*, 30 outubro 1999, p. 83.

Entrevista na que Quico Cadaval, que considera que na adaptación é fiel a Cunqueiro, ó mesmo tempo que cualifica ó actor Olveira “Pico” como “o que mellor fala, a nivel técnico e interpretativo” do teatro galego. Ademais fai referencia ó influxo de don Quixote no Sinbad de Cunqueiro así como ó ambiente dramático, escenográfico e musical de tipo oriental. A propósito da cantidade de referencias cunqueirianas comenta que recorreu a elas cando lle faltaba texto e di que mesmo buscou elementos nas obras de Shakeaspeare, segundo Cadaval, o autor preferido de Cunqueiro.

- Concha Pino, “O Centro Dramático Galego despega coa súa programación estable no Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, 2 novembro 1999, p. 44.

Dá conta da posta en escena no Salón Teatro de Santiago da montaxe teatral e resalta a sinxeleza da escenografía de Peter Bottazzi, a "fantástica iluminación artellada por Baltasar Patiño" e a maxistral interpretación de Xosé Manuel Oliveira Pico no papel de Simbad. Informa do lugar, datas, horas, prezos das localidades, os descontos a grupos e os teléfonos de contacto.

R. Soto, "El Centro Dramático Galego ofrece piezas de Cunqueiro, Castelao y el "Don Xoán", *Faro de Vigo*, 4 novembro 1999, p. 50. Noticia que se refire ás aspiracións de Manuel Guede, director do CDG, de adentrarse nos autores galegos e non renunciar a tódolos públicos. Ademais alúdese á superación do problema de precariedade coa recuperación do Salón Teatro como sede da compañía. No tocante a *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, Guede comenta que parece sacada dunha historia de Borges. Faise referencia ademais á fascinación que lle causou a Mangolini a primeira lectura da obra de Cunqueiro e finalmente anúncianse para o ano 2000 a representación a cargo do CDG de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao así como unha versión do "Don Xoán".

S. P., "O derradeiro soño de Sinbad", *Faro de Vigo*, "Faro del Ocio", 4 novembro 1999, p. 2.

Ademais de aludir á estrea en Vigo faise eco do gusto de Fabio Mangolini polo mundo das viaxes e a busca doutra visión do mundo na obra de Cunqueiro. Cítase o reparto de actores así como o nome dos responsables da montaxe.

Francisco Castro, "*Se o vello Sinbad volvese ás illas*", *Atlántico Diario*, "Culturamanía", 26 novembro 1999,
10.

Ante a representación da peza en Vigo expresa as súas boas expectativas e lembra que o CDG xa representara a Cunqueiro en *A noite vai coma un río*, que daquela lle deixara "un dóce sabor zucrado". Para Francisco Castro escoitar a Cunqueiro é "un dos praceres culturais máis elevados que ninguén en Galicia pode ter".

-Xesús Rábade Paredes, "O Sinbad é Cunqueiro", *El Correo Gallego*, "Notas de actualidade", 5 novembro 1999, p. 3.

Felicita primeiramente ó CDG e a Quico Cadaval e considera impecable o traballo dos actores. Ademais cre que a montaxe non desmerece a Cunqueiro. A continuación achega unha serie de reflexións posteriores á asistencia á representación. Neste sentido alude á modernidade de Cunqueiro consistente en desvelar grandes dramas humanos baixo a aparencia de xogo esteticista e na recreación de vellos arquetipos cunha nova mirada en consonancia coa inquedanza existencial dos seus contemporáneos. Outras das consideracións que realiza Rábade Paredes teñen que ver coa consideración de Sinbad como trasunto de Cunqueiro e no reflexo do cansazo da vida.

-Pancho Tristán, "O Centro Dramático Galego necesitaba un lavado de cara", *El Mundo. Galicia*, 22 novembro 1999, p. 9.Conversa con Xosé Manuel Olveira "Pico" na que se parte da anécdota do parecido que o fillo de Álvaro Cunqueiro atopou con seu pai neste actor polo xeito de contar. Discrepa de que este sexa o seu mellor traballo de interpretación e refírese tamén ós cambios positivos no Centro Dramático Galego logo de que entre os anos 1996 e 1998 funcionase como compañía estable. Ademais fala da dificultade de pasar a Sinbad ó teatro e incide na súa dimensión de contador. Tamén expresa a súa esperanza de que o Salón Teatro de Santiago sirva para o intercambio con outros centros dramáticos e pensa que sería beneficioso para o teatro galego que se reduzise o número de compañías e que deste xeito fosen máis fortes.

- Agustín Sixto Seco, “Se o vello Cunqueiro volvese a Galicia”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 24 novembro 1999, p. 3.

Expresa as súas impresións logo de ve-la representación da obra no Salón Teatro de Santiago. Así coincide coa boa acollida das primeiras críticas. Concretamente cualifica de “maxestosa” a escenografía e de “acertada” a “vis dramática” de Xosé Manuel Olveira “Pico”. Salienta ademais o acerto de Fabio Mangolini e Quico Cadaval e cre que o seu traballo “pasmaría” ó propio Cunqueiro.

- R. Soto, “En Sinbad su arma es la palabra, de ahí que resulte muy cunqueiriano”, *Faro de Vigo*, 26 novembro 1999, p. 50.

Informa da posta en escena por parte do Centro Dramático Galego e refírese a que se trata dunha adaptación da obra cunqueiriana *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Finalmente, dá conta da ficha técnica da representación e cita a Quico Cadaval como adaptador e a Fabio Mangolini como director.

-D. P., “El CDG trae al Pazo da Cultura “*Si o vello Sinbad volvese ás illas*”, *Diario de Pontevedra*, 1 decembro 1999, p. 14.

Anúnciase a reprentación da obra no Pazo da Cultura de Pontevedra. Ademais alúdese ó argumento desta peza que se escenifica, segundo a noticia, seguindo as pautas da “commedia dell’arte”.

-D. P., “El CDG vuelve a poner en escena “*Si o vello Sinbad volvese ás illas*”, *Diario de Pontevedra*, 3 decembro 1999, p. 14.

Céntrase de novo no anuncio da representación de *Si o vello Sinbad volvese ás illas* na cidade de Pontevedra.

-Iolanda Ogando, “Fumes en Panos Permados”, *Tempos Novos*, nº 31, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, decembro 1999, p. 84.

Análise crítica da montaxe *Si o vello Sinbad volvese ás illas…* a cargo do Centro Dramático Galego. A recensionista indica que a obra presenta unha escena chea de exotismo e de proximidades mediante unha montaxe que fascina, pero que o resultado final “é un espectáculo que brilla por momentos, que engancha, pero que non convence, ou só convence por partes”.

- Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Centro Dramático Galego (5): *Os vellos non deben namorarse*, de Daniel Rodríguez Castelao.

Dirección: Manuel Areoso. Interpretación: Alfredo Rodríguez, Luísa Merelas, Xoán Vilarelle, César Cambeiro, Mariana Carballal, Xan Casas, Pilar Casas, Xoán Carlos Mejuto, Nekane Fernández e Alfonso Rodríguez.

- Pancho Tristán, "O CDG repite con Castelao", *El Mundo. Galicia*, 7 setembro 1999, p. 12.

Ver Centro Dramático Galego, *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, nestas páxinas.

Centro Dramático Vilalbés: *A Zapateira Prodixiosa*, de Federico García Lorca.

- Ver XXIª Mostra de Teatro de Vilalba.

Chévere: *A rutina é o deber de todas as criaturas*, a partir do libro do mesmo título de Manuel Cortés.

Interpretación: Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira e Manuel Cortés. Dirección escénica: X. Ron. Textos: Manuel Cortés. Música: Xabier Abraldes (guitarra) e Suso Alonso (piano e violonchelo).

- Camilo Franco, "Ilustración lírica", *La Voz de Galicia*, 11 xaneiro 1999, p. 52.

A montaxe de Chévere sérvelle para reflexionar brevemente sobre a tendencia habitual á mestura de xéneros e cre que ó igual que o poemario de Manuel Cortés a obra aliméntase do paradoxal e cre que pode ser tanto un folletín operístico como os apuntes para un culebrón con triángulo amoroso. Na mesma liña apunta a posibilidade de interpreta-la montaxe como ilustración do poemario e cre que o espacio teatral queda pormomentos sacrificado á intensidade do texto. É por isto polo que ve que algunhas opcións malia non semellaren forzadas aparecen como demasiado herméticas e considera que precisarían dunha traducción escénica máis clara e máis aberta. Fóra destas anotacións cre que *A rutina é o deber de todas as criaturas* ofrece interpretacións literarias que "quizais fornezan unha estética futura".

- Paula Pérez, "Miguel de Lira", *Faro de Vigo*, "FaroDomingo", 17 xaneiro 1999, p. 12.

O actor Miguel de Lira comeza analizando as súas experiencias como actor en series para a TVG, decantándose polo teatro fronte á televisión. Refírese á nova montaxe da compañía Chévere, da que resalta a

continuidade na innovación do espacio escénico e na liña transgresora e irónica. Así mesmo, destaca o teatro de Chévere, fronte ó teatro tradicional. Tamén comenta os novos proxectos desta compañía para o ano 2000. Conclúe falando das manifestacións de apoio ó teatro galego e da oposición á estrea de obras de Valle-Inclán en catelán.

- Lois Fernández, “Chévere cierra la Ópera de Peto”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo” 17 xaneiro 1999, p. 54.

Informa da representación da montaxe, que tivo lugar na Sala Nasa e que serviu como clausura do Ciclo de Ópera de Peto. A continuación, pon de relevo que se trata dun “poemario escénico” inspirado no poemario do mesmo título da autoría de Manuel Cortés, con música de Xabier Abraldes. Finalmente dá conta dos actores participantes.

- C. V., “Bestiário do delírio cotiá”, *A Nosa Terra*, nº 866, “Guieiro Cultural”, 21 xaneiro 1999, p. 34.

Comeza coa referencia ó papel paródico de Manuel Cortés así como á importancia da convivencia do humor e a ironía coa poesía. Lembra ademais que non é esta a primeira vez que Chévere leva a poesía ós escenarios aínda que apunta que nesta ocasión “o espectáculo se complica e a escenificación do poemário, de seu fragmentário dá unha delirante pasarela de animais que compoñen un verdadeiro vestiário do cotiá”. Alude ademais ó comportamento animal dos seres humanos e ó enfrontamento que no escenario se produce entre o feminino e o masculino. Gaba a brillante interpretación de Miguel de Lira e Patricia de Lorenzo e de xeito especial a dirección artística de Xesús de Ron. Por último fai fincapé na ruptura da división dos xéneros, do teatro á opera de peto e da performance ó recital como nova maneira de transgresión.

-Lupe Gómez, “A nova obra de Chévere é para abandonar a mirada. Para perdela no surreal”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 46, 28 xaneiro 1999, p. 12.

Expresa as súas impresións logo de asistir á representación de *A rutina é o deber de todas as criaturas*. Alude á situación dos espectadores ó mesmo nivel que os actores o que facilita a achega ó receptor. Ademais apunta a conxunción de discursos entre teatro e poesía e indica a intensidade da actriz. No tocante ó papel masculino de Miguel de Lira di que se "reconstrúe un ser masculino forzado, que se destrúe a si mesmo todo o tempo". Pon de relevo Lupe Gómez o rupturismo da obra polo que cre que "non é para entendela nin para falar dela" senón para "perderse". Outros aspectos nos que repara e na limitada escenografía así como na inocencia da posta en escena e a convivencia de tradición e vangarda como termos que non son contrarios. Finalmente confésase inquietada por esta representación e define o teatro como "unha puta con ollos limpos".

- A. I. S., "Vuelve la 'rutina' de los Chévere a la Sala Nasa", *El Correo Gallego*, 11 febreiro 1999, p. 34.

Anúnciase a representación de Chévere á Sala Nasa así como a permanencia do espectáculo na sala compostelá uns días máis en vista da "desbordante" afluencia de público rexistrada en funcións anteriores. Ademais de cita-los nomes dos intérpretes e dos músicos alúdese á obra como "propuesta radicalmente distinta, arriesgada y muy divertida".

-Inma López Silva, " A Rutina é o deber de todas as criaturas", *Revista Galega de Teatro,* nº 20, "Opinións desde a butaca'', primavera-verán 1999, pp. 60-61.

Amplo comentario sobre a obra representada pola Compañía Chévere no que Inma López Silva nos achega algúns dos aspectos fundamentais. Así, salienta a súa plasticidade, o absurdo minimalista e tendencia escatolóxica que se pode apreciar na representación da obra. A continuación, detense na súa estructura da que describe as dúas partes que a conforman, que baixo a súa opinión, manteñen unha relación moi débil. Fai referencia, ademais, ós elementos teatrais musicais e simbólicos que hai ó longo da obra e fai fincapé nos "deseños gráficos orixinalísimos". Remata referíndose ó éxito acadado pola obra da Compañía Chévere,

que considera síntoma da existencia dun público capacitado para comprende-la espectacularidade e a intertextualidade do mundo do teatro.

- Ver XVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Faro Miño (1): *O laberinto*, de Fernando Arrabal.

Ver IXª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

Ver XXIª Mostra de Teatro de Vilalba.

Faro Miño (2): *Risoterapia Fervescente.*

Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de Estrelas II*.

Interpretación: Xosé M. Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal.

-F. Franco, “Fulano, Mengano e Citano: entre burla, chanza y chacota, “Cheiro de Estrelas”, *Faro de Vigo*, 15 outubro 1999, p. 10.

Informa da posta en escena da obra *Cheiro de Estrelas* por parte do trío Fulano, Mengano e Citano ou, Xosé M. Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal, respectivamente. A representación tivo lugar no auditorio de Caixavigo.

- Francisco Castro, “Fulano, Mengano e Citano”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 15 outubro 1999, p. 10. Dá conta da posta en escena do espectáculo *Cheiro de Estrelas*, a cargo do trío Fulano, Mengano e Citano. A seguir, afirma que “temos unha chea de actores. A nosa é unha terra moi teatral”.

Komando impresentable: *Ahí Keda eso.*

Espectáculo de danza, música e pantomima.

Interpretación: Alberto Rodríguez, Sergio Otero, Marcelo Pena, Rakel Herrero, Belén Pena e Nacho Otero.
Música: Martiño Toro. Efectos especiais: Martiño Toro.

Librescena: *Cyrano de Bergerac*, de Edmon Rostand. Adapt. de Francisco Pillado Mayor.

Dirección: X. M.Rabón. Axudante de dirección: Juan Udaondo e Amalia Gómez. Interpretación: Xavier Estévez, Agustín Vega, Tuto Vázquez, Lino Braxe, Xosé Vilarelle, Alberto Morano, Elena Atienza e Miguel Pernas. Música: Paulino Pereiro. Figurinos: Isabel Vázquez Botana. Realización figurinos: Marisa Federico. Deseño música e iluminación: Xosé M. Rabón. Maquillaxe: Maribel Loureiro. Fotografía: Roberto Ulloa. Técnico de luces: Antonio Vázquez. Técnico de son: Iván Rabón. Rexidor: Alberto Morano. Realización escenográfica: Escenoset. Escenografía cartel: Xosé Méndez.

-Luis Pousa, “Librescena afronta la segunda parte de “Tres mitos sobre o amor”, *El Ideal Gallego*, 2 marzo 1999, p. 45.

Noticia que, co apoio das explicacións de Xosé Manuel Rabón, se refire á montaxe que Librescena estrea o día 23 de marzo no Teatro Principal ourensán. Rabón explica que esta é a segunda obra da triloxía que co

nome “Tres mitos sobre o amor para o final do milenio” comezaran con *O barbeiro de Sevilla*. Comenta o director que a diferencia da anterior montaxe ten máis importancia o traballo dos actores que a escenografía e o vestiario, elementos que en *O barbeiro de Sevilla* foron relevantes. Rabón define esta producción como versión de cámara e di que que respectaron absolutamente o texto e pon de relevo o aspecto musical que acompaña a representación nun setenta por cento desta. Sobre a obra coa que prevén completa-la triloxía adianta que será un “Don Xoán” creado a partir de textos de Tirso de Molina, Da Ponte e Mozart.

- R. Feijoo, “Cyrano é o sacrificio pola felicidade do amor”, *La Región*, 24 marzo 1999, p. 13.

Conversa con Xosé Manuel Rabón con motivo da estrea da obra no Teatro Principal de Ourense. O director teatral explica que a triloxía na que se insire esta montaxe posúe unidade estética, estilística e dramática e relaciónaa coa idea de que o amor é a única forma de que o mundo se salve no próximo milenio. Asemade expresa o seu desexo de que o público entenda que a finalidade é a de representar unha obra clásica e comenta que a compañía que dirixe basea a súa proposta na interpretación e todo o traballo ten que funcionar en favor do actor.

- Camilo Franco, “O peso do personaxe”, *La Voz de Galicia*, 12 abril 1999, p. 58.

En principio considera que Librescena utiliza unha versión do texto atractiva ó ser rítmica e, malia a métrica, nada cargante. Entende que isto é unha opción interesante ó contar un personaxe desmesurado con recursos mínimos. Sen embargo, nesta representación, nota algunhas carencias primordiais no personaxe e detecta que o desmesurado pasa desapercibido e non conta con axilidade. Para Camilo Franco estas son eivas que empobrecen a dimensión do personaxe aínda que non limiten a súa simpatía.

- M. B., “Librescena regresa a Santiago con una versión de “Cyrano”, *La Voz de Galicia*, 5 maio 1999, p. 37.

Explícase que *Cyrano de Begerac* forma parte dunha triloxía sobre "Tres mitos sobre o amor para o final do milenio" que Librescena comezou con *O barbeiro de Sevilla*. Ante a representación da obra no Teatro Principal de Santiago ponse de relevo a alquimia entre a palabra de Cyrano e o espectador. Neste sentido o actor Miguel Pernas considera que se trata dunha versión na que se espertan emocións no espectador coa mestura da risa e as lágrimas.

D. P., "Cirano de Bergerac' se representa en el Palacio de Congresos", *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1999,

13. Anúnciase a representación no Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra e alúdese ó patrocinio co que a montaxe conta procedente da Fundación Caixa Galicia e o IGAEM.

Iolanda Ogando, "Olfato clásico", *Tempos Novos*, nº 25, "Crítica. Voces e Culturas. Teatro", xuño 1999, p.
74.

Analízase a versión de cámara de Francisco Pillado e Paulino Pereiro *Cyrano de Bergerac* da compañía "Librescena". Sinálase a pouca calidade lingüística dalgún personaxe e as diferencias entre os actores como algunha das súas eivas mentres que se salienta a súa posta en escena.

- L. P., "Cyrano" regresa al Rosalía con un espectacular montaje de Librescena", *El Ideal Gallego*, 19 outubro 1999, p. 16.

Con motivo da representación na Coruña reprodúcense declaracións de Xosé Manuel Rabón, quen recoñece que a versión cinematográfica da obra serviu de reclamo para o público. Destaca ademais a importante presencia de xente nova no público o que para el significa que se está a recuperar afección polo teatro. Logo de cita-lo reparto da obra alúdese á próxima montaxe da compañía completando a triloxía "Tres mitos sobre

o amor para o final do milenio" que nun principio optara por "Don Xoán" pero ó final decidiuse por *Otelo*, feito que segundo Rabón é un enorme reto para el, director, e para o actor Miguel Pernas.

-A. V., "O "*Cyrano de Bergerac*" de Librescena estará tres días na Coruña", *La Voz de Galicia*, 19 outubro 1999, p. 92.

Noticia que anuncia a representación no teatro coruñés Rosalía de Castro e na que se recollen algunhas impresións de Xosé M. Rabón, que explica que a triloxía da que forma parte esta versión de *Cyrano* trata de reivindica-lo amor nun final de milenio no que as emocións puras lle dan paso ó materialismo. Así mesmo, segundo Rabón, trátase de "facer do teatro unha vía de comunicación e intercambio permanente de ideas entre escena e público, dando prioridade ó divertimento do espectador a través da compoñente lúdica determinada pola acción dramática". Finalmente alúdese á publicación da obra por parte de Bahía Edicións.

- Ramiro Cartelle, "Cyrano é unha partitura moi gráfica, narrativa e de grande expresividade", *El Ideal Gallego*, 22 outubro 1999, p. 19.

Entrevista a Paulino Pereiro, responsable da música da montaxe. Explica que, a diferencia desta, a música de *O barbeiro de Sevilla* era máis cantable e parodiaba a Rossini mentres que neste caso todo é de creación propia. Tamén se refire á total liberdade da que dispuxo para compoñer esta partitura que cualifica de "gráfica" e "romántica". Logo de aludir a outras montaxes teatrais nas que ten participado adianta algúns dos proxectos nos que traballa na actualidade.

- J. A. Martínez Sevilla, "Azar teatral", *El Ideal Gallego*, 24 outubro 1999, p. 21.

Felicita a Librescena pola representación e, remitíndose a Marañón, cre que esta obra depara os “tres azares” que depara a obra xenial: “excelsitude da alma, que esa alma atope o seu ambiente propicio e que ámbolos dous se atopen e fecunden reciprocamente”. Loa tamén a “excepcional y cuidada y armonizada traducción gallega” e cualifica de orixinal e novidosa a “inspiradísima partitura de música de cámara”. Así mesmo gaba a arquitectura teatral, a dirección e o elenco poñendo de relevo o “momento dulce” que vive Miguel Pernas o que o avala, segundo Martínez Sevilla, como “primero entre los mejores gallegos”.

Ver VIIª Feira de Teatro de Galicia. -Ver XIIª Mostra de Teatro de O Barco..
Ver XVª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia.
Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Llu Llu Teatro: *Ñaque ou de piollos e actores*.

Interpretación: Santiago Cortegoso e Fran Paredes.

María A Parva: *Mullerona*, de Gena Baamonde.

Interpretación: Gena Baamonde.
Iluminación: Javier Méndez Oro.

Matarile Teatro: *The queen is dead*, de Ana Vallés.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Mechtild Barth, Eugenia Iglesias, Rosa Manteiga e Ana Vallés.

-Ana Iglesias, “Matarile mata a raíña”/“Un otoño de danza y teatro”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 8 setembro 1999, p. 31/p. 36.

Ver Sala Galán, nestas páxinas.

- M. Beceiro, “Matarile propone un juego sobre la mujer y la muerte en su nuevo montaje”, *La Voz de Galicia*, 16 setembro 1999, p. 45.

Dá conta dos preparativos de *The Queen is dead* co apoio das explicacións de Ana Vallés. A directora alude á temática da morte e incide na importancia do traballo corporal. Ademais subliña a ironía, o xogo e a risa ó tempo que desmarca a obra de calquera pretensión reivindicativa ou feminista. Asemade comenta o enriquecemento que para o espectáculo supón a distinta procedencia das catro actrices.

- A. I. S., “Matarile Teatro estrena en la Sala Galán su nueva obra “*The Queen is Dead*”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 13 outubro 1999, p. 33.

En medio doutras noticias da actualidade cultural compostelá anúnciase a estrea da montaxe e a súa permancencia en cartel ata o día 16 de outubro. Cítanse, así mesmo, os nomes das actrices e do equipo técnico.

- M. Beceiro, “Matarile Teatro retorna con un juego en torno a la mujer”, *La Voz de Galicia*, 13 outubro 1999, p. 49.

As declaracións de Ana Vallés serven para facer fincapé na formulación de catro actrices que van espindo as súas vivencias co contrapunto da morte e coa idea do corpo como algo vivo do que se goza e que se estraga. Ponse de relevo sobre todo a importancia da linguaxe corporal e a súa mestura coa palabra na busca dunha linguaxe propia.

- Camilo Franco, “Raíñas mortas”, *La Voz de Galicia*, 18 outubro 1999, p. 84.

Cualifica a montaxe como melancólica e comenta que “ten máis de evocación puntual que de collage emocional”. Enumera entre outras características amagos de cinismo e algunhas ironías estupendas. Ademais, atópaa “escasa de peso para se enfrontar a esa imaxe de raíña tumbada por ela mesma ou pola súa circunstancia”. Conclúe botando de menos algún elemento que lle dea consistencia ás historias dispersas e considera que lle falta a capacidade narrativa de *Negro é negro* ou a irónica desesperanza de *Teatro para camaleóns*, as dúas anteriores obras representadas pola compañía.

- I. O., “Mulleres vivas”, *Tempos Novos*, nº 30, “Crítica. Voces e Culturas. Teatro”, novembro 1999, p. 71.

Analízase *The Queen is dead*, de “Matarile Teatro”, explicando que esta obra amosa cambios na traxectoria deste grupo e que este espectáculo constrúese “sobre pequenos diálogos e monólogos que nos falan de nós e que nos falan a nós”. Saliéntase o labor das catro actrices e indícase que a obra consegue divertir e comunicar.

Nove/Dous: *Ámeto Mítico*, de Afonso Becerra Arrojo, a partir de textos de Uxío Novoneyra.

Dirección: Afonso Becerra Arrojo. Interpretación:
Josi Lage, Paola Beiro e Laura Cuervo.

Ollomoltranvía: *Os carros no Camiño*.

- Maribel Martínez, “Con los carros a cuestas”, *Faro de Vigo*, 19 agosto 1999, p. VII.

Comentario sobre a posta en escena dun espectáculo audiovisual, de luz, son e animación que ofreceu a compañía Ollomoltranvía en Compostela. Trátase dun espectáculo que se desenvolve, de maneira continua, nas catro prazas que rodean a Catedral; os escenarios desprázanse ó longo deste percorrido e as paredes da Catedral serven como pantalla para as proxeccións audiovisuais. A historia recrea a chegada dun artista a Santiago; trae o seu teatro ambulante para ofrecerlle ó apóstolo a representación dunha obra sobre as

peregrinacións.

Pífano Teatro: *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpliren os 50?*, de Antón Losada.

Dirección: Xan Cejudo. Axudante de dirección: Xavier Picallo. Interpretación: Mela Casal e Gloria Ferreiro. Música e soundtrack: Piti Sanz. Deseño vestiario e maquillaxe: Carmela Montero. Realización vestiario: Carme Pichel. Escenografía: Baltasar Patiño. Realización escenografía/iluminación: B&K. Asistencia técnica: Kachet S.L. Fotografía: MARGEN.

-A. I. S., "Espectáculos de lujo y muchas dosis de poesía en el Teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 29 xaneiro 1999, p. 34.

Entre outras noticias da actualidade cultural compostelá, cítase a despedida de Pífano do Teatro Principal.

-Ágatha de Santos, "Un ciclo de espectáculos difunde el trabajo de las mujeres en las distintas facetas culturales", *Faro de Vigo*, 15 marzo 1999, p. 9.

Información xeral sobre o programa "Por nós mesmas", que desenvolve a asociación Alecrín en cooperación coa Concellería da Muller de Vigo. De entre os distintos apartados nos que se divide a programación,

salienta o espectáculo “Mulleres intérpretes, mulleres creadoras”, no marco do cal dá conta da representación de *Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumprires os 50*.

- Olanda Ogando, “Búscase público”, *Tempos Novos*, nº 22, “Crítica. Voces e Culturas. Teatro”, marzo 1999,

Comentario sobre a obra *¿Que pasa coas dependentas dos grandes almacéns ó cumpriren os cincuenta?*, do grupo “Pífano Teatro”, no que se salienta que abre novos camiños dentro do panorama teatral galego e que tenta construír un novo público. Tamén se aplaude o seu éxito de espectadores acudindo estes en maior número con respecto a outras moitas montaxes.

- A. S., “Teatro Pífano escenifica la problemática de las mujeres que han cumplido los 50”, *Faro de Vigo*, 20 abril 1999, p. 10.

Anúnciase a representación en Vigo dentro da programación cultural “Por nós mesmas” e apunta o argumento da obra, a cal conta os problemas e ilusións das mulleres de mediana idade a través dos seus protagonistas.

Pilar Pereira: *Un lunar vermello (con pintiñas)*, de Quico Cadaval.

Dirección: Quico Cadaval. Interpretación:
Pilar Pereira e Camila Bossa.

-M. Beceiro, “Pilar Pereira volvió a Santiago con “una obra trasatlántica”, *La Voz de Galicia*, 26 decembro 1999, p. 41.

En primeiro lugar cualifícase a peza como “muy personal y sin falta de complejos, hablándonos de cosas que sabemos pero de las que no nos damos cuenta o de aquello que no conocemos pero que nos descubre otros mundos”. Faise fincapé na idea de que a obra pode ser especialmente interesante para a xente nova. A continuación alúdese á estructura da obra con tres tempos: mítico, histórico e o do reflexo da actualidade máis latente.

- Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia.

Porta Aberta: *As falcatruadas de Mackie o Navallas,* de R. Vidal Bolaño.

Rara Avis: *O Rabo*, de José Ruibal.

Dirección: Rita Cabezas. Interpretación:
Rita Cabezas e Raúl Varo.

- Concha Pino, “O teatro é un ámbito de liberdade”, *La Voz de Galicia*, 14 novembro 1999, p. 48.

Nesta entrevista Rita Cabezas fala da necesidade de facer un teatro con máis humor en Galicia, da súa formación nos Estados Unidos e do proxecto de posta en escena da obra *O Rabo*, de José Ruibal. Finalmente, fala do voluntarismo do seu traballo ó non contar con ningunha subvención.

- Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.

Sarabela Teatro (1): *Os soños de Caín*, de Begoña Muñoz, Carlos Couceiro,Fernando Dacosta e Ánxeles Cuña Bóveda.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Axudante de dirección: Matilde Vázquez. Interpretación: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Elena Seijo, Fina Calleja, Antón R. Macías e Matilde Vázquez. Producción: Sabela Gago e Araceli Gallego. Distribución: Fina Calleja. Técnicos de montaxe: Lolo Gallego, Marcos de Andrés e Suso Díaz. Técnicos de luz e son: Lolo Gallego e Marcos de Andrés. Fotografía: Mario G. Herradón. Deseño gráfico: 1:Media. Deseño de son: Arturo González. Deseño de luz: Antón Rodríguez, Suso Díaz e Ánxeles C. Bóveda. Realización vestiario: Ruth Díaz. Deseño vestiario: Pablo Otero "Peixe". Deseño de escenografía: Jesús Costa. Realización carpintería: José Outeiriño.

- Raquel Feijóo, "Imaxes ateigadas de emocións con Sarabela", *La Región*, 26 febreiro 1999, p. 14.

Informa da posta en escena da nova montaxe do grupo Sarabela Teatro, *Os soños de Caín*, e cita a algúns dos integrantes que forman parte da rerpresentación. Apoiándose en palabras da directora da posta en escena, ofrécense algunhas claves temáticas desta, a que se cualifica de "traxicomedia diferente moi de final

de século". Segundo Ánxeles Cuña, a historia é a recreación dun mito "vivo na conciencia individual e colectiva que dirixe a atención do espectador ó fraticidio, á guerra".
- Camilo Franco, "Voando sobre o niño do cuco", *La Voz de Galicia*, 15 marzo 1999, p. 25.

Refírese á posta en escena da última montaxe do grupo Sarabela Teatro e analiza algunhas das claves para a súa interpretación. Baixo a súa opinión trátase dunha montaxe "cargada de signos que a cultura ten deixado a propósito dos pesadelos." Así mesmo, cualifica de barroca a exposición das ideas polo que se logra un "bosque de signos que impide ver a natureza das árbores". Finalmente, cita o elenco de actores que forman parte da representación.

-Iolanda Ogando, "A dor de parir as respostas", *Tempos Novos*, nº 22, "Crítica. Voces e Culturas. Teatro", marzo 1999, p. 68.

Detense no comentario de *Os soños de Caín* con texto e representación a cargo do grupo ourensán "Sarabela Teatro". Analízanse os personaxes e apúntase que o verdadeiramente salientable desta obra é a súa posta en escena. Sinálase ademais que está dedicada a X. Carlos Couceiro Carro, coautor do texto, que faleceu durante o período de xestación da peza teatral.

-D. P., "El grupo de teatro Sarabela representa '*Os soños de Caín*", *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1999, p. 10.

Sucinta nota de prensa sobre a posta en escena da obra *Os soños de Caín*, do grupo Sarabela Teatro, que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

-Ágatha de Santos, “El grupo Sarabela Teatro presenta su última obra, ‘*O soño de Caín*”, *Faro de Vigo*, 3 xuño 1999, p. 7. Comentario sobre a representación de *Os soños de Caín*, do grupo ourensán Sarabela Teatro. A obra, dirixida por Ánxeles Cuña Bóveda, parte do mito de Caín para recrea-los soños dun personaxe atormentado que soña cada noite con que vai mata-lo seu irmán. Así mesmo, a nota de prensa engade que a posta en escena é complexa, xa que nela comparten espacio seres e monstros.

Ver VII º Feira de Teatro de Galicia.

Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Sarabela Teatro (2): *Tres pontes, tres tempos*.

- J. Benito, “Teatro entre piedras romanas”, *La Voz de Galicia*, “Al sol”, 31 xullo 1999, p. 45.

Fai referencia ó Plan de Dinamización Turística das Terras de Trives que serviu como base para que Fernando Dacosta, da compañía ourensá Sarabela Teatro, idease o espectáculo *Tres pontes, tres tempos*. Esta iniciativa obriga ós membros de Sarabela a percorre-los tres tramos da Vía XVIII, a calzada romana que unía Astorga con Braga. O público, que tamén ten que percorre-lo camiño, atópase con varias sorpresas, protagonizadas polos membros de Sarabela.

Talía Teatro (1): *Marsal, Marsal*. Trad. Cándido Pazó.

Dirección: Xulio Lago. Axudante de dirección: Silda García. Interpretación: Artur Trillo Sendón. Música: Nani García. Deseño vestiario: Belén Naverán. Realización vestiario: Celsa Bouzón. Deseño gráfico: Blanca Barrio. Técnico de son: Toño Casais. Técnicos iluminación: Víctor Trillo e Martina Cambeiro.

-A. I. S., "Oswaldo trae al Atlántico un curioso espectáculo de cuentos y malabares", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 9 marzo 1999, p. 34.

Entre outras informacións, anúnciase o último día de representación en Compostela da posta en escena do novo espectáculo de Talía Teatro. Cita os integrantes que conforman a compañía e dá unha breve nota sobre os seus inicios.

-Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Talía Teatro (2): *Unha petición de man*, de Anton Chejov.

Teatro Avento: *O porco*, de Raymond Cousse.

Dirección e adaptación ó galego: An Alfaya. Interpretación: Armando Freiría. Música en directo: Manuel Sousa. Iluminación: José Serpa.

- A. S., "Avento estrenará "*O Porco*" en la Primera Mostra de Teatro de Gondomar*", Faro de Vigo*, "Especial", 29 abril 1999, p. IX.

Anúnciase a participación do grupo, fóra de concurso, na Iª Mostra de Teatro de Gondomar que se prevé se celebre no mes de maio. Faise alusión ó argumento, centrado nas catro últimas xornadas dun porco que agarda para ir ó matadoiro para así establecer conexións coa "vida-condea" do ser humano.

- A. S., "Armando Freiría se mete en la piel del cerdo para abordar sus últimas horas de vida", *Faro de Vigo*, 4 xuño 1999, p. 8.

A presentación de *O porco* no Auditorio Caixavigo serve para reproducir parte da intervención de Armando Freiría referíndose á dificultade de interpretación do personaxe. Indícase que na única vez que o texto foi representado en España o personaxe fora interpretado por Juan Echanove. Así mesmo alúdese ó paralelismo entre o argumento e a existencia humana polo deselance dun ser que ten o destino dunha morte segura.

Finalmente coméntase que o vintecinco por cento da producción da montaxe está subvencionado polo Concello de Gondomar para a promoción da Iª Mostra de Teatro desta localidade.

- J. D. C., “Teatro Avento pone en escena “*O porco*”, un paseo por el lado oscuro del ser humano”, *Atlántico Diario*, 4 xuño 1999, p. 8.

Noticia que, con motivo da presentación do espectáculo en Vigo, recolle opinións do actor Armando Freiría referentes ó simbolismo do porco como “lado oscuro de cada un de nós”. Tamén alude á dificultade de representa-lo personaxe e á reflexión sobre a relixiosidade que contén o texto.

- Ver IIº Encontro Teatro Afeccionado de Boiro.
- Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Gondo-mar.

Teatro da Lúa: *Ultimamente non durmo nada,* baseada nun texto de Alber Ponte.

Dirección: Gina Piccirilli Interpretación: Dorotea Bárcena, Roberto Leal, Ursia Gago e Beatriz Graña.

Ver Ciclo de Teatro Profesional 1999 de Moaña.
Ver VII ª Feira de Teatro de Galicia.

Teatro de Ningures: *Lugar común*, a partir da obra *Lugar Común,* de Lucía Sánchez.

Traducción ó galego: Xosé Manuel Pazos. Dirección: Etelvino Vázquez.
Interpretación: Casilda García, Sonia Rúa, Xosefa Barreiro e Salvador del Río.

- J. D. C., "Teatro de Ningures vuelve a los escenarios con la representación de "*Lugar común*", *Atlántico Diario*, 12 febreiro 1999, p. 11.

Informa da presentación desta peza na galería Sargadelos de Vigo, para a posterior estrea na Casa da Cultura de Cangas. Fai un repaso polos últimos traballos do grupo Teatro de Ningures e lembra os actores que o integran na actualidade. Salienta a actualidade da obra, así como o feito de que fose escrita por unha muller. Recolle as declaracións do director nas que manifesta a súa ledicia porque a obra pertenza á contempora-neidade.

-D. P., Teatro de Ningures pone en escena en el Principal '*Lugar Común*", *Diario de Pontevedra*, 4 marzo 1999, p. 12.

Anuncia a posta en escena da obra no Teatro Principal de Pontevedra e a seguir fai unha breve sinopse da obra que xira arredor da relación entre tres parellas cun fío común: "a inexistencia de tal relación". Cita algúns dos premios acadados pola compañía ó longo da súa traxectoria así como a participación en varios festivales dos que salienta o de Viana do Castelo ou o de Expressao Ibérica en Oporto. Finalmente informa do reparto de actores participantes.

- D. P., "Mañana última representación de la obra '*Lugar común*", *Diario de Pontevedra*, 5 marzo 1999, p. 13.

Faise eco da úlitma actuación do Teatro Ningures coa posta en escena *Lugar Común* no Teatro Principal de Pontevedra. Cita o elenco de actores participantes e informa do prezo das funcións.
- A. A., "Obra de teatro esta tarde en el Instituto 'Johan Carballeira", *Diario de Pontevedra*, 16 marzo 1999, p. 17.

Breve noticia que anuncia a representación da obra no Instituto "Johan Carballeira" de Bueu en agradecemento por cede-las instalacións para os seus ensaios habituais.

-A. I. S., "Teatro de Nigures y su '*Lugar común*' llegan esta noche a la Sala Galán", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 20 maio 1999, p. 36.

Noticia da representación da obra na Sala Galán e tamén dáse noticia da última representación da compañía Ollomoltranvía e a súa obra Qui pro quo na sala Galán.

- Xosé Boubeta, "Tres historias para un "Lugar común", *Atlántico Diario*, 7 setembro 1999, p. 11.

A propósito da representación da peza na XVIª edición da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas coméntanse algúns aspectos relativos á posta en escena de *Lugar común*, a cargo de Teatro de Ningures. En concreto faise referencia á variedade espacial e de historias unidas polo "lugar común" da incomunicación e a violencia psicolóxica ou física na parella. Explica que a montaxe carga no sórdido do tema levando o sorriso inicial do espectador ata chegar ó "rictus". Cualifica de alarde o traballo dos actores e das actrices e en conxunto valora o espectáculo como "fermoso pero duro". Considera por todo isto que a Mostra comezou con bo pé.

Ver Ciclo de Teatro Profesional 1999 de Moaña.
Ver IVº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
Ver XVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Teatro do Aquí: *Sen ir máis lonxe*.

Dirección e iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Roberto Vidal Bolaño.
Presentación e distribución: Belén Quintáns.
Escenografía e vestiario: Julia Brens.

- Paula Pérez, “En teatro no se gana ni para tabaco”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 101, 10 abril 1999, p. 8.
Roberto Vidal Bolaño analiza nesta conversa diversas obras dramáticas súas. Comeza por *Rastros*, Premio María Casares ó mellor texto orixinal 1998, e segue con *Doentes* (1998) e mais con *Sen ir máis lonxe*, que é o seu último proxecto teatral. Critica, finalmente, a programación cultural do Xacobeo 99.

- Camilo Franco, “Axuste de contas”, *La Voz de Galicia*, 19 abril 1999, p. 65.

Comeza o artigo referíndose á necesidade de obras coma a arriba indicada para axustar contas con un mesmo, xa que se trata dunha “autobiografía un pouco sentimental e tamén unha confesión de pecadiños moi leves”. Opina que a obra é de autor e de personaxe, por centrarse de maneira exclusiva na figura de Roberto Vidal Bolaño, que aborda a súa biografía con certa comicidade, non exenta de ironía.

- Rocío Cortés Galdo, “No que fago eu con quen me identifico é cun italiano, Darío Fo”, *El Progreso*, 3 novembro 1999, p. 75.

Despois de presentar a Roberto Vidal Bolaño como “un personaxe politicamente incorrecto”, recolle as declaracións deste dramaturgo galego con motivo da representación de *Sen ir máis lonxe* no “Mesón do Forno” de Lugo. O entrevistado recoñece que o prestixio no mundo do teatro non sempre se debe ó público e que ás veces interveñen factores políticos. Das súas múltiples actividades, salienta que na que máis a gusto se atopa é na de director por lle crear esta faceta menos dependencias que a de actor ou a de director. En canto ás súas influencias, prefire identificarse con Darío Fo que con Albert Boadella. Comenta tamén as eivas do teatro en Galicia e considera normal as polémicas que se crean entre o CDG e as compañías de teatro independentes. Finalmente, refírese ó éxito acadado por moitos actores galegos que deron o salto ó cine español e nega calquera intención de seguir esta liña.

Ver IVº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver XIIª Mostra de Teatro de O Barco..
Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Teatro do Atlántico: *O Cerco de Leningrado*, de José Sanchís Sinisterra. Trad. Xosé Manuel Pazos Varela.

Dirección: Xulio Lago. Interpretación: María Barcala e Susana Dans. Traducción: Xosé Manuel Pazos Varela. Música: Nani García. Espacio escénico: Carlos Alonso. Vestiario e atrezzo: Carlos Alonso. Fotografía: Tino Viz. Maquillaxe e perruquería: Martina Cambeiro. Deseño iluminación: Xulio Lago. Deseño cartel: Carlos Alonso. Axudantes de dirección: Mabel Rivera e Maga Martínez. Dramaturxia: Xulio Lago. Técnicos de escena: Antón Arias e Xosé M. Molinos.

- Pancho Tristán, “Teatro do Atlántico estrea en Ourense “O cerco de Leningrado”, de Sanchís Sinisterra”, *El Mundo. Galicia*, 7 decembro 1999, p. 9.

Faise referencia ó argumento da obra de Sanchís Sinisterra a propósito da representación no Teatro Principal de Ourense. Alúdese á reflexión que Xulio Lago realiza sobre a pertinencia de facer ou non teatro político. Neste sentido o director da compañía refírese á viraxe da compañía a respecto do teatro que viña facendo. Para Lago o carácter social da obra é un dos seus intereses e considera que a estructura teatral de Galicia fai que as compañías teñan restriccións que establecen un listón do que se pode e non se pode facer.

- Alvarado, “Teatro político con “O cerco de Leningrado”, *La Región*, 9 decembro 1999, p. 14.

Describe a síntese argumental da peza incidindo na importancia da “batalla por el ideal, por los ideales perdidos y que fueron sustituidos por otros que merezca la pena”. Alude tamén ó prestixio do director Xulio Lago e cita algúns dos títulos que conforman a traxectoria dramatúrxica do valenciano Sanchís Sinisterra.

- Alvarado, “O cerco de Leningrado” o la confusión”, *La Región*, 14 decembro 1999, p. 14.

Logo de asistir á representación da obra alude á escaseza de medios e á sensación de pobreza. Loa o bofacer das actrices e a súa dicción en galego pero comenta que lograron unha mínima atención do “escasísimo público”. Considera Alvarado que ó público hai que lle dar pistas precisas e evitar que chegue á conclusión de que logo de dúas horas non entendeu nada. Esta é a impresión que ó articulista lle deixou a montaxe.

- Ver IVº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.

Teatro do Morcego: *Morte accidental dun anarquista*, de Darío Fo.

Dirección: Xoán Cejudo. Interpretación: Celso Parada, Miro Magariños, Salvador del Río, Damián Contreras e Caslida García. Escenografía: "O pastor". Iluminación: Teatro do Morcego. Vestiario: Bernarda. Técnico de iluminación: Suso F. Barreiro.

- Eduardo Álvarez, "Darío Fo en galego", *O Correo Galego*, "AFA", 21 xuño 1999, p. 21.

Dá noticia da representación desta obra no Teatro Colón da Coruña no marco dunha programación da Deputación Provincial para celebra-lo 50 aniversario desta sala coruñesa. Ademais de nomea-los actores que interveñen e de resumi-lo argumento da peza, recolle unhas palabras de Darío Fo nas que manifesta a vixencia de *Morte accidental dun anarquista* por ter coincidido con historias reais.

- A. C., "La 'Muerte accidental de un anarquista' en el Teatro Principal", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 26 outubro 1999, p. 36.

Informa da presentación desta peza a cargo dos seus protagonistas, Celso Parada e Miro Magariños, para a súa posterior estrea no Teatro Principal de Compostela. Resume o argumento e salienta o seu carácter crítico e o feito de ser escrita por un dos máis "emblemáticos" autores de teatro de contido social e político.

-M. Beceiro, “La comedia continúa en el Principal con “*Muerte accidental de un anarquista*”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 26 outubro 1999, p. 49.

Considera que a memoria histórica e o humor caracterizan esta obra de teatro, da que ofrece un amplo resumo argumental. Salienta a adaptación de Celso Parada ós papeis creados por Darío Fo e recolle unhas declaracións deste actor nas que manifesta a vixencia que segue a ter na actualidade a temática desta peza.

- Maximino Keyzán, “*Morte accidental dun anarquista*”, *Faro de Vigo*, 5 decembro 1999, p. 54.

Estima que esta obra de Fo está chea de talento malia que opina que en 1999 esta e outras comedias do italiano poden resultar un tanto inxenuas en vista da eficiencia, complexidade e sutilidade do mecanismo do poder. No tocante á montaxe entende que podería ser máis divertida con outro decorado e outra luz que lle desen máis calor á comedia. Loa o labor de dirección e interpretación e fala tamén dos defectos que lle atopa ó escenario do Auditorio do Centro Cultural de Caixavigo.

-D. P., “La obra “Muerte accidental dun anarquista”, en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 16 decembro 1999, p. 10.

Dá conta da representación da obra no Teatro Principal de Pontevedra e informa dos prezos e horario de recollida das localidades. Resume o argumento salientando a presencia de dúas mortes accidentais, e anunciando que “cualquier semejanza que el espectador atribuya a la realidad es responsabilidad de la magia del teatro”.

- Ver Ciclo de Teatro Profesional 1999 de Moaña.

Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver IVº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
Ver XVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.
Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.
Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Teatro do Noroeste: *Feirantes*, baseado en textos de *Os outros Feirantes*, de Álvaro Cunqueiro.

Dirección, adaptación teatral e iluminación: Eduardo Alonso.
Interpretación: Luma Gómez. Música: Chefa Alonso. Escenografía: Equipo Teatro. Vestiario e maquillaxe: Carmela Montero.Deseño gráfico: Óscar Canal. Fotografía: Margen S. L. Técnicos de escena: Miguel López Soto e Francisco Gómez Pena. Administración: Belén Arnejo.

- Concha Pino, “Espántame a soedade en escea”, *La Voz de Galicia*, 15 xullo 1999, p. 44.

Entrevista con Luma Gómez, a protagonista central desta montaxe, na que considera que o monólogo é a forma teatral que supón unha maior desprotección para os actores pero, por outra banda, é unha situación recomendable para calquera actor. Opina que o teatro en Galicia está sin normalizar a nivel administrativo, pola falta de estructuras que acheguen o consumidor, neste caso o público, ó producto que se lle ofrece. Con respecto á obra, explica a escolla dunha vaca como narradora das distintas historias por ser “o animal totémico da cultura rural galega” e, ó mesmo tempo, suscita-lo sorriso.

-M. Beceiro, “Teatro do Noroeste lleva al escenario las narraciones de “*Os outros feirantes*”, *La Voz de Galicia*, 2 setembro 1999, p. 41.

Informa da posta en escena no Teatro Principal de Compostela desta obra baseada en textos de Álvaro Cunqueiro. Ademais de achega-los datos principais da representación, recolle as palabras de Eduardo Alonso, o director, nas que comenta a maneira de engarza-las sete historias que conforman a montaxe así como as dificultades que tiveron para non prolongala excesivamente. A autora do artigo tamén sintetiza o argumento das sete historias que conforman a obra.

-A. I. S., "Teatro do Noroeste acercará a los escolares la obra de Cunqueiro", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 11 novembro 1999, p. 37.

Refírese á posta en escena da obra, a cal se enmarca nun proxecto pedagóxico de achegamento ó treatro ós escolares, organizado pola Concellería de Educación coa colaboración de Caixa Galicia.

Ver XVª Mostra Internacional de Teatro.
Rivadavia.
Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.

Teatro Galileo: *A esperar por Godot*, de Samuel Becket. Trad. Francisco Pillado.

Dirección: Pedro Rubín. Interpretación: Xavier Pan, César Cambeiro, Carlos Vizcaíno, Denís López e Marita Martínez. Ilumninación: Baltasar Patiño. Vestiario: Sonia Pinaque. Escenografía: Pedro Rubín e Miguel Soto. Técnicos de escena: Miguel Soto e Luís Suárez. Fotografía: Mª Jesús Martínez.

A .I. S., "Jugadores del Compos y del Celta arroparon la apertura de la Torre Eiffel", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 5 marzo 1999, p. 33. Recolle entre outras noticias o anuncio da estrea da última obra de Teatro Galileo, *A esperar a Godot.*

Camilo Franco, "A traición do horizonte", *La Voz de Galicia*, 8 marzo 1999, p. 57.

Opina Camilo Franco que esta obra de Samuel Beckett é "unha metáfora do contemporáneo" cunha grande profundidade filosófica. Con respecto á montaxe de Teatro Galileo, considera que é demasiado "natural" e que consegue mestura-lo humor coa tenrura dos protagonistas dun xeito superficial, co que se consegue unha maior facilidade de comprensión por parte do público. Afirma o autor do artigo que "falta ese apunte da desolación que é un dos grandes argumentos da obra de Beckett".

-Inma López Silva, “A esperar por Godot”, *Revista galega de Teatro,* nº 20, “Opinións desde a butaca”, primavera-verán, 1999, pp 62-63.

Recensión da peza dramática representada pola Compañía Teatro Galileo onde se nos ofrecen as liñas fundamentais polas que esta discorre; considera a recensionista como un grande acerto do seu director Pedro Rubín transmitir ó público o “sentido último que a obra de Beckett ten”. Faise referencia tamén ó traballo dos dous actores nos papeis de Didí e de Gogó, incidindo tamén no “traballo arduo’’ que se levou a cabo. A referencia a unha serie de elementos cinematográficos, á iluminación, á temporalidade e unha reflexión sobre o “elemento cómico” que transmite a obra completan este comentario.

- Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia

Uvegá Teatro: *Un hombre que se parecía a Macbeth*, de Vicente Montoto.

Dirección:Vicente Montoto. Interpretación:Vicente Montoto e Vicente de Souza. Colaboracións: Mónica Caamaño, Susana Dans, Laura Ponte, Mabel Ribera e Anxo Tarrío (que prestan as súas voces) e o escultor Ramón Conde. Escenografía: Carlos Alonso. Iluminación: Octavio Más. Música: César Martínez. -I. L. M., "Shakeaspeare nos territorios do narcotráfico", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", 16 xaneiro 1999, p. 4.

Informa que esta compañía teatral está ultimando os ensaios para a estrea da obra no Forum Metropolitano de A Coruña o 10 de febreiro. Fai un repaso polas anteriores montaxes de Uvegá que se apoiaron en textos clásicos. Considera que en *Un home que se parecía a Macbeth* ten lugar unha adaptación das grandes cuestións que propón Shakespeare á realidade do narcotráfico en Galicia.

- Rodri García, "O noso espectáculo non pretende dar moralina nin solucións ó narcotráfico", *La Voz de Galicia*, 16 febreiro 1999, p. 33.

O autor e director da obra teatral *Un home que se parecía a Macbeth*, Vicente Montoto, conversa sobre esta última producción de "Uvegá Teatro" indicando, entre outras cousas, que ten ós clásicos como referente. Reflexiona tamén sobre o eixe desta peza: o narcotráfico.

-Rocío Cortés Galdo, “Montoto: “A traxedia pode ser tan pracenteira coma a comedia”, *El Progreso*, 11 marzo 1999, p. 77.

Ademais de informar da representación desta peza no auditorio Gustavo Freire de Lugo e de dar conta dos actores que participan na montaxe, recolle Rocío Cortés as declaracións do director, Vicente Montoto, nas que aclara as razóns polas que Shakespeare segue a influír na dramaturxia actual, describe os obxectivos da obra ó aborda-la temática do narcotráfico e adscríbea ó xénero dramático.

- Camilo Franco, “Macbeth na batea e Fo na cadea”, *La Voz de Galicia*, 26 marzo 1999, p. 40.

Despois de se referir á capacidade dos clásicos para transformárense, resistiren, serviren de excusa e seren “unha coartada máis ou menos xusta para que o cartel leve un nome poderoso”, comenta brevemente *Un home que se parecía a Macbeth*, *Morte accidental dun anarquista* e *Teatro para camaleóns*. Con respecto á montaxe de Uvegá considera que “quixo ribetear o docudrama pero por aí saíulle o tópico” e opina que a única coincidencia coa obra do gran dramaturgo inglés é “nominal”.

-A. S., “*Un home que se parecía a Macbeth*”, una reflexión sobre o narcotráfico”, *Faro de Vigo*, 11 maio 1999, p.10. Anuncia a representación da obra no Centro Cultural Caixavigo e céntrase no seu argumento o cal está baseado no clásico de Shakespeare, aínda que é “una versión muy libre y contemporánea”. Salienta o personaxe principal, Macbeth, rebautizado como Mac, narcotraficante, colaborador dun capo da ría de Vigo. Incide tamén nos temas principais, presentes na obra shakesperiana como son a desmedida do poder ou o crime como instrumento. Finalmente cita o reparto de colaboradores que participaron na montaxe.

-A. I. S., “Uvegá Teatro traslada el espíritu de Macbeth a la ría gallega y las drogas”, *El Correo Gallego*, 1 xuño 1999, p. 35.

Alude á representación desta obra na Sala Galán de Compostela e achega os datos principais dela: protagonistas, colaboradores e director, así como o horario e datas da posta en escena. Recolle as palabras de Vicente Montoto nas que resume o argumento da peza e declara que o principal obxectivo é propicia-lo debate.

- M. Becerro, “Uvegá Teatro se inspira en Shakespeare para abordar el tema del narcotráfico”, *La Voz de Galicia*, 9 setembro 1999, p. 45.

Dá conta da posta en escena desta peza no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Relaciona esta montaxe coa anterior da compañía, *Zocos*, por tomaren ambas unha obra clásica como pretexto e adaptala á realidade galega, nesta caso ó mundo do narcotráfico. Inclúe as declaracións de Vicente Montoto nas que manifesta a universalidade de Macbeth, así como a presencia de temas tamén universais como a “ambición de poder” e “ese vale todo para acumular riqueza”.

-D. P., “Uvegá Teatro escenifica un Macbeth convertido en narcotraficante”, *Diario de Pontevedra*, 7 outubro 1999, p. 13.

Comenta a representación desta obra no Teatro Principal da capital pontevedresa. Resume o tema e o argumento da peza a partir das manifestacións do seu director, nas que salienta o “monólogo” que se establece entre Mac e Dun, dous dos protagonistas. Achéganos o elenco de actores e informa das anteriores postas en escena desta peza. Finalmente lembra a traxectoria de Uvegá facendo un percorrido por tódalas súas montaxes.

- C. G., “Uvegá Teatro actúa hoy en la casa de cultura ordense”, *El Correo Gallego*, 24 novembro 1999, p. 46.

Sucinto comentario sobre a posta en escena da obra *Un home que se parecía a Macbeth*, da man do grupo Uvegá Teatro. A obra é unha reflexión sobre os grandes temas das traxedias shakespereanas. A seguir, describe o argumento da obra e cita as catro persoas que poñen as voces ós personaxes; trátase de Susana Dans, Mabel Rivera, Laura Ponte e Anxo Tarrío.

-Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.2.Estreas

III.4.2.2.Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Amigos do Teatro: *Os vellos non deben de namorarse*, de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

Ápeiron Teatro, Universidade de Santiago de Compostela: *Desamañecendo*, de X. Carlos Lousada Galiñans.

Dirección: Carlos Lousada. Interpretación: Silvia Alfonso Labandeira, Silvia Cemeira, Enma Gallego, Víctor Maceiras, César Pardiá, Vanesa Perozo, Luís Portela, Carlos Carrión e Marisa Fernández.

- R. Feijoo, “A universidade de Santiago participa na Mostra de Teatro con “Desamañecendo”, *La Región*, 19 abril 1999, p. 6.

Infórmase da participación da compañía na IVª Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense e alúdese á estructura da obra, que tenta evita-la linealidade. Con palabras do propio Carlos Lousada cualifícase a obra como “psico-drama de andar por casa” que se desenvolve nun entorno social “hipócrita e alienante”. A noticia conclúe co anuncio do cartel dos próximos días dentro da Mostra.

- Ver Vº Festival Internacional de Teatro Universitario.

Grupo de Teatro da **Asociación Cultural "A Cepa" de Cangas**: *O arce no xardín,* de Roberto Salgueiro.

Ver Ciclo de Teatro Afeccionado de Beluso.

Ver Ciclo de Teatro Afeccionado de Bueu.

Grupo de Teatro da **Asociación Cultural de Meiro**: *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela. Adapt. de Francisco Pillado.

- A. F., "A Asociación cultural de Meiro representou 'Os cravos de prata', de Nicolás Bela", *A Comarca do Morrazo*, nº 78, 17 decembro 1999, p. 31

Dáse conta do éxito que acadou a estrea desta obra, que tivo lugar o día 12 na Casa da Cultura de Bueu. Infórmase do argumento e sinálase a preponderancia do elemento feminino entre o reparto de actores. Así mesmo, infórmase de que Francisco Pillado foi quen adaptou o texto do autor húngaro. Finalmente, critícanse os problemas de audición que padeceron os espectadores das derradeiras filas.

Grupo de Teatro da **Asociación de Mulleres de Moaña**: *O achado do Castro*, de Manuel Núñez Singala.

Grupo de Teatro da **Asociación Xuvenil Saraiba do Mar**: *Unha avoa a catro patas, calcetíns e garabatas. ¡Escapa que ven a Paca!.*

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

Aula de Teatro, **Campus de Lugo**: *A máquina Hamlet*, de Heiner Müller.

Dirección: Pablo Rodríguez.Interpretación: Roi R. do Forno, Sonia Álvarez, Sonia Gómez, Yoo-Young Lee Choi, Antonia Magide Iris e Natalia Doval. Vestiario: Belén Naverán e Cloti Vaello. Deseño decoración: Pablo Rodríguez e Robert Bass. Realización decorados: Rodrigo Roel.Música: Roi Rodríguez do Forno, Sonia Álvarez, Sonia Gómez, Yoo-Joung Lee Choi, Antonia Magide e Natala Doval.

-Pilar Peruga, "El Aula de Teatro estrena hoy '*A máquina Hamlet*", *El Progreso,* 17 marzo 1999, p. 75.

Fai referencia á presentación no Auditorio Gustavo Freire da obra a cargo da Aula de Teatro de Lugo e dirixida por Pablo Rodríguez. Informa dos intérpretes da peza musical e cita así mesmo os responsables do verstiario e decoración. Finalmente anuncia o comezo do Festival de Teatro no que participan 15 compañías universitarias.

- Ver Vª Festival Internacional de Teatro Universitario.

Aula de Teatro, Campus de Ourense (Maricastaña): *O país das últimas cousas*, de Paul Auster.

Dirección e dramaturxia: Fernando Dacosta.

-G. G., “El arte de interpretar a otros”, *Atlántico Diario*, 25 marzo 1999, p. 43. Fernando Dacosta, director da Aula de Teatro Universitario do campus de Ourense, fai un percorrido pola historia desta Aula de Teatro dende os seus comezos, no ano 1991, ata a peza que van estrear este ano, *O país das últimas cousas*, unha adaptación da novela de Paul Auster.

- C. Castilla, “Ourense interpreta ‘*O país das últimas cousas*”, *La Región*, 20 abril 1999, p. 13.

Noticia que se fai eco do éxito obtido por Maricastaña na IVª Mostra de Teatro Universitario de Ourense. Fernando Dacosta sitúa parte da boa acollida na temática apocalíptica do texto e alude á conxunción na obra de referencias preocupantes xunto a outras positivas como o amor ou a amizade. Ademais menciónase a frescura como unha das características das obras interpretadas por Maríacastaña e a versatilidade e a capacidade como cualidade dos seus actores.

-L. R., “El teatro gallego, alemán y austríaco impregnó cada rincón de la ciudad de cultura”, *La Región*, 26 xuño 1999, p. 17.

Recóllese a presencia de varias compañías teatrais na cidade de Ourense, tanto nas rúas con actores austríacos, alemáns e madrileños, como no Teatro Principal co grupo Mari-Castaña, formado por membros da Aula de Teatro Universitaria de Ourense, coa obra *O país das últimas cousas*, apuntando tamén a presencia de Títeres y Gualdrapas para os máis pequenos.

- Ver IVª Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Grupo de Teatro de Adultos da **Biblioteca de Antas de Ulla**: *As alegres casadas*, de William Shakespeare.

Dirección: Xousé García.

- Begoña Mouriño, “Actuación del grupo treatral de adultos de Antas”, *El Progreso*, 2 abril 1999, p. 19.

Informa da estrea da representación da peza *As alegres casadas*, versión do clásico de William Shakespeare. Destaca o grande éxito de público acadado e lembra que a andaina da compañía se iniciou hai seis anos.

- Begoña Mouriño, “O grupo de teatro infantil de Antas de Ulla porá en escena hoxe dúas obras”, *El Progreso*, 23 abril 1999, p. 27.

Informa da actuación do Grupo de Teatro infantil para os alumnos do colexio público de Antas de Ulla co gallo do Día do Libro e anuncia a representación do clásico de Shakespeare no barrio coruñés da Sagrada Familia.

- Ver Vº Festival Internacional Universitario Santiago de Compostela.

Captatio Benevolentiae: *Animalia*.

Grupo de Teatro **Castro Barreiro**: *O tonto e o sabio.*

Grupo de Teatro da APA do **Colexio Público de Portonovo**: *¿Hai gato pechado na caixa de Torcuato?*.

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

Eis: *Destino Ourense-Empalme*, de Vicente Montoto.

Dirección: A. Barreiro, “Warren”.
- Ver IVª Mostra do Teatro Universitario. MITEU.

Grupo de Teatro da **Escola de Formación Permanente de Adultos "Artes e Oficios**": *A xusticia dun muiñeiro*, de Varela Buxán.

Dirección: Celines Feijóo. Interpretación: Isabel Curra, Fina Leboreiro, Loli Boquete, Pepita Barreiros, María Mallo, Francisco Viéitez, J. Alves, Antonio Alemparte, Venancio Blanco e Chelo Castro. Vestiario: María Luisa Corra. Montaxe: Luis Sanmartín. Fotografía: Inocencio Rivera. Maquillaxe: Julia González.

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

Grupo de Teatro da **Escola de Teatro do Centro Cultural de Nantes**: *Os xemelgos*.

Esguello: *O achado do castro*, de Manuel Núñez.

Dirección: Manuel Camba. Interpretación: Tona Hermida,
Palmira Lago e Alejandro Guillán.

- A. Rodríguez, “Vecinos de Coia se estrenan como actores con el grupo ‘Esguello”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 costados”, 1 xuño 1999, p. 7.

Comeza coa referencia ó argumento da obra, ambientada no Imperio Romano e a continuación explícase que a maioría dos actores proceden das clases de teatro que no Centro Social de Coia, en Vigo, imparten Manuel Camba e Alejandro Guillán. Sinálase que os directores do grupo confesan estar sorprendidos ó comprobaren a excelente acollida da obra dende a súa estrea en Coia no mes de maio. Anúncianse posteriores actuacións e faise fincapé na virtude do teatro de dinamiza-la vida social do barrio. Ademais alúdese ós inicios do grupo, creado hai cinco anos, e recóllense as impresións dalgunhas das actrices expresando a súa satisfacción por participaren nesta inciativa que resulta tan ben acollida polo público.

Farándulis, Os: *Taberna sen dono*, de Manuel Varela Buxán.

Dirección: Lucho Penabade. Interpretación: Victor Carreira, José Manuel García, Agustín Sánchez, Consuelo Pampín, María Duro, Hortensia Ramos, María José Laya e María Jesús Fuentes.

-J. M/F. F., “Os Farándulis’ o la afición por el teatro desde la Cruz Roja Juventud de Arzúa”, *El Correo Gallego*, 5 marzo 1999, p. 46.

Céntrase nos preparativos que leva a cabo este grupo ante a representación na Casa da Cultura de Arzúa. Recóllense declaracións de Lucho Penabade, que se refire ó auxe do teatro afeccionado en Galicia e bota en falta máis axudas institucionais así como espacios onde escenificar. Seguindo con estas reflexións considera que sería positivo que os grupos se organizasen dende as asociacións ou dende os concellos e alude á importancia do teatro na normalización lingüística. Finalmente cítanse os nomes dos actores ante as expectativas de éxito diante do público.

Grupo de Teatro **A Florida**: *A pantasma Caramba*, de Isabel Agüera.

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

Fontevella: *Pecados conxugais*.

Dirección: Chelo Pampillón.

- A. Pinacho, “Una compañía con actores de la tercera edad”, *Faro de Vigo*, “Especial Festas do Cristo’ 99 en Porriño”, 25 setembro 1999, p. 18.

Céntrase na actividade do grupo que ultimamente representou a obra de Castelao no castelo de Soutomaior. Chelo Pampillón refírese o nacemento desta iniciativa e á dificultade que comporta traballar con actores de entre 58 e 80 anos pero expresa tamén a satisfacción que supón. Ademais considera que o teatro comeza a calar entre a xente e cre que se a xente non vai ó teatro é por falta de hábito. Comenta tamén que o grupo prepara a representación de *Pecados conxugais*, de Juan J. Alonso, obra satírica da que a directora destaca a súa vixencia, explicando que se estructura sobre tres “pecados”: os celos, a ambición e Marbella.

Hac Luce: *Chejovtres*, baseada en dúas pezas curtas de Anton Chejov. Trad. Francisco Pillado.

Dirección: Xosé M. Rabón. Interpretación: Estíbaliz Espinosa, Nuria Fernández, María Torres, Ramón Posada, José Leis, Ramiro Neira. Decorados: Xosé Méndez e Escenoset.

Obradoiro do Teatro do **IES María Soliña**: *O armacén dos artistas*.

Obradoiro de Teatro do **IES Rodolfo Ucha**: *Os facedores de bonecas*

Colectivo **Merlín**: *O documento*, montaxe sobre textos de Ánxel Fole, Goldoni e Ollomoltranvía.

- Ver XXIª Mostra de Teatro de Vilalba.

Grupo Municipal de Teatro de **Ribeira:** *A barca sen pescador*.

Scaenae: *Cuarteto para unha noite de verán*, adapt. de *Cuarteto para unha noite de verao*, de Miguel Anxo Fernán Vello.

- Afonso Fernández, “Catro mozas e un mozo, cunha media de dezanove anos, crean un grupo de teatro”, *A Comarca do Morrazo*, nº 72, 20 agosto 1999, p. 34.

Infórmase da creación dun novo grupo teatral, Scaenae, formado por cinco mozos bueuenses de entre 22 e 16 anos. Así mesmo, dáse conta de que están preparando a súa primeira montaxe: unha adaptación de *Cuarteto para unha noite de verán*, de Miguel Anxo Fernán-Vello.

- A. F., “Emocióname o silencio do público”, *A Comarca do Morrazo*, nº 73, 17 setembro 1999, p. 31.

Gábase a profesionalidae de Elia Santos que, con só dezaseis anos, é o menor dos membros do grupo Scaenae. Non obstante, cargou cun dos papeis máis traballosos da obra. Alén diso, lémbrase un momento malo polo que pasaron durante a estrea e remátase informando da posibilidade de interpretar no futuro unha comedia.

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

- Ver IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

Tarabelo, O (1): *Triste chegada*.

O Tarabelo, O (2): *Casados de pouco.*

Teatro da Bufarda: *Rei Lear*, recreación de Xoán Carlos Mejuto sobre o texto de William Shakespeare.

Dirección: Xoán Carlos Mejuto.

-R. Feijoo, “Teatro da Bufarda participa na MITEU cunha representación dunha obra de Shakeaspeare”, *La Región*, 22 abril 1999, p. 13.

A propósito da representación de *Rei Lear* na MITEU de Ourense reprodúcense algunhas impresións de Xoán Carlos Mejuto quen explica que a peza mantén o espírito do orixinal shakesapeariano pero con algúns matices que teñen que ver cunha lectura nacionalista e coa reflexión sobre as aparencias. Ademais concibe a obra como unha reflexión sobre a corrupción do poder considera a Mostra Internacional de Teatro Universitario como un dos foros de teatro universitario máis importantes de Galicia.

Ver IIº Encontro Teatro Afeccionado de Boiro.
Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver IVª Mostra Internacional de Teatro Universitario.

Teatro do Anónimo Val do Salnés: *Laudamuco, sr de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño.

- Ver IIº Encontro Teatro Afeccionado de Boiro.

Valacar: *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela.

- Ver IIº Encontro Teatro Afeccionado de Boiro.

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.3. Reestreas

III.4.3.1. Grupos estables ou profesionais

Achádego Teatro: *Maxia Vermella*, de Michel Ghelderode.

Dirección: Tareixa Campo. Interpretación: Antón Sampaio, Marga Portomeñe, Marco Abeledo, Tareixa. Campo, Xoán C. Laxe, Guillermo Díaz, Alberto Ferreiro e Esther Pedrouzo.

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Gondomar.
Ver XXIª Mostra de Teatro de Vilalba.

Alalá Teatro: *A viaxe de Lola*, baseado en textos de Nazaret López.

Dirección: Cristina Domínguez. Dirección artística: Carlos Alonso.
Interpretación: Anabell Gago, María Llanderas, Mercedes Castro e Ursía Gago.
Dramaturxia: Paris Daporta. Producción e distribución: Nazaret López. Vestiario:
Carmen Pichel. Espacio sonoro: Toño Vázquez.

- Ana Iglesias, “Esencia femenina”, *El Correo Gallego*, 2 marzo 1999, p. 32.

Con motivo da representación da obra na Sala Nasa alúdese ó desenfando e a frescura da peza, estreada en novembro de 1998. Explícase que se trata dun espectáculo que pasa por distintos estereotipos polos que se rexe a esencia feminina, dende a “dictadura da talla unica” ata as dificultutades na loita pola autonomía persoal. Segundo se explica na noticia María Llanderas e Ursia Gago protagonizan as dúas primeiras viaxes: *Os esterotipos do feminino* e *Talla única*, Anabel Gago interpreta *Dependentes-independentes* e Anabel Gago *Sexo: Querer ou poder*. Alúdese ás palabras nas que as intérpretes falan da identificación que senten dos espectadores con elas.

-A. I. S., “Premio en Logroño al espectáculo Alalá Produccións”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 23 abril 1999, p. 36.

Informa da concesión ó Premio ó mellor espectáculo a Alalá Producciónsno IVº Certame de Teatro de Bolsillo de Logroño, dotado con 500.000 pesetas. Segundo a productora e coautora da montaxe, Nazareth López o galardón vén a confirma-lo acerto da proposta xa que o espectáculo pode ser representado nun certame de peto e tamén nun auditorio de grande aforo como é o de Lugo. Tamén as catro actrices destacan a importancia do premio polo que significa de demostración de que o teatro galego avanza. Alúdese ademais á representación en Fuenlabrada, onde tamén gozaran de éxito. Segundo Anabel Alonso, un dos factores máis destacables do textos está no feito de que se trate dun espectáculo moi directo.

- Alvarado, “Una comedia sobre la mujer en el albor del siglo XXI”, *La Región*, 16 novembro 1999, p. 14.

Anuncia a representación da obra no Teatro Principal de Ourense e ademais de facer unha breve referencia ó argumento apúntase o que o texto de ten de viaxe metafórica como clave dunha comedia na que a muller é vista con intención protestataria e revolucionaria contra un sistema que a ten atenazada. Cítanse os nomes das catro actrices e lémbrase a consecución do premio ó mellor espectáculo no certame de Teatro de Bolsillo de Logroño ademais da participación noutros festivais estatais e galegos.

- S. Espinoso, “Comedia de la mujer actual”, *La Región*, 17 novembro 1999, p. 12.

Con motivo da representación da peza en Ourense cualifícase esta como “comedia feminista” e saliéntase a expectación e as risas coas que foi recibida a obra entre o público.

- Alvarado, “Raros, toliños e estrafalarios”, *La Región,* 21 novembro 1999, p. 16.

Considera que en *A viaxe de Lola* o que merece maior atención é o esforzo e a dedicación das actrices e a directora. Detecta Alvarado a falta de fío conductor e a imposibilidade de consegui-la atención do espectador ante a esixencia de intriga polo que a desconexión das escenas fai que estas respondan máis ó teatro de

mimo que ó de argumentación. Ademais pon de relevo a incapacidade de facer rir, emocionar e intrigar. A continuación refírese ó escaso público que acudiu ás funcións de Ourense e cre que o público non ve teatro en Galego porque “no entiende un lenguaje mal hablado, despreciado por los actores, desconocido en su ortología”.

- A. I. S., “Alalá Teatro reflexiona sobre el universo femenino en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 1 decembro 1999, p. 39.

Cítanse algunhas claves temáticas da obra ante a súa representación no Teatro Principal de Santiago. Así noméanse entre outros aspectos os estereotipos polos que se rexe a esencia feminina, a “dictadura da talla única”, a dependencia e as dificultades pola autonomía persoal. Sublíñase o éxito obtido por esta montaxe con recoñecemento da crítica e do público e coa consecución do primeiro premio ó mellor espectáculo no Certame de Teatro de Bolsillo de Logroño.

- Ver Ciclo de Teatro Profesional 1999 de Moaña.
- Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia.
- Ver IVº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
- Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.
- Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.
- Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Ana Romaní e Antón Lopo: *LOB*S*. Textos de Ana Romaní, Antón Lopo, X. Cordal, M. Outeiriño e Pilar Beiro. Vídeo: Chema Gagino.

- Carme Vidal, "Antón Lopo e Ana Romaní", *A Nosa Terra*, nº 865, 14 xaneiro 1999, p. 33.

Intercálase a información sobre o espectáculo coas opinións dos autores dos textos, encadrados, segundo a noticia, en poéticas distintas, pero concordantes á hora de concibi-lo xénero como apropiado para verter as preocupacións de hoxe en día. Saliéntase, así, a dimensión feminista da escrita de Ana Romaní e a reflexión de Lopo arredor da "imposibilidade de ser e desvelarse". Ponse de relevo a dimensión reivindicativa de ámbalas poéticas e concíbese a montaxe como un no camiño da arte total e na concepción da palabra como potencia transformadora, neste caso acompañada do xesto e doutros elementos.

-Milagros M. N./ Z. N., "Os *LOB*S* untan poesía na busca dun plural 'por construír'/"Ana Romaní e Antón Lopo levan hoxe á Sala Galán de Santiago o seu espectáculo poético '*LOB*s*", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 21 xaneiro 1999, p. 43/ p. 75.

Noticia que anuncia a estrea do espectáculo na Sala Galán. Coméntase que a montaxe xorde da necesidade de atopar outras maneiras de achega-lo feito poético ós lectores. Neste sentido, e con palabras de Miguel Anxo Fernán Vello, enténdese *LOB*s* como superación absoluta do modelo de recitais convencional. Así mesmo, Ana Romaní indica que o asterisco alude ós lectores para que lean como queiran "implicándose na construcción da identidade".

- Camilo Franco, “Poéticas”, *La Voz de Galicia*, 25 xaneiro 1999, p. 58.

Alude ó progresivo achegamento entre o teatro e a poesía e no tocante á montaxe comeza por apunta-la súa “poderosa” inclinación pola banda poética “con moita intención dramática e algunhas imaxes atractivas”. Centrándose no aspecto escénico concibe *Lob*s* como unha invitación á lectura e explica que se trata dunha “disposición literaria que busca fuxir do recital tradicional e aproveita-los materiais dramáticos utilizados moi suavemente, sen perder de vista a orixe poética”. Ademais considera que o espectáculo aguanta ben algunhas limitacións escénicas e cre que ofrece apuntes visuais que superan as prácticas habituais do teatro. Conclúe explicando que a deixa esta montaxe un rastro que conduce ós libros e entende que libera-la palabra das academias e o teatro dos argumentos pode ser “un dos novos horizontes para as poéticas que buscan o seu público”.

Áncora Produccións (1): *Fábula*, de Gustavo Pernas Cora.

-Rocío Cortés Galdo, “Gustavo Pernas Cora”, “A comedia permite rirnos de nós mesmos”, *El Progreso*, 25 febreiro 1999, p. 77.

Con motivo da representación de *Fábula* en Lugo recóllense algunhas palabras de Gustavo Pernas Cora, quen confesa preferi-la comedia para a exposición de obsesións como a soidade, a incomunicación, os roles sexuais ou amor, “paranoias do individuo na sociedade moderna”. Lembra este actor, director e productor, que a finais dos anos oitenta había a necesidade de de atrae-lo público ó teatro e o xeito de logralo era a estrea de obras que tratasen temas trascendentes pero cunha linguaxe áxil. Fala tamén da imposibilidade de vivir do teatro en Galicia e considera que, habendo compañías e un público receptivo, os que fallan son os programadores. Alúdese á temática dos roles sexuais no argumento de *Fábula*.

Áncora Produccións (2): *Anatomía dun hipocondríaco. Comedia médica*, de Gustavo Pernas Cora

Dirección: Gustavo Pernas Cora.
Interpretación: Ánxela Abalo, Gustavo Pernas.
Música: Julián Rodríguez. Producción: Gustavo Pernas Coras. Deseño das escenografía e cartel: Suso Montero.Deseño de vestiario: Ánxela Abalo.
Iluminación: Pako d'Pink.

-D. P., "El Principal acoge la obra teatral "*Anatomía dun hipocondríaco*", *Diario de Pontevedra*, 21 outubro 1999, p. 12.

Anuncia a posta en escena da obra no Teatro Principal de Pontevedra os días 21 e 22 de outubro. Comenta brevemente o seu argumento e informa dos prezos e horarios da representación.

D. P., "El Principal acoge de nuevo '*Anatomía dun hipocondriaco*", *Diario de Pontevedra*, 22 outubro 1999,
14.

Informa da representación da obra e comenta que forma parte dunha triloxía inciada con *Ladraremos* estreada no ano 1996 e seguida de *Fábula* estreada no ano 1997. Finalmente refírese brevemente ó tema principal que abrangue a obra, na que se mostra a visión que na sociedade actual posúen as esferas do público e do privado.

Avelaíña (1): *O cego de Fornelos*.

Avelaíña (2): *O Cantar dos Cantares*, de Eduardo Blanco-Amor.

- Ver Semana de teatro no Concello de Vilamarín.

Badius: *Xoo... ante o perigo*, baseada na película *High noon.*

Dirección: Alberte Villar.

Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Gondomar.
Ver IIº Encontro Teatro Afeccionado de Boiro.

Balea Branca Producciónss: *Parella Aberta*, de Darío Fo e Franca Rame.

Traducción: Xosé Carlos Caneiro e Dami C. Orero.
Dirección, escenografía e iluminación: Rodrigo Roel.
Axudante de dirección: Dami C. Otero. Interpretación:
Dami C. Orero e Pilar Alonso. Selección musical: Pedro
Díaz. Son: Raúl Llongueira e Manolo Pereira.

- A. I. S., "Balea Branca analiza las claves del matrimonio en una divertida comedia", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 18 febreiro 1999, p. 34.

Anúnciase a última representación de *Parella aberta* no Teatro Principal de Santiago. Alúdese ó argumento no que teñen presencia conceptos sobre as relacións de parella, que son postos en cuestión. Remitíndose as palabras de Rodrigo Roel sinálase que se trata dun texto moi aberto e dramaticamente ben concibido. Pola súa parte C. Orero unha das claves do éxito da obra radica en que se trata dunha situación corrente, tratando os problemas de forma exhaustiva. Ademais de se apuntar tamén o ritmo trepidante da trama Pilar Alonso alude á grande aceptación da obra entre o público feminino ó se sentiren identificadas as mulleres.

- Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.

Bruto&Pífano: *Interruptus II.*

Interpretación: Mela Casal, Teresa Horro, Gloria Rico, Pablo Rodríguez, Denie Galocha, Miguel Varela, Roberto Pérez e Xavier Picallo.

- Ver VIIª Feira de Teatro de Galicia.

Caroza Teatro: *Os Palleiros (Desjraciados)*, de Santiago Prego, a partir dunha idea de Caroza Teatro.

Dirección: Santiago Prego. Interpretación: José Luis Prieto Roca, Iolanda Muíños, Carlos Mosquera "Mos"e Juanín Ares Gondell. Música: Carlos Mosquera "Mos". Deseño de vestiario: Camila Bossa. Deseño de iluminación: Saccha. Escenografía: Caroza Teatro. Técnica de luz e son: Silvia de Bieito. Deseño de cartel: Carlos Mosquera "Mos".

- Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Centro Dramático Vilalbés: *Por favor, agarde a súa quenda*.

Dobre Xiro Danza: *A casa das cinco esquinas*.

- Ágatha de Santos, “Dobre Xiro Danza vuelve a representar en Caixavigo ‘*A caza das cinco esquinas*”, *Faro de Vigo*, 30 marzo 1999, p. 9.

Noticia sobre a posta en escena, en Vigo, do espectáculo do grupo Dobre Xiro Danza. A obra, titulada *A casa das cinco esquinas*, alterna o texto coa música, “indaga en el mundo femenino, a través de la personalidad y la vida de las cinco mujeres que comparten piso”.

Emeigual: *Canas ó aire*.

Fridon Spik Teatro: *Porque Jimmy Hendrix tamén comía cachelos* , baseado nun relato de Santiago Jaureguizar.

- Ver Ciclo de Teatro Afeccionado de Beluso.

Librescena: *O barbeiro de Sevilla*, de Beaumarchais. Adapt. de Francisco Pillado Mayor.

Dirección: Xosé Manuel Pernas. Dirección escénica: X. M. Rabón. Interpretación: Tuto Vázquez, Amalia Gómez, Xosé Antonio Porto “Josito”, Agustín Vega, Concha Parga e Miguel Pernas. Escenografía: Xosé Méndez. Música: Paulino Pereiro. Vestiario: Isabel Vázquez.

Máscara Produccións (1): *Máis se perdeu en Cuba*, de Alfonso Sastre.

Dirección: Xerome Calero e Antonio Casal. Interpretación: Xerome Calero, Antonio Casal, Pablo Puga e Juan L. Goberna.
- Ver Semana de teatro no Concello de Vilamarín.

Máscara Produccións (2): *Guillados*, de Alfonso Sastre.Versión galega da comedia *Fuera de quicio*, de Alonso de Santos.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal. Interpretación: Patricia Alfaya, José Julio Bañón, Verónica Codesido, Beatriz Míguez, Pablo Puga, Xerome Calero e Antón Casal.

- Francisco J. Gil, "El grupo de teatro "Máscara" vuelve a la escena viguesa con "*Guillados*", *Faro de Vigo*, 16 febreiro 1999, p. 47.

Noticia que informa da próxima representación en Vigo de *Guillados*, da que se apunta a liña argumental da aventura de dúas parellas de tolos nun centro psiquiátrico ou, como comenta Xerome Calero, como "unha versión en pequeno da sociedade mesma". Alúdese á liña inquebrantable de Máscara apostando ó longo da súa traxectoria pola comedia aceda. Apúntase tamén a sinxeleza da posta en escena sen renunciar ós efectos especiais máis modernos.

- D. P., "La compañía viguesa Máscara presenta la obra "*Guillados*", *Diario de Pontevedra*, 18 novembro 1999, p. 18.

Fai referencia a noticia á presentación de *Guillados* no Teatro Principal de Pontevedra e alúdese ó argumento no que se narran as "aventuras e desventuras" de dúas enfermas mentais que se dan cita no interior dun psiquiátrico con outros dous interinos do pavillón de homes. Indícase a sinxeleza da posta en escena na que só se realizan dous cambios escénicos e na que non se renuncia á utilización de modernos efectos especiais.

Matarile Teatro: *Teatro para camaleóns* creada por Ana Vallés.

Dirección: Ana Vallés. Interpretación: Carlos Sarrió e Juan Loriente. Espacio escénico, son, luces e montaxe musical: Antón Patiño.

Milrosas: *O Pauto*, de Xesús Pitón.

Dirección: Pepe do Campo.

- Víctor L. Villarabid, “Teatro en el valle del Loúzara”, *El Progreso*, 26 agosto 1999, p. 35.

Alúdese á representación da peza en Busofrío a cargo desta compañía formada por veciños. Sublíñase a particularidade de que neste caso a obra representada non sexa da autoría de Fiz Vergara Vilariño, autor do que xa representaron catro pezas teatrais.

Mofa e Befa (1): *Para ser exactos*, de Doctor Koch.

Interpretación: Víctor Mosqueira, Evaristo Calvo e Quico Cadaval. Dirección: Quico Cadaval. Iluminación: Alfredo Laforet Son: Piti Sanz Deseño cartel: Marcelino de Santiago “Kukas” Dramaturxia: Mofa e Befa.

- Lois Fernández, “Mofa e Befa retornan a Crechas”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 13 abril 1999, p. 50.

Entre outras actividades programadas no pub compostelán Casa das Crechas cítase a representación dos últimos sketchs do seu repertorio xunto a algúns pertencentes a *Para ser exactos*.

- Raquel Feijóo, “*Para ser exactos*’ con Mofa e Befa, en Xinzo”, *La Región*, 31 xullo 1999, p. 10.

Informa da posta en escena dunha obra da compañía Mofa e Befa, titulada *Para ser exactos*. Esta obra é orixinal do dramaturgo Quico Cadaval, está protagonizada por Evaristo Calvo Valcárcel e José Víctor Lorenzo Mosqueira e foi estreada xa no ano 1992 na Sala Nasa de Santiago. A seguir, resume o argumento da obra e describe a súa escenografía, caracterizada pola “casi ausencia de elementos escénicos, coa única presencia dun biombo que serve ós actores para realizar os necesarios cambios de vestiario”. Por último, ofrece un breve resumo da traxectoria de Mofa e Befa, creado no ano 1992, “coa finalidade de facer espectáculo de humor e na procura de públicos non habituais nas salas de teatro”.

Mofa e Befa (2): *Finis Mundi Circus*, de Victor Mosqueira e Evaristo Calvo.

Interpretación: Evaristo Calvo e Victor Mosqueira. Dirección: Quico Cadaval. Músicos: Piti Sanz e Alfredo Laforet. Iluminación: Alfredo Laforet. Son: Vicente Sanz. Música: Fran Pérez e Piti Sanz Letristas: Pepe Sendón, Carlos Santiago e Manuel Manuel Cortés. Deseño gráfico: Antonio Pereira. Producción: Carme Varela. Dramaturxia: Mofa e Befa.

- D. P., “Mofa e Befa actúan en Vigo”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 1999, p. 12.

Anuncia a representación da obra no auditorio do Centro Cultural de Caixavigo os días 8 e 9 de abril. Dá unhas breves notas do argumento e informa dos horarios e prezos das entradas.

- Francisco Castro., “*Finis Mundi Circus*”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 8 abril 1999, p. 11.

Primeiramente refírese a Mofa e Befa como “a compañía independente de máis proxección fóra das nosas fronteiras galegas”. A propósito da representación de Finis Mundi Circus no Auditorio de Caixavigo na cidade olívica comenta Francisco Castro que esta compañía conxugan os dous xeitos de facer teatro posibles “para

entreter" e "para amolar". Ademais cre que Mofa e Befa van contracorrente e "preguntan e pensan" nun momento no que "preguntar e pensar se volveron politicamente incorrectos". Por isto considera que se trata dun antídoto festivo contra a realidade "monótona, gris e aburrida".

Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.
Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Mofa e Befa (3): *Manifesto do Teatro Perralleiro,* de Quico Cadaval.

Autor: Quico Cadaval. Dirección: Quico Cadaval. Interpretación: Evaristo Calvo e Victor L. Mosquera. Técnico de luz. Alfredo Laforet. Técnico de son: Piti Sanz.

Nove/Dous: *Crimes anónimos*, baseada no texto de Max Aub e Shakespeare.

Dirección: Roberto Cerdá. Producción: Nove/Dous Traducción: Xosé Prada. interpretación: Josi Lage e Josue García. Escolma musical: Howard McCghee, Billy Holiday, Missisipi vingers, John Williams e The Kings. Luz e son: Luis Soaxe.

Ver Semana de teatro no Concello de Vilamarín.
Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.

Ollomoltranvía: *Qui pro quó,* de Evaristo Calvo.

Dirección e dramaturxia: Evaristo Calvo. interpretación: Nuria Sanz, Santiago Prego, Marcos Orsi e Avelino González. Escenografía e vestiario: Suso Montero. Iluminación: Alfredo Laforet. Música orixinal e Letras de cancións: Piti Sanz, Fran Pérez e Ollomoltravía. Realización de vestiario: Isaura e Soco Seoane. Técnico de iluminación e son: Sacha. Atrezzo: T&G Atrezzos. Producción executiva: Carme Varela. Deseño gráfico: Fausto C. Isorna. Fotografías: Simón Balvís, Fernando de Juan e Víctor Mosqueira.

- A. S., "*Qui pro quo*', un juego teatral sobre los misterios del ser humano", *Faro de Vigo*, 19 outubro 1999, p. 10.

Alúdese á terceira montaxe da compañía Ollomoltranvía titulada *Qui pro quo*. A posta en escena, que dura noventa minutos, é un espectáculo no que, "en clave de clown, se hace un repaso inteligente a las cuestiones más graves y trascendentes que surgen en torno al ser humano como son la creación del mundo, las relaciones de los hombres con los dioses, qué hay después de la muerte y cuál es nuestra misión en el mundo". A obra está dirixida por Evaristo Calvo e a música corre a cargo de Fran Pérez e Piti Sanz. Por último, infórmase de que esta obra obtivo o premio de Teatro María Casares de 1998 ó mellor espectáculo, á mellor dirección e á mellor actriz secundaria.

- Ágatha de Santos, “Cada vez es más difícil ver teatro fuera de Santiago”, *Faro de Vigo*, 21 outubro 1999, p. 12. Entrevista con Avelino González, actor da compañía Ollomoltranvía, na que fala da súa última posta en escena, *Qui pro quo*. Afirma que a obra carece de escenografía porque a compañía está en contra de toda infraestructura e porque apostan polo traballo de actor, sen nada que distraiga a atención do público. Opina que hai moitos grupos de teatro e moi bos pero o Concello de Vigo debería “apostar por las infraestructuras culturales y potenciar los auditorios de las asociaciones de vecinos, algunos buenísimos, pero los centros culturales no sólo no han ganado, sino que han perdido algo desde que se inauguraron. Esto pasa en toda Galicia”.

- Ver XXIª Mostra de Teatro de Vilalba.

Patricia Vázquez e Carlos Blanco: *Chapa e pintura*.

Picato, O: *O Cantar dos cantares*, de Eduardo Blanco Amor.

- V. L. V., “Un grupo de Trabada llevó al instituto número dos el humor de Blanco Amor”, *El Progreso*, 10 xaneiro 1998, p. 19.

Anúnciase a actuación en Sarria deste grupo teatral procedente de Trabada, convidados pola asociación cultural Monte Oribio. Sinálase que por problemas de datas fora imposible incluír esta representación no III Festival de Teatro Afeccionado de Monte Oribio.

Pilar Pereira: *Ofelia sen a virtuddd do pudor*.

Dirección: Quico Cadaval.
Interpretación: Pilar Pereira.

Sarabela Teatro: *Tics*, de Begoña Muñoz, Carlos Couceiro, Fernando Dacosta eÁnxeles Cuña.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Interpretación: Elena Seijo, Fina Calleja, Antón R. Macías, Suso Díaz e Fernando Dacosta. Escenografía: Jesús Costa e Pablo Otero “Peixe”. Maquillaxe e vestiario: Carmela Montero.Iluminación: Antón Rodríguez e Ánxeles Cuña. Son: Arturo González. Deseño de programas e carteis: I: Media. Tramoia: Lalo Gallego e Marcos. Cadros: Manolo Figueras. Fotos: Eduardo. Auxiliar de dirección: Matilde Vázquez. Producción: Sabela Gago. Distribución: Fina Calleja.

- S. Espinoso, “Sarabela pasa ós libros de teatro”, *La Región*, 26 decembro 1999, p. 14.

Informa da presentación da obra *Tics*, do grupo ourensán Sarabela Teatro. A Editorial Espiral Maior foi a encargada de edita-la obra. A seguir, ofrece unha breve biografía desta compañía de teatro que, no seu vixésimo aniversario, representará catro obras: *Tics*, *Os soños de Caín*, *O romance de Micomicón e Adelhala* e *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas.

- S. Espinoso, “Manuel Rivas, por los teatros de Galicia”, *La Región*, 31 decembro 1999, p. 12.

Subliña os diferentes proxectos no ámbito teatral e cinematográfico do libro *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manolo Rivas. Da posta en escena desta peza, preparada polo grupo Sarabela resalta a interpretación de corenta e un personaxes por oito actores, ademais do bo ritmo desenvolvido nos ensaios, segundo a súa directora. Informa das diferentes cidades nas que se porá en escena e comenta o grande interese suscitado pola obra ata o extremo de ter contratadas trinta funcións antes de comezar, así como o éxito acadado por esta compañía coa autoproducción *Tics* e a súa publicación na editorial Bahía. Recolle as opinións dos actores nas que inciden en que a elección da novela debeuse : ó feito de que conte algún aspecto que estiman fundamental no teatro, ó pouco que está tratada a súa temática en Galicia, a Guerra Civil e porque lles gustou ó lela. Enuméranse, a seguir os diferentes pasos para a representación.

Sísifo Teatro: *Lexionaria*, baseada no relato curto de Fernando Quiñones “Las mil noches de Hortensia Romero”.

-G. T. L., “O trasgo e os veciños reclaman un parque arqueolóxico no Monte Mirallo”, *A Nosa Terra*, nº 885, 3 xuño 1999, p. 40.

Comenta a representación de diversas lendas populares a cargo do grupo Tanxarina no Chan de Penide do concello pontevedrés de Redondela. Informa ademais que a posta en escena foi o colofón a unha xornada de protesta e reivindicativa por medio da que os veciños pretenden a declaración da zona como sitio de interese arqueolóxico.

Teatro Avento: *Quen matou a Mari Lauri?*, de Xoán Abreu.

Dirección: Xoán Abreu. Interpretación: Benito A. Correa, Carlos C. Roca, Juancho Ferrón, Marcos Alonso e Xoán Abreu. Dramaturxia: Xoán Abreu. Escenografía: Teatro Avento. Realización da escenografía: Antón Salgueiro e Teatro Avento. Vestiario: Teatro Avento. Realización de vestiario: Teatro Avento. Música: Teatro Avento. Técnico de son: Gustavo Loira. Iluminación: Teatro Avento. Técnico de iluminación: Gustavo Loira.

- Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.

Teatro da Lúa: *As troianas. Botín de guerra*, de Dorotea Bárcena, baseado en textos de Eurípides e Homero.

Dirección: Dorotea Bárcena e Gina Piccirilli. Axudantes de dirección: Urxía Gago e Mariola Membrives Interpretación: Dorotea Bárcena, Alfredo Rodríguez, Cristina Domínguez e Beatriz Graña. Producción: Teatro da Lúa S.L. Deseño de escena e vestiario: Ovidio Lucio Blanco Deseño de programa de de cartel: Delmi Álvarez. Deseño de luces: Ovidio Lucio Blanco. Deseño do espacio sonoro: Oscar Álvarez Seoane. Fotografía cartel: Mulleres de Telanosa, de Delmi Alvarez Realización de escena e atrezzo: Conde Gatón. Realización de vestiario: María Encina Varela e Celsa Bouzón. Maquillaxe e perruquería: Maika Rizos. Reportaxe fotográfica: María Esteirán. Estudio de gravación: Midimaster. Técnico de Luces: Antón Vázquez.Técnico de son: Oscar Álvarez. Unidade Didáctica: Beatriz Graña García. Distribución: Teatro da Lúa S.L

- A. Iglesias, “La rebelión de las mujeres”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 xaneiro 1999, p. 32.

Ademais de informar da representación da obra no Teatro Principal de Santiago e da composición do cadro escénico, recolle as palabras de Dorotea Bárcena nas que resume o argumento da peza, comenta as

dificultades que teñen as montaxes no momento de se botaren a andar e compara esta versión do clásico grego coa adaptación realizada por Manuel Lourenzo.

-D. P., "Teatro da Lúa estrena en el Principal "*As troianas. Botín de guerra", Diario de Pontevedra*, 23 febreiro 1999, p. 10.

Noticia referida á posta en escena no Teatro Principal de Pontevedra da obra *As troianas. Botín de guerra*, baseada en Eurípides e Homero da man da compañía Teatro da Lúa. Dáse conta do reparto e do argumento e lembra o inicio da compañía, no ano 1987.

Teatro do Adro (1): *Bululú do linier*, de Cándido Pazó.

Dirección: Cándido Pazó.
Interpretación: Xosé Porto "Josito".
Escenografía e vestiario: Carlos Blanco.
Selección musical: Carlos Blanco.
Iluminación: Antonio Ferreiro. Producción
e distribución: Elena Benito.

- Ana Iglesias, "Josito Porto é agora linier no escenario", *O Correo Gallego*, "AFA", 18 marzo 1999, p. 40.

Informa da representación da peza na Sala Galán de Compostela. Compara esta montaxe coa anterior de Teatro do Adro apoiándose nas palabras de Cándido Pazó e de Josito Porto. O autor do texto explica a súa orixe, mentres que o único actor sinala que a obra supón o peche dunha etapa para a compañía e destaca a teatralidade de *O bululú do linier*.

- A. I. S., "Varios niños leen sus relatos sobre el Camino en Radio Obradoiro", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 18 marzo 1999, p. 34. Entre as diferentes noticias saliéntase a nova posta en escena da compañía Teatro do Adro que leva por título *Bululú do linier*. Recóllense as declaracións do seu director sobre o nacemento da obra a cal xurdiu a raíz dunha petición da Mostra de Teatro Español de Autor Contemporáneo de Alicante de facer unha pequena peza sobre fútbol. Lémbrase o éxito anterior da compañía, N*ano* da que naceu xa unha segunda parte, *Círculo* tamén representada, baseada igual que a anterior na obra de Suso de Toro.

- Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia.
- Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.
- Ver XIIª Mostra de Teatro de O Barco...
- Ver Ciclo de Teatro Profesional 1999 de Moaña.
- Ver IVº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
- Ver Xoves Teatrais 99 de Ferrol.
- Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Teatro do Adro (2): *Círculo*, de Suso de Toro. Textos adaptados por Cándido Pazó.

Dirección: Cándido Pazó.
Interpretación: Josito Porto

- Diego Ameixeiras, “Josito Pereira: “Interpretar a Nano é unha experiencia moi ilusionante para un actor”, *El Mundo. Galicia*, 8 marzo 1999, p. 9.

Con motivo da representación desta montaxe no Auditorio de Caixa Galicia en Santiago, Diego Ameixeiras recolle as impresións do actor protagonista. Josito Porto opina que o máis importante para interpretar este monólogo é a dosificacións das forzas, así como a consecución dunha maior definición do personaxe, que neste caso está tomado de *Círculo*. Finalmente, salienta a confluencia nun mesmo acto da posta en escena da peza coa presentación da obra literaria.

Teatro do Adro (3): *Nano*, baseada na novela de Suso de Toro.

Dirección: Cándido Pazó.
Interpretación: Xosé A. Porto, "Josito".

- Raquel Feijoo, "Teatro do Adro presenta "*Nano*", en Verín", *La Región*, 23 xullo 1999, p. 12.

Informa da representación desta peza na praia fluvial de Verín. Resume o argumento de *Nano* e salienta as case 140 postas en escena, "dentro e fóra de Galicia", dende a súa estrea o 24 de xaneiro de 1997. Lembra os galardóns que se lle concederon na edición dos premios María Casares correspondente a 1998 e fai un percorrido pola traxectoria da compañía Teatro do Adro.

Teatro do Aquí (1): *Rastros*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Patricia de Lourenzo, Luis Iglesia, Rubén Ruibal e Xoán Carlos Mejuto Bolaño. Música: Berrogüeto. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Espacio escénico e vestiario: Xulia Brens. Producción: Belén Quintáns. Espacio escénico e vestiario: Julia Brens.

C. V., "Cambados acoge la representación teatral de Rastros", *Atlántico Diario*, 30 outubro 1999, p. 32. Ver Ciclo de Teatro Profesional 1999 de Moaña.

Anuncia a representación da obra na Sociedade Cultural de Cambados como actividade inscrita dentro da programación da Rede Galega de Teatros.

Teatro do Aquí (2): *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Interpretación: Gonzalo Rei Chao, Pepe Soto, Xaquín García Marcos, Pilar Pereira, Mónica Caamaño, Vicente Mohedano, Jorge Salinero e Miguel Varela. Escenografía e atrezzo: Julia Brens. Iluminación: Roberto Vidal Bolaño. Música: Bernardo Martínez. Vestiario: Gonzalo Vilas.

- Ver VIIº Feira de Teatro de Galicia.

Teatro do Atlántico: *Vellos tempos*, de Harold Pinter. Trad. Manuel Vieites García.

Dirección: Xulio Lago. Axudante de dirección: María Armesto.
Interpretación: Caslida García, Gonzalo M.Uriarte e María Barcala.
Espacio escénico: Baltasar Patiño. Realización escenográfica: P.C.
Vestiario: Belén Naverán. Realización de vestiario: Carmen Pichel.
Fotografía: Tino Viz. Deseño de iluminación: Xulio Lago.

- R. F., "A peza é un espectáculo desacougante", *La Región*, 11 xaneiro 1999, p. 14.

Primeiramente coméntase que *Vellos Tempos* segue a liña escrita polo autor ó indagar "no enigma da condición humana". A continuación recóllese unha entrevistas co director da montaxe, Xulio Lago, que se refire á boa acollida da representación, salienta a mensaxe do texto e alude ó escrupuloso respecto ó texto orixinal.

-A. I. S., "Teatro de Papel recreó en el Principal un texto de Xosé Antonio Perozo", *El Correo Gallego*, 13 xaneiro 1999, p. 34.

Entre outras noticias de índole cultural na cidade compostelá, faise referencia á representación de *Vellos Tempos* no Teatro Principal. Saliéntase con palabras da compañía a dificultade e o risco deste texto por ser

un espectáculo “onde o principal é a palabra”. Logo de se facer referencia ó argumento coas declaracións de María Barcala, a actriz explica que a obra non ten unha estructura teatral lóxica e alude ás dúbidas que a montaxe termina deixando no público.

-Iolanda Ogando, “Vellas engrenaxes”, *Tempos Novos*, nº 21, “Crítica. Voces e Culturas. Teatro”, febreiro 1999, p. 66.

Reflexión sobre a última producción de Teatro do Atlántico *Vellos tempos* na que se apunta que a liña de escoller textos máis ou menos clásicos que segue a compañía, dirixida por Xúlio Lago, resultou errada nesta ocasión, posto que “o camiño que xa coñecemos a forza de mallado torna esvaradío”. Indícase que o maior mérito nesta producción “quizais estea no pouco alarde que se observa no fondo da montaxe”.

Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver Sábados Teatrais 99 de Narón.

Teatro do Imprevisto: *A noite de Sabina*, de Ignacio de Moral.

Ver IIº Encontro Teatro Afeccionado de Boiro.

Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.

Teatro do Morcego: *O Lazariño de Tormes*.

Dirección: Andrés Pazos.
Interpretación: Celso Parada.

-A. I., "O '*Lazariño de Tormes*', en Compostela"/"Celso Parada presenta en el Principal el lado más humano del "*Lazarillo de Tormes*", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 3 febreiro 1999, p. 34/p. 31.

Informa da representación desta versión da novela picaresca no Teatro Principal e comenta o contido a través das declaracións de Celso Parada e de Andrés Pazos. Ámbolos dous refírense ó contido satírico e crítico, ás dificultades de dirección e á complexidade do personaxe que eles crearon, "más complejo, aunque también mostremos situaciones de humor en torno a la picaresca".

- M. B., "El teatro político no perdió vigencia", *La Voz de Galicia*, 3 febreiro 1999, p. 38.

Entrevista a Celso Parada con motivo da representación desta obra no Teatro Principal de Compostela. O único actor desta montaxe cualifícaa como "metáfora de los desheredados del mundo" na que tenta dar unha visión moi crítica do Lazarillo, aínda que non exenta de humor. Finalmente, este actor galego reivindica o teatro político e anuncia que o seu traballo máis inmediato vai ser a *Morte accidental dun anarquista*.

- L. R., "La vida del Lazarillo de Tormes, a escena el domingo", *La Región*, 19 marzo 1999, p.34.

Fala das celebracións previstas para as festas do San Lázaro de Verín, entre as que menciona a representación de *O Lazariño de Tormes* a cargo de Teatro do Morcego. Comenta os galardóns recibidos por esta obra, resume o argumento e salienta a vixencia que segue a ter na actualidade.

-Isabel García Martín, "Modernidad y actualidad de "*El Lazarillo de Tormes*", *La Región*, 20 outubro 1999, p. 29.

Alude inicialmente á posta en escena dunha adaptación de *El Lazarillo de Tormes*, pero a partir daí céntrase en analizar esta novela picaresca.

Tirinautas, **Os**: *Se o sei non volvo á casa*, de Daniel Varela Buxán.

- Xosé Lueiro, “Teatro”, *Tabeirós Terra*, nº VI, febreiro 1999, p. 15.

Informa da posta en escena de dúas pezas por grupos estradenses. Por unha banda, segundo di, o grupo Os Tirinautas pon en escena unha peza de Varela Buxán intitulada *Se o sei non volvo á casa*, da que se fai un sucinto comentario no que destaca, sobre todo, o endulcoramento do representación restándolle relevancia á temática da emigración e “acentuando a comicidade da obra”. Por outra banda dá conta da representaciónda obra *Os reis do Panchiño* polo grupo Lóstrego, da autoría de Olimpio Arcas e que levou unha mención especial no Premio de Teatro Infantil organizado pola asociación cultural O Facho.

-Suso Souto, “Música, teatro, ciclismo y festivales infantiles llenan el amplio programa festivo”, *El Correo Gallego*, 24 xuño 1999, p. 51.

Refírese á representación da obra como espectáculo incluído no programa de festas do concello estradense.

- Suso Souto, “Fiesta “richada”, *El Correo Gallego*, 28 agosto 1999, p. 49.

Ofrece o programa das festas patronais da localidade pontevedresa de Forcarei e cita a actuación do grupo Os Tirinautas coa obra *Se o sei non volvo á casa.*

III. Teatro

III.4. Postas en escena

III.4.3. Reestreas

III.4.3.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Fontevella: *Os vellos non deben namorarse*, de Alfonso R. Castelao.

Dirección: Chelo Pampillón.Interpretación: Carlos Rafael González, Jesús Álvarez, Marcelino Rodríguez, Lalo Leirós e Aníbal Alonso.

- Francisco Castro, “Fin de semana teatral”, *A-tlántico Diario*, “Culturamanía”, 29 xaneiro 1999, p. 10.

Ante a representación en Vigo expresa a súa confianza en que os actores dirixidos por Chelo Pampillón saiban manterse fieis ó espírito que animou a Castelao cando escribiu esta obra, segundo Francisco Castro “a máis importante de tdo a literatura galega”.

- Pablos, “La gracia de Castelao, deslucida por una pobre representación”, *Faro de Vigo*, 31 xaneiro 1999, p. 11. Logo de asistir á representación da peza en Vigo opina que, malia a súa sinxeleza, *Os vello non deben de namorarse* require actores consumados para lograr no escenario a “frescura”, “picardía” e “ironía” definitorias do autor. Malia loa-la boa vontade e o afán de achegarse a Castelao por parte destes actores da terceira idade, considera que a representación careceu do ritmo esixible nun xénero que o propio autor cualificou de farsa.

Monte Oribio: *O triciclo*, de Fernando Arrabal.

Ver IXª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

Ver XXIª Mostra de Teatro de Vilalba.

Teatro da Bufarda: *O xardín das pernas roubadas*, de Xoán Carlos Mejuto.

Dirección artística: Xoán Carlos Mejuto. Interpretación: Inma Cortinas, *Gari*, María Torre e Ramón Neira (entre outros).

- Ver Iª Mostra de Teatro Afeccionado de Gondomar.

Grupo de Teatro **O Trasno**, da Sociedade Recreativa Nautilius: *Unha muller, unha historia*, adapt. de *Diatriba de amor contra un hombre sentado*, de Gabriel García Márquez, trad. de Sefi Romero.

Dirección: Xaime Costas.

Interpretación: Sefi Romero, Mar Gutiérrez, Ana Costas, Clara Carballo, Alicia Bastos e Xosé M. Rodríguez.

IV. Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres

IV. 1. Creación: Reedicións

Blanco Torres, Roberto, Artigos e poemas galegos, ed. de Clodio González Pérez, Noia-A Coruña: Toxosoutos, col. Cadernos: Cruceiro do Rego, nº 9, marzo 1999, 89 pp. (ISBN: 84-89129-59-2).

Escolma composta por dezaseis textos poéticos e dezasete artigos xornalísticos de Roberto Blanco Torres. Precede ós textos unha sinopse biográfica do autor cuntiense, así como unhas palabras nas que Clodio González Pérez explica como coñeceu por primeira vez a figura de Blanco Torres e se refire á admiración que este autor sentía por Manuel Curros Enríquez e Rosalía de Castro. Oito dos textos poéticos pertencen a *Orballo da media noite* (1929) e outros foran publicados en prensa: "Dous toliños" (*Follas Novas*, 1907), "O amor" (*Follas Novas*, 1907), "D'outros tempos" (*Vida Gallega*, 1911), "Panteística" (*A Nosa Terra*, 1919), "Diante da natureza" (*A Nosa Terra*, 1919), "A Manuel Antonio" (*A Nosa Terra*, 1930) e "Meus cabalos" (*Nós*, 1930). Xunto a estas composicións tamén se inclúen as traduccións que Blanco Torres realizou dos poemas "Atardecer", de Cándido Guerreiro e "O neno", de Friederich Hebbel, publicadas en *A Nosa Terra* en 1918 e 1920, respectivamente. No tocante ós artigos escolmados predominan os de temática galeguista publicados en *A Nosa Terra*, xunto ós titulados "Intolerable" (*Follas Novas*, 1907), "O derradeiro viaxe" (*Nós*, 1927) e "¡Si!" (*El Pueblo Gallego*, 1936). Compleméntase o libro cun apéndice documental no que entre outros figuran as partidas de nacemento, bautismo, casamento e defunción de Blanco Torres, as actas de nomeamento e cesamento como gobernador civil de Palencia, así como as partidas de defunción de Rizal Villamarín Iglesias e Euloxio Vázquez, asasinados xunto ó escritor en outubro de 1936.

Blanco Torres, Roberto, *Disto e do outro. Antoloxía*; introd., escolma e trad. de Xesús Carballo Soliño,Vigo: Galaxia, marzo 1999, 112 pp. (ISBN: 84-8288-262-7). .

Colectánea que recolle catorce dos trinta e oito artigos que configuran a obra *De esto y de lo otro* (1930), de Roberto Blanco Torres. Na introducción Xesús Carballo achégase someramente a algúns aspectos da vida e obra de Blanco Torres. Comeza por resalta-la autenticidade que se desprende dos seus textos, ademais de apunta-la tranquilidade de conciencia como un dos valores fundamentais deste autor. Tamén pon de relevo o idealismo e "a súa modulación espiritual ante a vida e a súa actitude conceptual ante o mundo". A propósito da lectura de *Disto e do outro*, subliña a verdade, a liberdade e a xustiza como os tres esteos nos que debe fundamentarse toda conducta. A continuación, céntrase no seu xornalismo para apuntar como temas fundamentais a creación literaria, a lingua, a política e a sociedade "esnaquizada". Unha cronoloxía de Blanco Torres precede ós textos escollidos, que presentan unha temática fundamentalmente galega: "Sobre a cidade galega", "Idioma, ensinanza, escolas", "A nova xeración literaria galega", "A cidade e o campo", "A Galicia pasoulle o sol pola porta", "A verdade ante todo", "A emigración e os seus traficantes", "Poemas do mar", "O sentimento relixioso e a forma do estado", "O absentismo", "Autoridade e disciplina" e "Unha escolma".

Recensións:

-Estro Montaña, "A voz dun home consecuente", *Guía dos libros novos*, nº 7, "Letras galegas 1999", maio 1999, p. 23. Denunciando o silencio interesado no que se mantivo a figura de Blanco Torres, achégase ó contido desta edición, da que salienta o instinto que se observa no autor para detecta-la valía de figuras como Manuel

Antonio ou Rafael Dieste, ademais do tratamento da lingua ou as críticas a lacras como a emigración, sen esquece-la súa vinculación con diferentes revistas da época. Remata salientando o estilo de artigos como o dedicado á censura da dictadura de Primo de Ribera ou o discurso filosófico de “A cidade e o campo”.

Blanco Torres, Roberto, *Disto e do outro* (*De esto y de lo otro*, 1930), limiar do autor, trad. Xesús Carballo Soliño, Vigo: Galaxia, marzo 1999, 166 pp. (ISBN: 84 8288-265-1).

Traducción ó galego de *De esto y de lo otro*, de Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo 1936). O volume confórmano trinta e oito artigos publicados na prensa e xa fora editado en lingua castelá, en 1930, pola Editorial Nós da Coruña, inaugurando a colección “Biblioteca Murguía”. Conta cun limiar do propio Blanco Torres, que se refire ó material recompilado no libro como “esquemas de ensaios, artigos e glosas escritos ó día na mesa dunha Redacción, para veren a luz dentro dunhas horas ou seren publicados ós vinte días en América” e por isto advirte da falta de labor metódico ou meditación que poden presentar estes escritos. Ademais, o escritor, afastado nese momento do “periodismo militante” evoca as súas “xornadas de alerta e agonía ó pé deste baluarte onde o fervor e a ilusión centruplicaron o brío dos meus mellores días”. A temática é variada e ó lado de artigos de temática filosófica, relixiosa, política ou de actualidade, recóllense algúns relacionados directamente coa literatura galega como “A nova xeración literaria galega” (sobre a vangarda e as tendencias literarias do momento), “Poemas do mar” (sobre *De catro a catro*, 1928, de Manuel Antonio) ou “Dous precursores vangardistas: Paco Roque e Don Xoán da Coba Gómez”.

Recensións:

- Xoán Xosé Fernández Abella, "Sobre '*De esto y de lo otro*' de Roberto Blanco Torres", *El Correo Gallego, "Edición 7"*, "De cando en vez", 7 marzo 1999, p. 5.

Nesta análise da obra de Roberto Blanco Torres, *De esto y de lo otro* (1930), destácase a presencia que Galicia e o galego ten na maioría dos pequenos traballos que conforman este volume. Tamén se sinala que o traballo que nel fai o escritor cuntiense é o dun "gran xornalista, veraz e de sólida cultura" e recóllense anacos dalgúns dos estudios desta obra, que abordan temas como o da relixión, a ensinanza, o idioma galego ou a literatura. Por último, maniféstase o desexo de que axiña se faga unha edición de toda a obra en prosa de Blanco Torres.

-M. Blanco Rivas, "Artigos e glosas de Blanco Torres", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 111, 19 xuño 1999, p. 4.

Informa da aparición da obra e salienta que os diferentes escritos que se recollen na presente publicación non foron pensados polo seu autor para formar un libro. Sinala, ademais, que o volume se divide en dous apartados: un de "artigos de carácter xeral" e outro titulado "Glosas do cotián". Asemade, cualifica o libro como "unha mostra da prosa áxil e directa do escritor cuntiense". Finalmente, menciona algúns datos da biografía de Blanco Torres.

Blanco Torres, Roberto, *Letras Galegas*, ed. de Xesús Alonso Montero, A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega, maio 1999, 149 pp. (ISBN: 84-89976-17-6).
¤

Recóllense neste libro trinta e un artigos xornalísticos de Roberto Blanco Torres de temáticaliteraria e dous poemas a Manuel Antonio e Rosalía, respectivamente. Ó longo de nove apartados, Xesús Alonso Montero refírese ás importantes achegas que se teñen feito sobre a vida e obra de Blanco Torres, dende que a RAG decidise dedicarlle o Día das Letras Galegas de 1999. Tamén se centra no coñecemento que este escritor tiña dos clásicos, no seu labor xornalístico en Cuba e na publicación de *De esto y de lo otro* (1930). Así mesmo, alude ó seu compromiso galeguista e ó proceso previo á súa execución por mor do "odio á intelixencia". No prólogo á colectánea, Alonso Montero indica a orixe dos artigos e explica que recolleu algúns textos, que se exhuman por primeira vez, xunto a outros xa divulgados, presentando así a maior parte das páxinas nas que Blanco Torres opinou sobre o feito literario galego. Os artigos atópanse agrupados por cada un dos autores ós que se referiu: Rosalía de Castro, José García Mosquera, Valentín Lamas Carvajal, Manuel Curros Enríquez, Manuel Leiras Pulpeiro, Ramón Cabanillas, Antón Vilar Ponte, Victoriano Taibo, Castelao, Ramón Suárez Picallo, A nova xeración literaria galega (Manuel Antonio, Rafael Dieste e outros) e "Varia". Finalmente, inclúese un apéndice titulado "Roberto Blanco Torres e Ramón Otero Pedrayo", no que se recollen parte das palabras que este escritor proferiu na homenaxe celebrada a Blanco Torres en 1930, da semblanza que lle fixo ó cuntiense no *Libro dos amigos* (1953) e das anotacións autógrafas que sobre el realizou na *Historia de la literatura gallega*, de Benito Varela Jácome.

Blanco Torres, Roberto, *Orballo da media noite*, limiar de Soledad Pite Sanjurjo, epílogo de J. L. Blanco Valdés, ilust. de alumnos e alumnas de Deseño 3º BUP do IES "Rosalía de Castro", Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), maio 1999, 77 pp. (ISBN: C-882/99). ¤

Edición do poemario publicado en 1929 por Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936), que presenta a particularidade de que cada un dos poemas aparece ilustrado por un alumno de terceiro de BUP do IES Rosalía de Castro, de Santiago de Compostela. Conta cun limiar de Soledad Pite Sanjurjo, que se refire á boa acollida que tivo entre os seus alumnos da materia de deseño a proposta de ilustra-lo poemario e ós tesouros bibliográficos no que se converteron grandes obras da literatura universal como *A Ilíada*, *O Quixote* ou a *Divina Comedia*. Así mesmo, alude ó desenvolvemento do proceso creativo nas aulas e considera que libros coma este "son unha porta aberta á arte e á lectura, unha auténtica edición artística". Os vintenove autores das trinta e cinco ilustracións son Marta Fernández, Beatriz Lado, Cruz Louzao, Irene Ramos, Mª Pilar Rodríguez, Marta R. Boo, Roi Vidal, Xiana Ferrón, Inmaculada Dubert, Raquel Calvo, Carmen Baluja, Gala Nieves, Natalia Pérez-Becerra, Roi Veiga, Olalla Varela de Limia, David Pérez, Ana Blázquez, Beatriz Lado, Brandián Villasenín, Juan Jesús López, Tabaré Larre-Borges, Jacobo Gayoso, José Luis Bravo, Eduardo Díaz, Marta Tomé, Roi Núñez, María Ibáñez, Ana Cortizo e José Alberto Lorenzo. No epílogo, J. L. Blanco Valdés concibe esta edición como unha "purificación consoladora, unha sorte de catarse colectiva de moi especial significado" e fala da vixencia do "programa cívico e lírico de Roberto".

Referencias varias:

-A. I., “Alumnos del Rosalía ilustraron un libro de poemas de Blanco Torres”, *El Correo Gallego*, 13 maio 1999, p. 37.

Dá conta da inauguración dunha mostra dos alumnos de deseño de 3¼ de BUP do IES Rosalía de Castro en homenaxe a Roberto Blanco Torres e da presentación desta publicación, que acolle parte destes traballos. Nomea as personalidades que estiveron presentes no acto, entre as que salienta a do Director Xeral de Política Lingüística, encargado de realizar un percorrido retrospectivo da historia do Día das Letras Galegas. Conclúese salientando a louvanza que fixo deste traballo.

- C. P., “Un poemario recreado en imaxes”, *La Voz de Galicia*, 13 maio 1999, p. 49.

Faise referencia á publicación desta obra e dáse conta dos nomes dos rapaces que traballaron neste proxecto. Considérase que esta edición é como unha interpretación “con imaxes plásticas cheas de fervor e fantasía xuvenil”. Tamén se recollen as opinións da promotora desta idea, a profesora Soledad Pite, e sinálase que foi a Consellería de Educación a que pagou a edición, despois de ter estudiado o proxecto presentado pola citada profesora.

- Anxo Tarrío Varela, “Alternativas á barbarie”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 17 maio 1999, p. 3.

Tras destaca-lo desexo de recupera-la memoria de Roberto Blanco Torres con numerosas publicacións, saúda esta nova edición do poemario do autor cuntiense, ó mesmo tempo que cita os autores da

presentación e o epílogo que se inclúen no volume. Considera que este feito serve para ser contrastado coa imaxe que se ten da xuventude actual.

Blanco Torres, Roberto, *Páxinas sobre a lingua galega: Día das Letras Galegas 1999*, ed. de Xesús Alonso Montero, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Servicio de Publicacións e Intercambio Científico), 1999, 110 pp. (ISBN: 84-8121-756-5). ¤

Colectánea de catorce artigos publicados en prensa por Roberto Blanco Torres e relacionados dun ou outro xeito coa lingua galega. Conta cun limiar no que o propio editor dos textos, Xesús Alonso Montero, alude ó silencio ó que foi sometida a figura e obra de Blanco Torres, ó tempo que subliña o importante número de contribucións feitas ó seu coñecemento con motivo da dedicatoria do Día das Letras Galegas de 1999. A introducción ó volume titúlase "Da vida e da obra de Roberto Blanco Torres. Oito aproximacións". Deste xeito, ó longo de oito epígrafes, Alonso Montero incide no influxo da lingua e a literatura latinas na obra do escritor homenaxeado así como na súa crenza "na palabra como arma de convivencia, de civilidade e, quizais de futuro". Tamén se detén nos problemas de Blanco Torres coa dictadura de Primo de Rivera ou no feito de que ninguén se molestase en indica-las datas e xornais nos que se publicaron os trinta e oito artigos que conforman *De esto y de lo otro* (1930). Prosegue coa implicación do autor coa República así como na conxunción de ética e estética na súa obra e o seu compromiso galeguista, para rematar cualificando o episodio do seu asasinato como "o primeiro crime de Estado de Franco na persoa dun intelectual". No tocante ós textos, pertencentes a datas comprendidas entre 1911 e 1936, cinco deles fan referencia explícita á literatura galega: así, en "Literatura Gallega" (*Galicia*, 1911) fala da lingua utilizada polos escritores galegos do momento; en "Nuestro floreciente teatro: *A man da santiña*" (*Correo de Galicia*, 1919) achégase á obra escrita por Ramón Cabanillas en 1921; en "La cultura gallega", (*Revista del centro gallego*, Montevideo, 1927) comenta un número da revista *Nós*; en "Las letras vernáculas y la cultura" (*Revista del centro gallego*, Montevideo, 1929) alude á producción literaria aparecida ó redor do m[?itio] comenta a traducción ó galego dunha oda do poeta latino realizada por José María Mosquera.

Recensións:

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Blanco Torres e a lingua galega”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 80, 1 xuño 1999, p. 7.

Informa da publicación do volume o que describe como unha creación colectánea composta por catorce artigos ós que se lle engaden outros textos nos que se presenta a polémica que suscitou un decreto de Primo de Rivera en 1926. Así mesmo, considera que a obra é como unha oportunidade de coñece-las ideas lingüísticas do xornalista homenaxeado, así como o seu apoio á “causa da lingua”. Remata cualificándoa de “eficiente proposta literaria e investigadora” que axuda a comprender mellor a obra de Roberto Blanco Torres.

- M. Blanco Rivas, “Un escritor republicano sometido a lei do silencio”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 113, 3 xullo 1999, p. 4.

Refírese ó esquecemento no que estivo ata este momento a obra de Roberto Blanco Torres e considera que esta situación está cambiando gracias a estudios como o que vén de editar Xesús Alonso Montero. Así mesmo, comenta que que os catorce artigos que forman esta obra colectánea son un bo camiño para coñece-lo pensamento da figura homenaxeada. Finalmente, alude á estructura desta obra en dous grandes epígrafes, que, á súa vez, están acompañados por dous apéndices finais sobre a lingua galega.

Blanco Torres, Roberto, *Xornalismo irmandiño*, ed. de Marcos Seixo Pastor, Vigo: A Nosa Terra, col. Prensa&Criación, nº 6, febreiro 1999, 127 pp. (ISBN: 84-89976-732).

Recompilación de artigos xornalísticos e poemas de Roberto Blanco Torres, que aparece precedida dunha introducción de Marcos Seixo Pastor titulada “O xornalismo irmandiño de Roberto Blanco Torres”. Nela refírese ós inicios xornalísticos do escritor cuntiense en Cuba e incide na defensa que sempre fixo da lingua galega, así como na constante revisión á que sometía os seus textos poéticos e xornalísticos. Tamén fala da súa implicación coas Irmandades da Fala e da súa postulación a favor da República e o Estatuto de Autonomía. A escolma divídese en tres bloques. No primeiro, “Xornalismo en *A Nosa Terra*”, recóllense un total de vinteseis artigos, tres poemas e catro traduccións de composicións de Cándido Guerreiro, De Liliencron e Augusto Augellier. Segundo consta na contraportada do volume, trátase da totalidade dos traballos publicados neste xornal. O segundo bloque, “Xornalismo errante”, está conformado por doce artigos de temática fundamentalmente galega, que proceden das publicacións *Galicia* (A Habana), *La Zarpa*, *Nós*, *Rexurdimento*, *Galicia, Diario de Vigo*, *A Fouce* e *Pueblo Gallego*. Ademais de incluí-la prosa “Amor á terra”, publicada en *As Roladas*, e os poemas “Elegía do esprito enfermo”, “Meus cabalos” e “Loitador”. Para rematar, o terceiro bloque, “Vária xornalística”, está integrado pola composición en prosa “O derradeiro viaxe”, o artigo “¡Intolerable!” e os poemas “Dous toliños”, “O Amor”, “Anacos”, “Foguetes”, “Doutros tempos”, “Postulazón da ética”, “O cepo”, “O Quetzal”, “Sino tráxico” e “A Nosa Virxe”.

Recensións:

-Xiao Xaneira, “Marcos Seixo Pastor (ed.). *Roberto Blanco Torres”*, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 80.

Comenta que, como en anteriores ocasións, A Nosa Terra adiántase a outras editoriais en “tempo e presentación” na acelerada carreira de ofrece-la biografía do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén salienta que o formato do libro, o emprego da tapa dura ou as súas “primorosas” ilustracións a toda cor, entre outros aspectos, converten estas obras en “pequenas xoias editoriais”, que, pese a non estar destinadas nun principio ó lectorado máis novo, é a preferida por estes ou os seus mestres para achegarse á vida e obra do homenaxeado en cuestión. Remata indicando que, nesta ocasión, “o texto está á altura da magnífica presentación”.

-Carlos L. Bernárdez, “Un brillante labor xornalístico”, *Guía dos libros novos*, nº 7, “Letras galegas 1999”, maio 1999, p. 24.

Despois de facer referencia á obra *Roberto Blanco Torres*, (1998) na que se fai unha biografía do autor e salienta o seu papel como xornalista e escritor, céntrase nesta nova publicación de Marcos Seixo, da que ofrece un resumo dos seus contidos, e cita a producción xornalística da que salienta a súa colaboración en A Nosa Terra dende o ano 1917 ata aos anos 30 que considera como fundamentais para entender “o seu brillante labor xornalístico”. Neste sentido, tamén destaca o labor de enriquecemento e consolidación da lingua galega en prosa, a través de figuras como a do propio Blanco Torres, ou doutros xornalistas que correron a mesma sorte como Lustres Rivas ou Johán Carballeira.

Referencias varias:

-Elva Otero, “Blanco Torres, un xornalista de hoxe en día”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 abril 1999, p. 35.

Refírese á presentación da obra e faise eco da participación no citado acto de X. Enrique Acuña e Gustavo Luca de Tena e alúdese á actualidade coa que estes redactores ven a actividade xornalística de Roberto Blanco Torres. Finalmente, coméntase que a obra presentada é unha antoloxía dos artigos que o escritor cuntiense publicou en distintos xornais.

IV. Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres

IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos

Monografías, edicións críticas e libros

Acuña, X. E. e Cesáreo **Sánchez Iglesias**, (coords.), *O combate incesante. Roberto Blanco Torres*, Vigo: A Nosa Terra, col. A Nosa Cultura, nº 20, abril 1999, 110 pp. (ISSN: 0213-3105).

Conforman este volume trece colaboracións nas que se analizan diversos aspectos da obra literaria e da traxectoria xornalística de Roberto Blanco Torres, así como do seu ideario político. Ábrese cunha presentación titulada “O combate incesante” na que se pon de relevo a mestría coa que Blanco Torres exerceu na prensa unha “radicalidade democrática” dende unha perspectiva sempre solidaria coas clases populares e co país. Así mesmo alúdese ó lugar senlleiro que ocupará nunha historia do xornalismo galego e considérase tamén que o cuntiense “non é un grande escritor por ser asasinado” senón que “foi asasinado por ser un gran escritor”. Os trece artigos descríbense a continuación:

- Héctor Picallo Fuentes, “Impresións da vila natal”, pp. 7-11.

Apóiase nas referencias feitas por Roberto Blanco Torres respecto de Cuntis e que revelan o amor e a lembranza da terra natal así como a morriña que sente dende as terras cubanas. Estas imprensións trascenden o ámbito do íntimo para se proxectaren cara a temáticas como a denuncia dos males da emigración, do caciquismo, do estado do agro galego ou da necesidade de progreso e liberdade fronte ó atraso dos pobos.

- Xosé Mª Dobarro e Jorge Domingo Cuadriello, “Poeta en Cuba”, pp. 13-16.

Dan a coñecer seis poemas en castelán da etapa cubana de Roberto Blanco Torres, marcados polas correntes unamunianas, fronte ós textos en galego, nesta época, máis próximos á lírica popular-tradicional. Os títulos destas composicións son “Res anime”, “Incertidumbre”, “Antinomia”, “Ideal femenino”, “Visión de mi tierra” e “Añoranza”.

- Antón Garazo, “Os anos evadidos: redactor *de El Ideal Gallego*”, pp. 17-25.

Céntrase na etapa vital de Roberto Blanco Torres, na que traballou como columnista e redactor no xornal coruñés *El Ideal Gallego*, entre os anos 1917 e 1919. Saliéntase o sorprendente que resulta ver a Blanco Torres nun xornal de marcada liña conservadora e antigaleguista. Entre as causas que xustificarían a presencia neste xornal estarían a amizade de Xermán Blanco Torres, irmán de Roberto, con José Toubes, impulsor do xornal así como razóns de subsistencia. Apúntase a ausencia da mirada crítica e o ton radical e rebelde que caracteriza o seu xornalismo posterior. Ademais agrúpanse por temáticas e cítanse entre elas a social (marcada pola emigración), a galega (con artigos dedicados a Rosalía de Castro, Teodosio Vesteiro Torres ou Manuel Curros Enríquez), a crítica literaria e artística (con comentarios a *Da terra asoballada* (1917), de Ramón Cabanillas e *Anduriña*, de Jaime Solá) e a creación literaria (con textos de carácter estrictamente literario e cos poemas “Súplica” e “A una Maruja en un piano”). Achégase finalmente unha relación das colaboracións de Blanco Torres neste xornal.

- Marcos Seixo Pastor, “Blanco Torres na dictadura de Primo de Rivera”, pp. 26-32.

Leva a cabo un repaso polo xornalismo de Roberto Blanco Torres na etapa da Dictadura de Primo de Rivera (1923-1930) que comeza poñendo de relevo a adhesión dalgúns sectores galeguistas nos primeiros momentos da dictadura ante a esperanza de descentralización do estado e loita contra o caciquismo. Céntrase a continuación na etapa do cuntiense no *Galicia* marcada polos problemas coa censura e pola polémica co xornal *El Pueblo Gallego* e co seu director Fernández Mato, co que Blanco Torres chega a retarse a un duelo. Así mesmo, refírese Seixo Pastor ás colaboracións desta época na prensa da emigración

nas que Blanco Torres denuncia a falta de liberdades. Achégase tamén á súa etapa en *El Pueblo Gallego*, no que acaba por dimitir ó tentar poñer este xornal Portela Valladares a disposición do réxime.

- Marcos Valcárcel, “No xornalismo ourensán”, pp. 33-38.

Aborda a traxectoria de Roberto Blanco Torres nos xornais ourensáns logo de cualifica-lo seu xornalismo como “moi elaborado e de altor rigor conceptual”. Alude primeiramente ó seu paso por *La juventud*, de Xinzo de Limia, e pasa a centrarse na etapa de *La Zarpa*, nos anos vinte e principios dos trinta, e alude ás referencias literarias entre as que destaca os artigos sobre Manuel Antonio, Rafael Dieste, Antonio Rey Soto e as vangardas e cita outras sobre Antón Villar Ponte, Xaime Quintanilla ou Ramón Cabanillas, entre outros. Ademais cita algunhas liñas recorrentes nos artigos de temática política. Prosegue con *La República*, do que Blanco Torres foi director, e refírese tamén á súa presencia en *Nós* e *Heraldo de Galicia*, publicación esta última da que destaca algúns artigos por seren reveladores da súa coincidencia cos postulados galeguistas nun momento no que xa non era militante orgánico do galeguismo.

- Pilar Pena Búa, “A modernidade e Roberto Blanco Torres”, pp. 39-51.

Análise pormenorizada do pensamento e ideoloxía de Roberto Blanco Torres. No tocante á súa relación coa filosofía pártese da idea de que o cuntiense non ten “sistema”, ó tempo que se incide na orixinalidade coa que presentou as cuestións que lle interesaban. Abórdase tamén a súa concepción da Historia e do progreso e ponse de manifesto o idealismo e o conseguinte rexeitamento do materialismo histórico. Así mesmo préstaselle atención á conexión entre progreso e liberdade e a súa vinculación coa ciencia e a educación. No que respecta ós intelectuais e a política apúntase o acento orteguiano que presentan as súas formulacións, ademais da referencia ó chamamento feito por Blanco Torres para que se rematase coa concepción vulgar da política. A autora do artigo destaca ademais a presencia da relación “poder-conciencia” como o tema que mellor amosa o contido do labor xornalístico e literario do cuntiense.

- Montserrat Bascoy Lamelas e Marga Romero, “A musa alemana”, pp. 52-56.

Reprodúcense as traduccións que fixo Roberto Blanco Torres de poemas pertencentes ós alemáns Detlev von Liliencron e Friederich Hebbel ó tempo que se incide na dimensión creadora que atinxe na man do cuntiense o proceso de traducción destes poemas ó galego.

- Xosé M. Millán Otero, “*Orballo da media noite*: unha poética persoal”, pp. 57-62.

Aproximación á obra poética de Roberto Blanco Torres que Millán Otero comeza apuntando a importancia que tería rescatar e valorar poetas “menores” dos anos vinte como Correa Calderón, Augusto María Casas, Otero Espasandín ou Cándido Fernández Mazas. Seguidamente apóiase en textos xornalísticos para incidir no afastamento da vangarda que nalgunhas ocasións manifestou o autor de *Orballo da media noite* (1929). A propósito deste distanciamento apunta a madrileñización da vangarda europea así como a predominancia nestes poetas da estética por riba da ética, malia que louvou a Rafael Dieste pola conxunción da ambición estética co pensamento e as ideas morais. No que se refire a *Orballo da media noite* cualifica de “inusual” a poética da primeira parte da obra no que analiza a dimensión espiritual e filosófica fronte á segunda parte máis convencional e claramente integrada na tradición galega. Como conclusión anota a posibilidade de situa-la proposta poética de Blanco Torres xunto ó hilozoísmo e o neotrobadorismo, como compromiso entre a tradición e a vangarda posto que ve na súa poesía “un híbrido orixinal, a médio camiño entre as novas promocións e as irmandades”, da que se desprenden tanto o folclore de Cabanillas ou os clásicos latinos como a herdanza simbolista e o futurismo. Remata, sen embargo, cualificando de “estraña” a afinidade filosófica co núcleo conservador do Grupo Nós.

- Antón Capelán, “Os dramas de Ariel: Blanco Torres ante a prensa galega da época”, pp. 63-80.

Trátase o contexto social da profesión xornalística na época na que viviu Roberto Blanco Torres. Ademais repasa a traxectoria xornalística e interpreta a súa entrada en *El Pueblo Gallego* como un feito de

"promoción laboral". Incide tamén noutras cuestións contextuais como a falta de apoio á República que demostrou a prensa galega. Complétase coa concepción blanco torriana do xornalismo apoiada no seu ideario político. A este respecto ponse de manifesto a inadaptación de Blanco Torres ó xornalismo dende a súa chegada de Cuba así como a súa análise da situación de Galicia ou a participación no asociacionismo de xornalistas e escritores.

- Xoán Carlos Garrido Couceiro, "A democracia na Galiza", pp. 80-92.

Afóndase na concepción que Roberto Blanco Torres tiña da democracia segundo o que se desprende das sús opinións ó longo da súa traxectoria xornalística. Neste sentido incídese na idea de que, para Blanco Torres, a democracia esixe unhas condicións sociais que a fagan verificable e para a consecución destas condicións apela mesmo a métodos non democráticos, caso, por exemplo, da restricción temporal do voto feminino e rural. Esta análise inclúe a reflexión sobre o concepto de pobo, o feito diferencial galego ou dereito de autodeterminación.

- Carme Vidal, "En *El Noroeste.* Unha lición de xornalismo na prensa de partido", pp. 93-98.

Analiza a etapa na que Blanco Torres, en 1933, asume a dirección do xornal coruñés *El Noroeste*, órgano do Partido Republicano Radical Socialista. Neste sentido sublíñase o feito de que o xornalista non se limitase a pasar ó papel as ideas do partido ademais das reivindicación que fai da dignificación da vida pública e dunha consciente participación cidadá. Así mesmo resáltase o pulo galeguista que atinxe o xornal coa súa chegada logo do receo que o partido desen mostras do seu rexeitamento ó Estatuto de Autonomía de Galicia.

- X. Enrique Acuña, "En *El País*. Coa terra", pp. 99-104.

Realiza unha aproximación á presencia de Roberto Blanco Torres no xornal pontevedrés *El País* entre 1934 e 1936 facendo fincapé no seu republicanismo, galeguismo e na súa condena do fascismo italiano e do nacional-socialismo alemán.

- Belén Pazos, “Cronoloxía”, pp. 107-110.

Anótanse por anos os episodios máis relevantes da vida de Roberto Blanco Torres.

Recensións:

-A. Estévez, “Blanco Torres, a loita contra ‘a democrácia dos notários”, *A Nosa Terra*, nº 882, “Guieiro Cultural”, 13 maio 1999, p. 25.

Infórmase da aparición do estudio, e informa de que está composto por unha serie de traballos que toman como punto de partida a investigación que Marcos Seixo levou a cabo dentro da asociación “O Meigallo” de Cuntis. Tamén se citan os nomes dalgúns estudiosos que colaboraron no proxecto como, por exemplo, Marcos Valcárcel, Xoán Carlos Garrido, Antón Capelán, Pilar Sanmartín, Monserrat Bascoy ou Marga Romero. A seguir, comenta á obra da explica que fai unha fonda análise “sobre os parámetros éticos, políticos, sociais, nos que se encardina o pensamento de Blanco Torres”. Finalmente, faise referencia á publicación doutros traballos que se achegan á obra de Blanco Torres.
- C. Vidal, “Pilar Pena Bua. ‘A relación entre a conciéncia e o poder definen a Blanco Torres”, *A Nosa Terra*, nº 887, “Guieiro Cultural”, 17 xuño 1999, p. 32.

Céntrase na análise do estudio da profesora Pilar Pena Bua sobre “A modernidade e Roberto Blanco Torres”, incluído nesta publicación. Comenta que se achega ó pensamento filosófico do escritor cuntiense e que presta especial atención á relación da conciencia e o poder. Deste último opina que é un dos aspectos menos tratados nos estudios publicados durante este ano arredor do xornalista. Recolle, ademais, as opinións que a autora deste traballo defende sobre a relación que Blanco Torres mantivo coa relixión, o pensamento ilustrado, o nacionalismo, a educación ou a masonería. Finalmente, menciona todo o labor que aínda queda por facer sobre a obra do escritor.

Alonso Girgado, Luis, Manuel **Regueiro Tenreiro** e Mª Teresa **Monteagudo Cabaleiro**, *Roberto Blanco Torres. Cronobiografía. Escolma de textos. Obra hemerográfica*, Lugo: Federación de Libreiros de Galicia/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), maio 1999, 124 pp. (D. L.: LU-60/1999). ¤

Volume divulgativo que foi distribuído gratuitamente nas librerías galegas o día 17 de maio con motivo da celebración do Día das Letras Galegas de 1999. O primeiro dos catro apartados titúlase “Roberto Blanco Torres: Notas para unha cronobiografía e foi elaborado por Luís Alonso Girgado. Configúrano unha cronoloxía relativa a Roberto Blanco Torres, seguida doutra referente ó contexto cultural e histórico de Galicia nos anos de vida do escritor. O segundo apartado, asinado por Manuel Regueiro Tenreiro, consiste nunha antoloxía de poemas e artigos de Blanco Torres así como unha escolma de textos críticos. Xunto a trece poemas tirados de *Orballo da media noite* (1929), recóllense “Dous toliños” (1907), “Anacos” (1910), “Meus cabalos” (1930) e “Panteística” (1919), publicados en prensa galega e cubana. Ademais, e dentro deste mesmo epígrafe, reprodúcense os seguintes vintecatro artigos e prosas, dous deles sen título: “Ilustres olvidados”, “O rexionalismo galego”, “Nazonalismo”, “Conversas c’un amigo”, “Xornadas”, “O cego da padrenda”, “Divagacións literarias”, “Nós somos aristos”, “A nosa labor”, “Un pueblo que anda”, “En las Rías Bajas”, “Las dos Galicias”, “El odio de la inteligencia”, “Aristas”, “O camiño”, “A obra”, “O derradeiro viaxe”, “Letras gallegas. Poemas del mar”, “O segredo”, “Na República”, “La misión de los gallegos”. No terceiro apartado recóllese unha escolma de textos críticos sobre Roberto Blanco Torres e a súa obra con fragmentos de Arcadio López–Casanova, Román Raña, Marcos Seixo Pastor, Clodio González Pérez, Xoan Carlos Domínguez Alberte, Ricardo Carballo Calero, Ramiro Fonte, Miro Villar e Juan L. Blanco Valdés. O último apartado asínao Teresa Monteagudo e titúlase “Contribución á hemerografía de Roberto Blanco Torres na prensa galega

da emigración". Recóllese nel unha relación de títulos de artigos asinados polo xornalista cuntiense en prensa galega de Cuba, así como algún da propia prensa cubana.

Referencias varias:

-Antón Fraguas Fraguas, "Ó redor das Letras Galegas. Blanco Torres e '*Orballo da media noite*", *O Correo Galego*, "Lecer", 30 maio 1999, p. 30.

Considera un "regalo" todos aqueles libros que nos permiten coñecer mellor a obra dos autores que, como Roberto Blanco Torres, son homenaxeados no Día das Letras Galegas. Cita a este respecto este estudio, e describe as partes nas que está dividido así como dá conta dos nomes dos autores. A seguir, ofrece unha traxectoria biobibliográfica do autor cuntiense. Finalmente reproduce tres composicións poéticas que lle serven para defini-lo escritor homenaxeado como un "magnífico poeta"

Alonso Montero, Xesús e Xosé M. **Salgado** (eds.), *Coroa literaria para Roberto Blanco Torres contra a súa morte*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, abril 1999,109 pp. (ISBN:84-7492-924-5).

Volume dedicado á memoria de Roberto Blanco Torres que, segundo se explica na presentación, ten a súa orixe na petición pública de colaboracións literarias feitas por Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Xosé Mª Dobarro, Salvador García-Bodaño, X. L. Méndez Ferrín, Xesús Rábade Paredes, Xosé M. Salgado e Miro Villar. Divídese en dous grandes bloques, o primeiro dos cales recolle as colaboracións en verso. Trátase de vintenove poemas, todos eles en galego, agás o do madrileño Rafael Morales Barba, que versan sobre o escritor homenaxeado. A súa autoría corresponde a Xesús Alonso Montero, Juan L. Blanco Valdés, Maximino Cacheiro Varela, Xosé Mª Dobarro Paz, Xoán Xosé Fernández Abella, Modesto Fraga, Lucía Galego Vázquez, Salvador García-Bodaño, X. C. Gómez Alfaro, Bernardino Graña, X. L. Méndez Ferrín, Xoan Neira, Xosé Neira Vilas, Santiago Novo, Xosé Carlos O' Framinor, Andrés Pociña, Luz Pozo Garza, Xesús Rábade Paredes, Maxi Rey, Xosé M. Salgado, Gregorio San Juan, Maximino Sanmartín Sobrino, Luís Andrés Serrallé Marentes, Antonio Tovar, Joaquim Ventura, Clementina Vidal, María Dolores Aurora Vidal Caramés e Miro Villar. Baixo o epígrafe "Textos en prosa", recóllense catorce colaboracións heteroxéneas que, con diversidade de formulacións, oscilan entre o texto de homenaxe e o relato curto. Finalmente, como anexo, ofrécense en facsímile as anotacións manuscritas, que Ramón Otero Pedrayo fixo nas marxes do apartado que a Roberto Blanco Torres se lle dedica na *Historia da Literatura Galega* (1951), de Benito Varela Jácome. A continuación, descríbense os catorce textos citados.

- Manuel Álvarez Torneiro, "Unha flor máis", p. 73. Colaboración concibida como homenaxe para Roberto Blanco Torres e na que lembra as vítimas da "barbarie fascista", que "algúns aínda tratan de cubrir coa néboa do esquezo". Manifesta por iso a súa

atención, respecto e memoria ó xornalista de Cuntis, ó tempo que fai referencia ás figuras de Ánxel Casal, Bóveda e Díaz Baliño.

- Borobó, “Anaco urxente”, pp. 75-76.

Apunta a “estela” que o primeiro apelido de Roberto Blanco Torres deixou no xornalismo español e cre que nun diccionario bibliográfico dos xornalistas galegos, quizais fose o apelido Blanco o máis destacado, tanto polo número dos seus posuídores coma pola valía destes. Cita por iso a Manuel Blanco Tobío, a quen considera “o mellor xornalista español do noso tempo”. Así mesmo, nomea a Luís Blanco Vila, Blanco Campaña, e a Blanco White, malia non ser galego este último.

- Luís Bugarín Pereira, “Sen título”, pp. 77-81.

Historia ambientada na guerra civil e que reproduce o medo de dous fuxidos que se agochan nunha mina e que reciben a axuda e o consello dun amigo, afín ó bando dos nacionais, para que fuxan lonxe. O relato recolle con tensión os sentimentos dos tres personaxes nos que aparece remarcado o medo, a incerteza do destino e un sentimento de amizade que permanece por riba das diferencias ideolóxicas e das circunstancias políticas.

- Isaac Díaz Pardo, “Sen título”, p. 83.

Contrapón a recuperación da memoria de Roberto Blanco Torres co esquecemento dos seus asasinos e considera que o único que estes conseguiron foi converte-lo escritor “nun abandeirado da causa da liberdade,

nun profeta dos novos tempos". Neste sentido, remite á cita de Tertuliano, "Do sangue dos mártires nascen os crentes" e á de Castelao "Non enterran cadavres, enterran semente".

- Xosé Gregorio Ferreiro Fonte, "Os epigramas de *Correo Literario*", pp. 85-87.

En referencia á publicación *Correo Literario*, de Bos Aires (1943-1945), ve nesta revista un reflexo da imaxe "dunha Galicia que puido ser e non foi por mor dun monstro que, en forma de guerra, devorou homes e fanou vontades". Céntrase de seguido nos epigramas de temática literaria ós que se lle deu cabida na revista e reproduce para exemplificalos nove composicións de Juan Iriarte y Cisneros, Marco Valerio Marcial, Leandro Fernández de Moratín, Mesonero Romanos, Miguel Moreno, o conde de Villamedina, Pablo de Jerica e L. Martínez Villergas.

- Antón Grande, "Relacións de sociedade", pp. 89-90.

Neste relato curto, un mozo narra como, na primeira visita que fai á casa da súa moza María, descobre que o seu futuro sogro é falanxista. Inmediatamente, venlle á memoria o tío Pepe, que tivo que fuxir ó monte no ano 36 e que foi asasinado dous anos depois, e decide non volver ver nunca máis a súa moza.

- Clemente López Leizán, "Hoc Roberto Blanco Torres, in perpetuum nobiscum", p. 91.

Relato curto no que se contrapón a imaxe dos lobos e dos corvos, representando a morte, coa do quetzal, símbolo de liberdade. Segundo o narrador, o espírito desta ave permanecerá "mentres haxa unha pinga de sangue nas nosas veas ou un sopro de aire no noso peito".

- Inma López Silva, "Sol feito orballo", pp. 93-94.

A protagonista deste relato curto lembra dende a vellez o día en que ía casar e viñeron busca-lo seu noivo para "pasealo". Lembra así como o levaron os que noutrora foran nenos e mudaron os pés descalzos polas botas elásticas e os xerseis de lá polas camisas azuis. A lembranza está marcada pola dor da perda, pola soidade e polos anceios, nunca satisfeitos, de vi nganza.

- Esperanza Mariño Davila, "Noite de circo", p. 95.

No marco dun colexio de frades nos anos sesenta, un narrador omnisciente en terceira persoa relata unha estampa marcada polos castigos físicos, a falta de liberdade e contacto co exterior e mesmo os abusos sexuais.

- Asociación Cultural O Meigallo, Cuntis, "Epitafio", p. 97.

Lembranza de Roberto Blanco Torres marcada pola evocación dos espacios do Baño, Sebil, A Ulla e O Salnés, así como polos castiñeiros do Amido, á sombra dos cales atopaba inspiración a pena do autor.
- Antonio Piñeiro, "O castigo silenciado", pp. 99-100.

A crueza do drama de Kosovo faille revivi-la memoria dos feitos ocorridos en Galez que culminaron co asasinato de Roberto Blanco Torres. Apoiándose na memoria colectiva de Gález, lugar onde sucederon os feitos, recrea o episodio da fuxida dun dos homes que ía preso canda o escritor de Cuntis e a posterior execución deste, do ebanista e do escribiente que o acompañaban. Reflexiona tamén sobre "a cruz e o castigo silenciado" que tivo que sufrir cada día e cada noite o anónimo asasino.

- Xesús Redondo Abuín, "Oda a Roberto Blanco Torres e a todos os demais", p. 101.

Reflexión sobre a morte de Roberto Blanco Torres, na que se parte da idea de que “a friaxe do mundo ten un nome: plusvalía”. Alude despois ó millón de víctimas da guerra civil e cre que non os mataron por malas persoas, senón “para escarmentar”. Neste sentido, considera que Blanco Torres morreu por intelectual, por republicano e por revolucionario.

- Olivia Rodríguez González, “Roberto Blanco Torres, escritor sen sombras”, pp. 103-104.

Realiza unha síntese breve da traxectoria xornalística de Roberto Blanco Torres e pon de relevo o seu dominio do oficio, así como a súa defensa da liberdade de expresión. No tocante a *Orballo da media noite* (1929), entende que esta obra achega a rehumanización da vangarda á literatura galega. Cita o influxo de Unamuno, Walt Whitman, Virxilio, Lucrecio, Curros, Rosalía de Castro, Valle-Inclán, Antonio Machado, Jorge Guillén ou Pedro Salinas. Tamén considera que a reedición da súa obra poética nos devolve un poeta esencial e desexa que sexan publicados e republicados os seus artigos para coñece-la súa palabra e aprender del.

- Marcos Valcárcel, “Día das Letras Galegas”, pp. 105-106.

Dende a óptica dun neno, recréase neste relato curto a clase dedicada polo profesor a Roberto Blanco Torres, na que se pon de relevo o compromiso deste autor cos emigrantes e cos desposuídos, así como o seu asasinato e o de tantos outros, que apareceron xacentes nos foxos do país.

Referencias varias:

- Borobó, “De Blanco Torres a Blanco Tobío”, *A Nosa Terra*, nº 880, “Guieiro Cultural”, 29 abril 1999, p. 36.

Despois de confesar que a súa participación no volume responde só a unha obriga, dá conta da súa decisión de escribir sobre outros xornalistas galegos que teñen en común co homenaxeado o feito de se apelidar Blanco. Deste xeito, fala de Eduardo Blanco Amor, coetáneo do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Destaca, así mesmo, a figura de Manolo Blanco Tobío, autor ó que compara tamén con Blanco Torres. Comenta, ademais, algúns aspectos da vida do xornalista de Lérez. Por último, salienta o desexo de Blanco Tobío de cede-la súa biblioteca ó instituto no que estudiou de novo.

- Xesús Alonso Montero, “Cita no quilómetro 67”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 14 maio 1999, p. 16.

Fai referencia ó encontro organizado polo propio Alonso Montero e outro grupo de escritores para homeaxear a Roberto Blanco Torres no punto quilométrico no que apareceu morto e cita os actos previstos no devandito encontro, como son un recital poético e unha ofrenda floral. A seguir, anuncia á presentación na Biblioteca Pública de Entrimo do libro do que informa brevemente dos seus contidos e nomea os colaboradores que formaron parte do volume.

Barreiro Fernández, Xosé R., X. L. **Méndez Ferrín**, Mario **Blanco Fuentes**, Juan L. **Blanco Valdés**, Isaac **Díaz Pardo**, Francisco **Fernández del Riego**, Marcos **Seixo Pastor**, X. M. **Dobarro**, Xosé **Neira Vilas**, Arcadio **López Casanova**, Miro **Villar** e Ramón **Nicolás Rodríguez**, *Roberto Blanco Torres. Vida e obra. Actas das Xornadas de Cuntis*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, 1999, 103 pp. (ISBN: 84-8302-375-X).

Inclúense neste libro trece relatorios lidos nas xornadas celebradas os días 18 e 19 de setembro de 1998 baixo o patrocinio do Concello de Cuntis e a coordinación de Xesús Alonso Montero. Describimos a continuación cada unha das colaboracións.

Xosé Ramón Barreiro Fernández, "O Mapa político de Galicia antes do 18 de xullo", pp. 7-13. Describe o panorama político en Galicia tralas eleccións de abril de 1931 e advirte das cautelas con que cómpre aproximarse ós datos electorais da época en vista da forte presencia do caciquismo e da natureza dun sistema electoral ideado para favorece-las grandes coalicións. Así mesmo achégase á reorganización da dereita política do momento e fai fincapé na incapidade da República para consensuar un modelo socioeconómico e político de República debido á coexistencia de dúas opcións, unha liberal progresista e outra que apostaba pola revolución social.

X. L. Méndez Ferrín, "Os escritores galegos na Segunda República", pp. 15-21.

Comeza por enumerar algunhas características comúns ós escritores galegos do tempo da Segunda República. Así, cita a orixe nunha pequena burguesía ilustrada, a concepción de Galicia como nación, a vinculación previa co agrarismo, o compromiso coa reivindicación histórica de Galicia, a ausencia do arredismo, o liberalismo progresista con tendencia á dereita e o laicismo. A continuación, detense nalgunhas

distensións internas no seo do nacionalismo galego para pasar a centrarse na ideoloxía de Roberto Blanco Torres, da que salienta a súa coherencia así como o laicismo e o antimilitarismo ó lado da asunción do bloque ideolóxico do nacionalismo. Pregúntase de seguido sobre unha posible filiación masónica do xornalista cuntiense en base ás semellanzas do tratamento de Deus co Grande Arquitecto do Universo dos masóns. Repara finalmente nunha defensa do idioma máis contundente cá de moitos afiliados ó Partido Galeguista.

- Mario Blanco Fuentes, “Roberto Blanco Torres: o home na memoria da familia”, pp. 23-28.

Blanco Fuentes, sobriño de Roberto Blanco Torres, relata algunhas anécdotas sobre o seu tío apoiándose na memoria familiar e relativas, entre outros aspectos, ó seu nacemento, casamento ou á vila de Cuntis no tempo no que viviu o escritor.

- Juan L. Blanco Valdés “Roberto Blanco Torres polos seus contemporáneos”, pp. 29-34.

Logo de subliña-lo compromiso cívico de Roberto Blanco Torres e a súa integridade, rastrexa algunhas impresións da época, como a de Francisco Luís Bernárdez, Basilio Álvarez, Jacinto Santiago, Alfonso Camínou Xerardo Álvarez Gallego. Tenta achegarse así á personalidade e carácter do escritor, apuntando algúns aspectos como o descoido en todo o material biográfico publicado, o desleixo material, a seriedade e mesmo a rixidez así como a vitalidade e afabilidade.

- Isaac Díaz Pardo, “Os periodistas que padeceron a historia”, pp. 35-37.

Inscribe o interese por recupera-la memoria de Roberto Blanco Torres nun proxecto máis amplo de recuperación doutros periodistas dos que non se sabe nada, a pesar do seu importante número de publicacións. Alude tamén á resistencia que había na Real Academia Galega a escoller escritores inmolados

para homenaxear. Lembra, a continuación, unha nómina de ata dezaseis xornalistas inmolados na que inclúe, entre outros, a Johán Carballeira, Jacinto Santiago,Víctor Casas e Xaime Quintanilla.

- Francisco Fernández del Riego, “Memoria dun gran escritor e bo amigo”, pp. 37-39.

Lembra o acto de propaganda a prol do Estatuto Galego, que se celebrou no Teatro Álcazar de Madrid e que estivo presidido por Roberto Blanco Torres. Tamén se detén no comentario da súa obra *Orballo da media noite* (1929), da que destaca a súa arela panteística e o carácter representativo-simbólico da súa linguaxe. No tocante ó panteísmo, detecta concomitancias con Teixeira de Pascõaes e no aspecto “satíricorechineiro”, con Cabanillas.

- Marcos Seixo, “Blanco Torres no *Galicia. Diario de Vigo*”, pp. 41-46.

Logo de citar *La Zarpa* e *Galicia* como os xornais que máis marcaron a Roberto Blanco Torres dende o punto de vista persoal e profesional, ofrece unha breve historia do xornal vi gués, facendo especial fincapé nos desafíos que lle fixo á censura de Primo de Rivera. Remata reproducindo o artigo que o xornalista de Cuntis escribiu en latín na sección “Entre paréntesis” deste xornal para esquiva-la censura.

- Marcos Valcárcel, “A figura de Roberto Blanco Torres no xornalismo ourensán”, pp. 47-56.

Panorámica da participación de Roberto Blanco Torres na prensa ourensá que comeza coa referencia á concepción que o autor tiña do xornalismo como empresa chamada a axitar conciencias. Alude a continuación á presencia no xornal *Juventud* para pasar a centrarse en *La Zarpa*. Ofrece un cómputo da presencia do cuntiense neste xornal e, logo de aludir ás referencias literarias, detense nas liñas máis recorrentes dos artigos de temática política: a oposición á dictadura, a defensa da democracia, a loita contra

o caciquismo, a solidariedade cos labregos ou a defensa da causa galeguista. Do mesmo xeito, fai fincapé na súa etapa en *La República*, xornal que demostra a relevancia de Blanco Torres no republicanismo ourensán e na que se poñen de relevo a crítica ó caciquismo e ó monarquismo, os ataques ós bispos comprometidos co Antigo Réxime ou a loita contra o analfabetismo. Na parte final do artigo ocúpase de *Nós* e *Heraldo de Galicia*, xornal este último que expresa a coincidencia coas liñas centrais da argumentación galeguista.

- X. M. Dobarro, “Roberto Blanco Torres na prensa da emigración”, pp. 57-63.

Céntrase na etapa e nas colaboracións de Roberto Blanco Torres na prensa da emigración e afirma que o concibe máis como escritor, que como xornalista ou xornalista político. Esta aproximación á súa etapa cubana e outros textos sobre a emigración, sérvenlle para para relativiza-la vinculación de Blanco Torres con Ramón Cabanillas e Basilio Álvarez. Tamén se detén na discrepancia que o escritor de Cuntis tivo coa dirección do Centro Galego e préstalle atención ás súas colaboracións na prensa de Montevideo, marcadas pola defensa da cultura galega, da República e do galeguismo.

- Xosé Neira Vilas, “Ámbito cubano de Roberto Blanco Torres”, pp. 65-68.

Céntrase na etapa cubana de Roberto Blanco Torres esbozando previamente o ambiente cultural e social que na Cuba do momento viviron os galegos emigrados e alude ademais ó influxo que Curros Enríquez debeu de exercer no escritor. Refírese tamén á tertulia que se celebraba no café “La puerta del Sol”, conocida como “A cova céltiga”, pola semellanza coa da Coruña e na que pode que se forxase Blanco Torres a carón de Cabanillas, Vilar Ponte, Armada Teixeiro ou Xulio Sigüenza, entre outros. Pola efervescencia socio-cultural da illa caribeña naquel tempo considera Neira Vilas que estes anos deberon ser definitorios para Blanco Torres e “para a súa exemplar conducta posterior”.

- Arcadio López-Casanova, “Roberto Blanco Torres e a poesía do seu tempo”, pp. 69-77.

Analiza a poesía de Roberto Blanco Torres coa referencia ó marco da lírica do seu tempo, desmarcándose explicitamente dos esquemas positivistas ou de determinismos históricos. Para isto sitúase nos “signos epocais da modernidade” de 1916-1936 e centra a súa análise no agromo dunha nova poética de ruptura sostida por “unha moi coherente e poderosa unidade xeracional” integrada, entre outros, por Augusto Casas, Amado Carballo, Manuel Antonio, Luis Pimentel e Bouza Brey, entre outros. Dentro desta unidade coloca López-Casanova a Blanco Torres e perfila a súa situación nela caracterizando a súa obra pola brevidade, a singularidade e a unidade, ó tempo que establece tres liñas básicas caracterizadas respectivamente polo esteticismo, o esencialismo telúrico e a (des)harmonía social. Revélase, deste xeito a orixinalidade e o carácter anticipador da poética do cuntiense.

- Miro Villar, “Sobre *Orballo da media noite* de Roberto Blanco Torres”, pp. 79-87.

Comeza por describi-lo corpus poético de Roberto Blanco Torres coa referencia á obra dispersa e ás traduccións, proseguindo cun repaso pola recepción que revela que *Orballo da media noite* (1929) foi un dos libros que máis entusiasmo xerou na súa época. Prosegue coa achega á estructura e a temática para o cal opta por sinalar algúns microtemas latentes debaixo das dúas grandes liñas (filosófica e civil) anotadas dende as primeiras recensións, concordando, asemade, coa extendida opinión que apunta falta de orixinalidade e perda de potencia lírica na segunda. Así como cita algunhas liñas temáticas como o amor, a dor cósmica da patria ou o sentimento dramático do pobo. Continua cun estudio dos recursos estilísticos e da métrica, no que, ademais de apuntar unha gran plurixenesia formal, incide na preponderancia do verso medido que contradí a pretendida escasez de preocupación musical. Conclúe cunha caracterización da lingua no que lembra o posicionamento etimoloxista do autor no debate ortográfico do momento. Ademais resalta o carácter innovador do léxico así como a presencia numerosa de latinismos.

- Ramón Nicolás, “A recepción da poesía de Roberto Blanco Torres”, pp. 89-101.

IV.2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos sobre Roberto Blanco Torres

Realiza un seguimento da recepción de *Orballo da media noite* (1929) referíndose por unha parte ás recensións en prensa e revista, e pola outra a breves comentarios da época. Noutro bloque parte das referencias de Fernández del Riego, Couceiro Freijomil e Varela Jácome en 1951 para seguir ata a o acordo de lle dedicar a Roberto Blanco Torres o Día das Letras Galegas de 1999. Así mesmo, detense na presencia da súa poesía en antoloxías. Finalmente conclúe indicando o limitado interese que en xeral suscitou a producción poética do cuntiense e atribúelle este esquecemento á exigüidade do publicado ou á "dinámica silenciosa" do sistema literario galego trala guerra civil.

Blanco Valdés, Juan L., *Roberto Blanco Torres*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. A Nosa Memoria, nº 20, febreiro 1999, 123 pp. (ISBN: 84-453-2773-3). ¤

Volume centrado na figura de Roberto Blanco Torres que comeza co apartado “A súa vida” no que Juan Luis Blanco Valdés aborda de maneira sucinta o decorrer vital do autor de Cuntis, do que apunta o dobre compromiso, ético e estético, ademais aproveita para expresar que concibe esta obra como “breve síntese” do contributo de Roberto Blanco Torres á reconstrucción da vida pública, da cultura e das letras de Galicia. O apartado central é o titulado “Biografía” no que se abordan os momentos máis significativos da vida do escritor cuntiense dende a súa infancia en Cuntis en 1891 ata o seu asasinato en 1936. A este percorrido biográfico engádeselle unha escolma de textos poéticos e xornalísiticos da autoría do biografado. Recóllense así nove poemas, algúns deles glosados ou anotados por Blanco Valdés, pertencentes seis deles ó libro *Orballo da media noite* (1929) e os tres restantes publicados en 1911 en *Galicia*, de La Habana (“Foguetes”) e, en 1930, en *A Nosa Terra* (“A Manuel Antonio”) e *Nós* (“Meus cabalos”). A outra parte da escolma intégrana a prosa “O derradeiro viaxe”, publicada en *Nós* en 1927 e nove artigos xornalísticos (“La literatura gallega”, “Nós somos aristos”, “A obra”, “O segredo”, “La nueva generación literaria gallega”, “La unificación ortográfica del idioma gallego”, “El dilema político de España” e “Sobre el patriotismo”). Péchase a obra cunha “Bibliografía básica”.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “O compromiso ético e estético de Blanco Torres”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 102, 17 abril 1999, p. 4.

Despois de salientar algúns aspectos externos da obra como o feito de que a edición do libro correse a cargo da Xunta de Galicia, salienta que a finalidade da obra tivo como principal obxectivo "contribuir a un maior coñecemento de Roberto Blanco Torres". Apunta, a seguir, algunhas das ideas que J. L. Blanco Valdés expón no seu traballo sobre o pensamento do xornalista cuntiense. Finalmente, ofrece unha breve descrición da estructura dos diferentes apartados que presenta a obra.

Referencias varias:

- AGN, "Publicación de un libro sobre Blanco Torres", *Diario de Pontevedra*, 19 abril 1999, p. 38.

Fai referencia á publicación do libro a cargo da Xunta de Galicia e ofrece un breve resumo do contido da obra. Finalmente repasa moi brevemente a biografía de Roberto Blanco Torres.

Blanco Valdés, Juan L., X. M. **Núñez Seixas**, Ramón **Nicolás Rodríguez** e Marcos **Valcárcel**, *Roberto Blanco Torres. Xornadas de alerta e agonía*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Letras Galegas, 1999, 109 pp. (ISBN: 84-8302-356-3).

Conxunto de cinco artigos centrados na vida, obra e pensamento político, que se describen nas seguintes liñas:

- Juan L. Blanco Valdés, “Roberto Blanco Torres. Cronoloxía”, pp. 7-22.

Cadro cronolóxico dos episodios máis significativos da vida e obra de Roberto Blanco Torres atendendo paralelamente a outros acontecementos destacados na cultura, política e literatura galegas.

- Xosé M. Núñez Seixas, “O Contexto sociopolítico de Galicia no tempo de Blanco Torres”, pp. 23-55.

Prestáselle atención ó histórico e social nos anos de vida de Roberto Blanco Torres con especial incidencia no fenómeno migratorio, na forza do agrarismo no seu momento, así como na modernización da prensa como reflexo do novo dinamismo cobrado polas cidades na segunda década do século XX. Detense de maneira especial no complexo mapa político na Segunda República e nos momentos previos.

- Ramón Nicolás Rodríguez, “A obra literaria de Blanco Torres e a súa fortuna crítica”, pp. 57-84.

Leva a cabo un seguimento comentado da recepción das obras *Orballo da media noite* (1929) e *De esto y de lo otro* (1930), de Roberto Blanco Torres. Principia por resalta-lo feito de que a singular dinámica do sistema

literario galego, xunto coa análise das figuras canonizadas puido levar ó descoido das achegas de autores que levaron a cabo un labor menos popularizado. Logo de se referir ás referencias aparecidas no tempo de publicación de ámbalas dúas obras, realiza un percorrido a través do tempo polas historias da literatura, referencias na prensa e antoloxías. Advirte finalmente un limitado interese pola súa obra poética sobre todo dende o punto de vista diacrónico.

- Marcos Valcárcel, "Roberto Blanco Torres no xornalismo galego", pp. 85-104.

Ofrece unha panorámica da traxectoria xornalística de Roberto Blanco Torres logo de se resalta-lo feito de que o cuntiense fose o único en figurar con responsabilidade directa nos tres grandes xornais da época: *La Zarpa*, *Galicia* e *El Pueblo Gallego*. Neste percorrido detense de xeito particular nas claves temáticas das colaboracións nas etapas da dictadura de Primo de Rivera e a Segunda República. Así, cita a loita contra a Dictadura de Primo de Rivera, a defensa da democracia e da legalidade republicana, a solidariedade co mundo do campesiñado, a defensa da causa galeguista ou os ataques a Portela Valladares. Refírese tamén a algúns artigos de temática literaria así como á colaboración en revistas culturais e poéticas como *Gaceta de Galicia* ou *Cristal*. Logo de cita-las notas de viaxe sobre Vigo alude ó seu labor continuado na prensa da emigración así como á gran relevancia que tivo o xornalismo de Blanco Torres fóra de Galicia.

- Juan L. Blanco Valdés, "Bibliografía sobre Roberto Blanco Torres", pp. 105-109.

Bibliografía composta por corenta e seis referencias de artigos, recensións e manuais sobre Roberto Blanco Torres.

Recensións:

-A. R., “Dos contextos da escrita”, *Tempos Novos*, nº 24, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, maio 1999, p. 67.

Comenta que este volume recolle cinco traballos de diversa fasquía sobre a vida e obra do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas 1999. A seguir, sinala que dous deles son da autoría de Juan L. Blanco Valdés, que achega unha sipnótica “Cronoloxía” e unha “escolleita” “Bibliografía” de Blanco Torres. Así mesmo, indica que a estes dous traballos acompáñanos os artigos de Xosé Manuel Núeñz Seixas, Ramón Nicolás e Marcos Valcárcel. Trátase, na opinión do articulista, de “Contextos de escrita e de vida, con-textos para entender”.

- Xosé Manuel Freire, “Unha visión compacta e doada”, *Guía dos libros novos*, “Letras galegas 1999”, nº 7, maio 1999, p. 22.

Despois de apunta-las obras que deixou publicadas Roberto Blanco Torres, céntrase nesta publicación, da que salienta o feito de que sexa Edicións Xerais, como cada ano, quen tire do prelo un estudio feito por especialistas en literatura e historia, con motivo do Día das Letras Galegas. A seguir, ofrece un resumo do contido de cada unha das colaboracións incluídas neste volume e finalmente, ofrece brevemente unha crítica positiva da obra á que cualifica de fácil lectura pero rigorosa e que “nos ofrece unha visión compacta e sólida” da figura de Roberto Blanco Torres.

Cid Cabido, Xosé (coord.), *Roberto Blanco Torres 1891-1936. Unha fotobiografía*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1999, 173 pp. (ISBN: 84-8302-370-9). .

Da man de Juan L. Blanco Valdés ofrécese un percorrido fotográfico por algunhas das etapas máis significativas de Roberto Blanco Torres que se acompaña de documentos, algúns deles autógrafos, así como de distintos recortes de prensa relacionados dun ou doutro xeito coa pluma do autor. Este material aparece agrupado nos seguintes bloques: “1891-1996. As orixes. Cuntis”, “1907-1916. Bohemia e a aprendizaxe. A Habana”, “1917-1923. A volta. Os anos de Irmandades e o achegamento a Ourense”, “1924-1927. A cidade atlántica”, “1928-1930. Orballo da media noite sobre a terra endormiñada. A Peroxa”, “1931-1936. A hora nova”, “Epílogo. 1936-1999”. Complétase esta colección fotográfica e documental cunha cronoloxía e coas catro colaboracións que a continuación se describen:

- Francisco Fernández del Riego, “Memoria dun grande escritor e bo amigo”, pp. 9-13.

Lembra en primeiro lugar o acto celebrado no Teatro Alcázar de Madrid a prol do Estatuto de Autonomía baixo a presidencia de Roberto Blanco Torres. A continuación céntrase na súa poesía, cultivada “con inspiración e sensibilidade” e ve en *Orballo de media noite* (1929) por unha parte a trascendencia do anceio de liberdade e pola outra o refugo do vicio e do convencionalismo mentireiro. Alude ademais ó fondo moderno desta poesía así como á presencia de certo acento unamuniano.

- Xosé Manuel Núñez Seixas, “A dimensión política de Roberto Blanco Torres”, pp. 137-154.

Achégase á andaina político-xornalística e considera que con ela se sintetiza en boa medida a traxectoria do que foron as correntes progresistas da esquerda republicana non obreira no noso país ó longo do primeiro tercio do século XX. Alternando coa contextualización histórica e social, fai fincapé na etapa da emigración e nos primeiros contactos de Roberto Blanco Torres co agrarismo e posteriormente o ambiente de mobilización a cabalo entre o medio rural e o urbano no que se mergulla. Céntrase tamén na evolución de Blanco Torres dentro do panorama galeguista así como no espertar da súa compoñente republicana a partir de 1923. No tocante ás causas que o levaron a deixar de se-lo galeguismo o factor determinante da súa militancia política, apunta Núñez Seixas a falta de artellamento unificado do nacionalismo en 1930-31 ata o exemplo de varios galeguistas republicanos "que optaron pola vía posibilista e ingresaron na ORGA". Achégase tamén ó mapa político da Segunda República así como á concepción que Blanco Torres tiña da democracia.

- Marcos Valcárcel, "Roberto Blanco Torres, a forxa dun xornalista rebelde", pp. 155-162.

Unha vez situada a figura de Roberto Blanco Torres no conxunto do xornalismo republicano da Galicia depreguerra, refírese á etapa cubana e nela salienta a importancia do encontro con Basilio Álvarez pero sobre todo a impronta deixada por Curros. Detense a continuación no compromiso republicano e no seu posicionamento galeguista e pon de relevo a súa colaboración na prensa de Madrid e Barcelona. Logo de subliñar esta faciana da súa obra considera que sería interesante investigar máis a fondo cál foi a imaxe que deu a Galicia dos anos trinta no conxunto de España polo papel relevante que debeu desenvolver Blanco Torres neste sentido. A parte final do artigo completa a panorámica cos seus nomeamentos como gobernador civil de Palencia e Xefe do Gabinete de Prensa e a súa posterior execución.

- Claudio Rodríguez Fer, "O poeta paseado", pp. 163-169.

Colaboración centrada na execución de Roberto Blanco Torres que comeza co apunte sobre a expresión "dar paseo" ou "pasear" e sitúa este termo, citando a Rafael García Serrano, no contexto gangsteril do Chicago dos anos vinte. Sobre as razóns que conduciron ó crime que acabou coa vida do escritor, pensa Rodríguez

Fer que malia non semella-lo seu único poemario o verdadeiro motivo para o "paseo", na súa obra se poden atopa-los verdadeiros motivos ó ser esta unha lírica confesional e pensativa na liña de Unamuno. Detense por un momento na estratexia do terror deseñada por Mola, Franco e Queipo de Llano e prosegue apuntando que foron responsables indirectos da morte de Blanco Torres aqueles sectores da sociedade a quen denunciara no poema "iniquidade" e considera que foi víctima do semifeudalismo, do militarismo e do clericalismo, que Castelao consideraba como as tres peores pragas.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Fotobiografía do poeta e xornalista de Cuntis", *Faro de Vigo*, *"El Sábado*", nº 106, 15 maio 1999, p. 4.

Dáse conta da aparición da obra, da que salienta a importancia do "abundante material gráfico" que se recolle neste estudio para ilustra-la vida do xornalista de Cuntis. A seguir, detense na descrición dos apartados que conforman o volume como son a introducción feita por Francisco Fernández del Riego, a cronoloxía que permite coñece-las datas máis importantes da vida de Roberto Blanco Torres, o extenso apartado gráfico e o epílogo. Finalmente, cita as colaboracións dos autores que participaron na obra como son Xosé Manuel Núñez Seixas, Marcos Valcárcel e Claudio Rodríguez Fer.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos, *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética. Estudio crítico e escolla poética*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 117, febreiro 1999, 239 pp. (ISBN: 84-89896-44-5).

Segundo anuncia o autor no limiar, o obxectivo do estudio é o de reconstruír unha figura humana e intelectual de Roberto Blanco Torres, caracterizada pola coherencia e o rigor logo de conxuga-los datos dun perfil biográfico e a interpretación crítica da obra literaria. Comeza pois con "algúns apuntamentos vitais" e prosegue coa actividade do xornalista, facendo fincapé na variedade temática, na pulcritude do estilo e na actualidade da súa pluma. O apartado "O escritor e a literatura do seu tempo" confórmao unha triple visión consistente na achega á súa obra poética a partir do tratamento do propio Domínguez Alberte, das opinións de Blanco Torres como teorizador e da recepción da crítica. Así, apúntase xa a dimensión simbólica da poesía de Blanco Torres con cadanseu lado positivo e negativo ben reflectido nun esquema. Nunha "posible adscrición" dáse por bo o termo "Época Nós"e descártase a filiación vangardista do autor. Na análise de *Orballo da media noite* (1929) mergúllase con detención no reflexo de ecos procedentes, entre outros, de Bergson, Nietzsche, Platón ou Spinoza. No tocante á estructura detecta unha intensificación emocional que alcanza o cénit no derradeiro poema. Polo que se refire ós contidos apóiase nas dúas partes do poemario, a través do tratamento da metafísica trascendente, a cosmoloxía, a ética, a harmonía imitativa da natureza, a dúbida relixiosa, o amor, Galicia e o seu estado, etc. Logo dun seguimento do "símbolo como elemento clave na composición de *Orballo da media noite*, realiza un estudio lingüístico que dá paso a unha escolla poética. Nela inclúe a totalidade das composicións de *Orballo da media noite*, once poemas publicados en prensa (sete en galego e catro en castelán) así como a traducción do alemán de catro poemas feitas por Blanco Torres. Conclúe o libro coa copia dalgúns documentos persoais do autor.

IV.2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos sobre Roberto Blanco Torres

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Blanco Torres, un escritor de firme pulso ético”, *Faro de Vigo,* “*El Sábado*”*,* nº 100, 15 maio 1999, p. 4.

Valórase o estudio desta obra por ofrecer unha rica vi sión contextualizadora do momento que lle tocou vivir ó xornalista cuntiense, así como por amosar un minucioso seguimento do pensamento e do labor literariodeste escritor. É cualificada como unha “brillante reconstrucción (...) na que son definitorias a ética, o rigor e a coherencia” e coméntase a súa estructura en dous grandes apartados. Tamén se sinala que contén un “colofón”, no que se inclúen diferentes documentos vitais de Roberto Blanco Torres, e ofrécese unha somera visión da traxectoria investigadora de Domínguez Alberte.

-Xulio Valcárcel, “Roberto Blanco Torres, a postulación da ética”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 16 maio 1999, p. 9.

Despois de referirse o libro como un “exhaustivo traballo”, ofrece unha traxectoria biobibliográfica sobre autor homenaxeado. Así, dá conta dos xornais nos que colaborou e analiza o seu estilo xornalísico do que salienta “a súa prosa aguzada e crítica”. Lembra algúns acontecementos fundamentais da súa vida, como o duelo con Ramón Fernández Mato, ou o seu desterro ás terras da Peroxa. A seguir, fai lembranza dos seus cargos políticos e reflexiona sobre a relevancia da súa preocupación ética concibida como ferramenta indispensable para erradica-la inxustiza. Finalmente, valora positivamente a elección desta homenaxe.

- M. Quintáns S., “Roberto Blanco Torres”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 23 maio 1999, p. 6.

Tras unha breve reflexión sobre a polémica que nalgúns casos rodea a elección do homenaxeado no Día das Letras Galegas, M. Quintáns ofrece a súa opinión sobre a obra a que valora positivamente, pois cre que este non é un libro do que o seu autor puidera quedar "en absoluto insatisfeito". Tamén destaca o "rigor" e a "minucia" que tivo o autor ó elabora-lo traballo. Finalmente eloxia o acerto que, dada a importancia do traballo, tivo Edicións Laiovento ó decidir publicalo "na súa espléndida sección Ensaio".

- F. Martínez Bouzas, "Roberto Blanco Torres, a pulsión ética", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 63, 27 maio 1999, p. 8.

Analiza o estudio e preséntao como a "máis nutrida e farturenta das aparecidas ata o de agora". Sinálase, así mesmo, o carácter non oportunista que, a diferencia doutros, define ó citado estudio. O traballo introductorio aparece cualificado de "excelente", destacándose ademais o coidado e fidelidade con que se fixo a edición dos textos de *Orballo de media noite* (1929). Tamén valora positivamente os documentos que aparecen recollidos no estudio e que fan referencia a diversos momentos da vida do escritor de Cuntis. Finalmente, o libro defínese como "unha obra moi completa, informadora e interpretativa".

-Armando Requeixo, "Radioscopia de Blanco Torres", *Tempos Novos*, nº 24, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", maio 1999, p. 67.

Breve comentario centrado no libro, do que se resalta que é un dos estudios máis documentados, rigorosos e exhaustivos sobre a figura de Roberto Blanco Torres.

- Román Raña, "Unha edición exemplar", *Guía dos Libros Novos*, "Letras galegas 1999", nº 7, maio 1999, p. 21.

Despois de facer unha valoración positiva polo feito de que se recupere a figura de Roberto Blanco Torres, que dende o seu punto de vista, se trata dun autor inxustamente esquecido, presenta esta nova publicación sobre o autor cuntiense, da que insiste na particularidade de que non se trata dunha obra escrita con fins comerciais, senón que é unha coincidencia editorial, pois o libro xa estaba escrito con anterioridade. A seguir, fai unha pormenorizada análise sobre os contidos que se inclúen en cada capítulo do volume. Remata dando a benvida a este traballo, o que define como "edición exemplar", e destaca a súa utilidade para dar a coñece-la figura de Blanco Torres.

Referencias varias:

- Elva Otero, "A loita ética"/"Domínguez Alberte presentou onte en Santiago o libro 'Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía da ética", *O Correo Galego,* "AFA"*/El Correo Gallego*, 16 abril 1999, p. 33/p. 74.

Fai referencia á publicación do libro e pon de relevo que xa estaba rematado en novembro de 1998 antes de que a RAG fixera pública a decisión de dedicarlle o presente ano a Roberto Blanco Torres. De seguido recóllense as palabras de Domínguez Alberte quen valora positivamente esta decisión e reivindica arecuperación doutras figuras esquecidas como Ánxel Casal ou os irmáns Villar Ponte. Resúmese despois no contido do libro o cal se centra "no compromiso ético de Blanco Torres en tódalas súas facetas".

Durán, Xosé, *Roberto Blanco Torres: xornalista e poeta*, Vigo: Galaxia, col. Árbore, serie Letras Galegas, nº 103, xaneiro 1999, 104 pp. (ISBN: 84-8288-253-8).

Libro de índole biográfico dirixido ó lectorado infantil e xuvenil. Con tendencia ó estilo narrativo e con fragmentos marcados pola emotividade e mesmo polo lirismo, Xosé Durán, achégase ós feitos máis significativos da vida de Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936) ó longo de trece capítulos. Préstalle atención, deste xeito, á infancia, á etapa cubana así como ó tempo do agrarismo e das Irmandades da Fala. Logo da súa intensa etapa no xornal *Galicia* abórdase o tempo de *El Pueblo Gallego*, baixo o epígrafe "Sempre independente". Dous dos capítulos dedícanselle a *Orballo da media noite* (1929) e *De esto y de lo otro* (1930). Prosegue coa etapa como gobernador civil de Palencia, a súa volta a Galicia, a súa participación nas campañas a favor do Estatuto e o seu asasinato en outubro de 1936. O últimos apartados titúlanse "Recuperando a memoria" e "Espírito rebelde" e tratan do esquecemento e da recuperación da súa memoria coa dedicatoria do Día das Letras Galegas de 1999. Para Durán a mellor homenaxe é "coñecer a súa obra e facer nosos os seu versos, para que el fale pola nosa boca e rimen os seus ideais, que quedaron flotando no aire naquel outono de Entrimo".

Recensións:

- Diego Ameixeiras, "Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta", *El Mundo. Galicia*, 21 marzo 1999, p. 9.

Cualifica este estudio como unha "biografía con acertados trazos novelescos". Dise, ademais, que axuda a "paliar esa falta de referentes divulgadores sobre as personalidades galegas que máis estorbaron ao poder".

Achega a súa opinión sobre o libro que non considera detallado, minucioso ou obxectivo, senón que toma de partido do autor a favor de Blanco Torres. Valórase tamén como algo positivo que a obra, ademais de ofrecer un repaso da vida do autor, lle preste especial atención ó labor como poeta do escritor homenaxeado.

-Xiao Xaneira, "Xosé Durán. *Roberto Blanco Torres. Xornalista e poeta*", *Fadamorgana*, nº 1, "Novidades", abril 1999, p. 79.

Logo de facer mención á falta de traballos existentes sobre a figura de Roberto Blanco Torres ata o momento que se lle dedicou o Día das Letras Galegas, céntrase no comentario desta obra de Xosé Durán, na que fai un achegamento "rigoroso e pormenorizado" do devalar vital e da obra do xornalista de Cuntis. Apunta que nela non faltan as páxinas tinguidas de certo costumismo, nas que o pasado chega a facerse presente, a través dunha coidada recreación histórica, e que serán as que máis poidan atrae-la atención dos xoves lectores, xa que, en xeral, adopta un ton máis próximo ó das obras dirixidas a lectores adultos. Por último, sinala que "Documentación axustada, reproducción de interesantes fragmentos da prensa da época e boa contextualización histórica" son algúns dos aspectos que adubían esta biografía.

-Mª del Mar Velasco González, " Xosé Durán. *Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta*", *Madrygal*, nº 2, "Recensións", 1999, pp. 219-221.

Achega a esta publicación da que salienta como trazos definitorios a sinxeleza e a amenidade. Comenta o tratamento da información que se recolle no libro, que cualifica de amena, rápida e ben documentada. A seguir, detense na súa estructura externa e analiza os contidos de cada un dos capítulos que a conforman. Entre outros, salienta os dous últimos capítulos que ofrecen un amplo percorrido polo compromiso cultural e político de Roberto Blanco Torres. Remata louvando a obra pola súa emotividade e a utilidade para os lectores.

Rodríguez Guerra, Alexandre (ed.), *Roberto Blanco Torres. Correspondencia inédita e obra xornalística*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Salamanca: Xunta deGalicia (Dirección Xeral de Política Lingüística)/Universidad de Salamanca (Área de Galego e Portugués/Lectorado Galego de Salamanca), 1999, 436 pp. (ISBN: 84-60009544-4). ¤

Constitúen esencialmente esta obra a edición das cartas enviadas por Roberto Blanco Torres a Miguel de Unamuno, así como parte da producción xornalística non exhumada. No prólogo Xesús Alonso Montero loa o traballo de Rodríguez Guerra e entende que con el se corrobora e precisa a moitas veces mencionada admiración de Blanco Torres por Unamuno. A obra ábrese cunha introducción na que Rodríguez Guerra explica algunhas limitacións á hora de ser exhaustivo e prosegue centrándose no epistolario de Blanco Torres a Unamuno, formado por dezanove cartas que abrangue un período de 22 anos (1912 a 1934). Explica o editor que se trata dunha información valiosísima por canto revela datos ignorados ata o momento ou coñecidos indirectamente. Así, obtense información referente ó ano de chegada a Cuba, data de comezo nalgúns xornais, cuestións relativas á relixiosidade de Blanco Torres así como a negativa de Unamuno para que se traducise ó galego o seu poema “Galicia” formando parte do limiar de*Orballo da medianoite*. Á edición do epistolario séguea o apartado “Unamuno na obra de Blanco Torres”, no que ademais de aludir á admiración de Blanco Torres polo polígrafo vasco, reproduce corenta e oito fragmentos de prensa nos que o escritor cuntiense se refire a Unamuno. O terceiro apartado titúlase “O xornalista” e nel apúntase primeiramente algúns pseudónimos utilizados por Blanco Torres así como dúas relacións de cabeceiras xornalísticas, a primeira a de xornais nos que foi director ou xefe de redacción, a segunda a de publicacións nas que colaborou. Este labor compleméntase co “Cronoloxía hemerográfica”, que ofrece un listado de oitocentos títulos de artigos de prensa de Roberto Blanco Torres (aproximadamente a cuarta parte da producción total do[illegible]que

van dende 1907 a 1935. Complétase o volume cunha bibliografía, un índice onomástico e os facsímiles de cinco das cartas editadas.

Recensións:

- Xavier Castro R., "Epístolas e artigos de Blanco Torres", *El Correo Gallego*, "*Fin de semana*", 21 novembro 1999, p. 7.

Dá conta da aparición do libro e detense na súa descrición do que comenta dos contidos das dúas dús seccións que o integran: a primeira composta por dezanove cartas dirixidas a Unamuno e datadas entre 1912 e 1934, e a segunda composta de 226 artigos comprendidos entre os anos 1907 e 1935. Remata admitindo que estes traballos completan un pouco máis o panorama literario deste xornalista e reproduce as verbas do editor nas que afirma que calqueira dato por pequeno que sexa axuda a entender mellor o pensamento do autor.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, "Blanco Torres, Unamuno e Castelao", *La Voz de Galicia*, "Beatus qui legit", 6 agosto 1999, p. 12.

IV.2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos sobre Roberto Blanco Torres

O autor refírese á exhumación de textos de Roberto Blanco Torres e céntrase nunha das vinte cartas dirixidas a Miguel de Unamuno, recuperadas por Alexandre Rodríguez Guerra. O documento parécelle fundamental para ilustrar algúns aspectos da personalidade do escritor, como son a súa relación ó galeguismo e a condena da represión sufrida por Castelao, que lle valeu o traslado a Badajoz.

IV. Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres

IV. 3. Publicacións en revistas

Alonso Girgado, Luís, “Roberto Blanco Torres: del periodismo a la lírica”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 35/36.

Aborda a figura de Roberto Blanco Torres atendendo ás súas facetas xornalística e poética. Respecto ó seu labor na prensa, recolle a nómina de cabeceiras para as que escribiu e sinala os trazos básicos do seu ideario: espírito crítico, ideais básicos e o carácter revisionista e rexeneracionista. Como poeta, comenta o único poemario que deu ó prelo o autor, *Orballo de media noit*e (1929), e sitúao na xeración novecentista, aínda que por cronoloxía estivese máis próximo á Xeración Nós.

Alonso Montero, Xesús, "*Orballo da media noite* (1929): un libro singular no seu tempo", *Ciutat*, nº 9, primavera 1999, pp. 23-24.

Subliña a singularidade de *Orballo da media noite* (1929), de Roberto Blanco Torres, no contexto da poesía do seu tempo por mor do forte "acento moral do libro". Isto, segundo Alonso Montero, non impide que o autor fose un bo coñecedor das novas correntes literarias e un entusiasta admirador da poesía de Manuel Antonio. Retoma finalmente a dimensión moral do poemario e repara no feito de que a poesía galega do seu tempo fose allea a esta tendencia, ó contrario demostras en castelá escritas por galegos como Manuel Gómez del Valle ou Ánxel Fole.

Angueira, Anxo, “Roberto Blanco Torres entre nós”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Poesía”, marzo 1999, p. 27.

Comentario á única obra poética de Roberto Blanco Torres, homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1999, *Orballo da media noite* publicada no 1929 pola Editorial Nós. Coméntase que a obra divídese en dúas partes, das que aquí se nos fala moi polo miúdo e se nos pon exemplos dalgúns poemas. A introducción, feita por Miro Villar, fai un rigoroso estudio da obra en tódolos seus campos como o biográfico ou o lingüístico.

Blanco Valdés, Juan L., “Roberto Blanco Torres: os trazos dunha vida. Día das Letras Galegas 1999”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “Colaboracións especiais”, maio 1999, pp. 15-44.

Amplo retrato biobibliográfico do homenaxeado no ano 1999, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Dá conta do seu nome completo, Roberto María Manrique Manuel Raimundo Gabriel Braulio Cirilo Anselmo Eduardo, o menor de dez irmáns e nado en Cuntis o 18 de marzo de 1891. A seguir, ofrece detalles sobre a súa vida en Cuntis e céntrase na etapa que Blanco Torres pasou en Cuba, país ó que emigrou cando contaba con quince anos. Despois de dez anos, no 1916, BlancoTorres regresa a Galicia e continúa coa súa actividade literaria. Para rematar, ofrécese un breve compendio bibliográfico sobre o autor.

_____, “Tio Roberto”, *Agália*, nº 57, “Notas”, Primavera 1999, pp. 131-133.

Comeza o artigo cun fragmento de “O teu sangue tan cercano”, poesía da autoría de Blanco Valdés incluída na *Coroa poética contra a morte de Roberto Blanco Torres*, e cunha referencia ás relacións familiares que o vinculaban ó autor homenaxeado. Comenta a súa primeira aproximación á obra do seu tío e explica que Roberto Blanco Torres foi un modelo de comportamento democrático, de ética e de dignificación da vida pública que aínda podería seguir vixente na actualidade. Considera que o máis probable é que todo o que se ten dito sobre o autor de *Orballo da media noite* quede esquecido despois de tódalas celebracións, circunstancia contra a que el vai loitar. Aínda así, decátase que “o 17 de Maio de 1999, Roberto, o tío Roberto deixou de facer parte do meu património íntimo (…) para passar ao domínio da letras e da pouca, –autenticamente pouca–, cultura deste paisinho nosso”.

Gómez, Joel R., “Roberto Blanco Torres na lembrança de Augusto Assia”, *Agália*, nº 57, “Notas”, Primavera 1999, pp 135-140.

Recolle as respostas de Felipe Fernández Armesto nunha conversa mantida con Joel R. Gómez o 14 de maio na Escola Galega da Administración Pública. O entrevistado comenta a relación que mantivo con Roberto Blanco Torres a raíz da coincidencia de ambos en *El Pueblo Gallego* no ano 1925, refírese á imaxe de home moderado que tiña o autor de *Orballo da media noite* naquela altura, á situación da imprenta do momento, á actividade poética, pouco coñecida e divulgada nos anos vinte, e tamén á ética política que demostrou Blanco Torres. Comenta as circunstancias que envolveron o asasinato e, para rematar con esta visión desmitificadora, afirma que se coñecía moi pouco a súa obra naqueles anos previos á guerra.

Gonçález Blasco, Luís, “Blanco Torres é nosso! Bibliografia e hemerografia críticas”, *Agália*, nº 57, “Estudos”, Primavera 1999, pp. 27-101.

Artigo estructurado en seis partes, unha delas introductoria e outra epilogal, nas que vai trazando un percorrido por toda a bibliografía xurdida sobre a figura de Roberto Blanco Torres con motivo de que se lle dedicase o Día das Letras Galegas no ano 1999. Na “Introduçom”, ademais de se referir ás “manobras de sabotagem, ocultamento e minimizaçom” a que foi sometida a figura do homenaxeado define e delimita este traballo. A seguir, dedica un extenso apartado a comenta-lo máis salientable e novidoso dos libros publicados sobre o escritor e xornalista de Cuntis, facendo un percorrido por tódalas editoriais e institucións do país. Esta mesma práctica séguea cos xornais dos días 17 e 18 de maio, que ocupan o segundo e terceiro apartados do artigo, respectivamente. Finalmente, dedica un último epígrafe a describi-los suplementos que a prensa diaria lle ten dedicado ó autor de *Orballo da media noite*. Nas “Conclusons” salienta a importancia que tivo a Asociación Cultural “O Meigallo” e o profesor Alonso Montero na reivindicación de Blanco Torres. Opina, ademais, que en case tódolos traballos se tentou oculta-la súa ideoloxía nacionalista, así como o seu etimoloxismo, que o levarían a estar moi próximo das teses reintegracionistas de hoxe en día.

González Pérez, Clodio, "Roberto Blanco Torres. Xornalista e poeta", *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 9, 1999, pp. 7-21.

Comeza dando noticia da súa experiencia na Peroxa e nas terras do Limia, cando andaba a procurar datos sobre o escritor. Logo de rastrexa-las súas primeiras experiencias literarias, fai un achegamento á faceta de xornalista de Roberto Blanco Torres. A seguir, refírese á súa participación política. Finalmente, detense na etapa ourensá e proporciona datos sobre a súa detención e morte. O artigo inclúe ademais unha pequena escolma da obra poética e xornalística.

Liñares Giraut, X. Amancio, “Achega bibliográfica a Roberto Blanco Torres”, *Grial*, nº 143, Tomo XXXVII, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 499-506.

Estudio sobre a vida e obra de Roberto Blanco Torres que estructura en dúas partes. Así, na primeira ofrece un percorrido pola presencia e tratamento do autor nas historias da literatura e nas obras ensaísticas e enciclopédicas ata xullo de 1998. A segunda xira ó redor da bibliografía que sobre o autor de Cuntis se produciu “Do outono de 1998 a maio de 1999”. Salienta a intensificación dos traballos nesta última etapa coa descuberta de datos biográficos ata o de agora descoñecidos. Para rematar, propón estudia-los anos nos que Blanco Torres estivo en Cuba, a vinculación e admiración por Unamuno, o trato con Casares Quiroga e Azaña, as relacións co Partido Galeguista e coa masonería, a opción ortográfica que escolleu así como as circunstancias que rodearon o seu asasinato.

Nicolás, Ramón, “A asunción dun compromiso ético”, *Guía dos libros novos*, nº 7, “Letras galegas 1999”, maio 1999, p. 20.

Achega á obra *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e a obra de Roberto Blanco Torres* (1998), de Juan L. Blanco Valdés, da que se salienta, entre outros aspectos, a completa e documentada traxectoria vital e literaria do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, ademais da xornalística considerada fundamental para entende-la historia da prensa galega do seu tempo. Tamén se destaca a inclusión da edición facsimilar de *Orballo da media noite* (1929), así como outra moita obra dispersa do autor de carácter literario, xornalístico e político, ademais dunha extensa bibliografía .

Pena, Xosé Ramón, “Letras de Blanco Torres”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 117-120.

Reivindica a figura do homenaxeado e céntrase na súa producción en galego, ademais de achegar algúns datos significativos da súa traxectoria vital como a súa viaxe a Cuba, na que comeza a súa andaina xornalística. A seguir, detense exhaustivamente en *Orballo de media noite* (1929), do que salienta algúns trazos definitorios que marcan o poemario, como son a innovación, o sincretismo que domina a obra ou a unidade temático-estilística. Esta análise sérvelle para cuestionarse a contextualización literaria á que pertencía o autor cuntiense, e enmárcao nunha liña de “evidente fondo filosófico”, e mesmo existencial. Finalmente, reproduce algúns dos versos caracterizados, uns polo seu dramatismo e outros pola carga crítica. Conclúe considerando que a súa obra lírica ten que ser contemplada dende a máis estreita relación coa xornalística.

Pena Búa, Pilar, “Relixión, catolicismo e cristianismo en Roberto Blanco Torres”, *Encrucillada*, nº 112, “Letras Galegas 1999”, marzo-abril 1999, pp. 109/5-128/24, *Galicia dende Salamanca 2*, “Artigos”, 1999, pp. 153-170.

Comeza cun percorrido pola vida e obra de Roberto Blanco Torres, unha vida “coherente e comprometida” a través do seu labor xornalístico e literario. A seguir, cita o seu único poemario editado, *Orballo de media noite* (1929), un conxunto de trinta e un poemas de carácter conceptual, filosófico e civil. A seguir, ocúpase do problema relixioso no autor pontevedrés. Afirma que Unamuno foi o seu ascendente filosófico, xa que os problemas que aborda Blanco Torres “son os mesmos ós que o vasco intenta das solución”. Neste sentido, Blanco Torres, igual que fixera Unamuno, dá conta da complexidade da vida humana, defende “as instancias morais fronte á técnica, considera que o home loita para ser eterno”, cre que “a inmortalidade debería ser o constante alento do home e comprende que a vida ten valor de futuro”.

Piñeiro, Antonio, “Roberto Blanco Torres. Xornalista e poeta”, *Raigame*. *Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 8, 1999, pp. 7-27.

Primeiramente, lembra unha anécdota relatada por Elixio Rodríguez, no libro *Matádeo mañá*, relativa ás atrocidades acontecidas con posterioridade ó 18 de xullo. A continuación, refírese ós derradeiros días de Roberto Blanco Torres, facendo unha reconstrucción, baseada en varias testemuñas e documentos, dos feitos que levaron á súa detención e asasinato, así como das circunstancias nas que este se produciu.

Seixo Pastor, Marcos, “Blanco Torres no *Galícia*. Diário de Vigo”, *Agália*, nº 57, “Notas”, Primavera 1999, pp. 141-147.

Nun inicio refírese á actividade xornalística de Roberto Blanco Torres na emigración e no xornal ourensán *La Zarpa*, para pasar, de seguido, a describi-la súa participación no *Galicia. Diario de Vigo*, como redactor xefe dende xaneiro do 1924. Caracteriza os primeiros anos desta xeira como un tempo de traballo moi intenso, no que o xornalista de Cuntis entra en contacto cos máis importantes representantes da arte e da intelectualidade galega do momento. Uns anos nos que, segundo Marcos Seixo, acada un notorio prestixio que o leva a presidi-la Asociación da Prensa de Vigo. Comenta as polémicas con *El Pueblo Gallego* e as dificultades coa censura imposta pola dictadura de Primo de Rivera, que provocan a ocultación baixo pseudónimos ou a publicación de artigos sen sinatura. Finalmente, reprocuce un artigo en latín publicado na sección “Entre paréntesis” do *Galicia* correspondente ó 24 de setembro de 1924 e a súa traducción ó galego.

Taboada, Pepe, “Día das Letras Galegas”, *Devoralibros*, nº 1, xuño 1999, pp. 15-16.

Ante a polémica polo descoñecemento do homenaxeado no Día das Letras Galegas, Roberto Blanco Torres, Taboada fai un repaso da vida do xornalista e poeta de Cuntis, salientando a súa estancia en Cuba e o contacto con intelectuais como Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Antón Villar Ponte ou Basilio Álvarez, así como a relación que, xa en Galicia, mantivo con Castelao, Manuel Antonio ou Otero Pedrayo. Destaca tamén “as súas facetas como ser humano e profesional”, ademais das circunstancias da súa morte. Finalmente, reprodúcese un dos poemas máis significativos de Blanco Torres e que dá título a *Orballo da media noite* (1929).

Valcárcel, Marcos, “Roberto Blanco Torres: a rebeldía intelixente”, *Ciutat*, nº 9, primavera 1999, pp. 26-28.

Traza unha panorámica da traxectoria xornalística, literaria e política de Roberto Blanco Torres dende a etapa cubana ata o seu asasinato en 1936. Entre outros aspectos subliña o seu compromiso social trala experiencia da emigración. Así mesmo, e en base ó seu xornalismo de entre 1922 e 1931, Marcos Valcárcel considera que se trata dun dos máis grandes xornalistas republicanos da súa época.

Villar, Miro, “Juan Blanco Valdés. *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e á obra de Roberto Blanco Torres*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 287-289.

Empeza aclarando que o libro foi escrito con anterioridade á elección de Roberto Blanco Torres como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tras aludir ó parentesco familiar que o Blanco Valdés garda co poeta e xornalista de Cuntis, describe as partes que compoñen o volume. Sinala que ofrece “aspectos totalmente descoñecidos” da biografía de Blanco Torres, unha introducción ampla e documentada a importancia do capítulo “A volta. Os anos das Irmandades”. Difire soamente na clasificación que fai na “Escolma”. Por último, cre que a obra cumpre o obxectivo de botar luz sobre a personalidade do escritor, xa que a rigorosidade do traballo fai innecesaria a *Captatio Benevolentiae* inicial. .

IV. Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres

IV. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Publicacións en xornais: estudios e recensións

Araguas, Vicente, “Un curioso exemplo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 65, 10 xuño 1999, p. 9.

Resáltase o carácter de honra ós “mártires da barbarie” que ten o Día das Letras Galegas por estar dedicado a Roberto Blanco Torres. Ademais, cualifícase o poemario *Orballo da media noite* (1929) de “ curioso exemplo do que podendo ser non foi”.Tamén se louva a edición de Miro Villar de 1998 en Edicións Xerais, xa que nela se fai “un traballo exhaustivo e distanciado”. Aínda así, critícanse algunhas das interpretacións do editor como, por exemplo, a “enorme erudición humanística” ou o “enfoque filosófico” dalgúns poemas de Roberto Blanco. Finalmente, destácase o valor do poemario do autor de Cuntis “como curiosidade” e “tamén como documento para o estudio dunha época literaria”.

Fernández Abella, Xoán Xosé, “Roberto Blanco Torres e a obra ‘*Orballo da media noite*”, *El Correo Gallego, “Edición 7”*, 14 febreiro 1999, p. 5.

Coméntase a obra *Orballo da media noite* (1929) de Roberto Blanco Torres, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Comézase sinalando a estructura en dúas partes do citado poemario. A continuación, analízanse algúns dos temas e das posibles influencias que aparecen nas poesías deste autor. Así mesmo, recóllese a opinión que sobre esta obra ten o presidente da RAG, Francisco Fernández del Riego. Finalmente, reprodúcese o poema “Loitador”, composición que pecha *Orballo da media noite*.

M. N., Milagros, “R. B. T. tamén un home eterno que cae fugaz”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 62, 20 maio 1999, pp. 2-3.

Este artigo é o resultado dun labor sociolóxico realizado pola xornalista, quen despois de realizar diversas enquisas entre diversos cidadáns santiagueses reproduce as súas opinións e reflexións sobre o autor, das que observa o alto grao de descoñecemento. Entre outras, salienta as opinións como a dos rapaces entrevistados á porta do colexio Compañía de María que narraron os actos realizados no Día das Letras Galegas e lamentaron a falta de material atopado para a realización dos traballos sobre o autor.

Nicolás Rodríguez, Ramón “Poesía de Blanco Torres”, *La Voz de Galicia, “Culturas”,* nº 65, 16 febreiro 1999, p. 6.

Dáse conta da nova edición de *Orballo da media noite* (1929), nesta volta anotada, de Miro Villar, publicada en 1998, da que se destaca o completo perfil vital que se ofrece do autor, así como, un pormenorizado estudio da estructura, liñas temáticas, a intertextualidade ou os recursos estilísticos presentes nesta, ademais da reproducción anotada e un anexo que recolle as opinións de Blanco Torres sobre as xeracións literarias contemporáneas.

_____, “Biografía necesaria”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 67, 2 marzo 1999, p. 7.

Recensión do libro *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e á obra de Roberto Blanco Torres* (1998), de Juan L. Blanco Valdés. Saliéntase que o autor deste volume é o sobriño-neto do homenaxeado este ano co Día das Letras Galegas. Así mesmo, sinálase que o libro non só describe a vida do poeta de Cuntis senón tamén o seu labor como xornalista. Destácase, ademais, o feito de que inclúa o poemario *Orballo da media noite*, así como documentación e unha escolma dos artigos de Roberto Blanco Torres. Por último, coméntase que esta obra é unha “merecida actualización” da figura do xornalista cuntiense.

Núñez Sobrino, Ángel, "Elementos elementales (Sobre Roberto Blanco Torres)", *Diario de Pontevedra*, 20 xuño 1999, p. 6.

Destácase a figura de Roberto Blanco Torres como xornalista que segue unha traxectoria nacionalista. Tamén se reflexiona sobre os aspectos elementais da obra deste autor. Asemade, cualifícase a Blanco Torres coma o pioneiro do "artículo humanístico". Menciónanse, ademais, algúns poemas de *Orballo de media noite* onde está presente a paisaxe. Así mesmo, cítanse varios artigos nos que aparece "un examen atento de facetas de la vida gallega". Por último, felicítase ó grupo 'O Meigallo' polos textos de Blanco Torres que se publicaron no último número de *A Nosa Terra*.

Pousa, Luis (coord.), “Blanco Torres, o gran xornalista da Xeración Nós”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 1999, pp. 1-16.

Suplemento especial centrado na figura Roberto Blanco Torres, que se abre cun percorrido biográfico do xornalista cuntiense que leva o título “Desventuras dun republicano”. A seguir e baixo o epígrafe “Redactor de *El Ideal Gallego*” faise un percorrido polo labor xornalístico neste medio, reprodúcense tres dos artigos publicados por este autor: “Efémerides Gallegas, 1 de abril de 1824”, “El primer dramaturgo gallego”e “El negocio del Tío Sam”. Acóllense, ademais, tres entrevistas. Na primeira delas, con Xosé Neira Vilas, céntrase no labor xornalístico de Blanco Torres en Cuba. A segunda entrevista, con Juan Blanco Valdés, resáltase o carácter “cívico” do homenaxeado tanto na súa poesía como no xornalismo. Na última das entrevistas, Francisco Fernández del Riego, presidente da RAG e promotor do Día das Letras Galegas, louva o labor xornalístico e poético do homenaxeado ó mesmo tempo que destaca a importancia desta data para a nosa cultura. No apartado “A necesaria recuperación da escrita” sinálanse as novidades editoriais e reedicións que se fixeron nestas datas sobre a obra de Blanco Torres. Pecha o suplemento a reproducción dunha escolma de artigos do propio Blanco Torres sobre diversos temas da política e a sociedade da Galicia da época. Ademais, este suplemento inclúe os seguintes artigos asinados:

- Xulio Valcárcel, “O asinado”, “Orballo”, p. 7.

Tras salienta-lo labor xornalístico de Roberto Blanco Torres, analízase a súa faceta poética. Coméntase a dificultade de adscribi-la poesía deste autor a unha escola concreta. Tamén se sinalan os valores filosóficos, éticos e sociais do xornalista cuntiense, empregando para este fin fragmentos dos seus poemas. Asemade,

lóuvase a estructura de *Orballo da media noite*. Por último, destácase a paráfrase do poema 'El Cid' de Manuel Machado feita polo poeta homenaxeado e que "deixa en moi mal lugar ao lendario personaxe".

- Xosé Ramón Barreiro Fernández, "A República pola que morreu", p. 8.

Céntrase na descrición do modelo político que defendeu Roberto Blanco Torres. Tras comenta-la chegada da República o 14 de abril de 1931, analízanse os problemas cos que este novo sistema político se tivo que enfrontar. Así, resáltase a oposición "do gran capital, a Igrexa, o Exército" e "do fascismo europeo". Tamén se dá conta da incapacidade da República para artellar un modelo liberal-burgués, así como para mante-lo apoio de moitos cidadáns desencantados. Por último, lóuvase o tipo de república no que cría Blanco Torres e polo que morreu.

- Ramón Otero Pedrayo, "Sensualidade cubana", p. 13. Recóllense fragmentos do texto "Roberto Blanco Torres" de Ramón Otero Pedrayo incluídos na obra *O libro dos amigos*. Neles destácase o labor xornalístico e a preocupación polo galego do poeta de Cuntis. Tamén se louva o uso dunha lingua culta e coidada empregada polo autor homenaxeado para defende-las súas ideas. Finalmente, lémbranse os últimos momentos da vida de Roberto Blanco Torres.

Rodríguez, Antonio (coord.), "*O instinto cósmico ensaia nova vida*", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 maio 1999, pp. 1-24.

Suplemento dedicado á figura de Roberto Blanco Torres co gallo do Día das Letras Galegas de 1999. Acolle dúas entrevistas, a primeira con Mario Blanco, sobriño do homenaxeado, na que o parente de Blanco Torres lembra algúns intres vividos co "tío Roberto", así como o seu pasamento e o seu labor como político e xornalista a prol de Galicia. A segunda, con Ramón Barreiro Fernández, lóuvase a figura de Roberto Blanco Torres e xustifícase a súa elección como homenaxeado no Día das Letras Galegas. A seguir, reprodúcese o artigo de Roberto Blanco Torres publicado por primeira vez en *El Correo Gallego* o 6 de abril de 1921 e traducido por M. Seoane e X. Ochoa, que leva por título "Os espectros do pasado. Reflexións dun cidadán". Así mesmo, recóllense as opinións que sobre o homenaxeado teñen distintas persoas relacionadas coa cultura galega: Xosé López, Arturo Maneiro, Camilo Franco, Fernando Varela, Xosé A. Neira Cruz, Lois Rodríguez, Carmen Vidal, Caetano Diaz, Enrique Acuña e Jaureguizar. Por último, trázase unha cronoloxía da vida de Roberto Blanco e reprodúcese un poema de Lupe Gómez dedicado ó xornalista de Cuntis, baixo o título "Blanco Torres quixo corromper a morte da mentira". Tamén se inclúen os seguintes artigos asinados:

- Juan L. Blanco Valdés, "O espírito do aquinista", p. 4.

Louva a personalidade de Roberto Blanco Torres e o seu labor como xornalista. Asemade, salienta a súa defensa de Galicia e da súa lingua. Deste xeito, afirma que o xornalista de Cuntis "rendeuse como poucos ó amor pola Terra e defendeu a súa lingua ata lindes insólitos no seu tempo". Finalmente, xustifica a súa morte como o único xeito de silencia-la súa voz.

- X. Carlos Domínguez Alberte, “Tempo de irmandade”, p. 5.

Lembra a actividade política de Roberto Blanco Torres vinculada ó movemento agrarista e que deu lugar ó nacionalismo. Destaca, ademais, o seu labor como xornalista, que lle permitiu defende-las súas ideas políticas. Malia a escasa producción literaria deste autor, salienta a súa defensa da lingua galega e comenta a relación coa xeración á que pertencía. Por último, cualifica o xornalismo do escritor homenaxeado de “exemplar” xa que nel “ardía unha alta inquietude ideolóxica e fonda emoción, que percorría todas as modulacións do pensamento”.

- Miro Villar, “*Orballo da media noite*’, cando poesía e filosofía se funden”, pp. 8-9.

Comeza mencionando a acollida favorable do poemario *Orballo da media noite* (1929), de Roberto Blanco Torres na época da súa primeira edición. Con este fin refírense as recensións de Julio Sigüenza e de Vicente Risco. A continuación, comenta a estructura deste libro, dividido en dúas partes: unha dedicada á poesía filosófica e outra á poesía civil. Tamén sinala os eixos temáticos do poemario: ausencia, decadencia da patria, aparencia, cobiza, avaricia, o tempo... Ademais, destaca algúns dos recursos estilísticos empregados comoa utilización de terminoloxía vangardista, referencias urbanas ou imaxes irracionais. Finalmente, compara a obra de Roberto Blanco coa de Amado Carballo, insistindo no carácter máis innovador da poesía do autor de Cuntis.

- A. R. López, “O cosmos regurxita”, p. 10.

Comenta o afastamento que padeceu a figura de Roberto Blanco Torres en Galicia. Sinala como causas o asasinato deste escritor, así como o “anulamento ideolóxico” sufrido durante corenta anos. Tamén destaca o esquecemento do seu labor como xornalista e da súa obra literaria. Por último, salienta a calidade da poesía

de *Orballo da media noite* (1929) da que resalta que “engasta o modernismo coas vangardas sen desenbocar no “ismo” inmobilista dos neotrobadores”.
- Xosé Neira Vilas, “Blanco Torres, emigrante”, p. 14.

Céntrase na época na que Roberto Blanco Torres estivo emigrado en Cuba. Destaca a importancia deste período para a súa formación. Tamén se dá conta dos seus inicios como xornalista e da súa participación na fundación das revistas *La Alborada* e *La Tierra Gallega*. Ademais, menciónanse algúns dos temas que abordou naqueles intres. Por todo iso, cualifícase a Roberto Blanco Torres como o “precursor do mellor xornalismo do noso tempo, noventa anos atrás”. Por outra banda, infórmase das amizades que tivo en Cuba e doutras actividades culturais nas que participou. Finalmente, recálcase a importancia daqueles dez anos na illa caribeña, xa que “marcaron a traxectoria futura deste exemplar loitador”.

- Xoán Salgado, “Unha aposta polo rexionalismo”, p. 21.

Resáltase o cargo de director de *El Correo Gallego* desenvolvido por Roberto Blanco Torres dende finais de 1920 ata principios de 1921. Saliéntase o labor levado a cabo polo xornalista de Cuntis, abrindo unha etapa máis liberal cá do seu predecesor, Eladio Fernández Diéguez. Para amosar este cambio cítanse algúns dos temas que apareceron no xornal naquel intre: a morte de Emilia Pardo Bazán, a demanda do ferrocarril da Costa, a Asamblea Agraria da Coruña... Por último, sinálase a saída de Blanco Torres de *El Correo Gallego* para dirixi-lo “incendiario” *La Zarpa*.

Seixo, Marcos, “Blanco Torres e os seis poemas galegos de Lorca”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 117, 7 agosto 1999, p. 4.

Salienta a importancia que tivo para a cultura galega a publicación dos seis poemas de Federico García Lorca escritos en lingua galega. A propósito da súa recepción, o autor detense nunha recensión de Roberto Blanco Torres publicada no xornal pontevedrés *El País*. Á parte do recoñecemento destes seis textos, achega algunhas consideracións novidosas con respecto a outras aparecidas nese momento: a dúbida a respecto da autoría dos textos, e a orixinalidade lorquiana na percepción da paisaxe. O artigo remata cunhas palabras de homenaxe para Blanco Torres e coa reproducción da devandita recensión.

VV. AA., “Roberto Blanco Torres”, *Atlántico Diario*, “Día das Letras Galegas. 17 de Maio de 1999”, 17 maio 1999, pp. 33-48.

Suplemento sobre Roberto Blanco Torres co que o xornal vigués se suma ás celebracións doDía das Letras Galegas. Ábrese coa reproducción dunha das poesías do homenaxeado. A seguir acóllese o artigo “Unha lembranza para as víctimas da intransixencia” no que se louva a figura do xornalista de Cuntis e se destaca a importancia de homenaxear a un ‘paseado’ da Guerra Civil, menciónanse as últimas novidades editoriais publicadas pola conmemoración desta data e reprodúcese o bando institucional do Concello de Vigo na celebración do Día das Letras Galegas. Outras colaboracións que se inclúen no suplemento son o artigo “Roberto Blanco Torres: Un loitador do galeguismo”, no que se repasan os acontecementos máis importantes da vida do poeta de Cuntis, así como algunhas das frases máis célebres de Blanco Torres. Asemade, inclúense as opinións de catro escritores: Alfredo Conde, Antón Tovar, Pura Vázquez e Marcos Valcárcel, sobre o xornalista homenaxeado. Péchase o suplemento coa información dos actos que se celebran nas Neves e no Porriño co gallo do Día das Letras Galegas, e coa reproducción do artigo do propio Roberto Blanco Torres, titulado “No Día de Galicia” que editou *A Nosa Terra* o 25 de xullo de 1923. Ademais, recóllense os seguintes artigos asinados:

- Manuel Vidal Villaverde, “Roberto Blanco Torres: anobelido corazón na tarde de Entrimo”, p. 34.

Comeza lembrando a morte de Roberto Blanco Torres e o esquecemento da súa figura durante moito tempo. Xustifica estes dous feitos pola “fraternidade revolucionaria” que caracterizaba ó xornalista de Cuntis. Máis adiante, fai un breve percorrido por algúns dos acontecementos máis importantes da vida do homenaxeado como foron a emigración a Cuba, regreso e voda ou a súa actividade xornalística. Finalmente, evoca o autor citando algúns dos versos incluídos en *Orballo da media noite*.

- Ramón Rodríguez Otero, “Fray Roblanto”, p. 34.

Tras unhas reflexións sobre o significado do Día das Letras Galegas e a mención das súas orixes e primeiros homenaxeados, Rosalía de Castro e Castelao, céntrase na figura de Roberto Blanco Torres, de quen destaca o seu labor como xornalista en Cuba e as súas actividades políticas vinculadas ó "pensamento esquerdista". Tamén menciona o seu único poemario: *Orballo da media noite*. Louva, ademais, a edición facsímile de *La Tierra Gallega* e de varios números de *La Alborada* levada a cabo polo Centro Ramón Piñeiro.

- AGN, "Salvar a lingua é labor dos falantes", p. 36.

Conversa con Carlos Casares, na que lembra as primeiras celebracións do Día das Letras Galegas e destaca o que se ten avanzado en todo este tempo. Por outra banda, reflexiona sobre a situación do galego hoxe en día e aposta polos falantes como único medio para conserva-lo noso idioma. Asemade, louva a figura de Roberto Blanco Torres como xornalista e poeta. Por último, salienta o bo momento das letras galegas na actualidade.

- María Fernández, "Se Blanco Torres vivise criticaría as cuestións da vida política", p. 37.

Entrevista ó escritor Xoán Carlos Domínguez Alberte autor do libro *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética*. O entrevistado reflexiona sobre os motivos do esquecemento que sufriu Roberto Blanco Torres. Tamén comenta a importancia da emigración cubana na vida do xornalista de Cuntis e o que lle sucedeu a este unha vez que regresou a Galicia. Finalmente, destaca a actitude rebelde do homenaxeado no Día das Letras Galegas que o levaría, se vivise hoxe en día, a critica-la actual situación política.

- Xoán Acuña, "O Vigo de Blanco Torres: xornalismo, voda e desterro", p. 44.

Lembra a etapa viguesa de Roberto Blanco Torres. Saliéntase a súa colaboración cos xornais *Galicia* e *El Pueblo Gallego* onde converteu o xornalismo "no eixo da loita a prol da súa terra, da xustiza e da liberdade".

Así mesmo, dá conta do enfrontamento con Portela Valladares que o levou ó desterro da cidade olívica en 1926. Por outra banda, comenta a súa voda con Julia Sánchez Nóvoa. Tamén destaca o seu labor político no Partido Republicano Galego-Izquierda Republicana. Resalta, ademais, a súa rebeldía e a loita pola liberdade, causas do seu desterro e da súa morte. Finalmente, denuncia o esquecemento que sufriron figuras semellantes a Roberto Blanco Torres.

VV. AA., “Un home en loita”, *Faro de Vigo*, “Día das Letras Galegas. Blanco Torres”, 17 maio 1999, pp. 1-8.

Suplemento conmemorativo do Día das Letras Galegas co que o Faro de Vigo se suma os actos de homenaxe dedicada a Roberto Blanco Torres. Reprodúcense dous artigos sobre a polémica mantida por Jaime Solá, e Roberto Blanco Torres da que *Faro de Vigo* serviu de tribuna. O artigo de Jaime Solá leva por título “Vigo ante o nacionalismo”, publicado o 5 de xaneiro de 1919. O artigo de Roberto Blanco Torres, que serviu como resposta, leva por título “El nacionalismo gallego” e foi publicado o 12 de xaneiro dese mesmo ano. Neles póñense de manifesto as distintas posturas que mantiñan os dous xornalistas e amigos. Ademais, inclúense as seguintes colaboracións asinadas:

- M. Blanco Rivas, “Un loitador contra os foros e o caciquismo”, p. 2.

Achega biográfica de Roberto Blanco Torres. En primeiro lugar, lembra as súas orixes familiares e a formación “humanística” que recibiu baixo a supervisión de seu pai. A seguir, salienta a relevancia que tivo a súa etapa na Habana pois lle serviu para entrar en contacto cos intelectuais galegos emigrados, así como para introducirse no mundo xornalístico e no agrarismo. Menciona, tamén, os distintos xornais nos que colaborou. Finalmente, destaca a súa faceta política e o seu asasinato durante o primeiro ano da Guerra Civil.

- Jaime Conde, “Historia dunha premonición”, p. 3.

Infórmase do labor levado a cabo por Marcos Seixo para recupera-los feitos biográficos de Roberto Blanco Torres. O profesor Seixo comenta como descubriu na súa época de estudiante a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén explica as súas primeiras publicacións sobre este autor. Refírese, así mesmo, ó achado da documentación do poeta de Cuntis custodiada primeiro pola súa dona, Xulia Sánchez Novoa, e despois polas persoas que coidaron dela, Antonio e Amparo. Ademais, Marcos Seixo destaca o inxente labor xornalístico levado a cabo por Blanco Torres e a súa paixón polos libros que quedou de manifesto na importante biblioteca que posuía conservada actualmente na Peroxa. Por último, louva o feito de que se lle dedique o Día das Letras Galegas a un represaliado durante a Guerra Civil.

- Miro Villar, “Un poeta da Xeración do 22”, p. 5.

Tras menciona-las poesías anteriores a *Orballo de media noite*, analiza este poemario de Roberto Blanco Torres. Comeza lembrando a xénese desta obra. Despois saliéntase a favorable acollida que tivo a primeira edición. Así mesmo, destaca a estructura do libro e as fontes dos distintos poemas. Louva a lingua e algúns dos recursos empregados e situa o poeta de Cuntis na Xeración do 22, xa que “a súa lírica presenta características propias dun movemento renovador que o afastan dos coetanos de Vicente Risco”.

- M. Blanco Rivas, “Novas aportacións sobre o escritor cuntiense”, p. 6. Dá conta dos diferentes libros dedicados a Roberto Blanco Torres que, co gallo do Día das Letras Galegas, tiraron do prelo as editoriais galegas. Primeiro comenta algúns aspectos da estructura e contido das tres obras que publicou Edicións Xerais: *Roberto Blanco Torres. Xornadas de alerta e agonía*, de Marcos Valcárcel *Roberto Blanco Torres*, *Vida e obra* e *Orballo da media noite* (1998), a cargo, esta última, do poeta Miro Villar. Tamén se fai a recensión das obras publicadas por outras editoriais. Entre outras, dá conta da biografía *Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta*, da autoría de Xosé Durán, e da colección de artigos *Disto e do outro* traducidos por Xesús Carballo Soliño editados pola editorial Galaxia, así como da escolma do traballo xornalístico *Blanco Torres, xornalismo irmandiño,* edición a cargo de Marcos Seixo Pastor a

cargo da editorial A Nosa Terra. Finalmente, cita o traballo de Xoán Carlos Domínguez Alberte titulado *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética* publicado na editorial Laiovento.

- Salvador Rodríguez, “O meu tío vivía nun estado de alerta crítica”, p. 8.

Entrevista con Juan Luis Blanco Valdés, sobriño-neto de Roberto Blanco Torres, quen confesa que fundamenta parte dos seus coñecementos no patrimonio familiar. Despois de facer fincapé na dificultade que lle supón ser obxectivo coa figura do xornalista cuntiense polo seu parentesco, céntrase na faceta política do autor do que defende o seu carácter galeguista, a pesar de non militar no Partido Galeguista. Finalmente, reflexiona sobre o seu asasinato do homenaxeado neste Día das Letras Galegas.

VV. AA., “Roberto Blanco Torres”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas 1999”, 17 maio 1999, pp. 37-44.

Suplemento especial publicado co gallo do Día das Letras Galegas de 1999, no que se fai un repaso cronolóxico por tódolos homenaxeados anteriormente no Día das Letras Galegas cunha breve referencia á figura de cada escritor. Ademais, inclúense os seguintes artigos asinados:

- M. P., “Coherencia vital”, p. 38.

Repaso da dilatada carreira xornalística de Roberto Blanco Torres, partícipe nos principais xornais galegos das primeiras décadas do século XX, dende o seu inicio en *Nueva Galicia* e *Heraldo de Galicia* despois da volta de Cuba, pasando pola dirección de *El Correo Gallego* de Ferrol, *La Zarpa* de Ourense ou *El Progreso* e *El País* de Pontevedra ata a xefatura de redacción de *Galicia. Diario de Vigo* ou os posteriores problemas en *El Pueblo Gallego* con Portela Valladares. Dá conta tamén da publicación de *Orballo de media noite* (1929) e *De esto y de lo otro*(1930), así como a intensa vida política do autor.

- Xosé M. Núñez Seixas, “A andaina política de Blanco Torres”, p. 39.

Destaca a faceta política de Roberto Blanco Torres que, segundo se di no artigo, “sintetiza en boa medida a traxectoria do que foron as correntes progresistas da esquerda republicana non obreira no noso país ó longo do primeiro terzo do século XX”. Así, salienta a súa vinculación ó agrarismo, ó republicanismo e ó nacionalismo. Tamén sinala a importancia que tiña naqueles intres o seu labor como xornalista que lle permitía expoñe-las súas ideas. Asemade, resalta a formación autodidacta acadada por Blanco Torres, así como o feito de que foi ante todo “un home de acción”. Despois de repasa-la súa traxectoria política na IIª República, conclúe lembrando o seu asasinato durante a Guerra Civil.

- Marcos Valcárcel, “Roberto Blanco Torres contra a guerra”, p. 42.

Salienta algúns daqueles aspectos que se repiten ó longo da obra de Roberto Blanco Torres, tanto nos versos de *Orballo de media noite* (1929) como nos seus artigos. Sinala temas recurrentes como a emigración, a denuncia do caciquismo ou a defensa das liberdades e da democracia. Tamén destaca a coincidencia con outros escritores galegos, como Castelao, ó denuncia-lo “señoritismo”. Finalmente, resalta
ó seu antibelicismo para o que se apoia en dous artigos do propio autor nos que critica os líderes socialistasda Iª Guerra Mundial e as guerras coloniais de África.

- María Piñeiro, “A guerra civil non deixou indiferente a ningún escritor”, p. 43.

Entrevista con Claudio Rodríguez Fer, autor da tese de doutoramento *A lingua galega durante a guerra civil*, quen destaca a importancia que tivo a Guerra Civil na literatura galega e cita algúns intelectuais que sufriron a mesma como Víctor Casas, Anxel Casal ou o mesmo Roberto Blanco Torres. Alén disto, refírese á influencia que tivo a Guerra Civil na literatura galega posterior pois fixo enmudecer algúns autores, comoPimentel e Ánxel Fole, unirse ó franquismo a outros, por exemplo, a Álvaro Cunqueiro e a Noriega Varela, e marca- la infancia dos escritores máis novos como Uxío Novoneira e Luz Pozo. Finalmente, fai fincapé na influencia que tivo a Guerra Civil tanto na literatura universal como na literatura galega.

VV. AA., “Roberto Blanco Torres”, *La Región*, 17 maio 1999, pp. 35-47.

Suplemento especial dedicado á figura de Roberto Blanco Torres, no que se presenta a traxectoria vital do autor, da que se achegan os acontecementos máis significativos. Inclúese tamén o programa de actos do Concello do Carballiño durante a segunda quincena deste mes e reprodúcese un artigo que Roberto Blanco Torres publicou no nº 189 de *A Nosa Terra* o 25 de xullo de 1923 no que explica o que significa o Día de Galicia que define como a “evocación, a vibración das antigas arelas de liberdade”.Acóllense dúas entrevistas, a primeira con Xesús Pérez Varela, que analiza o significado adquirido o Día das Letras Galegas e a segunda con Concha Costas quen analiza o estado actual da lingua galega e denuncia a perda de carácter reivindicativo desta celebración. Ademais acóllense a seguintes colaboracións asinadas:

- L. R., “De Cuba a Palencia: Sempre defendendo o galeguismo”, p. 35.

Despois de citar algúns dos máis importantes sucesos da súa vida persoal, ademais dos feitos máis importantes da súa vida persoal, céntrase no seu labor intelectual en Galicia, Cuba e mesmo en Palencia, e dáse conta da a súa participación en xornais galegos como *Galicia Nueva*, *El Correo Gallego* e *La Zarpa* ou *El Sol* e *El Liberal*, de Madrid. A seguir, refírese á evolución do seu pensamento político, dende o nacionalismo e o republicanismo e cita os cargos ocupados como foron gobernador civil en Palencia e xefe do gabinete de prensa do Ministerio de Gobernación da República que coincidiu co alzamento e a súa posterior morte. Tamén se ofrecen algúns fragmentos dos seus artigos nos que transmite o seu pensamento, e unha breve referencia ó seu estilo crítico e contundente en defensa da lingua e de Galicia.

- I. R., “Fortes influencias de Unamuno e das vangardas europeas”, p. 36.

Artigo centrado nas dúas obras publicadas en vida de Roberto Blanco Torres, *Orballo de media noite* (1929), con 31 poemas divididos en dúas partes de temática variada, dende a denuncia social ata as "inquedanzas existenciais e filosóficas" e cunha grande influencia de Unamuno e *De esto y de lo otro* (1930), escolma de traballos xornalísticos e ensaios que abranguen tanto a política como referencias a Galicia e á lingua cun estilo "fondamente crítico" e con expresións en latín, característico do xornalista Blanco Torres. Tamén se refire ás obras en proceso de elaboración no momento da súa morte *Tres discursos á mocidade galega* e *La estrella lejana*, inéditas.

- Antonio Piñeiro, "O que ocurríu aquela negra noite do 36 en Galez", p. 39.

A través da visión arrepiante das imaxes que chegan das loitas fratricidas do Kosovo, evoca os feitos que puideron ter lugar na noite en que Roberto Blanco Torres foi asasinado en Galez, reconstrúe a viaxe dende Celanova ata o lugar elixido onde segaron a vida de Eulogio Vázquez, Rizal de Villamarín Iglesias, e o propio Roberto Blanco Torres.

- E. R., "A xente de letras lembra a un grande descoñecido", p. 41.

Ofrécese a opinión de catro escritores galegos e ourensáns sobre a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, como son Alfredo Conde, quen admite non coñecer moito a obra de Blanco Torres e lamenta a reiteración nos xornais do seu fusilamento; Antón Tovar que fala da obra poética cualificándoa de "moito sentimento, pensamento e ritmo"; Pura Vázquez quen o ve como un home "moi loitador, moi amante da súa terra, un gran xornalista" e Marcos Valcárcel, bo coñecedor da obra do autor pontevedrés, quen resalta a súa condición de autor "unitario", xornalista progresista e poeta cunha obra de forte carácter filosófico.

- A. R., “Ourense: Feira do libro e concertos na festa da lingua”, p. 42. Achégase a Axenda do día das Letras Galegas na cidade e cítanse os diversos actos celebrados como a Feira do Libro de Ourense, da que salienta a presencia de Marcos Valcárcel e Luis García Mañá que asinaron exemplares das súas obras *Roberto Blanco Torres. Xornadas de alerta e agonía* e *As plumas do Moucho*, respectivamente. Tamén se recollen as actividades culturais a celebrar noutras vilas da provincia como Maceda, O Carballiño ou Verín.

- Manuel Vidal Villaverde, “Blanco Torres: anoitecido corazón na tarde de Entrimo”, p. 44. Denunciando o fusilamento do homenaxeado no ano 1936, faise unha sinopse do que foi a súa vida dende a estancia en Cuba en contacto con outros intelectuais galegos ata a súa morte en Entrimo (Ourense). Reprodúcense uns versos de *Orballo da media noite* (1929)nos que se reafirma o compromiso coa liberdade.

- I. R., “As editoriais en lingua galega lanzan as súas últimas novedades ó mercado”, p. 45.

Aproximación ás novidades editoriais publicadas arredor da figura de Blanco Torres, acompañada dun breve resumo do contido de cada unha das seis obras citadas. entre outras dá conta da aparición do volume *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética*, de Xoán Carlos Domínguez Alberte ou *Blanco Torres. Xornalismo irmandiño*, de Marcos Pastor Seixo, publicado en *A Nosa Terra*. Incúense tamén as novidades da Editorial Xerais e de Edicións do Castro.

- M. F., “O que é verdade é que Blanco Torres non tiña pelos na lingua”, p. 47.

Conversa con Xoan Carlos Domínguez Alberte, autor de *Roberto Blanco Torres e a loita pola supremacía ética*, na que valora a obra do homenaxeado que considera silenciada dende hai moitos anos por que

Publicacións en xornais: estudios e recensións

Publicacións en xornais: estudios e recensións

“pensaba de xeito diferente”. Destaca o seu carácter comprometido que vía na república a “liberdade democrática e a defensa no idioma”.

VV. AA., “Roberto Blanco Torres. Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, 11 maio 1999, pp. 1-16.

Suplemento especial centrado na figura de Roberto Blanco Torres. Así, recóllense as caricaturas de diversos debuxantes de *La Voz de Galicia* dedicadas ó homenaxeado e repróducese unha carta manuscrita do poeta de Cuntis, testemuño da penuria económica que pasou. Inclúense, ademais, os seguintes artigos asinados:

- Juan L. Blanco Valdés, “Do home e a vida o inmortal poema”, pp. 1-2.

O sobriño-neto de Roberto Blanco Torres, tras comenta-lo seu desexo de poñer unha lousa na tumba do seu tío-avó, reflexiona sobre a figura do homenaxeado. Reivindica a necesidade de acadar unha “restauración pública da vida e a obra de Roberto Blanco Torres”. Tamén comenta o esquecemento que sufriron outras figuras despois da Guerra Civil. Ademais, louva o traballo como xornalista e poeta de Blanco Torres. Finalmente, reproduce uns versos de *Orballo da media noite* (1929), claves para comprende-lo poeta de Cuntis.

- Ramón Nicolás Rodríguez, “A revista “*Gaceta de Galicia*”, p. 3.

Salienta a colaboración de Roberto Blanco Torres na revista *Gaceta de Galicia*, que apareceu en Vigo en 1929 e da que só se publicaron dous números. A este respecto, sinala que no primeiro número da revista se recolle o artigo “La intelectualidad gallega y la cultura” do escritor cuntiense no que se destaca a necesidade de “rexeneración” ética. En canto ó segundo número da *Gaceta de Galicia* cítase o artigo “Saludo a Luis Bello en Galicia”, e do que louva a defensa do emprego do galego na escola por parte do poeta de Cuntis.

- Domingo García-Sabell, “Unha lembranza”, p. 3.

Lembra a figura do seu amigo Roberto Blanco Torres, facendo memoria da correspondencia que mantiñan cando el vivía en Berlín. Tamén evoca o seu encontro co poeta de Cuntis en Madrid, así como a lectura exaltada que fixo Blanco Torres do *Romancero gitano* de Federico García Lorca. Por último, comenta a ledicia que provocou no poeta granadino a nova desa lectura.

- Luís Lamela García, “A realidade perdida”, pp. 4-5.

Comentario sobre a morte de Roberto Blanco Torres. Tras salienta-lo coñecemento das autoridades franquistas da existencia dos “pasea-mentos”, lémbranse os primeiros momentos do levantamento, así como a detención do poeta de Cuntis. Tamén se reproduce unha carta do gobernador civil, Gonzalo Martín March, na que recoñece a súa responsabilidade nos actos levados a cabo en Ourense para defende-la II República. A seguir, dáse conta dos derradeiros intres de Blanco Torres e da súa morte. Finalmente, destácase a persecución que sufriu o xornalista cuntiense despois de morto.

- Claudio Rodríguez Fer, “Adherentes, combatentes e represaliados”, pp. 6-7.

Fai unha relación dos escritores galegos que apoiaron o movemento, dos que se opuxeron a el e dos que foron represaliados. Dos “adherentes” destácase o labor de Noriega Varela, Vicente Risco, Gonzalo Torrente Ballester, Camilo José Cela ou Álvaro Cunqueiro. Tamén sinala as colaboracións de cregos e beatas na louvanza do movemento. Dos “combatentes” comenta a defensa da República de Ramón Cabanillas ou Castelao mediante os seus escritos. Menciona, ademais, a participación na fronte de persoeiros como Dieste, Lorenzo Varela, Carballo Calero ou Fernández Granell. A continuación, informa do labor levado a cabo na emigración por Blanco Amor ou Luís Seoane. Dáse conta tamén dos fusilados, detidos e depurados dos seus cargos ou fuxidos durante a Guerra Civil. Resáltanse, ademais, os poucos testemuños que se conservan do traballo dos escritores que defenderon a República, así como as obras que despois se publicaron baseadas nos recordos destes escritores. Finalmente, a atención céntrase na figura de Roberto Blanco Torres e na súa detención e asasinato por parte dos falanxistas.

- Marcos Valcárcel, “A rebeldía intelixente dun xornalista republicano”, pp. 8-9.

Tras salienta-lo feito de que se lle dedique o Día das Letras Galegas a unha das víctimas da Guerra Civil, fai un resumo da traxectoria vital de Roberto Blanco Torres. Así, destaca a importancia que tivo para o poeta cuntiense a súa estadía en Cuba, onde coñeceu algúns dos persoeiros do galeguismo da época e onde comezou o seu oficio de xornalista. Despois, xa de volta en Galicia, menciona os numerosos xornais e revistas nos que colaborou de volta en Galicia. Tamén recolle diversas reflexións do homenaxeado sobre o seu oficio. Ademais, destacan algúns dos seus actos políticos como o mitin no que participou en Madrid defendendo o Estatuto de Autonomía para Galicia. Por último, dá conta da súa tráxica morte durante a Guerra Civil.

- Xesús Alonso Montero, “A palabra fronte o poder de Portela Valladares”, p. 10.

Despois de achegar algúns datos sobre o pontevedrés Portela Valladares, propietario de *El Pueblo Gallego*, coméntanse as polémicas que este tivo con Roberto Blanco Torres. Ademais de menciona-lo xuízo por inxurias entre estes dous persoeiros, fai referencia a outro enfrontamento polo ataque do xornalista cuntiense ós negocios que rodeaban a emigración. Con este fin, inclúe parte dun escrito de Blanco Torres onde recoñece estas desavinzas. Finalmente, destaca a integridade do poeta de Cuntis, defensor ata o final dos seus ideais.

- F. Fernández del Riego, “A tarefa galeguizadora do escritor”, p. 11.

Refírese a pegada que deixou a emigración en Cuba na vida e traballo de Roberto Blanco Torres. Así mesmo, salienta o seu labor como xornalista unha vez que regresa a Galicia, ademais de resalta-la súa faceta como poeta. Lembra, ademais, as palabras que pronunciou Blanco Torres no acto a favor do Estatuto de Autonomía para Galicia celebrado en Madrid en 1936. Por último, reproduce o artigo “Dúas verbas” do poeta cuntiense onde se queixaba da situación pola que pasaba Galicia naqueles momentos.

- X. C. Domínguez Alberte, “Curros en Blanco: Instantáneas dunha filiación”, p. 12.

Indícanse as relacións existentes entre Manuel Curros Enríquez e Roberto Blanco Torres. Así, comenta o labor do poeta de Celanova a prol da fundación da RAG e a louvanza que deste feito fixo o xornalista cuntiense. Tamén salienta a dedicación de ambos escritores ó xornalismo no que defenderon a “liberdade, democracia, republicanismo, progreso e defensa de Galicia”. Finalmente, compara as súas obras poéticas e destaca as semellanzas dalgúns poemas que se reproducen no artigo.

- Arcadio López-Casanova, “Un poeta da modernidade”, pp. 14-15.

Tras resalta-la modernización que supuxo para a cultura galega o período que abrangue do 1916 ó 1936, destaca o papel rupturista levado a cabo polos poetas galegos naqueles intres. Tamén sinala que dentro deste contexto se sitúa *Orballo da media noite* (1929), de Roberto Blanco Torres. Deste poemario salienta a súa orixinalidade pola presencia de metapoemas, do “esencialismo telúrico” ou da “reciedume ética”. Por todo isto, recoñece o “enorme interese” da obra poética do xornalista cuntiense.

- Xesús Carballo Soliño, “Cronoloxía”, p. 15.

Achega unha detallada cronoloxía dos feitos máis importantes da vida de Roberto Blanco Torres. Tamén destaca o seu labor como xornalista, a súa faceta política e a súa actividade como poeta. Así mesmo, dá conta dalgúns dos máis importantes acontecementos políticos, relixiosos e culturais daquelas datas.

IV. Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres

IV. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “O ton da Academia”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 28 xuño 1999, p. 4.

Ofrece a súa desfavorable opinión sobre o nomeamento de Roberto Blanco Torres para o Día das Letras Galegas por consideralo un poeta de pouca importancia. Ademais, fai unha longa argumentación sobre as polémicas que ocorren na Academia Galega para nomea-los homenaxeados e céntrase fundamentalmente na que suscitou a designación de Manuel Murguía para o vindeiro ano.

Alonso Montero, **Xesús**, “Despois do 17 de maio”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 28 maio 1999, p. 14.

Reflexiona sobre as críticas que suscitou a elección de Roberto Blanco Torres como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Rexeita a idea de que a súa elección fose debida á súa ideoloxía política ou polo feito de ser asasinado a finais de 1936. Tampouco admite que a súa elección sexa un modo de aviva-lo “clima de “odio” da Guerra Civil”. Finalmente, considera positivo que os actos do Día das Letras Galegas deste ano serviron para desperta-lo interese dos máis novos por coñece-lo período histórico que lle tocou vivir ó poeta de Cuntis.

_____, “Limpeza ideolóxica contra limpeza ética”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 4 xuño 1999, p. 14.

Tras sinala-lo desexo dalgúns biógrafos de Roberto Blanco Torres de coñece-los nomes dos seus asasinos, comenta o ambiente de terror creado polos falanxistas durante a Guerra Civil. Destaca, ademais, que o homenaxeado no Día das Letras Galegas foi víctima desa estratexia. Por último, resalta a personalidade do xornalista cuntiense ó que cualifica de “home de moral limpa, comprometido coa limpeza ética”.

_____, “Milenario do Cid: o mito cuestionado”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit” 13 agosto 1999, p. 12.

Ó se cumprir un milenio da morte do Cid, cuestiona a mitificación que desta figura fixo Menéndez Pidal, “o seu máximo panexirista”, e o franquismo, recordando o desconcerto que producía a súa faceta mercenaria. A seguir, transcribe un fragmento do poema “El Cid en España” de Roberto Blanco Torres, publicado o 20 de decembro de 1931 en *El Heraldo de Galicia*, no que se cuestionaba o mito parafraseando o haxiográfico poema “Castilla” de Manuel Machado.

Bande Rodríguez, Enrique, “Roberto Blanco Torres (I)”, *La Región*, “De paso”, 22 marzo 1999, p. 11.

Céntrase na figura de Roberto Blanco Torres do que salienta o seu labor polifacético como poeta, xornalista, galeguista intelectual e crítico social. A seguir, incide no compromiso da súa obra xornalística e fai un percorrido dos xornais nos que colaborou ó longo da súa vida a partir da súa emigración a Cuba. Así, lembra a fundación dos xornais *La Alborada* e *La Tierra Gallega*, ou as diversas colaboracións en *A Nosa Terra*, *Galicia Nova*, *La Zarpa*, ademais da súa dirección a cargo de *La República* e máis tarde de *O Correo Galego*. Finalmente, recorda os dramáticos acontecementos que o levaron a súa detención e morte en 1936.

_____, “Roberto Blanco Torres vive entre nós (e II)”, *La Región*, “De paso”, 23 marzo 1999, p. 25.

Analiza as distintas facetas intelectuais de Roberto Blanco Torres. Así, en canto o seu labor como xornalista tanto en Cuba como na Península, considera que foi nel unha necesidade de expresión e de liberación. En canto ó seu pensamento político destaca o seu compromiso cos intereses dos labregos e a súa fidelidade ó nacionalismo. Asemade, salienta a súa actividade como escritor e coméntanse algúns aspectos das súas obras *Orballo da media noite* (1929) e *De esto y de lo otro* (1930). Por último, refírese as constantes que se reflicten na súa obra como son a reivindicación do progreso social e da educación en galego, así como a denuncia en contra do caciquismo e do fenómeno migratorio.

Bernal, Diego, “Unha libreta e un lapis para escribir en galego”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 16 maio 1999, p. 80.

Louva a iniciativa da CRTVG de sumarse ós actos conmemorativos do Día das Letras Galegas cun agasallo que consistíu nunha libreta e nun lapis. Detense na descrición da libreta, que reproduce unhas palabras do homenaxeado na que reivindica á lingua como sinal de identidade. Esta frase sérvelle para reflexionar sobre a importancia do idioma galego, a súa historia e o seu futuro.

Blanco Valdés, Roberto L., “A paixón pola palabra”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1999, p. 60.

Loa a figura do seu parente. Así, cualifícao de “cidadán comprometido co seu tempo e coa súa circunstancia”. Refírese tamén a súa actividade xornalística, destacando o feito de que sempre estivese ó servicio dos cidadáns. Asemade, louva a defensa que fixo Roberto Blanco Torres en prol do galeguismo e da República. Por último, salienta que a súa “paixón pola escritura” foi a causa da súa morte.

Borobó, “Lembranzas dun estudante da Estrada”, *A Nosa Terra*, nº 885, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 3 xuño 1999, p. 36.

Despois de salienta-la súa incapacidade para escribir sobre alguén que non chegou a coñecer, Borobó lembra a Mario Blanco Fuentes, sobriño de Roberto Blanco Torres. Relata como a relación con este parente do homenaxeado no Día das Letras Galegas lle permitiu achegarse á súa figura. Tamén sinala como esas lembranzas de Mario Blanco foron recollidas polo seu fillo, Xoán L. Blanco Valdés, na obra titulada *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e a obra deRoberto Blanco Torres* (1998). Finalmente, comenta a presencia de Blanco Torres entre os amigos que Ramón Otero Pedrayo inclúe no seu *Libro dos Amigos* (1953).

_____, “A próxima conmemoración de *O Meigallo*”, *A Nosa Terra*, nº 886, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 10 xuño 1999, p. 36.

Tras sinala-lo labor levado a cabo por O Meigallo para conmemora-lo Día das Letras Galegas, salienta o desexo desta Asociación de enaltece-lo próximo ano a figura de Xoán Xesús González. A seguir, dáse conta da traxectoria como escritor, xornalista e político deste persoeiro, así como as semellanzas existentes entre a súa vida e a do poeta de Cuntis. Por último, destaca os recordos do articulista vinculados a este político que foi ‘paseado’ vinte días antes ca Blanco Torres.

Castro, Francisco, “No Día das Letras”, *Atlántico Diario*, “Crónicas efímeras”, 17 maio 1999, p. 16.

Logo de manifesta-la súa queixa pola existencia do Día das Letra Galegas, critica que esta data perda o seu valor reivindicativo e se converta nun “festivo máis”. Salienta a importancia da lingua galega como feito normalizado e non restrixido ó acto de celebración e faise eco dalgúns dos escritores máis representativos da literatura Galega como Rosalía de Castro, Castelao, CurrosEnríquez, Eduardo Pondal, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro ou Álvaro Cunqueiro, entre outros.

Conde, Alfredo, “Faltaron tres nomes”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 18 maio 1999, p. 48/p. 4.

Refírese á celebración do Día das Letras Galegas e lembra os trinta e sete homenaxeados antes de Roberto Blanco Torres. A seguir, salienta a dimensión que acadou este personaxe en relación con outros homenaxeados polas tráxicas circunstancias da súa morte, xa que logo considera unha conta pendente dos estudiosos dar a coñece-lo nome dos asasinos do poeta de Cuntis para “poder maldicilos a ciencia e a conciencia”.

_____, “As letras sen escribir”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 19 maio 1999, p. 48/p. 4.

Comenta que o seu artigo do día anterior non era irónico. Volve afirmar que o Día das Letras Galegas tamén se dedica ás obras que puido escribir un autor e que non lle deixaron. Asemade, salienta que neste mes falouse máis da morte de Roberto Blanco Torres que da súa figura literaria. Ademais, sinala que sabe-lo nome dos asasinos do xornalista de Cuntis é unha forma de recupera-las obras que non chegou a escribir. Por último, desexa que o vindeiro ano se lle dedique o Día das Letras Galegas a un escritor con “incuestionable entidade literaria”.

Dourado Deira, M., “Blanco Torres: méritos para o sacrificio”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 15 maio 1999, p. 3.

Tras salientar que nunca estivo de acordo con esquece-la memoria histórica para “non abrir vellas feridas”, louva o acerto de escoller a Roberto Blanco Torres como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén se queixa daqueles que criticaron esta elección por tratarse de “un home perfectamente descoñecido e literariamente irrelevante”. Por último, enumera algúns dos méritos do poeta de Cuntis para ser homenaxeado neste día.

_____, “A relixiosidade en Roberto Blanco Torres”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 29 maio 1999, p. 3.

Reproduce parte dunha carta dun lector na que lle pregunta pola relixiosidade de Roberto Blanco Torres e pola “celebración dos seus asasinos”. Para contestarlle á primeira cuestión remíteo a un traballo de Pilar Pena Búa titulado “Relixión, cristianismo e catolicismo en R.B.T.” publicado na revista *Encrucillada*. Tamén comenta que o xornalista cuntiense empregaba os seus valores cristiáns para “defender desde aí unha ética civil”. Con respecto á segunda cuestión, salienta que a historia se encarga de poñer a cada un no seu lugar e que “os asasinos nunca se deben confundir coas víctimas”.

Durán, Xosé, “Roberto Blanco Torres, un xornalista ético”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1999, p. 8.

Fai un percorrido polos feitos máis salientables da vida de Roberto Blanco Torres. Deste xeito, comenta certos antecedentes familiares así como a súa formación a cargo do seu pai. Tamén menciona a súa etapa na Habana, onde fundou as revistas *Alborada* e *La Tierra Gallega*. Asemade, resalta as súas facetas como xornalista, poeta e político. Por último, refírese o seu asasinato nos inicios da Guerra Civil.

_____, “Roberto Blanco Torres en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1999, p. 10.

Destaca a vinculación con Pontevedra de Roberto Blanco Torres. Así, comenta a súa colaboración con dous xornais desta cidade en dúas épocas da súa vida. Do seu labor en *El Progreso* salienta tres artigos que se centraban en acontecementos de Pontevedra, mentres que da súa etapa en *El País* lembra que a “marcou a liña editorial” do xornal. Finalmente, sinala que a morte do xornalista de Cuntis tivo pouca repercusión na Pontevedra da súa época.

Fernán Vello, M. A., “Roberto Blanco Torres”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 20 maio 1999, p. 4.

Louva a elección de Roberto Blanco Torres como homenaxeado no Día das Letras Galegas. Tamén salienta o grande interese que representou o redescubrimento desta figura pola nosa falta de “memoria histórica”. Explica o silencio que sufriu a obra dos escritores e xornalistas galegos asasinados en 1936 polo réxime político que se instaurou trala Guerra Civil. Finalmente, fai fincapé na importancia de dedicarlle o Día das Letras Galegas ó xornalista cuntiense, xa que é un xeito de empezar a recupera-lo noso pasado histórico.

Freixanes, Víctor F., “Blanco Torres”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 27 febreiro 1999, p. 12.

Despois de referirse á morte de Roberto Blanco Torres, fai fincapé no feito de que a RAG lle dedique o Día das Letras Galegas a un dos escritores asasinados durante a Guerra Civil. Tamén salienta que noutros anos esta data estivo dedicada á “memoria dos exiliados”. Por último, louva o labor xornalístico do homenaxeado.

_____, “Despois das letras”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 22 maio 1999, p. 14.

Critícase aquí a burocracia na que queda o Día das Letras Galegas nun momento no que o Manifesto de Bonaval pon de relevo a gran perda de falantes mozos de galego. Pídese retomalas liñas do informe crítico do Consello da Cultura Galega de 1994 sobre a política lingüística da Xunta de Galicia.

García, Xosé Lois, "A sensibilidade poética de Blanco Torres", *O Correo Galego*, "Ecos da Berenguela", 2 marzo 1999, p. 3.

Salienta a aparición de dúas edicións de *Orballo da media noite* de Roberto Blanco Torres: unha editada por Miro Villar en Edicións Xerais e outra incluída na biografía do poeta de Cuntis elaborada por Juan L. Blanco Valdés en Edicións do Castro, ambas publicadas no ano 1998. Tamén se queixa do esquecemento que sufriu durante anos a poesía de Blanco Torres. Asemade, resalta a calidade da obra deste autor e cualifica a súa poesía de "existencial, telúrica, cósmica e panteísta". Comenta, ademais, algúns dos poemas de *Orballo da media noite*.

_____, “Sorprendente Murguía”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 15 xuño 1999, p. 3.

Manifféstase a oposición á elección de Manuel Murguía como escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2000. A razón principal que apón é a escaseza de escritos en lingua galega deste intelectual, co que, ó seu xuízo, “ábreselle o pórtico das conmemoracións das letras galegas aos bilingüistas máis minoritarios”. Seguindo este camiño, di que poderían ser homenaxeados no sucesivo escritores tan belixerantes coa cultura en lingua galega como Valle ou Cela. Con todo, non deixa de recoñece-lo valor de Murguía como artífice da irrupción no panorama literario do XIX de Rosalía, así como o seu labor dinamizador da vida galega, dende posicións liberais e demócratas.

Gómez, Joel, “Blanco Torres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “De sol a sol”, 20 maio 1999, p. 50.

Destaca o descoñecemento do noso pasado e exemplifica con algunhas das cuestións que se suscitaron na celebración do Día das Letras Galegas deste ano. A seguir, reflexiona sobre a necesidade de que figuras como as de Roberto Blanco Torres, Johán Carballeira, Lustre Rivasou Ánxel Casal sexan recoñecidos pola Facultade de Xornalismo. Asemade, comenta os cambios levados a cabo na valoración dos productos literarios.

Gómez, Pedro, “A nosa Virxe en Blanco Torres”, *La Región*, 17 maio 1999, p. 2.

Tras salienta-la vinculación tanto persoal como profesional de Roberto Blanco Torres coa cidade de Ourense, céntrase nun poema deste autor titulado “Nosa Virxe”. Destaca algúns dos comentarios da crítica sobre esta poesía. Sinala, ademais, a relación desta Virxe coa tradición relixiosa galega. Finalmente, inclúe uns fragmentos deste poema.

Hortas, Daniel, "O Día das Letras na Galicia exterior", *O Correo Galego*, "Sinxelamente", 17 abril 1999, p. 3.

Fai referencia á importancia que ten acadado o Día das Letras Galegas, non só en Galicia, senón tamén entre as comunidades de galegos emigrados. Cita como exemplo a inauguración do Centro Galego de Móstoles en Madrid, na que se lembrou a figura de Roberto Blanco Torres. Por último, salienta o papel que tivo a emigración na fundación da RAG ou na elaboración do himno galego, así como a importancia dos xornais para estes colectivos.

Liñares Giraut, Amancio, “Roberto Blanco Torres”, *O Norte*, nº 117, “As veas da diáspora”, 1 maio 1999, p. 2.

Comeza cunha reflexión sobre o feito de que as figuras homenaxeadas no Día das Letras Galegas do 1998 fosen obxecto de estudio dos medievalistas, ó contrario do que acontece con Roberto Blanco Torres, que merece un estudio dende o xornalismo, o galeguismo e a literatura contemporáneos. Despois dunha pequena lembranza do escritor, rastrexa a bibliografía acerca da súa vida e obra, salientando as páxinas pioneiras de Carballo Calero, Otero Pedrayo e José Antonio Durán, ademais doutras moitas que se ocuparon, con menos profundidade desta figura.

Malvar, Aníbal C., “No lupanar dos galegos sen lustre”, *El Mundo. Galicia*, “Zoom”, 17 maio 1999, p. 2.

Critica a decisión de dedica-lo Día das Letras Galegas a Roberto Blanco Torres. Considera que este persoeiro é un xornalista e non un verdadeiro escritor. Tampouco cre que os méritos de Blanco Torres sexan suficientes para homenaxealo nesta data. Asemade, aconsella ós escritores que amosen abertamente as súas queixas pola decisión deste ano da RAG.

Martínez Couselo, José, "Blanco Torres no era periodista zalamero", *El Correo Gallego*, "Con acento gallego", 17 maio 1999, p. 2.

Trala lectura de *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e á obra de Roberto Blanco Torres* (1998), de Juan L. Blanco Valdés. estudio da vida e obra de Roberto Blanco Torres, Martínez Couselo rescata e ofrece neste artigo os datos referidos ó xuíz militar de Ourense que xulgou ó autor homenaxeado.

Méndez Ferrín, X. L., “Masonería e cristianismo en Blanco Torres”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 15 febreiro 1999, p. 2.

Sobre a constante presencia de Deus nas páxinas de Roberto Blanco Torres, o columnista está convencido de que este autor mantiña uns ideais máis panteístas que cristiáns. Seguindo este razoamento, pregúntase se, por filiacións políticas, amistosas e laborais coa masonería, Blanco Torres non sería tamén masón. Reclama un labor de investigación sobre a masonería en Galicia, á que considera un factor importante nas victorias electorais do republicanismo nos anos 30. Pide, finalmente, que os estudiosos da vida de Blanco Torres esclarezan a cuestión.

_____, “Home de ideas”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 30 abril 1999, p. 2.

Tras comenta-la proliferación de estudios sobre Roberto Blanco Torres e destacar de entre eles a obra de Xoán Carlos Domínguez Alberte, o articulista louva a figura do homenaxeado no Día das Letras Galegas. Así, salienta que o poeta de Cuntis foi un “home de ideas e convicción”. Tamén menciona as súas crenzas cristiáns. Asemade, destaca a súa defensa da República, do nacionalismo e da lingua galega. Finalmente, dá conta do asasinato do xornalista cuntiense en Entrimo.

_____, “Un exercicio de memoria”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 21 maio 1999, p. 2.

Méndez Ferrín destaca o grande labor levado a cabo este ano para tentar recupera-la memoria de Roberto Blanco Torres. Así, menciona o traballo desenvolto a este respecto pola asociación *O Meigallo.* Sinala, ademais, que co Día das Letras Galegas non só se está homenaxeando a un poeta e xornalista, senón que tamén se louvan as calidades humanas de Blanco Torres. Finalmente, comenta o seu orgullo ó ve-lo nome de seu pai vinculado ó do xornalista cuntiense mediante un artigo de *La Zarpa* do 24 de setembro de 1922.

_____, “De novo Blanco Torres”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 31 outubro 1999, p. 2.

Reflexión acerca das moitas páxinas dedicadas a Roberto Blanco Torres na que se valora a recuperación dun grande xornalista e poeta. Lémbrase unha fonte esquecida para o coñecemento do escritor, como é a figura de Manuel García Paz, da que se achegan algúns datos bio-bibliográficos. Finalmente, explícase cómo este intelectual, destituído polo réxime, recreou poeticamente algunhas figuras republicanas entre as que se atopa Blanco Torres.

Neira Vilas, Xosé, “A inquedanza artística de Blanco Torres”, *La Región*, 17 maio 1999, p. 19.

Saliéntase a importancia da emigración a Cuba na vida de Roberto Blanco Torres. Deste xeito, sinálanse os seus primeiros traballos como xornalista, así como a fundación de dúas revistas: *La Alborada* e *La Tierra Gallega*. Tamén se destaca a relevancia das amizades que o poeta de Cuntis entablou con personalidades da cultura e da política galega. Por último, coméntase a súa participación na tertulia “A cova céltiga” celebrada no café cubano “La Puerta del Sol”.

_____, “Cuba na poesía de Blanco Torres”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas Galegas de América”, 13 xuño 1999, p. 3/p. 4.

Coméntanse dous poemas de *Orballo da media noite*, de Roberto Blanco Torres nos que se fai referencia a Cuba. O primeiro deles, “O novo emigrante”, defínese como a explicación do “proceso asimilativo dos nosos paisanos” á illa cubana. Do segundo dos poemas comentados, “A verdade”, saliéntase que o poeta de Cuntis empregase un persoeiro cubano, José de la Luz y Caballero, para queixarse “das eivas do seu país de orixe”. En ámbolos dous casos reprodúcense fragmentos dos poemas.

Novoa, Mª del Carmen, “Día das Letras Galegas en Madrid”, *O Correo Galego*, 28 maio 1999, p. 4.

Resáltase a importancia das numerosas celebracións do Día das Letras Galegas que teñen lugar en Madrid. Deste xeito, destácanse os actos organizados por diferentes institucións: O Centro Galego, a Escola Oficial de Idiomas, a Galería Sargadelos ou o Departamento de Románicas da Universidade Complutense. Finalmente, infórmase das actividades organizadas polo Ateneo tales como o recital de poetas galegos ou as conferencias sobre Roberto Blanco Torres.

Pérez Prieto, Victorino, “O sentimento relixioso cristián en Blanco Torres”, *A Nosa Terra*, nº 888, “Guieiro Cultural”, 24 xuño 1999, p. 32.

Tras sinala-la ampla información que se ten difundido sobre o labor xornalístico, poético e político de Roberto Blanco Torres, saliéntase a falta de escritos sobre a súa fe cristiá. Tamén se fala dos dous actos que se celebraron en Entrimo co gallo do Día das Letras Galegas, e como no último deles o sacerdote Xosé Xullo Rodríguez destacou a fe católica do homenaxeado. Asemesmo, téntase mostra-las crenzas cristiás do poeta de Cuntis a través das súas palabras en distintos artigos. Ademais, menciónanse as críticas que facía a algúns clérigos noutros dos seus escritos.

Rielo, Pedro, “Blanco Torres busca biógrafo”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 1 marzo 1999, p. 3.

Despois de sinalar que Xosé Durán está a facer unha biografía sobre Roberto Blanco Torres, fai fincapé no pouco que se coñece a vida e a obra do poeta de Cuntis. Tamén se queixa de que os críticos considerasen a este xornalista “un autor menor”. Por último, louva a reedición de *Orballo da media noite* de Xerais pois permite achegarnos á obra poética de Blanco Torres.

Soto, Juan, “Pancho”, *El Progreso*, “De re varia”, 17 maio 1999, p. 80.

Critica a elección de Roberto Blanco Torres como homenaxeado no Día das Letras Galegas propoñendo, ironicamente, a Pancho Rey por ter escrito un poema en galego e ser un heroe da División Azul. Deste xeito, fai fincapé nas dificultades coas que se atopa a Real Academia Galega para selecciona-los persoeiros ós que se lles dedica este día, xa que, segundo o autor do artigo, agotáronse as figuras sobranceiras da nosa literatura. Como proba das súas palabras menciona varios homenaxeados que el considera que non estiveron á altura desa distinción.

Valcárcel, Marcos, “Novos libros sobre Blanco Torres”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 12 febreiro 1999, p. 4.

Comenta dous novos volumes aparecidos sobre a figura de Roberto Blanco Torres: un de Juan L. Blanco Valdés, titulado *Hipertensión cívica* (1998), editado por Ediciós do Castro no que se recolle, logo do estudio crítico e histórico, unha escolma da obra literaria e xornalística, *Orballo da media noite* (1998), e outro que é unha edición crítica a cargo de Miro Villar e editada por Xerais, dentro da colección “Biblioteca das Letras Galegas”.

_____, “¿Que nos di hoxe a obra de Roberto Blanco Torres?”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, “A Solaina”, 7 marzo 1999, p. 51.

Tras sauda-la inauguración no Museo Arqueolóxico dunha mostra bio-bibliográfica sobre Roberto Blanco Torres, lembra a vinculación deste poeta coa cidade de Ourense. Así mesmo, cualifica ó xornalista cuntiense de “exemplo dun profesional comprometido coas liberdades e coa democracia”. Por último, imaxina cáles serían as reflexións dos artigos de Blanco Torres se vivise hoxe en día.

_____, “¿Que nos di hoxe Blanco Torres?”, *A Nosa Terra*, nº 878, “Guieiro Cultural”, 15 abril 1999, p. 33.

Destaca a acumulación de actos que se levan a cabo pola proximidade do Día das Letras Galegas, data dedicada este ano a Roberto Blanco Torres. Así, destaca a mostra biobibliográfica organizada pola Asociación O Meigallo e unha mesa redonda conmemorativa convocada polo concello da Peroxa. Tamén reflexiona sobre os feitos que criticaría Blanco Torres se vivise hoxe en día.

_____, “Blanco Torres nas escolas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 14 maio 1999, p. 3.

Marcos Valcárcel louva a decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Roberto Blanco Torres. Salienta a faceta deste autor como poeta respaldada por estudios como os levados a cabo por Miro Villar, Arcadio López Casanova e Xoán Carlos Domínguez Alberte. Tamén se alegra de que o homenaxeado sexa un xornalista. Ademais, di que a Academia “foi moi valente ó escoller para esta digna homenaxe un escritor paseado na guerra civil”. Finalmente, láiase do descoñecemento que amosa a nosa xuventude, non só deste autor, senón tamén do período histórico que supuxo a Guerra Civil e a posguerra.

Vázquez, Pura, “Roberto Blanco Torres, un xornalista amante da terra”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 maio 1999, p. 39.

Céntrase na etapa cubana da vida de Roberto Blanco Torres que lle serviu para entrar en contacto co agrarismo e co galeguismo. Tamén salienta o seu labor como xornalista e como poeta. Ademais, sinala algúns dos estudiosos que traballaron sobre este autor como o profesor Xesús Alonso Montero ou Varela Jácome. Por último, comenta as circunstancias que rodearon a morte de Blanco Torres.

Vázquez Martín, Antonio, “Levárono ás claudias”, *La Región*, “De paso”, 12 marzo 1999, p. 25.

Evocación dunha época e dunha cidade como Ourense en 1936 antes do estalido da Guerra Civil como autor nas revistas xuvenís *Guieiro* e *Espartaco*, así como a situación que se creou despois, lembrando a todos aqueles que foron “levados ás claudias”, eufemismo da época para referirse ós paseados como Roberto Blanco Torres, considerado “a pluma de máis brio e emoción da nosa terra”.

Vidal, Francisco A., “Da relación de Murguía con Oseiro”, *A Nosa Terra*, nº 886, “Guieiro Cultural”, “Camiño Vello Congostra Nova”, 10 xuño 1999, p. 36.

Os feitos casuais ou non que aquí se recollen no artigo e que unen a Manuel Murguía con Oseira xustifican, segundo Francisco Vidal, o monolito que a Asociación de Veciños de Oseiro lle dedicou ó “Grande Precursor” e a festividade dun Día das Letras para Murguía que só agora, despois de seis anos dende que foi proposto, vén confirmado pola Real Academia Galega, dándolle-la razón así a este grupo de Oseira fronte a aqueles que publicamente mostraton o seu desacordo coas iniciativas propostas por esta Asociación.

IV. Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres

IV. 6. Publicacións en xornais: entrevistas

Publicacións en xornais: entrevistas

AGN, “Salvar unha lingua é labor dos falantes, non das administracións”/“Carlos Casares: “No primeiro acto do Día das Letras Galegas non éramos nin vinte persoas”/“Casares: “Non houbo mellor momento na literatura galega que o actual”/“As linguas non as salvan os gobernos, sálvanas as xentes”, *La Región*/*Diario de Pontevedra*/*El Ideal Gallego*/*El Progreso*, 16 maio 1999/17 maio 1999, p. 19/p. 19/p. 17/p. 72.

Entrevista na que Carlos Casares comeza sinalando a diferente repercusión entre o primeiro Día das Letras Galegas, “cando apenas éramos vinte os que participábamos nos actos”, e o celebrado no último ano do milenio. Asemade, refírese á situación actual do galego, destacando o progresivo abandono desta lingua polas xeracións máis novas, así como a imposibilidade de acadar un bilingüísmo harmónico entre o galego e o castelán. Finalmente, cualifica de espléndida a actual situación das letras galegas, chegando a afirmar que a obra dun escritor como Méndez Ferrín é incluso superior á de Otero Pedrayo.

Luna Sanmartín, Xosé, "...mágoa pola morte inxunta dun ser que coñecín", *Tabeirós Terra*, nº VI, febreiro 1999, p. 10.

Nesta entrevista con Juan Blanco Valdés, autor de *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e obra de Roberto Blanco Torres* (1998), na que este fala das relación familiares co poeta e xornalista asasinado no 1936. Asemade comenta a composición do seu libro, as partes, as escollas, os obxectivos, etc. Por último fai un chamamento para que alguén faga unha tese para estudiar máis a fondo a obra xornalística de Roberto Blanco Torres.

Moreira, Rafa, “Que o día das Letras Galegas do 2001 se dedicara a Labarta Pose axudaría a emerxe-la figura de Baio no que é Galicia”, *O Norte*, nº 129, 2ª quincena de outubro 1999, p. 44.

Jorge Mira, unha das persoas integrantes da comisión de lanzamento da figura de Labarta Pose para que se lle dedique o Día das Letras Galegas 2001, comenta os motivos polos que consideran necesario dedicarlle o ano 2001 a Enrique Labarta Pose, por ser unha figura inxustamente esquecida no mundo das letras galegas. Fai un breve resumo da estructura do dossier previsto como proposta para entregar na Real Academia Galega e, finalmente, fai fincapé sobre o cambio de postura da Academia, actualmente máis receptiva, á hora de recibir propostas, polo que afirma ter moitas esperanzas de que a súa proposta vaia adiante.

Rodríguez, Salvador, “Blanco Torres puido ser outro Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 106, 15 maio 1999, p. 7.

Conversa co poeta Miro Villar pola súa edición da obra *Orballo da media noite* (1998), de Roberto Blanco Torres. As súas respostas serven para sinala-la importancia do labor poético desenvolvido polo escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Asemade, Miro Villar define a liña estética seguida por este autor como unha ponte entre a poesía tradicional das Irmandades e as formas innovadores impostas pola vangarda galega. Sinala tamén a influencia que en Blanco Torres puideron ter outros escritores tanto da tradición grecolatina como da galega. Finalmente, menciona a posible conexión entre a poesía de *O soño sulagado* (1955), de Celso Emilio Ferreiro, da que el tamén foi editor, e a de Blanco Torres.

IV. Día das Letras Galegas: Roberto Blanco Torres

IV. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

A. F., “Bueu celebra o mes das Letras Galegas arredor de Blanco Amor, Blanco Torres e Carballeira”, *A Comarca do Morrazo*, nº 65, 30 abril 1999, p. 33.

Expóñense os actos que o Concello de Bueu organiza con motivo do Día das Letras Galegas durante o mes de maio, entre os que se destacan, debates, conferencias, proxeccións, romarías, entrega de premios ou diversas actuacións. Con todo isto preténdese homenaxear, á parte de a Roberto Blanco Torres, a Eduardo Blanco Amor e a Johan Carballeira.

AGN, “La CRTVG edita por tercer año la “Libreta das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 8 maio 1999, p. 28.

Saliéntase a edición que a CRTVG fai por terceiro ano consecutivo dunha libreta conmemorativa do Día das Letras Galegas. O caderno, segundo se di no artigo, está encabezado cuns versos do autor homenaxeado. Así mesmo, infórmase da aparición de especiais dedicados á figura de Roberto Blanco Torres na páxina de internet www.crtvg.es, na 110 do Teletexto da TVG e na 425 do Teletexto de Galicia Televisión de Vía dixital.

Agulla, Álvaro, “Mañana comienzan los actos con motivo de las ‘Letras Galegas*”, Diario de Pontevedra*, 30 abril 1999, p. 19.

Dá conta das xornadas que organiza o Concello de Bueu con motivo do Día das Letras Galegas e que comezan o un de maio coa inauguración dunha exposición fotográfica sobre Eduardo Blanco Amor. Así mesmo, anuncia que estas xornadas se estenden ó longo de quince días nos que, entre outros actos, se programan varias conferencias sobre o autor citado, a literatura popular galega e o homenaxeado deste ano, Roberto Blanco Torres.

_____, “Los actos de las Letras Galegas se iniciaron con una exposición*”, Diario de Pontevedra*, 2 maio 1999, p. 16.

Informa de que a Concellería de Cultura de Bueu organizou para o mes de maio un amplo programa de actos conmemorativos das Letras Galegas, inaugurados cunha exposición fotográfica sobre Blanco-Amor, a explicación do programa citado e un concerto da Banda de Música Artística de Bueu. Entre os actos recollidos dentro do programa cita un ciclo de conferencias sobre Blanco-Amor, a literatura popular galega, unha exposición biobibliográfica sobre Roberto Blanco Torres e a inauguración dun monumento a Johán Carballeira.

_____, “El Ateneo prepara varias actividades para celebrar las “Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 13 maio 1999, p. 16.

Recóllese o programa de actividades do Ateneo Santa Cecilia de Marín con motivo do Día das Letras Galegas. No tocante á literatura galega, anuncia a homenaxe dedicada ó filólogo e etnógrafo Eligio Rivas Quintas.

Álvarez Cáccamo, Alfonso, “Fraga non foi a Cuntis”, *Faro de Vigo*, 28 maio 1999, p. 34.

Logo de aludir a unha serie de circunstancias nas que Manuel Fraga se “emocionara”, conclúe indicando que esta vez foi “prudente” e non foi a Cuntis a falar de Blanco Torres, porque “debeu deducir que a súa presencia podería desbordar as emocións”.

Ameixeiras, Diego, “As editoriais comezan a reedición das obras de Roberto Blanco Torrres”, *El Mundo. Galicia*, 29 marzo 1999, p. 11.

Analízase a repercusión que o Día das Letras Galegas ten nas nosas editoriais. Para iso, recóllense as opinións de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, e Damián Villalaín, director da Editorial Galaxia, sobre a importancia desta data e a elección que a Academia fixo ó homenaxear a Roberto Blanco Torres. Infórmase ademais das novidades que nestes días foron publicadas tanto polas editoriais citadas como pola Consellería de Educación.

Barral, C., “A Academia honrou a condición ética e intelectual de Blanco Torres”, *La Voz de Galicia*, 18 maio 1999, p. 33.

Coméntase a celebración dunha sesión extraordinaria da Real Academia Galega o 17 de maio en Cuntis, vila natal do homenaxeado Roberto Blanco Torres. Recóllense tamén algúns anacos dos discursos pronunciados nese acto por Salvador García Bodaño, Andrés Torres Queiruga, Carlos Casares e Francisco Fernández del Riego. Así mesmo, faise referencia á celebración doutros actos como, por exemplo, a inauguración dun busto de Blanco Torres no parque público da vila ou o recital poético que ofreceu o mozo Manuel Vázquez, Manoele, trala sesión académica.

C. B., “Cultura rinde homenaje a los 37 escritores galardonados el Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, 29 maio 1999, p. 43.

Infórmase dun acto homenaxe dirixido ós escolares e celebrado na Casa Museo de Rosalía de Castro. No artigo recóllense diferentes fragmentos do discurso do conselleiro, nos que se fala do problema da emigración, do futuro de Galicia ou da importancia do Día das Letras Galegas. Tamén se menciona a lectura que o poeta Xesús Rábade Paredes e a alumna Celia Losada Rodríguez fixeron dalgúns poemas de Rosalía e Blanco Torres. Finalmente, ofrécese unha lista das diferentes personalidades que asistiron ó acto homenaxe.

C. P., “Os libreiros foron o testemuño visible na cidade da celebración do Día das Letras*”, La Voz de Galicia*, 18 maio 1999, p. 41.

Saliéntase a celebración da Iª Feira do Libro Galego en Barcelona gracias ó labor do libreiro compostelán Xesús Couceiro e á axuda de Olegario Sotelo Blanco, presidente do Centro Galego de Barcelona. Tamén se informa da presencia nas rúas compostelás das librerías Abraxas, Pedreira e Encontros para celebrar cos lectores o Día das Letras Galegas. Coméntase ademais a contrariedade que supuxo a presencia da chuvia nesa xornada festiva.

C. V., “Murguia despide a Blanco Torres”, *A Nosa Terra*, nº 915, “Guieiro Cultural”, 30 decembro 1999, p. 25.

Comeza cunha reflexión acerca do balance do ano que remata no que se refire a estudios dedicados a Roberto Blanco Torres, advertindo do “campo ermo” existente con anterioridade á efeméride. A seguir, recolle as opinións dalgúns estudiosos con respecto ó homenaxeado, como a de Marcos Seixo, que lembra o seu descoñecemento mesmo por parte dos filólogos; a de Xoán Carlos Domínguez Alberte, quen fai un balance positivo do ano para o achegamento a Blanco Torres e á súa obra ou a de de Xoán Carlos Garrido sobre o compromiso ideolóxico e a identificación do homenaxeado co pobo.

C. d. U., “As tres universidades galegas celebran o ‘Día das Letras’“, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade*”,* 12 maio 1999, p. 2.

Aproximación ós actos celebrados nas Universidades galegas con motivo do Día das Letras Galegas e nos que participaron numerosos estudiosos da súa obra. Entre as moitas actividades, saliéntase a celebrada na Universidade de Santiago de Compostela presidida por Darío Villanueva e no que tivo lugar a presentación do libro *Hipertensión cívica. Aproximación á vida e áobra de Roberto Blanco Torres* (1998), de Juan Blanco Valdés, ademais do volume *Día das Letras Galegas 1999.*

Cal, Rosa, “Roberto Blanco Torres censurado”, *A Nosa Terra*, nº 875, “Guieiro Cultural”, 25 marzo 1999, p. 34.

Despois de facer unha breve presentación da situación política de España en 1930, infórmase da existencia dun artigo, “La vuelta al pasado”, que Blanco Torres dirixiu nesas datas ó xornal *El Liberal* e que non chegou a publicarse nunca. A continuación reprodúcese o texto do artigo censurado, no que se denuncia a volta ó caciquismo sufrido pola Galicia rural da época. Finalmente, transcríbese un comunicado dirixido nas mesmas datas a *El Liberal* e cun contido similar ó anterior. Apúntase a posiblidade de que o autor deste comunicado sexa tamén Roberto Blanco Torres.

Capelán, Antón, “Blanco Torres e Bernardino Machado, con Manuel Antonio ao fondo”, *A Nosa Terra*, nº 904, “Guieiro Cultural”, 14 outubro 1999, pp. 26-27.

Comeza reivindicando a figura de Antón Villar Ponte e a homenaxe merecida que aínda non se lle tributou, débeda que considera pagada con Roberto Blanco Torres, figura pouco estudiada que fixo que ata o de agora se descoñecesen aspectos, non só do propio autor senón tamén doutros intelectuais galegos como Manuel Antonio. No relato dalgún dos feitos políticos máis destacados da España e Portugal dos anos vinte, salienta a relación de Bernardino Machado, presidente da República Portuguesa e exiliado en Galicia, cos intelectuais galegos, entre os que sobrancea a mantida con Roberto Blanco Torres e Manuel Antonio, a cal deu como froito a edición clandestina de *O Militarismo* (1927), de Bernardino Machado, feita por Ánxel Casal e pasada a Portugal por Blanco Torres, Manuel Antonio e outros galegos contrarios ás dictaduras, movemento non totalmente ignorado pola PIDE, como se apunta en F*uxidos* (1977), de Juan Noya Gil. Tamén se recolle esta amizade e admiración de Blanco Torres por Manuel Antonio plasmada, segundo o articulista, na “recensión de *De catro a catro*, a elexía publicada en *A Nosa Terra* e dúas glosas de “Mirador” de *El Noroeste* da Coruña”, que este fixo.

Cortés Galdo, Rocío, “Fernán-Vello resalta o espírito de modernidade de Torres”, *El Progreso*, 19 maio 1999, p. 73.

Resumo da conferencia ofrecida por Miguel Anxo Fernán-Vello en Lugo sobre Roberto Blanco Torres. Recóllense as afirmacións que o estudioso fixo respecto á escasa difusión dos escritos do poeta e xornalista de Cuntis. Ofrécense ademais algunhas das valoracións feitas por Fernán-Vello ó tratar de defini-la obra do escritor homexeado. Así mesmo, menciónase “o carácter reivindicativo” que este poeta ve aínda no Día das Letras Galegas.

D. P., “El Museo acoge una exposición sobre Roberto Blanco Torres”/“Exposición sobre Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, 24 marzo 1999/26 marzo 1999, p. 12.

Anúnciase a inauguración no Museo de Pontevedra da exposición bio-bibliográfica sobre Roberto Blanco Torres, preparada con carácter itinerante pola Asociación Cultural O Meigallo. Cítanse algúns datos da vida e obra do autor.

_____, “Continúa abierta la exposición bibliográfica de Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, 5 abril 1999, p. 8.

Infórmase da mostra organizada pola Asociación O Meigallo situada no edificio Sarmiento de Pontevedra ata o 11 de abril. Faise un breve resumo do contido da exposición e danse algunhas notas fundamentais sobre a vida e obra de Blanco Torres.

_____, “Último día para visitar la exposición de Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, 11 abril 1999, p. 11.

Recóllese a clausura da exposición dedicada a Roberto Blanco Torres, organizada pola Asociación O Meigallo, de Cuntis e da que se salienta a organización en dúas partes do material, unha dedicada á vida e obra do autor e outra de presentación de material do mesmo como artigos e editoriais publicados en diferentes revistas e xornais.

_____, “Diversas actividades con motivo del “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 6 maio 1999, p. 16.

Dáse conta do programa de actividades previstos con motivo do Día das Letras Galegas no Concello de Marín, entre os que se salientan unha actuación teatral a cargo do grupo Quinquilláns coa obra *As voces do mar* e a entrega de premios do X Certame de Poesía Concello de Marín.

_____, “Educación e os libreiros presentan a campaña das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 8 maio 1999, p. 29.

Preséntase a campaña que a Consellería de Educación e a Federación de Libreiros organizaron conxuntamente para celebra-lo Día das Letras Galegas. Saliéntase a edición de diversos materiais que se distribúen a partir do 17 de maio nas librerías que pertencen a Federación. Así, menciónase o reparto de 30.000 bolsas, ademais de 20.000 libros nos que se recolle unha cronobiografía, escolma de textos e a obra hemerográfica de Blanco Torres. Tamén se comenta a edición de 20.000 cadernos nos que se recolle a biografía de tódolos autores ós que se lles dedicou o Día das Letras Galegas. Finalmente, menciónase a autorización dada pola Xunta de Galicia para que o 17 de maio se poidan abri-las librerías galegas.

_____, “Programa de actos para a celebración do “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 10 maio 1999, p. 11.

Anuncia os actos programados para o día 17 de maio na Casa do Mar de Raxó coa colaboración da SCD Samieira, o Ateneo Corredoira, a A Boureante e a Vides Novas, no que se inclúe a entrega de premios do concurso literario “Xaime Illa Couto”.

_____, “Continúan los actos para celebrar las Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 11 maio 1999, p. 21.

Informa da continuación dos actos conmemorativos celebrados na Casa de Cultura de Bueu, organizados pola Concellería de Cultura: unha conferencia a cargo de Jaume Marí Lloreda titulada “Cen anos de galeguismo” e unha charla da man de Bieito Alonso titulada “A represión do 36”, así como a exposición bio-bibliográfica de Roberto Blanco Torres.

_____, “Festival escolar para celebrar el “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 13 maio 1999, p. 14.

Faise eco do programa do Concello de Pontevedra para celebra-lo Día das Letras Galegas e do horario dos actos, entre os que salienta, o recital poético de Xela Arias e o grupo de Alberte Conde, ademais doutras actividades musicais.

_____, “El CEIP de Lourido celebra el “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 13 maio 1999, p. 21.

Programa de actividades para celebra-lo Día das Letras Galegas do CEIP de Lourido no que se salienta, entre outras cousas, unha conferencia sobre Roberto Blanco Torres e a celebración de xogos populares, ademais das representacións teatrais de diferentes pezas levadas a cabo polos propios rapaces do centro.

_____, “Poesía, baile y teatro para celebrar el “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1999, p. 14.

Recóllense as actuacións celebradas con motivo do Día das Letras Galegas no Palacio de Congresos e Exposicións de Pontevedra protagonizadas polos nenos de diferentes colexios do concello. Entre os moitos colexios saliéntanse aqueles que escolleron poemas de Roberto Blanco Torres para recitar ou pezas de autores galegos para levar a escena. Tamén se sinala a celebración dun recital poético a cargo de Xela Arias Castaño.

_____, “El Liceo inicia con teatro los actos de las ‘Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1999, p. 18.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, informa que o Liceo de Marín ofrece a representación da obra de Susana Jages Fernández, *Hai que demo de Farruco*, polo seu propio grupo teatral. Tamén sinala, entre outros actos, a presentación do libro de Eduardo Víctor Castro López, *Fervenzas e devalos* (1999), por parte de José Ruiz Girado, quen disertou sobre a figura e a obra de Roberto Blanco Torres.

_____, “O alcalde de Vilanova e o Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1999, p. 21.

Dáse conta do manifesto do alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán Hermida, con motivo do Día das Letras Galegas, no que lembra o autor homenaxeado e o seu compromiso coa lingua, así como outros intelectuais da bisbarra. Así mesmo, alentou ós seus concidadáns no uso, defensa e transmisión da lingua galega e entregou libros nos colexios como acto simbólico da celebración desta data.

_____, “Recital poético en Sargadelos”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1999, p. 13.

Informa do recital poético organizado polas XX. SS. de Pontevedra co gallo do Día das Letras Galegas. Comenta o contido do recital e salienta a participación do escritor pontevedrés Luís Rey.

_____, “Monte Porreiro ensalza la figura de Roberto Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1999, p. 5.

Alúdese ós distintos actos que a asociación de veciños “El Mirador” da urbanización Monte Porreiro celebrou co gallo do Día das Letras Galegas. Así, ofrécese información das diferentes actividades organizadas por esta asociación ó longo de toda a semana, das que estaca, especialmente, a actuación da Agrupación Folclórica “Revoeiro” e a lectura da obra do homenaxeado Roberto Blanco Torres que se fará, segundo se sinala no artigo, ese mesmo día.

_____, “Amplio programa para el Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1999, p. 11.

Refírese ós actos celebrados polo Concello de Bueu con motivo do Día das Letras Galegas, entre os que se salienta a entrega de premios do concurso de redacción Blanco Torres e o premio Johán Carballeira, ademais de proxecta-lo vídeo *Johán Carballeira 1904-1936.*

_____, “Educación promove o uso da lingua honrando a Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1999, p. 38.

Tras unha breve reflexión sobre os comezos que tivo a celebración do Día das Letras Galegas, infórmase das publicacións que presentou este ano a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para celebrar esta data. Menciónase ademais a colaboración coa Federación de Libreiros de Galicia para obsequiar ós lectores cunha obra na que se recolle a vida de tódolos autores que foron homenaxeados neste día. Tamén se destaca o labor levado a cabo polo Centro Ramón Piñeiro para recupera-los artigos de Roberto Blanco Torres que foron publicados no seu momento nos semanarios *La Alborada* (1912) e *La Tierra Gallega* (1915). Ofrécese, finalmente, unha lista dos autores homenaxeados no Día das Letras Galegas ó longo dos seus trinta e sete anos de existencia.

_____, “La fiesta de las “Letras Galegas” se celebra con música, poesía y folclore”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1999, p. 12.

Céntrase nos actos celebrados en Pontevedra polo Día das Letras Galegas, salientando as moitas actuacións musicais, entre elas as de Além de ar, Celne ou Treixadura Gaiteiros, así como, o recital poético de Olga Novo e Yolanda Castaño.

_____, “O Concello pechou onte os actos conmemorativos das “Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1999, p. 16.

Lémbranse os actos festivos que o Concello de Bueu organizou para conmemora-lo Día das Letras Galegas. Así, menciónase a romaría celebrada pola mañá na parroquia de Sanamedio de Bon onde se entregaron os galardóns do “Concurso de Redacción Roberto Blanco Torres”. Nos actos organizados pola tarde destácase a proxección do documental ‘Johan Carballeira. 1904-1936’, a entrega do ‘III Premio Johan Carballeira de Poesía’, a concesión das ‘Mencións Honoríficas das Letras Galegas’, e o concerto da coral Polifónica de Bueu.

_____, “A obra de Blanco Torres, eixo central dun Congreso sobre o autor”, *Diario de Pontevedra*, 21 maio 1999, p. 29.

Relación das conferencias ofrecidas nas xornadas sobre Roberto Blanco Torres celebradas na Universidade de Vigo pola consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Menciónanse as diferentes conferencias que ó longo dese día tiveron lugar no Paraninfo da citada universidade e que correron a cargo de Xoán Carlos Domínguez Alberte, María Xesús Bugarín, Xosé Luis Méndez Ferrín e Xosé Manuel Salgado Rodríguez.

_____, “El “Fray Martín Sarmiento” celebra las “Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 21 maio 1999, p. 15.

Faise eco dos actos celebrados no instituto Fray Martín Sarmiento de Pontevedra para celebra-lo Día das Letras Galegas e que consistiu en diferentes actividades culturais como un recital poético, un festival de gaitas e a obra de teatro *O anel máxico*, representada por alumnos do centro.

_____, “O San Narciso pechou onte os actos do “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 22 maio 1999, p. 16.

Comézase salientando a clausura dos actos celebrados no Colexio San Narciso de Marín polo Día das Letras Galegas cunha conferencia de Marcos Seixo, estudioso da obra de Roberto Blanco Torres e autor de *Blanco Torres. Xornalismo irmandiño*, dándose conta tamén dunha representación teatral a cargo dos alumnos do centro e da presentación da revista do centro*Chan do Monte*.

_____, “La UNED acoge mañana una videoconferencia sobre Blanco Torres”, *Diario de Pontevedra*, 2 xuño 1999, p. 4.

Anuncia unha videoconferencia organizada pola UNED en Pontevedra na que se recolle a personalidade de Roberto Blanco Torres. Di que o acto consiste nunha conexión informática coa sede central da UNED e con outros centros de España para falar da traxectoria do escritor.

Díaz, Antonio, “O Centro Galego de Barcelona celebrou diversos actos co gallo das Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 323, 7-13 xuño 1999, p. 25.

Informe das actividades levadas a cabo no Centro Galego de Barcelona con motivo do Día das Letras Galegas, entre as que destacan un concerto da Coral Santa Mariña de Xinzo, unha actuación do Trío Fabliogui, a celebración da Iª Feira do Libro Galego, unha conferencia de Basilio Losada e a presentación da cátedra Camiño de Santiago.

E. P., “Educación convida os centros a celebraren actos co gallo do Día das Letras”, *El Correo Gallego*, 18 marzo 1999, p. 75.

Saliéntase a orde que vén de da-la Consellería de Educación a través do Diario Oficial de Galicia para promove-la celebración do Día das Letras Galegas. Así, menciónase a obrigatoriedade dos centros de ensino de difundi-la importancia desta data para Galicia. Tamén se destaca a necesidade de dar a coñecer-la figura de Roberto Blanco Torres, escritor homenaxeado este ano. Finalmente, saliéntase a orde da Consellerería para que se poidan abri-las librerías o 17 de maio.

_____, “Unha xornada para lembrar páxinas inmortais galegas”, *O Correo Galego*, 8 maio 1999, p. 31.

Sinálase a presentación da campaña promovida pola Consellería de Educación e a Federación de Libreiros de Galicia para celebra-lo Día das Letras Galegas. Menciónase a edición de 20.000 cadernos onde se recolle a biografía dos escritores homenaxeados nesta data, así como a doutros tantos libros dedicados á figura e á obra de Roberto Blanco Torres. Así mesmo, infórmase do reparto de preto de 30.000 bolsas nas que se conmemora este día e coas que se agasallará ós lectores. Finalmente, dáse conta da autorización concedida pola Xunta para que as librerías galegas poidan abri-las súas portas o 17 de maio.

_____, “Cuntis lembra a Roberto Blanco Torres cunha lectura das súas obras”, *El Correo Gallego*, 16 maio 1999, p. 74.

Noticia sobre a celebración dun maratón de lectura da obra de Roberto Blanco Torres organizado polo Concello de Cuntis, vila natal deste autor. Sinálase a participación de diferentes biógrafos do escritor homenaxeado, así como a presencia dos veciños desta vila pontevedresa que non quixeron manterse á marxe da homenaxe tributada ó coñecido xornalista. Así mesmo, menciónanse outros actos celebrados neste concello.

_____, “Maratón R.B.T.”/“Cuntis lembra a Roberto Blanco Torres cunha lectura das súas obras”, *O Correo Galego*, “AFA”, */El Correo Gallego*, 16 maio 1999, p. 62/p. 74.

Dáse conta do maratón que o Concello de Cuntis organizou, no que se leu durante doce horas parte da obra de Roberto Blanco Torres ademais doutros escritos que algúns estudiosos fixeron sobre a súa figura. Sinálase, así mesmo, a presencia tanto de investigadores como de veciños da vila natal do xornalista que participaron nesta homenaxe. Tamén se informa dos actos que o concello ten preparados para o Día das Letras Galegas, así como da autorización oficial para que nesta data as librerías abran as súas portas ó público.

Eyo, María G., “Os familiares de Blanco Torres participan na homenaxe que agardaron durante décadas”, *El Mundo. Galicia*, 18 maio 1999, p. 3.

Nova dos actos dedicados a Roberto Blanco Torres na súa vila natal de Cuntis o Día das Letras Galegas. Infórmase, en primeiro lugar, da inauguración dun busto na memoria deste xornalista no parque público de Cuntis, así como das palabras que por tal motivo pronunciou Carlos Carballo, un dos sobriños do xornalista asasinado. Así mesmo, menciónase a sesión extraordinaria que a RAG celebrou ese día na Casa da Cultura da citada vila, e na que falaron Salvador García Bodaño, Andrés Torres Queiruga, Carlos Casares e Francisco Fernández del Riego.

Feijóo, R., “Ourense rescatou unha figura do olvido”, *La Región*, 18 maio 1999, p. 23.

Tras facer unha breve presentación da figura de Roberto Blanco Torres, descríbense os diferentes actos que o concello de Ourense organizou para celebra-lo Día das Letras Galegas. Menciónase, en primeiro lugar, a apertura da ‘Feira do Libro Galego’ na rúa ourensá do Paseo. Tamén se sinalan os diversos actos culturais celebrados no salón de plenos da Casa do Concello, ou a actuación da Banda Municipal de Ourense. Así mesmo, infórmase da conmemoración que noutros lugares da provincia ourensana se fixo nesta xornada festiva.

Fernández, C., “Una vida intensa”, *La Voz de Galicia*, 20 febreiro 1999, p. 34.

Comeza referíndose á publicación da biografía de Roberto Blanco Torres titulada *HipertensiónCívica* (1998), escrita polo seu sobriño-neto Juan L. Blanco Valdés. A seguir fai un breve percorrido pola súa vida e traxectoria periodística e literaria, “quizás no demasiado extensa, pero interesante”. Finalmente alude á reedición a cargo de Xerais dentro da colección “Biblioteca das Letras Galegas”, *Orballo da medianoite* (1929).

Fernández, Lois, “Letras, ética y olvidos”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 9 maio 1999, p. 54.

Anúncianse unha serie de actos en Santiago con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Así, cítase unha exposición na Galería Sargadelos, un acto da Universidade no que participan Xesús Alonso Montero e o rector Darío Villanueva. Ademais cítase o acto en da Associaçom Galega da Língua que prevé denuncia-los “métodos inquisitoriais” contra os defensores da lingua galega.

Franco, F., “Del Riego: “Blanco Torres foi un home de gran vocación ética e moi combativo”, *Faro de Vigo*, 11 maio 1999, p. 52.

Destácase a xuntanza celebrada no Club FARO baixo o título “Blanco Torres, xornalista e poeta do seu tempo”. Recóllense diversos anacos dos discursos pronunciados polos tres conferenciantes que participaron neste acto: Fernández del Riego, Juan Luis Blanco Valdés e Miro Villar. O presidente da RAG, segundo se di no artigo, ofreceu unha panorámica da vida do xornalista homenaxeado, mentres que Blanco Valdés centrouse na vinculación que o escritor tivo con Vigo. Finalmente, tamén se mencionan algunhas das cuestións que Miro Villar desenvolveu na súa conferencia ó analiza-la traxectoria poética de Roberto Blanco Torres.

Franco, Fernando, “Son teimudo e optimista”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 106, 15 maio 1999, p. 6.

Recolle varias declaracións do Presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, impulsor do Día das Letras Galegas dende o comezo en 1963 e na que mostra a súa satisfacción pola repercusión que acadou ó longo dos anos. Móstrase contento coas eleccións levadas a cabo nestes anos dos homenaxeados por abrangueren un “fértil territorio do pasado” e lembra que aínda quedan moitos por homenaxear, concluíndo que “o idioma galego está adquirindo maioría de idade”

.

G. M., “A Nosa Casa de Galicia”, de París, conmemora el Día das Letras Galegas”, *Galicia en el Mundo*, nº 332, 31 maio-6 xuño 1999, p. 26.

Noticia das actividades levadas a cabo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, na Nosa Casa de Galicia, en París, que consistiron nun xantar, unha conferencia e unha festa.

García, Rodri, “Faise a tempo ou non se fai”, *La Voz de Galicia*, 18 maio 1999, p. 36.

Reflexiónase sobre a ausencia de determinados nomes nas homenaxes feitas no Día das Letras Galegas. Ofrécese unha lista de autores que deberían gozar deste recoñecemento e aínda non o fixeron. Cítanse nomes como o de Manuel Murguía, Enrique Labarta Pose, Sebastián Martínez-Risco Macías, Valentín Paz-Andrade, Florencio Manuel Delgado Gurriarán, Xosé Ramón Fernández-Oxea... Tamén se pon en dúbida a conveniencia de seguir aplicando a norma non escrita da Academia na que se establece “que o autor ó que se lle adique o Día das Letras Galegas debe levar dez anos mortos”.

_____, “Os intelectuais califican de ‘acto de xustiza’ a elección de Murguía”, *La Voz de Galicia*, 10 xuño 1999, p. 28.

Dáse conta da decisión, por maioría, da Real Academia Galega de dedica-lo Día das Letras Galegas do ano 2.000 a Manuel Murguía. En opinión de Xesús Alonso Montero, Murguía reivindicou en castelán a lingua do seu pobo e os sinais de identidade que o definen. Segundo Fernández del Riego, non só reivindicou o galego senón que influiu na súa dona, Rosalía de Castro e en Eduardo Pondal, para que escribiran en galego. Para Xusto Beramendi, foi “un acto de xustiza”, considerándoo a figura máis destacada do galeguismo do XIX, ademais de historiador e animador do Rexurdimento. Salientou tamén este autor o cambio de rumbo que a Real Academia Galega está dando da man de Fernández del Riego. Finalmente Xosé Ramón Barreiro informa da inminente publicación de parte do epistolario de Murguía, así como a saída do *Boletín da Real Academia Galega*, despois de dezaoito anos de ausencia, e que o fará cun monográfico de Manuel Murguía.

González, Eva, “As letras en galego tremaron coa poesía e a gaita en Tui”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1999, p. 12.

Coméntanse os diferentes actos organizados polo Concello de Tui para celebra-lo Día das Letras Galegas dedicado a Roberto Blanco Torres. Destácase a inauguración da IIª Feira do Libro desa vila, así como a lectura que da súas obras fixeron os gañadores do premio “Minerva” do Instituto San Paio. Menciónase, xa en último lugar, o concerto ofrecido por oito das mellores gaitas galegas.

González Martín, Gerardo, “El actor lírico Enrique Chicote, maestro de esgrima de Blanco Torres, en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Crónica sentimental”, 12 abril 1999, p. 6.

Baseándose na anécdota que José G. Posada-Curros lle contou, refírese a un suposto duelo entre Roberto Blanco Torres e Fernández Mato, director de *El Pueblo Gallego* a mediados dos anos vinte en Vigo, segundo a cal todo comezou por un artigo no que Blanco Torres aludía a unha aventura sentimental de Fernández Pose, ó que non chegou a enfrontarse por media-la policía, malia que o poeta de Cuntis tomara clases de esgrima con Enrique Chicote, actor lírico que participaba nunha obra no teatro Tamberlick. Refírese tamén á relación do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas coa cidade de Vigo e á situación do xornal *Faro de Vigo*, cando chegou esta cidade en 1924 o poeta, salientando as colaboracións no mesmo de José G. Posada-Curros coa súa “Página literaria” ou artistas plásticos como Carlos Maside, Federico Ribas ou Carlos Sobrino.

H. V., “Fraga elude participar nos actos institucionais do Dia das Letras”, *A Nosa Terra*, nº 883, “Guieiro Cultural”, 20 maio 1999, p. 25.

Nova dos diferentes actos dedicados á figura de Roberto Blanco Torres no Día das Letras Galegas. Tras sinala-la ausencia do presidente da Xunta, faise unha breve descrición do acontecido nos actos celebrados tanto na vila natal do xornalista, como os desenvoltos en Entrimo, lugar onde foi fusilado no ano 1936. Así, coméntase o incidente que o domingo 16 tivo lugar entre os participantes dun dos actos e o alcalde de Entrimo, cando este último lles pechou as portas da biblioteca municipal. Remata dando conta da entrega dos Premios da Crítica na noite do sábado quince en Vigo.

Jabois, Manuel, “O Grove volcarase co Día das Letras Galegas” *Diario de Pontevedra*, 12 maio 1999, p. 21.

Recóllese o programa de festexos que o Concello do Grove presenta con motivo do Día das Letras Galegas dedicado a Roberto Blanco Torres, dando conta das diferentes actividades a celebrar, así como os horarios das mesmas, entre as que se salienta a Feira do Libro, un Certame de Relatos Curtos e moitas representacións teatrais e de maxia.

_____, “O Grove pecha as celebracións polo Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 29 maio 1999, p. 26.

Refírese ó peche das celebracións do Día das Letras Galegas no Concello do Grove da man da Concellería de Cultura e do Servicio de Normalización Lingüística, salientando entre tódolos actos celebrados a exposición dedicada ós autores que xa foron obxecto da homenaxe do Día das Letras Galegas dos que se ofreceu un perfil biográfico e intelectual.

L. R., “Os nenos da Biblioteca infantil adican un suplemento cultural a Blanco Torres”, *La Región*, 16 maio 1999, p. 9.

Sinálase a aparición dun suplemento cultural dedicado a Roberto Blanco Torres elaborado polos nenos que participan nas actividades que promove a Biblioteca Pública de Ourense. Entre as seccións que conformaron este suplemento especial destácase unha sopa de letras na que se tiñan que atopa-los nomes dos xornais onde escribiu Blanco Torres. Así mesmo, menciónase a axuda que os monitores Sabela Gago, Araceli Gallego, Flor Figueroa e Suso Díaz ofreceron ós cativos que participaron nesta actividade cultural.

Ladero, Fátima, “A xornada das letras galegas de Roberto Blanco Torres, *Redacción Xove*, nº 24, maio 1999, p. 4.

Dáse conta das actividades realizadas no colexio Miralba con motivo da celebración da Semana das Letras Galegas, entre as que figuran a presentación dun novo número da revista*Inquedanzas*, e a realización de murais estudios bio-bibliográficos sobre Roberto Blanco Torres.

Menán, Marta, “Isidro Novo. ‘Esta data é necesaria, pese a que está demasiado folclorizada”, *El Progreso*, “Gente”, 16 maio 1999, p. 24.

Os escritores Isidro Novo e Xavier Rodríguez Barrio alternan as súas declaracións neste artigo. Así, o primeiro deles comenta o grande acerto que tivo Fernández del Riego ó destaca-lo 17 de maio como Día das Letras Galegas. Pola súa banda, Isidro Novo, a pesar de sinala-lo folclorismo que rodea esta data, tamén fai fincapé na necesidade de que exista unha celebración coma esta. Finalmente, os dous escritores coinciden en considerar un desacerto a homenaxe que no seu día lle fixeron a Francisca Herrera, e en cualificar como acerto a feita este ano a Blanco Torres.

Mínguez, Alejandro, “Galicia homenaxea a Blanco Torres na festa da cultura do Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1999, p. 12.

Menciónanse algúns dos actos celebrados nas localidades de Cuntis e Entrimo co gallo do Día das Letras Galegas. Así, infórmase das distintas actividades culturais que tiveron lugar onte na última das vilas citadas. Saliéntase a presencia nestes actos de numerosos persoeiros da intelectualidade galega. Ofrécese, ademais, un resumo das palabras pronunciadas por Alonso Montero e Juan Blanco Valdés, descendente de Roberto Blanco Torres. Finalmente, tamén se comenta o incidente co alcalde desta localidade ó impedirlle o paso á biblioteca ós participantes no acto.

Navia, R., e **M. M. N.**, “Manuel Murguía: a reivindicación pendente”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 70, 15 xullo 1999, pp. 6-7.

Recóllense as opinións dalgúns académicos galegos, entre eles Xesús Alonso Montero, quen fala da dificultade de elección do representante do Día das Letras Galegas, que este ano recaeu en Manuel Murguía. Tamén destaca este profesor que aínda que escribía en castelán, a súa era unha actitude propia da época. Dise, tamén, que a opinión do historiador X. Ramón Barreiro é favorable, igual cá do filólogo e escritor Henrique Rabuñal, quen sinala a defensa da lingua que levou adiante Murguía, así como o labor de animación e divulgación da cultura galega.

Olarte, Miguel, “Miranda y Reigosa, satisfechos por la buena venta de sus últimas obras”, *El Progreso*, 18 maio 1999, p. 77.

Coméntase que, co gallo do Día das Letras Galegas a Feira do Libro de Lugo, agasallou a cada persoa que comprou un libro en galego con outro sobre Roberto Blanco Torres, escritor homenaxeado este ano, cun pequeno volume composto por unha nota biográfica de cada un dos escritores que protagonizaron ata agora este evento. Informa que os autores lucenses Xosé Miranda, Premio Xerais de novela, e Antonio Reigosa, Premio Merlín de literatura infantil, asinaron libros e amosaron a súa satisfacción polas boas vendas e polo seu recoñecemento.

Otero, Elva, “Catorce panexíricos ‘post-mortem’ en homenaxe a Roberto Blanco Torres na galería Sargadelos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 abril 1999, p. 33.

Artigo centrado na mostra da galería Sargadelos dedicada a Roberto Blanco Torres e composta por catorce panexíricos nos que se repasa a súa vida e obra, dende o momento do seu nacemento (Cuntis, 1891) pasando polo seu casamento con Xulia, a publicación de *Orballo de media noite* (1929) ou as súas colaboracións en xornais como *Galicia Nueva*, acabando coa súa morte nunha cuneta de San Fiz de Gález (Ourense) en 1936.

P. G., “Vigo lembra a figura do escritor de Cuntis cun acto institucional e unha mostra”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1999, p. 47.

Centrado no acto institucional do Concello de Vigo con motivo do Día das Letras Galegas, fálase das intervencións de Luis García Mañá e do alcalde da cidade, Manuel Pérez, ademais de recolle-la presencia das diferentes personalidades do mundo da política e da cultura como Maite Fernández, concelleira de Cultura, quen momentos antes inaugurara unha mostra sobre Blanco Torres na Casa Galega da Cultura; Luis Espada, valedor da Universidade de Vigo; Mª do Carmo Kruckenberg, poetisa ou María Alonso, presidenta do Centro Cultural de Valadares, entre outros.

Pérez, Paula, “O Día das Letras Galegas deste ano estará dedicado a Roberto Blanco Torres”, *Faro de Vigo*, 8 xaneiro 1999, p. 40.

Infórmase da aprobación polo Executivo Autonómico dun decreto no que se confirma que o Día das Letras Galegas de 1999 está dedicado a figura de Roberto Blanco Torres. Ademais de facer unha breve presentación do labor poético e xornalístico levado a cabo por este autor, no artigo sinálase a obrigatoriedade que teñen tódalas institucións públicas e centros de ensino de promover actividades nas que se dea a coñece-la obra do escritor homenaxeado. Finalmente, menciónase a acuñación que ten prevista a Xunta de trescentas moedas conmemorativas desta homenaxe.

Pérez Leira, Lois, “Roberto Blanco Torres. Emigrante, escritor e mártir”, *Galicia en el Mundo*, nº 320, 17-23 maio 1999, pp. 26-27.

Evocación da figura de Roberto Blanco Torres consistente nun percorrido pola súa traxectoria vital. Saiéntanse feitos como a emigración a Cuba e o contacto con destacados membros do galeguismo e a súa traxectoria xornalística. Infórmase do regreso a Galicia no ano 1916, o seu traballo á fronte das Irmandades da Fala e a publicacion dos libros, *Orballo de medianoite* e *De esto y de lo otro*. Finalmente, faise referencia á súa activa participación política durante a República e á súa detención e posterior fusilamento a raíz dos acontecementos desencadeados en xullo de 1936.

Piñeiro, Antonio, “Os últimos días de Blanco Torres: Historia dun “paseo”, *La Región*, 17 xaneiro 1999, p. 14.

Lembra e aclara a morte do xornalista Roberto Blanco Torres, asasinado na Corga de Videira, despois de ter sido trasladado preso a Ourense, por mor das súas ideas e significación política e polos escritos publicados no xornal *La Zarpa*.

_____, “Poesía por morte na Corga da Videira”, *La Región*, 17 maio 1999, p. 8.

Faise referencia ós distintos actos que tiveron lugar onte na localidade de Entrimo en homenaxe a Roberto Blanco Torres. Destácase a presencia de persoeiros da intelectualidade galega como Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Manuel Peña Rey e Antón Tovar. Ofrécese, ademais, un breve resumo do discurso pronunciado polo profesor Alonso Montero. Finalmente, menciónase o “bochorno polo ‘plantón’ do alcalde de Entrimo” que sufriron os asistentes a estes actos ó atopa-la porta da biblioteca pública pechada.

R. C., “A figura de Blanco Torres, nunha mostra didáctica”, *La Región*, 5 marzo 1999, p. 16.

Destácase a presencia no Museo Arqueolóxico de Ourense dunha mostra organizada pola asociación cultural “O Meigallo” sobre a figura de Roberto Blanco Torres. Recóllense ademais as declaracións de Belén Pazos, presidenta da devandita asociación, ó falar da importancia que poder ter esta mostra, así como dos fortes lazos que unen a cidade de Ourense co xornalista homenaxeado no Día das Letras Galegas. Finalmente, menciónase o apoio e a valoración positiva que desta exposición fixo Felipe Ferreiro, delegado da Consellería de Cultura en Ourense.

_____, “Expertos galegos sitúan o marco histórico e filosófico de Blanco Torres”, *Atlántico Diario*, 21 maio 1999, p. 11.

Breve comentario sobre o congreso celebrado na Universidade de Vigo e no que se analiza a obra de Roberto Blanco Torres. Ademais de menciona-la presencia no acto inaugural de Homero Pérez, director xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia, tamén se comentan algunhas cuestións relacionadas coa primeira das conferencias ofrecidas: “A avanzada ética. Formulación do pensamento na obra de Blanco Torres” de Xoán Carlos Domínguez Alberte.

R. C. G., “Alonso Montero califica la muerte de Blanco Torres de crimen de Estado”, *El Progreso*, 23 xuño 1999, p. 75.

Céntrase nas palabras que Xesús Alonso Montero empregou no seu relatorio de clausura dociclo de conferencias da Asociación Ágora Cultural con motivo do Día das Letras Galegas e nas que cualifica a Roberto Blanco Torres coma un “xornalista excesivo”, que o levou ó enfrontamento con “empresarios da comunicación”, aludindo a Portela Valladares, ademais de consideralo o único autor de poesía civil en galego nos anos trinta con *Orballo de media noite* (1929).

Rabuñal, Henrique, “Murguía, candidato a unha homenaxe nacional”, *La Voz de Galicia*¸ 18 maio 1999, p. 36.

Rabuñal reflexiona sobre a posibilidade de dedicarlle un Día das Letras Galegas a Manuel Murguía. Louva o labor en prol do galego deste intelectual e considérao “un promotor, un protagonista e un operário fulcral” da nosa literatura. Pero ó mesmo tempo tamén recoñece que a súa obra escrita en galego é “pequeneira”, o que podería facer que, de dedicarlle o Día das Letras Galegas, esta perdería o seu sentido. Conclúe sinalando que aínda que non se lle faga esta honra, Murguía “ten-se ben merecida a máis alta homenaxe que o país poda tributar-lle”.

_____, “O intelectual dos mil espellos”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 82, 15 xuño 1999, p. 3.

Considera que coa dedicatoria a Manuel Murguía do Día das Letras Galegas do ano 2000 este intelectual vai recuperar “o seu posto de mando dentro da galeguidade”. Comeza atribuíndolle a esta figura o carácter de precursor en moitos terreos e afirma que a súa actividade xirou sempre ó redor de Galicia. Describe as preocupacións intelectuais do marido de Rosalía e valora positivamente a súa oratoria, ademais de caracteriza-los seus textos pola intensidade coa que trata os distintos temas. Tampouco esquece o seu carácter pioneiro como historiador, que o levou a ser considerado un dos alicerces do nacionalismo deste século. Analiza a relación de complementariedade con Rosalía e refírese, finalmente, á consideración de Murguía como o patriarca das letras galegas.

Regueira, S., “A cultura axusta contas coa historia e restitúe a Blanco Torres como modelo para os galegos”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1999, p. 46.

Dáse conta dos diferentes actos celebrados na vila de Cuntis no Día das Letras Galegas en homenaxe á figura de Roberto Blanco Torres. Saliéntase, en primeiro lugar, a inauguración dun busto deste autor no parque público da vila. Menciónase tamén a celebración dunha sesión académica na Casa de Cultura de Cuntis. Ofrécense diferentes fragmentos dos discursos pronunciados por Salvador García-Bodaño, Andrés Torres Queiruga, Carlos Casares e Xesús Alonso Montero. Coméntase, en último termo, o recital da obra de Blanco Torres que, acompañado polo son dunha arpa, fixo o poeta local *Manuele*.

Rey, Beti, “Tui celebra su segunda Feria del Libro en el Día de las Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, 14 maio 1999, p. 20.

Fálase da celebración da Feira do Libro de Tui con motivo do Día das Letras Galegas na que se puideron atopar libros relacionados coa cidade, así como, os exemplares que o Concello editou e repartiu polos colexios referidos a Roberto Balanco Torres, *Orballo da media noite* (1929),*Fotobiografía* de Roberto Blanco Torres e *Territorio ocupado* (1998), de Fran Alonso.

Rodríguez, A., “Blanco Torres y la prensa gallega, unidos en Pintor Laxeiro”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1999, p. 8.

Achega á mostra retrospectiva sobre os principais xornais galegos celebrada con motivo do Día das Letras Galegas no colexio Pintor Laxeiro de Vigo e na que se poden atopar exemplares tanto de edicións facsímiles como dos propios alumnos do centro. Tamén se fai referencia ó recuncho dedicado ó autor homenaxeado no Día das Letras Galegas no que se recollen textos, poesías e libros do mesmo.

Rodríguez, Maite, “Os intelectuais galegos recordaron a Blanco Torres en Entrimo”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1999, p. 60.

Nova dos actos dedicados a Roberto Blanco Torres no concello de Entrimo. Ofrécese un breve resumo da homenaxe celebrada preto do lugar onde foi asasinado o xornalista cuntiense e na que participaron diversos persoeiros da intelectualidade galega como Xesús Alonso Montero, Isaac Díaz Pardo, Gómez Alfaro ou Bernardino Graña. Coméntase tamén o indicente que tivo lugar co alcalde de Entrimo ó intentar acceder á biblioteca pública e atopa-las portas pechadas.

Rodríguez, Salvador, “Noticia de xornalistas caídos”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”,* nº 103, 24 abril 1999, p. 3.

Lembranza dalgúns xornalistas e políticos republicanos galegos que viron tronzadas as súas vidas polo alzamento militar de 1936 igual que Roberto Blanco Torres. Entre os asasinados está Johán Carballeira, peudónimo de José Gómez de la Cueva, Victor Casas, Manuel Lustres Rivas, Xaime Quintanilla, Xoán Xesús González Formoso, Xacinto Santiago e Xosé Villaverde. Ademais faise unha breve biografía do autor homenaxeado, Roberto Blanco Torres, xornalista republicano galego e asasinado coma todos os anteriores en 1936.

_____, “Xornalista nato, home íntegro”, *Faro de Vigo*, 11 maio 1999, p. 53.

Reflexiónase sobre a condición de xornalista de Roberto Blanco Torres. Recóllense algunhas das ideas expostas polo seu sobriño-neto Juan Luis Blanco Valdés no acto celebrado o día anterior no Club FARO. Así, sinálase que Blanco Torres “non era un político metido a escreber na prensa, senón un xornalista comprometido cuns ideais políticos”. Finalmente, tamén se menciona a proposta feita polo parente do escritor homenaxeado de dedicarlle unha rúa en Vigo debido a súa forte vinculación con esta cidade.

Rodríguez, Víctor, “Xestas negras dos intelectuais para Blanco Torres”, *El Mundo. Galicia*, 17 maio 1999, p. 3.

Infórmase dos actos celebrados en Entrimo para homenaxea-lo poeta e xornalista Roberto Blanco Torres. Recóllense ademais fragmentos dos discursos pronunciados por Xesús Alonso Montero, Juan Blanco Valdés e Isaac Díaz Pardo no acto celebrado na estrada que une Celanova e Entrimo, preto do lugar onde foi asasinado o escritor cuntiense. Así mesmo, menciónase o incidente que tiveron os participantes nesta homenaxe co alcalde de Entrimo cando quixeron acceder á biblioteca pública e se atoparon coas portas pechadas.

Ruíz, M., “Un espíritu literario que se renueva el “Día das letras”, *Galicia en el Mundo*, nº 332, 9-15 agosto 1999, p. XII.

Faise eco das actividades desenvolvidas no Centro Gallego de La Plata con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, referíndose tamén a eventos anteriores así como a proxectos para o futuro.

S. Q., “Ofrenda floral a Daniel Castelao co gallo do Día da Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, 18 maio 1999, p. 12.

Recóllese a noticia da ofrenda floral a Daniel Castelao no Concello de Redondela, ademais da lectura dun Bando da Alcaldía no que se lembraba a figura de Roberto Blanco Torres, homenaxeado no Día das Letras Galegas e no que se pedía o “uso da lingua galega en tódolos ámbitos da vida social, cultural e económica” de Galicia.

Santos, J., “A illa de San Simón acolle unha homenaxe ás letras galegas”, *Atlántico Diario*, 18 maio 1999, p. 12.

Dáse conta do acto celebrado na illa de San Simón como homenaxe ás Letras Galegas e que foi presidido por Xesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura, ademais de contar coa presencia de moitos intelectuais galegos como Francisco Fernández del Riego, Luz Pozo, Xosé Ramón Barreiro ou Carlos Casares, que participaron lendo poemas ou fragmentos doutros autores galegos.

_____, “A illa de San Simón acolle unha homenaxe ás letras galegas”, *La Voz de Galicia*, 30 maio 1999, p. 35.

Refírese ó Día das Letras Galegas celebrado na illa de San Simón, onde os académicos e a Consellería de Cultura renderon homenaxe ós trinta e sete escritores ós que dende 1963 se lles dedicou o Día das Letras Galegas. Tamén informa de que Fernández del Riego foi o encargado de abrir este acto, continuado despois polos académicos Luz Pozo Garza, Manuel González González, Carlos Casares, Francisco Río Borja, García Bodaño e Ferro Ruibal, que leron poemas ou párrafos de obras dalgúns dos escritores máis representativos como Rosalía, Curros, Cabanillas ou Castelao.

Seixo, Marcos, “Roberto Blanco Torres”, *Tabeirós Terra*, Nº VI, febreiro 1999, p. 5.

Recóllense anacos de artigos publicados por Roberto Blanco Torres nos que mostra o seu amor pola vila de Cuntis e polas súas paraxes naturais, as paisaxes e tamén a admiración pola veciña vila da Estrada. Así mesmo, céntrase nas louvanzas á súa terra natal para extrapolalas a toda Galicia.

Valcárcel, Marcos, “Dúas revelacións sobre Roberto Blanco Torres”, *La Región*, 21 setembro 1999, p. 7.

Comeza sinalando a celebración dunhas xornadas dedicadas á figura de Roberto Blanco Torres en Cuntis dirixidas por Xesús Alonso Montero e nas que se presentou a edición facsímile de*Orballo de media noite*, ademais de facer referencia ás intervencións do propio Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luis Méndez Ferrín; continua coas intervencións referidas á biografía e ó seu labor de xornalista con relatorios de Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Xosé Neira Vilas ou Arcadio López Casanova, entre outros, para rematar con dúas revelacións, unha referida a que a obra poética de Blanco Torres foi escrita integramente na Peroxa (Ourense) e outra ó lugar exacto onde apareceu o corpo do escritor e no que se celebrou unha homenaxe.

Varela, C., “Cuntis acolleu a sesión extraordinaria da Real Academia Galega para rendir homenaxe a Roberto Blanco Torres”, *Atlántico Diario*, 18 maio 1999, p. 38.

Texto que informa da celebración en Cuntis dunha sesión extraordinaria da Real Academia Galega en homenaxe ó xornalista Roberto Blanco Torres. Comézase sinalando a presencia de numerosas autoridades da cultura galega. Recóllense ademais as palabras de eloxio que Salvador García- Bodaño, Andrés Torres Queiruga e Francisco Fernández del Riego dirixiron ó malogrado xornalista.

Vidal, Carme, “A Xunta declara 1999 ano Blanco Torres e oculta que foi asasinado no 36”, *A Nosa Terra*, nº 865, “Guieiro Cultural”, 14 xaneiro 1999, p. 25

Noticia da decisión da Xunta de Galicia de declarar 1999 Ano de Roberto Blanco Torres e os proxectos que con tal motivo se están elaborando. Saliéntase que *Orballo da media noite* (1929) é a obra do autor que máis edicións ten, entre elas a de Miro Villar, a edición facsimilar do Concello de Cuntis ou a do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, e anúnciase que este Centro tamén prevé sacar unha edición facsimilar de *La Alborada* e *Tierra Gallega*, revistas fundadas polo homenaxeado en Cuba.

_____, “Xúlia repetia que algún dia virian á Peroxa a perguntar por Roberto”, *A Nosa Terra*, nº 882, 13 maio 1999, p. 40.

Recóllense algúns dos recordos de Antonio González e Amparo Fiuza, persoas que coidaron nos seus últimos anos de vida a Xulia Sánchez Novoa, viúva de Roberto Blanco Torres. Comézase sinalando a certeza que, segundo a testemuña de Antonio e Amparo, tiña Xulia de que algún día virían ata a Peroxa preguntando por Blanco Torres. No artigo tamén se describen as circunstancias que rodearon o arresto e posterior asasinato do xornalista cuntiense. Así mesmo, coméntase a penuria económica na que, despois da morte do seu home, viviu Xulia.

_____, “A Académia homenaxeará o Día das Letras Galegas a Manuel Murguía, figura clave do nacionalismo”, *A Nosa Terra*, nº 886, “Guieiro Cultural”, 10 xuño 1999, p. 25.

Infórmase da decisión da Real Academia Galega de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Manuel Murguía, petición que viñan reiterando diferentes organismos dende hai algúns anos. Recóllense as impresións de Xosé Ramón Barreiro sobre a importancia deste autor, tanto literaria como ideoloxicamente, e a publicación daquelas obras dedicadas ó estudio de Murguía como *O periodismo de Manuel Murguía*, de Xosé Antonio Durán; a análise que da vida e obra do autor publicou Henrique Rabuñal en Laiovento; a atención que a Asociación de veciños “Manuel Murguía” de Oseiro, en Arteixo, teñen dedicado ó autor que lle dá nome, así como a obra colectiva *Volver a Murguía*, de A Nosa Cultura, publicada por A Nosa Terra e outros proxectos que están en proceso de elaboración.

X. E. A./C. V., “A represión do 36 cebouse nos xornalistas de ideas e estilo máis avanzado”, *A Nosa Terra*, nº 876, “Guieiro Cultural”, 31 marzo 1999, p. 21.

Faise un repaso dos xornalistas que xunto con Roberto Blanco Torres foron asasinados co estalido da Guerra Civil. Así, cítanse nomes como os de Xacinto Santiago, Johán Carballeira, Vítor Casas, Manuel Lustres Rivas, Xoán Xesús González, Henrique Heráclito Botana e Xosé Villaverde. De cada un deles ofrécese un breve resumo dos feitos máis destacados da súa vida. Inclúese ademais a referencia de estudios publicados ou que se van publicar, nos que o lector pode atopar máis información.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Almazán**, Vicente,** ***Galicia. Breviario para o galego ausente,*** **trad. Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia, novembro 1999, 313 pp. (ISBN: 84-8288-319-4).**

Este libro ábrese co poema “Adiós ríos, adiós fontes”, de Rosalía de Castro. No limiar explícase que a intención do autor deste breviario é a de amosar ós emigrantes que “Galicia é unha terra que pode figurar a moi xusto título como unha das entidades culturais máis ricas do vello continente europeo”, así como a de acompañar ó galego ausente no coñecemento de Galicia. O volume está dividido en dúas partes. A primeira presenta dez apartados: “A terra”; “Os habitantes”; “A historia”; “A lingua galega” –describe a historia da lingua propia de Galicia e enuméranse algunha das variantes dialectais; “A literatura ata o Rexurdimento” –repásase a literatura galega dende as súas primeiras manifestacións ata o século XVIII; “As grandes figuras” –faise un repaso biobibliográfico polas figuras do Rexurdimento literario galego: Rosalía, Pondal e Curros; “As letras modernas” –breve panorámica da literatura galega do século XX, centrándose na figura de Castelao; “A arte”; “A prensa” e “A emigración”. A segunda parte, que ten o subtítulo de “As tradicións populares”, consta de quince apartados: “A relixión”; “As romarías”; “Cruceiros e calvarios”; “O hórreo”; “O conto e a lenda” –reprodúcense contos, lendas e romances; “Os refráns” –recóllense refráns referidos á relixión, á comida e mais á morte; “As adiviñas” –relación de doce adiviñas coas súas solucións; “A música popular. As cancións”; “O baile”; “A gaita”; “Os traballos de artesanía”; “Os alcumes”; “A cociña galega”; “A rapa das bestas ou curro”; e, finalmente, “A medicina popular”.

Alonso Girgado, Luís (coord.), *Homenaxe ó Profesor Manuel Quintáns*, limiar de Luis Alonso Girgado, ed. de Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro, Santiago de Compostela: Editorial Follas Novas, 1999, 264 pp. (ISBN: 84-85385-29-2). .

Conta este libro cun limiar de Luís Alonso Girgado no que se laia da escaseza deste tipo de publica-cións no ensino en Galicia. Hai tamén unha presentación de Almudena Quintáns e Andrés Sánchez na que se glosa a persoa e a obra do profesor Quintáns. No libro recóllense 14 artigos de diversos docentes e investigadores, algúns deles alumnos noutro tempo do profesor homenaxeado. Destas colaboracións, só catro, as de Xavier Castro, Xoán Carlos Domínguez, Rebeca Quintáns e Roberto Vidal tocan algún aspecto da literatura galega. Pormenorizadamente, estas colaboracións son as que seguen:

-Xavier Castro Rodríguez, “Centenario de Rafael Dieste. De arquivos, fiestras e outras invencións”, pp. 61-65.

Co gallo dos 60 anos do comezo do exilio para moitos intelectuais galegos, entre os que estaba Rafael Dieste, Xavier Castro lembra a grandes trazos a importancia do escritor rianxeiro. Del di: “Foi o elo fundamental na evolución e asentamento da arte, da literatura, do pensamento e a filosofía galegos; un creador que soubo abeirarse a un importante número de persoeiros das artes e das letras dos que acaba sendo crisol e complemento”. Sobre a obra de Dieste, opina así: “A traxectoria e proxección da obra creativa de Dieste é polifónica, dunha pluralidade multifacética, que vai paralela e en consonancia co intelectual rigoroso, responsable e universal que tentou ser, e foi; a poesía, o relato, o teatro, o ensaio, o pensamento filosófico... todos os universos da cultura e do saber na órbita dun auténtico “profundador”.

-Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Falar claro, pensar alto e sentir fondo. Principais núcleos temáticos en Roberto Blanco Torres”, pp. 111-129.

A través da obra ensaística, poética e xornalística de Blanco Torres, Domínguez Alberte analiza algunhas das preocupacións que singularizan esta obra. Sinala a fonda preocupación ética que latexou en toda a obra do de Cuntis. Así, no percorrido que fai polos temas da obra de Blanco Torres, aparecen moitos comentarios sobre política, nos seus máis diversos aspectos, sobre a emigración, sobre o caciquismo, sobre a relixión ou sobre a monarquía. Sinala que Blanco Torres se amosa defensor da liberdade a toda costa e do republicanismo e oponse radicalmente á dictadura. Cre na educación, a industrialización e a cultura como motores de modernidade e móstrase favorable á potenciación da identidade nacional galega. Blanco Torres cre, así mesmo, na ética como valor fundamental, pois consideraba a moralidade como un dos principais problemas da sociedade galega e fundamentaba o renacemento de Galicia na creación de individuos libres.

- Rebeca Quintáns López, “Refraneiro, pensamento tradicional e nacionalismo”, pp. 209-222.

Rebeca Quintáns propón unha análise do nacionalismo partindo da óptica do saber popular traducido nos refráns. Para ela, a sociedade tradicional concentra os seus conceptos teóricos, entre outras manifestacións, nos refráns, que serían o producto de crenzas, non de razoamentos. Salienta que o nacionalismo ten como punto de partida negativa esta sabedoría inmobilista e tería como horizonte a negación dela, ó mesmo tempo que a pervivencia dalgúns deses conceptos manifesta os problemas ós que se debe enfrontar.

- Roberto Vidal Bolaño, “Teatro con T maiúsculo. A cerca do teatro de Don Ramón Otero Pedrayo”, pp. 257-264.

Roberto Vidal Bolaño fai un repaso pola producción teatral de Otero Pedrayo intentando chegar a unha valoración de conxunto da obra e do autor como dramaturgo. Cre que a obra de Otero está pensada para se volver feito escénico e que trata de racha-las fronteiras dos xéneros. Cre que é moderna, xa que intenta reflecti-la realidade conxugando varias artes na do teatro. Pensa que ata hoxe ninguén soubo apreixa-la grandeza, a ironía e o alento épico da obra oteriana enriba dun escenario e cre que é así porque ninguén

asumiu o rupturismo da súa concepción teatral. Só dende o descoñecido, afirma, se pode afronta-lo labor de representar a Otero, porque cre que as fórmulas que xa coñecemos non servirían.

Referencias varias:

- A. I. S., “Alonso Girgado homenajea al profesor Manuel Quintáns con un libro”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 12 decembro 1999, p. 37.

Noticia da presentación en Santiago do libro *Homenaxe ó profesor Manuel Quintáns*, na que participaron Celso Currás e Luís Alonso Girgado. Proporciónase un índice dos colaboradores no volume e infórmase de que nel se fai unha lembranza desta figura, así como de temas relacionados con Galicia.

Alonso Montero, Xesús e Miro **Villar** (eds.), *Guerra Civil (1936-1939) e literatura galega (Textos e documentos para unhas xornadas de estudio e debate)*, introd. X. A. M. e M. V., Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Ponencia de lingua, 1999, 161 pp. (ISBN: 84-95415-00-3). ¤

Volume que recolle textos e documentos para unhas xornadas de estudio e debate que se celebraron na sede do Consello da Cultura Galega os días 14, 15 e 16 de decembro de 1999. Tal e como explican na “Introducción”, os editores tentan recuperar aqueles escritores que produciron obra en galego durante a Guerra Civil e que fosen pouco estudiados ata o momento presente. A seguir, agrupan os textos, que proceden maioritariamente da prensa da época, segundo a temática nos seguintes apartados: “Escola, pedagoxía *et al.*”, “Da(s) lingua(s)”, “Poesía inédita do Trienio”, “Poesía édita no Trienio”, “Textos en prosa (éditos e inéditos durante o Trienio”, “Escolma de poesía e prosa sobre o 36”, “Rosaliana”, “Epistolarios”, “Textos “extemporáneos”, “Apéndice (Facsímiles)”. Acompáñase o volume cun opúsculo de pequeno formato baixo o título *Poesía en galego ó servicio da causa franquista nos anos da guerra civil: un romance de cego de 1936 e o seu lugar no mester de marisquería* que, ademais dun prólogo no que Xesús Alonso Montero sitúa este texto no contexto histórico no que se produciu, analízao, tanto interna coma externamente, e recolle a edición facsimilar da *Resposta escontra unha inxuria*, obra asinada por Un Percebe Copreiro de Cortegada, que o profesor Alonso Montero identifica como Lisardo Rodríguez Barreiro.

Referencias varias:

-Galia Blanco, “Alonso Montero presenta un volume de 200 páxinas con textos inéditos da Guerra Civil”, *El Mundo. Galicia*, 13 decembro 1999, p. 9.

Faise referencia ó primeiro foro de análise da literatura galega na Guerra Civil e recóllense as opinións de Alonso Montero sobre o feito de que “ningunha institución cultural ou política se dedicou a debater a relación da Guerra coa literatura galega porque en principio trátase dunha relación negativa, baseada no silencio ó que foron reducidos os escritores”. Recóllense, tamén, opinións sobre o volume editado en colaboración con Miro Villar e sobre a interesada utilización do galego por Franco en favor da súa causa. Finalmente, ofrécese o programa das xornadas.

Alonso Montero, Xesús (ed.), *Presencia de Castelao na Academia: textos inéditos e outras páxinas*, limiar de Francisco Fernández del Riego, A Coruña: Real Academia Galega, decembro 1999, 128 pp. (ISBN: 84-87987-20-6). ¤

Xesús Alonso Montero recompila unha serie de textos e fotografías como homenaxe a Castelao, no cincuentenario da súa morte. No “Limiar”, Francisco Fernández del Riego afirma queCastelao era “galego, real, concreto, ollado na súa integridade” e que a Real Academia Galega quere amosa-lo que o rianxeiro significou como membro numerario da institución. A seguir, Alonso Montero ofrece unha cronoloxía que vai dende 1933, ano no que Castelao foi elixidomembro da Academia, ata o 1975. Así mesmo, reflexiona sobre os problemas, as presencias e as honras relacionadas coa Real Academia Galega. A continuación, na primeira parte dovolume, reprodúcense unha serie de fragmentos de discursos académicos inéditos: “Castelao”, de Ramón Otero Pedrayo; “Laudatio de Castelao”, de Antonio Fraguas Fraguas; “Resposta ódiscurso de Ánxel Fole”, de Sebastián Martínez Risco e “Resposta ó discurso de MarinoDónega”, de Ramón Piñeiro. Na segunda parte, reprodúcese a *Coroa poética. Dezaseis poemaspara Castelao e un relato en prosa*. Trátase dun conxunto de textos poéticos da autoría de escritores que pertenceron ou pertencen á Academia. De seguido, aparecen unha notasbibliográficas e, para rematar, dous apéndices. No primeiro reprodúcense “documentos e textos ós que se fai referencia nos correspondentes epígrafes da Cronoloxía deste volume”. Nosegundo apéndice inclúense unha serie de fotografías e obras de arte ás que tamén se alude na citada Cronoloxía.

Referencias varias:

-C. P., “A Real Academia rende a primeira homenaxe a Castelao ó 50 anos da súa morte”, *La Voz de Galicia*, 15 decembro 1999, p. 90.

Anuncio da celebración dun acto de homenaxe a Castelao organizado pola Real Academia Galega. Infórmase dos participantes, así como da presentación do libro elaborado pola institución do que se adianta o contido.

- D. Janeiro, “A cadeira de Castelao”/“A Real Academia Galega lembra a Castelao nun acto literario e musical”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 15 decembro 1999, p. 31/p. 73.

Faise eco da homenaxe que a Academia lle vai render a Castelao e recóllense as palabras de lembranza de Fernández del Riego, Xosé Ramón Barreiro e Xesús Alonso Montero. Infórmase tamén da elaboración dun libro con textos laudatorios inéditos dedicados ó escritor rianxeiro.

-C. P., “A Real Academia Galega rende a homenaxe de Galicia a Castelao”, *La Voz de Galicia*, 16 decembro 1999, p. 90.

Refírese ó acto de homenaxe que a Real Academia Galega lle rendeu a Castelao, no que “só había representantes culturais e nengún político”. Dá conta dos participantes na celebración, así como da semblanza que fixo Fernández del Riego do escritor rianxeiro. Por outra banda, alude ás intervencións de Xesús Alonso Montero e á presentación do libro elaborado pola Academia. Finalmente, infórmase tamén do recital de poemas e do concerto da Coral Polifónica de Pontevedra.

-D. Janeiro, “Música e versos para Castelao”/“A Real Academia Galega inaugura “por adiantado” o ano Castelao do 2000”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 16 decembro 1999, p. 41/p. 73.

Noticia da homenaxe rendida pola Real Academia Galega a Castelao, na que se recollen as palabras do seu presidente Francisco Fernández del Riego, quen falou deste polifacético rianxeiro e reivindicou a importancia de *Cousas* dentro da súa obra. No texto, tamén se informa das intervencións de Darío Villanueva e Xesús Alonso Montero, así como do recital de textos poéticos e a actuación da Coral Polifónica de Pontevedra.

-P. C., “A RAG celebra un acto de homenaxe a Castelao destacando a sua faceta como académico”, *A Nosa Terra*, nº 913, “Guieiro Cultural”, 16 decembro 1999, p. 25.

Infórmase da celebración dun acto de homenaxe a Castelao celebrado pola Real Academia Galega con motivo da apertura do Ano Castelao e da presentación do libro *Presencia de Castelao na Academia: textos inéditos e outras páxinas*, dirixido por Xesús Alonso Montero. Recóllense algunhas palabras dos participantes sobre a figura de Castelao nas que se salienta a súa personalidade política, a relación coa universidade e coa cidade de Santiago ou a faceta do artista. Refírese tamén ó contido do libro, composto por un limiar de Francisco Fernández del Riego, os discursos sobre Castelao lidos na Academia e os 16 poemas dedicados a esta figura.

- Salvador García-Bodaño, “A carón do lume da vida”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 19 decembro 1999, p. 3.

Resalta a abundancia de actos culturais na semana, entre os que destaca a homenaxe a Castelao da Real Academia Galega no paraninfo da Universidade, que contou coa intervención da Coral Polifónica de Pontevedra. A respecto deste acto comenta o seu significado e a súa emotividade. Refírese tamén á publicación académica conmemorativa e ó investimento de José Ángel Valente como doutor *honoris*

causa, as actividades do CGAC como a mostra fotográfica *Un ano de voz*, a obra teatral de Pilar Pereira e a carpeta en homenaxe a Uxío Novoneyra. Finalmente, comenta a presentación do libro *A lume lento. Cen anos de hostelería en Compostela*, de Mercedes Pinto.

-Miguel Anxo Seixas, “Castelao na Academia Galega”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 20 decembro 1999, p. 3.

Lembra o vínculo de Castelao coa Academia e refírese á homenaxe que lle rendeu esta institución e á presentación do libro, informando tamén do seu contido. O autor do texto afirma que “nesta nova xeira, ben dirixida por Francisco Fernández del Riego, a institución ten que consegui-la independencia do poder (incluída a económica) para facerse respetar e buscar unha nova imaxe corporativa que sexa atraente e coidar máis as súas edicións para que teñan máis beleza”.

Álvarez, Rosa, Lino **Braxe** e Mabel **Rivera** (eds.), *Marisa Soto*. *A voz máis humana*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/IGAEM, xaneiro 1999, 116 pp. (D. L. VG-76-1999). ¤

Este volume-homenaxe, dedicado á actriz dramática Marisa Soto a causa do seu falecemento e constituído por sete apartados, ábrese coa presentación de Lino Braxe, na que achega algunhas notas biográficas da actriz, coas que lembra a súa infancia e os seus espacios vitais máis significativos como foron Silleda, Compostela e Lebosende, explicando brevemente a simboloxía que tiñan para a actriz. Ó mesmo tempo, salienta trazos da súa personalidade á que cualifica como “unha mestura de maxia e de mística”. Finalmente, no subapartado que titula “Un brinde (a nosa edición)”, explica a intención desta publicación, que, segundo as súas propias palabras, se pretendía que “non fose un libro lúgubre e mortuorio”, senón que “habitase a vitalidade coa que ela sempre nos regalou”. A seguir, no apartado titulado “A rosa e as espiñas”, inclúese un texto de Anxo A. Rei Ballesteros, quen fai un retrato no que evoca a personalidade da actriz. Segue a este, o apartado titulado “Palabras dos que a aman”, que recolle unha escolma de textos asinados polos seus compañeiros máis achegados que quixeron sumarse á homenaxe: Eduardo Alonso, Cándido Pazó, Fernanda Lapa, Augusto Fernándes, Judith Mainer, Martín Adjemian ou Xosé Cermeño, entre outros. Cada un deles fai memoria da figura de Marisa Soto, lembran anécdotas dos anos vividos con ela ou destacan a súa valía como profesional da escena. O seguinte apartado, “Poemas e cancións”, inclúe cancións e poemas dedicados a ela. Recóllense as firmas de Anxo Ballesteros, quen lle puxo letra á peza de Emilio Cao titulada *Illa de Tambo*, Rosa Míguez Castro, Ernesto Chao, Laura Ponte, Rosalía de Castro e Lino Braxe. Continúa cos apartados “Álbum de fotos” e “Figurinos, debuxos e programas”, nos que se reproducen instantáneas da actriz relacionadas coa súa vida e con postas en escena de diversas actuacións, así como os debuxos do vestiario dalgunhas obras. Finalmente, no titulado “Marisa

Soto", inclúese unha ficha técnica da actriz, que recolle o seu currículo en teatro, cine e televisión, así como os cursos de dramatización ós que asisitiu ó longo da súa carreira.

Recensións:

- Manuel F. Vieites, "Unha actriz chamada Marisa", *Guía dos libros novos*, "Teatro", nº 8, xuño 1999, p. 28.

Evocación da figura de Marisa Soto como loitadora por un teatro galego normalizado, traballo que se reflicte na súa dilatada traxectoria artística en compañías como Teatro Antroido, Teatro Andrómena ou Compañía Luís Seoane, ademais do CDG ou Teatro do Adro, así como na Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia. Dáse conta da homenaxe que lle ofreceu toda a profesión teatral, na que se inclúe a publicación de *Marisa Soto, a voz máis humana*, de Rosa Álvarez, Lino Braxe e Mabel Rivera, e a celebración da primeira edición do Premio Marisa Soto ó labor teatral, outorgado nesta ocasión a Maruxa Villanueva.

- Manuel F. Vieites, "Reseñas", *Revista Galega de Teatro*, nº 20, primavera-verán 1999, p. 68.

Recensión que xa fora publicada no nº 8 da *Guía dos libros novos*, na que tras facer un percorrido polo perfil biográfico de Marisa Soto, dando conta do seu traballo non só no ámbito teatral senón tamén no cine e na televisión, ofrece a estructuración e os apartados dos que consta o libro, nomeando ás persoas que aparecen no volume homenaxeando á falecida.

Asociación Cultural O Galo (coord.), *Uxío Novoneyra: Homenaxe*, 1999, 91 follas. ¤

Baixo a coordinación da Asociación Cultural o Galo e coa colaboración da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Asociación de Escritores en Lingua Galega, créase esta Carpeta en homenaxe a Uxío Novoneyra con motivo do seu pasamento. No seu interior recóllense láminas, fotografías e creacións poéticas de diversos autores do mundo da cultura galega, que quixeron sumarse a esta homenaxe. Inclúe tamén unha nota introductoria, na que se presenta o traballo e na que se salienta, ademais da calidade artística dos participantes, a transcendencia desta obra, xa que ó ser dedicada a Uxío Novoneyra pasa a ser tamén unha homenaxe á súa xeración, ó pobo e á cultura de Galicia. Finalmente, faise fincapé nas dificultades que tiveron que vencer para que a obra vise a luz e remátase cunha nota de agradecemento a tódolos participantes. Das 135 colaboracións, no concernente á creación poética asinaron X. M. Álvarez Cáccamo,James Sacré, Emilio Araúxo, Vicente Araguas, Marilar Aleixandre, Xusto G. Beramendi, Ângelo Brea, Xesús Manuel Valcárcel, Darío Xohán Cabana, Xosé de Cora, Marta Dacosta, Lois Diéguez, Maite Dono, Xavier Frías Conde, Carlos Oroza, X. L. Méndez Ferrín, Paco Martín,Manuel María, Crisanto Veiguela Martins, Antón Lopo, Xosé Leira López, Emílio Xosé Ínsua, Pearse Hutchinson, Bernardino Graña, Joel R. Gómez, Alexandre Finisterre, Salvador García-Bodaño, Manuel Outeiriño, Pascual Gantes de Boado, José Manuel Outeiro G., Anxo Pastor, Manuel Pereira Valcárcel, Chus Pato, Xesús Rábade Paredes, Luz Pozo Garza, Mª Xosé Queizán, Iolanda R. Aldrei, Xavier Rodríguez Barrio, Ana Romaní, Paula Vicente, Cesáreo Sánchez Iglesias, B. Santalla, Rosa Bugallo, Francisco Souto, Helena Villar Janeiro e Rafa Villar. Ademais a carpeta vén acompañada dun volume que inclúe artigos dedicados ó poeta e que a continuación se describen:

Evocación do poeta do Courel na que se comenta a súa relación con Díaz Castro e con Manuel María. Saliéntase a gran forza expresiva que demostraba Novoneyra nos recitais, a súa sensibilidade e a musicalidade da súa obra poética. Finalmente, agradécese en nome das asociacións culturais o apoio que sempre recibiron do autor de *Os eidos*.

- Agustín García Calvo, “Uxío amigo”, p. 1.

O autor lembra un encontro co poeta homenaxeado no tren, en tempos nos que Novoneyra vivía “na dúvida das tentazóns do xogo da política”, procurando serlle útil ó seu pobo. Finalmente, reflexiona sobre a importancia das lembranzas para a vida.

- Alicia L. Pardo, “Uxío Novoneyra”, p. 2.

Comenta a relación de Uxío Novoneyra co mundo escolar do rural e coa infancia en xeral a través do seu apoio á publicación de *A historia da pita que elexiu a nosa escola para poñer. Contada polos propios escolinos de Os Prados–Cervantes (Lugo)* (1985), o que demostra, segundo a autora, o grao de compromiso e a sensibilidade do poeta do Courel. Describe o contido desta obra e a participación nela de Novoneyra, e, finalmente, refírese ó método Chirlo Merlo.

- Xosé Carlos Caneiro, “Gritaremos abril, Novoneyra”, p. 3.

Expresa o significado da poesía do autor do Courel, unha poesía que cumpre os parámetros revolucionarios dos versos verdadeiros: aqueles que fan libres a quen os le. A seguir, apunta a condición telúrica da paisaxe simbólica dos eidos montesíos, onde o poeta “nomea as cousas para crealas”.

Finalmente, salienta a honestidade e dignidade do “poeta home” e o compromiso con “esta nación pequena”.

- Ánxel Huete, “A sensibilidade plástica”, p. 3.

Súmase á homenaxe, en nome da Asociación Galega de Artistas Visuais, destacando o “rigor creativo e o compromiso con Galicia” da vida e obra de Novoneyra. Subliña, especialmente, a sensibilidade plástica da súa poesía, que presenta unha profunda “expresión simbólica da realidade”. Para rematar, concédelle un lugar preeminente á construcción formal dos poemas caligramáticos que funden “o visual e o literario, nunha inefable síntese de grande expresividade artística”.

- Carlos Mella, “Chámase Uxío”, p. 3.

Breve evocación do poeta que emprendeu “un diálogo telúrico sobre a vida e a morte” dende o Courel.

- Xosé Chao Rego, “Dende as entrañas”, p. 4.

Dialoga co homenaxeado a través da comunicación epistolar para lle comunica-la admiración que sente por el como un dos creadores principais do Pobo. Continúa lembrando os primeiros contactos co Uxío que se erexía en rabino da tertulia literaria que se daba na librería da Praza do Campo de Lugo polo ano 1976. Despois confesa o achegamento persoal que o aproximou ó poeta e ó seu contorno, o familiar e o do Courel dos soños poéticos, o Courel cósmico da creación. Recoñece, ademais, a dimensión telúrica que o converteu “en estrela desta etnia”, a galega.

- José López Fontal, “O meu bon amigo Uxío Novoneyra”, p. 7.

O articulista, alcalde do Courel, na misiva a Uxío Novoneyra infórmao da homenaxe que se lle vai render en Santiago de Compostela e de que unha das súas rúas vai leva-lo seu nome. Sinala que tanto Novoneyra coma a súa obra son moi apreciados na súa terra, O Courel.

- Francisco Fernández del Riego, “Carta a Uxío Novoneyra”, p. 8.

Preséntase aquí unha loa a toda obra de Uxío Novoneyra como agradecemento por se dedicar ó labor de escritor.

- Emilio Cao, “Novoneyra descubre que a chuvia en Galicia pode caer de abaixo para arriba”, p. 8.
Saúdo do articulista a Uxío Novoneyra recordando as aventuras que pasaron xuntos.

- Xosé Manuel Beiras, “Ergo o meu brazo”, p. 8. Himno feito
para Uxío Novoneyra para darlle unha homenaxe.

- Herminio Barreiro, “Galicia en pé”, p. 9.

Uxío Novoneyra é homenaxeado pola súa obra poética, e segundo di o articulista é un personaxe querido por toda Galicia.

- Luis Celeiro, “ Novoneyra, de onde eu son”, p. 9.

Carta de aprecio e agradecemento dun amigo de Novoneyra na cal lle dá as gracias por se-lo seu amigo e loa a súa obra.

- Ignacio Castro, “Nulla dies sine lines”, p. 10.

Ampla reflexión sobre o modo de ser e de facer poesía de Uxío Novoneyra. Afirma que o escritor “non traballa só coa ‘linguaxe’ humana, senón coa memoria xorda do non verbalizado, unha lingua vulgar sempre lindante co mito”. Así mesmo, continúa, a súa poesía funde “verbas e imaxes nunha forte corrente sensible”. Para rematar, afirma que o poeta do Courel “non garda o segredo do vivido nunha vida ‘privada’, oculta baixo a opacidade profesional na que se traballa, senón que converte a vivencia en oficio”.

- Isaac Alonso Estraviz, “Carta a Uxío Novoneyra”, p. 11.

Carta na que Alonso Estraviz admite que Uxío Novoneyra estivo ó seu lado, a partir do momento no que decidiu exercer de galego. Engade que cada verso e cada palabra de *Os Eidos* “suscitavam em mim uma cheia de sentimentos e de mundos fantástico-reais, objeto da nossa paisagem por insignificante e diminuto que fosse”. A seguir, lembra a súa primeira visita ó Courel no ano 1972 e como, posteriormente, coñeceu a Novoneyra e gozou da súa amizade. Para rematar, reproduce uns versos de Novoneyra.

- João Guisan Seixas, “Introduçom a nur”, pp. 12-13.

Reproducción dun fragmento do volume *Este Nom é um Livro de Ciència-Ficçom*, de João Gisan Seixas. Nel o autor fala da terra de Nur, “um mundo antigo que se encontra nessa cinzenta zona, ‘morta’ que nom se pode chamar, apropriadamente, nem centro nem periferia da Galáxia”. A seguir, describe o mar de Nur, a superficie terrestre, as árbores, os animais, a paisaxe e os seus habitantes. Cómpre engadir que o fragmento se inicia cun famoso verso de Uxío Novoneyra: “Chove pra que eu soñe” e remata do mesmo xeito: “E por isso, de igual modo, nom resulta tão estranho que poetas de um e outro mundo tenham escrito este mesmo verso ‘Chove para que eu sonhe’, a pesar das diferenças de grafia”.

- Xavier Rodríguez Baixeras, “Quedou na noite, Uxío”, p. 13.

Breve homenaxe a Uxío Novoneyra, o poeta do Courel ó que o articulista coñeceu e co que compartiu moitas horas de tertulia. Remata o artigo afirmando que “agora, nalgures, desde o máis lóbrego recuncho ou mesmo nas moxenas do seu corpo desfeito, escintílanlle os seus ollos de moucho”.

-Isabel Escudero, “Carta a Uxío de Isabel”, p. 14.

Nesta carta de alta intensidade poética e denso valor comunicativo mostra o cariño e a admiración que sente por Novoneyra. Así mesmo, vai lembrando momentos de convivencia, no Courel e en Compostela, sós e con amigos, coa poesía ou coa natureza.

- José Luís Marí Solera, “A Uxío Novoneyra poeta”, pp. 15-16.

Lembra este autor o momento en que coñeceu ó poeta Uxío Novoneyra na Compostela dos anos setenta na compaña da súa muller, da súa filla e doutros amigos de ambos. Fala dos sentimentos que lle suscitou o contacto co autor do Courel e das vivencias posteriores polas rúas e locais de Santiago.

- Lupe Gómez, “En ti todo nace, escupe, reventa”, p. 16.

Evocación poética e persoal ó vello poeta do Courel. Expresa palabras de agradecemento e admiración por ser guieiro poético e amigo escritor, por servir de amizade inesquecible e única. Quere expresa-lo amor do país polo poeta morto a través da súa propia dor ó tempo que lle agradece ter vivido para ser “liberdade”.

- Luisa Villalta, “Galiza ou nada”, p. 17.

Recoñecemento da xeración de Uxío Novoneyra como a “trabe que sostén o difícil equilibrio do país” e loitadores pola liberdade abrindo camiño ás xeracións máis novas, ante as que se pregunta se estarán a face-lo papel que lles corresponde de cara á liberación da terra desexada. Confía en que sexan cada vez máis os “chamados” e conclúe que “a forza de tanto amor non poder ser inútil”.

- Xosé Luis Rodríguez Pardo, “A Uxío Novoneyra”, p. 17.

Breve carta dirixida a Uxío Novoneyra na que lle lembra con nostalxia a organización conxunta da Mostra de Poesía Galega celebrada no Circo de Artesáns da cidade da Coruña hai xa moitos anos con Manuel María, Bernardino Graña ou García Bodaño. Remata despedíndose coas palabras de Otero Pedrayo: “Boandanza e saúde, xente de Breogán”.

- Manuel Eugenio de Neira Pol, “Apuntes para unha biografía de Uxío Novoneyra”, p. 18.

Membro da súa familia e de idade semellante, M. Eugenio de Neira Pol lembra os moitos intres compartidos dende a nenez co homenaxeado e repasa aqueles datos biográficos máis salientables como son a súa aldea natal, sempre presente na súa obra, a situación xeográfica da mesma e os momentos máis delicados da vida do poeta cando abandona o seu traballo na TVE en Madrid para vir coida-los seus pais. Remata cos versos do poeta publicados por *El Progreso* de Lugo en xullo de 1976 con motivo da visita dos reis á cidade e que reflicten a súa conciencia de liberdade e patria galega.

-Miguel Cância, “Do Caurel de Novoneyra ao monte Escandom: poesia ecologicamente vital, brincalhona e, sobretodo, montana”, pp. 19-20.

Coñecidos dende hai moitos anos, Miguel Cância recorda os actos de combate poético de finais dos anos 70 e comezos dos 80 dentro do movemento universitario compostelán, nalgún dos cales participou Novoneyra xunto con outros moitos intelectuais galegos como Agustín García Calvo, Isabel Escudero ou Kukas. A poesía recitada polo poeta cualifícaa como “ecologicamente vital, brincalhona, montana e apaixonada”. Reivindica a Novoneyra e denuncia a actual situación de manipulación da cultura, así como da propia cidade de Compostela con motivo dos grandes acontecementos como o Xacobeo, pedindo un “Santiago máis poético”.

- Maria Pilar Garcia Negro, “Carta a Uxío Novoneyra”, p. 21.

Carta na que Maria Pilar García Negro lembra algúns episodios relacionados con Uxío Novoneyra, como a lectura dun poema seu na portada dun xornal, no ano 1976, ou unha intervención na asemblea da AELG, ó tempo que lle rende homenaxe e lle amosa a súa solidariedade.

- Marina, “Brétema, setembro de 1999-10-30”, p. 21.

Rememora algunhas horas compartidas co escritor e manifesta a súa adhesión á homenaxe que se lle está a render.

- Xosé Neira Vilas “Os eidos” en América”, p. 22.

Lembra que o libro *Os eidos* lle foi enviado a Buenos Aires no ano da súa publicación e que a súa lectura supuxo “toda unha revelación”. Refírese á difusión dalgúns dos seus textos en América, tanto en Buenos Aires coma en Cuba. Baseándose nisto, afirma que “Uxío non cruzou o Atlántico, pero si o seu canto trascendente”.

- Olga Patiño Nogueira, “O souto de Uxío”, p. 22

Lembranza a Uxío Novoneyra no que a inspiración vén dada por un contorno familiar á autora e ó poeta, un souto, que describe dende un punto de vista subxectivo, como un lugar cheo de maxia e silencio, e o que presenta como un espacio humanizado. O poeta intúese en cada recuncho no que se detén, para ó final facelo explícito ó rematar dicindo que “ata se pode escoita-la súa VOZ”.

- Borobó, “Anacos. Chove pra que eu soñe”, p. 23.

Recoñece estar entusiasmado de participar por desexo de Uxío Novoneyra nesta homenaxe que se lle brinda á súa persoa. Considera a este poeta un adiantado da Xeración de *La Noche* ademais dun profeta e dun “patriarca de toda unha xeneración lírica e intelectual que foi madurando ó longo da longa noite de pedra”, definición que tamén llela adxudica a Carlos Maside e Manuel María. Ve en *La Noche* o berce, o viveiro xornalístico da rexeneración literaria e, se cadra, política do país. Tilda a Maside de artista galego de maior dimensión intelectual e mestre gratuíto “dos poetas novos que iban encabezar durante iste medio

século, o coro inmenso da nosa lírica coa súa extraordinaria sabiduría estética e a súa ética conducta". Lembra que Novoneyra e Maside recibiron as primeiras leccións de R. Piñeiro coas que descubriron "un luminoso horizonte ..., en canto ao pasado e o porvir da sociedade e da cultura galega", que os estudiantes con inquietudes espirituais e políticas eran levados por Ramón Lugrís á casa de Ramón Piñeiro, onde consolidaban o seu pensamento galeguista e se lles permitía expoñe-los seus pensamentos na páxina "Universidade Literaria" en *Noite*. Facilita unha listaxe dalgúns dos estudiantes que se presentaron ás rexurdidas Festas Minervais e nas que adquiriron a fama entre outros Méndez Ferrín, Mourullo, Beiras, López Nogueira ou Bernardino Graña. Salienta a volta a Santiago de Uxío para da-lo recital que clausurou o ciclo da presentación dos compoñentes da "Xeración da Noite", tema abordado, segundo o articulista, por Franco Grande en *Os anos escuros*. Confesa que foi neste recital onde escoitou a "singular sonoridade da dicción" de Novoneyra ó ler "Anaco" e a súa insistencia do poeta nas palabras compostas coa consoante ese. Intenta reproduci-lo que escribira en *Noite* sobre Novoneyra, que tanto lle gustara ó poeta: "poeta ou segrel, do sosego, do silencio, da soedade, do soño, sutil, sinuoso, suxerente...". Lamenta non te-la ciencia-lingüística de Rodríguez Fer para facer unha análise do traballo do poeta lucense.

- Roberto Vidal Bolaño, "Eu nunca lle oín", p. 24.

Confesa que sempre considerou que a voz idónea para a dobraxe da voz de Deus nunha película sería a de "O Lobo, Uxío Novoneyra, o grande poeta do Courel". Lamenta que iso non fose posible ó igual que na realizada nos oitenta co "Percival e outras historias", de Méndez Ferrín, para a voz do Cunqueiro de ficción da serie televisiva "Novo de Parmuide" ou no intento dunha versión teatral do *Vietnán Canto*. Recorda que nos "Dez Mandamentos" este persoeiro dobrou ó narrador da historia mais, na súa opinión debería ter feito a de Deus, para que ó falar galego "o fixese coa voz dun dos nosos poetas cimeiros". Cre que este lucense é "un dos poucos que ademais de ser dono da palabra , éo da emoción e do dicir". Asevera que en *Anxeliños*, "unha versión rilloteira do mito de Fausto", segundo el mesmo declara, pensou en Uxío para o personaxe de Mefistófeles pero, parecíalle inxusto que emprestase a voz ó demo despois de non lle-la poder emprestar a Deus.

- Juan Soto, “Cos ollos ó lonxe”, p. 24.

Alude á existencia de dúas maneiras de ver a un grande escritor, “como creador de linguaxe e como creador dun mundo”, e á inseparable unión de ámbolos dous na psicoloxía, na filoloxía e na crítica. Pero sinala que a lingua en Novoneyra adquire un valor especial ó ter significado en si mesma e que Uxío Novoneyra, ó igual que os autores da súa xeración, comezou a escribir en galego por instinto. Explica que os escritores ó igual que as civilizacións, baseándose na teoría de Toynbee, ou ben se centran nun desafío ou ben nunha reducción. Entende que este poeta nace da noción do desafío e non busca o illamento ou a soidade, nin a reducción. Para o articulista *Os Eidos* non é “o resultado dunha operación reductora (...) senón máis ben unha luminosa expansión, un camiño de dentro a fóra” que permanecerá coma unha ascua inesgotable e que de moi poucos poetas se pode dicir isto xa que na historia da literatura “é a historia dunhas cantas palabras perennes”.

- Tareixa Navaza, “Uxío ámote”, p. 25.

Comeza declarando o seu amor a Uxío Novoneyra, dende que Reimundo Patiño o levou a xunto dela para entrevistalo e para que recitase. Afirma que non oíra a ninguén recitar coma el e que nese momento quedou prendida da súa presencia, o seu decir, a súa voz, o sentimento e o seu amor por Galicia. Salienta a constante presencia no poeta da liberdade, da humanidade e de Galicia e cualifícao de defensor dos soños e da imaxinación. Asevera que este escitor do Caurel afirmaba sentir no seu corpo todo o que lles pasou ó seu pobo e ó home, e que “a negación dos soños é a negación do tempo e polo tanto a morte”. Imaxina a emoción dos emigrantes e os exiliados ó escoitalo cando traballaba en Radio Ser facendo emisións para América. Subliña a capacidade que ten o escritor para transmitir sempre optimismo, a pesar das circunstancias, e a súa admiración e solidariedade por persoas e pobos. Lamenta que ninguén neste País lle propuxera gravar un poema, comenta a tenrura e ledicia de Manuel María ó falar de Novoneyra e o fortalecemento dos sentimentos da articulista por el co paso do tempo. Lembra a emoción de Uxío Novoneyra, no ano 1984, ó recita-lo poema de Cabanillas á morte de Castelao, na retransmisión da chegada dos restos de Castelao a Galicia que retransmitiu con el. Confesa a súa incapacidade para conte

las bágoas neste acto, así como a envexa que sentiu da forza, valentía e constancia deste persoeiro cando lle entregou ese día na unidade móbil situada en Santo Domingo de Bonaval un seu escrito a man titulado “Castelao nacionalista galego”. Recolle este texto no que se manifesta a posible manipulación dos restos de Castelao polo poder, a volta deste só para “os que queremos unha Galicia ceibe e para os que solo teñen unha Patria, a Patria Galega” e a repatriación deste nacionalista galego por persoas que se confesan non nacionalistas. Reproduce as verbas do poeta nas que declara que a lingua é a nosa patria, cita como característica deste escritor a defensa da lingua e declara que foi unha marabilla coñecelo, escoitalo e telo como amigo.

- Xosé Lois García, “Viaxes íntimas con Uxío Novoneyra”, pp. 28-29.

Lembra o primeiro contacto con Uxío Novoneyra a quen fora presentado por Celestino Fernández de la Vega. A partir de aquí realiza un percorrido emotivo polos distintos encontros amigables e poéticos que tivo co poeta en Lugo, Santiago, Parada do Caurel e nalgunhas das edicións do Galeuzca. Para Xosé Lois García, Uxío Novoneyra “sempre cómpre e isto ben o saben os deuses de Olimpo que un día calquera retornará á sombra da miña figueira”.

- Euloxio R. Ruibal, “Na fontela das augas”, p. 29.

Logo de cualifica-la voz do poeta caurelao como “voz profunda da terra, voz da natureza sacra”, subliña a conexión de Novoneyra coa paisaxe e a relevancia da natureza e do misterio no dicir deste escritor. Do mesmo xeito pon de relevo a identificación da súa palabra co seu pobo e expresa a súa fonda gratitude e sentimento ó “poeta-dicidor”.

- Xulio Calviño, “Do signo poético como sigma político”, pp. 30-31.

Xulio Calviño analiza o significado do poema “Galicia sólo terra” de Uxío Novoneyra, aparecido no libro *Do Courel a Compostela* (1988). Reflexiona sobre o seu estilo, pero céntrase no seu contido –con numerosas referencias a escritores clásicos universais– afirmando que representa unha “poética política”.

- Xulio López Valcárcel, “Uxío Novoneyra o poeta da Terra”, pp. 32-34.

Comézase recoñecendo a dimensión mítica de Uxío Novoneyra xa na década dos 70. Tras lembrar algunhas anécdotas da súa vida, admítese o seu maxisterio nas ordes moral e literaria. Sitúase a palabra poética no centro da súa obra pero unha palabra que conserva toda a forza denotativa, para o cal non se deixa o poeta amarrar por ningún tipo de limitación normativa. Tamén se indica que a paisaxe montañesa é tratada do mesmo xeito: dotada de toda a súa forza telúrica e sen restarlle ren da súa grandiosidade, da que o home é unicamente unha pequena parte.

- X. L. Franco Grande, “No Courel con Novoneyra”, p. 34.

Xosé Luís Franco establece unha identidade entre Uxío Novoneyra e Galicia. Cóntanos que visitou hai pouco O Courel por primeira vez e opina que está moi ben reflectido en *Os eidos*. Parécelle que este poemario ficará para a posteridade.

- Felipe-Senén, “Novoneyra do Courel, O Courel de Novoneyra”, p. 35.

Narración, con profusión de citas de Novoneyra, dunha viaxe polas terras do Courel. Remátase louvando como o autor cantou a estes montes e cualificándoo de bardo.

Referencias varias:

- D. J., “O Galo’ presenta unha carpeta de homenaxe a Uxío Novoneyra, con traballos de poetas, narradores e pintores”, *El Correo Gallego*, 17 decembro 1999, p. 75.

Informa da realización desta carpeta ó redor da figura de Uxío Novoneyra, que presenta os traballos recollidos pola Asociación O Galo e que son obra de cento corenta creadores, entre pintores, poetas e narradores. Achega certos datos referentes ó prezo e números publicados desta coidada edición, ademais de reproducir certas declaracións de Maside, a través das cales alude ós poemas caligráficos do poeta do Caurel e á boa relación que mantivo con diversos artistas.

-María Cedrón, “A cultura galega homenaxea no Teatro Principal a Uxío Novoneyra”, *La Voz de Galicia*, 17 decembro 1999, p. 49.

Co gallo da homenaxe a Uxío Novoneyra no Teatro Principal, dá conta dos actos a celebrar, entre os que están un recital poético, unha representación teatral por parte do grupo Cachirulo e a entrega dunha carpeta de colaboracións producida pola Asociación Cultural O Galo, que contén pezas que sinalan a relación dos pintores, dos escritores e dos amigos co poeta do Caurel. Tamén recolle as palabras de Xulio Maside e Salvador García-Bodaño, que se referiron á relación do homenaxeado cos artistas e á súa condición de poeta, respectivamente.

- L. C., “Poetas, músicos e artistas renden homenaxe a Novoneyra en Santiago”, *La Voz de Galicia*, 19 decembro 1999, p. 89.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Dá conta de tódalas actividades da homenaxe feita a Uxío Novoneyra como foron os recitais poéticos, o teatro ou a entrega dun cartafol con máis de 150 colaboracións artísticas orixinais realizado para esta efeméride. Apunta que haberá un premio literario co nome do poeta do Caurel e que varios concellos lle dedicarán unha rúa, ademais de recolle-las declaracións de Bernardino Graña, coas que resume boa parte dos sentimentos dos asistentes á homenaxe, e achegar certas notas sobre a vida e obra do homenaxeado.

Axeitos, Xosé Luis e Charo **Portela** (eds.), *Sesenta anos despois*. *Os escritores do exilio republicano. Actas do congreso internacional celebrado na Universidade de Santiago de Compostela. 16, 17 e 18 de marzo de 1999*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 506 pp. (ISBN Associaciò d'Idees-Gexel: 84-87478-29-8) (ISBN Volume I: 84-7492-931-8) (ISBN Obra Completa: 84-87478-28-X).

Este volume recolle as actas do Congreso Internacional, que, co título "Os escritores do exilio republicano", se celebrou en Santiago de Compostela os días 16, 17 e 18 de marzo de 1999.Ábrese cunha "Presentación", de Manuel Aznar Soler, na que explica como o citado encontro parte do Congreso plural "60 años después", do que el mesmo é coordinador. Así mesmo, refírese ás pretensións e nacemento deste proxecto, que saíu do Grupo de Estudios del Exilio Literario (GEXEL) da Universidade Autónoma de Barcelona, e dos lugares da península onde se van celebrar toda unha serie de congresos, que terán como nexo de unión o tratamento do exilio republicano español, prioritariamente, dende o punto de vista literario. Tamén, nun "Limiar", o comité organizador do congreso, que tivo lugar na cidade compostelá e que foi o primeiro a celebrar dentro do proxecto no que estaba inserido, sinala que os estudios recolleitos neste volume queren afondar na consideración do exilio como "legado dialóxico na triple dimensión de testemuña ética, política e cultural" e comenta que rescata-la palabra dos exiliados é darlle sentido ó seu sacrificio e á nosa dignidade como pobo. A seguir, recóllense os traballos expostos en cinco grandes apartados: "Poesía e poetas do exilio", "Teatro", "Historiografía e cultura", "Epistolarios, biografías e memorias" e "Artes plásticas". De todos aqueles artigos que tenían relación coa literatura galega dase conta a continuación:

- Xosé Ramón Brea Rei, "Lorenzo Varela: a voz solidaria do exilio", pp. 19-33.

Aproximación ás relacións persoais entre Lorenzo Varela (1917-1978) e os membros do “Grupo das Misións” e “Hora de España” durante a IIª República e logo cos novos camaradas no exilio, con especial dedicación ás relacións epistolares entre eles. Descríbese o decorrer vital e artístico de Lorenzo Varela e destácanse as dúas constantes da súa vida: a conciencia de grupo e mailo compromiso de artista e ideólogo comprometido co exilio. Analízase tamén a súa etapa de exilio en México e en Buenos Aires.

- José Ramón López, “Torres de amor”, la arquitectura exiliada de Lorenzo Varela”, pp. 35-49.

Partindo do libro *Torres de amor* (1942), de Lorenzo Varela, o articulista analiza a traxectoria persoal do autor deste poemario e dá a coñece-las significacións de numerosos discursos poéticos xestados no comezo do exilio republicano amosando a ruptura que supuxo o exilio. Indica que *Torres de amor* é un intento de mante-lo proxecto histórico, cultural e persoal dos anos trinta xunto cun exercicio de resistencia.

- Víctor Campio Pereira González, “Noticia sobre a poesía de Xosé Conde”, pp. 51-53.

Sucinto percorrido pola vida de Xosé Conde Fernández con especial atención á súa etapa porteña (19361980). Cítanse as súas obras publicadas e inéditas, tanto en galego coma en español, e reprodúcese o seu poema “Compostela”.

- Elisa Río Conde, “A visión do exiliado en *A fronteira infinda* de Celso Emilio Ferreiro”, pp. 55-65.

Baseándose no propio Celso Emilio Ferreiro e en Alonso Montero, Elisa Río defende que na emigración do celanovés á América se uniron tanto factores socioeconómicos canto políticos. O corpo do texto está dedicado a establecer paralelismo entre o narrado en *A fronteira infinda* e as propias experiencias do autor.

- Miro Villar, “Xervasio Paz Lestón (1898-1977), paradigma do compromiso dun poeta emigrante co exilio e coa súa literatura”, pp. 67-80.

Comeza comentando a biografía de Paz Lestón, facendo fincapé na súa actividade empresarial e nas súas relacións coas organizacións de emigrantes e as publicacións que delas dependían. Sobrancea o seu compromiso político co galeguismo e coa república, con versos sobre Bóveda, o Alzamento, Franco ou Castelao. Precisamente, os catro poemas que lle dedica a este último son recollidos por Miro Villar como apéndice. Tamén sinala que foi quen de escribir textos autocríticos, nos que deposita na mocidade a esperanza dun futuro mellor. Alén diso, non esquece dar información da totalidade de pseudónimos que Paz Lestón utilizou.

- Iolanda Ogando, “Sobre a(s) traducción(s) e edición(s) de *A soldadeira* de Luís Seoane”, pp. 91-108.

Despois de afirma-la anormalidade da literatura galega trala Guerra Civil e situar *A soldadeira* como a mellor obra dramática das nosas letras nas dúas primeiras décadas da posguerra (a excepción de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao), Iolanda Ogando cuestiónase a pertenza deste texto ó noso sistema literario xa que foi publicado inicialmente en castelán. A continuación, presenta as razóns aducidas por Helena González para dar tal consideración a *A soldadeira*, baseándose nas declaracións de Seoane e na existencia do texto galego. Así mesmo, dá conta de tódalas edicións existentes da obra e fai un estudio pormenorizado delas que a leva a defende-la primeira redacción do texto na nosa lingua. Para esta conclusión, baséase exclusivamente en criterios filolóxicos e achega numerosos exemplos. Acaba reivindicando edicións anotadas dos textos antigos.

- Euloxio R. Ruibal, “A visión do exilio a través de *O irlandés astrólogo* de Luís Seoane”, pp. 109-113.

Comeza o artigo cunha alusión de carácter xeral ó exilio ó longo da historia, referíndose especialmente á Grecia clásica. A seguir, céntrase en describir ese "drama vivencial" a partir da peza teatral *O irlandés astrólogo*. Ademais de achegarnos ó argumento da obra de Seoane, Euloxio R. Ruibal esculca en Sinot, un dos protagonistas, as características que definen ós exiliados: a escisión, ó teren que comezar unha vida nova nun país descoñecido no que nunca deixan de seren estranxeiros; o vínculo entre o futuro que agardan e o pasado que perderon; a morriña e a concepción da terra propia como "asasinada". Finalmente, salienta Ruibal o "extraordinario sentido plástico" de Seoane e a relación entre o personaxe de Sinot e o autor.

- Xesús Alonso Montero, "O nome e a obra de Rosalía de Castro no exilio exterior e no exilio interior no ano do seu centenario (1937)", pp. 125-141.

Estructura en seis apartados este estudio sobre as celebracións e silencios cos que se celebraron os cen anos do nacemento de Rosalía de Castro en 1937. Nos dous primeiros achéganos á situación política que se vivía no 1936 e ás homenaxes previstas polas institucións políticas e culturais para agasallar á autora de *Follas Novas* no seu centenario que se viron fanadas co levantamento fascista do 18 de xullo. No terceiro apartado, "Rosalía na Galicia de 1937", comenta os escasísimos actos que se produciron na zona franquista, algúns poemas e citas aparecidas na prensa da época, tendentes a desvirtuar e folcloriza-la figura rosaliana. No seguinte epígrafe, aproxímase Alonso Montero ós actos de homenaxe dende a España leal á República e sorpréndese de que fosen escasos e irrelevantes e xustifícao pola necesidade de prioriza-la Guerra Civil sobre os actos culturais. En "Os galegos de América e Rosalía en 1937", describe as referencias á efeméride rosaliana aparecidas na prensa de Buenos Aires, Montevideo e A Habana. Finalmente, pecha o artigo cunha alusión á revista *Cauces*, que en 1937 dedicou un número monográfico á autora de *Cantares Gallegos.*

- María Xesús Lama López, "A cultura galega dende México, poderosas brazadas de náufrago", pp. 201 212.

Abordaxe da producción cultural, en tanto que mensaxe cultural e mensaxe política, dos exiliados galegos en México tendo en conta os condicionamentos extraliterarios que a caracterizan. Para iso, estructura o estudio en dúas partes. Na primeira, de carácter descritivo, dá conta da actividade do exilio partindo da figura central de Luís Soto, do que lembra a súa traxectoria; e da Alianza Nacional Galega, fronte multipartidista que impulsou as publicacións *Galicia*, *Loita*, *Nueva Galicia*, a revista literaria *Saudade*, os folletos *Galicia bajo el terror*, *Atila en Galicia* e o libro *Presencia de Galicia en México*. De seguido, destaca a revista *Vieiros*, "quizais a máis brillante contribución" á cultura galega da man do Padroado da Cultura Galega (1953), tamén coa participación de Soto. A continuación, describe estas canles de expresión cultural e analiza a súa mensaxe. En primeiro lugar, *Saudade*, que contou con Xosé Caridad Mateos (responsable editorial), Florencio Delgado Gurriarán, Carlos Velo, Ramiro Illa Couto, Ramón Cabanillas Álvarez, Roxelio Rodríguez de Bretaña, Carlos Tomé, Manuel Porteiro Viña, Luís Soto e Marcial Fernández nos sucesivos consellos redactores. Entre os colaboradores, aínda que só achegando a sinatura para darlle renome, cita a Otero Pedrayo, Cuevillas, Bal y Gay, Blanco-Amor ou Dieste. Tamén describe os números que se publicaron e, en segundo lugar, refírese a *Vieiros,* que estaba dirixido por Soto, Carlos Velo, Delgado Gurriarán e Caridad Mateos, que substitúe ó anterior. Por último, engade tamén o volume poético *Cancioneiro da loita galega*, que reúne nomes escollidos (Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Alfredo Brañas ou Rey Baltar) ó lado da voz do pobo, e presenta unha estructura cronolóxica que vai do tempo da esperanza republicano ata a memoria e a resistencia do exilio. Seguidamente, cre que se *Saudade* tentou conciencia-los emigrados popularizando os contidos e identificando exiliados e emigrantes na saudade, mentres que *Vieiros* mira máis ó futuro porque analiza o problema migratorio, aplica o cientifismo ós seus métodos, reflexiona sobre a relación arte-artista e incorpora a crítica literaria. Ademais, pensa que, a pesar de coincidiren no federalismo, na segunda observa un nacionalismo avanzado e o monolingüismo en galego. Finalmente, refírese a Delgado Gurriarán como a figura máis sobresaliente no ámbito creativo coas súas obras *Galicia infinda* (1963), *Cantarenas* (1981) e *O soño do guieiro* (1986), especialmente, con "Poemas Mexicanos", da primeira obra, o único exemplo existente de mestizaxe dos exiliados coa realidade receptora.

- Xosé Luís Axeitos, "Historia e mito nos epistolarios do exilio", pp. 269-287.

Análise do epistolario do exilio, xénero que pode explica-la problemática deste fenómeno debido ás profundas reflexións que xerou, centrándose particularmente nas cartas que Luís Seoane e Rafael Diesteintercambiaron con Ánxel Fole, Otero Espasandín, Maside, Iglesia Alvariño ou Arturo Souto, entre outros. Por unha parte, ve en Seoane unha postura máis combativa na reflexión da problemática galega e na relación do exiliado co emigrante, destacando a crítica a Ramón Piñeiro, máis volcado cara á emigración, debido á súa concepción formalista da literatura. A seguir, cre que se en Seoane a carta é un modo de liberación, en Dieste atoparemos un carácter máxico e milagroso, converténdose a epístola nunha canle de coñecemento poético. A ausencia do país, continúa, vólvese unha situación metafísica que deriva na mitificación do tempo e do espacio pasado e perdido. Tamén pensa que a racionalización da súa situación os conduce cara a un desacougo existencial que procura a liberación no traballo, coa memoria como eixo creativo. A seguir, detense no regreso, concepto esencial no epistolario. Ademais, coida que todos estes autores se caracterizan polo "orgullo xeracional", referido a eles e a Cunqueiro, Fole ou Alvariño, ante o temor de seren esquecidos na historia cultural galega tralo pesado pano de "Nós". Conclúe, por último, que tódolos exiliados, tanto se regresaron coma se non, non puideron afasta-lo sentimento de se veren derrotados.

- Francisco Caudet, "Lorenzo Varela... en mi recuerdo", pp. 289-304.

Afirma que mediante o estudio de Machado e da revista *Hora de España* se adentrou no coñecemento do exilio republicano, contexto no que Lorenzo Varela estivo "siempre en primera línea". A continuación, reflexiona sobre a Guerra Civil, o exilio e as súas consecuencias na sociedade actual a través de diferentes poemas do autor, a maioría deles en castelán e tirados de diferentes libros propios como *Torres de amor* ou colectivos como *Poetas en la España leal* ou *Homenaje al poeta García Lorca contra su muerte*. Esas, continúa, foron as fontes polas cales comezou a coñecer nos anos 70 a outra España, a dos perdedores, a que lle negou a universidade franquista. Así, pensa que as dúas Españas son mundos antitéticos e, nun ton marcadamente pesimista, sostén que non se pode construír "una sociedad sobre el olvido". Por iso, cualifica de farsa unha transición que consagrou á permanencia ós culpables da barbarie e cre que calquera intento memorístico é inútil ante o pacto de silencio establecido. A seguir, retoma máis de preto a figura de Lorenzo Varela, a quen coñeceu en 1975 gracias á mediación do matrimonio Dieste,

do que destaca a súa “profunda vida interior” e a súa forte personalidade, mais no que advirtiu tamén “demasiadas derrotas en los hombros”. Da súa biografía, conclúe unha vida entre España e América, un galeguismo aberto que non atopaba incompatibilidades no uso do galego e do castelán e o seu regreso en 1977. Relacionado con isto, entende que a súa obra non se entende sen Galicia, mais tampouco sen España e os países do exilio, tal e como demostra o título da revista *Hora de España* e unha guerra, só suavizada pola evocación da paisaxe, que sentiu como propia. Para finalizar, e sen abandona-lo ton pesimista, di que este proxecto é o mesmo que describía nos seus primeiros artigos en *El Sol* dos anos trinta, nas “Misións Pedagóxicas” ou en tódalas revistas nas que colaborou: unha aposta por un mundo sen fronteiras excluíntes e pola conscienciación do home.

-Concepción Delgado Corral, “Manuel Roel e Xesús Calviño de Castro: dúas maneiras diferentes de vivir literariamente o conflicto bélico”, pp. 305-322.

Retrato da vida e obra de dous homes naturais de Betanzos, comprometidos coa nosa cultura no Buenos Aires do exilio. En cadanseu apartado, descóbrenseno-las súas biografías, andainas e relacións con outros intelectuais que estaban con eles alén mar naquela época. Móstrasenos, ó mesmo tempo, as dúas maneiras diferentes de vivir literariamente o conflicto bélico, mentres Manuel Roel escollía o cultivo e a producción de *sketchs* humorísticos que eran divulgados pola radio e nos que sempre se repetían os mesmos personaxes, Xesús Calviño de Castro asumía a temática bélica e política nunha poesía de protesta. Transcríbense, ó final, tres poemas deste autor escritos en castelán.

- Xosé Gregorio Ferreiro Fonte, “Vivir en constante polémica. Castelao e unha polémica acontecida, en Buenos Aires, en 1941”, pp. 323-338.

Dáse a coñece-lo enfrontamento dialéctico que, dende 1941, mantiveron Castelao e Alfredo Baltar, integrante da Xunta executiva da Federación de Sociedades Galegas, debido á falseada e errónea interpretación que dun discurso do rianxeiro lle fixeron chegar a Baltar. Achégase un anexo documental a propósito de dita polémica, que conforma “un relato bastante fiel dos acontecementos” e no que se recollen cartas dos implicados.

- Marivel Freire Freire, “Avelino Díaz e Castelao”, pp. 339-414.

Percorrido a través da vida intelectual de Avelino Díaz, que se pon en relación coa súa admiración cara a Castelao, a quen lle dedica 35 poemas que se mostran ó final do artigo nun primeiro apéndice titulado “Ao inmorredeiro espríto de Castelao”. Nun segundo apéndice, recóllese a presentación que Avelino Díaz publicou nun *Galicia* de 1935 de *Retrincos*; un artigo do mesmo autor do 1951, “Castelao e a Galicia ideial”, no que gaba o labor de Castelao en Buenos Aires, e unhas “Palabras pronunciadas o 7 de xaneiro de 1956, no panteón do Centro Galego, nos actos de homenaxe a Castelao. Para rematar, reprodúcese o poema “Eu non quería aló morrer miña nai”.

- José Manuel González Herrán, “Una voz del exilio republicano: José Rubia Barcia en 1985”, pp. 415-419.

Tras introduci-los motivos polos que se puxo en contacto con José Rubia Barcia, achéganos á súa figura e ó contexto no que se atopaba cando se viu obrigado a se exiliar, así como á situación de esquecemento pola que nese tempo estaba a pasar. Transcribe un fragmento dunha conversa que tivo con José Rubia Barcia en xullo do ano 1985, na que destacaron dous temas. Sobre o primeiro deles, que é o exilio, Rubia Barcia sinalou que “es quizá una de las experiencias más dolorosas y más angustiantes por las que puede pasar un hombre” e falou do comportamento que tiveron os exiliados entre os que el se encontraba. Comenta, en segundo lugar, cal foi a impresión que lle produciu a sociedade española nos dez anos anteriores a 1985 afirmando, ó se referir a algúns intelectuais que, “es gente con la que no he podido entenderme”.

- Miguel Longo Formoso, “Tralas pegadas de Serafín Ferro”, pp. 421-437.

Aproximación á vida e á obra de Serafín Ferro dende diversas perspectivas. En primeiro lugar, faise un percorrido a través do seu periplo vital, salientando as súas orixes, lecturas ou amizades. Baixo o epígrafe “Serafín, poeta impreso”, relátanse as actividades que desenvolveu dende 1936 ata finais de 1937,

prestándose especial atención ó seu interese polo teatro. A continuación, están os titulados, “Serafín, prosista impreso” e “Serafín, actor de cine”. Neste último faise referencia ó comezo da Guerra Civil e ó exilio, para falar do ambiente e actividades intelectuais que os exiliados desenvolvían en América do Sur e salienta-lo descoñecemento do feito por Ferro en México. Tamén se sitúa nun determinado grupo literario, “aínda que moi vinculado á “generación del 27 española”, pertencente á “Xeración do 36 galega”, e remarca a marxinación da súa obra. Finalmente, ofrécense as fontes bibliográficas, fotográficas de Ferro e unha composición poética súa de xullo de 1936.

-Esperanza Mariño Davila, “O espello dunha amizade. De Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco Amor: Epistolario (1931-1946)”, pp. 439-474.

Comeza o traballo ofrecendo uns trazos biográficos de Ramón Suárez Picallo: orixes, primeiros traballos, emigración a Buenos Aires e actividade que alí desenvolve, a volta a Galicia e o regreso definitivo a Buenos Aires no ano 1956. Baixo o epígrafe “o home social” que está subdividido en “xornalista e escritor”, “orador” e “político”, falásenos das facetas intelectuais que Suárez Picallo desenvolveu ó longo da súa vida, salientando a súa comedia dramática titulada *Marola*. Tras facer referencia ás súas calidades como orador, incídese na súa actividade política, destacando a súa progresiva evolución cara ó nacionalismo. Coméntase tamén o seu labor como parlamentario nas Cortes durante os anos 1931-1933, xunto con Castelao, Otero Pedrayo e Vilar Ponte, dando algúns trazos do “galeguismo” e da “actuación política” que Suárez Picallo desenvolveu. No epígrafe “O home íntimo”, faise unha clasificación e comentario das cartas que, dende o ano 1931 ata o ano 1946, lle escribiu Suárez Picallo a Blanco Amor. Ofrécense as fontes bibliográficas das que o autor do traballo se serviu e reprodúcense as cartas manuscritas de Suárez Picallo a Blanco Amor.

- Charo Portela Yáñez, “Ramón Martínez López e Xosé Núñez Búa: cartas dende o exilio a Valentín Paz Andrade”, pp. 497-505.

Debido á imposibilidade por parte do autor deste traballo de trata-lo epistolario que os intelectuais exiliados mantiveron con Valentín Paz Andrade, que se encontra no seu arquivo de “Pousa nova do mar” en Vigo, decide centrarse en Ramón Martínez López e Xosé Núñez Búa. De ámbolos dous reprodúcense algunhas das cartas que lle escribiron a Valentín Paz Andrade (e viceversa) indicando cando están datadas e a liña que presentan, tendo case todas elas como tema fundamental o exilio e maila represión do réxime de Franco.

Referencias varias:

-Marcos da Portela, “Tinta de Lura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 6, 17 decembro 1999, p. 1.

Constata que os persoeiros da cultura critican a inactividade e pasivi dade das institucións e pon como exemplo a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega. Nembargantes, respecto deste último, agradece a celebración das xornadas sobre a literatura galega e a Guerra Civil. Enfiando con este tema, informa de que Ediciós do Castro vén de publica-las actas, baixo a dirección de Xosé Luís Axeitos e Charo Portela, dun congreso celebrado na universidade santiaguesa sobre as consecuencias socio-literarias da guerra. Sinala a participación neste volume de, entre outros, Alonso Montero e Iolanda Ogando.

Becerra Suárez, Carme e Manuel Ángel **Candelas Colodrón**, María Jesús **Fariña Busto**, Amparo de **Juan Bolufer** e Beatriz **Suárez Briones** (eds.), *Asedios ó conto*, Vigo: Servicios de Publicacións da Universidade de Vigo, col. Congresos, nº 19, 1999, 405 pp. (ISBN: 848158131-3). ¤

Por medio desta publicación, achéganseno-las actas do IIº Simposio da Asociación Galega de Semiótica, organizado pola Universidade de Vigo e celebrado en abril de 1997. Ábrese cunha presentación titulada “Quisimos asediar al cuento”, na que se comenta como un grupo de profesores da universidade olívica, coñecedores da insuficiente atención crítica que existía ó redor do conto, decidiron iniciar un proxecto de investigación que perseguía dúas metas. A primera consistía en tratar de delimitar con trazos pertinentes o citado xénero de todo aquilo que, estando próximo ou fronteirizo, escapase de tal consideración xenérica; mentres que a segunda pretendía aplica-los presupostos teóricos obtidos a un amplo *corpus* de contos escritos en castelán e publicados a partir dos anos sesenta deste século. A continuación, puntualízase que este proxecto suxeriu a convocatoria do citado congreso e do que son resultado os artigos que contén este volume. Así mesmo, indícase que o abren aqueles que abordan o conto dende unha perpectiva teórica e didáctica, para logo darlle paso a queles que emprenden unha análise crítica sobre contos concretos de diferente autoría e de diversos ámbitos lingüísticos. Todos aqueles referentes á literatura galega aparecen descritos a seguir:

- Josefa Beloso Gómez, “El dodecafonismo en ‘El gallo de Portugal’ de Álvaro Cunqueiro”, pp. 89-95.

Comeza sinalando que “El gallo de Portugal” é un conto pertencente á obra de Álvaro Cunqueiro, *Merlín y familia*, no que se conta como Don Esmeraldino, vizconde portugués famoso polas súas conquistas amorosas, se transformou en galo. Comenta as similitudes e diferencias que ten esta obra coa de Tirso de

Molina, *El Burlador de Sevilla*, no que respecta ó mito de Don Juan, xa que os protagonistas das dúas obras son conquistadores de mulleres. Sen embargo, no caso de Don Esmeraldino, hai algo que o diferencia, é o feito de que el non engana ás mulleres dicíndolles que vai casar con elas. Conclúe que estamos ante unha comparación constante das dúas obras para ó final destaca-lo texto de Cunqueiro como o máis orixinal, sobre todo, por "liga-lo destino dun mito con motivos fantásticos e folclóricos, e envolver todo iso coa visión lúdica que caracteriza a súa creación literaria".

- Luísa Blanco, "Aproximación al Cunqueiro cuentista", pp. 109-116.

Faise un percorrido no que se dá conta das distintas construccións estructurais e dos tipos "populares" dosque se serviu Álvaro Cunqueiro para elabora-los seus contos. Recóllense, sobre todo, opinións doutros estudiosos neste sentido e faise unha descrición destas estructuras, sen análise crítica e con mínimos criterios valorativos.

- Eduardo Piñeiro, "Lembranzas dun ilustrado: Feijóo e Santos", pp. 229-233.

Aborda o significado que para o Padre Feijóo (1676-1764) tivo o Mosteiro de San Xulián de Samos, ó que estivo vinculado no período 1690-1692. Deste xeito, e tras unha breve biografía do padre Bieito, céntrase neses vínculos partindo da dedicatoria ó mosteiro que fixo Feijóo no terceiro libro do seu *Teatro Crítico Universal.* Para rematar, dá conta da formación clásica deste erudito ilustrado e cita a Otero Pedrayo e Antonio Linage para considera-la relevancia histórica da súa obra.

- Xosefa Goldar, "Confusión e morte de María Balteira", pp. 245-250.

Reflexións sobre o único libro de narrativa de Marica Campo, composto de doce relatos pertencentes ó subxénero da lenda, segundo a articulista. Comenta a presencia nos textos das calidades que Propp atribuía ás raíces históricas do conto, da vida de mulleres históricas (a xograresa Mª Balteira, dona Bela e a de Vilar de Donas) reencarnadas en deusas ancestrais, da dualidade entre o estereotipo artificial e a fantasía-creatividade natural, da falta de orde cronolóxica co afán de explora-la Historia de Galicia dende a Idade Media, da atemporalidade do último relato coa raíz do mundo simbólico creado pola autora, do artellamento do sagrado co cósmico e dos poderes máxicos das meigas e trasgos. Resalta que a autora transmite ó lectorado o amor á vida, o rescate da valentía, a denuncia da persecución nas mulleres protagonistas, o desexo de novos camiños lonxe dos prexuízos e deixa nas reflexións deste o final do libro. Resume o argumento da obra e do derradeiro relato onde, na súa opinión, se recolle o contido do libro e explica ónde radica a diferecia entre fantasía, mito e historia para a autora. Incide na visión que se dá do Camiño de Santiago, na relación entre auga/vida/lúa e na súa asociación coa vida, a morte, o tempo e a eternidade ademais da concepción simbólica das cinco protagonistas e dos diferentes personaxes de “O cervo e a lúa”. Resalta a actuación da noite como raíña dos relatos e a súa concepción sacra e mística en “Lavandeiras nocturnas” e “Lenda do loiro galán dos ollos de auga”, a incidencia da creadora na figura da Vía Láctea, a unión dos sexos “con tódalas connotacións sacras que se lle queiran adxudicar”, o ceo e os seus habitantes como representantes dun ser asexuado, a caracterización dos trasgos e das meigas dos contos e a dignificación da imaxe destas no relato “A Fada”. Considera que o valor adxudicado á terra é un aspecto tradicional en Galicia, que a conciencia mítica da autora e o simbolismo non lle impide o uso da realidade histórica; que a localización das historias nunha zona xeográfica galega determinada favorece a verosimilitude do sobrenatural e que Marica é a cronista transmisora de saberes ocultos cunha defensa da igualdade sexual ó falar ou preocuparse de certos temas. Remata dando unha pequena bibliografía dos temas tratados.

-María Xesús Nogueira, “*A escola de ben contar*. Elementos da literatura popular no relato cunqueiriano”, pp. 343-351.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

María Xesús Nogueira cre que Cunqueiro non é un imitador da literatura popular, senón que utiliza os seus recursos para reelaboralos. Ó seu xuízo, hai tres planos diferentes nos que se fai visible esta influencia: o temático, o estructural e o lingüístico. Cre necesario abordar un estudio exhaustivo desta cuestión, por canto non se eliminou aínda a confusión entre o que é propio da narrativa popular e o estilo particular do galego á hora de contar no seu discurso diario.

Brea, Ângelo (coord.), *Rosalía de Castro. Cantares Galegos*, Pontevedra-Braga: *Cadernos do Povo, Revista Internacional de Lusofonia*, nº 47-50, 1999, 182 pp. (ISSN: 087-9939).

Volume que se abre cun Editorial, “Galiza não deves chamar-te nunca espanhola”, onde José Luís Fontenla –presidente das Irmandades da Fala de Galiza e Portugal e mais do Conselho Internacional da Lusofonia– sinala a importancia de Rosalía de Castro dentro do Rexurdimento galego, afirmando que foi “génio das Letras Lusófonas de todos os tempos”, e no que reflexiona sobre as relacións de Galicia e Portugal. Vén despois unha introducción á presente edición en portugués de *Cantares Gallegos* (1863), “Rosália [de] Castro: vindicadora da Galiza, onde António Gil Hernández analiza a situación da lingua galega na altura na que escribía Rosalía de Castro así como a obra *Cantares Galegos*, baseándose en textos de Murguía, Pardo Bazán, Carré Aldao, Carvalho Calero, Jacinto do Prado Coelho, etc. Detense nas reflexións e investigacións que os profesores Ricardo Carvalho Calero e mais Guerra da Cal fixeron sobre Rosalía de Castro e remata esta introducción con referencias ó “Prólogo” de *Cantares Gallegos* e analizando conceptos como “Pátria vs. Nação” ou “España vs. Galiza”, entre outros.Finalmente reprodúcese, en versión portuguesa e con comentarios a pé de páxina de Ângelo Brea, o poemario *Cantares Gallegos*, coas súas trinta e seis composicións incluíndo a dedicatoria a Fernán Caballero e o prólogo.

Recensións:

- Carlos Durão, “*Cantares galegos* para o mundo lusófono”, *A Nosa Terra*, nº 898, “Guieiro Cultural”, 2 setembro 1999, p. 24.

Comeza salientando a importancia do achegamento dunha obra coma esta á lusofonía e as dificultades que presenta no exercicio de vertela ó portugués, especialmente pola presencia de moitos castelanismos. Aínda que é a primeira vez que se fai unha edición completa, lembra que hai un precedente en Ernesto Guerra da Cal, salientando tamén a “crítica ó discurso sócio-político da notabilidade espanhola sobre a Galiza” de Rosalía de Castro e ilustrándoo con diferentes versos da obra.

Carballo, Francisco, *Alexandre Bóveda*, Vigo: A Nosa Terra. Promocións Culturais Galegas, decembro 1999, 56 pp. (ISBN: 84-89976-69-4).

Biografía que se abre cun recordo do ano 1927, cando Alexandre Bóveda con 24 anos toma contacto con algúns dos intelectuais que residían en Pontevedra –Filgueira Valverde, Fontenla, Xerardo Álvarez, Iglesias Vilarelle, Álvaro Xil, etc.– e participa nas actividades culturais da cidade. A seguir retrocédese ata a súa infancia en Ourense dende o ano do seu nacemento, 1903, retómanse as súas orixes familiares e destácase a súa afección ó fútbol. Cóntase como anos despois Bóveda prepara oposicións a Facenda e consegue un posto na Delegación de Ourense e comeza a se introducir nos ambientes da política galega a través de contactos con Risco e a revista *Nós* e Basilio Álvarez e o xornal *La Zarpa*, onde Bóveda publica o seu primeiroartigo. Detense logo no seu matrimonio con Amalia Álvarez Gallego en 1930, na súa participación na fundación do Partido Galeguista en 1931 como Secretario de Organización, actividade que compaxina co seu traballo profesional e a súa vida familiar, na súa intervención na creación, en 1932, das Mocidades Galeguistas e na redacción do Estatuto de Autonomía. Posteriormente refírese tamén ó seu traslado a Cádiz en 1934 por persecución política e a Madrid en 1935 onde contacta co grupo galeguista residente alí e poucos meses despois a volta a Galicia e a súa decisión de se presentar ás eleccións do 36 nas fileiras progresistas da Frente Popular. Menciónanse así mesmo ás súas análises de tema económico referidas a Galicia e ó seu incansable labor na preparación, unha vez triunfou a Frente Popular nas eleccións, do plebiscito de Autonomía para Galicia, aprobado e presentado ás Cortes da República o 15 de xullo de 1936. Finalmente relátase a detención de Bóveda o 20 de xullo do 1936, o seu paso por varias prisións e a instrución do xuízo sumarísimo no que foi condenado a morte e executado o 17 de agosto.

Casais, Eric e Xosé **López**, *Xoves xornalistas. Crónica aberta*, prólogo de Xosé López García, introd. de Eric Casais, Santiago: Edicións Lea, col. Textos/Media, 1999, 153 pp. (ISBN: 84-89947-80-5).

Esta obra, coa que se pretende salienta-lo traballo de vinte xornalistas galegos mozos, conta cun prólogo a cargo de Xosé López García, o decano da Facultade de Ciencias da Información da USC, no que ofrece a súa visión sobre o xornalismo na actualidade e anuncia os retos cara ó futuro. A introducción que segue, baixo o título “O xornalismo multimedia”, corre a cargo de Eric Casais. Nela, ademais de incidir nas dificultades da profesión xornalística e na necesidade de responder ás esixencias dunha sociedade cada vez máis competitiva, presenta e describe o traballo desenvolvido polos autores escolmados. A seguir, inclúese cadanseu artigo, algúns deles xa publicados anteriormente, dos seguintes xornalistas: Alfonso Riveiro, Luís Ventoso, José Luis Losa, Óscar Losada, César Wonenburger, Pancho Tristán, Paula González, Francisco García Gómez, Andrés Vellón, Xosé A. Neira Cruz, Rosa Aneiros Díaz, Santiago Jaureguízar, Miguel Sande, Xesús Vilas, Julián Rodríguez, Darío Janeiro, Xosé Hermida, Lois Blanco, Nacho Mirás Fole e Aníbal C. Malvar. O único que trata temas propios da literatura galega é o titulado “Herdeiras de Rosalía”. Rosa Aneiros achégase nel ás poetas galegas máis novas: Yolanda Castaño, Olga Novo, María do Cebreiro, Enma Couceiro, Lupe Gómez, Mónica Góñez ou María Lado. A través das declaracións destas autoras, a xornalista vai describindo a poética que as caracteriza, da que salienta o carácter subversivo, a sensualidade e por veces erotismo, ademais da presencia de pegadas da infancia. Comenta a posible agrupación destas creadoras mozas nunha xeración e recolle as opinións do que significa para elas a escritura.

Casares, Carlos, *Hemingway en Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia, novembro 1999, 98 pp. (ISBN: 84-8288-317-8).

Obra coa que Carlos Casares tenta rastrexa-la relación que o escritor norteamericano Ernest Hemingway (Oak Park, Illinois, 1899-Ketchum, Idaho, 1961) gardou con Galicia, dende, como afirma no limiar, a perspectiva da “experiencia persoal” allea ó traballo de investigación académico. Deste xeito, Casares segue a pegada de Galicia na obra do Premio Nobel deLiteratura de 1954 por dúas canles. Por unha banda, recolle diversas referencias a Galicia en textos literarios (os libros *Death in the Afternoon*, *Green Hills of Africa*, *The Capital of yhe World* e *For Whom the Bell Tells*) e outros escritos como cartas e artigos en revistas. Por outra parte, investiga a presencia física do escritor no país, resultado de diferentes viaxes nas décadas dos anos 20 e 30. Desta conexión, destácase a proxección dos mariñeiros galegos na elaboración da épica do mar que destila na súa obra máis universal, *O vello e o mar* (1952), en contraposición á visión folclórica e rexional do mundo dos touros ó que sempre foi asociado. O volume engade un apéndice que reúne as cartas nas que Hemingway menciona a Galicia.

Couceiro, Xosé Luís, Mª Teresa **García-Sabell Tormo**, Manuel **Míguez Ben**, Emilio **Montero Cartelle**, Manuel Enrique **Vázquez Buján** e José M.ª **Viña Liste** (coords.), *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, 2 vols., limiar de Darío Villanueva, presentación de Emilio Montero Cartelle, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 1999, 746 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-787-5) (ISBN Tomo II: 84-8121-788-3) (ISBN da Obra Completa: 84-8121-789-1). ¤

Volume dobre de homenaxe ó desaparecido Camilo Flores Varela, profesor da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Conta cun “Limiar”, de Darío Villanueva e unha “Presentación”, de Emilio Montero Cartelle, nos que se fai referencia á personalidade eactividade tanto docente coma investigadora do homenaxeado. Así mesmo, presenta como peche o apartado “In Memorian”. O primeiro tomo recolle as seccións de “Metodoloxía lingüística”, “Linguas específicas” e “Teoría literaria e literatura comparada”; mentres que o segundo, a de “Literaturas específicas”. A seguir, dáse conta daqueles artigos que tratan aliteratura galega, a excepción dos dedicados á literatura medieval, que aparecen descritos no apartado XI deste *Informe*.
Volume II:

- Xesús Alonso Montero, “Metasonetos en galego”, pp. 3-8.

Comeza referíndose ó texto de Lope “Un soneto me manda hacer Violante” e afirma que son moi serodias as mostras de “metasonetos” en galego. Informa acerca do “Inquérito sobre o soneto galego” realizado no ano 1995. A seguir, dá noticia dos seguintes textos: “Soneto sonetil e didáctico”, de Xosé Filgueira Valverde; un soneto da profesora Alexandra Koss; unha traducción dun soneto de Alexandre Puxkin; “O soneto”, de Gregorio San Juan; un soneto anónimo; e un texto de Eva Rey González, primeiro premio de poesía Universidade de Vigo.

- María Teresa Amado R. e Amalia Pereiro Pardo, “Tres traducciones del griego al gallego”, pp. 9-23.

En primeiro lugar, aparece unha introducción que fala acerca dos poucos libros de poesía gregos que teñen traducción ó galego, para logo centrarse en tres deles: *Teseo*, de Baquílides, *Amor fugitivo*, de Mosco e *Fenómenos*, de Arato. Estas obras analízanse baixo os presupostos teóricos de J. S. Holmes, facendo primeiro unha pequena síntese do argumento, da estructura, ademais de da-lo nome do seu traductor ó galego, para logo se centrar no ámbito lingüístico, onde se fala sobre: a adición innecesaria dun elemento ou elementos, as supresións, a modificación léxica e a modificación semántica. O ámbito socio-cultural ten en conta que tódalas obras respectan o contido cultural que transmite o texto. Por último, no ámbito literario-poético fálase dos distintos niveles lingüísticos: o fónico, o gramatical e o léxico. Remátase cunhas conclusións.

-Francisco Fernández Rei, “Consideracións sobre a lingua de “*Na noite estrelecida*” de Ramón Cabanillas”, pp. 303-317.

A través dunha serie epígrafes, realiza un estudio sobre a lingua da obra literaria de Ramón Cabanillas, centrándose na súa morfoloxía, léxico e outros fenómenos lingüísticos.

-Javier Gutiérrez Carou, “Reflexións previas a unha traducción galega dos *Canti* leopardianos. Cuestións métricas”, pp. 394-405.

Breve artigo sobre as posibilidades de traducción de textos poéticos e as regras que os traductores deben ter en conta, de xeito especial tratándose de lírica na que a estructura orixinal e a métrica son fundamentais. Ponse como exemplo a traducción dos “haikus” xaponeses e os *Canti* leopardianos, adoptando unha ou outra solución segundo os casos, tentando se-lo máis fiel posible ó orixinal e adaptándoo á lingua que o recibe.

- Ramón Mariño Paz, “As coplas do apóstolo Santiago de Martín Torrado (CA.1627). Edición e estudio lingüístico”, pp. 481-503.

Realiza un pormenorizado comentario da orixe das *Coplas do Apóstolo Santiago*, de Martín Torrado, sinalando cada un dos estudiosos que descubriron os textos e como os foron sacando á luz. De seguido, céntrase no estudio lingüístico do texto sinalando os aspectos máis sobresaíntes dende unha análise profunda de cada un dos planos que o compoñen (ortográfico, fonolóxico, sintáctico, morfolóxico e léxicosemántico).

- Juan J. Moralejo, “Mundo clásico en ‘O fin dun canto’ de X. L. Méndez Ferrín”, pp. 518-531.

Comeza esta análise detallada da presencia do mundo grecolatino na poesía galega cunha breve referencia ás traduccións dos clásicos, entre as que salienta o *Épodo II*, de Horacio, verquido ó galego polo catedrático de latín José García Mosquera, e as *Odas de Anacreonte*, traducidas por Florencio Vaamonde Lores. En segundo lugar, alude á escasa presencia e ás influencias dos temas grecolatinos en autores como Rosalía, Curros e Pondal, así como á importancia destes temas nos *Versos de terras alleas e de tempos idos*, de Cabanillas ou nalgunhas obras de Iglesia Alvariño, tales como *Señardá*, *Cómaros verdes*, *Lanza de soledá* ou *Nenias*. A seguir, céntrase en toda a obra de X. L. Méndez Ferrín e na

presencia do mundo clásico que, segundo o articulista, “crece con la madurez”. Afirma que a influencia grecolatina é escasa en *Voce na néboa* (1957), “gana terreno” en *Con pólvora e magnolias* (1976), “es plural y feliz” en *O fin dun canto* (1982) e ten un “excelente fruto” en *Estirpe* (1994). A partir deste momento, céntrase en *O fin dun canto* e estudia as influencias que a cultura clásica ten nesta obra. Para rematar, afirma que Ferrín non é un poeta de retórica tradicional, “de pompas consabidas”, a pesar de que, naqueles casos nos que imita o estilo de Homero ou de Apolonio, accede a “hacerse eco de lo tópico en cosas como *frío sepulcro*, *percura procelosa*...”.

- Xosé M. Salgado, “Rousseau estivo en Ourense”, pp. 645-654.

Principia considerando que a obra de Otero Pedrayo reflicte unha documentación previa moi ampla, a crónica dunha época e unha sociedade e a súa posición ó redor da relación entre literatura e realidade. En canto a isto último, rastrexa a presencia de Rousseau na novela oteriana *Os camiños da vida*. Así, advirte a proxección do ilustrador xenebrino no personaxe do reloxeiro suízo, pai de Bertha, que aparece na segunda parte da obra, “A maorazga”. Desta maneira, reproduce fragmentos da mesma e das *Confessions* de Rousseau para atopar puntos comúns entre o personaxe ficcional e o histórico: o gusto pola soidade, a natureza e o laio polo “destino malfadado”. Seguidamente, aclara que, sen embargo, Otero rehabilita a Rousseau ó converte-lo reloxeiro nun pai modélico, xa que as *Confessions* parten, precisamente, do arrepentimento provocado pola deixación das súas funcións paternas.

- Anxo Tarrío Varela, “Breve achegamento á poesía de Salvador García-Bodaño”, pp. 670-685.
Percorrido polas características principais da poesía de Salvador García Bodaño que comeza cun encadramento deste autor dentro da Xeración das Festas Minervais e cunha enumeración dos poemarios que leva publicados ata o momento. Despois de lembra-la relación que o vincula a este autor nacido en Vigo, Anxo Tarrío afirma que pretende afondar na súa poesía dende o afastamento e dende unha perspectiva que atenda, ademais do texto, á dimensión humana da literatura. Sitúa a publicación de *Ao péde cada hora* (1967) nun momento no que “a pequena sociedade literaria galega estaba abraiada coa obra poética de Celso Emilio Ferreiro”, circunstancia que provocou a súa lectura como poesía social e de denuncia. Neste sentido, compárao cos Precursores, con Rosalía, con Curros, con Cabanillas, con Díaz

Castro e con Antón Tovar. Afonda, a seguir, na liña temática do amor e do erotismo, e destaca que García-Bodaño conseguise supera-lo "ensimesmamento do eu", característico da súa xeración para abrirse e proxectarse sobre outras voces poéticas "ata chegar a dar na razón primordial de todo un colectivo que chamamos Galicia". Salienta a importancia de Compostela como a base de todo o entramado existencial de Bodaño, así como a soidade, un tema que lle serve de alicerce para a súa poética e que o conduce cara á nostalxia e cara á consideración da realidade como algo pasaxeiro.

- Xosé Xove Ferreiro, "O primeiro texto galego coñecido de Juan Manuel Pintos", pp. 731-740.

Tras lista-la obra poética de Pintos e sinala-la súa preocupación pola calidade lingüística, dá conta do achado dunha carta manuscrita enviada por este autor ó arquitecto Faustino Domínguez co gallo da voda do segundo. A misiva inclúe un texto de 174 versos, recollido como apéndice, que adianta a data de comezo da actividade literaria de Pintos ata 1843. Esta poesía válelle a Xove para constata-lo maxisterio de Sobreira no relativo á ortografía.

- Juan J. Moralejo, "Una cántiga inédita de Camilo Flores", pp. 743-746.

Debulla a cantiga inédita "Pola ribeira do río" escrita por Camilo Flores. Sinala que formalmente é unha cantiga de amor mais que presenta as características propias da cantiga de amigo. Analiza a rima, o acento, o esquema métrico e os recursos formais desta composición. Afirma que o autor conxuga o provenzal co galego e conclúe resaltando a mestría poética do "trobador".

Crespo, Pedro, Ignacio **Martínez de Pisón**, Antonio **Pereira**, José María **Parreño**, Manuel **Rivas**, Xosé Carlos **Caneiro** e Fernando **Palazuelos**, *Gonzalo Torrente Ballester*, prólogo de José A. Ponte Far, A Coruña: Deputación da Coruña, 1999, 47 pp. (ISBN: 84-95335-27-1). ¤

Esta homenaxe a Gonzalo Torrente Ballester presenta varios textos, tanto en galego coma enespañol, referidos ó Premio de Narrativa que leva o nome do escritor ferrolán, e que alternan con abundante documentación gráfica e cun dosier de prensa. Os textos que inclúe son osseguintes: “La estela de Torrente Ballester” de Pedro Crespo, “Quién diantres es Torrente” de Ignacio Martínez Pisón, “Un berciano en A Coruña” de Antonio Pereira, un sen título de JoséMaría Parreño, “Torrente o’sobremundo” de Manuel Rivas, “Extracto do discurso de Xosé Carlos Caneiro na entrega do “Oitavo Premio Torrente Ballester” de Xosé Carlos Caneiro e “Susurrosde un seductor” de Fernando Palazuelos, todos estes autores obtiveron nalgunha ocasión o antedito galardón.

Díaz Martínez, Carlos, Marcos **Valcárcel** e Xosé Carlos **Caneiro**, *A memoria de Ourense*, trad. ó español e ó galego Mª Dolores Torres París e trad. ó inglés Mª Dolores Martínez Torres e Montserrat Paz Núñez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Álbum de Postais, decembro 1999, 102 pp. (ISBN: 84-8302-472-1).

Volume presentado nun estoxo que recolle unha centena de postais da cidade de Ourense así como da súa provincia, todas elas datadas e catalogadas durante a Idade de Ouro Postas (1900-1930), xunto cun limiar e dous ensaios narrativos. O limiar, “Ourense na memoriapresente”, a cargo de Carlos Díaz Martínez, fai unha breve descrición deste percorrido gráfico pola Cidade das Burgas e da súa provincia, e leva incorporado unha quincena de postais. Marcos Valcárcel, no seu texto “Ourense, a gran cidade literaria” acompañado de corenta e dúaspostais, comeza analizando a transformación da cidade de Ourense e fai un repaso polos principais escritores ourensáns, dende Valentín Lamas Carvajal ata Antón Riveiro Coello. Sinala tamén que “Ourense é, sobre todo unha invención literaria forxada día a día, desde hai máis de cen anos, polos seus escritores” e remata comentando as principais construccións da Cidade das Burgas. O escrito de Xosé Carlos Caneiro “Ourense, a metáfora e o mar”, xunto coas corenta postais que o acompañan, é unha reflexión sobre a súa infancia, sobre a nostalxia dos recordos e sobre os seus avós ó ve-las diferentes postais da provincia de Ourense deste libro. No fin do libro aparecen o limiar e estes dous textos traducidos para o inglés e para o español,xunto coa información bibliográfica do material gráfico de conforma este exemplar.

Diéguez, Lois, *Viaxe ás terras encantadas de Lemos*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. As viaxes, nº 1, 1999, 379 pp. (ISBN: 84-89976-94-5).

Declara Lois Diéguez ó comezo deste libro de viaxes que as impresións que se recollen novolume son froito dos percorridos feitos polo Val de Lemos no outono de 1997 e na primavera de 1998. A obra está dividida en sete capítulos que, á súa vez, se estructuran en subcapítulos onde se van encadrando historias diversas sobre os distintos lugares da Terra de Lemos. Os capítulos son: “Monforte, a chave de Lemos”, “Pantón das rosas e dos rostos”, “As profundas ribeiras do Saviñao”, “Sober das primaveras”, “A Pobra de Brollón: o país dos mil ríos”, “A veiga da Pobra de Brollón” e “Bóveda, nos arcos da montaña”. O relato da viaxe non está concibido como a descrición dun percorrido lineal que conta os encontros ó longo dun itinerario. Está pensado, máis ben, e de aí a súa estructuración, como unha colección de historias sobre a propia historiadestes lugares, as súas paisaxes máis atraentes, as súas lendas, os seus costumes, as súas tradicións, os monumentos e os sitios significativos e as pequenas anécdotas que deles se poden contar. Así, aparecen tanto relatos sobre personaxes históricos coma anónimos, historias sobre animais, lendas sobre certos lugares, etc. A obra inclúe un abondoso número defotografías espalladas por entre as súas páxinas, referidas, principalmente, ó patrimonio monumental e artístico da zona.

Recensións:

- Antonio Rodríguez López, “Crónica encantada”, *Devoralibros*, nº 2, decembro 1999, p. 19.

Comeza describindo a figura de Lois Diéguez evocada na lectura das súas obras e a confirmación da mesma cando o coñeceu. Lembra a impresión que lle causou *Galou Z-28* (1976), así como agora *Viaxe ás terras encantadas de Lemos*, da que salienta a conxugación de diferentes xéneros como "a reportaxe periodística, o estilo das guías de viaxe ó uso, o relato histórico, a biografía ou o ensaio", felicitando ó autor polo exercicio de memoria e ás Terras de Lemos por teren atopado "o seu novo cronista".

Referencias varias:

- Fran Moar, "Diéguez presentou unha crónica dunha viaxe polas terras de Lemos", *La Voz de Galicia*, 10 agosto 1999, p. 30.

Refírese á presentación do libro que se insire na primeira dunha serie de crónicas viaxeiras publicada pola editorial A Nosa Terra. Recóllese a opinión do autor quen se declarou moi satisfeito coa experiencia, e salienta o labor das xentes que lle axudaron a recolle-las tradicións orais das que trata o libro. Tamén se destaca o libro como o primeiro en Galicia destas características e cítanse *A viaxe a Portugal* de Saramago ou *Viaje a la Alcarria* de Camilo José Cela, como libros de viaxe feitos fóra de Galicia.

-Carme Vidal, "Lois Diéguez: "Unha paisaxe non prende se non vai acompañada da preséncia humana", *A Nosa Terra*, nº 896, "Guieiro Cultural", 19 agosto 1999, p. 15.

Artigo no que se recollen palabras de Lois Diéguez, logo de ter publicado o libro *Viaxe ás terras encantadas de Lemos*. Segundo se di, o autor considera este libro como unha volta ó mundo da infancia moitos anos despois. Asemade, fala das intencións que tivo á hora de narra-lo que ía vendo, e tamén, segundo se tira das súas propias palabras, quere que sexa unha ollada ás raíces da xente desa comarca.

Dourado Deira, Manuel, *Conversas con Teresa Castelao. Anecdotario dun século de vida*, Santiago: Sotelo Blanco Edicións, col. Realidade, novembro 1999, 130 pp. (ISBN: 84-7824-346-1). ¤

Aproximación de Manuel Dourado Deira á vida e obra de Daniel R. Castelao, a través daslembranzas de Teresa Castelao, irmá do persoeiro galego e nonaxenaria, que viviu dun xeito especial, ó longo de todo o século XX, os acontecementos máis relevantes da recente historiagalega, converténdose nos últimos anos en salvagarda da memoria do seu irmán. A obra conta cun prólogo de Avelino Pousa Antelo, Presidente da Fundación Castelao, no que fala da súa propia experiencia e visión do persoeiro e o contacto coas irmás Xosefina e Teresa, lembrando tamén a constitución da propia Fundación que hoxe preside. Tamén inclúe un limiar doentrevistador no que se especifican os obxectivos da obra, entre os que se atopan o obter un rexistro sonoro de Teresa Castelao e a redacción dun texto que sintetizara o anecdotario dunhavida que xirou, en gran parte, arredor da figura de Castelao, explicando tamén os métodos seguidos na abordaxe da entrevista. Estructuralmente, conta cun gran corpus central no que se recollen as conversas mantidas en 1997 con Teresa, moitas fotografías que ilustran algúns dos feitos comentados e tamén algunhas aclaracións do propio autor sobre posibles ambigüidades, seguido dun epílogo no que aparecen comentarios máis amplos do autor e algunha conversa mantida posteriormente coa irmá do rianxeiro, na que fala sobre a infancia, a familia e algún dosmomentos máis críticos vividos pola familia durante a Guerra Civil.

Referencias varias:

-M. Dourado Deira, “No 49º aniversario de Castelao: conversas con Teresa (I)”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 16 xaneiro 1999, p. 3.

Refírese ás conversas que está a ter con Teresa Castelao, para publicalas nun seu libro que espera titular *Teresa Castelao (Anedoctario dun século de Vida).* Alén disto, reflexiona sobre o problema dunha utilización “folclórica” de Daniel Castelao, o que o leva a dicir que non foi a moitos actos nestes anos por non querer caer niso.

-Avelino Abuín de Tembra, “Conversas con Teresa”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 5 decembro 1999, p. 3.

Cunha pormenorizada achega ós contidos da obra que se vén de publicar, ademais de louva-la implicación e paciencia do autor, Abuín de Tembra recomenda encarecidamente o libro ó lector e cualifica a obra como “escolma de gratos recordos. Ben escrita. Exacta e rigorosa. Incluso preciosista para o xénero”.

-M. Dourado Deira, “A infancia de Castelao. Recordos da súa irmá”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “Entrevista”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 593-602.

Entrevista con Teresa Castelao realizada por Manuel Dourado Deira para a elaboración do libro*Conversas con Teresa Castelao (Anecdotario dun século de vida)*. Neste caso, a entrevistada responde a cuestións centradas na infancia e adolescencia de Castelao; o bautismo con tres nomes, a asistencia á escola de don Xosé O Toco, os xogos infantís, a estancia na emigración, os estudios en Santiago e o regreso a Rianxo como médico. No “colofón” final, ofrece Teresa Castelao unha visión desmitificadora do seu irmán e mesmo fala das súas afeccións gastronómicas e de vestiario. O entrevistador comenta

inicialmente a importancia que a infancia ten na conformación da personalidade de calquera e insiste, “para evitar posibles erros de expectativa”, que é preciso ter en conta que a avanzada idade da entrevistada e a diferencia de trece anos con respecto ó seu irmán, obrígaa a falar de vivencias indirectas e familiares, pero non persoais.

Durán, José Antonio, *A loita pola vida (1833-1923). Conflictos e tenruras de Manuel Murguía*, Madrid: Real Academia Galega/Fundación Caixa Galicia/Taller de edicións de J. A. Durán (ed.), 1999, 293 pp. (ISBN: 84-87987-19-2). ¤

Volume co que José Antonio Durán quere completa-lo estudio da figura de Manuel Murguía (1833-1923) atendendo á faceta polemista do ilustre polígrafo a través de 22 capítulos de gran densidade biobibliográfica. Partindo da consideración da “polémica” como un xénero xornalístico,actualmente xa perdido, céntrase naqueles conflictos menos coñecidos de Murguía pero que son básicos na reconstrucción da personalidade e dos posicionamentos ideolóxicos do autor nocontexto da cultura humanística española da segunda metade do século XIX e comezos do século XX. Para iso, refírese tanto á súa actividade na prensa madrileña coma á súa etapa galega, labor no que sempre estivo presente Galicia, mesmo no afastamento físico. Ademais, a análise biobibliográfica esténdese a outras personalidades galegas e foráneas como Benito Vicetto, Alejandro Chao, Gumersindo Laverde Ruíz, Valentín Lamas Carvajal, etc. e ó seucontorno afectivo, nomeadamente, a Rosalía de Castro. Épocas fundamentais de interese son ochamado “período de formación” (1865-1913), no que Murguía acadou a súa madurez intelectual, e o “ciclo polémico” (1875-1905), facendo especial fincapé no que se refire a aqueles aspectos “amargos” da súa traxectoria: obras inacabadas (*Historia de Galicia* ou *Diccionario de Escritores Gallegos*), fracaso na dirección de *La Ilustración Gallega y Asturiana* ou inadaptaciónás novas correntes do galeguismo cando xa era considerado unha “figura reverencial”. A obra féchase cun apartado biobibliográfico e videográfico que incorpora, así mesmo, as clavesusadas no texto.

Estévez, Arantxa, *María Casares*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Mulleres, nº 1, 1999, 123 pp. (ISBN:84-89976-90-2).

Seguindo unha liña cronolóxica ofrécese unha biografía de María Casares ó longo de catro apartados: no primeiro, “O medo a romper as postais vellas”, fai un rápido resumo da súa vida, pasando ó segundo, “A seiva galega”, no que se fai unha referencia á súa infancia e adolescencia así como ós seus primeiros recitais de poesía e interpretación teatral, prestandoespecial atención á figura do seu pai Santiago Casares Quiroga e da súa nai Gloria Pérez. O terceiro apartado leva por título “De Casares a Casares”, no que se dá conta dos primeirosmomentos que María Casares pasou en Francia, das súas primeiras amizades neste país e dos seus primeiros contactos coa arte dramática ata converterse nunha das primeiras figuras de Francia. O seguinte apartado, “Camus e a teoría do 75%” está dedicado á relación que mantiveron Albert Camus e María Casares. No cuarto apartado, “Ocos que non se dan enchido”,trátanse as incursións que María Casares fixo no mundo do cinema, así como dos seus traballos no teatro e na radio. Achégaseno-la súa relación con Jean Vilar, que fora director do Teatro Nacional Popular, dando conta do traballo que María Casares desenvolveu con este e lémbrase a súa estadía en Buenos Aires. No quinto apartado, “Ese carácter un pouco forte, brutal...”,segués enos introducindo na prolífica actividade teatral desenvolta por María Casares, facendo fincapé nas súas aproximacións ó teatro en castelán. Pasamos así ó sexto e último apartado titulado “Cuspindo coágulos de sangue á luz do mediodía”, onde se fai referencia a un amigo de María Casares, Andre Schessler, se comenta a súa viaxe a Madrid para representar *El Adefesio* de Rafael Alberti e se dá conta dos mútiples premios e homenaxes que recibiu, tanto en Francia, España coma en Galicia, á que non volveu en vida. Chegamos así á súa morte o 22 de outubrodo ano 1996. Ó comezo de cada apartado, agás do primeiro, introdúcense unha serie de reflexións da propia María Casares. O libro contén ademais fotografías de María Casares.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “María Casares, aquela dama da escena”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 122, 11 setembro 1999, p. 4.

Rescata algunhas das ideas expostas por Arantxa Estévez no seu libro titulado *María Casares*, que está baseado nesta famosa actriz falecida. Así repasa algunhas das obras de teatro e películas nas que participou, e tamén os premios que recibiu. Asemade especula sobre as razóns que a levaron a non volver a Galicia, dende que tivo que marchar ó exilio no ano 1936.

-Marga Romero, “Do desprazamento á ubicación”, *A Nosa Terra*, nº 905, “Guieiro Cultural”, 21 outubro 1999, pp. 23-24.

Traza un percorrido polas biografías de María Casares e Maruxa Mallo que na colección “Mulleres” de A Nosa Terra fixeron Arantxa Estévez e Carme Vidal. Sinala como característica común o “exilio interior” que ambas mulleres sufriron. Fala da vida e vivencias, tamén das saudades de Galicia, de María Casares no seu exilio francés. De seguido adéntrase na figura de Maruxa Mallo, nas súas desconfianzas con respecto da vida e da súa obra. Acaba louvando esta biografía e desexa máis obras neste sentido.

-Mercedes González González, “A miña patria é o teatro”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Biografía”, novembro 1999, p. 7. Notifica a aparición dunha nova colección titulada “Mulleres” dedicada a divulga-la biografía de mulleres galegas de recoñecido prestixio público. Informa que a primeira biografía publicada é a realizada por Arantxa Estévez sobre a actriz María Victoria Casares Pérez, máis coñecida por María Casares. Lembra algúns dos aspectos da vida persoal e profesional da biografada como a infancia, a adaptación á cultura francesa, a relación coa nai, os comezos profesionais no teatro e os diferentes intelectuais da vangarda da cultura e do século XX cos que se mantiña en contacto. Explica o estilo empregado pola biógrafa nesta publicación e salienta que a maior parte da información foi extraída dunha autobiografía desta actriz.

Rexeita a visión que certas persoas teñen de María Casares e menciona algúns trazos e méritos a ter en conta nesta muller.

- Manuel F. Vieites, “María Casares”, *ADE*, nº 78, novembro 1999, pp. 205-207.

Antes de dar paso á análise da publicación, fai unha introducción na que reflexiona sobre o perigo do pensamento totalitarista, disertación que o leva a lembra-la figura de Santiago Casares Quiroga, pai de María Casares, ó que moitos galeguistas tildaron de “señorito”, tópico ó seu entender que continúa hoxe vixente para denigrar “a una persona muerta en el exilio y que fue privada de todos sus bienes”. A seguir, fai referencia á amizade que María Casares estableceu cun sector do exilio galeguista bonarense, que tanto atacara á figura do seu pai. Seguidamente, refírese á monografía, publicada en A Nosa Terra e agradece á editorial o inicio desta colección de biografías que se abre con esta publicación, así como o feito de que se reivindique a orixe galega de figuras que pouco ou nada tiveron que ver directamente coa cultura galega. De seguido, céntrase na análise do libro de Arantxa Estévez, do que comenta a tendencia ó lirismo e á tendencia á fabulación, trazos que mestura co gusto pola anécdota, por iso, ainda que felicita o traballo realizado, bota de menos na análise da biografía “una mayor dimensión divulgativa”, así como “una mayor profundización en el análisis de la trayectoria profesional”.

Referencias varias:

-X. C., “Hai que recuperar ás mulleres para a historia do país”, *A Nosa Terra*, nº 902, “Guieiro Cultural”, 30 setembro 1999, p. 31.

Recóllese nesta entrevista as palabras de Arantxa Estévez e Carme Vidal autoras das biografías de María Casares e Maruxa Mallo, respectivamente. Comezan explicando o porqué da escolla destas dúas artistas e o labor de recuperación que supoñen as súas obras. Asemade, falan da súa intencionalidade

divulgadora e da traxectoria vital destas dúas mulleres. Tamén se comenta o feito de seren as dúas sufridoras do exilio.

- Helena González, “Mulleres, mulleres”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 286, 28 outubro 1999, p. 7.

Dende unha conciencia feminista en auxe, dáse conta da chegada dunha nova colección en A Nosa Terra co título de “Mulleres”, biografías coas que se busca a popularización do pensamento feminista. Cítanse as dúas primeiras biografiadas: María Casares e Maruxa Mallo, das que se ofrecen algúns datos, asícomo dos proxectos de novas entregas, entre elas María Miramontes, muller de Ánxel Casal.

- D. P., “A Nosa Terra” edita las biografías de Maruja Mallo y María Casares”, *Diario de Pontevedra*, 24 novembro 1999, p. 11.

Anúnciase a publicación das biografías *María Casares* e *Maruja Mallo*, de Arantxa Estévez e Carme Vidal, respectivamente, incluídas na colección “Mulleres”. Tamén sinala que as dúas protagonistas, actriz e pintora, nunca superaron o exilio ó que se viron obrigadas.

-Nathalie Grischkat, “Neue Publikationen von und über Frauen”, *Galicien Magazin*, nº 8, “Rezensionen”, novembro 1999, pp. 48-49.

Ver Blixen, Karen, Charlotte Perkins Gilman e Emilia Pardo Bazán, *Fenda, loucura e morte*, no apartado I. 3 deste *Informe*.

- Xulio Valcárcel, “María Casares”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 5 decembro 1999, p. 4.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Fala da publicación dunha biografía sobre María Casares, da autoría de Arantxa Estévez. Primeiramente sinala o feito de profundar en moitas cuestións da biografada sen que por iso se caia no manido “morbo” para, de seguido, se referir ó feito de non volver a Galicia causado por diversos motivos.

Fernández, Camilo (coord.), *A lingua e a literatura galegas nos alicerces do Terceiro Rexurdimento. Monográfico Cursos de Lingua e Culturas galegas*, Terrassa-Barcelona: Camilo Fernández, 1999, 119 pp. (D. L.: B-27.224-99). .

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas no ano 1999, dedicadas a Roberto Blanco Torres, dáse conta das actividades a realizar en Tarrassa, como é a videoconferencia titulada "Perspectivas da Lingua e a Literatura galegas cara o século XXI". Entre elas, tamén cabe salienta-la aparición deste monográfico concibido como complemento ó numero especial da revista *Ciutat*, "Revista Cultural D´Amics de les Arts I Joventuts musicals", que pretende ser unha "Finestra Oberta" ós creadores galegos residentes en Barcelona nesta fin de século. Todos aqueles artigos referentes á literatura galega descríbense a continuación:

- Camilo Fernández, "Nos alicerces do terceiro rexurdimento", pp. 13-22.

Amplo artigo no que se alude á "cronoloxía histórica da literatura culta, a súa dinámica formativa e evolutiva dende o século XVIII ata hoxe e maila razón de ser da nación historiográfica de 'Terceiro Rexurdimento". Deste xeito, cítanse os feitos máis significativos na historia da literatura galega, dende o denominado Xurdimento (1756-1810) ata a actualidade. A seguir, analízanse con detalle os "oito axentes ou factores diferenciais que dotan de especificidade o actual Rexurdimento, é dicir, o protagonismo creativo interxeracional de autores e intersectorial de editores, libreiros e xornalistas; o marco de liberdades xurídico-políticas; o pulo galeguizador das institucións públicas (premios, subvencións...); a estandarización filolóxica da escrita do galego; o inzamento da productividade editorial; a creación dun mercado multimedia do libro en galego; a proliferación da actividade metaliteraria e da crítica especializada e o asociacionismo profesional a prol dun espacio literario autorregulado. Para rematar, ofrécese unha bibliografía selecta de "obras especializadas que fornecen ó lector fontes eruditas de

contrastado rigor científico para abordar con detalle cuestións relativas ós tres Rexurdimentos históricos da literatura galega e, sinaladamente, á sincronía actual".

- Basilio Losada, "Unha literatura para o século XXI. Ensaio de profecía", pp. 57-58.

Reflexiona sobre os cambios profundos que se produciron en Galicia nos últimos anos e cita dous acontecementos, na súa opinión, moi importantes e decisivos: o escaso número de emigrantes galegos e a desaparición da vida rural, coa conseguinte perda de moitas palabras, que, na cidade, non teñen cabida. Ó mesmo tempo, sinala que houbo que crear vocábulos para cubri-las novas necesidades expresivas. Este fenómeno, segundo Basilio Losada, influíu e segue a influír na literatura realizada en Galicia. Como consecuencia deste cambio, "a literatura galega do século XXI será unha literatura traducible, porque usará termos unívocos para expresar unha realidade idéntica a calquera das outras formas de cultura urbana". Na súa opinión, "o futuro das literaturas está nas literaturas rexionais", xa que na medida en que nos adentramos no mundo do desenvolvemento capitalista, "vimos tendo unha literatura homologable, traducible –mesmo por computadora– e susceptible de entrar nos circuítos do capitalismo cultural". Como conclusión, afirma que o futuro da literatura galega é o futuro da lingua.

- Arturo Casas, "Escritura e lingua no contexto cultural presente", pp. 59-65.

Reflexión sobre os vínculos entre "lingua" e "contexto" na literatura galega de 1976 a hoxe. Na súa análise, o autor parte dalgúns presupostos teóricos, de entre os que destaca a "crise da linguaxe literaria" da que falara R. Barthes. No contexto da literatura galega sitúa esta crise arredor de 1850, aínda que o proceso se vira condicionado por moitos atrancos. O estudio achégase a algúns "procesos e aceleración histórica" experimentados pola nosa literatura, como os acontecidos na poesía dos oitenta e 90, das que analiza algúns trazos.

- Xoán González-Millán, "Un cuarto de século literario (case todo un milenio)", pp. 66-69.

Segundo Xoán González-Millán, os últimos vintecinco anos (dende 1975 ata 1999) representaron para Galicia case todo un milenio. Con respecto ó fenómeno literario galego, será, na súa opinión, a partir de 1975 cando escritores, politólogos, historiadores, lingüistas, editores, etc., se vexan enormemente influídos por un afán de normalización a tódolos niveis. González-Millán afirma que "o fenómeno literario foi un dos primeiros ámbitos socioculturais en experimentar as présas (presións) sociais". Como consecuencia, as editoriais galegas axilizaron os seus mecanismos comerciais coa fin de competir coas grandes editoriais de carácter nacional. Deste xeito, o escritor adquire unha nova imaxe social, o libro transfórmase nun obxecto comercial, créanse premios literarios como o Blanco Amor de Novela Longa (1981). Na actualidade, xa podemos ver autores galegos consagrados en lingua castelá, como Manuel Rivas e Suso de Toro. Para rematar, afirma que o futuro da lingua galega é incerto, aínda que é posible que o fenómeno literario siga actuando como "eixe simbólico e potenciador dunha sociedade rica, complexa, capaz de (re)construír a/s súa/s propia/s identidade/s".

- Xosé María Dobarro, "Literatura e mercado desde 1976. A eclosión da industria editorial e os novos lectores", pp. 70-72.

Ofrece unha breve panorámica da situación do mercado editorial dende o ano 1976 ata a actualidade. Afirma que, segundo indica unha enquisa realizada pola Asociación Galega de Editores en trinta editoriais, no ano 1997 se publicaron en Galicia 1195 títulos, dos que 980 estaban escritos en galego e os 215 restantes en español. A seguir, céntrase neses 980 libros escritos en galego e afirma que a maior parte deles chegan ó público a través das librerías. Sen embargo, os índices de lectura e, sobre todo, de lectura en galego non superan ós do resto do estado español. Un fenómeno importante, na súa opinión, que contribuíu ó aumento dos índices de lectura foi a introducción da lingua e a literatura galegas como materias obrigatorias nas aulas. Para rematar, afirma que "semella existir unha grave descompensación entre a eclosión editorial e o novo público lector. Edítase moito e, porén, lese pouco e, mesmo, véndese pouco".

- Mª Camiño Noia, "Unha ollada á narrativa galega coetánea", pp. 75-80.

Panorámica da narrativa galega dos últimos vinte anos, na que se analizan os posibles factores que se considera que propiciaron un cambio, entre eles a aparición de novas editoriais como Sotelo Blanco, Laiovento ou Edicións do Cumio; os premios literarios como o Blanco Amor, o Xerais ou o Álvaro Cunqueiro, ademais da Lei de Normalización Lingüística, e, por outra parte, percórrese polo miúdo cada un dos xéneros literarios que máis destacaron nestes anos, comezando polas novelas de introspección con publicacións como *Breixo* (1981), de Alfredo Conde ou *O soño perdido de Elvira M*. (1982); pasando pola crónica social e as novelas de achegamento histórico, exemplificadas en obras como *Morrer en Castrelo de Miño*, de Xosé Fernández Ferreiro ou *Morte de rei*, de Darío Xohán Cabana; respectivamente, ademais de repasa-los representantes do xénero da novela negra e policial con títulos como *Crime en Compostela* (1984), de Carlos G. Reigosa, ou o amplo abano de representantes da narrativa feminista con obras como *Amantia* (1982) e *O solpor da cupletista* (1995), de Mª Xosé Queizán. Tamén se alude á chamada narrativa rupturista con autores como Xoán Ignacio Taibo en *Semancia* (1981), Tucho Calvo con *Froito das lembranzas* (1981) ou Margarita Ledo en *Mamá-fé* (1983), entre outros moitos, ademais do xénero da narrativa fantástica e de aventuras que se encadra, sobre todo, dentro da literatura infantil e xuvenil, con autores como Agustín Fernández Paz ou Fina Casalderrey. Finalmente, refírese ó conto como xénero recuperado nos anos noventa en obras como *Un millón de vacas* (1990), de Manuel Rivas; *Arraianos* (1991), de X. L. Méndez Ferrín ou *Erros e Tánatos* (1996), de Gonzalo Navaza. Remátase valorando positivamente a evolución da narrativa galega nestes anos e sinalando o reto de acadar un sistema normalizado a través dos lectores e escritores.

- Dolores Vilavedra, “A dramaturxia e o teatro galegos dende 1973”, pp. 81-84.

Comeza esta panorámica xeral sobre o teatro galego, salientando a celebración das Mostras de Teatro de Ribadavia, entre 1973 e 1980, que supuxeron un auténtico lanzamento da producción teatral galega. Da década dos oitenta, destaca a importancia dos *Cadernos da Escola Dramática Galega* e sinala que os autores desta época recorreron ó “culturalismo” para as súas creacións teatrais. Tamén reivindica a valía dos autores do anos 90 por facilitaren a conversión dos seus textos literarios en espectáculos, creando novas compañías de teatro, e coa institucionalización do Centro Dramático Galego. Para rematar, refírese á excesiva presentación de pezas clásicas que, na súa opinión, frea a creación de textos actuais, e á

importancia que ten a fundación de novas compañías teatrais para a actualización e mellora do sistema teatral galego.

- Camilo Fernández, “Da rumorosa fraga ó maremagnum finisecular”, pp. 85-96.

Análise da panorámica da poesía galega, descritiva e informativa do último tercio do século XX. No “Proloquio” resume o contido do texto que encabeza o artigo, desvela o propósito deste traballo e nega que a presencia das referencias, de títulos e autores sexan unha escolma canónica. A seguir, céntrase nas cinco xeracións biolóxicas de poetas e nos catro ritmos histórico-literarios nos que se aglutinan. No primeiro deles “A rumorosa fraga das poéticas de posguerra” salienta obras e autores de finais do franquismo e da transición preautonómica como propulsores dunha nova mentalidade e “ondaxes anovadoras”. Informa das tendencias poéticas dos anos da Posguerra, e do primeiro e segundo Rexurdimento. Resalta as obras coas que Rosalía inaugurou a tradición realista e a etnopoética e rescatou a poética da modernidade, coa que Curros instaurou o realismo crítico, e considera a Pondal o último da poesía vernacula. Cita os cinco principios da tradición modal da modernidade na obra de Rosalía de Castro e as tendencias da escola neosimbolista derivadas desta. Describe a poesía desta autora e as catro direccións nas que se remodela o Formalismo a través da poética neorosaliana coas súas escolas e tendencias. Nomea os autores representantes do neorromanticismo simbolista e o realismo crítico do segundo Rexurdimento, ademais das poéticas consolidadas polas modalidades discursivas da xeración do 36-39, do 50 e do 68. Salienta a irrupción da poesía política no 1967 e os modelos estético-ideolóxicos do galeguismo e franquismo. No segundo bloque fala das catro ondas transformadoras achegando en cada unha as obras e autores máis representativos. Da “onda salferidora” resalta a temática que se tratan nos libros desta etapa e na “onda anegadora”, a importancia dun grupo de poesía neovangardista, tres colectivos editoriais e os traballos de certos autores “vedraios” neste momento. A eclosión do panorama editorial, as causas da diversidade de tendencias e o fenómeno cuantitativo da poesía galega son os aspectos tratados na “onda anovadora”. Na “onda revitalizadora” cita os cinco subgrupos que a conforman e as diferentes tendencias desta. “No ronsel do maremagnum finisecular”, último apartado, remite ós*Informes de Literatura*, do Centro de Investigación Ramón Piñeiro, para avalia-las propostas editoriais desta década finisecular e recolle os cómputos dos poemarios e antoloxías publicados neste período. Fala da alternancia dos signos da normalización productora e outros que non ocultan a anormalidade

receptora, así como, dos feitos que proban isto: fervedoiro de estilos, “boom” da poesía escrita por mulleres, conciencia de signo materialista espiritual coas tendencias triunfadoras, gusto da gramática sen desvíos normativistas e o movemento Bravú.

- M. A. Fernán-Vello, “Os escritores galegos e o futuro”, pp. 103-104.

Comeza afirmando que “os escritores e as escritoras de Galicia van entrar no XXI plenamente conscientes de tradicion e dispostos a continuaren na sua tarefa creativa, enraizados no idioma e situados nun país e nunha cultura concreta”. A seguir, fala da candidatura de X. L. Méndez Ferrín para o Premio Nobel e manifesta o seu convencemento de que algún día a nosa literatura recibirá este galardón. Finalmente, reflexiona sobre o bo momento que está a atravesa-la literatura galega.

-Camilo Fernández, “Galeria dels clàssics contemporains de la literatura gallega (1963-2000), pp. 106 120.

Artigo traducido ó catalán por Xoán Cambeiro, que consiste nunha serie de sinxelas fichas biobibliográficas correspondentes a cada un dos autores homenaxeados no Día das Letras Galegas, dende Rosalía de Castro (en 1963) ata Manuel Murguía (no 2000). Precede a este percorrido a referencia á instauración da data do 17 de maio e á súa progresiva función impulsora da cultura, do libro e da lectura en lingua galega. Atendendo á lista de escritores alúdese á conformación dun canon literario que reflicte a heteroxeneidade e o valor estético da literatura vernácula.

Fernández Castro, Xosé M., *A fiestra valdeira de Rafael Dieste*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. “Unha lectura de...”, 1999, 51 pp. (ISBN: 84-8302-350-4).

Baixo as características habituais desta colección -tamaño grande, presentación en forma de caderno grampado, amplas marxes nas que se ofrecen informacións adicionais, pero necesarias para a comprensión, e orientación didáctica-, esta lectura de *A fiestra valdeira* que propón Xosé M. Fernández Castro está estructurada en seis apartados. No primeiro, titulado “Os marcos da fiestra”, decide que se achegará á obra de Dieste como “obxecto literario”, deixando a un lado aproximacións dende o punto de vista do espectáculo ou do drama. En “O mundo nunha botella” sitúa ó escritor rianxeiro e á obra no seu contexto histórico, ademais de describi-las influencias que Dieste recibe do teatro europeo, das Irmandades da Fala e do SEG, entre outros. No terceiro dos apartados, “Garabatos sobre o bafo”, céntrase na análise de *A fiestra valdeira*, dende os aspectos paratextuais ata a temática, pasando polo comentario do argumento, as sucesivas edicións e as postas en escena de que foi obxecto. Tamén ten lugar aquí unha aproximación ós ensaios sobre o teatro que el mesmo publicou. Nos tres apartados finais inclúe unhas lecturas complementarias e unha bibliografía.

Fernández Naval, Francisco X., *O mundo da pesca na literatura galega*, coord. e limiar de Carlos Vales Vázquez, fotografías de Maribel Longueira, Oleiros-A Coruña: Centro de Documentación Domingo Quiroga/Casa da Xuventude-Concello de Oleiros/La Caixa/Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, 1999, 58 pp. (ISBN: 84-606-2887-6).

Comeza o libro cun limiar asinado polo seu coordinador, Carlos Vales Vázquez no que se aproxima á xestación do mesmo, ós aspectos que trata e ó seu autor. Incide ademais no feito de non estar só ante un “ensaio literario”, senón tamén “ante un instrumento para a educación ambiental”. Fálase tamén da importancia que ten o mar en Galicia e mostra finalmente a súa satisfacción pola publicación deste ensaio no Centro de Documentación sobre Medio Ambiente Domingo Quiroga, facendo unha breve aproximación da súa figura. Faise tamén unha referencia a Maribel Longueira, autora das fotografías que se inclúen no libro. Tras este limiar o autor do libro, Francisco X. Fernández Naval realiza un preámbulo ó seu estudio indicando quen foron as primeiras persoas que fixeron unha referencia ó mar en Galicia, tanto dende o punto de vista descritivo (Marcial ou Hidacio) coma dende o punto de vista literario (Johán de Cangas, Martín Codax ou Mendinho). Dá logo unha serie de apreciacións sobre o criterio metodolóxico que vai seguir: 1º) restrinxi -lo tema do estudio á relación entre pesca e literatura, deixando á marxe outros aspectos como a literatura de navegación de carácter comercial ou a literatura de descubertas; 2º) deixar a un lado a literatura popular e 3º) considera -la literatura galega como a literatura escrita en lingua galega , aínda que se fará unha referencia ós escritores galegos que trataron o tema da pesca na súa obra en castelán. Con este aspecto precisamente continúa o seu preámbulo, no que se achega a escritores como José Cornide Saavedra, Valle Inclán,Álvaro Cunqueiro ou Rosalía de Castro. Pásase a continuacíón ó corpo central do libro onde se aproxima á literatura escrita en galego que tratou o tema da pesca dende diferentes perspectivas: verquidos nucleares no mar, a pesca no Gran Sol ou os naufraxios, e un diferentes

xéneros: poesía, narrativa e teatro. Conclúese afirmando que “a grande obra literaria sobre o home galego do mar está escrita en inglés, por un norteamericano”, refírese o autor á novela de Ernest Hemingway , *O vello e o mar*, á que se fai unha pequena aproximación.

Fernández Salgado, Antonio e Afonso **Vázquez Monxardín**, *Coroación poética de Ramón Cabanillas. Paulino Pedret Casado. Aquilino Iglesia Alvariño. Ramón Otero Pedrayo*, limiar de Ramón Nicolás, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Arquivo Sonoro de Galicia), col. As nosas voces, nº 17, 1999, 34 pp. (ISBN: 84-87172-47-4). ¤

Estoxo que contén a gravación sonora en formato CD e a transcrición dos discursos pronunciados na Coroación Poética de Ramón Cabanillas, celebrada en Padrón o 8 de abril de 1958. Comeza cun limiar de Ramón Nicolás no que describe este acto, sitúao na etapa final da traxectoria vital do poeta de Cambados e lembra as dificultades que houbo para ter acceso ó documento sonoro que nesta obra se presenta. A seguir, reprodúcese a parte final da intervención de Paulino Pedret Casado, o recitado dun poema dedicado a Cabanillas por parte de Aquilino Iglesia Alvariño e o texto íntegro do discurso de Ramón Otero Pedrayo. Todos eles gaban a contribución do autor de *Vento Mareiro* á literatura galega, especialmente Otero, que o relaciona con Rosalía de Castro e explica a presencia da alma galega na obra de ambos poetas.

Ferreiro, Manuel e Xosé Ramón **Freixeiro Mato** (eds.), *Castelao na Galiza do século XX*. *Actas do Simposio. Universidade da Coruña/O Castro (Sada), 25-27 de Novembro*, A Coruña: AS-PG/Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portugesa da Universidade da Coruña, 1999, 269 pp. (ISBN: 84-89679-61-4). .

Este volume recolle as actas do simposio Castelao na Galiza do século XX, que se celebrou os días 25, 26 e 27 de novembro de 1999 na Coruña e que estivo organizado polo Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Facultade de Filoloxía da Universidade daCoruña e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Ábrese cunha “Nota introductoria”, na que os coordinadores xustifican por qué Castelao é a personalidade máis relevante do século XX e achegan certa información sobre os colaboradores, sesións e as actas deste simposio. Reproduce o programa e a conferencia inaugural desta efémeride que, so o título de “Castelao: Dous mundos e un só destino”, pronunciou Xosé Neira Vilas. A seguir, divídese en tres grandes bloques que, a súa vez, conteñen outras seccións. O primeiro deles, que trata diversos aspectos da figura de Castelao, recolle os apartados “Castelao e a literatura”, “Castelao e a súa dimensión histórica, social e política”, “Castelao e a arte”, “Castelao na memoria”, “Conclusións do simposio” e “Apéndices”; o segundo, baixo o encabezamento de “Castelao: Mostra de ilustracións cedidas polo Museo ‘Carlos Maside’ do Castro”, mostra unha escolma feita por Guillermo Escrigas dos fondos das exposicións bibliográficas sobre Castelao, organizada por Isaac Díaz Pardo no Castro, co gallo da celebración deste evento; e o terceiro é un “Apéndice fotográfico do Simposio”. Todos aqueles artigos, que atinxen á literatura galega descríbense a continuación.

- Xosé Neira Vilas, “Castelao: Dous mundos e un só destino”, pp. 13-19.

Reproducción da conferencia que Xosé Neira Vilas pronunciou no acto de inauguración do Simposio celebrado con motivo da conmemoración dos cincuenta anos do pasamento de Castelao. Nela, Neira Vilas afirma que Castelao foi o "mellor intérprete que tivo o pobo galego", xa que "falou, escribiu, pintou, organizou e ata cantou na defensa do seu país e da súa personalidade histórica e cultural e estivo sempre da banda dos deixados, dos marxinados, dos explotados, dos 'escravos do fisco". A seguir, ofrece un breve achegamento á vida e á obra deste "rianxeiro exemplar, universal" que pasou fóra de Galicia máis da cuarta parte da súa vida. Así mesmo, Neira Vilas cita moitos dos xornais e revistas nos que colaborou Castelao e fai un percorrido pola historia de Galicia, vinculada, dende os comezos, á vida do rianxeiro. Deste xeito, alude á creación das Irmandades da Fala (1916); á fundación en Ourense da revista *Nós* (1920); á súa participación nunha tertulia que tiña lugar en Pontevedra e á que tamén acudían asiduamente Fermín Penzol, Alexandre Bóveda, Iglesias Villaverde e outros; á colaboración na Asamblea Nacionalista de Lugo, no Pacto de Lestrove (1930) ou na VIª Asamblea Nacionalista da Coruña; á creación, no ano 1931, do Partido Galeguista; á súa elección como deputado por Pontevedra durante a Segunda República ou á súa designación como deputado a Cortes nas listas da Frente Popular. A continuación, describe as súas visitas a Estados Unidos, Buenos Aires, Montevideo ou Cuba. Para rematar, afirma que Castelao foi "un político no sentido máis vertical e responsable desta palabra. Máis aínda: foi un dos políticos máis auténticos e honrados que deu o noso país, e un dos poucos, acaso o único, que mereceron tal título ó longo da primeira metade deste século".

- Benito Varela Jácome, "Estructuras narrativas en *Os dous de sempre*", pp. 23-27.

Con base no seu ensaio *Estructuras de la narrativa de Castelao*, analiza a obra *Os dous de sempre*. Así, comeza afirmando que esta novela creba a narrativa galega con procedementos anovadores. Por unha banda, sostén que crea un modelo actancial sobre "unha invariación do protagonismo" nas figuras de Pedro e Rañolas, "sínteses diferentes do comportamento do pobo galego". Seguidamente, contrasta os dous personaxes e deseña unha "constelación de funcións" de ambos para chegar á conclusión de que configuran un protagonista "bipersoal". A continuación, engade que estes asimilan a experiencia da emigración do autor, fenómeno criticado na obra. Isto rompe, na súa opinión, co modelo mítico da literatura tradicional e mestura dous tipos de suxeitos-heroe cunha ruptura da secuencia temporal.

Ademais, atopa vínculos coa novela picaresca española, trasladada, en cambio, ó clima hostil do sur arxentino que coñeceu Castelao na infancia.

- Maria Pilar Garcia Negro, “A obra de Castelao, consagración da normalidade lingüística”, pp. 29-38.

Comeza a profesora Garcia Negro lembrando algúns intres da evolución da concienciación respecto do idioma de Castelao e declarando que a normalización lingüística foi sempre de importancia capital dentro da súa producción, alén de pular por ese obxectivo tamén no eido político. A seguir, expón como esa angueira se deixa ver na súa obra plástica, gráfica e literaria. Fragmentos de *Un ollo de vidro* valeranlle para exemplificar como ese degoro emerxe na última das facetas indicadas.

- Henrique Monteagudo, “Lingua, literatura e Volkgeist en *Sempre en Galiza*”, pp. 39-53.

Comeza este artigo cunha parte introductoria na que sitúa a ideoloxía nacionalista de Castelao dentro da tradición galega a través da comparación con Risco e con Murguía. A seguir, describe e analiza as ideas lingüísticas de Castelao, verquidas no *Sempre en Galiza*, e estudia a súa función dentro do entramado ideolóxico do rianxeiro. Aclara certos aspectos que poden semellar contradictorios no *Sempre en Galiza*, como por exemplo a conciliación da orixe latina do galego, coa presunta “celticidade do noso *Volkgeist*”. Dos seis apartados nos que está estructurado este estudio, a literatura atopa un oco no terceiro, onde Monteagudo comenta a visión de Castelao acerca da lírica medieval galego-portuguesa, visión que caracteriza como “romántica”, ó entende-lo autor de *Cousas* que ese corpus foi creado polo “xenio tradicional e popular” e que reúne uns trazos comúns co *Volkgeist* galego: “lirismo, humorismo, saudosismo e espírito democrático”. Como conclusión, considera o autor do artigo que os elementos que Castelao lle atribuíu á forma de ser galega tiveron unha fonda repercusión tanto na creación coma na recepción da literatura galega do período de “entreguerras”.

- Manuel Rosales, “Literatura e arte en Castelao”, pp. 55-63.

Realiza un percorrido por algunhas reflexións sobre a arte feitas por Castelao así como pola súa obra narrativa e afirma que a obra literaria do rianxeiro vén animada pola faceta artística na súa dobre vertente, teórica e plástica, por axeitarse ós seus obxectivos éticos e estéticos. Tras un seguimento da reflexión artística comenta Manuel Rosales que "o plástico en Castelao se atopa en relación innegable de arrinque e como aporte da creación literaria" ó tempo que sitúa o comezo da súa narrativa sintética no pé do debuxo humorístico. Sinala tamén que tanto a súa arte coma a súa literatura se inscriben nunha resposta idealista a un realismo que só se queda na substancia das cousas e menciona o humorismo e o lirismo así como o hibridismo de xéneros artísticos como maneira de compromiso co popular e ó tempo de superación. Na síntese figurativo-literaria chamada "cousa" é onde hai que busca-la fórmula de toda a producción literaria. Entre outros apuntamentos relacionados co tema desta colaboración repara nos procedementos do deseño gráfico que se poden ver en *Retrincos*.

- Manuel Lourenzo, "Sobre as fontes estilísticas de *Os vellos non deben de namorarse*", pp. 65-70.

Despois de cualificar de "pedrón de teatro galego (...) e fundamento de todo o que tería que facerse no futuro" a única peza de teatro de Castelao, e de resalta-la falta dunha análise a fondo desta obra por parte dos críticos, agás a de Carballo Calero, e a imposibilidade de facer algo no teatro antes de *Teatro de máscaras* (1975), describe coas palabras de Filgueira Valverde e as súas propias a clase de teatro que desexaba este escritor. Nota en falta a análise da pura estructura dialogal (rito, as alternancias, a harmonía do conxunto, o diálogo das formas literarias). Aprecia nas dezaseis pezas, de Otero Pedrayo presentes en *Teatro de Máscaras* (1975) un precedente de *Os vellos.* Lembra que Otero elaborou os textos despois de que o escritor rianxeiro lle contase as súas ideas e sinala cál é a diferencia entre o teatro destes dous autores. A seguir, resume sete días do *Diario* de 1921 recollendo as propostas e técnicas que se lle ocorreron para poñer en práctica no teatro galego. Logo de expoñer estes resumos decátase do perfil dun artista interesado por busca-los alicerces dun teatro popular partindo da tradición. Con toda esta información recompila as fontes nas que se inspiraba Castelao e os diferentes motivos ou situacións de *Os vellos* nas que están presentes: Teatro Morcego, Teatro Fémina, o teatro ruso da Chauve Souris, o realismo das figuras de cera, Otero Pedrayo con *Teatro de Máscaras*, as maquetas de Remisoff e de *Soudeikine e a obra Sous l'oeil des ancêstres*. Afirma que esta peza foi concibida, segundo declaracións do autor no prólogo, como unha artimaña escenográfica, unha síntese artística e coma "tres

faces diferentes dun mesmo drama, contado á maneira galega e para regalía do que poidan comprender o noso linguaxe". Data a composición entre 1931 e 1939 e dá dúas posibles funcións do epílogo da obra: evita-la independecia das tres partes e reforza-la unidade argumental, segundo M. Lourenzo ou intenta converte-la nunha peza moralista cando é existencialista, segundo Calero. Opina, por último, que esta é a primeira "aventura teatral galega plenamente consciente e laboriosamente organizada do século pasado".

- Francisco Fernández del Riego, "O Castelao da miña memoria", pp. 205-209.

Lembra o autor deste artigo, a xeito de sumario, as vivencias que tivo con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, dende a militancia común no Partido Galeguista ás tertulias, nas que ambos participaron. Tamén lembra, con especial louvanza, a sua obra literaria, as súas recreación pictóricas, as conferencias, discursos, etc. Por último domina todo o artigo un sentimento de admiración plena polo home, creador, artista, nas diversas facetas, e líder político co que conviviu.

- María do Carme Kruckenberg, "O meu recordo de Castelao (Catro cartas inéditas e unha postal)", pp. 211-216.

Primeiramente conta como coñeceu a Castelao e a breve relación que tivo co artista rianxeiro, á vez que se refire ás visitas, ó seu estado de ánimo, ás preguntas sobre o país, etc. A seguir reproduce varias cartas, unhas en galego e outras en castelán, que o insigne político galego lle enviou ó pintor Lloréns nas que se pode observar nitidamente a relación entre ambos. Isto sérvelle para dicir que Castelao tiña un contacto fluído cos outros artistas e intelectuais da época.

- Pousa Antelo, Avelino, "Dunha biografía apaixonada á Fundación Castelao, pp. 219-222.

Dividido en dúas partes preséntase este artigo cunha intensidade emotiva moi grande. Ó comezo conta sucintamente como foi o seu contacto con Castelao e co Galeguismo co que di sentirse plenamente

identificado despois de oír ó intelectual de Rianxo. Seguidamente narra, polo miúdo, como naceu a Fundación Castelao, os fins para os que vira a luz e as angueiras desenvolvidas en conqueri-los obxectivos marcados. Por esta razón enumera tódolos actos de homenaxe, inauguracións, xornadas ou congresos, referidos a Castelao, que promoveu ou apoiou dita Fundación.

García Domínguez, Raimundo, *A cantora do Sar. Da man de Rosalía e co seu Patronato*, presentación de Agustín Sixto Seco, A Coruña: Fundación Rosalía de Castro, col. Papeis de Borobó, 1999, 191 pp. (ISBN: 84-87668-11-9). ¤

Volume que recolle parte dos artigos publicados por Borobó, procedentes fundamentalmente da distintas columnas que mantivo no vespertino compostelán *La Noche* e tamén noutros medios. Todos eles comparten o estar dedicados a diversos aspectos da vida e da obra de Rosalía de Castro. O libro ábrese cunha presentación de Agustín Sixto Seco na que lembra as súas vivencias xunto a Otero Pedrayo e Borobó en Compostela. A seguir, preséntanse os artigos, divididos en seis cadernos con cadanseu título: “Os tropezos ideáis”, “Os episodios verdadeiros”, “Anacos rosaliáns”, “A Horta da Paz”, “Anacos arredor do Patronato” e “Anaco de amor a Rosalía”. Este último é o texto poético que Borobó leu ó lle ser concedido o Pedrón de Ouro no ano 1982. Pecha o volume “El complejo de Polícrates”, publicado en *La Voz de Galicia* en outubro de 1985, co que acadou o VII Premio Nacional de Periodismo “Julio Camba”.

Referencias varias:

- X. Amancio Liñares, “Da man de Rosalía”, *O Correo Galego*, 16 xullo 1999, p. 34.

Achega toda unha serie de publicacións nas que se trata a figura de Borobó e realiza un repaso a través do seu periplo vital, destacando o seu labor periodístico. Refírese ó emprego que fixo do castelán e do galego na súa obra e a súa última publicacion, que recolle “canto escribín *Da man de Rosalía e co seu Patronato*”, inda que non lograra que fose na súa totalidade”.

-Avelino Abuín de Tembra, “Os libros de Borobó”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 9 agosto 1999, p. 3.

Primeiramente, fai un repaso polas distintas publicacións que saíron en Galicia, dende mediados do século pasado ata a actualidade, fixándose, sobre todo, naqueles xornais onde abondaba o xornalismo literario. Isto sérvelle para render homenaxe a Borobó, ó que considera unha das mellores plumas de xornalismo literarario desta segunda metade de século. Informa tamén de que este escritor está a publicalos seus “Anacos” en forma de libro, un deles, segundo di xa presentado, dedicado a Rosalía de Castro.

García-Sabell, Domingo, *Paseata arredor da morte*, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, maio 1999, 155 pp. (ISBN: 84-8288-275-9).

Domingo García-Sabell presenta neste ensaio unha reflexión sobre o tema da morte que, segundo anuncia na “Nota previa” que abre o volume, foi escrita hai anos, a pesar do cal sinala que, unha vez revisado o texto na actualidade, conserva a súa frescura orixinal e o seu propósito: a aclaración elaborada “con esforzo racional” sobre “o confuso e caleidoscópico problema da extinción física da criatura humana”. A seguir o ensaísta inclúe un “Propósito” aclaratorio que centra o tema nas súas raíces filosóficas, fundamentalmente a partir da definición de Heidegger “o home como ser para a morte”, para aborda-lo tema en dous bloques: unha definición do comportamento da época actual a propósito da morte –”A época anti-tabú”–, reino da negación da morte convertida en tema a evitar porque engade malestar e perturba a conciencia dos nosos tempos, e o corpo do libro, “Os dous modos de loita coa morte”, centrado na explicación de actitudes como o aprazamento, a aceptación, o campo de concentración como experiencia agónica, a eutanasia, a presencia de cadáveres na arte contemporánea e a explicación dos sete estados da agonía, definidos por Kubler-Ross: choque, negación, cólera, depresión, trato coa doenza, aceptación e ruptura da comunicación. Ademais atende á situación espiritual do ancián que sente próxima a chegada da morte e vive o mundo como unha realidade externa e recupera casos de “ilustres vellos creativos” como Picasso, Goethe ou Tiziano. O achegamento, enfocado dende o particular estilo literario que caracteriza a producción ensaística do escritor, constitúe un testemuño interpretativo ó que autor incorpora os seus coñecementos teóricos e a experiencia persoal dende o exercicio da medicina, en diálogo permanente, como caracteriza ó xénero, co pensamento doutros escritores.

Recensións:

- Xosé Manuel Domínguez Prieto, “Domingo García-Sabell (e III)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 31 outubro 1999, p. 15.

Sinala a gran valía do último ensaio de Domingo García-Sabell intitulado *Paseata arredor da morte*. Destaca desta obra o seu carácter filosófico, malia non ter unha finalidade exclusivamente filosófica. Vai comentando sucesivamente os temas tratados, achegando exemplos que os xustifican, como son a antropoloxía, a mirada cara ó “interior das persoas”, a vellez e a morte. Salienta sobre todo o diálogo que mantén co lector. A pesar disto repróchalle que non faga ningún comentario a esoutras temáticas centrais da humanidade, e que tamén se refiren a Galicia: as desigualdades sociais, o neoliberalismo, a xustiza social, o nacionalismo, os dereitos humanos e a democracia, entre outros.

-Andrés Torres Queiruga “García-Sabell, Domingo: ‘*Paseata arredor da morte*”, *Encrucillada*, nº 114, “Recensións”, setembro-outubro 1999, pp. 427/107-428/108.

Achégase á obra de García-Sabell, *Paseata arredor da morte*, que dedica as súas páxinas a falar da agonía, da antropoloxía do cadáver, da vellez e os campos de concentración ou da eutanasia. Así mesmo, Torres Queiruga afirma que o estilo da obra é único e inconfundible porque “á parte da decidida vontade de estilo e da fina sensibilidade cultural, nace da específica perspectiva do autor, marcada por unha moi peculiar unión entre experiencia e reflexión”.

Referencias varias:

- Albino Mallo, "García-Sabell presenta na Coruña o seu novo traballo, '*Paseata arredor da morte*", *El Correo Gallego*, 14 outubro 1999, p. 75.

Despois de referirse á presentación da obra, recóllense as palabras do autor nun intento por entender este "feito estatístico", así como, a valoración da conciencia de que pode ocorrer en calquera momento, considerando que "a natureza facilita o paso da vida á morte" e pon como exemplo a serenidade do profesor Nóvoa Santos ante tal transo.

- Marcelino Agís Villaverde, "As paseatas polo alén de García-Sabell", *O Correo Galego*, "Pensamento galego", 27 outubro 1999, p. 3.

Faise un pequeno comentario sobre a última obra publicada por Domingo García-Sabell baixo o título *Paseata arredor da morte*. Neste artigo recórrese inicialmente a Epicuro para reflecti-la antigüidade do problema que supón para o ser humano a morte. De seguido recrea algúns dos argumentos que, para explicar este fenómeno, se ofrecen no libro. Por último di que este é un dos grandes enigmas que quixo, quere e quererá descubri-la humanidade.

- M. A. Laxe Freire, "*Paseata arredor da morte*", *O Correo Galego*, "Follas soltas", 31 outubro 1999, p. 3.

Toma como pretexto o ensaio *Paseata arredor da morte*, que recentemente tirou do prelo Domingo García-Sabell para comentar algunhas das principais crenzas populares sobre a morte. Así sinala a tradición que mantiña nos países celtas o que hoxe os americanos chamana *Halloween day*. Tamén se

refire ás notas antropolóxicas de Risco nas que se podía percibir unha comunicación entre o máis alá e os seres humanos.

González Fernández, Anxo, *Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999, 321 pp. (ISBN: 84-453-2501-9). ¤

Estudio que pretende aborda-las liñas conceptuais e antropolóxicas fundamentais do pensamento de Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) que se proxectan nas diversas vertentes da súa obra. Trala presentación institucional, Anxo González Fernández comenta na introducción que o mundo conceptual de Castelao comparte o celtismo filosófico que vertebra o ideario do Grupo Nós e que reflicte a conformación dualista da realidade nacional galega: realidade nor-continental e atlantista. Así mesmo, afirma que esta filosofía na que se asenta o rianxeiro se proxecta tanto na arte coma na literatura e tamén na praxe política reformulándoa dende un prisma singular pero universalizante. O traballo estructúrase en tres partes: a primeira, "O esquema antropolóxico: dualidade dinámica", presenta os alicerces fundamentais do seu mundo conceptual; a segunda, "A dualidade dinámica e a arte. Estética para unha ética", concretiza as aplicacións estéticas na arte e na literatura; e a terceira, "A dualidade dinámica e a política. Política para unha ética", centra a actividade política e ética que asocia en Castelao nacionalismo e xustiza social.

Recensións:

-M. Quintáns S., "Castelao e unha reflexión da súa obra no centenario do seu nacemento", *El Correo Gallego*, "*Fin de Semana*", 12 decembro 1999, p. 6.

Comeza o autor do texto afirmando que a atención das institucións abondaría para xustifica-las efemérides. Considera tamén que este libro se adianta ó ano 2000. A seguir, resalta a fonda dimensión conceptual de Castelao e informa con detalle do contido do volume, que se resume nunha análise do sistema antropolóxico do autor. Finalmente, destácase a lectura que Anxo González Fernández leva a cabo das obras *Cousas* e *Os vellos non deben de namorarse*.

Referencias varias:

-Carmen Villar, “La Xunta prepara la primera edición completa de Castelao”, *Faro de Vigo*, 20 outubro 1999, p. 54.

Dáse conta da presentación do volume, que tivo lugar en Rianxo, na que se afirmou que o vindeiro ano se publicará a obra completa de Castelao e se anunciaron os principais actos que se celebrarán en toda Galicia no cincuenta aniversario da morte do escritor e político rianxeiro. Asemade dise que se fará un libro biográfico sobre sobre Castelao que estará a cargo de Henrique Monteagudo.

-D. P., “A Xunta presentou os actos co gallo do 50 cabodano de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 20 outubro 1999, p. 29.

Nota de prensa na que se informa da presentación dos actos que se celebrarán no vindeiro ano, con motivo do cincuentenario da morte de Castelao. Destácase a publicación da súa obra completa e unha reprentación teatral de *Os vellos non deben de namorarse*, entre outras. Tamén se informa da presentación do libro *Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*, de Anxo González Fernández.

- E. P., “Unha efeméride con dedicatoria”, *O Correo Galego*, 20 outubro 1999, p. 35.

Sinala que no acto de presentación do volume se informou da publicación, no vindeiro ano, da obra completa de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao nunha edición conxunta entre a Xunta de Galicia e a editorial Galaxia, para conmemora-los cincuenta anos do seu pasamento. Alén disto ofrece datos sobre outros actos a celebrar, como é a escenificación de *Os vellos non deben de namorarse* polo Centro Dramático Galego.

- G. M., "La Xunta publicará la 'Obra Completa' de Castelao a principios del próximo año", *Galicia en el Mundo*, nº 345, 8-14 novembro 1999, p. 8.

Dá a nova da entrega a Teresa Castelao do libro *Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*, na presentación dos diferentes actos a celebrar con motivo da celebración do quincuaxésimo aniversario da morte de Castelao. Declara que na citada obra se amosa o pensamento filosófico-antropolóxico deste escritor. Entre as actividades propostas salienta: un "Congreso Internacional sobre la figura de Castelao", a restrea de *Os vellos non deben de namorarse* do Centro Dramático Galego cunha perspectiva diferente, o labor do Museo de Pontevedra e a Diputación Provincial coa colaboración da Consellería de Cultura na recuperación de manuscritos e obras pictóricas deste autor e a rehabilitación do inmueble onde se reunía o Consello de Galicia gracias ó convenio da Xunta coa Fundación Manuel Puente. Subliña a posible presencia da obra deste creador na Feira do Libro de Buenos Aires en colaboración co Instituto Argentino de Cultura Galega e a elaboración dunha exposición con fondos pictóricos do Centro Galego de Buenos Aires nunca expostos en Galicia.

González Gómez, Xesús, *Teatro e Surrealismo,* Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 122, xullo 1999, 177 pp. (ISBN: 84-89896-518).

Traballo de Xesús González Gómez que ofrece unha nómina das obras teatrais máis destacadas dos principais autores surrealistas. Con este obxectivo, parte da afirmación feita na “Introducción” pola cal o teatro surrealista non existiu como movemento colectivo, que si se deu na poesía e noutras artes, senón como producto de iniciativas individuais que reflictiron unha postura surrealista. Deste modo, cre que foi unha actividade marxinalizada durante o primeiro período (1924-1929) e o período de extensión do movemento (1930-1939), salvo para os autores checos, e que só mereceu certa relevancia como canle de expresión na fase de resurrección (1946-1969). A través de diversos apartados, o volume centra esta análise na escola francesa, que presenta diversas tendencias e na que destacan André Breton, TristanTzara, Paul Éluard, Louis Aragon ou Roger Vitrac; no teatro surrealista checo, co Grupo Surrealista de Praga, de Nezval ou Konstantin Biebl, como máximo expoñente; e no surrealismo portugués, no que figura nun primeiro momento o Grupo Surrealista de Lisboa, do que xurdirá un Grupo Disidente, con Mário Cesariny á cabeza en ámbolos dous casos. Ademais, esta panorámica inclúe a aqueles autores que foron precursores (Oskar Panizza, Apollinaire ou Alfred Jarry), “compañeiros de rota e marxe” (Aimé Césaire, Octavio Paz, Pablo Picasso, etc.) e outros que participaron da etapa final desta corrente artística (Jean Pierre-Duprey ou Leonora Carrington). Finalmente, marca os camiños posibles para o desenvolvemento dun teatro surrealista no século XXI, “o teatro do “eu son outro”, para o cal as obras analizadas poden servir de base. O volume complétase cuns “Apéndice(s)” que inclúen epístolas, artigos e fragmentos teóricos e literarios sobre o tema.

Gurriarán, Ricardo, *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista*, limiar de Isaac Díaz Pardo, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. serie/Documentos, nº 147, 1999, 442 pp. (ISBN: 84-7492929-6).

Biografía de Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo-Valdeorras, 1903-Estados Unidos, 1987) levada a cabo polo seu parente Ricardo Gurriarán. A obra conta cun “Limiar” de Isaac Díaz Pardo, no que se presenta esta edición e se salienta o esquecemento sufrido polos exiliados durante a Guerra Civil. Tamén se inclúe unha “Introducción” de Ricardo Gurriarán, na que se mencionan os obxectivos deste traballo e se comentan as fontes que empregou o autor para levalo a cabo. A seguir, preséntase unha detallada biografía de Florencio Delgado Gurriarán na que se achegan datos da súa vida persoal, da súa faceta política e da súa obra literaria. Esta información está extraída da documentación que se conserva deste escritor e das lembranzas que achegaron aqueles que o coñeceron. Por último, recóllense algúns datos e escritos deste autor, así como un estudio sobre a súa obra en diferentes apéndices. Así, no “Apéndice I” infórmase dos libros que Florencio tiña na súa biblioteca entre 1928-1936. No “Apéndice II” trasládanse algúns dos seus apuntamentos lingüísticos relacionados con Valdeorras. Pola súa banda, no “Apéndice III” reprodúcense fragmentos da súa prosa e poesía inédita. No “Apéndice IV” inclúese un traballo levado a cabo por Patricia Calviño Facal e Sechu Sende no que se reflexiona sobre a poesía que trata temas lingüísticos do autor. Finalmente, no “Apéndice V” transcríbese parte da correspondencia deste poeta, tanto das cartas que el enviou a outros persoeiros da cultura galega coma das que recibiu deles.

Recensións:

-María Xesús Lama, “A recuperación da memoria”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “Libros”, outubronovembro-decembro 1999, pp. 747–750.

Sitúa María Xesús Lama a obra *Florencio Delgado Gurriarán. Vida e obra dun poeta valdeorrés, republicano e galeguista* no marco das homenaxes que se lles renderon ós exiliados españois con motivo do sesaxésimo aniversario da súa partida. Cualifica o libro de “extraordinario” polas especiais características deste poeta de Valdeorras e polo feito de ser elaborado por un seu parente, Ricardo Gurriarán, que “evita en todo momento o anecdótico e adéntrase nun traballo rigorosamente documentado”. Seguindo a estructura do volume, comenta as actividades de Florencio Delgado Gurriarán no período republicano, a súa participación na contenda bélica e o frustrado intento de organiza-lo nacionalismo galego dende o exilio. Salienta a autora do artigo que un dos méritos engadidos da obra é “a localización e datación” da producción completa deste poeta, así como o “modelo do ensaio” que segue o seu autor, característica que facilita a lectura.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “Delgado Gurriarán volve do exilio”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 23 xullo 1999, p. 14.

Saúda grandemente a publicación do libro no que se recolle a vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán, ó tempo que gaba a súa extensión e calidade. Sinala algúns feitos que proban o seu compromiso con Galicia e coa lingua galega. Alén disto, destaca a importancia de que o libro fose escrito por un parente seu porque “tivo acceso a documentos valiosos e páxinas literarias inéditas”.

- Julio Torres G., “Gurriarán volve do exilio”, *O Correo Galego*, 29 xullo 1999, p. 43.

Informa da presentación do volume sobre a vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán na Galería Sargadelos de Santiago. Sinala que no acto estiveron presentes o seu sobriño e autor do libro, Ricardo Gurriarán, o seu fillo, Florencio Delgado, Xesús Alonso Montero, Elías Torres e Isaac Díaz Pardo, dos que recolle parte das súas intervencións. Ofrece ademais unhas breves notas sobre a obra e vida de Delgado Gurriarán.

- Xermán Hermida, “Florencio Delgado, una figura “recuperada”, *La Región*, 1 agosto 1999, p. 14.

Entrevista con Ricardo Gurriarán, autor do libro, no que recolle a obra édita e inédita, alén dunha biografía, do seu parente Florencio Delgado Gurriarán. Fala da herdanza que este escritor deixou a Galicia e da necesidade de recuperar persoeiros coma este. Tamén especula sobre o posicionamento político que tería hoxe Delgado Gurriarán.

AGN, “Ricardo Gurriarán, autor del libro sobre Florencio Delgado”, *Diario de Pontevedra*, 2 agosto 1999, 19.

Entrevista na que se recollen palabras ditas por Ricardo Gurriarán, sobriño de Florencio Delgado Gurriarán sobre o que escribiu un libro no que recolle a súa obra e biografía. Comenta os motivos que o levaron a escribi-lo libro e o que pretende con el. Alén disto fala da necesidade de recuperar voces proscritas que sufriron o exilio no ano 1936 e do posicionamento político de Florencio Delgado Gurriarán.

-Concha Pino, “A cultura galega recupera ó valdeorrés Delgado Gurriarán”, *La Voz de Galicia*, 28 outubro 1999, p. 91.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Neste artigo infórmase da publicación da obra completa e dunha extensa biografía do escritor valdeorrense Florencio Delgado Gurriarán, que preparou o sobriño do escritor Ricardo Gurriarán. Fai unha introducción breve sobre a vida do escritor e logo sobre os aspectos máis relevantes da súa obra que foron tratados no libro.

Kremer, Dieter (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos*, 2 vols., Sada-Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 1181 pp. (ISBN Volume I: 84-7492939-3) (ISBN Volume II: 84-7492-940-7) (ISBN Obra Completa: 84-7492-938-5).¤

Dobre volume no que se recollen as actas do Vº Congreso Internacional de Estudios Galegos, que tivo lugar na Universidade de Tréveris (Trier), do 8 ó 11 de outubro de 1997, e que estivo organizado polo Centro de Documentación de Galicia desta Universidade. Conta cun limiar de Dieter Kremer, presidente da Asociación Internacional de Estudios Galegos (AIEG), no que fai referencia ó programa científico desenvolvido neste congreso e ás actividades que se celebraron ó seu redor. Así mesmo, achega o nome da xente e institucións que nel colaboraron e anuncia que o próximo se celebrará na República de Cuba, do 17 ó 21 de abril de 2000. O primeiro volume abrangue os apartados de “A imaxe e o concepto de “galego” fóra e dentro de Galicia”, “Historia e Ciencias Sociais: Historia, Socioloxía, Etnografía, Economía, Dereito, Política, Comunicación” e “Artes, Arqueoloxía, Música, Creación audiovisual”; mentres que o segundo, os de “Lingüística: Lingüística histórica, Lingüística sincrónica/teórica, Sociolingüística, Onomástica” e “Literatura: Historia da literatura, Xéneros, Autores”. A continuación, descríbense todos aqueles artigos que versan sobre a literatura galega en xeral, a excepción dos que tratan a literatura oral e medieval, dos que se dá conta nos apartados VII e XI deste *informe*.

- Marga Romero, “¿Galego? ¿Martín? ¿Prisciliano? ”, pp. 39-50.

Repaso bibliográfico acompañado de análises e reflexións sobre a posible identidade galega de Prisciliano. A primeira referencia é á película *A Vía Láctea*, de Buñuel, que ten a súa xénese nas inquedanzas que o cineasta Carlos Velo tiña sobre Prisciliano. Outras alusións son, entre outras, ó *Ensaio histórico sobre cultura galega* de Otero Pedrayo, á revista *A Trabe de Ouro* e ó discurso de Castelao “Alba

de Gloria" no que consideraba a Prisciliano como "o primeiro galego inmortal", acompañado con mencións á concepción de Prisciliano dentro do pensamento galeguista. Para analizar se o adxectivo "galego" é adecuado á figura do decapitado en Tréveris, Marga Romero bota man de dúas obras: *Prisciliano en Tréveris* (1995), de Millán Picouto e mais *Amantia* (1984), de M. X. Queizán. No remate desta bibliografía comentada a súa autora sinala que reivindica "un Prisciliano universal, e que como galego, tamén kurdo ou palestino teña forzas para loitar contra a intransixencia do novo imperialismo".

- Franck Meyer, "Galegos e cubanos en "Gallego" de Miguel Barnet", pp. 51-60.

Comeza presentando a obra *Gallego*, de Miguel Barnet, dedicada ó fenómeno da emigración galega, especialmente a dirixida a Cuba, e a visión que galegos e cubanos teñen mutuamente, ademais de explica-lo concepto de novela-testemuño coa que cualifica esta obra na que o emigrante galego Manuel Ruiz conta a súa vida, recollida polo autor cubano Miguel Barnet. Céntrase a continuación na análise dos "paratextos", dende o título da obra do que salienta o emprego do xentilicio "gallego" identificado cun destino colectivo, pero á vez tamén cun valor pexorativo, contra o que indica que xa loitara Rosalía de Castro; o agradecemento a Xosé Neira Vilas como persoeiro da cultura galega; as vinteunha notas que achega o autor da obra nos tres primeiros capítulos, das que sobrancea a intención de intervención deste dentro da novela e o gran coñecemento que demostra da realidade galega, ata a significación de Rosalía para a emigración galega, autora dos versos que, a modo de título, preceden cada un dos capítulos. Remata cunha achega ós comentarios do protagonista entre as dúas culturas e as diferentes visións que ten de ambas.

- Joaquim Ventura, "A visión ideal dos galegos para os homes do "Grupo *Nós*", pp. 61-71.

Proponse Joaquim Ventura con este estudio compara-lo que opinaban os membros máis destacados do Grupo Nós con respecto ós galegos nos anos vinte coas opinións que tiñan ó respecto quince anos máis tarde, cando xa se vivía a posguerra. De Castelao afirma que mantivo "unha praxe populista", segundo a cal defendía os intereses da "maioría natural" fronte ás clases que detentaban o poder, unha admiración

polo pobo que deixou forte pegada na súa obra, segundo Joaquim Ventura. A Risco recoñécelle unha certa compoñente racial na súa teoría do nacionalismo, segundo a cal os galegos, como pobo celta, pertenceriamos á Euroiberia. Outra das afirmacións que lle atribúe a Risco é a de considera-lo pobo galego sedentario, saudoso, lírico, crítico e humorístico. En canto a Otero, considera Ventura que, dos tres grandes do Grupo Nós, é o que menos ten teorizado sobre o futuro dos galegos; tan só a través de personaxes como Adrián Solovio ou no *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*, e que coincide cos seus coetáneos no rexeitamento das cidades e na defensa da forma de vida tradicional. Finalmente, compara cadanseu texto de Castelao e de Risco publicados despois da guerra civil.

- Juan Ribera Llopis e Olivia Rodríguez González, “A imaxe e o concepto de “galego” nas literaturas galega, castelá e catalana da fin do século XIX”, pp. 73-83.

Artigo que analiza a situación do estereotipo do “galego” a finais do século XIX nas literaturas galega, castelá e catalana partindo da concepción da literatura como canle para coñecer un grupo humano. Deste xeito, os autores aclaran nun principio que son os rexionalistas os que constrúen un ideal autóctono de “galego” apoiados na historiografía: o galego de substrato celta-suevio emparentado coas nacións do norte. Para isto, seguen a Luís Otero Pimentel, Carré Aldao, Eladio Rodríguez, Manuel Murguía, López Ferreiro ou o xornal *O Tío Marcos da Portela* en contraposición á concepción estereotipada dos rexeneracionistas españois que daban continuidade a prexuízos enraizados no século XVI. No segundo apartado, sinalan a Miguel de Unamuno e Azorín como os primeiros autores casteláns que actuaron contra a “lenda negra” de Galicia, a pesar de recuperar a Rosalía de Castro en aras da integración hispánica. Tamén sinalan esa loita na obra de Emilia Pardo Bazán, a pesar de non crer no proxecto rexionalista, e de Valle-Inclán, que constrúe unha Galicia mítica e lendaria. A continuación, centran o interese que Galicia tivo para a literatura catalana nos períodos 1850-1884 e 1885-1896. Con Murguía e Alfredo Brañas, como transmisores do país, en Cataluña construiuse unha nova imaxe na que merecía maior atención a vertente política có plano intimista, de aí a maior fortuna dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Sen embargo, tamén destacan a simboloxía típica da “alma galega”, moi forte en Joan Maragall e o Modernisme catalán. Para finalizar, e tras afirmaren que Maragall tamén entendeu esta nova concepción no seo do Iberismo, conclúen que no Rexionalismo non puideron transmitirlle a nova imaxe de “galego” á literatura castelá.

- Teresa López, “Unha imaxe do galego na poesía da ‘Nova Xeración Galega”, pp. 85-99.

Aproximación á imaxe que do popular cultivaron algúns poetas da chamada Nova Xeración Galega, tamén coñecida como Xeración do 22 ou Xeración do 25, comezando por achegar datos sobre os seus membros e a conciencia que eles mesmos tiñan de xeración. A seguir, analízanse, entre outros aspectos, a revalorización e emprego do concepto de “enxebre” levada a cabo por homes como Dieste, Otero Espasandín ou Euxenio Montes, e apúntase que vén sendo, a fin de contas, unha reflexión sobre a misión do escritor galego en relación coa súa lingua, sinalando tamén que eles non identifican enxebre e popular como fixeran os autores da xeración anterior, especialmente Castelao ou Risco. A continuación, claréxase cal era a posición de catro dos integrantes desta xeración sobre o popular, dende Evaristo Correa Calderón, do que se toma o poemario *Ontes Sentimental* (1928), no cal se di que o característico é a sinxeleza, a ausencia de artificio, a isometría e dominio do octosílabo; pasando por Xesús Bal y Gay en poemas como “Cartón”, publicado en 1928, no que sobrancea a “descrición paisaxística fragmentarizada” e a “obxectivación” desfacendo a imaxe tópica da paisaxe rural; ou as achegas de Denís Fernandes (Cándido Fernández Mazas), en “Muito tes de muiñar”, de 1928 e no do ano seguinte, “Abride a xanela oo mar”, dos que se salienta a simplicidade e economía expresiva, a construcción paralelística e as aliteracións e repeticións, ata Rafael Dieste con poemas como “Pousada pideu o vento...”, publicado en 1926, caracterizándose como os anteriores polo emprego do octosílabo, os recursos do paralelismo e repeticións, así como a estructura circular do poema. Remátase referindo ó éxito do alalá en composicións de Euxenio Montes ou Amado Carballo e incluso tamén en Manuel Antonio, así como ó labor desta xeración a prol da revitalización poética do popular.
- Johannes Kramer, “ La imagen de Galicia y del gallego en las enciclopedias alemanas”, pp. 151-158.

Fala acerca da información que as enciclopedias alemanas dan sobre Galicia. Comenta que nun principio non distinguían a Galicia alemana da Galicia de España, e que logo empezaron a distinguilas pola ortografía: “Galicien” para a española ou románica e “Galizien” para a alemana ou eslava. A continuación resume o que conta cada unha delas, as máis importantes, dende as do século XVIII ata as de hoxe en día, sobre a Galicia románica.

-Rosa María González Bello, “A revista *Vida Gallega*: unha visión da emigración galega a América (19091938)”, pp. 353-363.

Amplo comentario sobre a revista *Vida Gallega*, única publicación rexional ilustrada do noso país “que se manterá no tempo e con continuidade durante case 30 anos, ata o mes de marzo de 1938”. A seguir, describe o contido desta revista “nidiamente rexional que se ocupará case exclusivamente do que atingue ou está en relación co noso país, tanto no ámbito social como político ou cultural”. Trátase dunha publicación que nace por e para o mundo da emigración; é unha “plataforma propagandística do fenómeno migratorio dende unha posición de defensa e mesmo de obvio fomento do mesmo”. Ademais, esta revista, fundada e dirixida por Jaime Solá, mantivo constantes os seus aspectos formais: unha portada que alterna fotos con debuxos costumistas; dúas ou tres páxinas dedicadas á publicidade e un abondoso número de colaboracións literarias, “a maior parte das veces poemas de raíz tipista-costumista de relativo ou nulo relevo artístico”. Por último, afírmase que o director desta publicación se manifestou sempre “radicalmente en contra de calquera iniciativa ou medida que supoña unha restricción á saída de emigrantes ou a recepción destes nos países latinoamericanos”.

- Esperanza Mariño Davila, “A emigración galega en Asturias (1991-1996): o “Centro Gallego” de Xixón e “Lar Gallego” de Avilés”, pp. 818-836.

De xeito panorámico estúdiase a emigración galega neste pequeno artigo sobre a materia. Os procesos migratorios, o concepto de galeguidade referido á emigración, a fundación dos centros galegos de aquén e alén mar, para se centrar de seguido nos centros galegos de Asturias. Destes fai un resumo esquemático no que desglosa as actividades culturais de todo tipo que levaron a cabo. No final, céntrase no uso lingüístico destes colectivos de emigrantes, o que lle serve para constata-lo uso residual e marxinal do galego e a ideoloxía reaccionaria e folclórica que profesan.

- Luisa Blanco, “Mito o realidad. Cunqueiro astrólogo-astrónomo”, pp. 955-964.

Análise da presencia da Astroloxía e a Astronomía na obra de Cunqueiro, concretamente en *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca* (1972) e *El año del cometa* (1974). Logo dunhas breves consideracións sobre estas ciencias, rastrexa algunhas referencias astrolóxicas na súa obra e céntrase en *El año del cometa*. A seguir, identifica algunhas alusións á astronomía. Como conclusión, a autora apunta a intencionalidade paródica de Cunqueiro, ó pretender "ridiculizar los terrores del hombre frente a los grandes fenómenos naturales desconocidos e inexplicables".

-Sandra Márcia Pereira, "*Merlín e familia*: El protagonismo de Felipe de Amancia y su importancia como narrador en la obra cunqueriana", pp. 965-971.

Ó longo do artigo analízase o proceso narrativo da novelística de Cunqueiro en *Merlín e familia* (1955) e a formación do narrador principal, tendo en conta a opinión de estudiosos (Doval Liz, Martínez Torrón e González-Millán) e reproducindo fragmentos da novela como exemplo do que se constata. No tocante ó primeiro aspecto aclara cal é o proceso narrativo empregado por Cunqueiro (fragmentación), en que consiste este (relato sobre relato onde o narrador principal cede a palabra a personaxes secundarios que contan diferentes historias que se enmarcan na principal), que logra co seu uso (multiplica os narradores secundarios, achega a súa obra ós escritores medievais, que o narrador principal reciba leccións de arte e do bo contar) e cando empeza a empregarse. Fala de diferentes aspectos da novelística de Cunqueiro: metalinguaxe da ficción, narrador con plena conciencia do seu labor discursivo, afastamento das tendencias literarias da súa época –oposición a unha literatura concibida como denuncia ou reflexión dos problemas sociais–, a existencia de dúas realidades –real ou obxetiva e literaria ou ficcional–, a presencia no texto da súa herdanza da tradición oral, que fundamenta a súa producción narrativa nunha poética da recreación e interpretación e os procesos para logralo, xogo coas formas, e intertextualidade. Amosa o perfil do seu narrador prototípico e explícase a opinión deste autor sobre o labor dun escritor ("contar claro, seguido e ben") e sobre o seu "labor de agente en la configuración de una cultura nacional". Seguidamente incide na figura de Felipe de Amancia como narrador principal e fío conductor das historias ó proceder estas da memoria da súa vida; na formación deste personaxe como individuo pertencente a unha tradición literaria como tema central da novela; na conciencia literaria do narrador ó verse como "núcleo generador del relato"; na vellez e no paso do tempo como factores constitutivos da memoria, da tradición e da xénese do relato. Considera que a formación do narrador dentro da tradición literaria se

corrobora coa do autor na súa tendencia ó ficticio e no seu gusto pola literatura non real, na aprendizaxe dende a tradición oral. Resalta que o centro da iniciación do narrador e de tódalas historias é o poder máxico de Merlín, e pon de relevo a presencia dun apéndice na versión castelá inexistente na galega, no que se constata que o narrador é un "eu autorial" e que este consegue co proceso evolutivo da súa formación recoñecer unha fonte literaria de recreación.

- María Xesús Lama López, "A materia de Bretaña en '*Amor de Artur*" de Méndez Ferrín", pp. 973-987.

Comeza coa referencia á vitalidade e recorrencia coa que se dan cita os temas e motivos da tradición artúrica nos textos literarios galegos e subliña o nome de Xosé Luís Méndez Ferrín, autor no que centra a análise deste diálogo literario coa Idade Media. Para isto traza unha breve panorámica da temática artúrica nos seus antecesores, poñéndoa en sintonía coa consideración do discurso literario nas culturas minorizadas como espacio conflictivo, de resistencia simbólica fronte á hexemonía das sociedades dominantes. Así, detense no auxe do celtismo a finais do século XIX ou no tratamento desta temática na obra de Cabanillas ou Cunqueiro. No tocante á obra ferriniana, en particular *Amor de Artur* (1984), pon de relevo o importante esforzo reelaborador coa reescritura da destrucción do reino e a defensa da esperanza. Así mesmo sitúa os referentes do autor como máis próximos á tradición celta cás reelaboracións cortesás francesas. As conclusións apuntan a vinculación establecida entre o mundo artúrico-céltico e a Galicia actual, así como o decidido impulso renovador na reelaboración da materia de Bretaña que se exemplifica no desprazamento do personaxe Artur dende o seu estatismo cara á busca de aventuras.

-Mª Victoria Navas Sánchez -Élez, "Os vellos non deben de namorarse' y sus antecedentes hispánicos", pp. 993-1006.

Procura paralelismos entre *Os vellos non deben de namorarse* e *O velho da horta* de Gil Vicente. Ve a coincidencia no argumento, xa que tratan de vellos que se namoran de mozas que acaban mal; na temática, centrada no amor e na morte; e na finalidade didáctica que se oculta trala fachada cómica e que

remata sendo unha defensa dos valores tradicionais. Canto ós personaxes, coida que son arquetipos que non evolúen, pasando seguidamente a explicar máis polo miúdo as similitudes entre os vellos e as mozas dos dous textos. Tamén acha similitudes na escolla xenérica, decantada pola farsa, na presencia do humorismo, no feito de que ambos autores exercesen a interpretación e labores escenográficas, na importancia do baile e das cancións, no estilo e na aparición da maxia e da bruxería. Alén diso, Victoria Navas fíxase en que ámbalas dúas obras pretenden unha renovación: Castelao baseándose no teatro soviético e Gil Vicente creando o teatro portugués apoiándose en autores de Salamanca.

-Orlando Grossegesse, “Alfonso Rodríguez Castelao, “Un ollo de vidro”: uma renovação galega da autonecrografia”, pp. 1007-1018.

Fai un estudio de *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* que comeza coa análise das débedas desta obra: os “eixemplos” medievais, un romance de Manuel Fernández y González e *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*, de Risco. A seguir, inclúe o texto de Castelao no “modelo discursivo” da “autonecrografía” e caracteriza este xénero como a fusión da autobiografía e da necrolóxica. Describe a modalidade narrativa e considera que a obra constitúe “uma paródia da poética, não só do romantismo mas também dos realismo decimonónico”. Finalmente, comenta a relación de *Un ollo de vidro* cos relatos “Peito de lobo” e “O retrato” e con algunha das “cousas”.

-Paulo Meneses, “Narrativa genealógica e construção da identidade (O estranho caso do mariño de Vilaxuán)”, pp. 1019-1028.

Estudia a estructura diexética de *O conto da sereia*, de Gonzalo Torrente Ballester, a partir de *Dona Marinha*, intertexto da primeira que forma parte do *Nobiliário* de D. Pedro, Conde de Barcelos. Parte da exposición dos principios fundamentais da xenealoxía e os libros de liñaxes medievais, que conxugan os conceptos de liñaxe e poder a través dunha “biopolítica linhagística” pola cal o patrimonio pasa a aqueles individuos xeneticamente ligados ó patrimonio común. Polo tanto, continúa, os axentes culturais medievais tiñan que lexitima-la xenealoxía do señor destacando a súa antigüidade e mediante a invención dun heroe

fundador da liñaxe, ben mitificando figuras históricas ou historiando figuras míticas. Unha vez confirmado que a obra de Torrente Ballester responde á segunda vía, apunta que se trata dunha narrativa de conformación da identidade dos Mariño para explica-la desaparición de Alfonso Mariño, último descendente dos Mariño de Vilaxoán. Na súa opinión, enlaza a existencia misteriosa da liñaxe e a propia estructura diexético-discursiva do conto. Para rematar, explica que o autor traza un modelo retórico de lectura ó se basear na *inventio* medieval para dotar de verosimilitude diexética ó conto. Así, conxuga no texto fontes eruditas e retallos narrados para se converter en "privilexiado receptor" que convida ó lector a construí-lo texto final.

-Burghard Baltrusch, "Filosofía e estética da "retranca" a súa intencionalidade e reflexividade en Suso de Toro e Antón Reixa", pp. 1037-1048.

Partindo da consideración da retranca galega como un metadiscurso estético-filosófico, cun carácter sintético, pragmático e tamén como memoria colectiva do pobo, faise unha achega á presencia deste recurso nas obras de dous autores galegos: Suso de Toro en *Polaroid* (1986) e *Tic-Tac* (1993), e Antón Reixa en *Ringo Rango* (1992), salientando do primeiro as metaestructuras autorreflexivas, ademais da ironía que busca destruír tódalas imaxes identificadas coa galeguidade buscando a liberdade de manobra intelectual, así como o individualismo que transpira a súa obra, mentres que no segundo destaca a busca de sínteses e a correlación, ademais do indeterminado como forma de estructuración da obra, xunto coa ironía do "resentimento", e a deformación da realidade creando unha nova.

- Daniel Asorey Vidal, "Análise da obra de Suso de Toro. Entre a modernidade e a provocación", pp. 10491064.

O artigo pertence á intervención que Daniel Asorey fixo no Congreso sobre o concepto do galego dentro e fóra de Galicia, e para iso centrouse no novelista galego Suso de Toro, e máis concretamente en dous aspectos da súa obra: a modernidade e a provocación. Divídese en dúas partes, a primeira titulada "A provocación de ser periféricos" na que deixa clara a posición de Suso de Toro, que nunha entrevista

declaraba que “escribiría o mesmo aínda que nacese en China”, para logo centrarse nos aspectos da súa obra, destacando o discurso marxinalista, a reivindicación do humor, do paradoxo e da heteroglosia. Como remate deste primeiro apartado fálase das traduccións ó castelán das súas obras. A segunda parte, “A modernidade: dúas novelas posmodernas e unha reflexión sobre a hipermodernidade”, céntrase en dúas novelas do autor, as cales se lle pode poñe-lo adxectivo de posmodernas: *Polaroid* (1986) e *Tic Tac* (1993), xa que as dúas cumpren coas características que o posmodernismo fixa para a literatura, como son a perda da capacidade referencial, a linguaxe, a fragmentación continuada en todo o texto e a reducción dos obxectivos literarios ó mínimo. O resto da obra de Suso de Toro é tildada de hipermoderna porque non chega a plasmar esa realidade de caos. Finalmente hai unha clasificación das súas obras do seguinte xeito: literatura policíaca, onde entran *Ambulancia* (1990) e *Land Rover* (1988) ; literatura xuvenil, con *A sombra cazadora* (1994) e *Conta saldada* (1996) e novela experimental con *Caixón desastre* (1983). Para finalizar céntrase nalgún dos aspectos máis interesantes destas obras, como son a importancia da cidade, a violencia como xeradora da acción e a presencia totalizadora dos medios.

- Carmen Mejía Ruiz, “Recursos literarios en la narrativa gallega contemporánea”, pp. 1065-1073.

Comunicación na que se pretende demostrar que a literatura galega é unha literatura universal e que os autores e autoras son “maestros en el arte narrativo”. Para isto a autora céntrase en dúas obras que tratan o tema da emigración galega dende perspectivas diferentes e en épocas tamén distintas. Trátase de *A cidade dos Césares* (1993), de Víctor Freixanes e *Sempre me matan* (1995), de Alfredo Conde. A seguir, analiza a temática e describe o argumento das dúas obras. Para rematar, conclúe que Freixanes traballou tecnicamente moito máis a súa novela e que a obra de Conde precisaría un traballo máis minucioso na construcción técnica do universo narrativo.

- Iris Cochón Otero e Helena González Fernández, “Rompente: comunicación e vangarda”, pp. 1075-1084.

Faise unha análise da producción do Grupo de Comunicación Poética Rompente, salientando aqueles elementos anovadores nos que foron pioneiros. Así pois, falan da parodia, do humor, da transgresión das

normas lingüísticas e creativas no fío da reinvindicación das vangardas, con marcadas influencias do popart que naqueles anos tiña un peso importante na arte máis recente e da que estes creadores beberon. Asemade afirman que todos estes parámetros creativos están ligados intimamente á construcción nacional galega da que eles se converteron en fieis valedores por medio da palabra poética e dos distintos campos artísticos que cultivaron posteriormente.

- Isabel Truán Vereterra e Xosé Nel Comba Paz, “A influencia galega na obra poética de Fernán-Coronas”, pp. 1114-1123.

Comeza cun achegamento biográfico ó poeta asturiano Galo Antonio Fernández, Fernán Coronas, para analiza-la pegada de Galicia na súa obra. En opinión dos estudiosos, esta maniféstase na tematización da lingua e a patria, nas escollas lingüísticas, en determinados motivos do folclore, así como na influencia de Rosalía de Castro.

- Artur Quintana, “A influencia das letras galegas sobre as catalanas da posguerra”, pp. 1125-1136. Reflexións sobre a influencia da literatura galega sobre a catalana durante a posguerra ó longo de seis epígrafes. En “Os comezos” subliña os logros adquiridos coa solidariedade destas dúas linguas (ruptura dos canons universais da lectura, e o coñecemento da literatura galega por parte do lectorado catalán e viceversa), a posibilidade de manifestarse clandestinamente dende o exilio, interno e externo, mediante a publicación de revistas como *Poesía* e *Galeuzca,* animada por Castelao e con colaboracións de autores vascos, galegos e cataláns; a inexistencia do galego e o catalán fóra do exilio e a concesión gobernamental para publicar algún libro en catalán en 1945. No segundo epígrafe, “Traduccións”, cita *Deu poemes gallecs* como o primeiro libro galego traducido ó catalán e ós autores dos versos que se inclúen no volume. En “O libro galego en Cataluña” destaca que a medida que aumentan as traduccións do galego tamén aumenta a presencia do libro galego en Cataluña e enumera certos acontecementos que corroboran o avance. O nacemento dunha institucionalización das relacións literarias galego-cataláns, a creación de diferentes encontros entre autores galego-cataláns, a publicación da revista *Galeuzca. Galiza. Euskadi* son os temas tratados en “A institucionalización”. Recolle as verbas de Teresa Pamies, en “A sombra de Rosalía e a viaxe iniciática”, coas que describe como se sentiu atraída por Galicia a través de

Rosalía e que dende ela comezou a súa “viaxe de iniciación a Galicia e ás súas letras”. Na derradeira sección “Autores” observa a influencia das letras galegas en dezaoito autores cataláns.

- Luís Pérez Rodríguez, “Claves do teatro galego na Arxentina”, pp. 1137-1145.

Visión panorámica do teatro galego da emigración e do exilio en Arxentina que vén precedida da consideración de que esta actividade serviu para conciencia-lo emigrante do seu ser de galego cunha cultura diferenciada. O repaso parte do realismo costumista do século XIX e indica os ecos do debate teatral que estivo vixente na Galicia do tempo das Irmandades da Fala. Alude tamén á actividade das sociedades galegas ou á fundación en Buenos Aires en 1925 da Agrupación Escénica Galega. Baixo o epígrafe “Teatro de autor” apúntanse algúns datos bibliográficos de autores-clave como M. Varela Buxán, Eduardo Blanco Amor, Luis Seoane, Rafael Dieste ou Isaac Díaz Pardo. Ademais, esta referencia ós dramaturgos compleméntase coa lembranza do relevante papel desenvolvido polo actor Fernando Iglesias “Tacholas”.

- Johannes Kabatek, “Friedrich Hölderlin traducido ó galego”, pp. 1147-1165.

Fala da recepción en Galicia e das traduccións ó galego da obra do poeta Friedrich Hölderlin. Comeza indicando que os seus introductores no Estado español foron os cataláns Carles Riba e/ou Joan Crexells, mentres que en Galicia foi Álvaro Cunqueiro con breves notas e traduccións dentro da revista *Nós*. Apunta que as dificultades de comprensión dos textos orixinais –problema do traductor– e os atrancos da lingua de chegada –problema da lingua– son os principais atrancos que ten a traducción de Hölderlin. Finalmente pregúntase sobre as dificultades que presenta un proxecto de traducción exhaustivo e remata reproducindo un texto orixinal de Hölderlin xunto coas traduccións ó francés e ó galego, esta última a cargo de Álvaro Cunqueiro.

-Miguel Anxo Seixas Seoane, “Galicia nas linguas do mundo: inventario de textos en galego e de Galicia traducidos ó alemán”, pp. 1167-1181.

Comeza Seixas admitindo que non hai un catálogo de obras galegas traducidas a outras linguas. El proponse con este artigo facer un inventario das verquidas ó alemán. Inclúe tamén a escritores noutras linguas nacidos en Galicia ou textos en latín ou español pero que traten sobre o noso país. Aquí só nos ocuparemos da información que subministra sobre literatura galega. Atopa a primeira actividade na traducción de poemas medievais a mediados do século XIX. Xa na centuria actual, acha textos en alemán de Rosalía, en 1913 e Avelino Gómez Ledo. Ve como a partir dos anos 80 aumenta significativamente o número destas translacións con poemas, relatos ou fragmentos de Salvador García-Bodaño, Manuel Antonio, Casares, Curros, Lorca, Úrsula Heinze, Freixanes, Castelao ou Suso de Toro. Atopa a primeira obra traducida integramente en *Memorias dun neno labrego*, en 1984, que sería seguida por outras deÁlvaro Cunqueiro ou Manuel Rivas. Canto a escritos metaliterarios, atopa en alemán textos de Basilio Losada e Úrsula Heinze.

Ledo Cabido, Bieito (ed.), *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, (Tomo I: a/anei), prólogo do editor, Vigo: Ir Indo Edicións, 1999, 518 pp. (ISBN do Tomo I: 84-7680-288-7) (ISBN da Colección: 84-7680-288-9).

Primeiro volume da *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, que ten previsto contar con catorce volumes e recoller duascentas mil voces. Ábrese cun "Prólogo" do seu editor, Bieito Ledo Cabido, quen mostra a satisfacción que senten por ofrecer unha obra de cultura universal en galego e cunha visión totalmente galega e salienta a súa clara vontade de servicio á cultura de Galicia, primando os contidos definitorios da nosa literatura, arte, historia, música, cine ou xeografía. Así mesmo, sinala que este traballo de recolleita de datos e a súa actualización, que contén unha iconografía orixinal, foi posible gracias a un grande equipo de máis de trescentos colaboradores, encabezados e coordinados pola redacción da EGU. Tamén se dá conta da nómina de colaboradores e explícanse as características xerais da obra, como presenta as entradas ou como indica os préstamos, sinónimos ou adaptacións, ademais de mostra-los signos convencionais dos mapas e abreviaturas empregados e a estructuración das súas entradas. A seguir, ofrécense as voces deste primeiro tomo, que van do *a* a *Aneiros*.

Referencias varias:

-M. L. C., "Ir Indo presenta en la Casa de Galicia de Madrid la *Enciclopedia Galega Universal*", *Galicia en el Mundo*, nº 347, 22-18 febreiro 1999, p. 25.

Noticia da presentación da *Enciclopedia Galega Universal* á que asistiron Mariano Rajoy, Vicente Araguas, o director da casa de Galicia, José Antonio Ferreiro, o director de Ir Indo, Xosé Antonio Perozo, e o director editorial, Bieito Ledo. Infórmase de que a obra consta de 14 tomos e que se trata dunha empresa pioneira. Logo de se ofreceren algúns datos técnicos, recóllense as declaracións de Bieito Ledo nas que afirma que a obra é o soño dun editor.

- Enrique Bande, “La nueva Enciclopedia Gallega”, *La Región*, “De paso”, 13 marzo 1999.

Despois de facer referencia á presentación da *Enciclopedia Gallega Universal* en Ourense, centráse na visión coa que se aborda o tratamento dos temas, e salienta que estamos ante unha obra feita en Galicia e cunha perspectiva totalmente galega, na que se poden atopar estudiados temas dende os nosos costumes, topónimos ou os nomes de montes e ríos de Galicia, ata temas como a nosa literatura e a historia. Tamén destaca, finalmente, a participación dun gran número de especialistas, redactores, asesores e colaboradores, en xeral.

-Ángel Seijo, “A muller é o ser máis importante da creación”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 25 abril 1999, p. 40. O escritor e xornalista Xosé Antonio Perozo fala do proxecto da primeira *Enciclopedia Universal* en galego que está a dirixir para a editorial Ir Indo. Afirma que se sente moi llerense –Llerena é unha localidade emprazada no sur da provincia de Badaxoz– xa que conta “con máis historia que Roma.

-AGN, “Presentada la ‘*Enciclopedia Galega Universal*’/“Los primeros tomos de la ‘*Enciclopedia Galega Universal*’ estarán en la calle en septiembre”, *El Progreso*/*La Región*, 12 maio 1999, p. 73/p. 53.

Coméntase o acto de presentación do primeiro volume da *Enciclopedia Galega Universal* da Editorial Ir Indo en Santiago de Compostela, destacando a envergadura do proxecto que se pretende ter rematado

nun prazo de dous anos e explicando brevemente a estructura desta en entradas ordenadas alfabeticamente.

-Paula Pérez, “Edicións Ir Indo edita unha enciclopedia que recopila en galego a cultura universal”, *Faro de Vigo*, 12 maio 1999, p. 47.

Céntrase na presentación celebrada en Santiago de Compostela do primeiro volume da enciclopedia da editorial Ir Indo, proxecto que constará de catorce volumes recompilatorios do “saber universal en lingua galega”, ademais de centrarse máis do corenta por cento das súas dúascentas mil entradas en temas galegos, tentando o maior achegamento posible á realidade galega.

-Agustín Sixto Seco, “Do propio ó universal desde o saber”, *El Correo Gallego*, “Trala porta”, 22 maio 1999, p. 3.

O autor describe dous actos “de impoñente sentido galerista” nos que participou nos días anteriores a escribi-lo artigo: a presentación en Santiago da *Enciclopedia Galega Universal*, acto convocado pola Editorial Ir Indo, e a cea en Vigo da Fundación dos Premios da Crítica.

- Antonio Piñeiro, “Bieito Ledo: un home de enciclopedia”, *La Región*, 23 maio 1999, p. 14.

Bieito Ledo describe o seu gran proxecto da *Enciclopedia Galega Universal*, presentado recentemente en Compostela, e afirma que “é unha obra feita coas nosas palabras e cunhas definicións expresadas dende a nosa maneira de nacer e de vivir a vida”. Fala tamén do Día das Letras Galegas e da Cidade das Burgas indicando que “Ourense é o cerne de Galicia porque o ourensán é un ser vinculado profundamente ó cerne”. Finalmente aparecen unhas reflexións sobre Bieito Ledo por parte de dous amigos seus: Luís García Mañá e mais Xosé González Martínez.

-Miguel A. Souto, “A Editorial Ir Indo saca ó mercado a primeira *Enciclopedia Galega Universal*”, *La Voz de Galicia*, 2 outubro 1999, p. 90.

Bieito Ledo, fundador da Editorial Ir Indo e editor da *Enciclopedia Galega Universal*, fala dela coma a “obra da súa vida”. Sinala que se compón de catorce tomos que se poderán adquirir tomo a tomo ou na súa totalidade e que incorpora mapas dos concellos e comarcas galegos. Tódalas entradas, duascentas mil en total, están traducidas ó portugués, castelán e inglés.

-Carmen Parada, “La nueva *Enciclopedia Galega Universal* entrega el tomo “A”, *La Voz de Galicia*, 27 outubro 1999, p. 90.

Notifica a presentación no mercado do primeiro volume da *Enciclopedia Galega Universal*, de mans do editor Bieito Ledo, de Ir Indo, composta de catorce tomos e que se finalizará no 2002. Sinala o laborioso traballo dos quince redactores deste volume e exemplifica isto citando a ampla extensión da acepción de termos como América. Afirma que Ir Indo xa produciu trescentos títulos dende 1986 e que o seu editor considera esta “a obra coa que todo editor soña nalgún momento” e coa que lle quere devolver a este país parte do que lle ofreceu. Resalta a dificultade do proxecto polo seu orzamento, a busca dun grupo de intelectuais capaces de realizar este labor, ademais de encontrar un programa informático co que traballar en rede e construír un dos mellores bancos de datos gracias ó traballo de fin de carreira de Marcos Barbeira Souto. O xornalista constata que é a primeira enciclopedia de carácter universal escrita en galego, que ofrece os termos co seu correspondente en diferentes idiomas e a súa etimoloxía noutras linguas. Describe a encadernación, especifica o número de compoñentes do equipo redactor (15 especialistas, 30 especializados en diferentes temas, 50 asesores e 400 colaboradores en materias como teatro, arte ou publicidade) e destaca a súa construcción “con las palabras del idioma gallego”.

-A. V., “Fraga recibe de manos de Bieito Ledo el primer tomo de la Enciclopedia Galega que edita “Ir Indo”, *El Correo Gallego*, 30 outubro 1999, p. 74.

Dá conta da entrega ó presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, do primeiro dos catorce tomos da *Enciclopedia Galega Universal*, por parte de Bieito Ledo director de Ir Indo, editorial encargada de publicala obra. Así mesmo, recolle as palabras do presidente da Xunta sobre a importancia da obra e os motivos que levaron a Bieito Ledo a entregarlle este primeiro tomo correspondente á letra *A*.

-Carme Vidal, "A *Enciclopedia Galega Universal* é a expresión da nova realidade que está a viver o país",*A Nosa Terra*, nº 907, "Guieiro Cultural", 4 novembro 1999, p. 33.

Comenta o editor, Bieito Ledo, da *Enciclopedia Galega Universal* o orgullo que lle supón sacar ó mercado unha obra pioneira en Galicia, polo seu volume e pola súa valía. Asemade fala do número de colaboradores que están a participar na mesma e da gran cantidade de entradas que posúe, sempre dende "unha perspectiva galega". Finalmente refírese ó traballo realizado noutros contextos políticos semellantes, como o catalán, para partir da base.

-D. P., "Ir Indo" presentou o tomo I da Enciclopedia Galega Universal", *Diario de Pontevedra*, 13 novembro 1999, p. 13.

Refírese á presentación en Pontevedra do primeiro tomo da *Enciclopedia Galega Universal* da Editorial Ir Indo, que forma parte dun proxecto de 14 volumes feito integramente en galego para facilita-la consulta da cultura universal dende a visión de Galicia. Dá conta do tipo de entradas que presenta, das súas características editoriais e do equipo que traballa na súa execución.

-E. N., "A *Enciclopedia Galega Universal* terá máis de mil colaboradores", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 3, 26 novembro 1999, p. 2.

Nesta entrevista, o editor da *Enciclopedia Galega Universal*, publicada pola Editorial Ir Indo, Bieito Ledo, ofrece datos sobre o número de subscritores que posúe a obra actualmente e o número que contan ter no

futuro. Ademais, informa da boa acollida que está a ter nas presentacións. Para rematar comenta as posibilidades que pode ter no futuro esta obra en Internet.

-M. Blanco Rivas, "A primeira enciclopedia universal en galego", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 133, 27 novembro 1999, p. 4.

Centrándose no valor como obra de consulta actualizada da cultura universal e cunha visión totalmente galega, faise unha achega ós contidos e estructura desta obra, así como á gran cantidade de especialistas e colaboradores que necesita un proxecto tan ambicioso. Recóllense as palabras do editor Bieto Ledo sinalando a ilusión e o esforzo intelectual e económico que require unha empresa coma esta.

- S. Espinoso, "A cultura galega vístese de longo", *La Región*, 27 novembro 1999, p. 14.

Informa da presentación do primeiro tomo da *Enciclopedia Galega Universal*, editada por Ir Indo, na que Bieito Ledo explicou que con esta publicación pretende sacar a Galicia da inferioridade que pesa sobre ela. Así mesmo, recolle as opinións de Enrique Bande, Francisco Ogando e Carlos Casares sobre o que supón a obra en cuestión.

- X. L. Méndez Ferrín, "Benvida á *EGU*", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 29 novembro 1999, p. 2.

Saúda a publicación da *Enciclopedia Galega Universal* pola editorial Ir Indo xa que vén cubrir dúas eivas: unha visión universal do saber dende a perspectiva galega, para o cal revisa o enciclopedismo dende as súas orixes, e que estea escrita en galego, xa que aínda que a *Gran Enciclopedia Gallega* trata temas exclusivamente galegos está escrita en español. Así, comproba o dito con diversos exemplos do primeiro volume e conclúe que é unha obra descolonizadora na que "a cultura universal xa non chega filtrada e dosificada por Madrid".

- Julio Alonso Pérez, “O gran mérito de Bieito Ledo”, *Atlántico Diario*, 27 decembro 1999, p. 17.

Recórdase a creación da editorial Ir Indo en 1985 e a súa xa longa andaina, na que a literatura tivo o seu peso específico, tanto a galega canto as traduccións de clásicos universais como Lovecraft ou Poe. A metade do artigo está dedicado á máis grande empresa que Ledo e o seu selo levan acometido: a publicación da *Enciclopedia Galega Universal*.

Liñares Giraut, Amancio e Gonzalo **Rey Lama**, (eds.), *Maruxa na Casa-Museo de Rosalía*. *Lembrando a Maruxa Villanueva (1906-1998),* Padrón: Fundación Rosalía de Castro, febreiro 1999, 67 pp. (ISBN: 84-87668-10-0). .

A Fundación Rosalía de Castro, co labor de edición de X. Amancio Liñares Giraut e de Gonzalo Rey Lama, achéganos á persoa de Maruxa Villanueva cun traballo composto polos seguintes apartados: “Preludio”, onde Agustín Sixto Seco se lamenta pola perda de Maruxa Villanueva; “Primeiro acto”, no que se fai unha declaración de intencións sinalando que non se pretende facer unha “biografía completa” da muller de Seoane; “Interludio. No escenario, na escena”, no que se explica cal foi o proceso ata que Maruxa Villanueva se fixo cargo da Casa-Museo Rosalía de Castro, dende dous puntos de vista, o de Agustín Sixto Seco e o da propia Maruxa; e“Derradeiro acto (?). In memoriam”. Transcríbense as palabras de Maruxa Villanueva tiradas do vídeo *Canto de Amor a Rosalía de Castro* do ano 1996, no que se refire ó lugar onde quere ser enterrada, ofrécense unha serie de noticias de prensa de diferentes xornais que fan referencia á súa morte e ós actos que se celebraron o día 24 de febreiro do1999, artigos de revistas e dous poemas dedicados a ela da autoría de Xoán Xosé Fernández Abella e de Xosé M. LópezArdeiro. O volume péchase cun “Álbum fotográfico. Dramatis personae”, no que se inclúe, ademais do material gráfico, información varia e unha biografía.

Referencias varias:

-C. B., “Un libro recolle o labor da gardesa da casa de Rosalía durante 27 anos”/“Un libro recoge la labor de la guardesa de la casa de Rosalía durante 27 años”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 31 xaneiro 1999, p. 34/p. 38.

Con anterioridade á publicación do libro os seus autores, Liñares Giraut e Rey Lama, aluden ó seu carácter de homenaxe do libro, así como á urxencia coa que foi escrito, explicando ademais que non se trata dunha biografía senón dunha obra que se centra no labor de Maruxa Villanueva á fronte da Casa de Rosalía. Ademais adiantan algúns aspectos sobre a estructuración do traballo.

- Manuel Suárez Suárez, “Lembranza uruguaia para dona Maruxa Villanueva”, *O Correo Galego*, “Memorias riopratenses”, 9 xuño 1999, p. 4.

Lémbrase á actriz galega na América da emigración Maruxa Villanueva (María Isaura Vázquez Blanco) e gábase o seu labor “desinteresado e patriótico” en Padrón, unha vez retornada, ocupándose da casa de Rosalía ata a súa morte en 1998. Preséntase a publicación dun libro de Amancio Liñares Giraut e Gonzalo Rey Lama titulado *Maruxa na casa museo de Rosalía* editado pola Fundación Rosalía de Castro, que pretende ser unha homenaxe a esta muller.

Losada Diéguez, Antón, *Traduccións poéticas*, introd. e ed. de Cristina Marchisio, Pontevedra: Fundación Editorial de los Bibliófilos Gallegos. Biblioteca de Galicia, nº XXVI, 1999, 93 pp. (ISBN: 84-605-9791-1).

O volume ábrese cun limiar, en italiano e galego, no que a responsable da edición sitúa a Losada Diéguez como o primeiro traductor en galego de Giacomo Leopardi e afirma que foi o autor de doce traduccións de autores franceses e italianos, realizadas en galego ou castelán. Así mesmo, Cristina Marchisio afirma que "oito das doce traduccións encóntranse inéditas e as catro publicadas víanse profundamente alteradas". A seguir, e despois dos agradecementos, atopamos a "Introducción", na que se ofrece unha ampla biografía de Antón Losada Diéguez (Moldes-Ourense, 1884-1929). Faise alusión á súa vocación literaria e ó seu labor como traductor. Dentro da mesma "Introducción" cítanse as traduccións que o autor realizou de diversos poetas estranxeiros. A continuación, reprodúcense algúns dos poemas que Losada Diéguez verqueu ó galego ou ó castelán. Trátase de "Que la Verité parle au dedans du Cœur sans aucun bruit de paroles" ("Que la Verdad hable dentro del Corazón sin ningún ruido de palabras"), de Pierre Corneille (1606-1684); "Le Ricordanze" ("Recuerdos") e "Sopra il ritratto di una bella donna scolpito nel monumento sepolcrale della medesima", de Giacomo Leopardi(1798-1837); "À Villequier" ("En Villequier"), de Victor Hugo (1802-1885); "Intermezzo, XXXVI" ("Intermezzo, XXXVI"), de Heinrich Heine (1797-1856); "Tanto gentile e tanto onesta pare" ("Tan xeitosa paresce e recatada"), de Dante (1265-1321); "La Feuille" ("A Folla"), de Vincent Arnault (1766-1834); "L'Infinito" ("O Infinido"), "La sera del dì di festa" ("A noite do dia de festa") e "A se stesso" ("A si mesmo"), de Giacomo Leopardi (1798-1837); "Colloque sentimental" ("Parrafeo sentimental") e "Il pleure dans mon cœur" ("Choros n-a-y-alma miña"), de Paul Verlaine (18441896). Para rematar, ofrécese un anexo cos facsímiles dos manuscritos autógrafos.

Marqués Valea, Xulia, *A literatura galega no xornal El Compostelano*, presentación de Anxo Tarrío Varela, Santiago de Compostela: Editorial Compostela (El Correo Gallego/O Correo Galego), 1999, 202 pp. (ISBN: 84-8064081-2).

Na presentación desta obra, Anxo Tarrío valora a achega de Xulia Marqués ó inventario da cultura galega con estas páxinas, por canto a industria editorial galega non funcionou como tal ata a década dos oitenta do século XX. Con anterioridade, a producción desenvolvérase, na súa opinión, a través das publicacións periódicas do estilo da que aquí se escruta. Xulia Marqués pormenoriza na súa investigación a distinta tipoloxía de textos que foran aparecendo en *El Compostelano* durante o primeiro tercio do século XX. Informa con exhaustividade dos autores de poesía, prosa e teatro que publicaran nel. Hai lugar tamén para os textos de información, opinión e crítica. O libro estrúcturase en dous capítulos: “A literatura no xornal. Colaboracións literarias” e “A literatura como noticia”. Neste último destacan os apartados dedicados ás recensións e ás noticias sobre certames literarios. Pecha o volume un apéndice dun cento de páxinas que cataloga tódalas colaboracións poéticas no xornal.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “A literatura galega en *El Compostelano*”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 31 maio 1999, p. 3.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Saúda a publicación do libro *A literatura galega no xornal El Compostelano*, xa que considera que estes libros son moi importantes para o coñecemento da nosa historia literaria contemporánea. Alén disto reclama novas publicacións deste tipo, xa que a través delas se pode saber do uso da lingua en determinadas datas da historiografía galega.

Méndez Ferrín, X. L., Pilar **Pallarés** e X. Mª **Álvarez Cáccamo**, *Clásicos e modernos*, A Coruña: Universidade da Coruña/Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa, maio 1999, 78 pp. (ISBN: 84-95322-09-9). ¤

Volume que recolle tres conferencias pronunciadas na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, durante os meses de marzo e abril de 1999. Trátase dunha iniciativa promovida polo Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa, coa que pretenden achegarse á lectura de tres clásicos galegos, dende a perspectiva da crítica moderna. Na primeiraconferencia, X. L. Méndez Ferrín ofrece un achegamento á vida e obra do escritor Álvaro Cunqueiro. Alude ós comezos do mindoniense como narrador en galego, feito que sitúa entre os anos 1953 e 1963, coa publicación de *Merlín e familia*. A continuación, fai un repaso polo seu labor no *Faro de Vigo* e en *La Noche* e cita algunhas das súas obras como *As crónicas do Sochantre*, *Escola de menciñeiros* ou *Sinbad*. Para rematar, fai referencia ó Cunqueiro poeta e menciona algúns poemarios como *Mar ao Norde* ou *Poemas do si e do non*. Na segunda intervención, Pilar Pallarés achégase á figura de Manuel Antonio e defíneo como “o mellor – xunto con Álvaro Cunqueiro– dunha mui ricaz e variada Vangarda criacionista ou racional”. A seguir, analiza con detalle as características máis sobresalientes da poesía do rianxeiro ereproduce algúns dos seus versos. Na última conferencia X. Mª Álvarez Cáccamo reflexiona sobre as causas que motivaron o descenso no interese pola lectura de Celso Emilio Ferreiro. Na súa opinión, a aparición dun novo xeito de entender e de facer poesía na década dos oitenta, motivou o esquecemento ó que foi sometido Celso Emilio durante moitos anos. A continuación, ofrece unha análise minuciosa do poemario *Onde o mundo se chama Celanova*. Para rematar, alude á publicación de *Longa noite de pedra* e reproduce algúns dos seus versos.

Referencias varias:

C. V., “Escritores clásicos á vista de modernos”, *A Nosa Terra*, nº 887, “Guieiro Cultural”, 17 xuño 1999, 35.

Artigo no que se fala da “releitura” de escritores clásicos galegos (Álvaro Cunqueiro, Manuel Antonio eCelso Emilio Ferreiro) por outros escritores galegos actuais, nomeadamente X. M. Álvarez Cáccamo e Pilar Pallarés. Recóllense palabras destes últimos sobre a visión que tiveron e teñen desoutros clásicos, das lecturas dos mesmos e da influencia que tiveron na súa obra.

Murguía, Manuel, *Textos en galego*, comentarios, ed. e presentación de Francisco Antonio Vidal, Noia: Toxosoutos, col. Cruceiro do Rego, nº 10, serie Día das Letras Galegas, outubro 1999, 53 pp. (ISBN: 84-89129-78-4).

Baixo o encabezamento de “Murguía e as letras galegas”, Francisco Antonio Vidal Blanco destaca a importancia e a vixencia dos textos galegos de Manuel Murguía para as nosas letras. Así mesmo, refírese á súa defensa con respecto á lingua galega e dá conta dos textos que escribiu nesta lingua, ademais de indicar que sobre as súas ideas e traballos sementáronse as claves da nacionalidade galega e que sobre el xira todo o movemento de renacencia da cultura e do idioma galegos. A seguir, dá conta de tódolos textos escritos en galego polo Patriarca e acompáñaos dunha introducción, por medio da cal se sitúan na época e no momento en que se producen. Trátase da composición poética “Nena das soidades”, que escribe no ano 1854 para o álbum de dona Elina Avendaño; o discurso que le nos Xogos Florais de Tui en 1891 e que estaba dedicado á exaltación do idioma e de Galicia; o escrito, no que fala e louva a obra e a vida de Pondal, que ía ser lido nun acto académico pero que rematou por quedar en borrador sen corrixir, ata que a Real Academia Galega decidiu publicalo no seu boletín; o texto “[A Curros]”, que publica nunha especie de coroa fúnebre que lle fan ó poeta de Celanova no periódico *El Noroeste* en 1919; e, finalmente, un traballo, no que dá conta da descrición da situación histórica de Galicia e norte de Portugal na antigüidade e da súa evolución ata a primeira fase da cristianización.

Navaza, Gonzalo, *Elucidario*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 17, 1999, 95 pp. (ISBN: 84-8302-383-0).

Gonzalo Navaza achéganos neste “elucidario palabrego” unha relación de palabras a modo de diccionario, un gran xogo de palabras con definicións disparatadas e absurdas máis cheas de sátira, humor e enxeño. No comezo aparece unha “Advertencia” na que se nos amosa a historia dos textos que conforman este libro e que parte do xornal, xa desaparecido, *Diario de Galicia* e do *Diccionario Ortopédico da Lingua Galega* (1996). Despois desta advertencia están ordenadas alfabeticamente e definidas as palabras seleccionadas, que poden ser reais ou invencións do autor. Algunhas das definicións levan, a maiores, a visión particular de Fermín Cameselle, quen fixera unha escolma anotada do diccionario anteriormente mentado. O *Elucidario* remata cun apartado denominado “Zoo da desmadroa” que é unha enumeración, sen definición, de animaliños híbridos tan dispares como o “faco vázquez” ou o “Kant de palleiro”.

Recensións:

Xosé M. Eyré, “Dicionário de humor”, *A Nosa Terra*, nº 896, “Guieiro Cultural”, 19 agosto 1999, 18.

Cualifica “Ferros” como unha colección de textos innovadores e lembra que esta obra xa apareceu por partes no extinto *Diario de Galicia*. Observa como Gonzalo Navaza xoga unhas veces coa forma e outras co contido para crea-la ironía. A seguir, destaca o relato final, que coincide coa derradeira entrada do

elucidario, e remata laiándose da escasa repercusión que vai acadar este volume, que sería un éxito editorial nunha literatura normalizada.

- Xavier Castro, “Libro das cousas esotéricas”, *El Correo Gallego, “Edición 7*”, 22 agosto 1999, p. 7. Destácase o polifacetismo de Gonzalo Navaza e sinálase a importancia que ten na súa obra a ironía resultante de xogar cos significados das palabras. Faise notar que este non é un elucidario tradicional, xa que a súa intención é festiva, e indícase que é similar ós existentes noutras literaturas.
- Xulio Valcárcel, “*Elucidario*, de Gonzalo Navaza”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 29 agosto 1999, p. 4.

Comenta brevemente o novo libro de Gonzalo Navaza e salienta o seu sentido do humor e enxeño á hora de realizar voces nas que a través dun xogo cómplice cos lectores “burla a realidade establecida que se convirte nunha transgresión lúcida”.

- A. R., “Literatura transléxica”, *Tempos Novos*, nº 27, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, agosto 1999, p. 58.

Comentario do glosario do que ofrece un breve resumo do contido e pon de relevo que as voces incluídas xa foran recollidas nos anos oitenta no desaparecido *Diario de Galicia*. Finalmente, comenta que a liña seguida neste libro é a mesma que xa se abrira co seu anterior poemario palindrómico *A Torre da Derrota* (1992).

-Xosé Ramón Pena, “Palabras, words, mots...”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Narrativa”, outubro 1999, p. 23.

Neste comentario de *Elucidario* recóllense as palabras do seu editor, Gonzalo Navaza, nas que lembra que este texto foi publicado nos anos oitenta do século XX en *Diario de Galicia*, recollido anos máis tarde por Carlos Blanco nunha edición destruída nun incendio e que agora Fermín Cameselle realizou esta "breve escolma anotada" conservada na biblioteca do Instituto da Lingua Galega. Informa da aparición doutro exemplar do *Diccionario Ortopédico da Lingua Galega* desaparecido nun incendio en Edicións do Cumio. Salienta a coincidencia deste exemplar co publicado polo doutor Navaza en Xerais. Indica o feito de estar precedido, o primeiro, dunha especie de "Poética Fragmentaria" titulada "Tólogo" e a falta da metade do texto. Recoñece non sabe-la identidade do autor deste limiar e que nel se encadra o *Diccionario Ortopédico* na liña das grandes creacións da literatura galega e universal, das que cita uns exemplos. Reflexiona sobre a posibilidade de que o autor deste escrito pertencera ó Colexio Patafísica. Facilítano-los diferentes recursos e características polas que recomenda a súa lectura como o uso de flashes psicosociais, o dominio de perspectivas e a representación dun mundo no que ficción e realidade son meras convencións conxecturais. Recolle algúns dos termos e definicións do libro para exemplifica-la presencia dunha sátira política e social nel. Salienta que neste volume explícanse "as cousas menos doadas para teimas que nin sequera sospeitamos" e que nos perturban.

Referencias varias:

- Marcos Valcárcel, "O *Eludiciario* de Navaza", *La Región*, "O andel dos libros" 15 novembro 1999, p. 48.

Brevísimo artigo no que se fala do paso de Gonzalo Navaza polas aulas ourensás e da súa dedicación á toponimia desa provincia. A seguir, fálase laudatoriamente da súa última obra, *Elucidario*, do que se tiran algúns exemplos.

Neira Vilas, Xosé, *Crónicas galegas de América. (Rolda primeira)*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 311 pp. (ISBN: 84-7492-947-4).

Partindo do seu arquivo persoal e da súa memoria sobre a emigración galega a América, Xosé Neira Vilas creou toda unha serie de crónicas, que publicou en *O Correo Galego* e *El Correo Gallego*. Agora, preséntanolas neste volume, que se abre cunhas palabras súas, por medio das cales nos dá conta das súas pretensións con estas crónicas, do traballo que lle custou facelas e da linguaxe e estilo que nelas adoptou. Así mesmo, salienta a importancia da emigración na sociedade galega, por darnos certas claves para comprender actitudes e rumbos da Galicia de hoxe. A seguir, dáselle paso a setenta e cinco crónicas que versan sobre personaxes e aconteceres da diáspora galega en América. Polo que se refire á literatura galega, dedícalles crónicas a Castelao, Eduardo Blanco-Amor, Celso Emilio Ferreiro ou Roberto Blanco Torres, ente outros. De todos eles, menciona a súa producción literaria e protagonismo na diáspora americana e refírese á relación persoal que mantivo con algúns deles. Todas estas crónicas están acompañadas de reproduccións de fotografías, caricaturas ou portadas de libros de cada un dos personaxes ou feitos que relatan.

Pociña, Andrés, *As letras galegas na obra de Alfredo Brañas*, Santiago de Compostela: Fundación Alfredo Brañas, col. Brañiana, nº 5, 1999, 99 pp. (ISBN: 84-88051-77-8). .

Nesta curta obra, Andrés Pociña desenvolve estes cinco epígrafes sobre o pensamento literario de Brañas: “A formación literaria de Alfredo Brañas”, “O concepto de literatura na doctrina rexionalista de Brañas”, “A literatura galega na concepción de Brañas”, “Alfredo Brañas e o Rexurdimento” e “Brañas e as grandes figuras poéticas do Rexurdimento”. Previamente, Pociña coloca unha bibliografía sobre a vida e obra do pensador galego. O libro trae un apéndice final no que Francisco Puy Muñoz, Presidente da Fundación que o edita, elabora os índices toponímico, cronolóxico e onomástico. Nos epígrafes reseñados, Pociña afirma, por exemplo, que a gran formación literaria de Brañas era o fundamento da súa habelencia como orador e escritor. Di tamén, que lingua e literatura eran as máis preciadas armas de combate que tiña o Rexionalismo. Para Brañas, seguindo a Pociña, “literatura galega” era toda aquela que na segunda metade do XIX.fora escrita por galegos, tanto en castelán como na nosa lingua. Consideraba a Rosalía, Curros e Pondal como as grandes figuras das letras galegas do séculoPor Rosalía di Pociña, “santía unha admiración sin reserva e sen límites”

Polín, Ricardo (ed.), *Homes do País. Os galegos pintados por si mesmos*, prólogo de Benito Varela Jácome, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 1999, 234 pp. (ISBN: 84-8302-462-4).

Ábrese esta obra cun longo “Introito” estructurado en vintedous apartados temáticos, que sitúan as orixes deste traballo nun proxecto de Xesús Muruais xurdido ó abeiro da sociedade Galicia Literaria, que acollera numerosos escritores galegos mediada a centuria pasada. Abórdase tamén nesta introducción a caracterización do costumismo segundo varios estudiosos e a presencia deste na literatura galega, especialmente a través dos Xogos Florais, dos Almanaques e das estampas. Tampouco esquecen trata-lo xénero de costumes no prerrexurdimento, en Rosalía, en Curros, en Lamas e nos epígonos. A seguir, figura un breve prólogo de BenitoVarela Jácome no que describe as raiceiras deste proxecto que agora ve a luz e preséntao como unha continuación de *A muller tradicional*, publicado no 1996. O corpo central do volume está ocupado por textos, rescatados da prensa decimonónica, nos que se tratan tipos tradicionaiscomo o mariñeiro, o segador, o cacique, o gaiteiro, o picapreitos, o canteiro, o escolante, o fogueteiro, o zapateiro, o cavador, o estudiante e o menciñeiro, entre outros. Ademais destes artigos costumistas, tanto en galego coma en castelán, tamén acolle a obra diversos gravados e poemas en galego alusivos a cada un deses tipos.

Queixas Zas, Mercedes, *Breve historia da literatura galega*, Vigo: A Nosa Terra, col. Esencias, 1999, 62 pp. (ISBN: 84-89976-74-0).

Nesta *Breve historia da literatura galega* recóllese, dunha soa tirada e sen apartados, a tradición literaria de Galicia dende a época trobadoresca ata a eclosión da literatura infantil e xuvenil nosanos noventa. Conta este opúsculo con moitas reproduccións de portadas de textos históricos para a nosa literatura e de fotografías de autores e autoras. Está escrito nunha linguaxe de fácil lectura, pois vai dirixida, primeiramente, a un público mozo. Malia a súa brevidade, detensenalgúns momentos da historia literaria galega a analizar períodos ou creadores nos seus aspectos máis sobranceiros. Así e todo, o volume trata de enlazar, gracias á ausencia de capítulos, as distintas épocas da nosa literatura de xeito que se comprendan as causas da súa sucesión no tempo. Nunha pequena introducción, trata de capta-lo lector para que repare na difícil historia da cultura galega a través dos séculos e valore as achegas dos seus escritores eescritoras.

Recensións:

- C. Fernández, “Un brevario digno”, *La Voz de Galicia*, 15 maio 1999, p. 38.

Presenta o novo libro de Mercedes Queixas Zas, publicado dentro da colección “Esencias” a cargo da editorial A Nosa Terra e salienta a amenidade e sinxeleza con que está escrito. Finalmente comenta algúns dos seus contidos como o movemento restaurador do século XIX, ou a incidencia que fai nos autores do século XX.

-Xiao Xaneira, “Mercedes Queixas Zas. *Breve historia da Literatura Galega*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 82.

Comenta que estamos ante un rápido percorrido pola historia das nosas letras, que conta cunha linguaxe “áxil e amena”, inzada de referencias directas en segunda persoa, que pretenden implicar máis no texto ó xove lector. Tamén fai referencia á selección de ilustraccións que achega, realizada con “magnífico criterio”, e á “preciosa factura do libro”, que presenta tapa dura, deseño “exquisito” e papel de calidade.

Quintanilla Rico, Blanca, *Biografía de Xaime Quintanilla Martínez*, presentación do Ateneo Ferrolán, Ferrol: Ateneo Ferrolán, col. Cadernos Ateneo Ferrolán, nº 13, 1999, 115 pp. (ISBN: 84-920260-4-9).

Blanca Quintanilla Rico achega esta biografía do seu avó o escritor, político e médico Xaime Quintanilla Martínez (A Coruña, 1892-Ferrol, 1936). A presentación, asinada polo Ateneo Ferrolán, incide no acto de recuperación histórica que significa este libro. Cun ton que vai da emotividade á reflexión, e sen renunciar por momentos á utilización da primeira persoa, a biógrafa apóiase na memoria familiar e na prensa do momento optando por veces pola narratividade na reconstrucción dalgúns contextos e episodios concretos. O periplo vital de Quintanilla Martínez é abordado ó longo de oito apartados. O primeiro deles é o dedicado á “Infancia” na Coruña e ó xermolo do seu ateísmo. O segundo apartado, “A prensa”, céntrase nalgunhas colaboracións dos seus inicios xornalísticos que revelan, entre outros aspectos, o amor por Galicia e o antibelicismo. Prosegue con “Os Faladoiros”, que trata o lado máis humano da conversa cos amigos. En “A medicina” fálase do seu labor como médico en Ferrol mentres que en “A patria” desenvólvese a súa forte vinculación co galeguismo e a participación nas Irmandades da Fala malia as reticencias do PSOE, partido no que militaba, a apoia-las reivindicacións galeguistas. Neste mesmo apartado préstaselle atención ó seu drama en tres actos, titulado *Donosiña*, estreado en 1920, apuntando a liña política e renovadora desta obra. O sexto apartado titúlase “O Espiritismo” no que se fai referencia á discrepancia de Quintanilla coa doutrina espiritista que gozou de apoxeo no Ferrol dos anos 30. Por último “A política” e “Tolerancia” tratan o escenario político da República e o seu período á fronte da alcaldía de Ferrol, para concluír co seu asasinato en agosto de 1936 da man dos militares sublevados. Complétase o volume con algunhas notas de prensa referentes a representacións de *Donosiña* en Ferrol e A Coruña así como vinteseis colaboracións de Quintanilla Martínez na prensa.

Rabuñal Corgo, Henrique, *Manuel Murguia*, VIIIº Premio de Ensaio Carvalho Calero 1998, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 116, xullo 1999, 169 pp. (ISBN: 84-89896-52-6).

Henrique Rabuñal estudia neste libro a biografía intelectual de Manuel Murguía (Arteixo, 1833-A Coruña, 1923) dentro da historia e como personaxe esencial no Rexurdimento. Ábrese cun "Prólogo" e mais cunha "Xustificación". No "Prólogo", saliéntase a importancia de lle dedicar a Murguía o Día das Letras Galegas do ano 2000 e agradécense os apoios que tivo este volume na súa primeira edición. Na "Xustificación" fundaméntase a importancia do Patriarca dentro da nosa historia contemporánea. O corpo deste estudio está dividido en dezasete capítulos ordenados cronoloxicamente e que tocan tódolos momentos esenciais da vida do insigne arteixán: nacemento, casamento con Rosalía de Castro (1858), polémica con Sánchez Moguel (1888) e mais con Juan Varela (1896), etc.; analízanse as súas principais obras: *Historia de Galicia* (dende 1865), *Precursores* (1886), *Galicia* (1888), etc., e a súa contribución á revista*Ilustración Gallega y Asturiana* e á Asociación Rexionalista Galega. Alén deste percorrido pola biografía e producción murguiniana, inclúense tamén dous textos de Murguía: o "Discurso nos Xogos Florais de Tui" (1891), onde emprega publicamente o galego por primeira vez, e "Eduardo Pondal e a súa obra", para rematar coa biografía primaria (libros, relatos, poemas, artigos, escolmas, etc.) e secundaria (bibliografías, biografías, cronoloxías, monografías, homenaxes, ensaios e artigos) do protagonista do Día das Letras Galegas do ano 2000.

Recensións:

- M. Quintáns S., “Manuel Murguía, home e obra”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 20 xuño 1999, p. VII.

Coméntase a obra *Manuel Murguía*, de Henrique Rabuñal Corgo, galardoada co Premio de Ensaio “Ricardo Carvalho Calero” 1998 do Concello de Ferrol, obra que “procura presentar de xeito doado que non superficial” a vida e obra do intelectual galego. Realízase unha breve aproximación á vida de Manuel Murguía e destácase a paixón que este desperta en Henrique Rabuñal, salientando unha “certa reacción, consciente ou inconsciente fronte ó silencio (...) co que o mundo intelectual galego se posiciona diante desta figura colosal”. Incídese tamén na necesidade dunha revisión crítica da obra de Murguía por parte da historiografía galega e pregúntase se haberá que agardar ó seu centenario para que a Universidade dea paso ós traballos e memorias de licenciatura sobre este autor.

-Prudencio Vivero Mogo, “Homenaxe ó patriarca”, *Tempos Novos*, nº 25, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xuño 1999, p. 73.

A partir do libro *Manuel Murguia*, de Henrique Rabuñal Corgo, Prudencio Vivero sinala a importancia de Murguía no “espertar nacional de Galicia”. Analiza os principais aspectos da obra literaria do Patriarca –na que a novela, a poesía e o xornalismo formaron a súa grande actividade– que aparecen neste volume. Finalmente, recalca a débeda que se salda con Murguía coa dedicación do Día das Letras Galegas de 2000 á súa figura.

Referencias varias:

- R. G. , “Na memoria dun precursor”, *La Voz de Galicia*, 17 abril 1999, p. 38.

Fai referencia á publicación da biografía de Manuel Murguía da man de Herique Rabuñal na Editorial Laiovento e recóllense as palabras do autor quen destacou a Murguía polo seu labor “monumental de construcción nacional, teórica e pragmática”. Saliéntase a importancia desta publicación polo recoñecemento que se lle dá á figura de Murguía por estar “demasiado esquecida”.

Real Academia Galega, *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa. Dúas singraduras na construcción dun idioma para unha patria. Discurso lido o día 25 de setembro de 1999, no acto da súa recepción, polo Ilustrísimo Señor Don Francisco Fernández Rei e resposta do Ilustrísimo Señor Don Antón Santamarina Fernández*, A Coruña: Real Academia Galega, setembro 1999, 146 pp. (ISBN: 84-87987-18-4). ¤

Discurso de Francisco Fernández Rei lido o 25 de setembro de 1999, co gallo do seu ingreso na Real Academia Galega. Comeza dirixíndose ó presidente da RAG e ós seus académicos, facendo un breve percorrido pola historia desta institución e dando as gracias por telo incluído nela. A seguir, en “Laudatio de D. Xosé Filgueira Valverde”, fai unha semblanza do intelectual galego recentemente falecido e de quen vai ocupa-la súa cadeira na RAG. Mentres que en “Xustificación e Limiar do discurso”, dá conta de cal foi a xénese do seu traballo, contextualizándoo no difícil tempo do franquismo e indicando quen foron as persoas que o axudaron. Pola súa banda, en “Tradición e modernidade en Cabanillas, vangardismo en Manuel Antonio”, analízase a figura de Ramón Cabanillas dende a perspectiva de escritores e estudiosos de literatura e lingua galegas e faise unha referencia á personalidade literaria de Manuel Antonio e á relación de respecto que este mantiña con Ramón Cabanillas. A continuación, céntrase no estudio da lingua de Ramón Cabanillas e Manuel Antonio. Deste xeito, caracteriza cronoloxicamente a lingua que R. Cabanillas utilizou nas súas obras, a súa lingua literaria dende o punto de vista da morfoloxía nominal e verbal, da ultilización ou non do seseo e da gheada e do seu léxico. Con respecto a Manuel Antonio, fai unha aproximación á súa lingua literaria, tanto dende o punto de vista morfolóxico coma léxico, dando conta dos lusismos, arcaísmos, dialectalismos, estranxeirismo e cultismos. A seguir, en “Moita costa, “pouco” mar”, sinálase o pouco tratamento que dende diferentes ámbitos culturais e científicos se dou á mar

Ábrese, a continuación, un novo subepígrafe que, co título de “Cabanillas, a contemplación dun mar con ribeiras, dornas e barcas e Sálvora na boa da ría”, se fai referencia á relación que a obra de Cabanillas ten co mar. No caso de Manuel Antonio, coméntase a súa relación co mar na súa poesía xunto coas influencias por este recibidas. Tamén se nos achega ó léxico mariñeiro utilizado por Manuel Antonio. Para remata-lo seu discurso, Fernández Rei lembra a xente que sufriu a “anguria doente” do franquismo. Por último, están as “Referencias Bibliográficas” utilizadas polo discursista e a “Resposta do ilustrísimo Señor Don Antón Santamarina Frenández”, quen gaba o novo membro da RAG, comenta o seu discurso e se refire ó seu labor a prol da lingua galega, entre outros aspectos.

Referencias varias:

- B. C., “Fernández Rei ingresa na Real Academia reivindicando un gran diccionario da lingua”, *Faro de Vigo*, 26 setembro 1999, p. 50.

Informa do ingreso de Francisco Fernánde Rei na Real Academia Galega nun acto, que tivo lugar no Instituto Ramón Cabanillas de Cambados, a petición do propio académico que naceu nesta vila do Salnés no ano 1952. Comenta que ó acto asistiron a metade dos membros da Institución mencionada e dá conta da lectura de Fernández Rei, que foi un resumo dun traballo seu que versa sobre “Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar de Arousa”. Tamén sinala que rematou a súa intervención coa reivindicación do gran diccionario da lingua galega e que o encargado en responderlle foi Antón Santamarina, quen cualificou a Fernández Rei de “namorado de cómo falan os galegos, e tamén de cómo escriben”.

Rei Romeu, Manuel, *Alfonso Daniel Castelao*, Vigo: Promocións Culturais Galegas, maio 1999, 60 pp. (ISBN: 84-89976-82-1).

Comeza enxalzando a faceta literaria, artística e política de Castelao e salientando todo o que supuxo para a nosa cultura e para a creación da conciencia colectiva da Galicia actual. Considera que o coñecemento deste rianxeiro, en tódalas facetas nas que foi creador ou fundador, é un "mandamento ético" que todos debemos cubrir sen demora, polo que, ó longo de toda unha serie de apartados con título propio, vai dando conta da súa vida, pensamento e obra e de como foron evolucionando. Así, baixo o encabezamento de "A infancia e a mocidade", faise eco da súa nenez na vila de Rianxo e da súa posterior viaxe á Arxentina, onde seu pai estaba emigrado, ademais de referirse á súa vida universitaria e ó seu casamento con Virxia Pereira, coa que tería un único fillo, que logo morrería. A seguir, en "A consagración do artista", recolle a producción gráfica e literaria de Castelao, que sempre estivo acompañada dunha abundante teorización. Por último, en "A plenitude política", percorre toda a súa traxectoria política, facendo mención da súa actividade no Partido Galeguista e durante o exilio. Por medio do texto, inclúe fotografías de Castelao e reproduce as portadas dalgúns dos seus traballos artísticos e publicacións.

Recensións:

-Xiao Xaneira, "Manuel Rei Romeu. *Alfonso Daniel Castelao*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 82.

Considera que esta biografía de Castelao presenta os principais aspectos relacionados coa súa actividade e fai fincapé no tempo histórico que lle tocou vivir. Sinala que está pensada para lectores mozos e puntualiza que se ve enriquecida pola reproducción de fotografías das diferentes etapas vitais do rianxeiro e por boa parte da súa obra gráfica. Para concluír, sinala que a obra resulta "amena e interesante" e que, como outros libros da colección na que se encadra, posúe unha "magnífica" presentación e unha "impecable" factura editorial.

Referencias varias:

- C. Fernández, "Semblanza de un mito", *La Voz de Galicia*, 13 xullo 1999, p. 38.

Destácase o traballo de Manuel Rei Romeu entre os breviarios editados por A Nosa Terra. Alúdese ademais a algúns aspectos do contido do libro como a síntese do multifacetismo de Castelao.

Riobó, Pedro P., *O teatro galego contemporáneo (1936-1996),* A Coruña: Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña, Biblioteca-Archivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 9, serie azul, 1999, 241 pp. (ISBN: 84-95322-30-7). ¤

Percorrido pola situación da literatura galega e, sobre todo, da actividade dramática dende o ano 1936 ata o 1996. Pedro P. Riobó divide o traballo en varios apartados. Comeza cunha "Introducción" na que presenta o contexto histórico no que se desenvolve a literatura galega no ano 1936; cita algúns dos grupos que traballaban naquela época como a Escola Dramática Galega, a Agrupación Dramática Gallega, o grupo Cantigas da Terra, a Compañía Galega Maruja Villanueva ou o grupo de teatro para nenos e nenas Caraveliños. No apartado "O teatro da posguerra" cita os autores da época (os dramaturgos antes da guerra, o grupo da emigración e do exilio e a promoción Grial) e as obras agrupándoos tematicamente. En "O teatro de 'Abrente" alude ós diferentes autores (os que publicaron a súa primeira obra despois de 1973, a xeración Abrente, a promoción dos 80, outros autores, a promoción dos 90) e os grupos e compañías de teatro (profesional, de marionetas, afeccionado, escolar e institucional). A continuación, ofrece apéndices nos que presenta unha relación cronolóxica de obras e tres relacións alfabéticas de grupos, autores e obras. Para rematar, proporciona unha breve bibliografía.

Rivas, Manuel, *Galicia, Galicia*, prólogo e ed. de Xosé Mato, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1999, 352 pp. (ISBN: 84-8302-470-5). .

Neste libro faise unha antoloxía na que se recolle a obra xornalística de Manuel Rivas (A Coruña, 1957) dende 1989-1999 elaborada por Xosé Mato. Estes artigos, escritos en forma de crónica real ou imaxinaria, foron publicados en *La Voz de Galicia*, *El País* e *A Nosa Terra*. Neles predomina a temática política, aínda que con notas sobre antropoloxía e socioloxía nas que o pobo galego ten a voz predominante e os políticos están retratados de forma deformada, caricaturizados e ridículos, maiormente Manuel Fraga Iribarne e os membros do seu partido. Moitas delas versan sobre a chegada de Fraga á presidencia da Xunta e as súas primeiras medidas, sobre as eleccións autonómicas de 1993 e 1997, sobre a visita de Fraga a Cuba e de Fidel a Galicia, e outras como a que o propio Manuel Rivas leu nunha homenaxe celebrada en xuño de 1999 ós republicanos asasinados na vila de Tui en 1936. Así pois, en toda a obra predomina unha crítica ácida e retranqueira que busca pór á vista, humoristicamente, a verdadeira faciana do actual presidente da Xunta de Galicia e dos seus codirixentes.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “O país do Rivas”/“Xosé Mato Fondo reúne artigos de Rivas no libro “*Galicia, Galicia*”, de Xerais”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 28 decembro 1999, p. 35/p. 76.

Dáse noticia da presentación na Coruña do libro *Galicia, Galicia*, que contou coa presencia do director de Xerais. Recóllense palabras do director e do compilador da obra e infórmase do seu contido e da

procedencia dos textos. Reprodúcense tamén as declaracións de Manuel Rivas nas que define a obra como “un libro de xornalismo que representa o lado oculto vinculado co humor e a cultura popular, é dicir, o que non se conta nin no Diario Oficial, nin nos centros de Propaganda”, así como outras reflexións sobre o oficio de xornalista.

-Luis Pousa, “Rivas: “Fraga é coma un eucalipto porque non permite a biodiversidade”, *El Ideal Gallego,* 28 decembro 1999, p. 20.

Noticia da presentación do libro *Galicia, Galicia* na que se pon de manifesto o protagonismo de Fraga na obra. Alúdese tamén ás críticas que Manuel Rivas fai ó goberno e reproduce as súas palabras a respecto do presidente: “temos no poder a un señor que foi o gran propagandista do franquismo e agora é presidente dunha autonomía democrática e cita entre bágoas a Castelao e a Rosalía”. A seguir, recolle outras opinións do escritor acerca da realidade política galega, do xornalismo actual e do seu exercicio da profesión.

-M. V., “El escritor Manuel Rivas recoge un análisis de su tierra en el libro “*Galicia, Galicia*”, *Faro de Vigo*, 28 decembro 1999, p. 42.

Infórmase da presentación de *Galicia, Galicia*, obra que resume dez anos de xornalismo. Recóllense as palabras de Manuel Rivas a respecto da obra, que presenta “el lado oculto de Galicia, la historia que no se cuenta en el boletín oficial ni en la propaganda”. Finalmente, ofrécese unha pequena semblanza do escritor.

-Paula G., “Rivas narra en “*Galicia, Galicia*” dez anos de ironía periodística”, *La Voz de Galicia*, 28 decembro 1999, p. 75. Referencia ó volume *Galicia, Galicia* na que se ofrecen datos sobre o seu contido e se recollen declaracións do seu autor no acto de presentación. Reprodúcense as palabras coas que Rivas explica o

obxectivo do seu libro, que “quere ser un chamamento á revolución óptica”, así como outras referidas ó xornalismo, á súa experiencia persoal, a un artigo sobre Manuel Fraga e á función do xornalismo en Galicia: “Galicia precisa sátira pública do poder, unha tradición que antes existía, pero que agora eu boto de menos no periodismo e na literatura galega”.

Rodríguez Pérez, Xosé Ricardo, *A agochada obra de Manuel Lois Vázquez (1889-1899)*, prólogo de Xulio Francisco Ogando Vázquez, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1999, 401 pp. (ISBN: 84-87575-77-3). ¤

Denso volume dividido en dúas partes. Na primeira delas dedícase un amplo apartado á persoa de Manuel Lois Vázquez. Primeiramente inclúese un prólogo de Xulio Francisco Ogando Vázquez que intitula “Gloria e vindicación dos escritores masidaos” no que repara nos escritores dese concello ourensán e na súa obra. A seguir o propio autor do libro fai unha declaración de intencións sobre o traballo de recompilación que pretende levar a cabo. Nun seguinte apartado da autoría de Xosé Estévez Puga desmiuza os lazos ancestrais de Manuel Lois Vázquez, ofrecendo datos incluso de anotacións parroquiais. Nun outro apartado ofrécense facsímiles de documentos eclesiásticos, do rexistro, actas notariais, notas necrolóxicas e noticias de prensa sobre o pasamento deste escritor. Por último, logo dun breve resumo do seu devir vital, aparece a súa obra recollida en xornais e outras publicacións coetáneas ó autor. Inclúe lendas (“A raíña loba”, “O Cruceiro de San Lorenzo”, “A Lira de Elfe”), contos (“O sacristán de Vilela”), fragmentos en prosa (a novela *¿Amarte? ¡Sempre!*), lembranzas (*Detrás duns tempos*), artigos sobre etnografía (festas, música, aldeas próximas, etc.), artigos de temática sobre o amor, a emigración e outra prosas de diferente temática. Tamén hai poemas descritivos sobre viaxes (“Impresións de Ribadavia”), coplas, poemas dedicados nos que lle canta á súa nai e bastantes composicións de circunstancias. Recolle así mesmo varias cartas enviadas a escritores compañeiros del ou que publicaban na prensa da época.

Rodríguez Santamaría, Xoán Pastor, *Escritores da Barbanza*, prólogo de Anxo Rei Ballesteros, Pobra do Caramiñal-A Coruña: Concello da Pobra do Caramiñal, 1999, 325 pp. (D. L.: C-1047/99). ¤

Repaso pola historia literaria da bisbarra do Barbanza a través dos seus escritores. Primeiramente conta cun prólogo de Anxo Rei Ballesteros onde se louva a amplitude de miras deste libro como estudio xeral da escrita desta importante comarca do oeste galego. A seguir hai unha breve declaración de intencións do autor nas que sinala a importancia que xogan moitos destes autores para o coñecemento da propia zona. Xa no groso do libro temos un "Catálogo de escritores da Barbanza" onde aparecen por orde alfabética tódolos escritores nados no Barbanza ou que escribiron sobre ela, ou sobre os escritores orixinarios da zona. Moitos destes escritores auténticos valores universais (Castelao e Valle), outros de importancia para a literatura galega (Dieste, Manuel Antonio, etc.) e outros para a española, aínda que cómpre sinalar que non se restrinxe só ó ámbito da literatura senón tamén a outros ámbitos. Así mesmo, reprodúcense portadas das edicións facsimilares de obras relevantes e poemas dos escritores máis significativos.

Referencias varias:

Antón Fraguas Fraguas, "Os importantes poetas da Barbanza", *O Correo Galego*, "Lecer", 4 xullo 1999, 35.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Saúda a aparición dunha obra que pretende recupera-la memoria dos escritores desta comarca costeira. Céntrase en tres figuras correspondentes a cadansúa época: o Cura de Fruíme, Antón Avilés de Taramancos e Luís Bejarano. De todos eles, cita versos e ofrece información biográfica e bibliográfica.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de Literatura 1998. A literatura galega no 1998 e a súa recepción*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección de Política Lingüística)/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999, 841 pp. (ISBN: 84-453-2577-9). ¤

Entrega correspondente ó ano 1998 do *Informe de Literatura* realizado por redactores, tanto do Centro Ramón Piñeiro coma externos. Está coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que conta coa axuda de Mª Isabel So to López e os bolseiros do proxecto, Mario Romero Triñanes e Alexandra Cabaleiro Carro. Ábrese cunha presentación institucional e unha “Nota previa”, na que as coordinadoras salientan a pretensión desta publicación: “dar noticia de todo aquilo que, atinxindo directa ou indirectamente ó ámbito da literatura galega, incluídos o teatro, a literatura medieval e a literatura de transmisión oral, apareceu en soporte impreso durante o ano 1998 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais, folletos, etc.”. Así mesmo, explican as parte das que consta e citan algunhas das fontes manexadas, ademais de referírense ás novidades que presenta, como son a diferente distribución das postas en escena e a incorporación das páxinas web, que atinxen á literatura galega. Tamén reproduce unha serie de estatísticas que se fan eco da producción nos diferentes apartados, que intentan reflecti-la contía de publicacións en cada xénero e a presencia que tivo o feito literario galego en xornais e revistas, tanto galegas coma de fóra. A continuación están os apartados deste volume: “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas”, “Ensaio. Teoría Xeral, Crítica. Biografías. Crónicas”, “Clásicos greco-latinos traducidos”, “A literatura infantil e xuvenil galega”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios”, “Literatura medieval”, “Folletos de novidadeseditoriais”, “Páxinas Web”, “Apéndice de libros doutros anos publicados no 1998”. “Índice

Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Onomástico” e “Índice Temático”. Esta edición está acompañada por un CD-ROM, que recolle os *Informes de Literatura 1995*, *1996*, *1997* e *1998*.

Seoane, Xavier, *Atravesar o espello. A arte de ler*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto. Claves, 1999, 164 pp. (ISBN: 84-8302-474-8).

Xavier Seoane ofrece neste ensaio unha serie de reflexións, evocacións e divagacións sobre a lectura e a figura do lector. Considera a lectura como pracer absoluto e adicción inefable emesmo como un vicio ou unha doenza crónica que non se cura máis que practicando. Ó longo de corenta e un capítulos de curta extensión vai reparando en aspectos como a lectura como ascese, as modalidades de lector, o lector libre, a lectura co lapis, a conveniencia da relectura, a maxia das ilustracións, a lectura comprensiva, a lectura en voz alta, o problema do canon, a necesidade de construcción dun canon persoal, a iniciación na lectura no ámbito familiar e escolar, o cómic, os posibles argumentos ante aqueles que afirman non gozar lendo, entre outros aspectos relacionados co libro.

Sociedade Liceo de Noia, *25 anos despois. 1974-1999*, Noia-A Coruña: Sociedade Liceo de Noia, 1999, 77 pp. (D. L.: C-1611-1999).

A Sociedade Liceo de Noia, co gallo da celebración do 25 aniversario da Coral Polifónica do Liceo e do Grupo de Teatro Candea, presenta neste volume a historia destas dúas agrupacións. Polo que se refire a Candea, coméntase que nace no ano 1974, seguindo unha tradición teatral xa centenaria na vila de Noia e pretendendo facer teatro galego en galego. Tamén se dá conta das coordenadas históricas nas que xorde, da xente que formou parte del e das obras que representou, baixo a dirección de Xosé Agrelo, ata o momento que deixou de funcionar en 1980. Trátase de *Pancho de Rábade*, de Álvaro de las Casas; *Rexurdimento*, de Leandro Carré Alvarellos; e *Noite de lobos, Metá e metá* e *O mestre*, de Xosé Agrelo. Así mesmo, recóllense as datas de representación destas obras, o nome dos seus actores e dos lugares en que foron representadas, ademais de facerse eco da participación de Candea nas Mostras de Ribadavia e reproduci-la información que a *Gran Enciclopedia Gallega* ofrece sobre este grupo teatral. Finalmente, recóllese a obra *Noite de lobos*, na que, en tres actos, se conta a historia do Cortizo, que nunha noite de lobos e choiva, pide, desesperadamente e sen éxito, axuda para a súa amante que está dando a luz.

Referencias varias:

-Xavier Castro, “Teatro Candea, un cuarto de século despois”, *El Correo Gallego*, “*Fin de Semana*”, 26 decembro 1999, p. 6.

Opina que Noia é un exemplo das vilas que crearon a súa “intrahistoria” gracias ós movementos culturais que xiraron ó redor dela. Da mesma maneira, destaca o nacemento de dúas empresas de ámbito cultural, parte da cultura galega: Grupo de Teatro Candea e Coral Polifónica do Liceo. Anuncia a publicación da obra, editada pola Sociedade Liceo de Noia para conmemora-lo vintecinco aniversario das devanditas empresas, onde se informa da traxectoria das súas actividades. Cualifica de innegables as achegas de Candea no eido da dramaturxia e considéraa o “alicerce do espectáculo en Galicia” e “unha verdadeira escola de teatro galego (...), de convivencia, compromiso, solidariedade, clarificación de ideas confusas e recuperación de valores que parecían definitivamente perdidos” en anos de gran dificultade. Nomea as obras representadas, con grande éxito, e a recente posta en escena de *Noite de Lobos* coa que Candea volveu á actualidade.

Tato Fontaíña, Laura, *Historia do teatro galego. Das orixes a 1936*, Vigo: A Nosa Terra, col. Historia de Galicia. Monografías, novembro 1999, 167 pp. (ISBN: 8489976-98-8).

A profesora viguesa introduce o volume expresando a necesidade que unha literatura normal ten de tratados sobre a historia do teatro. Fai saber que para a primeira parte se valeu fundamentalmente da prensa, de manuscritos e de primeiras edicións de dificultoso achado mentres que na época máis moderna se baseou sobre todo en testemuñas directas, os propios textos, actores e dramaturgos. Divide a obra en sete capítulos correspondentes con cadansúa etapa na evolución do xénero. En “Séculos Escuros e Ilustración” explica a ausencia do teatro culto galego pola preponderancia na Idade Media da orde cluniacense e a posterior caída en desgracia do galego baixo a pouta castelá. Céntrase no *Entremés famoso sobre da pesca no ríoMiño* e no *Entremés do portugués*. A seguir procura as pegadas do teatro popular durante o “Período precursor (1808-1882)”, con atención especial a *A casamenteira*, de Benito Fandiño e *Unha noite na casa do tío Farruco*, de Laureano Guitián Rubinos. Expón tamén a indignidade coa que o noso idioma era tratado, con fins cómicos, en “O teatro bilingüe”; negando que o teatro posterior crave as raíces nel. Coida que *A fonte do xuramento*, de Francisco María de la Iglesia, texto do que se comenta a recepción, enceta o período de “O teatro rexionalista (18821919)”, no cal o xénero se vai desenvolvendo ó abeiro de certames e xogos florais. Salienta a Galo Salinas e a Lugrís Freire. Do primeiro analiza o primeiro escrito teórico sobre o teatro galego e do segundo sobrancea a eclosión da temática social. Tamén destaca a fundación da Escola Rexional de Declamación da Coruña, o papel dos emigrados na América e figuras comoEduardo Sánchez Miño, Amor Meilán ou Emilio Álvarez Giménez. Despois explica o pulo universalizador do que foi obxecto “O teatro coas Irmandades da Fala (1919-1923)”. Agora, o tipo de obras que se representan vai depender de como vaia a loita entre o sector máis reaccionario (Galo Salinas ou Le[illegible]

innovador (Quintanilla ou Cabanillas). En “O teatro na ditadura de Primo de Rivera (1923-1930)”, dexerga claramente dúas partes, unha de represión e consecuente recesión profunda e outra de reacción, na que se significaron especialmente os vangardistas (Dieste e Correa-Calderón). Fai fincapé na recuperación de figuras mítico-históricas que supuxeron obras como *O mariscal*, de Cabanillas e Antón Vilar Ponte e *Hostia*, de Cotarelo Valledor. Sinala tamén a desaparición do protagonismo da emigración e da Coruña, de xeito que o epicentro vai rolando cara ó Sur, en concreto, cara a Vigo. Remarca tamén a oposición do poder político perante o lento avance deste xénero. Finalmente defende que “O teatro na II República (1930-1936)” volveu retroceder gracias a unha desgaleguización social velocísima. Nestes anos o Partido Galeguista e as súas mocidades intentan leva-lo teatro de par de si, confiando en usalo como medio de propaganda. As liortas internas destas organizacións frearán tamén o desenvolvemento dramático. Aponlle a este movemento, de fonda renovación e que se abre ó simbolismo, un excesivo elitismo. Quéixase nembargantes da escasa información existente sobre este curto período democrático.

Referencias varias:

-A. Estévez, “As Irmandades apostaron por un teatro nacional”, *A Nosa Terra*, nº 913, “Guieiro Cultural”, 16 decembro 1999, p. 30.

Laura Tato responde nesta entrevista á pregunta acerca das orixes do teatro galego lembrando a existencia de oficios paralitúrxicos. Con todo, considera que non hai teatro medieval e sitúa os comezos nos Séculos Escuros. Na súa opinión, os precursores non se preocuparon polo teatro, xa que centraron o seu interese na lingua escrita fronte á oralidade. Acerca do teatro na emigración, reivindica as figuras de Armada Teixeiro e Lugrís. Rastrexa a historia da dramaturxia nos anos sucesivos e sinala o ano 1917 por apareceren nel os primeiros grupos monolingües. Refírese ás polémicas xurdidas durante os anos da

República e ás manifestacións producidas durante esa etapa, na que “hai un programa para o teatro en galego que se frustra”.

VV. AA., *37 escritores para unha lingua*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural), 1999, 171 pp. (ISBN: 84-453-2484-5). ¤

Volume que recolle os trinta e sete autores homenaxeados no Día das Letras Galegas, dende o primeiro ano de celebración, 1963, ata o 1999. Ofrece de cada autor unha sucinta presentación, que contén datos biográficos e aqueles trazos máis salientables da súa obra literaria. Inclúe tamén a ficha técnica da súa bibliografía, seguindo unha orde cronolóxica, e unha breve selección dalgúns dos textos literarios de cada un.

VV. AA., *Juan de la Coba y Gómez (1829-1889)*, Ourense: Concello de Ourense, col. Biblioteca Auria, nº 1, novembro 1999, 126 pp. (ISBN: 84-87623-42-5).

Esta obra xira ó redor da figura de Xan da Coba (1829-1889), excéntrico personaxe da vida ourensá decimonónica, e comeza cunha “Presentación”, a cargo do alcalde de Ourense, na que expón os obxectivos da colección “Auria” que se estrea coa publicación deste volume, e mais cun “Limiar” onde se describe o libro. Presenta catro apartados nos que figuran diferentes traballos, xa publicados, centrados neste escritor ourensán. O primeiro deles “Vida, obra e milagres de Xan da Coba” consta de dous estudios sobre Xan da Coba, de Xesús Alonso Montero e Carlos Casares, xunto cunha serie de textos variados en galego, español e trampitán, idioma inventado por Xan da Coba. No segundo apartado, “La Galiciana”, aparece a edición crítica, baixo a responsabilidade de Anxo Gómez Sánchez e mais de Mercedes Queixas Zas, da zarzuela en galego *La Galiciana* (1995) de Xan da Coba. O terceiro “Don Xan da Coba, un poeta co seu tema” é un traballo de Xosé Filgueira Valverde dedicado ó trampitán. O libro remata cunha escolma de artigos xornalísticos de Marcos Valcárcel (1999), Manuel María (1994), Afonso Vázquez-Monxardín (1994) e Anselmo López Morais (1997) sobre o inventor do trampitán.

Referencias varias:

-S. Espinoso, “Temas y artistas ourensanos serán la base de la primera colección municipal de libros”, *La Región*, 20 novembro 1999, p. 15.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Anúnciase a publicación de *Juan de la Cova y Gómez (1829-1899)* e *Retratos de Eduardo Núñez*, as dúas obras que inician a “Biblioteca Auria”, proxecto que o Concello de Ourense quere levar adiante con seis entregas anuais. Saliéntase que con estas publicacións quérese achega-lo popular ó maior número de xente e cun prezo módico.

Vázquez, Pura, *Terra Matria dos Soños (memorias*), Ourense: Abano Editores, col. Carpe Diem, maio 1999, 267 pp. (ISBN: 84-930757-01).

Pura Vázquez rememora e reflexiona sobre as súas vivencias persoais, as súas amizades e a súa familia. Na primeira parte, “Esta agridoce vida”, lembra, dos seus anos máis novos, a súa devoción por ler e escribir, as desgracias familiares provocadas pola Guerra Civil, as súas experiencias como mestra e o seu traslado a Castela a causa da súa saúde. En “Petan forte as lembranzas” refírese á publicación das súas primeiras obras, ós seus contactos con Galicia por medio de *La Noche*, á súa participación nas tertulias madrileñas e ós homenaxes que recibiu, entre outros aspectos. Por outra banda, en “O pracer das viaxes”, fala das súas experiencias en Caracas; mentres que, en “Adeus, aventura, adeus”, alude ó seu matrimonio e á perda de familiares queridos. Da creación literaria resalta a publicación dun libro conxuntamente coa súa irmá e a traducción ó galego, que fixo ela mesma, e a posterior publicación dalgúns dos seus libros inéditos e doutros poemarios. En “A loita das vontades, das porfías” incide na superación de varias enfermidades e da capacidade para volver ser estimada no mundo literario, tanto ela coma a súa irmá, cando estaban case olvidadas. Tamén comenta a influencia que exerceron nela as boas e as malas críticas dos seus poemarios e reflexiona sobre tódalas cousas que tivo que solventar e que fortaleceron o seu carácter, ademais de mostrar unha serie de agradecementos a quen ten confiado nela.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Don da xentileza”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 70, 15 xullo 1999, p. 4.

Constátase que Pura Vázquez non foi quen de callar no canon literario español como o fixo no galego e establécese un paralelismo con Arcadio López Casanova e ata con Rosalía. Suxírese que esa desatención se pode quizais deber ó seu carácter de autores bilingües. A seguir, dise que a poetisa xa anunciara hai tempo esta obra, na que repasa dende unha perspectiva moi honesta a súa vida e o panoroma cultural dos anos cincuenta e sesenta. A elegancia é sinalada como o trazo máis característico deste texto.

> Elva Otero, "Cinco retallos do relato vital dunha poeta galega", *O Correo Galego*, "Lecer", 25 xullo 1999, 35.

A aceptación de Pura Vázquez nas letras castelás e galegas non se discute mais recoñécese que é no noso país onde é mellor valorada. Coméntase a estructura da obra e faise fincapé no pasamento da nai. Alén diso, cítanse as características principais da súa obra nas súas vertentes de teatro infantil, poesía infantil e poesía para adultos. Como trazo común a todas elas, sinálase o vangardismo imaxinístico.

-Manuel Zabal, "As memorias de Pura Vázquez"/"As 'Memorias' de Pura Vázquez", *O Correo Galego*, "Lecer"/*El Correo Gallego*, "*Edición 7*", 19 setembro 1999, p. 10/ p. 5.

Zabal coida tan valioso o que di Pura Vázquez como o que non di, interpretando como un exercicio de humildade o feito de incidir nos recoñecementos públicos e non na evolución poética. A maioría do artigo dedícase a louvar tanto a obra canto a autora, sempre nun ton persoal e íntimo.

Referencias varias:

- Alvarado, “Las memorias de Pura Vázquez”, *La Región*, “Buenos días”, 6 marzo 1999, p. 2.

Anuncia a próxima publicación das memorias de Pura Vázquez nunha editorial de nova creación, a cal se vai dedicar ó mundo cultural ourensán en xeral. Vaticínalle un grande éxito a esta empresa gracias á profesionalidade dos seus dirixentes. Canto á obra da poetisa auriense, sinala que é unha biografía que se vai manter dentro das marxes do respecto a si mesma, isto é, sen caer en sensacionalimos.

- L. R., “Pura Vázquez lleva sus memorias hasta los lectores”, *La Región*, 1 xuño 1999, p. 17.

Nota da presentación da obra de Pura Vázquez no Liceo Recreo de Ourense dentro da programación da feira do libro, acto que contou coa participación de Segundo Alvarado, de quen se recollen algunhas manifestacións. Infórmase de que é o primeiro título que sae do prelo de Abano e dáse conta da organización do texto en cinco partes, correspondentes a cadansúa época vital da autora.

- Alvarado, “Unha patada no cuciño’, a Pura Vázquez”, *La Región*, “De paso”, 29 xuño 1999, p. 21.

Faise fincapé no valor que esta obra de Pura Vázquez ten como espello do acontecer cultural de posguerra e sobrancea as anécdotas que incorpora. O estilo parécelle sinxelo e doado. Lembra algunhas etapas vitais da poetisa ourensá e valora que, á súa idade, siga traballando no rego da literatura.

-Dora Vázquez, “Esta miña irmá”/“¡Ista miña irmá…!”, *O Correo Galego*/*La Región*, “Ronseis”/“De paso”, 6 xuño 1999/7 xullo 1999, p. 3/p. 21.

A irmá de Pura Vázquez sorpréndese da cantidade de detalles que se citan, froito dunha memoria privilexiada. Lembra algunhas pasaxes biográficas como a estancia na América, que non lle empeceu o labor literario, ou a súa sempre delicada saúde. Sinala que a súa forza creativa non foi allea a ningún dos tres grandes xéneros e valora positivamente a calidade literaria que se reflicte nestas memorias.

- Julia Rey Rodríguez, “Sensibilidade”, *La Región*, 15 setembro 1999, p. 20.

Colaboración que fai referencia conxunta a esta obra de Pura Vázquez e a *Amor y parte*, de Dora Vázquez. Gaba a creatividade das dúas e sinala o problema da dificultade que entraña o acceso ós primeiros traballos de ámbalas escritoras, polo que solicita reedicións.

Vidal, Fidel, *Anatomía da emoción poética*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Luzes de Galicia, novembro 1999, 191 pp. (ISBN: 84-7492-941-5).

Aproximación de Fidel Vidal á obra dun feixe de poetas contemporáneos do contorno galego-portugués, dende Manuel Antonio ou Luis Seoane ata Miguel Anxo Fernán Vello ou Manuel Rivas, así como António Ramos Rosa e Fernando Pessoa. Conta cunha introducción que baixo o título de "Propiedade da palabra" tenta explica-la relación do poeta coas palabras que emprega na súa obra e nas que transmite a súa visión do mundo. Dos trece poetas analizados, comézase polo significado que a palabra "mar" ten na obra de Manuel Antonio, en tódolos contextos que aparece e a simboloxía que adquire, ben de liberdade ou de morte; séguese con Luis Seoane e o concepto de Galicia na obra do poeta, salientando ademais a forma da mesma, así fará con Miguel González Garcés e o valor dos nomes no home, que en Avilés de Taramancos se transforma en berro para chama-la atención do pobo, ou xa en Lino Braxe e Miguel Anxo Fernán Vello será a náusea e o desexo, respectivamente, para rematar con Xavier Seoane e o seu canto á vida e ó ser ante a propia vida e a morte. Ó final de cada un dos capítulos da obra recóllese a bibliografía empregada.

Vilavedra, Dolores, *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Galaxia, col. Manuais, nº 2, marzo 1999, 370 pp. (ISBN: 84-8288-258-9).

Nova achega á historia da literatura galega, nesta ocasión a cargo de Dolores Vilavedra na que, estructuralmente, se atopa un limiar no que a propia autora dá conta, entre outras cousas, do proxecto de renovación do material didáctico dentro do que se enmarca a presente obra e os obxectivos que se tentan acadar, entre os que se sinala unha revisión crítica do material existente e unha actualización das últimas décadas da literatura galega, así como a revisión do canon e a redefinición do método co que abordalo. Conta tamén cunha ampla introducción na que se recollen algunhas consideracións tanto teóricas coma metodolóxicas, entre as que se salienta o seguimento na maioría das etapas de autores que historiaron anteriormente a literatura galega, entre eles Carballo Calero e Anxo Tarrío, apuntando que a súa maior achega se dá na última etapa da literatura galega, tentando darlle o mesmo enfoque que a etapas anteriores, ademais de aborda-lo concepto de literatura "galega", a súa condición de periférica ou a problemática de defini-lo feito literario. Pásase, a seguir, ó corpus da obra que consta de sete grandes apartados nos que se aborda o estudio dos fenómenos literarios da literatura galega de cada momento e as figuras máis senlleiras de cada un deles, e que aparecen baixo os títulos de "A literatura medieval", "A literatura nos chamados "Séculos Escuros", "Os albores do século XIX. O Prerrexurdimento e os Precursores", "De 1863 ás Irmandades da Fala", "Das Irmandades da Fala á Guerra Civil", "Da Guerra Civil a 1980" e, por último, "A literatura galega dende 1980 ata hoxe". Neste último apartado ofrece unha ampla panorámica dos diferentes xéneros. Así, dentro do xénero poético pon de relevo a chamada Xeración dos oitenta, así como os autores xa consagrados como Arcadio López Casanova, Bernardiño Graña ou X. L. Méndez Ferrín. A seguir, achega unha pormenorizada traxectoria dun gran número de autores como X. L. Méndez Ferrín e Carlos Casares. Tamén se fala do xénero teatral, diferenciando a promoción dos oitenta da dos no[illegible]l e xuvenil.

Recensións:

- Xoán González-Millán, “Outra historia da literatura galega”, *Guía dos libros novos*”, “Estudios Literarios”, nº 7, maio 1999, pp. 28-29.

Comentario da *Historia da Literatura Galega*, de Dolores Vilavedra. Destácase a novidade de incorpora-las seccións de haxiografía, historiografía e outras modalidades discursivas, ademais de salienta-la atención que a autora lle presta á época posfranquista e, máis concretamente, ó teatro. Finalmente, refírese ás palabras da profesora Vilavedra cando cualifica o seu traballo de “obra de síntese”.

- Marisol Neira, “Manual actualizado pero pretencioso”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 2, 19 novembro 1999, p. 3.

Fai referencia á nova historia da literatura a cargo de Dolores Vilavedra, despois de citar algúns precedentes como o traballo levado a cabo por Ricardo Carballo Calero, o de Francisco Fernández del Riego ou o de Anxo Tarrío. Así, céntrase na análise desta nova achega da que salienta a claridade na estructuración dos períodos que se recollen, e, a seguir, detense na análise da segunda metade do libro que abrangue dende 1936 ata hoxe en día. Deste apartado pon de relevo a atención “breve pero diferenciada” que a autora presta a literatura do exilio, así como o apartado dedicado á narrativa das últimas dúas décadas. Sen embargo, salienta as eivas que, na súa opinión, se aprecian no traballo como son o exceso de subxectividade á hora de citar determinados volumes, ou o escaso tratamento que se lle dedica á literatura infantil e xuvenil e ó ensaio.

-Paulino Vázquez Vázquez, “De prólogos e logos”, *A Trabe de Ouro*, nº 40, “Publicacións”, Tomo IV, Ano X, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 591-596.

Paulino Vázquez critica a presentación que fai Dolores Vilavedra no prólogo da súa obra *Historia da Literatura Galega*: di que logo non se axusta ó que promete, limítase a recolle-lo que xa dixeron outros

antes e non fai ningunha reflexión fundamentada. Di que no título do libro falta a palabra “manual”, indicadora do que aparece dentro. Para chegar a estas conclusións, analiza a obra aplicando a teoría marxista ó sistema de edición: “Indo ao que nos ocupa tentaremos ver se son relevantes as constantes *cantidade* de información e *tempo* de lectura, e en qué medida os presupostos teóricos da autora se aproximan á epistemoloxía (*coñecemento*) ou á *ideoloxía*, no sentido marxista (*falsa conciencia*) do termo sen exclusión, claro está, de *mercancía*”. Vázquez cre que o libro de Vilavedra é mercancía.

Referencias varias:

-Diego Ameixeiras, “Os poetas da xeración dos 90 estanlle devolvendo á literatura protagonismo social”, *El Mundo. Galicia*, 12 abril 1999, p. 8.

Artigo que, en formato entrevista, descobre as opinións de Vilavedra sobre a súa historia da literatura. Considera que a atención prestada á literatura contemporánea constitúe a novidade máis sobranceira e critica a apropiación que dos escritores se fai dende diversas opcións políticas. Subscribe o criterio filolóxico para a delimitación do sistema literario galego e asegura que esta mellorou moito en calidade. Non cre que as disputas interxeracionais sexan perxudiciais e tira importancia ás liortas normativas.

- Beatriz Pallas, “A segunda Idade de Ouro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 80, 1 xuño 1999, p. 7.

A través das preguntas de Beatriz Pallas, Dolores Vilavedra expresa a necesidade de ter en conta as relacións entre o proceso de normalización lingüística e a literatura, a cal debe estar sempre en constante renovación. Exclúe do sistema literario galego toda obra escrita noutro idioma e afirma que as nosas letras están a vivir unha “segunda Idade de Ouro”. Respecto á historia da literatura que vén de publicar, sinala como novidades máis salientables a atención que lle presta ás dúas últimas décadas e á prosa medieval.

-Alfredo Conde, “Crítica literaria”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 xullo 1999, p. 48/p. 4.

Quéixase do maltrato premeditado do que é obxecto nesta historia da literatura, onde se cualifica a súa obra publicada na última década de “peregrinaxe lingüística, editorial e temática un tanto errática”. Enumera a súa producción deste decenio e cita abundantes e recoñecidos estudiosos que a xulgaron positivamente. Así mesmo, recomenda a lectura das críticas aparecidas nestes anos en publicacións estranxeiras.

- Ernesto Vázquez Souza, “Isto non é unha pipa, mais tampouco unha historia da literatura”, *A Nosa Terra*, nº 893, “Guieiro Cultural”, 29 xullo 1999, p. 26.

Principia negándolle a este volume o carácter de historia da literatura e coida que lle acae mellor a denominación de manual. Critícalle a escaseza de miras e o seguidismo excesivo ó dictado da obra de Carballo Calero. Aponlle este mesmo defecto á historia de Tarrío e á publicada por fascículos pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega. Coida que Carballo (e tódolos seus seguidores) necesitan unha revisión profunda e proclama a necesidade dunha perspectiva máis global, abríndose a explicacións que teñan en conta cuestións económicas, sociolóxicas e ideolóxicas, isto é, reivindica a consideración do punto de vista sociopolítico. Nesta liña, solicita o abandono da liña divulgativa neste tipo de textos universitarios por unha teorización seria.

-Dolores Vilavedra, “Algunhas miunzas para un futuro debate”, *A Nosa Terra*, nº 896, “Guieiro Cultural”, 19 agosto 1999, p. 19. Artigo de resposta ó publicado por Vázquez Souza o 29 de xullo na mesma sección. Sempre cun ton irónico, Vilavedra sinala que os criterios que se sinalan para unha historia da literatura galega son válidos só para esta e coida ademais que están moi politizados. Declara a necesidade dunha grande obra que renove as perspectivas de sempre pero acha que non hai ninguén capaz de levala a cabo individualmente

ou de dirixir un equipo con ese fin. Deposita as súas esperanzas en que as xeracións novas sexan quen de acometer esta tarefa. Nembargantes concorda con Vázquez Souza na carencia de estudios parciais. Rexeita a acusación de que o seu traballo estivese subvencionado e culpa da falta de planificación na investigación literaria ó Centro Ramón Piñeiro, o cal disporía do apoio público necesario para emprender este labor.

Villalta, Luísa, *O outro lado da música, a poesía. Relación entre ambas artes na historia da literatura galega*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Campus, nº 9, 1999, 155 pp. (ISBN: 84-89976-85-6).

Ensaio diacrónico da relación entre música e poesía ó longo da historia da música e literatura galegas, tentando sempre identifica-la poesía como son, é dicir, como música. Comeza pola música das cantigas medievais de Martín Codax, pasando pola exaltación da gaita e o canto popular nos poetas do Rexurdimento, polo nacionalismo musical de músicos como Adalid, Montes ou Veiga e poetas como Cabanillas, Risco ou Manuel Antonio etc., para rematar coas chamadas "formas da nova música", onde vincula a poesía de Blanco Amor co concepto wagneriano da obra de arte total, o medievalismo da poesía de Cunqueiro coas novas tendencias musicais de folclorismo e politonalidade propias de autores como Bela Bartok ou Debussy e os poemas galegos de Lorca co chamado nacionalismo de síntese, é dicir, a comuñón das novas tendencias musicais de disonancia surrealista coa sonoridade popular. O traballo vén acompañado en cada un dos seus apartados de poemas que exemplifican cada unha das teses establecidas e inclúe como apéndices un artigo de Jaime Quintanilla, "O Nazonalismo musical galego", publicado en *Nós* no ano 1920, e a transcrición musical do Alalá nº 62 do *Cancionero Gallego*, recollido por E. M. Torner e J. Bal y Gay.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Relación entre poesía e música na literatura", *Faro de Vigo*, "*El Sábado*", nº 136, 18 decembro 1999, p. 4.

V.1. Monografías ,biografías, crónicas e libros colectivos

Logo dun comentario sobre o son como a forma máis característica da comunicación humana, refírese á progresiva disociación entre literatura e música. Nesta liña sitúa a obra de Luísa Villalta, pois “trata de restituír esa primitiva unidade” entre ámbalas dúas formas de expresión. Achégase tamén ó contido do libro, que, na súa opinión, “engade unha perspectiva musical á interpretación literaria” e traza “un interesante percorrido ao longo da historia da poesía galega”. Finalmente, ofrécese un perfil biobibliográfico da autora do estudio.

Villar Janeiro, Helena, *Delas*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 1999, 124 pp. (ISBN: 84-89129-71-1). .

Recompilación de cincuenta e oito artigos publicados por Helena Villar Janeiro en *El Correo Galego* entre os anos 1994 e 1998 distribuídos da seguinte maneira: ano 1994, dez artigos;1995, nove; 1996, once; 1997, quince; e 1998, trece. Entre os temas principais desta escolma de artigos xorde de xeito recorrente a situación das mulleres así como o da lingua e a literatura galega, complementados con temas de actualidade política e social.

Referencias varias:

-M. Dourado Deira, "*Delas*': Un libro con vocación de crónica", *O Correo Galego*, "Ardentía", 2 outubro 1999, p. 2.

Tras sinala-la procedencia dos artigos deste volume, Dourado reflexiona sobre a comunicación xornalística. Ve na liberdade o fío conductor e a máxima regra destes traballos. Considera que o feminino e a situación da muller é a temática preponderante da obra malia haber outras tamén moi presentes: o galego, a educación e a literatura. .

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 2. Reedicións comentadas

Alonso Montero, Xesús, *Pedro Petouto*, *Traballos e cavilacións dun mestre subersivo*, limiar de Darío Villanueva, presentación de Xesús Díaz, ilust. Xaime Quessada, Xosé Luís de Dios e Alejandro Vidal, Santiago de Compostela: Fundación 10 de marzo/Universidade de Santiago de Compostela, outubro 1999, 81 pp. (ISBN: 84-8121-779-4). €

Xesús Alonso Montero ofrécenos nas primeiras páxinas deste libro un “Prólogo á edición de 1999”, esta que comentamos, no que fala sobre o que podemos atopar neste volume da obra do seu *alter ego* Pedro Petouto. En primeiro lugar, *Pedro Petouto. Traballos e cavilacións dun mestre subversivo*, recolle a edición de 1974: unha “Adicatoria”, un capítulo titulado “A modo de adianto” e trece artigos. Logo, aparece “Pedro Petouto. Traballos e cavilacións dun mestresubversivo”, que compila catro capítulos publicados entre 1976 e 1984. Ó final, inclúe un capítulo de “Notas bibliográficas” onde se relacionan as publicacións nas que se recolleranprimeiramente estes artigos de Pedro Petouto, ademais dun “Índice de nomes e persoas”. Contén, así mesmo, un capítulo derradeiro onde se xunta un “Anexo de imaxes relacionadas con Pedro Petouto”.

Alonso Montero, Xesús, Alfonso **Álvarez Gándara**, Xosé Manuel **Beiras**, Ricardo **Carballo Calero**, Isaac **Díaz Pardo**, Manuel **Lourenzo** e Ramón **Otero Pedrayo**, *Castelao*, ed. de José Gómez Alén e Víctor Manuel Santidrián Arias, limiar de Darío Villanueva, introds. de Pedro Altares, Víctor Manuel Santidrián Arias, Xesús Alonso Montero, Alfonso Álvarez Gándara, Isaac Díaz Pardo e Manuel Lourenzo, Santiago de Compostela: Fundación 10 de marzo/Universidade de Santiago de Compostela, 1999, 75 pp. (ISBN: 84-8121-782-4). €

Edición facsimilar en homenaxe a Castelao, publicada pola Fundación 10 de Marzo e a Universidade de Santiago de Compostela, con motivo da celebración do cincuentenario dopasamento de Castelao. A edición consta dun limiar de Darío Villanueva, no que presenta a citada publicación e describe o seu contido, un cúmulo de artigos nos que se pretendía ofertar un "retrato plural de Castelao". A seguir, ofrécense unha serie de artigos, que detallaremos acontinuación, escritos por algúns dos que colaboraron naquela primeira edición publicada no ano 1975 na revista *Cuadernos para el diálogo*. Para rematar, reprodúcese a edición facsimilar que se publicou no seu momento no número 58 da colección "Los Suplementos" e que constituiu unha homenaxe ó escritor rianxeiro, vintecinco anos despois da súa morte. Os artigos ós que nos referimos anteriormente son os seguintes:

- Pedro Altares, "Castelao en *Cuadernos para el diálogo*", pp. 11-12.

Lembra a aparición dunha colección de libros, "interdisciplinar e heteroxénea en contidos" que, baixo o título de *Cuadernos para el diálogo* e a dirección de Max Aub, comezou a súa andaina no ano 1963, primeiro como revista mensual e máis tarde como editorial. Afirma que un dos primeiros nomes que

apareceron nesta publicación foi o de Castelao. Para rematar, describe o contido do número 58 da colección "Los Suplementos" da revista *Cuadernos para el diálogo*, dedicado a Castelao e preparado polo profesor Xesús Alonso Montero.

- Víctor Manuel Santidrián Arias, "Hai vintecinco anos doutros vintecinco anos", pp. 13-15.

Alude á publicación, por parte de *Cuadernos para el diálogo*, dun monográfico dedicado a Castelao cando se cumpriron, no 1975, vintecinco anos do seu pasamento. Agora, no 1999, outros vintecinco anos despois da publicación dese monográfico, o articulista saúda a aparición do presente volume, que recolle aquela primeira edición facsimilar e unha serie de artigos posteriores, escritos por algúns dos colaboradores que participaron no volume inicial.

- Xesús Alonso Montero, "Comentario a 'palabras previas", pp. 17-18.

Alonso Montero puntualiza tres afirmacións que publicou no limiar do Suplemento número 58 que se vén de reeditar con motivo do cincuentenario da morte de Castelao. Fala da ausencia dalgúns personaxes destacados na cultura galega e reproduce varios fragmentos dunha carta de X. L. Méndez Ferrín na que o escritor manifesta o seu desexo de non colaborar no citado suplemento.

- Xesús Alonso Montero, "Comentario a 'Castelao y Galicia: 1916-1920", p. 19.

Sucinta reflexión sobre o artigo "Castelao y Galicia: 1916-1920" que o articulista escribiu especialmente para o Suplemento número 58 de *Cuadernos para el diálogo*. Repasa o contido do artigo e alude a unha recensión de Carlos Casares, publicada en *La Voz de Galicia* o 23 de marzo de 1975 con motivo deste artigo.

- Alfonso Álvarez Cáccamo, “Despois de medio século”, pp. 21-22.

Despois de rele-lo artigo sobre Castelao, que publicara hai vintecinco anos, Álvarez Gándara afirma que hai moi poucas cousas que hoxe debera rectificar. A seguir, reproduce algúns fragmentos dun artigo de Xesús Alonso Montero que coinciden coas súas afirmacións.

- Isaac Díaz Pardo, “Como vía as cousas hai 25 anos e como as vexo hoxe”, pp. 23-24. Realiza un breve percorrido pola historia de Galicia e España dende o ano 1975 ata a actualidade.

- Manuel Lourenzo, “Tempo de mestres”, p. 25.

Lembra como foi requirido por Xesús Alonso Montero para levar a cabo un estudio sobre a producción teatral de Castelao. Recorda, así mesmo, como comezou a saber cousas do rianxeiro a través da revista *Vieiros* e da *Escolma Posible*, de Dónega. Para rematar, manifesta o seu agradecemento á Fundación 10 de Marzo, promotora da recuperación desta edición facsimilar.

Murguía, Manuel, *Diccionario de escritores gallegos*, estudio preliminar e ed. de Ignacio Cabano Vázquez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo), col. Bibliofilia de Galicia, nº 15, 1999, 290 pp. (ISBN: 84-4532430-6). €

Reedición facsimilar do inacabado *Diccionario de escritores gallegos*, de Manuel Martínez Murguía, que fora editado en entregas por Juan Compañel e reimpreso en 1862. No estudiointroductorio, titulado “Manuel M. Murguía, bibliógrafo”, Ignacio Cabano traza un perfil da traxectoria vital do autor e pon de relevo a falta dun repertorio que recolla a bibliografía completados seus escritos. Así mesmo incide de xeito especial na contribución murguiana á Bibliografía partindo da motivación ideolóxica e dunha concepción globalizadora da historia na que se abarquen tanto aspectos políticos coma literarios. Logo de realizar unha análise panorámica dostraballos bibliográficos realizados por Murguía, céntrase na descrición do diccionario subliñando a conxunción do fervor erudito co afán divulgativo da literatura galega. A obra estructúrase comezando por unha advertencia e un discurso preliminar nos que Murguía expón as súas ideassobre a literatura, a lingua, a raza e a historia. O diccionario propiamente dito (que abrangue ata a letra F) recolle datos referentes a autores nacidos en Galicia e vén precedido polo apartado titulado “De la imprenta en Galicia”. Complétase cunha antoloxía de escritos “escojidos en prosay verso de los mejores autores gallegos” nos que non figuran textos en galego non sendo algunhas composicións de Macías nas que se mestura a lingua castelá coa lingua galega.

Recensións:

- Henrique Rabuñal, “Diccionario de escritores”, *La Voz de Galicia, “Culturas*”, nº 91, 17 agosto 1999, p. 7.

Saúda a edición do *Diccionario de escritores gallegos* de Manuel Murguía, da man de Ignacio Cabano Vázquez. Sinala os pormenores dos que partiu Murguía para a elaboración desta obra e tamén das circunstancias que o levaron a escribila. Alégrase por esta nova edición precisamente antes de se saber que será homenaxeado o vindeiro ano no Día das Letras Galegas.

Referencias varias:

-Ignacio Cabano Vázquez, "Recuperación dunha obra pioneira: o 'Diccionario de Escritores Gallegos", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 5, 10 decembro 1999, p. 1.

Considera que esta empresa de Manuel Murguía é, hoxe en día, unha curiosidade bibliográfica, aínda que no seu momento foi unha obra pioneira ó tratarse do primeiro ensaio da historia da literatura galega. Comenta a sorprendente escaseza de exemplares, a súa reedición na colección Bibliofilia de Galicia e cuestións relativas á elaboración da obra e á súa repercursión en repertorios posteriores. Finalmente, considera que a obra recuperada "é unha valiosa peza para quen queira reconstruí-lo crebacabezas da historia dos nosos repertorios".

Otero Pedrayo, Ramón, *Sereno e grave gozo. Ensaios sobre a paisaxe*, ed. de María Cuquejo, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 163, Obras de Otero Pedrayo, xuño 1999, 236 pp. (ISBN: 84-8288-284-8).

Esta escolma de seis ensaios, publicados entre 1922 e 1965 en diversas revistas, amósano-la particular concepción que ten Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, Amoeiro, 1976) da paisaxe e da aldea galega. María Cuquejo, encargada da edición, preséntanos na “Introducción” os cinco eixes sobre os que xiran estes ensaios: paisaxe galega, tempos –cósmico e da paisaxe–, factores da paisaxe –luz, horizonte, auga, chan e acción do home–, formas da paisaxe e maila aldea. Os ensaios que conforman *Sereno e grave gozo* son: “Sobre a aldea” (1922), “Sobre o elemento animal na paisaxe” (1932) e “Ensaios acerca do estilo da paisaxe” (1933) editados na revista *Nós*; “Sete paisaxes galegas e mais os alicerces dunha teoría”, que apareceu en *A Nosa Terra* entre os anos 1947 e 1948, no que só se describen cinco –Muxía, O Carballiño, Viana do Bolo, Viveiro e A Mahía– das sete paisaxes galegas anunciadas; “Ensaio sobre a paisaxe galega” (1955), incluído no libro *Paisaxe e cultura* e “A aldea no seu decorrer histórico” (1965) publicado en *Grial*. A presente edición asumiu certos cambios lingüísticos, tendo como referencia a normativa actual, que aparecen comentados no apartado “Algúns comentarios sobre a lingua”, que xunto co “Glosario” pechan esta publicación.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Ensaios sobre a paisaxe e as aldeas galegas”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 123, 18 setembro 1999, p. 4.

Infórmase sobre a andaina editorial dos seis ensaios de Otero Pedrayo, que agora conforman este volume. Opínase que xuntos constitúen unha innovadora cosmovisión da paisaxe galega, arredada xa de tópicos como a dozura ou a feminidade.

-Ramón Nicolás, “A suxestión da paisaxe”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Narrativa”, novembro 1999, p. 24.

Considera a recuperación dos textos de Ramón Otero Pedrayo na editorial Galaxia unha mostra da dimensión creativa e literaria deste autor aínda na actualidade. Opina que nos seis ensaios recompilados en *Sereno e grave gozo. Ensaio sobre a paisaxe,* Pedrayo fai un percorrido da nosa paisaxe cunha óptica romántica e globalizadora dende a perspectiva da súa faceta de xeógrafo, humanista, erudito e literato. Facilita os títulos destes ensaios publicados entre 1922 e 1965 e tilda de satisfactoria esta escolma aínda que non inclúa tódolos ensaios paisaxísticos escritos por este autor.

Pardo de Cela, P., *Doctrina Galicianista*, posfacio de Antón Capelán, Santiago de Compostela: Libraria Couceiro, decembro 1999, 76 pp. (D. L.: C-2493-1999).

Reedición facsimilar e non venal do libro publicado en 1905 por P. Pardo de Cela, pseudónimo de Constantino Horta. A obra, escrita en castelán, fora publicada na capital cubana malia que na portada figura que foi editada pola inexistente “Imprenta Regionalista” da Coruña. Está redactada

coa fórmula de catecismo, con oracións, sacramentos ou mandamentos nos que se recollen preceptos afíns ó ideario político rexionalista. No posfacio, Antón Capelán leva a cabo un repaso da actividade cultural e política desenvolvida en Cuba polos galegos a finais do século dezanove e principios do vinte. Nesta panorámica préstalle especial atención ó labor concreto de Constantino Horta como profesor de comercio, político e xornalista. Así, fai referencias concretas á fundación da Asociación Iniciadora y Protectora de la Real Academia Gallega e á creación dun Comité Redencionista da Habana. Ademais fai fincapé na participación de Horta no debate da época sobre o lugar de nacemento de Cristóbal Colón e do comentario que lle fixo a Eduardo Pondal sobre a conveniencia de que no poema “Os Eoas” insinuase a orixe galega do descubridor de América. Refírese tamén Capelán á tradición xenérica dos catecismos políticos.

Recensións:

- Helena González, “Así non”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 295, 30 decembro 1999, pp. 6-7.

Ver Pedreira Lombardía, Emma, *Diario Bautismal dunha anarquista morta*, no apartado II.1, deste *Informe*.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

Álvarez**, Eloísa e Isaac** Alonso Estraviz **(eds.),** ***Os intelectuais galegos e Teixeira de Pascoaes. Epistolário*****, córpus documental e introd. de Eloísa Álvarez, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 1999, 277 pp. (ISBN: 84-7492-933-4).**

Recompilación de cento setenta e oito cartas que forman parte da correspondencia entre distintos intelectuais galegos e o escritor portugués Teixeira de Pascoães. Na introducción,Eloísa Álvarez refírese ó corpus recollido como elemento de interese para datar con certo rigor o proceso relativo ás visicitudes do movemento galeguista ligado ás Irmandades da Fala. Ademaisconcibe estas cartas como un espello da confluencia da cultura peninsular na primeira metade do século XX e como contributo para o coñecemento e interpretación da historia da prensa galega a partir da cantidade de cartas nas que distintos responsables de xornais demandancolaboracións do escritor. A autora refírese tamén ós anceios de confluencia cultural e político de sectores do galeguismo con Portugal con Vicente Risco como máximo impulsor. O epistolario comprende datas que van de 1918 ata 1952 e das dezaseis cartas enviadas por Teixeira dePascoães cinco van dirixidas a Xosé Noriega Varela, dez a Álvaro Cebreiro e unha a “A. N. T. e os Galegos”. Os galegos que lle remiten correspondencia a Teixeira son trinta e oito. Entre os escritores galegos que se cartean co portugués atópanse Roberto Blanco Torres, Julio Casal,Álvaro de las Casas, Víctor Casas, Castelao, Eugenio Montes, Jaime Quintanilla, Faustino Rey Romero, Julio Sigüenza, os irmáns Antonio e Ramón Villar Ponte ou Joám Viqueira. Comoapéndice reprodúcense catorce poemas de Teixeira relativos a Galicia ou publicados en revistas galegas.

Calvino, Italo, *Leccións americanas. Seis propostas para o vindeiro milenio* (*Lezioni americane*), presentación de Esther Calvino, trad. Moisés Barcia, Pontevedra: Kalandraka, col. Biblioteca de Panteno, nº 2, 1999, 165 pp. (ISBN: 84-95123-73-8).

Volume integrado por seis capítulos precedidos dunha presentación, composta por dúas notas introductorias de Esther Calvino. A primeira explica a xénese das leccións: a Universidade deHarvard convidara o autor a impartir un ciclo de seis conferencias nos Estados Unidos. Ó finar antes de partir para América, deixou escritas cinco das seis conferencias, que tratan diversos valores que deben perdurar no próximo milenio e que foron publicadas postumamente. A segunda nota foi escrita para a edición española do volume, de 1998, e nela explica a inclusión de “A arte de comezar e a arte de rematar”, que a editora supón que ía se-lo oitavo texto (aínda que só fosen ser lidos seis durante o ciclo). Na primeira lección, “Levidade”, opón esta característica ó peso e exemplifícaa con literatos como Milan Kundera e Guido Cavalcanti. A seguir, fai depende-la “Rapidez” do tempo narrativo e cualifícaa de elemento máxico que dá unidade, xa utilizado nas novelas de cabalerías e nas sagas nórdicas. A terceira conferencia ocúpase da “Exactitude”, concepto que se relaciona coa estructura, a evocación e a expresión. Tamén defende que as imaxes e os feitos reais poden supera-los recursos lingüísticos á hora de narrar. Esa capacidade de facer visibles as imaxes que o autor imaxina sería a “Visibilidade”. A quinta lección, “Multiplicidade”, supón que cada elemento dunha obra sexa integrado nunha “rede de relacións que o escritor non pode deixar de seguir, multiplicando os detalles”, é dicir, este asumiría unha inmensa pluralidade de perspectivas. O volume péchase con “A arte de comezar e rematar”, un texto provisional que ía se-la conferencia inaugural pero que ficou despois desbotada. Calvino defende o maior grao de perfección e orixinalidade acadado historicamente nos inicios respecto dos finais. Despois explica diversos xeitos de rematar unha

obra e comenta que o comezo significa acouta-las ilimitadas posibilidades que ó autor se lle ofrecen, para actualizar só algunhas.

Gasquoine Hartley, C., *Un verán en Galicia* (*Spain Revisited. A summer Holiday in Galicia*, 1911), trad. Xosé María Gómez Clemente, Vigo: Galaxia, col. Galicia no Espello, 1999, 313 pp. (ISBN: 84-8288-316-X).

Libro de viaxes da escritora inglesa Catherine Gasquoine Hartley, no que testemuña asimpresións tiradas dunha viaxe na que coñeceu a Galicia de comezos do século XX. A obra, que se publicou orixinalmente en inglés en 1911 e que denota certo romantismo, conxuga a descrición do país con constantes reflexións sobre diversos aspectos da sociedade galega paraprofundizar na singularidade propia de Galicia, posta de relevo polo contraste que observou a autora con outras zonas do Estado Español coñecidas en anteriores visitas. Ó longo dos 17 capítulos dos que consta o volume, son continuas as alusións ó progreso, á historia, áemigración, á lingua e á literatura (que inclúe un comentario referente á lírica medieval e mesmo a transcrición de poemas populares e cultos), ás mulleres (que teñen a Concepción Arenal,Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán como máximas representantes) e ata alusións ó “renacemento da vida nacional e económica” galega, froito da observación propia ou do asesoramento de persoeiros como Manuel Murguía.

Gutiérrez, Santiago, *Merlín y su historia* (*Merlín e a súa historia, 1997*), trad. Santiago Gutiérrez García, Madrid: Alianza Editorial, col. El libro de Bolsillo, Biblioteca temática, Biblioteca artúrica, nº 8706, 1999, 323 pp. (ISBN: 84-2063668-1).

Versión castelá de *Merlín e a súa historia*, que se publicara o ano 1997 na colección "Universitaria" de Edicións Xerais de Galicia. A obra, que tivo a súa orixe na Memoria de Licenciatura de Santiago Gutiérrez mantén a mesma estructura que a orixinal; é dicir, oito capítulos, unha introducción, unha conclusión, uns apéndices con resumos das principais obras que recollen a historia de Merlín e unha bibliografía final. Este ensaio sobre a Materia de Bretaña describe o nacemento literario da figura de Merlín, a súa evolución a través dos textos medievais e a chegada ós textos casteláns e galego-portugueses de fins da Idade Media (séculos XIV-XVI).

Lancastre, María José de, Silvano **Peloso** e Ugo **Serani** (eds.), *E vos, Tágides minhas. Miscellanea in onore di Luciana Stegagno Picchio*, Viareggio-Luca: Mauro Baroni Editore, 1999, 718 pp. (ISBN: 88-8209-099-X).

Recompilación de traballos en homenaxe á profesora Lucciana Stegagno Picchio, que ten dedicado a súa longa traxectoria docente e investigadora, entre outros temas, ó estudio da líricaprofana galego-portuguesa. O volume inclúe un artigo sobre literatura galega do que damos conta a seguir e dous dedicados á literatura medieval, que aparecen descritos no apartado XI deste *Informe*.

- Francesco Guazzelli, “I poemi *galegos* di Lorca”, pp. 377-391.

Traducción ó italiano dos *Seis poemas galegos* de García Lorca acompañada dos correspon-dentes textos en lingua orixinal. O traballo ábrese cunhas breves consideracións arredor da discutida autoría dos poemas, coa conclusión de que son debidos á pluma lorquiana.

Mourelle de Lema, Manuel (ed.), *El 98 hispánico con atención especial a Galicia*, Madrid: Ediciones Grugalma, col. Aula abierta, nº 9, 1999, 79 pp. (84-88081-146).

Recóllense neste volume as ideas expostas por diferentes estudiosos nas decimocuartas xornadas anuais do Grupo Cultural “Galicia en Madrid” , en colaboración coa Casa de América en Madrid, dedicadas á efeméride de 1898. No prólogo o propio editor realiza unha panorámica da incidencia social e intelectual desta data en Galicia. Os traballos relativos a Galicia acólleos o segundo apartado titulado “El 98 y Galicia”. Nel, ademais dun panorama sociopolítico da Galicia de finais do século XIX, que asina Vilas Nogueira, reprodúcese un artigo que atinxe á literatura galega e que se describe a continuación.

- Manuel Mourelle de Lema, “El 98: Galicia y América”, pp. 57-69.

Comeza coa referencia ás sociedades galegas no continente suramericano durante o século XIX para con posterioridade atender no seu respectivo apartado ós escritores galegos que dende Galicia e o resto de España se ocuparon de América coincidindo co 98. Deste xeito, parte da contextualización no Rexionalismo e alude ó posicionamento de Núñez de Arce ou Sánchez Moguel sobre este movemento. Brevemente menciona as vertentes rexionalista e nacionalista do galeguismo decimonónico e posteriormente achega algunhas notas biobibliográficas de autores como Xan de Masma, Bernardo Barreiro de Vázquez Varela, Eladio Rodríguez González ou Valle-Inclán. O traballo complétase co tratamento doutras cuestións como a presencia dos galegos en América e do influxo de América nos galegos coa alusión a algunhas das sociedades galegas existentes na fin do século pasado ou de cabeceiras de xornais estreitamente vinculadas con Galicia.

Pla, Josep, *Viaxe por Galicia. De Ribadeo a Tui*, trad. Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia, col. Galicia no Espello, febreiro 1999, 132 pp. (ISBN: 84-8288-2481).

Centrada na *Viaxe por Galicia*, de Josep Pla e parte dunha obra maior titulada *Direcció Lisboa*, esta traducción recolle dende o momento no que o viaxeiro entra en Galicia, por Ribadeo, ata que a abandona por Tui, como o propio título recolle. Na viaxe de varios días polo norte de Lugo, visitando a propia capital e algunhas vilas costeiras, a súa estancia en Fisterra e logo enPontevedra e Vigo. Os apuntes que se atopan neste libro de viaxes refírense tanto á paisaxe que pode observar coma á propia paisanaxe da Galicia do ano 1972, aqueles detalles que podeobservar directamente e o sorprenden, pero tamén outros moitos que intúe. Asociados a estas cidades galegas aparecen algúns intelectuais que entran en contacto co visitante como son Álvaro Cunqueiro, Filgueira Valverde e Torrente Ballester, con eles reúnese en Vigo e aproveitaesta circunstancia para achega-la súa opinión da obra e personalidade de cada un deles.

Recensións:

- M. Veiga, “A viaxe de Pla por Galicia”, *A Nosa Terra*, nº 884, “Guieiro Cultural”, 27 maio 1999, p. 28.

Veiga enlaza a literatura de viaxes de posguerra coa que seguiu ó drama emocional de 1898. Non obstante, pensa que esta procuraba descubri-la esencia española mentres que aquela constituía un xénero co que os autores se evadían da triste realidade da España da dictadura. Neste senso, relaciona a Josep Pla con Cunqueiro, Delibes, Torrente e Cela. Lembra que a súa figura na cultura catalana é

equiparable ás de Cela ou Torrrente na galega. Xulga a visión de Pla como ruralizante, elitista e aristocrática, sen dar alternativas a un progreso e a unha modernidade que non comparte.

-Lourdes María Pardo Seoane “Josep Pla. *Viaxe por Galicia. De Ribadeo a Tui*”, *InteresArte*, nº 5, “Libros”, primavera 1999, p. 47.

Lourdes Pardo pensa que nesta viaxe literaria de Pla por Galicia non hai nada deixado ó azar: descricións detalladas, xenerosidade na adxectivación e sensación de estarmos saboreando unha paisaxe con gusto antigo son algunhas das impresións que saca da obra. Apunta, ademais, que o libro, publicado en Galicia como unidade, forma parte dun proxecto máis amplo de Pla titulado *Direcció Lisboa*.

- Ramón Nicolás Rodríguez, “Pla por Galicia”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”,* nº 86, 13 xullo 1999, p. 6.

Análise da visión que Josep Pla ofrece na súa *Viaxe por Galicia* no ano 1972 salientando as dotes de observador que desprega na súa visita, así como, a valoración positiva de todo o que o rodea e evitando calquera alusión directa a temas conflictivos do momento, entre eles, a breve alusión á figura de Castelao.

Referencias varias:

- B. R. S., “Galaxia edita en gallego “*Viaxe por Galicia*” de Pla”, *La Voz de Galicia*, 20 maio 1999, p. 35.

Nota da presentación da obra en Vigo no restaurante “El mosquito”. Faise fincapé en que nese lugar comeu Josep Pla con Cunqueiro e Torrente en 1972 e menciónase que a colección na que se integra o volume está dedicada ós relatos de viaxes.

- Diego Ameixeiras, “A viaxe galega de Josep Pla”, *El Mundo*. *Galicia*, 6 xuño 1999, p. 12.

Ameixeiras sitúa a Pla entre o mellor da literatura catalana deste século e vai resumindo, acompañando citas textuais, a súa viaxe por Galicia.

- Carlos L. Bernández, “Pola Galicia de Pla”, *Guía dos libros novos,* “Narrativa”, nº 8, xuño 1999, p. 22.

Infórmase de que a editorial Galaxia ten unha colección, “Galicia no espello”, dedicada a coñecer Galicia da man de distintos viaxeiros e épocas. Comenta o último volume, *Viaxe por Balicia. De Ribadeo a* Tui, do escritor catalán Josep Pla. Tamén informa de que a traducción foi realizda por Leandro García Bugarín.

- Xulio Valcárcel, “A viaxe a Galicia de Josep Pla”, *El Ideal Gallego*, “Paxina literaria”, 4 xullo 1999, p. 4.

O articulista declárase admirador da prosa limpa do autor catalán. A seguir, vai citando os lugares de Galicia polos que este pasou, apoiándose sempre no texto de Josep Pla para indica-las cuestións máis interesantes.

Sabadell Nieto, Joana, *Mosaico ibérico. Ensayos sobre poesía y diversidad*, Barcelona: Ediciones Júcar, col. Ensayos Júcar, nº 16, setembro 1999, 255 pp. (ISBN: 84-334-8316-1).

Volume que recompila un total de once estudios de diversos autores, que teñen como temática común o feito de que todos eles pretenden facer esvaece-los límites entre as diversas literaturas nas diferentes linguas do Estado. Os estudios van precedidos dun artigo introductorio de Joana Sabadell titulado “Las piezas del mosaico: estudio introductorio”, no que fai unha digresión sobre a diferenciación das culturas, a globalización actual así como a tendencia ó monoloxismo nos comportamentos e actitudes sociais. Céntrase, despois, a partir da teoría exposta, nos canons literarios vixentes e xustifica a recompilación dos estudios cos que, segundo di, pretende poñer en pé de igualdade no marco común da literatura española as poéticas producidas nas diferentes linguas. Finalmente, ofrece un adianto do contido de cada un dos estudios. No concernente á literatura galega os artigos que se recollen son os seguintes:

- Kathleen McNervey, “Recobrando sus voces: mujeres poetas precursoras peninsulares”, pp. 35-47.

Repaso histórico da presencia feminina na producción poética peninsular, dende a Idade Media ata a Guerra Civil, sinalando, no que se refire á poesía galega, a Isabel Castro de Andrade (1520? -1582?), como a primeira muller coñecida que escribe en galego, da que se conserva o soneto “Araucana nação”, incluído en *La Araucana* (1597), cuestionándose a ausencia de mulleres como autoras dalgunhas das composicións medievais. Saliéntase tamén o silencio nas literaturas galega e catalana durante varios séculos, coñecidos no primeiro caso como “Séculos Escuros”, atopando só a Mª Francisca de la Isla y Losada (1734-1808) como a seguinte poeta galega que escribiu, ademais dunha biografía, poesía, mandando queima-la súa obra antes de morrer, igual que fará Rosalía de Castro (1837-1885).

Sobrancéase o sentimento de infravaloración e inseguridade que no século XIX tiñan moitas autoras como Avelina Valladares (1825-1902) ou Filomena Dato Muruais (?-1926), quen escribiu en revistas e gañou algúns premios, ademais de Clara Corral (1837-1885) e a propia Rosalía de Castro, rematando coa figura de Francisca Herrera Garrido (1869-1950) da que, ademais das súas poesías en galego, destaca a novela *Néveda* (1920).

- Carmen Blanco, “Sexo y nación en Rosalía de Castro”, pp. 48-70.

Comeza o artigo cunha referencia ó contexto literario e á época na que viviu Rosalía de Castro. Afirma que na historia da literatura galega se diferencian tres grandes etapas: a do florecemento medieval do período galego-portugués, que chega ata o século XV; a da longa decadencia dos tres séculos escuros e, por último, a da progresiva recuperación e consolidación dunha “literatura de resistencia” que, pouco a pouco, adquire “pretensiones de literatura nacional”. A seguir, céntrase no caso concreto de Rosalía que, na súa opinión, “simboliza la entrada creativa y crítica de las mujeres en el mundo de las letras”. Afirma que con *Cantares Gallegos* se iniciou “de manera real y no sólo simbólica la literatura de mujeres en lengua gallega”; ademais, nesta obra, atópanse unidas as dúas reivindicacións máis importantes de Rosalía: a feminista e a galeguista. Así mesmo, C. Blanco engade que nesta obra se pode observar como a dialéctica sexual se cruza coa colonial na súa reivindicación galeguista. Para rematar, afirma que Rosalía nos ensinou a verdade máis amarga “sobre la tierra, los sexos y la libertad. Fue nuestra madre simbólica. Por ella, las escritoras y los escritores gallegos, como todas las personas que la lean, podemos conocer el enigma existencial más profundo y difícil de desentrañar, y muchas veces la utilizamos como receptora de un diálogo-monólogo sobre la identidad personal y comunal de las mujeres y de la humanidad en general”. Por último, presenta unha breve bibliografía sobre a autora, a súa obra e a súa época.

-Claudio Rodríguez Fer, “Hacia un hispanismo integral: poética del origen y lírica galaica en José Ángel Valente”, pp. 70-80.

Traballo que vén precedido dunha reflexión sobre a necesidade de estudia-las literaturas hispánicas nun marco máis amplo có nacional ou o unilingüe. Neste marco de "hispanismo integral" inscribe RodríguezFer o artigo sobre a poética da orixe na lírica galega de José Ángel Valente. Incide neste sentido na conexión do poeta con Manuel Antonio e na lectura das *Cantigas* de Afonso X o Sabio. Considera obvio que para o ourensán a súa producción galega non é concibida como subalterna da castelá e emprende un seguimento destinado a destapar semellanzas e diverxencias entre ámbalas dúas. Así, atopa na obra galega menos delimitación xeográfica no tocante ó lugar de nacemento e salienta que Valente "se inscribe en la lengua gallega" con tódalas consecuencias e cre que o poeta, sen renunciar á súa pertenza á tradición universal, insire as súas cantigas no sistema literario galego dende o pasado medieval alfonsí. A semellanza entre as dúas producciónsevidénciase tamén para o articulista no tratamento da desolación da posguerra e ve especialmente significativo na súa poesía galega a inevitable e desexable converxencia da escritura coa vida. Conclúe apelando á necesidade de ter en conta a obra galega e castelá do poeta para unha comprensión integral deste.

- Olga Novo, "El nombre del nómada: Claudio Rodríguez Fer, poeta de la extrema Europa", pp. 81-100.

Céntrase na apertura universalista do poeta Claudio Rodríguez Fer cun percorrido interpretativo pola súa producción literaria comezando polas pegadas da cultura celta e as súas conexións co concepto "patria". A continuación refírese á obra *Extrema Europa* (1996) como "realización de una estética acompasada a una estética ácrata" e entende a traxectoria do poeta como unha peripecia vital e creativa ou como unha aventura intelectual "radicalmente amorosa" e "inevitablemente libertaria" incidindo na integración das diversas tradicións literarias e culturais en xeral. Préstalle especial antención ó poemario *A unha muller descoñecida* (1997) e á visión da cidade de Nova York como tribo ancestral e relacionada coa busca da orixe e que complementan este periplo no que Olga Novo percibe a conxunción da tradición cultural autóctona coa apertura universalista integradora, entre outros, de medievalismo, celtismo e de fluídos surrealistas e post-surrealistas.

- Antonio Jiménez Millán, "La razón narrativa; notas sobre la poesía hispánica de fin de siglo", pp. 225-247.

Achega a moitos dos estudios sobre a poesía en lingua castelá, catalana e galega do século XX, centrándose especialmente nos cambios experimentados ó longo dos anos setenta e oitenta. No que se refire á poesía galega, comézase comentando o estudio feito por Luciano Rodríguez, quen destacou a importancia da publicación en 1976 de *Con pólvora e magnolias*, de X. L. Méndez Ferrín e *Mesteres*, de Arcadio López Casanova, ademais de Álvaro Cunqueiro e Aquilino Iglesia Alvariño como figuras máis relevantes do panorama galego. Outro dos estudios que se mencionan é a antoloxía *Os novísimos da poesía galega* (1973), de Mª Victoria Moreno Márquez, do qu e se salienta como característica diferenciadora de moitos dos antologados cos casteláns e cataláns o seu compromiso político. Sinálase que nos anos oitenta se dá un cambio na poesía peninsular cara a unha lexitimación teórica na liña empirista que aquí denomina de “cierta razón narrativa” e que establece unha continuidade cos autores de principios de século, no caso galego representado por Xavier Rodríguez Baixeras, recollendo tamén oapuntado por Ramiro Fonte e Xosé María Álvarez Cáccamo referido á busca dunha funcionalidade comunicativa e dos propios lectores, rematando coas alusións de Luciano Rodríguez ó culturalismo e á preocupación polos aspectos formais que substituíron ó realismo social dominante nos anos sesenta, ademais da volta a rexistros temáticos como o amor, a sensualidade e o paso do tempo, reproducíndose dous poemas, un de *Alba de auga sonámbula* (1983), de Xulio L. Valcárcel, e outro de Ramiro Fonte, “Os nome do regreso”, da obra *Luz do mediodía* (1995).

VV. AA., *Books from Galicia rights 1999*, prológo de Dolores Vilavedra, Vigo: Asociación Galega de Editores/Xunta de Galicia (Consellería de Cultura Comunicación Social e Turismo. Dirección Xeral de Promoción Cultural), outubro 1999, 110 pp. (ISBN: 84-89123-04-7). ¤

Volume escrito en inglés que, despois do prólogo de Manuel Fraga Iribarne, reproduce un artigo da profesora Dolores Vilavedra sobre a situación da literatura galega a finais de milenio. Posteriormente, ofrécense as fichas e unhas breves recensións de carácter argumental sobre as publicacións en galego nos últimos anos. As obras aparecen divididas en tres apartados fundamentais: ficcións, obras de divulgación ou ensaios e libros sobre Galicia (guías, diccionarios, proxectos editoriais como Hércules ou o proxecto Galicia; así como manuais sobre a historia de Galicia en diversos aspectos: o nacionalismo, a lingua, a literatura, as tradicións, o camiño de Santiago, etc.). Para rematar, inclúese un índice de autores, un de títulos en inglés, outro de títulos en galego e, por último, un de editoriais.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 4. Publicacións en revistas

A. D. C., *“Alén da desventura*, de Xavier Alcalá”, *Eidos do Libro,* nº 3, “xanela aberta”, marzo1999, p. 18.

Comentario de *Alén da desventura* (1998), de Xavier Alcalá, comezando por sinala-la estructura de tres relatos de aventuras, dos que se di que o primeiro se desenvolve en terras de Ferrol e comarca, mentres que os outros dous están situados en terras americanas, desenvolvendo na trama a vida dun misioneiro e a dura vida dos mariñeiros. Tamén se refire á forma “amena e verosímil” na que está escrita a historia, rematando coa alusión ós comentarios que diferentes voces fan da Galicia do século XVIII.

A. R., “Amurallada fraga literaria”, *Tempos Novos*, nº 20, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xaneiro 1999, p. 65.

Dá conta da aparición de *Moemia*, subtitulada *Revista Lucense de Lingüística&Literatura*, que está dedicada monograficamente ó universo literario e na súa relación coa sétima arte.

_____, “As indias outras”, *Tempos Novos*, nº 22, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, marzo 1999, p. 63.

Dá conta da saída do prelo da segunda edición do libro de relatos *Nova Crónica das Índias*, de Antón Avilés de Taramancos, publicada por vez primeira en 1989.

_____, “Un mar de aventuras”, *Tempos Novos*, nº 22, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, marzo 1999, p. 63.

Breve nota da aparición da novela *Alén da desventura* (1998), de Xavier Alcalá coa que gañou o Premio Blanco Amor de Novela.

______, “Entrando en materia”, *Tempos Novos*, nº 24, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, maio 1999, p. 67.

Sucinta noticia na que se recomenda a edición de *Orballo da media noite* (1998), de Roberto Blanco Torres, preparada por Miro Villar para lectores non especializados, por ser un “didáctico estudio introductorio no que se iluminan reveladoramente os versos esencialistas do escritor de Cuntis”.

Abelairas, Beatriz, “Gallego”, *Qué leer día a día*, nº 29, xaneiro 1999, p. 34.

Apunta moi brevemente as novidades literarias galegas aparecidas no Nadal. Refírese a *Alén da desventura* (1998), de Xavier Alcalá; *Contos Mamíferos* (1998), de Alfonso Álvarez Cáccamo; as reedicións de *Trailer*, de Fran Alonso e *Land Rover*, de Suso de Toro, publicadas por vez primeira en 1991 e 1998, respectivamente. Ademais cita as traduccións feitas en 1998 de *O alquimista* e *Peregrino en Compostela*, de Paulo Coelho. Por último, lembra a antoloxía *Río de son e vento* publicada en 1999 por César Moran.

_____, “Gallego”, *Qué leer día a día*, nº 34, febreiro 1999, p. 34.

Repasa algúns dos últimos títulos publicados en lingua galega. Así, alén de se referir ás últimas novidades de literatura infantil e xuvenil, sobre todo publicadas por Kalandraka, menciona as novelas sacadas do prelo en 1998: *Calzados Lola*, de Suso de Toro; *Que fácil é matar*, de Alfredo Conde; *Mornig-Star*, de Xosé Miranda e o ensaio biográfico sobre *Valentín Paz Andrade*, feito por Tucho Calvo.

_____, “Gallego”, *Qué leer día a día*, nº 31, marzo 1999, p. 42.

Traza un percorrido panorámico sobre as últimas novidades literarias publicadas en galego. Comeza coa novela xuvenil *Historias roubadas* (1998), de Francisco Fernández Naval, e con *Setembro* (1998), de Marta Dacosta. Tamén se refire ós ensaios publicados en 1998: *A lume manso* e *Os campesiños de lavadores*, de Xabier Castro e Isidro Román Lago, respectivamente.

_____, “Gallego”, *Qué leer día a día*, nº 32, abril 1999, p. 36.

Comenta algunha das novidades literarias publicadas en Galicia en 1998, como son a reedición de *Toxos e Flores* (1992), de Manuel Rivas e a obra da poetisa María do Cebreiro, *O estadio do espello*. Entre outras, tamén cita *Upalás* (1998), que é unha reedición escrita polo Grupo Rompente nos anos setenta, e a biografía de Valentín Paz Andrade, escrita por Tucho Calvo.

_____,”Gallego”, *Qué leer día a día*, nº 33, maio 1999, p. 44.

Xesús Manuel Valcárcel comenta nesta breve entrevista que na súa última obra, *As grandes carballeiras* (1998), tratou o mundo puro, sen contaminar, que viviu durante a súa infancia. Asemade, fala da súa teoría do “sentimentalismo”, da crítica literaria e da “valía” da palabra no mundo actual.

Abuín González, Anxo, “Materiales para un sueño: el teatro (profesional) gallego, hoy”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 33-35.

Tras constata-la paupérrima situación do teatro galego en base á producción ou á carencia de foros críticos suficientes, non deixa de aludir a un esperanzador renacemento da figura do autor ó revisa-la traxectoria do teatro galego nesta visión panorámica. Seguidamente, analiza a paradoxal situación do teatro, cun gran número de compañías pero cun público reducido nas representacións. Ademais, dedícalle un apartado propio á traxectoria do Centro Dramático Galego dende a súa fundación (1984), destacando o labor fundamental que ten na normalización do teatro galego e a paralela dependencia que sofre o sector das axudas oficiais dende a súa posta en marcha. Finalmente, alude ás salas aternativas e ós premios.

Acuña Trabazo, Ana e Carme **Mejía**, “O amor na obra de Mª Xosé Queizán”, *Madryga*l, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 11-20.

Análise do tratamento que fai Mª Xosé Queizán do amor nalgunhas das súas obras e as diferencias entre elas. Saliéntase que nas obras poéticas, *Metáfora da metáfora* (1991) e *Despertar de amantes* (1993), aparece unha visión continuísta do amor identificado coa palabra poética e co acto de creación, mentres que nas narrativas *Amantia* (1984), *A Semellanza* (1988) e o conto “As botas” (1990), se di que aparece un amor “labiríntico”, na busca dun mesmo, e á vez “horizontal”, é dicir, entre sexos iguais, abondando exemplos sobre cada un deles.

Alberte, Xoán Carlos D., “No nacente de Monfadal”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Revistas”, abril 1999, p. 29.

Presentación do número inaugural da revista *Monfadal*, feita en Mondoñedo gracias ó seu director Antón Meilán e outros moitos colaboradores. Coméntase o contido da revista e a tardanza da súa aparición, debido á subvención para o seu financiamento.

Aleixandre, Marilar, “O aceite acabado de prensar”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 719-724.

O título destas memorias de infancia de Marilar Aleixandre vén dado, segundo ela explica, por un dos primeiros olores que cando era nena percibía na casa dos avós paternos en Doña Mencía, na serra de Córdoba. Comenta as sucesivas mudanzas que a foron levando a Ceuta, de onde garda as lembranzas dunha inundación, a Madrid e a Valladolid. Describe a vida no seo dunha familia numerosa da que ela era a irmá máis vella, a relación cos seus irmáns, en especial con Miguel e con Cristina, así como a sombra constante da grave doenza cardíaca que padecía súa nai, e que a autora nunca chegou a entender. Lembra tamén a aprendizaxe das primeiras letras, unha operación de amígdalas e as primeiras lecturas. Finalmente, fala da posible asociación que se pode establecer entre todo o acontecido na etapa infantil e os feitos posteriores.

_____, “As entrañas horas de EMMA, de Emma Couceiro”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 102 -103.

Para Marilar Aleixandre, “horas, estacións, séculos, o tempo que pasa, son, desde *Humidosas*, un dos motivos con que Emma Couceiro vai ganduxando, nos seus poemas, preguntas e palabras”. Despois de *Humidosas* (1997), este *As entrañas horas* (1998) confirma, para Aleixandre, unha voz propia na poesía galega, con ecos das poetas arxentinas, de Lorca ou Miguel Hernández. Unha voz que pretende medi-lo tempo, chegar á lucidez e a sabe-lo argumento da obra, aínda que este saber non conduza á felicidade.

Alfaya, Javier, “Unha historia de trens”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 699-704.

O autor, Javier Alfaya, lembra a súa infancia a partir das moitas viaxes que ten feito dende unha cidade da Meseta, na que traballaba o pai, ata un val da costa meridional galega no que pasaban as vacacións. Describe os pasaxeiros que se podían atopar en cada unha das “clases” de vagóns e salienta o moito que aprendeu nestas viaxes, entre outras cousas a pobreza da España franquista.

Alonso, Alejandro, María **Fernández Montes** e David **García**, “Escritores na Finis Terrae”, *Citania*, A*rtes, Espéctaculos*, nº 2, outono-inverno 1999, pp. 85-89.

Artigo no que se recollen as principais ideas que se debateron, ó longo de dous días, no Encontro de Escritores “Tras-Atlántico”, celebrado en Muros baixo a dirección de Suso de Toro. Sinálase que os catro eixos principais das conversas foron: “A Literatura na era tecnolóxica”, “Historia e Literatura”, “O oficio da Literatura” e “A natureza do feito literario”, recollendo as opinións expresadas polos diferentes intelectuais participantes, entre eles Miguel Anxo Murado, Juan JoséMillás, X. Mª Álvarez Cáccamo ou Car los Casares, ademais de Chus Pato, Gonzalo Suárez e o propio Suso de Toro.

Alonso Montero, Xesús, “1 de xaneiro de 1938: un neno neofalante na aldea de Ventosela”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 675-681.

Xesús Alonso Montero reproduce un capítulo da súa obra inédita *Memorias lingüísticas*, así como un artigo titulado “¿Queres máis caldo, Suso? (Autobiografía e diglosia)”, publicado no 1984. Estas memorias da infancia están estructuradas en tres capítulos: no primeiro, lembra Alonso Montero a súa infancia en Vigo nunha taberna que os pais rexentaran na rúa Urzaiz ata os comezos do ano 1938; no segundo dá conta da mudanza que para el supón o traslado da familia a Ventosela, centrándose no ámbito da lingua de uso familiar e de relación cos seus compañeiros de escola. Finalmente, no “Apéndice” recolle unha anécdota de cando o autor tiña catorce anos e fixo o exame de ingreso no Bacharelato en Ourense.

_____, “Manuel Gómez del Valle, poeta, comunista e mártir (1906-1936)”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 21-29.

Aproximación á vida e obra de Manuel Gómez del Valle, que no referido á súa producción comeza por centrarse na prosa, sinalando que publicou dúas entrevistas en *Escuela de Trabajo*, relacionadas cos problemas do ensino, e un artigo titulado “Krupp 42” do que se reproduce a primeira das catro partes que o conforman, pasando logo á producción poética, con só tres composicións: “Rebeldía”, do que se reproducen os primeiros e últimos versos; “Poema”, publicado en 1931 en *Heraldo de Galicia*, e “Manifiesto pastoril a los niños pobres del campo”, publicado na revista *Cristal* en 1932, especificando tamén algúns aspectos formais deste último. Finalmente, reivindica unha investigación do labor xornalístico deste autor, reproducindo ó final do artigo unha carta e o poema “Rebeldía” manuscritos de Gómez del Valle, ademais do “Manifiesto pastoril”.

Alonso Pintos, Serafín, “Homenaxe a Ramón Lorenzo”, *Grial*, nº 142, Tomo XXXVII, “Libros”, abril-maio-xuño 1999, pp. 341-342.

Despois de presenta-los volumes da *Homenaxe a Ramón Lorenzo* e de dar conta da súa estructura, céntrase na figura do profesor homenaxeado. Valora o prestixio internacional que ten acadado Ramón Lorenzo e fai un percorrido pola súa biografía, deténdose no período de formación en Madrid e en Alemaña. Atribúelle un carácter “metódico, preciso e constante”, que o levaron a elabora-las edicións de *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* (1977) e da *Crónica Troiana* (1985). Salienta tamén a súa participación nas máis importantes actividades culturais da posguerra; as colaboracións en *La Noche*, os contactos co “grupo Galaxia” e a constitución de Brais Pinto en Madrid. Finalmente, destaca a “súa defensa firme e irreductible, vehemente por veces, do carácter autónomo do galego no ámbito lingüístico iberorrománico” e o seu carácter pioneiro no estudio científico desta lingua.

Álvarez Cáccamo, Xosé María, “La poesía de la Generación del 36”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 12-14.

Comeza definindo a Guerra Civil como un punto de ruptura tráxica no devir da literatura galega contemporánea que quedaría interrompida ata 1950, momento no que sitúa a aparición da Xeración do 36, formada por un grupo de escritores como: Aquilino Iglesia Alvariño, Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros, considerando que presentan unha serie de características moi definidas. A seguir, lembra a traxectoria destes escritores e as liñas definitorias da súa obra: o imaxinismo e o neotrobadorismo, como correntes que veñen da preguerra, ademais dun clasicismo particular e do realismo social, que son as tendencias que eles achegan. Tras demorarse na obra de Celso Emilio e de Cunqueiro, cita outros autores que non poden ser encadrados nunha poética definida, entre eles María Mariño, Ernesto Guerra da Cal, Eduardo Moreira, González Garcés, Antón Tovar ou Luz Pozo Garza.

Álvarez Docampo, Julio César, “Lois Diéguez. *A Torre de Babel*”, *Devoralibros*, nº 2, decembro 1999, p. 23.

Rescátase a obra *A Torre de Babel* (1968), a primeira novela de Lois Diéguez, escrita ós 22 anos, e da que salienta a madureza do autor reflectida nos seus argumentos e no seu estilo. Dende o punto de vista do contido sobrancea o fondo sentido de responsabilidade que lle imprimiu ós mozos estudiantes en Madrid, protagonistas dela, e que se considera unha homenaxe ás familias modestas que se sacrifican polos estudios dos seus fillos. Destácase tamén o fondo compromiso que expresa o propio autor coa terra, ofrecendo algún parágrafo significativo del.

Álvarez Lugrís, Alberto, “XVº Congreso da Federación Internacional de Traductores”, *Viceversa*, nº 5, “Informacións”, 1999, pp. 193-195.

Informa da celebración do XVº Congreso da Federación Internacional de Traductores en Mons e expón algún dos acordos máis importantes que se acadaron, ademais de recolle-las declaracións do presidente do Comité para as linguas minorizadas, quen declarou que a traducción literaria é un bo medio para acada-la normalización lingüística.

_____, “Iº Simposio sobre literatura inglesa y literaturas hispánicas. Hacia una colaboración profesional: estrategias para la traducción”, *Viceversa*, nº 5, “Informacións”, 1999, pp. 201-203.

Comézase dando conta do obxectivo do simposio: estudia-lo estado da traducción do inglés ás catro linguas oficiais do estado e viceversa, obxectivo para o que se contou con convidados de tódolos estamentos implicados. Di que o encontro valeu para promove-la traducción entre as linguas devanditas e para pular pola mellora na calidade do traballo e no estatus dos profesionais. A seguir, sinala que por parte galega actuaron Xavier Senín, quen atacou o deixamento público noasunto, e o propio Alberto Álvarez Lugrís, que fixo fincapé no pouco que se traduce do galego e outras linguas minorizadas ó inglés. Outros temas presentes no simposio foron a necesidade de mellora-la formación, as bondades do traballo en equipo ou a importancia dos axentes literarios, editores e críticos.

Álvarez Núñez, Sabela, “Tempo de silencio”, *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº 23, verán 1999, pp. 45-48.

Preguntándose pola carencia de escrita feminina antes do século XVIII, sinala algunhas excepcións como Safo, Marie de France ou Cristina de Pisano, e di acha-la resposta na opresión sufrida a causa do sexo, a cal lles limitou o acceso á cultura. Tamén comenta o paradoxal de que algunhas literatas triunfasen escudándose en pseudónimos masculinos e considera de capital importancia que a muller se libere das tarefas desempeñadas tradicionalmente e dispoña de tempo para a actividade literaria. Recorre a Showalter para establecer tres momentos na escrita da muller: aceptación do modelo patriarcal, toma de conciencia e subversión contra a situación establecida e, finalmente, unha fase de autoafirmación. A seguir, sinala que o poder masculino sempre se opuxo á eclosión feminina, exemplificándoo cos tópicos atribuídos a Rosalía ou a negación da autoría de María Mariño.

Álvarez Pousa, Luís, “Ramón Pernas: Retorno a Vilaponte do Norte”, *Tempos Novos*, nº 28, “Voces e Culturas. Entrevista”, setembro 1999, pp. 46-51.

Conversa con Ramón Pernas na que fala das súas novelas *El pabellón azul* e mais *Si tú me dices ven*, sinalando que nelas “hai constantes homenaxes ás persoas e ás ideas que moveron dende hai cen anos a bandeira do socialismo”. Reflexiona tamén sobre a literatura actual e sobre o mundo do libro e a cultura en Galicia afirmando que na literatura actual xa está todo feito e que cre “firmemente na fin da literatura tal como anunciara Balzac”.

Álvarez Ruíz de Ojeda, Victoria, “Sobre as orixes de Rosalía de Castro. A Inclusa de Santiago de Compostela e o caso de Josefa Laureana de Castro”, *A Trabe de Ouro*, nº 38, “Cuestións”, Tomo III, Ano X, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 325-351.

Comeza sinalando que en 1821, José María de Castro, irmán de Teresa, nai de Rosalía, ingresa na Inclusa do Hospital Real de Santiago á súa filla, Josefa Laureana de Castro. Segundo conta Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda nestas páxinas, os Castro servíronse da súa amizade co encargado da botica do Hospital, José Cascarón, para introduci-la neonata na institución compostelana. Di que este ingreso tiña dous fins: mante-lo segredo do nacemento e bautiza-la nena dentro da Inclusa, práctica moi habitual na época entre as clases acomodadas, e que foi,segundo Victoria Álvarez, a mesma que fixeron os Castro con Rosalía. Considerando isto, di a articulista, hai que reformula-los supostos conflictos de Rosalía co seu pasado, xa que, ó parecer, a súa familia non tiña intención de abandonala na Inclusa do Hospital en ningún momento.

_____, “A primeira carta en prosa en galego moderno. Camilo Álvarez de Castro escribe a Rosalía sobre *Cantares Gallegos* (1863)”, *Grial*, nº 143, Tomo XXXVII, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 455-474.

Comeza cunha introducción que explica a relación de Camilo Álvarez de Castro coa familia Murguía-Castro, salientando que Rosalía lle dedicase un poema e que mantivese relación epistolar con Murguía. Destaca unha carta dirixida a Rosalía e redactada en galego da que ofrece a transcrición e unha reproducción facsimilar, afirmando que é a primeira escrita en galego naépoca moderna e que este xesto de Álvarez de Castro debe ser entendido como un sinal de estima e afecto cara a Rosalía. Tamén achega os datos biográficos máis sobranceiros deste Chantre da Catedral de Salamanca, e, refírese ó “Epistolario”, comentando o contido deste. Finalmente, comenta algunhas das características da lingua empregada neste texto.

Amado Rodríguez, Mª Teresa “Ecos clásicos na lírica de Florencio Vaamonde”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Estudios”, xuño 1999, pp. 11-41.

Analiza o programa literario de Florencio Vaamonde Flores á luz da influencia dos poetas clásicos greco-latinos nas obras *Mágoas* (1901) e *Follas ao vento* (1919). En primeiro lugar, refírese á traducción ó galego que este autor fixo de obras clásicas. Segundo afirma, a partir destes modelos, Vaamonde Lores tentaba crear un *Gallecum Carmen*, isto é, un modelo culto de poesía galega que se afastase do vulgarismo no que caera a poesía do Rexurdimento. En segundo lugar, fala da emulación, unha segunda vía de influxo clásico que non ten por qué ser directo nos poemas, xa que estes poden ser “manifestacións independentes de *topoi* xenéricos”. A continuación, rastrexa as emulacións que observa no contraste de poemas do autor con outros clásicos, sobre todo, de Horacio: presencia de interlocutor, ambiente clásico, concepción clásica da poesía, mitoloxía, imaxes, etc. En canto á simboloxía, entende que a poesía do poeta galego expresa un sentido pesimista da existencia, ante a cal adopta unha actitude estoica, sendo o símbolo principal a imaxe da vida coma un río. Máis alá desta vertente clásica, tamén atopa unha poesía comprometida, na que Vaamonde Lores segue o ideario da Escola Coruñesa de Murguía**,** destacando o celtismo como referencia a un pasado glorioso que o fornece dunha actitude combativa ante o futuro, de aí que fale dun anti-Vaamonde, e unha poesía amorosa, da que sinala que recrea o clásico sufrimento de amor producido polo engano, e considerado o tema menos orixinal. Finalmente, conclúe que esta poética tan rica e persoal responde á *Ars poética* horaciana filtrada pola propia experiencia do poeta de Ouces.

Aneiros, Rosa, “Xosé Miranda: *Morning Star*”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Publicacións”, Tomo II, Ano X, abril-maio-xuño 1999, pp. 227-229.

Rosa Aneiros valora moi positivamente a obra de Xosé Miranda, *Morning Star* (1998), da que di que non se pode deixar de gabar dende a primeira ata a derradeira liña pola súa alta calidade literaria. Contrapón o estilo da obra ó da novela actual, que considera fluída e influenciada pola linguaxe cinematográfica. Fronte a isto, a novela de Miranda vese como un regreso á literatura do XIX. Outra das virtudes que ve nela é a de devolvernos a todolos galegos unha chea de personaxes da nosa memoria histórica. Conclúe cualificando o vocabulario como selecto e coidado e a obra en xeral como unha recuperación do pracer da lectura.

Angueira, Anxo, “Nas transmutacións do poeta”, *Guía dos libros novos*, nº 3, “Poesía”, xaneiro 1999, p. 23.

A obra da que se nos fala é *Hipatía* (1998), de Alfonso Pexegueiro, libro de poemas no que a protagonista é unha voz feminina, Ela, que nos leva a Hipatía, primeira víctima pagá da intolerancia cristiá. Fálase do contido da obra e inclúense pequenos fragmentos nos que Ela narra a súa antiperipecia. Di que a obra se divide en dúas partes nas que destaca o fío referido á condición humana, e, en especial, á feminina. Na primeira parte “Memoria e recordo (Inverno)” El e Ela tentan integrarse ó tempo e á propia historia do autor. Na segunda parte, “Muller fermosa e soa convive co lume (Verán)”, actualízase ese presente de soidade e abandono do eu feminino. O articulista destaca tamén que en certos pasos recórdanos a Chus Pato, ademais de que o poeta xoga a facer lírica en prosa, algo que xa Manuel Antonio fixera antes.

_____, “María do Cebreiro: *O estadio do espello*”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Publicacións”, Tomo I, Ano X, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 109-111.

Angueira cualifica así a poesía de María do Cebreiro logo de ler *O estadio do espello* (1998): “Poesía de nidias marcas singulares a respecto de todo o que se vén publicando”. Pensa que, polo medio do xogo desenfadado que representan ás veces os poemas deste libro, hai tamén unha certa saudade e unha consistencia nas ideas. Saúda, como no caso doutros poetas das novas xeracións, o relevo que supón contar con poéticas tan persoais e, segundo di, nacidas en raíces profundas e seguras.

Araguas, Vicente, “Xavier Alcalá. *Alén da desventura*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 290-292.

Dáse conta da nova entrega de Xavier Alcalá, á que cualifica de “narrativa comercial no bo senso da palabra”, alundindo ó Premio Blanco-Amor que mereceu. Seguidamente, sinala que *Alén da desventura* (1998) trascende os espacios de Ferrol e das costas sudamericanas e cita algunhas obras que rememoraron esta cidade. Tamén salienta o suspense, o uso da historia como coartada e o desenlace, xa que nel conflúen as tres historias nun “xogo de caixas chinas ou bonecas rusas”. Malia que bota en falta unha maior recreación nas pasaxes amorosas e aclara un par de datos errados, afirma que no estilo se aproxima ós autores en lingua inglesa do século XVIII.

Arca Caldas, Olimpio, “As dúas mulleres de Castelao”, *A Estrada*, nº 2, 1999, pp. 9 47.

Achegamento á vida de Castelao a través da relación coas dúas mulleres máis importantes da súa vida: a súa nai, Xaquina, e a súa muller, Virxinia. Destácase o agarimo da nai dende o seu nacemento e a viaxe que con ela fai a Arxentina para coñecer a seu pai emigrado ó pouco de nacer Castelao, así como os medos e inseguridades daquela terra, experiencias que foron literaturizadas en *Retrincos* (1934) e *Os dous de sempre* (1934), obras das que se reproducen algúns fragmentos. Sobre Virxinia saliéntase, que o acompañará nos momentos máis difíciles, entre eles a perda do único fillo, a súa progresiva cegueira, ou o exilio e, finalmente, a morte en Buenos Aires.

Ares, María, “María Xosé Queizan: “Teño as raices nesta terra pero son aéreas”, *Eidos do Libro*, nº 3, “Entrevista”, marzo 1999, p. 3.

Conversa con Mª Xosé Queizán centrada na súa actividade literaria, dende o motivo polo que comezou a escribir, o non ter nunca problemas para publicar ningún libro, ou o feito de esta-la súa literatura alonxada de calquera experiencia autobiográfica, referíndose tamén á lingua utilizada, da que sinala que “deberiamos escribir en portugués, o portugués é o galego culto”. Afírmase como unha escritora adicada ó “servicio deste país” e mostra o seu parecer sobre a literatura galega actual: “ creo que hoxe en día se escribe moi ben, mellor que nunca”. Di, finalmente, que está escribindo un libro que leva por título un verso de Pondal: “Ten o seu punto a fresca Rosa” e dá a súa opinión sobre a polémica orixinada pola publicación do seu libro sobre a poesía do Bardo.

_____, “In memoriam”, *Eidos do Libro*, nº 3, marzo 1999, p. 79.

María Ares, mostrándose admiradora da obra de Torrente Ballester, cóntano-la súa experiencia coa obra literaria deste autor e coas adaptacións que desta se fixeron ó cine. Tamén nos achega á súa experiencia persoal co escritor ferrolán.

Axeitos, X. L., “El exilio gallego sesenta años despues”, *Ínsula*. *Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 627, marzo 1999, pp. 8-11.

Centrado no exilio galego, diferéncianse dúas etapas, a primeira que abranguería dende 1939 ata 1945, caracterizada pola esperanza de regresar e con Luís Seoane como figura principal, do que se destacan as obras *Lo que han hecho en Galicia. Episodios del terror blanco en las provincias gallegas por quienes lo han vivido* e *La Galice sous la botte de Franco*, publicados en París en 1938; mentres que a segunda etapa, a partir de 1945, caracterizaríase pola polarización de actitudes e con Castelao como eixo intelectual con obras como *Os vellos non deben de namorarse*, estreada en 1941 en Buenos Aires ou *Sempre en Galiza* (1944). Ofrécese unha ampla lista de autores galegos que traballaron e publicaron dende o exilio, indicándose a súa producción polo miúdo, entre os que destacan figuras como Blanco Amor, Dieste, Ramón de Valenzuela, Luís Tobío ou Alonso Ríos.

_____, “La poesía de los 80 en el discurso literario finisecular”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 16/21-22.

Analiza a poesía dos anos 80 dende o ámbito da recepción e no contraste coas liñas predominantes en estadios anteriores. Malia a problemática que supón estudiar autores que aínda escriben na actualidade, sinala o intimismo, o sentimentalismo e a posmodernidade como tendencias propias desta poesía que, de tódolos xeitos, non chega a rompe-lo diálogo coa tradición. A seguir, relaciona os temas desta poesía (erotismo, ton íntimo e autobiográfico, o culturalismo, etc.) coa dialéctica entre nacionalismo literario e literatura nacional, formas de sistematización do discurso que converten o texto nun espacio para a reivindicación da identidade. Ademais, cita as diferentes antoloxías nas que aparece este grupo, que “gozará de salud permanente y estará condenado a la canonización”, aínda que no último apartado cita algúns nomes ausentes e esquecidos.

_____, “A linguaxe do amor e do desexo na obra de Luís Seoane”, *Unión Libre*, nº 4, 1999, pp. 117-127.

Comeza salientando o compromiso, tanto ético coma estético, da poética de Luis Seoane, centrándose, de seguido, nos códigos erótico-amorosos da súa obra poética e gráfica, dende a presencia de Amor e Eros no poema inédito “A taberna” (1933), ata o motivo recorrente das súas ilustracións en obras como *Huellas* (1932), de Feliciano Rolán; *Corazón ao vento* (1933), de Aquilino Iglesia Alvariño ou *Poemas de Si e Non* (1933), de Álvaro Cunqueiro, que é descrito como a “rapaza loira, con trenzas e ollos azuis”, tan característica da súa obra como as sereas. Alude tamén ó interese do autor nos códigos de voluptuosidade, especialmente nos da Idade Media, identificados en personaxes de *A Soldadeira* (1957), e nalgúns gravados de *Imágenes de Galicia* (1978).

Baltrusch, Burghard, “Teoría e práctica sincrónica da retranca a partir do refraneiro e da literatura galega vangardista”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Comunicacións”, xuño 1999, pp. 117-140.

Fai un inventario esencial das características modernas da retranca, entendida coma un metadiscurso estético-filosófico composto polo carácter sintético e a síntese especulativa, o relativismo, a reflexividade e o pragmatismo. Tras apunta-la configuración histórico-cultural da retranca, procura pormenorizadamente estas características en *Polaroid* (1986) e *Tic-Tac* (1993), de Suso de Toro, e en *Viva Galicia Beibe* (1994) e *Ringo rango* (1992), de Antón Reixa. Afirma que escolleu estes autores porque fan un uso reflexivo da retranca incorporando características tipolóxicas e modernistas como son o carácter lúdico, a ironía, a autorreflexividade, o paradoxo, a aceptación da pluralidade e o esteticismo.

Bar Cendón, Mónica, “En torno ao taller literario para narradoras”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Temas Varios”, 1999, p. 60.

Mónica Bar informa do desenvolvemento do Iº Taller Literario para Narradoras en lingua galega, organizado polas Feministas Independentes Galegas e que contou coa presencia de Zulema Moret, Manuel Forcadela e María Xosé Queizán, entre outros.

_____, “Homenaxe a María Xosé Queizán”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Temas Varios”, 1999, pp. 72-77.

Achega ós actos da homenaxe en Vigo a María Xosé Queizán, na que se lle dedicou un parque co seu nome, un monolito cuns versos seus e unha magnolia plantada ó seu carón. Tamén seinforma de que falou o poeta Xosé María Álvarez Cáccamo e, máis tarde, no Museo de Castrelos, Miguel Anxo Fernán-Vello. María Xosé Queizán agradeceu as intervencións dos amigos e, de seguido, celebrouse un xantar de fraternidade no que se improvisou un recital poético. Recóllense algúns dos poemas, como o de Pepe Cáccamo, o de Marica Campo ou o de Xela Arias.

Barro, David, “Xosé Neira Vilas”, *InteresArte*, nº 5, “Literatura”, primavera 1999, pp. 40-42.

Nesta entrevista, Xosé Neira Vilas responde a varias preguntas sobre obras súas e sobre acultura actual. Á pregunta de se hai algunha obra súa que non trate a emigración, contesta que non, agás os libros para nenos. Agradece esta pregunta, xa que confesa que hai moita xente desinformada que lla fai ó revés. Confesa a emoción que sentiu na preparación de *Galegos no Golfo de México* (1980), convivindo e facendo amizade cos mariñeiros que retrata no libro. Di que chegou a reunir material para dúas novelas sobre este tema. Cre que a literatura é unha interpretación da existencia e unha forma de interpreta-la historia. Así mesmo, cre que a poesía é solidariedade.

Bascoy Lamelas, Monserrat, “O Lume de Ana Romaní”, *Galicien Magazin*, nº 7, maio 1999, pp. 36-37.

Análise en clave poética do poemario *Arden* (1998), de Ana Romaní. Di que a súa infancia, a súa independencia como muller, o coñecemento de si mesma, o papel da súa avoa e mais a loita fronte á masculinidade, son algúns dos temas desta nova obra da poetisa galega.

_____, “A Galega *Nai Coraxe* de L. Tobío”, *Galicien Magazin*, nº 8, “Schwerpunktthemen”, novembro 1999, pp. 45-46.

A propósito da obra *Nai Coraxe e mais os seus fillos*, trasladada ó galego por Lois Tobío en 1987 a partir do texto orixinal *Mutter Courage und ihre Kinder*, de Bertold Brecht, o presente artigo céntrase nas liñas temáticas da peza como os intereses económicos e relixiosos desencadeantes das guerras, a desgracia e traxedia que estas provocan ós máis indefensos e a dialéctica do personaxe principal incapaz de compaxina-la súa maternidade cos beneficios que lle reporta a guerra. Na última parte do artigo tócase a cuestión de se podemos falar desta obra como “traducción” ou ben “versión” adaptada á realidade e á lingua galegas.

Beattie, John, “Escribir e traducir na periferia: o caso de *Dubliners* de James Joyce en galego”, *Viceversa*, nº 5, “Teoría e historia da traducción”, 1999, pp. 49-60.

Felicita a Xerais pola escolla de autores para a colección “Grandes do noso tempo” e acha que nela xogaron máis razóns cás estrictamente literarias. Comenta como Joyce tivo unha recepción moito máis entusiasta entre as comunidades culturais minoritarias ca entre as máis establecidas ou estatais. Coida que influíu a identificación que se producía co conflicto nacional e lingüístico da terra natal de Joyce. Investiga como o paralelismo social e cultural fai que a traducción sexa moito máis acaída e atinada en moitos casos, en especial, se tratan de cuestións lingüísticas ou do agromar nacional, cuestión que albisca tamén na versión catalana. Alén diso, defende que estas traducción modifican os canons locais.

Bermúdez Montes, María Teresa, “Pechar o círculo”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 171-173.

Comeza esta recensión de *Círculo* (1998) cunha referencia á tradición da técnica do *collage* dentro da literatura galega por ser este un elemento constructivo empregado por Suso de Toro. Tamén relaciona a novela coas cantigas medievais, tanto polo emprego do paralelismo coma polo enlace entre cada capítulo. Analiza a importancia do círculo como símbolo dentro desta novela e describe a intertextualidade, por medio da cal o escritor compostelán fai desfilar pola obra a Rosalía, Castelao e Curros. Comenta, ademais, a temática, na que destaca a morte, e tamén a estructura pola que se agrupan os relatos “en catro bloques que representan os catro elementos primordiais das cosmogonías tradicionais, nun equilibrio totalizador”. Finalmente, sitúa esta obra ó caron de *Caixón desastre* (1983), *Polaroid* (1986) e *Tic-Tac* (1993), aínda que “*Círculo* supón un punto de inflexión no desenvolvemento discursivo de Suso de Toro”.

Bernárdez, Carlos L., “Unha ollada cinematográfica”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Narrativa”, abril 1999, p. 20.

Comenza cun repaso rápido da vida e obra do autor lugués Manuel Darriba, que ten publicado polo de agora o libro de poemas *Calor* (1997), e dúas novelas *Paf Xarope* (1997) e *Outonos espectaculares* (1998). A continuación faise o comentario desta última obra, da que destaca que dende o primeiro momento dá a sensación de tratarse dun exercicio literario, que non ten un fío argumental e no que os personaxes son do máis variado.

_____, “A *Hipatía* de Pexegueiro”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 91-92.

Carlos Bernárdez escribe sobre *Hipatía ou a idade das cousas* (1998), poemario de Alfonso Pexegueiro que toma como motivo a figura da filósofa grega Hipatía, arquetipo da feminidade que loita pola súa autoafirmación. Na primeira parte, di Bernárdez, a muller loita por conquista-lo seu espacio na comunidade; na segunda, ergue a súa vontade de liberarse e crea-la súa identidade; na terceira, libérase e invoca o masculino. Engade Bernárdez, que unha das claves para interpreta-lo libro está neste verso: “Todo ten unha idade que non se mide senón na linguaxe, é a idade das cousas”.

Bernárdez Vilar, Xoán, “Un paseo pola cultura do país”, *Encrucillada*, nº 111, “Rolda de Cultura”, xaneiro-febreiro 1999, pp. 82-89.

Percorrido polos acontecementos máis destacados no eido da cultura galega, dividido en varios apartados: “Artes plásticas”, “Ensino”, “Letras”, “Teatro, cine, música”, “Xacobeo e Ano Santo”, “Varia” e “Necroloxía”. No apartado de “Letras” afirma que o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín foi proposto como candidato ó Premio Nobel de Literatura da Academia Sueca por parte dos membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega; así mesmo, o escritor acadou o IIº Premio de Narrativa Eixo Atlántico pola súa obra *No ventre do silencio* (1999). Neste mesmo apartado, informa do nacemento de tres novas revistas: *Eidos do Libro*, *Guía dos libros novos* e *Elipse. Revista Galega de Banda Deseñada*. Por último, alude á celebración, en Ourense, das Xornadas de Banda Deseñada. En “Teatro, cine, música” fala da convocatoria da Iª Mostra de Teatro Gondomarteatro; da representación da obra *Os vellos non deben de namorarse... das mozas novas* por parte da Compañía Fontevella, no Centro Cultural Caixavigo; da publicación, en 1998, por parte da Biblioteca Arquivo Francisco Pillado Mayor, de *Entre dous abismos* e *Nouturnio de medo e morte*, de Villar Ponte e *Paradoxo sobre o Actor*, de Denis Diderot e da presentación da cinta “Fronteira Sur”, no Teatro Principal de Compostela. Por último, en “Varia” fala da publicación da *Historia da Arte Galega*, na que interviron cento vinte especialistas, e da celebración, en Santiago, do XVº Encontro da Galeuzca Literaria, no que participaron autores de Galicia, País Vasco e Cataluña.

_____, “De historias e presentes”, *Encrucillada*, nº 112, “Rolda de Cultura”, marzo-abril 1999, pp. 174/70-181/77.

Faise eco da celebración, en Cangas, da IIIª Semana do Cómic, organizada pola Concellería de Cultura do Concello da citada vila e no que tivo lugar a presentación da revista *Golfiño*. Así mesmo, afirma que Antonio García Teijeiro recibiu en Padua (Italia) o Premio Europeo Pier Paolo Vergueiro, pola obra *Na fogueira dos versos*, e que Xaime Illa Couto ingresou na Real Academia Galega. No ámbito teatral, informa da representación da obra *Lugar* de Raúl Dans, por parte doCentro Dramático Galego, obra que foi galardoada co Premio Álvaro Cunqueiro. Para rematar, informa da concesión dos premios da Federación de Libreiros de Galicia a Manuel Rivas, á Fundación Penzol, á revista *Grial*, así como a varios centros de ensino.

_____, “Resumo de aconteceres”, *Encrucillada*, nº 113, “Rolda de Cultura”, maio-xuño 1999, pp. 287/83-294/90.

Dá conta do premio que recibiu o escritor Bernardino Graña por parte da Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro. Informa da lectura do discurso de entrada na Real Academia Galega do filólogo Ramón Lorenzo, así como da concesión dos Premios da Crítica de Galicia. No apartado de “Letras” ofrece un breve repaso pola vida do homenaxeado no Día das Letras Galegas 1999, Roberto Blanco Torres, e informa da concesión do Premio das Letras e das Artes de Galicia ó escritor Luís Tobío Fernández. Pola súa banda, afirma que Manuel Rivas e Yolanda Castaño recibiron os premios da Asociación Española de Críticos Literarios nas modalidades de narrativa e poesía, respectivamente. Para rematar, afirma que a Fundación Penzol recibiu un fondo de dous mil exemplares doados polo filólogo e investigador da historia literaria Manuel Rodrigues Lapa.

_____, “Compendio de estío”, *Encrucillada*, nº 114, “Rolda de Cultura”, setembro-outubro 1999, pp. 406/86-415/95.

Recolle algúns dos acontecementos relacionados co panorama cultural galego. Fala da celebración, na Coruña, do salón “Viñetas desde o Atlántico”; da representación, en Santiago, da obra *Xelmírez, ou a Gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón, a cargo do Centro Dramático Galego; da celebración, en Cangas, da XVIª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo; así como da inauguración da XIIª Mostra de Teatro de Cee, organizada pola Asociación CulturalDomingo Antonio de Andrade. Pola súa banda, afirma que o ourensán Óscar Villán recibiu o primeiro premio do Ministerio de Educación e Cultura polas ilustracións do libro infantil *O coelliño branco*. Ademais, recorda que o Concello de Bueu convocou o IVº Premio Johán Carballeira; o Concello de Lalín, o Premio Deza de Investigación; a Concellería de Cultura e o Club Alexandre Bóveda de Ourense, o Vº Concurso Galego de Caricaturistas Noveis; Caixa Galicia e *El Progreso*, o concurso literario Antonio Fraguas de Investigación Xornalística; o Concello de Rianxo, o Premio de Xornalismo Manuel Murguía; e o Concello de Ribeira, o Premio Ramón Cabanillas. Conta co apartado “Letras” fala de Manuel Murguía, ó que se lle dedicará

_____, “Un repaso ó presente cunha lembranza”, *Encrucillada*, nº 115, “Rolda de Cultura”, novembro-decembro 1999, pp. 520/80-530/90.

Noticia sobre a celebración da XIª edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e a entrega do premio do Concurso Galego de Banda Deseñada ó pontevedrés Fran Jaraba. No eido teatral, informa de que Manuel Lourenzo gañou a novena edición do Premio de Teatro Rafael Dieste. Así mesmo, no Salón Teatro de Santiago representouse a obra de Álvaro Cunqueiro, *O vello Simbad volvese as illas*, a cargo do Centro Dramático Galego. En canto os premios anima que a Fundación Vicente Risco e a editorial Sotelo Blanco acaban de crea-lo Premio Risco de Literatura Fantástica; a Agrupación Cultural O Facho convocou unha nova edición do seu habitual Concurso Nacional de Poesía; a Fundación de los Ferrocarriles Españoles convocou, así mesmo, o Premio de Narracións Breves para obras en galego, catalán, eúscaro e castelán e, pola súa banda, o Concello de Vigo creou o Premio de Poesía Celso Emilio Ferreiro. No novo apartado de “Decesos” lembra a algúns persoeiros desaparecidos recentemente, entre outros Manuel Colmeiro Guimarás, Anne Marie Morris, Uxío Novoneyra, Antonio Fraguas, Luís Moure Mariño, Rafael Alberti e Amalia Rodrigues. No apartado de “Letras” recórdase que Francisco Fernández Rei acaba de ingresar na Real Academia Galega, Xosé Cid Cabido gañou o Premio Blanco Amor de Novela na súa XVIIIª edición, pola obra *grupo abeliano*; Cristina Cubeiro Becerra e Manuel Lourenzo González foron galardoados co Premio Nacional de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho, por *Litografía marela* e *Palabras que fan durmir*, respectivamente; o escritor portugués Bento da Cruz gañou o Premio de Narrativa Eixo Atlántico, coa obra *A loba*; Carlos Paulo Coelho Martínez obtivo o Premio de Ensaio Espiral Maior polo traballo *Por volta da “interpretatio nominis” na literatura trovadoresca*; Anxo Angueira Viturro gañou o Premio Xerais de Novela e Bieito Iglesias Araúxo obtivo o Premio Merlín de Literatura Infantil. Por último, infórmase da presentación do primeiro volume da *Enciclopedia Galega*

Universal, da editorial Ir Indo. A seguir, afirma que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle ofreceu unha homenaxe ó escritor Xosé Neira Vilas en Gres, a súa vila natal.

Blanco, Carmen, “La Señora de los Grandes Ojos desteje el Arco Iris”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 11-12.

Conta unha historia das moitas que conforman a literatura galega e que ela leva estudiando durante anos: a literatura feminina e os estudios feministas. A través dun discurso de gran poder simbólico e mítico, as súas consideracións sobre este tema sitúan a Rosalía de Castro como “La Grande Madre Inmortal”, a que forneceu de legado ideolóxico ás mulleres escritoras de Galicia, as “fillas”. Tamén fala nesa mesma liña da contribución dos irmáns e irmás na causa, así como da contribución dos “Viejos Videntes” Otero Pedrayo e Castelao.

_____, “Novoneyra en Lugo”, *Devoralibros*, nº 2, decembro 1999, p. 15.

Evócase a figura de Uxío Novoneyra a través dos espacios que habitou e retratou nas súas obras, e que Carme Blanco considera continuadoras dos camiños abertos por Pondal e Rosalía. Repasa toda a producción de case medio século de vida poética, dende *Os Eidos* (1955), pasando por *Muller pra lonxe* (1986) ata rematar en *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999), sen esquecer dúas das obras infantís de Novoneyra, *O cubil do xabarín* (1991) e *Gorgorín e Cabezón* (1992). Remata afirmando a permanencia do poeta a través da súa obra con algúns dos seus versos máis coñecidos.

_____, “Lembrando a Pepe Xan Baña”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 45-52.

Repaso da vida e obra de Pepe Xan Baña (Barilongo, 1872- La Habana, 1945), emigrado a Cuba ós 17 anos e que traballou como xornalista en *La Tierra Gallega* e *Diario de la Marina*. Saliéntanse as súas obras: *Vindicacións, vida e milagros de Pepe Xan Baña* (1911) e *Suspiros n'a terriña* (1922). Analízase o contido das obras, o tempo e as circunstancias que concorren na vida do autor, así como a lingua que emprega, os problemas lingüísticos ós que se enfrontaron os autores de entre séculos e a repercusión que entre o público tiveron as súas composicións.

Blanco, Luísa, "*O tremor do amor*", *Revista Galega do Ensino*, nº 22, "Recensións", febreiro 1999, pp. 181-183.

Recensiona a obra do profesor vigués Maximino Cacheiro Varela, *O tremor do amor* (1997). Ofrece algunhas notas biográficas do autor e, a continuación, céntrase neste poemario, composto por "sesenta e dous poemas e dez suxestivas ilustracións que sintonizan co contido dos poemas e o realzan, debuxadas por Antolín Cacheiro, irmán do autor". Afirma que tódolos poemas son "sucintos, quintaesenciados e non chegan a enche-la páxina" e van precedidos dun título. Trátase, en definitiva, dunha obra na que se fai un canto "ao mundo interior, ao amor, e ao desexo" e "os momentos felices" e que xira ó redor de tres eixos fundamentais: o erotismo, o sexo e a sensualidade.

Blanco González, Cristina, “Do novo teatro á nova dramaturxia”, *Grial*, nº 142, Tomo XXXVII, “Libros”, abril-maio-xuño 1999, pp. 332-335.

Informa inicialmente que o obxectivo de *Do novo teatro á Nova Dramaturxia* (1998) é ofrecer unha visión panorámica do teatro galego dende a creación de O Facho ata a década dos noventa. Presenta os colaboradores como estudiosos de moi diversos terreos que van dende o ámbito dramático ó socioeconómico, pasando tamén polo literario. A seguir, fai un percorrido descritivo polo contido dos artigos que conforman o volume. Así, detense no comentario dalgunhas destas contribucións que están asinadas por Manuel Vieites, González Millán, Dolores Vilavedra ou Francisco Sanjiao, entre outros.

Blanco Torrado, Alfonso, “A volta de Xosé Crecente Vega, o crego poeta”, *Encrucillada*, nº 113, “Aportacións”, maio-xuño 1999, pp. 229/25-245/41.

Estudio sobre a vida do poeta Xosé Crecente Vega no que se fala dos seus estudios no Seminario de Mondoñedo e do seu labor como poeta. Afirma que no ano 1933 publicou o poemario *Codeseira*, único que apareceu en vida do autor, e no que denuncia “as desfeitas do noso patrimonio”. A seguir, informa doutros autores relacionados coas letras galegas que tamén estudiaron no Seminario de Mondoñedo.

Blázquez, Ana Mª e A. **Rodríguez Guerra**, “Conversa con Gonzalo Torrente Ballester”, *Galicia dende Salamanca 2*, “Entrevistas”, 1999, pp. 245-254.

Gonzalo Torrente Ballester narra as súas orixes galegas e comenta como aprendeu a falar en galego no seu Currais natal. A seguir, recorda a cidade de Ferrol e as tres sociedades máis importantes da época: o Círculo Mercantil, o Casino e o Tenis Club. Afirma que a maioría dos seus personaxes teñen raíces galegas e algúns deles, como Juanito Aldán e a Tarola, están sacados da realidade. A continuación, cita algúns dos escritores galegos que lembra, entre eles, a Rafael Dieste, Otero Espasandín, Cándido Fernández Mazas, Eugenio Montes ou Álvaro Cunqueiro. Para rematar, alude á situación da literatura galega na actualidade e cita algúns dos seus representantes máis significativos, dende o seu punto de vista, como Manuel Rivas, Suso de Toro, Carlos Casares, Víctor Freixanes, Alfredo Conde e Méndez Ferrín.

Bragado, Manuel e Pancho **Tristán**, “Radiografía do libro”, *Tempos Novos*, nº 20, “A Contratempo. Informe”, xaneiro 1999, pp. 26-35.

Neste traballo faise un repaso ó libro galego e ó mundo da edición en galego. Refírese ó “negocio do ensino”, dado que o ensino turra da producción editorial galega co 30 % da edición, e no referente á edición de creación literaria indícase que é o único ámbito editorial normalizado co 20 % da edición en galego con máis de 200 títulos anuais, sendo o xénero narrativo o privilexiado. Analízase criticamente a producción editorial da Xunta de Galicia e remátase este traballo co apartado “Unha nova política para o libro galego”, no que M. Bragado fai unha relación das actuacións necesarias co fin de incrementar e fomenta-la lectura en lingua galega.

Brey, María Luísa, “Entrevista a don Gonzalo Torrente Ballester”, *Encrucillada*, nº 111, “Entrevista”, xaneiro-febreiro 1999, pp. 59-63.

Reprodúcese unha entrevista realizada por María Luísa Brey a Gonzalo Torrente Ballester no ano 1988 e titulada “O intelectual galego e Deus”. Nela Torrente manifesta que tanto o tema relixioso coma a vida monacal sempre lle interesaron; admite que está de acordo cos postulados da Teoloxía da Liberación e afirma que nas congregacións relixiosas, despois do Concilio, hai un maior interese pola xustiza social. A seguir, opina que para el non hai contradiccións entre a fe e a razón e que non lle custa traballo admiti-los dogmas. Para rematar, reflexiona sobre o aspecto relixioso na vida de Rosalía de Castro e opina que a autora nunca conseguiu concilia-las súas dúbidas coa súa fe. Así mesmo, recoñece que, no eido da arte relixiosa, prefire o románico.

Caneiro, Xosé Carlos, “Os libros, como a vida”, *Tempos Novos*, nº 24, “Cultura. Horizontes”, maio 1999, pp. 54-55.

Neste artigo Xosé Carlos Caneiro, sinalando os fitos da súa aprendizaxe cultural, reflexiona sobre a tarefa de escribir fuxindo da comodidade e sobre o papel do lector, sobre a loita da lectura entendida como un acto natural e espontáneo contra o texto e sobre a busca da dificultade do pracer intelectual, mediante referencias a escritores universais como Montaigne e Borges.

Carracedo Doval, Juan José, “Adela Conde, Crisanto Veiguela e Xavier Frías. *Carreiros. Mostra de poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega*/ Vicente Araguas, Fermín Bouzas, Xavier Frías, Claudio Pato, J. Manuel Outeiro e Manuel Pereira. *Comercial. Poesía galega en Madrid*/ Manuel Pereira Valcárcel. *Todo morte*/ Carlos Solla. *Xábregho*/ Berta Piñán, Humberto González e Alfonso Velázquez. *Xeitos de falar*. *Mostra de poesía asturiana*”, *Madrygal*, nº 2, “Recensións” , 1999, pp. 227-229.

Aproximación ás cinco obras que conforman os primeiros números da colección “O Roibén”, de Edicións Xuvia, froito dun movemento poético en galego que xurdiu en Madrid, reunidos todos no café Comercial e que se denominan “Grupo Bilbao”. Coméntase cada unha das obras comezando por *Carreiros. Mostra de poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega* (1998), de Adela Conde, Crisanto Veiguela e Xavier Frías, destacando dela a peculiaridade lingüística dos tres autores, así como a presencia da paisaxe e o seu tratamento nas súas composicións. A segunda das obras é *Comercial. Poesía galega en Madrid* (1998), de Vicente Araguas, Fermín Bouza, Xavier Frías, Claudio Pato, J. M. Outeiro e Manuel Pereira, unha antoloxía que conta cun prólogo de Carmen Mejía e cos poemas de Vicente Araguas abrindo o volume. Dela saliéntase a heteroxeneidade das voces e dos estilos así como a variedade lingüística do galego que se recolle. A terceira é de Manuel Pereira, *Todo morte* (1998), nela abárcase a morte dende a inquietude e a reflexión, coa impronta que en Galicia se lle dá a este tema, sempre con angustia polo final pero coa esperanza dun novo renacer. O cuarto libro desta colección é *Xábregho*, de Carlos Solla, poemas de complicidade e colaboración poeta-lector, especialmente pola confusión e aturdimento do home (poeta) que atopa nesta participación do lector unha compaña. Por último, coméntase brevemente a quinta das entregas, *Xeitos de falar. Mostra de poesía*

asturiana, de Berta Piñán, Humberto González e AlfonsoVelázquez, da que se di que é a primeira das obras bilingües, de asturiano a galego.

Casares, Carlos, “O Arcebispo”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 713-718.

Carlos Casares lembra nestas memorias da infancia a visita dun seu parente residente en Cuba que, naquela altura, era Arcebispo de Santiago e antigo bispo de Camagüey. Comenta os preparativos e ensaios dos día previos para recibir a esta personalidade, o frustrante encontro que non conseguiu cumpri-las espectativas do neno Casares, as viaxes por toda a provincia acompañando ó bispo, as conversas con el, etc. Finalmente, recorda outra visita posterior e afirma que foi “daquela experiencia da que nacería, moitos anos despois, a miña novela*Ilustrísima”*.

Casas, Arturo, “Os tratados sobre teatro de Rafael Dieste”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XLVI, fascículo 111, “Lingua e Literatura”, 1999, pp. 327-346.

Describe o contido de tres ensaios nos que Rafael Dieste se achega ó mundo do teatro: “Tratado mínimo del arte de la escena”, “Notas un tanto descuidadas de Félix Muriel” e “El teatro en el Arte y el arte del teatro”. Caracterízaos pola súa concisión e por “un xeito de expresividade pragado de imaxes e quebros aforísticos”. Con respecto ó primeiro, que considera ó mesmo tempo como un tratado de semiótica teatral e como unha poética da posta en escena, salienta a importancia que lle concede ó espectador na existencia do teatro e as relacións entre o actor e o personaxe que representa. Relaciona a Dieste con grandes ensaístas teatrais como Stanislavski, Craig ou Jerzy Grotowski. Do segundo artigo indica que trata a evolución histórica da traxedia a partir do seu carácter “sacrificial” nos comezos, e tamén as complexas relacións entre actor e personaxe. Finalmente, opina que “El teatro en el Arte y el arte del teatro” é un ensaio que presenta máis orixinalidade e máis elaboración cós anteriores. Describe a concepción diesteana das relacións entre o teatro e outras manifestacións artísticas como a pintura ou a música.

Castro, Xavier, “O problema das traduccións contra a “albanelería basta”, *Grial*, nº 143, Tomo XXXVII, “Documentos”, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 533-538.

Comeza cunha reflexión de carácter xeral sobre a situación da traducción na actualidade en Galicia. Entende que se emprendeu nos últimos tempos “unha dignificación do oficio do traductor” e desta actividade, mellora que se constata a través de varios feitos, entre eles, a aparición do nome do traductor nos títulos de crédito dun libro, a convocatoria de premios á traducción ou a creación de titulacións universitarias. Salienta a Emilia Pardo Bazán e a Ramón Otero Pedrayo como dous dos escritores de máis sona que se teñen dedicado ó mundo da traducción. Finalmente, inclúe a versión galega da introducción a *Paris*, unha obra de Augusto Vitu que a autora de *Los Pazos de Ulloa* traduciu ó español.

Cela, Camilo José, “Nenez na escola e na rúa”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro- decembro 1999, pp. 653-659.

Traducción ó galego dun fragmento (pp. 184-193) de *La rosa*, publicada por Ediciones Destino en 1989, no que Camilo José Cela lembra o seu paso pola escola de don Luís en Tui. Ademais de se referir ós castigos físicos que recibían do mestre, conta os xogos ó redor dun farol que daba pequenas cambras eléctricas e que lles servía para medi-la valentía e a afouteza de quen era capaz de aguantalas.

Chao, Ramón, “Pola música a outra parte”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 683-690.

Estas memorias de infancia de Ramón Chao comezan coa lembranza da tenda que os pais rexentaban na Vilalba natal e cos recordos que ten da música dende ben novo. Describe toda a súa formación musical infantil e recolle varias anécdotas acontecidas ó respecto. Comenta ademais o descoñecemento da historia que se tiña na posguerra.

Cid, Xabier, “Xerais. Nas mans dos editores”, *Gráfica*, nº 9, setembro 1999, pp. 17 20.

Con motivo do seu vixésimo aniversario de Edicións Xerais como empresa editorial, Manolo Bragado responde a unha serie de cuestións relacionadas coa producción editorial en Galicia. Así, fai referencia ós inicios da editorial no ano 1979 e lembra os obxectivos daquel momento levados adiante ata a actualidade, como foi a necesidade de moderniza-lo proceso editorial en Galicia. Alude ós catálogos de publicacións, dos que salienta as edicións relacionadas co sistema educativo. A seguir, detense na calidade da edición dos libros en galego e reflexiona amplamente sobre a política de subvencións existente no país. Dá conta do número de libros vendidos pola editorial e salienta algúns dos títulos con maior número de vendas como *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas ou *A sombra cazadora* (1994), de Suso de Toro. Ademais, cita como libros máis vendidos os educativos polo que dá a súa opinión sobre a dependencia do libro galego do sistema de ensino e a obrigatoriedade nas escolas. Outras cuestións tratadas nesta entrevista son o perigo das novas tecnoloxías sobre o papel dos libros e dos editores, a compra da editorial polo grupo francés Havas, ou as carencias en Galicia de empresas de Artes Gráficas, e a necesidade da mellora da calidade e aumento destas empresas porque, segundo di, responde a un símbolo de calidade de vida dun país.

Cochón, Iris, “Los noventa del novecientos”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 22-24.

Para situa-la cuestión da poesía da década dos 90, puntualiza que se asenta no panorama que naceu en 1976 e, sobre todo, naquelas obras menos canónicas. A continuación, revisa a dialéctica que manteñen estas dúas décadas poéticas e sinala dúas liñas básicas no discurso máis contemporáneo: unha poesía de corte clásico e outra poesía dionisíaca, que é a triunfante. Nesta tendencia, reclama especial atención unha “nueva Poesía Comprometida”. Na súa opinión,*Estirpe* (1994), de Méndez Ferrín, é a “obra más influyente de la década”. Cita e analiza as tres liñas fundamentais da poesía dos noventa: o discurso da naturalidade, a deconstrucción do hexemónico e unha vertente metafísica. A pesar desta sistematización, destaca algunhas obras que quedan fóra da “poética oficial” e agarda una evolución prometedora deste panorama nos comezos do século.

Cochón, Luís, “O trivio e o cuadrivio”, *Guía dos libros novos*, nº 7, “Poesía”, maio 1999, p. 26.

Achega á primeira obra de María do Cebreiro, *O estadio do espello* (1998), da que se salientan características como o equilibrio, a madureza e a seguridade que nela se transmite da autora; a presencia da memoria en combinación co desexo, ademais da harmonía e a paixón. Destaca tamén o xogo de rupturas deliberadas e da rotundidade que adquire por momentos, xogando coa construcción do verso e á vez coa “deconstrucción”, acompañando os argumentos con algúns dos versos máis significativos .

Cordal, Xabier, “*Arden*, de Ana Romaní”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 93-95.

Cordal valora esta entrega de Ana Romaní, *Arden* (1998), como a mellor de toda a súa poesía ata o momento, por ser quen, di Cordal, de introducir novidades e crear unha voz poética, un estilo. En *Arden*, di que existe o propósito de revolverse contra a inmobilidade e existe unha guerra interior, aínda que lonxe da melancolía. Para el, Ana Romaní “escolle a beleza pero, ademais, sinala inequivocamente o rumor das decisións”. Conclúe Cordal, dicindo que “*Arden* é unha moi boa estación poética para agardar a que anden os díxitos do milenio vello”.

_____, “*Pronomes*, de Antón Lopo”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 100-101.

Pronomes (1998) de Antón Lopo é, nunha das lecturas que fai o crítico do libro, un alegato contra a mentira e a orixe dos fascismos. Considéraa unha obra paradoxal: poética e narrativa, entre a piedade e o sarcasmo ou entre a mística e o escepticismo. Cualifícaa como “un canto discontinuo, roto, que ninguén se atreverá a chamar utopía da celebración ou algo así, porque son moitos os ruídos desagradables que o autor nos sinala”.

Cores Trasmonte, Baldomero, “A recuperación e iluminación de Antolín Faraldo”, *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, nº 7, primavera 1999, pp. 3-5.

Reclamando a recuperación da figura de Antolín Faraldo, cita diversos traballos e conferencias, propias e alleas, que se fixeron sobre o tema, entre outros, aquela primeira descrición que fixo Manuel Murguía para *Los Precursores*. A seguir, cre que Faraldo era “a centralidade espiritual” daquela xeración de estudiantes composteláns da Revolución de 1846 e reflexiona sobre a presencia iconográfica deste e os provincialistas na cultura galega, que “pasaron por un longo e desconcertante silencio iconográfico”, apuntando que nin tan sequera apareceron retratados en*La Ilustración Gallega y Asturiana* de Murguía os provincialistas Rúa Figueroa, Antolín Faraldo, Ramón de la Sagra, aínda que si personaxes como Añón, Brañas, Augusto Ulloa, Puente, Neira de Mosquera, Vicetto, etc. Comenta que o primeiro retrato debéselle a Franciscoo Vales Villamarín no traballo *Un significado apostólico gallego. Feliciano Vicente Faraldo,* que é seguido por Xosé Ramón Barreiro nunha publicación de 1981. Para finalizar, recalca que unha máis abondosa iconografía enriquecería a figura do provincialista.

Costenla Bergueiro, Gonzalo, “Traducción literaria: sen rumbo fixo”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Panorámicas”, xuño 1999, pp. 277-283.

Constata un pequeno aumento na traducción de obras ó galego con respecto ós últimos tres anos, pero segue a laiarse dunha política de traduccións desnortada, sobre todo, polo que se refire ó labor institucional. Por xéneros, a literatura infantil e xuvenil destácase notablemente, mentres que observa un importante descenso da narrativa traducida e un esperanzador aumento do teatro e do ensaio. Por linguas, rexistra a perda do predominio das obras escritas en inglés en beneficio doutras como o portugués. Así mesmo, detecta unha especialización por xéneros das editoriais que, en todo caso, responde ós campos de traballo de cada unha delas. Remata esta panorámica cunha relación dos títulos máis importantes publicados por campos: narrativa, poesía, teatro, ensaio e literatura infantil e xuvenil.

_____, “Traduccións para o galego, 1998”, *Viceversa*, nº 5, “Informacións”, 1999, pp. 181-188.

Constata que en 1998 invertiuse a curva descendente canto ó número de traduccións. Nembargante, afirma que o sector segue sen ningún tipo de planificación. Informa do declive da narrativa, o pequeno avance da poesía, o ascenso do teatro e do ensaio e a baixa na traducción non literaria. Dá conta de que a literatura infantil e xuvenil continúa sendo o máis abundante e segue medrando, salientando a aparición de tres contos infantís en braille por iniciativa da ONCE: “Ai, que medo”, de Ricardo Alcántara; “Ra por un día”, de María Teresa Aretaga, e “A bruxa que non sabía rir”, de Herminia Mas i Marssenyac. Informa tamén das editorias líderes en cada campo: Xerais e Galaxia na narrativa, Espiral Maior canto á lírica e Laiovento no eido do ensaio. Tamén cita as linguas de procedencia da maioría dos textos verquidos ó galego que serían, por esta orde, francés, español e inglés. Remata cunha listaxe de tódalas traduccións editadas en 1998 xebradas en “Narrativa”, “Poesía”, “Dramática”, “Ensaio”, “Infantil e xuvenil” e “Traducción non literaria”.

Creus, Estevo, “*Setembro*, de Marta Dacosta”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 96-97.

Estevo Creus comeza a súa crítica con estas palabras: “Cando un comeza a ler o *Setembro* de Marta Dacosta, sabe, irremediablemente, que non vai poder deixar de mirar a película ata chegar aos créditos”. *Setembro* (1998) é para Creus un dos libros máis intelixentes do panorama actual da poesía galega. Unha viaxe cara á plena consciencia, seguindo as súas palabras, un xeito distinto de facer poesía, con poemas espidos, directos e efectivos.

Cuadriello, Jorge Domingo, “Presencia de Antón Villar Ponte en Cuba”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 91-109.

Percorrido descritivo pola traxectoria de Antón Villar Ponte en Cuba que comeza cunha aproximación ó estado da illa no 1908. Repasa a actividade xornalística e de dirección deste autor nalgúns medios como o *Diario Español* e a revista *Follas Novas*, así como o xornal *El Comercio* de Camagüey. Explica o acceso que tivo a cada un destes medios e a temática das súas colaboracións, salientando especialmente o seu traballo como crítico teatral. Como conclusión, opina o autor do artigo que “a traxectoria na illa foi breve, accidentada e, peor aínda, pouco elegante” e que Villar Ponte regresou no 1910 “cos petos baleiros e o sabor a frustración”.

Dacosta, Fernando, "*Hamlet* de William Shakespeare. Unha montaxe da Aula de Teatro Universitaria de Ourense", *Casahamlet*, nº 1, maio 1999, pp 52-57.

Fernando Dacosta achéganos ó *Hamlet*, de William Shakespeare e á montaxe que sobre este texto fixo a Aula de Teatro Universitaria de Ourense no curso 1996-1997. Con respecto ó texto de W. Shakespeare indícase a importancia que ten no conxunto da súa obra e desenvólvense extensamente as súas liñas argumentais e os conflictos que Hamlet, como persoa, presenta. Indícase ademais cales son as versións literarias máis recomendables. Con respecto á posta en escena da Aula de Teatro Universitario de Ourense, indica cales son os retos á hora de enfrontarse á obra de Shakespeare, entre eles, a actualización da expresión teatral e do tempo de representación, ademais de explicar polo miúdo o proceso de traballo que se seguiu.

_____, “Aula de Teatro Universitaria de Ourense”, *Casahamlet,* nº 1, maio 1999, pp. 72-73.

Indícase a orixe da Aula de Teatro Universitaria de Ourense e cal é o equipo de profesionais que a forman. Destácase que as súas actividades e obxectivos se materializan en “catro frontes básicas”: “A formación actoral”, “O proceso de ensaios, a montaxe e exhibición de obras”, dando unha relación das obras representadas dende o ano 1992; o “ciclo de conferencias” e o “MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario”) coa que se pretende “potencia-lo intercambio artístico e humano entre os grupos galegos, da península ou de fóra dela”.

Dacosta Alonso, Marta " *Un poema de amor* de Kiko Neves", *Eidos do Libro*, nº 3, "Comentario", marzo 1999, p. 14.

Achega ó poemario *Un poema de amor* (1998), de Kiko Neves do que se di que continúa a liña iniciada na súa anterior obra *Ruído de motos* (1997) cun estilo moi persoal, caracterizado polo "verso curto e fluído", ademais de mensaxes directas e contextos urbanos. Tamén se refire á temática desenvolta, caracterizada polo tratamento da soidade e o desamor do poeta. Finalmente, alude ás ilustracións de Marta M. Rocha e ó deseño e maquetación de Xoán G. Rodríguez.

Dasilva, Xosé Manuel, “Cinco lustros de traducción literaria en Galicia”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 9-11.

Fai un percorrido histórico polo ámbito da traducción ó galego. De inicio, sinala que a traducción mostra as mesmas etapas cronolóxicas cá literatura orixinal: Rexurdimento, primeiras décadas do século XX e os anos da dictadura, cando o propio acto de traducir era subversivo. A continuación, céntrase no período autonómico, sinalando 1975 como o momento no que se deu o verdadeiro punto de inflexión no sistema literario galego. Concretamente, aborda a funcionalidade da traducción no novo contexto sociocultural e a revalorización da lingua. Para rematar, alude á crecente traducción de textos galegos a outras linguas, camiño inverso ó tradicional que valora de feito positivo, e conclúe afirmando que á literatura galega lle sobra proteccionismo e lle falta mercado.

Delgado Corral, Concepción, “Guillermo Vázquez, autor de dous libros: *Pensando detrás do Lar* e *A vida do pobre*”, *Anuario Brigantino*, nº 21, 1999, pp. 421-430.

Análise que aborda a obra literaria de Guillermo Vázquez, autor de dous libros: *Pensando detrás do Lar. Con arreglo se habla en Galicia en 1930* (1930) e *A vida do pobre. Según se habla en Galicia en 1932* (1932), que son pormenorizadamente descritos. Para o primeiro deles apunta unha forte heteroxeneidade na lingua (galego e castelán), na forma (poemas, contos e unha peza dramática) e no contido (temática costumista, metapoética, amorosa e reinvindicativa de tipo agrarista, laudatoria ou moral). Así mesmo, destaca unha ideoloxía confusa (aparece Vilar Ponte, Franco ou Millán Astray), unha actitude autobiográfica de ton elexíaco e a defensa do idioma e dos galegos. O segundo libro presenta as mesmas características mais engade textos de eloxio doutros autores á primeira obra, a crítica da emigración, da burguesía e unha clara intertextualidade con esoutro libro. Para rematar, e a modo de resumo, cre que o interese reside no aspecto lingüístico, na defensa idiomática e a reafirmación da galeguidade fronte ó autoodio, así como a atracción polas raíces populares.

Díaz, Juan Antonio, “Recuerdo y vindicación de Bal y Gay”, *Ferrol Análisis*, nº 14, agosto 1999, pp. 110-113.

Introduce esta lembranza do músico lucense Jesús Bal y Gay a partir dunha miscelánea que publicou Alejandro Finisterre en 1967 na revista *Compostela* de México e que reúne un bo número de escritores e artistas galegos. Nese volume, Bal y Gay asina o artigo “La dulzura de vivir”, no que recorre a diferentes momentos da súa vida e encontra a lembranza de Maside, Xosé Eiroa, Xoan Manuel Carreira, Otero Espasandín, García Sabell, Dieste ou Otero Pedrayo e diversos espacios como o da Residencia de Estudiantes. Finalmente, incorpora unhas notas bibliográficas do artista que, como datos de maior interese para a literatura galega, sinala que interviu na fundación da revista *Ronsel* (dirixida por Correa Calderón), participou no Seminario de Estudos Galegos, foi elixido vocal da Asociación de Escritores Gallegos en 1930, colaborou en diversas publicacións galegas e do exterior e publicou o *Cancioneiro Galego*, recollido en 1935.

Díaz Pardo, Isaac, “Relembranzas arredor de Arturo Cuadrado”, *Ferrol Análisis*, nº 14, agosto 1999, pp. 102-103.

Breve achegamento á figura de Arturo Cuadrado, destacando a súa dimensión máis humana e a súa relación coa cultura, así como os posteriores problemas da Guerra Civil, aludindo ós seus artigos en *Galicia Emigrante*, de Luís Seoane, como fonte de coñecemento do seu paradoiro. Reflexiona tamén sobre a situación dos exiliados españois e a frustración dunha obra cultural que comezaba a florecer na IIª República.

Dobao, X. Antón L., “Arredor da traducción de poesía ó galego. Co adaxo de *Ferros e ameixas*”, *Viceversa*, nº 5, “Traduccións xustificadas”, 1999, pp. 113 -125.

Reflexiona sobre a necesidade do canon e sobre os efectos beneficiosos que para o sistema literario galego supón a posesión das grandes obras da literatura universal traducidas. A seguir, constata o enorme peso que o sistema literario español exerce sobre o noso debido ás peculiares circunstancias socio-políticas que Galicia viviu e vive. Con este estado de cousas, opta por unha planificación das traduccións acompañada do acceso ós textos orixinais e ós verquidos ó portugués para redimirse da influencia española. Nembargantes critica tanto a contaminación portuguesa coma a española da nosa lingua poética. Alén diso, testemuña e analiza o descenso no número de traduccións no xénero lírico e sinala a dupla vía que estas poden seguir: literal e creativa. Por outra parte, quéixase das malas críticas que recibiu a importación ó noso idioma de *Ferros e ameixas* (1998), de Carles Bellsolà, debido á utilización da lingua da rúa, aspecto que Dobao non dubida en defender.

Domínguez, Ramón, "Ias Xornadas da edición en Galicia. Compostela, decembro 1998", *Eidos do Libro*, nº 3, "Actos", marzo 1999, pp. 38-39.

Dá conta da celebración das Ias Xornadas da Edición en Galicia, celebradas en Santiago de Compostela, indicando que foron organizadas pola Asociación Galega de Editores, en colaboración con CEDRO e a Consellería de Cultura da Xunta. Refírese á ampla participación de relatores e ó contido das súas achegas, entre eles Manuel Bragado, Director de Xerais, quen falou dos retos da edición en Galicia; Víctor Freixanes, quen abordou a integración do libro na normalidade informativa; Ana Romaní, que reflexionou sobre o falar dos libros nos medios de comunicación, ou Pilar García Negro, quen defendeu a existencia dun Departamento editorial "único e centralizado da Xunta de Galicia".

Domínguez Prieto, Xosé Manuel, “Reflexións do día a día”, *Guía dos libros novos,* nº 6, “Ensaio”, abril 1999, pp. 5-6.

Amplo resumo do contido da obra de Domingo García-Sabell, *Tempo de lecer* (1998), descrita como compendio de artigos cunha unidade temática que xira en torno á reflexión sobre a crítica social e cultural a través, especialmente, das súas lecturas, a ciencia, a transcendencia, pero sobre todo arredor da persoa, explicando polo miúdo a actitude do autor ante cada un destes temas. Recóllese a reclamación dunha actitude de humildade e autenticidade en calquera escritor; a súa preocupación por estar ó día en todo o referente á ciencia e, sobre todo, a proposta dun achegamento da ciencia e a fe; a grande importancia que alcanza a reflexión sobre Deus e o transcendente, que di que sitúa ó intelectual galego na tradición do pensamento cristián, rematando na súa pescuda da persoa nunha “viaxe cara o interior” a partir das súas vivencias e de tódolos sentimentos, e nos que se pregunta sobre cuestións como a liberdade, o amor, a dignidade ou o diálogo. Finalmente, apunta que estamos ante a obra dun “pensador comprometido coa realidade”.

Durão, Carlos, “João Vicente Biqueira-Obra selecta (poesía e ensaio)”, *Agália*, nº 55, “Recensons”, Outono 1998, pp. 377-378.

Comenta a edición da obra poética e ensaísta de Xoán Vicente Viqueira que publicou António Gil Hernández en *Cadernos do Povo. Revista Internacional da Lusofonia*. Despois de se referir ós antecedentes deste traballo, resume o contido do “Parlamento inicial” de Jenaro Marinhas del Valle e valórao como “valente e único sobrevivente das *Irmandades da Fala*”. Percorre a biografía de Viqueira, que na obra asina José Luís Fontenla, e detense naqueles aspectos máis destacados, cos que conclúe que “foi um filósofo vitalista e positivista (…) nacionalista integrador, socialista utópico e humanista integral”. Na parte final céntrase no idealismo e nas ideas lingüísticas que verqueu Viqueira en toda a súa obra.

Eguizábal Gándara, Begoña, "*Un país de palabras*, de Carlos Casares", *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, "Crítica", 1999, pp. 88-90.

Begoña Eguizábal recomenda a lectura desta obra de Carlos Casares, da que di que non acaba nunca de sacia-la satisfacción de ler historias tan ben contadas. A amenidade, a claridade e a riqueza de anécdotas son as notas que ela destaca neste libro, e que, di, xa estaban presentes en anteriores entregas de Casares. Párase nas páxinas dedicadas á valoración das actividades e da ideoloxía de Piñeiro, Risco e Cunqueiro e eloxia a presencia de artigos que non se centran na literatura, como "Un país de Guinness".

Enríquez Rodríguez, Xosé M., “Un album de lembranzas perdido”, *Guía dos libros novos*, nº 3, xaneiro 1999, p. 20.

Comeza lembrando a primeira obra de Xosé A. Moreno, *O cable inglés*, gañadora do Premio Café Dublín en 1995, e as características desta, pasando a dar conta da nova entrega deste autor, *Matar a Kerenski* (1998), da que se ofrecen algúns datos tanto estructurais coma de contido, e se sinala que está conformada por seis relatos curtos titulados dos que explica brevemente o contido, entre eles sobrancea o que dá título á obra “Matar a Kerenski”, caracterizado como “a narración menos xovial”, ou “O segredo da familia”, que pecha o volume pero é continuación do anterior. Cualifica o estilo da obra como “narrativo simple e claro, tradicional” e os relatos como “desafogo” para quen os conta.

_____, “Lectura agradable, tempo de lecer”, *Guía dos libros novos*, nº 4, “Narrativa”, febreiro 1999, p. 20.

Aproximación á novela *Alén da desventura*, de Xavier Alcalá, gañadora do XVIIº Premio “Blanco Amor” de Novela en 1998, da que comeza salientando, polo seu estilo e contidos, a evocación de novelas de aventuras como *A illa do tesouro* ou *Robinson Cruseau.* Detállase o tempo e espacio da novela, situada no século XVIII e na confrontación entre Inglaterra e España, coa aparición dun manuscrito que introducirá un tempo diferente na narración, así como as diferentes voces que transmiten a historia que se tenta contar. Tamén se salienta o personaxe de D. Gabriel Fernández Alcaraz, considerado “eixe (…) en volta do cal xiran todos os personaxes e acontecementos”, rematando por achegarse ó completo escenario da obra co que se tenta alcanza-la maior verosimilitude posible.

_____, “Un Suso de Toro “dejà vu”,*Guía dos libros novos*, nº 4, “Narrativa”, febreiro 1999, p. 23.

Análise da obra *Círculo* (1998), de Suso de Toro, salientando as semellenzas ou repeticións e as diferencias que presenta con *Tic-Tac* (1993), que se as primeiras se di que se dan en personaxes, estructuras e ordenación dos capítulos e apartados, as segundas aparecen na natureza e carácter dos personaxes, máis submisos e deixando corre-lo tempo, fronte á rebeldía dos anteriores. Destácase tamén a estructura circular, reforzada por darlle nome a cada capítulo coa derradeira palabra do anterior, e fragmentaria na que só dous relatos manteñen “unha narratividade fixa”, mentres que os outros se caracterizan por seren un conxunto disperso de historias, así como os nomes que levan os catro apartados: Lume, Aire, Terra e Auga, símbolos da vida que se recolle na obra e que se describe polo miúdo.

_____, “A alma das pedras”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Narrativa”, marzo 1999, p. 20.

Achega a *As ruinas da cidade amada* (1998), primeira novela de Manuel Veiga, da que se comeza destacando que estamos ante “un libro veloz e previsible que se precipita inevitablemente cara ó seu anunciado desenlace”, no que se narra a eclipse dunha cidade chamada M., que podemos identificar con Monforte, pero que, como innominada, é símbolo de calquera outra cidade do mundo e da historia, e que lle serve ó autor para despregar un grande esforzo de reconstrucción fronte ó paso do tempo. Saliéntase do seu estilo a forma case esquemática, con pequenos capítulos moi áxiles nos que máis que contar se evoca, dando a sensación de estar diante dunha obra telegráfica e cunha “sintaxe esquelética e curta”, a base de “estilizacións e rascuños de personaxes”.

_____, “Carlos Casares: *Un país de palabras*”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Publicacións”, Tomo I, Ano X, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 117-118.

Valórase, nestas liñas, os ensaios biográficos de Carlos Casares en *Un país de palabras* (1998), dos que di que sempre achegan, aclaran e matizan visións da nosa historia e da nosa cultura. Tanta importancia como os recordos, di Xosé Mª Enríquez, téñena as interpretacións, as adhesións ou as reflexións de Casares sobre os temas, persoas e feitos que evoca neste libro. Así, continúa Enríquez, dá lugar, en ocasións, a olladas curtas e moi atinadas sobre o espírito do país e as súas dobreces.

_____, “Unha historia circular”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Narrativa”, abril 1999, p. 21.

Amplo resumo da obra de Xesús Manuel Valcárcel *As grandes carballeiras* (1998), a través do que se ofrece unha visión persoal da máis ampla novela galega escrita ata o momento. Comeza describindo a estructura de tres partes con catorce capítulos cada unha, e os personaxes que as protagonizan, con Carlos Barros en todas elas, así como a constante mudanza de valores e feitos que se dan na mesma. Remata aproximándose á linguaxe que cualifica de “construcción literaria brillante”, aínda que considera que non está ben aproveitada por perderse entre a “desmesura paródica” e un universo inacabado.

_____, “Alfredo Conde. *O fácil que é matar*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 293-296.

Comentario desta obra de 1998, que supón o segundo elo na triloxía que prepara Alfredo Conde. En primeiro lugar, afirma que a novela amosa un constante xogo de desprazamentos entre Venezuela e Galicia que non supón dinamismo nunha novela reflexiva derivada dun narrador-Deus, e entende que os personaxes, agás Blas Carou, son entidades mentais como a novela. Por último, salienta a falta de axilidade no estilo e as constantes alusións á sociedade galega contemporánea.

Estévez Saá, Margarita, "*A terra baldía*", *Revista Galega do Ensino*, nº 23, "Recensións", maio 1999, pp. 307-309.

Breve recensión sobre a traducción da obra de T. S. Eliot, *A terra baldía* (1998), levada a cabo por María Fe González Fernández e Armando Requeixo e galardoada co accésit no "Certamen de Traducción Poética del Inglés al Gallego 1996", convocado polo Seminario Permanente de Filoloxía Inglesa e Didáctica do Inglés da Universidade de Estremadura. O volume é unha edición bilingüe do quinto canto de *The Waste Land* que T. S. Eliot publicara no ano 1922. A seguir, descríbese o contido da introducción que acompaña á citada traducción e afírmase que traducir un poema coma este supón "un traballo que non se limita a unha simple translación, xa que nos atopamos fronte a un texto que presenta numerosas dificultades".

Fallon, Paul, “Sobre a construcción do corpo político galego en *Tic-Tac,* de Suso de Toro”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Comunicacións”, xuño 1999, pp. 141-156.

Defende unha lectura de *Tic-Tac* (1993), de Suso de Toro, “como unha invitación ó lector” para que imaxine “unha nación galega a través da (re)concepción dos límites e a unidade do corpo político posmoderno”. Para procurala, sinala a interacción entre o corpo individual e a identidade nacional. Seguidamente, afirma que a obra mostra unha preocupación social e literaria propia da Galicia posfranquista. Con esa base, estructura esta lectura en tres partes progresivas: a do corpo, que reflicte a problemática do control corporal como espello da tensión social ante o desexo normalizador da cultura galega; a política do corpo, que explica como a limitación corporal fomenta a solidariedade entre os individuos sen borra-las diferencias, e a política nacional do corpo, que reflicte unha Galicia fragmentada na que Nano, o protagonista, representa o elo entre o individual e o nacional. Para finalizar, di que Nano é a expresión da cultura galega que non posúe un corpo específico.

Fernández, Carlos, “O pacto e a vontade de país”, *Tempos Novos*, nº 31, “Especial. Galicia ente dous séculos”, decembro 1999, pp. 30-33.

O profesor de filosofía Carlos Fernández analiza e reflexiona sobre as diverxencias e as afinidades existentes entre a Xeración Nós e a Xeración Galaxia, no referente ó espírito do seu galeguismo, ós seus horizontes e ás súas perspectivas xeracionais.

Fernández Castro, Juan Andrés, “Os traballos e os días. Aspectos da vida cotiá no rural estradense do s. XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti”, *A Estrada*, nº 2, 1999, pp. 63-108.

Tomando como fontes as *Aventuras de Alberte Quiñoi* (1972), de Manuel García Barros; *Maxina ou a filla espúrea* (1880) e o *Diccionario gallego-castellano* (1884), de Marcial Valladares e *A orillas del Ulla (Perfiles Gallegos)*, de Alfredo Vicenti, faise un pequeno estudio etnográfico da vida rural galega do pasado século, destacando en negriña algúns fragmentos destas obras nas que hai información pertinente sobre o tema.

Fernández Castro, Xosé M., "*Rastros. Doentes. A ópera de a patacón*. Roberto Vidal Bolaño", *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, "Libros", xuño 1999, pp. 315-320.

Cualifica de extraordinaria a colleita editorial das tres obras dramáticas dun mesmo autor nun só ano, que é maior se se inclúe *As actas escuras* (1998), obra publicada tardiamente, malia recibir un premio institucional, por "razóns oficiais", segundo confirma. Tras denuncia-la falta de traballos sobre Roberto Vidal Bolaño, lembra a súa traxectoria dende os comezos na fundación do Obradoiro de Aprendizaxe Teatral Antroido (1974) en Compostela. A seguir, describe as catro obras de 1998, que se poden encaixar na etiqueta "neoesperpentismo épico-cinematográfico" que o propio dramaturgo define como "traxedia dos marxinados". Finalmente, apunta a incorporación de modos miméticos da épica propios da primeira metade de século XX e a presencia de elementos fílmicos xa comúns ó autor dende os inicios artísticos.

Fernández del Riego, Francisco, “Presencia de Catalunya no pensamento galeguista”, *Ciutat*, nº 9, primavera 1999, pp. 19-20.

Traza unha panorámica do influxo exercido en Galicia polo movemento ideolóxico que a mediados do século XIX comezou a se manifestar en Cataluña. Así, menciona os Primeiros Xogos Florais de Galicia celebrados na Coruña a semellanza dos de Barcelona ou a adopción do termo Rexionalismo para o período que vai de 1885 a 1890. Do mesmo xeito, alude a outros certames poéticos celebrados en Galicia ou á aparición de Solidaridad Gallega trala experiencia acadada por Solidaridat Catalana. Finalmente, atende á sintonía existente entre as Irmandades Nacionalistas galegas e as Irmandades da Fala coas tendencias vixentes en Galicia. O artigo vén acompañado por unha sinopse en catalán que asina R. C.

Fernández Fernández, Xosé, “A actividade escénica na Universidade da Coruña”, *Casahamlet,* nº 1, maio 1999, pp. 78-79 .

A integración da actividade teatral na Universidade da Coruña dentro do Servicio de Extensión Universitaria, os obxectivos deste último, así como os obxectivos do teatro universitario son algúns dos puntos sobre os que xira este artigo que dá conta das experiencias e actividades teatrais levadas a cabo polo “Club de Teatro” da Universidade da Coruña, tanto a nivel formativo como de representación de obras dramáticas. Faise unha especial referencia ó grupo “Hac Luce”, “buque insignia no que ós grupos se refire”, salientando a existencia doutros grupos universitarios, tanto do campus da Coruña como do campus de Ferrol. Remata o artigo facendo unha referencia á VIª edición dos Encontros de Teatro Universitario e mostrando a intención da Universidade da Coruña de apoia-la actividade teatral.

Fernández Martínez, Luciano, “*Hipatía*”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 177-179.

Comeza afirmando que é necesario “antepoñer o pracer da lectura (...) a calquera consideración crítica”, para así poder gozar da pluralidade temática da obra. Considérase que *Hipatía* (1998), de Alfonso Pexegueiro, ten un valor acumulativo por aludir a anteriores obras deste autor, aínda que opina que o poemario está plenamente inserido na segunda etapa creativa de Pexegueiro, caracterizada “pola pescuda de discursos e voces, a introducción de sentencias e interpelacións desafiantes, algúns motivos temáticos e símbolos (os animais, a chuvia, o vento, a cidade...) e mesmo algunha intertextualidade”. Salienta o autor do artigo que o trazo máis definitorio é a integración xenérica e discursiva, unha característica da que deriva a secuencialidade. A seguir, describe a estructura binaria de *Hipatía* e a variedade de temas que a converten na “obra máis representativa da sempre persoal e cada vez máis valiosa poética de Alfonso Pexegueiro”.

Fernández Nogueira, Olga, “Rompente: cada vez máis tristes e menos tigres”, *Grial*, nº 142, Tomo XXXVII, “Libros”, abril-maio-xuño 1999, pp. 329-332.

Comeza referíndose á historia de Rompente e atribuíndolle a este colectivo poético un talante comprometido e vangardista á vez. A seguir, caracteriza o grupo polo compromiso, pola innovación e pola comunicación, característica que xustifica a través dos distintos manifestos que emitiron, ademais da mudanza de nome: de Grupo de Resistencia Poética a Grupo de Comunicación Poética. Despois desta introducción caracterizadora e histórica, refírese á escolma de textos do grupo titulada *Upalás* (1998), volume que considera “fundamental para demostrar a importancia do grupo” e para ver completo o panorama das vangardas poéticas inaugurado a comezos de século. Critícalle ós responsables desta obra a alteración ortográfica dos textos orixinais e tamén a omisión do deseño gráfico dos poemas “deixándoos non só eivados esteticamente (...) senón tamén orfos comunicativamente”. Finalmente, agradece a inclusión en *Upalás* duns “Textos de Resistencia e Comunicación” por seren os “manifestos” de Rompente.

Fernández Ocampo, Anxo, “Struga e Curtea de Arges: os lugares da palabra traducida”, *Viceversa*, nº 5, “Informacións”, 1999, pp. 189 -191.

Informa da festa lírica que se vén celebrando anualmente en Curtea de Arges (Romanía), creada seguindo o modelo da de Struga (Macedonia), e que ten como obxectivo a comunicación poética entre a Europa do Leste e a do Oeste. Os textos son lidos en romanés, polo que o articulista tamén a ve como un festival da traducción. Tamén dá conta de que esas xornadas promoven a edición de poesía, en versión monolingüe ou bilingüe, sobre todo das áreas balcánica e carpática. Inclúe unha traducción ó galego dunha poesía do chipriota Mehmet Kansu composta inicialmente en turco e opina que esta actividade pode axudar á formación dunha identidade nacional.

Fernández Pérez, Brais, “E.T.A. Escola de Teatro Alternativa”, *Revista Galega de Teatro*, nº 20, primavera-verán 1999, pp. 33-36.

Conversa con membros do grupo ETA, Escola de Teatro Alternativa, na que xorden diversas cuestións relacionadas con esta agrupación teatral. Afirman que se crea o grupo “porque a aula de teatro deixou de ser representativa do teatro universitario e galego en xeral”, revelan ademais cal é o motivo de que o seu símbolo sexa un cogumelo, o lugar que ocupa o “pitufirreitor” na súa obra de teatro que é “unha sátira da situación que (...) se estaba vivindo na USC”. Dan conta, ademais, do conxunto de actividades que realizaron nunha viaxe que fixeron a Bruxelas para asistir os días 16, 17 e 18 de abril ó festival “Bruxelles Babel 2000”, tras ser invitados pola asociación “Tremplins”, salientando o ambiente de camaradería que había entre os diferentes grupos teatrais europeos. Comentan ademais cal foi a acollida que tiveron alí, tanto dende o punto de vista social como dende o cultural e contan como conseguiron os cartos para ir ata Bruxelas.

Fernández Rodríguez, Manuel, “Retrato radial de Claudio Rodríguez Fer”, *Clave Orión*, nº VI, 1999, pp. 41-43.

Recensión da obra *Os mundos de Claudio Rodríguez Fer* (1998), de Natalia Regueiro. Concorda coa perspectiva da autora do libro ó sinalar que, na radicalidade do poético, “poesía e vida son ó mesmo tempo causa e consecuencia unha da outra”. Logo de describi-la estructura do libro subliña a metodoloxía integral utilizada por Natalia Regueiro e profesada tamén polo propio Claudio Rodríguez Fer. Para Manuel Fernández Rodríguez esta obra pon en evidencia a necesidade dunha actitude aberta cara ó entendemento da realidade, “máis aínda cando se trata dunha realidade tan específica como a literaria”. A propósito disto considera tamén que con este libro Natalia Regueiro insiste e demostra na práctica que “cando o corpo e o espírito son un, non se poden explicar por separado”.

_____, “Galicia integral. Unha mirada poliédrica”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, nº 4, 1999, pp. 206 -219.

Artigo onde se repasa a crítica literaria galega dende o seu nacemento, con expresión castelá, no século XIX ata hoxe en día, e onde se indica que a metodoloxía integral da crítica literaria galega representa unha boa orientación cara ó futuro. Analízanse os volumes teórico-metodolóxicos da autoría de Claudio Rodríguez Fer referidos á análise integral, indicando que el é o introductor da metodoloxía analítica nas investigacións literarias galegas contemporáneas, e finalmente debúllanse as obras de feminismo integral, como *Literatura galega da muller* (1991), de Carmen Blanco.

Ferro Ruibal, Xesús, “Reflexións verbo da traducción da Biblia ó galego”, *Viceversa*, nº 5, “Teoría e historia da traducción”, 1999, pp. 11-39.

Comeza pondo de relevo a importancia deste libro na cultura occidental, o arrequentamento que produciu nos idiomas que o recibiron e a falta de normalización dos que non o posúen. A seguir, explora as traduccións parciais ó galego que se executaron dende a Idade Media ata 1989, data en que apareceu xa a edición íntegra, pasando pola época de silencio correspondente ós Séculos Escuros. Despois expón diversas dificultades técnicas, inherentes ó carácter sacro da*Biblia* (1989), ás que se tivo que enfrontar como o “establecemento do texto base”, a “variedade do material de partida” ou a “sacralización do orixinal”, que tende a evitar calquera mudanza. Salienta a grande unidade do galego, a cal evita dificultades coas que si tropezan, nembargantes, as grandes linguas mundiais e recoñece o imperfecto coñecemento do galego culto debido á súa formación e á carencia naquela altura de instrumentos lexicográficos básicos, así como os problemas derivados da présa coa que se completou a tarefa. Tamén admite que non houbo traballo en equipo senón unha suma de individualidades con varias supervisións que desfacían parte do traballo achegando o resultado á literalidade da base. Bota a culpa disto ás insuficiencias económicas, contando cunha mínima axuda da editorial SEPT e da Xunta, que promoveu a edición. Para rematar, recomenda que hoxe, cos medios que xa existen, se emprenda unha revisión do texto. Os exemplos que Ferro usa neste artigo delatan que se usaron fundamentalmente versións españolas como texto de apoio da traducción.

Fox, Soledad, “De literata a literata. Anne Marie Morris canta a Rosalía de Castro en inglés”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Comunicacións”, xuño 1999, pp. 169-178.

Refírese á relación que a poeta norteamericana Anne Marie Morris mantivo coa lingua galega, froito da cal escribiu *Voz Fuxitiva* (1964). Seguidamente, alude á recepción e ás hipóteses erradas sobre a xestación da obra. Así mesmo, lembra o progresivo achegamento da poeta ó idioma destacando, sobre todo, a obra poética de Rosalía de Castro como canle fundamental. Precisamente, cita a traducción ó inglés que fixo da obra rosaliana na súa tese de doutoramento, que estudia esta poética. Por último, considera excepcional a calidade e a extensión desta traducción en contraste coas outras existentes. Como exemplo do que afirma, incorpora as versións galega e inglesa dos poemas rosalianos “Fun un domingo” (*Cantares Gallegos*) e de “O meu olido máis puro” (*Follas Novas*).

Fraga, Modesto, “O movemento asociativo na poesía”, *Terra Bárdica*, nº 1, “Poesía”, 1999, pp. 21-22.

Con motivo da celebración da Iª Mostra do Libro da Costa da Morte, fai alusión ó forte pulo experimentado polo movemento asociativo na Costa da Morte durante os últimos anos. Comenta como proba máis evidente a creación do Batallón Literario da Costa da Morte e dá conta dos colectivos antecesores como foron “Un medio” (Cee) ou “Blas Espín” (Ponte do Porto). Salienta os obxectivos acadados en tan curto prazo de tempo de existencia do Batallón e finalmente subliña catro puntos básicos nos que se manifesta o pulo da asociación: o número de autores e autoras membros da asociación entre 1996 e 1998, o número de edicións de obras producidas, feito que deu lugar á Mostra, a gran cantidade de premios acadados polos diversos membros e, por último, a dinamización conseguida, que se manifestou no gran número de recitais poéticos.

Fraga Rodríguez, Xan M., “De poeta a poeta. De San Luís Romero para Manuel María”, *A Regueifa*, nº 8, 1999, pp. 13-16.

Despois de referirse brevemente ó labor como dramaturgo de Xesús San Luís Romero, do que destaca a obra *O Fidalgo*, estreada no Teatro Principal de Santiago de Compostela no ano 1918, reivindica a súa representación en Carballo co gallo do oitenta aniversario desta peza teatral e salienta a calidade das portadas da primeira e a segunda edición, de Asorey e Camilo Díaz, respectivamente. A seguir, fai alusión ó soneto que San Luís Romero lle dedicou a Manuel María, con motivo dunha nova edición do libro deste titulado *Terra Cha* (1954), no ano 1960. Finalmente, reprodúcense o soneto “Carballos”, do poeta chairego e o soneto que San Luís Romero lle dedicou: “o inspirado poeta Manuel María na nova ediceón do seu fermoso libro “Terra Cha”. Remata este artigo coa reproducción das portadas das dúas edicións de *O Fidalgo*.

Fraguas, Antonio, “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 621-629.

Antonio Fraguas descríbenos neste artigo o ambiente que o rodeou na infancia. Dá detalles da aldea e da casa na que naceu, informa dos familiares que vivían con el e relata o decorrer diario da súa vida, moi vinculada ós traballos do campo e ós ciclos productivos que marcaban as distintas colleitas. Conta tamén o seu primeiro contacto coa escola e cun mestre negado para a docencia que se caracterizaba por empregar castigos violentos cos seus alumnos. Lembra a súa chegada ó Bacharelato gracias a un mestre que avisou ós pais das aptitudes do aínda neno Antonio Fraguas, cando estaba prevista a partida da familia para o Brasil.

Freire, Xosé Manuel, “Madeira de poeta”, *Guía dos libros novos,* nº 4, “Poesía”, febreiro 1999, p. 26.

Dáse conta da publicación de *Madeira do meu canto* (1998), de Luís González Tosar, edición bilingüe na que se recollen poemas que van dende o ano 1986 ata 1997, pero que non se presenta como antoloxía, aínda que recolle os seus poemarios comezando por poemas de *A caneiro cheo* (1986), caracterizado por unha poesía na que aparece a terra, o amor ou a simboloxía, pasando a *Seis cantos labrados co recordo de seis cidades mouras* (1994), definido pola mitoloxía e o simbolismo, ademais da evocación de diferentes cidades e a recuperación da infancia. O seguinte poemario é *Campás de recalada* (1992), con versos cada vez máis longos e Santiago de Compostela de fondo, e o máis recente de 1997, *Cantar da terra meoga*, sete poemas de gran musicalidade que transmiten unha forte nostalxia. Remata salientando que esta obra está concibida como unha viaxe que ofrece ó lector a oportunidade de diferentes lecturas e a posibilidade de achegarse ós mundos persoais do autor.

_____, “Un volume partillado”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Poesía”, abril 1999, p. 24.

Afirma que *O Xardín das Matanzas* (1996), de Cándido Duro é un libro moi peculiar que, en realidade, son dous libros, e que deste xeito, se comezamos a ler polo final da obra, atopámonos con outro volume, *Manuscrito de poeta con suicidio final* (1996), de Pedro Gonzalves. O comentario do primeiro dos libros vén acompañado de exemplos dalgunhas das poesías que están presentes nesta obra, mentres que o segundo é unha obra narrativa que se estructura en catro contos. Tamén se apunta que o máis peculiar, sen embargo, é que dúas das páxinas están escritas do revés precisándose un espello para poder lelas. Remátase sinalando que con este volume a editorial Santa Compaña inaugura a nova colección “Dobre Espacio”.

Freixanes, Víctor F., “1978-1998: La infraestructura de las Letras”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 4-6.

Ó longo deste artigo vaise debullando o fenómeno literario galego dende dous puntos de vista fundamentalmente: por unha parte a industria editorial e por outra os lectores. Así pois, ofrece datos sobre a producción editorial en lingua galega en comparación explícita cos publicados nas outras linguas do estado. Ademais, sinala as vantaxes e inconvenientes que ten hoxe en día escribir en galego e a importancia dos premios como plataforma de lanzamento de moitos escritores e as súas obras. A seguir, ofrece uns trazos básicos do lector en galego, admitindo melloríias e indicando algunhas deficiencias. Conclúe desexando un avance cuantitativo máis que cualitativo por este non ser un país de multitudes.

_____, “*Extintos básicos*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “Recensións”, maio 1999, pp. 311-314.

Recensiona a obra de Xosé Manuel G. Trigo, *Extintos básicos*, publicada por Edicións Xerais de Galicia no ano 1998. Trátase dunha obra influenciada, segundo o articulista, por Maupassant e Noriega Varela e composta por vinteseis relatos breves “co cartel publicitario de “manual de botánica sentimental”. Atópanse, así mesmo, pegadas de Cunqueiro, Otero Pedrayo, Ribeyro, Monterroso, Ortega, Valéry ou Valle-Inclán, entre outros. Propón, para rematar, catro características do volume: a capacidade de observación, a economía de recursos narrativos, a tenrura e mailo humor.

García López, X. A., “Xosé Mª Díaz Castro na revista *Cartel*: Dous poemas non recompilados”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 83 -84.

Achega á obra de Xosé Mª Díaz Castro, centrada nos dous textos que aparecen publicados na revista *Cartel*, “Terra e mar” (15 marzo 1946) e “Sobre las rocas de ámbar” (abril, 1946). Recóllese tamén que lle outorgaron o premio dos Xogos Florais de Betanzos de 1946 nos que gañou cos poemas “Nascida d’un soño” e “El cántico de la ciudad”, un en galego e outro en castelán, sinalando que ambos son da mesma época cós poemas da revista *Cartel*.

García López, Xosé Anxo, “Lorenzo Varela e o tema xacobeo”, *Encrucillada*, nº 111, “Ano Santo 1999”, xaneiro-febreiro 1999, pp. 43-48.

Ofrece un amplo percorrido pola vida do escritor galego Jesús Manuel Lorenzo Varela Vázquez, que naceu en agosto de 1916 nun barco que ía camiño da Habana. Pasou a súa infancia en Buenos Aires e regresou a Galicia para estudia-lo bacharelato en Lugo e, posteriormente, en Madrid. A seguir, nárranse tódolos acontecementos máis destacados da súa vida e coméntase, con detalle, o labor que levou a cabo dende o seu exilio en México e máis tarde na capital arxentina. Para rematar, reprodúcense dous poemas do autor: “A la piedra del Pórtico de la Gloria”, composto no ano 1945 en Buenos Aires, e unha traducción ó castelán dun cantar francés de peregrinos do século XVII, levada a cabo por Lorenzo Varela e titulado “Canción llamada de los peregrinos cantada en el siglo XVII por los peregrinos franceses de Santiago”.

_____, “O teatro de Ánxel Fole”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 25, “Caderno da crítica”, 1999, pp. 141-152.

O articulista baséase na investigación hemerográfica para dar unha visión global das facetas creadora e crítica de Ánxel Fole respecto ó teatro. Afirma que o lugués vía este xénero, xunto co conto, como o mellor xeito de vehicula-los esforzos a prol da normalización lingüística. Cualifica *Pauto co demo* (1958) de didáctica, moralizante e costumista, e relaciónaa con Manuel Lugrís Freire e, secundariamente, con Antón Vilar Ponte, quen compoñía, xunto con Castelao e Dieste, o cumio da nosa dramaturxia. Concédelle primacía o manuscrito que utilizou Citania para a primeira edición sobre o que posúe Francisco Fernández del Riego, que sería unha reelaboración. Tamén indica García López as características nas que residía para Fole a galeguidade dunha obra e que atinxían ó xeito de representar, á lingua e á temática. Alén diso, describe o paupérrimo estado do noso teatro de posguerra e o abrollar dos anos 50. Neste contexto, valora positivamente o traballo do autor lugués. Coida, con Xoán Soto, que a razón do baixo nivel dramático das nosas letras debíase a que este xénero non centraba o traballo de ningún dos nosos escritores. Este artigo é un resumo do traballo que quedou en segundo lugar, en 1997, na IXª edición do Premio de Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio, organizada polo Departamento de Filoloxía Galego-portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración co Vicerrectorado de Investigación e do Terceiro Ciclo.

García Pérez, Sonia, “V Jornadas sobre la traducción: ‘La traducción audiovisual en el siglo XXI”, *Viceversa*, nº 5, “Informacións”, 1999, pp. 197 -200.

Informa da celebración, no ámbito destas xornadas sobre traducción que tiveron lugar en Castelló, dunha mesa redonda sobre a “adaptación cinematográfica e dramática como traducción”, na que participaron Raquel Merino (Universidad del País Vasco), Raquel Segovia e Vicente Benet (Universitat Jaume I). Di que se centraron nas “diferencias entre adaptación e traducción dramática e a traducción das estructuras normativas no momento en que se adaptan a diferentes formatos textuais”.

García Piqueras, Isabel, “Homenaxe a Ramón Lorenzo”, *Madrygal*, nº 2, “Recensións”, 1999, pp. 224-226.

Dáse conta, en primeiro lugar, dos motivos para renderlle unha homenaxe a Ramón Lorenzo cunha edición especial en dous volumes no ano 1998. Entre os principais motivos destacan a súa vinculación con institucións como o ILGA, o Instituto do Padre Sarmiento de Estudios Galegos ou o Consello da Cultura Galega, así como o seu compromiso coa cultura e a lingua galegas. A seguir, dáse conta das colaboracións que conforman estes dous volumes nos que o primeiro se divide en tres seccións: “Filoloxía e Literatura Medieval”, “Crítica e creación literaria” e “Cultura e Historia”, mentres que o segundo dos volumes está adicado integramente á lingüística. Para rematar, faise unha relación de tódolos artigos e autores.

Garrosa Gude, José Luis, “Luis González Tosar. *Madeira do meu canto*”, *Madrygal*, nº 2, “Recensións”, 1999, pp. 219 -221.

Refírese á aparición da obra *Madeira do meu canto* (1998), de Luís González Tosar, na que se inclúe toda a producción poética do autor: *A caneiro cheo* (1986), *Seis cánticos labrados co recordo de seis cidades mouras* (1986), *Remol das travesías* (1989), *Campás de recalada* (1992) e *Cantar da Terra Meoga* (1997), incluíndose tamén algúns poemas inéditos e outros en edicións esgotadas, acompañados todos eles polas traduccións do propio autor dos versos en castelán. Coméntase a obra de Luís G. Tosar e aqueles feitos biográficos relevantes na mesma, así como a presencia constante da emigración e as viaxes na súa temática.

Gaspar, Silvia, “Dos xéneros narrativos á literatura popular”, *Eidos do Libro*, nº 3, “Xanela aberta”, marzo 1999, pp. 31-33.

Comeza o artigo situando cronoloxicamente a narrativa galega actual “contra mediados da década dos oitenta”, sinalando como data clave o ano 1984, cando Carlos Reigosa gañou o Premio “Xerais” de Novela con *Crime en Compostela*, abrindo un “proceso de diversificación na nosa escrita”. Ofrécese unha panorámica das novas formas de expresión literaria que foron aparecendo demandadas tanto polo público lector coma polas editoriais: a novela negra, a novela erótica, as “liñas” abertas no ano 1992; a novela a imitación da “utopía anglosaxona” e a “liña (...) debedora e filla directa de toda a tradición popular”. Finalmente, faise referencia á literatura que cultiva a “estética do sentimental”, así como á literatura “que segue o ronsel da tradición fantástica e as novelas de “memoria histórica”.

_____, “La novela gallega (1975-1998)”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 27-29.

Ó xeito de breve panorámica descríbense neste artigo as principais liñas e autores de novela dos últimos vintecinco anos. Comeza sinalando as obras e autores dos anos setenta para, de seguido, falar dos oitenta e dos noventa. Das primeiras di que buscaban asentar un sentimento nacional, mentres que nas outras, unha vez conseguida certa autonomía política, prodúcese unha especialización en xéneros e os primeiros intentos de ruptura (ou renovación) do xénero novelesco. Por todo isto, declara que a novela goza de boa saúde.

Gavilanes Laso, José Luís, “Entrevista a Eduardo Blanco-Amor e outras historias”, *Galicia dende Salamanca 2*, 1999, pp. 255-265.

Achega á figura de Eduardo Blanco-Amor a través da reproducción dunha entrevista, feita en Salamanca no ano 1978 e da que se di que foi publicada no xornal salmantino *El adelanto*. Nela recóllense as impresións do autor galego sobre a Galicia do seu tempo, en especial, a situación provocada pola emigración no campo, o estado do galego fronte ó castelán, a súa práctica do bilingüismo ou a reflexión sobre a súa propia obra. Lembra tamén os inicios da súa actividade xornalística en Buenos Aires no xornal *La Nación*, o ambiente intelectual no que vivía e a sorpresa que supuxo a publicación da súa obra *Chile a la vista* (1951), pasando, a seguir, a reflexionar sobre a súa concepción da novela como un “espello da vida”. A continuación coméntase a conferencia ofrecida en Salamanca no marco das Vas Jornadas de Literatura Gallega Contemporánea titulada “Un e os seus libros”, da que salienta a súa referencia á faceta de traductor das súas propias obras, a chegada á narrativa castelá coa obra *La catedral y el niño* (1949), ou a importancia de *A Esmorga* (1959) dentro da literatura galega. A seguir, reprodúcese unha carta que o intelectual galego lle enviou e na que, entre outras cousas, lle agradece os momentos vividos en Salamanca. Finalmente, fai un eloxio fúnebre pola morte de Eduardo Blanco-Amor repasando as súas obras máis destacadas como as xa citadas ademais de *Xente ao lonxe* (1974).

Giménez Lago, José Luis, “Castelao, sempre Castelao”, *Galicia dende Salamanca 2*, “Artigos”, 1999, pp. 199-218.

Conxunto de catro artigos precedidos por unha introducción, redactada por Alexandre Rodríguez Guerra, na que se valora a información que achegan e se citan os xornais nos que se publicaron orixinalmente. “Castelao, artista multidimensional” constitúe unha síntese biográfica na que se enaltece a figura do rianxeiro atendendo a tódalas facetas da súa vida. A seguir, “Obra de Castelao en Salamanca” describe, entre gabanzas xerais, as obras que están nesta cidade leonesa en mans privadas. En “Visita á casa de Castelao en Rianxo”, pola súa banda, narra como Giménez Lago visitou cunha filla a casa na que aínda residían Xosefina e Teresa, as irmáns de Daniel, que exerceron de anfitrionas. Para rematar, en “Obra política de Castelao”, fala do constante compromiso cos oprimidos, omnipresente na obra gráfica, do que deduce que esta conserva hogano plena actualidade.

Gómez, Laura, “María Xosé Queizán”, *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº 22, 1999, pp. 14-18.

Entrevista na que Mª Xosé Queizán descobre as dificultades que atopou ó enfr ontarse cunha lingua pobre en modelos literarios cando empezou a escribir, nos anos sesenta. A autora réstalle importancia ós conflictos normativos e sitúa o *quid* do futuro do galego na normalización lingüística. A seguir, albíscaselle unha boa saudade á lírica e á narrativa, malia o pequeno papel da muller nesta última, pero non opina o mesmo do teatro, que considera escaso. Sinala tamén que se “empezou a casa polo tellado” coa creación do CDG, xa que cumpriría un traballo anterior de base. Reivindica maior presencia do realismo e sinala a ausencia do narcotráfico, a emigración e as historias de mulleres na literatura galega. Ataca a idea do divorcio entre calidade literaria e compromiso social e defende que toda obra ten ideoloxía, sexa do tipo que sexa. Destaca o pluralismo de *A Festa da Palabra Silenciada* e xustifica a grande atención que lle adica ó mundo das letras.

Gómez Pato, R., “Abecedario dunha traizón (acerca da traducción do *Libellus de Natura Animalium*-Libriño sobre a natureza dos animais)”, *Viceversa*, nº 5, “Traduccións xustificadas”, 1999, pp. 127-132.

A xeito de glosario, Gómez Pato presenta diversos problemas cos que se atopou ó verter ó galego esta obra aparecida na nosa lingua en 1998, entre eles, as múltiples referencias divinas, a eliminación das repeticións, as citas bíblicas, ou as diferencias entre as gramáticas galega e latina. Tamén cita exemplos nos que o seu labor resultou moi doado, acupándose, ademais, de cuestións xerais da traducción como, entre outros, a imposibilidade da traducción perfecta, a xustificación desta práctica ou a súa utilidade.

Gónzalez Fernández, Anxo, “O tema *Hamlet:* de Shakespeare a Cunqueiro”, *Casahamlet*, nº1, maio 1999, pp. 58-59.

Aproximación ó *Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro destacando unha serie de aspectos que fan que o drama orixinal shakesperiano sufra unha transformación. Centra fundamentalmente o seu artigona “compoñente edípica” coa que Álvaro Cunqueiro deseñou o seu *Hamlet*, en contraste coa “compoñente oréstica” que tiña o *Hamlet*, de Shakespeare. Por último, afirma que Cunqueiro lle engade unha compoñente “estoico-calderoniana” ó asimilar, en parte, o comportamento de Hamlet ó de Sexismundo de Calderón de la Barca, dando como resultado un “Edipo Sexismundiano”.

González Fernández, Helena, “Poesía: bos poemarios e modelos diversos”*, Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998,* “Panorámicas”, xuño 1999, pp. 261-269.

Comeza afirmando que o centro do sistema galego está ocupado polos poetas dos 90, á espera doutro cambio xeracional. Sen embargo, tamén cre que non hai uns patróns, senón propostas diferentes como ben demostran as últimas antoloxías: *Para saír do século*, *Muerte de la joven poesía gallega* (México), *Mulher a facer vento* (Lisboa) e *Poesía ultimísima*. Entre as características que observa na poesía actual, sinala a necesidade de comunicación dos autores e unha certa unidade en trazos propios da literatura actual de Occidente (ficcionalización, ironía, narratividade, cotidianeidade, compromiso e ruptura). Falando de etiquetas, prefire falar de “poesía dos 90” e non de posía de muller, clasicismo, culturalismo, etc., xa que observa heteroxeneidade nos textos. A seguir, céntrase na poesía feminina. Na súa opinión, hai moitas tendencias dentro do discurso marcado en femenino e un bo número de autores, o que significa a normalidade da presencia autorial feminina. Cre que moitos destes libros marcaron a ruptura de fronteiras do masculino e do feminino, sumándolles tamén obras de autores masculinos. Posteriormente, revisa a etiqueta do culturalismo e do clasicismo á luz das obras de Miro Villar, María do Cebreiro, Sechu Sende, Anxos Romeo e Antón R. López e relaciona a definición das identidades individuais e xenéricas. Finalmente, rexistra os títulos premiados, partindo da premisa de que os certames son necesarios nun sistema no que só hai catro colección de poesía estables, dentro dunha reflexión sobre o estado do mercado actual que antecede a un inventario de reedicións e escolmas. Conclúe cualificando como moi positiva a xeira deste ano en canto a títulos e tendencias, se cadra máis porque outros autores imprescindibles non publicaron.

González Gómez, Xesús, “Un teatro Deconstruccionista”, *Casahamlet*, nº1, maio 1999, pp. 8-11.

Comentario do libro de J. Guisán Seixas, *Teatro Para se Comer* (1997), considerado como un “artefacto teatral-narrativo (...) que fai desaparecer a noción de xénero”. Xesús Gonzalez Gómez ofrece unha serie de instruccións para a súa lectura e indícase que o libro está formado por un prólogo e tres actos.

González-Millán, Xoan, “Vender cultura: o mercado do libro galego”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Estudios Socioculturais”, abril 1999, pp. 3-4.

Coménzase cunha crítica ó feito de que Galicia non ten unha historia do libro galego nin estudios monográficos para facer este proxecto. Todo isto ven ó caso pola publicación do libro da escritora portuguesa Rosa María Verdugo Matês, *A industria editorial em Galiza* (1998). Afírmase que se trata dun libro feito por unha economista, no que se recolle e se tenta analizar aspectos socioculturais dende unha perspectiva economicista durante os anos comprendidos entre 1937 e 1996. No libro faise referencia á diferencia entre a producción editorial en Galicia e a producción editorial en galego, á diferencia entre editoriais privadas e institucionais e ó hibridismo e á confabulación de intereses destes dous sectores. O resultado ó que se chega é que predominan as editoriais privadas e aínda máis as que teñen o domicilio fóra de Galicia. Destácase, de entre tódolos apartados que compoñen o libro, o adicado ás “políticas de regolaçom das administraçons públicas”. Por último, coméntase que o libro achega numerosos datos de proveito pero deixa tamén outros moi importantes.

González Xil, Xosé María, “Otras escrituras”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 24-26.

Localiza esta reflexión no diálogo que se deu entre literatura e arte no período dos últimos 25 anos. Son tres características as que nomea como básicas desta aproximación da escritura á plástica: a preocupación polas linguaxes, a inquietude interdisciplinar e a reivindicación das vangardas de comezos de século XX. En concreto, céntrase na literatura visual, que se manifestou a través de diferentes apostas como foron Rompente, a poesía de Novoneyra ou o mundo da banda deseñada; a *Ékfrasis*, a lectura en imaxes; e cita algúns nomes de autores que conxugaron a escrita coa pintura para, por último, se referir a aqueles escritores que cultivan tamén a crítica de arte.

Gregorio, Sara, “Sobre *Contos Malvados* de Xurxo Borrazás”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 85-90.

Pormenorizada análise descritiva dos trece contos que conforman a última obra de Xurxo Borrazás *Contos malvados* (1998), caracterizados pola nota de fatalidade sempre de fondo, como ocorre en “Vodas de ouro” e “Maldade”. Destaca o papel importante do lectorado que, por veces, pode pensa-lo que quere que suceda no final, como en “Un plan algo”, ou pór algo da súa parte para entende-lo que le, como en “O poeta el” ou “Iniciais”.

Gurméndez, Carlos, “Tres poetas en el exilio”, *Ferrol Análisis*, nº 14, agosto 1999, pp. 154-159.

Despois de referirse ás causas que deron lugar ó espírito revolucionario que se manifesta na IIª República e que se exteriorizan con maior evidencia nos intelectuais, analiza a obra de Rafael Dieste, José Bergamín e Luís Cernuda. Afirma que a obra dramática de Dieste se apoia na riqueza “del espíritu popular”. Sobre *Dos arquivos do trasno* (1926) apunta que reflicte a Galicia misteriosa e a obxectividade para se fundir en “la libertad contemplativa”. Prosegue dicindo que a memoria cumpre un papel central na súa narrativa, como acontece en *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943) xunto co encantamento. É o labirinto de soños que tamén encontra no relato “Este niño está loco” e que amosa a lealdade ás orixes e á revolución. Sen embargo, sostén que no teatro desenvolve unha linguaxe neokantiana e focaliza o drama como advirte en *Fiestra valdeira* (1973) e *Viaje y fin de Don Frontán* (1930), que expresa un conflicto semellante ó das *Comedias Bárbaras* de Valle Inclán, aínda que máis poético en Dieste. A seguir, pensa que esta abstracción poética se converte en consciencia dramática da historia coa Guerra Civil que exemplifica en *Nuevo retablo de maravillas* e *El amanecer*. Conclúe, finalmente, que o seu teatro vehiculiza unha ideoloxía sen perde-la poesía orixinaria nunha dialéctica experimental, que destrúe a concepción estática deses sectores sociais da España anacrónica.

Lado, Carme, “O asalto á páxina en branco” de Isolda Santiago. A creación, a beleza e a fascinación pola literatura”, *Andaina. Revista galega de pensamento feminista*, nº 24, “Libros”, inverno 1999, pp. 54-58.

Recensión da obra *Berce de estampas* (1998), de Isolda Santiago, que comeza acudindo a Helena González para acredita-la solvencia da literatura galega actual e, particularmente, da lírica feminina. Carme Lado lembra os seus primeiros pasos literarios, ligados a diferentes revistas, así como a súa ópera prima, *Flor de tan mal xardín*. A seguir, sinala a recorrencia en *Berce de estampas* das figuras da nai, do avó e da nena, a cal se rebela contra un mundo rural, estático e cruel que lle impón certas pautas de comportamento asociadas ó seu sexo. Destaca tamén o uso da técnica do fragmentarismo e a presencia de referencias agrarias, versos obscenos, pesimismo e elementos mitolóxicos, alén de constata-la dificultade para reducir e etiquetar unha obra tan complexa. Por outra parte, non oculta a visión negativa do sexo e o amor que Isolda Santiago nos ofrece na obra. Para rematar, cómpre sinala-la abundancia de citas do texto analizado que este artigo incorpora.

Lagares, Xoan Carlos, “O poder da invención”, *Eidos do Libro*, nº 3, “Crítica”, marzo 1999, p. 15.

Comentario de *Un país de palabras* (1998), de Carlos Casares no que se fai alusión ó estilo e estructura desta obra, que está conformada por doce capítulos de pequenas historias. O recensionista fai unha relación dos personaxes que desfilan polo libro, como son Vicente Risco ou Otero Pedrayo, entre outros, e considera que o seu capítulo máis significativo é aquel no que “se fala da invención do Apóstolo”. Critica, sen embargo, que Casares non vexa “conflicto lingüístico e cultural na vida do país”.

Lama, María Xesús “Entrevista a Carlos Casares”, *Galicien Magazin*, nº 8, “Entrevista”, novembro 1999, pp. 22-29.

Carlos Casares comenta nesta entrevista o papel desenvolvido pola editorial Galaxia, dende a súa fundación ata a actualidade, continúa dando conta dos proxectos que ten en marcha o Consello da Cultura Galega que se han concretar no “Informe 2000” onde se establecerán as prioridades para coordina-la política cultural galega, pasando polo problema da difusión da nosa cultura fóra das nosas fronteiras. A conversa segue cun resumo das impresións que ten o entrevistado de Alemaña, para rematar coa situación actual da cultura e da lingua galega no seu proceso de normalización.

Ledo Andión, Margarita, “A misa do Galo e o gol de Marcelino”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp 725-731.

Nestas lembranzas da infancia, comeza Margarita Ledo Andión referíndose á influencia que puido ter nela o feito de contar con dúas irmás xemelgas trece anos máis vellas ca ela. Comenta os primeiros pasos nunha escola rural e a forte presencia da relixión no seu Castro de Rei natal, circunstancia esta atenuada pola ideoloxía da familia. Acórdase tamén da chegada da televisión a esta vila luguesa e do interese e opinións que desatou. Finalmente, céntrase en describi-la súa chegada a un internado da capital luguesa para cursa-lo bacharelato cando tiña dez anos. Dá detallada conta de tódalas actividades que alí debía realizar e do estricto control a que se vía sometida por parte das monxas.

Lillo Redonet, Fernando, “Presencia de Ulises na poesía galega do século XX”, *Galicia dende Salamanca* 2, “Artigos”, 1999, pp. 171-188.

Amósase a presencia multiforme da figura literaria de Ulises dentro da poesía galega do século XX. Indícase que o heroe da *Odisea* aparece normalmente vinculado a figuras femininas e case nunca como personaxe central. Sinálase a relación de Ulises con Penélope, Nausicaa e Calipso.Penélope aparece nos poemas “O navegante Ulises”, de Manuel Catoira; “Penélope”, de Álvaro Cunqueiro; “Penélope”, de Xohana Torres e mais “Penélope”, de X. M. Díaz Castro. A parella Ulises e Nausicaa analízase no poema “Nausicaa”, de Ricardo Carvalho Calero; mentres que a relación de Ulises coa ninfa Calipso apréciase no poema “Ogigia”, de Víctor Vaqueiro. A visión de Ulises como arquetipo de modelo a rexeitar, pola súa banda, está presente na poesía galega co poema “Na vida non é ser Ulises”, de Ramón Taboada. Finalmente, analízase a viaxe odiseica como paradigma de viaxe interior nos poemas “A volta de Ulises”, de X. L. Franco Grande e en “A un fillo meu”, de X. L. Méndez Ferrín.

Llantada Díaz, Mª Francisca, “Reseñas”, *Revista Galega de Teatro*, primavera-verán 1999, pp. 69-71.

Comentario das traducccións das obras de William Shakespeare, *Ricardo III* e *Xulio César*, realizadas durante o ano 1998. Así mesmo, faise unha valoración da idoneidade que supón traducir á nosa lingua obras que constitúen o “patrimonio da nosa cultura occidental”. A seguir, aproxímasenos á peza dramática *Ricardo III*, contextualizándoa, indicando o lugar que ocupa na obra de Shakespeare e ofrecendo unha serie de apreciacións sobre a traducción que desta obra fixo Xoán Ledo ó galego. Lóuvase a boa adaptación da “riqueza de linguaxe e de estilo do orixinal ó galego”, aínda que se critican algúns aspectos como o emprego dos dialectalismos ou dos hiperenxebrismos. Critícase tamén a falta dunha introducción onde se debería indicar cal foi o proceso de traducción ó galego, a carencia de notas a pé de páxina sobre feitos históricos ou a existencia dun apartado bibliográfico coas edicións máis recentes en lingua inglesa. Coa recensión da obra *Xulio César*, na súa traducción ó galego, séguese o mesmo proceso: lugar que ocupa na dramaturxia de Shakespeare, contextualización e desenvolvemento da peza dramática. Dise da traducción que perde en canto ó estilo con respecto ó orixinal, criticando tamén a falta dun texto previo que explique que criterio se seguiu para face-la traducción.

López, Aurora, “Dúas cancións con soños de Pura Vázquez”, *Clave Orión*, nº VI, 1999, pp. 119-128.

Escribe Aurora López sobre as súas impresións á hora de lle poñer música ós poemas de Pura Vázquez “Soñando o fillo” e “Soñando a Grecia”. Do primeiro deles subliña a capacidade da poetisa para expresar con tanto sentimento o amor materno malia non ter fillos. Comenta, a propósito desta composición, a dificultade que lle supuxo musicala por mor da forza, o sentimento e a humanidade que era preciso reflectir. No tocante a “Soñando a Grecia” fai fincapé na precisión da autora que tampouco estivo nunca no país heleno. As reflexións van seguidas pola reproducción deste segundo poema e pola súa partitura, con arranxos de Teresa Luján.

López, Teresa, “Arredor da nova narrativa”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Cuestións”, Tomo I, Ano X, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 37-58.

Teresa López analiza os trazos que considera significativos do movemento literario da “Nova Narrativa”, que reformou a prosa galega a mediados do século XX. Cre que, a pesar da dificultade de caracterizar globalmente os textos deses anos, pódense dar algunhas bases rastrexables nos autores da época. Unha delas é a presencia da reflexión metaliteraria. Outra, a procura de espacios alternativos ós dominantes na narrativa de entonces. Unha terceira sería a creación de personaxes pouco caracterizados psicoloxica-mente, desarraigados e en conflicto co seu medio e coas persoas que os rodean.

López Foxo, Manuel, “Manuel María: perfil biográfico e obra poética”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, nº 4, 1999, pp. 188-197.

Reflexión e análise da biografía e producción poética do chairego Manuel María. Indícanse os acontecementos máis sobranceiros da súa vida, así como as súas principais obras dentro da súa vasta obra en lingua galega.

López-Keller, C., “Poema de Laureano Álvarez”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 93-108.

Xunto con algúns datos biográficos de Laureano Álvarez, reprodúcense algúns dos seus poemas inéditos, analizando a temática que predomina neles, como son a súa vila natal Santa Marta de Ortigueira, o paso do tempo ou a soidade.

López López, Yolanda, “Víctor Freixanes. Memorias dun neno galego”, *InteresArte*, nº 6, “Literatura”, outono 1999, pp. 44-46.

Víctor Freixanes confesa nesta entrevista terse quedado en Galicia, nos seus inicios de escritor, para non perde-la súa fonte de inspiración. Fala tamén dos seus inicios como autor premiado, cando traballaba na radio e lle pedira a Ferrín consello sobre un texto inédito. Sobre o seu primeiro libro, *Unha ducia de galegos* (1976), di te-lo feito para recompoñe-la memoria do galeguismo como identidade universal, do xeito que quería Risco. Entre outras moitas cousas, engade, ademais, que o seu labor de escritor comezou ós dezanove anos, escribindo nos xornais. Dende aquela, xornalismo e literatura son para el dúas facetas dunha mesma actividade.

López Silva, Inma, “*O estadio do espello*”, *Grial*, nº 142, Tomo XXXVII, abril-maio-xuño 1999, pp. 327-329.

Comeza esta recensión de *O estadio do espello* (1998) aludindo á combinación de “herdanza do anterior” con “individualidade literaria ben marcada”, que caracteriza o poemario e que sitúa á súa autora, María do Cebreiro, a carón das xeracións poéticas máis novas. Refírese, a seguir, á estructura da obra e á superación desta división temática por medio de referencias que atravesan toda a obra. Salienta a importancia que teñen as referencias históricas, a intertextualidade co culturalismo da década anterior, así como os xogos de palabras que contribúen a darlle un efecto irónico e por veces humorístico ós poemas. Comenta tamén a liberdade no plano gráfico, trazo caracterizador que relacionaría a María do Cebreiro con Rafa Villar e Eduardo Estévez. Destaca que a música está moi presente na obra, ademais de a través da letra de moitas cancións, “tamén como elemento integrante da linguaxe versal e rítmica que a autora emprega”, o que demostra un “coidado claro (...) no plano sonoro e fonosimbólico”. Finalmente, describe o eu poético como un “eu poliédrico”, xa que adopta múltiples perspectivas e que responde a unha ampla tipoloxía.

López Valero, Mª del Mar, “Paulo Coelho. *O peregrino a Compostela. Diario dun canto*”, *Madrygal*, nº 2, “Recensións”, 1999, pp. 218-219.

Coméntase a versión galega de *Diario dun mago*, de Paulo Coelho publicado en 1987 e que, na traducción de Ana Belén Costal Vila e Eva Lozano Carpente, ten como título principal o de *O peregrino a Compostela*, nome polo que tamén se coñecía. Refírese á visión tan particular do mundo que nos rodea a través da peregrinaxe, apuntando que “es lo que el propio Coelho denomina a *lenda persoal* en la búsqueda que cada ser humano emprende a lo largo de su vida”.

Losada, Basilio, “Galicia e Catalunya, dous proxectos e dúas velocidades”, *Ciutat*, nº 9, primavera 1999, pp. 17-18.

Sitúa no Romanticismo e na consolidación das culturas nacionais europeas, tralo intento de Imperio napoleónico, a orixe do Rexurdimento galego e da Renaixença catalana. A continuación, detense nas dúas obras líricas que simbolicamente marcarían os inicios desta restauración cultural. Así, apunta algunhas claves de *A Alborada* (1928), de Nicomedes Pastor Díaz, e a oda*A la Pàtria*, de Bonaventura-Carles Aribau. Esta referencia sérvelle a Basilio Losada para incidir nos diferentes rumbos que seguiron os dous movementos por mor da ausencia en Galicia dunha burguesía receptiva á lingua e á cultura de Galicia. O artigo, escrito en galego, conta cunha sinopse en catalán de Mª Carmen Badía e Susana Vázquez.

Luna Alonso, Ana, “*Crónica de nosotros*”, *Viceversa*, nº 5, “Recensións”, 1999, pp. 155-160.

Recensión á traducción que Celina Suso Pasquier vén de realizar ó castelán de *Crónica de nós*, publicada en 1999 pola editorial zaragozana Xórdica. Principia cunha contextualización deste texto dentro da Nova Narrativa Galega e cunha caracterización da obra de X. L. Méndez Ferrín na que destaca o celtismo. A continuación, establece unha periodización da súa producción, cunha etapa inicial aperturista seguida doutra moito máis política que se abriría con *Antoloxía popular* (1972) e *Retorno a Tagen Ata* (1971) e, finalmente, abandonaría ese carácter militante en *Con pólvora e magnolias* (1976). No tocante ó volume que estamos a tratar, dedica unhas palabras a cada relato aínda que atende con máis pormenor a “Morir en Laura”, “Sibila” e “Jaque mate”. Cómpre sinalar, ademais, que Ana Luna Alonso nos ofrece unha lista de tódalas traduccións de obras ferrinianas ó bable, ó catalán, ó castelán e ó éuscaro. Anuncia, de paso, a próxima aparición da versión lusa de *No ventre de silencio*, novela á que dedica comentarios gabanciosos, ó abeiro do selo Publicações Dom Quixote.

Malheiro Gutiérrez, Xosé Manuel, “Repertorio da prensa galega da emigración”, *Revista Galega do Ensino*, nº 25, “Recensións”, novembro 1999, pp. 215-217.

Resúmese o contido da obra dirixida polo pedagogo Vicente Peña Saavedra, *Repertorio da prensa da emigración*, que apareceu en soporte impreso e tamén informático. Trátase dunha obra que xorde “como continuación dun proxecto anterior, iniciado no ano 1992, que se materializou na obra *Galicia-América: unha contribución bibliográfica* e tivo continuidade nunha segunda achega notablemente arrequecida que editou en soporte informático, en 1997, a Ponencia de Cultura Galega no Exterior do propio Consello, baixo o título *Base Bibliográfica da Emigración Galega*”. Na obra que nos ocupa inclúense cincocentas cincuenta fichas hemerográficas correspondentes a outras tantas publicacións periódicas que viron a luz ó longo de máis dun século en Galicia, España, o resto de Europa e América, sempre como resultado da iniciativa de emigrantes galegos.

Malingret, Laurence, “A propósito da literatura traducida”, trad. Carlos Lema, *A Trabe de Ouro*, nº 38, “Cuestións”, Tomo I, Ano X, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 365-380.

Malingret cre na traducción, seguindo a Etkind, como acto creador, en canto o importante nela é o plano da expresión e non o das ideas. Insiste na consideración do traductor como lector primeiro que nos propón un modelo de lectura. Ve no traductor outra función paralela: a de difusor dunha cultura allea para o público que traduce. O traductor, conclúe Malingret neste artigo, fluctúa sempre entre a “literaridade”, ou imitación do estilo orixinal e a “literalidade”, ou traducción académica.

Marco, Aurora, "*O Berro. Poemas e Pensamentos de Vida, Amor e Morte*", *Agália*, nº 58, "Recensons", Verao 1999, pp. 263-265.

Achega ó poemario do ano 1998 de Xavier Olariaga que comeza cunha loanza polo pracer que a Aurora Marco lle produciu a súa lectura. Considera que o volume é unha viaxe que comeza na infancia, unha etapa na que a figura da nai, como individualización da xeralidade das mulleres,está moi presente. Ó lado da temática feminina, destaca o amor e a rebelión contra as inxustizas como temas importantes dentro da primera parte do poemario. Con respecto á segunda parte, salienta a fondura filosófica ó abordar temas coma a vida, a morte, a liberdade, ou a amizade, sen abandona-lo ton reivindicativo e a importancia do feminino. Finalmente, louva o traballo dos gravadores e valora positivamente a actitude da Editorial Toxosoutos ó aceptar un libro que non se somete ás normas lingüísticas oficiais.

Mariñas, Loida Concha, “Marta Dacosta. *Setembro*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 303-304.

Breve lectura deste poemario sacado do prelo en 1998. Despois de lembra-la traxectoria poética de Marta Dacosta, sinala que as citas e as dedicatorias da obra xa marcan un dos temas principais: “a reinvindicación da femenidade” mediante a aceptación do propio *eu*. Segundo ela a obra é un camiño na procura das fontes da existencia: a infancia e a nai, nunha dupla visión de maternidade e da terra-nai. Outro símbolo da feminidade que encontra son as fases da lúa. Ademais, sinala que, nese percorrido, setembro simboliza a transición, cara ó inverno da escuridade e o silencio reflexivo e cara á luz que marca o final do camiño: o propio *eu* que agora dá vida.

Mariño Davila, Esperanza, “As aventuras de Alberte Quiñoi: ¿simple costumismo ou compromiso total?, *A Freita*, nº 14, decembro 1999, pp. 34-42.

Tras expo-las liortas de Manuel García Barros coa xustiza, pasa a denuncia-la visión costumista acrítica que deron del Carballo Calero, Emilio Álvarez Blázquez, Anxo Tarrío e os responsables do *Diccionario galego de literatura*. Deste xeito, apoia a perspectiva máis comprometida que dá del Manuel F. Rodríguez. A seguir, opina que en *As aventuras de Alberte Quiñoi* (1972) hai un personaxe central colectivo que é a aldea, comentando tamén a modalización narrativa e sinala que o texto reflicte a vida da sociedade da época. Despois explica as ideas sociopolíticas subxacentes na obra, caracterizadas por un nacionalismo baseado na lingua, na literatura e no espírito da raza. Tamén amosa os ataques de Ken Keirades ás institucións do seu tempo: a Igrexa, por opresora e antigaleguista; a monarquía; a escola, caracterizada pola ineficacia e a obsolescencia dos seus métodos, mais imprescindible para forma-los galegos-celtas de mañá, e a peculiar estructura da sociedade rural do seu tempo.

Martínez Bouzas, Francisco, “Regreso á nanoloxía”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Publicacións”, Tomo I, Ano X, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 113-115.

Francisco Martínez Bouzas analiza neste artigo a novela de Suso de Toro, *Círculo* (1998). Considera que é unha continuación de *Tic-Tac* (1993), da que Suso de Toro tiraría a estructura narrativa e editorial e o personaxe Nano. Consonte con esa estructura, a novela resulta ser unha obra pouco convencional, escasamente narrativa, no sentido estricto da palabra, e moi aberta. Bouzas cualifica este estilo, ó que é tan dado De Toro, como literatura fragmentaria, experimental, orientada a reflecti-la épica da vida cotiá. Sobre o valor que lle concede a esta obra, di: “Non é capaz de acender o lume dos nosos soños”.

_____, “Novelar a posmodernidade galega”, *Guía dos libros novos*, nº 4, “Narrativa”, febreiro 1999, p. 21.

Despois dunha breve introducción onde se “Louba” a Alfredo Conde, céntrase na novela *O fácil que é matar* (1998), segunda dunha triloxía. Afírmase que é a novela máis longa escrita en galego e que tanto os personaxes coma os mundos que aquí se nos presentan, son imaxinarios aínda que con trazos da vida real. Destácase, con relación á estructura da novela, que hai unha alternancia típica con respecto a outras obras de Conde, e que consiste en que nos capítulos pares a acción se centre en Galicia e nos impares en Caracas. Coméntase que non se trata dunha novela de viaxes nin de emigración, como podería selo a primeira novela da triloxía, xa que nesta non hai emigrantes. A seguir, refírese os diversos recursos literarios da novela, como son o tempo narrativo, que é moi curto; o tempo do discurso, que segue a mesma dirección do tempo da historia narrada e o narrador, que neste caso é omnisciente. Resáltase tamén que esta novela defende “o políticamente correcto”, que é unha novela lexible, a pesar de ser tan longa, pero na que sobran algunhas cousas coma anécdotas varias ou acontecementos e encontros que parecen forzados.

_____, “Suso de Toro. *Círculo*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 297-299.

Afirma que esta novela de Suso de Toro, publicada en 1998, retorna á literatura fragmentaria e experimental de *Tic-Tac*. Na súa opinión, volve esnaquiza-la narrativa “harmónica” provocando a desorientación do lector. Tras citar algúns libros continuadores deste estilo, refírese ó mundo opaco, á linguaxe desfeita e á vida menos nihilista que revela a novela. Sobre a materia narrativa, constata a heteroxeneidade dos textos, moi reflexivos e apunta a imaxe clásica dos catro elementos constitutivos da vida que nomean as catro partes da obra: aire, terra, auga e lume. No aspecto formal, destaca o uso eficaz da lingua, a desorde material e a economía nos tics.

_____, “Escrita desde a cámara”, *A Trabe de Ouro*, nº 39, “Publicacións”, Tomo III, Ano X, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 405-407.

Martínez Bouzas cualifica a *Da Guenizah* (1998) de Belén Feliú como un libro simbólico e hermético, escrito nunha linguaxe que evoca algo imposible de percibir. Di que a escrita de Feliú está demandando sempre do lector ou lectora certas claves para comprende-lo seu código. Engade que a obra ole a conceptualización filosófica en moitas páxinas e que do conxunto se poden extraer tres nós temáticos: o clima kafkiano, a loita contra a traxedia e a conquista da identidade. Valora, finalmente, o rigor literario e lingüístico e a forza expresiva.

Martínez-Conde, Ricardo, “Uxío Novoneyra: a poesía como identidade”, *InteresArte*, nº 5, “Literatura”, primavera 1999, pp. 38 -39.

Logo dunha pequena introducción na que Martínez-Conde diserta sobre poesía, pensamento ou verdade, céntrase no labor dos poetas galegos como depositarios da identidade espiritual do país. Neste sentido considera a Uxío Novoneyra como un poeta distinguido por estar encerrado na súa poesía “con fermosa fondura o sentimento emocional que distingue a Galicia”. Engade Martínez-Conde que Novoneyra é “único, por canto na súa obra sentiu a terra de tal xeito que ben podemos dicir que tal sentimento, pola súa pureza, fíxose canto”.

Martínez Espada, Rocío, “Dúas palavras da autora: escrever no meio de todos os desterros”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Temas Varios”, 1999, pp. 65-69.

Rocío Martínez Espada dedica este artigo ó estudio da obra de Rosalía de Castro, *Follas novas* (1880), e do seu prólogo, que naquel ano firmara Emilio Castelar. Centra a súa análise nas relacións que estes textos teñen coa concepción da muller e do nacionalismo. Tamén sinala dúas posibles hipóteses de traballo logo do seu estudio, unha que Rosalía non aproveita tódalas posibilidades que o nacionalismo español lle ofrecía, e outra que non é clara á hora de nomear e de establecer conceptos políticos. Engade, aínda, a interrogante de saber se a renuncia lingüística de Rosalía non estará tamén na raíz da concepción do nacional que tiña a poeta de Padrón.

_____, “Incerteza do mito: misoxinia e racismo na poesía de Pondal”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 83 -84.

Analiza a obra de María Xosé Queizán, *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal* (1998), da que di que o modo en que enfronta o valor da función representativa da literatura determina unha análise política. Di, así mesmo, que o libro de Queizán procura análises textuais, máis que propiamente literarias. Delas, tira Queizán a conclusión de que a épica nacional pondaliana se basea nunha atribución de roles xenéricos nos que a violencia sexual é un elemento utilizado como medio para exerce-lo dominio.

Méndez, Iria, " A feira do teatro e a superación dos límites", *Revista Galega de Teatro*, nº 20, primavera-verán 1999, p. 46.

Dáse conta dalgunhas das obras representadas na Feira do Teatro, celebrada do 23 ó 27 de marzo en Santiago de Compostela, e sinálanse as liñas temáticas que seguiron cada unha das obras nomeadas. Saliéntase "o incremento da participación de promotores culturais foráneos con respecto a anos anteriores", feito, que se considera importante, xa que pode provocar que as compañías de teatro galegas se dean a coñecer fóra de Galicia.

Mendonça Teles, Gilberto, “Tres poemas lembrando a Rosalía de Castro”, *Galicia dende Salamanca 2*, “Creación literaria”, 1999, pp. 269-273.

Reproducción de tres poemas escritos polo poeta brasileiro Gilberto Mendonça Teles, que teñen como finalidade a homenaxe a Rosalía de Castro. Trátase de “Paisagem galega”, “A raiz” e “Nome, nume”.

Meyer, Franck, “Novos narradores no escenario galego”, *Eidos do Libro*, nº 3, “Especial narrativa”, marzo 1999, pp. 26-30.

Despois de aclara-lo que entende por “novos narradores”, fai un percorrido por algúns dos novos narradores da literatura galega, incidindo no descoñecemento que sobre estes hai, en contraste coa nova xeración de poetas. Achega unha nómina dalgúns dos considerados como novos narradores e das súas obras, pasando a comenta-la importancia que teñen os premios para darse a coñecer no mundo literario, así como certas editoriais que teñen coleccións especiais, coas súas propias características, para promocionar a estes escritores noveis: “Ferros” de Edicións Xerais, “Descuberta” da editorial Galaxia e “Docexvintedous” da editorial Sotelo Blanco. Salienta, en canto ó estilo, a heteroxeneidade que caracteriza a estes “novos narradores”. Finalmente, ofrece algunhas declaracións de catro novos narradores: Xerardo Quintiá, Uxía Casal, Inma López e Xavier Franco.

_____, “Was sich so tut. Über VertreterInnen der neuesten galicischen Prosa”, *Galicien Magazin*, nº 8, “Beiträge”, novembro 1999, pp. 12-14.

Infórmase neste artigo sobre o panorama da prosa galega máis recente. En primeiro lugar enuméranse os escritores que buscan un oco no eido da creación literaria como Ramón Loureiro, Xurxo Souto, María Canosa, Xabier López e Uxía Casal entre outros, a carón de autores xa consagrados como, Casalderrey, Casares, Conde, Ferrín, Rivas e De Toro. Ó mesmo tempo, ofrécese unha lista das series editoriais como Xerais, Positivas ou Sotelo Blanco e premios literarios que lles ofrecen a oportunidade de publica-los seus traballos, co que se pretende resalta-la vitalidade e o pulo literario que está a ter a prosa galega actual.

_____, “50 Jahre Kulturschaffen in Galicien”, *Galicien Magazin*, nº 8, “Schwerpunktthemen”, novembro 1999, pp. 29-35.

Repaso pola historia da Editorial Galaxia que pretende, máis que avivar discusións político-culturais, difundi-lo importante papel que xogou no seu momento e xoga na actualidade esta entidade no contexto da cultura e a literatura galegas. Meyer céntrase en primeiro lugar, nas súas orixes, dificultades e publicacións iniciais, continúa coa súa construcción e consolidación nos anos 60 e segue co relato dos cambios producidos nos anos 70, nos que se introduce no eido da literatura infantil, se producen contactos con outras literaturas nacionais e se afrontan outras disciplinas como a investigación literaria, histórica e económica de Galicia. Nos 80, por mor da oficialización da lingua galega, a editorial acomete novas empresas como a publicación de libros escolares e a biblioteca básica da cultura galega consolidándose deste xeito como unha das editoriais máis relevantes do país. Para rematar, fai unha revisión dos anos 90 nos que salienta a súa adaptación ás novas tecnoloxías coa creación dunha páxina web.

Millán Varela, Carmen, “Traducción e apropiación: James Joyce en galego”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Estudios”, xuño 1999, pp. 43-73.

Estudia a traducción de James Joyce ó galego dende a perspectiva sociocultural da traducción. Polo tanto, trata a funcionalidade desta obra no contexto galego. Antes de concretizar este tema, fai un percorrido polo panorama editorial galego do século XX para sinalar que a traducción move cifras marxinais pero cobre unha posición central do sistema. De seguido, analiza a situación do contexto galego cando se incorpora Joyce: Época Nós –traducción de anacos do *Ulysses* por Otero Pedrayo en 1926 e presencia noutras obras de Otero e de Vicente Risco– e década dos 90 –*Dublineses* (1990), *A Portrait of the Artist as a Young Man* (1994) e *Giacomo Joyce* (1970 e1994). Así, afirma que na Época Nós se incorpora ó irlandés por motivos literarios e ideolóxicos, superando a consideración do texto traducido como unha traición. Xa dentro da década dos 90, analiza a mediación textual das traduccións que van dende a interferencia do castelán en*Dublineses* cara a unha progresiva influencia do portugués, que alcanza o seu punto máximo en*Giacomo Joyce* (1994), de Elvira Souto. Dise que esta traducción, apunta, moderniza a anterior de García-Sabell (nº 28 de *Grial*), feito que se dá por primeira vez no sistema galego. A seguir, afirma que, se ben Otero tentaba construír un galego moderno a través do inglés e afastándosedo castelán, nos anos 90 trátase de lle dar poder a cada unha das tendencias normativas. Ó final, conclúe que Joyce serviu para normaliza-la lingua e cumpriu unha función revalorizadora, aínda que lonxe do seu ideal universalista.

Montaña, Estro, “Arredor dos Karamazou”, *Guía dos libros novos*, nº 3, “Narrativa”, xaneiro 1999, p. 21.

Preséntasenos unha pequena bibliografía de Fiódor Mikhailovich Dostoievski, autor de novelas como *Crime e castigo*, *O idiota*, Os *endiañados* ou *Os irmáns Karamazou*, do que se vai extraelo texto titulado *A lenda do gran inquisidor*, traducida ó galego en 1998. Afírmase que o libro, como texto clásico, pode ter moitas interpretacións, entre outras, as de pensadores como Freud quen pensa que é un dos cimos da literatura mundial, ou Nietzsche, quen considera que era un mestre en amosa-la ambivalencia dos homes. A continuación, faise un resumo desta obra e Rodríguez Fer compara a Dostoievski con autores coma Homero, Dante, Cervantes, Shakespeare ou Tolstoi. Para rematar, afírmase que para algúns estudiosos da literatura é un autor fascinante pero confuso e que será o lector o que teña a última palabra sobre a obra.

_____, “Poemas da desesperanza”, *Guía dos libros novos,* nº 4, “Poesía”, febreiro 1999, p. 24.

Coméntase a traducción feita en 1998 por Mª Fé González e Armando Requeixo de *A terra baldía*, de Thomas Stearns Eliot. Opina que esta obra é continuación da visión desesperanzada que presentara antes en *Prufock*. Saliéntase que se trata dun poema fragmentario marcado polo baldeiro da vida humana, no que se describe a decadencia espiritual do mundo moderno. Di que esta edición consta tamén dun estudio introductorio e dunhas “Notas”, que sorprendentemente engadiu o autor na primeira edición en 1922. Afírmase que parte da obra xa estaba rematada a principios do 1921 pero a outra parte xorde cando o autor é psicanalizado en Suíza. Engádese que a desaparición dun tercio dos versos fai do libro unha especie de colage escuro, ademais de loa-la presentación, a versión, o estudio e a coidada bibliografía. Para rematar, coméntase que, segundo o seu propio autor, a obra é “un desafogo dun agravio persoal e totalmente contra a vida”.

_____, “Arredor dun bestiario medieval”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Narrativa”, marzo 1999, p. 25.

Comenza coa historia dos bestiarios, obras medievais aparecidas en Francia e Italia, nas que se lle confería a unha ampla nómina de animais, reais ou ficticios, unha significación alegórica. Isto dálle pé para falar da presentación do libro, editado por Edicións Positivas, *Libellus de natura animalium*, de autor anónimo, e traducido por Raúl Gómez Pato. Nel atópanse cincuenta animais, ademais do home. É un libro cunha intención moral e didáctica, xa que cada un dos animais serve para exemplifica-los vicios e as virtudes máis importantes. Ademais de falar da súa intención, fálase dos razoamentos místico-teolóxico, da estructura do libro, dos capítulos e do seu estilo.

Monteagudo, Henrique, “As cartas boca arriba: de Castelao a Prada, 1947”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “Documentos”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 765-770.

Henrique Monteagudo dá a coñecer unha carta, datada en París o 18 de abril de 1947, que Castelao lle enviou a Rodolfo Prada e que foi conservada por un fillo deste ata a actualidade. Antes de reproduci-lo texto, Monteagudo fai unha serie de reflexións acerca do ocultismo ó que foi, e mesmo é, sometida a correspondencia entre os galeguistas da diáspora, nomeadamente Castelao, e aqueles que permaneceron no exilio interior. Considera igualmente válido o traballo duns que o dos outros, e afirma que os puntos de vista diverxentes son contrastes “de pareceres entre persoas que, todas elas, loitaban pola súa terra”. Finalmente, solicita a quen conserve material epistolar deste tipo que o poña á luz.

Monteagudo, Teresa, “Prensa galega da emigración. Recuperación de *Suevia*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 25, novembro 1999, pp. 293-295.

Alude á publicación titulada *Suevia. Revista Gallega*, que apareceu na Habana no ano 1910 baixo a dirección de Ricardo Carballal Lafourcade. Sinala que a revista tivo dúas xeiras, a de 1910 e a de 1912, desaparecendo despois definitivamente. A seguir, afirma que nesta publicación colaboraron persoas como Jesús Peynó Piñeiro, Abdón Rodríguez Santos, Eugenio López-Aydillo, Ramón Cabanillas, Antonio Rey Soto, Xosé Lesta Meis, Xerardo Álvarez Limeses, Ramón Fernández Mato, Enrique Labarta Pose, Lisardo Barreiro, Juan Barcia Caballero, Filomena Dato Muruais, Avelino Rodríguez Elías, Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía ou Ramón del Valle-Inclán, entre outros. Para rematar, informa da presencia de páxinas a cor, viñetas, reproduccións de cadros e retratos de mulleres, crónicas, poemas e informacións de todo tipo nas súas páxinas.

Montoto, Vicente, “O Xacobeo 99 despreza o teatro”, *Escaramuza*, nº 5, xullo 1999, p. 14.

Texto que reproduce o contido dunha carta entregada por representantes de “todo o teatro galego” ó Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia. Nela denúnciase o “desprezo co que se trata” o traballo do colectivo do teatro.

Muñoz Saa, Begoña, “A modo de fado’’ *Revista Galega de Teatro*, nº 20, primavera-verán 1999, pp. 47-49.

Aproximación ó “dramaturgo profesor e poeta” Xosé Carlos Couceiro Carro, falecido o vintenove de xaneiro de 1999, salientando da súa personalidade que “tiña unha concepción da vida na que non cabía a ambición”. Dáse conta dalgúns dos seus traballos que chegan ó público na maioría das ocasións ó ser representados pola compañía de teatro Sarabela. Coméntase ademais que, a pesar de se-lo falecido totalmente contrario ás homenaxes, por iniciativa de Fernando Dacosta, director da Aula de Teatro Universitaria de Ourense, instauráronse os Premios de Dramaturxia Carlos Couceiro, destinados á creación universitaria. Reprodúcese, a continuación, un fragmento da peza *Xacobe e o seu amo*, de Milan Kundera, que fora adaptada por Couceiro Carro e coa que acadou o Premio Compostela 1994, na modalidade de traducción-adaptación.

Naceiro, Antía, “O sol do Magreb”, *Tempos Novos*, nº 20, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xaneiro 1999, p. 66.

Sinálase a saída do prelo de *Baixo o sol do Magreb* (1998), de Víctor Campio Pereira. Considérase esta novela como “froito brillante e serodio” e danse algúns apuntes do seu argumento.

Negreira, Francisco X., “Gustavo Pernas. Paixón polo teatro”, *InteresArte*, nº 6, “Teatro”, outono 1999, p. 47.

Aproveitando a posta en escena de *Anatomía dun hipocondríaco* no 1998, Negreira fai unha descrición do autor, director e actor desta obra, Gustavo Pernas. Dise que con ela, este viveirense pecha a triloxía que iniciara con *Ladraremos* (1996). Fala, así mesmo, do seu labor como profesor na Escola de Imaxe e Son da Coruña e como comisionado no proxecto para a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

Neira, Manuel Xosé, “Máis Luz”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Poesía”, abril 1999, p. 26.

Amplo resumo sobre a historia literaria que se deu na época de Giacomo Leopardi, para centrarse despois na obra que aquí se presenta deste mesmo autor, traducida por Xesús Pensado e titulada *Cantos* (1998), que vai acompañada dalgúns fragmentos das poesías extraídas do libro, salientando a temática romántica desenvolvida ó longo de vinte cantos.

Neira Cruz, Xosé A., “Xosé Luís Franco Grande: A voz que calma”, *Tempos Novos*, nº 24, “A Contratempo. Entrevista”, maio 1999, pp. 42-47.

Recóllense as opinións de Xosé Luís Franco Grande, poeta e avogado, sobre a situación da lingua galega e da literatura galega da que resalta a súa pouca orixinalidade. Indica que non escribiu a segunda parte de *Os anos escuros* (1985) por falta de tempo, analiza as figuras de García Sabell e mais de Ramón Piñeiro e remata reflexionando sobre a política de Galicia.

Nicolás, Ramón, “Un ensaio asistemático”, *Guía dos libros novos,* nº 4, “Estudios literarios”, febreiro 1999, p. 28.

Fálase do Premio de Ensaio da Editorial Espiral Maior outorgado a Miguel A. Mato Fondo por *A escrita da terra. Configuración do espacio natural na literatura galega* (1998), no que se tenta analiza-lo espacio en obras que van dende o poema de Meendiño, pasando por Rosalía, Curros, Pondal ou Otero Pedrayo, ata chegar a Manuel María e a poetas das últimas xeracións. Sinálase a novidade do traballo pero tamén as moitas eivas que presenta, entre elas a ausencia do ámbito dramático e ensaístico, de autores significativos como Noriega Varela, da análise dos diferentes espacios dentro da obra dun mesmo autor ou da falta de sistematicidade e actualización da bibliografía empregada.

_____, “Luces e sombras en Pérez Placer”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Estudios literarios”, marzo 1999, p. 24.

Percorrido pola vida e obra do ourensán Heraclio Pérez Placer, considerado un dos máis salientables escritores do século XIX, e recuperado na edición de María Isabel Soto, da que se salientan as numerosas achegas feitas sobre a obra do autor. Fálase do afastamento da liña costumista e ruralista que este procuraba, ademais do seu afán de modernidade e busca do naturalismo, sen esquece-la difícil e complexa personalidade do mesmo. Alúdese ás súas obras: *Prediución* (1889), *Contos, leendas e tradiciós* (1891), *Contos da terriña* (1895) e *Beira do lar* (1901), dos que se destaca a claridade das influencias recibidas, o simbolismo ou a súa visión erótica. Tamén se refire á recepción da obra, incluída en dita edición, sobranceando a interesante achega ó panorama literario do seu momento e ó rexistro lingüístico que pecha esta edición.

_____, “Revista de linguas e literaturas”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Revistas”, abril 1999, p. 30.

Achega á nova entrega da publicación plurilingüe, *Revista de lenguas y literaturas catalana, vasca y gallega*, correspondente ós anos 1996 e 1997, da que se sinala que recolle, entre outras cousas, os catro relatorios presentados nas IXas Xornadas universitarias sobre as linguas e literaturas catalana, galega e vasca, e entre os que sobrancean as reflexións de Xulio Ricardo Trigo e a achega de Mercedes Brea sobre a lírica galego-portuguesa, ademais doutras colaboracións como a de Ana Acuña sobre tres textos de Arcadio López-Casanova ou a de Carmen Mejía e Mª del Mar López sobre a recreación medieval en *Percival e outras historias* (1958), de X. L. Méndez Ferrín e *Irman Artur* (1987), de González Reigosa, ou o gran número de recensións de libros galegos.

_____, “La literatura gallega y sus estudios. Veinticinco años despues”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 7-9.

Trázase unha panorámica das obras referenciais da crítica galega, comezando polos manuais da autoría de Carballo Calero e Anxo Tarrío para, de seguido, cita-las colección editoriais nas que se fan edicións críticas de obras actuais e clásicas. Apunta que o corpus crítico da literatura galega ten unha gran vitalidade nas revistas, sobre todo específicas, galegas, das que fai unha mención.

_____, “*Diccionario de termos literarios. A-D*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “Recensións”, maio 1999, pp. 291-292.

Recensiona o volume *Diccionario de termos literarios. A-D* (1998), “ideado polo profesor Anxo Tarrío Varela co obxectivo de articular unha publicación na que se clasificasen e estudiasen os termos literarios, sen perder de vista a especificidade do noso panorama crítico e epistemolóxico no que estamos inmersos”. No diccionario inclúense dende os termos literarios que teñen a súa orixe na cultura clásica greco-latina ou os relacionados co corpus medieval galego-portugués ata as “máis recentes achegas teóricas da teoría da literatura que se fai arestora”. Trátase, en fin, dunha obra pioneira neste terreo, que “vén cubrir unha lagoa referida á sistematización dos termos literarios, sen perde-la perspectiva da nosa posición entre dous sistemas”.

Nogueira, María Xesús “A lectura máis louca”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 185-187.

Comeza esta recensión de *Valdeleite* cunha referencia ó coidado paratexto no que adoitan publicarse algúns productos poéticos, que os converte en “curiosidades bibliográficas” que “foron a miúdo esquecidos á hora de escribir a historia”, coa conseguinte marxinalidade á que se viron sometidos polas canles de distribución. Cita as mostras máis destacadas deste tipo de literatura ó longo das dúas últimas décadas e considera que *Arco da vella. Revista de pensamento libertario galego* é a publicación máis rupturista e anticonvencional. A seguir, céntrase en *Valdeleite*, da que destaca o formato, “en consonancia co carácter aberto e integrador co que se presenta o proxecto”, e a presentación a través de papeis de cores sen paxinación. Describe o contido deste primeiro número, do que salienta o espacio dedicado á creación feminina e á traducción. Finalmente, opina que o conxunto “conforma un espacio iconoclasta para a expresión poética, que ocupa un lugar senlleiro no noso panorama editorial”.

_____, “O andel da poesía”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 25, “Caderno da crítica”, 1999, pp. 171-177.

Panorámica das novidades líricas galegas, na que se comeza sinalando o tópico da “estupenda saúde” da nosa poesía contemporánea e a importancia que teñen no seu desenvolvemento os premios. A seguir, comenta como foron aparecendo obras de autores cunha traxectoria recoñecida como Miro Villar, Paco Souto ou Kiko Neves; outros noveis como Sechu Sende, Carlos Negro ou Antón Lopo, ademais daqueles pertencentes á década anterior como Alfonso Pexegueiro, Cesáreo Sánchez Iglesias, Paulino Vázquez ou Ramiro Fonte. Opina que a emerxencia dunha “poética da muller” é o trazo máis característico da década finisecular e sitúa a Yolanda Castaño, Emma Couceiro e María do Cebreiro como os seus adaís. Nembargantes, non esquece lembrar outras autoras máis veteranas en plena actividade como Ana Romaní, Isolda Santiago, Marta Dacosta ou Anxos Romeo. Xa máis brevemente, recolle a aparición de volumes singulares da man de Xesús Alonso Montero, Ramón Sampedro e Fiz Vergara Vilariño; antoloxías varias de autor, de colectivo, bilingües ou temáticas, sen esquece-las novas iniciativas grupais como a Corporación Semiótica Galega; coleccións como “O Roibén” ou proxectos editoriais como *Valdeleite*.

Novo, Olga, “As incendias”, *Tempos Novos*, nº 20, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xaneiro 1999, p. 64.

Refírese á aparición do poemario *Arden* (1998), de Ana Romaní e indica que a poetisa “participa en certo modo dos lugares” de *Palabra de mar* (1987) e *Das últimas mareas* (1994) nesta súa última entrega poética. Analízanse as dúas partes do libro, deténdose nalgúns dos seus poemas, e indícase que dende “o primeiro poema se observa unha mestura sensitiva do líquido co incendiario”. Remátase sinalando que o libro é un “afondamento na identidade e na reivindicación de enorme intrahistoria”.

_____, “Marías as alquimias”, *Tempos Novos*, nº 21, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, febreiro 1999, p. 63.

Refírese a *O estadio do espello* (1998) que é o primeiro libro da nova poetisa María do Cebreiro. Analízanse algúns versos deste volume e afírmase que é un poemario “de referencias históricas, literarias e artísticas” e que nel se mesturan “pasado, presente e futuro nas materias míticas ou desmitificadas abolindo as coordenadas espacio-temporais”.

_____, “Os ollos únicos”, *Tempos Novos*, nº 22, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, marzo 1999, p. 62.

Análise do poemario *Ollos de sal* (1998), de Anxos Romeo, na que se comentan as dúas partes do libro –tituladas “Ollos de sal” e “Carne de pedra”– e na que se sinala, entre outras cousas, que “semella unha busca introspectiva a través das artes plásticas e da poesía que se intercomunican”.

Núñez Seixas, Xosé M., “A memoria do século”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 190-194.

Achega a *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século* (1998), de Tucho Calvo, da que comeza sinalando que se elaborou a partir das conversas mantidas en 1982 polo autor con Valentín Paz-Andrade. A seguir, fai un percorrido polos acontecementos biográficos máis sobranceiros deste personaxe, deténdose especialmente nas actividades desenvolvidas durante a Segunda República ó redor do Partido Galeguista, a loita pola consecución do Estatuto, a Guerra Civil e o contacto cos galeguistas do exilio ó longo do franquismo, e o seu papel durante a transición española. Finalmente, opina Núñez Seixas que estamos ante un libro que se pode considerar como a memoria de todo un século dende Galicia, “memoria desigual e selectiva” pero “viva e áxil”.

Núñez Seixas, Xosé Manoel, “Unha memoria polifacética e selectiva”, *Tempos Novos*, nº 22, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, marzo 1999, p. 65.

Analízase e valórase positivamente a aparición da obra *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século* (1998) de Tucho Calvo. Manifféstase que Valentín Paz-Andrade “sintetiza na súa andaina vital boa parte da historia de Galicia neste século”. Infórmase que a biografía de Paz-Andrade foi reconstruída mediante as conversas gravadas en 1982 e sublíñase que a narración das súas peripecias durante a guerra civil é “unha das partes máis impactantes do libro”.

O. N., “*Setembro*”, *Tempos Novos*, nº 21, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, febreiro 1999, p. 63.

Pequeno comentario do poemario *Setembro* (1998), que foi galardoado co VIIº Premio Martín Codax, de Marta Dacosta.

_____, “*Monfadal*”, *Tempos Novos*, nº 23, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, abril 1999, p. 63.

Refírese á aparición do primeiro número da revista mindoniense *Monfadal*.

_____, “Carapuchiñas vermellas”, *Tempos Novos*, nº 23, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, abril 1999, p. 63.

Breve nota do libro *Na boca do lobo* (1998) onde se sinalan tódolos autores dos textos que integran esta obra.

Ochoa Álvarez, Dolores e Vera **Miller**, “O Neotrobadorismo”, *Galicien Magazin*, nº 7, maio 1999, pp. 5-10.

Aproveitando a celebración do Día das Letras Galegas 1998 adicado ós tres trobadores da Ría de Vigo, as autoras deste artigo levan a cabo unha revisión, acompañada da lectura e traducción ó alemán dalgúns poemas, da influencia da lírica trobadoresca na literatura galega, concedéndolle especial atención ó fenómeno literario do Neotrobadorismo que tivo lugar nos anos vinte e trinta deste século.

Ogando, Iolanda, “Xogar en casa”, *Tempos Novos*, nº 27, “Crítica. Voces e Culturas. Teatro”, agosto 1999, p. 62.

Iolanda Ogando reflexiona sobre o teatro galego actual. Pon de manifesto a necesidade de dinamizar tódolos eidos do teatro –escrita, espectáculo, público, ensino, condicións laborais, lingua, arranxo das salas, etc.– e considera que a creación de compañías estables e residentes lle daría un bo pulo ó teatro galego.

_____, “Tempo de setas”, *Tempos Novos*, nº 30, “Crítica. Voces e Culturas. Teatro”, novembro 1999, p. 70.

Critícase a ausencia dun proxecto serio de publicacións de textos teatrais en Galicia e saliéntase que non se fai nada para tentar mellorar esta eiva. Recálcase que algún autor teatral quere deixar de escribir por mor “da imposibilidade de publicar as súas obras” e que as perspectivas non son moi afagadoras.

Oliveira Aragao, Cleudene de, “A realidade dos pobos galego e cearense a través das súas respectivas literaturas”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Acoutacións”, Tomo II, Ano X, abril-maio-xuño 1999, pp. 225-231.

Cleudene de Oliveira analiza, a partir das teorías da literatura comparada, a obra de Xosé Neira Vilas e a de Rachel de Queiroz como representantes, nalgúns dos seus textos, da historia dos pobos emigrantes. De Neira Vilas escolle, para esta análise, os contos “A seca”, de *Xente no rodicio* (1965) e “Formigas”, de *A muller de ferro* (1969). De Rachel de Queiroz toma “Terra” e “Terra nova”, pertecentes ó volume *O brasileiro perplexo* (1963). Logo do seu estudio, conclúe que as migracións rematan nun proceso de encubrimento da identidade propia para tratar de integrarse ó novo modo de vivir e que sen perde-la identidade cultural, o emigrante sométese a unha nova realidade para sobrevivir.

Outeiriño, Manuel, “Sobre as baladas líricas de Otero Pedrayo”, *A Trabe de Ouro*, nº 40, “Textos”, Tomo IV, Ano X, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 571-584.

Aínda que incluído na sección de textos, este artigo vén sendo unha reflexión crítica sobre os poemas de Otero Pedrayo: “Ameneiros”, “A fonte das pombas” e “Pasos na noite”. Outeiriño denomina a estes poemas “baladas líricas” e di acerca delas: “parécennos poemas de retórica tardomántica e irónica conciencia do recurso romántico do tema menor”. Así mesmo, intenta argumentar nestas páxinas sobre a modernidade destes textos, que cre representan unha estética progresista. Pensa que as baladas líricas de Otero están dentro da procura estética do Partido Galeguista a principios dos anos cincuenta.

Pantín, Pablo, “¿Que se le en Galicia?”, *Eidos do Libro*, nº 3, “Xanela aberta”, marzo 1999, pp. 34-36.

Partindo de dúas enquisas que marcan os hábitos de lectura en Galicia, unha do Ministerio de Cultura elaborada no ano 1985 e outra elaborada pola Xunta de Galicia no ano 1991, Pablo Pantín amósanos, referido a Galicia, as preferencias literarias, costume que se ten de ler, linguas nas que se venden máis libros, gusto pola lectura, etc. Dáse, por outra banda, a información obtida por *Eidos do Libro* ó achegarse directamente ás librerías para “saber qué len os galegos”; destacando o feito de se-lo xénero narrativo polo que máis se interesan os lectores, en clara vantaxe sobre a poesía que ten uns “lectores moi concretos”. Tamén se salienta o éxito que teñen os autores máis coñecidos e os que foron recoñecidos por algún premio literario. Coméntase o feito de que malia a demanda existente non se publican no noso país determinados xéneros e subxéneros literarios como a literatura erótica ou a de ciencia ficción. Tamén se apunta o auxe que está a experimenta-la literatura infantil e xuvenil, e conclúe que “as nosas letras están a vivir un bo momento”.

Paz Gago, Chema, “La herencia de Valle”, *Primer Acto*, nº 279, xuño-xullo-agosto 1999, pp. 99-100.

Comeza lembrando a controversia arredor da representación das obras de Valle-Inclán e defende a liberdade da arte e, en concreto, do teatro a representa-las obras do autor galego, centrándose de seguido na obra *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño, baseada en *Luces de Bohemia* coa que quixo homenaxear ó autor dos esperpentos, e que gañou o Premio Rafael Dieste en 1997, cualificando esta e *Saxo Tenor* (1993), do mesmo autor, como dous exemplos “de proyectos teatrales ambiciosos”. A seguir, describe a posta en escena e os problemas que se observan nestas representacións e noutras do mesmo director como *Días sen gloria* (1992) ou *Rastros* (1998). Dá conta tamén da aposta do CDG polo dramaturgo Raúl Dans, describindo o seu estilo e a posta en escena dalgún dos seus traballos.

_____, “El teatro histórico gallego: Daniel Cortezón”, *Primer Acto*, nº 281, novembrodecembro 1999, pp. 148-149.

Comeza referíndose ás achegas que diferentes autores galegos do século XX fixeron ó teatro histórico, entre eles Antón Villar Ponte e Ramón Cabanillas con *O mariscal* (1926), sobre a vida do Mariscal Pardo de Cela; Armando Cotarelo Valledor con *Hostia* (1926), sobre a figura de Prisciliano, ou *Palabras de víspera* (1974), de Álvaro Cunqueiro baseada nas relacións de dona Urraca e don Alfonso; centrándose de seguido na producción de Daniel Cortezón, autor de obras como *Prisciliano* (1970), *Os irmandiños* (1977) ou *Pedro Madruga* (1981), ademais de *Xelmírez ou a groria de Compostela* (1974), representada, recentemente, polo CDG e dirixida por Roberto Vidal Bolaño, rematando coa explicación moi polo miúdo do contido desta e da posta en escena que o grupo institucional fixo na Igrexa da Compañía de Santiago de Compostela.

Paz Gago, José María, “Asignatura pendiente: La formación teatral en la Comunidad”, *Primer Acto*, nº 278, abril-maio 1999, pp. 47-49.

Artigo de denuncia pola falla dun Centro de formación Superior das Artes Escénicas en Galicia, no que se ofrece unha panorámica das ducias de grupos e compañías teatrais galegos, así como moitos dos profesionais, autodidactas ou ó abeiro de institucións como o Centro Dramático Galego, que dinamizan o teatro en Galicia, entre eles Manuel Lourenzo, Manuel F. Vietes ou Xulio Lago, dirixindo cursos de formación nos campus universitarios. Dáse conta tamén dalgúns proxectos que se levaron a cabo como o primeiro título de Máster en Estudios Teatrais e Audiovisuais en 1999, froito do Curso de Posgrao en Historia, Teoría e Didáctica do Teatro creado en 1995 na Universidade da Coruña, ou o Curso de Especialización en Arte Dramático creado en 1997 na Universidade de Santiago de Compostela e dirixido por M. A. Gómez Segade e Manuel Lourenzo, así como moitas outras iniciativas privadas. Remata demandando a atención necesaria das autoridades políticas e académicas para este proxecto.

Pazó, Noemí “Azos clásicos”, *Tempos Novos*, nº 21, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, febreiro 1999, p. 65.

Dáse conta da publicación, dentro do proxecto editorial da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, de tres textos teatrais clásicos: *O paradoxo sobre o autor*, de Diderot, que aparece nun volume, e *Entre dous abismos* e mais *Nouturnio de medo e morte*, de Antón Villar Ponte, que conforman outro libro nesta colección. Coméntanse algunhas das características máis sobranceiras destas tres pezas dramáticas e conclúese aplaudindo este proxecto de ofertar textos teatrais clásicos.

_____, “Panorámica da literatura dramática: o ano de Roberto Vidal Bolaño”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Panorámicas”, xuño 1999, pp. 271-275.

Comézase constatando a escaseza de novas obras teatrais en 1998, fronte á interesante panorámica da traducción con obras verquidas de Bertold Brecht, Seamus Heany, Ionesco, Michiavelli e tres títulos de Shakespeare, destacando, neste campo, o labor editorial de Laiovento e da Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado. Tamén se considera positivo o ano en canto á reedición de clásicos como Otero Pedrayo e Antón Villar Ponte, así como pezas de Carvalho Calero, Jenaro Marinhas del Valle, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño e Euloxio Ruibal, ademais das antoloxías da revista valenciana *Art Teatral* (nº 10) e *La nueva dramaturgia gallega*, de Manuel F. Vieites. Considérase moi negativa a ausencia de textos novos para ofrecerlles ós lectores e ós directores, opinando que o teatro galego está estancado na escenificación, da que di que só foxen *Seis sainetes valverdeiros*, de Isabel López Lajas, e *Teatro à medida e pronto para si*, de Joel R. Gómez. A seguir, cita os textos publicados deténdose no caso de Roberto Vidal Bolaño,coas obras: *As actas escuras, Ópera de a patacón, Doentes* e *Rastros*. Finalmente, céntrase na representación de obras como *María Soliña* e *Crónica de Pantagruel* (*Revista Galega de Teatro*, nº 18), da Compañía Teatro de Ningures, e *Memoria de Antígona*, de Quico Cadaval e Xavier Lama, representada polo CDG que acompaña a escenificación coa publicación do texto.

Pena, Xosé Ramón, “Pondal desde os Eoas”, *A Trabe de Ouro*, nº 37, “Cuestións”, Tomo I, Ano X, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 13-35.

A partir da publicación deste texto pondaliano por Amado Rincón, o profesor Xosé Ramón Pena afirma a necesidade de ter en conta *Os Eoas*, de Eduardo Pondal, como unha obra máis no panorama da crítica literaria galega; non como algo que non existe, o que, ó seu xuízo, intentaron facer algúns intelectuais, senón como unha evidencia susceptible de ser analizada e detallada. Critica tamén Pena a consideración na que se ten aínda hoxe a este poema longo, do que di que segue a ser tratado como un texto secundario: “Un desvío anacrónico –e, ao tempo, españolista”. O articulista esfórzase, pois, nestas liñas, en demostra-lo valor que para el ten a obra, a súa intención práctica e a coherencia que pode ter dentro da historia literaria de Galicia. Di Pena, a propósito disto: “Aparece coherentemente situada no mundo pondaliano e tamén nesoutro do rexionalismo liberal-democrático liderado por Manuel Murguía, e no que sempre militou, polo demais, o noso poeta”.

Pena Santiago, Manuela, “O tempo da narrativa das mulleres”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Temas Var ios”, 1999, pp. 61-64.

Manuela Pena analiza a producción da narrativa feminina en galego agrupándoa por temas e sinalando, de inicio, a súa condición dobremente marxinal ó ser literatura galega e de muller. Agrupa unha serie de obras segundo sexan novelas ou libros de contos sobre o pasado, sobre o presente e, unhas poucas, sobre o amor. No primeiro grupo inclúe a Mª. X. Queizán, María Gándara ou Marilar Aleixandre; no segundo están Xoana Torres, Marina Mayoral e Belén Feliú,entre outras; no terceiro, Úrsula Heinze e Mª. X. Queizán, fundamentalmente. Manuela Pena pensa que todos estes temas se poderían resumir nun só: o cuestionamento da historia por parte das mulleres.

_____, “*Da Guenizah*, de Belén Feliú”, *Festa da Palabra Silenciada*, nº 15, “Crítica”, 1999, pp. 85-87.

A articulista advirte dos equívocos que produce a primeira vista este libro, no que, baixo unha aparente sinxeleza, di, se esconde unha gran densidade temática, lingüística e conceptual. Destaca, entre o máis sobresaliente, a busca de argumentos e temas orixinais por parte de Belén Feliú, aínda que pensa que, ás veces, esa busca resulta demasiado forzada. Outra característica que destaca é a linguaxe, que ve lograda en moitas ocasións a través de metáforas cegadoras e imaxes tremendamente intensas.

Pereira, Víctor Campio, “*Baixo o sol do Magreb*”, *A Trabe de Ouro*, nº 38, “Crónica”, Tomo II, Ano X, abril-maio-xuño 1999, pp. 289-291.

O autor do artigo fala da súa novela *Baixo o sol do Magreb* (1998), presentada na Facultade de Ciencias da Información de Santiago de Compostela en maio deste ano. Este artigo consiste na transcrición das palabras pronunciadas alí. Víctor Campio intenta reconstruír nesta obra os seus recordos da vida militar na Ceuta dos anos cincuenta. Confesa que a definición de novela que a el lle vale é a de Stendhal: “Un espello colocado ó longo do camiño”. Confesa tamén, o seu desexo de fuxir sempre dos comentarios psicolóxicos á hora de contar unha historia. Prefire implica-lo lector na trama e deixar que este vaia adiviñando a situación na que se encontran os personaxes. Cre que na súa novela non hai nada de idealismo e si moito de realismo. Por isto, quere que quede como documento dunha época vivida e contada coa súa perspectiva.

Pérez-Prado, Antonio, “Memorias de cando era pibe”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 669-674.

Antonio Pérez-Prado comeza estas memorias da infancia facendo un percorrido polas novas dun xornal do 19 de novembro de 1926, data do seu nacemento. A seguir, describe a infancia porteña e a estadía en Galicia entre os dous e os tres anos. Comenta a chegada á escola, as enfermidades que sufriu cando era neno e os plans de aforro que tiña que desenvolver para mercar libros. Remata o relato contando a súa iniciación no sexo.

Pérez Prieto, Victorino, “Vicente Risco, un nacionalista galego”, *Ferrol Análisis*, nº 14, agosto 1999, pp. 104-109.

Aproximación á traxectoria ideolóxica de Vicente Risco que tenta aborda-las causas da súa alienación no réxime franquista tras ser un dos teóricos do nacionalismo e a cabeza pensante do Grupo Nós, crendo que este paso forma parte da “súa evolución humana e intelectual” acelerada polo medo que conleva a represión pola que foron asasinados, exiliados e depurados os seus compañeiros. Deste modo, fai unha breve síntese biográfica do ourensán destacando a súa contribución á cultura galega na etapa máis fecunda da súa vida. Apunta a viaxe a Alemaña en 1930 como punto de inflexión no seu devir cara ó “nacionalcatolicismo galego” reflectido en *Mitteleuropa. Impresións dunha viaxe* e na súa filiación política na Dereita Galeguista de Filgueira Valverde. Mais di que é na guerra cando se pon do lado dos sectores que apoian o réxime como manifesta nas súas aparicións públicas, na revista *La Misión* (1937) ou nas súas colaboracións en *La Región*.

Pillado, Francisco e Luísa **Villalta**, “Arredor da *Mandrágora* de Machiavelli”, *Viceversa*, nº 5, “Traduccións xustificadas”, 1999, pp. 139-142.

Os traductores da *Mandrágora* (1998), de Niccolo Machiavelli informan de que emprenderon este labor por encargo de Laoiovento e de que nesta obra de teatro se aplica o ideario exposto en *Il principe*. Comentan que se propuxeron dous obxectivos: inseri-lo texto na cultura galega e non arredarse demasiado do texto base. Explican as adaptacións fonéticas e gráficas que executaron nos nomes dos personaxes máis salientables, así como outras mudanzas realizadas por motivos culturais ou fraseolóxicos. Nembargantes, confesan que nalgúns casos tiveron que acudir a notas e anotacións para dar conta do que o autor transalpino quería dicir. Así mesmo, recoñecen as transgresións da norma lingüística cometidas na traducción coa finalidade de mante-la rima nalgúns versos.

Piñeiro, Eduardo, “Lembranzas dun ilustrado: Feijoo e Santos”, *Galicia dende Salamanca* 2, “Ensaios”, 1999, pp. 229-233.

Aborda o significado que para o Padre Feijoo tivo o Mosteiro de San Xulián de Samos, ó que estivo vinculado no período 1690-1692. Deste xeito, e tras unha breve biografía do padre bieito, céntrase neses vínculos partindo da dedicatoria ó mosteiro que fixo Feijoo no terceiro libro do seu*Teatro Crítico Universal*. Para rematar, dá conta da formación clásica deste erudito ilustrado e cita a Otero Pedrayo e Antonio Linage para considera-la relevancia histórica da súa obra.

Piñeiro Costas, Trinidad, “Autores e motivos do Romantismo alemán en *Leria* de Vicente Risco” (Análise da sección “Estudios sobre o Romantismo”), *Galicien Magazin*, nº 7, maio 1999, pp. 11-13.

No presente artigo analízase brevemente a interpretación que Vicente Risco fai do movemento romántico alemán tanto dende un punto de vista filosófico coma literario. Para a consecución deste fin, Trinidad Piñeiro examina as afirmacións que o literato galego verqueu no apartado titulado “Estudios sobre o romantismo”, recollido na súa obra *Leria* (1961), e mais un artigo que o propio Risco publica en *A Nosa Terra* (1-IX-1925).

Platas Tasende, Ana María, “Lingua e Literatura”, *Revista Galega do Ensino*, nº 22, “Algunhas novidades editoriais”, febreiro 1999, pp. 249-258.

Inclúe un listado dos últimos títulos publicados e divididos en varios apartados: lingua, narrativa, poesía, teatro e varios. Entre as obras galegas citadas atópanse as seguintes: *Nova crónica das Indias*, de Avilés de Taramancos; *Tráiler*, de Francisco Alonso Villaverde; *O peregrino a Compostela*, de Paulo Coelho; *A lenda do gran inquisidor*, de Fedor Dostoievski; *A morte de Frank González*, de Xosé Fernández Ferreiro; *O tren*, de Luis Lamas; *Mar de fondo*, de Manuel Núñez Singala; *Tánata*, de Antón Risco; *Apocalipse dos condes galegos*, de Xoán I. Sánchez-Andrade; *Sabor a ti*, de Miguel Suárez Abel; *Pois*, de Emilio Araúxo Iglesias; *As entrañas horas*, de Emma Couceiro; *Pronomes*, de Antón Lopo; *O berro. Poemas e pensamentos de vida, amor e morte*, de Xabier Olariaga; *Hipatía*, de Alfonso Pexegueiro González; *Arden*, de Ana Romaní; *O parable ascenso de Arturo Vi*, de Bertold Brecht; *O paradoxo sobre o actor*, de Denis Diderot; *O rei Lear* e *Xulio César*, de Shakespeare; *Entre dous abismos. Nouturnio de medo e morte*, de Antón Villar Ponte; *Homenaxe a Eduardo Blanco-Amor*, de VV. AA.; *Cantigas do mar de Vigo* e *A cantiga de amigo*, de Mercedes Brea (coord.); *A poesía galega de Manuel Curros Enríquez* (2 vols.), de Elisardo López Varela; *Misoxinia e racismo na poesía de Pondal*, de María Xosé Queizán; *A linguaxe e as linguas. Ramón Piñeiro*, de Antón Santamarina; *Roberto Blanco Torres*, de Marcos Seixo Pastor e *Romanceiro Xeral de Galicia I. Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus temas*, de Ana Valenciano (comp.).

_____, “Conversación con Domingo García-Sabell”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “Colaboracións especiais”, maio 1999, pp. 45-54.

Reproduce unha entrevista que a articulista lle realizou a Domingo García-Sabell en febreiro de 1999 na cidade da Coruña. Nela García-Sabell fala da súa infancia en Compostela; afirma que a súa vocación pola medicina xa estaba dentro del durante a súa adolescencia; reflexiona sobre as principais influencias ó longo da súa vida, entre as que se atopan as obras de Valle-Inclán, Ortega y Gasset e Cunqueiro; fala do seu labor como senador en Madrid; salienta como fitos fundamentais do século XX a filosofía de Heidegger e o *Ulysses*, de James Joyce; faise eco do progreso que experimentou Galicia nos últimos anos; recorda o seu labor como presidente da Real Academia Galega ó longo dos anos ou reflexiona sobre a polémica da representación das obras de Valle-Inclán en castelán e afirma que “as obras de Valle-Inclán están como están e nelas hai moito galego, incluso o hai en cousas que non son de ambiente galego, por exemplo en*La hoja del capitán*, cando están nunha *farra*, coido que en Madrid”.

_____, “*O estadio no espello*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “Recensións”, maio 1999, pp. 315-317.

Aproximación ó primeiro poemario de María do Cebreiro, *O estadio do espello* (1998), e publicado por Edicións Xerais de Galicia. A obra, dividida en catro partes –“Alquimia e nigromancia”, “A idade do azucre”, “O libro de María” e “Curso de historia antiga”– amosa “un moi depurado influxo de certos recursos de raíz surrealista, unidos a outros, propios de correntes diversas de sucesivas xeracións da nova poesía”. Por último, entre as características máis salientables do poemario destaca a súa seriedade, a dor, o pesimismo e o amor.

_____, “Lingua e literatura”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “Algunhas novidades editoriais”, maio 1999, pp. 359-371.

Como é habitual nesta sección, a articulista inclúe as seguintes obras galegas: *Gramática da lingua galega. III*, de Xosé Ramón Freixeiro Mato; *Historia social da lingua galega*, de Henrique Monteagudo Romero; *Diccionario de réximes verbais*, de Xesús Riveiro; *A ermida do diaño*, de Xelucho Abella Chouciño; *Alén da desventura*, de Xavier Alcalá; *Lendas*, de Gustavo Adolfo Bécquer; *O camiño de Prisciliano*, de Ramón Chao; *O fácil que é matar* e *Xa vai o griffón no vento*, de Alfredo Conde; *Morning Star*, de Xosé Miranda; *Matar a Kerenski*, de Xosé A. Moreno; *Obra narrativa en galego*, de Heraclio Pérez Placer; *Amor de tango*, de María Xosé Queizán Vilas; *Círculo*, de Suso de Toro; *Os poetas de Galicia cantan a García Lorca. Coroa poética para Federico contra a súa morte*, de Xesús Alonso Montero; *Recital antolóxico da poesía galega dos séculos XII ao XX*, de Eduardo Blanco Amor; *Orballo de media noite*, de Roberto Blanco Torres; *A terra baldía*, de T. S. Eliot; *Madeira do meu canto*, de Luís González Tosar; *O estadio no espello*, de María do Cebreiro; *Ollos de sal*, de Anxos Romeo Barreiro; *Rosiña*, de Xesús San Luís Romero; *Galicia nos tempos do 98. Actas do Congreso*, de VV. AA.; *Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta*, de Xosé Durán; *Diccionario de termos literarios. A-D*, do Equipo Glifo; *A reportaxe de prensa en Galicia*, de Xosé López; *Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal*, de Vicente Martínez Risco; *A escrita da terra. Configuración do espacio natural na literatura galega*, de Miguel A. Mato Fondo; *Informe de Literatura 1997*, de Blanca-Ana Roig Rechou (dir.) e *Do novo teatro á nova dramaturxia*, de Manuel F. Vieites García.

_____, “Algunhas novidades editoriais”, *Revista Galega do Ensino*, nº 25, “Novidades editoriais”, novembro 1999, pp. 269-286.

Ofrece unha listaxe das últimas obras publicadas, divididas en diferentes apartados. No caso da literatura galega cita *O poeta asasinado*, de Guillaume Apollinaire; *Os séculos da lúa*¸de Xosé Carlos Caneiro; *O atentado*, de Xosé Fernández Ferreiro; *Doutor Deus*, de Xabier López López;*Contos de homes e mulleres*, de Xosé Ramón Mariño Ferro; *No ventre do silencio*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; *O home de pau*, de Xosé Neira Vilas; *Os fillos do río*, de Antón Risco; *Ela, maldita alma*, de Manuel Rivas; *O vixía no centeo*, de J. D. Salinger; *Por tras dos meus ollos*, de Xosé Ignacio Taibo; *Os xenerais de África*, de Víctor Vaqueiro; *Lume de biqueira*, de Xosé Vázquez Pintor; *Son de mar*, de Manuel Vicent; *Cándido*, de Voltaire; *Coroa literaria para Roberto Blanco Torres*, de Xesús Alonso Montero; *Orfo de ti*, de Segundo Alvarado Feixoo Montenegro; *Na flor do vento*, de Alfonso Álvarez Cáccamo; *Os cadernos da ira*, de Xosé María Álvarez Cáccamo; *Luz de facer memoria*, de Manuel Álvarez Torneiro; *A caricia da serpe*, de Lino Braxe; *¿Aínda soñas con piratas?*, de Xosé Carlos Caneiro; *Xeografías do sal*, de Ramón Caride Ogando; *O divino salmete*, de Manuel Curros Enríquez; *Lúa gris*, de Eduardo Estévez; *Dias de cera*, de Francisco X. Fernández Naval; *Capitán Inverno*, de Ramiro Fonte; *Ofertorio de solpores*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro; *Poesía galega*, de Eduardo Lence-Santar; *Poesía enteira de Heriberto Bens*, de Xosé Luís Méndez Ferrín; *Río de son e vento*, de César Morán; *Sombra fértil*, de Anxo Pastor; *O desfile das virtudes*, de Hildegarde de Bingen; *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de Daniel Cortezón; *Estrema derrota*, *Cita co diaño, O paso* e *Lugar*, de Raúl Dans; *Eu estaba na casa e agardaba que viñese a chuvia*, de Jean-Luc Lagarce; *Escritores para unha lingua*, de VV. AA.; *Roberto Blanco Torres*, de VV. AA.; *Roberto Blanco Torres*, de Xesús Alonso Montero; *Disto e do outro*, de Carballo Soliño e *Disto e do outro. Antoloxía*, de Roberto Blanco Torres; *Roberto Blanco Torres*, de Juan Blanco Valdés; *Diccionario dos seres míticos galegos*, de Xoán Ramiro Cuba Rodríguez; *O paradoxo sobre o autor*, de Denis Diderot; *Roberto Blanco Torres e a loita pola*

supremacía ética, de José Carlos Domínguez Alberte; *Prosas recuperadas. O periodismo de Manuel Murguía. Antoloxía básica*, de José Antonio Durán (ed.); *A literatura infantil e xuvenil en galego*, de Agustín Fernández Paz; *Teatro e surrealismo*, de Xesús González Gurriarán; *O lume vital de Claudio Rodríguez Fer*, de Olga Novo; *As palabras*, de Jean-Paul Sartre; *Blanco Torres, xornalista irmandiño*, de Marcos Seixo Pastor; *Historia da literatura galega*, de Dolores Vilavedra e *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón*, de Miro Villar.

Pociña, Andrés, “Luz e azul, claves da poesía de Eduardo Moreiras”, *Clave Orión*, nº VI, 1999, pp. 45-64.

Parte da dificultade de comprensión da poesía de Eduardo Moreiras e apunta este feito como a razón fundamental do seu esquecemento. A continuación céntrase na análise do substantivo “luz” e do adxectivo “azul” como elementos fundamentais para entender esta poesía. Antes de facer un repaso pola significación que os críticos lle buscaron á luz na poesía de Moreiras, Andrés Pociña proponse evitar calquera referencia á relación biográfica entre o poeta e Luz Pozo Garza. Repara polo miúdo na riqueza e polisemia do símbolo luz e anota a orixe positiva que adoita ter este elemento así como a súa condición de presencia desexada. Conclúe, pois, que se trata para o poeta de “un lema de vida, un soño, un proxecto, unha esperanza” e pon de relevo tamén a interpretación de Moreiras da luz segundo diversas culturas como a bíblica, a india ou a chinesa. No tocante á reiterada presencia do azul apunta como clave a paisaxe inmaterial, espiritual e “fóra da vida” en que se moven tanto poemas como prosas do autor. Detense de xeito especial na secuencia “sombra azul” e entende que as sombras negras de Rosalía de Castro actúan como hipotexto inspirador.

_____, “Novoneyra en dúas páxinas”, *Encrucillada*, nº 115, “In Memoriam”, novembro-decembro 1999, pp. 508/68-512/72.

Homenaxe a Uxío Novoneyra, con motivo do seu pasamento. Afírmase que o poeta do Courel, “cantou as agonías do pobo galego; clamou polas liberdades do pobo galego; cantou, clamou e pregou polo ser agoniante de Galicia e das súas xentes. E fixo todo eso en moi poucos centos de versos, en poemas curtos, en palabras contadas, pero de forza inmensa”. A seguir, reprodúcense fragmentos dalgúns dos seus poemas e, para rematar, afírmase que “nunca o poeta civil agacha por completo ó poeta da interioridade persoal, ó poeta lírico que sempre foi Novoneyra”.

Pose Santos, Fran, “Fotogramas prácticos da literatura alemana”, *Alquimia. Revista de creación literaria, artes gráficas e pensamento*, nº 1, “Traducción”, outono 1999, pp. 13-17.

Pose ofrécenos, en versión bilingüe alemana-galega, tres poemas de distintas etapas da literatura xermana: “Debaixo do tilo” (Walther von der Vogelweide), “Fantasía do atardecer” (Friedrich Hölderlin) e “Patrulla” (August Stramm). Dá tamén algúns datos biográficos dos dous primeiros autores e, respecto ó terceiro, recolle o título dos seus dous volumes líricos e salienta a inaccesibilidade dos seus versos, cuestión que, obviamente, dificulta a traducción.

Postigo, Mª Josefa, “La actividad cultural gallega en las publicaciones periódicas de 1998”, *Madrygal*, nº 2, “Crónica”, 1999, pp. 151-153.

Repaso polas publicacións galegas aparecidas ó longo do ano 1998, entre as que cita: *Art Teatral. Cuaderno de Minipiezas ilustradas, Cadernos da Língua*, *Dorna*, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, *Ensaio. Revista de Teatro de Galicia e do Norte de Portugal*, *Revista Galega do Ensino*, *Boletín Galego de Literatura*, *Grial* e *Anuario Centro de Estudios Gallegos*. De todas estas publicacións indica o número que presentan no ano citado e salienta algúns dos artigos que considera máis significativos.

Pousa Antelo, Avelino, “Da nenez á mocidade”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVI I, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 645-651.

Memorias da infancia de Avelino Pousa Antelo que comezan cunha parte introductoria na que este barcalés lembra as súas orixes familiares e a vida infantil a cabalo entre a tenda dos pais e a casa labrega dos avós. A seguir, estructura as súas lembranzas en seis partes, nas que trata, respectivamente, os seguintes temas: as comidas, as festas, os traballos do campo, a escola, o deporte e o amor.

Queizán, María Xosé, “*Da Guenizah*”, *Galicien Magazin*, nº 7, maio 1999, pp. 37-38.

Nestas liñas, faise un breve percorrido pola obra *Da Guenizah* (1998), de Belén Feliú, salientando, entre outras cousas, a súa preocupación pola linguaxe e o seu ton irónico. A análise do texto serviralle tamén á autora do presente artigo para rememora-la figura humana da escritora.

_____, “Relato da infancia”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 705-711.

Mª Xosé Queizán relata as súas lembranzas da in fancia en Vigo, marcadas polo fusilamento do pai poucos meses antes dela ter nacido. Comenta as diferencias entre a familia da nai, coa que convivía habitualmente, e a dos avós paternos, ós que visitaba na fin de semana. Tamén se refire ós recordos que ten da primeira comuñón, os contactos iniciais coa escola e unhas clases particulares a cargo dun mestre que ela alcumaba como “Dios-dios”. Lembra tamén personaxes curiosos do seu barrio como Pepiño Tula, os sons dunha cidade que comezaba a medrar e a industrializarse, os xogos de nena e as primeiras lecturas.

Quintana, Artur, “A escritura galaico-catalana de Josep Pedreira” *Galicien Magazin*, nº 7, maio 1999, pp. 14-17.

Recupérase nestas liñas a figura literaria de Josep Pedreira (coñecido fundamentalmente como editor de poesía catalana) na súa faceta de poeta en galego e catalán. Nacido en Barcelona pero de pais galegos, dise que a súa producción literaria inédita presenta a peculiaridade do uso indistinto dos dous idiomas, entre a que se atopa poesía en galego, e poesía e prosa en catalán con intertexto en galego.

Raña, Román, “O setembro da poeta”, *Guía dos libros novos*, nº 3, “Poesía”, xaneiro 1999, p. 26.

Fálasenos aquí da publicación dun libro de poemas gañador do premio de poesía Martín Codax do ano 1998, *Setembro* de Marta Dacosta, membro do grupo denominado “Poetas dos ‘90”, no que tamén se inclúen Chus Pato, Yolanda Castaño ou Olga Novo. Indícase que a poesía feminina nos amosa versos moi nítidos e destaca a percepción do mundo dende a entraña sentimental da poetisa, salientando que se trata dunha obra que destaca polas súas composicións brevísimas, de forte ritmo acumulativo, onde predomina o hendecasílabo e oalexandrino. É, segundo o articulista, “un dos libros máis fermosos dos últimos anos”.

_____, “De mulleres, de vento e de poemas”, *Guía dos libros novos*, nº 4, “Poesía”, febreiro 1999, p. 25.

Comézase anunciando a publicación da antoloxía *Mulher a facer vento* (1998), con composicións de poetisas galegas e publicada pola editorial portuguesa Tema. Sinálanse algunhas ausencias e o erotismo como denominador común nas composicións de boa parte delas. Repásase a lista de tódalas antologadas, entre as que está Ana Romaní, da que salienta o seu discurso denso de conceptos e de realidades complexas; Emma Couceiro, na que atopa un verso discursivo e o sobresaemento da prosa poética, ou o lado reflexivo dos sentimentos de Luisa Villalta, así como a indagación do amor eterno en Luz Pozo Garza ou o erotismo máis carnal de Olga Novo, rematando con Yolanda Castaño da que se di que plasma un frenesí do erotismo que ás veces linda coa destrucción.

_____, “Versos de sal e de amor”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Poesía”, marzo 1999, p. 26.

Fálase da publicación da segunda obra da poetisa Anxos Romeo, *Ollos de sal* (1998), e compárase coa primeira *A estatua* (1996), atopando nesta segunda obra un internamento da artista por territorios máis tenebrosos e interiormente máis profundos, ademais dun maior entrabado lírico e simbólico. Explícase que a obra se estructura en dúas partes: “Ollos de sal” e “Carne de pedra”, reproducindo algúns fragmentos de poemas. Cualifica os versos de discursivos e “rigorosamente construídos”, nos que atopa o delirio e o extravío, ademais do ambiente de misterio, o sufrimento da muller, a loucura e a ebriedade do amor.

_____, “No territorio do aforismo”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Poesía”, abril 1999, p. 23.

Comeza sinalando algúns poetas galegos como Eduardo Moreiras ou Augusto Casas que se achegaron á literatura de tradición oriental, liña na que atopa a obra *Debullar* (1998), de Ricardo Martínez-Conde, do que nos di que é un libro de poemas dividido en sete partes, caracterizado por situarse no territorio do aforismo, cun estilo que cualifica de “depurado humanismo, non exento de ironía”, ademais de obra múltiple na que conviven a poesía e a reflexión filosófica, o apotegma e a intuición poética, así como a especulación no terreo da vida humana, entre outras cousas.

_____, “Veinticinco últimos años de la generación del 50”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 14-16.

Traza as liñas xerais que definen a poesía da Xeración do 50, que nace ó abeiro da Editorial Galaxia e Ramón Piñeiro. Estas características comúns son a formación universitaria no contexto franquista, a participación activa na loita polas liberdades que desembocará na militancia nacionalista que os afasta do vello galeguismo e a colaboración nas coleccións poéticas de Galaxia: “Illa Nova” e “Salnés”. A continuación, enumera a longa nómina de autores do grupo centrándose na obra de Manuel María, Uxío Novoneyra, Xohana Torres (única muller dogrupo), Avilés de Taramancos e Manuel Álvarez Torneiro. Merécelle un epígrafe á parte Xosé Luís Méndez Ferrín como o escritor máis representativo de todos eles.

_____, “Recuperados salaios”, *Guía dos libros novos*, nº 8, “Poesía”, xuño 1999, p. 24.

Anúnciase a reedición do poemario *Salayos* (1895), de Manuel Núñez González, autor que se di que comezou a publicar no *Tío Marcos da Portela*. A seguir, caracterízase a súa poesía como dentro da tradición dos mestres do Rexurdimento, e abórdase a temática dela, salientando entre outros temas o da descrición da natureza pero en oposición coa condición supeditada dos galegos, proxectando nela a súa ansia de redención. Reprodúcense algúns versos do seu poema “Outono”, considerado un dos máis significativos desta visión do poeta. Tamén se informa de que a obra conta cun limiar de Luís Alonso Girgado e un estudio introductorio de Amelia Rodrigues Esteves no que se fai unha achega biográfica de Núñez González.

Rego López, Verónica, “Poemario íntimo”, *Eidos do Libro,* nº 3, “Crítica”, marzo 1999, pp. 16-17.

Comentario conxunto de dous poemarios: *Setembro* (1998), de Marta Dacosta e *As entrañas horas* (1998), de Emma Couceiro, no que se comeza facendo unha reflexión sobre o papel da muller na literatura e se sinala que son un “exemplo docísimo de que a muller, non pola súa potencia reproductora, ten que quedar relegada do mundo intelectual”, sinalando tamén que *Setembro* recolle unha evolución progresiva e se afirma na “propia condición feminina”, mentres que do poemario de Emma Couceiro se destaca a súa particular sintaxe dando conta do seu desenvolvemento e articulación “en dous camiños, inversos e complementarios”.

Regueiro Piñeiro, Nelson, “O Patronato da Cultura Galega no espallamento da galeguidade no Uruguai”, *Galicia dende Salamanca 2*, “Ensaios”, 1999, pp. 221-228.

Despois de lembra-las súas orixes compostelás e de expresa-lo desexo de coñece-la cidade e a Universidade de Salamanca, fai un percorrido sintético polos feitos e persoas máis sobranceiras da emigración galega en Sudamérica. Deste xeito, cita ó galego Soto, á Irmandade Galega para América do Sur, ós exilados, a estrea de *Os vellos non deben de namorarse* (1941), a fundación de *Galeuzka* ou o Consello de Galiza. De seguido, comenta datos biográficos de descendentes de galegos que ocupan lugares de privilexio dentro das letras uruguais. Para rematar, repasa brevemente as características do programa radiofónico “Sempre en Galiza” e as actividades do Patronato da Cultura Galega.

Reigosa, Antonio, “Xosé Miranda. *Morning Star*”, *Devoralibros*, nº 1, “Escritores e libros lucenses”, xuño 1999, p. 18.

Comeza sinalando os moitos premios acadados por Xosé Miranda, tanto por *Morning Star* (1998), Premio “Xerais” de Novela, como por outras obras anteriores, entre elas *Historia dun paraugas azul* (1991), Premio “Manuel García Barros” de Novela, ou *Permiso para o corso* (1997), Premio “Esquío” de Poesía. De *Morning Star* salienta, entre outras cousas, o personaxe do cego das feiras como testemuña da Galicia do seu tempo que transmite a través das súas cantigas, así como a presencia de tódolos ingredientes necesarios para unha boa novela de aventuras, coa “intriga, o terror, a acción, a traición, o amor, (…) unha trama áxil, rotunda, sen concesións a nada alleo á historia que nos narra”.

Requeixo, Armando “Manual de Nanoloxía”, *Tempos Novos*, nº 21, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, febreiro 1999, p. 62.

Comentario centrado na obra *Círculo* (1998), de Suso de Toro onde se indica que é un libro de relatos –malia “o equívoco deseño paratextual e a enganosa disposición cohesiva en catro seccións”– e que boa parte destes textos xa foran avanzados como relatos en diversas publicacións. Recálcase que é a continuación natural de *Tic-Tac* (1993) e faise un percorrido polas analoxías e diferencias entre ambos libros.

_____, “Os camiños interiores”, *Tempos Novos*, nº 23, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, abril 1999, p. 62.

Coméntase a novela *As grandes carballeiras* (1998), de Xesús Manuel Valcárcel. Indícase que a obra presenta “tres novelas nunha” e analízanse as tres seccións do libro, “Todo mentira”, “Afiliados á neura” e “Desertos paralelos”, de catorce capítulos cada unha, que conforman este volume. Tamén se afirma que “é un exercicio de malabarismo literario”, tanto pola súa forma coma polos seus personaxes, motivos, argumentos e espacios posto que teñen as máis variadas intertextualidades literarias.

Ribera Llopis, J., “Ligácia: Galicia en catalán segundo Xulio Ricardo Trigo”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 121 -125.

Análise da imaxe de Galicia a través dos textos de Xulio Ricardo Trigo, galego de nacemento e catalán de adopción, tanto na súa obra narrativa coma poética, tentando desentraña-la “Galicia literaturizada e metamorfoseada” convertida en “Ligácia” en obras como *La desaparició d’Evelyn* (1995), *La mort salobre* (1997) ou *Fado o l’ordre de les coses* (1998). Trátanse tamén os referentes máis presentes, tanto espaciais coma históricos, políticos ou literarios.

Rielo Carballo, Nicanor, “Historia do Gaiteiro de Lugo. Un calendario único en Galicia”, *O Gaiteiro de Lugo*, 1999, pp. 67-70.

Comeza por sinalar algúns dos calendarios que apareceron en Galicia a principios do século XIX, como o *Calendario para el Reino de Galicia y Principado de Asturias*, aparecido en Santiago en 1811, e pásase a un percorrido detallado polos 116 anos ininterrompidos da publicación do*Calendario Gallego*, que logo pasaría a chamarse *O Gaiteiro de Lugo*, dende 1862 ata 1973, apuntando tamén a participación e apoio de Xosé Filgueira Valverde a esta publicación ou a de Noriega Varela. Tamén se fala dos contidos que foi engadindo e o camiño percorrido ata unha edición monolingüe en galego como a actual.

Rivas García, Manuel, “Poesía da chaira”, *Guía dos libros novos*, nº 3, “Poesía”, xaneiro 1999, p. 24.

Dáse conta da homenaxe do seminario de Mondoñedo a Xosé Crecente Vega, autor chairego e antigo alumno, na que lle adicaron unha aula do centro que se inaugurou coa presentación da edición crítica da súa obra *Codeseira* (1933), preparada por Ricardo Polín e Luz María Durán. Dise que este autor pertenceu á escola mindoniense de escritores e poetas da Chaira, na que tamén estiveron Leiras Pulpeiro, Noriega Varela ou Iglesia Alvariño, entre outros, e salienta de todos eles a presencia da influencia dos clásicos latinos e do mundo rural galego. Ofrécese unha breve biografía do autor e apúntanse as diferentes edicións da súa única obra *Codeseira*, obxecto tamén dun monográfico da revista *Amencer* en 1996, pasando de seguido á descrición da estructura da que se di que consta de cinco grandes apartados titulados e se describen polo miúdo, reproducindo tamén algúns versos de poemas como “A miña pucha” ou “Codeseira”.

_____, “*A poesía de Codeseira*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “Recensións”, maio 1999, pp. 297-301.

Resume o contido da obra de José Crecente Vega, *A poesía de Codeseira*, publicada por El Progreso Artes Gráficas no ano 1997. Ofrece un breve perfil biográfico do autor lugués e, a seguir, céntrase no contido da presente obra. Afirma que este poemario, estructurado en cinco grandes apartados, hai que lelo e entendelo “no contexto da poesía da chaira e mesmo da escola mindoniense”. A continuación, detense en cada unha das partes da obra e, finalmente, alude ó estudio crítico de Ricardo Polín e Luz Durán, que acompaña cada un dos poemas da presente obra.

Rodríguez, Pablo “Teatrografías”, *Casahamlet,* nº1, maio1999, pp. 82-83.

Pablo Rodríguez, director da Aula de Teatro do Campus de Lugo (USC), comenta neste artigo cales son os aspectos nos que o teatro universitario ten que centra-los seus “esforzos”, entre os que salienta “a poética do corpo, a capacidade de análise do traballo propio e alleo, o desenvolvemento dunha lectura vertical dos textos ou a adecuación dos instrumentos comunicativos axeitados á realidade na que vivimos”. Dá a continuación as “tres directrices xenéricas” polas que se ten que rexi-la Aula de Teatro do Campus lugués baseadas na “formación, a experimentación escénica (producción) e o debate”, desenvolvendo polo miúdo estes tres aspectos.

Rodríguez Fer, Claudio, “Poesía y *Tout le reste*”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 26-27.

Comeza falando das últimas tendencias poéticas na Galicia destes vintecinco anos, para se centrar, finalmente, na súa obra. Primeiramente diferencia entre a poesía patriota dos anos da transición pólítica, a poesía para se presentar a premios e a poesía “para persoas” que é a que parte da propia necesidade da escrita sen máis. Seguindo nesta mesma liña, afirma que a poesía non debe entrar no “mercadeo” ó tempo que insiste que nunca formou parte de premios nin outros “grupúsculos”. Por último, Claudio Rodríguez Fer reinvindica a súa poesía, a súa “arte poética” e a poesía como imaxe das súas últimas composicións da chamada “poesía visual”.

_____, “A peripecia bélica de Ricardo Carballo Calero”, *Ferrol Análisis*, nº 14, agosto 1999, pp. 76-81.

Análise da proxección da biografía de Ricardo Carballo Calero durante a Guerra Civil na súa obra literaria, partindo do momento no que o escritor queda inmobilizado en Madrid. Advírtense diversos episodios vitais do polígrafo ferrolán durante ese período que encontran eco, sobre todo, na novela *Scórpio* (1987) a través do protagonista Rafael Martínez, auténtico trasunto de Calero, como a pertenza ó Batallón Félix Bárzana da FETE-UGT, onde coincide con Borobó; a militancia no Partido Galeguista, ou a defensa de Madrid e as campañas de Valencia. Sen embargo, apúntase que esta memoria autobiográfica que lle serve de fonte de documentación e inspiración se estende a outras obras, xa sexa no campo do teatro con *Os xefes* (1982), drama facilmente extrapolable á Guerra Civil, e *A sombra de Orfeo* (*Catro pezas*, 1971), con elementos da obra non publicada *Reina del tiempo*; xa sexa nos poemas “Non sei” (*Futuro condicional*, 1982), “Fugíamos da nossa vila” (*Cantigas de amigo e outros poemas*, 1986), e outras composicións de*Poesía perdida* (1993), obra que recolle a producción carceraria do autor e da que se di que segue a liña neopopularista da Xeración do 27 española. Finalmente, aborda a relación de Carballo Calero con Castelao.

Rodríguez González, O., “Rafael Dieste e *O Neno Suicida*. A narración do tempo ás avesas”, *Madrygal,* nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 127-132.

Breve estudio comparativo do tratamento do tempo que fai Rafael Dieste no conto “O neno suicida”, incluído como apéndice en *A fiestra baldeira* (1927), e posteriormente en *Dos arquivos do trasno* (1973), con *Viaje a la semilla*, de Alejo Carpentier, ademais doutros textos que tratan de forma semellante o mesmo tema, como *Les carnets du bon Dieu* (1947), de Pierre Daninos; o conto “Milagro en la aldea”, de José Mª Gironella; “El incongruente”(1922), de Ramón Gómez de la Serna, e o poema “Amor, amor, catástrofe”, de Pedro Salinas, incluído en *La voz a ti debida* (1933), analizando nos diferentes recursos literarios duns e doutros a busca dunha forma de loita contra a morte.

Rodríguez Yáñez, Ricardo, “Léxico do mar: Cuantificación e aspectos semánticos en *O triángulo inscrito na circunferencia* de Víctor Freixanes”, *Galicia dende Salamanca 2*, 1999, pp. 95-107.

Artigo centrado na análise do léxico referido ó mundo do mar na novela *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), de Víctor Freixanes. Establécense catro grandes campos semánticos: o referido ás aves e peixes do mar, o dos barcos, o dos homes do mar e o da paisaxe mariñeira, ademais de analiza-las peculiaridades presentes nalgúns termos como o uso das maiúsculas nos que aparecen “vinculados a grandes valores ou dogmas”. Tamén se inclúen catro gráficos que recollen as porcentaxes de léxico mariñeiro, do 6,5%, fronte á totalidade do léxico da obra, 93,5%, acompañados de explicacións, entre as que se salienta que a maioría do léxico mariñeiro está composto por substantivos, seguidos moi de lonxe por verbos e adxectivos. Remata recollendo alfabeticamente tódolos termos do léxico mariñeiro e o número de veces que se repite cada un deles.

Romero, Marga, "*Belén Feliú: Da Guenizah*, Espiral Maior, Narrativa, A Coruña, 1998", *Galicien Magazin*, nº 7, maio 1999, p. 37.

Presentación da obra póstuma e ópera prima de Belén Feliú, falecida no ano 1997. Sinálase que a obra está composta por seis relatos cargados dun sentido alegórico e cun particular sentido do humor.

_____, “Conversa con Lois Tobío”, *Galicien Magazin*, nº 8, “Schwerpunktthemen”, novem-bro 1999, pp. 36-44.

Entrevista co escritor, traductor, investigador e presidente do Seminario de Estudos Galegos, Lois Tobío, que xira ó redor de temas como a súa relación e vínculos coa literatura alemana, a obra *Nai Coraxe* (1987), o seu labor como traductor, os membros da Xeración Nós, o labor desenvolvido polo Seminario de Estudos Galegos, a súa opinión sobre Blanco Torres e Rafael Dieste, ou o seu exilio en Uruguai, ademais do papel dos nacionalismos dentro do Estado español.

_____, “Galicien-Zentrum da Universidade de Trier, Actividades do Semestre do verán de 1999”, nº 8, *Galicien Magazin*, “Aktivitäten”, novembro 1999, pp. 50-52.

Descrición das actividades levadas a cabo no Galicien-Zentrum da Universidade de Trier, onde se desenvolveron os recitais de poesía do grupo “Am Nabel der Welt” formado por Marga Romero, Paula de Lemos, Nuno Oliveira e Philipp Panzer. Dise que, como homenaxe a Blanco Torres, se fixo lectura da versión en galego que el fixera dun poema de Detlev von Liliencro “Todin Ähren”. Por outra banda, informa de que, entre outros actos, tamén tiveron lugar unha exposición de fotografía, obra de Arxiu Mas, e mais unha conferencia a cargo de Luz Pozo Garzae Xosé María Álvarez Cáccamo, na que os dous escritores falaron respectivamente da obra do colega.

Rúa Iglesias, Lucía, “Armando Requeixo, Escritores mindonienses, ed. Sociedad de Cultura Valle-Inclán, Ferrol”, *Lucensia*, nº 18, “Libros”, 1999, pp. 195-196.

Breve comentario sobre o libro *Escritores mindonienses* (1998), de Armando Requeixo, no que se ofrece unha descrición sobre os contidos do libro, estructurado en dúas partes ben diferenciadas, por un lado, un estudio sobre a influencia da área mindoniense nos escritores e, por outro, a diferenciación entre os autores de diversas disciplinas, ensaístas e creadores. Salienta, tamén, os dous apéndices como de gran relevancia, o primeiro sobre as publicacións en prensa e, finalmente, unha antoloxía de obras dos autores estudiados.

Ruibal, Euloxio, “Señores e campesiños n’*A Lagarada* de Otero Pedrayo. Lectura sociolóxica”, *Citania, Artes, Espéctaculos*, nº 2, outono-inverno 1999, pp. 43-55.

Realízase un estudio sociolóxico tanto dos individuos coma das clases que conforman esta peza teatral. Logo de reflecti-lo contexto histórico-social, refírese ó tema e argumento da obra, á situación económica, ás relacións familiares e á estratificación social, que vai debullando polo miúdo. Conclúe sinalando que na obra de Otero Pedrayo aparece retratada fielmente a sociedade da época, agás os artesáns, o escaso proletariado urbano e a burguesía industrial que non se rexistran.

Salgado, Xosé M., "Tucho Calvo: *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século*", *A Trabe de Ouro*, nº 37, "Publicacións", Tomo I, Ano X, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 127-129.

A propósito deste libro de entrevistas, X. M. Salgado di que Tucho Calvo, como entrevistador, é tamén, neste caso, un auténtico creador literario. Di, ademais, que o libro é un filón de abondosas noticias sobre a obra de Valentín Paz-Andrade, valorando o volume pola importancia do seu protagonista, o cal considera que xogou un papel moi relevante na vida política de Galicia e que se converteu nunha das voces máis autorizadas para enxuizar moitos dos acontecementos da historia galega no século XX, valoracións que se recollen nas páxinas de *Valentín Paz-Andrade, a memoria dun século* (1998).

Salgueiro González, Roberto, “Teatro e Universidade en Galicia. O traballo teatral no seo das Aulas de Teatro”, *Casahamlet,* nº1, maio 1999, pp. 84-85.

Roberto Salgueiro comeza o seu artigo cunha “Breve aproximación histórica” ó teatro en Galicia e, máis concretamente, ó teatro universitario en diversos aspectos como as linguas utilizadas, as temáticas desenvolvidas ou os autores representados, dando conta dos diferentes grupos que houbo en Galicia ata 1995, data dende a que ata a actualidade se foron formando catorce agrupacións teatrais. Continúa o artigo tratando polo miúdo a “Aula de Teatro da Universidade Compostelá”, dando conta da súa orixe, dos seus obxectivos e facendo unha serie de reflexións sobre os criterios para deseña-la actividade dunha Aula de Teatro Universitaria e sobre a necesidade de recoñecemento e ensino da “arte teatral”.

Sampedro, Francisco, “Un valo, non un mito”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 25, “Caderno da crítica”, 1999, pp. 153-156.

Artigo que recolle a intervención de Sampedro no acto de presentación de *O valo de Manselle* (1996), en Santiago de Compostela, e no que se apoia en Hegel e Badiou para afirmar que baixo esta obra de Anxo Angueira Viturro subxace unha idea de nación e un discurso altamente significativo, como en *Estirpe* (1994), de Méndez Ferrín ou *Nínive* (1996), de Chus Pato. Sinala que este texto foxe das teses románticas heideggerianas rompendo, xa que logo, coa dimensión mítica da terra nai. Neste senso, o articulista coida que se produce unha fundación fincada na liberdade e na razón, isto é, trataríase dunha creación comunitaria colectiva nada da suma de vontades individuais. Nega que a obra teña contido político senón que é Política, con maiúsculas, en si mesma.

Seara, Teresa, “Terceiro poemario de Ana Romaní”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 179-183.

Comenta, inicialmente, a importancia do mundo mariño na traxectoria poética de Ana Romaní, especialmente en *Palabra de mar* (1987) e *Das últimas mareas* (1994). A seguir, vincula a terceira obra desta poeta de Noia, *Arden* (1998), coa anterior polo tratamento do mito de Penélope na súa “dimensión subversora”. Considera Teresa Seara que este poemario “supón unha nova volta de torniqueta na ansia por desentrañar o misterio do océano”, e describe esa ruta polos fondos mariños, que vén sendo “unha ruta ó fondo de si mesmo”. Refírese tamén ó significado e ó tratamento que Romaní lle dá á figura da balea, sen esquence-lo punto de vista feminino presente ó longo de todo *Arden*.

_____, “Narrativa breve: un camino de diversidad”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 29-30.

Repasa o cultivo do relato curto, que se deu na literatura galega nos últimos anos e que entronca coa gran tradición contista do noso país. Sinala a importancia dos premios para incita-la escrita de múltiples relatos. Así mesmo, indica algunhas liñas e tendencias que predominaron nos contos destes anos, tendo en conta que hai obras que sobrepasan os límites impostos por calquera clasificación. Por último, comenta que hai elementos líricos, vangardistas e realistas en moitas das composicións, e que dan a coñecer nas súas obras autores de diferentes épocas e de diferente “madeira” creativa.

_____, “Alberto Augusto Miranda/X. Carlos Domínguez Alberte, *Muller a facer vento*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 305 308.

Cita os antecedentes no interese que a Sociedade Guilherme Coussoul (Lisboa) está a mostrar, a través de Edições Tema, pola literatura galega, especialmente pola poesía, aínda que tamén por outros xéneros, así como a organización, xunto co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, das Ias Xornadas das Letras Galegas en Lisboa. Sinala que foi nese marco onde se presentou esta antoloxía poética, saída á luz en 1998, que agora comenta afondando na pluralidade de propostas das sete voces femininas que compoñen “unha fiestra aberta á nosa literatura máis renovadora”: Ana Romaní, Anxos Romeo, Emma Couceiro, Luísa Villalta, Luz Pozo Garza, Olga Novo e Yolanda Castaño.

_____, “O nomear xusto das cousas (navegación pola poética de Rafa Villar)”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 25, “Caderno da crítica”, 1999, pp. 157-170.

Percorrido pola obra de Rafa Villar seguindo unha orde cronolóxica, comezando por expo-los temas de *Lique da memoria* (1993), no que nota aínda debilidade na palabra poética, seguido de*O devalo do mar* (1994), do que salienta o simbolismo centrado no mar e o tratamento do tema universal do amor, que evolúe dentro dunha circularidade. En *No mesmo espacio* (1995), nota unha escalada na complexidade textual e un gusto polo léxico relacionado coa natureza, especialmente na descrición da muller. A seguir, comenta a incursión na dimensión épica e no campo da denuncia social que supón *A sotavento dunha singradura* (1995), onde chama á unión para construí-lo futuro patrio. Para rematar, a articulista constata o regreso ó intimismo que significa o volume colectivo *O tributo da tarde* (1997) e sobrancea o achegamento ó existencialismo que se aprecia en *Casa ou sombra* (1997), onde se pon en cuestión a tradición.

Segade de Cistierna, Carolina, “Cristal Méndez Queizán. *Amizade con Mougli*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 309-314.

Achega á primeira entrega poética de Cristal Méndez Queizán, que foi publicada en 1997, facendo unha lectura minuciosa das diferentes composicións. Basicamente, atopa conexións e pegadas doutros poetas como Mallarmé, na súa etapa máis simbolista, ou José Ángel Valente, así como ecos do discurso *pop* nalgunhas escollas léxicas. Para rematar, agradece o “arreguizo, música e bravura” deste libro que amosa unha poesía vital e ceibe que debe “pular da mellor poesía contemporánea”.

Sorri, P. eA. **Acuña**, “ Sari Mikkonen. “Huvila”. *Madryga*l, nº 2, “Traducción”, 1999, pp. 191-198.

Versión bilingüe do conto “Huvila”, pertencente á colección de contos *Pakkasyön odottaja* (1997), de Sari Mikkonen, traducido ó galego por P. Sorri e A. Acuña, acompañado da súa versión orixinal. Nel desenvólvese a situación sorprendente na que se atopan os personaxes, unha parella que se refuxia dunha tormenta nunha cabana.

Tarrío Varela, Anxo, “Sísifo se queda en la terraza”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 3-4.

O coordinador deste número dedicado ós últimos vintecinco anos da literatura galega fai unha sucinta presentación deste traballo colectivo tendo presente os constituíntes do sistema literario galego. Así pois, fai referencia ó estatuto de lingua cooficial que adquiriu o galego, á súa entrada no ensino e ó nacemento de empresas editorias profesionalizadas. Por outra parte, comenta os aspectos máis salientables do tratamento sectorial de cada un dos artigos que publican outros estudiosos: a novela (como xénero recuperado), o relato curto (como continuación das nosas letras), o teatro (como arte establecida no panorama literario galego por primeira vez) e, sobre todo, a poesía (ámbito no que se está a da-la máis rápida transformación e axilidade creativa). Todo isto sérvelle para sinala-lo bo momento que están a vivi-las letras galegas, do que só falla por “consolidar un lectorado espontáneo suficiente”.

Tato, Laura, “Descontros e polémicas”, *Casahamlet,* nº1, maio1999, pp. 4-7.

Percorrido pola evolución do teatro galego ó longo da súa historia dando conta dos “descontros e polémicas tanto entre os seus defensores como entre estes e os que procuraron impedir o seu desenvolvemento”. Tamén os choques entre as distintas concepcións sobre o xeito de facer teatro, a súa evolución temática ou a maneira como o teatro se desenvolveu nas diferentes etapas políticas, son os puntos polos que discorre este artigo.

_____, “A Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado Mayor”, *Casahamlet,* nº1, maio 1999, pp. 80-81.

Achega ó conxunto de actividades e proxectos desenvolvidos pola Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, entre eles as tres series: azul, vermella e verde, dedicadas á literatura dramática galega, francesa e portuguesa, respectivamente, que conformaron de xeito especial a súa actividade, iniciada a finais do ano 1997 coa publicación do drama *Donosiña*, de Xaime Quintanilla. Para rematar, noméase o conxunto de títulos publicados e indícase que a Biblioteca Arquivo ten en catalogación os fondos documentais.

Tobío Mayo, José, "*O seminarista*. Escolma", *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, "A infancia recordada", outubro-novembro-decembro 1999, pp. 609-619.

Memorias nas que un narrador omnisciente nos conta en terceira persoa as vivencias infantís de Leliño, un neno da aldea. Céntrase especialmente en relata-las peripecias que lle acontecen ó protagonista e ós seus compañeiros, Manel do Ciruxano e Mingos do Vinculeiro, cando estes acudían ás pasantías de latín á casa do crego de Saberdes, don Xan Fernández. Salienta especialmente a violencia con que o mestre trataba ós seus discípulos e as vinganzas destes, entre as que destaca o "asalto" á horta parroquial para roubar froita.

Torrente Ballester, Gonzalo, “Aínda que comeza pola miña infancia, son os camiños que me levaron á literatura”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro- novembro-decembro 1999, pp. 631-644.

Traducción ó galego dun fragmento da obra de Gonzalo Torrente Ballester *Dafne y ensueños*, publicada por Alianza Editorial no 1998. Comeza o escritor ferrolán dando conta dos seus primeiros contactos coas letras a través de certas actividades didácticas que, posteriormente, se viron incrementadas coa chegada á escola. Lembra o seu paso pola escola de dona Concha e polo colexio dos freires, dos que ofrece completas descricións, tanto do ambiente e das relacións cos compañeiros coma das características máis destacadas dos mestres. Finalmente, comenta a súa primeira aproximación ás obras máis sobranceiras da literatura universal.

Torres Queiruga, Andrés, “Un mundo construído polas palabras”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Narrativa”, marzo 1999, pp. 21-22.

Achega á obra de Carlos Casares, *Un país de palabras* (1998), na que comeza reflexionando sobre as diferentes opcións interpretativas que ofrece o título e pasa, a seguir, a ocuparse do contido, salientando a presencia nas súas páxinas de autores como Risco, Otero Pedrayo, Cunqueiro, Piñeiro ou Torrente Ballester, ademais da visión de Galicia e da súa cultura que nel se ofrece. Cualifícase o estilo como “claro e diáfano”, ademais de “moi actual”, dentro do chamado “pensamento narrativo”, apuntando o tema da propia creación literaria como un dos máis presentes na obra.

_____, “Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999)”, *Encrucillada*¸ nº 115, “In Memoriam”, novembro-decembro 1999, pp. 505/65-506/66.

Breve artigo en homenaxe a Antonio Fraguas, do que se di que “mantivo sempre tan clara e ergueita a fidelidade ós seus ideais, tan limpa a súa humanidade e tan modesta a súa bondade, que tiña que brillar por forza nunha sociedade tan competitiva e nun ambiente demasiadas veces esgazado por partidismos e prioridades”. Afírmase, para rematar, que o Museo do Pobo Galego, do que foi membro fundador e presidente durante moitos anos, representa “o máis axeitado monumento á súa vida e á súa obra”.

Torres Rodríguez, María José, “Rosiña”, *Revista Galega do Ensino*, nº 25, “Recensións”, novembro 1999, pp. 211-213.

Breve resumo do contido da peza teatral *Rosiña*, do dramaturgo Xesús San Luís Romero. A obra estreouse no Teatro Principal de Santiago de Compostela en 1921 e agora viu novamente a luz nunha edición crítica (1998) na que se ofrece un amplo percorrido pola vida de X. San Luís Romero (1872-1966). A seguir, reprodúcese a obra e inclúense unha serie de ilustracións, sobre todo, recortes de prensa sobre a estrea do drama, algúns fragmentos manuscritos (da obra e de textos poéticos) e o cartel no que se anunciaba a primeira representación.

Trigo, Xosé Manuel G., "*O fácil que é matar*", *Revista Galega do Ensino*, nº 23, "Recensións", maio 1999, pp. 293-296.

Recensiona a última entrega de Alfredo Conde, *O fácil que é matar* (1998), que forma parte dunha triloxía anunciada polo autor. O articulista recoñece o "esforzo ciplópeo" que isto supón e afirma que, deste xeito, Conde edificou "unha comedia humana que vén dar en culebrón". A seguir, afirma que a "feble estructura nodal do relato "non precisa tantas páxinas de descrición e narración". Na súa opinión, os cambios de espacio resolveríanse mellor con xogos analépticos que lle restarían espacio escénico á obra pero que, ó mesmo tempo, servirían para proporcionarlle unha maior lixeireza, "mesmo no sentido material".

Tristán, Pancho, “Bieito Iglesias: A voz que chegou do Far West”, *Tempos Novos*, nº 22, “Voces e Culturas. Entrevista”, marzo 1999, pp. 54-59.

Longa entrevista con Bieito Iglesias na que, tras algunhas referencias á súa infancia, fala dos sistemas literarios nacionais e do canon de literatura galega. Sobre a pregunta de por qué escribiu en español *Bajo las más bellas estrellas*, coa que gañou o Premio “Ciudad de Salamanca” de Novela, manifesta que entre a lealdade patriótica e a lealdade ó escritor, escolleu esta última. Outros temas sobre os que xira a conversa son as súas influencias –Faulkner e Nabokov–, o Foro Luzes de Galiza e o nacionalismo galego.

VV. AA., “Gallego”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, nº 4, 1999, pp. 175-187.

Recolle unha serie de composicións poéticas galegas. A saber, seis poemas de Manuel María, pertencentes a *Cecais hai unha luz* (1979); catro de Camilo Valdehorras, tres de Xoán-Manuel Casado e mais un de Xulio L. Valcárcel.

VV. AA., “Narrativa”, *Madrygal*, nº 2, “Creación”, 1999, pp. 179 -201.

Conformado por cinco pezas de autores diferentes, atopamos entre elas un conto de Úrsula Heinze, “Margit Sziget”, no que se narra a viaxe dunha muller á cidade de Budapest, ou “Caracola”, de S. Jaureguizar, breve e conmovedora historia dun dos últimos días de vida dun enfermo de cancro, desexando escoita-lo mar por última vez, así como “Canción de Chon”, texto bilingüe, en castelán e galego, de José Manuel Yáñez Mariscal, recollido dun vello do lugar de Verín (Ourense) no que se trata o tema da emigración.

VV. AA., “Opiniones consultadas”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 17-19.

Conxunto de valoracións sobre literatura galega de diferentes autores e estudiosos arredor, principalmente, do seu estado actual e o percorrido histórico nos últimos vintecinco anos. Deste xeito, podemos atopar reflexións sobre o sentido e o obxectivo da escrita galega de Xesús Alonso Montero, Paco Martín e Suso de Toro; a literatura infantil segundo Fina Casalderrey e Xabier P. Docampo; o teatro, en opinión de Manuel Guede e Manuel Lourenzo; as mudanzas acontecidas nestes anos tanto na literatura coma na sociedade galegas vistas por Carlos Casares, Alfredo Conde, Domingo García-Sabell e Basilio Losada, ou os antecedentes contemporáneos para Francisco Fernández del Riego e Antón Fraguas, sen esquece-la imaxe proxectada polo país cara a fóra, sobre todo cara ó Estado español, segundo Isaac Díaz Pardo. Así mesmo, reprodúcese un fragmento da obra *Dos soños teimosos*, de Uxío Novoneyra, e Darío Villanueva pecha este apartado aludindo sucintamente á conformación do sistema literario galego neste período.

VV. AA., “Poesía”, *Madrygal*, nº 2, “Creación”, 1999, pp. 165-179.

Dentro do apartado de “Creación” atopamos un gran número de composicións poéticas no que unhas aparecen baixo o epígrafe xeral de “Poemas”, coma a de Borobó, dividida en seis partes diferentes, ou unha de Lourdes Fernández Martínez (aínda que a segunda delas leva por título “Rubí” e aparece en galego e castelán), así como as de Claudio Pato e X. Rábade Paredes, mentres que outras como as de Marian Castillo Moreno teñen títulos diferentes: “O luar” e “Os devanceiros”; Manuel Pereira Valcárcel, aparece con “Derrotas” e Carlos Solla cos tres primeiros poemas sen título, e o cuarto baixo o de “Augas pelantes (esconxuro da queimada)”. Formalmente presentan heteroxeneidade de formas e contidos, dende versos moi curtos como os de Borobó ata a prosa poética dos poemas de Claudio Pato, ou dende o tema da terra/muller, de X. Rábade Paredes ata os cantos a Galicia, do propio Borobó.

Valcárcel, Eva, “Vicente Huidobro e as interpretacións da vangarda en Galicia. Os exemplos de Montes, Risco, Castelao e Manoel Antonio”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XLVI, fascículo 111, “Lingua e Literatura”, 1999, pp. 347-355.

Eva Valcárcel estructura este artigo en catro apartados nos que analiza a relación de Euxenio Montes, Vicente Risco, Castelao e Manuel Antonio coas vangardas e con Vicente Huidobro. Con respecto a Euxenio Montes, considera a autora que soubo entende-las novas correntes estéticas e que mesturou na súa obra a renovación coas estructuras tradicionais. Comenta tres poemas nos que observa trazos cubistas e a influencia do poeta chileno. Do autor de *O porco de pé*, salienta a coincidencia con Huidobro nos presupostos teóricos, a crítica de ambos ó futurismo ou a crenza na existencia de tres graos na contemplación da realidade. En “Castelao e a interpretación da vangarda” fai un repaso polas opinións do rianxeiro sobre o cubismo baseándose nas anotacións do seu *Diario*. En xeral, xustifica a incomprensión das vangardas porque “Castelao fala en termos de gusto, de beleza e usa polo tanto un criterio erróneo”. Do autor de *De catro a catro*, destaca o autodidactismo e a preocupación por estar ó tanto dos diversos movementos de vangarda, a partir do que se observa na súa *Correspondencia*.

Valdehorras, Camilo F., “Renovación e ruptura na poesía galega dos setenta: X. M. Casado e A. Pexegueiro”, *Serta. Revista Iberorrománica de Poesía y Pensamiento Poético*, nº 4, 1999, pp. 198-205.

Estudio no que se salientan as figuras de X. M. Casado e mais de A. Pexegueiro como referentes na ruptura da poética galega nos setenta e no que se subliña a importancia que tiveron nesa altura en oposición ó descoñecemento actual das súas producción. Debúllanse as obras *Rexistro de menores espantos* (1973) e *Os Preludios* (1980), de X. M. Casado. No que atinxe a A. Pexegueiro, comentase a súa producción poética e sinálase que é “un dos astros incógnitos da literatura galega actual”.

Vázquez, Pura, “Un paraíso na infancia”, *Grial*, nº 144, Tomo XXXVII, “A infancia recordada”, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 661-668.

Pura Vázquez fai un percorrido pola súa biografía, dende o nacemento ata o remate da Guerra Civil, cando xa era unha moza. Dos primeiros anos lembra os cambios de residencia da familia motivados polo traballo do pai, así como a aprendizaxe das primeiras letras da man da súa irmá Dora e os incidentes que rodearon a celebración da súa Primeira Comuñón. Relata o comezo das súas afeccións literarias no bacharelato e os infortunados amores cun mozo que morreu na guerra.

Velasco, M., *"¿Que me queres, amor?* (Historia dunha curtametraxe)", *Madrygal*, nº 2, "Crónica", 1999, pp. 155-157.

Relato do proxecto que se levou a cabo na Universidade Complutense de Madrid dunha curtametraxe baseada no conto "¿Que me queres, amor?", da obra homónima de Manuel Rivas, salientando as moitas colaboracións que fixeron posible este traballo e unha detallada ficha técnica de tódolos participantes.

Ventura, Joaquín, “Manual para turistas e nostálxicos”, *Guía dos libros novos*, nº 3, “Narrativa”, xaneiro 1999, p. 22.

Comeza disertando sobre a falta de verdadeiras obras de literatura de viaxes en galego, e ofrecendo exemplos destas en autores cataláns de ben diferentes experiencias e métodos, para logo centrarse en *La Habana flash* (1998), de Xavier Alcalá, considerada unha das primeiras novelas de viaxes da narrativa galega, ademais das anteriores obras do autor. Explica o contido desta viaxe a Cuba na que o autor se achega á memoria galega na illa, o que o leva a facer un repaso histórico da relación Galicia-Cuba e a simboloxía da illa na conciencia galega, pero tamén di que procura a presencia galega na actualidade, tomando como puntos de referencia o Centro Galego e a colectividade do “Peixiño”, achegamento que apunta que está feito con escepticismo e na busca da desmitificación, que chega mesmo ata a figura de Neira Vilas, aínda que, por riba de todo, sinala que está a solidariedade.

_____, “Recuperar a aventura, recuperar a memoria”, *Guía dos libros novos,* nº 4, “Narrativa”, febreiro 1999, p. 22.

Comentario centrado no contido da novela *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda e Premio “Xerais” de Novela, da que se salienta que a historia contada xira arredor do personaxe do pirata galego Benito Soto, nacido en Pontevedra e aforcado ós vintecinco anos en Xibraltar, sen unha situación histórica inicial, senón adiviñada polo lector a través dos feitos narrados, entre eles a rebelión liderada por Solís. Relátase brevemente a peripecia do personaxe histórico e do novelado, e indícase que o máis relevante na novela é a violencia, especialmente a dos homes e mulleres das gavelas rivais arredor do protagonista, ademais de aprecia-la iniciación xuvenil, ou os códigos de conducta á marxe das convencións sociais, e coa apropiación do tesouro de Benito Soto como obxectivo de fondo. Remátase sinalando a influencia nesta obra de figuras da literatura galega como Cunqueiro e Otero Pedrayo.

_____, “O regreso da Bella Otero”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Narrativa”, marzo 1999, p. 23.

Crítica á reedición da obra *O solpor da cupletista* (1995), de María Xosé Queizán, na que se narra a vida de Agustina Otero Iglesias, la Bella Otero. Faise un resumo da vida do personaxe histórico en comparación coa novelada por Mª Xosé Queizán, e fálase da estructura do relato, que, aínda que considerado curto, se aprecian nel dúas partes ben diferenciadas, unha centrada na lembranza do esplendor acadado pola protagonista e outra na dura infancia da rapaza Agustina. Remátase sinalando as constantes narrativas da autora, a reivindicación feminina que fai e a ambientación pannaturista.

_____, “Unha nova orientación para o teatro galego”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Teatro”, abril 1999, p. 27.

Dáse conta da publicación da obra de Manuel F. Vieites, *Do novo teatro á nova dramaturxia (1965-1995)* (1998), comezando cunha ampla reflexión sobre a complexidade do teatro en canto xénero literario que necesita da realización extraliteraria da escenificación, así como da “crítica literaria filolóxica” que avalía a súa actualidade. Tamén diserta sobre o papel social e institucional, apuntando exemplos a nivel nacional de obras que impactaron a nivel social no seu momento, ademais da importancia de organismos como o CDG a nivel institucional. Centrado xa na obra de Vieites, salienta a reflexión plural do actor Cándido Pazó, o crítico D. Villalaín ou a profesora D. Vilavedra, entre outros, considerando que era necesaria polo proceso de normalización da sociedade e literatura galegas.

_____, “Manuel Rivas. *O lapis do carpinteiro*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Libros”, xuño 1999, pp. 300-302.

Comeza salientando o bo oficio narrativo de Manuel Rivas en *O lapis do carpinteiro* (1998) e ve nel como valor fundamental a recuperación da memoria dos caídos e represaliados na Guerra Civil. Tamén se refire ó éxito editorial que está acadando o autor galego, situándoo entre os máis recoñecidos a nivel español, aínda que lamentando que, como no caso de Cunqueiro, a xestación da obra en galego sexa a plataforma para o éxito en castelán. Remata preguntándose se será Rivas quen escriba a gran novela da literatura galega.

Vicente Pérez, Anxo, “O pequeno gran río”, *Galicia dende Salamanca 2*, “Traduccións”, 1999, pp. 277-279.

Reproducción dun relato breve escrito por Víctor Manuel Rodríguez e verquido ó galego por Anxo Vicente Pérez. Nel nárrase a historia dun home chamado Sil que mide máis de tres metros e, como consecuencia, vive só nas aforas da súa aldea. Dise que un bo día Sil salva ós habitantes da aldea dunha morte segura pola falta de auga e, antes de morrer, comenta que el non é tan diferente do resto da xente como todos se empeñan en afirmar.

Vidal, Engracia, “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada*, nº 111 (xaneiro-febreiro), nº 112 (marzo-abril), nº 113 (maio-xuño), nº 114 (setembro-outubro), nº 115 (novembro-decembro), 1999, pp. 101-104, pp. 197/93-200/96, pp. 313/109316/112, pp. 435/115-437/117 e pp. 551/111-553/113, respectivamente.

Ofrece breves recensións das últimas novidades editoriais que chegaron á redacción da revista. No número 111 recensiónanse moi sucintamente *O lume manso*, de Xavier Castro; *Alén da desventura*, de Xavier Alcalá; *Un país de palabras*, de Carlos Casares; *A Galicia clásica e barroca*, de Ofelia Rey Castro; *Setembro*, de Marta Dacosta; *A terra baldía*, de T. S. Eliot; *Todo morte*, de Manuel Pereira Valcárcel; *Comercial, Poesía galega en Madrid*, de VV. AA.; *As ruínas da cidade amada*, de Manuel Veiga; *Fasquia. Roberto Blanco Torres*, de Clodio González Pérez e a *Revista de estudios da terra Navia-Eo*, de Britonia. No número 112, *Maruxa na Casa-Museo de Rosalía*, de Amancio Liñares Giraut e Gonzalo Rey Lama; *Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta*, de Xosé Durán; *Voces de vacas*, de Xavier López Rodríguez; *Historia social da Lingua Galega*, de Henrique Monteagudo; *As grandes carballeiras*, de Xesús Manuel Valcárcel; *A ermida do diaño*, de Xelucho Abella Chouciño; *San Rosendo, Bispo e Fundador*, de Miguel Anxo Araújo Iglesias; *Lugar*, de Raúl Dans; *Noite Escura*, de San Juan de la Cruz e a *Historia da Literatura Galega*, de Dolores Vilavedra. No número 113, *As plumas do moucho*, de Luis García Mañá; *Viaxe por Galicia: De Ribadeo a Tui*, de Josep Pla; *Eu estaba na casa e agardaba que viñese a chuvia*, de VV. AA.; *Repertorio da prensa galega da emigración*, de Vicente Peña Saavedra; *Antropoloxía mariñeira*, de VV. AA.; *O galeón das Illas Cíes*, de Josep Lorman; *Epigramas*, de Marcial; *O lai de Graelent. A Castelá de Vergy*, de autor anónimo; *Diso e do outro*, de Roberto Blanco Torres; *Os Xenerais de África*, de Víctor Vaqueiro e *Blanco Torres*, de José Durán. No número 114, *Galiza: Mondoñedo 1930-33*, de VV. AA.; *Salaios e outros poemas*, de Manuel N[illegible] *portugués de Santiago en bicicleta*, de Xosé Benito Reza; *Xelmírez ou a gloria de Compostela*, de

Daniel Cortezón; *De aldeas a cidades*, de Román Rodríguez González; *Sereno e grave gozo*, de Ramón Otero Pedrayo; *Historia cultural do camiño de Santiago*, de Francisco Singul; *Ela, maldita alma*, de Manuel Rivas; *Brañas e os rexionalistas cataláns*, de Xavier Zamora Bonilla; *Milagres e mendigas polo Camiño de Santiago*, de Luis M. Calvo Salgado e *Os fillos do río*, de Antón Risco. Por último, no número 115 recensiónanse, *Educar para a paz desde o conflicto*, de Calo Iglesias;*A natureza dos ríos e ribeiras de Galicia*, de V. M. López Román e M. A. Fernández Martínez; *O mellor francés de Barcelona*, de Bieito Iglesias; *O principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry; *Guía da Arquitectura Galega*, de José Ramón Soraluce Blond; *Silencio no corazón*, de Jaume Cela; *Si e vello Simbad volvese ás illas*, de Álvaro Cunqueiro e *Homo peregrinus*, de Antón Álvarez Sousa.

Vieites, Manuel F., “Lembrando a Salvador Allende”, *Guía dos libros novos*, nº 3, “Teatro”, xaneiro 1999, p. 28.

Comeza cunha longa introducción onde se nos fala da inmunidade diplomática do xeneral Augusto Pinochet, o que lle dá pé para relacionar este personaxe político coa obra de William Shakespeare, *The tragedy of King Richard the third*, xa que Pinochet será sinónimo de Ricardo III e Salvador Allende, o seu antónimo. Descríbese o ambiente desta obra de Shakespeare e saliéntase que el retrata na súa obra un mundo dominado pola xenreira e polo afán desmedido de vinganza e poder. Todo isto vén relacionado coa publicación en galego, a cargo de Xohán Ledo, da obra de Shakespeare, *Ricardo III*, repasando tamén outras traduccións ó galego como a de*Macbeth* (1972), de Pérez-Barreiro ou as de Miguel Pérez Romero de *Hamlet* (1993) ou *O mercader de Venecia* (1989).

_____, “O teatro e a paz”, *Revista Galega de Educación*, nº 32, “Recursos”, febreiro 1999, pp. 90-92.

Comeza sinalando que os primeiros argumentos teatrais a favor da paz sitúanse en Atenas da man de Aristófanes e que o profesor Francisco Rodríguez Adrados, no volume das traduccións dos textos deste autor, lembra que o teatro grego tiña, entre outras, a finalidade de ensinar ó pobo as normas e os valores, de aí que fose pagado polo Estado. Indica, tamén, a existencia deste carácter instrumental nas diferentes etapas da historia e constata isto con varios exemplos, como o espectáculo teatral das Misións Pedagóxicas para rexeita-lo illamento social e intelectual da España franquista, ou as verbas de Antón Villar Ponte en *A Nosa Terra* e *El Correo Gallego*, nas que resaltaba a importancia do teatro “como instrumento para o espallamento do ideario e a conciencia galeguista”. Confesa que, ó se-la xente quen outorga sentido e finalidade ós procesos de expresión, non se pode dicir se unha “creación cultural humana” é boa ou mala, e estima que co teatro no ensino pode forxarse a paz con disciplinas encadradas nas ensinanzas teatrais e lembra o que vén estipulado no Deseño Curricular Base para a área de expresión dramática ou teatral. Finalmente, ve na lectura de pezas teatrais unha boa oportunidade para construí-la paz e reflexionar sobre a natureza humana.

_____, “Shakespeare en galego: o oficio de traducir”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Teatro”, marzo 1999, p. 28.

Abordando a situación de baleiro que se dá no eido dos estudios teatrais, especialmente no referido a materiais para a docencia, como unha Teoría da Literatura Dramática ou a Historia, e das propias traduccións, aínda insuficientes, achégase á obra *Xulio César* (1998), de Shakespeare, traducida ó galego por Xohán Ledo, destacando o grao de compromiso do autor da traducción, así como o mérito de enfrontarse ó texto do dramaturgo inglés, ademais do esforzo pola normalización lingüística e cultural na que se integra a traducción.

_____, “A fin da modernidade”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Teatro”, abril 1999, p. 28.

Comeza reflexionando sobre as técnicas da traducción que se levan a cabo nas diferentes obras de teatro que se verquen ó galego, neste caso centrándose na de *Macbett* (1998), feita por Henrique Harguindey, de Eugene Ionesco, salientando que dunha idea orixinal se fan diferentes adaptacións como pasou con esta obra e con outras como *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959), de Álvaro Cunqueiro ou *Electra* (1994), de Manuel Lourenzo. Tamén fai unha achega á situación de Ionesco e do momento no que escribiu, así como á importancia que este acadou, e compárase o personaxe de Shakespeare co de Ionesco, destacando que aínda que nos dous casos atopamos unha denuncia da inxustiza e da tiranía, na primeira pónselle fin coa morte pero na segunda aparece un novo tirano coa morte do primeiro, buscando a denuncia do conformismo, e conclúese que neste caso é o lector ou espectador o que ten que saca-las súas propias conclusións.

_____, “De Bergantiños a Portozás: o teatro rexional”, *Guía dos libros novos*, nº 7, “Teatro”, maio 1999, p. 27.

Comeza cunha longa introducción na que se fala da historia do teatro en Galicia e trázase unha panorámica das obras teatrais galegas e os seus autores. Isto dálle pé para falar sobre a obra*Rosiña* (1998), de Xesús San Luís Romero, que trata sobre unha disputa amorosa, pero tamén é útil, entre outras cousas, para estudia-lo desenvolvemento da literatura dramática galega. O éxito que tivo esta obra é comparado co da serie da Televisión de Galicia *Mareas vivas*, sinalando as semellanzas en canto ó argumento, ós personaxes ou ás situacións.

_____, “A actualidade de Bertolt Brecht”, *Guía dos libros novos*, nº 8, “Teatro”, xuño 1999, p. 27.

Coa problemática das traduccións, adaptacións, recreacións ou reescritura de pezas teatrais doutras linguas e o papel da escolla estética ou de tempo e espacio, así como o papel do propio espectador na representación das pezas, achégase á publicación de Roberto Vidal Bolaño *A ópera de a patacón* (1998), baseada en dúas obras de Bertolt Brecht, *A ópera de catro cartos* e *A novela de catro cartos*, baseadas á súa vez en *A ópera do mendigo*, de John Gay. Caracterízase o resultado como unha trama que destaca polo seu dinamismo, utilizando elementos propios de Brecht como a fragmentación ou a introducción de cantigas, ademais da visión crítica, aceda e irónica da realidade que o lector-espectador pode contrastar, e remátase salientando a actualidade de Bertolt Brech nesta reformulación de Vidal Bolaño.

_____, “Ramón Otero Pedrayo, James Joyce e o *Ulysses*. Creación dramática, identidade e construcción nacional. Algunhas nocións para un estudio preliminar”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Estudios”, xuño 1999, pp. 75-114.

Estudia as obras de James Joyce e Otero Pedrayo no contexto de dúas nacións periféricas como referencias de construcción nacional. Sobre Joyce, propón a hipótese de que amosa un ideal propio de reconstrucción da identidade diferente ó da maioría do Movemento Nacionalista Irlandés. Cre que procura a independencia no universalismo e no futuro fuxindo dos criterios primordialistas e etnicistas, ó contrario que Otero, que foxe cara ó pasado sen esquecer, iso si, o referente europeo. Por outro lado, dise que o irlandés fundamenta a súa obra na deconstrucción de mitos e símbolos, mentres que Otero reconstrúe a Galicia milenaria e rexeita o progreso. Finalmente, centrase no teatro, ámbito no que tamén se daba esta tensión en Galicia, pero sitúa o teatro oteriano no Movemento Dramático Nacional, que impulsou Antón Villar Ponte, e pensa que o teatro de Otero innovou e incorporou moitos elementos posmodernistas, como o de Joyce, e que conxugou as tendencias realista e simbolista, ademais da inter e da hipertextualidade.

_____, “Texto, dramaturxia e recepción”, *Guía dos libros novos*, nº 9, “Teatro”, setembro 1999, p. 28.

Despois dunha ampla reflexión sobre o teatro, céntrase na traducción feita en 1998 por Cándido Pazó e Eduardo Alonso da obra *O rei Lear*, na que se di que se aprecia unha adaptación moderada da estructura e escasa do contido. Tamén se recollen as opinións dos traductores que apuntan que só desexaban facer que W. Shakespeare soase en galego e que buscaban un proceso de comunicación co espectador con independencia do resultado, non recollendo o texto íntegro pero si os elementos máis definitorios. Observa a desaparición das dúbidas que se tiñan sobre a necesidade de adecua-los textos ós contextos de creación, expresión e comunicación, ademais de aludir ás divagacións do profesor Miguel Pérez Romero na revista *Ensaio*, sobre os problemas da publicación dunha adaptación antes có orixinal, ou sobre a traducción indirecta.

_____, “Espacios para el debate y la normalización”, *ADE*, nº 78, novembro 1999, pp. 192-193.

Dá conta dun conxunto de iniciativas sobre o mundo das artes escénicas en Galicia, realizadas durante o ano 1999, como foron as actividades realizadas pola Comisión Técnica de Teatro, quen presentou en 1998 o estudio titulado *Escuela Superior de Arte Dramático en Galicia. Proxecto*, do que se pretende realizar un informe co obxectivo de expoñer propostas para que o teatro cobre máis relevancia en Galicia. Informa de que para a elaboración de dito proxecto decidiuse organizar unha serie de encontros, xornadas e seminarios, e dá conta dos que tiveron lugar ata o momento. Refírese, a seguir, á celebración do Encontro Internacional sobre Animación Teatral, celebrado en Santiago de Compostela, e cita os obxectivos deste Encontro, ademais de dar conta da relación dos especialistas que participaron. Finalmente, faise eco do Iº Congreso de Estudios Teatrais celebrado en Vigo, e fai un breve resumo dos contidos das conferencias. Sobre estas últimas informa do nacemento dunha nova publicación prevista para o mes de setembro do ano 2000, *Anuario Galego de Estudios Teatrais*, revista na que verán a luz ditas conferencias.

Vilavedra, Dolores, “A narrativa galega hoxe”, *Eidos do Libro*, nº 3, “Especial narrativa”, marzo 1999, pp. 22-25.

Fai Dolores Vilavedra un percorrido pola narrativa galega na actualidade dando conta das diferentes propostas que, con maior ou menor éxito, foron aparecendo no sistema literario galego. Antes disto analiza como, por medio dos premios literarios, van xurdindo, sen por isto quitarlles mérito, novos narradores que foron desprazando ós da década anterior, que a pesar disto se manteñen, feito que é un “síntoma” e unha “consecuencia” da madurez do noso sistema literario. Con respecto ós novos xéneros que foron xurdindo, comenta o xénero negro ou o xénero erótico así como o transvase ó longo dos 80 de poetas á narrativa, dando os motivos polo que isto último se produciu. Refírese tamén á aparición dunha literatura futurista ou de ciencia ficción e ó xurdimento, por contraste ou reacción, dun discurso “étnico” con múltiples manifestacións: a liña artúrico-cunqueriana, a visión do urbano/rural ou do mítico/cotián. Dá conta tamén Dolores Vilavedra do labor desenvolto por narradores como Xavier Alcalá ou Víctor Freixanes que tratan de recupera-lo espacio cultural, histórico e xeográfico de Sudamérica. Remata o seu repaso ás diferentes estéticas coa literatura que mostra o seu interese pola “cultura underground”.

_____, “Narrativa do 98: polos vieiros rozados”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Panorámicas”, xuño 1999, pp. 255-259.

Tras afirmar que o proceso narrativo que definiu o ano anterior segue presente en 1998, sitúa as obras de Alfredo Conde, Suso de Toro, Anxo R. Ballesteros e Manuel Rivas. A continuación, refírese ás obras galardoadas, manifestando a súa sorpresa pola escasa repercusión de *A Compañía Clandestina da Contrapublicidade*, de Marilar Aleixandre; saúda as iniciativas que serven de plataformas para novos autores e comenta a decepcionante obra de Jaureguizar, que ten como contrapunto a obra de Aníbal Malvar, e as sorpresas agradables do ano: Xosé A. Moreno, Miguel Anxo Murado, Paulino Pereiro, Xosé Manuel Trigo, Alfonso Eiré e HenriqueRabunhal. Como propostas máis clásicas, cita as obras de Daniel Pino, Alfonso Álvarez Cáccamo e Xoan X. Piñeiro Cochón. Fecha esta panorámica aludindo á chegada de Manuel Darriba ó circuíto convencional, fóra do cal apareceron os títulos de María Xosé Queizán e Víctor Campio Pereira.

_____, “Unha literatura para un pobo”, *Tempos Novos*, nº 31, “Especial. Gal icia entre dous séculos”, decembro 1999, pp. 42-45.

Logo de facer referencia ó debate da reforma ortográfica e á nula atención que os “irmáns lusos” lle prestan á literatura galega, a profesora Dolores Vilavedra pasa a analiza-la cuestión da identidade da literatura galega. Afirma que rexeita deixar fóra do sistema literario galego os autores alófonos e sinala que “a proxección como galegos, dun tempo a esta parte, de autores como Cela ou Torrente, non é casual”. Explica que cun “criterio sistémico” se supera a concepción territorialista da literatura e que se pasa a entendela “como un discurso emitido por un determinado espacio público”. Opina que a literatura debe quedar á marxe do “cosmopolitismo papanata” e conclúe indicando que a función da literatura é facer agromar aquilo que levamos agochado no fondo de nós mesmos.

Villalta, Luísa, “Mito e variacións no *Don Hamlet*”, *Casahamlet*, nº 1, maio 1999, pp.70-71.

Comeza o artigo aclarando cal é a xénese do *Hamlet* e indicando o tratamento que deste personaxe fixo W. Shakespeare, chegando a “actualizar unha temática arcaica e traspoñela ao mundo que lle tocou viver”. Pásase, a continuación, a aborda-lo *Hamlet* dende o punto de vista deÁlvaro Cunqueiro, afirmando que “se un mito é nun sentido estricto, un relato no que se ten fe, quizá fose Cunqueiro o que deu o paso definitivo para que o heroi Hamlet e a súa lenda se consolidase en mito”, e danse os trazos fundamentais que seguiu Cunqueiro para “vivenciar o mito”. Dáse conta ademais do feito de que ó haber unha nova “orde de valores” o Hamlet de Shakespeare mostrará unha serie de “contradiccións” e sinálase que “case catro séculos máis tarde” Cunqueiro irá máis alá e tratará o problema da “identidade” na persoa de Hamlet.

Villar, Miro, “Prosas completas de Dosinda Areses”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 173-177.

Recensión de *Prosas completas* (1998), de Dosinda Areses dentro da colección de artigos “Crónica”, algo que lle lembra a Miro Villar a obra *De esto y de lo otro* (1930), e tamén ó recompilador e autor do prólogo, Antón Capelán. Comeza describindo o contido do prólogo, do que salienta a reconstrucción da biografía de Dosinda Areses a través das súas colaboracións xornalísticas e a análise destas. A seguir, comenta o contido dos artigos que se inclúen na obra e fai unha agrupación segundo o xornal no que foran publicados: *El Pueblo Gallego*, *Hoja del Lunes* e *A Nosa Terra*. Louva a inclusión nesta edición de catro textos tamén asinados por Dosinda Areses; dúas cartas a Alberte Piñeiro e Olaia Fernández Davila, unha entrevista que lle realizou a revista *Can sen dono* e artigos *in memoriam*. Finalmente, considera Miro Villar que estamos ante un libro “necesario para coñecermos un pouco máis os primeiros anos da (…) transición”.

_____, “Escolma poética e nota biobibliográfica de Xervasio Paz Lestón”, *A Regueifa*, nº 8, 1999, pp. 17-23.

Achega biobibliográfica á figura de Xervasio Paz Lestón. Comeza comentando os feitos máis significativos da súa vida como foron a súa emigración á República Arxentina ós doce anos e o seu casamento na capital no ano 1928. A continuación, céntrase no seu labor como intelectual iniciado na Sociedad Cultural y Agraria de Mugía e salienta tamén a súa dirección á fronte da revista *Alborada* a partir do ano 1944. Finalmente, e antes de centrarse na súa obra poética, lembra a súa vinculación á Irmandade Galega así como a relación que tivo con líderes galeguistas do momento como Castelao, Suárez Picallo ou Antón Alonso Ríos. Na última parte do artigo ofrece o seu corpus poético e dá conta dos xornais nos que viron a luz as composicións. Fai unha breve análise sobre as liñas poéticas elixidas polo autor como foron a reivindicación social, a traxedia da emigración constante na súa creación así como o intimismo, o amor e ningúns casos o costumismo. Remata cunha escolma da obra poética conformada por seis composicións: “Invernía”, “Barcos...”, “A Curros Enríquez e Cabanillas”, “Na morte de Castelao”, “Revelacións” e “non Misterios”.

Villar, Rafa, “Instruccións para facer un libro de poemas”, *Terra Bárdica*, nº 1, “Poesía”, 1999, pp. 23-24.

En forma de receita culinaria ofrece as claves para a construcción da creación poética. Así, divide o artigo en dous apartados: “Ingredientes” e “Análise os ingredientes”. Entre os ingredientes fundamentais salienta as ganas, o traballo, a inspiración, a linguaxe, a literatura e o tempo. Na segunda parte detense en cada un dos ingredientes citados e explica a importancia de cada un deles como elementos fundamentais á hora de facer un libro de poemas.

Villatoro, Vicenç, “Gallecs i catalans, iguals i diferents”, *Ciutat*, nº 9, primavera 1999, pp. 15-16.

Subliña os avances experimentados polas literaturas galega e vasca de cara á normalidade. Ademais refírese ó progresivo coñecemento que en Cataluña se vai tendo do feito literario galego. Villatoro destaca en Galicia unha corrente de “narratividade desbordada e fantasiosa”herdeira dunha tradición dignificada por Álvaro Cunqueiro. Refírese na última parte do artigo ó mito do celtismo como lexitimador da adopción da fantasía e á “narratividade telúrica” como sinal de identidade literaria. Neste sentido, alude ás semellanzas dentro da diferencia das literaturas galega e catalana en particular e das literaturas do mundo en xeral.

Wilcox, John C., “Rosalía de Castro”, trad. Manuel Outeiriño, *A Trabe de Ouro*, nº 40, “Cuestións”, Tomo IV, Ano X, outubro-novembro-decembro 1999, pp. 443-472.

Wilcox pretende analizar neste artigo a visión dunha Rosalía de Castro “monstro” fronte a unha Rosalía “anxelical”, isto é, o feminismo que hai na poesía da de Padrón baixo o que o crítico cualifica como “visión xinocéntrica positiva”. Con este propósito repasa poemas significativos de*Cantares gallegos* (1863) e *Follas novas* (1880) onde falan mulleres. Chega á conclusión de que, a reverencia que aínda hoxe teñen as poetas hispánicas por Rosalía responde á existencia de trazos distintivos na súa poesía: unha certa visión xinocéntrica que iniciaría “a subversión dos ideais e mitos do Occidente falocéntrico”.

Zubillaga, C., “Libreros y editores gallegos en Montevideo”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 139-145.

Aproximación a seis galegos da emigración de finais do pasado século a Montevideo, cidade na que desenvolveron o seu labor editorial: Antonio Barreiro y Ramos, Francisco Vázquez Cores, José Mª Serrano, os irmáns Claudio e Maximino García e Manuel Lamas. Dise que todos eles traballaron coa intelectualidade uruguaia apoiando numerosas edicións en situacións pouco sostibles, o que os levou nalgúns casos á ruína.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 5. Publicacións en xornais: estudios e recensións

V.5. Publicacións en xornais: estudios e recensións

A. R., **“A terra escrita”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 48, 11 febreiro 1999, p. 5.**

Fai un percorrido pola presencia de Monforte como espacio ou como temática dentro da literatura galega. Sorpréndese da case total ausencia, salvando contadas excepcións, ata a chegada de Lois Diéguez, e salienta o importante pulo experimentado na actualidade mercede ás voces de Lois Pereiro, Olga Novo, J. C. Quiroga e Manuel María. Baixo o epígrafe “Os mitos dun universo colectivo” destaca *As ruínas da cidade amada* (1998), de Manuel Veiga, como a obra que mellor soubo “adentrarse na mitoloxía (...) e esfaragullar un universo colectivo” a punto de perderse.

Ameixeiras, Diego, “A outra crónica dos galegos no Magreb”, *El Mundo.Galicia*, 2 maio 1999, p.12.

Artigo centrado na novela *Baixo o sol do Magreb* (1998), de Víctor Campio Pereira, no que se trazan as súas liñas xerais: “historia de amizade”, “crónica duns galegos que estiveron en Africa”, “relata a historia do encontro entre dous mundos que endexamais foi contada”, etc. Faise unha breve aproximación á biografía do seu autor e inclúense uns comentarios de Manuel Outeiriño e de Chus Pato.

Araguas, Vicente, “Avoa de tacóns e pañoletas”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 43, 7 xaneiro 1999, p. 6.

Comenta o poemario de Ana Romaní, *Arden* (1998), editado por Espiral Maior. Defíneo como “un libro da experiencia, unha observación do cotián, a análise introspectiva da biografía propia”. Finalmente, Vicente Araguas detense na análise dalgúns versos.

_____, “Máis madeira”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 44, 14 xaneiro 1999, p. 8.

Comentario centrado no poemario *Pronomes*, (1998), de Antón Lopo, que é cualificado como “tenro, espido e violento”. Tamén se fai unha reflexión sobre cal é a situación do panorama poético galego e asegúrase que “saen os libros de poesía galega como cogumelos despois da chuvia, e así non hai quen xerarquize un panorama tan complexo”.

_____, “Yolandafanías”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 45, 21 xaneiro 1999, p. 9.

Artigo centrado no libro *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), gañador do IIº Premio “Johán Carballeira”, de Yolanda Castaño, cualifícandoo como unha éxtase erótica e mística. Da figura da súa autora destaca que está sobresaíndo dentro do panorama poético galego e aconséllaa para que se manteña como boa poetisa.

_____, “Contra o furacán”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 48, 11 febreiro 1999, p. 9.

Valora positivamente o desexo de certas persoas e colectivos de “levar a poesía á rúa” e menciona neste sentido o Batallón Literario da Costa da Morte, o “movemento Romaní-Lopo”, a Xela Arias ou ó grupo Rompente. Céntrase a continuación no volume publicado polo Concello de Cambados co título de *Poesía contra o furacán. En solidariedade cos afectados polo Mitch* (1998), e pon de relevo a variedade de rexistros nos poemas recollidos así como a seriedade do conxunto do libro. Remata mencionando o poema “Calculo a imprudencia”, da Corporación Semiótica Galega, como confirmación “do carácter aglutinador do espírito poético de Cambados” e da conxunción de ética e estética.

_____, “Xogar co pasado”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 49, 18 febreiro 1999, p. 9.

O poemario *Setembro* (1998) sérvelle a Vicente Araguas para facer unha avaliación xeral da poesía de Marta Dacosta. Comeza salientando a linealidade, fortaleza e o punto de vista feminino, que caracterizan a obra desta poeta. A seguir, amósase escéptico coa etiqueta “poetas dos 90” xa que “Marta Dacosta carece da brillantez expositiva (...) e da forza conceptual que moitos deles dispoñen”. Con respecto ó último poemario, o aludido *Setembro*, comenta a temática autobiográfica e sorpréndese de que “non haxa a decadencia nin as ruínas presentes noutros autores cando evocan o que xa non volve”.

_____, “De Holguín á Costa da Morte”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras,* Artes *e Ciencias”*, nº 50, 25 febreiro 1999, p. 8.

Refírese Vicente Araguas ó poemario galego-cubano *Mar por medio* (1998). Despois de comenta-la proliferación de poetas en puntos moi concretos dun territorio, Holguín en Cuba e a Costa da Morte no noso país, considera que son “a simple vista máis afoutados literariamente os nosos, máis clásicos os cubanos”. Destaca o equilibrio acadado entre os poetas, tanto cubanoscomo galegos, que provoca un nivel poético bastante parello. Á hora de escoller algúns nomes quédase con Mónica Góñez, Xavier Rodrigues Fidalgo e Lijó Marcote, “dentro dun libro ben feito, ben pensado, con poesía nada discordante dentro”.

_____, “*Upalás*”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 52, 11 marzo 1999, p. 9.

Comeza salientando que a obra *Upalás* (1998) contribúe a romper coa imaxe trangalleira e arroutada do colectivo poético Rompente. Considera que o grupo vigués foi moi importante na evolución poética que se viviu na poesía galega posterior ó franquismo. De entre os textos incluídos en *Upalás*, destaca Araguas o *Silabario da turbina* (1978) e o manifesto “Fóra as vosas sucias mans de Manuel Antonio”.

_____, “Golas ‘*Pois*”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 53, 18 marzo 1999, p. 9.

Comenta a obra *Pois* (1998), de Emilio Araúxo, salientando inicialmente a súa radicalidade. Vincula este poemario a Novoneyra e ó Ferrín de *Estirpe* (1994), aínda que tamén observa Araguas influencias da poesía popular á que Araúxo “parafrasea”. Destaca o carácter rupturista da obra, ó prescindir da rima convencional, e a “fonda eticidade” que se respira ó longo de *Pois*.

_____, “Outra cousa”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 55, 1 abril 1999, p. 9.

Aproximación crítica ó poemario traducido ó galego en 1998, *Ferros e Ameixas*, de Carles Besollá. Comenta que o seu autor é unha “especie de ye-ye que sublima o concepto pop ata levalo a algo semellante á poesía” e refírese ó xurado que lle concedeu o premio “curado de espantos”. Loa, sen embargo, a boa tarefa feita na traducción por Antón Dobao, tendo en conta sobre todo o “cativo material lingüístico”.

_____, “A prol de García Lorca”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 56, 8 abril 1999, p. 9.

A aparición en 1998 do libro *Os poetas de Galicia cantan a García Lorca* fai que Vicente Araguas louve ó seu coordinador e prologuista, Xesús Alonso Montero. Desta maneira, refírese á calidade dos poemas recollidos nesta antoloxía e achega unha relación dos poetas que nela aparecen, dende Aquilino Iglesia Alvariño, que abre o volume, ata Ernesto Guerra da Cal, que o pecha, pasando por escritores como Blanco Amor ou Lorenzo Varela.

_____, “Longa reflexión sobre a muller”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 57, 15 abril 1999, p. 8.

Céntrase no libro *Hipatía* (1998), de Alfonso Pexegueiro, afondando no seu universo lírico, na súa consideración de “libro de poemas narrativo” e na súa estructuración, composta por un prólogo informativo e dúas partes: “Memoria de Inverno” e “Muller soa convive co lume”, facendo tamén algunha apreciación sobre a súa estética, considerada de “moita beleza e sensación de caligrafía coidada”.

_____, “Musa alemana”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 59, 29 abril 1999, p. 8.

Céntrase o poemario *Aquí* (1998), da autoría da alemana Hilde Donin apuntando algúns aspectos como o contexto no que foi escrito, as liñas estéticas que presenta ou a posibilidade de relación con outras tendencias poéticas “desde unha perspectiva de hoxe”.

_____, “Historia de María”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 61, 13 maio 1999, p. 8.

Aproximación ó poemario de María do Cebreiro, *O Estadio no espello* (1998), no que se interpreta unha “salientable despedida á nenez-adolescencia a poder de referencias musicais (....) pero tamén de apuntamentos metaliterarios”. Faise unha referencia ás fontes literarias e culturais das que se serve incidindo na súa finalidade didáctica, así como na utilización de cancións populares “ben empastadas e contextualmente necesarias”.

_____, “Núñez González: esquecido”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 62, 20 maio 1999, p. 9.

Lembranza do escritor e poeta Manuel Núñez González de quen o Centro Ramón Piñeiro editou en 1998 *Salayos e outros poemas*, publicado por primeira vez no ano 1895 co título de *Salayos (Versos Gallegos)*. Faise fincapé nunha serie de aspectos como as tendencias estéticas ou a temática que estes poemas presentan.

_____, “Galego de Lisboa”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 74, 12 agosto 1999, p. 11.

Sinala que *Na forxa do soño* (1995) é un libro “irregular”, onde o “adolescente” de Francisco Xosé Candeira semella estarlle deixando paso a un poeta feito que non rexeita a influencia clásica, pero no que apunta unha fonda vocación narrativa. Destaca os poemas deste seu primeiro libro nos que, camiñando, o autor transita por Lisboa e nos que ten un intenso pouso de autenticidade, exhibindo importantes doses culturais. Comenta a súa última obra, *Fronteira sem tempo*, publicada por Edições Tema, que está facendo un importante labor divulgativo da nosa poesía en Portugal. Remata declarando que con esta obra vemos a un Candeira xa maduro e comentando algún dos seus poemas, de entre os cales destaca o titulado “Estou Sentado así nesta Terraza”.

_____, “Fins de século”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 74, 19 agosto 1999, p. 11.

Comenta o poemario *Como rostro que surge*, do rianxeiro Antonio Domínguez Rey, así como a súa participación na revista *Serta*. Compara a obra poética en galego coa que este autor realiza en español e caracterízaa pola “economía expresiva”. Finalmente, achega unhas breves pinceladas sobre *Hai suficiente infinito* (1998), despois de presenta-los autores, Xavier Seoane e Antón Patiño.

_____, “Persoal e colectivo”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 76, 26 agosto 1999, p. 8.

Con respecto a *Junto às águas velhas* (1999), comenta que estamos ante un “libro de circunstancias” e apunta que non parece axeitado facer crítica negativa de ningún dos seus versos. Tamén indica que nesta obra hai poemas de autores como Eugénio de Andrade e Uxío Novoneyra e que nela Xosé Lois García demostra a capacidade que ten de vencellar e a súa concepción da poesía como un xogo. Por último, refírese á obra *O som das águas lentas*, que este autor de Fene vén tamén de publicar en 1999 en Portugal.

Barreiro, Herminio, “Seguirei na cidade”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 98, 5 outubro 1999, p. 4.

Achégase ós espacios e á temática da poesía de Uxío Novoneyra. Con respecto ós primeiros, destaca a presencia de tres espacios fundamentais: Madrid, Compostela e O Courel. Afirma Barreiro que a capital do Estado era o punto de encontro dos poetas e artistas que viviran a guerra. En canto ós temas, valora a súa obra como “pura sustancia, pura esencia” que se apoia en dous conceptos claves: o soño e a liberdade.

Bascoy Lamelas, Montserrat, “Desde *Aquí*, á pátria universal”, *A Nosa Terra*, nº 894, “Guieiro Cultural”, 5 agosto 1999, p. 24.

Presenta os últimos títulos da editorial Noitarenga e céntrase no poemario *Aquí* (1998). Fai un percorrido pola biografía da autora, a alemana Hildegard Palm, que asinou a obra co pseudónimo Hilde Domin. Destaca o feito de que escriba “forzada” e que os seus primeiros textos “signifiquen para ela a liberdade”. Despois de poñer de manifesto o gran coñecemento de idiomas, así como a afección a viaxar desta autora, Montserrat Bascoy comenta a temática de *Aquí*, e a concepción da escrita que se pode extraer do poemario. En canto ós temas, destaca o exilio, a fuxida e a morte. Finalmente, revisa a polisemia que para Hilde Domin teñen as aves e o vento.

Blanco, Carmen, “Novoneyra do Courel”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 98, 5 outubro 1999, p. 2.

Despois de lembra-los espacios vitais de Uxío Novoneyra, especialmente O Courel como “ámbito mítico”, dá referencias de tódolos títulos publicados por orde cronolóxica. Considera que estamos diante dun “poeta total que trata de abranguer o abano esencial da problemática humana”. A seguir, percorre toda a traxectoria poética do autor de *Os Eidos* (1955) e describe a súa evolución; neste sentido, destaca o paisaxismo, o neotrobadorismo e o existencialismo como os trazos máis destacados dos primeiros momentos e que sitúan a Novoneyra na “escola paisaxística das terras lucenses”. Entre o 60 e o 75 observa unha maior preocupación social e política, “pero a súa estética alónxase do prosaísmo, o coloquialismo, a sátira e o socialrealismo”. Finalmente, opina Carmen Blanco que nos últimos tempos o poeta do Courel soubo redescubri-la linguaxe e amplia-la temática, achegándose ó erotismo nalgún dos seus poemas, ademais de empregar “unha linguaxe máis complexa, unha mensaxe agachada e indirecta e unha consciencia máis escéptica sobre a ansiada verdade utópica”.

_____, “Alén: lugar de elección”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 108, 14 decembro 1999, p. 5.

Achegamento ó “alén”, espacio referencial nas *Cántigas de alén* (1980), de José Ángel Valente. A autora describe este lugar mediante unha serie de imaxes, evocacións e metáforas.

Blanco Rivas, M. “Ensaios narrativos de Carlos Casares”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 88, 2 xaneiro 1999, p. 2.

Dános noticia da aparición de *Un país de palabras* (1998), de Carlos Casares. Indícase que é un libro que plasma parte da nosa historia mediante ensaios narrativos dedicados a importantes persoeiros xunto con outros de carácter máis intimista. Por último faise un percorrido polas obras publicadas polo escritor ourensán.

_____, “As lembranzas de mocerío de Carlos Velo”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 90, 16 xaneiro 1999, p. 3.

Comentario do libro *Memoria erótica* (1998), no que se describen as lembranzas de mozo, na provincia ourensá, do autor desta obra e director de cine, Carlos Velo. Afírmase que “se trata do primeiro memorial no que se conta en primeira persoa o descubrimento do sexo por parte dun intelectual ou artista galego”. Conclúese sinalando que o texto está acompañado con fotografías de época.

_____, “Volter”, encrucillada cultural dos sesenta”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 90, 16 xaneiro 1999, p. 3.

Recensión sobre o libro *O’Volter* (1998), de Sofía Tros de Ilarduya, enriquecido con fotografías de Mani Moretón. Dise da obra que é un estudio, dividido en cinco capítulos, do grupo ourensán “Volter”, fundado en 1963. Refírese ó ambiente intelectual ourensán desa altura como un dos máis importantes da historia de Ourense. Finalmente, alúdese á biografía da autora.

_____, “Unha novela de aventuras que recupera a tradición céltica”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 95, 20 febreiro 1999, p. 2.

Achega a *As grandes carballeiras* (1998), de X. M. Valcárcel, que comeza cunha suxestión de lectura en clave alegórica, segundo a cal esta novela trataría “as teimas e desvaríos da sociedade moderna”. Blanco Rivas considéraa unha novela iniciática e detéctalle influencias de Paulo Coelho, das novelas de cabalerías e peregrinaxes, así como das obras de Stevenson e Borges. Na parte final do artigo fai un percorrido pola traxectoria de Xesús Manuel Valcárcel dentro da literatura galega, salientando a súa actividade poética.

_____, “Achegamento á vida e obra de Méndez Ferrín”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 114, 10 xullo 1999, p. 2.

Lembra parte da obra de X. L. Méndez Ferrín así como algunhas das últimas mencións honoríficas e premios recibidos para xustifica-la reedición do volume *X. L. Méndez Ferrín* a cargo de Xosé M. Salgado e Xoán-M. Casado en edicións Sotelo Blanco. Considera necesaria a súa lectura para achegarse a esta figura das nosas letras. Comenta que neste texto se ofrece unha panorámica vital do autor ourensán relacionándoa coa súa obra, alén de recolle-lo seu parecer sobre a súa traxectoria literaria e sobre o futuro político de Galicia.

Castro R., Xavier, “O vello Santiago e o mar, alegoría e símbolo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 3 xaneiro 1999, p. 7.

Neste comentario sobre a novela *O vello e o mar* (1998), de Ernest Hemingway, en traducción ó galego de Carlos Casares, comézase salientando a colección “Literaria”, da editorial Galaxia, na que está inserido este libro, e a figura do seu autor. Indícase que é unha das novelas máis emblemáticas de Hemingway. Ademais, explícase que a obra parte da sinxela historia de Santiago, un vello pescador cubano, que agarda un golpe de fortuna do mar, non obstante, opina que a “alegoría e simbolismo sobre a realidade do individuo, a sociedade, a lonxanía e a morte” están moi presentes.

_____, “A primeira publicación galega de banda deseñada”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 10 xaneiro 1999, p. 7.

Comenta que a revista *Elipse* nace coa dobre intención de cubri-lo espacio da combinación do texto coa imaxe e servir de axente normalizador a nivel lingüístico entre a mocidade. Indica, así mesmo, os tres tipos de contidos que abrangue a revista: a banda deseñada, contribucións literarias vinculadas co mundo do tebeo e textos de análise e ensaio en relación coa linguaxe das viñetas.

_____, “Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 10 xaneiro 1999, p. 6.

Comézase por subliña-la importancia da recuperación de textos dramáticos, de distintas literaturas, que está a levar a cabo a Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, realizado, entre outros, polos departamentos de filoloxías galego-portuguesa e francesa da Universidade da Coruña e por Manuel Lourenzo. Infórmase tamén da aparición da obra *Donosiña* (1997), de Xaime Quintanilla Martínez, peza inédita que xa fora estreada en 1920 en Ferrol e que representa a primeira obra desta colección.

_____, “A aventutra plástica e cultural de ‘O’ Volter’ ourensán”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 24 xaneiro 1999, p. 6.

Dános noticia da aparición do libro *O’Volter, encrucijada cultural de los sesenta* (1998), de Sofía Tros de Ilarduya. Saliéntase o maxisterio e grande influxo de Vicente Risco no grupo Volter – “Volter” evoca na denominación risquiana ó cabaré Voltaire de Zúric. Coméntase tamén que a autora tenta pór en orde os acontecementos que rodearon o grupo. Para isto, divide o estudio en: xénese, desenvolvemento, autorretrato e posterior diálogo entre os tres membros fundadores: Xaime Quessada, Acisclo Manzano e José Luís de Dios.

_____, “A terra erma de T. S. Eliot”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 21 febreiro 1999, p. 6.

Fai referencia á traducción da obra de T. S. Eliot, *A terra baldía* (1998*)*, da man de Armando Requeixo e Mª Fe González, dentro da colección “Libros da Frouma”, dirixida por Luís Alonso Girgado. Céntrase na estructura da obra dividida en cinco seccións e alude á “conciencia universal” do poeta, así como ás “técnicas novidosas” coas que, segundo salienta, “nos achega a unha particular visión da decadencia do mundo moderno”.

_____, “O estadio e as esencias do espello, unha voz lírica a través da memoria”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 28 marzo 1999, p. 7.

Comeza cunha gabanza da colección “Ablativo Absoluto” por dar a coñecer autores novos. A seguir, comenta o poemario de María do Cebreiro, *O estadio do espello* (1998), centrándose na súa estructura e nas súas influencias. Considera que as catro partes son “emocionalmente complementarias” e “cheas de claves infantís e de mocidade”. En canto ás influencias, salienta as de Rilke e Manuel Antonio. Finalmente, agóiralle un bo futuro poético a esta autora.

_____, “*Arden*’, a voz polifónica e lírica de Ana Romaní”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 25 abril 1999, p. 6.

Análise do poemario *Arden* (1998), de Ana Romaní no que se incide nos “tres momentos” que haino mesmo e na que se fai unha aproximación ó seu mundo lírico: “a intimidade, a natureza...”. É segundo Xavier Castro “un poemario para ler e desfrutar lentamente”.

_____, “Especial letras galegas en “*Ínsula*”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 20 xuño 1999, p. 7.

Comeza este comentario do número 629 da revista *Ínsula* cun texto de Luis Seoane pronunciado na emisión radiofónica “Galicia Emigrante” en 1959. Con respecto ó monográfico dedicado ás letras galegas, opina que é “un interesante percorrido pola historia, infraestructura, obras, autores… da nosa palabra escrita no último cuarto de século”, unha etapa na que se consolida e desenvolve o sistema literario galego.

_____, “A segunda entrega da publicación *Hablar/Falar de Poesía*”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 27 xuño 1999, p. 9.

Presenta o contido que nos ofrece o segundo número da publicación cuadrimestral hispano-portuguesa *Hablar/Falar de Poesía* que presenta propostas actuais e pretéritas relacionadas coa lírica. Referente á literatura galega, cita a achega que fai Olga Novo.

Cordal, Xavier, “Muller e silencio”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 290, 25 novembro 1999, pp. 2-3.

No primeiro parágrafo, despois dunha longa exposición sobre a presencia dunha muller como foi Rosalía de Castro nas nosas letras, o autor descúlpase por iso e comeza o seu comentario dicindo que é sexista o feito de falar da “literatura galega de muller” ou “a muller na literatura galega”. Do que realmente se nos quere falar é de que a muller pouco a pouco vai sendo máis considerada, pois antes só se falaba dela nas poesías, pero aínda non hai igualdade total entre homes e mulleres, apuntando que aínda que mellorou moito, non o suficiente, sobre todo en canto ás poetisas.

D. A., “A vida mata”, *El Mundo.Galicia*, “Biblioteca”, 21 febreiro 1999, p. 9.

Refírese á última publicación de Suso de Toro, *Círculo* (1998), e reflexiona sobre a temática do libro ó que compara con outra obra do mesmo autor, *Tic-Tac* (1993). Salienta o universo do relato “de novo fragmentado e polifónico” e incide no tratamento do tempo que en *Círculo* aparece como un tempo “que tortura coa frialdade de asasino en serie”. Céntrase a seguir nos referentes que xa apareceran en *Tic-Tac* (1993) coa mesma voz narradora, Nano, “como eco interior lúcido que reflexiona sobre a vida dende unha óptica tan atravesada como incisiva”.

_____, “Xosé Miranda no luceiro da mañá”, *El Mundo. Galicia*, 1 marzo 1999, p. 9.

Despois de se referir ós silenciamentos e ás distorsións históricas en función de quen conte os acontecementos, céntrase na recensión da novela *Morning Star* (1998). Da obra de Xosé Miranda comenta a temática, as influencias de Stevenson e Faulkner e a modalización narrativa. Considera que esta recreación do bandoleirismo decimonónico resulta “elegante e autóctona”.

_____, “A importancia do aquí e o agora”, *El Mundo. Galicia*, 15 marzo 1999, p. 9.

Comeza esta recensión de *Outonos espectaculares* (1998) cunha referencia á mocidade do seu autor, Manuel Darriba, o que non impide que saiba “perfectamente cara onde quer levarnos”. Salienta a sinxeleza da historia e a perfección no engarzamento das distintas secuencias. Fai unha descrición da temática e critica o ton moralizante dalgunhas partes da obra.

_____, “Catro “recordos” para unha “colección de peto”, *El Mundo*. *Galicia*, 29 marzo 1999, p. 8.

Informa da reedición, en formato de peto, de catro obras: *Un millón de vacas* (1990), de Manolo Rivas; *Ambulancia* (1990), de Suso de Toro; *Amor de tango* (1992), de María Xosé Queizán e *Xa vai o Griffón no vento* (1984), de Alfredo Conde. De cada un dos libros fai breves comentarios referidos ós autores, ó argumento ou á recepción no momento da publicación.

Darriba, Manuel, “Perlas no medio de follas caídas”, *El Progreso*, “Reseña”, 25 abril 1999, p. 75.

Achega ó poemario de Marta Dacosta, *Setembro* (1998), na que se afirma que contén “pezas memorables no medio de moitas outras esquecibles”. Faise unha referencia ó universo poético que subxace no libro e á precipitación no acabado do mesmo, feito que segundo Manuel Darriba “non o beneficia nada”.

_____, “Aprendices e fantasmas”, *El Progreso*, “Reseña”, 25 xullo 1999, p. 37.

Despois de amosa-la ledicia polo éxito de *No ventre do silencio* (1999), de X. L. Méndez Ferrín, céntrase no comentario da reedición doutra obra do citado escritor ourensán, *Antón e os inocentes* (1976). Considera que é esta unha “novela de aprendizaxe”, na que Ferrín experimentou con narradores en segunda persoa para facer “unha épica poética e marxista do movemento sindical galego”.

Domínguez Alberte, X. C., “Recuperar a memoria de Manuel Luís Acuña”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 98, 5 outubro 1999, p. 7.

Percorrido pola biografía de Manuel Luís Acuña, con motivo do centenario do seu nacemento e o 25 cabodano do seu pasamento no ano 2000. Lembra tamén a traxectoria intelectual e a actividade literaria deste autor de Trives, unha actividade que comezou no ano 1926 ó gañar un certame en honra de Murguía, e que tería o seu punto álxido na publicación de *Fírgoas* (1933), un poemario de “fasquía vangardista”. Finalmente, presenta os actos de homenaxe organizados polo Servicio Lingüístico Comarcal da Terra de Trives para dar a coñece-la importancia deste autor, sometido a un “inxusto silencio” dende 1936.

Domínguez Prieto, Xosé Manuel, “Carlos Mella ou o humor paradigmático (I)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 decembro 1999, p. 27.

Comézase cunha pequena introducción onde se nos fala da importancia do humor, sobre todo nos ensaístas, xa que son os que ven o que os demais non alcanzan ver. Sinálase que o humor é unha toma de distancia intelectual e afectiva respecto da realidade, pero que tamén é unha proba de humildade no ensaísta. A seguir, aclárase que o humor non se debe confundir coa comicidade, o risible, nin co irónico, burlesco ou satírico. Apúntase que un dos nosos ensaístas máis importantes é Carlos Mella, anteriormente político de profesión, que publicou o libro *Luces de Fisterra* (1995), probablemente, un dos libros máis divertidos da nosa literatura. Nel todo o que ten relación coa nosa política está presentado de xeito humorístico.

_____, “Carlos Mella, a narración ó servicio da reflexión (e II)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 decembro 1999, p. 27.

Aproximación a Carlos Mella, considerado un “político atópico” e un “escritor atípico”. Refírese á dimensión autocrítica de *Non somos inocentes* (1990) e ó exercicio de “política ficción” levado a cabo en *Luces de Fisterra* (1995). Con respecto ó primeiro dos libros, comenta cuestións como a súa estructura narrativa, a reflexión política e histórica, a denuncia do localismo e o humor. Tamén alude á *A Galicia posible* (1992) como “un dos mellores ensaios existentes sobre a cuestión galega”, no que o autor se achega á historia do nacionalismo e lanza a proposta dun nacionalismo progresista, amosando ademais a súa preferencia polo federalismo fronte á autonomía. Logo de ofrecer un breve perfil biográfico de Carlos Mella, fai algunhas consideracións sobre *A falacia do economicismo* (1994). Finalmente, fai unha gabanza da figura do escritor.

Eiré, Alfonso, “Os meus eidos”, *A Nosa Terra*, nº 904, “Guieiro Cultural”, 14 outubro 1999, p. 21.

Lembra os seus primeiros contactos co poemario de Uxío Novoneyra, *Os Eidos* (1955), durante a súa estancia no Seminario. Afirma que coa lectura, case clandestina, deste poemario descubriu a realidade aldeá na que nacera e aprendeu a valorala. Recoñece, ademais, que *Os Eidos* o axudaron “naquela batalla contra o Seminário. Os cregos por facer de min un desleigado, eu para seguir sendo o que era”, e tamén á hora de enceta-los seus primeiros versos.

Eiré, Xosé M., “Na memória da eterna errabunda”, *A Nosa Terra*, nº 867, “Guieiro Cultural”, 28 xaneiro 1999, p. 27.

Comentario que analiza o libro *Da Guenizah* (1998), de Belén Feliú. Logo de achegarnos algúns datos biográficos, descríbese cada un dos seis relatos que conforman esta edición póstuma, despois da morte da súa autora en 1997. En conxunto, a obra é cualificada polo crítico como “seis preciosos relatos, consistentes, ben estructurados, de prosa elegante, efectiva e polisémica”.

_____, “Redondo, redondo”, *A Nosa Terra*, nº 873, “Guieiro Cultural”, 11 marzo 1999, p. 27.

Comeza esta achega a *Círculo* (1998) cunha alusión á complexidade desta figura xeométrica que se ve reflectida na complexidade da obra. Analiza a adscrición xenérica deste novo título de Suso de Toro e decídese pola novela, aínda que considera que “está moi próxima a rachar a própria concepción xenérica”. A seguir, detense no comentario da estructura, conformada por catro partes: “Lume”, “Aire”, “Terra” e “Auga” con comezos parellos. Refírese á volta de Nano, “un parvo que pasa a vida a velas vir e reflexiona cunha lucidez só imaxinábel en seres puros e inocentes”, e á presencia de parte da anterior literatura de Suso de Toro: *Caixón desastre* (1983) e *Tic-Tac* (1993). Describe a temática e remata o artigo cualificando *Círculo* como unha obra “extraordinariamente ambientada” á que só lle critica a redacción e algún erro lingüístico.

_____, “Agradecidos outonos”, *A Nosa Terra*, nº 874, “Guieiro Cultural”, 18 marzo 1999, p. 27.

Recensión de *Outonos espectaculares* (1998), que comeza establecendo unha comparación entre esta novela e *Paf Xarope* (1997), a anterior obra de Manuel Darriba. Detense Eiré na estructura por considerar que a división en capítulos curtos cumpre unha “finalidade coral” que permite relacionar esta obra con *La Colmena* ou con *Manhatthan Transfer*, e que lle posibilita ó autor introducir unha pluralidade de personaxes. Finalmente, recomenda que se lea dun tirón e propona como exemplo de literatura interactiva.

_____, “Maneiras de pensar”, *A Nosa Terra*, nº 881, “Guieiro Cultural”, 6 maio 1999, p. 27.

Comentario dos poemarios *Debullar* (1998), de Ricardo Martínez Conde e *Hai suficiente infinito* (1998), de Xabier Seoane e Antón Patiño que, se ben son considerados como “dúas guías, dúas propostas para o razoamento”, tamén se lles critican certos aspectos como a súa “brevidade que conleva carencia contextual”, que pode chegar a provocar lecturas non adecuadas, ou a abundancia de citas nos poemas. Sinálase, finalmente, que se definen polo seu “indubidábel carácter de manifesto”, sendo isto tamén criticado, pois “non afirmamos que este manifesto sexa a indicación dun camiño a seguir”.

_____, “O Libro de María”, *A Nosa Terra*, nº 882, “Guieiro Cultural”, 13 maio 1999, p. 27.

O libro de poemas *O estadio no espello* (1998), de María do Cebreiro centra esta recensión, na que se tratan diversos aspectos como son a linguaxe empregada, as referencias literarias que presenta ou a súa estructuración en catro partes. Conclúese dando unha serie de notas que fan referencia á estética do poemario.

Fernández del Riego, Francisco, “No centenario de Rafael Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 63, 2 febreiro 1999, p. 7.

Co gallo do centenario do nacemento de Rafael Dieste, F. Fernández del Riego reflexiona sobre a vida, a obra e a personalidade do escritor rianxeiro. Salienta que nos libros diesteanos “está presente Rafael Dieste coa integralidade do home completo”. Considera que é un galego de cultura universal e salienta que a obra galega, para Dieste, debía ser unha combinación do teatro autóctono co elemento europeo.

_____, “Plácido Castro e o celtismo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 74, 20 abril 1999, p. 3.

Recordo da figura de Plácido Castro na que, tras facer unha referencia ás súas afeccións e á súa formación, se pasa a comenta-la súa primeira publicación *La Saudade y el Arte en los pueblos célticos*, no xornal *El Pueblo Gallego* de Vigo. Sinálase que Plácido Castro para referirse á saudade se serviu fundamentalmente da obra de Karl Vossler, *A poesía da Soledade en España*, e saliéntase a súa idea sobre a conexión entre Rosalía de Castro e a lírica medieval, no tocante á recolleita da tradición lírica de Galicia por parte de Rosalía e do tema da “saudade como motivo fundamental, ao igual que nas Cantigas de Amigo”. Mostra tamén a súa convicción das coincidencias entre os poetas medievais e do Rexurdimento cos célticos, galeses e gaélicos, cos clásicos da lírica inglesa e cos cantores da renacencia inglesa.

_____, “Joyce e a “Xeración Nós”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 88, 27 xullo 1999, p. 2.

Comeza este artigo cunha síntese das principais achegas de James Joyce á renovación da narrativa europea do seu tempo: a importancia concedida ó subconsciente, a ruptura da secuencia lóxica dos feitos, e a “mestura paradóxica” da fantasía e a realidade, entre outras. A seguir, refírese á relación de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco co escritor irlandés, no primeiro a través da traducción de fragmentos do *Ulyses*, e no segundo polas pegadas da obra joyceana en *O porco de pé* (1928), *Os europeus en Abrantes* (1927), *Xente de Dublín* e *Diálogo con Stephan Dedalus en Compostela*. Finalmente, comenta a presencia de Joyce nos estudios de García-Sabell.

Fernández Ferreiro, Xosé, “Uxío do Courel”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 98, 5 outubro 1999, p. 5.

O escritor Xosé Fernández Ferreiro lembra o seu primeiro encontro con Uxío Novoneyra na Compostela de 1952 como o primeiro chanzo dunha relación que iría a máis na década seguinte a través do grupo Brais Pinto. O autor do artigo fai un repaso polos temas de conversa e recolle un monllo de anécdotas que ilustran o contido e talante dos faladoiros mantidos no Madrid dos 60. Finalmente, considera Fernández Ferreiro que Novoneyra é “famoso e inmortal” gracias a *Os Eidos* (1955), e tamén “o mellor recitador que eu teño oído na miña vida”.

Fraga, Jesús, “El gallego que cantó a los gauchos”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 59, 5 xaneiro 1999, p. 6.

Artigo que xira ó redor da figura de El Viejo Gaucho, pseudónimo de José Alonso y Trelles **–** emigrante ribadense en Uruguai– e da súa obra *Paja brava* (1916). Comézase salientando que o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades vén de reeditar nun volume *Paja brava* (1998), xunto con poemas e textos inéditos escritos por El Viejo Gaucho. Refírese ó romantismo, á crítica e ó pesimismo gauchesco como ás tres liñas fundamentais dentro da súa obra. Destaca o grande éxito que tivo *Paja brava* coas súas quince edicións.

Franco Grande, X. L., “Novoneyra en Compostela”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 98, 5 outubro 1999, p. 5.

Afirma que asocia máis a Uxío Novoneyra coa imaxe de Compostela que coa do Courel. Unha Compostela na que se integrou o autor de *Os Eidos* (1955) e na que participou en faladoiros, recitais e xoldras nocturnas, ademais de servir de guieiro para moitos mozos galeguistas, como declara Franco Grande. Para rematar, refírese á actividade recitadora de Uxío, que o fai merecedor do “nome de xograr”.

García, Rodri, “Campanachoca volve a Compostela”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 59, 5 xaneiro 1999, p. 7.

Coméntase a aparición de dúas obras, *Morning Star* (1998), gañadora do Premio “Xerais” de Novela 1998, de Xosé Miranda , e *A pintura galega (1850-1950)* (1998), de Fernando M. Vilanova, que rescatan a figura de Campanachoca, un cego compostelán de fins do século XIX. Afírmase que na novela *Morning Star* descríbese a Campanachoca, mentres que no libro *A pintura galega (1850-1950)* se explica que serviu de modelo a varios pintores e que aparece retratado en dúas láminas.

Gómez, Joel, "*Lúa de Alén Mar*, regreso tras cuatro décadas", *La Voz de Galicia*, "*Culturas"*, nº 101, 26 outubro 1999, p. 3.

Dende outubro de 1959, que Galaxia editou o primeiro libro de poesía do exiliado Ernesto Guerra da Cal, *Lúa de Alen Mar*, infórmase que é agora, coa conmemoración do cincuenta aniversario da súa fundación, unha das obras recuperadas, en especial pola "Nota do Autor", onde este explica a súa aproximación á ortografía portuguesa. Dise que Guerra da Cal estreouse como poeta en 1938 na revista *Nova Galiza*, dirixida por Rafael Dieste, e que *Lúa de Alén Mar* inclúe algún deste poemas. Coméntase que non é ata despois dos anos cincuenta cando comezou a ser coñecido, concretamente dise que foi o Grupo Galaxia quen en 1963 edita o seu libro *Río de sonho e tempo*. Tamén se fala da súa persistencia na doutrina reintegracionista e na unificación lingüística con Portugal, así como o apoio de escritores coma Castelao, Pimentel, Fole, Cunqueiro ou Fernández del Riego, entre outros.

Graña, Bernardino, “Maxistral obra de Miranda”, *A Nosa Terra*, nº 870, “Guieiro Cultural”, 18 febreiro 1999, pp. 27-28.

Comentario sobre *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda , na que Bernardino Graña, ademais de resumi-lo argumento, destaca as dotes narradoras do autor que facilitan a lectura da obra. Considera que é unha “novela de aventuras e traxedia” na que latexa a loita dos adolescentes por afastarse das influencias paternas. Bota en falta unha maior contundencia na descrición da sociedade decimonónica e agóiralle éxito a unha hipotética versión fílmica desta obra. Finalmente, critícalle a Xerais o pouco acerto coa tipografía do “Apéndice”, que impide a diferenciación con respecto ó resto da novela.

_____, “O mellor Alcalá”, *A Nosa Terra*, nº 871, “Guieiro Cultural”, 25 febreiro 1999, p. 27.

Opínase que *Alén da desventura* (1998) é “unha das novelas máis traballadas e interesantes” de Xavier Alcalá. Despois de aludir ás dificultades para o lector, tenta aclara-la modalización narrativa. A seguir, comenta as diferencias tipográficas entre os personaxes que dan orixe a tres historias paralelas que “pouco a pouco irán coincidindo tanxencialmente”. Finalmente, resume o argumento e considera que *Alén da desventura* é “unha boa novela que atina a harmonizar perfectamente o sentido crítico con un relato de conquistas e aventuras”.

_____, “Lembranza dun gran poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas”*, nº 74, 20 abril 1999, p. 7.

Lembranza de Luís Seoane, na que Bernardino Graña mestura as súas experiencias persoais con este intelectual coas referencias á súa obra, tanto teatral coma poética, e á súa personalidade.

Ínsua, Emilio Xosé, “Luís Seoane, ou a arte do alquimista”, *A Nosa Terra*, nº 875, “Guieiro Cultural”, 25 marzo 1999, pp. 27-28.

Despois de cita-los aspectos positivos e negativos que conleva dedicarlle o Día das Letras Galegas a un autor, céntrase no comentario de *Luís Seoane, o alquimista* (1998), de Ana e Marcela Santorum. Considera que se trata dunha novidosa achega á figura e á obra de Luís Seoane co afán de recuperar e actualiza-lo seu contributo. A seguir, fai un percorrido a través do seu periplo vital, dando conta de toda a súa actividade política, cultural e creativa, tanto en Galicia coma no exilio. Tamén se detén na análise do traballo feito por cada unha destas autoras, Ana Santorum na parte das letras, e Marcela, no da plástica. Finalmente, congratúlase de que a figura de Seoane, contra os “excesos” das celebracións do Día das Letras Galegas do 1994 e os “olvidos” posteriores, continúe sendo unha “fonte inesgotábel e suxerente de cultura”.

López, A. R., Rosa **Navia** e Soedade **Noia**, “Mecanografismos”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 283, 7 outubro 1999, pp. 1-24.

Este monográfico dedicado a Uxío Novoneyra inclúe, ademais dos artigos que desglosamos a continuación, a reproducción dos *Poemas Caligráficos* (1980) publicados polo poeta do Courel, así como as súas aclaracións con respecto ó sentido dos caligramas e ó momento no que foron escritos. Contén, ademais, outras notas que contribúen a clarexa-lo significado dos textos e a explica-lo contexto no que xurdiron. Finalmente, publícase o texto “O poeta digno e honesto” de Lupe Gómez.

- Antón Lopo, “O intre biolóxico”, pp. 2-3.

Comenta as orixes dos caligramas como unha petición de Reimundo Patiño a Uxío Novoneyra para un número dos *Cuadernos da Gadaña*, “órgano de expresión” de Brais Pinto. Explica o proceso de publicación destes textos breves e as súas semellanzas cos haikus xaponeses. Finalmente, sitúa o xermolo destas composicións que Novoneyra denominaba “mecanografismos” no ano 50, cando “comeza a facer unha caligrafía moi traballada”. Refírese á temática dos textos e considera que “en ningún outro libro, en fin, se reflicte como no dos *mecanografismos* a súa autopoética”.

- Herminio Barreiro, “Novoneyra e Brais Pinto”, pp. 4-5.

Lembra Herminio Barreiro os seus primeiros contactos con Novoneyra a través do Grupo Brais Pinto no Madrid dos anos 60. Considera que o autor do Courel tiña profundos coñecementos de poesía e de pintura, que se vían reflectidos na súa obra e que eran motivo de conversa con tódolos membros do grupo poético

antedito, especialmente con Reimundo Patiño. Compara a actividade de Novoneyra naquel tempo, máis escorada cara á poesía, coa de Ferrín, “sempre a última palabra na literatura e mesmo no que poderiamos chamar a epistemoloxía crítica do grupo”. Para rematar, lembra outros asistentes esporádicos ás xuntanzas de Brais Pinto e evoca aquel tempo como “anos de confirmación de intencións. Anos, en fin, pletóricos de futuro, nos que parecía que todo era posible”.

- Reimundo Patiño, “Signos”, pp. 6-7.

Comeza este artigo cunha reflexión xeral acerca do signo: evolución ó longo da historia e diferencias segundo as zonas, para referirse, de seguido, a Novoneyra como o poeta dunha comarca galega “cantor ou testigo da terra minimamente humanizada”. Describe o signo en Novoneyra como a transición entre a colectividade e a individualidade.

Lopp, Tonhe, “A Terra Baldía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 2 xaneiro 1999, p. 39.

Artigo no que se dá noticia da publicación da obra *Terra baldía*, de Thomas Stearn Eliot. Descríbese esta edición bilingüe, editada na colección “Libros da Frouma” en 1998 e traducida ó galego por Armando Requeixo e por María Fe González Rodríguez. Coméntase tamén que este poemario “naceu como resultado dunha profunda crise intelectual, espiritual e emocional de Eliot”. Por último fálase dos cambios e correccións ós que Ezra Pound someteu o orixinal de T. S. Eliot.

Louzao, Miguel, “*A historia de Chicho Antela*: a forza poética”, *Tabeirós Terra*, nº VII, xuño 1999, p. 4.

Faise unha ampla e minuciosa análise dos ingredientes narrativos do libro *A historia de Chicho Antela* (1997), de Antón Riveiro Coello. Así pois, estúdiase o espacio, os personaxes, o tempo espacial e narrativo, as estructuras narrativas e a compoñente lingüística entre outras. Polo demais, destaca o marcado “lirismo” que impregna toda a novela, dotándoa de gran calidade expresiva e de enorme beleza.

M. N., Milagros, “Clave violada”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 46, 28 xaneiro 1999, pp. 6-7.

Reflexións de Lois Diéguez, X. L. Méndez Ferrín, Pilar Pallarés, Uxío Novoneyra, Antón Figueroa e González Millán sobre os postulados de Claudio Guillén segundo os que “a finais do século XX o concepto de literatura nacional ‘está anticuado’ e (...) a idea de nacionalidade como forma de comprender a literatura está en declive”, aparecidos no ensaio *Múltiples Moradas*. Todos eles desmontan estas ideas e salientan a vixencia do concepto de literatura nacional.

Martínez Bouzas, F., "*O solpor da cupletista*", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 42, 7 xaneiro 1999, p. 6.

Dános noticia da aparición do libro *O solpor da cupletista*, de María Xosé Queizán, reeditado en 1998. Sinala que é unha coidada edición non venal coa que Edicións Xerais homenaxea a esta autora. Describe a edición, o deseño e mesmo o papel empregado no libro afirmando que é "un luxo sensual" e que só se pode comparar coa segunda edición de *Retorno a Tagen Ata* (1971),de X. L. Méndez Ferrín. Indica que o relato "cheira por cada recuncho a "Belle Époque" e subliña que é a recompilación da vida gloriosa, mais tamén miserenta de La Bella Otero. Por último, lamenta que a autora non se dedicara "en corpo e alma" na composición do libro.

_____, “Savoir-faire’ compostelán”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 46, 28 xaneiro 1999, p. 9.

Comentario sobre o libro *O fácil que é matar* (1998), de Alfredo Conde, no que se afirma que é a novela máis grande escrita en lingua galega e que é a segunda entrega dunha serie, protagonizada por Blas Carou e por Celia Pereira, que comezara coa novela *Sempre me matan* (1995). Indícase que repite os mesmos vicios e virtudes da primeira parte da triloxía. Analiza algúns aspectos da novela e afirma que “ler esta novela semella en certa maneira estar ollando unha revista do corazón, sen fotografías, pero con moito texto”. Alúdese tamén á polémica do ano 1991 cando o escritor allaricense optou e gañou o Premio “Nadal” cun texto narrativo escrito en español.

_____, “Un país de palabras”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 48, 11 febreiro 1999, p. 8.

Martínez Bouzas comeza este comentario de *Un país de palabras* (1998), referíndose á sorpresa que lle provoca o éxito de vendas dunha obra non narrativa e pouco publicitada, un éxito que “debería converterse nun verdadeiro estímulo para os xéneros e subxéneros non ficcionais das nosas letras”. Define a obra como “unha miscelánea milagreira” na que Carlos Casares mestura o ensaio con lembranzas e anécdotas, vividas ou imaxinadas. Fai un percorrido polo contido da obra, deténdose especialmente nos capítulos referidos a Cunqueiro, a Piñeiro e nos autopoéticos. Para rematar, destaca a claridade expositiva de Casares, tanto no emprego do léxico coma no manexo da sintaxe, coa que consegue “un pequeno prodixio da comunicación”.

_____, “Recuperación da nosa aventura”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 49, 18 febreiro 1999, p. 11.

Comeza a achega a *Morning Star* (1998) coa cualificación de “libro máis noveleiro” dos que teñen gañado o Premio Xerais. De seguido, Martínez Bouzas percorre os trazos característicos da novela de aventuras, entre eles a superación de diferentes obstáculos e probas por parte dos protagonistas e a “retórica do acto”, e observa o seu cumprimento na obra de Xosé Miranda. Resume o argumento e salienta que Miranda se introduce nun tema que “estaba sen explorar: o do bandoleirismo galego”. Destaca tamén a sinxeleza da novela pola súa linealidade e por empregar un tempo e un espacio recoñecibles e verosímiles. Finalmente, convida ó autor para que volva a ollada cara á actualidade e descubra a “ferocidade da nosa especie” nesta fin de milenio.

_____,"Ci-to-me-ga-lo-vi-rus: ida", *O Correo Galego*, *"Revista das Letras, Artes e Ciencias"*, nº 50, 25 febreiro 1999, p. 9.

Recensión conxunta de dúas obras de Guibert verquidas ó galego en 1998, *Citomegalovirus* e *O meu criado e mais eu*, que comeza cunha alusión ó latexo constante da sida en ámbalas dúas, un trazo que leva a que Martínez Bouzas dubide "ónde empeza a testemuña vital e ónde a ficcionalidade". A seguir, insire ó escritor francés dentro do "nouveau roman" e comenta a temática destas dúas obras. Para rematar, cualifica a escrita de Guibert como "espida, escorrentando calquera artificio e ficando unicamente unha lingua incolora".

_____, “Novela sen gonzos”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 52, 11 marzo 1999, p. 7.

Empeza establecendo unha comparación entre *Outonos espectaculares* (1998) e *Paf Xarope* (1997), ambas de Manuel Darriba. Opina que a novela non cumpre as espectativas creadas coa primeira xa que “o autor quixo contarnos o que é a vida a través de ducias de pequenas historias (...) sen profundar nin na caracterización de personaxes nin na trama argumental”, trazos estes que estende a boa parte da narrativa galega actual. Considera que o principal erro radica na desconexión entre as distintas historias polo que o lector se sente desorientado.

_____, “O deseño da poética radical”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 55, 1 abril 1999, p. 8.

Aproximación ó poemario de Emilio Araúxo *Pois* (1998), considerado por Martínez Bouzas como “un dos mellores libros que nos deu o ano”. Saliéntanse certos aspectos como o seu estilo, con ausencia de rima convencional e multiplicidade de rexistros; ofrécense as súas características xerais co “misterio, suspensión, capacidade sintética...” e coméntase a súa estructura de “poema redondo e non obstante aberto”.

_____, “*Alén da desventura*”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 57, 15 abril 1999, p. 9.

Incursión en varios aspectos da novela *Alén da desventura* (1998), entre eles, a súa trama “enteiramente aventureira”, a súa diversificación na narración ou o multiperspectivismo. A novela é definida como “complexa e moi traballada tanto no desenvolvemento da súa trama argumental como nos aspectos formais”, se ben, matiza Martínez Bouzas, que “menos interese ofrece (...) a parte ferrolá do relato”. Remátase facendo unha mención á capacidade lingüística de Xavier Alcalá, á súa mestría para imita-los artificios e maneiras da linguaxe relixiosa do século XVIII e á súa habilidade para “recrear ambientes”.

Méndez, Roberto G., “Viaxe á fin da noite”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 6, 17 decembro 1999, p. 3.

Comentario da traducción ó castelán de *Cara a Times Square* (1980), a cargo de Gonzalo Allegue, á que se refire como “unha das novelas máis emblemáticas da literatura galega”. Logo de facer referencia á liña argumental, cualifica esta novela de Camilo Gonsar de “novela estraña, alegórica, case soñada”.

Monteagudo, T., “Lóstregos e moxeñas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 65, 10 xuño 1999, p. 11.

A propósito do primeiro número da revista *Monfadal* comenta que, malia ser fundamentalmente literarios os contidos do número inicial, está prevista a extensión da publicación a tódolos eidos da cultura. A continuación, describe algúns dos contidos dos artigos que recolle para concluír subliñando a elevada calidade tipográfica, o coidado deseño e o interese dos estudios publicados. Considera, por isto, que se trata dunha merecida homenaxe do quince aniversario da Biblioteca Municipal e unha honra para Mondoñedo.

Navia, R., “Gramática de Venus”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 287, 4 novembro 1999, pp. 6-7.

Presentación de *Antoloxía da poesía galega erótica e amatoria* (1988), na que Xosé Luís Axeitos fai un percorrido pola evolución da arte amatoria ó longo de tódalas épocas ata a actualidade. Comenta que coa chegada da cultura románica todo vai cambiar e só cando cheguen as vangardas vai haber unha reacción a favor do erotismo. Considera que hoxe en día este tema só lles preocupa ós críticos e reivindica o lugar que lles corresponde a este tipo de obras.

Nicolás Rodríguez, Ramón, “Dende a esmagadora desesperanza”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 59, 5 xaneiro 1999, p. 7.

Breve comentario sobre o libro *Círculo* (1998), de Suso de Toro, no que se indica que é a novela máis desesperanzada e escéptica do escritor compostelán, destacando tamén a estructura circular do libro.

_____, “Avances na sistematización literaria”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 60, 12 xaneiro 1999, p. 7.

Infórmase sobre a primeira entrega do *Diccionario de termos literarios* (1998) que abrangue as voces do “a” ó “d”. Indícase que este proxecto xa fora comezado hai vinte anos polo profesor Anxo Tarrío, aínda que é publicado agora polo Equipo Glifo, composto polo profesor xa citado e por Fernando Cabo, Arturo Casas, Blanca-Ana Roig e Anxo Abuín, coa colaboración de redactores e bolseiros. Sinálase que este diccionario de literatura é de grande utilidade e de ineludible consulta para afeccionados e especialistas.

_____, “O regreso da aventura”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 62, 26 xaneiro 1999, p. 7.

Neste comentario sobre a novela *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda, establécese unha relación entre esta obra e as tamén súas, *Historia dun paraugas azul* (1991) e *A biblioteca da iguana* (1994), entre outras. Considérase que a obra é unha “proposta narrativa na que se pretende recuperar o xénero de aventuras situándoo, con fortuna e bo facer, no noso século XIX”.

_____, “Pranto polo Seminario de Estudos Galegos”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 63, 2 febreiro 1999, p. 7.

Dáse conta da publicación do poema inédito *A Estadea* (1998) e subtitulado “Pranto polo Seminario de Estudos Galegos” de Otero Pedrayo na revista *Alicerces*. Coméntase o poema recalcando que se trata dun testemuño da desaparición do Seminario de Estudos Galegos por parte de quen foi o seu derradeiro presidente.

_____, “T. S. Eliot máis próximo”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 66, 23 febreiro 1999, p. 7.

Achega á traducción *A terra baldía* (1998) cun percorrido polos títulos publicados na colección “Libros da Frouma”. Salienta que este poemario é a primeira versión dunha obra de T. S. Eliot á nosa lingua, e valora positivamente o estudio introductorio a cargo de Armando Requeixo e Marifé González. Para rematar, achéganos á época de Eliot e ó proceso de escrita da antedita obra, “resultado dunha crise intelectual, espiritual e emocional”.

_____, “As novas crónicas de Manuel Rivas”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 70, 23 marzo 1999, p. 7.

Dá noticia da reedición do ensaio en 1998 de Manuel Rivas, *Toxos e flores*. Comenta os cambios con respecto á primeira edición e salienta nesta o engadido de reflexións sobre a Xeración Doente, Ramón Sampedro, Lois Pereiro e Reimundo Patiño. Conta tamén co texto titulado “Pregón de Monte Alto”. R. Nicolás cualifica a obra de “miscelánea”, considera que propicia o debate e que se asenta na enxebreza, no romanticismo e na estética bravú. Di que é unha especie de autobiografía e de reflexión sobre o futuro de Galicia como entidade colectiva.

_____, “Fíos do azar”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 71, 30 marzo 1999, p. 7.

Recensión de *Outonos espectaculares* (1998), de Manuel Darriba que comeza cunha referencia ó seu traballo como xornalista. En canto ó argumento, considera que constrúe unha “épica do cotián”, seguindo as técnicas do cine e a través da fluidez dos diálogos. Sen embargo, cre que “deixa demasiados fíos sen atar, proporcionando unha sensación de desorientación que sen dúbida potencia a dispersión argumentativa”. Salienta os recursos expresivos empregados por Darriba e a riqueza de matices e contrastes da novela.

_____, “Viaxe á procura da identidade”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 73, 13 abril 1999, p. 7.

A novela de Xesús Manuel Valcárcel *As grandes carballeiras* (1998) centra este comentario no que se tratan certos aspectos dos personaxes, “deseñados con acerto”; da estructuración, “segmentada en tres bloques”, ou dos eixos temáticos, “a falsidade, a neurose ou a necesidade de procurar a auténtica identidade do ser humano”. Faise, finalmente, referencia ó seu estilo baseado na “ironía, a crueldade, a perversidade ou mesmo o humorismo”.

Noia, Soedade, “¿É que os poetas galegos só pensan no sexo?”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 287, 4 novembro 1999, pp. 2-5.

Para contestar a esta cuestión, a súa autora fai un tipo de entrevista moi peculiar na que algúns destes poetas responden á pregunta, entre eles: Rafa Villar, Lupe Gómez ou María Xosé Queizán. Organiza o artigo a modo de diálogo entre os poetas, no que se observa que todos eles están de acordo en que non é verdade que a poesía dos noventa só fale de sexo, que hai unha variedade de estilos e unha pluralidade de correntes estéticas, sobre as que se poden entrever trazos comúns.

_____, “O Marinhas silenciado”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 295, 30 decembro 1999, pp. 2-3.

Aproximación á figura de Jenaro Marinhas del Valle con motivo da súa morte. Afírmase que o intelectural “nunca foi un vello galeguista” e insístese no seu compromiso co nacionalismo. Lémbrase que foi o único sobrevivente das Irmandades e denúnciase o silenciamento e a marxinación á que foi sometida a súa figura, evidenciada tamén no feito de que non houbese no seu enterro ningunha presencia oficial. Recórdanse as palabras de Manuel Lourenzo, quen considera a Jenaro Marinhas como un renovador e sitúao á par de Otero Pedrayo ou Valle-Inclán. Alúdese tamén á súa postura reintegracionista, á renuncia como membro da RAG, ás características do seu teatro e á existencia de obras pendentes de rehabilitación. Neste senso, infórmase de que Iolanda Aldrei “recibiu orde de publicar toda a obra de Marinhas en perfecto portugués”. Despois de lembrar outros datos da súa biografía, o texto remata cun perfil do escritor e con algúns datos sobre o seu enterro.

Pardo de Neyra, Xulio, “Vangardismo poético de Galicia”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 86, 13 xullo 1999, p. 7.

O autor do artigo homenaxea a Evaristo Correa Calderón e á revista *Ronsel* ó se cumpri-lo centenario do nacemento do primeiro e o setenta e cinco aniversario da saída á rúa da segunda. Salienta a importancia do escritor lugués na introducción das vangardas literarias en Galicia, ó mesmo tempo que comenta as influencias que recibe dos diferentes “ismos” que percorreron a Europa das primeiras décadas do século XX. Destaca o carácter pioneiro de Correa dentro do vangardismo galego e a súa intención de aproximar este movemento ó nacionalismo.

Pozo Garza, Luz, “Palabras de adeus”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 102, 2 novembro 1999, p. 6.

Case seguidos preséntaseno-lo pasamento de dous grandes poetas desta época: Uxío Novoneyra en Galicia e Rafael Alberti en Andalucía. Comenta que Alberti, ó igual que Novoneyra, admiraba a Rosalía e que, malia as súas diferencias, tiñan en común a importancia que para eles tiña a vida. Finalmente, presenta de xeito esquemático a súa obra.

Quintáns S., M., “Un trío de autores”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 24 xaneiro 1999, p. VI.

Partindo da publicación, por parte da AS-PG e de A Nosa Terra, das pezas teatrais *O circo da medianoite*, de Manuel Lourenzo; *Maremia* (1996), de Euloxio R. Ruibal e *As actas escuras* (1998), de Roberto Vidal Bolaño, o articulista reflexiona sobre o teatro galego actual. Estas obras, segundo M. Quintáns, “permítennos descubrir tres maneiras ben diferentes de entender esta clase de literatura”. Describe brevemente as tres pezas e no referente ós seus autores afirma que son os máis representativos no ámbito da dramaturxia galega actual.

_____, “O galego valverdiano”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 31 xaneiro 1999, p. VI.

Comentario centrado en *Seis sainetes valverdianos* (1998), de Isabel López Lajas. Destácase a editora do libro, Edicións Positivas, como grande innovadora con cada título que saca do prelo. Descríbese a obra indicando que despois dos sainetes inclúense uns estudios realizados por Henrique Costas, autor da edición da obra, sobre o “falar valverdiano” –galego falado no noroeste da provincia de Cáceres– e sobre os argumentos dos sainetes, acompañados por un glosario e por notas.

_____, “Alonso Montero, confésase”, *El Correo Gallego, “Edición 7”,* 21 febreiro 1999, p. VI.

Refírese á publicación de *Versos satíricos (para hoxe) ó xeito medieval*, de Xesús Alonso Montero, así como a outras composicións do mesmo autor, que foron finalista e gañadora do Certame “Xacobeo” de Poesía 1993 e 1994, “María das Falas di mal do noso tempo” e “Airas Nunes volve ó Camiño”, respectivamente. Tamén se alude ás composicións “Gabanza ‘trobadoresca’ do Viño do Condado” e “Estraña cantiga de Amigo comentada polo profesor Pietro Molteni”, que aparecen como epílogos da citada obra, ademais de salienta-los prólogos de Xosé Filgueira Valverde e Elsa Gonçalves.

_____, “Narrativa recuperada”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 7 marzo 1999, p. VI.

Lembra Manuel Quintáns as dificultades polas que pasou a literatura galega do século XIX, e refírese, de seguido, ó volume *Alira de Elfe. A Reina Loba e outros relatos* (1998), de Manuel Lois Vázquez como primeiro volume da colección “Narrativa recuperada”. Comenta as influencias clásicas, as débedas coa transmisión oral e o “abuso da peripecia no desenvolvemento da historia” como características máis destacadas. Finalmente, adscribe a obra de Lois Vázquez ó realismo e louva a edición que presenta Mª Teresa Monteagudo.

_____, “Escritores mindonienses”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 14 marzo 1999, p.VIII.

Despois de reflexionar sobre o papel actualizador da historia, Manuel Quintáns comenta a obra*Escritores mindonienses* (1998), de Armando Requeixo. Afirma que este investigador contribúe “ó engrandecemento e orgullo dun pobo perdido no fondal dun dos máis fermosos vales de Galicia”. Nomea algúns dos escritores contidos no volume, comenta o prólogo de Francisco Fernández del Riego e describe a estructura do libro.

_____, “O primeiro volume do “*Diccionario de termos literarios*”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 2 maio 1999, p. VIII.

Tras sinalar cales son os motivos que xustifican o “amplo programa do Centro Ramón Piñeiro”, achéganos ó primeiro volume do *Diccionario de termos literarios*, que forma parte do proxecto “Diccionario de Literatura”, dirixido por Anxo Tarrío no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Dáse unha nómina dos “selectos” colaboradores e investigadores que traballan neste diccionario de literatura e salienta o feito de estar tódolos aspectos “perfectamente atendidos, incluíndo a mesma presentación”. Para rematar, faise unha referencia ó criterio metodolóxico co que foi elaborado.

_____, “Literatura dramática galega”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 27 xuño 1999, p. IX.

Tras louva-lo programa editorial da Biblioteca Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor do departamento de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña e indicar cales son os seus ámbitos de estudio, faise referencia ó traballo de Laura Tato Fontaíña na introducción da obra de Xaime Quintanilla aparecida en 1997, *Donosiña*. Este estudio, que consiste nunha “análise histórico-descriptivo-interpretativo da propia obra”, presenta notas do drama entre 1926 e un prólogo que co título de *Donosiña*, foi estreado no teatro Xofre de Ferrol

_____, “Antígona’ na programación do Centro Dramático Galego”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 4 xullo 1999, p. VI.

Artigo que xira sobre a publicación de *Memoria de Antígona* (1998), de Quico Cadaval e Xabier Lama dentro da colección “Centro Dramático Galego” do IGAEM. Esta inclúe ademais un “interesante estudio” de Helena de Carlos Villamarín titulado “Antígona na memoria”, onde se realiza un percorrido pola función e significado deste personaxe. A este traballo faille Manuel Quintáns unha serie de observacións, sobre todo no que se refire ó silenciamento que mostra sobre a autoría das Antígonas, “nunca do autor grego”, senón producto do tratamento artístico de autores posteriores que non teñen vinculación con esa cultura.

_____, “*Doentes*”, premio de teatro Rafael Dieste 1997”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 11 xullo 1999, p. XXXVI.

Notas sobre a obra de teatro *Doentes* (1998), de Roberto Vidal Bolaño, que M. Quintáns considera “sen dúbida unha das mellores”. Sinala que reconstrúe “o esperpéntico universo, político-relixioso, que configuraba o mundo da Compostela do franquismo” e que o seu autor aproveita para traza-las liñas temáticas que desenvolveu no seu teatro ó longo de diferentes etapas, ademais de critica-la mala distribución do libro por parte da Deputación Provincial da Coruña.

_____, “Antolín Faraldo na colección “A Nosa Memoria”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 22 agosto 1999, p. VI.

Manuel Quintáns considera que Óscar Ares Botana en *Antolín Faraldo* (1998) escribiu unha “apaixoante biografía” na que sacou á luz os acontecementos máis destacados da vida deste personaxe: a oposición á ideoloxía absolutista do pai, a renuncia a cursa-la carreira de medicina, a participación na Academia Literaria de Santiago e nos xornais *El Idólatra de Galicia* e *El Recreo Compostelano*, así como o decisivo papel xogado no levantamento do 46, momento no que chegou a ser Secretario da Xunta Superior Provincial do Goberno de Galicia.

_____, “Un fermoso bestiario medieval”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 19 setembro 1999, p. VI.

Despois de salienta-la edición de *Libellus de natura animalium*, saída en 1998, con traducción e gravados de Raúl Gómez Pato, comenta as posibles aplicacións didácticas desta obra bilingüe na aprendizaxe do latín. Critica a reforma educativa por estar feita sen ter en conta ós docentes e opina que libros coma este “queren se-la resposta do profesorado consciente da importancia de atopar novos camiños”.

R. N., “Lecturas para comerte mellor”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 48, 11 febreiro 1999, pp. 6-7.

Esta análise de *Na boca do lobo* (1998) sitúa esta obra dentro dunha tendencia inaugurada a comezos de século, segundo a cal os contos clásicos deben ser reinterpretados na procura de novos significados. Despois de nomea-los autores participantes neste volume colectivo, céntrase no prólogo de Luís Alberto de Cuenca, do que recolle os datos biográficos sobranceiros. Ademais de comenta-lo contido do prólogo, describe as contribucións de Jaureguízar, de Quico Cadaval e de Carlos Casanova a esta obra.

Regueiro, Natalia, “A temperatura extrema”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 65, 9 febreiro 1999, p. 7.

Recensión do primeiro número de *Valdeleite* na que se pon de relevo a “radicalidade do soño libertario e a subversión da carnalidade da arte e da vida”. Faise referencia, ademais, ó formato vangardista e á viveza da linguaxe dende a apertura e a aposta pola cultura liberada. Prosegue apuntando o simbolismo da bolsa que recolle os encartes policromáticos, “metáfora do ventre femia animal”. Tamén se fai fincapé na súa estructuración independente e móbil malia a existencia de cinco seccións das que se citan os nomes dos colaboradores no primeiro número.

Riveiro, M., “A tábua de Guisam”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 72, 29 xullo 1999, p. 10.

Este comentario de *A tábua ocre de Núbia ou o significado da vida*, obra gañadora do Iº Premio “Eixo Atlántico” de Textos Dramáticos, comeza aludindo á escasa difusión desta peza teatral en comparación coa obra de X. L. Méndez Ferrín, galardoada na modalidade de novela. Presenta a Guisan Seixas como un dos fundadores do moderno teatro galego e louva a obra porque “desborda por todas partes imaginaçom, fantasia, humor, sátira e inteligência”. Finalmente, recomenda a lectura por presentar un grao de desfrute comparable ó dunha obra narrativa.

Rodríguez, Antonio, “Unha visita ás ruínas amadas”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 48, 11 febreiro 1999, p. 4.

Artigo sobre a primeira novela de Manuel Veiga, *As ruínas da cidade amada* (1998), que recolle numerosas declaracións do autor. Comeza cunha alusión á actividade profesional de Veiga, o xornalismo, e ás pegadas que este deixa na súa obra. A seguir, declara a “influencia de técnicas poéticas e da capacidade evocadora que esas técnicas proporcionan”. Considera o autor que a súa novela é unha metáfora dunha cidade cun glorioso pasado e un incerto futuro, e que, ademais de ó Monforte natal, poderíaselle aplicar a Tui, Mondoñedo ou Betanzos. Afirma tamén o valor testemuñal da obra con respecto á súa xeración.

Rodríguez, Salvador, “O millor de tódolos Rivas”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 93, 6 febreiro 1999, p. 3.

Alude á nova edición de 1998 de *Toxos e flores*, que engade catro novas crónicas e un CD con respecto á primeira. Considera que o xénero no que mellor se desenvolve Manuel Rivas é o artigo xornalístico, e que nesta obra ten lugar o “encontro entre o Rivas poeta, o Rivas xornalista e o Rivas novelista, postos ao servicio da crónica”. Finalmente, presenta a Rivas como o transmisor da esencia do noso país nesta fin de século, comparándoo co que no seu tempo representaron Valle-Inclán, Cunqueiro ou Torrente Ballester.

Rodríguez Fer, Claudio “A dignidade intelectual”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 63, 2 febreiro 1999, pp. 6-7.

Analiza a integralidade e dignidade cívica de Rafael Dieste dende o episodio do escándalo Gide. Describe a André Gide afirmando que era un escritor francés que se gañou as antipatías dos estalinistas coa publicación de *Retouches à mon «Retour de l’URSS»* (1937), onde facía unha crítica ós erros do réxime soviético, coa esperanza de seren corrixidos. Indica tamén que A. Gide defendeu a causa republicana española. Explica que no IIº Congreso Internacional de Escritores Antifascistas, celebrado en Valencia en 1937, malia as presións estalinistas que querían expulsar a André Gide, Rafael Dieste defendeu e logrou que non expulsaran ó escritor francés.

_____, “Nos eidos do amor”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 98, 5 outubro 1999, p. 3.

Análise temática do poemario *Muller pra lonxe* (1986), de Uxío Novoneyra que comeza cos cualificativos de “poeta total” e “auténtico poeta”. Coméntase a evolución dende o contorno coñecido, como cerne dos primeiros poemas de Novoneyra, ata o amor, núcleo temático do antedito poemario. Tamén se describe a mudanza que se observa nos sentimentos do “eu lírico” dende os comezos, nas que o amor está vinculado á dor, ata os últimos poemas nos que se relaciona coa felicidade. Finalmente, coméntase outros poemas nos que predomina o paisaxismo e a obxectividade do medio que o rodea, todo exemplificado polo miúdo con numerosas referencias á obra.

_____, “Risco o intelectual dos tres ríos”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 101, 26 outubro 1999, p. 7.

A partir da publicación de *Os fillos do río* (1999), lembra a vida de Antón Risco, centrándose na súa actividade docente, investigadora e creadora. Comenta que o seu labor de investigación se baseou na literatura española do modernismo e do 98, na literatura contemporánea de xénero fantástico e na cultura galega en xeral. Destaca as achegas que realizou á figura de seu pai Vicente Risco en *Pensamento de Vicente Risco* (1978) e *La obra narrativa de Vicente Risco* (1977), ademais de salienta-la promoción que fixo da Fundación Vicente Risco, destinada a protexer e divulga-lo amplo patrimonio cultural risquiano. Considera que o máis destacado non é o galfranc (mestura de galego e francés) a súa obra, senón a súa personalidade. Tamén destaca o seu experimento co idioma na poesía,

_____, “O poeta e o seu mundo”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 108, 14 decembro 1999, pp. 6-7.

Achegamento á obra de José Ángel Valente, na que se identifican algunhas das figuras que teñen a súa orixe na paisaxe humana da Galicia natal, como son a nai (inspirada por unha tía doescritor), o avó, o pai, o axitador (Basilio Álvarez), o franciscano, o extraviado (Xan da Cova) e as deslumbrantes mulleres campesiñas.

_____, “Literatura civil e guerra galega”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 7, 24 decembro 1999, pp. 1-2.

Logo de lembra-las consecuencias da Guerra Civil na literatura galega, o autor sinala catro fases no desenvolvemento do estudio da cuestión: a primeira, denominada “época do silencio” que transcorre entre a Guerra Civil e a metade da posguerra e que se caracteriza polo ocultamento; a segunda, “a iniciación presistémica”, que se sitúa nos anos sesenta e na que se incrementa o interese polo tema da literatura na Guera Civil, gracias a intelectuais marxistas, estudiosos como Xesús Alonso Montero e figuras ponte, como Luis Seoane ou Isaac Díaz Pardo; a terceira etapa, denominada “consolidación da cuestión”, que corresponde ós anos oitenta, é cando comezan a xurdi-los primeiros estudios académicos. Finalmente, fala dunha etapa “de expansión” para referirse á situación actual, marco no que sitúa Rodríguez Fer as Xornadas de Estudio e Debate dirixidas por Xesús Alonso Montero e a publicación do libro *Guerra civil (1936-1939) e Literatura Galega* (1999).

VV. AA., "*Méndez Ferrín Honoris Causa*", *Faro de Vigo*, 19 maio 1999, pp. I-XI.

Suplemento do xornal *Faro de Vigo* adicado a Xosé Luís Méndez Ferrín no que se recollen diversos aspectos tanto da súa vida coma da súa obra. Está formado polos seguintes artigos:

- Miguel Anxo Seixas Seoane, "A súa obra nas línguas do mundo", p. II.

Relación das obras de Xosé Luís Méndez Ferrín que foron traducidas a linguas do ámbito estatal: asturiano, catalán, castelán e éuscaro; e de fóra do estado: alemán, esloveno, francés, inglés, romanés e ruso.

- Francisco Sampedro, "Ferrín na cultura galega", p. II.

Trazado da personalidade de Méndez Ferrín dende o punto de vista da súa defensa de Galicia e mailo seu universalismo. Faise unha chamada de atención animando a realizar un estudio onde se vexa reflectido este aspecto e gábase a súa figura que "presidiu as ansias e o labor daqueles que souberon ben entender o auténtico proxecto de liberación de Galicia so esta óptica de apertura ao mundo". Saliéntase ademais o feito de ser imposible comprende-la historia sen a súa "intervención teórica e práctica" e felicítase, finalmente, á Universidade de Vigo por nomealo doutor *honoris causa*.

- Francisco Fernández del Riego, "Relembros do escritor mozo", p. III.

Dende a perspectiva da lembranza Francisco Fernández del Riego refírese ó Méndez Ferrín adolescente e ó dos anos mozos, afondando en varias das súas facetas, como a literaria, coa publicación da *Escolma de*

Poesía Galega Contemporanea, participación nas Festas Minervais, membro do grupo Brais Pinto, etc., ou na súa preocupación por Galicia tanto dende o punto de vista da súa recuperación cultural como do lingüístico. Inclúense ademais “Uns cantos versos a Ferrín” escritos por José Viale Moutinho, xornalista e escritor portugués.

- Xosé Manuel García Crego, “Galicia, patria do traballo”, p. IV.

Descrición da traxectoria política e sindical de Méndez Ferrín considerada como unha “pura coherencia”, facendo tamén referencia ó traballo de recuperación léxica e de normalización do idioma na súa obra e á súa participación no xornalismo “plataforma permanente de expresión das súas ideas (...)”. Remátase recoñecendo á Universidade de Vigo a súa acertada decisión de nomear a Ferrín doutor *honoris causa*.

- Herminio Barreiro, “Brais Pinto”, p. IV.

Aproximación a Xosé Luís Méndez Ferrín integrándoo no grupo Brais Pinto do que formaba parte xunto con escritores e artistas como Bernardino Graña, César Arias ou Ramón Lorenzo. Entre todos estes destácase a figura de Méndez Ferrín, considerándoo como “referente” para todo o grupo.

- Antón Santamarina, “A lingua, o léxico”, p. V.

Antón Santamarina, incluíndo a Méndez Ferrín dentro da nómina de autores que “posúen un idioma rico, enxebre e elegante”, salienta unha serie de aspectos que este comparte con aqueles escritores que dende o comezo do Rexurdimento se preocuparon pola lingua e fala da posibilidade de realizar unha tese de doutoramento na que “haberá que determinar esencialmente cal é o elemento nuclear da súa língua literaria”. Fai ademais referencia ós seus dialectalismos, préstamos literarios, arcaismos, “argot dos grupos

marxinados ou gremiais" ou ós lusismos, ós que que se lle dá unha importancia especial. Remata Santamarina incidindo na ampla formación cultural de Méndez Ferrín.

- Francisco Fernández Rei, "Polifacético ¡sempre máis alá!", p. VI.

Achega á figura de Xosé Luís Méndez Ferrín dende diversas perspectivas: creación literaria, actividade xornalística, investigador literario, conferenciante, etc., prestando especial atención á súa actividade en " defensa da lingua galega nas comarcas (...) da Terra Navia-Eo, do Bierzo occidental e das Portelas". Remata Fernández Rei describindo a Méndéz Ferrín como unha persoa comprometida con Galicia e incidindo no seu monolingüismo en galego que "contribuiu a que durante moitos anos (...) fose un gran descoñecido fóra de Galicia".

- Ramón Lorenzo, "Filólogo desde Pero Meogo", p. VII.

Ramón Lorenzo, quen mostra a súa admiración por Méndez Ferrín, fai un percorrido polas inquedanzas literarias deste dende Ossian ata Eduardo Pondal, pasando pola *Crónica Troiana* e a *Materia de Bretaña* e centrándose na edición crítica das Cantigas de Pero Meogo feita por Ferrín e que foi publicada por Galaxia no ano 1966 co título de *O Cancioneiro de Pero Meogo.* Fai, a continuación, unha descrición dos cinco capítulos e das partes que compoñen este traballo.

- Luciano Rodríguez, "A súa investigación", p. VIII.

Achegamento á importancia que Xosé Luís Méndez Ferrín ten na investigación literaria materializado fundamentalmente en tres traballos: *Aspectos de la poesía de Eduardo Pondal*, *O Cancioneiro de Pero Meogo* (1966), e *De Pondal a Novoneyra*, facendo unha breve descrición de cada un.

- Dolores Vilavedra, “Poligamia literaria”, p. VIII.

Consideración de Méndez Ferrín como un autor con “escaso recato á hora de vencellarse ós máis diversos xéneros literarios”. Centrándose en concreto no teatro, coméntase a aproximación que fixo como traductor e como narrador, que ve como a súa obra é transportada ós moldes dramáticos, ou como colaborador coa compañía viguesa Artello na estrea de *Celtas sen filtro*. Faise unha referencia especial a esta última obra.

- Antón Capelán, “Lembranza de M. F. en maio”, p. IX.

A actividade como xornalista de Méndez Ferrín, quen “constitúe un elo moi brillante desa cadea de escritores galeguistas a colaboraren na prensa periódica”, centra este artigo, no que se salienta que dende o primeiro escrito no ano 1953 no *Faro de Vigo* participou en diversos xornais vigueses, madrileños, “cinco magníficos artigos e unha entrevista a C. J. Cela, en publicacións clandestinas, do exilio e da emigración así como en revistas de ámbito sindical nacionalista. Faise unha referencia á revista de pensamento *A Trabe de Ouro* e unha reflexión sobre o seu estilo xornalístico.

- Xosé Manuel Salgado, “Pasado e presente dun narrador”, p. X.

Caracterización de Xosé Luís Méndez Ferrín dende o punto de vista das súas primeiras andaduras literarias, facendo alusións á súa biografía “meniño criado na posguerra que indefectiblemente deixará nel unha pegada imborrable”, dos espacios xeográficos, tanto vitais como literarios, da creación psicolóxica dos seus personaxes e do seu estilo, abordando este último dende diferentes puntos de vista: “imperturbabilidade do seu mundo”, “maxistral dominio da língua”, etc. Faise, finalmente, unha breve referencia ó seu último libro publicado, *No ventre do silencio*, e ás reedicións e traduccións das súas obras que “fan posible gozar dos favores dun público estendido ó longo de varias xeracións”.

- Xosé María Dobarro Paz, “Lembranzas inequivocamente sentimentais”, p. X.

Diríxese directamente Dobarro Paz a Méndez Ferrín recordándolle algunhas das experiencias que xuntos viviron na década dos setenta e dos oitenta.

- Anxo Angueira, “Poesía de universal disidencia”, p. XI.

Percorrido pola traxectoria poética de Méndez Ferrín dende a súa primeira publicación no ano 1957, *Voce na neboa*, ata a última no ano 1994 *Estirpe*, introducindo aspectos relacionados coa temática, simboloxía, etc., de cada poemario.

VV. AA., “Monográfico sobre o exilio republicano”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 69, 16 marzo 1999, pp. 1-8.

Ademais de conter artigos sobre os historiadores no desterro, o exilio de literatos españois, a figura do escultor Francisco Vázquez Díaz e Carlos Velo, este monográfico recolle os seguintes artigos referentes á literatura galega e, como peche, o “Pranto *in memoriam* de Rafael Dieste”, un poema inédito de Xosé Otero Espasandín.

- X. L. Axeitos, “Estudiar o exilio. Aprender liberdade”, pp. 1-2.

Lembra Xosé Luís Axeitos neste artigo de presentación do congreso “Sesenta anos despois. Para o estudio dos escritores do exilio republicano” que a intolerancia foi a responsable dos sucesivos exilios dende o ano 1492, data de expulsión dos xudeus. Expresa que a filosofía do congreso é que “somentes podemos esquencer cando nos lembramos” e que pretenden con el practicar un exercicio de liberdade, polo que conceden máis importancia ós vencidos que ós vencedores. Reflexiona sobre o estímulo que para moitos creadores supuxo o exilio e entende o “exilio interior” como unha forma de protesta contra o franquismo. Finalmente, centra o seu comentario na sobranceira figura de Luís Seoane e o seu proxecto de Sargadelos.

- Franco Grande, “Os dous exilios de Guerra da Cal”, p. 2.

Percorrido pola actividade intelectual e creadora de Ernesto Guerra da Cal na que X. L. Franco Grande acode ás lembranzas e ó epistolario persoal. Considera o autor do artigo que o exilio desviou a traxectoria

investigadora do ferrolán, afastándoo do galego e achegándoo ó portugués. Lembra os contactos de Guerra da Cal coa Xeración do 27 no Madrid republicano, así como o seu prestixio en distintas universidades do continente americano. Comenta a excepcionalidade do seu caso ó publica-lo primeiro libro poético ós 58 anos, así como o seu progresivo achegamento á grafía portuguesa como lingua culta do galego.

- Domingo García-Sabell, “Luís Seoane no exilio”, p. 3.

Domingo García-Sabell lembra a súa relación amistosa con Luís Seoane dende a adolescencia, e acentuada a raíz dunha visita que lle fixo a Buenos Aires, na que puido comprobar que Seoane “vivía inmerso e asolagado no recordo”, unha característica que influíu na súa obra literaria e plástica.

- Xesús Alonso Montero, “A tertulia do café Tortoni”, pp. 4-5.

Comenta Xesús Alonso Montero a importancia que para a literatura, especialmente para a galega, tivo o faladoiro do Café Tortoni de Buenos Aires. Lembra os asistentes galegos e non galegos e bota en falta a figura de Castelao. En canto á temática das conversas, considéraa antifascista e progresista, pero cun marcado acento galego. Finalmente, salienta o traballo literario de Xosé Otero Espasandín e Antonio Baltar, e solicita unha recuperación do seu legado literario.

- Francisco Caudet, “A tertulia do café Tortoni”, pp. 4-5.

Francisco Caudet lembra a súa primeira viaxe a Buenos Aires no 1994 e evoca con nostalxia o voo durante o cal coñeceu a unha galega que levaba 40 anos na Arxentina. Imaxina atoparse no café Tortoni con tódolos escritores galegos que acudían a este faladoiro.

- Francisco Fernández del Riego, “Ramón Martínez López, un intelectual galego do exilio”, p. 5.

V.5. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Detallado percorrido pola biografía de Ramón Martínez López dende o seu nacemento en Boiro ata o regreso do exilio americano. Salienta Fernández del Riego a participación de Martínez López na fundación do Seminario de Estudos Galegos en 1923, e a colaboración en toda a actividade galeguista dos anos 30. Con respecto ó exilio, destaca a chegada ás universidades norteamericanas da man de Américo Castro, e o seu papel de difusor e estudioso da nosa literatura no exterior. Finalmente, enumera os traballos e estudios, entre os que sobrancea a versión da *General Estoria*, un ensaio sobre Álvarez de Villasandino e a historia dos intelectuais republicanos exiliados.

Valcárcel, Xulio, “Poetas galegos en Madrid”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 7 marzo 1999, p. 21.

Comeza declarando a súa simpatía por aqueles escritores que viven fóra de Galicia, especialmente pola fidelidade ás súas orixes e por non busca-la gloria literaria noutra lingua. Lembra as xeracións de exiliados en América, o grupo Brais Pinto en Madrid e, máis recente, o grupo Bilbao. Do colectivo integrado por Vicente Araguas, Fermín Bouza, Claudio Pato, José Manuel Outeiro, Manuel Pereira e Xavier Frías, salienta a dinamización que da vida cultural galega están a levar en Madrid. Comenta os dous volumes da colección “Roibén”, *Poesía Galega en Madrid* (1998) e *Todo Morte* (1998). Deste último destaca a “palabra espida, triste en ocasións, dun expresionismo nihilista”.

_____, “*O fácil que é matar*”, de Alfredo Conde”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 21 marzo 1999, p. 11.

Esta recensión da última novela de Alfredo Conde comeza cunha alusión á dificultade dos escritores galegos para crear unha novela longa ben artellada. Opina Valcárcel que *O fácil que é matar* (1998), “pon as cousas no seu sitio” ó estar “ben concibida, ben artellada e ben resolta”, e considera que o autor “coñece e domina o oficio”. A seguir, revisa a temática e fai un percorrido descritivo polos personaxes máis salientables da novela. Destaca tamén o contido satírico e irónico con respecto á clase política.

_____, “Poesía completa de González Garcés, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 25 abril 1999, p. 9.

Aproximación ó estudio da obra poética completa de Miguel González Garcés que, por encargo da Deputación da Coruña, levou a cabo Luciano Rodríguez, baixo o título de *Miguel González Garcés. Poesía* (1998). Faise ademais unha referencia ó “coidado deseño” ou a outros aspectos externos como “o formato” ou “a densidade e cor crema do papel” que fan que esta edición sexa unha “auténtica alfaia”. Conclúese lamentando a non inclusión dos poemas de González Garcés que permitiría un compendio total da súa obra poética”.

_____, “*Erros e tánatos*”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 9 maio 1999, p. 9.

Trátase o libro *Erros e Tánatos* (1996), de Gonzalo Navaza, facendo referencia a unha serie de aspectos como a súa “ambiguedade” ou a “interpretación dual” que presentan os dez “relatos inquedantes” de que está composto. Defíneos Xulio Valcárcel como “relatos maxistralmente tramados, controlados coa precisión dun reloxeiro, nos que non hai lugar á improvisación”.

_____, “Uxío Novoneyra”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 14 novembro 1999, p. 4.

Quérese facer aquí unha homenaxe a Uxío Novoneyra, con motivo do seu pasamento, centrándose na súa producción. Comeza lembrando que nos deixou *Ameto Mítico*, do que el mesmo di que estaba na mesma obra que *Os Eidos*, pero que tiña menos abismalidade, considerándoa unha recreación paisaxística e histórica concebida coma unha longa viaxe que se inicia en Santiago e que se dirixe á procura do “soño de distancia”, segundo Ignacio Castro, pero tamén se pode ver simbolicamente como o camiño do pobo galego cara ó seu autocoñecemento e a súa liberación. Tamén se di que nestes poemas rimados, nos que domina o verso clásico pouco habitual neste poeta, hai poesías adicadas á súa dona Elba e o recordo das cidades coas que se sentía identificado entre elas Compostela, Lugo e incluso Madrid, opinando tamén que este poemario podería se-la continuación de *Os Eidos* de 1955 e de *Os Eidos* de 1974 debido a que os tres teñen un espacio semellante e a mesma “música sagrada e antigua”, malia diferenciarse na temática e na visión do anterior.

_____, “*A nosa cinza,* de Alcalá”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 21 novembro 1999, p. 8.

Coméntase a fortuna editorial de *A nosa cinza* (1980) a propósito da súa décima edición e afonda nalgunha das claves do éxito: a ambientación nos anos 50, o tratamento da adolescencia, o realismo duro, o humor ou a melancolía. Define a novela de Xavier Alcalá como “un fresco magnífico que retrata con intelixencia e precisión, con control dos materiais que usa, unha sociedade mediocre, ruín, escura e ilusionada/fanatizada, un tempo histórico que –certamente– poido ser mellor”. Finalmente, recorre ás páxinas do prólogo de Carballo Calero para afirma-la dimensión social da obra.

_____, “Poemas para a Ulloa”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 21 novembro 1999, p. 8.

En moi poucas liñas faise un resumo do libro *Poemas para a Ulloa* (1998), de Xosé Luís Otero que vén ilustrado con moitas fotografías deste espacio xeográfico que é a Ulloa. O articulista fala del coma un “libro mosaico” co cal coñeceremos moito mellor estas terras.

Vázquez Tierra, A., “A vida nun seminário dos sesenta”, *A Nosa Terra*, nº 886, “Guieiro Cultural”, 10 xuño 1999, pp. 28-29.

Análise da novela de Alfonso Eiré, *Amigos sempre* (1998), considerada por Vázquez Tierra como “novela necesaria (...) para a terapia colectiva de milleiros de seminaristas de varias xeneracións”. Fai, tamén, unha aproximación á vida nos seminarios dos sesenta e comezos dos setenta, véndose el mesmo reflectido no que Alfonso Eiré relata na súa novela e desenvolve lixeiramente a súa liña argumental, sobre todo no que respecta ó desencadeamento final.

Vidal, Carme, “Anxos Romeo, acaparar imaxes con ollos de sal”, *A Nosa Terra*, nº 872, “Guieiro Cultural”, 4 marzo 1999, p. 32.

Este comentario de *Ollos de sal* (1998) a cargo de Carme Vidal está complementado con declaracións e aclaracións de Anxos Romeo. Salienta deste poemario a interrelación entre a poesía e a arte plástica, que ata daquela tentara separa-la autora. Aclara o valor simbólico da casa como memoria e como vivencia, ademais de se referir á súa relación coa poetisa María Mariño. Finalmente, destaca a aglutinación de información, que por veces chega á saturación, e a presencia dos sentimentos como características fundamentais da poética de Anxos Romeo.

_____, “Freixeiro Mato define a García Barros como un escritor incómodo e ‘cultivador da terra”, *A Nosa Terra*, nº 874, “Guieiro Cultural”, 18 marzo 1999, p. 35.

Fai referencia a *Cos pés na terra* (1998) como un traballo de investigación que racha coa liña seguida por X. R. Freixeiro Mato nos últimos tempos. Comenta que as orixes do libro se sitúan na descuberta dun feixe de textos do autor estradense no arquivo de Sebastián Martínez Risco e na impresión que a súa lectura produciu en Freixeiro. Describe Carme Vidal o contido da obra e pon de relevancia o “comportamento ético” de García Barros ó longo da súa vida. Finalmente, refírese á fidelidade deste autor coa lingua máis próxima, á actitude solidaria cos seus veciños labregos e ó espírito crítico durante toda a vida.

X. G. G., “Os sonetos de Miro Villar”, *A Nosa Terra*, nº 868, “Guieiro Cultural”, 4 febreiro 1998, pp. 27-28.

Recensión conxunta de dous poemarios de Miro Villar, *Abecedario da desolación* (1997) e*Equinoccio de Primavera* (1998), que comeza cunha alusión á rareza do poeta da Costa da Morte por emprega-los metros e as estrofas clásicas na actualidade. Ademais de comenta-lo contido de cada obra, relaciónaas pola temática, “unha melancolía (...) de tesitura clásica”, aínda que considera que non lles son alleos o amor e a desesperanza, tratado todo cun fondo irónico. Finalmente, o autor do artigo opina que Miro Villar é un “poeta barroco, pero máis conceptual que sensorial”.

_____, “Dúas noveletas de Hervé Guibert”, *A Nosa Terra*, nº 871, “Guieiro Cultural”, 25 febreiro 1999, p. 28.

Este comentario conxunto de *O meu criado e mais eu* (1998) e *Citomegalovirus* (1998) comeza cunha contextualización do seu autor, Hervé Guibert, dentro da literatura francesa, e máis concretamente no movemento do “nouveau roman”. Lembra algúns dos compañeiros de xeración de Guibert e tamén os datos fundamentais da súa biografía, salientando a prematura morte a consecuencia da sida. Resume brevemente o contido de cada obra e critica a súa traducción por seren textos de calidade literaria “discutíbel”. Finalmente, cita algúns dos erros que atopa nas traducións galegas destas obras.

_____, “A novela como Bulldozer”, *A Nosa Terra*, nº 876,“Guieiro Cultural”, 31 marzo 1999, pp. 23-24.

Cualifica de “insatisfactorio” o resultado da novela *As grandes carballeiras* (1998), de Xesús Manuel Valcárcel, en vista da triple confusión espacio-temporal, lingüística e accional que detecta na obra. Ademais aprecia certa superficialidade no tratamento do retrato de dúas xeracións unidas por un mesmo fío e considera unha eiva a falta de contextualización histórica. Malia estas consideracións, agóiralle mellores froitos ó autor ó lle atribuír unha capacidade da que se deixan ver algúns atisbos nesta obra. Reflexiona finalmente sobre o cualificativo de “posmoderna” que se lle atribuíu e que “curiosamente” se caracteriza por descarta-los valores defendidos pola modernidade.

Vilavedra, Dolores, “Mara”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras”*, nº 290, 25 novembro 1999, pp. 6-7.

Comeza cunha crítica ó mercado editorial galego, considerándoo mediatizado. Céntrase na traducción, en 1998, de *Entre o costume e a ruptura*, de Rachna Mara, que foi acollida por unha crítica que a ignorou e un público despistado, todo isto coa axuda do marco editorial que tampouco a apoiou. Informa dun conxunto de narracións (aínda que a traductora do libro prefira falar de relatos e a articulista suxira unha lectura en clave de novela), nas que varias xeracións de mulleres contan dende distintos países as súas historias, así Parvati é unha rapaza que vive na India e ten unha filla chamada Mala que vive dende pequena no Canadá e esta, á súa vez, ten unha filla chamada Nina que vive na Gran Bretaña. Todas ellas, malia estaren emparentadas son totalmente distintas. Tamén se fala de que os seus destinos se cruzarán, pero o cerne da historia vai se-la ilexitimidade de Mala, filla dun matrimonio amañado, sobranceando a relación nai-filla.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas

V.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Abuín de Tembra, Avelino, “Mecenado”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 11 xaneiro 1999, p. 3.

Laudatio dos premios convocados pola Deputación da Coruña, dos que se fai unha pormenorizada valoración tanto da súa data de resolución coma da contía económica que conlevan. Finalmente, pregúntase se deixarán de existir cun cambio de políticos ou partidos, o que non lle gustaría en absoluto.

_____, “Rosalía, filla predilecta”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 xaneiro 1999, p. 4.

Critícase a marxinación na que o Concello de Padrón ten á súa máis senlleira cantora, Rosalía de Castro. Fai, asemade, un repaso polo rueiro desa vila para sinala-la falla de dedicación dunha rúa importante e non unha marxinal, mesmo do Paseo do Espolón, do que reclama o nome da poetisa porque nel está a súa estatua.

_____, “Prefacio para Manuel Antonio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 24 xaneiro 1999, p. 4.

Gábase a traxectoria vital e creativa de Manuel Antonio, á vez que se fai unha comparación co seu veciño, o tamén escritor, Rafael Dieste. Logo desta análise comparativa, dise que se debería instaura-lo ano 2000 como Ano Manuel Antonio por se cumpriren cen anos do seu nacemento, e que a figura máis sobranceira da vangarda galega ben o merecía.

_____, “O Centenario de Rafael Dieste”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 25 xaneiro 1999, p. 3.

Logo de enumera-las personalidades que naceron en Rianxo, fai un repaso á obra escrita por Rafael

Dieste para reclama-lo ano 1999 como Ano Rafael Dieste, xa que se cumpre o centenario do seu nacemento. Tamén louba grandemente o feito de se-lo propio Dieste quen traducise a Manuel Antonio ó castelán.

_____, “Rosalía, Pondal, Cunqueiro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 21 febreiro 1999, p. 4.

Comeza citando as efemérides culturais e literarias que se celebran no mes de febreiro. Entre elas, destaca o nacemento neste mes de Pondal e Rosalía, e a morte de Cunqueiro. Lamenta que niguén se lembre de Pondal e Cunqueiro en datas coma estas, e loa a homenaxe que a Fundación Rosalía de Castro lle renderá á poeta de Padrón. Así mesmo, sinala os actos que se celebrarán na vila onde morreu con motivo de tal celebración.

_____, “Discordias en Padrón”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 28 febreiro 1999, p. 4.

Critica acedamente ó Concello de Padrón por non honrar como é preciso a Rosalía de Castro. Así mesmo, tamén o fai sobre o feito de que non teña unha rúa, que a súa estatua estea semiabandonada e que moitos dos señoritos da vila sigan a renegar da súa máis sobresaínte figura como acontecía na súa época.

_____, “O Nobel 99 para Ferrín”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 7 marzo 1999, p. 4.

Logo de facer un repaso pola situación da literatura galega actual, céntrase na figura do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín. Sinálanse as súas obras máis laureadas e a significación deste escritor no sistema literario galego da segunda metade do século, tanto polo escrito coma pola súa importante influencia noutros escritores. Por todo isto, tamén se suma á reclamación do Premio Nobel para Méndez Ferrín.

_____, “Centenario de Correa Calderón (I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 14 marzo 1999, p. 4.

Dise que neste ano debería conmemorarse o centenario do nacemento de Evaristo Correa Calderón, polo que reclama a atención dos lectores. A seguir, trázase unha síntese biográfica do escritor, dos seus irmáns de Baralla e das súa andainas como escritor e colaborador nos manuais da Editorial Anaya.

_____, “Centenario de Correa Calderón (e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 15 marzo 1999, p. 3.

Continúa describindo os traballos realizados por Evaristo Correa Calderón no ámbito da didáctica da literatura e na crítica literaria. Ó final do artigo, hai un pequeno treito no que se sinalan as colaboracións que na xuventude fixo este escritor lucense para a lingua galega, entre as que están *Luar. Contos galaicos* (1923), a novela *Conceicion singela do ceo* (1925) ou o conto*Margarida, a da sorrisa de aurora* (1927).

_____, “Méndez Ferrín, na RAG”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 9 maio 1999, p. 4.

Loanza da persoa e da escrita de Xosé Luís Méndez Ferrín para o que reclama un trato deferente xa que o considera o mellor escritor galego dos últimos cincuenta anos. Por este motivo, defende que sexa o candidato da lingua galega para o Premio Nobel, e como paso coadxuvante a tal fin, propón a súa entrada na Academia Galega, institución que tería un ciclo “definitivamente completo por uns cantos anos”, segundo di.

_____, “O centenario de Xoán Montes (I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 23 maio 1999, p. 4.

Forte crítica ós mestres de música que non ensinan ós rapaces a música galega. Isto sérvelle como pretexto para falar da obra do compositor e músico Xoán Montes, do que se cita algunha das composicións poéticas de escritores coñecidos que musicou. “A negra sombra”, de Rosalía de Castro, é o exemplo máis salientable.

_____, “O centenario de Xoán Montes (e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 24 maio 1999, p. 3.

Afirma que se debería apoiar máis a música creada en Galicia e promover música galega que levase letra dos nosos escritores. Por este motivo é polo que reclama que se lle dedique un Día das Letras Galegas ó compositor Xoán Montes.

_____, “Brañas na señardade do 2000”, *O Correo Galego*, 13 xuño 1999, p. 4.

Con motivo do nomeamento de Manuel Murguía como homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2000, defende a necesidade de lle dedicar esta celebración a Alfredo Brañas, xa que foi o predecesor de Manuel Murguía. Para sustentar tal afirmación, ofrece algúns datos da súa vida e da súa obra.

_____, “Teresa, filla predilecta”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 16 xuño 1999, p. 4.

Primeiramente, faise un breve comentario sobre a opinión que os rianxeiros teñen do que foi a máis sinalada figura do galeguismo e da cultura galega deste século, Alfonso Daniel R. Castelao. A seguir sinala que o coñecemento de Castelao en Rianxo e en Galicia enteira débese ó traballo desenvolto pola súa irmá Teresa Castelao, para a que apoia o nomeamento como Filla Predilecta desa vila.

_____, “O discurso de Ramón Lorenzo”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 xuño 1999, p. 3.

Fai un sucinto repaso pola historia do Instituto da Lingua Galega e mais da Real Academia Galega. Sinala como a importancia do Instituto se ve reforzada pola integración de moitos dos seus membros na RAG, como é o caso do profesor Ramón Lorenzo, do que fala a continuación. Reproduce anacos do discurso, en defensa da lingua galega, que este profesor leu no seu ingreso na Real Academia Galega.

_____, “Limiar para Manuel Antonio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 12 xullo 1999, p. 3.

Critica os fastos e o reduccionismo do Ano Xubilar, argallado “de costas á paisanía autóctona”, en contraste co esquencemento de efemérides coma os centenarios do nacemento de Rafael Dieste e Euxenio Montes. Na mesma liña, augura a falta de compromiso das institucións cos centenarios de Manuel Antonio e Alfredo Brañas no marco do próximo Ano Cultural 2000.

_____, “Rafael Dieste en Sargadelos”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 15 agosto 1999, p. 4.

Describe os actos que tiveron lugar no Castro de Sargadelos supervisados por Xosé L. Axeitos para lembra-la figura de Rafael Dieste no centenario do seu nacemento destacando, especialmente, a escenificación de *A fiestra valdeira* (1973) polo grupo de teatro de Rianxo “Airiños”, do que lembra a súa historia.

_____, “Galicia viva”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 29 agosto 1999, p. 4.

Celebra a creación da “Tertulia Rianxeira”, fundada o 30 de maio de 1998 para pular polos centenarios de Dieste e Manuel Antonio, e nomea os membros desta iniciativa que permanece aberta ós que queiran participar. De entre as iniciativas que promove, salienta o Premio de Poesía “Faustino Rey Romero” e a publicación da “decana das revistas galegas de internet”, “Galicia Viva”, da que describe o seu último número como mostra da súa liña editorial.

_____, “Cando as estrelas caen do ceo”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 13 setembro 1999, p. 3.

Con motivo da celebración do “Congreso Español de Literatura Fantástica e de Ciencia-Ficción” en Compostela, que conta coa participación por parte galega de Manuel Rivas, Suso de Toro e Miguelanxo Prado, comenta o libro *Cando as estrelas caen do ceo. Ensaio sobre o meteorismo en Galicia* (1999), de Estanislao Fernández de la Cigoña.

_____, “II Congreso da Poesía Galega”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 4 outubro 1999, p. 2.

Remítese ó ano 2000 e á capitalidade cultural de Compostela como unha data de esperanza, unha vez que o Xacobeo 99 non serviu para “prepara-lo cambio das estructuras humanas do país”. A seguir, e coa vista na nova cita, cre que habería que dinamiza-lo cincuentenario do pasamento de Castelao, lembrando as iniciativas que se comezaron a dar, así como o centenario do nacemento de Manuel Antonio, *leit-motiv* do “IIº Congreso Galego de Poesía” e o “Iº Congreso Galego de Poesía do Mar”, xa que bota en falta a ausencia de determinadas institucións.

_____, “Carta galega a Novoneyra”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 outubro 1999, p. 2.

Fai un percorrido polos tópicos e aldraxes que sufriu Galicia e sinala a ocultación que se fixo dos versos redimidores de Rosalía, Curros, Lamas Carvajal, Cabanillas, Manuel Antonio, Amado Carballo e Celso Emilio ou a manipulación da figura de Castelao nas vésperas do que debía se-la súa rehabilitación nacional. Para rematar, destaca a obra de Uxío Novoneyra como exemplo da deconstrucción deses tópicos.

_____, “Carta galega ó patriarca Fraguas”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 7 novembro 1999, p. 3.

Artigo en homenaxe a Antón Fraguas no que comeza describindo a importancia do mes de novembro na cultura popular galega para logo pasar a falar da morte. Remata subliñando a importancia de Fraguas coa frase, “Galicia sen a súa presencia queda orfa e desamparada”.

_____, “Carta galega a Francisco Fernández del Riego”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 14 novembro 1999, p. 3.

Misiva dirixida ó presidente da RAG, Fernández del Riego, na que o articulista manifesta a necesidade dunha reforma urxente do Día das Letras Galegas. Declara que Castelao –“pai da Patria”– e Manuel Antonio –“maior poeta galego do século presente”– deben te-lo seu protagonismo no ano 2000. Remata propondo á RAG que tamén se lembre neste ano a Labarta Pose.

_____, “Limiar para Castelao”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 8 novembro 1999, p. 3.

Alúdese ás conmemoracións que se van celebrar durante o ano 2000, principalmente a de Castelao e a de Pondal, e indícase que Manuel Antonio “segue a se-lo gran marxinado do 2000”. Resalta tamén que o libro *Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao* (1999), de Anxo González e editado polo Centro Ramón Piñeiro, ten “un limiar excelente, case maxistral, para penetrar no universo de Castelao”.

_____, “A ‘translatio’ de Padrón”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 26 decembro 1999, p. 2.

Sinálase de que a Casa-Museo de Rosalía foi escollida para ocupa-la presidencia da Federación Española de Casas-Museos de Escritores. Con este motivo, aprovéitase para lembra-la existencia doutras institucións análogas por toda a Península.

Acuña, Ramón Luís, “Sueño, pesadilla y razón de Manuel Luis Acuña”, *La Región*, “De paso”, 26 novembro 1999, p. 34.

Describe a vida do seu pai, Manuel Luís Acuña, como literato, pertencente á Xeración Nós, como ensinante, separado do corpo de Maxisterio polas autoridades académicas ourensás vinculadas ó “oprobioso Alzamiento”, como exiliado interior e mais como defensor da República.

Agís Villaverde, Marcelino, “¿Coñecín a Otero Pedrayo?”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 6 xaneiro 1999, p. 4.

Pregúntase cándo coñeceu a Otero Pedrayo. Tras dicir que aínda era un neno cando morreu o patriarca das letras galegas, refírese a como o foi coñecendo a través das súas obras, das que fai un breve comentario. Asemade, sinala aquelas que dun xeito ou de outro o marcaron e que o axudaron a entende-lo mundo.

_____, “Un home chamado don Ramón”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 13 xaneiro 1999, p. 4.

Faise unha panorámica da vida de Don Ramón Otero Pedrayo: o seu nacemento na Rúa da Paz, os seus comezos no galeguismo, o seu labor de patriarca das letras galegas, sobre todo, despois da morte de Castelao, e a súa actitude de rexa dignididade fronte ós improperios do réxime. Tamén se fala das relacións de Otero con Risco e Cuevillas, entre outros.

_____, “A volta ó mundo de Otero Pedrayo”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 20 xaneiro 1999, p. 4.

Refírese á viaxe de Otero Pedrayo, xunto con Vicente Risco e Antón Losada Diéguez, a Monforte, para recibir a Francesc Cambó, cando, a raíz das conversas entre eles, sobre todo, con Losada Diéguez, se introduce de cheo no galeguismo. A seguir, reflicte a súa actitude nos días críticos da Guerra Civil, nos anos posteriores e cando, nos anos cincuenta, o galeguismo comeza a ter relevo.

_____, “Otero Pedrayo, ensaísta (I)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 27 xaneiro 1999, p. 4.

Destaca a sorpresa que lle causou a afirmación dun profesor que, na Facultade de Filosofía, contou a Otero Pedrayo entre os grandes filósofos mundiais. A continuación, relata como descubriu o “Ensaio sobor da paisaxe galega” (1955), de Otero camiño de Ourense, logo da recomendación feita polo profesor que o estrañara.

_____, “Otero Pedrayo, ensaísta (e II)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 3 febreiro 1999, p. 4.

En relación co artigo anterior, céntrase nos principais aspectos da filosofía oteriana que se expuxeron: a paisaxe, as aldeas, o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega* (1933), etc. Finalmente, sinala o carácter universal da obra de Otero Pedrayo.

_____, “Xaime Isla Couto académico”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 5 febreiro 1999, p. 3.

O ingreso de Xaime Isla Couto como académico na Real Academia Galega, sérvelle como pretexto para facer unnha panorámica deste ilustre galeguista. Comeza na Pontevedra da preguerra con Castelao e Alexandre Bóveda, as peripecias dos anos cincuenta para formar Galaxia, logo a *Revista de Economía de Galicia*, as súas achegas á Editorial Sept, etc. Por todo isto, di que ten ben merecido o seu ingreso na academia.

_____, “Galeguismo e relixión”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 10 febreiro 1999, p. 4.

Formulación sobre a presencia da relixión en Galicia, analizándoa dende o punto de vista dos labregos e mariñeiros, e tamén dos posicionamentos de Losada Diéguez, Vicente Risco ou Otero Pedrayo, clarificando así a unión do galeguismo e a relixión. Asemade, di que este posicionamento é unha “longa marcha cara a Deus”, o que vén ser como chegar á “terra prometida”.

_____, “Alfonso Daniel Manoel Rodríguez Castelao, ¿profeta ou rei?”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 17 febreiro 1999, p. 3.

Relata unha anécdota persoal para se referir ós nomes de Castelao (Alfonso, como o rei, e Daniel, como o profeta). Tamén se pregunta pola veracidade do seu terceiro nome: Manuel.

_____, “Castelao: do mito á realidade”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 24 febreiro 1999, p. 4.

Fala da necesidade que teñen tódolos pobos de posuíren mitos, de seren algo máis que almas racionais, para de seguido se centrar no mito de Castelao. Comenta que era un home do pobo, o que reflectiu e defendeu na súa obra e o que defendeu como político. Finalmente, sinala que o feito de ser mártir converteuno á súa morte nun mito.

_____, “Mil maneiras de pensar”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 3 marzo 1999, p. 4.

Reflexiona sobre a filosofía da fin do século e das diferentes formas de se expresaren as ideas na actualiade. Defende que a filosofía non está en crise senón que aparecen novas formas de expresa-lo pensamento: a arte, a literatura, a pintura, etc. Toma como exemplo a figura de Castelao, nas súas diferentes facetas, e explica certos posicionamentos filosóficos de moitas das súas creacións.

_____, “Lembrando a Castelao”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 10 marzo 1999, p. 4.

Lembranza de cando recibiu clase do profesor Alfredo Conde sobre todo tipo de cuestións nunha materia chamada daquela EATP e do baleiro que sentiu ó mudar de mestre. Fai especial fincapé nos faladoiros centrados na figura de Castelao e da Xeración Nós.

_____, “Castelao e as cousas da vida”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 17 marzo 1999, p. 4.

Fala dos diferentes xeitos que ten o home de entende-la filosofía e di que non é preciso escribir premisas filosóficas para expresa-lo pensamento. Así, unha vez máis, recorre á obra de Castelao para exemplificar unha verdadeira “filosofía da vida” sen ser filósofo polos seus posicionamentos perante a vida mesma.

_____, “O país da noite (I)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 23 xuño 1999, p. 3.

Artigo metafórico, ó tempo que alegórico, de cando o tempo da dictadura, do espertar do galeguismo arredor dun facho histórico, como foi o xornal *La Noche* e todo o movemento que se xerou na súas páxinas. Para expresalo, emprega todo un xogo de referencias do tempo, luz e escuridade, da astroloxía, etc.

_____, “O país da noite (e II)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 30 xuño 1999, p. 3.

Segue referíndose á publicación do Suplemento Semanal do xornal *La Noche* e da revolta cultural que supuxo a súa publicación, á vez de ser un facho de luz. A seguir, di que esta iniciativa foi seguida por outras tan importantes como a creación da Editorial Galaxia, da que explica todo o proceso de creación e as súas primeiras andainas.

_____, “Ramón Piñeiro, filósofo galego”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 4 xullo 1999, p. 3.

Alude á faceta filosófica que Ramón Piñeiro sacrificou na súa dedicación ó activismo político, que lle valeu o cárcere, e cultural, exemplificado en Galaxia ou a colección “Grial”. Na súa opinión, traballos como “O significado metafísico da saudade” (1951) ou “A Filosofía e o Home” denotan en Ramón Piñeiro a preocupación pola conformación dun pensamento galego que se comezara a artellar coa Xeración Nós. Finalmente, entende que na súa filosofía da saudade cristalizou “unha das notas peculiares do noso espírito, susceptible dun tratamento filosófico”.

_____, “Cilistro’ Fernández de la Vega”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 17 novembro 1999, p. 3.

Artigo centrado na figura de Celestino Fernández de la Vega “Cilistro” no que se sinalan algúns datos biográficos e se analiza o contraste entre a súa receptividade intelectual e parquidade da súa obra escrita.

_____, “Historia dunha traducción”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 1 decembro 1999, p. 3.

Descrición dos avatares da traducción ó galego da obra de Martin Heidegger, *Da esencia da verdade* (1956), dende o remate da edición en 1952, cunha carta-prólogo do mesmo autor, ata que a censura permitiu a súa publicación en 1956.

_____, “O humor en serio (e II)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 15 decembro 1999, p. 3.

Reflexiónase sobre o concepto de humor, moi ligado á seriedade, fornecido por Celestino Fernández de la Vega no seu *O segredo do humor* (1963). Na literatura, cita como grandes humoristas a Cervantes, Quevedo e Valle-Inclán e, “entre nós”, a Julio Camba, Eça de Queiroz e Castelao.

_____, “Xaime e Galaxia”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 29 decembro 1999, p. 3.

Baseándose en Francisco Fernández del Riego, sobrancea a figura de Xaime Isla Couto dentro da Xeración Galaxia. Amósase en desacordo cos que defenden que esta editorial foi unha empresa exclusivamente culturalista e postula tamén unha faceta económica e política, da que Isla Couto sería un claro representante.

Alcalá, X., “A Vicente Araguas (Majadahonda)”, *Galicia en el Mundo*, nº 334, “Cartas aos amigos”, 1-7 novembro 1999, p. 2.

Carta a Araguas na que lle comenta a reedición de *A nosa cinza* en 1999. O tema principal do artigo é o comentario dunha clasificación dos mellores literatos galegos do século publicada nun “xornal de grande difusión”. Alcalá concorda con que *A esmorga* (1959), de Blanco Amor sexa a mellor narración curta pero critica moito o canon que ese diario establece en canto á novela. Coida que Darío Xohán Cabana debería estar por riba de Álvaro Cunqueiro e censura a ausencia de Francisco Fernández Naval e Xavier Queipo.

Alcalá, Xavier, “A Xosé M. Castelao”, *Galicia en el Mundo*, nº 304, “Cartas aos amigos”, 25-31 xaneiro 1999, p. 2.

Reflexiona sobre a obra de Blanco-Amor, que define como innovadora na temática, por introducilo tema urbano, e creativa, por universal, e pensa que a súa condición de emigrante en Buenos Aires condicionou o seu cosmopolitismo, o uso dunha coiné do galego, o recoñecemento cultural do Brasil e un “uso cosanguíneo do portugués”. Por iso, propón a celebración do Premio “Blanco Amor” en Buenos Aires e a creación dunha Biblioteca Blanco-Amor, que recolla os títulos premiados.

_____, “De Eça a Castelao”, *El Mundo. Galicia*, 27 xaneiro 1999, p. 2.

Primeiramente, refírese ós faladoiros radiofónicos madrileños nos que se observa unha actitude de oposición a todo o que saia das culturas autóctonas, non españolas. A seguir, céntrase na súa volta ó noroeste e fala das relacións entre Galicia e Portugal, da próxima celebración no ano 2000 do centenario da morte de Eça de Queiroz e do cincuentenario de Castelao, ós que loa grandemente pola súa obra e significación.

_____, “A Damián Villalaín (Vigo)”, *Galicia en el Mundo*, nº 305, 1-7 febreiro 1999, p. 2.

A raíz das crecentes relacións entre Galicia e o norte de Portugal e da entrega do Premio “Eixo Atlántico” de Narrativa, alude ó secular distanciamento entre galegos e portugueses e lamenta o descoñecemento mútuo de autores como Eça de Queiroz ou Castelao. Así, avoga pola promoción da obra de ambos na próxima edición do premio e polo achegamento ó portugués seguindo palabras de Carballo Calero e Blanco-Amor.

_____, “Morra o libro”, *El Mundo. Galicia*, 28 abril 1999, p. 2.

Alegato a favor das novas tecnoloxías e da implantación do formato informático para a publicación de libros, non só de enciclopedias senón tamén de libros de novelas e poemarios. Afirma isto pensando na pervivencia dos bosques e na facilidade de consulta destas novas tecnoloxías, ás que lle agoira unha forte baixada dos prezos.

_____, “Suaviter in modo” *El Mundo. Galicia*, “Hoy miércoles”, 29 setembro 1999, p. 4.

Medita sobre o panorama editorial da narrativa galega e, a través de diversas anécdotas persoais, chega á conclusión de que nunca se publica dabondo e que cada lector debe facer unha selección.

_____, “Eça e Castelao”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 12 outubro 1999, p. 64.

Lembra que no ano 2000 se conmemoran o centenario e o cincuentenario da morte de Eça de Queirós e Castelao, respectivamente. No tocante a Eça, recomenda a lectura da súa prosa por considerala básica para todo narrador, lectura que pensa que debeu facer Valle-Inclán para “case transcribir en castelán” a súa obra, tese que defendía Ernesto Guerra da Cal, principal divulgador do autor portugués no ámbito do anglosaxón.

_____, “Uxío”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 5 novembro 1999, p. 64.

Lémbrase a figura de Uxío Novoneyra e relaciónase a súa importancia na “literatura nacional” cos matemáticos Shannone e mais Dirac.

_____, “Fraguas”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 8 novembro 1999, p. 48.

Dedica este artigo a Antón Fraguas e describe unha anécdota que lle aconteceu co finado no Paraninfo da Universidade compostelá.

_____, “Galaxia”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 23 decembro 1999, p. 3. /p. 48.

Con motivo da condecoración que Galaxia vén de recibir do goberno español polas súas vodas de ouro, lembra a etapa iniciática da editorial e o papel dos homes que a impulsaron. Así mesmo, lembra as dificultades que daquela se opoñían á publicación en galego, entre as que destaca a censura franquista. Opina que agora se publica incluso de máis debido ós cazadores de subvencións. Finalmente, fai un chamamento ós dous máximos dirixentes da editora viguesa para que aproveiten a efeméride e exhumen a historia interna da institución.

Alonso, Rodolfo, “Para ser Rosalía de Castro”, *Galicia en el Mundo*, nº 308, “Aquí o allá”, 23-28 febreiro 1999, p. 3.

Fai un esbozo biográfico de Rosalía de Castro, mencionando a influencia de Manuel Murguía na publicación da súa obra, e cita a homenaxe que Federico García Lorca lle rende co poema “Canción de cuna”, incluído nos seus *Seis poemas galegos* publicados en 1935.

_____, “Un hombre llamado Cunqueiro”, *Galicia en el Mundo*, “Aquí o allá”, nº 327, 5-11 abril 1999, p. 2.

Achégase á obra de Álvaro Cunqueiro, comezando pola poesía de *Mar ao norde* (1932) e*Cantiga nova que se chama riveira* (1933), poesía que encadra no Neotrobadorismo, unha escola que mestura modernidade e tradición. Seguidamente, cita diversos títulos tentando representa-las diversas facetas da súa escrita, incluída a xornalística, e nomea, entre os diversos galardóns que recibiu, o Premio Nadal de 1968 pola novela *Un hombre que se parecía a Orestes*. Para rematar, loa o conxunto da súa obra, “incesantemente traducida”, e a súa sensibilidade humana.

Alonso Montero, Xesús, “No mes de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 8 xaneiro 1999, p. 12.

Con motivo do cincuentenario da morte de Castelao que se celebrará o vindeiro ano, reflexiona o autor deste artigo sobre a visita do autor rianxeiro a Rusia e as opinións que lle suscitara. Tamén fai un chamamento para que algún xornalista ou estudioso lle faga unha ampla entrevista a Teresa Castelao, á vez que realiza algunhas posibles preguntas.

_____, “Alexandre Puxkin e Alexandra Koss”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 15 xaneiro 1999, p. 14.

Ó se cumpriren douscentos anos do nacemento do poeta ruso Alexandre Puxkin, pídeselle ás editoriais galegas que fagan una traducción da súa obra ó galego, xa que, segundo di, este é un dos máis queridos e prestixiosos poetas rusos da contemporaneidade. Para facer esta traducción propón á profesora Alexandra Koss por ter un amplo coñecemento do galego, quen ademais xa fixo a traducción de dous sonetos.

_____, “Sesquicentenario de Lamas Carvajal”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 22 xaneiro 1999, p. 16.

Reclámase a importancia que tivo Lamas Carvajal como elo de unión entre Rosalía e as outras figuras senlleiras do Rexurdimento galego. Dise tamén que, sen o seu empeño e traballo polo emprego da lingua galega, non se terían escrito fenomenais páxinas da literatura galega, tamén se loa a súa actividade no xornal *O tío Marcos da Portela*.

_____, “De re diesteana”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 29 xaneiro 1999, p. 12.

Artigo arredor da familia dos Dieste de Rianxo. Dise que, amais do sinalado e laureado Rafael, tamén os seus irmáns se dedicaron ó mundo das letras, en especial a súa irmá Olegaria. Engade que ela gañou o Premio “Nadal” cunha novela que revela unha historia de amor frustrada, que tal vez podería se-la dela con Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.

_____, “Cincuentenario dun centenario”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 12 febreiro 1999, p. 14.

Laudatio do traballo desenvolto por Lamas Carvajal a favor da lingua galega. Tamén se conta unha anécdota referida a unha inauguración dun monumento na cidade de Ourense para honrar a Lamas na que Otero Pedrayo deu un discurso en galego, do que se reproduce un anaquiño, que provocou o alzamento do brazo e cántico falanxista dos máis destacados membros dese grupo.

_____, “Era de perro de presa la cara del pretor”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 19 febreiro 1999, p. 14.

Continúa aclarando asuntos dun seu artigo anterior. Así, comeza coa lembranza do uso da lingua en Otero Pedrayo, quen falaba en galego pola tarde e cando se representaba a si mesmo, e en castelán pola mañá en representación do presidente da Academia Galega que non puidera asistir. Tamén se reproducen palabras de Otero Pedrayo nas que se manifesta sobre a actitude dos cargos institucionais presentes no acto de homenaxe a Lamas Carvajal.

_____, “A ‘Celestina’ en Vigo”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 26 febreiro 1999, p. 14.

Con motivo de se cumprir neste ano o Vº centenario da publicación de *La Celestina*, de Fernando de Rojas, quéixase da falta dunha traducción ó galego e fala dunha adaptación que fixo para o galego José Ruibal, polo que chama a atención do Centro Dramático Galego para que así o teña en conta.

_____, “O poeta Paz Lestón volve a Muxía”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 19 marzo 1999, p. 16.

Dáse conta da saída do prelo dunha obra na que se recompila e estudia a obra de Xervasio Paz Lestón, realizada polo poeta e estudioso Miro Villar. Faise un repaso pola biografía deste autor da Costa da Morte, que tivo que emigrar moi novo, e danse algunhas notas da súa obra literaria. Por último, lóuvase grandemente o traballo feito por Miro Villar neste libro.

_____, “Ernestina de Champourcín: memento rosaliano”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 2 abril 1999, p. 12.

Refírese á morte de Ernestina de Champurcín, escritora española da Xeración do 27, quen fixo unha recensión na que louva a obra de Rosalía de Castro no ano 1937, cando se cumprían os cen anos do seu nacemento. Isto sérvelle para sinala-la falta de homenaxes, no centenario do seu nacemento, e considera que esta é das poucas mostras de lembranza da escritora galega.

_____, “Exiliados e exiliólogos en Compos-tela”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 9 abril 1999, p. 14.

Alude ó Congreso sobre os escritores do exilio celebrado na Facultade de Filoloxía, en Santiago de Compostela no mes de marzo deste ano, o primeiro dunha serie de doce que se van celebrar en España baixo o título “60 anos despois”. Salienta o interesante que resulta que xente nova ande na procura de información sobre persoas que se viron na obriga de exiliarse trala Guerra Civil. Sinala tamén que participaron no congreso persoas que estiveron exiliadas para conta-la súa propia historia.

_____, “Juan Pérez Creus: in memoriam”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 25 abril 1999, p. 14.

Dá conta da morte do escritor andaluz Juan Pérez Creus, quen publicou un poemario en galego, con prólogo de Vicente Risco na colección “Benito Soto”. Fala de como chegou a ter contacto coa literatura galega e da súa decisión de escribir un libro en galego. Remata facendo un chamamento a prol da súa publicación.

_____, “Unamuno y Celestino”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 9 xullo 1999, p. 16.

Refírese a Celestino Fernández de la Vega, ó que salienta como “un dos espíritos máis cultos e sagaces do século XX galego”. Destaca a súa grandeza como orador e dá conta da súa producción literaria, así como do seu labor como traductor de obras dende o alemán, como un cancioneiro céltico (1952) xunto con Ramón Piñeiro. A seguir, céntrase nunha carta recollida na tese de doutoramento de Alexandre Rodríguez Guerra. Nesta carta, explica Alonso Montero, Celestino Fernández de la Vega faille unha íntima confesión a Unamuno sobre a preocupación pola morte e a súa teima de afogar no Miño, feito que levou a cabo no ano 1986. Ademais desta carta, acóllense 262 cartas máis, nas que se pode le-la correspondencia entre Miguel de Unamuno e diversos galegos como Pondal, Emilia Pardo Bazán ou Otero Pedrayo.

_____, “Madrid como “cidade clandestina”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 20 agosto 1999, p. 14.

Comenta o libro *Madrid en guerra. La ciudad clandestina* (*1936-1939*), de Javier Cervera, que trata a represión política levada a cabo en Madrid contra os antirrepublicanos da “Quinta Columna” no período da Guerra Civil. Este libro faille pensar na necesidade de dedicarlle un estudio a poetas galegos tales como Francisco Vega Ceide, “Francisco de Fientosa”, e os irmáns Manuel e Xosé Cereijo Muíños, que apareceron mortos en Madrid nos primeiros meses da contenda, así como a Avelino Gómez Ledo ou Xosé Crecente Vega, que foi protexido por Xesús Ferro Couselo nesa “cidade clandestina”.

_____, “¡No pasarán!, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 3 setembro 1999, p. 16.

Comenta a aparición do libro *¡No pasarán! Cenas e cenários da guerra civil de Espanha*, do escritor e xornalista luso José Viale Moutinho que recolle 52 artigos publicados no *Diário de Notícias* do Porto. Considera afortunada a escolla do título, que fai mención ó berro da “Pasionaria” Dolores Ibarruri na defensa de Madrid na guerra, e lembra os nomes dalgúns poetas galegos presentes nesa batalla. A continuación, refírese ó prólogo de Raúl Morodo, que tilda ó xornalista de “brigadista tardío”, e descobre a presencia de Alexandre Bóveda, Díaz Baliño, Darío Álvarez Limeses ou o Foucellas nas súas páxinas, así como a dedicatoria da obra a Xosé MaríaÁlvarez Blázquez, Santiago Álvarez e Isaac Díaz Pardo, entre outros.

_____, “Anne Marie Morris”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 15 outubro 1999, p. 17.

Faise eco da morte da poetisa estadounidense Anne Marie Morris e lembra a publicación en 1965 do poemario *Voz fuxitiva* escrito en galego, lingua á que chegou a través da lectura de Curros Enríquez e Rosalía de Castro e baixo a influencia do profesor exiliado Xosé Rubia Barcia. Asemade, alude á súa estadía en Compostela para participar no “Iº Congreso de poetas alófonos de lingua galega” e comenta a súa estreita relación coa lingua galega recollendo as confesións que a poeta lle fixo a Guerra da Cal, prologuista da citada obra. Finalmente, afirma que o contacto co galego continuou coa traducción ó inglés de poemas rosalianos e algún de Curros Enríquez e propón a compilación da obra galega de Anne Marie Morris nun volume que recolla tamén as contestacións que lle deu a Alonso Montero en 1973 para a *Encuesta mundial sobre la lengua yla cultura gallegas*.

_____, “Alberti e Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 29 outubro 1999, p. 18.

Detense na relación de Rafael Alberti con algunhas das figuras do mundo da cultura galega. Así, refírese á amizade que estableceu con Luís Seoane durante o seu exilio bonaerense, a quen lle dedicou un poema sobre a súa plástica. Comenta a afinidade política de ambos, algo que tamén sucedía con outros exiliados galegos que frecuentaban o faladoiro do café Tortoni tales como Rafael Dieste, Lorenzo Varela ou Otero Espasandín. Recorda, tamén, unha conferencia pronunciada no ano 1932 na que se achega a poesía de Rosalía de Castro. Finalmente, fai referencia á admiración que sentía pola pintura de Agustín Pérez Bellas e de Mercedes Ruibal, e cita brevemente outros autores cos que tivo contacto en Galicia como Celso Emilio Ferreiro, María do Carme Kruckenberg ou Eduardo Blaco Amor.

_____, “¡Don Eladio!”, *La Voz de Galicia*, 5 novembro 1999, p. 17.

Semblanza de Eladio Rodríguez González, con motivo do cincuentenario da súa morte, acaecida na Coruña no ano 1949. Ofrece un percorrido biobibliográfico, dende o seu nacemento en San Clodio, Leiro (Ourense). Dá conta, ademais, da súa producción poética: *Oraciós campesiñas* (1927) e o *Diccionario galego-castelán* (1958-1961).

_____, “Fraguas, sucesor de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 novembro 1999, p. 18.

Dá conta da próxima presentación do volume que recolle o discurso de ingreso na RAG de Antonio Fraguas en 1956, así como unha serie de páxinas inéditas de Castelao. Tamén se lamenta do deceso de Antonio Fraguas e describe os avatares de Castelao como académico da RAG durante o réxime franquista.

_____, “Sebastián con Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 10 decembro 1999, p. 17.

Describe o acto co que a Real Academia Galega vai honrar a Castelao no Paraninfo da Universidade compostelá, e fai fincapé na presentación do volume *Presencia de Castelao na Academia: textos inéditos e outras páxinas*. Comenta principalmente os feitos máis audaces da institución en defensa da memoria do rianxeiro: o feito de dedicarlle o segundo Día das Letras Galegas e o discurso de ingreso de Fole, titulado *Castelao i a tradición galeguista*, ámbolos dous datados a principios da década dos sesenta.

_____, “Morrer en Madrid”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 17 decembro 1999, p. 17.

Refírese á finalización das xornadas organizadas polo Consello da Cultura Galega sobre literatura galega e Guerra Civil. Dá conta do asasinato no Madrid de 1936 de Manuel e Xosé Cereijo Muíños e Francisco Vega Ceide, coñecido como Francisco de Fientosa, todos eles autores galegos de dereitas. Así mesmo, pide a Isidoro Millán González-Pardo que aclare a viaxe de Cabanillas de Valencia a Cambados en plena guerra. Cita ademais un gran número de escritores galegos que se uniron á causa da defensa da legalidade republicana.

Alvarado, “Risco, Galicia y el cáliz de su escudo”, *La Región*, 17 febreiro 1999, p. 25.

Recóllense varios treitos escritos por Afonso Vázquez Monxardín na introducción do libro*Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal* (1998), publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Reflexiónase sobre a simboloxía do cáliz en Galicia, entre outras cuestións arredor deste libro. Alén disto, dá conta das últimas publicacións da colección de “Libros da Frouma”.

_____, “Catro publicacións do Centro ‘Ramón Piñeiro”, *La Región*, 9 marzo 1999, p. 21.

Alude á saída do prelo das últimas publicacións do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Trátase das seguintes: *Informe de Literatura 1997* (1998), *A Obra narrativa de Heraclio Pérez Placer* (1998), do que ofrece algúns datos biográficos e cita os textos incluídos neste volume, o *Diccionario de termos literarios* (1998) e, por último, as *Actas das Xornadas das letras galegas en Lisboa* (1998). De todas elas ofrece unha breve descrición do seu contido.

Álvarez Torneiro, “Durará a obra como vida”, *La Voz de Galicia*, 31 outubro 1999, p. 18.

Lamenta a perda que para a cultura galega supón a morte de Uxío Novoneyra, lembrando a importancia da obra do poeta courelao, así como a súa vida de entrega pola causa de Galicia, idea na que cría fondamente.

Amenedo, Cristina, “Álvaro Paradela”, *El Correo Gallego*, “Firma invitada”, 6 febreiro 1999, p. 4.

Breve comentario alegórico sobre a figura de Álvaro Paradela no que se lembra tanto a súa terra de adopción coma a de nacemento. Fálase da súa producción en castelán e galego, pero tamén do seu labor de animador cultural na comarca de Ferrolterra. Finalmente, alúdese ó premio de narracións curtas que leva o seu nome e que este ano lle correspondeu á propia autora do artigo.

Bande, Enrique, “El poeta de ‘San Trocado”, *La Región*, “De paso”, 17 marzo 1999, p. 24.

Evocación, e á vez reivindicación, da figura de Perfecto Sullerio, poeta, xornalista e escritor ourensán, morto hai vinte anos. Lémbranse as súas obras, en castelán e galego, entre as que se salienta a obra poética *A beira da vida. Pequenas e tenras lembranzas* (1979), cualificando a súa poesía como amorosa, tenra e espiritual, ademais de presentar outros temas como a fe na transcendencia e a confianza no home.

Barcón, Carlos, “De poesía, revistas y otras publicaciones”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 10 xullo 1999, p. 18.

Artigo no que se fai referencia a algunhas publicacións ferrolás, poñendo de relevo a vitalidade que dende sempre tivo a poesía en Ferrol dende a publicación de *Aturuxo*, da que cita os nomes dalgúns dos seus máis importantes colaboradores. Nomea *Poesía Galicia* como un exemplo da continuidade desta inquedanza.

_____, “De poetas y revistas de poesía”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 16 setembro 1999, p. 20.

Comeza por afirmar que hai anos Ferrol se converteu na capital da poesía de Galicia. Así, enumera unha serie de autores ferroláns, que se movían entre “una poesía muy académica” e a “modernísima poesía cerebral y hasta abstracta”, e as revistas *Aturuxo*, con debuxos de Díaz Pardo, e *Poesía Galicia*. De interese para a literatura galega, nomea os poetas Ernesto Guerra da Cal, Carballo Calero, Tomás Barros e Xohana Torres.

_____, “Tomás Barros: un significado artista”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 27 setembro 1999, p. 11.

A raíz da reivindicación da figura de Tomás Barros en Ferrol, retrocede ata 1972 para lembrar unha exposición do artista na cidade e as súas palabras na presentación do acto. A continuación, resume a súa biografía e salienta a súa polifacética obra como pintor, poeta, dramaturgo e ensaísta, así como a codirección da revista poética *Aturuxo*. Finalmente, céntrase na súa faceta poética e cita os nomes doutros pintores e escultores galegos.

_____, “La mar de poesía...”, *Diario de Ferrol*, “Entre nosotros”, 31 outubro 1999, p. 20.

Comeza destacando a grande afluencia de público ó recital poético e á presentación de *Hombres para el milagro*, ofrecido pola Sociedade Artística Ferrolá, que lle evoca un recital poético pronunciado por Celso Emilio en 1974, organizado tamén pola citada Sociedade. Tamén anuncia a celebración do IIº Congreso de Poesía Galega en Rianxo e Vilagarcía de Arousa, ademais dalgúns dos participantes no mesmo.

Beceiro, M., “Teatro de aquí”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 5 xuño 1999, p. 60.

Forte crítica á idea defendida polo Consello da Cultura Galega de crear unha Escola Dramática Galega. Critícase o feito de que vai crear confrontacións por ver en qué cidade se funda, tamén que deixe de haber un teatro independente xa que serían “actores-funcionarios”, e tamén o público pasaría a ser un mero consumista dun producto.

Becerra, Alfonso, “Sen máis avío que o ío ío do río”, *La Voz de Galicia*, “Homenaxe a Novoneyra”, 31 outubro 1999, p. 91.

Alfonso Becerra, director da revista *A Pipa* en Becerreá, reflexiona sobre a poética e os recitais de Uxío Novoneyra e anuncia que en *A Pipa* sairán unhas composicións inéditas do desaparecido poeta courelao.

Beiró, Masito, “Maruxa Villanueva: Facer xustiza dun xeito sinxelo”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 1 decembro 1999, p. 45.

Con motivo do pasamento de Maruxa Villanueva o articulista analiza e resalta o labor desenvolvido pola finada na Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón.

Bernal, Diego, “Entraña de Compostela, curioso y visionario del mundo intelectual”, *El Correo Gallego*, “Luís Mariño: A ausencia sentida”, 23 maio 1999, p. 74.

Uns versos de Alonso de Barros, serven de inspiración a Diego Bernal para lembrar a Luís Mariño, con motivo do seu pasamento, no que manifesta a súa profunda dor causada ó recibi-la noticia. Reflexiona sobre a amizade que lle unía ó intelectual compostelán e evoca os tempos vividos ó seu lado, a vez que reflicte a tristeza que provoca nel o feito de saber que “con los silencios Luis se ha ido para siempre”.

_____, “Novoneyra, el poeta de la Galicia íntima y profunda”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 24 outubro 1999, p. 80.

Descríbese a Uxío Novoneyra relacionándoo con algunhas paisaxes da súa vida –O Courel, Lugo, Compostela e Madrid– e anúnciase unha homenaxe nacional á súa persoa.

Bernárdez, Basilio, “Un libro que compria”, *La Voz de Galicia* (Edición de Ourense), “A Corredeira”, 30 xaneiro 1999, p. 44.

Dá conta da presentación do libro de Sofía Tros de Llarduya titulado *O Volter* (1998), no que se recollen os faladoiros, as anécdotas, e acontecementos que sucederon no Volter. Segundo di, nas mesmas participaron Xaime Quesada, Acisclo Manzano, Xosé Luís de Dios e Vicente Risco. No mesmo libro tamén se recollen opinións doutros que non participaron pero que tiveron contacto cos anteriores.

Borobó, “Do neto que non tivo Rosalía”, *A Nosa Terra*, nº 874, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 18 marzo 1999, p. 36.

O recibimento do libro *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro* (1998) escrito por Juan Naya, faille reflexionar sobre a descendencia de Rosalía de Castro e Manuel Murguía polo que dubida se terá aínda algún “neto” descoñecido, aínda que mentres non se saiba nada considera a Juan Naya o “neto que non tivo Rosalía”. Por este motivo fai un repaso polas obras e publicacións feitas por este xornalista e estudioso de literatura.

_____, “A expresión literaria da Galeuzca”*, A Nosa Terra*, nº 876, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 31 marzo 1999, p. 28.

Tras unha longa digresión inicial, fala da presentación de *Serta*, unha revista iberoaméricana de poesía e pensamento poético que permite a publicación de textos en tódalas linguas románicas. Gaba, asemade, ó profesor Antonio Domínguez Rey, director da mesma.

_____, “Os meirós dos bos e xenerosos”, *A Nosa Terra*, nº 902, “Guieiro Cultural”, 30 setembro 1999, p. 36.

Reflexiona sobre as caricaturas de Castelao e Maside, das que destaca a captación das xentes populares de Galicia que, lonxe de ridiculizalas, as engrandeceron “ás veces ata unha categoría heroica”, e motivaron “a enxeñosidade dos pés das súas caricaturas”. A continuación, analiza a vertente literaria de Castelao e reproduce as apreciacións de Carballo Calero nas que afirma que *Cousas* é a base de toda a súa obra, rematando por destaca-lo discurso “Alba de Groria” como culminación da súa escrita.

_____, “Chove para que eu soñe”, *A Nosa Terra*, nº 903, “Guieiro Cultural”, 7 outubro 1999, p. 36.

Con motivo da homenaxe que a Agrupación “O Galo” prepara en honor a Uxío Novoneyra, gaba o poeta e recorda a súa chegada a Compostela por volta de 1952 coincidindo con Manuel María. Considérao un adiantado da “Xeración da Noite” e cita a participación de ambos nas páxinas de *La Noche*, o maxisterio de Carlos Maside e as leccións ó redor da mesa de Ramón Piñeiro, á que Ramón Lugrís achegaba ós mozos universitarios máis inquedos, que participaban tamén da páxina da “Universidade Literaria” do xornal e que serían as promocións que concorreron “ás rexurdidas Festas Minervais” tales como Mourullo, Beiras, López Nogueira, Ferrín ou Bernardino Graña. Finalmente, rescata a figura de Novoneyra fechando o ciclo de presentación da “Xeneración da Noite” no Círculo Mercantil cun recital poético e láiase de non posuí-los coñecementos de Rodríguez Fer para descubri-lo aspecto fonoestilístico de *Os eidos* (1955).

_____, “Hai que traballar”, *A Nosa Terra*, nº 907, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 4 novembro 1999, p. 36.

Tendo como referencia versos de Aquilino Iglesia Alvariño, o articulista incita a traballar máis a tódolos galegos no campo, nas fábricas, navegando, etc.

_____, “As catro palabras de Castelar”, *A Nosa Terra*, nº 908, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 11 novembro 1999, p. 36.

Descríbese brevemente o proceso de composición de *Follas Novas* (1880) e analízase tamén o prólogo que Castelar escribira para este poemario, así como outros aspectos relacionados con Rosalía de Castro e mais con Emilio Castelar.

_____, “Pondal e Curros cantan a Castelar”, *A Nosa Terra*, nº 912, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 9 decembro 1999, p. 28.

Borobó recorda como o ex-presidente Emilio Castelar aceptou o mito celtista da orixe dos galegos. A seguir, recolle versos que Pondal e Curros lle dedicaron ó insigne político republicano e que posteriormente foron respectivamente recollidos nos volumes *Queixumes dos pinos* (1886) e *Aires da miña terra* (1880).

_____, “As fichas de Couceiro Freijomil”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 27 decembro 1999, p. 48.

Comenta a historia editorial de *El idioma gallego. Historia. Gramática. Literatura*, de Antonio Couceiro Freijomil. Di que a primeira edición, por problemas de espacio, non puido ocuparse da abundante producción literaria de preguerra polo que houbo que tirar unha nova edición ampliada en 1935 que si recolleu esta etapa.

_____, “Un dos cincocentos”, *O Correo Galego*, “O novelo dos anacos”, 29 decembro 1999, p. 48.

Fai referencia á obra literaria e ás traduccións de clásicos universais executadas por Ramón María Tenreiro. Tras recoñecer que ignora se este autor escribiu algo en galego, critica o esquecemento ó que se ven sometidos, debido á “ortodoxia idiomática reinante”, os galegos que empregaron o castelán como lingua de creación artística.

Blanco Rodríguez, Luisa, “Cunqueiro no meu recordo”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, 17 xaneiro 1999, p. 2.

Fai unha lembranza de Álvaro Cunqueiro. Sinala cada unha das facetas da súa obra e nelas as cousas que aprendeu do escritor de Mondoñedo. Destaca sobre todo a “imaxinación” da súa narrativa e os efectos fónicos da súa poesía, e cre que deixou un legado enorme para a Galicia de hoxe.

Bragado, Manuel, “A fantasía de Xerais”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 130, “Campo de Granada”, 6 novembro 1999, p. 4.

Descríbense os principais obxectivos que a editorial Xerais tiña en 1979, ano da súa fundación, e sublíñase o seu “proxecto monolingüe” e tódalas súas apostas como os libros de textos, os CD-ROM, os Premios Xerais, etc.

Calo Lourido, Francisco, “Eu teño un referente”, *A Nosa Terra*, nº 908, “Guieiro Cultural”, 11 novembro 1999, p. 31.

Fronte ós que procuran os mitos e referentes do galeguismo nos neboentos tempos dos celtas, Calo Lourido propón ó finado Antón Fraguas como exemplo de universalidade e de amor pola súa terra. Critica a aqueles políticos que se achegaron a Fraguas, como tamén sucedeu con Castelao, nos últimos anos para cubrirse cunha imaxe de galeguismo que está ben arredada da súa ideoloxía real.

Callón, Carlos Manuel, “A homosexualidade da man da cultura literária galega”, *A Nosa Terra*, nº 903, “Guieiro cultural”, 7 outubro 1999, pp. 34-35.

Percorrido histórico pola cultura literaria galega na busca de referencias á homosexualidade, dende a literatura medieval, caracterizada polo invento provenzal do amor romántico, e con algún exemplo referido á homosexualidade como a cantiga *Eu digo mal, com’ome fodimalho*, de Pero da Ponte ou algunhas composicións desaparecidas do xograr Fernando de Escalho. Pasa logo polo século XIX, no que considera que Rosalía de Castro presenta un conflicto erótico en *Follas Novas* (1880), ó nomear “aquilo inomeábel”, e unha das “primeiras vindicacións públicas en Europa da homosexualidade” no prólogo de *El caballero de las botas azules* (1867), seguida doscasos de Eduardo Pondal, Blanco-Amor, Fermín Bouza Brei e Ánxel Fole en relación con esta cuestión, ata chegar a Lois Diéguez, considerado a primeira voz enfrontada ó prexuízo, sobre todo, en *Monólogos do espello* (1993), así como o tratamento da transexualidade que aparece en*A semellanza* (1988), de María Xosé Queizán. Por último, salienta o esforzo do teatro galego nos 90 por aborda-lo tema a través de obras como *Venenos*, de Xesús Pisón; *O regreso*, de Manuel Lourenzo; *Pa*, de Vicente Montoto e *Detritus corazón*, de Xavier Picallo.

Callón Torres, Carlos Manuel, “Vinte anos sen Blanco Amor”, *A Nosa Terra,* nº 911, “Guieiro Cultural”, 2 decembro 1999, p. 30.

Ponse en primeiro plano a condición homosexual de Blanco-Amor e destácase que levou o seu compromiso contra a marxinación por causa do sexo ata os días derradeiros. Considérase que os libros de textos escurecen ou ocultan esta faceta do ourensán, así como a súa adhesión ó nacionalismo.

Calviño, Xulio, “A absoluta sabiduría do texto”, *La Voz de Galicia*, “Homenaxe a Novoneyra”, 1 novembro 1999, p. 82.

Valora en gran medida *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1998), de Novoneyra, para o coñecemento da súa figura. Coida que consegue fixa-la ollada nos elementos míticos do Camiño sen caer en contaminacións relixiosas e opina que o importante, máis que o camiñante, é a Terra. Esta é a que proporciona a identidade e aglutina arredor de si tódolos estadios pasados da vida da comunidade, isto é, a Historia.

Caneiro, Xosé Carlos, “Gritaremos abril, Novoneyra”, *La Voz de Galicia*, “Estado de ánimo”, 31 outubro 1999, p. 18.

Para Caneiro, os versos de Novoneyra son a expresión da Terra, que se identifica co Courel e, por extensión, con Galicia. Pensa que a súa poesía pode ser percibida polos sentidos e que, a pesar da pretendida inutilidade deste xénero, é semente de futuro, de cambio e de liberdade. Canto á perspectiva puramente persoal, valóralle á dignidade e coherencia amosada decote ó longo da súa vida.

Carrio, Xavier, “Castelao, al fin de todos”, *El Correo Gallego*, “Estado de ánimo”, 15 outubro 1999, p. 3.

Alude á conmemoración do cincuentenario da morte de Castelao, tralo acordo suscrito polo Parlamento galego ó aprobar unha proposta da nacionalista Pilar García Negro. A este respecto, cre importante a ocasión para poñer fin ós intentos patrimonializadores da súa obra para convertelo nun símbolo da recuperación da identidade galega.

Carro, Xavier, “Un tremor de luz”, *La Voz de Galicia*, 22 xaneiro 1999, p. 40.

Fala de como coñeceu o poeta Miguel González Garcés, nun acto en Compostela, e da relación posterior que mantivo con el. A seguir, comenta as características principais da obra deste poeta, e loa a editorial Espiral Maior por publicar un libro coa súa obra poética en 1998.

Casares, Carlos, “Heidelberg”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 18 outubro 1999, p. 88.

Con motivo dunha recente visita súa á cidade alemana de Heidelberg, lembra que alí situou unha personaxe feminina de *Deus sentado nun sillón azul* (1995) coa que pretendía homenaxea-las víctimas do nazismo. Ademais, recomenda a visita ó seu castelo e ó Camiño dos Filósofos, “por onde paseaban Shelling, Hëlderlin e o propio Hegel”.

_____, “Escribir”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 25 outubro 1999, p. 88.

Sinala que o domingo anterior conseguiu, a pesar das numerosas chamadas telefónicas de amigos, escribi-las cinco primeiras páxinas dunha novela de amor protagonizada por unha “rapaza nova e bonita, intelixente e de alma grande”.

_____, “Novoneyra”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 31 outubro 1999, p. 96.

Casares homenaxea a Novoneyra lembrando o día en que o coñeceu no faladoiro de Vicente Risco. Conta que este foi quen lle falou por vez primeira de Arcadio López Casanova, do que logo se fixo amigo e que o introduciu nos círculos galeguistas universitarios. Casares pensa que isto foi de importancia capital para converterse en escritor en galego.

Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

_____, “Don Antonio”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 6 novembro 1999, p. 96.

Salienta a bonhomía de Antón Fraguas e relata varias anécdotas que lle sucederon co finado.

_____, “Don Juan”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 9 novembro 1999, p. 96.

Lémbrase o centenario do nacemento de Juan de la Cova y Gómez. Menciónase que moitos literatos e estudiosos galegos escribiron sobre el: Curros, Manuel María, Labarta Pose ou Alonso Montero. Explícase con maior detemento a influencia en Torrente e Valente.

_____, “Escultor”, *La Voz de Galicia*, “Á marxe”, 10 novembro 1999, p. 96.

Narra unha anécdota protagonizada por Juan de la Cova y Gómez que lle vale para lembra-la súa actividade escultórica.

Castro, Francisco, “Círculo”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 13 febreiro 1999, p. 8.

Dá conta, brevemente, da presentación da obra de Suso de Toro *Círculo* (1998), salientando a valentía que ve no autor tanto coa publicación de *Tic-Tac* (1993), como coa presente obra, considerando que este autor escriba novela, ensaio ou artigos xornalísticos sempre fai literatura.

_____, “Libreiros”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 2 marzo1999, p. 10.

Reflexiona sobre o labor dos libros na cultura actual e fai un chamamento para que se lea e tamén para que se compren libros, xa que iso é todo un acto “revolucionario”. Engade, tamén, que o labor dos libreiros é fundamental no desenvolvento da cultura polo que os aplaude grandemente.

_____, “Uxío Novoneyra”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 2 novembro 1999, p. 10.

Amosa a súa tristura polo recente pasamento de Uxío Novoneyra. Respecto á publicación de *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago* (1998), pensa que é un pretexto para falar de moito máis ca do Camiño, pois aponlle a Novoneyra un cosmopolitismo que non se cingue nin ó Courel nin a ningunha outra xeografía.

Conde, Alfredo, “Espidiño diante de vostedes”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 xaneiro 1999, p. 48/p. 4.

Tras anunciar que a súa última obra está a ser vendida bastante “ben”, fai unha autorreflexión sobre por qué escriben os escritores. No comezo di que escribe para ser querido, e pregúntase se un escritor pode “ser querido” polos lectores ou se só é unha pretensión dos mesmos. Tamén afirma que o acto da escritura é coma estar espido diante do lector.

_____, “Abecedario da Desolación”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 febreiro 1999, p. 56/p. 4.

Louva a calidade literaria de Miro Villar e máis en concreto da súa última obra poética *Abecedario da desolación* (1997). Fala do bo tino que teñen en Italia para conceder premios e das boas lecturas que fan ó lle concede-lo premio Tívoli a este escritor da Costa da Morte.

_____, “O silencio cómplice”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 marzo 1999, p. 48/p. 4.

Neste artigo polemiza sobre o feito de que un escritor galego escribise ou gañase un premio cunha obra en castelán. Manifesta a súa alegría ó saber que gañou un premio outro escritor galego que publicou en castelán, e critica fortemente a un crítico literario, que non cita, por dicir que este último era unha persoa descoñecida nos medios literarios españois, non coma Alfredo Conde.

_____, “A sombra de Antón”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 21 abril 1999, p. 48/p. 4.

Artigo de evocación poética do escritor recentemente finado Antón Risco. Lembra os espacios onde van ficar as súas cinzas, como espacios onde vai vivir o home para sempre, como lugares do propio escritor. Tamén reproduce momentos compartidos no Quebec e en Galicia.

_____, “Bonsais humanos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 abril 1999, p. 48/p. 4.

Comenta a publicación dunha “Autopoética” de Xulio L. Valcárcel no *Boletín Galego de Literatura* para se decatar de que é un dos poetas galegos preferidos por el. Isto sérvelle para se preguntar se se debe dicir que os mellores escritores galegos son os que se axustan ó sistema literario galego, é dicir, escriben en galego, ou se se deben valorar pola súa calidade literaria, independentemente da lingua na que escriban.

_____, “Traballos arredor da miña obra”/“Traballos sobre a miña obra”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 maio 1999, p. 80/p. 4.

Faise unha louvanza pública do crítico literario Francisco Martínez Bouzas pola “limpeza” coa que se achega á súa obra para valorala. Afirma tamén que tódolos críticos deberían tomar exemplo, pois este, a pesar de non falar nada ben da súa obra sábese achegar a ela “con rigor” e con vontade necesaria para desbotar moitos tópicos.

_____, “O autor e os seus personaxes”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 maio 1999, p. 56/p. 4.

Fala, entre outras cousas, da relación entre o autor e os seus personaxes, así como da identificación que os lectores fan do escritor cos personaxes que aparecen descritos nas súas obras, concluíndo que “un autor non é ningún dos seus personaxes e éos todos, unhas veces máis, outras menos”.

_____, “O mundo que nos interesa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 xuño 1999, p. 56/p. 4.

Fala das cousas que lle interesan e cita algúns exemplos sempre con nome de libro/s: os libros publicados pola editorial Espiral Maior, pola colección “Medusa” da editorial Sotelo Blanco e polos seus respectivos directores editoriais. Lembra as últimas veces que se encontrou con estes últimos e as ledicias que lle producen as súas novidades editoriais.

_____, “Os camiños da soberanía”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 maio 1999, p. 48/p. 4.

Reflexiona sobre a soberanía de Galicia. Primeiramente di que moitos dos que nun principio non a querían andan agora a cobizar consegui-lo poder das intitucións autonómicas e, a seguir, di que leva feito moito pola soberanía de Galicia a través da súa escrita, pero que é preciso decidir cara a onde se avanza coa soberanía para tirar todos xuntos do mesmo “carro”.

_____, “Recreación da realidade no fantástico mundo da literatura”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 13 xuño 1999, p. 80/p. 4.

Fai referencia á revista *Amencer* publicada polos alumnos do Seminario de Mondoñedo, o que lle produce unha gran satisfacción. Salienta que nas súas páxinas leu palabras do bispo auxiliar compostelán nas que manifesta devoción polas *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas. De seguido relaciona estas palabras co signo cambiante que está a mostrar a realidade galega.

_____, “Tras tempos, tempos veñen”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 xullo 1999, p. 48/p. 4.

Alfredo Conde critica o feito de que a súa obra literaria estea a ser marxinada en Galicia, en tódolos ámbitos e que en cambio sexa traducida a múltiples linguas. Isto sérvelle para se preguntar se non será por qué o están a “ningunear”, cando no estranxeiro a súa obra suscita“interese” e mesmo louvanzas e premios. Ó final di que os tempos irán colocando a cada un no seu lugar.

_____, “A nosa historia de silencios”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 4 xullo 1999, p. 80/p. 4.

Comentario laudatorio da publicación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, *Salayos* (1998), de Manuel Núñez González. Tras facer algúns comentarios biográficos sobre este autor indica que é necesario a publicación de obras coma esta, para que se poidan coñece-los traballos de xente que fixo moito pola cultura galega.

_____, “Vivito y coleando”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 xullo 1999,p. 48/p. 4.

Defende Alfredo Conde a calidade da súa obra literaria, fronte a aquelas persoas que a tacharon de “errática”, e tamén o feito de se deixar de lado o seu labor de creativo por non se sabe qué motivos. Tamén di o porqué do troco de editorial e deixa caer outras preguntas indirectas das que afirma podería contestar.

_____, “Novela e crítica”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 xullo 1999, p. 48/p. 4.

Observa a existencia na crítica literaria galega de “pandilleiros”, etiqueta coa que Borges definía a crítica parisina que dividía a literatura en vangardas e retagardas, esquerdas e dereitas, e que se alineaba en “tribos”, tras ler unha recensión dunha novela no número 9 da *Guía dos libros novos*, coa que discrepa e á que lle asume certa militancia política.

_____, “Algo máis que contos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 14 agosto 1999, p. 48/p. 4.

Cre que actualmente abonda unha literatura “plana” que “se limita á reproducción literaria do seu equivalente televisivo”, os telefilmes, “con gargallada incorporada”, destinada a un público igualmente plano. Pola contra, afirma que vén de ler uns contos que transpiran “boa literatura”, equivalente, na súa opinión, a “algo que parte de creatividade transcendida” que “chega a comunicar verdades” sen necesidade de “colaboracións extraliterarias”. Debido a que son inéditos, anticipa os títulos dos relatos “Mauthausen” e “O candidato” deste libro do que xa lle falara o finado editor Luís Mariño.

_____, “Recordando a Ramón Piñeiro”/“Ramón Piñeiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 agosto 1999, p. 80/p. 4.

Lembra a figura de Ramón Piñeiro e as súas explicacións sobre os valores políticos e os agoiros que vaticinaba para certos pretendidos estadistas que terminaron por se cumprir, a pesar do cal o seu traballo quedará oculto pola parcialidade para a Historia de Galicia.

_____, “Borges e Cunqueiro, eminencias literarias”/“Borges e Cunqueiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 setembro 1999, p. 80/p. 4.

Establece coincidencias entre Borges e Cunqueiro como a “capacidade de fabulación” e un “enorme caudal de cultura”, así como os múltiples intentos de reproduci-la súa escrita por máis dun literato, mais pensa que tal extremo é só posible en contadas ocasións xa que escribir así “tódolos días, non un” foi a causa de se converteren en grandes da literatura e creadores de universos únicos. Por iso, desconfía das imitacións.

_____, “O noso último sabio”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 setembro 1999, p. 56/p. 4.

Afirma que ten ben presente a figura de Filgueira Valverde e reclama o recoñecemento do “que de momento é o noso último sabio” e da súa contribución á cultura galega, pois foi obxecto de todo “xénero de ignominias”.

_____, “Cada un polo seu lado”*, O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 setembro 1999, p. 48/p. 4.

Móstrase esperanzado ante unha posible solución do conflicto normativo do galego tras acudir a un encontro de escritores en Corcubión e constatar que se debateu nun ambiente de diálogo e convivencia por primeira vez en moito tempo sobre o asunto.

_____, “Unha opción, non unha obriga”*, El Correo Gallego*, “Os outros días”, 29 setembro 1999, p. 4.

Continuando coas reflexións sobre a normativa do galego, diferencia entre o que é literatura e o que é puro “convenio” ortográfico, sinalando que o que debe face-lo escritor é “unha gran literatura coa nosa fala” coa normativa que escolla, xa que “o demais ha vir por añadidura e sen que dependa” del.

_____, “Tra-la terra Prometida”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 30 setembro 1999, p. 4.

Para rematar coas sensacións que lle suscitou o encontro de escritores en Corcubión, afirma que é tempo de acadar unha normativa ortográfica sensata, “a que sexa, pero unha soa”, e que “non nos imos pelexar” por un *ñ* ou un *nh*. Así mesmo, conclúe que os escritores galegos andan máis tras dunha “Terra Presentida” ca dunha “Terra Prometida”.

_____, “Coñecer libros”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 outubro 1999, p. 4.

Diferencia entre saber e coñecer libros e literatura, dúas actitudes que tamén se dan entre os escritores: os ilustrados que o saben todo sobre a vida sen saír do seu círculo e aqueles que “viven con intensidade” a vida, que son os que prefire, os que viviron o que contan, sexa autobiográfico ou non. Remata afirmando que cando os rapaces lean máis libros en vez de saber moito sobre literatura as cousas irán mellor.

_____, “A vida nos libros”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 outubro 1999, p. 4.

Pensa que na actualidade só se editan libros e non autores porque “non hai permanencia”, pois substitúense con moita celeridade no mercado. Ademais, di que coa chegada do outono, vanse amoreando as lecturas como lle ocorre a el: un número de *Grial* dedicado á fotografía; *A Costa da Morte. Un Litoral Insólito* (1999), de Estro Montaña; a traducción de Laiovento de *O poetaasasinado* (1999), de Apollinaire e *¿Latinoamérica o Hispanoamerica?*, de Emilio Durán Cornejo, que relaciona con *Viaxe irreversible á Patagonia*, de Abuín de Tembra.

_____, “Devanceiros”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 outubro 1999, p. 4.

A partir dunha conversa que mantivo con Luz Pozo Garza, lembra a figura dun antepasado de ambos, Don Vicente María Feijoo-Montenegro, autor de poesía en galego, da que transcribe algúns versos da obra *A boa memoria de Azara* e á que fai referencia Carballo Calero na *Historia da literatura galega contemporánea* (1975). Tamén lembra a súa intervención como médico no proceso do home lobo Blanco Romasanta, literaturizado por autores como Martínez Barbeito, no que dá boa mostra do seu talante liberal.

_____, “Lectores”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 outubro 1999, p. 4.

Pensa que as exiguas cifras de lectores dos suplementos de libros dos xornais denotan o recoñecemento social destas seccións, ó se manter a pesar de todo, e o feito de estaren dirixidos a unha elite. Pero, a seguir, pregúntase se non será certo que isto se deba a unha “complicidade establecida entre xentes que traballan coas palabras”, entendendo que recoñecela realidade sería máis duro.

_____, “Trampas literarias”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 21 outubro 1999, p. 4.

Tras comentar que o feito de que traducise ó galego unha obra de Gonzalo Torrente Ballester só pode ser entendido como un acto de amizade, declara o seu afecto por tódolos que verteron a súa obra a outras linguas, entre os que se atopan Giuseppe Tavani, Roy Ch. Boland, Elena Zernova… Na segunda parte do artigo, arremete contra aqueles que optan por ler versións resumidas das obras literarias no lugar dos orixinais.

_____, “Fast food literaria”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 outubro 1999, p. 4.

Tras comproba-lo gusto actual por acceder ós monumentos literarios da maneira máis rápida posible, por exemplo valéndose de versións resumidas, conclúe que os que gozan das mellores cousas sempre son unha minoría. Para chegar a isto, válese dunha metáfora gastronómica.

_____, “Terra liberada”, *El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 novembro 1999, p. 4.

Dóese polo pasamento de Uxío Novoneyra, a quen identifica tanto co Courel coma con Compostela. Declara que de hoxe en diante xa forma parte do noso patrimonio colectivo.

Contreras Orero, G. Viriato, “Otero Pedrayo: Un antes y un después”, *La Región*, “De paso”, 2 xuño 1999, p. 20.

En ton laudatorio fai un percorrido pola andaina creativa de Ramón Otero Pedrayo, dende os seus anos mozos ata o seu falecemento. Salienta tamén a súa tarefa como profesor da Universidade de Santiago de Compostela e o seu labor de incitador na recuperación da cultura galega.

Cordeiro Rodríguez, Luís, “Noriega Varela e Paco Maañón”, *El Progreso*, 29 novembro 1999, p. 67.

Dá conta de que acaba de chegar ás súas mans o exemplar da cuarta edición aumentada de*D´o ermo* que Noriega Varela regalou a Francisco Maañón Couto. Informa de que ese volume incorporaba correccións manuscritas de Noriega que non foron incluídas en edicións posteriores. Tamén recollía algunhas correccións de erros, que transcribe neste artigo. Por outra parte, nota un posible erro na Biblioteca Básica da Cultura Galega xa que a edición de *D´o ermo* (1982), afirma basearse na sexta edición, que dataría dun ano antes da morte do autor, cando a cuarta saíu do prelo só uns meses antes do luctuoso suceso.

Costa Clavell, X., “Luís Seoane”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 16 xaneiro 1999, p. 4.

Con motivo de se cumpriren vinte anos do pasamento de Luís Seoane, preséntase a necesidade de renderlle unha homenaxe. Para iso fai un breve resumo da súa biografía e bibliografía así como das obras que se teñen publicado sobre este artista, tanto de carácter literario coma pictórico.

_____, “Celso Emilio Ferreiro”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 29 xaneiro 1999, p. 3.

Refírese a algúns aspectos da obra de Celso Emilio Ferreiro, do que se considerou afortunado amigo, ó tempo que fala da súa biografía. Sinala, asemade, algunhas andanzas co escritor de Celanova que lle viñeron demostrar aínda máis a súa valía poética. Tamén fala da calidade da súa obra e sobre todo de *Longa noite de pedra* (1962).

_____, “O eco dun mesmo”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 8 maio 1999, p. 4.

Reflexiona sobre a morte e para iso apóiase en poemas de Antón Tovar e de Fiz Vergara Vilariño,no que ve reflectido ese sentimento. Ó final, considera a vida como “a efémera paréntese que vai do nacemento á morte”.

_____, “Luis Mariño, aquel amigo...”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 3 xuño 1999, p. 3

Co gallo do pasamento de Luís Mariño, manifesta o profundo aprecio que sentía por el, ademais de louva-la ampla cultura e bo siso que caracterizaba a este persoeiro compostelán. Salienta que Luís Mariño sempre estivo vinculado ás artes e ás letras, non só durante a época na que dirixiu Edicións Xerais de Galicia, senón tamén cando dende *O Correo Galego*, publicaba artigos sobre acontecementos actuais.

_____, “Celestino Fernández de la Vega”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 11 xuño 1999, p. 4.

Defende a proxección pública do escritor Celestino Fernández de la Vega e do seu libro *Do segredo do humor* (1963). Opina que a un escritor destas características deberíaselle dedicar un Día das Letras Galegas, e non a outros que considera “de segunda categoría”. Tamén comenta a frustrada traducción desta obra ó catalán pola “creba” da empresa.

_____, “Manolo Rivas”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 3 outubro 1999, p. 2.

Sae en defensa de Manuel Rivas, ó que define como excelente narrador, poeta e xornalista, xa que considera inxustificadas as críticas que recibe. Cre que “en Galicia non se perdoa oficialmente que un escritor novo teña sona e gañe diñeiro” e estima que o seu traballo nun xornal madrileño é un mérito pois o rotativo en cuestión reune “ao mellor do xornalismo actual”.

_____, “Alberti e Novoneyra”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 5 decembro 1999, p. 3.

Lembranza conxunta de dous poetas recentemente finados: Rafael Alberti e Uxío Novoneyra. Sitúa o segundo, xunto con Ferrín, como o mellor lírico en galego dos últimos cincuenta anos. Resalta a súa identificación co seu país na obra *Os eidos* (1955) e cos oprimidos en *Vietnam canto* (1969). Remata cuns versos na honra de Novoneyra, pertencentes a un poemario inédito.

_____, “Poetas galegos”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 28 decembro 1999, p. 3.

Láiase de que, nun artigo publicado uns días antes ca este sobre a poesía galega da segunda metade do século XX, esqueceu citar moitos autores de incuestionable calidade. Agora emenda o seu erro cunha nova lista na que, nembargantes, recoñece que faltan aínda moitos. Coida que a lírica galega deste período está cando menos á altura da española e da catalana.

Daviña, Luís, “Isidro Conde, na lembranza”, *O Correo Galego*, “In Memorian”, 1 agosto 1999, p. 2.

O recente pasamento de Isidro Conde motiva esta lembranza na que o autor destaca “a súa dupla e aparentemente paradoxal condición de banqueiro e poeta”. Así, recolle algún dos seus títulos en castelán e sinala a presencia da morte na súa obra, tema que se acentúa coa enfermidade e que coincide cun maior uso do galego. Para rematar, e como exemplo, transcribe “unha nenia para el” da súa derradeira obra, *Viaxe cara á morte* (1997).

Díaz Pardo, Isaac, “Galiza, crónica dun destino”, *La Voz de Galicia*, “Inconformismo no fin de século”, 25 outubro 1999, p. 14.

Recorda como Castelao escribiu o seu quizais máis sonado discurso, a “Alba de gloria”, no Día de Galicia de 1947 en Marsella. A seguir, critica a traslación dos seus restos mortais dende o cemiterio de Chacarita a Santiago. Afirma que se debeu á ansia das autoridades do momento por cubrírense co prestixio do rianxeiro e “secuestrar o seu significado”, aproveitándose para isto da boa vontade dos dirixentes do Centro Gallego.

_____, “San Antón”/“San Antón Fraguas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 6 novembro 1999, p. 32/ p. 71.

Resáltase o respecto xeral que a figura de Antón Fraguas inspiraba e o seu amor por Galicia, a causa do cal sufriu maltratos. Lémbrase tamén a súa participación no Partido Galeguista, no Seminario de Estudos Galegos e no Museo do Pobo Galego.

Docampo, Xabier P., “Os 113 anos de Castelao”, *El Mundo. Galicia*, “Zoom”, 30 xaneiro 1999, p. 2.

Co motivo de cumprírense cento trece anos do nacemento de Castelao lémbrase o seu labor realizado por Galicia, pola súa cultura e polo benestar das súas xentes. Así mesmo, critícase abertamente que políticos galegos louven a Castelao e se aproveiten da súa figura cando están a facer xustamente o contrario ó que el predicou.

_____, “Novoneyra”, *El Mundo. Galicia*, “Hoy Sábado”, 6 novembro 1999, p. 2.

Expresa o desexo de que os versos de Novoneyra sigan ecoando por toda a eternidade. Destaca a identificación do finado coa Terra e a vixencia da súa obra, e bota en falta nos poetas actuais un compromiso co país como o que el tiña.

Domínguez Alberte, Xoán C., “No aniversario de Manuel Luis Acuña”, *O Sil*, nº 40/*La Voz de Galicia*, “Buzón del lector”, outubro 1999/3 outubro 1999, p. 62/p. 46.

Anuncia para o ano vindeiro o centésimo aniversario do nacemento de Manuel Luís Acuña. Rescata os seus datos biográficos máis importantes, especialmente os relativos ó período anterior á guerra, a cal provocou a súa depuración e silenciamento. Tamén dá conta do seu labor xornalístico e político así como do literario, centrándose no seu poema “Romance da miniña do cego”, premiado en Ourense, e no poemario *Fírgoas* (1933). Dende o punto de vista taxonómico, insíreo dentro do movemento das vangardas.

Dourado Deira, M., “O Ramón Piñeiro: algunhas respostas (e II)”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 2 xaneiro 1999, p. 2.

Fai referencia á súa visita ó Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades na que ficou sorprendido gratamente coa publicación e desenvolvemento de moitos dos proxectos que nesta institución se levan a cabo. A seguir, critica que moitos dos traballos que se estean a facer neste corpo busquen “baleirar de contido o ILG”, facendo un chamamento ó acordo no traballo, porque mentres a lingua “esmorece”.

_____, “Rianxo, os Castelao e o ‘bienio máxico”, *El Correo Galego*, “Barbarousa”, 12 xaneiro 1999, p. 42.

Inicialmente descúlpase por non poder asistir como conferenciante a unhas xornadas que se celebraron en Rianxo para estudia-lo pensamento de Castelao. Ademais, sinala que o ano 2000 debería se-lo ano de Rianxo por se conmemorar aniversarios das súas máis senlleiras figuras. Finalmente, sinala que está a traballar nun libro de conversas con Teresa Castelao, a irmá do finado intelectual rianxeiro.

_____, “No 49º aniversario de Castelao: separatistas e separadores (II)”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 23 xaneiro 1999, p. 3.

Menciona as diferentes reaccións que atopa cando fala de Castelao con algúns membros do PP. Di que lle parece algo reduccionista opinar sobre un persoeiro tan sobresaliente sen ter lido nada del. Por iso recolle un texto de Castelao no que nega ser separatista, agás cando fala cos “separadores”.

_____, “Fin de semana con R. Dieste e ‘adoración nocturna”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 26 xaneiro 1999, p. 39.

Dá conta da realización dunhas xornadas en Rianxo na honra de Rafael Dieste. Alén de falar das persoas que participaron no acto, centra os seus comentarios en salienta-las características do teatro deste autor rianxeiro. Finalmente, sinala o grande ambiente cultural que existía no Rianxo da época do Grupo Nós.

_____, “De Castelao a Rafael Dieste: ¿só palabras?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 30 xaneiro 1999, p. 3.

Fala da necesidade de que as administracións se fagan cargo dos bens materiais (casas, bibliotecas e outros legados) dos tres máis relevantes persoeiros de Rianxo: Castelao, Dieste e Manuel Antonio. A seguir, reclama o remate da publicación das *Obras Completas* de Rafael Dieste, das que, segundo di, aínda faltan tres tomos.

_____, “Rianxo rende homenaxe a dous dos seus fillos ilustres”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 2 febreiro 1999, p. 40.

Alude á homenaxe da Vila de Rianxo ós seus máis destacados “fillos ilustres”, Castelao, Dieste e Manuel Antonio, por parte das administracións e tamén asociacións coma a Fundación Castelao. Malia a todo, pregúntase por qué non estivo presente o pobo de Rianxo, e refírese ó que fixo Castelao polo ben de Galicia.

_____, “Homenaxe a don Antonio Santamarina Becerra”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 6 febreiro 1999, p. 3.

Expresa a súa adhesión á homenaxe que a revista *Guieiros* lle rende no seu número 5 a Antón Santamarina Becerra. Achega algúns datos biográficos deste mestre salientando que a súa actividade non se reduciu ós límites do académico senón que fomentou diversas actividades nos seus alumnos, entre as que se citan as recolleitas de lendas, contos, adiviñas e refráns.

_____, “Rianxo: xornadas sobre Rafael Dieste”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 9 febreiro 1999, p. 41.

Faise eco das Xornadas sobre Rafael Dieste que se celebraron en Rianxo. Rapasa a nómina de colaboradores e fai un sintético comentario sobre o que dixeron cada un deles, facendo fincapé na falla de tempo para profundar nuns temas que poderían achegar moito máis.

_____, “Dieste: o exilio como dislocación extrahistórica”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 13 febreiro 1999, p. 3.

Segue a falar das Xornadas sobre Rafael Dieste que se celebraron en Rianxo. Céntrase na personalidade de Dieste dende dous puntos de vista: “o seu talante aberto e dialogante” e “o exilio como dislocación extrahistórica”. Alén disto, reclama un maior número de horas para celebrar estes encontros sen présa.

_____, “A taumaturxia de Maruxa Villanueva”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 27 febreiro 1999, p. 3.

Artigo escrito ó xeito de carta na que o autor fala directamente con Maruxa Villanueva. Inicialmente, asegúralle que se sente sorprendido por convocar tanta xente no día en que se lle ía dedicar unha rúa, e despois agradécelle o traballo que fixo por Galicia.

_____, “Padrón: dúas fraternalísimas fillas ilustres”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 2 marzo 1999, p. 38.

Afirma sentirse compracido polo feito de que a vila de Padrón honre as dúas fillas ilustres: Rosalía de Castro e Maruxa Villanueva. Refírese, especialmente, a esta última con motivo do seu recente pasamento e salienta que lle dedicaron unha rúa hai pouco tempo.

_____, “Rosalía, protagonista do “exilio interior”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 27 marzo 1999, p. 3.

Refírese á celebración dun Congreso en Santiago de Compostela sobre os escritores do exilio, titulado “Sesenta anos despois”. Céntrase na conferencia ofrecida polo profesor Alonso Montero que, segundo di, falou do “exilio exterior”. Este tema válelle para artellar todo o artigo arredor dos posicionamentos que se tiveron que tomar sobre Rosalía durante o franquismo.

_____, “Recordando a Maruxa Villanueva en...¡Zaragoza!”, *O Correo Galego,* “Ardentía”, 1 maio 1999, p. 3.

Fai referencia a unha cinta de vídeo que recibiu dende Zaragoza e que ten a Rosalía de Castro como principal protagonista. Di que este recital poético celebrado en Zaragoza contou co apoio de Andrés Pociña e Aurora López, entre outros. Remata louvando o labor feito por Maruxa Villanueva para a que pide a creación dun “micro-museo”.

_____, “Retrato dun ‘Santo varón”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 8 maio 1999, p. 3.

Cunha anécdota persoal ocorrida ó escritor deste artigo con Antonio Fraguas, artella unha louvanza a este senlleiro personaxe. A seguir, céntrase na biografía escrita por Clodio González Pérez e no cadro que lle pintou María Xesús Reboredo. Finalmente, destaca os sentimentos de “bondade e xustiza” que, segundo di, impregnan a figura de Antonio Fraguas.

_____, “¿Que vai se-lo Centro de Estudios Rosalianos?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 26 xullo 1999, p. 3.

Pregúntase polas motivacións que van move-lo “Centro de Estudios Rosalianos”, unha vez inaugurado o 15 de xullo ó abeiro da Fundación Rosalía de Castro que preside Sixto Seco, aínda que a súa posta en marcha se atrasará un ano. A continuación, recolle as palabras do seu director, Xesús Alonso Montero, nas que indica que se estudiará o rosalianismo, ó que vén servindo a Fundación dende 1947 gracias ó labor de Xosé Mosquera Pérez, Camilo Agrasar e Maruxa Villanueva.

_____, “Pontevedra, a boa vila de Bóveda, Castelao...”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 21 agosto 1999, p. 3.

Co gallo do “Día da Galicia Mártir”, destaca as celebracións que tiveron lugar en Pontevedra na memoria de Alexandre Bóveda, de quen admira a súa espiritualidade cristiá, por contar por primeira vez co apoio institucional do Concello. A seguir, salienta a “naturalidade” dos actos e transcribe as palabras de Xosé L. Bóveda nas que pide a reparación da figura do seu pai por parte da Deputación. Finalmente, considera especialmente emotivo o acto celebrado nun Teatro Principal abarrotado e os versos cos que Manuel María pechou o recital de homenaxe.

_____, “O grupo Nós e a autoconsciencia de Galicia”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 27 setembro 1999, p. 4.

A raíz do “VIIIº Congreso de Antropoloxía” celebrado en Compostela dedicado este ano ó Grupo Nós, enumera os méritos que os diferentes membros do Grupo realizaron en favor da recuperación da consciencia de Galicia e que tiveron como o maior logro o Estatuto de 1936. Seguidamente, remítese ás palabras de Fernández del Riego na conferencia inaugural e á exposición celebrada en Rianxo baixo o título “O Movemento Autonomista Galego encol do Plebiscito do 1936”, do que destaca os carteis orixinais de Castelao, Díaz Baliño, Maside ou Seoane a prol do Estatuto e o folleto explicativo da historia de Galicia que enumera os principais momentos do autonomismo galego.

_____, “Rianxo 2000: patrio altar de Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 5 outubro 1999, p. 45.

Faise eco das primeiras celebracións acordadas en Rianxo para conmemora-lo cincuentenario da morte de Castelao e o centenario do nacemento de Manuel Antonio no ano 2000. Así, dá conta da organización do “IIº Congreso de Poesía Galega”, entre o 8 e o 10 de setembro de 2000, auspiciado polos Concellos de Vilagarcía e Rianxo, e dirixido por Gonzalo Bouza Brey e polo Consello Literario Asesor da “Tertulia Rianxeira”, que está pensando tamén na convocatoria do Premio de Poesía “Manuel Antonio”.

_____, “Castelao vive porque Rianxo existe”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 23 outubro 1999, p. 2.

Opínase que a conmemoración do cincuentenario da morte de Castelao non pode recaer no Concello de Rianxo. Xa que logo, tras ve-la visita de conselleiros e directores xerais á vila arousá sen compromisos serios firmes, solicita da administración que se implique profundamente na efeméride.

_____, “De Castelao ó espectáculo da Barbanza municipal”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 26 outubro 1999, p. 45.

Reivindica que os actos do quincuaxésimo cabodano do pasamento de Daniel Castelao non queden en superficialidades sen contido. Observa que se necesita que a Xunta inxecte fondos para a creación en Rianxo do Museo Castelao e para a mellora das infraestructuras culturais. Así mesmo, expresa o seu desexo de que no ano 2000 non se esqueza a figura de Manuel Antonio.

_____, “Castelao, Fraguas e Maruxa: Agarimos de eternidade”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 9 novembro 1999, p. 51.

Reflexiona sobre a desaparición de Maruxa Villanueva e Antón Fraguas, e dá unha explicación teolóxica sobre a transcendencia *post-mortem*. Ademais lembra un relatorio pronunciado por Fraguas en 1979 no instituto Alfonso R. Castelao sobre o autor homónimo.

_____, “Homenaxe no cabodano de Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 30 novembro 1999, p. 51.

Dá conta dos actos celebrados en Padrón en homenaxe a Maruxa Villanueva facendo fincapé na emocionante misa oficiada polo Padre Isorna. Tamén salienta a participación do matrimonio Pociña, no que Andrés lembrou as pasaxes biográficas máis importantes e Aurora cantou diversos poemas.

_____, “Iº Seminario Internacional de Traducción”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 14 decembro 1999, p. 48.

Alude á celebración en Rianxo do Iº Seminario Internacional de Traducción, organizado pola Asociación de Amigos da Universidade Libre Iberoamericana en Galicia, a cal ten como obxectivo traducir obras do galego e portugués (entendidos coma un conxunto) ó castelán e viceversa, así como destes dous a terceiros idiomas. Sobrancea a dificultade deste traballo, cualificado de creativo, e sinala a súa necesidade para as relacións interculturais nun mundo dominado pola informática. Para rematar, nomea moitos dos participantes no seminario, entre eles Miguel Anxo Fernán-Vello ou Helena Villar Janeiro.

_____, “A traducción como diálogo entre culturas”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 18 decembro 1999, p. 2.

Despois dunha introducción na que Dourado afirma a independencia cultural de Galicia, este artigo repite, case literalmente, o publicado catro días antes por *El Correo Gallego* na sección “Barbarousa” respecto do Iº Seminario Internacional de Traducción.

Espiña, Manuel, “As campás de Noveyra”, *La Voz de Galicia*, “Outeiro de San Xusto”, 21 novembro 1999, p. 18.

O crego Manuel Espiña láiase de que o enterro de Uxío Novoneyra evitase calquera rito ou liturxia cristiá. Coida que iso se debeu a que a Igrexa galega vive totalmente de costas ó país e declara que galeguismo e cristianismo poden e deben atoparse e camiñar da man. Non obstante, pon a Novoneyra como exemplo de compromiso coa redención nacional.

Ezequiel, “Juan Naya y Rosalía de Castro”, *El Ideal Gallego*, “Gente y noticia”, 5 maio 1999, p. 27.

Nestas liñas lóase a figura de Juan Naya Pérez a raíz da presentación do libro *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro* (1998). Dise que é unha obra editada pola Deputación da Coruña, e que conta cun prólogo de Elisardo López Varela e ilustracións de Ovidio Murguía. Tamén apunta que Juan Naya fora Bibliotecario da Real Academia e Cronista Oficial desta cidade. No libro recolle catro traballos sobre Rosalía de Castro e Manuel Murguía.

_____, “El Foro Atlántico y otros lópeces”, *El Ideal Gallego*, “Gente y noticia”, 28 outubro 1999, p. 22.

Dentro dun artigo dedicado ó IVº Foro Atlántico de Arte Contemporánea, comenta que, dentro do traballo de documentación da súa próxima novela, Manuel Rivas trasladou a súa residencia familiar a Londres co fin de compilar información sobre a emigración, nomeadamente sobre a galega dos anos sesenta. Colócao xa entre o mellor da literatura española da posguerra e agóiralle para o futuro próximo un lugar de privilexio entre os literatos europeos e mundiais. Remata facendo especial mención da súa orixe herculina.

_____, “De Someso a Castelao”, *El Ideal Gallego*, “Gente y noticia”, 16 novembro 1999, p. 16.

Anuncia, entre outras cousas, a próxima celebración do simposio Castelao na Galiza do século XX, organizado pola Universidade coruñesa e a AS-PG. Comenta brevemente a composición dos comités organizador e científico e do grupo de relatores e conferenciantes, destacando a valía de todos eles. Remata garantíndolle un grande éxito de público.

_____, “De Maruxa a Manolito”, *El Ideal Gallego*, “Gente y noticia”, 28 decembro 1999, p. 15.

Aproveitando un encontro con Maruxa Olavide Verdía nunha cafetería herculina, Ezequiel gaba o labor literario desta autora. Sinala que os xornalistas Enrique de Arce e Chus Monteserín, e os profesores María Teresa Rodríguez Taboada e Carmen Blanco xulgan tamén favorablemente a súa obra. Empraza á Deputación da Coruña e, persoalmente, a Torres Colomer e Erias Rey, presidente e vicepresidente da devandita institución, a publicar algunha das obras que esta literata ten aínda inéditas.

Fernán-Vello, M. A., “Poesía en acción”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 28 xaneiro 1999, p. 4.

Reflexiona sobre o concepto de poesía, o papel do lector e o do oínte de poemas. Logo, aborda a aparición no panorama literario galego de espectáculos do que el denomina “poesía en acción” nos que se combina o teatro coa lírica. Dá conta dalgúns dos poetas participantes no espectáculo como Lino Braxe ou Ana Romaní.

_____, “Letras galegas fóra”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 18 febreiro 1999, p. 3.

Reivindica a proxección inmmediata, fóra de Galicia, da literatura galega. Salienta Portugal como o primeiro país co que se debería colaborar, separado de Galicia por pequenas cuestións de normativa gráfica, e, máis tarde, Europa, coa necesaria creación de institutos de cultura galega e a traducción dos clásicos e contemporáneos galegos ás distintas linguas.

_____, “Poesía pública”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 5 agosto 1999, p. 3.

Dá conta da importancia da poesía no mundo e destaca o lugar sobranceiro que tivo o xénero poético dentro dos actos literarios celebrados na Feira do Libro da Coruña.

_____, “A Coruña e os libros”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 12 agosto 1999, p. 3.

Comeza afirmando que A Coruña “é a cidade de Galiza onde o libro galego ten máis aceptación” e despois pasa a enumerar tódolos poetas e autores que participaron na vixésimo oitava edición da Feira do Libro da Coruña.

_____, “Galeuzca en Morella”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 4 novembro 1999, p. 3.

Informa da XIXª edición de Galeuzka que se celebra en Morella. Sintetiza a temática prevista na edición e ten unhas palabras de lembranza para Uxío Novoneyra, para o que agarda “especial homenaxe” por parte dos escritores asistentes a esta xuntanza.

_____, “Sen Uxío Novoneyra”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 11 novembro 1999, p. 3.

Recoñece Fernán-Vello o privilexio que supuxo ter amizade con Uxío Novoneyra, e caracteriza o autor do Courel pola “nobreza e elegancia”, así como pola súa entrega continua á reflexión poética que o levaban a unha “extrema percepción estética da realidade coa asunción dun compromiso político”, compromiso que se vía reflectido na súa solidariedade cos máis humildes. Segundo di, Novoneyra era un gran coñecedor da palabra e do concepto e, consecuentemente, “dos dramas e das verdades da existencia”. Finalmente, refírese á orfandade na que queda a poesía galega e a poesía universal co pasamento do autor de *Os Eidos*.

_____, “Rianxo, capital da traducción”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 16 decembro 1999, p. 3.

Alude á celebración en Rianxo do Iº Seminario Internacional de Traducción, que ten como obxectivo fomenta-la traducción de obras galegas, portuguesas e españolas entre si e a outras linguas, co fin de afondar nas relacións culturais entre estas comunidades. Nembargantes comenta que xa existe a previsión de amplia-lo elenco de linguas ó catalán e ó vasco. Dá conta, así mesmo, dos autores dos que se ocupou este primeiro seminario: Lorenzo Baleirón, CuñaNovás, Avilés de Taramancos, Ángel Valente, Casimiro de Brito e Régis Bonvicino.

_____, “Marinhas del Valle na lembranza”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 30 decembro 1999, p. 2.

Con motivo da morte de Jenaro Marinhas del Valle, lémbrasenos que tivo a oportunidade de ver ou trata-las grandes figuras do galeguismo, como Pondal, Tettamency, Manuel Lugrís ou Murguía. Dise tamén que foi membro da Academia e que cultivou as letras dende diferentes xéneros: tanto a poesía, a narrativa, o ensaio e o teatro. Remátase solicitando á urbe herculina que lle dea a homenaxe que merece.

Fernández del Riego, Francisco, “Pescuda das nosas vellas raíces”, *La Voz de* Galicia, “*Culturas”*, nº 59, 5 xaneiro 1999, p. 5.

Partindo da necesidade de conserva-los vestixios antigos que cada pobo teña de seu, Fco. Fernández del Riego remóntase ó Grupo Nós como pioneiros na investigación etnográfica, xeográfica e arqueolóxica do saber científico en Galicia. Neste sentido, acode á figura de Florentino Cuevillas, arqueólogo autodidacta que abriu o camiño do coñecemento da prehistoria galega apoiándose na lectura e na experiencia de campo.

_____,“Soños e maxias de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 60, 12 xaneiro 1999, p. 12.

A propósito dunha parada na cidade de Mondoñedo, Del Riego glosa, baixo a súa miradaparticular, o mundo literario de Álvaro Cunqueiro. Sobre o escritor mindoniense afirma que lle gustaba “camiñar cun pé suspenso no vó da imaxinación. E o outro apoiado no chan sólido de mesóns, cociñas e tabernas”, e que “García-Viñó dixo que Cunqueiro, como Pöe, tiña fe nos soños como única realidade”. Finalmente, di que “Cunqueiro fundiu o que soñaba co que soñaron outros. Polo mesmo que fundiu a historia coa lenda”.

_____, “En Bonaval, Castelao na memoria”, *La Voz de Galicia,* “*Culturas*”, nº 66, 23 febreiro 1999, p. 5.

Diríxese a Daniel R. Castelao para enxalza-la súa vida e obra ó servicio das xentes humildes de Galicia, considerando que a través da súa obra a “alma galega descubriuse a si mesma, con nidia pureza esencial”. Salienta tamén a dimensión humana do rianxeiro e cualifica a súa obra como “unha cantiga onde se laiaba e ría o corazón do pobo”.

_____, “Galicia na voz de Cabanillas”, *La Voz de Galicia,* “*Culturas*”, nº 67, 2 marzo 1999, p. 7.

Ensaia aquí unha caracterización do poeta Ramón Cabanillas, do que di, entre outras cousas, que “foi o gran lírico da tenrura e da saudade, o gran lírico do sentimento da Terra”, ademais de indicar que a súa mensaxe saíu da raíces da Galicia máis auténtica, e que “o seu verbo poético non se dirixiu á intelixencia, senón ao ser enteiro”. Remata afirmando que Cabanillas fora un poeta moi vinculado ós valores humanos e que nas súas poesías soubo capta-lo latexar tanto da serra coma da beiramar.

_____, “Realidade e literatura”, *La Voz de Galicia,* “*Culturas*”, nº 68, 9 marzo 1999, p. 6.

Fai un discurso sobre a idea da literatura social como reflexo da sociedade fronte á literatura política como instrumento panfletario. Medita, neste sentido, sobre a relación entre literatura e sociedade, da que di que nunca pode ser de equivalencia. Apunta, ademais, que os escritores galegos da segunda e terceira década do século XX inauguraron unha literatura galega moderna, enraizada nas esencias do seu pobo, tradición que para Del Riego segue viva.

_____, “O galeguismo de Murguía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 82, 15 xuño 1999, p. 2.

Sobre a figura de Manuel Murguía, valora a atención que se lle está a prestar neste momento e eloxia o seu labor de historiador e de defensor da lingua galega. Pensa que a obra de Murguía ten valor de seu e non só polo feito de ser a dun precursor. Destaca desta o discurso de Tui, pronunciado o 24 de xuño de 1891 nos Xogos Florais da localidade pontevedresa.

_____, “Conversa e estilo dun escritor”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 81, 8 xuño 1999, p. 5.

Di a propósito das súas charlas con Eduardo Blanco Amor que “tiña conversa natural, inesgotable”, ademais de subliña-la súa preocupación por calquera tema, a perspicacia e a firmeza do seu pensamento. Para Del Riego, Blanco Amor estaba lonxe dos escritores “encastelados nas propias soberbias literarias”, e, moi ó contrario, considérao un autor denso pola condición caritativa do seu carácter. Da obra escrita que non pertence á ficción, Del Riego di que era “dunha pluma moi persoal, de punta barroca e mango romántico”. Engade, ademais, que posuía unha “certa facilidade de fascinación” e seducía coa retórica. Para rematar, salienta no estilo do escritor ourensán a combinación de formas populares e léxico culto.

_____, “Os inicios literarios de Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 89, 3 agosto 1999, p. 5.

Ofrece unha serie de notas e comentarios sobre a primeira época de Rafael Dieste indicando os xornais nos que comezou a colaborar e a súa relación cos tamén rianxeiros Manuel Antonio e Castelao, así como cos ourensáns Vicente Risco e Otero Pedrayo.

_____, “Sobre a Real Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, 14 novembro 1999, p. 18.

O presidente da Real Academia Galega responde á pregunta de dous estudiantes galegos en Madrid sobre o nacemento da Academia e o labor que esta realiza na actualidade. Con respecto á primeira cuestión, Fernández del Riego relaciona a creación desta institución coas sociedades, liceos e ateneos que poboaron o noso país no século XIX e destaca o carácter pioneiro de Murguía á hora de demandar “un organismo que abranguese o ámbito enteiro da cultura autóctona. Despois de salienta-lo papel desempeñado polos emigrantes galegos e de describilos primeiros pasos da institución, fai un percorrido pola súa historia, deténdose nos membros da “Xeración Nós” que “non levaron á Academia o espírito revitalizador que acreditaron na súa obra individual e xeracional”. Considera que esta institución comezou a cumpri-la súa función coa chegada da “Xeración Galaxia”. Para rematar, enumera os traballos publicados nos últimos tempos, os seminarios creados e os proxectos de cara ó futuro.

_____, “A fala literaria é a popular”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 110, 28 decembro 1999, p. 5.

O presidente da Real Academia Galega constata a difusión que está a acada-lo galego e maila súa literatura. Non obstante, oponse a que a lingua literaria sexa un simple trasvase da do vulgo. Xa que logo, defende o dereito do escritor a inventar léxico posto que contribúe ó arrequentamente do noso idioma. Explica todo isto facendo continuas referencias á historia da lingua e literatura españolas.

_____, “As xentes da diáspora”, *O Correo Galego*, *“Culturas”*, nº 107, 7 decembro 1999, p. 5.

Comeza salientando o sentimento de saudade dos emigrados ou exiliados e o seu importante labor de axuda tanto a nivel cultural coma económico. Centrado no primeiro, recóllense moitos dos nomes máis sobranceiros da historia da cultura galega no exilio e na diáspora, así como os lugares dende os que traballaban, entre eles Luís Tobío, Ernesto Guerra da Cal, Curros Enríquez, Lugrís Freire, Blanco Amor ou Laxeiro e moitos dos homes do Grupo Nós como Castelao ou Dieste.

Fraguas Fraguas, Antón, “Lembranzas da saudade e da tristeza”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 xaneiro 1999, p. XXIV.

Con versos de Cabanillas, Rosalía e Teixeira de Pascoaes, Antón Fraguas fai un repaso polo sentimento da saudade da terra na literatura galega. Conta tamén a anécdota do encontro de Teixeira de Pascoaes e Castelao en Lisboa, por intercesión de Ramón Martínez López.

_____, “Un novo libro de Tosar”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 febreiro 1999, p. XXIV.

Antón Fraguas recolle algúns nomes que aparecen no libro do poeta Luís González Tosar*Estación marítima* (1996), no que aparecen galegos da emigración que gardan papeis de Castelao, outros que, lonxe de Galicia, reuniron e ordenaron amplas bibliotecas galegas, etc. Fraguas reproduce, tamén, dous poemas longos de Tosar.

_____, “Luis Porteiro Garea e o seu tempo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 febreiro 1999, p. XXIV.

Achegamento á figura de Luís Porteiro Garea, intelectual galego relacionado cos homes do galeguismo, recuperado nun traballo de investigación de Raquel Bello Vázquez, salientando a inclusión no mesmo dos escritos orixinais do autor. Tamén se refire á carta póstuma a Luís Peña Novo “Hai que traballar a cotío”, ou ó texto “Morriña creadora”, no que se di que lembra as soidades de Cabanillas en Cuba, a Rosalía, Curros e Pondal, reflexionando tamén sobre o papel do poeta fronte ós feitos que conta.

_____, “Lembrando a Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 18 abril 1999, p. 40.

Artigo no que se traza a vida de Manuel Murguía, comezando cunha referencia ó libro de José Antonio Durán, *Prosas recuperadas. O periodismo de Murguía. Antoloxía básica. 1853-1923* (1998). Fai un percorrido pola vida de Murguía dende o traslado a Galicia de seus pais, pasando pola época de Santiago e, máis tarde, de xornalista en Madrid. Finaliza cos precedentes da prosa murguiá posterior.

_____, “Arredor de Xosé Neira Vila”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 11 xullo 1999, p. 36.

Repaso á vida de Xosé Neira Vilas salientando a importancia das súas etapas como emigrante en Buenos Aires e mais en Cuba. Detense a reflexionar qué perdeu e qué gañou Galicia coa emigración e remata destacando a importancia da emigración galega en Cuba.

_____, “Notas da familia Murguía Castro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 18 xullo 1999, p. 36.

Dá conta e reproduce algúns versos e pasaxes do libro *Estudios a cerca de la familia Murguía-Castro* (1998), obra de Juan Naya nos que aparecen traballos sobre Manuel Murguía, Rosalía de Castro e mais os seus fillos.

_____, “Merecida homenaxe a Filgueira Valverde”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 outubro 1999, p. 36.

Despois de aclara-la relación que o unía a Xosé Fernando Filgueira Valverde, describe a contribución deste humanista pontevedrés á cultura galega. Salienta a participación de Filgueira na fundación do Seminario de Estudos Galegos, por medio do que pronunciou a súa primeira conferencia en galego; o impulso e interese co que dirixiu o Museo de Pontevedra; así como a creación da Polifónica e da Misión Biolóxica. Considera Fraguas que Filgueira Valverde “morreu de amor a Galicia, de amor a Pontevedra de amor ós seus” e que sempre fuxiu do odio.

Franco Grande, X. L., “Méndez Ferrín no ventre do silencio”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 65, 16 febreiro 1999, p. 5.

Aplaude a elección do ourensán X. L. Méndez Ferrín como candidato ó Premio Nobel de Literatura. Engade que, ó seu ver, este premio nada achega, quitado o prestixio, á calidade da obra dun escritor. Quéixase do silencio co que se acolleu esta nominación nas institucións académicas e políticas de Galicia, ó contrario do acontecido en Cataluña, que presenta, segundo Franco Grande, un autor de categoría inferior á de Ferrín. Xulga ó escritor nominado como “un dos grandes escritores galegos de tódolos tempos”, “un escritor de verdade”, “un creador dunha linguaxe como dende Cunqueiro nunca se deu entre nós”.

_____, “Encantos da relación epistolar”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 107, 7 decembro 1999, p. 7.

Despois de vincula-la relación epistolar ó nivel cultural dun país, salienta que no noso é esta, a da comunicación por carta, unha práctica moi pouco estendida. Salienta o epistolario de Rilke e en Galicia os de Ramón Piñeiro, Murguía, Otero Pedrayo e Guerra da Cal. Anuncia para a súa xubilación a publicación de todo o material epistolar que garda e que contribuiría “á claridade dun proceso escuro por demais, ou máis ben tendenciosamente escurecido, por moi recente que sexa no tempo”.

Freixanes, Víctor F., “Velaí veñen os libros”, *La Voz de Galicia,* “Mar de fóra”, 1 maio 1999, 14 maio 1999, p. 14.

Reflexiona sobre a capacidade potencial do libro como instrumento de cultura, nun momento no que, segundo as estatísticas, case o 100% da poboación nacional dedica o tempo libre á televisión e a metade non merca nunca un libro. Malia estes datos negativos, cre que “o pesimismo é reaccionario” e que, se en vinte anos, de 1975 ata hoxe, fomos capaces de multiplica-la producción editorial en galego por dez, hai cousas que poden cambiar.

_____, “Sabino Torres”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 26 xuño 1999, p. 12.

Co gallo do 75 aniversario de Sabino Torres, fundador, entre outros, da colección de poesía “Benito Soto”, fálasenos da andaina da editorial e dos seus problemas coa censura. Dásenos tamén a curta nómina de títulos desta colección, recollidos todos eles pola Deputación de Pontevedra nunha edición facsimilar de 1991.

_____, “Vinte anos con Xerais”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 6 novembro 1999, p. 17.

Con motivo do vixésimo aniversario dos premios Xerais e Merlín, lémbrase a situación do mundo editorial en Galicia naquel tempo. Recolle, tamén, a intención de Xulián Maure, primeiro presidente e director de Xerais, de combina-la identidade e a modernidade sen intermediarios, “dende nós mesmos”. Salienta a liberdade de expresión na que se vivía dende o 78, así como a introducción do galego no mundo do ensino como as principais ferramentas das que dispoñían naquel momento. Finalmente, defende a palabra como o elemento central ó redor do que construír “o espacio de identidade que habitamos”.

_____, “Alonso Montero”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 27 novembro 1999, p. 15.

Evocación do maxisterio que Xesús Alonso Montero exerceu sobre varias xeracións de mozos dende o instituto de bacharelato de Lugo. Lembra tamén unha entrevista que lle realizou conÁnxel Basanta na primavera do 72. Finalmente, salienta a mestría deste “primeiro profesor” por “acender a luz que descubre a outra cara das cousas (a que non vemos) e instala en nós a ollada diferente, a curiosidade polo coñecemento, o milagre da palabra, a razón do ser e dos principios”.

García, Xosé Lois, “Antón Villar Ponte e o nacionalismo galego”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 9 xaneiro 1999, p. 3.

O nacionalismo de Antón Villar Ponte é, neste caso, analizado baixo a óptica das súas relacións co nacionalismo catalán e as ideas que del puido colle-lo escritor galego. Logo de facer mención ás relacións de Villar Ponte cos líderes cataláns, céntrase na idea do Pangaleguismo, que levaría a Galicia a comparti-los seus destinos con Portugal e, máis aló, coas colonias lusófonas. Dise que este proxecto do intelectual viveirense tiña unha motivación centrada na recuperación lingüística, pero reivindicaba no plano económico e político a independencia de Galicia, o que fixo que no seu momento fose tachado de radical.

_____, “Na morte da rapsoda de Curros Enríquez”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 16 febreiro 1999, p. 4.

Dáse noticia da morte de Rosalía Rodríguez Lobelle, emigrante ourensá de 98 anos que era quen de recitar de memoria varios poemas de Manuel Curros Enríquez e algúns de Rosalía de Castro.

_____, “A trascendencia do pasado na poesía de Marta Dacosta”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 23 marzo 1999, p. 4.

Valoración do libro de Marta Dacosta, *Setembro* (1998), como unha obra orixinal pola súa reflexión sobre o presente dende o repaso ás vivencias do pasado, así como pola revelación que adquiren os momentos que pasan desapercibidos sen que nos decatemos. Segundo di, esta obra “afirma a vida”, xa que a nosa comprensión do pasado libera o presente e explica o futuro, vendo no pasado que emprega esta poetisa unha marca da submisión da muller.

_____, “A poética de plurisignificación de María do Cebreiro”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 30 marzo 1999, p. 4.

Sobre o libro de poemas *O estadio do espello* (1998), da poetisa María do Cebreiro, afírmase que este novo modelo de poesía vai chocar de fronte cos xa existentes e que a orixinalidade desta autora pode estar a pechar un ciclo na literatura galega. Destaca dela a reflexión sobre a peregrinaxe da muller galega no pasado, nunha nova sorte de poesía social, coa ironía e o sarcasmo ó servicio da imaxinación e a confianza na palabra poética. Finalmente, di que esta obra é un proxecto cargado de solidariedade e que os moitos significados que se derivan dos seus poemas crean unha especie de diálogo.

_____, “Intransferíbel personalidade de Uxío Novoneyra”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 9 novembro 1999, p. 3.

Considera que o pasamento de Uxío Novoneyra supón unha fronteira que marcará “un antes e un despois na creatividade da nosa literatura”. Opina que a voz do poeta do Courel reflectiu como poucas a voz da terra sen chegar a ter un sentido panteísta ou bucólico, e que esta perda pecha “mil anos da literatura galega”, xa que Novoneyra estivo sempre preocupado de relaciona-lo pasado glorioso dos trobadores medievais co presente no que el vivía, ata converterse no noso “gran neotrobador”. Finalmente, pon en relación ó autor de *Os Eidos* con Bernal de Bonaval, con Xohán Airas e con Airas Nunes.

_____, “Sargadelos en Barcelona”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 23 novembro 1999, p. 3.

Dáse conta da inauguración de novas salas de exposición da Galería Sargadelos de Barcelonaque levan os nomes dos intelectuais galegos: Luís Seoane, Castelao e Ánxel Casal. Recóllese a presencia no acto de Isaac Díaz Pardo, promotor do proxecto, así como doutros intelectuais galegos, entre eles Manolo Rivas e Basilio Losada. Remátase apuntando as tres exposicións inauguradas na institución, unha adicada ó Libro Galego, outra a Roberto Blanco Torres e Murguía, conxuntamente, e a terceira ó Laboratorio de Formas do seminario de Sargadelos.

García-Bodaño, Salvador, “Horas de chuvia no corazón”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días “, 23 maio 1999, p. 3.

Con motivo do pasamento de Luís Mariño, achega a súa particular homenaxe en forma de carta, dirixíndoa ó finado. Tómase a chuvia como metáfora da dor que lle produce a morte, á vez que evoca a súa presencia por Santiago de Compostela. Para rematar lamentando que “hoxe, baixo este sol inesperado, a tristura chove no noso corazón”.

_____, “Del Riego e a vivencia de Galicia”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 30 maio 1999, p. 3.

Céntrase na loanza da figura de Francisco Fernández del Riego, de quen di que é a persoa máis importante no galeguismo histórico e no nacionalismo cultural de fin de século. Salienta del, á marxe do seu inmenso saber, a súa categoría humana, de persoa exenta de vaidade e pedantería. Destaca tamén, o seu labor á fronte da Real Academia Galega e a doazón dos seus libros, obxectos e cadros para a Fundación Francisco Fernández del Riego, que ten a súa sede na Casa da Cultura de Vigo.

_____, “En nome do pasado”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 13 xuño 1999, p. 3.

Celebra a conmemoración do Banquete de Conxo por parte dos alumnos do Instituto Eduardo Pondal, que contou coa presencia dalgúns poetas novos como María Lado, Igor Lugrís, Eduardo Estévez e Rafa Villar, ademais doutros persoeiros, como Alonso Montero. Lembra a figura de Aurelio Aguirre e as controversias entre os estudiosos sobre as datas nas que tivo lugar o nomeado Banquete.

_____, “Os máxicos soños reais de Uxío Novoneyra”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 17 outubro1999, p. 3.

Texto centrado en *Dos soños teimosos* (1998), indicando que se trata dun libro no que se desenvolve a conversa de Emilio Araúxo con Uxío Novoneyra, na que abordan os máis diversos temas, dende a teoría literaria e os propios poemas ata os máis diversos aspectos do pensamento novoneyrán, estructurados todos eles en diferentes partes que levan títulos como “Situación”, “Guerra”, “Fusión”, “Distancia”, “Drama” ou “Outro”, e nas que se di que se fala de aspectos persoais do autor e das súas diferentes obras, dende *Os Eidos* (1955), *Os poemascaligráficos* (1980) ata *Poemas da doada certeza* (1994). Remata aludindo á última obra de Pearse Hutchinson, autor do que salienta as traduccións feitas ó inglés dalgúns poemas de Novoneyra como “O Moucho” ou “Irei un día do Courel a Compostela”.

_____, “Dor de Galicia en Bonaval”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 7 novembro 1999, p. 3.

Refírese á desaparición de Antón Fraguas e Uxío Novoneyra nun curto espacio de tempo e afirma que ámbolos dous eran “testemuño, xeneroso e constante, da afirmación e elevación da lingua galega como expresión do noso espíritu e como vehículo natural para o desenvolvemento contínuo da nosa cultura nacional”. Fai un chamamento para recolle-lo “seu facho luminoso” e espalla-las súas obras, así como a súa ideoloxía. Despois de reflexionar sobre a pervivencia no tempo dos referentes, por enriba da morte física das persoas que os encarnan, comenta a contribución de Antón Fraguas ó engrandecemento da nosa cultura, salientando a súa vinculación constante á terra. Considera que Fraguas se enriqueceu do Grupo Nós e do SEG, malia non pertencer á primeira e non estar entre os fundadores do segundo. Recolle tamén un soneto titulado “Uxío Novoneyra”, que o autor do artigo leu na capela ardente do poeta do Courel.

_____, “Lembrando a Fontenla Leal”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 5 decembro 1999, p. 3.

Despois de se referir a que a memoria e a historia deben ser selectivas e escolleren os “feitos culturais e progresos solidarios” que máis contribuísen ó desenvolvemento dunha sociedade e desbota-los negativos, céntrase en salienta-lo acto de homenaxe a Xosé Fontenla Leal por parte do Concello de Ferrol co gallo do oitenta aniversario do seu pasamento. Destaca a participación de Fontenla na constitución da “Asociación iniciadora y protectora de la Real Academia Gallega”, precursora da RAG. Finalmente, comenta as coincidencias con outro ferrolán ilustre: Pablo Iglesias, ademais de describi-lo acto de homenaxe a este último.

_____, “Máis alá das candilexas”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 26 decembro 1999, p. 3.

Co gallo do pasamento de Jenaro Marinhas del Valle, lembra a súa actividade literaria con especial fincapé na faceta dramática, dentro da que resultou vencedor en 1965 da terceira edición do Premio “Castelao” do Teatro Galego, organizado pola Agrupación Cultural O Galo, coa obra *A revolta*. Tamén se di que se representou pouco despois baixo a dirección de López-Veiga, enxalzando a actividade de recuperación cultural de O Galo, da que el propio formou parte, con iniciativas como a organización do premio devandito, a creación da fugaz Escola de Teatro Galego ou a celebración da Campaña do Peso para o Teatro Galego. Finalmente, dá unha lista de pezas dramáticas de Marinhas.

García Martínez, Carlos, “Antonio de Insuela”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 6 novembro 1999, p. 35 /p. 70.

O novo director do Museo do Pobo Galego lembra neste artigo a traxectoria intelectual e humana de Antón Fraguas con motivo do seu pasamento. Comeza evocando os anos de estudiante de bacharelato en Pontevedra onde entrou en contacto co galeguismo da man de Antón Losada Diéguez. De seguido, detense no ingreso de Fraguas no Seminario de Estudos Galegos e no primeiro achegamento á museoloxía coa súa contribución á creación do Museo Etnográfico instalado en Fonseca. Nomea as institucións nas que participou e considera que en todas “deu a mans cheas o seu saber, imbuído ata o fondo do máis puro sentimento galeguista e espallou (...) un modelo de moral que non é frecuente atopar nos nosos días”.

García Negro, Maria Pilar, “Jenaro Marinhas del Valle, até sempre”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 915, 30 decembro 1999, p. 21.

Faise unha reflexión sobre a humanidade e bonhomía de Jenaro Marinhas del Valle. Emprázase como un dos mellores autores do teatro actual malia ser lido por moi poucos. Finalmente, reclama a homenaxe institucional que unha figura da súa dimensión merece.

García-Sabell, Domingo, “Unha carta de Murguía a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 82, 15 xuño 1999, p. 5.

Recolle neste artigo un extracto dunha carta enviada por Manuel Murguía á súa muller poucos días antes do Apóstolo. Non se di de que ano é este escrito, e utilízao simplemente para confirma-las penurias económicas que angustiaban ás veces á parella, así como o estado depresivo que se desprendía das palabras de Murguía.

Giráldez, José Miguel, “Retrato de Luís Mariño con Karla ó fondo”/“Retrato de Luis Mariño con Karla al fondo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Semblanza”, 23 maio 1999, p. 63/p. 75.

Con motivo da morte de Luís Mariño, evoca a figura deste intelectual coa reproducción dunhas liñas que o autor xa publicara na revista *Santiago 7 días* en marzo de 1996, e que Luís Mariño apreciara moito. Nelas critícase o feito de que a cultura se fose relegando cada vez máis ó espacio nocturno e a pubs de luxo, e como Luís Mariño ironicamente dá conta do que ve no seu programa cultural que aínda que, milagrosamente conseguiu chegar ó seu número douscentos, non conseguiu saír do espacio nocturno que lle era reservado.

Gómez, Joel, “Una exposición”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 12 xuño 1999, p. 12.

Celébrase, entre as múltiples exposicións que se dan cita en Santiago, a realizada en homenaxe a Ricardo Carvalho Calero na Facultade de Filoloxía, e na que autores como Carmen Blanco, Miguel Anxo Fernán-Vello, Francisco Pillado, Pilar Pallarés ou Laura Tato ofrecen retallos significativos da obra do ferrolán. Finalízase eloxiando a figura de Carvalho como creador dunha escola filolóxica revitalizadora da lingua galega.

Gómez, Lupe, “Publicar libros é como parir fillos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 78, 9 setembro 1999, p. 12.

Expresa Lupe Gómez as sensacións que tivo ó publica-los seus libros, dende o primeiro, *Pornografía* (1996), que supuxo, segundo a autora, a conexión co exterior, especialmente polos recitais que xerou, nos que pretendía “destrozar as conciencias para nacer todos novos”, e considera tamén que foi ben recibido pola crítica, feito que valora especialmente ó tratarse dunha edición de autor. Con respecto ó segundo poemario, *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999), opina que supón a continuidade dese diálogo co exterior, ese desexo de mostrarse. Finalmente, fala das presentacións dos libros e da súa terceira obra, que aínda non saíu á luz.

_____, “Cando les moito estás sempre chea”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 81, 30 setembro 1999, p. 12.

Reflexión sobre a lectura, os libros e o pracer de ler, afirmando que lle gusta le-lo ensaio, por exemplo a colección “Mulleres” de A Nosa Terra, mentres que as novelas lle resultan pesadas. Alén disto, apunta que existe unha literatura feminista e feminina.

_____, “Dor e memoria”, *O Correo Galego*, “AFA”, 31 outubro 1999, p. 22.

Comeza cunha descrición do que para a autora supón a desaparición de Uxío Novoneyra e comenta a relación do autor de *Os Eidos* co Courel, o que considera que provoca a súa pervivencia naquela montaña. Lembra o último encontro con Novoneyra no hospital e salienta a tenrura e “a rabia de non querer morrer” que transmitía. Finalmente, fai un chamamento a que continúe viva a súa palabra e a segui-lo camiño para “liberar as terra que el quixo liberar e liberou”.

_____, “Palabra viva e violenta”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 294, 23 decembro 1999, p. 12.

Expresa as súas impresións sobre a poesía de Olga Novo tras asistir a un recital desta poetisa en Santiago de Compostela. Gaba a forza e a densidade da súa poesía e mostra a súa alegría pola reedición de *A teta sobre o sol* (1996), afirmando que “as mulleres xa non imos calar nunca máis. Imos berrar xuntas e amigas”. Considera que esta autora “é unha muller telúrica, con toda a carga da terra”, e que entre as calidades que lle atribúe está a dureza, o atrevemento, a limpeza e a valentía.

Gómez, Pedro, “El camino, según R. Dieste”, *La Región*, 19 xullo 1999, p. 2.

Breve achega a un relato referido ó camiño de Santiago de Rafael Dieste, do que non se ofrece o título, e que o autor relaciona coas peregrinaxes que se están a producir este ano cara a Compostela.

González Pérez, Clodio, “Don Antonio: Galego de ben”, *La Voz de Galicia*, “Perfil”, 6 novembro 1999, p. 88.

Comeza lembrando os seus primeiros contactos con Antonio Fraguas cando no 1976 se creou o Museo do Pobo Galego, pasando polo nacemento do Cronista Oficial de Galicia no seo dunha familia rural galega, ata o contacto con Castelao e con Losada Diéguez no Instituto de Pontevedra e a creación da Sociedade da Lingua. Refírese tamén ó ingreso de Fraguas no Seminario de Estudos Galegos e á súa incorporación ó ensino, no instituto da Estrada en 1933. Para rematar, destaca a participación do homenaxeado na campaña a favor do Estatuto, o afastamento do ensino público a causa da represión franquista e o posterior retorno en 1959. Nunha columna á marxe, e baixo o epígrafe “Unha vida de Cotobade a Compostela”, lémbranse os acontecementos sobranceiros da biografía deste histórico galeguista.

_____, “Os primeiros anos de don Antonio”, *O Correo Galego*, “AFA”, 6 novembro 1999, p. 36.

Percorrido polos anos de infancia e adolescencia de Antonio Fraguas que comeza cunha lembranza do seu nacemento en Loureiro de Cotobade. Apoiándose no coñecemento persoal e nas conversas con este ilustre pontevedrés, Clodio González Pérez comenta a infancia de Fraguas a carón dos tíos e da nai, co pai ausente na emigración, os seus primeiros contactos coa literatura popular a través dunha criada, os traballos na casa, etc. A seguir, céntrase na etapa de estudiante de bacharelato en Pontevedra, caracterizada pola súa defensa da lingua e reivindicación da aldea. Finalmente, refírese ós tempos de universitario en Compostela e ó contacto co Seminario de Estudos Galegos e cos membros do Grupo Nós.

González Gómez, Xesús, “Literatura e vida no fin de milénio”, *A Nosa Terra*, nº 887, “Guieiro Cultural”, 17 xuño 1999, p. 34.

En cinco epígrafes analízase a literatura galega actual, dende “A piques de comezar un novo milénio” no que se cuestiona, agás no caso da poesía, a existencia de novas estéticas literarias, o que sería signo de cambio e de vitalidade; en “A banalización” faise unha reflexión sobre a estandarización cultural e a emerxencia de discursos sobre a intimidade do individuo; en “Sentido político” e en “O cotidiano é o lixo da existéncia” denúnciase o intento de reduci-lo problema da falta de sentido trascendente da literatura de hoxe ós termos: o cotián é, a un tempo, o máis sucio, pero o máis belo, e opina que para o escritor e artista aguanta-lo desafio do cotiá é un acto de coraxe, considerando que o relato curto é a fórmula literaria que trasplanta a realidade á palabra escrita. Finalmente, “Como vivir” segue afondando no que se considera “modos modernos de escribir”, entre eles as autobiografías. ¿Como vivir? é, para González Gómez, a única pregunta que lle pode dar sentido a unha literatura que non sexa só de adorno.

Gwede, “Recuerdo de Vicente Risco”, *La Región*, 15 abril 1999, p. 23.

Dá conta da inauguración na Rúa de Santo Domingo, en Ourense, dunha placa conmemorativa na casa onde vivira Vicente Risco, acto no que se di que interviu Manuel Fraga, quen destacou a Risco como galeguista e liberalista. Tamén se reflexiona sobre o valor que tivo como mestre para os que o coñeceron, e sinala a necesidade dun estudio en profundidade do autor ourensán.

_____, “Valentín Paz Andrade”, *La Región*, 21 abril 1999, p. 23.

Aproveitando unha exposición feita en Ourense ó redor de Valentín Paz Andrade, cóntase unha anécdota que o propio Paz Andrade tiña relatado nalgunha ocasión. A anécdota xira sobre un préstamo no que un dos interesados desaparece misteriosamente e sérvelle ó articulista para lembra-la grande agudeza mental que se lle adxudicaba a Paz Andrade.

_____, “Llevar a Risco al cine”, *La Región*, 27 novembro 1999, p. 27.

Comenta as presións que el mesmo, xunto con Manuel Casado Nieto, tiveron que exercer sobre Vicente Risco para que presentase ó Premio Nadal a novela *La Puerta de Paja*. Recoñece que a obra ten moito de guión cinemátográfico e augúralle grande éxito a unha posible versión fílmica do texto.

Henríquez, Maria do Carmo, “Foi-se-nos Dom Jenaro Marinhas”, *Faro de Vigo*, 28 decembro 1999, p. 26.

Ataca o silencio institucional diante do pasamento de Jenaro Marinhas del Valle e fai saber que o seu enterramento estivo ateigado de persoeiros obviados pola cultura oficial. Recorda diversas empresas nas que o finado se embarcou e sitúao nun lugar de honra no teatro do século XX.

Jorge Juan, “El pesimismo de Amaro Orzán”, *Diario de Ferrol*, “Álvaro Paradela, “padre” de Ferrolterra”, 14 decembro 1999, p. 15.

Tras sinala-lo ateísmo do autor naronés Amaro Orzán, pseudónimo de Álvaro Paradela, incide no fatalismo, pesimismo e desencanto, non exentos nembargantes de ironía, que amosa na súa obra. Apúntanse como causas as vivencias da Guerra Civil ou a súa radical galeguidade, entendida como “raza históricamente alienada, fracasada”.

_____, “El humor de Álvaro Paradela”, *Diario de Ferrol*, “Álvaro Paradela, “padre” de Ferrolterra”, 16 decembro 1999, p. 13.

Expón o concepto de humorismo de Álvaro Paradela, quen pensaba que este non se atopaba entre as xentes de Ferrol. Obtén de César Michelena Rebellón, de quen se parte para esta seriede artigos, unha definición do humor de Álvaro Paradela, así como algúns neoloxismos que este inventou. Cita ademais a opinión que o “pai de Ferrolterra” tiña do humor de diversos autores galegos.

_____, “El bilingüismo de Amaro Orzán”, *Diario de Ferrol*, “Álvaro Paradela, “padre” de Ferrolterra”, 18 decembro 1999, p. 15.

Indícase que a lingua literaria de Amaro Orzán levantou críticas nos seus tempos por anárquica, ataque ante o que se defendeu argüindo a inexistencia dunha koiné galega suficientemente implantada, e indícase que este autor non dubidou en mesturar galego e castelán dentro dun mesmo texto. Por outra parte, descóbrese a súa faceta traductora vertendo á nosa lingua obras de Fernández Mota e Gómez de la Serna. Sinálase, por último, que sempre se esforzou en escribir cunha expresión diferente e persoal e que a concisión era o seu trazo máis definidor.

_____, “Amaro Orzán, inventor de palabras”, *Diario de Ferrol*, “Álvaro Paradela, “padre” de Ferrolterra”, 21 decembro 1999, p. 15.

Incídese en que Álvaro Paradela creou unha chea de neoloxismos nun momento no que a lingua non lle ofrecía ferramentas expresivas abondas. A seguir, coméntase algún dos seus inventos, sen esquecer subministrar unha listaxe completa da súa obra, entre a que atopamos títulos como *Esquelete espritoal dun home* (1962), *Sabencias* (1969) ou *Media ducia de contos* (1972). Remátase anunciando que o Club de Prensa de Ferrol proxecta editar unha antoloxía de textos paradelianos.

Laxe Freire, M. A., “A literatura e os pobos”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 7 febreiro 1999, p. 3.

Reflexión sobre a obra de Gonzalo Torrente Ballester relacionada con Galicia, considerando que era un dos escritores que mellor entendía e coñecía a esencia dos galegos, ademais de ter unha gran formación mitolóxica galega e universal. Apúntase que a visión de Galicia en Torrente nada ten que ver co dramatismo de moitos autores galegos, mais ben ó contrario, dise que Torrente presenta, por exemplo, un tipo de muller autosuficiente oposto ó da “melosa”.

Lezcano, Arturo, “Cabodano dun emigrante”, *La Voz de Galicia*, “O chisco”, 8 febreiro 1999, p. 59.

No cabodano da morte de Antón Martínez Risco, valora a obra do escritor ourensán, confrontándoa coa literatura rápida e urxente que se fai hoxe. Di de Risco que prefería a literatura con ideas á literatura de ideas, a que se fai por baixo dos Pireneos, xa que non entendía por qué os escritores desta latitude deixaban de pensar. Apunta que a “novela aberta” era unha estética da que Risco gustaba moito, así como que algunhas das obras que Risco deixou inéditas non teñen precedente na literatura galega.

Liñares Giraut, X. Amancio, “Valentín Paz Andrade”, *O Norte*, nº 111, “Nas veas da diáspora”, 14 xaneiro 1999, p. 2.

Co gallo da aparición do libro de Tucho Calvo dedicado á figura de Valentín Paz Andrade, e co mesmo título, faise un percorrido pola vida e obra deste polifacético escritor e avogado galego. Remata reproducindo un poema do libro *Cen chaves de sombra* (1979) onde aparece o verso “nas veas da diáspora” que dá nome a esta sección de opinión do xornal *O Norte*.

_____, “Valentín Lamas Carvajal”, *O Norte*, nº 120, “Nas veas da diáspora”, 11 xuño 1999, p. 2.

Céntrase na traxectoria vital e na producción xornalística e literaria de Valentín Lamas Carvajal. Recolle algunhas opinións de Xesús Alonso Montero e de Francisco Fernández del Riego sobre o escritor ourensán, e subliña a importancia do “best-seller” *O Catecismo do labrego* (1888) na altura. Ademais reproduce algúns versos tirados do poemario *Espiñas, follas e froles* (1874).

_____, “Tolle, lege”, *O Norte*, nº 122, “Da nova Clío”, 8 xullo 1999, p. 2.

Compilación de analectas de Séneca, Plinio o Mozo, Descartes, Montesquieu, Roberto Blanco Torres, Rafael Dieste, etc., sobre o valor do libro e da lectura.

_____, “Xervasio Paz Lestón”, *O Norte*, nº 125, “Nas veas da diáspora”, 24 agosto 1999, p. 2.

Baseándose nos traballos que Rafa Villar e mais Miro Villar fixeron sobre a figura de Xervasio Paz Lestón, fai un percorrido pola traxectoria literaria deste escritor, dende a dirección da revista *Alborada*, pasando polas publicacións en *A Nosa Terra* e na revista bonaerense *Galicia*, ademais de referirse a moitos dos seus poemas, entre eles “Invernía”, “Contra a inxustiza” ou “Cal feros corvos”, rematando coa reproducción do seu poema “Barcos”.

_____, “Achega ó intelectual galeguista Ramón Martínez López, dez anos despois”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 outubro 1999, p. 9.

Presenta e repasa a traxectoria biográfica do galeguista Ramón Martínez López. Salienta a súa etapa no exilio –Francia, Arxentina e EUA– pola súa fidelidade á República e ó galeguismo e subliña que compartía con Castelao a idea de que “a lingua galega florece en Portugal”.

_____, “Castelao (I)”, *O Norte*, nº 132, decembro 1999, p. 2.

Anuncia que a Fundación Castelao leva anos preparando os actos do cincuentenario. Elabora unha síntese biográfica do rianxeiro e reproduce dous textos tirados do libro de Literatura galega para 3º de BUP do Colectivo Seitura que en 1984 publicou Xerais: “O pai de Migueliño”, extraído de *Cousas* (1926), e un fragmento de *Sempre en Galiza* (1944).

López Fernández, Xesús, “I é verdade, i é mentira”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1999, p. 14.

A propósito da presentación do disco do grupo Leilía, que leva o mesmo nome deste artigo, cuestiónase a exclusión do galego normativo de certas solucións populares, como o “i” copulativo ou o “e” final. Xustifica isto baseándose na endodiglosia que se dá hoxe entre o galego culto e neourbano e o galego rural, popular, de sempre. Di, ademais, que algunhas destas solucións eran normais en Rosalía, Curros ou Cabanillas.

Maiz Togores, José María, “Dende mozo, tras da poesía”, *O Correo Galego*, “Aturuxo”, 9 novembro 1999, p. 2.

Comenta a súa iniciación infantil á poesía ó descubri-los versos de Rosalía de Castro, versos “cheos de musicalidade e sinxeleza” e reveladores dun *eu lírico* íntimo e magoado que dende aquela lle produce unha sensación de acougo.

Mallo, Albino, “Tempos do Volter”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Dende a miña fiestra”,17 xaneiro 1999, p. XII.

Dá conta do contido do libro publicado en Barcelona por Sofía Tros de Ilarduya, sobre o grupo Vólter. Dise que *O'Volter* (1998) era o nome que Vicente Risco lle puxera á Taberna Tucho de Ourense polo moito que lle recordaba ó *Cabaret Voltaire* de Zúrich, e que cando este xa morrera, en 1963, Xaime Quessada, Xosé Luís de Dios e Acisclo Manzano crean o grupo, decorando as paredes do *Volter* con murais e poemas, como quería Risco. Prosegue comentando que a partir de 1964 se unen ó grupo máis artistas, non só plásticos, senón tamén poetas e novelistas. Finalmente indica que a taberna se converteu, na década dos sesenta, nun foro de reunión dos intelectuais da esquerda antifranquista e dos galeguistas.

_____, “Ánxel Fole en Chile”, *O Correo Galego*, “Visións”, 10 xuño 1999, p. 4.

Recolle algunhas das opinións do crítico do diario chileno *El Mercurio*, Hernán Poblete, sobre aantoloxía de Ánxel Fole, *De como me encontré con el demonio en Vigo y otros cuentos*. Na recensión, o periodista chileno caracteriza a Fole como un escritor que domina o rexistro da oralidade e a traslación do popular á literatura engadíndolle o oficio do cronista. Eloxia a facilidade de lectura do autor lugués, co seu humor e fantasía, e a fidelidade das descricións.

_____, “Celso Emilio Ferreiro, vinte anos despois”, *O Correo Galego*, “Visións”, 3 setembro 1999, p. 4.

Con motivo de se cumpriren os vinte anos da morte de Celso Emilio Ferreiro, describe a súa relación co escritor celanovés na cidade olívica, alude á xénese da súa obra *Viaxe ao país dos ananos* (1968) e á repercusión da súa obra en diferentes sectores da sociedade galega.

Malvar, Anibal C., “Libros en los cementerios”, *El Mundo. Galicia*, “Zoom”, 2 marzo 1999, p. 2.

A raíz da lectura do libro no que Ian Gibson analiza as relacións entre Lorca e Dalí, pregúntase por qué na literatura galega non se fala sobre algúns autores coa liberdade e subxectividade, que el ten por trazo positivo, coa que o fai este hispanista. Exemplifica o caso de Eduardo Blanco-Amor, para o que di que case non hai estudios sobre a influencia da súa homosexualidade nas súas novelas. Considera que en Galicia hai unha cultura institucionalizada que censura a opinión crítica e subxectiva que non se adapta á súa ideoloxía. Cre que se non se especula para buscala verdade, por moi lonxe que esta estea, pódese chegar a utilizar a un autor como a un lle conveña. Sería o caso de Daniel R. Castelao, a quen os que onte o negaban, hoxe recórdano, visítano e declaman as súas grandes frases nos cemiterios.

_____, “Yo, a morir, que son dos días”, *El Mundo. Galicia*, 7 novembro 1999, p. 2.

Descualifica os tópicos dos políticos e o tratamento informativo que se lles deu a Uxío Novoneyra e Antonio Fraguas tralas súas mortes. Entende que son falsos e baleiros e que os converten en mortos doutras épocas ben antigas, resumindo as súas vidas en “frases comodín”. Por iso, lembra máis respectuosamente a un “Uxío grandilocuencia lírica de las de antes” e un Antonio Fraguas “seguramente inventado por Castelao un día en una viñeta”.

Manuel María, “Lembranza de Xosé Sesto”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 16 marzo 1999, p. 3.

Pide o autor nestas liñas a recuperación da obra de Xosé Sesto, sinalando ó Centro Ramón Piñeiro como lugar para facelo. Subliña deste autor a súa grande amizade con Alexandre Bóveda, e da obra destaca os seus libros de poesía e prosa e os debuxos con que ilustrou obrasde X. M. Álvarez Blázquez, X. F. Filgueira Valverde, Luz Pozo Garza e do fillo, Farruco Sesto.

_____, “A Real Academia Galega e os cegos”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 23 marzo 1999, p. 3.

Confesa o autor que non entrou máis de tres veces na sede da Real Academia Galega, e unha delas para protestar. Neste artigo pretende facer unha nova protesta, porque considera que a institución que debe velar polo galego tería que volver ó espírito fundacional, mesmo aumentado o número dos seus integrantes. Segue nisto as palabras de Manuel Curros Enríquez, presidente no seu día da asociación promotora da creación da Academia. Pregúntase tamén se Castelao, de quen se tomaron unhas teas ó oleo para decora-los portais do local da institución na Coruña, non sería un visionario, cando pintou nelas uns cegos atoutiñantes sobre o fondo dunha paisaxe galega.

_____, “O vello crego de San Andrés de Teixido”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 30 marzo 1999, p. 3.

Achega a Manuel Miragaya, crego de San Andrés de Teixido ata a súa morte en 1965, do que se di que era un home de gran bondade e xenerosidade, polo que foi recordado durante moito tempo no santuario do norte coruñés. Apunta que Otero Pedrayo gardaba del unha forte impresión e faino aparecer nas súas páxinas de viaxes, concretamente nas de *Pelerinaxes*. Tamén di que escoitou, moitos anos despois, falar a Otero con entusiasmo do cura de San Andrés, e que outro autor que o incluíu, con datos máis concretos sobre a súa vida, foi Rafael Usero no seu libro dedicado a San Andrés de Teixido.

_____, “Correa-Calderón”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 13 abril 1999, p. 3.

Cumprido o centenario do nacemento do escritor lucense Evaristo Correa-Calderón, repasa a súa vida e obra. Conta as súas experiencias xornalísticas nos anos vinte e trinta e, trala guerra, a diversificación de actividades, sempre dentro da literatura e o xornalismo, pero abandonando o cultivo do galego. Destaca tamén a influencia que tivo en Luís Pimentel, posibilitándolle o acceso a lecturas que viñan coas súas viaxes polo mundo. Así mesmo, valora del o interese que ten a obra poética, aínda que sexa breve.

_____, “Unha placa fóra de lugar”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 27 abril 1999, p. 3.

Solicítase o cambio da placa na honra de Manuel Murguía, na casa da rúa de San Agustín da Coruña. Achega para isto os documentos que manexaba Juan Naya, cronista da cidade e bibliotecario da Real Academia Galega, que acollera no seu domicilio á filla de Murguía, Gala Murguía de Castro. Explica que tivera acceso a moitos papeis da familia Murguía-Castro e que en 1953 publicara *Inéditos de Rosalía*. Refírese a continuación a *Estudios acerca de la familia Murguía-Castro* (1998), obra de Juan Naya con prólogo do profesor López Varela, na que se inclúe o testamento de Gala Murguía de Castro, que comeza así: “En el primer piso de la casa número catorce de la calle de San Agustín...”.

_____, “Versos para Compostela”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 4 maio 1999, p. 3.

Lembra o libro de Xosé F. Filgueira Valverde, *Cancioneiriño de Compostela* (1932), e reclama a creación dunha obra capaz de transmiti-la maxia da cidade de Santiago de Compostela. Fai un repaso polos poetas que lle adicaron un libro enteiro a esta cidade, entre eles, en castelán, Gerardo Diego e os seus *Ángeles de Compostela* e, en galego, Salvador García-Bodaño e o *Tempo de Compostela* (1978). Desa maxia que solicita, ten aínda un recordo para o libro de Otero Pedrayo *O espello na serán* (1966).

_____, “Un curioso soneto”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 31 agosto 1999, p. 3.

Reproduce e relata a historia da composición do soneto “Brindis”, obra de Ramón Fernández Mato. Sinala que fora escrito para unha homenaxe que o Instituto Histórico do Minho lle rendeu a Rosalía de Castro o 15 de xullo de 1923 e que foi publicado por primeira vez no xornal *A Aurora do Lima* en outubro dese mesmo ano.

_____, “Recado urxente”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 14 setembro 1999, p. 3.

Reflexiona sobre as diferentes formas de celebración do matrimonio exemplificándoo coa literatura de Francis Jammes, ademais de reproduci-lo comezo do poema “Xaneiro 1972”, tirado do libro *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), de Celso Emilio Ferreiro, e sinala que será lido polo actual alcalde de Lugo sempre que o requiran para a celebración dun casamento.

_____, “Unha gran entrega poética”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 7 outubro de 1999, p. 3.

Comeza salientado as fotografías de Federico García Cabezón, que ilustran o volume *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1998), de Uxío Novoneyra, que nos ofrece “máxicos e maravillosos”. Dá conta das achegas feitas polo escritor do Courel á poesía galega e ofrece algúns comentarios do volume citado que contén “Viaxes polas distintas terras de Galiza, pola poesía medieval e a popular para volver sempre ós seus propios eidos”.

_____, “Un importante labor cultural”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 12 outubro 1999, p. 3.

Destaca que as publicacións da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor representan un bo exemplo a seguir para “a normalización cultural de Galiza” e reflexiona sobre as publicacións feitas en Galicia.

_____, “Xan da Cova, de novo”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 26 outubro 1999, p. 3.

Motivado polo centenario do pasamento de Xan da Cova, recupérao no seu litixio cun dos seus inimigos, Basilio Mateos Aranda “Batilo”, do que ten falado X. Alonso Montero, á vez que reclama un extenso estudio e un inventario da obra “de tan atraínte personaxe”, que complete a biografía que fixo Filgueira Valverde, nº 42 de *Grial*, e o escrito por Otero Pedrayo.

_____, “A Póvoa de Trives e ‘Os Trinta”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 2 novembro 1999, p. 3.

Evoca a Pobra de Trives, terra do poeta Manuel Luís Acuña e de Evaristo Correa-Calderón, para recorda-lo grupo de gaiteiros xa míticos “Os Trinta”, glosados polo poeta Delgado Gurriarán e dos que destaca a unión do instrumento e do galego, algo que “moitos tocadores actuais” da gaita ignoran.

_____, “Inocentadas”, *El Correo Gallego*, “Terras, homes e palabras”, 28 decembro 1999, p. 3.

Reflexiona sobre a decadencia das inocentadas e festexa a que se lle ocorreu a Xosé MaríaÁlvarez Blázquez cando publicou en 1953 o apócrifo *Cancioneiro de Monfero*. Salienta a habelencia literaria e o coñecemento da literatura medieval do autor, que mesmo foi capaz de facer que Manuel Rodrigues Lapa “tragara o anzó”.

Mariño, Alberte, “Antón Fraguas que estás no ceo”, *O Correo Galego*, “No Finisterre”, 6 novembro 1999, p. 3.

Trala morte de Antón Fraguas, salienta o seu esforzo xeneroso, o seu compromiso ético e o seu traballo a prol de Galicia a través de institucións como o Museo do Pobo Galego.

Martínez Couselo, José, “Rosalía, la condesa y Torrente quedan fuera”, *El Correo Gallego*, “Con acento gallego”, 21 abril 1999, p. 2.

Critica o feito de que un xornal de Madrid non incluíse dentro dunha lista que recolle os mellores cen libros dos últimos mil anos, elixidos por designación da redacción e por votación dos lectores, a autores galegos como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Torrente Ballester.

_____, “González Besada, un gallego olvidado”, *El Correo Gallego*, “Con acento gallego”, 9 maio 1999, p. 2.

Reivindica a Augusto González Besada, político e escritor tudense nacido en 1865 e autor dunha *Historia crítica de la literatura gallega. Edad antigua*, ademais de informar de que fixo o seu discurso de ingreso na Real Academia de la Lengua sobre a obra e vida de Rosalía de Castro, discurso para o que pide unha reedición no Patronato que custodia o legado da poeta padronesa. Finalmente, pide unhas liñas para González Besada nas enciclopedias galegas.

_____, “Vésperas dos 50 anos do pasamento de Castelao”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 15 outubro 1999, p. 2.

Co gallo da próxima celebración do cincuenta cabodano da morte de Daniel R. Castelao, afírmase que a mellor homenaxe que se lle pode render ó Castelao político é a de pó-los medios para facer realidade as súas ideas, e no referente ó Castelao artista e escritor, é a de “facer posible que quen queira coñeza a súa obra cultural”.

_____, “Laiovento’, 146 libros publicados en dez anos”, *O Correo Galego,* “País, Paisaxe e paisanaxe”, 5 novembro 1999, p. 2.

Co gallo do décimo aniversario da fundación de Edicións Laiovento, describe a editorial informando sobre os últimos títulos das súas coleccións, os seus criterios de publicación, o que lle fai comenta-lo debate normativo, a súa estructura, de capital basicamente galego, e os títulos máis exitosos e significativos da súa andaina.

_____, “Obras completas de don Antonio Fraguas”, *El Correo Gallego*, “Con acento gallego”, 6 novembro 1999, p. 2.

Considera que a obra de Antonio Fraguas é un instrumento fundamental na rehabilitación dos sinais de identidade galega que el soubo comprender tan ben.

_____, “Os herdeiros de don Antonio Fraguas”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 6 novembro 1999, p. 2.

Lembra diversos momentos da vida de Antonio Fraguas destacando as súas cualidades e o legado cultural que herdamos a través da súa biblioteca, instalada no Museo do Pobo Galego, ou do seu mestrado.

_____, “O aldeán que probou un erro do diccionario”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 7 novembro 1999, p. 2.

Reclama o recoñecemento da parroquia e da aldea e cualifica de erro o sinónimo “inculto” para o termo “aldeán”, co que o propio Antonio Fraguas se definía, exemplificándoo coa Sociedade de Agricultores de Santiago de Loureiro, de onde o mestre era orixinario, que xa hai un século recollía no seu programa moitas realidades actuais.

_____, “Moure e a Galicia do sarillo administrativo”, *O Correo Galego*, “País, paisaxe e paisanaxe”, 8 novembro 1999, p. 2.

A raíz do pasamento de Luís Moure Mariño, cita a súa obra *Sempre matinando* (1971), xunto con*La marginación de Galicia* (1970), de Valentín Paz-Andrade e *O atraso económico de Galiza* (1972), de X. M. Beiras, como paradigmas da denuncia da problemática da realidade galega e lembra que algúns dos temas tratados por Moure Mariño seguen vixentes, entre eles a arbitraria división administrativa do país que ignora o papel da parroquia.

Martínez-Risco, Luís, “Un “honoris causa” para Ferrín”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 19 xaneiro 1999, p. 38.

Critica a posición dos claustrais da Universidade de Vigo que preguntaron polas razóns que tiña a Universidade para concederlle o *honoris causa* a Xosé Luís Méndez Ferrín, e apunta que, supoñendo que ninguén teña a obriga de coñece-la obra de Ferrín, iso non impide que se lle recoñeza o seu valor literario e o seu compromiso co idioma galego, así como que todo isto debe quedar á marxe da valoración que se faga dos posicionamentos políticos e ideolóxicos do escritor de Vilanova dos Infantes instalado en Vigo.

Mayoral, Marina, “O Marido de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 2 decembro 1999, p. 17.

Comeza apuntando como mudou nun século a estimación que sobre a parella Rosalía-Murguía se tiña, opinando que co casamento ela “fixo unha boa voda” ó ser Murguía un escritor de sona e deixando de ser descoñecida Rosalía de Castro coa publicación de *Cantares Gallegos* (1863). Tamén considera que probablemente se sobrevalorase o papel do home na elaboración da obra, tal e como recoñecía a poeta no artigo “Las literatas”. Finalmente, conclúe que se ben en vida Rosalía foi a muller de Murguía, actualmente “entra Murguía na inmortalidade” da man da padronesa.

_____, “Cartas íntimas”, *El Semanal*, nº 634, 19 decembro 1999, p. 16.

Alude á homenaxe dedicada a Manuel Murguía, na que se fixo referencia á destrucción, pouco antes da súa morte en 1923, das cartas que Rosalía lle escribira ó longo da súa vida de casados. Reflexiona sobre este feito, que a leva a recordar un seu traballo escrito na mocidade no que arremetía contra esta decisión por considerala un acto de interese persoal para protexe-la súa imaxe. Analiza os motivos da decisión de Murguía, ó tempo que cuestiona os posibles contidos desas cartas nos que, segundo a súa opinión, debían revelar aspectos descoñecidos da personalidade de Rosalía, así como reproches feitos ó seu marido pola indiferencia coa que a trataba, ou as posibles infidelidades deste. Remata admitindo a posibilidade de que a decisión de Murguía respondera a “uno más de sus intentos de dulcificar la figura de una escritora que rompía los cánones establecidos”, e que malia ser unha equivocación, a intención era boa.

Méndez, Rosa e Xosé **Leira**, “O derradeiro recital de Uxío Novoneyra”, *Diario de Ferrol*, “Homenaxe ó poeta do Caurel”, 31 outubro 1999, p. 15.

Apuntan que foi en Ferrol onde Uxío Novoneyra deu o seu último recital o 10 de maio e destacan a fonda impresión que deixou no auditorio universitario.

Méndez Ferrín, X. L., “Sombra do mestro cego (dous)”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 1 febreiro 1999, p. 2.

Con absoluto convencemento, cre que non se pode ler a Gonzalo Torrente Ballester e gozar da lectura, ata chegar a entende-los textos paródicos, se non se é galego ou, cando menos, se non se coñece a cultura galega. Pon algún exemplo con personaxes das novelas de Torrente identificables con persoas de carne e óso, segundo o seu parecer. Sería o caso de Johan Carballeira en *Los gozos y las sombras*, ou Carballo Calero en *La saga/ fuga de J. B.* De *Fragmentos de apocalipse*, cita o caso dun xastre que vivía na Catedral de Santiago. El mesmo afirma ter coñecido a un que vivía nunha das torres.

_____, “Memorias de ultratumba”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 12 febreiro 1999, p. 2.

Comenta a saída do libro de Carlos Velo, *Memoria erótica* (1998), e considera ó famoso cineasta galego como unha gran personalidade na historia da cultura galega, ademais de recomendar, especialmente, a lectura deste libro. Asegura que a obra vén aumenta-la nómina literaria da cidade de Ourense na literatura galega, e que existe un Ourense literario de contistas e novelistas, o mesmo que pode existir un París literario, por poñer un exemplo. Neste pequeno universo, ve unha serie de elementos constantes que se repiten en tódolos autores, como as putas e os baixos fondos, os baños no Miño e as excursións campestres, os adolescentes que se inician no erotismo, o clero catedralicio, os intelectuais e a burguesía ruda.

_____, “Gavilleiros de antano”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 8 marzo 1999, p. 2.

Comenta unha obra que el mesmo presentou en socidade e para a que non regatea ningún eloxio. *Morning Star* (1998), novela do lugués Xosé Miranda, caracterizada como unha obra centrada nas aventuras das gavelas de bandidos que poboaron o século XIX galego, e á que relaciona estreitamente con *Amargas serían las horas*, de Alberto Fortes. Fai, de paso, un percorrido pola tradición galega sobre o tema, onde aparecen, por exemplo, Víctor Vaqueiro ou Carlos Reigosa e, como referencia historiográfica, Beatriz López Morán. Para rematar, expresa o seu desexo de que este tema teña un gran rendemento no futuro da novela galega.

_____, “Feira do Libro en Compostela”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 3 maio 1999, p. 2.

A este artigo, trasladou as palabras que, como mestre de cerimonias, pronunciou na inauguración da Feira do Libro de Santiago de Compostela deste mesmo ano. Nela desenvolveu un discurso sobre a morte do libro a mans das computadoras, feito no que el non cre. Coida que o libro tanxible será sempre necesario e que, mesmo por riba dos libros, hai unha referencia superior que son as linguas, cos seus sistemas de signos necesarios para o home. Suma a estas outra razón, e di que autores como Shakespeare ou Rosalía e libros como a Biblia ou *Das Kapital* son tan consubstanciais coa sociedade humana que durarán o que ela dure. Termina dicindo que, pese ás prohibicións que os déspotas impuxeron en tódalas épocas sobre os libros, as ideas seguiron vivindo e fermentando nos que os leron.

_____, “Ramón Lorenzo na Academia”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 7 maio 1999, p. 2.

Repasa os seus recordos de estudiante xunto a Ramón Lorenzo, a quen o une unha fonda amizade e de quen pensa que reúne, por igual, altura científica e paixón patriótica. Afirma que Ramón Lorenzo é, como científico, a máis grande autoridade en materia de lingua galega e, como poeta, un autor que non debería ficar inédito. Con Lorenzo, di que rematan os días escuros da Real Academia: “Ao lonxe fican, xa para sempre, felizmente, os días da inoperancia, da cobardía, da sumisión”.

_____, “O outro soño de Máximo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 28 maio 1999, p. 2.

Desenvolve as súas impresións sobre o conto “O soño de Macsen Wledig”, de Marta Carracedo. Dise que este conto forma parte do volume de premios do Día das Letras Galegas, publicado pola Universidade de Vigo en 1998, e que Macsen Wledig vén sendo o emperador Máximo, fundador da nación de Gales e primeiro mandatario de Roma entre o 383 e o 388. Por esas datas sitúa tamén a outro galego, San Dámaso, papa do 366 ó 384, orixinario posiblemente de Guimarães. Nesta conxuntura, o terceiro galego sería Prisciliano, executado baixo o mandato do papa Dámaso. Reclama, tamén, unha maior atención ós galegos Dámaso e Máximo, xa que Prisciliano conta hoxe cunha notable bibliografía.

_____, “De todas mis sangres... (I)”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 26 xullo 1999, p. 2.

Explica como chegou ata a obra de José Luís Borges, indicando que foi en 1958 cando Álvaro Cunqueiro publicou no xornal *Faro de Vigo* un comentario sobre o primeiro libro de Ferrín,*Percival e outras historias* (1958), no que relacionaba esta obra co *Manual de zoología fantástica,* de Borges.

_____, “De todas mis sangres... (e II)”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 30 xullo 1999, p. 2.

Explica como en 1968 viaxou a Buenos Aires co gallo dos Xogos Florais do Idioma Galego e como alí falou con José Luís Borges. Comenta que do discurso do escritor bonaerense só lembra o seu comezo “De todas mis sangres...” e reproduce o sentido principal desta disertación de Borges.

_____, “A marxinación de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 27 agosto 1999, p. 2.

Partindo dun estudio de John C. Wilcox atácase a figura de Emilia Pardo Bazán, dado que esta escritora xunto con Juan Valera, Tamayo y Baus e Menéndez Pidal, entre outros, formaron unha fronte de ataque a Rosalía de Castro. Finalmente reprodúcense uns versos de *O divino sainete* (1888), nos que Manuel Curros Enríquez “soubo responder contundentemente” á soberbia da Pardo Bazán.

_____, “Presencia de Curros y de Doña Emilia”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 30 agosto 1999, p. 2.

Analízase a crítica que Emilia Pardo Bazán lle fixo na *Revista de Galicia* ó libro *Aires da miña terra* (1880), de Manuel Curros Enríquez, e sinálase a postura deste ante a literatura galega e ante as invectivas da Pardo Bazán.

_____, “Carta a Celso Emilio Ferreiro”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 3 setembro 1999, p. 2.

Reprodúcese o texto lido o 31 de agosto de 1999 por Ferrín no camposanto de Celanova, con motivo de se cumpriren os vinte anos do pasamento de Celso Emilio Ferreiro, no que lembra a moitas persoas achegadas ó poeta ou das que el se lembraba, especialmente fusilados durante a Guerra Civil, a través da evocación de certos lugares. Tamén se alude á súa obra *Cemiterio privado* (1951), na que se di que retrata a Otero Pedrayo, ou *Longa noite de pedra* (1962), establecendo unha comparación entre este poeta e Manuel Curros Enríquez.

_____, “En lembranza do Cisne”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 8 outubro 1999, p. 2.

Aproveitando a súa estadía en Ponteceso, reflexiona sobre os tres grandes poetas galegos do século XIX. Sinala que así como Rosalía de Castro ten museo de seu, os outros dous grandes poetas Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez deberían ter un “centro de evocación” co fin de que as vindeiras xeracións os coñecesen mellor.

_____, “Morte de Poeta Noso”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 1 novembro 1999, p. 2.

A morte de Uxío Novoneyra provoca esta valoración do significado do poeta ó que considera “poeta do pobo” e “poeta nacional”, porque na súa poesía flúen “sinceridade e autenticidade” e un “desexo de liberación” de Galicia que o converte en “prototipo do Galego que algún día señoreará a Terra”. A seguir, fai unha descrición do amigo e lembra as inquedanzas compartidas, para rematar sinalando que “será insignia da insatisfacción, da confianza nas necesarias explosións” de días futuros.

_____, “En Mondariz”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 5 novembro 1999, p. 2.

Con motivo da entrega dos Premios “Xerais” de Novela e Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil no novo hotel de Mondariz, lembra as orixes do vello balneario fundado polo empresario Enrique Peinador Vela poñendo maior énfase na etapa que conduciu o seu fillo, Enrique Peinador Lines. Del destaca o mecenado político e cultural ó impulsa-la literatura galega a través da imprenta do balneario, ó alberga-las diversas figuras das Irmandades da Fala e mesmo ó subvenciona-lo Partido Galeguista. Seguidamente, comenta os casos de Luís Soto e Ramón Cabanillas a este respecto, na publicación da primeira revista infantil en galego, *As Roladas*, e os actos de ingreso de Antonio Rey Soto e do mesmo Cabanillas na Academia Galega en 1920, no lugar. Finalmente, enxalza o papel xogado por Edicións Xerais coincidindo co seu vixésimo aniversario.

_____, “Vinte anos con Xerais”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 130, 6 novembro 1999, p. 4.

O vixésimo aniversario de Edicións Xerais é celebrado polo autor cun percorrido pola súa relación persoal coa editorial dende a fundación en 1979 da man de Xulián Maure Rivas, pasando polas direccións de Luís Mariño Pampín, Víctor F. Freixanes e Manuel Bragado. Destaca, sobre todo, a anovación que lle imprimiu ó eido editorial galego e á súa literatura, así como os novos retos que soubo afrontar sempre baixo unha máxima irrenunciable: “o servizo a unha cultura nacional monolingüe”.

_____, “Sobre a xeración de Novoneyra”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 8 novembro 1999, p. 2.

Critica a etiqueta “Xeración dos cincuenta” para a xeración de Novoneyra, que é a súa propia, e cre que non é válida por coincidiren nesa época autores de xeracións anteriores debido á Dictadura. Ademais, di que está composta por autores nados nos trinta “formados contra o sistema de Franco”. Polo tanto, prefire as denominacións “Xeración de *La Noche*”, como defende Borobó por coincidiren nese xornal moitos deles, ou “Xeración das Minervais”, ó seren premiados nese certame. A seguir, fai un reconto de tódolos autores e autoras desta xeración sinalando que “estableceron os alicerces da actual literatura galega”. Para acabar, comenta que, ó contrario do que ocorre coa “Generación de los cincuenta” española, a galega é esquecida como o demostra a traxectoria de Novoneyra, episodio que o fai, “se couber, aínda máis grande”.

_____, “Filomena en narrativa”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 13 novembro 1999, p. 2.

Coméntase a figura da meiga Filomena de Torbeo, personaxe real que aparece na última novela de Cela: *Madera de boj*. Cita que hai quen opina que esta feiticiera inspirou o conto “As meigas atinan sempre”, integrado na colección *Á lus do candil*, publicada por Ánxel Fole en Galaxia en 1953. Antes de rematar, recolle fragmentos do relato foleano e da novela do padronés.

Miragaia, Manuel, “Novoneyra”, *La Voz de Galicia*, “Xanela aberta”, 27 outubro 1999, p. 17.

Destaca a “trascendéncia do labor poético” na historia dun pobo para render homenaxe a Uxío Novoneyra pola súa calidade poética e humana. A continuación, defíneo como “poeta integral” na acepción de Milton por se converter nunha “composición e arquetipo das cousas mellores”.

_____, “Galeuzca”, *La Voz de Galicia*, “Xanela aberta”, 10 novembro 1999, p. 17.

Comenta diversos temas que se debateron no último foro Galeuzka celebrado na vila castellonense de Morella. Na súa opinión, non cre que o libro desapareza como vehículo cultural fronte ás novas tecnoloxías e apunta as teses de Carlos Paulo Martínez Pereiro sobre a tradición literaria como base para todo escritor. Finalmente, pensa que a mestizaxe cultural pode ser negativa se nos conduce “ao pensamento clónico e á sociedade única”.

Moure, Edmundo, “Evocación de Maruxa en la Casa de Rosalía”, *Galicia en el mundo*, nº 348, 29 novembro-5 decembro 1999, p. 2.

Edmundo Moure narra unha viaxe a Padrón para visita-la Casa-Museo de Rosalía de Castro. Tamén, enxalza a figura de Maruxa Villanueva, quen naquela ocasión lle ensinara persoalmente as diversas dependencias e a chousa adxacente.

Neira, Manuel Xosé, “Escaparate de farrapeiría literaria”, *O Correo Galego*, “A píntega e as bolboretas”, 19 xaneiro 1999, p. 3.

Presenta neste escaparate tres volumes de escritores lucenses: *Reflexos* (1998), da que se di que é unha antoloxía de poetas, entre os que están Noriega, Leiras, Pimentel ou Cabana; *A figueira lingoreteira*, poemario de 1996, da autoría de Xosé Lois García, que contén os poemas dedicados ó seu fillo Hugo, e finalmente, un volume de recente publicación: *Os poetas doSeminario de Mondoñedo* (1997), cualificado como crónica exhaustiva da actividade literaria nesta institución, dende os poetas do Nadal a Xosé María Díaz Castro.

_____, “A música en Díaz Castro”, *O Correo Galego*, “A píntega e as bolboretas”, 23 febreiro 1999, p. 3.

Comeza por destaca-la importancia da musicalidade na obra de Xosé María Díaz Castro,*Nimbos*, e considera a música como un elemento esquemático, quizais non tan elaborado como outros conceptos do libro, pero que trenza toda a estructura do poemario. Tamén salienta algunhas palabras en diferentes poemas do libro que entende que dan idea da significación da música, sería o caso de “canto” ou “berro”, e mesmo a propia palabra “Música” nalgún verso. Comenta que o universo campesiño de moitos poemas móvese tamén cun certo ritmo de música, e pide, para rematar, a reunión dunha antoloxía da obra de Díaz Castro, “unha obra escasa, a penas con caídas, ben resolta, singular”.

_____, “Hoxe asina libros Fole”, *O Correo Galego*, “A píntega e as bolboretas”, 16 marzo 1999, p. 3.

Comenta o sucedido na ocasión en que Ánxel Fole fora á vila de Ribadeo asinar libros, convidado pola Asociación Francisco Lanza, e na que só conseguira vender seis ou sete exemplares, o que, a pesar dos tempos, era pouco froito, sen embargo conta que Fole, ó parecer, quedara contento e polo camiño foi parando cos compañeiros nalgunhas tabernas, nas que como na de Barreiros contou que asinara trece ou catorce exemplares, noutra de Mondoñedo, vinteún ou vintedous, xa na Terra Cha, en Gontán concretamente, máis de trinta, e remata preguntándose cántos diría Ánxel Fole en Vilalba.

Neira Vilas, Xosé, “Un vigués no Paraguai”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 14 xaneiro 1999, p. 4.

Repasa a traxectoria de Avelino Rodríguez Elías, xornalista e escritor galego exiliado no Paraguai. Lamenta que caese no esquecemento, pois a súa obra literaria en galego e castelán é abondo ampla, ademais de ter fundado algúns dos xornais vigueses do primeiro tercio do século XX. Tamén sinala que fora cronista oficial da cidade e publicara, en castelán, varios libros sobre Vigo. Da obra literaria en galego, Neira Vilas destaca *Contos no turreiro*, *Aturuxos* e *O cantar dos cantares* (1922). Cita algúns premios de poesía conseguidos polo autor, entre eles os Xogos Florais de Santiago con “Diante unhas mámoas”, ademais de selo autor do volume *Obras teatrales galegas* (1930), con pezas en prosa e verso. Para rematar, a través do coñecemento que tiña del Camilo Díaz Baliño, Neira Vilas cualifícao como “alegre, conversador, vital”.

_____, “Lembranza de María Casares”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 17 xaneiro 1999, p. 3/p. 4.

A actriz coruñesa María Casares é o centro deste emocionado artigo, no que se salienta a súa extraordinaria valía como artista. Comenta que a maior impresión que garda dela é a dunha exiliada que nunca olvidou A Coruña, e que os recordos a devolvían, unha e outra vez, dende o seu desterro parisino á cidade atlántica. Comenta a teima de Casares por non regresar, aínda que o desexaba, mentres non lle restituíran os bens expropiados durante a Guerra Civil. Por todo isto, pide para ela “o recoñecemento que Galicia lle debe”.

_____, “Nas mans de Elsa”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 24 xaneiro 1999, p. 3/p. 4.

Achegamento á figura de Elsa Fernández, secretaria do Centro Galego de Buenos Aires, e persoa na que recaeron durante anos as actividades do Centro, entre elas a organización de concursos, congresos, publicacións, atencións ós escritores galegos, etc. Apúntase que mesmo chegou a ter un espacio semanal en Radio Excelsior, no que lía un comentario sobre un libro galego.

_____, “Os corenta anos de Brais Pinto”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 7 febreiro 1999, p. 3/p. 4.

A través do escritor Ben-Cho-Shey, di que tivo noticia en 1958 da creación do grupo cultural Brais Pinto, e que se carteou con César Arias e con Reimundo Patiño, co que ademais intercambiou libros e publicacións culturais. Tamén apunta que logo foi tendo noticias de Ferrín e doutros. Finalmente, celebra o reencontro deste grupo en Compostela, corenta anos despois, xa sen Patiño nin Cribeiro.

_____, “Outra vez Valle-Inclán”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 18 febreiro 1999, p. 3/p. 4.

Advirte ó comezo deste artigo que non vai entrar na polémica sobre a non traducción ó galego de Valle-Inclán, pois pretende lembra-la representación en Cuba de *Divinas palabra*s en 1970. Di que nesa representación colaborara el como asesor, encargado da Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Illa. Recorda a escenografía montada anteriormente, para a estrea da obra en Madrid, por Castelao, así como a conferencia que, en 1939, pronunciara o escritor de Rianxo na Habana. Nela aseguraba que Valle fora o mellor artista que parira Galicia.

_____, “A soidade de Arturo Cuadrado”/“A soedade de Arturo Cuadrado”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 28 febreiro 1999, p. 3/p. 4.

A soidade é, para o cronista, o recordo que garda da persoa de Arturo Cuadrado, intelectual republicano galego, exiliado na Arxentina. Del lembra, tamén, o seu poemario castelán *Soledad imposible* e o traballo na prensa, en *Resol* e *Galicia*. Da súa personalidade, dinos que era un soñador, que necesitaba da fantasía para poder vivir.

_____, “Evocación de Martínez-Risco”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 4 marzo 1999, p. 3/p. 4.

Evoca a figura de Sebastián Martínez-Risco, con motivo do centenario do seu nacemento. Indica que foi en Buenos Aires onde descubriu a Martínez-Risco, que publicaba poemas na prensa galega da cidade. Logo, como presidente da Real Academia Galega e, máis tarde, como amigo cruzáronse correspondencia entre Cuba e Galicia.

_____, “García Barros e os emigrantes”, *O Correo* Galego/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 14 marzo 1999, p. 4/ p. 3.

Detense na obra do estradense Manuel García Barros, espallada nos medios escritos da emigración. Antes, loa a “ética exemplar” deste novelista, o seu combate contra as inxustizas, a defensa dos oprimidos e o seu galeguismo. Explica que Barros colaborou no periódico *Galicia* de Buenos Aires e na revista *Galicia* de Cuba, e que na Estrada, era un dos responsables de *El emigrado*, publicación que, en boa parte, era distribuída en Cuba. Tamén di que unha peza teatral de García Barros leva por título *Carta da Habana*.

_____, “O centenario de Rafael”, *O Correo Gallego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 25 marzo 1999, p. 3/p. 4.

Lembranza da estancia porteña de Rafael Dieste nos anos cincuenta dando clases de literatura galega, conferencias sobre a poesía de Manuel Antonio ou o teatro de Calderón, celebrando encontros en cafés ou librerías, ou no seu fogar da rúa Lavalle. Asegura que o pensamento de Dieste non esmorece e que a súa sabedoría era perceptible en cada xesto.

_____, “A revista ‘Galicia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 28 marzo 1999, p. 3/p. 4.

Aborda a historia da revista habaneira *Galicia*, a publicación periódica de máis longa vida na diáspora galega. A revista, segundo nos comenta, durou dende 1902 ata 1930, ocupándose, como rezaba na súa definición e no seu primeiro número, dos intereses galegos en América. Tamén di que “Sostiña a idea dunha Galicia autogobernada. Pode afirmarse que era unha publicación claramente galeguista”. Afirma tamén que “foi unha das publicacións de mellor calidade da nosa emigración” e que nela colaboraron, cuns 20 artigos polo menos, BasilioÁlvarez e Manuel Murguía. Máis ocasionalmente fixérono Castelao, Vicente Risco, Cabanillas, Noriega Varela, etc.

_____, “Poesía das dúas ribeiras”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 1 abril 1999, p. 3/p. 4.

Céntrase na obra publicada polo Concello de Corcubión, *Mar por medio* (1998), e descríbea como unha colaboración de trece poetas do Batallón Literario da Costa da Morte con outros tantos cubanos de Holguín. Ademais, engade, aparece unha ficha de cada autor e unha traducción de cada poema. Sobre os autores salienta o teren case todos premios e obra publicada, ademais da riqueza expresiva, o afán de comunicación e “unha vontade anovadora que nos enchen de ledicia e nos confirman que a poesía vive, latexa, faise imprescindible”. Neira Vilas confirma o seu proxecto de editar, xunto co Ministerio de Cultura de Cuba, unha selección de contos breves de autores galegos e cubanos.

_____, “Recordo de Paz Lestón”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 8 abril 1999, p. 3/p. 4.

A publicación de *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón* (1998), en Ediciós do Castro por parte de Miro Villar sérvelle para facer unha lembranza dos galegos que xa estaban na Arxentina antes de Castelao, da Guerra Civil e incluso antes da República como Blanco Amor ou Rodolfo Prada. Fai un especial fincapé na figura de Xervasio Paz Lestón e incide nas súas actividades políticas e culturais.

_____, “Bernández e a lingua galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 6 maio 1999, p. 3/p. 4.

Aproximación a Francisco Luís Bernárdez considerando que “era un dos nosos”, en palabras do articulista. Tamén apunta que este escritor arxentino viviu tres anos en Galicia, incorporado ó movemento galeguista, e que colaborou na revista *Nós*. Á parte dos seus libros en castelán, di que publicou varios poemas e ensaios en lingua galega, salientando unha “excelente selección de poesía medieval galega” que titulou *Florilegio del Cancionero Vaticano*, aínda que centra a súa crónica en dous traballos sobre o galego, un deles fora, precisamente, redactado en galego e recollido por Seoane en *La lengua gallega en voces argentinas*, e levaba por título “Discurso encol do idioma galego”.

_____, “Homenaxe a Sánchez Guisande”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 13 maio 1999, p. 3/p. 4.

Aplaude a homenaxe do Concello de Santiago de Compostela ó médico e escritor, Gumersindo Sánchez Guisande, que consistiu en colocar unha placa no número 12 da rúa de Raxoi, onde vivira o intelectual que deixou para a literatura galega os *Seis cantos galegos*, ademais dun poema dedicado a Alexandre Bóveda. Di que dende que en 1936 chegara a Buenos Aires, participou en numerosos actos relacionados con Castelao.

_____, “O ollo do esqueleto pasou o mar”/“O ollo do esquelete pasou o mar”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 20 maio 1999, p. 3/p. 4.

Comunica nestas liñas a súa sorpresa ó descubrir, en 1985, unha traducción cubana de *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), de Daniel R. Castelao. A traducción asínaa Xoán Vicente Martínez Quelle e aparece o 22 de decembro de 1922 no *Diario de La Marina*, case inmediatamente despois da orixinal, na colección ferrolá “Céltiga”. A isto suma o cronista as críticas sobre esta obra de Francisco Luís Bernárdez, Anxo Tarrío e Carballo Calero. Di tamén que este último sinalara no seu día a existencia dun adianto deste relato nunha conferencia pronunciada en 1920 polo seu autor e titulada “Humorismo, debuxo humorístico, caricatura”.

_____, “Méndez Ferrín, Honoris Causa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 3 xuño 1999, p. 3/p. 4.

Con motivo da homenaxe que a Universidade de Vigo lle fai a X. L. Méndez Ferrín, repasa “algúns fitos americanos” do escritor ouresán. O poeta Lorenzo Varela escribe, contra a represión do réxime franquista a Ferrín, “Cantiga nova que se chama cadea”. Seoane dedícalle “Figuracións”. Por outra banda, Ferrín enviara ó concurso do Centro Galego os contos de *Percival e outras historias*, fora a Buenos Aires para celebra-los Xogos Florais do Idioma Galego e publicara en Montevideo *Poesía enteira de Heriberto Bens*. Así mesmo, na morte do Che Guevara, escribira a “Proclama do novo agricultor”.

_____, “Con Pepe Velo en Buenos Aires”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 24 xuño 1999, p. 3/p. 4.

No Congreso da Emigración de 1956, en Buenos Aires, Pepe Velo Mosquera deixou unha fonda impresión na memoria do columnista. O feito polo que é recordado Pepe Velo é o secuestro do vapor portugués Santa María, di tamén que Pepe Velo era de Celanova (Ourense), poeta e amigo do tamén poeta Celso Emilio Ferreiro, con quen compartira, en 1935, a obra *Cartafol de poesía*.

_____, “Tardes con Fuco Gómez”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 4 xullo 1999, p. 3/p. 4.

Fuco Gómez, galego de Becerreá (Lugo), emigrante en Cuba morto en 1972, era para Neira Vilas unha especie de “francotirador”, abeirando a desorde nalgúns dos seus actos. Apunta tamén que Fuco Gómez era analfabeto cando emigrou á illa, pero que chegou a publicar en galego, entre outros, os libros *Grafía galega*, *O idioma dos animás*, *Galicia, nación de Iberia* ou *Pastorelas*. Finalmente alude á fundación do xornal *Patria galega* e indica que creou un himno novo para Galicia.

_____, “O exiliado Pita Romero”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 8 xullo 1999, p 3/p. 4.

Lembra as súas vivencias co polígrafo e ex-ministro republicano Leandro Pita Romero, que nacera en Ortigueira, deixando para a literatura galega a novela curta *O anarquista*, publicada na colección coruñesa Lar en 1924. Salienta a importante actividade como articulista, especialmente na prensa arxentina. Sobre *O anarquista* afirmaba Filgueira Valverde: “é un dos mellores relatos da vida na aldea daquela, toda unha testemuña, un “documental” de garrida prosa (...), exemplar, para empregar o diccionario cervantino”.

_____, “Paixón teatral de Rodolfo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 11 xullo 1999, p. 3/p. 4.

Fai unha descrición de Rodolfo López-Veiga, galego nacido en Cuba, fillo do fundador na illa da revista *Galicia*. López-Veiga regresou a Galicia coa súa familia en 1930. Lembra que fundou dous grupos teatrais, colaborou co teatro universitario, coa sección de teatro do Ministerio de Cultura e co Instituto Internacional de Teatro da Unesco. Ademais subliña a posta en escena de Castelao, Cunqueiro e Valenzuela e as traduccións de Synge, Casona e Valle-Inclán. Neira Vilas dá conta de dúas obras propias de López Veiga, *Canto para un poeta melancólico* e *Un home chamado Castelao*.

_____, “Xogos Florais galegos en Buenos Aires”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 25 xullo 1999, p. 3/p. 4.

Breve comentario da historia dos Xogos Florais xunto coa mención dos actos celebrados en 1968 en Buenos Aires co gallo dos Xogos Florais do Idioma Galego.

_____, “O mozo Penzol”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 29 xullo 1999, p. 3/p. 4.

Percorrido pola vida de Fermín Penzol onde se salienta que o seu nacionalismo radical e o seu afán bibliográfico deron como resultado un “patrimonio bibliográfico importantísimo para todos nós”.

_____, “As dúas Américas de Pepe Ruibal”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 19 agosto 1999, p. 3/p. 4.

Comentario dalgúns aspectos da vida emigrante de Pepe Ruibal, quen se converteu nun dramaturgo de sona. Conclúe facendo referencia ó encontro que tivo con Pepe Ruibal en 1993 no Instituto Galego de Información.

_____, “Antecedentes gaiteiros”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 22 agosto 1999, p. 3/p. 4.

Breve comentario sobre o semanario *La Gaita Gallega*, publicado entre o 7 de xaneiro e o 11 de febreiro de 1872, e que representa “o máis remoto antecedente xornalístico da nosa diáspora galega”.

_____, “Aquel bibliófilo ourensán”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 26 agosto 1999, p. 3/p. 4.

Amosa a súa gratitude á familia de Antonio do Campo pola doazón dos libros do bibliófilo ourensán á Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística. Comenta que esta biblioteca estaba composta por libros sobre Galicia que viran a luz dende o século XVII ata os nosos días.

_____, “No centenario de Roel”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 29 agosto 1999, p. 3/p. 4.

Repasa a vida de Manuel Roel Longueira e aplaude a decisión do Concello de Betanzos de publicar un libro cos seus traballos literarios co gallo do centenario do seu nacemento.

_____, “Ventura e aventura de “*Os Eoas*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 2 setembro 1999, p. 3/p. 4.

Comeza coa caracterización de *Os Eoas*, de Pondal e fai un repaso pola biografía de Amado Rincón, autor, en 1992, da edición desta obra inédita de Pondal que presenta certa semellanza con *Os Lusíadas* (1572), de Camões.

_____, “Xornalista e mariñeiro desertor”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 9 setembro 1999, p. 3/p. 4.

Refírese a Xoán Vicente Martínez Quelle destacando que fundara e dirixira a revista *Labor Gallega* en 1913. Sinálase tamén que foi “un eficaz animador da cultura galega en Cuba”.

_____, “Os combates de Lorenzo Varela”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 12 setembro 1999, p. 3/p. 4.

Cita os encontros que tivo con Lorenzo Varela en Buenos Aires e en Madrid, e fai un breve percorrido pola obra deste combativo poeta como xornalista, crítico de arte e literato.

_____, “Blanco Amor e Prisciliano”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 30 setembro 1999, p. 4.

Describe como en outubro de 1972 Eduardo Blanco Amor, dentro da Cátedra de Cultura Galega do Centro Lucense de Buenos Aires, estivo explicando a figura de Prisciliano durante todo o mes.

_____, “Un día na vida de Castelao”, *El Correo Gallego,* “Crónicas galegas de América”, 24 outubro 1999, p. 4.

Lembra o 31 de nadal de 1937 na vida de Daniel R. Castelao centrándose nas actividades desenvolvidas con motivo das eleccións do Centro Galego da Habana celebradas ó día seguinte. Deste xeito, comenta o “Mitin das Arengas” que, emulando o homónimo da Quintana compostelá, organizou e fechou Castelao a prol de “Hermandad Gallega”, lista que se enfrontaba a “Afirmación” e “Defensa”, simpatizantes da causa franquista, así como o debuxo que diariamente viña publicando en *Hoy* arredor da campaña.

_____, “Cuarenta anos de ‘Vieiros”, *El Correo Gallego,* “Crónicas galegas de América”, 31 outubro 1999, p. 4.

Ó se cumpriren corenta anos da saída do primeiro número da revista *Vieiros* que coordinaban en México Luís Soto e Carlos Velo, repara na súa importancia como mostrario do “pensamento e a creación literaria da Galicia máis avanzada” e como elo entre os intelectuais galeguistas do interior e do exilio, a modo da *Galicia Emigrante*, que publicara Luís Seoane en Arxentina. Ademais, recorda o papel que tivo el mesmo como intermediario en Cuba na distribución e na xestión de colaboracións así como na recensión da revista en diferentes medios.

_____, “Camagüey adiante”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 7 novembro 1999, p. 4.

Refírese á escenificación en Cuba da obra de Daniel R. Castelao, *Os vellos non deben de namorarse,* tras cita-la estrea bonaerense o 14 de agosto de 1941 e outras posteriores. Así, comenta que a obra foi estreada na Habana o 14 de agosto de 1971 polo Taller Dramático “Valle Inclán” que dirixía Aldo Guasch sobre a traducción de Manuel María. A continuación, describe diversos aspectos da escenificación e relata a xira que a compañía fixo pola provincia de Camagüey no tempo da recollida da cana destacando que nunca antes tivera un público tan masivo e heteroxéneo, proba do excepcional encaixe “na idiosincrasia cubana” desta peza.

_____, “O editor de Follas Novas”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 14 novembro 1999, p. 4.

Sitúa a edición de *Follas novas* (1880), de Rosalía de Castro na Editorial “La Propaganda Literaria” de Ernesto Chao con sede na Habana e non en Madrid, lugar onde si se imprimiu para facilita-lo labor editorial ó dirixir Murguía a revista *La Ilustración Gallega y Asturiana* tamén nesta cidade. A seguir, fai un esbozo biográfico do editor enumerando diversos xornais que publicou en Vigo e Cuba e cualifícao de “audaz” por publicar esta obra cando aínda non comezara a emigración masiva á Illa.

_____, “En Goián, sen Eliseo”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 18 novembro 1999, p. 4.

Fai unha semblanza de Eliseo Alonso tras asistir á “Fiasta” de Goián que organiza a Asociación Cultural que leva o seu nome. Da súa etapa en Buenos Aires lembra diversas iniciativas xornalísticas e os libros *Seara de romances* (1952) e *Contos do Miño* (1955). Sinala que unha vez de volta a Galicia continuou desenvolvendo o xornalismo, a poesía, a crítica de arte e os estudios etnográficos centrados no Baixo Miño. Finalmente, nomea desta etapa a novela *A rúa do noxo* (1977) e os contos infantís *Reiciñeira* (1981).

_____, “Historia dun libro nonato”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 21 novembro 1999, p. 4.

Alude a un libro que non se chegou a escribir que se titularía *Castelao político* e que formaba parte dun proxecto co que o Consello de Galiza tentaba aborda-las diferentes facetas de Castelao poucos meses despois da súa morte. Esta obra foi encargada a Suárez Picallo, que non a escribiu a pesar dos esforzos dos amigos, e completaba a serie xunto con *Castelao artista*, de Luís Seoane (Editorial Alborada de Buenos Aires, 1969 e reedición de Ediciós do Castro, 1984), e *Castelao escritor*, de Blanco Amor (Ediciós do Castro, 1986).

_____, “A saga dos Lugrís”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 25 novembro 1999, p. 4.

Refírese á saga dos Lugrís e céntrase no “antepasado inmediato destes dous Urbanos”, os pintores, Manuel Lugrís Freire. Da súa etapa cubana salienta a faceta xornalística, da que destaca a fundación en 1885 de *A Gaita Gallega* xunto con Ramón Amado Teixeiro, xornal integramente escrito en galego; o poemario *Soidades* e a peza teatral *A costureira da aldea*. Así mesmo, di que en 1896 veu a Galicia e o seu labor foi intenso: dramaturgo, poeta, autor da primeira gramática do galego, fundador das Irmandades da Fala, partícipe da redacción dos estatutos do Partido Galeguista e do Anteproxecto do Estatuto de 1932 ou Presidente da Academia Galega, entre outras actividades.

_____, “Do Caurel o novo mundo”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 2 decembro 1999, p. 4.

Afirma que as primeiras novas que tivo de Uxío Novoneyra foron no exilio bonaerense en 1955 ó recibi-lo poemario *Os eidos*, do que resalta a recepción e a emoción que espertou nos mozos emigrados e nas tertulias americanas. A seguir, refírese á publicación en 1966 da traducción de vinteún poemas por el mesmo e cita as composicións “Vietnan canto” e “Pranto polo Che” como mostras dunha calidade humana que tamén vibrou “no Novo Mundo”.

_____, “O derradeiro Curros”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 9 decembro 1999, p. 4.

Lembranza dos últimos días de Curros, o cal, segundo Neira, sufría de manías persecutorias. Infórmase de que a razón real de que morrese na clínica do Centro Asturiano foi a boa relación que mantiña co director da clínica e co do *Diario de la Marina*. Dá conta do desacougado que sentiu o de Celanova na coroación da que foi obxecto na Coruña na súa derradeira estadía no país, acto cualificado de “festa fúnebre”.

_____, “Exposición de libros e gravados”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 12 decembro 1999, p. 4.

Comenta a organización da exposición sobre o libro galego que tivo lugar en Buenos Aires durante o inverno austral de 1958. Sinala a activa participación nos traballos de Luís Seoane. Ademais indica que se celebrou simultaneamente un coloquio sobre o libro galego coa participación de Suárez Picallo, Dieste, o propio Neira Vilas, entre outros. Conclúe afirmando a positiva influencia que estes actos exercían na distribución do libro galego na América.

Nicolás, Ramón, “As novas crónicas de Manuel Rivas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 10, 23 marzo 1999, p. 7.

Dá noticia da reedición (1998) do ensaio de Manolo Rivas *Toxos e flores* (1992). Nesta nova edición, dinos que hai unha supresión, a do derradeiro capítulo da primeira parte, co engadido de reflexións sobre a Xeración Doente, Ramón Sampedro, Lois Pereiro e Reimundo Patiño. Conta tamén co texto titulado “Pregón de Monte Alto”. Cualifica a obra de “miscelánea”, alentadora do debate e fundamentada na enxebreza, no romanticismo e na estética bravú. Di que é unha especie de autobiografía e de reflexión sobre o futuro de Galicia como entidade colectiva.

_____, “Cabanillas, corenta anos despois”, *La Voz de Galicia*, 24 novembro 1999, p. 18.

Percorrido pola obra do poeta Ramón Cabanillas, a partir de 1959, que é cando se publica a súa *Obra Completa* en Buenos Aires. Faise especial fincapé nas contribucións que se realizaron no ano 1976, no que se lle adicou o Día das Letras Galegas, e coméntanse tamén aquelas que viñeron despois. Nicolás Rodríguez pensa que, de calquera xeito, “resultan escasas as páxinas que a nosa crítica lle dedicou a Ramón Cabanillas, a interpretación da súa obra ou mesmo a revisitación do seu percorrido biográfico”.

Noguerol, J., “Tres hurras por los libreros”, *La Región*, 4 xuño 1999, p. 4.

Elóxiase a iniciativa dos libreiros de Ourense de acompaña-la Feira do Libro 1999 con actuacións de contadores de contos e actores de teatro de rúa. Ó mesmo tempo, dáse noticia dapresentación do libro do ourensán José María López Álvarez, *Mis días tristes*.

_____, “Blanco Amor quería cumplir ayer 99 años”, *La Región*, “De paso”, 16 setembro 1999, p. 22.

Sinala que o 15 de outubro de 1999 Eduardo Blanco Amor “quería” cumprir noventa e nove anos, posto que o autor de *A Esmorga* aseguraba que nacera en 1900, ocultando así o verdadeiro ano do seu nacemento, 1897.

Núñez Seixas, Xosé M., “Na memoria de Bieito Fernández, bó e xeneroso”, *Atlántico Diario*, 29 xaneiro 1999, p. 22.

Bieito Fernández, galeguista e emigrante case anónimo, é motivo de homenaxe por parte de Núñez Seixas, do que di que tras vincularse na cidade de Buenos Aires a agrupacións como a Sociedade Nazonalista Pondal, volve en 1935 a Galicia, onde participou no proxecto Galaxia e na Agrupación Cultural Auriense e, en 1958, na xuntanza que separou definitivamente ó galeguismo político do culturalista. Tamén valora a súa cordialidade, as súas ganas de vivir e o desexo de aprender e transmitir.

Otero, David, “Xaneiro de Rianxo”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 24 xaneiro 1999, p. 3.

O encontro “sobre lectura e literatura” que mantivo na biblioteca de Rianxo o autor cos mozos e mozas da vila sérvelle para facer unha louvanza das terras rianxeiras e das súas figuras ilustres, Manuel Antonio, Castelao e Rafael Dieste, dos que recorda o seu traballo a prol da nosa identidade dende o xornal vigués *Galicia* no tempo que era o director Paz Andrade.

_____, “Castelao”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 31 xaneiro 1999, p. 3.

A visita do autor á vila de Rianxo, onde participou en cadansúas ofrendas florais a Dieste e a Castelao, faille recordar, cincuenta anos máis tarde, que “o discurso” de don Daniel aínda “non está superado”. Reflexiona logo sobre a Galicia que aínda cómpre construír cun proxecto crítico e común para homes e mulleres da terra.

_____, “Un facer que se consolida”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 8 agosto1999, p. 3.

Alúdese á celebración dos actos organizados polos mozos e mozas da aldea de Ouzande, na Estrada. Indícase que a súa pretensión é que a aldea sexa un “modelo de ruptura e asemade de integración e resistencia” e sinálase que o primeiro día houbo un recital cos libros *Poemas de cinza* (1990) e *Todo morte* (1998), de Manuel Pereira Valcárcel.

_____, “E si que me gusta”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 10 outubro 1999, p. 3.

Aplaude os actos que se están a celebrar “por (a)mor de celebra-los cincuenta anos da morte de Castelao”. Afirma que lle agrada a súa obra e remata repasando a vida do rianxeiro.

Otero, Elva, “Alfabetización dramática”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 46, 24 xaneiro 1999, p. 3.

A precaria situación do teatro universitario en Galicia vén criticada neste artigo no que se propón unha única solución a este problema, a creación dunha Escola de Arte Dramática por parte da USC.

Otero Cebral, Xosé Luis, “Un eido poético de Abral”, *El Progreso*, 13 xullo 1999, p. 12.

X. L. Otero Cebral describe como coñeceu ó pensador e poeta chantadino Xulio Eyré Lamas, coñecido no eido da poesía como Xulio de Abral.

_____, “Poesía e poetas de Monterroso”, *El Progreso*, 28 setembro 1999, p. 45.

Analízanse e clasifícanse os poetas chantadinos en cinco clases: os do pobo, os da memoria, os de Palacio, os desprazados e mailos visitantes. Sublíñase que o poeta monterrosino por antonomasia é Xesús Manuel Lorenzo Varela Vázquez e faise un percorrido pola súa vida e obra.

Pablos, “O Grelo”, labor plausible”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 11 febreiro 1999, p. 6.

Faise referencia ás iniciativas –certames de pintura, poesía e contos– que a prol da difusión da cultura galega, están a levar a cabo a fundación “O Grelo. Amigos de Galicia” e gábase ó seu presidente, Jesús Busto Peteiro, autor dunha “excelente guía” do Camiño de Santiago.

Pallarés, Pilar, “Ver con Novoneyra”, *A Nosa Terra*, nº 907, “Guieiro Cultural”, 4 novembro 1999, p. 29.

Tenta afondar no significado de Uxío Novoneyra e aclara que non chegou a el ata moi tarde “tal vez porque só se entende por dentro o que se ama e porque se ama desde a iluminación docoñecemento”. É así como afirma que para chegar a el debía “chegar ao seu Courel”. Sen embargo, a pesar de que entende que a eternidade consiste na unión da terra con quen a soubo revelar, coida que o poeta negaría que “o Courel só comezou a existir” cando el o nomeou porque a poesía é posuí-la terra “mais tamén aceitar a desposesón”.

Parga, Julián, “Mestre exemplar”, *El Progreso*, 6 novembro 1999, p. 71.

Lembra a docencia de Antonio Fraguas de quen foi alumno: a xenerosidade, o sentido “vencellador, ausente de imposición”, o ensino coa palabra e o estudio práctico de quen considera “todo un exemplo”.

Penas, Ánxeles, “Arturo Cuadrado, Lorca y María do Carmo Kruckenberg”, *El Ideal Gallego*, 23 maio 1999, p. 28.

Lembranza da polifacética figura do galego Arturo Cuadrado co gallo da noticia da exposición-homenaxe que a Fundación Luís Seoane lle está a dedicar na Coruña. Infórmase tamén da publicación por parte da mesma fundación do libro de Antón Capelán *Arturo Cuadrado, a fantasía dun povo* e do recital lorquiano que María do Carmen Kruckenberg ofreceu dentro dos actos de dita mostra.

Pereira, Fernando, “Celso Emilio Ferreiro”, *Faro de Vigo*, 30 setembro 1999, p. 25.

Co gallo do vixésimo aniversario do pasamento de Celso Emilio Ferreiro quere lembrar unha anécdota vivida co falecido autor en 1968 en Venezuela. Salienta a existencia das embaixadas franquistas como “Oráculo ... do servilismo de moitas sociedades de alén mar” nesta época, a actitude combativa de Celso Emilio contra unha emigración vendida ou alugada, a creación dos Padroados da Cultura Galega en México, Venezuela e Uruguai da man de Carlos Velo, Luís Soto e Celso Emilio, así como a representación da independencia e dignidade do home na expresión “canos de cemento” coa que Luís Seoane, no poema “A maior abondamento”, define os lugares nos que viven os “emigrantes anónimos, limpos e ergueitos”. Resume a conferencia, “Contribucción ó plan de desenrolo”, que Celso Emilio pronunciou en Montevideo, solicitada polo Padroado da Cultura Galega desta cidade e comenta o interese do cónsul español Ochoa Ochoa por coñecer a Celso E. Ferreiro despois de escoita-la súa charla.

Pereira, Juan, “A Cristina Amenedo”, *El Correo Gallego*, “Firma invitada”, 7 abril 1999, p. 4.

Gran louvanza á escritora Cristina Amenedo por toda a súa obra. Di, asemade, que utiliza a súa obra para se encontrar en paz e con íntima beleza tralo “traballo” e a tensión que implica a vida diaria. Por iso pídelle a Deus que viva moitos anos.

Pereira Valcárcel, M., “Emma e Yolanda no Comercial”, *O Correo Galego*, “Faladoiros e Falangueiros”, 27 abril 1999, p. 4.

Dáse conta da presencia de Yolanda Castaño e Emma Couceiro nun recital poético no ColexioMaior Nuestra Señora de África en Madrid. Infórmase ademais da existencia dun faladoiro galego no café Comercial da mesma cidade no que tamén participaron as dúas poetas aproveitando a estancia na capital de España.

Pérez Prieto, “Nacionalismo e galeguismo en Ferrol”, *A Nosa Terra*, nº 906, “Guieiro Cultural”, 28 outubro 1999, p. 32.

Tenta desactiva-lo tópico de que Ferrol é unha cidade españolista e pregúntase se os galegofalantes son “bichos raros” na cidade. Para iso, enumera toda unha serie de ferroláns ilustres no “compromiso coa Galiza, a sua língua e a sua cultura, de carácter máis ou menos galeguista”: no ámbito sociopolítico nomea a Xosé Fontenla Leal, Rodrigo Sanz, Manel Sánchez Hermida, Euxenio Charlón, Manuel Comellas, Xaime Quintanilla, Eliseo Ruíz de Cortázar e Miguel Anxo Araúxo; no eido artístico destaca a Imeldo Corral, Emiliano Balás, Camilo Díaz Baliño, Álvarez de Sotomayor e Pérez Villamil; e na literatura cita a Alberto Camino Sigüet, Xosé López de la Vega, Benito Vicetto, Aurelio Ribalta, Francisco Cabo Pastor, Xoaquín Arévalo, Dictinio del Castillo, Xosé Mª Pérez Parallé e, os máis coñecidos, Ernesto Guerra da Cal e Ricardo Carvalho Calero. Finalmente, refírese ós actos organizados polo Bienio Irmandiño baixo o nome “Galegos de por vida” nos que crentes e non crentes afirman o seu dereito a “morrer en galego”.

Pociña, Andrés, “Rafael e Uxío”, *El Progreso*, “Tribuna”, 1 novembro 1999, pp. 13/68.

Pranto pola morte dos poetas Uxío Novoneyra e Rafael Alberti que supón para el unha perda irreparable que provoca un sentimento de orfandade. De Alberti, “o poeta inmenso, vate das causas e principios grandes da humanidade”, destaca ademais o seu vinculamento a Galicia, concretamente, a Luís Seoane e Rosalía de Castro.

Portela, Marcos da, “Tinta de Lura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 7, 24 decembro 1999, p. 1.

Dá conta ironicamente das moitas presentacións de libros ás que asiste Ferrín, entre as que cita as de *Memorias do pedal* e a de *Pensa nao*. A seguir, explica o significado do adxectivo “pensa”e confirma o desacordo de Francisco Fernández Rei con este uso. Finalmente, informa da publicación do discurso de ingreso na Academia deste último e da saída da revista infantil*Golfiño*, centrada na banda deseñada.

Prieto, X. M., “Pura e Dora Vázquez”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 setembro 1999, p. 26.

Fainos partícipes da súa sorpresa ó averiguar que as dúas mulleres que mercan os últimos exemplares de *O Correo Galego,* no quiosco onde el compra ese xornal, antes de que el o poida comprar son as irmás Pura e Dora Vázquez. Destaca a xenerosidade e amabilidade destas escritoras, ó recibir ó día seguinte un dos seus libros, e aprecia nelas “unha das cualidades que definen á persoa de quilates: a apertura”. A seguir facilita a definición deste termo, observa a súa presencia no sorriso, no agarimo, na acollida, no “saír de si” e na “comunicación da súa riqueza persoal” das irmás Vázquez e reflexiona sobre as características deste tipo de apertura e virtude.

Rábade Paredes, Xesús, “Un entusiasta do teatro”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 18 marzo 1999, p. 3.

Rápido percorrido polo teatro en Galicia dende o Rexurdimento e durante o século XX facendo especial fincapé sobre a figura de Rodolfo López Veiga a partir da posguerra.

Rabuñal, Henrique, “O home que viveu o século”, *La Voz de Galicia*, 24 decembro 1999, p. 78.

Tracéxase unha panorámica vital de Jenaro Marinhas del Valle co gallo da súa morte. Este repaso incide en que a súa obra dramática figura entre o mellor do teatro do século XX.

Redondo Abuín, Xesús, “Aquí un amigo”, *La Voz de Galicia*, 26 novembro 1999, p. 22.

Dirixe a Xesús Alonso Montero, a quen considera o seu amigo “porque falas como un libro e porque dis o que hai que dicir así te perxudique”, o seu lamento ante o camiño que tomou o socialismo e o comunismo nos últimos tempos. Tamén apunta que este é irreversible e que no próximo milenio nada cambiará.

Rei, Luís, “O ano do “Cometa” de Ramón Cabanillas”, *A Nosa Terra*, nº 908, “Guieiro Cultural”, 11 novembro 1999, p. 29.

Repásase cronoloxicamente a traxectoria vital e político-intelectual de Ramón Cabanillas, antes da súa viaxe a La Habana. Sinala que, durante os anos 1895-1890, é considerado “substantivamente un burócrata” e que, no período que vai do 1905 ó 1910, “desperta o periodista e o poeta social”. Finalmente, comenta como no 1910 leva a cabo a súa última empresa periodística, antes de pór en marcha a publicacion do xornal satírico *El Cometa*.

Reimunde, Ramón, “O siléncio de Novoneyra”, *El Progreso*, 17 novembro 1999, p. 74.

Lembranza dende a perspectiva humana e poética da figura de Uxío Novoneyra co gallo do seu pasamento. Intercálanse no texto xornalístico versos do poeta que ilustran o seu retrato e acompañan os sentimentos de Raimunde.

Reixa, Antón, “Ferrín”, *La Voz de Galicia*, “Área de servicio”, 24 xaneiro 1999, p. 16.

Gabanza e agradecemento ó Méndez Ferrín amigo, escritor, nacionalista e profesor, ó tempo que se dá conta dunha “semana triunfante” deste intelectual na que foi investido doutor *honoris causa*, proposto para o Nobel e gañador do premio Eixo Atlántico.

Rey Rodríguez, Julia, “Pura e Dora Vázquez”, *La Región*, “De paso”, 26 agosto 1999, p. 22.

Comeza e finaliza dándolle-las gracias ás autoras ourensás polas súas obras e por seguir escribindo aínda na actualidade con tanta lucidez e creatividade. Afirma que con este artigo só quere agradecerlle-la súa creatividade literaria e o amor que senten por Ourense. Xustifica o feito de que as dúas poetisas escriban en galego e castelán coas declaracións de Pura, recollidas dunha entrevista concedida a *Festa da palabra silenciada*, nas que confesa a preocupación que sente polos idiomas e o medo a que “as falas separen”. Manifesta que o cariño que teñen estas escritoras pola súa cidade natal queda constatado nos diferentes poemas e artigos que lle dedican. Recolle as palabras de Luz Pozo Garza nas que louva e describe a lírica de Pura Vázquez e na que asegura que están as “claves fundamentais da nosa lírica”. De seguido, informa da presencia na producción literaria de Dora Vázquez dos diferentes xéneros (contos, poesía, ensaio, novela) e destaca dous dos artigos de carácter didáctico-pedagóxico que dedica a Galicia e Ourense.

_____, “Mujeres escritoras”, *La Región*, “De paso”, 24 decembro 1999, p. 21.

Acode a Carmen Alborch para comentar que a literatura era, para as mulleres decimonónicas, unha forma de autoafirmación. Coida que hoxe a ansia de comunicación e de liberación é unha das razóns que seguen levando as mulleres ó rego literario. Opina que en Galicia hai varias literatas destacadas e cita a Ursula Heinze, Otilia Seijas, Luz Pozo, Dora e Pura Vázquez, Mariluz Villar e Matilde Lloria.

Rielo, Pedro, “Brais Pinto”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 24 xaneiro 1999, p. 4.

Fala da xuntaza que fixeron os membros do Grupo Brais Pinto en Santiago de Compostela despois de tantos anos. Ademais comenta anécdotas de cada un dos integrantes deste, o que lle vale para reinvindica-la súa valentía e esforzo por protestaren cando aínda estaban nunha sociedade rexida por un réxime pechado e reaccionario, ó tempo que se adherían ó nacionalismo con toda claridade.

_____, “SOS Rompente”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 26 febreiro 1999, p. 3.

Lembranza do grupo poético Rompente que, á marxe da “cultura oficial”, foi creado por Antón Reixa, Alberto Avendaño e Manuel M. Romón a finais dos “70 xa na liña dos 80”, nun tempo propicio para “liberar soños”.

_____, “O Museo de Castelao”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 11 setembro 1999, p. 4.

Faise eco da discusión, ó seu entender mal encamiñada e pouco consistente, sobre o destino do legado artístico de Daniel R. Castelao. Explica que o debate xira ó redor de dous posibles destinos: o Museo de Pontevedra ou un edificio no que se recollan exclusivamente eses traballos. Advirte que esta última opción é descartada por algúns sectores que defenden a teoría do desexo que tiña Castelao de que permanecesen no citado museo por ser el o seu creador. Manifesta a subxectividade deste argumento, a necesidade dalgún escrito no que se constate esa vontade e resalta o non respecto doutros desexos dos que si se ten constancia (o lugar onde foi soterrado). Lamenta a “pouca vontade política ... para que o nome de Castelao sexa un referente” e opina que a obra deste home debería ser conservada “de xeito digno e non de xeito miúdo”.

_____, “Novoneyra, o antifinxidor”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 18 novembro 1999, p. 4.

Retrato de Uxío Novoneyra caracterizado como poeta libre e persoal, que vén presentado, recollendo as palabras de Ferrín, como o “antiPessoa”, en tanto que “a súa poesía nada ten que ver coa imaxe de poeta finxidor”.

_____, “As renuncias de Castelao”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 16 decembro 1999, p. 2.

Pinta a Daniel R. Castelao como un home comprometido que pasou unha vida de renuncias por compromiso co seu país, a súa vila e a súa familia. Entre elas, sinala o feito de cursa-la carreira de Medicina, unha viaxe a Rianxo para axudar a combate-la gripe e a súa dedicación á política. Opina que sen todas esas renuncias a obra artística do rianxeiro sería aínda superior.

Rodríguez, Carlos Luis, “Alfredo cabréase”/“Alfredo se cabrea”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “A bordo”, 4 agosto 1999, p. 2/p. 2.

Protesta pola inexistencia dun sindicato de lectores que defenda o reembolso económico dun libro cando defrauda ó consumidor e que evite que os andeis estean repletos de libros “case virxes que foron abandonados tras un intento de varias páxinas”. Considera que o lectorado está indefenso ante o xogo da oferta-demanda e compra aqueles máis publicitados, baseándose só na mercadotecnia. Afirma que co termo “best-seller” se cualifican as obras máis vendidas, non as máis lidas, e lógrase aumenta-la sona do autor e a venda dos seus traballos. Comenta o caso de Alfredo Conde, desasistido nalgúns círculos por non acceder a firmar certos manifestos e decidido a non asistir a ningunha presentación, concurso, etc. coa intención de emprender un camiño de perfección. Resalta que namentres antes se agrupaban os escritores en gremios e xeracións agora o que prima é a pose social, a política e a súa colaboración ou apoio ás diferentes causas. Confesa que a causa deses círculos existe a “literatura virtual” e que a implantación do proceso de devolución das obras decepcionantes favorecería o rexurdimento da verdadeira literatura.

_____, “La suerte del poeta”, *El Correo Gallego*, “A bordo”, 1 novembro 1999, p. 2.

O pasamento de Uxío Novoneyra e Rafael Alberti lévao a reflexionar sobre o senso dos actos oficiais en homenaxe ós poetas, despois da súa morte, e a necesidade que ten o home de preserva-la poesía.

Rodríguez, Nacho, “Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 6 novembro 1999, p. 54. Elexía a Antonio Fraguas, na que se louva ó profesional, ó intelectual e ó ser humano.

Rodríguez Puentes, Xan, “Novoneyra: poeta do Courel”, *A Peneira*, 2ª quincena novembro 1999, p. 33.

Considera de gran calidade a obra de Uxío Novoneyra a pesar de ser pouco abundante. Veo como un vangardista cos pés na terra que sempre levou por bandeira o compromiso social. Comenta outras facetas menos coñecidas do poeta como a de traductor de Mao Zedong ou a presidencia da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que ocupou ata a morte. Remata asegurando que a súa presencia continuará inmorrente entre as montañas do Courel.

Rubia, Xoán, “Anne Marie Morris”, *Diario de Ferrol*, “La ventana”, 13 outubro 1999, p. 17.

Recorda que foi nun congreso de poetas alófonos en lingua galega no 1993 onde coñeceu en persoa a esta poeta, a quen lle solicitara por carta o seu permiso para transformar en canción un dos seus poemas, e que foi o profesor Rubia Barcia quen lle falou da existencia desta autora e quen lle facilitou un dos seus libros, *Voz fuxitiva* (1965). Informa do primeiro contacto de Anne M. Morris coa lingua galega na Universidade de California, ó ler uns versos nunha obra de Valle-Inclán, do interese que lle suscitou este idioma “ata o punto de encherse de poesía de Curros Enríquez e Rosalía de Castro” e do ano, 1959, no que decide comezar a escribir en galego. Enumera os lugares que visitou e os que non puido visitar a causa da súa saúde na súa primeira estancia en Galicia, con motivo do encontro. Desexa “que o amor que sentíu esta muller sirva de exemplo” e considera este artigo un mero recoñecemento e agradecemento á poetisa recentemente falecida.

Senín, Xavier, “De Vicente Risco”, *El Correo Gallego*, “De vagar”, 1 decembro 1999, p. 4.

Relátase a anécdota na recepción dun hotel, na que confunden o nome dun dos hóspedes co da rúa na que este vive e, deste xeito, o devandito hóspede pasa a ser Don Vicente Risco.

Seijas, Otilia, “Maestro Fraguas”, *El Correo Gallego*, “El último eslabón”, 16 novembro 1999, p. 4.

Sentimental recordo do desaparecido Antonio Fraguas escrito dende as lembranzas da relación persoal de amizade e de admiración que a columnista mantiña cara ó intelectual galego.

Seixas, Miguel Anxo, “Francisco Fernández Rey”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 20 setembro 1999, p. 3,

Resalta dous feitos importantes en relación coa Real Academia Galega: a inclusión nela do catedrático Francisco Fernández Rei e a pronta publicación da tese de doutoramento de VictoriaÁlvarez Ruiz de Ojeda, *Historia da Real Academia Galega*, na que, afirma, se dará a coñece-la historia desta institución. Durante a espera aconsella ler *A Real Academia Galega, institucióńfrustrada do Rexionalismo* (1998), de José Luis Méndez Romeu, no que se demostra, segundo o articulista, que na Academia non se realizou todo o esperado, e que os anos de mandato de Domingo García-Sabell non foron moi beneficiosos para a cultura galega.

_____, “Morreu Novo”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 8 novembro 1999, p. 3.

Co gallo do seu pasamento, lémbrase a obra de Uxío Novoneyra e faise fincapé especial en *Dos sonos teimosos* (1998), onde o poeta afirma que a “lingua é a única memoria que queda”.

_____, “Laiovento: Dez anos”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 13 decembro 1999, p. 3.

Felicita á Editorial Laiovento polos dez anos que leva no mercado. Critícalle a liberdade normativa, a pesar de publicar maioritariamente conforme a oficial, e a dedicación dunha colección ó portugués. Valora especialmente deste selo as traduccións de obras estranxeiras, a atención ó pasado medieval e de preguerra e o fornecemento dun espacio para o teatro.

Seixas Seoane, Miguel Anxo, “Xeración Xerais”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 1 novembro 1999, p. 3.

Fálase da creación e posterior andaina de Edicións Xerais de Galicia, subliñando o feito de que, dende o 1979, non deixou de impulsa-la cultura galega dende o eido editorial con diversas propostas que abranguen o académico, a narración, a ciencia, etc.

Sixto Seco, Agustín, “A Galicia Exterior”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Trala porta”, 16 xaneiro 1999, p. 4/p. 4.

A Estación Marítima (1996), de Luís G. Tosar fai reflexionar a Sixto Seco sobre o cambio da realidade migratoria galega e sobre o espallamento da cultura propia en terras alleas.

_____, “O manantío de Castelao”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Trala porta”, 30 xaneiro 1999, p. 4/p. 3.

Botando man dalgúns parágrafos de *Sempre en Galiza* (1944), de Daniel R. Castelao, reivindica a necesidade de festexar e lembrar sempre a Galicia e aqueles que como o intelectual rianxeiro fixeron tanto pola nosa terra e a nosa cultura.

_____, “Tres Honoris Causa para Galaxia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Trala porta”, 5 maio 1999, p. 4/p. 3.

Lémbrase a imposición do título de doutor *honoris causa* a Xaime Isla Couto e Francisco Fernández del Riego pola Universidade de Vigo e a Domingo García-Sabell pola Universidade da Coruña, recordando ó mesmo tempo o feito de que estes tres intelectuais foron “pezas fundamentais” na creación de Galaxia, o que leva a Sixto Seco a pensar que “o que fixeran as novas universidades galegas fora premia-la cultura do País concedéndolle estes tres Honoris Causa a Galaxia”.

_____, “Rosalía e un atípico Ano Santo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Trala porta”, 12 xuño 1999, p. 4/p. 3.

Adianta neste artigo o tema da súa próxima conferencia en Berna sobre Rosalía de Castro que se centrará, como xa fixera no 1993, no feito de que o Papa León XIII acreditou no 1885 aquel ano como Ano Xubilar aínda que o 25 de xullo non era domingo. Deste xeito “Rosalía, e os seus coetáneos vivos no ano que ela morre, puido lucrarse dun atípico e extraordinario Ano Santo”.

_____, “Ramón Piñeiro, o Sócrates galego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 28 agosto 1999, p. 3/p. 3.

Declara que a relectura dun artigo de Marcelino Agís, foi o detonante desta nova andaina periodística polo pensamento de Ramón Piñeiro. Reproduce as verbas do profesor Agís nas que equipara a Piñeiro con Sócrates por crer do mesmo xeito na cultura e na capacidade de transforma-la realidade. A seguir, lembra a ausencia de Piñeiro dende hai nove anos e o alcance do seu póstumo éxito incluso entre os seus detractores. Subliña deste persoeiro: o seu bo carisma, a aceptación das críticas disconformes e o seu respecto ás opinións dos demais e a súa férrea defensa da “íntima liberdade do individuo”. Transcribe as verbas que Ramón Piñeiro lles transmitía ós rapaces arredistas na transición política onde afirmaba ser “galego por nación, español por historia e europeo por cultura”.

_____, “Entre puchas e barretes”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 18 setembro 1999, p. 3.

Comeza referíndose á identificación de dúas pezas como a pucha e o barrete con aldeáns e intelectuais, distinción que se fixo extensiva a caciques e “urbanitas”, respectivamente, desbotando esta identificación co exemplo de dous intelectuais galegos como Xosé Filgueira Valverde e Antonio Fraguas, habituais portadores de pucha. Tamén fai referencia ó movemento bravú que “reivindica por primeira vez o cheiro a esterco como algo indomábel e sen castrar”, en palabras de Anxo Tarrío, rematando coas referidas de Isaac Díaz Pardo á Xeración Nós, da que moitos membros levaban pucha e que define como “a xeración que empezou a recuperar a personalidade política e cultural da Galiza”.

_____, “In Memoriam de Anne Marie Morris”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 20 outubro 1999, p. 3.

Co gallo do pasamento da poeta americana Anne Marie Morris, recorda que tivo o gusto de coñecela en abril de 1993, no auditorio da Fundación Rosaliana (Padrón), durante o acto co quese puxo fin ó Iº Congreso de Poetas Alófonos de Lingua Galega. Ó ve-la fotografía desta poeta no congreso, cre ver de novo no rostro desta muller o desexo de “empaparse da inmanente presencia de Rosalía de Castro” neste evento, escritora á que lera guiada polo profesor Xosé Rubia Barcia, e as súas bágoas motivadas pola ovación coa que foi recibida. Lembra que o poemario *Voz fuxitiva* (1965), publicado en Galaxia, foi prologado por Ernesto Guerra da Cal e encargada a súa edición a Fco. Fernández Del Riego. Cualifica de intimistas e saudosos os versos e pon como exemplo aquel que Xoán Rubia musicou.

_____, “Máximo Sar’, un devoto de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 23 outubro 1999, p. 3.

O reencontro de Sixto Seco con M. Rodríguez Buxán inspira esta columna na que se demostra o grande interese e a gran laboura deste home a prol da cultura galega e do Patronato Rosaliano. En palabras de Sixto Seco, Máximo Sar é “un devoto de Rosalía”.

_____, “A podente voz de Novoneyra”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 3 novembro 1999, p. 3.

Trala desaparición de Uxío Novoneyra, fala da relación que mantiña co poeta do Courel e refírese a algunhas composicións que o propio autor lle remitiu, como a “Letanía de Galicia”, rodeada por dezasete debuxos de Castelao. Trátase dunha composición asinada por Novoneyra en 1973 e enviada para felicitarlle as Pascuas e para convidalo á súa voda. Así mesmo pon de relevo a especial forma de face-las cousas do poeta do Courel.

_____, “Fraguas, un home coherente”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 13 novembro 1999, p. 3.

Destácase de Antonio Fraguas a coherencia da súa “orixe aldeá”, a “firmeza do seu cristianismo” e o seu insubornable galeguismo que o fixo e o fará para sempre, despois do seu pasamento, único entre os intelectuais galegos.

_____, “A insobornable coherencia de Paco del Riego”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 27 novembro 1999, p. 3.

Refírese ós Premios “San Martiño”, da Estrada, que este ano entregaron o seu máximo galardón a Francisco Fernández del Riego baixo o lema “a lingua, esencia da verdade da convivencia”. Tamén se nomea ós outros galardoados en edicións anteriores.

Sotelo Blanco, Olegario, “Un sabio entre homes”/“Un mestre e amigo”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 6 novembro 1999, p. 32/p. 71.

Elexía ó galeguista Antonio Fraguas, a quen se define como un “sabio que vivía (...) entre homes”.

Soto, Juan, “Gripes”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 25 xaneiro 1999, p. 72.

Crítica irónica sobre a causa da incomparecencia de Carlos Casares en calidade de presidente do Consello da Cultura de Galicia a un acto de homenaxe a Camilo José Cela.

_____, “Novoneira”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 1 febreiro 1999, p. 72.

A abertura en Santiago dunha rúa co nome de Uxío Novoneyra, sérvelle para facer un breve repaso dos títulos máis importantes deste autor ó tempo que se reivindica unha xusta e merecida homenaxe no propio Caurel.

Soto, L. G., “Pondal e Iugoslávia”, *A Nosa Terra*, nº 884, “Guieiro Cultural”, 27 maio 1999, p. 34.

Analízase o pensamento pondaliano sobre a emancipación dos pobos e o necesario movemento de auto-construcción –sempre afastado dos procedementos belicosos– nos casos de sometemento a partir duns versos de *Queixumes dos Pinos* (1886), nos que se dá como modelo a seguir por Galicia Zernagora (lugar situado en Montenegro na Ex-Iugoslavia). Esta referencia explícita no texto de Pondal permítelle ó autor do artigo facer referencia á bélica actualidade balcánica cunha perspectiva octocentesca.

Suárez, Manuel, “Castelao, filme documental”, *O Correo Galego*, 7 xaneiro 1999, p. 3.

Cóntase a xénese e elaboración do documental sobre a vida de Daniel R. Castelao que nun acto-homenaxe ó intelectual rianxeiro proxectarán en San Domingos de Bonaval. Solicítase ademais á Consellería de Educación que elabore copias desta cinta e que as faga chegar a tódolos institutos de Galicia.

_____, “Os poemas galegos de Godofredo”, *Galicia en el Mundo*, nº 342, “Crónicas riopratenses”, 18-24 outubro 1999, p. 2.

Anúnciase a publicación das actas dun Simposio sobre a emigración que tivo lugar no Salvador en 1996. Céntrase o comentario sobre a conferencia da profesora Jerusa Pires Ferreira “Os escritores brasileiros e a Galicia”, que recolle o caso concreto de Godofredo Filho, poeta en lingua galega de alén mar. Pídese, para rematar, a axuda da Xunta para a publicación destes poemas.

Suárez Suárez, Manuel, “Os poemas galegos de Godofredo”, *O Correo Galego*, “Memorias riopratenses”, 28 setembro 1999, p. 3.

Considera as actas do simposio de investigación de Salvador de Baía (Brasil), un “material científico de gran calidade” sobre a nosa emigración. Fala do amor que sente unha das relatoras, Jerusa Pires Ferreira, pola literatura galega debido á súa infancia xunto a Rosario S. Albán e á súa amizade con Alonso Montero. Informa que no relatorio desta profesora, “Os escritores brasileiros e a Galicia”, se analiza a obra de varios poetas brasileiros que empregan a lingua galega “como xeito de expresión en parte da súa obra”, salientando o caso do poeta Godofredo Filho, nado en terras baianas cunha antiga tradición cultural portuguesa e que escribe versos en galego, denominando “Musa Galega” á parte da obra poética deste autor na que está presente Galicia e recolle a idea que este ten de escribir un poemario en galego por sentirse “vinculado por misteriosas afinidades” a Galicia, dende a súa visita. Estima preciso a publicación dunha recompilación dos poemas galegos deste creador cunhas notas críticas de Jerusa Pires. Por último, aprecia na poesía de Godofredo unha linguaxe precisa, un equilibrio entre o ritmo e a fonética, e a búsqueda de palabras que o tempo non desfixera.

Tarrío B., Andrés, “O recoñecemento á obra de toda unha vida”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, “Faíscas”, 8 febreiro 1999, p. 3.

Louvanza dos méritos academico-intelectuais e persoais do profesor Xaime Isla Couto a quen se di que se lle será entregado o título de doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo.

Tarrío Varela, Anxo, “Antón Risco, en fin...”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 8 febreiro 1999, p. 3.

Lémbrase a figura humana e intelectual de Antón Martínez Risco ó cumprirse un ano do seu pasamento, facendo especial fincapé na súa producción literaria escrita en lingua galega que coincide con aquela máis recente, entre a que se atopan obras como *Memorias dun emigrante* (1986), da que se di que inicia o camiño da gran producción feita nos últimos doce anos da súa vida e que se corresponde con outros tantos títulos publicados en galego.

_____, “Unha prosa ricaz, nomeadamente barroca”/“Unha prosa ricaz e barroca”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 25 maio 1999, p. 30/p. 76.

Dá conta dunha escolma de textos de Luís Mariño realizada por el mesmo e lida por Concha González durante o sepelio. Informa ademais de que Luís Mariño caracterizábase, entre outras cousas, polo amor e dedicación ó libro, ata o punto de recoñecer que a súa única vocación era a de editor; e pola xenerosidade para cos seus amigos, como demostrou tantas veces, sobre todo con Blanco Amor. Remata dicindo que a condición urbana de Mariño, concretamente de compostelán, foi a responsable de que advertise e lamentase que pouco a pouco esta fose mudando e se convertise en algo anónimo, onde a xente xa non se para a falar e só se ocupa do traballo.

_____, “2.000 en números redondos”, *O Correo Galego*, “Especial 2000”, 14 xullo 1999, p. 22.

Considera salientable que *O Correo Galego* nestes cinco anos superara en número “de saídas á luz a todas as publicacións periódicas monolingües da historia da prensa galega, incluídas as máis pertinaces”, entre as que nomea a: *O Tío Marcos de Portela, A Nosa Terra, Nós, Grial* e *O Boletín Galego de Literatura*. Informa do período de actividade de cada unha delas e constata que a diferencia entre *O Correo Galego* e o resto das publicacións prima na periodicidade dos números: diaria fronte a semanal, semestral ou anual. Resalta a valentía da editorial e dos responsables e a importancia deste xornal por ser integramente en galego coas mesmas noticias que calquera outro. Pon de manifesto o orgullo que deben senti-los galegos ó ver totalmente cuberto coa súa lingua as diferentes opcións dos medios de comunicación e felicita a tódolos galegos, ós responsables do xornal, ó lectorado e ós traballadores ó considera-lo un beneficio para Galicia. Opina que este acontecemento debería ser estudiado sobre todo se se ten en conta a “penuria na que se moveu a cultura galega ata hai ben pouco tempo”.

_____, “Un tren chamado desexo”, *O Correo Galego*, “A baloira”, 11 outubro 1999, p. 3.

Cunha das estrofas do poema “A Galicia” (1861), de Francisco Añón, ábrese este artigo co fin de demostrar que non se inspirou en ningunha “endrómena rara”, xa que a primeira liña de ferrocarril non chegaría ata 1873 e conclúe que o poeta deulle a benvida á industria con evidente antelación. Pon varios exemplos de imaxes nas que se prevé a imaxinística producida pola locomotora a vapor e reflexiona sobre as imaxes empregadas polos poetas actuais para describi-lo tren, concretamente o AVE, e denuncia o feito de que todos temos dereito a ese transporte porque tamén pagámo-los impostos cos que se fixo. Comenta a este respecto “El Sr. Conde de San Juan por el ferrocarril de Galicia en el banquete de Fomento, el año 1858” e no que se fala da primeira chegada á Coruña uns anos despois. Remata cos versos de Xoán Bautista Neira onde lle aconsella a Añón volver para Galicia, na que non hai tren pero a xente viaxará xa polo aire.

_____, “Uxío Novoneyra”, *O Correo Galego*, “A baloira”, 1 novembro 1999, p. 3.

Tras gaba-la personalidade de Uxío Novoneyra e manifesta-la sorpresa polo seu pasamento, di do poeta do Courel que estaba dotado dunha “grande sensibilidade para todo o que estivese relacionado co mundo da edición”, e fai unha relación dalgunhas das obras e escritos de Novoneyra que el garda como “alfaias”, entre as que aparecen o primeiro *Cuadernos da Gadaña*, na que se inclúe unha edición crítica dos *Poemas caligráficos* (1980), a versión de 1981 de *Os Eidos* ou *Dos soños teimosos* (1998), todos eles con adicatorias do propio poeta.

_____, “Don Antón, O Noso”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “In Memoriam”, 6 novembro 1999, p. 3/ p.75.

Louvanza de Antonio Fraguas para quen propón incluílo na longa nómina de personalidades ó servicio de Galicia xunto con outros como Manuel Murguía ou Ramón Otero Pedrayo. Di que igual que “noutras latitudes e culturas” outorgan títulos de tratamento como o de Sir ou Excelencia, ás personalidades galegas deberíaselles da-lo título de “Don”, considerando que na cultura galega lle correspondería a Antonio Fraguas.

Toro, Suso de, “A casa dos nosos escritores”, *La Voz de Galicia*, “Chove e máis hai sol”, 4 xullo 1999, p. 38.

Proponse a creación dunha “casa dos escritores” na cidade de Santiago onde poder mostrarlle ós miles de viaxeiros que se achegan a Compostela a nosa literatura e facer así coñece-la nosa rica tradición literaria.

_____, “La traducción: todo un milagro”, *El Mundo,* “*La Esfera*”, nº 45, “Carta blanca”, 18 setembro 1999, p. 2.

Comeza falando do multilingüismo que se dá na actualidade e sinalando que residir cunha soa lingua ou entre dúas ou máis é unha bendición ou unha condena segundo se mire. Explica que a decisión de escolle-lo galego como lingua empregada nas súas obras vén determinado polo desexo de procura-lo seu futuro en Galicia e confesa que o seu desexo de ser escritor xorde na adolescencia ó querer escribir obras coma as feitas polos autores que el admiraba: James Joyce, Samuel Beckett, William Faulkner, Juan Rulfo, etc. De seguido eloxia o labor dos traductores sen os que, admite, non coñecería as obras de Shakespeare, Sófocles, Homero, Hölderlin ou Celine, ó non posuí-lo dominio suficiente dos idiomas orixinais. Comunica que varias das súas obras foron traducidas a outros idiomas e que, nas dúas realizadas por Basilio Losada, a penas se aprecian diferencias co orixinal. Pensa que isto se debe ó bo quefacer do traductor e a semellanza dos pobos, nalgunhas partes de España, e das cidades en Europa. Considera que este parecido favorece á traducción porque o lectorado recoñece facilmente os escenarios e, ás veces, as outras linguas posúen palabras parecidas ou iguais, apuntando que cre tamén na “alma do libro” e que se unha traducción non é lexible probablemente non merece a pena le-lo orixinal, explicando isto a través dos cambios feitos nas autotraduccións de *Ambulancia* (1990),*A sombra cazadora* (1994) e *Calzados Lola* (1997) e chega á conclusión de que isto lle permite “refundir y rehacer” un libro.

Tosar, Luís G., “Un alalá por Maruxa”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “A voltas co país”/“Tribuna Libre”, 2 xaneiro 1999, p. 4/p. 74.

Recóllense neste artigo as lembranzas que o autor garda de cando traballaba para o “Padroado Rosaliano” e pasaba as tardes con Maruxa Villanueva na casa da Matanza de Rosalía en Padrón.

_____, “Curros e os miserables”, *Galicia en el mundo*, nº 304, “Estación marítima”, 25-31 xaneiro 1999, p. 3.

Notifica a publicación, en 1998, de dous volumes sobre a vida e obra de Manuel Curros Enríquez, elaborados por Elisardo López Varela. Na súa opinión, son un dos maiores esforzos que se fixo, ata o de agora, para estudiar documentalmente e con rigor a vida e obra de Curros. Recoméndalle a súa lectura ás persoas que invocan o nome deste persoeiro sen coñece-lo seu pensamento e a súa traxectoria literaria, considerando que se amosa un Curros Enríquez de primeira man, sen adulteracións e sen adaptacións interesadas. Despois de recorda-la emigración de Curros a La Habana e a fundación do semanario *La Tierra Gallega*, reflexiona sobre a postura do poeta fronte ó conflicto cubano, semanario no que tamén constata que Curros aplicaba duros cualificativos ós independentistas e arremetía contra EE.UU. pola súa posición anexionista. Subliña que a revista *Follas Novas*, dirixida por Antonio P. Cea, facíalle a vida imposible a este autor e que incluso o ofendían nos seus artigos, con termos como explotador, desequilibrado e ladrón. Mais resalta que co tempo Cea caeu no esquecemento namentres Curros é unha “referencia inexcusable” e mantén unha personalidade inmorredoira.

Valcárcel, Marcos, “Narración e parábola”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 15 xaneiro 1999, p. 3.

A partir dunha entrevista ó escritor Carlos Casares, publicada na *Revista Galega do Ensino*, fala do mundo narrativo casariano, das constantes da súa literatura e do “periodismo literario” tan cultivado por este autor.

_____, “A memoria do exilio republicano”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 5 marzo 1999, p. 4.

Felicítase a aqueles que tiveron a idea de promover un encontro para o estudio dos escritores do exilio republicano, xa que, dende a perspectiva do autor, é esta aínda unha débeda coa nosa historia e coa nosa literatura. Espera que neste congreso se dean “destacadas aportacións sobre o labor de galeguidade e compromiso republicano e democrático de todas estas voces da Galicia exiliada”.

_____, “As mellores palabras para contar o mundo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 5 marzo 1999, p. 48.

Recomenda a lectura da última obra de Carlos Casares *Un país de palabras* (1998), na que se mostra unha vez máis a concepción aberta de Casares fronte a aquilo susceptible de ser material literario, o que el denomina “conta-lo mundo”.

_____, “Valentín Paz-Andrade e a autonomía galega”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 9 abril 1999, p. 3.

Lémbrase a figura do intelectual galego Valentín Paz Andrade a partir da recente publicación de Edicións do Castro, *Valentín Paz-Andrade, a memoria do século* (1998), na que Tucho Calvo recolle unha serie de conversas que son “unha especie de memorias do egrexio galeguista” e que nos dan as “claves do Partido Galeguista dos anos trinta”.

_____, “Memoria e novela”, *O Correo Galego*, “Pé das burgas”, 3 setembro 1999, p. 3.

Céntrase na última novela de Bieito Iglesias, *Bajo las más bellas estrellas*, merecedora do IIº Premio de Novela “Ciudad de Salamanca”. Resalta a presencia neste libro de abundante biografía sentimental, dunha xeración coa que se identifica, e recoñece que nalgunhas das secuencias podería se-lo protagonista. O equilibrio entre “unha estética expresionista”, un natural sentido de humor, a forza dos diálogos, a parodia de diversos rexistros literarios son consideradas características deste autor, e detecta nas súas obras a presencia “dos seus guieiros literarios”, entre eles Nabokov, Faulkner, Blanco-Amor, Cunqueiro e o Risco de *O porcode pé* (1928) e *Os europeos en Abrantes*(1927), especialmente pola “literatura satírica, crónica irrespetuosa dunha realidade social protagonizada por políticos composteláns e escritores presuntuosos, sen obviar, como fixera Risco, a propia autoparodia de Benitiño Ironside”. Lembra que *Vento de seda* (1992) e *Miss Ourense* (1994) naceran na memoria de Bieito Iglesias e que a novela *Bajo las más bellas estrellas* foi moi criticada por estar escrita en castelán, aspecto que el tamén lamenta.

_____, “Bernardino Graña canta ó mar fisterrán”, *O Correo Galego*, “Pé das burgas”, 10 setembro 1999, p. 4.

Despois de gaba-las paisaxes fisterrás recomenda a guía turístico-cultural de Xan X. Fernández-Carrera, editada pola Asociación Neira en 1998, a aquelas persoas que descoñecen a zona. Opina que a beleza destas terras non oculta a súa mala situación económico-social debido ás emigracións a outras vilas e á destrucción paisaxística da empresa canteira, aspecto que reforza coas verbas de Manuel Rivas. Resalta a súa amizade cos compoñentes da agrupación Batallón Literario da Costa da Morte, encargados da edición da revista *Feros Corvos,* e recorda o recital no que estiveron presentes diversos poetas de Fisterra, entre eles, Modesto Fraga, Alexandre Nerium ou Rosa López, e doutras zonas como Rafa Villar e Bernardino Graña, a quen considera “un dos nosos grandes poetas do mar desde os tempos de Martín Códax”. Comenta a ledicia que sentiu nese evento e a mágoa ó non ser capaz de transmitir esa sensación ó seu alumnado e cre que estes actos son procesos de reconciliación “co poder máxico da palabra”.

_____, “No centenario de Xan da Coba”, *O Correo Galego*, “Pé das burgas”, 24 setembro 1999, p. 3.

Lamenta que ninguén lembrara o centenario da morte de Xan da Coba e resalta a presencia deste no *Diccionario da literatura galega* (1995), de Dolores Vilavedra, malia que “non vai merecer nunca un Día das Letras Galegas -anque non estaría mal”. Facilita unha listaxe dalgúns dos “admiradores que lle dedicaron páxinas de interese” a este autor como Lamas Carvajal, Neira Cancela, Roberto Blanco, Xohán Carballeira, Vicente Risco ou Filgueira Valverde. Destaca sobre todo un estudio realizado por Xesús Alonso Montero e Carlos Casares, *Vida, obra e milagres de Xan da Coba* (1992), e comenta que foi o creador do Trampitán, lingua universal que empregou na súa ópera *La Trampitana*; dunha ópera inédita en galego, *María Pita* (1863); da zarzuela *La Galiciana*, e do xornal *El Gracioso* onde era o editor, redactor, propietario e único lector. Cosidérao “símbolo do despropósito e da creación lúdica varias décadas antes das provocacións surrealistas e das greguerias de Ramón Gómez”.

_____, “Un intelectual galeguista e católico”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 15 outubro 1999, p. 3.

Notifica a celebración dunhas xornadas dedicadas a Antón Losada Diéguez e á Xeración Nós, no Carballiño e en Boborás. Achega brevemente o contido dalgúns dos relatorios presentados neste evento, como o de Alberte Martínez, centrado no pensamento e claves ideolóxicas do escritor homenaxeado, no que observa a decisión de enmarcar a Losada nunha posición socialcatolicista. Comenta que Luís Domínguez, Xosé Ramón Quintana e Xosé Ramón Veiga demostran no seu estudio a existencia dunha fidalguía cunha alta formación cultural e intelectual, e sinala que Manuel Núñez Seixas pensa que “O cerne do pensamento do escritor de Boborás” foi o catolicismo. Da intervención de Xesús Alonso Montero sinala o feito de diferencia-las ideoloxías de Vicente Risco, Losada, Otero Pedrayo e Castelao namentres estudia a andaina ideolóxica da Xeración Nós ata a Guerra Civil. Fala dos traballos que se centran na faceta literariade Losada ou da Xeración Nós en xeral e destaca a Ínsua, Taramancos, Fernández del Riego, Joaquim Ventura e Mónica Iglesias. Tamén se refire á participación sobre a figura, labor e modernidade á cultura galega e dos sinais de identidade da construcción nacional de Galicia propiciados pola revista*Nós*.

_____, “O vello poeta cego”, *La Voz de Galicia*, 22 outubro1999, p. 89.

Fálase do “inxusto esquecemento” ó que se viu sometido Valentín Lamas Carvajal, malia o “volume e rexistros da súa obra poética’’ ou á “relevancia das súas prosas galegas con especial acento no *Catecismo do labrego*”. Considérase ademais a Lamas Carvajal como “un dos grandes animadores da causa da lingua galega”.

_____, “Ironía e denuncia do vello poeta cego”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 22 outubro 1999, p. 3.

Achegamento a Valentín Lamas Carvajal, considerado como a “figura ourensá do século XIX”, e faise referencia á súa obra prosística, poética e, sobre todo, xornalística que se materializa no xornal *O tío Marcos da Portela*. Tamen se fai referencia ó seu encarceramento entre agosto e setembro do ano 1885 e á “serie de parrafeos” que dende alí, baixo o lema “polas reixas”, ofrece nas páxinas do xornal, neste tempo subtitulado “Na cadea”.

_____, “De Alberti, Blanco Amor e Paz Lestón”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 29 outubro 1999, p. 3.

Lembranza de Rafael Alberti partindo da súa amizade con Blanco Amor achegándonos a momentos das súas vidas nas que estiveron en contacto. Recórdase tamén ó poeta Muxián Xervasio Paz Lestón, destacando que o seu descoñecemento será superado polo estudio que Miro Villar fixo sobre a súa vida e a súa obra.

_____, “Novoneyra, o poeta da terra”, *La Región*, “Voces que non se apagan”, 1 novembro 1999, p. 41.

Tras facer referencia ó acto organizado pola Asociación de Escritores e a Asociación Cultural O Galo, frustrado polo pasamento de Uxío Novoneyra, achégase a unha parte da súa obra, afirmando que nela o lector atopará “unha excelente colección de poemas dun autor non moi prolífico polo rigor da súa esixencia crítica cara á sua propia obra’’. Ofrece ademais algúns trazos da súa forte “unidade estilística” que sen embargo presenta “unha ampla variedade de rexistros”.

_____, “O mundo colle en dezasete sílabas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 5 novembro 1999, p. 3.

Co gallo da presentación dun libro de poemas de Mario Benedetti na casa de América en Madrid “que lembran ós haikus xaponeses”, fai unha aproximación a esta particular expresión poética e ós escritores que a cultivan e cultivaron ata chegar á literatura galega, centrándose na figura de Uxío Novoneyra con quen Consuelo García Devesa nun artigo publicado no nº 106 da revista *Grial* do ano 1990 atopa paralelismos con poetas xaponeses que cultivaron o “haiku”. Aproveita tamén para falar da homenaxe frustrada que os amigos do Galo e da Asociación de Escritores lle ían facer ó poeta do Courel.

_____, “Un obreiro da causa galega”, *La Región*, “No fio da Xeración Nós”, 6 novembro 1999, p. 78.

Louvanza do labor desenvolvido por intelectuais como Filgueira Valverde ou Ferro Couselo que, contando co “maxisterio excepcional” dos membros da Xeración Nós, foron quen de reaviva-la cultura galega e entre os que considera que se encontra Antonio Fraguas, ó que se fai unha aproximación, tanto da súa personalidade caracterizada pola “bondade natural” coma da súa obra, espallada en “múltiples campos e facetas”.

_____, “Xan da Coba, inventor do trampitán”, *La Región*, “Centenario dun escritor singular”, 10 novembro 1999, p. 65.

Achega ó escritor ourensán don Juan de la Coba y Gómez, popularmente coñecido como Xan da Coba, do que se celebra o centenario da súa morte. Os seus inventos, a súa producción literaria e xornalística, a creación dun idioma propio, o interese que despertou en escritores e intelectuais galegos en diferentes épocas ou as súas extravagancias son algúns dos aspectos que se tratan no artigo, definíndoo, finalmente, como “un magnífico toliño que soubo facer da súa personalidade un auténtico feito literario”.

_____, “As bolboretas no lenzo”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 10 novembro 1999, p. 3.

Destaca as “pegadas” que da historia de Galicia ou da propia experiencia de Manuel Rivas aparecen reflectidas no filme *A lingua das bolboretas*, dirixido por José Luís Cuerda. Aproveita tamén para louva-la figura de Rivas, no campo da literatura e do cine, referíndose en concreto á súa participación no documental da televisión estatal *Esta es mi Tierra.*

_____, “Vinte anos con Eduardo Blanco Amor”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 13 decembro 1999, p. 3.

Valoración da obra de Eduardo Blanco Amor comezando por sinala-la “inxustiza histórica” da que foi víctima e a recuperación e valoración posterior, salientando obras como *Os biosbardos* (1962) e *A esmorga* (1959). Dá conta dalgúns traballos arredor da obra do autor ourensán como *La peligrosa aventura de vivir en un pueblo*, de Maribel Outeiriño ou *A contrapelo*, de Luís Álvarez Pousa, ambos sobre os seus artigos xornalísticos, así como a dedicación do Día das Letras Galegas en 1993 e a celebración do centenario do seu nacemento en 1997, feitos que se considera que contribuíron a un mellor coñecemento da súa obra, sinalando, finalmente, outros moitos traballos das máis diversas índoles adicados a diferentes facetas de Blanco Amor.

Valiña, Xosé, “Galeguidade”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 10 febreiro 1999, p. 12.

Breve reflexión sobre o emprazamento dos que repousan no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval, entre eles Rosalía e Castelao, salientando que hai algúns anos que non se fai ningún novo enterramento e pregúntase polo criterio que se adopta para tomar tal decisión.

_____, “Da man”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 31 outubro 1999, p. 54.

O recital poético que hai vinte anos compartiron Uxío Novoneyra e Rafael Alberti fai que lembre, conxuntamente, a morte de ámbolos dous poetas. Fai unha especial referencia a Novoneyra e á súa obra poética de quen se afirma que “aproximarse á súa poesía é vivir momentos máxicos, pero ouvilo recitar era vivir momentos sublimes”.

Varela, Amadeo, “El profesor don Vicente Risco”, *La Región*, “El hombre y su obra”, 23 xuño 1999, p. 24.

Gabanza á figura de Vicente Risco na que, ademais da súa obra, lembra o seu labor docente como catedrático de Historia en Ourense, salientando do seu maxisterio a súa “tendencia innata para la captación de grandes síntesis y una clara sencillez en la exposición”, ofrecendo algunhas das súas palabras sobre o que para el era Galicia, “un territorio sin alma, colonizado polos criados dos políticos centralistas”. Opina que posuía un espírito combativo que tentou transmitir ás xeracións que formaba e que deixou a súa impronta en obras como *El problema político deGalicia* (1930).

Vázquez, Dora, “Un ritmo narrativo, ¡gracias!”, *O Correo Galego,* “Ronseis”, 19 outubro 1999, p. 4.

Agradece o comentario que Xesús López, do Centro Ramón Piñeiro, fixo da súa obra poética *Pasatempo ferido de versos*, e que a autora considera moi axeitado, pola súa caracterización de “ritmo narrativo moi orixinal”, porque di que para ela foi un pasatempo facer esta obra, froito dunha época de convalecencia na que decidiu facer un poema por día que abranguera diferentes episodios da súa vida.

_____, “Sempre adiante”, *La Región*, 29 outubro 1999, p. 25.

Reflexión sobre o oficio de escritor e o proceso que segue ata o resultado final, comezando pola recollida das ideas que van xurdindo en cada momento, pasando polo pulimento ou “quitar lastre”, ata o embelecemento final que dará como resultado unha obra que é daquel que a fai, que a sente como súa, e que repasa unha vez fixada no papel. Remata dando folgos a tódolos que se atopan neste proceso.

_____, “Cando morre un poeta”, *O Correo Galego,* “Ronseis”, 15 novembro 1999, p. 2.

Dora Vázquez achéganos á sensación que se ten cando morre un poeta como Uxío Novoneyra ou Rafael Alberti, “todo se estremece na terra” recordando que a mesma sensación de baleiro deixou Celso Emilio ás letras galegas trala súa morte. Fai referencia ademais á non inclusión de Novoneyra na RAG e ó feito de non concederlle o “Pedrón de Ouro”, así como “outros recoñecementos que merecía e non puidera desfrutar en vida”. Laméntase finalmente pola morte de don Antonio Fraguas.

Vázquez, Pura, “Manuel Curros Enríquez, poeta de Celanova”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Verbas na edra do vento”, 24 xaneiro 1999, p. XVII.

Logo de repasa-la vida e a obra de Manuel Curros Enríquez, dende a súa profesión de xornalista en Madrid, onde tamén se di que comezou a escribir en galego coa composición “No xardín unha noite sentado”, ata as súas obras máis importantes como *Aires da miña terra* (1880) e *O divino sainete* (1888), remata lembrando o noventa aniversario da súa morte e preguntándose onde descansan os restos mortais do que ela cualifica como “un dos máis altos poetas de Galicia e fóra dela de todos os tempos”.

_____, “A busca da poética identidade”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Verbas na edra do vento”, 14 febreiro 1999, p. XVII.

A partir da louvanza á actividade creativa en diversos eidos de Ana Romaní e da felicitación polo seu derradeiro libro *Arden* (1998), esténdese a gabanza e a admiración a tódalas novas xeracións de poetas e escritores galegos, comparando as súas condicións coas que a propia autora tivo que vivir ó longo do século, e considerando que eles son os responsables do futuro cultural de Galicia.

_____, “Dous ilustres de apelido Risco”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Verbas na edra do vento”, 21 febreiro 1999, p. XVII.

Lembranza da vida e obra de Antón Risco con motivo do primeiro aniversario da súa morte, salientando o seu traballo coa literatura fantástica, ademais de obras como *O Caso*, *Memorias dun emigrante*, ou *As metamorfosis de Proteo*, todas elas publicadas despois da súa dilatada carreira fóra de Galicia.

_____, “María Rosalía Rita de Castro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 febreiro 1999, p. XVII.

Evocación da vida de Rosalía de Castro co gallo do aniversario do seu nacemento, lembrando dende a súa infancia en Ortoño, os seus contactos con intelectuais como Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre ou Manuel Murguía en Compostela, ata o seu matrimonio con este último. Tamén se alude á súa producción literaria, entre a que sobrancea *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880), ademais da producción en castelán.

_____, “Habelas, hailas’, decía Vicente Risco”, *La Región*, 19 abril 1999, p. 12.

Achega á tradición popular esotérica galega, describindo moitas das imaxes de seres fantásticos que nela existían, así como os remedios que a xente do pobo empregaba para loitar contra tal influencia, dando conta tamén da presencia deste “submundo” na obra de pintores como Laxeiro, ou en obras que se adicaron a recoller estas crenzas como *Mitos e lendas de Galicia* ou *A Galicia Insólita* (1973), de Antonio Fraguas.

_____, “Pondal, vate do pazo de Anllóns”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 12 maio 1999, p. 4.

Repaso da vida de Eduardo Pondal dende o seu nacemento e primeiros estudios, nos que se considera que comezou a entrar en contacto co patrimonio arqueolóxico de Galicia a través das viaxes que dende a súa casa facía á do mestre e que logo daría lugar ó mito do celtismo. Tamén se fai referencia á axitación política dos seus anos mozos e á grande influencia exercida por Murguía no autor a través do libro *Das Invasións,* que el mesmo utilizara para a súa *Historia de Galicia* (1865), e *Os Bardos Bretóns*, dos que se di que puido saír o que logo sería o himno de Galicia, así como na publicación de *Rumores dos pinos* (1880).

_____, “Ramón Cabanillas, gran poeta da raza”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 21 maio 1999, p. 4.

Percorrido pola vida e pola obra de Ramón Cabanillas, no que dá conta da súa evolución personal, dende a viaxe a Cuba e a toma de contacto con Fontenla Leal e Antón Villar Ponte, e literaria, tanto poética coma teatral. Comeza con *No desterro e visións galegas* (1913), na quevai un prólogo de Basilio Álvarez; e *Vento Mareiro* (1915), cualificado de “himno do movemento redentor do campesiñado galego”. A seguir sinala que xa de volta a Galicia publicaría *Da Terra asoballada* (1917), do que di que tentaba mobiliza-la poboación galega e no que se aprecian ideas das Irmandades da Fala. No referente a teatro, salienta obras como *A man da santiña* (1921) e *O Mariscal* (1926), ambas baixo a influencia de Antón Villar Ponte. Remata aludindo á súa volta á poesía con obras como *Na noite estrelecida* (1926) ou *A Rosa de cen follas* (1927).

_____, “Antonio Rey Soto, poeta ourensán”, *La Región*, “De paso”, 16 xuño 1999, p. 22.

Recórdase, dende a experiencia personal do coñecemento directo da autora, a figura do poeta galego Antonio Rey Soto, facendo referencia á súa vida e unha pequena análise da súa obra de corte “máis ben clásico”. Tamén se achega ás ideas do estudio dos seus poemas relixiosos feito polo Mercedario Delgado Varela, entre os que se salientan poemas como “A preciosísima Sangue”, considerado como o poema no que se verte “toda esta teoloxía da dor e do sufrimento” e que constitúe un resumo da súa obra *A Copa de Cuasia* (1930)

_____, “Vento Mareiro”: Unha xoia de Cabanillas”, *La Región*, “De paso”, 4 xullo 1999, p. 25.

Recorda e describe a autora unha edición do 1921 de *Vento Mareiro* que lle regalara o propio Ramón Cabanillas, ilustrada na portada por Castelao e no interior por Cebreiro. Mágoase pola perda desta obra na casa dalgún coñecido que endexamais llo chegou a devolver e gaba a figura poética de Cabanillas.

_____, “Mulleres que escriben, e perseidas” (I), *La Región*, “De paso”, 19 agosto 1999, p. 27.

Salienta a existencia de moitas mulleres que ó longo deste século se dedicaron a escribir, non só en Galicia ou en grandes cidades, senón en tódolos recantos, sen esquecer por iso a literatura feita por homes. Comeza gabando as “maravillosas e valentes donas da Poesía do século pasado... Rosalía, Emilia e Concha”, das que di que desvelan “a gloria das tres” sen necesidadede dici-los seus apelidos. Lembra tamén a Teresa de Ávila e aclara que se centra naquelas que estudiou “con amor e alta admiración” e gracias ás que conseguiu, só con cita-los seus nomes, aprobados con honra en Literatura. Afirma coñecer a moitas das autoras do século XX de “ouvidas e de amores... admirándoas e queréndoas, por seren amigas moi estimadas”.

_____, “Mulleres que escriben, e perseidas” (e II), *La Región*, “De paso”, 20 agosto 1999, p. 27.

Presenta unha listaxe de escritoras ás que admira encabezada por Carmen Conde, Carmen Bravo Villasante, Carmen González e Carmen Blanco. Continúa con Dora Vázquez, Luz Pozo Garza, Pilar Vázquez Cuesta, Xohana Torres, Mª Xosé Queizán, Carmen Kruckenberg e Ana Romaní. Na nómina das máis novas cita a Yolanda Castaño, Olga Novo e ás colaboradoras da revista *A palabra silenciada*. Comenta que está sempre rodeada delas como se fosen estrelas fugaces que enchen de vida e movemento o ceo.

_____, “Lembranza de Luís Álvarez Piñer”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 27 agosto 1999, p. 3.

Abre o artigo coas verbas de Luís Álvarez Piñer nas que narra a súa volta a Ourense e alédase ó recordar que hai tres ou catro anos se lle otorgou, en vida, a este escritor o Premio Nacional da Crítica de Poesía en España. Refírese a continuación ó facsímile da revista *Posío*, editada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e asegura que esta publicación foi froito das iniciativas do Grupo Círculo Azor, mozos e mozas ansiosos de traballar, que contaban con diversas figuras tanto en Galicia coma na emigración. Facilita os nomes dos compoñentes deste grupo ó que tiña a honra de pertencer e de se-la única muller. Lembra que no momento en que *Posío* saíu á luz algunhas revistas coétaneas fixéronse eco da súa publicación nas súas páxinas con algunhas recensións. Rememora os graves problemas económicos que tiveron para poder subvencionar esta andaina literaria e como gracias á gratitude dos comercios da cidade ademais da axuda desinteresada de Carmen Conde, Xerardo Diego e Manuel María conseguiron sacar do prelo catro números. Remata solicitándolle ó lectorado unha lembranza de admiración eafecto para “o grande mestre da poesía”, Luís Álvarez Piñer, a causa do seu falecemento, e para os compoñentes de Azor e *Posío*.

_____, “As relacións entre Lorca e Martínez Barbeito”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 outubro 1999, p. 26.

A través da amizade que unía a Carlos Martínez Barbeito e a Federico García Lorca, repasa o itinerario, as composicións ou as actividades que García Lorca desenvolveu no tempo de estancia en Galicia.

_____, “Tipógrafo, coma Whitman”, *La Región*, 28 outubro 1999, p. 23.

Aproximación á figura de Valentín Lamas Carvajal salientando a súa desgraciada vida e comentando algunhas das súas obras, comezando por *Espiñas e Frores* (1887), *A musa das aldeas* (1890), *Cartas ós galegos* (1875), así como a importancia do semanario *O Tío Marcos da Portela* e do *Catecismo do labrego* (1886). Destácase del o contacto directo coa xente do pobo tratando de comprende-lo seu particular comportamento, así como o uso da súa lingua.

_____, “Pimentel, autor de “Barco sen luces”, *La Región*, 7 novembro 1999, p. 37.

Achegamento á obra poética de Luís Pimentel centrándose no poemario *Barco sin luces* (1960), prologado por Dámaso Alonso, e no que malia presenta-los poemas en castelán, observa que hai unha forte galeguidade, ademais de dar conta da publicación de moitos dos seus poemas pola revista *Nós*. Tamén fala da temática do libro, especialmente centrada nas súas vivencias como médico e da realidade que o rodea.

_____, “Cando o canto parou...”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 25 novembro 1999, p. 3.

Tras expresa-la súa sorpresa polo pasamento de Uxío Novoneyra, dende a perspectiva da lembranza aproxímanos á súa figura e á sua obra poética, facendo tamén referencia á non inclusión de Novoneyra na Real Academia Galega .

Vázquez Gil, Lalo, “Teatro de Don Avelino (2)”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 13 febreiro 1999, p. 28.

Contextualízase e seguidamente reprodúcese un monólogo que Avelino Rodríguez Elías escribiu na sua obra *Os catro túneles* (estreada en Vigo en 1910), indicando que fora Nicolás de la Llanderas o intérprete do papel no que se inclúe este monólogo, actor do que tamén se di que acadara moita sona no seu tempo, ademais de ser xornalista e director de publicacións como *La Pulga* e *La Machada*. No monólogo reflexiónase sobre os medios de locomoción que o home inventa.

_____, “Lembrando a don Xosé Mª Álvarez Blázquez (I)”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 2 marzo 1999, p. 26.

Lembranza do profesor “vocacional” e intelectual galego X. Mª Álvarez Blázquez no décimoterceiro aniversario do seu pasamento. O artigo péchase cun romance do propio Álvarez Blázquez de temática xubilar editado no Ano Santo de 1954.

_____, “Lembrando a don Xosé Mª Álvarez Bláquez (II)”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 3 marzo 1999, p. 24.

Reproduce un romance de Xosé Mª Álvarez Blázquez dedicado ós pescadores no ano 1954 e inclúe unha nota introductoria na que advirte do estado no que estaba o poeta, “aquelado e de escribir en galego”.

_____, “Máis de libros e autores vigueses en Uruguai”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 4 xullo 1999, p. 32.

Recóllense os libros de arte, os contos, as biografías e os ensaios galegos que se puideron ver na exposición de Montevideo de 1961.

_____, “Epílogo de libros e autores vigueses en Uruguai”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 5 xullo 1999, p. 16.

Péchase a lista de obras literarias e obras de divulgación turística galegas que estiveron presentes na exposición organizada polo Banco de Galicia en Montevideo en 1961.

_____, “Cortezón, un grande creador galego”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 22 agosto 1999, p. 20.

Achégase á obra de Daniel Cortezón, comezando por salienta-la calidade da súa obra *Xelmírez ou a groria de Compostela* (1974), e destaca a beleza, galeguidade e a boa montaxe do espectáculo desta obra, agardando que percorra toda Galicia. Concédelle a este literato o grao de mellor autor de teatro de Galicia e subliña a alta calidade das súas obras, ademais da súa formación cultural e científica e unha escrita fácil e amena. Tamén facilita a listaxe de premios que se lle outorgaron coa intención de informar ó lectorado e de xustifica-la súa petición de recoñecemento ó traballo “que ten feito en col de Galicia” este autor. Finalmente, recomenda a lectura doutra obra do mesmo autor *Castelao ou a paixón de Galicia* (1986) ás persoas que non teñen claro o significado de galeguidade e manifesta que ó ler estas reflexións de Cortezón sobre Castelao, a súa historia e a súa obra, teremos maior claridade para xulga-los feitos, posturas, homes e partidos da actualidade.

_____, “Galicia Moderna” y Luís Taboada”, *Atlántico Diario*, “Tiempo de Vigo”, 6 decembro 1999, p. 14.

Sinala que na pontevedresa revista *Galicia moderna*, dirixida por Enrique Labarta Pose e na quetraballaba tamén Gerardo Álvarez Limeses, apareceu unha entrevista a Luís Taboada o primeiro de agosto de 1897.

Veiga, Manuel, “Crítica da literatura universalista”, *A Nosa Terra*, nº 866, “Guieiro Cultural”, 21 xaneiro 1999, p. 32.

Logo dunha reflexión sobre o concepto de universalidade no eido da teoría literaria, ilustrada sempre con exemplos de autores e obras coñecidas, defende a validez dunha literatura “a nível nacional ou local”, e incluso achega dous casos, Joyce e Rosalía, nos que ó seu entender foron quen de “revolucionar o estilo desde a perifería”.

_____, “A literatura galega non existe en Madrid”, *A Nosa Terra*, nº 872, “Guieiro Cultural”, 4 marzo 1999, p. 35.

Critícase a ambigüidade coa que se trata a literatura galega no Estado español dando diversos exemplos de escritores galegos e obras escritas en galego que son adaptadas e asumidas por unha suposta cultura española integradora da vasca, catalana, galega e propiamente a española, facendo deste xeito que se perda a realidade orixinaria.

Vidal, Nicolás, “A importancia das traduccións nunha cultura”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, “Opinións dun traductor”, 18 xullo 1999, p. 13.

Comeza salientando a importancia das traduccións no proceso de normalización dunha lingua, dentro do que enmarca o traballo do traductor Alberte Allengue, lembrando a frase de Borges na que advirte a Ramón Piñeiro da necesidade de prestar unha maior atención na cultura galega ás traduccións, consideradas precisas para asimila-la creatividade doutras culturas. Comenta a experiencia persoal do traductor que presentou diferentes obras ás editoriais galegas, sendo Laiovento a que se fixo cargo da publicación de dúas delas, denunciando o interese de subvencións así como a propia política da Xunta de Galicia neste terreo e destacando a negativa a subvenciona-la traducción de *Fausto*, realizada por Luís Tobío. Tamén se critica o criterio lingüístico empregado nas traduccións, especialmente polo uso de castelanismos no lugar de termos portugueses, máis semellantes ós galegos, cando non existen certos tecnicismos e ve na traducción un desafío vertendo textos cultos e técnicos ó galego relegado durante tanto tempo ó mundo oral e popular. Finalmente, móstrase contento de ter rematada a traducción de *O poetaasasinado*, de Guillaume Apollinaire.

Vidal Villaverde, Manuel, “Alba de gloria”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 20 maio 1999, p. 30.

Visión subxectiva e persoal do mencer nun Vigo poboado por figuras senlleiras da nosa cultura.

_____, “Da doada certeza: Uxío Novoneyra”, *Atlántico Diario*, 31 outubro 1999, p. 47.

Lembra a Uxío Novoneyra, un día despois do seu pasamento, nunha reflexión sobre a vida, a morte e a memoria do home, reproducindo versos do poeta do Courel que aparecen en negriña.

_____, “Noticias de outono e sosego”, *Atlántico Diario*, 9 novembro 1999, p. 26.

Lembra dende a distancia, en compaña doutros intelectuais galegos como Alfonso Álvarez Cáccamo, a Uxío Novoneyra e Antonio Fraguas, recentemente falecidos, ademais de referirse á publicación de obras como *Pensa nao*, de Anxo Angueira; *Don do horizonte*, de Miguel Anxo Fernán-Vello; *Album de fotos*, de Helena Villar Janeiro ou *Poemas sen resposta*, de Mª do Carme Kruckenberg, entre outros.

_____, “Unha mañá do San Martiño”, *Atlántico Diario*, 16 novembro 1999, p. 26.

Relata a visita do articulista xunto con Anxo Angueira e X. L. Méndez Ferrín á festa do San Martiño, na que se celebra unha feira cabalar, evocando a autores galegos, a través das imaxes que na festa observa, como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Artemio Fernández ou Valle Inclán, ademais de referirse a *Pensa nao*, de Anxo Angueira e á traducción que fixo Méndez Ferrín da obra de Lluís Alpera, *Laranxa de ceo de novembro*.

_____, “Libros na costa do outono”, *Atlántico Diario*, 18 novembro 1999, p. 28.

Comeza evocando a figura de Otero Pedrayo en Trasalba, pasando a salientar algúns dos traballos incluídos no nº 38 de *A Trabe de Ouro*, entre eles os de Xosé Chao Rego, Xabier Cordal ou Carlos Barros, ademais de referirse ás recensións dalgúns libros incluídas neste número. Tamén dá conta da publicación en Laiovento de *O poeta asasinado*, de Guillaume Apollinaire ou a biografía de Manuel Murguía feita por Henrique Rabuñal.

_____, “Uxío Novoneyra”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 21 decembro 1999, p. 26. Lembranza lírica do poeta do Courel, Uxío Novoneyra, con motivo do seu pasamento.

_____, “Ós vivos e ós mortos”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 30 decembro 1999, p. 28.

Comenta que está a ler *Diario bautismal dunha anarquista morta*, de Emma Pedreira Lombardía e cita un fragmento. Tamén recolle versos de *Atlántida*, de Rafael Lema e *No limiar do silêncio*, de Mário J. Herrero Valeiro.

Vilar, Manuel, “Un galego de ben”, *A Nosa Terra*, nº 908, “Guieiro Cultural”, 11 novembro 1999, pp. 30-31.

Lembraza da figura de Antonio Fraguas afondando na súa orixe humilde e na importancia que os seus traballos tanto de etnografía como de arqueoloxía tiveron para o desenvolvemento cultural do noso país. Faise referencia tamén á súa actividade política antes, despois e durante a Guerra Civil.

Villacorta, Juan Carlos, “Lamas Carvajal”, *La Región*, 3 novembro 1999, p. 25.

Tras facer un paralelismo entre Valentín Lamas Carvajal, Homero, Jorge Luís Borges ou Jesús Cancio, partindo de que todos eles escribiron “en verdad y en belleza”, lóuvase a figura do escritor ourensán aludindo ás súas preocupacións e facendo referencia a algunha das súas obras, entre elas *O Catecismo do labrego* (1889) e *A Musa das aldeas* (1890), nas que ve a súa vocación de entrega a Galicia e de achegamento ás súas xentes.

Villar, Mari Luz, “Un alto en el camino”, *Atlántico Diario*, “Mujeres”, 24 xaneiro 1999, p. 26.

Gabanza a Pura e Dora Vázquez como poetas de “los infinitos espectros de afectividades en los que se implica el alma”.

Villar Janeiro, Helena, “Oda ó soneto”, *El Correo Gallego*”, “Notas de actualidade”, 15 xaneiro 1999, p. 3.

Preséntase o libro *Mar por medio* (1998), prologado por Neira Vilas e no que se dan cita unha serie de poetas galegos do Batallón Literario da Costa da Morte xunto a trece poetas cubanos, ofrecendo as composicións que cada un fai na súa propia lingua. Subliña Helena Villar o feito de que as novas xeracións de líricos compoñan estrofas xa clásicas como os sonetos que se recollen neste volume da autoría de Miro Villar, Modesto Fraga ou Ronel.

_____, “Regalar libros”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 22 abril 1999, p. 3.

Propón a autora festexa-lo Día do Libro regalando un libro en lingua galega “feito que ten pouco de casualidade ou inocencia, pois na elección idiomática está patente o compromiso co país”. Nesta liña recorda o Día dos Dereitos Lingüísticos e fai referencia á realidade sociolingüística galega. Finalmente, aconsella para face-lo regalo un libro do novo grupo de mozas poetas ás que considera “un luxo literario”.

_____, “Festa da poesía e do salmón”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 13 maio 1999, p. 3.

Sinálase que co gallo da próxima festa do salmón da Estrada vaise entregar neste concello un premio de poesía. Lóuvase a política literario-cultural que se desenvolve na Estrada destacando neste senso ó “dinamizador cultural” David Otero e dando conta das diversas actividades que se “van montando” na vila.

_____, “A poeta Valladares”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 20 maio 1999, p. 3.

Dáse conta da calidade poética da obra de Avelina Valladares (irmá de Marcial), tomando como exemplo a “peciña” que titula *Diálogo entre un peregrino que se dirixe a Compostela e un labrego*, da que se reproducen pequenas partes.

_____, “As linguas na “Auliga”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”; 16 xullo 1999, p. 3.

Notifica a celebración de dous eventos organizados por Auliga (Amigos da Universidade Libre Iberoamericana en Galicia): un encontro de profesores de Lingua e Literatura Galega na Coruña e unhas xornadas sobre ‘As linguas ibéricas e a súa creatividade’ en Santiago de Compostela. Resume o relatorio que presentou, nas citadas xornadas, sobre o galego e a súa problemática. Comeza falando da diversidade na consideración das linguas e enumera as diferentes etapas da literatura galega, expostas na súa charla: a “normalidade medieval”, o desenvolvemento da expresión oral nos séculos escuros, “o sorprendente rexurdir, a conquista paulatina dos xéneros, periodización propia, renovación, normalidade”. Finalmente asegura que a lingua galega mantén os seus conflictos e apénalle que a lingua fose “cedida graciosamente á esquerda”, pois na súa opinión a lingua é de todos e precisa de nós se quere durar os mil anos que auguraba Cunqueiro.

_____, “Rianxo, coa poesía”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 14 outubro 1999, p. 3.

Sinala a Rianxo como un dos concellos que cumpre coa poesía ó realizar diferentes actividades centradas neste xénero. Informa dos actos que teñen lugar nesta vila como as Ias Xornadas de Traducción organizadas por Auliga (Amigos da Universidade Libre en Galicia), “no seu empeño por achegar as linguas e as culturas”; a entrega no mes de decembro do IIº Premio de Poesía Faustino Rey Romero e o IIº Congreso da Poesía Galega, en xaneiro, titulado “O mar, o barco e máis nós”. Notifica que nas devanditas xornadas de traducción vértense “obras de poetas significativos”, debatidas e recitadas polos poetas, traductores e críticos asistentes a varios idiomas, este ano ó galego, portugués, catalán e francés. Resalta que se ten previsto a presencia das voces galegas de Antón Avilés de Taramancos e de Eusebio Lorenzo Baleirón e que setraduza a José Ángel Valente. Lembra que o primeiro congreso de poesía dedicouse a Aquilino Iglesia Alvariño e que neste segundo “daranse cita mulleres e homes que producen poesía, que disfrutan con ela, que a analizan, que se preparan para estes acometidos”.

_____, “Poesía na Arousa”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 10 decembro 1999, p. 3.

Comenta a celebración na vila de Rianxo das primeiras Xornadas Internacionais de Traducción, que acollerán un recital, conferencias abertas e reunións de especialistas. Sinala que o obxectivo desta iniciativa é fomenta-la traducción entre as poesías galega, portuguesa e española. Cita o nome dos poetas que van ser tratados este ano, entre eles Avilés de Taramancos, Lorenzo Baleirón ou Cuña Novás, e dos traductores que van traballar sobre os seus textos. Finalmente, aproveita para anuncia-lo próximo dictame dos premios líricos, o Eusebio Lorenzo Baleirón, de Dodro, e o Faustino Rey Romero, da parroquia de Isorna.

_____, “Dez anos de PEN Clube”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 18 decembro 1999, p. 3.

Saúda o décimo aniversario da creación da sección galega do PEN Clube, algo que xa pretenderon autores como Blanco-Amor, Bernardino Graña ou X. L. Méndez Ferrín e que se viu truncado por se-lo galego unha lingua sen estado. Coida que durante a década dos 90 se desenvolveu unha grande actividade, culminada co feito insólito de que unha sección tan nova organizase o LXº Congreso Internacional da entidade. Nembargantes decátase de que nos últimos tempos se baixou moito o ritmo e confía en que a nova directiva recentemente elixida sexa quen de endereita-lo rumbo.

Villares, Ramón, “Un home, un século”, *La Voz de Galicia*, 6 novembro 1999, p. 18.

Aproximación á figura de Antonio Fraguas recordando o seu maxisterio, a súa participación no Seminario de Estudos Galegos ou as penurias polas que tivo que pasar por mor da represión levada a cabo por Franco. Afirma con respecto a Antón Fraguas que “o século xa ten un espello no que se mirar”.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

V. 7. Publicacións en xornais: entrevistas

Abuín, Espe, “Mi próximo proxecto es vivir”, *La Voz de Galicia*, 20 febreiro 1999, p. 6.

Co gallo da distinción outorgada polo Grupo Voz a Carlos García Bayón pola súa contribución á cultura, este fala da súa dilatada carreira, da súa consideración de escritor, que non de xornalista, e dos seus actuais traballos centrados en Valle-Inclán e en Viana del Prior. Finalmente, o cronista oficial de Ribeira indica que a súa próxima empresa é a de vivir.

Ameixeiras, Diego, “Hai que recuperar a memoria histórica da Galicia do XIX”, *El Mundo. Galicia*, 21 febreiro 1999, p. 9.

Xosé Miranda, gañador da XVª edición do Premio “Xerais” de Novela coa obra *Morning Star* (1998), comenta o título e a dimensión histórica da novela galardoada e refírese ó seu libro como unha homenaxe ós clásicos de aventuras.

_____, “Son nacionalista visceral, pero cando escribo tento liberarme das ideas máis queridas”, *El Mundo. Galicia*, 1 marzo 1999, p. 9.

O escritor ourensán Bieito Iglesias analiza o feito de terse presenteado e acadado o Premio “Ciudad de Salamanca “cunha novela escrita en castelán, *Bajo las más bellas estrellas* (1999), afirmando que “o cambio de lingua pódese interpretar como unha especie de emigración persoal para defender a miña obra”. Sinala tamén algúns aspectos do libro premiado e manifesta a felicidade que lle supón a literatura.

_____, “O autor dramático dedicado exclusivamente a escribir está desapareciendo”, *El Mundo. Galicia*, 7 marzo 1999, p. 9.

Raúl Dans, gañador do Premio de Textos Teatrais “Álvaro Cunqueiro” do ano 1994 coa obra*Lugar* que se está a representar agora no CDG, expón como xurdiu a idea para a composición desta peza e reflexiona sobre o estado actual do teatro galego indicando que “a literatura dramática non se ten moi en conta”. Por último, fala da situación do mundo audiovisual en Galicia e da representación en castelán de Valle-Inclán.

_____, “Non estou de acordo con esa tendencia a idolatrar literariamente a xuventude”, *El Mundo. Galicia*, 15 marzo 1999, p. 9.

Conversa con Manuel Darriba na que entre outros temas analiza a súa obra *Outonos espectaculares* (1998) e explica o seu desexo de que o libro fora unha historia con aspectos moi cotiáns, “unha crónica vital do día a día”.

_____, “Non creo nas utopías que se presentaban como salvadoras”, *El Mundo. Galicia*, 29 marzo 1999, p. 8.

Xesús Manuel Valcárcel comenta algunhas das características da súa novela *As grandescarballeiras* (1998), indicando que a obra é “unha sátira en clave de humor da sociedade na que vivimos”. Sinala tamén a morte da novela como xénero e analiza positivamente a literatura galega actual.

_____, “Creo nunha escrita contaminada pola realidade, abismal e confusa”, *El Mundo. Galicia,* 26 abril 1999, p. 8.

María do Cebreiro, responde a cuestións relacionadas coa publicación do seu primeiro poemario,*O estadio do espello* (1998). Parte dunha cita, coa que a autora pecha o libro, e na que di literalmente “Deixei de practicar a escritura en espello/prefiro a confusión” e aclara que prefire a desorde, pois “vai unida á paixón e ó sentimento “. Reflexiona sobre o concepto de “Estadio do espello” recollido da psicanálise francesa e a seguir manifesta a súa opinión sobre as referencias literarias que se poden atopar tanto no seu libro coma noutros. No que se refire ás preguntas relacionadas co mercado actual da poesía galega, responde cunha valoración positiva e considera que se está a vivir un momento no que se buscan novas propostas. Finalmente, acerca da cita de Cioran de que os poetas son “odiosos e inutilmente graves”, recoñece a imaxe social do poeta como algo negativo pero considera necesario o seu papel na actualidade aínda que se estea a perde-lo tempo, pois “estamos moi necesitados deste exercicio de ociosos para ociosos que é a poesía”.

_____, “O silencio respecto da miña obra dame a medida do país que é Galicia”, *El Mundo. Galicia*, 31 maio 1999, p. 9.

Recóllense as opinións do escritor Alfonso Pexegueiro sobre o seu poemario *Hipatía* (1998) e sobre o desprezo cara a súa producción literaria, afirmando que “en Galicia existe un claro rexeitamento hacia a miña obra”. Non elude opinar sobre isto último extrapolando o caciquismo político galego á dinámica da literatura galega.

Ares Sanmartín, María, “Xosé Luis Méndez Ferrín: “Ferrol é unha cidade moi culta”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 4 xullo 1999, p. 12.

O escritor ourensán Xosé Luís Méndez Ferrín describe as súas vivencias en Ferrol e expón as súas opinións sobre algúns persoeiros ferroláns como Torrente Ballester ou Carvalho Calero.

_____, “Vicente Araguas: “Ferrol é unha cidade con moito sentido do humor e moi liberal”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 19 setembro 1999, p. 11.

Vicente Araguas refírese fundamentalmente nesta conversa a aspectos relacionados con Ferrol e coa súa comarca dende o punto de vista dos cambios que se están producindo nos últimos tempos: rutas de sendeirismo, modificacións urbanísticas, etc. Fala tamén da importancia que para el ten Xubia, facendo ademais referencia ó sentido do humor que teñen os ferroláns. Nos aspectos literarios, refírese á súa fidelidade natural cara ó galego a pesar de ter escritos tamén en castelán. Dá ademais a súa opinión sobre o auxe que está a vivi-la música celta.

B. A., “Ao lector atento non se lle escapará a presencia velada de Ferrol nesta obra”, *Diario de Ferrol*, 22 setembro 1999, p. 11.

Henrique da Costa introdúcenos na novela longa que ten pensado publicar, destacando algúns aspectos que a diferencian de anteriores obras. Comenta a liña temática que segue, salientando a “presencia velada de Ferrol” e a referencia a feitos históricos relacionados co nacemento da cidade ou a relación que existe entre o mundo militar e mailo mundo civil. Cre que se pode considera-la súa novela como social, “aínda que tamén ten elementos doutros xéneros”. Fala, finalmente, do seu estilo “bastante barroco no modo expresivo” e dá a súa opinión sobre os premios literarios, afirmando que “son o único camiño para os escritores que comezan”. Fóra da entrevista faise referencia á súa traxectoria dende os comezos ata o inicio do labor docente.

_____, “Os narradores galegos contaron con moi pouco da epopeia da emigración”, *Diario de Ferrol*, 30 outubro 1999, p. 11.

Tras indica-la nova faceta de Xavier Alcalá como colaborador no xornal *Diario de Ferrol*, iníciase a conversa, que vai xirar arredor da nova edición da novela *A nosa cinza* (1980) e sobre os temas e as influencias da súa obra en xeral. En canto ó primeiro aspecto, mostra cales son os cambios que vai facer na obra, que afectaron á “puntuación e guionado”. Afirma que lle gustaría que as súas narracións puidesen estar na Internet e que os lectores lle puidesen dar ideas para novas edicións. Desenvolve ademais lixeiramente o argumento da novela e critica ós narradores galegos por cantar e novelar pouco a epopea da emigración, mostrando finalmente as influencias que presenta a súa literatura.

_____, “Ferrol esqueceu a Carvalho Calero”, *Diario de Ferrol*, 7 decembro 1999, p. 11.

Entrevista con Laura Tato con motivo da súa presidencia da Asociación Cultural Medulio. Fala dos retos inmediatos da devandita asociación, consistentes nunha homenaxe e un congreso, en colaboración coa Universidade da Coruña, a Ricardo Carvalho Calero, de quen se solicita unha recuperación da súa obra como o autor merece. Ademais refírese a un recital como homenaxe a Castelao. Finalmente, recolle palabras da profesora nas que afirma que está a traballar na segunda parte da Historia do Teatro Galego.

B. N., “Este galardón é un recoñecemento a miña xeración”, *Diario de Pontevedra*, 23 maio 1999, p. 14.

Conversa coa poetisa Yolanda Castaño, Premio Nacional de Crítica en poesía galega co poemario *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), na que diserta sobre a lingua e a temática da súa poesía e sobre a súa faceta literaria como escritora moza.

Blanco Rivas, M., “A traducción ao galego amplía horizontes”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado”*, nº 131, 13 novembro 1999, p. 6.

Fala Frank Meyer da dificultade que lle supón traducir obras do alemán para o galego, das obras que máis demandan os lectores e dos libros galegos traducidos ó alemán. Na última parte da entrevista refírese ó feito de traducir obras de referencia para o galego e deixar outras de autores actuais que o público demanda.

Canal, Alberto, “Son un escritor que vivo encerrado”, *La Región*, “Al descubierto”, 7 xaneiro 1999, p. 20.

Alfredo Conde comenta algúns aspectos referidos ás súas obras *Breixo* (1981) e, sobre todo, *Xa vai o griffón no vento* (1984). Remata falando de si mesmo e afirmando que “son un escritor que vivo encerrado, que non teño parroquia literaria, nin participo en ningunha tertulia”.

_____, “A poesía ten a súa propia lóxica”, *La Región*, 20 marzo 1999, p. 20.

Teresa Devesa Graña, compoñente do grupo poético Dolmen, responde a cuestións relacionadas coa figura do poeta actual e considera que seguen vixentes como referentes na poesía actual as cantigas medievais. A seguir, manifesta a súa admiración pola poesía de Lorca, en especial polo *Romancero Gitano,* pois “reflexa a morte no sentido máis amplo da palabra”. Ante a pregunta de que se un poeta nace ou aprende o oficio, opina que as dúas cousas son fundamentais. Finalmente, reflexiona sobre a vida cotiá dos humanos e sobre a perda do sentido poético da existencia.

Cedrón, María, “É o momento de que o Apóstolo faga declaracións”, *La Voz de Galicia*, 20 outubro 1999, p. 96.

Roberto Vidal Bolaño mostra nesta entrevista a súa satisfacción por poder ser actor de teatro xa que isto lle permite dicir cousas que “ás veces só se poden dicir nas barras dos cafés”. Afirma ademais que face-lo papel do pallaso que lle fai unha ofrenda clandestina ó Apóstolo é algo que lle gusta moito e que, de facerlla, sería “algunha coa que non se puideran queda-los coengos”. Comenta en broma que o Apóstolo debe facer declaracións, porque o *Códice Calixtino* conta unha chea de miragres e agora “o Santiago non miragrea nin nada”. Responde ademais a preguntas sobre a súa vida privada como cal é o motivo polo que utiliza sombreiro ou sobre as súas habilidades gastronómicas.

D. P., “Haber sido camarero me dio una sólida base para escribir”, *Diario de Pontevedra*, 24 febreiro 1999, p. 10.

Co gallo da presentación e firma de exemplares do seu último libro publicado, *Círculo* (1998), Suso de Toro responde a cuestións relacionadas co seu labor como mestre de Arte Moderna e Contemporánea e coas súas orixes como novelista. Afirma que o seu traballo como camareiro lle proporcionou unha ampla visión da sociedade, algo imprescindible para poder levar a cabo unha novela. A seguir, reflexiona sobre o seu último libro, do que espera “que sea un libro visto como un esfuerzo artístico grande”. Finalmente analiza o seu personaxe máis emblemático, Nano, a quen define como un “inadaptado, pero al mismo tiempo es muy lúcido e inteligente” e opina sobre o momento que está a vivi-la literatura galega, o cal lle parece “extraordinario”.

Darriba, Manuel, “Suso de Toro: “A arte hai que vivila coma un toureiro: a vida ou morte”, *El Progreso*, 20 febreiro 1999, p. 67.

Conversa con Suso de Toro na que se fala de diversos temas, como a relación do cine, o teatro e mais o rock coa súa literatura. Sostén que a literatura galega é considerada periférica no estado español e, con referencia á situación actual literaria en Galicia, sinala que “eu só leo ós escritores mortos”.

Del Caño, X. M., “El poeta se sitúa en el otro extremo del poder”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 104, 1 maio 1999, p. 2.

Ó longo desta conversa o escritor ourensán José Ángel Valente caracteriza a súa concepción da poesía facendo referencia a poetas como Juan Ramón Jiménez, Gustavo Adolfo Bécquer e Rosalía de Castro. Explica así mesmo os seus proxectos e remata referíndose ás súas vivencias de mocidade na Cidade das Burgas.

E. F. P., “Soy independiente y voy a mi bola”, *Diario 16*, 4 decembro 1999, p. 59.

Recóllense palabras da poetisa Yolanda Castaño nas que explica o sentido que ten para ela o erotismo como elemento central da súa obra. Asemade fala das tendencias poéticas máis recorrentes das que afirma sentirse á marxe. Por último, manifesta a súa indiferencia para con os premios, aínda cando recoñece o benificio que tirou deles.

E. N., “O mellor apoio ó libro sería un forte investimento en bibliotecas”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 5, 10 decembro 1999, p. 2.

Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, fala sobre os proxectos da editorial viguesa para o ano 2000. No tocante á literatura galega, anuncia o lanzamento da revista *Golfiño*, ademais dunha serie de traballos sobre a figura de Manuel Murguía e unha fotobiografía de Castelao. Neste eido cita tamén a renovación da colección “Merlín”. Outros dos temas tratados na conversa teñen que ver coa normalización lingüística e con algunhas limitacións técnicas do sector editorial en Galicia.

Feijóo, Raquel, “Sofía Tros publica una obra sobre «O Volter»”, *La Región*, “Publicaciones”, 7 xaneiro 1999, p. 12.

Con motivo da publicación do libro *O’Volter* (1998), a súa autora, Sofía Tros de Ilarduya, responde a preguntas relacionadas coa súa publicación e co grupo Volter. Considera que as conversas, entre os seus tres membros creadores –Xaime Quessada, Acisclo Manzano e José Luís de Dios–, trinta anos despois, constitúen a parte máis destacable do libro.

_____, “Carlos Casares crea “*Un país de palabras*”, *La Región*, 1 febreiro 1999, p. 7.

Conversa co escritor ourensán Carlos Casares con motivo da publicación do seu libro *Un países de palabras* (1998). Primeiramente fala da súa producción literaria en xeral. Despois, centrándose en *Un país de palabras*, sinala as semellanzas que presenta este volume cos seus artigos de prensa diaria. Comenta tamén que é un libro “moi elaborado na parte estilística” e “que tiña ganas de escribir hai moitos anos”. Conclúe subliñando a dificultade da clasificación desta obra.

Franco, Fernando, “Manuel Rivas. ‘Hai momentos en que el lugar más digno es la cárcel”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 3 xaneiro 1999, pp. 6-7.

Conversa con Manuel Rivas na que fala de diversos temas relacionados coa súa vida, coa súa obra e coa política. Despois de facer balance da súa infancia no barrio coruñés de Monte Alto, refírese á lingua galega e castelá. A este respecto, manifesta que se criou dentro dunha familia galegofalante, mais bota de menos que non aprendera nada de galego na escola e na universidade. A continuación, sinala que o seu tío Francisco, o seu padriño Pepe Couceiro e o veciño Farruco Valerio foron importantes influencias dentro da súa obra. Explica que o primeiro libro do que ten conciencia foi *El último mohicano*. Do seu comezo no xornalismo lembra que se deu conta de que o poder económico é o que abre ou pecha as portas. Afirma que se sente internacionalista porque se sente galeguista. Da política tamén comenta que a dimensión do humor, xa presente en Castelao, é un elemento importante para entende-lo mundo político e declara que nas próximas eleccións vai ter lugar un sismo “escala Becerreá”. Conclúe destacando o aumento de lectores en lingua galega.

_____, “¿Non caéu Roma? ¿Por qué non vai caer España?”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 105, 8 maio1999, pp. 6-7.

Xosé Luís Méndez Ferrín expón nesta conversa as súas opinións sobre a súa personalidade afirmando que “eu sempre fun racionalista”. Fala do paso da era de Gutenberg á era Internet indicando que “é imposible pensar nunha cultura cibernética autónoma porque tería que ser sen seres humáns”. Manifesta a súa postura sobre o conflicto de Kosovo e sobre o compromiso dos autores galegos coa lingua do país, sinalando que, “un escritor é galego se escribe en galego”. Refírese, finalmente, a que na historia todo é posible dado que non hai ningunha lei que o impida.

Gago, Manuel, “Os homes non temen o crime, temen o castigo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 abril 1999, pp. 4-5.

Comeza esta conversa con Xabier Manteiga facendo un percorrido pola súa producción literaria e centrándose na consecución do Premio “Xerais” de Novela 1997 coa obra *Manancial* (1997). Refírese á súa próxima novela e afirma que se trata “dunha historia de amor cun cadáverambientada na África colonial”. Comenta que o tema da morte está moi presente nos seus personaxes e remata amosando a súa oposición á globalización advertindo, que en vinte ou trinta anos, a lingua galega desaparecerá.

García, Rodri, “Estou moi dentro de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, 6 marzo 1999, p. 35.

Con motivo dun ciclo de conferencias sobre “Lecturas de autores galegos”, da Facultade de Filoloxía da Coruña, o escritor X. L. Méndez Ferrín amosa a súa admiración cara á figura de Álvaro Cunqueiro e anuncia a publicación na editorial Xerais da súa nova novela.

Gil, Francisco J., “Xerais foi a locomotora do libro galego nos últimos 20 anos”, *Faro de Vigo*, 5 novembro 1999, p. 48.

Nesta ocasión o entrevistado é Manuel Bragado, o Director Xeral de Edicións Xerais de Galicia, quen fala dos primeiros pasos dados no comezo da editorial, do número de exemplares vendidos e da capacidade creativa e lectora da sociedade galega. Por último, opina sobre as novas tecnoloxías e a súa aplicación.

Giráldez, José Manuel, “En literatura, a disciplina é a mellor inspiración”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 maio 1999, pp. 4-5.

Conversa co escritor bilbotarra Santiago Jaureguizar na que fala extensamente da súa novela *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998), a que cualifica como “a metáfora de cómo se pode ve-lo paraíso”. Afirma que a televisión, o rock, o pop e mais as bandas deseñadas influíron na súa obra posto que “a un inflúeo o universo todo”. A este respecto, manifesta que a televisión “é o ollo de Deus” e no referente ó cinema indica que “cada vez escribo máis como se estivese facendo un guión”. Refírese finalmente ó movemento bravú e a Manuel Rivas.

Gómez, Ana B., “As críticas de Luzes son superficiais e non inciden na mediocridade cultural da Xunta” *El Mundo. Galicia*, 28 febreiro 1999, p. 9.

X. L. Méndez Ferrín fala da súa vindeira obra *No ventre no silencio* (1999) e mais da novelística e da poesía galega actual. Con relación ó Foro Luzes de Galiza, considera que só fai “crítica superficial”. Alén disto, comenta a súa candidatura ó Nobel e remata opinando sobre os medios de comunicación, sinalando que “existe unha colonización de Galicia a través das axencias de noticias”.

_____, “A Xunta non lle debería ter medo a un proceso de inmersión lingüística similar ó catalán”, *El Mundo. Galicia*, 17 maio 1999, p. 4.

Damián Villalaín, presidente da Asociación Galega de Editores, trata diversos temas referidos á literatura e á lingua galega. Afirma que “é unha lástima que sexa festivo o Días das Letras Galegas, xa que se está a converter “nun día de praia”. Explica tamén a postura da asociación que preside co fin de aumenta-las vendas dos libros galegos.

J. G., “Me sorprende la literatura gallega”, *La Voz de Galicia*, 21 marzo 1999, p. 36.

O escritor euscaldún Jon Kortazar Uriarte, aproveitando a súa estadía na Universidade de Santiago de Compostela, fala da agradable sorpresa que lle supuxo comproba-la gran vitalidade da literatura galega. No referente á literatura éuscara describe a importancia que está a ter a literatura “no fuerte” como os libros de viaxes ou os de conversas. Remata sinalando as relacións entre literatura e política.

López, A. R., “María do Cebreiro, a secas”, *O Correo Galego*, *“Revista de Letras, Artes e Ciencias”*, nº 52, 11 marzo 1999, pp. 10-11.

Conversa con María do Cebreiro, autora de *O estadio do espello* (1998), quen se cualifica, entre outras cousas, como muller “temperamental, moito máis que racional”, máis lectora que poeta, e moi faladora. Tamén se refire á súa relación coa poesía da que salienta a contradicción que supón a imposibilidade de vivir do que escribe e á vez a necesidade que sente de entregarse a ela. Remata aludindo á cuestión da escrita feminina da que asegura que “a feminización do discurso poético invita a que as voces masculinas se redifinan”.

_____, “En positivo”, *O Correo Galego*, *“Revistas de Letras, Artes e Ciencias”*, nº 55, 1 abril 1999, pp. 6-7.

Entrevista con Xelís de Toro na que se repasa a súa traxectoria creativa, dende as súas primeiras publicacións poéticas en *Cidade barata* ou *Favorita*, ata o cambio de xénero da narrativa ó infantil e a volta en novos proxectos á primeira, pero na que se adianta un cambio radical de estilo, o que el mesmo chama “construcción do parágrafo”. Alúdese ó seu labor de “activista cultural”, tentando conxuga-la literatura con outros medios de expresión, entre eles a música, lembrando tamén o movemento cultural dos anos oitenta que lembra como “os anos máis positivos na creación que houbo en Galicia”. En nota á parte, refírese á “xeración perdida”, aqueles que nacidos a principios dos anos sesenta tiñan en Rompente e Antón Reixa uns referentes, e son caracterizados como tendentes á pluralidade, como negadores do dogma, ademais de seren unha xeración que “non aparece nos manuais”.

Lorenzo, Maxi, “Galicia é un centro da poesía”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 112, 26 xuño 1999, p. 6.

O fundador e actual propietario da editorial Espiral Maior, Miguel Anxo Fernán-Vello, fai un breve percorrido pola historia da antedita editorial e anuncia o seu novo proxecto, a revista de poesía transeuropea *Espiral Poética*, que se fará en Galicia con textos na lingua orixinal de cada autor e traducidos para o galego e que sairá do prelo no ano 2000.

_____, “Se podría decir que lo que hacemos es literatura sonora”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 15 outubro 1999, p. 8.

Nesta charla con Lino Braxe saen a reluci-las súas opinións sobre o grupo que xunto con Miguel Ladrón de Guevara e Xosé Luís Saqués formou e que leva por nome “A caricia de Serpe”. Fala da relación entre música e poesía, de como xurdiu o grupo e do estilo que ten, pretendendo “transmitir al público una energía vital más que un espectáculo fastoso”. Con respecto ás súas influencias e o seu estilo, afirma Lino Braxe que teñen influencias moi variadas e que as letras son deles, pero a maioría das cancións son versións, sobre todo de bandas sonoras. En canto á poesía galega das últimas décadas, di que a el lle interesan máis as voces que os movementos ou os países, considerándose el mesmo como “un escritor todavía en proceso”. Das subvencións opina que é moi fácil entrar no seu “círculo” aínda que non as considera negativas senón simplemente “mal repartidas”, e non cre que por este feito haxa en Galicia “servilismo”.

Lorenzo Gil, César, “A obra de Castelao merece exporse coa dignidade que agora non ten”, *A Nosa Terra*, nº 906, “Guieiro Cultural”, 28 outubro 1999, p. 9.

Anuncia o presidente da fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo, os actos e publicacións que se levarán a cabo no ano 2000 para conmemora-lo cincuenta cabodano da morte do ilustre rianxeiro. Engade tamén que non se pode manipula-lo pensamento e ideoloxía do mesmo porque está nas súas obras. Por último fala da necesidade da creación dun Museo Castelao.

Macía, Mónica, “Sarabela Teatro realiza tantos contratos anuales como una empresa de 800 trabajadores”, *La Región*, 15 agosto 1999, p. 10.

O funcionamento de Sarabela Teatro como unha sociedade empresarial coas súas peculiaridades centra esta conversa con Fernando Dacosta, na que este actor e empresario comenta como naceu esta compañía con estas características, cal é o seu organigrama, o tipo de contratos que se lles fai ós seus traballadores, etc. Fálase tamén das axudas e subvencións coas que conta este tipo de empresas, explicando cal é o procedemento para o reparto dos cartos no ámbito teatral galego e afirmando que “no llega para cubrir las necesidades que tiene el teatro y está mucho menos subvencionado que otras cosas”. Afirma finalmente que o teatro non está en crise, senón que é “una crisis, como toda actividad artística”.

Mínguez, Alejandro, “Curros Enríquez tamén foi procesado en Cuba”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 98, 13 marzo 1999, p. 6.

O arteixán Elisardo López Varela, co gallo da saída do prelo do seu estudio en dous volumes sobre a figura e obra de Manuel Curros Enríquez, describe algunhas das novidades do seu traballo, como os novos poemas descoñecidos de Curros e o feito de que o autor de *O Divino Sainete* (1888) estivo procesado na Habana. Comenta tamén outros aspectos da súa investigación, como as viaxes ós lugares onde viviu o escritor celanovés.

Moreira, Rafa, “Modesto Fraga: “a poesía debe ser directa, lexible e con mensaxe”, *O Norte*, nº 132, decembro 1999, pp. 81-82.

O poeta Modesto Fraga alude ós seus comezos na poesía e recoñécese como un apaixonado de Miguel Hernández, Neruda e Quevedo. Autocualifica a súa poesía principalmente como intimista, e asume a relación entre creación literaria e vida. Sobre o feito poético comenta a mestura do traballo e a espontaneidade e considera que a boa literatura debe esperta-lo interese do lector e debe ser completa no nivel léxico. Ademais de mostra-las súas preferencias pola poesía sinxela e limpa de cultismo, sitúa a Pondal e López Abente como os escritores-referencia da Costa da Morte e de entre os actuais mostra as súas preferencias por Rafa Villar, Miro Villar e Estevo Creus.

Neira, Enrique, “Galicia dá para editar 5.000 títulos ó ano se se promociona o libro”, *El Correo Gallego*, *“Correo das Culturas”*, nº 1, 12 novembro 1999, p. 2.

Fala o libreiro Xesús Couceiro da necesidade de promove-lo libro galego o que faría innecesarias as subvencións. Ó tempo móstrase favorable a unha ampliación do mercado cara a Portugal e Brasil. Finalmente, manifesta que a calidade da literatura galega é tan alta coma calquera outra peninsular.

Nine, Marcos, “Leí en gallego antes que en castellano”, *La Voz de Galicia*, 31 agosto 1999, p. 28.

Breve entrevista que se inicia cunha pequena introducción na que se presenta a Carlos Penelas coma un escritor comprometido coa lírica anarquista, e salienta que foi nomeado pola Fundación Borges coma un dos dez mellores poetas da Arxentina. A seguir, cítanse algunhas das súas obras ensaísticas vinculadas a Galicia como *Cantiga*, *El mirador de Espenuca* ou *Galegosanarquistas en Arxentina*. A continuación, recóllense as súas declaracións nas que destaca o feito de que o seu pai aprendeuno a ler en galego antes que en castelán, fala tamén da súa reivindicación da inmigración, da súa vinculación ó sentimento galego e, para rematar, comenta que a poesía galega é unha das mellores da literatura, da que cita algúns autores como Manuel María, Celso Emilio ou sempre Rosalía.

Otero, Elva, “O eu contradictorio”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 43, 7 xaneiro 1999, p. 4.

Recóllense as opinións da poetisa Emma Couceiro, pertencente á nova xeración literaria das letras galegas, sobre a súa creación poética. Define a súa poesía como un mundo de contradiccións onde quere buscarse a si mesma a través do contradictorio. Sinala que na literatura existe unha mestura de vida e de farsa. Aborda tamén os temas da inspiración e do poder da palabra. Remata a entrevista referíndose á profesionalización da literatura galega.

_____, “Novos compromisos”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 44, 14 xaneiro 1999, p. 11.

Conversa con Inma López Silva, recente gañadora do Premio de Narrativa Manuel Lueiro Rei, na que diserta sobre o seu compromiso coa lingua galega. Considera que “dende o momento que escribo en galego estoume a posicionar a favor e en contra de algo”, e sinala que é “inconformista coa realidade”.

Pallas, Beatriz, “Tengo dos lenguas en las que expresarme y ojalá tuviera más”, *La Voz de Galicia*, 5 decembro 1999, p. 90.

Inicialmente Antón Castro fala nesta entrevista das influencias que ten a súa última obra, *El álbum del solitario*. A seguir, reinvindica a galeguidade desta, ó tempo que se refire ó espacio ficticio no que se desenvolven as súas novelas. Finalmente, di que posúe dúas linguas e escribe nas dúas polo que desexaría ter máis.

Pérez, Paula, “El erotismo continúa siendo un tabú en la poesía”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 4 abril 1999, p. 3.

Entrevista con Yolanda Castaño na que se comeza reflexionando sobre a súa xuventude e a madurez literaria, pasando de seguido a centrarse na súa obra, especialmente na última das súas entregas *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998), considerada continuación e culminación das súas publicacións anteriores, *Elevar as pálpebras* (1995) e *Delicias* (1998), explicando a súa concepción do erotismo na poesía e a consideración social deste como tabú, ademais de sinalar que é un libro rupturista no que a muller adopta unha actitude activa fronte á tradicionalmente pasiva.

Pino, Concha, “Soño con que en Galicia chegue a haber algún día tantas librerías como tabernas”, *La Voz de Galicia*, “La Entrevista”, 18 marzo 1999, p. 45.

Despois de trinta anos dedicados á venda de libros en Compostela, Xesús Couceiro, fai un percorrido da súa andaina como libreiro dende os comezos na rúa de San Pedro ata hoxe en día. Fala tamén do sector libreiro en Galicia e do libro como producto comercial. Indica que para celebra-las tres décadas como libreiro vai edita-lo facsímile *El búho gallego* do século XVII que fora escrito por un dos Condes de Lemos.

_____, “O gran reto segue a ser o propio mercado”, *La Voz de Galicia*, 11 decembro 1999, p. 80.

Damián Villalaín, presidente da Asociación Galega de Editores, alude á expectativa dos editores galegos por consolida-lo lectorado dos estudiantes que xa accederon ó ensino en galego. Recoñece a supremacía na venda en Galicia de libros en castelán e tamén a tensión existente entre a esixencia de calidade dos títulos publicados e a presión do mercado, que empuxa a editar máis. Así mesmo, bota en falta unha política integral da promoción da lectura e do libro en galego.

_____, “Pensamos converter a editorial na fundación que é na práctica”, *La Voz de Galicia*, 29 decembro 1999, p. 81.

Na súa condición de director de Galaxia, Carlos Casares considera a editorial por el dirixida como unha parte da historia de Galicia. Alude á súa modernización e apunta a calidade como criterio fundamental á hora de escolle-los orixinais que chegan á editora. Sobre a situación do libro galego cre que hoxe a xente se move por razóns alleas á militancia e observa que se está a crear por primeira vez unha masa de lectores en galego. Para Casares “a situación da literatura galega non a soñara ninguén, e menos homes coma Risco ou Otero Pedrayo”.

Piñeiro, Antonio, “No ambiente do Eixo Atlántico respírase a idea de recuperar o nome histórico de Galicia”/“O Eixo quere recuperar o nome da Gallaecia”, *La Región*/*Atlántico Diario*, 7 febreiro 1999, p. 9/p. 43.

Xosé L. Méndez Ferrín, escritor proposto ó Premio Nobel pola literatura galega, reflexiona sobre os seus últimos galardóns, o Premio Eixo Atlántico de narrativa galego-portuguesa e mais o seu nomeamento como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Refírese a que a revista que el dirixe, *A Trabe de Ouro*, está a ter “unha discriminación negativa” nalgúns sectores do noso país e finalmente indica que “eu escribo en galego porque escribo para a xente deste país, dentro deste país e dentro da tradición literaria galega”.

Pousa, Luís, “No es casual que la Real Academia tenga su sede en A Coruña”, *El Ideal Gallego*, 20 febreiro 1999, p. 48.

A Real Academia Galega centra a conversa na que o seu tesoureiro, Xosé Ramón Barreiro Fernández, valora positivamente a nova sensibilidade da Xunta de Galicia respecto da institución. Para Barreiro a creación de institucións con similares funcións como o Centro Ramón Piñeiro ou o Consello da Cultura Galega deberonse ó mal funcionamento da Academia no seu momento pero entende que así pasouse “da hipertrofia ó exceso”. Ademais, Barreiro ve como improbable o traslado da institución a Santiago e considérase contrario xa que a súa localización na cidade coruñesa se debeu ó expreso desexo dos seus fundadores. Finalmente xustifica a recuperación do *Boletín* ó considerar que a Academia non debe centrarse unicamente en aspectos lingüísticos.

_____, “Todo lo que hice a lo largo de mi vida fue para poder ser escritor”, *El Ideal Gallego*, 25 abril 1999, p. 47.

Co gallo do ciclo de conferencias celebradas na Coruña co título “Os nosos escritores”, o allaricense Alfredo Conde repasa a súa evolución literaria dende *Breixo* (1981) ata o seu último proxecto, que é unha novela que narra a historia da Guerra Civil descrita dende a visión dun homosexual.

_____, “Se publican demasiados libros”, *El Ideal Gallego*, 5 agosto 1999, p. 20.

Xavier Alcalá reflicte as súas opinións sobre as feiras do libro, cre que son como concursos onde “se trata de llamar la atención de los lectores”. Das editoriais di que deberían tentar ser máis selectivas na súa política de publicacións. Comenta que neste momento está preparando a súa tese de doutoramento, rematando a traducción ó castelán de *Alén da desventura* (1998) e que acaba de remata-la revisión da edición nº 10 de *A nosa cinza* (1980). Dá ademais o seu parecer sobre a realidade rural e a urbana e da relación entre o xornalismo e a literatura .

_____, “O ser coñecido por unha soa obra significa que un erra moitas veces”, *El Ideal Gallego*, 1 outubro 1999, p. 17.

Xavier Alcalá manifesta a súa sorpresa polo feito de que a súa obra *A nosa cinza* (1980) supere os 50.000 exemplares vendidos. Opina ademais que o feito de ser coñecido só por unha obra implica que non se acertou nas demais e afirma non coincidir coa crítica que considera *Fábula* (1980) como unha das mellores novelas longas da literatura galega. Con respecto ó labor editorial cre que se debería “publicar menos e acertar máis”. Reflexiona sobre a importancia da infancia na literatura e sobre a infancia retratada en *A nosa cinza*.

_____, “Murguía resultou decisivo para que Pondal e Rosalía escribiran en galego”, *El Ideal Gallego*, 10 outubro 1999, p. 13.

Francisco Fernández del Riego responde a unha serie de cuestións relacionadas co 50 aniversario do pasamento de Castelao afirmando que haberá unha “homenaxe de tipo solemne e puramente académica” sen facer referencia ós aspectos ideolóxicos. Non considera Fernández del Riego que Castelao sexa unha figura demasiado politizada, xa que é alguén recoñecido por todos. Pronúnciase tamén con respecto ó novo diccionario da RAG, dicindo que están traballando sobre el e que se publicará no ano 2000. Pasa a falar da celebración do Día das Letras Galegas e da figura de Manuel Murguía do que se salienta que a pesar de que a penas cultivou o galego, feito polo que chegaron a dubidar en adicarlle a el este día, foi un grande impulsor da lingua galega e factor decisivo para que Rosalía e Pondal escribiran en galego. Destaca tamén a importancia que Murguía tivo para que se publicara *Cantares Gallegos*. Fala, finalmente, sobre a dixitalización da biblioteca da RAG e das características que esta ten.

_____, “A tertulia foi a nosa Universidade”, *El Ideal Gallego*, 24 outubro 1999, p. 17.

Lembra Manuel María nesta entrevista os anos que viviu en Lugo e a situación política da época, así como as tertulias dos bares nos que coñeceu ós persoeiros máis relevantes da cultura galega. Fala tamén da súa militancia política no nacionalismo e do seu compromiso vital coa lingua galega e coa poesía.

Rodríguez, Salvador, “Os meus inimigos están na ultradereita e no nacionalismo”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 94, 13 febreiro 1999, pp. 4-5.

Extensa conversa con Suso de Toro na que fala da súa producción literaria e da arte en xeral. Comeza relacionando as súas obras *Tic-Tac* (1993) e *Círculo* (1998) mediante o personaxe de Nano. Indica que é “escritor porque quero, porque teño vocación, e porque o dí Facenda” e que está tamén interesado pola pintura, o cine e o teatro. A este respecto amósase satisfeito coa rodaxe dunha película baseada na súa obra teatral *A sombra cazadora* (1994). Xulga que “a arte nunca debe ser políticamente correcta” e manifesta que a “literatura éo todo”.

S. R., “Tivemos unha acollida fabulosa”, *El Progreso*, “Cara a cara”, 27 xaneiro 1999, p. 35.

Recóllense as opinións de Pablo Rodríguez, responsable da Aula de Teatro do campus lucense, sobre o programa das actividades teatrais dirixidas á comunidade universitaria luguesa. Dentro da “producción”, explica que están montando o espectáculo *A máquina de Hamlet*, de Heiner Müller. No referente á “formación teatral”, sinala que se programaron catro seminarios. Comenta tamén as “actividades teóricas” da Aula de Teatro, e valora positivamente a boa acollida que están a ter estas actividades dentro do mundo universitario lucense.

Souto, Xurxo, “Xosé Luis Méndez Ferrín”, *La Voz de Galicia*, “Al Sol”, 11 agosto 1999, p. 39.

Conxunto de preguntas breves que Xurxo Souto fai a Méndez Ferrín sobre aspectos non relacionados coa literatura, xunto con outras que si teñen relación con esta. Cre Ferrín que non é un escritor de moito éxito, afirma que comezou a escribir por escribir en galego e que a estas alturas, corenta anos máis tarde, xa non é capaz de parar, e di ademais que a clave para gañar futuro para a lingua e a literatura é gaña-lo poder político. Tamén aparecen reflectidas as súas opinións políticas; considera a política como a gran mentira deste mundo “porque o dixo Pessoa” e a gran verdade “porque o dixo Pimentel”.

Stuyck, Carmen, “Ser escritor en Galicia es un sufrimiento”, *El Ideal Gallego*, 14 marzo 1999, p. 9.

Alfredo Conde responde a cuestións relacionadas coa literatura e a lingua en Galicia e comeza dando a súa opinión sobre a producción do relato fronte á novela, que segundo el é un xénero menos cultivado pola súa complexidade e madureza por iso os escritores novos prefiren o relato. A seguir comenta a diferente persectiva de mercado literario que teñen os vellos escritores fronte ós novos e responde afirmativamente á cuestión presentada sobre se a literatura galega é coñecida fóra gracias a Manolo Rivas por ser esta unha literatura “muy blanda, lírica y fácil de leer”. Dá a súa opinión tamén sobre a literatura xuvenil e sobre os novos escritores galegos ós que define como irónicos, con sentido do humor e con certo barroquismo formal e conceptual. Para rematar, lamenta a presión que exercen os lingüistas sobre a lingua galega o cal xera falta de liberdade na expresión literaria dos escritores.

Suárez, Rocío, “Están aumentando las traducciones al gallego”, *La Región*, 9 xaneiro 1999, p. 8.

O libro galego é o tema principal desta conversa con Damián Villalaín, presidente da Asociación Galega de Editores. Comeza falando dunha vella aspiración, o “Catálogo Histórico do Libro Galego”. Para este fin, afirma que están negociando un convenio co Consello da Cultura Galega. Comenta o estado das bibliotecas de Vigo e sinala que a Biblioteca Penzol é a mellor e a maior do mundo en libros galegos e de temática galega. Do mundo editorial en Galicia, salienta o aumento das traduccións para o galego. Remata referíndose ó bo momento que está a vivir a literatura galega e ó recoñecemento dos nosos escritores fóra de Galicia.

Torres, Julio, “O libreiro debe crer no libro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 17 maio 1999, p. 22.

O presidente da Agrupación de Libreiros de Santiago, José Luis Pedreira, amosa a súa preocupación ante o temor da liberalización do prezo dos libros, mais afirma que as vendas de obras en galego e en castelán están cada vez máis próximas. Finalmente, fala do Día das Letras Galegas e indica que este ano as obras de Roberto Blanco Torres estanse a vender máis cás dos homenaxeados en anos anteriores.

Tristán, Pancho, “Moitos dos espectáculos que se fan en Galicia son un atentado á dignidade do espectador”, *El Mundo. Galicia*, 19 xullo 1999, p. 9.

Roberto Vidal Bolaño deixa ve-las súas opinións sobre unha serie de aspectos relacionados co panorama do teatro en Galicia. Comenta porqué se decidiu a dirixir *Xelmírez* ou *a gloria deCompostela* despois de criticar ó CDG por representar a Valle en castelán. Dá a súa opinión sobre o panorama do teatro en Galicia crendo que moitos dos espectáculos que se presentan son dunha calidade ínfima, considerándoos xustos no ámbito laboral pero “infumables no artístico”. Afirma que non se representa máis ós autores galegos “porque é máis difícil ou arriscado”. Dá o seu parecer sobre os intereses actuais do teatro, que non coinciden cos orixinarios da profesión, di que como se sente máis a gusto é escribindo, xa que ese é o único traballo que pode facer só na casa e opina sobre o feito da pouca presencia do teatro galego na programación do Xacobeo.

Varela, Juan, “Imaxes do irreal”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 50, 25 febreiro 1999, p. 11.

Roberto Leal, director do grupo teatral Minerva, que está composto por ex-alumnos e profesores do Colexio Peleteiro de Compostela, analiza os dez anos de vida do seu grupo de teatro e amósase interesado polo proxecto de crear unha Escola de Teatro en Compostela. Indica tamén os seus proxectos fóra do grupo Minerva como a colaboración na montaxe de “Valle Inclán 98”.

Vidal, Carme, “A escrita da miña xeración responde a un proxecto político”, *A Nosa Terra*, nº 867, “Guieiro Cultural”, 28 xaneiro 1999, pp. 32-33.

Longa conversa con X. L. Méndez Ferrín na que fala de diversos temas relacionados coa literatura e a política. Comeza mostrándose satisfeito polo feito de que a Asociación de Escritores en Lingua Galega o propuxese para o Nobel. Refírese tamén ó seu recente premio de narrativa galega e portuguesa Carlos Blanco, do Eixo Atlántico, coa novela *No ventre do silencio* (1999). Afirma que pertence á primeira xeración que accedeu á literatura galega sen pasar polo castelán. Relaciona literatura e política analizando algúns aspectos das súas obras *Retorno a Tagen Ata* (1971) e *Percival e outras historias* (1958). Xa no plano político, manifesta que é optimista coa independencia e que está asimilado polo sistema, mais salienta que “é interesante estar dentro do sistema para contribuir a debilitar o sistema”. Con referencia ó Foro Luzes de Galiza, defíneo como “tíbio, moderado pero aceptábel”. Expón, así mesmo, as súas opinións sobre o mundo editorial galego. Remata valorando o seu próximo nomeamento como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo, sinalando que “é un título que aceito con gosto porque procede dun grupo de profesores nacionalistas”.

_____, “Castelao é a nosa figura nacional”, *A Nosa Terra*, nº 912, “Guieiro Cultural”, 9 decembro 1999, p. 9.

O estudioso e biógrafo de Castelao, Manuel Rei Romeu, constata o descoñecemento do pobo galego respecto da figura de Castelao e apunta a idoneidade e o didactismo de *Sempre en Galiza* (1944) como texto para o ensino medio. Refírese a Pontevedra como a cidade máis importante na vida de Castelao e cre que a súa traxectoria ideolóxica debe ser valorada globalmente e nunca por parcelas. Móstrase discrepante coa relación do “poder” respecto da obra do rianxeiro e cre que os dispendios feitos arredor da súa figura empregaríanse mellor en difundi-la súa obra e o seu pensamento. Finalmente, expresa o seu desexo de que o ano 2000 sexa un punto de evolución na dinamización da figura de Castelao e cre que é competencia dos nacionalistas sacalo “do marasmo e do silenciamento”.

Vizoso, Sonia, “Coa revolución hai que soñar sempre”, *La Voz de Galicia*, “Última voz”, 31 outubro 1999, p. 96.

Fala Manuel María nesta entrevista da situación actual de Galicia, das situacións de amnesia socio-cultural e política que provoca a televisión, sobre todo o fútbol, e da necesidade de “soñar sempre coa revolución”. Comenta asemade a súa nova situación vital na cidade da Coruña, e do activismo da literatura galega.

V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.Biografías. Crónicas

V. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos arios

A. C. V., “Don Álvaro tiña razón”, *El Progreso*, 16 outubro 1999, p. 44.

Francisco Mayán Fernández, autor da *Historia de Mondoñedo, desde sus orígenes hasta 1833,* fala das festas de San Lucas, segundo el, as máis antigas de Galicia, dándonos conta dainvestigación sobre o cambio de data nestas, e di que as descricións de Álvaro Cunqueiro, quen tantas veces se inspirou nelas, son tan reais coma as feiras. Fala tamén da evolución que experimentaron estas celebracións populares e móstrase de acordo con ela.

A. F., “Canto máis coñecía a Carballeira, máis o valoraba”, *A Comarca do Morrazo*, nº 67, 28 maio 1999, p. 13.

Infórmase de que José Luis Álvarez Riobó foi o autor do audiovisual de 25 minutos elaborado por encarga da Asociación de Amigos de Johán Carballeira, o cal ten por tema a relación do escritorcon Bueu. Dáse conta das colaboracións das que Álvarez dispuxo para xunta-lo material necesario e para poñerlle voz ó producto. A seguir, explícase a estructura deste vídeo. Remátasedando a coñecer que o propio Álvarez está traballando na realización dunha páxina web co material xa compilado.

A. F. R., “Inauguran una exposición sobre Rafael Dieste en Sargadelos”, *El Progreso*, 9 agosto 1999, p. 15.

Anuncia o inicio na Casa da Administración de Sargadelos, en Lugo, dunha exposición gráfica, bibliográfica e documental sobre a vida e a obra de Rafael Dieste. Explícase que inclúe bibliografía así como setenta imaxes fotográficas e que os actos inclúen unha conferencia de Xosé Luís Axeitos sobre o compromiso do escritor rianxeiro. Tamén se indica que a conferencia e a exposición forman parte dos actos conmemorativos levados a cabo polo Seminario de Sargadelos no centenario do nacemento de Dieste. Finalmente, anúnciase a representación de *A doncela guerreira* a cargo da compañía teatral Casa Hamlet.

A. G., “Desexo que chegue a haber tantas librerías como tabernas*”, El Ideal Gallego*, 14 marzo 1999, p. 8.

Co gallo do décimo aniversario da librería Couceiro de Santiago, recolle toda unha serie de comentarios do seu fundador, Xesús Couceiro, quen comezou como libreiro cando andaba á procura dun traballo que lle dera satisfacción persoal. Sinala que nos seus comezos vendía libros de texto e material escolar, o cal foi desbotando para adicarse exclusivamente á literatura e, máis concretamente, ó libro galego, cando practicamente non había producción. Lembra que nos anos 70 se mercaba o libro en galego por militancia, que se publicaban cen títulos ó ano e que, malia editárense actualmente máis de 1000, véndense tantos libros coma naquel tempo, porque as institucións teñen máis producción que a empresa privada e estas regálanos. Respecto á situación presente do libro galego, considera que a edición en Galicia está “condicionada” pola abundancia de subvencións o que leva “a unha merma na calidade”. Por último, alude á escasa proxección que ten o libro galego fóra das nosas fronteiras, á súa actividade pioneira na introducción do libro portugués en Galicia e ó estado do libreiro galego que, na súa opinión, está “desfasado, anquilosado no pasado”.

AGN, “El Consello de Santiago edita el ‘Repertorio da prensa galega na emigración”, *El Ideal Gallego*, 25 xaneiro 1999, p. 7.

Informa das publicacións que son obxecto de estudio e das fontes empregadas polo Arquivo da Emigración Galega, baixo a dirección de Peña Saavedra, para levar a cabo a edición do *Repertorio da prensa galega na emigración*.

_____, “Santiago Jaureguízar considera que ‘Galicia es un país muy surrealista”, *El Progreso*, 27 xaneiro 1999, p. 69.

Noticia da presentación en Madrid de *Comendo spaguetis diante da televisión* (1998), de Santiago Jaureguizar. Faise referencia ó argumento, ó fondo social desta historia e á participación no acto de Pablo de los Riscos quen afirmou que malia ser catalogada esta obra como novela negra ten outras moitas cousas.

_____, “Un día con Dieste”, *Atlántico Diario*, 5 febreiro 1999, p. 38.

Sinala que logo de descubirse unha placa na casa natal de Rafael Dieste en Rianxo, Xesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura, Comunicación Social e Turismo, desprazouse á Casa de Cultura rianxeira para proceder á inauguración das xornadas sobre o escritor. Recolle parte da súa intervención a través da cal loou a figura de Rafael Dieste e dá o nome dalgúns dos participantes nas xornadas como son Anxo Tarrío, Arturo Casas, Francisco Fernández del Riego ou Xosé Luís Axeitos.

_____, “Sargadelos homenajea hoy al ‘poeta del exilio’, Lorenzo Varela”, *Diario de Pontevedra*, 11 febreiro 1999, p. 30.

Dá conta da homenaxe que a Galería Sargadelos lle rende ó poeta e xornalista Lorenzo Varela, cando se cumpre o vinte aniversario do seu falecemento. Comenta que tal homenaxe consiste na exposición “Catro pintores italianos para un poeta”, inaugurada trala conferencia de Xesús Alonso Montero titulada “Lorenzo Varela, un poeta do exilio, aos vinte anos do seu pasamento”. Sinala ademais que Luciano Bianchi, Nando Luraschi, Giancarlo Pozzi e Marcello Simonetta, son os catro pintores lombardos que fan, a través dos seus cadros, unha interpretación plástica de*Catro poemas para catro gravados*, catro poemas escritos por Lorenzo Varela para unha carpeta de gravados publicada en Buenos Aires en 1943 por Luís Seoane e titulada “María Pita e tres personaxes medievais”. Por último, presenta unha biobibliografía do autor homenaxeado.

_____, “Valente dona su biblioteca y archivo a la Universidad de Santiago”, *El Progreso*, 27 marzo 1999, p. 75.

Informa da decisión do poeta ourensán José Ángel Valente de doa-la súa biblioteca e arquivo persoal á Universidade de Santiago de Compostela. Dise tamén que con esta doazón a Universidade vai crear unha aula de poesía co seu nome coa intención de que se convirta en foro de estudio e discusión sobre poesía.

_____, “Cultura asegura ‘no comprender’ las protestas de la coordinadora teatral”, *La Región*, 5 maio 1999, p. 58.

Comenta que a Consellería de Cultura mostrou a súa “incomprensión” ante a manifestación levada a cabo en Santiago pola Coordinadora de Compañías de Teatro Profesional e Títeres, que criticaba a programación teatral do Xacobeo, posto que, segundo Cultura, os representantes deste colectivo aceptaran os plans que lles explicou o IGAEM e rexeitaron entrevistarse cos responsables do Xacobeo para estudia-la programación teatral do Ano Santo. Por último, sinala que os asistentes á manifestación desfilaron polas rúas de Santiago disfrazados e finalizaron a súa marcha fronte á sede da Xunta, onde reclamaron maior asignación económica para as súas actividades.

_____, “Cerca de vinte mil personas visitaron la XXV Feria del Libro de Vigo”, *El Ideal Gallego*, 11 xullo 1999, p. 29.

Logo de sinalar que a XXVª edición da Feira do Libro de Vigo foi visitada por máis de 20.000 persoas, comenta que a concelleira de Cultura do Concello de Vigo, Carme Martínez-Corbalán Puche, mostrou a súa intención de ofrecer máis apoio á celebración da Feira do Libro de Vigo, de integrala nas festas da cidade e seguir mantendo o actual emprazamento. Respecto ás vendas de libros en galego, apunta que o autor que alcanzou maior éxito foi Manolo Rivas con *Ela, maldita alma* (1999) e *O lapis do carpinteiro* (1998), seguido de Xosé Luís Méndez Ferrín con *No ventre do silencio* (1999).

_____, “Faltó el cronista”, *Atlántico Diario*, 7 novembro 1999, p. 38.

Faise eco do funeral celebrado en San Domingos de Bonaval polo falecido Antonio Fraguas, ó que acudiron personalidades destacadas da política e da cultura, como Mariano Rajoy, José Cuíña e Carlos Casares, e no que non faltaron palabras de eloxio para o falecido que, segundo afirmou o vicepresidente do Padroado do Museo do Pobo Galego, Isaac Díaz Pardo, “tenemos la alegría de que no ha muerto, de que sigue vivo en nuestras voces”.

_____, “Casares inaugurará o Salón do Libro Galego”/“O escritor Carlos Casares inaugurará o Salón do Libro Galego”, *Diario de Pontevedra*/*El Ideal Gallego*, 11 decembro 1999, p. 32.

Fálase da inauguración do Salón do Libro Galego, organizado pola Asociación Galega de Editores, a cargo de Carlos Casares, coa conferencia “Xornalismo e literatura”, e recolle tamén as declaracións do presidente da asociación organizadora, Damián Villalaín, sobre os obxectivos do acto. Dáse conta dos actos paralalelos á feira, consistentes nunha sesión de contacontos a cargo de Quico Cadaval e un recital poético con poetas como Olga Novo. Ademais disto, faise referencia ó nomeamento de Gonzalo Rey Lama como primeiro presidente da Asociación de Casas-Museo e Fundacións de Escritores.

_____, “El ministro de Cultura promete ayuda económica a la Real Academia Galega”/“Rajoy promete ayuda económica a la Real Academia Galega”, *Atlántico Diario*/*Diario de Pontevedra*, 12 decembro 1999, p. 36/p. 26.

Refírese á reunión que congregou na sede da Consellería de Cultura ós membros da Real Academia Galega e ó Ministro de Cultura, Mariano Rajoy, na que se anunciou a aprobación, en breve, do novo estatuto da Institución, que o presidente desta, Francisco Fernández del Riego, consideraba moi necesario, e unha serie de axudas económicas que, segundo o Ministro de Cultura, lle servirán á Academia para amplia-la súa proxección social.

_____, “Neira Vilas, Insignia de Ouro do Centro Galego de Barcelona”, *Atlántico Diario*, 17 decembro 1999, p. 46.

Sucinta nota de prensa na que se informa da concesión da Insignia de Ouro ó escritor Xosé Neira Vilas, por parte do Centro Galego de Barcelona como recoñecemento á súa traxectoria “a favor da cultura e a sociedade galegas”.

_____, “La editorial Galaxia, medalla de oro de las Bellas Artes”, *El Progreso*, 18 decembro 1999, p.76.

Anúnciase a aprobación por parte do Consello de Ministros de outorgarlle a “Medalla de Oro del Mérito a las Bellas Artes” á Editorial Galaxia, como recoñecemento ós seus case cincuenta anos ó servicio da cultura galega con máis de 1.500 títulos publicados, así como polo reinvestimento dos seus beneficios en fins culturais.

A. I. S., “La cultura derrotó a la tormenta en la apertura de la Feira do Libro”, *El Correo Gallego*, 1 maio 1999, p. 36.

Recolle a intervención dalgunha das personalidades asistentes á inauguración da Feira do Libro en Santiago como as do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, quen se referiu ós malos agoiros que falan da morte do libro en mans da informática, ás variedades de edicións como mostra da capacidade da escritura de adaptarse a tódolos cambios históricos e ó enorme poder dos libros para transfoma-la historia. Tamén informa da representación na Casa da Cultura do Porto do Son do último espectáculo de Matarile Teatro, *Teatro para Camaleóns*. Por último, alude á posta en escena da obra *Chimpete Champete*, que terá lugar en Área Central por parte da compañía Spaguetti.

_____, “Conxo recuerda a Aurelio Aguirre con una gran exposición fotobiográfica”, *El Correo Gallego*, 12 xuño 1999, p. 37.

Informa da inauguración dunha exposición fotobiográfica titulada “Aurelio Aguirre: 1833-1858” no Centro Socio-Cultural de Conxo que leva o nome deste poeta compostelán. Comenta que a exposición recolle a mostra dos traballos de investigación e divulgación que o centro quere desenvolver sobre a figura de Aurelio Aguirre, ademais de aludir ó resto das actividades que se celebraron durante a xornada, entre as que sinala unha conferencia de Xesús Alonso Montero e un brinde poético a cargo de varios poetas mozos de Compostela.

A. M., “Chao Rego, Lois Diéguez e Neira Vilas presentarán obras na Feira do Libro da Coruña, que comeza mañá”, *El Correo Gallego*, 31 xullo 1999, p. 73.

Anuncia a presencia destes escritores na Feira do Libro da Coruña así como o pregón a cargo de Xabier Docampo. Informa tamén da celebración de recitais poéticos coa participación de JuanAbeleira, Álvarez Torneiro, Yolanda Castaño, Riveiro Coello, Carlos Pereira, Cesáreo Sánchez, Paula San Vicente, Xabier Seoane, Álvarez Cáccamo, Fernán-Vello, Claudio Pato, Luz Pozo Garza e Luísa Villalta.

A. T. B., “Libra’. Unha batalla da persoa, do docente e do escritor”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 17 febreiro 1999, p. 23.

Faise eco da consecución de Gonzalo Navaza do Premio “Juan de San Clemente” polo seu libro*Erros e Tánatos* (1996). Ademais de darse conta do seu quefacer como profesor de Literatura Galega na Universidade de Vigo e como escritor, faise referencia á repercusión que tivo na súa vida o accidente que sufriu. Sinálase que recibiu diferentes premios, entre eles, o Premio “Eusebio Baleirón” por *Fábrica íntima* (1991), co que tamén acadou o Premio da “Crítica Española” no mesmo ano, e o Premio “Ramón Cabanillas” de Traducción Literaria. Remata aludindo á súa incursión en internet mediante a creación da páxina web *Furabolos* que se converteu nunha das referencias principais das escritas en galego, e ós seus proxectos actuais, como son un libro de poemas case rematado e unha novela “na que faltan por peneirar algunhas cousas...”.

A. V., “Sesenta años después ‘rescata la memoria del exilio español”, *El Correo Gallego*, 16 marzo 1999, p. 75.

Dá conta do congreso internacional, que baixo o título “60 años después”, ten lugar na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela e que, ó longo de todo o ano, se celebra en doce comunidades autónomas. Sinala que por medio deste congreso se pretende recupera-la memoria histórica dos escritores españois exiliados trala Guerra Civil e que o primeiro dos congresos se centrará nos escritores galegos que tiveron que fuxir de España, como Castelao ou Rafael Dieste. Apunta ademais que a reunión de Santiago, que conta coa colaboración de intelectuais como Isaac Díaz Pardo e Xesús Alonso Montero, profundará en aspectos artísticos, posto que moitos intelectuais galegos exiliados tamén se dedicaron á arte, como é o caso de Luís Seoane. Conclúe comentando que co gallo deste evento, Ediciós do Castro editou en quince linguas o poema “Ofrenda a los franceses”, de Lorenzo Varela, co problema do exilio dende a perspectiva dos españois.

Agulla, Álvaro, “Galiza Nova propone el nombre de Alexandre Bóveda para el Instituto”, *Diario de Pontevedra*, 15 xaneiro de 1999, p. 12.

Noticia sobre a proposta realizada polos responsables locais de Ensino Medio de Galiza Nova, que presentaron no Instituto de Bacharelato de Marín a súa proposta de muda-lo nome do centro Salvador Moreno polo de Alexandre Bóveda. Sinálase que o nome de Salvador Moreno non é o axeitado debido ás relacións que esta persoa mantivo co réxime de Franco, mentres que o de Alexandre Bóveda serve “como homenaxe e lembranza a todas e todos os asasinados polo franquismo, e representa un bo exemplo de loita pola democracia e de traballo polo povo galego”.

_____, “Medio millón de pesetas para el monumento a Carballeira*”, Diario de Pontevedra*, 27 marzo 1999, p. 19.

Anúnciase a concesión de cincocentas mil pesetas por parte do Concello de Bueu á Asociación “Amigos de Johán Carballeira” para os gastos do monumento ó escritor Johán Carballeira.

Airas, Xerardo das, “Morre António Fernández Pérez”, *A Nosa Terra*, nº 871, “Guieiro Cultural”, 25 febreiro 1999, p. 31.

Alude ó pasamento de Antonio Fernández Pérez, que tivo lugar o 18 de febreiro na súa vila natal de Verín. Refírese tamén á súa volta da Arxentina no ano 1987, logo de cincuenta anos de exilio, e ó seu desexo de se incorporar á defensa da cultura galega, tendo entre as súas prioridades o desexo de coñece-la situación cultural e literaria de Galicia e o de renova-los contactos para edita-lo libro *Terra Coutada* (1990), frustrado pola censura franquista dos anos cincuenta. Así mesmo, dá conta das homenaxes que ten recibido, da doazón que realizou da súa biblioteca particular ó Concello de Verín, ademais da súa actividade na Arxentina e nos seus últimos anos de estadía verinense, durante a cal publicou *Crónicas de onte e de hoxe* (1994), *Don Gabino* e o opúsculo *Poemas e relatos en galego e castelán para os meus amigos*.

Alvarado, “Tres libros con sello totalmente ourensano”, *La Región*, “Literatura”, 4 xullo 1999, p. 14.

Refírese á dificultade existente á hora de atopar determinados libros como os publicados nos últimos meses en Ourense: *Amor y Paz* (1998), de Dora Vázquez; *Baixo o sol do Magreb* (1998), de Víctor Campio Pereira e *Auria Abandonada* (1999), de Manuel Zabal. Sobre a novela de Víctor Campio Pereira, sinala que foi editada pola Deputación e que a súa presentación pasou desapercibida, tendo que agardar á que os seus compañeiros do grupo Dolmen fixeron contando coa presencia de Luís G. Tosar, quen a cualificou como “uno de los ejemplares más sobresalientes de entre la pobre literatura novelística gallega contemporánea”. Polo que atinxe a*Auria Abandonada*, achega o seu argumento e recolle as declaracións do seu prologuista, Antón Tovar, quen afirmou que “en cada páxina do libro de Zabal hai unha exquisitez de frase. E sempre hai unha fabulación mortuoria”.

Álvarez, Eduardo, “Un centenar de casetas na Feira do Libro coruñesa”, *O Correo Galego*, 2 agosto 1999, p. 36.

Informa da primeira xornada da XXVIIIª edición da Feira do Libro da Coruña. Alude ó pregón de Xabier Docampo así como á presentación do libro de Yolanda Castaño, *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998). Así mesmo, indica que tivo lugar a primeira parte dun recital poético, quecontou coa participación de Juan Abeleira, Álvarez Torneiro, Yolanda Castaño, Riveiro Coello, Carlos Pereira, Cesáreo Sánchez, Paula San Vicente e Xabier Seoane.

Angar, “Adeus íntimo a Luís Moure Mariño”, *O Correo Galego*, 8 novembro 1999, p. 16.

Informa do enterro no cemiterio Municipal de Mondoñedo do xornalista, notario e “cronista da Terra de Lemos”, Luís Moure Mariño, sinalando a presencia de diferentes representantes das institucións provinciais, dos que se di que tiveron palabras de eloxio para o defunto.

Arias Solís, Francisco, “Rafael Dieste”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del domingo”, 11 abril 1999, p. 16.

Realiza un percorrido a través do periplo vital de Rafael Dieste, dando conta de toda a súa obra cultural e literaria. Refírese así á súa faceta xornalística e á participación activa no fomento da literatura en lingua galega, ó que contribuíu co seu primeiro libro de narracións, *Dos arquivos do trasno* (1926), e a súa peza teatral, *A fiestra valdeira* (1927). Tamén apunta que escribiu un drama en castelán, *Viaje y fin de don Frontán* (1930), e que formou parte das Misións Pedagóxicas, ademais de se-lo director do Teatro Español de Madrid e ser un dos fundadores da revista *Hora de España*. Así mesmo, faise eco da súa actividade no exilio e da súa volta a Rianxo, onde preparou unha nova edición do seu primeiro libro de contos, enriquecéndoo con novas achegas, da súa elección de académico numerario da RAG e o esforzo adicado ás reflexións filosóficas e matemáticas.

Arnáiz, Ángel, “Un dos grandes divulgadores das Terras de Lemos”, *O Correo Galego*, “AFA”*/El Correo Gallego*, 7 novembro 1999, p. 62/p. 76.

Columna en homenaxe ó que estaba considerado como “un dos grandes divulgadores da historia de Monforte e da súa Terra de Lemos”, Luís Moure Mariño, así como un recoñecemento ós seus traballos xornalísticos e ás súas narracións populares, a través das cales “moitos dos monfortinos comezaron a interesarse pola súa historia máis próxima”.

B. M., “El gobierno municipal de Pontevedra declara el 2000 “Año Castelao”, *Faro de Vigo*, 11 agosto 1999, p. 16.

Refírese á declaración oficial do goberno local de Pontevedra de nomea-lo ano 2000 como “Ano Castelao” e dá conta das relacións mantidas polo escritor rianxeiro coa cidade do Lérez. Sinala que o próximo 7 de xaneiro se inaugurará o “Ano Castelao”, coincidindo co cincuenta aniversario da súa morte en Buenos Aires, cun acto institucional no que está previsto que participen coetáneos seus como Francisco del Riego ou Isaac Díaz Pardo. Recolle tamén as declaracións do Concelleiro de Cultura, Luís Bará, quen fixo certos comentarios sobre a programación a levar a cabo e que xirará ó redor da súa obra política, artística, literaria e periodística e o seu legado en relación co patrimonio histórico-artístico e cultural. Por último, alude á pretensión do goberno local de que o Museo de Pontevedra xogue un papel destacado nos actos do “Ano Castelao” e á súa proposta de crear un Museo Castelao e de declarar “bien cultural” o legado de Castelao.

B. N., “Filgueira Valverde merece como pocos el calificativo de maestro”, *Diario de Pontevedra*, 14 setembro 1999, p. 3.

Con motivo do terceiro aniversario do falecemento de Xosé Filgueira Valverde, dá conta do acto celebrado na súa memoria no Museo de Pontevedra. Recolle os eloxios que distintas autoridades políticas, así como personalidades do mundo da cultura lle dedicaron, salientando as do Ministro de Cultura, Mariano Rajoy, quen declarou que “lo que yo sé se lo debo al maestro Filgueira” e recordou a súa extensa producción literaria, así como o seu labor no Museo de Pontevedra.

B. P., “Aparece una obra en gallego del dramaturgo ourensano Lauro Olmo”, *La Voz de Galicia*, 28 agosto 1999, p. 28.

Faise eco da aparición dunha versión galega da obra de Lauro Olmo, *La camisa*, que, segundo a súa viúva, Pilar Enciso, foi un grande éxito no ano 1970 nos teatros de España e Italia. Sinala que a traducción fora feita en Madrid por Lauro Olmo e Celso Emilio Ferreiro e que será remitida ó Instituto do Barco que leva o nome do primeiro deles, para que sexa representada polos escolares. Dá conta das obras nas que Lauro Olmo empregou o galego, da amizade que mantivo con Celso Emilio Ferreiro e do proxecto que tiñan de escribir en conxunto unha obra teatral “sobre una prostituta de Ourense que trataba con los obispos”. Nunha nota á parte, refírese ó futuro do emprazamento do legado de Lauro Olmo.

Barral, Serxio, “Casares afirma que la literatura gallega está en su nivel más alto”, *La Voz de Galicia*, 3 setembro 1999, p. 31.

Dá conta da celebración dos “Encontros arredor das literaturas peninsulares” que dirixe Víctor Freixanes. Tamén recolle a opinión de Carlos Casares, quen considera que un escritor non ten porque ser forzosamente un intelectual e que a literatura galega está vivindo un momento moi fructífero, no que existen moitos autores que teñen sido máis prolíficos que mitos como Castelao, Otero Pedrayo, etc. A causa disto, cre que é necesario desmitificar e obxectiva-la literatura galega, pois “nunca houbo mellor literatura galega que a actual”.

_____, “A Fundación Castelao catalogará o legado completo do galeguista”, *La Voz de Galicia*, 3 decembro 1999, p. 87.

Sinalando a intención de “ter rexistro de todo canto recordo de Castelao que apareza por aí”, o vicepresidente da Fundación Castelao e comisario da exposición sobre este autor, Miguel Anxo Seixas Seoane, insta ás persoas que teñan documentos relacionados co galeguista a poñelos a disposición de calquera institución pública, pois sería unha boa fonte para “reconstruír a historia de Galicia”. Anuncia ademais, a inauguración dunha exposición sobre o autor citado organizada pola Fundación que leva o seu nome, e outras institucións, así como a convocatoria dun premio de humor gráfico e outro de ensaio, e a celebración de varios congresos e mostras coas que o concello pontevedrés quere conmemora-lo cincuenta aniversario da morte de Castelao.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón, “Letras para Murguía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 82, 15 xuño 1999, pp. 1-2.

Dá conta da intervención de Carlos Casares nos “Encontros das literaturas peninsulares”, que dirixe Víctor Freixanes e que organiza a Universidade Internacional Menéndez Pelayo dentro dos seus cursos de outono, celebrados en Pontevedra. Sinala que, segundo o escritor ourensán, se debe erradicar “dunha vez por todas” a idea de que un escritor ten que ser forzosamente un intelectual e que non hai “mellor literatura galega que a actual”. Tamén informa da participación nos encontros dos representantes de cada unha das cinco linguas nas que se escribe no ámbito da Península Ibérica e das pretensión destes para, finalmente, referirse á coincidencia de Casares e Víctor Freixanes ó sinalar que a necesaria vinculación entre a literatura galega e a portuguesa só parece concibirse dende este lado do Miño.

Beceiro, M., “Las salas alternativas reabren sus puertas con estrenos y nuevas secciones”, *La Voz de Galicia*, 5 setembro 1999, p. 49.

Ante a reapertura en Santiago das salas alternativas, no referente ó mundo cultural galego, apunta que a Nasa presentará o seu espectáculo *Ultranoite* ata o mes de decembro, momento no que empezará a funcionar cun equipo estable de actores e músicos; a experiencia piloto “Doble sesión”, que posibilitará un espectáculo de pequeno formato e que se estreará con*Caperucitoloxía*, do grupo Contracontos e a programación infantil Asteroide B-612, entre outros.

Beiro, Masito, “A poesía, ¿Un xénero minoritario?, asunto da tertulia de diálogos na casa de Rosalía”, *O Norte*, nº 132, decembro 1999, p. 69.

Co tema da recepción da poesía, segundo informa, xuntáronse na Casa de Rosalía de Castro Miguel Anxo Fernán-Vello e Fran Alonso. Dise que estes dous escritores mantiveron que a poesía é pouco lida e comercialmente pouco desenvolvida pese axudar a “reflexionar e a coñecerse” ó ser humano. Por outra parte, dise que tamén sinalaron a vizosidade de Galicia neste terreo fronte ó deserto español.

Beramendi, Justo G., “La significación histórica de Murguía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 82, 15 xuño 1999, pp. 4-5.

Baixo o pretexto de reclama-la atención sobre a importancia da obra de Manuel Murguía, Justo G. Beramendi lembra as súas achegas como xornalista, á fronte dalgunhas das “empresas máis innovadoras do seu tempo”, como “alicerce maior da nosa historiografía”, como ideólogo do nacionalismo, como político, fundador, xunto con Alfredo Brañas, da primeira organización política do galeguismo, a Asociación Regionalista Gallega (1890-1894), como promotor do Rexurdimento literario coa fundación, entre outras cousas, da Real Academia Galega e, sobre todo, como iniciador “do uso do galego na prosa política e no discurso público”. Así mesmo recolle unha carta de Murguía a Rosalía na que, segundo Domingo García-Sabell, membro da Real Academia Galega, se aprecian os problemas económicos da parella e a “asoballante depresión que unha e outra vez, atenazaba o carácter de Murguía”.

Bergantiños, P., “Vinte anos de *Edicións Xerais*. A editorial publicou xa máis de mil títulos”, *A Nosa Terra*, nº 883, “Guieiro Cultural”, 20 maio 1999, p. 33.

Con motivo de cumprírense os vinte anos en activo da Editorial Xerais, faise un percorrido polas súas publicacións, dende os comezos coas colección “Montes e Fontes”, “Vento Branco” e “Fontenliña”, ata a actualidade, resaltando o ano 1996 no que a editorial celebrou a edición dos mil títulos sacando á luz o volume colectivo *Unha liña no Ceo, 58 narradores galegos* (1996), e deixando claro que a editorial procurou sempre abrangue-la publicación de tódolos xéneros. Neste punto recóllense as declaracións do actual director, Manuel Bragado, definindo os factores que axudaron á consolidación do sector que eles cultivan e de Celia Torres, directora de producción, que afirma que “non hai que ter medo aos productos máis comerciais porque axudan a manter coleicións con máis dificultades”, xustificando así o privilexio que a empresa editorial lle deu á narrativa.

Blanco, Carmen, “A illa da liberdade”, *El Progreso,* “Gente”, 31 xaneiro 1999, p. 21.

Carmen Blanco, escritora e profesora da Facultade de Humanidades de Lugo, fai un repaso da súa infancia, dos seus compañeiros de xogos, da súa casa, das súas afeccións, e dos seus pais, que lle ensinaron as primeiras letras, lembrando esa etapa da súa vida con pracer, como “unha comunal illa encantada”, pero sen nostalxia nin desexos de voltar a ela, aínda despois de descubrir “a amargura do mundo”.

Blanco, Galia, “O congreso Internacional de Semiótica propón que Ferrín volva a ser candidato ó Nóbel”, *El Mundo. Galicia*, 2 outubro 1999, p. 10.

Dá conta do apoio que os participantes do IVº Congreso Internacional da Federación Latinoamericana de Semiótica, a excepción de Umberto Eco, mostraron á proposta de varias institucións galegas, entre elas a Asociación de Escritores en Lingua Galega, de nomear a Xosé Luís Méndez Ferrín candidato ó Nobel de Literatura. Recolle, así mesmo, as declaracións do propio nominado xustificando a postura de Umberto Eco e amosando a súa opinión sobre o nomeamento que ve como froito da importancia que se lle vén dando á literatura galega, e as súas críticas a aqueles autores que, axudados pola falta de publicacións centradas na literatura galega, “están máis pendentes do que se comenta fóra que do que se fai aquí”, renunciando así ó cultivo da literatura en galego.

_____, “O escritor e os seudónimos”, *El Mundo. Galicia*, 12 decembro 1999, p. 12.

Comenta que Manuel Salgado foi o encargado de falar de Ramón Otero Pedrayo nas Xornadas de Estudio e Debate. Guerra Civil e Literatura Galega. Di que se centrou no feito da utilización de seudónimos para escribir nos xornais, cousa que tivo que facer Pedrayo a causa da censura despois da Guerra Civil.

_____, “Cando o medo fai innecesaria unha lei”, *El Mundo. Galicia*, 15 decembro 1999, p. 9.

Nas Xornadas de Estudio e Debate. Guerra Civil e Literatura Galega, o seu director, Xesús Alonso Montero, falou dos prexuízos existentes sobre o uso oral do galego e das obras que ata hai pouco non se escribían en galego, nomeadamente as dos máis novos, por estar mal visto que os nenos falasen e gozasen de material didáctico na lingua do país.

_____, “Fer: “Non debe limitarse o estudio ós escritores monolingües en galego”, *El Mundo. Galicia*, 17 decembro 1999, p. 9.

Refírese á clausura das Xornadas de Estudio e Debate. Guerra Civil e Literatura Galega, nas que o escritor Claudio Rodríguez Fer falou sobre os catro períodos que marcan as Letras Galegas dende a Guerra Civil ata os nosos días, pero salientando que non se hai que centrar só nos autores que escribían en galego, posto que había autores galegos que o facían en castelán e autores bilingües.

Blanco Rivas, M., “Manuel Murguía ou a restauración da memoria histórica”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 94, 13 febreiro 1999, p. 2.

Realiza unha serie de consideracións sobre Manuel Murguía, a quen considera “a figura fundamental do Rexurdimento da Cultura Galega”, para, a seguir, indicar que no cumprimento do 75º aniversario da súa morte, *A Nosa Terra* tirou do prelo un monográfico sobre el. Achega, por último, o nome dos coordinadores e dos colaboradores do volume.

Bugallal, Isabel, “Galaxia, medalla de oro de Bellas Artes por su difusión de la cultura autóctona”, *La Voz de Galicia*, 18 decembro 1999, p. 89.

Refírese a que o Consello de Ministros decidiu concederlle a medalla de ouro de Belas Artes á Editorial Galaxia, que no ano 2000 cumpre cincuenta anos. Ademais fai un pequeno repaso pola historia da editorial, os seus directores e os proxectos máis relevantes da actualidade.

C. B., “La comisión sobre el nombramiento de Rosalía como Hija Adoptiva de Padrón se reúne el martes”, *El Correo Gallego*, 24 xaneiro 1999, p. 40.

Informa da reunión dos membros da comisión municipal encargados de redacta-lo expediente sobre os nomeamentos de Rosalía e Maruxa Villanueva como Filla Predilecta e Filla Adoptiva de Padrón, respectivamente. Tamén se fai eco da idea xeneralizada consistente en considerar a Rosalía como padronesa para que poida recibi-la distinción citada, por ser súa nai de Padrón e por ter residido nesa vila.

_____, “Homenajean en Zaragoza a Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, 17 febreiro 1999, p. 35.

Anuncia a homenaxe a Isaura Vázquez, máis coñecida polo nome de Maruxa Villanueva, no mes de marzo en Zaragoza. Dá conta do contido do acto consistente nun recital poético-musical a cargo do grupo O Silvo Gallego, formado por Antón Castro, Carmen Orte e José Antonio Rodicio. Comenta ademais o nomeamento como Filla Adoptiva de Padrón o día 24 de febreiro na vila rosaliana.

_____, “Afirman que el nombramiento de Rosalía como Hija Predilecta vulnera el reglamento municipal”, *El Correo Gallego*, 23 febreiro 1999, p. 39.

Expón toda unha serie de irregularidades manifestadas polos socialistas e independentes do Concello de Padrón, relacionadas coa tramitación do expediente dos nomeamentos de Filla Predilecta e Filla Adoptiva a Rosalía de Castro e Maruxa Villanueva, respectivamente. Tamén fai referencia á postura do Bloque Nacionalista Galego con respecto a este asunto, quen malia recoñecer que “o regulamento interno do Concello non nos permite nomear predilecta a unha persoa que non naceu en Padrón”, pensa apoia-la proposta do goberno local de nomear Filla Predilecta a Rosalía.

_____, “Rosalía, unha Filla Predilecta ‘legal”, *O Correo Galego*, “AFA”, 25 febreiro 1999, p. 39.

Reproduce parte das declaracións realizadas polos representantes das distintas forzas políticas do Concello de Padrón, que fan referencia ó acordo unánime que tomaron para nomear Filla Predilecta e Filla Adoptiva a Rosalía de Castro e a Maruxa Villanueva, respectivamente, así como dedicarlle unha rúa e descubrir unha placa conmemorativa á que fora gardiana da Casa Museo da Matanza.

_____, “Maruxa, ‘singular e irrepetible”/“Fraga destaca la personalidad ‘singular e irrepetible’ de Maruxa Villanueva”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 25 febreiro 1999, p. 38/p. 46.

Con motivo da celebración do cento sesenta e dous aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, achega algunha das palabras de Manuel Fraga sobre a autora padronesa e Maruxa Villanueva e de Sixto Seco, quen resaltou parte das vivencias da gardiana. Tamén dá conta dos actos a realizar durante o día como son o descubrimento dunha placa conmemorativa na casa onde viviu Maruxa na Matanza ou a sinatura dos convenios de colaboración que sentarán as bases do futuro Centro de Estudios Rosalianos.

_____, “Una veintena de directores de bibliotecas visitan la Casa Museo Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, 30 maio 1999, p. 43.

Noticia sobre a visita dunha vintena de directores de bibliotecas universitarias á Casa Museo Rosalía de Castro. Sinala que, ademais de visita-las dependencias museísticas, asistiron a unha conferencia impartida por Gonzalo Rey Lama, quen falou do porqué da casa museo, da súa significación e dos seus proxectos.

_____, “O primeiro paso para a maior biblioteca do mundo sobre Rosalía”/“Un lugar para los ‘rosaliófilos”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 16 xullo 1999, p. 35/p. 52.

Refírese ós actos conmemorativos organizados pola Fundación Rosalía de Castro co gallo da celebración do cento catorce aniversario da morte da escritora padronesa e nos que se destacou a realización da promesa feita de crea-lo Centro de Estudios Rosalianos. Sinala cales son os obxectivos, pretensións e actividades deste centro, ademais de dar conta da presentación do primeiro volume, *A cantora do Sar*, de Raimundo García.

_____, “Aseguran que Rosalía permanece viva en los poetas gallegos de la nueva generación”, *El Correo Gallego*, 5 novembro 1999, p. 46.

Informa do primeiro dos faladoiros sobre a figura de Rosalía de Castro, que tivo lugar no auditorio da Casa Museo que leva o seu nome, e dá conta da xente que nel participou. Así faise eco das declaracións de Carmen Blanco, quen explicou a súa visión persoal sobre a transcendencia de Rosalía nos poetas galegos, especialmente nas figuras femininas, e da participación de Ana Romaní e Olga Novo, que lle dedicaron cadanseu poema.

_____, “La Fundación Rosalía de Castro perfilará el próximo día 17 los actos del nuevo milenio”, *El Correo Gallego*, 5 decembro 1999, p. 45.

Coméntase a orde do día desenvolvida no plenario anual, no que se deu conta das finanzas da Fundación, da proposta de actividades para o novo milenio e da tramitación dos substitutos de A. Fraguas e Mª Victoria Fernández España. Lembra que na asemblea anterior se felicitou a Ana Romaní pola dirección e o éxito de *Diálogos con Rosalía* e que Agustín Sixto Seco se lembra de Maruxa Villanueva, falecida hai un ano; da boa saúde da Casa Museo e a Fundación Rosalía de Castro, ademais do pouco tempo que falta para que funcione o Centro de Estudios Rosalianos. Explica as liñas básicas da infraestructura e amosa o desexo de Xesús Alonso de que se abra cunha biblioteca que sexa a mellor colección bibliográfica do mundo sobre Rosalía, un debate sobre *Cantares Gallegos* e *Follas Novas* e unha modesta colección, que se tenta abrir cun “libro cuya portada reproduce la primera esquela en lengua gallega sobre Rosalía” pertencente ó semanario *O Tío Marcos da Portela*, nº 88, da segunda etapa.

_____, “O sendeiro das letras”, *O Correo Galego*, 10 decembro 1999, p. 30.

Alude á ruta literaria organizada pola Fundación Marítima Xacobea do Mar de Arousa e Ulla, que “pretende exalta-los valores literarios e artísticos que encerra esta ría, en máis de 300 quilómetros”, dende Macías ou Pai Gomes Chariño ata Cela.

C. D., “Dúas persoas vencelladas a un mesmo nome: Rosalía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 20 setembro 1999, p. 45.

Cita as institucións responsables da selección para ocupar un lugar no recinto funerario da igrexa de San Domingos de Bonaval e os requisitos necesarios que deben reuni-los aspirantes a el. Dá conta da iniciativa dun destacado grupo de intelectuais galegos que están organizando unha campaña para que teñan cabida neste recinto tanto Manuel Murguía coma o seu fillo Ovidio, ademais de facer referencia á polémica suscitada cando Castelao entrou a formar parte del.

C. d. U., “A Universidade de Vigo recoñece a traxectoria de Xaime Isla Couto “, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 28 abril 1999, p. 3.

Apunta o nomeamento de Xaime Isla Couto como doutor *honoris causa* pola Universidade deVigo nun acto, no que a lección maxistral se titula “Nación. Universalismo e Ética”. Ofrece unha pequena biografía deste académico, ademais de recoller algunhas manifestacións súas nas que sinala a quen lle debe agradece-la distinción citada e comenta como se ve a si mesmo.

_____, “A Universidade de Vigo inviste hoxe a Méndez Ferrín Doutor Honoris Causa”, *O Correo Galego,* “O Correo da Universidade”, 19 maio 1999, p. 2.

Anuncia que a Universidade de Vigo acolle o acto de investidura de doutor *honoris causa* do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, de quen se achegan unha serie de datos sobre a súa vida e obra. Tamén recolle as declaracións de Ferrín, quen sinalou que para el e as letras galegas era unha “satisfacción” recibir esta distinción, especialmente, porque lle foi concedida a un escritor “monolingüe en galego”.

_____, “Castelao, tema dun simposio da Universidade da Coruña”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 10 novembro 1999, p. 2.

Achega información sobre o simposio “Castelao na Galicia do século XX” que se celebra, entre o 25 e o 27 do mes de novembro, na Universidade da Coruña co gallo do 50º aniversario do seu falecemento. Sinala que o obxectivo deste encontro está en profundar na creación e no pensamento do artista de Rianxo e dá o nome dalgunhas das persoas que participan nel.

C. G., “Jornada literaria en la casa de la cultura ordense, el 26”, *El Correo Gallego*, 10 febreiro 1999, p. 38.

Faise eco da celebración dunha xornada literaria organizada pola Asociación Cultural Obradoiro da Historia que pretende dar a coñecer mellor a figura e obra de Suso de Toro. Sinala que ademais dunha exposición e venda de libros das publicacións que a agrupación ordense leva editadas e do autor santiagués, tamén se ten previsto impartir unha conferencia e unha sesión de contos, entre outras actividades.

C. H., “Baltar financia un premio de poesía convocado por una fundación socialista”, *La Voz de Galicia*, 25 novembro 1999, p. 5.

Infórmase de que o presidente da Deputación de Ourense, José Luís Baltar, accedeu, a pedimento do Concelleiro de Cultura de Vigo, Carlos Príncipe, ó cofinanciamento do Premio Celso Emilio Ferreiro. Lémbrase que o certame que agora se pretende recuperar fora fundado por políticos do PSOE hai dez anos. Coméntanse algunhas das características do premio, entre elas o carácter bianual, a dotación económica e a admisión de textos nas catro linguas oficiais da Península. Finalmente, alúdese ó agradecemento de Luís Ferreiro, fillo do escritor, e ó achegamento levado a cabo polos políticos ourensán e vigués con motivo deste acordo.

C. L., “La lengua de las mariposas’, con guión de Rivas, participará fuera de concurso”, *El Correo Gallego*, 15 agosto 1999, p. 74.

Anúnciase que a película *La lengua de las mariposas*, baseada nun relato de Manuel Rivas e con guión do mesmo escritor, se proxecta no festival de San Sebastián pero fóra do concurso.

C. M., “Ingresa en la Academia Galega Xaime Isla Couto, décadas después de ser designado”, *Faro de Vigo*, 30 xaneiro 1999, p. 51.

Crónica sobre a entrada na Real Academia Galega de Xaime Isla Couto, quen leu un discurso no que lembrou as palabras de Murguía “acerca de que no puede perecer una lengua con una literatura prodigiosa” e no que destacou que “el idioma de cada pueblo es la estructura más propia de la nacionalidad”. Tamén se dá conta da resposta que lle deu Carlos Casares, quen falou das razóns da tardanza do ingreso deste vigués, do que destacou algunha das súas iniciativas, entre as que se atopa a idea de pór en marcha Galaxia.

_____, “Ramón Lorenzo defiende el gallego como lengua independiente del portugués”, *Faro de Vigo*, 8 maio 1999, p. 55.

Faise eco do contido do discurso lido por Ramón Lorenzo co gallo do seu ingreso na Real Academia Galega, no que, entre outros aspectos, defendeu o galego “como lengua independiente y propia”, lamentou o papel da igrexa na defensa do castelán e mostrou a súa preocupación pola situación actual do galego.

_____, “Neira Vilas considera a Castelao el mejor intérprete del pueblo gallego”, *Faro de Vigo*, 26 novembro 1999, p. 52.

Recóllense as palabras de Xosé Neira Vilas ditas nunha conferencia na Coruña. Na mesma, o escritor de Gres traza unha panorámica pola vida e obra do artista rianxeiro. Asemade di que Castelao foi un defensor dos máis humildes, e pola súa formación de alén e aquén mar, mostrouse sempre un defensor da nación galega.

C. P., “Programas complementarios para públicos distintos y compartidos”, *La Voz de Galicia*, 7 marzo 1999, p. 47.

Informa da situación actual das chamadas salas alternativas que dan cabida a xente que non ten acceso a outros lugares, como a Sala Galán, onde só se acollen actividades teatrais propiamente ditas. Así mesmo, recolle as declaracións de Baltasar Patiño, director da Sala Galán, quen ve nestas salas unha plataforma para o “teatro do futuro”, e as de Xesús Ron, corresponsable da sala Nasa, afirmando a capacidade para facer cousas fóra do ámbito de calquera outra entidade privada e denunciando a falta de programadores culturais profesionais nas administracións públicas, mentres que eles “dispoñen dun equipo de profesionais que xestiona o programa”.

_____, “Y Aurelio Aguirre volvió a Conxo”, *La Voz de Galicia*, 12 xuño 1999, p. 33.

Apunta que o centro sociocultural Aurelio Aguirre conmemorou este ano o histórico Banquete de Conxo cunha exposición sobre a vida e a obra do poeta Aurelio Aguirre, ademais dun acto no que Alonso Montero fixo de mantedor e no que recitaron poemas Igor Lugrís, Suso Baamonde ou María Lado.

_____, “El reparto de subvenciones al teatro beneficia a treinta y dos compañías”, *La Voz de Galicia*, 16 novembro 1999, p. 83.

Dá conta da repartición de subvencións para a producción e distribución de espectáculos, feita polo Consello Rector do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), das que este ano se benefician, ademais das compañías teatrais, grupos que experimentan “novas tendencias escénicas” e os grupos de monicreques, e xustifica o atraso na concesión das mesmas pola introducción de novos criterios na toma da decisión. Así mesmo, recolle a desconfianza do sector teatral sobre a recepción desas axudas dentro do ano no que foron convocadas.

_____, “O Salón do Libro Galego abriuse cunha oferta de máis de nove mil exemplares”, *La Voz de Galicia*, 14 decembro 1999, p. 40.

Alude á celebración do lº Salón do Libro Galego, no que se poden atopar ó redor de nove mil volumes escritos en galego e que ten como obxectivo achega-los libros ós lectores. Tamén se refire ó discurso de apertura deste evento lido por Carlos Casares, que contou como descubriu sendo un rapaz ós grandes articulistas da época.

_____, “Alonso Montero lembra que Franco non prohibiu falar galego, pese a reprimilo”, *La Voz de Galicia*, 15 decembro 1999, p. 90.

Segundo informa, no marco das xornadas sobre “Teoría e práctica da lingua galega nos anos da Guerra Civil e nos primeiros da Posguerra”, o profesor Alonso Montero falou dos escritores que escribiron en galego aínda sendo falanxistas ou próximos ó réxime, coma Ramón Cabanillas ou Moure Mariño.

C. R., “Literatura de quiosco”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 3, 26 novembro 1999, p. 4.

Refírese ás publicacións de libros que se están a xeralizar nos quioscos. Recolle as queixas de moitos comerciantes porque unha vez que se captou ó cliente mediante a subscrición deixan de lles envia-lo material. Tamén cita algunhas editoriais galegas que venden este tipo de libros, nomeadamente A Nosa Terra, Xerais ou Galaxia.

_____, “Literatura galega en liña”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 6, 17 decembro 1999, p. 4.

Dáse conta das diferentes páxinas web e direccións, que hai en Galicia comezando polas editoriais, como Galaxia, Xerais ou Laiovento; os autores que escriben na rede como Camilo Franco, Xelís de Toro ou Gonzalo Navaza, ademais das moitas librerías que ofrecen os seus productos en Internet. Saliéntase a gran presencia de revistas galegas, dende a máis “veterana”dirixida por Celso Álvarez Cáccamo, *Copyright*, ata outras como *El Extramundi*, *Alquimia*, *Tempus Naturae* ou *Ómnibus*. Fala, finalmente, das edicións virtuais de autores, entre eles o “Proxecto Tomiño”, dirixido por Manuel Forcadela e no que se divulga a obra de autores como Rosalía, Pondal ou Manuel Antonio, así como a páxina web sobre Manuel Murguía coordinada por Darío Janeiro.

C. V., “A Quenlla edita un disco literário e reivindicativo”, *A Nosa Terra*, nº 873, “Guieiro Cultural”, 11 marzo 1999, p. 34.

Faise eco da aparición dun disco de A Quenlla, que parte do libro *Ultreia*, que fora destinado á Federación de Asociacións de Axuda ó Drogodependente. Sinala que o traballo se presenta coma “un conxunto literário, artellado coma unha história que engloba no seu interior os dez poemas formando un conxunto unitário”. Recolle tamén as declaracións de Mero, un dos compoñentes do grupo, quen fala do presente traballo, da falta de música cantada no país cando “hai unha excelente poesía que ofrece un material de alta calidade”, e dos proxectos de futuro da agrupación.

_____, “A casa de Rosalía expón un cinceiro do Xacobeo 93”, *A Nosa Terra*, nº 892, “Guieiro Cultural”, 22 xullo 1999, p. 20.

Menciona parte das eivas que presenta a Casa-Museo de Rosalía, sinalando que a imaxe que dá é a dun santuario cheo de ofrendas que veneran os retratos repetidos dunha muller á que demasiadas veces se apela como “santiña”. Tamén recolle as declaracións do secretario da Fundación Rosalía de Castro, Gonzalo Rey Lama, quen recoñece a falta de valor museístico de boa parte dos obxectos acumulados na sala maior “en detrimento da exhibición dos traballos sobre a obra rosaliana e sobre o significado simbólico e mítico do personaxe”.

_____, “A prensa cumpre douscentos anos na Galiza”, *A Nosa Terra*, nº 911, “Guieiro Cultural”, 2 decembro 1999, p. 25.

Malia teren pasado xa douscentos anos dende que naceu o primeiro xornal impreso en Galicia, *El Cantón Compostelano*, dise que as institucións culturais non o tiveron en conta e que pasou desapercibido para todas elas. Isto axuda a que se faga a petición de construír unha hemeroteca que recolla os fondos de prensa galega.

_____, “Finou Jenaro Marinhas del Valle, último militante das Irmandades da Fala”, *A Nosa Terra*, nº 915, “Guieiro Cultural”, 30 decembro 1999, p. 21.

Refírese ó pasamento de Jenaro Marinhas del Valle, dramaturgo e político nacionalista moi vinculado coa lusofonía. Saliéntase a súa producción dramática nun momento moi difícil para o teatro galego con obras como *A revolta*, galardoada co premio Castelao de Teatro Galego en 1965, ou *Dúas pezas de teatro inerte* (1974), da que se di que é un reflexo da súa loita por un teatro galego que comezara xa en 1933 coa fundación do semanario satírico *A Draga*. Remátase informando da preparación dunha edición da súa obra completa pola profesora Yolanda Aldrei.

Cabada Castro, Manuel, “Presencia feminina, no poeta Cabada Vázquez (I)”, *Tabeirós Terra*, nº VI, febreiro 1999, p. 21.

Preténdese facer un estudio da presencia feminina na obra do poeta estradense Xosé Manuel Cabada Vázquez, comezando por sinala-la ausencia da “muller” no seu primeiro poemario, *Vagalumes* (1931), quizais debido, segundo di, a que foi publicado polo Seminario de Santiago de Compostela, onde o autor era diácono, e que contrasta con publicacións anteriores na prensa nas que si aparecía.

_____, “Presencia feminina, no poeta Cabada Vázquez (II)”, *Tabeirós Terra*, nº VII, xuño 1999, p. 3.

Comenta como co percorrer dos anos vinte se vai facendo máis explícita a feminidade na obra de Cabada Vázquez, unha presencia da muller ó xeito de dedicatorias, títulos de poemas, temática, ou mesmo un acróstico composto co nome e apelidos dunha coñecida moza da Estrada.

_____, “Presencia feminina, no poeta Cabada Vázquez (e III)”, *Tabeirós Terra*, nº VIII, novembro 1999, p. 3.

Faise mención á autocensura, por medio da modificación da escrita ou co uso de pseudóminos, que desenvolveu o poeta estradense Cabada Vázquez en poemas amorosos dos anos vinte cando estaba a facer estudios eclesiásticos nos que a presencia feminina aínda ficaba nun segundo plano. Por último, fai un chamamento ós lectores por se alguén conserva exemplares do xornal local *El Emigrado*, do que entre os anos 31 e 32 non se conservan exemplares en ningures.

Calvo, Tucho, “Luz de abrente”, *La Voz de Galicia*, 23 febreiro 1999, “*Culturas*”, nº 66, p. 8.

Recolle un fragmento da novela *Luz de Abrente* (1998), de Tucho Calvo, redactor xefe de suplementos do xornal *La Voz de Galicia*, con motivo da súa publicación na editorial Galaxia.

Caño, X. M. del, “El punto cero de un escritor universal”, *Faro de Vigo, “El Sábado*”, nº 104, 1 maio 1999, p. 3.

Informa da publicación de dous volumes dedicados a recompila-la obra do ourensán José Ángel Valente, baixo a iniciativa de Alianza Editorial que inaugura unha nova colección con estes dous volumes. Dise que no primeiro deles, *Punto Cero*, recóllese toda a poesía da primeira etapa de Valente, mentres que no segundo, inclúese a producción que corresponde á segunda época do autor, “relacionada también con la poética del silenco y del vacío”. A seguir, recóllense as opinións de Claudio Rodríguez Fer sobre José Àngel Valente, nas que o estudioso afirma que “estamos ante un poeta que alcanza una suma de aciertos que provienen de la tradición renacentista y barroca española, que él asimiló muy bien”. Para rematar, cítanse algunhas obras do ourensán como *Número trece* (1971), o seu primeiro libro de relatos curtos; *El fin de la edad de plata* (1973) ou *Nueve enunciaciones* (1982).

_____, “Castelao, memoria dun home grande”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 129, 30 outubro 1999, pp. 4-5.

Ademais de dar conta do perfil físico e persoal de Daniel R. Castelao, detense no comentario das súas facetas de xornalista, pintor, caricaturista político ou escritor, achegando certos comentarios sobre as súas diferentes obras. Para ilustrar con máis claridade algún destes aspectos, recorre á opinión de Henrique Monteagudo, do que se di que está a coordina-la primeira publicación da súa obra completa en seis tomos; Manuel Guede, que ten estudiado a súa obra, e Manuel Núñez Seixas, que está a recupera-lo seu epistolario para a súa edición nun volume. Nun apartado independente, refírese á falta de coidado que tivo o Centro Galego na conservación de moita documentación de Castelao, parte dela expoliada, á información que nela había e ás razóns polas que moita xente non a dá a coñecer.

Capelán, Antón, “Centenarios, pero sen amnesias”, *A Nosa Terra*, nº 875, 25 marzo 1999, pp. 32-33.

Lembra toda unha serie de conmemoracións realizadas no ano 1998, salientando que, no ámbito galego, ese ano abriu coa figura de Valentín Paz-Andrade a serie de centenarios do nacemento dos intelectuais da “Xeración do 25”. Dá conta dalgúns libros centrados neste escritor e destaca algúns silencios observables neles sobre aspectos claves da súa vida pública, que segundo sinala teñen que ver coa desaparición do xornal *Galicia* e con algunha das etapas da súa traxectoria galeguista antes de 1936.

Carballa, Xan, “No 2000 cumprirase o cincuentenário da morte de Castelao sen que haxa prevista celebración algunha”, *A Nosa Terra*, nº 866, “Guieiro Cultural”, 21 xaneiro 1999, p. 25.

Denuncia a falta dalgunha homenaxe e difusión da obra de Daniel R. Castelao, agás dos actos previstos pola Fundación que leva o seu nome, cando se van cumpri-los cincuenta anos da súa morte. Refírese ó acordo da Fundación citada coa Editorial Galaxia que permitirá a publicación de oito volumes con toda a obra do rianxeiro e á exposición que estaría fixa en Santiago, mentres que outra percorrería diferentes cidades. Bota en falta unha biografía sobre Castelao de difusión popular e sinala que o ano 2000 tería que se-lo ano Castelao, ademais de recolle-lo chamamento da Fundación Castelao para que toda a xente que saiba dalgunha carta descoñecida súa o comunique, posto que Henrique Monteagudo está a prepara-lo seu epistolario.

Carrera, Rosé, “A editorial Galaxia centrará o vindeiro ano en Vigo os actos do seu cincoentenario”, *Atlántico Diario*, 13 novembro 1999, p. 12.

Faise eco da celebración do cincuentenario da Editorial Galaxia cunha serie de actos públicos cos que se quere homenaxea-los fundadores da editorial e os homes que participaron nela. Asemade, tamén se anuncia unha exposición itinerante. Por último, sinala que estes actos contan co apoio do Concello de Vigo e outras institucións, e achega unha breve historia desta editorial nada en 1950.

_____, “La editorial asturiana Trea inicia su expansión con autores gallegos”, *Atlántico Diario*, 28 novembro 1999, p. 9.

Dá noticia da presentación das novas obras da colección “Letras” da editorial Trea: *Hacia Times Square*, de Camilo Gonsar e *Las aguas abandonadas*, de Xabier Rodríguez Baixeras, e informa de que con estas traduccións a editora abre unha nova liña.

Casal, César, “Antonio Gala, Luis Landero y Ana Matute publicarán nuevas obras”, *La Voz de Galicia*, 13 xaneiro 1999, p. 30.

Noticia referida ás novidades editoriais en lingua española que tamén recolle unha parte correspondente á lingua galega. Así anúnciase a publicación en Galaxia de *As grandescarballeiras* (1998), de Xesús Manuel Valcárcel; *Luz de abrente* (1998), de Tucho Calvo; *A historia escríbese de noite* (1998), de Bieito Iglesias e algúns volumes referentes a Roberto Blanco Torres. No tocante a Edicións Xerais de Galicia, anúnciase a saída de *As cidades invisibles* (2000), de Italo Calvino; unha obra de Manuel Seixas aínda sen título; unha revisión de *Toxos e frores* (1998), de Manuel Rivas, así como unha novela de Xosé Luís Méndez Ferrín. Finalmente, noméanse algúns autores que, como Alfredo Conde, Suso de Toro, Manuel Rivas ou María Xosé Queizán, van reeditar obras na colección “Peto”.

_____, “Escritores gallegos critican la literatura como ‘un mero show”, *La Voz de Galicia*, 21 abril 1999, p. 35.

Comenta o encontro de Carlos Casares, Víctor Freixanes, Manuel Rivas e Suso de Toro celebrado no Museo de Arte Contemporánea “Unión Fenosa” da Coruña para falaren do futuro da narrativa. Recolle parte das declaracións que proferiron e nas que coincidiron en denunciar que a literatura pode convertirse en “mero espectáculo”, ademais de cita-los antídotos dados por Rivas para que esta situación non se chegue a producir.

_____, “Manuel Rivas: ‘O Xacobeo é propaganda interna, non proxección exterior de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 11 decembro 1999, p. 81.

Recolle as declaracións do autor de *O lapis de carpinteiro* (1998), Manuel Rivas, nas que explica os rumores sobre a temática da obra que está a elaborar: unha historia de amor entre Jonh Lenon e Rosalía. Nelas explica que o seu desexo é reflecti-la “historia da emigración, que é dramática” e “meterse na cabeza dunha muller galega traballadora en Londres”; tamén apunta que a diferencia entre a devandita obra e esta nova novela radica en que a segunda non é “unha biografía senón a memoria de moitas mulleres”, e que a partir da realidade tamén emprega a imaxinación. Refírese a outros temas como a boa adaptación tanto del coma da súa familia na metrópole, a importancia da emigración na actitude máis cosmopolita da xente do pobo que na das elites, a idea de facer da cultura unha industria ou a necesidade dunha conciencia máis crítica. Remata co epígrafe “O xornalista ten que pensar coma un escritor” no que o creador considera que o xornalista debe concibi-lo seu traballo coma se fose un escritor xa que a noticia é unha historia e como tal debe ser contada.

Castro, P., “O Xacobeo aproveita a Rede Galega de Teatros e Auditórios como parte do seu programa”, *A Nosa Terra*, nº 870, “Guieiro Cultural”, 18 febreiro 1999, p. 25.

Recóllese a denuncia do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais da actitude da S. A. de Xestión do Xacobeo 99 que, sen actuar en ningún momento como verdadeiro patrocinador, pretende incluír no seu programa de actos as representacións que se fan en varias vilas galegas, mercede á Rede Galega de Teatros e Auditorios. Así mesmo, anúnciase a convocatoria das bases para acceder á Rede e a celebración da Feira do Teatro en Santiago de Compostela, ó tempo que se solicita un aumento dos orzamentos para potenciar esta actividade cultural.

_____, “Os actores contra un Xacobeo que ‘pon novos alcumes á actividade xa existente”, *A Nosa Terra*, nº 881, “Guieiro Cultural”, 6 maio 1999, p. 33.

Faise eco da manifestación convocada pola Coordinadora de Compañías de Teatro e Títeres celebrada en Santiago para esixi-la presencia do teatro galego nos actos previstos con motivo do Xacobeo 99 e un incremento dos orzamentos destinados a esta manifestación cultural. Tamén recolle as declaracións do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela, nas que dá conta de toda a actividade teatral programada.

Castro, Paula, “Uxío Novoneira, homenaxe á xeración que pulou pola língua”, *A Nosa Terra*, nº 904, “Guieiro Cultural”, 14 outubro 1999, p. 21.

Anuncia os actos en homenaxe á figura de Uxío Novoneyra organizados pola Asociación Cultural O Galo, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. Recolle as declaracións dalgúns dos membros das asociacións citadas, nas que manifestan os motivos polos que se organizan estes actos, cos que se pretende homenaxear non só a figura do poeta, senón tamén facer un recoñecemento a tódolos homes e mulleres da súa xeración que conseguiron manter viva a identidade galega.

_____, “O legado de Castelao declarado parcialmente Ben de Interese Cultural”, *A Nosa Terra*, nº 905, “Guieiro Cultural”, 21 outubro 1999, p. 21.

Informa de que os diferentes grupos parlamentarios votaron unanimamente a prol da declaración de Ben de Interese Cultural de “toda ou parte” da obra de Castelao. Así mesmo, dá conta da controversia xurdida ó redor desta cuestión, xa que mentres o PP entende que a defensa intelectual realizada polos nacionalistas resulta ser un intento de “patrimonializar” a súa figura, os socialistas consideran que se trata dunha proposta “oportunista”.

Cedrón, María, “Un acto sen curas nin cruces”, *La Voz de Galicia*, 1 novembro 1999, p. 81.

Dá conta dos persoeiros que se achegaron a darlle o último adeus a Uxío Novoneyra no Panteón de Galegos Ilustres e da lectura dun poema na súa honra por parte de Salvador García Bodaño. Tamén sinala que, despois do emotivo adeus de Compostela, a comitiva fúnebre se dirixiu ó camposanto de San Froilán en Lugo.

Cedrón, María/Concha **Pino**, “Morre o poeta do Courel”, *La Voz de Galicia*, 31 outubro 1999, p. 87.

Sinálase que, segundo os achegados de Uxío Novoneyra, o poeta supervisaba e preguntaba sobre o desenvolvemento dos actos preparados na súa honra. Tamén se recollen as palabras do discurso de Miguel Anxo Fernán-Vello sobre a importancia de Novoneyra para Galicia e a poesía. Achégase o nome dalgúns representantes do mundo cultural e político galego que se achegaron á capela ardente, así como outra información referente ó enterro do poeta do Courel, ademais de reproduci-la súa composición poética “A letanía a Galicia”.

_____, “Unánime recoñecemento ó compromiso do poeta co país e coas súas xentes”, *La Voz de Galicia*, 31 outubro 1999, p. 88.

Recolle as declaracións de pesar pola morte de Uxío Novoneyra, emitidas por intelectuais como Carlos Casares, Fernández del Riego, por entidades políticas e culturais como a Asociación O Galo ou a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, responsables da organización da homenaxe ó escritor do Caurel, aprazada polo seu pasamento. Tamén se refire ó velorio do corpo de Novoneyra no Panteón dos Galegos Ilustres ó lado dos de Rosalía, Castelao ou Cabanillas.

Conde, María, “Méndez Ferrín ignora los comentarios de Saramago sobre su campaña al Nobel”, *La Voz de Galicia*, 10 abril 1999, p. 33.

Sinala que X. L. Méndez Ferrín ignora as declaracións feitas por José Saramago nas que aseguraba que non confiaba no éxito das campañas para porpoñer candidatos ó Nobel. Apunta ademais que Ferrín xa ten a súa nova novela *No ventre do silencio* (1999) no prelo e refírese á súa participación na Semana Galega de Filosofía.

Cores, Baldomero, "*El Eco de Galicia*' e a panorámica de Santiago", *O Correo Galego*, "Lecer", 21 marzo 1999, pp. 28-29.

Dá conta das colaboracións literarias existentes no número especial de *El Eco de Galicia*, que festexaba o nacemento da Princesa de Asturias, centrándose na "Letrilla gallega. Al augusto natalicio de la Serenísima Princesa de Asturias", da autoría de Vicente Turnes. Analiza diversos aspectos desta composición e refírese ás dúas formas de oralidade que presidían a obra de Turnes, quen quedou cego ós 26 anos, véndose na obriga de mudar de forma de vida e actividade profesional.

_____, “Manuel Murguía e a icónica de Galicia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 4 abril 1999, p. 28.

Ademais de gabar distintos aspectos de Manuel Murguía, resalta a experiencia doutrinal e práctica que tivo sobre o gravado e a estampa en obra publicista. Sinala que esta experiencia permite establecer tres etapas ben definidas na súa vida, as denominadas “pre-Ilustración”, “Ilustración” e “post-Ilustración”. Define cada unha delas e sinala algunha das súas obras que se poden inserir nelas.

_____, “As artes en Galicia e o campo publicístico de Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 18 abril 1999, p. 28.

Fálase do labor publicístico que Manuel Murguía fixo de moito do material artístico de galegos como Antonio Romero, os irmáns Rúa Figueroa ou Antonio Neira de Mosquera, publicitados por el no *Semanario pintoresco españo*l, ademais de referirse a traballos artísticos, ou sobre arte, do propio Murguía como a descrición litográfica do castelo de Baiona, reproducida en *El Defensor de Galicia* o 9 de decembro de 1856, os artigos aparecidos en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, así como os publicados no *Museo Universal*. Remata salientando o interese do intelectual galego no estudio das orixes e desenvolvemento do gravado e dos gravadores galegos.

_____, “O cesamento de Murguía na *Ilustración Gallega y Asturiana*”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 27 xuño 1999, p. 27.

Achega toda unha serie de testemuños que pretenden esclarece-lo motivo polo que Manuel Murguía deixou de colaborar na revista *La iustración Gallega y Asturiana*, da que foi director literario dende o 14 de maio de 1879 ó 30 de decembro do mesmo ano.

_____, “O ‘*Almanaque Gallego*’ e o ‘*Eco de Galicia*’, de Bos Aires”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 22 agosto 1999, p. 26.

Realiza un percorrido a través da historia de dúas cabeceiras creadas en Buenos Aires, *El Eco de Galicia* e o *Almanaque Gallego*, que estaban dirixidas e impulsadas por Manuel Castro López. Apunta as pretensións que se tiñan con estas dúas cabeceiras complementarias, que constituían dúas engrenaxes dunha mesma vocación publicista, destacando que o que estaba claro era que o *Almanaque Gallego* quería ser unha revista cultural, na que as colaboracións literarias e artísticas definiran con toda claridade os contidos.

_____, “De Rosalía de Castro a Emilio Castelar”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Análise”, 17 outubro 1999, p. 26.

Dá conta da relación e sentimentos de Emilio Castelar con respecto a Galicia e da súa colaboración no libro *Follas Novas* (1880), para o que compuxo un limiar. Tamén se refire á disparidade de opinións xurdidas ó redor da idea de que a sona de Rosalía de Castro era atribuída á presentación feita por Castelar e ó artigo seu “Emilio Castelar y la gran alabanza de la cultura gallega”, que fora publicado en 1968 na revista da Universidade de Porto Rico, *Atenea*, e no que falaba da pegada de Castelar en Galicia.

_____, “A boa impresión que de Galicia sacou o tribuno”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 12 decembro 1999, p. 28.

Achega ás impresións escritas por Emilio Castelar sobre Galicia, primeiro no limiar de *Follas Novas* (1880), de Rosalía de Castro no que fala da intuición que tiña desta terra por non coñecela, e despois en “La Temporada” (1898), dentro do suplemento *Mondariz*, impresións moi positivas adquiridas ó longo de catro viaxes por Galicia. Tamén se analizan as diferencias entre ambos textos, porque se no primeiro as impresións sobre a relación entre natureza e sociedade se di que están mesturadas e menos sistematizadas, no segundo apréciase a adopción dunha liña máis sistemática na abordaxe destes temas.

D. J., “Orellas de cybor”/“Ferrín cre improbable que lle sexa concedido o Nobel de literatura”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 30 xuño 1999, p. 35/p. 74.

Coméntase que nun chat de Internet, organizado por *Vieiros*, *Faro de Vigo*, *O Correo Galego* e *El Correo Gallego*, X. L. Méndez Ferrín reflexionou sobre a posibilidade de que lle concedan o Premio Nobel de Literatura. Na súa opinión, “se nunca recibiu o Premio Nobel ningún chinés non o vou recibir eu”, ademais de afirmar que as letras galegas gozan dunha boa saúde. Para rematar, Ferrín comentou que, aínda que Murguía non escribise en galego, “é o pai de toda a literatura moderna, o ideólogo do grande proxecto nacional para Galicia” e considera que merece que lle dediquen o Día das Letras Galegas no 2000.

D. P., “Méndez Ferrín nombrado doctor ‘Honoris Causa”, *Diario de Pontevedra*, 16 xaneiro 1999, p. 7.

Céntrase no outorgamento do *honoris causa* a X. L. Méndez Ferrín na Universidade de Vigo, proposto pola Facultade de Humanidades, salientando que está moi vinculado ós tres campus de Vigo. Nomea algúns dos persoeiros ós que se lles concede tamén este título como César Milstein, Xaime Isla e Aníbal Ramón Figueiras Vidal, ademais de sinalar que os nomeamentos se repartiran entre os tres campus.

_____, “Suso de Toro firmará mañana ejemplares de su libro ‘*Círculo*”, *Diario de Pontevedra*, 21 febreiro 1999, p. 10.

Anúnciase a presencia de Suso de Toro na librería Michelena co fin de asinar exemplares da súa última obra publicada, *Círculo* (1998). A seguir, faise un breve percorrido pola súa traxectoria literaria e unha sucinta análise da novela.

_____, “El escritor Manuel Rivas firma ejemplares de su obra”, *Diario de Pontevedra*, 5 marzo 1999, p. 13.

Faise eco da presencia de Manuel Rivas na librería Michelena de Pontevedra para asinar exemplares da súa obra, *O lapis do carpinteiro* (1998). Tamén se repasan algúns dos premios acadados polo autor e un resumo do argumento do libro.

_____, “Manuel Rivas firmó ejemplares de ‘*O lapis do carpinteiro*”, *Diario de Pontevedra*, 6 marzo 1999, p. 12.

Dá conta da presencia de Manuel Rivas na librería Michelena na que asinou exemplares da súa obra e salienta o éxito acadado entre os lectores avalado polos máis de 35.000 exemplares vendidos.

_____, “Fran Alonso presenta en la jaima el libro *Territorio ocupado*”, *Diario de Pontevedra*, 15 abril 1999, p. 11.

Comenta a presentación do libro de Fran Alonso (1998) na “jaima” instalada na Alameda de Pontevedra coincidindo coa “Semana de acercamiento y ayuda al pueblo saharaui”. Salienta que a recadación obtida da venda da publicación vai destinada integramente a este pobo. Tamén se recolle a opinión de Manuel Rivas, quen o cualificou de “o mellor libro de literatura periodística feita en Galicia”.

_____, “Freixanes: ‘Ser donos das palabras é ser donos do coñecemento”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 1999, p. 12.

Fai referencia á conferencia “Para ser donos das nosas palabras”, pronunciada por Víctor Freixanes en Pontevedra e organizada por Esquerda Unida-Izquierda Unida. Dise que o texto recolle explicacións do conferenciante sobre o título da intervención e apunta, de xeito moi sucinto, outras cuestións abordadas como o libro, as historias persoais ou os mitos.

_____, “Saramago, Manolo Rivas e Méndez Ferrín, autores más solicitados”, *Diario de Pontevedra*, 2 maio 1999, p. 24.

Dise que as obras que están a ter máis venda na Feira do Libro de Santiago de Compostela son as de Manuel Rivas, Méndez Ferrín e Jóse Saramago. Ademais recóllense as declaracións dun dos libreiros nas que apunta que o libro en galego aínda é minoritario porque non existe unha cultura suficiente para ler en galego.

_____, “Carballeira ya tiene un monumento”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1999, p. 18.

Refírese á inauguración dun monumento levantado no peirao de Bueu en homenaxe a Johán Carballeira por iniciativa da Asociación Cultural que leva o seu nome. Di tamén que o colectivo presentou un vídeo sobre a súa vida e obra e que teñen intención de repartilo polos centros educativos e mesmo nalgunha canle de televisión para dar a coñece-la súa figura.

_____, “Emotiva inauguración del monumento a Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1999, p. 11.

Noticia sobre o acto no que se inaugurou o monumento dedicado á memoria de JohánCarballeira e no que participaron o seu irmán, Ángel Gómez de la Cueva, e un compañeiro seu, Manolo Ríos. Tamén dá o nome doutras figuras da cultura e da política que asistiron ó acto.

_____, “Yolanda Castaño y Olga Novo recitaron poemas inéditos”, *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1999, p. 10.

Informa do recital poético organizado polo Ateneo de Pontevedra que tivo lugar no auditorio da Caixa de Pontevedra. Comenta que nel participaron as poetisas Yolanda Castaño e Olga Novo, recitando textos pertencentes ás súas obras poéticas, algúns deles inéditos.

_____, “El Principal acoge el coloquio ‘Rafael Dieste: da literatura ao cine”, *Diario de Pontevedra*, 1 xuño 1999, p. 14.

Anuncia a proxección-coloquio no Teatro Principal sobre a figura do ilustre escritor Rafael Dieste, titulada “Rafael Dieste: da literatura ao cine”. Comenta en que consiste este acto, no que se proxecta a película *O desexo* e se relata o conto “O vello que quería ver o tren”, ademais de expo-los obxectivos que se pretenden alcanzar a través da súa realización.

_____, “Xavier Alcalá presenta hoy su libro ‘*Alén da desventura*”, *Diario de Pontevedra*, 15 xullo 1999, p. 13.

Faise eco da presencia de Xavier Alcalá en Pontevedra para presenta-la súa novela *Alén da desventura* (1998). Apúntanse ademais algúns datos biográficos deste autor cualificado na noticia como “uno de los grandes escritores de Galicia”.

_____, “La escritora Fina Casalderrey inauguró la XI Feria del Libro”, *Diario de Pontevedra*, 16 xullo 1999, p. 12.

Alude ó acto de inauguración da undécima edición da Feira do Libro de Pontevedra, que contou coa presencia de Fina Casalderrey. Segundo a noticia a escritora pontevedresa realizou unha viaxe nostálxica pola historia de Pontevedra. Alude tamén ó paso pola Feira dalgúns escritores como Bernardino Graña e Xosé Neira Vilas.

_____, “La XI edición de la Feria del Libro llega hoy a su ecuador”, *Diario de Pontevedra*, 18 xullo 1999, p. 11.

Achega datos relativos a casetas, volumes, librerías e editoriais participantes na edición da Feira do libro pontevedresa. Así mesmo, dá conta das actividades do día cun obradoiro, teatro, sorteo de libros e presencia de Pepy Clavijo para asina-las súas obras, rito que cumpriron a xornada anterior Xosé Durán e mais Santiago Jaureguizar.

_____, “Neira y Fina Casalderrey visitan la Feria del Libro”, *Diario de Pontevedra*, 19 xullo 1999, p. 8.

Cita algunhas das actividades que se desenvolven no transcurso da Feira do Libro de Pontevedra e entre elas cítase a presencia dos escritores Antonio Neira e Fina Casalderrey.

_____, “La XI Feria del Libro cierra hoy sus puertas en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 21 xullo 1999, p. 10.

Breve comentario sobre a celebración da XIª edición da Feira do Libro de Pontevedra. Coméntase que participaron quince librerías galegas e cinco editoriais. Así mesmo, no transcurso da feira, a escritora Margarita Trunk asinou exemplares do seu libro *A longa viaxe* e presentouse a última obra de Salvador Freixedo, *Videntes, visionarios y vividores*, editada por Bell Book. Para rematar, anúncianse as actividades previstas para a última xornada: un taller de coiro e a actuación do grupo de gaitas e danza tradicional de Soutomaior.

_____, “La Feira del Libro de este año registró menos ventas y público que la anterior”, *Diario de Pontevedra*, 23 xullo 1999, p. 12.

Faise referencia ó descenso das vendas con respecto ó ano anterior na Feira do Libro de Pontevedra. Indícase que os títulos máis vendidos foron *Ela, maldita alma* (1999) e *O lapis docarpinteiro* (1998), de Manuel Rivas, e *No Ventre do silencio* (1999), de Xosé Luís Méndez Ferrín.

_____, “Recital poético esta noite, organizado por “O Faiado*”, Diario de Pontevedra*, 23 xullo 1999, p. 13.

Anúnciase a celebración en Marín dun recital poético a cargo de Kiko Neves, con poemas correspondentes ó libro *Un poema de amor* (1998). Explícase que o acto está organizado pola Asociación Xuvenil “O Faiado” que, segundo a noticia, bota a andar para activa-la cultura e o deporte entre os mozos de Marín.

_____, “Avelino Pousa defiende la creación de un “Museo Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 31 agosto 1999, p. 5.

Recolle toda unha serie de declaracións de Avelino Pousa Antelo a través das cales mostra o seu apoio á creación dun Museo Castelao. Comenta que este museo suscitou un intenso debate político no Concello de Pontevedra e expón as posturas dos diferentes partidos con respecto ó tema para, por último, dar conta do legado de Castelao doado ó Museo de Pontevedra que está exposto e sen expor.

_____, “El Año de Castelao ofrecerá una variada programación”, *Diario de Pontevedra*, 17 setembro 1999, p. 5.

Refírese ós actos que se levarán a cabo en Pontevedra segundo o pre-programa presentado pola comisión organizadora de tódolos eventos da conmemoración do Ano de Castelao. Afirma que segundo o “Conselleiro de Festas” xa se fixeron os primeiros contactos con distintas institucións e organismos para matiza-los actos, entre os que se atopan: o inicio oficial do Ano de Castelao; un congreso sobre a vida e obra deste autor; numerosos concursos literarios nos centros educativos; varias exposicións monográficas sobre a súa obra e representacións teatrais dos seus textos. Remátase manifestando a pretensión de que tódolos meses se realice unha actividade en relación con este autor e que se manteña en vindeiros anos.

_____, “Homenaxe de Compostela a Rafael Dieste”, *Diario de Pontevedra*, 16 outubro 1999, p. 24.

Sinala que os centros de Ensino Medio e Primaria de Santiago e a súa comarca renderán homenaxe a Rafael Dieste co gallo do centenario do seu nacemento a través da campaña cultural “Rafael Dieste: a literatura e o cine”. Explica en que consiste esta actividade pedagóxico-cultural e cita os obxectivos que se pretenden lograr a través dela.

_____, “Amigos de Carballeira’ pretende crear unha fundación”, *Diario de Pontevedra*, 3 novembro 1999, p. 18.

Informa de que a Asociación Cultural “Amigos de Johán Carballeira” celebrou unha asemblea, na que se procedeu á elección dunha nova xunta directiva e á fixación dos obxectivos de cara a esta nova etapa da entidade. Dá conta de todos estes obxectivos, entre os que destaca, o inicio dos trámites para constituí-la asociación en fundación, pretendendo que o Concello de Bueu se incorpore como un elemento máis e financie as súas actividades.

_____, “Galaxia editará la obra de Castelao con motivo de su 50 aniversario”, *Diario de Pontevedra*, 10 novembro 1999, p. 15.

Anuncia que Damián Villalaín, director de Galaxia, e Alfonso Zulueta de Haz se entrevistaron co alcalde e concelleiro de cultura de Pontevedra para presentárlle-lo proxecto de conmemoración do 50º aniversario do nacemento de Galaxia no ano 2000. Entre os eventos que inclúe o proxecto está a realización dunha grande exposición itinerante polas sete principais cidades galegas sobre a historia da Editorial, a publicación dun catálogo de tódolos seus libros e a reedición da producción de Castelao. Tamén se recollen os compromisos adquiridos polo concello dentro dos actos conmemorativos do citado ano.

_____, “El “año Castelao” incluirá un “roteiro” por el municipio”, *Diario de Pontevedra*, 12 novembro 1999, p. 4.

Dá conta dos actos que o Concello pontevedrés prevé realizar co gallo da celebración do “ano Castelao”. Entre eles, cita a exposición da editorial A Nosa Terra, a lectura de *Os vellos non deben de namorarse*, o roteiro Castelao, actividades teatrais, exposicións e concursos literarios para os escolares. Tamén alude ó congreso internacional “Castelao” que se celebrará no mes de novembro coas universidades, a Fundación Castelao e a Aula Castelao.

_____, “Uxío Novoneyra y Antón Fraguas ‘tendrán’ una calle”, *Diario de Pontevedra*, 12 novembro 1999, p. 7.

Cita aquelas rúas que o Concello de Pontevedra decidiu conceder a relevantes personaxes da cultura e a política. Entre eles están Uxío Novoneyra, Antón Fraguas e Fermín Bouza Brey.

_____, “Las fundaciones ‘Castelao’ y ‘Bóveda’ dispondrán de una sede”, *Diario de Pontevedra*, 3 decembro 1999, p. 15.

Breve nota de prensa na que, alén de informar da cesión dun local para as Fundacións “Alexandre Bóveda” e “Castelao”, comenta a colaboración destas dúas entidades co Concello de Pontevedra para a celebración do Ano Castelao. Polo demais, sinala algúns datos da andaina pontevedresa do rianxeiro.

_____, “Caixa Pontevedra se adhiere al homenaje a Alexandre Bóveda”, *Diario de Pontevedra*, 11 decembro 1999, p. 9.

Coméntase o apoio da Caixa de Pontevedra á homenaxe que lle tributa o Concello de Pontevedra ó galeguista Alexandre Bóveda, fusilado en 1936. Lémbranse tamén os vínculos que este intelectual tivo coa devandita entidade crediticia no momento da súa fundación. Fai, por último, unha enumeración dos actos programados para homenaxealo.

_____, “Emoción y sentimiento en el homenaje a Alexandre Bóveda”, *Diario de Pontevedra*, 12 decembro 1999, p. 3.

Recóllese o acto de entrega, con carácter póstumo, do título de Fillo Adoptivo da cidade de Pontevedra e da Chave de Ouro da cidade a Alexandre Bóveda. Destácase a emotividade da homenaxe á que asistiu a familia do fusilado e tamén as palabras do alcalde de Pontevedra, Fernández Lores, quen reclamou “devolver Bóveda a Galiza” e que este autor “é xa inmortal porque a súa memoria e seu exemplo vive en cada un dos galegos”.

_____, “Cultura organizará un Congreso Internacional sobre Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 13 decembro 1999, p. 14.

Repasa sucintamente algún dos actos que se han celebrar no ano 2000, con motivo do cincuenta cabodano do pasamento de Castelao. Entre eles destaca a celebración dun congreso internacional en Rianxo, un volume da colección “A nosa memoria” e a representación de *Os vellos non deben de namorarse*.

_____, “El Concello utilizará en 2000 un logotipo sobre el “año Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 29 decembro 1999, p. 4.

Fálase da ampla programación de actos culturais organizados con motivo do ano adicado a Castelao, cos que se pretende abranguer tódalas facetas do artista rianxeiro, entre os que destacan concertos de grupos galegos e moitas actuacións teatrais como *Castelao: Sempre en Galiza*, de Espello Cóncavo; *Os vellos non deben de namorarse*, do CDG, ademais doutras compañías teatrais como Ollomoltranvía, Factoría Teatro, Sarabela Teatro e Teatro do Noroeste. Tamén se dá conta das exposicións arredor da obra de Castelao, actividades de animación á lectura, contacontos ou sesións audivisuais, así como un congreso internacional sobre o escritor.

Dacosta, Marta, “Desde Gondomar ata o monte Aloia”, *La Voz de Galicia*, “A ruta do autor”, 17 xaneiro 1999, p. 13.

Ofrece un percorrido pola xeografía galega, que se inicia na parroquia de Vincios; pasa por Morgadáns, Vilas, Gondomar, Prado e a Pedra do Acordo, ata chegar ó Monte Aloia.

Darriba, Manuel, “Xavier Alcalá resalta a influencia da enxeñería na súa obra literaria”, *El Progreso*, 29 xaneiro 1999, p. 67.

Infórmase da presentación, en Lugo, da obra de Xavier Alcalá, *Alén da desventura* (1998), galardoada co premio Blanco Amor, e que segundo a noticia o autor reivindicou a influencia da súa profesión na obra novelística. Así mesmo, explicou o proceso de creación da súa novela, “cinco anos de documentación para trasladarse con convicción ó século XVIII”. Para rematar, afirma que se trata dunha obra ambientada en Ferrol e na Habana e está “ateigada de información sobre a política da época, o equilibrio das frotas nacionais ou a arte da navegación”.

_____, “Lugo significou a liberdade”, *El Progreso*, 6 novembro 1999, p. 71.

Recolle o telegrama de condolencia que os ex-alumnos de Antonio Fraguas lle enviaron á súa familia cando tivo lugar o pasamento deste polígrafo. Sinala que no ano 1989 o concello de Lugo lle dedicou unha rúa gracias á teimosía dos seus ex-alumnos e comenta algúns dos traballos que escribiu sobre a cidade das murallas. Tamén alude á amizade que Fraguas mantivo conÁnxel Fole, co que formou parte dunha película documental rodada en Bretoña (A Pastoriza).

_____, “Na poesía galega actual hai unha notable ampliación de temas”, *El Progreso*, 6 novembro 1999, p. 75.

Dá conta da visita de Xosé María Álvarez Cáccamo a Lugo, na que repasou, a través de quince poemas de autores canonizados e noveis, as liñas creativas da poesía galega da fin de milenio. Recolle todos aqueles argumentos dados por Álvarez Cáccamo para disolve-lo pesimismo sobre a lírica galega e refírese á súa faceta de poeta.

Díaz, Antonio, “As Letras Galegas e o Xacobeo 99, protagonistas de “Vento do Leste”, *Galicia en el Mundo*, 14-20 xuño 1999, p. 25.

Informa do sexto número da revista *Vento do leste* presentada na festa das Letras Galegas organizada pola Federación de Entidades Galegas en Cataluña, e comenta outros dos actos conmemorativos que tiveron lugar como foi a conferencia pronunciada por Margarita Ledo, encargada dos artigos incluídos na revista dedicados ás Letras Galegas, ou a representación da obra de teatro de Euloxio Ruibal titulada *Zardigot* da man do grupo Augateba dirixido polo artista Anxo Baranga.

Domínguez Prieto, Xosé Manuel, “Domingo García-Sabell (I)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 outubro 1999, p. 27.

Comeza este autor cunha serie de reflexións acerca da rareza que supoñen os ensaios concibidos dende un punto de vista orixinal e con vontade de estilo. Considera que “o ensaio, como obra breve, orixinal, rigorosa, cun estilo coidado e suxerente, (…) é un dos síntomas inequívocos da madureza literaria e cultural dun pobo”. A seguir, céntrase no comentario da obra de Domingo García-Sabell, ó que lle aplica o cualificativo de “humanista” por aborda-los seus traballos dende unha perspectiva aberta á realidade sociocultural de cada época que lle tocou vivir. Comenta a presencia de Heidegger, Zubiri, Bergson, Laín Entralgo, Unamuno e Ortega nas súas obras, así como a variedade de temas que trata. Propón a achega ós ensaios *Paseata arredor da morte* (1999), *Tempo de lecer* (1998) e *Os gromos do pensamento* (1996) como a mellor maneira para observa-las súas excelencias ensaístas.

_____, “Domingo García-Sabell (II)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 outubro 1999, p. 27.

Perfil intelectual de Domingo García-Sabell no que se lle atribúe a síntese de dúas categorías esenciais por el mesmo formuladas: “o home que pescuda as orixes” e “o home que testemuña a realidade”. Defíneo como un escritor “con oficio” e subliña a súa preocupación pola linguaxe. Entre outras calidades que lle recoñece encóntranse o feito de estar ó día en cuestións científicas. Fai fincapé dentro do ensaio-científico antropolóxico na súa obra *As facianas do erotismo contemporáneo* (1969), reparando na súa actualidade. Esta achega ó autor compleméntase coa referencia á trascendencia e ó problema de Deus como punto nuclear do pensamento de García-Sabell.

_____, “O ensaio galego nos xornais”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 novembro 1999, p. 27.

Comeza o artigo cunha comparación entre o ensaio e a narrativa, para centrarse no ensaio curto, presentado na prensa e agrupado baixo a definición de “reflexión, argumentada, ben alicerzada, en torno a algunha idea”. Tenta establece-las diferencias entre este subxénero e a crónica, o artigo de opinión, o comentario técnico ou o artigo crítico. Considera que unha das principais características deles é o seu carácter formativo unido ó seu rigor. A seguir, intenta unha clasificación dos ensaístas en diferentes grupos: os autores de obras literarias en galego, entre os que salienta a Fernán Vello, Pura Vázquez e Méndez Ferrín, entre outros; os autores de artigos de fondo, nos que sobrancea a García-Sabell, María Xosé Queizán e Fernández del Riego; os colaboradores habituais dos xornais; os especializados en política e os ensaístas científicos.

_____, “O ensaio feminista”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 14 novembro 1999, p. 27.

Remítese a María Xosé Queizán para diferencia-la escritura feminina do ensaio propiamente feminista e fai unha gabanza do labor desenvolvido pola revista *Festa da palabra silenciada*. O autor considera que “o ensaio feminista está hoxe contribuíndo rexamente a transformar Galicia dun xeito radical”. A seguir, traza unha panorámica do xénero en Galicia, no que destaca os seguintes nomes: María Xosé Queizán, Elvira Souto, Purificación Mayobre, Lourdes Méndez,Pilar Allegue, Teresa Barro, Nanina Santos, Carmen Blanco, Ángeles de la Concha, Mónica Bar Cendón, María Xosé Agra Romero, Pilar García Negro, Luz Pozo Garza, Aurora Marco, Teresa Escariz e Cristina Caruncho. Finalmente, céntrase na obra de Carmen Blanco.

_____, “A escrita feminista de María Xosé Queizán (I)”, *O Correo Galego*, 21 novembro 1999, p. 27.

Ofrece a visión do asoballamento da muller que presenta María Xosé Queizán na súa obra ensaística, considerada paradigma do ensaio feminista galego, na que este problema aparece emparellado co do sometemento que o idioma galego está a sufrir. Así, considera que da mesma maneira que non hai igualdade entre muller e home, tampouco hai bilingüismo do galego e do castelán, considerando que a solución dos dous problemas pasa por buscar unha profunda transformación social que debería comezar por modifica-la linguaxe sexista coa que nos comunicamos, e que en definitiva, a autora avoga por “intentar un mundo novo”.

_____, “A escrita feminista de María Xosé Queizán (e II)”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 novembro 1999, p. 27.

Faise eco da obra ensaística de María Xosé Queizán a que cualifica como “comprometida coa realidade”. A seguir, cítanse algunhas das súas obras narrativas, nas que tamén se fai patente o seu “compromiso feminista, político”, entre elas *Amantia* (1984), *O segredo da pedra figueira* (1985), *A semellanza* (1988) ou *Amor de tango* (1992). Para rematar, noméanse moitas das obras ensaísticas da autora.

_____, “A urxencia do ensaio en galego”, *O Correo Galego*, 26 decembro 1999, p. 27.

Despois de afirma-la forte presencia do ensaio na literatura galega, expón as razóns da necesidade deste xénero, a nivel xeral, como “procesador” de información que achega unha visión persoal e ó mesmo tempo orixinal sobre un tema concreto, e a nivel galego, onde a vertente ensaística actúa como propagador de nós mesmos, como “conformador do que somos e baluarte fronte a todo pensamento único, desgaleguizante”.

E. A., “Cultura vai enviar libros galegos a Lisboa”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 xaneiro 1999, p. 57.

Dá conta do acordo ó que chegaron a Consellería de Cultura e a Cátedra de Estudios Galegos da Universidade de Lisboa, polo que a administración galega vai enviar fondos bibliográficos que contribúan “ó desenvolvemento, mellora e difusión da cultura galega” na capital lusa. Finalmente, comenta algúns aspectos concretos do encontro e sinala que a literatura galega segue a ser unha gran descoñecida no país irmán.

_____, “Jaureguízar: “Intentei dar un xiro á novela negra galega”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1999, p. 44.

Noticia da presentación en Madrid da novela *Comendo espaguetis diante da televisión* (1998), de Santiago Jaureguízar. Alúdese á participación no acto de Pablo de los Riscos, quen fixo referencia á temática da obra, mentres que o autor fixo referencia á “realidade” e dixo botar en falta novelas en galego.

E. N., “Ferrín: “O noso século de ouro é o XX”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 xaneiro 1999, p. 37.

Recolle as declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín nas que se amosa satisfeito pola proposta da AELG de nomealo candidato ó Premio Nobel. Despois de comentar brevemente os seus proxectos máis inmediatos, refírese á situación da literatura galega na actualidade, a cal considera moi positiva comparándoa co estado da lingua. Malia a iso, opina que os principais problemas da literatura galega son “a invasión” do mercado galego por libros casteláns, a pésima distribución e a escasa presencia nos medios de comunicación.

_____, “Letras para Rusia”/“A literatura galega vérquese ó ruso na Universidade de San Petersburgo”, *O Correo* Galego/*El Correo Gallego*, 4 novembro 1999, p. 38/p. 75.

Faise eco do traballo levado a cabo polo Centro de Estudios Galegos de San Petersburgo e cita a publicación do cuarto tomo da *Antoloxía da literatura galega*, adicado á poesía. Da mesma maneira, recolle as declaracións da directora desta institución, Elena Zernova, dando conta doutros dous volumes que se están a preparar, centrados nas poesías e contos populares, indicando que se tenta dar a coñece-la cultura galega en Rusia. Por outro lado, anuncia tamén que o Centro ten previsto dar a coñecer relatos de autores galegos actuais, ó tempo que manifesta o seu optimismo sobre o éxito destas novas publicacións.

E. P., “O recital poético co que o Consello da Cultura Galega celebrou onte o Día das Letras será rexistrado en CD”, *El Correo Gallego*, 15 maio 1999, p. 73.

Ademais doutras noticias de temática lingüística, dá conta da edición en CD dun recital poético celebrado o 14 de maio para conmemora-lo Día das Letras Galegas dende o Consello da Cultura Galega. Recolle as declaracións de Henrique Monteagudo, director da ponencia de Lingua, nas que reivindica a palabra “como un acto de expresión libre e incondicionada dos sentimentos e das ideas”, ademais de afirmar que a literatura galega está a vivir un dos seus mellores momentos.

_____, “Docampo ve un acto de xustiza no Honoris Causa a Méndez Ferrín”, *O Correo Galego*, 20 maio 1999, p. 13.

Informa do acto de investidura de X. L. Méndez Ferrín como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Ademais de nomea-las personalidades asistentes, comenta as palabras do rector, Domingo Docampo, nas que compara ó autor de *Con pólvora e magnolias* con Roberto Blanco Torres pola independencia, o humanismo, a defensa da liberdade, da solidariedade e do progreso, que ambos levaron a cabo, ademais da súa coincidencia como xornalistas e escritores.

_____, “Carlos Casares irá no Expreso da Literatura”, *O Correo Galego*, “AFA”, 18 xuño 1999, p. 35.

Anúnciase a presencia de Carlos Casares no tren que viaxará, no verán de 2000, de Lisboa a San Petersburgo. Indica tamén que fará diversas paradas, que serán acompañadas de actos culturais, nos once estados que vai atravesar e que a viaxe xerará unha “guía literaria europea” que se prensentará ó ano seguinte en Frankfurt.

_____, “Educación anima a ler e regalar libros na campaña ‘Nadal en Galego”, *El Correo Gallego*, 24 decembro 1999, p. 73.

Faise referencia á campaña de animación á lectura en galego, organizada pola Consellería de Educación e a Federación de Libreiros de Galicia como froito dun acordo que manteñen dende o ano 1993. Dise que nesta ocasión, e baixo o lema “Le en galego. Un libro, un agasallo”, a Consellería pretende “promociona-la literatura galega que ofertan as máis de trescentas librerías asociadas á Federación”. Para rematar, cítanse algunhas obras que se editaron ultimamente como *Contos de Ánxel Fole*, *Cantigas de Martín Codax* ou *Cronobiografía, escolma de textos eobra hemerográfica de Roberto Blanco Torres*.

E. R., “La Universidad inviste a Méndez Ferrín doctor ‘honoris causa”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1999, p. 9.

Informa dos actos previstos para investir a X. L. Méndez Ferrín como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Fai un percorrido pola traxectoria literaria deste escritor ourensán e salienta a publicación de *Con pólvora e magnolias*, unha obra que no 1976 “conmovió el panorama literario gallego”, ademais de destaca-las colaboracións xornalísticas nas que ofrece “un nuevo punto de vista frente ó “pensamiento único”.

Egea, Cristina, “La Feira do Libro de Vigo da protagonismo a la literatura gallega en su XXV edición”, *Atlántico Diario*, 2 xullo 1999, p. 10.

Fai saber que Salvador García Bodaño incidiu, no pregón da Feira do Libro olívica, na escasa cultura da nosa sociedade e culpou da situación ós grupos editoriais trasnacionais e ós medios de comunicación. Sobrancea o aumento do protagonismo da literatura galega nesta edición e cita os autores que asinan nos dous primeiros días: Isaac Otero, Recaredo Gutiérrez Jiménez, Manuel Rivas, Lois Pérez Leira e Tucho Calvo. Fai, ademais, un resumo doutras actividades a desenvolver durante a feira.

Eiré, Alfonso, “Ollando a paisaxe no Mencia”, *La Voz de Galicia*”, “A ruta do autor”, 21 febreiro 1999, p. 13.

O autor realiza un percorrido polas terras de Chantada a través da achega á cultura, tradicións e historia destas terras luguesas, caracterizadas na paisaxe pola presencia do río Miño e polo cultivo da viña.

_____, “Castelao, fedatário dun povo que quer existir”, *A Nosa Terra*, nº 911, “Guieiro Cultural”, 2 decembro 1999, p. 32.

Informa que a AS-PG e o Departamento de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade de A Coruña organizaron un Simposio sobre Castelao, no que interviñeron entre outros: Xosé Neira Vilas, Antón Alonso Ríos e Pilar García Negro. Finalmente, recolle brevemente algún apuntamento das súas intervencións.

Eiré, Xosé M., “33 suxeréncias para ler este verán”, *A Nosa Terra*, nº 889, “Guieiro Cultural”, 1 xullo 1999, p. 25.

Propón unha serie de trinta e tres libros en galego para ler no período estival. No tocante á literatura galega cita, entre outros, *Morning star* (1998), de Xosé Miranda; *No ventre do silencio* (1999), de X. L. Méndez Ferrín; *Os séculos da lúa* (1999), de Xosé Carlos Caneiro; e *O estadio do espello* (1998), de María do Cebreiro.

Espinoso, S., “Lamas Carvajal: Entre xornalista e poeta”, *La Región*, 22 outubro 1999, p. 19.

Dá conta da primeira xornada das que se están a celebrar en Ourense para estudia-la figura de Valentín Lamas Carvajal. Céntrase no relatorio de Carlos Casares, quen salientou a importancia dese autor na cultura galega e a defensa que fixo do medio rural, poñendo, nembargantes en cuestión o valor da obra lírica. A seguir, ocúpase do parlamento de Pilar Vázquez Cuesta, a cal fixo fincapé nas dificultades que tivo que vencer debido á súa cegueira. Tamén recolle unha serie de citas sobre o tema de Homero Pérez, Carlos Casares, Felipe Ferreiro, Xosé María Dobarro, Xosé Manuel Salgado, Xabier Senín, Charo Ferreiro e Anxo Tarrío. Remata lembrando o resto do programa das xornadas .

_____, “La labor de mi bisabuelo se mantuvo gracias a su mujer, que defendió su memoria”, *La Región*, 23 outubro 1999, p. 16.

Con motivo das xornadas que se desenvolven na cidade das Burgas, mantense unha conversa con Elina Sánchez Malingre, a bisneta máis vella de Valentín Lamas Carvajal. O diálogo xira, maioritariamente, sobre a perspectiva humana, mais tamén dá a súa opinión sobre a calidade literaria. Informa do destino dos orixinais de Lamas e constata que o seu estudio se ve dificultado porque xa está demasiado arredado no tempo.

_____, “La historia de un parvo infinito”, *La Región*, 18 novembro 1999, p. 15.

Faise referencia á organización, polo Clube Alexandre Bóveda, dun “Encontro ourensán de escritores” co que se pretende lembra-los autores galegos que eran “raros, toliños e estrafalarios” e escribían baixo a forma de sátira. Dise que a conferencia inaugural destas xornadas correu a cargo de Carlos Casares, quen falou sobre o escritor Xan da Coba, coincidindo co centenario do seu falecemento, e de Xesús Alonso Montero, que se centrou na figura do “raro Roque Grilo, cura de Escornabois”, pero sen esquecer a Xan da Coba ó que calificou de “Parvo infinito”.

_____, “El “Liceo” alumbra un premio literario”, *La Región*, 22 decembro 1999, p. 14.

Con motivo do 150 aniversario do Liceo Recreo Ourensán anúnciase a creación do Premio Liceo que este ano se dedicará ó xénero ensaístico e que se fallará no mes de maio, ademais de ter xa na imprenta a edición dun libro do Liceo e seguir coa publicación da revista da sociedade, informando da súa intención de converterse nun centro cultural e de encontro doutras sociedades culturais.

Eyo, María G., “Lo que a Castelao le gustaría”, *El Mundo. Galicia,* 3 setembro 1999, p. 12.

Exponse a polémica entre o Bloque Nacionalista Galego, partidario de crear un Museo exclusivo sobre Castelao, e a Deputación de Pontevedra, desexosa de controla-la súa obra e de que esta non se desvincule do Museo Provincial, causada polo deficiente tratamento expositivo, comunmente admitido, que o patrimonio do rianxeiro está a recibir.

_____, “Castelao por unanimidade”, *El Mundo. Galicia,* 8 novembro 1999, p. 12.

Constata que varias institucións preparan actos conmemorativos para o ano 2000, no que se celebra o cincuentenario do pasamento de Daniel R. Castelao, e cita o Concello de Pontevedra como a entidade máis madrugadora e que máis está pulando para se-lo centro desta efeméride. Fai fincapé na exposición que prepara a Fundación Castelao, alén de dar conta doutras actividades proxectadas pola Xunta e pola capital do Lérez. Tamén se refire ós intentos de apropiación da figura do rianxeiro por parte dos diferentes partidos políticos e sinala algunhas medidas que o Bloque propón para populariza-la obra do homenaxeado.

_____, “La corporación de Pontevedra nombra a Bóveda Hijo Adoptivo”, *El Mundo. Galicia,* 12 decembro 1999, p. 8.

Infórmase de que despois de varios anos tentando concederlle o recoñecemento de Fillo Adoptivo da cidade de Pontevedra a Alexandre Bóveda, tivo lugar o acto de entrega do galardón á familia do autor. Recóllense as palabras do alcalde da cidade cualificando o acto de “memoria de reconocimiento y de justicia a un ciudadano ejemplar”.

Eyo, María G. e C. G. **Roy**, “Fallece a los 69 años Uxío Novoneyra, uno de los principales referentes de la poesía gallega”, *El Mundo*. *Galicia*, 31 outubro 1999, p. 8.

Coméntanse os actos funerarios previstos para despedir a Uxío Novoneyra e recóllense declaracións laudatorias de Daniel Pino e Miguel Anxo Fernán-Vello sobre a valía literaria e o compromiso social e lingüístico do poeta do Courel. O primeiro adopta unha perspectiva máis humana mentres que o segundo se centra máis na faceta literaria.

F. P., “El ourensano Bieito Iglesias, premio Ciudad de Salamanca”, *La Voz de Galicia*, 24 xaneiro 1999, p. 40.

Dá conta da concesión do premio Ciudad de Salamanca ó escritor galego Bieito Iglesias pola súa primeira novela en castelán, *Bajo las más bellas estrellas*. Do galardoado, autor tamén de tres relatos policiais e da traducción das obras incluídas na colección “Biblioteca de Serlock Holmes”, di Manuel Talens, escritor e membro do xurado, que non é un principiante e que con esta novela reflicte un profundo coñecemento do mundo galego.

F. P. L., “A cultura ante o 2000”/“A cultura galega encara o 2000”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 31 decembro 1999, p. 30/p. 71.

Repaso dos acontecementos máis salientables do mundo da cultura ocorridos durante os últimos 365 días, comezando pola perda de persoeiros como Torrente Ballester, Uxío Novoneyra, Antonio Fraguas, Luis Moure Mariño ou Jenaro Marinhas. Recóllese o nomeamento dos novos membros da Real Academia Galega, Francisco Fernández Rei e Ramón Lorenzo, así como as homenaxes celebradas en torno a outras figuras. Tamén se refiren algúns dos proxectos aprobados como a “Cidade da Cultura”, de Santiago de Compostela ou a “Illa das Esculturas”, de Pontevedra, sen esquecer outros proxectos museísticos que programan en Galicia. Remata cunha listaxe dos premios outorgados a autores galegos ó longo do ano en tódolos eidos da cultura, así como a aparición das revistas *Valdeleite*, *Ómnibus* e *Golfiño*.

F. V., “El Parlamento pide que la obra de Castelao sea de interés cultural”, *La Voz de Galicia*, 15 outubro 1999, p. 89.

Refírese á aprobación unánime, por parte do Parlamento Galego, da declaración de Ben de Interese Cultural para a obra de Daniel R. Castelao. Así mesmo, informa de que tal regulamento insta á Xunta a que impulse a exposición permanente dos fondos de Castelao no Museo de Pontevedra e a que apoie e financie calquera iniciativa en torno á súa figura. Por último, e malia a unanimidade, pon de manifesto as tensións entre os diferentes partidos. A este respecto, recolle as palabras de Mª Pilar García Negro nas que define ó rianxeiro como o persoeiro máis relevante do século XX galego e di que a maioría dos galegos aínda non leron ningunha das súas obras.

Fabra, María, “Escritores vascos, catalanes y gallegos alertan del peligro de la homogeneización cultural y lingüística”, *El País*, 8 novembro 1999, p. 46.

Salienta que o estudio e análise da globalización e as súas repercusións na literatura foi o obxectivo principal da celebración da decimonovena edición de Galeuzca, encontros de escritores vascos, cataláns e galegos, celebrados este ano en Castellón y Morella. Resume as principais consecuencias positivas (“intercomunicación y transmisión del hecho literario como elemento esencial de la diversidad cultural”) e negativas (literatura de consumo a causa dos criterios economicistas, a homoxeneización cultural e lingüística ó asimila-los patróns da cultura dominante), que ven na globalización estes autores. Fai referencia ós temas estudiados nestes encontros nos seus comezos (1984) e os analizados na actualidade sen esquece-los anteriores. Recolle as conclusións ás que chegaron estes literatos no tocante á mestizaxe, á tradición, ó papel das novas tecnoloxías no campo da edición e ó perigo dunha tendencia a unha publicación sen control.

Fariña, Juan, “Os escritores enfrontan con optimismo a literatura galega do século XXI”, *La Voz de Galicia*, 29 xuño 1999, p. 34.

Reflicte as opinións de varios escritores que se deron cita nun encontro público sobre o futuro da literatura galega organizado na Coruña por Renfe e Radio Voz. Deste xeito, recolle as declaracións de Víctor F. Freixanes nas que fixo un balance en números do estado actual e apuntou a aparición de novos xéneros como a novela negra, a literatura bravú, a novela experimental e a novela realista nun novo rexurdimento literario galego. A seguir, indica que Carlos Casares coincidiu ó sinalar este bo momento, especialmente pola existencia de *bestsellers*, pero dubidaba máis das “victorias estilísticas”. Pola súa banda, destaca que Tucho Calvo lle pediu á Administración un maior empeño no fomento do idioma e, para rematar, pensa que un dos puntos máis atractivos foi a análise do papel do escritor na sociedade. A este respecto, Aníbal Malvar dixo que o narrador debe influír na realidade, aspecto que negou Casares, a non ser que o escritor sexa, ademais, un intelectual.

Feijóo, R., “Unha tarde ‘entre amigos’, con Antón Tovar”, *La Región*, 12 maio 1999, p. 13.

Describe a conferencia que Antón Tovar Bobillo deu no Liceo ourensán dentro do ciclo “Os Nosos Escritores”, organizado pola Consellería de Cultura. Nela, sinala que o poeta leu sonetos da obra *A nada destemida* (1991). Así mesmo, anuncia o seguinte acto coa participación de Marisa Calvo e Margarita Varela.

_____, “Una invitación a la lectura”, *La Región*, 27 maio 1999, p. 14.

Adianta os actos programados para a apertura da XVª edición da Feira do Libro de Ourense, entre os que destaca o pregón a cargo de Suso de Toro. Asemade, e logo de dar conta da configuración das vintecinco casetas que acoden á cita, o presuposto e a duración desta, subliña a importancia das actividades paralelas que completan a Feira, comezando pola presentación do volume *Terra matria dos soños* (1999), de Pura Vázquez.

_____, “As persoas que usen da facultade de ler poderán ser libres’, segundo Suso de Toro”, *La Región*, 29 maio 1999, p. 14.

No marco da apertura da XVª edición da Feira do Libro de Ourense, dá conta da intervención dePilar Rodríguez Álvarez, Presidenta da Agrupación Provincial de Libreiros, que lembrou as orixes da mostra e incitou ós asistentes á lectura, e de Suso de Toro, que destacou a liberdade que lles dan os libros ós lectores e a importancia de ler en galego.

_____, “Enrique Bande, Neira Vilas e o grupo A Quenlla centran a atención da Feira do Libro”, *La Región*, 31 maio 1999, p. 8.

Con motivo da presente edición da Feira do libro ourensá, recolle as declaracións de Manuel Veiga na presentación da súa primeira novela, *As ruínas da cidade amada* (1998), quen afirmou que “melancolía” era a palabra máis acertada para definir un libro que é realista e trasladable a “varias vilas históricas de Galicia”. Tamén informa da próxima presentación de *Terra matria dos soños* (1999), de Pura Vázquez; *Un home de pau* (1999), de Xosé Neira Vilas, e de *Contos, coplas e romances de cego* (1998), de Mini e Mero, do grupo A Quenlla. Por último, sinala que a mostra está a ter unha grande afluencia de público e que *Calzados Lola* (1997), de Suso de Toro, encabeza a lista de vendas de obras en galego.

_____, “Fin a seis días de literatura”, *La Región*, 4 xuño 1999, p. 4.

Alude ás valoracións que lle valeu a XVª Feira do Libro de Ourense á Presidenta da Agrupaciónde Libreiros da provincia. Segundo Pilar Rodríguez Álvarez, nesta ocasión non houbo ningunha obra que sobresaíse notablemente en vendas. Ademais, estima positiva a presente edición, e resalta as actividades paralelas á Feira, sobre todo, as presentacións de libros.

_____, “Tres mil volúmenes que invitan a la lectura”, *La Región*, 10 xuño 1999, p. 14.

Refírese á inauguración dunha biblioteca pública na Casa da Cultura da Valenzá (Barbadás), á que acudiron diversas autoridades. Destácase que a nova bibliotaca albergará un fondo duns 3.500 volumes, achegados pola Consellería de Cultura, a Fundación Barrié de la Maza, Caixa Galicia, La Caixa ou a Deputación Provincial de Ourense. A seguir, incide no feito de que o estudiantado será o colectivo máis favorecido. Recóllense, para rematar, as palabras do alcalde de Barbadás, Freire Couto, que significou o complemento cultural que supón para o municipio e o obxectivo de consolidala.

Feijóo, Raquel, “A Aula Universitaria de Teatro acolle as inquedanzas artísticas dos estudiantes”, *La Región*, 7 febreiro 1999, p. 12.

Informa das actividades organizadas pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense, coordinadas polo actor Fernando Dacosta e divididas en tres niveis, “Rosaura”, “Cordelia” e “Maricastaña”, con distinto grao de dificultade. Dá conta dos traballos que se están a desenvolver actualmente, ó tempo que describe os inicios e a situación actual desta Aula de Teatro, recollendo as declaracións de Fernando Dacosta, nas que explica, por unha banda, o que supón para el se-lo director da Aula, “ver a forza que traen os novos actores e tratar de darlle unha técnica e unha maneira de expresión”, e por outra, o que significa para os alumnos, “unha nova dimensión do que é a Universidade”.

_____, “Intriga e aventuras na época da Ilustración”, *La Región*, 10 febreiro 1999, p. 12.

Informa da presentación de *Alén da desventura* (1998), de Xavier Alcalá en Ourense e recolle as opinións de Nemesio Barxa con respecto a esta obra, das que salienta a utilización de tipos de letra distintos para marcar cada un dos tres relatos que conflúen na novela, así como “o sabor a esperanza” que deixa despois de lela. No cabo do artigo recolle unhas notas bibliográficas do autor.

Fernández, C., “La memoria erótica de Velo”, *La Voz de Galicia*, 8 febreiro 1999, p. 57.

Dá conta da publicación a través da colección “O Fardel da memoria” de A Nosa Terra, da obra póstuma de Carlos Velo *Memorias eróticas* (1998). Dise que o libro, prologado por M. A. Fernández, fai un repaso polo despertar á sexualidade do autor e pola mitomanía baseada nos artistas da época.

Fernández, Lois, “Mofa e Befa retornan a la TVG”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 14 xaneiro 1999, p. 50.

Anuncia o comezo da serie de televisión *Apaga a luz* conducida polo dúo Mofa e Befa. Dá conta do contido do programa e cita algúns dos contadores de historias participantes no programa como Quico Cadaval ou Paula Carballeira.

_____, “Poesía Gallega desde Madrid”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 22 abril 1999, p. 50.

Refírese á primeira publicación en galego do escritor santiagués José María Maiz Togores, *Quixera verme noutra beira* (1998), e salienta como motivos fundamentais neste poemario a morriña e o paso do tempo. Finalmente, cita algúns dos títulos dos poemas que conforman o volume.

_____, “Examen a las Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “El espejo”, 24 abril 1999, p. 50.

Informa sobre o programa das IXas Xornadas de Lingua e Literatura organizadas pola CIG e a AS-PG en Santiago. Destaca a presentación de “Courel dos tesos cumes”, espectáculo multimedia sobre textos de Novoneyra, as actividades propostas polo debuxante Xaquín Marín e os seminarios impartidos por Manuel María, Xosé Fernández Ferreiro, Pilar Pallarés, Marta Dacosta, Antón Capelán e Marcos Seixo.

_____, “Vuelve la Feira do Libro”, *La Voz de Galicia*, “El espejo”, 27 abril 1999, p. 50.

Anuncia a celebración da Feira do Libro de Santiago de Compostela e o pregón a cargo de Xosé Luís Méndez Ferrín así como a presencia de Xavier Alcalá, Suso de Toro ou Carlos Quiroga.

Ferro Ruibal, Xesús, “García Barros, mestre da variedade”, *Tabeirós Terra*, nº VI, febreiro 1999, p. 3.

Primeiramente declárase un posicionamento teórico sobre os usos lingüísticos dos escritores e sobre a variedade ou riqueza de expresións. Por iso avoga pola pluralidade de formas, o que lle vale de pretexto para se centrar na análise dalgunhas formas empregadas por Manuel García Barros, para as que se están a impor na lingua expresións calcadas do castelán que, aínda que son válidas, mostran unha evidente perda de recursos.

Fontán, M., “Cela, Rivas y Espido Freire”, *Faro de Vigo*, 8 decembro 1999, p. 9.

Amplo percorrido polas novidades que presentan as librerías coa proximidade do Nadal e indicación dalgunhas recomendacións, salientando no referido á literatura galega obras como *Ela, maldita alma* (1999), de Manuel Rivas; *Bailarina* (1999), de Manuel Seixas ou o libro infantil *A lenda do Capitán Miñoca* (1999), de Dolores Ruiz.

Fraguas Fraguas, Antón, “Descubri-las marabillas da revista Moenia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 marzo 1999, p. 40.

Refírese ó volume segundo da revista *Moenia* e describe os artigos de Rafael Lapesa, así como o de Isabel Gómez Rivas sobre Castelao e o de Claudio Rodríguez Fer sobre Neruda. Do mesmo xeito, comenta o contido do artigo no que Carmen Blanco estudia *O trebo das catro follas*, poemario popular inédito de Carballo Calero, así como o de Darío Villanueva sobre literatura e cinema.

Franco, Camilo, “Fernández Rei reclama a elaboración do gran diccionario da lingua galega”, *La Voz de Galicia*, 26 setembro 1999, p. 92.

Co gallo do ingreso de Francisco Fernández Rei na Real Academia Galega, comenta o discurso de entrada do novo membro nun acto que tivo lugar en Cambados, a súa vila natal. Así, informa que o novo membro pediu urxentemente un diccionario da lingua que se basee no galego oral, no medieval e no literario, datándolle ademais á institución e ó ILG tal obxectivo para o ano 2006. A continuación, alude ás constantes referencias que fixo o académico ó mar nun discurso “sentimental”. A este respecto, Fernández Rei falou da súa escasa presencia na literatura galega ó considerar insuficientes as obras de Ramón Cabanillas e Manuel Antonio nun país mariñeiro.

Franco, Fernando, “Un brindis por Marisa Soto”, *Faro de Vigo*, 5 febreiro 1999, p. 3.

Faise eco da homenaxe que se lle rendeu en Silleda a Marisa Soto, unha das actrices “máis renovadoras do noso” teatro, falecida en 1996, ó longo do cal se levaron a cabo diversos actos entre os que destacaron as actuacións dos grupos de teatro Ollomoltranvía e Mofa e Befa, ó tempo que anuncia outros que se ten previsto realizar, como a posta en escena, a cargo de Teatro do Adro, da obra de Suso de Toro, *Nano*, ou a sesión de contacontos na que participan Cándido Pazó e Quico Cadaval. Por outra banda, fai un repaso do labor desenvolvido por esta artista, a “que máis apostou por un teatro noso”, segundo Roberto Vidal Bolaño, e fundadora nos anos 80 do primeiro grupo de mulleres da historia do teatro galego, ademais de nomear un bo feixe de autores, directores e actores relacionados, dunha ou doutra maneira con ela.

Freixeiro Mato, Xosé Ramón, “Lembranza e significación de Sebastián Martínez-Risco no centenario do seu nacemento”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 865, 14 xaneiro 1999, p. 30.

Despois de facer un breve repaso dos actos que se ten previsto realizar ó longo do ano no ámbito da literatura galega, reclama o recoñecemento doutras figuras que quedaron no esquecemento, como é o caso de Sebastián Martínez Risco Macías, home que levou a cabo “un papel primordial no proceso de restauración cultural da posguerra”. Así mesmo, describe o labor desempeñado por este autor galego como investigador, escritor, colaborador de xornais e presidente da Real Academia Galega, cargo mercede ó cal xestionou a actual sede académica e a celebración do Día das Letras Galegas.

G. B., “Rianxo enteiro lembrou o centenario de Dieste”/“El pueblo de Rianxo rindió homenaje ayer a dos de sus hijos más ilustres”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 31 xaneiro 1999, p. 49/p. 46.

Infórmase dos “Actos Castelao 99”, ós que este ano se engadiu a celebración do centenario do nacemento de Rafael Dieste, ó que se lle descubriu no cemiterio unha placa, lugar no que tamén se recordou ós irmáns Insua e a Manuel Antonio. Destácase a representación dun fragmento de *A fiestra valdeira* (1927), a presencia de destacados persoeiros da cultura galega e os testemuños que achegaron, entre eles, Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo ou Camilo Nogueira, quen destacou a vixencia do pensamento de Castelao.

G. D., “Exposición de homenaxe a Floréncio Delgado Gurriarán”, *A Nosa Terra*, nº 884, “Guieiro Cultural”, 27 maio 1999, p. 33.

Dáse conta da inauguración na casa da cultura do Barco dunha exposición itinerante dedicada a Florencio Delgado Gurriarán, co título de “Bebedeira de ensoños” coa que, segundo Ricardo Gurriarán, quérese celebra-lo décimo segundo cabodano da súa morte e paga-la débeda que a sociedade galega ten con esta figura. Faise un percorrido pola súa obra, salientando o*Cancioneiro da loita galega* (1943), do que se reproducen dous poemas, “Alexandre Bóveda” e “A un vello falanxista”, así como amplos detalles do material que inclúe a exposición.

G. M., “Luis G. Tosar recibe el segundo premio ‘Julio Camba’ de manos de Fraga”, *Galicia en el Mundo*, nº 322, 31 maio-6 xuño 1999, p. 7.

Refírese á entrega do segundo premio da vixésima edición do “Julio Camba” a Luís G. Tosar, polo seu artigo “Todos somos da aldea”, publicado en *Galicia en el Mundo* en xuño de 1998. Destácase o recordo de Torrente Ballester no acto, así como un percorrido pola producción do premiado.

_____, “O Centro Galego de Barcelona inaugurou un busto de Castelao”, *Galicia en el Mundo*, nº 328, 12-18 xullo 1999, p. 25.

Noticia da homenaxe feita polo Centro Galego de Barcelona a Daniel R. Castelao coa inauguración dun busto do autor. Destácase que con este acto quérese celebrar, de xeito anticipado, o cincuenta cabodano da súa morte e achega-lo autor ás novas xeracións, reivindicando a súa faceta artística ademais da literaria e a vixencia dos seus postulados políticos.

_____, “El escritor gallego Neira Vilas fue galardonado con la ‘Vieira de Prata”, *Galicia en el Mundo*, nº 331, 2-8 agosto 1999, p. 19.

Faise eco da entrega da Viera de Prata ó escritor Xosé Neira Vilas. Dise que con este galardón o Patronato da Cultura Galega en Montevideo quixo recoñece-lo labor cultural deste galego emigrante, cunha morea de obras moi coñecidas, de entre as que se destaca *Memorias dun neno labrego* (1961), traducida a varias linguas. Faise referencia tamén ó agasallo de libros para a súa biblioteca de Gres.

_____, “Castelao es uno de los rianxeiros máis universales”, *Galicia en el Mundo*, nº 336, 6-12 setembro 1999, p. VIII.

Rápido repaso da vida de Daniel R. Castelao, destacando as súas actividades políticas e artísticas que fixeron do autor un dos debuxantes máis sobranceiros do século XX. Acompáñase o texto coa reproducción dun poema de Francisco R. Gey adicado a Castelao, así como varias fotografías do autor.

_____, “Fallece a los 93 años el historiador Antón Fraguas, el Cronista Oficial de Galicia”, *Galicia en el Mundo*, nº 345, 8-14 novembro 1999, p. 7.

Anúnciase a morte do historiador e etnógrafo Antonio Fraguas, sucesor de Castelao na Real Academia Galega e fundador do Museo do Pobo Galego. Lémbrase a data e lugar de nacemento e aquela na que creou a Fundación Antonio Fraguas, así como os obxectivos que desexaba acadar con ela, entre os que están o de ser un mestre e “que os rapaces aprendan a ser estudiantes e estudiosos”. Recolle as verbas deste intelectual nas que se describe el mesmo coma un “individuo pasadeiro, un mediano estudiante”. Remata coa nómina das diferentes personalidades da cultura, política e da sociedade que asistiron ós actos fúnebres.

Gámir, Chinny, “José Ángel Valente sostiene que la palabra poética está en el origen de toda creación”, *La Región*, 15 xaneiro 1999, p. 12.

Alude á entrega do VIIº Premio “Raíña Sofía” de Poesía Iberoamericana ó autor ourensán José Ángel Valente, elixido entre 93 candidaturas procedentes de 23 países Iberoamericanos. Informa que con este galardón se quere recoñe-lo valor da obra dun autor vivo e a súa achega ó conxunto do patrimonio cultural iberoamericano e español. Tamén sinala que o discurso do poeta, Príncipe de Asturias no ano 1988, xirou en torno á palabra poética e a importancia que a música sacra ten na súa obra, especialmente en *Tres lecciones de tinieblas* (1980), salientando tamén que recitou tres poesías, unha das cales estaba dedicada a Rosalía de Castro, en galego e castelán, co que quixo reivindica-la súa orixe galega e homenaxea-la súa lingua e a súa Terra. Tamén se informa dos seus predecesores no galardón, así como outras características que conleva o premio.

García, S., “Las últimas novelas de Rivas, al asalto de Europa y Estados Unidos”, *La Voz de Galicia*, 21 outubro 1999, p. 88.

Informa de que na Feira do Libro de Francfurt concretouse a traducción ó alemán de *O lapis docarpinteiro* (1998), de Manuel Rivas. Tamén se fala da traducción a esta mesma lingua de *En salvaxe compaña* (1994), da que se di que recibira moi boas críticas. Tamén informa de que probablemente se edite nos Estados Unidoso outra das obras do autor galego, *Ela, maldita alma* (1999). Reflexiona sobre o interese que teñen mostrado algúns editores na obra de Rivas e doutros autores galegos, como Suso de Toro e Xosé Luís Méndez Ferrín.

García, Jesús Manuel, “El Consello da Cultura Galega microfilmará el diario La Zarpa”, *La Voz de Galicia*, 4 xullo 1999, p. 34.

Dá conta da aprobación por parte do Consello da Cultura Galega do proxecto de microfilmado do diario ourensán *La Zarpa*. Informa que, cun custe aproximado de catro millóns de pesetas, se quere facilita-lo acceso a este xornal que se editou en Ourense entre xullo de 1921 e xullo de 1936, chegando ata o número 4.671 e cunha tiraxe de tres mil exemplares que se distribuían en Galicia, Madrid e Hispanoamérica. Recolle a opinión de Marcos Valcárcel, quen destaca que é un dos “máis importantes medios xornalísticos do noso país” e no que se pode atopar unha boa parte da historia do movemento agrarista en Galicia, salientando tamén o seu carácter progresista, democrático e republicano, así como o gran labor do seu propio fundador, Basilio Álvarez.

_____, “Casares tilda la poesía de Lamas de “pouco sorprendente”, *La Voz de Galicia*, 22 outubro 1999, p. 89.

Tomando como referencia o Congreso celebrado en Ourense sobre a figura de Valentín Lamas Carvajal, recóllense as palabras de Carlos Casares quen destaca que na obra de Lamas se reflicte o rural galego con poucos adxectivos e moitos dialectalismos, o que para el é “pouco sorprendente. Todo é moi agardado”, e denuncia o pouco que a crítica se ocupou deste intelectual galego. Por outra banda, coméntase que a profesora Pilar Vázquez Cuesta se centrou na figura de Antonio Feliciano de Castillo, invidente tamén pero cunha incidencia diferente deste feito na súa vida. Dáse conta de diversos relatorios en torno a *O Catecismo do Labrego*, como reflexo da situación do campesinado galego do século XIX, nos que participaron Ruíz de Ojeda, F. X. Carro, García Negro ou X. R. Barreiro, entre outros.

García, Rodri, “Saramago y el lápiz de Rivas, protagonistas del año literario”, *La Voz de Galicia*, 2 xaneiro 1999, p. 30.

Partindo da importancia que sobre as vendas ten a concesión de premios, faise un percorrido polo mundo editorial do pasado ano e que, en Galicia, supuxo a aparición dun milleiro de publicacións e o nacemento dunha nova editorial, así como o grande éxito de vendas de *O lapisdo carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas. Non se esquece a importancia das traduccións, destas e doutras obras, a linguas como o italiano, o portugués ou o alemán. Dende o mundo editorial destácase que só un dez por cento das obras dan grandes beneficios, mentres que o resto cobre gastos ou dá perdas. Faise eco tamén dunha estatística do CIS na que máis da metade dos españois admiten non ler nunca e descríbese o perfil do lector asiduo como muller nova e con estudios superiores.

_____, “Una exposición vuelve a unir a Luis Seoane y Arturo Cuadrado”, *La Voz de Galicia*, 6 abril 1999, p. 36.

Noticia da inauguración dunha exposición sobre Luís Seoane e Arturo Cuadrado, dous intelectuais galegos exiliados que traballaron en proxectos conxuntos en Buenos Aires. Ademais de destaca-la presencia dun bo número de persoeiros galegos no acto, cítanse as actividades paralelas que se desenvolverán mentres a mostra permaneza aberta.

_____, “Os libros de peto fan clásicos a autores contemporáneos galegos”, *La Voz de Galicia*, 11 abril 1999, p. 37.

Refírese á saída, con diferentes series, da colección “Peto” de Xerais. Coméntase que con ela se tenta achegar ó maior número de lectores obras editadas hai algúns anos pero plenamente vixentes. Dentro da súa serie literaria aparecen títulos como: *Un millón de vacas* (1989), de Manuel Rivas; *Ambulancia* (1990) e *Land Rover* (1988), de Suso de Toro; *Xa vai o griffón no vento* (1986), de Alfredo Conde; *A morte de Frank González* (1975), de Xosé Fernández Ferreiro;*Tráiler* (1991), de Fran Alonso; *Amor de tango* (1992), de Mª Xosé Queizán ou *Sabor a* ti (1991), de Miguel Suárez Abel. Na serie chamada “Deliberacións” saíron *Manifesto comunista*, de Marx e Engels e *A lenda do gran inquisidor*, de Dostoievski. Na terceira das series incluirase literatura de mulleres ou relacionada con elas. Remátase dando noticia da inminente saída da obra de X. L. Méndez Ferrín, *No ventre do silencio* (1999) e doutras novidades como unha biografía de Blanco Torres, *As ruínas da cidade amada* (1998), de Manuel Veiga ou *Outonos espectaculares* (1998), de Manuel Darriba.

_____, “Novoneyra, reelixido presidente dos escritores en lingua galega”, *La Voz de Galicia*, 14 abril 1999, p. 35.

Faise eco da elección, por sétima vez consecutiva, de Uxío Novoneyra como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Dise que na continuidade só cesou Lois Diéguez, mentres que se incorporaron Marta Dacosta e Yolanda Castaño. En opinión do presidente, esta presencia masiva de mulleres é un reflexo do que sucede na propia sociedade, destacando así mesmo o feito de que moita xente nova escribe en galego. A nivel persoal, láiase de que a enfermidade lle impida ir fisicamente ó Courel, polo que a súa é unha viaxe literaria. Infórmase tamén da elección de *O lapis do carpinteiro* (1998) como a mellor obra do ano por parte dos membros da Asociación.

_____, “A literatura galega medra e goza de boa saúde”, din os intelectuais”, *La Voz de Galicia*, 15 maio 1999, p. 35.

Recóllese, na véspera do Día das Letras Galegas, a opinión de representantes de diferentes sectores do mundo da literatura, como por exemplo de Uxío Novoneyra, presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, quen salienta o gran número de xente nova que emprega o galego nas súas obras, polo que poden saír figuras interesantes; Manuel Bragado, director da editorial Xerais, destaca a independencia da literatura e o aumento de lectores de obras galegas; Damián Villalaín, presidente da Asociación Galega de Editores, destaca a presencia de autores galegos nos premios nacionais; Xavier P. Docampo, contrapón a calidade das obras á situación da lingua, sendo Hércules Edicións a que dá como dato o emprego do galego nun 80% das obras publicadas en Galicia. Dáse conta tamén da presentación dos *Dereitos lingüísticos* en galego da man de Carlos Casares, que aproveitou o acto para destaca-lo bo momento da literatura galega.

_____, “Alfonso Pexegueiro, autor de ‘*Hipatía*”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 82, 15 xuño 1999, p. 7.

Refírese a publicación da obra *Hipatía*, (1998) de Alfonso Pexegueiro, obra que se considera que está moi traballada e que foi publicada primeiro en castelán, agora vertida ó galego. Dentro da mestura de xéneros literarios hai unha reflexión e “interiorización” do mundo que rodea a unha muller acomodada. Con esta obra o autor di pechar unha etapa da súa vida. Tamén comenta que dende a distancia física, Pexegueiro lamenta que Galicia non saiba aprecia-lo bo que hai nela e reséntese de non ser máis valorado na súa Terra.

_____, “A colleita literaria do 98 chega ós lectores galegos”, *La Voz de Galicia*, 17 xuño 1999, p. 38.

Recolleita daquelas obras que no pasado ano foron presentadas a premios literarios, comezando polo Premio Xerais outorgado a Xosé Miranda por *Morning Star* (1998), pasando polo Torrente Ballester, o Blanco Amor ou o Eixo Atlántico, destácase que de entre as máis de vinte obras presentadas, unha ducia poderíanse publicar. Algúns dos títulos son: *No ventre do silencio* (1999), de X. L. Méndez Ferrín; *Por tras dos meus ollos* (1999), de Nacho Taibo (gañadora e finalista, respectivamente, do premio Eixo Atlántico); *Malaria sentimental* (1999), de Xabier Quejpo; ou *A quinta de Saler* (1999), de Antón Riveiro Coello. Outras obras que acaban de chegar ás librerías son: *Doutor Deus*, de Xabier López López; *As grandes carballeiras* (1998), de X. M. López Valcárcel, finalista do Blanco Amor que gañou Xavier Alcalá con *Alén da desventura* (1998). Recóllese a opinión de Xabier Quejpo e Antón Riveiro Coello, o primeiro destaca a boa calidade das obras do 98 e a inminente saída da súa obra *Manual de instrucción* (1999), dentro da colección “Ferros” de Xerais; Antón Riveiro, pola súa conta, considera os premios “algo accesorio” que facilitan a publicación, e fala dos seus proxectos.

_____, “Galaxia editará dúas antoloxías e sete tomos das obras de Castelao”, *La Voz de Galicia*, 9 outubro 1999, p. 80.

Anúnciase a publicación en Galaxia da obra de Daniel R. Castelao con motivo do cincuenta aniversario da súa morte. Indícase que a publicación incluirá sete volumes e dúas antoloxías, unha de *Cousas da vida* e outra de *Sempre en Galiza.* Segundo Damián Villalaín, quérese achegar este autor a todo o público en xeral e, para iso, a segunda das antoloxías irá acompañada dunha escolma de ideas políticas, lingüísticas e culturais que seguen vixentes. Outras achegas serán varios minilibros nos que se incluirán entre outras cousas unha biografía. Coincidindo con este aniversario está o da propia editorial da que se ofrecen algúns datos históricos e dos primeiros volumes que publicou.

_____, “Seis millóns de libros en vinte anos”, *La Voz de Galicia*, 2 novembro 1999, p. 81.

Con motivo do vixésimo aniversario da Editorial Xerais, faise un balance dos froitos destes anos a través das obras máis vendidas, entre as que se atopan os dous diccionarios desta editorial, seguidos de *O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas; *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohan Cabana e *As flores radioactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz. Indícase que é X. L. Méndez Ferrín o autor que máis vende e o que máis títulos publicados ten, con *O crepúsculo e as formigas* (1961) no posto duodécimo, seguido de preto por *A sombra cazadora* (1994), de Suso de Toro. Atópase, segundo o artigo, entre os primeiros postos de vendas *Crime en Compostela*, de Carlos G. Reigosa, gañadora en 1984 do Iº premio Xerais, do que se dá conta da súa próxima edición, e da do Merlín, indicando as obras finalistas nun e noutro. Recóllense tamén outros actos para conmemorar este aniversario como unha mesa redonda baixo o título de “20 anos de literatura galega”.

_____, “Un libro póstumo de Novoneyra recolle os seus poemas do Camiño”, *La Voz de Galicia*, 16 novembro 1999, p. 81.

Dáse conta da edición póstuma do libro de poemas *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1998), de Uxío Novoneyra, destacando a emotividade que adquiren moitos dos versos do autor, acontecido o seu pasamento. Reprodúcense unha morea de versos e o poema “Pasadas tódalas Francias”.

_____, “Basilio Losada: “Saramago deume a benvida ó mundo dos escritores”, *La Voz de Galicia*, 17 novembro 1999, p. 81.

Refírese á publicación da primeira novela de Basilio Losada baixo o título de *La peregrina*, que en galego se prevé que saia co de *Princesiña de Francia*, cun limiar de Xosé Saramago. Recóllense as palabras do autor sobre a obra e os seus proxectos futuros, especialmente ante a súa inminente xubilación. Tamén se dá conta da reedición de *Folga xeral contra da Historia. DoCourel a Compostela* (1988), de Uxío Novoneyra, así como dos cambios introducidos nesta; do novo texto de Torres Queiruga, *Do terror de Isaac ó Abbá de Xesús* (1999), acompañado das opinións do autor e da traducción ó inglés de *A semellanza* (1988), de Mª Xosé Queizán.

_____, “A figura de Castelao reúne na Coruña a máis de 400 congresistas”, *La Voz de Galicia*, 26 novembro 1999, p. 89.

Comeza aclarando as intencións da AS-PG ó celebra-lo congreso ó redor da figura de Castelao, de “poñer o marco á celebración dos 50 anos do pasamento de Castelao”. A seguir, subliña as palabras da intervención de Neira Vilas, nas que cualifica a este persoeiro de “crítico implacable”, “fiscal imprescindible” e “rebelde que espertou a conciencia”. No tocante ó relatorio de Benito Varela Jácome refírese á análise de *Os dous de sempre* (1934) e transcribe as declaracións deste relator nas que afirma que ás veces a narrativa galega desa época era máis tradicional que a novela de Castelao á que considera unha novela avanzada cunha “serie de innovacións de tipo técnico narrativo” e cun dominio e selección da lingua moi efectivos. Do relatorio de Pilar García Negro, incide na boa diagnose de Castelao sobre o conflicto lingüístico galego ó “consagrar no galego culto, no galego público, no galego oficial toda a súa actividade, a súa obra é por tanto inaugurar (...) un horizonte simbólico do que descendemos todos”. Remata co epígrafe “A dimensión histórica, social e política”, ó se-la temática desenvolvida nestes días nas xornadas conxuntamente cun espectáculo teatral e poético musical. Enumera as diferentes intervencións cos seus autores entre os que nomea a Francisco Rodríguez, Iñaki Anagasti, Carlos Velasco, Manuel Rei Romeu, Bieito Alonso e Xusto G. Beramendi.

García Teijeiro, “O encantamento de Mondariz-Balneario”, *La Voz de Galicia*, “A ruta do autor”, 7 febreiro 1999, p. 13.

Da man do autor, achegámonos a Mondariz-Balneario e ós seus arredores, nunha viaxe física e emocional, centrando a atención no vello edificio do Gran Hotel-Balneario destruído polo lume e que se converte así no símbolo do seu pasado esplendoroso, hoxe desaparecido. Destácase o papel e a presencia da auga como símbolo do atemporal.

Garrido, Julio T., “Unión cultural”, *O Correo Galego*, “AFA”, 1 xuño 1999, p. 31.

Infórmase da presentación, na Galería Sargadelos de Santiago, da obra *Mar por medio* (1998), colaboración bilingüe de escritores galegos do Batallón da Costa da Morte e os da cidade cubana de Holguín. Recóllense as palabras de Rafa Villar, coordinador da obra, quen a destaca como froito do Encontro de Cultura Iberoamericana 1997 e busca combate-lo bloqueo contra Cuba.

Gil, Francisco J., “A Universidade de Vigo fai a Méndez Ferrín o seu décimo terceiro Doutor Honoris Causa”, *Faro de Vigo*, 20 maio 1999, p. 51.

Descríbese, polo miúdo, o acto de recibimento da Universidade de Vigo de X. L. Méndez Ferrín como doutor *honoris causa*. Recóllese nunha longa lista os representantes máis sobranceiros de tódolos sectores da cultura galega e da propia cidade, fronte á ausencia dalgún representante do goberno galego. Saliéntase tamén o aspecto lingüístico, sendo Méndez Ferrín o primeiro *honoris causa* desta universidade monolingüe en galego, así coma os agasallos que lle foron entregados, entre eles o *Codex casanabense.*

_____, “Vigo. La ciudad sin un teatro”, *Faro de Vigo*, 26 setembro 1999, pp. 52-53.

Denúnciase a situación que atravesa, dende hai tempo, o teatro en Vigo. Partindo da situación da cidade arredor da metade do século XIX, faise un percorrido polo miúdo dos acontecementos máis destacados dende entón, vinculados especialmente á construcción ou peche de locais específicos para esta actividade, así como á súa relación co cine en oposición directa. Detállase o papel de Isaac Fraga, aquelas compañías e actores que pasaron pola cidade da man deste empresario e a importancia do teatro ó aire libre no auditorio de Castrelos que foi o xerme dunha grande actividade de grupos teatrais na segunda metade do século XX. Cítanse os nomes dos grupos e os seus actores, as reestructuracións que sufriron e, sempre de fondo, o problema dun local adicado de forma permanente ó teatro con todo o necesario.

_____, “Dúas décadas da literatura galega nun catálogo”, *Faro de Vigo, “El sábado*”, nº 130, 6 novembro 1999, p. 1.

Presenta o catálogo de Edicións Xerais de Galicia, que reúne un conxunto de mil catrocentos títulos a través dos que se ofrece un achegamento ó “panorama literario máis moderno en convivencia cos clásicos”. No catálogo ofrécense un total de mil catrocentos libros, escritos por setecentos autores e autoras. A seguir, dáse conta da entrega dos Premios Xerais e Merlín no vixésimo aniversario da creación da citada editorial. Por último, cítanse algúns dos escritores e escritoras que publicaron libros nesta editorial.

_____, “Alonso Montero: “Se non paramos ó capitalismo acabarán coa vida sobre o noso planeta”, *Faro de Vigo*, 25 novembro 1999, p. 55.

Dáse conta da homenaxe que, con motivo do seu nomeamento como emérito, lle tributa un grupo de amigos a Xesús Alonso Montero. Sinálase que con tal motivo saíron dúas reedicións doutras tantas obras do autor, *Cuadernos para el diálogo* (1974) e *Pedro Petouto* (1974) e aqueles cambios introducidos nas mesmas. Recóllense as palabras do homenaxeado nas que denuncia o camiño do capitalismo visto por un marxista confeso.

_____, “O Goberno premia coa Medalla de Ouro os 50 anos de esforzo cultural de Galaxia”, *Faro de Vigo*, 18 decembro 1999, p. 24.

Coméntase que a Editorial Galaxia creada en 1950 é a máis antiga de tódalas editoriais galegas, e por iso o consello de Ministros acordou concederlle a Medalla de Ouro ó mérito nas Bellas Artes. Alúdese á proposta feita por Mariano Rajoy, Ministro de Educación e Cultura, e cítanse outros organismos galardoados como a SGAE (Sociedade General de Autores e Editores).

Gil, Mar, “O problema de Lamas Carvajal é que non se leu”, afirma García Negro”, *La Voz de Galicia*, 23 outubro 1999, p. 83.

Recóllese a clausura das xornadas adicadas á figura de Valentín Lamas Carvajal e o máis salientable dos congresistas que interviñeron, entre eles Carme Hermida, quen destacou a promoción que o autor fixo do galego nos seus xornais; Alonso Montero, que se centrou nos aspectos lingüístico e psicolóxico que fixeron popular *O tío Marcos da Portela* ou Esperanza Mariño coa súa comparación entre o *Catecismo do labrego* e a súa versión asturiana. Tamén se xinala a presenza de Xosé Manuel Beiras nas xornadas sobre a literatura galega, celebradas na Real Academia Galega.

Gómez, Ana B., “Ferrín recibe en Vigo o honoris causa”, *El Mundo. Galicia*, 20 maio 1999, p. 9.

Con motivo da investidura de X. L. Méndez Ferrín como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo, céntrase o artigo no conto lido como discurso, un inédito adicado á súa muller co títulode “Profesores implícitos”, no que se salienta a súa relación co profesor Ángel Lacalle, sen esquece-la relación que o autor celanovés mantén coa cidade de Vigo.

Gómez, Lupe, “Dúas poetas entran no social. Queren abrilo e rompelo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 48, 11 febreiro 1999, p. 12.

Fai referencia á calidade da revista *Valdeleite* e ó feito de que con esta publicación Olga Novo e Yolanda Castaño interfiren na sociedade. Neste sentido alude á orixinalidade dos actos nos que presentan a revista. Entende Lupe Gómez que “volvemos á oralidade, ás presencias físicas e sobre todo á desglorificación”.

_____, “Xornalismo e literatura están atados por fortes lazos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 65, 10 xuño 1999, p. 12.

Artigo reivindicativo da escritura como forma de liberdade e dunha prosa poética que achegue o escritor ó lector. Dende a súa propia experiencia no xornalismo, a autora critica a incomprensión da súa linguaxe, considerada feminina, por parte do sector masculino e busca na linguaxe poética unha maneira de “mellorar o mundo”.

_____, “Conversar é resistir”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 287, 4 novembro1999, p. 12.

Dende o eu poético reivindícase o diálogo entre as persoas fronte á “comunicación de masas e a globalización” mundial, especialmente a informática como medio de perda do contacto entre a xente. Confésase receptora e prefire como xénero xornalístico a entrevista, considerando a literatura popular máis “tenra e directa”. Remata reivindicando a presencia do diálogo “como unha vaca no silencio da aldea”.

_____, “O riso subversivo de Mofa e Befa”, *A Nosa Terra*, nº 913, “Guieiro Cultural”, 16 decembro 1999, pp. 28-29.

Reflexión sobre os números cómicos representados por Mofa e Befa, dos que se salienta, entre outras cousas, a capacidade de facer reflexionar ó público sobre o mundo no que vive a través do humor, ademais dunha linguaxe teatral cualificada de intelixente, botando man da fragmentariedade da obra para acadar unha mellor comprensión e inmediatez e conseguindo así unha comunicación rápida e eficaz co seu público. Tamén se fala da capacidade da arte de abstraernos da realidade e achegarnos a un mundo mellor.

Gómez, M. J., “Recordo vivo”/“Maruxa Seoane todavía mantiene vivo el recuerdo de toda una vida en común”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 9 decembro 1999, p. 34/p. 39.

Fai unha achega á vida de Luís Seoane e a súa muller Maruxa e dá conta de que se ten pensado crear unha fundación, que recolla todo o material que ela aínda conserva, como son notas, ensaios, fotografías ou cartas do intelectual galego.

_____, “O labor da Fundación”/“La fundación de A Coruña guarda un legado de inestimable valía cultural”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 11 decembro 1999, p. 32/p. 45.

Coméntase que na Casa da Cultura Salvador de Madariaga se acollen os traballos de Luís Seoane. Alúdese á cesión de máis de douscentos óleos, témperas, toda a obra gráfica, libros, documentos e obxectos persoais, por parte da súa viúva.

_____, “Un home de cultura”/“Una intensa vida social marcada por la ausencia de protagonismo personal”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 14 decembro 1999, p. 32/p. 45.

Céntrase na etapa moza de Luís Seoane como estudiante en Santiago de Compostela onde comezou a súa inqueda vida intelectual e de contacto con outros moitos mozos galegos, quen xa con 14 anos escribira a obra *El percebe en su tinta*, seguida doutras moitas iniciativas como a Exposición de Arte Galego na Facultade de Filosofía e Letras, primeira que recolle obra de Laxeiro. Tamén se lembran aquelas empresas do exilio xunto con Arturo Cuadrado como a fundación das coleccións “Hórreo” e “Dorna”, a “Editorial Nova” ou “Botella al Mar”. Remátase destacando a súa relación con moitos intelectuais galegos e de fóra como Rafael Alberti ou García Lorca.

_____, “Recordos de infancia”/“Un documento que contiene múltiples recuerdos de una infancia recordada”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 15 decembro 1999, p. 32/p. 45.

Reproducción dun fragmento do artigo de Luís Seoane titulado *Cierro los ojos y veo*, no que se conta todo o que había en Arca, a aldea onde Luís Seoane e a súa muller viviron durante moitos anos.

González, Marta, “Méndez Ferrín di que a Universidade recoñece o sistema literario galego co seu ‘honoris causa”, *Atlántico Diario*, 20 maio 1999, p. 8.

Refírese ó máis salientable do discurso que X. L. Méndez Ferrín leu na súa investidura como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo, con especial relevancia para o que, segundo o autor, é un momento histórico polo recoñecemento que se fai, co seu nomeamento, dun sistema literario plenamente galego, sen esquece-la vinculación que durante toda a súa vida mantivo coas cidades do territorio desta Universidade. Recóllense tamén as palabras da súa madriña, Camiño Noia, e do rector Domingo Docampo, así como a presencia dos representantes das institucións culturais galegas.

González Martín, Gerardo, “Ángel Sevillano se dio a conocer como poeta en 1933, en un certamen lucense”, *Faro de Vigo*, “Crónica sentimental”, 19 xullo 1999, p. 6.

Primeiro dos tres artigos dedicados á familia Sevillano, centrado na figura paterna e nos anos mozos do escritor Ángel Sevillano. Saliéntase o contacto que, pola súa feble saúde, mantivo coas terras ourensás de Cea, onde se di que escribiu “Olliños da miña nena”, primeiro poema publicado no *Faro de Vigo* en 1930. Tamén se destaca que foi o gañador do Certame Literario da Asociación da Prensa de Lugo en 1933 co poema “A luz nai abadesa”, iniciando así a súa intensa vida cultural na cidade de Vigo, aumentando as súas colaboracións na prensa e conferencias, así como as súas vinculacións con *El Pueblo Gallego* durante máis de 25 anos, estendida a toda a vida cos Salesianos dende que estudiou nun dos seus colexios.

_____, “Entre 1935 y 1963 publicó Ángel Sevillano sus libros de poesía”, *Faro de Vigo*, “Crónica sentimental”, 20 xullo 1999, p. 8.

Segunda entrega da vida de Ángel Sevillano centrada na súa producción literaria, con *O muiño albeiro* (*Poema en dous tempos*) (1935), a primeira obra poética do autor, seguida en 1938 por *O amor, o mar, o vento e outros gozos*, ilustrado por Maside, Sesto, Torres e Virxilio Blanco; xa en 1947 sae *Terra liñar*, con debuxos de Laxeiro e en 1963, *As dornas da preguiza*, dando o paso á prosa en 1979 con *Historias do canizo*, mentres que *Doutor Famiano* pecha a súa obra.

_____, “Sevillano, contertulio de personalidades en el Derby y amigo de buenos pintores”, *Faro de Vigo*, “Crónica sentimental”, 24 xullo 1999, p. 6.

Comézase salientando a presencia de Ángel Sevillano no faladoiro do Café Derby do que se destacan outros intelectuais galegos, pasando logo a dar conta dalgún dos premios que recibiu como o “Ciudad de Vigo” ou o Nacional de Periodismo “Octubre 1943” e incluso a súa incursión no mundo do cine como guionista. Sinálanse algúns dos cargos que desempeñou, como o de correspondente da Real Academia Galega, como director periodista da revista *Grial*, do *Anuario de Vigo*, a súa colaboración no xornal deportivo *Meta* e como redactor xefe de “Hoja del lunes” da*Prensa de Vigo*. Péchase este percorrido coa morte de Ángel Sevillano en 1989, así como do presente dos fillos e a viúva en Vigo.

_____, “Veinte años sin Darío Álvarez Blázquez, ejemplar médico y escritor galleguista”, *Faro de Vigo*, “Crónica sentimental”,13 novembro 1999, p. 10.

Evócase a figura de Darío Álvarez Blázquez, morto hai algo máis de dez anos e faise un percorrido polos membros máis sobranceiros da saga dos Álvarez, comezando co avó do escritor en Pontevedra como director e catedrático do primeiro Instituto de Ensinanza Secundariada provincia, pasando polo pai Darío Álvarez Limeses, médico fusilado en 1936, sen esquece-la vinculación deste e do fillo Darío Álvarez Blázquez co Partido Galeguista.

González Pérez, Clodio, “Alma máter”do Museo do Pobo Galego”, *Atlántico Diario*, 6 novembro 1999, p. 46.

Dáse conta do pasamento de Antonio Fraguas Fraguas, destacando a súa actividade cultural vinculada primeiro co Seminario de Estudos Galegos, despois da guerra co Instituto P. Sarmiento e posteriormente co Museo do Pobo Galego onde deixou a súa voluminosa biblioteca. Enuméranse algunhas das súas obras máis coñecidas como: *Galicia insólita. Tradiciones gallegas* (1973), *Murguía, o patriarca* (1979), *Literatura oral en Galicia* (1980) e outras moitas.

Graña, Bernardino, “Decálogo dunha auto-poética de poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 68, 9 marzo 1999, p. 2.

Estructurado en dez puntos, téntase demostrar como a poesía está en todo xénero literario, dando consellos a calquera poeta. Comezando por manter que un poeta non nace senón que se fai, sendo decisivo o contorno no que se cría, co que se comprometerá unha vez tome conciencia do que é, destacando que a poesía é un canto de dor e de “marabillamento”, coidando sempre da forma, do artificio e do ritmo que un verdadeiro poeta lle imprime á súa obra, aconsellando unha boa formación, en especial a través da escoita dos demais, así como observar como un paisano escenifica un conto porque “no recitado verdadeiro, poesía, narrativa e teatro entretécense, xa non son xéneros separados”.

_____, “Antón Avilés de Taramancos sete anos despois”, *A Nosa Terra*, nº 875, “Guieiro Cultural”/*La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 71, 30 marzo 1999, p. 31/p. 7.

Con motivo do sétimo aniversario do pasamento do poeta Antón Avilés de Taramancos, faise un recordo do que significou esta figura cualificada como “o poeta-voz da terra que dá testemuño da loita pola vida”, explicado pola súa orixe aldeá da que se chufaba, da súa saída á emigración, da volta á terra así como o traballo na súa Tasca Típica de Noia, cantando nas súas obras o apego á “Galicia do traballo e do amor”.

Hermida, Xosé, “La cultura despide a Uxío Novoneyra, poeta del paisaje”, *El País*, 1 novembro 1999, p. 40.

Refírese á morte de Uxío Novoneyra e do aprazamento da homenaxe que se lle ía tributar. Destácase do autor a súa personalidade afable e a forte pegada da súa orixe aldeá na lírica, en especial na súa obra *Os Eidos* (1955).

Hermida Iglesias, M., “O centenario do nacemento de Álvaro de las Casas Blanco”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 15 outubro 1999, p. 46.

Suxire a realización de actividades para conmemora-lo centenario do nacemento (1901) de Álvaro de las Casas Blanco, así como do cincuentenario da súa morte (1950), entre elas a organización de actos literarios no instituto Virxe do Mar, de Noia ou darlle o seu nome a unha rúa da vila. Dáse conta tamén dos ensaios e próximas representacións por parte do grupo teatral Candea da peza deste autor, *Pancho de Rábade* (1931), sumándose así a outros actos desta celebración.

I. R., “Foi o ideal de servicio ó país”, *La Voz de Galicia*, 7 novembro 1999, p. 91.

Recóllese a noticia da morte de Antonio Fraguas Fraguas, centrada especialmente no discurso que Fernández del Riego, amigo e colaborador do finado, fixo no seu enterramento, quen destacou a fidelidade que mantivo toda a súa vida de compromiso coa Terra. Ofrécese unha listaxe da ampla representación que acudiu a despedir ó Cronista Oficial de Galicia.

Iglesias, Ana, “La Feria del Libro centra su programa este año en los lectores más jóvenes”, *El Correo Gallego*, 29 abril 1999, p. 38.

Dáse conta do acto de presentación da Feira do Libro de Santiago de Compostela, salientando que se busca achegarse ós máis pequenos como “futuros lectores”, ademais de sinala-la presencia de diferentes autores asinando exemplares das súas obras como X. L. Méndez Ferrín, Fina Casalderrey ou Bernardino Graña, entre outros moitos.

Izquierdo, Paula, “Un francotirador con 6.000 lectores”, *El Mundo, “La Esfera”*, nº 44, 11 setembro 1999, p. 20.

Reflíctese a opinión que Suso de Toro ten sobre a literatura e a súa relación coa mesma, á que di que lle adica toda a semana, cun horario definido, pasando polos seus problemas coa fama e rematando cos seus proxectos máis inmediatos, entre eles a traducción ó castelán de *Círculo* (1998), o remate dunha novela inédita e un guión de cine. Dáse a imaxe dun home que se define como “escritor independente, individualista (…) un francotirador”.

_____, “Un bohemio trabajador”, *El Mundo, “La Esfera”*, nº 45, 18 setembro 1999, p. 20.

Recolle varias declaracións de Manuel Rivas nas que fala da conxugación entre creación literaria e vida familiar, sen esquece-la súa afección á lectura dende moi novo, entendendo a literatura como forma de uni-los medos que conforman a realidade. Rexeita encadra-los autores en xeracións, dando conta da traducción ó castelán da súa última obra *Ela, maldita alma* (1999), así como as reedicións de *Un millón de vacas* (1989) e *Comedores de patacas* (1991) ou a estrea dunha película baseada en relatos de *¿Que me queres, amor?* (1996).

J. A., “Méndez Ferrín evita pronunciarse sobre su candidatura al Nobel”, *Diario de Pontevedra*, 10 abril 1999, p. 9.

Comenta que X. L. Méndez Ferrín se mostrou moi esquivo sobre a súa postulación ó Premio Nobel de Literatura, ó dicir que “Eu non teño nada que decir, só que estou moi agradecido”. Tamén anuncia a publicación da súa nova novela, *No ventre do silencio* (1999), da que se di que está ambientada no Santiago de 1956.

J. C., “Trueque de dudas y letras”, *El Ideal Gallego*, 2 agosto 1999, p. 9.

Comenta que a XXVIIIª edición da Feira do Libro da Coruña foi inaugurada por Xabier Docampo, quen falou da literatura, do libro e da lectura. Tamén recolle a intervención do responsable dos libreiros coruñeses, Miguel Seijo, quen adiantou parte das actividades a celebrar durante a Feira. Finalmente, achega outros datos referentes á mesma, como son a esperanza da organización de supera-las vendas do ano anterior.

J. D. C., “Medio siglo de Galaxia”, *Atlántico Diario*, 3 novembro 1999, p. 11.

Noticia das actividades previstas pola Editorial Galaxia con motivo do seu 50 aniversario, segundo lle explicaron ó alcalde de Vigo Carlos Casares e Alfonso Zulueta (director da editorial e vicepresidente de Fundación Penzol, respectivamente). Así cítanse a publicación das obras completas de Castelao e Shakespeare, un catálogo xeral de todo o que leva editado Galaxia, unha exposición sobre a historia da empresa ou unha reunión de antigos socios e colaboradores. Finalmente, infórmase da reivindicación, por parte de Zulueta, dun novo edificio para a Fundación Penzol.

J. E., “La federación vecinal se plantea participar en el Año de Castelao”, *Diario de Pontevedra*, 18 setembro 1999, p. 8.

Infórmase que a Federación de Asociacións de Veciños Castelao, quere honra-la memoria do ilustre galeguista do mesmo nome no 2000, ano que o Concello de Pontevedra declarou “Ano Castelao”. Sinálase que o asunto será tratado nas comisións de traballo e máis adiante nunha asemblea que celebrará o colectivo veciñal. Tamén se recollen parte das actividades que teñen pensado facer.

J. T., “Un festival folk cerró ayer la Mostra do Libro ceense”, *El Correo Gallego*, 1 marzo 1999, p. 65.

Nota que anuncia a clausura da Iª Edición da Mostra do libro na poboación de Cee. Comenta os actos celebrados como a lectura de contos a cargo de Cándido Pazó e a mesa redonda acompañada dun recital poético no que participaron varios escritores da Costa da Morte como Miro Villar, Modesto Fraga, Rafa Villar ou Marilar Aleixandre.

Jabois, S. M., “El grupo teatral ‘O Tarabelo’ afronta el final de sus ensayos”, *Diario de Pontevedra*, 8 abril 1999, p. 19.

Sinala que o autor pontevedrés Varela Buxán é o encargado de nutri-los diálogos e as tramas do grupo de Teatro O Tarabelo, que está dirixido por José Manuel Hermida e conformado por uns vinte veciños de Sanxenxo. Achega unha breve historia sobre este grupo nado en 1997 e dá conta das súas próximas actuacións. Finaliza indicando que actualmente están traballando con *Triste chegada*, *Casados de poucos* e *Si o sei non volvo á casa*.

Janeiro, D., “A vixencia de Murguía”/“Varias iniciativas editoriais e homenaxes revisitan a figura e o legado de Murgía”, *O Correo Galego,* “AFA”/*El Correo Gallego*, 14 xaneiro 1999, p. 45/p. 75.

Recolle varias referencias feitas á figura de Manuel Murguía, para logo indicar que cando se cumpre o 75 aniversario da súa morte, volve recuperar vixencia coa publicación de dous volumes –*Volver a Murguía* (1998) e *Prosas recuperadas* (1998)–, a elaboración dun monográfico sobre esta personalidade para o Boletín da RAG e a edición da súa peza, *La primera luz*, feita por unha asociación de Oseiro que leva o seu nome. Tamén cita a VIIIª edición do premio Manuel Murguía de narracións breves e o volume temático de *A Nosa Terra* sobre el.

_____, “Rompente: “O galego dental”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 xaneiro 1999, p. 40.

Comenta que o grupo Rompente estaba conformado principalmente por Manuel M. Romón, Alberto Avendaño e Antón Reixa, ademais de Alfonso Pexegueiro e Camilo Valdeorras. Realiza un percorrido a través da historia deste grupo, dando conta das publicacións que realizou e os proxectos nos que participou. Presenta a antoloxía publicada na colección “Ablativo Absoluto”,*Upalás* (1998), onde se recupera parte dos seus textos, para finalizar ofrecendo varios datos sobre a traxectoria dos seus integrantes.

_____, “Utopía en Caldas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 xuño 1999, p. 42.

Noticia sobre a celebración da IIª edición do festival “Cultura Quente”, celebrado en Caldas de Reis nos primeiros días de xullo. Dáse conta da razón deste festival e achéganse algúns datos sobre as actividades a realizar, entre as que están recitais poéticos, presentación de libros como*Contos para unha soedade desvelada* e monicreques.

_____, “Atravesadas pola patria”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 xullo 1999, p. 31.

Recorre á tese de Helena González, *Mulleres atravesadas por unha patria*, na que reflexiona sobre o conflicto xenérico e nacional na poesía galega de mulleres, e recolle as declaracións de escritoras galegas como Olga Novo, Yolanda Castaño, Marilar Aleixandre ou Carme Blanco, para falar da poesía de muller en Galicia. Así, expón a opinión destas escritoras e críticas sobre a nova xeración de mulleres poetisas, a figura de Rosalía e as súas estratexias de diferenciación.

Jaureguizar, “Sitúan o libro ‘Os eidos’ no cumio literario galego”, *El Progreso*, 1 novembro 1999, p. 72.

Informa acerca da cerimonia de despedida a Uxío Novoneyra e dá conta das intervencións que nela tiveron lugar. Sinala que Xosé Luís Méndez Ferrín considerou ó escritor un “poeta nacional” recoñecido polo pobo; Xosé Neira Vilas destacou a súa solidariedade e fidelidade; Paco Martín salientou a “carga poética telúrica”; Manuel Lourenzo destacou o seu compromiso; Alfonso Eiré referiuse ó seu descubrimento do escritor; Isidro Novo e Xosé Miranda consideraron *Os eidos* (1955) un fito na literatura galega, e, finalmente, Xabier P. Docampo aludiu a un home que tiña o “costume de ter sempre a súa casa aberta”. No texto recóllense ademais outros comentarios sobre o perfil humano de Novoneyra.

Julián, “Pontevedra recuerda a José Filgueira Valverde en el tercer aniversario de su fallecimiento”, *El Correo Gallego*, 14 setembro 1999, p. 75.

Dá conta do acto que tivo lugar no Museo de Pontevedra, co gallo da celebración do terceiro aniversario da morte de Xosé Filgueira Valverde. Recolle parte das declaracións de Mariano Rajoy, Jesús Pérez Varela e Carlos Valle, quen presentou os tres últimos números da revista do Museo que el dirixe e que están dedicados ó profesor Filgueira. Tamén sinala que o Consello de Cultura Galega lle rendeu homenaxe.

L. P., “La Real Academia recupera su “Boletín” tras 18 años de ausencia”, *El Ideal Gallego*, 5 febreiro 1999, p. 45.

Anúnciase a reaparición do *Boletín da Real Academia Galega* cun número monográfico dedicado á figura de Manuel Murguía. Alúdese ós problemas económicos que provocaron que dende 1980 non volvese a saír ningún número máis desta publicación. Ademais lémbrase que naquela entrega nº 360, figuraban as firmas de María Luísa Meijide Pardo ou Henrique Chao Espiña e na sección, “Letras de Duelo”, analizábase o labor de Xesús Ferro Couselo, Leandro Carré Alvarellos ou Ramón Otero Pedrayo, entre outros.

_____, “Los escritores denuncian la presión del mercado sobre la literatura”, *El Ideal Gallego*, 21 abril 1999, p. 45.

Reproduce parte das declaracións de Víctor F. Freixanes, Carlos Casares, Manuel Rivas e Suso de Toro, sobre diversos aspectos da literatura galega debatidos durante a súa participación na mesa redonda “Horizontes da narrativa galega actual”, que estivo moderada por Xavier Seoane. Sinala que todos eles coincidiron en critica-la nova influencia dos intereses puramente comerciais do mercado sobre os creadores.

L. R., “Méndez Ferrín será investido hoxe doutor Honoris Causa pola Universidade Sur”, *La Región*, 19 maio 1999, p. 5.

Faise eco da investidura de Xosé Luís Méndez Ferrín como doutor *honoris causa* pola Universidade do Sur, trala proposta feita polo departamento de Filoloxía Galega e Latina desta Universidade. Sinala que Camino Noia Campos, directora do citado departamento, exerce como madriña, para finalizar ofrencendo unha serie de notas sobre a vida e obra do escritor ourensán.

_____, “El escritor ourensano Bieito Iglesias fue uno de los protagonistas de la ‘Feria del Libro”, *La Región*, 30 maio 1999, p. 20.

Informa da presencia de Bieito Iglesias na XVª edición da Feira do Libro de Ourense, na que firmou exemplares da súa primeira novela en castelán, *Bajo las más bellas estrellas*, gañadora do premio Ciudad de Salamanca. Tamén sinala que na Feira tiveron lugar outras actividades, entre as que están, a entrega dos premios da XVIª edición do Concurso de Contos, gañado por Martiño Maseda, a actuación do grupo Seis Dedos coa obra *Mantas non son cobertores*, a firma de exemplares de *As ruínas da cidade amada* (1998), de Manuel Veiga e o sorteo dun lote de libros.

Liñares Giraut, X. Amancio, “Castelao en Compostela”, *La Voz de Galicia*¸ “Tribuna Abierta”, 9 xaneiro 1999, p. 38.

Comeza sinalando de Daniel R. Castelao o seu compromiso real co pobo de Galicia, para, a continuación, manifestar que todos aqueles que se di que son “de baixos” e aturan unha historia adversa teñen nel un punto de referencia. Dá conta dalgúns dos contidos que nos achega a súa obra e sinala que homenaxealo outra vez en Bonaval, “pola invitación á reflexión e ó debate nas conciencias individuais e colectivas”, é un exercicio “saudable de liberdade”.

López, A. R., “En positivo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 53, 1 abril 1999, pp. 6-7.

Logo de se referir á vida de Xelís de Toro en Londres, sinala que a súa filla foi a responsable da viraxe da súa obra cara ó xénero infantil e que na súa carteira atesoura varias novelas para adultos. Sinala que o autor di que cambiou de estilo radicalmente e que agora o que lle interesa é a “contrucción do parágrafo”. Apunta que foi na poesía onde comezou a publicar e a súa consideración sobre este xénero, ademais de recolle-la opinión de Toro, quen nunca se viu unicamente un escritor senón como “activista cultural”, sobre a xeración á que pertenceu.

_____, “Ramón Lorenzo entra hoxe na RAG”/“Ramón Lorenzo di que a entrada do galego na escola foi un fracaso”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 7 maio 1999, p. 31/p. 74.

Alude á lectura do discurso de entrada na Real Academia Galega por parte de Ramón Lorenzo, dezaoito anos despois de ser elixido. Sinala que o presentou baixo o título “Reflexións crítico-eruditas e sentimentais sobre a lingua” e dá conta dos contidos que nel desenvolveu, baseados na súa aproximación á lingua galega.

López, A. R./A. **Rodríguez**, “Belén Feliu, a ‘mort en rose”/“Homenaxe a Belén Feliú na presentación do seu último libro, ‘*Da Guenizah*”, *O Correo Galego*, “AFA”*/El Correo Gallego*, 6 marzo 1999, p. 32/p. 75.

Céntrase na homenaxe póstuma a Belén Feliú coa presentación do seu libro *Da Guenizah* (1998), na Facultade de Xornalismo de Santiago. Salienta a presencia de Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Espiral Maior, e da escritora María Xosé Queizán, quen mesturou as lembranzas persoais coas características da súa literatura, e a de Xosé Manuel Trigo quen resaltou “a súa xenialidade de asmática e o seu talento roto sen agotarse”.

López, A. R., Rosa **Navia** e Soedade **Noia** (coords.), “Encontro de dous séculos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 285, 21 outubro 1999, pp. 1-12.

Na presentación deste suplemento faise unha clara aposta pola literatura como o “punto de confluencia” entre o século XX e o XXI. Para iso recollen fragmentos das seguintes obras: *Paisaxe do baleiro* (1999), de Eva Veiga; *O sangue dos árabes* (1999), de Lino Braxe; *Poesía Fea* (2000), de Lupe Gómez; *Con Aroa, o último verán* (1999), de Xurxo Chapela; *O mellor francés de Barcelona* (1999), de Bieito Iglesias; *Salvador de Occidente* (1999), de Nacho Taibo, e *Agora xa foi* (2000), de Vicente Araguas, todas elas coincidentes na data de publicación entre os últimos meses do 1999 ou os primeiros do 2000. Ademais de achegar cadansúa bibliografía breve, recóllese unha autopoética de cada autor, así como as opinións respectivas sobre o cambio de milenio.

_____, “Cidades santas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 288, 11 novembro 1999, pp. 1-12.

Aproximación a algunhas daquelas cidades do mundo que se converteron en núcleos de culto relixioso ou centros de poder económico, todas elas exemplos da “vaidade humana”. Nestes artigos achégasenos a cinco destas cidades: Santiago de Compostela, Varanasi, Nova York, Aimer e Quom, acompañado cada un dos textos dunha fotografía, e péchase o número cun texto de Lupe Gómez no que se ofrece unha visión crítica da sociedade mecanizada na que vivimos.

- Miguel Anxo Seixas, “Santiago”, p. 3.

Amplo repaso pola historia da cidade de Santiago de Compostela e do culto xacobeo, que se desenvolveu en toda Europa, e que lle deu auxe. Comezando polos séculos VI-VII nos que se empezan a consagrar igrexas a Santiago, pasando polos momentos históricos máis relevantes para o poder de Compostela, e chegando ata os nosos días, faise un pormenorizado resumo dos feitos históricos máis salientables da historia compostelá ligada á súa sé.

- Antonio Rodríguez López, “Varanasi”, pp. 4-5.

Descrición do acto de incineración que se fai nesta cidade entre os hindús e a actitude dos familiares presentes na cerimonia, reflectindo coa súa aparente tranquilidade unha concepción da morte como simple tránsito. Recóllese tamén a entrega do espiñazo ó río Ganxes para que se afunda nel, símbolo da entrega da alma ó morrer. Acompáñase cunha fotografía de Pierre Toutain.

Soedade Noia, “Nova York”, pp. 6-7. Símbolo mundial do poder económico, Nova York érguese como a “cidade santa” do mundo capitalista coa bolsa como o seu “Templo”. Despois dun breve repaso polas crises máis importantes que padeceu e superou, trázase a historia da que foi chamada Nova Amsterdam e que hoxe acolle a maior concentración de razas e linguas do mundo. A fotografía é de Jonh Reiser.

Claire Devos, “Aimer”, pp. 8-9.

Caracterizada como cidade de peregrinación a unha tumba, nárrase como o camiñante “Ganhi” fai a viaxe e entra nesta atmosfera de oración e pregaria que invade o recinto e que tenta transmitir ó lectorado. A fotografía é de Nacho Castellano, indicando que tanto a instantánea como o texto formaron parte da exposición “Peregrinos do Sufismo”, que tivo lugar no Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela.

- Lois Sandoval, “Quom”, pp.10-11.

Destacando as semellanzas entre Irán e Galicia na relevancia que a poesía adquiriu entre o pobo, faise unha achega á cidade de Quom, centro relixioso do chiismo, galla do Islam, e onde, como en Galicia, o obxecto de culto é unha tumba, a de Fátima ibn Musa, morta no 816. A fotografía é de Nasrollah Kasrain.

- Lupe Gómez, “Apéndices Malditas”, p. 12.

Sobre un fondo negro destácase en letras brancas esta reflexión crítica de Lupe Gómez sobre a presencia abafante de máquinas na vida do home actual, consideradas xa “apéndices” que nos escravizan e someten.

_____, “Os Noventa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 289, 18 novembro 1999, pp. 1-12.

Número dedicado á década que está a piques de rematar para a cultura occidental, repasando aqueles aspectos máis salientables acontecidos nestes dez anos e que, marcaron dun ou doutro xeito, o devir histórico de todos nós. Inclúense unha ilustración de Xoán Anleo co título de “09 suxos graos baixo cero”, e tamén as opinións que Cristina Lorenzo, Soedade Noia e A. R. López recollen de 17 persoeiros da cultura galega entre eles Fernández del Riego, Víctor Freixanes, Méndez Ferrín, Chus Pato ou Manuel Lourenzo. Nelas valoran o que cambiou a súa vida e a sociedade en xeral, salientando case unanimemente unha visión crítica da mesma por “acomodaticia” e individualista.

- Antonio Rodríguez López, “A década parva”, p. 2.

Nun texto pragado de enumeracións, Antonio Rodríguez dá a súa propia opinión do que para el caracterizaría estes dez anos, marcados especialmente polo poder da publicidade e dos medios de comunicación no mundo industrializado, así como as guerras e o sufrimento do terceiro mundo, ó que o primeiro se mantén alleo e indiferente.

- Xavier Cordal, “Diario (1990-1999)”, pp. 4-5.

Escollendo cinco datas desta década, o autor reflexiona sobre a súa propia vida e os cambios que experimentou o mundo que o rodea nestes dez anos. Se o 10 de novembro

de 1999 é a data final coa que comeza e que serve para botar unha ollada atrás, outras elixidas, aparentemente, ó chou recollen momentos da súa vida en diferentes circunstancias. Nelas percibe como o mundo tradicional vai desaparecendo e son os medios de comunicación os que mediatizan a nosa visión do mundo.

- Soedade Noia, “Cronoloxía”, pp. 6-7.

Percorrendo cada un dos anos desta década, recóllense aqueles feitos políticos e sociais máis sobranceiros, destacando en negriña os referidos ó nivel mundial ou a Galicia como pode se-la morte de intelectuais como Carballo Calero, Avilés de Tamarancos, Lois Pereiro, Laxeiro ou María Casares. Outros feitos como a chegada á presidencia da Real Academia Galega de Francisco Fernández del Riego ou a aspiración de Alfredo Conde ó premio Nobel de Literatura, son algúns dos aspectos salientados.

- X. Antón Castro, “¿A profecía estética do 2000?”, pp. 10-11.

Partindo da imposibilidade dunha previsión evolutiva das artes visuais, avalíase o estado actual da arte e as opinións xeradas ante a inmediatez do ano 2000. Recóllese a crítica de Artur Danto polo carácter comercial que esta adquiriu e tamén a de José Luis Abellán, quen prevé que o reto do novo milenio será a creación artística “do presente dende o presente baseado no uso equilibrado da razón”. Caracterízase a tendencia actual como

“glocal, fusión do global e do local”, reflexo “dunha historia mundializadora no seo do capitalismo máis feroz”.

- Lupe Gómez, “Libre e muller”, p. 12.

Canto á liberdade e á loita da muller por acada-los seus anceios de ser libre. Considérase a literatura e o xornalismo como unha forma de escapar da dura realidade.

_____, “Ríos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 291, 2 decembro 1999, pp. 1-24.

Conxunto de once textos nos que se informa da situación actual dalgúns ríos galegos, da súa localización xeográfica e dos proxectos estipulados para recupera-las súas ribeiras e acabar co problema da contaminación. Ademais diferentes autores e autoras colaboran mediante a escrita dun texto en prosa ou verso no que amosan a súa visión ou expoñen as súas reflexións en relación con eses ríos.

- R. Navia, “Ríos”, pp. 2-3.

Salienta a importancia dos ríos no noso contorno e nas cidades, e a destrucción deles a causa da intervención do home. Ademais fala do rumbo inexorable dos ríos nos que, segundo as teorías pedrayanas, a lei que “rexe o decorrer galego está dictada polo Atlántico” e que as formas, os ritmos, ... das paisaxes cinguidas polo noso horizonte obedecen á lei do Miño”. Resalta a elexía do profesor Abuín de Tembra verbo deste tema. Dá a súa opinión sobre o dominio da paisaxe por parte do home e faise eco da beleza dun río atravesando as vilas e da visión deste coma fronteira. Resume a situación actual de cada un dos ríos deste número en relación coa súa vila e achega unha listaxe doutros que tamén podían terse incluído neste traballo. Protesta pola fatídica situación dos ríos galegos e pola alteración do seu curso coa imposición de encoros ou presas. Remata

agradecendo ós persoeiros do goberno e ós escritores participantes a súa colaboración nesta entrega.

- Antonio Rodríguez López, “O Cabe”, pp. 4-5.

Explica os cambios do río mes a mes, ó mesmo tempo comenta o que sucede coa alma dos homes antes de se afogaren no río e cita as diferentes andanzas vividas con catro amigos nel.

- Anxo Angueira, “O Ulla”, pp. 6-7.

Alude á extensión territorial das súas augas e considérao o “máis grande dos nosos ríos pequenos”. Afirma que se fala de que o navegaron os celtas, romanos ou suevos; que “deu Porto de Iria e Compostela”, e que aínda hoxe se contan as historias de naufraxios. Lembra que Xabier Cordal denominouno centro do mundo e que por el seguen devalando e enchendo “as mareas vivas”.

- Francisco Pérez Lorenzo, “Lagares”, p. 8.

Acórdase do tempo que tardaba o tren en chegar ós altos de Corral namentres o río regaba o Val do Fragoso, e subliña que coa chegada do urbanismo e industrialización se converte no sumidoiro de numerosas industrias. Confronta a visión do río hai anos coa que contemplan hoxe os mozos. Salienta que para Otero Pedrayo os ríos Lagares, Cambeses ou Sárdoma unen o “segmento aúreo” de Lavadores, As Travesas e Coruxo. Indica qué regos verten a auga neste río e os lugares que rega.

- Rei Romeu, “Eume”, pp. 10-11.

Fai un percorrido polas zonas regadas polo Eume, destacando a paisaxe pintoresca do val inferior do río. Considera a Pontedeume a cidade histórico-medieval resgardada dos perigos mariños. Asevera que nestas terras moita xente atopou o seu paraíso terreal, facilita unha listaxe das terras e das illas bautizadas polos mariñeiros, ademais de lembrar que Castelao en *Sempre en Galiza* (1944) define de “veleidoso” o mar de Marola. Equipara a fusión do Eume na ría co esparcimento das cinzas no mar. Finalmente, comenta que no solsticio de verán o sol volve compoñe-la “sinfonía de crepúsculo”, versificada por Luz Pozo en *Códice Calixtinus* (1986).

- Marcos Valcárcel, “Miño”, pp. 12-13.

Lembra o significado que Otero Pedrayo lle daba ó Miño e resalta algúns dos sucesos relacionados co curso do río. Opina que os ourensáns son fillos da auga, das Augas Quentes das Burgas e, baseándose nun artigo de Florentino L. Cuevillas, “da indómita raza de mulleres que baixaban ás beiras de Oira”. Considera o “Pai Miño” deus da infancia, “símbolo da liberdade primixenia dos tempos” e lembra algunhas das vivencias dos veciños deste río. Alude a un artigo de Antón Tovar verbo dos suicidas, que se lanzaban dende a Ponte Vella, e indica que foi o río ó que cantou Curros Enríquez e sobre o que escribiron Celso Emilio, Miguel Moreiras, Millán Piconto ou Fernández Ferreiro. Finalmente, manifesta o redescubrimento que fan os ourensáns del peregrinando polas súas beiras e remata cos versos de Euxenio Montes sobre Ourense e o Miño.

- Ana Romaní, “Tambre e Traba”, pp. 14-15.

Evoca na súa poesía as cousas que xa non están e só recordamos ou soñamos, identifica a vida na auga coa memoria do que quixemos ser, do desexo de se-lo que non somos ó igual que o río quere se-lo mar.

- Jaureguízar, “Miño”, pp. 16-17.

Tilda de apaixonada, furiosa, particular e colectiva a relación dos lucenses co Miño. Explica o que coidan e o que contaminan os vintedous quilómetros que transcorren por esta provincia e o servicio que fan nos restantes estendidos polas terras miñotas. Destaca

os cambios producidos nesta zona e opina que os vintedous quilómetros son exhibición nas súas beiras da arquitectura civil. Considérao un lugar idóneo para o reto urbanístico e que por iso se manifesta en contra da construcción dun recinto feiral.

- Xavier Queipo, “O Sar”, pp.18-19

Explica o que debe ser un río para unha cidade e resalta que no Sar e Sarela a realidade que cantaba Rosalía cambiou e que agora son “dous ríos fedorentos, dúas cloacas infectas que orlan Santiago para nos recordar que os ríos poden ser, tamén, santuarios de morte”. Enumera o gran número de animais reais e mitolóxicos que flotan mortos, nas súas augas, e as causas destas. Alenta ós incredulos a visitar diferentes partes do curso do río para constatar isto e confesa que é “un pálido reflexo da realidade”.

- Alfredo Conde, “Arnoia”, pp. 20-21.

Presenta a súa memoria do Arnoia obtida de *Momentos de vivos*, segundo informa Navia no artigo co que se abre a “*Revista das Letras*”. Nesta narración cóntase en primeira persoa o sucedido nunha tarde de agosto xunto ó río Arnoia e describe as paisaxes e edificios que se atopan nas súas beiras.

Víctor Freixanes, “O Lérez”, p. 23 Rememora as opinións ou a visión que tiñan de Pontevedra catro escritores: George Borrow, o Padre Sarmiento, Castelao e Torrente Ballester. Subliña a ampla tradición literaria de Pontevedra e o potencial escénico recollido nas súas rúas e prazas e que para el esta cidade é a “crónica da memoria que agarda, o potencial dormido, a posibilidade do milagre (o reencontro coa identidade e, (...) o proxecto de futuro”. Indica unha nova visión desta tomando como referencia o río Lérez e a súa contínua e permanente viaxe á ría. Remata cuns datos xeográficos da Serra do Candán, dos afluentes, da fauna e dos novos proxectos na Xunqueira.

Lupe Gómez, “Os ríos son soños”, p. 24.

Poema no que se fai unha defensa do medio natural e en especial dos ríos para os que solicita respecto e coidado. Amosa as semellanzas entre os ríos, a natureza e o home e o que nos achegan. Identifica os ríos e a auga coa infancia, co paso do tempo, co fluír do noso interior e o nacemento ou principio de todo. Ve na natureza un símbolo da liberdade, da liberación, da busca, e fai aflora-lo mellor do ser humano.

_____, “Haiku”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 294, 23 decembro 1999, pp. 1-11.

O suplemento “*Revista das Letras*” dedícalle once das súas doce páxinas deste número ó *haiku* e recolle, ademais de corenta e cinco composicións deste tipo en versión bilingüe inglés-galego, os seguintes traballos asinados:

- Rosa Navia, “Intuición”, pp. 2-3.

Comeza cunha entrevista a Consuelo García Devesa, que en 1993 traducira setenta e sete *haikus* ó galego na editorial Espiral Maior. Precede a esta conversa a alusión a RicardoMartínez Conde, Xabier Queipo, Álvaro Cunqueiro, Seoane e Uxío Novoneyra ou Valle-Inclán como os principais “rastros” do esquema métrico “5/7/5”. Na conversa defínese o *haiku* “como unha cápsula concentrada de intuición, da que se elimina todo elemento supérfluo (...) cando se consegue ese estado de iluminación que os xaponeses chaman satori”. García Devesa acepta a posibilidade de que exista un *haiku* urbano e sitúa a Novoneyra e Cunqueiro como exemplos de escritores galegos que ensaiaron a fórmula do *haiku*. Engade que se trata dun estilo de vida que busca a simplicidade e a humildade das cousas pequenas na súa grandeza. Complétase o traballo cunha entrevista a Ricardo Martínez Conde, cultivador do *haiku*, que parte da idea de que “toda poesía debe tender ó

silencio” e di concibi-lo proceso creativo como unha forma de comprensión e entendemento.

- Antonio Rodríguez López, “Haiku”, p. 4.

Malia o interese suscitado en Vicente Risco e Álvaro Cunqueiro, refírese ó pintor Reimundo Patiño como introductor da forma xaponesa do *haiku* na literatura galega. Segundo Rodríguez López, gracias a Patiño, Novoneyra atopa nestas composicións un referente universal á poesía de fonda raizame telúrica que viña cultivando. Repara tamén no feito de que o *haiku* entre na literatura galega como un signo de tres caras: a pictórica, a poética e a cultural. Ademais de se referir a Novoneyra como “o fío que guíe a boa parte dos intentos para traducir ou recrear haiku en Galicia”, cita os nomes dalgúns autores máis novos que se mergullaron neste tipo de poesía como Xavier Seoane ou Ricardo Martínez Conde.

- Xabier Queipo, “Fluxo e mutabilidade. Flux e mutability”, p. 5.

Comeza cunha explicación na que se refire á medida fixa de dezasete sílabas distribuídas entre tres versos de cinco, sete e cinco sílabas. Ademais menciona a temática da natureza, polo que, di, sentimentos como a violencia ou o amor quedarían descartados segundo a concepción clásica do *haiku*. Denomina anti-haikus a aquelas composicións nas que si se lles dá cabida ó amor, á carraxe, á tenrura ou ó medo. Subliña finalmente a

Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

compoñente da contención, “a de transmitir nunhas poucas palabras o abraiamento que se sente diante da natureza e as súas marabillas”.

López, Uxía, “Manuel Fraga presidirá hoy en Padrón el homenaje a Rosalía y Maruxa Villanueva”, *La Voz de Galicia*, 24 febreiro 1999, p. 47.

Co gallo do CLXIIº aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, comenta a concesión dos títulos póstumos, de Filla Predilecta e Adoptiva, respectivamente, a Rosalía e Maruxa Villanueva. Apunta que entre os actos desta homenaxe da Fundación estarán a firma dun convenio de colaboración coa Consellería de Cultura para pór en marcha o Centro de Estudios Rosalianos, a presentación dun estudio etnográfico e de visitantes da Casa-Museo e do libro *Maruxa na Casa-Museo* (1999) e os persoeiros que interveñen nel. Nunha nota á parte, refírese ó “ilegal” nomeamento de Rosalía como “filla predilecta”, sen ser nomeada antes “filla adoptiva”.

_____, “Padrón e Rianxo renden homenaxe a Rosalía e Castelao no irmanamento”, *La Voz de Galicia*, 7 abril 1999, p. 47.

Noticia sobre o irmanamento que o martes de Pascua tivo lugar en Padrón entre as corporacións de Rianxo e Padrón e que, neste ano, constou das ofrendas florais que se realizaron ante a estatua de Rosalía de Castro e o busto de Castelao. Tamén dá conta dos discursos lidos polos rexedores das vilas citadas, nos cales fixeron balance dos últimos anos de relación que levan mantendo.

_____, “La Xunta apoyará el Centro de Estudios Rosalianos”/“A Fundación inaugura o xoves o centro de estudios rosalianos”, *La Voz de Galicia*, 19 febreiro 1999/11 xullo 1999, p. 36/p. 55.

Sinala que entre os actos conmemorativos do CXIVº aniversario do pasamento de Rosalía de Castro, está a inauguración do Centro de Estudios Rosalianos en dependencias anexas á Casa-Museo da Matanza. Explica a estructura deste edificio e dá conta das áreas de estudio das que disporá. Tamén dá conta da aparición das publicacións desta institución, que sairán en breve.

_____, “El Centro de Estudios Rosalianos prepara una edición escolar de *Cantares Gallegos*”, *La Voz de Galicia*, 9 setembro 1999, p. 47.

Indica que a Fundación Rosalía de Castro continúa preparando o traballo do hai pouco constituído Centro de Estudios Rosalianos, dirixido por Xesús Alonso Montero, quen destaca que proximamente verán a luz o anuario de Estudios Rosalianos, a bibliografía activa e pasiva da autora e a edición escolar de varios dos seus títulos. Tamén dá conta dos outros proxectos do Centro citado, entre os que está a “gran biblioteca rosaliana do mundo”.

_____, “Carmen Blanco, Olga Novo e Ana Romaní defenden a “luz e a sombra” de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 5 novembro 1999, p. 49.

Infórmase dos primeiros faladoiros literarios celebrados na Casa-Museo de Rosalía, baixo o título “Rosalía nas poetas galegas” e nos que participaron Carme Blanco e Olga Novo. Recóllense as afirmacións de Carme Blanco nas que cualificou de “dialogante” a poesía de Rosalía, e as declaracións nas que Olga Novo recoñeceu ter asimilado a actitude valente da escritora. Alúdese tamén ó diálogo lido por Ana Romaní.

_____, “La Casa-Museo de Rosalía ofrece un balance de 48.000 visitas hasta octubre”, *La Voz de Galicia*, 16 decembro 1999, p. 51.

Anúnciase a celebración da reunión plenaria anual da Fundación Rosalía de Castro e, con palabras do seu presidente, Agustín Sixto Seco, sublíñase a “boa saúde” da institución e da Casa-Museo. Sitúase en xullo de 2000 o inicio do funcionamento do Centro de Estudios Rosalianos baixo a dirección de Xesús Alonso Montero. Entre os obxectivos deste centro cítase a creación da máis importante colección bibliográfica sobre Rosalía de Castro ou a celebración de debates sobre a súa obra, así como, a posible creación dunha modesta colección co nome de “Vintecatro de febreiro” en referencia á data do pasamento da poetisa.

_____, “La Fundación Rosalía tendrá 19 millones en el año 2000”, *La Voz de Galicia*, 22 decembro 1999, p. 50.

Recóllese información relativa á reunión plenaria da Fundación Rosalía de Castro indicando os orzamentos desta institución para o ano 2000. Cítase tamén a entrada na Fundación de Helena Villar Janeiro e Luz Pozo Garza, así como o posicionamento da asemblea apoiando a postura doutras entidades en relación coa celebración de determinados actos en San Domingos de Bonaval, e reivindicando respecto e dignidade para este espacio. Finalmente, alúdese ó convenio subscrito coa Consellería de Cultura para a posta en marcha do Centro de Estudios Rosalianos.

López Calo, José, “Recordando a tres gallegos ilustres: Bouza Brey, Chamoso Lamas, Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, “Diario do domingo”, 16 maio 1999, p. 11.

Recorda a tres persoeiros da cultura galega como son Fermín Bouza Brey, Manuel Chamoso Lamas e Xosé Filgueira Valverde, apuntando a data e o modo nos que os coñeceu, ademais de referirse á relación que con eles mantivo a posteriori e algunha das súas cualidades máis representativas.

López Fernández, Xesús, “Triste adeus á vida do escritor Xoán Pérez Creus”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 2 maio 1999, pp. 12-13.

Partindo da súa obra *Poemas á nai* (1999), achega toda unha serie de datos sobre Xoán Pérez Creus. Así, ofrece unha pequena biobibliografía deste autor nado en Xaén en 1909 e que publicou en galego: *As canciós d´ise amor que se diz olvido* (1951), *As derradeiras pombas do serán* (1990) e *Os eidos do corazón* (1993). Tamén relata a maneira na que xurdiu o seu amor por Galicia e dá conta da súa colaboración no Iº Congreso de Poetas Alófonos de Lingua Galega e en numerosas publicacións galegas.

_____, “Un ferrolano ignorado”, *Diario de Ferrol*, 4 decembro 1999, p. 16.

Artigo centrado na figura de Xosé Fontenla Leal no que se denuncia o seu esquecemento por parte da cultura galega e se lembra a data do oitenta aniversario da súa morte, recolléndose as necrolóxicas aparecidas nos xornais cubanos da época, entre eles *El Diario Español*, no que se salienta a lealdade a Galicia durante a súa vida e a pobreza na que viviu e morreu; *El Diario de la Marina*, que recolle o seu desexo de ve-la terra redimida “por santos ideales”, ou a revista *Galicia*, que recolle a súa entrega persoal e material á causa de Galicia.

_____, “El patriotismo del intelectual ferrolano”, *Diario de Ferrol*, 4 decembro 1999, p. 17.

Reproducción dun artigo de Emilio Chané, publicado orixinariamente no *Diario Español* de La Habana, no que se describe a viaxe que fixo con Xosé Fontenla Leal a Galicia, salientando o forte sentimento pola terra dun home que marchou dela con catro anos, así como a emoción experimentada á súa chegada. En nota á parte, faise unha breve biografía de Xosé Fontenla Leal e recóllense algúns dos feitos que protagonizou como a reivindicación da Cátedra de “Lengua galaico-portuguesa” para a Universidade de Santiago de Compostela; a participación na fundación da revista *Galicia* ou na da Liga Regional Gallega.

Lorenzo, C., “Santiago acolleu onte a apertura da 1ª edición do ‘Salón do Libro Galego”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 14 decembro 1999, p. 29/p. 75.

Céntrase na charla impartida por Carlos Casares sobre xornalismo e literatura antes da inauguración do Iº Salón do Libro Galego. Segundo a noticia, o escritor ourensán dixo concibi-lo xornalismo como “unha actividade literaria, non informativa” e expresou a súa admiración por Pemán, César González Ruano e fundamentalmente por Vicente Risco, no que, dixo, descubriu a sinxeleza e claridade, estilo polo que sente preferencia.

_____, “Proxectos para o cincuentenario de Galaxia”/“Galaxia publicará a obra completa de Castelao para conmemorar os seus 50 anos de vida editorial”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 15 decembro 1999, p. 34/p. 73.

Notifica a celebración dunha exposición itinerante sobre a historia da Editorial Galaxia por diferentes cidades galegas así como, congresos e xornadas. Reproduce as verbas do presidente da editorial, Xaime Isla Couto, nas que lembra que a pretensión da editorial ó nacer era a de “adiantarse ó tempo combinando a cultura e a inspiración para que a nosa comunidade se concienciase dos seus propios valores”. Incide na louvanza que fixo o presidente sobre o labor de Ramón Piñeiro ó convencer a X. L. Méndez Ferrín e Xohana Torres para que se uniran nesa andaina editorial. Informa, tamén que Carlos Casares anunciou as diferentes novidades (un catálogo no que se recolle todo o publicado en Galaxia, a edición da obra completa de Castelao e a publicación do teatro) para conmemora-lo aniversario da editorial.

_____, “Traballando na memoria de Risco”, *O Correo Galego*, 24 decembro 1999, p. 37.

As palabras de Arturo Lezcano acompañan este repaso por algunhas das iniciativas que promove a Fundación Vicente Risco. Entre elas cítase a convocatoria do Premio “Risco” de Literatura Fantástica ou a catalogación das obras de Vicente Risco e do seu fillo Antón Risco. Neste sentido Lezcano non descarta que aínda se poida atopar algunha obra non coñecida do escritor ourensán.

Lorenzo, Maxi, “Mil bibliotecas máis ....”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 106, 15 maio 1999, pp. 2-3.

Recolle as opinións dos directores da Asociación Galega de Editores, da Federación de Libreiros de Galicia e das editoriais Edicións do Cumio, Edicións Xerais e Ir Indo sobre o nivel de vendas que existe na actualidade, as pretensións que teñen, o tipo de persoas que le en galego ou a situación das traduccións dentro da nosa literatura.

M. C., “La Casa de Cultura acoge una jornada literaria con Suso de Toro como invitado”, *La Voz de Galicia*, 26 febreiro 1999, p. 48.

Nota informativa sobre a xornada literaria que terá lugar na casa da Cultura de Ordes e que está organizada pola Asociación Cultural Obradoiro da Historia. Sinala que tal xornada contará cunha exposición de libros, unha conferencia de Suso de Toro e a actuación de Quico Cadaval e do grupo musical Pandeiromus. Tamén se refire á xornada literaria do ano anterior, centrada en Xosé Neiras Vilas.

_____, “Abogan por la existencia de compañías de teatro residentes en Galicia”, *La Voz de Galicia*, 30 maio 1999, p. 34.

Alude á celebración do encontro “Galicia e a Residencia Teatral”, clausurado o día 29 de maio en Compostela e organizado polo Consello da Cultura Galega. Entre as propostas que xurdiron deste evento destaca o establecemento de compañías encargadas de xestiona-los teatros públicos de vilas e cidades de toda Galicia. Neste momento, segundo informaron algúns dos asistentes ó encontro, a relación entre artistas e público está condicionada por empresas ambulantes procedentes do teatro independente. Por último, ofrece as opinións dalgúns dos representantes dos grupos de teatro que participaron no citado encontro, entre outros, Silvano Panichi, director do grupo de Teatro della Limonaia ou o catalán Josep Montaynes, responsable do grupo de Teatro Liure.

M. C. P., “Festa literaria na Chaira”, *El Progreso*, 6 agosto 1999, p. 40.

Informa do novo coñecido como o “irmán pequeno das Letras Galegas”, para marzo do ano 2000, e que deron en chamar “Día das Letras Chairegas”. Nesta primeira edición, prevese unha homenaxe a Manuel María. Segundo o encargado da comisión organizadora do evento, Xabier Cordal, este Día pretende ser “unha homenaxe a un escritor vivo da Terra Chá, sen que iso signifique marxina-los mortos”. Tamén se di que esta idea partiu dos alumnos, alumnas e profesorado do IESP da Terra Chá José Trapero Pardo, situado na localidade de Castro de Ribeiras de Cea.

M. D., “Canteira de finxidores”, *El Progreso*, 23 novembro 1999, p. 16.

Comenta, brevemente, a existencia dun obradoiro teatral no instituto Fonte Albei da Fonsagrada. Afirma que este tipo de obradoiros están moi estendidos no ensino medio que se imparte na provincia de Lugo. A seguir, a monitora deste obradoiro, Marga Portomeñe, actriz do grupo lugués Achádego, opina que o teatro no ensino ten unha serie de virtudes pedagóxicas, “apórtalles ós rapaces saber estar con máis xente, enfrontarse a situacións e coller confianza con eles mesmos”.

M. F., “El Aula de Teatro, a escena”, *Atlántico Diario*, 21 xaneiro 1999, p. 40.

Noticia sobre o comezo de actividades promovidas pola Aula de Teatro de Vigo. Entre outras, organizáronse varios seminarios divulgativos co obxectivo de converte-lo teatro nun feito central na vida dos estudiantes e profesores do campus de Vigo. Así mesmo, tiveron lugar cursos de interpretación e postas en escena. Para rematar, anúnciase a celebración do Iº Congreso Internacional de Estudios Teatrais.

M. G., “Ferrín: ‘Algúns gañadores do Nobel non me interesan en absoluto”, *La Voz de Galicia*, 20 xaneiro 1999, p. 34.

Recóllense as reflexións de Xosé Luís Méndez Ferrín despois de recibi-la noticia do seu nomeamento como candidato ó Premio Nobel de Literatura, por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Opina que se trata duns “premios coma outros calquera e unhas veces acertan na súa concesión máis que outras. Ten que ser moi difícil dirimir un Nobel cando en principio teñen que escoller entre tódalas literaturas do planeta”. A seguir, tamén se di que Méndez Ferrín foi nomeado este ano doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Para rematar, afirma que para o escritor o compromiso dos autores galegos co país non ten que reflectirse necesariamente no contido da obra, pero si no uso do idioma galego.

M. N., “Pronomes que arden”, *El Correo Gallego*, 13 xaneiro 1999, p. 75.

Achega parte das declaracións que Ana Romaní e Antón Lopo fixeron co gallo da presentación das súas obras, *Arden* (1998) e *Pronomes* (1998), respectivamente. A seguir, expón a opinión de Yara Frastechi e Helena González sobre a poética dos autores citados, ademais da de Miguel Anxo Fernán Vello, quen falou tamén do espectáculo *Lob*os, no que aparecen textos de *Arden* e *Pronomes*, entre outros.

_____, “Outono de letras galegas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 43, 21 xaneiro 1999, pp. 2-3.

Reflexiona sobre a importancia das relacións entre feminismo e literatura na actualidade. Céntrase en tres autoras, Marilar Aleixandre, Ana Romaní e Marta Dacosta, e analiza as súas obras. En primeiro lugar, salienta o cuestionamento do papel da muller que aparece no poemario*Arden* (1998), de Ana Romaní, e que continúa outra obra da autora titulada *Das últimas mareas* (1994). Así mesmo, Marta Dacosta confesa que *Setembro* (1998) só é un libro con protagonista feminina, aínda que o obxectivo da obra é “recuperar as devanceiras dende a figura nai como transmisora da problemática da muller e na súa revelación nun mundo onde non é recoñecida”. A continuación, para Marilar Aleixandre no seu *Catálogo de velenos* (1999), a figura da nai desenvólvese entre tensións. Por último, alude ó libro de Carmen Blanco, *Contradiscurso das mulleres* (1995), no que a autora afirma que na historia da literatura galega en xeral “o mito nai ou ese ‘escribir na casa da nai’ chega á letra de home e de muller e á terra. A grande nai é a personificación de terra”.

_____, “Home de ciencia para a Academia”/“Illa Couto, un home de ciencia, ingresa na Real Academia Galega”, *O Correo Galego,* “AFA”/*El Correo Gallego*, 30 xaneiro 1999, p. 37/p. 74.

Comézase falando da petición da Academia sueca á Asociación de Escritores en Lingua Galega para que propoña un escritor ou escritora galego ó Premio Nobel de Literatura, anunciando que esta propuxo ó escritor X. L. Méndez Ferrín, quen se mostraba sorprendido deste nomeamento. A seguir, achéganse algunhas notas biográficas do ourensán candidato ó Nobel. Por último, cita algunhas das súas obras como *O fin dun canto* (1982), *Amor de Artur* (1982), *Arraianos* (1991) ou *Estirpe* (1994), entre outras.

M. P., “Cunqueiro, omnipresente”, *El Progreso*, “Especial. Ferias y fiestas en Mondoñedo”, 16 outubro 1999, p. 42.

Presenta a colección do mindoniense Manolo Montero, considerada moi influenciada polo seu paisano Álvaro Cunqueiro. En primeiro lugar, dise que Montero comezou a recompilar programas de cine e novelas de amor e do Oeste, baixo a influencia cunqueiriana que marcou toda a súa vida. Logo explica que converteu o garaxe da súa casa nunha librería na que expuxo tódalas obras do mindoniense, e co paso do tempo, ampliou o número de salas e converteu o garaxe nun museo. Así mesmo, lembra que M. Montero interpretou o papel do mago Merlín por moitos concellos galegos e asturianos.

M. R., “Un sentido homenaje al poeta Francisco Añón”, *Galicia en el Mundo*, nº 326, “La huella de Outes en América”, 28 xuño-4 xullo 1999, p. XI.

Alúdese a un acto de homenaxe ó poeta Francisco Añón, organizado pola “Unión de Residentes de Outes en Sudamérica” e que tivo lugar no ano 1935. A seguir, proporciónanse algunhas notas biográficas do homenaxeado e faise referencia a outro acto que tivo lugar con motivo do vixésimo quinto aniversario da fundación desta Asociación. Finalmente dise que nesta ocasión, colocouse unha lápida de bronce na casa na que naceu Añón.

Maceira Fernández, Xosé M., "O Centro Dramático Galego estrea en español", *Praza do Obradoiro*, nº 22, xaneiro 1999, p. 13.

Refírese á polémica desatada por mor da montaxe "Valle-Inclán 98" levada a escena polo Centro Dramático Galego en castelán. Apoiándose no axioma do propio Valle, "o idioma dun povo é o alento espiritual da súa historia", critica este proxecto, pois considérao unha traición á cultura e á identidade do pobo galego. Na súa opinión, son os dirixentes do Partido Popular como Fraga ou Pérez Varela, quen executan as súas orientacións culturais e traizoan a cultura galega. Considera lícito o feito de traducir a Valle-Inclán ó galego por considerar que existen textos do propio autor nesta lingua como a composición "Cantiga de vellas" ou o consentimento do autor a que se traducisen tres contos que saíron publicados en *A Nosa Terra* no ano 1910. Opina tamén que o CDG desbotara a idea de representar *Divinas palabras* pois a familia de Valle-Inclán se negara a autoriza-la súa traducción ó galego. Incide despois na incoherencia de non ter en conta que o CDG é un órgano de difusión da lingua e denuncia o feito de que o proxecto se levou adiante co consentimento do Conselleiro de Cultura pagado por un organismo público galego "coa prioridade de lucirse no exterior".

Mallo, Albino, “Bonet ama a Rosalía”, *O Correo Galego*, 15 xaneiro 1999, p. 39.

Faise eco do labor feito por María del Mar Bonet, quen interpretou un tema dentro do disco de Amancio Prada, *Rosas a Rosalía*, e quen considera que Rosalía de Castro é unha das poetisas máis importantes do século XIX, “á que aínda non lle fixeron a xustiza que merece” e polo que considera que chegou o momento de facerlle “unha grande homenaxe mundial”.

_____, “Da Cal, a chave galega de Lorca”/“Gibson: ‘Si García Lorca escribió en gallego fue por Guerra da Cal”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 22 xaneiro 1999, p. 31/p. 75.

Fai referencia a algúns estudios que se publicaron e que se están a preparar sobre o poeta granadino Federico García Lorca. Isto sérvelle para achegar algúns datos biográficos e intelectuais de Ian Gibson, estudioso británico da obra do granadino, quen tamén apunta a influencia de Guerra da Cal en Federico García Lorca para a composición dos seus poemas en galego.

_____, “Lorca, verso e canción”, *O Correo Galego*, “Visións”, 4 marzo 1999, p. 4.

Comeza repasando a obra de Federico García Lorca e dá conta da versión que o Centro Dramático Galego fixo de *Yerma*, centrándose na relación que o autor andaluz mantivo con Galicia e con intelectuais galegos, froito da cal xurdiron os seus seis poemas galegos.

_____, “A fantasía dun pobo”/“Hoxe inaugúrase en A Coruña unha mostra sobre Arturo Cuadrado”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 5 abril 1999, p. 21/p. 67.

Dá conta da inauguración, na cidade da Coruña, dunha Mostra sobre Arturo Cuadrado, promovida pola Fundación Luís Seoane. Explica que a mostra coincide coa celebración do vixésimo aniversario da morte do pintor e escritor Luís Seoane e titúlase “Arturo Cuadrado: a fantasía dun povo”. Informa que nela reúnese unha colección de debuxos que distintos artistas fixeron sobre A. Cuadrado, entre outros, o propio Seoane, Xosé Vizoso, Carlos Maside, Arturo Souto, Siro, Eiroa ou Castelao. Ademais, ofrécese unha colección de fotografías do homenaxeado. Para rematar, alude á vida e obra do autor, quen colaborou en diversos xornais como *Pueblo Gallego*, *El País Gallego*, *Yunque* ou *El Sol*; fundou en Compostela a revista de humor *Don Claro*; publicou algúns poemarios como *Soledad imposible*, *Canción para mi caballo muerto*, *Loa indecisa* ou o libro en prosa *Noticia para unas noticias*.

_____, “A historia de tres vidas entrecruzadas, na Coruña”/“Os galeguistas Cuadrado, Luís Seoane e Lorenzo Varela, xuntos nunha exposición”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 6 abril 1999, p. 33/p. 74.

Breve comentario sobre unha exposición que a Fundación Luís Seoane organizou na Coruña sobre Arturo Cuadrado. Na exposición aparecen tamén Lorenzo Varela e o propio Luís Seoane, “tres grandes que formaron con Cuadrado un grupo de amigos e galeguistas que compartiron inquedanzas en Arxentina”. Infórmase de que nesta exposición presentouse un disco no que se recollen gravacións de versos de García Lorca, recitados por Lorenzo Varela, e de que o acto se iniciou cun recital poético a cargo de Pilar Pallarés, Manuel María, Miguel Anxo Fernán-Vello, Xavier Seoane e Luisa Villalta.

_____, “A Poesía completa de González Garcés”/“A Deputación da Coruña edita a obra poética completa de Miguel González Garcés, escrita en castelán e galego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 10 abril 1999, p. 35/p. 72.

Informa da presentación da obra poética de Miguel González Garcés nun volume que recolle toda a súa producción. Sinala, ademais, que está ilustrado coas fotografías de cadros que pertencen a artistas variados e que van dende os anónimos dos códices medievais ata Lugrís ou Díaz Pardo.

_____, “Contacto arxentino. Albino Fernández e Rodolfo Alonso chegan a Galicia para falar de Arturo Cuadrado”/“Os amigos arxentinos de Arturo Cuadrado falaron na Coruña da súa figura”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 15 abril 1999, p. 43/p. 76.

Alude a unha exposición sobre Arturo Cuadrado que se celebrou na Coruña, organizada pola Fundación Luís Seoane. Informa de que na mostra interviñeron dous amigos arxentinos do homenaxeado, o pintor e gravador Albino Fernández e o poeta e crítico de arte Rodolfo Alonso. Di que ámbolos dous participaron nun coloquio co biógrafo de A. Cuadrado, Antonio Chaves, recordando anécdotas protagonizadas polo escritor durante o seu exilio en Buenos Aires.

_____, “A Poesía completa de González Garcés”, *O Correo Galego*, “AFA”, 19 abril 1999, p. 35.

Dáse conta da presentación da obra na que se recolle toda a poesía de Miguel González Garcés, en galego e castelán, nun volume editado pola Deputación da Coruña. Tamén se di que no acto de presentación estiveron o presidente da Deputación da Coruña, Augusto César Lendoiro, e o presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego. A seguir, faise un breve resumo da vida e obra de Miguel González Garcés, poeta, historiador, ensaísta, crítico literario, director da Biblioteca Pública do Estado na Coruña e “colaborador de publicacións galegas así como dinamizador constante da cultura”. Remátase o artigo cunha alusión ó citado volume, que conta cun amplo estudio de Luciano Rodríguez.

_____, “María del Carmen Kruckenberg, unha poeta con praza propia”, *O Correo Galego*, 6 xuño 1999, p. 48.

Comenta que a cidade de Vigo lle rendeu unha homenaxe a María do Carmo Kruckenberg, dándolle o seu nome a unha rúa. A continuación, realiza un breve repaso a través do seu periplo vital, referíndose á súa asistencia con dezaseis anos ós faladoiros literarios do bar Derby vigués e ás relacións que mantivo en Buenos Aires con grandes intelectuais galegos e en Madrid con certos poetas sobranceiros. Por último, dá conta da súa producción literaria en castelán e galego.

_____, “Fóra de concursos”/“Nin máis concursos, nin feiras do libro para o escritor Alfredo Conde”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 3 agosto 1999, p. 32/p. 76.

Indica que Alfredo Conde cualificou de “boa novela” *Malaria Sentimental* (1999) e mostra as razóns polas que considera que non ten a repercusión doutras obras de inferior calidade. Comenta ademais que, a pesar de que presentara esta novela de Xavier Queipo, non ten pensado presentarse a máis concursos, nin asinar libros en feiras especializadas. Dá conta tamén do seu quefacer actual, sinalando que amais do seu artigo diario para a cabeceira compostelá, está rematando a traducción ó castelán dunha novela inédita que escribiu en galego,*Historia dunha guerra civil*.

_____, “Nova novela de Manuel Rivas”/“A nova novela de Manuel Rivas “será como un amor entre Rosalía e Lennon”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 13 decembro 1999, p. 16/ p. 73.

Comenta, brevemente, o argumento da próxima novela de Manuel Rivas, que se desenvolverá en Inglaterra e “terá como protagonista a unha muller galega no mundo da emigración”. Refírese ás declaracións nas que Rivas afirma que, aínda que os personaxes están sacados da vida real, como ocorre cos de *O lápis do carpinteiro* (1998), o que pretende é meterse “dentro da cabeza desa muller para coñecer as súas ideas polo que a historia será pura fantasía desenvolvida en Notting Hill que para eles é unha aldea, anque máis grande ca Vimianzo”. A seguir, fala da versión cinematográfica de *A lingua das bolboretas* e afirma que pronto se publicará o guión desta obra nunha nova colección de libros.

_____, “Fóronse Novoneyra, Fraguas, Torrente”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 decembro 1999, p. 25.

Cita algunas das grandes firmas da cultura galega que desapareceron ó longo do ano como Uxío Novoneyra, Gonzalo Torrente Ballester, José Ruibal, José Gándara Feixoo, Francisco Xosé Alcántara e Luís Moure Mariño; os pintores Manuel Colmeiro, Xosé Conde Corbal e Julio Tizón; os historiadores Antonio Fraguas, María Victoria Fernández España e Manuel Riobó ou os xornalistas Nicanor del Prado, Álvaro Ruibal, González Catoyra e Eugenio González de Haz. A seguir, cita outros nomes que destacaron no mundo do deporte, do cine, do ensino ou da política e que tamén morreron no ano 1999.

Martínez, Gonzalo, “Johán Carballeira volta a casa”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1999, p. 10.

Informa da inauguración dun monumento a Johán Carballeira no seu Bueu natal. Afirma quecentenares de persoas acudiron ó acto de homenaxe, presidido polo irmán do escritor, Ánxel Gómez de la Cueva. Así mesmo, dise que estiveron presentes Antón Patiño, Bernardino Graña, Bieito Iglesias, Camilo Camaño, Fernando Quintela, Xosé Manuel Pazos, Bieito Lobeira ou Suso Portela, entre outros moitos. A seguir, ofrece un breve perfil biográfico do xornalista, poeta e alcalde de Bueu durante o ano 1936.

Martínez Bouzas, F., “Premios literarios: unha servidume necesaria”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 3, 26 novembro 1999, p. 1.

Reflexiona sobre a concesión de Premios en Galicia. Afirma que os premios son polémicos pero, sen embargo, “todo o mundo está de acordo en que son un mal necesario e insustituíble dentro dunha literatura como a nosa”. Na súa opinión, os premios non lle achegan calidade ás obras literarias, senón só publicidade. Para rematar, expón un dos perigos que supoñen os certames hoxe en día: “que se convertan non só nos voceiros privilexiados, senón nos únicos voceiros das obras. Será a abominación da literatura”.

Martínez Sánchez, Rafael, “Lóstregos e Moxeñas”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del domingo”, “Con acento galego”, 4 abril 1999, p. 4.

Fai referencia a un libro de Xosé Trapero Pardo titulado *Lóstregos e Moxeñas*, publicado en 1926 polo Centro de Acción Social de Mondoñedo. A seguir, presenta algunhas consideracións que deduciu da lectura do citado libro. Reproduce algúns fragmentos da obra e afirma que o paso polo Seminario deulle “un ton moralizante a algúns dos seus pensamentos”. Tamén sinala que nos seus versos aparecen “o agradecemento, a ingratitude, a amizade, o respecto, a exaltación das cousas ben feitas e dos valores humanos, a responsabilidade, a honradez ou o amor”.

Menán, Marta, “Marta Rivera. ‘Se da más importancia a la campaña editorial que al libro en sí”, *El Progreso*, “Gente”, 10 xaneiro 1999, p. 24.

Reprodúcese unha conversa entre Paco Martín, Premio Nacional de Literatura Infantil, e alucense Marta Rivera, recentemente galardoada co Premio Ateneo Joven de Literatura. Ámbolos dous coinciden en que agora resulta moito máis difícil publicar un libro que hai anos. Paco Martín admite que nunca tivo problemas para publicar unha obra; sen embargo, Marta Rivera opina que hoxe se lle dá máis importancia ás relacións entre prensa e literatura que ó libro en si. Así mesmo, os dous coinciden en que hoxe se compran máis libros, sen embargo, non están seguros de que iso signifique que tamén se le máis.

Méndez, M., “El Concello de Rianxo conmemora el aniversario del nacimiento de Castelao y de Rafael Dieste”, *Faro de Vigo*, 15 xaneiro 1999, p. 20.

Informa da celebración, por parte do Concello de Rianxo, dunha homenaxe a Daniel R. Castelao e a Rafael Dieste con motivo do aniversario dos seus nacementos. Dise que os actos organizados polo Concello de Rianxo, a Fundación Castelao e a Xunta de Galicia comezaron coa presentación da tetraloxía *Castelao ou a paixón de Galicia* (1986-1989). A seguir, coméntase que tiveron lugar as conferencias “Castelao e Dieste no exilio galego” e “Dieste: unha vida dende a fiestra”; a proxección dun documental titulado “Castelao”, unha sesión de animación á lectura, a exposición “A fiestra valdeira” e as mesas redondas “Dieste e o teatro” e “Rianxo Atenas de Arousa: Relación entre os grandes autores rianxeiros”, entre outros actos.

Meniño, Belén, “Homenaxe a Ferrín en vésperas do Honoris Causa”, *Redación Xove*, nº 24, maio 1999, p. 7.

Fala da homenaxe que se lle rendeu a Xosé Luís Méndez Ferrín no Instituto Santa Irene de Vigo consistente nun recital poético e musical protagonizado polos propios alumnos do centro.

Mirás, Nacho, “El teatro gallego pide una dimensión ‘de servicio público”, *La Voz de Galicia*, 1 xuño 1999, p. 29.

Expón a petición do director de Librescena, Manuel Rabón, quen desexa que a Xunta apoie o teatro “igual que fai coa moda e co viño”. Tamén recolle a opinión sobre a situación actual do teatro do director de Teatro Atlántico, Xulio Lago, quen considera que o seu principal problema é a súa condición de “itinerante” e lamenta que non collera unha dimensión de “servicio publico” e que sobreviva gracias ás subvencións. Tamén recolle o parecer da directora da Compañía Marías, María Bouzas, e de Raúl Dans sobre as carencias que atopan no teatro galego e a ausencia deste no programa do Xacobeo.

_____, “A Fundación Fraguas conservará o legado do intelectual galeguista”, *La Voz de Galicia*, 10 agosto 1999, p. 28.

Noticia sobre a firma do documento da creación da Fundación Fraguas, que terá que “proxectar, conservar e dinamiza-lo patrimonio” que o cronista oficial de Galicia e toda a xeración que el representa crearon e rescataron “para a conservación da futura memoria de Galicia”. Tamén alude á confianza de Antonio Fraguas no labor que deberá desenvolve-lo organismo que leva o seu nome e ós seus vínculos co galeguismo, ademais de dar conta doutros fragmentos que aparecen no citado documento.

_____, “Casares anuncia la creación de la Escola Galega de Arte Dramática”, *La Voz de Galicia*, 3 novembro 1999, p. 81.

Anúnciase a creación dunha Escola Galega de Arte Dramática en Compostela, ademais de que o presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, afirmou que o Concello compostelán facilitou como local unha antiga escola do barrio de Vite, e engadiu que a biblioteca do Consello da Cultura Galega recollerá as obras de autores galegos traducidos a outras linguas.

Moar, F. e M. **Nine**, “As subvencións do Igaem non satisfacen á dramaturxia galega”, *La Voz de Galicia*, 4 agosto 1999, p. 28.

Mostra a opinión de diversas persoas vinculadas co mundo do teatro sobre a escaseza das subvencións, a ausencia dalgunha recompensa polo seu labor, a mellora das infraestructuras e a carencia de premios. En espacios á parte, tamén recolle o parecer de Roberto Vidal Bolaño, Raúl Dans e Manuel Riveiro sobre as mesmas cuestións.

Molina, César Antonio, “Rianxo en el centenario de Dieste”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas”*, nº 66, 23 febreiro 1999, p. 2.

Dá conta da visita a Rianxo no centenario de Rafael Dieste e na que percorre as rúas da vila natal do escritor que el coñecera en vida. Achégase ó camposanto onde tamén está Manuel Antonio e lembra, finalmente, as súas visitas ás casas de Rafael Dieste e Manuel Antonio, dicindo que lle suscitan recordos dos escritores rianxeiros.

_____, “Pies de foto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 71, 30 marzo 1999, p. 6.

Reflexiona sobre a importancia de facer ben calquera tarefa xornalística e pon como exemplo ospés de foto que escribiu Álvaro Cunqueiro, opinando que deberían considerarse un xénero de opinión dentro dos editoriais.

Moskowich, Roberto L., “Elia Rico, nueva directora de “Poesía Galicia”, *El Ideal Gallego*, “Torre de Cristal”, 18 outubro 1999, p. 14.

Recóllense os cambios producidos na dirección da revista *Poesía Galicia*, publicada pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF). A seguir, ofrece un breve percorrido pola vida da nova directora, a poetisa e escritora Elia Rico Langarón, nada en Meira (Lugo) e residente en Ferrol dende o ano 1979. Cita os membros do Consello de Redacción: Ricardo Díaz-Casteleiro Romero, Mary Pepa Antón, Carlos P. Perille, Manuel Vázquez Méndez e Carlos Barcón, como coordinador do equipo. Para rematar, informa que o novo número da revista prevese que saia á luz en xaneiro do 2000.

Mosquera, Javier, “Ferrín, Casares y Rivas firmarán sus obras en la XXV edición de la feria del libro”, *Faro de Vigo*, 30 xuño 1999, p. 6.

Informa da XXVª edición da Feira do Libro, que, segundo os seus organizadores, ten como obxectivo dar auxe ó libro e á literatura galega. Tamén dá conta das actividades complementarias que estes anunciaron, entre as que se atopan a presencia de autores coma García Bodaño, Xesús Alonso Montero e X. L. Méndez Ferrín, e mostra o seu parecer sobre o aumento constante das vendas.

N. M., “Denuncian el “desprezo” de la Xunta al teatro de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 5 maio 1999, p. 38.

Faise referencia á manifestación celebrada en Santiago e convocada pola Coordinadora de Compañías de Teatro Profesional e Títeres de Galicia para “denunciar o absoluto desprezo co que a Consellería de Cultura trata ó teatro galego en relación ó Xacobeo 99”. Coméntase que os manifestantes se queixan de que a Xunta os ignora mentres que a institución autonómica salienta que dedica o 80% dos presupostos ó teatro de Galicia.

_____, “A Real Academia Galega contará con cinco novos integrantes”, *La Voz de Galicia*, 12 decembro 1999, p. 89.

Anúnciase que o Ministro de Cultura, Mariano Rajoy, comprometeuse nunha reunión coa xunta directiva da Real Academia Galega a achegarlle unha axuda económica debido á súa importancia para toda a sociedade, e que o número dos académicos verase aumentado en consonancia coa gran cantidade de investigadores que hai nas diversas áreas, sen esquecer uns novos estatutos.

Navia, R., “O pallaso vólvese bufón cando virán anos peores”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”*, nº 60, 6 maio 1999, p. 2.

Dá conta de como naceu o grupo teatral formado por Evaristo Calvo, Mofa, e Víctor Mosqueira, Befa, e explícanos algunhas das claves do seu teatro “perralleiro”, que procura a risa como constante, incluso de feitos tan poucos divertidos como o conflicto servio-albanokosovar.

_____, “Estercando sentimentos con decorado de faiado”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 60, 6 maio 1999, p. 3.

Informa das empresas teatrais e dos proxectos televisivos e cinematográficos nos que participaron os integrantes do dúo teatral Mofa e Befa, e Quico Cadaval, “cabeciñas do teatro marxinal”. Así mesmo, anuncia o próximo proxecto de dramaturxia da obra de Castelao, *Os dous de sempre*, que os tres actores pretenden levar a cabo dun xeito “algo máis serio”.

_____, “Cuspe de grilo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 286, 28 outubro 1999, p. 3.

Con motivo da presentación do libro de Manuel Outeiriño, *Letras vencidas* (1999), fálase sobre a literatura e a súa importancia e faise unha crítica sobre a quén lle é concedido o Nobel e por qué non llo deron a Xosé Luís Méndez Ferrín. Manuel Outeiriño, ademais de falar sobre o feito de non lle concede-lo Nobel a escritores galegos critica o feito de pertencer á Unión Europea, porque malia pertencer a ela neste caso parece que non existimos para eles.

Neira, E., “Fernández del Riego quere a RAG ‘ó completo’ antes do 17 de maio”/“Fernández del Riego agarda que os ingresos pendentes da Real Academia se efectúen antes do Día das Letras Galegas”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 5 marzo 1999, p. 31/p. 75.

Recóllense as declaracións do actual presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego, quen comentou a súa intención de que os tres membros pendentes de ingresar, o arquitecto Andrés Fernández Albalat e os filólogos Ramón Lourenzo e Francisco Fernández Rei, lean o seu discurso antes do Día das Letras Galegas. Coméntase o contido do discurso de cada un deles e péchase a noticia co anuncio da proposta, por parte de Fernández del Riego, de engadir unha nova figura: a de académico emérito.

_____, “Literatura de hoxe e economía: o encontro”/“Alfredo Conde e Luís Caramés analizaron as relacións entre economía e literatura”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, “AFA”, 5 marzo 1999, p. 35/p.75.

Fala do encontro entre o escritor Alfredo Conde e o economista Luís Caramés como unha das actividades do Máster de Administración Financeira e Tributaria. Recolle as palabras do escritor allaricense nas que manifesta a influencia da economía e do mercado sobre a literatura actual, e agrupa os escritores “en dúas clases: os de prestixio e os mediáticos”, ademais de considerar que a literatura galega está a atravesa-lo seu mellor momento.

_____, “O Centro Galego de Barcelona recoñece a obra sobre a emigración de Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, 17 decembro 1999, p. 75.

Refírese á entrega dun diploma e unha insignia de ouro a Xosé Neira Vilas polo Centro Galego de Barcelona como recoñecemento do seu labor literario sobre a emigración, acto ó que se di que asistiron outras personalidades do mundo da cultura, entre eles a súa dona e compañeira na emigración Anisia Miranda, o editor Sotelo Blanco, presidente do Centro Galego de Barcelona, ou Herminio Barreiro, así como Alfredo Conde e Borobó.

Neira, Enrique, “Algunhas páxinas literarias e históricas sobre A Ulla”/“Algunhas páxinas literarias e históricas sobre A Ulla”, *El Correo Gallego*, “ Especial XIX exaltación do viño da Ulla”, 5 marzo 1999/11 abril 1999, p. XIX/p. XXIII.

Faise un percorrido polas distintas obras literarias que falan sobre a comarca do Ulla, entre estas: un poema de Avelina Valladares, algúns escritos do seu irmán Marcial Valladares, a obra*Descripción del Reino de Galicia* (1550), de Bartolomé Sagrario de Molina; *A orillas del Ulla* (1875), de Alfredo Vicenti; *Soazes d’un vello* (1886), de Benito Losada; *Memorias dunha terra* (1973), de Xosé María Castroviejo; algúns fragmentos de escritores da Xeración Nós coma: Otero Pedrayo, Castelao, Roberto Blanco Torres e Antón Fraguas; e, por último, o libro *El Camino de Santiago por el sudeste* (1992), de Manuel Reimóndez Portela, Mariano Sinde e José Espiño. Todo o artigo ten fragmentos destes libros citados anteriormente.

Nine, M./F. **Moar**, “O mundo da literatura mostra o seu descontento co Xacobeo”, *La Voz de Galicia*, 17 agosto 1999, p. 27.

Comenta que o grande acontecemento que supón o ano xubilar compostelán non está a axudar ó aumento da venda dos libros en galego. Explica que algúns escritores, entre eles Méndez Ferrín critica este feito, dicindo que os libros sobre o Xacobeo que se están a vender son en castelán; o poeta Manuel María fala sobre o pouco aproveitamento deste evento para a promoción da cultura galega, mentres que Miguel Anxo Fernán-Vello se queixa porque son os non galegos os que se están aproveitando dos beneficios do ano xubilar. Por último, Suso de Toro di que todo é puro “marketing” para coñecer Galicia xeograficamente, “as praias e o marisco” pero non a súa cultura e lamenta a ignorancia e o desprezo dos españois cara á lingua galega.

Nine, Marcos, “Continental fará dúas películas con textos de Suso de Toro”, *La Voz de Galicia*, 12 agosto 1999, p. 29.

Anúnciase que a productora galega Continental e o autor galego Suso de Toro preparan xuntos a producción de dúas películas: *As trece baladas* e *A sombra cazadora* (1994). Deste xeito, preséntaseno-lo argumento da primeira das películas e os escenarios onde se vai rodar, entre eles os interiores da Catedral de Santiago de Compostela e do Pazo de Raxoi, cualificados tanto polo director da película, Xavier Villaverde, coma polo novelista, guionista e autor do argumento principal de “escenario de luxo”.

_____, “As autoras galegas negan que exista unha literatura feminina”, *La Voz de Galicia*, 4 setembro 1999, p. 30.

Debido ás declaracións da profesora da Universidade Menéndez Pelayo, Alicia Redondo, sobre a non existencia de literatura feminina, algunhas das escritoras galegas disenten e dan as súas propias opinións, entre elas Olga Novo e Emma Couceiro, que coinciden en que as diferencias non son estilísticas senón interiores, identificándoselles antes pola temática empregada que pola estructura dos versos, e lembrando tamén o papel da muller na lírica tradicional; Concha Blanco fala sobre a importancia da muller na literatura de trasmisión oral, considerando que ela é a primeira en leva-la literatura ós fillos por medio dos contos e das cancións; para Fina Casalderrey non hai diferencia porque se a unha obra lle tapamos o nome do autor non sabemos se é home ou muller, mentres que segundo Luz Pozo Garza dáse unha diferenciación temática, considerando que a muller tende máis á lírica pola súa emotividade. Por último, Marina Mayoral destaca que se homes e mulleres non son iguais socialmente non poden selo literariamente.

Noguerol, J., “Víctor Campio: ‘Insumiso’ adelantado”, *La Región*, 11 xullo 1999, p. 15.

Fala sobre o autor Víctor Campio Pereira, ó que tilda de “insumiso adiantado” na presentación do seu libro *Baixo o sol do Magreb* (1998), do cal nos conta o seu argumento e destaca a segunda parte criticándolle o feito de non recrearse máis no universo musulmán, o Tetuán da posguerra cheo de conspiradores, espías e independentistas.

Noia, Soedade, “As 10:52, en Compostela”, *O Correo Galego*, 31 outubro 1999, p. 22.

Recóllense tódolos datos sobre o percorrido do cadaleito de Uxío Novoneyra, así como os horarios e lugares polos que pasará. Tamén se recolle o pesar de Miguel Anxo Fernán-Vello e algunhas apreciacións sobre a relevancia deste poeta na literatura.

_____, “A luz”, *O Correo Galego*, 31 outubro 1999, p. 23.

O escritor Manuel María lembra os momentos da súa vida compartidos con Uxío Novoneyra, recolléndose tamén as palabras doutros escritores como X. L. Méndez Ferrín ou o presidente da Real Academia Galega, F. Fernández del Riego, sobre o Poeta do Courel. Sinálanse outras mostras de dor como as das escritoras e amigas do poeta María do Carmo Kruckenberg e Luz Pozo Garza, coincidindo todos eles no verso do propio Novoneyra “a morte non é certo”.

_____, “Uxío Novoneyra será homenaxeado esta tarde polos homes das letras en Lugo”, *El Correo Gallego*, 31 outubro 1999, p. 75.

Refírese a que á homenaxe a Uxío Novoneyra asistiron todo tipo de persoeiros, tanto do mundo da política coma das letras. Coméntase que este poeta desexaba que o soterrasen na terra onde naceu, O Courel, desexo lembrado en rolda de prensa polo seu amigo o escritor Miguel Anxo Fernán-Vello. Remátase aludindo ás palabras do crítico literario Xosé Lois García, quen dixo que era “conversador e entrañable” e cítanse algúns dos seus poemarios.

_____, “Un milleiro de persoas despediron en Lugo a Uxío Novoneyra, un emblema da lingua”, *El Correo Gallego*, 1 novembro 1999, p. 74.

Noticia do enterro do poeta galego Uxío Novoneyra celebrado no cemiterio de San Froilán, en Lugo, lugar no que o seu amigo e poeta Manuel María quixo dedicarlle unhas palabras, ó igual que Miguel Anxo Fernán-Vello que recitou os versos da “Letanía de Galicia”. Infórmase de que a este acto acudiron ademais de personaxes do mundo político e literario os propios veciños do Courel. Aparece tamén unha brevísima biobibliografía deste poeta “un dos máis relevantes en lingua galega de tódolos tempos”, destacando sobre todo por inmortalizar na súa obra a paisaxe da serra e polo lirismo da palabra.

Olano, Antonio D., “Ramón Cabanillas, un poeta que cantó a la raza de un pueblo”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 10 xaneiro 1999, p. 3.

Fálase sobre o poeta Ramón Cabanillas, incluíndo palabras do propio escritor. Refírese ós seus faladoiros e ó seu ingreso na Real Academia Galega, e remata ofrecendo unha breve biobibliografía do autor.

_____, “Borobó, más que periodista”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 17 xaneiro 1999, p. 3.

Raimundo García Domínguez, “Borobó”, é loado polo autor deste artigo, quen fala de como xurdiu o seu pseudónimo e da vida deste político, presidente da Agrupación Socialista de Boiro e comisario político. Da súa faceta como escritor e xornalista salienta obras como *La Bella Otero, Tina la Piñeira* ou *¿Quién mató al meco?*, ademais das colaboracións no *Diario de Pontevedra*, *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego*, entre outros. Finalmente, inclúese unha breve biografía.

_____, “José María Castroviejo, magia literaria”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 26 setembro 1999, p. 3.

Lémbrase a vida de José María Castroviejo, profesor de Economía e Facenda da Universidade de Santiago de Compostela. Achégase tamén ás opinións do profesor sobre a emigración ou a forma de ser dos galegos.

_____, “ Luz Pozo Garza, poeta de las claridades”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7* ”, 17 outubro 1999, p. 3.

A modo de carta, o autor do artigo desvela a súa admiración por Luz Pozo Garza, sobranceando a busca da variedade dentro de si mesma. Afirma que a poesía galega está por riba da poesía española con moi bos poetas. Destaca a excesiva tendencia que hai nos mozos de agora pola poesía erótica e, finalmente, reprodúcense algúns fragmentos da poesía de Luz Pozo Garza.

Olarte, Miguel, “*Na boca do lobo*’, una Caperu-cita al rojo vivo”, *El Progreso*, 12 febreiro 1999, p. 75.

Informa que a editorial Tris-Tram fixo a presentación do libro *Na boca do lobo* (1998) no que dez escritores, entre eles, Paco Martín, Isidro Novo, Santiago Jaureguizar e Manuel Darriba, xunto coa fotógrafa María José González, encargada das fotos que aparecen no libro, dan a súa visión sobre o conto *Carapuchiña Vermella*, de Charles Perrault. Recóllense algunhas das opinións dos participantes como Isidro Novo, quen destaca principalmente ó lobo dicindo que é “unha víctima máis”, mentres que Paco Martín centrouse na figura do cazador do final do conto. Tamén Jaureguizar fala do lobo, aínda que salienta que é un lobo moi especial, “cun deportivo vermello e que vive nos Ancares”. Remata destacando que tanto Manuel Darriba coma o resto dos escritores coinciden en resalta-la carga sexual dos personaxes.

_____, “Jaureguizar cree erróneo el criterio del Día das Letras”, *El Progreso*, 17 maio 1999, p. 74.

Sinala que na Feira do Libro de Lugo no Día das Letras Galegas os escritores Xoán Neira e Santiago Jaureguizar, firmaron exemplares dos seus libros. Dise tamén que Jaureguizar analizou algúns aspectos da literatura galega na actualidade, que vai crecendo pouco a pouco tanto no caso das editoriais coma no caso dos escritores mozos.

_____, “A cultura galega entoou a súa derradeira letanía por Novoneyra”, *El Progreso*, 1 novembro 1999, p. 73.

Noticia referente ó soterramento de Uxío Novoneyra, no transcurso do cal Miguel Anxo Fernán-Vello foi o encargado de ler, ante centos de persoas, a “Letanía de Galicia” dedicada a Novoneyra. Dise que Manuel María tamén lle adicou, moi emocionado, unhas palabras e destacou tamén que Novoneyra foi un dos primeiros en decatarse de que “a lingua galega é a que nos distingue do resto do mundo”.

Osorio, Olga, “Independiente de profesión”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 10 xaneiro 1999, p. 24.

Breve repaso biográfico sobre Manuel Lourenzo que, despois do seu paso por cidades como París, Moscova, Colonia e Düsseldorf, se dedicou exclusivamente ó teatro, foi actor, director, escritor e mestre. Tamén se apunta que O Facho, El Teatro Circo e Casa Hamlet son algúns dos nomes da súa traxectoria profesional incluíndo a historia do teatro independente de Galicia.

Otero, Elva, “Letras, lingua e ensino”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 abril 1999, p. 43**.**

Anúnciase a celebración das IXas Xornadas de Lingua e Literatura, organizadas pola CIG-Ensino e a AS-PG, durante tres días nos que se prevé levar a cabo numerosos actos tanto de entretementos coma culturais, así como contar coa presencia de Manuel Lourenzo González, Xaquín Marín ou Alfonso Eiré, entre outros.

_____, “O espello confuso de María do Cebreiro”/“A poeta María do Cebreiro presentou o seu novo poemario “*O estadio do espello”, O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 abril 1999, p. 32/p. 74.

Noticia da presentación de *O estadío do espello* (1998), de María do Cebreiro. Faise referencia á presencia de Fran Alonso, responsable da colección “Ablativo Absoluto”, a poeta Olga Novo e a profesora e poeta Helena de Carlos. Apúntase finalmente que este acto se celebrou na Galería Sargadelos de Compostela.

Otero, Marcos, “Dedican el primer Día das Letras Chairegas al poeta Manuel María”, *El Progreso*, 26 maio 1999, p. 22.

Céntrase na primeira edición do Día das Letras Chairegas, adicado ó poeta Manuel María. Coméntase que o propio autor estivo na presentación deste acto e destacouse sobre todo que non se trata só de actividades literarias senón tamén deportivas e de convivencia e que só se homenaxeará a autores vivos. Por último, fálase da creación dunha páxina web propia e a promoción da publicación dun libro onde cincuenta autores glosan a figura de Manuel María.

Outeiriño, Maribel, “La amistad de los Alberti con Blanco Amor”, *La Región*, 29 outubro 1999, p. 88.

Sinala que o escritor ourensán Eduardo Blanco Amor mantivo unha boa relación co poeta gaditano Rafael Alberti e a súa muller, ademais de que a Biblioteca da Deputación de Ourense conserva algúns debuxos e cartas, aquí presentadas, que este matrimonio lle enviaba a Blanco Amor. Tamén di que a Biblioteca lle solicitou á Fundación Alberti as cartas ou, cando menos as copias, que o escritor ourensán lles enviou a eles.

P. B., “As Fundacións Castelao e Caixa Galicia preparan o ano Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 900, “Guieiro Cultural”, 16 setembro 1999, p. 25.

Infórmase dos proxectos que a Fundación Castelao, en colaboración coa Editorial Galaxia e a Fundación Caixa Galicia, porá en marcha para conmemora-lo cincuenta cabodano da morte deste escritor galego. Sinálase que, entre os distintos traballos conxuntos previstos, se atopa a realización dunha mostra biográfica e dunha exposición sobre a actividade pictórica de Castelao, ademais da publicación da obra completa do autor rianxeiro. Anúnciase tamén a celebración dunhas xornadas sobre o escritor homenaxeado e o exilio galego, así como o congreso “Cultura e nacionalismo en Galicia na época de entreguerras”. Por outro lado, recóllense as declaracións de Xosé Manuel Seixas, nas que amosa o seu apoio á proposta do BNG de crear un “Museo Castelao”.

_____, “Un congreso analizará en Rianxo la vida y obra de Castelao en su 50 aniversario”, *El Correo Gallego*, 13 decembro 1999, p. 73.

Informa da celebración en Rianxo dun congreso sobre a vida e obra de Daniel R. Castelao, actividade programada pola Xunta de Galicia, para conmemora-lo décimo quinto aniversario da súa morte. Explica que nel se analizan os diferentes aspectos do “pensador como escritor, artista y político” e destínase cada día ó estudio dunha das súas facetas. Comenta o desexo dos organizadores de constituír neste encontro un foro aberto e plural, e enumera outros actos previstos por este organismo como a recompilación da súa obra completa, conferencias no Centro Galego de Arte Contemporáneo ou unha ofrenda floral, ademais dos organizados na Arxentina coa habilitación como Centro Cultural Galego da casa de Manuel Puente e unha exposición con fondos do Centro Gallego de Buenos Aires.

P. C., “Escritores e estudosos das letras participarán nas IX Xornadas de Língua e Literatura”, *A Nosa Terra*, nº 878, “Guieiro Cultural”, 15 abril 1999, p. 33.

Noticia da celebración das IXas Xornadas de Lingua e Literatura, organizadas pola CIG-Ensino e AS-PG. Dise que van dirixidas especialmente ós mestres, co fin de fomenta-lo debate sobre a situación sociolingüística e literaria do país, ademais de sinalarse a participación de autores como Suso de Toro ou Marta da Costa, ó lado de estudiosos das letras galegas, entre os que se atopan, Manuel Lourenzo, Henrique Monteagudo, Manuel Ferreiro e Pilar Pallarés. Tamén se apunta que acollerá actividades de diverso tipo, entre as que destaca o espectáculo multimedia no que se recrean poemas de *Os Eidos* (1955), de Uxío Novoneyra.

_____, “Nasa e Galán considéranse excluídas do debate sobre teatro organizado polo Consello de Cultura”, *A Nosa Terra*, nº 884, “Guieiro Cultural”, 27 maio 1999, p. 30.

Anuncia a celebración dunhas xornadas para debate-la situación do teatro en Galicia e, sobre todo, a posibilidade de que as compañías teñan salas de representación propias, ó tempo que recolle as declaracións de Ana Vallés, da sala Galán, e de Xesús Ron, da Nasa, que mostran o seu malestar por non ter sido convidados ós encontros. Así mesmo, recolle as bases da carta aberta, asinada por estas dúas salas para amosa-la súa disconformidade con esta exclusión na que, entre outras cousas, dan conta da experiencia acumulada durante os anos de traballo e cuestionan a propia Comisión Técnica de Teatro do Consello, organizadora dos encontros.

_____, “As salas Nasa e Galán consideran que faltou pluralidade no encontro do Consello da Cultura”, *A Nosa Terra*, nº 885, “Guieiro Cultural”, 3 xuño 1999, p. 33.

Resúme o acontecido no encontro “Galicia e a residencia teatral”, celebrado no Consello da Cultura Galega, para tentar solventa-lo problema da itinerancia, considerado un dos principais atrancos do teatro galego actual. Sinálase que sobre o problema se manifestaron Cándido Pazó, quen considera que hai que falar de “nomadismo”, máis que de itinerancia; Xulio Lago, denunciando a necesidade de estructuras estables, e Manuel Fernández Vieites, coordinador do encontro, que ve na consolidación dun público estable a solución ó problema. Por outro lado, móstrase a indignación das salas Nasa e Galán por non ter sido convidadas ó debate, e entenderen que son un exemplo específico de residencia con compañías teatrais detrás, ó tempo que se describe o modelo destas dúas salas, residencia con carácter privado, que non coincide, sen embargo, co proposto polos distintos participantes no encontro, xa que estes avogan por un proxecto público, con compañías municipais. Así mesmo, ofrécense as declaracións de Xesús Ron, representante da Nasa, cuestionando este modelo institucional e o papel que nel xogaría o Centro Dramático Galego, ademais de destacarse a falla de representantes políticos no encontro.

_____, “Foise Antón Fraguas, o Cronista Oficial de Galiza”, *A Nosa Terra*, nº 908, “Guieiro Cultural”, 11 novembro 1999, pp. 30-31.

Dá a nova do falecemento de Antonio Fraguas o cinco de novembro e a instalación no Museo do Pobo Galego da capela ardente visitada por diferentes persoeiros. Indica o recoñecemento de “galego exemplar” nun comunicado oficial da Xunta, a louvanza que o BNG fixo da súa herdanza profesional e do patrimonio que deixou na cultura e a súa actitude de “consenso e diálogo” destacada polos socialistas. Salienta que o bispo auxiliar encargado do acto relixioso lembrou o compromiso que caracterizou ó defunto como galeguista e a súa crenza de que “había que mergullarse na loita polos ideais máis fundos”. Remata sinalando que o seu labor como historiador, etnógrafo e antropólogo, así como, a súa representación no grupo que lle deu un novo pulo á cultura galega, estivo presente nos discursos dos políticos.

P. T., “Espiral Maior porá en marcha unha colección de literatura dramática”, *El Mundo. Galicia*, 12 outubro 1999, p. 9.

Anuncia a posta en marcha, por parte da editorial Espiral Maior, dunha colección de teatro na que se incluirán, ademais de producción dramáticas galegas clásicas e contemporáneas, ensaios de reflexión sobre o xénero traducidos ó galego. Así mesmo, descobre os títulos cos que esta nova colección botará a andar, ó tempo que reflicte as declaracións de Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Espiral Maior, que, malia manifesta-las súas dúbidas polo éxito da iniciativa, se amosa decidido a esta “aposta editorial polo teatro”.

P. V., “Fernández Rei xa é membro da RAG”, *O Correo Galego*, “AFA”, 26 setembro 1999, p. 59.

Dá conta do discurso lido por Francisco Fernández Rei con motivo do seu ingreso na Real Academia Galega, substituíndo ó falecido Xosé Filgueira Valverde, no que falou, entre outros temas, da dificultade de elaborar unha lingua moderna. Sinala que á lectura asistiron, entre outros, o director do Instituto da Lingua Galega, Antón Santamarina, que respondeu ó discurso de Fernández Rei en nome da institución, Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Méndez Ferrín. Recolle tamén as declaracións do novo membro nas que considera unha auténtica honra pertencer á citada institución.

Pablos, “O Grelo”, labor plausible”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 11 febreiro 1999, p. 6.

Infórmase das iniciativas –certames de pintura, poesía e contos– que a prol da difusión da cultura galega está a levar a cabo a Fundación “O Grelo. Amigos de Galicia” e gábase ó seu presidente Jesús Busto Peteiro, autor dunha “excelente guía” do Camiño de Santiago.

_____, “Libros para la Fundación Penzol”, *Faro de Vigo*, 20 abril 1999, p. 7.

Alúdese á doazón de dous mil volumes que os familiares do medievalista portugués Manuel Rodrigues Lapa lle fixeron á biblioteca da Fundación Penzol en Vigo. Explícase que se trata fundamentalmente de revistas de filoloxía portuguesas, brasileiras, francesas e españolas. Ademais coméntase como foi xurdindo a amizade de Rodrigues Lapa cos intelectuais galegos. Paralelamente ofrécense algúns datos biobibliográficos do filólogo portugués.

Pallas, Beatriz, “El libro va de verbena”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 91, 17 agosto 1999, pp. 1-2.

Fai unha aproximación ás Feiras do libro que se celebran en Galicia, centrándose na da Coruña na que, ó igual que noutras, se levaron a cabo actividades paralelas como recitais, presentacións, charlas, ou a sinatura de libros por parte dos escritores que facilitan, segundo a Federación de Libreiros, a boa marcha destas convocatorias e que este ano aumentaron o número de asistentes, así como as vendas, aínda que as maioritarias seguen a ser en castelán. A este respecto, recóllense as declaracións do secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Miguel Anxo Fernán-Vello, que considera as feiras un vehículo para promociona-lo libro como producto cultural, reclamando unha maior especialización destes encontros, coa obra en galego en primeiro plano.

_____, “De palabra y obra”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 93, 31 agosto 1999, pp. 1-2.

Dá conta das dificultades que atopan os escritores noveis para acceder ó mundo Editorial e que obriga a moitos deles, como é o caso de Julio López de Gamarra, a recorrer á autoedición, práctica considerada polo profesor da Universidade da Coruña, Luciano Rodríguez Gómez, bastante común en tódalas literaturas e, especialmente, na galega, da que cita varios exemplos. Sinala tamén, as edicións encubertas, nas que unha editorial pon a sinatura e os medios, e o autor achega o capital económico preciso, como outra vía para sacar á luz os textos, ó tempo que lembra que estas dificultades non son algo de hoxe, pois o propio Aquilino Iglesia Alvariño ou Otero Pedrayo correron cos gastos de edición das súas obras, nin algo exclusivo de Galicia, como demostran os varios exemplos portugueses recollidos. Finalmente, Víctor F. Freixanes, fala, por unha banda, destes atrancos dos autores novos para abrírense camiño no mundo editorial e, por outra, dos problemas da autoedición, entre os que destaca o da distribución dos textos.

Parada, C. e J. **Fraga**, “Sus tres mujeres gallegas”, *La Voz de Galicia*, 29 outubro 1999, p. 88.

Lémbranse algúns aspectos da relación de Rafael Alberti con Galicia como a amizade coa pintora Mercedes Rubial. Así mesmo, faise referencia ó coñecemento que o escritor tivo da poesía de María do Carmo Kruckenberg ou a admiración que sentía pola poetisa viguesa. Alúdese tamén ás lecturas que, segundo algúns testemuños, fixo da obra de Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Eduardo Pondal.

Parada, Carmen, “La editorial Galaxia celebra su medio siglo de existencia en el año 2000”, *La Voz de Galicia*, 3 novembro 1999, p. 83.

Recolle as opinións de Carlos Casares e Lois Pérez Castrillo onde tildan de “triunfo da cultura galega” o cincuenta aniversario de Galaxia e de “parte importante da historia de Galicia” a esta Editorial, respectivamente. Informa das actividades do 2000 para conmemora-la celebración e solicitar maior espacio para a Biblioteca Penzol. Segundo Damián Villalaín, inténtase subliña-lo feito de que Galaxia chegou ata os nosos días porque é un éxito colectivo e non unha actividade de empresa. Apunta como actos a desenvolver unha exposición itinerante sobre a historia da editorial; un catálogo histórico con tódolos libros e portadas destes; ademais da publicación das*Obras completas* de Castelao, preparado por un equipo encabezado por Henrique Monteagudo; a historia do teatro de Shakespeare, para demostrar que Galaxia non só editou libros de escritores galegos senón que foi “vehículo en lingua gallega de la literatura universal”; así como, mesas redondas, homenaxes, cursos, debates, faladoiros e homenaxes ós subscritores. Remata rememorando o comezo da singradura desta editorial nunha reunión, en 1950, no Hotel Compostela, ou a formación desta como sociedade anónima.

Paz Gago, Chema, “A poesía ten a palabra”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 68, 9 marzo 1999, pp. 1-2.

Achéganos á xuntanza “A poesía ten a palabra. Poetas e poéticas no horizonte do dous mil”, celebrada na Coruña e que reuniu, por primeira vez, poetas de expresión galega e castelá de distintas xeracións, no que significou, “un intercambio entre dúas culturas e dúas literaturas que non deben ignorarse senón coñecerse e enriquecerse mutuamente”. Apúntase que nela participaron escritores da talla de Xesús Alonso Montero, encargado de inaugura-lo coloquio, Luz Pozo Garza ou Bernardino Graña, quen, tras pronuncia-la frase, “agora que está a falar un poeta que esperen os políticos”, demorou a clausura do encontro coa lectura do poema “Decálogo dunha auto-poética do poeta”, recollido integramente neste artigo.

Pedrera, Marta F., “El gran amor de Marisa Mallo”, *La Voz de Galicia*, 24 agosto 1999, p. 80.

Descobre os verdadeiros protagonistas da novela de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro* (1998), baseada na historia real de Ascención Concheiro e Francisco Comesaña, a quen o escritor ceñeceu no tempo que residiu en Tui.

Penela, Ramón, “Un profesor de Monterroso saca do prelo o primeiro poemario”, *El Progreso,* 16 marzo 1999, p. 26.

Informa da publicación do primeiro poemario de Xabier Vázquez García, *Aloumiños*, e cita as súas anteriores publicacións: *Contos do meu pobo* e unha novela curta aínda inédita titulada *O crego de Fondevila*. Finalmente, céntrase na estructura do libro, dividido en sete partes, e comenta brevemente o contido de cada unha delas.

Penelas, Sandra, “Outono de estreas literarias”, *Faro de Vigo*, 2 outubro 1999, pp. 6 7.

Fai un percorrido polas distintas publicacións que as editoriais galegas, Xerais, Ir Indo, Galaxia, Sotelo Blanco, Abano Editores e Edicións do Castro, teñen previsto poñer á venda, na temporada de outono, nos distintos eidos da escrita dende narrativa, poesía, ensaio, teatro, guías, diccionarios, obras de referencia, biografías ata mesmo traduccións de obras literarias, ó tempo que anuncia as novas coleccións de literatura infantil e xuvenil que estas empresas de publicación pensan lanzar ó mercado durante eses tres meses.

_____, “Medio século de compromiso cultural”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 131, 13 novembro 1999, p. 7.

Rememora o nacemento da Editorial Galaxia, en plena posguerra española, e a intención desta de “garantir unha mínima presencia pública da lingua e da cultura do noso país na sociedade”. Anuncia a organización de diferentes actos, con motivo do cincuenta aniversario da editorial, para celebrar este éxito empresarial, cultural e social, entre os que destaca unha exposición itinerante verbo da historia de Galaxia acompañada de dous catálogos, un da exposición e outro histórico coas portadas e textos editoriais publicados nesta dende 1950, a convocatoria do Premio de Ensaio Ramón Piñeiro, así como, a publicación das obras completas de Castelao e o teatro de Shakespeare. Lembra a data, lugar e compoñentes da pimeira xuntanza da editorial ademais do carácter atípico desta empresa ó reinvestir tódolos beneficios e posuí-lo 80 % das accións das fundacións Penzol e Isla Couto. Finalmente, recoñece que Galaxia seguiu co seu labor, sen realiza-lo papel de resistencia, unha vez restaurada a democracia, ó non existir unha normalización absoluta da cultura.

_____, “Galicia despide ós máis egrexios”, *Faro de Vigo*, 31 decembro 1999, p. 6.

Refírese ó falecemento, en 1999, de catro figuras sobranceiras de Galicia. De Luís Mariño salienta o seu traballo na TVG e en Xerais dende 1981, onde creou varias coleccións de narrativa, poesía e etnografía, ademais dos premios Xerais (1984) e Merlín (1986). Tamén trae á memoria a Antonio Fraguas e a frase “por Galicia hai que traballar sen descanso” dita por el como resumo da súa obra. Sinala a súa participación na Real Academia Galega, na Academia das Ciencias e en numerosas asociacións científicas españolas e estranxeiras. Sinala que coa morte de Uxío Novoneyra desaparece “un dos máis grandes poetas da literatura galega” e un dos seus referentes fundamentais. Considera que *Os Eidos* (1955) é unha das obras principais da lírica galega debido “á súa singular visión da paisaxe e ós inusuais recursos literarios utilizados nel”. Aprecia en “Viet Nam canto” e en “Letanía de Galicia” un escritor individualista e adscrito ó nacionalismo de esquerdas, ademais de destaca-la súa faceta como recitador. Tamén ten palabras para a desaparición de Gonzalo Torrente Ballester.

Pereira, Xosé, “Galicia sen o seu poeta”, *Diario de Pontevedra*, “Especial Navidad”, 24 decembro 1999, p. XVIII.

Asevera que para moitos Uxío Novoneyra era a voz por excelencia na poesía galega do último século e un amigo moi valorado entre os literatos e xentes das artes na segunda metade de século. Sitúa nos anos vinte a incursión deste na poética, despois de estudiar na Facultade de Letras en Madrid, e nun proxecto literario marcado pola identidade galega especialmente no Courel e en Compostela. Resalta as colaboracións na súa bibliografía de persoeiros coma Laxeiro e Reimundo Patiño e menciona parte dos seus títulos poéticos, entre os que están *Os Eidos* (1955), *Elegías del Courel y otros poemas* (1966), ou *Poemas caligráficos* (1979), entre outros. Informa que os expertos cualifican o seu primeiro recompilatorio *Os Eidos. Libros do Courel,* (1981) de “canto personal á terra cos problemas propios da existencia humana”. Para o articulista trátase dun poemario antropolóxico e literario e destaca o gusto do poeta polos elementos definitorios dunha cultura, por exemplo o seu referente nos animais, principalmente no lobo.

_____, “A fin dunha xeración”, *Diario de Pontevedra*, “Especial Navidad”, 24 decembro 1999, p. XIX.

Considera a Antonio Fraguas “un home que sería importante nunha das etapas máis complexas de Galicia” e fai un percorrido polo seu labor a prol da lingua galega coa creación da Sociedade da Lingua, despois de incorporarse á disciplina do bacharelato en 1919 en Pontevedra; cos contactos que mantivo con Castelao ou Losada Diéguez nesta institución; co seu activo vínculo ó galeguismo ó incorporarse á Real Academia Galega en 1951 e como fundador, director e máis tarde presidente do padroado do Museo do Pobo Galego en 1976. Salienta a suspensión na Guerra Civil da súa Cátedra no instituto provocando a ruptura radical do traballo a realizar, a apertura da academia Menéndez Pelayo, para continuar exercendo a docencia, e a recuperación da súa Cátedra en 1959. A seguir, menciona os diferentes recoñecementos oficiais outorgados a este literato, e comenta a recollida das anécdotas protagonizadas por este intelectual na biografia feita por Clodio González Pérez. Por último, mediante unha cita rememora a Fraguas rodeado de “mocidade afanosa por aprender”.

Pérez, Paula, “Los autores de teatro salen a escena”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado”*, nº 96, 27 febreiro 1999, pp. 4-5.

Analiza a situación actual do teatro, recollendo as opinións dalgúns autores dramáticos, ó tempo que describe as contribucións destes ó panorama actual. O primeiro en da-lo seu parecer é Suso de Toro, que opina que en Galicia aínda non existe producción teatral importante, ó igual que Raúl Dans, quen salienta que as montaxes sobre textos orixinais de autor non chegan ó cinco por cento da producción total en Galicia. Máis optimista se declara Cándido Pazó, autor de*O bululú do linier*, que afirma que “non temos nada que envidiar á cultura dramática de fóra”, pois a dinámica do teatro galego obriga ós actores a forma-las súas propias compañías, ademais de crea-los seus propios textos. Manuel Lourenzo, quéixase da pouca proxección das obras galegas, ó tempo que Roberto Vidal Bolaño, reclama para os dramaturgos en Galicia o mesmo recoñecemento que colleitan fóra. Coincide con esta visión negativa, Gustavo Pernas, considerando que os escritores galegos están condenados ó esquecemento, motivado pola falla de “normalización do teatro en Galicia”, ó tempo que augura un cambio no teatro galego. Por último, recolle a queixa colectiva de tódolos autores dramáticos galegos que ven unha falla de interese por editar teatro, así como unha ausencia notable de publicacións.

_____, “Un congreso recupera en Santiago la obra de los escritores gallegos del exilio”, *Faro de Vigo*, 16 marzo 1999, p. 52.

Informa do Congreso “Sesenta anos despois”, organizado polo “Grupo de Estudios del Exilio Literario” (Gexel) da Universidade Autónoma de Barcelona, para reivindica-la importancia da literatura escrita no exilio, e que se prevé que se desenvolva na Facultade de Filoloxía de Santiago. Tamén se indica a participación de Isaac Díaz Pardo e Xesús Alonso Montero, encargados de inaugura-lo ciclo de conferencias no que se homenaxea a autores como Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferrreiro, Luís Seoane, Avelino Díaz, Castelao ou Ramón Cabanillas. Do mesmo xeito, lembra a edición en quince linguas, dun poema de Lorenzo Varela, “Ofrenda a los franceses”, feita por Ediciós do Castro, con motivo da celebración destas xornadas, e anuncia un recital poético que os organizadores do congreso teñen previsto realizar en Rianxo.

_____, “Profesores de literatura rescatan la obra en el exilio de Lorenzo Varela”, *Faro de Vigo*, 17 marzo 1999, p. 56.

Dá conta dunha das xornadas do Congreso “Sesenta anos despois”, sobre a literatura galega do exilio, que lembra, a través dos estudios de Xosé Ramón Brea Rei, José Ramón López e Francisco Caudet, a figura de Lorenzo Varela, un dos escritores galegos máis esquecidos, segundo Xosé Luís Axeitos coordinador do Congreso, ó tempo que recolle a proposta de Iolada Ogando e Euloxio Ruibal de análise da obra de Luís Seoane, entre outras cousas, ilustrador de dúas obras de Lorenzo Varela. Así mesmo, lembra que os encontros galegos son os primeiros dunha serie de convocatorias organizadas polo “Grupo de Estudios del Exilio Literario” da Universidade Autónoma de Barcelona”, que implica a doce comunidades autónomas máis.

_____, “El CDG, quince años entre el amor y el odio”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 102, 17 abril 1999, pp. 2-3.

Fai un percorrido polos quince anos de vida do Centro Dramático Galego, lembrando os distintos directores que pasaron pola institución e o case medio cento de espectáculos que configuran a súa historia, algúns con grande éxito de público e outros marcados pola discordia. Lembra a máis transcendente destas polémicas xurdidas coa montaxe en castelán de “Valle-Inclán 98”, o que provocou as críticas da Mesa pola Normalización Lingüística e da Asociación de Actores e Directores Técnicos de Escena, e o afastamento da institución de moitos persoeiros relacionados co teatro, que viron detrás desta representación, e en xeral detrás de toda a xestión do director actual, Manuel Guede, “triquiñuelas políticas”. Por outro lado, recolle as opinións do actual director sobre a presencia do teatro no Xacobeo, afirmando que o Centro Dramático Galego, ó contrario que outras compañías independentes que se queixan de que a Consellería de Cultura as ignorou na programación cultural do Ano Santo, optou por afastarse voluntariamente, actitude que Ernesto Chao e Vicente Montoto, vocal da Coordinadora de Compañías de Teatro Profesionais e Títeres de Galicia, consideran, en realidade, exemplo da escaseza de esforzos por potencia-lo teatro.

_____, “El teatro gallego peregrina contra su exclusión de los actos del Xacobeo”, *Faro de Vigo*, 5 maio 1999, p. 55.

Dá conta da protesta polo escaso investimento e a falla de actividades adicionais durante o Ano Santo, que a xeito de representación teatral carnavalesca, levaron a cabo, diante da Xunta, un cento de profesionais, representantes de trinta e dúas compañías dramáticas. Recolle, así mesmo, as opinións da Coordinadora de Compañías de Teatro Profesionais e Títeres de Galicia, a través do seu portavoz Vicente Montoto, que cualifica de “desprecio ó teatro galego” a actitude da Administación, e a réplica do IGAEM, cualificando de “incomprensibles” as protestas, ó tempo que cada unha das partes considera á outra respondable da falla de diálogo.

_____, “La letra y la luna”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 113, 3 xullo 1999, p. 3.

Recolle as declaracións de catro escritores galegos que recoñecen a influencia da noite nas súas creacións literarias, unha noite que mentres que en Aníbal Malvar e Fran Alonso serve para liberarse de ataduras ou para que o ser humano se descubra, en Suso de Toro atópase a opinión contraria, e ve nela o momento no que a sociedade mostra o seu lado máis escuro. Finalmente, para Xosé Cid Cabido é simplemente o pano de fondo no que ambientar algunhas das súas novelas.

Pérez, Susana, “Os historiadores actualizan a figura de Losada Diéguez e a Xeración Nós”, *La Voz de Galicia*, 9 outubro 1999, p. 81.

Faise eco das xornadas sobre a “Xeración Nós” e Antón Losada Diéguez que, como complemento ó Premio literario que leva o nome deste autor galego, se inauguraron no Carballiño cunha conferencia do historiador Alberto Martínez López. Así mesmo, anúncianse os participantes dos encontros, entre os que se atopan, Xesús Alonso Montero, Anxo Tarrío e Xosé Manuel Núñez Seixas, gañador dun dos premios Losada Diéguez deste ano.

Pérez Leira, Lois, “Manuel Celso Garrido”, *Galicia en el Mundo*, 3-9 maio 1999, nº 318, p. 27.

Achéganos a biografía do mestre ourensán, Manuel Celso Garrido, destacando a súa faceta de militante na Fronte Popular, pola que foi víctima da persecución dos falanxistas e condenado a dous anos de cárcere, despois dos cales decide exiliarse, marchando primeiro a Buenos Aires, onde se sinala que colaborou coa Federación de Sociedades Galegas e, posteriormente a Chile, país no que sería coñecido como escritor e xornalista, con artigos tanto en castelán coma en galego.

_____, “Centro Gallego de la Habana: unha entidade con fins máis amplos”, *Galicia en el Mundo*, nº 322, 31 maio-6 xuño 1999, p. 27.

Dáse conta de como naceu, en 1879, o Centro Gallego da Habana, cal foi a súa primeira xunta directiva e como chegou a ter unha sede estable no Palacio do Centro Galego. Así mesmo, ofrécese unha visión dos distintos servicios, educativos, culturais, sanitarios e banqueiros, ofrecidos por este centro ata o triunfo da revolución cubana, momento no que pasou a desempeñar outras funcións.

_____, “Otero Espasandín: Exiliado, escritor, científico y precursor del pensamiento ecologista”, *Galicia en el Mundo*, nº 332, 9-15 agosto 1999, p. 17.

Recolle información sobre a vida e a actividade de Rogelio Otero Espasandín, veciño de Pontevedra, mestre de primaria, militante do partido Republicano e integrante da Alianza de Intelectuais Antifascistas para a Defensa da Cultura, que publicou varios libros en castelán sobre temas didácticos, así como un bo feixe de poesías en galego, espalladas polas revistas e xornais da época. Destaca, así mesmo, o período de exilio en Buenos Aires, no que este escritor se erixiu coma un dos “precursores na defensa da natureza e do ecoloxismo”.

_____, “Francisco Luís Bernández: Escritor del Grupo Florida, defensor de la lengua gallega (I)”, *Galicia en el Mundo*, nº 333, 16-22 agosto 1999, p. 20.

Achéganos a biografía do escritor vangardista, nacido na Arxentina pero que iniciou a súa actividade literaria en Galicia, Francisco Luís Bernárdez, destacando a súa defensa do idioma galego, como pon de manifesto no traballo “Discurso en col do idioma galego”, publicado en 1953 por Edicións de Galicia en Buenos Aires, e no artigo “El idioma de Galicia”, do que se recolle un fragmento no que Bernárdez denuncia a represión do franquismo cara á cultura e ó idioma de Galicia. Cítanse así mesmo outras obras do autor relacionadas coa temática galega, como as semblanzas de Castelao, Pimentel, Rosalía e Cabanillas e o “Florilexio do Cancioneiro da Vaticana”, todos eles recollidos no seu libro, *Mundo de las Españas* (1967).

_____, “Francisco Luís Bernández: Escritor del Grupo Florida, defensor de la lengua gallega (y II)”, *Galicia en el Mundo*, nº 334, 23-29 agosto 1999, p. 17.

Reprodúcense as partes íntegras dun artigo que Francisco Luís Bernárdez publicara en 1954 na revista *Criterio*, co título de “El Idioma Prohibido”. Salienta que este escrito tivo moita repercusión tanto na colectividade galega como na intelectualidade arxentina, pois facía unha defensa encarnizada da cultura galega e criticaba ó réxime franquista por persegui-lo idioma galego, sobre todo na escrita. Así recolle unha cita que di “De todos modos, no está de más señalar aquí nuestro repudio a algo que constituye un agravio a cuantos integramos la familia cultural hispanoamericana, deudora en buena medida del grande y noble espíritu gallego”.

_____, “Bieito Cupeiro: Maestro del galleguismo”, *Galicia en el Mundo*, nº 335, 30 agosto-5 setembro 1999, p. 20.

Achéganos á figura do escritor ferrolán, Bieito Cupeiro, emigrado na Arxentina con 22 anos, dando conta do seu paso pola Federación das Sociedades Gallegas, as Irmandades da Fala e as Mocidades Galeguistas, que el mesmo fundou xunto con Xosé Neira Vilas e Manuel Pedreira, así como da súa faceta de xornalista, dirixindo as revistas *Orzán* e *A Nosa Terra*. Atende tamén á súa creación literaria, froito da cal son as obras, *Xornes* (1987) e *Galiza de Alem Mar* (1989). Por outro lado, recolle un fragmento da obra de Xosé Neira Vilas, *Memorias da Emigración*, que amosa algúns aspectos da personalidade de Bieito Coupeiro, así como as lembranzas que do autor ten o propio Lois Pérez, as declaracións de Adolfo Lozano Bravo, que destaca a sinceridade do galeguista de Fene, e as do presidente da GIG, Manuel Mera, considerándoo, xunto con Moisés Dapresa, representantes do “sector máis progresista do galeguismo de aqueles anos”.

Pexegueiro, Alfonso, “De Ponteareas a Seraogna”, *La Voz de Galicia*, “A ruta do autor”, 7 marzo 1999, p. 13.

Fai un percorrido polas terras de Ponteareas, concretamente por Angoares, a súa terra natal, a través das lembranzas da súa nenez, que considera que nunca se esquecen. Por outro lado, cítanse as distintas publicacións de Alfonso Pexegueiro, autor, entre outras obras, de *Seraogna* (1976).

_____,“Heriberto Bens en Charenton”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 73, 13 abril 1999, p. 8.

Artigo dirixido a Heriberto Bens (X. L. Méndez Ferrín) no que se achega á realidade creada para este trasunto do escritor celanovés e no que se lembra o momento no que se coñeceron e os intres que compartiron, en especial a viaxe de volta con Antón Reixa e o propio articulista na que recitaron poesías como “Roi Xordo”, “Terra de proseguir e non dar nada” ou as “Erótikas” de Reixa. Tamén se alude á edición de Anxo Angueira sobre a obra de Ferrín.

Pino, C. e M. **Cedrón**, “Xosé Luís Méndez Ferrín cualifica ó finado como o noso poeta”, *La Voz de Galicia*, 31 outubro 1999, p. 89.

Recóllense as declaracións dalgúns persoeiros sobre Uxío Novoneyra, despois do seu falecemento, entre eles, Miguel Anxo Fernán-Vello, quen considera que desaparece “un poeta do pobo”; X. L. Méndez Ferrín, que afirma que “fixo unha arte de estar lonxe do poder”; Luz Pozo Garza, quen ve a perda como física, xa que o poeta está presente en Galicia, ou Margarita Ledo, que rememora o seu primeiro encontro con Novoneyra cando recitaba o “Vietnam Canto” e fixo levantar ó auditorio. A continuación, reprodúcese o parágrafo co que *La Voz de Galicia* abre o seu suplemento cultural adicado a este poeta e infórmase de que no seu interior Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Herminio Barreiro, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Luís Franco Grande analizan a vida, obra e os seus encontros co poeta. Finalmente, sobrancéase a dor do poeta Manuel María, a súa pena de que non gozara en vida dun maior recoñecemento e o porqué de non figurar na Real Academia Galega.

_____, “Galicia despide hoxe a Antón Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “Adeus á memoria de Galicia”, 6 novembro 1999, p. 86.

Comeza referindo tódolos detalles dos actos de enterramento de Antonio Fraguas, entre os que se salientan os discursos de Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego en honra do amigo falecido, así como as mensaxes de condolencia do Museo do Pobo Galego e da Fundación que leva o seu nome, as cales consideran que é “unha perda irreparable para Galicia”, ademais da desaparición da “derradeira testemuña dunha xeración crucial na nosa historia”. Tamén recolle as declaracións que, dende o Concello de Santiago, sobrancean o carácter humanista das súas obras, o seu coñecemento de tódalas disciplinas para afondar na nosa historia e a débeda que se ten con el como impulsor do Museo do Pobo Galego e autor “dalgunha das páxinas máis fermosas escritas sobre Compostela”.

_____, “O último da Xeración Nós”, *La Voz de Galicia*, 6 novembro 1999, p. 89.

Achega á vida intelectual de Antonio Fraguas, especialmente centrada na constitución do Museo do Pobo Galego, a formación da Fundación que leva o seu nome e o legado deste persoeiro a esta institución, así como, as fins ás que se destina. Tamén se lembra o nacemento do antedito Museo, salientando o labor de homes como Ramón Otero Pedrayo, Xaquín Lorenzo Fernández, Xosé Filgueira Valverde ou Xesús Taboada Chivite, entre outros, os cales fixeron a esta institución depositaria dos seus legados bibliográficos. Destácase, tamén, que naceu co fin de actuar na conservación e difusión do patrimonio histórico e antropolóxico de Galicia, así como o dos persoeiros da súa cultura. A continuación resúmese o legado de Antonio Fraguas á institución e a temática de cada unha das salas de exposición do Museo.

Pino, Concha, “O premio foi un exorcismo”, *La Voz de Galicia*, 24 febreiro 1999, p. 37.

Recolle unha entrevista co escritor Bieito Iglesias, autor da novela gañadora do premio Ciudad de Salamanca, na que explica as razóns que o levaron a presentarse ó certame e a escribir en castelán. Desta experiencia afirma que non ten pensado volver escribir en castelán porque se sente mellor en galego, ó tempo que fai un breve resumo do relato co que conseguiu o galardón. Lembra así mesmo, a súa faceta como ideólogo do nacionalismo, que se interrompe coa aparición da creación literaria, e reflexiona sobre o papel que xoga a literatura na identidade dun pobo. En relación con este último punto, afirma, “a miña Patria é a lingua”, e por iso considera o feito de escribir en castelán como unha maneira de “expatriación”.

_____, “El ambiente literario se animó con la presencia de Xavier Alcalá y Suso de Toro”, *La Voz de Galicia*, 7 maio 1999, p. 49.

Describe como transcorreu unha das xornadas da Feira do Libro de Compostela na que a Banda Municipal de Santiago, xunto coa contacontos Paula Carballeira interpretaron “Pedro y el lobo” e os escritores Suso de Toro e Xavier Alcalá compareceron ante os lectores asinando libros. Por outra banda, recolle o programa de actos da sétima xornada, adicada especialmente ó público infantil e xuvenil, na que interveñen, entre outros, a escritora Anisia Miranda, que presenta o seu novo libro, *A cama, a bolboreta e o paxariño* (1998), así como Xosé Neira Vilas e Fina Casalderrey.

_____, “El teatro mira hacia adentro”, *La Voz de Galicia*, 29 maio 1999, p. 35.

Dáse conta da polémica aberta tralos Encontros “Galicia e a residencia teatral”, organizados polo Consello da Cultura Galega, para tentar buscar solucións ó “nomadismo” do teatro galego, ós que non foron invitados os representantes das salas Nasa e Galán, que se consideran con dereito a participar no debate por constituír exemplos de compañías residentes. Así mesmo, reprodúcese a resposta do coordinador dos encontros, Manuel F. Vieites, que cualifica esta reacción de “infantilismo”, e ofrécese un resumo das xornadas, nas que falaron o presidente do Consello da Cultura, Carlos Casares, quen mostrou a disposición desta institución para promover iniciativas culturais, e os directores de escena, Cándido Pazó e Xulio Lago, que coincidiron en afirma-la necesidade de buscar saídas á falta de estabilidade do teatro galego actual.

_____, “Señora de las palabras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 81, 8 xuño 1999, p. 7.

Reproduce as declaracións da escritora Nélida Piñón, quen se define a si mesma como “muller de dupla cultura” brasileira-galega, e reflexiona sobre a súa novela, *A república dos soños*, na que está moi presente a emigración galega, e a partir dela, sobre a súa literatura en xeral. Con respecto a este último punto, explica o equilibrio existente nas súas obras entre a imaxinación e a realidade, a alternancia na súa producción de contos e novelas, así como a introducción da oralidade na súa literatura, de onde está tomado Xan, o personaxe da novela citada, ó tempo que se manifesta en contra de calquera encadramento, sobre todo no da “literatura feminina”, na que non cre.

_____, “Francisco Fernández Rei accede á última cadeira libre da Real Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 1999, p. 89.

Dá conta da lectura do discurso de ingreso na Real Academia Galega, “Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o Mar de Arousa”, feito polo catedrático de Filoloxía Románica, Francisco Fernández Rei, que ocupa, deste xeito, a cadeira vacante trala morte de Xosé Filgueira Valverde. Así mesmo, recolle as declaracións do novo membro, o máis novo da institución, explicando o que supón para el este nomeamento, e nas que insta á citada organización a levar a cabo a elaboración dunha gramática e un novo diccionario, en colaboración co Instituto da Lingua Galega. Por outro lado, ofrece información sobre o nacemento da Real Academia Galega e dos membros actuais desta, entre os que se atopan, dúas mulleres, Luz Pozo Garza e Olga Gallego Domínguez.

_____, “El Salón Teatro de Santiago no será la sede oficial del CDG”, *La Voz de Galicia*, 16 outubro 1999, p. 87.

Infórmase do nomeamento de Mar Nogueira, actual funcionaria do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, como coordinadora do Salón Teatro, e do desconcerto que a noticia causou entre os membros do Centro Dramático Galego, que ven así “frustrado o soño da súa sede estable”. Así mesmo, recóllense as declaracións do director deste ente teatral, Manuel Guede Oliva, que anuncia a paralización de parte do programa de actuacións previstas para este novo local. Por outro lado, apúntanse as opinións de Eduardo Alonso, director da compañía Teatro do Noroeste, e de Manuel Vieites, que se mostran en desacordo con este nomeamento.

_____, “Un home que non tiña presa”, *La Voz de Galicia*, 9 novembro 1999, p. 49.

Lembranza a Antonio Fraguas partindo da relación que este tiña co instituto que actualmente leva o seu nome, situado no barrio do Sar, e co Instituto Rosalía de Castro, centro “no que impartiu clase de Historia ó longo de coarenta anos”. Dáse conta tamén dunha rúa que lle dedicou o Concello, lamentando que “sexa un tramo do periférico”.

_____, “O I Salón do Libro Galego crea unha gran librería temática”, *La Voz de Galicia*, 11 decembro 1999, p. 80.

Alude á celebración do Iº Salón do Libro Galego organizado pola Asociación Galega de Editores en Santiago de Compostela, e no que segundo Damián Villalaín, presidente da Asociación organizadora, se poden atopar case nove mil volumes, algúns deles de difícil acceso. Así mesmo, Villalaín describe a diferencia entre unha feira e un salón do libro, reflexiona sobre a consolidación do lectorado galego e castelán, sobre o papel das editoriais e a falta dunha política de promoción do libro, entre outras cousas. De seguido a columnista informa da porcentaxe da producción do libro galego, dos cambios no balance anual, da clasificación dos libros segundo a producción e, para rematar, subliña o deficiente funcionamento do libro de peto, así como doutros soportes diferentes ó tradicional.

_____, “As editoriais intentan consolidar e ampliar o mercado do libro galego”, *La Voz de Galicia*, 29 decembro 1999, p. 80.

Despois de facilita-lo perfil do lectorado galego, céntrase na producción das editoriais galegas, e atópase que en 1998 se publicaron 892 títulos en lingua galega, chegando ós 1106 cos publicados noutras linguas. Recóllense as palabras de Damián Villalaín, quen fala da coedición como fórmula idónea para a producción galega e salienta a importancia do ensino como mercado, ademais doutros que están acadando bos resultados como as guías de ocio e especializadas. Apúntanse outros aspectos, entre eles a traxectoria de editoriais que celebran o seu décimo aniversario como: Bahía, Positivas, Laiovento, Espiral Maior, Lea e Nigra, subliñando de cada unha a parcela que veu ocupar no mercado galego, dende o libro de texto da primeira, pasando pola poesía de Espiral Maior, ata a literatura alternativa de Edicións Positivas, sen esquece-lo papel das coidadas edicións de literatura infantil da editorial Kalandraka, ou a veteranía de Galaxia e Xerais, seguidas de A Nosa Terra e Sotelo Blanco, entre outras.

Piñeiro, Antonio, “Cultura recupera, nunha edición facsimilar, dúas lendas de Curros”, *La Región*, 25 xaneiro 1999, p. 8.

Anúnciase a edición de dúas lendas poetizadas por Manuel Curros Enríquez, a finais do século pasado, elaborada por Luís González Tosar e José María Paz Gago, para conmemora-lo XCIº aniversario da morte do escritor celanovés. Apúntanse algúns detalles da publicación, entre eles unha introducción do presidente da Xunta, na que se salienta o posicionamento autonomista que significou Manuel Curros Enríquez respecto do problema de Cuba no 1898. Así mesmo, sinálase a intención do Concello de Celanova de organiza-la presentación dun traballo de Elisardo López Varela sobre o poeta celanovés e de repeti-lo recital poético que protagonizaron, na anterior edición, os poetas Luís González Tosar e Luz Pozo.

_____, “A esencia do relato”, *La Región*, 6 marzo 1999, p. 13.

Informa da presentación do último traballo de Carlos Casares, *Un país de palabras* (1998), considerado por Ramón Pernas, escritor e director de asuntos culturais do Corte Inglés, a “inauguración dun xénero que non é outro có ensaio narrativo”. Así mesmo, recolle as palabras de Carlos Casares que, na súa intervención falou de Miguel Torga, Ramón Piñeiro e da escrita de Basilio Losada, do que dixo que comparte con el, a utilización do “detalle como base do relato”.

_____, “Curros na memoria”, *La Región*, 7 marzo 1999, p. 18.

Dá conta da homenaxe a Manuel Curros Enríquez celebrada en Celanova, coincidindo co 91 cabodano do seu pasamento e coa publicación de dous traballos sobre o escritor: unha obra poética en castelán practicamente inédita, elaborada por Xosé María Paz Gago, encargado de inaugura-lo acto, e a tese de doutoramento *A poesía de Manuel Curros Enríquez, estudio,edición, notas e apéndices* (1998), de Elisardo López Varela. Tamén se di que o acto, no que se anunciou a celebración dun Congreso Internacional sobre Curros Enríquez, contou coa presencia de Luís G. Tosar, quen acompañado do grupo de música tradicional do Instituto de Artes Escénicas e Musicais, ofreceu un recital poético-musical con catro poemas do homenaxeado e dous propios.

_____, “Dúas mil páxinas sacan á luz a práctica totalidade da vida e obra de Curros Enríquez”, *La Región*, 21 marzo 1999, p. 11.

Faise referencia á tese de doutoramento do profesor e director do Instituto Eusebio da Guarda da Coruña, Elisardo López Varela, sobre a obra de Manuel Curros Enríquez, publicada pola Deputación Provincial da Coruña e distribuída pola editorial Galaxia. Dise que o traballo, repartido en dous tomos, dá conta da práctica totalidade da obra poética e da prosa galega e castelá do escritor celanovés, ademais de recoller unha análise comparativa doutras biografías e un longuísimo apéndice, inserido no segundo tomo, no que fai unha transcrición literal das actas de nacemento do escritor e dos seus familiares, da certificación da morte do poeta, e a condena do bispo Cesáreo de Ourense e a conseguinte sentencia absolutoria.

_____, “Celso Emilio e a emigración desleigada”, *La Región*, 31 agosto 1999, p. 10.

Recolle un fragmento dunha carta atopada no arquivo de Luís Soto, no que Celso Emilio, remitente, se queixa da incomprensión e mal recibimento da súa obra *Viaxe ó país dos ananos* (1968), na que critica duramente os emigrados galegos de Caracas, ó tempo que denuncia un artigo de Fernández Ferreiro, publicado na revista *Cha,* por consideralo insultante cara á súa persoa.

_____, “Castelao: A tristura do desterrado”, *La Región*, 12 decembro 1999, p. 8.

Faise eco da organización dun Simposio na Coruña para analiza-la figura de Daniel R. Castelao ó cumprirse cincuenta anos do seu pasamento. Informa que nel se presentaron unhas cartas que este persoeiro mandou ó pintor Francisco Llorens e nas que, segundo Carmen Kruckenberg, se descobren aspectos do compromiso ideolóxico que mantiña con Galicia. Dá a coñecer e analiza o documento epistolar gardado ata agora no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, que este rianxeiro enviou dende Nova York a Luís Soto (México) en 1939. Recalca que nas súas liñas deixa nota-la tristura do desterrado, o desexo de que non suban ó poder os que gobernaron na República, a retranca de *Retrincos* “cando opinan sobre a estadía elexida polo Goberno de Negrín na capital francesa”, así como a transcrición das duras críticas que plasmou este escritor sobre o exilio político español en París. A seguir, facilita as orixes da devandita carta, e destaca o libro *Castelao, a UPG e outras memorias* (1983) onde Soto fai referencia a esa viaxe e á súa vida de activista contra o réxime franquista.

Ponte Far, José A., “Pazo de Mariñán”, *La Voz de Galicia*, “A ruta do autor”, 24 xaneiro 1999, p. 13.

Faise unha descrición do Pazo de Mariñán, situado no centro das Mariñas de Betanzos, onde se conserva todo o legado Murguía-Castro, entre o que se atopa o único retrato que quedou da escritora Rosalía de Castro.

Portela, Marcos da, “Tinta de lura”, *El Correo Gallego*, 19 novembro 1999, p. 1.

Ofrece diversas noticias relacionadas co mundo da literatura galega como son a publicación na editorial Linteo de *A Casamenteira*, considerada a primeira obra de teatro moderno escrita en lingua galega, por Antonio Benito Fandiño. Aclara que esta información a obtivo do ensaio “O Teatro Galego” de Manuel Lourenzo e Francisco Pillado. Salienta a volta de Freixanes á literatura cun libro de relatos; a saída do prelo de *O retorno dos homes mariños* (1999), de Xurxo Souto; a dificultade á hora de encadrar nunha categoría o volume de *Os teus dedos na miña braga con regra* (1999), de Lupe Gómez; e a organización dun Congreso Internacional de Literatura Comparada na Universidade de Vigo da man de Carmen Becerra, Manuel A. Candelas, Antonio Chas, Mª Jesús Fariña e Beatriz Súarez.

Pousa, Luis, “Rafael Dieste, el fabulador de Rianxo”, *El Ideal Gallego*, 7 xaneiro 1999, p. 25.

Ante a proximidade da data na que se cumpre o centenario da morte de Rafael Dieste, autor, entre outras obras de *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943), da que se recolle un fragmento, presenta unha achega á súa vida e obra, lembrando o seu enterro en Rianxo. A seguir, mostra algúns dos estudiosos que analizaron a literatura deste escritor rianxeiro, entre os que se atopan Domingo García-Sabell, prologuista de *Testamento Geométrico* (1975), unha das obras en castelán de Dieste, e describe as distintas actividades do chamado “fabulador de Rianxo”, comezando polos seus traballos de colaborador, director e fundador de xornais e revistas en distintas cidades españolas, así como a súa participación no Seminario de Estudos Galegos e no Laboratorio de Formas de Galicia, ata chegar á súa actividade literaria, representada no cultivo, sobre todo, da narrativa curta e do teatro, froito da cal son, ademais da peza dramática *A fiestra valdeira* (1927), considerada como “a obra que renovou a escritura teatral galega”, o libro de relatos *Dos arquivos do trasno* (1926), e o ensaio, discurso de entrada na Real Academia Galega, “A vontade de estilo na fala popular” (1970), así como un bo número de obras en castelán.

_____, “El alma de la Real Academia Galega”, *El Ideal Gallego*, 19 xaneiro 1999, p. 49.

Con motivo da conmemoración do centenario no nacemento de Sebastián Martínez-Risco y Macías, un dos presidentes da Real Academia Galega, faise un percorrido pola súa actividade como máximo responsable desta institución, na que destacan, por un lado a aprobación do Día das Letras Galegas, que fora iniciativa do actual presidente Francisco Fernández del Riego, e por outro, a realización das negociacións precisas para instalar na residencia de Emilia Pardo Bazán, a nova sede da Real Academia Galega. Así mesmo, achega información sobre a súa faceta de escritor na que destacou, sobre todo, como ensaísta xurídico e literario.

_____, “Ian Gibson: “Galicia tuvo una gran importancia en la biografía de Lorca”, *El Ideal Gallego*, 22 xaneiro 1999, p. 56.

Informa sobre a conferencia que, dentro dos actos paralelos ó dictame do premio de ensaio Manuel Murguía, pronunciou o hispanista Ian Gibson sobre o escritor ó que leva dedicado un ciclo de estudios biográficos, Federico García Lorca. Recolle as diferentes fases do discurso, nas que Gibson analizou distintos aspectos da vida do poeta granadino, dende a súa condición de homosexual, que o leva a defender “a todos los perseguidos”, a súa amizade con Martínez-Barbeito e con Dalí, quen pouco antes de morrer afirmou que Lorca fora o seu “gran y único amigo”, ata as súas viaxes a Galicia, que marcarían a súa obra e a súa biografía. Así mesmo, dá conta do documental “Lorca, Santiago y seis poema gallegos”, elaborado por Rafael e Daniel Toba e dirixido por Alber Ponte, no que participan distintas personalidades relacionadas con Lorca ou o mundo da escena, entre eles Francisco Rabal, Laura García Lorca, sobriña do poeta, e Uxía Blanco.

_____, “La Academia abre sus puertas a la Economía con el ingreso de Isla Couto”, *El Ideal Gallego*, 30 xaneiro 1999, p. 47.

Dá conta da entrada na Real Academia Galega do galeguista e economista Xaime Isla Couto, rompendo así co tradicionalismo desta institución que, aínda non sendo lingüística, tivo ata o de agora entre os seus membros a filólogos, escritores e historiadores, maioritariamente. Comenta tamén o discurso de ingreso do novo membro, no que falou sobre varios dos seus predecesores e que foi respondido polo presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, quen lembrou a importancia da participación do galeguista na fundación da editorial Galaxia. Por outro lado, achega información sobre a biografía, a militancia galeguista e a producción deste novo membro da corporación, responsable, entre outras cousas, da publicación do volume *Homenaxe a Ramón Piñeiro* e da edición facsimilar de *Grial*.

_____, “Suso de Toro destaca el ‘maravilloso’ momento que vive la literatura gallega”, *El Ideal Gallego*, 12 febreiro 1999, p. 48.

Informa sobre o inicio da xira de presentación da novela *Círculo* (1998), que Suso de Toro levou a cabo a xeito de diálogo entre el, e Manuel Bragado, director de Xerais, editorial que publica a novela, no centro de estudios de Caixa Galicia. Así mesmo, recolle as opinións de Suso de Toro sobre a súa obra, na que se recupera o personaxe de Nano, presente en *Tic Tac*, outra das súas obras, e de Bragado que afirma que este libro é o “máis animado” de cantos escribiu o autor. Por outro lado, lembra que neste mesmo acto se estreou un fragmento da versión escénica de *Círculo*, realizada pola compañía Teatro do Adro.

_____, “Las mil caras de Tomás Barros”, *El Ideal Gallego*, 13 febreiro 1999, p. 48.

Achega información sobre Tomás Barros, pintor, poeta, novelista, xornalista, dramaturgo e apaixonado da astronomía, ensaísta, editor, profesor e unha das figuras esquecidas do panorama cultural galego segundo afirma a súa viúva, Sara Cao. Así mesmo, dá conta do recitalpoético no que participaron Ánxeles Penas, Luz Pozo e Xulio Valcárcel, que se levou a cabo na Galería Pardo Bazán e como complemento á exposición da obra pictórica de Tomás Barros, coa que este centro se suma á reivindicación da figura do intelectual galego. Por outra parte reproduce o poema “El ciudadano”, que se consideraba perdido, pertencente á obra *El espantapájaros*, volume inédito escrito por Tomás Barros Pardo nos anos cincuenta.

_____, “Casa Hamlet promoverá el estudio de la obra de dramaturgos coruñeses”, *El Ideal Gallego*, 24 febreiro 1999, p. 41.

Faise eco dun dos proxectos que ten previsto pór en marcha a compañía teatral Casahamlet, dirixida por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández, que consiste na realización dun estudio sobre a obra de dramaturgos coruñeses, e en relación co cal xa se puxeron en marcha varias iniciativas, entre as que se atopa a realización dun curso de interpretación, así como a posta en escena de obras protagonizadas polos alumnos deste seminario, ademais dunha serie de talleres de teatro impartidos polos integrantes da compañía en diferentes municipios coruñeses. Así mesmo, anuncia a presentación, por parte da productora, da montaxe *A doncela guerreira*, adaptación dun texto de Rafael Dieste, e a edición, en colaboración coa Deputación Provincial, que achegará unha subvención duns nove millóns de pesetas ó estudio, do primeiro número da nova revista de información teatral, *Casahamlet*, que dirixe Francisco Pillado Mayor.

_____, “El descubridor de Cortázar”, *El Ideal Gallego*, 1 abril 1999, p. 46.

Dá conta da exposición sobre Arturo Cuadrado, levada a cabo na Fundación Luís Seoane, coordinada polo actor e poeta Lino Braxe. Refírese ó contido da exposición na que salienta unha galería de retratos do editor pintados polos máis destacados artistas de Galicia, ademais dunha selección de fotos nas que Cuadrado aparece cos grandes representantes da intelectualidade galega no exilio. Recolle tamén unhas notas sobre a súa biografía e actividade política, definida pola loita contra o fascismo, así como sobre o seu labor de xornalista, destacando comocolaborador e fundador de revistas e xornais, como editor, publicando obras de Álvaro Cunqueiro, entre outros, e como autor literario con obras en castelán.

_____, “Ramón Lorenzo: El gallego no está sólo para que lo usen los escritores”, *El Ideal Gallego,* 8 maio 1999, p. 52.

Alude á entrada na Real Academia Galega do filólogo Ramón Lorenzo Vázquez, ós dezaoito anos de ser nomeado, co discurso “Reflexións crítico-eruditas e sentimentais sobre a lingua”, no que ademais de adicar unhas palabras de lembranza ós seus predecesores na cadeira, falou da súa relación co galego e da polémica da normativización sobre a que apuntou que “a lingua nos momentos actuais non está só para que a usen os escritores, ante todo está para que a aprendan os nenos na escola”, ó tempo que criticou a escasa presencia desta lingua na política, administración, prensa e igrexa. Por outro lado, lembra que o remate da cerimonia, presentouse o volume editado este ano en conmemoración do Día das Letras Galegas e adicado ó xornalista Roberto Blanco Torres.

_____, “El arpa del monstruo Orzán”, *El Ideal Gallego*, 16 maio 1999, p. 33.

Achéganos a visión que da cidade da Coruña presenta o xornalista, narrador, poeta e autor teatral, Manuel Curros Enríquez na súa obra *Aires da miña terra* (1880), na que dedica á urbe un poema titulado “Saúdo”, e no folletín “Panigua y compañía”, no que describe a “capital de Galicia”, deténdose nalgúns edificios emblemáticos como o Instituto Eusebio da Guarda. Así mesmo, recolle a polémica que este escrito suscitou entre Curros e Linares Rivas, quen afirma que a ambientación inicial da noveliña non era a cidade herculina, senón Navarra.

_____, “Antón Patiño y Xavier Seoane editan un manifiesto sobre el arte actual”, *El Ideal Gallego*, 9 xuño 1999, p. 20.

Dá conta de como naceu a idea de creación do ensaio sobre os distintos xéneros creativos galegos, *Hai suficiente infinito* (1998), elaborado conxuntamente polo pintor Antón Patiño e o poeta Xavier Seoane, publicado por Xerais. Así mesmo, recolle as declaracións de Seoane nas que se refire ó que supón este libro de “reflexión e debate”, ó tempo que defende, igual que Patiño, a modernización da arte galega, convidando ó público a que saiba apreciar “desde o máis tradicional ás novas tecnoloxías”.

_____, “La Feria del Libro se consolida como la principal cita editorial de Galicia”, *El Ideal Gallego*, 11 agosto 1999, p. 17.

Faise referencia ó balance de vendas e público realizado por Miguel Orizales, director da Feira do Libro da Coruña, quen considera a feira coruñesa como a máis importante de Galicia, cualifica de “muy aceptables” as vendas do libro galego e indica o éxito seguro dos autores xa consagrados en lingua castelá.

_____, “Rechazo a la propuesta de trasladar los restos de Murguía a Compostela”, *El Ideal Gallego*, 17 setembro 1999, p. 10.

Recolle a negativa de diversos sectores culturais coruñeses á proposta das Irmandades de traslada-los restos mortais de Manuel Murguía dende onde repousan actualmente, no cemiterio de San Amaro, ata o Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval. Entre as voces en contra, están a do historiador e técnico cultural da Deputación Provincial, Felipe Senén, e a de Xosé María Monterroso, autor do único estudio existente sobre o camposanto coruñés, que considera que non hai razóns xustificadas para ese traslado. Por outra banda, ámbolos dous escritores denuncian o estado de abandono no que se atopa o mausoleo de Murguía culpando ó concello, responsable actual dos seus coidados. Así mesmo, Felipe Senén lembra que xa houbo outros intentos de traslado que non callaron, e fai mención da polémica xerada cando se produciu o traslado dos restos de Castelao a Bonaval.

_____, “Una colección gallega reunirá los grandes textos del teatro universal”, *El Ideal Gallego*, 9 outubro 1999, p. 15.

Alude ó acordo subscrito polos departamentos de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña, o Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor e o Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais, polo que pretenden pór en marcha a publicación de varias obras en galego referentes ó teatro, co fin de combate-lo baldeiro editorial de obras dramáticas existente en Galicia, entre as que se tenta incluír, ademais de textos galegos recuperados, traduccións dos grandes clásicos da literatura universal. Así mesmo, informa das primeiras publicacións levadas a cabo a raíz deste acordo, entre as que se atopa a adaptación da *Poética* de Aristóteles, e anuncia a próxima edición doutras obras. Por outro lado, ofrece información sobre o Arquivo Francisco Pillado Mayor.

_____, “Paseo por un reino de piedra”, *El Ideal Gallego*, 24 outubro 1999, p. 18.

Percorrido pola biobibliografía de Francisco Fernández del Riego, presidente da Real Academia Galega, no que se lembra a data, ano e lugar do seu nacemento, os principios da súa andaina literaria na revista *Vallibria*, a súa traxectoria política e a súa prosa “panteísta y minuciosa” de*Cos ollos do noso espírito* (1949) e *Galicia no espello* (1954), centradas na xeografía galega. Subliña que a visión da cidade da Coruña e das súas paisaxes máis habituais apréciase en *Galicia*, na que se relatan as andanzas duns turistas franceses, guiados por Ramón Sanfiz, que desexan coñece-las terras galegas. Desvela a identidade destes cabaleiros e explica os itinerarios realizados como a visita á Torre de Hércules, “onde coñecen *La Biblia en España*, de George Borrow”. En palabras de Del Riego, defínese A Coruña como unha illa “penedosa ligada á terra por un istmo de área”, da que destaca a conservación do faro Brigantino, relata a lenda deste monumento, e describe xeograficamente a súa situación e a paisaxe que se contempla dende alí.

_____,“El gran panteón de Galicia”, *El Ideal Gallego*, 2 novembro 1999, p. 11.

Refírese á creación do Panteón de Galegos Ilustres e considera que se debeu valora-la posibilidade do camposanto de San Amaro, na Coruña, ó contar no seu interior con numerosas tumbas de figuras sobresaíntes da historia galega. Salienta que Xosé Mª Monterroso Devesa, en *O cemiterio de Santo Amaro*, ofrece “su particular guía de los enterramientos”, e enumera algúns dos persoeiros relacionados coa literatura galega que están alí enterrados como Manuel Murguía, Francisco Tettamancy, Antón Villar Ponte, Eduardo Pondal ou Curros Enríquez, entre outros.

_____, “O Castro reúne 300 títulos en una muestra bibliográfica sobre Castelao”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 23 novembro 1999, p. 18/p. 27.

Faise eco do Simposio “Castelao na Galiza do século XX”, celebrado no paraninfo da Universidade da Coruña, en conmemoración do quincuaxésimo aniversario do pasamento de Alfonso Rodríguez Castelao, e da inauguración da mostra bibliográfica organizada polo Centro de Arte Contemporánea do Grupo Sargadelos, con máis de trescentos títulos sobre este escritor como cen exemplares de *Un ollo de vidro* (1922), firmados polo seu creador, folletos e programas anunciando a exposición de Nós en 1920 ou as primeiras edicións de *Cousas* (1926),*Retrincos* (1934), *Os dous de sempre* (1934), *Os vellos non deben namorarse*, *Sempre enGaliza* (1944) e *As cruces de pedra na Galiza*, entre outros. Informa tamén de que a mostra foi completada polo Museo Carlos Maside cunha selección de traduccións das obras do rianxeiro. Remata cun resumo dos diferentes actos do simposio, entre eles unha conferencia de Xosé Neira Vilas titulada “Castelao: dous mundos e un só destino”, así como diversos debates sobre o intelectual rianxeiro.

_____, “La literatura es la mayor felicidad posible sobre la faz de la Tierra”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 28 novembro 1999, p. 9.

Transcribe dúas das conversas imaxinarias que mantén con Álvaro Cunqueiro a través das súasestatuas de pedra situadas na taberna “Casa Enrique”e na “plaza del Humor”. Ó longo destas charlas Cunqueiro confesa botar de menos as empanadas de berberechos e mándalle saúdos a Avilés de Taramancos, por descoñece-lo seu falecemento. Sinala que o descenso de humorismo en Galicia se debe á intención dalgúns por convertela “nunha corte de plañideras” para encaixar no tópico e fomenta-lo turismo, ó igual que o propósito de transformar a Castelao, nun “superdotado del humor”, nun “tostón político”. Corrobora que sobreviviu ó cargo de director do*Faro de Vigo* a pesar de que Mark Twain considera que isto era unha maldición para os escritores. Asevera que a destrucción do estilo se dá cando se deixa de escribir e que nesta vida todo é unha escusa para escribir. Finalmente, alude a certas características da literatura e á figura de Cunqueiro, entre elas o uso do hedonismo da palabra.

_____, “Rivas: “Coa miña escritura quero contar a historia íntima de Galicia”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 11 decembro 1999, p. 18/p. 28.

Recolle as palabras do escritor Manuel Rivas en relación coa novela que está a escribir na que se narra a “relación entre unha obreira galega dos anos sesenta e un británico”, argumento inspirado na súa marcha temporal a Londres. Confesa este creador que é “a historia de amor entre Rosalía de Castro e John Lennon”, asevera que coa súa escrita só desexa narra-la “historia íntima” de Galicia feita pola emigración e o exilio e que lle gustaría que os galegos puidesen dicir que fixeron Galicia. Cre que a cultura galega cae na autocompracencia, e que non é tan boa a situación da nosa cultura por sucesos coma os desorbitados investimentos nos diferentes actos do Xacobeo e a visión do Ano Santo coma un exercicio de propaganda interior e non coma proxección de Galicia cara ó exterior. Pensa que pode uni-la súa faceta literaria e xornalística ó escribir nun diario e opina que un periodista é un escritor e non debe renunciar á calidade literaria. Pousa resalta a satisfacción que sente Rivas pola versión cinematográfica de *A lingua dasbolboretas* e a preparación do guión de *O lapis de Rosalía* (1992), de Cortizas Amado.

_____, “El Archivo del reino incorpora a sus fondos el legado de Martínez-Barbeito”, *El Ideal Gallego*, 28 decembro 1999, p. 18.

Fala da incorporación ós fondos do Arquivo do Reino de Galicia da colección de documentos privados e correspondencia persoal do intelectual coruñés Carlos Martínez Barbeito Morás. Manifesta que, segundo o director do arquivo, só falta a aprobación do legado por parte do Consello da Xunta para a súa total inclusión e resume o contido desta achega composta por títulos académicos, libros orixinais, textos de conferencias e correspondencia con intelectuais do seu tempo. Ofrece parte do contido da colección de cartas de Lorca, Otero Pedrayo, Vicente Aleixandre e outros membros da Xeración do 27 e do Grupo Nós a este intelectual, así como, o poema manuscrito “Castellanos de Castilla”, de Rosalía de Castro e “O divino Sainete”, de Curros Enríquez, así como documentos relacionados cos cargos que desempeñou na TVE, no Museo de América, no Instituto José Cornide, na Real Academia de Bellas Artes Nuestra Señora del Rosario e na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Notifica que estes documentos se situarán xunto ós do avó, Andrés Martínez-Barbeito, do pai, Andrés Martínez Salazar ou da nai.

Prieto, S., “El libro no es sólo patrimonio de los cultos”, *La Región*, 23 maio 1999, p. 18.

Dá conta do acto inaugural da terceira Feira do Libro de Verín, que contou con once expositores, e á que asistiron, entre outros, o delegado de Cultura, Felipe Ferreiro, o alcalde da cidade, Juan Manuel Jiménez, os responsables da Federación de Libreiros de Galicia e Luís González Tosar, que foi o encargado de le-lo pregón no que, entre outras cousas, salientou a importancia de que a cultura, e con ela os libros, sexan un ben común e non patrimonio duns poucos. Por outro lado, fala da novidade da Feira que, este ano, viu reforzadas as súas actividades con sesións de contacontos, actos musicais e sinatura de libros.

R. F., “Letras de molde para el grupo ‘O Volter”, *La Región*, 30 xaneiro 1999, p. 12.

Ademais de informar da presentación do libro *O Volter* (1998), no que Sofía Tros de Ilarduya estudia a historia e importancia deste colectivo artístico ourensán dos anos sesenta, recolle as declaracións da autora nas que salienta que O Volter foi “un movimiento artístico de gran importancia para el arte gallego por lo que aportaba de innovación y vanguardia, y un foco de resistencia contra el franquismo”. Finalmente, describe a estructura do volume e nomea os persoeiros asistentes ó acto.

_____, “Un ano sin Antón Risco”, *La Región*, 7 febreiro 1999, p. 17.

Lembranza da traxectoria intelectual de Antón Martínez Risco con motivo do primeiro cabodano da súa morte. Saliéntase a súa especialización na literatura fantástica, en Valle-Inclán e Azorín, así como as súas dotes de novelista en galego e en español. Repásanse os premios recibidos e recóllese unha proposta da Fundación Vicente Risco para solicitar ó Concello de Ourense a organización dun premio literario que leve o nome deste erudito.

_____, “Viaxe ó mundo de Paz Andrade”, *La Región*, 12 abril 1999, p. 6.

Dá conta da exposición que sobre Valentín Paz-Andrade tivo lugar na Galería Sargadelos, e que serve de complemento ó libro *Valentín Paz Andrade. A memoria dun século* (1998), de Tucho Calvo. Inclúe as opinións de Isaac Díaz Pardo e de Marcos Valcárcel sobre a importancia deste intelectual na preguerra e nos anos da transición política cara á democracia.

_____, “O Clube remata o milenio con novas iniciativas”, *La Región*, 22 xullo 1999, p. 11.

Informa da incorporación dun novo vocal á xunta directiva do Clube Cultural Alexandre Bóveda e das actividades previstas ata a fin do mandato da nova dirección, xuño do ano 2000. Salienta, entre outras, a celebración do Vº Encontro de Escritores, o IIIº Roteiro da Esmorga, as Xornadas sobre os Mitos Galegos e un ciclo de recitais poéticos baixo o título de “Galicia na voz dos novos poetas”. Finalmente, achega uns datos da historia e financiamento desta entidade.

R. G., “Rianxo celebra desde hoxe o centenario do nacemento do escritor Rafael Dieste”, *La Voz de Galicia*, 29 xaneiro 1999, p. 38.

Faise eco das actividades previstas polo Concello de Rianxo e pola Fundación Castelao con motivo de se cumpri-lo centenario do nacemento de Rafael Dieste. Entre elas, destaca unha conferencia de Xosé Luís Axeitos e a descuberta dunha placa na tumba do autor de *A fiestra valdeira* (1927), ademais de citar unhas xornadas organizadas pola Consellería de Cultura. Previamente, lembra a estadía do rianxeiro no campo de concentración francés de Saint-Cyprien, en febreiro de 1939, e recolle un fragmento do seu intercambio epistolar con Carme Muñoz, a súa dona.

_____, “El Instituto Cervantes de Roma analiza la literatura gallega”, *La Voz de Galicia*, 9 febreiro 1999, p. 32.

Ademais doutras informacións sobre as actividades de diferentes sedes do Instituto Cervantes, comenta a presencia de Alfredo Conde e de Miro Villar na sede romana desta institución para participar nunha mesa redonda sobre a literatura galega á que, segundo a información, non puido acudir Manuel Rivas. Informa tamén da relación de ámbolos dous escritores galegos con Italia, o primeiro coñecido pola novela *Xa vai o griffón no vento* (1984), mentres que o segundo recibiu o prestixioso premio poético, Tivoli.

_____, “Brech me convirtió en autor raro”, *La Voz de Galicia*, 14 maio 1999, p. 38.

Comeza o artigo coas opinións de José Saramago acerca das posibilidades que ten X. L. Méndez Ferrín de recibi-lo Premio Nobel de Literatura. A seguir, comenta o libro *Fría Hortensia y otros cuentos*, centrándose no “Prólogo para no gallegos”, no que o autor ourensán explica a súa traxectoria dentro da narración curta, as influencias de Tolkien, Brecht, Chejov e O’Henry, e tamén a súa concepción do conto como “un poema lírico: necesariamente intenso, absolutamente económico en cuanto a los elementos que lo componen”. Finalmente, nomea os traductores dos relatos ferrinianos.

_____, “Fernández Flórez legó una biblioteca con 1.700 libros”, *La Voz de Galicia*, 11 xuño 1999, p. 36.

Dáse conta da aprobación por parte da Deputación da Coruña da compra da casa de Wenceslao Fernández Flórez para unha fundación, destacando a biblioteca que se conserva con 1.700 exemplares ademais de primeiras edicións das obras do autor e teses doutorais, así como as críticas ás súas obras e diferentes guións que deixou inéditos.

_____, “Morre na Coruña Jenaro Marinhas, militante das Irmandades da Fala”, *La Voz de Galicia*, 24 decembro 1999, p. 78.

Informa do falecemento de Jenaro Marinhas del Valle ós 91 anos de idade. Ademais de dar a coñece-las datas das exequias, fai un percorrido descritivo pola súa traxectoria literaria e política, salientando que se preocupara por “temas como o sentido da vida, a ética e, sobre todo, a defensa dos máis humildes”. Tamén lembra as colaboracións deste histórico galeguista na prensa anterior á guerra, o seu ingreso na Real Academia Galega, así como un acto de homenaxe celebrado no ano anterior e organizado pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Agrupación Alexandre Bóveda.

R. R., “Castelao anteponía su defensa y amor por Galicia a su carrera artística”, *La Voz de Galicia*, 28 novembro 1999, p. 90.

Comenta a última sesión das xornadas sobre Castelao, que se celebraron na Coruña e en Sada, centrándose na intervención de María do Carmo Kruckenberg e nas catro cartas inéditas, dirixidas de Castelao a Francisco Llorens, que esta autora deu a coñecer. Salienta do contido desta correspondencia o elevado sentido da responsabilidade de Castelao, así como o seu compromiso con Galicia.

R. S., “La Feria del Libro cumple sus bodas de plata con un desembarco de escritores”, *Atlántico Diario*, 30 xuño 1999, p. 9.

Faise eco da apertura da XXVª edición da Feira do Libro de Vigo e dá conta dos actos previstos. Salienta que o obxectivo central é a promoción da literatura galega, para o cal contan coa presencia de importantes escritores galegos, ademais de fornece-los datos fundamentais da feira como os organizadores, expositores e datas. Remata recollendo as porcentaxes de incremento da producción editorial en galego nos últimos anos.

Rábade Paredes, X., “De Catoira a Rianxo”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 31 xaneiro 1999, p. 13.

Despois de afirmar que viaxa con frecuencia entre Santiago e Rianxo, Rábade Paredes fai esta viaxe literaria dende Padrón acompañado por Rosalía de Castro. Narra como durante a travesía por mar teñen a oportunidade de saudar a Manuel Antonio, Rei Romero, Paio Gómez Chariño, Castelao e Dieste, todos eles na ribeira norte do mar da Arousa. Dende a vertente sur saúdan a Cabanillas, a Valle-Inclán e a Aquilino Iglesia Alvariño.

Ramos, Ana, “Arredor de Rosalía”, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 decembro 1999, p. 29.

Fai referencia á conferencia “Para quen escribimos. Relacións entre autor e lector na literatura galega” pronunciada por María do Cebreiro e Xosé María Álvarez Cáccamo no marco dos “Diálogos na casa de Rosalía”, que se celebran na Casa Museo entre novembro do 1999 e xullo do 2000.

Regueiro, Carina, “As intimidades da escritura”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº1, 12 novembro 1999, p. 4.

Refírese ás teimas de moitos escritores con respecto ó ambiente no que escriben as súas obras. Despois de comenta-lo que acontecía con clásicos da literatura universal como Günter Grass, Juan Ramón Jiménez ou Mark Twain, recolle as palabras de Celia Torres, responsable de prensa de Edicións Xerais de Galicia, nas que conta a súa experiencia cos últimos premios Xerais con respecto ó coidado na presentación dos traballos. A seguir, fai unha descrición dos hábitos de autores como Manuel María, Cunqueiro, Cid Cabido, Neira Vilas, Miguel Anxo Fernán-Vello, Camilo Franco e Manuel Seixas.

Regueiro, Natalia, “Unha poética transfronteiriza”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 88, 27 xullo 1999, p. 7.

Presenta o segundo número da revista bilingüe hispano-portuguesa *Hablar/Falar de Poesía*. Ademais de indica-lo seu carácter plurilingüe, o patrocinio, o prezo e o Consello de Redacción, refírese ós contidos desta entrega, entre os que destaca “o alento quente das verbas exaltadas e delirantemente vitais de Olga Novo”.

Rei, C., “Xavier Alcalá y su literatura patagónica”, *Galicia en el Mundo*, nº 331, 2-8 agosto 1999, p. VIII.

Alude á grande importancia que na obra de Xavier Alcalá teñen as provincias do Cono Sur americano e, especialmente, Comodoro Rivadavia. Cita algúns dos libros de Alcalá, así como os artigos de prensa, nos que esta terra e as súas xentes están presentes, feito que demostra “el cariño que el hombre de la ferrolterra siente hacia la colectividad gallega emigrada en las tierras de este otro “Finisterrae”.

Rei Ballesteros, Anxo A., “Mar orxiástico”, *La Voz de Galicia*, “A ruta do autor”, 28 febreiro 1999, p. 13.

Recolle neste relato as sensacións recibidas ó facer unha viaxe a Corrubedo, a Punta Falcoeira, ás lagoas de Carregal e Vixán e ás dunas. Considera que o mar na unión das rías de Arousa e Muros é traizoeiro e mentireiro, “criminal e inocente ó mesmo tempo”, polas moitas vidas que ten cobrado ó longo do tempo. Latexa durante toda a narración a sombra da soidade e da distancia que envolve esta zona xeográfica do litoral galego.

Rielo, Nicanor, “Crecente Vega volve á Terra Chá”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 10 xaneiro 1999, pp. XVIII-XIX.

Comeza este artigo cunha alusión ó pasamento de Crecente Vega o 21 de marzo de 1948 en Segovia e a repercusión deste feito na prensa do momento. Revisa tamén a situación da literatura galega dentro do país e fóra del, caracterizada por estar atravesando os momentos máis duros da posguerra. A seguir, refírese ó traslado dos restos deste poeta chairego dende terras castelás ó seu Castro de Rei natal. Describe o funeral, salientando a intervención de coñecidos poetas da actualidade e a homilía, na que se salientou a relixiosidade de Crecente Vega. De seguido, Nicanor Rielo caracteriza a obra de Crecente Vega polo seu “humanismo, franciscanismo e relixiosidade popular”, ademais de ofrecer cumprida referencia dos estudios e edicións de que foi obxecto *Codeseira* (1933). Pecha o artigo cun “perfil biográfico” onde recolle os datos máis salientables deste autor.

Rodríguez, Antonio, “Castaño e Novo integran espacios e culturas en ‘*Valdeleite*”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1999, p. 45.

Anúnciase a presentación do primeiro número da revista *Valdeleite* en Santiago e recóllense declaracións das responsables da publicación, Olga Novo e Yolanda Castaño. Esta última explica que a “aparente anarquía e desorde interna” responde ó desexo de achegar diferentes xéneros ou rexistros e unir no mesmo producto a literatura coa plástica.

_____, “*Valdeleite*’ a lectura da insubmisión máis louca”, *O Correo Galego* “AFA”/*El Correo Gallego*, 28 xaneiro 1999, p. 35/p. 73.

Noticia que informa da presentación do número cero da revista en Santiago e concibido segundo as súas dúas responsables como un espacio aberto ademais de faceren un chamamento á “insubmisión da lectura máis louca, cando a desmesura é a nosa única forma de medir as cousas”. Alúdese ó desenvolvemento do acto e indícase que coa publicación se procura un lugar no que se integren distintas culturas e liñas estéticas. Faise, finalmente, referencia ó formato de papel multicolor enxergado nunha bolsa de veludo.

_____, “Dieste, un rebelde en reto consigo mesmo”/“Dieste, un rebelde que continuamente se cuestionaba para vencer a pasividade”, *O Correo Galego* “AFA”/*El Correo Gallego*, 6 febreiro 1999, p. 32/p. 54.

Dá conta das actividades da derradeira xornada celebrada en Rianxo para lembra-la figura de Rafael Dieste. Recolle a petición de Arturo Casas para a publicación das obras completas do escritor rianxeiro, así como as opinións deste estudioso acerca da rebeldía e da concepción diesteana da realidade. Con respecto ó debate que pechou as xornadas, salienta as consideracións de Dieste acerca da saudade, ademais de incluí-las declaracións de Basilio Losada nas que afirma estar escribindo unha novela.

_____, “Lorenzo Varela, un home entre a pluma e a espada”/“Lorenzo Varela ou o retrato maldito dun dos grandes escritores do exilio galego”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 12 febreiro 1999, p. 28/p. 73.

Recolle os aspectos máis salientables dunha conferencia impartida por Xesús Alonso Montero na Galería Sargadelos de Compostela sobre a figura de Lorenzo Varela. Con respecto ó autor de *Lonxe*, destaca Alonso a independencia, a xenerosidade, o inconformismo e o silencio que o acompañou despois de regresar do exilio. Anuncia a publicación dunha biografía deste escritor, do que repasa a traxectoria ideolóxica e a súa participación no *Correo Literario* e en *Romance*.

_____, “Valcárcel apreixa o inefable”/“O poeta Xesús Manuel Valcárcel apreixa o inefable na súa novela *As grandes carballeiras*”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 17 marzo 1999, p. 35/p. 74.

Informa da presentación de *As grandes carballeiras* (1998), de Xesús Manuel Valcárcel unha obra na que, segundo o autor do artigo, ten moita importancia estructural o número sete. Recolle as declaracións de Damián Villalaín e de Franck Meyer, nas que salientan, a orixinalidade e a imaxinación, respectivamente, como principais trazos da novela. Finalmente, refírese á “teoría sentimental” deste autor e ó longo período de tempo empregado na escrita desta obra.

_____, “O ámeto do Poeta”/“O Poeta de Galicia morreu onte ás 10.52 da mañá en Santiago de Compostela”, *O Correo Galego* “AFA”/*El Correo Gallego*, 31 outubro 1999, p. 20/p. 74.

Dá a noticia do falecemento de Uxío Novoneyra no mesmo día no que estaba previsto que se lle tributase unha homenaxe nacional pola súa contribución á literatura galega. A seguir, fai un percorrido pola traxectoria vital do poeta do Courel, centrándose nas influencias que recibiu ó longo da súa vida, na infancia na montaña luguesa, nas literaturas orientais na adolescencia e na cultura beat nos anos sesenta. Comenta a entrada en contacto co galeguismo despois da estadía en Compostela, onde coñeceu a Manuel María, Piñeiro, Otero e Maside, así como o contacto co grupo Brais Pinto en Madrid. Finalmente, afirma que toda a obra poética de Novoneyra xira ó redor de *Os Eidos* (1955), “prolongado, pulido, revisitado e engrandecido nos seus títulos posteriores”.

_____, “O camiño in-verso”/“O regreso ó Courel”, *O Correo Galego* “AFA”/*El Correo Gallego*, 1 novembro 1999, p. 12/p. 75.

Considera que a morte de Uxío Novoneyra supón o primeiro paso do regreso cara ó Courel que o vira nacer. Cualifícao como “poeta da terra” que “creou ó longo da súa vida un triángulo xeográfico de vivencias con eixo no Courel e vértices en Madrid, Lugo e Compostela”. A seguir, comenta o que cada unha destas cidades lle deu ó poeta falecido. Describe tamén o adeus que os compañeiros lle renderon en Compostela e dá conta dos actos de homenaxe previstos. Finalmente, informa dos asistentes e dos portadores do cadaleito.

_____, “Dezaseis propostas en verso para falar de amor e facelo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 287, 4 novembro 1999, pp. 8-12.

Comeza cunhas reflexións sobre o amor, “ese invento cultural do século XIX que tan ben soubo refrear a masa obreira”, e o sexo, “que agora tratan de converter nunha transacción de máxima rendabilidade”. A seguir, presenta unha antoloxía de 17 poemas que van dende o “exhibicionismo perverso” á “retórica erótica”, pertencentes ós seguintes autores: Yolanda Castaño, Claudio Rodríguez Fer, Xulio Valcárcel, Xosé María Álvarez Cáccamo, Pilar Pallarés, Xosé Carlos Caneiro, Lupe Gómez, Lois Pereiro, Estevo Creus, Helena Villar Janeiro, Alfonso Pexegueiro, Antón Reixa, Carlos Santiago, María Xosé Queizán, Olga Novo e Miguel Anxo Fernán-Vello.

Rodríguez, Antonio/Antón **Lopo**, “Rianxo reclámalle ó conselleiro de Cultura un papel estelar nos actos para o ano 2000”/“O alcalde pídelle a Pérez Varela máis protagonismo para Rianxo no 2000”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 5 febreiro 1999, p. 31/p. 41.

Informa da celebración en Rianxo dunhas xornadas de estudio ó redor de Rafael Dieste con motivo do centenario do seu nacemento. Céntrase no comentario dos actos de homenaxe e nos discursos inaugurais, dos que salienta a petición de Pedro Piñeiro, alcalde de Rianxo, dun maior protagonismo para esta vila con motivo das efemérides do ano 2000 co centenario do nacemento de Manuel Antonio e o cincuentenario do pasamento de Castelao. Con respecto ás intervencións dos relatores, destaca a de Freixeiro Mato sobre a importancia de Dieste na configuración dunha lingua estándar, a de Anxo Tarrío ó redor da narración *A luz do silencio*, e a de Manuel Aznar Soler sobre as repercusións do exilio no autor de *A fiestra valdeira*.

Rodríguez, Ignacio, “Fraguas recibiu a derradeira despedida ó pé do seu museo”, *La Voz de Galicia*, 7 novembro 1999, p. 90.

Crónica das exequias fúnebres en honra de Antonio Fraguas que recolle as palabras do Bispo Auxiliar de Santiago durante a homilía así como as de Isaac Díaz Pardo na despedida. Recóllense as palabras de ambos, que coinciden en salienta-la humildade e a entrega a uns ideais como características sobranceiras da vida e obra deste polígrafo galego. Finalmente, lembra a relación de Fraguas coas terras de Melide, así como unha homenaxe que lle tributaron os seus veciños de Cotobade no ano 1994.

Rodríguez, Salvador, “No ventre de... Ela, maldita alma”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 18 xullo 1999, p. 5.

Comeza indicando que o ano 1999 encetou cos agoiros máis favorables, xa que despois do éxito obtido por Manuel Rivas con *O lapis do carpinteiro* (1998), continuou co libro de relatos *Ela, maldita alma* (1999). A continuación, achega o nome doutras obras narrativas recentes, como *No ventre do silencio* (1999), de Xosé Luís Méndez Ferrín; *Círculo* (1998), de Suso de Toro; *Os séculos da lúa* (1999), de Xosé Carlos Caneiro e *Morning star* (1998), de Xosé Miranda. No campo da poesía, cita o nome de Yolanda Castaño, que co seu *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998), foi galardoada co Premio da Crítica. Por último, menciona os traballos elaborados por Marcos Seixo e Roberto Blanco Valdés sobre a figura homenaxeada no Día das Letras Galegas de 1999 e varias traduccións ó galego deste mesmo ano como *Siddharta*, de Herman Hesse ou *Diario de Eva*, de Mark Twain.

_____, “O poeta da noite máis longa”, *Faro de Vigo*, “FaroDomingo”, 29 agosto 1999, pp. 4-5.

Lembranza de Celso Emilio Ferreiro con motivo do vixésimo cabodano da súa morte. Considera que o celanovés é a voz poética que máis influíu nos poetas das últimas décadas do franquismo e no camiño cara á transición democrática. Con respecto á súa obra, caracterízaa polo compromiso político e social coa realidade da súa terra, compromiso que conservou durante a súa estancia en Venezuela. Salienta que numerosos poemas de Celso Emilio fosen musicados polos cantautores galegos. Recolle tamén a valoración que da súa obra fan Manuel de la Fuente e Ramiro Fonte, que coinciden en destaca-lo carácter rebelde do autor de *Longa noite de pedra*. Para rematar, explica a evolución ideolóxica deste autor e inclúe un fragmento dunha entrevista realizada á súa dona, María Luísa Moraima Loredo, na que aclara certos aspectos dos últimos anos de Celso Emilio Ferreiro.

Rodríguez, Víctor, “Blanco Amor, de “farra”, *El Mundo. Galicia*, 5 decembro 1999, p. 12.

Faise eco da celebración en Ourense da terceira edición do roteiro de *A Esmorga* (1959), no que se percorren aqueles puntos polos que transitaban os protagonistas da novela de Eduardo Blanco Amor. Salienta a importante participación popular neste evento e destaca que, por primeira vez, se fixese de noite. Ademais de describi-lo traxecto, informa das persoas encargadas de leren fragmentos da obra antedita e recolle as palabras de César Ansias, presidente do Clube Alexandre Bóveda, nas que salienta as dimensións que ano a ano está a acadar este acto.

Rodríguez Barrio, Xavier, “Nado dunha tormenta de sol”, *El Progreso*, “Gente”, 18 xullo 1999, p. 21.

Este poeta lugués fai un percorrido polas lembranzas que garda da súa infancia, que considera “feliz arroupada por uns pais amorosos que xa deixei escrita nalgúns dos meus libros de poemas”. Nesta xeira, comenta os recordos dos xardíns do Seminario, que avistaba dende a fiestra, as imaxes do “campus académico” e o traslado ó barrio de Fingoi. Opina que esas sensacións están reflectidas no poemario *Antiga claridade* (1992), e que a súa verdadeira vocación de poeta nace ó face-lo bacharelato superior por Letras, froito da cal escribe os seus primeiros poemas, cos que xa gaña algún premio, e publica o seu poemario inicial, *Pranto irmán*, en Madrid no 1973.

Rodríguez González, Olivia, “Os donos das palabras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 68, 9 marzo 1999, p. 3.

Recóllense as intervencións de varios escritores dados a coñecer nos anos 50 e 60 no coloquio “Poetas e poéticas no horizonte do 2000”, entre os que están os galegos Bernardino Graña e Luz Pozo Garza. Do poeta de Cangas destácase o seu compromiso co mundo mariñeiro, as influencias populares e de Celso Emilio Ferreiro, así como a harmonía da súa obra. De Luz Pozo saliéntanse as débedas con Pimentel e Cunqueiro, así como a súa evolución dende o intimismo inicial ata o simbolismo actual, pasando pola poesía social dos anos setenta.

Rolland, Eduardo, “Ferrín: Por primeira vez, recoñécese na Universidade a literatura só en galego”, *Faro de Vigo*, 20 maio 1999, p. 52.

Informa da investidura de Xosé Luís Méndez Ferrín como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Recolle o máis salientable dos discursos do homenaxeado, do rector Domingo Docampo e da profesora Camiño Noia. O autor de *Retorno a Tagen Ata* destaca que a súa investidura é un recoñecemento á literatura nacional galega, por ser el un escritor monolingüe en galego. Lembra a súa infancia e adolescencia, a chegada á universidade, aqueles profesores que máis influencia tiveron sobre el e tamén lle dedica unhas palabras a Roberto Blanco Torres. Remata a súa intervención coa lectura dun conto inédito.

S. A., “Ferrín dice que su “honoris causa” reconoce la independencia de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 20 maio 1999, p. 37.

Faise eco do acto de investidura de X. L. Méndez Ferrín como doutor *honoris causa* pola Universidade de Vigo. Reprodúcense as súas palabras pronunciadas no discurso nas que agradeceu, entre outras cousas, que este acto coincidise co mes no que se celebra o Día das Letras Galegas. Recoñeceu que este mérito era pola súa traxectoria de creación literaria, toda ela en galego, cousa que só fixera Neira Vilas. Finalmente, dise que como discurso Méndez Ferrín leu un conto inédito titulado “Profesores implícitos”.

S. P., “Lembranza do escritor total”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 134, 4 decembro 1999, p. 2.

Con motivo do vixésimo aniversario da morte de Eduardo Blanco Amor, ofrécese un repaso pola súa biografía e destácase a importancia da súa obra como autor bilingüe. Refírese ós seus comezos como poeta con *Romances Galegos* (1928), logo como novelista con obras como *La catedral y el niño* (1948), *Os Biosbardos* (1962) ou *Xente ao lonxe* (1972), consideradas as tres obras mestras do autor, nas que sobrancean as innovacións técnicas e temáticas, así como a concepción do literario que representan, e o espacio común que representa sempre Ourense. Finalmente, abórdase a súa faceta de dramaturgo, destacando obras como *Farsas para títeres* (1973) e *Teatro pra xenté* (1963), ademais de bo orador.

S. Q., “Ricón secunda a solicitude do Nobel de Literatura para o escritor Méndez Ferrín”, *Atlántico Diario*, 6 marzo 1999, p. 12.

Dá conta da presentación dunha moción, que o Alcalde de Redondela, Amado Ricón Virulegio, ten prevista no próximo pleno, para solicitar da Academia Sueca o premio Nobel de Literatura para o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín, secundando así a iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega, e alegando que X. L. Méndez Ferrín representa na literatura galega o que Saramago na portuguesa.

S. R., “Bóveda recibe las mayores distinciones de la ciudad entre aplausos de todos los sectores”, *Faro de Vigo*, 12 decembro 1999, p. 23.

Informa do acto de entrega da Medalla de Ouro e o título de Fillo Adoptivo a Alexandre Bóveda, fundador do Partido Galeguista e impulsor do Estatuto de Autonomía, fusilado en 1936, e ó que se di que acudiron numerosas personalidades do mundo da política e das institucións culturais, así como asociacións veciñais.

S. V., “¡A Escena!”, *El Progreso*, 6 agosto 1999, p. 18.

Alude ó grupo de Teatro O Carballo, agora Asociación Cultural, e fai un repaso polo seu labor despois de catorce anos de existencia con representacións como: *Os cravos de prata, A xustizado muiñeiro, O enfermo imaxinario*, de Moliére e *A casa de Bernarda Alba*, de García Lorca, representadas polo grupo dos maiores; mentres que o dos pequenos dise que escenificaron: *Pista ou peste, De mulleres non me fales, A voda de Esganarello* e *A tía lambida.* Faise eco de axudas económicas por parte do concello e, finalmente, informa dalgunhas actividades previstas pola directora do grupo, Carmen Vila, como o proxecto da obra *Entre Tinieblas*, de Almodóvar para o grupo dos maiores e novas actividades como actuacións de títeres e contacontos para os máis pequenos.

Salas Nasa/**Galán**, “Carta a Carlos Casares”, *O Correo Galego*, “AFA”, 28 xuño 1999, p. 31.

Os responsables da Sala Nasa e do teatro Galán escríbenlle unha carta ó presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares, aclarándolle algúns feitos como a existencia en Galicia de compañías de teatro, dúas delas de iniciativa privada, que contan con compañías residentes como Matarile Teatro e Teatro Chévere, funcionando dende hai 13 anos e que gracias a elas puxéronse en práctica modelos alternativos, tanto de xestión e de difusión teatral como de producción e distribución. Insisten en que gracias a elas Galicia participa dun fenómeno cultural de ámbito europeo dende o principio e en primeira liña como é a apertura de novos teatros dende a iniciativa privada xestionados por compañías de teatro indepen-dentes.

Sandoval, Lois, “Espiral Maior, unha augación de poesía”/“Espiral Maior enche o verán editorial con oito novos títulos poéticos”, *O Correo Galego,* “AFA”*/El Correo Gallego*, 2 xuño 1999, p. 31/p. 76.

Cítanse as novidades previstas pola Editorial Espiral Maior para o ano 1999, entre as que se atopan obras poéticas como *Na flor do vento*, que estrea como poeta do narrador AlfonsoÁlvarez Cáccamo; *Os cadernos da ira*, de Xosé María Álvarez Cáccamo; *Días de cera*, de Francisco X. Fernández Naval, e *¿Aínda soñas con piratas?*, de Xosé Carlos Caneiro.

Sequeiro, Natalia, “A biografía e unha escolma da obra de Roberto Blanco Torres en edición de peto”, *O Correo Galego*, “Lecer”/*El Correo Gallego*, 20 xuño 1999, pp. 2-3/p. 74.

Dáse conta das novidades editoriais da Comisión Permanente de Publicacións da Xunta de Galicia, entre as que salientan a biografía *Roberto Blanco Torres*, de J. Luís Blanco Valdés, acompañada dunha achega polo miúdo ó contido e estructura da obra; *Epigramas*, de Marcial, dentro da colección “Clásicos en Galego”, nunha edición bilingüe en latín e galego, ou *Sofía Casanova, mito y literatura*, de Rosario Martínez Martínez, na que se di que aborda a vida e obra desta intelectual galega. Tamén se describen os obxectivos perseguidos por esa comisión. Infórmase, ademais, da aparición periódica de boletíns e catálogos que lle permiten ó lector coñecer cales son os últimos libros publicados pola Administración Autonómica. Finalmente, faise unha breve achega á vida profesional de José Luís González Sobral, actual encargado da citada Comisión Permanente de Publicacións.

Sobenes, Maggi, “Un poeta silenciado”, *El Progreso*, 13 marzo 1999, p. 17.

Refirese a Francisco de Fientosa, pseudónimo do poeta Francisco Vega Ceide. Lembra que este poeta viu truncada a súa carreira literaria ó falecer con tan só 24 anos. Dá conta das obras que deixou publicadas como foron: *Lendas* (1931), *Triángulo isósceles* (1934) e *El alba del quechemarín* (1935). A continuación indica que Emilio Sinde posúe os orixinais do poemario inédito *El trebol de las catro hojas* (1936) e unha serie de artigos que posiblemente ían integra-lo seu primeiro libro en prosa *Gente cordial*. Por todo isto, Emilio Sinde, pide que parte do próximo Boletín do Museo de Castro de Viladonga se lle adique a este poeta, coma antes se fixera con Xosé Crecente Vega e Manuel Becerra.

Soto, R., “Una parte de la Galaxia Gutemberg en Ourense”, *Faro de Vigo*, 19 agosto 1999, p. 36.

Anúnciase a aparición da Editorial Abano Editores con tres coleccións, a de narrativa chamada “Carpe Diem”, que se inaugura coas memorias de Pura Vázquez; a colección dirixida ós máis pequenos, chamada “Rula”, que recolle libros de formación e diversión para os cativos, e na que aparecerá a producción teatral de Pura e Dora Vázquez e a terceira, titulada “Varia”, que comeza con *Ficcións en terra meiga*, de Paco Sarria e Miguel Villar. Salienta destas coleccións o deseño orixinal das súas obras, así como a intención de ser un espacio para xente que non pode publicar noutras editoriais.

_____, “La producción editorial de Galicia sufre un estancamiento en relación con 1998”, *Faro de Vigo*, 4 setembro 1999, p. 40.

Ofrece unha panorámica cuantitativa da producción literaria en Galicia, na que se sinala que os lectores galegos seguen preferindo a narrativa antes cá poesía, o ensaio ou o teatro, pero que aínda así o número de vendas de libros non aumentou con respecto a 1998, no que foron publicadas 1.231 obras. Segundo indica, a maioría das editoriais viron diminuídas as súas vendas, con excepción de Galaxia, que aumentou o seu número, de 70 pasou a 102, con novidades nas súas producción como é o caso da colección “Costa Oeste” e unha renovaciónda colección “Árbore”; mentres que Sotelo Blanco dise que publicou no 1998 17 títulos, catro números da revista *A Trabe* e dez reedicións, e no 1999 ten previsto publicar 19 títulos e catro números máis de *A Trabe*. Finalmente, di que editoriais como Xerais de Galicia, Ir Indo ou A Nosa Terra diminuíron a súa producción, malia a axuda doutros métodos como os libro-disco ou os CD.

_____, “La editorial Trea ofrece traducciones de sendas obras de Camilo Gonsar y de Xavier Baixeras”, *Faro de Vigo*, 2 decembro 1999, p. 50.

Informa do labor de traducción da editorial Trea de obras de autores estranxeiros, e que nesta ocasión foron as obras de dous autores galegos: *Hacia Times Square*, de Camilo Gonsar e *Las aguas abandonadas*, unha antoloxía poética escollida entre os anos 1981-1999 nunha edición bilingüe de Xavier Baixeras. Dá conta tamén da presentación destas traduccións na cidade de Vigo.

Souto, Suso, “Silleda apúntase á cultura”, *O Correo Galego*, 7 xaneiro 1999, p. 47.

Dá conta da presentación do primeiro Foro de Literatura do “escritor e a crítica”, celebrado na Semana Verde de Galicia en Silleda. Informa das actividades culturais entre as que destaca a participación de escritores tan coñecidos como Xavier Alcalá, Dolores Vilavedra, Chus Pato ou Iris Cochón.

T. B., Andrés, “Anxo Tarrío: ‘A literatura galega é xa na actualidade unha realidade complexa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “O Correo da Universidade”, 26 maio 1999, p. 1/p. 75.

Reprodúcense as palabras de Anxo Tarrío, quen salienta a importancia que está a ter a literatura galega, gracias ás publicacións de todo tipo de xéneros e ó xurdimento dos grupos de teatro, e destaca que esta sona chega incluso fóra de Galicia. Tamén fala sobre os labores que se están a realizar no Centro de Investigacións Ramón Piñeiro, do cal é o director da sección de literatura.

Torre, María de la, “Los poetas gallegos se despidieron ayer de Novoneyra en el Cementerio de San Froilán”, *El Mundo*, 1 novembro 1999, p. 8.

Informa que foron moitas as persoas que acudiron ó enterro de Uxío Novoneyra, entre elas os seus amigos e tamén literatos: Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel María, Neira Vilas, Darío Xohán Cabana ou Paco Martín, e que todos eles destacaron a súa grandeza como home e como poeta.

Torres, J., “A editorial Galaxia ofrece unha variada oferta de libros para este outono”, *El Correo Gallego*, 15 setembro 1999, p. 74.

Refírese á presentación por parte da Editorial Galaxia das novas ofertas literarias, entre as que aparecen *O mellor francés de Barcelona* (1999), de Bieito Iglesias; a traducción de *Afirma Pereira* (1999), de Antonio Tabucchi ou *Desventuras de Lino Carrán* (2000), de Xosé Miranda. Finalmente cita as coleccións “Continental”, “Ensaio”, “Costa Oeste”, “Guías Galaxia” e “Edicións Positivas” que tamén presentan as súas novidades.

Torres, Julio, “¿Seguro que no outono non hai follas novas?, *O Correo Galego*, “AFA”, 3 setembro 1999, pp. 30-31.

Amósanse as novidades que as editoriais galegas van presentar tanto en libros coma en diccionarios, na nova tempada de outono, comezando por salientar obras como *Bailarina*, de Manuel Seixas, da que se di que é unha novela de ficción ambientada no século XXII; *A cor do ceo*, de Lino Braxe, entrega dun libro-disco composto de relatos ambientados en lugares exóticos. Tamén se apuntan as novidades da colección “O Cabalo Buligán” con obras como*Contos Marabillosos III e IV*, ademais de referirse a *O retorno dos homes mariños*, de Xurxo Souto; *A campá da lúa*, de Helena Villar Janeiro, ou *A princesiña Socorro*, de Gloria Sánchez. Tamén salienta as novidades en literatura infantil con entregas como *Bicos de prata*, de Fina Casalderrey; *A castaña que chegou á árbore*, de Tucho Calvo ou *O reino de Momoronguá*, de Xan Babarro e Ana Fernández, entre outros.

Torres, Julio G., “Unha grande homenaxe para Uxío Novoneyra”, *O Correo Galego*, 16 outubro 1999, p. 35.

Comenta que a homenaxe a Uxío Novoneyra débese ó gran prestixio que acadou a Asociacion de Escritores en Lingua Galega coa súa presidencia. Centrándose no acto apunta que interviñeron Migel Anxo Fernán-Vello, secretario desta Asociación, que destacou que Novoneyra “é un dos poetas fundamentais da poesía galega de tódolos tempos”; Alberto Asende, presidente da Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, quen citou as actividades desta homenaxe, e Manuel Vázquez, da Asociación Cultural O Galo, quen presentou a tódolos participantes.

Trabadela, Alfonso de Manuel, “Voando na sombra”, *Tabeirós Terra*, nº VIII, novembro 1999, p. 19.

Iníciase neste número unha serie de “contares”, dos que se prevé continuación nos seguintes. Nárrase un conto fantástico en primeira persoa no que se desenvolve a historia dun home que cando foi ver nos anos trinta unha demostración de voo meteuse nunha avioneta. Cando comezou a exhibición o protagonista caeu ó baleiro e, cando estaba tocando os piñeiros, espertou porque todo fora un pesadelo.

Tristán, Pancho, “Os libros en galego só representan o 12% dos que se venden en Galicia”, *El Mundo. Galicia*, 20 abril 1999, p. 9.

Achéganse algúns datos referentes ó libro galego fornecidos por Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia, nunha nota enviada ós medios co gallo do Día do Libro. Saliéntase nela que o 60% dos libros editados en Galicia están escritos en galego aínda que só representan o 12'53% da cantidade total de títulos que se venden no país. Indícase tamén que as editoriais galegas manteñen 5.000 títulos en catálogo e que a cifra de facturación é de 3.181 millóns de pesetas. Lémbrase que o máximo responsable de Xerais xa fixera algunhas reflexións sobre o sector do libro nun estudio de finais de 1998 titulado *Retos da edición en lingua galega*, do que se citan tamén algúns datos.

_____, “Méndez Ferrín arremete contra Fraga no pregón da Feira do Libro”, *El Mundo. Galicia*, 1 maio 1999, p. 9.

Alúdese á inauguración da Feira do Libro de Santiago na que actuou como pregoneiro, o escritor X. L. Méndez Ferrín, e do que se salienta que no seu discurso criticou a actitude do Presidente da Xunta, Manuel Fraga, ademais de facer un percorrido pola historia do libro, a súa pervivencia, as grafías que utilizaba e as que utiliza agora e da súa importancia. Por último convidou ós asistentes a mercar libros.

_____, “Mil libros nuevos para el mes de las flores”, *El Mundo. Galicia*, 4 maio 1999, p. 9.

Faise alusión ós novos libros que se presentan no mes de maio. Comenta que entre os libros que se presentan destaca entre todos o de Méndez Ferrín *No ventre do silencio* (1999), ademais doutras obras como *As plumas do moucho* (1999), de Luís García Mañá; libros sobre Roberto Blanco Torres; *O nacionalismo na era tecnolóxica,* de Xavier Durán; a traducción de *As palabras*, de Jean Paul Sartre; *A condición homosexual*(1999), de Xosé Chao Rego; e *Doutor Deus* (1999), de Xavier López López.

_____, “As editoriais galegas apuran a preparación dos seus lanzamentos para o próximo outono”, *El Mundo. Galicia*, 9 setembro 1999, p. 9.

Cita os autores que ocupan as novas presentacións das editoriais galegas, así: Eva Veiga, Manuel Seixas, Bieito Iglesias, Xurxo Souto ou Xavier Queipo, entre os galegos; e as traduccións de: Tabucchi e Ernest Hemingway. Para os lectores máis novos destaca as obras de Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, An Alfaya e Jaureguízar.

_____, “O mundo da escena cambia de casa”, *El Mundo*, 27 outubro 1999, p. 12.

Informa que o Centro Dramático Galego ten unha “casa”, o Salón Teatro, en Santiago de Compostela. Dá conta do acto de inauguración ó que acudiron, Manuel Guede, un dos representantes do Centro Dramático Galego, Rosana López Salgueiro, encargada da Dirección Xeral de Comunicación Social e Audiovisual e Aníbal Otero, Xerente do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Comenta que o edificio acollerá as oficinas do CDG, unha parte dos seus ensaios e a meirande parte das súas funcións.

U. L., “Los grupos padroneses preparan el homenaje a Rosalía y Maruxa”, *La Voz de Galicia*, 26 xaneiro 1999, p. 42.

Faise referencia á posta en marcha dun expediente para nomear a Rosalía de Castro Filla Predilecta de Padrón e a Maruxa Villanueva Filla Adoptiva. Anúnciase tamén un acto na memoria da que fora gardiá da Casa-Museo de Rosalía, consistente na lectura dunha poesía a cargo de Xoán Xosé Fernández Abella.

_____, “O Centro de Estudios Rosalianos está en marcha”, *O Norte*, nº 113, 20 febreiro 1999, p. 18.

Recóllese a aprobación do proxecto do Centro de Estudios Rosalianos por parte da Xunta de Galicia. Informa que esta institución pertence á Fundación Rosalía de Castro e que está dirixido por Xesús Alonso Montero, ademais de que se prevé que conte con tres áreas de estudio referidas á obra da poetisa, de Manuel Murguía e dos estudiosos que se referiron á autora de*Follas Novas* nas súas obras. Comenta que entre os seus obxectivos está editar un *Anuario de Estudios Rosalianos*, estudios monográficos ou unha bibliografía activa.

_____, “Padrón homenajeará a Maruxa Villanueva en su aniversario”, *La Voz de Galicia*, 19 novembro 1999, p. 51.

Detense na homenaxe que Padrón lle brinda a Maruxa Villanueva, coidadora da Casa Museo de Rosalía de Castro, con diversas actividades culturais. Entre elas, destaca unha conferencia do profesor Andrés Pociña e un concerto de cancións galegas ofrecido pola profesora Aurora López.

_____, “A Casa de Rosalía ábrese ó diálogo”, *O Norte*, nº 131, 2ª quincena novembro 1999, p. 4.

Presentación dun ciclo de faladoiros literarios titulado “Diálogos na Casa de Rosalía”, que se celebra na Fundación Rosalía de Castro cada quince días e que conta con autores galegos e especialistas na obra rosaliana. Comenta que neste ciclo se aborda un completo temario onde se tocan case tódolos aspectos do mundo literario de Galicia. Sinala que participan, entre outros, Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Chus Pato, Miguel Vázquez Freire e Xan López Domínguez.

_____, “O número de visitantes á Casa de Rosalía vai “in crescendo”, *O Norte*, nº 132, decembro 1999, p. 64.

Dá a coñece-la boa acollida que ten a Casa-Museo de Rosalía de Castro e recolle as palabras do seu presidente, Agustín Sixto Seco, quen fala sobre as actividades a facer nesta institución como, unha biblioteca, a máis completa sobre temas rosalianos. Ademais coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, o próximo ano adicado a Manuel Murguía, dise que esta Fundación acordou prestarlle a obra artística e literaria deste autor ó Concello de Arteixo, para unha exposición.

Ulloa, Fina, “Los actos para homenajear a Manuel Luís Acuña comenzarán en noviembre”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Valdeorras”, 20 outubro 1999, p. 46.

Refírese a algún dos actos de homenaxe que o Servicio Lingüístico Comarcal Terras de Trives quere celebrar con motivo do centenario do nacemento de Luís Acuña no ano 2000, dando conta tamén dunha conferencia sobre o poeta a cargo de Ramón Nicolás.

Umbral, Francisco, “Álvaro Cunqueiro. Sochantre de catedral”, *El Mundo*, “*La Esfera*”, nº 36, 26 xuño 1999, p. 20.

Evocación da figura de Álvaro Cunqueiro e dos momentos compartidos por ambos, facendo unha reivindicación deste autor “hoy olvidado, cuando llevamos treinta años imitando a García Márquez, que es lo mismo”. Cualifica a súa linguaxe como “arcaizante, humorista, pantagruélico de adjetivación, excesivo y esquisito”, auguráballe o Premio Nobel de literatura se fose sudamericano, ademais de afirmar que “sus mejores erudiciones eran las inventadas, como en Borges”, e critica, por último, a incomprensión que padeceu cando recibiu o Premio Nadal un autor do que para Umbral “cualquier página es perfecta, irónica, inmortal”.

VV. AA., “Finou Novoneyra”, *El Progreso*, “Especial Documentos”, 31 outubro 1999, pp. 1-8.

Especial dedicado a Uxío Novoneyra un día despois do seu pasamento e, o mesmo, no que estaba previsto renderlle unha homenaxe en Santiago de Compostela. Entre as moitas mostras de dor recollidas está a de Miguel Anxo Fernán-Vello que asegurou que “Galicia perde un dos seus grandes poetas, un símbolo”; Manuel María, quen lamenta que un recoñecemento público que merecía non o puidera recibir en vida e considera ó falecido como un irmán, recollendo a súa opinión nun artigo titulado “Manuel María: “Uxío Novoneyra para min é fraternal, é un irmán”; Xosé Luís Méndez Ferrín cualifícao como “unha antorcha iluminadora” e “un excelente compañeiro nesta viaxe que é a vida”. Inclúese tamén a noticia da publicación da última obra de Novoneyra,*Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas*, e inclúense algúns versos, así como a portada dalgunha das súas obras. Péchase o especial con “Era un labrego máis”, artigo no que se recolle a boa relación e estima dos veciños do Courel polo seu poeta máis coñecido.

- Cristina Saavedra, “Un poeta da terra”, p. 4.

Comeza repasando a vida e estudios de Uxío Novoneyra, tanto en Santiago como en Madrid, centrándose de seguido nas súas obras, en especial en *Os Eidos* (1955), da que salienta a presencia da paisaxe e a visión “panteista e naturista do home galego”, ademais de conxugar “home e terra nunha poesía con dimensións metafísicas, existenciais e sociais”, repasando tamén as outras obras do autor como *Poemas caligráficos* (1979),

Muller pra lonxe (1986) ou *Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas* (1994). Recolle, por último, a súa faceta de “dicidor” e grande amante de recitar en público, salientando a actuación de 1980 con Rafael Alberti.

- Xavier Rodríguez Barrio, “A gloria do poeta”, p. 5. Denuncia o estado de esquecemento de moitos autores galegos do pasado e outros actuais, faltos do suficiente recoñecemento en vida, como considera que foi o caso de Uxío Novoneyra, do que salienta a súa obra *Os Eidos* (1955) e poemas como “Letanía de Galicia”, ademais da presencia constante do Courel nas súas composicións, rematando co desexo de que “oxalá que toda Galicia deamos regresado a Novoneyra”.
- Paco Martín, “Infinit(iv)o Novoneyra”, p. 6.

Comeza cun emocionado recordo do falecido e expresando a mágoa que sente ante tal perda, ademais de explicar que o texto era para a homenaxe que non se lle puido dar a Uxío Novoneyra. Presenta a peculiaridade de comezar tódolos parágrafos cunha forma verbal en infinitivo e en negriña coas que tenta recolle-la relación do autor coa terra e as súas propias composicións.

- Carmen Blanco, “Chove para que soñes”, p. 7.

Aproveitando un verso do poeta, Carmen Blanco lembra a súa toma de contacto coas composicións de Uxío Novoneyra sendo unha adolescente e as dificultades para atopa-la obra *Os Eidos* (1955). Refírese á súa relación con Claudio Rodríguez Fer e á edición conxunta que fixeron de *Os Eidos 2*, rematando cunha emocionada despedida.

- Alfonso Becerra Arrojo, “Sen máis avío que o ío ío do río”, p. 8.

O director da revista *A Pipa*, Alfonso Becerra, lembra a relación do poeta do Courel con esta publicación e as súas colaboracións, entre as cales están algunhas poesías inéditas por publicar. Fai unha reflexión sobre o significado da obra de Uxío Novoneyra, o traballo deste como voz de recitais e a relación coa lingua ata converterse nun “compromiso que a convirte nunha experiencia vivencial”.

VV. AA., “Uxío Novoneyra”, *A Nosa Terra*, nº 907, 4 de novembro 1999, pp. 1-12.

Monográfico especial en homenaxe a Uxío Novoneyra no que atopamos artigos de moitos intelectuais galegos e os poemas de Lois Diéguez, Chus Pato, Rafa Villar, Xosé Luís Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, Bernardino Graña, Cesáreo Sánchez Iglesias e Darío Xoán Cabana, ademais do poema e o caligrama que realizou o poeta para a homenaxe a Eduardo Pondal celebrada en Bergantiños en 1986.

- Afonso Eiré, “Uxío Novoneyra poeta nacional”, p. 1.

Faise unha breve análise da dimensión que adquire a paisaxe na obra de Uxío Novoneyra, criticando ós que o cualificaron de “poeta da paisaxe” e considerando que esta “ten un claro contido social e nacional, converténdose en universal”. Saliéntanse, entre outras cousas, o valor dos poemas “Vietnam Canto” e “Letanía de Galiza”, ademais da súa obra *Os Eidos* (1955) considerada “a fase anterior, lóxica, imprescindíbel, máis profunda” a estas composicións.

-Carme Vidal, “Uns libros no cadaleito acompañan a Uxío Novoneyra na súa última morada”, p. 2.

Recóllense as palabras de Miguel Anxo Fernán-Vello e Manuel María no enterro de Uxío Novoneyra do que destacaron “o entrelazamento do poeta coa súa patria”, e que “foi un home libre que cultivou a dignidade e a beleza e deulle voz ao Courel e a Galiza”, respectivamente. Faise unha breve biografía e tamén o recordo das súas obras, entre elas, *Do Courel a Compostela* (1988) ou *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* (1994).

- Asociación Cultural Monte Branco, “Nas terras de Pondal”, p. 4.

Recordo da estadía de Uxío Novoneyra en O Couto (Ponteceso) coa Asociación Cultural Monte Branco que o convidara para celebra-lo Día das Letras Galegas 1996. Lémbranse algún dos actos celebrados nesa ocasión como unha ofrenda a Pondal e un recital poético do autor con poemas do Bardo e da súa propia autoría, rematando cun sentido adeus ó poeta do Courel.

- Antón Roel Villanueva, “Orfos de poetas”, p. 4.

Co recordo do primeiro encontro despídese do poeta, ó que cualifica de “persoa boa e xenerosa entregada en corpo e alma á tarefa de conquerir unha Galicia ceibe”, lembrando os actos da homenaxe a Cuña Novás en Pontevedra, lugar no que se coñeceron, e a

presencia de numerosos poetas galegos como Bernardino Graña, Méndez Ferrín, Cribeiro ou Rafa Villar, ademais de Uxío Novoneyra.

- Gregório Montilla Fernández, “En Merza foches un máis de nós”, p. 4. Faise a despedida do poeta do Courel agradecendo a amabilidade e sinxeleza que o caracterizaba. Ademais saliéntase o compromiso coas causas máis xustas, polo que “non cabe outra solución posíbel que non sexa a vitoria”.
- Xerardo Pardo de Vera, “Fortes espantalobos”, p. 5.

Artigo centrado na etapa de Uxío Novoneyra en Madrid nos anos sesenta, lugar no que era admirado por moitos galegos residentes na capital, especialmente estudiantes. Tamén fala dunha cubana, Tota Cienfuegos, guerrilleira co Che Guevara, que levou como recordo unha fotografía de Novoneyra recitando o “Pranto polo Che”.

- Manuel-Eugenio de Neira Pol, “Apuntes para unha biografía de Uxío Novoneyra”, p. 5.

Recolle datos biográficos de Uxío Novoneyra, especialmente os referidos ás súas etapas no Courel e á situación da súa aldea, moi presente nas súas obras, así como a lembranza dos moitos intres compartidos dende a nenez co poeta.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, “Uxío”, p. 8.

Comeza cun poema de César Vallejo de rogo dirixido a Uxío Novoneyra e salienta a perda que supón a súa morte, aínda que sempre quedará a súa obra con composicións como o "Vietnam Canto" ou "Letanía de Galicia", evocando a figura e personalidade do poeta recollidas en versos que reflicten o ser "constantemente fiel ás súas convicción".

- Xosé Neira Vilas, "Os Eidos en América", p. 8.

Fala de como chegou un exemplar de *Os Eidos* (1955) ás súas mans en Buenos Aires e da sorpresa que causou a poesía do mozo Novoneyra, así como da publicación da traducción de 21 poemas da obra en *Islas*, revista da Universidade Central de Cuba, ademais do "Pranto polo Che", publicado na Habana e parte dunha homenaxe galega ó líder guerrilleiro organizada pola Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística en 1972.

- Xoan Soto, "Cos ollos ó lonxe", p. 8.

Achégase á figura de Novoneyra dende a perspectiva de creador dunha linguaxe e dun mundo, salientando que malia que as ciencias manteñen inseparables ambas, no caso de Uxío a linguaxe "adquire un valor especial por canto ten de significado en si mesma", augurando a perdurabilidade da súa obra por riba do tempo.

- Roberto Vidal Bolaño, "A voz de Deus", p. 9.

Baseándose na imaxe e a voz atribuídas a Deus nos audiovisuais, especialmente no cine, reflexiona sobre cal sería a mellor voz para representar a tal personaxe na dobraxe ó galego, atopando en Uxío Novoneyra a voz idónea porque “ademais de ser dono da palabra, éo da evocación e do dicir”.

- Francisco Rodríguez Sánchez, “Uxío Novoneyra”, p. 9.

Louvando o seu compromiso coa terra e a súa solidariedade cos máis débiles, evócase a figura de Uxío Novoneyra como poeta de “sentimento e cosmovisión tan patrióticas, como de sereo e fraterno internacionalismo”, simbiose que se considera que marcou a súa traxectoria vital.

- Herminio Barreiro, “Galicia en pé”, p. 9.

Comeza sinalando a dor pola perda de Uxío Novoneyra en toda Galicia e o compromiso que mantivo toda a vida coa terra, pasando de seguido a explica-los dous conceptos que el considera claves na obra do autor de *Os Eidos*: o soño e a liberdade que, segundo Barreiro, “a vida do noso vate é continuo transitar polos camiños do soño”, unha teima que se mantén na busca da liberdade da terra coa que sempre soñou e así o recollen as súas obras, exemplificándoo con algúns dos versos do poeta.

- Maria Pilar Garcia Negro, “Carta a Uxío Novoneyra”, p. 10.

Carta na que recorda como coñecía ó poeta Uxío Novoneyra a través da súa obra *Os Eidos* (1955) e o poema publicado na primeira páxina dun xornal o Día de Galicia de 1976, recordándoo xa posteriormente nunha reunión da Asociación de Escritores en Lingua Galega, así como a súa enérxica defensa de Galicia en tódolas súas realidades.

- Xosé Chao Rego, “Dende as entrañas”, p. 10.

Carta dirixida a Uxío Novoneyra na que lembra o primeiro encontro co poeta nunha librería de Lugo, rodeado de xente, e a posterior relación coa familia en Santiago de Compostela, salientando a humanidade e agarimo do poeta e cualificando as súas obras como as da “persoa que pulsara con máis fondura lírica as cordas cantaruxeiras da Tellus Master”.

- Isaac Alonso Estraviz, “Nem tudo acaba, amigo”, p. 11.

Sinala a influencia que tivo na súa vida a obra *Os Eidos* (1955), lembra a estancia no Courel na compaña do poeta e algunha das poesías por el recitadas, así como os sentimentos que esta poesía recitada por Uxío Novoneyra provoca nos que a escoitan. Remata recollendo a influencia que puido comprobar da obra do poeta nos máis novos, símbolo da semente que queda del entre nós.

- Luisa Villalta, “Galiza ou nada”, p. 11.

V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos arios

Recoñece a influencia e importancia da xeración de Uxío Novoneyra na cultura galega, e pregúntase se a xente hoxe “chamada” pola causa da terra estará a face-lo traballo tan ben como se agardaba dela, aínda que queda a esperanza de que “a forza de tanto amor non pode ser inutle”.

VV. AA., “Pranto no pobo de Antonio Fraguas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 103, 9 novembro 1999, pp. 1-8.

Número especial monográfico adicado ó recordo de Antonio Fraguas, recentemente falecido, e que conta coas colaboracións de numerosos amigos e persoas vinculadas á institución do Museo do Pobo Galego. Reprodúcense tamén dous fragmentos das súas obras *Geografía deGalicia* (1953) e *Romarías e Santuarios de Galicia* (1988), que versan sobre a beleza da xeografía galega e a relixiosidade plasmada nas súas igrexas e ermidas, respectivamente.

- Carlos García Martínez, “Pranto no pobo de Antonio Fraguas”, pp. 1-2.

Comeza evocando a figura de Antonio Fraguas en conversa con persoeiros da cultura galega, entre eles Castelao, Otero Pedrayo, Risco, Salvador Cabeza de León ou Cunqueiro. Lembra a súa traxectoria vital de estudio e entrega á cultura galega, dende que en 1924 fundara a Sociedade da Lingua en Pontevedra con Sebastián González, así como outros moitos traballos realizados, entre os que salienta o dedicado á Terra de Melide no que colaborou. Remata reivindicando a figura de Antonio Fraguas como exemplo de “amor a Galicia, ás súas xentes e á súa cultura”.

- Mª Xosé Fernández Cerviño, “Tesouros novos e vellos”, p. 2.

Centrándose na importante biblioteca que legou ó Museo do Pobo Galego, Fernández Cerviño recorda a Antonio Fraguas no amor polos libros e no seu labor a prol da constitución deste Museo, que segundo apunta era unha “ferida” que tiñan aberta, el e mais Xocas, dende a disolución do Museo Etnográfico do Seminario de Estudos Galegos.

- Domingo García-Sabell, “Home de Cotobade”, p. 2.

Salientando a súa fidelidade á aldea, a humildade ante os demais e a sabiduría que non tiña a gala, lémbrase a Antonio Fraguas como o home de constante vontade de colaboración cos demais e de entendemento mutuo.

- Miguel Anxo Seixas Seoane, “Cronistas do Reino de Galicia”, p. 4.

Co mesmo título que ten a entrada da *Gran Enciclopedia Gallega* feita polo propio Antonio Fraguas, faise unha achega á historia deste cargo dende o seu inicio no século XVII e tódolos problemas polos que pasou, así como os nomes dos que o ocuparon ata Fraguas, entre eles Murguía ou Ramón Cabanillas, predecesores dos que se apunta a intención do falecido de face-la historia.

- Isaac Díaz Pardo, “Don Antonio Fraguas e o Museo do Pobo”, pp. 4-5.

Lembra como homenaxe ó amigo falecido, Antonio Fraguas, os problemas xurdidos para a constitución do Museo do Pobo Galego, dende as moitas axudas obtidas no seu momento ata a precariedade destas na actualidade. Salienta a riqueza bibliográfica da institución con legados como os do propio Antonio Fraguas, Xaquín Lorenzo, Taboada Chivite e Rodríguez Fraiz.

- Luciano García Alén, “Coma un neno grande”, p. 6.

Lembranza do seu paisano e amigo, Antonio Fraguas, dende o momento no que se coñeceron ata a boa relación que sempre mantiveron, salientando del a bondade e as gañas de compartir, recollendo como exemplo o esforzo que realizou na última das entrevistas que concedeu e na que estivo falando case dúas horas de Castelao, mestre seu no instituto de Pontevedra, e co que despois colaborou no Seminario de Estudos Galegos e xa na loita polo Estatuto de Autonomía.

- Marcial Gondar Portasany, “Autofotografía dun pobo”, p. 7. Comeza recollendo dúas anécdotas que ilustran as dotes conciliadoras de Antonio Fraguas ante diferentes auditorios. Resalta del a visión acertada que transmitiu de Galicia en tódolos seus traballos e remata cualificándoo de se-lo “primeiro campesiño ilustrado que utiliza o aparello científico para diseccionar e analizar o seu propio mundo”.

- Xosé Ramón Fandiño Veiga, “O sorriso nos beizos”, p. 7.

Rememorando o traballo conxunto na *Gran Enciclopedia Gallega* (1974), para a que Antonio Fraguas achegou máis dun cento de artigos, e unha viaxe conxunta a unha festa de emigrantes, Fandiño evoca a figura de Fraguas como o home posuidor dun fondo coñecemento e agarimo á terra.

- Carlos Casares, “Lembranza de don Antonio”, p. 8.

Lembranzas de Carlos Casares sobre Antonio Fraguas a quen coñeceu nunha librería compostelá, traza o perfil do intelectual galeguista baseándose no seu bo humor, no amor ós libros, a humildade e autenticidade do seu lugar de orixe, Loureiro de Cotobade, rematando coa alusión a *Romarías e Santuarios de Galicia* (1988), obra que recolle o seu moito saber e tamén a súa fonda relixiosidade.

Valcárcel, M., “O legado inmortal de Eduardo Blanco Amor”, *La Región*, 2 decembro 1999, p. 15.

Evócase a figura de Eduardo Blanco Amor con motivo do vinte aniversario da súa morte. Repásanse as obras do autor e os actos que nestes anos se levaron a cabo na súa honra, como foi en 1993 o Día das Letras Galegas ou en 1997 a celebración do centenario do seu nacemento, recollendo un bo número de autores e obras que tratan a figura do ourensán, entre elas a de Xavier Carro titulada, *A obra literaria de Blanco Amor*.

Valcárcel, Marcos, “Camiñantes na lembranza de Eduardo Blanco Amor”, *La Región*, 5 decembro 1999, p. 16.

Descrición do roteiro que se celebra en Ourense cada ano lembrando *A Esmorga*, de Blanco Amor e que consiste en percorre-los mesmos lugares polos que pasaron os personaxes da novela, á vez que se len fragmentos desta. Destácase a presencia dalgúns participantes no acto como César Ansias, Xosé Carlos Caneiro, Luís Taboada ou Alfonso Vázquez Monxardín.

_____, “Curros no país de Gales”, *La Región*, 13 decembro 1999, p. 8.

Dáse conta da adaptación dramática en inglés de *A virxe do Cristal*, de M. Curros Enríquez, feita por Benito Batán e publicada polo Centro Galego de Londres en 1974. Tamén se fala da posta en escena desta adaptación e os actores que nela interviñeron.

_____, “As primeiras entregas do poeta ourensán”, *La Región*, 16 decembro 1999, p. 12.

Repaso da obra en galego de José Ángel Valente, que comeza polos primeiros versos de adolescente na revista ourensá *Posío* (1946) e as súas colaboracións en *La Noche* (1974). Despois da paréntese que supuxo a súa estancia no estranxeiro, lémbrase a súa volta á lingua galega en 1981 con *Sete cantigas do Alén*, ampliada na edición de 1989 co título de *Cantigas doAlén*, seguido en 1994 por *Material Valente*, poemas recollidos por Claudio Rodríguez Fer entre os que se salienta “Paxaro de prata morta” ou “Cantigas do eterno inretorno”, pechándose o percorrido en 1995 con *Catro poemas inéditos*.

Varela, Ángel, “A primeira historia de Galicia en galego cumpre o seu centenario”, *La Voz de Galicia*, 12 xaneiro 1999, p.30.

Recóllese a efeméride do centenario da saída do prelo de *Resume da historia de Galicia* (1899), de Florencio Vaamonde, da que se salienta a forte influencia que nela tivo a *Historia de Galicia* (1865), de Manuel Murguía, ou o clima social que se vivía no momento no que viu a luz.

_____, “Nacín para ser maldito”, *La Voz de Galicia*, 21 agosto 1999, p. 29.

Dáse conta da preparación da montaxe teatral que Francisco Taxes está a preparar conformada por dous sainetes, un deles da súa autoría titulado *Casta i albito*, e dirixidos por Elina Luances. Achégase á personalidade do autor, salientando a súa modestia e recordando algúns dos seus traballos máis sobranceiros como *O Velorio* (1978), o guión de *O Cadaleito* (1976) ou a película secuestrada polo Tribunal de Orden Público titulada *A Tola* (1975).

_____, “El CDG trabaja en la creación de un Tenorio de raíces gallegas”, *La Voz de Galicia*, 1 setembro 1999, p. 28.

Recóllese a noticia da adaptación que o Centro Dramático Galego quere facer do personaxe do Don Juan da man de Roberto Vidal Bolaño, quen conta coa axuda da profesora Carmen Becerra, especialista neste mito. Reprodúcense as palabras da profesora sobre as características que lle queren atribuir ó don Juan galego, o porqué da orixe galega do seu apelido ou o maior peso do personaxe de Tirso de Molina en detrimento do de Zorrilla. Remátase repasando a presencia deste mito en autores galegos como Adolfo Torrado ou Álvaro Cunqueiro.

Vázquez, Dora, “Mosteiro de Santa Cristina”, *La Voz de Galicia*, “A ruta do autor”, 10 xaneiro 1999, p. 13.

Achéganos ó mosteiro de Santa Cristina na Ribeira Sacra a través dunha pormenorizada descrición do traxecto para chegar alí, o estado do edificio e as súas inmediacións, salientando o silencio do abandono en contraste co bulicio da xente que ata alí acode o día de San Bieito, patrón da localidade de Castro ó que pertence.

_____, “A morte non pode matar a Historia”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 novembro 1999, p. 36.

Repaso da perda de persoeiros importantes durante 1999 para a cultura galega como Uxío Novoneyra, Antonio Fraguas ou Luís Moure Mariño, salientando a importancia das súas obras para as nosas letras, ademais de concluír que malia a perda do home, a obra literaria perdurará a través das xeracións futuras, non deixando que morran de todo.

Vázquez, Ernesto, “Membro do grupo nacionalista *A cova céltica*”, *La Voz de Galicia*, 12 xaneiro 1999, p. 30.

Perfil intelectual e político de Florencio Vaamonde Lores (1860-1925), no que se salienta a súa vinculación coa Cova Céltica na que tamén participaban Murguía, Pondal ou Lugrís Freire; a súa militancia na Liga Gallega (1897-1907) e en Solidaridad Gallega (1907-1909), sendo membro da Irmandade da Fala da Coruña ata a súa morte. Entre as súas obras recóllense *Os Calaicos. Poema en catro cantos*, *Follas ao vento*, *Bestas bravas* ou *Historia de Betanzos*, entre outras.

Vázquez, Iria, “Los escritores expresan muchas dudas sobre el gallego que se utiliza”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 1999, p. 90.

Breve noticia sobre as Xornadas de escritores galegos “Trasatlántico: Encontro no Finisterre” que se desenvolveron en Corcubión. Recóllese a opinión de Suso de Toro, un dos organizadores do acto, quen comentou que houbo diferentes manifestacións dos autores sobre o futuro do galego e da literatura galega. Finalmente, resúmese o contido da primeira sesión das xornadas que se centrou na corrección das expresións lingüísticas, e da variante que se debe utilizar no galego culto.

_____, “Varios escritores apoyarían una ortografía gallega más parecida a la portuguesa”, *La Voz de Galicia*, 26 setembro 1999, p. 92.

Dáse conta da última xornada de “Trasatlántico: Encontro no Finisterre” de escritores galegos, organizado por Suso de Toro, quen destaca o diálogo entre os asistentes ou a “conveniencia dunha escrita máis cercana ó portugués”. Recóllense tamén as palabras de Marina Mayoral, convidada ó encontro, sobre a relación do autor coa lingua nas comunidades bilingües.

Vázquez, Pura, “Celso Emilio Ferreiro, un poeta deste século”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 11 abril 1999, p. 34.

Evocación da figura de Celso Emilio Ferreiro tanto a través do seu perfil biográfico como intelectual, salientando, de entre as súas facetas, os primeiros versos antes da guerra, *O soño sulagado* (1955) ou *Longa noite de pedra* (1961), sen esquece-la súa estancia en Venezuela e os problemas que alí tivo, froito dos que publicou *Viaxe ao país dos ananos* (1968), así como a relación que mantivo coa propia autora.

_____, “Réquiem por dous grandes amigos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 21 abril 1999, p. 26.

Lembranza de dúas figuras que morreron con poucos días de diferencia: Uxío Novoneyra e Antonio Fraguas, destacando de xeito especial a relación mantida co segundo a quen considera un lazo de unión coa terra e guía de amor a Galicia dende a distancia física.

Veiga, Manuel, “Científicos e poetas, dous mundos afastados?”, *A Nosa Terra*, nº 868, “Guieiro Cultural”, 4 febreiro 1999, p. 35.

Enquisa sobre a relación que se establece entre a ciencia e a literatura, interrogando a autores e científicos como Manuel María, Xosé Manuel Beiras, Vítor Vaqueiro, Miguel Anxo Murado ou Xavier Vence,no que se destaca a distancia que existe e as excepcións que supoñen algúns científicos que se achegan á poesía. Fálase dos problemas que a ciencia presenta para os literatos pola súa linguaxe específica, recoñecendo tamén a necesidade dun bo coñecemento literario para a transmisión dos avances científicos ou o reflexo que estes deben ter na literatura.

Vellón, A., “Fraga resalta en Ourense el galleguismo visto a través de los ojos de Vicente Risco”, *La Región*, 7 abril 1999, p. 16.

Dáse conta da homenaxe tributada a Vicente Risco na que foi a súa casa de Ourense e recóllense as palabras da presidenta da Fundación que leva o nome do autor, Mª Xesús Martínez Risco, nas que mostraba o seu agradecemento ó Concello de Ourense polo seu “grande empeño en recupera-lo Ourense histórico”.

Ventureira, Rubén, “El cine busca novelas gallegas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 109, 21 decembro 1999, pp. 1-2.

Percorrido polo mundo do cine galego e da súa relación efémera coa literatura. Recóllese o proxecto de crear un fondo de películas baseadas en obras literarias galegas da man de Pancho Casal, presidente da Asociación Galega de Productoras Independentes (Agapi), dándose conta da adaptación de *O lapis do carpinteiro* (1998) ou o proxecto de face-la versión cinematográfica de *Tres badaladas*, de Suso de Toro, así como a xa realizada de *A lingua das bolboretas*, baseada en relatos de Manolo Rivas. Analiza aquelas películas que saíron nas pantallas galegas en galego e coa recadación que acadaron, reflectindo así o bo momento que o cine galego está a vivir.

Vidal, Carme, “Suso de Toro”, *A Nosa Terra*, nº 866, “Guieiro Cultural”, 21 xaneiro 1999, p. 33.

Achegamento ó autor Suso de Toro a través da súa obra *Círculo* (1998) coa análise daqueles aspectos persoais que o autor verteu na obra, entre eles as súas “teimas”, das que apunta a reconstrucción do pasado como unha delas e do que di “sempre acabo chegando ao 36, é obsesivo, unha ferida que segue aberta”. Saliéntase da obra o ton misterioso e onírico, e do autor a busca dunha literatura normalizada, así como o seu compromiso civil, reflectido recentemente no foro *Luzes de Galiza*.

_____,“Patrícia de Lorenzo”, *A Nosa Terra*, nº 868, “Guieiro Cultural”, 4 febreiro 1999, p. 33.

Céntrase na carreira teatral desenvolvida ata a actualidade por Patricia de Lorenzo, dende o seu comezo na compañía Elsinor Teatro con Manuel Lourenzo, logo no Centro Dramático Galego (en obras como *Yerma*, *Hammlet* ou *Un refaixo para Celestina*), nas noites da Nasa ou na Compañía Chévere. Saliéntanse outras obras nas que apareceu o seu nome como *Annus Horribilis, Pinochet Superstar* ou *Rastros*, papeis que demostraron o seu bo facer como actriz cómica e dramática, sen esquece-las pequenas aparicións diante da cámara como en *Lágrimas negras*, de Ricardo Franco ou A ti *coma se che di adeus*, curtametraxe de Xurxo Coira. Recóllese, entre outras cousas, a súa visión dun teatro activo e de complicidade co público.

_____, “Finou Xosé Ruibal, o dramaturgo da teoría do ‘arquetipo’”, *A Nosa Terra*, nº 870, “Guieiro Cultural”, 18 febreiro 1999, pp. 32-33.

Faise eco da morte de Xosé Ruibal, considerado fundamentalmente un home de teatro malia comezar como xornalista colaborando no xornal *La Noche.* Recóllense datos biográficos e intelectuais con algúns títulos da súa producción como o poemario *El Dios de los precipicios* (1950), cun prólogo de Vicente Risco ou a colección de contos *Triquiñóns*, escritos na Arxentina e case inéditos, considerando que esta é unha das causas polas que se afastou da producción en lingua galega, á que volvería anos despois cunha traducción de *A Celestina* e de *Acto único*.

_____, “Ramón Reimunde retrata un Leiras Pulpeiro popular e incomprendido”, *A Nosa Terra*, nº 873, “Guieiro Cultural”, 11 marzo 1999, p. 35.

Aproximación a Leiras Pulpeiro a través do comentario de *Ben pode Mondoñedo desde agora. Aeséncia popular na obra e na língua de Manuel Leiras Pulpeiro* (1998), de Ramón Reimunde,obra gañadora do XIIº Premio Literario Ánxel Fole, na que se recolle a obra costumista, algunha inédita, deste autor decimonónico. Denúnciase a incomprensión da que foi víctima, especialmente porque, segundo Reimunde, “non foi entendido e non só aconteceu con el senón con toda a literatura popular”. Saliéntase tamén que co premio acadado, Ramón Reimunde publicou a obra inédita de Leiras Pulpeiro *Costumes antigos de Galiza*.

_____, “Juan Pérez Creus, adeus ao andaluz que escribiu poesia galega”, *A Nosa Terra*, nº 879, “Guieiro Cultural”, 22 abril 1999, p. 33.

Noticia do suicidio de Juan Pérez Creus, un andaluz con dúas obras poéticas en lingua galega,*As canciós d’ise amor que se diz olvido* (1951), dentro da colección Benito Soto, e *As derradeiras pombas do serán* (1991), publicado pola Xunta de Galicia. Recóllense as opinións de diferentes autores como Borobó, Méndez Ferrín ou Ramón Lourenzo sobre os motivos que levaron a Juan Pérez a escribir en galego, malia estar só en dúas ocasións no noso país, a última no congreso “Poetas alófonos en lingua galega”.

_____, “Ánxeles Cuña Bóveda. ‘O teatro galego pódese exportar con toda dignidade”, *A Nosa Terra*, nº 886, “Guieiro Cultural”, 10 xuño 1999, p. 33.

Recolle as declaracións de Ánxeles Cuña Bóveda, directora da compañía de teatro ourensá Sarabela, a cal vén de pór en escena *O soño de Caín*, precedida por outras obras como *A Esmorga* ou *Tics*. Saliéntase a súa opinión sobre a relación que o teatro debe manter co seu público, a diferencia que lle imprime unha muller na dirección, sen esquece-lo repaso ó que foron os vinte anos da compañía que dirixe e a situación na que se atopa o teatro en Galicia, entre outras cousas.

_____, “Manuel Rivas”, *A Nosa Terra*, nº 894, “Guieiro Cultural”, 5 agosto 1999, p. 26.

Con motivo da publicación de *Ela, maldita alma* (1999), de Manuel Rivas, faise un achegamento ó autor e analízase a súa relación co lector e coa literatura despois de 25 anos escribindo, dende o seu comezo ós quince anos, o seu traballo en Madrid cando “a cultura estaba asociada á subversión, á provocación” e a súa traxectoria como xornalista, da que salienta que lle axudou a escoitar. Destácase a súa idea de compromiso coa escrita, a idea de rendibiliza-lo bo que hai na literatura galega ou o sufrimento, a dor e o coñecemento do que é a morte como elementos imprescindibles para a escrita, entre outras cousas. Tamén se dá conta do premio outorgado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega á súa obra *O lapis do carpinteiro* (1998).

_____, “Volver a Celso Emílio Ferreiro”, *A Nosa Terra*, nº 898, “Guieiro Cultural”, 2 setembro 1999, p. 21.

Análise da importancia que segue a ter Celso Emilio Ferreiro para as xeracións máis novas de poetas, recolléndose as opinións de autores como Xosé Mª Álvarez Cáccamo, Xulio Valcárcel, Chus Pato e Miro Villar, que admiten que despois da transición política cara á democracia houbo un certo esquecemento do poeta, ademais de salienta-lo recoñecemento que, primeiro dentro dos planos de estudio e despois polos poetas que seguen na súa liña social, tivo o autor, especialmente, pola súa capacidade de achega-la poesía á xente.

_____, “Alberto Augusto Miranda, editor de libros galegos en Lisboa”, *A Nosa Terra*, nº 900, “Guieiro Cultural”, 16 setembro 1999, p. 32.

Dáse conta do labor de difusión de autores galegos en Portugal levado a cabo pola Editorial Tema, dirixida por Alberto Augusto Miranda, da que se salienta o criterio de calidade fronte á condición comercial da obra, e na que xa se publicaron vinteseis títulos, inaugurados por *Rota ao interior do ollo* (1995), de Luisa Villalta, seguidos doutros como *O Cabalo económico* (1998), de Anxo Pastor. Recóllense outros moitos títulos, non só de poesía senón tamén de teatro como *A conquista de Cripta*, de Manuel Lourenzo, e dáse conta doutras iniciativas da man deste mesmo editor como a inclusión de trinta poetas galegos nun programa radiofónico cultural portugués ou os actos de presentación que leva a cabo con cada un dos novos títulos publicados. Tamén se recolle, en nota á parte, o percorrido desta iniciativa lusa dende Luisa Villalta, quen salienta o labor deste editor, ata Rafa Villar, autor da última entrega *Ícaro* (1999).

_____, “Os prólogos cos que Murguía animaba a nosa literatura”, *A Nosa Terra*, nº 912, “Guieiro Cultural”, 9 decembro 1999, p. 21.

Recompilación de fagmentos dalgúns dos prólogos que asinou Manuel Murguía, comezando polo de *En las orillas del Sar*, de Rosalía de Castro que se considera a despedida á súa muller e a denuncia do mal valorada que fora a súa obra en vida, ademais doutros como o de *Alma de muller*... e de *¡Volallas n’a luz*!, de Francisca Herrera Garrido; o de *Historias perversas*, de Valle-Inclán; o de *Queixumes dos pinos*, de Pondal; o de *Juvelina*, de Camilo Placer; o de *Cuentos de abades y de aldea*, de Prudencia Canitrot, e o de *Cuentos y leyendas de Galicia*, de José Ojea, destacando sempre a importancia que para a literatura e a lingua tiña cada unha das obras. Saliéntanse, tamén as súas colaboracións en traballos de investigación e a visión sobre os protagonistas e ausentes na historia escrita.

_____, “Homenaxe nacional ao poeta da Terra”, *A Nosa Terra*, nº 914, “Guieiro Cultural”, 23 decembro 1999, p. 25.

Descrición pormenorizada dos actos que constituíron a homenaxe a Uxío Novoneyra organizada en Santiago pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega e a Asociación Cultural “O Galo”. Recóllense as palabras gravadas do autor que se reproduciron no acto, así como as daqueles amigos que asistiron ó mesmo, entre eles Bernardino Graña, Manuel María, Mª Xosé Queizán ou Xosé Luís Méndez Ferrín. Dise, así mesmo, que estivo presentado por Ana Romaní e Antón R. López, e constituído por unha combinación de teatro, música e poesía. Finalmente, dáse conta do numeroso público asistente e outros actos paralelos, como o de darlle o nome do autor a unha rúa de Compostela.

Vidal, Francisco Antonio, “O nacemento en Oseiro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Murguía 2000: as Letras e a Historia (I)”, 24 outubro 1999, p. 29.

Reconstrucción das circunstancias que levaron á nai de Manuel Murguía a Oseiro, lugar de nacemento do autor, contando co testemuño de Clotilde Rei, unha anciá filla do labrego que acolleu a dona Concepción Murguía e que recorda ó patriarca conversando anos despois co seu pai.

_____, “A primavera de 1846”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Murguía 2000: as Letras e a Historia (II)”, 31 outubro 1999, p. 17.

Recomposición do alzamento militar de 1846 en Galicia, baseándose especialmente na visión que o neno Murguía deixou escrita nas súas obras: o clima de expectación que se vivía na rebotica do seu pai e en Santiago e a visión do soldado moribundo como símbolo da oportunidade histórica perdida para Galicia, visión que deixou reflectida en artigos publicados en*La Oliva* e en *La Voz de Galicia.*

_____, “O ‘irmán’ Vicetto”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Murguía 2000: as Letras e a Historia (III)”, 14 novembro 1999, p. 29.

Análise da relación que en vida mantiveron Manuel Murguía e Benito Vicetto, así como as posibles causas que levaron a que unha cordial amizade epistolar chegase a un enfrontamento directo despois de se coñeceren persoalmente.

_____, “O primeiro texto en galego”, *O Correo Galego*, “Murguía 2000: as Letras e a Historia (IV)”, “Lecer”, 21 novembro 1999, p. 29.

Repasando a traxectoria de Murguía e o seu éxito en xornais e revistas, sorprende o seu poema en galego “Nena das soledades” reproducido no artigo. Téntase ver cales foron as razóns que o levaron a escribir en galego esta peza. Así cita a relación que mantivo co pedagogo galeguista Xoaquín Avendaño e coa filla deste, a quen se di que está dedicada a composición, publicada o 27 de febreiro de 1856 no número 8 de *La Oliva*, e a Carballo Calero, para afirmar que con este poema comeza o Rexurdimento.

_____, “O matrimonio con Rosalía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Murguía 2000: as Letras e a Historia (V)”, 28 novembro 1999, p. 29.

Artigo centrado na relación que se estableceu entre Manuel Murguía e Rosalía de Castro, dende o seu primeiro encontro e o eloxio que este lle fai a *La Flor* (1857) no xornal *La Iberia* (12-05-1857), ata o seu namoramento e casamento, así como as diferencias entre eles e a súa afinidade e complementariedade intelectual.

_____, “Os fillos: sete vidas sen continuidade”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Murguía 2000: as Letras e a Historia (VI)”, 12 decembro 1999, p. 29.

Detallado repaso polo nacemento e vidas dos sete fillos habidos no matrimonio Murguía-De Castro, dos que non queda descendencia pola morte prematura duns, a enfermidade doutros ou a solteiría, considerándose a morte de dona Gala o 18 de xaneiro de 1964 a fin desta familia.

_____, “Os cantares rosalianos”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Murguía 2000: as Letras e a Historia (e VII)”, 26 decembro 1999, p. 29.

Aproximación á relación de Manuel Murguía e Rosalía de Castro, tanto literaria como nas súas respectivas relacións coa lingua galega, tentando clarexar cal foi a influencia que el exerceu na súa dona para que escribise en galego. Indícase o *Libro dos cantares*, de Antonio Trueba, como punto de referencia na publicación de “Adiós ríos, adiós fontes” en *El Museo Universal* (24-11-1861), poema que sería incluído dous anos despois en *Cantares Gallegos* (1863). Analízase tamén a aura romántica que Murguía lle tentou imprimir á vida e obra de Rosalía de Castro.

Vidal, M. Magdalena, “O falecemento de Antón Fraguas deixa a Galicia orfa de sentimento galeguista”, *El Ideal Gallego*, 6 novembro 1999, p. 28.

Dá conta do pasamento de Antonio Fraguas, o Cronista Oficial de Galicia, do que se destaca a personalidade, a humildade e xenerosidade, sen esquecer algunhas das súas moitas obras dedicadas ó estudio de Galicia, entre elas *Xeografía de Galicia*, *Historia do Colexio de Fonseca* ou *Galicia Insólita*, así como os moitos premios que recibiu polo labor desenvolvido. Informa tamén da presencia de destacados persoeiros da cultura galega e da moita xente anónima que acudiu a despedir a Antonio Fraguas, salientando as palabras de Carlos Casares sobre o seu recordo do profesor.

_____, “Flores e gaitas no adeus a Antón Fraguas”, *Diario de Ferrol*, 7 novembro 1999, p. 32.

Descrición dos actos de despedida celebrados no Museo do Pobo Galego a Antonio Fraguas, salientando a emocionada despedida de Isaac Díaz Pardo, as palabras do bispo Luís Quinteiro ou as interpretacións da banda de gaitas “O Castro”, de Toques, e do orfeón “Terra a Nosa” durante o funeral. Finalmente, comenta a presencia de destacados persoeiros no enterramento no cemiterio de Boisaca.

Vidal Villaverde, Manuel, “Leliadoura”, *Atlántico Diario*, 27 maio 1999, p. 26.

Prosa poética conformada por un “torrente” de palabras que nos achegan á primavera e tentan simboliza-lo abrollar, aparentemente confuso e masivo, desta etapa do ano, tamén simbólico do parto da terra que se asimila por momentos con autores da literatura galega.

Vieites, Manuel F., “A Aula de Teatro da Universidade de Vigo. Un proxecto plural”, *Atlántico Diario*, 6 maio 1999, p. 38.

Faise eco da celebración do Primeiro Congreso Internacional de Estudios Teatrais, organizado polo Vicerrectorado de Extensión Universitaria da Universidade de Vigo, que se celebra en Vigo e que vén dirixido a unha fonda análise da situación que vive actualmente o teatro universitario. Tamén se fala da intención de facer un censo de todos aqueles grupos teatrais que aparezan vinculados á Universidade, fronte á posibilidade de crear un grupo oficial, tentando conseguir unha maior diversidade, aprendizaxe e interacción entre eles.

_____, “Primeiro Congreso de Estudios Teatrais en Vigo”, *La Región/Atlántico Diario*, 27 maio 1999, p. 38/p. 34.

Infórmase sobre os preparativos para a celebración do Primeiro Congreso de Estudios Teatrais, especifícanse as áreas de estudio que se van abarcar, así como os grandes especialistas que asisten, entre eles Patrice Pavis (Universidade de París VIII), José Oliveira Barata (Universidade de Coimbra), Manuel Lourenzo (traductor, autor e director de escena) ou Juan Antonio Hormigón (Real Escola Superior de Arte Dramático de Madrid). Dise que se prevé levar a cabo a presentación de publicacións teatrais, como os últimos números de *Escena, Revista Galega de Teatro* ou *Theatralia*, e refírense tamén outras actividades programadas para os vindeiros anos.

Vilavedra, Dolores, “Manuel Varela Buxán, un autor por descubrir”, *Tabeirós Terra*, nº VI, febreiro 1999, p. 15.

Reclama a etiqueta de autor social para Manuel Varela Buxán, tendo en conta os personaxes do seu teatro sempre ben caracterizados. Por este motivo, protesta contra a denominación de “autor costumista” que moitas veces se lle ten atribuído a este autor, o que para ela supón un estudio superficial e reclama unha maior atención dos estudiosos.

Villalaín, Damián, “Galaxia no cincuentenario de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 867, “A Aldea Global”, 28 xaneiro 1999, pp. 22-23.

Matiza algúns dos datos ofrecidos no número anterior deste xornal referidos á publicación da *Obra Completa* de Castelao a cargo da Editorial Galaxia, na que segundo el, se contou coa colaboración de numerosos especialistas. Tamén informa sobre a antoloxía de textos de *Sempreen Galiza*, unha obra sobre a pintura de Castelao ou as actualizacións de *Os dous de sempre*, *Cousas*, *Retrincos* ou *Os vellos non deben de namorarse.*

Villar, Carmen, “Antón Fraguas repousa en Boisaca, entre as tumbas de Valle-Inclán e Aurelio Aguirre”, *Faro de Vigo*, 7 novembro 1999, p. 48.

Fai referencia ó enterramento no cemiterio de Boisaca, en Santiago de Compostela, do corpo de Antonio Fraguas, resaltando as palabras de despedida dos seus amigos Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego, así como as presencias máis sobranceiras.

Villar, Rafa, “Sobre o ‘escritor bilingüe’, o galego e nós”, *A Nosa Terra*, nº 880, “Guieiro Cultural”, 29 abril 1999, p. 30.

Posiciónase a favor do escritor monolingüe en galego e pide que aqueles que fan uso do bilingüismo expliquen as razóns que os levan a facelo. Deste xeito cre que se pode comezar un debate que axude a “arrequenta-lo mundo” da escrita en Galicia e abri-los multiples debates pendentes que ten a nosa literatura.

Vizoso, Sonia, “El arte del desierto”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 98, 13 marzo 1999, pp. 2-3.

Recórdase con motivo do “Congreso Sesenta anos despois”, organizado por Xesús Alonso Montero e Isaac Díaz Pardo, o esquecemento que sofre a obra de galegos exiliados despois da Guerra Civil como Luís Seoane, Manuel Colmeiro, Maruja Mallo ou Daniel Castelao, repasando os traballos de relevancia que estes levaron a cabo nos países de exilio. Recóllese a denuncia de Xosé Luís Axeitos por este silencio oficial e as opinións da historiadora Mª Antonia Pérez e Euloxio Ruibal.

X. C., “As editoriais recortan a ficción e exploran territorios do ensaio”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 1, 12 novembro 1999, p. 1.

Dáse a coñece-la restricción que as editoriais fan das obras de ficción ampliándose o número de ensaios nas novidades narrativas que se presentan. A continuación, faise un percorrido polas presentacións de novas obras.

X. E. A., “Johan Carballeira retornou a Bueu”, *A Nosa Terra*, nº 883, “Guieiro Cultural”, 20 maio 1999, p. 29.

Infórmase da inauguración dun monumento en homenaxe a Johan Carballeira, antigo alcalde de Bueu, ademais de escritor e xornalista, que foi fusilado en 1937.

X. G. G., “Sobre escritores galegos que escreben en castellano”, *A Nosa Terra*, nº 878, “Guieiro Cultural”, 15 abril 1999, pp. 27-28.

Critícase ós escritores galegos que escriben en castelán, e reprodúcese parte da enquisa que a revista francesa *Literatura* publicou en 1919, baixo o título “¿Por que escrebe vostede?”. A seguir,cita os casos de Luísa Castro, Fermín Bouza Álvarez, Alfredo Conde e Bieito Iglesias e anima ós lectores a facerlles un boicot a este tipo de escritores.

X. M. C., “La Diputación de Ourense apoya la candidatura de Méndez Ferrín para el Nobel de Literatura”, *Faro de Vigo*, 24 febreiro 1999, p. 53.

Alúdese ó apoio expresado polos tres grupos políticos da Deputación de Ourense á nominación de Xosé Luís Méndez Ferrín para o Premio Nobel de Literatura. Dise que os tres grupos destacaron o valor do propio autor e o recoñecemento que suporía tamén para a literatura galega a nivel internacional.

_____, “El premio “Celso Emilio Ferreiro” será el referente de la poesía lusa e hispana”, *Faro de Vigo,* 25 novembro 1999, p. 24.

Comenta a creación do Premio de Poesía Iberoamericana “Celso Emilio Ferreiro”, froito dun acordo entre o Concello de Vigo e a Deputación de Ourense, e describe as súas características.

X. R., “Ayuntamiento y libreros preparan ya la VII Feira do Libro de Carballo”, *El Correo Gallego*, 13 marzo 1999, p. 46.

Anúnciase Feira do Libro de Carballo e a inauguración dunha biblioteca-ludoteca infantil.

_____, “Las Letras Gallegas de O Couto homenajearán este año a Fina Casalderrey”, *El Correo Gallego*, 2 maio 1999, p. 75.

Faise referencia á XVIª Feira das Letras e Feira de Artesanía organizada pola Asociación Monte Branco, do Couto (Ponteceso) e coméntase que este ano a homenaxeada foi Fina Casalderrey. Dáse conta do programa de actividades, entre as que destaca o recital poético pondaliano, a cargo de César Carlos Morán Fraga, a presentación do CD e a antoloxía poética *Río de son e vento*.

_____, “Presentado el libro de Ramón Caamaño en el Simposio Pondaliano”, *El Correo Gallego,* 20 outubro 1999, p. 47.

Sinálase que o Vº Simposio Pondaliano recolleu a presentación do libro do historiador Xan Fernández Carrera, *Ramón Caamaño. Historia viva da Costa da Morte,* do que se salienta que recolle a biografía e parte da obra do fotógrafo. Así mesmo, dise que este acto tivo lugar na Casa dos Veciños do Couto (Ponteceso) e que tamén se aproveitou esta xornada para proxectar diapositivas da ruta pondaliana comentadas por Xan Ferreiro Boquete, Xosé María Varela Martínez e Xosé Manuel Varela Varela.

Xiráldez, Alexandre, “O 2000 será o Ano Castelao en Pontevedra”, *A Nosa Terra*, nº 895, 12 agosto 1999, p. 5.

Faise eco da conmemoración do cincuentenario da morte de Daniel R. Castelao durante todo o ano 2000 no Concello de Pontevedra, onde viviu dende 1916 ata 1936. Dise que esta celebración se centrará en catro das súas facetas fundamentais: a política e de pensamento, a obra literaria, a obra pictórica e estudio do patrimonio histórico. Infórmase tamén que se tenta crear un Museo adicado totalmente a el, xa que no Museo Provincial, no cal Castelao colaborou para a súa rehabilitación, só están 100 dos 1.000 bens que posúe relacionados con el.

VI.Clásicos greco-latinos traducidos

Apuleio, *O asno de ouro*, trad. Manuel Quintáns Suárez, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 6, 1999, 141 pp. (ISBN nº 6: 84-8661495-3) (ISBN Obra Completa: 84-86614-86-4). .

Posúe este libro unha ampla introducción na que se tratan diversos aspectos relacionados co apartado central do libro. Primeiramente, temos unha declaración de intencións e unha xustificación da traducción dun clásico ó galego por parte do traductor, quen, a continuación, ofrece algúns datos biográficos de Apuleio e fai un encadramento do autor no contexto socio-histórico da época. Seguidamente, ofrece unha caracterización temática, argumental e estilística de *O asno de ouro* para se centrar, finalmente, no estudio máis concreto da fábula de "Psique e Cupido", que aparecerá traducida na parte final do libro, despois de se referir ós criterios de edición seguidos polo traductor. Na fábula de "Psique e Cupido", cóntasenos a historia de amor entre a bela e mortal Psique e o deus do amor Cupido. O xuntoiro entre ambos foi en segredo e ela descoñecía quén era o home co que durmía o que provocaba receos por parte de Psique. Isto agravouse máis aínda pola envexa das irmás que a incitaron a que descubrise de quen se trataba para tira-lo medo de falsas lendas que falaban de malvados monstros. Así o fixo, e despois de verlle o rostro no leite e da súa grata sorpresa, coñeceuse que o seu amado era o fermoso Cupido. Mais as novas chegaron ós oídos de Venus, nai de Cupido, que non puido sorporta-la comparanza da súa beleza coa dunha mortal, polo que o prendeu a el e a ela obrigouna a unha serie de probas das que estaba segura non daría saído. Mais coa axuda deanimais, deuses e outros elementos da natureza conseguiu supera-los retos. Ó final Xúpiter oe as peticións de Cupido e concédelle a imortalidade a Psique polo que os seus amores, entre iguais por fin, xa se podían levar a cabo sen impedimentos.

Aristófanes, *As avespas e Lisístrata*, trad. Mª Teresa Monteagudo Cabaleiro, introd. Xoán Carlos Rodríguez Pérez, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 9, 1999, 117 pp. (ISBN nº 9: 84-86614-91-0) (ISBN Obra Completa: 84-86614-86-4). .

Versión galega de dúas pezas do comediógrafo grego Aristófanes (445-385 a. de C.): *As Avespas*, estreada no 423 a. de C., e centrada na crítica da figura pública dos xuíces no sistema político da Atenas decadente que lle tocou vivir ó autor, e *Lisístrata*, estreada no 411 a. de C., que representa un intento das mulleres atenienses de facerse co poder de decisión da asemblea e tentar rematar coas guerras emprendidas polos homes, que están a asolar a Hélade. Ambas pezas caracterízanse por unha crítica da situación social e política contemporánea bañada sempre dunha burla constante cara ó comportamento da sociedade ateniense. Nunha breve introducción, fálase do contexto histórico da Atenas decadente que lle tocou vivir a Aristófanes, da biografía do autor, xunto cunha caracterización sinxela dos seus procedementos dramáticos. Non se informa da edición grega de orixe nin se achega bibliografía ó respecto. A traducción, sen embargo, vai acompañada dun aparato de notas eruditas que aclaran termos confusos, personaxes ou sucesos históricos e todo tipo de alusións mitolóxicas.

Aristóteles, *A Arte da persuasión ou como convencer coa palabra*, trad. e introd. Manuel Quintáns Suárez, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 3, 1999, 106 pp. (ISBN nº 3: 84-86614-94-5) (ISBN Obra Completa: 84-86614-86-4). .

Versión galega dos 18 capítulos que conforman o segundo libro da *Retórica*, de Aristóteles (s. V-IV a. de C.) realizada, segundo indica o traductor nunha breve introducción, a partir da edición bilingüe grego-latín de 1848 da *Bibliotheca Graecorum Scriptorum*. O propio traductor, na introducción fala das dúas partes ben diferenciadas de que consta este texto. Unha primeira na que o filósofo grego describe polo miúdo todos aqueles estados anímicos que poden afectar ó xuíz, é dicir, ó auditorio que o orador se propón persuadir e influír na súa decisión final. Nestes primeiros 17 capítulos fala da ira e o sosego, do odio e o amor, do medo, da vergonza, a envexa ou a compaixón. A continuación, pasa a facer un estudio minucioso dos recursos que pode ou debe emprega-lo orador á hora de elaborar un discurso persuasivo, os exemplos, as sentencias, os entimemas, etc. Todo isto sementado de exemplos prácticos baseados en acontecementos da historia grega e de citas de autoridades como Homero, Eurípides ou Esopo, que o traductor se encarga de identificar unha por unha nas notas a pé que acompañan o texto.

Aristóteles, *Poética,* ed. bilingüe, introd., trad. e notas de Fernando González Muñoz, A Coruña: Universidade da Coruña/Biblioteca-Arquivo Teatral "Francisco Pillado Mayor", Serie Branca ("Outras Literaturas Dramáticas"), nº 5, 1999, 163 pp. (ISBN: 84-89694-97-4). ¤

Edición bilingüe da *Poética* aristotélica. Neste tratado, o filósofo grego do século IV a. C. fai unha exposición doutrinal da súa concepción da creación artística como unha mímese da realidade, para continuar centrando o discurso na traxedia e os seus elementos formais (o argumento, os caracteres ou a expresión), así como nos seus efectos no espectador (a *catarse*). O texto aristotélico vén precedido dunha ampla introducción onde se desenvolven diferentes asuntos: as orixes da investigación poética, unha pormenorizada descrición dos temas da *Poética* a polémica cuestión sobre a existencia ou non dun segundo libro (hoxe perdido) dedicado á comedia, as contribucións e límites da teoría aristotélica sobre a creación poética, a súa tradición manuscrita e, finalmente, a súa fortuna posterior dende a Idade Media ata hoxe en día. A seguir, inclúe unha bibliografía das obras citadas xunto coas últimas contribucións publicadas nos últimos anos. O volume complétase cun aparato de notas aclaratorias e cun apéndice no que o traductor escolma, desta vez só en galego, unha serie de "Fragmentos aristotélicos relativos á mágoa, ao horror e ao erro tráxico".

Recensións:

- Carme Vidal, "A traducción dos clásicos, entre o voluntarismo e a opción institucional", *A Nosa Terra*, nº 897, "Guieiro Cultural", 26 agosto 1999, p. 21.

Reflexión crítica sobre o estado da traducción dos clásicos grecolatinos ó galego a partir da recente publicación da *Poética,* de Aristóteles, na colección do Arquivo Pillado Mayor, e dos *Epigramas*, de Marcial, na colección "Clásicos en Galego". Salienta o feito de que se trata da primeira traducción a unha lingua peninsular desta peza e da primeira obra do *corpus* aristotélico que se pode ler en galego. Por outra banda, deixa constancia, a través das opinións que recolle de cada un dos traductores, xunto coa de Xesús Ferro Ruibal, da carencia que supón a escaseza de traduccións ó galego dos textos clásicos. A devandita precariedade achácase á ausencia de interese nas editoriais comerciais en arriscar con este tipo de publicacións. A seguir, puntualiza que existe un importante colectivo de profesionais capaz de levar adiante estas iniciativas, aínda que as dificultades para a publicación destas traduccións son obvias.

-M. Quintáns, "Un estudio sobre a 'Poética' de Aristóteles en galego e grego", *El Correo Gallego*, "*Fin de Semana*", 12 outubro 1999, p. 8.

Despois dunha defensa entusiasta das edicións bilingües, refírese á Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, do Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Coruña. Comenta a seguir a coidada presentación do traballo, a minuciosa anotación e o esforzo por relacionar esta obra coa literatura dramática. Segundo o autor, o libro está orientado fundamentalmente ó mundo universitario.

Bingen, Hildegarde de, *O desfile das virtudes*, (*Ordo Virtutum*), ed. bilingüe, introd., ed., trad. e notas de Xosé Carlos Santos Paz, A Coruña: Universidade da Coruña/Biblioteca-Arquivo Teatral “Francisco Pillado Mayor”, Serie Azul (“Literatura Dramática Galega”), nº 6, setembro 1999, 93 pp. (ISBN: 84-95322-17-X). ¤

Edición bilingüe do *Desfile das virtudes*, de Hildegarde de Bingen, un singular drama eclesiástico latino medieval, composto e musicado arredor de 1152 para celebra-la inauguración dun novo mosteiro, e que representa alegoricamente a historia da Alma, a súa caída e o seu arrepentimento posterior, é dicir, o triunfo das Virtudes sobre o Diabo. Trátase do sexto volume da colección de textos teatrais que coordina Francisco Salinas Portugal dentro do departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña. O texto vén precedido dunha amplísima introducción que contén a biografía da súa autora, a monxa Hildegarde, a contextualización da obra no teatro medieval, a análise do contido e das personaxes, as fontes literarias, un estudio da versificación e do estilo da obra, a descrición dos manuscritos nos que se conserva, edicións, traduccións e un breve apéndice a propósito da súa escenificación. Todos estes apartados contan á súa vez cun aparato de notas e van seguidos dunha bibliografía completa e unha relación das gravacións discográficas da obra. A versión latina empregada, acompañada do seu aparato crítico de variantes, é fundamentalmente a editada por Peter Dronke (1994), aínda que o traductor advirte da incorporación de pequenos cambios da súa autoría na puntuación e dalgunha conxectura propia. Así mesmo, distribúe o texto da traducción galega segundo a división en escenas proposta por Maura Böckeler e acompáñao dun aparato de notas que aclaran os aspectos escuros do texto e ofrecen as fontes e lugares paralelos noutras obras, especialmente bíblicas.

Egeria, *Itinerarium*, trad. X. Eduardo López Pereira, ilust. Antón Lamazares, París: Raíña Lupa, 1999, ed. numerada, texto galego 24 pp./ folleto 11 pp. (ISBN: 871-992 “03”).

Un novo volume da colección de libros ilustrados que publica dende París a editorial Raíña Lupa. Neste caso, Eduardo López Pereira verque de novo ó galego e comenta o relato onde se contan as experiencias e vivencias da dama-monxa galega do século IV que realizou unha peregrinación a Palestina, Exipto e Capadocia. O texto latino vai acompañado de seis litografías de Antón Lamazares.

Referencias varias:

-Luís Rego, “Fíos Raíña Lupa, entre París a Bastavales”, *Tempos Novos*, nº 28, “Cataventos”, setembro 1999, p. 16. Explica como Rocío Santa Cruz chegou a crea-la editorial Raíña Lupa e a galería de arte onde presenta os productos creados, co apoio que obtivo de galegos influíntes en París. Así mesmo, dá conta de como chegou o seu amor polas edicións ilustradas e fai un percorrido polas publicadas pola editorial parisina ata o de agora e das relacións que estableceu entre París e Bastavales en Galicia. Céntrase en *Itinerarium*, de Exeria e fala do seu contido, características, tiraxe, custo e gravados, que tamén teñen unha tiraxe especial.

Esopo, *Fábulas de Esopo*, trad. e limiar de Xoán Carlos Domínguez Alberte, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 7, 1999, 379 pp. (ISBN nº 7: 84-86614-87-2) (ISBN Obra Completa: 84-86614-86-4). .

Ademais das *Fábulas* esópicas que figuran no título da portada e sobrecuberta, un total de duascentas setenta e tres, este volume contén dúas obras máis, a modo de complemento tanto da figura do seu autor, Esopo (s. VI a. de C.), coma da súa obra. Trátase dunha anónima *Vida de Esopo*, así como doutra colección de *Fábulas*, as de Babrio, autor grego que foi ademais o primeiro versificador da obra de Esopo. Non se indica datación de ningunha das obras engadidas. O traductor segue os criterios da edición destas mesmas fábulas na “Biblioteca Clásica Gredos”, de 1993, e respecta a presencia das moralexas finais de cada fábula, aínda que é recoñecida a súa orixe cristiá, moitas veces discordante co contido da propia fábula.

Esquilo, *Traxedias Completas*, trad. Xoán Carlos Rodríguez Pérez, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 8, 1999, 333 pp. (ISBN nº 8: 84-86614-88-0) (ISBN Obra Completa: 84-86614-86-4). .

Traducción ó galego das sete traxedias que se conservan íntegras, obra do dramaturgo ateniense Esquilo (525-455 a. de C.). Na introducción descríbese con detalle o contexto histórico e político no que que se moveu o autor e que se pode ver reflectido na súa creación literaria, isto é, a *polis* grega, o nacente sistema político da democracia Ateniense, Pericles, as guerras Médicas que enfrontaron a gregos contra persas (nas que participou o propio Esquilo), etc. Así mesmo, faise un repaso polas principais figuras das letras gregas, das que probablemente bebeu o autor, tanto da épica e a filosofía, coma da historiografía ou a lírica para continuar cunha biografía de Esquilo e unha breve introducción a cada unha das traxedias incluídas no volume, contextualizando cada unha delas na Triloxía orixinaria da que proveñen e resumindo brevemente o seu argumento e as achegas principais do dramaturgo grego ó xénero teatral. As pezas séguen unha orde cronolóxica e van acompañadas de notas a pé aclaratorias, principalmente de cuestións mitolóxicas. Son as seguintes: *Os Persas*, *As Suplicantes*, *Os Sete contra Tebas*, unha triloxía completa, *A Orestíada*, conformada por *Agamenón*, *As Coéforas* e *As Euménides*, e finalmente o *Prometeo Agrilloado*. A súa temática abrangue tanto a mitoloxía (Prometeo) coma a historia contemporánea (Os Persas) ou máis afastada no tempo (Tebas, Micenas). Non indica a edición grega empregada para a traducción nin se achega bibliografía ó respecto.

Marcial, Marco Valerio, *Epigramas*, II vols., (Epigrammata. Grego-Latín), introd. Dulce Estefanía, trad. Amable Veiga Arias e revisada por M. E. Vázquez Buján, Santiago de Compostela/Vigo: Servicio Central de Publicacións da Xunta de Galicia/Galaxia, col. Clásicos en Galego, nº 16, marzo 1999, 927 pp. (ISBN Tomo I-Xunta de Galicia: 84-453-2261-3) (ISBN Tomo II-Xunta de Galicia: 84-453-2262-1) (ISBN Obra Completa-Xunta de Galicia: 84-453-2263-X) (ISBN Tomo I-Editorial Galaxia: 84-8288-259-7) (ISBN Tomo II-Editorial Galaxia: 84-8288-260-0) (ISBN Obra Completa-Editorial Galaxia: 84-8288-261-9). .

Decimosexto volume da colección “Clásicos en galego”, que dirixe M. C. Díaz y Díaz e que contén nesta ocasión o texto bilingüe da obra poética completa conservada de Marcial, o máis importante poeta hispano en lingua latina, orixinario de Calatayud e que viviu en Roma entre o 64 e o 98 d. C. O pouco que pode saberse da súa biografía procede sempre dos seus poemas. Estes atópanse reunidos en 14 libros de epigramas, dos cales só tres deles teñen unha temática única: o libro I ou “dos espectáculos”, que se centra no tema dos xogos; e os libros XIII e XIV, nos agasallos que se facían ou sorteaban nos banquetes romanos. O resto dos seus *libelli* conteñen epigramas de tema e extensión diversos: laudatorios, elexíacos, narrativos, e sobre todo satíricos, obscenos e humorísticos. O texto vén precedido dunha breve introducción sobre a biografía e temática dos poemas, así como dunha bibliografía selecta sobre o autor e a obra realizada por Dulce Estefanía. Así mesmo, un aparato de notas aclaratorias acompaña á versión galega.

Recensións:

- M. Blanco Rivas, “Unha figura hispana na literatura latina”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 109, 5 xuño 1999, p. 4.

Anuncio desta novidade editorial que vén acompañada dun breve percorrido pola biografía do poeta, a súa marcha a Roma e a súa volta a España no ano 98 d. C. Faise así mesmo unha descrición do contido destes dous volumes, da técnica epigramática empregada, herdeira do epigrama grego, dos recursos retóricos que manexa Marcial á perfección, así como da súa temática, acusada ás veces de obscena e adulatoria, pero que gozou de gran popularidade na Roma do século I, precisamente por retratar fielmente os vicios da sociedade na que vivía.

- Xosé Mª Eire, “Desde o tempo, unha boa nova”, *A Nosa Terra*, nº 886, “Guieiro Cultural”, 10 xuño 1999, pp. 27-28.

Informa sobre a recente publicación da obra de Marcial en galego pola man do falecido Amable Veiga. O autor lamenta que unha vez máis se teña por novidade a traducción dun “clásico” e que a escaseza destas traduccións faga necesario ó lector acudir ás traduccións en castelán. Sen embargo, móstrase contento coa paulatina, aínda que lenta, publicación dos clásicos en galego. A continuación, resalta da biografía de Marcial a súa orixe hispana para logo describir sucintamente as características máis salientables do seu estilo poético, o seu xeito de facer grande o cotián e a agudeza do xénero literario que manexa e domina á perfección: o epigrama. Remata destacando esta obra como imprescindible en toda biblioteca.

-Carme Vidal, “A traducción dos clásicos, entre o voluntarismo e a opción institucional”, *A Nosa Terra*, nº 897, “Guieiro Cultural”, 26 agosto 1999, p. 21.

Ver Aristóteles, *Poética*, nestas páxinas.

Platón, *Diálogos*, trad. X. Sierra Veloso, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 1, 1999, 189 pp. (ISBN nº 1: 84-86614-92-9) (ISBN da Obra Completa: 84-86614-86-4)

Traducción de dous dos diálogos filosóficos do filósofo grego Platón (ss. V-IV a de C), en concreto de *Apoloxía de Sócrates* e *Gorxias*, ambos incluídos polos críticos do pensamento platónico, na súa primeira época creativa, é dicir, entre as obras nas que probablemente se limite a transmiti-lo pensamento socrático antes que a desenvolve-las súas propias concepcións teóricas. A *Apoloxía*, máis que un diálogo é un discurso, unha alegación en defensa da súa inocencia, dirixido polo propio Sócrates ó pobo de Atenas que o condenou a morte por un delicto de corrupción de xente nova. Por outra banda, o *Gorxias* é un diálogo platónico en sentido estricto. Nel destaca a presencia de Sócrates como interlocutor principal, quen en medio dun grupo de personaxes, entre os cales se atopa o que dá nome ó diálogo, Gorxias, establecen unha conversa sobre un tema en concreto: a retórica, esto é, a arte de adorna-lo discurso para conseguir persuadir a quen te escoita de que aquelo que dis é verdadeiro. Ambos textos veñen precedidos dunha breve introducción sobre a vida de Platón e os seu diálogos. Non indica a edición empregada para a traducción nin facilita bibliografía ó respecto.

Séneca, Lucio Anneo, *Medea*, trad. Mª Carmen Díaz Rifón, Santiago de Compostela: Edicións Lea, col. Legam, 1999, 56 pp. (ISBN: 84-89947-74-0).

Traducción en formato de peto da máis coñecida traxedia romana, composta polo dramaturgo hispanorromano Séneca entre os anos 40 e 65 do primeiro século da era cristiá, é dicir, os anos nos que gobernaron os máis tristemente coñecidos emperadores, Claudio, Calígula e Nerón, quen contaría co propio Séneca como o seu educador e titor. A obra relata a historia mitolóxica, de sobras coñecida polo público romano, de Medea, a feiticeira esposa de Xasón, quen, tras coñece-las intencións do rei Creonte de expulsala do seu reino coa intención de casa-la súa filla Creúsa co seu esposo, enfurecida e fóra de si trama unha cruenta vinganza que alcanzará a prometida, o seu pai e os seus propios fillos, que morren polas súas mans e ante a mirada impotente de Xasón. A peza conta con cinco personaxes: Medea, Xasón, Creonte, a ama de cría e un mensaxeiro, ademais do coro, elemento fundamental no teatro clásico, que achega nas súas intervencións os referentes mitolóxicos acordes coas situacións que se van producindo, e que augura o triste final que está por chegar. O texto vén precedido dunha breve introducción que contén algúns datos biográficos do autor, o contexto mitolóxico do relato e un breve comentario a propósito das teorías sobre a posibilidade de ter sido ou non representada a obra no seu momento. Finalmente, o texto conta cunha serie de notas finais aclaratorias. Non se informa da versión latina empregada, nin se ofrece bibliografía ó respecto.

Sófocles, *Edipo Rei*, introd. Xoán Carlos Rodríguez Pérez, trad. Mª Fe González Fernández, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 4, 96 pp. (ISBN nº 4: 84-86614-90-2) (ISBN Obra Completa: 84-86614-86-4). .

Versión galega da máis coñecida e valorada traxedia de Sófocles (497-406 a. de C.) de entre as sete que sobreviviron á Idade Media, aínda que se sabe con certeza que compuxo máis de cen pezas dramáticas. A introducción describe a situación cultural e política de Grecia no século V a. de C., e en concreto da Atenas de Pericles, na que viviu o autor e acadou unha posición considerada tanto social coma política. A peza conta con oito personaxes ademais do coro, e representa os tráxicos acontecementos na corte de Tebas, na que reina Edipo, descoñecedor de que a muller que o acompaña, Iocasta, viúva do anterior monarca Laio, é a súa nai. Un destino funesto e inmutable esperaba a Edipo dende o seu nacemento, cando Laio, seu pai, o apartara do seu lado por medo á profecía que o presentaba como o seu asasino. Nunha encrucillada, Edipo mataría a seu pai sen sabelo e a profecía cumpriríase inexorablemente. Edipo casa coa viúva e unha peste asola o seu reino. O remedio, segundo o oráculo de Delfos, é desenmascara-lo asasino do rei, e Tiresias, o cego adiviño, desvela que ese asasino é Edipo. Iocasta non o soporta e quítase a vida, mentres que Edipo se arrinca os ollos, por non pode soportar volver vela luz do sol. Non se indica a edición grega de orixe nin se proporciona bibliografía ó respecto.

Sófocles, *Electra*, trad. e introd. Juan Antonio Rodríguez Blanco, Laracha-A Coruña: Xuntanza Editorial, col. Clásicos Xuntanza, nº 5, 1999, 94 pp. (ISBN nº 5: 84-86614-89-9) (ISBN Obra Completa: 84-86614-86-4). .

Traxedia de Sófocles vertida ó galego, desta vez, *Electra*. A historia dunha filla obsesionada con vinga-la morte de seu pai, Agamenón, rei de Micenas, a mans da súa esposa, Clitemnestra, e do que se converterá no seu novo esposo, Existo. Para iso, acode ó seu irmán, Orestes, quen será introducido no palacio finxindo estar morto. Unha vez dentro, Electra proporciónalle a arma e consúmase a tan desexada vinganza. O texto vén precedido dunha introducción histórica e biográfica, así como dunha breve caracterización do teatro de Sófocles. Non se indica a edición grega orixinaria nin se ofrece bibliografía.

Terencio Afro, Publio, *Formión*, trad. e introd. Julio Ángel Parada Yáñez, Santiago de Compostela: Edicións Lea, col. Legam, 1999, 88 pp. (ISBN: 84-89947-75-9).

Edición de peto da traducción da comedia latina titulada *Formión*, representada por primeira vez en Roma no ano 161 a. C. e composta polo comediógrafo Terencio, de orixe cartaxinesa. A obra relata unha de tantas historias de enredo tan características da comedia romana, nas que os seus personaxes representan estereotipos como o Leno (tratante de mulleres), o parasito, o vello verde, o mozo namorado, a fermosa muller pobre, que acaba sendo filla dun rico, etc. O título da obra leva o nome do seu protagonista, o parasito Formión, que se ocupa de argallar todo canto enredo pode maxinar, co fin de axuda-los namorados, pero tamén intentando saca-la súa tallada pecuniaria. A peza conta con trece personaxes que se van sucedendo na escena nun ritmo moi vivo. Os diálogos son breves e enxeñosos e escasean as intervencións longas, fronte ós extensos monólogos propios da traxedia. Así mesmo, como en toda comedia terenciana, a representación iníciase cun prólogo do autor no cal se defende das críticas de outros poetas ás súas obras precedentes e pide a benevolencia do público para a nova obra que se está a representar. O texto vén precedido dunha breve introducción do traductor que contén datos sobre a biografía do autor, a organización dos espectáculos en Roma, entre os que se incluían as representacións de comedia e un breve resumo da trama. Así mesmo, advirte que as anotacións en cursiva presentes ó longo do texto non son orixinais do autor senón da autoría do traductor e teñen a finalidade de facilita-la comprensión do argumento ó lector non familiarizado co teatro antigo. Non se informa da edición empregada para a traducción nin se achega bibliografía.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 1. Narradores galegos

Alcalde, ***Xabier,* A sorte de espertar*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 25, outubro 1999, 127 pp. (ISBN: 84-8288-310-0).***

Esta primeira obra literaria de Xabier Alcalde (Cangas do Morrazo, Pontevedra, 1956) está estructurada en tres capítulos marcados en romanos, nos que un narrador omnisciente conta en terceira persoa a coincidencia de dúas adolescentes, Aurora e Lidia, no derradeiro curso de bacharelato no ano escolar 77-78 nunha vila mariñeira galega. A primeira é unha brillante estudiante, dotada dunha forte personalidade e moi independente, que vai influír decisivamente na segunda, máis tímida e submisa a uns pais excesivamente protectores. Coa compañía e apoio de Aurora, Lidia vaise afastar progresivamente dos pais e vai consegui-la autonomía que buscaba, aínda a costa de non superar unhas materias que tiña pendentes para setembro. No "Epílogo", co que se pecha a novela, explícase o futuro das protagonistas: Aurora vai cursar Historia e Xornalismo, mentres que Lidia abandona os estudios e traballa como axudante nunha farmacia.

Aleixandre, Marilar, *A banda sen futuro*, Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 1999, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 40, 1999, 160 pp. (ISBN: 84-8302-471-3).

Novela constituída a modo de diario e cunha linguaxe moi actual e propia dos adolescentes, relátase a historia de Carlota, unha rapaza de dezaseis anos que, ademais de ter que facer novos amigos no instituto da cidade á que foi vivir, ten que enfrontarse ós comentarios que xorden porque leva o pelo rapado ó cero a causa dun eccema. Aínda que nun principio Carlota se mostra distante e desgraciada e considera que forma parte dunha "banda sen futuro", pouco a pouco, vai facéndose máis sociable e dándolle menos importancia ó seu aspecto físico. Mais todo isto conséguео gracias ás conversas que mantén coa foto de Poch, o cantante morto de "Derribos Arias", e o amor de Moncho, quen tamén pasa a formar parte da súa "banda sen futuro", á que chamaron "Derribos Arias", segundo a protagonista, "para que un amigo meu viva un pouco máis". Péchase esta obra cun apartado, no que se achegan datos biobibliográficos sobre a súa autora, Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), quen comenta que estamos ante a súa novela máis autobiográfica.

Referencias varias:

-C. Lorenzo, "A volta á xuventude"/"Marilar Aleixandre presenta '*A banda sen futuro*', o seu novo libro", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 23 decembro 1999, p. 41/p. 72.

Salienta a presentación da nova novela desta escritora como un “antídoto de vida para os que pasaron” os anos da adolescencia e queren retomalos, e unha boa lectura para os adolescentes. Fai un resumo do argumento no que a protagonista, Carlota, mantén unha férrea relación co cantante dun póster pendurado no seu cuarto, ó considerar un mundo de perigos todo aquilo que está fóra desas catro paredes, debido á súa enfermidade. Resalta que os diálogos da protagonista co devandito cantante “enchen de realidade á novela”.

Aleixandre, Marilar, *O chápiro verde*, ilust. Lázaro Enríquez, Madrid: Anaya, col. Sopa de Libros, nº 8 (a partir de 10 anos), outubro 1999, 158 pp. (ISBN: 84-2079249-7).

Esta obra de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) está protagonizada por Fa, unha espelida rapaza que se deixa enlear na aventura que lle propón un "chápiro" saído do seu bote de lapis tras ser invocado casualmente por Fa e pola súa avoa. Este ser fantástico ten a capacidade de conceder desexos e a Fa ocórreselle pedir non ter que ir á escola durante dous meses. Aconsellada polo "chápiro", a rapaza acepta cambiar este *non-desexo* polo reto de ir na busca do lagarto de dous rabos á Fraga das Eiroas. Deste xeito dá comezo a viaxe de Fa cara a un mundo fantástico, onde deberá resolver un misterio: a busca do lagarto de dous rabos. Axudada por tres obxectos cotiáns –un lapis, unha agulla de coser e un pano da man–, por personaxes que vai atopando no camiño, como a nai do xigante chosco da Casa do Rueiro Pequeno e o Cabalo Boligán que fala en zig-zag, e pola súa propia intelixencia e razoamento, Fa chega ó Pazo dos Apagos, devolve a tranquilidade á Fraga das Eiroas, libera o lagarto e o resto de personaxes sen soños atrapados no pazo e vence o Devorador de soños. Ó longo do relato cuestiónanse repetidas veces os conceptos da "normalidade" e da "uniformidade" a través de detalles como o nome da rapaza ou o feito de ser zurda e tamén da presencia do lagarto de dous rabos, que marchou da fraga na procura do seu desexo: deixar de ter dous rabos e ser como tódolos lagartos do mundo. O resultado final é a aceptación de ámbolos dous personaxes tal e como son, substituíndo ese devezo por cambiar características persoais pola aceptación de si mesmos.

Recensións:

-Silvia Gaspar, “Marilar Aleixandre. *O chápiro verde*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 72.

Achégase ó argumento desta nova entrega de Marilar Aleixandre e sinala que a resposta de Fa, a protagonista, introduce un elemento que se albiscaba de lonxe en *O trasno de Alqueidón* e que consiste na incursión nun país das marabillas creado a partir de retallos de contos populares, seres da mitoloxía galega, da etnografía e da tradición culta. Así mesmo, salienta a presencia de Lewis Carroll, que se manifesta no chápiro verde ou nas figuras do cabalo e mais do lagarto. Por último, comenta que nesta producción se albisca un intento por deliñar unha literatura infantil galega emparentada e nutrida coa tradición universal e autóctona, popular e culta.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “Presentación de libros”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 11 novembro 1999, p. 10.

Sucinto comentario sobre a presentación, na librería Merlín de Vigo, de dúas novas obras destinadas ó público infantil e xuvenil: *Caderno de fume*, de Antonio García Teijeiro e *O chápiro verde*, de Marilar Aleixandre. Cítanse, para rematar, dúas obras máis dos citados autores: *A compañía clandestina de contrapublicidade* (1998), de Marilar Aleixandre e *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro.

Aleixandre, Marilar, *Lapadoiras, Sacaúntos e Cocón*, ilust. Lázaro Enríquez, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, serie verde (a partir de 6 anos), 1999, 23 pp. (ISBN: 84-8288-294-5).

Neste conto de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), reflíctese o medo infantil á noite, chea de monstros peludos, seres humidosos e viscosos, ruídos misteriosos e sombras, dende a perspectiva de Bibí, a protagonista. A conversión desta noite en algo agradable e mesmo divertido é posible gracias a aparición do Rato Pérez, quen lle mostra o outro lado da noite e con el descobre a Lapadoiras, Sacaúntos e Cocón, tres monstros cheos de maxia dos que se fai amiga e xa non lles ten medo. As fórmulas dos contos clásicos están neste relato inseridas e o humor, unido a elementos da literatura de medo, tamén é unha das súas características máis salientables.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “Marilar Aleixandre. *Lapapoiras, Sacaúntos e Cocón*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 66.

Ademais de dar conta do argumento desta nova entrega de Marilar Aleixandre, apunta que nela a autora consegue explica-la necesidade da noite para a existencia do día por medio dun texto “breve e axustado”, que está inzado de imaxes “suxestivas”, referencias concretas e habitado por personaxes como Lapadoiras.

Así mesmo, refírese ás ilustracións que presenta de Lázaro Enríquez, sinalando que son exemplos dun bo traballo que capta o ton do texto e achega luz sobre os habitantes das escuridades.

Aleixandre, Marilar, Xoán **Babarro**, Fina **Casalderrey**, Agustín **Fernández Paz**, Antonio **García Teijeiro**, Paco **Martín**, Xosé Antonio **Neira Cruz**, Xabier **P. Docampo** e Gloria **Sánchez**, *Imos xuntos camiñar*, ilust. Xan López Domínguez e Manuel Uhía, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, maio 1999, 247 pp. (ISBN: 84-453-2478-0). ¤

Este volume abrangue as creacións narrativas, poéticas e gráficas de nove escritores e dous ilustradores que buscaron no Camiño Francés por Galicia historias e experiencias. Baixo o título de “A Tartaruga e o Sapoconcho”, Marilar Aleixandre é a encargada de ir relatando as diferentes etapas feitas do Camiño e darlle paso a todas aquelas historias que nacen ó seu abeiro. A continuación, recóllense os relatos que integran este volume:

- Gloria Sánchez, “A galiña peregrina”, pp. 17-30.

Relato de Gloria Sánchez (Vilagarcía de Arousa, 1958) protagonizado pola popular galiña de Santo Domingo da Calzada, que ansiosa por poder voar, visita o Apóstolo Santiago para que lle conceda este seu desexo. Logo de armar unha grande algarada na catedral a raíz da súa estraña presencia alí e a súa extravagante petición, logra voar coma un paxariño.

- Fina Casalderrey, “Chavo de laranxa”, pp. 39-54.

Unha nena meiga, que está sentada a carranchapernas na lúa é a protagonista desta historia de Fina Casalderrey (Xeve, 1951), na que conta como se construíu a catedral de Santiago e tódalas rúas, casas e fontes que hai ó seu redor, logo de anunciarse que se se lle facía unha casa para que descansase o Cabaleiro do Cabalo Branco a fin do mundo non chegaría.

- Xabier P. Docampo, “O neno que perdeu a súa avoa”, pp. 91-108. Por medio deste conto de Xabier P. Docampo (Rábade, 1951), sabemos como despois da desaparición da avoa de Gregorio, este e os seus amigos descobren como os da casa de Ardao gardaban nunha neveira os vellos para, cando estivesen aburridos, metelos no microondas e desconxelalos para pasar unha tarde de conversa e despedilos como se nada.

- Paco Martín, “O pozo”, pp. 143-155.

Nárrase nesta historia de Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940) o acontecido a Afonso, un mozo que despois de ter visto reflectida no pozo a cara dunha moza florentina que, por librarse dunha doenza, vai de peregrinaxe a Santiago, se namora dela e marcha do seu fogar sen dicirlle a ninguén cál era o seu destino.

- Agustín Fernández Paz, “A vella foto das estrelas”, pp. 161-186.

Localízase a narración, da autoría de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), no Cebreiro. Neste espacio, Branca, unha rapaza que nun inicio non se mostraba moi entusiasmada coa idea de face-lo Camiño de Santiago, atópase cun rapaz nunhas circunstancias un tanto estrañas que a fan sentirse de forma especial. Finalmente, descobre que se trata dun rapaz de Barcelona que morrera no Cebreiro e que súa nai decidira soterrar alí.

- Aleixandre Marilar, “A sombra dos morcegos”, pp. 197-209.

Ana, Andrés e Paulo son os protagonistas desta historia de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947). Os tres mozos deciden ir a Fisterra para rematar de verdade o Camiño de Santiago. Perdidos nas serras do Xallas, pasan alí unha noite poboada polas sombras e o medo, ata que chega a mañá e Andrés comproba que nada malo pasara e que Ana, a quen coidaba desaparecida, estaba ó seu carón.

- Xosé A. Neira Cruz, “Orellas de podengo”, pp. 217-242.

No relato de X. A. Neira (Santiago, 1968) nárrase a historia de amor entre Mela, unha rapaza de Santiago, e Baudouin, un rapaz belga, que fai o Camiño de Santiago dende Bruxelas para redimi-la condena que lle fora imposta polos males que cometera.

Referencias varias:

-C. G. Roy, “Diez escritores y dos ilustradores recorren el Camino para preparar dos libros infantiles”, *El Mundo. Galicia*, 23 febreiro 1999, p. 9.

Refírese á viaxe que emprenderon dez escritores e dous ilustradores coa fin de coñece-lo Camiño de Santiago e, unha vez rematada a viaxe, reflecti-las súas experiencias en dous volumes de contos. A seguir, cita os participantes desta iniciativa.

- AGN, “Autores gallegos harán el Camino para escribir dos libros infantiles”, *El Progreso*, 29 febreiro 1999, p. 75.

Refírese á iniciativa do Xacobeo que consiste en levar a un grupo de dez escritores e escritoras galegos e dous ilustradores a face-lo Camiño de Santiago, para recolle-las súas experiencias en dous libros infantís. Cita os nomes dos camiñantes e informa tamén do contido doutros apartados do programa do “Xacobeo 99” como “O son do silencio”, “O son do vento”, “O son da vida”, “O son do espírito” e “O son da palabra”.

- E. Neira, “Doce camiñantes e cinco etapas para face-lo camiño literario de Santiago”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 marzo 1999, p. 43.

Faise eco da iniciativa dun grupo de escritores e ilustradores galegos que consiste en face-lo Camiño de Santiago para plasma-las súas experiencias nuns contos. Cita o nome do grupo ó que se sumou máis tarde Miguel Vázquez Freire e Manuel Uhía.

Alfaya, An, *A recortada*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 30, 1999, 125 pp. (ISBN: 84-8302-351-2).

Novela de An Alfaya (Vigo, 1964) ambientada nun marco rural galego. A historia protagonízaa Martín, na casa de quen entra un fuxido da xustiza cunha recortada na man. O incidente remata coa morte accidental do fuxido despois de que a arma caese nas mans do protagonista. A partir de aquí ingresa nun reformatorio e posteriormente no cárcere, de onde escapa converténdose agora el no fuxido, coa recortada na man e véndose envolto noutros crimes nos que é involucrado sen se-lo autor dos feitos. Trátase dunha historia sobre o destino na que o suceso da infancia converteu para sempre a Martín nun fuxido, dominado por unha forza superior, segundo el mesmo conta, e coa arma que dá título á novela converténdose case nun sinal de identidade.Ó longo de toda a obra latexa a reflexión do protagonista que, pasados xa moitos anos dende o primeiro crime, non acaba de dar crédito ó rumbo que deu para sempre a súa vida. Desta maneira, é frecuente que Martín elucubre sobre a fantasía e relacione a súa vida cunha película e con algunhas referencias explícitas ó xénero negro.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Definitivamente fuxir”, “*O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 56, 8 abril 1999, p. 8.

Análise da novela de An Alfaya que parte do argumento desta. Reflexiona detidamente sobre o tema que subxace nesta historia de crimes accidentais e considera que o tratamento da condición humana e as maldades do destino, que acaban coa inocencia, están dignamente elaboradas nesta novela que logra tensar coa intriga, cos acontecementos, coa aventura e coas manobras psicolóxicas dos seus personaxes. Malia todo isto, fai fincapé en que o tema de fondo é tratado sen intención adoutrinadora. Incide finalmente no estilo claro e directo desta novela que "non ensina nada pero que sen embargo o expresa todo".

- María Jesús Fernández, "An Alfaya. *A recortada*", *Fadamorgana*, nº 1, "Novidades", abril 1999, p. 78.

Sinala que se presenta como unha atenta observadora dos seres humanos, interesada en amosa-las complexas motivacións que determinan o seu comportamento. Así mesmo, comenta que se trata dunha novela "moi interesante", que incide no mundo da marxinalidade e que o tema que presenta, "duro e sen concesións", artéllase mediante unha estructura narrativa complexa e ben construída. A seguir, dá conta do argumento dos tres capítulos deste relato *in media res*, nos que se narran feitos separados entre si polo tempo, pero cruciais na vida do protagonista e acaecidos nun mesmo lugar, no que as circunstancias parecen reiterarse fatalmente.

- Ramón Nicolás Rodríguez, "Febleza argumental", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 79, 25 maio 1999, p. 7.

Comenta a súa opinión sobre a última publicación de An Alfaya, da que salienta como único capítulo salvable o primeiro, do que fai unha breve análise do contido. Considera que a partir do segundo capítulo a novela se debilita progresivamente polo uso de tópicos e polo desvelamento das "estratexias discursivas xa coñecidas ou que de maneira doada se sospeitan". Baixo o seu xuízo o mesmo acontece co tratamento dos personaxes, que tamén perden forza e "todo devén nunha feble trabazón argumental". Finalmente, salienta

como trazo positivo na novela a reflexión que a autora fai sobre o peso das circunstancias no paso da inocencia á culpa, ou a tensión narrativa que logra nalgunhas páxinas.
- Mª Jesús Fernández, “A recortada”, *CLIJ*, nº 117, xuño 1999, p. 73.

Primeiramente e entrecruzándose con comentarios gabanciosos, faise a descrición do argumento da primeira obra de An Alfaya dirixida ó lectorado adolescente. Saliéntase que se trata dun relato en primeira persoa coas características dun “prolongado soliloquio”. Dise que estamos diante dunha historia dura e sen concesións, construída cunha linguaxe sobria, que está ben narrada e que revela a unha autora moi a ter en conta no panorama da literatura infantil e xuvenil galega.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “*A recortada*”, *Atlántico Diario*, “Culturamanía”, 5 maio 1999, p. 10.

Comenta a estructura da obra de An Alfaya, as composicións dos diálogos, que considera que a converten nunha obra “vivísima” e, tamén, os temas que trata. Salienta, entre eles, a reflexión sobre o “destino e a fatalidade”.

Alonso, Fran, *O brillo dos elefantes*, Finalista do IIº Premio Raíña Lupa da Deputación da Coruña 1999, ilust. Enjamio, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 1999, 77 pp. (ISBN: 84-8302-460-8).

Nesta primeira obra de narrativa infantil de Fran Alonso (Vigo, 1963) déixase explícita a dedicación do autor á poesía, pois nela pártese dun poema inicial, no que se dan as claves temáticas da obra. Unha narración que ten como centro temático a noite, os temores, medos, horrores e experiencias negativas que provocan no neno protagonista, un neno que narra dende a súa aldea centroamericana, Matagalpa, e que ten como punto de referencia a súa nai, a súa avoa, o mestre e a dona Chenta. En definitiva, tódolos que conseguiron que esa noite se converta en algo positivo e que nel nacese a esperanza no futuro, a pesar das miserias, da guerra, da morte, dos problemas da droga, do abandono da aldea para buscar traballo na cidade e mesmo tranquilidade, a pesar de que, como di o mestre, á cidade van “a morrer de fame, de nostalxia e de aburrimento”. Remata o volume co apartado “Dúas palabras do autor”, no que se fai un percorrido polas súas obras, nas que deixou testemuña das vidas coas que compartiu aventuras vitais.

Ameixeiro, Daniel, *Bonifacio foi a palacio*, ilust. Xosé Cobas, Saragosa: Edelvives, col. Ala Delta, nº 51, serie verde (a partir dos 10 anos), 1999, 108 pp. (ISBN: 84-263-38-47-X).

Este relato de Daniel Ameixeiro, iníciase cando Xiana lle pide ó seu pai, Bonifacio, que lle lea un conto. Este, para compracela, vai á librería e merca *Bonifacio foi a palacio*. O libreiro, un home inquietante, rógalle que entregue o libro antes de catro días. Diante da premura da entrega, Bonifacio, intrigado, le cada día a Andrea, a súa muller, e a Xiana este libro. Inmersos todos na lectura que fan cada día, vanse decatando pouco a pouco que o pai é o verdadeiro protagonista da historia, que comeza cando o mensaxeiro do rei vén buscalo para levalo a palacio. Alternanse así dous mundos: o de palacio e o real, no que viven Bonifacio e a súa familia. No mundo de palacio, Bonifacio irá coñecendo os máis insólitos personaxes e vivirá extraordinarias aventuras. Só hai un problema: se non resolve o encomendado polo rei antes de catro días e volve ó seu mundo, quedará atrapado para sempre no mundo do palacio. Trátase dun relato no que se fusionan a realidade dos protagonistas e a ficción nas que Bonifacio é o fío de unión entre ambas.

Aneiros, Rosa, *Eu de maior quero ser*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, 1999, 151 pp. (ISBN: 84-7824-347-X).

A ópera prima da xornalista Rosa Aneiros Díaz (Ferrol, 1976) é unha novela coral protagonizada por cinco universitarios de letras que comparten piso na zona monumental de Santiago de Compostela. Estes enfróntanse á anguria vital propia de quen ve fecharse un ciclo nas súasvidas pois, agás un, atópanse na época de exames finais do derradeiro ano da carreira. Ó longo do texto vanse debullando problemas de convivencia, medos, amores e ilusións, mais sempre nun marco de camaradería propio das súas peculiares condicións de vida. A autora non evita referencias a feitos de actualidade como a situación de Kosova ou a realidades locais como as Marías. Na obra predomina o diálogo e un léxico que non foxe da xerga xuvenil, unha xuventude da que se ofrece unha visión sen complexos. Os títulos dos capítulos compoñen un programa de reparto de tarefas do fogar. Outro trazo anovador é a utilización de procedementos ortográficos para sinalar un silencio na narración.

Recensións:

- M. Barreiro, “Os universitarios vistos por si mesmos”, *Diario de Ferrol*, 29 decembro 1999, p. 13.

Despois de situa-la autora desta publicación como un exemplo máis de xornalista que se aventura polo camiño da novela, céntrase na análise desta obra, que inicia cunha breve referencia ó argumento. A seguir,

detense nos temas fundamentais que Rosa Aneiros aborda no texto, como son as dificultades de acada-la estabilidade afectiva, os problemas da vivenda, do traballo ou o futuro. Finalmente, analiza brevemente o tratamento dos personaxes así como a linguaxe empregada ó longo da novela á que cualifica de "amena e agradable", polo que a recomenda a lectores de tódalas idades.

- Noela Muíños, "Rosa Aneiros. *Eu de maior quero ser*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 77.

Presenta o argumento desta novela, no que destaca a técnica da narración cinematográfica, que ten o diálogo como rei indiscutible, e a mestura con anacos de reflexión do narrador, onde queda visible o esforzo por literaturizar de Rosa Aneiros. Así mesmo, considera que se trata dun intento co que a autora demostra ganas de facer literatura xuvenil fresca, sen aforrar referencias a asuntos máis ou menos espiñentos, que a penas se teñen tratado na literatura galega para mozos. Tamén sinala que resulta positivo o achegamento que fai ó xeito de expresarse dos máis novos, cunha lingua áxil e coloquial, que só se enlea un chisco cando se dá renda solta ás citadas e abondosas reflexións. Para rematar, afirma que a obra se deixa ler con gusto e ha resultar atraínte para os lectores de catorce anos en diante ós que vai dirixida.

Babarro, Xoán e Ana María **Fernández**, *As bruxas esbrúxulas*, ilust. Manolo Uhía, Barcelona: Editorial Casals, col. O Trolebús, nº 12 (primeiros lectores), 1999, 83 pp. (ISBN: 84-218-2077-X).

Ó longo dos nove capítulos titulados nos que está estructurada esta obra de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) e Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949), un narrador omnisciente en terceira persoa condúcenos a través do mundo de fantasía no que se converte a vida de Menda dende que decide facerse meiga, seguindo un anuncio dun curso no xornal, para ocupa-lo tempo libre que lle queda na terceira idade. Menda recibe a visita das profesoras Apática Pícara, Afónica Pándiga e Apócema Bébeda, que lle ofrecen, respectivamente, unha vasoira ultrasónica e voadora, un robot que lle serve de mascota e unha serie de pócemas máxicas. A adaptación a estes artiluxios é difícil, e mesmo traumática, xa que Menda acaba convertida nun enorme leirón e atrapada no país dos Cómaros Esbrúxulos, onde residían as tres profesores que a visitaran. Só poderá saír gracias á axuda dunha nena, Lola, e de todo aquilo que fora aprendendo no curso. Asemade, tamén se produce a liberación de moitos nenos que foran convertidos en ratos.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, “Ana Mª Fernández e Xoán Babarro. *As bruxas esbrúxulas*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 68.

Achega o argumento desta última entrega conxunta de Ana Mª Fernández e Xoán Babarro. Sinala que se trata dun texto no que se mesturan rimas e imaxes suxestivas con ritmo e axilidade na linguaxe, ademais de referirse ás súas ilustracións a toda cor, que están moi de acordo co ton “amable” que tingue toda a historia.

Babarro, Xoán e Ana María **Fernández**, *Que risa de rata*, ilust. Ánxeles Ferrer, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), col. A Maxia das palabras, nº 1b, 1999, 22 pp. (D. L.: C-966/99). ¤

Neste conto de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947), nárranse as astucias dunhatoupa para salva-las súas tres criaturas das garras da rata Lambelata, comedora de toupas. Ó descubri-la toupa o perigo que supón esa depredadora para as súas fillas e o medo que senten elas, pois a rata continuamente as ameaza, fai unha tarta con tres bonecas semellantes ás súas crías e así logra que Lambelata marche lonxe delas. No relato tódalas personaxes, agás o narrador, dialogan de forma rimada. Ponse fin ó libro cun poema de Manuel María sobre as terras galegas.

Recensións:

-Silvia Gaspar, “X. Babarro e Ana Mª Fernández. *¡Que risa de rata!*/Bernardino Graña. *O gaiteiro e o ratiño*/Gloria Sánchez. *Carlos Quinto*/Antonio García Teijeiro. *A fala das pombas que falan*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 72.

Refírese á aparición de catro novos volumes dentro do proxecto “A Maxia das palabras”, que parte da Dirección Xeral de Política Lingüística. Explica en qué consiste este proxecto e sinala que, como na anterior

edición, apóstase polos valores consagrados en canto á autoría e polas pezas rimadas, resultando se-lo conto de Bernardino Graña, *O gaiteiro e o ratiño*, “unha sucesión de elementos narrativos (...) que conflúen na solución final; o de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández, *¡Que risa de rata!*, “unha creativa historia rimada, de ida e volta seguindo a estela da cabra e os sete cabuxiños”; o de Gloria Sánchez, *Carlos Quinto*, “unha peza antibelicista con forte sentido do ritmo e ideal para a participación grupal”; e o de Antonio García Teijeiro, *A fala das pombas que falan*, “unha tradicionalista achega á política lingüística nas aulas”.

Babarro, Xoán e Ana María **Fernández**, *Os xigantes de nunca acabar*, ilust. Irene Fra, Vigo: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 14, serie azul (a partir dos 7 anos), 1999, 58 pp. (ISBN: 84-348-6687-0).

Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) e Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) nárranno-las aventuras de tres xigantes "superterribles, superliantes, superxigantes", que viven no chamado País dos Contos. Os tres protagonistas, Poncho, Pancho e Pincho, que de maiores pasaron a chamarse Escacharrochas, Perseguerranchos e Machucaplantas, teñen aterrorizada a toda a poboación. Durante moito tempo dedicáronse a destrozar muros, comer animais e acabar coas plantas do lugar, como os seus tres nomes indican. Os veciños, fartos de tantas desgracias, deciden buscar unha solución para acabar co problema e contratan o anano Trampolín para que os librase dos tres xigantes. Este personaxe convocou os tres na Praza Maior e, despois de contarlles dous contos, conseguiu que Poncho, Pancho e Pincho se convertesen en bos e comezasen a chamarse, a partir dese momento, Pulepenedos, Rescatarranchos e Plantaplantas.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, "Xoán Babarro e Ana Mª Fernández. *Os xigantes de nunca acabar*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 70.

Achégase o argumento desta entrega de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández, e dise que son “contos que arrolan, divirten ou intrigan e, ás veces, cando por resposta devolven pregunta, enfadan”, “enguedellos de palabras, contos de nunca acabar”.

Babarro González, Xoán e Ana Mª **Fernández Martínez**, *Contos do reino de Mamoranguá*, ilust. Xulia Barros, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 10 (máis de 12 anos), 1999, 89 pp. (ISBN: 84-7680-318-4).

Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947) e Ana Mª Fernández Matínez (Palma de Mallorca, 1949) abren este volume indicando que, trala morte do seu tío Sebastián, un arriscado periodista morto nas montañas de Afganistán, encontraron algúns cadernos inéditos que pertencían a diferentes estadías súas en terras do Novo Mundo e que respondían ó título de*Contos do Reino de Mamoranguá*. Así que, engadíndolle algunha nota a pé de páxina para localiza-la área cultural na que o tío Sebastián se movía, transcriben estes inéditos. Trátase, en fin, dun conxunto de relatos que están todos eles protagonizados por indíxenas americanos e, por medio dos cales, podemos chegar a coñece-los seus máis arraigados costumes e crenzas e a súa exuberante fauna e vexetación.

Cabido Quintas, Ana Isabel, Marcos **Vázquez**, Laura **Souto Crespo**, Raquel **Doallo Álvarez** e Carlos **González Figueiras**, *Cinco contos. Premio de relatos curtos e contos para nenos e xoves*, Santiago de Compostela: Fundación O Grelo-Amigos de Galicia/Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística)/Concellos de Melide e Teo, 1999, 52 pp. (D. L.: PO-418/99). .

O presente volume recolle os contos premiados en dous certames literarios para escolares organizados pola Fundación O Grelo-Amigos de Galicia. Os catro primeiros relatos recibiron, pola orde que se describen, os premios "Memoria da batalla de Cacheiras", correspondentes á edición de 1998, mentres que o último resultou galardoado co 1º Premio "Camiño de Santiago", en 1999.

- Ana Isabel Cabido Quintas, "Uns ollos amendoados", pp. 7-15.

A autora, rapaza de 14 anos, que cursa 1º de BUP no IES Blanco Amor de Ourense, preséntanos unha moza con problemas psicolóxicos graves. Un veciño, non moi integrado socialmente, está namorado dela e convéncea para fuxiren e casaren. As forzas de seguridade do estado reprimirán as ansias de liberdade destes dous seres marxinais.

- Marcos Vázquez, "Máis vale maña que forza", pp. 17-23.

Narración de carácter tradicional proposta por este alumno do colexio La Salle da capital de Galicia. Relata a fazaña dun can de aldea que consegue, usando como arma a dialéctica, reducir un lobo que viña disposto a papa-las galiñas. Gracias á súa maior intelixencia pon fóra de si a alimaña ata que se desmaia e despois o can amárrao cunha corda sen maior oposición.

- Laura Souto Crespo, “Un novo mundo”, pp. 25-31.

Esta discípula dos Maristas da Coruña preséntanos dous galegos que se coñecen na Lúa e progresan cun negocio de destilación de osíxeno a partir do xeo selenita e co turismo procedente do noso planeta. Viaxan á Terra e por erro caen en Galicia. Van dar a unha taberna na que o home recoñece os propios pais por unha conversa escoitada. Finalmente a parella retorna á Lúa para casar.

- Raquel Doallo Álvarez, “Comenzou un luns e rematou un venres”, pp. 33-39.

Unha rapaza de 16 anos, fea e retraída, namórase perdidamente dun mozo dous anos máis vello. Este convéncea para fuxir con el e casar. El perde o posto de traballo e dáse á bebida mentres que ela queda en estado. Son desafiuzados e teñen que ir vivir ó coche. A historia resólvese cando ela volve coa familia tras un accidente de tráfico causado polo seu marido, que conducía baixo os efectos do alcol, no que morren este e mailo neno non nato. Raquel Doallo, a autora, ten 15 anos e estudia 1º de BUP no IES Blanco Amor de Ourense.

- Carlos González Figueiras, “Gólgota”, pp. 41-52.

Breogán descoñece todo do seu pai xa que a nai, que nunca conseguiu reporse tralo seu suicidio, non lle conta nada. O rapaz, que vive pechado en si mesmo, descobre un día uns papeis do pai e decátase de que

hai que loitar pola felicidade e por mellora-las cousas. O autor ten 18 anos e está matriculado no IES Blanco Amor da cidade das Burgas.

Canosa Blanco, María, *Á espreita na penumbra*, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Xuvenil, nº 37 (dos 12 anos en diante), 1999, 90 pp. (ISBN: 84-7824-341-0).

Novela fantástica composta de dez capítulos máis un epílogo. Neles desglósanse os pensamentos dos compoñentes dunha familia cando saben que van morrer nun curto prazo de tempo, así como, as disertacións do protagonista, Marco, sobre o sucedido na súa casa (ameazas dunha voz de ultratumba chamada Brais, o segredo que agochan seus pais ó redor desta pantasma, o asasinato destes a mans da voz,...) e os intentos frustrados para salva-la vida á súa irmá. No transcurso da historia o adolescente averigua, nunha carta, as intencións da estraña voz e as razóns polas que matou os seus proxenitores, ó crelos culpables do accidente no que morreron a súa filla e xenro. No epílogo infórmase do amargo final do protagonista nunpsiquiátrico agardando a morte cunha boneca entre os brazos. Ó final do libro María Canosa (Cee, 1978) explica as razóns polas que lle gusta o seu nome e dá uns breves datos sobre a súa vida e obra.

Recensións:

-Noela Muíños, “María Canosa Blanco. *Á espreita na Penumbra*.”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 76.

Sinala que nesta novela de María Canosa se relata a historia dunha familia pequenoburguesa. Considera que a presentación deste núcleo familiar, “excesivamente idealizado e tópico”, renxe un pouco no conxunto da obra, a cal mellora considerablemente cando xorde esa voz que chega dende o pasado e estarrece ós protagonistas e cando se presenta a excursión por París. Conclúe indicando que cómpre ter en conta esta obra, sobre todo polo que supón de paso adiante no proceso de maduración como narradora da autora.

Carballeira, Paula, *Mateo*, ilust. Pablo Otero “Peixe”, Pontevedra: Kalandraka, col. Dememora, 1999, [38 pp.]. (ISBN: 84-95123-27-4).

Un conto de Paula Carballeira (Ferrol, 1972) e Pablo Otero “Peixe” (Ourense, 1970) no que se conta como Mateo perdeu a súa nai por se distraer co voo dun avión, como ó quedar só na rúa, no canto de aflorar nel tódolos medos dun neno perdido, bota man de multitude de recursos para axuda-la súa nai, ata que se atopan.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, “Paula Carballeira. *Mateo*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 72.

Resume o contido desta entrega de Paula Carballeira. Apunta que, se o asunto da historia pode interesarlles ós pequenos, a orixinal proposta plástica, coa que Pablo Otero “Peixe” a ilustra, prenderá de seguro a súa atención. Salienta como motivo central do conto o medo.

-Mª Jesús Fernández, “*Mateo*”, *CLIJ*, nº 121, novembro 1999, p. 68.

Comeza loando a colección Kalandraka por editar “hermosos y cuidados álbums para pequeños lectores” e presentando a *Mateo* como un texto “sencillo y sugerente”. Seguidamente describe a historia que se conta, e

remata gabando as ilustracións e dicindo que este tipo de obra “viene a paliar una carencia en la LIJ en gallego como es la edición de álbums ilustrados para los primeros lectores”.

Referencias varias:

-D. P., “Novedades de Kalandraka en el Día Internacional del Libro Infantil y Juvenil”, *Diario de Pontevedra*, 31 marzo 1999, p. 12.

Anuncia a presentación de dúas novas publicacións da editorial dentro da serie Contos do Trasno Comodín, coincidindo co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil: *Mateo*, de Paula Carballeira e *O Reiseñor*, obra adaptada e ilustrada por Alicia Suárez.

Carballeira, Paula, *Olo-iepu-iepu*, ilust. Noemí López, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 104, serie laranxa, xullo 1999, 80 pp. (ISBN: 84-8288-277-5).

Paula Carballeira (Ferrol, 1972) narra nesta nova obra para nenos e nenas unha serie de relatos breves, que teñen como protagonistas ós membros da tribo africana dos Mangala. Cada tarde, coa posta do sol, algúns contacontos deleitan os habitantes da aldea con relatos curiosos. Nesta ocasión, o contacontos Bla-Bla-Blá narra catro historias relacionadas entre si. Comeza coa narración do rei gordo que manda a súa xente na busca dun cabalo branco. Por fin, e despois de vencer a un anano con bigotes, conseguen o seu obxectivo. A continuación, narra a historia do rapaz que embotellou á morte para evitar que levase a alma da súa nai. O terceiro conto trata das aventuras dos tres moniños –Paulo, Lois e Alfonso–, que marchan polo mundo adiante na busca dos seus destinos. Para rematar, Bla-Bla-Blá relata como se crearon algúns animais. No epílogo, afírmase que cando cae a noite, os habitantes da aldea Mangala dormen e soñan coas historias que acaban de escoitar.

Recensións:

Magdalena de Rojas, “Paula Carballeira. *Olo-Iepu-Iepu*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, 69.

Despois de facer un resumo deste relato, sinala que nel Paula Carballeira escolle paraxes, xente e motivos africanos para amosarnos este xeito de contar no que os oíntes participan e mesmo pasan a formar parte

activa de cada unha das historias. Sinala que se trata dun texto “dinámico”, que bota man dunha linguaxe “fresca” e do humor e que, logo de supera-la confusión do primeiro conto de Bla-Bla-Blá, provocada polos diferentes niveis de acción plasmados na narración, semella axeitado á banda de idade para a que está aconsellado. Tamén comenta que a presentación dos devanditos planos de acción con diferente tipografía e o “expresivo” traballo da ilustradora Noemí López, salpicando o texto con multitude de motivos, constitúen un útil papel de guía para o lector.

Referencias varias:

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *Nordesía*, 24 outubro 1999, p. 14.

Ademais de referirse a outras publicacións, céntrase no libro de Paula Carballeira, *Olo-iepu-iepu*. Apunta que nel a súa autora conxuga a faceta de escritora e contacontos, ademais de achegar un pequeno resumo do seu argumento.

Carballeira, Paula, *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico*, ilust. Pablo Otero “Peixe”, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie verde (de 9 anos en diante), maio 1999, 82 pp. (ISBN: 84-8302-378-4).

Ábrese esta obra de Paula Carballeira (Ferrol, 1972) e de Pablo Otero “Peixe” (Ourense 1970) coa presentación dunha morea de contos, na que se queixa da desaparición dos contacontos. Na obra nárrase como se conseguiu unha parella de contadores, a vaca Xuvenca e o porco Cochón, que se decide a percorre-lo mundo para dalos a coñecer. Trala presentación dos personaxes, introdúcense dez contos que, segundo aclara a voz dun suposto recompilador, son os que utilizan o porco e a vaca nos seus espectáculos de tipo teatral. Estes contos caracterízanse pola fantasía, o humor e a presencia de recursos propios da narración oral.

Recensións:

- Silvia Gaspar, “Paula Carballeira. *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico”, Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 73.

Apunta que a principal característica desta obra é a súa condición dual, pois, se por unha parte as historias requiren unha certa formación por parte do lector, por outra, o inusual minimalismo dos temas achega o volume a un público de idade menor á recomendada pola editora. A seguir, puntualiza que isto debe ser consecuencia dos problemas que conleva trancribir un texto oral, sen ter en conta que ámbolos rexistros expresivos deben aterse a cadanseu código.

Carballude, Pepe, *Andrea quere ser maior*, ilust. Xosé Cobas, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 1999, 47 pp. (ISBN: 84-403-0392-0).

Andrea é unha nena de cinco anos que está aprendendo a ler e a escribir para ser maior coma a súa irmá Olalla, que xa ten oito anos. Non é capaz de pronuncia-lo erre dobre, aínda que, coa axuda do pai e a súa propia forza de vontade, logra superar esta eiva e, xunto á súa irmá, recibe do seu pai un gatiño. Unha vez rematado este relato, o seu autor, Pepe Carballude (A Estrada, 1956), e o seu ilustrador, Xosé Cobas (Negreira, 1953), comentan como xa dende pequenos estaban ilusionados por escribir e debuxar historias, respectivamente.

Recensións:

Silvia Gaspar, "Pepe Carballude. *Andrea quere ser maior*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, 73.

Despois de referirse á inadecuada recomendación deste volume ós primeiros lectores, por considerar que tanto o seu sentido xeral coma a súa lingua o introducen no difuso universo dos sentimentos adultos fronte á nenez, afirma que se trata dunha "preciosa" historia, "preciosamente" ilustrada. Tamén indica que nela se narra como un pai reconduce os impulsos de medrar da filla e puntualiza que un autor para tódolos públicos debe supera-las fronteiras da implicación.

Carballude, Pepe*, Mimos e máis mimos*, ilust. Xesús Mourelo, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 106, serie verde (a partir dos 9 anos), xullo 1999, 71 pp. (ISBN: 84-8288-279-1).

Nesta nova achega ó mundo infantil e xuvenil, Pepe Carballude Blanco (Rubín, A Estrada, 1956) trata o tema dos mimos-celos entre irmás. En seis capítulos, un narrador omnisciente clásico vai contando nas descricións como os mimos-celos van configurando o modo de ser de Olalla, unha nena de oito anos, e as súas reaccións diante dos seus pais e irmá, de cinco anos. O relato complétase con moitos diálogos entre a familia protagonista e os mimos-celos, que son os que provocan as reaccións de Olalla. Estes diálogos reproducen con grande exactitude a linguaxe das idades psicolóxicas das nenas e a súa maduración. A metaliteratura ten aquí un bo exemplo, tendo como fonte fundamental a literatura de transmisión oral e a súa preservación para a "inmortalidade" do texto.

Recensións:

-Irene Pérez Pintos, "Unha historia de celos e mimos", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 4, 3 decembro 1999, p. 3.

Unha vez de describi-lo argumento da obra, destaca que existen nela algunhas alusións a personaxes mitolóxicos como o deus romano Xano, Hércules, o Minotauro ou o oráculo do sono. Así mesmo, afirma que

o ton poético dalgunha das escenas e as sucesivas referencias culturais fan que a obra sexa axeitada para "rapaces e rapazas cun certo hábito lector e cunha certa madureza intelectual".

-María Jesús Fernández, "Pepe Carballude. *Mimos e máis mimos*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 71.

Despois de sinalar que Pepe Carballude recrea agora un tema bastante tratado na literatura infantil, os celos entre irmáns, a orixinalidade e eficacia deste relato están na forma sinxela que o autor ten de presenta-la historia; na linguaxe empregada, que manifesta sensibilidade e tenrura e faise poética en numerosas ocasións; e no recurso de presenta-los mimos de Olalla, personificados na forma de voces interiores que actúan con personalidade propia e especializándose no seu ataque segundo o requiran as circunstancias.

Casalderrey, Fina, *Bicos de prata*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 8 (máis de 5 anos), 1999, 39 pp. (ISBN: 84-7680-317-6).

Neste conto Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) achéganos, empregando a voz narrativa dunha nena chamada Rita, ás vivencias cotiás que sofre unha familia a partir da chegada dun bebé. Rita, tras agardar varios meses polo seu irmán Marcos, descobre que os pais andan nerviosos e rifan entre eles porque o bebé non os deixa durmir polas noites. A súa imaxinación esaxera os feitos e xa ve o seu pai sen traballo e a súa familia na pobreza. É así que ante a ameaza do paro soña con que vende a Marcos ó seu amigo Pedro, que ten moitos cartos e moitas ganas de ter un irmán. Cando esperta decátase de que non quere de ningún xeito vendelo seu irmán e alégrase de que todo fose un soño.

Casalderrey, Fina, *A filla das ondas*, ilust. Xosé Chavete, Pontevedra: Concello de Pontevedra, 1999, [49 pp.]. (D. L.: PO-478/99). .

Froiaz, o protagonista, acaba de chegar a Pontevedra, unha cidade que sente estraña e na que non coñece a ninguén. A noite de San Xoán está a escribir unha carta contando o seu desacougocando sente cantar na rúa. Ó se asomar á ventá descobre unha fermosa nena que xoga na fonte. Esta rapaza ofrécese de guía para mostrarlle a Froiaz as historias que agocha Pontevedra e con ela realizará un máxico paseo temporal e espacial. Dende a Praza da Peregrina percorren diferentes rúas e prazas nas que a nena misteriosa aproveita para se mollar cada pouco xa que se non o fai convértese en pedra. Neste percorrido van aparecendo personaxes ilustres da vila como Valle-Inclán, o boticario Don Perfecto e o seu papagaio Ravachol, Castelao ou Bóveda, xunto a outros anónimos. Finalmente, Froiaz descobre a beleza da cidade e reescribe a carta do comezo nun ton bastante diferente. Fina Casalderry (Xeve, Pontevedra, 1951) ofrece con este relato unha interpretación fantástica da historia de Pontevedra.

Referencias varias:

- D. P., “Fina Casalderrey presenta su libro “*A filla das ondas*”, *Diario de Pontevedra*, 16 decembro 1999, p. 11.

Notifica a presentación da nova obra de Fina Casalderrey, *A filla das ondas,* consistente nunha viaxe polas diferentes etapas históricas da cidade do Lérez con ilustracións de José Chavete. Anuncia a celebración

dunha mesa redonda titulada “Animar a ler en bibliotecas” coa participación de Xabier Paz e Pep Durán; a sesión de contacontos deste último e a existencia de diferentes talleres e seminarios para adultos como: “A arte de contar contos, un vello oficio olvidado”, “O mundo máxico de Gianni Rodari”, “Construcción de contosobxecto” e “O sentido das letras. A escritura: unha viaxe organizada”.

- B. N., “O libro nunca desaparecerá porque non podemos vivir sen historias”, *Diario de Pontevedra*, 17 decembro 1999, p. 16.

Comenta a presentación do libro de Fina Casalderrey, *A filla das ondas*, no Salón do Libro Infantil e Xuvenil, en Pontevedra, unha “serea” guía pola capital pontevedresa amosando “a vida mariñeira, parroquial, monumental e cultural da cidade”. Sinala que este volume, ilustrado por Xosé Chavete, foi un encargo do Concello de Pontevedra para dar a coñecer ós mozos e vellos a historia da cidade. Puntualiza que á autora lle parece pouco probable a desaparición dos libros porque “a humanidade non pode vivir sen historias”. Así mesmo, indica que teme que as actividades de animación á lectura se convertan nun feito illado dun día. Finalmente, enumera as actividades para nenos e adultos, que se realizan no devandito salón, as persoas que as elaboran e os colexios participantes.

Casalderrey, Fina, *O misterio do cemiterio vello*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 23, serie laranxa (a partir dos 9 anos), 1999, 143 pp. (ISBN: 84-348-6352-9).

Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) retoma neste relato o esquema narrativo –a resolución dun misterio– e os personaxes de *O misterio dos fillos de Lúa*. Nesta ocasión, na voz dun dos seus protagonistas, David, achégano-los pasos seguidos para desvela-los misteriosos sons que saen do cemiterio vello da vila. Na compaña de Branca, David vai atopando pistas que conducen finalmente á resolución do caso. Parellamente, o neno, coa súa particular interpretación dos feitos cotiáns e dende a súa ollada, detense na forma de vida da súa familia, na súa relación co seu irmán maior Xocas, nos personaxes estraños que viven na vila como o señor Indalecio, na convivencia coa bisavoa, na morte da gata Lúa, no día da Primeira Comuñón e nos problemas dalgúns dos seus compañeiros da escola. A autora bota man das reiteracións léxicas e de ideas para capta-lo discurso infantil.

Recensións:

- Silvia Gaspar, “Fina Casalderrey. *O misterio do cemiterio vello*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 71.

Considera que volvemos sobre unha historia que segue de cerca *O misterio dos fillos de Lúa*, pois, pese a que agora o misterio é diferente, os protagonistas e o desenvolvemento son os mesmos. Tamén opina que

hai unha tendencia desmedida ó confesional e que se trata dunha “nova volta de torniqueta para degustación (acaso dende as aulas)” de cativos de nove anos.

Referencias varias:

-D. P., “Fina Casalderrey clausura las “Xornadas de Literatura Infantil”, *Diario de Pontevedra*, 26 novembro 1999, p. 18.

Anuncia que Fina Casalderrey é a encargada de face-la clausura das IV$_{as}$ Xornadas de Literatura Infantil, na que ten previsto presenta-lo seu último libro, *O misterio do cemiterio vello*. Tamén dá conta doutras actividades que tiveron lugar dentro das citadas xornadas como foron a actuación dos contacontos ou a exposición de grandes ilustradores, “As cores do vento”.

Casalderrey, Fina, *Pimpín e dona Gata*, ilust. Manuel Uhía, Madrid: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 17 (primeiros lectores), 1999, 59 pp. (ISBN: 84-348-64207).

Pimpín é o paxaro inquedo e bromista que protagoniza este relato de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951). Un narrador en terceira persoa conduce a historia centrada no encontro con dona Gata. Desta volta, a brincadeira de Pimpín consiste en lle pedir á gata que lle aprenda a voar. Para iso debe gañar primeiro a súa compaixón polo que se fai pasar por orfo e láiase porque se non aprende a voar de contado morrerá de fame. A gata, que está preñada e logo vai ser nai, énchese de comprensión e de cariño e pon todo o seu empeño por lle ensinar como debe facer para bate-las ás, cuns movementos tan ridículos que provocan que Pimpín estea a piques de estourar coa risa. Compunxida por non ser quen de axuda-lo paxariño, aínda fai outra tentativa guindándose dun alto e de súpeto, ante a mirada abraiada de Pimpín, a gata comeza a voar dándolle ánimos e comentándolle o fácil que resulta.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, “Fina Casalderrey. *Pimpín e dona Gata*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 69.

Considera que toda unha complexa rede de sentimentos cruzados actúa como andamiaxe desta historia protagonizada polo paxaro Pimpín e unha gata preñada, que aparecen moi ben representados nas

“expresivas” ilustracións de Manuel Uhía, imprescindibles para que os pequenos poidan segui-lo fío do argumento. Tamén comenta que toda a carga sentimental que late no texto resta axilidade e imprime didactismo, ademais de sinalar que esta historia está fóra do alcance dos lectores máis novos para os que está recomendada.

Cermeño, Xosé, *¡A miña tía é verde!*, ilust. Avi, Vigo: Ediciones SM, col. Os Piratas, nº 7, (para comezar a ler), 1999, 29 pp. (ISBN: 84-348-6767-2).

Despois de que os médicos non lograran coñece-la causa do seu verdor, a tía Xuliana e os seus pais aceptaran a color da súa pel, que, segundo ía medrando, máis verde se poñía e ía mudando de tons. Resultaba ser unha tía moi divertida, pois se podía xogar co seu pelo verde, como se fose unha selva, ou sobre as súas costas, como se fosen as augas verdes dunha lagoa. Esta historia, contada dende a perpectiva dun neno, ademais de lerse a través do texto caligráfico de Xosé Cermeño (A Coruña, 1959), tamén se pode seguir polas ilustracións a toda páxina de Avi.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, "Xosé Cermeño. *¡A miña tía é verde*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 66.

Despois de referirse á característica máis salientable da tía Xuliana desta historia, que é a súa cor verde, comenta que unhas "divertidas" ilustracións acompañan este texto que xunta en Xuliana tódolos matices do verde, "dotándoa de gracia, frescura e normalidade".

Chamorro, Margot, *Tempo rachado*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín (de 13 anos en diante), maio 1999, 120 pp. (ISBN: 84-8302-377-6).

Unha narradora en primeira persoa é a encargada de conducir esta obra de Margot Chamorro. Na páxina inicial esta narradora presenta *Tempo Rachado* como "libro de estampas" e apela ó lector para que este poida facerse unha idea de como "erámo-los nenos de entón. Aqueles nenos que aprendemos a canta-lo *Cara al sol*". Así, dende o punto de vista dunha nena viguesa da época relátanse vinteoito cadros da vida cotiá durante a Guerra Civil así como nos momentos previos e posteriores a esta. A narradora, pertencente a unha familia do bando vencido na guerra, lembra, xunto a episodios familiares cargados de lirismo e tenrura, a faciana máis dura destes tempos. Deste xeito, a fame, o medo, a represión ou a moral católica son temas dalgúns dos capítulos. Ó longo da obra recóllense fotografías da época tiradas do libro *Arquivo, Pacheco,albúm*, editado polo Centro de Estudos Fotográficos. Finalmente, na sección "Cando a autora fala de si", esta refírese ó seu gusto pola creación literaria e pictórica.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "*Tempo rachado*", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 74, 12 agosto 1999, p. 9.

Ponse de relevo que esta primeira obra de Margot Chamorro está centrada nas experiencias persoais da autora durante a guerra civil española, contadas a través dos ollos dunha nena do barrio vigués de Lavadores.

Saliéntase que os acontecementos están narrados “fuxindo do tenrurismo adozado, daqueles didactismos tan frecuentes en determinada literatura infantil e xuvenil”.

-María Jesús Fernández, “*Tempo rachado*. Margot Chamorro”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 75.

Considera que esta novela se inscribe dentro das memorias de infancia de carácter máis ou menos autobiográfico e sinala que a súa acción se sitúa nos anos da guerra civil e da inmediata posguerra. A seguir, comenta que para relembrar aquel pasado, Margot Chamorro ofrece o punto de vista da nena que ela foi, a filla dunha familia de traballadores da cidade de Vigo, e dá conta da temática que se desenvolve no relato, puntualizando que, aínda que non se dubida en amosa-las difíciles condicións da vida daqueles tempos, procúrase non recrear unicamente aspectos negativos e facer que os rapaces de hoxe se identifiquen coa narradora. Por último, afirma que todos estes elementos compoñen un “fermoso e interesante” libro que “emociona e distrae” e que posúe a capacidade de “comunicar” con lectores de tódalas idades.

Chapela, Xurxo, *Con Aroa, o último verán*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Docexvintedous, 1999, 101 pp. (ISBN: 84-7824-344-5).

Xurxo Chapela narra as aventuras que protagonizan un grupo de amigos e amigas durante unverán. Ó longo da obra coñecemos, ademais, os pensamentos do narrador que se namora dunha rapaza chamada Aroa e que loita contra os ciumes que sente cara a Pablo, o mozo de Aroa.

Colectivo Crisol, *O ourizo e a lebre* (ISBN: 84-89976-92-9)/*O zampón* (ISBN: 84-89976-91-0)/*O galo pinto* (ISBN: 84-89976-80-S)/*O home e o oso* (ISBN: 84-8997679-1)/*A serpe da fonte, O neno que bagoaba perlas, Os demachiños* (ISBN: 84-89976-66-X)/*As fillas do zapateiro*, *O vello do monte*, *A princesa e o xigante* (ISBN: 84-89976-67-8)/*O mintireiro*, *O paxaro de ouro*, *Xaniño espido, pelica de ovella* (ISBN: 84-89976-65-1), selección e adapt. de Mª Carmen Aguín, Tina Parada, Elvira García, Carlos Alonso e Remedios Padín, ilust. Pepe Carreiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Contos Populares, 1999, [20 pp.].

O colectivo Crisol recolle nestes volumes, coa axuda dos debuxos de Pepe Carreiro, unha serie de narracións de transmisión oral que reflicten relatos, fábulas, lendas, tradicións e costumes de Galicia. En *O ourizo e a lebre*, é un ourizo, no canto dunha tartaruga, quen inicia a discusión coa lebre sobre quén dos dous é o máis veloz; en *O zampón*, Mariquiña gracias á amizade cunha formiga libra ás súas compañeiras de ser zampadas polo zampón; en *O galo Pinto*, relátanse unha serie de encontros protagonizados polo galo Pinto, no seu camiño ata a casa do seu tío que vai casar; en *O home e o oso,* nárrase como un oso moi forte e arrogante, cando os animais aínda falaban cos seres humanos, se ofendeu ó oír que o home era máis forte ca el, e realiza unha serie de probas para comprobar isto; en *A serpe da fonte/O neno que bagoaba perlas/Osdemachiños* recóllense tres contos argumentalmente independentes pero vencellados pola temática fantástica. No primeiro cóntase a liberación dunha dona, que permanecía encantada nunha fonte, por parte dun mozo que superou a proba de bicar a unha serpe. O segundo, ademais do elemento máxico do encantamento, ten unha compoñente moral xa que os personaxes humildes son premiados e os soberbios castigados. En “Os demachiños” tamén se produce a liberación dun fermoso ca

supera-las numerosas probas ás que a someten unhas meigas; *As fillas do zapateiro/O vello domonte/A princesa e o xigante,* son outros tres contos de raigame popular relacionados por unha estructura común, que se basea na resolución de diversos conflictos por parte dos protagonistas. En “As fillas do zapateiro” conta como a filla máis pequena do zapateiro é a elixida do principe pola súa beleza e bondade o que será obxecto de envexas das outras dúas irmás. En “O vello do monte”, cóntase como a pobreza de Andrés e a súa familia vai ser solucionada por un vello que ten o poder de converter obxectos aparentemente cotiáns en obxectos cheos de maxia, aínda que un veciño envexoso trata por tódolos medios de impedir que a familia de Andrés sexa feliz. O último dos relatos deste volume leva por título “A princesa e o xigante” e narra a aventura dunha princesa, secuestrada polo malvado xigante. Axudada polos fillos deste, consegue escapar despois de moitos obstáculos; en *O mintireiro/O paxaro de ouro/Xaniño espido, pelica de ovella,* temos tres contos populares nos que se narran historias moi afincadas na tradición. En “O mintireiro”, unha raíña promete un premio a quen sexa capaz de contarlle a maior mentira; en “O paxaro de ouro”, presenta a historia dun rei que quere averiguar quén lle rouba as mazás portuguesas e pídelles axuda ós seus fillos; en “Xaniño espido, pelica de ovella”, cóntase como Xanciño, un neno moi pobre que vive coa súa nai nunha cabana, atopa no bosque a solución á súa pobreza gracias á axuda de tres obxectos máxicos.

Recensións:

-Noela Muíños, “Colectivo Crisol. *O ourizo e a lebre*/*O zampón*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 70. Comenta que estes dous libros teñen en común o feito de seren narracións que se atopan dacabalo entre os contos clásicos e os populares, e o feito de presentaren o habitual enfrontamento entre fortes e febles, con victoria inesperada destes últimos por mor da súa astucia, habelencia ou valentía. Así mesmo, sinala que,

como xa acontecera noutros títulos desta colección, o Colectivo Crisol consegue verquelos á actualidade cunha "lingua áxil e sinxela, perfectamente emparellada coa frescura e expresividade das ilustracións de Pepe Carreiro".

-Magdalena de Rojas, "Colectivo Crisol. *O galo pinto*/*O home e o oso*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 71.

Comeza sinalando que as editoriais mostran cada vez unha máis ampla oferta de coleccións nas que se está a recupera-lo reino da literatura popular. A seguir, apunta que A Nosa Terra, dentro da súa colección "Contos Populares", vén de presentar *O galo pinto* e *O home e o oso*. Tamén comenta que neles Pepe Carreiro realiza ilustracións a toda cor continuando a liña humorística dos relatos, que completan "dous libros de factura correcta aínda que en ocasións, polo pequeno formato dos álbums, aparezan páxinas algo cargadas de texto".

Pilar Sampedro, "Colectivo Crisol. *As fillas do zapateiro*/*O vello do monte*/*A princesa e o xigante* e *O mintireiro*/*O paxaro de ouro*/*Aniño espido, pelica de ovella*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, 71.

Faise eco da aparición de dous novos volumes na colección "Contos populares" de A Nosa Terra, que presentan adaptacións do Colectivo Crisol e ilustracións de Joseph Send. Sinala que esta editora aposta polo xénero popular editándoo en dous formatos: álbum cun conto para os primeiros lectores e estoutro, pensado para lectores autónomos. Tamén comenta que con eles se trata de achega-los contos á nova rapazada e trasmiti-los valores propios destas historias.

Corral Uzal, M. Luz (coord.), *Cóntame un conto. Concurso Municipal de Contos e Narracións Infantís e Xuvenís Concello de Oleiros 1996-1997*, Oleiros-A Coruña: Concello de Oleiros/Fundación Municipal de Cultura, 1999, 283 pp. (D. L.:VG-470-1999). ¤

Reúnense neste volume as narracións premiadas no Vº e VIº Concurso de Contos e Narracións Curtas Infantís e Xuvenís convocado polo Concello de Oleiros para conmemora-lo Día das Letras Galegas, correspondentes ós anos 1996 e 1997. Tralas presentacións institucionais, a coordinadora do volume, Luz Corral, como bibliotecaria municipal, dá conta das bibliotecas que integran o Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello, un total de oito auxiliares e unha central, así como das diferentes actividades que acolleron ó longo do ano: animación á lectura, clubs de lectores, realización de guías de lectura, exposicións bibliográficas, etc. Seguidamente inclúense as Actas de cualificación dos certames correspondentes a 1996 e 1997 e os contos gañadores distribuídos en tres grupos segundo as idades dos participantes.
Na modalidade de 8 a 11 anos resultaron premiados:

Víctor Ángel Lara de la Llave con “A pinga nadadora”.
Daniel Carral Miguélez con “O oso que comeu a lúa”.
Víctor Rodríguez Campo con “Pitufo”.
Bikendy López Cruz con “Memorias dunha castaña”.
Rubén Quiroga González con “Memorias dun gato”.

Na categoría de 12 a 14 anos mereceron premio:

Olaia Fernández Jacob con “Iris”.
Yésica Lodeiro Corral con “Lembranzas”.
Tatiana Civeira Taboada con “Memorias dun calcetín”.
Eva Mª Sánchez Salgueiro con “A vida dun bolígrafo”.

-Aldara Marcos Nores, Rebeca Brandariz Longueira, Beatriz Martos López e Ana Belén Tajes García con “Un verán como outro calquera”.
- Marta Mª García Salas con “Aventura no Castelo de Bela Cruz”.

Na modalidade de maiores de 15 anos concedéuselle o galardón a:

- Héctor Bao Valeiro con “Os moradores do tempo”.
- Vanesa Rodríguez Mosquera con “Soidade”.
- Martín Vázquez Soto con “O signo do innomeable”.
- Emilio Xosé Eiroa Pereira con “A guerra dos recordos”.
- Xema Cabana con “¿Diferentes?”.
- Adrián Martín Prieto con “Das cousas do vento”.

Tódolos contos e relatos van precedidos dunha breve presentación biográfica dos nenos e nenas premiados.

Docampo, Xabier P., *A viaxe de purpurina ou a historia dunha pinga de auga*, ilust. Xosé Cobas, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente), 1999, [39 pp.]. (D. L.: C-754/1999). ¤

Este relato de temática ecolóxica, escrito por Xabier Docampo (Rábade, 1943) comeza coa aclaración previa de que este volume contén dúas historias: a que se conta e a da elaboración da obra (nacemento da idea, pasos seguidos polos rapaces para a súa realización ou a participación do escritor e ilustrador) da cal nos informa. A seguir, nárrase a viaxe que fai Purpurina, unha gota de auga, despois de deixa-la nube na que vivía coas súas irmás. Purpurina comeza a súa andaima no mar, lugar dende o que volverá ó seu lar. Na peregrinaxe ademais do mar visita por primeira vez unha praia, unha charca e un río. Nestes lugares coñecerá a fauna e flora destes así como a outras gotas coma ela, outros sistemas de vida, a contaminación e a Neptuno, o rei do mar, que a axudará a regresar á casa despois de que lle describa a beleza que observou neses lares e o desexo de que a xente se decate dela.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “Xabier P. Docampo. *A viaxe de Purpurina ou a historia dunha pinga de auga*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 66.

Comenta que este texto naceu a partir dunha iniciativa da Escola Infantil Andaina que, ante a súa preocupación pola contaminación do mar, lle solicitaron axuda a Xabier Docampo para que fixese un conto,

VII.1.1. Narradores galegos

no que se explicase a situación pola que atravesa o mar. A seguir, sinala que este texto ofrece unha clara mensaxe ecoloxista e explica o ciclo da auga por medio da viaxe iniciada pola pinga Purpurina.

Enjamio, *Alguén roubou a lúa*, ilust. do autor, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 108, serie verde (a partir de 9 anos), outubro 1999, 73 pp. (ISBN: 84-8288-303-8).

Relato realista-máxico no que o narrador fai continuos xestos explícitos ó público a medida que narra esta historia dividida en trece capítulos. Nela, a feliz vida da avoa Vidalina, dos seus familiares e máis do seu xirasol Arturo, en Vila Ofelia, vese perturbada polo roubo da lúa. A avoa, o seu fillo Hipólito, a súa neta Tina mailo xirasol van na procura da desaparecida coa axuda de Arminda, a cartomántica, que lles desvela o lugar onde se atopa presa; o profesor Quiñones, inventor da nave na que viaxan ademais do elefante Basilio que os guía por Kenya ata o castelo no que está secuestrada a lúa. Despois de que averiguan que todo fora capricho dunha princesa mal ensinada e consentida liberan á lúa e cunha azouta conseguen que a princesa volva ter bos modais. De volta na casa devolven o astro ó ceo e decátanse da desaparición do sol. Enjamio (Luis Ramón Castro, La Habana-Cuba, 1962) preséntase como escritor con este relato, que amplía visualmente cunhas ilustracións monocromas.

Recensións:

- Ánxela Gracián, “Enjamio. *Alguén roubou a lúa*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 72.

Despois de facer un resumo do argumento, sinala que Enjamio, a quen só coñeciamos como debuxante, sorpréndenos aquí cun relato en clave de humor e maxia, inzado de exotismo e realismo máxico.

Fernández Paz, Agustín, *Cos pés no aire*, Iº Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa 1998, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, decembro 1999, 79 pp. (ISBN: 84-8302-473-X). .

Daniel, que leva unha vida tediosa e baleira na oficina na que traballa, é o protagonista desta narración de Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947). Relátase en terceira persoa e dende o punto de vista do protagonista a fonda tristeza que lle fai sentir como o tempo se vai esvaendo. Un día áchase suspendido no aire e comproba que é capaz de voar. Esta circunstancia créalle unha “revolución interior” que o fai sentir libre pero paralelamente tamén lle crea algúns contratempos que dotan de humor o relato. Momento determinante é cando coñece a Helena, unha moza que está na mesma situación que el e que o afasta para sempre da soidade, permitíndolle ademais coñecer un grupo de xente coa mesma capacidade de se erguer no aire. Xuntos tratan de se axudaren para tratar de non seren excluídos pola convencionalidade da sociedade. No fondo da historia late, tal e como se indica na capa do volume, “unha suxerenteparábola na que latexa unha loanza da diferencia e unha invitación á autoestima”. Ó final do libro recóllese o apartado “Dúas palabras sobre o autor” e sitúase na infancia a orixe do gusto de Fernández Paz polos mundos de ficción. Así mesmo, menciónanse algúns títulos da súa autoría e alúdese ó seu empeño por “conseguir un status digno para a literatura infantil e xuvenil”.

Fernández Paz, Agustín *As fadas verdes*, ilust. Asun Balzola e Patricia Garrido, Vigo: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 13, serie azul (a partir dos 7 anos), 1999, 78 pp. (ISBN: 84-348-6569-6).

Neste conto infantil de Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) nárranse as aventuras e desventuras de Diana, unha nena que vivía en contacto coa natureza e que sufriu as consecuencias que sobre ela exerceran as lapas despois dunha seca de verán. A nena ó ir investigar se a fraga fora alcanzada polo lume, cousa que dubidaba, pois a súa avoa sempre lle transmitira que a vexetación autóctona nunca podería ser castigada polo lume, atopouse coa única fada verde, gardadora do bosque, que sobreviviu ó incendio. A fada agradeceulle que a salvase explicándolle a súa vida, e como ten que buscar outras fadas para seguir gardando a fraga.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Ó encontro dun mundo máxico", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas"*, nº 4, 3 decembro 1999, p. 3.

Breve comentario sobre o argumento da obra de Agustín Fernández Paz, *As fadas verdes*. Afírmase que se trata dun libro "estreado na sobriedade e nunha perfecta arquitectura narrativa", no que conflúen dous mundos contrapostos: o real e o fantástico. A seguir, coméntase que a obra narra as relacións dunha nena e dunha fada verde, encargada do coidado dun dos moitos bosques que existen no mundo. Trátase, en definitiva, da

historia de dous personaxes pertencentes a mundos diferentes, que se xuntan para compartir unha serie de aventuras.

-Silvia Gaspar, “Agustín Fernández Paz. *As fadas verdes*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 68.

Comenta que con esta narración dirixida ós primeiros tramos de idade lectora, Agustín Fernández Paz introdúcese no mundo marabilloso, combinando elementos do animismo natural centroeuropeo nun universo galego a semellanza da realidade rural galega. Así, o espírito das fadas que emparenta co coidado do medioambiente, resulta ser unha interferencia ó alcance dos pequenos lectores; mentres que, pola contra, alusións á cota láctea ou a conflictos de parella están fóra do entendemento dese lector.

Fernández Paz, Agustín, *A nube de cores*, ilust. Xoán Martínez, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Infantil, nº 39 (primeiros lectores), 1999, 38 pp. (ISBN: 84-7824-343-7).

Nesta ocasión, Agustín Fernández Paz (Vilalba, Lugo, 1947) achéganos de novo un conto infantil dirixido ós primeiros lectores, no que, coa axuda das ilustracións de Xoán Martínez e con letra caligráfica, conta a historia de Raquel, unha nena de seis anos, á que non lle gustaba ir ó colexio, porque a súa clase lle parecía triste e a súa mestra sempre estaba seria. Situación que cambia cando unha nube de cores se coloca enriba do patio da escola, onde non só Raquel se aburría, que consegue que a profesora e os seus métodos muden totalmente, pois desprendera unhas gotas de cores que estouraban botando unha música que metía no corpo tantas ganas de bailar que era imposible ter acougo.

Recensións:

-Noela Muíños "Agustín Fernández Paz. *A nube de cores*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 67.

Despois de dar conta do argumento deste relato de Agustín Fernández Paz, indica que está destinado ós primeiros lectores e que con el o seu autor volve atender esa banda de idade cunha historia que conecta coa temática dalgunha das súas anteriores entregas, como se pode comprobar na procura de consecuencias

positivas en elementos que, inicialmente, non terían ningún beneficio (neste caso, unha treboada; noutros, unhas flores radioactivas). Por último, comenta que se trata dun relato “correcto” e que pode funcionar ben cos lectores para os que está destinado.

Gándara, Lola, *Alexandra*, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 12, outubro 1999, 162 pp. (ISBN: 84-8116-630-8).

Nesta novela dialogada de Lola Gándara (Celanova, Ourense, 1942) a narradora-protagonista relata como conseguiu, pouco a pouco, que os seus pais a deixasen saír pola noite, e as investigacións que tivo que levar a cabo para descubri-las razóns da desaparición dunha compañeira, Alexandra, unha noite despois dun concerto. Esta narradora foi axudada na súa investigación por outro compañeiro de instituto co que comparte sentimentos, amizade ou afeccións, e por outras voces narrativas que van indicando trazos da personalidade de Alexandra e doutros personaxes. Entre todos dan unha visión das inquedanzas adolescentes e das súas relacións co mundo adulto.

García Cardamas, Pilar, *Un día na fraga*, ilust. Pilar García Cardamas, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, col. Nume, novembro1999, 97 pp. (ISBN: 84-89129-79-7).

Primeira obra literaria de Pilar García Cardamas (Ares, 1957). Trátase dunha narración en terceira persoa conformada por unha serie de capítulos que recollen distintos episodios cotiáns na vida da nena protagonista. Así, progresivamente vaise dando a coñecer Nerea, unha rapaza espilida e xenerosa que ten dificultades coas matemáticas e que pasa a vida cos seus pais, co seu irmán pequeno e cos seus amigos. As estampas diarias na casa, na escola e na rúa están marcadas polo humor, pola inocencia infantil e tamén polos xogos, as aventuras e as trasnadas. A realidade unicamente é traspasada nos soños de Nerea, que trasladan á pequena ata unhalagoa agochada na fraga e habitada por distintos animais que acaban sendo os seus amigos. É nesta lagoa onde coñece ó oso Lambón a quen axuda a buscar á serea Sabela, que se atopa en perigo e que lle serve á protagonista para coñece-las queixas dos animais ante o constante deterioro do medio natural que provocan día tras día os seres humanos.

Gracián, Anxela, *Cos petos cheos de cinza*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 10 anos), 1999, 116 pp. (ISBN: 84-403-03389-0).

Réunense neste volume de Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo) sete relatos que se inician cun limiar no que se presenta ó trasgo Don Guillerme Cara de Prata e a Dorotea, a rapaza que vai ser testemuña e partícipe de cada unha das historias que se inclúen no libro. Eles dous son o fío conductor de cada un dos relatos protagonizados por seres de lenda e os diversos animais que habitan no bosque. Así, transitan polo libro Perico Picapiñeiro, a Serpe Amarela, Pedriño, ou a Loba Balbina. Un dos trazos definitorios do libro é que existe un punto de interconexión entre os diversos relatos pois o problema ou conflicto dun personaxe resólvese en ocasións no conto seguinte. A pesar de ser un texto en prosa, é frecuente a incorporación de poemas que son recitados polos animais das diferentes historias.

Recensións:

-María Jesús Fernández, "Ánxela Gracián. *Cos petos cheos de cinza*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 74.

Sinala que se trata dun conxunto de sete relatos de carácter fantástico, protagonizados por animais e seres míticos, que teñen como fío conductor o trasgo don Guillerme, Cara de Prata, de quen a autora recibiu a

noticia das historias que relata, e Dorotea, que ten o privilexio de poder comunicarse cos animais. Tamén apunta que, alternando co texto en prosa, aparecen numerosos poemas postos en boca dos personaxes protagonistas.

Gracián, Ánxela, *As bolboretas douradas*, ilust. Cruz Lago, Santiago: Sotelo Blanco, col. Infantil-Xuvenil, serie A máquina de escribir, nº 38, 1999, 103 pp. (ISBN: 847824-342-4).

Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo) lévanos nesta narración fantástica ó Prado das Herbas Asubiadoras, unha veiga paradisíaca na que viven as bolboretas douradas en perfecta harmonía coas prantas ás que lle zugan o néctar, e coas que manteñen unha relación que nos lembra o amor cortés medieval. Despois de presenta-los personaxes –María Bolboreta, Xan Bolboreta, Lume Bolboreta, Pisco Bolboreta e a raíña Alendai–, un narrador omnisciente clásico conta en catorce capítulos titulados como un día Xan, Pisco e Lume deciden abandona-lo seu territorio na procura dunha flor moi fermosa que os Ananos Áureos, uns malévolos seres buscadores de ouro, prepararan como trampa para roubárlle-la fina capa de pó áureo que recobre as ás das bolboretas. Vai ser gracias ás "couzas de mandíbula rápida", ás investigacións de María Bolboreta e á habelencia de Alendai como se resolve a historia felizmente para as bolboretas protagonistas.

Recensións:

-Noela Muíños, "Ánxela Gracián. *As bolboretas douradas*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 77.

Resume a trama desta historia e sinala que se trata dunha fábula a medio camiño entre os contos clásicos eas series de debuxos animados. Comenta que, como xa acontecera coa primeira obra de Ánxela Gracián, a mestura de prosa e poesía e a coidada lingua son aspectos que cómpre salientar e que, neste caso, van acompañados dun interese por introduci-los máis novos nas estructuras da lírica medieval. Conclúe afirmando que a obra consegue manter un axeitado ritmo, aínda que o preciosismo nas descricións chega a ralentizalo e mesmo acaba resultando “un chisco empachoso”.

Referencias varias:

-D. Janeiro, “Ánxela Gracián enche de ouro as ás das súas bolboretas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 decembro 1999, p. 47.

Dáse conta da presentación deste volume de Ánxela Gracián e reprodúcense as palabras de Neira Cruz, encargado da presentación do libro, quen ofreceu unha análise da lingua do texto, da que salientou a súa naturalidade así como a habilidade que tivo a autora para manter un fío entre a literatura medieval e o presente. Salienta o optimismo que se desprende da obra así como a súa orixinalidade. A seguir, faise referencia á intervención da nova directora da colección, Carme Hermida, quen manifestou o seu interese por dar cabida a novos valores literarios que acheguen obras innovadoras. Finalmente, destácase o labor da ilustradora, Cruz Lago, para quen é o primeiro traballo no terreo da literatura infantil e xuvenil.

Heras, Chema, *Cando Martiño tivo ganas de mexar na noite de Reis*, ilust. Kiko Dasilva, Pontevedra: Kalandraka editora, col. Demademora, outubro 1999, [34 pp.]. (ISBN: 84-95123-67-3).

Na noite máis máxica do ano para os nenos, a noite de reis, desenvólvese este relato de ChemaHeras (Ávila, 1958), no que coa axuda das ilustracións de Kiko Dasilva, cóntanse os estados de ánimo polos que pasa o protagonista esa noite, esperando que os reis lle traian unha locomotora. O sufrimento diante das ganas de mexar é todo o que ve a xente, unha vez que se decide a erguerse para facelo.

Iglesias, Bieito, *A noite das cabras do aire*, XIVº Premio Merlín de Literatura Infantil 1999, ilust. Lázaro Enríquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie marrón (de 13 anos en diante), 1999, 61 pp. (ISBN: 84-8302-463-2).

O narrador-protagonista desta historia de Bieito Iglesias (Quintián, 1957) é Chisco, un rapaz que vai pasar uns días á Casa do Páramo por mor dunha viaxe de seus pais a Barcelona. En primeira persoa, e cunha narración marcada no formal pola riqueza do léxico, dende o principio sente a paisaxe agreste como sinistra e desolada. Ademais do forte contraste entre o mundo rural e a súa procedencia urbana, coñece Chisco a crueldade e antipatía do tío Adriano, que contrasta coa tenrura da curmá Amada. Diante dun espacio rural cheo de misterio e cunha natureza intensamente animada, os castigos e os malos tratos que sofre o neno da man do tío Adriano, así como uns estraños rituais, converten este personaxe no motor do horror que acaba por envolve-lo relato. A intriga vai sendo dosificada e nun momento aparecen uns descoñecidos que tratan de pechar un trato do que forma parte o neno, polo que este foxe e é perseguido no medio dun horror que se intensifica coas cabras do aire a sobrevoaren a noite. Pendurado dun amieiro, o rapaz é quen de se desfacer dos seus perseguidores gracias a unha camisa de serpe que leva como amuleto e que de súpeto cobra vida. Finalmente, o tío Adriano morre a mans dun cazador e anos despois, dende o “Epílogo”, o Chisco adulto evoca toda aquela atmosfera misteriosa. Na sección “Cando o autor fala de si” Bieito Iglesias alude á variedade de xéneros por el cultivados e apunta algunhas claves da procedencia da súa afección polas historias de medo.

Referencias varias:

- F. Franco, “Anxo Angueira e Bieito Iglesias, premios este ano do Xerais de Novela e Merlín”, *Faro de Vigo*, 7 novembro 1999, p. 49.

Ver Angueira, Anxo, *Pensa nao*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

- Pancho Tristán, “Anxo Angueira faise co Xerais”, *El Mundo. Galicia*, 7 novembro 1999, p. 9.
Ver Angueira, Anxo, *Pensa nao*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

- J. R. Alonso de la Torre, “Bieito”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 9 novembro 1999, p. 59.

Evocación da figura do profesor Bieito Iglesias a través do seu peculiar maxisterio, salientando a súa producción literaria de contos e novelas, ademais do Premio Merlín acadado con *A noite das cabras do aire.*

- Silvia R. Pontevedra, “O mellor premio é ese de papel que se leva ó banco”, *La Voz de Galicia*, “Última voz”, 9 novembro 1999, p. 96.

Ver Angueira, Anxo, *Pensa nao*, no apartado I. 1 deste *Informe*.

-Pancho Tristán, “Bieito Iglesias: “Ós rapaces hai que lles amosar o mundo descarnado, tal e como é”, *El Mundo. Galicia*, 21 decembro 1999, p. 8.

Reprodúcense as disertacións de Bieito Iglesias, na presentación do seu libro *A noite das cabras do aire*, sobre a necesidade de amosarlle ó lectorado infantil-xuvenil o “mundo descarnado” adaptado á cada idade. Descríbese o espacio rural no que se sitúa a acción e afírmase que o escritor nesta obra deixa entreve-la “defensa da identidade” e “a conservación das ‘criaturas’ que a el lle ‘chegaron na súa infancia”. Bieito Iglesias observa a perda dun dos trazos máis importantes da literatura galega, o do “transmundo”, xa que na actualidade os rapaces coñecen os seres doutros mundos que lles amosan as series televisivas. Define as “cabras do aire” e confesa que as experiencias vividas polo protagonista é a súa vivencia de inmigrante, da cidade ó rural onde atopou dous mundos descoñecidos para el: o da aldea e o da literatura. Saliéntase a capacidade de cultivar diferentes xéneros deste creador, recóllense as opinións de M. Bragado e Miguel Vázquez Freire sobre a obra, nas que Bragado afirma que non deixa lugar ó “didactismo nin ó politicamente correcto” e que é o gran fabulador de horrores; mentres que Vázquez Freire, encádraa na literatura fantástica de terror e destaca a fuxida do excesivo paternalismo presente nalgunhas obras da literatura infantil e xuvenil.

López Rodríguez, Xavier, *Noitebra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 36, outubro 1999, 109 pp. (ISBN: 84-8302-423-3).

Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, 1956) preséntanos a unha rapaza de quince anos de idade que, ó pouco tempo de residir en Santiago, vive unhas horas intensas de noitebra e decide escribi-lo que lle acontece "para poder lembralo cando coveña e para te-la proba de que non foi nin un soño nin un pesadelo". Unha tarde de sábado do mes de agosto,cansa de escoita-la discusión dos seus pais, decide colle-la súa escúter e ir visitar a Áurea, a mellor amiga que tiña en Vigo, que pasaba esa fin de semana no chalé dos seus pais nas proximidades de Porto do Son. De volta a Santiago, unha tormenta sorpréndea no camiño e ten un accidente. Despois de pedir axuda infructuosamente e vivir unha serie de experiencias realmente angustiosas, acóllena uns okupas que lle dan abrigo e conversa. Finalmente, chega á súa casa e reflexiona sobre o que lle pasara, sentindo que ela nunca máis sería a mesma.

Recensións:

-Roberto G. Méndez, "Karapuchiña cae da moto", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 4, 3 decembro 1999, p. 3. Despois de se referir ás leccións que transmiten os contos clásicos "que hai que volver do bosque antes de que se faga noite" e que "ningúen que volva do bosque antes de que se faga noite protagonizará nunca un conto clásico", afirma que iso é o que se conta en Noitebra: "a noite no bosque dunha carapuchiña con escúter". A seguir, describe o argumento da obra comparándoa cos contos clásicos. Compara as "bruxas malas" coa "xente de ben" e as fadas madriñas cos okupas. Tamén fala dun mundo ó revés e invita a ler esta lección ás "carapuchiñas desnortadas" como a protagonista.

- Ánxela Gracián, “Xavier López Rodríguez. *Noitebra*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 76.

Despois de presenta-lo argumento desta historia, sinala que o seu acerto está nesa situación sen saída na que a protagonista se ve acurralada e nese tremendismo fatal que quere conducila ó esquecemento da sociedade. Así mesmo, apunta que Xavier López Rodríguez nega a sociedade na que estamos inmersos e destrúea dende a base, aínda que deixa un pequeno currúncho para a esperanza.

Marín, Xaquín, *Dragón Rock*, ilust. do autor, Barcelona: Editorial Casals, col. O Trolebús, nº 11 (a partir de 11 anos), 1999, 81 pp. (ISBN: 84-218-2076-1).

En doce capítulos titulados, Xaquín Marín Formoso (Ferrol, 1943) narra as aventuras dunha familia de dragóns. A historia comeza co nacemento de Trick, fillo de Track e Trock, neto de Truck e bisneto de Trugk. Describe a súa infancia e fai fincapé na incapacidade do pequeno para bramar coma os demais dragóns. Isto provoca unha gran preocupación en toda a familia e tratan de buscar unha solución. Como todos fracasan nos seus intentos, Trick marcha da casa e forma un grupo de rock cunha serie de rapaces que atopa na cidade. O día do concerto de Dragón Rock no parque de Formosende, Trick está emocionado porque descobre a toda a súa familia e amigos ó pé do escenario e moi orgullosos do seu enorme talento.

Miranda, Xosé, Antonio **Reigosa** e Xoán Ramiro **Cuba**, *Contos marabillosos III/Contos marabillosos IV,* ilust. Fino Lorenzo/Rocío Martínez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Cabalo Buligán, nº 3/nº 4, setembro 1999, 57 pp./51 pp. (ISBN: 84-8302-400-4)/(ISBN: 84-8302-400-2).

Nestes volumes recóllense relatos tomados da literatura de transmisión oral e, ó final de cada un, baixo o epígrafe “Notas”, danse as diferentes versións das que partiron e a catalogación de cada unha, segundo os diferentes tipos de clasificación dos contos marabillosos propostos polos especialistas e baseadas no criterio das funcións que se denotan deles. Nas ilustracións polícromas cabe resalta-lo emprego da colaxe con recortes de xornais e arranxos de fotografías e o uso de carbón, acuarelas e pastel (cera). No primeiro, “O cabalo Buligán”, recompilado por Xosé Miranda (Lugo, 1955), nárrase como o cabalo Buligán axuda a princesa Iria a lograr que a elección dun pretendente para casar, por mandato do rei, sexa lenta e a liberarse do perverso marido co que tivo que desposarse. En “O mozo que non sabía como era o medo”, versionado por Antonio Reigosa (Lagoa de Pastoriza, 1948), nárrase a viaxe dun mozo que descoñece o sentimento e na que experimenta todo aquilo que atemoriza a xente. En “O demo na mochila”, adaptado por Xoán Ramiro Cuba, Xan Soldado únese polo camiño a dous pobres cuns poderes especiais: resucita-los mortos. En “Conto da moza e o lagarto”, Xosé Miranda recolle a historia da filla máis nova dun cazador de Ourense, que, tras face-lo acometido que lle encarga un lagarto para que o seu pai poida gaña-los cartos que collera na fraga, logra que o becho saia do seu encantamento e se transforme nun príncipe, co que chega a casar. En “O criado do cego”, Antonio Reigosa versiona o conto do criado dun cego, agraciado polas bendicións que recibira de tres monxas, bendicións que lle permiten librarse dunhas mozas que queren casar con el e quedar, finalmente, coa filla do rei. En “A árbore das tres laranxas”, Xoán Ramiro Cuba, conta as peripecias vividas por un príncipe que debece por saber quén son as tres Marías do amor. Tras de

Recensións:

- María Jesús Fernández, "Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba. *Contos marabillosos III*/*Contos marabillosos IV*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 77.

Sinala que estes dous novos volumes supoñen unha continuidade na liña da colección na que aparecen, caracterizados polo coidado tratamento editorial, a gran calidade das ilustracións e a rigorosa documentación que Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba achegan de cada un dos contos recollidos. A continuación, sinala os contos que aparecen en cada un dos volumes, dalgúns dos cales fai algún breve comentario, e salienta que por medio desta colección achégaselles ás novas xeracións o rico patrimonio da literatura oral popular, así como tamén se lles proporciona ós interesados en coñecer e investigar este tema unha valiosa fonte informativa.

Referencias varias:

- Aser Vilar, "Contos marabillosos", *La Región*, 17 outubro 1999, p. 61.

Sucinto comentario sobre a publicación do terceiro e do cuarto volumes dos *Contos marabillosos*, de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba. Afírmase que se trata dun proxecto para recuperar contos da tradición oral galega que aparecen en antoloxías de contos populares como a de Lois Carré Alvarellos, a de Juan A. Saco y Arce ou as escolmas etnográficas de Vicente Risco, Xaquín Lourenzo ou Florentino Cuevillas, entre outros. Por último, ofrece os títulos dos seis contos que aparecen nestes dous volumes.

- M. D., “Miranda, Reigosa e Cuba seguen a reescribir a tradición oral galega”, *El Progreso*, 18 outubro 1999, p. 75.

Noticia sobre a saída ó mercado da terceira e cuarta entregas dos *Contos marabillosos*, da man dos escritores e etnógrafos lucenses Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba. Trátase de dous volumes que inclúen tres historias cada un, escritas polos autores a partir de diversos contos da tradición oral. Para rematar, o articulista, fai unha pequena referencia ás ilustracións que acompañan cada unha das historias. Trátase de debuxos cunha “calidade fóra do común na ilustración infantil”, realizados por Fino Lorenzo (vol. III) e Rocío Martínez (vol. IV).

- M. Blanco Rivas, “Tres contos da nosa tradición oral”, *Faro de Vigo, “El Sábado”*, nº 130, 6 novembro 1999, p. 2.

Comenta a aparición do cuarto volume de *Contos Marabillosos*, incluídos na colección “Cabalo buligán”, e salienta a importancia desta recolleita de contos populares que nos trasladan a un tempo no que a tradición oral serviu para crear un acervo cultural. Comenta que por medio desta iniciativa os lectores actuais se poden deixar levar pola imaxinación a outros mundos habitados por dragóns, fadas, heroes, príncipes e princesas. Finalmente, cita os contos que se reúnen no cuarto volume da colección.

- Rosa Míguez, “Suxerencia”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 7 novembro 1999, p. 14.

Describe brevemente o cuarto volume desta colección e cita os títulos dos tres contos que o conforman.

Monllor, Cecilia, *A orquestra da fin do mundo*, ilust. Pedro Sardiña, Vigo: Galaxia, col. Sete mares, nº 1 (serie amarela), xullo 1999, 148 pp. (ISBN: 84-8288-282-1).

A autora Cecilia Monllor (Granada) ofrécenos unha novela narrada dende un "eu protagonista" e estructurada en once capítulos titulados. A acción sitúase na cidade da Coruña e comeza nunha tarde primaveral cando Aurelio, o rapaz protagonista e narrador, foxe do fogar para visitar a Casa das Ciencias, aproveitando que estaba ó coidado dunha súa tía. Acompáñao na visita o seu amigo e veciño Filloa e ámbolos dous conseguen quedar de noite no coñecido museo coruñés. Alí atopan a Julius Vonezsiansky, un curioso violinista que sobreviviu ó afundimento do barco "Splendor of the Seas" que levaba entre os pasaxeiros a unha orquestra. Con este misterioso personaxe coñecerán numerosas aventuras e achegaranse ó mundo da música, da astronomía, do alquimismo e do mundo extraterrestre, ademais de coñece-las orixes dun ovo pouco común e dunha mensaxe intrigante que dicía "Ex omnia ovo". Toda a acción acontece ó longo da noite que vai do 21 ó 22 de marzo.

Recensións:

- María Jesús Fernández, "Cecilia Monllor. *A orquestra da fin do mundo*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 72.

Sinala que a nova colección infantil de Galaxia se estrea cun tipo de libro moi cuestionado na actualidade e que xa comeza a ser bastante infrecuente: o clásico relato dirixido a nenos que asume a controvertida

pretensión de “instruír deleitando”. A continuación, dá conta do argumento desta nova achega de Cecilia Monllor e comenta que o interese da súa trama argumental, centrada no esclarecemento dun misterio, fica completamente diluído no afán expositivo da autora, polo que “dificilmente logrará manter a atención dos posibles lectores”.

Moreno, María Victoria, *A Brétema*, ilust. Xaime Asensi, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 1 (máis de 5 anos), 1999, 31 pp. (ISBN: 84-7680-279-X).

María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941) achégase nesta historia ó tema da vellez e da soidade dende un ton lírico. Sitúase nunha aldea chamada Vilaxeada, na costa da Peneda. Alí vive Misia Senín, unha velliña que dende a súa porta ve pasa-los mozos, os nenos, o sol, as nubes e os menceres. Día a día recoñece que en cada novo solpor marcha un anaco da súa vida e por iso se dedica a conta-lo tempo que lle resta de vida, co convencemento de que xa pouco lle queda. Lamenta o esquecemento dos seus veciños e de súpeto comeza a chorar e a se doer da soidade. De tantas bágoas que saíron do seu rostro, axiña acaba sendo unha choricas. Co paso dos días Misia Senín foi mirrando e converteuse nun charco de bágoas que, co calor do sol, acabou por ser unha brétema. Dende aquela unha suave brétema envolve a aldea e tódolos seus habitantes saben que é Misia Senín quen os acompaña.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “María Victoria Moreno. *A brétema*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 73.

Achega o argumento deste “breve relato” e sinala que se caracteriza polo uso dunha linguaxe de alto contido poético, pois hai partes rimadas e coplas, e a prosa presenta numerosas imaxes sensoriais e outros recursos como son as frecuentes anáforas e comparacións.

Moreno, María Victoria, *Guedellas de seda e liño*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 26, outubro 1999, 172 pp. (ISBN: 84-8288-304-6).

Victoria Moreno (Valencia de Alcántara-Cáceres, 1941) narra a historia dunha familia adiñeirada que vive nun pazo de Redondela. Don Manuel Xesús Froilán Calderón de Celas e dona María Xesús Beatriz Castro da Ponte comparten as súas vidas ata que don Manuel trae ó pazo unha nena, María Xesús Micaela Calderón de Castro, á que todos chamarán Rato Chus. A partir dese momento, a alegría da nena contaxia a tódolos habitantes do pazo e cambia por completo as súas vidas. A seguir, nárranse as aventuras da nena na escola, dos veciños e amigos deRedondela ata que a tristeza chega ó pazo coa morte de don Manuel Xesús. Ó final da historia, cando Rato Chus cumpre catorce anos, o irmán de don Manuel Xesús, un mariño mercante que pasou a maior parte da súa vida de viaxe, confésalle que el é seu pai.

Recensións:

-Xosé Gándara, “María Victoria Moreno. *Guedellas de seda e liño*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 77.

Considera que estamos ante un libro “fascinante” e de prosa “requintada”. Dá conta do que nel pode atopa-lo lector, dende bailar un vals ata a receita para facer unha empanada, e achega un resumo do seu argumento.

Mosteiro, Carlos, *O día que Miguel Induráin pasou por Gonderande*, ilust. Serxio Suárez, Vigo: Galaxia, col. Sete mares, nº 2, xullo 1999, 114 pp. (ISBN: 84-8288-281-3).

O título do libro correspóndese co do primeiro dos seis relatos que configuran esta obra de Carlos Mosteiro (Santo Andrés de Xeve, 1956). Estas seis narracións presentan como características comúns o feito de estaren protagonizadas por nenos ou mozos, con marcas de fondo como o humor, o lirismo e nalgún caso a fantasía ("Helena"). Con predominio do narrador en terceira persoa (e recorrendo por veces a recursos como o diario, a carta ou recorte xornalístico), no centro da historia sitúanse sentimentos como a amizade ou a necesidade de esforzarse para conseguir que os desexos se fagan realidade ("O día que Miguel Induráin pasou por Gonderande"). Ademais dáselle cabida á curiosidade e ó amor polos animais ("Quique, Quique"), así como a diferentes circunstancias familiares ("E de súpeto Antía") ou a outros sentimentos, como o amor visto dende os primeiros anos da mocidade ("Carmiña").

Recensións:

-María Jesús Fernández, "Carlos Mosteiro. *O día que Miguel Induráin pasou por Gonderande*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 74.

Comeza indicando que o título deste libro de Carlos Mosteiro é o correspondente ó primeiro dos seis contos que o conforman, no que por medio da anécdota protagonizada por uns rapaces que conseguiron un autógrafo de Miguel Induráin, se amosa un mundo infantil centrado nos aconteceres cotiáns dos nenos

actuais. Así mesmo, sinala que nesta clave se sitúan os relatos “E de súpeto Antía” e “Quique, Quique”, mentres que considera diferente o relato titulado “Helena”, no que se introduce o elemento misterioso. Destes relatos tamén presenta un resumo do seu argumento.

Núñez, Marisa, *A cebra Camila*, ilust. Óscar Villán, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, 1999, [24 pp.]. (ISBN: 84-95123-25-8).

Neste conto ilustrado de Mariana Núñez, cóntase, por medio de fórmulas repetitivas e de acumulación o que lle ocorreu á cebra Camila despois de que un día de vento perdese sete raias do seu pelello listado e como foi axudada por varios animais e polo arco da vella.

Recensións:

- Madgalena de Rojas, "Marisa Núñez. *A cebra Camila*", *Fadamorgana*, nº 1, "Novidades", abril 1999, p. 73.

Ofrece un resumo deste conto ilustrado e sinala que estamos diante dun texto "acumulativo no que a repetición de fórmulas e esquemas ou as sumas e restas" xogan un papel fundamental. Compara o traballo do ilustrador deste álbum co traballo que fixera para *O coelliño branco* (1998).

Núñez, Toño, *O soño de Ánxela*, ilust. Fernando L. Juárez, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 1999, 47 pp. (ISBN: 84-4030394-7).

Neste volume de Toño Núñez, un narrador en terceira persoa relata o soño que tivo Ánxela, unha mañá de inverno, cando botou unha sesta nunha vella palleira, mentres o seu can Pinto coidaba do gando. No soño muda a súa identidade para converterse nunha rapaza moi rica, de nome Sombra, filla dos reis do País da Sombra, no que nunca chegara o sol e a natureza estaba morta. Un día descobre por un furadiño nun chanto unha fermosa paixase cun prado sen fin que a deixou abraiada. Dende o buraco descobre, ademais, unha fermosa nena que bailaba no prado chamada Primavera, coa que establece unha fermosa amizade e gracias ós poderes máxicosdesta poderá acceder ó outro lado do buraco e gozar da natureza con ela. Cando Ánxela esperta, algo do soño fixérase realidade, chegara a primavera.

Oya Martínez, Milagros, *A verdadeira historia do pirata Xocas*, ilust. Kiko da Silva, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 5 (máis de 12 anos), 1999, 187 pp. (ISBN: 84-7680-281-1).

Milagros Oya Martínez (Vigo, 1966) ofrécenos a verdadeira historia dun mariño chamado Quinocho que, despois da terrible morte do seu amigo Xocas, adopta o seu nome e se converte nun pirata que promete non pisar xamais terra firme. A historia ocorre no ano 1600 a bordo do navío Furacán, gobernado polo temible capitán Xan Manoel de Villena e Pairo, nomeado polo rei Felipe III. Varios séculos despois, un ancián comunícalle ó seu neto Quino que terá que vende-la súa casa ante as ameazas dos membros do Concello. Quino non oculta a súa indignación e ofrécese para atopar unha solución ó problema. O avó, para distraelo, esconde un tesouro na casa. Quino pasa toda a noite sen durmir coa intención de atopa-lo tesouro e salva-la casa. Cando abre o día, Quino descobre que o verdadeiro Xocas, que morreu a mans do capitán do barco, foi un antepasado seu. Días antes de morrer, casou con dona María de Velasco, autora do libro que acaba de ler, primeira dona da casa e devanceira de Quino. Despois de contarlle os seus descubrimentos ó avó, atopan na casa o medallón de ouro do capitán e un valioso anel. Sen embargo, o avó prefire conservar estes dous tesouros e trasladarse á cidade para vivir co seu fillo e neto.

Recensións:

- María Jesús Fernández, “Milagros Oya Martínez. *A verdadeira historia do pirata Xocas*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 74.

Dá conta das dúas historias que paralelamente transcorren neste libro, unha delas situada na actualidade e outra a comezos do século XVII. Sinala que o recurso empregado é o de amosar a unha rapaza, que na busca dunha cantidade de cartos para axuda-lo seu avó a conserva-la vella casa familiar, pensa que a solución pode estar nun manuscrito, onde se recolle a aventura dun devanceiro seu que formara parte da tripulación dun famoso pirata e de quen contan que agochara un tesouro nunca descuberto. A seguir, comenta que a historia do pirata Xocas é a parte fundamental deste libro e que se trata dun clásico relato de aventuras no que se atopan os ingredientes típicos do xénero: acción, heroicidade, camaradería ou amor.

Perozo, Xosé A., *Papá Ogro*, ilust. Evaristo Pereira, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 7 (máis de 5 anos), 1999, 39 pp. (ISBN: 84-7680-320-6).

Neste conto de Xosé A. Perozo (Llerena, Badaxoz, 1951), un narrador omnisciente ó estilo clásico relata a historia de Candaca, o país dos Extremos, mal rexida polos xefes Mandamais, Mandapouco e Mandamenos, que nunca se poñían de acordo pois só pensaban en enriquecerse e para conseguilo decidiron darlle o mando a Papá Ogro, que resultou ter dúas caras. Entre todos levaron a Candaca á miseria. Finalmente, os veciños ou emigraron ou foron comidos por Papa Ogro, cando pouco lle quedaba para alimentarse, pois os outros xefes xa escaparan co botín.

Rial Fernández, Dolores, *O calcetín amarelo*, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O parrulo, nº 21, 1999, 25 pp. (ISBN: 84-7680-315-X).

Cóntase nesta narración de Dolores Rial Fernández a historia dun calcetín amarelo que quedou sen parella no costureiro. Pero o avó Ramón con moito enxeño pensa nas múltiples posibilidades do calcetín e imaxínao convertido nun cabaliño, nun monicreque, nunha bolsa de tesouros, nun gorro, nun guante, nun peto, nun bolso e nunha bandeira. As ilustracións van mostrando as múltiples posibilidades de transformación do calcetín.

Ruíz Gestoso, Dolores, *A lenda do capitán Miñoca*, Premio Barco de Vapor 1998, ilust. Irene Fra, Vigo: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, serie laranxa, nº 22 (a partir dos 9 anos), 1999, 107 pp. (ISBN: 84-348-6715-X).

Nesta obra, Dolores Ruíz (Vigo, 1968) relata as aventuras do capitán Miñoca a bordo do seunavío Esperanza. Ó longo de dezasete capítulos, o capitán percorre os mares na busca da pirata Setemortes da que quere vingarse dende que, hai anos, ela abordou o seu navío e abandonouno na Illa do Esquecemento. No camiño, Miñoca atopouse coa onda Mariña, co vento Contento, a pantasma de mar, unha nena de Muros, o taberneiro da vila, un cabalo chamado Terra e a meiga de Coristanco. Cando Setemortes e o capitán Miñoca se atopan en Muros, ela derrota outra vez ó capitán e marcha. Miñoca, que ata ese momento se sentira tremendamente só e triste, decátase de que sempre estivo namorado dela e sae na súa busca, axudado polos seus novos amigos.

Recensións:

-María Jesús Fernández, "Dolores Ruíz. *A lenda do Capitán Miñoca*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 74.

Dá conta do argumento da historia do capitán Miñoca e sinala que se trata dun interesante libro no que destaca a maneira de narrar de Dolores Ruíz, que consegue darlle ó relato o ton dunha lenda épica destinada a ser contada e escoitada. Tamén cita cales son os recursos estilísticos que emprega na narración e

comenta que outro elemento a salientar se atopa no toque de fantasía, conseguido fundamentalmente coa personificación de elementos da natureza como son o vento Contento ou a ondiña Mariña.

Referencias varias:

- Nacho Mojón, “Dos escritoras viguesas reciben los premios de novela ‘Barco de Vapor’”, *Faro de Vigo*, 3 febreiro 1999, p. 55.

Fai referencia a entrega dos premios Barco de Vapor e céntrase na gañadora do primeiro premio, Mª Dolores Ruíz Gestoso, pola súa obra *A lenda do capitán Miñoca*. Recóllese a definición que a propia autora dá do libro, o cal clasifica como “la clásica historia de amor”. A continuación cita á gañadora do segundo premio, Lola González polo conto *Escrito sobre a pedra* do que se ofrece escuetamente o seu argumento. Comenta, a seguir, que o libro de Mª Dolores Ruíz Gestoso ten previsto saír á rúa no mes de outubro e remata salientando os gustos literarios da narradora quen situou a Gloria Fuertes como o seu modelo literario e *Memorias dunha vaca*, de Bernardo Atxaga, a súa obra de referencia.

-Nacho Mirás, “Una kioskera gana el premio Barco de Vapor con ‘*A lenda do capitán Miñoca*”, *La Voz de Galicia*, 13 febreiro 1999, p. 35.

Comenta a alegría e sorpresa de Mª Dolores Ruíz Gestoso, que é licenciada en filoloxía e traballa nun quiosco de Vigo, diante de ser galardoada co Premio Barco de Vapor pola súa obra *O capitán Miñoca*. A autora afea os seus profesores por non aceptarlle unha tese sobre Gloria Fuertes.

- AGN, “María Dolores Ruíz: ‘O motivo da miña vida é escribir, non sei facer outra cousa”, *Atlántico Diario*, 1 marzo 1999, p. 8.

Mª Dolores Ruíz responde a diversas preguntas que xiran arredor do seu recente premio. Comeza anunciando que o libro será publicado despois do verán e afirma que non gañara ata entón ningún premio aínda que se presentou a moitos. A seguir, confesa a súa ilusión ante a posibilidade de aspirar ó Premio Nacional de Literatura ó igual que outras autoras como Fina Casalderrey. Finalmente, fai fincapé no pouco interese que mostraron os seus profesores da UNED en Madrid ante o seu desexo de face-la tese sobre Gloria Fuertes.

Sánchez, Gloria, *A casa de vidro do señor Clin*, ilust. Miguel Calatayud, Madrid: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 16 (primeiros lectores), 1999, 57 pp. (ISBN: 84-348-6419-3).

Historia integramente ilustrada da autoría de Gloria Sánchez (Pontevedra, 1958) e protagonizada polo señor Clin, artesán vidreiro moi imaxinativo que modela fermosas figuras e frasquiños onde gardar perfumes. Con períodos curtos, e por veces de marcado lirismo, cóntase a iniciativa do señor Clin de construír mobles transparentes para a súa casa e así evita-los seus despistes e a falta de memoria. Progresivamente vai reformando a súa casa e construíndo mesmo unhas paredes e un teito de vidro, para dende a cama poder contempla-las estrelas e a lúa. Os veciños van pasando da súa sorpresa inicial ata observalo continuamente e considerar que está tolo. Estes receos provocan que a xente acabe por non aceptalo e a tristeza vaise apoderando deste personaxe, que se volve fráxil ata se volver de vidro na súa totalidade. Un día cae dunha cadeira e o seu corpo de cristal "espallouse polo chan en perlas brillantes de orballo".

Recensións:

- Silvia Gaspar, "Gloria Sánchez. *A casa de vidro do señor Clin*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 67. Sinala que neste volume, como xa o fixera en *Carlos Quinto*, Gloria Sanchez presenta un certo e crítico enfoque social, pois sabe tocar con acerto unhas notas de difícil tratamento para os máis pequenos, como

poden se-la coherencia coas propias ideas, a hipocrisía ou a morte. Tamén comenta que a significación da historia do vello Clin e a súa casa de cristal trascende a sinxela exposición da trama sen precisar das palabras, mercé ó uso de imaxes de profunda suxestión. Conclúe indicando que a complexidade da interpretación desta historia aconsellaría que fose destinada a lectores de 6 a 9 anos e, posiblemente, baixo a guía dun educador e non ós primeiros lectores como fai a editorial.

Toro, Xelís de, *O trompetista e a lúa*, ilust. Marifé González, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 21, serie azul (a partir de 8 anos), abril 1999, 58 pp. (ISBN: 84-8116-314-7).

Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962) ambienta esta historia en Santiago de Composchuvia onde se vai convocar un concurso para formar unha nova banda musical. Tódolos habitantes da vila andan practicando cos seus instrumentos e partituras e isto provoca que as condicións metereolóxicas sexan deplorables, de feito que "en pleno mes de xuño chovía a chuzos". Pero pouco a pouco todos se van rendendo, todos menos Evaristo, o xeadeiro, empeñado en se presentar ó posto de trompetista. Canso de que a xente proteste polo ruído da trompeta, marcha ó Monte Pelouroso. Alí atoparase coas protestas da Lúa que, farta de non poder pegar ollo polo ruído, decide ensinarlle a Evaristo os sons e ritmos que se agochan na natureza. Cada noite, pendurándoo dun dos seus extremos, o xeadeiro coñece un son diferente: o dos geysers de Islandia, o das fervenzas da selva venezolana, o dos ventos do Himalaia, o batuxar dos peixes voadores de Terranova, as tormentas do cabo de Fornos ou os remuíños do deserto do Sáhara. Finalmente, cando chega a esperada proba, Evaristo comprende que na natureza vive "a melodía máis preciosa que nunca escoitara".

Recensións:

- Mª Jesús Fernández, "*O trompetista e a lúa*", *CLIJ,* nº 121, novembro 1999, p. 69.

Comeza describindo o argumento e, a seguir, salienta o humor e lirismo, a gracia, axilidade, linguaxe moi plástica e sinxela coas que está contada esta obra de Xelís de Toro, así como as ilustracións que a acompañan.

Vázquez, Dora, *O troleiro e outros contos*, ilust. X. Vizoso, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa pra nenos, 1999, 113 pp. (ISBN: 84-7492-946-6).

Dora Vázquez (Ourense, 1913) ofrece catro contos dirixidos á infancia. En “O troleiro” nárranse as aventuras de Uxío, un neno afeito a contar mentiras que, unha tarde, vai de excursión cos seus amigos, encérraos nunha cabana e, á volta, cóntalles a máis incrible das súas historias. “O túnel do tempo” conta a experiencia que vive un neno nunha atracción de feira chamada o túnel do tempo. “O tío Rubén” relata as aventuras dun home que volve de América convertido nun gran escritor. Os seus sobriños, Enrique e Rebeca, están orgullosos do seu tío e entristécense cando este lles anuncia que pensa marchar a África e Xapón coa fin de documentarse para os seus próximos libros. Por último, en “Eu, o braseiro”, o propio braseiro é o que narra a súa historia, dende que o fabricaron ata que acabou os seus días nunha escombreira.

Vázquez Pintor, Xosé, *Lume de biqueira*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 34, xuño 1999, 276 pp. (ISBN: 84-8302-388-1).

Dous xeitos de comprende-lo fútbol configuran o cerne da primeira novela de Vázquez Pintor (Melide, 1946). Preséntanos un Celta ateigado de xogadores estranxeiros no que non milita galego ningún. Esta política deportiva é defendida pola directiva, composta por burgueses e novos ricos sen moitos coñecementos futbolísticos mais con ansias de cobraren prestixio e medraren socialmente. Fronte a estes, aparece Xaime Barreiro, adestrador do fútbol base e incansable valedor da canteira. Con el están as clases baixas e representan unha visión máis romántica e tribal do deporte. O conflicto estoura coa eclosión do Bobi, un media-punta de Valadares que ilusiona e co que se identifica toda a afección. A directiva e un adestrador alemán orgulloso e sen contacto co latexar da cidade serán os obstáculos cos que teñan que loitar o xogador, Barreiro e, por extensión, o pobo vigués. O triunfo do Bobi, apoiado por unha estrela brasileira, chegará na festa do fútbol galego, o Celta-Deportivo, que presenciará o éxito dos canteiráns. A novela inclúe narracións de partidos e avoga pola irmandade dos equipos de Galicia e pola creación da selección nacional. Vázquez Pintor utiliza a gheada como trazo estilístico, pero non de xeito sistemático.

Recensións:

- F. Martínez Bouzas, “Un celta galego e campión”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 74, 19 agosto 1999, p. 9.

Dá conta da presentación da primeira novela de Xosé Vázquez Pintor, *Lume de biqueira*, publicada na colección Fóra de Xogo de Edicións Xerais de Galicia. Trátase dunha obra dedicada enteiramente ó fútbol, a pesar de que se trata, ó mesmo tempo, dunha novela "romántica, reivindicativa, epopeica, fulgurante". A seguir, resume o argumento da obra que enfronta ó Celta e ó Deportivo e, por último, ofrece unhas breves pinceladas sobre a vida e a obra do autor.

-María Jesús Fernández, "Xosé Vázquez Pintor. *Lume de biqueira*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 75.

Despois de achega-lo argumento desta historia, sinala que o estilo que nela se emprega é o dunha narración detallista con numerosos diálogos coloquiais. Destaca que, aínda que se podería falar dun protagonista coral, a historia conta con certos personaxes centrais que representan as dúas caras do deporte: Xaime Barreiro, adestrador dos equipos xuvenís, que é un apaixonado polo fútbol no que este ten de espectáculo, loita leal ou esforzo e o Consello de Administración do clube que, amosando intereses espúreos, busca as súas propias ambicións. Finalmente, considera que esta novela de Xosé Vázquez Pintor lles interesará ós que gusten do fútbol e a aqueles que atopen na novela unha historia de confrontación entre as diversas
maneiras de concibi-la vida e satisface-las ambicións.

Referencias varias:

- Francisco J. Gil, "Hai máis de galego en Balaídos que nunha concentración nacionalista", *Faro de Vigo*, 20 xuño 1999, p. 52.

Entrevista co poeta, ensaísta, dramaturgo, xornalista e narrador vigués Xosé Vázquez Pintor, que vén de publica-la súa primeira novela, *Lume de biqueira*, primeira obra que escolle o fútbol como tema principal. Vázquez Pintor afirma que rematou a novela hai máis dun ano e que nela pretende narrar uns feitos, "unha épica do sufrimento, dos grandes derrotados, dos desesperanzados que hai arredor do fútbol en xeral e do Celta en particular". A seguir, comenta que o fútbol e o galego non son incompatibles e engade que en Balaídos hai moita xuventude "que ten orgullo de seren galegos". Por último, opina que a literatura galega é unha selva na que non hai camiños e, nese contorno, el séntese como un escritor "nunha especie de exilio, fóra desa selva".

- Afonso Fernández, "Dos vellos oficios ó deporte rei", *A Comarca do Morrazo*, nº 72, 20 agosto 1999, p. 20.

Artigo no que se fala conxuntamente de *A tribo sabe* (1998), sobre antropoloxía, e *Lume de biqueira*, de Vázquez Pintor. Respecto ó segundo exponse o tema e opínase que sería xeralizable a outros equipos de fútbol. Explicítase que o autor, Vázquez Pintor, defende os deportistas da canteira. .

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 2. Narradores traducidos ou versionados

Alfonseca, ***Manuel,*** **Tralo último dinosauro** ***(*****Tras el último dinosaurio*****, 1996), trad. Pilar Saborido, ilust. Gerardo Fagot, A Coruña: Edebé Rodeira, col. Periscopio, nº 10, marzo 1999, 137 pp. (ISBN: 84-8116-626-X).***

Versión galega desta novela de aventuras de Manuel Alfonseca (Madrid, 1946), narrada en primeira persoa por un mozo orfo, Ignacio Bastos, que cando aconteceu a historia tiña dezaseteanos. Ó longo de catorce capítulos titulados, o narrador protagonista cóntanos como coñeceu a Víctor Arias, un brillante enxeñeiro industrial de 70 anos que cando se xubilou se dedicou á xeoloxía, a súa grande afección. Relata a expedición emprendida por ambos a Malta, co propósito de descubri-las causas da desaparición dos dinosauros. Nesta illa mediterránea descobren que existiron saurios intelixentes, que mesmo chegaban a coñecer e a comunicarse a través da escrita. Unha vez que descifran un enigmático escrito que portaba un fósil, comezan a ter problemas cos traballadores da expedición e co goberno maltés, feitos que provocan a fuxida e desaparición de Víctor Arias no mar, e a desaparición para sempre do manuscrito que supoñía unha proba irrefutable da existencia de dinosauros intelixentes e da súa desaparición por unha nube de pó.

Andersen, *Contos de Andersen* (*Samlede Eventyr og Historier*, 1874), introd. de Gustavo Martín Garzo, trad. Xavier Rodríguez Baixeras, apéndice de Hans Christian Andersen, ilust. Javier Serrano, Fuencisla del Amo, Enrique Perales, Viví Escrivá, Enrique Flores, Gabriel Hernández, Irene Fra, Luis Castro Enjamio e Luís de Horna, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, novembro 1999, 269 pp. (ISBN: 84-8302-455-1).

Versións galegas dunha serie de contos do danés Hans Christian Andersen (Odense, 1805-Copenhague, 1875) que se converteron en clásicos da literatura infantil e xuvenil. O volume ábrese cunha introducción de Gustavo Martín Garzo na que ofrece unha breve síntese argumental de cada un dos relatos. A seguir, reprodúcense "A princesa e o chícharo", "Polgariña", "A sereíña", "O traxe novo do emperador", "O valente soldadiño de chumbo", "Os cisnes salvaxes", "O reiseñor", "O patiño feo", "O abeto", "A raíña das neves (un conto en sete contos)", "Os zapatos vermellos", "A pequena fosforeira", "O último soño do vello carballo (Conto de Nadal)", "O boneco de neve" e "O caracol e a roseira". Para rematar, reprodúcese un apéndice do propio Andersen, titulado "O conto da miña vida sen literatura" e publicado por primeira vez, en lingua alemana, no ano 1847. Trátase dunha "autobiografía parcial" na que o autor fai un percorrido pola súa vida, dende o seu nacemento, a súa infancia, o período escolar, a morte de seu pai, a viaxe a Copenhague, os estudios en Slagelse e a publicación de *Contos de Nadal* no ano 1843, feito que lle proporcionou o recoñecemento e o aprecio de toda Dinamarca.

Andersen, H. C., *O patiño feo*, adapt. de Manuela Rodríguez, ilust. Ana Sande, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, maio 1999, [32 pp.]. (ISBN: 84-95123-43-6).

Con moita ilustración e pouco texto, preséntase unha nova versión reducida da clásica historia de*O patiño feo*, de H. C. Andersen (Odense, 1805 -Copenhague, 1875). Nela nárranse as aventuras dun cisne que nace no seo dunha familia de patos e que pasa parte da súa vida fuxindo das risas e burlas dos outros animais. Pasado o tempo, descobre, ó mirarse nas augas do estanque, que se converteu nun fermoso cisne. A partir dese momento comeza unha etapa feliz na súa vida.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, “H. C. Andersen. *O patiño feo*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 70.

Despois de sinalar que Andersen relatara neste conto o longo camiño que por veces hai que percorrer ata atopa-lo reflexo dun mesmo, declara que Manuel Rodríguez adapta esta historia para Kalandraka seguindo a liña de versións fieis ós orixinais, que mantén esta colección. Tamén se refire ó labor da súa ilustradora, Ana Sande, que realiza un traballo “expresivo e dinámico”, no que ofrece diferentes puntos de vista e perspectivas “que non sempre están perfectamente conseguidas pero que fan deste álbum, xunto coa gracia e calidade dos debuxos”, un libro recomendable para lles presentar por vez primeira esta historia ós máis miúdos.

Andersen, H. C., *A princesa e o chícharo*, adapt. de Xoán Couto, ilust. Julia Miranda, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, 1999, [20 pp.]. (ISBN: 84-95123-31-2).

En formato álbum con ilustracións de Julia Miranda a toda páxina, feitas a través da collage, en pouco texto, preséntasenos unha nova adaptación do conto de H. C. Andersen (Odense, 1805-Copenhague, 1875), no que se relata a historia daquel príncipe que, a pesar de viaxar por todo o mundo na procura dunha princesa de verdade, non a atopou. Unha noite de moita choiva, chegou a palacio unha rapaza, dicindo que era unha verdadeira princesa, o que puideron comprobar cando, ó día seguinte, se levantou chea de negróns por mor dun chícharo que a raíña lle colocara enriba do somier, no que descansara, e sobre o que puxeran vinte colchóns e vinte cobertores. Así que, o príncipe namorouse dela e o chícharo conservouse nun museo para que todos o puidesen admirar.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “H. C. Andersen. *A princesa e o chícharo*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 73.

Cita parte dos elementos que conforman as ilustracións feitas por Julia Miranda para esta historia adaptada por Xoán Couto, ademais de dar conta do seu argumento e de salienta-lo protagonismo que ten o chícharo.

Andersen, H. C., *O reiseñor*, adapt. de Alicia Suárez, ilust. Alicia Suárez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, 1999, [38 pp.]. (ISBN: 84-95123-29-0).

Adaptación de H. C. Andersen (Odense, 1805-Copenhague, 1875), presentada en formato álbum, pastas duras e ilustracións a toda páxina. Empregando estructuras repetitivas e acumulativas, cóntase a historia dun reiseñor que vivía no bosque ata que un día o emperador da China solicita a súa presencia no palacio para deleitarse co seu canto. Despois de botar alí un tempo, queda relegado por un reiseñor de Xapón, "que tiña o corazón de latón", e regresa de novo ó seu medio natural. Un mundo que non abandonará endexamais, agás ás veces para cura-lo emperador das graves doenzas que padece.

Recensións:

- Magdalena de Rojas, "H. C. Andersen. *O reiseñor*", *Fadamorgana*, nº 1, "Novidades", abril 1999, p. 73.

Salienta que as "coidadas composicións de poucos elementos sobre fondos de cores lisas son a tónica predominante deste álbum", no que Alicia Suárez adapta e ilustra esta coñecida historia de H. C. Andersen. Tamén da achega o argumento da historia que se conta.

Andersen, H. C., *A vendedora de mistos*, adapt. de Mª Dolores Hermida, ilust. Belén Padrón, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, maio 1999, [32 pp.]. (ISBN: 84-95123-69-X).

Relátase a historia dunha pobre rapaza de pelo louro e ollos verdes, que vendía caixas de mistos na rúa. O día de Noiteboa non vende nada e decide pasa-la noite na rúa. Encende varios mistos para quece-las mans e, cada vez que fai isto, vive unha ilusión. Nunha delas, baixa a súa avoa nun cometa e lévaa con ela para o ceo, aparecendo, ó día seguinte, o corpo da nena conxelada pero cunha cara chea de felicidade, pois vivira as súas ilusións de Noiteboa. Esta relato de H. C. Andersen (Odense, 1805-Copenhague, 1875) pode seguirse tanto a través do texto coma das ilustracións, de Belén Padrón, a toda páxina.

Referencias varias:

- D. P., "Kalandraka edita en gallego la obra de Andersen "*A vendedora de mistos*", *Diario de Pontevedra*, 30 decembro 1999, p. 12.

Anuncia a adaptación ó galego do conto de Andersen na colección de contos tradicionais "O trasno Comodín", de Kalandraka, verquida por María Dolores Hermida. Resalta que o texto, dirixido a un lectorado infantil entre os tres e cinco anos, se compón de vinte páxinas con "belas ilustracións explicativas". Revela que a versión galega é máis breve que a de Andersen debido á política editorial "onde prima más la ilustración que el texto" e que este proxecto xurdiu hai un ano cando escoitaron a Hermida facer unha

adaptación desta historia. A ilustradora, Belén Prado, declara que tódolos personaxes que debuxou teñen rostros infantís con grande expresividade nos ollos, que o labor de compatibilidade coa adaptadora posibilitou que a ilustración poida achegar datos non explicitados no texto, e que as dúas se sentiron satisfeitas coa editorial.

Atxaga, Bernardo, *Memorias dunha vaca,* (*Behi Euskaldun Baten Memoriak*, 1992), trad. Valentín Arias, Vigo: Ediciones SM, col. Barco de Vapor, nº 33, serie vermella (a partir de 12 anos), 1999, 159 pp. (ISBN: 84-348-6304-9).

Relato de Bernardo Atxaga (Aesteasu, Guipúzcoa, 1951), no que a vaca Mo presenta a historia da súa vida dende o seu nacemento ata o momento no que decide ir vivir a un convento cunha muller chamada Sor Bernardett. No transcurso da súa vida explica como chega a sentirse orgullosa de ser unha vaca e non un cabalo, como se transforma nunha vaca Alfa e non nunha Omega (as que non pensan) gracias a "Le Vache qui rit" (a vaca que lle ensina a buscar respostas pensando e observando) e como descobre que a situación espacial dela e do resto do gando serve como códigos para que a dona da granxa lle facilite comida a unha cuadrilla de rebeldes ou para advertilos do perigo de ser descubertos. En todo momento a protagonista está acompañada dunha inseparable voz interior, á que chama "Pesado", de Sor Bernardett ou de Le Vache que a orientan e aconsellan á hora de tomar certas decisións. Na historia, ambientada nos anos da posguerra, constátanse continuos saltos temporais e espaciais así como o abundante uso de recursos da tradición oral (ditos, frases feitas...).

Recensións:

-Xesús Fernández Sulleiro, "*Memorias dunha vaca*", *Guía dos libros novos*, nº 9, "Literatura xuvenil", xulloagosto 1999, p. 27.

Valora positivamente a literatura escrita por Bernardo Atxaga ata o punto de considerala sinónimo de boa literatura. A marxinación é o futuro que prognostica para os creadores independentes afastados dos medios de comunicación e das actividades sociais. Achega unha serie de datos biobibliográficos de Atxaga e avalía de forma positiva esta traducción. Opina que o autor dende a visión dunha vaca, con destreza e precisión, salienta “as actividades, máis ou menos perigosas, das xentes, das montañas pirenaicas á comezos da posguerra española”. Alude á creación deste animal coma mera excusa para chama-la atención do lectorado. Pon de relevo o uso de continuos saltos temporais e espaciais ó longo do relato, o gusto por narra-los sucesos sen présa e detalladamente, o seu carácter intemporal, a incorporación de novos recursos literarios para fuxir dos esquemas tradicionais e habituais do conto, ademais da capacidade de vivir en dous tempos á vez. Remata facendo un paralelismo entre este autor e Manolo Rivas xa que os dous apostan pola “literatura feita na lingua nai” e para todo o mundo.

Bartlett, T. C., *As clases de tuba* (*Tuba lessons*, 1997), trad. Eva Mejuto, ilust. Monique Felix, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, 1999, [29 pp.]. (ISBN: 84-95123-72-X).

Preséntase este volume de Bartlett con pastas duras, ilustracións a toda páxina e texto tan só no comezo e no remate da obra. A lectura séguese a través dos debuxos. Vemos como un neno recibe a orde de non enredar para poder chegar a tempo á clase de tuba. De seguido comeza o camiño polo bosque e xoga cos animais, polo que ó chegar tarde terá, como castigo, unha hora máis de clase no seguinte día. O escaso texto permite ós lectores realizar diferentes lecturas desta historia.

Bordóns, Paloma, *A miña veciña éche unha bruxa* (*Mi vecina es una bruja*, 1999), trad. Pablo Quintá, ilust. da autora, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 22, serie azul (a partir de 6 anos), abril 1999, 38 pp. (ISBN: 84-8116-624-3).

Nesta narración de Paloma Bordóns (Madrid, 1964), destinado ó lectorado máis novo, unha narradora en primeira persoa diríxese ó lector para conta-la chegada dunha nova veciña que se instala no ático da casa. Esta muller causa grande inquedanza á pequena protagonista que ve con ollos asustados síntomas de abondo para decatarse de que é unha bruxa. Isto vai complicala súa vida e a convivencia cos seus pais, pois non cren as cousas que ela lles conta e castígana continuamente. Sofre as mofas desta malvada muller ata que descobre unha fórmula infalible para botala do barrio. Trátase dun volume de curta extensión e pequeno formato no que as ilustracións están feitas pola propia autora.

Burgess, Melvin, *Ionqui*, trad. María Reimóndez Meilán, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 33, 1999, 326 pp. (ISBN: 84-8302-366-0).

Novela polifónica de Melvin Burgess (Sussex, 1954) estructurada en trinta e dous capítulos nos que se alterna o punto de vista de dez narradores en primeira persoa que relatan os feitos dende a súa particular visión dos acontecementos. A partir desta estructura cóntase a crónica de Tar e Gemma, dous rapaces fartos da situación da súa casa: a nai de Tar é alcohólica e o pai malla nela. Ambos deciden fuxir e marchan a Bristol, onde se aloxan en casas okupas nas que coñecen a diferentes personaxes que lles abren os ollos ó mundo, ata que nunha festa coñecen a Rob e Lily. Con eles iniciaranse na perigosa experiencia da heroína que os levará á súa destrucción. A multiplicidade de voces constrúe ademais unha tipoloxía dos personaxes nos que asistimos á evolución destes e ós seus cambios de conducta e personalidade motivados, sobre todo, pola adicción ás drogas. Realista e amargo, o desenlace abre, aínda que timidamente, un camiño á esperanza.

Recensións:

-Xosé Manuel Freire, “Unha novela de conciencia”, *Guía dos libros novos*, nº 9, “Narrativa”, xullo-agosto 1999, p. 23.

Despois de facilitar uns datos bibliográficos de Burgess, indícase que co título deste volume, desvélase a temática desenvolvida nel e provócase o posicionamento do lector, antes de dar comezo á súa lectura.

Detecta unha linguaxe directa, sen adornos e subterfuxios, case sen descricións e fuxindo do apoucamento ó trata-lo tema da droga coa fin de que o lector se sinta parte dela. Enumera os temas secundarios (problemas familiares, a violencia doméstica ou o alcoholismo) que xiran ó redor do eixe central, o mundo das drogas, e cualifica de realismo ferinte a forma de conta-las situacións e sentimentos que rodean ese estilo de vida. Considéraa unha novela de conciencia, comprometida e esperanzadora sobre as relacións humanas e os sentimentos, na que se presenta a transformación da realidade en dez realidades diferentes, unha por cada personaxe, ademais da heroína como dona da personalidade de todos eles. Finaliza coa reflexión dun dos personaxes da historia para constatar que non é unha obra de fácil lectura nin de entretemento.

Cano, Carles*, ¿Onde está o nariz de Pinocho? (On és el nas de Pinotxo?*, 1999*),* versión galega de Damián Villalaín, ilust. Incha, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 17, serie amarela (a partir de 6 anos), 1999, 23 pp. (ISBN: 84-8288-291-0).

Versión deste volume no que, a través da alternancia de páxinas de texto con páxinas de ilustracións, relátase o que lle acontece a Pinocho cando un día perde o seu nariz. Despois de buscalo por toda cidade, preguntarlle a moita xente, colocar cartaces e ser entrevistado nos medios de comunicación, acode ó seu pai, Gepetto, para que este lle solucione o problema, pero ningún dos narices alternativos que lle propón o seu creador é do agrado de Pinocho. Esta obra de Carles Cano (Valencia, 1957) remata cando o protagonista volve a dicir mentiras e observa o crecemento paulatino do seu nariz.

Recensións:

- CLIJ, “On és el nas de pinotxo?”, *CLIJ*, nº 122, decembro 1999, p. 61.

Coméntase que xa se realizaron versións de Cano Carles en galego e noutras linguas de España deste conto escrito en catalán. Trancríbese a historia que se relata e saliéntase a alianza texto-ilustración, esta última cualificada como “colorista y de trazo grueso”.

Cela, Jaume, *Silencio no corazón*, Premio Abril 1999, trad. Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, setembro 1999, 160 pp. (ISBN:84-8288-296-1). .

Esta obra de Jaume Cela (Barcelona, 1949) é unha narración sobre a guerra civil española, vista dende a perspectiva de dous adolescentes, Xoán e Xurxo. Xoán, o narrador, conta como comezou a guerra civil e como viu que levaban a don Miguel, o cura do pobo, que permaneceu retido ata que o alcalde conseguiu liberalo e envialo a Francia. A historia continúa coas conversas dos protagonistas sobre a guerra, a vida, a morte, os seus soños de viaxar a Exipto, coñece-las pirámides e convertérense en arqueólogos. Todo remata coa morte de María, a irmá de Xoán, ó caerlle unha bomba dende un avión.

Disney, Walt, *Tarzán*, A Coruña: Everest Galicia, col. O meu mundo Disney, 1999, [35 pp.]. (ISBN: 84-403-0128-6).

Versión de Tarzán, un rapaz criado na selva por unha manda de gorilas que ve alterada a súa vida coa chegada do profesor Poter, a súa filla Jane e o explorador Clayton, unha expedición científica interesada na vida dos gorilas. Con Jane descubrirá algunhas das cousas do mundo civilizado e coñecerá as súas orixes da man da gorila Kala, a súa nai adoptiva. Coa morte do gorila xefe, no combate pola liberación dos gorilas presos polo explorador, o seu desexo de coñecer Europa vese frustrado ó ser nomeado xefe da manda. Finalmente, nesta entrega da factoría Disney, pai e filla deciden quedar na selva debido ó amor que senten os dous mozos.

Disney, Walt, *Tarzán*, ilust. Salvador Simó, Vigo: Edicións do Cumio, 1999, [10 pp.]. (84-8289-082-4).

Versión deste clásico de Disney, na que se conta a historia de Tarzán dende a infancia, na que non é moi ben acollido por algúns animais, ata que se integra na vida da selva despois de salvalo gran Kerchak e comparti-la vida co profesor Porter e coa moza Jane. As ilustracións a toda páxina e a toda cor, as pastas e páxinas de moito grosor, así como a mobilidade dalgúns debuxos, orientan os lectores máis novos.

Dunker, Kristina, *Normal, diferente* (*Ganz normal anders*), trad. Susana Fernández de Gabriel e Franck Meyer, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 23, outubro 1999, 99 pp. (ISBN: 84-8288-300-3).

Vera é a protagonista desta historia escrita por Kristina Dunker (Dortmund, 1973), unha narración para adolescentes. Nela, Vera narra a súa vida no instituto, onde se reencontra co seu amigo da infancia, Jan, e desperta nela un forte sentimento de paixón e desacougo. Os seus amigos advírtenlle de que Jan non é “normal”, pero ela non quere renderse e loita por achegarse a el. Unha tarde invítaa a un misterioso concerto, acepta entusiasmada, esperando que por fin lle declare o seu amor. O que sucede é algo ben distinto, Jan confésalle abertamente a súa homosexualidade. Esta narración contén tódalas compoñentes coas que se presenta a evolución dunha persoa heterosexual que se namora dunha homosexual: o paso da perplexidade, o rexeitamento, no que despuntan tódolos perxuízos motivados por unha educación convencional, e, ó final, a comprensión e aceptación do amigo tal e como é.

Gherardi, Nadia (adapt.), *O elefante*, versión galega de Daniel Rozados, ilust. Cecilia Macagno, Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, 1999, [20 pp.]. (ISBN: 84-8288-216-3).

Un narrador en terceira persoa dános a coñece-la vida dos elefantes cunha narración sobre os hábitos, costumes e tipo de vida dunha manda dende o nacemento dunha das crías ata a súa adolescencia. Nesta adaptación de Nadia Gherardi, infórmase do peso destes plantígrados ó nacer, dos litros de leite que maman, da saída dos coiros, da protección que lles brindan tódolos adultos ás crias para protexelos do ataque doutros animais, das diferentes actitudes dos machos e femias, etc. As ilustracións polícromas presentes en tódalas páxinas pares complementan a lectura coa representación visual de certa información non explícita no texto como son as paisaxes e a flora do hábitat destes animais.

Gómez Ojea, Carmen, *O camiño da fraga (Conto de Nadal)*, *(El camino del bosque (Cuento de Navidad)*, 1999), trad. Diego Dopico Silva, ilust. Tesa González, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 23 (a partir de 9 anos), outubro 1999, 110 pp. (ISBN: 84-8116-625-1).

Unha narradora en primeira persoa evoca algúns episodios do Nadal no que cumpriu nove anos e que configuran o relato de Carmen Gómez Ojea (Xixón, 1945). Este Nadal está marcado para Antusa polo infarto que sofre a Madriña, parente coa que convive ante a ausencia temporal dos seus pais. Deste xeito a nena debe ir pasa-las vacacións con Flora, irmá da Madriña. A protagonista, que é valente e xenerosa, relata a partir de aquí certos sucesos cotiáns vividos ó redor da casa da fraga e continúa a darlle renda solta a unha imaxinación que lle permite facer amizade co caracol Lapis, co rato Mur e mesmo falar cunha boneca de porcelana que tempo atrás rompera na súa casa e fora botada ó lixo. Así mesmo, as conversas con Flora fana coñecedora de antigos desencontros da memoria familiar que van unidos a consellos que supoñen, dende o arrepentimento e o paso dos anos, un canto á busca da bondade, da felicidade e ó goce da vida. O final desta estancia no campo faise aínda máis feliz á volta cando o encontro cos pais lle fai disipar á nena as súas dúbidas sobre a falta de amor cara a ela.

Grejniec, Michael, *¿A que sabe a lúa?*, (*Wie schmeckt der mond?*, 1993), trad. Carmen Barreiro, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, maio 1999, [32 pp.]. (ISBN: 84-95123-33-9).

A versión deste relato de Michael Grejniec parte dos anceios, xa vellos, dos animais por descubriren a qué sabía a lúa. A tartaruga é a primeira en tentar chegar á lúa para o cal decide subir á montaña máis alta. Vendo que non é quen de chegar pídelle axuda ó elefante, que sobe enriba do seu lombo, pero tampouco son capaces. Sucesivamente van reclamando a axuda da xirafa, da cebra, do león, do raposo, do mono e do rato. Así, uns enriba dos outros, conseguen alcanza-lo obxectivo, de xeito que o rato, que é o que máis alto está, arrinca un anaco de lúa e dálles a probar a tódolos seus compañeiros, resultando que a cada un deles sábelles a aquilo que máis lle gustaba. Conclúe a historia coa intervención dun peixe sorprendido: el, que fora testemuña de todo, non comprende tanto esforzo por chegar á lúa que está no ceo cando debaixo, na auga, hai unha lúa máis preto.

Grimm, W. e J., *Os catro amigos*, adapt. de Xoán Couto, ilust. Noemí López, Pontevedra: Kalandraka, col. Os contos do trasno Comodín, 1999, [34 pp.]. (ISBN: 8495123-59-2).

Tendo como tema de fondo os malos tratos ós animais por parte dos seus donos, esta versión de J. Grimm (Hanau, Alemaña, 1785-Berlín, 1863) e W. Grimm (Hanau, Alemaña, 1786-Berlín, 1859) iníciase cando o primeiro dos personaxes, un asno, decide fuxir da violencia do seu dono, e dirixirse á cidade para formar unha banda de músicos. Polo camiño vaise atopando con diferentes animais: o gato, o galo e o can, que se encontran nunha situación semellante de desamparo e precariedade debido á crueldade dos seus donos. A cada un deles convénceo para que o acompañe á cidade e os catro únense e xuntos inician unha nova vida. De camiño detéñense a durmir nun bosque, e dende alí albiscan luz nunha casa próxima, á que se achegan para tratar de entrar e durmir protexidos do frío, mais descobren que está habitada por uns ladróns. Entre os catro amañan a maneira de botalos de alí, o que conseguen sen demasiada dificultade, e finalmente esquecen a idea de formar a banda de música na cidade e deciden quedar a vivir alí para sempre. Como é habitual nestas publicacións o libro vén ilustrado, da man de Noemí López, por expresivas imaxes a toda páxina que serven de apoio ó texto.

Recensións:

Magdalena de Rojas, “W. e J. Grimm. *Os catro amigos*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, 67.

Achega o argumento desta xa tradicional historia dos irmáns Grimm e tamén sinala que as ilustracións, seguindo un certo dualismo, presentan un estilo caricaturesco que lles outorgan rostros expresivos e amables ós catro amigos, mentres que nas persoas concentran enfado, fealdade ou deformidade.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “Libros para o Nadal”, *Atlántico Diario*, 1 decembro 1999, p. 12.

Reflexiona sobre os gustos dos máis pequenos á hora de pedir regalos para o Nadal. Afirma que son poucos os nenos e nenas que se decantan polos libros e remata coa recomendación de dous textos destinados ó lectorado infantil e xuvenil, publicados pola editorial Kalandraka. Trátase de *A leiteira*, conto popular adaptado polo escritor Manuel Lourenzo González e *Os catro amigos*, dos irmáns Grimm.

Grimm, W. e J., *A leiteira*, adapt. de Manuel Lourenzo, ilust. Fernando L. Suárez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, outubro 1999, [35 pp.]. (ISBN: 84-95123-57-6).

Adaptación en verso da historia clásica de *A leiteira* de Jacob Grimm (Hanau, Alemaña,1785-Berlín 1863) e Wilhelm Grimm (Hanau, 1786-Berlín, 1859), na que Rosa Xoana, unha rapaza de vinte anos, cavila sobre tódalas cousas que faría cos cartos da venda do leite no mercado para prosperar ata alcanza-la riqueza. Tódolos seus soños (pitas, vacas, terras, riqueza, a presidencia do goberno,...) quedarían nunha ilusión ó caerlle o balde do leite no chan coa emoción dos seus pensamentos. O texto compleméntase cunhas ilustracións en tódalas súas páxinas cunha ampla gama de cores. Nas figuras representadas hai predominio de liñas curvas, redondez de formas e cores cálidas.

Recensións:

-Magdalena de Rojas, “M. Lourenzo González (adapt.). *A leiteira*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 68.

Logo de considerar que o alcance do patrimonio soñado polas leiteiras das diferentes versións deste conto de Grimm depende, quizais, do tempo que tarde en bater coa pedra que provoca a caída do leite, apunta que o camiño que percorre a leiteira desta adaptación de Manuel Lourenzo, trabado polas curvas que leva

consigo un texto todo el en verso, parece longo de máis para os lectores ou oíntes máis novos. Tamén comenta que as “coidadas” ilustracións desta historia son “de boa axuda para segui-lo fío que conduce desde o leite ata a carreira espacial”.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “Libros para o Nadal”, *Atlántico Diario*, 1 decembro 1999, p. 12.

Ver, Grimm W. e J., *Os catro amigos*, nestas páxinas.

Hesse, Herman, *Siddhartha* (*Siddartha. Eine indische Dichtung*, 1922), trad. Franck Meyer, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 21, maio 1999, 155 pp. (ISBN: 84-8288-269-4).

Versión galega desta novela do Premio Nobel Hermann Hesse (Calw, Suabia, 1877–Montagnola, Suíza, 1962) que supuxo unha das referencias fundamentais do movemento hippy na década dos sesenta. Novela de personaxe e de aprendizaxe na que se conta a vida de Siddhartha, descendente dunha familia nobre hindú, da casta dos brahmáns. O protagonista atravesa por distintas etapas ó longo do seu periplo vital: unha infantil na que destaca pola intelixencia e a oposición ás rexas tradicións da familia; unha adolescente de vida ascética na compaña de Govinda; outra na madurez, caracterizada polo abandono, o hedonismo e o descubrimento do sexo; e a última na vellez, que supón o reencontro con aquela vida reflexiva e recollida da adolescencia. A novela, narrada con grandes doses de lirismo, reflicte a cultura e a forma de vida orientais.

Recensións:

-Estro Montaña, “A formación dun espírito”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Narrativa”, novembro 1999, p. 23.

Facilítanse datos biobibliográficos de Hermann Hesse e recensíonase a súa obra *Siddattha*. Resúmese o argumento desta obra e enmárcase dentro do “bildungsroman”, xénero da novela de formación do espírito.

Reflexiona sobre a relación da temática deste relato coa pureza, coa sensualidade, co afán da verdade e coas tendencias orientalistas, ademais de informar do tipo de lectorado que gozaría con esta lectura.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Un canto ao camiño individual cara á felicidade”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 115, 16 xullo 1999, p. 2. Resume o argumento da novela de Hermann Hesse, *Siddhartha*, publicada na colección “Costa Oeste”. Trátase, segundo Blanco Rivas, dun “intenso canto ao camiño individual cara á felicidade” no que se fala “da busca, do amor, da redención: do incomprensible rumbo da vida dos seres humanos”. A continuación, ofrece un breve perfil biográfico do poeta e novelista alemán H. Hesse, derradeiro representante do romanticismo no seu país e merecedor do Nobel de Literatura no ano 1946. Para rematar, cita outros títulos do autor como *Baixo as rodas* (1906), *Demian* (1919), *O lobo estepario* (1925) e *O xogo dos abelorios* (1943).

Jacob, Max, *Historia do rei Kabul I e do pinche Galván*, trad. Henrique Harguindey Banet, ilust. Xesús María Arana, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 4 (máis de 8 anos), 74 pp. (ISBN: 84-7680-276-5).

Relato de Max Jacob (Kemper, Francia, 1876-Drancy, 1944) pertencente ó seu libro de contos *Le roi de Béotie*. Nel cóntase a historia de Francisco Galván, un rapaz do país dos Balibrigos que soña con chegar a ser paxe no palacio do rei Kabul I. Cando ten a oportunidade de coñecelo consegue, gracias ó seu enxeño, un posto como cociñeiro real. Unha vez alí a súa ambición concéntrase en casar coa filla máis nova do rei. Este, cando coñece as pretensións do cociñeiro, oponse rotundamente pero Galván non se rende. Co paso dos anos demostraralle o seu valor nunha acción heroica contra o país inimigo dos Bululabasos e é así como consegue que o rei Kabul acceda a que estea a soas coa princesa. Cando o rei se decata de que a súa filla tamén está namorada do cociñeiro, enfurecido, préndea e desterra a Galván. Este chega camiñando ó país inimigo onde, de novo botando man da súa habilidade, comeza a planear darlle unha lección ó rei, salva-la princesa e volver ó seu país convertido nun heroe. Finalmente son os propios súbditos os que destronan o rei Kabul e aclaman a Galván como emperador do reino.

Jennings, Paul, *¡Vaiche boa!* (*Unreal!*, 1985), trad. Dolores Martínez Torres, ilust. Quico Da Silva, Vigo: Galaxia, col. Sete Mares, nº 4, outubro 1999, 161 pp. (ISBN: 84-8288-302-X).

Oito relatos fantásticos estructurados en capítulos, que oscilan entre un e once, narrados na súa maioría en primeira persoa. Entre eles encontramos relatos de intriga (un neno atopa os ósos dun esqueleto enterrado pola praia que resulta se-lo seu tío; unha pantasma que se lle aparece ó protagonista para indicarlle onde está un cadro que roubara e poder así descansar en paz; un fareiro descobre que os sons procedentes do faro son de tres pantasmas que tocan diferentes instrumentos para asusta-la xente) e de carácter fantástico (un estafador que vende pegamento que só ten efecto durante unhas horas e sofre no seu corpo os efectos deste ó caer en picado dunha máquina voadora que estaba pegada coa cola; un lapis de bicos co que un rapaz logra que o biquen as femias, incluída unha porca; un xeado da intelixencia que volve ignorante ó que o tome en exceso; unha crema depilatoria de bosta de vaca que deixaba a xente calva). En todos eles os protagonistas son adolescentes que teñen medo ó descoñecido (esqueletos, pantasmas) pero que se enfrontan a esa situación, saíndo ben parados, ou procuran a solución dos seusproblemas nun obxeto máxico (xeado da intelixencia, lapis de bicos). Ó final danse uns datos biográficos de Paul Jenning (Inglaterra, 1943) e afírmase que o material para as súas historias sácao das cousas que lle daban medo cando era neno e fálase tamén do abandono do seu labor como ensinante polo de escritor.

Kessler, *Roberto di que (Robert-dit-que*, 1996), trad. Henrique Harguindey, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, maio 1999, [39 pp.]. (ISBN: 84-95123-47-9).

Baixo o formato habitual desta colección, preséntasenos este novo volume no que se recollen unha serie de afirmacións de Roberto a través das que nos achega ós peixes vermellos, ós gatos, a un elefante, a unha xirafa, a unha vaca, a un coello, a un burro e a unha balea. Tenta Roberto atopar unha explicación humorística ás características físicas máis destacadas destes animais.

Lobel, Arnold, *Contos de ratiños (Mouses tales*, 1972), trad. Xosé Manuel González, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, 1999, 64 pp. (ISBN: 84-95123-51-7).

Arnold Lobel (Os Ánxeles 1933-Nova Iork, 1987) preséntano-lo pai duns ratiños que lles vai contar sete contos ós seus fillos, un para cada un deles, se lle prometen que se van poñer a durmir unha vez que remate. Así que, feita a promesa polos pequenos, o pai dálle paso ós seguintes relatos: “O pozo dos desexos”, “Nubes”, “Rato Moi Alto e Rato moi Baixo”, “O rato e os ventos”, “A viaxe”, “O rato vello” e “O baño”. Toda unha restra de breves relatos ilustrados, que nos amosan as aventuras e historias protagonizados por ratos grandes e pequenos, a través das cales percibímo-la súa pericia, inxenuidade, simpatía e dozura.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Sete historias de ratos para todas as idades”, *Faro de Vigo*, *“El Sábado”*, nº 127, 16 outubro 1999, p. 5.

Comenta que a obra inclúe sete historias protagonizadas por ratos. A continuación, ofrécensenos algúns detalles da vida de A. Lobel, autor de preto dun cento de obras destinadas ó público infantil e un dos escritores máis importantes da literatura infantil contemporánea. Para rematar, cítanse outras obras do autor como *Mouse Soup* ou *Frog and Toad*.

Lorman, Josep, *O galeón das illas Cíes*, trad. María Dolores Martínez Torres, Galaxia, col. Costa Oeste, nº 20, marzo 1999, 239 pp. (ISBN: 84-8288-255-4).

Feitos tódolos preparativos, o "Rafael Verdera" parte do porto olímpico de Barcelona cara á ría de Vigo, coa finalidade de recupera-los tesouros do "Santo Cristo de Maracaibo", un galeón español afundido por ingleses e holandeses en 1702. Cando o equipo de arqueólogos, dirixido por Carles Bonet, leva traballando uns días, comezan a aparece-las primeiras moedas, pero algo raro está acontecendo, xa que, cando volven escavar, as cousas no "pecio" non están como eles as deixaran. Logo de varias especulacións, Carlos Bonet é secuestrado pola xente de John Phelan, que era a persoa que máis escribira sobre o "Santo Cristo de Maracaibo" e que volvera para levarse parte dos seus tesouros, que a sorte lle negara trinta e cinco anos atrás. Finalmente, Bonet descobre á persoa que lle daba información a Phelan e a expedición, que Josep Lorman (Barcelona, 1948) nos narra ó longo das páxinas desta novela mariñeira, remata con grande éxito.

Recensións:

-Xosé Manuel Freire, "Unha aventura engaiolante", *Guía dos libros novos*, nº 12, "Narrativa", outubro 1999, p. 22.

Primeiramente, cóntase a historia de *O Galeón das Illas Cíes* baseada no acontecido na batalla de Rande. Faise referencia a varios trazos salientables da novela –a mestura de dúas historias para transmiti-la carga

de aventuras, a meditación da acción, introducción da política e ecoloxismo cun debate entre os personaxes– e á finalidade de cada un. Resalta a maneira empregada polo autor para atrae-la atención do lectorado ó entrelazar varias accións e sucesos, dos que dá novas, e o feito de ser narrada de forma sinxela e directa.

Lovecraft, H. P., *Relatos de terror*, prólogo de Agustín Fernández Paz, trad. Anxo R. Romero Louro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, nº 57, 1999, 139 pp. (ISBN: 84-8302-419-5). .

Fernández Paz lembra no prólogo como coñeceu a obra de Lovecraft (Providence, Rhode Island, 1890-1937) e congratúlase de que agora se poida acceder a ela na nosa lingua. Tracexa unha panorámica biográfica na que sobrancea o feito de que dese nome a un grupo de literatos, o Círculo de Lovecraft, e sinala o valor dos soños como canteira de ideas. Do seu breve ensaio *Supernatural horror in literature*, extrae o desprezo do americano polos relatos de terror tradicionais e a súa preferencia polo que chama “terror cósmico”. Na mesma fonte, o prologuista decátase da admiración do autor por Edgar Allan Poe, Lord Dunsany e Arthur Machen. O presente volume inclúe oito relatos de extensión similar excepto “Herbert West, reanimador”, que é moito máis longo. A causa da súa publicación por entregas, cada unha das partes deste conto comeza cun resumo do anterior. Os relatos están frecuentemente narrados en primeira persoa e danse explicacións pseudo-científicas para moitos dos sucesos estraños que acontecen nas historias. Un elemento omnipresente é o medo ó descoñecido, que toma a forma de ignotas civilizacións aparentemente extinguidas, estrañas etnias, outras dimensións, vinganzas seculares, antigas estirpes, libros portadores de saberes máxicos… En tódolos textos, os personaxes son sometidos a enormes presións psicolóxicas.

Recensións:

Xoán Villar, “Medo e razón”, *O Correo Galego, “Revista das Letras*”, nº 290, 25 novembro 1999, p. 7. Breve referencia á traducción ó galego da obra de Howard Phillips Lovecraft, *Relatos de terror*, publicada por Edicións Xerais de Galicia na colección “Xabarín”. A novela, verquida ó galego por Anxos R. Romero Louro, conta cunha introducción do escritor Agustín Fernández Paz. Así mesmo, cítanse algúns dos relatos que conforman o libro; entre outros, “A tumba”, “O can”, “A cerimonia” ou “El”.

Estro Montaña, “Un clásico dos relatos de terror”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Narrativa”, decembro 1999,

22.

Faise unha conexión entre esta obra e as da época de esplendor da novela de terror na Inglaterra do século XVIII, salientando autores deste xénero como Horace Walpole, E. A. Poe ou Bram Stoker, da liña na que se atopa Lovecraft, pasando a falar dos seus relatos dos que se destaca que non son contos tradicionais de terror, senón contos “materialistas de terror”, caracterizados polo simbolismo do inconsciente. Tamén se sinalan algúns dos moitos autores galegos que cultivaron este xénero, entre eles, Heraclio Pérez Placer, Vicente Risco, Otero Pedrayo, X. L. Méndez Ferrín ou Agustín Fernández Paz.

Lovecraft, H. P., *Relatos fantásticos*, prólogo de Agustín Fernández Paz, trad. Anxo RRomero Louro, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, nº 58, 110 pp. (ISBN: 84-8302-420-9).

Este volume repite, excepto dúas páxinas, o prólogo de *Relatos de terror*, xa descrito anteriormente. Ademais engade algúns comentarios sobre os textos escolmados nesta compilación, nos que informa, por exemplo, de que os cinco relatos curtos pertencen á primeira época de Lovecraft (Providence, Rhode Island, 1890-1937). De feito, *Dagón* foi a primeira narración que o autor estadounidense viu publicada. Ademais destes, o volume inclúe unha novela breve escrita en colaboración con Kenneth Sterling: Nas murallas de Erix. As coordenadas espacio-temporais son moi variables: hai textos emprazados no presente e outros no pasado remoto; contos localizados no medio submariño, nunha vila normal, noutros planetas e ata en espacios ficticios. Como elementos máis recorrentes, mais non sistemáticos, podemos sinala-la narración en primeira persoa, o uso do tópico do manuscrito achado, a toponimia e a onomástica exóticas, e a incerteza sobre se os feitos extraordinarios narrados acontecen realmente ou só no maxín dos protagonistas. Tamén se prodigan maldicións, incluso milenarias, explicacións pseudo-científicas, criaturas fantásticas e habitualmente hostís.

Oliver, Stephen Ryan, *O Calasas, o Curuxas e a pantasma*, trad. Adolfo Carbón Gómez, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Contacontos, nº 6 (máis de 12 anos), 1999, 92 pp. (ISBN: 84-7680-282-X).

O Calasas e o Curuxas son os dous rapaces de Red Wing, Minnesota, que protagonizan esta obra do norteamericano Stephen Ryan Oliver. Os dous amigos autocualifícanse como detectivesexpertos en pantasmas e proxectan algún día abrir unha axencia en Minneapolis. Ó longo de doce capítulos e un epílogo relátase en terceira persoa o verán que pasan os dous amigos coa familia do Calasas en Maine, na costa atlántica, onde se deben facer cargo, como herdanza, da casa dun curmán falecido, o vello Aloysius. Na vila costeira de Maine, o Calasas e o Curuxas viven momentos intensos nun ambiente de brétema e misterio e coa presencia na vella casa dunha presunta pantasma. O humor e os momentos dramáticos mestúranse e ó final os nenos, sobreviventes dun naufraxio, coñecen que o misterio da pantasma foi argallado por Aloysius, aínda vivo, para poñer a proba os méritos dos seus parentes como futuros herdeiros.

Ormazábal, Joxan, *O paxaro no corno do touro* (*Txoria zezenaren adar gainean*), versión galega de Damián Villalaín, ilust. José Belmonte, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 18 (a partir de 6 anos), 1999, 23 pp. (ISBN: 84-8288293-7).

Un paxaro moi sucio, case negro, chega a un campo tras fuxir dunha situación difícil. Cando se lava observa preto unha manda de touros e achégase a eles co fin de contárlle-lo que lle sucedeu cando o atraparon nunha gaiola e prevelos así das maldades dos humanos. Na casa na que estivo preso viu por un aparello chamado televisión unha corrida de touros na que os animais eran sometidos a toda clase de maltratos. Ó escoitar aquilo, o xefe da manda de touros, enfurecido, remexeu na terra coas súas patas dianteiras e foi correndo ós outros para contárlle-lo que lle dixera o paxaro. Esa mesma noite os touros destrozaron a cornadas e couces o valado que os mantiña presos e dispuxéronse a escapar coa axuda da lúa que lles ofrece o seu lombo para fuxir da crueldade dos homes.

Pedrolo, Manuel de, *Círculo vicioso* (*Mossegar-se la cua*), trad. Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 22, outubro 1999, 148 pp. (ISBN: 848288-290-2). .

Gracias a esta nova traducción dunha obra de Manuel de Pedrolo (Aranyó, LLeida, 1918-Barcelona, 1980), temos entre as nosas mans unha novela negra e urbana, que contén grandes doses de intriga. Todo comeza cando o señor Jordana, xerente de Servicios e Mecanismos SA, lle pide a Serra que investigue por qué legalmente consta que está morto. Así que, logo de facer unha serie de averiguacións e vivir unha serie de situacións un tanto arriscadas, Serra e a xente que traballa con el descobren que o señor Jordana encargara o secuestro do señor Moré, un taballador dunha empresa da competencia, para tirarlle certa información. A inesperada morte deste último fai que o nerviosismo dos raptores aumente e que, sen pensalo, lle digan á funeraria que o morto se apelida Jordana e que, un deles, tras unha forte liorta, perda a vida. Descuberto todo iso, os secuestradores serán liberados da carga que moralmente os oprimía e o perverso xerente pagará as súas culpas.

Perrault, *O gato con botas*, adapt. de Xosé Ballesteros, ilust. Enjamio, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, maio 1999, [28 pp.]. (ISBN: 84-95123-45-2).

Nova adaptación a cargo de Xosé Ballesteros, esta vez do clásico de Charles Perrault (París, 1628-1703), o gato con botas. Este relato iníciase cando un muiñeiro reparte a súa herdanza entre os seus tres fillos pouco antes de morrer. Ó fillo máis pequeno tocoulle en sorte un gato, o cal recibe con desagrado pois en principio parece moi pouco para poder gaña-la vida. Sen embargo, este gato agocha unha grande astucia e fidelidade polo seu novo amo e consegue, coa súa habilidade, convertelo en Marqués de Carabás e casalo coa princesa. O libro, no seu habitual formato de pastas duras está apoiado polas ilustracións de Enjamio.

Recensións:

Magdalena de Rojas, “Charles Perrault. *O gato con botas*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, 70.

Dá conta do argumento desta adaptación de Xosé Ballesteros e sinala que a figura do gato só aparece completa no comezo do conto, antes de calza-las botas, pois a partir de aí vémo-la historia a través dos seus ollos. A seguir, describe o mundo onde se desenvolve o relato, “un espacio irreal e verídico onde cada figura, peza de puzzle, encaixa en estudiadas composicións como as que o ilustrador presenta sobre fondo branco”.

Perroud, Benoît, *Filiberto e o xastre de sombras* (*Fulbert e le tailleur d'ombres*, 1999), trad. Xoán Couto, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, 1999, [23 pp.]. (ISBN: 84-95123-53-3).

Relato ilustrado no que o protagonista, un home chamado Filiberto, se ve na obriga de emigrar ó deserto porque a súa sombra dun día para outro se alonga demasiado e lle impide convivir cos demais ata o solpor. O seu problema solvéntase dende o momento en que Tristrás, un xastre de sombras que vive no deserto, lle recorta a súa sombra dunha forma moi particular. Volume de pastas duras no que Perroud xoga coas ilustracións polícromas, sen enmarcar, en tódalas páxinas e o breve texto que varía de tamaño e cor en consonancia co seu significado ou a importancia da secuencia que se narra.

Prats, Joan de Déu, *Unha toupa nun mar de herba* (*Un talp en un mar de gespa*, 1999), trad. María Otero, ilust. Gloria García, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, Serie azul, abril 1999, 31 pp. (ISBN: 84-8116-308-2).

Joan de Déu Prats narra as aventuras da toupa Mauricia que, farta de vivir nun tobo rodeado de tomiño, romeo e fiúncho, decide tomarse unhas vacacións noutras terras máis verdes. Despois duns días volve á casa e atópase con que, no canto do terreo duro e seco que deixara uns días atrás, había un fermoso campo de golf. Feliz porque estaba rodeada de herba verde por todas partes, foi ó seu tobo pero axiña comprobou que non era a situación ideal. Mollouse cos aspersores que regaban a herba, golpeárona varias pelotas de golf, case a atropella a máquina de corta-lo céspede, motivos polos que fixo a súa maleta e decidiu saír na busca dun terreo seco e duro no que puidera vivir tranquila.

Rascal, *Señorita Pluma* (*L'ecole des loisirs*, 1997), trad. Xoán Couto, ilust. Rita Van Bilsen, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, outubro 1999, [30 pp.]. (ISBN: 84-95123-65-7).

Narración que arrinca tempo despois de que unha neniña chamada Pluma abandonase a casa do oso Bernabé. Relátase no libro a evocación do agora nostálxico de Bernabé que aínda anceia o regreso da nena. Un día mentres cortaba leña veu como a pequena estaba agochada entre os toros dos bidueiros e esta lle pediu ó oso que a levase á súa casa. Xuntos tiveron unha vida feliz e diferente ata que unha tardiña chegou a hora da despedida e Pluma foi levada polo vento mareiro xunto ós seus.

Rivera Ferner, Marta, *O vendedor de tormentas* (*El vendedor de tormentas*, 1999), trad. Antón Fortes Torres, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, 1999, [24 pp.]. (ISBN: 84-95123-55-X).

Neste volume de Marta Rivera Ferner, relátase en terceira persoa a chegada de Perorato Farfullán a Pluviosa do Río. Perorato Farfullán é un singular personaxe que trae consigo dúas maletas, unha negra e outra amarela. Na negra ofrece á vila unha enorme nube negra cargada de tempo intempestivo e a amarela contén un sol esplendoroso. Os habitantes da vila Pluviosa do Río, que nunca viran un sol, elixen, cheos de delicia, a maleta amarela que contén ademais moitos outros elementos naturais que enchen de cor a súa vida e a súa vila para sempre. Os textos apóianse nas vistosas ilustracións que ocupan a maior parte das páxinas.

Rodari, Gianni, *Os negocios do señor Gato: Contos e rimas felinas* (*Gli affari del Signor Gatto*, 1994), trad. Silvia Gaspar, ilust. Montse Ginesta, Madrid: Anaya, col. Sopa de Libros, nº 9 (a partir de 8 anos), 88 pp. (ISBN: 84-207-9247-0).

Volume estructurado en dúas partes: na primeira, titulada “As historias do señor gato”, nárranse os problemas dun gato cando decide poñer unha tenda de ratos enlatados. Na segunda, “Poesías do señor gato”, recóllense trece poemas que teñen como protagonista en cada un a un gato. No primeiro vérsase a historia da primeira parte e nos restantes fálase dos defectos, virtudes e habilidades de cada un. Tamén aparece neste bloque unha fábula na que se contan os problemas que conleva ter tres gatos con nomes de cidades e un relato curto onde se conta como os gatos romanos ocupan o Coliseo coa intención de solicitar unha estrela no firmamentocon nome de gato. Ó final do volume, danse datos bibliográficos do escritor, Gianni Rodari (Omega, Piamonte, 1920) e da ilustradora, Montse Ginesta (Barcelona, 1952). De Rodari saliéntase o seu labor como profesor da Universidade de Milán, enuméranse os xornais nos que traballou como director ou xornalista e saliéntase que gañou en 1970 o premio Andersen e que posúe unha variada producción literaria con temas con humor e fantasía sen caer na pedantería ou moralización.

Saint-Exupéry, Antóine de, *O principiño* (*Le pétit prince*, 1943), trad. Carlos Casares, ilust. do autor, Vigo: Galaxia, col. Sete Mares, nº 3, outubro 1999, 121 pp. (ISBN: 84-8288-301-1).

Nova edición en galego desta obra de Antóine de Saint-Exupéry (Lyon, 1900-Córcega,1944) que aparecera en 1972. A historia iníciase cando no transcurso dunha avaría do narrador, atopa a un rapaz que lle conta que el é o único habitante dun pequeno planeta do que fuxiu para esquecer unha rosa da que estaba namorado. Cóntalle que percorreu seis planetas antes de chegar á Terra, nos que coñeceu personaxes que lle pareceron extravagantes como un rei, un vaidoso, un bebedor, un home de negocios, un faroleiro e un xeógrafo, símbolos todos eles de diferentes tipos humanos. Finalmente, cando chegou á Terra fixo amizade cun raposo. Movido polo desexo de volver ó seu planeta déixase trabar por unha serpe velenosa e desaparece deixando ó aviador sumido na tristeza, pois xa se acostumara a este pequeno e nostálxico personaxe. O libro está ilustrado polos debuxos do propio autor, que constitúen un significativo apoio pola simboloxía dalgúns deles.

Salinger, J. D., *O vixía no centeo*, (*The catcher in the rye*), trad. Xosé Ramón Fernández Rodríguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, abril 1999, 224 pp. (ISBN: 84-8302-365-2).

O vixía no centeo, de J. D. Salinger (Nova York, 1919), é unha autobiografía pouco convencional na que o personaxe principal, Holden Caulfield, narra, en primeira persoa, algúns episodios da súa vida pasada e presente. Trátase dun adolescente que xa foi expulsado de catro escolas e que non acaba de atopa-lo seu camiño na vida. Séntese culpable da morte do seu irmán Allie, vive obsesionado polo éxito do irmán maior D. B. e admira profundamente á pequena Phoebe, de dez anos. A súa historia desenvólvese nos tres ou catro días que Holden pasa deambulando polas rúas e os bares de Nova Iork, despois da súa expulsión de Pency Prep. Durante ese tempo visita varias veces a súa irmá Phoebe, recorda os anos que compartiu con Allie, pregúntase pola sorte que correrá D. B. e relata algunhas anécdotas que lle ocorreron nas escolas polas que pasou, así como as diferentes experiencias amorosas que, ós seus dezasete anos, tivo coas rapazas que coñeceu ata ese momento.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Un libro de culto na América dos corenta”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 114, 10 xullo 1999, p. 2.

Con motivo da traducción ó galego de *O Vixia no centeo* a cargo de Xosé Ramón F. Rodríguez, faise un breve percorrido pola biobliografía de J. D. Salinger, autor nado en New York no ano 1919. Despois de cita-lo resto da súa producción, céntrase nesta novela, da que di que contén tódalas características para ser unha grande obra: "interés humano, equilibrio, transgresión e unha boa dose de crítica social". A seguir, detense na análise de Holden, o personaxe protagonista, de quen destaca a súa personalidade, frenopática dende o punto de vista psicanalista e inadaptada ó mundo dos adultos dende a visión do lector. Incide na brillantez do personaxe e sitúa a J. D. Salinger como un dos grandes escritores europeos que se mergullaron na psicoloxía dos seus personaxes, da que Dostoievski foi o máximo expoñente.

Lestro Morana, "A arte de saber principiar unha novela", *Guía dos libros novos*, nº 9, "Narrativa", xulloagosto 1999, p. 21.

Cuestiona a opinión dalgúns críticos cando tildan a Truman Capote e J. D. Salinger de autores menores da literatura norteamericana e négase a aplicar este criterio a obras como *Almorzo en Tiffany's* ou *Outras voces, outros ámbitos*. Detense na análise da obra de Salinger da que resalta os seus contos cheos de engado, o dominio do diálogo, a calidade contrastada en *For Esmé, with Love and Squalor* e a presencia na súa escrita de moito humor e melancolía, que lle fan lembrar a "nenos que teñen algo de máxico e que viven sempre nun mundo de soidade". Reproduce o párrafo co que se inicia *O vixía no centeo* como exemplo da habelencia deste autor, a quen considera un narrador eficaz, e no que o lector sabe de contado o ritmo e ton que posúe a obra. Así mesmo, dá unhas pinceladas do argumento e pon de relevo a facilidade coa que o autor manexa a lingua coloquial, a capacidade deste para describir como poucos a "idade de transición chea de soños e de amargura" pola que pasan os adolescentes, a proximidade da linguaxe á do cómic e o emprego da fala da mocidade dos EEUU da década dos cuarenta. Destaca, por último, a dificultade da traducción desta novela pola existencia de numerosas expresións coloquiais na versión orixinal.

Referencias varias:

-Jaime Meilán, “La hija de Salinger explorará en un libro la vida familiar del autor”, *La Voz de Galicia*, 5 setembro 1999, p. 38.

Comeza comentando a intención de Margaret Salinger, filla de D. J. Salinger autor de *O Vixía no Centeo*, de publica-las experiencias familiares nun volume en oposición á reserva da intimidade mantida polo autor. Tamén fala da publicación das memorias de Joyce Maynard, amante del cando era moza, así como da poxa das cartas que este lle enviou.

Sánchez, Enrique, *O gol imposible* (*El gol imposible*, 1998), Finalista Premio Edebé Literatura Xuvenil, trad. María Otero, ilust. Siro López, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 11, 1999, 219 pp. (ISBN: 84-8116-627-8).

Enrique Sánchez (A Coruña, 1955) declara nunha “Nota do autor” que *O gol imposible* é unha novela na que, a excepción dalgúns aspectos que especifica, calquera parecido dos personaxes e feitos relatados con persoas e sucesos reais é pura coincidencia e alleo ó seu propósito. A seguir, dálle paso a unha historia narrada por Julián Regueiro, un xornalista deportivo de *La Voz de Galicia*, que, nunha viaxe súa a Madrid, cre ver a Javier Varela, un xogador do Deportivo que morrera nun accidente de tráfico once anos atrás, logo de facer que o seu equipo lle gañase ó Real Madrid. A partir desta acuciante desconfianza, empeza a facer investigacións sobre a súa suposta morte e o acontecido nos días antes de tan decisivo partido, por medio de certas conversas que mantén coas persoas que daquela tiveran relación co xogador deportivista e das consultas feitas no arquivo do xornal onde traballaba. Así, por medio destas indagacións e a axuda da acertada intuición da súa muller, descubrirá o que realmente lle acontecera a Javier Varela, antes e despois do encontro co equipo madrileño.

Savall, M. Antònia, *Hoxe cumpro seis anos* (*Avui faig sis anys*, 1999), trad. Damián Villalaín, ilust. Mercè Aranega, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 19 (a partir de 6 anos), 1999, 23 pp. (ISBN: 84-8288-292-9).

Narración de M. Antònia Savall que transcorre o día no que o narrador protagonista cumpre seis anos. Cuestionándose se seis son moitos ou poucos anos, comeza a preguntarlles ós seus pais, ós avós, ó seu irmán, a un amigo e á mestra. Ante a variedade e a inconcreción das respostas o neno non chega a ningunha conclusión. O único que sabe certo é que cumprir anos cansa, así que decide ir durmir.

Stoker, Bram, *Drácula* (*Dracula*, 1897), introd. e trad. Xela Arias, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, nº 59, 1999, 447 pp. (ISBN: 84-8302-469-1).

Esta primeira traducción ó galego da coñecida novela de Abraham Stoker (Clontarf, Irlanda 1847-1912) comeza cunha “Introducción” na que Xela Arias nos achega á sociedade irlandesa decimonónica, dános a coñece-las características que definen a obra deste autor, e comenta os aspectos máis destacados e as diferentes versións de que foi obxecto *Drácula*, ademais de se referir ás fontes nas que se inspirou. A obra está estructurada en vintesete capítulos numerados en romanos que recollen os diarios dos protagonistas principais: Jonathan Harker, o Doutor Seward, Mina Murray e tamén o diario de navegación do barco “Demeter”, así como a correspondencia epistolar entre algúns destes e Lucy Westenra, Quincey Morris, Abraham van Helsing e Arthur Holmwood, entre outros. Esta modalidade narrativa lévanos á ausencia dun narrador principal que relate os feitos e, xa que logo, á presencia de múltiples puntos de vista expresados en primeira persoa. A acción sitúase entre marzo -data na que Jonathan Harker visita o castelo do Conde Drácula en Transilvania, e novembro, que é cando os personaxes antedito conseguen destrui-lo definitivamente a este vampiro nesa lexión romanesa. O longo da obra prodúcese a persecución de Drácula por Londres e polo mar, a narración das súas actuacións, a atención ás víctimas do conde e o descubrimento e posta en práctica dos métodos necesarios para acabar con el. Toda a trama está envolta no misterio e, aínda que a figura e o nome de Drácula non aparecen asiduamente, a súa presencia nótase en case tódalas páxinas.

Suárez, Alicia, *A casa dos gatos*, adapt. e ilust. Alicia Suárez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Os contos do trasno Comodín, decembro 1999, [32 pp.]. (ISBN: 84-95123-71-1).

Conto popular italiano adaptado e ilustrado por Alicia Suárez que se presenta nun vistoso e colorido deseño. Cóntase a historia dunha nena que vive coa súa madrasta e a filla desta á que sempre mandan traballar sen parar. Un día a madrasta mándaa á horta e alí, ó arrincar unha col, descobre unhas escaleiras que a conducen a unha casa chea de gatos moi atarefados. A nena axúdaos a todos e como premio Mamá gata regálalle cousas fermosas. Ó día seguinte a madrasta manda á súa filla para que consiga tamén eses galanos pero a nena, preguiceira, dedícase a incordia-los gatos e Mamá gata convértea nunha nena fea chea de farrapos. Así a madrasta marcha coa súa filla ó país de ningures mentres a fillastra queda a vivir no mundo dos soños e dos contos.

Townsend, Sue, *Diario secreto de Adrian Mole* (*The secret Diary of Adrian Mole*, 1982), trad. Manuel Carballo Lousas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 25, xuño 1999, 234 pp. (ISBN: 84-8302-312-1).

En forma de diario, o adolescente Adrian Mole, un adolescente narra os seus pensamentos, sensacións e sucesos ó longo de 456 días (un ano tres meses e tres días). Trátase a temática da "vida cotiá" abordada de forma realista onde un rapaz británico reflexiona ou simplemente describe as problemáticas individuais e colectivas da xente que o rodea e del mesmo transcorridas nun ambiente familiar e escolar. Entre outros aspectos, trátase a ruptura da unidade familiar coa separación dos seus pais, o adulterio da nai, a convivencia co seu pai, as alegrías e desgracias que vive ó estar namorado dunha rapaza, os problemas dos adolescentes ou o seu gusto pola lectura e a escritura. Ó final, a situación caótica na que vive arránxase coa reconciliación dos pais, a correspondencia ó seu amor por parte de Pandora, rapaza da que está namorada, e a mellora da vida de Bert Baxter, o ancián ó que coida.

Recensións:

-Estro Montaña, "A crónica dun mundo roto", *Guía dos libros novos*, nº 10, "Narrativa", setembro 1999, p. 21.

Co gallo da publicación na colección “Fóra de Xogo” de *O vixía no centeo* e *Diario secreto de Adrian Hole*, céntrase no comentario desta segunda obra. Describe o seu protagonista, un adolescente de trece anos, que a modo de diario relata o seu día a día. Salienta a angustia do adolescente e as preocupacións propias da súa idade, como son o sexo e o amor. Tamén se aprecia nesta obra as influencias de Flaubert, Dostoievski e Eliot, así como de Salinger e Mark Twain no seu estilo “coloquial”.

Vieira, Alice, *Caderno de agosto*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 37, outubro 1999, 196 pp. (ISBN: 84-8302-424-1).

Gloria, unha rapaza de quince anos, escribe un diario durante as vacacións de verán. Nel conta como foi a súa vida dende a separación dos seus pais, recupera lembranzas de cando era nena e fala da vida cos seus amigos, a súa familia e o seu irmán Antonio. Dentro do seu relato teñen particular importancia as relacións coa madrasta e, en particular, a vida ó lado da nai. No retrato que fai dela, elaborado dende a comprensión, vai relatando o seu pasado, o sufrimento que viviu coa separación e os proxectos frustrados que algunha vez emprendeu e que garda nunha caixa de cousas importantes: unha tese abandonada e unha novela rosa. Pero os acontecementos ós que Gloria lles dá máis importancia son as novas relacións cos homes que a nai intenta manter. Así pasan pola súa vida, revolucionándoo todo, Teotonio e Gabriel, aínda que duran pouco tempo. Intercálanse no diario capítulos da novela de amor que está a escribir súa nai, na que se conta a relación que viven Mónica e Alfredo Henrique, chea de desencontros e de rutina. Mónica soña con escapar e viaxar, e el só con ter unha vida convencional. Trátase dunha narración realista na que se utiliza o diario como forma de achegamento ó mundo dunha adolescente enfrontada ó problema de ter que lidar cos pais.

Volpicelli, Gaia, *O tucano*, ilust. Patrizia La Porta, (ISBN: 84-8288-218-X); *O canguro*, ilust. Franca Trabacchi, (ISBN: 84-8288-218-X); *O crocodilo*, ilust. Franca Trabacchi, (ISBN: 84-8288-217-1), Vigo: Galaxia, col. O ciclo da vida, 1999, [20 pp.].

Versións galegas de adaptacións italianas destes álbums infantís que tratan sobre o ciclo vital de animais como o canguro, o crocodilo e o tucano. Descríbese literariamente en cada un deles o aspecto destes animais, o seu modo de vida máis íntima e habitual, como nacen e como se adaptan ó medio, os perigos que teñen que salvar, entre outros aspectos máis diferenciadores.

Voltz, Christian, *¿Aínda nada? (Toujours rien?,* 1997*),* trad. Xoán Couto, ilust. do autor, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, maio 1999, [32 pp.]. (ISBN: 84-95123-49-5).

Álbum baseado fundamentalmente nas ilustracións, realizadas a partir de montaxes con obxectos, no que se conta a espera do señor Luís dende que cava un burato na terra e deixa caer unha semente, ata que, co paso dos días, nace unha flor. Un paxaro é a testemuña da impaciencia do señor Luís e adiántase na recollida do esperado resultado, ante a sorpresa do home que, agardándoa varios días, exclama "¿Aínda nada?".

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 3. Reedicións e adaptacións

Cabana, Darío Xoán, *As viaxes do príncipe azul*, adapt. de Paco Rivas, ilust. Román, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1999, 83 pp. (ISBN: 84-8192-155-6). ¤

Segundo explica Paco Rivas na introducción, esta obra é o resultado dunha actividade de animación á lectura proposta ós seus alumnos e consistente na elaboración dun diaporama sobre a obra con diapositivas, voces e música e que culminou cunha charla co autor e coa reelaboración da obra por tódolos membros da clase. Baseado na obra de Darío Xohán Cabana (Roás-Costeiro-Terra Cha, 1952), que leva o mesmo título e foi publicado en 1993, nárranse as aventuras do príncipe Cerúleo que o levan a decidir que non quere ser rei de ningures, polo que consegue aboli-la monarquía e dedicarse a ser bibliotecario, pois descobre nesta profesión a súa verdadeira vocación. As ilustra-cións, a modo de viñetas, mostran as diferentes secuencias nas que se vai desenvolvendo a historia e inclúen breves frases cun ton humorístico que apoian o contido do texto.

Carballude, Pepe, *Os enredos de Olalla*, ilust. Marifé Quesada, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores) 1999, 47 pp. (ISBN: 84-403-0391-2).

Reedición deste conto de Pepe Carballude (Rubín, A Estrada, 1956) que viu a luz por vez primeira en 1990 na colección infantil de Sotelo Blanco con ilustracións de Evaristo Pereira. Nesta nova presentación en editorial e colección diferente as ilustracións corresponden a Mª Fe Quesada. O relato conta a historia de Olalla, unha nena a quen lle gusta remedar ós animais, e que de súpeto perde o apetito e sofre a folga de tódolos membros do corpo. O seu mellor amigo Antón Freire, coa axuda dunha gaivota, decide ir busca-lo remedio xunto ó curandeiro Dentabrú, que atopa a solución e lle receita un xarope de zume de amoras que el mesmo amaña. Olalla consegue así recuperarse da súa debilidade. Pechan o libro unhas notas biográficas sobre o escritor e a ilustradora da obra.

Docampo, Xabier P., *O misterio das badaladas*, adapt. de Paco Rivas, ilust. Román, Lugo: Deputación Provincial de Lugo, 1999, 62 pp. (ISBN: 84-8192-156-4). ¤

Nova adaptación de Paco Rivas, na que segue os mesmos parámetros cá anterior (ver Darío Xohán Cabana nestas páxinas), nesta ocasión da obra de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946), publicada por primeira vez en 1986. O argumento desta, ó igual que o do seu orixinal, confórmao a resolución do enigma que un grupo de mozos debe facer ata descubrir por qué o reloxo novo da igrexa dá trece badaladas ás doce da noite. Resolto o misterio, quizais outro comece, porque ó final son once e non trece as badaladas que soan.

Mayoral, Marina, *Chamábase Luís*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 35, xuño 1999, 155 pp. (ISBN: 84-8302-389-X).

Reedición desta novela publicada por vez primeira no ano 1989. Estructuralmente confórmana tres partes mais un limiar no que se relata o enterro de Luís, un rapaz de trinta anos, viúvo e pai de dous fillos. Heroinómano dende os vinte anos, os seus dez últimos anos son un camiño cara á súa destrucción e morte a causa da sida. A tensión que chega a desencadear debido ó seu estado así como tódalas desgracias que vive e que fai vivir ós seus familiares provocan que a chegada da morte supoña en gran medida o alivio dos que o rodearon. Marina Mayoral (Mondoñedo, Lugo, 1962) presenta unha galería de personaxes que reconstrúen a traxectoria vital do protagonista e relatan dende a súa perspectiva as anécdotas e as opinións persoais así como os sentimentos que tiñan con respecto a Luís. Especialmente relevante e dramático é o relato de Rosa, a nai, que narra, resignada, todo o calvario de Luís e da súa familia, pero ademais, ofrece dende unha perspectiva retrospectiva, a historia da súa vida dende a súa infancia ata a morte dos fillos.

Moreno, Mª Victoria, *Leonardo e os fontaneiros*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Sete Mares, nº 5, outubro 1999, 138 pp. (ISBN: 84-8288-308-9).

Nesta nova colección de Galaxia insírese a obra de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941), que acadara en 1985 o IIIº premio no Concurso O Barco de Vapor e que saíra á luz por vez primeira en 1986 na colección "O barco de vapor" acompañada das ilustracións de Mª do Carme Salgado. Posteriormente, foi reeditada varias veces tamén por Galaxia, nacolección "Árbore" nos anos 1990, con ilustracións de Fran Jaraba e a partir de 1993, xa coa colaboración gráfica de Manuel Uhía. En *Leonardo e os fontaneiros* a autora achégase ó mundo interior do protagonista, Toño, un neno de catorce anos, nas páxinas nas que este, a través dos seus monólogos, fala dos seus sentimentos cara a un can abandonado chamado Leonardo, que morre pola crueldade das persoas. Ademais desta compoñente lírica o relato céntrase tamén no mundo do ensino e a crítica á escola tradicional e nos problemas típicos da adolescencia: a incomprensión dos adultos ante as trasnadas dos nenos ou a sensación de soidade no mundo. A nivel estructural o libro posibilita distintas lecturas do texto segundo a ordenación dos capítulos.

Pedrolo, Manuel de, *Xogo sucio* (*Joc brut*), trad. Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 24, novembro 1999, 137 pp. (ISBN: 84-8288-309-7).

Nova edición na nosa lingua desta novela policial de Manuel de Pedrolo (Aranyó, Lleida 1918-1990), dividida en catro capítulos, titulados e de extensión desigual, que responden á estructura clásica de: presentación, o titulado “O proxecto”; nó, en “Os feitos”; e desenlace, en “A búsqueda” e “As explicacións”. Xavier, un traballador dunha axencia barcelonesa, cóntanos en primera persoa o seu namoramento de Xuna, unha fermosa moza herdeira dunha fortuna á morte dun tío co que vive. Fascinado pola beleza de Xuna e seguindo os seus consellos, o protagonista asasina o vello tío para poder consegui-la compaña da moza. Unha vez que os primeiros prazos de afastamento prudencial entre o asasino e a súa cómplice se alongan demasiado, Xavier emprende unha desesperada busca da súa amada que o vai levar por diversas cidades e vilas catalanas ata descubrir o engano ó que foi sometido por Xuna, e ó mesmo tempo caer nas mans da policía.
.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 2. Poesía

VII. 2. 1. Poetas galegos

Aleixandre, Marilar, Xoán **Babarro**, Fina **Casalderrey**, Agustín **Fernández Paz**, Antonio **García Teijeiro**, Paco **Martín**, Xosé Antonio **Neira Cruz**, Xabier **P. Docampo**, Gloria **Sánchez**, *Imos xuntos camiñar*, ilust. Xan López Domínguez e Manuel Uhía, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, maio 1999, 247 pp. (ISBN: 84-453-24780). ¤

Como xa se indicaba no apartado VII.1, ademais dos relatos xa descritos, inclúense neste volume unha serie de composicións poéticas, das que damos conta a seguir:

- Antonio García Teijeiro, “As verbas que fan o camiño”, pp. 63-80.

Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) recolle un conxunto de estrofas construídas a partir de rimas baseadas na tradición oral e na que predominan estructuras paralelísticas e xogos de palabras, coas que presenta todos aqueles elementos relacionados co mundo da natureza e que rodean ó peregrino na súa viaxe polo Camiño de Santiago.

- Xoán Babarro González, “Roldán e as tres princesas de Libredón”, pp. 119-136.

Xoán Babarro González (Calvelo de Maceda, Ourense, 1947), botando man do romance, versa a historia de Roldán, que gracias a unha cónchega peregrina, salva a súa vida e libra do maleficio as princesas que o demo convertera en tres pedras no reino de Libredón.

Álvarez Núñez, Sabela, *Adiviñas de papel: Xogar para adiviñar*, ilust. Ana Isabel Rei Lamas, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Parrulo, nº 20, 1999, 25 pp. (ISBN do nº 20: 84-7680-314-1) (ISBN da Colección: 84-7680-041-X).

Volume composto de once adiviñas de breve extensión sobre dez obxectos habituais nunha casa (agullas de reloxo, tixola, tesoura), no mundo do transporte (tren, carro), no ocio (Carrusel) e sobre un personaxe dos contos clásicos: o gato con botas. Neste exemplar de literatura de transmisión oral abundan o uso de paralelismos, repeticións consecutivas de vocábulos, xogos de palabras, familias léxicas e diminutivos. Sabela Álvarez Núñez (Lugo, 1954) describe con eles as finalidades e características máis salientables dos obxectos que deben ser adiviñados e dá ostrazos máis identificativos destes. Ó final facilítase unha listaxe coas solucións das adiviñas.

Arias Castro, Sabela, *Píntome de cores*, ilust. da autora, Lugo: Citania, 1999, [18 pp.]. (ISBN: 84-8231-980-9). .

Breve volume no que Sabela Arias Castro constrúe sinxelas rimas asonantes nas que o contido carece de importancia; a finalidade destas é presentar ó lectorado infantil as diferentes cores. O texto de ortografía caligráfica vén apoiado por ilustracións que abranguen cada unha das páxinas do libriño, cada unha delas da cor protagonista de cada composición.

Cortizas, Antón, *Contos de vento e de nunca acabar*, ilust. Pablo Otero “Peixe”, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 105, serie amarela (a partir de 6 anos), xullo 1999, 93 pp. (ISBN: 84-8288-278-3).

Neste volume recolle Antón Cortizas **(**Ferrol, 1954) toda unha serie de burlas en verso, rimas ou escenas cómicas, que serven para contar, entreter e xogar. A maior parte delas van acompañadas de abondosas ilustracións de Pablo Otero “Peixe”, que moitas veces substitúenalgunha palabra. Ó final, indícase cáles son orixinais do autor e cáles adaptacións a partir doutros textos populares, recollidas directamente da tradición oral e tomadas de diversos traballos etnográficos.

Recensións:

-Silvia Gaspar, “Antón Cortizas. *Contos de vento e de nunca acabar*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 69.

Sinala que os sesenta contos breves que abrangue este volume de Antón Cortizas, son de diversa orixe e autoría, pero que teñen en común a súa pertenza ó *corpus* do conto breve que se le antes de durmir. Comenta que, pese a que estea destinado a lectores de seis anos en diante, o modo ideal para acceder a el é por medio da lectura dun adulto. Por último, refírese ás ilustracións, considerando que a boa combinación de montaxes fotográficas e figuras de inspiración medial que presenta, malia a súa orixinalidade, dificultan a lectura (ideográfica) do texto.

García Teijeiro, Antonio, *A fala das pombas que falan*, ilust. Fino Lorenzo, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), col. A Maxia das palabras, 1999, 22 pp. (D. L.: C-968/99). ¤

García Teijeiro (Vigo, 1952) colabora nesta colección cunha nova achega poética conformada cos mesmos elementos de obras anteriores: construccións feitas a base de reiteracións e xogos de palabras, baixo unha métrica da poesía popular, co que consegue ritmos sinxelos e dinámicos para o público infantil. A protagonista destas composicións é a pomba, como símbolo da paz, que se integra nas diferentes estrofas no medio de elementos da natureza, o sol, as nubes ou a chuvia, que acompañan as pombas, nunha viaxe cara á liberdade nas que a lingua tamén é protagonista.

Recensións:

- Silvia Gaspar, "X. Babarro e Ana Mª Fernández. *¡Que risa de rata!*/Bernardino Graña. *O gaiteiro e o ratiño*/Gloria Sánchez. *Carlos Quinto*/Antonio García Teijeiro. *A fala das pombas que falan*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 72.

Ver Babarro, Xoán e Ana Mª Fernández, *¡Que risa de rata!*, no apartado VII.1.1 destas páxinas.

García Teijeiro, Antonio, *Caderno de fume,* ilust. Xosé Cobas, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, nº 10, serie vermella (a partir de 8 anos), outubro 1999, 76 pp. (ISBN: 84-207-9252-7).

Da metáfora que identifica o fume coa palabra e o caderno como ferramenta indispensable para a creación da poesía, nace esta nova entrega de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) dedicada ó público infantil e xuvenil, a cal inclúe trinta e nove poesías que seguen a liña compositiva utlilizada nos seus libros anteriores. Predominan, así, a influencia da literatura popular e as referencias aescritores do gusto do autor como son Rosalía de Castro ou García Lorca. É frecuente a recreación do mundo da natureza como as nubes, a chuvia, o sol, o mar ou obxectos relacionados co universo da infancia como o papaventos ou os foguetes, cos que crea un universo idealizado a partir de imaxes coloristas. Dende o punto de vista formal, os versos establécense cunha linguaxe coidada e suxestiva, caracterizados na rima e no ritmo pola literatura de raigame tradicional. As ilustracións, en branco e negro, corren a cargo de Xosé Cobas (Logrosa-Negreira A Coruña, 1953) e nelas suxírense as imaxes que transmiten os poemas. A transparencia e a tendencia á abstracción son os trazos caracterizadores dos debuxos. Pechan o libro dúas pequenas entrevistas cos autores nas que se fai un breve percorrido pola súa obra e finalmente responden ás preguntas que xiran ó redor das características da súa creación.

Recensións:

-Silvia Gaspar, “Antonio García Teijeiro. *Caderno de fume*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 70. Considera que este *Caderno de fume*, de Antonio García Teijeiro é, probablemente, a máis lograda das súas últimas achegas. Comenta que nela se combinan rimas arromanzadas de absoluta simplicidade con construccións máis elaboradas, nas que se experimenta co ritmo, forte e suxestivo, ou se escolle a forma expresiva en función do tema. Conclúe sinalando que as “magníficas” ilustracións de Xosé Cobas contribúen a facer deste “un volume de poesía lonxe da rima almirada, da atroz sensiblería frouxa ó uso”.

Referencias varias:

- Francisco J. Gil, “Hacer verso no es poesía”, *Faro de Vigo*, “Faro del ocio”, 24 decembro 1999, p. 8.

Indícase que Antonio García Teijeiro é o poeta “más prolífico que destina su creación hacia el público infantil y juvenil” e que mantén o mesmo respecto polo lectorado adulto que polo infantil e xuvenil. A seguir, convérsase co poeta verbo do seu novo libro, da poesía para nenos e da súa definición de poesía. Tamén desvela que a primeira parte do último título, *Cadernos*, fai referencia a un caderno de espiral onde apunta as ideas que se lle ocorren e, *de fume*, ás palabras “capturadas en el cuaderno” convertidas en poemas. Sinala que neste volume aprécianse por unha parte os poemas, nos que se tratan temas divertidos, e por outro os versos que “hablan de ese mismo cuaderno, de cómo se escribe, de cómo se fraguan esos poemas”. Finalmente, comenta o traballo do ilustrador deste volume, Xoán Cobas, sinalando que os seus debuxos son “auténticos poemas pictóricos”.

Graña, Bernardino, *O gaiteiro e o ratiño*, ilust. María Fe Quesada, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), col. A Maxia das palabras, 1999, 22 pp. (D. L.: C- 967/99). ¤

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) ofrécenos unha historia en verso na que utiliza unha estructura encadeada. Un gaiteiro volve da festa dunha aldea no medio da noite e queda atrapado pola neve. Xa de día e gracias a un ratiño, consegue move-las pernas e o sol acaba por derrete-la neve. Agradecido, diríxese ó sol pero este dille que, en realidade, el non é tan forte como parece senón que máis forte é o nubarrón; que remite ó vento e este á montaña. Finalmente, a montaña revélalle ó gaiteiro o valor do ratiño e, a partir de entón, os dous fanse amigos e van vivir xuntos. Na contracapa do conto aparece un poema de Ramón Cabanillas.

Recensi óns:

- Silvia Gaspar, "X. Babarro e Ana Mª Fernández. *¡Que risa de rata!*/Bernardino Graña. *O gaiteiro e o ratiño*/Gloria Sánchez. *Carlos Quinto*/Antonio García Teijeiro. *A fala das pombas que falan*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 72.

Ver Babarro, Xoán e Ana Mª Fernández, *¡Que risa de rata!*, no apartado VII.1.1 destas páxinas.

Piñeiro González, Vicente, *Sonetos á xeometría*, introd. Xavier Rodríguez Barrio, Lugo: Edicións da Chaira, col. O Labreguiño, 1999, 69 pp. (ISBN: 84-89961-06-9). .

Concibido como proxecto didáctico nace este libro de Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954), no que se inclúen 20 sonetos e nove debuxos, ós que preceden unha breve biografía do autor e unha introducción de Xavier Rodríguez Barrio, na que se explican os motivos que levaron o autor á súa creación. Así, o libro nace como proposta de animación á poesía e coa intención de demostrar que a xeometría se pode aprender “de forma pracenteira e divertida”. Comenta, tamén, que os destinatarios primeiros das composicións son os alumnos e os docentes, por iso, vén acompañado dun caderno de exercicios. Finalmente, os vinte sonetos, acompañados de debuxos compostos por diversos elementos xeométricos como círculos, liñas ou triángulos, son composicións inspiradas na xeometría nos que os versos explican o significado de diversos conceptos como polígonos, paralelogramos ou esferas.

Sánchez, Gloria, *Carlos Quinto*, ilust. Xan López Domínguez, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), col. A Maxia das palabras, nº 1 a, 1999, 22 pp. (D. L.: C-965/99). ¤

Poemario de Gloria Sánchez (Vilagarcía, 1958), composto por estrofas de tres e catro versos. Cóntase como Carlos Quinto a medida que avanza camiño da guerra vánselle unindo diferentes compañeiros de viaxe. A cada un destes acompañantes no momento da súa incorporación o protagonista infórmaos do que fará na loita, mais, eses proxectos serán meras aspiracións ó caer da cadela na que viaxaba. As ilustracións, de Xan López Domínguez (Lugo 1960), presentes nas páxinas impares, aparecen encadradas en forma de viñeta con liñas de trazado groso. Nelas destacan maioritariamente as cores verde, azul, amarela e vermella e xógase coas súas diferentes tonalidades.

Recensións:

- Silvia Gaspar, "X. Babarro e Ana Mª Fernández. *¡Que risa de rata!*/Bernardino Graña. *O gaiteiro e o ratiño*/Gloria Sánchez. *Carlos Quinto*/Antonio García Teijeiro. *A fala das pombas que falan*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 72.

Ver Babarro, Xoán e Ana Mª Fernández, *¡Que risa de rata!*, no apartado VII.1.1 destas páxinas.

Villar Janeiro, Helena, *A campá da lúa*, ilust. Ánxeles Ferrer, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie azul (de 7 anos en diante), 1999, 42 pp. (ISBN: 84-8302-453-5).

Helena Villar Janeiro (Becerreá-Lugo, 1940) recolle neste libro dedicado “a tódalas nenas e nenos, que tamén son poetas”, dezaoito poemas de estrofas de catro versos con ritmos e rimas tradicionais. Por medio deles, cántanse e recórdanse narracións e personaxes infantís como son: unha princesiña triste, a lúa, a historia de dona Parrula, o gato don Honorato, as nubes ou a voda azul. Para rematar, no apartado “Cando a autora fala de si”, a escritora recorda a súa infancia en Becerreá.

Recensións:

Pilar Sampedro, “Helena Villar Janeiro. *A campá da lúa*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, 71.

Comenta que Helena Villar Janeiro nos presenta, no mellor sentido da expresión, un “libriño de poemas feito á vella usanza”, pois, pensando nos máis pequenos e partindo das fórmulas tradicionais, fai unha serie de xogos rimados nos que van aparecendo dende os personaxes dos contos ós recursos propios do xénero. Así mesmo, indica que neste volume a personificación está á par dunha fantasía á que non se lle pon límites e

considera que a súa ilustradora, Ánxeles Ferrer, recrea plasticamente ese universo coas acuarelas a toda cor, traéndonos tamén a lembranza dos vellos poemarios..

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3.1. Dramaturgos galegos

Alfaya, An, *Bua-bua-requetebua*, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 9 (máis de 8 anos), 1999, 95 pp. (ISBN: 84-7680-319-2).

Esta peza dramática de An Alfaya (Vigo, 1961) destinada principalmente, como indica na única anotación do texto, ó público infantil, transcorre no interior do aparato dixestivo. Nel, os pilosíns, os fillos de mamá Pilosa, dedícanse a facer trasnadas á nai e a D. Organdón, o xefe do equipo. O conflicto da peza teatral ten lugar cando D. Figadón, o xefe en funcións, se nega a asistir á parturiente Placenta, o que desencadea a sublevación por parte do resto dos personaxes.

Rojas, Magdalena de, *¡Hip-hip hurra!,* ilust. Blanca Barrio, Vigo: Galaxia: col. Árbore, nº 107, serie verde (a partir dos 9 anos), xullo 1999, 110 pp. (ISBN: 84-8288-280-5).

Ábrese este volume cunha concisa dedicatoria e infórmase do seu contido: unha “obra de teatro en catro escenas para monicreques que sexan como actores ou para actores que sexan como monicreques”. A seguir, preséntanse os diferentes personaxes desta peza teatral e o papel adxudicado a cada un. Nesta historia de Magdalena de Rojas (Santiago, 1967), Tanxerina e Pergamiño, fillos do rei Mandamais e Tatexo, respectivamente, deciden poñer fin á aposta, na que os pais se xogaran a man dela e o reino do rapaz, ó non estaren conformes con ningún dos posibles resultados desta. Despois de moito discutir e da intromisión errónea dunha fada, ó pensar que eran dous namorados, deciden facer crer ós seus proxenitores que o seu contrincante fixo trampas para gaña-la aposta coa esperanza da súa anulación. Os patriarcas esquecen o suceso e organizan unha festa para celebra-la desaparición do impo e do tatexo, que sufrían, gracias ó susto que levaron coa aparición errónea da devandita fada. En “Voz en off”, cóntase que os reis e maila fada remataron na lúa como consecuencia da excesiva cantidade de fabas comidas na festa. Nas anotacións, explícase a situación espacial dos personaxes, a decoración do escenario, os seus pensamentos e as conversas co lector.

Recensións:

- Noemí Pazó, “Magdalena de Rojas. *Hip-hip hurra*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 73. Dá conta dos personaxes desta peza en catro escenas de Magdalena de Rojas, na que o xogo cos elementos máis característicos do conto marabilloso é constante. Tamén fai un resumo do seu argumento e sinala que os elementos de unión e de afastamento humorístico do referente son constantes, pois o nome

dalgúns personaxes “rebaixa” a dignidade dos seus cargos e pon xa en alerta ó lector do ton humorístico da obra, que tamén se expresará no uso de trabalinguas, rimas e xogos lingüísticos.

Referencias varias:

- R. C. G., “Magdalena del Río achega o teatro ós nenos no seu libro ‘*¡Hip hip hurra!*”, *El Progreso*, 5 novembro 1999, p. 75. Coméntase que a escritora santiaguesa presentou o libro na librería Alonso, de Lugo e dise que se trata dun texto para teatro que, segundo explica a súa autora, fixo por encargo do grupo de teatro Viravolta, de Lalín. Por último, afírmase que a escritora está a realizar un traballo sobre o grupo de titiriteiros Barriga Verde, para a revista *Fadamorgana.*

Sánchez, Gloria, *Teatro feroz*, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 109 (a partir de 9 anos), outubro 1999, 78 pp. (ISBN: 84-8288-306-2).

Gloria Sánchez García (Vilagarcía, 1958) recolle neste volume tres pezas teatrais, que están ilustradas pola man de Xan López Domínguez (Lugo, 1957). As dúas primeiras, que contan con dous actos e beben das fontes de raigame popular, son: *A Ratiña feroz*, que foi pensada "sobre todo para aqueles alumnos que asumen estoicamente quedar sen papel no coro" e que recrea a historia daquela Ratiña, que remata comendo o caldo da ola na que caera o seu tan escollido marido, o Rato Pérez; e *Zongalo Quirico*, na que deixa patente a mensaxe do "grande que come ó pequeno", mediante a representación do acontecido ó galo do mesmo nome, que engole a un animal máis pequeno ca el, o Vermiño, para acabar sendo o prato do banquete dun animal superior, o raposo. A terceira das pezas, que é a máis breve de todas, leva por título *Unha farsa bufa* e nela ten lugar a cómica escena da compra dun marido nunha tenda.

Recensi óns:

- Noemí Pazó, "Gloria Sánchez. *Teatro feroz*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 73.

Sinala que este volume de Gloria Sánchez ofrece unha lectura moi interesante e unha proposta teatral atractiva, ben construída e con moitas posibilidades de traballo nas aulas. Resume brevemente o argumento das tres pezas teatrais que recolle e puntualiza que en *Ratiña feroz* destaca a presencia dun coro que

funciona por veces como narrador e serve de peche final; en *Zongalo Quirico*, a anécdota e os xogos lingüísticos que parten da lingua popular; e en *Unha farsa bufa,* o tema da adquisición dun marido, un tanto peculiar, que xa tratara nalgúns poemas.

Santos Suárez, Xesús, *Os amigos de Martiño*, ilust. Jorge Álvarez, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Elefante Contacontos, nº 3, 1999, 107 pp. (ISBN: 84-7680-275-5).

Esta peza de teatro de Xesús Santos Suárez (Asados-Rianxo, 1936), ilustrada por Jorge Álvarez (Ourense, 1976), consta dunhas palabras introductorias nas que se dan algunhas características da obra, que se cualifica de "poesía dialogada", un preludio onde se fan as presentacións dos protagonistas e participantes (un presentador, Martiño e o seu avó) e, para finalizar, unhas notas escénicas nas que se explica o escenario para conseguir unha harmonía solidaria entre os diversos seres da creación. Xa na obra, o presentador dá as características de Martiño, da súa aldea e colexio e fala dos seus gustos e da influencia do seu avó. Logo Martiño presenta os seus amigos e recoñece as ensinanzas dos maiores, en especial do seu avó. Para remata-las presentacións fala o avó que invita o lectorado ou espectador a ler, oír e ve-la conversa. A obra propiamente dita divídese en tres actos e en cada un deles coñécense unha serie de animais da terra, do mar e do aire, sucesivamente, por medio da súa presentación e intervención de Martiño e do seu avó. Así, chéganse a coñece-los gustos, os quefaceres ou as trasnadas destes animais, ó mesmo tempo, que se inculca o amor pola natureza.

Recensións:

- María Jesús Fernández, "Xesús Santos Suárez. *Os amigos de Martiño*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 74.

Dá conta do argumento desta “pequena peza teatral” escrita en forma rimada e protagonizada por Martiño. Sinala que carece de acción e que, segundo o seu propio autor, se pode considerar “poesía dialogada”. Tamén comenta que como obra de teatro é bastante repetitiva, con moitos tópicos e con claras intencións didácticas, e que como obra poética non destaca nin na calidade da linguaxe, nin na utilización de recursos líricos.

.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

3. Teatro
3. 2 Reedicións

Sánchez, Gloria e Miguel **Vázquez Freire**, *A princesiña Socorro*, *o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, Iº Concurso de Obras Teatrais Inéditas "Camiño de Santiago", ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie verde (de 9 anos en adiante), outubro 1999, 91 pp. (ISBN: 84-8302-454-3).

Nova edición desta obra, publicada por primeira vez no 1995, que comeza coa presentación dos seus personaxes principais, por medio das ilustracións de Xan López Domínguez e unha breve descrición, que da paso á peza dramática en tres actos. Nela ponse en escena a historia da princesiña Socorro e o trobeiro Carolo, que, para consegui-la man da princesiña, ten que face-lo camiño de Santiago e traerlle unha cuncha de vieira ó rei. Fai o camiño xunto co seu can Xián e nel teñen que enfrontarse ás maldades do demo Corbillón e do ladrón de peregrinos, o Milhomes, das que logran salvarse gracias á axuda do Apóstolo Santiago, San Francisco de Asís, a princesiña Socorro ou a súa ama. Finalmente, os amados reencóntranse e o Corbillón, que tamén pretendía á princesiña, queda fastidiado. Así que, chama polo autor para preguntarlle se hai dereito a que isto lle aconteza e mostra a súa negativa a participar máis nalgunha das súas obras. No apartado, "Cando os autores falan de si", tanto Gloria Sánchez (Santiago, 1958) coma Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951), amosan fotos deles, ademais de indicar a qué colexios foron e a qué se dedican na actualidade.

Recensións:

-Noemí Pazó, "Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire. *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*", *Fadamorgana*, nº 3, "Novidades", decembro 1999, p. 73.

Comeza sinalando que resulta estimulante que as coleccións “Merlín” e “Árbore” veñen de tirar do prelo catro novos títulos teatrais, para logo referirse ó argumento desta peza dramática de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire. Tamén sinala que a trama é atractiva e que é no deseño de personaxes onde alcanza máis calidade, ademais de comentar que o coidado do ritmo parece unha preocupación constante dos autores, pois isto ben se pode ver na repetición de certas fórmulas por parte dalgúns personaxes ou no magnífico diálogo entre o demo e o Apóstolo Santiago.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII.
3.Teatro

VII. 3. 3. Dramaturgos traducidos ou versionados

Torrado, António, *Teatro a tres pancadas*, (Teatro às três pancadas), trad. Anxo Angueira Viturro, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, serie verde (de 9 anos en adiante), outubro 1999, 119 pp. (ISBN: 84-8302-452-7).

Principia o volume coas palabras de António Torrado, coas que explica que puxo a disposición dos colexios e grupos de teatro estas pezas teatrais sinxelas, debido ás moitas solicitudes que lle fixeron e porque considera que se adaptan a calquera espacio e que nelas participan poucos personaxes, aínda que non son pezas simples e carentes de pretensión: “Serafín e Malacueco na corte do rei escama”, “A raposa e o corvo”, “Historia dun papagaio”, “Velaí vén o paisano das moscas”, “Olla o paxariño”, “Os catro pés do trono” e “As tres cabazas”. Algunhas aparecen estructuradas nun só acto, namentres que outras están divididas en varias escenas ou cadros. Conteñen entre tres e nove personaxes: seres humanos, agás tres animais, todos eles masculinos, agás unha muller. Os estratos sociais representados polos personaxes van dende as clases máis solventes economicamente (reis, xuíces ou avogados) ós máis pobres (mendigos e vagabundos). Nas anotacións, achéganse suxestións sobre a vestimenta e a descrición física dos personaxes, a decoración dos escenarios, os accesorios, etc. A temática céntrase nos diferentes sucesos que viven os personaxes como consecuencia dos seus defectos (vagancia, ignorancia, arrogancia e egoísmo) ou das súas virtudes (honradez, xenerosidade, intelixencia e enxeño). Nestes textos cóntase como dous mendigos escapan do poder dun pirata de pau e do rei das escamas de pescada facendo esquí acuático enriba dunha tixola tirada por un peixe; como un corvo perde o seu queixo por facer caso das gabanzas dunha raposa; como se libera un home dun grupo de moscas que o perseguen continuamente; como

logra un fotógrafo facer rir a unha señora para tirarlle un retrato; como un rei elude os seus compromisos oficiais por un día mandando corta-las patas do seu trono; como é timado un labrego coa compra dun papagaio parlanchín que non sabía falar; e na derradeira trátase da recompensa que se lle outorga a un campesiño pola súa xenerosidade e o bo coidado das cabazas. Ó final, o escritor desvela as diferentes fontes nas que se basean as historias e os personaxes deste libro. No epígrafe “Cando o autor fala de si”, faise un percorrido bibliográfico pola súa creación literaria e mantense unha conversa co autor na que afirma, entre outros aspectos, escribir teatro para nenos polas emocións especiais que viven os actores e o público.
.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

3. Teatro
3. 4. Antoloxías

Serna Vara, Ana, *Teatro para nenos*, versión galega de G. Freiría, ilust. Eduardo Trujillo, Santiago de Compostela: Edicións Sálvora, 1999, 123 pp. (ISBN: 84-3059325-X).

A autora dá comezo ó libro con algúns pasos e consellos, que os rapaces deben seguir para representar unha peza teatral. Ademais, confesa o seu desexo de que esta obra axude ós nenos a fascinarse polo teatro. O volume está composto de seis pezas teatrais, algunha delas reconversións de contos clásicos como “A Bela e a besta”, “Carapuchiña vermella” e “O traxe novo do emperador”. O resto dos títulos son: “A bruxa Sinforosa”, “O príncipe durmido, ou o mundo ó reves” e “Ana e os biosbardos”. A maior parte destas historias xiran ó redor dun encantamento, que se exerce sobre o protagonista, ou dunha viaxe a mundos fantásticos. Tódalas pezas están divididas en actos e ó principio de cada unha facilítase unha breve información sobre os personaxes e nas anotacións danse suxestións para a vestimenta dos personaxes, o seu aspecto físico e a decoración do escenario. Nas seis obras cóntanse historias diferentes: como unha bruxa consegue o seu maior desexo, ser vendedora de lambetadas; o desencantamento dun príncipe convertido en besta ó ser correspondido o seu amor por unha bela moza; o intento dun lobo por enche-lo bandullo comendo a unha nena chamada Carapuchiña finxindo se-la súa avoa; a burla dun rei ó presentarse ante os seus súbditos nu mentres pensa que leva un traxe moi especial; como gracias ó bico dunha princesa un príncipe se salva do feitizo que o condenaba a un sono eterno; e, por último, a viaxe dunha nena ó mundo dos contos mentres dorme.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3.Teatro

VII. 3. 5. Postas en escena

VII.3.5.1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, semanas e salas alternativas

Caño, X. M. del, “Unha idade de ouro para a literatura infantil e xuvenil”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 7, 22 marzo 1997, pp. 2-3.

Informa da boa situación da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio, coa publicación de cento vinte títulos novos cada ano, entre a producción galega e as traduccións doutras linguas. Preséntase unha traxectoria deste xénero a partir dos anos sesenta, destacando a importancia da creación do premio convocado pola Agrupación Cultural O Facho en 1968. Continúa esta análise nos oitenta, ó comezar novas actividades editoriais (traduccións, creación de colección específicas), que axudaron a dinamiza-lo xénero, e inclúe datos das obras de maior aceptación, do seu índice de vendas e das colección que crearon as diversas editoriais. Finaliza o informe con comentarios sobre o papel dos premios literarios para a creación infantil e xuvenil, aludindo ós existentes, ben con retribución económica ben sen dotación, afirmando que “axudan a dinamizar o panorama” desta literatura.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3.Teatro

VII. 3. 5. Postas en escena

VII.3.5.2. Estreas

VII.3.5.2.1. Grupos Estables ou profesionais

Berrobambán Teatro: *Xuvenca e cochón, estrelas da canción*. Adapt. de Miguel Vázquez Freire sobre o texto de Paula Carballeira, *Unha vaca e un porco xa fan zoolóxico*.

Dirección: Miguel Vázquez Freire. Interpretación: Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Manolo Vázquez e Begoña Chouciño. Música: Manolo Vázquez, coa colaboración de Charo Vázquez. Deseño de vestiario e escenografía: Pablo Otero "Peixe". Confección de roupas: Mercedes Torres "Isi".

- A. I. S., "Los niños aplaudieron en la Nasa el nuevo show de Berrobambán Teatro", *El Correo Gallego*, "Así está el patio", 23 febreiro 1999, p. 34.

Dá noticia do numeroso público escolar que asistiu á sala Nasa para presencia-la obra *Xuvenca e Cochón, estrelas da canción* representada pola compañía Berrobambán. Na mesma noticia tamén se informa do recital poético enmarcado no ciclo anual organizado pola colección Letras da Cal que terá lugar no pub Tarasca, no que se lerán poemas en éuscaro e traducirán ó galego diferentes poetas. Finalmente, a última noticia recollida no artigo relacionada coa literatura galega informa da visita do escritor Xabier P. Docampo ó colexio Peleteiro para falar da súa obra.

- Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.

Contracontos, **Os**: *Caperucitoloxía.* Espectáculo de contacontos.

Interpretación: César Martínez “Goldi”, Nekane Fernández, Paula Carballeira e Pili Alonso.

- Camilo Franco, “Non todos os lobos son iguais”, *La Voz de Galicia*, “Teatro”, 21 xuño 1999, p. 64.

Crítica sobre o espectáculo “Caperucitoloxía”. Inicia comentando a importancia que teñen algunhas historias, de sobra coñecidas, polo feito de como son contadas. “Caperucitoloxía”, baixo a súa opinión, resulta unha representación chea de novos matices, na que se consegue unha fórmula coa que lle dar “outro aire ó argumento”. Insiste nesta idea ó longo do artigo e salienta a relectura feita polos seus creadores á hora da interpretación deste conto, no que en moitos momentos colle tintes de parodia. Finalmente, aplaude a liberdade coa que está levada a cabo a representación, “sen imposturas, sen academias e con ganas de chegar”.

Monicreques de Kukas: *Cucarandainas*, de Marcelino de Santiago, “Kukas”.

Dirección: Marcos Viéitez. Interpretación: Kukas e Isabel Rey. Técnico de luces e son: Marcos Viéitez. Deseño de marionetas, escenografía, vestiario e cartel: Kukas e Isabel Rey. Fotografía: Javier M. Oro. Voces en off: Rebeca Montero, Víctor L. Mosquera, Marcos Viéitez, Kukas e Isabel Rey.

Ver IVº Festeixo, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
Ver Mostra de Teatro Infantil de Narón.

- Ver Outono Cultural do Concello de Touro.

Bruto & Pífano: *Cousas de cada día*.

Sarabela Teatro: *Romance de Micomicón e Adhelala*, de Eduardo Blanco Amor.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Interpretación: Elena Seijo, Fina Calleja, Sabela Gago, Suso Díaz e Antón Macías.

Tanxarina: *Cousas que foron*.

- D. P., “El colegio de Lourido celebró su festival de fin de curso. Los escolares disfrutaron con la actuación del grupo ‘A Tanxarina”, *Diario de Pontevedra*, 24 xuño 1999, p. 20.

Dentro das actividades celebradas dentro do festival de fin de curso, salienta a actuación do grupo de Títeres Tanxarina, que ofreceu a representación da obra *Cousas que foron*.

Teatro do Curro: *Un día de espías, ou o caso do repolo co anteollos*, de Ignacio del Moral.

Dirección: Víctor Vez Vilar e Puri Fernández.

- E. E., “Teatro do Curro cuenta una increíble y divertida historia de espionaje”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 23 decembro 1999, p. 33.

Refírese á posta en escena de *Un día de espía, ou o caso do repolo con anteollos*, de Ignacio del Moral, representada por Teatro do Curro. Comenta que Víctor Vez Vilar e Puri Fernández son os directores do grupo teatral de maiores e do elenco infantil, respectivamente, e que a historia está preto do teatro do absurdo, representada en forma de sketch, e como único espacio da acción un despacho secreto. Enumera os personaxes da obra (unha actriz, unha limpadora filla dun profesor e un espía) e confirma que Prudencio Romo compuxo a música da canción final desta a ritmo de “cha-cha-chá” regalando os dereitos á compañía. A continuación os directores do grupo lembran a formación e a traxectoria do grupo.

Títeres Cachirulo (1): *Santiago, historia dunha viaxe*, de Xurxo Rei.

Dirección: Xurxo Rei e Luís González.

- A. I., "Cachirulo recrea la historia del Apóstol en un divertido espectáculo de marionetas", *El Correo Gallego*, 24 xullo 1999, p. 34.

Informa, brevemente, da presentación do espectáculo titulado *Santiago, historia dunha viaxe*, a cargo do grupo de teatro infantil Cachirulo. A obra, escrita e dirixida por Xurxo Rei, narra o traslado do corpo do Apóstolo Santiago dende Xerusalén a Santiago de Compostela. A seguir, afírmase que a obra, inspirada no *Codex Calixtinus*, describe, ó longo de catorce cadros, as situacións polas que tiveron que atravesa-los dous discípulos do Apóstolo ata chegar ó seu destino.

- Iolanda Ogando, "Andar peregrinando", *Tempos Novos*, nº 28, "Crítica. Voces e Culturas. Teatro", setembro 1999, p. 58.

Coméntase o espectáculo de títeres para nenos *Santiago, historia dunha viaxe*, de Xurxo Rei, a cargo de Títeres Cachirulo, sinalando que "unha visión para nenos non debe xustificar os tópicos un pouco absurdos que se amosan na obra" e que a súa maior eiva está na sinxeleza da historia.

Títeres Cachirulo (2): *Pinocho*, baseado no conto “As aventuras de Pinocchio”, de Carlo Collodi.

-D. P., “Las aventuras de Pinocho en el Centro A Barca”, *Diario de Pontevedra*, 10 setembro 1999, p. 18.

Breve noticia que anuncia a representación da obra no Centro Comercial “A Barca”, en Pontevedra.

Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia.
Ver XIIª Mostra de Teatro de Cee.
Ver XVª Mostra Internacional de Teatro. Rivadavia.
Ver Ciclo de Títeres “O domingo ven ós títeres”.

Títeres Cachirulo (3): *O sapo encantado*.

Trécola: *Gus, un guiñol con moito gas.*

Xacarandaina: *Cousas que foron.*

Dirección: Fernando Martínez e Luís Martínez.

-A. I. S., “La asociación A Xuntanza regaló a los niños un espectáculo de títeres”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 10 xullo 1999, p. 33.

Informa da posta en escena do espectáculo de marionetas para nenos a cargo da compañía viguesa Xacarandaina organizado pola Asociación de Veciños a Xuntanza.

.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3.Teatro

VII. 3. 5. Postas en escena

VII.3.5.2. Estreas

VII.3.5.2.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Grupo de Teatro Infantil da Biblioteca de **Antas de Ulla** (1)**:** *Festa no xardín*, de Emilio González Legaspi.

- Begoña Mouriño, “O grupo de teatro infantil de Antas de Ulla porá en escena hoxe dúas obras”, *El Progreso*, 23 abril 1999, p. 27.

Informa da representación teatral do Grupo de Teatro infantil para os alumnos do colexio público de Antas de Ulla co gallo do Día do Libro. Ademais anuncia a posta en escena do clásico de Shakespeare no barrio coruñés da Sagrada Familia.

Grupo de Teatro Infantil da Biblioteca de **Antas de Ulla** (2)**:** *O complexo*, de Blanco Amor.

Aulatalía, Grupo de Teatro do IES Álvaro Cunqueiro: *Os vellos non deben de namorarse*, de Daniel Alfonso Rodríguez Castelao.

Dirección: Xosé Lois González.

-Virginia H. R., “O grupo de teatro do I.B. Cunqueiro prepara as súas novas actuacións”, *Redacción Xove*, abril 1999, p. 4.

Anuncia a posta en escena de *Os vellos non deben namorarse* para o mes de maio deste ano e comenta as dificultades de estrea-la obra pola pouca acollida que tiña no centro a actividade de teatro. Salienta, finalmente, a colaboración de Andrés Vila, quen se encargou da montaxe dos decorados.

Grupo de Teatro do **CEIP dos Blancos** (1): *A estatua*.

Grupo de Teatro do **CEIP dos Blancos** (2): *Todo é un conto*.

Grupo de Teatro do **CEIP de Currelos**: *Unha avoa a catro patas, calcetíns e garavatas*....

Grupo de Teatro **CEIP E. G. Franqueira**: *Dona Pita Domonte*.

Grupo de Teatro do **CEIP J. Gurriarán C.**: *Un lar no carballo*.

Grupo de Teatro do **CEIP J. R. García Yáñez**: *Un rato busca un obreiro* .

Grupo de Teatro do **CEIP Xoaquín Lourenzo**: *Os cravos de prata*.

Grupo de Teatro do **CEIP do Xurés**: *Globos de Coresto*.

Grupo de Teatro do **Colexio Santo Anxo** (1): *O enfermo imaxinario*.

Grupo de Teatro do **Colexio Santo Anxo** (2): *As desventuras de esganarello*.

Aula de Teatro Infantil do **Concello de Barbadás**: *Os antollos de Margarida*.

Dirección: Fina Casalderrey.
Dirección escénica: Alfonso Blanco.

Grupo de Teatro da **Escola de Grou**: *O reparto da burra*.

Escola-viva: *A diáspora*.

Gargallada (IES Blanco Amor): *Historia do home... e da muller*.

Grupo de Teatro do **IES de Bande** (1): *O cego de Fornelos*, de Daniel Varela Buxán.

Grupo de Teatro do **IES de Bande** (2): *Pic-Nic.*

Grupo de Teatro do **IES de Bande** (3): *O parque psicopático*.

Grupo de Teatro do **IES de Celanova**: *Asamblea xeral*.

Obradoiro de Teatro do **IES Rodolfo Ucha Piñeiro**: *Os facedores de bonecas.*

Grupo de Teatro do **IES San Tomé de Freixeiro**: *O mozo de lonxe*, de John Millington Sygne.

Dirección: Alexandre Rodríguez “Pipo”. Axudante de dirección: Mirín Velasco. Interpretación: Mirín Velasco, Nuria García, Manuel Cerreda, Reyes Carpintero, Diego Durán, Miguel del Pozo, Paula del Campo, Laura Espada, María Estévez, Sara Aballe, Paula Barcariza, Nuria Cadaviz, Iris Mallafré, Raquel Fernández, Sonia Domínguez, Anna Cañadillas, Jessica Gil, Noela Corbacho, XelaRodríguez, Loli Gil, Sandra Álvarez, Iria Rojo, Silvia Durán, Sheila Campos, Yoli Gil e Ángela Herrera. Apuntadores: Ana Olivera, Caro González e Tania González. Iluminación, música, decorados e vestiario: Grupo de Teatro. Programa: Diego Durán e Alexandre Rodríguez “Pipo”.

- Ver Mostra de Teatro San Tomé de Freixeiro.

Lóstregos, **Os** (1): *Os reis do Panchiño*, de Olimpio Arca Caldas.

Interpretación: Eva Fandiño, Belén Villanueva, Cristina Villanueva, Pablo Rey, Lucía Pena, María Puente, Miriam de Castro, Marcos Reboredo e Manuel Ribeira.

-Suso Souto, “El nuevo teatro local favorece la proliferación de compañías”, *El Correo Gallego*, 16 xaneiro 1999, p. 44.

Fai referencia á inauguración do Teatro Principal da Estrada e á proliferación de compañías teatrais no municipio, citando a creación da compañía xuvenil Os Titirinautas ou Os Lóstregos, que puxeron en escena a obra *Os reis do Panchiño*. Cita os integrantes da compañía e, finalmente, refírese á obra representada, *Os reis do Panchiño* (1971), de Olimpio Arca Caldas, e cita outras obras representadas pola Compañía.

- Xosé Lueiro, “Teatro”, *Tabeirós Terra*, nº VI, febreiro 1999, p. 15.

Ver Os Tirinautas, no apartado III. 4. 2. 2 deste *Informe*.

Lóstregos, **Os** (2): *Conversas coa nobre dama.*

Lóstregos, **Os** (3): *Ollo cos estudiantes.*

Mimosa, **A**: *Romance de Micomicón e Adhelala*, de Eduardo Blanco Amor.

-D. P., “Representan una obra teatral al aire libre en Monte Porreiro”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 1999, p. 6.

Anúnciase a representación desta “divertida farsa” no patio dos edificios da rúa Reino Unido de Monte Porreiro.

Palimoco: *Ensaio xeral.*

Interpretación: Lucía Lence, Paloma Lugilde, Marcos Quiñoá, Laura Pombo e Firín. Son e iluminación: Fontaneira. Música: Arturo Vaquero.

Sorrisos: *Un tesoro sen dono*.

Spasmo (IES Santa Irene de Vigo): *O anel máxico*, de Carlo Goldoni.

Dirección: Andrés Vila. Interpretación: Mercedes Lema, Víctor Hugo Seoane, Sara Lago, Olalla Baz, Rubén Ramos, Luís Carregal, María Rey, Miguel Rodríguez, Ana Gago, Núria Valverde, Eva García, Loreto Moreiras, Iciar Iriondo e Alberto Álvarez.

- Ver Mostra de Teatro San Tomé de Freixeiro.

Tranghallada (Grupo de teatro do IES Val Miñor, Nigrán): *Os pintores clónicos*, de Darío Fo. Adapt. e trad. Andrés Rodríguez Díaz.

Dirección: Andrés Rodríguez Díaz. Interpretación: Iván Rodríguez Castro, Antela Rodríguez Cid, Isaac Rodríguez Miranda, Santiago M. de la Escalera, Andrés Fraga, Eva Fernández, Tatiana Paratcha, Eva Novás, Senén Costas, Carolina Guisande e María Azul Forti Burati. Decorados: Eva Prol Sanjurjo e Rebeca Santos Cabrera. Vestiario: Laura Abad Huete.

- Ver Mostra de Teatro no San Tome de Freixeiro.

Verdegaio: *O achado do Castro*.

Xeito: *O ministro sen carteira*.

.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3.Teatro

VII. 3. 5. Postas en escena

VII.3.5.3. Reestreas

VII.3.5.3.1. Grupos estables ou profesionais

*Artello-Alla Scalla 1:5***: Unha de amor*, inspirado no conto de Jorge Amado "O Gato malhado e a Andorinha Sinhá".***

Dirección: Manuel Pombal. Interpretación:
Santiago Montenegro e Rosa Hurtado.

- Salvador Rodríguez, "Artello recrea un cuento de Jorge Amado a su hijo", *Faro de Vigo*, *"El Sábado",* nº 96, 27 febreiro 1999, p. 7.

Anuncia a estrea da representación da obra *Unha de amor* por Artello na súa versión castelá na IXª Feira Europea de Teatro. Menciona, tamén, unha nova representación da versión en galego, esta vez no Auditorio do Centro Cultural Caixavigo. A seguir, cóntase a anécdota do conto no que foi baseada a peza teatral. Segundo se relata, o autor do relato non tiña intención de publicalo e foi o seu fillo quen casualmente o atoparía ó remexer nos seus xogos de infancia. A publicación do libro foi acompañada das fermosas ilustracións en acuarela feitas por Carybé e a compañía partiu destas imaxes para a posta en escena. Finalmente, dáse un breve resumo do argumento e cítanse os versos do poeta Estevão Escuna sobre os que Amado se inspirou para a creación do relato.

- Ver VIIª Feira do Teatro de Galicia.
- Ver XIIª Mostra de Teatro de O Barco.

Berrobambán Teatro: *O labirinto dos libros.*

Danthea Teatro: *A casiña de chocolate*.

Espello Cóncavo: *Peter Pan*, de J. M. Barrié, trad. Denís López.

Direccción: Arturo López. Interpretación: Sara Fernández, Marita Martínez, Estíbaliz Espinosa, Ramiro Neira, María Torres, Carlos Fernández Pazos, Fernando Pérez, Charo Varela, Iván Marcos, Ramón Posada, Daniel Currás, Deni López, Xosé Antón Moure, Pablo Valencia e José Leis. Narración (voz en off): Manuel Lourenzo. Producción: Teresa Horro. Dramaturxia: Manuel Lourenzo. Escenografía: Rodrigo Roel. Música: Nani García. Figurinos, cartel e programa: Miguelanxo Prado. Vestiario e maquillaxe: Carmela Montero. Modista: Nucha Gestal. Atrezzo: José Tojo. Iluminación: Rodrigo Roel. Producción: Teresa Horro. Prensa: Montse Carneiro. Fotografía: Concha Salgado. Técnico de luces: Miguel López Soto. Técnico de son: Francisco Gómez Pena. Técnicos de escena: Pedro Martínez e Alfonso Pérez.

- R. F., “Peter Pan, con Espello Cóncavo”, *La Región*, 15 xaneiro 1999, p. 13.

VII.3.5. Postas en escena

Breve comentario sobre a presentación da obra *Peter Pan*, do escritor inglés J. M. Barrie, a cargo da compañía coruñesa Espello Cóncavo. Informa que a estrea tivo lugar no Teatro Rosalía de Castro da Coruña e que, a continuación, representouse no Teatro Principal. Por último, comenta que a obra está destinada, preferentemente, ó público infantil.

- Camilo Franco, “Dificultades da fantasía”, *La Voz de Galicia*, 18 xaneiro 1998, p. 52.

Reflexiona sobre o concepto de fantasía e relaciónaa co mundo da infancia. A continuación, céntrase na posta en escena dunha obra fantástica: *Peter Pan*, a cargo da compañía Espello Cóncavo. Por último, afirma que, na súa opinión, a compañía se conformou con desenvolve-lo argumento pero non conseguiu translada-la maxia da obra ó escenario e capta-lo interese do público.

- Raquel Feijóo, “A forza do espectáculo radica nos actores”, *La Región*, 18 xuño 1999, p. 7.

Iníciase o artigo cunha breve alusión á obra *Peter Pan*, composta polo novelista e dramaturgo inglés James Mathew Barrie no ano 1904. A continuación, infórmase da representación da man da compañía de teatro Espello Cóncavo, no Teatro Principal da Coruña. A seguir, reprodúcese unha entrevista co director do grupo, Arturo López. Nela, o entrevistado informa que escolleu esta obra porque se trata dunha peza de calidade e dun clásico moi coñecido. Así mesmo, informa das dificultades coas que se atopou para a posta en escena e recorda que a compañía se fundou no ano 1993.

- Ver Mostra de Teatro Infantil de Narón.

Falcatrúa (1): *O espírito do bosque*.

- R. F., “Falcatrúa presenta en Bande una obra de títeres”, *La Región*, 12 agosto 1999, p. 11.

Informa da presentación, en Bande, da obra *O espíritu do bosque*, a cargo da compañía de teatro de títeres Falcatrúa. Comenta que a obra combina o títere tradicional con técnicas moi sofisticadas. A seguir, narra o argumento desta comedia, orixinal do dramaturgo Esteban Losada, quen se encargou de dirixi-la posta en escena. Para rematar, ofrece algunhas notas sobre a historia do grupo Falcatrúa, que iniciou a súa andaina na Coruña no ano 1986. Os seus fundadores, Dolores Fernández e Esteban Losada, afirman que o grupo representa, fundamentalmente, obras escritas para o teatro de marionetas. Entre as súas representacións cítanse *Linocho e a Lúa*, *Os Titirinautas*, *O inspector inspiración* e *Monstruadas*, entre outras.

Falcatrúa (2): *Títeres Monstruadas.*

Migallas: Espectáculo *¡Canta connosco!*, versión infantil de *O cantante e as mulleres*, creación do grupo.

-D. P., “El grupo ‘Migallas’ representó en Monte Porreiro su espectáculo”, *Diario de Pontevedra*, 7 marzo 1999, p. 11.

Comenta a actuación do grupo Migallas co seu espectáculo *¡Canta connosco!* no patio dos edificios da rúa Reino Unido na cidade de Pontevedra. Di que xa percorreu máis de 200 colexios e céntrase na importancia desta actuación, pois non serve só de divertimento para os máis cativos senón que denuncia a promesa incumprida por parte da Consellería de Política Territorial e o Concello de Pontevedra de construír un Centro Cultural en Monteporreiro.

-D. P., “Migallas Teatro presenta el espectáculo infantil ‘*Canta connosco*”, *Diario de Pontevedra*, 11 marzo 1999, p. 11.

Anuncia a representación do espectáculo e coméntase, remitindo a fontes da propia compañía, que a montaxe fora censurada polo IGAEM “debido ós seus contidos críticos sobre diferentes aspectos da realidade cultural, lingüística e social de Galicia”.

- A. A., “Exito del Grupo Migallas en Beluso”, *Diario de Pontevedra*, 17 marzo de 1999, p. 18.

Refírese á actuación do gupo Migallas, que presentou o seu disco *¡Canta connosco!*, na XIIº Semana Cultural de Beluso. Achega o título de parte das cancións que interpretaron e destaca a súa experiencia teatral, complementando os contidos das cancións por medio da escenificación de diálogos relacionados coa súa temática. Remata lembrando a actuación da Maga Rulana cos seus contacontos e de Miguel Roma, que explicará "Cómo se hace un libro", para o día de hoxe.

D. P., "La compañía 'Migallas Teatro' actuará en Vilanova de Arousa", *Diario de Pontevedra*, 20 abril 1999, 12.

Anúnciase a representación na vila arousá e explícase que a compañía pontevedresa pretende con este espectáculo esperta-la afección dos máis pequenos polo teatro. Ademais indícase que se trata dunha crítica humorística da realidade cultural.

Monicreques de Kukas: *Unha noite no Pórtico do Paraíso.*

- Raquel Feijóo, “Unha noite de monicreques no Pórtico do Paraíso”, *La Región*, 29 xuño 1999, p. 12.

Infórmase da representación titulada *Unha noite no Pórtico do Paraíso*, a cargo da compañía Monicreques de Kukas, na Praza de San Martiño de Ourense. A obra é un “paseo pola historia medieval galega dende o século IX ata o XV”. A continuación, dáse o nome dos catro artistas que manexan as máis de trinta marionetas: Javier Méndez, Eugenia Romero, Isabel Rey Pousada e Marcos Viéitez e ofrécese un resumo do argumento da obra. Para rematar, recórdase que a obra se produciu no ano 1997, con motivo do programa “Galicia. Terra Única”.

- Raquel Feijóo, “A historia galega recreada por monicreques”, *La Región*, 5 xullo 1999, p. 8.

Iníciase cun breve resumo do argumento da obra. A continuación, reprodúcese unha entrevista con Marcelino de Santiago na que este afirma que o marco da cidade de Ourense no que se desenvolve a obra é un dos elementos fundamentais da posta en escena. Así mesmo, opina que o teatro de marionetas e o teatro de actor son completamente “diferentes, válidas e moi difíciles”. Por último, afirma que *Unha noite no Pórtico do Paraíso* é a trixésima montaxe da compañía nos vinte anos que leva funcionando.

- R. F., “Uns monicreques para máis de 2 mil persoas”, *La Región*, 4 agosto 1999, p. 11.

VII.3.5. Postas en escena

Noticia sobre as representacións da obra que tiveron lugar tódolos martes, mércores e xoves durante os meses de verán. A obra xa se representara no ano 1997 con motivo do proxecto “Galicia Terra Única” na praza compostelana de San Martiño. A seguir, coméntase que a reposición da obra está a acada-lo mesmo éxito que no ano 97, cunha media de cento corenta espectadores en cada unha das funcións. Por último, infórmase de que na obra interveñen doce actores que dan vida a un conxunto de personaxes que viviron en Galicia entre os séculos IX e XV.

Quinquilláns, **Os**: *Os irmandiños*.

- D. P., “A praza da Leña acolle unha sesión de contacontos e chocolate”, *Diario de Pontevedra*, 18 setembro 1999, p. 10.

Anúnciase o espectáculo previsto en Pontevedra para a fin de semana en diferentes escenarios consistente nunha sesión de contacontos. Dáse conta dos participantes no primeiro día da sesión: María Campos, Tareixa Alonso, Dolores Hermida, Raquel Méndez, Cándido Pazó e Carlos Blanco, e adianta que o segundo día o grupo Quinquilláns porá en escena *Os irmandiños.*

Marionetas **Seis dedos** (1): *Totí e Totó.*

Marionetas **Seis dedos** (2): *Mantas non son cobertores*.

Marionetas **Seis Dedos** (3): *Dueto de fíos.*

- Ver Ciclo de Títeres “O domingo ven ós títeres”.

Spagheti Teatro de Títeres: *Chímpate, Champate.*

Tanxarina (1): *Contaloucos*, espectáculo baseado nos contos “A bomba e o xeneral”, de Umberto Eco; “Historia dos narigudos”, de Terry Jones e “Historia de Timoteo”.

Dirección: Cándido Pazó. Interpretación e manipulación: Eduardo R. Cunha Tatán, Miguel Borines e Andrés Giráldez. Música: Francisco Barreiro. Efectos sonoros: Manuel Pombal. Vestiario de marionetas: Belén Puentes. Vestiario de actores: Carlos Alonso. Deseño das siluetas e dunha escenografía: Pablo Xiráldez.

- Jaime Conde, “Tanxarina: unos ‘locos muy cuerdos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 103, 24 abril 1999, p. 8.

Dá conta da presentación, no Auditorio do Centro Cultural Caixavigo, do espectáculo *Contaloucos*, do grupo de títeres e marionetas Tanxarina, de Redondela. Trátase do duodécimo espectáculo que presentou o grupo dende o ano 1983. A obra inclúe tres contos nos que os membros do grupo pretenden difundir unha mensaxe “antimilitarista, de amistad y de aceptación de uno mismo”. A seguir, infórmase do contido de cada un dos contos: “A bomba e o xeneral”, baseado nunha obra de Umberto Eco; “A historia dos narigudos”, do escritor inglés Terry Jones e “Historia de Timoteo”. Para rematar, ofrécese unha breve biografía do grupo Tanxarina, que naceu en Redondela no ano 1983 e que iniciou a súa andaina profesional coa obra *Migallas e cirigaitas*.

- Ver IVº Festeixo, Festival de Teatro do Eixo Atlántico.
- Ver Mostra de Teatro Infantil de Narón.
- Ver Semana de Teatro para nen@s (Vigo).

- Ver Semana de Teatro para nen@s (Vigo).

Tanxarina (2): *Titiricircus*.

Teatro Akatro: *Venusuxos.*

-D. P., “Representación de ‘Os Venusuxos’ en el colegio Froebel”, *Diario de Pontevedra*, 13 marzo 1999, p. 8.

Dá noticia da representación da obra e comenta que esta actuación é a décima da xira que se está a realizar por diferentes centros dentro da Campaña de Concienciación cidadá sobre a recollida selectiva do lixo organizada polo Concello de Pontevedra.

Teatro Buratini (1): *O bosque animado*, de Wenceslao Fernández Flórez.

Dirección: Pablo Suárez e Luis Varela
Interpretación: Larraitz Urruzola.

- D. P., “Buratini’ ofrece una actuación hoy en la Biblioteca”, *Diario de Pontevedra*, 5 marzo 1999, p. 15.

Anuncia a posta en escena na Biblioteca Pública Municipal “Vidal Pazos” de Marín da obra versión do libro de Wenceslao Fernández Florez, dirixida especialmente ó público infantil. Informa brevemente do contido da representación e salienta a gratuidade do acto organizado pola Biblioteca Pública.

- R. F., “*O Bosque Animado*’, con el grupo Buratini”, *La Región*, “Teatro”, 24 xullo 1999, p. 16.

Breve comentario sobre a representación de *O Bosque Animado*, a cargo da compañía de teatro Buratini, baseada no orixinal de Wenceslao Fernández Florez. Informa que se trata dun monólogo no que o protagonista narra e interpreta tres dos dezaseis contos que conforman a obra de Fernández Florez: “O alma en pena de Fiz Cotobelo”, “Os traballos de Pilora” e “O clan dos gatos”. Refírese á duración e dirección da obra e afirma que pretende entreter e facer reflexionar ó público asistente. Finalmente, fai un breve percorrido pola historia deste grupo teatral e inclúe os títulos das súas principais montaxes.

- Ver Outono Cultural do Concello de Touro.

Teatro Buratini (2): *Contos para todo o ano* (Contacontos e Monicreques).

Dirección: Pablo Suárez.
Interpretación: Larraitz Urruzola.
-A. Hevia, “O grupo Buratini realizou unhas xornadas de contacontos en Ames”, *O Norte*, nº 132, decembro 1999, p. 50.

Dá nova das sesións de contacontos realizadas nas diferentes escolas e garderías do Concello de Ames. Detalla o nome dos colexios onde se desenvolveu esta actividade e explícase o contido das dúas actuacións representadas: “Contos todo o ano” e “A gaita que facía a todos bailar”. Informa que a primeira destínase a nenos entre 3 e 8 anos e baséase nas historias de Carles Cano e Gianni Rodari. Do segundo espectáculo, indicado para primaria, di que está feito de contos populares acompañados de música e iluminación. Resalta que as dúas actuacións conteñen xogos, cadernos pedagóxicos e que a actriz leva un disfraz diferente para cada unha. Recolle as declaracións desta onde afirma que é Buratini a compañía que máis traballa o teatro infantil na actualidade e que levan a cabo estas actividades alá onde se desexe. Sinala, tamén, a posta en escena polo Grupo de Teatro Municipal do Concello *O Fidalgo*, drama en verso de Xesús Sanluis Romero de tres actos e “un cadro, cheo de intriga, tenrura, odio, vinganza e paixón”.

- Ver Semana de Teatro no Concello de Vilamarín.

Teatro Buratini (3): *A gaita que facía a todas bailar*.

Teatro Kaos (1): *Baixo os nosos pes...Kavernosos*.

Teatro Kaos (2): *Juan Pantera coa garrota dando a nota.*

Teatro Kaos (3): *Os nenos que plantaron a pedra de auga.*

Títeres Cachirulo (1): *Catro contos da China.*

Dirección: Xurxo Rei.

- Lois Fernández, “Teatro de miniatura”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 6 xaneiro 1999, p. 50.

Sucinto comentario sobre a celebración do espectáculo titulado *Títeres de Reis*, no que se indica que se iniciou coa obra *Catro Contos da China*, de Teatro Cachirulo, e se pechou con *O sapo encantado*, da mesma compañía teatral. Para rematar, dá o nome dos actores que manipularon os títeres: Xurxo Rei, Carmen Domech e Li Ying-Bai, que se encargou dos decorados.

Títeres Cachirulo (2) *A guerra das Galicsias*.

Guión e dirección: Xurxo Rei. -Ver

Semana de Teatro para nenos (Vigo).

Títeres Cachirulo (3): *Xan sen medo*.

Tres Globos: *O sapo encantado*, de Xoán Pérez.

Dirección: Xoán Pérez. Contrucción de títeres: Xoán Pérez. Vestiario: Xoán Pérez. Manipulación: Xoán Pérez e Necane Fernández. Escenografía: Vicente Roura.

- Ver Mostra de Teatro Infantil de Narón.

- Ver Ciclo de títeres “O domingo ven ós títeres”.

Trompicallo: *Manoladas*.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3.Teatro

VII. 3. 5. Postas en escena

VII.3.5.3. Reestreas

VII.3.5.3.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias

Tranghallada: *O Principiño viaxa polo espacio.*

- B. R., “O Principiño se representa en Goián”, *Atlántico Diario*, 14 maio 1999, p. 20.

Anuncia a representación da obra no Centro Goianés organizada pola Asociación Cultural Eliseo Alonso. A seguir dá unhas breves notas sobre a traxectoria do grupo, nacido en Nigrán no ano 1995 e composto por alumnos e ex-alumnos do Instituto Val Miñor da mesma vila. Finalmente resume brevemente o argumento da obra de Saint-Exupéry na que está

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

4.Cómic
4. 1. Galegos

Isorna, Fausto C., Róber G. **Méndez** e Aníbal C. **Malvar**, *A maldición dos Velasco*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Convenio Tren Caixa Galicia, col. Un misterio para Simón, 1999, 48 pp. (ISBN: 84-8302-231-1/84-89231-69-9). .

Fausto C. Isorna, Róber G. Méndez e Aníbal C. Malvar (A Coruña, 1964) presentan unha nova entrega do cómic protagonizado pola detective Simón –tras *A irmandade dos lectores tristes* (1994), *Flores desde Hiroshima* (1995) e *No nome da amada morta* (1996)–, que se presenta nunha dobre edición en pastas duras ou brandas. Nesta ocasión, Simón desprázase á cidade portuguesa de Sintra para acompaña-la súa amiga Bego a un concurso literario de relatos de misterio convocado polo Conde de Velasco, un personaxe rodeado pola lenda sobre o asasinato da súa muller e do seu irmán, ocorrido anos atrás e aínda sen esclarecer. O xurado do premio fai que se reúnan na vila o comisario Pereira e os detectives Sam Espada, Edgardo Alén Pose e Servo Holmos. Unha serie de acontecementos estraños no pazo do conde fan que Simón protagonice a resolución do misterioso asasinato, axudada polos outros detectives, seguindo as pistas do relato escrito por un dos participantes no concurso e polos seus propios soños.

Recensións:

-Silvia Gaspar, “Fausto, Méndez e Malvar. *A maldición dos Velasco*”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novidades”, decembro 1999, p. 76.

Comenta que, seguindo coa serie “Un misterio para Simón”, esta última entrega apunta a unha maior maduración do proxecto, pois apréciase agora un humorismo máis continuado e depurado e un maior esforzo por perfila-lo carácter da protagonista. A continuación, dá conta dos elementos do xénero negro que aparecen nesta historia e sinala que os trazos dos debuxos tamén son máis coidados.

Referencias varias:

- Marcos Nine, “Xerais aposta por tódolos xéneros nas súas novidades de outono”, *La Voz de Galicia*, 30 setembro 1999, p. 89.

Informa das novidades que presenta Edicións Xerais de Galicia para este outono. Alude ós diferentes xéneros que aparecen nas súas coleccións e cita algunhas obras que se publicaron no 1999. Trátase de *Bailarina*, de Manuel Seixas, autor galardoado no ano 1996 co Premio Xerais de Novela pola obra *A velocidade do frío*; *A maldición dos Velasco*, cómic publicado por Fausto Isorna, Roberto G. Méndez e Aníbal Malvar e os volumes III e IV dos *Contos marabillosos*, de Antonio Reigosa, Xosé Miranda e Xoán Ramiro Cuba.

-Arantxa Estévez, “Viñetas para unha aventura en Portugal”, *A Nosa Terra*, nº 904, “Guieiro Cultural”, 14 outubro 1999, p. 24.

Dá conta da presentación da obra publicada por Edicións Xerais de Galicia. A seguir, resume o argumento do citado cómic, protagonizado por Simon, heroína que aparece con anterioridade noutras obras dos mesmos autores como *Un misterio para Simón*, *No nome da amada morta* ou *Flores desde Hiroshima*.

Veiras Manteiga, J. L., *Folgar de Brigantia. A morte de Ith*, limiar de M. A. Olariaga, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1999, [50 pp.]. (ISBN: 84-95335-28-X). ¤

O volume ábrese cun breve limiar de M. A. Olariaga, quen presenta o cómic e reflexiona sobre a significación de Ith, heroe da vella lenda celta, que loitou por acha-lo seu camiño. A seguir, dáse paso á adaptación que realizou J. L. Veiras Manteiga, baseada nas recompilacións das lendas irlandesas do “Lebar Gabala” sobre a orixe do Eire, na que se narra a conquista e fundación de Irlanda polos descendentes de Breogán, capitaneados por Ith, fillo de Breogán. O cómic está apoiado por debuxos do propio Veiras, que se caracterizan polos trazos pouco definidos dos personaxes, nos que abundan cores intensas e liñas que insinúan o dinamismo da narración.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 5.Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 5. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos

Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías .

Cabrera, Mª Dolores (coord.), *Children's Books from Galicia. Rights 1999. Writeres-Illustrators-Publishers*, introd. Mª Xesús Fernández, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia/Edicións Xerais de Galicia, marzo 1999, 125 pp. (D. L.: VG 231-1999). .

Volume escrito integramente en inglés que se inicia cunha sucinta nota do editor. A seguir, Mª Xesús Fernández ofrece un panorama da producción literaria infantil e xuvenil en Galicia. Inicia o seu traballo cunha breve introducción sobre a historia do xénero e, a continuación, divide o estudio en diferentes seccións segundo as idades dos destinatarios. Así, no primeiro grupo, de sete a doce anos, afirma que abundan os libros con temas inspirados na tradición, as historias de aventuras, algúns poemarios breves e os libros con sentido do humor. O grupo que ela denomina xoves adultos prefire historias futuristas, crítico-realistas, de medo, humorísticas, de misterio e de busca da propia identidade. Por último, os primeiros lectores decántanse por historias curtas, con moitas ilustracións e pouco texto. En cada unha das seccións, a autora cita algúns dos libros máis lidos. A continuación, preséntanse unha serie de obras, agrupadas por editoriais, ofrécese a ficha completa de cada unha delas, a idade para a que están recomendadas e un pequeno resumo do argumento. No seguinte apartado, e seguindo a orde alfabética, ofrécese unha breve biografía de cada autor e cítanse as súas obras infantís e xuvenís. A seguir, noméanse algúns dos ilustradores e ilustradoras máis coñecidos e inclúese unha lista das obras que ilustraron. Xa para rematar, preséntanse algunhas institucións e asociacións que promoven a lectura, como a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), a Asociación Internacional do Libro Infantil e Xuvenil (FILIX) e o Salón do Libro Infantil e Xuvenil. A seguir, ofrécense os enderezos das diferentes editoriais e varios índices: de títulos, de autores e de ilustradores.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Seixas, “Galegos en Boloña”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 12 abril 1999, p. 3.

Reflexiona sobre a presencia de estudiosos galegos en Boloña a partir do século XI. Cita algúns estudiosos e profesores que pasaron pola Universidade de Boloña e refírese á Feira do Libro Infantil e Xuvenil que se celebra, dende o ano 1963, na citada cidade. A continuación, describe o catálogo titulado *Children’s Books for Galicia. Rights 1999. Writters-Illustrators-Publichers*, coordinado por Dolores Cabrera, cunha cuberta de Xan López Domínguez e unha introducción de Mª Xesús Fernández, quen reflexiona sobre a situación da literatura infantil e xuvenil galega na actualidade. Por último, ofrece unha descrición detallada do contido do catálogo.

- Lois Fernández, “Escritores catalogados”, *La Voz de Galicia*, “El espejo”, 14 abril 1999, p. 50.

Fai referencia á publicación editada pola Consellería de Cultura en colaboración coa Asociación Galega de Editores deste catálogo que ten como fin promociona-la literatura infantil e xuvenil galega na Feira Internacional do Libro en Boloña. Cita algúns dos 24 autores elixidos como son Neira Cruz, Ursula Heinze, Xavier López Rodríguez, etc.

Castelao, ilust. de Pepe Carreiro, Vigo: A Nosa Terra, col. Protagonistas da Historia, nº 1, 34 pp. (ISBN: 84-89976-88-0).

Recolle este volume unha biobibliografía de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) preparada para achegar ó lectorado infantil e xuvenil este personaxe. Así, seguindo unha orde cronolóxica, dáse conta dos sucesos máis salientables do seu periplo vital, como son as referencias ós seus estudios de medicina, á súa creación múltiple nas artes e letras, ó seu labor político ou á súa estancia no exilio. O texto ilústrase con abundantes debuxos e caricaturas de Pepe Carreiro, nos que se insertan fragmentos do mesmo Castelao.

Fernández Paz, Agustín, *A literatura infantil e xuvenil en galego*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Peto (Claves), nº 13, 1999, 76 pp. (ISBN: 84-8302-402-0).

Agustín Fernández Paz comeza referíndose ás orixes deste texto e comentando que vai conta-lo que aconteceu na literatura infantil e xuvenil galega, dende os anos sesenta ata o día de hoxe, a partir do seu punto de vista, aínda que tratando de ser "fiel na narracción dos feitos". Así que, despois de realizar unha contextualización histórica e explica-la situación sociolingüística de Galicia, analiza a literatura galega dirixida ó lectorado máis novo, dividíndoa en tres etapas. Da primeira, que vai dende 1960 ata 1978, salienta que aparecen as primeiras edicións infantís e xuvenís; e da segunda, que abrangue de 1978 a 1988, sinala que é nese período cando comezan a asentarse as catro liñas que marcarán o desenvolvemento do libro infantil e xuvenil galego: a aparición progresiva de coleccións con carácter autóctono, as traduccións ó galego de obras da literatura infantil e xuvenil universal, a consolidación da política de edicións e a entrada de editorias foráneas no ámbito da edición de libros en galego. Polo que se refire á terceira etapa, que vai de 1989 a 1998, apunta como feitos destacables a relevancia que vai adquirindo a literatura infantil e xuvenil dentro da industria editorial, o afianzamento das catro liñas citadas, a proxección externa de libros galegos, a ampla variedade de xéneros ou a consolidación dun tecido industrial ó redor do libro infantil. Conclúe deixando constancia da súa opinión sobre o devir desta literatura, da que considera que a súa boa marcha só será posible na medida en que se esvaian os prexuízos lingüísticos e se avance na normalización lingüística, e ofrecendo un anexo dos premios da literatura infantil e xuvenil galega.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Sinfonía inacabada”, *Tempos Novos*, nº 29, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, outubro 1999, p. 65.

Despois de resalta-la consolidación da literatura infantil e xuvenil en Galicia, Armando Requeixo analiza o libro *A literatura infantil e xuvenil en galego* (1999) de Agustín Fernández Paz. Recalca o seu carácter introductor e panorámico do libro e describe as partes que o conforman.

-Xiao Xaneira, “Agustín Fernández Paz. *A Literatura Infantil e Xuvenil en galego*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 85.

Sinala que este volume parte dun relatorio que presentara Fernández Paz nun seminario no ano 1994 e que actualiza títulos que xa tiña publicados. A continuación, considera que nesta entrega pásaselles revista ás principais manifestacións literarias dos anos sesenta, setenta e oitenta e dedícaselles un amplo capítulo ós anos noventa, no que se analiza a proxección externa dos libros galegos, o abano de xéneros e o papel dos ilustradores, entre outros aspectos. Finalmente, sinala que se trata dunha “interesante” obra para o estudio da literatura infantil e xuvenil galega.

Referencias varias:

-Ángel Varela, “O 25% dos títulos editados en galego están dedicados ós rapaces”, *La Voz de Galicia*, 1 agosto 1999, p. 32.

Breve noticia na que se informa dos índices de publicación de libros en lingua galega. Segundo as estatísticas, o 25% dos títulos que se publican en galego corresponden á literatura infantil e xuvenil. A continuación, dáse noticia do libro escrito por Agustín Fernández Paz, *A literatura infantil e xuvenil en galego*, publicado por Xerais. Nel, o escritor fai un percorrido pola evolución histórica do xénero ata o momento actual. Dedica unhas liñas a comenta-la importancia dos premios na producción para os máis pequenos e cita o nome dalgúns dos escritores e ilustradores galardoados como X. P. Docampo, Miguelanxo Prado ou Xan López Domínguez. Por último, menciona algunhas editoriais que comezaron a súa andaina nos últimos anos, entre outras, a editorial Kalandraka, destinada ós máis pequenos.

- Miguel Anxo Seixas, “Lectores cativos”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 4 outubro 1999, p. 3.

Reflexiona, con detalle, sobre a situación da cultura galega nas últimas dúas décadas. Afirma que no ano 1979 se aprobou o Decreto do Bilingüismo en Galicia coa conseguinte introducción da lingua galega na escola. Isto provocou, na súa opinión, o crecemento da demanda de libros infantís e xuvenís “para a práctica da lectura en galego”. A continuación, cita a obra de Agustín Fernández Paz, *A literatura infantil e xuvenil en galego*, como referencia para o estudio da evolución que experimentou a literatura infantil e xuvenil en galego. Para rematar, enumera algúns dos libros que destacaron no eido da literatura infantil: *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas; *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares; e *Os soños na gaiola* (1968), de Manuel María, entre outros.

Fernández Paz, Agustín e Xosé **Sánchez Puga** (coords.), *A Maxia das palabras*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia (Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Dirección Xeral de Política Lingüística), 1999, 54 pp. (D. L.: C1049/99).
¤

Volume de presentación da segunda entrega da colección que botou a andar en 1998 cos volumes dirixidos ós estudiantes de educación primaria. Desta volta os destinatarios son os nenos de educación infantil e primeiro ciclo de primaria. O libro está constituído por dez capítulos nos que se analizan diversos aspectos sobre a importancia da lectura na formación do neno. Os contidos son idénticos ós da edición publicada en 1998, coa única novidade do apartado titulado deciados á presencia da poesía na escola, no que se propoñen algunhas actividades básicas de dinamización literaria con textos poéticos. Estas estratexias atinxen tanto ó papel do docente coma ó do propio alumno como lector.

Referencias varias:

- Plácido Lizancos, “Currás e a maxia das palabras”, *O Correo Galego*, “De boca en boca”, 3 xuño 1999, p. 4.

Informa do acto de presentación da segunda fase do proxecto “A Maxia das palabras”, organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Nesta ocasión, o lema da campaña é “De boca en boca” e pretende fomenta-la lectura en lingua galega nos máis pequenos. Segundo o articulista, esta é unha

boa iniciativa que debería ser apoiada polos medios de comunicación que, ás veces, non poñen ningún interese en facer un uso correcto do galego.

- D. P., “Currás presentou a segunda fase da campaña ‘A Maxia das Palabras”, *Diario de Pontevedra*, 4 xuño 1999, p. 30.

Dá conta do acto de presentación da colección “A Maxia das palabras”, publicada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que, nesta ocasión, inclúe unha serie de recortables que se converten en pequenos libros ilustrados. Estes son da autoría de coñecidos autores e autoras galegos como Marilar Aleixandre, Xoán Babarro, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Bernardino Graña ou Ana Mª Fernández.

-Rodri García, “A maxia das palabras’ busca a transmisión familiar do galego”, *La Voz de Galicia*, 22 xuño 1999, p. 38. Noticia sobre a presentación do proxecto “A Maxia das palabras”, coordinado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. O proxecto pretende, segundo o articulista, potenciar unha serie de “xeitos de transmisión familiar do galego” como a cantiga de berce dunha nai, os consellos dun pai ou os contos da avoa. Para rematar, inclúe unhas palabras de Agustín Fernández Paz sobre os principais obxectivos do proxecto: “poñer en contacto a tódolos cativos coa literatura infantil en galego” e “facelo de xeito moi atractivo, fomentando as actividades positivas”.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 5.Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 5. 2. Monografías traducidas

Rodari, Gianni, *Gramática da fantasía* (*Grammatica della fantasia*, 1973), trad. Silvia Gaspar, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Biblioteca de Panteno, nº 1, 1999, 191 pp. (ISBN: 84-95123-42-8).

Baixo o encabezamento de “Antecedentes”, Gianni Rodari comenta como empezou a escribir sobre o modo de facer historias e explica que o libro que agora presenta é unha reelaboracion dunhas charlas, que impartira nuns “Encontros coa fantasía” celebrados no ano 1972 en Reggio Emilia. A seguir, ó longo dunha serie de capítulos, bota man de toda a súa experiencia como mestre e o seu contacto cos lectores para ofrecer unha serie de técnicas de animación á lectura e á creación de textos para rapaces, como poden ser os contos, os “limerick” ou as adiviñas. Ademais de indicar como se poñen en práctica estas técnicas, indica os resultados que el obtivo cando as puxo en práctica e o que se pode medir mediante elas. Remata ofrecendo bibliografía para todo aquel que desexe profundar en moitos dos capítulos desta súa obra.

Recensións:

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Repensar a imaxinación”, *La Voz de Galicia, “Culturas”,* nº 94, 7 setembro 1999, p. 7.

Comenta que se trata dunha versión ó galego de Silvia Gaspar, publicada pola Editorial Kalandraka. A obra, segundo R. Nicolás, encerra as propostas “sempre anovadoras” do autor italiano sobre o mundo da imaxinación, as técnicas para estimulala e o modo de combinalas. Deste xeito, a *Gramática da fantasía*

supón, na súa opinión, unha obra necesaria para os docentes e para todos aqueles que defendan a "función vivificadora da imaxinación, da fantasía e das súas potencialidades na actividade educativa e creativa".

-Noela Muíños, "Gianni Rodari. *Gramática da fantasía*", *Fadamorgana*, nº 2, "Novidades", outubro 1999, p. 84.

Estima que se trata dunha colección de "receitas máxicas" posta por vez primeira no papel por Gianni Rodari, despois da súa experiencia como mestre e o seu contacto cos lectores. Así, sinala que o que queira aprender a construír adiviñas ou contos humorísticos ha de atopar nesta obra "unha verdadeira fervenza de ideas".

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 5.Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 5. 3. Publicacións en revista

VII.5.3. Publicacións en revistas **Abelairas**, Beatriz, "Gallego", *Que Leer día a día*, nº 31, marzo 1999, p. 42.
Ve-lo apartado V. 4 deste *Informe*.

Abella Paz, Sofía, "*Brumoso*, de Xavier López Rodríguez", *Eidos do Libro*, nº 3, "Xanela aberta", marzo 1999, p. 20.

Tras desenvolve-la liña argumental da obra de Xavier López Rodríguez *Brumoso* (1998), esta lectora de quince anos dá a súa opinión sobre o mesmo, incidindo no "erro" que lle atopa; a pesar do cal recomenda o libro a rapazas e rapaces ós que lles gusten os libros de "aventuras, misterio e emoción".

Afonso de Amorín, Esperanza "*Historias roubadas*, de Francisco Fernández Naval", *Eidos do Libro*, nº 3, "Xanela aberta", marzo 1999, p. 20.

Comentario realizado por unha rapaza de dezasete anos no que incide en moitos dos aspectos de *Historias roubadas* (1998), de Francisco Fernández Naval: formato, estructura, temática, personaxes, estilo, etc. Considera o libro "máxico e orixinal, creado cunha grande imaxinación".

Agrelo Costas, Eulalia, “O Facho e a literatura infantil e xuvenil galega”, *Fadamorgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, pp. 38 41.

Logo de referirse ás circunstancias que provocaron o nacemento da Asociación Cultural O Facho en 1963 na Coruña, faise eco de todo o labor que esta realizou a prol da literatura infantil e xuvenil galega, materializado, en gran parte, nunha serie de concursos literarios, que convocaba a nivel nacional e que abranguían a narrativa, a poesía, o teatro e o cómic. Así, dá conta do ano da creación de cada un deles, dos premios que concedían e do título das obras gañadoras máis representativas, entre outros aspectos. Tamén fai mención ó grande interese que esta asociación tivo polo teatro infantil, pois organizou mesas redondas no que este era tema central e creou o seu propio grupo teatral. A seguir, menciona aquelas repercusións máis salientables ás que deu lugar o seu extraordinario labor, como foron a aparición de escritores de gran renome e de textos máis axeitados para nenos e mestres ou conseguir que un volume, composto por relatos gañadores no seu concurso de contos, fose o primeiro libro galego inscrito na Lista de Honra do IBBY, en 1982. Finalmente, expón varias razóns polas que a actividade deste tipo de agrupacións esmoreceu co tempo e sinala que este declive non debe mingua-la consideración do realizado por este colectivo coruñés e prever malos agoiros sobre a marcha da literatura infantil e xuvenil galega.

Aleixandre, Marilar, “Érase unha vez unha madrasta...”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura popular”, abril 1999, pp. 38-42.

Indica que nos contos tradicionais, na literatura popular, a familia é o principal escenario dos actos violentos. Recolle unha serie de fragmentos de contos de diferentes lugares da Península, nos que se pode observar tal violencia, e achega, dende a perspectiva da psicanálise, a opinión de Bruno Bettelheim, que “considera os contos como metáforas que representan procesos de desenvolvemento na infancia e na adolescencia”. A seguir, céntrase en dous aspectos dos actos de crueldade dos contos. Por unha parte, a madrastra, figura que analiza, referíndose ó tipo de maldades que comete e indicando que a rivalidade que representa é “en definitiva unha loita entre xeracións sempre resolta en favor da máis nova”. E, pola outra, a forma en que as tensións familiares se reflicten nalgúns libros infantís e xuvenís actuais, citando, polo que se refire á literatura galega, o libro de Final Calderrey *¡Asústate Merche!* (1996) como exemplo de historia que ten como marco unha familia partida.

Alfaya, **An**, “An Alfaya. *¡CLIX!*”, *CLIJ*, nº 113, febreiro 1999, pp. 37-40.

An Alfaya primeiramente fai un percorrido polos seus gustos persoais, entre os que salienta a escritura e agradece a *CLIJ* a oportunidade de introducir nas súas páxinas unha narración súa, que se inclúe en versión galega e castelá. O relato titúlase *¡CLIX!* e está dedicado “ós trasnos e fadas galegas que foron ó IIº Congreso da OEPLI en Cáceres”. A protagonista, unha “meiga curiosa” que se meteu no autobús e someteu ós pasaxeiros a un feitizo gracias á palabra máxica “¡CLIX!” que atopou nun libro, foise engaiolando en varios viaxeiros e viaxeiras, que describe nunspoucos trazos. Ó chegar a terras estremeñas coñeceu a un trasno e foi acompañada no percorrido emocional por outra fada, Branca-Neve, coa que paseou elegantemente pola lúa cacereña. A palabra “¡CLIX!” mudou de novo as fadas e trasnos en humanos, mentres a fada se retirou a escribir non un conto, senón unha verdade.

Ambrol, Domingo, “Na fogueira da vida. Antonio García Teijeiro”, *Fadamorgana*, nº 1, “Entrevista”, abril 1999, pp. 18-21.

Nesta conversa, Antonio García Teijeiro comenta que non pode vivir sen poesía e que vivir hoxe en día en clave poética implica un compromiso ético individual e colectivo. Fala dos motivos que o levaron a escribir para nenos e do “medo” que os adultos lle teñen á poesía, ademais de cita-la “invisibilidade” dos poetas fronte ós narradores. Tamén mostra a súa opinión pouco favorable sobre os premios e refírese a *Na fogueira dos versos* (1996), que é unha “homenaxe decidida á poesía cun tipo de poemas que en principio propuxen para adolescentes”. Comenta o que supón recibi-lo XIVº Premio Pier Paolo Vergerio e que a diferencia entre escribir en galego e en castelán está no sentimento. Por último, apunta aqueles aspectos que considera que hai que normalizar na literatura infantil e xuvenil galega, entre os que están a falta de crítica e a súa escasa presencia nos medios de comunicación.

Bernárdez, Carlos L., “Recuperando os nosos contos”, *Guía dos libros novos,* nº 4, febreiro 1999, p. 29.

Fai un percorrido polo terceiro volume da colección “Contos Populares”, editado en 1998 por A Nosa Terra, da man do Colectivo Crisol. Repasa o argumento dos contos –”O home león”, “A princesa Iria” e “A árbore das tres torondas”– e sinala que a colección, tanto polo seu formato coma polas ilustracións, está dirixida a un público infantil, aínda que este último volume está orientado a lectores ou oíntes un pouco máis experimentados e interesados. Afirma que os contos tradicionais serven para divertir, educar e axuda-los pequenos no camiño de facerse adultos. Finalmente, cre que con esta colección os nenos teñen nas súas mans unha parte fundamental da nosa literatura popular tan descoñecida polo de agora, pero que gracias a esta primeira divulgación de contos populares se empezará a coñecer.

CLIJ, “Lista de Honor. CLIJ 1998 e Los premios del 98”, *CLIJ*, nº 115, abril 1999, pp. 7-9 e 11-75.

Presentación da lista de honor de CLIJ 1998, na que figuran varias obras de autores galegos, como son: *¿E haberá un tirón de orellas?*, de Mª Victoria Moreno; *Unha raíña negra*, de Fina Casalderrey; *A serea do deserto*, de Xabier López Rodríguez; *Tanis I, o Mocos*, de M. Lourenzo González; *O pazo baleiro*, de Xabier P. Docampo; *¡Sireno, Sireno*!, de An Alfaya; *Anxos en tempos de chuvia*, de Miguel Vázquez Freire; e *¡Maldito DNI!*, de Pepe Carballude. A seguir, faise un percorrido biobibliográfico por cada un dos autores galardoados con algún destes premios, que ademais contestan a un formulario sobre a literatura infantil e a súa elección desta literatura. Fálase, polo tanto, de Antonio Reigosa e da súa obra *Memoria dun raposo*, premio Merlín 1998; de Dolores Ruíz Gestoso, que conseguiu o premio Barco de Vapor 1998 por *A lenda do capitánMiñoca*; e de Agustín Fernández Paz, que acadou o Raíña Lupa 1998 por *Cos pés no aire*.

_____, “¿Sois vosotros los *Reis Magos*?”, *CLIJ*, nº 116, maio 1999, p. 62.

Os responsables de *CLIJ* comentan esta obra de Paco Abril, que foi traducida a tódalas linguas do estado. Resúmese o argumento e dise que se trata dun “cuento precioso e inteligente, narrado con prosa escueta pero certera” e que é unha invitación a reflexionar sobre varios temas e actitudes, como por exemplo a relación con persoas doutros países e culturas. Valóranse positivamente as ilustracións que acompañan a obra.

Cabaleiro, Alexandra, “A reivindicación constante da poesía”, *Fadamorgana*, nº 1, abril 1999, pp. 22-24.

Presenta a Antonio García Teijeiro como unha das figuras máis relevantes dentro do ámbito da literatura infantil e xuvenil galega “pola súa reivindicación constante da poesía como xénero literario capaz de facer espertar a sensibilidade dos nenos e adolescentes e levalos á reflexión crítica”. Sinala que para unha mellor comprensión da súa obra é necesario ter presente a súa dedicación á docencia e, a seguir, fai unha análise do seu labor como poeta, partindo dos seus primeiros poemarios, *Coplas, Nenos e Aloumiños* (1988), ata chegar á súa “mellor” obra, *Na fogueira dos versos* (1996). Así que, das obras que vai analizando, dá conta do seu contido, dos seus aspectos formais e do significado que tiveron dentro da súa traxectoria poética, ademais de reproducir algúns dos seus versos. Finalmente, sinala que as dificultades que o autor ten que afrontar no seu traballo vense recompensadas por consegui-la súa máxima aspiración: “que os nenos aprendan a amar a poesía”.

Carballeira, Paula, “O elixir da eterna xuventude”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura popular”, abril 1999, pp. 64-66.

Fala da beleza e da fermosura na que sempre se manteñen as historias e puntualiza que a súa inmortalidade reside na ansia de comunicar. Refírese ó papel do contador, que non se limita a relatar acontecementos, senón que debe dotalos dunha dose de enxeño e imaxinación, ademais de dar conta dos cambios que experimentaron as sesións de contacontos, pois agora teñen lugar en novos ámbitos e o ambiente é diferente. Afirma que un contacontos non é un actor xa que, en todo caso, interprétase a si mesmo e salienta que o protagonismo é das historias. Remata indicando que as diferencias entre os contadores para nenos e para adultos non son tan grandes e animando á xente a traballar no “elixir da eterna xuventude”, posto que o único “imprescindible é saber historias e querer contalas”.

Carrodeguas, Xurxo A., "*O laboratorio do doutor Nogueira*, de Agustín Fernández Paz", *Eidos do Libro*, nº 3, "Xanela aberta", marzo 1999, p. 19.

Comentario feito por un rapaz de trece anos que considera que *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), de Agustín Fernández Paz "engánchate de contado". Resume, a continuación, o seu argumento e ofrece a súa opinión sobre a intención do autor.

Casalderrey, Fina, “Subxectivamente”, *Fada-morgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, p. 59.

Considera Fina Casalderrey que os lectores anónimos, dende a súa subxectividade colectiva, son os que poden axudarnos a tirar conclusións algo máis obxectivas sobre as obras literarias. A seguir, sinala que a ela o que lle gustaría sería arrincar risos, medos e bágoas ou ser “políticamente incorrecta” ó botar man de palabras e temas que rouba da realidade dos nenos, e dá conta dos comentarios que asume ou rexeita cando se fala da súa obra. Remata afirmando que un autor “non é un libro senón unha obra global”.

_____, “Fina Casalderrey. Notas autobiográ-ficas”, *Terra Bárdica*, “Homenaxe a unha escritora”, nº 1, maio 1999, pp. 6-7.

Texto autobiográfico de Fina Casalderrey publicado con anterioridade en castelán na revista CLIJ, nos números 37, 44 e 63. Nel a autora fai unha semblanza da súa infancia e comenta algunhas das anécdotas máis significativas da súa vida. Enumera, a seguir, as súas afeccións, especialmente o teatro e a lectura; a súa profesión como mestra e, finalmente, confesa o seu interese pola cultura e os costumes do seu país, reflectidos nalgunhas das súas publicacións.

Castro, Francisco, “Internet vs. Libros”, *Fada-morgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, pp. 36-38.

Refire unha serie de situacións actuais, que a levan a afirmar “que agora a Rede constitúe a linguaxe común da xente (...) cando antes era o libro”. Considera que isto é lóxico ata certo punto, porque a rede converte a xente máis nova en protagonistas ou posibilítalles que sexan descubridores de enderezos web. A seguir, defende que os libros físicos seguen a ser mellor opción que ler só textos virtuais e sinala que nas librerías de verdade hai moito máis para escoller. Sinala que un modo de ser auténtico pode estar en mante-la fidelidade ó libro de sempre, fronte á presión das novas formas de texto virtual, ademais de animar a todos a que procuren xeitos e maneiras de converte-la xente máis nova en lectores.

Cid, Xabier, “A infinda elipse entre público e producto”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1999, pp. 183-185.

Despois de afirmar que a banda deseñada é “o sector da producción cultural galega que se atopa en peor estado”, algo semellante ó que acontece en Portugal, céntrase en comenta-la aparición da revista *Elipse*. Critica o descoñecemento da situación real do cómic en Galicia por parte das institucións e louva a calidade desta banda deseñada, ademais de describi-lo contido, do que salienta as historias de Miguelanxo Prado, Fran Bueno ou Kiko da Silva, ós que lle augura un exitoso porvir. Finalmente, comenta algunhas deficiencias na edición.

Cobas, Xosé, “Autorretrato”, *CLIJ*, nº 116, maio 1999, p. 64.

Ademais de facer Xosé Cobas o seu propio autorretrato, ofrécese unha bibliografía seleccionada da súa obra como ilustrador.

Cuba, Ramiro Xoán, “Á procura das voces vellas. A recolleita literaria na escola”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura popular”, abril 1999, pp. 59-63.

De entre as publicacións promovidas polos centros escolares que están orientadas a divulgar traballos previos de recolleita ou estudio da nosa literatura de tradición oral, salienta o libro,*Xermade, o meu pobo* (1984), que é da autoría dun grupo de profesores e alumnos do Colexio Público de Xermade (Lugo) e que está concibido como un programa global de investigación de distintos aspectos do seu Concello (histórico-artísticos, xeográficos, etnográficos...); e a revista *Miuzallas*, elaborada por un grupo de docentes do Colectivo Estiño, que divulga, nun monográfico publicado en 1998, unhas ducias de lendas situadas en diversos lugares da provincia de Lugo, que foron recollidas, manuscritas e ilustradas por rapaces de Bretoña, Oleiros (Vilalba), Pol e outras localidades lucenses. Tamén dá conta dalgúns dos valores que xustifican este tipo de traballos nos centros escolares, como son o uso positivo que se pode facer na aula dos materiais literarios emanados do contorno máis inmediato ós alumnos e a súa función de pontes de relación entre netos e avós. Por último, sinala que constata certas eivas de tipo metodolóxico nestes traballos e achega apuntamentos e orientacións para a súa resolución referentes: ó traballo previo na aula e de campo, á transcrición dos textos, á creación dun arquivo e ós criterios para a súa publicación.

Eizaguirre, Alicia, “Lectura crítica da traducción galega de *Le petit Prince*”, *Galicia dende Salamanca* 2, “Artigos”, 1999, pp. 109-123.

Análise crítica da traducción feita por Carlos Casares da obra *Le petit Prince* (1946), de Antoine de Saint-Exupéry, vertida ó galego baixo o título de *O Principiño* (1983), centrándose naqueles problemas presentes nos planos sintáctico, morfolóxico e semántico, ademais dos de estilo, como pode se-la omisión de oracións, as traducción dos pronomes “on”, “en”, e “y”, a palabra “drôle” ou o tratamento dos personaxes, así como os cambios culturais entre a lingua de orixe e a de recepción. Conclúe que non se trata dun ataque ó traballo de Carlos Casares, senón a análise pormenorizada desta traducción e os problemas que o traductor pode atopar, rematando por dicir que “é unha boa traducción, que se le sen problemas e que se consegue atrae-la atención” do lector.

Enríquez Rodríguez, Xosé M., “Unhas narracións amables”, *Guía dos libros novos*, nº 7, “Narrativa”, maio 1999, p. 25.

Sinala que *A Ermida do Diaño* (1998), de Xelucho Abella Chouciño, aparecida nunha colección de literatura xuvenil, non é necesariamente só para xente moza, ó igual que outras moitas publicacións que saen baixo este epígrafe. A seguir, céntrase na estructura e no contido desta obra, que está formada por catro contos ambientados en lugares indeterminados e dos que ofrece un pequeno resumo. Tamén se refire ó estilo dominante na obra, caracterizado pola sinxeleza e a progresión.

Etxaniz, Xabier, "*Ostiralekato opila*", *CLIJ*, nº 114, marzo 1999, p. 60.

Salienta que Patxi Zubizarreta en *O pastel dos venres* (1998), escrito en éuscaro e traducido ás outras linguas do estado, fai un canto á solidariedade, á xenerosidade, ó amor, á pobreza e á necesidade de cariño, feito todo a través da historia de Simón, un neno que vive nunha casa de acollida e que será axudado por unha moza chamada Lerie.

Fernández, Mª Jesús, "*Claudina volveu*", *CLIJ*, nº 112, xaneiro 1999, p. 49.

Comentario no que describe o argumento desta obra de X. A. Perozo publicada en 1998, e se sinala que nela se desenvolve unha "Historia original contada de manera amena y ágil".

_____, "*Linguas longas*", *CLIJ*, nº 112, xaneiro 1999, p. 54.

Despois de describi-lo contido de *Linguas Longas* (1998), de Xabier López Domínguez, centra o seu comentario nas voces narradoras que se alternan para contar aspectos que enmarcan ou complementan a historia tráxica de Mario e que son axudadas polo narrador "siempre objetivo", que describe de forma breve os personaxes e transcribe en estilo indirecto parte das súas conversas. Salienta que se trata dunha historia contada de xeito orixinal e con humor.

_____, "*O home que inventou unha maneira de andar*", *CLIJ*, nº 113, febreiro 1999, p. 53.

Ademais de acoller gratamente o conto *O home que inventou unha maneira de andar* (1998) de Xabier P. Docampo, dá conta do seu argumento e sinala aqueles trazos máis salientables da súa escrita. Así, afirma que esta historia, dirixida ós primeiros lectores, préstase a ser lida en voz alta e posúe certo humor e unha linguaxe adecuada con frases sinxelas e breves, comparacións e onomatopeas. Tamén loa a cor e expresividade das ilustracións.

_____, "*Ás de mosca para Anxo*", *CLIJ*, nº 113, febreiro 1999, p. 57.

Saliéntase a voz narradora desta obra (1998) de Fina Casalderrey, "un narrador infantil (...) que nunca se presenta a si mismo". Coméntase que a historia, aínda que se centra na nena, ten un protagonismo colectivo, un grupo de rapaces, e que o narrador fala de quen son, os seus gustos, as relacións coa protagonista e faino con "un lenguaje expresivo, ingenuo, cargado de humor". Dise que as ilustracións de Uhía están en consonancia coa sensibilidade e tenrura deste texto.

_____, "*O asasino invisible*", *CLIJ*, nº 113, febreiro 1999, p. 62.

Repasa os dez relatos que compoñen esta obra de Xosé Durán (1998). Dise que teñen en común o feito de que a acción se sitúa no futuro e a reflexión das luces e sombras do ser humano. Neles fálase dos avances tecnolóxicos, dos pros e contras da enxeñería xenética, preséntanse casos policiais protagonizados por un inspector anticuado e faise, segundo se di, sempre en primeira persoa e con técnicas diversas (diario, carta ou crónica periodística) e cunha gran dose de humor.

_____, "*A longa viaxe de Carambeliña Polar*", *CLIJ*, nº 114, marzo 1999, p. 61.

Logo de conta-lo argumento deste conto de Ana Mª Fernández (1998), centrado na viaxe da folerpa ás terras de Norte para ve-las súas irmás gracias ó mago Corisco, comenta que estamos diante dunha historia imaxinativa, que conta ensinanzas sobre a natureza e o seu comportamento.

_____, "*Manual para unha pequena meiga*", *CLIJ*, nº 114, marzo 1999, p. 61.

Primeiramente salienta a complicidade que Gloria Sánchez, autora do conto (1998), sabe establecer cos lectores novos, debido á non infantilización do discurso e á "desenfadada irreverencia" que emprega, tanto nos temas coma na linguaxe. Sinala que vai dirixido ás nenas e conta, a seguir, o argumento da obra que se centra na divulgación dun manual práctico para bruxas novatas, no que hai moitas fórmulas para consegui-los desexos de cada quen.

_____, "*A rutina corsaria*", *CLIJ*, nº 114, marzo 1999, p. 61.

Dise que este relato (1998) de Jaureguizar é unha parodia dos libros de aventuras, contado en clave de humor, cunha linguaxe desenfadada e áxil. A seguir, descríbese o contido de cada unha das partes das que consta o volume, centrado na figura do protagonista, o fareiro Expósito Vindeira, que un bo día se converteu no corsario capitán Thunderskin.

_____, “Anisia Miranda. *A cama, a bolboreta e o paxariño*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 75.

Indica que este libro (1998), dirixido ós pequenos lectores, recolle trece contos fantásticos breves, que, en numerosas ocasións, pretenden ser exemplificadores de conductas e actitudes. Salienta a presencia da voz narradora que se dirixe á súa audiencia e comenta que a lingua é “sinxela e poética”, aínda que presenta incorreccións. Tamén sinala que as numerosas ilustracións de Alfredo Gutiérrez, están feitas cunha tipografía “demasiado recargada”.

_____, “Xavier López Rodríguez, *Voces de vacas*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 76.

Alén de dar conta da trama desta novela (1998), que se centra na relación que manteñen dúas vacas, apunta que se trata dun “fermoso libro, tenro e duro á vez”, que recolle unha homenaxe a estes “esforzados” animais.

_____, “Xosé Antonio Perozo. *Camiño de fantasía*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 77.

Ademais de facer unha síntese deste libro (1998), no que se narra a viaxe feita por uns amigos e os seus animais de compañía para chegar á Cidade da Compañía, salienta que se trata dunha historia na que o propio feito literario ten unha importante presencia e na que se atopan elementos clásicos e outros máis actuais. Sinala tamén que outra das súas características está na continua interpelación que se lles fai ós lectores para que colaboren na progresión da historia.

_____, "*O laboratorio do doutor Nogueira*", *CLIJ*, nº 116, maio 1999, p. 65.

Descríbese, primeiramente, o argumento desta obra (1998) de Agustín Fernández Paz e coméntase que para realiza-la historia usou o autor tres recursos: a creación do personaxe central, a partir das características dos superheroes do cómic; a presencia dun personaxe narrador testemuña dos feitos; e, finalmente, o uso dun rexistro humorístico.

_____, “Literatura infantil e xuvenil e dereitos humanos”, *Revista Galega da Educación*, nº 33, “Recursos”, maio 1999, pp. 78-85.

Diserta ó redor da literatura infantil e xuvenil e a súa condición de instrumento favorecedor dun mundo máis xusto e igualitario. Aprecia unha diferencia entre literatura para adultos e nenos, que radica na necesidade de ter en conta ó destinatario, a súa evolución psicolóxica e o seu dominio da linguaxe. Considera que nesta literatura se pode abordar calquera tema e que ultimamente están a predomina-los contidos didácticos sobre os lúdicos. A seguir, divide o seu artigo en tres seccións: “Prelectores e primeiros lectores”, na que salienta o álbum como mellor formato para esta idade; “Lectores avanzados”, na que destaca a presencia de personaxes en relación coa convivencia, o compromiso por facer literatura antiautoritaria, o dereito dos nenos á súa propia identidade, a marxinalización dos seres que non pertenzan ós canons preestablecidos e o emprego de animais como personaxes cando se reflicten os prexuízos da sociedade; e “Literatura xuvenil”, na que pon de relevo o aumento da producción e das coleccións destinadas a un lectorado xuvenil e fala da temática desta producción, entre a que salienta como temas habituais, a violencia, a marxinalidade, a perda de valores culturais relacionado coa drogodependencia, a sociedade en crise, o racismo e o pacifismo. Fai referencia á creación de relatos autobiográficos relacionados coa guerra e a publicación de historias ambientadas no futuro. Finalmente, remite ós catálogos da Fundación Germán Ruipérez e ó do VIIIº Salón do Libro na Coruña para aqueles interesados no tema aquí exposto.

_____, “Fina Casalderrey: unha cronista da familia actual”, *Terra Bárdica*, “Homenaxe a unha escritora”, nº 1, maio 1999, p. 10.

Analiza a figura de Fina Casalderrey dentro do mundo da literatura infantil en Galicia e cualifícaa de impulsora dun tipo de literatura que define como “realismo cotián”. Analiza os trazos que caracterizan a súa obra dende esta perspectiva, como son o reflexo da realidade cotiá a partir da mirada dos protagonistas en obras como *O misterio dos fillos de lúa* (1995) ou *O estanque dosparrulos pobres* (1996). A seguir, detense na temática que insire na súa creación como a problemática social, a infancia ou a adolescencia e destaca o humorismo dalgún deles. Finalmente, agrádecelle á autora a súa contribución ó coñecemento e á dignificación da literatura infantil e xuvenil.

_____, "*Animais de compañía*", *CLIJ*, nº 117, xuño 1999, p. 66.

Comeza describindo a historia que se conta nesta obra (1998), de M. Lourenzo González, ilustrada por Enjamio e da que Mª Jesús Fernández di que contén tódolos elementos precisos para ser do agrado dos pequenos lectores: edición coidada –en cartoné e rústica–, formato álbum, texto sinxelo e divertido, con fórmulas reiterativas.

_____, "*A tea de araña que todo o apaña*", *CLIJ*, nº 118, xullo-agosto 1999, p. 55.

Primeiramente salienta as ilustracións e a estructura rimada e acumulativa con que se presenta a historia que se relata neste conto rimado (1998), de Xoán Babarro. A seguir, relata o argumento e insiste en que a estructura acumulativa "está construída con frases sencillas, repetitivas y utilizando los recursos de la rima y la aliteración". Destaca tamén a sinxeleza das frases, a beleza das metáforas e as caracterizacións de cada animal.

_____, “Galicia: por buen camino/Galicia: por bo caminho”, *CLIJ*, nº 120, outubro 1999, pp. 44-57.

No marco de crecemento da literatura galega, detectou nos derradeiros meses do ano 1999 certas novidades: a primeira está no aumento da publicación de álbums infantís, en especial, por parte da editorial Kalandraka que, nas súas dúas coleccións “Dememora” e “Os contos do Trasno Comodín”, recolle contos orixinais e contos clásicos de transmisión oral, respectivamente, e “Tras os Montes”, que presenta traduccións. Cita, a seguir, as novas coleccións das editoras destinadas ó público infantil que tiran do prelo “álbumes infantís”. Separa deste grupo o que chama “O filón dos contos populares e clásicos”, ó que se incorporan varias editoras que os versionan cada vez con máis coidado e preocupación ilustrativa. Comenta que esta literatura vive un momento de renovación, tanto dende o punto de vista dos creadores coma da temática. Así mesmo, comenta as obras que considera máis destacables e dedícalle un apartado a obras singulares, sobre todo a aquelas que veñen da man das institucións.

_____, “A década dos noventa, consolidación e crecemento”, *Fadamorgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, pp. 52-59.

Comeza esta análise da literatura infantil e xuvenil dos noventa, afirmando que estes son anos de “consolidación e crecemento”, posto que isto apréciase tanto en aspectos cuantitativos coma na ampliación dos tramos de idade dos lectores e na extensión e variedade das temáticas tratadas. Apunta que os factores deste incremento están no aumento do número de coleccións e no establecemento de novos axentes editores especializados, ademais de salientar que outro fenómeno actual é o medre da edición de álbums dirixidos ó lectorado máis miúdo. Con respecto ós autores de literatura infantil e xuvenil, destaca que aparece xente nova e os “escritores para adultos” queren seguir coa súa colaboración neste sector. A seguir e logo de afirmar que a narrativa, fundamentalmente o relato curto, é o xénero cuantitativamente mellor representado, dá conta das temáticas abordadas e das obras máis representativas. Tamén destaca o interese existente por actualiza-las vellas formas tradicionais e por experimentar novas posibilidades narrativas, particularmente, o tratamento da voz en primeira persoa. Finalmente, refírese á producción, xa moito menor, da poesía, teatro e cómic, citando algunhas mostras de obras representantivas; ó papel de importancia xogado pola ilustración e ó labor de promoción desenvolvido no ámbito da literatura para os máis novos.

_____, "*Valdemuller*", *CLIJ*, nº 121, novembro 1999, p. 72.

Principia coa descrición da historia que se conta na obra de Xosé Antonio Neira Cruz (1998) e finaliza dicindo que se trata dun relato complexo, ben contado, cunha linguaxe sinxela e eficaz que consegue "el difícil equilibrio de hacer convivir, sin que ello resulte forzado, el plano de la vida cotidiana de una joven, con otro plano más simbólico".

_____, “Brumoso”, *CLIJ*, nº 121, novembro 1999, p. 73.

Ademais de conta-la historia que se narra nesta obra de Xavier López Rodríguez, publicada en castelán en 1999 e en galego en 1998, sinálase que a súa voz narradora dirixe as confidencias a un ti non presente, feito que determina a linguaxe, coloquial e peculiar, da xuventude empregada polo autor.

Fernández Paz, Agustín, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 22, “O pracer de ler”, febreiro 1999, pp. 169-177.

Inclúe breves anotacións, de carácter meramente descritivo e argumental, dalgunhas das últimas novidades que apareceron no eido da literatura infantil e xuvenil en lingua galega. Trátase de*Animais de compañía*, de M. Lourenzo González; *Adiviñas*, de Mª Fe Quesada; *O Quirico lambón*, de Bernardino Graña; *¿Por qué a María Xosé lle chaman Xosé Mari?*, de Seve Calleja e traducido por Damián Villalaín; *Historias secretas do espacio*, de Joan Manuel Gisbert e traducido por Xosé Luís Rivas Cruz; *Tanis I o Mocos*, de M. Lourenzo González; *Breogán*, de Xabier P. Docampo; *A rutina corsaria*, de Jaureguizar e *Reencontro*, de Fred Uhlman e traducido por Miguel Pérez Romero. A seguir, comenta varias obras en castelán, destinadas tamén ó público infantil e xuvenil.

_____, “Cómics e dereitos humanos”, *Revista Galega de Educación,* nº 33, “Recursos”, maio 1999, pp. 86-88.

Achega unha selección de cómics nos que se ofrece unha visión do mundo e unha reflexión sobre as persoas e o sentido da vida. Cre que as persoas tenden a pensar que un cómic ou pertence ó grupo dos “desideolóxicos” ou ós que se basean nos contravalores, e que neles só se atopan superheroes violentos, heroínas “accesas de calor” ou adolescentes xaponeses obsesionados coa roupa interior femenina. Ademais, declara que é a dictadura do mercado quen impón uns productos feitos en serie e quen despraza a un mercado minoritario o resto. Subliña que a situación actual é peor que a de anos anteriores a causa da introducción neste campo dos productos humorísticos, dos mangas xaponeses e daqueles que se centran en superheroes. Así mesmo, entende que con esta perspectiva se pense que os cómics exemplifican todo o contrario ós Dereitos Humanos e notifica a existencia dunhas edicións nas que se recupera a verdadeira esencia destas publicacións. A seguir, proporciona unha escolma de bandas deseñadas en lingua galega e castelá axeitadas ó perfil descrito e recomendables para unha “comicteca”. Comenta a temática ou composición dalgúns dos títulos e destaca a Xaquín Marín como un dos “pioneiros na creación do cómic de expresión galega” e a súa orientación cara ó humor gráfico por falla de industrias culturais que apoien este xénero.

_____, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 23, “O pracer de ler”, maio 1999, pp. 279-287.

Nesta ocasión, comenta as seguintes obras escritas en galego e destinadas ó público infantil e xuvenil: *A tea de araña que todo o apaña*, de Xoán Babarro; *Carapuchiña Vermella, Verde,Amarela, Azul e Branca*, de Bruno Munari e Enrica Agostinelli e traducida por Silvia Gaspar; *Manual para unha pequena meiga*, de Gloria Sánchez García; *Contos marabillosos, I*, de X. Miranda, A. Reigosa e X. R. Cuba; *Ás de mosca para Anxo*, de Fina Casalderrey; *A pousada dosétimo día*, de Juan Farias e traducida por X. Senín; *Memorias dun raposo*, de Antonio Reigosa;*Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz e *O prognóstico da lúa*, de Marga do Val.

_____, “Os 80: tempo de abrir vieiros”, *Fadamorgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, pp. 42-48.

Realiza unha análise do ocorrido na literatura infantil e xuvenil galega nos anos oitenta, unha etapa que considera idónea para exemplifica-lo que lle parece máis relevante na historia da nosa literatura: “a fonda interrelación existente entre o proceso de normalización social da lingua e o medre e consolidadción da LIX”. Así, despois de salientar cambios como a aprobación da Lei de Normalización Lingüística (1983), fala da vitalidade que experimentou a industria editorial neses momentos, pois apareceron editoriais novas, as existentes víronse na obriga de amplia-lo seu campo de actuación e introducíronse outras foráneas. Tamén alude á necesidade de facer traduccións para atender inicialmente a demanda potencial e ó papel xogado por premios coma o Barco de Vapor e o Merlín. A seguir, expón que o aspecto máis salientable da década foi a creación de coleccións propias destinadas a acoller, total ou parcialmente, textos de autores galegos e refírese á presencia dalgunhas das editoriais máis destacadas no ámbito da edición da literatura infantil e xuvenil en castelán, que iniciaron a edición de libros en lingua galega. Por último, declara que nesta etapa apareceron xa os xéneros principais propios dunha literatura normalizada e exemplifica estes a partir dunha selección “dos que considero os doce títulos máis relevantes da década”, ademais de anotar que a poesía e o teatro terían que agardar ós noventa para acadar unha presencia significativa.

_____, “Literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 25, “O pracer de ler”, novembro 1999, pp. 193-201.

Ofrece breves comentarios sobre obras publicadas en 1998 e 1999: *O coelliño branco* (1998), de Xosé Ballesteros; *Club contra Blef* (1998), de Isabel Freire; *Flanagan 007* (1998), de Andreu Martín; *A miña veciña éche unha bruxa* (1999), de Paloma Bordóns; *Contos marabillosos, III* (1999), de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba; *Dragón Rock* (1999), de Xaquín Marín Formoso; *Memorias dunha vaca* (1999), de Bernardo Atxaga; *Tempo rachado*, de Margot Chamorro; e Jaume Ribera e *Silencio no corazón (*1999), de Jaume Cela.

Fernández-Prieto, Sagrario, “IIº Congreso de Literatura Infantil y Juvenil”, *Delibros*, nº 118, febreiro 1999, pp. 24-25.

Informe panorámico sobre o contido do “IIº Congreso de Literatura Infantil y Juvenil” celebrado en Cáceres en decembro de 1998. Dá o nome dos relatores por parte de cada unha das delegacións nacionais participantes e sintetiza o estado actual da literatura e a ilustración de obras destinadas ó lectorado máis novo. Finalmente, salienta as exposicións que complementaron o congreso.

_____, “Literatura Infantil y Juvenil. Un valor en alza”, *Delibros*, nº 119, marzo 1999, pp. 19-26.

Artigo que informa sobre o estado actual da literatura infantil e xuvenil nas diferentes linguas do estado no ano 1998. O referido á producida en lingua galega corre a cargo de Blanca-Ana Roig Rechou, quen considera que houbo poucas novidades con respecto a anos anteriores, salvando o aumento de volumes ilustrados dirixidos os primeiros lectores. Sublinia duas actuacións institucionais: a colección de recortables “A Maxia das palabras” e o estoxo dedicado ós autores homenaxeados no Día das Letras Galegas. Destaca tamén a aparición de novas coleccións e cre que a política de traduccións foi mellorando. Como principais eivas, observa a escaseza de poesía, teatro, cómic e álbum infantil, así como a falta de crítica especializada e a case ausencia desta literatura dos medios de comunicación.

Freire, Xosé Manuel, “Entre a mitoloxía e a imaxinación”, *Guía dos libros novos*, nº 5, “Literatura Xuvenil”, marzo 1999, p. 29.

Dáse conta da última obra de Xosé A. Neira Cruz, *Valdemuller* (1998), da que se achega o contido, salientando a relación co mundo simbólico e máxico que se mantén ó longo de toda a novela, ofrecendo ademais unha ampla explicación do mesmo. Destácase o ocultamento en favor do interese que o autor esperta no lector, ademais da mestura do imaxinativo co real e cotián. Remata reflexionando sobre a limitación que a moitas obras lle impón o cualificativo de “xénero infantil e xuvenil” de cara ós potenciais lectores.

Gaspar, Silvia, “O último premio Barco de Vapor”, *Grial*, nº 141, Tomo XXXVII, xaneiro, febreiro, marzo 1999, pp. 196-198.

Despois de se referir ó prestixio e á relevancia acadados pola literatura infantil e xuvenil galega dentro do estado, tanto nas cifras de producción coma na aparición de numerosos premios, céntrase en *Valdemuller*, a novela gañadora do Barco de Vapor no 1997, de Xosé Antonio Neira Cruz. Resume o argumento da obra e, do mesmo xeito que o xurado, destaca os valores da linguaxe e o ritmo narrativo, calidades ás que lle suma “unha caracterización absolutamente coherente dos personaxes femininos”. Comenta a influencia de Paulo Coelho, sobre todo pola presencia dunha viaxe iniciática e polo forte contido didáctico. Con respecto ó didactismo, opina que é un elemento necesario neste tipo de obras, e que neste caso lle afecta ós personaxes femininos. Refírese, a seguir, ó papel que os máis novos desenvolven na posta en escena da obra, e propón unha serie de interrogantes ó redor da identificación dos posibles lectores cos personaxes que protagonizan as obras, así como a introducción de contidos morais neste *corpus* de textos. Finalmente, cre que se cometeu un erro en canto á idade dos lectores que recomenda no paratexto.

_____, “Xabier P. Docampo. *O home que inventou unha maneira de andar*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 75.

Achega unha breve síntese desta historia publicada en 1998 por Xabier P. Docampo, que considera “sinxela e axeitada” para ser lida por primeiros lectores, polo seu bo tamaño tipográfico, ou por educadores, xa que mantén as constantes da narración oral. Tamén salienta que cobra sentido completo coas ilustracións de Xosé Cobas.

_____, “Gloria Sánchez. *Manual para unha pequena meiga*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 75.

Puntualiza que nesta obra publicada en 1998, a súa autora crea unha “divertida enciclopedia de bruxería infantil e trasneira”, ademais de comentar que nela abandona o adoito universo das rimas infantís e aposta pola prosa de bo ritmo para o lectorado miúdo.

_____, “Colectivo Crisol. *O dragón e a princesa*/*Apio*/*O fillo do* Rei/*Martuxiña*/*Blancaflor*/*Catro irmáns con oficio*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 75.

Indica que o Colectivo Crisol bota a andar para ofrecer ós lectores máis novos algunha das creacións da literatura infantil universal, acollendo en cada volume tres dos contos máis emblemáticos. Dá conta dos títulos que recollen as súas dúas primeiras entregas e apunta que o seu formato reducido non impide que nelas aparezan ilustracións a toda cor, especialmente indicadas para o lectorado ó quen van dirixidas.

_____, “Fina Casalderrey. *Ás de mosca para Anxo*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 76.

Resume o argumento desta peza narrativa de Fina Casalderrey (1998) e apunta que, como soe suceder coa súa obra, dáse nela “un certo desequilibrio entre a mensaxe didáctica e didactista (por e para adultos) e as actuacións dos personaxes”, aínda que consegue eludi-los “tintes confesionais” que caracterizan outras das súas produccióǹs.

_____, “Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xóan Cuba. *Contos Marabillosos I*/*Contos Marabillosos II*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 76.

Sinala que a colección “Cabalo Buligán” sacou do prelo unha serie de adaptacións de relatos da tradición galega ou universal e achega os títulos que recolle o primeiro volume –”O paxaro que fala, a árbore que canta e a auga dourada”, “Manta en Roma” e “A gaita que facía a todos bailar”– e o segundo –”Xanciño o oso”, “Brancaflor” e “A flor do violar”. Salienta a “Nota” que acompaña a cada unhas das historias, nas que se dá conta da bibliografía coñecida sobre algún dos seus aspectos ou das diferentes versións que tiveron na literatura popular. Por último, comenta que a aparición destes volumes coincide coa edición de coleccións similares noutras editoriais.

_____, “Antonio Reigosa. *Memorias dun raposo*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 77.

Comenta que estamos ante unha creación herdeira da fábula, na que os lances do protagonista entran en combinación coa intención didáctica, pois non é difícil atopar toda unha serie de reivindicacións da cultura tradicional galega. Tamén apunta que o relato é “adecuadamente sinxelo e ameno para o lector”, pese a que por el se cruzan historias secundarias que poden chegar a entorpece-la comprensión.

_____, “Agustín Fernández Paz. *O laboratorio do Doutor Nogueira*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 77.

Puntualiza que, nesta nova entrega, Agustín Fernández Paz (1998) segue interesándose polos temas fantásticos e, especialmente, polos que se formulan en clave de humor e mantendo o seu compromiso coas protagonistas femininas, aínda que se desmarca dun certo afán pedagóxico que inzaba algunha das súas últimas pezas. Así mesmo, apunta que nos atopamos ante unha das creacións “máis logradas” de Fernández Paz, que xa pode ser lida por lectores dende os 11 anos e que presenta unhas “imaxes especialmente dinámicas” de Francisco Bueno Capeáns.

_____, “Xelucho Abella Chouciño. *A ermida do diaño*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 78.

Indica que Abella Chouciño (1998) se introduce na literatura xuvenil con catro contos de carácter fantástico que forman este volume, que se completa con tres apéndices, “tal vez demasiado exhaustivos”, referidos á orixe e vocabulario marítimo. Tamén sinala que esta peza, “de factura moi correcta”, ten dous “puntos escuros”: a ambientación na posguerra do primeiro conto, quizais demasiado afastada para un adolescente actual, e a organización dos contos, pois o titulado “A balandra do esqueleto”, xunto cos seus tres apéndices, debería ir ó final.

_____, “O triunfo dos números na república das letras”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Panorámicas”, xuño 1999, pp. 233-239.

Visión panorámica da literatura infantil e xuvenil en 1998 partindo da consideración de que recibe moi pouca atención da crítica, malia superar con creces as vendas da literatura “para adultos”. Para comezar, indica que o mercado da LIX está “sobreinflacionado”, que aumentou o número de títulos, co clásico predominio da traducción, e a aparición da editorial especializada Kalandraka, que incorpora o libro-obxecto. Paralela á estratificación que marca a LOXSE, vai referirse ás distintas bandas de idade. Nos niveis inicial e medio (9 e 13 anos), destaca a “young fiction”, a traducción de textos clásicos universais, o alto número de reedicións e o material pragmático, sobre todo, referente á historia de Galicia. Relacionado con isto, destaca as obras xenéricas de orientación feminina escritas por mulleres e a inadeacuación de certas propostas coa idade dos lectores. Segundo ela, este foi o ano de Xosé Antonio Neira Cruz e, para os primeiros lectores, sinala a presencia consolidada de Gloria Sánchez e Xoan Dobarro e dos ilustradores Xan López Dominguez, María Fe Quesada e Manuel Uhía. Para rematar, salienta a irrupción de autores de literatura para adultos, a aparición de novos autores, a mingua dos xéneros poéticos e dramático e a necesidade dunha autocensura nos autores para fuxir do factor comercial deste tipo de literatura.

_____, “Títulos e autores que marca nun século de LIX”, *Fadamorgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, pp. 60-64.

Despois de subliñar que non existe propiamente unha literatura infantil e xuvenil galega ata a década dos 70, fai un percorrido a través das décadas dos oitenta e noventa, indicando aqueles trazos que máis destacaron da citada literatura. Tamén recolle a portada dalgúns dos volumes que se publicaron ó longo das décadas analizadas e achega unha serie de comentarios sobre eles.

_____, “Isabel Freire Bazarra. *Glub contra Blef*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 72.

Logo de indicar que neste volume se presenta a historia da resolución dun conflicto de liderado entre os peixes dun acuario doméstico, comenta que nel se alterna unha “coidada” presentación cun certo “descoido” editorial no que se refire ó texto. Tamén apunta que as ilustracións de Evaristo Pereira ocupan un papel fundamental “pola súa viveza de imaxes e cores”. Por último, considera que este factor, xunto á sinxeleza do tema e a lingua utilizada, posibilita que *Glut contra Blef* (1998) sexa para nenos de máis de catro anos.

Janeiro, Darío, “O salto necesario”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, pp. 41-43.

Considera que na sociedade se está implantando un “sistema baseado na escrita cara á dictadura da imaxe”, polo que resulta imprescindible muda-lo sistema educativo. Faise eco do baleiro que, no terreo da literatura en xeral e da infantil e xuvenil en particular, atopamos na Rede e considera preocupante que as editorias que teñen coleccións para o público máis novo, non conten cun espacio dirixido especificamente para os destinatarios dos seus productos. Tamén dá conta dalgúns dos colexios e centros galegos que xa crearon a súa páxina web e menciona algunhas que están funcionando a nivel estatal e internacional e que poden ser empregadas tanto polos educadores coma polos pais. Conclúe sinalando que hoxe en día non existen escusas para da-lo salto da literatura galega, incluída a infantil e xuvenil, cara á rede.

Lamas Pena, Susana Mª , "*Ás de mosca para Anxo*, de Fina Casalderrey", *Eidos do Libro*, nº 3, "Xanela aberta", marzo 1999, p. 19.

Expón os motivos polos que lle gustou *Ás de mosca para Anxo* (1998), de Fina Casalderrey, ademais de resumi-lo seu argumento.

Lluch, Gemma, “Relacións entre a literatura infantil e televisión”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, pp. 58-60.

Achega diversa información sobre aqueles programas televisivos que comentaron ou tiveron relación coa literatura infantil, as versións cinematográficas dos clásicos e a influencia desta literatura no actual dirixido ós máis novos. A continuación e xa centrándose no tema deste artigo, diserta sobre a influencia que o cinema e maila televisión teñen na literatura para nenos, facendo fincapé na condición de televidente do lector actual e no fenómeno Disney. Tamén fala da serialidade e pon exemplos desta dentro da literatura infantil.

Martín, Paco, “Respostas sobre un libro”, *Fadamorgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, p. 47.

Levando adiante a solicitude que se lle fai dende *Fadamorgana* para que conte algo sobre as razóns que o levaron a escribir *As cousas de Ramón Lamote* (1985), reproduce algunhas das preguntas que lle fan e “non sei se tamén me fago eu” sobre este libro. A seguir, rexeita a posibilidade de teorizar e conclúe declarando que está “convencido de que si hai respostas e que todos cantos leron o libro xa as coñecen”.

Miranda, Xosé “Antonio Reigosa. *Memorias dun raposo*”, *Devoralibros*, nº 1, “Escritores e libros lucenses”, xuño 1999, p. 19.

Sinalando que *Memorias dun raposo* (1998), de Antonio Reigosa foi merecedora do Premio “Merlín” de Literatura Infantil, Xosé Miranda achégase ó seu contido e estilo destacando, nesta adaptación dos contos populares de raposos, “a brevidade, o humor e a fidelidade ó xeito de contar do narrador oral”, así como a súa lingua moi rica e fiel á que está aínda viva no pobo ou as ilustracións que acompañan a segunda edición da obra. Remata recomendándollela a maiores e nenos, porque os primeiros poderán lembra-los contos que escoitaron sendo cativos e os máis pequenos poderán comentalos cos seus maiores, fomentándose o diálogo e comunicación entre todos.

Moreno, Víctor, “De cal e de area”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, pp. 32-35.

Dá conta do seu parecer sobre a incorporación dos novos soportes á lectura e á escrita que, na súa opinión, non deben competir, completarse ou coexistir cos sistemas tradicionais, senón que van manter unha relación que estalará en crise e en conflictos varios a causa do “suxeito manipulador”. A continuación, achega toda unha serie de argumentos a favor ou en contra de ámbolos dous soportes, apostando sempre pola súa convivencia nun clima de apertura, sen medos ás técnicas, pero tampouco sen concesións banais.

Neira, Enrique, “Contos en CD-ROM: aventuras redondas”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, pp. 44-48.

Dá conta das funcións do DVD e do CD-ROM, para logo indicar que por medio deste último soporte é posible contar unha historia de xeito oral, escrito e gráfico, ó mesmo tempo ou por separado, e interactuar nela de diferentes maneiras. Refírese ás aplicacións educativas que poden te-los contos en CD-ROM e informa sobre o tipo de contos e programas educativos que hai en función das idades, ademais de indicar que en lingua galega só Anaya ten publicado *O príncipe feliz*, *O traxe novo do emperador* e *Androcles e o león*, que foron adaptados a partir do castelán. Polo que respecta á influencia na lectura dos productos multimedia en CD-ROM, considera que non é un soporte axeitado, como tampouco o é Internet, aínda que si poden motiva-la lectura dun mesmo conto en soporte libro. Conclúe considerando que as persoas que crean literatura infantil e xuvenil son quen de crear páxinas web de interese para os pequenos ou traballar coas editoras de CD-ROM para conseguir productos satisfactorios.

Neira, Nita, "*A pousada do sétimo día*, de Juan Farias", *Eidos do Libro*, nº 3, "Xanela aberta", marzo 1999, p. 18.

Esta lectora afeccionada ofrece un comentario da obra de Juan Farias *A pousada do sétimo día*, que se traduciu ó galego en 1998, centrándose na dualidade entre o racional e mailo irracional que se desprende da lectura do libro. Fai unha referencia especial á compoñente cabalística que ten o relato.

Neira Cruz, Xosé A., “Pura e Dora Vázquez”, *Fadamorgana*, nº 2, “Entrevista”, outubro 1999, pp. 10-11.

Nesta entrevista coas irmás escritoras de Ourense, Dora Vázquez comeza aclarando que, hoxe en día, son os artigos xornalísticos os que lle tiran máis pola pluma, mentres que Pura Vázquez sinala que a súa meirande paixón é a poesía. Pregúntaselles polo seu gusto pola temática relixiosa e Pura comenta que, a pesar de ter poemas místicos, nunca lle agradou introduci-la temática relixiosa ou espiritual na literatura infantil, fronte a Dora, que si ten escrito sobre a vida dos santos e, en moitos dos seus contos, hai unha clara conexión coa relixión. A seguir, exprésase Dora sobre o seu entusiasmo polo teatro, que veu das súas lecturas da mocidade, e refírense as dúas irmás á procedencia da súa afección pola literatura e ás súas lecturas infantís. Tamén mostran a súa opinión sobre a literatura que se fai agora para os máis novos, indicando que “continuamos levando dentro aquelas fantasías, e seguramente nos resulte difícil entender e adaptarnos á nova literatura para rapaces”, e Pura, que foi a primeira en publicar, dá conta das súas primeiras colaboracións e da saída do seu primeiro libro, *Márgenes doradas*. Finalmente, falan do carácter sedentario de Dora, quen pasou boa parte da súa vida nas aldeas onde foi mestra, e das viaxes de Pura, quen ía ós faladoiros de Ramón Cabanillas e se relacionou co “melloriño” da literatura.

_____, “María Victoria Moreno. “Estou a escribir contrarreloxo”, *Fadamorgana*, nº 3, “Entrevista”, decembro 1999, pp. 12-16.

Despois de ter presentado a María Victoria Moreno, mantén unha conversa con esta escritora nacida en Valencia de Alcántara (Cáceres), quen lembra que non descubriu o gusto pola literatura ata o seu encontro con profesores como Rafael Lapesa ou Dámaso Alonso. A seguir, sinala que comezou a escribir para combate-la dureza da vida e fai un percorrido ó longo da súa traxectoria literaria, ademais de desmenti-lo que se ten dito de que primeiro escribía en castelán e logo traducía ó galego. Declara que non lle interesa escribir para adultos e comenta que nos seus libros non hai moralina, aínda que pensa que hai determinados valores que cómpre enxalzar a través da literatura. Con respecto á literatura infantil e xuvenil galega, considera que nestes anos debeu ter dado máis de si e que unha da súas eivas está en que se faga unha literatura que dea cartos e sona. Finalmente, cita aqueles títulos ós que recorre cando quere ler boa literatura e refírese á súa última obra, *Guedellas de seda e liño* (1999), que foi escrita contrarreloxo e que non achega nada máis importante ca “un exemplo de honradez, un desexo manifesto de non escribir máis da conta para non facer ler cousas que non paguen a pena”.

Neira Vilas, Xosé, “Noticia e confesión”, *Fadamorgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, p. 33.

Aclara que o seu libro *Memorias dun neno labrego* (1961) non é un libro para nenos, pois o primeiro que fixo para o lectorado máis miúdo foi *Cartas a Lelo* (1971), e comenta que foi coñecendo a literatura infantil ó redor de 1963, gracias á súa muller, Anisia Miranda, e ó director da Editora Juvenil de Cuba, onde ela traballaba. Tamén conta que, en 1965, lle escribiu unha carta a Francisco Fernández del Riego, daquela xerente de Galaxia, na que fundamentaba a necesidade de habitua-lo pobo galego a ler dende a infancia, e como a partir de aí a citada editora en coordinación con La Galera, de Barcelona publicou en galego varios títulos, entre os que se atopan algúns de autores galegos. Conclúe dicindo que, a pesar de que se editan moitos libros infantís, nótase a falta dunha revista e confesando que comezou a escribir para nenos por “unha necesidade íntima de volver ó rapaz que fora e poida que tamén para que os rapaces de hoxe contasen con lecturas que eu non puiden ter”.

Novoa, Cristina, “Do cabaliño de buxo aos ratos rabilongos”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, p. 61-65.

Enuncia algúns dos cambios que se deron nos últimos anos na sociedade e afirma que a literatura infantil e xuvenil escrita en galego maniféstaos de forma tímida pero continuada. Realiza un percorrido por boa parte dos títulos publicados en Galicia que integran nas súas historias uns medios que hoxe en día non son alleos ás xeracións máis novas, como poden se-la prensa, os ordenadores, as viaxes a través do tempo ou a realidade virtual. Para rematar, sinala que a literatura infantil e xuvenil, se ha estar viva e presente na sociedade na que se orixina, non pode obvia-las novas formas de comunicación, aínda que si apoiar un uso creativo, activo, crítico e solidario das novas tecnoloxías.

Obiols, Núria, "*Mala Malona era tan... negra*", *CLIJ*, nº 116, maio 1999, p. 60.

Dá a benvida a esta nova colección "Mala Malona", que comezou a publicar no ano 1998 a editorial Sotelo Blanco. Os catro títulos publicados -*Mala Malona era tan... negra*, *Mala Malona tiña tal... boca*, *Mala Malona tiña tal... rabo* e *Mala Malona tiña tal... forza*- están protagonizados por Mala Malona, "un ser oscuro y divertido", e presentan unha estructura encadeada e circular. Ilustrados por Cristina F., segundo Núria Obiols, presentan unha estética que nos leva á década dos setenta.

_____, "*O grande Tronante*", *CLIJ*, nº 116, maio 1999, p. 60.

Neste breve comentario sobre a obra de Gloria Sánchez, *O grande Tronante* (1998), Núria Obiols informa do argumento deste álbum infantil, no que aparecen como protagonistas personaxes xa coñecidos por outra obra desta autora: o capitán Ro e o gato Bo. Tamén afirma que este é un álbum excelente, debido ó sentido do humor que contén e á calidade das ilustracións que para el realizou Xan López Domínguez, sen as que o texto non se podería ler na súa totalidade.

_____, "*O ladrón de voces*", *CLIJ*, nº 118, xullo-agosto, 1999, p. 58.

Presenta esta recensión un erro na ficha desta obra, de Rafael Fernández Lorenzo, referido ó ano de publicación, pois non se publicou no ano 1999, senón que se fixo en 1998. Nuria Obiols, primeiramente, alude á historia que se narra neste volume e que se centra na figura do Sr. Tirolairo, un ladrón de voces de contos, cancións "y todas aquellas cosas para las que la gente no tiene tiempo", que as levaba a unha illa para que vivisen, e como estas voces foron recuperadas.

_____, "*O anano saltareiro*", *CLIJ*, nº 119, setembro 1999, p. 63.

Despois de conta-lo argumento desta obra que se narra e de gaba-las ilustracións, sobre todo polas tonalidades colorísticas, loa tamén a adaptación deste conto dos irmáns Grimm, realizada por Tareixa Alonso e publicado en 1998, non en 1999, como se di na ficha da revista.

_____, "*O pirata Pata de lata*", *CLIJ*, nº 121, novembro 1999, p. 69.

Primeiramente cóntase o argumento do conto de Oli (Xosé Manuel González) publicado en 1998 e non, como se di na revista, en 1999, e logo dise que "la apuesta gráfica de este cuento entre el sueño y la realidad es tan expansiva como generosa". Gábanse as ilustracións que enchen o libro e a composición de color, "un batiburrillo cromático prácticamente perfecto", que invita a "echarle mano al cuento repetidas veces".

_____, "*O coelliño branco*", *CLIJ*, nº 122, decembro 1999, p. 60.

Cóntase o argumento, ó mesmo tempo que se fala con entusiasmo da transformación gráficafeita por Óscar Villán a este conto encadeado, pola que mereceu o premio Nacional de Ilustración 1999. A adaptación, realizada en 1998, correu a cargo de Xosé Ballesteros, que partiu dun conto portugués.

Ogando, Iolanda, “Bonecos: deuses e humanos”, *Tempos Novos*, nº 20, “Crítica. Voces e Culturas. Teatro”, xaneiro 1999, p. 68.

Comentario sobre a obra *Odisea*, de Homero, representada polos Monicreques de Kukas. Indícase que recolle a viaxe de Ulises a través de mundos descoñecidos, mediante sombras chinesas, títeres e figuras humanas. Refírese á montaxe sinalando que carece de axilidade mais que combina madurez e coidado.

Oya, Milagros, “Xa vai para cinco anos”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, p. 43.

Despois de referirse á creación da súa páxina web no ano 1995, afirma que o que pode porporcionarlle a rede a unha escritora de literatura infantil e xuvenil é o contacto inmediato co lector. Comenta que, dende o inicio, a resposta da súa páxina foi espectacular e afirma que os contos só cambian o seu envoltorio de pasta de papel cos novos avances informáticos, pero que seguen sendo a diversión infantil. Por último, comenta que son os nenos os que marcan o camiño do escritor e deseñador “Web” e sinala que a literatura infantil pode sacar de internet o vínculo co mundo real.

Pérez Mondelo, Xosé, “Uxío e os nenos”, *Fadamorgana*, nº 3, decembro 1990, pp. 8 9.

Comenta que por descoñecemento e aínda invisibilidade da literatura infantil e xuvenil galega, coa morte de Uxío Novoneyra non se falou dos libros que tiña escrito para o lectorado máis miúdo. Reproduce unha serie de poemas que o escritor do Courel lle dedicara ós seus fillos e achega o argumento dos seus tres libros de contos infantís: *O cubil do xabarín* (1991), *Gorgorín eCabezón* (1992) e *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín* (1998). Finalmente, considera que as verbas de Novoneyra, os seus versos e os seus contos son verdade nas terras do Courel e no corazón de tódolos nenos que as escoiten, pois estes queren ser coma os rapaciños dos seus contos.

Portas Ferro, Xesús, “Os nenos de Ardán acollen o neno”, *Encrucillada*, nº 114, “Aportacións”, setembro-outubro 1999, pp. 385/65-394/74.

Reprodúcese unha peza dramática en dous actos e un epílogo, protagonizada por Ana, María, Xosé, Lola, Pepe, Lois, Cuco, Pedro, Adela, nenos, nenas, paxes, os tres reis magos e o alcalde.

Prado, Miguelanxo, “Devoradores de imaxes”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, p. 65.

Opina que a imaxe é a raíña deste século que remata, pois o cómic, o cine, a televisión ou os debuxos animados teñen unha forza e unha capacidade de atracción que engaiola a calquera que se deixe levar por un mínimo de complexidade. Fai certas consideracións sobre esta linguaxe e afirma que a banda deseñada non é un paso inicial, “unha porta no camiño da lectura de narrativa ou de poesía”, senón que é unha linguaxe creativa máis.

Quin, Robyn, “O papel da televisión como estimulador da imaxinación infantil”, *Fadamor-gana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, pp. 52-56.

Partindo da idea de que a televisión se converteu nunha ferramenta central no proceso de instrucción escolar, dá conta de todos aqueles recursos que pode achegar esta. Así mesmo, comenta que a televisión ofrece diversas vantaxes como estimulador da imaxinación infantil e, ben usada, proporciona importantes apoios e facilidades para a adquisición de recursos cognitivos no acto da construcción do coñecemento, polo que considera que os profesores deben desenvolver estratexias coas que centren o potencial positivo destes usos. Reproduce unha táboa na que resume o plano docente para a utilización da televisión como estímulo do pensamento e da imaxinación nas escolas de educación infantil, ademais de indicar que as súas investigacións apuntan a que a televisión pode ser usada para estimular diferentes capacidades intelectuais.

Requeixo, Armando, “Parábola do iluminado”, *Tempos Novos*, nº 22, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, marzo 1999, p. 63.

Infórmase da aparición da última novela do vilalbés Agustín Fernández Paz, *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998). Faise unha descrición desta obra, con referencias ó seu argumento e ó seu protagonista, o excéntrico doutor Roberto Nogueira, e sinálase que en conxunto “constitúe todo un exercicio sarcástico de burlateria parodia do mundo entolecido que nos tocou vivir nesta fin de milenio”.

Rico, Lolo, “Un neno, un libro, un telvisor”, *Fadamorgana*, nº 3, “Novos soportes”, decembro 1999, p. 35.

Explica os distintos niveis de acceso á información que supoñen o libro e maila imaxe, ademais de indicar que lle parece conveniente a combinación de ambos sistemas de coñecemento na formación de nenos e mozos. A seguir, fala da funcionalidade do televisor e considera que dende el se podería remitir a outras actividades como a lectura, creando formatos que permitan a interacción de ambos sistemas: ler conxuntamente imaxe e letra impresa.

Riobóo, Jorge, “Juan Farias”, *Fadamorgana*, nº 2, outubro 1999, pp. 18-19.

Nesta entrevista con Juan Farias, afirma que non escribe en galego porque aínda “non o domino de abondo” e fala das súas vivencias e lembranzas dos anos infantís, nos que tivo como lecturas os contos de Grimm e Andersen ou *A illa do tesouro*. Salienta a importancia que para el tivo o mar e, ó pregúntarselle polo estilo “Juan Farias”, declara que empezou “sendo neorrealista e pasei ó testemuñal-poético”, e que logo “xa non sei qué fun”. Sinala que as lecturas favoritas do entrevistado son *El Lazarillo de Tormes*, *A illa do tesouro* e *Alicia*, entre outros moitos. Con respecto ós autores vivos, salienta a Paco Martín, Gisbert, Agustín Fernández Paz e Xabier P. Docampo. Refírese á súa forma de escribir e afirma non facer consultas antes de entregar un libro, ademais de comentar que non lle preocupa que os seus libros sexan para nenos. Finalmente, declara que na “animación á lectura”o mellor que funciona é o que os rapaces se recomendan e comentan entre eles e que ten historias, algunhas que poden ser do mellor que escribiu, que nunca publicará.

Rivero, Miguel, “A Corunha em quadrinhos”, *Tempos Novos*, nº 28, “Crítica. Voces e Culturas. Banda deseñada”, setembro 1999, pp. 60-61.

Reflexiona sobre o Festival de Banda Deseñada que se desenvolveu entre os días 16 e 22 de agosto na Coruña. Salienta que houbo “uma oferta muito ampla de possibilidades” e que se chegou ó gran público. Enumera os autores participantes nos diferentes actos do festival e remata sinalando que a cidade da Coruña conseguiu ser en só dúas edicións “um ponto de encontro inexcusável para toda pessoa que goste deste meio de expressom artística”.

Rodríguez, Lois, "¿Existe vida alén da hamburguesa de soia?", *Fadamorgana*, nº 3, "Novos soportes", decembro 1999, p. 35.

Considera que o obxecto mellor deseñado da historia foi o libro e que a mellora tecnolóxica da informática está facendo que tanto o creador coma o destinatario da mensaxe necesiten "máis sensacións". Opina que o problema non está nos soportes, senón no creador, ademais de apuntar que o libro electrónico ten o camiño máis aberto na literatura dirixida ás primeiras idades, mentres que para os rapaces algo medrados o baleiro é maior. Por último, sinala que para uns cativos afeitos a xogar con videoxogos, baixar ó mundo das páxinas escritas é empobrecedor.

Rodríguez Jares, Xesús, “Hai que ler... sobre educación e dereitos humanos”, *Revista Galega de Educación*, nº 33, “Recursos”, maio 1999, pp. 96-99.

Valora os materiais curriculares como un recurso fundamental no proceso de ensinoaprendizaxe. A seguir, facilita unha lista de títulos de libros dividido nas seguintes seccións: “Libros sobre dereitos humanos”, “Publicacións sobre educación para os dereitos humanos”, “Unidades didácticas”, “Videos e películas”, “Literatura infantil e xuvenil” e “Publicacións sobre dereitos humanos que poden ser utilizados directamente polo alumnado”. No apartado dedicado á literatura infantil e xuvenil, menciona o artigo de Mª Xesús Fernández, “Literatura infantil-xuvenil e dereitos humanos”; o de Agustín Fernández Paz, “Cómics e dereitos humanos”; e o libro *A literatura da convivencia. Guía de lectura*, elaborado pola Biblioteca “Nova 33”.

Roig Rechou, Blanca-Ana, “Producción en gallego”, *Delibros*, nº 119, marzo 1999, p. 26.

Repaso da producción literaria infantil e xuvenil en galego publicada durante 1998. Comeza sinalando a tendencia continuísta, tanto cuantitativa como temática, nas novas obras. Recóllense os nomes dalgúns dos autores consagrados, como Fina Casalderrey ou Pepe Carballude, pero tamén os daqueles que publicaron por primeira vez como Luís Pereira Bugarín, con *Río Abaixo*; Xosé Durán, con *O asasino invisible*; e Rafael Lema con *Flores negras*. Saliéntase o aumento de títulos ilustrados para os máis cativos, explicando polo miúdo as claves destas obras, entre as que se atopan entretidos xogos de palabras e personaxes moi suxestivos. Refírese tamén ás publicacións, na mesma dirección, da Xunta de Galicia coa colección “A Maxia das palabras” e o estoxo de tres relatos con motivo do Día das Letras Galegas dedicadas ós tres trobadores, Martín Codax, Meendiño e Xoan de Cangas. Sinala tamén a aparición de novas coleccións de contos de transmisión oral, como “O Cabalo Buligán” ou “Golfiño” e a mellora na política de traduccións, ademais da importancia en todo este proceso de consolidación das iniciativas deGÁLIX, os premios literarios e o *Informe de Literatura* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Remata sinalando algunhas das lagoas no xénero como os textos poéticos, o cómic ou os álbums infantís.

_____, “La literatura infantil y juvenil gallega”, *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nº 629, maio 1999, pp. 31-33.

Panorámica da Literatura Infantil e Xuvenil galega do último cuarto do século XX que se inicia coa exposición dunha serie de factores que explican a consolidación actual deste ámbito: o ensino da lingua e literatura galegas, a convocatoria de novos premios literarios, o aumento de editoriais dedicadas a este campo, o apoio institucional e a difusión desta por medio de asociacións comoGÁLIX. Completa esta visión de conxunto un percorrido pola producción, que atende ós diferentes campos: narrativa, poesía, teatro, traducción e crítica.

_____, “Pura e Dora Vázquez, dúas mestras na literatura infantil galega”, *Fadamorgana*, nº 2, outubro 1999, pp. 12-17.

Sinala que foi Pura Vázquez a primeira das dúas irmás que iniciou o labor creador dirixido a un público infantil e xuvenil con *Columpio de luna y sol (poesía infantil)* (1952), e que foi en 1968 cando deu a coñecer en galego *Poemario de Norte a Sur. Poesía infantil*, co que dá comezo a moderna poesía infantil galega. A seguir, dá conta da aparición das pezas teatrais, *Monicreques* (1974) e *Ronseles. Teatro infantil galego* (1980), e os poemarios, *Oriolos neneiros. Poesía infantil galega* (1975) e *Viaxe ó país dos contos e da poesía* (1985), que publica coa súa irmá Dora Vázquez. Achega o argumento destes volumes e detense na análise daqueles aspectos máis caracterizadores para, logo, dar conta da producción de Dora Vázquez, que, como autora de literatura infantil e xuvenil, se deu a coñecer no ano 1964 con *Palma y corona (historias santas)*. Posteriormente, indica que sacou do prelo *Caminos de plata y sol* (1966) e *Estreliña do mar*, que aparecería no ano 1975 na súa obra *Campo e mar aberto*; *Tres cadros de teatro* (1973);*Cascabel, o cabaliño que fuxira do circo* (1976) e *Contos para nenas e nenos. Circo, estrelas,pinos... rosas* (1996). Así mesmo, fai certos comentarios sobre estas obras e cita os volumes nos que recolleu os seus traballos como crítica e comentarista de actualidade, para concluír salientando aqueles trazos que poden servir para recoñece-la poesía destas autoras nos diferentes xéneros que cultivaron.

_____, “Os primeiros pasos cara á formación do sistema literario infantil e xuvenil”, *Fadamorgana*, nº 2, “101 anos de Literatura Infantil e Xuvenil”, outubro 1999, pp. 28 37.

Despois de referirse á práctica inexistencia de literatura infantil e xuvenil galega durante os Séculos Escuros e o Rexurdimento, expón toda unha serie de feitos que provocaron que, naÉpoca Nós, comezasen a publicarse os primeiros productos da citada literatura. Así, dá conta dos títulos que a partir dese momento van aparecendo en narrativa, poesía e teatro e das súas características máis salientables, ademais de apuntar aquelas publicacións periódicas nas que a literatura para os máis novos tiña cabida. A continuación, cita outros acontecementos que se deron na década dos sesenta e setenta e que propiciaron o crecemento das publicacións pedagóxicas e periódicas, a aparición das primeiras coleccións de contos infantís en galego ou o aumento de autores que publicaran para un público infantil e xuvenil. Achega aqueles títulos aparecidos nas décadas citadas nos tres xéneros canónicos e salienta a entrada, nos anos setenta, do cómic e, nos sesenta, das primeiras traduccións e crítica, que, timidamente, comezan a emerxer. Remata concluíndo que durante a época descrita no artigo foise formando o sistema literario infantil e xuvenil galego, caracterizado nos primeiros anos por un marcado didactismo ou unha preocupación por recompilar materiais de transmisión oral, entre outros aspectos, e que a partir das primeiras manifestacións (1900-1950), na década do sesenta, se dá a transición e na dos setenta, o asentamento da literatura infantil e xuvenil, que experimentou a súa consolidación nos oitenta e noventa.

Rojas, Magdalena de, “Cristina F. *Mala Malona era tan... Negra*/*Mala Malona tiña tal... rabo*/*Mala Malona tiña tal... forza*/*Mala Malona tiña tal... boca*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 71.

Sinala que Sotelo Blanco inicia en 1998 unha serie de libros para os máis pequenos, que teñen como protagonista a cadela Mala Malona e que, en cada un deles, se relatan anécdotas e acontecementos protagonizados por ela. Tamén indica que a autora conclúe os catros libros cun pequeno vocabulario, no que presenta a cadela acompañada de material relacionado con cada unha das historias ou coas partes do seu corpo.

_____, “Xosé Ballesteros (adapt.). *Os tres porquiños*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 71.

Apunta que, coa publicación de *Os tres porquiños* (1998), é a terceira vez que o lobo feroz visita a colección “Os contos do trasno Comodín”, da editorial Kalandraka. Brevemente, dá conta do argumento desas tres historias, que teñen o lobo como protagonista.

_____, “J. e W. Grimm. *O anano saltareiro*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 71.

Dá conta do argumento deste texto de W. e J. Grimm, que foi adaptado en 1998 por Tareixa Alonso, e comenta que se o texto é áxil, as súas ilustracións da autoría de Fernando L. Juárez “poden calificarse tamén con este adxectivo pero con maiúsculas ou multiplicado”. Por úlitmo, apunta que este “álbum” é “todo el un xogo de sombras, ocres e dourados a través do que se intúe a iluminación propia do tempo no que en cada conto había un castelo”.

_____, “Xelís de Toro. *O neno perdido*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 74.

Fai unha síntese do contido desta obra, que foi publicada por Xelís de Toro en 1998 e que está ilustrada por Francisco Bueno Capeáns. Puntualiza ademais que as súas “acertadas” ilustracións con estética de cómic, o seu formato álbum e o asunto da súa historia forman un conxunto que podería ser “axeitado” para o lectorado máis miúdo, se non fose polo seu texto en verso e, “quizais” un pouco longo, que funcionaría mellor cun lectorado autónomo.

_____, “Xoán Babarro. *Cuco Cuquelo, ¿que tes no fardelo?*, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 74.

Comenta que nesta entrega de 1998, Xoán Babarro escolle “xeitosas palabras para vesti-las estructuras repetidas das que se vale nun relato, case todo el, rimado” e que Manolo Uhía pinta un “espléndido” decorado, ademais de ofrecer brevemente o asunto da súa trama.

_____, “Luz Fandiño. *Farangulliña de Neve*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 74.

Presenta unha síntese do contido desta historia protagonizada por unha farangulliña de neve, que foi publicada en 1998 por Luz Fandiño e ilustrada por Quintana Martelo. Tamén comenta que nela a autora combina a narración en terceira persoa con diálogos en forma de texto dramático, mostrados con diferente tipografía e cargados, en ocasións, de contido didáctico e moral.

_____, “Xosé Antonio Neira Cruz. *María está a pinta-lo mar*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 74.

Achégano-lo argumento desta peza de Xosé Antonio Neira Cruz, que saíu do prelo en 1998 e que, a través das ilustracións que para ela fixo Noemí López, pódese ver “como a nena é quen de abri-la xanela e mergullar no seu mar de soños prateados”.

_____, “Azucena Arias Correa. *A cirurxiá*”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 71.

Ademais de achega-lo argumento deste relato de Azucena Arias Correa (1998), comenta que nel aparece todo un “cacareo” rimado no que se observan expresións e léxico certamente rebuscado nun álbum no que as ilustracións non achegan máis có exposto no texto”.

_____, “Mª Dolores Rial Fernández. *O cumpreanos do Rei Pericón*.”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 71.

Sinala que nesta obra de Mª Dolores Rial Fernández, publicada en 1998, o lector participa no xogo de acerta-la solución das diferentes adiviñas coas que os animais, que van á festa do rei Pericón, presentan os seus regalos. Considera que hai un problema de composición que eleva a complexidade das ilustracións e que, á súa vez, contrasta coa excesiva simpleza do texto. Tamén se pronuncia sobre o “(ab)uso politicamente correcto” dunha linguaxe non sexista, que se fai neste libro-xogo.

Sánchez, Gloria, “Os habitantes do lusco-fusco”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura popular”, abril 1999, pp. 34-37.

Alude á escasa consideración e estudio que se lle ten outorgado á mitoloxía infantil para, logo, achegar algunha luz sobre dous personaxes vinculados á citada mitoloxía, Pedro Chosco e Gazafellos. De ámbolos dous personaxes, dá conta de composicións populares, referentes, diccionarios ou autores que os trataron, ademais de achegar unha serie de conclusións sobre eles. De Pedro Chosco sinala que era un trasno enredante que tentaba co sono á xente que estaba a facer algún traballo rutineiro e que o mito se esvaíu quedando relegado á personificación do sono e ó mundo infantil; De Gazafellos e dos biosbardos, non resiste a tentación de considerar que en tempos tivesen consistencia mítica, “que fosen requiridos e buscados por algún motivo e que esta empresa case sempre frustrada, quedase relegada a unha expresión popular equivalente a perda de tempo e cousa de rapaces”.

Senín, Xavier, “A Galicia perdida de Juan Farias”, *Fadamorgana*, nº 2, outubro 1999, pp. 22-26.

Refírese á relación de amizade que mantén con Juan Farias e puntualiza que, a pesar de que non teña publicado ningunha obra súa en galego, si conta con obras traducidas e editadas primeiramente nesa lingua. Sinala que este autor entrou “na nosa literatura coma se xa fose noso de sempre”, pois tanto o espacio das súas obras coma os seus personaxes están tirados directamente de Galicia: o crego, o alcalde, o mestre, a figura do político ou a menciñeira. Detense na descrición destes personaxes e sinala que o tema principal da súa obra “é a vida cotiá que describe coma ninguén”. Refírese a outros motivos frecuentes como son a guerra civil e o amor. Remata afirmando que unha boa parte da producción deste galego, afincado nas proximidades de Madrid ó longo de moitos anos, leva na súa cerna a terra galega, sendo os seus libros “a súa autoafirmación como galego”.

Soto López, Isabel, "Á beleza polo lirismo e a tenrura", *Fadamorgana*, nº 3, decembro 1999, pp. 17-21.

Despois de referirse ó nacemento de María Victoria Moreno en Valencia de Alcántara (Cáceres) e á súa particular historia de amor con Galicia e co galego, dá conta de toda a producción da citada autora nesa lingua. Considera que as notas dominantes na súa obra son o lirismo sincero que impregna as súas páxinas xunto ó ton de tenrura co que penetra no mundo dos nenos, a súa preocupación polo ensino, a defensa do trato digno que merecen os animais, o amor pola natureza e a súa aproximación ó mundo dos máis novos, sempre dende o punto de vista da comprensión. A seguir, achega o argumento e cita aqueles trazos máis salientables das súas seguintes obras: *Mar adiante* (1973), *O cataventos* (1989), *A festa no faiado* (1986), *¡Xa non teñomedo!* (1998), *A Brétema* (1999), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *¿E haberá tirón de orellas?* (1997) e *Anagnórise* (1989).

Vázquez Freire, Miguel, “Sergio Casas”, *Fadamorgna*, nº 1, “O ilustrador”, abril 1999, pp. 4-5.

Encadra a Sergio Casas dentro da última xeración de ilustradores e puntualiza que, dentro deste grupo, a súa obra presenta características fortemente diferenciadoras. Comenta o traballo que ten realizado ata o de agora, sinalando que na publicacion que o deu a coñecer, o libro (1997) formado polos contos “O Habanero” e “Marmelada de amoras”, de Xabier P. Docampo e Ana Romaní, respectivamente, ofrece un uso innovador de “técnicas infrecuentes no campo da ilustración de libros infantís”. Comenta tamén que na publicación *Rumbo á illa de San Simón* (1998), texto de homenaxe a Mendiño escrito por Xosé A. Neira Cruz, “de novo atopámo-los mesmo rostros deformes, dotados dun desacougante pero á vez estrañamente poético feísmo”. Por último, expón que a obra tan anovadora de Sergio Casas non parece esperta-lo interese dos editores porque sen dúbida, “o experimentalismo deste artista racha fortemente cos discursos estéticos hoxe predominantes no libro infantil”.

_____, “Lázaro Enríquez”, *Fadamorgana*, nº 2, “O ilustrador”, outubro 1999, p. 4.

Ademais de achegar unha breve biografía de Lázaro Enríquez e dar conta dos premios que ten acadado e mostrar unha selección da súa obra publicada, sinala que é un mestre nas artes plásticas, pois calquera pode acudir con proveito a el para aprende-las vellas e exactas técnicas do debuxo. Detense no comentario do traballo que este ilustrador cubano fixo para *Cuca e o xabrigo marrón* (1998), de Fina Casalderrey e o *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999), de X. Fz. Cuba, A. Reigosa e X. Miranda. Remata falando da súa obra en xeral, da que apunta que amosa unha apertura a técnicas e recursos contemporáneos, “sempre en axeitada complementariedade co dominio e eficacia do debuxo”.

_____,“Andrés Meixide”, *Fadamorgana*, nº 3, “O ilustrador”, decembro 1990, p. 4.

Analiza de qué maneira o cine e a banda deseñada son os dous referentes centrais na construcción do definido estilo de Andrés Meixide. Recolle ademais unhas declaracións deste autor que fala de si mesmo e do seu traballo. Finalmente dá conta da obra que ten publicado.

Veiga, Iria, "*Case unha cidade*, de Alberto Santiago Loureiro", *Eidos do Libro*, nº 3, "xanela aberta", marzo 1999, p. 20.

Iria Veiga comenta este libro publicado no ano 1998, incidindo na súa heteroxeneidade e na súa difícil clasificación. Fai unha referencia á "coidada e curiosa caracterización dos personaxes" e ó "contorno" que axuda a ambienta-la obra.

Veiga Ramos, Sara, "*Palabras máxicas,* de Pablo Prestifilipo", *Eidos do Libro*, nº 3, "Xanela aberta", marzo 1999, p. 19.

Opinión dunha rapaza de nove anos sobre a obra de Pablo Prestifilipo, *Palabras máxicas*, que foi traducida en 1998 ó galego. Sinala cal é o argumento do libro e fala dos seus personaxes.

X. M. G. B., "*Ganapán das palabras*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 92.

Afirma que Pepe Cáccamo amosa en *Ganapán de palabras* (1998) o que pode suceder cando a "un neno que leva cen palabras envoltas en papel de celofán e se lle desprenden unhas cantas". Asegura que neste exemplar está presente unha medida perfecta e un ritmo milimetrado e que nel si hai "literatura da boa". Así mesmo, sinala que a intención é a do "disfrute do ritmo, da palabra, da evocación nas nubes da memoria e da melodía". Finalmente, puntualiza que este libro forma parte da "primeira fornada" da colección "Demade-mora" presentada en Pontevedra o Día do Libro Infantil.

_____, "*Os tres osos*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 92.

Informa que este libro de 1998 aparece na colección "Os contos do trasno Comodín" de Kalandraka, na que se recollen tódolos contos clásicos (Andersen, Perrault ou Grimm) escritos para ser contados sen atrancos. Aprecia no adaptador a experiencia do traballo cotián cos nenos e o coñecemento dos elementos esenciais do conto. Recoñece que tamén existen problemas de "lexitimidade polas características en canto ó número de páxinas ou ás opcións de deseño".

_____, "*¡Mira que paso!*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 92.

Comenta que nesta historia, escrita por Emilie Chollat e traducida en 1998, a nena protagonista inventa diferentes formas de camiñar para cada día da semana para vence-lo aburrimento. Salienta que tanto esta obra coma *O Desfile*, que aparecen ó mesmo tempo no mercado, amosan unha "concepción global do libro como obra literaria e como obxecto artístico", xa que a unidade da ilustración e o deseño fan que sexan "auténticos obxectos de deseño" e unha lección de cómo a ilustración e o texto poden integrarse sen que se oculten un ó outro.

_____, "*Unha raíña negra*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 92.

Considera que namentres en *Estanque dos parrulos pobres* (1996) "a reiteración de palabras e de linguaxe infantil" podía resultar orixinal, nesta ocasión "non aporta nada á carreira literaria da autora", Fina Casalderrey. Advirte que na lectura é "inevitable pensar" en *Estanque...* polo uso da "mesma fórmula sintáctica", a adopción do mesmo punto de vista e mesma estructura narrativa. Alude ó bo uso neste libro de 1998 do xogo dos equívocos e do emprego de léxico de adultos que os nenos entenden, ademais de afirmar que unha das súas consignas é falar con fluidez, mais estima que a súa literatura debería verse en espellos que a fagan "unha escritora de sempre e non do momento".

_____, "*A serea na lata de sardiñas*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 93.

Nun primeiro momento salienta a tardanza na saída do prelo da colección "Sopa de libros" en galego e salienta que nos catro primeiros volumes se atopan un texto poético, un narrativo e dúas traduccións cos seguintes títulos: *Operación logur*, de Juan Carlos Eguillor, *O pazo baleiro*, de Xabier P. Docampo, *Os nosos versos*, antoloxía poética de Antonio García Teijeiro, e o libro de Gundrun Pausewang, publicado en 1997, que se comenta neste artigo. Destaca que o título desta obra dá nome ó primeiro dos seis contos que a conforman e que teñen como fío conductor a presencia dunha serie de valores humanos. Salienta a "media tinta fantástica", que emprega para introducir nos textos, e refírese á situación noutro espacio diferente daqueles elementos que están á marxe dos valores dominantes.

_____ "*O ladrón de voces*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 93.

Afirma que os contos naceron con afán sociali-zante e educador e que o seu interese radica en "que se poida aprender a vivir cos perigos da vida sen risco de perecer na práctica". Salienta que este aspecto é o que se trata neste libro de 1998 de Rafael F. Lorenzo, mediante un xogo coa vida e o valor das pequenas cousas, para que as voces teñan utilidade e a figura do ladrón cun maletín no que garda "as memorias roubadas de centos de anos de vida convertidas en despoxos por un tempo efímero que a penas existe".

_____, "*En voz baixa*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 95.

Sinala que o protagonista desta historia de Antonio García Teijeiro, que saíu á luz en 1998, é un fillo de pais divorciados que vai descubrindo nun libro, que escribe seu pai, certas cousas do seu proxenitor que descoñecía. Manifesta que en tódolos seus capítulos Antonio García Teijeiro deixa entreve-los sentimentos do protagonista "na voz dos novos poetas (Jim Morrison, Bob Dylan) e dos poetas de sempre (Celso Emilio Ferreiro, Bécquer)". Afirma que o rapaz protagonista, Roberto Núñez, completa parte da súa vida ó ler furtivamente ese libro e, "como era de esperar nunha novela adolescente", descubre o sexo "de forma doce".

_____, "*De ratos e homes*", *Revista Galega de Educación*, nº 32, "Literatura Infantil", febreiro 1999, p. 95.

Manifesta que a clave á hora de consideralo literatura infantil reside "no escenario no que se desenvolve a traxedia do libro, o mundo ó que fai referencia, a trama en si e a forma de contalo". Explica que na historia unha parella de desherdados loitan contra o seu destino e soñan con ter unha casa e coidar dos seus propios animais. Salienta o xogo co lectorado que se fai nesta novela traducida en 1997, ó deixar entreve-la traxedia final, "anticipando fitos que parece que van suceder mais que non chegan a traducirse en realidade, aínda que se perciba como inevitable". Afirma que fai recorda-la obra de García Márquez, *Crónica de una muerte anunciada*, onde se emprega tamén esta anticipación do que vai suceder. Confesa que despois de estar acostumados a que "non haxa historias que contar e as palabras non teñan sentido e se amosen como un enorme baleiro", é de agradecer que o autor saiba qué contar e cómo facelo.

Xaneira, Xiao, “Francisco Fernández Naval. *Historias roubadas*”, *Fadamorgana*, nº 1, “Novidades”, abril 1999, p. 78.

Comenta que, na tradición galega do relato curto, atopamos agora este conxunto de oito narracións breves (1998), no que a realidade se mestura coa ficción, o presente co pasado, a verdade cunha mentira perfectamente entretecida de máscaras e artificios. Sinala ademais que se trata do primeiro achegamento de Fernández Naval ó público máis novo.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 5.Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 5. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Bascoy, Monserrat, “Coñecer o mundo desfacendo os tópicos”, *A Nosa Terra*, nº 895, “Guieiro Cultural”, 12 agosto 1999, pp. 24-25.

Amplo comentario sobre a obra do alemán Peter Bichsei, *Cousas da rapazada*, verquida ó galego, en 1998, por Marga Romero e Joachim Wormuth e publicada pola editorial Obradoiro. Explica que a obra inclúe un conxunto de sete pequenas historias a través das cales o seu autor analiza o mundo que nos rodea. A continuación, afirma que Peter Bichsei recorre a unha mestura entre a fantasía e o coñecido, defende a importancia da comunicación, xoga coa linguaxe, e emprega continuas referencias ó pasado como medio para apuntala-lo presente. Para rematar, recorda que o escritor alemán é partidario de poñer en práctica os desexos, os ideais e as utopías da infancia para conseguir, na súa opinión, un mundo moito mellor que o que nos rodea.

Castro R., Xavier, “Maxia e meigallos de Ana Manana”, *El Correo Gallego, “Edición 7”,* 7 marzo 1999, p. 7.

Sucinto comentario sobre a situación actual da literatura infantil e xuvenil galega. A seguir, céntrase no argumento da obra de Gloria Sánchez, *Manual para unha pequena meiga* (1998), publicada pola editorial Edebé-Rodeira na súa colección “Tucán”. Comenta que a obra, ilustrada por Mª Fe Quesada, é unha recompilación dos mellores trucos e feitizos para a realización de meigallos, esconxuros e maxias.

_____, “Experiencias no laboratorio do doutor Nogueira”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”,* 13 xuño 1999, p. 9.

Refírese á publicación do libro *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), de Agustín Fernández Paz, ilustrada por Francisco Bueno Capeáns e publicada na colección “Merlín” de Edicións Xerais de Galicia. A continuación, comenta brevemente o argumento da obra, encadrada no fantástico mundo do doutor Roberto Nogueira que agacha o segredo do laboratorio, no que traballa arreo: conseguir facer desaparece-la infelicidade do mundo.

Feijóo, Raquel, "Oito '*Historias roubadas*' de Fernández Naval", *La Región*, 17 xaneiro 1999, p. 15.

Achegamento ó libro *Historias roubadas* (1998), de Francisco Fernández Naval, un conxunto de oito historias coas que o autor intentou "dar unha visión do mundo dende aquí, dende a nosa lingua, dende a nosa cultura, e a través de oito relatos que contan os avatares polos que pasan os galegos protagonistas das historias en diferentes partes do mundo". Así mesmo, sinálase que o citado autor procurou que a linguaxe dos seus relatos "fose limpa, exacta e precisa" e que, a pesar de que a obra se publicou nunha colección xuvenil, está aberta a calquera sector do público.

Martínez Bouzas, F., "Nogueira, un fascista simpático", *O Correo Galego, "Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 44, 14 xaneiro 1999, p. 9.

Amplo comentario sobre a obra de Agustín Fernández Paz, *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), publicada por Edicións Xerais de Galicia, na colección "Merlín". Céntrase no importante labor de Fernández Paz como escritor de obras destinadas ó público infantil e, a continuación, ofrece un detallado resumo do argumento da obra. Afirma que, formalmente, a obra se caracteriza por esa aparente facilidade coa que o autor traballa as súas obras. Para rematar, puntualiza que unha linguaxe moi viva, moi esmerada e esa sabedoría á hora de crear atmosferas de intriga e de misterio que, xuntamente co xa dito, convértense no trazo definidor de

Nicolás Rodríguez, Ramón, "Naturalidade na escolla dos recursos", *La Voz de Galicia*, "*Culturas*", nº 61, 19 xaneiro 1999, p. 6.

Faise eco da publicación, na colección "Merlín" de Edicións Xerais de Galicia, da obra *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), do vilalbés Agustín Fernández Paz. A continuación, resume o argumento da obra, que trata dos traballos dun "autodenominado doutor Nogueira", un excéntrico millonario que teima en soluciona-los grandes males da humanidade e facer desaparece-la infelicidade do planeta. Por último, afirma que a obra é "moi debedora de prácticas cinematográficas no que se refire ás descricións".

Quintáns S., M., “Elipse’, para lectores dunha mínima minoría”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 27 xuño 1999, p. 9.

A propósito da publicación do primeiro número de *Elipse* destaca a coidada edición así como o artigo de Agustín Fernández Paz “Na Encrucillada dun novo século”. Aínda que valora o alto nivel das colaboracións, considera que a excesiva presencia de termos e expresións non galegas, con predominio de anglicismos, desdebuxa o carácter galego da publicación. Conclúe expresando o seu desexo de que aparezan novos números para poder realizar unha valoración máis fundamentada.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 5.Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 5. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías.

Alvarado, “Del cómic a la ternura”, *La Región*, “Buenos días”, 7 outubro 1999, p. 2.

Dá conta, brevemente, da inauguración da XIª Xornada de Banda Deseñada na Casa da Xuventude de Ourense. Afirma que os cómics, os fanzines, as denominadas bandas deseñadas e as viñetas están a acadar unha “influencia notoria” nos medios culturais. Para rematar, opina que os autores deste tipo de manifestacións artísticas son como nenos que en cada trazo invitan “a un guiño de humor o de sátira, cuando no de ternura de la mejor”.

Castro, Francisco, “Literatura infantil e xuvenil galega”, *Atlántico Diario*, “culturamanía”, 9 setembro 1999, p. 9.

Sucinto comentario sobre a presentación dunha exposición composta por noventa obras destinadas ó público infantil e xuvenil e organizada pola Fundación Penzol. Segundo Castro é preciso facer novos lectores e lectoras dende o primeiro momento e procurar mantelos ó longo do tempo. Para isto maniféstase partidario de apoiar, coa asistencia e a difusión, todo este tipo de iniciativas divulgativas da literatura infantil e xuvenil, que contribúen ó seu coñecemento. Por último, informa dos diferentes libros que se poden atopar nesta exposición situada na Casa Galega da Cultura de Vigo.

Costa Clavell, X., "*Linguas Longas*", *O Correo Galego*, "No faiado", 7 febreiro 1999, p. 4.

Detense na obra de Xavier Rodríguez Baixeras, *Linguas longas* (1998), e afirma que o escritor "utiliza moi ben a linguaxe galega e a temática narrativa". A continuación, céntrase no argumento da obra protagonizada por un conserxe entrado en anos chamado Mario. Para rematar, afirma que a trama da obra é moi sinxela de principio a fin, pero que o lectorado se sente atraído pola novela. Isto demostra, segundo Costa Clavell, que "o importante nunha obra narrativa non é o argumento, senón cómo se escribe o que se escribe".

Neira Vilas, Xosé, “Anisia e os nenos de dous mundos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 1 agosto 1999, p. 3/p. 4.

Pon de relevo os influxos da poesía galega e da poesía cubana nas obras para nenos escritas por Anisia Miranda, e repasa brevemente a producción literaria da escritora, salientando de entre as súas catorce obras publicadas e dirixidas ós máis pequenos, libros como *Cantarolas e contos pra xente miúda* (1975), *Os contos do Compay Grilo* (1984) ou *A primeira aventura* (1992), así como a presencia de personaxes cubanos que considera que amplían e enriquecen os coñecementos dos pequenos lectores que acceden ás obras.

Ruíz Guirado, José, “La literatura infantil”, *Diario de Pontevedra*, “Recalada”, 8 xaneiro 1999, p. 15.

Reflexiona, brevemente, sobre as relacións entre a literatura infantil e sociedade nas diferentes épocas. Como exemplos dos valores que exaltaron algúns libros destinados ó público infantil, sinala o humanitarismo social e cristián presente no *Corazón* de Amicis, ou os valores nacionais da revolución, presente nalgúns libros rusos de literatura infantil, entre outros. A continuación, afirma que a literatura infantil actual se enfronta ós novos cambios sociais. A seguir, pon como exemplo o caso da escritora galega Fina Casalderrey “que tiene el talento, y la oportunidad histórica de mostrarnos con cada uno de sus personajes la problemática social, las dificultades de las relaciones juveniles; las carencias de ternura, de comprensión y de amor de esta época”. Para rematar, cita algunhas das obras da autora como *O misterio dos fillos da lúa*, *¡AsústateMerche!*, *¿Sobrevives?*, *Dúas bágoas por máquina*, *O estanque dos parrulos pobres*, *Podesvir*, *Chamizo*, *Unha raíña negra* ou *Prohibido casar papá*.

Tarrío Varela, Anxo, “As burbullas da vida”, *El Correo Gallego*, “A baloira”, 3 maio 1999, p. 3.

Dá conta da presentación, na Galería Sargadelos de Santiago, da colección “O Elefante Contacontos”, de Ir Indo Edicións. A continuación, informa dos participantes no citado acto: José Antonio Perozo, Mª Victoria Moreno, Milagros Oya e Isabel Freire, entre outros; o ilustrador Evaristo Pereira ou o escritor e traductor Henrique Harguindey, quen falou do poeta vangardista Max Jacob, do que traduciu un conto que aparece publicado nesta colección.

Valiña, Xosé, “Monicreques”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”,10 marzo 1999, p. 50.

Céntrase na compañía Monicreques de Kukas que celebrou no Palacio de Congresos o seu vixésimo aniversario e salienta o seu bo traballo dende o ano 1979.

Vázquez, Dora, "*María está a pinta-lo mar*", *La Región*, 23 setembro 1999, p. 21.

Fala das orixes do conto titulado *María está a pinta-lo mar* (1998), de X. A. Neira Cruz. Desglosa o seu argumento, unha historia protagonizada por unha nena de once anos chamada María que, debido a unha longa enfermidade, tivo que abandonar para sempre o mar de Noia que a vira nacer. A nena expresoulle ó autor o seu desexo de protagonizar unha historia que tratase do mar e así xurdiu o conto ó que se refire Dora Vázquez. Para rematar, cita outra obra de Neira Cruz titulada *Ó outro lado do sumidoiro*, publicada por Edicións Xerais de Galicia e galardoada co Premio Merlín de Literatura infantil no ano 1988.

Vázquez, Pura, “Poesía infantil de cada día”, *La Región*, “De Paso”, 14 decembro 1999, p.5

Despois de defini-la poesía infantil como a escrita por medio de composicións breves, con estrofas que son “como un conmovido deslumbramento de gracia poética cando están ben concebidas e escritas”, céntrase nos poemarios *Festival de Rocío* e *Cadernos de Dona Ana*, de Marita Carrillo. Opina que a escritora está “chea de natureza, subxúganos, e chéganos e invádenos o desexo de abrilo sin máis agardar”. Salienta a variedade de temas das composicións da obra así como os xiros poéticos para os cativos que contén. Expón algúns versos do primeiro libro mencionado, que considera suficientes para situar a esta autora entre as máis coñecidas e estimadas poetas dedicadas á escritura de poesía para nenos. Do segundo salienta o coñecemento do xénero que posúe a autora para “facer alarde de imaxes e motivos neneiros pasando polo “bortel suave da emoción dos cativos” toda clase de animais e plantas. Remata destacando o “ritmo de aceso interés e de grande colorido ademais da musicalidade do texto do diminuto poema, sobre todo si é musicalizado”.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 5.Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 5. 6. Publicacións en xornais: entrevistas

Agrelo, J., “A resposta dos nenos ós nosos libros é claramente satisfactoria”, *Diario de Pontevedra*, 22 marzo 1999, p. 8.

Recolle as respostas de Xoán Couto, responsable da editorial Kalandraka, sobre a política e as características da editorial, así como sobre a reacción do lectorado infantil ante os seus libros. Segundo Xoán Couto, a editorial Kalandraka naceu no ano 1997, da man dun grupo dunhas dez persoas aproximadamente. Explica que se trata dunha empresa editorial independente que, ata o momento, obtivo uns resultados satisfactorios e unha boa acollida por parte do público infantil. Afirma que o material que están a producir é “técnica e artisticamente de calidade, de alta calidade”, motivo polo que a resposta “non pode ser mala”. A continuación, declara que a editorial conta con catro coleccións: unha dedicada ós textos clásicos, a chamada “Os contos do trasno Comodín”; a colección “Demademora”, para primeiros lectores; a titulada “Tras os Montes”, que inclúe traduccións de *best-sellers* de todo o mundo e a colección “Mare Mar”, dedicada ás creacións. Por último, afirma que o obxectivo da súa editorial é achegarse ó público infantil a través dos pais e profesores.

B. P. L., “Uno no elige su estilo cuando pinta”, *La Voz de Galicia*, 13 xullo 1999, p. 36.

Óscar Villalaín sinala que tivo unha sorpresa bastante grande cando soubo que gañara o premio Nacional de Ilustración polos debuxos que fixera en *O coelliño branco* (1998), unha versión de Xosé Ballesteros. Polo que se refire ós seus deseños, di que son “sencillos” e comenta que a ilustración debe ser un complemento total cinguido á historia. Tamén declara que o seu soño é poder vivir dos seus debuxos e que lle gustan os contos infantís e a ilustración periodística. Así mesmo, afirma que non deixa de marabillarse co que fan autores galegos de renome como López Domínguez ou Miguelanxo Prado.

Carballido, Santi, “Miguelanxo Prado”, *A Nosa Terra*, nº 897, 26 agosto 1999, p. 32.

O debuxante Miguelanxo Prado, responsable do Salón Viñetas desde o Atlántico, contesta a algunhas cuestións sobre a celebración da segunda edición desta mostra e sobre o cómic en galego. Afirma que esta exposición inclúe revistas publicadas en España antes do ano trinta e seis e que non ten previsto converte-lo salón nun certame-concurso xa que isto sería, na súa opinión, “abrir a porta a toda unha serie de presións que non nos interesan e que coñecemos por experiencia dos concursos e festivais adecuados para a transmisión de mensaxes de reflexión e crítica social”.

Casanova, Jorge, “Eso de vivir do conto é a ilusión de todo o mundo”, *La Voz de Galicia*, “Última voz”, 13 outubro 1999, p. 96.

O escritor X. P. Docampo reflexiona sobre o seu labor de escritor, os premios literarios, as súas lecturas ou a súa infancia. Docampo afirma que ten cincuenta e tres anos e que os autores e autoras de literatura infantil gañan moitos premios porque, na súa opinión, son moi bos. A continuación, declara que está a ler *La señorita Elsa*, de Arthur Schniltze, que prefire a Spiderman no canto de Superman e que hoxe en día os nenos e nenas len moito porque “necesitan historias para vivir”.

E. N., “Vivimos unha época de esplendor da literatura infantil e xuvenil”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 4, 3 decembro 1999, p. 4.

A escritora e profesora Fina Casalderrey reflexiona sobre o seu labor como escritora, así como sobre o panorama da literatura infantil e xuvenil galega actual. Fina Casalderrey afirma que a literatura infantil e xuvenil en Galicia se atopa nun bo momento. Está a atravesar, segundo a autora, unha época de esplendor na que proliferan as novas editoriais e coleccións, tanto galegas coma foráneas. A seguir, a escritora afirma que o auxe da literatura para nenos e nenas tivo lugar nos anos oitenta, coa introducción do galego no ensino público. Para rematar, opina que tanto a escola coma os medios de comunicación poden contribuír ó aumento dos hábitos lectores nos máis pequenos.

Espinoso, S., “Fran Jaraba: “O cómic non dá para vivir”, *La Región*, 14 setembro 1999, p. 12.

Sinala que Fran Jaraba será galardoado pola Casa da Xuventude de Ourense e a Concellería de Cultura co premio “Ourense de Banda Deseñada” 1999, na categoría de “Mellor iniciativa”. Así mesmo, recolle unha pequena entrevista con este autor, quen di sentirse moi ilusionado e que, aínda que isto sexa un recoñecemento por un labor de moitos anos como ilustrador, vai ser tamén unha gran promoción para o seu álbum de cómic *Cita na Habana*, do que pensa facer unha serie se ten boa acollida. Por outra banda, informa que na categoría de “Mellor autor afeccionado” foi galardoado Suso San Martín.

Lorenzo, Maxi, “Creando sueños desde Galicia para el mundo”, *Faro de Vigo, “El Sábado*”, nº 107, 22 maio 1999, pp. 2-3.

Entrevista con Miguelanxo Prado que se abre cunha introducción previa, na que se ofrece un percorrido polo labor artístico deste autor, salientando o ano 1993 como o definitivo para o seu éxito profesional coa edición de *Trazo de tiza*, premiada no Salón do Cómic de Angouleme (París). Ademais, coméntase como feito, case insólito, a súa colaboración para Steven Spilberg no proxecto “Men in Black”. A seguir, dáse paso á entrevista na que Miguel Anxo Prado responde a diversas cuestións relacionadas coa industria do cómic en Galicia, para, a continuación, centrarse na súa obra persoal, da que destaca a loita para non sucumbir a unha industria estereotipada e poder facer cómic de autor. Comenta despois o fío común dos seus personaxes. A última parte da entrevista céntrase no seu labor como director do Salón do Cómic da Coruña, iniciativa que foi para el un soño cumprido. Destaca algunhas das características do Salón, como a de dar cabida a todo tipo de público e combina-la presencia de autores de culto cunha figura consagrada, como foi o caso de Ibáñez na pasada edición. Finalmente, despois de facer referencia á revista *Elipse*, da que di que é un producto editado pola Consellería de Educación e naceu con intención divulgativa, incide na creatividade de Galicia nos útimos anos e remata adiantando algúns proxectos para o futuro.

Pino, Concha, “Empecei escribindo panfletos”, *La Voz de Galicia*, 9 decembro 1999, p. 82.

Conversa con Marilar Aleixandre na que responde a cuestións relacionadas co seu labor como escritora para o público infantil. Comeza lembrando que empezou no mundo literario coa presentación dun traballo a un premio, feito que recomenda ós escritores máis novos como forma de darse a coñecer. A seguir, reflexiona sobre o público infantil e xuvenil, do que confesa ter unha visión optimista por ser unha xeración escolarizada ó cen por cen, e porque considera que os medios audiovisuais non son incompatibles cos libros. Insiste na autenticidade á hora de crear personaxes, así como na necesidade de ter unha grande imaxinación para construír historias que cheguen ós rapaces. Finalmente, recorda os seus inicios no contacto coa lingua galega, que iniciou co seu primeiro conto, *A formiga coxa*, e insiste no uso do diccionario como ferramenta fundamental para calquera persoa que escriba. Comenta que o que máis lle importa é o uso dunha lingua o máis viva e rica posible.

Pousa, Luis, “Escribo para niños porque con los adultos ya no hay nada que hacer”, *El Ideal Gallego*, 16 marzo 1999, p. 45.

Anisia Miranda reflexiona sobre o seu labor profesional. Afirma que escribe para a infancia porque é gratificante e porque cos adultos “xa non hai nada que facer”. A continuación, fala da súa publicación para primeiros lectores, *A cama, a bolboreta e o paxaro* (1998), e das súas relacións con Cuba, país que visita cada ano dende que chegou a España no 1961. Por último, recorda a súa experiencia en Vietnam e cita a obra *Treinta días en Vietnam*, na que a autora narra a súa viaxe a aquel país.

_____, “O tenemos un salón cultural o uno comercial, ambos son incompatibles”, *El Ideal Gallego*, 17 agosto 1999, p. 16.

O debuxante coruñés Miguelanxo Prado, director da IIª edición do Salón Internacional do Cómic, celebrado en A Coruña dende o 16 ata o 22 de agosto, contesta a algunhas cuestións relacionadas con este acontecemento e coa situación actual do cómic. Afirma que leva dous anos traballando na producción de series de animación pero que bota moito de menos as historietas. A seguir, céntrase nos obxectivos do citado Salón do Cómic e comenta que eles apostaron polo éxito das exposicións. Engade, a continuación, que é posible crear unha colección municipal que sirva para expor nos festivais ou para cedela temporalmente a outros certames e centros. Para rematar, afirma que non é partidario de incluír premios neste Salón, a pesar de que el ten recibido importantes galardóns como recoñecemento polo seu labor.

R. G./B. P. L., “No futuro véxome traballando a pé de obra”, *La Voz de Galicia*, 27 decembro 1999, p. 57.

Comeza a charla con María Canosa cun resumo do argumento de *A espreita na penumbra*, a súa terceira novela despois de *Bramido maino* e *A pedra de seixo*. A escritora considéraa unha obra de medo “bastante triste, que mantén a atención do lector” e na que os destinatarios rondan os catorce e quince anos. Resalta que escribe por placer e refírese á imposibilidade de vivir das obras se non te “convirtes nun Manuel Rivas”. Fala da súa predilección por escribir sobre cousas coñecidas antes de inventalas; da emoción que sente ó ve-los libros nas librerías e de que lle gustan os finais abertos, pois pensa que axudan a que o lector participe e a que cada un lea un libro distinto.

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas

VII. 5. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías.

A. E. P., “Pontevedra acolle hoxe o I Salón do Libro Infantil”, *El Correo Gallego*, 13 decembro 1999, p. 75.

Anuncia a celebración dun Salón Internacional do Libro Infantil en Pontevedra no que participan catro mil rapaces. A seguir, enumera as diferentes actividades que nel se van desenvolver: sesións de contacontos da man de María Campos, Tim Boyles e Casilda Regueiro; conferencia de Federico Martín sobre “O libro como comida, o libro como sustento”; tres exposicións de ilustracións, unha ampla mostra de libros editados en diferentes países e os catro obradoiros para adultos (“Arte de contar contos”, “Construcción de libros-obxecto”, “O mundo máxico de Rodari” e “A escrita coma viaxe”).

AGN, "A revista 'CLIJ' recomenda nove libros en galego, entre sesenta elexidos"/"Nove libros en galego, entre os mellores para os nenos e mozos", *Atlántico Diario/El Progreso*, 19 xaneiro 1999, p. 34/p. 69.

Sucinto comentario sobre as recomendacións para a lectura que fai a revista CLIJ no seu número 11. Informa que, entre sesenta libros escollidos, aparecen *Gago por merenda*, de Xan López Domínguez; *¡Puag, que noxo!*, de Fina Casalderrey; *A galiña azul*, de Carlos Casares; *Adelaida, Henrique e demais familia*, de Xabier P. Docampo; *O misterio dos fillos da lúa*, de Fina Casalderrey, *A espedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre; *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz, *Anagnórise*, de Mª Victoria Moreno e *Cartas de Inverno*, tamén de Agustín Fernández Paz.

_____, “Kalandraka entra en el mercado nacional del libro infantil con cuatro libros”, *El Ideal Gallego*, 2 abril 1999, p. 20.

Dá conta da presentación de catro novos títulos da editorial Kalandraka, títulos cos que a editorial inicia a súa andaina polo mercado nacional do libro infantil e xuvenil. Trátase das obras *A cazar palabras*, *El pequeño conejo blanco*, *¡Mira que paso!* e *El ladrón de voces*, enmarcadas no proxecto titulado “Libros para soñar” e ós que seguirán outros catro títulos máis. A continuación, declara que a editorial xa leva publicados vintetrés títulos en galego. Para rematar, anuncia que a Editorial Kalandraka ten prevista a creación da Biblioteca de Panteno, unha colección destinada á reflexión sobre aspectos relacionados coa creación literaria e a literatura para nenos e nenas.

_____, “Xan López ilustra la campaña para animar a leer”, *El Progreso*, 14 abril 1999, p. 74.

Anuncia a campaña de fomento á lectura que se desenvolve baixo o lema “Mil millóns de libros”. Comenta a participación de máis de 195 centros integrados na rede de bibliotecas de Galicia e 61 profesionais que teñen relación co libro. Finalmente, informa de que o deseñador que leva a cabo a imaxe gráfica desta campaña é Xan López Domínguez.

A. I., “Os monicreques de Kukas, en Compostela”, *O Correo Galego*, “AFA”, 9 marzo 1999, p. 34.

Faise eco dunha exposición de libretos, deseños, máscaras, monicreques, xigantes, cabezudos, decorados e maquetas que, baixo o título de “Os monicreques. XX Aniversario”, se presentou en Santiago. Informa que a mostra, presentada por Santiago Kukas e Isabel Rey, se complementa cunha ampla información sobre as características e o proceso de creación de cada peza. Por último, dá noticia da posibilidade de realizar “visitas dinamizadas organizadas polo departamento de Educación”.

Álvarez, E./Albino **Mallo**, “Contar o mundo”/“Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda falan sobre os seus últimos libros”, *O Correo Galego,* “AFA”/*El Correo Gallego*, 4 agosto 1999, p. 30/p.73.

Ver Neira Vilas, Xosé, *O home de pau*, no apartado I.1, deste *Informe*

Álvarez, Eduardo, “Inaugurouse na Coruña a II edición do Salón do Cómic”/“A Coruña con Supermán”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*,17 agosto 1999, p. 30/p. 41.

Informa da inauguración, na Coruña, da segunda edición do Salón do Cómic, baixo o título de “Viñetas desde o Atlántico”. A mostra, segundo comenta Miguelanxo Prado, conta cunha exposición das obras de tódolos participantes, entre outros, os franceses Pierre Cristin e François Boucq, o norteamericano Michael Kaluta, o arxentino José Muñoz e os españois Pascual Ferry, Luis Royo e Max e Santiago Sequeiros. Ademais, sinala que na mostra se presentou unha antoloxía completa sobre a historieta española, dende 1862 ata 1936; outra sobre“Banda Deseñada Galega Actual”; a antoloxía titulada “Atlas” e, finalmente, “Único e irrepetible”, que contén debuxos orixinais do coleccionista Miguel Ángel Álvarez. Para rematar, Miguelanxo Prado afirma que a situación do cómic galego é “saudable, anque, complicado”, condicionada polas “capacidades editoriais limitadas dun país pequeño, con tres millóns de habitantes”.

B. L./B. R., “Comezaron as xornadas sobre a ciencia-ficción no manga”, *Diario de Pontevedra*, 30 marzo 1999, p. 10.

Anuncio das xornadas sobre a ciencia-ficción no manga, organizado pola Asociación Xuvenil Novos Segreis. O presidente da citada asociación, Luís Vila Alonso, afirma que “o manga é un estilo de debuxos animados xaponeses, tanto de cómics coma de películas”. Así mesmo, engade que as xornadas están dirixidas a tódolos afeccionados á ciencia-ficción, sen ningún límite de idade. Por último, infórmase da presencia da Asociación Galega de Ciencia-Ficción (AGASF), colaboradora nas xornadas e encargada da organización da “Hispacon”, “o maior evento relacionado coa fantasía e a ciencia-ficción en toda España”.

B. N., “A Maga Rulana achega a maxia dos contos ós máis cativos”, *Diario de Pontevedra*, 19 decembro 1999, p. 12.

Preséntase a Maga Rulana, Raquel Méndez, unha moza de vinte cinco anos diplomada en Educación Musical, encargada da sesión de contos matutina do Iº Salón do Libro de Pontevedra. Recóllense as palabras desta, nas que admite gozar co seu traballo que entende como unha maneira de achegarse ós rapaces cos contos. A seguir, saliéntase que esta maga e mailo Trasno Comodín son dous contacontos contratados pola editorial Kalandraka para percorrer Galicia contando relatos ós nenos entre os tres e sete anos. Explícase que o obxectivo é recupera-la tradición oral de escoitar e aprender escoitando. Tamén se indica que a maga visita bibliotecas, escolas ou librerías, cando recibe a invitación dun neno, e nelas deixa a maxia doscontos. Ó final, facilítase a dirección de Raquel Méndez por se alguén quere solicita-la súa actuación.

B. R. S., “Un estudio revela la marginación de la literatura infantil en las universidades”, *La Voz de Galicia*, 2 decembro 1999, p. 90.

Reflexión sobre a situación actual da literatura infantil e xuvenil nas universidades, a partir das conclusións derivadas do Iº Congreso Internacional organizado pola Asociación Nacional de Investigación de Literatura Infantil e Xuvenil. No evento analizáronse as tendencias do xénero infantil e xuvenil, así como a situación na que se atopa a investigación universitaria neste eido. A seguir, cítanse algunhas das conclusións ás que chegou un dos ponentes destas xornadas, o director do Servicio de Publicaciones da Universidad de Castilla-La Mancha, Pedro Cerrillo Torremocha. Na súa opinión, a presencia da literatura infantil e xuvenil nos planos de estudio universitario é bastante escasa, “moi próxima á marxinalidade”. Afirma que como materia troncal a literatura infantil só se estudia na especialidade de Educación Infantil da diplomatura de Maxisterio. Para rematar, opina que o interese que está a desperta-la literatura infantil e xuvenil no campo universitario aumentou nos últimos anos.

Blanco, Concha, “De camiño polas terras de Cee”, *La Voz de Galicia*, “A ruta do autor”, 14 marzo 1999, p. 13.

Evocando con nostalxia o seu berce natal, a escritora Concha Blanco, fai un percorrido, ó xeito dunha viaxe turística, pola costa atlántica galega, dende o Lires que a viu nacer e que segundo a autora “aparece dende hai ben anos nas guías de turismo rural”, ata o “mítico pedregal” do Pindo, pasando antes pola vila de Cee e deténdose na arte popular dos seus muíños, nas actividades típicas, como o mercado dos domingos, e na enumeración dos monumentos históricos que se erguen nestas terras.

C. G., “Marilar Aleixandre estará presente en los actos del ‘Guerra Campos’ por el Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, 5 maio 1999, p. 47.

Informa da presencia da escritora Marilar Aleixandre nos actos de homenaxe a Guerra Campos, organizados pola Asociación de Pais de Alumnos do Colexio Público Bispo Guerra Campos de Bertamiráns, en colaboración co equipo de Normalización Lingüística do citado centro escolar. A continuación, cita algunhas das actividades previstas: unha sesión de títeres para os máis pequenos; outra de contacontos, a cargo da escritora Marilar Aleixandre; unha exposición de poemas e contos adaptados ó lectorado infantil, por parte da tamén escritora Gloria Sánchez; unha conferencia sobre Blanco Torres, da man de Roberto Blanco; ou unha exposición das obras de diferentes ilustradoras e ilustradores galegos de literatura infantil, como Penélope Ares, Xoán Balboa, Pepe Carreiro, Fausto Isorna, Xaquín Marín, etc.

C. R., “Grandes lectores cativos”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 4, 3 decembro 1999, p. 4.

Panorama da situación da literatura infantil e xuvenil galega actual. Afírmase que os tres premios nacionais de narrativa infantil –Paco Martín, Fina Casalderrey e Xabier P. Docampo–, así como o gran número de títulos publicados que, neste ano 1999, se achega ós cento cincuenta, indican que a literatura infantil e xuvenil galega “deixou de ser un xénero moitas veces cualificado como menor”. Ademais, infórmase que a introducción da lingua galega como materia de estudio dende a infancia, axuda a potencia-la lectura en galego dende os comezos da etapa escolar. Por último, cítanse algúns dos libros e coleccións que acadaron maior éxito entre os máis pequenos. Así, coméntase que os clásicos de Disney se atopan entre os libros máis lidos. No ámbito das editoriais e coleccións, destácase a editorial Kalandraka e as coleccións “O Barco de Vapor”, de SM; “Merlín” e “O cabalo Buligán”, de Edicións Xerais de Galicia; “Árbore”, de Galaxia ou “Sopa de Libros”, de Anaya.

Carragal, A. G., “El grupo teatral de Kalandraka actuará en la Casa del Mar de Raxó”, *Diario de Pontevedra*, 29 decembro 1999, p. 16.

Fala da actuación de contacontos protagonizada pola Maga Rulana que tivo lugar dentro da campaña de animación á lectura para nenos organizada pola Sociedad Cultural e Deportiva Raxó.

Casanova, J., “El mercado juvenil, motor de las nuevas traducciones al gallego”, *La Voz de Galicia*, 27 xuño 1999, p. 37.

Reflexiona sobre a traducción en Galicia, que está a acadar un grande éxito no eido da literatura infantil e xuvenil. Como exemplo cita algunhas traduccións como *O vixía no centeo* de J. D. Salinger, *Dr. Vértigo* de Paul Auster, *Sidharta* de Herman Hesse ou *Ionqui* de Melvin Burgess. A continuación, inclúe as opinións de Damián Villalaín, quen afirma que “fóra da literatura galega, o lector prefire os textos en castelán”; e Celia Torres, de Edicións Xerais de Galicia, que sinala que aínda existen moitas dificultades para traducir obras ó galego e que Xerais tivo que poñer fin á colección “Grandes do noso tempo”, dedicada á traducción, pola escasa acollida por parte do público.

Cortés Galdo, Rocío, “Xaquín Marín: ‘O debuxo de humor ten que ser unha arte”, *El Progreso*, 4 marzo 1999, p. 77.

Informa da organización dun taller dedicado ó cómic nas aulas, da man do debuxante ferrolán Xaquín Marín, fundador e director do Museo do Humor de Fene. Na súa opinión, a diferencia entre un debuxante e un humorista radica en que “na viñeta non hai relato continuado e o autor debe estar informado e ter sentido crítico”. Así mesmo, engade que o debuxo pode contribuír a que os nenos e nenas aprendan a sintetizar e a analizar, xa que para facer un cómic é preciso “poñer en marcha mecanismos como a memoria e a síntese, entre outros”. Para rematar, afirma que “o cómic e o debuxo de humor teñen que ser unha arte, non collelo hoxe e tiralo mañá”.

D. P., “Pavís Pavós’ actúa hoy en la parroquia de Santa María de Xeve”, *Diario de Pontevedra*, 9 xaneiro 1999, p. 4.

Dá conta dunha actuación do grupo de contacontos Pavís Pavós, que tivo lugar en Santa María de Xeve. Informa que se trata dun acto máis da campaña de animación á lectura, promovida polo citado grupo, que está formado por María Dolores Hermida, Tareixa Alonso, Luis Martínez, XoséBallesteros e Luis Ángel Gómez “Migui”, os cales representaron algúns contos clásicos como *Os tres porquiños*, *Carapuchiña Vermella* ou *O gato con botas*, así como contos tradicionais galegos.

_____, “Neira Cruz presentó en Marín su libro ‘*Valdemuller*”, *Diario de Pontevedra*, 7 marzo 1999, p. 14.

Nota que informa dos actos celebrados con motivo da presentación do libro de Xosé Antonio Neira Cruz (1998) que comezaron na librería Casalderrey onde asinou exemplares e, a seguir, no Museo Municipal Manuel Torres, onde se levou a cabo a presentación. Salienta a intervención de José Ruíz Guirado, que abriu o acto e de María Victoria Moreno, que puxo de relevo a figura de Neira Cruz.

_____, “Alumnos de Monte Porreiro conocieron una visión teatral de la lectura”, *Diario de Pontevedra*, 10 marzo 1999, p. 10.

Refírese ó espectáculo de contacontos ó que asistiron os alumnos e alumnas de 3º e 4º curso de Educación Primaria do Colexio Público Monte Porreiro de Pontevedra. A representación correu a cargo dos membros de Teatro Buratini, que escenificaron contos recollidos da colección Sopa de libros, publicada pola Editorial Anaya. O grupo de teatro, formado por Larraitz Urruzola e Pablo Suárez Méndez, intenta, con esta campaña, fomenta-la lectura entre o público infantil.

_____, “Pavís Pavós’ cuentacuentos actúa mañana en A Canicouva”, *Diario de Pontevedra*, 12 marzo 1999, p. 8.

Anuncia a actuación do grupo de contacontos Pavís Pavós na parroquia de Canicouva na provincia de Pontevedra e informa dos nomes dos integrantes. Di tamén que o seu espectáculo está baseado en contos clásicos e contos tradicionais.

_____, “Máis de 3.500 nenos foron ós conta-contos de “Kalandraka”, *Diario de Pontevedra*, 27 marzo 1999, p. 9.

Informa da actividade realizada pola editorial infantil Kalandraka e salienta que chegaron a preto de 120 sesións de contacontos repartidas por toda Galicia, ás que acudiron cerca de 3500 rapaces. Continúa facendo referencia a que estas sesións forman parte da súa campaña de animación á lectura “Libros para contar”. Finalmente anuncia outra sesión de contacontos en Pontevedra na que os participantes son os propios autores dos libros: Paula Carballeira, Manuel Lourenzo ou Alicia Suárez.

_____, “Día del libro infantil y juvenil”, *Diario de Pontevedra*, 1 abril 1999, p. 12.

Noticia da sesión de contacontos organizada pola editorial Kalandraka no Campiño de Santa María en Pontevedra o día 3 de abril. Cita os habituais participantes na sesión: A Maga Rulana, Trasno Comodín e María Campos e cita algúns dos contos representados como *A Toupiña...* ou *Os tres osos*, entre outros.

_____, “Kalandraka lanza al mercado cuatro libros en castellano”, *Diario de Pontevedra*, 2 abril 1999, p. 11.

Dá conta dos catro libros dos vintetrés que ten no seu catálogo a editorial Kalandraka cos que se fai un oco no mercado estatal do libro infantil: *A cazar palabras*, *El pequeño conejo blanco*, *¡Mira que paso!* e *El ladrón de voces*. Anuncia ademais a sesión de contacontos organizada pola editorial no Campillo de Santa María en Pontevedra.

_____, “Doscientos niños festejaron en la Biblioteca el Día del Libro”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 1999, p. 12.

Fala dun encontro que tivo o escritor Antonio García Teijeiro cun grupo de nenos e nenas de Pontevedra. Comenta que o acto tivo lugar na Biblioteca Pública da cidade e organizouse con motivo da celebración do día do libro. Nel o autor citado leu fragmentos das súas obras *Cacarabín, Cacarabón* e *O cabalo de cartón* para fomenta-lo hábito de lectura no público infantil e xuvenil.

_____, “Fina Casalderrey visitó el San Narciso para presentar varios libros”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1999, p. 19.

Breve nota que informa da presentación dalgúns dos últimos libros da escritora Fina Casalderrey no Colexio San Narciso de Marín. Comenta que a escritora falou sobre o contido dos seus libros e aclarou tódalas dúbidas do público asistente.

_____, “Pepe Carreiro realiza hoy un taller de lectura”, *Diario de Pontevedra*, 26 maio 1999, p. 14.

Faise referencia ó taller de lectura infantil e xuvenil dirixido por Pepe Carreiro, enmarcado dentro da campaña de fomento á lectura desenvolvida baixo o lema “Mil millón de libros”. Fálase da traxectoria de Pepe Carreiro, destacándose a súa colaboración en traballos de ilustración coa editorial A Nosa Terra.

_____, “Fina Casalderrey animó a la lectura a los alumnos del CEIP Chancelas”, *Diario de Pontevedra*, 5 xuño 1999, p. 23.

Co gallo da celebración dos 25 anos de existencia do CEIP de Chancelas, dá conta das actividades celebradas. Entre elas, destaca a sesión de contacontos ofrecida polo grupo Kalandraka e a xornada dedicada ó libro, na que estivo presente Fina Casalderrey, quen fomentou a escritura e a lectura entre os escolares. Tamén anuncia a actuación do grupo músico-teatral Migallas, do que se salienta que, dende a súa constitución en 1992, traballa tanto na representación de espectáculos teatrais coma no fomento da práctica teatral, xa sexa en centros escolares, en asociacións veciñais, ou noutro tipo de foros.

_____, “El cuentacuentos Cándido Pazó en el Café Milano de los Mares”, *Diario de Pontevedra*, 19 xuño 1999, p. 12.

Sucinto comentario sobre a actuación do contacontos Cándido Pazó, no Café Milano de los Mares en Pontevedra. A continuación, ofrece unha serie de notas biográficas deste actor, director e autor. Informa que está ligado a varias compañías como o Centro Dramático Galego, Títeres Tanxarina, Teatro do Adro ou Malbarete, entre outros. Por último, cita algúns dos premios que obtivo como o Compostela 93 ó “Mellor director”, “Mellor actor protagonista” e “Mellor espectáculo”, o Premio da Crítica do País Valenciá 1995 ou o do “Mellor espectáculo” da Asociación de espectadores de Alicante.

_____, “Óscar Villán recibiu o Premio Nacional de Ilustracións”, *Diario de Pontevedra*, 11 xullo 1999, p. 10.

Sinala que Óscar Villán recibiu o primeiro Premio Nacional ás mellores ilustracións de libros infantís, polo seu primeiro traballo de obras ilustradas, que plasmou en *O coelliño branco* (1998). Achega certos datos biográficos deste ilustrador e apunta que a obra gañadora foi editada pola editorial Kalandraka, quen tamén xa a publicou en castelán dentro da súa colección “Libros para soñar”.

_____, “Kalandraka fará este sábado unha sesión de contacontos en Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, 19 agosto 1999, p. 12.

Anúnciase o espectáculo organizado pola editorial Kalandraka que inclúe unha sesión de contacontos acompañado de xogos de luz e música. Cita os actores encargados dos diferentes contos. Entre outros destaca *A que sabe a lúa* e *O gato con botas* a cargo de Xosé Ballesteros,*O Ruiseñor* e *O Rei ra* a cargo de Alicia Suárez, *O Anano saltareiro* a cargo de Tareixa Alonso ou Raquel Méndez que porá voz a *O Coelliño branco*.

_____, “Kalandraka ofrece hoxe unha sesión de contacontos en Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, 21 agosto 1999, p. 10.

Dá conta do espectáculo levado a cabo pola editorial pontevedresa Kalandraka, no que tiveron lugar varias actuacións de contacontos.

_____, “El Ateneo continúa con las “IV Xornadas de Literatura Infantil”, *Diario de Pontevedra*, 11 novembro 1999, p. 16.

Informa da continuación das IVas Xornadas de Literatura Infantil no Ateneo Santa Cecilia e anuncia os actos organizados durante as xornadas como son a dobre sesión de contacontos a cargo do grupo Pavís Pavós e O Trasno Comodín, a exposición sobre ilustración infantil titulada “As cores do vento” e a actuación de Maga Rulana da editorial Kalandraka co conto *A leiteira.*

_____, “El I Salón del libro infantil y juvenil abre hoy sus puertas”, *Diario de Pontevedra*, 13 decembro 1999, p. 9.

Dá nova dos diferentes actos previstos para o Iº Salón do libro infantil e xuvenil, organizado polo Concello de Pontevedra, no Pazo da Cultura e en diferentes centros de Ensino Secundario. Entre eles están as sesións de contacontos; a presentación da colección “Contos Populares” de A Nosa Terra, a cargo de Pepe Carreiro; a conferencia de Federico Martín, especialista en animación á lectura; e varias exposicións (“El Regalo”, da Fundación Cultural do Concello deXixón; “Debúxame un conto”, de GÁLIX e a monográfica da editorial Kalandraka).

_____, “El Salón del libro ofrece hoy cuentacuentos y música”, *Diario de Pontevedra*, 18 decembro 1999, p. 13.

Alude ós actos a celebrar na penúltima xornada do Salón do Libro Infantil e Xuvenil. Así, entre outros, cita a actuación do grupo teatral Pavís Pavós, que ten previsto ofrecer unha sesión de contacontos, a clausura da exposición “El Regalo” e a charla de Antonio Rodríguez Almodóvar, que disertará sobre “O conto popular”.

_____, “La editorial Kalandraka clausuró el Salón del libro infantil y juvenil”, *Diario de Pontevedra*, 20 decembro 1999, p. 7.

Despois de notifica-la clausura do salón do libro Infantil e Xuvenil en Pontevedra coa actuación da Maga Rulana e O Trasno Comodín, informa das novidades da editorial Kalandraka para o Nadal: a adaptación de *A vendedora de mistos*, de Andersen, ilustrada por Belén Padrón; *Cando Martiño tiña ganas de mexar na noite de Reis*, de Chema Heras e o ilustrador Kiko Dasilva; *As clases de tuba*, de Barlett e ilustrado por Monique Félix; e a versión ó galego de *A leiteira*, por Manuel Lourenzo e ilustrada por Fernando Juárez. Anuncia que a devandita editorial ampliou o seu mercado a obras en éuscaro e catalán, traducindo a estas linguas libros como: *¿A qué sabe a lúa?*, de Michael Greijniec e *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*; todos eles traducidos por María Viu ó catalán e por Koldo Izaguirre ó vasco.

_____, “Sesión de cuentos de Kalandraka en Sargadelos”, *Diario de Pontevedra*, 28 decembro 1999, p. 15.

Aviso da representación de contacontos a cargo da Maga Rulana e O Trasno Comodín e os ilustradores e autores dos contos da editorial.

_____, “La “Maga Rulana” estará hoy en Beluso”, *Diario de Pontevedra*, 28 decembro 1999, p. 21.

Notifica a presencia da Maga Rulana nunha sesión de contacontos na Biblioteca de la Casa do Pobo de Beluso para nenos. Explícase que pertence a un proxecto de animación á lectura que se realiza neste Concello e considera esta actividade unha “opción interesante” nestas datas de Nadal para os rapaces. Faise eco tamén do concerto de Nadal organizado pola Consellería dos alumnos do Obradoiro de Música e dirixido por Rosa Cerviño Loira.

_____, “La “Maga Rulana” hizo las delicias de los niños ayer en Beluso”, *Diario de Pontevedra*, 28 decembro 1999, p. 14.

Informa que na Biblioteca de la Casa do Pobo de Beluso se realizaron varias xornadas de contacontos como actividade de animación á lectura. Sinala *A cebra Camila*, *O coelliño branco* e *¿A qué sabe a lúa?* como algúns dos contos narrados e destaca o interese desta biblioteca por este tipo de actos ó ser un bo incentivo para a lectura.

E. A., “Ourense inauguró ayer las Xornadas de Banda Deseñada”, *La Voz de Galicia*, 2 outubro 1999, p. 91.

Breve nota de prensa sobre a inauguración da XIª edición das Xornadas de Banda Deseñada, organizadas pola Casa da Xuventude de Ourense. A continuación, infórmase da entrega do premio do Certame Galego de Banda Deseñada ó debuxante Suso Sanmartín; así mesmo, afírmase que Fran Jaraba recibiu un premio como recoñecemento á súa traxectoria profesional.

E. N., “Ir Indo quere chegar ós nenos”, *O Correo Galego*, “AFA”, 30 maio 1999, p. 33.

Refírese á presentación, na Galería Sargadelos de Santiago, dalgúns contos publicados en 1999 na colección “O Elefante Contacontos”, da editorial Ir Indo. Trátase, entre outros, de *A Brétema*, de María Victoria Moreno; *Os amigos de Martiño*, de Xesús Santos; *A verdadeira historia do pirata Xocas*, de Milagros Oya; *O Rei Kabul*, de Max Kacob, traducido ó galego por Henrique Harguindey ou *O Calasas, o Curuxas e a pantasma*, traducido por Adolfo Carbón.

E. P., “García Teijeiro, novo premio Pier Paolo Vergerio en Italia”, *El Correo Gallego*, 16 marzo 1999, p.75.

Sinala que o escritor García Teijeiro resultou o gañador do premio na súa XIVª edición, correspondente ó ano 1998 pola súa obra *Na fogueira dos versos* e anuncia o acto de entrega para o día 12 de abril. Comenta tamén que é o primeiro autor español que recibe o premio e cita outros premios cos que foi galardoada a obra no 1996 e 1997.

_____, “A campaña “Mil millóns de libros”, que desenvolve Cultura, fomentará a lectura na rede de bibliotecas galegas”, *El Correo Gallego*, 14 abril 1999, p. 74.

Faise eco da Campaña de fomento da lectura que leva o nome “Mil millóns de libros”, organizada pola Consellería de Cultura e desenvolta nos meses de abril e maio deste ano, na que participan 195 centros integrados na Rede de Bibliotecas de Galicia. Resume brevemente o contido da campaña, na que Xan López Domínguez é o encargado das ilustracións.

_____, “El Salón Internacional del Cómic de A Coruña “Viñetas desde o Atlántico” se inaugurará hoy”, *El Correo Gallego*, 16 agosto 1999, p. 73.

Sucinto comentario sobre a celebración da IIª edición do Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico” que, nesta ocasión, acolleu un total de doce exposicións dos diferentes participantes na mostra. A continuación, infórmase da presentación de varias antoloxías sobre a historia do cómic en España e dunha serie de actividades paralelas que tiveron lugar na Coruña, como a existencia dunha sala de lectura e outra de proxeccións, a escenificación de contos, algúns concertos e un taller para nenos e nenas.

_____, “Kalandraka Editora, especializada en literatura infantil, organiza unha sesión de contacontos na localidade de Dodro”, *El Correo Gallego*, 5 outubro 1999, p. 72.

Anuncia unha sesión de contacontos organizada pola editorial Kalandraka a cargo da Maga Rulana que achegará ós nenos contos como *A Toupiña que quería facer quen lle fixera aquilo na cabeza*, *O Coelliño Branco* ou *A qué sabe a lúa?.* Comenta que este espectáculo se enmarca na campaña de animación á lectura que a editorial organiza dende o seu nacemento.

_____, “A editora Kalandraka publica dous libros en catalán e eusquera”, *O Correo Galego*, 7 decembro 1999, p. 29.

Sinala que a editorial Kalandraka editou *¿A que sabe a lúa?*, de Michael Crejniec e *A toupiña quequería saber quén lle fixera aquilo na cabeza*, de Werner Holzwarth e Wolf Erlbruch ó catalán e éuscaro, gracias á traducción feita por Maria Viu e Koldo Izagirre, respectivamente. Tamén apunta que estas obras aparecen dentro da colección “Libros para soñar”, que recolle álbums ilustrados en castelán para a súa distribución fóra de Galicia.

_____, “Pontevedra acolle hoxe o I Salón do Libro Infantil”, *El Correo Gallego*, 13 decembro 1999, p. 75.

Sucinto comentario sobre a inauguración en Pontevedra, do Iº Salón Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Entre as actividades desta Iª edición do Salón destacan unha serie de obradoiros de lectura, sesións de contacontos, conferencias, tres exposicións de ilustracións e unha ampla mostra de libros editados en distintos países. Así mesmo, ofrécense catro obradoiros para adultos: “A arte de contar contos”, “Construcción de libros-obxecto”, “O mundo máxico de Gianni Rodari” e “A escrita coma viaxe”.

E. V., “Sesión de cuentacuentos esta tarde en el ateneo con la Maga Rulana”, *Diario de Pontevedra*, 19 novembro 1999, p. 16.

Informa da sesión de contacontos a cargo da Maga Rulana no Ateneo de Santa Cecilia de Marín, na que presenta os últimos libros de Kalandraka editora.

Ero, “Novas publicacións de SM na súa colección “Barco de Vapor”, *La Región*, 10 decembro 1999, p. 53.

Noticia da saída do prelo de sete libros da colección “Barco de Vapor”, todos eles con data de 1999: *¡A miña tía é verde!*, de Xosé Cermeño; *A casa de vidro do señor Clin*, de Gloria Sánchez; *Pimpín e dona gata* e *O misterio do cemiterio vello*, de Fina Casalderrey; *Os xigantes de nunca acabar*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández; *As fadas verdes*, de Agustín Fernández Paz; e *A lenda do capitán Miñoca*, de Dolores Ruíz Gestoso.

Espinoso, S., “As xornadas do cómic de Ourense entran no mundo do cine da man de Tintín”, *La Región*, 2 outubro 1999, p. 14.

Comentario no que se informa da celebración da XIª edición das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Dise que o acto de presentación tivo lugar na Casa da Xuventude de Ourense e que, nesta ocasión, as Xornadas contan coa novidade dun ciclo dedicado ó cine de animación. Para rematar, dáse noticia da entrega, neste mesmo acto, dos trece premios do Concurso Galego de Banda Deseñada-Xuventude e indícase que os premiados foron Suso Sanmartín, David Rubín, Emilio Fonseca e Fran Jaraba.

Estévez, A., “Nove dias dentro das viñetas de Ourense”, *A Nosa Terra*, nº 901”, “Guieiro Cultural”, 23 setembro 1999, p. 30.

Breve nota de prensa na que se dá conta da celebración da XIª edición das Xornadas Galegas de Banda Deseñada de Ourense. Entre as actividades que tiveron lugar, ó longo dos nove días que duraron as xornadas, cítanse a exposición de François Boucq; a mostra dos orixinais da serie de animación *Men in black* e *Os Vixilantes do Camiño*, de Miguelanxo Prado; a entrega dos premios Ourense de Banda Deseñada; ou a presentación da revista *Golfiño*, editada por Edicións Xerais de Galicia.

Fernández, C., “Una niña que pasa a mujer”, *La Voz de Galicia*, “Libros”, 9 xaneiro 1999, p. 34.

Resume o argumento da obra de Xosé Antonio Neira Cruz, *Valdemuller*, Premio “Barco de Vapor” 1997. Afirma que se trata dunha obra na que o escritor recrea os problemas dunha adolescente de quince anos, a piques de se converter en muller. Por último, declara que se trata dun libro cunha grande dose de verosimilitude.

Fernández, Lois, “Los monicreques, de cumpleaños”, *La Voz de Galicia*, El espejo”, 9 marzo 1999, p. 56.

Breve comentario sobre o aniversario da compañía teatral Monicreques de Kukas, que acaba de celebra-lo seu vixésimo aniversario. Informa que os seus fundadores, Marcelino de Santiago e Isabel Rey, prepararon unha exposición co apoio do departamento municipal de Cultura e do IGAEM.

García, Juan, “A Coruña en banda deseñada”, *El Ideal Gallego*, 16 agosto 1999, p. 9.

Informa da inauguración do IIº Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”, que tivo lugar na Coruña. Comenta que nel se organizaron exposicións, conferencias, proxeccións audiovisuais e escenificacións. Así mesmo, refírese á colocación, en diferentes puntos da cidade, de varios heroes e heroínas de cómics, como Superman, Batman, Campanilla, Spiderman, Asterix e Obelix, Lucky Luke, Mortadelo e Filemón ou Tintín, entre outros.

Gaspar, Silvia, “Eses temas tan difíciles”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 15 febreiro 1999, p. 6.

Fala dos hábitos de lectura do público infantil e xuvenil e, a continuación, céntrase nos temas que máis lle interesan, atendendo ás diferentes idades. Segundo Silvia Gaspar, os adolescentes están moi interesados nos distintos roles femininos e masculinos; mentres que os máis pequenos son atraídos polos monstros e os superheroes. En canto medran –continúa– empezan a interesarse máis pola realidade que os rodea e polos denominados temas tabú.

_____, “Feito por mulleres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 1 marzo 1999, p. 6.

Reflexiona sobre o feito de que a gran maioría da literatura infantil está feita por mulleres mentres que na literatura xuvenil son maioría os homes. Ante este feito, cuestiónase se se presentan diferencias entre autores e autoras. A seguir, refírese ó perigo das lecturas feitas polos rapaces ante a literatura de autoras, porque mentres as nenas encontran referentes cos que identificarse, os rapaces poden reaccionar negativamente. Así, finalmente, recomenda elixir textos que “dean un papel activo por igual, na acción e nos sentimentos, ós dous xéneros de alumnos”.

_____, “Todos á abordaxe”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 4 outubro 1999, p. 6.

Sucinta referencia sobre os libros de piratas que teñen as súas orixes en obras como *A illa do tesouro*, de Stevenson ou *O Corsario Negro*, de Salgari. A seguir, comenta que en Galicia se está a resucita-lo xénero de aventuras no mar e cita algúns exemplos como *A expedición doPacífico*, de Marilar Aleixandre; *Paso do Noroeste*, de Xavier Queipo; *Balaperdida*, de Manuel Rivas; *O Capitán Ro e o Gato Bo* ou *O grande Tronante*, ámbalas dúas de Gloria Sánchez.

_____, “Novembro, no medio da tradición”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 8 novembro 1999, p. 6.

Despois de salienta-lo mes de novembro como un tempo de tradicións refírese ás obras de recente publicación inspiradas na tradición oral e cita *Os amigos de Martiño* (1999), de Xesús Santos Suárez; *A ermida do diaño* (1998), de Xelucho Abella; e o *Diccionario de seres míticos galegos* (1999), de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán R. A seguir, salienta o enriquecemento da literatura infantil galega no campo da literatura tradicional por mor das versións ou traduccións de contistas clásicos e cita contos de Grimm ou as edicións do Colectivo Crisol.

_____, “Marilar Aleixandre”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 15 novembro 1999, p. 6.

Achéganos á traxectoria profesional de Marilar Aleixandre quen, a pesar da polémica que existe entre os premios e as creacións de calidade, é un “exemplo de autora premiada e, ó mesmo tempo, de producción salientable”. Cita algúns dos últimos galardóns que obtivo a escritora: opremio Álvaro Cunqueiro de Narrativa no 1998, pola obra *A compañía clandestina decontrapublicidade* ou o Esquío de poesía, por *Catálogo de velenos*. A seguir, analiza as características que, na súa opinión, teñen en común as obras da autora. Así, as protagonistas sempre son nenas, rapazas ou mulleres “activas, teimosas nos seus obxectivos, ansiosas de saber, viaxeiras e ben dispostas para resolve-los problemas que se lles van presentando”. Ademais, na maioría dos casos, sinala que as protagonistas teñen un elemento no seu físico que as fai diferentes do resto. Por último, salienta que nas obras de Marilar Aleixandre atopamos constantes referencias á bioloxía e ás viaxes.

_____, “Mirando arredor”, *La Voz de Galicia*,
“La Voz de la Escuela”, 22 novembro 1999, p. 6.

Ofrécense unha serie de títulos de literatura infantil e xuvenil que poden axudar a que os máis pequenos entendan o mundo que os rodea. Entre outros cítanse *O patiño feo* (Kalandraka), *¿Por qué a María Xosé lle chaman Xosé Mari?* (Galaxia), *A formiga coxa* (Edicións Xerais de Galicia), *Max e Koffi son amigas* (Galaxia), *Papiñas con canela* (O Barco de Vapor), *Laia, a nena da illa* (Edicións Xerais de Galicia), *A serea do deserto* (Alfaguara) ou *Espinacas sobre rodas* (Galaxia).

_____, “A banda deseñada nas aulas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de La Escuela”, 29 decembro 1999, p. 6.

Céntrase na situación actual do cómic. Afirma que a pesar da mala consideración que algúns adultos teñen dos cómics, este tipo de libros atópase entre os preferidos polo lectorado infantil e xuvenil, así como por un amplo número de docentes. Para algúns estudiosos, segundo Silvia Gaspar, os cómics non son educativos e non axudan a crear hábitos de lectura. Pola contra, sinala que algúns investigadores, como Gianni Rodari, afirman que contribúen a activar “un sistema de coordenación entre imaxes e textos, entre cores e signos, entre accións expresadas e outras eludidas, entre linguaxe e economía de medios”. A continuación, ofrece unha serie de traballos sobre o aproveitamento do cómic nas aulas: *Facernos cómics* e *Os cómics nas aulas*, de Agustín Fernández Paz; *O abc do cómic*, de Xaquín Marín; ou a *Gramática da fantasía*, de Gianni Rodari. Para rematar, dá conta dalgunhas coleccións de cómics en galego.

_____, “O mes do Nadal”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de La Escuela”, 13 decembro 1999, p. 6.

Considera o Nadal un período para aproximar á faceta creativa da preparación destas festas ós nenos e nenas. Subliña o baleiro de creacións especializadas en recoller a tradición do Nadal na nosa literatura, mais resalta a existencia de diversos materiais didácticos que axudan ós educadores a realiza-lo labor antedito. Cita e analiza algúns dos materiais aproveitables sobre esta materia. No tocante ó campo literario aconsella a lectura de *Un conto de Nadal*, de Charles Dickens ou *Reis Magos*, de Michel Tournier. Recomenda *O caderno azul*, de An Alfaya, para o alumnado do último curso da primaria ou o primeiro da ESO. Fala brevemente da versión galega de *O principiño*, de A. de Saint-Exupéry, coas súas ilustracións orixinais; do formato de *Os Reis Magos*, de Paco Abril; e da temática de *O vendedor de tormentas*, de Marta Rivera. Expón, finalmente, tres propostas didácticas para cada un dos ciclos educativos con estes libros.

_____, “Galanos de papel”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 110, 28 decembro 1999, p. 7.

Reflexiona sobre o aumento de publicacións na literatura infantil e xuvenil galega polo que calquera desexaría ser neno para gozar dun destes libros. Salienta a recuperación que se fai do volume de especial formato orientado ó conto tradicional en *Diccionario de seres míticos galegos*, de Xoán Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda con ilustracións de Lázaro Enríquez; a suntuosa colección de folclore infantil en *Cando o rei por aquí pasou*, de Palmira G. Boullosa e a recuperación de tradición infantil en *Contos de Grimm*. Menciona a proposta de Kalandraka ó especializarse na literatura estrictamente infantil e opina que non só os galardoados cun premio son os recomendables, senón que hai outras de grande éxito e sen galardóns como *A casa de vidro do señor Clin* e *Manual para unha pequena meiga*, de Gloria Sánchez; *Memorias dun raposo,* de Antonio Reigosa; *O laboratorio do Doutor Nogueira*, de Agustín Fernández Paz; ou *O chápiro verde*, de Marilar Aleixandre, coa introducción do conto popular. Para os que buscan unha “posibilidade máis sólida” recoméndalles as propostas de A Nosa Terra coas coleccións de pequenas enciclopedias en cómics de Pepe Carreiro. Por último, constata a aparición en Galaxia de oito volumes, nos que se narran as andanzas do detective Sherlock Holmes, traducido por Bieito Iglesias, e unha nova entrega de Astérix.

Gil, Francisco J., “Antonio García Teijeiro recoge en Padua el “Premio Europeo Pier Paolo Vergerio”, *Faro de Vigo*, 20 marzo 1999, p. 39.

Destácase a importancia da consecución do premio Pier Paolo Vergerio polo escritor galego Antonio García Teijeiro, co seu libro *A fogueira dos versos*. Di tamén que este libro gañara o Premio Merlín no ano 1996 e que ficara finalista no Premio Nacional de Literatura do seguinte ano.

Iglesias, A., “Os monicreques de Kukas, vinte anos despois”/“La compañía de Kukas festeja su veinte aniversario con una exposición de títeres”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 16 marzo 1999, p. 34/ p. 30.

Dáse conta da inauguración dunha exposición titulada “Os monicreques, XX aniversario”, da man de Marcelino de Santiago (Kukas) e Isabel Rey, fundadores da compañía en 1979. Refírese polo miúdo ós elementos que conforman esta mostra dividida en tres bloques e na que se pode ve-la evolución que experimentou a compañía nestes anos.

Iglesias, Ana, “El juego de leer”, *El Correo Gallego*, 4 febreiro 1999, p. 35.

Recóllese a presentación dos talleres de producción literaria e animación á lectura realizados polo Concello de Santiago e a Asociación Cultural A Maía en diferentes institutos, cos que se tenta “dar una perspectiva diferente del texto literario, y al mismo tiempo, animar a la gente a escribir y a jugar con la literatura”.

L. P., “El mar protagoniza la duodécima edición del Salón del Libro Infantil”, *El Ideal Gallego*, 19 marzo 1999, p. 47.

Noticia sobre a celebración da duodécima edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil que tivo lugar baixo o lema “Todos a bordo”. Infórmase do obxectivo da exposición que consiste na promoción da lectura. Para rematar, dáse conta da actuación dun grupo de contacontos que participaron nunha sesión titulada “Os contos da raíña do mar”.

Lorenzo, Maxi, “El cómic gallego tiene cantera en A Coruña”, *Faro de Vigo*, 21 agosto 1999, p. 38.

Sucinta referencia á participación nos Talleres de Creación de Cómic, enmarcadas na IIª edición do Salón “Viñetas desde o Atlántico” que se celebrou na Coruña. A continuación, o articulista afirma que o número de lectores de cómics descendeu nos últimos anos, debido, en parte, á influencia da televisión e dos videoxogos. Para rematar, afirma que tanto Mortadelo e Filemón coma Zipi e Zape seguen a se-los heroes preferidos dos máis pequenos.

M. N., Milagros, “A parcial desaparición da invisibilidade”, *O Correo Galego*, *“Revista das Letras, Artes e Ciencias”,* nº 74, 19 agosto 1999, pp. 6-8.

Amplo comentario que se achega á situación da literatura infantil e xuvenil na actualidade. Comeza coa referencia a unha entrevista realizada a Xosé Antonio Neira Cruz, director da revista *Fadamorgana*, no xornal *A Nosa Terra*. Nela, cóntase que Neira Cruz reflexiona sobre a “resituación” da literatura e afirma que os libros infantís e xuvenís son os que están a proporcionar maiores beneficios ás editoriais neste momento. Cita a mención honorífica que obtivo o escritor García Teijeiro no 1998, outorgada pola Asociación Mundial do Libro Infantil e Xuvenil pola súa obra *Na fogueira dos versos*. A continuación, alude á publicación dun informe sobre a situación da literatura infantil na actualidade titulado *A literatura infantil e xuvenil galega*, de Agustín Fernández Paz. Seguidamente, resúmense algunhas das ideas achegadas por este estudioso sobre a literatura infantil e xuvenil galega.

Mallo, Albino, “Contos de Xerais a cabalo”/“A nova colección de Edicións Xerais, “Cabalo buligán” presentada onte na Coruña leva o conto oral á letra impresa”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 24 abril 1999, p. 32/p. 73.

Informa da presentación de dous volumes pertencentes á nova colección de Xerais chamada “Cabalo buligán”. Refírese ós libros *Contos Marabillosos I* e *II* (1998), da autoría de Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán R. Cuba. Recolle as palabras de Manuel Bragado, director da editorial Xerais, quen salientou que os libros son adaptacións feitas a partir de narracións orais recollidas en diversas gravacións.

_____, “Viñetas desde o Atlántico”/“Viñetas desde o Atlántico” se abre con una exposición sobre el cómic”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 13 agosto 1999, p. 30/p. 75.

Breve nota na que se informa da inauguración da mostra “Viñetas desde o Atlántico”, que tivo lugar na Coruña, no marco da IIª edición do Salón do Cómic. Comenta que a mostra acolle unha serie de exposicións nas que se poden ver, entre outras, a titulada “A orixe da historieta española, 1862-1936” cos debuxos de *O mouro Muza* do século XIX; os primeiros exemplares do famoso*TBO*; e a denominada “Banda deseñada galega actual”, coa presentación da revista *Golfiño*. Así mesmo, infórmase da programación doutras actividades como coloquios, mesas redondas, casetas de vendedores, proxeccións de debuxos animados galegos e norteamericanos, un taller de debuxo, unha homenaxe a Batman no seu sesenta aniversario e unha serie de concertos ó aire libre.

_____, “Os favoritos da praza do cómic”/“El éxito de “Viñetas desde o Atlántico” prorroga las exposiciones hasta el domingo”, *O Correo Galego,* “AFA”/*El Correo Gallego*, 23 agosto 1999, p. 21/p. 49.

Recolle as reflexións de Miguelanxo Prado, responsable da IIª edición das xornadas “Viñetas desde o Atlántico”. O debuxante coruñés manifesta sentirse satisfeito polo éxito acadado polas xornadas. Afirma que “as doce exposicións marcaron, sen dúbida ningunha, o carácter máis diferenciador”. A seguir, opina que estas xornadas, que contaron con exposicións de orixinais, son as máis importantes de Europa. Para rematar, afirma que as dúas grandes novidades foron o taller de debuxo para nenos e nenas e a sala de lectura.

Moar, Fran, “Destacados creadores de cómic estarán en el salón internacional de A Coruña”, *La Voz de Galicia*, 13 agosto 1999, p. 31.

Céntrase na celebración do Salón Internacional do Cómic da Coruña, “Viñetas desde o Atlántico”, na súa segunda edición. Infórmase, a seguir, de que nesta ocasión o certame reuniu a moitos creadores de cómic de diversas nacionalidades que intercambiaron as súas experiencias. Cítanse, entre outros, os americanos Michael Kaluta e José Muñoz, os franceses Pierre Christin e François Boucq e os españois Luis Royo e Santiago Sequeiros. Por último, dáse conta dalgunhas das exposicións que tiveron acollida nese salón.

_____, “En Galicia resulta imposible vivir sólo del cómic”, *La Voz de Galicia*, 12 setembro 1999, p. 40.

Fran Jaraba, despois de referirse ó labor feito polo colectivo Xofre, do que formaba parte xunto a Miguelanxo Prado e Xan López Domínguez, declara que en Galicia non se pode vivir do cómic. Dá conta doutros traballos que fai e sinala que a historieta *Cita en la Habana*, coa que gañou o premio Ourense da Banda Deseñada 1999, “bien podría ser un homenaje a los tebeos de Hugo Pratt”.

Navia, R., “Esencia de cómic”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 49, 18 febreiro 1999, p. 8.

Dá conta da traxectoria profesional e dos proxectos do deseñador gráfico e debuxante Alberto V. Ferreiro. Informa que o autor publicou neste ano dúas historias tituladas *Anamarciana* e *Xeixas Johnson*, esta última na revista *Golfiño* de Edicións Xerais de Galicia. Así mesmo, infórmase de que foi un dos creadores do primeiro fanzine en galego, *Ameixa Cacofónica*, e de que está a preparar, cos seus compañeiros da Asociación de Deseñadores Gráficos de Galicia, o anuario *Demográfica*.

Neira, E., “Anisia Miranda e os contos universais para lectores novos”/“A escritora Anisia Miranda publica en Edicións do Castro un libro de contos para empezar a ler”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 9 marzo 1999, p. 35/p. 74.

Anúnciase a presentación de *A cama, a bolboreta e o paxariño* (1998), de Anisia Miranda no Museo Carlos Maside. Recóllense declaracións da súa autora, quen sinala que se trata dun novo libro de contos para nenos que “aínda non saben ler” e considera que é máis difícil escribir para nenos. Así mesmo, refírese ás ilustracións que lle fixo Alfredo Gutiérrez, de quen apunta que traballou “moi ben”, e comenta que a situación actual da literatura infantil é boa.

P. C., “Viñetas desde o Atlántico abrirá talleres infantiles de creación de historietas”, *La Voz de Galicia*, 14 agosto 1999, p. 10.

Infórmase, nesta ocasión, dos talleres que se celebraron ó longo da IIª edición do Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”, que tivo lugar na cidade da Coruña entre o 16 e o 22 de agosto. Trátase dunha serie de talleres infantís para a creación de historietas. Así mesmo, os visitantes máis pequenos destas xornadas puideron disfrutar dunha feira da historieta, na que participaron vintecinco expositores.

Pallas, Beatriz, “Xan López Domínguez y Gloria Sánchez presentan la obra ‘*O grande tronan-te*”, *La Voz de Galicia*, 13 febreiro 1999, p. 35.

Refírese á presentación da obra *O grande tronante* (1998), de Gloria Sánchez, con ilustracións do lucense Xan López Domínguez. A seguir, López Domínguez afirma que ilustra un libro por mes aproximadamente. Así mesmo, recorda que ilustrou unha obra do catalán Jordi Sierra i Fabra e que entrou no mercado coreano. Por último, cita algúns dos seus traballos como *Um macaco para frente* da brasileira Ruth Rocha ou “Mil millóns de libros”, título da nova campaña de fomento á lectura.

Pousa, Luis, “Viñetas desde o Atlántico convierte a la ciudad en la capital del cómic”, *El Ideal Gallego*, 13 agosto 1999, p. 17.

Nota sobre o programa que se desenvolveu no marco do IIº Salón Internacional do Cómic, “Viñetas desde o Atlántico”, celebrado en A Coruña, baixo a dirección do debuxante Miguelanxo Prado. Dá conta das exposicións, mesas redondas, conferencias e talleres que tiveron lugar durante esa semana e, para rematar, cita algúns dos asistentes máis destacados como François Boucq, Pierre Christin, Francesc Capdevila, Pascual Fernández, Santiago Sequeiros, José Muñoz, Michael Kaluta ou Luis Royo, entre outros.

_____, “Sir John Moore y otras historietas”, *El Ideal Gallego*, 24 agosto 1999, p. 16.

Breve resumo do contido da historieta *A retirada de Sir John Moore*, escrita e ilustrada por Pepe Carreiro. A seguir, afirma que os orixinais deste cómic se publicaron no primeiro número da revista *Golfiño*, editada por Edicións Xerais de Galicia. Por último, cita outra das novas publicacións relacionadas co mundo do cómic. Trátase da revista *Elipse*, dirixida por Miguelanxo Prado e presentada durante o Salón “Viñetas desde o Atlántico”.

R. G./B. P. L., “Os libros infantís e xuvenís dominan a literatura do Nadal”, *La Voz de Galicia*, 27 diciembre, p. 57.

Fai un resumo das novidades editorias presentadas no Nadal e dos seus argumentos, facendo fincapé na entrada da editorial Kalandraka nos mercados catalán e vasco.

R. G. F., “La Casa da Cultura acoge una muestra de literatura infantil”, *Faro de Vigo*, 13 agosto 1999, p. 7.

Anuncia a mostra organizada pola Biblioteca Penzol na que se recollen noventa títulos dirixidos ó lectorado infantil. Informa de que un dos obxectivos da exposición é dar a coñece-los fondos que posúe a biblioteca.

R. R., “A la estela de Andersen”, *La Voz de Galicia*, 28 novembro 1999, p. 89.

Informa dos obxectivos inmediatos da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX), que se encarga da presentación dos escritores galegos ós premios nacionais e internacionais. Segundo a presidenta de Galix, Blanca-Ana Roig Rechou, é moi probable que a literatura infantil e xuvenil galega sexa galardoada co Premio Andersen. Na súa opinión, aínda é necesario profundar “no coidado da linguaxe, da construcción, no coñecemento das técnicas literarias para que se vaia facendo unha literatura cada vez máis achegada ás temáticas actuais, que son as que máis reclaman os lectores”.

Rey, Beti, “Colorín, colorado’ acerca a los niños de Tui al mundo de los niños”, *Atlántico Diario*, 15 marzo 1999, p. 10.

Fai referencia á campaña de animación á lectura dirixida a rapaces entre 6 e 12 anos, promovida pola Casa da Xuventude de Tui e a Asociación de Monitores de Tempo Libre Vagalume, que leva o título de “Colorín, colorado”. Recolle as declaracións dos organizadores, que comentan a intención de presenta-lo libro como algo lúdico para maior achegamento ós rapaces. Así mesmo, cita algunhas das editoriais dispostas a colaborar como Galaxia ou Xerais, que achegan fondos bibliográficos.

Rodríguez, Víctor, “Comienzan en Ourense las “Xornadas de Banda Deseñada”, *El Mundo. Galicia*, 2 outubro 1999, p. 10.

Noticia sobre o comezo das XIas Xornadas de Banda Deseñada en Ourense, na que se informa dalgunhas das actividades que tiveron lugar no marco das xornadas: o “Encontro de Fanzines”, a presentación do IVº volume da serie galega “Un misterio para Simón”, titulado *La maldición dos Velasco* ou a saída ó mercado de dúas revistas dedicadas á difusión do cómic, *Golfiño* e *Elipse*.

Romar, R., “España se nutre de autores gallegos para el mercado infantil”, *La Voz de Galicia*, 28 novembro 1999, p. 88.

Detense na análise da situación da literatura infantil e xuvenil galega actual. Afirma que o xénero non só goza de boa saúde senón que se converteu nun auténtico “boom” nos últimos tempos. Salienta que, tanto o incremento dos títulos galegos traducidos a outras linguas coma o importante número de galardóns que obtivo o xénero na última década, son mostras de que a literatura infantil e xuvenil en lingua galega está a atravesar un momento de esplendor. A continuación, cita algúns dos escritores e escritoras máis lidos nos últimos anos: Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Paco Martín, Concha Blanco, X. P. Docampo, Andrés García Vilariño, Pepe Carballude, Gloria Sánchez, Xosé Cermeño, Xelucho Abella, Paula Carballeira ou Fran Alonso, entre outros moitos.

S. Q., “A contacontos Paula Carballeira actuará na praza Reveriano Soutullo”, *Atlántico Diario*, 13 agosto 1999. p. 13.

Anuncia a actuación da contacontos Paula Carballeira dentro do programa “Errequerre” na praza redondelana Reveriano Soutullo. Resume sucintamente o contido da actuación e remata lembrando a súa traxectoria como contista en diferentes medios de comunicación.

Sequeiro, Natalia, “A maxia dos microcosmos feitos de cartón e papel”, *O Correo Galego*, “Lecer”, nº 268, 4 abril 1999, pp. 8-10.

Amplo artigo sobre a situación dos grupos teatrais e das compañías de títeres en Galicia. Fai unha breve alusión á obra *Os nenos que plantaron a pedra da Auga*, da compañía de Moaña Teatro Kaos e, a continuación, céntrase na compañía Monicreques de Kukas, de Marcelino de Santiago e Isabel Rey. Lembra as dificultades que salvaron dende os comezos da compañía. Para rematar, reclama un estatus para os espectáculos de títeres que, na actualidade, “segue a estar considerado por moitos como un espectáculo de segunda categoría”.

_____, “El era unha vez...”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 xuño 1999, pp. 8-10.

Reflexiona sobre o crecente interese que están a despertar día a día os contos infantís. A seguir, ofrece a opinión de diferentes escritores sobre a literatura infantil e o contido dos libros para a infancia. Para Marilar Aleixandre, “é unha parvada darlles ós nenos só versións non complicadas das cousas, cando o mundo é moi complexo”. Para ela un conto é unha narración breve e capaz de mante-lo interese do lectorado ata o final. Para Xosé Antonio Neira Cruz os contos son moi importantes para que os máis pequenos aprendan a vivir “na complexidade do mundo que os rodea”. Pola súa banda, Kiko da Silva prefire os contos de aventuras e dedica a súa vida a “empregar cores, pinceis e lapis para crear mundos máxicos nos que viven personaxes dos relatos”. A continuación, Natalia Sequeiro refírese ás orixes da editorial Kalandraka. e afirma que crearon catro coleccións de libros para a infancia: “Demademora” (primeiros lectores), “Os Contos do trasno Comodín” (para edita-los clásicos infantís), Tras os Montes (que inclúe traduccións ó galego) e Maremar (dedicada á creación poética). Nunha segunda parte, resume a situación da literatura infantil e xuvenil galega actual e cita editoriais, coleccións específicas e obras e autores relacionados coa infancia e a xuventude.

Tristán, Pancho, “El festival “Viñetas desde o Atlántico” reúne en A Coruña 700 originales de trabajos para cómic”, *El Mundo. Galicia*, 17 agosto 1999, p. 9.

Comenta o éxito que acadou a IIª edición do Salón Internacional do Cómic “Viñetas desde o Atlántico”, celebrado na cidade da Coruña, baixo a dirección de Miguelanxo Prado. O debuxante coruñés afirma que nesta mostra se poden atopar exposicións dedicadas tanto á obra de diferentes autores coma a temas de carácter monográfico. Así mesmo, sinala que esta mostra reuniu setecentos orixinais relacionados coa historia do cómic en España.

Valcárcel, Marcos, “Libros galegos para nenos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 7 febreiro 1999, p. 47.

Parte da publicación do catálogo das coleccións infantís e xuvenís de Xerais e ofrece unhas breves notas biográficas sobre algúns autores e autoras que destacan no eido da literatura infantil e xuvenil. A continuación, cita algunhas das súas obras máis coñecidas. De Lola González cita *Guárdate de los Idus* e *Os Mornias*; de Ramón Caride Ogando, *Perigo vexetal* e *Ameaza na Antártida*; de Xoán Babarro, *Crónica dos catro viaxeiros*, *Contos de trabecín trabezón*, *O dragón de Gondomil*, *A aldea das catro primaveras* e *A princesa do cabaliño café*; e, por último, de An Alfaya, *Auga Varrida* e *A recortada*.

Valcárcel, Xulio, “Animación á lectura”, *El Ideal Gallego*, “Crítica literaria”, 28 febreiro 1999, p. 21.

Informa da aparición dun libro de Montserrat Santo titulado *Animación a la lectura con nuevas estrategias* (1998), publicado pola editorial SM. A seguir, analiza, con detalle, diferentes técnicas de animación á lectura que se empregan na actualidade. Así mesmo, informa de que a situación da literatura infantil e xuvenil en galego é moi boa na actualidade.

Varela, Ángel, “Editan dous libros de contos baseados en relatos orais recollidos nas aldeas”, *La Voz de Galicia*, 26 agosto 1999, p. 28.

Dá conta da reedición dos dous tomos de contos de Xerais, *Contos Marabillosos I* e *II* (1998), coordinados por Antonio Reigosa, Xoán Cuba e Xosé Miranda. Salienta que os obxectivos da publicación son, por un lado, diverti-los nenos con historias acompañadas de ilustracións e, por outro, rexistra-lo patrimonio oral acumulado durante xeracións e que agora se está perdendo porque xa non se contan contos. Comenta tamén que durante o traballo de campo feito polos autores, puideron constatar que as mulleres son as que máis contos saben, pois elas eran as encargadas de contalos. Finalmente, fai referencia á recompilación feita por Antonio Reigosa a partir das suás visitas ás aldeas da provincia, publicada co nome de *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998).

Vázquez, Dora, “Singular historia biográfica de Rodríguez Castelao”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 decembro 1999, p. 36.

Fai referencia á biografía titulada *Castelao* (1997), da autoría de Xosé Neira Cruz, dando conta dalgúns dos datos sobre a nenez e a mocidade desta figura rianxeira que aparecen nesta obra, que cualifica de “atractiva e pormenorizada”. Tamén sinala que cando ela exercía como mestra en Teimende de Parada do Sil, debido á escasa chegada de noticias literarias a esa zona, descoñecía bastante a vida e o labor densenvolvido por este intelectual.

Vidal, Carme, “Xoán Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa”, *A Nosa Terra,* nº 872*,* “Guieiro Cultural”, 4 marzo 1999, p. 34.

Infórmase do proxecto de recompilación de contos de transmisión oral que están levando a cabo por Xoán Cuba, Xosé Miranda e Antonio Reigosa, para evitar que as historias tradicionais galegas se perdan. Estes autores falan dos volumes coordinados que están facendo nestes momentos, dos que comentan que están compostos de moi diversas historias recollidas nos pobos galegos, que están a piques de desaparecer pois, dende que o franquismo criou a idea de que a lingua e a cultura galegas non valían para nada, os vellos xa non lle contan historias ós novos. Indícase que estes autores pescudaron as distintas versións para reescribi-lo relato, procurando que se parecera o máis posible ó orixinal. Tamén se sinala que descubriron nas nosas lendas que non todas son politicamente correctas, senón que moitas son totalmente irreverentes co poder político.

Villar, Marta, “El Salón del Cómic reunirá en A Coruña la mayor muestra de historietas de Europa”, *Faro de Vigo*, 13 agosto 1999, p. 39.

Dá conta da inauguración da IIª edición do Salón Internacional do Cómic que contou, nesta ocasión, con doce exposicións de autores de diferentes nacionalidades, unha feira de historietas e un taller de debuxo para os máis pequenos. Así mesmo, comenta que os visitantes puideron disfrutar dunha sala de lectura, proxeccións de debuxos animados, coloquios ou conferencias, entre outras actividades.

X. R., “Fina Casalderrey asiste a una charla en Fonteboa”, *El Correo Gallego*, 15 decembro 1999, p. 49.

Anúnciase a conferencia en Fonteboa de Fina Casalderrey para falar de temas literarios e dalgunhas das súas obras.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos

Recompilacións, monografías e libros colectivos

Aparicio Casado, Buenaventura, *Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos: mitología popular gallega*, prólogo de José Carlos Bermejo Barrera, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 80, 1999, 402 pp. (ISBN: 84-7492-910-5).

Achegamento ó mundo da cultura popular a través de símbolos moi presentes na tradición oral de Galicia. Conta cun prólogo de José Carlos Bermejo Barrera, Catedrático de Historia Antiga da Universidade de Santiago de Compostela. A obra está estructurada en dúas partes principais, aínda que conta tamén cunha breve introducción do propio autor onde analiza o tratamento que historicamente se lle deu a este tema, así como unha presentación do corpus escollido, a pertenza do texto á súa Tese Doutoral e os agradecementos oportunos, ademais das conclusións sobre todo o dito. Dende unha posición de carácter antropolóxico, compílase na primeira parte un corpus de 525 depósitos arqueolóxicos, sinalando a provincia, logo o municipio, a parroquia e o lugar no que se sitúan, diferenciando entre gravados rupestres, monumentos megalíticos e castros, sendo o destes últimos o máis rico e variado de todo o conxunto. Na segunda parte analízase polo miúdo o tratamento e interpretacións que se lle deron ó longo da historia, dende os eruditos homes da Xeración Nós, e incluso anteriores como Murguía, ata os últimos estudios feitos neste terreo por González Reboredo ou Mar Llinares, sen esquece-la interpretación de Aparicio Casado, quen ve na tradición oral o reflexo da concepción que o home galego ten do mundo e das relacións sociais que se establecen, comparando a visión galega coa doutros puntos de España e do norte de Portugal.

Referencias varias:

- José Ruíz Guirado, “Mitología popular gallega”, *Diario de Pontevedra*, 5 maio 1999, p. 19. Refírese á presentación do libro, que trata do folclore relacionado cos xacementos arqueolóxicos de Galicia. Informa que o texto dá conta da estructura do estudio, composto por un corpus e unha análise, e reproduce un fragmento a modo de exemplo.

Becerra Suárez, Carme e Manuel Ángel **Candelas Colodrón**, María Jesús **Fariña Busto**, Amparo de **Juan Bolufer** e Beatriz **Suárez Briones** (eds.), *Asedios ó conto*, Vigo: Servicios de Publicacións da Universidade de Vigo, col. Congresos, nº 19, 1999, 405 pp. (ISBN: 848158131-3). ¤

Como xa anunciamos no apartado V. 1 deste *Informe*, preséntanse aquí as intervencións referidas á literatura oral que se recollen nas actas do IIº Simposio da Asociación Galega de Semiótica, organizado pola Universidade de Vigo e celebrado en abril de 1997.

- Domingo Blanco, “O local e o universal na transmisión floclórica: ‘O convite das perdices”, pp. 97-107.

Estudia a evolución que experimentou o conto popular ó longo da historia e céntrase no caso concreto de Galicia. Afirma que a “estima, sistematización e estudio de que foron obxecto os contos populares non se produciu coa mesma intensidade en tódolos países e mesmo nalgúns nin sequera se pode dicir que existira”. Deste xeito, en Galicia só se transcribiron unha ducia de relatos populares durante todo o século XIX e haberá que agardar ata o ano 1958 para atopa-la primeira colección de contos populares, titulada *Contos vianeses*, recolleitos por Laureano Prieto na bisbarra de Viana do Bolo. Na súa opinión, esta indiferencia cara ó conto popular en Galicia estivo motivada pola crenza de que estes contos só reflectían “tipos, ambientes, situacións e referencias fortemente vinculadas ó mundo local das aldeas e dos aldeáns galegos”. Sen embargo, despois dunha análise destes contos, D. Blanco afirma que os seus contidos e actitudes van moito máis alá do ambiente rural. Neste sentido, detense na análise dun conto titulado “O convite das perdices”, recolleito no volume *Contos populares da provincia de Lugo*. Para rematar, reproduce cinco versións do citado conto, que apareceron en diferentes coleccións: “As perdices do

convite", "Os pegos do convite", "As orelhas do abade", "Conto LI: 'Por qué se dijo: Ni la una ni las dos", "Das Kluge Gretel" e "Le dit des perdiz".

- Anxo Fernández Ocampo, "Un home de ferro na literatura tradicional galega", pp. 189-202.

Aproximación ó mito de "Xan o Oso", protagonista dun dos contos marabillosos máis estendidos na cultura occidental, centrándose nas variantes galegas recollidas sen esquece-las do resto da Península. Téntase atopa-las orixes deste mito na tradición medieval, analizando tamén o simbolismo adquirido pola "moca", obxecto co que aparece case sempre Xan, así como o metal no contexto da cultura tradicional galega.

- Maribel Ferreiro, Olga Lamela e Mónica Rey, "Ánxel Fole: o encontro do popular e o literario", pp. 203 214.

Comeza cunhas consideracións acerca do conto popular e recolle opinións de Ánxel Fole ó respecto. A seguir, recorre a Claudio Rodríguez Fer para identificar algúns trazos de oralidade: o conto contado, o pracer de contar, a novela de marco e a importancia do narrador. Estudia tamén o predominio da acción sobre a narración, así como a incorporación de elementos da cultura popular (cántigas, adiviñas e refráns), compatibles con referencias literarias. Finalmente, ocúpase de cuestións relativas á temática e ás funcións. Como conclusión, salienta o equilibrio entre o popular e o literario.

-Mª do Carme Lamela Villaravid, "As boas mulleres. O protagonismo feminino nalgúns contos da nosa tradición oral", pp. 281-292.

Rastrexa na tradición oral narrativa galega para presentar exemplos nos que se dá unha valoración positiva da muller. Antes disto parte da idea de que na maioría dos casos a muller é presentada baixo un

prisma negativo. Coincide con Carmen Blanco ó considera-las mulleres como creadoras e transmisoras fundamentais das coplas pero discrepa desta mesma opinión respecto da prosa. O percorrido realizado por Mª do Carme Lamela comeza cun seguimento da utilización da fórmula “boa muller” e prosegue con consideracións de índole temática e coa atención a calidades físicas e intelectuais, así como á autoridade e á capacidade de traballo das personaxes femininas.

-Lourdes Lorenzo García, “Simboloxía masculina e feminina no conto mítico-fantástico tradicional galego”, pp. 305-310.

Ve similitudes entre as narracións mítico-fantásticas galegas, irlandesas e bretonas. En todas elas, o didactismo sería a razón da presencia dos elementos fantásticos. Centra o artigo na posición subsidiaria que a muller ocupa sempre respecto ó home neste conxunto de textos da literatura popular. Isto é así bardante no caso dos anciáns, que indistintamente adoitan ser portadores de poderes ou de sabedoría. Tamén se fixa na simboloxía dos obxectos dotados de poder sobrenatural, os cales frecuentemente pertencen ó ámbito de actuación feminino e presentan alternativas ó individuo entre as que debe escoller. Fai fincapé nos obxectos de significación sexual que axudan a fuxir ós amantes converténdoos en “cousas”: hortos, capelas ou vexetais.

Camby, Philippe, *Contos pilleirentos bretóns (I) (Petits contes licencioux des Bretons)*, limiar de Pierre Dubois, trad. Azimut traductores, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, serie Keltia, nº 4, 1999, 146 pp. (ISBN: 84-89129-51-7). .

No limiar, Dubois, tras contar un relato oído recentemente nun bar bretón, fai nota-la abundancia de contos procedentes desta zona que se levan publicado. Sen embargo, malia a súa riqueza temática non se coñecían narracións de corte erótico. Coida que esta colectánea vén cubri-la lagoa apuntada e relaciona este tipo de textos cos *fabliaux* medievais. A seguir, Camby, autor tamén das notas explicativas, dá conta do achado na Biblioteca Municipal de Rennes do segundo volume dunha colección perdida chamada *Kryptadia*, a cal recollía narracións de temática escatolóxica e erótica do século XIX. Parte do volume aparecido estaría dedicado ós procedentes da Bretaña. Despois especula sobre a identidade do responsable desa compilación: Sauvé, Luzel, Orain ou Sébillot. A pesar de recoñecer non ter proba concluínte ningunha, inclínase polo último. Non esquece xuntar unha ducia de referencias bibliográficas para os lectores máis interesados. A iniciación sexual ou a utilización de ardides para conseguir favores amorosos son os temas máis recorrentes nesta colección, mais sempre presentados como situacións cómicas. Tamén sinalaremos a presencia frecuente nestes contos, dos que por veces se recolle máis dunha variante, de personaxes sobrenaturais: diaños, fadas… Á parte dos contos, o volume ten dúas seccións máis: “Adiviñas, ditos e refráns da Alta Bretaña” e “Ditos e refráns da Baixa Bretaña”. Esta última incorpora a versión orixinal en bretón de tódolos seus textos.

Camby, Philippe*, Contos pilleirentos bretóns (II)* (*Petits Contes licencieux des Bretons)*, presentación e comentarios de Philippe Camby, trad. Azimut traductores, Noia-A Coruña: Editorial Toxosoutos, serie Keltia, nº 5, 1999, 127 pp. (ISBN: 84-89129-67-3). .

Na introducción próbase que o recolector e editor dos textos no século pasado foi Paul Sébillot, aspecto que non quedara suficientemente clareado no primeiro volume, xa que un dos contos aparece reproducido exactamente noutra compilación do mesmo folclorista. O presente volume aparece dividido en dúas partes: “Os contos” e “Malentendidos e chistes”. A única peculiaridade dos do segundo grupo é que xeralmente teñen unha maior extensión. Algunhas das historias inseridas nesta segunda entrega son variantes das incluídas na primeira. Nesta colección, o erotismo eleva moito o seu nivel e chega practicamente á pornografía con referencias explícitas ó acto e ós órganos sexuais. Aumenta moito a presencia de elementos escatolóxicos e os curas, monxas, beatas e o mundo da Igrexa é habitualmente criticado polos seus vicios e ignorancia. Tamén abondan os contos que se basean nos moitos nomes humorísticos que os protagonistas se autoasignan. Alén disto, tamén aparecen outros personaxes propios do trasmundo bretón: fadas boas e malas, meigos, animais que falan, criados que enganan ós seus superiores, diaños non moi poderosos, doncelas enredantes ou individuos parvos de ámbolos sexos.

Couceiro, Xosé Luís, Mª Teresa **García-Sabell Tormo**, Manuel **Míguez Ben**, Emilio **Montero Cartelle**, Manuel Enrique **Vázquez Buján** e José M.ª **Viña Liste** (coords.), *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, 2 vols., limiar de Darío Villanueva, presentación de Emilio Montero Cartelle, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col Homenaxes, 1999, 746 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-787-5) (ISBN Tomo II: 84-8121-788-3) (ISBN Obra Completa: 84-8121-789-1). ¤

Como xa se indicaba no apartado V. 1 deste *Informe*, dáse conta agora dos artigos referentes á literatura oral, que aparecen neste dobre volume en homenaxe a Camilo Flores.

Volume I:

- G. Conde Tarrío e J. Lago Garabatos, “Les premières documentations du proverbe en française, castillan et galicien”, pp. 389-405.

Despois de facer unha pequena introducción histórica sobre a orixe do proverbio, pásase a analiza-las primeiras manifestacións dos proverbios en francés, español e galego. En francés, indícanse como referentes obras dos séculos XII e XIII: *Chrétien de Troyes*, *Roman de Renart* e mais *Roman de la Rose*. No referente ó español sinálase que a palabra “proverbio” é sinónimo de “refrán” como pode verse en obras de Covarrubias e de Cervantes, mentres que se afirma que en galego, na literatura medieval galego-portuguesa, se confundían as palabras “proverbio” e “refram”.

Volume II:

-Mª Carme Ríos Panisse, “A orixe popular de *Contos da miña terra (Conto gallego)*, obra atribuída a Rosalía de Castro”, pp. 606-625.

Valora a achega popular nesta suposta obra rosaliana a partir das dúas variantes orais do conto recollidas ata hoxe: a “Aventura de dous arrieiros”, rexistrada en Monforte de Lemos, e o “Conto de Vicedo”, recollida neste municipio do norte de Lugo. Afirma que estas dúas versións aseguran a orixe popular do conto e que, tanto nestas como na versión culta, o humorismo é a finalidade do relato, resolto de distinto xeito nas tres. Da versión escrita di que intenta recolle-la oralidade dándolle moito espacio ó diálogo e, así mesmo, incrementa-la tensión do relato e a eficacia humorística valéndose de recursos literarios.

Cuba, Xoán R., Xosé **Miranda** e Antonio **Reigosa**, *Diccionario dos seres míticos galegos*, ilust. Lázaro Enríquez, Vigo: Edición Xerais de Galicia, maio 1999, 273 pp. (ISBN: 84-8302-363-6). .

Un equipo formado polos escritores Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, Xosé Miranda Ruíz, Antonio Reigosa Carreiras e polo ilustrador e deseñador gráfico Lázaro Enríquez foi o encargado deelaborar este primeiro diccionario dos seres míticos galegos. Ábrese o volume, de gran formato, pastas duras e coidada edición, cunha “Introducción” na que os autores definen a súa obra como “un ensaio, un libro de relatos e unha recompilación etnográfica”. Recoñecen as débedas coa tradición investigadora neste terreo, nomeadamente Murguía, Risco, Lourenzo, Bouza Brey eFraguas. En “¿De que trata este libro” definen o concepto de seres míticos a través de catorce epígrafes distintos; e en “¿Como ler este libro?” propoñen tres lecturas distintas: unha lectura sucesiva semellante á que se pode facer cun ensaio, unha lectura consultiva como a que se fai cun diccionario e unha lectura temática, para a cal ofrecen un listado de 39 temas coas vocesrelacionadas. A seguir, atopamos as 710 entradas, ordenadas alfabeticamente e redactadas de xeito que se inclúe algunha anédota, conto popular ou lenda ademais da definición da voz en cuestión. Péchase a obra cunha bibliografía e unha “Nota final” na que agradecen a colaboración de tódolos informantes e solicitan a axuda dos lectores para solventa-las eivas e omisións do traballo.

Recensións:

- Inma Fernández, “Para descubrir un tesouro oral”, *El Progreso*, 20 xuño 1999, p. 75.

Céntrase no comentario deste volume e fai referencia ás fontes das que se serviron os seus autores. Tamén fala da beleza que posúen as ilustracións con “trasnos que nos sorrín ou demos que nos fan retroceder”.

- Xulio Valcárcel, “Galicia máxica”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, 20 xuño 1999, p. 6.

Artigo sobre esta entrega, de Xosé Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, dos que destaca a habilidade narrativa. Asemade, comenta a existencia de dúas Galicias: unha real e outra imaxinaria. Para defender esta argumentación colle algunhas das entradas desta obra e dá conta da súa extensión por toda Galicia.

-Xosé E. Eiré, “Catecismo contra o esquezo”, *A Nosa Terra*, nº 888, “Guieiro Cultural”, 24 xuño 1999, pp. 27-28. Primeiramente, fai un comentario sobre a utilidade da cultura oral herdada dos antergos para, de seguido, centrarse na utilidade e valía do *Diccionario dos seres míticos galegos*, da autoría de Xosé Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda. Destaca o seu grao de amenidade na lectura e os seus debuxos, ademais de deterse nalgún ser en particular que presenta. Asemade, sinala algunhas eivas, aínda que remata valorando o traballo realizado.

-Ramón Loureiro, “Novo catálogo de enfeitizados e feitizos”, *La Voz de Galicia, “Culturas*”, nº 85, 6 xullo 1999, p. 7.

Sinala a dificultade que supón facer un censo dos seres míticos pola variabilidade dos “parroquianos do trasmundo”. Fala do *Diccionario dos seres míticos galegos* da autoría de Xosé Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda, do que desmiúza gran parte do seu contido. Tamén di que esta obra está feita para gozaren os rapaces e para recuperaren soños perdidos os vellos, xa que este é un mundo en proceso de desaparición.

-Ramón Nicolás Rodríguez, “O tesouro da nosa mitoloxía”, *La Voz de Galicia, “Culturas*”, nº 95, 14 setembro 1999, p. 7.

Gábase a publicación do *Diccionario dos seres míticos galegos*, de Xosé Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda. Di que neste libro se recolleron os traballos realizados durante moitos anos e agradece ós autores a súa habilidade narrativa, xa que estamos ante un libro de lectura moi amena. Así mesmo, considera que este libro marca un fito na investigación mitolóxica galega.

-Silvia Gaspar, “*Diccionario dos seres míticos galegos*. Xoán R. Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda”, *Fadamorgana*, nº 2, “Novidades”, outubro 1999, p. 86.

Expón toda unha serie de motivos polos que considera esta obra “inusual”, entre os que se atopan, o seu contido, que mira ó conxunto de compoñentes do mundo mítico, ó fantástico e á compilación etnográfica; ou o coidado soporte paratextual que presenta. A seguir, comenta que os seus autores experimentaron por diversas vías a dimensión fantástica e marabillosa e que, agora, esa especialización serve para esta “eshaustiva” obra de divulgación etnográfica solidamente documentada. Por último, dá conta das partes do volume e opina que pode ter cabida na biblioteca escolar, pero que probablemente fará mellor servicio a un público de maior idade.

Referencias varias:

-Ángel Varela, “Lanzan al mercado el “*Diccionario de seres míticos galegos*”, *La Voz de Galicia*, 27 maio 1999, p. 32.

Informa da inmediata posta á venda do *Diccionario dos seres míticos galegos*, de Xosé Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda da man de Xerais. Fai un percorrido por algunhas das voces que se recollen neste diccionario, sinalando as que considera máis características. Alén disto, comenta algúns lugares que no libro se consideran de orixe, ou conciencia, mitolóxica.

- AGN, "Presentado el 'Diccionario dos seres míticos gallegos", *Atlántico Diario*, 8 xuño 1999, p. 49.

Sucinta nota que fai referencia á presentación do libro e descríbeo como unha obra con finalidade práctica, sustentada na oralidade, que recolle 700 termos. Sinala que se deteñen moi brevemente na descrición de Santa Compaña.

- F. Martínez Bouzas, "O almacén mitolóxico", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras, Artes e Ciencias*", nº 66, 17 xuño 1999, p. 9.

Dá a benvida á publicación do *Diccionario dos seres míticos Galegos*. Primeiro, traza unha viaxe imaxinaria poboada de seres míticos, a maioría, segundo di, tirados da propia obra. De seguido, fala da achega persoal de cada un dos autores do texto, alén do seu labor de recolleita de moito deste material.

- X. L. Méndez Ferrín, "Sobre Pegos ou Piagos", *Faro de Vigo*, "Segunda feira", 13 setembro 1999, p. 2.

Refírese ós Pegos ou Piagos, que segundo define o propio autor, son pozos negros dos ríos. Comenta o tratamento que se lle dá neste *Diccionario* de Xoán Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda a estes lugares, e describe algúns dos que coñeceu e lembra algunha anécdota que lle aconteceu neles.

Estraloxos, Os, *Cantigas e refráns da Ribeira Sacra*, limiar de Nicanor Rielo Carballo, Pantón: Concello de Pantón/Adegas San José, 1999, 305 pp. (ISBN: 848064-084-7). ¤

Contén este libro un prólogo de Nicanor Rielo Carballo, membro do Museo do Pobo Galego, que fai unha presentación dos Estraloxos, segundo di mozos dunha parroquia de Pantón que decidiron crear unha Asociación Cultural chamada Estraloxos, da que foi principal valedor Xosé Val e Val, o que lle serve de pretexto para falar das orixes e intencións deste grupo. Alén disto fai un repaso pola xeografía física e humana da chamada Ribeira Sacra, da que trata de explicalas orixes da toponimia, e louva o traballo de recollida deste material, sobre antropoloxía. Así pois, neste libro acudindo a fontes populares, como se deixa dito ó comezo, recóllense cantigas e refráns de variada temática (dende o amor, de cregos, de oficios, de santos, do tempo, etc.). Tamén aparecen recompiladas adiviñas, coas súas solucións, e enredos amorosos.

Jacobs, Joseph, *Contos populares irlandeses*, selección e trad. Equipo Tris Tram, Lugo: Editorial Tris-Tam, col. Relatos, nº 14, 1999, 131 pp. (ISBN: 8489377-22-7). .

A editorial lucense TrisTram ofrécenos neste volume unha selección de contos tradicionais da illa de Irlanda recollidos polo folclorista decimonónico Joseph Jacobs. En xeral, xiran arredor de amores (nos que habitualmente algunha das partes leva sangue nobre), disputas veciñais, historias palacianas… Todo isto vén aderezado con transfiguracións, viaxes imposibles ou aparicións. Os castros son, como no folclore de Galicia, lugares máxicos e igualmente aparece a figura do trasno, coa variante local do lepracaun, como ser máis enredante do que malévolo. Outra presencia recorrente é a dos druídas e os seus poderes que, malia venceren nalgúns casos, son sempre derrotados se se lles opón algunha figura da mitoloxía cristiá, por veces moi tinxida de caracteres autóctonos. Outros actores sobrenaturais son as meigas, os xigantes e os espíritos das augas. Algunhas historias presentan moitos elementos comúns con outras narracións da literatura universal, como por exemplo: *Cindirella* ou *As mil e unha noites*. Entre os múltiples tópicos que atopamos podemos sinala-lo das plantas que nacen das tumbas dos namorados e que se unen simbolizando a victoria do amor sobre a morte.

Kremer, Dieter (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos*, 2 vols., Sada-Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 1181 pp. (ISBN Volume I: 84-7492939-3) (ISBN Volume II: 84-7492-940-7) (ISBN Obra Completa: 84-7492-938-5). ¤

Ademais dos artigos descritos no apartado V. 1 deste *Informe* sobre literatura galega en xeral, no que concerne á literatura oral, estes volumes inclúen as seguintes colaboracións:

- María Josefa Postigo Aldeamil, “Los refranes en la obra gallega de Rosalía de Castro”, pp. 927-934.

Denunciando a escaseza de estudios de paremioloxía e paremiografía galegas, propón aquí un pequeno estudio dos refráns presentes nas obras de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos* (1872), *Follas Novas* (1880) e *Conto galego* (1923). Analízanse en total 16 refráns que aparecen enumerados, ordenados alfabeticamente, coa forma recollida nas obras, a fórmula corrixida e actualizada, así como o seu significado en galego. Explícase brevemente algún dos problemas que presentan no texto ou o uso que Rosalía lles dá, explicando a presencia de refráns como un trazo de temas da tradición lírica popular, sinalando ademais que a función primordial é a de argumentar, coa que “consigue transformar el discurso anecdótico en axiomático; lo indefinido en universal”.

- Basilio Losada, “Os procesos de oralidade na literatura galega culta”, pp. 989-992.

Basilio Losada esmiúza neste artigo a evolución da oralidade dentro da literatura. Comeza cuestionándose o concepto de “séculos escuros” na literatura galega, posto que nesa altura “o pobo galego creou unha expresión literaria de seu” inzada de variedade, riqueza e orixinalidade, era unha literatura popular de transmisión oral. Sinala que esa “oralidade primaria” –que subsiste hoxe en día no zoco de Marrakeh– é irrecuperable na sociedade moderna occidental, dado que se está a perde-la compoñente “parateatral” en

favor da TV. Acha que hai “que darlle ao lector unha participación maior” e convertelo nun elemento activo na nova oralidade, na “oralidade de segundo nivel: a oralidade na escrita” que actualmente temos. Conclúe subliñando a importancia da oralidade para recupera-lo lector e para lle dar unha presencia máis activa co fin de que sobreviva a narrativa.

- Ana Acuña, “O concepto e imaxe da poesía máxico-ritual con función terapéutica dentro e fóra de Galicia”, pp. 1085-1111.

Achega a formas poucas veces consideradas na literatura como son as oracións, ensalmos e esconxuros recitados para curar, a través dunha análise comparativa de cinco poemas máxico-rituais contra o mal de ollo, denominados conxuntamente “poesía máxico-ritual con función terapéutica”. Na análise tenta diferencialas de oracións que se recitan con outros fins como ó deitarse ou ó erguerse, e tamén as contaminacións e neutralizacións entre tipos diferentes da lírica tradicional sen función terapéutica inicialmente, abondando exemplos como cancións, romances, contos ou fórmulas infantís. A comparación amplíase a manifestacións doutros lugares de España como Andalucía, Cataluña, País Vasco ou Canarias, ademais doutros países de Europa e de Sudamérica. Conclúe que “en vez de falar de superstición, cómpre falar de tradición” e polo tanto consideralas “parte da nosa literatura”.

Mariño Ferro, Xosé Ramón, *Contos de homes e mulleres*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Mitos e Tradicións, nº 6, 1999, 141 pp. (ISBN: 84-8289-084-0). .

Nesta obra recóllense diferentes historias da tradición oral galega que xiran ó redor da convivencia de homes e mulleres. Nalgunhas delas reprodúcense cantigas que reforzan o tema do relato. No “Prólogo”, Xosé Ramón Mariño Ferro reflexiona sobre as relacións entre homes e mulleres en diferentes culturas e afirma que na Galicia rural “poucas cousas divirten tanto ós labregos e labregas como meterse cos do sexo oposto”. Despois, en seis bloques titulados, “Mulleres e homes”, “Virtudes e defectos dos homes”, “Virtudes e defectos das mulleres”, “O casamento”, “A relación entre esposos” e “Adulterios”, agrúpanse diferentes historias cunha temática común. No primeiro destes grupos, “Mulleres e homes”, inclúese un único relato, “Martuxiña”, que conta a historia dunha moza que ten que ir servi-lo rei e alí coñece ó seu futuro marido. Pola súa banda, “Virtudes e defectos dos homes” está formado por oito contos que xiran en torno ó carácter dos homes, mentres que “Virtudes e defectos das mulleres” contén dezanove relatos nos que se salientan trazos propios das mulleres. Asemade, “O casamento” está composto por trece historias que se relacionan co tema das vodas. “A relación entre esposos”, pola súa banda, recolle dezaseis contos que presentan os problemas máis habituais dos matrimonios. O derradeiro dos bloques, “Adulterios”, contén doce historias que xiran ó redor das infidelidades conxugais. Por último, inclúese un “Comentario” no que o autor reflexiona sobre as relacións entre homes e mulleres na Galicia campesiña, tomando como base as cancións populares.

Recensións:

- Xosé M. González Reboredo, “Relatos de tradición oral sobre homes e mulleres”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Antropoloxía”, outubro 1999, p. 12.

Manifesta a presencia no mercado, dende hai poucos anos, da colección “Mitos e Tradición”, da que cita algúns dos títulos que a conforman. A seguir, notifica a aparición dunha nova entrega titulada *Contos de homes e mulleres*. Comenta a concepción do que debe ser un home e unha muller e os procesos de aculturación para evitar conflictos debido á diferencia de roles entre os sexos. Resalta que os cambios de crenzas e valores desta concepción transmítense mediante os recursos retóricos: os relatos orais. Afirma que nos contos recollidos neste volume, os habitantes da Galicia rural “comunican ... a súa concepción do masculino e do feminino”. Sinala a temática de cada un dos seis apartados nos que se estructura a obra e o número de contos presentes en cada un. Estima que o comentario sobre as relacións intersexuais na sociedade tradicional galega, que fai o autor ó final do libro, debería ser máis ampla e aplicada á comprensión das mensaxes en clave retórica destes.

Piñeiro de San Miguel, Esperanza e Andrés **Gómez Blanco**, *De lenda en lenda. Camiños máxicos polo noroeste de Galicia*, limiar de Ramón Loureiro, ilust. J. M. González Collado, Ferrol: Pluma Estudio Gráfico, 1999, 216 pp. (ISBN: 84931221-0-6). .

Evita-la perda da memoria do trasmundo do noso folclore é a idea central tanto do limiar coma da introducción, achegada polos propios autores. O volume incorpora as lendas que Piñeiro de San Miguel e Gómez Blanco foron recollendo polo norte do país. Con este fin, iniciaron a súa ruta en Pontedeume e seguiron cinguidos á costa ata Pantín e Porto do Cabo. A partir de aquí, emprenderon un periplo interior por terras de San Sadurniño, As Somozas, Moeche ou Cerdido ata volver ó océano en Cedeira. Novamente, seguiron a beira do mar ata Mañón para dirixirse posteriormente cara ó sur ata As Pontes. Coa visita a varios puntos cercanos ó curso do Eume, chegaron á desembocadura, pechando así un itinerario circular. Non reproducen os textos recolectados senón que os recrean, engadíndolles abondosas informacións etnográficas, folclóricas, xeográficas ou históricas. As narracións inclúen os elementos habituais na literatura de transmisión oral: tesouros, lubres, mouros e encantos ou covas. Tamén son frecuentes os ritos precristiáns, cruzamentos de tradicións cristiás con paganas, explicacións toponímicas mediante etimoloxías populares, orixes marabillosas de estirpes nobres, etc. En conxunto, os autores achan paralelismos entre a mitoloxía galega e a europea, nomeadamente a de nacións celtas como Irlanda ou Bretaña. A publicación desta colectánea contou co asesoramento lingüístico de Pedro Picallo Ramonde.

Rodríguez Vázquez, Ana Isabel (ed.), *A carón do lume*, limiar de Félix Villares Mouteira, Lugo: Citania, setembro 1999, 199 pp. (ISBN: 84-8231-979-5). .

Volume de A. I. Rodríguez Vázquez que recolle a literatura popular publicada na revista*Amencer*, gracias á colaboración dos alumnos do Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo. O libro comeza cun “Limiar” no que Félix Villares Mouteira explica o proceso de elaboración desta colectánea. A seguir veñen as composicións, en verso ou prosa, que estes alumnos foron recollendo nos seus lugares de orixe, e que están divididas en catorce apartados: “Adiviñas”, “Cando os animais falaban”, “Cantigas”, “Cantigas de berce”, “Contos” –que é o máis extenso–, “Lendas”, “Medicina Popular”, “Nadal”, “Oracións”, “Refráns”, “Romances”, “Trabalinguas”, “Varia” e mais “Xogo”. As diferentes composicións populares teñen o nome do lugar onde foron recollidas así como o do colector. O libro péchase coa relación completa dos colaboradores.

Vázquez Pintor, Xosé, *A tribo sabe. Os vellos oficios (II)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 1999, 170 pp. (ISBN: 84-8302-403-9).

O poeta, ensaísta e dramaturgo Xosé Vázquez Pintor continúa, con este libro, unha triloxía que iniciara no ano 1996 coa obra *Os vellos oficios*. Nesta ocasión, ofrece un ensaio antropolóxico sobre a vida dos fogueteiros de Oza de Ríos, con Santiago Rocha Sanmartín como protagonista, que xa leva máis de cincuenta e cinco anos no oficio. A seguir, céntrase no labor dos campaneiros de Arcos da Condesa e na arte de fabricar campás. Nun terceiro apartado achégase ó traballo dos cabaqueiros do Salnés e do Rosal. A continuación, fai un percorrido polos lugares nos que se pode come-lo polbo e explica as artes para a súa captura. No capítulo quinto refírese ós labores da forxa nas vellas ferrerías de O Mazo, Soutelo, A Granxa,Espasande, Aldurfe, Maxueira, Meilán, As Rodrigas, Órrea, Galegos ou Riotorto. Máis adiante céntrase no traballo dos antigos zoqueiros da Terra Chá e alude á recuperación desta vella tradición nas terras de Merza e dos seus arredores. A seguir, fai referencia a outro dos oficios máis antigos de Galicia: o traballo dos afiadores ourensáns. No penúltimo apartado céntrase na variedade e importancia das feiras galegas; entre outras, cita as de Agolada, Melide, Monterroso, Páramo, Santiago de Compostela e Santa Comba. Por último, dedica un apartado ó traballo dos albaneis da zona de Bueu. Para pecha-lo libro ofrece unha breve bibliografía e os créditos das fotografías que ilustran a obra. Cómpre salientar, así mesmo, que, ó final de cada capítulo, o autor ofrécenos un glosario cos termos propios de cada un dos oficios que retrata na obra.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Recuperar a memoria viva dos vellos oficios", *Faro de Vigo, "El Sábado*", nº 126, 9 outubro 1999, p. 5.

Faise un pormenorizado resumo dos oficios e artes sobre os que versa o libro *Os vellos oficios*, de Xosé Vázquez Pintor. Engade ademais un comentario crítico, no que se louva o detalle e a precisión das descricións, para logo salienta-los apartados nos que se recolle o léxico dos oficios, ameazados pola desaparición.

- F. Martínez Bouzas, "Tribo", *O Correo Galego, "Revista das Letras*", nº 290, 25 novembro 1999, p. 8.

Artigo no que se fai un amplo repaso polos oficios populares que rescata Xosé Vázquez Pintor nesta súa obra intitulada, *A tribo sabe*. A seguir, fala da prosa accesible que presenta este autor, común en tódalas súas obras, segundo di, que provoca unha lectura amena e apaixoada dos vellos oficios.

-Manuel Mandianes, "Os oficios e os días", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 3, 26 novembro 1999, p. 3.

Comeza sinalando a sensación de perda dunha tradición que senten os autores de obras de carácter antropolóxico, dende Cicerón ata os nosos días. Malia mostrarse en desacordo co postulado anterior, fala da importancia que ten a obra *A tribo sabe*, de Xosé Vázquez Pintor, porque axuda a coñecer oficios que están a desaparecer polo avance vertixinoso da técnica.

- Xulio Valcárcel, "Os vellos oficios", *El Ideal Gallego*, "La Galería", 12 decembro 1999, p. 8.

Comeza referíndose ó primeiro traballo de Vázquez Pintor e sinala o carácter complementario de *A tribo sabe*. Explica que se trata dun achegamento ós oficios máxicos (fogueteiros, campaneiros, polbeiros, cabaqueiros, zoqueiros e afiadores). Segundo o autor da recensión, o escritor "fai unha aproximación máxico-literaria, de creación fantástica, a cada oficio tratado e despois pasa a describir cada un deles". Debido a isto, considera o libro un testemuño vivo, refírese ós glosarios de palabras incluídos na obra e salienta o feito de rescatar unha serie de oficios da súa perda.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, "Arquitectura da palabra", *O Correo* Galego/*El Correo Gallego*, "Os outros días", 6 outubro 1999, p. 4.

Fala da súa falta de prexuízos á hora de expresar admiración polos autores dunha obra, que lle produza calquera sensación grata. Achega ademais unha serie de comentarios sobre o volume que acaba de publicar Xosé Vázquez Pintor, do que xa empezou a gozar da "beleza da súa prosa, do miucioso e real do seu léxico, mesmo das tenrura dos sentimentos transmitidos".

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 2. Publicacións en revistas

Castro Lôpez, Maurício, “Literatura popular e restauraçom lingüística na Galiza. Umha aproximaçom à obra de Saco e Arce”, *Agália*, nº 56, “Estudos”, Inverno 1998, pp. 407-423.

Comeza o artigo aludindo á marxinalidade e ó desprezo do que foi obxecto a literatura popular dende as instancias académicas. Uns textos que, na opinión de Maurício Castro “tenhem o interesse acrescentado de abrir-nos as portas ao mundo etnográfico e mítico da nossa naçom”. A seguir, inclúe a obra *Literatura Popular de Galicia* de J. A. Saco e Arce dentro deste corpus e propona como unha importante fonte para o estudio da lingua galega no século XIX. A parte central do artigo está ocupada por un estudio lingüístico da antedita obra, estructurado nos seguintes epígrafes: “Ortografía e representaçom da oralidade”, “Morfossintaxe” e “Léxico-semántica”. Para rematar, conclúe que a lingua galega era máis rica no século XIX que na actualidade, e que o modelo culto de galego que coñecemos hoxe se construíu tendo en conta o español e non o galego vivo na fala.

Docampo, Xabier P., “Aqueles contos non eran ningún conto”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura popular”, abril 1999, pp. 28-33.

Comeza explicando que o “sucedido ou suceso” son “historias coa estructura dun conto de tradición oral, que sempre se narra na forma de algo acaecido na realidade”, para, a continuación, facer unha serie de reflexións sobre esta forma da literatura oral. Así, entre outros aspectos, dá conta do papel que no sucedido cumpren o narrador, o misterio e a historia que nel se conta, ademais de falar de cómo se empezan a narrar. Tamén se refire ós seus personaxes, que “están sempre supeditados a ese personaxe real que é o primeiro narrador do sucedido”, e apunta que soe situarse en lugares coñecidos polos presentes e nunha estación do ano concreta, máis por referencia meteorolóxica que temporal. Remata indicando que os seus finais teñen unha tendencia natural a ser abertos e afirmando que todo isto “ten tamén a función de nos instalar na harmonía co noso pasado”.

Expósito Rabadán, J., “Dous exemplos da festa dos maios: Galicia e Cuenca”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 67-81.

Análise do significado e a historia da festa dos maios que se celebra en Galicia e noutros puntos de Europa, todos eles núcleos agrícolas. Faise unha descrición dos ritos máis sobranceiros, algúns desaparecidos e recuperados, como “alumear o pan”, “os maios”, poñer ramos ou bendeci-los campos, moi semellantes ós que se practican en La Rada (Cuenca), acompañada por unha gran cantidade de composicións poéticas populares galegas e castelás referidas a esta festa.

Fraguas Fraguas, Antonio, “Festas galegas”, *O Gaiteiro de Lugo*, 1999, p. 64.

Achega ás festas tradicionais da Galicia rural, o fiadeiro e ás esfolladas, dos que se describe os bailes de mozos e mozas, as cantigas e ritmos que acompañaban a festa.

Gregorio Couso, Sara, “A raposa, o lobo e o lobo da xente na literatura de tradición oral de Solveira (Viana do Bolo-Ourense)”, *A Freita*, nº 14, decembro 1999, pp. 56-61.

Recolle narracións populares das terras de Viana protagonizadas por raposos, lobos e lobishomes. Menciona outros lugares onde se contan relatos similares e comenta as variantes. Dá como características xerais do golpe: a astucia, a sutileza e a sabeduría, alén de poder anuncia-la morte. Pola súa parte, o lobo sería un personaxe máis negativo dotado de poderes paranormais e centro de máis supersticións cá raposa. Tamén se ocupa das crenzas, que xulga en camiño de perdérense, sobre os lobos da xente e comenta especialmente as transfiguracións e a importancia da pelica.

Ligero, Rosa Mª, “A serpe no mundo rural galego. Un exemplo: Vilaboa do Morrazo”, *A Freita*, nº 14, decembro 1999, pp. 49-55.

Baseándose nas narracións recollidas en Vilaboa, clasifica as serpes da nosa literatura de transmisión oral en: gardianas de tesouros ou persoas e mulleres encantadas. Tamén indica cando estas aparicións ofídicas teñen un significado benéfico ou, máis habitualmente, malévolo. Cita lendas en que se relaciona a San Hadrián, a quen está dedicada unha das parroquias deste concello morracense, con serpes. A seguir, vincúlase este trasmundo tradicional con crenzas precristiás e coa Coca de Redondela. Despois comenta certas supersticións estendidas sobre as serpes e remata declarando, con Castro Boado, que este animal é un símbolo sexual.

Miranda, Xosé, “Piratear literatura popular”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura Popular”, abril 1999, pp. 56-58.

Comenta que no tratamento da literatura popular, concretamente no conto, pode establecerse unha gradación, que vai dende a recolleita ata o emprego como material literario. Así que, a continuación, define unha serie de niveis nesa gradación, pondo algún exemplo de cada un deles. O primeiro que cita é o da recolleita, que é un labor dos antropólogos, etnógrafos ou estudiosos da literatura de transmisión oral, que deben presentar un labor presidido polo rigor; logo, o da interpretación, fixación e translación do recolleito a un galego común e a presentación dos textos en coleccións ó público, que, na súa opinión, en Galicia adoecen de graves defectos e pecados, que cita e que, en ocasións, se pode cualificar de “piratería”. A seguir, sinala que estarían a reelaboración, que é unha tarefa dos literatos, que deben unifica-las distintas versións nun único tipo; a utilización da narrativa oral para facer unha obra literaria e a introducción dos personaxes ou lances desa literatura nas obras literarias.

Morales Gómez-Ortega, Santiago, “Vitor Vaqueiro. *Guía da Galiza Máxica*”, *Madryga*l, nº 2, “Recensións”, 1999, pp. 222-224.

Achegamento á obra de Vitor Vaqueiro, *Guía da Galiza Máxica* (1998). Afirma que o autor traballou arredor de once anos e que ofrece un amplísimo abano dos seres e crenzas populares da nosa terra, estructurando a obra en dúas partes: na primeira co título de “A ollada marabillosa”, centrada na presentación teórica de crenzas e entes máxicos; mentres que a segunda está dedicada a situalos en determinados lugares da xeografía galega, describindo os numerosísimos capítulos que conforman a primeira parte, así como a relación das ducias de lugares citados que conforman a segunda. Remátase coa suxestión de traducir a diferentes linguas esta obra polo interese que ten.

Moure Mariño, Luis, “As opinións da xente”, *O Gaiteiro de Lugo*, 1999, pp. 20-21.

Conto popular no que se pon de manifesto a preocupación do galego polo “qué dirán” os demais e tamén o costume moi estendido de criticar, exemplificándoo coa historia dun pai e o seu fillo que van á feira e que sempre hai alguén que os critica xa sexa por ir un a pé e outro na burra, ou porque van os dous enriba do animal ou tamén se van a pé ambos.

Novo, Olga, “Diario de Morgana”, *Fadamorgana*, nº 1, abril 1999, p. 90.

Ademais de recoller unhas palabras de André Bretón e un fragmento de Claudio Rodríguez Fer sobre Morgana, fala deste ser mitolóxico, do que sinala que “o centro do seu froito é a verdade última porque o verbo fíxose nel carne”.

Novoa, Cristina, “Os contos de sempre no país de nunca-xamais”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura popular”, abril 1999, pp. 44-49.

Refírese ó interese, xurdido xa hai uns anos, de recupera-las narracións tradicionais e, polo que respecta a Galicia, apunta que nela houbo investigadores do conto popular e da tradición oral en xeral, como foron X. A. Saco e Arce, Vicente Risco ou Leandro Carré Alvarellos. Indica que tamén hai un interese adulto por este tipo de literatura e dá conta das análises feitas por C.G. Jung, Gabriela Wasserziehr e Ana M. Schlüter dos contos de fadas ou contos marabillosos. Cita as publicacións de contos populares existentes en lingua galega e sinala que, actualmente, tamén nos podemos achegar a outros xéneros como son as adiviñas, ditos ou refráns. Por último, salienta o papel da escola na compensación da carencia da narración de contos e achega unha bibliografía que recolle publicacións de literatura popular da última década.

Pardellas de Blas, Celestino, “As coplas dentro do Cancioneiro da illa de Ons”, *Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares*, nº 9, 1999, pp. 37-41.

Refírese á despoboación da Illa de Ons ata o ano 1810 e lembra que o asentamento familiar procedente do Salnés, o Morrazo e o Barbanza levou a esta zona os seus costumes. Explica que foi o illamento un dos factores que axudou a conservar unha cultura popular riquísima, que comezou a ser estudiada a finais dos anos 70. A seguir, reproduce algunhas coplas deste *corpus*.

Pozo Garza, Luz, “A lenda de Banshee”, *Fadamorgana*, nº 3, “Diario de Morgana”, decembro 1999, p. 73.

Entre a pluralidade de seres míticos, opina que o máis misterioso e dramático que habita nesa ultrarrealidade é Banshee, un espírito feminino que se laia perante as longas noites do infortunio para anuncia-la morte. Comenta que o vello Paddy Fly, que foi moitas veces o informador do poeta W. B. Yeats sobre o mundo das fadas, testemuñou sobre a existencia da Banshee, ademais de recoller un fragmento de Dana Mónica, no que se fala de tal ser mítico.

Reigosa, Antonio, “Volver ó conto real”, *Fadamorgana*, nº 1, “Literatura popular”, abril 1999, pp. 52-54.

Sinala que, para a xente nova de hoxe en día, ler é un acto cultural normal, aínda que non ten interese pola comunicación oral. Cita algunhas das consideracións negativas que pesan sobre a literatura de transmisión oral e chama a atención sobre este “descoido” existente con respecto a esta literatura, para, logo, tomar como exemplo os contos e dar conta dos valores e funcións que posúen. Propón ós pais e educadores que entren en comunicación coa xente máis vella para que os rapaces aprendan deles as historias e refírese ó traballo feito polo Grupo de Investigación Etnográfica Chaira, do que el forma parte e que foi capaz de recoller contos, lendas ou romances que, en moitos casos, eran pezas endexamais rexistradas en Galicia.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 3. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Publicacións en xornais: estudios e recensións

Campos, Asunción, “Refráns e ditos populares, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 74, 12 agosto 1999, pp. 6-9.

Tras facer unha pequena aproximación á figura de Asunción Rosende Pérez, nacida en Betanzos no ano 1907, deixa que sexa unha filla desta última quen, en primeira persoa, conte as experiencias vividas no contexto da posguerra civil, ademais das vivencias familiares, a penuria económica pola que se pasaba, os acontecementos políticos que afectaron de cheo á súa familia ou a sabedoría transmitida pola súa nai por medio de refráns e ditos. Tamén inclúe unha serie de refráns, dous ditos e unha oración transmitidos oralmente pola señora Asunción.

Forneiro, José Luís, “O bilingüismo da literatura popular galega”, *A Nosa Terra*, nº 879, “Guieiro Cultural”, 22 abril 1999, p. 34.

O profesor Forneiro, como resposta a unha afirmación feita por Antón Figueroa, argumenta a tese na que defende que a lingua dun texto popular non é un factor determinante para o seu inserimento nunha determinada cultura. Basándose en Bogatyrev e Jakobson, sinala que o realmente importante é a “realidade do prestamo, da selecçom e da adaptaçom do material recibido”. Ilustra a súa argumentación con exemplos da tradición galega tirados do romanceiro como “O saqueo de Cangas polos turcos” ou “Gaiferos de Mormaltan”, que foron transmitidos “numa lingua poetica bilingüe de base predominantemente castelhana”.

Giadás, Luis, “Na despedida das panxoliñas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 3 xaneiro 1999, pp. VIII-IX.

Mostra e clasificación “de exemplos enxebres e senlleiros” do noso acervo popular máistradicional de panxoliñas de Reis. Tirando os exemplos do Cancioneiro de Xesús Bal y Gay, establece a relación entre panxoliñas e romances e reproduce textos tradicionais sobre a festa da Epifanía particulares e propios das diferentes zonas de Galicia.

Quintáns S., M., “Unha reedición de contos e lendas do mundo celta”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 17 xaneiro 1999, p. 6.

Alédase coa segunda edición en 1998 da obra *Contos e lendas dos paises célticos* de Jean Markale e reflexiona sobre as reedicións dentro do mundo bibliográfico en lingua galega. Comenta o libro e indica que consta de cincuenta e tres contos e lendas clasificados por países.

Literatura de transmisión oral
4. Publicacións en xornais: entrevistas

Fraga, Jesús, “Négome sempre a escribir os meus contos orais”, *La Voz de Galicia*, “ultima voz”, 23 decembro 1999, p. 92.

Entrevista a Quico Cadaval na que fala sobre o acto elemental de contar. Refírese tamén á necesidade de oír historias e á súa renuncia a escribi-los seus contos orais. Finalmente, menciona a Cunqueiro pola súa xenialidade, “porque nos seus contos de inspiración popular consegue escribilos e reinventalos orais”, e fala da actividade vertixinosa desenvolvida no último ano.

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 5. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

D. P., “Harguindey habla hoy sobre “Literatura Popular galega”, *Diario de Pontevedra*, 5 maio 1999, p. 21.

Dentro do ciclo de Conferencias organizadas co gallo das Letras Galegas pola concellería de cultura de Bueu, anúnciase a próxima intervención do profesor Enrique Harguindey sobre literatura popular galega e recórdase a que ofreceu o día anterior Xabier Alcalá sobre “O significado de Blanco Amor na Arxentina”.

Ferreiro, Rocío R., “Escolma de lendas, refráns, e cantigas de Coristanco”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 22 febreiro 1999, p. 3.

Presentación dunha obra de corte antropolóxico realizada polos rapaces de Coristanco titulada *A cultura popular en Coristanco*. Comenta que no libro trátanse temas etnolóxicos como as festas, as romarías, os xogos tradicionais, a medicina popular e os traballos da terra ó carón dun estudio da literatura oral da zona, ilustrado cunha escolma de lendas, refráns, cantigas e regueifas.

Franco, F., “Un ciclo reúne a cuatro actores dispuestos a contar historias”, *Faro de Vigo*, 7 outubro 1999, p. 12.

Anúnciase a actuación en Vigo de catro contacontos: José Campanari, Quico Cadaval, Cándido Pazó e Carlos Blanco. Sinálase que abrirá as sesións José Campanari, do que se fai unha pequena aproximación. Tamén se informa que as actuacións terán lugar individualmente os xoves das próximas semanas.

Guiadás, “O mundo dos seres sen rostro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 30 maio 1999, pp. 23-25.

Iníciase con este artigo unha serie que tentará achega-lo lector ó mundo dos seres míticos presentes na cultura galega. Considera o autor de “xusticia” dedicar esta primeira entrega ós que afectan directamente ós cativos e, deste modo, comeza facendo o retrato e a contextualización do Sacauntos, do Tardo, do Zorronco, da Meiga Chuchona, das Xacias e das Mouras.

M. X. B., “O contacontos Ricardo de Barreiro ofrecerá esta noite unha actuación no Coliseo Noela”, *El Correo Gallego*, 6 agosto 1999, p. 47.

Preséntase o contacontos Ricardo de Barreiro e anúnciase a presentación do seu espectáculo que leva por título “Enghanchetedamça”. Recóllense as palabras do propio actor, quen explicou as súas orixes como contacontos a partir do seu contacto co colectivo Sacou. Así mesmo, comentou o contido do seu espectáculo e considerou, finalmente, que o futuro dos contacontos é bo pola pegada que están a ter entre o público.

R. C. G., “Mini y Mero: “Debe quedar constancia de que existiron cantares de cegos”, *El Progreso,* 19 maio 1999, p. 77.

Dáse conta da presencia dos autores Xosé Luis Rivas Cruz, Mini, e Baldomero Iglesias Dobarro, Mero, na Feira do Libro de Lugo, onde asinaron exemplares da súa última obra, na que se recollen 84 cantares de cego pertencentes á “memoria do país”. Coméntase que o libro foi editado por Ophiusa e acompáñase dun CD. Entre outras actividades levadas a cabo nesta Feira do Libro, lémbrase a lectura que o propio Lois Diéguez fixo dalgúns dos seus textos.

Serafín Ucha, Anxo, “Tempo de Nadal”, *A Peneira*, nº 268, 1ª quincena de decembro, 1999, pp. 19-20.

Trata as celebracións colectivas propias do Nadal e fai referencia ás achegas dalgúns estudiosos e compiladores, como Xosé Luis Rivas Cruz, Antón Fraguas, Xosé Carracedo Pousada, Xosé do Palleiro. O texto informa dalgunhas tradicións e reproduce algúns textos.

X. E. A., “Os maios do Tío Marcos”, *A Nosa Terra*, nº 880, “Guieiro Cultural”, 29 abril 1999, p. 35.

Rápido percorrido histórico pola tradicional festa dos maios subliñando a estreita relación desta festividade coa intelectualidade galega, especialmente reflectida na prensa galega, e recóllense os testemuños de persoeiros galegos como Vicente Risco, Higinio Ameijeiras ou Lamas Carvajal.

IX. Revistas

Agália. Revista Internacional da Associaçom Galega da Língua

(ISSN: 1130-3557 / D. L.: C-250-1985).

Publicou o primeiro número na primavera de 1985, dirixida pola presidencia de AGAL, coordinada por Joám J. Costa Casas, e cun Consello de Redacción integrado por oito persoas, que se foi ampliando ata chegar ás doce que ten na actualidade. Dende o número 41, correspondente á primavera de 1995, ocupa a dirección María do Carmo Henríquez Salido. Mantén unha periodicidade trimestral e presenta, habitualmente, as seguintes seccións: "Estudos", "Notas", "Antologia", "Documentaçom e Informaçom" e "Correio". Ó longo de 1999 chegaron a nós os números 55 (Outono 1998), 56 (Inverno 1998), 57 (Primavera 1999) e 58 (Verão 1999). O número 55 presenta as seccións habituais e para o noso obxecto de estudio interésano-la antoloxía de textos poéticos a cargo de Luís Maçãs Lôpez baixo o título "Abjecção a Preto e Branco" e a antoloxía de prosa "El Leite Mouro", de Crisanto Veiguela. O número 56, coas mesmas seccións que o seu antecedente, recolle na "Antología" unha dramatización teatral titulada "O castelo encantado" a cargo de Helena Fidalgo Laínez, así como unha proposta de actividades e obxectivos sobre ese texto. Inclúe, ademais, un estudio sobre a literatura popular en Saco e Arce e unha recensión de *Acarom da brêtema*. O número 57 está dedicado a Roberto Blanco Torres, do que se reproduce unha fotografía na portada. Só ten as seccións de "Estudos" e "Notas", nas que, ademais dos artigos sobre o autor de Cuntis, figuran outros dous referidos, respectivamente, á norma lexical e ós sistemas gráficos. No número 58, que inclúe as seccións: "Estudos", "Notas", "Documentaçom e informaçom", "Recensons" e "Correio", publícanse artigos sobre a historia romana, as interferencias do español no galego coloquial, o conflicto lingüístico galego, a traducción, etc. Tódolos artigos e recensións asinados figuran descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Alquimia. Revista de creación literaria, artes gráficas e pensamento

Pablo Sendín e Alexandre Pereira aparecen, respectivamente, como Presidente e Secretario de Edicións Nécora, selo matriz de *Alquimia*. O Consello de Redacción está formado por Alexandre Pereira, en calidade de director, e, como redactores, Paulo Pérez e Pablo Sendín. En outono de 1999 deitou o seu primeiro número, subvencionado pola Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, mais prevé tirar tres cada ano, correspondentes coas estacións do ano agás o verán. Está presente en Internet no enderezo http://members.xoom.com/alchimia. Neste número inicial, a sección "Poesía" inclúe: "Descubrireite", de Mónica Domínguez; "O experto cazador de tigures", de Alexandre Pereira; "Xogo poético-amoroso", de Martiño Davila; e "Na glote", de Arturo Casas; mentres que María Xosé Ogando con "O bico e outros relatos"; Rafa Xaneiro con "Calor na estrada"; Xosé Antonio Rodríguez Álvarez con "[Como tódolos domingos]" e César Lorenzo Gil con "Ballantine´s con cola" integran a parte de "Narrativa". "Cómic" só recolle unha banda deseñada de Xes Nékora e Paulo Pérez: "As insidiosas intrigas de don Mateu Stockton Ferreira". Tamén conteñen un único texto as seccións "Ensaio" e "Traducción", este último, da autoría de Fran Pose Santos, descrito no apartado V.4 Publicacións en revistas, deste *Informe*. O volume complétase coas fotografías de Carme Villar e Chus Pereira e os debuxos de Diego Pérez e Paulo Pérez.

Recensións e referencias varias:

- A. I. S., "Presentación de la revista *Alquimia*", *El Correo Gallego*, 4 novembro 1999, p. 37.

Breve comentario sobre a presentación do primeiro número da revista *Alquimia*. Trátase dunha revista de creación literaria, artes gráficas e pensamento que pretende “ser una plataforma en la que tengan cabida diferentes manifestaciones artísticas, comprometidas con la lengua y la cultura de Galicia y con su necesaria integración en la cultura mundial”, segundo afirmou Arturo Casas na presentación de *Alquimia*. Para rematar, cítanse algúns dos colaboradores e colaboradoras: Martiño Davila, María Xosé Ogando, Xosé Rodríguez Álvarez, César Lorenzo Gil, Francisco Pose Santos, Xes Nékora, Carmen Villar, Diego Pérez e Chus Pereira, entre outros.

Andaina. Revista galega de pensamento feminista
(D. L.: C-1146-88).

Apareceu, nunha primeira época, entre 1983 e xuño de 1991. Iniciou unha segunda xeira, que continúa na actualidade, con nova numeración, formato e consello de redacción, en decembro de 1991. Dánselle cabida nesta publicación a temas misceláneos, sempre dende a perspectiva da muller. No ano 1999 viron a luz os números 22, sobre os dereitos humanos; 23, centrado no quincuaxésimo aniversario da aparición de *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir; e 24, que trata as relacións entre a moda e o corpo feminino. O primeiro deles incorpora un relato de Azucena G. González titulado “Lembranzas”. O consello de narración está integrado por Ana Arellano, Nanina Santos, Berta Rey, Milagros Becerra, Laura Gómez e Felicia Estévez. Esta última ocúpase tamén da corrección lingüística. A revista pode ser consultada no ciberespacio no enderezo http://www.escritoras.com/andaina. As colaboracións relacionadas coa literatura galega, daautoría de Laura Gómez, Sabela Álvarez Núñez e Carme Lado, aparecen descritas no apartado V. 4 Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Anuario Brigantino

(ISBN: 1130-7625).

Publicación de carácter anual editada polo Concello de Betanzos e copatrocinada pola Deputación da Coruña, o Banco Etcheverría e Caixa Galicia. Fundada por Francisco Vales Villamarín tivo dúas etapas: a primeira delas baixo a dirección do seu fundador abrangue o período que vai de 1949, ó aparece-lo *Anuario Brigantino de 1948*, ata 1951. A segunda etapa comeza en 1981 e chega ata o momento actual de maneira continua baixo a dirección de Alfredo Erias Martínez que ocupou o cargo trala morte do fundador. En 1999 publicouse o número 21 correspondente a 1998 e coincide co cincuentenario da revista. Conta coas seguintes seccións: “Historia”, “Arte”, “Literatura”, “Antropoloxía”, “Entidades culturais e deportivas”, “Acontecementos do ano”, e unha nova, “Administración municipal”. No que respecta á literatura galega, recolle un traballo de Concepción Delgado Corral sobre Guillermo Vázquez, autor de dous libros en galego, descrito no apartado V. 4 Publicacións en revistas, deste *Informe*. Así mesmo, no apartado de creación inclúe un poema de Olga Patiño e outro de Xosé Luís Sobrino.

Recensións e referencias varias:

-Xosé Ramón Pena, “A puntual e acertada presencia dun anuario”, *Guía dos libros novos,* nº 3, xaneiro 1999, p. 30.

Coa aparición da nova entrega, o número vinte do *Anuario Brigantino*, Xosé Ramón Pena fai un comentario sobre a vida desta revista, editada polo Concello de Betanzos, sinalando que é un modelo a imitar por outros concellos galegos. Nomea as súas diferentes seccións e refírese ós traballos que aparecen no apartado

dedicado á Historia, entre outros o referente á análise dos túmulos prehistóricos atopados no Concello de Ferrol feito polo grupo de arqueoloxía da Terra de Trasancos ou “Mariñáns na guerra das Filipinas”, de Xavier Brisset Martín. Cita tamén o artigo de María José Domingo Pérez-Ugena, “El simbolismo animal en la escuela románica de la comarca de Betanzos” e salienta o coidado grafismo deste número.

-Xosé Ramón Pena, “*O Anuario Brigantino* entre nós”, *Guía dos libros novos*, nº 13, “Revistas”, decembro 1999, p. 30.

Comeza cualificando esta publicación como seria, rigorosa e interesante, ademais de identificarse cos seus responsables por seren paisanos. Céntrase de seguido nos contidos dalgunhas das seccións que conforman a revista, entre eles “Guillermo Vázquez, autor de dous libros: *Pensando detrás do lar* e *A vida do pobre*”, de Concepción Delgado Corral ou “Memorias dunha viaxe de ida por volta á República Arxentina e á Oriental do Uruguai”, de Xulio Cuns.

Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998

(ISBN: 84-8288285-6 / D. L.: VG-519-1999).

Publicación de periodicidade anual que edita Galaxia dende o ano 1992. Está dirixida por Xoán González Millán e por Dolores Vilavedra como Directora Adxunta. En 1999 saíu a entrega correspondente ó ano 1998 e foi realizada baixo o patrocinio da Fundación Caixa Galicia. O Consello de Redacción está formado por Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Kathleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. Ademais, conta no seu Consello Asesor coa presencia de Xesús Alonso Montero, Ivo Castro, Itamar Even-Zohar, Anna Ferrari, Claude H. Poullain, John Rutherford, Giuseppe Tavani e Pilar Vázquez Cuesta. O volume estructúrase en cinco seccións: “Estudios”, “Comunicacións”, “Panorámicas”, “Libros” e “Compendio bibliográfico anual”, descritas no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Os estudios literarios en 1998”, *Guía dos libros novos*, nº 11, “Revistas”, outubro 1999, p. 30.

Despois de salienta-la importancia do *Anuario de Estudios Literarios Galegos* no ámbito da investigación literaria, informa do contido do *Anuario 1998* e da temática dos seus artigos e deixa constancia do seu desacordo coa desaparición da visión panorámica fixa dedicada ó xénero ensaístico, desexando a súa pronta restitución. Salienta a ruptura da liña progresiva dos temas estudiados nesta sección ó longo dos anos nos que se amosaba a pluralidade xenérica da literatura galega. Observa a falta de certos xéneros, como a

literatura infantil, na sección destinada a valora-los libros publicados en 1998, de aí que considere necesario un equilibrio nas escollas para garanti-la presencia mínima de tódolos xéneros literarios.

-Hoscar Cano, “Dolores Vilavedra: ‘o Anuario fai interesante a literatura”, *Redacción Xove*, nº 26, novembro 1999, p. 6.

Ampla entrevista realizada á profesora Dolores Vilavedra, subdirectora da revista *Anuario de Estudios Literarios Galegos*. En primeiro lugar, afirma que a literatura galega está a se converter nun producto de masas, “froito das grandes planificacións editoriais”. Ademais, opina que a literatura galega se foi diversificando, sobre todo, nas dúas últimas décadas e xa non ten como función principal a de servir como “cultura ao servicio dunha identidade”. A continuación, explica que o *Anuario de Estudios Literarios Galegos* vai dirixido a un “público especializado, fundamentalmente universitario ou ao profesorado que queira manterse ao día”. Sinala que o *Anuario* é útil para “calquera que queira estar ao día do que se publicou durante o ano”.

- J. Fraga, “O anuario de Galaxia reseña a figura de Anne Marie Morris”, *La Voz de Galicia*, 1 decembro 1999, p. 88.

Comenta unha das recensións que se inclúen no último número do *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, correspondente ó ano 1998, o achegamento ó poemario *Voz fuxitiva*, da filóloga norteamericana Anne Marie Morris. A seguir, describe o contido da revista, nomeando os seus cinco apartados e salienta que neste número se ofrece “unha primeira aproximación á literatura galega en Internet, coa inclusión de sitios web nos que atopar desde Rosalía ata o Batallón Literario da Costa da Morte”.

-Marcos Valcárcel, “Unha revista de ensaios literarios”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 24 decembro 1999, p. 3.

Reflexiona sobre o panorama cultural galego e salienta a existencia “dunha das revi stas de maior rigor científico do sistema literario galego, editada por Galaxia e financiada nos últimos anos pola Fundación Caixa Galicia”. Remóntase ó ano de creación da revista, 1992, e nomea os seus directores e os membros do Consello de Redacción. A continuación, destaca algúns dos estudios que aparecen neste *Anuario* de 1998: “Ecos clásicos na lírica de Florencio Vaamonde”, de María Teresa Amado; un traballo sobre “o mundo da traducción e do significado da traslación do *Ulysses* de James Joyce ó galego”, a cargo de Carmen Millán Varela e Manuel F. Vieites; “as consideracións sobre a retranca de B. Baltrush, desde o refraneiro popular ata a obra de Reixa e Suso de Toro”; as achegas de Soledad Fox sobre a poetisa alófona, xa falecida, Anne Marie Morris; o corpus de estudios referidos a Martín Codax e a lírica trobadoresca medieval. Por último, achega información sobre o contido do apartado “Panorámicas”.

Augasverso. Folla literaria estradense

Folla literaria publicada pola Concellería de Cultura do Concello da Estrada. No seu Consello de Redacción figuran Chus Nogueira, Xosé Lueiro, Valentín García, David Álvarez, Javier Cartimil eFran Ameijeiras. Na segunda entrega incorpóranse Óscar Valladares e Lucía Uzal. No ano 1999publicáronse dous números. No número 0 (inverno 1999) inclúense poemas de Óscar Valladares, María Xesús Nogueira, Jorge Armesto, Segundo Ventín, Romina Bal e Xosé Manuel Mosquera Carbón –Xoseme– e unha traducción de Kafka, por David Álvarez. Ademais, conta coas seccións “As nosas fontes” (cun texto de Avelina Valladares), “Augas de fóra” (cun poema de Marilar Aleixandre) e “Outras augas”. O número 1 (outono 1999) contén textos de FátimaOtero, Vagalume, Óscar Valladares, Senén Campos, Machi Moreira García, Rochi (FranciscoRozados), Saulo Avendaño Silva e unha traducción de Albert Ehrenstein, feita por David Álvarez. A folla inclúe tamén as seccións “As nosas fontes” (cun poema de Avelino Cachafeiro), “Augas de fóra” (cun texto de Xoán Xosé Fernández Abella) e “Outras augas”.

Boletín Galego de Literatura

(ISSN: 0214-9117 / D. L.: C-641-1989).

Revista de carácter semestral da Universidade de Santiago de Compostela, dirixida por Anxo Tarrío Varela, dende o seu nacemento en 1989, e conformada por un Consello Científico, no que figuran catedráticos de todo o mundo. Cada un dos volumes está ilustrado por un pintor. No ano 1999, co gallo da celebración do seu décimo aniversario de vida, publicouse un único volume dobre 21-22. Conta cunha introducción titulada "Dez anos de Boletín", na que se fai referencia ó seu nacemento e se sinala que este número dobre ten un obxectivo moi claro: procurar un relanzo para a reflexión sobre todo o realizado ata o momento e para tratar de mellora-lo traballo feito. Tamén se dá conta dos contidos e anúncianse cambios no deseño de cuberta e na maquetación, ademais de mostrarse unha serie de agradecementos a todas aquelas persoas e institucións que teñen participado no *Boletín Galego de Literatura*. Así mesmo, indícase que vai continuar con renovadas forzas e ilusións e faise un chamamento para que ninguén se sinta fóra deste proxecto. A seguir, reúnense as portadas dos 20 números que este *Boletín* ten no seu haber, reprodúcense os índices do que en cada un deles se ten publicado e as seccións de "Creación" de forma íntegra. Por último, aparece un "Índice de Colaboradores", que facilita a consulta dos traballos.

Recensións e referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, "Noticias literarias", *Guía dos libros novos*, nº 5, "Revistas", marzo 1999, p. 30.

Céntrase no contido dos traballos aparecidos no número 19 do *Boletín Galego de Literatura*, nomeando o de Philippe Gardy, "A literatura occitana da época moderna (séculos XIX e XX) os territorios dunha escritura";

“Os relatos galegos de Heraclio Pérez Placer”, de Mª Isabel Soto e “O diálogo en *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste”, de Rodrigo Varela Cabezas, e salientando a calidade destes. Nomea tamén as colaboracións de Ramón Gutiérrez Izquierdo con “A Rosalía, Curros Enríquez e o canon”; a de Amparo Solla con “O relato “O gafo”, primeira colaboración de Otero Pedrayo en *El Pueblo Gallego* de Vigo, e as achegas de Xosé Luis Axeitos e Juan Blanco Valdés sobre a figura de Dieste, Otero Pedrayo e Díaz Jácome, así como as novidades de Esther Corral con *Lírica profana galego-portuguesa* ou *Johán de Cangas*, de Alexandre Ripoll.

-Xavier Castro, “O número vinte do ‘*Boletín Galego de Literatura*”, *El Correo Gallego*, *“Edición 7”*, 11 abril 1999, p. VII.

Comentario descritivo do número 20 do *Boletín Galego de Literatura* no que se considera esta publicación “referencia e alicerce das publicacións periódicas en galego”. Alúdese, a continuación, ó traballo de Johannes Kabatek sobre Friedrich Hölderlin, ó de M. Ribao sobre *El Mariscal Pedro Pardo*, de Emilia Pardo Bazán e ó de María Tavares Maleval sobre Manuel Bandeira. Cítanse ademais os nomes doutros colaboradores neste número como Aquilino Alonso, María X. Bello Rivas e Maximino Cacheiro, ademais das autopoéticas de Manuel Forcadela e Xulio Valcárcel.

- Xosé Ramón Pena, “Boletín de actualidade literaria”, *Guía dos libros novos*, nº 9, “Revistas”, setembro 1999, p. 30.

Fai unha relación dos traballos que compoñen as diferentes seccións do número 20, desta revista. Indica os contidos dos tres artigos do epígrafe “Estudios”: unha análise da recepción cunqueiriana cun apéndice das traduccións feitas dende 1933-34 e unha introducción sobre a recepción da obra deste autor en España, realizado por Johannes Kabatech, “Friedrich Hölderlin en galego (con especial referencia ás traduccións de Álvaro Cunqueiro)”; un estudio de Monserat Ribao Pereira acerca dos personaxes, da disposición espacio-temporal e do carácter romántico de *El Mariscal Pedro Pardo*, drama inédito de Emilia Pardo Bazán; e as

semellanzas e diferencias entre a escrita de Manuel Bandeira, autor brasileiro e o lirismo medieval galego-portugués en “Manuel Bandeira e os trovadores”. Pena inclúe un resumo das traduccións feitas dos escritos de Cunqueiro en territorio español e declara que o artigo de Ribao abre novas luces sobre o quefacer de Pardo Bazán, despois de inserir un resumo argumental do texto desta autora. Cita os títulos de tódolos traballos que conforman as seccións “Notas” e “Documentos” e informa do peche deste volume con textos de Manuel Forcadela e Xulio L. Valcárcel, presentes no epígrafe de creación.

Cadernos Castelao

Publicación editada pola Fundación Castelao de Santiago de Compostela que recolle as conferencias que organiza a Fundación, dende 1994, co obxectivo de divulga-la vida e obra de Castelao. A revista conta coa coordinación de Henrique Monteagudo. No 1999 publicáronse dous números: o nº 13 recolle a conferencia de Raúl Soutelo Vázquez, titulada “A Galicia de Castelao: caciques, agrarios, galeguistas e retornados”. Nela, tras un “Limiar” no que se fai unha breve aproximación á sociedade galega decimonónica con respecto á do Antigo Réxime, achégase ós cambios e ás permanencias que caracterizaron a Galicia dende finais do século XIX ata o 1936, concedéndolle especial importancia ó Agrarismo e mais ó Nacionalismo, “os dous movementos máis importantes do período”. Baixo o epígrafe “Transformacións económicas, mudanzas sociais e mobilización sociopolítica en Galicia no tempo de Castelao”, faise referencia ás consecuencias da crise agraria finisecular e ós movementos políticos máis importantes do período. Baixo o epígrafe “CODA: a coherencia persoal e o compromiso cívico de Castelao” faise unha pequena aproximación á “Xeración das Irmandades” e en particular a Castelao. No nº 14 recóllese a conferencia “Castelao, os galeguistas e os comunistas”, de Víctor Manuel Santidrián Arias, na que o autor baseándose na súa tese de doutoramento, “O partido comunista de España en Galicia”, dirixida por Justo G. Beramendi, realiza un percorrido pola ideoloxía comunista e a cuestión nacional en Galicia entre 1920 e 1950 e dá conta do corpo que tomou no campo organizativo o programa do PCE, afondando na postura que este mantén ante a “Cuestión Nacional”.

Café con Gotas
(ISBN: 84-8121-775-1).

Edición facsimilar desta revista realizada polo Grupo de Investigación Valle-Inclán da Universidade deSantiago de Compostela, que traballa baixo a dirección da profesora Margarita Santos Zas. Ábrese cun “Limiar” de Darío Villanueva, no que cita as actividades ó redor de Valle-Inclán que se celebraron na Universidade compostelana para conmemora-lo centenario de 1898, salientando a aparición desta revista. Comenta que para a súa aparición, pese a que non logrou abrangue-la totalidade dos seus números, foi imprescindible a colaboración de Emilia Álvarez e Francisco Fernández del Riego, que puxeron a disposición os exemplares de *Café con Gotas* pertencentes ás bibliotecas de don Fermín Bouza Brey e da Fundación Penzol, respectivamente. Tamén sinala que foi no ano 1888 cando aparece nesta revista o primeiro texto en prosa publicado polo mozo Valle-Inclán e achega outros datos referentes ó tipo de noticias que presentaba ou persoas que a dirixiron. A seguir, Margarita Santos Zas, en “Presentación de *Café con Gotas*”, dá conta do marco no que esta se inscribe e sinala que esta edición facsimilar presenta 61 números da revista, correspondentes ás catro épocas da súa existencia, que comprende dende 1886 a 1892. Achega diversas informacións sobre os lugares onde tivo a súa sede, os subtítulos que presentou ou os seus colaboradores, entre os que se atopaban Curros Enríquez, Vital Aza, Aurelio Ribalta ou Camilo Bargiela. Así mesmo, indica que as súas notas definitorias son o seu carácter ilustrado e humorístico e que, dende a súa dimensión literaria, dentro da súa miscelaneidade, conta con seccións fixas e colaboracións e temas variados, escritos en prosa e verso, en castelán e máis raramente en galego. Por outra banda, recóllese o artigo de Fermín Bouza Brey, “Los escritos de Valle-Inclán en *Café con Gotas* y su primera poesía (Santiago, 1888)”, que aparecera no nº 65 de *Cuadernos Gallegos*. Despois da reproducción facsimilar, dáse conta dos sumarios de *Café con Gotas* e ofrécense os seguintes índices: “Autores y sus colaboraciones”, “Índice onomástico”, “Colaboraciones por orden cronológico”, “Colaboraciones por orden alfabético”, “Secciones fijas”, “Ilustradores” e “Ilustraciones y sus autores por orden cronológico”. Todos eles facilitan a consulta destaedición e foron realizados por Francisco Blanco Sanmartín, Ángeles Gómez Abalo, Rafael López Mella, Rosario Mascato Rey, Catalina Míguez Vilas, Pilar Veiga Grandal e Margarita Vidal Maza. O seu deseño e tratamento informático correu a cargo de Guillermo Rojo.

Recensións e referencias varias:

- E. P., “A USC recupera a Valle na edición de ‘*Café con gotas*”, *El Correo Gallego*, 17 novembro 1999, p. 74.

Noticia sobre a presentación da edición facsimilar de *Café con Gotas. Semanario Satírico Ilustrado 18861892*. Infórmase que se trata da revista na que Valle-Inclán publicou a primeira poesía e o primeiro texto en prosa da súa vida, baixo o pseudónimo de Ramón del Valle de la Peña. Nomea os asistentes á presentación, que tivo lugar en Santiago de Compostela, entre eles, Darío Villanueva, Margarita Santos Zas, Xosé Manuel Rivera Otero, Blanca-Ana Roig, Juan Blanco e José Piñeiro. A continuación, dise que a revista “serve de testemuña do Santiago da época”.

-Carmen Villar, “El facsímil de “*Café con gotas*” reúne la obra juvenil de Valle-Inclán “, *Faro de Vigo*, 17 novembro 1999, p. 54.

Coméntase o acto de presentación da revista *Café con Gotas*, que tivo lugar en Santiago, con motivo dos actos de homenaxe da Universidade compostelá a Valle-Inclán. Saliéntase que se trata dun semanario satírico-ilustrado que o Grupo de Investigación Valle-Inclán, dirixido pola profesora Margarita Santos Zas, acaba de reeditar.

-M. B., “La Universidad hace una edición facsímil de “*Café con gotas*”, *La Voz de Galicia*, 17 novembro 1999, p. 49.

Dáse conta da presentación da edición facsimilar de *Café con Gotas. Semanario satírico Ilustrado 18861892*. Saliéntase que é unha publicación que recrea o Santiago da época e que lle serviu a Valle-Inclán como medio para publica-la súa primeira poesía e o seu primeiro conto. Así mesmo, sinálase que a revista recolle un "amplio muestrario de composiciones burlescas en prosa y verso que van desde el chiste inocente a la redondilla picante que, más de una vez, fueron la causa de multa y acta de cierre temporal del semanario universitario". Remátase coas palabras de Darío Villanueva, quen afirmou no acto de presentación que esta revista supón "a última aportación da Universidade de Santiago para honrar a figura dun dos seus ex-alumnos máis ilustres e xeniais desde o punto de vista artístico e literario: Don Ramón del Valle Inclán".

-Luis Iglesias Feijoo, "Unha revista satírica", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 6, 17 decembro 1999, p. 2.

Informa da presentación de *Café con Gotas*, revista de carácter estudiantil na que Valle-Inclán publicou a súa primeira poesía e o seu primeiro conto. Comenta que a reedición forma parte dun proxecto preparado polo Grupo de Investigación Valle-Inclán, dirixido por Margarita Santos Zas, e afirma que a revista "encierra la curiosidad de poder asomarse en directo a retazos de la vida compostelana de hace algo más de un siglo, con amplia alusión a anécdotas cotidianas y a la lucha ideológica del momento". Así mesmo, afirma que nesta publicación tamén colaboraron autores como Curros Enríquez, Camilo Bargiela, Serafín Álvarez Quintero, Enrique Labarta, Emilia Pardo Bazán, Barcia Caballero ou Manuel Murguía, entre outros.

Casahamlet

(D. L.: C-1152-1999).

Revista de teatro que se anuncia cunha periodicidade anual, dirixida por Francisco Pillado Mayor con Santiago Fernández, Manuel Lourenzo e Xesús Pisón no Consello de Redacción, e que conta co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña. O seu número 1 (maio 1999) comeza co epígrafe "Razón de ser" no que se fai unha "declaración de principios" e dos aspectos que ó longo da revista se van tratar. Pásase, a continuación, ó apartado titulado "Teatro Galego", no que se integran o artigo de Laura Tato: "Descontros e Polémicas" e o de Xesús Gonzalez Gómez: "Un teatro desconstruccionista". O corpus central da revista está formado polo "Especial Hamlet" que se subdivide en "Textos Dramáticos" e "Sempre Hamlet". En "Textos Dramáticos" reprodúcense unha serie de textos que teñen ó *Hamlet* de William Shakespeare como referente: "Teatro instantáneo", de João Guisán Seixas; "Falta Hamlet", de Manuel Lourenzo; "Hamlet kit kat", de Xavier Picallo; "Quero ser Hamlet", de Xesús Pisón; "Amleth, voz e verbo" e as "Certezas de Ofelia", de Luísa Villalta. O outro apartado deste corpus central, "Sempre Hamlet", está constituído por oito traballos que fan unha aproximación ó *Hamlet* shakespeariano dende diversos puntos de vista: "Hamlet son eu": Shakespeare, Gordon Craig e o metateatro", de Anxo Abuín González; "Algunhas observacións sobre o "Hamlet" de Lawrence Olivier", de Ana Carril Valle; "Hamlet" de William Shakespeare: unha montaxe da Aula de Teatro Universitaria de Ourense", de Fernando Dacosta; "O tema Hamlet: de Shakespeare a Cunqueiro", de Anxo González Fernández; "O reino das palabras", de Manuel Lourenzo; "O Hamlet de Richard Burton", de Miguel Pérez Romero; "Kenneth Branagh e Hamlet: formación e traxectoria profesional ata "Hamlet", de Juan Udaondo Alegre e "Mito e variacións no "Don Hamlet", de Luísa Villalta. O seguinte apartado da revista, "Aulas", está composto por seis artigos: "Aula de teatro Universitaria de Ourense", de Fernando Dacosta, no que se fai unha aproximación ó nacemento, á organización ou ás actividades organizadas por esta aula de teatro, así como ós seus obxectivos ou ás montaxes que ata o momento se levan preparado; "Personaxes de sempre", de Santiago Fernández, centrado nas "criaturas de ficción que ultrapasaron a fronteira das línguas e dos tempos": Edipo Rei, Medea, Fausto, Calígula, Nai Coraxe e Don Juán Manuel de Montenegro; "Actividade escénica na Universidade da Coruña", de Xosé Fernández, que informa das actividades teatrais levadas a cabo por esta Universidade a través do seu Servicio de Extensión Universitaria; "A Biblioteca-Arquivo teatral Francisco Pillado Mayor", de Laura Tato que informa das publicacións desta institución que

depende do Departamento de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña; “Teatrografías”, de Pablo Rodríguez que nos introduce nos obxectivos e actividades da Aula de Teatro do campus de Lugo da USC; e “Teatro e Universidade en Galicia: o traballo teatral no seo das Aulas de Teatro”, de Roberto Salgueiro, que reflexiona sobre a situación da Aula de Teatro na USC. O último apartado darevista, “Documentación”, recolle o traballo de Francisco Pillado Mayor, “Álvaro Cunqueiro: bibliografía teatral”, centrado na producción dramática do escritor mindoniense. Os artigos relacionados co teatro galego están descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Albino Mallo, “*Casahamlet*” unha nova revista galega para coñecer o teatro”/“*Casahamlet*’, unha revista de teatro de carácter anual que dirixe Francisco Pillado”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 19 xuño 1999, p. 32/p. 75.

Anúnciase a aparición de *Casahamlet* e faise referencia ó acto de presentación desta revista. Alúdese á súa tiraxe de dous mil exemplares e á súa estimada periodicidade anual, además de indicarse que os responsables da revista, Manuel Lourenzo e Santiago Fernández, adiantaron algúns dos contidos do número dous, dedicado ó estudio da actividade teatral da Coruña durante os séculos XIX e XX. Conclúese cun resumo dos contidos do primeiro número, logo de facerse mención ó labor desenvolto pola Deputación da Coruña no eido das artes escénicas.

-C. V., “Francisco Pillado dirixe *Casahamlet*, unha revista de opinión e criación teatral”, *A Nosa Terra*, nº 888, “Guieiro Cultural”, 24 xuño 1999, p. 28.

Co apoio das declaracións de Francisco Pillado, coméntase a estructuración da revista e cítase o nome dos colaboradores no primeiro número, ó tempo que se anuncia para o número dous unha revisión da actividade teatral na Coruña e do papel desempeñado por Lugrís Freire na historia do teatro galego.

- Miguel Anxo Fernán Vello, "*Casahamlet*", *O Correo Galego*, "A fenda", 15 xullo 1999, p. 3.

Recoñece primeiramente o interese mostrado nos últimos anos por parte da Deputación da Coruña no tocante á "promoción efectiva de actividades culturais diversas" con particular atención á literatura. A continuación, céntrase en *Casahamlet* poñendo de relevo a súa calidade e opinando que tanto a dirección coma o Consello de Redacción son garantes de rigor intelectual e coñecemento exhaustivo da materia. Loa, ademais, a beleza e o fondo da revista para rematar reiterando a "exquisita sensibilidade" da Deputación.

- Alfredo Conde, "Pregunta tras pregunta", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 22 xullo 1999, p. 56/p. 4.

Céntrase na forma de ser dos galegos e a continuación refírese á cita de *O incerto señor Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro, que ilustra a contracapa de *Casahamlet* "coma unha fermosa e acaso unha algo polisémica declaración de principios que lle permita a cada lector face-la súa propia lectura do texto". Remata o artigo lembrando a representación da obra de Cunqueiro en Ribadavia.

- Alfredo Conde, "O privilexio da dignidade", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 22 xullo 1999, p. 48/p. 4.

Deséxalle continuidade á revista e cualifica de "exercicio de tolerante convivencia" o feito de que os directores da publicación non teñan nada que ver coa ideoloxía do partido político que goberna a Deputación da Coruña. Do mesmo xeito, aplaude a actitude das deputacións ó sumárense á proposta de Méndez Ferrín como candidato ó Premio Nobel de Literatura.

- Iolanda Ogando, "Na orixe era Hamlet", *Tempos Novos*, nº 29, "Crítica. Voces e Culturas. Teatro", outubro 1999, p. 67.

Iolanda Ogando laméntase polas escasas publicacións de teatro e alédase coa aparición da revista *Casahamlet. Revista de Teatro*. Sinala que as revistas ofrecen a plataforma para "coñecermos novos textos e escritores", mais critica a súa escasa distribución.

Manuel F. Vieites, "Termómetros da vida teatral", *Guía dos libros novos*, nº 12, "Revistas", novembro 1999, 29.

Comeza repasando as diferentes publicacións galegas centradas no teatro, e, a seguir, fala do contido que presenta este primeiro número de *Casahamlet*, salientando o protagonismo do personaxe de Hamlet, os"breves e asisados" estudios sobre algunhas figuras como Álvaro Cunqueiro ou o amplo percorrido panorámico sobre as actividades das Aulas de Teatro das Universidades galegas.

Citania. Artes. Letras. Espectáculos
(ISSN: 1139-3092 / D. L.: C-1106-98).

Revista semestral de periodicidade irregular que naceu na primavera-verán de 1998. En 1999 saíu á rúa o número dous, correspondente ó Outono-Inverno. Conta coa dirección de Euloxio R. Ruibal e Mª Antonia Pérez. Así mesmo, tanto o seu Consello de Redacción coma o Consello Editorial están formados por persoas de Universidades galegas e estranxeiras. A publicación, de marcado carácter interdisciplinar, divídese en cinco grandes apartados: o primeiro deles, baixo o epígrafe de "Artigos", recolle, entre outros, escritos de X. L. Axeitos ("A biblioteca de arte de Luís Seoane: Datos para unha biografía intelectual do artista") e Euloxio R. Ruibal ("Señores e campesiños n'*A Lagarada* de Otero Pedrayo. Lectura sociolóxica"). No apartado de "Creación" recóllese un poema musicado de Paulino Pereiro; no de "Crónicas" ofrécese un resumo do encontro dos escritores no verán en Muros co título ("Escritores na Finis Terrae"). Por último, no apartado de crítica literaria titulado "Libros", alén doutras recensións, está unha de Marta Palacios co epígrafe "O camiño de Prisciliano de Ramón Chao". Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Clave Orión

(ISSN: 135-741 X / D. L.: C-8849-5).

Revista literaria que comezou a súa andaina no seo da revista *Nordés* (números 19-20, outubro 1993) onde viu a luz o número Alfa. De forma independente saíu o número I, no 1995, dirixido por Luz Pozo Garza, no 1996 o número II e en 1998 o número III-IV. En 1999 saíu o número V mantendo as seccións da anterior entrega. Así, "O faro extraviado" acolle o poema de Luz Pozo Garza "Carta de Beatriz Vía Láctea". En "Donas da palabra" recóllese unha prosa poética de Carmen Blanco, seguida dos poemas de ClementinaVidal, Xela Arias, Olga Patiño Nogueira e Úrsula Heinze de Lorenzo (en traducción do galego ó alemán de Ramón Lorenzo). Na sección "Homenaxe a Igor Ivanov" preséntanse textos traducidos ó ruso de Miguel González Garcés, Pura Vázquez e Helena Villar Janeiro en traducción de M. Iasnov, M. Kviatkovskaia e L. Tsivián, V. Andreev, N. Chupriná e A. Tkachencko, respectivamente. "Meendinho" acolle o traballo de Manuel Fernández Rodríguez, "Retrato radial de Claudio Rodríguez Fer", e un artigo sobre a significación da luz e da cor azul na poesía de Eduardo Moreiras, a cargo de Andrés Pociña. En "Mensura" inclúense poemas de Manuel Xosé Neira, Manuel Álvarez Torneiro, Xosé María Álvarez Cáccamo e Claudio Rodríguez Fer. En "Versión", Eduardo Estévez acompaña cun estudio as súas traduccións da poetisa arxentina Alejandra Pizarnik; Martín Veiga traduce o poema de Ezra Pound "Provincia deserta", precedido dunha introducción titulada "Ezra Pound: por terras de Provenza". Nesta mesma sección, Suso Pensado presenta a traducción ó galego do poema "Le bateau ivre", de Rimbaud. Na sección "Iwerddon" aparece un poema de Dana Mónica traducido por Luz Pozo Garza e a propia Luz Pozo Garza escribe sobre trasgos e fantasmas na obra do irlandés W. B. Yeats. En "Paradiso" recóllense poemas en castelán de Eduardo Moreiras, mentres "A pluma na man" acolle unha carta manuscrita de Ramón Otero Pedrayo a Carmen Conde. Por último, a explicación da compositora Aurora López sobre dous poemas musicados de Pura Vázquez antecede á edición da partitura de "Soñando a Grecia", desta poetisa ourensá.

Recensións e referencias varias:

- Armando Requeixo, “O morse das estrelas”, *Tempos Novos*, nº 20, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xaneiro 1999, p. 65.

Refírese á nova aparición da revista *Clave Orión*, co subtítulo *Poesía Galega Actual*, nunha edición non venal e dirixida por Luz Pozo Garza. Comenta que, nesta ocasión, está dedicada a homenaxea-lo pintor Urbano Lugrís e indica que a revista dá cabida a abondosos textos poéticos e narrativos, xunto con análises literarias, traduccións e mesmo ilustracións, amosando a súa “interdisciplinidade artística”. Fai tamén unha enumeración das colaboracións en verso e das de tipo narrativo que conforman esta revista.

- Anxo Angueira, “Unha mostra da poesía galega actual”, *Guía dos libros novos,* nº 4, febreiro 1999, p. 30.

Presenta o esquema dos contidos que recolle a revista *Clave Orión* no número dobre III-IV (1998). Menciona a colaboración de Luz Pozo Garza na primeira sección da revista, cun poema que dedica á súa neta; deMaría Xosé Queizán, Úrsula Heinze, Olga Patiño, Clementina Vidal, Anxos Romeo e Soledad Losada na sección “Donas da palabra”. Sinala, así mesmo, que o apartado “Homenaxe a Igor Ivanov” presentatraduccións ó ruso de Álvaro Cunqueiro, Eduardo Moreiras, Xohana Torres e Luz Pozo, feitas por Alexandra Koss, S. Stepanov e M. Kuiatkovskaia, respectivamente. Na sección de recensións nomea as colaboracións de Luz Pozo, Andrés Pociña e Carmen Blanco. Salienta tamén que a revista recolle textos poéticos enarrativos de autores como Manuel Forcadela, Maximino Cacheiro, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xoán Carlos D. Alberte e Miguel Lustres, na sección “Mensura”. Menciona así mesmo as traduccións que se presentan no apartado “Versión” e os textos de Eduardo Moreiras que se inclúen en “Paradiso”, “A pluma na man” e “Partitura”.

Cuadernos de Estudios Gallegos
(ISSN: 0210-847 X / D. L.: M-562-1958).

Esta publicación do Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, que apareceu en 1944, tirou do prelo no 1999 o Tomo XLVI, fascículo 111. Continúa exercendo as funcións de director Eduardo Pardo de Guevara y Valdés e presenta un Consello de Redacción integrado por cinco membros, correspondentes a cadansúa sección: “Arqueoloxía e Prehistoria”, “Xeografía e Historia”, “Historia da Arte”, “Etnografía” e “Lingua e Literatura”. Desta última encárgase Benito Varela Jácome. Os artigos referidos á literatura galega, que aparecen na sección “Lingua e literatura”, están comentados no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*. Trátase de “Os tratados sobre teatro de Rafael Dieste”, asinado por Arturo Casas, e “Vicente Huidobro e as interpretacións da vangarda en Galicia. Os exemplos de Montes, Risco, Castelao e Manuel Antonio”, a cargo de Eva Valcárcel.

Cultura Gallega (Fascímile dos anos 1936-1937)

(ISBN: 84-453-2538-8 / D. L.: C-1294/99).

Revista cultural dirixida por Adolfo V. Calveiro e subdirixida por Eladio V. Ferro, desenvolvida na Habana durante 1939-1940. No 1999 o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades presentou unha edición facsimilar coordinada por Luís Alonso Girgado con membros do seu equipo: Xoán Carlos Rodríguez Pérez, Josefa Beloso, Natalia Regueiro, Yolanda Vidal Felipe e Dania Vázquez Matos. A edición consta dun primeiro volume que abrangue os anos 1936-1937, con reflexións de Isidoro Guede, Xosé Neira Vilas, Luís Alonso Girgado ou Xoán Carlos Abente e cuns índices. Nun segundo volume que, dun xeito máis parcial, se limita ós anos máis difíciles da revista, 1938-1940, contén unhas sinópticas e representativas notas referenciais deste período. A edición do segundo volume ten carácter non venal e trátase dunha edición limitada de 20 exemplares, distribuídos exclusivamente polas mellores bibliotecas de Galicia. O coidado e abondoso material de ilustración, conxúgase nesta publicación de "constante exaltación de Galicia", cun denso contido informativo, cunha non menos considerada significación cultural, esencialmente centrada no ámbito literario, artístico e histórico (mais sen entrar nunca en valoracións sobre a Guerra Civil) e facendo especial fincapé nas asociacións e institucións dos galegos na illa (como a do Centro Galego ou a do sanatorio galego Concepción Arenal), así como na figura de Rosalía de Castro, "símbolo da terra" ó que se lle dedica un número extraordinario. Entre as seccións que salientan os investigadores nesta publicación atópase "Vida social de la Colonia", "Centro Gallego", "Hijas de Galicia", "Contos de paus", "Noticias de Galicia" ou "Galegos ilustres" e, entre a ampla nómina de autores que colaboran ou son homenaxeados, figuran nomes como Ramón Fernández Mato, Fuco G. Gómez, Otero Pedrayo, Carmiña Prieto, MarcialValladares, Rosalía, Labarta Pose, Waldo Álvarez Ínsua, Álvaro de las Casas, Euxenio Montes, Eduardo Lence-Santar, A. Couceiro Freijomil, Alberto García Ferreiro, A. Rey Soto, V. Lamas Carvajal, etc. Entre os ilustradores, encóntrase Castelao, Aristizábal, Suárez Couto, Ramón Peña, Martínez Buján ou Óscar Quintero.

Recensións e referencias varias:

- Julio Torres, “A última gran revista galega feita en Cuba”/“O Centro Ramón Piñeiro publica unha edición facsimilar de ‘*Cultura gallega*”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 2 outubro 1999, pp. 40-41/p. 72.

A propósito da edición facsimilar de *Cultura Gallega*, levada a cabo polo Centro Ramón Piñeiro, resúmense algúns puntos do seu contido. Faise referencia á estructuración da introducción en cinco bloques así como ás presentacións do Conselleiro de Educación, Celso Currás, e ás de Xosé Neira Vilas e Isidoro Guede. Así mesmo repásase, de xeito somero, o período de duración da revista, os seus directores e a intención da publicación de enche-lo baleiro da prensa da emigración en Cuba.

- Isidoro Guede, “Facsímil de ‘*Cultura Gallega*”, *La Región*, 9 outubro 1999, p. 57.

Informa da presentación do facsímile da revista *Cultura Gallega*, editado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Sinala que a publicación inclúe os números correspondentes ós anos 19361937, que viron a luz na Habana, baixo a dirección de Adolfo V. Calveiro. Para Isidoro Guede, *Cultura Gallega* é “un instrumento testimonial, in situ, de comportamiento del gallego emigrado, lejos de su Tierra, en combate casi heroico contra unos sentimientos: la morriña y sus complejos aparentemente inhibitorios de cualquier actividad positiva, y la enorme capacidad de resistencia a ellos y de adaptación al medio en que se encuentra”.

- AGN, “Editada unha edición facsímil da revista ‘*Cultura Galega*”, *Atlántico Diario*, 26 outubro 1999, p. 46.

Faise referencia ó acto de presentación da edición facsimilar da revista e ás palabras do Conselleiro de Educación, Celso Currás, sinalando que a publicación contén parte da nosa identidade como pobo.

-Guillermo Llorca Freire, “Ferrolterra nas páxinas de *Cultura Gallega*”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, 5 decembro 1999, pp. 2-3.

Dá conta da aparición da edición facsimilar da revista *Cultura Gallega*, editada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Sinala que se trata dun “denso volume de algo máis de mil páxinas, que recolle os primeiros corenta e dous números da revista, dende abril de 1936 ata decembro de 1937”. Comenta que a revista rematou a súa saída á luz en marzo de 1940, coa publicación do número 80-81 e que constaba dunhas trinta e dúas páxinas, tiña unha periodicidade variable e incluía temas de literatura, arte, historia, xeografía e información do que acontecía en Galicia. A seguir, cita algunhas das persoas que ocuparon as súas páxinas como Rosalía de Castro, Concepción Arenal, o ferrolán Adelardo Novo y Brocas, Ángel Velo Filgueira ou Juan Vicente Martínez Quelle, entre outros moitos.

- Alvarado, “Guede e os músicos na Habana”, *La Región*, 26 decembro 1999, p. 14.

Comentario sobre a presentación dunha edición facsimilar da revista *Cultura Gallega*, editada na Habana. Informa de que esta edición, publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, inclúe os números correspondentes ós anos 1936-1937 e sinala que a recompilación, análise e clasificación destes números correu a cargo do investigador Luís Alonso Girgado, que contou coa colaboración de Isidoro Guede Fernández, nado en Cuba e coñecedor da traxectoria da citada revista. Así mesmo, cita outras colaboracións como as de José Castro Suárez, o mestre Chané, Sinesto Fraga Vila, José Guede Rodríguez, Joaquín Zon, Emilio Guede Álvarez, Francisco Rodríguez Carballés, José Fernández Vide, Ricardo Alvarellos ou José Requejo, entre outros moitos.

-Xosé Neira Vilas, “Calveiro e ‘*Cultura Gallega*”, *El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 30 decembro 1999, p. 4.

Breve percorrido pola vida de Adolfo Víctor Calveiro (Dornelas-Silleda-Pontevedra, 1932-USA, 1977), que fundou, no 1936, co seu veciño emigrado Eladio Vázquez Ferro, a revista *Cultura Gallega*. A seguir, alude á presentación da edición facsimilar da citada revista publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Devoralibros. Boletín Cultural

(D. L.: LU-291/99) / (D. L.: LU-475/99).

Revista semestral que presenta os seus dous primeiros números en 1999 e que está editada pola Concellería de Cultura e Educación do Concello de Lugo. Está coordinada por Teresa Pena e BelénRegueiro, directora da Biblioteca e pedagoga do Concello, respectivamente. Ámbolos dous números ábrense cunha “Presentación”, onde se mostran os obxectivos e se fala das seccións desta publicación, e o apartado “A Biblioteca Municipal”, no que se achegan datos referidos ós horarios, número de socios e as obras máis lidas da Biblioteca Municipal luguesa e do Centro Socio-Cultural de Fingoi. A seguir, contén as seguintes seccións: “Letras Minúsculas”, no que se recomendan obras escritas en galego e castelán para nenos de entre tres a catorce anos, e “Letras Maiúsculas”, na que as recomendacións son para adultos. Tamén se dáconta de varias edicións dos premios “Ánxel Fole” de Narración Curta e “Trapero Pardo” de Contos, convocados polo Concello de Lugo, ademais dun “Caderno Temático”, dedicado á ecoloxía no primeiro número e á paz e dereitos humanos no segundo, nos que se ofrece bibliografía referente a estes temas. Dáselle logo paso, no número primeiro, ó apartado “Día das Letras Galegas”, onde Pepe Taboada fala de Roberto Blanco Torres e, no segundo, Carmen Blanco alude á figura de Uxío Novoneyra. En “Escritores e libros lucenses” e “O currunchо do/a lector/a” recóllense recensións e breves comentarios sobre diversos libros. Finalmente, a sección “Noticias” faise eco das actividades culturais organizadas por diversas entidades luguesas. Todos aqueles artigos referentes á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Dorna. Expresión Poética Galega
(ISSN: 0213-3806 / D. L.: C-94-1982).

Publicación que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís G. Tosar “Che”, Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. Actualmente sae gracias a un convenio de coedición entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Iris Cochón, Miro Villar e María Xesús Nogueira compoñen o Comité de Redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupa o posto de Director. Carece de periodicidade fixa. En 1999, tirouse, con ocasión do Día das Letras Galegas, o número 25, que se presenta dividido en tres seccións. “Creación” inclúe poemas de Rodolfo Alonso, Ramón Caride Ogando, Helena de Carlos, Isabel Carreira Pol, Palmira Castro Marcote, Javier Coca, Ledicia Costas, DI.A.BRA., Xoán Xosé Fernández Abella, Modesto Fraga, Cesáreo González Carballido, María Lado, Miguel Lustres, Carlos Negro, Chus Pato, Félix Pérez Aragunde, María Xosé Queizán, Anxos Romeo, Jaime Santoro de Membiela, J. A. Santos Guede, Xavier Vasques Freire e Rafa Xaneiro. Tamén ten un oco para os textos en prosa de María Lado, Inma López Silva, Manoel Riveiro Loureiro, Xosé Luís Santos Cabanas e Sechu Sende. En “Voces de fóra” compílanse composicións de Ingo Cesaro, Paul Éluard, Guillevic e Geoffrey Hill. Bardante, no caso do primeiro, recóllense as versións orixinal (inglesa ou francesa) e galega. Estes autores estranxeiros levan cadanseu comentario introductorio onde se dá conta brevemente do máis reseñable da súa vida e obra. A revista péchase coa sección “Caderno da crítica”, foro que agrupa artigos de Xosé Anxo García López, Francisco Sampedro, Teresa Seara e Mª Xesús Nogueira, os cales son tratados particularmente nas seccións correspondentes deste *Informe*.

Eidos do Libro. Revista Galega do Libro

(D. L.: C-222-99).

Publicación bimestral que naceu en 1998. Dirixida por María Ares Sanmartín, Miguel Salas figura como Editor e Pablo Pantín como Redactor-Xefe. Centrada no ámbito literario e editorial galego configúrase a base de información, reportaxes, entrevistas e recensións. No 1999 publicou un único número, o 3 (marzo 1999), antes de anuncia-la súa desaparición. Este número segue a estructura e as seccións dos anteriores. Comeza cun "Editorial", onde se anuncian os aspectos que se van tratar: "a narrativa que se está a facer no noso país nos últimos tempos". No primeiro apartado, "Actualidade", ofréceselle ó lector as novas relacionadas co mundo da literatura, da publicación de libros, de premios literarios e mais un artigo sobre Méndez Ferrín, con motivo de ter acadado o Premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa pola súa obra *No ventre do silencio*, da que se traza a liña argumental. No apartado "Entrevista" mantense unha conversa con María Xosé Queizán sobre aspectos relacionados coa súa obra literaria. Nos apartados "Comentario", "Crítica" e "Xanela Aberta" fanse recensións de libros de poesía, ensaio, narrativa e literatura infantil e xuvenil. O corpus central da revista, titulado "Especial Narrativa Galega Actual", ofrece un achegamento á narrativa galega dos nosos tempos, nos artigos: "A narrativa galega hoxe", de Dolores Vilavedra; "Novos narradores no escenario galego", de Franck Meyer; "Dos xéneros narrativos á literatura popular", de Silvia Gaspar e "¿Que se le en Galicia?", de Pablo Pantín. Na sección "Actos", cun artigo de Ramón Domínguez titulado "I Xornadas da edición en Galicia. Compostela, decembro de 1998", dáse conta da organización dunhas conferencias que baixo este título se celebraron no Instituto Galego de Información en Santiago de Compostela os días 10, 11 e 12 de decembro de 1998. No segundo artigo "Retos de edición en lingua galega", ofrécese un resumo da conferencia de Manuel Bragado, lida nestas xornadas. O apartado "As nosas librerías" céntrase, nesta ocasión, na librería Michelena de Pontevedra e en "Bibliotecas Escolares", X. Antonio Martínez García en "Bibliotecas escolares: guía para non perderse" destaca cales son os requisitos necesarios para o bo funcionamento dunha biblioteca escolar. Na sección "Reportaxe", insírese o artigo de Pablo Pantín "A encadernación manual de textos: outra forma de amor polos libros", introducindo ó lector nesta arte. En "Personaxes de conto" ofrécese o texto "O espectáculo debe continuar", asinado por Jaureguizar e con ilustracións de Andrés Meixide. No apartado "Bibliotecas" faise unha aproximación á Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela e Sabela Gago Méndez, co artigo titulado "Xogando coa

lectura na Biblioteca Pública de Ourense", dá conta do programa de dinamización da sala infantil da Biblioteca Pública de Ourense. En "Libros Recuperados", Francisco Castillo Rodríguez achéganos ó libro *Geografía de Galicia* (1953), de Antonio Fraguas. No apartado "Recanto bibliófilo" preséntase o artigo titulado "Arte ligatorio" que nos aproxima de novo á encadernación artesanal. Xavier Rodríguez Baixeras é o protagonista nesta ocasión do apartado "A cociña de...", no que se afonda no seu labor como traductor. En "Convocatorias" infórmase de concursos de contos, poesía e novela e dos lugares onde se pode contempla-la exposición "Galicia nos Sentidos. O canto das pedras". Os apartados "Novidades" onde se presentan libros de diferentes xéneros, "In Memoriam" onde María Ares lembra a Torrente Ballester e "Cartas á directora" pechan esta revista. Tódolos artigos relacionados coa literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-A. R., “Para lectores ben informados”, *Tempos Novos*, nº 20, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xaneiro 1999, p. 65.

Breve nota que anuncia a aparición de dúas novas revistas sobre libros, a ferrolá *Eidos do Libro*, dirixida por María Ares Sanmartín e mais a compostelá *Guía dos libros novos*, dirixida por Xabier R. Madriñán.

Enclave

Publicación subtitulada “Revista de política e pensamento” que se presenta como voceiro de Esquerda Nacionalista. Ten unha periodicidade irregular, de xeito que no 1998 publicou tres números, mentres que no 1999 tan só un, o 5, correspondente ó verán. Con respecto ás entregas anteriores obsérvase a modificación no tamaño ó pasar de cuartilla a folio A4. Os contidos figuran estructurados nos seguintes apartados: “Editorial”, “Entrevista”, “Colaboracións”, “Libros”, “Humor” e “Criación”. A literatura galega só aparece neste último apartado a través do texto teatral “Amante Póstumo”, de Manuel Lourenzo, no que se reproduce un diálogo entre dúas mulleres, xa mortas, que compartiran o mesmo home como parella en vida. Ó longo do diálogo cóntanse as súas frustadas experiencias e a negativa visión que teñen acerca do amor.

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián

(ISSN: 1131-6519 / D. L.: 80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. No ano 1999, como ocorre dende os seus comezos, publicáronse cinco números. No número 111 (xaneiro-febreiro) atopamos un artigo de Xosé Anxo García López sobre Lorenzo Varela e o tema xacobeo, na sección "Ano Santo 1999"; unha entrevista a Gonzalo Torrente Ballester, da man de María Luísa Brey; un artigo dedicado a Daría González García, *in memoriam*, de Maica Larriba García; a habitual "Rolda de Cultura" de Xoán Bernárdez Vilar e a colaboración de Engracia Vidal sobre as últimas novidades chegadas á redacción. No número 112 (marzo-abril) engádese a sección "Letras Galegas 1999", na que aparece un artigo de Pilar Pena Búa sobre Roberto Blanco Torres; a "Rolda de Cultura" de Xoán Bernárdez Vilar e a sección de Engracia Vidal. No número 113 (maio-xuño) temos un artigo de Alfonso Blanco Torrado sobre Xosé Crecente Vega; a habitual "Rolda de Cultura" e os "Libros chegados á redacción". No número 114 (setembro-outubro) reprodúcese unha peza dramática en dous actos e un epílogo, da man de Xesús Portas Ferro; a habitual "Rolda de Cultura", de Xoán Bernárdez Vilar; unha recensión de Andrés Torres Queiruga sobre a obra de García-Sabell, *Paseata arredor da morte* e, para rematar, a sección de Engracia Vidal sobre as últimas novidades que chegan á redacción da revista. Por último, no número 115 (novembrodecembro) aparece un artigo de Andrés Torres Queiruga dedicado a Antón Fraguas; outro de Andrés Pociña sobre Uxío Novoneyra; a "Rolda de Cultura" de Bernárdez Vilar; unha recensión de Bernardo García Cendán sobre *A Emigración (Modernización e Cambio social na Galicia contemporánea: 1900-1936)*, de Alfonso Magariños e o informe dos "Libros chegados á redacción", de Engracia Vidal. Os artigos relacionados coa literatura galega resúmense no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Escaramuza

(D. L.: 738-1997).

Revista trimestral creada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena no ano 1997 e coordinada por Celso Parada. Conta co patrocinio da AISGE (Actores e Intérpretes, Sociedad de Gestión de España) e coa colaboración do Instituto Galego das Artes e da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. En 1999 publicou un único número, o 5, correspondente ó mes de xullo. Aparece conformado polos seguintes apartados: “Entrevista”, “Artigos”, “Laboral”, “Axenda teatral”, “Creación”, “Teatros @ net”, “Premios María Casares” e “Rede de teatros”. No primeiro deles, “Entrevista”, Antón Reixa responde a Celso Parada a unha serie de cuestións relacionadas co seu polifacético labor, sobre a súa participación na serie da TVG *Mareas Vivas* ou sobre o seu novo disco, referíndose ademais á posibilidade de creación dunha industria audiovisual galega e dando a súa opinión do conflicto en Kosovo. Veñen, a continuación, dous artigos titulados “Trasuntos teatrais de cárcere e morte”, asinado por Xerardo Dasairas, que nos ofrece unha serie de anécdotas relacionadas con representacións teatrais, e “Galicia e a residencia teatral”, relatorio da Asociación de Actores Directores e Técnicos de Escena exposto no Consello da Cultura Galega en maio do 1999. O apartado “Laboral” conta con outros dous artigos: “Plataforma pola Seguridade Social”, no que se expoñen as peticións feitas o día 3 de xuño de 1999 pola Asociación de Profesionales de la Danza, Técnicos Audiovisuales Españoles e as confederacións Sindicais de UXT e CC.OO. No seguinte artigo, “O Xacobeo 99 despreza o teatro”, Vicente Montoto dá conta das reivindicacións feitas por “todo o teatro galego”, denunciando “o desprezo co que se trata o noso traballo”. En “Axenda teatral” aparecen unha serie de espectáculos teatrais que están en cartel, ofrecendo de cada un deles o elenco de actores, directores e restantes elementos que interveñen na súa posta en marcha e maila sinopse. Cos títulos “O coito soñado: investigación surrealista”, “Cabeza de home” e “Crisálidas”, os tres da autoría de Xesús Pisón, achegámonos ó apartado “Creación” que dá paso a “Teatro @ net”, onde se presentan libros relacionados co mundo do teatro. A relación dos galardoados cos Premios de Teatro “María Casares” do ano 1999 e a programación da rede galega de Teatros e Auditorios do segundo semestre do ano 1999 pechan este número. Pode atoparse a descrición dos artigos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

A Estrada. Miscelánea histórica e cultural
(ISSN: 1139-921-X).

No ano 1999 saíu o número 2 desta publicación anual do Museo Manuel Reimóndez Portela, coordinada por Xoan Andrés Fernández Castro. Conta cun Comité de Redacción composto por Olimpio Arca Caldas, María Jesús Fernández Bascuas, José Manuel Castaño García e José Manuel Mosquera Agrelo. Dende o punto de vista do contido, o número 2 leva unha presentación do Equipo de Redacción na que se expresa a satisfacción tanto por esta nova edición coma polas novas colaboracións no proxecto de xente nova, especialmente investigadores, adiantando brevemente o contido dos artigos que conforman esta segunda entrega. Os artigos referidos á literatura galega, “As dúas mulleres de Castelao”, de Olimpio Arca Caldas; “Os traballos e os días. Aspectos da vida cotiá no rural estradense do s. XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti”, de Juan A. Fernández Castro; “Os trobadores de Tabeirós”, de Mercedes Brea; “La poética de Pay Soarez de Taveirós”, de Gema Vallín e “Un singular Centro Bibliográfico Galego”, de Xosé Neira Vilas, aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Fadamorgana
(D. L.: C-670-1999).

Os tres primeiros números desta revista de literatura infantil e xuvenil saíron do prelo en 1999 –número 1 (abril); número 2 (outubro) e número 3 (decembro)–, baixo a dirección de Xosé Antonio Neira Cruz e o labor dun Consello de Redacción, que está integrado por dez persoas, entre as que se atopan, Marilar Aleixandre, Xabier P. Docampo, Agustín Fernández Paz, Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire. Segundo se sinala na súa presentación, esta publicación pretende sacar catro números anuais e nace co obxectivo fundamental de encher certos baleiros de información entre os encargados de achega-los rapaces á lectura e ó libro, en canto á crítica, estudio e reflexión sobre os camiños que se van trazando e baleiros de estar cabo das restantes producciónsliterarias. Cada un dos volumes publicados ábrese cos epígrafes “Fadario”, no que se fala dalgún ser fantástico, e “O ilustrador”, no que Miguel Vázquez Freire comenta e dá conta da obra dun ilustrador. A continuación, recolle entrevistas e artigos sobre o quefacer de autores de literatura infantil e xuvenil galegos e do resto da Península, para logo dar paso a un tema monográfico, que se centra nun aspecto específico en cada un dos números e que, seguindo a súa orde de aparición, foron os seguintes: “Literatura popular”, “101 anos de literatura infantil e xuvenil” e “Novos soportes para contar historias”. Por último, conta cunha sección de “Novidades”, na que ofrece unha serie de recensións sobre os últimos títulos de literatura infantil e xuvenil publicados, tanto en galego coma noutras linguas, e co “Diario de Morgana”, no que se fala tamén dalgún ser mítico. Ademais disto, conta coas seccións “Despezas”, na que se achega información sobre publicacións de literatura infantil ou xuvenil saídas ó mercado, salóns do libro, autores galardoados en distintos premios; e “Adiantos”, na que se dá noticia de concursos literarios convocados ou de congresos e de cursos relacionados coa literatura dirixida ós máis novos. Tódolos números de *Fadamorgana* contan con ilustracións dun artista e nestes tres números os elixidos foron Sergio Casas, Lázaro Enríquez e Andrés Meixide. De tódolos artigos, entrevistas e recensións asinados faise unha descrición nos apartados dedicados á literatura infantil e xuvenil e literatura de transmisión oral, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-C. Vidal, “A literatura infantil e xuvenil é a que máis se exporta”, *A Nosa Terra*, nº 881, “Guieiro Cultural”, 6 maio 1999, p. 35.

Reproduce as palabras de Xosé A. Neira Cruz, director de *Fadamorgana*, con motivo do nacemento da revista. Neira Cruz lamenta o silencio sobre os libros para os máis novos e o feito de que o escritor de literatura infantil e xuvenil continúe a ser considerado como escritor menor. Comenta que coa revista tenta paliarse esta situación, ademais de poñer claves de información ós intermediarios dos lectores novos. O director da publicación considera tamén que, dado que a literatura infantil e xuvenil é a que máis se exporta dende Galicia, é preciso que tanto os editores coma a administración se impliquen neste campo. Ademais pon de relevo a importancia da literatura popular como sinal de identidade e como canle entre as xeracións.

-A. R., “*Fadamorgana*, necesariamente”, *Tempos Novos*, nº 26, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xullo 1999, p. 59.

Faise eco da aparición da revista de literatura infantil e xuvenil *Fadamorgana*, que inclúe neste seu primeiro número, ilustrado por Sergio Casas, un amplo monográfico sobre a literatura popular. Destácase que esta publicación trimestral pretende enche-los baleiros e cubri-las carencias que existen neste eido da literatura galega. Faise unha relación dos membros do seu Consello de Redacción e dos contidos deste número.

-Silvia Gaspar,“*Fadamorgana*”, *Grial*, nº 143, Tomo XXXVII, “Libros”, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 513 515. Dá a benvida ó primeiro número desta revista por ser un punto de referencia necesario para a literatura infantil e xuvenil galega, xa que o número de obras destinadas a este público lector é superior ás destinadas a un

público adulto, pero esta situación non se ve correspondida por “ningún soporte técnico, orientativo, crítico ou mesmo divulgativo”. Agarda que a irregularidade temporal coa que ten previsto saír se adapte “ós imperativos do curso escolar”. Felicita a *Fadamorgana* pola atención que lle dedica ó mundo da ilustración e por achegarse a outras literaturas moi próximas á nosa. Para rematar, solicita que a publicación atenda á traducción literaria, pola importancia que ten na literatura infantil e xuvenil galega, e tamén ó mundo da lectura.

Ferrol Análisis
(D. L.: C-1106-1990).

Revista que botou a andar en 1990 ó saí-lo seu primeiro número correspondente ó mes de setembro. Está patrocinada polo Concello de Ferrol, Astano, Bazán, Fábrica de Turbinas de Bazán, Unión Fenosa, Fundación Caixa Galicia, Imenosa, Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Ferrol e Comarca e a Deputación Provincial da Coruña e editada polo Club de Prensa desta cidade. O seu primeiro director é Germán Castro Tomé e o Consello de Redacción está formado por Luís Mera Navieras, Guillermo Llorca Freire, Xosé A. Ponte Far, Xaime Quintanilla Ulla, Xulia Díaz Sixto, Mario Couceiro Bescos, Enrique Sanfiz Raposo e José Luís Barcia Picos. Na presentación dicíase que os temas tratados se centrarían na comarca ferrolá e manifestábase a intención de manter unha periodicidade trimestral. Non obstante, a falta de apoio financeiro malogrou esta promesa inicial, saíndo o número 2 en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. As primeiras referencias á literatura galega aparecen nos números 4 e 5 do ano 1993. En 1999 publicouse o número 14 (agosto), que aborda o tema da Guerra Civil a través “dunha paisaxe mental e intelectual creada con reflexións, opinións e elementos de trinta autores que van debullando o sentir de Ferrol, de Galicia e do xeral”, conforme se afirma na súa presentación. De interese concreto para a literatura galega, inclúe diversos artigos: “A peripecia bélica de Ricardo Carballo Calero”, de Claudio Rodríguez Fer; “Relembranzas arredor de Arturo Cuadrado”, de Isaac Díaz Pardo; “Vicente Risco, un nacionalista galego”, de Victorino Pérez Prieto; “Recuerdo y vindicación de Jesús Bal y Gay”, de Juan Antonio Díaz; e “Tres poetas en el exilio”, de Carlos Gurméndez, que se describen no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Cristina R. Calvo, “Ferrol recupera la memoria de Camilo Díaz Baliño con un busto”, *El Ideal Gallego*, 15 xaneiro 1999, p. 55. Dá conta do acto no que se descubriu un busto de Camilo Díaz Baliño, por iniciativa do Club de Prensa da cidade e o grupo municipal do Concello. Nunha nota á parte tamén se refire á presentación do número da revista *Ferrol Análisis* que dedica as súas páxinas centrais ó recordo de Díaz Baliño.

Festa da palabra silenciada. Publicación Galega Feminista

(ISSN: 1139-4854 / D. L: VG-241-1983).

Revista de periodicidade irregular, aínda que dende o ano 1995 se publica anualmente, que iniciou a súa andaina en 1983. Trátase dunha revista de ideoloxía feminista, dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión. O número correspondente a 1999 fai o 15 na súa historia e está ilustrado por Cachi Granell. Conta cun apartado monográfico dedicado a Simone de Beauvoir no 50 aniversario da súa obra, *O segundo sexo*. No apartado "Temas varios" aparece unha crónica de Mónica Bar Cendón sobre o lº Taller Literario para Narradoras en lingua galega, un estudio de Manuela Pena Santiago sobre a narrativa galega de mulleres, unha revisión dos posicionamentos de Rosalía de Castro por parte de Rocío Martínez Espada e o resumo da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle fixo a María Xosé Queizán. No apartado "Crítica" aparecen recensións asinadas por Manuela Pena, Begoña Egocheaga e Cristina Brandariz. Estes apartados, tanto as asinadas por Manuela Pena, Begoña Egocheaga e recensións referentes á literatura galega aparecen glosados nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- O. N., "Festa da palabra", *Tempos Novos*, nº 21, "Crítica. Voces e Culturas. Libros", febreiro 1999, p. 63.

Breve nota que informa da saída do prelo do número catorce da revista *Festa da palabra silenciada*.

A Freita

(D. L.: AS-1328-92).

Sen periodicidade fixa, esta publicación é editada dende marzo de 1992 en Eilao (Asturias) pola Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca (MDGA). O seu obxectivo é “luitar a favor desta nosa cultura tan asoballada e despreciada por muitos dos nosos irmaos del resto de Asturias”. A normativa utilizada é maioritariamente o subestándar do galego asturiano. Ó principio, estivo presidida por Benigno Fernández Braña, dirixida por Armando López Roca e contou cun Consello de Redacción integrado por Xavier Frías Conde, Salvador Rodríguez Ambres e Xabier Barcia López. Todos eles seguen a desempeña-los mesmos labores excepto no caso da dirección, cargo ocupado agora por Xosé Máximo Fernández López. Alén disto, cabe sinalar que, a partir do número 8-9, de decembro de 1995, inclúe un suplemento denominado “O espello” dedicado á creación literaria, que aparece dende o número 13 da revista como caderno independente e con numeración propia, aínda que se distribúa canda *A Freita*. En 1999 apareceu o único número o 14, acompañado do número 6 do seu suplemento “O espello”, dirixido por Xavier Frías Conde e cun Consello de Redacción integrado por Benigno Fernández Braña, Fermín Bouza Álvarez e Vicente Araguas. Crisanto Veiguela Martins ocúpase da subdirección e das correccións. Este número ábrese cunha presentación na que se confirma a decadencia continua do galego das terras limitadas polos ríos Eo e Navia e ofrécese para subministrar un espacio ós escritores eonaviegos que desexen o rexurdir da lingua na zona. Estas intencións quedan patentes na divisa da contraportada: “a nosa palabra é a nosa grandeza”. O suplemento contén narracións de Salvador Villalaín, Carmen Blanco Ramos e Esperanza Mariño Davila e poemas de V. Veiguela, Quique de Roxíos e unha analecta de *Las adolescentes*, de Basilio Rodríguez Cañada, traducida por Xavier Frías. A publicación desta revista está subvencionada pola Consellería de Cultura do Principado de Asturias. Os artigos que teñen relación coa literatura galega aparecen resumidos na sección correspondente deste *Informe.*

A Gaita Gallega. Repinica muiñeiras, alboradas e fandangos, unha vez ó mes. A Habana (1885-1889)

(ISBN: 84-453-2627-9 / D. L.: C-2399-99).

Edición facsimilar desta revista realizada no ano 1999 pola Xunta de Galicia e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, baixo a dirección de Luís Alonso Girgado e coa colaboración de Amelia Rodrigues Esteves e Lourdes Pazo García. A edición conta con presentacións de Anxo Tarrío, Xosé Neira Vilas, Jorge Domingo Cuadriello e Yolanda Vidal Felipe e unha introducción de Natalia Regueiro. A revista *A Gaita Gallega*, co subtítulo “Repinica muiñeiras, fandangos y-alboradas, unha vez ‘o mes”, editouse na Habana ó longo de 1885-1889 con dúas épocas ou “ruadas”: unha primeira que abarca os anos 1885-1887 e unha segunda, xa como suplemento do habaneiro *El Eco de Galicia* (1878-1901), que dirixiu Waldo Álvarez Ínsua, encadrada no ano 1889. Foi ideada por Manuel Lugrís Freire e Ramón Armada Teixeiro, autores que o 5 de xullo de 1885 fundaron, cos respectivos pseudónimos de Roque d’as Mariñas e Chumín de Céltegos, a publicación e que tamén se responsabilizaron da súa dirección e administración nun primeiro momento. Tal como se indica nos estudios que preceden ó facsímile, foi a primeira revista monolingüe en galego da emigración americana, fito que na publicación non quedou unicamente relegado a unha rotunda e comprometida opción lingüística nun panorama socio-cultural complexo senón que implicou, así mesmo, unha contundente reivindicación da cultura galega e moi particularmente da súa lingua identitaria, declarada xa abertamente no seu manifesto editorial e en toda a súa traxectoria, con significativas apoloxías lingüísticas. “De feito, o ideario e a liña programática de *A Gaita Gallega* inscríbense explicitamente no galeguismo”, de aí que represente un órgano periódico galego de referencia fundamental porque, xunto co seu inestimable significado e incidencia na nosa comunidade, “latexa nesta revista o pulo cultural da Galicia cubana” e “peregrina” con escritos de grande importancia para a hemerografía galega do dezanove. Nela colaboran 71 autores, entre os que se contan relevantes sinaturas como as de Rosalía (autora a quen se lle dedica un número especial con motivo do seu falecemento), Curros, Pondal, Marcial Valladares, Lamas Carvajal, Francisco María de la Iglesia ou Francisco Mirás; de académicos e/ou cofundadores da Real Academia Galega como Manuel Amor Meilán, Juan Barcia Caballero, Lisardo Rodríguez Barreiro ou Eladio Rodríguez González; as firmas dos seus fundadores, Armada Teixeiro e Lugrís Freire, ou outras como

Rodríguez Barreiro, Antonio de la Iglesia González, Alberto García Ferreiro, Enrique Labarta Pose, Aureliano José Pereira de la Riva, Francisco Lourido Sánchez, Francisco Romero Blanco, Xenaro Mariñas González, Adolfo Mosquera Castro, Roque Pesqueira Crespo, Xan Manoel Rodríguez de Cea ou Xavier Valcarce Ocampo, amais dos consabidos anónimos e das sinaturas heterónimas (Chumín, Chumín de Céltegos,Roque d'as Mariñas, K. Ñoto, L. U. Grís, Marcos d'a Portela, O Tío Marcos d'a Portela, O Galiciano, Fungueiro, Gelabert, L. de G., Loureiro, P. Nadie, Perucho, Riveira, Xan de Tomeza ou Xan d'as Zocas) ou das composicións asinadas con iniciais. A xeito de homenaxe póstuma, inclúense escritos de Alberto Camino Sigüer, José García Mosquera, Xan Manuel Pintos Villar ou Nicomedes Pastor Díaz Corvelle. E se persoal foi a súa condición ideolóxica, ética e estética tamén o foi, como se apunta na introducción, a súa traxectoria, bastante irregular, tanto pola súa periodicidade (primeiramente mensual, logo trimestral e finalmente moito más eventual e aperiódica) coma polas seccións que albergou (esencialmente "Casos ecousas", "Refrás gallegos", "(Última hora) partes telefónicos d'a Gaita" e "Gallegos de por acó"), así como polo seu contido de natureza lírica fundamentalmente, pero tamén, con textos en prosa, homenaxes, reivindicacións, refráns, manifestos metaliterarios, ensaios, notas de redacción, etc.

O Gaiteiro de Lugo
(D. L.: OR-120/1965).

Este calendario, o máis antigo de Galicia, apareceu por vez primeira con este título a partir de 1927. Dende 1936 e, gracias á iniciativa de Filgueira Valverde, pasou a ser monolingüe en galego e acolleu colaboracións literarias e reproduccións de textos de autores clásicos da literatura galega. No subtítulo da publicación faise consta-lo seu carácter relixioso, profético, astronómico, recreativo, patriótico, popular e barato. Está editado polo Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo e no número correspondente a 1999 recolle información dende o outono de 1998 ata o Nadal de 1999. Inclúense cantigas populares e adiviñas esparexidas por todo o volume; “As opinións da xente”, de Luís Moure Mariño, no que se fala da preocupación do galego polo que digan del; “Os milagres do Conde Santo Don Osorio”, de Juan Carlos Fernández Pulpeiro, no que se fala da ofrenda que a nai deste santo fixo ante o seu difícil parto e a vida santa que levou o fillo; “O Monte a Pena Boa”, conto popular recollido en *Contos populares da provincia de Lugo*, do Centro de Estudios Fingoy, no que se narra o encontro dunha nena coa moura encantada;“Romance de Pardo de Cela”, tomado da edición de X. Mª. Álvarez Blázquez, no que se canta a traizón ó Mariscal Pardo de Cela que o levou á morte; o “Romance da mañán de San Xoan”, no que se fala dos ritos como o das flores na auga para lava-la cara nesa mañá, e o do “Casamento da pulga co piollo”; breve apuntamento sobre a historia do personaxe de “Mari-Castaña” na súa loita contra os trabucos. Ademais reprodúcese a “Foliada de Viveiro”, e o artigo de Aurelia Balseiro García “1999: Ano Santo Xacobeo”, no que fai unha breve historia do que significou a peregrinación a Santiago ó longo dos séculos; a “Lenda dos Guímaros”, explicación do significado popular do termo “guímaro”, a través da lenda do enfrontamento dos veciños da Pobra de Brollón co Conde que lles cobraba os impostos; “Festas galegas”, de Antonio Fraguas Fraguas, no que nos fala dos fiadeiros e das esfolladas. Pecha a edición a “Historia do Calendario de Lugo”, repaso da historia desta publicación feita por Nicanor Rielo Carballo.

Galicia dende Salamanca II

(ISBN: 84-931111-1-2).

Número dous da revista *Galicia dende Salamanca*, que depende do Lectorado Galego de Salamanca e quesaíu do prelo por vez primeira no ano 1996. Ábrese cun "Limiar" do encargado da súa dirección, coordinación e edición, Alexandre Rodríguez Guerra, no que, ademais de dar conta das repercusións obtidas trala aparición do número fundacional, fala das innovacións que presenta este segundo número dedicado a Castelao e cita aquela xente e institucións, que mostraron o seu apoio e colaboración para que este puidese saír. O primeiro epígrafe que presenta é o de "Artigos", no que se achegan traballos relacionados con certos aspectos lingüísticos e literarios galegos, como é o caso dos titulados "Relixión, catolicismo e cristianismo en Roberto Blanco Torres", de Pilar Pena Búa; "Presencia de Ulises na poesía galega do século XX", de Fernando Lillo Redonet; e "Castelao, sempre Castelao", de José Luis Giménez Lago. A seguir están os de "Ensaios", onde se recollen os artigos "O Patronato da Cultura Galega no espallamento da galeguidade no Uruguai", de Nelson Regueiro Piñeiro e "Lembranzas dun ilustrado: Feijoo e Samos", de Eduardo Piñeiro; "Homenaxes", onde se fai referencia ó labor do profesor Manuel C. Díaz y Díaz; "Entrevistas", no que se reproducen a "Conversa con Gonzalo Torrente Ballester", de A. Mª Blázquez e A. Rodríguez Guerra e a "Entrevista a Eduardo Blanco-Amor e outras historias", de José Luis Gavilanes Laso; e "Creación literaria", que recolle o traballo "Tres poemas lembrando a Rosalía de Castro", de Gilberto Mendonça Teles. Para rematar, péchase cos apartados "Traduccións", onde se recolle o relato "O pequeno río", que foi versionado ó galego por Anxo Vicente Pérez, e "Recensións", no que se achega unha análise sobre a *Historia da lingua galega*, de Ramón Mariño Paz e sobre a base de datos BILEGA (Bibliografía Informatizada da Lingua Galega). Todas aquelas colaboracións, que versen sobre a literatura galega, aparecen descritas nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Galicien Magazin

Revista semestral editada pola Sociedade Galego-Alemana (SGA) e dirixida polo profesor Dieter Kremer que publicou o seu primeiro número en abril do ano 1996. O Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Tréveris é o encargado da súa edición e distribúese gratuitamente entre tódolos membros da SGA; en Galicia atópase á venda na librería Couceiro de Santiago. O seu contido divídese nas seguintes seccións: “Beiträge”, “Schwerpunktthemen”, “Rezensio-nen”, “Varia”, “Übersetzungen”, “Aktivitäten” e “Deutsch-Galicische Gesellschaft”, nas que se inclúen informacións relacionadas coa literatura galega e as actividades do Galicien Zentrum de Trier. No ano 1999 publicáronse os números 7 (maio) e 8 (novembro). No número 7 Dolores OchoaÁlvarez e Vera Miller falan do Neotrobadorismo, Trinidad Piñeiro Costas escribe sobre autores e motivos do Romanticismo alemán en *Leria,* de Vicente Risco, e Artur Quintana achega o seu artigo “A escritura galaico-catalana de Josep Pedreira”. No apartado de recensións, Montserrat Bascoy Lamelas analiza *O Lume*, de Ana Romaní, Marga Romero e María Xosé Queizán ocúpanse de *Da Guenizah*, de Belén Feliú, e de novo Marga Romero escribe “Novidades sobre Prisciliano”. Pola súa banda, o número 8 inclúe unha entrevista a Carlos Casares a cargo de María Xesús Lama, Franck Meyer fala sobre 50 anos de Cultura en Galicia e Marga Romero conversa con Lois Tobío. Por outra banda, Dunja Von Morzé e Marga Romero inclúen o artigo “*Musa Alemá*: Blanco Freijeiro e Celso Emilio Ferreiro Traductores”, Franck Meyer escribe sobre autores e autoras da prosa galega máis recente, Montserrat Bascoy Lamelas escribe sobre “Dúas poetas alemanas en galego”, Nathalie Grischkat escribe sobre novas publicacións sobre mulleres e feitas por mulleres, mentres que María Xesús Lama e Catuxa López Pato fan unha recensión de *No ventre do silencio*, de X. L. Méndez Ferrín. No capítulo de “Actividades”, Marga Romero dános conta das últimas actividades levadas a cabo no Galicien-Zentrum da Universidade de Trier. Dentro da sección de “Lembranzas”, dedicada a Uxío Novoneyra, Sandra Castiñeira, ofrece unha versión bilingüe galego-alemana do poema “A letanía de Galicia”, lido no enterramento de Novoneyra por Miguel Anxo Fernán-Vello, e por outra banda, Manuel Rodríguez

Rivas e Vera Miller traducen “Cousos”, de *Os Eidos I*, mentres que Marga Romero e Joachim Wormuth, traducen ó alemán os “Poemas de doada certeza. I este brillo premido entre as pálpebras” e “A Carlos Maside”, tamén de Uxío Novoneyra. Os artigos relacionados coa literatura galega poden atoparse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Galiza (Mondoñedo 1930-1933)

(ISBN: 84-453-2402-0).

Edición facsimilar da revista literaria e política fundada e dirixida en Mondoñedo por Álvaro Cunqueiro. Consta de cinco números aparecidos entre os anos 1930 e 1933 e contou con traballos literarios en verso e prosa xunto a artigos de reivindicación política. Entre os seus colaboradores atópanse Fermín Bouza Brey, Xulio Sigüenza ou figuras daquela xa consagradas como Castelao, Vicente Risco ou Otero Pedrayo. A presente edición, publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, conta cunha introducción de Luís Alonso Girgado. Nela realiza unha caracterización externa da revista, seguida dunha nota biobibliográfica dalgúns dos colaboradores mindonienses como o propio Cunqueiro, Xosé Díaz Xácome ou Xosé Ramón Santeiro Faraldo. Prosegue cunha descrición dos textos en verso, prosa poética así como de artigos sobre a problemática nacionalista. Complétase a introducción cun seguimento diacrónico das valoracións críticas sobre a revista e cunhas consideracións finais que inciden na evolución dende a súa condición de escolma poética ó seu papel como voceira das aspiracións nacionalistas. A edición, á que se lle engaden tamén os tarxetóns poéticos *Papel de color* e *Flor de diversos*, complétase con índices sumarios, de autores e de títulos, elaborados por Amelia Rodrigues Esteves e Begoña Eguizábal Gándara.

Recensións e referencias varias:

-D. P., “Currás presentou as tres últimas obras do Centro Ramón Piñeiro”, *Diario de Pontevedra*, 19 xuño 1999, p. 25.

Noticia relativa á presentación do facsímile de *Galiza*, nun acto no que tamén se presentaron outras dúas obras publicadas polo Centro Ramón Piñeiro, neste caso con data de 1998: *Doutrina e Ritual da Moi Nobre*

Orde galega do Sancto Graal, de Vicente Risco, e *Salayos*, de Manuel Núñez González. Sobre a obra de Risco, cualifícase de “coidada” a edición crítica de Joaquim Ventura e explícase a súa estructuración. No tocante ó poemario de Núñez González, explícase que inaugura a colección “Láncara” de poesía, coa que se tenta recuperar textos poéticos do século XIX e principios do XX. Deste autor nacido en Vilardevós en 1865, apúntase a súa habelencia versificadora así como o ton reivindicativo da súa poesía con ecos de Curros Enríquez, Rosalía de Castro ou Lamas Carvajal. Polo que respecta ó facsímil de *Galiza,* sinálase que revela

o interese de Cunqueiro pola nova poesía galega dos anos vinte e trinta. Así mesmo alúdese a esta publicación como “un documento vivo dun tempo cheo de esperanzas e ilusións” en vista da calidade dos seus colaboradores así como da paixón e amor por Galicia que reflicten as súas páxinas.

- Alvarado, “A los 66 años de Galiza”, de Cunqueiro”, *La Región*, 25 xullo 1999, p. 23.

Artigo no que se lembra o 25 de xullo por ser esta a data na que saía a revista *Galiza*. Ademais, coméntase o feito de que ó longo dos últimos cincuenta anos se desen a coñecer moi poucos datos sobre a publicación. Alvarado evoca o contexto no que Cunqueiro impulsa *Galiza* e resalta que se ben o escritor mindoniense non era naquel tempo un autor famoso, si tiña virtude de rodearse “de lo más granado de la intelectualidad gallega de aquellos años”. No tocante á edición facsimilar levada a cabo polo equipo de Luís Alonso Girgado, cualifícase como atinado o estudio introductorio.

- C. Casal, “El Centro Ramón Piñeiro publica la edición facsímil de Galiza”, *La Voz de Galicia*, 30 xullo 1999, p. 31.

Información na que se dá conta da publicación da revista en edición facsimilar e considérase que o Centro Ramón Piñeiro acerta plenamente. A continuación, realízase un resumo dos contidos e considérase que os tres poemas autógrafos de Cunqueiro son “la guinda para paladares exquisitos”.

- M. Quintáns S., “A revista mindoniense dirixida por Cunqueiro”, *El Correo Gallego, “Edición 7”,* 12 setembro 1999, p. 7.

Reflexiona sobre a importancia que ten a conservación de xornais e revistas e valora positivamente a súa recuperación en edicións facsimilares. Alude tamén ó enriquecemento derivado dos estudios introductorios que a sección de literatura do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humandidades acompaña coas revistas que publica en edición facsimilar. Como exemplo destas características cita o caso de *Galiza*. Do mesmo xeito, refírese á dificultade que comporta atopar orixinais que permitan polo seu estado de conservación levar a cabo con certas garantías unha reproducción de calidade aceptable.

Golfiño (D. L.: VG. 114-1999).

Revista de cómic dirixida a nenos e nenas entre dez e doce anos editada por Edicións Xerais de Galicia, que iniciou a súa andaina en febreiro de 1999 coa presentación dun número 0, distribuído de forma gratuíta. No mes de decembro apareceu o número 1, un "Especial de Nadal" xa con data de xaneiro de 2000. Subtitulada "Revista mensual para pintos, maragotas, golfiños, golfiñas e outras especies mariñas coma ti", conta coa dirección editorial de Miguel Vázquez Freire e a dirección artística de Fausto C. Isorna. O número de presentación contén colaboracións de Miguelanxo Prado, encargado da cuberta; Xan López Domínguez, coa páxina "Cousas da compaña"; Marilar Aleixandre e Francisco Bueno, que presentan as aventuras de "Os Escachapedras"; Pepe Carreiro, que comeza a serie "A retirada de Sir John Moore"; e Gloria Sánchez e Pablo Otero "Peixe", que inician as historias baseadas na tradición popular de "Os Gazafellos". Ademais aparece unha aventura de "Mariquiña Chaparretas", do Equipo Plis Plas e Marcos Costoya; un "Conto Diminuto", de Agustín Fernández Paz, ilustrado por Fran Jaraba; a páxina "A folla seca", de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas; a serie "A Deusa Mexica", de Alberto Varela Ferreiro, protagonizada por Xeixas Johnson; "Tom", de Andrés Meixide; e "Arañeira", de Marilar Aleixandre e Lázaro Enríquez. Pecha a revista a páxina protagonizada por "Tonecho", realizada por Xaquín Marín. Nas páxinas centrais aparecen as seccións "O Correo do Golfiño", as bases para participar nos concursos "O Manuche do mes" e "Os detectives verdes", recomendacións sobre cine e cómics infantís, un encrucillado e a tira de Xaquín Marín, "Palleiro". No número 1, un especial de 32 páxinas, continúan o seu desenvolvemento as seccións que se presentaron no número 0 –"Os Escachapedras", "A retirada de Sir John Moore", "Os Gazafellos", "A folla seca", "Tom", "A Deusa Mexica", "O Manuche do mes", "Axenda" e "O Correo do Golfiño"– e engádense outras como "As aventuras de Golfiño" de Fausto Isorna; "A Vía Láctea", de Evaristo Pereira; "O castelo Regadeira", de Norberto F. Serrano; "As aventuras de Catuxa e Cora, exploradoras", de Marcos Costoya; "Ricos polvoróns", con guión de Xosé Antonio Neira Cruz e debuxos de Noemí López; "A fraga Milmañas", de Carlos Amil e Manel Cráneo; "Os trillizos extrasensoriais", de Abraldes e o Estudio Tangaraño; "¡Animais!", de Nacho Hortas e "Arañeira", de Luis Otero e Lázaro Enríquez. Ademais este número presenta dous "Contos di-minutos", a cargo de Miguelanxo Prado o primeiro, titulado "¡Por Benito!", e o segundo, "Noite de Reis", de Miguel Vázquez Freire con ilustracións de Beatriz Prado. Nas páxinas centrais preséntase a sección "Fotorama", que consiste

nunha serie de fotografías dun aeroporto acompañadas de textos explicativos. O cambio con respecto ó número 0 está no concurso, xa que “Os detectives verdes” foron substituídos por “Os reporteiros do Golfiño”. Desapareceu tamén a serie “Mariquiña Chaparretas”. Acompaña a este número un álbum sobre “As Olimpíadas” e os primeiros seis cromos.

Recensións e referencias varias:

-D. Janeiro, “AnimAcción”/“Xerais edita ‘*Golfiño*’, primeira revista mensual de banda deseñada en galego”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 28 xullo 1999, p. 33/p. 75. Ante a saída ó mercado de *Golfiño* faise referencia ós avances na ilustración logo de que os creadores galegos estivesen “refuxiados” no deseño gráfico e na ilustración de libros de literatura infantil e xuvenil. Recóllense declaracións de Miguel Vázquez Freire e Fausto Isorna. Vázquez Freire atopa sinais para o optimismo na banda deseñada en galego malia o reducido mercado e a habitual sensación de que o cómic non é un producto viable economicamente. Pola súa parte o director artístico comenta que non existe unha industria arredor da banda deseñada e que gran cantidade de artistas de Galicia, por problemas empresariais e de falta de valentía, non publican ou traballan noutros campos como a literatura infantil e xuvenil. Na noticia anúnciase ademais a presencia desta revista no Salón do Cómic da Coruña.

- Albino Mallo, “¿E o cómic galego?”/“*Elipse y* ‘*Golfiño*’, vehículos de difusión del cómic entre los gallegos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 18 agosto 1999, p. 30/p. 38.

Informa da saída ó mercado de dúas revistas sobre o cómic galego. Trátase de *Elipse* e *Golfiño*, que coinciden na súa intención de difundi-lo cómic en galego aínda que van dirixidas a públicos diferentes. Deste xeito, *Elipse* está destinada a lectores e lectoras dos últimos anos de bacharelato e a adultos, mentres que

Golfiño pretende capta-la atención dos máis novos. Por último, danse os nomes dos responsables das dúas publicacións.

- José Miguel Giráldez, “Discutir a Hergé hoxe é como discutir a Picasso”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 10 outubro 1999, pp. 2-3.

Fausto C. Isorna, ilustrador e deseñador, reflexiona sobre o seu recente traballo, a revista *Golfiño*. A continuación, fai un percorrido pola historia do cómic en España e afirma que é unha pena que desapareceran moitos dos que leu na súa infancia. Sinala que na actualidade a televisión inflúe negativamente na publicación deste tipo de textos e declara que se dedicou ó xénero do cómic por influencia de *Marvel* e de *Los cuatro fantásticos*. Por último, refírese á revista *Golfiño* como unha “volta ó tebeo” e afirma que vai dirixida especialmente a nenos e nenas entre oito e doce anos.

- Natalia Sequeiro, “O boom’ das viñetas”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 28 novembro 1999, pp. 4-5.

Primeiramente, refírese a *Elipse*, como unha revista que nace con “vocación non comercial”, editada pola Xunta de Galicia, e ofrece un resumo dos contidos das seccións que conforman a súa estructura. Cita ademais a Miguelanxo Prado como debuxante da revista. A seguir, céntrase en *Golfiño*, dá conta dos principais responsables da publicación e apoiándose nas palabras de Fausto Isorna, salienta que o seu nacemento foi posible gracias ó labor de Miguel Vázquez Freire. Continúa coa descrición da revista e cita os nomes e contidos das diferentes seccións.

- C. P., “Nace o primeiro tebeo en galego”, *La Voz de Galicia*, 18 decembro 1999, p. 92.

Dáse conta da presentación de *Golfiño*, "a primeira revista infantil de banda deseñada, escrita e ilustrada a toda cor por creadores galegos". Sinálase que conta cunha tirada inicial de dez mil exemplares e que está composta por dezaseis páxinas. Anúnciase tamén que cada número leva unha separata con "cromos autocolantes para coleccionar nun álbum dedicado ós campeóns olímpicos". A seguir, afírmase que a revista non inclúe actividades didácticas, a pesar de que ten "unha compoñente educativa, tanto pola valía da escrita coma do debuxo". A continuación, cítanse algúns dos ilustradores e ilustradoras que colaboran na citada publicación: Miguelanxo Prado, Xaquín Marín, Xan López Domínguez, Fran Jaraba, Bueno Capeáns, Xosé Cobas, Beatriz Prado, Evaristo Pereira, Pablo Otero, Noberto Fernández, Marcos Costoya, Noemí López, Manuel Cráneo, Juan Carlos Abraldes, Alberto Ferreira e Nacho Hortas, entre outros. Para rematar, ofrécense os nomes dalgúns creadores e creadoras que tamén colaboran nesta publicación como Marilar Aleixandre, Agustín Fernández Paz, Miguel Vázquez Freire, Xosé Antonio Neira Cruz, Gloria Sánchez, Fina Casalderrey, Carlos Amil ou Luis Otero, entre outros moitos.

- Carmen Villar, "Golfiño troca o mar fisterrán por un oco nos quioscos galegos", *Faro de Vigo*, 18 decembro 1999, p. 72.

Comentario sobre a presentación, en Compostela, da revista, na que aparecen varias seccións nas que colaboran creadores e creadoras de prestixio. Entre outros destaca "Arañeira", de Marilar Aleixandre, na que fala dos seres vivos, a ciencia e a técnica; pola súa banda, Gloria Sánchez, coa colaboración de Pablo Otero "Peixe", "invitará ós lectores a coñecer os personaxes da mitoloxía popular galega".

- Galia Blanco, "Xerais presenta en Santiago a revista infantil *Golfiño*", *El Mundo. Galicia*, 18 decembro 1999, p. 6.

Refírese brevemente á presentación da publicación, de carácter mensual e dirixida a rapaces e rapazas de entre oito e doce anos. A seguir, cita a algúns dos colaboradores da revista como Miguelanxo Prado, Xaquín

Marín, Fausto Isorna, Pepe Carreiro ou Fran Bueno, entre outros. Para rematar, presenta algúns dos personaxes que aparecen na publicación como Golfiño, Tom, o detective privado Xeixas Johnson ou Tonecho.

- A. Estévez, “*Golfiño*, da vida mariña á pizzeria”, *A Nosa Terra*, nº 914, 23 decembro 1999, p. 40.

Informa da presentación desta revista e ofrece a nómina dos colaboradores, así como as características dalgúns dos personaxes como Golfiño, Tom, Tonecho, os Escachapedras, Sir John Moore ou Xeixas Johnson, entre outros.

-Manuel Bragado, “*Golfiño*’, vintecinco anos despois”, *Faro de Vigo*, “Campo de Granada”, 26 decembro 1999, p. 32.

Inicia o artigo cunha referencia á publicación *Tixola. Revista infantil galega*, un proxecto levado a cabo polo compostelán Xosé María Méndez Domenech que comezou a difundirse a través dos Coloquios Europeos de Parroquias no ano 1972, e á revista *Vagalume*, coordinada pola mestra rural Marta García de Leaniz. Nesta liña e vintecinco anos despois, sitúa *Golfiño*, que “recolle aquela saudosa despedida que pousaron no horizonte os responsables de *Vagalume*”. Sinala que a revista contará cunha tirada inicial de dez mil exemplares e remata co desexo de que esta nova publicación disfrute dunha “venturosa travesía”.

Grial
(ISSN: 0017-4181 / D. L.: VG-99-1963).

Naceu esta revista no 1951 pero axiña sufriu un longo período de silenciamento que se prolongou máis de dez anos, ata que no 1963 reapareceu publicada pola Editorial Galaxia e codirixida por Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego. Nunha primeira etapa de *Grial* publicáronse cen números co subtítulo “Revista Galega de Cultura”. Posteriormente asumiu as tarefas de dirección Carlos Casares e desapareceu o subtítulo, ademais de conservar unha ininterrompida periodicidade trimestral ata a actualidade. Tivemos noticia ó longo do 1999 dos seguintes números: o 141, correspondente a xaneiro-febreiro-marzo; o 142, de abril-maio-xuño; o 143, pertencente a xullo-agosto-setembro; e o 144, de outubro-novembro-decembro. No número 141 publícanse diversos artigos sobre demografía, sociobioloxía, cine, historia, lingüística, ademais dun de Jorge Domingo Cuadriello sobre a presencia de Antón Villar Ponte en Cuba, outro de Xoán González-Millán sobre teoría literaria e as correspondentes recensións no apartado de “Libros”. O número 142, titulado“Democracia e territorio”, conta cunha presentación a cargo de Álvaro Xosé López Mira e con artigos de X. L. Barreiro Rivas e Pablo González Mariñas sobre as estructuras sociais e administrativas de Galicia, así como sobre o sistema electoral en Galicia. O 143 preséntase baixo o título “O proxecto Xenoma Humano” e recolle artigos e entrevistas sobre este tema. O 144 titúlase “A infancia recordada” e inclúe as seccións habituais, con estudios sobre a infancia en Galicia e alén das nosas fronteiras, ademais dunha sección con ese mesmo título na que se recollen lembranzas e vivencias infantís de dezaseis persoeiros da cultura en Galicia. Os artigos, entrevistas, documentos e recensións sobre a literatura galega figuran descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- D. Janeiro, “Da poesía última”, *O Correo Galego*, “AFA”, 5 marzo 1999, p. 33.

Anúnciase a presentación en Vigo do número 140, monográfico sobre a poesía galega do final de século. Indícase o feito de que varios poetas da denominada “xeración dos oitenta” se negaron a participar. Recóllense palabras das coordinadoras, Iris Cochón, Helena González e Dolores Vilavedra, que comentan que a poesía sobreviviu ós proxectos de normalización do discurso literario coa súa vitalidade e a súa selección natural de nomes. Logo de se aludir ó carácter panorámico do volume ponse de relevo a eclosión da muller na poesía.

- Xosé Ramón Pena, “Poesía última”, *Guía dos libros novos*, nº 7, “Revistas”, maio 1999, p. 30.

Refírese ó número 140 da revista *Grial* e sinala que, ademais das seccións e artigos habituais, se centra sobre todo na poesía galega dende 1985 ata 1998. Nomea as colaboracións de Helena González Fernández, Arturo Casas, Marga Romero e Iris Cochón.

- Xosé Ramón Pena,“O novo número de *Grial*”, *Guía dos libros novos*, nº 10, “Revistas”, setembro 1999, p. 30.

Aprecia no número 141 de *Grial* unha diferencia cos anteriores: un carácter máis misceláneo na temática das colaboracións. Informa dos temas ou contidos tratados nos traballos deste volume. Así mesmo, di que “o estatuto da cultura popular, as relacións modernas periferias” son as claves da colaboración de González-Millán e que o clientelismo político é o núcleo da de Xosé R. Veiga Alonso. Recolle o título das restantes participacións, informa da continuidade da sección “Libros” e “Imaxe”, coa recensión crítica de Xavier

Villaverde sobre a obra do proxecto cinematográfico *Fisterra*, de Xosé Neira. Cualifica a revista de “publicación con tradición e peso de seu na panorámica das nosas letras e da nosa arte”.

- Hoscar Cano, “Xavier Castro, director da revista *Grial*: “*Grial* achégase desde Galicia á cultura universal”, *Redacción Xove*, nº 25, outubro 1999, p. 7.

Entrevista na que o coordinador do número 144 da revista *Grial*, Xavier Castro Pena, reflexiona sobre os contidos da citada publicación, a traxectoria que experimentou ó longo do tempo ou as relacións e semellanzas con algunhas revistas de ámbito nacional, entre outros aspectos. En primeiro lugar, recorda a censura á que foi sometida a revista no seu primeiro número. Sen embargo, e despois de doce anos de silencio durante a etapa franquista, *Grial* seguiuse publicando ata a actualidade. A seguir, afirma que esta publicación é unha das de maior interese a nivel europeo, e que colabora con outras revistas como *El Ciervo* ou a *Revista de Occidente*. En canto ós contidos, X. Castro afirma que son, sobre todo, rigorosos e que ademais, *Grial* é “unha revista galega de cultura e non unha revista de cultura galega”. Por último, salienta que *Grial* é unha das primeiras revistas galegas que está en Internet.

- A. L., “Galaxia edita un novo número da revista *Grial*”, *Diario de Pontevedra*, 14 decembro 1999, p. 10.

Infórmase da publicación do número 143 de *Grial*, dedicado a un tema científico e baixo o título de “O proxecto xenoma humano”. Así mesmo, afírmase que é unha publicación trimestral que pretende, con este tipo de contidos, “abrirse ó saber e ampliar os seus estudios para non limitarse só ós aspectos lingüístico e literario, senón abranguer tamén a ciencia, a arquitectura, a ordenación do territorio e mesmo o cine”. A seguir, inclúense os nomes dalgúns dos autores e autoras dos artigos que aparecen neste número; trátase de James Watson, Evelyn Fox Keller ou Santiago Grisolía, da Fundación Valenciana de Estudios Avanzados. Para rematar, cítanse dous documentos que tamén se inclúen neste número: unha carta que, no

ano 1863, Camilo Álvarez de Castro lle escribiu a Rosalía para falarlle dos seus *Cantares Gallegos* e un texto traducido ó galego de Emilia Pardo Bazán.

Guía dos libros novos

(D. L.: C-1783 / 98).

Naceu en novembro de 1998 baixo a dirección de Xavier R. Madriñán. Ten carácter mensual. Preséntase en formato de xornal, con papel tintado en ton sepia. A intención desta publicación é comentar e analizar criticamente as novidades que aparecen no mercado en relación coas diversas áreas de coñecemento (literatura, antropoloxía, arquitectura e urbanismo, arte, ciencia e tecnoloxía, ciencia política, cine, comunicación, ecoloxía e medio, economía, educación, estudios sociais, filosofía, historia, informática e relixión). Estructúrase seguindo estas áreas e nalgúns números pode faltar algunha debido a que non se publique nese mes libro ningún sobre esa temática e se engade a maiores unha destinada ó Día das Letras Galegas. Este ano foron once os números que saíron á luz, dende o 3 ata o 13 inclusive. Neles ademais das recensións de obras literarias que se poden consultar nas seccións correspondentes deste *Informe*, atópanse recensións de obras de historia, antropoloxía, filosofía, arte, relixión, economía, comunicación, ciencia e tecnoloxía e cine.

Recensións e referencias varias:

- AGN, "*Guía dos novos libros* edita o seu terceiro número", *La Región*, 9 xaneiro 1999, p. 41.

Anúnciase a saída do terceiro número da publicación.

-Xavier Castro R., "Unha guía de novidades editoriais en galego", *El Correo Gallego*, *"Edición 7"*, 10 xaneiro 1999, p. 7.

Dá conta do nacemento da revista e comenta que non é frecuente atopar unha publicación que de xeito periódico ofreza exclusivamente novidades editoriais en galego. Ademais resalta a súa atractiva presentación e agóiralle un importante éxito e unha boa acollida.

-A. R., “Para lectores ben informados”, *Tempos Novos*, nº 20, “Crítica. Voces e Culturas. Libros”, xaneiro 1999, p. 65.

Ver *Eidos do Libro*, nestas páxinas.

-Milagros M. N., “*A guía dos libros novos*’, plan inédito en Galicia, pecha ocos coa recensión”, *O Correo Galego*, “AFA”, 4 marzo 1999, p. 38. Con motivo da presentación do número catro da publicación reprodúcense algunhas palabras de Xavier R. Madriñán, director da revista, que comenta que coa *Guía dos libros novos* búscase achega-lo libro á “xente corrente, pequenos e grandes lectores”. Así mesmo, explica que detrás do obxectivo de repasa-la actualidade abrolla a intención de dar a coñece-lo libro galego.

- Lois Fernández, “Libros para todos los gustos”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 5 marzo 1999, p. 54.

Anuncia a saída do quinto número desta revista correspondente ó mes de marzo e informa dos seus contidos. No concernente á sección de literatura salienta a portada na que aparece a última obra de Carlos Casares, *Un país de palabras* (1998), comentada por Andrés Torres Queiruga e, no ámbito da narrativa infantil-xuvenil, a obra de Neira Cruz, *Valdemuller* (1998), comentada por Xosé Manuel Freire.

InteresArte
(ISSN: 1139-0174 / D. L.: VG-270-1998).

Publicación concibida como revista divulgativa que trata distintos aspectos relativos á actualidade artística. Edítaa Galaxia e está redactada integramente en lingua galega. A dirección corre a cargo de David Barro López e o Consello de Redacción intégrano Ramón Castaño Fernández, José Manuel Lens Braña, David Barro López, Agar Ledo Arias e Antonio García Borrazás. Contén diversas seccións (Arquitectura, Artes Plásticas, etc.), entre as que se atopa unha referida á literatura. En 1999 saíron dous números. O número 5, que se corresponde coa entrega de primavera, conta cunha aproximación de Ricardo Martínez Conde á poesía de Uxío Novoneyra, unha entrevista de David Barro a Neira Vilas e a recensión á publicación de *Viaxe por Galicia*, de Josep Pla. No 6, que saíu en outono, hai unha entrevista de Yolanda López a Víctor Freixanes e unha crónica de Francisco Negreira sobre a figura do dramaturgo Gustavo Pernas. Estes artigos poden consultarse nas seccións correspondentes deste *Informe*.

Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación

(ISSN: 1130-6381 / D. L.: 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o seu Consello de Redacción Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, Mª Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas. A revista conta con catro seccións tituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias, entre elas a historia, toponimia, antropoloxía, e, en xeral, relacionados coa historia de Lugo. En “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 1999 publicáronse o número 18 e o número 19. No tocante á literatura galega destacamos do número 19, na sección “Comentarios”, “Arrodeos e desvíos do camiño de Santiago” por Uxío Novoneyra, onde se reproduce unha parte do libro de idéntico título publicado polo autor no ano 1998. Na sección “Libros” recóllense recensións centradas nas novidades editoriais. As recensións de obras de literatura galega poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- R. C. G., “*Lvcensia*’ dedica un extenso capítulo al Camino Primitivo”, *El Progreso*, 20 maio 1999, p. 73.

Con motivo da presentación en Lugo do número 18 de *Lucensia* ofrécese o sumario, logo de se salienta-la forte presencia do Camiño de Santiago como tema no contido desta entrega.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

(ISSN: 1138-9664 / D. L.: M. 18.283-1998).

Publicación da Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que iniciou a súa andaina o pasado ano 1998 cunha periodicidade anual. En 1999, segue mantendo o mesmo equipo directivo, con Alonso Zamora Vicente como Presidente de Honra e con Mª Josefa Postigo Aldeamil como Directora, e o mesmo Equipo de Redacción. Presenta as mesmas seccións que no anterior número, incluíndo en "Artigos" os seguintes referidos á literatura galega: "O amor na obra de Mª Xosé Queizán", de A. Acuña Trabazo e C. Mejía; "Manuel Gómez del Valle, poeta, comunista e mártir (1906-1936)", de X. Alonso Montero; "Lembrando a Pepe Xan Baña", de C. Blanco; "Dous exemplos da festa dos maios: Galicia e Cuenca", de J. Expósito Rabadán; "Xosé Mª Díaz Castro na revista *Cartel*: Dous poemas non recompilados", de X. A. García López; "Sobre *Contos malvados* de Xurxo Borrazás", de Sara Gregorio; "Poema de Laureano Álvarez", de C. López-Keller; "Letras de Blanco Torres", de X. R. Pena; "Ligácia: Galicia en catalán segundo Xulio Ricardo Trigo", de J. Ribera Llopis; "Rafael Dieste e *O Neno Suicida*. A narración do tempo ás avesas", de O. Rodríguez González; "El deán y el villano: un poema de Alfonso el Sabio y una canción tradicional", de G. Vallín e "Libreros y editores gallegos en Montevideo", de C. Zubillaga. Na sección "Crónica" atópanse "La actividad cultural gallega en las publicaciones periódicas de 1998", por Mª J. Postigo e "*¿Que me queres, amor*? (Historia dunha curtametraxe)", por M. Velasco. Inclúense en "Creación" composicións de Borobó, Marian Castillo Moreno, Lourdes Fernández Martínez, Claudio Pato, Manuel Pereira Valcárcel, X. Rábade Paredes e Carlos Solla, mentres que en "Narrativa" atopamos, entre outras cousas, un relato de Úrsula Heinze ("Margit Sziget"), de S. Jaureguizar ("Caracola") ou de J. M. Yáñez Mariscal ("Canción de Chon"). En "Traducción" atopamos traballos de P. Sorri e A. Acuña "Huvila" de Sari Mikkonen. En "Recensións": *O peregrino a Compostela* (1998), de Paulo Coelho, por Mª del Mar López Valero; *Roberto Blanco Torres, xornalista e poeta* (1999), de Xosé Durán, por Mª del Mar Velasco; *Madeira do meu canto* (1998), de L. González Tosar, por J. L. Garrosa Gude; *Homenaxe a Ramón Lorenzo* (1998), de varios autores, por Isabel García Piqueras e, de xeito conxunto, destácanse as cinco obras que no ano 1998 conformaron as primeiras entregas da Colección "O Roibén" de Edicións Río Xuvia, movemento poético en galego que xurdiu en Madrid, cos títulos seguintes: *Carreiros*. *Mostra de poesía da Terra Eo-Navia en lingua galega*, de A. Conde, C. Veiguela e X. Frías; *Comercial. Poesía galega en Madrid*,

de V. Araguas, F. Bouza, X. Frías, C. Pato, J. M. Outeiro e M. Pereira; *Todo morte*, de Pereira Valcárcel; *Xábregho*, de C. Solla e *Xeitos de falar. Mostra de poesía*-asturiana (1999), de B. Piñán, H. González e A. Velázquez, por J. J. Carracedo Doval. Os artigos relacionados coa literatura galega poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- M. L. C., “Presentado el segundo número de “*Madrygal. Revista de estudios gallegos*”, *Galicia en el Mundo*, nº 323, 7-13 xuño 1999, p. 24.

Céntrase esta noticia na intervención de Xosé Ramón Pena durante a presentación do segundo número da revista na Casa de Galicia de Madrid, acto no que participaron ademais Eugenia Popeanga e José Antonio Ferreiro. Segundo se indica na noticia, Pena referiuse ás relacións culturais entre Galicia e Madrid e remontouse ós anos vinte para aludir ós antecedentes deste contacto, ademais de situar a Alonso Zamora Vicente como unha das persoas máis significativas no cultivo destas relacións. Alén disto, de *Madrygal* subliñou o equilibrio entre o rigor e a divulgación.

- Xosé Ramón Pena, “Madrigalia”, *Guía dos libros novos*, “Revistas”, nº 8, xuño 1999, p. 30.

Indica que a titulación de Filoloxía Románica da Universidade Complutense vén de presenta-lo número 2 da revista *Madrygal*, na que o propio autor do artigo participa cun traballo. Pensa que gracias á revista a cultura galega dáse a coñecer no mundo universitario español. Ademais hai un espacio para a creación, outro para as recensións de libros publicados durante todo o ano no noso país e remátase cunha entrevista ó

catedrático e membro da Real Academia Española, Don Alonso Zamora Vicente, feita polos alumnos de Filoloxía Románica.

Microfisuras. Cadernos de pensamento e creación

(ISSN: 1137-747 X / D. L.: VG-391-1997).

Revista cuadrimestral editada en Vigo por Amando González e centrada fundamentalmente na reflexión sobre as artes plásticas. Comezou a se publicar en 1997 cun Consello de Redacción integrado por Ignacio Castro, Amando González, Francisco Jarauta e Antón Patiño. Inclúe artigos sobre a teoría da arte e cada número conta con ilustracións de diversos artistas, ademais de textos poéticos e narrativos en galego. No 1999 publicáronse os tres números habituais. No sétimo, correspondente a xaneiro de 1999, titulado “La dificultad de pensar”, aparecen uns poemas en castelán de César Antonio Molina e achegamentos á obra de Jean-François Lyotard, Deleuze e Maurice Blanchot. No oitavo, de xuño de 1999, o título elixido é “La cuestión oriental”, sobre a que reflexionan Maxime Rodinson, Patricia Almarcegui e Patricio Hernández Pérez, entre outros. No número 9, outono 1999, titulado “Agua”, participan Filippo Fimiani, Maribel Acosta Lamas ou Carlos Alcolea. A única colaboración en galego dos números publicados ó longo de 1999 aparece no número sete. Trátase duns textos de Xavier Seoane baixo o epígrafe “A estrela do extravío. Aforismos”.

Recensións e referencias varias:

- Julio Torres, “A auga é o tema principal do último número da revista galega *Microfisuras*”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 outubro 1999.

Breve comentario sobre o número nove da revista *Microfisuras*, que se presentou nun submarino. Infórmase da periodicidade da revista e do seu carácter independente, “que cre na mestizaxe cultural e no poder do pequeno de intervir nas grandes estructuras”. Entre os seus obxectivos destácanse “a reflexión, o pensamento e a creación”. Para rematar, cítanse algúns dos autores e autoras dos artigos deste número, dedicado fundamentalmente á auga.

NASA
(D. L.: 1844/96).

Revista editada pola Nave de Servicios Artísticos (Sala Nasa) de Santiago de Compostela que leva por subtítulo “Boletín de Información Submariña”. Edítase dende o ano 1992 e esta entrega que, a continuación, describimos pertence á cuarta época e leva data do 18 de xullo de 1999. Dá conta das actividades desenvolvidas pola Nasa dende setembro do 96 ata decembro do 98. Comeza cunha “arenga do capitán Bellamy” trala que se ofrece o cadro técnico, explícase que é a Nasa e dáse conta dos espectáculos e campos que esta abrangue; segue coa “Base de datos” na que se dá información dos espectáculos programados ó longo destes anos, atendendo ó tipo de espectáculo, grupo que actuou, data, número de funcións e de espectadores, aforo e porcentaxe de ocupación. Descríbense a seguir, máis polo miúdo, os espectáculos presentados, dando cumprida información sobre estes. Remata a revista volvendo a defini-la Nasa, animando a facerse socio dela e ofrecendo información das vantaxes que isto achega.

PLIS- PLAS. A Revista

(D. L.: PO-232/99).

No ano 1999 presentáronse os tres primeiros números desta revista que conta cun Equipo Redactor formado por Clara Mª de Saa Quintas, Xosé Lois Espiñeira Regueiro e Irene García García, así como un cuarto membro, Marcos Costoya Sanjosé, encargado das ilustracións, cos que colabora a Radio Galega e que é editada pola Consellería de Medio Ambiente. Ábrese cada un dos números cun “Editorial”, dando conta, no primeiro, dos obxectivos que se perseguen, entre eles a busca dunha publicación de contidos específicos para nenos e o fomento dunha maior preocupación ambiental entre os máis novos, indicando nos outros números as novidades coas que se van atopar no interior. Conta con seccións como o “Buzón do Plis-Plas”, na que se reproducen debuxos, fotografías e outras colaboracións que os nenos lles envían; “O Conto”, con títulos como: “O limpador de estrelas”, “Fermín o monstro do pelo verde” e “Un conto de Nadal”; “Os detectives verdes”, no que se inclúe un resumo das actividades ecolóxicas levadas a cabo en diferentes colexios de Galicia; os “Zampatempos”, sección de encrucillados, adiviñas e outros xogos de palabras. Tamén conta cunha “Axenda do Plis-Plas”, na que se dá conta das novidades en videoxogos, en música, ou no cine, sen esquece-la recomendación dalgunha novidade literaria, pechando cada número da publicación “As larpeiradas da Mariquiña”, cunha receita de cociña ó alcance dos máis pequenos. A partir do segundo número inclúense novas seccións como son: “Faino ti mesmo”, coas instruccións e os materiais necesarios para a elaboración de traballos manuais, ademais dun cómic que describe as aventuras dos personaxes protagonistas do programa radiofónico do mesmo nome, entre eles Mariquiña, Tomatiño e o inspector Pataca, así como unha “Páxina cultural” e outra de “Mascotas”. Na primeira fálase da festa do ano máis próxima á data de saída do número, como a festa do Samaín ou o Nadal, e na segunda ofrécense algunhas pistas para trata-los animais de compañía.

Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares

(ISSN: 1136-3207 / D. L.: OR-75/95).

Publicación semestral que naceu en decembro de 1995, editada pola Deputación de Ourense e coordinada pola Escola Provincial de Danzas e a Agrupación Castro Floxo, baixo a dirección de Mariló e Xulio Fernández Senra. Contén seccións dedicadas á literatura, á arquitectura, ás tradicións populares, etc. No ano 1999 publicáronse dous números. O número 8 está integramente dedicado a Roberto Blanco Torres e o número 9 a Xaquín Lorenzo. Os artigos que conteñen aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- R. F., ”*Raigame*” adica o múmero 8 ó xornalista Blanco Torres”, *La Región,* 14 maio 1999, p. 13.

Dáse conta do lugar destacado que ocupa Roberto Blanco Torres no número 8 da revista e alúdese tamén ó monográfico sobre os hórreos. Así mesmo, indícase a súa tiraxe de 1.500 exemplares e a intención do presidente da Deputación ourensá, Xosé Luis Baltar, que ofreceu no acto de presentación o apoio firme á publicación por parte da institución que preside. Finalmente, anúnciase que o número 9 contén un especial sobre Xaquín Lorenzo, “Xocas”.

-Jesús Manuel García, “Piden un Día das Letras Galegas para Xaquín Lorenzo Xocas”, *La Voz de Galicia*, 29 decembro 1999, p. 83.

Recóllese a petición do presidente da Deputación de Ourense, Xosé Luis Baltar, de dedicarlle o Día das Letras Galegas a Xaquín Lorenzo “Xocas”, con motivo da presentación do nº 9 da revista *Raigame*.

Explícanse brevemente os contidos deste número monográfico dedicado ó estudioso ourensán morto hai dez anos.

A Regueifa. Revista Cultural de Bergantiños

Revista editada pola Agrupación Cultural Lumieira de Carballo. O seu número 0 apareceu no ano 1983, cunha periodicidade moi irregular nos comezos e dende 1988 ve a luz cada ano no mes de maio, como contribución da entidade ós actos das Letras Galegas ata 1992, ano no que se publicou o número 8. De carácter interdisciplinar acolle contidos relacionados coa toponimia, historia, xeografía, tradicións e literatura. Ocupan tamén algunhas páxinas a publicidade, a ilustración e o cómic. Despois de varios anos de silencio, apareceu en 1999 o número 9 que contén as seguintes seccións: “Artículos”, na que se ofrecen artigos de Héctor Pose, Xan Fernández, Xurxo Borrazás, Pedro Fernández Pombo, Xan Fraga e Miro Villar, dos que dous deles están dedicados á literatura galega: “De poeta a poeta de San Luís Romero para Manuel María”, de Xan M. Fraga Rodríguez e “Escolma poética e nota biobliográfica de Xervasio Paz Lestón”, de Miro Villar. Na sección “Poesías”, recóllense composicións de Alexandre R. Custodio, Henrique Mariño, Palmira Castro, Modesto Fraga, Xosé M. Esperante Dávila, Xavier Seoane, Silvia Tasende, Rafa Villar e Xurxo Chapela. Na sección “Contos” publican os seus relatos Manuel Facal, Alejandra Mareque e Xurxo Chapela. O primeiro deles sen título, o segundo titulado “Viaxes nocturnas” e o terceiro “Rúa Muíño”. Pecha o número a sección “Safaris fotográficos” a cargo do colectivo “Ollo de vidro”. Os artigos asinados e referidos á literatura galega están comentados nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- Dora Vázquez, “*A regueifa*”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 23 abril 1999, p. 3.

Dora Vázquez menciona os contidos que conforman o número nove de *A Regueifa* e expresa a grata imprensión que lle causou a revista ó tempo que lle agradece á Asociación Lumieira que lle enviasen un exemplar.

La Revista de Galicia de Emilia Pardo Bazán (1880)

(ISBN: 84-89748-23-3 / D. L.: 1330-1999).

Reproducción facsímilar desta revista editada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, que se abre cun prólogo de Domingo García-Sabell no que se fai eco da importancia do traballo recompilatorio de Ana Mª Freire, responsable da edición da revista. Refírese tamén á necesidade desta publicación por varios motivos, entre os que destaca a figura de Emilia Pardo Bazán, como intelectual destacada de finais do século XIX, obxecto de polémicas que segundo el, foron sen fundamento. Incide, a seguir, na tendencia esquilmadora de documentos pasados, o que reflicte a falta de interese pola nosa cultura, o que lle leva a reflexionar sobre os perigos da ignorancia social. Comenta o altísimo índice de analfabetismo en Galicia no momento da publicación da revista, polo que considera meritorio o esforzo da editora para recompila-la colección completa. Tamén manifesta a súa sorpresa polo silencio de cen anos ata que ve a luz a reproducción do xornal, adianta os obxectivos de Ana Mª Freire e, finalmente, fai un breve estudio histórico sobre o contexto no que xorde a revista, sobre as figuras femininas emblemáticas da época como foron Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán. Para rematar fai unha análise sobre o naturalismo que tanto influíu na directora da *Revista de Galicia.* A continuación, Ana Mª Freire abre o seu estudio introductorio cunha “presentación” na que explica os motivos que a levaron á investigación como foron o interese en si da revista e a contribución á historia do periodismo en Galicia. O “Estudio de la Revista de Galicia de Emilia Pardo Bazán” vén estructurado en dez apartados nos que analiza pormenorizadamente diversos aspectos relacionados co comezo da andaina da revista, a faceta xornalística de Emilia Pardo Bazán, dá conta doutros xornais feitos por e para mulleres por eses anos, sitúa a revista no contexto cultural da Coruña da época e detense nos distintos colaboradores. Por último, ofrece datos biográficos dos propietarios da revista e analiza con detalle as etapas e contidos, así como os motivos que a levaron a súa desaparición. A seguir, dáse paso á reproducción dos vinte números que viron a luz entre o 4 de marzo e o 25 de outubro de 1880. A edición inclúe tamén un apéndice no que se recollen os sumarios de cada número, así como un índice de colaboradores da publicación no que se específica, ademais, os títulos das súas colaboracións.

Revista Galega de Educación
(ISSN: 1132-8932).

Esta revista, de periodicidade irregular, mantén un carácter educativo e interdisciplinar. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez e editada por Edicións Xerais de Galicia, que comezou a súa andaina no ano 1986. No 1999 sacou do prelo dous números, o 32 e o 33. Como é habitual, acolle nas súas páxinas artigos, notas informativas e novas sobre literatura galega en seccións como: “Libros” e “Recursos”. A literatura infantil é tratada nunha sección fixa e en “Recursos”, onde se mostran artigos de X. M. G. B., Mª Xesús Fernández, Agustín Fernández Paz e Xesús Rodríguez Jares. A descrición destes artigos poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*. Por último, os artigos ou comentarios que aparecen sen sinatura son xeralmente resumos argumentais, con alguna referencia biográfica de autores e obras recentes.

Revista Galega de Teatro

(ISSN: 113-956 X / D. L.: VG-21-1994).

Publicación dedicada á información teatral que naceu en 1985 e comezou unha segunda época co nº 6, correspondente a setembro de 1989. Edítaa a Asociación Cultural Entre Bambalinas, está adherida ó Instituto Internacional do Teatro Mediterrráneo e conta co apoio da Consellería de Cultura. Mantén unha periodicidade bastante irregular. Ten como director a Antón Lamapereira e no Consello de Redacción figuran Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites, Lourdes Vega e Che Mariño. No ano 1999 distribuíuse o número 19, correspondente ó mes de decembro de 1998, e o número 20 (primavera-verán 1999), no que ademais das seccións habituais da revista, trátase o tema monográfico "Outros Teatros Europeos". Así, no número 19 inclúense percorridos panorámicos sobre o teatro croata, sobre o teatro de minoría húngara en Eslovaquia, o teatro xeorxiano, a arte dramática moldava e o teatro en Anatolia. Inclúense colaboracións de Juan Antonio Hormigón sobre a dialéctica e a productividade de Bertold Brecht, Pedro P. Riobó sobre a presencia de Brecht no teatro galego e de Xerardo das Airas que trata a actividade teatral nos primeiros tempos modernos en Vigo e o Morrazo. Na sección "Documentos" inclúense os textos "Manifesto polo teatro galego" e "A cabeza do rector", e no "Caderno Central", María Vázquez traduce o texto de Brecht *Pequeno Organon para o Teatro*. No número 20, continuando o percorrido polos teatros europeos, trátase a situación do teatro na República Eslovaca, en Turquía e Lituania. Antonio González Beltran fala sobre a quinta edición do Festival Internacional da Oralidade e Ana Vázquez Estévez escribe sobre o proceso de catalogación dos fondos da biblióteca Sedó, adscrita ó Instituto do Teatro de Barcelona. Aparece tamén unha entrevista de Brais Fernández Pérez cos membros da Escola de Teatro Alternativa. A continuación, Pepe Marín ofrece a lista de nominados ós III$_{os}$ Premios de Teatro María Casares 1999. O "Caderno Central" recolle parte da obra *Os Soños de Caín*, de Xosé Carlos Couceiro Carro falecido en xaneiro do ano 1999. Antón Lamapereira ofrece a seguir o programa de actividades desenvolvidas na IIª Feira de Ciudad Rodrigo, celebrada entre o 25 e o 28 agosto de 1999, e José Monleón, director do Instituto Internacional de Teatro do Mediterráneo, presenta unha "Declaración imprescindible" con respecto á situación vivida nos Balcáns. En ámbolos dous números, ademais das seccións que se desglosan neste *Informe*, dedícanse apartados como "I.G.A.E.M." e "Documentos" a comentar diversas postas en escena e polémicas en relación á producción do ano. Péchase a revista coas seccións "Novidades", "Axenda" e "Ficheiro", que

recollen información sobre estreas en diferentes escenarios galegos, Mostras de Teatro, cursos para actores, etc. Os artigos correspondentes ó teatro galego aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Revista Galega do Ensino

(ISSN: 1133-911 X / D. L.: 818-96).

Revista trimestral que se creou en decembro de 1993, editada en Santiago de Compostela pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. De carácter interdisci-plinar, acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico, pensado para o fornecemento de material auxiliar ós docentes de tódolos niveis. No ano 1999 publicáronse os habituais catro números desta revista: o número 22 (febreiro 1999), o 23 (maio 1999), o 24 (setembro 1999) e o 25 (novembro 1999). Con respecto ás súas seccións, mantéñense as mesmas que en números anteriores: “Colaboracións especiais”, “Estudios”, “Prácticas”, “O pracer de ler”, “Recensións”, “Novidades editoriais” e “Noticias”. Ademais, engádense os apartados “Lexislación” e “Normas para os autores”. O número 24, un especial sobre “A educación no século XX. Unha análise panorámica”, consta dunha presentación a cargo de Manuel Fraga Iribarne e unha introducción da man de Miguel Santos Rego. Este volume monográfico está dividido en dous apartados: “Colaboracións especiais” e “Recensións”. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos no apartado correspondente ás publicacións en revistas deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-D. P., “Monográfico da educación no século XX da ‘*Revista Galega do Ensino*”, *Diario de Pontevedra*, 27 xuño 1999, p. 29.

Con motivo da publicación do número 23 da revista recóllese un resumo dos contidos ó tempo que se anuncia que o número 24 vai ser un monográfico especial titulado “Panorama da educación no século XX” e

contará cun índice de materias e autores de tódolos traballos publicados. Alúdese ó nacemento da *Revista Galega do Ensino* en 1993 como iniciativa da Consellería de Educación para a creación dun medio de difusión de traballos e experiencias investigadoras, pedagóxicas e docentes. Ademais saliéntase a multidisciplinariedade desta publicación e indícase que está catalogada pola Universidade de Santiago na categoría B.

-D. P., “Currás presidiu a presentación da *Revista Galega do Ensino*”, *Diario de Pontevedra*, 20 outubro 1999, p. 29.

Sucinta nota de prensa sobre a presentación do número 24 da *Revista Galega do Ensino*, un monográfico titulado “A educación no século XX. Unha análise panorámica”. Sinálase que no acto estiveron presentes o Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, Celso Currás Fernández; o Director Xeral de Política Lingüística, Manuel Regueiro Tenreiro; a Directora da revista, Ana María Platas Tasende; o Coordinador do número, Miguel Anxo Santos Rego e os membros do Comité de Redacción, Mercedes González Sanmamed, Mª Natividad Rodríguez López e Javier Vilariño Pintos. A seguir, explícase o contido deste número, no que se realiza “un amplio percorido e unha detallada análise do que deu de si a educación, como fenómeno e proceso de desenvolvemento humano e social, nun século singular como poucos na historia do home”. Por último, faise un pequeno percorrido pola evolución desta publicación trimestral, que naceu no outono de 1993.

Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate
(ISSN: 1137-6945 / D. L.: C-588-97).

Publicación que naceu en abril de 1997 pola iniciativa do Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A., coa pretensión declarada no seu número inaugural, de crear medios de comunicación alternativos e de calidade, e co obxectivo de desenvolver un movemento orixinal de desafío e subversión fronte á mundialización que se está a impor pola vía tecnolóxica, ademais de reforza-la identidade colectiva. A revista está dirixida por Luís Álvarez Pousa e no seu Consello de Redacción figuran Ana Belén PuñalRama, Xosé A. Neira Cruz, Manuel P. Rúa e Miguel Ángel Rodríguez, ademais doutros colabores fixos no resto das seccións como Bieito Iglesias, Xurxo Souto, Olga Novo, Armando Requeixo, Iolanda Ogando, etc.Ó longo de 1999 publicáronse 12 números, dende o 20 ó 31. A revista ábrese con varias páxinas de opinión sobre temas diversos, con seccións como “Editorial” ou “Días soltos”, a cargo de Bieito Iglesias, e o apartado “Opinión”. Posteriormente están os apartados “Cataventos” –dedicado á multimedia, avances, etc.–, “A Contratempo” –onde adoita incluírse unha entrevista a un persoeiro de calquera ámbito da vida galega e un achegamento a un tema de actualidade– e “Horizontes”, con análises sobre a política, a cultura, etc. O número 31, correspondente ó mes de decembro, introduciu o apartado “Especial. Galicia entre séculos”, en detrimento de “Horizontes”, e pretende ser unha radiografía do que foi e do que está a representar Galicia en diversos ámbitos, con artigos de cinco especialistas e cinco debuxos en clave de humor. A continuación, está o derradeiro apartado “Voces e Culturas. Crítica” que mostra opinións sobre libros, teatro, banda deseñada, música, cine e arte. Pecha a revista un debuxo de Xaquín Marín, coa sección “Desde o tellado”. Tódolos artigos referidos á literatura galega están resumidos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Terra Bárdica
(D. L.: C-817-1999).

Publicación editada e dirixida pola Asociación Cultural Monte Branco. Comezou a súa andaina no mes de maio de 1997, coincidindo coa celebración das Letras Galegas. En 1999 publicouse o segundo número, tamén no mes de maio, e en ambos inclúese no sumario unha serie de seccións fixas: “Artesanía”, na que se ofrecen visións sobre espacios da xeografía galega, que no número 0 foi dedicada á Costa da Morte e no número 1 a Bergantiños. No tocante á literatura contén os seguintes apartados: “No Recanto das Letras”, “Narrativa”, “Poesía” e “Teatro”, no que se recollen recensións, panorámicas sobre diferentes aspectos da literatura galega e creación. Finalmente, as seccións “Artes Plásticas” e “Música” pechan o sumario desta publicación. No número correspondente ó ano 1999, contén unha ampla reportaxe titulada “Homenaxe a unha escritora”, dedicada a Fina Casalderrey que se abre cunha carta na que felicita a Asociación polo seu labor e agradece a homenaxe que lle ofrecen neste número. A homenaxe inclúe un monográfico sobre a escritora que presenta unha ampla ficha técnica coa súa bibliografía, premios e distincións de honra recibidas, un texto autobiográfico e un artigo asinado por Mª Xesús Fernández. No apartado “Recanto das Letras” preséntase un “álbum fotográfico de escritores/as homenaxeados/as pola A. C. Monte Branco” e a reproducción do primeiro capítulo do libro *Roberto Blanco Torres* (1998), de Marcos Seixo Pastor. Finalmente, na sección “Narrativa” inclúese un relato de Luís P. Cousillas titulado “As vidas oníricas do vello”. As colaboracións referidas á literatura galega descríbense nos apartados correspondentes deste *Informe*.

La Tierra Gallega/*La Alborada*

(ISBN: 84-453-2404-7).

Edición facsimilar das revistas da Habana *La Tierra Gallega* (1915) e de tres números de *La Alborada* (1912) publicada polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Esta edición conta cunha presentación de Xosé Neira Vilas, na que alude á importancia que para a formación de Roberto Blanco Torres tivo o período que pasou en Cuba ademais de poñer de relevo a independencia das publicacións galegas en Cuba. Pola súa parte Anxo Tarrío achega unhas "Palabras Limiares" nas que loa esta reedición ó tempo que glosa algúns trazos da figura de Blanco Torres. A xeira de *La Tierra Gallega*, revista monolingüe en castelán, consta de cinco números publicados entre o 11 de abril e o 23 de maio de 1915 con periodicidade irregular, malia chamarse semanario. Estaba subtitulada "Programa contra los farsantes" e o obxectivo segundo se desprende do número 1 é "combatir, en una campaña briosa y tenaz, la intervención en el Centro Gallego de elementos funestos e impopulares, de triste recordación en los anales de la sociedad". A pesar de que a publicación deixa no anonimato o nome do director, estivo impulsada por Roberto Blanco Torres e, á marxe deste, as restantes sinaturas son pouco coñecidas non sendo a reproducción dun poema de Manuel CurrosEnríquez e un fragmento en prosa de Basilio Álvarez. A reproducción facsimilar vén precedida por unha introducción de Luís Alonso Girgado que se compón dunha caracterización xeral que pon de relevo a natureza satírica da publicación contra un sector do Centro Galego da Habana así como a tentativa errada de ofrecer traballos selectos de grandes literatos galegos e a despreocupación polo idioma galego. Logo dun pormenorizado percorrido por cada uns dos números, que advirte da dureza dos ataques individuais, chegan as consideracións finais nas que se conclúe xunto á sobriedade estética a amenidade consubstancial á sátira. Este estudio introductorio segue adiante en "Achegamento á prensa cubana (1910-1920): páxinas e publicacións de carácter cultural e literario". A sección "Breve noticia do Centro Galego na Habana" inclúe cifras e dá conta das actividades desenvoltas e da xeira cubana dalgúns dos nomes máis importantes que estiveron vinculados ó centro. Compleméntase esta introducción cunha nómina de publicacións que dun ou doutro xeito lle prestaron atención e cunha escolma de textos complementarios tirados da obra *Apuntes para la historia del Centro Gallego de La Habana, 1879-1909* (1909). Amelia Rodrigues Esteves, Teresa Monteagudo Cabaleiro e Xoán Carlos Rodríguez Pérez elaboraron os índices por números, autores e títulos e inténtase localizar e inventaria-los fondos hemerográficos de Cuba tanto dando conta dos números que se

poden atopar no Instituto de Literatura e Lingüística de La Habana como nas principais bibliotecas galegas. No tocante a *La Alborada* (1912), da que foi redactor-xefe Blanco Torres e que naceu como medio de alento e axuda ós emigrantes galegos na procura do progreso e a cultura, tamén se fai unha caracterización xeral na que á parte do Director Blanco Torres destápanse os pseudónimos doutros colaboradores. Na nómina de colaboradores e sinaturas representadas, atópanse as de Rosalía de Castro, Curros Enríquez ou Valentín Lamas Carvajal. Valorada como de nivel “medio” entre as publicacións galegas en Cuba, resáltase a importancia dos anuncios como espello da actividade económica e social dos galegos na illa. Malia que o seguimento se fai sobre os números 1, 2, 3, 4, 6, 8 e 9, a reproducción facsimilar inclúe unicamente o 1, 3, 6 e 9, tamén cos seus respectivos índices.

Recensións e referencias varias:

- Xosé Neira Vilas, “Un xornalista precoz”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Crónicas galegas de América”, 21 xaneiro 1999, p. 3/p. 4.

Tras repasar con brevidade a biografía do xornalista Roberto Blanco Torres, Neira Vilas fai outro tanto coa época cubana deste autor, da que di que “foi decisiva para a súa formación cultural e política”. Dos amigos que fixo alí, cita, entre outros, a Ramón Cabanillas e dá como probable a Curros Enríquez. Sobre a revista *La Alborada* sinala que contiña numerosas reportaxes sobre Galicia e contou con colaboracións dalgúns dos mellores escritores galegos da época. Neira Vilas cualifica o xornalismo de *La Alborada* como “variado, novo, útil, que revela madurez, oficio”.

- Aser Vilar, “A etapa cubana do xornalista Roberto Blanco Torres”, *La Región*, 21 abril 1999, p. 14.

Refírese ó labor xornalístico desenvolvido por Roberto Blanco Torres e salienta a súa vinculación a Ourense onde foi director do periódico *La Zarpa*. Despois céntrase na súa estancia en Cuba onde chegou no ano 1906 e considera esta etapa da súa biografía moi relevante pois comezou a súa andaina como periodista en pequenas colaboracións, artigos e poemas en revistas como *Follas Novas* e *Suevia*. Finalmente, cita as dúas revistas das que foi creador, *La Alborada* (1912) e *La Tierra Gallega* (1915), agora recuperadas polo Centro Ramón Piñeiro en edición fascimilar preparada por Luís Alonso Girgado.

-Alfredo Conde, “Espellos nos que nos ollar”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 maio 1999, p. 56/p. 4.

Saúdase a publicación desta edición facsimilar por parte do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Sinálase o mérito deste centro por recuperar este traballo e tamén o feito de que nelas teña publicado Blanco Torres, do que se recomenda algún poema.

-Alfredo Conde, “O privilexio da dignidade”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 maio1999, p. 56/p. 4.

Loa primeiramente o rigor, a cautela e a sabedoría das obras que configuran o catálogo de publicacións do Centro Ramón Piñeiro e considérao unha “bendición” “neste pequeno país no que calquera insolvente, sen risco ningún, pode compila-la historia da nosa literatura”. En canto ás edicións facsimilares de *La Tierra Gallega* e *La Alborada* explica que son froito da colaboración co Instituto de Literatura e Lingüística de La Habana e considera inxustas as críticas feitas por “algunha que outra impericia ou mala baba pseudoxornalística” á viaxe feita por Anxo Tarrío e Luís Alonso Girgado a Cuba. Sobre o contido destas publicacións, Alfredo Conde salienta “O poema do alfareiro” polas pautas que induce e recomenda tamén a lectura do estudio introductorio por “ilustrar un tempo e mailas actitudes que o habitaron”. Neste sentido

refírese ás liortas e á corrosividade entre os membros da comunidade galega na época, actitudes das que “os galegos estamos cheos a afartar”.

- Manuel Regueiro Tenreiro, “O Día das Letras Galegas 1999. Roberto Blanco Torres”, *Ciutat*, nº 9, primavera 1999, p. 21.

Alude á instauración do 17 de maio como Día das Letras Galegas dende 1963 a instancias de Francisco Fernández del Riego. A continuación pon de relevo a importancia da emigración na vida e obra de Roberto Blanco Torres dende 1907 a 1916. Ademais de referirse ó influxo de Basilio Álvarez e Curros Enríquez, cita unha serie de publicacións nas que colaborou o escritor cuntiense. Fai referencia tamén ás edicións facsimilares de *La Alborada* e *La Tierra Gallega* froito da colaboración co Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, coa Biblioteca Nacional José Martí da Habana e coa Real Academia Galega.

-Ramón Nicolás, “Os comezos xornalísticos de Blanco Torres”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 83, 22 xuño 1999, p. 7.

Comentario no que dá conta da aparición da edición facsimilar das dúas publicacións e no que se cualifica de “pormenorizado” o estudio que as antecede. Pon de relevo ademais a operatividade desta publicación para o coñecemento da vida cotiá dos galegos emigrados, así como a actividade levada a cabo en Cuba por Roberto Blanco Torres.

- Alvarado, “La prensa de la emigración gallega en Cuba”, *La Región*, 20 xullo 1999, p. 12.

Con motivo da edición facsimilar de *La Alborada* e *La Tierra Gallega* menciona o convenio de colaboración asinado polo Centro Ramón Piñeiro e o Instituto de Literatura e Lingüística de La Habana para a recuperación da prensa galega en Cuba. Antes de explicar brevemente o contido destes dous facsímiles anuncia que o Centro ten previsto, no marco deste proxecto, reeditar entre outras publicacións *Cultura Gallega*, *Galicia Moderna*, *Suevia*, *Labor Gallega* e *Follas Novas*.

- Xosé Neira Vilas, "Un singular centro bibliográfico galego", *A Estrada*, nº 2, 1999, pp. 241-243.

Breve artigo referido á Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana, centro que Xosé Neira Vilas fundou e dirixiu durante anos, salientando o rico fondo bibliográfico de galegos emigrados á illa e que agora deberán se-los investigadores os que o estudien. Tamén se fai referencia á edición facsimilar que o Centro Ramón Piñeiro está a facer das revistas da diáspora galega *La Alborada* e *La Tierra Gallega*.

O Tío Pepe

(ISBN: 84-922402-4-5 / D. L.: C-1814-99).

Edición facsimilar deste xornal da Fonsagrada publicado por Edicións Losa. Recompila os vinte números publicados dende o 31 de xaneiro ata o 20 de novembro de 1913 cunha periodicidade quincenal. Os fins da publicación, de orientación agrarista, aparecen expresados nas palabras que acompañan o seu título: “Redención. Xusticia. Progreso. Unión. Guerra os caciques. ¡Arriba gallegos, viv’a raza!”. Integramente en galego, o xornal incorpora as seccións fixas “Os contos d’O Tío Pepe”, “D’o buzón d’O Tío Pepe” e “Carta aberta”, nas que ademais da creación literaria se recollen os feitos políticos do momento. Acolle colaboracións de Antonio Noriega Varela ou Valentín Lamas Carvajal e lembra os grandes mestres como Curros Enríquez, Pondal ou Rosalía, ademais de recoller moitas colaboracións asinadas con pseudónimos, entre eles, Louro de Sáa, Xan Lamas, Marcos de Perulledo, etc. A edición conta cun Limiar de presentación de Cristina Sanmartín e uns índices para facilita-las consultas.

A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico

(ISSN: 1130-2674 / D.L.: C-351-1994).

Revista de periodicidade trimestral, editada por Sotelo Blanco dende 1990 e dirixida por X. L. Méndez Ferrín. Consta de cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”, nos que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Nos catro números correspondentes ó ano 1999 aparecen varios artigos sobre literatura galega, que se comentan nos apartados que lles corresponden neste *Informe*. O número 37 ofrece no primeiro apartado dous artigos: un de Xosé Ramón Pena sobre *Os Eoas* e outro de Teresa López sobre a Nova Narrativa Galega. No apartado de “Publicacións” recensiónanse as seguintes obras no concernente á literatura galega: *O estadio do espello* (1998), de María Do Cebreiro; *Círculo* (1998), de Suso de Toro; *Un país de palabras* (1998), de Carlos Casares, e, finalmente, *Valentín Paz Andrade, a memoria do século* (1998), de Tucho Calvo. No número 38 aparece un artigo de Cleudeno de Oliveira sobre literatura comparada galega e cearense, unha traducción e introducción de Manuel Outeiriño a poemas de Derek Walcott e as seguintes críticas do apartado “Publicacións”: a de Rosa Aneiros a *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda, e a de Silvia Gaspar a *Doutor Deus* (1999), de Xabier López López. Inclúese, finalmente, a transcrición do texto utilizado por Víctor Campio Pereira na presentación en Santiago de Compostela da súa novela *Baixo o sol do Magreb* (1998). O número 39 presenta unha comunicación deVictoria Álvarez Ruíz de Ojeda sobre as orixes de Rosalía de Castro e recensións de novelas publicadas en 1999 –*Malaria Sentimental*, de Xavier Queipo, e *Por tras dos meus ollos*, de Nacho Taibo–, así como un comentario centrado en *De Guenizah* (1998), de Belén Feliú. Contén tamén o discurso lido por Pepe Cáccamo na concesión do Pedrón de Ouro a Bernardino Graña. O número 40, derradeiro de 1999, ábreo un estudio de John C. Wilcox sobre Rosalía de Castro; Manuel Outeiriño publica e estudia tres textos de Otero Pedrayo que denomina “baladas líricas” e Xosé Manuel Enríquez, Xabier Cordal e Paulino Vázquez fan cadansúa crítica a *Os cadernos da ira*, de Xosé María Álvarez Cáccamo; *La poésie galicienne de 1936 á 1990*, de Anxo Angueira; e *Historia da literatura* galega, de Dolores Vilavedra, obras publicadas neste ano.

Recensións e referencias varias:

- Xosé Ramón Pena, “Un novo número de *A trabe*”, *Guía dos libros novos*, nº 6, “Revistas”, abril 1999, p. 30.

Achégase ó número 37 desta revista centrándose no contido dos artigos “Os brancos do postmodernismo”, de Francisco Sampedro e “O poder dos actores: o renacemento da historia política”, de Xosé Ramón Quintana Garrido. Tamén se alude ás recensións que dan conta de novidades editoriais como *Corpo de muller. Discurso. Poder*, de Mª Xosé Agra Romero; *A Galicia irredenta*, de Álvaro Xosé López Mira e *A experiencia inglesa*, de Paulino Vázquez.

- Ramón Nicolás, “Unha nova entrega de *A Trabe de Ouro*”, *Guía dos libros novos*, nº 9, “Revistas”, xulloagosto 1999, p. 29.

Menciona as numerosas temáticas presentes nesta publicación cunha mención especial á area destinada ás letras. Afirma que despois do editorial e dunha introducción de carácter histórico, ó redor do Xacobeo e o Camiño compostelán, o lector atopa os artigos de Xosé Ramón Pena, “Pondal desde Os Eoas”, e de Teresa López, “Arredor da nova narrativa”, dos que achega o seu contido. Así mesmo, dá conta doutros contidos presentes no número 37 desta publicación, como son o texto de Xosé Mª Rei Lema sobre a fundación do Seminario de Estudos Galegos, segundo a visión de Fco. Romero Lema, ou a traducción feita por Méndez Ferrín e Marta Carracedo de “A cidade”, texto que pode considerarse o paratexto de *No ventre do silencio*, maila biobibliografía do seu autor, John Barrie. Tamén salienta a continuidade das seccións destinadas á recensión de novidades editoriais e crónicas.

- Xosé Ramón Pena, “Unha nova entrega de *A Trabe*”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Revistas”, novembro 1999, p. 30.

Céntrase en tres dos artigos que conforman esta entrega de *A Trabe de Ouro,* comezando por “Trampas e virtualidades do Xacobeo”, de Chao Rego; “As orixes políticas no reino de Galicia. Usurpadores e tiranos (711-910)”, de Xosé A. Teixeira, e “Compostela e o fenómeno xacobeo: o estado da cuestión dos estudios históricos”, de J. M. Andrade Cernadas, explicando polo miúdo os contidos arredor do culto xacobeo e a importancia de Santiago de Compostela, ó longo da historia. Remata cunha alusión sucinta a outras seccións da revista.

Unión Libre

(ISSN: 1137-1250 / D. L.: C- 11618-1996).

Publicación editada por Ediciós do Castro e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco que naceu en 1996 cunha periodicidade anual. Integran o Comité de Redacción X. L. Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Livtak (Texas), Kathleen N. March (Orono, Maine) e Olga Novo. Segundo Rodríguez Fer "o proxecto quere ser unha representación de tódalas culturas, pois aínda que nace con raíces galegas non ten fronteiras". *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas* intenta dar cabida a estudios sobre aspectos descoñecidos ou infravalorados. No 1999 saíu á luz o seu número 4 co que a publicación pretende iniciar unha nova etapa "na que o esquema prefixado se verá substituído polo principio da sensualidade desordenada". Neste número os contidos aparecen distribuídos en catro apartados: "Análise", "Creación", "Traducción" e "Memoria". No primeiro inclúese un achegamento ó erotismo nas súas diversas manifestacións ó longo da historia por parte de Olga Novo; Erika Bornay analiza a figura das *cortesanae honestae* na Italia do Renacemento; Xosé Luís Axeitos colabora co artigo "A linguaxe do amor e do desexo na obra de Luís Seoane" e Carmen Blanco achégase tamén á figura de Eros dende o feminismo. No apartado dedicado á "Creación" aparecen composicións poéticas de Emma Luaces, *Dos hortos de Afrodita en Lesbos. Paráfrases de Safo*; Claudio Rodríguez Fer, *As orixes dos mundos (Poesía visual)*; e Sergio Lima, *A boca da sombra que te ergue branca*. No que respecta á "Traducción" este número verte ó galego unha escolma de textos eróticos latinos de Catulo, Ovidio, Petronio e Apuleio, realizada por Aurora López e Andrés Pociña e catro cancións de amor de Léo Ferré por María Lopo. Finalmente, na sección "Memoria" aparece unha edición conmemorativa de *Ánfora*, de Luz Pozo, realizada por Natalia Regueiro con motivo de se cumpri-lo cincuentenario da súa primeira publicación. As ilustracións que acompañan a este número corresponden á luguesa Sara Lamas. O artigo centrado na literatura galega glósase no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

- Mª Sara Fernández, “Unión libre de literatura e artes visuais”, *La Voz de Galicia*, *“Culturas”*, nº 60, 12 xaneiro 1999, p. 2.

Descríbense os contidos do número 3 (1998) de *Unión Libre* entre os que se citan o artigo de Claudio Rodríguez Fer sobre o comentario de textos ou a análise que Carmen Blanco fai do poema de Rosalía de Castro “Estranxeira na súa patria”. Cítanse tamén as colaboracións de Olga Novo, María Xesús Nogueira e María Lopo.

Viceversa. Revista Galega de Traducción
(ISSN: 1135-8920 / D. L.: VG-371-1995).

Publicación anual promovida pola Asociación de Traductores Galegos (ATG), Edicións Xerais de Galicia e o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. O Consello de Redacción está formado por Alberte Álvarez Lugrís, Xela Arias Castaño, Valentín Arias López, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Xulián Maure Rivas, Gonzalo Navaza Blanco, Camino Noia Campos e Antón Palacio Sánchez. Xosé María Gómez Clemente ocupa o cargo de secretario. A revista creouse en 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da ATG, de profesores e de estudiantes universitarios de lingua e literatura galegas, os cales desexaban potencia-las traduccións á nosa lingua das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais desta publicación, están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión ós traballos que xurdan dos alumnos da nova titulación de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñece-los estudios que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual da traducción en Galicia. En 1999 saíu do prelo o quinto número, que continúa coa estructura dos anteriores: “Teoría e historia da traducción”, dedicada fundamentalmente a traballos de autores estranxeiros, inclúe artigos de Xesús Ferro Ruibal, Lawrence Venuti e John Beattie; “Instrumenta”, que ten como finalidade fornecer de ferramentas de axuda á traducción, reúne textos de José Yuste Frías, Javier Gómez Guinovart e Beatriz Posada Sáez; e “Traduccións xustificadas”, foro que nos permite acceder á visión do traductor sobre o seu propio traballo, amosa as opinións de X.Antón L. Dobao, Raúl Gómez Pato, Ánxela Gracián, Francisco Pillado e Luísa Villalta. Tamén continúan as seccións dedicadas ás “Recensións”, con José Yuste Frías, Alberto Álvarez Lugrís, Ana Luna Alonso, Susana Cruces Colado e A. Koss; e “Informacións”, con Ana María Pereira Rodríguez, Lourdes LorenzoGarcía, Gonzalo Constenla Bergueiro, Anxo Fernández Ocampo, Alberto Álvarez Lugrís e Sonia García Pérez. Tódalas colaboracións referidas á literatura galega figuran desglosadas nas correspondentes seccións deste *Informe*.

A Xanela. Revista Cultural das Mariñas

(D. L: C-1696/96).

Revista da Asociación Eira Vella de Betanzos que comezou unha nova etapa en 1996 logo de publicar doce números entre xuño de 1994 e maio de 1995. Esta xeira principiou baixo a coordinación de Suso Torres e inclúe traballos de carácter literario, etnográfico, arquitectónico, ecolóxico, folclorico, etc. Ademais, contén unha sección fixa co título "As novas que nos achegan" que se refire a libros e revistas de recente publicación. En 1999 saíron do prelo os números 7 e 8, correspondentes á primavera e ó outono, respectivamente. O número 7 insire, no apartado de creación, poemas de María Lema Muíño, Maxi Rei, Carme Villar, Xosé Luís Sobrino, Emma Pedreira Lombardía e Olaia Torres, así como outras composicións de autores portugueses. Alén dun artigo sobre literatura angolana nun espacio dedicado ós Palop's, recolle os artigos "A recuperación e iluminación de Antolín Faraldo", de Baldomero Cores Trasmonte, e un apartado sobre o Día das Letras Galegas composto por: a transcrición do texto "Roberto Blanco Torres" da obra de Otero Pedrayo *O Libro dos amigos* (1953), que se acompaña dunha táboa cronolóxica da vida do homenaxeado, e o artigo "Orballo de media noite" de Roberto Blanco Torres", de Miro Villar. Finalmente,rescátase o relato "N-o Mandeo" de Francisco Álvarez de Nóvoa. O número 8 recolle composicións de Modesto Fraga, Palmira Castro Marcote, María Lema Muíño, María Blanco Vázquez, Xosé Luís Sobrino e do Colectivo Humilladoiro, amais do relato ultralixeiro "Irlanda, Irlanda", de Rafa Villar, e outro de Xabier López López. Como na entrega anterior, segue co apartado dedicado á literatura angolana e inclúe poemas portugueses e recupera o conto "Kantakuzeno", de Antón Avilés de Taramancos.

Recensións e referencias varias:

- D. P., "Publicado en Xeve un nuevo número de "*A Xanela*", *Diario de Pontevedra*, 4 xullo 1999, p. 9.

Infórmase da publicación do número catro da revista, correspondente ós meses de abril e maio e cítanse os nomes dalgúns dos colaboradores deste número. Finalmente, saliéntase a importante presencia que entre os contidos da revista ten o ano santo.

X. Premios

Damos noticia e unha pequena biografía dos premios literarios convocados no 1999 e tamén daqueles que premian o traballo dunha vida de entrega a Galicia e que, ás veces, coincide con homes ou mulleres de letras. De entre os numerosísimos premios convocados por asociacións culturais, concellos, centros de ensino, etc., para incentiva-la mocidade a escribir en galego, serán motivo da nosa atención os que teñen unha certa tradición e publican os traballos galardoados. Relacionaremos algúns dos que temos noticia, na certeza de que son moitos máis os convocados. Informaremos do ano de nacemento, patrocinadores e bases fundamentais, así como da contía, gañador, membros do xurado e lugar e día da resolución da última convocatoria. Acompañan a este comentario artigos ou notas de revistas e xornais que conteñen unha información de interese e relaciónanse outras notas, se están asinadas, que inciden sobre calquera dos puntos xa comentados (número de obras presentadas, lugar e día do dictame, composición do xurado, finalistas, presentacións, etc.). Os artigos de tipo xeral, é dicir, os que se refiran a varios premios e non á convocatoria específica, poderán verse glosados noutros apartados deste *Informe*.

X. Premios

X. 1. Narrativa

Vº Premio de Narracións **"Álvaro Paradela"**

Creouse no ano 1994, patrocinado por Carlos Perille Publicidade e convocado pola Sociedad Artística Ferrolana. Os orixinais, cunha extensión dun máximo de cinco folios a dobre espacio e de temática libre, teñen que enviarse antes do 31 de decembro á Sociedad Artística Ferrolana (Apartado 339, 15480 Ferrol). Ofrece como galardón unha placa e a publicación na revista*Poesía Galicia* da obra gañadora.

XXIIIº Premio de Narracións **“Antonio Machado”**

Convócao a Fundación dos Ferrocarrís Españois coa finalidade de manter viva a tradición da creatividade literaria referida ó ámbito do tren. Dende o ano 1994, a convocatoria, que ten carácter nacional e internacional, incluíu nas bases a posibilidade de participar con relatos escritos en calquera das linguas do Estado español, sempre que os relatos teñan algunha relación co ferrocarril. A extensión máxima é de 10 folios e os orixinais deberán enviarse, acompañados dos datos persoais, á Fundación de los Ferrocarriles Españoles (R/ Santa Isabel, 44, 28012 de Madrid), indicando no sobre “XXIIIº Premio Antonio Machado”. O primeiro premio está dotado con 1.000.000 de ptas., o segundo con 400.000 e 50.000 para cada un dos oito finalistas. Todas estas composicións integrarán a edición dun libro, no que na portada figurará o nome do autor e o título da narración gañadora e na contraportada os nomes e os títulos das obras finalistas. Nesta edición, o primeiro premio recaeu en Norberto Luis Romero por *La tabla de seis*; o segundo, en Ángel del Río por *Chino… que estás en vía muerta*; e os accésits, en Ignacio García-Valiño por *La conjura silenciosa*, Antonio López del Moral por *Medianoche no es lugar para dormir*, Salvador Meden Peláez por *La divina remedia*, José Francisco Megías Flórez por *La partida*, Antonio Picazo Díaz por *El vagón de fumadores*, Salvador Rodríguez Pastoriza por *Regreso al Orient Express*, Alberto Sampablo Lauro por *Tandín Costuleyo* e Miquel Ángel Vidal i Pons por *Palímdrom*. Entre os 1052 traballos presentados, dos cales 7 eran en galego, os encargados de face-la súa selección foron Camilo José Cela, que foi o presidente do xurado, Carlos Casares, Ramón Escribano, Manuel Núñez Encabo, Edelmira Parga, José Andrés Rivas, Mariano Tudela e Juan Altares, que actuou como secretario. Os premios entregáronse o 27 de maio na Fundación Camilo José Cela de Iria Flavia (Padrón).

IIIº Certame de Conto e Narración Breve **“Ánxel Fole”**

Convocado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado ó escritor lugués. Poden presentarse narracións en castelán e galego e o seu tamaño máximo non superará os 10 folios mecanografados a dous espacios. Entregaranse nas oficinas do Patronato Municipal de Cultura (R/ Quiroga Ballesteros, s/n., Edificio do mercado, 22001 Lugo) en sobre pechado, cun lema na parte exterior. Dentro figurará a narración, así como outro sobre no que aparezan tódolos datos do autor e conste o lema na súa parte exterior. Establécese un primeiro premio de 150.000 ptas. e placa e un segundo de 75.000 ptas. e placa. O prazo de presentación pecharase o día 21 de maio de 1999 e a entrega de premios celebrarase no transcurso dun acto que terá lugar, coincidindo cos programados, co gallo do Día das Letras Galegas. Nesta edición, na modalidade de narrativa en galego, o primeiro premio foi para Paulo Martínez Lema por *Fronte ó mar de Kermow* e o segundo para Jesús Ferreiro Núñez por *Corazón de mazá retriga*; mentres que, na modalidade de castelán, o primeiro foi para José Javier Pérez Quiroga por *Lucía* e o segundo para Gemma Santa María Fernández por *Mujer de piedra*. O xurado estivo formado por Joaquín García Díez, alcalde de Lugo e que actuou como presidente; Elena Morales, Manuel Silva, Darío X. Cabana e Marta Rivera, que foron os vocais; e CarlosÁlvarez Lama, que foi o secretario.

Vº Premio Literario **“Arcebispo Juan de San Clemente”**

Baixo o patrocinio da empresa Cubiertas MZOV, o Concello de Santiago e a Consellería de Educación, o IB Rosalía de Castro creou, no ano 1995, o Premio Literario “Arcebispo Juan de San Clemente”, dotado con 1.500.000 ptas. a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ó castelán. Foron galardoadas as obras: *Irse de casa*, de Carmen Martín Gaite, na modalidade de lingua castelá; *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas, na de lingua galega; e *Tierras de cristal*, de Alessandro Baricco, na de lingua estranxeira traducida ó castelán. O xurado, que emitiu o seu dictame o 2 de xuño, estivo composto por alumnos de COU do Instituto Sanxiao, de Lugo; Pontedeume, de Ferrol; Eduardo Blanco Amor, de Ourense; República Oriental do Uruguai, de Vigo e Rosalía de Castro, de Santiago. O acto de entrega tivo lugar o día 10 de decembro de 1999.

Referencias varias:

- A. Iglesias, “O Nobel Saramago visitará Santiago este mes”/“Saramago se negará a recibir más premios tras el otorgado por los estudiantes gallegos”, *O Correo Galego,* “AFA”*/El Correo Galego*, 14 xaneiro 1999, p. 49/p. 33.

Refírese á presentación ante a prensa da entrega da cuarta edición dos premios Arcebispo Juan de San Clemente. Dáse conta dos gañadores en cada apartado, centrándose no de lingua estranxeira, que foi José Saramago, do que se recollen algúns dos seus comentarios ó serlle comunicado o dictame. Danse, ademais, outros detalles sobre a organización do premio e sobre o programa de actos para o día da entrega.

- AGN, “Saramago recibirá hoy en Santiago el último premio de su vida literaria”, *Atlántico Diario*, 20 xaneiro 1999, p. 48.

Salienta a presencia en Santiago de José Saramago para recolle-lo galardón en lingua estranxeira da cuarta edición do premio por *Ensayo sobre la ceguera*. Cítanse ademais o nome de Gonzalo Navaza e Jaime Baily como gañadores en lingua galega e castelá, respectivamente.

- AGN, “Saramago cree “pura retórica” la supuesta hermandad luso-gallega”/“Saramago elogia la figura de Torrente le habría dado el Nobel de Literatura”, *El Progreso*/*La Región*, 29 xaneiro 1999, p. 64/p. 48. Recóllense as afirmacións de Saramago ó recoller en Santiago o IVº premio Arcebispo Juan de San Clemente. O escritor portugués afirmou non crer na suposta irmandade cultural entre Portugal e Galicia, que atribuíu a formulacións dos políticos, a pesar de que el desexaría que os portugueses coñecesen Galicia e viceversa.

- A. I./Ana Iglesias, “O “último” galardón que acepta o Nobel portugués”/“Trofeos con sabor a fados”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 29 xaneiro 1999, p. 30/p. 32.

Tras relata-lo acontecido nos primeiros momentos do acto de entrega dos IVos premios Arcebispo Juan de San Clemente, alude á emoción de Gonzalo Navaza, gañador na modalidade de lingua galega, ó repasa-los últimos acontecementos da súa vida. Así mesmo, recóllense as intervencións de José Saramago, quen falou de Torrente e o Premio Nobel, entre outros temas.

-Josefa Paredes, “Saramago cree que entre Portugal y Galicia hay un “grave desconocimiento” cultural”, *El Mundo. Galicia*, 29 xaneiro 1999, p. 9.

Considera José Saramago que o descoñecemento existente entre as culturas galega e portuguesa é “serio” e “grave”, salientando que os galegos “len fácilmente” a literatura portuguesa, algo que non acontece, á inversa. A seguir, recolle varias declaracións do galardoado co IVo premio Arcebispo Juan de San Clemente, sobre Gonzalo Torrente Ballester e sobre a literatura.

- Nacho Mojón, “El último premio de un Nobel”, *Faro de Vigo*, 29 xaneiro 1999, p. 60.

Faise eco das palabras proferidas por Saramago, quen, ó recibi-lo IVo premio Arcebispo Juan de San Clemente, afirmou que non aceptaría ningún máis tralo da Academia sueca. Así mesmo, o autor portugués comentou que non se sentía estranxeiro en terras galegas, a pesar de resultar premiado no apartado de lingua estranxeira e dubidar da existencia de relacións culturais hoxe en día entre Galicia e Portugal.

-A. I. S., “Delibes, Grossman y Rivas entre los finalistas del San Clemente”, *El Correo Gallego*, 10 febreiro 1999, p. 32.

Infórmase brevemente dos persoeiros que acudiron ó acto de entrega dos IVos premios Arcebispo Juan de San Clemente, dos finalistas nas tres categorías e da satisfacción de dous dos premiados, Gonzalo Navaza e José Saramago, ó seren elixidos por un xurado de mozos e mozas estudiantes.

-AGN, “Saramago cede un premio para crear una biblioteca en Santiago”, *El Ideal Gallego*, 9 abril 1999, p. 18.

Fala da visita a Santiago de José Saramago para coñece-las instalacións da biblioteca que se creará coa contía recibida polo Nobel de Literatura gracias ó premio San Clemente. Do mesmo xeito, sinala que Saramago proviña de Pontevedra, onde falou na Semana Galega de Filosofía, e que se desprazou ata Vite, un barrio popular, como el pedira, para instalar esta biblioteca.

- A. I. S., “Radio Obradoiro organizó una fiesta para los niños ingresados en el Xeral”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 3 xuño 1999, p. 35.

Entre outras noticias, no referente ó ámbito da literatura, dáse noticia da resolución do premio e cita os galardoados desta edición.

-C. P., “Manuel Rivas, Martín Gaite y Alessandro Baricco, premios Juan de San Clemente”, *La Voz de Galicia*, 3 xuño 1999, p. 42.

Ademais de informar dos gañadores do premio San Clemente e da reunión e dictame do xurado, achega a relación dos tres finalistas en cada unha das categorías. Destaca o feito de que por primeira vez unha muller, Martín Gaite, reciba este premio, así como o descarte de Miguel Delibes, finalista, para o mesmo. Nun epígrafe á parte, presenta tamén unha relación de anteriores gañadores do certame e dos institutos de ensino secundario que participaron como xurados do premio.

- AGN, “Rivas, Martín Gaite e Barico cren que o Nobel fai da literatura un transxénico”, *El Ideal Gallego*/*Diario de Ferrol*, 10 decembro 1999, p. 28/p. 32.

Recóllense neste artigo as declaracións dos gañadores do premio Arcebispo Juan de San Clemente na edición deste ano. Os tres gañadores salientaron nas súas intervencións a función da literatura como rebeldía e a importancia dun premio como este, que é concedido directamente polos lectores máis novos. Recóllense, ademais, comentarios de Homero Pérez Quintana, Director Xeral de Promoción Cultural, e uns breves apuntes sobre o proceso de selección do premio.

-Ana Iglesias, “Martín Gaite, Barico y Rivas recogieron en Santiago su ‘Premio San Clemente”, *El Correo Gallego*, 10 decembro 1999, p. 37.

Dá conta do acto de entrega dos premios Arcebispo Juan de San Clemente e recolle parte das declaracións de certas autoridades presentes. Así mesmo, a pé de páxina, mostra en tres columnas o que os galardoados, Carmen Martín Gaite, Alessandro Baricco e Manuel Rivas, opinan sobre a literatura e a súa relación con este premio. Alén disto, informa do sistema de elección destes premios, singulares pola composición do seu xurado.

-Concha Pino, “La presencia de Baricco refuerza el premio Juan de San Clemente”, *La Voz de Galicia*, 10 decembro 1999, p. 87.

Saliéntase a importancia de que o gañador do Arcebispo Juan de San Clemente para autores estranxeiros acudise á entrega dos premios. Recóllense as súas opinións sobre este galardón, así como as de Manuel Rivas, gañador galego, e Carmen Martín Gaite, gañadora española. Todos coincidiron no estímulo que supoñen os premios literarios, pero na convicción de que os verdadeiros son os que outorgan os lectores.

- D. P., “Entrega dos premios “Juan de San Clemente”, *Diario de Pontevedra*, 10 decembro 1999, p. 31.

Recolle as palabras de Homero Pérez Quintana, Director Xeral de Promoción Cultural da Xunta de Galicia, por medio das cales incita a aproveita-lo momento cultural que está a vivir Galicia para expandi-la súa cultura fóra do país.

- Pancho Tristán, “Carmen Martín Gaite: “Dios nos libre que nos den el Premio Nobel”, *El Mundo. Galicia*, 10 decembro 1999, p. 9.

Carmen Martín Gaite, Manuel Rivas e Alessandro Barico falaron na entrega dos premios Arcebispo Juan de San Clemente das relacións entre galardóns literarios e literatura. Todos lle restaron importancia ós premios e valoraron o feito de que neste caso o San Clemente sexa concedido por un xurado formado por mozos estudiantes.

XIVº Certame de Narración Curta da “**Biblioteca Pública do Municipio de Arzúa”**

Pode participar quen o desexe e a escrita será a galega e o tema libre. Os traballos serán inéditos, ocuparán cando menos dúas páxinas e non pasarán de dez e irán escritos á maquina e a dous espacios. Así mesmo, acompañaranse dun sobre pechado cos datos do autor e poderanse entregar na Biblioteca Pública Municipal (Concello de Arzúa, 15810 Arzúa (A Coruña), antes do día 10 de decembro. Haberá un primeiro premio de 25.000 ptas, un segundo de 10.000 e un terceiro de 5.000. Nesta edición, o xurado estivo presidido por Xelucho Abella e tivo a Manuel Rico e X. Ramón Fandiño como vocais e a Pilar Formoso Cotón como secretaria. Polo que se refire ós premios, o primeiro foi para Iria Torreiro Rodríguez por *Morreron as árbores*, o segundo para Antonio Raposo Rodríguez por *Inquedanzas* e o terceiro para Mª Carmen Penas Blanco por*Esquecíame, esquecíame.*

XVIIIº Premio de Novela Longa **“Blanco Amor”**

A iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 o Premio de Novela Longa “Blanco Amor”, promovido e financiado por un consorcio de concellos que achegaban 50.000 ptas. cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso ata chegar a esta edición en que a dotación foi de 2.000.000 de ptas. (12.020 euros). A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que será o encargado de correr con tódolos actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. En 1999 correspondeulle a organización ó Concello de Bueu. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de 150 folios mecanografados por unha cara e a dobre espacio. Os interesados deben envia-las súas obras por correo, sen remite e baixo lema ó Concello de Bueu (R/ Eduardo Vicente, s/n., 36930 Bueu), antes do 30 de xullo. En sobre adxunto, pechado e baixo o mesmo lema, indicarase o nome e enderezo do autor. O dictame do xurado farase público en setembro. Nesta edición, o gañador foi Xosé Cid Cabido pola súa obra*grupo abeliano* e o xurado estivo composto por Bernardino Graña Villar, Arturo Lezcano Fernández, Dolores Vilavedra Fernández, Manuel Antón Mosterio García e María Dolores Torres Paris.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Bueu prepara la organización del “Premio Blanco Amor”, *Diario de Pontevedra*, 12 xaneiro 1999, p. 15.

Infórmase de que o Concello de Bueu comezou os preparativos desta edición. Explícase que participan un total de cincuenta e tres municipios de Galicia, que achegan unha cantidade de 60.000 ptas. Sinálase que posiblemente no mes de marzo se fagan públicas as bases do premio para dar paso a unha campaña de difusión da figura e obra de Blanco Amor, ademais de anunciar outras actividades.

-Álvaro Agulla, "Bueu inicia los preparativos del Premio "Blanco Amor", *Diario de Pontevedra*, 27 febreiro 1999, p.17.

Faise eco dos obxectivos e actividades programadas polo Concello de Bueu no marco da preparación deste certame, así como das súas bases.

-D. J., "Santiago quere o Blanco Amor no 2000"/"Santiago quere acoller, para o 2000, a edición do Blanco Amor de Novela Longa", *O Correo Galego*, "AFA"*/El Correo Gallego*, 27 febreiro 1999, p. 33/p. 76.

Recolle o debate xurdido ante a proposta presentada polo Concello de Santiago sobre a reforma dos estatutos do premio, coa finalidade de asumi-la súa organización sen recorrer ó sorteo e, así, facelo coincidir coa Capitalidade Cultural Europea. Ademais, dá conta das primeiras iniciativas tomadas polo Concello de Bueu para a presente edición e da súa suxestión de crear unha fundación que estabilice o galardón.

- A. A., "Mañá preséntase o Premio Blanco Amor", *Diario de Pontevedra*, 17 marzo 1999, p. 19.

Breve nota na que se anuncia o acto de presentación da XVIIIª edición de Novela Longa "Blanco Amor" na galería Sargadelos de Vigo.

- C. P., “El Concello de Bueu convoca el premio Blanco Amor de novela”, *La Voz de Galicia*, 19 marzo 1999,

Anuncia a convocatoria do premio e recolle brevemente a opinión do alcalde de Bueu, Xosé Novás, encargado da convocatoria deste ano, quen comentou a súa intención de dedica-lo ano á figura de Blanco Amor e anticipou a publicación dun poemario inédito.

- E. P., “Máis promotores para o premio Blanco Amor”, *O Correo Gallego*, “AFA”, 19 marzo 1999, p. 33.

Recolle a opinión do alcalde do Concello de Bueu, organizador da presente edición deste premio, quen manifestou a súa intención de impulsa-lo galardón a través da participación de máis municipios promotores coa finalidade de aumenta-la súa contía.

- J. D. C., “Bueu convoca la XVIII edición del premio de novela Blanco Amor”, *Atlántico Diario*, 19 marzo 1999, p. 12.

Fai referencia á presentación da XVIIIª edición deste premio, que tivo lugar na Galería Sargadelos, e comenta que este ano a convocatoria corre a cargo do Concello de Bueu. Salienta a intervención de Carlos Casares, quen destacou a “súa duración, nun país onde as cousas nacen e morren rapidamente”. Finalmente, glosa as bases para poder participar.

-A. F., “O Concello de Bueu organiza o premio ‘Blanco Amor’ de novela longa”, *A Comarca do Morrazo*, nº 64, 16 abril 1999, p. 39.

Nota que dá conta das bases do premio.

- D. P., “Importante participación no “Blanco Amor”, *Diario de Pontevedra*, 27 xullo 1999, p. 14.

Anuncia para o día 30 de xullo o remate do prazo para entrega-las novelas participantes. Indícase ademais que xa se presentaron vinte obras e recóllese un extracto das bases que rexen esta edición do premio.

-Álvaro Agulla, “El jurado del “Premio Blanco Amor” seleccionó los cuatro finalistas”, *Diario de Pontevedra*, 12 setembro 1999, p. 16.

Dá a coñece-los títulos das novelas finalistas seleccionadas, de entre as vintenove obras concorrentes ó certame: *As rulas de Bakunin*, *A vida apoteósica*, *grupo abeliano* e *Camaleón*. Así mesmo, refírese á composición do xurado e a outros aspectos da convocatoria.

- Salvador Rodríguez, “O premio dos viciños”, *Faro de Vigo, “El Sábado”,* nº 123, 18 setembro 1999, p. 3.

Percorrido pola historia e as características do premio, que inclúe a nómina dos cincuenta e cinco concellos que asumen a súa organización, e de tódalas obras galardoadas ata o momento. Distingue, sobre todo, a singularidade do suxeito da convocatoria e o carácter referencial deste na literatura galega. Por último, adianta as obras finalistas, a conformación do xurado e os prazos e outras particularidades da última edición, que fechará o ciclo de actividades de homenaxe cunha fotobiografía de Blanco Amor.

- AGN, “O escritor ourensán Xosé Cid Cabido é o gañador do Blanco Amor de novela Longa”, *Diario de Ferrol*, 26 setembro 1999, p. 52.

Sinala que o gañador desta edición foi o escritor Xosé Cid Cabido e salienta que é a segunda vez que consegue este galardón, despois de obtelo na edición de 1994 por *Panificadora*. Tamén cita outros premios conseguidos polo autor e achega os nomes das persoas que conformaron o xurado.

-D. P., "El "XVIIIº Premio Blanco Amor" se entregará a finales de diciembre, *Diario de Pontevedra*, 10 novembro 1999, p. 19.

Anuncia que a Concellería de Cultura de Bueu ten prevista a entrega do premio para o día 29 de decembro e lembra que o gañador deste ano foi Xosé Cid Cabido pola obra *grupo abeliano*. Cita os integrantes do xurado e salienta que é a primeira vez na historia do premio que un mesmo autor gañe en dúas ocasións, xa que Cid Cabido conseguira o premio no ano 1994 por *Panificadora*. Finalmente, refírese á opinión que da obra gañadora manifesta Bernardino Graña, un dos integrantes do xurado, quen a cualificou de "moi innovadora".

- D. P., "El día 29 se entregará el "Premio Blanco Amor" de novela larga", *Diario de Pontevedra*, 18 decembro 1999, p. 20.

Comenta diversos aspectos do acto de entrega do Premio de Novela Longa "Blanco Amor" a Xosé Cid Cabido pola obra *grupo abeliano*.

-D. P., "Mañana se entrega el "Premio Blanco Amor" de novela larga", *Diario de Pontevedra*, 28 decembro 1999, p. 20.

Describe o protocolo da entrega da última edición deste certame.

- D. P., “Hoy será entregado el “Premio Blanco Amor”, *Diario de Pontevedra*, 29 decembro 1999, p. 15.

Anuncia a entrega do galardón a Xosé Cid Cabido, por *grupo abeliano*, en Bueu.

- D. P., “Xosé Cid Cabido recibió ayer el “Premio Eduardo Blanco Amor”, *Diario de Pontevedra*, 30 decembro 1999, p. 15. Sucinto comentario sobre o acto de entrega do premio. Tamén se dá conta do sorteo polo cal a organización da próxima edición recaeu no municipio de Oleiros.

- J. L. M., “Cid Cabido recibió ayer en Bueu el Premio Blanco Amor por su novela ‘*Grupo abeliano*”, *Atlántico Diario*, 30 decembro 1999, p. 63.

Co gallo da entrega do Premio de Novela Longa “Blanco Amor” en Bueu, recolle as declaracións de Bernardino Graña, voceiro do xurado, quen afirmou que había que potenciar estes certames, ademais de anima-la descoberta de novos valores e a adaptación cinematográfica e televisiva de autores galegos. Así mesmo, refírese ás palabras do galardoado, que se centrou na figura de Blanco Amor e na obra premiada, e á elección de Oleiros como concello organizador da vindeira edición que terá a Boborás e Pontevedra como suplentes.

XXXIIº Premio **"Breogán"** de Contos en Galego

Foi creado en 1968 polo Centro Galego de Bizkaia (Barakaldo) e patrocinado polo Banco de Biscaia. En 1999, convocouse a XXXIIª edición coa colaboración da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia e o Concello de Barakaldo. Poderán participar no certame tódolos autores de calquera nacionalidade que presenten unha obra ou varias en galego. Os traballos, inéditos, non terán unha extensión inferior ós tres folios nin superior ós seis. Hai un primeiro premio de 150.000 ptas. e un segundo de 50.000, que poderán ser declarados desertos. Neste caso, a contía engadirase á do seguinte ano. Os traballos e cinco copias máis, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, enviaranse ó Centro Galego de Bizkaia en Barakaldo (Galiza, 3, 48902 Barakaldo-Bizkaia). En sobre adxunto, indicarase o lema escollido para a obra e o nome e enderezo do autor. O prazo de admisión remata o 30 de xuño e o dictame darase a coñecer o 25 de xullo. As obras premiadas publicaranse na revista do centro, *O Xistral*. En 1999, o primeiro premio foi para Manuel Riveiro Loureiro por "Na hora parva" e o segundo para Beatriz Lorenzo López por "A perla". O xurado estivo composto por José María Rivera Pomar, Carmiña Varela Puñal, Xurxo Caramés Puentes, María Fernández Rodríguez, Manuel Tello León e Manuel Pérez Martínez.

Vº Premio de Narrativa Curta **"Café Dublín"**

O Premio de Narrativa Curta "Café Dublín" é convocado tódolos anos, dende 1994, polo Café Dublín de Vigo, para premiar orixinais inéditos cunha extensión mínima de 65 folios e máxima de 100. Está dotado cun premio de 300.000 ptas. e, nesta edición, resultou gañador Antón Riveiro Coello pola obra *Animalia*, que presentou baixo o lema "Anatomía de sorrisos". O dictame do xurado, que estivo formado por Fran Alonso, Xosé María Dobarro, Anxo Angueira e Xosé Ramón Pena, que actuou como secretario con voz e sen voto, fíxose público o día 29 de setembro.

Xº Premio **"Camilo José Cela"** de Narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como "homenaxe perpetuo á figura humán e literaria do egrexio escritor". Os relatos que se presenten teñen que ter unha extensión de 12 a 25 folios, mecanografados a dobre espacio, e deben enviarse, por quintuplicado, ó rexistro do Concello de Padrón, conxuntamente cun sobre que teña un lema no exterior e os datos do autor no interior. O prazo de presentación remata o 15 de setembro e a entrega do galardón faise coincidir co día en que lle foi concedido o Nobel de Literatura a Camilo José Cela –o 19 de outubro–, malia que nesta edición tivo lugar o día 19 de novembro. Nesta edición o premio, dotado con 250.000 ptas., foille concedido ó sevillano Antonio Luis Vera Velasco por *El hacedor de la Patria*, que presentou baixo o lema "Trópico de Cáncer". O xurado estivo compostopor José Manuel González Herrán, Ángel Abuín González, Juan Casas Rigall, Ramón ReiRodríguez, Ramón Vázquez Casasnovas, Ángel Vázquez Castaño, Manuel Beiró Martínez e Elías Vázquez Puentes, que actuou como secretario.

Referencias varias:

- C. B., "Vera gana el premio Camilo José Cela con una crítica sobre los ayuntamientos", *El Correo Gallego*, 20 novembro 1999, p. 45.

Céntrase na figura de Antonio Luís Vera Velasco, quen coa obra *El hacedor de la patria*, acadou o Xº Premio "Camilo José Cela" de Narrativa. A seguir, o propio autor refírese ó contido e á intención da obra, salientando que está "basada en una anécdota real", e sinala estar influenciado pola obra de Camilo José Cela, sobre a

cal achega a súa opinión. Finalmente, dáse conta dalgúns dos premios que recibiu durante o ano 1999 e da súa oposición ós premios “eminentemente para mujeres”.

- U. L., “O premio é un espaldarazo ó meu traballo”, *O Norte*, nº 132, decembro 1999, p. 71.

Infórmase de que, entre un total de dezanove traballos, a obra *El hacedor de patria*, do sevillano Antonio Luís Vera Velasco acadou o Premio “Camilo José Cela” de Narrativa. Reflíctense algúns aspectos do conxunto da súa obra, longamente premiada, e da personalidade do seu autor, que se mostra a favor dos premios que “distinguen o traballo e non ó escritor”, afirmando que “segue a esperar un certame único e exclusivo para homes”. Comenta como se enterou da convocatoria deste premio e achega a súa opinión sobre Camilo José Cela. Recóllense, finalmente, as palabras do alcalde padronés, Xesús Villamor, sobre o relato premiado e a súa intención de incrementa-la contía do premio.

IIº Premio Narrativa Fantástica **“Cidade da Coruña”**

Convocado polo Pub Dublín da Coruña en colaboración coa editorial Espiral Maior. Preténdese crear un espacio de encontro ó redor da imaxinación literaria, que no caso de Galicia, ten dado importantes mostras no trancurso da época contemporánea. A dotación do premio é de 250.000 ptas. e a publicación da obra gañadora na colección Espiral Maior de Narrativa. A extensión debe oscilar entre os 30 e os 75 folios articulados en forma de novela curta ou conxunto de relatos. Os orixinais enviaranse ó Pub Dublín (R/ Panadeiras, 50, 15001 A Coruña), antes do 31 de maio, e o dictame terá lugar no mes de xuño. O galardoado na presente edición foi Xosé Luís Martínez Pereiro pola obra *Medición definitiva do limbo*, presentada baixo lema “Seltsamer Vogel”. O xurado estivo composto por Xulio Valcárcel, Miguel Anxo Fernán-Vello e Breogán Riveiro.

IIIº Premio **"Eixo Atlántico"** de Narrativa Galego-Portuguesa. Certame Carlos Blanco

Premio convocado pola Asociación Galega de Editores e pola Asociación Portuguesa de Editores e Libreiros e patrocinado pola asociación Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular. Está dotado cun premio de 1.503.000 ptas. (9.000 euros) e a publicación da obra. As bases establecen que poden participar tódolos orixinais en lingua galega ou portuguesa. Os textos, inéditos, deben enviarse mecanografados a dobre espacio e en número de oito copias, antes do 14 de xuño, ós locais da Asociación Galega de Editores (Rúa de Joaquín Yáñez, 6, 36202 Vigo). O xurado estará composto por sete membros elixidos entre profesores, críticos e escritores galegos e portugueses mais un secretario sen voto designado pola organización. O dictame fíxose público e entregouse o día 29 de outubro nunha cerimonia celebrada no pazo ourensán do Liceo Recreo. Resultou gañador o escritor portugués Bento Gonçalves da Cruz coa novela *A loba*, mentres que Ramón Loureiro, quedou finalista, por *Os deuses desterrados*. O xurado estivo integrado polos galegos Manuel Bragado, Damián Villalaín e Hernán Bello e polos portugueses Francisco Mangas, José Viale Moutinho e José Antonio Gomes. Presentáronse a esta edición un total de vinte autores.

Referencias varias:

- Lalo Pavón, "Méndez Ferrín gana el "Eixo Atlántico" con una novela sobre la vida estudiantil de los 50", *La Región*, 23 xaneiro 1999, p. 58. Crónica da gala de entrega do IIº Premio "Eixo Atlántico" de Narrativa Galego-Portuguesa, no Paço Mateus de Vilareal, que contou coa asistencia de numerosos escritores e políticos galegos e lusos.

-M. F., “Méndez Ferrín, vencedor del Eixo Atlántico con una novela coral sobre Compostela”, *La Voz de Galicia*, 23 xaneiro 1999, p. 32.

Dá a coñece-la resolución da segunda edición deste certame narrativo e describe a novela gañadora, *No ventre do silencio*, de X. L. Méndez Ferrín. Á parte disto, recolle as declaracións do galardoado no acto de entrega, quen dixo que con esta novela rende homenaxe a Torrente Ballester e Dámaso Alonso e que se inspirou nas obras *La casa de la Troya,* de Alejandro Pérez Lugín e *In Ilo Tempore*, de Trindade Coelho. Por último, apunta algunha das características deste galardón ó que se presentaron nesta ocasión unhas 50 novelas, 28 das cales eran galegas.

Elva Otero, “O Eixo de Ferrín”, *O Correo Galego*, “AFA”, 24 xaneiro 1999, p. 48. Sitúa o obxectivo do Premio “Eixo Atlántico” de Narrativa Galego-Portuguesa na tentativa de acada-la unidade perdida entre as culturas galega e portuguesa ó difumina-las súas fronteiras. Nesta liña, recolle as palabras de X. L. Méndez Ferrín, que acaba de ser elixido representante da literatura galega para o Nobel de Literatura, que cre que non se precisa a traducción para que galegos e portugueses lean obras dos dous países. Finalmente, sitúa este premio como exemplo do labor cultural do Eixo e sinala que nesta ocasión se presentaron máis obras ca na anterior.

Ágatha de Santos, “Ferrín defiende el Premio “Carlos Blanco” como baluarte de la cultura luso-galaica”, *Faro de Vigo*, 4 maio 1999, p. 10.

Indica que a presentación da IIIª edición deste premio contou coa presencia do último gañador, X. L. Méndez Ferrín, que o defendeu por fomenta-lo achegamento cultural galego-portugués. Por outra banda, o escritor ourensán aludiu á súa novela *No ventre do silencio*, da que xa se esgotou a primeira edición. A continuación, recolle a intervención de Damián Villalaín, Presidente da Asociación Galega de Editores, quen manifestou que o certame xa estaba consolidado.

- J. D. C., “El premio de narrativa Eixo Atlántico prevé llegar al centenar de obras este año”, *Atlántico Diario,* 4 maio 1999, p. 11.

Fai referencia ó acto de presentación da IIIª edición deste certame en Vigo, no que interviron X. L. Méndez Ferrín, que afirmou que estaba en marcha a reconstrucción da unidade da vella *Gallaecia*, e Damián Villalaín, que agarda que se presenten nesta edición preto do centenar de obras. Por último, lembra as bases principais da convocatoria.

- A. Piñeiro, “Ourense: Capitalidade literaria do Eixo”, *La Región*, 29 outubro 1999, p. 14.

Anuncia o acto de entrega da IIIª edición do Premio “Eixo Atlántico” de Narrativa Galego Portuguesa, Carlos Blanco, ó que concorren 20 obras de autores galegos e portugueses. Seguidamente, dá a coñece-los membros do xurado e informa sobre outras actividades culturais promovidas polo Eixo Atlántico como son un concurso de pintura e a publicación do libro de contos *Contos sen fronteiras*, de autoría galego-portuguesa.

- Jesús Manuel García, “A loba”, de Bento Gonçalves da Cruz, gana el Premio de Narrativa Eixo Atlántico”, *La Voz de Galicia*, 30 outubro 1999, p. 81. Faise eco da resolución da IIIª edición deste certame en Ourense, recollendo as palabras de Bento da Cruz, quen dixo que *A loba* non era unha obra feliz que revelase o mellor dos mundos. Asemade, indica que este escritor é autor de obras como *O lobo guerrilleiro* ou *Contos de lana caprina* e que está considerado unha das figuras da literatura portuguesa actual. Para rematar, apunta que o xornalista Ramón Loureiro foi finalista coa obra *Os deuses desterrados*.

- Víctor Rodríguez, “Siento una gran admiración por las letras gallegas”, *El Mundo. Galicia*, 1 novembro 1999, p. 9.

Entrevista a Bento Gonçalves da Cruz, tras se-lo galardoado da terceira edición do Premio “Eixo Atlántico” de Narrativa Galego-Portuguesa, Carlos Blanco. O entrevistado afirma sentir admiración pola literatura galega e, en concreto, por X. L. Méndez Ferrín, que será o prologador da súa novela premiada, *A loba*. Sobre esta, di que se sitúa na rexión do Barroso e na aldea imaxinaria de Gostofrío e que supón unha denuncia da sociedade actual, non tan perfecta como a pintan, ó trata-la violación dunha nena que é encerrada pola familia coma unha loba.

- Xavier Alcalá, “Premio do Eixo”, *Diario de Ferrol*, “A voapluma”, 2 novembro 1999, p. 64.

Con motivo da resolución deste premio de narrativa, estima que son varios os motivos do afastamento das culturas galega e portuguesa, especialmente, a educación “en castelán, en literatura de la lengua del imperio” por parte galega, orixe de non contarmos nas nosas bibliotecas con escritores fundamentais da literatura portuguesa como Aluísio de Azevedo, Eça de Queirós, etc. Por parte portuguesa, sinala a pouca atención que lle prestan a unha cultura “rexional” como a galega ó estaren educados en “cultura universal”.

- N. S., “Bento Gonçalves da Cruz gaña o premio Carlos Blanco”, *Eco*, nº 103, decembro 1999, p. 70.

Dá conta do acto de entrega deste premio na súa terceira edición ó escritor Bento Gonçalves da Cruz. Sinala que este escritor é considerado coma unha das figuras máis destacadas da actual literatura portuguesa e que se declara un profundo admirador da literatura galega. Informa ademais de que resultou finalista o xornalista Ramón Loureiro coa obra *Os deuses desterrados*, nomea os integrantes do xurado e os asistentes ó acto de entrega do galardón, que tivo lugar no Liceo Recreo Ourensano.

XIº Premio de Novela **"García Barros (Ken Keirades)"**

Convocado dende 1989, polo Concello da Estrada en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Está dotado na actualidade con 1.500.000 ptas. Os orixinais teñen que ser enviados, por sextuplicado, antes do 30 de abril á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra). En 1999, de entre as vinte obras presentadas, gañou Xosé Carlos Caneiro pola obra titulada *Tal vez melancolía*, cun xurado que conformaban Iris Cochón Otero, Xurxo Souto, Xosé Manuel Eiré, Xosé Ramón Fandiño e Carlos Arias Iglesias. O dictame deuse a coñecer o día 18 de xuño e a entrega tivo lugar no concello estradense o día 10 de decembro de 1999.

XIº Certame de Narrativa **"Gonzalo Torrente Ballester"**

Certame instituído pola Deputación da Coruña, no ano 1989, como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Está dotado con 3.000.000 ptas. e a publicación directa ou a través doutra editorial. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado, en exemplares separados, e acompañados de plica, na que se fará consta-lo nome, apelidos e nacionalidade do autor. Antes do 1 de xullo os traballos enviaranse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, s/n. 15006 A Coruña) e o dictame do xurado farase público en novembro. Nas bases establécese que o xurado estará constituído por: un familiar de Gonzalo Torrente Ballester, polo Presidende da Deputación da Coruña, polo Presidente da Comisión de Cultura, Deportes e Benestar Social da Deputación, sete persoas de recoñecido prestixio do ámbito literario e un dos gañadores de edicións anteriores, actuando como secretario o da corporación ou funcionario en quen delegue. En concreto, en 1999, estivointegrado por Víctor García de la Concha, Luz Pozo Garza, Pedro Sorela, Juan Ángel Juristo,Ángel Basanta, Arturo Lezcano, Fernando Valls e José Antonio Ponte Far. Este xurado fixo pública a súa resolución o 3 de decembro e decidiu outorgarlle o galardón desta edición, na que concorreron 250 exemplares, ó albaceteño Carlos Martínez Sánchez pola obra *Una bandada de mujeres muertas*. Resultou finalista o navarro Carlos Gómez Martínez por *Esas horas tan breves*.

Referencias varias:

- Albino Mallo, “250 novelas aspiran ó premio Torrente”/“Unhas 250 novelas en galego e castelán, concorren ó premio ‘Torrente Ballester”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 30 novembro 1999, p. 32/p. 74.

Dáse noticia, sobre todo, dos actos convocados pola Deputación coruñesa co gallo da concesión deste premio. Infórmase, tamén, da proximidade da resolución do xurado e da contía do premio desta edición.

- B. Pallas, “El fallo del premio de narrativa se dará a conocer esta mañana”, *La Voz de Galicia*, 3 decembro 1999, p. 88.

Faise eco dos actos programados pola Deputación da Coruña para a XIª edición do Certame de Narrativa “Gonzalo Torrente Ballester”. Tamén se achega a lista dos membros integrantes do xurado e infórmase da edición dun volume, que recolla as reflexións dos gañadores nas dez edicións do premio.

-Albino Mallo, “Unha obra de 49 folios en castelán, Premio Torrente”/“Carlos Martínez gana el ‘Torrente Ballester’ con un relato de 49 folios”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 4 decembro 1999, p. 33/p. 74.

Reflíctense as impresións do gañador do premio, Carlos Martínez Sánchez, e cítanse os traballos que tiña publicados con anterioridade e os que foran gañadores doutros concursos. Recóllense, así mesmo, as consideracións do xurado sobre a obra vencedora e o título e autor da obra finalista.

- Beatriz Pallas, “El albaceteño Carlos Martínez Sánchez gana el Torrente Ballester de Narrativa”, *La Voz de Galicia*, 4 decembro 1999, p. 81.

Achega unha serie de comentarios sobre Carlos Martínez, gañador deste certame coa obra *Una bandada de mujeres muertas*, e doutras circunstancias da convocatoria de 1999. Nunha columna á parte, informa da traxectoria do finalista, o navarro Jesús Carlos Gómez, e ofrece unhas breves declaracións deste sobre a obra finalista, *Esas horas tan breves*. No pé da páxina, transcríbese o comezo da novela gañadora.

- L. P., “El escritor novel Carlos Martínez obtiene el premio Torrente Ballester”, *El Ideal Gallego*, 4 decembro 1999, p. 17.

Dá conta da resolución do xurado desta nova edición do Certame de Narrativa “Gonzalo Torrente Ballester”, centrándose na figura do seu gañador, Carlos Martínez Sánchez. Recolle varias declaracións deste autor albaceteño sobre a obra coa que gañou este certame e sobre a literatura de Torrente Ballester. Tamén, reflicte as louvanzas do Presidente do Xurado, Víctor García de la Concha, sobre o relato vencedor.

- Marta Villar, “Carlos Martínez gana el “Torrente Ballester con un relato de apenas cincuenta páginas”, *Faro de Vigo*, 4 decembro 1999, p. 46.

Dá conta das reaccións de Carlos Martínez Sánchez, tras recibi-la noticia de que o xurado o daba como gañador deste certame, así como as circunstancias actuais da súa vida. Recolle, así mesmo, outros pormenores da historia deste certame.

-P. T., “El albaceteño Carlos Martínez gana el premio Torrente Ballester de narrativa”, *El Mundo. Galicia*, 4 decembro 1999, p. 9.

Refírese á motivación e ó argumento de *Una bandada de mujeres muertas*, do escritor manchego Carlos Martínez Sánchez, que foi o gañador do certame deste ano.

VIIº Certame Literario **“Manuel Lueiro Rey”** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove para lembra-la figura deste galeguista. Os relatos, que serán recollidos ata o 12 de outubro no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n., 36980), deberán presentarse por quintuplicado. As obras terán que axustarse a unha extensión dun máximo de 30 folios e concederanse tres premios de 300.000, 100.000 e 50.000 ptas. Así mesmo, o concello grovense resérvase o dereito de publica-las obras premiadas no ano seguinte á concesión dos premios. A decisión do xurado farase pública na segunda quincena de decembro. Nesta edición,o primeiro premio correspondeulle a Xosé Lois Álvarez Pérez por *De maxia e de obras*, o segundo a Inmaculada López Silva por *Poder ver o mar* e o terceiro a Xosé Carlos Caneiro por *A última memoria de Oliverio Twist*. Tamén se lle concedeu un accésit a Beatriz Dacosta Molanes por *O cabalo das sete cores*. O xurado encargado de resolver esta convocatoria estivo integrado por Xesús Alonso Montero, Ramón Nicolás Rodríguez, Manuel Quintáns Suárez, Herminio Barreiro Rodríguez e Xosé María Dobarro Paz.

Referencias varias:

- Manuel Méndez, “La historia de los “Lueiro” se refuerza”, *Faro de Vigo*, 10 xaneiro 1999, p. 23.

Á parte dunha breve nota sobre a obra gañadora e as finalistas, analízanse, principalmente, as palabras do presidente do xurado, Alonso Montero. Falou este sobre a figura que lle dá nome ó premio, Manuel Lueiro, de quen destacou a súa solidariedade cos que sofren a historia e o seu valor como narrador. Pediu, tamén, a edición por parte do Concello, non só da obra gañadora, senón tamén das finalistas.

- D. P., “Bases do Certame Literario ‘Lueiro Rey”, *Diario de Pontevedra*, 15 marzo 1999, p. 11.

Breve nota que anuncia a publicación das bases do premio por parte do Concello do Grove e enumera algunhas delas.

VIIIº Certame **“Manuel Murguía”** de Narracións Breves

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para contribuír ó desenvolvemento da narrativa galega e honrar a Manuel Murguía. Poden concorrer tódolos autores que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega. Os traballos deberán entregarse por cuadriplicado, mecanografados a duplo espacio por unha soa cara e só co título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado achegarase o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo do autor. Isto debe enviarse, antes do 1 de marzo de 1999, ó Concello convocante (Travesía de Arteixo, 15142 Arteixo). Establécese un único premio dotado con 400.00 ptas. que pode declararse deserto ou ser repartido *ex aequo* entre dous autores. Nesta edición, o premio foi entregado o 17 de maio e recaeu en Manuel Riveiro Loureiro por *O río da tristura* e David Pérez Iglesias por *Sámago, fascismo*, trala deliberación do xurado, que estivo constituído porManuel Álvarez Torneiro, Tareixa Meixide Porto, Alfonso Álvarez Cáccamo e Henrique Rabuñal, que actuou como secretario con voz e sen voto.

XXVº **“Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”**. Certame Nacional de Narracións Breves

Convocado polo Padroado o Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1975. Os orixinais deben presentarse por cuadruplicado, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara e deben contar cunha extensión mínima de 5 folios e máxima de 30. Os participantes terán que enviar catro exemplares dos seus traballos sen remite ou outra forma de identificación á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 1046, 15780 Santiago de Compostela). O xurado está composto por catro especialistas en crítica literaria designados polo Padroado, asesorado pola Asociación de Escritores. O dictame do xurado darase a coñecer a mediados de decembro e o prazo de admisión remata o 15 de novembro. O primeiro premio e os accésits son publicados, tódolos anos, por Edicións do Castro. No 1999, como en anos anteriores, a dotación económica para o primeiro premio é de 100.000 ptas. e de 80.000 para os restantes premios. O primeiro premio concedeuselle a Xosé Luís Alvarez Pérez por *Marisol de Outono*, mentres que os accésits recaeron en Antón Rodríguez López por *Delirio* e Manuel Pereira Valcárcel por *Sobremesa*. O xurado estivo presidido por Avelino Abuín de Tembra e integrado por Luís González Tosar, Henrique Rabunhal Corgo, Vicente Figueiro Carou e Manuel Caamaño Suárez, actuando como secretario David Otero e como moderador Avelino Pousa Antelo. O dictame fíxose público o día 11 de decembro e a entrega tivo lugar o día 26 do mesmo mes na Casa da Cultura de Rianxo.

Referencias varias:

- D. P., “Certame de narración do Patronato do Pedrón de Ouro”, *Diario de Pontevedra*, 3 outubro 1999, p. 12.

Brevemente informa da convocatoria do premio Modesto R. Figueiredo. Así mesmo, fai un repaso polas bases do concurso e as datas para envia-los orixinais.

-Avelino Pousa Antelo, “Bodas de prata do premio Modesto R. Figueiredo”, *El Correo Gallego*, “Tribuna Libre”, 14 novembro 1999, p. 43.

O Secretario do Pedrón de Ouro, fundación que convoca o premio, asina este artigo no que se gaba dos 25 anos de existencia do certame. Afirma que hoxe existen en Galicia premios literarios superiores en dotación económica, pero ningún que teña a historia e prestixio deste. Recolle, tamén, unha listaxe de gañadores ilustres de anteriores edicións e unhas palabras de Martínez Oca, pertencentes a unha publicación de 1993, na que louva o labor do Padroado, hoxe Fundación do Pedrón de Ouro.

- A. F. N., “O Pedrón de Ouro entregou os seus premios literarios en Rianxo”, *La Voz de Galicia*, 27 decembro 1999, p. 59.

Informa da presentación dos galardóns deste premio, á que asistiron dous escritores que xa o recibiran,Helena Villar e Xesús Rábade, e os tres gañadores desta edición, Xosé Luís Álvarez Pérez, que conseguiu o primeiro, e Antón Rodríguez López e Manuel Pereira Valcárcel, que recibiron cadanseu accésit. Tamén sinala que o xurado acordou a publicación de *Vox populi, vox dei*, da que se descoñece o seu autor. Por último, refírese á intervención do mantedor do acto, Xosé Luís Axeitos, quen destacou o vínculo que une a vila rianxeira co Pedrón de Ouro e reflexionou sobre o mundo editorial.

- Manuel Dourado Deira, “Rianxo: XXV Certame do Modesto R. Figueiredo”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 28 decembro 1999, p. 44.

Celebra a concesión, un ano máis, dos premios do Pedrón de Ouro. Recolle as obras gañadoras e a lista de membros do xurado e sinala que o mantedor do acto, Xosé Luís Axeitos, valorou o premio pola súa promoción de valores, fronte á promoción de intereses dos poderes económicos. Tamén comenta que o alcalde de Rianxo, Pedro Piñeiro, cualificou estes premios como unha homenaxe á vila pola súa achega á conciencia de Galicia a través dos seus escritores ilustres.

IIº Premio de Novela Curta **“Mulleres Progresistas”**

Convocado por Mulleres Progresistas de Vigo e patrocinado integramente pola Concellería da Muller de Vigo. Poderán concursar tódalas mulleres de calquera cultura e nacionalidade. O tema terá como protagonista e eixo fundamental a figura da muller, xirando arredor dela todo o universo da novela. Os orixinais irán escritos en galego cunha extensión mínima de 150 folios e máxima de 200, presentados con pseudónimo e baixo plica. Entregaranse por cuadruplicado e a dobre espacio, antes do 25 de febreiro de 1999, en Mulleres Progresistas (Policarpo Sanz, nº 12, 2º, Vigo). Establécese un premio de 250.000 ptas. e o dictame farase público o día 8 de marzo, día da Muller Traballadora. A gañadora desta edición foi Paula María Saavedra Fernández pola composición *Irse de crápula*, que presentou baixo o pseudónimo de “Lila malva”. O xurado estivo conformado por Pilar Vázquez Cuesta, Xela Arias Castaño, Mª do Carme Kruckenberg e Beatriz Pereira Rodríguez.

IIº Certame **“Mundanal de Contos Ultralixei-ros”**

Convocado por primeira vez en 1998 polo Café das Artes e Alem-Parte. Daquela, os contos participantes debían ter unha extensión de 33 palabras exactas e estaren escritos en galego, mentres que, nesta edición, a extensión aumentouse a 34 palabras. Os orixinais enviaranse antes do día 31 de decembro de 1999 ó apartado de correos 47 de Chantada, CP 27500. Deberán presentarse por duplicado, baixo título e asinados cun pseudónimo, xunto a un sobre pechado, co mesmo pseudónimo no seu exterior, no que se indicarán os datos persoais do autor. Concederase un primeiro premio consistente nunha cachucha, tres orellas e unha “estilográfica”; un segundo, que, a diferencia do anterior, conta cun “estilo-bic”; e os accésits que o xurado considere, que consisten nun “estilo-caixasorpresa”. Os promotores reivindican a escrita como acto lúdico e desinteresado fronte ós premios con contía económica. O dictame farase público o día 5 de xaneiro de 2000 e o xurado estará composto por sete persoas “navegantes” de Alem-Parte, Café das Artes e outros colectivos.

IVº Premio Literario “**Pastor Díaz”** de Novela

Convocado bianualmente polo Concello de Viveiro e dotado con 500.000 ptas. Está dirixido a premiar textos novelísticos redactados en galego ou castelán cunha extensión mínima de 100 folios. Deben enviarse á Comisión de Cultura do Concello de Viveiro, quen se reserva o dereito de publica-la obra gañadora no ano seguinte ó da concesión. Nesta edición, á que concorreron nove traballos, resultou gañador Hixinio Puentes por *A verdadeira historia da desventura do bandido Casanova*. Tamén lle foi entregada unha mención especial a *Never more*.

Iº Premio **"A Peneira"** de Novela Curta

Certame convocado por EGASUR SL e o xornal *A Peneira* de Ponteareas. Poden presentarse tódolos autores que o desexen cun só traballo orixinal e inédito. A extensión destes traballos debe ter un mínimo de 25 folios e un máximo de 50 e deben estar escritos en galego ou en portugués. Así mesmo, entregaranse por triplicado e asinados cun lema, conxuntamente cun sobre no que figurará no seu exterior o lema e no interior os datos do autor. Os orixinais deben enviarse a *A Peneira* (Paseo Matutino, 1-1º, 36860 Ponteareas-Pontevedra), indicando no exterior do sobre "Para o concurso de Novela Curta". O premio consiste na publicación dos mellores traballos presentados e a cada un dos premiados entréganselle 50 exemplares do libro no que se recollan os traballos. Nesta ocasión, o gañador foi Xan Rodríguez Puentes por *O verme da cereixa*.

IIº Premio **"A Peneira"** de Relatos Curtos de Humor

Certame convocado por EGASUR SL e o xornal *A Peneira* de Ponteareas. Poden presentarse tódolos autores que o desexen cun só traballo orixinal e inédito. A extensión destes traballos debe ter un mínimo de 10 folios e un máximo de 15 e deben estar escritos en galego ou en portugués. Entregaranse por triplicado e asinados cun lema, xunto a un sobre á parte no que, no exterior, figure o mesmo lema. Dentro del, haberá unha fotocopia do DNI do autor nun folio, no que se engadirá o lema presentado, o nome do autor, o seu enderezo e un número de teléfono de contacto. Enviaranse a *A Peneira* (Paseo Matutino, 1-1º 36860, Ponteareas-Pontevedra), indicando "Para o concurso de Relatos Curtos de Humor". O premio consiste na publicación dos mellores traballos presentados e a cada un dos premiados entréganselle 50 exemplares do libro no que se recollen os traballos. Nesta ocasión, os gañadores foron Xosé Luís Martínez Pereiro por "Antropófago", Beatriz Lorenzo López por "A terra da terra" e Kiko Neves por "A desbrozadora (Unha historia da Guerra Civil)".

IIIº Premio de Narracións-Relatos do Mar **"Proa"**

Convocado por vez primeira no 1996 pola Sociedade Artística Ferrolana co fin de fomentar e estimula-lo desenvolvemento da cultura na faceta literaria das narracións curtas. Tódolos relatos presentados deben ter como tema o mar e poden estar escritos en galego ou castelán sen límite de extensión. Os traballos deben enviarse antes do 31 de decembro de 1999 á Sociedade Artística Ferrolana.

Iº Premio "**Risco"** de Literatura Fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, A Fundación Vicente Risco e a editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo, Antón Martínez-Risco, para premia-la mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Está dotado con 1.000.000 de ptas. e o Concello de Ourense resérvase o dereito de publicación da obra gañadora durante un ano. A extensión dos traballos, que serán inéditos, oscilará ó redor dos 30.000 caracteres. Os orixinais deben enviarse por sextuplicado e baixo lema ó Rexistro Municipal, antes do 5 de xaneiro de cada ano. O xurado estará composto por cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales será elixida polo concello. Nesta primeira edición o xurado integrárono Darío Villanueva, Anxo Tarrío Varela, Arturo Lezcano, un representante da Fundación Sotelo Blanco e outro do Concello de Ourense, que actuou como secretario. O dictame está previsto para o 7 de febreiro do ano 2000, coincidindo co pasamento de Antón Risco, e a entrega do galardón para o 30 de abril, data do aniversario da morte de Vicente Risco.

Referencias varias:

- Jesús Manuel García, "Convocado en Ourense el primer Premio Risco de Literatura Fantástica", *La Voz de Galicia*, 13 novembro 1999, p. 84.

Ofrece un compendio das bases deste premio e achega unha serie de consideracións sobre as vantaxes que conleva obter este galardón .

-M. J. A., “Ourense rinde homenaje a Risco con un premio dirigido a la literatura fantástica”, *Faro de Vigo*, 13 novembro 1999, p. 23.

Achega as bases que hai que seguir para poder paticipar nesta primeira edición do Premio “Risco” de Literatura Fantástica. Ademais salienta que, coa intención de que non se presenten “obras de terror ou sobre a guerra das galaxias”, se fai un especial fincapé no que é a literatura fantástica.

IIIº Certame de Relato Curto **“Roberto Blanco Torres”**

Convócao a Asociación Cultural O Meigallo, de Cuntis. Está dotado cun primeiro premio de 70.000 ptas. e un segundo de 40.000. A extensión mínima é de cinco folios e a máxima de 15. Os traballos, escritos en galego e a dobre espacio, deben ser enviados antes do 15 de decembro de 1999 a O Meigallo (R/ Bernardo Sagasta, 8, 36670 Cuntis (Pontevedra). O dictame terá lugar a principios de xaneiro do 2000.

Referencias varias:

- Valentín García, “Premio Blanco Torres”, *Tabeirós Terra*, nº VII, xuño 1999, p. 19.

Coméntase o conto “As cometas da vida”, gañador da anterior edición deste certame e do que é autor o estradense Xosé Luna Sanmartín. Primeiramente, fai unha descrición do labor profesional e cultural deste escritor e, logo, céntrase no tema da súa composición gañadora (a represión fascista de 1936) e nos seus elementos narrativos. Así mesmo, alude a novelas galegas sobre esta temática e recolle as palabras do citado escritor, referentes ó feito de gañar un premio que leva o nome dun significado autor fusilado polo fascismo.

Iº Premio “**Rubia Barcia”** de Novela-Cidade de Ferrol

Convocado polo Liceo de Ferrol coa finalidade de perpetua-la memoria deste autor. O prazo de admisión ábrese o 1 de setembro e convócanse simultaneamente modalidades en lingua galega e castelá. A temática é libre e a súa extensión non debe ser superior a 250 folios, mecanografados a dobre espacio. Os orixinais han ser entregados na sede social do Liceo Rubia Barcia-Centro Cívico de Caranza ou ser remitidos ó Apartado de Correos 1032. A resolución do xurado darase a coñecer a finais de decembro e o premio está dotado de 150.000 ptas. A entrega dos premios ten lugar o día 7 de xaneiro de 2000, coincidindo cos actos de celebración de San Julián. Nesta edición, a gañadora foi Laura Caveiro pola obra *As naos afondando* e concedéuselle unha mención de honra á obra de Manuel Riveiro Loureiro, presentada baixo o lema “Barbanza”. No apartado de lingua castelá, gañou *Si te nombro al revés*, de Javier Arriero Retamar. O xurado, que deu a coñece-lo seu dictame o 16 de decembro de 1999, estivo constituído por un total de sete persoas representantes do mundo da literatura, historia e universidade e integrárono, desta vez, Lino López Vázquez, presidente do Liceo Rubia Barcia, Bonifacio Borreiros, Cipriano Dobarro, Eduardo Fra Molinero, Esperanza Piñeiro, Miguel Vidarte, Ángel Teixeiro e Miguel Carlos Vidal.

IVº Certame de Contos “**San Cidre”**

Na edición de 1999, resultou gañador Carlos Casado Quintela por *Un goldishome*, presentado co lema “Auras”. O segundo premio foi para *Un home é un home e un can é un bicho*, de Francisco Xosé Costas Iglesias, presentado como “Escachapernas”. Tamén houbo unha mención especial para Sofía Sánchez Orois polo seu relato *Paio Oliveira*, presentado baixo o lema “Amor Amargo”. O dictame fíxose público o día 1 de xullo.

Iº Certame Literario “**Terra de Lobos”**

Convocado pola Asociación Cova da Serpe, de Friol. Os participantes deben escribir un relato sobre a posible lenda ou historia da Pena Freire, situada preto de Friol e Guntín. Os relatos, orixinais e en galego, deben ter un mínimo de 3 folios e un máximo de 8. Presentaranse 3 copias mecanografadas a dobre espacio en papel tamaño folio na A. C. Cova da Serpe (Macedo, 27235 Condes-Friol (Lugo). Irán firmadas con pseudónimo e acompañaranse dun sobre pechado, que mostre no seu exterior o pseudónimo e a categoría pola que se participa e no interior, os datos do concursante. Establécese unha categoría A, para menores de 15 anos, e unha B, a partir dos 15 anos. Así mesmo, na categoría A outórgase un premio de 10.000 ptas. e na B, de 25.000. O xurado estará formado por persoas relacionadas co mundo das letras e os premios entregaranse co gallo da celebración do primeiro de maio. Nesta ocasión, o premio da categoría A foi paraÁngeles Viña Serén polo seu traballo *As orixes da Pena Freire* e recibiron mención especial José Manuel Seijas Río, María Jesús Penín Devesa, David Espiño Fernández e Irene Simón Garea, que foron agasallados cun libro. Na cateogoría B, o xurado decidiu outorga-lo premio *ex aequo* a Ismael Otero por *O corazón da Pena Freire* e a Rocío Rebolo Serén por *O compás do vento silbador*. O xurado estivo formado por Pepita Regueiro, Xerardo Quintiá e Carme Abella.

XVIº Premio **“Xerais”** de Novela

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais, por sextuplicado, teñen que presentarse antes do día 1 de setembro nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (R/ Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo), baixo lema e acompañados dun sobre pechado co nome completo e enderezo do autor. A composición do xurado dáse a coñecer no mes de setembro e o dictame emítese no curso dunha cea que se celebra cada ano, na semana de San Martiño, nunha vila ou cidade diferente de Galicia. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral, pero, a partir de introduci-lo lema “A forza dos lectores” no 1988, son lectores non especializados os seus membros cun secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Ó redor da “Cea Xerais”, a editorial organiza unha semana de actos culturais, exposicións, charlas, etc., a cargo de creadores e estudiosos da literatura. No 1999, o premio estivo dotado con 2.000.000 de ptas. e aberto a tódolos autores de calquera nacionalidade, con orixinais escritos en lingua galega, conforme a normativa vixente. Nesta edición, resultou gañador Anxo Angueira coa súa novela*Pensa nao* e quedaron finalistas, entre as vintenove novelas que se presentaron ó premio, *A vida apoteósica*, *Un tal Saramago*, *Guillotín* e *Versos da lonxana Lisboa*. A entrega do premio tivo lugar en Mondariz-Balneario e o xurado estivo integrado por Gonzalo Pérez Nieves, Sara Cid Cabido, Marián Vidal, Francisco Gil e Marianela Álvarez Carregal. Por outra banda e no marco da entrega dos premios Xerais e Merlín, entregóuselle o Premio Xerais á Colaboración no Labor Editorial a Ana Romaní, poetisa e directora do programa “Diario Cultural” da Radio Galega.

Referencias varias:

- Francisco J. Gil, “Los ganadores de los premios Xerais e Merlín se presentan en Vigo”, *Faro de Vigo*, 27 febreiro 1999, p. 47.

Infórmase da presentación en Vigo, na sede de Edicións Xerais, das obras de Xosé Miranda e Antonio Reigosa, *Morning Star* e *Memorias dun raposo*, coas que se fixeron cos premios Xerais e Merlín, respectivamente, na anterior edición. Faise unha aproximación ó estilo destas dúas obras, salientando que os dous autores premiados comparten xunto con Xoán Ramiro Cuba o traballo na colección “Cabalo buligán”, sobre a que fai certos comentarios.

- Ana Prieto, “Vinteoito obras concorren ó premio Xerais de novela”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 1999, p. 91. Refírese á presentación, que tivo lugar o día 24 de setembro en Vigo, da actual edición do Premio “Xerais” de Novela e “Merlín” de Literatura Infantil. Salienta o feito de que sexa o único premio existente en Galicia convocado por unha editorial privada e dá conta do número de obras presentadas en ambos galardóns que, nesta ocasión, foron 28 obras no Xerais e 34 no Merlín. Finalmente, anuncia que a resolución do xurado terá lugar o 6 de novembro en Mondariz.

- F. J. Gil, “A cultura volve ó balneario”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 130, 6 novembro 1999, pp. 2-3.

Comézase facendo un percorrido pola vila de Mondariz, dende o seu pasado glorioso ata o momento presente, no que da man dos premios Xerais e Merlín volve a te-lo seu “reencontro” coa cultura galega. Faise logo referencia á entrega dos anteditos premios, dando datos referentes ás actividades a celebrar, composición dos xurados, etc. Recórdase dun xeito especial ó que fora o primeiro director de Xerais e principal promotor dos premios Xerais e Merlín, Luís Mariño. Tamén se realiza un achegamento á editorial

Xerais, dando conta dos ámbitos nos que desenvolve as súas publicacións e salientando cales son os seus obxectivos. Así mesmo, ofrécese unha táboa cronolóxica, que dende o ano 1985 ata o ano 1994, reflicte as diferentes publicacións e premios levados a cabo pola editorial viguesa.

- Carmen Parada, “Anxo Angueira gana el Xerais de Novela y Bieito Iglesias, el Merlín”, *La Voz de Galicia*, 7 novembro 1999, p. 89.

Achega certa información referente á entrega dos premios Xerais dende a súa vertente máis lúdica, dando conta de quen foron os presentadores, a programación de visitas a diversos lugares da vila, o nome de persoas que asistiron ós actos, etc. Tamén fai certas referencias ás obras dos premiados co Xerais e Merlín, así como ó xurado encargado de decidir cales serían as obras premiadas. Recorda ademais a Luís Mariño, fundador da editorial Xerais, e explica por qué se escolleu Mondariz-Balneario para a entrega destes premios. Finalmente, fai unha aproximación ó conxunto da obra literaria de ámbolos dous escritores premiados.

- J. F., “Angueira asegura que ganar el Xerais le da confianza”, *La Voz de Galicia*, 8 novembro 1999, p. 82.

Reflíctense as reaccións de Anxo Angueira e Bieito Iglesias, galardoados co premio Xerais e Merlín, respectivamente, ó enterarse de que eles eran os premiados. Faise ademais unha aproximación a Bieito Iglesias, incidindo nos premios que xa recibiu e nos seus proxectos para un “futuro inmediato”.

- Marta Fontán, “A noite dos Xerais”, *Faro de Vigo*, 8 novembro 1999, p. 16.

Noticia que dá conta do aspecto máis festivo da entrega dos premios Xerais do ano 1999. Faise ademais unha relación dos asistentes e dos diferentes persoeiros que interviñeron no acto e incídese na intervención de Manuel Bragado quen tivo unhas palabras de recordo para Antón Fraguas, Luís Mariño e Uxío Novoneyra, para outras personalidades galegas xa falecidas e para a mesma vila de Mondariz.

- P. T., “Noite de premios”, *El Mundo. Galicia*, 8 novembro 1999, p. 8.

Aproximación ó acto de presentación dos premios Xerais 1999, incidindo no seu aspecto máis lúdico e nos proxectos, da man do seu director M. Bragado, que desenvolverá a editorial Xerais. Faise un especial fincapé no labor de Ana Romaní, conductora do programa “Diario Cultural de Galicia” da Radio Galega e lémbrase a Bieito Iglesias, gañador do premio Merlín do ano 1999, que non puido asistir ó acto para recolle-lo seu premio.

- José Manuel García Iglesias, “Xerais en Mondariz”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 11 novembro 1999, p. 3.

A entrega dos premios “Xerais” de Novela e “Merlín” de Literatura Infantil a Anxo Angueira e Bieito Iglesias, respectivamente, serve para que o columnista estableza un contraste entre as personalidades literarias falecidas recentemente, Uxío Novoneyra, Antón Fraguas e Luís Mariño, que foron lembrados en Mondariz, e os “naturais sucesores” que continúan o labor desenvolvido por aqueles na súa “angueira de construir unha Galicia máis culta”.

- J. D. C., “Los premios Xerais de narrativa se fallarán el 6 de noviembre en Mondariz-Balneario”, *Atlántico Diario*, 25 novembro 1999, p. 10.

Trátanse os premios Xerais e Merlín, sinalando a razón pola que se escolleu como emprazamento Mondariz-Balneario e dando conta das obras que se presentaron ó premio, da súa dotación económica e da composición do xurado, así como dunha serie de actividades que con relación á entrega de premios tiveron lugar.

X. Premios

X. 2. Poesía

IIº Premio de Poesía "**Antonio Prados Ledesma"**

Convocado polo Concello de Viveiro e destinado a traballos orixinais e inéditos, cun mínimo de 150 versos, en galego ou castelán. As obras presentaranse mecanografadas e a dobre espacio en folios A4, escritos por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados. Deberán entregarse cinco exemplares da obra baixo un lema, xunto a un sobre pechado no que constarán os datos do autor, no Concello de Viveiro (Praza Maior, nº 1, 27850 Viveiro (Lugo), antes do 30 de setembro de 1999. Outorgarase un único premio dotado de 250.000 ptas. e o xurado será designado polo Concello de Viveiro, entre personalidades da cultura.

VIIº Premio **“Aula de Poesía”**

Convocado pola Aula de Poesía de Barcelona dende 1992. Poden participar libros de poesía escritos en catalán, castelán, portugués, galego ou italiano, inéditos e non premiados, coa extensión habitual dun libro de poemas. Os traballos presentaranse por sextuplicado, mecanografados, cosidos ou grampados, e baixo un lema. Adxuntarase un sobre pechado, onde no exterior figure o lema e no interior os datos do autor, cun breve currículo. Deben enviarse ó enderezo social da Aula de Poesía de Barcelona (Paseeig de la Vall d´Hebron, 171, 08035 Barcelona). O libro gañador será publicado en texto bilingüe polas editoriais Lumen de Barcelona, Teorema de Lisboa, Espiral Maior da Coruña e Franco Puzzo Editore de Trieste, fixando cada unha delas, segundo a súa política editorial, a cantidade que recibirá o escritor premiado en concepto de adianto de dereitos de autor. Despois de ser proclamado o libro gañador, a Aula de Poesía de Barcelona poderá abri-las plicas dos concursantes, sempre que non se indique o contrario no exterior do sobre, co obxecto de poder manter correspondencia con eles. O xurado pode declara-lo premio deserto e conceder accésits ou mencións. O gañador desta edición foi Lluís Freixas Mascort por *La confederació de les ànimes*. O xurado estivo composto por Jordi Virallonga, que foi o presidente, Miguel Anxo Fernán-Vello, Ana María Moix, Eduard Sanahuja, Pedro Tamen e José Antonio Jiménez, que actuou como secretario sen voto pero con voz.

IIIº Premio de Poesía “**Avelina Valladares”**

Convocado polo Concello da Estrada co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valora-lo traballo do poeta e descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega co sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, precursora xunto ó seu irmán Marcial do cultivo literario da lingua no século XIX. Os textos, en galego, deberán ser inéditos e ser presentados por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, contando cun mínimo de 150 versos e un máximo de 400. Deberán ser emitidos ó “Premio de Poesía Avelina” (Concello da Estrada. Pza. da Constitución s/n., 36680 A Estrada (Pontevedra), antes do 15 de marzo. Con cada orixinal entregaranse nun sobre pechado os datos do autor. O premio, cunha dotación de 200.000 ptas., será indivisible e poderá ser declarado deserto. Esta decisión presentouse coa novidade da división en dúas categorías de xeito que, ademais do premio sinalado, haberá outro de 50.000 ptas. para participantes de ata 16 anos. A obra gañadora para maiores de 16 anos foi *Nos tempos de invernía*, de Domingo Tabuyo Romero. Ademais concedéronse dous accésits ás obras presentadas baixo os lemas “Anatomía da dor” e “Alemparte”. Na categoría para menores de 16 anos, o primeiro premio quedou deserto e concedéuselle un accésit ó traballo presentado co lema “Vouche escribir amigo”. O xurado, que anunciou publicamente o seu dictame o 2 de maio, estivo formado por Modesto Fraga Moure, Elena Villar Janeiro, Ramón Nicolás Rodríguez e Dolores Araújo Arias, que actuou como secretaria. A entrega dos galardóns levouse a cabo o 15 de maio durante a XXIVª edición da Festa do Salmón, no salón de plenos do Concello da Estrada.

Referencias varias:

- Suso Souto, “Fallado el certamen de poesía Avelina Valladares”, *El Correo Gallego*, 1 maio 1999, p. 52.

Dá conta da resolución do xurado do Premio de Poesía “Avelina Valladares”. Así, segundo indica, o primeiro premio para maiores de 16 anos correspondeulle a Domingo Manuel Tabuyo pola obra *Nos tempos de invernía*; mentres que no apartado de menores de 16 anos, unicamente se concedeu un accésit á obra presentada baixo o lema “Vouche escribir amigo”, tras ficar deserto o primeiro premio.

XXIIIº Premio “**Begonte”** de Poesía

O Centro Cultural de Begonte, José Domínguez Guizán, convocou no 1998 o XXIIIº Certame Nacional de poesía sobre o Nadal co patrocinio da Fundación Caixa Galicia. O primeiro premio, dotado con 100.000 ptas. e unha estatuíña de Sargadelos, foille concedido a Baldomero Iglesias Dobarrio, “Mero”, polo poema “Buscando luz na lembranza”. O segundo, consistente en 50.000 ptas. e unha estatuíña, a Manuel Terrín Benavides por “Memoria navideña”. O xurado estivo composto polos escritores Xavier Rodríguez Barrio e Francisco Martín Iglesias; Ramón Soilán Pernas, representante de Caixa Galicia; e Xulio Giz Ramil, pertencente ó centro convocante e que actuou como secretario. A entrega dos premios tivo lugar o día 30 de xaneiro de 1999 coa clausura do Belén. A finais deste ano convocouse a vixésimo cuarta edición do certame, coas mesmas bases que as da presente edición.

Concurso de Poesía **“Café La Conga”**

Café La Conga de Santiago, en colaboración co Centro Provincial do Libro e da Literatura e a Casa Iberoamericana da Décima de Cuba (Las Tunas), convoca o seu primeiro concurso de poesía. Establece dúas modalidades: creación, á que poden concorre-los poetas residentes en Galicia e na provincia de Las Tunas (Cuba), e ilustración, na que só poden participar estes últimos. O premio de creación consiste en 200 dólares e unha placa de prata, mentres que o de ilustración son 100 dólares. As obras serán de tema libre e poderán estar escritas en galego e castelán. O prazo de admisión de traballos remata o 31 de xullo de 1999. Polo que se refire á parte galega, o xurado, conformado por Rocío González, María Val e Xaquín del Valle-Inclán, concedeulle o premio a Xurxo Alonso. As mellores composicións formarán parte dun libro titulado*Café Converso/Café La Conga*, que se fará integramente en Cuba, onde quedarán tódolos beneficios obtidos da súa venda.

Premio **“Camiño de Santiago-Xacobeo 99”**

A Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, coa colaboración da Orden do Camiño de Santiago e o Concello de Melide, convocou este premio de poesía dedicado ó Camiño de Santiago, coincidindo co Xacobeo 1999. O xurado, que estivo formado por Luís González Tosar, Antón Grande, Xavier Rodríguez Barrio, Xosé Alonso Sánchez e Modesto Fraga Moure, decidiu outorgarlle o premio ó libro presentado baixo o lema “Aegean Sea”, da autoría de Marcelino Sisto Deibe.

XVIIIº Premio **“Cidade de Ourense”**

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Ourense, dende o ano 1979, para premiar poemarios inéditos escritos en galego ou portugués. A extensión mínima destes poemarios debe ser de 600 versos. O xurado está constituído por personalidades da cultura galega e portuguesa. En concreto, no ano 1998, estivo formado por Antonio M. Pires Cabral, Enrique Bande Rodríguez, Miguel Anxo Fernán Vello, Domingo Tabuyo Romero, Teresa Devesa Graña e Juan Antonio Outeiriño Muñoz. O gañador desta edición foi José Manuel Teixeira coa obra presentada baixo o lema “O mosto e as fragas”. Tamén en 1999 se convocou a edición XIXª , establecendo como prazo para a entrega de orixinais o día 5 de maio.

Referencias varias:

-M. J. A., “Un escritor de origen angoleño es el galardoado con el premio de poesía “Cidade de Ourense”, *Faro de Vigo*, 21 outubro 1999, p. 21.

Informa de que o galardoado na XVIIIª edición deste premio, correspondente ó ano 1998, foi José Manuel Teixeira, escritor nacido en Luanda e residente na cidade de Guimaraes. Sinala que a obra foi presentada baixo o lema “O mosto e as fragas” e que se trata dun canto á xeografía da rexión portuguesa do Douro. Finalmente, cita outras obras súas, inéditas ata o momento, que xa foran premiadas noutros certames, como *Impulsos fechados* ou *Penumbras da Memoria*.

IIIº Premio de Poesía **“Concello de Carral”**

Convocado dende 1997 pola Concellería de Cultura de Carral. Con este premio téntase promociona-los novos valores da lírica galega ou consolida-la traxectoria daqueles que xa teñen no seu haber poemarios publicados. Poden concursar traballos inéditos de lingua galega, cunha extensión non inferior ós catrocentos versos. As obras deben presentarse na Biblioteca Municipal de Carral, antes do 15 de outubro. A dotación para o gañador é de 150.000 ptas., así como a posibilidade de publica-la súa obra galardoada. O xurado desta edición estivo formado por Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, que asumiu as funcións de presidente; Rafael Lema Mouzo, Teresa Seara Domínguez e Xulio López Valcárcel, que foron os vocais; e Dalmacio Ezequiel Lage Teijeiro, que actuou como secretario. Tal xurado acordou concederlle o premio á obra *Días de Sherazade*, da autoría de Rafael Villar González e que foi presentada baixo o lema “Singradura de Sinbad”.

Referencias varias:

- E. P., “Convocada a IIIª edición do concurso de poesía ‘Concello de Carral’ para poetas galegos”, *El Correo Gallego*, 6 xullo 1999, p. 74.

Anúnciase a convocatoria desta terceira edición e ofrécese un resumo das bases. Tamén se nomean a Rafael Lema e Fernando Díaz, como gañadores das anteriores convocatorias.

Xº Certame de Poesía “**Concello de Marín”**

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Marín para traballos escritos en lingua galega, cun mínimo de cen versos. Está dotado con 125.000 ptas. que se entregarán durante os actos que se celebren co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O prazo de presentación dos traballos remata o día 5 de maio e o dictame farase público o día 14. O galardón na presente edición foi para Adolfo Caamaño pola obra titulada *Poemario Compostelán*, entregada baixo o lema “A raíz do corpo”.

Referencias varias:

-D. P., “El grupo “Migallas” representó en Monte Porreiro su espectáculo”, *Diario de Pontevedra*, 7 marzo 1999, p. 11.

Recóllese un extracto das bases deste certame e anúnciase a celebración paralela dun concurso de poesía para escolares.

- D. P.,”Convocado el “Certamen de Poesía Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, 14 abril 1999, p. 17.

Anuncia as bases da Xª edición deste premio.

D. P., “Cultura solicita dos millones en subvenciones a la Diputación”, *Diario de Pontevedra*, 10 maio 1999,
10.

Refírese á subvención que reclama o concello para financiar diversas actividades, entre elas, o Xº Certame de Poesía “Concello de Marín”, ó que concorren 14 traballos.

-D. P., “Adolfo Caamaño recibió el Premio de Poesía “Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1999, p. 14.

Comentario sobre o acto de entrega do galardón, que inclúe a relación de gañadores na súa modalidade escolar e adulta, na que se premiou a obra de Adolfo Caamaño *Poemario Compostelán*, presentada baixo o lema “A raíz do corpo”.

IVº Certame Literario **“Desiderio Paz Figueroa”**

Organizado polo Centro Cultural Recreativo Casino de Fisterra. Conta con tres premios dotados con 30.000, 15.000 e 10.000 ptas. Poden acceder ó premio todos aqueles traballos cunha extensión de entre 30 e 60 versos. Os poemas deberán chegar por triplicado e baixo plica ó enderezo “IVº Premio de Poesía Desiderio P. Figueroa”, (Centro Cultural e Recreativo (Castelo de San Carlos) 15155 Fisterra - A Coruña). Nesta edición, non se chegou a outorgar ningún premio ante a escasa presentación de traballos.

VIIº Premio de Poesía **“Espiral Maior”**

A editorial Espiral Maior e o clube poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de 35 anos), que non tivesen ningún libro editado. Nesta edición múdanse as bases e o premio queda aberto tamén a poetas de calquera idade e con obra publicada. Este premio non ten dotación económica e consiste na publicación da obra gañadora na colección Espiral Maior Poesía. Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica) teñen que ter un mínimo de 400 versos e ser remitidos a Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña), antes do 30 de novembro. O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial e que, nesta edición, estivo integrado por Xosé MaríaÁlvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xavier Rodríguez Baixeras. O premio recaeu en Mário J. Herrero Valeiro por *No limiar do silêncio*.

Referencias varias:

- A. Rodríguez, “O ‘Silêncio” gaña o premio Espiral Maior”/“Mário Herrero gaña o Espiral Maior co poemario ‘No limiar do silêncio”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 marzo 1999, p. 32/p. 74.

Dáse conta do dictame do xurado deste premio, da súa composición e da polémica que suscitou a obra gañadora, escrita en portugués común. Danse tamén uns pequenos apuntamentos da biografía do seu autor, Mário Herrero, e do contido e motivacións do seu poemario.

-Galia Blanco, "*No limiar do silencio*', do coruñés Mario Herrero Valeiro, obtén o Premio de Poesía Espiral Maior", *El Mundo. Galicia*, 17 marzo 1999, p. 9. Reflicte as impresións do xurado do Premio de Poesía "Espiral Maior" sobre as obras presentadas e sobre a gañadora, contrapoñéndoas ás do poeta gañador, que dá a súa opinión sobre os seus propios poemas. Mário Herrero confésase debedor de Leopoldo María Panero e coincide co xurado na estética anarquista ou libertaria da súa poesía.

- P. P., "El poeta coruñés Mario Herreiro Valeiro gana el VII Premio de Poesía Espiral Maior", *Faro de Vigo*, 17 marzo 1999, p. 56.

Recóllense nesta breve crónica, basicamente, as palabras do xurado do premio sobre a participación e a obra gañadora. Confesan os seus membros as reticencias iniciais suscitadas ó encontrárense cun poemario escrito en portugués común.

XIXº Premio **“Esquío”**

Convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. As modalidades convocadas son dúas, unha en lingua galega e outra en castelán. O primeiro premio de cada unha delas está dotado con 1.500.000 ptas. e co compromiso da súa publicación, ademais de outorgárense dous accésits sen dotación económica. Os poemarios presentados teñen que ter unha extensión de 500 versos e, por triplicado e baixo plica, enviaranse a Obras Sociales de Caixa Galicia, (Galiano, 4, 15402 Ferrol), antes do 31 de xullo. O dictame do xurado dáse a coñecer nunha cea organizada pola Sociedade Cultural Valle-Inclán e patrocinada pola Caixa Galicia. Nesta ocasión, o xurado, do que formou parte Joan Juaristi, José Hierro, Julia Uceda e Miguel Dors para xulga-las obras en castelán; e Xulio Valcárcel, Luz Pozo Garza, Pilar Pallarés, Xavier Rodríguez Barrio e Marilar Aleixandre, para as obras en galego, foi o encargado de selecciona-los gañadores entre as obras presentadas, 68 en galego e 251 en castelán. O seu dictame deuse a coñecer o día 12 de novembro e os gañadores foron, na modalidade de poesía en galego, Estíbaliz Espinosa coa obra *Pan. Libro de ler e desler* e, na de castelán, Leonardo Porlan coa obra *Peña*.

Referencias varias:

AGN, “Marilar Aleixandre y Leonardo Hernández ganan el Esquío de poesía”, *Atlántico Diario*, 9 abril 1999,

44. Nota de prensa que dá conta das obras gañadoras na edición XVIIIª deste premio, tanto en lingua galega coma en castelá. Tamén se indica que obras foron recoñecidas cos accésits, a contía económica do premio e as características que deben te-las obras para ser presentadas a este premio.

- Albino Mallo, “Ven a luz os libros dos premios Esquío”, *O Correo Galego*, 9 abril 1999, p. 32.

Infórmase do acto de presentación, no Centro de Estudios da Fundación Caixa Galicia, dos libros gañadores do Premio “Esquío” en castelán e en galego nesta edición, así como dos accésits que se concederon. Indícase ademais que foi presentada a súa décimo novena edición, dando conta de cales son os requisitos que estes traballos deben cumprir para ser presentados, da contía económica dos premios e das particularidades existentes con respecto á publicación do libro.

- D. P., “XIX edición del Premio Esquío de Poesía”, *Diario de Pontevedra*, 11 abril 1999, p. 11.

Anúnciase a convocatoria da XIXª edición e recóllese un extracto das bases do premio.

- E. P., “Os gañadores do Premio Esquío de Poesía daranse a coñecer tralos actos desta semana en Ferrol e A Coruña”, *El Correo Gallego*, 8 novembro 1999, p. 73.

Alude á próxima resolución deste premio, ademais de indicar quen é a entidade convocante e anuncia-la celebración dunha serie de conferencias nas cidades da Coruña e Ferrol. Así mesmo, fai referencia á contía económica do premio, á composición do xurado e ó número de obras que optan a el, tanto en galego coma en castelán.

- Fran Casal, “Estíbaliz Espinosa recibe el Premio Esquío de Poesía”, *El Mundo. Galicia*, 14 novembro 1999, p. 9.

Dáse conta da concesión do Premio “Esquío” de poesía en lingua galega a Estíbaliz Espinosa pola súa obra *Pan*, quedando como finalista Marta Dacosta. Tamén se indica quen foi o gañador e o finalista pola modalidade en castelán e saliéntase a presencia no xurado de José Hierro e de Joan Juaristi. Finalmente, apúntase a contía do premio e o número de obras que a este se presentaron.

- N. V., “Noite de premios e canapés”, *Diario de Ferrol*, 14 novembro 1999, p. 64.

Faise eco do acto de presentación do Premio “Esquío” de poesía incidindo no seu aspecto máis festivo, pois dáse conta dos invitados que asistiron, salientando a presencia do poeta José Hierro.

-D. Janeiro, “Reaxuste de espacios”/“Estíbaliz Espinosa constata a pegada da carnalidade nas voces da poesía dos 90”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 17 novembro 1999, p. 33/p. 74.

Aproximación á obra *Pan. Libro de ler e desler*, de Estíbaliz Espinosa, co que gañou o Premio “Esquío” de poesía na modalidade de lingua galega. A seguir, desenvolve lixeiramente a súa estructura e introduce as súas liñas temáticas, ademais de ofrecer algunhas valoracións da poeta premiada sobre a situación favorable para “a saída dos novos poetas”. Tamén mostra as súas referencias literarias e reflexiona sobre a situación das literaturas periféricas ou sobre as “guerras entre xeracións” literarias. Así mesmo, faise un achegamento ó poemario de Marta Dacosta, *En atalaia alerta*, que resultou finalista no devandito premio, mostrando a súa autora cales son as liñas temáticas polas que discorre o libro e facendo unha serie de consideracións metapoéticas.

- C. V., “A poeta Estíbaliz Espinosa gaña o Esquio con *Pan*”, *A Nosa Terra*, nº 909, “Gueiro Cultural”, 18 novembro 1999, p. 27.

Aproximación a Estíbaliz Espinosa, incidindo na súa obra *Pan*, galardoada co Premio “Esquío” de poesía. Así, dá conta da súa estructuración e afonda no quefacer intelectual da autora premiada e no feito de ter “máis un nome para o noso panorama poético”.

XIIº Premio de Poesía **“Eusebio Lorenzo Baleirón”**

O Concello de Dodro convoca dende o ano 1988 este premio de poesía para render homenaxe a Eusebio Lorenzo Baleirón, un poeta novo, veciño do concello, que morreu ós 24 anos. Os poemarios que se presenten a este premio teñen que ter unha extensión mínima de 400 versos e deben enviarse, por cuadruplicado, ó Concello de Dodro (A Coruña), antes do 18 de novembro. O premio consiste en 350.000 ptas. en metálico e a publicación da obra galardoada na colección “Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón” de Ediciós do Castro. Os dereitos da primeira edición son para o concello convocante. A partir da segunda, pasan o seu autor. O dictame deuse a coñecer o día 11 de decembro, resultando gañadora Emma Pedreira Lombardía coa obra *Grimorio* presentada baixo o lema “Wicca”. Concorreron a esta edición 39 traballos, de entre os cales, foi finalista o presentado baixo o lema “Aurora Lago”. O xurado estivo presidido por Fernando Vila Brión e foron os seus integrantes Cesáreo Vidal Alborés, Yolanda Castaño, Antón Lopo, Helena Villar Janeiro e Estevo Creus Andrade.

Referencias varias:

-Avelino Abuín de Tembra, “A glorificación da poesía”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 11 outubro 1999, p. 3.

Con motivo da convocatoria da duodécima edición do premio, evoca as terras de Dodro, “modestísimo concello” que deu “tres escritores da mesma xeración e contemporaneidade”: Eusebio Lorenzo Baleirón, Anxo Angueira e Ramón F. Reboiras. A seguir, cita a nómina de escritores e obras merecedoras do galardón dende o seu comezo e cre que supón “un brillante capítulo da lírica galega” actual.

- C. B., “El Ayuntamiento de Dodro fallará el “Eusebio Lorenzo Baleirón” el 11 de diciembre”, *El Correo Gallego*, 20 novembro 1999, p. 45.

Anuncia a entrega do Premio de Poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” e informa sobre algunha das súas características e a composición do xurado, no que estará presente Estevo Creus, último gañador do premio.

- C. G., “Pedreira Lombardía gana el “Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, 12 decembro 1999, p. 44.

Breve mención á resolución deste certame, que tivo como obra gañadora *Grimorio* e finalista o poemario presentado baixo o lema “Aurora Lago”. Tamén informa da conformación do xurado.

-D. Janeiro, “Emma Pedreira faise co Premio ‘Eusebio Lorenzo Baleirón’ de poesía”, *El Correo Gallego*, 12 decembro 1999, p. 74.

Recolle as palabras de Emma Pedreira sobre a obra gañadora, que responde moi ben ó lema co que se presentou, pois nel fala de mulleres menciñeiras. Dá conta, por outra banda, da composición do xurado do concurso e das outras obras finalistas e informa doutras actividades da poetisa, que se desprazará a Ortigueira, para recoller un volume colectivo no que participa, e a Bueu, onde se presentará *Diario bautismal dunha anarquista morta*, poemario co que gañou a pasada edición do premio Johan Carballeira.

U. L., “Enma Pedreira recibe el premio de poesía Eusebio Baleirón”, *La Voz de Galicia*, 21 decembro 1999, 48.

Describe o acto de entrega deste premio a Emma Pedreira pola obra *Grimorio*, que se nutre de experiencias vivenciais da propia autora.

XXº Concurso Nacional de Poesía **“O Facho”**

Premio creado no 1963 pola Agrupación Cultural O Facho para difundi-la poesía de autores mozos. Poden concursar todos aqueles autores que, sen limitación de idade, non teñan publicado un libro poético individual en galego. Os participantes poden concorrer cun máximo de 5 poemas de tema libre, a dobre espacio e por triplicado, con lema e baixo plica. Os traballos deberán enviarse, antes do 15 de febreiro de 1999, á Asociación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia 12-1º, Apartado 46-A Coruña). Haberá un único premio de 50.000 ptas. para o gañador, mailas mencións honoríficas que o xurado estime oportunas. Nesta edición, na que participaron 100 autores, o primeiro premio foi para Olalla Cociña Lozano, que presentou 5 poemas baixo o lema “Das marxes interiores”. Tamén se concedeu un accésit, sen dotación económica, a Xavier Vasques Freire, que se presentou baixo o lema “Alóia”. O xurado estivo integrado por Yolanda Castaño, Natalia Margalejo Concheiro, Ramiro Torres e Luís Maçãs.

IIº Premio de Poesía **“Faustino Rey Romero”**

Convocado polo Centro Cultural Faustino Rey Romero de Rianxo. Os traballos participantes, poemas ou conxuntos de poemas, deberán ter unha extensión de entre 30 e 100 versos e enviaranse por triplicado ó centro (Casa da República s/n., Isorna, 15983 Rianxo). O premio é de 50.000 ptas. Nesta edición compartiron o premio Enma Pedreira Lombardía con *Corpo* e Xosé Carou Rey con *Edenia le Fanu*. O dictame fíxose público o día 13 de decembro, trala resolución do xurado, que estivo presidido por Avelino Abuín de Tembra e integrado por Helena Villar Janeiro, Xesús Santos Suárez, Xosé Ramón Brea Rey e Modesto Fraga Moure.

Referencias varias:

-M. Dourado Deira, “Premio de poesía ‘Faustino Rey Romero”, *El Correo Gallego*, “Barbarousa”, 21 decembro 1999, p. 46.

Alude á entrega do Premio de Poesía “Faustino Rey Romero”, celebrada o 18 de decembro de 1999. Así, tras dar conta da nova directiva que se fai cargo do Centro Sociocomunitario que leva o nome do poeta de Isorna (Rianxo), onde se fixo a entrega dos premios, comenta algúns aspectos dos actos de entrega destes, da composición do xurado, dos poetas premiados ou da contía dos premios. Tamén sinala que “oficiou de mantedora” Helena Villar Janeiro e refírese á conferencia que Avelino Abuín de Tembra pronunciara o día anterior á entrega, que levaba por título “As paisaxes de Isorna na poesía de Rey Romero”.

XIIIº Premio de Poesía **“Feliciano Rolán”**

Organiza este premio a Agrupación Cultural Guardesa e patrocínao o Concello da Guarda. Poden concorrer a el aqueles poetas que envíen como máximo dous orixinais en galego ou en castelán, cunha extensión máxima de 100 versos e mínima de 30, que remitirán, por quintuplicado e baixo plica, ó Apartado de Correos 69 (A Guarda), antes do 24 de xullo. Son tres os premios que se outorgan e están dotados con 30.000, 10.000 e 5.000 ptas. e placa. O xurado está constituído por membros da asociación guardesa e persoas relacionadas co mundo das letras. Os traballos premiados quedan en poder da agrupación, podendo publicalos cando o considere conveniente. En 1999, concorreron ó certame doce traballos, sendo o primeiro premio para Daniel Loncán Araújo por “De óbitos e amores (100 versos ausentes)”, o segundo para José Estévez López por “Mórrome de soidades” e o terceiro para Xosé Manuel Dopazo Mella por “Sen Título”. Tamén houbo un accésit que se lle concedeu a Xosé García Rodríguez por “Aínda hoxe me lembro”. Oxurado estivo composto por Marisol Diz Amil, Tini Andrés Álvarez, Fátima Pérez Sobrino, Fernanda de Santiago Moure e tres socios da Agrupación Cultural guardesa. A entrega dos premios tivo lugar o día 3 de agosto no Centro Cultural e Social da Guarda.

Referencias varias:

- R. R. V., “La Agrupación Cultural Guardesa convoca el premio de poesía Feliciano Rolán”, *Faro de Vigo*, 1 xullo 1999, p. 15.

Recolle algúns puntos das bases da edición deste premio convocado pola Agrupación Cultural guardesa, como son o prazo de admisión, a extensión dos traballos participantes e a maneira na que deben ser presentados.

- A. F., “La poesía estará presente en el certamen en homenaje al guardés Feliciano Rolán”, *Atlántico Diario*, 1 agosto 1999, p. 27.

Faise referencia a toda unha serie de actos culturais programados dentro da semana cultural e entre os que se atopa a entrega dos premios Feliciano Rolán de poesía, no trancurso da cal se prevé un recital a cargo dos poetas galardoados.

IVº Premio de Poesía **"Johan Carballeira"**

O Concello de Bueu organiza este certame dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johan Carballeira. Poderán concorrer tódalas autoras e autores que presenten textos inéditos, escritos en lingua galega e cunha extensión superior ós 400 versos. Remitiranse dúas copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espacio e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, á Casa do Concello de Bueu (R/ Eduardo Vincenti, s/n., 36930 Bueu-Pontevedra). O prazo de presentación dos orixinais remata o 31 de outubro de 1999 e o premio terá unha dotación única de 200.000 ptas. O xurado, que emitirá o seu dictame nun acto que se celebrará na Casa do Concello o día 11 de decembro de 1999, darase a coñecer no día, lugar e hora que se comunicarán oportunamente e estará composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura e mais un secretario, con voz e sen voto, en representación da Corporación. O acto de entrega do premio terá lugar o 17 de maio do 2000, Día das Letras Galegas, e o Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en tódalas linguas do Estado. Nesta edición de 1999, o xurado estivo composto por Bernardino Graña, Lourdes Garrido, Xosé Manuel Pico Arroyo, Anxo Angueira, Milagros Couceiro e Xavier Framil Barreiro, que escolleron como gañadora a obra de Adolfo Caamaño, *Poemario irlandés*.

Referencias varias:

-Afonso Fernández, "Os traballos para o IV Certame de Poesía Johán Carballeira poden presentarse ata o 31", *A Comarca do Morrazo*, nº 74, 15 outubro 1999, p. 34.

Lémbrase a proximidade do remate do prazo para presentarse a esta edición do premio e resúmense as bases.

-Álvaro Agulla, “Finaliza el plazo para participar en el “Premio Johan Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 24 outubro 1999, p. 19.

Anuncia que o prazo para a entrega dos traballos remata o día 31 de outubro e comenta algúns aspectos do certame como o aumento da contía, que pasou este ano de 125.000 a 200.000 ptas. Tamén informa das bases do premio e repasa o nome dos gañadores das tres edicións anteriores.

- Álvaro Agulla, “Medio centenar de trabajos optan al “Premio Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 4 novembro 1999, p. 19.

Infórmase da convocatoria do Premio de Poesía “Johan Carballeira”, indicando cando está previsto que o xurado dea o seu dictame e o día que se vai entrega-lo premio. Dáse conta da súa dotación económica e do incremento do número de escritores, que se presentaron con respecto ó ano pasado, ademais de salienta-la cesión que cada ano o Concello de Bueu lle fai á editorial Espiral Maior dunha tirada da obra gañadora. Achega o nome dos gañadores das tres primeiras edicións e alude á composición do xurado.

- D. P. “El sábado se falla el “Premio de Poesía Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 8 decembro 1999, p. 15.

Breve nota de prensa que fai referencia á próxima reunión do xurado deste premio, que terá lugar no Concello de Bueu para determinar quen será o gañador da súa cuarta edición. Indícase a súa dotación económica, o

número de poemarios que se presentan, a composición do xurado e dáse conta do acto de presentación do libro premiado na edición anterior, *Diario bautismal dunha anarquista morta*, de Enma Pedreira Lombardía.

- D. P, “Hoy se falla el “IV Premio Johán Carballeira” de poesía”, *Diario de Pontevedra*, 11 decembro 1999, p. 19.

Dá conta da reunión que o xurado do IVº Premio de Poesía “Johan Carballeira”, formado entre outros polo poeta Benardino Graña Villar e a profesora Milagros Couceiro, celebrou no Concello de Bueu para nomea-lo gañador deste ano, elixido entre os corenta e seis participantes. Sinala tamén que o seu nome se coñecerá nun acto no que, o secretario da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Miguel Anxo Fernán-Vello, presentará a primeira edición do poemario premiado o ano anterior. Ademais disto, anúnciase a representación que o Grupo de Teatro da Asociación Xuvenil de Meiro fará da obra *Os escravos de prata*, de Nicolás Vela.

- Álvaro Agulla, “Adolfo Caamaño ganador del “Premio Johán Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 12 decembro 1999, p. 18.

A consecución do Premio de Poesía “Johan Carballeira” por Adolfo Caamaño coa obra *Poemario irlandés* centra esta nota informativa, na que se fai referencia a unha serie de aspectos relacionados con este premio, como son a composición do xurado ou a presentación da obra gañadora da edición anterior, *Diario bautismal dunha anarquista morta*, de Enma Pedreira Lombardía. Reflíctense as palabras do responsable da publicación desta última, Miguel Anxo Fernán Vello, con respecto ó certame poético, á autora do poemario e ó propio poemario. Móstranse tamén as impresións de Bernardino Graña, que anunciou o dictame do xurado, e dáse conta doutras personalidades asistentes ó acto, ademais de glosarse, brevemente, a figura de Johan Carballeira.

Certame de Poesía “**López Abente”**

Organizado Pola Asociación Cultural Punta de Buitra de Muxía con motivo da celebración do día das Letras Galegas, que se inclúe dentro da Semana Cultural programada. Nel establécense dúas categorías: unha para maiores de 16 anos e outra para menores. O premio consiste nun lote de libros e unha placa para cada unha destas categorías. Os traballos deberán ser entregados antes do 29 de xuño e o xurado encargado de face-la súa selección está integrado por xente vinculada co mundo das letras. No ano 1999, a causa da escasa participación, decidiuse que quedara deserto.

IIIº Premio de Poesía **“Manuel María”**

Convocado pola Librería Casalderrey de Marín coa intención de fomenta-la creación e difusión poética. O primeiro premio está dotado con 50.000 ptas. e unha escultura conmemorativa. Concédense tamén dúas mencións especiais, consistentes nunha escultura conmemorativa e un lote de diccionarios, atlas e libros de lectura. Os poemas deberán ser dunha extensión de 6 a 70 versos, de temática e composición libres, admitíndose só un poema por participante. Os traballos, que deben levar lema e título, deben ser enviados ou entregados por triplicado, con indicación no sobre de “Segunda Edición do Premio Manuel María”, á dirección Librería Casalderrey (Jaime Janer, 7, 36900 Marín). Así mesmo, tamén se ten que entregar un sobre pechado, no que se inclúa o nome, apelidos, enderezo e teléfono do participante e que leve no seu exterior o lema aplicado ó poema. O prazo de admisión remata o 30 de setembro de 1999. A determinación dos poemas gañadores tivo lugar o día 16 de novembro, despois da deliberación do xurado, que estivo presidido por Fina Casalderrey e composto por Víctor Castro, Enriqueta Otero, Luz Galocha e José Ruíz Guirado. Resultou gañador Daniel Loncán Araújo por “De óbito e amores” e as mencións especiais correspondéronlle a Enrique Mora Morandeira por “Naufraxio” e Susana Arizaga Castro cun poema presentado baixo o pseudónimo “Gaspara Stampa”.

Referencias varias:

- D. P., “Convocada la tercera edición del “Premio de Poesía Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 15 xuño 1999, p. 14.

Recóllense as bases do certame e saliéntase o afecto que Manuel María sente polas terras do Morrazo. Achéganse algúns datos da vida e obra do poeta chairego e anúnciase a súa presencia na entrega de galardóns.

- Estela Veloso, “Sigue abierto el plazo para el premio “Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 23 agosto 1999, p. 8.

Descrición das bases do premio que convoca a Librería Casalderrey de Marín que ten como obxectivos fomenta-la poesía e homenaxear a Manuel María. Así mesmo, adianta que a presidenta do xurado será a escritora Fina Casalderrey.

- Estela Veloso, “El jueves acaba el plazo para el premio “Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 27 setembro 1999, p. 9. Recordatorio das bases do concurso que podería chegar ás 70 ou 80 obras presentadas segundo o seu fundador, José Ruíz Guirado.

- D. P., “Un total de sesenta y dos trabajos optan al “Premio Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 6 outubro 1999, p. 13.

Anuncia a composición do xurado e o número de obras presentadas, que consolida o prestixio do premio.

-D. P., “El coruñés Daniel Loncán gana el “Premio de Poesía Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 17 novembro 1999, p. 16.

Informa da concesión do premio ó coruñés Daniel Loncán e das mencións a Enrique Mora Morandeira, Comisario Provincial, e á marinense Susana Arizaga Castro. Sinálase como data probable da entrega do premio o día 16 de decembro.

- J. S. P., “El poeta Loncán Araújo de A Coruña, gana el premio de poesía “Manuel María”, *Faro de Vigo*, 17 novembro 1999, p. 21.

Noticia na que se dan os nomes dos gañadores e o dos compoñentes do xurado. Tamén se anuncia a entrega en data próxima e agárdase a presencia no acto de Manuel María.

- D. P., “Enrique Mora, mención del jurado del premio de poesía “Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 18 novembro 1999, p. 18.

Informa da mención especial do xurado outorgada a Enrique Mora Morandeira por “Naufraxio”, que versa sobre a muller que perde o seu marido no fundimento dun barco. Indícase que Enrique Mora é autor dun libro de poesía que a Deputación pontevedresa prevé publicar neste ano.

- D. P., “El “III Premio Manuel María” será entregado el viernes”, *Diario de Pontevedra*, 12 decembro 1999, p. 16. Dá conta da resolución do certame que tivo como gañadora a composición “De óbito e amores (70 versos ausentes)”, de Daniel Loncán Araújo, e mencións especiais para “Naufraxio”, de Enrique Mora Morandeira e Susana Arizaga Castro por un poema sen título.

- D. P., “Daniel Loncán recibió el “III Premio de Poesía Manuel María”, *Diario de Pontevedra*, 18 decembro 1999, p. 19.

Breve mención ó acto de entrega da terceira edición do premio que contou coa presencia de Manuel María, quen animou ós organizadores na súa iniciativa e recordou ó finado Uxío Novoneyra.

IXº Premio de Poesía en Lingua Galega **“Miguel González Garcés”**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos, orixinais e inéditos, terán unha extensión non inferior ós 300 versos e teñen que presentarse, por quintuplicado, mecanografados a dobre espacio e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Enviaranse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n.), antes do 25 de abril, e a resolución emitirase no primeiro semestre do ano. O xurado estará presidido polo Presidente da Deputación, actuará como secretario o da corporación e os restantes membros serán nomeados entre persoas de recoñecido prestixio, polo Presidente da Deputación, previo informe do Xefe de Servicio de Fomento. A Deputación poderá publicar unha primeira edición da obra premiada sen dereitos para o autor, que recibirá 30 exemplares. O premio está dotado dun millón de pesetas ea publicación da obra. No 1999, Xosé María Álvarez Cáccamo foi o gañador coa obra *Vocabulario das orixes*. O xurado tamén concedeu un accésit ó libro *Os dedos dos loureiros do sal*, de Xesús Rábade Paredes. O dictame fíxose público o día 6 de xullo. A esta edición concorreron 89 orixinais. O xurado estivo composto por Luís Alonso Girgado, Manuel Álvarez Torneiro, Salvador García-Bodaño, Xulio López Valcárcel, Anxo Tarrío Varela e Roberto González Santos.

Referencias varias:

- B. P. L. “Álvarez Cáccamo gana el González Garcés de poesía”, *La Voz de Galicia*, 6 xullo 1999, p. 35.

Tras informar da concesión deste premio ó poeta vigués Xosé María Álvarez Cáccamo, céntrase nas particularidades da súa obra premiada, *Vocabulario das orixes*, e nos trazos que definen a súa obra poética.

A este respecto, recóllense declaracións de Cáccamo, por medio das cales afirma que o poemario é “un vocabulario por orde alfabética dos substantivos elementais na miña memoria máis íntima”. Así mesmo,sinala que Salvador García-Bodaño e Ponte Far louvaron a obra de Álvarez Cáccamo polo seu talante universalista, a serenidade expresiva e o equilibrio entre fondo e forma.

-Eduardo Álvarez, “O Garcés para Cáccamo”/“Xosé María Álvarez Cáccamo, gañador do premio “González Garcés” de poesía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 6 xullo 1999, p. 31/p. 73.

Reprodúcense as palabras do portavoz do xurado, García-Bodaño, que se referiu á participación desta edición, e as de Xosé María Álvarez Cáccamo, o gañador, que aludiu ó seu traballo e á poesía actual. Así mesmo, sinálase que García-Bodaño valorou como excelente o momento que están a vivir os poetas galegos, opinión compartida por Álvarez Cáccamo, que salientou ademais a convivencia neste punto de varias xeracións poéticas.

- Soedade Noia, “Cáccamo esencial”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 69, 8 xullo 1999, p. 6.

Soedade Noia aborda nesta longa entrevista algúns temas de actualidade na literatura galega, ademais deconversar con Xosé María Álvarez Cáccamo sobre a súa obra. Así, este escritor pensa que na literatura galega dos 90 segue habendo unha forte vinculación coa tradición, polo que non ve un cambio esencial respecto da súa xeración. Tamén considera que a poesía comprometida hoxe parte máis do poema que reflicte o cotián, implicado en movementos sociais, antes que da denuncia clásica do realismo social. Finalmente, valora moi positivamente a homenaxe das Letras Galegas a Manuel Murguía no ano 2000.

IXº Premio de Poesía **“O Poeta azul”**

Convocado, dende 1990, pola Sociedad Artística Ferrolana para homenaxea-la figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, cualificado por Ramón Otero Pedrayo como “o poeta azul”. Prémianse aqueles poemas (3 como máximo) escritos en galego, firmados con nome, apelidos, enderezo, teléfono e aqueles datos que o autor considere convenientes. Os orixinais teñen que enviarse a SAF (Apartado de Correos 339, 15480 Ferrol), antes do 31 decembro. O galardón consiste nunha placa, diploma e publicación na revista *Poesía Galicia.* O dictame do xurado darase a coñecer nun recital poético que será anunciado oportunamente.

XIIIº Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega **“Rosalía de Castro”**

Organizado, dende o 1987, pola Asociación Cultural Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá para premiar un poema ou un poemario de temática común, composto dun máximo de cen versos e un mínimo de trinta. Admitiranse conxuntos de poemas de temática común. Son tres as categorías que se convocan e están dotadas con 120.000, 60.000 e 40.000 ptas. Os orixinais teñen que ser enviados por triplicado nun sobre sen remite e sen indicación ningunha referente á personalidade do autor, á Asociación en Cornellá (R/ Federico Soler, 71 Barcelona), antes do 30 de outubro. En 1999, o primeiro premio foille concedido a Carlos Penela polo poema titulado “Pétalas frías onda Silvia Plath”, o segundo a Xosé Emilio Vicente Candela por “Noite” e o terceiro a Xurxo Alonso por “Alexandría en cinco actos”. O xurado estivo formado por Federico Pomar de la Iglesia, Vinyet Panyella, Pura Salceda Carballeda, Domingo Tabuyo e Xosé Carlos García.

Referencias varias:

- Antonio Díaz, “Carlos Penela, gañador do premio de poesía en lingua galega ‘Rosalía de Castro”, *Galicia en el Mundo*, nº 350, 13-19 decembro 1999, p. 17.

Informa da celebración dunha cea en Cornellá (Barcelona) coa que se clausuraban dous meses de actos culturais da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro, deste concello catalán, ó tempo que se deu a coñece-la resolución da XIIIª edición do Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega “Rosalía de Castro”. Segundo sinala, nesta ocasión, o primeiro premio foi para Carlos Penela Martín polo poema “Pétalas frías

onda Silvia Plath", o segundo para Xosé Emilio Vicente Caneda con "Noite" e o terceiro para Xurxo Alonso por "Alexandría en cinco actos".

Iº Premio de Poesía Mariana **“Virxe da Armada”**

Convocado pola Asociación Virxe da Armada coa finalidade de promover unha cultura literaria complementaria á devocional. O xurado formado por Víctor Campio Pereira, Francisco Ogando Vázquez, Teresa Devesa e Enrique Bande decidiu outorga-lo primeiro premio a Miguel Anxo Araujo Iglesias pola obra que leva como lema “¡Ramón o fartimón!”. O segundo premio recaeu en Antonio Méndez Valencia pola obra presentada baixo o lema “Inquetum cor” e o terceiro para Ana Rosa do Nascimento García que, participou co lema “As nosas ofrendas á nosa nai de Rabal”.

IIIº Certame Poético **“Xohán de Requeixo”**

O Círculo Recreativo e Cultural de Chantada convoca este certame poético co desexo de fomenta-la poesía entre os máis mozos e honra-la figura do trobador chantadino do século XIII, Xohán de Requeixo. Premiaranse tres poemas inéditos de tema e métrica libres escritos en galego, que non foran galardoados anteriormente. Cada autor poderá remitir tantos poemas como desexe nun sobre pechado, sen identificación, baixo lema ou pseudónimo e, noutro sobre, os datos persoais. Enviaranse ó Circulo Recretivo Cultural de Chantada (Praza del Buen Jesús, nº 5, 27500 Chantada-Lugo). Consta de dous premios cunha dotación de 25.000 e 10.000 ptas., respectivamente, que serán entregados o 15 de maio de 1999, no transcurso da IVª Festa da Poesía. Nesta edición, resultou gañador Xurxo Alonso por “Viaxe ó leste” e Begoña Sánchez fíxose co segundo premio por “Pensamentos”.

Iº Premio **“Xosé Díaz Xácome”** de Poesía

O encargado da convocatoria deste premio, dotado con 500.000 ptas, é o Concello de Mondoñedo, que conta co patrocinio de Caixa Galicia. Por medio del, preténdese recoñecer publicamente a traxectoria poética e vital daqueles persoeiros das nosas letras que coa súa obra teñen contribuído á consolidación, difusión e engrandecemento da literatura feita en Galicia. Nesta primeira edición, o xurado, que estivo composto por Antón Xosé Meilán García como presidente, Armando Requeixo como secretario e Isabel Morán e Delia Polo como vocais, decidiu outorga-lo premio a Xosé Luís Méndez Ferrín pola súa contribución “o engrandecemento da lírica galega deste século”. O dictame do xurado fíxose público o día 2 de maio e o premio foi entregado o 21 de novembro.

Referencias varias:

-E. P., “Méndez Ferrín, que presenta hoy su nuevo libro, obtuvo el galardón ‘Xosé Díaz Xácome’ de Mondoñedo”, *El Correo Gallego*, 3 maio 1999, p. 74.

Breve noticia na que se informa da resolución que emitiu o xurado reunido en Mondoñedo, que decidiu outorgarlle o Iº Premio “Xosé Díaz Xácome” de Poesía a X. L. Méndez Ferrín. Tamén se recollen os argumentos dados polo xurado para lle conceder este premio ó escritor ourensán.

- Rubén Leivas, “Mondoñedo homenajeó ayer a Díaz Jácome recordando su vida y obra”, *El Progreso*, 3 maio 1999, p. 15.

Informa da inauguración dun monumento de homenaxe a Xosé Díaz Jácome, ademais de dar conta da celebración dunha mesa-redonda para a análise da súa vida e obra, así como do dictame da primeira edición do premio que leva o seu nome, que recaeu en X. L. Méndez Ferrín.

- R. F., “Imponme máis escribir poesía que prosa”, *La Región*, 4 maio 1999, p. 12.

Reproduce as palabras de X. L. Méndez Ferrín, nas que manifesta a maior entrega que lle supón escribir poesía e a valía deste xénero para se mostrar contra a guerra ou a violencia. Polo demais, di que o escritor ourensán está moi satisfeito de que lle concederan o Premio “Xosé Díaz Xácome” de Poesía, xa que foi un “xornalista amigo meu”.

XIIº Certame Nacional **“Xosé María Pérez Parallé”** de Poesía

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial de Fene. Poden participar orixinais en galego ou castelán. Está dotado con 100.000 ptas., aínda que este ano acordouse conceder tamén un accésit dotado con 15. 000 ptas. en vista da calidade das obras. Nesta edición, o xurado estivo composto por Rafael Castro Estévez, José Fontenla Ruzo, Juan Martínez Raposo, Beatriz García Pazos e Divina Arnoso Romero, que integraron o xurado cualificador, ademais de contaren con Juan Ángel Fernández Manso e Antonio García Riero en representación da entidade organizadora. O premio foi entregado o día 20 de novembro logo de facerse público o dictame o día 13 do mesmo mes. Resultou vencedor César Augusto Pita Trinquete por “Lembranza a Pérez Parallé”, mentres que o accésit concedéuselle a Lázaro Domínguez Gallego por “Sonetos del peregrino”.

X. Premios

X. 3. Teatro

Iº Concurso de Teatro da Asociación "**Afonso Eanes"** de Negreira

Dentro do marco do Mes do Teatro de Negreira, convocouse en 1999 por vez primeira este concurso. A el poden presentarse todo tipo de obras teatrais, en dúas categorías: A) de 7 a 16 anos e B) dende os 16 anos. As obras non superarán os 90 minutos e deberán enviarse, xunto coas necesidades técnicas (son e luz) de cada grupo e o número e nomes dos membros, á Asociación Cultural Afonso Eanes (Apartado de Correos 18, Negreira), antes do 30 de outubro. O concurso vai ter lugar no mes de novembro os venres e sábados dende as 8:30 p.m. no Auditorio da Casa da Cultura de Negreira. Concederase un único premio en cada unha das categorías A) 20.000 ptas. e B) 30.000 ptas., aínda que a asociación se reserva o dereito de outorgar algún accésit se o considera oportuno. Nesta edición inaugural leváronse á escena as seguintes representacións, que se desenvolveron entre o 19 de novembro ó 18 de decembro: *Los villanos de Shakespeare* (declamación), por Cristina e Alberto; *Monólogo de Laurencia*, por Anet Beiro; *Nocturno de dragón*, polo Grupo Kuva:2l.; *Paiasos puros e duros, tres paiasos en apuros* (obra infantil), polo grupo Tarabuleque; *Moedas de traición*, polo Grupo Infantil Flor de Tilo; *Situación delicada*, polo Grupo Infantil Axóuxere; *Cría corvos*, por Berenguela Teatro; *En paz de guerra*, por Berenguela Teatro (grupo infantil); *Cascallos*, pola Asociación de Veciños A Xuntanza; e*Teñamos o sexo en paz*, polo Grupo Mare-mare. Trala deliberación do xurado o día 17 de decembro, decidiuse concederlle o premio da categoría para adultos a Anet Beiro pola declamación do monólogo de Laurencia, da obra *Fuenteovejuna*, de Lope de Vega; mentres que na categoría infantil déuselle ó Grupo de Teatro Kuva:2l., pola interpretación de *Nocturno de dragón*. Así mesmo, concedéuselle un accésit de 5.000 ptas., dentro da primeira categoría citada, ó grupo de Teatro A Xuntanza por *Cascallos*; mentres que na segunda, recaeu no Grupo Infantil de Teatro Axóuxere por *Situación delicada*. O xurado estivo composto por Pastora Mejías Peña, Jaume Marí Lloreda, Uxío Ferrás, José Antonio Romarís e Alberto Hevia.

Referencias varias:

- Eva Suárez, “Negreira vivirá el `“Mes do Teatro”, organizado por el grupo Afonso Eanes”, *La Voz de Galicia*, 17 outubro 1999, p. 51.

Ver Mes de Teatro de Negreira, no apartado III. 4. 1 deste *Informe*.

-A. H., “A A. C. Afonso Eanes organiza o Mes do Teatro e o 1º Concurso de Obras Teatrais”, *O Norte*, nº 129, 2ª Quincena de outubro 1999, p.9.

Ver Mes de Teatro de Negreira, no apartado III. 4. 1 deste *Informe*.

Premio **“Álvaro Cunqueiro”** para Textos Teatrais

Convocado polo Igaem en 1999 para incentiva-la creatividade dunha producción teatral de calidade, que permita fortalece-lo territorio da literatura galega no seu conxunto. A dotación é de 1.000.000 de ptas. e a posibilidade de representa-la obra galardoada. Os textos deberán ser inéditos, non estar representados e non contar xa cun premio. As obras serán de temática libre e sen limitación na súa extensión, se ben se considera, o principio de duración normal dun espectáculo dramático festivo. O prazo de entrega remata o 15 de abril. Nesta reaparición do premio, dende 1992, o xurado formado por Manuel Guede, Arturo Lezcano, Manuel F. Vieites e Anxo Abuín decidiu declarar deserto o premio por non reunir ningún dos catorce orixinais presentados o nivel esixible de calidade. A próxima convocatoria anúnciase para o ano 2000.

Referencias varias:

-E. F., “Hacen públicas en el Diario Oficial de Galicia las bases del premio ‘Álvaro Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, 16 xaneiro 1999, p. 74.

Recolle un extracto das bases do premio.

- E. P., “Volve o Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro”, *O Correo Galego*, “AFA”, 16 febreiro 1999, p. 29.

Anuncia a convocatoria do Premio “Álvaro Cunqueiro” para Textos Teatrais, recuperado dende a última edición en 1992. Describe as bases do premio, que saíron publicados no DOG o día 15 de xaneiro, e salienta os obxectivos do premio, como son promociona-lo ámbito da literatura dramática galega contempóranea e incentiva-la creatividade da escrita escénica, así como homenaxea-lo escritor.

- AGN, “Declaran desierto el premio Álvaro Cunqueiro”, que no se convocaba desde 1992”, *El Ideal Gallego*, 9 xullo 1999, p. 27.

Anuncia a decisión do xurado de declarar deserto o premio ó non reuniren os traballos presentados a calidade esixible para un premio destas características.

Iº Premio **“Carlos Couceiro”**

Organízao a Universidade de Vigo e celébrase no Campus de Ourense. Está incluído na IVª Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITEU) e concorren a el os grupos que acoden á mostra. Outórgaselle un premio á mellor dramaturxia consistente en 100.000 ptas. e unha estatuíña de Jesús Costa. O gañador desta primeira edición foi o grupo de Teatr´ubi, pertencente á Universidade da Beira Interior (Covilhá), pola obra *Son alguén diferente e cada día o mesmo*. Trátase dunha peza experimental de varios autores: Fernando Pessoa, Henric Norbrandt, F.Nitsche e Mário de Sá Carneiro. O xurado estivo composto por Ánxeles Cuña, Begoña Muñoz, Xosé Moure e Prudencio Donado. As obras finalistas foron presentadas polas universidades de Zaragoza, Italia, Santiago (Grupo Incrible Muller Agulla) e Colombia.

Premio “**Eixo Atlántico”** de Textos Dramáticos

Convocado por primeira vez en 1997 para completa-lo segundo Festival de Teatro Atlántico. En 1999, foilles concedido *ex aequo* a un autor portugués e a Roberto Vidal Bolaño pola obra*Criaturas*.

Referencias varias:

- P. T., “Roberto Vidal Bolaño faise co Eixo Atlántico de literatura dramática”, *El Mundo. Galicia*, 7 decembro 1999, p. 8.

Refírese ó texto *Criaturas* co que Roberto Vidal Bolaño se fixo co Premio “Eixo Atlántico” de textos dramáticos *ex aequo* cun autor portugués. Seguindo as explicacións do propio dramaturgo, di que esta obra toca o xénero de terror e o mito de Frankenstein continuando así o ciclo que comezou hai anos relacionado cos xéneros cinematográficos. Engade, tamén, que contén unha carga crítica e de denuncia, como acontece con *Sen ir máis lonxe*, obra que está a escenifica-la súa compañía Teatro do Aquí. Así mesmo, sinala outra das claves da súa traxectoria na recuperación da memoria, latente nas obras *Doentes*, premio Rafael Dieste, *Rastros*, *Cochos* e *Saxo Tenor*. Ó final, lembra que a primeira edición do premio xa fora parar a un autor galego, João Guisam Seixas.

Premios **“María Casares”**

Premio creado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de escena de Galicia en colaboración co Concello da Coruña. Os galardóns serán entregados o 30 de marzo nunha gala que se celebrará no teatro Rosalía de Castro. Selecciónanse tres finalistas para cada unha das doce modalidades: mellores actor e actriz protagonistas; mellores actor e actriz secundarios; mellor director; texto, adaptación e traducción; mellor espectáculo; música orixinal; escenografía; vestiario e maquillaxe. Haberá tamén un premio especial que leva o nome da actriz Marisa Soto, que elixirá a xunta directiva. Os socios da agrupación emiten o seu voto por correo e en segredo.

Mellor montaxe: *Qui pro quo* (Ollomoltranvía).

Mellor director: Evaristo Calvo por *Qui pro quo* (Ollomoltranvía).

Mellor actor e actriz protagonista: Fernando Dacosta por *Tics* (Sarabela Teatro) e Patricia de Lorenzo por *Rastros* (Teatro do Aquí). Mellor actor e actriz secundario: Víctor L. Mosquera por *Finis Mundi Circus* (Mofa e Befa) e Nuria Sanz por *Qui pro quo* (Ollomoltravía).

Mellor texto orixinal: Roberto Vidal Bolaño por *Rastros*.

Mellor texto adaptado/traducción: Celso Parada e César Campodónico por *O Lazariño de Tormes* (Teatro do Morcego). Mellor música: Fran Pérez e Piti Sanz por *Finis Mundi Circus* (Mofa e Befa).

Mellor escenografía: Jesús Costa e Pablo Otero por *Tics* (Sarabela Teatro). Mellor

maquillaxe: Carmela Montero por *Tics* (Sarabela Teatro). Mellor vestiario:

Carmela Montero por *Tics* (Sarabela Teatro). Mellor iluminación: Baltasar Patiño

por *Teatro para Camaleóns* (Matarile Teatro). Premio especial Marisa Soto:

Maruxa Villanueva.

Referencias varias:
- E. P., “O Concello da Coruña demanda a creación dunha escola teatral”, *O Correo Galego*, “AFA”, 23 marzo 1999, p. 31.

Brevemente, dá conta da presentación da terceira edición dos Premios “María Casares” e recolle a demanda do Concelleiro de Cultura da Coruña para a creación dunha escola de teatro.

- N. M., “O CDG entra nas candidaturas dos premios María Casares”, *La Voz de Galicia*, 23 marzo 1999, p. 37.

Repasa tódalas candidaturas ós distintos apartados dos Premios “María Casares”, salientando o feito de que o Centro Dramático Galego estea nominado nalgún dos apartados, tras manteren o pasado ano un conflicto coa asociación que organiza estes premios.

-Rodri García, “El premio Casares recupera a la Maruxa Villanueva”, *La Voz de Galicia*, 26 marzo 1999, p. 40. Alude á concesión do premio especial Marisa Soto á actriz Maruxa Villanueva polo traballo desenvolvido na súa carreira artística, do que se fai un breve repaso, destacando sobre todo os anos vividos na Arxentina e as cuestións relativas á posta en escena de pezas de teatro de Castelao.

- Paula Pérez, “La gala del teatro gallego”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 100, 27 marzo 1999, p. 8.

Seguindo as modalidades que se galardoan nos Premios “María Casares”, dá conta dos nominados en cada unha delas nesta edición de 1999.

- Camilo Franco, “Outras voces, outros ámbitos”, *La Voz de Galicia*, 29 marzo 1999, p. 51.

Refírese á *Qui pro Quo*, *Rastros* e *Tics*, como obras que ofrecen unha forma de ve-lo mundo singular e considera que neste sentido os Premios “María Casares” acertaron a fortalece-lo teatro privado de Galicia. Destácase o feito de que se premiase a “novas voces” e saliéntase que a outras voces lles corresponden outros ámbitos: os que o teatro galego precisa para seguir medrando.

- M. Dourado Deira, “Maruxa Villanueva, premio Marisa Soto”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 2 abril 1999, p. 4.

Lémbrase da valía da actriz de teatro galega Maruxa Villanueva, trala concesión póstuma do premio de honor Marisa Soto. Refírese tamén ás peripecias que tivo que sufrir para interpretar alén mar e á fidelidade e constancia que sempre amosou por Galicia.

- Paula Pérez, “Los payasos van al teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro del ocio”, 2 abril 1999, p. 4.

Faise un resumo da traxectoria vital e creativa da Compañía de Teatro Ollomoltranvía, logo de teren conseguido o premio á mellor montaxe coa peza *Qui pro quo*. Lembra o papel que desenvolveron na obra os seus catro protagonistas e mailo éxito de público que tivo a posta en escena en diversos escenarios.

- R. F. “O mellor premio é o aplauso sincero”, *La Región*, 19 abril 1999, p. 7.

Recolle as palabras de Fernando Dacosta, despois de ser premiado como mellor actor do ano co papel de Luís Brandán na obra *Tics*, que puxo en escena o grupo Sarabela Teatro. Así mesmo, sinala que este actor se sente compracido por este recoñecemento, aínda que considera que o máis agradecido é o “aplauso do público”.

-Pepe Marín, “III Premios de teatro María Casares 1999: Glamour e malditismo’’, *Revista galega de Teatro*, nº 20, primavera-verán 1999, pp. 42-45.

Ofrece as súas impresións do acto de entrega da terceira edición dos Premios “María Casares”, celebrado o día 28 de marzo de 1999 no teatro Rosalía de Castro da Coruña, caracterizado, segundo el, pola duplicidade entre “glamour e benvestir”, por unha banda, e un “certo aire estético de malditismo e marxinalidade’’, pola outra. Achega tamén o seu parecer sobre o xurado dos premios e sobre a importancia que estes teñen para o teatro. Tras detallar quen presentou o acto e as actuacións que tiveron lugar, indica que “resultou gañador por goleada o que poderiamos chamar teatro máis itinerante, máis independiente”. Ademais disto, fai unha relación dos premiados nos diferentes apartados.

Iº Premio **“Mostra de Teatro Afeccionado Gondomarteatro”**

Convócaa a Concellería de Cultura de Gondomar e desenvolverase no Auditorio Municipal do 13 ó 17 de maio de 1999. O premio está aberto a tódolos grupos de teatro afeccionado de Galicia e galardóase a posta en escena de orixinais e adaptacións de textos dramáticos contempóraneos escritos en galego. Establécense os seguintes premios: 125.000 ptas. para o primeiro mellor espectáculo, 100.000 para o segundo, 75.000 para o terceiro e 50.000 para o cuarto, ademais de haber diplomas para a dirección, interpretación, vestiario, escenografía, iluminación e son. Os textos presentaranse antes do 28 de decembro de 1998 no Rexistro Xeral de Gondomar (Praza Doutor Latino Salgueiro, 1). As solicitudes deberán recolle-lo nome do grupo, nome e documentación dos seus compoñentes, título e autor da obra orixinal ou copia do texto teatral, ficha técnica do espectáculo e vídeo VHS da totalidade da obra. A resolución do concurso farase pública o derradeiro día da Mostra. Nesta edición, o primeiro premio para o mellor espectáculo recaeu na obra de Treatro da Bufarda, *O xardín das pernas roubadas*, que tamén foi premiada pola mellor dirección artística e interpretación masculina polo personaxe de Maximilian. O segundo mellor espectáculo foi para a obra *O cabodano*, que foi premiada ademais pola mellor interpretación feminina polo papel de Carme e a iluminación. O terceiro mellor espectáculo recaeu na peza do grupo Badius, *Xoo... ante o perigo*, que foi premiada, así mesmo, pola mellor escenografía e son. O cuarto mellor espectáculo foi para o grupo Achádego de Lugo por *Maxia vermella*, que foi premiada tamén pola mellor interpretación masculina, polo papel de Maese Xerome, e o mellor vestiario. O xurado estivo composto por Nieves Costas Rodríguez, Nieves Joperena de Saa, Elvira González Comesaña, Margarita Cachaza Valeiro e Inés de la TorreÁlvarez.

IXº Premio **“Rafael Dieste”**

Convocado dende o ano 1991 pola Deputación da Coruña, en homenaxe a Rafael Dieste. Os orixinais, de temática e extensión libre, aínda que tendo en conta as posibilidades de representación, teñen que enviarse por triplicado, mecanografados a dobre espacio, grampados ou encadernados, antes do 31 de maio á Deputación da Coruña (Rúa Alférez Provisional, s/n.). Un dos obxectivos deste concurso é a posta en escena da obra premiada, polo que o xurado valorará, positivamente, os factores que incidan na súa viabilidade escénica. O xurado, presidido polo titular da Deputación da Coruña, está constituído polo secretario da Institución convocante, con voz pero sen voto, e por varios membros nomeados entre persoas de recoñecido prestixio polo Presidente da Deputación, previo informe do Xefe de Servicio de Fomento. No 1999, cunha dotación de 1.000.000 de ptas., a publicación da obra na colección “Teatro Rafael Dieste”, que edita a Deputación, e mesmo a posibilidade de contratar unha compañía para a súa representación, foi galardoado Manuel Lourenzo por *Últimas faíscas de setembro*, presentadabaixo o lema “Kirchdeldstrasse”. O xurado integrárono, nesta ocasión, Carlos López, ÁngelAbuín, Francisco Pillado Mayor, Ánxeles Cuña Bóveda e Miguel Sande, gañador da edición anterior. O dictame fíxose público o día 28 de outubro de 1999, trala selección feita polo xurado entre as dezaseis obras participantes.

Referencias varias:

- L. P., “Dieciséis autores optan al premio de teatro Rafael Dieste, que se falla hoy”, *El Ideal Gallego*, 28 outubro 1999, p. 19.

Nesta achega ó Premio “Rafael Dieste”, faise fincapé na personalidade literaria do escritor de Rianxo que lle dá nome ó premio e remárcase a especial relevancia que o galardón ten neste ano, xa que se cumpren cen anos do nacemento de Dieste, motivo polo cal a Deputación provincial puxo en escea a obra *La venganza de don Mendo* dirixida por El Tricicle. Saliéntase ademais a presentación na Biblioteca Provincial da Coruña do texto que obtivo o premio na pasada edición, *Ninguén chorou por nós,* de Miguel Sande. Finalmente, dáse a nómina dos gañadores deste premio dende o ano 1991.

- R. G., “Miguel Sande recibiu o premio Dieste por unha obra teatral “chea de imaxes”, *La Voz de Galicia*, 28 outubro 1999, p. 92.

Fai referencia ó Premio “Rafael Dieste” que na súa novena edición fora gañado por Miguel Sande coa obra *Ninguén chorou por nós*. Tamén ofrece sobre a obra unha serie de valoracións de Cándido Pazó, que fixo unha “lectura dramatizada” dela, de Manuel F. Vieites e do responsable da área de cultura da Deputación da Coruña, Carlos López Crespo.

-Albino Mallo, “Repetir tamén resulta bo”/“Manuel Lourenzo, premiado na Coruña co Rafael Dieste de Teatro”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 29 outubro 1999, p. 31/p. 75.

Dá conta da obtención do Premio “Rafael Dieste” de teatro por Manuel Lourenzo, coa obra *Últimas faíscas de setembro*. Tras indicar que xa gañara este premio no ano 1996, coa obra *Magnetismo*, cita a composición do xurado e fai un percorrido a través do labor dramático do autor premiado. Tamén incide nas liñas temáticas que presenta a obra galardoada e alude ó premio que recibiu, que consiste en 1.000.000 de ptas. e na súa posta en escena.

- Luis Pousa, “Dame pavor analizar a miña obra”, *El Ideal Gallego*, 29 outubro 1999, p. 15.

Manuel Lourenzo, gañador do premio “Rafael Dieste” en 1999, fai certas apreciacións sobre a súa obra galardoada. Así mesmo, sinala que sente ledicia por ter conseguido este galardón, mostra a súa negativa a analiza-la súa propia obra e fai certas valoracións sobre o mundo do teatro en Galicia. Tamén se refire á súa amizade con Rafael Dieste e fala da dramaturxia de Castelao. Previamente, faise un breve percorrido pola biografía e labor do entrevistado, salientando a retribución e vantaxes que conleva o premio que vén de obter.

- Rodri García, “Con Alberti morreu o meu bacharelato”, *La Voz de Galicia*, 29 outubro 1999, p. 96.

Conversa con Manuel Lourenzo, que discorre a través da súa actividade teatral e na que se reflicten os aspectos máis salientables da súa obra premiada co “Rafael Dieste” do ano 1999. Así refírese á súa temática, duración, tempo que hai que escribiu o texto ou á importancia que para el ten este premio. Toca outros aspectos da súa actividade intelectual, como son a súa experiencia no medio audiovisual dando vida ó personaxe de Melgacho, e alude á actitude que mostrou co gallo da representación de Valle-Inclán en castelán polo CDG. Tamén reflicte o seu pesar pola morte de Rafael Alberti.

Xº Certame Galego de “**Teatro Xuventude 1999”**

A Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, coa colaboración da Dirección Xeral de Promoción Cultural da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo convoca este certame para grupos teatrais non profesionais compostos por rapazas e rapaces galegos ou residentes en Galicia, que se inclúan dentro dalgunha das seguintes categorías. Categoría A para grupos de teatro independentes, compostos por persoas non maiores de 30 anos; categoría B para grupos de teatro que se constitúan nos distintos centros de ensino primario e que agrupen a alumnos de ditos centros; categoría C para os grupos de teatro que se constitúan en centros de ensino secundario, institutos de bacharelato e centros de formación profesional de Galicia, formados por alumnos de ditos centros e de idades que non superen os 30 anos; categoría D para grupos de teatro que se constitúan en escolas e facultades universitarias de Galicia e que as súas idades non superen os 30 anos. As obras poderán ser de autores galegos, españois ou estranxeiros e poderán presentarse textos orixinais e nunca premiados en anos anteriores. Cada centro participante só poderá presentar un total de tres obras en cada categoría. Os participantes deberán enviar un boletín de inscrición, feito para o caso, nun sobre pechado no que figurará exclusivamente o título da obra que se vai representar; unha fotocopia do DNI ou libro de familia dos integrantes do grupo; unha síntese da obra (título, autor, adaptacion dos diálogos, se é o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestiario espacio que se precisa, etc.); e un vídeo dunha representación da obra. Os impresos de solicitude, a obra e o sobre pechado deberán remitirse ó Servicio de Xuventude da Delegacion Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que residan habitualmente, que poden ser: R/ Ronda da Muralla, 70, 27003 Lugo; Av. de La Habana, 81 - baixo 32004 Ourense; R/ Durán Loriga, 9 - 1º, 15003 A Coruña; R/ Mª Berdiales 20 - entrechán 36203 Vigo. Para a categoría A e D, establécese un primeiro premio de 25 [illegible] mentres que para a categoría B e C, hai un

primeiro premio de 200.000 ptas., un segundo de 100.000, un terceiro de 75.000 e, do cuarto ó sexto, de 50.000. Tamén se outorga un premio especial de 1000.000 ptas. para a mellor representación feita en galego e unha serie de diversas axudas por distintos conceptos. Nesta edición, dentro da categoría A, o primeiro premio foi para o grupo de teatro da Asociación Cultural A Bugarda da Coruña por *Rei Lear*; o segundo para o grupo de teatro da Asociación Cultural Enxebre do Grove por *La casa de Bernanda Alba*; o terceiro para o grupo da Asociación Cultural Moucusbru Teatro de Ourense por *Fronteiras*, que tamén levou o premio á mellor obra feita en galego; o cuarto para o grupo de teatro Aurín de Meiramoaña (Pontevedra) por *¡Veñan máis quince!*; o quinto para o grupo de teatro O que ti queiras de Ferrol por *Mórdeme*; o sexto para o grupo de teatro do Centro Cultural Social Castro Barreiro de Caselas (Pontevedra) por *O tonto é un sabio*. Na categoría B, o primeiro premio foi para o grupo de teatro do CEIP Os Tilos de Teo-A Coruña por *Moedas de traición*, que tamén levou o premio á mellor obra feita en galego; o segundo para o grupo de teatro do CEIP Ponte dos Brozos de Arteixo (A Coruña) por *O tesouro da illa de Chiquilimpé*; o terceiro para o grupo de teatro do CEIP O Cantel de Foz (Lugo) por *O xigante egoísta*; o cuarto para o grupo de tetro do CEIP Canicouba de Vigo por *A ratiña que varría a súa casiña*; o quinto para o CEIP Outeiro das Penas de Redondela (Pontevedra) por *O vello reloxo*; e o sexto para o grupo de teatro do CEIP de Chaocabreiros (Lugo) por *Xa temos vídeo*. Na categoría C o primeiro premio foi para o grupo de teatro do IES Val Miñor de Nigrán (Pontevedra) por *Os pintores clónicos*; o segundo para o grupo de teatro do IES Álvaro Cunqueiro de Vigo por *Os vellos non deben namorarse*, que tamén levou o premio á mellor obra feita en galego; o terceiro para o grupo de teatro do IES Francisco Sánchez de Tui por *Arsénico por compaixón*; o cuarto para o grupo de teatro do IES Auga da Laxe de Gondomar por *Romance de Micomicón e Adhelala*; o quinto para o grupo de teatro do IES Elviña da Coruña por *Los pelopidas*; e o sexto para o grupo de teatro do IES As Barxas de Moaña (Pontevedra) por *A trabe de ouro e a trabe de alcatrán*. Na categoría D, o primeiro premio foi para o Grupo de Teatro Universitario Hac Luce da Coruña por *Chejovtres*; o segundo para o grupo Sarabela da Aula de Teatro Universitario do C?itio feita en galego; o terceiro foi para o Grupo de Teatro Universitario Debaser da Universidade de Santiago por *Bus stop*; o cuatro para o grupo Apeirón Teatro da Universidade

de Santiago por *Desamañecendo*; o quinto para o grupo Comité Pro Autores Perseguidos da Universidade de Santiago por *Xaque legal*; e o sexto para o grupo Tirititraun Teatro da Universidade de Santiago por *Sueños de un seductor*. O xurado estivo composto por Ana Chao Vázquez, que foi a presidenta; Mª Luísa Rodríguez López, Mercedes Arias Álvarez e Mª Florinda Sánchez Fernández, que foron as vocais; e Antonio J. López López, que foi o secretario.

Referencias varias:

-E. G., "El grupo de Castro Barreiro, de Salceda, finalista en el Concurso de Teatro de la Xunta", *Faro de Vigo*, 5 novembro 1999, p. 13.

Breve nota na que se informa de que o grupo de teatro de Castro Barreiro quedou finalista do Xº Certame Galego de Teatro "Xuventude 1999", que foi organizado pola Xunta de Galicia e no que competiron cento corenta compañías.

- Doda Vázquez, "Creo que la comedia es el estilo más dramático de todo el teatro", *El Ideal Gallego*, 8 novembro 1999, p. 15.

Entrevista co director da montaxe *Chejovtres*, levada a cabo pola compañía Hac Luce da Universidade da Coruña, na que mostra sentirse moi satisfeito por consegui-lo primeiro premio dentro da categoría na que concursou. Así mesmo, pide claridade e estudios previos para considerar se é necesaria unha Escola Dramática Galega. Por último, quéixase de que a Universidade coruñesa aínda non felicitara ós actores.

-A. T. B., “Faise a luz’ para o teatro universitario da Coruña”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, nº 142, 10 novembro 1999, pp. 1-2.

Informa da posta en escena da última obra do grupo de teatro institucional da Universidade da Coruña, Hac Luce, que conseguiu o primeiro premio dentro da categoría correspondente do Xº Certame Galego de Teatro “Xuventude 1999”. Tamén se dá conta dos actores que participaron na montaxe e dos textos cos que traballaron, baseados en relatos de Anton Chejov.

X. Premios

X. 4. Investigación

XIIIº Premio Literario **“Ánxel Fole”**

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín e o xornal *El Progreso* dende 1987 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Os orixinais deben ter unha extensión máxima de 100 folios, mecanografados a dobre espacio, e teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ó Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ó xornal *El Progreso*, antes do 31 de marzo. O dictame do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realízase na primeira quincena de maio coincidindo co cabodano do falecemento deÁnxel Fole. No ano 99, estivo dedicado a enxalza-la figura de Evaristo Correa Caderón, de cuia publicación da obra, mereceu este galardón Xosé María González Xil polo seu traballo *Correa Caderón, celta. Os tempos de avanzada (1915-1936)*. O xurado, que deu a coñece-lo seu dictame o día 7 de maio, estivo integrado por Dionisio Gamallo Fierros, Manuel María Fernández Teixeiro, José de Cora Paradela e Ramón Soilán Penas, que actuou como secretario. A entrega do premio tivo lugar o 18 de xuño. Os organizadores anuncian que a vindeira edición xirará ó redor do escritor José Trapero Pardo.

Cadro con Detalle con

Referencias varias:

R. C. G., “Xosé María González, ganador del XIII premio de ensayo `Ánxel Fole”, *El Progreso*, 8 maio 1999, 73.

Recóllese información sobre os compoñentes do xurado do Premio Literario “Ánxel Fole” de 1999 e sobre o gañador, Xosé María González Xil. Así, recóllense declaracións dun dos seus integrantes, Manuel María,

quen recoñeceu a importancia do traballo gañador por profundar no estudio de Correa co manifesto surrealista e nas súas relacións coa revista portuguesa *Descubrimento*.

-Rocío Cortés Galdo, “Correa era máis un home de acción que de reflexión”, *El Progreso*, 9 maio 1999, p. 77.

Recoñece nesta entrevista Xosé María González Xil que está moi satisfeito de gaña-lo premio. Sinala a importancia de Correa Calderón na conformación das vangardas galegas e na súa tarefa de promotor de revistas, ademais de referirse ás súas arelas de ser escritor. Tamén chama a atención para recupera-la figura de Jesús Bal y Gay.

- Miguel Olarte, “González Xil recibió el galardón por su trabajo sobre Correa Calderón”, *El Progreso*, 19 xuño 1999, p. 69.

Repásase o acto de entrega do Premio Literario “Ánxel Fole”, celebrado no Gran Hotel de Lugo. Sinala que nel interviron Luís Asorey García, por Caixa Galicia, Blanca García Montenegro, por *El Progreso*, e o galardoado, Xosé María González Xil, que percorreu os anos 20 e 30 do século XX para recorda-lo traballo de Evaristo Correa Calderón, especialmente, no que se refire á revista *Ronsel*.

Iº Premio **“Dámaso Alonso”** de Investigación

Convocado pola Universidade de Santiago, o Concello de Ribadeo e o Grupo Voz. O propósito é dar a coñece-la obra filolóxica feita entre mozos investigadores. O galardón leva o nome de Dámaso Alonso, con motivo do centenario do seu nacemento, e versará sobre algún dos campos que cultivou o intelectual. O certame está dotado con 1.000.000 de ptas. e a edición da obra. Poderán optar ó premio filólogos menores de 30 anos, antes de que remate o prazo de orixinais, o 30 de abril de 1999. Os traballos poden estar redactados en galego ou en castelán e deberán ser inéditos, cunha extensión de 150 a 250 follas en formato DIN-A-4. Deben de enviarse ó Rexistro da Universidade de Santiago (Praza do Obradoiro, s/n. 15705 Santiago). Nesta primeira edición, o premio concedéuselle a Álvaro Arias polo traballo “El morfema ‘neutro de materia’ asturiana (sincronía y diacronía)”. O galardón entregóuselle nun acto celebrado en Ribadeo o 16 de novembro.

IIº Premio **"Espiral Maior"** de Ensaio

Creado pola editorial coruñesa Espiral Maior e convocado en colaboración con Galigraf Galicia co obxecto de amplia-lo espectro da creación ensaística en Galicia e atender á necesaria promoción dun xénero de brillante tradición literaria. Poden participar tódolos autores que o desexen co tema que escollan. Os traballos terán un mínimo de 75 follas e un máximo de 150, escritas en DIN-A4 a dobre espacio. Presentaranse por quintuplicado baixo plica, sen remite e cun lema identificador da obra. En sobre á parte, incluiranse tódolos datos referentes á identidade do autor. As obras remitiranse a Edicións Espiral Maior (Apartado de Correos 192, 15080 A Coruña), antes do 30 de xuño do presente ano. Nesta segunda edición, dotada con 500.000 ptas. e a publicación da obra gañadora na colección de ensaio da editorial convocante, resultou gañador Carlos Paulo Martínez Pereiro pola obra titulada *A indócil liberdade de nomear*. O xurado estivo composto por Xosé Eduardo López Pereira, Xosé Manuel Domínguez Prieto, Miguel Mato Fondo, Henrique Rabuñal e Miguel Anxo Fernán-Vello.

Referencias varias:

- D. J., "Fío de pensamento", *O Correo Galego*, 18 marzo 1999, p. 38.

Achega conxunta ás dúas obras galardoadas co primeiro Premio de Ensaio Espiral Maior da pasada edición, *A escrita na terra* (1998), de Miguel Mato do que se salienta, entre outros aspectos, a presencia nas súas páxinas de autores galegos dende Mendiño ata Pilar Pallarés ou Miguel Anxo Fernán Vello e no que se analiza a presencia e interpretación do espacio, así como a vinculación co mesmo; e *Alén da libido* (1998),

de Xosé Manuel Domínguez, no que se destaca a novidosa perspectiva que adopta o autor sobre un tema da sexualidade, amplamente tratado por moitos ensaístas.

Premio de Investigación Literaria **“Gonzalo Torrente Ballester”**

Convocado pola Caixa de Pontevedra co fin de homenaxea-la figura e obra de Gonzalo Torrente Ballester. Ten como obxecto a análise e o estudio crítico da obra e figura do escritor. O premio está aberto a calquera autor/autora que presenten orixinais escritos en calquera idioma e sen límite de extensión. Está dotado con 1.000.000 de ptas. e a Caixa de Pontevedra comprométese ademais á edición e distribución da obra premiada nun prazo de doce meses. Os orixinais teñen que presentarse antes do día 1 de marzo do ano 2000 en copia impresa e en disquete en Caixa de Pontevedra (R/Augusto González Besada, nº 2-4, Pontevedra, 36001). Debe indicar no sobre “Para el Premio de investigación Gonzalo Torrente Ballester”. A resolución do xurado, do que a composición anunciarase oportunamente, coñecerase antes do 23 de abril de 2000, aniversario do falecemento de Miguel de Cervantes.

XIº Premio **“Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio”**

Convócao, dende 1989, o Departamento de Filoloxía Galega e patrocínao o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e a Facultade de Filoloxía, para potencia-la investigación lingüística e literaria entre os universitarios. Céntrase cada ano na figura homenaxeada o Día das Letras Galegas ou da xeración, movemento artístico, etc. ó que pertence. No 1999, dedicouse a Roberto Blanco Torres. A dotación económica é a seguinte: 125.000 ptas. para o primeiro premio, 75.000 para o segundo e 50.000 para o terceiro. En 1999, acumuláronse o primeiro e segundo premios, que se outorgaron *ex aequo* ós traballos titulados *Análise lingüística de Orballo de media noite. Notas sobre ortografía, fonética e morfosintaxe*, deJosé Ángel García López e *A dor cósmica no poema biolóxico. Aproximación temática e estilística a Orballo de media noite*, de Lucía Durán Paredes. O xurado estivo formado por Xesús Alonso Montero, Henrique Monteagudo Romero, Camino Noia Campos e Xusto Beramendi.

Referencias varias:

- C. Lorenzo, “Unha nova homenaxe a Blanco Torres”, *O Correo Galego*, 14 decembro 1999, p. 30.

Dá conta da entrega deste premio nun acto celebrado na Facultade de Filoloxía, que estivo presidido polo director do Departamento de Filoloxía Galega, Ramón Mariño, quen sinalou que por medio destes premios os estudiantes fan un traballo creativo e falou de Roberto Blanco Torres. Tamén se refire á intervención de Alonso Montero, que deu conta das reticencias xurdidas por dedicárselle ó autor de Cuntis o Día das Letras

Galegas. Finalmente, sinala que José Ángel García López foi gañador deste premio e, brevemente, alude ó contido do seu traballo.

IIº Premio de Ensaio **“Manuel Murguía”**

Dotado cun premio de 1.000.000 de ptas., convócao a Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalza-la vida e obra “dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador”. Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos á provincia coruñesa. A extensión dos textos será libre e presentaranse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espacio, por unha soa cara, en tamaño DIN A4, numerados, grampados ou encadernados. Os orixinais entregaranse nun sobre, que conteña no seu exterior un título e lema e no seu interior os datos persoais do autor. O prazo para a entrega dos traballos remata o 15 de xuño de 1999 e deberán enviarse á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n., 15006 A Coruña). O xurado está composto polo presidente da Deputación e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da invsetigación histórica. Nesta segunda edición, o premio gañouno Marcelino Abuín Duro pola obra*El patrimonio histórico y la representación de la memoria en el festival irmandiño de Moeche*. O xurado estivo presidido por Carlos López Crespo, Víctor Alonso Troncoso, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Manuel Recuero Astray, Xusto González Beramendi e Eduardo Fra Molinero. O dictame fíxose público o día 26 de novembro.

IIIº Certame Galego de Ensaio Xuventude 99 **“Roberto Blanco Torres”**

Convocado pola Consellería de Familia, Emprego, Muller e Xuventude. Destinado a mozos e rapaces galegos ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos, establecéndose as seguintes categorías de idade: categoría A, de 14 ata os 17 anos; e categoría B, dos 18 ós 38 anos. Os concursantes remitirán os seus traballos sen consignar datos persoais e identificándoos cun lema. O lema repetirase no exterior dun sobre pechado dentro do que figurarán os datos persoais do concursante, xunto cunha fotocopia do DNI ou do Libro de Familia, na folla que corresponda ó participante. Os orixinais e o sobre pechado enviaranse ó Servicio de Xuventude da Delegación da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude da provincia, na que a persoa ou grupo participante teña establecida a súa residencia habitual, colexio, instituto ou asociación xuvenil no caso de grupos, podendo ser: Ronda de Muralla, 70, 27003 Lugo; Avda. de La Habana, 81-baixo, 32004 Ourense; Rúa Durán Loriga, 9-1º, 15003 A Coruña; Rúa Mª Berdiales 20-entreplanta, 36203 Vigo; ou Rúa Benito Corbal, 47-2º, 36003 Pontevedra. No sobre indicarase “Para o Certame de Ensaio (Xuventude 99)” e o prazo de recepción conclúe o 30 de xuño de 1999. A decisión do xurado terá lugar no mes de outubro na cidade de Lugo e este será nomeado polos Delegados Provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo de Lugo e estará composto por persoas cualificadas no ámbito literario, recaendo a Secretaría nun funcionario da Delegación Provincial da Consellería de Familia antes citada. Os traballos deben ser en galego e versar sobre Roberto Blanco Torres. A súa autoría será individual ou partirá de grupos de mozos de asociacións xuvenís, culturais ou de alumnos de BUP, COU, FP e da universidade (40 mozos como máximo por grupo). Establécense os seguintes premios: na categoría A, un primeiro cunha dotación de 100.000 pts. en metálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos; un segundo de 50.000 pts. en metálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos. Na categoría B: un primeiro dotado con 200.000 ptas. en metálico, figura de

Sargadelos e un lote de libros galegos, un segundo con 100.00 ptas. en metálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos; e un terceiro con 50.000 ptas en metálico, figura de Sargadelos e un lote de libros galegos. Os traballos premiados poderán ser difundidos pola Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude do xeito que coide máis interesante. Nesta edición de 1999, só se entregaron os seguintes premios na cateogría B: o primeiro para Xoán Xosé García López pola obra *Estudio Lingüístico de Orballo de medianoite*; o segundo para María Cruz Mato Torres por *A rebeldía como máxima: Roberto Blanco Torres*; e oterceiro para Brais Fernández Álvarez por *Os tempos de Roberto Blanco Torres*. O xurado estivo formado por Alejandro Alcalde Varela, que actuou como presidente, Antonio J. López López, que foi o secretario, e Tareixa Campo Domínguez, Xulio Giz Ramil e Xavier Rodríguez Barrio, que foron os vocais.

Premio de Investigación **"Roberto Blanco Torres e o seu tempo"**

Convocado pola Universidade de Vigo, poden presentarse tódalas persoas que o desexen, sempre que os orixinais, inéditos, estean escritos en galego. Para este certame establécese un primeiro premio de 200.000 ptas. e un segundo dotado de 100.000. O xurado estará presidido polo rector da Universidade e o prazo de presentación dos traballos remata o 16 de abril. Os orixinais deberán ser entregados nos rexistros xerais dos tres campus universitarios (Vigo, Pontevedra e Ourense). Nesta convocatoria, concedéuselle un primeiro premio a José Ángel García López por *Anotacións á lingua poética de Roberto Blanco Torres*. O xurado estivo formado por Xosé Manuel Cid Fernández, que actuou como presidente por delegación do Rector vigués, Xosé Sánchez Puga, Manuel Bragado Rodríguez, Luís Domínguez Castro, e Xosé María Pin Millares, que actuou como secretario con voz pero sen voto.

Vos Premios de Ensayo de Catalán, Gallego y Vasco **“Universidad Nacional de Educación a Distancia”**

Estes Vos premios de ensaio de catalán, galego e vasco teñen como finalidade a promoción das linguas e literaturas catalana, galega e vasca, “premisa básica dun coñecemento e solidariedade mutua máis profundos”. As bases que se establecen son as seguintes: o traballo poderá estar escrito en ditas linguas ou noutra calquera de uso corrente no ámbito científico. O texto deberá ser inédito, ter unha extensión mínima de cincuenta páxinas e tratar dalgún tema referente ás linguas ou literaturas catalana, galega ou vasca. Os premios están dotados de 250.000 ptas. para cada unha das tres especialidades. Os orixinais, mecanografados, enviaranse por triplicado antes do 30 de marzo de 1999 á UNED (Senda del Rey s/n. Edificio de Humanidades, 28040 Madrid). O xurado estará composto por profesores universitarios especializados nas áreas lingüísticas respectivas. Os premios concederanse na primavera de 1999, concidindo coa celebración das Xas Xornadas Universitarias sobre as Linguas e Literaturas Catalana, Galega e Vasca. A organización quedarase cun exemplar de cada obra para que forme parte dos fondos bibliográficos do Premio. No caso de que os traballos premiados fosen publicados, os autores comprométense a facer consta-lo premio recibido. O dictame do xurado, que estivo formado por Antonio Domínguez Rey, Miguel Losada González, Vicente Araguas Álvarez e Manuel Rodríguez Alonso, deuse a coñecer o 11 de maio de 1999. En lingua galega, a gañadora desta edición foi Noemí Pazó González polo traballo titulado *A función das traduccións no desenvolvemento do mapa teatral galego. Unha achega: 1960-1978.*

IIIº Premio de Investigación “**Xesús Ferro Couselo”**

Convocado polo Concello de Valga (Pontevedra) e dotado con 500.000 ptas. Na IIIª Edición do Premio resultou gañador o historiador pontevedrés Xosé Manuel Pereira Fernández, Bolseiro do Departamento de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela, polo seu traballo “A Pontevedra de Felipe II”. O dictame do premio foi emitido por un xurado presidido por José María Bello Maneiro e composto por Fernando Acuña Castroviejo, Catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago de Compostela; Marcial Gondar Portasany, Catedrático de Antropoloxía da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela; Xulio Rodríguez González, Facultativo do Corpo Superior de Museos; Pegerto Saavedra Fernández, Catedrático de Historia Moderna da Universidade de Santiago de Compostela e Carlos García Novo, que actuaba como secretario.

X. Premios

X. 5. Mixtos (Varias Modalidades)

Premio da **“Asociación de Escritores en Lingua Galega”**

Está organizado pola AELG e non outorga ningún tipo de dotación económica. A resolución do premio farase pública a finais de abril ou comezos de maio. En 1999, a Asociación de Escritores decidiu outorgarlle o premio ó escritor Manuel Rivas pola súa obra *O lapis do carpinteiro* (1998).

Referencias varias:

- Carme Vidal, “A asociación de Escritores cria un prémio de prestíxio sen dotación económica”, *A Nosa Terra*, nº 874, “Guieiro Cultural”, 18 marzo 1999, p. 25.

Aproximación ós premios entregados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega cos que se recoñece, mediante unha “pluma especial”, “símbolo da escrita de calidade”, a mellor obra publicada en lingua galega no ano 1998. Coméntanse, así mesmo, algunhas das peculiaridades deste premio, tomando as palabras de Miguel Anxo Fernán-Vello, que salienta o feito de carecer este galardón de remuneración económica; de selos propios socios da AELG os que deciden cos seus votos que obra será premiada; e de non presentarse os candidatos ós premios, senón que a obra galardoada sairá de entre tódalas publicadas no ano en tódolos xéneros. Faise, finalmente, referencia a algúns dos premios literarios españois, cataláns, vascos e portugueses.

VIº Certame de Poesía e Relato Curto do **"Colexio Maior Fonseca"**

Convocado co gallo da celebración do Día das Letras Galegas dende 1994. Está dirixido ós estudiantes do Servicio Universitario de Residencias (SUR), da Universidade de Santiago de Compostela, para favorece-la creatividade literaria en lingua galega. Conta coa modalidade de poesía e narrativa e as composicións serán inéditas en lingua galega ou castelá. Así mesmo, deberán estar mecanografados a dobre espacio por unha soa cara e terán un máximo de 100 versos para a poesía e de 5 folios para os relatos. Presentaranse por triplicado baixo pseudónimo, indicándose tamén nun sobre pechado os datos do autor, no Colexio Maior Fonseca (Praza Rodríguez Cadarso, s/n., 15706 Santiago de Compostela), quen se reserva o dereito de poder reproduci-los textos nunha publicación posterior. Outorgaranse dous premios dentro de cada unha das modalidades, un primeiro de 15.000 ptas. e un segundo de 10.000. Os premios entregaranse no acto de Imposición de Bandas Colexiais, que terá lugar en abril de 1999. Nesta ocasión, o primeiro premio de poesía foi para Tamara Guirao Espiñeira e o segundo para Maximino Rey Vázquez, mentres que, en relato curto, o primeiro foi declarado deserto e o segundo concedéuselle a David Bouzo Fuentes. O xurado, reunido o día 26 de abril, estivo composto por Sandra Arcos Outeda, Carmela Cambeiro Lourido, Carlos Lafuente Pacios, Patricia Rey Varela, Xosé Manuel Baña Agrafojo e Pablo Dosil Rosende.

VIIº Certame de Poesía e Narrativa **“Concello de Rianxo”**

Pretende recolle-la tradición dos autores rianxeiros co fin de estimula-la creación literaria. Consta de varias categorías: A, para alumnos de EXB e ESO de Rianxo cun premio de 10.000 ptas. e lote de libros; B, para alumnos de bacharelato de Rianxo, premios máximos de ata 20.000 ptas.; e C, para maiores de 18 anos e na que poden participar tódolos nacidos ou residentes na comarca barbanzana con premios de ata 100.000 ptas. O tema dos traballos é libre e deberán estar escritos en lingua galega. Na modalidade de narrativa a extensión máxima será de 7 follas e en poesía de 50 versos. O prazo para entrega-los orixinais remata o 23 de abril. A resolución deuse a coñecer o 22 de maio e o xurado estivo composto polo Concelleiro de Cultura José Figueiro Carou, Eulalia Agrelo, Xosé Ramón Brea Rey e Avelino Abuín de Tembra. Na modalidade de alumnos de ESO de Rianxo, resultou gañadora Maite Pérez Franco na modalidade de poesía e Tamara López Rey na modalidade de narrativa. Na categoría de bacharelato, o premio de poesía foi declarado deserto, mentres que o de narrativa correspondeulle a Juan Evan Pin. Na categoría de maiores de dezaoito anos, os gañadores foron José Carou Rey na modalidade de narrativa e Marco López en poesía. José Manuel Vázquez Lorenzo e Jesús Santos Rodríguez recibiron sendas mencións especiais nas categorías de poesía e narrativa, respectivamente.

Referencias varias:

- M. X. B., “Fallados los premios del certamen de poesía y narrativa de Rianxo”, *El Correo Gallego*, 20 maio 1999, p. 45.

Anuncia o acto de entrega de premios da VIIª edición do certame. Cita o nome dos integrantes do xurado e dá os nomes dos galardoados nas diferentes categorías.

XXVº Certame Literario **"Concello de Vilalba"**

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este certame literario dende 1984 para premia-lo mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado con 500.000 ptas. e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 150.000 ptas. diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado, onde consten os datos persoais e enderezo do autor e baixo plica, teñen que enviarse ó Concello de Vilalba, antes do 17 de xullo. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios e a súa composición non se coñecerá ata o momento do resultado. A resolución deuse a coñecer o 24 de agosto. Nesta edición de 1999, na modalidade de narrativa, o galardón foi para Xoán Bernández Vilar coa obra *A saga da illa sen noite*; mentres que, na modalidade de poesía, as obras galardoadas foron *Que eu non daría por un sorriso teu*, de Baldomero Iglesias Dobarrio e *No punto morto*, de María Fariña Caamaño.

XXIIos Premios da **"Crítica de Galicia"**

Estes premios están convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Presentan varias modalidades e o xurado constitúeno homes e mulleres da cultura e ciencia convocados pola Fundación, un membro da cal actuará como secretario con voz e sen voto. Non teñen dotación económica e o premio consiste nunha estatuíña medieval en porcelana de Sargadelos. Outórganse ás mellores obras publicadas no ano anterior. No 1999, os premios nas diferentes modalidades foron os seguintes:

-"Investigación": Xosé Ramón Barreiro, Pilar Rodríguez, P. Gasalla e Pegerto Saavedra por *Historia da Universidade de Santiago de Compostela*. Xurado: Ricardo Polín, Xosé Antonio Campos, Xosé López, Xosé Peña e Javier de Vicente.

-"Ensaio e Pensamento": Ana Santorum e Marcela Santorum por *Luís Seoane, o alquimista*. Xurado: Francisco Sampedro, Basilio Losada Castro, Víctor Moro Rodríguez, Alba Nogueira e Teresa Pedrosa.

-"Creación Literaria": Carlos Casares por *Un país de palabras*. Xurado: Xosé María Álvarez Cáccamo, Francisco Fernández del Riego, Manuel Forcadela, María Victoria Moreno e Xosé Salgado Rodríguez.

- "Actividades Culturais": Concello de Allariz. Xurado: Xosé Manuel Pereiro, Xoán Fonseca, Clodio González, Xoaquín Monteagudo e Xavier Senín.

-“Ciencias e Artes da Representación”: Virxilio Vieitez. Xurado: Henrique Ortiz, María Bouzas, Xerardo Estévez, Anxo Sicart e Xosé Luis Suárez Canal.

“Música”: O Rosal. Xurado: Xosé Iglesias “Melitón”, Nicolás Camino, Xesús Represas, Antón de Santiago e Mar Sueiro.

“Galego Egrexio”: Milladoiro.

Mención para o Museo Etnográfico Terra de Melide, a Editorial Kalandraka e os Concertos Didácticos para a Xuventude do Auditorio de Galicia.

Referencias varias:

- Francisco J. Gil, “A Fundación dos Premios da Crítica presenta en Vigo a XXII edición dos galardóns”, *Faro de Vigo*, 8 maio 1999, p. 52.

Tras repasa-la historia destes premios, infórmase da proclamación dos xurados e da programación para a noite de entrega. Saliéntase a concesión do título “Galego Egrexio 1999” ó grupo Milladoiro e faise un reconto dos gañadores deste apartado nas anteriores edicións. Infórmase, tamén, do traballo feito por Isaac Otero, quen deseñou as figuras para os premiados neste evento. Recóllense as palabras de Xosé González, membro da Fundación Premios da Crítica de Galicia, para o que o prestixio destes galardóns se consolidou gracias ó seu carácter independente e á boa acollida dos premiados.

-J. D. C., “A Fundación Premios da Crítica declara este ano “galego egrexio” ó grupo Milladoiro”, *Atlántico Diario*, 8 maio 1999, p. 10.

Neste artigo informativo sobre a gala de entrega dos Premios da Crítica, destácase o galardón de honor “Galego Egrexio” concedido ó grupo Milladoiro. Tras falar deste adianto proporcionado polos membros da Fundación Premios da Crítica de Galicia, anúnciase a convocatoria para a entrega de premios na Cea das Letras. A continuación, detállase a composición dos xurados nos distintos apartados: creación literaria, ensaio e pensamento, investigación, música, ciencias e artes da representación e iniciativas culturais.

- Francisco J. Gil, “Vigo acolle esta noite a entrega da XXII edición dos Premios da Crítica de Galicia”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1999, p. 53.

Faise eco da cea de celebración da entrega destes premios, a reunión dos xurados, o deseño do premio, realizado por Díaz Pardo, e a carencia de calquera outro tipo de dotación económica para os galardoados. Dáse conta, tamén, da existencia dun discurso de louvanza de Ramón Castromil previo á nominación do grupo Milladoiro como “Galego Egrexio 1999”.
- F. Franco, “A vila de Allariz, Casares e Virxilio Viéitez, entre os Premios da Crítica Galicia 1999”, *Faro de Vigo*, 16 maio 1999, p. 55.

Céntrase nos galardoados cos Premios da Crítica 1999: Allariz, Virxilio Viéitez, Carlos Casares, Xosé Ramón Barreiro ou Ana Santorum. Fala, así mesmo, das mencións especiais ó Museo Etnográfico Terra de Melide, á editorial Kalandraka e ó Auditorio de Galicia. Comenta, finalmente, o comunicado lido por Xosé González, membro da Fundación que convoca os premios.

-Soledad Antón, “Os premios da Crítica recoñecen o labor literario de Carlos Casares”, *La Voz de Galicia*, 16 maio 1999, p. 36.

Carlos Casares é o premiado que máis se destaca neste artigo. Ó mesmo tempo, recóllense as palabras de Xosé González, presidente da Fundación dos Premios da Crítica, sobre o significado destes galardóns. Cítanse os outros premiados, destacando a distinción “Iniciativas Culturais” á vila de Allariz e de “Galego Egrexio 1999” ó grupo Milladoiro.

- F. Franco, “Portas francas para a nosa língua”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1999, p. 8.

Sinala que xa transcorreron 22 anos dende que O Círculo Ourensán Vigués e, despois, a Fundación dos Premios da Crítica comenzaran a premia-los traballos en galego, que foron considerados os mellores en iniciativas culturais, ensaio e pensamento, ciencias e artes da representación, creación literaria e música e investigación. Tamén indica que á entrega destes galardóns asistiron importantes autoridades políticas e académicas e catrocentos invitados, ademais de informar que foron premiados a vila de Allariz, por “Iniciativas culturais” e o grupo Milladoiro, que recolleu o nomeamento de “Galego Egrexio”.

- M. G., “Los Premios da Crítica animan a trabajar por ‘Galeguizar Galicia”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1999, p. 74.

Recapitúlase a noite de entrega dos Premios da “Crítica de Galicia”. Dáse conta dos persoeiros que presidiron dita entrega e dos premiados nas distintas categorías. De cada un deles, recóllense extractos das palabras pronunciadas ó recolle-los respectivos premios, sinalando a coincidencia de todos en seguir a impulsa-los sinais de identidade de Galicia.

Agustín Sixto Seco, “Do propio ó universal desde o saber”, *El Correo Gallego*, “Trala porta”, 22 maio 1999,

3. Ver Ledo Cabido, Bieito (ed.), *Enciclopedia Galega Universal (EGU)*, no apartado V.1 deste *Informe*.

VIIº Certame Galego de Poesía e Narración **“Francisco Fernández del Riego”** para Autores Novos

Este certame desenvólvese a través da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude de Lugo coa colaboración da Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Nel poden participa-los galegos ou residentes en Galicia, dos 10 ós 30 anos, que non teñan publicado ningún libro. Establécense as seguintes categorías: A) nados entre os anos 1987-1990, inclusive; B), nados entre os anos 1983-1986, ambos inclusive; e C), nados entre os anos 1970-1982, ambos inclusive. Para as tres categorías hai unha modalidade de poesía e narrativa. Os concursantes deberán fomula-la súa solicitude no impreso normalizado que se indica no anexo II e remitirán os seus traballos sen datos persoais, indentificándoos cun lema. Este repetirase no exterior dun sobre pechado dentro do cal figurarán o boletín de inscrición que se indica no anexo III, cos datos persoais do concursante, xunto cunha fotocopia do seu DNI ou do Libro de Familia na folla que corresponde ó participante e unha declaración xurada de non ter publicado ningún libro. Os participantes remitirán os orixinais mecanografados a dobre espacio, en DIN-A4 e a unha soa cara, indicando no sobre “Para o Certame Francisco Fernández del Riego”. Poderán dirixi-los orixinais e o sobre pechado ó Servicio de Xuventude da Delegacion da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da provincia na que teñan establecida a súa residencia habitual ou na que radique o colexio, instituto ou asociación xuvenil no caso de grupos, podendo ser en: Rúa Ronda da Muralla, 70, 27003 Lugo / Avenida da Habana, 81, baixo, 32004 Ourense / Rúa Durán Loriga, 9, 1º, 15003 A Coruña / Rúa Mª Berdiales, 20, entrechán, 36203 Vigo. O prazo remata o 30 de xuño de 1999. De entre tódolos traballos presentados en cada provincia, o xurado procederá a seleccionar aqueles que pola súa calidade os consideren merecentes, sendo enviadas as notificacións das decisións do xurado ós solicitantes nun prazo non superior a seis meses. No mes de novembro o xurado entregará os premios de finalistas nas distintas categorías. Polo que se refire á modalidade de poesía, concédense os seguintes premios por

categorías. Categoría A: primeiro (25.000 ptas., figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de campamentos, organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia e Promoción do Emprego Muller e Xuventude, na campaña "Verán-2000"), segundo e terceiro (lote de libros en galego e figura de Sargadelos). Categoría B: primeiro (50.000 ptas., figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa para asistir gratuitamente a unha quenda de campamentos ou campos de traballo, organizados pola citada Dirección Xeral), segundo e terceiro (lote de libros en galego e figura de Sargadelos). Na categoría C: primeiro (75.000 ptas., figura de Sargadelos, un lote de libros en galego e unha bolsa como as xa nomeadas), un segundo (50.000 ptas., lote de libros en galego e figura de Sargadelos) e un terceiro (25.000 ptas., lote de libros en galego e figura de Sargadelos). En canto á modalidade de narrativa, os relatos serán en galego, de tema libre e cunha extensión máxima de 5 folios DIN-A4 mecanografados, sendo os premios concedidos iguais ós de poesía. O xurado será nomeado polos delegados provinciais da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo de Lugo, recaendo a secretaría nun funcionario da Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude de Lugo. Nesta edición, polo que se refire á modalidade de poesía, na categoría A o primeiro premio foi para Yolanda Vázquez Neira por *O outono*, o segundo para Sabela Ramos García por *O planeta azul* e o terceiro para Mª Cristina Rodríguez Andrade por *Basta xa, queremos paz*; na categoría B, o primeiro foi para Beatriz Lorenzo López por *Vangardas case íntimas*, o segundo para Lucía Aldao Sánchez por *De amor con morte* e o terceiro para Mª Esperanza Moure Santamarina por*Meu mariñeiro*; na categoría C, o primeiro foi para Xabier Vázquez Freire por *Prosoamoremas*, o segundo para Xosé Alberte Alonso Carballeira por *Coa despedida* e o terceiro para Mª del Carmen Escourido Trobo por *Cela de mans*. Na modalidade de narrativa, na categoría A, o primeiro premio foi para Sabela Ramos García por *Rita a fadiña*, o segundo para Mónica Sante Martín por *A guerra comezou ¡que horror!* e o terceiro para Mª Alicia Fernández Rodríguez por *A moza do cine Avenida*, o segundo para Beatriz Sola Ananín por *Do Bulevar 64* e o terceiro para Samuel Solleiro González por *Outra filla da terra*; na categoría C, o primeiro foi para Roque

Cameselle Capón por *Rembrandtpleine*, o segundo para Plácido Baranda Valeiras por *Chorida* e o terceiro para Mª Estela Carballa Torres por *O mirar de pedra*. O xurado presidiuno Alejandro Alcalde Varela, os vocais foron Tareixa Campo Domínguez, Xavier Rodríguez Barrio e Xullo Giz Ramil e o secretario Antonio J. López López.

Referencias varias:

-Beti Rey, “Roque Cameselle gana el premio ‘Fernández del Riego’ de narración”, *Atlántico Diario*, 28 novembro 1999, p. 14.

Dáse conta dos contidos da obra gañadora deste premio, na que, segundo o seu autor, se intenta responder á pregunta de qué é soño e qué realidade. Faise, ademais, unha pequena descrición do escritor, un mozo de 18 anos cunha carreira literaria xa abondosa.

Certames “**Galicia Exterior**”

Convocado con carácter anual pola Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas no exterior e dirixido a todas aquelas persoas que sexan galegas ou descendentes de galegos, que teñan 18 anos antes do 31 de outubro de 1999. As modalidades das que consta son artigos xornalísticos, contos, pintura, debuxo e fotografía. A modalidade de contos desígnase co nome “Bolboreta” e a ela poden concorrer traballos que teñan a Galicia como tema. Os textos presentados han de ser inéditos e orixinais e poderán estar escritos en galego ou castelán. Terán unha extensión máxima de 15 follas en tamaño A4 e de cada orixinal presentaranse 4 copias mecanografadas a dobre espacio, antes do 31 de outubro de 1999, á Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas (Casa da Parra, Praza da Quintana, 15704 Santiago de Compostela). Así mesmo, cos orixinais, que deben entregarse baixo lema, adxuntaranse en sobre pechado os datos do autor e o título do conto, indicando no sobre: “Para o Premio Bolboreta”. Concederanse un primeiro premio de 200.000 ptas., un segundo de 100.000 e un terceiro de 50.000. Nesta edición, o xurado tivo como presidente a Joaquín Lens Tuero; comovocais a Ramón Fraga García, Manuel Quintáns Suárez, Alberto Carpo Álvarez Martín, Manuel Ferrol Fernández e Federico Pomar de la Iglesia; e como secretario a Argimiro Ríos Iglesias. O primeiro premio foi para Juana Caridad Fernández Pérez por *Cuenta saldada*, o segundo para Alberto Seoane Gil por *Reencuentro* e o terceiro para Calixto Albán Lage por *Pepe do peto*.

IXº Premio de Poesía e Artigos do **"Grupo Cultural"** en Madrid

Conta cunha modalidade de poesía e outra de artigos. Os orixinais poderán estar escritos en galego ou castelán e, no caso de artigos, deberán tratar un tema de carácter cultural, literario, histórico ou artístico relacionado con Galicia. Entregaranse no G.C. Galicia (Gran Vía, 31, 28013 Madrid), antes do 31 de abril de 1999. Polo que se refire á modalidade de poesía, nesta edición, o premio foi para Marco Balvín Ortega polo poema "A Gerardo Diego por "Ángeles de Compostela". Así mesmo, recibiu un accésit Daniel Garrido Castromán por "A Martín Codax". O xurado estivo integrado por Fernando Mansilla Izquierdo, Manuel Mourelle Lema, Estrella Arpón Lázaro e Ismael Campos Vicente.

VIIº Concurso Literario e Vº Concurso de Poesía do grupo **"El Imán"**

Organizado polo Colectivo El Imán, grupo de autoapoio de seropositivos e enfermos da Sida, e patrocinado polo Concello de Vigo. Premian o mellor relato e a mellor poesía escrita en galego ou castelán indistintamente. Están dotados cun primeiro premio de 50.000 ptas. e galardón, un segundo de 40.000 e un terceiro de 25.000. Ademais concédense catro accésits de 10.000 ptas. cada un. Poden participar todos aqueles que o desexen maiores de catorce anos. Os orixinais de narrativa deben ter unha extensión mínima de 3 folios e máxima de 6, mentres que os de poesía de 1 folio como mínimo. Deben remitirse nun sobre grande e firmados con pseudónimo; no interior nun sobre pequeno pechado farase constar: pseudónimo, nome e apelidos, enderezo e teléfono. Aquelas persoas que presenten máis dun traballo, deberán entregalos en sobres diferentes e coa documentación esixida en cada un deles. A data límite de entrega é o 10 de abril de 1999 e enviaranse a "El Imán" (Apartado de Correos 8301, 36080 Vigo). A entrega de premios, conforme a resolución do xurado, será o día 7 de maio de 1999 no Auditorio Municipal. O xurado estará composto por persoeiros da cultura e membros de El Imán. Nesta edición, en relato curto, o primeiro premio foi para José Luis Álvarez Quintana por *Esperando a mañana*, o segundo para Manuel Márquez Losada por *Alqueirada* e o terceiro para Begoña Rodríguez Otero por *Cristina era do Morrazo*. Tamén se lle concedeu un primeiro accésit a Esther Jurado García por *Querida mami*, un segundo a Irma Fernández Díaz por *Un corazón que se esconde*, un terceiro a Sonia Rodríguez Guimeráns por *Una manera de verlo* e un cuarto a Teresa Barberena Fernández por *Desconexión*. Polo que se refire á poesía, o primeiro premio foi para Elisa Angélica Barreiro Manzano por *Tempo achegado*, o segundo para Palmira Castro Marcote por *Do silencio* e o terceiro para Javier Vázquez Lamas por *Articular, inexistencia (todo)*; mentres que o primeiro accésit foi para José Manuel Millara Pérez por *Reloxio de sol*, o segundo para María Oliveira Fernández por *Dende o alma*; o terceiro para Daniel Núñez Pernas por *Un sono* e o cuarto para María Rodríguez Guerreira, que presentou un traballo sen título.

XIVº Premio “**Losada Diéguez”**

Convocado dende 1985 polos Concellos de Boborás e O Carballiño e pola Deputación de Ourense. Está dotado con 1.000.000 de ptas. e consta de dúas modalidades, creación literaria e investigación, que serán premiadas con 500.000 ptas. cada unha delas. Son merecentes do premio as obras publicadas o ano anterior e teñen que ser presentadas polas editoras. O prazo para presentarse péchase o 31 de xaneiro. Compoñen o xurado un representante de cada entidade convocante, un membro da RAG, do Consello da Cultura, do Museo do Pobo Galego e da Cátedra de Lingua e Literatura Galega de Santiago. Entrégase o premio nun acto literario que se celebra no mes de xuño no pazo da familia Losada. Os galardoados nesta edición foron Fran Alonso, por *Territorio ocupado*, no apartado de creación literaria e Xosé Manuel Núñez Seixas polo traballo *Emigrantes, caciques e indianos*, no apartado de investigación. O dictame fíxose público o 24 de abril e a entrega dos premios tivo lugar o 12 de xuño de 1999. O xurado estivo composto por Xulio Francisco Ogando Vázquez, Xulio Pardellas de Blas, Manuel Vázquez Fernández, Xose María Dobarro, Ramón Lorenzo, Manuel Vázquez Fernández, Dolores Vilavedra e José Luis Valladares. Actuou como presidente Cipriano Caamaño, alcalde de Boborás e como secretario Gerardo Rodríguez.

Referencias varias:

- L. R., “Cine, música, teatro y literatura, actividades culturales para junio”, *La Región*, “Especial Carballiño”, 5 xuño 1999, p. 26.

Entre os actos a celebrar do programa cultural do concello carballiñés do mes de xuño, sinala a entrega do premio Antón Losada Diéguez, que tivo este ano como gañador a Xosé Manuel Núñez Seixas na modalidade de investigación e a Fran Alonso na de creación literaria; a actuación do grupo Alalá Teatro, que porá en escena a obra *Viaxe de Lola* e o festival de fin de curso da Escola de teatro Nove Dous.
- AGN, "Núñez Seixas y Fran Alonso, Premios Losada Diéguez", *Atlántico Diario*, 13 xuño 1999, p. 52.

Ofrécese un breve resumo do acto de entrega dos premios a Xosé Manuel Núñez Seixas e Fran Alonso na localidade de Moldes (Boborás).

Vº Certame Literario **“Manuel Orestes Rodríguez López”**

Convocado polo Concello de Paradela para honra-la figura de Manuel Orestes Rodríguez López. Consta das modalidades de narrativa e poesía. O primeiro premio de cada unha das dúas modalidades está dotado con 50.000 ptas. e o prazo para entrega-los traballos remata o día 30 de novembro. Nesta edición, o gañador en poesía foi Baldomero Iglesias Dobarro por *Quixo o paxaro pousar na póla o se cheo*; mentres que, en narrativa, o galardón foi para Jaime Naviera Pedreira por *O Parvo*. O xurado decidiu ademais conceder un accésit na modalidade de poesía para o traballo presentado por Unai González Suárez. Este xurado integrárono Xosé Manuel Mato Díaz, Antonio Calvo Varela, Xesús Mato Mato, Xulio Xiz Ramil, Santiago Rodríguez López, Xavier Rodríguez Barrio e Darío Xohán Cabana. Actuou como secretario a titular do concello Cristina Abades.

Referencias varias:

-Víctor L. Villarabid, “El certamen literario de Paradela otorga premios a dos coruñeses”, *El Progreso*, 28 decembro 1999, p. 16.

Baldomero Iglesias Dobarro e Jaime Naveira Pedreira son os protagonistas desta noticia do dictame do Certame Literario “Manuel Orestes Rodríguez López”, do que resultaron vencedores. Dáse, ademais, a relación de membros integrantes do xurado desta edición.

Premio **“Nacional da Crítica”**

A Asociación de críticos de España concede anualmente un galardón á mellor obra de narrativa ou poesía publicada no ano en tódalas comunidades autónomas. No 1999, mereceron este galardón en lingua galega: Yolanda Castaño por *Vivimos no ciclo das erofanías* e Manuel Rivas por *O lapis do carpinteiro*.

Referencias varias:

- Juan Fariña, “Manuel Rivas y Yolanda Castaño reciben el Premio de la Crítica”, *La Voz de Galicia*, 28 marzo 1999, p. 36.

Infórmase, a grandes trazos, dos contidos dos libros de M. Rivas e Y. Castaño, presentados en Madrid por Luciano Rodríguez ó serlles concedido o Premio “Nacional da Crítica”. De Rivas recóllese o motivo do lapis como símbolo da obra e de Castaño as súas verbas de sorpresa ó recibi-lo premio e a súa intención rupturista e provocadora ó escribi-lo poemario galardoado.

- Rodri García, “Eu separo a arte da vida”, *La Voz de Galicia*, 30 marzo 1999, p. 33.

Nesta entrevista, Yolanda Castaño fala da audacia literaria e lingüística do libro gañador do Premio “Nacional da Crítica” e da súa condición de muller escritora. Valora a concesión do premio como unha aposta pola mocidade e o risco.

Paula Pérez, “El erotismo continúa siendo un tabú en la poesía”, *Faro de Vigo*, “Farodomingo”, 4 abril 1999,
3.

Con motivo da concesión do Premio “Nacional da Crítica”, Paula Pérez entrevista a Yolanda Castaño. Na conversación abórdanse cuestións relacionadas coa importancia deste premio na carreira da poeta galega ou a elección do galego fronte ó castelán como lingua literaria. Así mesmo, gran parte das preguntas tratan sobre a mocidade desta escritora, que se revelara como tal con 17 anos, e o tema do erotismo como eixe argumental da súa obra.

Premio “**Nacional de Literatura”**

Convocado polo Ministerio de Cultura para premia-las mellores obras publicadas nos diferentes xéneros, no ano anterior en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 2.500.000 ptas. Antonio Reigosa, con *Memorias dun raposo*, quedou finalista do premio de literatura infantil, gañado polo valenciano Vicente Múñoz Reyes por *Óscar y el león de correos*. Pola parte galega, integraron o xurado Xosé Victorio Nogueira, que foi designado para representa-la OEPLI, e Xosé Ramón Barreiro, en representación da RAG.

Referencias varias:

- Domingo García-Sabell, “Os premios”, *La Voz de Galicia,* “*Culturas*”, nº 72, 6 abril 1999, p. 5.

Destaca a importancia que ten que se celebre a entrega de premios, coma o Premio “Nacional de Literatura”, en distintos puntos do Estado polo que supón de intercambio cultural dos creadores. Reflexiona sobre o labor de “desenterradores” dunha ampla cultura propia que teñen que se-los galegos cos foráneos.

- César Casal, “Filgueira Valverde triunfó en casa”, *La Voz de Galicia*, 7 abril 1999, p. 35.

Refírese ó acto no que se entregaron os premios Nacionais de Literatura na cidade de Pontevedra e das lembranzas que tódolos intervintes sinalaron do polígrafo local Xosé Filgueira Valverde. Alén disto, fala dos persoeiros e escritores que estaban presentes no acto.

- D. P., “Pere Gimferrer homenajeó a Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 1999, p. 4.

Alén de citarse os gañadores dos Premios Nacionais de Literatura e as obras coas que o gañaron, resáltanse as palabras de Pere Gimferrer sobre a relevancia da obra de Xosé Filgueira Valverde.

- I. R., “Gimferrer destaca a Filgueira como modelo de “convivencia de las lenguas y las culturas”, *Faro de Vigo*, 7 abril 1999, p. 48.

Reproduce profusamente as palabras que o escritor catalán Pere Gimferrer proferiu no acto de entrega dos premios Nacionais de Literatura. Nelas louva o exemplo de Filgueira Valverde para vivir a pluralidade lingüística do Estado e a realización de traballos sobre historia.

-I. Rodríguez, “Los Premios Nacionales de Literatura loan la riqueza expresiva de las lenguas del estado”, *Faro de Vigo*, 7 abril 1999, p. 47. Faise un pequeno relatorio do acontecido no acto de entrega dos premios Nacionais de Literatura na cidade de Pontevedra. Así mesmo, dise que foi grandemente louvado Xosé Filgueira Valverde por identifica-la pluralidade de linguas e culturas do estado.

J. A., “Rajoy destaca la buena salud de la creación literaria en España”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 1999,
3.

Describe minuciosamente o acontecido na entrega dos premios Nacionais de Literatura na cidade de Pontevedra. Así mesmo, destaca as palabras de louvanza que algúns dos premiados dixeron ó referírense a Xosé Filgueira Valverde.

- María Conde, “Los Nacionales de Literatura homenajean la pluralidad lingüística”, *La Voz de Galicia*, 7 abril 1999, p. 34.

Refírese á celebración do acto de entrega dos premios Nacionais de Literatura, no que os escritores participantes se referiron á pluralidade lingüística e literaria do Estado. Ademais o autor catalán, Pere Gimferrer, falou das importantes achegas de Filgueira Valverde ó plurilingüismo, das súas lecturas en galego dende a adolescencia e da relacións de Carles Riba e Galicia.

-Jaureguizar, “El lucense Reigosa fue finalista en el Nacional de Literatura Infantil”, *El Progreso*, 30 outubro 1999, p. 75.

Recolle as palabras de Antonio Reigosa, logo de saber que quedou finalista do Premio Nacional de Literatura Infantil do ano 1999. Este autor, segundo se recolle no artigo, mostrouse “decepcionado” por non telo gañado, ó tempo que considera que a literatura galega é algo máis cós catro autores que foron premiados.

- José María Plaza, “Muñoz Puelles se lleva el Nacional de Literatura Infantil”, *El Mundo. Galicia*, 30 outubro 1999, p. 61.

Dá conta do dictame do Premio Nacional de Literatura Infantil e recolle certas declaracións do escritor gañador. Tamén cita os finalistas, entre os que se encontra Antonio Reigosa Carreira coa obra *Memorias dun raposo*.

- Laura López-Ayllón, “Vicente Muñoz Puelles obtiene el Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil”/“Vicente Muñoz Puelles, Premio Nacional de Literatura Infantil”, *Atlántico Diario*/*La Voz de Galicia*, 30 outubro 1999, p. 49/p. 81.

Informa da concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil e daqueles que foron finalistas deste. Un deles, segundo di, foi o mindoniense Antonio Reigosa Carreira coa obra *Memorias dun raposo*. Así mesmo, engade que este autor conseguíu o ano pasado o Premio “Merlín” de literatura infantil que convoca a Editorial Xerais.

- P. O., “Vicente Muñoz, Premio Nacional de Literatura Infantil”, *O Correo Galego*, 30 outubro 1999, p. 37.

Repasa a traxectoria literaria de Vicente Muñoz, que vén de gaña-lo Premio “Nacional de Literatura” infantil, nesta edición de 1999.

-Paula de Saa, “*Óscar e o león de Correos*”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 4, 3 decembro 1999, p. 3.

Noticia sobre a presentación de *Óscar e o león de correos*, do escritor valenciano Vicente Muñoz Puelles. A obra, escrita orixinalmente en castelán, traducida ó galego en 1998 e galardoada en 1999 co Premio “Nacional de Literatura” infantil e xuvenil. Trátase dun texto moi breve, publicado na colección “Sopa de Libros” da editorial Anaya, no que se narran os temores do pequeno Óscar, que vive obsesionado por unha “criatura da noite” que ninguén, excepto el, ve.

VIIIº Certame Literario **“A Pipa”**

Organizado pola revista cultural *A Pipa* de Becerreá. Divídese nas modalidades de conto e poesía e en tres categorías: maiores de 18 anos, de 14 a 18 anos e de 8 a 14 anos. En cada modalidade hai dous premios para cada unha das tres categorías e os accésits que o xurado considere oportuno. Os premios consisten en estatuíñas de Sargadelos e lotes de libros, así como a publicación dos traballos galardoados na revista que lle dá nome ó premio. Na categoríade maiores de 18 anos, os gañadores en poesía foron Ángeles Gregorio e Nicolás Fariña; mentres que en relato, premiouse o traballo de X. Alfredo Valín. Na categoría de 14 a 18 anos, en relato o primeiro premio recaeu en Daniel Rodríguez por *Xosé e os castros*; mentres que en poesía premiouse a Javier Raposo por *Un soño imposible* e a María Eva Lugueros por *O recordo da traizón*. Por último, na categoría dos máis novos, concedéuselle un accésit a Alba Fernández por *¿Que foi do cupón?*, mentres que Josefina Fernández foi segunda no premio de poesía por *O Nadal*. Nesta categoría Sheila Fontal gañou o premio de relato por *O recordo da traizón*.

IXº Certame Literario-Lingüístico **“Ricardo Carvalho Calero”**

Foi creado no ano 1991 polo Concello de Ferrol, con quen colabora a Sociedade Medulio. Son dúas as modalidade que presenta: “Premio de Investigación Literaria ou Lingüística”, ó que haberá que presentar traballos cunha extensión mínima de 50 folios, e “Premio de Creación Literaria (Narración Curta)”, no que poderán concorrer unha narración ou un conxunto de contos por autor que non superen os cen folios en conxunto. En ámbolos dous casos os traballos deben estar escritos en lingua galega, con liberdade normativa, e ser inéditos, ademais de presentarse grampados ou encadernados e conter aproximadamente 2.000 caracteres. Os orixinais e cinco copias entregaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, co correspondente título e lema, indicando no sobre “IXº Certame Carvalho Calero” e cun remite que sexa exclusivamente o lema. Así mesmo, en sobre á parte, constarán os datos persoais, número de conta corrente, un currículo breve, enderezo, teléfono e DNI do participante. O prazo de presentación remata o 6 de febreiro de 1999 e a el non poderán concorre-los premiados en calquera das dúas modalidades ata cinco anos despois de que lles fose outorgado o premio. O premio consiste nunha dotación para cada unha das modalidades de 600.000 ptas. e a publicacion da obra gañadora, reservándose a entidade convocante os dereitos de autor na primeira edición. A partires da segunda, as obras premiadas pasan a ser propiedade do seu autor, que deberá facer consta-la condición de gañador do Premio Carvalho Calero na modadalidade que corresponda. No caso de tratarse do Premio de Investigación Lingüística, atribúeselle ó xurado a facultade de determina-lo tipo de publicación segundo corresponda á natureza do traballo. O xurado estará composto por cinco membros propostos pola Comisión organizadora, entre os que figurará o gañador ou gañadores da edición anterior, presididos polo Alcalde do Concello de Ferrol ou persoa en quen delegue. A entrega de premios farase coincidir coa data na que se conmemora o aniversario do pasamento do profesor Carvalho Calero, dándose a coñece-lo nome dos gañadores o día anterior. Nesta edición, o ga[illegible] *n teverdes*, mentres que na de creación resultou galardoado Carlos Quiroga

por *Periferia*. O xurado estivo conformado polo alcalde do concello de Ferrol, que actuou como presidente; Francisco Salinas Portugal, Elías Torres Regueiro, Xavier R. Docampo, J. L. Martínez Pereiro e Henrique Rabuñal Corgo, que foron vocais; e Laura Tato Fontaíña, que foi a secretaria en representación da sociedade colaboradora Medulio.

IIº Premio “**Rosalía de Castro”** do Pen Clube de Galicia

Convocado pola sección galega do Pen Clube en 1998 e pretende honrar a catro escritores peninsulares. Convocouse por primeira vez en 1996 e daquela resultaran gañadores Gonzalo Torrente Ballester, José Saramago, Joan Perucho e Bernardo Atxaga. Desta volta, decidiuse concederlle o premio, que se entregou a principios de abril de 1999, a Manuel Vázquez Montalbán, José Mari Lekuona, Miquel de Palol e António Lobo Antunes, nas súas modalidades de lingua castelá, vasca, catalana e portuguesa. O xurado integrárono Carlos Casares, XavierAlcalá, Alfredo Conde, Fran Alonso, Xosé R. Pena, Úrsula Heinze, Suso de Toro, Bieito Iglesias e Luis G. Tosar.

Referencias varias:

- Elva Otero, “Lendas artúricas”, *O Correo Galego*, “AFA”, 8 abril 1999, p. 39.

Dá conta da entrega dos premios do Pen Clube Galicia a José Mari Lekuona, António Lobo Antunes, Miquel de Palol e Vázquez Montalbán. No mesmo artigo, recóllense as impresións dalgúns dos premiados ó recibiren o galardón, así como as palabras de Carlos Casares presidente desta Asociación de Escritores nas que lamenta a morte de Torrente Ballester.

IIIº Concurso Literario **“RU Jimena e Elisa Fernández de la Vega”**

Baixo o encabezamento de “En maio un relato curto ou poesía”, a RU Jimena e Elisa Fernández de la Vega, pertencente ó Servicio Universitario de Residencias (SUR) da Universidade de Santiago de Compostela, convoca este concurso dende 1996. Nel poden participar tódolos residentes do citado centro e conta cunha modalidade de relato curto e poesía. Na modalidade de relato curto, os traballos terán unha extensión de entre 4 a 12 folios a dobre espacio por unha soa cara, mentres que na de poesía, a extensión máxima é de 150 versos. Os traballos deben ser inéditos, en galego ou castelán, e o seu tema libre. Cada residente só pode participar cunha obra en cada unha das modalidades e deben entregarse tres copias nun sobre pechado, facendo constar no mesmo “IIIº Certame Literario RU Jimena e Elisa Fernández de La Vega” e a modalidade na que participa. Tamén se deben presentar baixo pseudónimo ou lema, entregándose nun sobre á parte os seguintes datos do autor: nome, número de habitación e pavillón. Poden deixarse na Dirección da residencia universitaria ou na súa biblioteca, dentro do horario que esta ten establecido. Os premios consisten nun lote de libros valorado en 15.000 ptas. para o gañador de cada categoría. En 1999, o gañador de relato curto foi Daniel Saavedra Toral e en poesía, Enrique Torres Fernández. O xurado estivo composto por Eulalia Agrelo Costas e Fernando Torres Agras, ente outros.

Premio de Poesía, Relato Curto, Teatro, Traducción e Investigación da **“Universidade de Vigo”**

Convocado pola Universidade de Vigo co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística para tódolos alumnos desta institución. Os orixinais, escritos en galego normativo e inéditos, deben presentarse no rexistro da Universidade de Vigo, titulados, mecanografados e por cuadruplicado, xunto cun sobre pechado cos datos do autor, antes do 20 de abril. A extensión para a modalidade de poesía será de entre 100 e 150 versos, para o de relato de 8 a 12 folios, para teatro 20 e para tradución entre 8 e 20. A contía dos premios é de 30.000 ptas. para cada unha das modalidades. Os traballos serán publicados pola Universidade de Vigo. O nome dos gañadores coñeceuse a mediados de maio e por modalidade os premiados e xurados foros os seguintes.

Poesía: o primeiro premio foi para José Luís Álvarez Pérez, por “A vella coñecida historia do mariñeiro cunha soa perna e os seus soños con baleas”; o primeiro accésit, para Pilar Fernández Iglesias pola poesía presentada baixo o lema “Movemento sísmico”; e o segundo, para Lucía Novas Garrido pola poesía co lema “Fitas de cores, papel dourado, desexos…”. O xurado estivo formado por Xosé Manuel Cid Fernández, que actuou como presidente en representación do Rector da Universidade de Vigo, Manuel Bragado Rodríguez, Xosé Sánchez Puga, Benigno Fernández Salgado, Antonio García Teijeiro, Xosé Henrique Costas González e Xosé María Pin Millares, que foi o secretario. Relato Curto: o primeiro premio foi para Pablo Vázquez Pereira polo relato co lema “Pensión de Madrugada”; o primeiro accésit para Pilar Fernández Iglesias polo relato “O derradeiro sorriso da Gioconda”; e o segundo, para María Goreti Fariña Caamaño polo relato con lema “Catarina, a obra”. O xurado foi o mesmo có da modalidade de poesía.

Teatro: o primeiro premio foi para a obra *A doncela cerva*, de Rita Paredes Cayo e Fernando Pazó Fernández; e o primeiro accésit para Gonzalo José Iglesias Iglesias por *O destino de Breogán*. O xurado estivo conformado por Xosé Manuel Cid Fernández, que actuou como presidente en representación do Rector da Universidade de Vigo, Manuel Bragado Rodríguez, Xosé Sánchez Puga, María Teresa Caneda Cabrera, Manuel Vieites García e Xosé María Pin Millares, que foi o secretario.

Traducción: o primeiro premio foi para Iolanda Rivero Fonterosa por *O demo estaba quente*; o primeiro accésit, para Jana Vavrinova polo traballo presentado co lema "Un crime nunha casa labrega"; e o segundo para Juan Carlos Vázquez Freire por *O xigante solitario*. O xurado estivo composto por Xosé Manuel Cid Fernández, que actuou como presidente en representación do Rector da Universidade de Vigo, Manuel Bragado Rodríguez, Xosé Sánchez Puga, Luís Domínguez Castro e Xosé María Pin Millares, que foi o secretario.

Referencias varias:

- E. P., "Entrega dos premios 'Blanco Torres' do Campus vigués en Lobios"/"A universidade de Vigo falla os premios Roberto Blanco Torres, que se entregarán mañá na vila de Lobios", *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 19 abril 1999, p. 30/p. 74.

Informa do dictame pronunciado pola Universidade de Vigo referido ós premios de Relato Curto, Poesía, Teatro e Traducción. Sinala o nome dos premiados, dos que levaron os accésits así como do título de candansúa composición.

-D. P., “La universidad falló los premios de Relato Corto, Poesía y Teatro”, *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1999, p. 12. Dá conta do dictame do xurado dos premios de Relato Curto, gañado por Pablo Vázquez Pereira con“Pensión de madrugada”; Poesía, gañado por Xosé Luís Álvarez Pérez co poema “A vella coñecida historia”; e Teatro, que levaron Rita Paredes Cayo e Fernando Pazó Fernández, con *A doncela cerva*.

- D. P. “La Universidad de Vigo entrega hoy los premios das Letras Galegas 1999*”, Diario de Pontevedra*, 20 xuño 1999, p. 9.

Anuncia a entrega de premios para o 20 de xuño ó tempo que cita os nomes e os centros universitarios dos galardoados en cada unha das categorías.

X. Premios

X. 6. Premios a unha vida

XVº Premio “Celanova. Casa dos Poetas”

Creouse en 1985 por parte do Padroado Curros Enríquez e patrocínao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano a unha persoa ou entidade que, ó longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en tódalas súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten ningunha dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que repoduce por unha face a casa de Curros Enríquez, e pola outra cinco “C” concéntricas que simbolizan a letra pola que comenzan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. Cabe destacar que o nome de Castor refírese a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso, identifica, a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un estracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e firmará no libro de honra do premio. A concesión farase pública o 7 de marzo, coincidindo co cabodano de Manuel Curros Enríquez e entregarase nun acto que terá lugar en Celanova o 31 de agosto, coincidindo neste caso, coa data do falecemento de Celso Emilio Ferreiro. Tentado unir, así, as datas finais das dúas figuras máis salientables das letras de Celanova. O xurado estará composto exclusivamente pola Xunta directiva do Padroado Curros Enríquez, que preside o alcalde, en calidade de presidente de feito do Patronato e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientable no seu seo a do escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. En 1999 resultou galardoado José Ángel Valente. O xurado tomou esta decisión “pola súa inmensa aportación á literatura” e “pola súa vinculación con Galicia”.

Referencias varias:

- A. Mínguez, “Ángel Valente, ganador del XV premio “Celanova, casa dos poetas”, *Faro de Vigo*, 8 marzo 1999, p. 15.

Faise eco da concesión da XVª edición do premio a José Ángel Valente pola súa “inmensa aportación literaria”, en palabras do secretario do Padroado Curros Enríquez, Xosé Manuel del Caño. A seguir, indica as motivacións do premio, que coincide co 91º aniversario da morte de Curros, e o feito de que é a primeira vez que Valente recibe un premio galego entre outros moi meritorios. Así mesmo, informa sobre a remodelación á que vai ser sometida a casa de Curros Enríquez e lembra algúns dos nomes dos premiados en anos anteriores. Para acabar, inclúe unha biobibliografía do poeta.

- Antonio Piñeiro, “Celanova da a Valente o “Casa dos Poetas”, *La Región*, 8 marzo 1999, p. 7.

Sinala que o xurado valorou en Valente a pegada do galego que latexa na súa mestizaxe literaria e cosmopolita e que se plasma na serie poética *Cantigas do alén* (1998). Anuncia tamén que a entrega será o día 31 de agosto, cando se conmemora o pasamento de Celso Emilio, e que a Biblioteca de Celanova se dotará de toda a obra de Valente e dos premiados con anterioridade. Finalmente, enumera os premios recibidos pola súa obra en castelán: Premio Reina Sofía, Medalla Oficial das Artes e das Letras de Francia, Príncipe de Asturias das Letras, Adonais de poesía, Premio Nacional de Literatura e Premio da Fundación Pablo Iglesias.

- Maite Rodríguez, “Valente obtiene el premio “Casa dos Poetas” por su vinculación con Galicia”, *La Voz de Galicia*, 8 marzo 1999, p. 56.Explica que o Padroado valorou en José Ángel Valente a súa relación con Galicia a pesar de escribi-la maioría da súa obra en castelán. Logo de apuntar diversos aspectos do premio e edicións pasadas, define a

Valente como un autor non adscrito a ningunha tendencia literaria e cita as súas obras en castelán *Poemas a Lázaro* (1960), *Tres lecciones de tinieblas* (1980) e *No amanece el cantor* (1992).

-Rodri García, “Este premio es importantísimo: supone que me aceptan como escritor gallego”, *La Voz de Galicia*, 10 marzo 1999, p. 37.

Entrevista con José Ángel Valente con motivo da concesión deste premio, que o entrevistado cre importante, pois pensa que supón a súa aceptación como escritor galego, porque segue escribindo en galego, non “como Cela o Torrente”. Tamén declara que afirmacións como esta non lle causan problema ningún pois non quere entrar na Academia española xa que non serve “para nada”. Seguidamente, o poeta debuxa un percorrido pola súa obra en galego, lingua coa que se reencontrou cos emigrantes en Xenebra, e sinala que *Cantigas de alén* (1989) coincide coa madurez da súa escrita.

-Manuel Veiga, “Valente, orgulloso de que lle chamen galego”, *A Nosa Terra*, nº 874, “Guieiro Cultural”, 18 marzo 1999, p. 40.

Con motivo da entrega do premio, fai unha semblanza biográfica de Valente na que destaca a súa formación adolescente na biblioteca de Basilio Álvarez e unha continua peregrinaxe polo exilio: Universidade de Oxford, Nacións Unidas en Xenebra, Organización Mundial da Saúde, etc. Salienta, especialmente, a súa obra comprometida e a súa decidida militancia de esquerdas e antifranquista, que lle valeu un proceso militar en ausencia, e unha infancia aldeá onde tomou contacto co idioma, se ben non publicou en galego ata 1981: *Sete cantigas do alén*, un libro que coñecería edicións posteriores con poemas novos e que nace “da sua memória real desa Galiza”. Para concluír, refírese á faceta ensaística de Valente cristalizada en *Las palabras de la tribu,* que reflicte unha reflexión sobre a linguaxe literaria que tamén se plasma nas súas

obras e que influíron en poetas como Víctor Vaqueiro, en *A fraga prateada* (1983), ou Xosé María Álvarez Cáccamo, en *Calendario perpetuo* (1997).

pAGN, “José Angel Valente recibirá el día 31 el premio Casa dos Poetas”, *El Ideal Gallego*, 21 agosto 1999,

Alude ós actos que se desenvolverán o 31 de agosto co gallo da entrega da XVª edición do premio, que contará cunha ofrenda floral a Celso Emilio Ferreiro, da man de Xosé Carlos Caneiro, e coa presencia do biógrafo de Valente, Claudio Rodríguez Fer.

- David Otero, “Celanova”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 29 agosto 1999, p. 3.

Parafraseando versos de Manuel Rivas e X. L. Méndez Ferrín, reclama a voz dos poetas por seren voces de compromiso e consciencia crítica á que se lle debe a afirmación da identidade galega. Por iso, á entrega do Premio “Celanova. Casa dos Poetas” acudirá a memoria de Otero Pedrayo, Xocas, Ferro Couselo, Pepe Velo, Carlos Velo, Bieito Fernández ou Blanco Torres e a presencia física de Méndez Ferrín ou Xosé Carlos Caneiro no seu papel de mantedor do acto.

- AGN, “El poeta ourensano Valente recibe el premio Celanova”, *Atlántico Diario*, 1 setembro 1999, p. 42.

Breve nota na que informa do acto de entrega do premio e comenta a ausencia do galardoado, polo que foi a súa irmá a encargada de recolle-lo premio. Comenta tamén que o acto tivo lugar no cemiterio de San Verísimo onde se lembrou o vinte aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro.

- A. Mínguez, “Celanova premia la obra en gallego de Valente”, *Faro de Vigo*, 1 setembro 1999, p. 41.

Crónica do acto de entrega en Celanova da presente edición do premio, no que estiveron presentes diversos intelectuais da cultura galega e no que se destacou a calidade literaria e a relación omnipresente de Valente con Galicia a pesar da distancia. Inclúe, ademais, unha breve biografía do escritor e alude á entrega do galardón, que hai dez anos se lle concedeu a Xosé Neira Vilas e que, nesta ocasión coma aquela, non puido recoller en persoa. Por último, alude á ofrenda floral que se lle fixo a Celso Emilio no vixésimo cabodano da súa morte. A este respecto, X. L. Méndez Ferrín recreou a paisaxe e os referentes poéticos de Celanova e X.
C. Caneiro, gañador do Premio Celso Emilio hai 10 anos, declarou necesaria a voz do poeta celanovés nesta fin de século.

- Ruth Sousa, “La hermana de Valente recoge el XV Premio Celanova Casa dos Poetas”, *El Mundo. Galicia*, 1 setembro 1999, p. 9.

Indica que a medalla do Premio “Celanova. Casa dos Poetas” foi recollida pola irmá de José Ángel Valente debido ós problemas de saúde do poeta. Recolle, asemade, as palabras de Xosé Carlos Caneiro, que no seu discurso cualificou ó galardoado como un dos grandes poetas do século e se refiriu a certa parte da crítica que banaliza a poesía e que suplanta a verdadeira arte poética pola chamada poesía da experiencia.

- V. M., “Celanova lembrou a memoria de Celso Emilio Ferreiro”, *La Voz de Galicia*, 1 setembro 1999, p. 29.

No marco da entrega do premio, destaca a intervención de Xosé Luís Méndez Ferrín en homenaxe a Celso Emilio Ferreiro e a lectura dunha carta inédita deste último remitida a Luís Soto en 1969, na que o informa das dificultades que atopaba para organiza-la Unión do Pobo Galego. Así mesmo, reflicte as palabras de

Xosé Carlos Caneiro e Xesús Alonso Montero, tanto sobre a obra poética coma prosística e crítica de José Ángel Valente.

Premios de **"*El Correo Gallego*/*O Correo Galego*": "Galego do ano", "Galegos do mes"**

Os premios "*El Correo Gallego*/*O Correo Galego*" foron creados no ano 1990 coa finalidade de homenaxear a distintas institucións e personalidades destacadas do mundo da cultura, da política, da empresa, da banca e de diversos colectivos a nivel social. Os galardóns consisten en 1.000.000 de ptas. e unha placa de ouro, prata, acibeche e marfil para o "Galego do Ano", que escolle un xurado nomeado polo xornal, e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co "Galego do Mes", que escolle a mesa de redacción. Na edición de 1999, non se lle condeceron estes galardóns a ningunha persoa relacionada coa literatura galega.

VIIIº Premios **“Irmandade do Libro”**

Creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor do mundo do libro galego realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 250.000 ptas. só na modalidade destinada á promoción da lectura e, en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. As editoriais Galaxia, Xerais e Sotelo Blanco e os escritores Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña e Xesús Alonso Montero obtiveron este galardón en edicións anteriores. Resultaron premiados no ano 1999, na modalidade de autor, Manuel Rivas; na modalidade de medios de comunicación, a revista *Grial*; na modalidade de institucións, a Biblioteca da Fundación Fermín Penzol; e na modalidade de libreiros, a Librería Vilafer de Cangas. O xurado estivo presidido por José Manuel Alonso Martínez e integrado por Xohana Torres, Diego Bernal, Avelino Pousa Antelo, Antón Santamarina Fernández, Damián Villalaín, Gabriel Quiroga Barros, Martín Gómez González, Carlos Arias Iglesias e Carlos Sampedro Armental.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Librería Casalderrey’ finalista del premio ‘Irmandade do Libro”, *Diario de Pontevedra*, 23 febreiro 1999, p. 14.

Informa da elección da Librería Casalderrey como finalista do Premio “Irmandade do Libro”, que organiza a Federación de Libreiros de Galicia. Anuncia que a resolución definitiva terá lugar o día 27 de febreiro no Hostal dos Reis Católicos e cita os nomes dos membros que compoñen o xurado deste ano. Finalmente, salienta a actividade constante da Librería Casalderrey no mundo da cultura .

-Lois Fernández, “Los libreros entregan sus premios”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 26 febreiro 1999, p. 50.

Tras indica-lo número de persoas que compoñen o xurado dos VIIIos Premios “Irmandade do Libro” da Federación de Libreiros de Galicia, faise a relación dos nominados nas modalidades de colexios, institucións, medios de comunicación e de libreiros. Saliéntase que o premio na modalidade de autor xa fora resolto oito días antes, recaendo no escritor Manuel Rivas.

-AGN, “Manuel Rivas y la revista “*Grial*” ganan los premios Irmandade do Libro”, *El Ideal Gallego*, 28 febreiro 1999, p. 17. Aproximación ós gañadores dos Premios “Irmandade do Libro” nas categorías de autor, medios, institucións, libreiros e colexios. Saliéntase o aumento do índice de lectura en Galicia con respecto a hai uns anos, así como a maior presencia do galego na sociedade.

- David Otero, “Unha noite de fermosura”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 28 febreiro 1999, p. 3.

A convocatoria de premios feita pola Federación de Libreiros de Galicia serve para que David Otero faga unha apoloxía do libro como “obxecto fermoso de lectura” ou como instrumentos que “nos orientan a afirmar identidade, a escoller un lugar ó lume noso, a atopar solucións e significados”.

Vº Premio Literario **“Letra E”**

Creado en 1995 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pretende recoñece-la traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema “O escritor na súa terra”. Non ten dotación económica. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ó escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a asociación convocante fanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ó galardoado. Ó mesmo tempo, entrégaselle unha esculturafeita en madeira por Manuel Coia coa letra “E”, de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. En edicións anteriores, concedéuselle a Antón Avilés de Taramancos, Manuel María e María Xosé Queizán. Este ano entregóuselle a Xosé Neira Vilas.

Referencias varias:

- David Otero, “Xosé Balbino Neira Vilas”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 12 setembro 1999, p. 3.

Despois de facer alusión a entrega do IVº Premio Xornalístico “Manuel Reimóndez Portela” a Francisco Castro, refírese á homenaxe rendida ó escritor Xosé Neira Vilas e fai un breve resumo dos actos previstos para o día de dita homenaxe. A continuación, loa o labor cultural e de indentidade realizado polo escritor de Gres ó lado da súa muller Anisia Miranda. Destaca que gracias a eles os galegos conseguimos ser herdeiros da “representatividade dos seus esforzos para mellor así comprendérmo-las claves do noso pobo e as da nosa nación galega”. Despois detense na importancia da aldea de Gres como lugar “primoroso e orixinario” no que existe “o sabor da responsabilidade de construcción”. Finalmente, felicita a Xosé Balbino e a Anisia

por este merecido premio que, segundo David Otero, faranos muda-las desesperanzas por ilusións e iso “a de darnos para deixarmos de ser meros fillos da pobreza”.

-E. N., “Un ‘E’ para Neira Vilas”/“A Asociación de Escritores homenaxea o sábado en Gres a Xosé Neira Vilas”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 14 setembro 1999, p. 31/p. 76.

Anuncia os actos de homenaxe organizados pola AELG na terra natal do escritor, Vila de Cruces, a entrega da letra “E” e o descubrimento da placa que lle dá o seu nome a unha rúa da vila. A seguir, recolle as declaracións da asociación que decidiu outorgarlle o premio baseándose na súa fidelidade á lingua propia de Galicia e “polo seu compromiso como escritor coa causa da xustiza social e pola súa incansable actividade a prol da cultura e das letras en Galicia, Arxentina e Cuba”.

-Manuel Vidal Villaverde, “Aqueles anos de Xosé Neira Vilas”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 14 setembro 1999, p. 24.

Comeza parafraseando o título dunha das obras de Neira Vilas, *Aqueles anos de Moncho*, para referirse á entrega do premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega na vila natal do escritor, Vila de Cruces. Con motivo deste premio, Vidal Villaverde anticipa o que vai se-lo día da homenaxe, “cando as campás de Bastavales anuncien o mediodía”. A seguir, recolle algúns fragmentos da obra de Neira Vilas co que fai a súa persoal homenaxe ó escritor lembrando “os anos de resistencia e melancolía” da emigración dos que tanto escribiu Neira. Finalmente, fai alusión á presencia de moitos escritores que se suman ó acto como Uxío Novoneyra, M. A. Fernán-Vello, Luz Pozo Garza, Anxo Angueira ou el mesmo, que estarán alí “erguendo a bandeira da solidariedade, na mañá limpa e aberta de Vila de Cruces”.

- M. A. Fernán Vello, “Xosé Neira Vilas”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 16 setembro 1999, p. 4.

Informa da homenaxe dedicada a Xosé Neira Vilas e comenta os motivos que levaron á AELG, en calidade de órgano superior de representación dos escritores galegos, a outorgarlle o premio a este escritor. Considera que a AELG coa súa decisión está facendo un acto de “xustiza poética”, cun autor literario que é “un referente fundamental para milleiros de lectores”. A seguir, fai un percorrido pola súa biografía, centrándose na súa condición de emigrante e o seu labor galeguista, primeiro na Arxentina e máis tarde en Cuba. Salienta o recoñecemento por parte da AELG da fidelidade de Neira Vilas coa lingua galega e o seu labor a prol da cultura e das letras en Galicia, Arxentina e Cuba. Remata agradecendo a súa contribución á investigación como salvagarda da memoria histórica da emigración galega a América.

-Marcos Valcárcel, “A merecida homenaxe a Balbino”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 17 setembro 1999, p. 3.

Gaba a decisión da AELG de outorgarlle o premio a Neira Vilas, pois considérao como unha figura representativa de unión entre os galegos e galegas que “un día se emocionaron coas historias de Balbino”. Destaca o feito de que os seus libros foran lecturas básicas na formación de varias xeracións de galegos e incide no seu labor como narrador, poeta, traductor e escritor de literatura infantil. A seguir, salienta o seu papel cultural e social na comunidade emigrante de Arxentina e Cuba e o seu labor como investigador en obras como *Galegos no Golfo de México, Remuíño de sombras* ou *Castelao en Cuba.* Finalmente, alude á súa serie *Memoria da emigración* e refírese a ela como un labor impagable de recuperación “da nosa memoria histórica”.

- Montse García, “Homenaxe a Xosé Neira Vilas pola súa traxectoria literaria en galego”, *La Voz de Galicia*, 19 setembro 1999, p. 90.

Alude á homenaxe feita pola Asociación de Escritores en Lingua Galega ó escritor Xosé Neira Vilas. Recolle a opinión do coordinador da AELG, Miguel Anxo Fernán Vello, quen explicou que a decisión de outorgarlle o premio este ano a Neira Vilas foi un acto "de xustiza poética e por ser un referente literario para milleiros de lectores en todo o mundo". A seguir, comenta outros actos realizados na súa vila para renderlle homenaxe como o descubrimento dun monolito na súa honra e cita algúns dos asistentes ó acto entre eles X. L. Méndez Ferrín, Carlos Mella, Darío Xohán Cabana ou Manuel María. Finalmente, comenta que o concello quixo sumarse á homenaxe concedéndolle a unha rúa o seu nome.

-Suso Souto, "La "plana mayor" de la literatura gallega rindió homenaje a Xosé Neira Vilas", *El Correo Gallego*, 19 setembro 1999, p. 43.

Refírese ós actos de homenaxe celebrados en Gres e en Vila de Cruces. Comenta que os primeiros actos tiveron lugar en Gres e que consistiron no descubrimento dun monolito e a plantación dun érbedo do propio Neira Vilas. Sinala tamén que os invitados se trasladaron a Vila de Cruces, onde o escritor Carlos Mella fixo entrega da escultura ó homenaxeado.

- Aser Vilar, "A homenaxe merecida a Balbino, un neno de aldea", *La Región*, 21 setembro 1999, p. 48.

Fai unha síntese dos actos de homenaxe dedicados a Xosé Neira Vilas. Comeza facendo un breve percorrido pola súa bibliografía e, a seguir, comenta que os actos se iniciaron en Gres onde se inaugurou un monolito cuns versos do escritor dedicados á súa terra natal. A continuación, sinala que a homenaxe continuou en Vila de Cruces, onde se levou a cabo o acto oficial. Tamén se refire á intervención de Miguel Anxo Fernán Vello, quen enumerou os méritos que fixeron a Neira Vilas merecedor do premio. Así mesmo, alude ó agradecemento do escritor que fixo unha semblanza dos tempos de Balbino, lembrando a marcha dos galegos a América e a imposición da súa mestra do uso do castelán. Finalmente, dá conta da intervención dalgúns escritores galegos como X. L. Méndez Ferrín, quen salientou o significado da obra do escritor, e cita

os nomes dos asistentes ó acto como Xesús Alonso Montero, Luz Pozo Garza, Francisco Xosé Fernández Naval, etc.

-A. Eiré, “Balbino segue na aldea pero xa non é un ninguén”, *A Nosa Terra,* nº 901, “Guieiro Cultural”, 23 setembro 1999, p. 25.

Informa do acto de homenaxe rendido pola Asociación de Escritores en Lingua Galega a Xosé Neira Vilas. Comeza salientando que o “E” entregado ó escritor non só era o “E” de escritor, senón tamén o “E” de emigrante, e que non constitúe o peche dun ciclo senón “un empuxón para o futuro”. A seguir, refírese a Balbino como o home que representou a emigración en Galicia e que volve despois de corenta anos, aínda que segundo confesou o propio homenaxeado só volveu o seu corpo porque a súa alma nunca chegou a marchar da súa terra. Salienta a súa autenticidade como escritor, que o levou a escribir en lingua galega, pois “o máis auténtico para un galego é a súa lingua”. Despois fai alusión ó seu discurso no que denunciou a explotación e o dominio sobre os homes e os pobos. Finalmente, ofrece unha crónica do acto, do que salienta que non só se recoñece a súa traxectoria artística senón o feito de ser “un paradigma de galeguismo e galeguidade”, critica a ausencia dalgunhas institucións que non quixeron sumarse á homenaxe como a RAG ou o Consello da Cultura Galega e destaca a presencia de gran parte do mundo literario e cultural galego, como Bernardino Graña, María Xosé Queizán ou Manuel María.

-G. M., “Homenaxe al escritor Xosé Neira Vilas na súa Vila de Cruces natal”, *Galicia en el Mundo*, nº 339, 27 setembro-3 outubro 1999, p. 24.

Faise referencia á homenaxe feita pola AELG en Vila de Cruces e recóllense os motivos polos que a asociación decidiu homenaxea-lo autor: a súa fidelidade coa lingua de Galicia, o seu compromiso como escritor e persoa coa causa da xustiza social e o seu labor a favor da cultura e das letras en Galicia, Arxentina e Cuba, así como o de ensaísta e investigador da memoria histórica da emigración galega a

América. Finalmente, comenta que o concello da súa vila natal, Vila de Cruces, púxolle a unha rúa o nome do escritor.

Vº Premio das **“Letras e das Artes de Galicia”**

Convocado e promovido pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia. Conta cunha dotación de 5.000.000 de ptas. para o primeiro premio e de 1.000.000 para os dous accésits que se poden conceder. Pretende “recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela”. Este galardón substitúe ós premios “Xunta de Galicia de Creación Cultural”, “Carlos Velo”, de guións de cine, “Ramón Cabanillas”, de traducción ó galego e “Álvaro Cunqueiro”, de Teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante un escrito dirixido ó Conselleiro de Cultura, antes do 15 de marzo. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio. O xurado convocará ós cinco finalistas seleccionados. En 1999, nun acto celebrado no Hostal dos Reis Católicos, concedéuselle este premio a Luís Tobío Fernández. O xurado estivo formado por Domingo García-Sabell, Ramón Castromil Ventureira, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Luis Iglesias Feijoo, Xosé Manuel Cid Fernández, Julio A. Fernández Argüelle, Alfonso Bara Lozano, Agustín Sixto Seco, Eduardo Pardo de Guevara e Homero Pérez Quintana.

Referencias varias:

- M. M. Vidal, “Tobío dedica su premio a las Letras a los expulsados y abatidos en la Guerra Civil”, *El Ideal Gallego*, 18 maio 1999, p. 14. Céntrase no discurso elaborado por Tobío para a noite de entrega deste premio. Destácase deste discurso a confianza do escritor de Viveiro no destino, a importancia que lle outorga ó século XX e a crenza na vitalidade

da cultura galega. Dáse conta, ademais, dos seus traballos de traductor, da súa carreira como avogado e da súa actividade de militante nacionalista.

- Nacho Mirás Fole, “Tobío lembra na concesión do Premio das Artes “ós expulsados e ós abatidos”, *La Voz de Galicia*, 18 maio 1999, p. 34.

Dáse conta das palabras que Luís Martull, sobriño de Tobío, pronunciou en nome do seu tío na entrega deste premio. Destaca as verbas lúcidas e firmes de Tobío en relación ós tempos da Guerra, do Seminario de Estudos Galegos, etc. Recóllese nun pequeno apartado o labor profesional de Tobío e, nunha longa columna, as palabras de Manuel Fraga ó presenta-lo premiado.

-Froilán Varela, “O exilio foi unha catástrofe humana e un estímulo para a cultura galega”, *El Progreso*, 19 maio 1999, p. 72.

Nesta entrevista a Lois Tobío, Froilán Varela acomete a época do Seminario de Estudos Galegos, a actualidade da cultura galega e a da vila de Viveiro, sempre dende a perspectiva do intelectual viveirense.

-Xan Carballa, “Lois Tobio, prémio á fidelidade ao país”, *A Nosa Terra*, nº 883, “Guieiro Cultural”, 20 maio 1999, p. 35.

Repasa a obra de Lois Tobío, a súa actividade antes do ano 36 e a do exilio. Recoñece que Tobío é unha figura valorada serodiamente, mesmo polo nacionalismo. Achega tamén o discurso redactado polo intelectual viveirense para ser lido na entrega do Premio das “Artes e das Letras de Galicia”.

- Lois Tobío, “Sinal de Fidelidade”, *Galicien Magazin*, “Schwerpunktthemen”, nº 8, novembro 1999, pp. 44-45.

Reprodúcese o texto de agradecemento escrito por Lois Tobío para o acto de entrega do Premio das “Letras e das Artes” de Galicia 1999, que foi lido polo seu sobriño no acto de entrega do galardón.

Medallas de Galicia e Castelao

Galardóns concedidos pola Xunta de Galicia dende o ano 1984 para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron pola súa traxectoria vinculada coa identidade de Galicia. Concédense unha medalla de ouro, dezaseis de prata, quince de bronce e dez Medallas Castelao. Nos apartados que concernen a este *Informe de Literatura* foron galardoados no 1999, Albino Mallo Álvarez coa medalla de bronce e Carlos García Bayón cunha das oito medallas Castelao.

Referencias varias:

- Aníbal C. Malvar, “Tras los versos de Perales”, *El Mundo*. *Galicia*, “Zoom”, 25 xullo 1999, p. 4.

Con motivo da entrega das Medallas de Ouro de Galicia, fai unha invectiva contra aqueles que ó escribiren “observan en el cielo gaviotas del PP, trailalá, porque es el PP quién está en el poder” e pon como exemplo un libro dedicado a José Luis Perales.

Premio **“Otero Pedrayo”**

Foi creado polas Deputacións galegas en 1976 para “perpetuar e honra-la memoria do egrexio home de letras; premiar un labor que constitúa unha aportación eminente á cultura galega; promociona-los valores propios de Galicia e as obras que leven ó esclarecemento e mellora dos seus homes e institucións”. Poderán optar ó premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ó Presidente da Deputación convocante no prazo de tres meses a partir da convocatoria. O premio está dotado co 2.000.000 de ptas. O xurado estivo presidido polo Vicepresidente da Deputación de Lugo, Enrique Fernández, e integrado por Homero José María Pérez Quintana, Xosé Manuel Fernández Rodríguez, José Luis Valladares Fernández, Xavier Senín Fernández, Alfonso Baza Lozano, Xosé Manuel Cid Fernández, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Julio Francisco Ogando Vázquez, José Carlos Valle Pérez, Felipe Senén López Gómez e Juan Soto Gutiérrez. Este fíxo público o seu dictame o día 18 de setembro. Nesta edición, concedéuselle o premio ós poetas Manuel María e Uxío Novoneyra, que integraban unha candidatura conxunta presentada por diversas asociacións.

Referencias varias:

- Manuel López Foxo, “Pola entrega do prémio ‘Otero Pedrayo’ aos poetas Manuel María e Uxío Novoneyra”, *A Nosa Terra*, nº 876, 31 marzo 1999, p. 8.

Reclama maior xustiza para a concesión dos Premios “Otero Pedrayo” por estaren patrocinados polas catro Deputacións galegas. Di que un dos merecedores deste premio sería Xosé Manuel Beiras, algo que sería “moito soñar”. De seguido, céntrase na valía de Uxío Novoneyra e de Manuel María para recibir estes premios dende hai moito tempo.

- R. C. G., “Uxío Novoneyra y Manuel María, Premio Otero Pedrayo 1999”, *Diario de Pontevedra*, 19 outubro 1999, p. 77.

Informa da composición do xurado do Premio “Otero Pedrayo” 1999, que decidiu concederlle este galardón a Manuel María e Uxío Novoneyra. Asemade, recolle palabras de Manuel María nas que se mostra moi satisfeito porque lle concederan o premio.

- Miguel Anxo Fernán Vello, “Manuel e Uxío”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 21 outubro 1999, p. 3.

Tras lamentar que os premios institucionais padezan de certa “cegueira”, cita como exemplo a ausencia de Uxío Novoneyra do Pedrón de Ouro. A seguir, céntrase na louvanza de Manuel María e Uxío Novoneyra e pregúntase retoricamente por qué non foran coroados antes.

-Jesús Fraga, “A memoria de Novoneyra presidiu a entrega en Lugo do Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, 15 decembro 1999, p. 91.

Refírese á entrega do Premio “Otero Pedrayo” que este ano recaeu en Manuel María e en Uxío Novoneyra. Tamén reflicte a alegría que o primeiro destes poetas sente por recibir un premio desta categoría co seu grande amigo, recentemente finado, Uxío Novoneyra.
- Miguel Olarte, “O recordo de Novoneyra marcou a entrega do Premio Otero Pedrayo”, *El Progreso*, 15 decembro 1999, p. 75.

Refírese ó acto de entrega do Premio “Otero Pedrayo” concedido polas Deputacións galegas a Manuel María e a Uxío Novoneyra. Recolle palabras de Manuel María, onde se mostra emocionado por recibir un premio que leva o nome dun seu “mestre” e comparte cun amigo. De seguido, dise que as autoridades presentes louvaron grandemente os poetas loureados.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro” a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia e o “Pedrón de Honra” a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No 1999, o “Pedrón de Ouro” recaeu en Bernardino Graña, mentres que o “Pedrón de Honra” foille concedido a Xosé Estévez Rodríguez, “por manter viva en Euskadi a presencia de Galicia non só entre os emigrantes senón tamén entre o pobo vasco”. Os premios foron entregados o día 23 de maio na Casa-Museo de Rosalía de Castro.

Referencias varias:

- C. P., “O escritor Bernardino Graña, distinguido co Pedrón de Ouro”, *La Voz de Galicia*, 7 abril 1999, p. 37.

Informa da concesión dos premios “Pedrón de Ouro” e “Pedrón de Honra” a Bernardino Graña e Xosé Estévez, respectivamente. Así mesmo, lembra os argumentos dos que se valeu o xurado para concedérllelos galardóns: no caso do primeiro, pola súa obra literaria e polo compromiso co país; e no segundo, por ser un referente en Euskadi da cultura galega.

-D. Janeiro, “Unha voz na escuridade”/“Bernardino Graña, Pedrón de Ouro, defende un nacionalismo da convivencia”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 7 abril 1999, p. 31/p. 73. Recolle parte das palabras de Bernardino Graña lidas no acto de entrega do “Pedrón de Ouro” 1999 co que foi galardoado. A través delas, manifesta unha defensa do nacionalismo, da lingua galega, dos seus lectores, da valía da literatura infantil feita en Galicia e da convivencia entre poetas novos e vellos.

-Paula Pérez, “Bernardino Graña y Xosé Estévez, premios Pedrón de Ouro y Pedrón de Honra 1999”, *Faro de Vigo*, 7 abril 1999, p. 49.

Alude á concesión do “Pedrón de Ouro” e “Pedrón de Honra” do ano 1999 ó escritor Benardino Graña e ó profesor Xosé Estévez, respectivamente. Ademais lembra os méritos polos que lles foron concedidos os galardóns.

- Avelino Abuín de Tembra, “B. Graña, Pedrón de Ouro 99”, *O Correo Galego*, “A Lúa nos beizos”, 11 abril 1999, p. 4.

Fai unha breve panorámica pola biografía de Benardino Graña para destaca-la súa importancia como membro do grupo formado en Madrid, Brais Pinto, pola súa obra e pola súa defensa da liberdade e da identidade nacional galega. Por último, refírese a Xosé Estévez, coma o “embaixador” galego en Euskadi.

- David Otero, “A Bernardino Graña”, *O Correo Galego*, “Pola Banda de Laíño”, 25 abril 1999, p. 3.

Móstrase compracido e elocuente por lle teren concedido a Bernardino Graña o “Pedrón de Ouro” do ano 1999. Considérao axeitado por toda a traxectoria vital e creativa do escritor de Cangas, do que se louva a súa constancia, integridade e valía.

- C. G., “Canto á paz na entrega onte do ‘Pedrón de Ouro”, *O Correo Galego*, 24 maio 1999, p. 22.

Faise eco da entrega dos premios “Pedrón de Ouro” e “Pedrón de Honra” na Casa da Matanza en Padrón ó escritor Bernardino Graña e ó profesor Xosé Estévez, respectivamente. Destaca as palabras de agradecemento de cada un deles.

-Uxía López, “Bernardino Graña e Xosé Estévez recolleron os premios Pedrón deste ano”, *La Voz de Galicia*, 24 maio 1999, p. 57.

Refírese ó acto de entrega dos premios “Pedrón de Ouro” e “Pedrón de Honra”, pola defensa da patria e da súa lingua, a Bernardino Graña e Xosé Estévez, respectivamente. O primeiro deles considérase “guerreiro” que combate coa poesía e coa palabra contra as guerras, mentres que o segundo se mostrou orgulloso da súa orixe galega, xunto coas súas vivencias no País Vasco.

- Xosé María Álvarez Cáccamo, “Discurso a Bernardino”, *A Trabe de Ouro*, nº 39, “Crónica”, Tomo III, Ano X, xullo-agosto-setembro 1999, pp. 413-420.

Esta crónica de X. Mª Álvarez Cáccamo recolle o discurso lido por el mesmo, que actuou como mantedor da festa na que se lle entregou o Pedrón de Ouro a Bernardino Graña e o Pedrón de Honra a Xosé Estévez, o 23 de maio de 1999. Destacou de ámbolos galardoados a sabedoría, a sensibilidade e a capacidade de entrega á súa terra. De Xosé Estévez, dixo que era o auténtico embaixador de Galicia en Euskadi. De Bernardino Graña, destacou as calidades polas que o padroado destes premios o nomeou: fidelidade á nación galega, proxecto ideolóxico ó servicio da nosa literatura e brillo singular como poeta.

XVIIº Premio “**Trasalba”**

Premio creado no 1980 pola Fundación Otero Pedrayo que se outorga tódolos anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemora-lo pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que tódolos anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. O 11 de abril de 1999 reuniuse a Xunta de Goberno da Fundación para tomar postura sobre as persoas nominadas a este galardón e para decidi-lo programa e actos a celebrar na entrega do premio. Foi o gañador Carlos García Martínez polo seu traballo en diversos campos da cultura galega e polo seu labor en favor da consolidación do Museo, do Pobo Galego, do cal é subdirector. Así mesmo, tívose en conta a súa vinculación a Otero Pedrayo. O premio foille entregado nunha cerimonia que tivo lugar no Pazo-Museo de Otero Pedrayo o día 28 de xuño.

Referencias varias:

Alejandro Mínguez, “O subdirector do Museo do Pobo Galego, Premio Trasalba 99”, *Faro de Vigo*, 11 abril 1999, p. 20. Anúnciase a resolución do Premio “Trasalba”, que recaeu nesta edición en Carlos García Martínez polo seu traballo no Museo do Pobo Galego e o seu vínculo persoal con Otero Pedrayo e a súa obra. Así mesmo, informa sobre a entrega do galardón nunha festa literaria que terá lugar o 27 de xuño no Pazo-Museo de Trasalba e lembra a traxectoria do galardoado.

Abuín de Tembra, “O xubileo de Manuel Carlos”, *O Correo Galego*, “A Lúa nos beizos”, 19 abril 1999, p. 3.

Tras recorda-la concesión do premio anterior a Xaime Isla, refírese ó galardoado nesta ocasión, Carlos García Martínez. Salienta deste a súa entrega ó estudio das raíces de Galicia a través da arqueoloxía e da etnografía prehistóricas e dos seus cargos no Colexio Galego de Arquitectos, Instituto Padre Sarmiento, Fundación Pedrón de Ouro e Museo do Pobo Galego. A continuación, aproveita as opinións do xurado e dalgún xornal sobre o premiado para afirmar que hai unha Galicia oficial, "de prerrogativas, privilexios e regalías, deshumanizada e burocrática", que esquece ós seus mellores talentos e outra "cidadá, tolerante, aberta, universal" que vén premia-la dedicación ó país e rematar cunha inxustiza como aconteceu neste caso.

- Avelino Abuín de Tembra, "Os itinerarios de Trasalba", *O Correo Galego*, "A lúa nos beizos", 20 xuño 1999, p. 4.

Con motivo da entrega do Premio "Trasalba", fai unha *laudatio* do gañador da presente edición, o cofundador-director do Museo do Pobo Galego, Carlos García Martínez. Tamén fai un repaso das actividades que se celebrarán ese día e gaba, ademais da Fundación Otero Pedrayo, á Fundación Rosalía de Castro e Fundación Pedrón de Ouro.

- Agustín Sixto Seco, "Indo a Trasalba", *El Correo Gallego*, "Trala porta", 26 xuño 1999, p. 3.

Asegura que os "devotos de don Ramón", que se acheguen á Festa Literaria de Trasalba, atoparán case recuperado o antigo pazo de Otero Pedrayo, que acolleu novos premios como os destinados ó Ensino Medio, da man da Asociación de Amigos de Otero Pedrayo e do profesor López Pereira, ou o "Artesán Distinguido", por parte do Concello de Amoeiro. Para acabar, concorda cun artigo de Abuín de Tembra na necesidade de "embeberse de amor á Terra Nai indo a Trasalba".

Salvador García-Bodaño, “Un merecido Premio Trasalba”, *El Correo Gallego*, “No pasar dos días”, 27 xuño 1999, p. 3. Despois de adianta-lo protocolo da “festa no Pazo de Trasalba”, atopa merecido o premio pois cre que Carlos García Martínez desenvolveu un traballo xeneroso e discreto pola cultura galega, concretamente, “nunha ampla área antroplóxica de coñecemento”, a través dun “rigoroso, científico e moderno concepto da investigación e da museística”, dende o que formou ós equipos cos que traballa. Ademais, considera que se trata dun labor exemplar que ben respondería ó artigo que Otero Pedrayo asinou no nº 142 de *Céltiga* (1930), “A exemplaridade dos poucos”. Finalmente, pensa que García Martínez soubo comunica-lo espírito do Seminario de Estudos Galegos, sobre todo, ó abeiro de Antón Fraguas no Museo do Pobo Galego.

Andrés Tarrío, “Festa da cultura en Trasalba”/“Fernández del Riego entrega a García Martínez o XVII premio Otero Pedrayo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 xuño 1999, p. 31/p. 65.

Refírese á entrega do premio no Pazo-Museo de Trasalba nun acto literario que moderou Francisco Fernández del Riego e no que Marina Cuquejo presentou a reedición de *Ensaios sobre a paisaxe* de Otero Pedrayo. A continuación, recolle a glosa que fixo Manuel Caamaño Suárez do homenaxeado e as declaracións deste que, ademais, presentou o seu libro *Alicerces e devocións*. Para rematar, faise eco do balance de actividades da Fundación Otero Pedrayo que realizou o seu presidente, Agustín Sixto Seco, e nomea a algúns dos numerosos persoeiros da vida política e cultural galega que asistiron.

-Jesús M. García, “García Martínez, sorprendido por ser premiado con el Trasalba 99”, *La Voz de Galicia*, 28 xuño 1999, p. 49.

Crónica da cerimonia de entrega da XVIIª edición do Premio Trasalba, que recolle as palabras do galardoado, que afirmou sentirse emocionado e recoñeceu o premio “á laboura colectiva no Instituto Padre Sarmiento”. Tamén destaca a presentación no acto do libro de Otero Pedrayo *Sereno e grave gozo*, así como *De*

alicerces e devocións, do propio homenaxeado e publicado pola Fundación Otero Pedrayo. Para finalizar, reflicte as declaracións de Fernández del Riego e Díaz Pardo con respecto á traxectoria de Carlos García Martínez.

- Mónica Macía, “Carlos García Martínez recibió emocionado el Premio Trasalba”, *La Región*, 28 xuño 1999, p. 8.

Informa do acto de entrega do premio no que o galardoado lembrou que o proxecto do Museo do Pobo Galego naceu para “conservar as mostras da nosa identidade”. Recordou tamén que a institución fora ben recibida por Otero Pedrayo, como demostra nun artigo de 1976 o que ía se-lo seu primeiro presidente. A pesar de todo, García Martínez pensa que aínda agora “ese soño comeza a ser realidade”. Así mesmo, comenta a presentación de dous novos libros e a presencia de destacadas figuras da cultura.

- Víctor Rodríguez, “El subdirector del Museo do Pobo Galego recibió el Premio Trasalba”, *El Mundo. Galicia*, 28 xuño 1999, p. 9.

Con motivo da concesión do Premio “Trasalba”, reproduce as declaracións de García Martínez nas que expresa sentirse satisfeito por ingresar nesa “especie de confraría de grandes personaxes” xa premiados e se reafirma na aposta por Galicia que supón o Museo. Finalmente, alude á presentación do libro *De alicerces e devocións,* do galardoado, que se centra nas figuras de Bouza Brey, López Cuevillas e Antonio Fraguas, e de *Ensaios sobre a paisaxe*, de Otero Pedrayo.

- Xosé Martínez Couselo, “Un xantar en Trasalba”, *O Correo Galego*, “Altamira 3B”, 29 xuño 1999, p. 2.

Define o galardoado como “un destacado prehistoriador seguidor de Bouza Brey”, aínda que é na museística, co seu labor no Museo do Pobo Galego, onde máis traballou. Tamén cre que o premio que se lle entregou en Trasalba ha ser un máis dos moitos que “ha recoller pola súa entrega a prol da cultura galega”.

-Manuel Vilar, “Carlos García Martínez, un bon e xeneroso”, *A Nosa Terra*, nº 889, 1 xullo 1999, p. 35.

Aproximación á figura de Carlos García Martínez a raíz deste premio, que principia nunha universidade “deserta e seca no medio dun país húmido” ó pertencer a unha xeración nacida nos “anos escuros”. Foi esta a xeración que ó abeiro de Fermín Bouza Brey e do Instituto Padre Sarmiento xerou os primeiros traballos arqueolóxicos modernos na procura das orixes. Mais, sobre todo, debéselle o Museo do Pobo Galego, segundo Xusto Beramendi, “unha das tres institucións que a sociedade civil dotou a este país”, xunto coa Academia e o Seminario de Estudos Galegos. Por iso, busca as orixes do Museo nuns momentos difíciles de inxerencia institucional que Carlos García Martínez soubo afrontar. Conclúe, entón, que o galardoado foi un dos motores desa obra colectiva necesaria para que o país entre na modernidade e que o foi dende o interese no beneficio futuro de Galicia.

M. Dourado Deira, “Trasalba, a distancia”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 3 xullo 1999, p. 3. Tras lamenta-la súa ausencia en Trasalba para asistir ó premio, no día que non dubida en chamar “Festa da Galeguidade”, anima a Sixto Seco para que pida a colaboración das institucións para restaurar e dinamiza-lo pazo de Otero Pedrayo. Tamén lamenta non estar con Carlos García para glosa-lo seu labor na recuperación da memoria histórica de Galicia e lembra como hai 30 anos, xunto con Acuña Castroviejo, Monterroso Devesa e outros, tentaban entende-lo que significou Galicia para o Seminario de Estudos Galegos, unha vez que a entidade fora manipulada pola Dictadura.

Alfredo Conde, “Persoas impagables para o futuro do país”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 xullo 1999, p. 48/p. 4.

Pensa que a concorrida presencia das “xentes galegas” que se xuntan anualmente en Trasalba na entrega deste premio se distingue pola “abstracción do seu sentir partidario” para celebra-la memoria de Otero Pedrayo. Ademais, engade que “a ledicia común e nada finxida” fora máis verdadeira na ocasión de acompañar a Carlos García Martínez.

X. Premios

X. 7. Literatura Infantil e Xuvenil

Iº Premio "Abril" de Narrativa para Jóvenes

Nace no ano 1998 por iniciativa de Ámbito Cultural/El Corte Inglés e Editores Asociados, dotado de 3.000.000 de ptas. e a publicación en aragonés, asturiano, catalán, castelán, galego e vasco. Os orixinais poden presentarse escritos en español ou nas linguas dos territorios dos que proceden as editoriais convocantes nas que se encontran La Galera de Catalunya, Elkarlanean de Euskadi, Edicións Bromera e Tándem Edicións de Valencia, Galaxia de Galicia, Llibros del Pexe de Asturias e Xordiga de Aragón. Poderán participar escritores e escritoras de calquera nacionalidade con obras orixinais inéditas e destinadas a lectores entre 12 e 16 anos. As obras, cunha extensión de entre 80 e 150 folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara,enviaranse por sextuplicado a Ámbito Cultural/El Corte Inglés (Hermosilla, 112, 28009 Madrid), no que respecta ós orixinais escritos en castelán. Os escritos en calquera outra lingua, á sede da correspondente editorial integrante de Editores Asociados. A admisión de orixinais termina o 11 de xaneiro de 1999 e o premio proclamarase o 28 de abril deste mesmo ano. Nesta primeira edición, resultou gañador o escritor catalán Jaume Cela coa obra *La història petita*. O xurado estivo composto por Marina Mayoral, Xabier P. Docampo, Juan Mari Irigoien, Amalia Valcárcel, Félix Romeo, Isabel Clara-Simó e Ramón Pernas. Foi entregado o 25 de setembro en Barcelona, nun acto organizado por Editores Asociados.

Premio **"Ala Delta"** de Literatura Infantil

A Editorial Luis Vives (Edelvives) convoca o Premio "Ala Delta" de Literatura Infantil coa finalidade de promove-la creación literaria para nenos. Establécese un premio único, dotado con 2.000.000 de ptas. e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección "Ala Delta". A extensión das obras, mecanografadas a dobre espacio, será dun mínimo de 80 folios e un máximo de 140. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou calquera lingua do estado. O tema dos orixinais é libre, igual có xenero literario, e enviaranse baixo plica cos datos do autor, á Editorial Luis Vives "Para o premio Ala Delta" (Xauradó, 25, 28034 Madrid). O xurado será nomeado por Edelvives e estará formado por especialistas na literatura e educación e dará a coñece-lo seu dictame a segunda quincena do mes de setembro de 1999. A gañadora deste ano, no que se presentaron cento corenta e oito obras, foi Pilar Mateos por *El fantasma en calcetines*. O xurado estivo composto por Francisco Calleja como presidente, Carmen García Iglesias,Blanca Álvarez, María Alarcón, Josep Llussà e Paloma de La Concha, que actuou como secretaria.

Referencias varias:

- D. P., "Convocado el Premio Ala Delta de Literatura Infantil", *Diario de Pontevedra*, 26 febreiro 1998, p. 12.

Breve noticia que anuncia a convocatoria do Premio "Ala Delta" de Literatura Infantil e dá as bases para todos aqueles que queiran participar.

XVº Concurso do Libro Infantil **"O Barco de Vapor"**

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para "promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno". As obras presentadas terán unha extensión mínima de 50 folios, mecanografados a dobre espacio, e enviaranse, por triplicado, á Fundación Santa María, (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 15 de novembro. O xurado será nomeado pola Fundación Santa María e estará constituído por especialistas en literatura, pedagoxía e educación e un representante da entidade patrocinadora. A súa composición manterase en segredo ata a publicación da resolución. En 1999, cunha dotación económica de 1.000.000 de ptas. para o primeiro premio e con 200.000 ptas. para o segundo máis a publicación da obra, a gañadora foi Dolores Ruíz Gestoso por *A lenda do capitán Miñoca*; mentres que Lola González Lorenzo, por *Escrito na pedra* conseguiu o segundo premio. O xurado estivo composto por Xabier Senín, Manuel Figueiras, Mª Victoria Moreno, Xosé Victorio Nogueira, Rafael Chacón e Xosé Antonio Neira Cruz.

Referencias varias:

- Xavier Senín, "Memoria de 15 anos do premio Barco de Vapor", *El Correo Gallego*, "*Correo das Culturas*", nº 4, 3 decembro 1999, pp. 1-2.

Logo de louva-la promoción e difusión que provocou a convocatoria deste premio dende hai quince anos, menciona os gañadores en cada unha das edicións e os finalistas máis representativos. Finalmente, sinala que gracias a esta publicación moita literatura infantil e xuvenil é coñecida no resto de España e Italia.

VIIº Premio **"EDEBÉ"** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas a lectores de entre 7 e 12 anos, dotada con 3.000.000 de ptas.; e a xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 12 anos, dotado o primeiro premio con 4.000.000 de ptas. e o finalista con 1.000.000 de ptas., incluídos en tódolos casos os dereitos de autor segundo contrato. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de 15 páxinas e un máximo de 40 para a modalidade infantil, e de 80 a 120 para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espacio e enviarse por triplicado, baixo plica, na primeira quincena de setembro áEditorial EDEBÉ (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado estará formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición darase a coñecer no momento da realización do dictame do premio, fixado para o 31 de xaneiro. No 1999, presentáronse un total de 360 obras e foi gañador Roberto Santiago, na modalidade infantil, coa obra *La Cruz de El Dorado*. Na modalidade xuvenil, gañou Roberto Santiago con *Jon y la máquina del miedo*. O xurado na modalidade xuvenil estivo constituído por Teresa Colomer, Robert Saladrigas, Emili Teixidor, Vicenç Villatoro e Carlos Zamora. Na modalidade infantil compoñíano Ricardo Alcántara, Pep Durán, Victoria Fernández, Esperanza Nova e Eulalia Ventalló. A obra premiada publícase primeiro na lingua orixinal e logo tradúcese ás outras linguas do Estado.

XXXº Concurso Nacional de Contos Infantís da Agrupación **"O Facho"**

Convocado pola Agrupación cultural O Facho, da Coruña, dende 1969, cando gañara Carlos Casares con *A Galiña azul*. Dotado con 45.000 ptas., os traballos serán de tema libre e inéditos e non poderán excede-los seis folios. Deben enviarse á Agrupación Cultural O Facho (Federico Tapia, 12, 1º C, 15005 A Coruña), antes do 29 de abril. O Facho reservarase a publicación do traballo premiado no período de 18 meses dende o dictame, que será na primeira semana de maio. A gañadora desta edición foi Cristina Cubeiro Becerra, pola obra *Litografía marela*, que presentou baixo o pseudónimo "Ardora". Concedéuselle un accésit, sen dotación económica, a Manuel Lourenzo González polo conto *Palabras que fan durmir*, presentado baixo o lema "O vello da montaña". Os membros do xurado foron Luis Maçãs, Ramiro Torres, Fernando Vázquez Corredoira e Eva Yusty.

Premio “**Lazarillo”**

Foi convocado por primeira vez no ano 1958 e está outorgado a partir de 1986 pola Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI) e conta co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Ten dúas modalidades: a de creación literaria xuvenil e a de ilustración. Na de creación literaria poden participar textos de narrativa, poesía ou teatro dun texto xuvenil inédito en calquera das linguas do estado e destinados especialmente a lectores maiores de 12 anos. A dotación é de 1.000.000 de ptas. para o gañador, e concédense tamén dous accésits, que se outorgan preferentemente ós xéneros nos que non recaeu o premio. A extensión mínima é de 125 folios (narrativa e teatro) e 250 versos (poesía). O xurado noméao a OEPLI e está presidido polo presidente da entidade organizadora e composto, ademais, por un membro do Ministerio de Educación e Cultura e un vocal por cada unha das catro seccións da OEPLI. O prazo de admisión dos orixinais remata o 1 de xullo de 1999, debendo ser enviados os traballos aspirantes por triplicado á OEPLI (R/Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid). A modalidade de ilustración está dotada tamén con 1. 000. 000 de ptas. e 220. 000 ptas. para cada un dos dous accésits. Para participar esíxense un mínimo de oito ilustracións inéditas dun libro infantil. Unha mesma obra pode participar ó mesmo tempo na modalidade de creación literaria e ilustración. O xurado está composto de igual maneira que o de creación, aínda que o prazo de entrega dos orixinais remata o 1 de agosto. En 1999, no apartado de narración xuvenil resultou gañadora Marilar Aleixandre coa obra *A banda sen futuro*, presentada baixo o lema “Rebordelo”.

Referencias varias:

- C. P., “La gallega Marilar Aleixandre obtiene el Lazarillo de literatura infantil y juvenil”, *La Voz de Galicia*, 17 novembro 1999, p. 90.

Tras indicar que Marilar Aleixandre obtivo coa novela *A banda sen futuro* o Premio “Lazarillo” de literatura infantil e xuvenil, sinalando que “es la primera vez que la autora recibe un premio fuera de Galicia con una obra en gallego”, dáse conta da dotación económica do premio e de cal foi a entidade que recoñeceu a súa obra. Faise unha incursión na vida e na obra da autora premiada, facendo referencia á súa actividade profesional, ós premios que recibiu, ás súas orixes ou á compoñente autobiográfica que ten o inicio da novela.

Iº Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **“Ler é vivir”**

Convocados polo Grupo Editorial Everest con premios para a mellor obra infantil e xuvenil con cadanseu premio de 1.500.000 ptas. Resultou finalista o autor Rodrigo Muñoz Avia pola súa obra*O porteiro de hockey*, traducida ó galego no ano 1998.

Referencias varias:

- D. P., “Premio “Leer es vivir”, *Diario de Pontevedra*, 20 agosto 1999, p. 10.

Fai unha breve descrición da estructura e a temática do libro finalista*, O porteiro de hockey*, que foi traducida ó galego en 1998, e ofrece de modo moi escueto algúns datos do autor, Rodrigo Muñoz Avia.

XIVº Premio **"Merlín"** de Literatura Infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Está dotado de 1.000.000 ptas. e poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal presentaranse 6 copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a dobre espacio, antes do día 1 de setembro de 1999 nos locais da editora (Dr. Marañón, 12, 36211 Vigo). Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, acompañarase, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre para o premio Merlín. O anuncio da obra gañadora ten lugar no mes de outubro e cada ano nunha vila ou cidade galega diferente. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia. Dende 1988 está constituído por lectores, na súa maioría, menores de dezaseis anos, e un secretario nomeado pola editorial. Neste ano conformaron o xurado, ademais do ilustrador Manuel Uhía e do escritor Miguel Vázquez Freire, os estudiantes de ensino secundario Marinha Banhos, Xiana Pérez e Andrés Salgado. O premio, que foi entregado o día 7 de novembro, gañouno Bieito Iglesias por *A noite das cabra do aire*.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, "Los ganadores de los premios Xerais e Merlín se presentan en Vigo", *Faro de Vigo*, 27 febreiro 1999, p. 47.

Ver XVIº Premio "Xerais" de Novela, nestas páxinas.

- Ana Prieto, “Vinteoito obras concorren ó premio Xerais de novela”, *La Voz de Galicia*, 25 setembro 1999, p. 91. Ver XVIº Premio “Xerais” de Novela, nestas

páxinas.

- Carmen Parada, “Anxo Angueira gana el Xerais de Novela y Bieito Iglesias, el Merlín”, *La Voz de Galicia*, 7 novembro 1999, p. 89.

Ver XVIº Premio “Xerais” de Novela, nestas páxinas.

- Pancho Tristán, “Anxo Angueira faise co Xerais”, *El Mundo. Galicia*, 7 novembro 1999, p. 9.
Ver Angueira, Anxo, *Pensa nao*, no apartado I.1 deste *Informe*.

- J. F., “Angueira asegura que ganar el Xerais le da confianza”, *La Voz de Galicia*, 8 novembro 1999, p. 82.
Ver XVIº Premio “Xerais” de Novela, nestas páxinas.

- P. T., “Noite de premios”, *El Mundo. Galicia*, 8 novembro 1999, p. 8.
Ver XVIº Premio “Xerais” de Novela, nestas páxinas.

- José Manuel García Iglesias, “Xerais en Mondariz”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 11 novembro 1999, p. 3.

Ver XVIº Premio “Xerais” de Novela, nestas páxinas.

- S. Espinoso, “Bieito Iglesias descubre el terror”, *La Región*, 22 novembro 1999, p. 8.

Infórmase da consecución do Premio “Merlín” de Literatura Infantil por Bieito Iglesias coa obra *A noite das cabras do aire*, a súa “primera incursión en el campo de la literatura fantástica”. Desenvólvese da man do seu autor o seu argumento e incídese no feito de querer darlle á novela “un carácter fantástico e de terror”. Sinálase ademais que o autor galardoado ten aínda dúas novelas inéditas e que está traballando noutras dúas.

- J. D. C., “Los premios Xerais de narrativa se fallarán el 6 de noviembre en Mondariz-Balneario”, *Atlántico Diario*, 25 novembro 1999, p. 10.

Ver XVIº Premio “Xerais” de Novela, nestas páxinas.

XVIº Premio "**Ourense de Contos para a Mocidade"**

Convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense co patrocinio da Concellería de Cultura e a Delegación Provincial de Familia, Muller e Xuventude. Poderán participar tódolos mozos de 14 a 30 anos. Os traballos serán de tema libre, orixinais, inéditos e en lingua galega. A extensión mínima será de seis folios e a máxima de 25. O prazo remata o 25 de abril e as obras presentaranse na secretaría da Casa da Xuventude de Ourense (R/ Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004). O primeiro premio será de 100.000 pesetas e lembrará ao escritor *Torrente Ballester*. 25.000 ptas. 32004) O En 1999, o premiado foi Manuel Maseda Lazaro por *Todo por unha teima*. Os catro accésits recaeron en Jorge Gende Díaza por *Cuarto Baleiro*, Santiago Bergantiños por*O proxecto de McGuffin*, Beatriz Lorenzo López por *Metamorfose nunha noite de chuvia* e Marta Fernández López por *Auga salgada*, estes dous últimos no apartado de menores de dezasete anos. O xurado fixo público o dictame o 14 de maio de 1999 e estivo integrado por Delfín Caseiro, Xonxa Fernández, Marisé Suárez, Amadeo Areán, Xerardo Méndez, Benito Losada como secretario sen voto e Xosé Carlos Caneiro como vicesecretario perpetuo, sen voz nin voto. Este xurado decidiu tamén facer unha mención especial ó conto *O home da trompeta*, de Eva Moreda.

IIº Premio **“Raíña Lupa”**

A Deputación da Coruña convocou en 1998 este premio de literatura infantil, dotado con 1.000.000 de ptas. e a edición da obra gañadora, a través do Servicio Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Segundo as bases, ó premio poderán presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estructura literaria de conto ou narración breve, orientadas ó mundo infantil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión será libre e poderanse incluír ilustracións que fagan alusión ó argumento. Os orixinais deberán presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara numerados e grampados ou encadernados. Así mesmo, remitiranse baixo o título e un lema, achegados de plica na que se fará consta-lo título e o lema no seu exterior e datos persoais do autor no seu interior. O prazo de recepción de traballos remata o 1 de marzo na Deputación da Coruña (Avenida Alférez Provisional, s/n., A Coruña), indicándose no sobre “Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa”. O xurado estivo presidido por Roberto González Santos e formado por María Jesús Fernández Paz, Agustín Fernández Paz, Fidel López Criado, Andrés Sobrino Superviola e Xurxo Torres Santomé. O dictame deuse a coñecer o 13 de maio, resultando gañador Mario Pereira pola obra *Velaí vai o verme* e finalista Fran Alonso por *O brillo dos elefantes*.

Referencias varias:

- M. M., “Mario Pereira gaña o premio ‘Raíña Lupa”, *O Correo Galego*, 14 maio 1999, p. 32.

Infórmase do dictame do xurado, que destaca na obra de Mario Pereira a calidade literaria, o humor e a perfecta definición dos personaxes, así como o bo nivel de tódalas obras presentadas.

Premio **"Rañolas"** de Literatura Infantil e Xuvenil

Premio instituído no 1995 pola organización da Feira do Libro de Chantada e que toma o seu nome dun personaxe de *Os dous de sempre,* de Castelao. Concédese a obras editadas en galego no ano anterior e non ten dotación económica. Pretende contribuír á difusión e traducción de obras infantís e xuvenís galegas. No ano 1999, este premio non se puido convocar e, na actualidade, estase buscando o apoio que permita facelo de novo.

Iº Premio "**Tomba Tossals"**

Convocado polo Concello de Castelló de la Plana, a Fundación Caixa Castelló e a editorial Támdem Edicións. Poden optar tódalas obras ilustradas de tema libre, inéditas e dirixidas ó público infantil. Considérase como obra ilustrada o conxunto de texto e ilustración, que se valorarán xuntos e nos cales a ilustración non pode ser accesoria, senón que ha de ter un peso específico de tanta importancia coma o texto ou mesmo superior. As obras pódense presentar en calquera das linguas do Estado español. Poden optar ó premio unha soa persoa autora da parte literaria e da parte gráfica; dúas persoas: unha delas autora da parte literaria e outra da parte gráfica; e un equipo de diversas persoas. Para esta convocatoria a contía do premio será de 1.000.000 de ptas. Támdem Edicións publicará a obra gañadora na primavera seguinte á concesión do premio. O remate de admisión de orixinais finaliza o día 15 de outubro de 1999 e o premio outórgase o día 11 de decembro de 1999 no transcurso dun acto público. Os orixinais enviaranse ó Negociado de Cultura do Concello de Castelló de la Plana (R/ Gaibiel, 4, 12003 Castelló de la Plana), coa indicación "Para el I Premio Tombatossals, Castelló de la Plana". Nesta edición, á que se presentaron un total de 33 obras, a gañadora foi a titulada *El meu amic en Pòtul*, do barcelonés Joan Subirana Queralt de Gurb. O xurado estivo formado por Lourdes Bellver, Teresa Durán, Paco Giménez, Vicent Román e Alberto Urdiales.

X. Premios

X. 8. Escolares

Son moitos os premios convocados por concellos, asociacións culturais e centros de ensino para incentivalos escolares á creación en lingua galega, só glosaremos neste apartado aqueles dos que temos noticias contrastadas.

VIIIº Concurso Literario **“Achegamento ó Libro”**

Coa finalidade de anima-los escolares a ocupa-lo seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciable de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal “Don Francisco Mayán” e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixavigo, convocan este concurso. Nel poden participar tódolos alumnos de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, que serán en galego, deben ser orixinais e inéditos e terán unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema estará relacionado co achegamento ó libro, buscando sempre fomenta-lo hábito de lectura da poboación. Entregaranse, sen asinar, cos datos do autor (nome, enderezo, teléfono e curso que estudie) nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal, antes do 19 de abril de 1999. Establécense cinco premios: 4.000 ptas. para o gañador do primeiro ciclo de Primaria, 5.000 para o do segundo ciclo de Primaria, 8.000 para o de terceiro ciclo de Primaria, 10.000 para o de primeiro ciclo da ESO e 12.000 para o gañador do segundo ciclo da ESO. Tales cantidades non serán entregadas en metálico, senón que o seu valor será representado en vales para material didáctico e libros. O xurado, que dará o seu veredicto o día 16 de maio, tamén terá facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio. Nesta edición, a obra gañadora do primeiro ciclo de Primaria foi para Vera González Rodríguez por *Que divertida é a lectura* e os accésits para Patricia Louzán García por *Leer é bonito*, Angélica Trillo Trillo por *O libro transparente*, Mabel Domínguez Caamaño por *Na illa da aventura*, Santiago González Villaverde por *O libro máxico*, Jennifer Espasandín Domínguez por *A nena que non lle gusta ler* e Jennifer Lago Grille por *O libro*. No segundo ciclo de Primaria, a gañadora foi Elena de Pazos Pais por *O soño de Paula* e houbo un accésit para Paula Caamaño Sambade por *Un verán diferente*. No terceiro ciclo de Primaria, a gañadora foi Inés Puente Jallas por *Un libro maravilloso* e os accésits foron recibidos por Daniel Ozón Pérez por *Os libros da Biblioteca Francisco Mayán*, Miguel Fiúza C[illegible]vilar Pequeño por *O segredo da biblioteca* e Soraya Lojo Facal por

¿Que ten o cofre?. No primeiro ciclo da ESO, a galardoada foi Sabela Ramos Garea por *Unha viaxe por un libro* e os accésits foron para Olalla Lamela Rodríguez por *¿Que será?*, Cristina Sieira Martínez por *Ler, ¡que pracer!*, Alba Cambeiro Liñeiro por *Dona Pita*, Antonio Riveiro de Dios por *Na busca dos libros* e Alejandro Fidalgo Conde por *Papeis en regra*. No terceiro ciclo da ESO, o premio declarouse deserto. A entrega destes galardóns celebrarase o 14 de maio no salón de actos do Concello de CEE.

Iº Concurso de Teatro da Asociación **“Afonso Eanes”** de Negreira

Ver este premio no apartado X. 3, nestas páxinas.

Certame de Debuxo e Poesía da Asociación **“Amigos de Johan Carballeira”**

Organizado pola Asociación de Amigos Johan Carballeira. Nesta edición, os gañadores na modalidade de poesía son os seguintes: na primeira etapa de Secundaria, o primeiro premio foi para Adrián Souto Cerviño e o segundo e o terceiro, respectivamente, para Delia Rodríguez López e Eloy Chapela González. Recibiu un accésit Marina Nogueira González; na segunda etapa de Secundaria e Bacharelato, a gañadora foi Sabela Villar Serantes e o segundo e terceiro premio foron para Miriam Ferradáns Ferradás e Rubén Bastón Meira, respectivamente. A entrega de premios realizouse o 20 de febreiro nun acto público que tivo lugar na Casa de Cultura de Bueu.

Referencias varias:

- Álvaro Agulla, “Premio de debuxo e poesía de “Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 6 febreiro 1999, p. 16.

Informa da resolución do premio e cita os gañadores nas diferentes modalidades de debuxo e poesía.

Premio **“Amigos de Otero Pedrayo”**

Convócao a “Asociación de Amigos de Otero Pedrayo”, dende 1982, co obxectivo de contribuír ó mellor coñecemento da personalidade de Otero Pedrayo, para perpetua-la súa memoria e divulga-la súa obra entre a xuventude do Ensino Secundario. O tema dos traballos leva por título “A visión de Galicia en Otero Pedrayo”. Poden optar tódolos estudiantes de BUP e COU que presenten os seus orixinais antes do 20 de maio. O premio está dotado con 100.000 ptas. para o autor do traballo premiado e unha viaxe ó Pazo Museo Otero Pedrayo para os compañeiros do premiado co obxecto de acompañalo á entrega do premio 1999. Segundo as bases, os traballos debían versar sobre “A fidalguía na novela de Otero Pedrayo”, estar redactados en lingua galega, mecanografados a dobre espacio, cunha extensión máxima de 10 folios, incluídos debuxos, gráficos e demais. Por último, ser presentados sen firma, debendo consta-los datos completos do autor e do centro no que estudia nun sobre pechado. As gañadoras do premio, nesta edición, foron Marta Diéguez Rodríguez e Susana Doval González polo traballo “A visión da peregrinación xacobea en Otero Pedrayo”. O xurado estivo composto por Jesús de Juana, Agustín Dosil, Vázquez-Monxardín, Juan Luis Saco e Luis Rodríguez Ennes como secretario.

VIº Certame de Relato Curto “**Antonio Fernández Pérez”**

Convócao o Concello de Verín e nel poden participar tódolos matriculados na ESO en calquera centro docente desa comarca. A temática e o estilo é libre e o relato será orixinal, inédito, escrito en galego, á maquina ou en letra manuscrita lexible. O traballo que presente cada centro á fase intercentro do premio irá asinado cun lema, que tamén aparecerá nun sobre á parte que teña os datos persoais do autor. O traballo seleccionado en cada centro participante para a fase de intercentro, entregarase na Casa do Concello de Verín, antes das 12:00 horas do 12 de maio. Establécese un primeiro premio de 15.000 ptas. e lote de libros, un segundo de 10.000 ptas. e lote de libros e un terceiro de 5.000 ptas. e lote de libros. Tamén haberá premios de lotes de libros para cada un dos traballos que concorran á fase intercentro e non acaden algún dos tres primeiros premios, ademais de entregarse libros a cada centro para sortear entre os alumnos participantes ou a biblioteca do centro. Nesta edición, o primeiro premio foi para Vanessa Foubelo Simón por *A casa do cabo*, que presentou baixo o lema “Xirasol”, o segundo para Paula Fernández Iglesias polo traballo presentado baixo o lema “Poetisa” e o terceiro para Lorena González Díaz por *Un día de fantasía*, que concursou baixo o lema “Os soños”. Fóra de concurso concedéuselles premios ós traballos *A guerra un soño destruído*, de Érica Guerra Martínez e *Volver empezar*, de Estefanía Bahamonde López e unha mención de honra ó titulado *Trintadías de volta á rede*, de Samuel Rodríguez Pérez. O xurado, que se reuniu o día 12 demaio para deliberar, estivo formado por Serafín Vázquez Álvarez, Xesús Lantes Vitureira e Marcos Aparicio Francisco.

IVº Concurso Literario **“Ánxel Casal”**

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato “Arcebispo Xelmírez I” para conmemora-lo 150 aniversario de Ánxel Casal e promove-lo coñecemento deste galeguista entre a mocidade. Este concello comparte a organización deste premio cada ano cun centro de Ensino Secundario da cidade, pois está dirixido a alumnos de Ensino de Secundaria. As obras en galego deben ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ó Concello de Santiago (Departamento de Educación) entre o 20 de marzo e o 20 de abril. O certame está dotado dun primeiro premio de 150.000 ptas. e dun segundo de 100.000 para cada unha das modalidades (poesía e conto). A presidencia do xurado correspóndelle ó alcalde de Santiago e estará composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. Na modalidade de conto, os gañadores foron Alberto Rodríguez Díaz por *O pecado e a donicela* e o segundo para Óscar Manuel Sendón Oliveira por*Subliminal*. Tamén mereceu mención Ana María Outón Barral por *Imaxe do rabino*. No apartado de poesía, foron galardoadas Estela Losada Ortega por *Vacacións* e Alicia Burruachaga Ureña por *Ciclo da morte*. O xurado estivo composto por Xosé Sánchez Bugallo, Xosé Baqueiro, Susode Toro, Rosa Aneiros, Paulino Vázquez, Miguel Ánxel Seixas e Xosé Manuel Rodríguez. Neste ano 1999, anunciouse tamén a convocatoria da quinta edición, rematando en abril do 2000 o prazo de recepción de orixinais.

XVº Concurso Literario **“Asociación Cultural Airiños do Xunco”**

Este concurso, organizado pola Asociación Cultural Airiños do Xunco, só presenta a modalidade de narrativa e conta con tres categorías: A) para nenos de máis de 16 anos, B) de 12 a 16 anos e C) ata 12 anos. O tema é libre para a categoría B e C, mentres que a A é sobre “O Camiño no IIIº Milenio”. Os traballos deben ser en galego e ter unha extensión máxima de 20 folios escritos á máquina por unha soa cara e a dobre espacio. Presentaranse tres copias con pseudónimo, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do autor. Serán entregados ós membros da Xunta Directiva ou enviados ó enderezo Asociación Cultural Airiños do Xunco (27891 Cervo-Lugo), antes do 30 de abril de 1999. O xurado estará composto por 3 membros relacionados coa educación a cultura e a comunicación. Os premios varían por categorías. Na categoría A), o primeiro premio consiste en 25.000 ptas, trofeo e diploma; o segundo, en 15.000 ptas., trofeo e diploma; e o terceiro, nun lote de libros, trofeo e diploma. Na categoría B) e C), o primeiro e segundo contén un trofeo lote de libros e diploma e o terceiro, un lote de libros e diploma. A entrega de premios terá lugar no transcurso do festival, que se celebrará no Auditorio de Sargadelos (Cervo), o 22 de maio. A xunta directiva tamén se reserva o dereito de publica-los traballos que considere oportuno na revista *Queimada*. Nesta edición, os galardóns fóronlles entregados ás seguintes persoas: na categoría A) o segundo premio foi para Felipe Díaz Valle por *Extracto do diario de viaxes do xornalista*, mentres que o primeiro e terceiro quedaron desertos; na categoría B), o primeiro e o segundo foron para Beatriz Lorenzo López por*Consecuencias dunha espera* e *Déja vu*, respectivamente, e o terceiro para Adela Pérez Castaño por *O gran pesadelo*; e na categoría C), o primeiro foi para Sabela Blanco Rodríguez por *Unha aventura*, o segundo para María Piñón Vila por *Uxía e Sabela viven unha aventura* e o terceiro para Miguel Blanco Álvarez por *Salgueiro triste.* O xurado, que se reuniu o 21 de maio, estivo integrado por Carmen Panizo, Mª del Carmen Fernández Sanjurjo e Eduardo Pena López.

Concurso de Contos 99 “**Ateneo Santa Cecilia de Marín”**

Dirixido a escolares do Concello de Marín e arredores que cursen Educación Primaria, Secundaria, Bacharelato e FP. Os premios, consistentes en libros e material escolar, distribúense entre as categorías A (primeiro e segundo de Primaria), B (terceiro e cuarto de Primaria), C (quinto e sexto de Primaria), D (primeiro e segundo de Secundaria) e E (terceiro de ESO, BUP e FP). Os gañadores na categoría A son Faustino Piñeiro Arias, Daniel Novegil Rosario e Alma Larriba; na categoría B, Román Santiago Pidre, María de los Angeles Pazos Garrido e Tibisay Castro Moreira; na categoría C, Lucía Prado González, Iria Beloso Blanco e Olivia Hermo Capa; na categoría D, Sara Rodríguez Coma, Rocío Santiago García e Zaira Gómez Diéguez; e na categoría E, Alejandro Rodríguez Rodríguez, Maricarmen Pastoriza Cruz e Rocío Diéguez Blanco.

Referencias varias:

- D. P., “Entrega de los premios del Concurso de Contos”, *Diario de Pontevedra*, 23 abril 1999, p. 14.

Informa da resolución do concurso e a entrega de premios organizado polo Ateneo Santa Cecilia de Marín. Cita os nomes dos gañadores e gañadoras nas cinco categorías nas que se divide o certame.

IIIº Premio de Poesía **“Avelina Valladares”**

Ver este premio no apartado X. 2, nestas páxinas.

IVº Premio dos Encontros de Teatro Escolar e Amateur de **"Bande"**

Organizado polo Centro de Recursos Didácticos, o Colexio Xaquín Lourenzo e o Instituto de Ensino Medio en colaboración co Concello de Bande. Poden participar alumnos de ensino non universitario e grupos de teatro amateur. As obras presentadas deben ser escritas en galego e a duración non debe ser inferior a 15 minutos nin superior a unha hora. Tódolos centros participantes reciben un premio de 25.000 ptas. (5.000 máis se se presenta unha segunda obra) e un diploma de participación, menos naqueles casos que o xurado considere que as obras presentadas non se axustan ás bases publicadas pola organización. Os grupos de teatro amateur recibirán unha placa conmemorativa e o xurado outorgará un premio especial á mellor representación teatral do certame. O xurado está composto por dous profesores de literatura, un escritor galego e un representante do Concello de Bande. Nesta edición, participaron o IES de Bande con *O cego de Fornelos*, o IES Celanova (Ourense) con *Asemblea xeral*, o CEIP da Lobeira con *Ir á escola non amola*, o CEIP Xoaquín Lourenzo con *Os cravos de prata*, IES de Bande con *Pic-nic e o parque psicopático*, o CEIP E. G. Franqueira (San Amaro) con *Dona pita domonte*, o CEIP J. Gurriarán (Barco de Valdeorras) con *Un lar no carballo*, o CEIP JR. García Yáñez (Ramirás) con *Un rato busca un obreiro*, o CEIP do Xurés (Lobios) con *Globos de cores*, o Colexio Santo Anxo (Ourense) con *O enfermo imaxinario* e *As desventuras de Esganarello*, o CEIP dos Blancos con *Todo é un conto*, a Escola de Grou con *O reparto da burra*, o grupo Sorrisos da Casa da Cultura de Xinzo de Limia con *Un tesouro sen dono*, o CEIP de Currelos (Saviñao-Lugo) con *Unha avoa a catro patas, calcetíns e gravatas...* e *Os anteollos de Margarita*, a aula de teatro Gargallada do IES Blanco Amor con *Historia do home... e da muller*, o grupo de teatro Xeito do Centro Social de Xinzo de Limia con *O ministro sen carteira* e a aula de teatro Escola Viva con *A diáspora*. O xurado estivo formado por Mª Luísa Gómez, Paulino Peña e Mª Concepción Camiña.

VIIº Certame de Narración Curta e VIº Certame de Banda Deseñada **“Ben veñas, maio”**

Organizado pola Coordinadora dos Equipos de Normalización Lingüística dos institutos de Pontevedra. Poden concorrer tódolos alumnos e alumnas dos centros públicos de Ensino Medio do Concello de Pontevedra. O tema das narracións será libre. As obras deberán estar escritas en lingua galega e deberán ser absolutamente orixinais e inéditas. Os relatos terán unha extensión mínima de dous e máxima de oito folios, mecanografados a dobre espacio por unha soa cara. O tema do certame de banda deseñada tamén é libre. En ámbolos dous apartados, cada participante poderá concursar con cantos relatos quixer. Nelas non poderá aparece-lo nome, senón que o escribirán nunha folla á parte, xunto coa data de nacemento, nome do seu centro, curso que estudia, enderezo e teléfono particular. Esta folla gardarase nun sobre pechado que se adxuntará ó relato (no caso da narración). No exterior do sobre figurará o mesmo título do relato ou obra presentada e a categoría na que concursa (esta última no caso da narración). Os sobres coas obras e os traballos entregaranse nos seminarios de Lingua e Literatura galegas ou noutros lugares que se indiquen no centro. O prazo de recepción de orixinais remata o 30 de abril. O primeiro e segundo clasificado de narración curta recibirán 25.000 e 15.000 ptas., respectivamente, mais cadanseu lote de libros. Os mesmos premios que obterán os dous primeiros clasificados no apartado de banda deseñada. O dictame final de ambos certames será dado a coñecer nun acto público que se celebrará en maio, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas. Os premiados nesta edición foron: Tania Blanco Vila, Marcos Chamizo Mora, María Corral Escariz, Dolores Villanueva Gesteira, Sandra Valiñas Jar, Adolfo Suárez Aspérez e Marcos Lois Bouzas.

Referencias varias:

- D.P., “Premiados 7 estudiantes de bachillerato en el concurso “Ben Veñas, maio”, *Diario de Pontevedra*, 13 xuño 1999, p. 11.

Breve noticia que cita a relación de estudiantes premiados este ano no concurso.

IIIº Certame Literario **“Benxamín Paz Cordal”**

Dirixido a tódolos alumnos da Terra Cha con colaboración da Asociación chairega de Minusválidos para honra-la figura do que fora durante décadas mestre do Colexio Insua Bermúdez de Vilalba. Ten a modalidade de narrativa e poesía e deben remitirse ó CEIP Insúa Bermúdez (R/Cuart de Poblet, s/n, 27800 Vilalba). O prazo de admisión remata o 23 de abril e o dictame do xurado coñécese o 17 de maio. Na categoría A hai tres apartados para o primeiro, segundo e terceiro ciclo de Educación Primaria. Cada grupo ten un premio de 10.000 ptas., diploma e flor natural, tanto en poesía como en narrativa. No primeiro grupo da categoría B participan os do primeiro ciclo de ESO, e no segundo os de segundo ciclo de ESO, BUP, COU e FP con premios de 15.000 ptas., diploma e flor natural para cada grupo e apartado literario. Nesta IIIª edición na modalidade de poesía foron premiados Benxamín Paz Hermida, Loly Rouco Seoane, Margarita González Prieto, Anahí González Gómez, Iria García Ferreiro e Adrián Gómez Cordal. No apartado de narrativa os galardóns foron para os alumnos Alberto Criado Rodríguez, Antía Veres Gesto, Cristian Basanta Ramil, Nasira Vázquez Villares e Rebeca Leal Eimil.

Vº Concurso de Contos do "**CEIP de Bueu"**

Con motivo das Letras Galegas, o CEIP de Bueu convoca este certame, no que poden participar tódolos alumnos de Educación Primaria e 1º ciclo da ESO dos colexios do Concello de Bueu, Cangas, Marín e Moaña. Establece catro grupos: A) para alumnos do primeiro ciclo de Primaria, B) para alumnos do segundo ciclo de Primaria, C) para alumnos do terceiro ciclo de Primaria e D) para alumnos de 1º ciclo da ESO. Concederanse para cada grupo tres premios: material didáctico, diploma e publicación, alomenos dos dous primeiros de cada grupo, nun número especial da revista *Candil*. Os concursantes poderán presenta-los contos en galego, con tema libre e cunha extensión mínima dun folio e máxima de tres. Estes deberán estar mecanografados ou escritos á man, por unha soa cara e, se se desexa, tamén poderán presentar algún debuxo alusivo ó conto. Os traballos poderán mandarse por correo ou entregarse persoalmente no CEIP de Bueu (Rúa da Pedra, nº 26, 36930 Bueu), indicándose nos mesmos o nome do autor, idade, curso e colexio. A data de recepción de traballos conclúe o 3 de maio de 1999 e a entrega dos premios farase no acto que, co Día das Letras Galegas, o venres 14 de maio, se celebre na Casa de Cultura do Concello de Bueu. O xurado estará composto por Esther Rosalía Lois Salgado, que fará as funcións de presidenta, e Arturo Sánchez Cidrás, Antía Castro García e José Luís Fernández Aldegunde, que serán os vocais. Nesta edición, os gañadores do grupo A foron os seguintes: primeiro premio para Ana Santomé Estévez por *Flora a tartaruga*, o segundo para Rubén Ferreira Castiñeira por *Un ordenador tolo* e o terceiro para Daniel Paz Lorenzo por *O golfiño aventureiro e eu*; na categoría B: o primeiro premio foi para Noelia Rodríguez Andrade por*O corvo esgoísta*; o segundo para Marta Piñeiro Fernández por *O ogro sucio* e o terceiro para Pablo Sotelo Rodríguez por *O lapis que non quería escribir*; na categoría C: o primeiro premio foi para Alberto Aldao Aldao por *A gota e o rapaz*, o segundo para Sergio Rúa Pereira por *A pega descolorida*, o terceiro para Constantino Piñeiro Zangrando por *A illa bolboreta* e un accésit *ex ae*

?itio

Esmirna; na categoría D: o primeiro premio foi para Diego Sanmartín Padín por *Morrer para vivir*,

o segundo para Eva Rodríguez Fervenza por *O bosque das fadas*, o terceiro para Rosalba Piñeiro Zangrando por *A nova vida de Tareixa* e os accésits para Andrea Vidal Gestido por*Aventura no* verán, Héctor Bernárdez Germade por *A evolución dun imperio* e Alejo Loira Calvar por *Historias de piollos*.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Entrega de premios del “Concurso de Contos” del Colegio “A Pedra”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1999, p. 20.

Informa do acto de entrega de premios do Vº concurso de contos organizado polo centro escolar A Pedra. Cita os nomes dos gañadores e gañadoras nas diferentes categorías.

XIXº Concurso de Contos en Galego do **"Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo da ONCE de Pontevedra"**

Establécense tres categorías: A) para primeiro ciclo de Educación Primaria, B) para segundo ciclo de Educación Primaria, C) para terceiro ciclo de Eduación Primaria. Os traballos abranguerán un mínimo dun folio e un máximo de tres, mecanografados ou escritos á man por unha soa cara. Entregaranse no Centro de Recursos Educativos Santiago Apóstolo da ONCE (R/ Luís Braille, 40, 36003 Pontevedra), antes do 28 de abril. Haberá un primeiro premio de 29.000 ptas. e diploma, un segundo de 15.000 ptas. e diploma e un terceiro de 10.000 ptas. e diploma, para cada unha das categorías. A entrega dos premios terá lugar no citado centro no acto de celebración do Día das Letras Galegas. Nesta edición, na categoría A), o primiero premio foi para Andrea Carme Doural García por *Unha viaxe especial*, o segundo para Martín Cánibe Aliste por *O paxariño que ten medo* e o terceiro para Javier Fernández Vidal por *O neno e o peixiño*; na B), o primeiro foi para David Arosa da Silva por *O parque solitario*; o segundo para Lorena Aboal Otero por *O día que se apagou o sol* e o terceiro para Diego Pastoriza Corbacho por *Nicolás o rato de campo*; e na C), o primeiro foi para Noa Feás Rodríguez por *A pequena Tartaruga*, o segundo para Alicia Fernández Díaz por *As cores do mar* e o terceiro para DiegoÁlvarez Patao por *O osiño Lucio*. O xurado estivo composto por Manuel Castro González, Xoana González Muíños, Carmen Pintos Muíños, Rosa Freitas Lage, José Luís Pastoriza López e Mercedes Fernández Cons.

Premio **“Chan do Monte”**

Organizado polo Colexio San Francisco a través do seu Equipo de Normalización Lingüística co gallo das Letras Galegas. A gañadora foi nesta edición Verónica Rodríguez. Conseguironcadansúa distinción Anxo Fariña Lamosa pola creación dun cómic e Ánxela Salgueiro.

Referencias varias:

- D. P., “Verónica Rodríguez ganó el “Premio Chan do Monte”, *Diario de Pontevedra*, 15 xuño 1999, p. 15.

Informa da gañadora do premio e comenta que o Colexio San Francisco ten a intención de continuar con posteriores convocatorias do premio para fomentar entre os rapaces o gusto por escribir e facelo en lingua galega.

VIIº Certame Literario e de Artes Plásticas do “**Club Bueu Atlético Balonmán”**

Poden participar tódolos alumnos que o desexen e pertencentes a centros escolares do Morrazo. Presenta as modalidades de teatro, poesía, relato curto e debuxo e seis categorías, da A á F. Polo que se refire ás modalidades literarias, a extensión dos traballos debe ser a seguinte: poesía (as categorías A, B, C e D entre 20 e 50 versos; e a E e F entre 50 e 100 versos), relato (as categorías A, B, C e D un máximo de 3 folios e as E e F un máximo de 5 folios) e teatro (A, B, C e D cun máximo de 6 folios e as E e F un máximo de 10 folios). Os orixinais serán rigorosamente inéditos, de tema libre, en galego ou español. A cada traballo acompañarao un sobre pechado onde se indicará por fóra o título da obra e o grupo, mentres que por dentro escribiranse os datos do autor. Cada alumno só pode participar cun traballo como máximo en cada unha das modalidades. O prazo de entrega remata o 17 de decembro de 1999 no propio centro. Premiarase a mellor obra de cada categoría e ó colexio con maior número de participantes cun lote de libros doado por Edicións Xerais de Galicia. A entrega dos premios, exposición e lectura dos traballos premiados, que considere o xurado, levaranse a cabo no transcurso dun acto na Casa da Cultura de Bueu o 30 de decembro de 1999. Nesta edición, na modalidade de relato, o gañador do grupo A foi Yessica Baqueiro por *A gota*; na B, Ángel Soliño Sotelo por *El secuestro de Tania*; na C, Hugo Malvar Álvarez por *Rocko: ¡El perro fantástico!*; na D, Antonio Vieiro Baqueiro por *Noites de meigas*; na E, quedou deserto e na F, foi Rubén Bastón Meira por *Sons Mariños*. Na modalidade de teatro, as categorías A, B, D, E e F quedaron desertas e na C, o galardoado foi Francisco Martínez Santos por *La estatua*. Na modalidade de poesía, as categorías A, D e E quedaron desertas, mentres que na B o premio foi para Anabel González Bernández por *Media luna*; na C para Sandra Loira González por *Estrela querida*; e na F para Mirian Ferradáns Ferradáns por *Das nosas cousas*. O premio especial ó colexio cun maior número de traballos presentados recaeu no Colexio Eduardo Pondal, que participou cun total de 132. O xurado estivo formado por Cecilio La

Referencias varias:

-A. F., “Entrega de premios literarios do balonmán”, *A Comarca do Morrazo*, nº 79, 29 decembro 1999, p. 43.

Infórmase de que o certame está aberto ós estudiantes de tódolos centros morracenses nas catro modalidades: teatro, poesía, relato e debuxo. Tamén se anuncia a entrega de premios para o 30 de decembro.

- Álvaro Agulla, “El Bueu Atl. entregó los premios del “Certame Artístico e Literario”, *Diario de Pontevedra*, 31 decembro 1999, p. 18.

Indícase quen foron os premiados no VIIº Certame Literario e de Artes Plásticas do “Club Bueu Atlético Balonmán” nos apartados de relato, teatro e en debuxo, xunto co premio especial acadado polo Colexio Eduardo Pondal ó que se lle entregou un lote de libros da Editorial Xerais por presentar máis de 150 traballos ó certame. Déstacase que se obsequiou ós escritores cunha obra inédita do artista de Bueu, José Feliciano Peixoto, e saliéntase a satisfacción da organización e do xurado pola alta participación e pola calidade dos traballos.

IIº Certame de Relato Curto e Debuxo **“Colexio López Ferreiro”**

Convocado baixo o lema “vivir en colaboración e tolerancia” e consta das modalidades de debuxo e redacción, para alumnos de Primaria e ESO. Na categoría de Educación Primaria a gañadora foi Paula López Pose, o segundo premio foi para Iria Barcia e o terceiro para Uxía Martínez. Na categoría de ESO, o primeiro premio gañouno Santiago Sanmartín Villar e o segundo foi para Adriana Cea Riveiro. Finalmente, na categoría de infantil, o primeiro premio foi para Manuel Suárez, seguido de Cristina Sánchez e Aarón Saavedra. O xurado estivo composto por Helena Villar Janeiro, Ana Romaní e Inma López Silva, xunto ó xefe de deseño de *El Correo Gallego*, Xurxo Fernández, e o coordinador da sección de “Cultura” de *O Correo Galego*, Antonio R. López.

Referencias varias:

-A. I. S., “Grandes aplausos para los ganadores del “II Certamen López Ferreiro”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 18 xuño 1999, p. 36.

Informa da resolución da IIª edición deste certame e cita os nomes dos galardoados nas distintas categorías, así como dos integrantes do xurado e cita tamén os responsables da entrega de premios, entre os que se encontraba Xavier Cea, redactor xefe de *O Correo Galego*, ou Pablo Otero, director do Colexio López Ferreiro.

XXº Certame Literario do **"Colexio Peleteiro"** de Santiago de Compostela

A Asociación de Pais de Alumnos do Colexio M. Peleiro, con ocasión do Día das Letras Galegas, convoca este certame para os alumnos de 2º e 3º ciclo de Educación Primaria e 1º ciclo de ESO. Os traballos deberán estar escritos en lingua galega e hai unha modalidade de poesía (un poema de extensión libre) e outra de prosa (narración breve dunha extensión máxima de dous folios). A temática darase a coñecer no momento da realización dos traballos. Cada alumno poderá presentar unicamente un traballo e en cada curso poderán concederse tres premios de poesía e tres de narración e accésits. O xurado formarano membros da Asociación de Pais e mestres do colexio, que darán a coñece-lo seu dictame nun acto que se celebrará co gallo do Día das Letras Galegas. Nesta edición, os traballos de 3º e 4º de Educación Primaria versaron sobre os temas "A Berenguela endexamais deixará de soar", "Ese doce sorriso", "Gumersindo, o verme da mazá", "Tremelicando de medo", "O Santo dos Croques desapareceu para sempre" e "Na cidade non cantan os grilos". En 3º de Educación Primaria, na modalidade de narrativa, o primeiro premio foi para Santiago Codesido Sánchez, o segundo para Sara Conde Benasach e o terceiro para Jacobo Tarrío Bugallo; mentres que en poesía o primeiro premio foi para Manuel Suárez Blas, o segundo para Javier Trastoy Quintela, o terceiro para Sofía Mª Blanco Santos e un accésit para Juana Inés Fernández Varela. En 4º de Educación Primaria, en narrativa o primeiro premio foi para Valentina Roca Padrones, o segundo para Ana Eiras Domínguez, o terceiro para Beatriz Iglesias González e un accésit para Carmen Remuñán Martínez; mentres que en poesía, o primeiro premio foi para Luis Brea Lego, o segundo para Sergio Rodríguez Lourido, o terceiro para Sara Losada Baloira e un accésit para Fernando Garrido Ruso. Para alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria, os traballos versaron sobre os temas: "O meu sorriso, paseniñamente, espallouse no aire", "¿Que lle pasa ó mundo?", "O Santo dos Croques desapareceu para sempre", "¡Escoitade!: Xa canta o cuco", "Afasta esa tristura dos teus ollos" e "Chove despois de ch[illegible]". Dobarro, o segundo para Mª Isabel Castillo Lema e o terceiro para Javier López

Jorge ; mentres que en poesía, o primeiro premio foi para Alberto Sánchez-Harguindey Pereira, o segundo para Marta Pérez Abeledo e o terceiro para Ana Zapata Quintela. Polo que se refire a 6º de Educación Primaria, en narrativa o primeiro premio foi para María Méndez Ramos, o segundo para Junquera Novo Pérez e o terceiro para Xabier Rubal Ledo; mentres que en poesía, o primeiro foi para Alba Sande Martínez, o segundo para Ana Sánchez Arguindey, o terceiro para Carmen Cobo Llovo e un accésit para Alejandra Virgós Pedreira. Os traballos dos alumnos de 1º e 2º da ESO versaron sobre “O camiño. Un recordo inesquencible”, “A chamada da primavera”, “As balas asubiaron nos meus soños” e “O primeiro encontro no CEBER”. En 1º da ESO, na modalidade de narración, o primeiro premio foi para Aida Pérez Vázquez, o segundo para Marcelino González-Carreró Sixto, o terceiro para Fernando Tomé García e un accésit para Mercedes Rey Reinoso; mentres que na modalidade de poesía, o primeiro premio foi para Pedro Roca Padrones, o segundo para María Cachafeiro Sánchez e o terceiro para Pablo García Castro. En 2º da ESO, en narrativa, o primeiro premio foi para Carmen López Calderón, o segundo para Pablo Alberte Woodward, e o terceiro para Yago González Rozas; mentres que en poesía, o primeiro foi para Marco Porto Fuentes, o segundo para Andrea Ferradáns López e oterceiro para Ángel Gómez-Iglesias Rosón.

Concurso de Contos do “**Concello da Baña”**

Convocado co propósito de fomenta-la literatura galega entre os máis novos. O certame está dividido en catro categorías: A) para rapaces de 7 a 9 anos, B) para os de 10 a 12, C) para os de 13 a 15 e D) para os de 16 a 18. Os contos teñen que estar escritos en lingua galega e ser orixinais. Os que participen nas modalidades C e D terán unha extensión mínima de dous folios e máxima de cinco. As obras presentaranse no Concello da Baña nun sobre pechado que teña escrito por fóra o título da obra e o pseudónimo do autor, mentres que dentro del debe ir outro, tamén pechado, no que consten os datos do autor. O prazo de presentación remata o 5 de maio de 1999 e tense prevista a entrega dos premios para o 16 dese mes. Establécense os seguintes premios: categoría A e B, 10.000 ptas. e C e D, 15.000. Nesta edición, á hora de entrega-los galardóns, a división das categorías é diferente, segundo se indica a seguir: na categoría A (de 7 a 12 anos), o primeiro premio foi para Iria Noela Germil Ares por *Árbore miúda* e o segundo para Noelia Muíño Mariño por *O túnel*; mentres que na B (de 13 a 17 anos), o primeiro foi para Patricia Vieito Casal por *O crego mullereiro* e o segundo para César Ramos Domínguez por *Unha de detectives*. O xurado estivo formado por Ánxeles Taboada, Mª Carmen Giraut Forján, Mª Soledad Pais García, Natalia Tourís Fernández e Mª Paz Gago Gómez.

Xº Premio de Poesía para Escolares do “**Concello de Marín”**

O concello marinense destina este premio ós seus escolares. A extensión das obras será de dez versos para a categoría A (alumnos de 1º, 2º e 3º de Educación Primaria), vinte para a B (alumnos de 4º, 5º e 6º de Primaria) e trinta para a C (alumnos de 1º e 2º da ESO). O prazo de admisión remata o 5 de maio de 1999 e cada centro escolar deberá presentar como máximo tres traballos nos que se especifique a categoría pero non o nome do autor. Nesta edición, na categoría A, os premiados foron Carla Area Pesqueira, Fátima Ferreiro García e Andrea Beloso Balagones; na B, Rebeca Juncal Rosales, Oliva Hermo Capa e Antía Portas Conde; e na C, Patricia Tamara González, Silvia Moure Pereda e María Sierra López.

Referencias varias:

-D. P., “El grupo “Migallas” representó en Monte Porreiro su espectáculo”, *Diario de Pontevedra*, 7 marzo 1999, p. 11.
Ver Xº Certame de Poesía “Concello de Marín”, no apartado X. 2, nestas páxinas.

-D. P., “Adolfo Caamaño recibió el Premio de Poesía “Concello de Marín”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1999, p. 14.

Ver Xº Certame de Poesía “Concello de Marín”, no apartado X. 2, nestas páxinas.

IIIº Certame de Contos e Narración Curta Letras Galegas 1999 do **"Concello de Ourense"**

Organizado pola área de Educación, Universidade, e Xuventude do Concello de Ourense para conmemora-lo Día das Letras Galegas. Na edición de 1999, polo que respecta á modalidade de narrativa curta, o primeiro premio foi para Daniel Saavedra Toral por *Morriña*, o primeiro accésit para Tania Ruano por *Unha vida de...* e o segundo para Nuria Gómez Rodicio por *O noso último verán*. Na modalidade de contos (ESO), o primeiro premio foi para Carina Baltar Salgado por *A hora máxica*, o primeiro accésit para Ana de Sas Barreiro por *Algo máis que amizade*, o segundo para Leticia Salgado Fernández por *O derradeiro verán*, o terceiro para Irene Aguiar García por *Sonos e meigallos na flor do toxo* e o cuarto para Elisabeth Vilar Castro por *Unha nova vida*. Na modalidade de contos (Primaria), o primeiro premio foi para Diego Fernández Pérez por *O gran chicleman*, o primeiro accésit para Diego Fernández Pérez por *Pulgas* e o segundo para Iria Domínguez Vázquez por *Mil primaveiras máis*. O xurado estivo composto por Belén Girón Vélez, Xosé Antón Calviño Martínez, Pablo Otero "Peixe", Natividade Borrajo Pazos e Mª Luz Añel López.

VIIº Certame de Poesía e Narrativa **“Concello de Rianxo”** Ver este premio no apartado X. 5, nestas páxinas.

Certame Literario Letras Galegas do **"Concello de Vilalba"**

Convócao no 1999 o Concello de Vilalba e presenta varias categorías. O prazo de entrega dos traballos remata o 15 de maio. Nesta edición, entregáronselle-los galardóns a Xosé Lois García Mato, na modalidade de prosa galega para menores de 15 anos; a García Hermida, na modalidade de poemas para menores de 15 anos; a Carmiña Prieto Rouco de prosa galega para nenos menores de 10 anos e a Roberto Blanco Torres de poemas en galego para menores de 10 anos.

IIIº Concurso Literario **“Costa da Morte”**

Os Equipos de Normalización Lingüística dos institutos da zona seleccionaron os trece traballos que optarán ós tres premios establecidos polo IIIº Concurso Literario “Costa da Morte”, nos que participan alumnos dos centros de Baio, Cee, Ponteceso e Vimianzo. Os seleccionados, dos que o xurado escollerá tres no mes de maio, son: *Café con sabor a sangue*, de Begoña Álvarez;*Cognosco, logo simbiose*, de María Sara Baliña Vieites; *¿A derradeira opción?,* de Pablo Blanco; *O libro dos soños*, de Laura Canosa; *A María Magdalena*, de Cristovo Devesa; *Bolboretas*, de María Forján; *A xente di que pensamos*, de Alberto Macebo; *Desta vez fareino*, de Xesús Ozón; *Na escuridade das augas*, de Eva María Paz; *Mantis*, de Martina Pereira; *A oliva da Atenea*, de Cristina de la Torre; *O Encontro*, de María Xosé Varela e *Paz*, de Carmen Marina Vidal.

Concurso de Poesía, Contos e Debuxo da **“Feira do Libro”** de Lugo

Dentro das actividades que tiveron lugar na Feira do Libro de Lugo, celebrouse un concurso de contos, de debuxo e de poesía, no que foron premiados os seguintes nenos. No concurso de contos, os gañadores da categoría A foron Mario López Quiroga, Laura Sánchez Novoa; na categoría B, Alba Fernández Sánchez, Andrea Sánchez Novoa e Laura Castiñeira; na C, María Castiñeira Busto, María Bravo García e Sheila Aldariz Ferreiro; e na D, Lucía Fernández Sánchez, Paloma Quiroga González e Alba Boquete Vilariño. No concurso de poesía, os galardoados na categoría A foron Alba Folgar García, Alba Fernández Sánchez, Lucía Castrillón Villar; na categoría B, Manuel Carballeda Castro, María Castiñeira Busto e Jonathan Grandío Gómez; e na categoría C, Clara Varela Díez, Lucía Fernández Sánchez e Marcos López Dosil.

VIIº Certame Galego de Poesía e Narración **“Francisco Fernández del Riego”** para Autores Novos

Ver este premio no apartado X. 5, nestas páxinas.

Vº Certame Literario **“A Hora Máxica”**

O CM San Clemente da Universidade de Santiago de Compostela, a través da súa Bolsa de Cultura e Biblioteca, e en colaboración co Vicerrectorado de Estudiantes e de Extensión Cultural, convoca este certame no que poden participa-los estudiantes matriculados na Universidade compostelá. O tema e forma dos relatos son libres e a súa extensión non debe excede-los cinco folios, non podendo cada participante concorrer con máis dun traballo. As narracións presentaranse en folios mecanografados a dobre espacio por unha soa cara, indicando ó final do texto, os datos do autor. En caso de utilizar pseudónimo, os datos consignaranse dentro dun sobre pechado que se adxuntará ó traballo, no que na súa parte externa figurará dito pseudónimo. Os traballos presentaranse no CM San Clemente (Praza Dr. Rodríguez Cadarso, s/n., Santiago de Compostela), antes do 25 de marzo de 1999. Os premios consistirán en 25.000 ptas. e diploma para o primeiro relato clasificado, 15.000 para o segundo e 10.000 para o terceiro. Os orixinais quedarán en propiedade do citado centro que se reserva o dereito de publicalos no próximo número da revista colexial *Lume*. Nesta ocasión, o gañador foi Miguel Cano González por *Danza triste*, mentres que o segundo foi para Carmela González por *Na memoria dos espellos* e o terceiro para Diego González Díaz por *Levaba anos camiñando*. O xurado estivo formado por Óscar Campos Fernández, Carlos Martínez Carrillo, Xelucho Abella Chouciño, Xosé Ramón López Boullón, Avelino Pousa Antelo e Martina Varela Velo.

VIº Certame Literario Día das Letras do **"IES de Melide"**

Convócao o Equipo de Normalización Lingüística do IES Melide e nel poden participar calquera alumno do centro. Establécense as seguintes categorías: poesía, prosa e investigación lingüística e/ou cultural. As obras presentadas deberán estar escritas en lingua galega e a extensión e os temas dos traballos serán libres. Na modalidade de investigación, valoraranse especialmente aqueles traballos que contribúan á recuperación da memoria histórica e cultural de Terra de Melide (cantigas populares, contos, lendas, xogos...). Para cada categoría hai un único premio para BUP e COU e outro para a ESO, aínda que será facultade do xurado o conceder mencións especiais. O xurado estará formado por membros do alumnado, do profesorado, do persoal docente e da APA do colexio. Os traballos deberán ser presentados antes do 10 de maio de 1999 na coserxería do centro e levarán o título e nome da modalidade pola que se presentan, non figurando neles o nome do autor, senón un pseudónimo ou lema. Así mesmo, o autor deberá deixar constancia dos seus datos nun sobre pechado. A entrega dos premios levarase a cabo no transcorrer da Semana das Letras. Nesta edición, no apartado de prosa, o primeiro premio foi para Xosé Manuel Asorey Carril por *Alén da natura morta* e o segundo para Noelia Pena Garea por *Esa era eu*, quedando desertos o resto dos apartados. Oxurado estivo composto por Carlos Negro, Gloria Rodríguez Íñiguez, Laura Ferreiro Varela, Lorena García Calvo, Xan Méndez Martínez, Ana Cristina Sobrado Lois e Helena Calviño Vence.

Certame Literario Letras Galegas do **“Instituto Xelmírez II”**

O Instituto de Ensino Secundario Xelmírez II sumouse á celebración do Día das Letras Galegas cunha serie de actos protagonizados polos seus alumnos e coa entrega dos galardóns do Certame Literario Letras Galegas. Belén Fernández Lamela foi a gañadora do certame na súa modalidade de poesía. Recibiron dous accésits Matías Tarrío Cao e Isabel Ricart García. Na modalidade de narrativa a gañadora foi Paula Fernández Seoane seguida de Ana Santiso Vilar. Pablo Vázquez Tellería e Vanesa López García obtiveron dous accesits.

Certame “**Letras Galegas”** de Narración e Debuxo

Convocado polas bibliotecas públicas dos seguintes municipios: Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, Biblioteca Pública de Outeiro de Rei, Biblioteca Pública Provincial Cidade de Lugo, Biblioteca Pública de Sarria, Biblioteca de Monforte de Lemos, Biblioteca de Taboada, Biblioteca de Guitiriz e Biblioteca de Fonsagrada. Establecéronse tres categorías: A) ata oito anos, B) de nove a once anos e C) de doce a dezaseis anos. Os gañadores de cada fase local pasarán á fase provincial do concurso. Nesta edición, chegamos a ter constancia dos dictames dos seguintes municipios: Biblioteca Municipal de Antas de Ulla, Biblioteca Pública de Sarria e Biblioteca de Taboada, dos que damos conta a seguir. Na fase local da Biblioteca de Taboada, os gañadores no apartado de narrativa foron Carlos Maciñeiras, Uxía Taboada e Lucía Pérez, na categoría B; mentres que Ana Sobrado e Lorena María López conseguiron o premio na categoría C. Na fase local de Antas de Ulla, no apartado de narración na categoría A, premiouse a Érica García Varela, Xurxo Calderón Otero e Alba Val Noguerol. Recibiu un accésit Rubén García Soengas. Na categoría B, os galardoados foron Adrián Frade Iglesias, Cristina García Conde e Lorena Abelairas Gómez. Concedéuselle un accésit a Brais Vázquez Lamazares. Na categoría C, recibiu o premio Diego García Mouriño, Alejandro Frade Iglesias e Beatriz Saa. Na Biblioteca Pública de Sarria os gañadores na categoría A de narrativa foron María López Vázquez, Lucía Permuy Valín e IgnacioÁlvarez Martínez. Na B, resultaron vencedores Tania Lorenzo López, Jorge Quinte Rodríguez e Sonia Díaz Moreira. Na Categoría C, as gañadoras son Carmen López García, Mariluz Arias González e Alba Vázquez Arias.

Referencias varias:

-Begoña Mouriño, “Fallados en Antas os concursos de debuxo e narración das Letras Galegas”, *El Progreso*, 16 maio 1999, p. 17.

Informa da resolución dos premios correspondentes á fase local de Antas de Ulla e cita os nomes dos galardoados nos diferentes apartados de debuxo e narración.

Vº Certame Literario **“Letras Galegas”**

Organizado polo Instituto de San Alberto e Virxe do Mar de Noia con motivo da Semana das Letras Galegas. Os galardoados foron Micaela Alvear Arroyo na modalidade de narrativa na categoría de 1º e 2º de ESO, polo conto titulado *Noites na biblioteca*; Iago Pérez Lorenzo na categoría de 3º e 4º da ESO, polo traballo *¿Vivir ou morrer?*; e Óscar Manuel Sendón Oliveira na categoría de 1º e 2º de Bacharelato, 3º de BUP e COU. Na modalidade de poesía, o primeiro premio na categoría de 1º e 2º de ESO foi para Xosé Luis Pérez Pérez, por *Tres poemas sen título*, en 3º e 4º de ESO e 2º de BUP o premio foi para Felipe Dosil Castro por *Só falan os sentimentos* e, finalmente, na categoría de 1º e 2º de Bacharelato, 3º de BUP e COU o galardón foi para Val Carmona de la Iglesia por *Algunhas flores murchas*. O xurado estivo composto polos profesores Domingo Ramón Campos Alborés, Ana María Castro Blanco, Xavier CastroRodríguez e María Dolores Arxóns Álvarez.

XVIIIº Concurso de Contos Infantís **“Letras Galegas”**

Organízao a Asociación Cultural Afonso Eanes e poden participar tódolos rapaces que cursen estudios en primaria, EXB e ESO nos colexios de A Baña, Santa Comba, Brión, Viceso, Tapia, Bertamiráns, Portomouro, Bembibre, Urdilde, Mazaricos, Pino do Val, San Cosme e Negreira. Os temas serán libres e cada concursante poderá presentar cantas narración queira. Constará de tres categías: A) para 1º, 2º e 3º de Primaria; B) para 4º, 5º e 6º de Primaria; C) para 1º, 2º e 3º de ESO. A extensión dos contos non poderá exeder de 5 folios e mandaranse escritos con letra lexible á S.C. Afonso Eanes (Apartado 18, 15830 Negreira), antes do 30 de abril e en cada un figurarán os datos do autor. Os premios por categorías son os seguintes. Na categoría A, o primeiro premio consiste nun vale de 4.000 ptas. en roupa, caixa de cores e lote de libros; o segundo, nun robot de xoguete, hucha e lote de libros; e o terceiro, nun espertador, balón e lote de libros. Na categoría B, ó primeiro premio correspóndenlle uns patíns, caixa de cores e lote de libros; ó segundo, un walkman, un vídeo de debuxos animados en galego e un lote de libros; e ó terceiro, un vídeo de debuxos animados en galego e un lote de libros. Na C, o primeiro premio consiste nunha cámara de fotos, un crebacabezas e un lote de libros; o segundo nun walkman, nun crebacabezas e lote de libos; e o terceiro, nun walkman e lote de libros. O dictame do xurado deuse a coñecer o 14 de maio. Nesta edición, o xurado estivo formado por Uxío Ferradás, María Xesús Veiga, Xosé Barreiro e Xosé López Gómez. Na categoría A, o primeiro premio foi para o primeiro foi para Amara González Noia por *A cidade das pombas brancas*, o segundo para José Manuel Blanco Pose por *A viaxe movida*, o terceiro para Nerea Fernández Rama por *Esperimento maléfico*. Tamén se lle concedeu un primeiro accésit a Adriana Núñez Ferreiro por *Un país en busca de paz* e a Rocío Campo Pombo por *O campamento*. Na categoría B, Olalla Linares García por *A lixeira lixeira*, o segundo para Sergio Ferrín Riveiro por *Dous amigos revoltosos* e o terceiro para Ana Belén Espasandín García por *O home de palla*. Na categoría C, o primeiro premio foi para Sabela Pena García por *Ven bailar, Carmiña*; o segundo para Sonia Blanco Ameijeiras por *A historia de Isabel*, o terceiro para Laura Ramos Boo por *A bordo con*

Prins Kalter; o primeiro accésit para Miguel Lema Rieiro por *A vida de Anxo* e un segundo accésit para Sabela Pena García por *Lusco fusco*.

IIIº Concurso de Narrativa Curta Xuvenil **"Letras Galegas"**

A Asociación Cultural Afonso Eanes convoca este concurso ó que poden concorre-los alumnos de 3º de BUP e COU de Negreira, Santa Comba, Santiago, Ames, Padrón, Noia, Ordes, Carballo, Muros, Baio e Vimianzo. As narracións deben ser inéditas, escritas en galego e de temática libre, non podendo a súa extensión excede-los dez folios mecanografiados a dobre espacio e por unha soa cara. Estes deben enviarse á S.C. Afonso Eanes (Apartado 18, 15830 Negreira), antes do 30 de abril de 1999, cun lema ou pseudónimo, que tamén figurará no exterior da plica onde se inclúan os datos persoais do autor. Establécese un primeiro premio de 25.000 ptas. e lote de libros, un segundo de 15.000 e lote de libros e un terceiro de 5.000 e lote de libros. A data da resolución do xurado está prevista para o día 14 de maio. Nesta ocasión, o primeiro premio foi para Daniel Bahamonde Boquete por *Suicidareime*; o segundo para Begoña Muíño Mariño por *Salim*; o terceiro para Cristina Vecino Lage por *Investigación*. Así mesmo, concedéuselles un primeiro accésit a Alberto Ramos Liñares por *Luisito na escola* e un segundo a Iván Cebey Rey por *Axenda electrónica*. O xurado estivo formado por Uxío Ferrás, María Xesús Veiga, Xosé Barreiro, Xosé López Gómez, María Mourón, Sechu Sende e Ramón Fernández.

Certame de Poesía **“López Abente”** Ver

este premio no apartado X. 2, nestas páxinas.

VIIIº Premio Literario **“Manolo Lado”**

O IES Alfredo Brañas de Carballo convoca este premio, coa colaboración do Concello de Carballo e Caixa Galicia. Nel poden concorrer tódolos estudiantes de ensino medio matriculados no curso académico 1998/99 en calquera dos institutos de Bacharelato, FP ou IES de Galicia. Os traballos deben estar escritos en lingua galega e establécense dúas modalidades: narrativa, que recolle relatos curtos de tema libre e cunha extensión mínima de dous folios e máxima de oito, mecanografados a dobre espacio e por unha cara; e poesía, que abrangue un conxunto de poemas, entre catro e dez, de tema e forma libre, mecanografados a dobre espacio e por unha cara. Deben ser inéditos e estar acompañados dunha plica co mesmo pseudónimo e, no seu interior, figurarán os seguintes datos: nome, apelidos, enderezo, teléfono e centro onde o autor realiza os seus estudios. Os orixinais enviaranse á Secretaría do IES Alfredo Brañas (R/ Vila de Corcubión, s/n., 15100 Carballo), antes do 9 de abril de 1999. Concederanse tres premios para cada unha das modalidades de narrativa e poesía e a contía económica, que será a mesma para ámbalas dúas, consiste en 25.000 ptas. para o primeiro premio, 15.000 para o segundo e 10.000 para o terceiro. O xurado estará constituído por membros da comunidade educativa e os premios serán entregados no acto que se celebrará o día 14 de maio na Semana das Letras Galegas, do IES Alfredo Brañas. Os traballos premiados ficarán en propiedade do citado instituto para ser publicados, mentres que os restantes poderán retirarse no prazo de tres meses, a partir da resolución do xurado. En 1999, na modalidade de narrativa, o primeiro premio foi para Anabel Fontaíña Barca por *¿Traxedia ou final feliz?*, o segundo para David Pérez González por *Pés de Lá* e o terceiro para Silvia Míguez Canedo por *Diario de David*; mentres que, na modalidade de poesía, o primeiro foi para Alfonso Liñares Rodríguez por *Un pouco de todo e moito de nada*, David Pérez González por *Algo máis que palabras* e o terceiro para Silvana Castro García por *Razón Confusa*. O xurado, que se reuniu o 27 de abril, estivo formado por Rafael Barros Pereira,

Francisco X. Charlín Pérez, Javier Nieto Noya, Xulia Gallego Sánchez, Rebeca García Amado e Adolfo Gil Gómez.

Iº Premio Literario **“Manuel Luís Acuña”**

No outono de 1999, convocouse a primeira edición deste premio na comarca de Terra de Trives, co motivo de conmemora-lo centenario de Manuel Luís Acuña, que naceu o 3 de outubro de 1899 en Sobrado de Trives e finou en Ourense en 1975. A súa organización corre a cargo do Servicio Lingüístico Comarcal de Terra de Trives, dependente da Sociedade para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Os obxectivos da presente convocatoria inicial son fomenta-la creatividade literaria entre a xente nova, esperta-lo interese deste colectivo polas diversas manifestacións culturais propias da bisbarra e contribuír ó coñecemento do labor intelectual de Manuel Luís Acuña entre a mocidade da comarca e divulga-la súa obra. Está destinado ó público escolar da comarca e establécese unha categoría A (para alumnos de 5º e 6º de Educación Primaria), B (para alumnos de 1º, 2º e 3º de ESO) e C (alumnos de 4º da ESO, FP, 3º de BUP e COU). As modalidades que hai son as de creación, poesía e relato curto, para a categoría A, B e C; e de investigación, versado en temas relacionados coa cultura e as tradicións da comarca, para a categoría C. Para cada categoría establécese a concesión dun 1º, 2º e 3º premio e o galardón consistirá na entrega pública dun diploma a cada premiado, a correspondente publicación dos traballos e, en función do premio acadado, un agasallo consistente nun lote de materiais subministrados polas empresas participantes da comarca. A extensión dos traballos debe estar entre os 50 e 100 versos para a modalidade de poesía; e nun mínimo de tres folios e máximo de dez para a de relato curto e investigación. Tódolos traballos, que deben ser inéditos e escritos en galego, teñen que estar mecanografados por unha soa cara e para o caso dos de prosa, escritos a dobre espacio. A entrega de premios terá lugar o 17 de maio de 2000.

IIIº Premio de Poesía **“Manuel María”** Ver

este premio no apartado X. 2, nestas páxinas.

XXVIIº Certame Literario **“Minerva”**

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972. Nel poden participar alumnos de 3º e 4º de ESO, BUP, COU, novo Bacharelato e Ciclo de FP, que cursen os seus estudios en centros de Galicia e non teñan cumpridos os 20 anos. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poderán concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espacio). Enviaranse o orixinal e tres copias, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, que deben vir selados polo Seminario de Galego para acredita-la súa condición de alumno do centro. No exterior do sobre figurarán o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse a “XXVIIº Certame Literario Minerva” (Colexio M. Peleteiro, San pedro de Mezonzo, 27, 15701 Santiago de Compostela), antes do 20 de marzo. Concederanse tres premios en cada unha das dúas modalidades, de 100.000, 60.000 e 40.000 ptas., respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro convocante. O xurado estará constituído por escritores e profesores de Lingua ou Literatura de distintos centros de Galicia e darase a coñecer con anticipación á emisión do seu dictame, que se comunicará o 8 de maio. A entrega de premios terá lugar o 26 de maio nun acto literario, no que os agasallados deberán ler, total ou parcialmente, a súa obra. Nesta edición, presentáronse 241 traballos, 149 na modalidade de narración e 92 na de poesía, resultando finalistas 27 narracións e 18 triloxías poéticas. Na de narración, o primeiro premio foi para A. Roque Cameselle Capón por *Boneca*, o segundo para Lorena Domínguez Blanco por *A sutil tea* e o terceiro para Diego Alfonsín Rivero por *Fiat lux*. Así mesmo, concedéronselles accésits a Sandra Martínez Fernández por *Cousas de meigas*, Verónica Rodríguez Piñeiro por *Andrómena* e Andrea Álvarez Pino por *Muller de ferro*. O xurado desta modalidade estivo formado por Gonzalo Navaza Blanco, que foi o pr[illegible] Mª do Carme Díez Tarrío, que foron os vocais. Polo que se refire a

poesía, o primeiro premio foi para Eduardo González Solleiro por *Recitando no ascensor*, o segundo para A. Roque Cameselle Capón por *¿Quen son eu para que me perturbe verte?* e o terceiro para Samuel Solleiro González por *Na taberna das estrelas*. Nesta modalidade, os accésits foron para Eva Moreda Rodríguez por *Unha historia mínima*, Helías Portela Fernández por *Maceira verde, laranxas azuis* e Francisco Rodríguez Lago por *A sombra do incerto*. Nesta modalidade o xurado estivo presidido por Luís Alonso Girgado e foron vocais Avelino Abuín de Tembra, Luís González Tosar, Olga Novo Presa e Teresa González da Silva. O secretario, en ámbalas dúas modalidades, foi Xabier Ferreiro Lozano.

Referencias varias:

- J. C. Ortiz, “Poesía”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 8 maio 1999, p. 50.

Tras presenta-la xuventude actual como festeira e bebedeira, gusta de ver que hai rapaces de dezasete e dezaoito anos que escriben poesía sobre o amor, a existencia ou a soidade. Fai con iso referencia ós gañadores do apartado de poesía do Certame Literario “Minerva”.

- Lois Fernández, “Jóvenes promesas de la literatura”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 8 maio 1999, p. 50.

Informa que este ano se presentaron 241 traballos ó Certame Literario “Minerva”, promovido polo colexio Manuel Peleteiro. Tamén nomea os gañadores e as súas obras premiadas.

- M. M., “Un tudense gana dos premios del ‘XXVII Certame Literario Minerva”, *El Correo Gallego*, 8 maio 1999, p. 33.

Dá conta dos galardoados nesta nova edición do Certame Literario “Minerva” e da composición dos xurados.

- A. I. S., “Dos estudiantes de Tui, premios del ‘Certame Literario Minerva”, *El Correo Gallego*, “Así está el patio”, 26 maio 1999, p. 35.

Achega o nome dos integrantes da modalidade de narrativa e poesía desta nova edición do Certame Literario “Minerva”. Así mesmo, sinala que Xosé Neira Vilas foi o mantedor do acto de entrega e que os gañadores desta nova edición, foron A. Cameselle Capón en narrativa e Eduardo González Solleiro en poesía

XVIº Premio **“Ourense de Contos para a Mocidade”** Ver este premio no apartado X. 7, nestas páxinas.

VIIIº Certame Literario **“A Pipa”** Ver este

premio no apartado X. 5, nestas páxinas.

XIIº Certame de Contos **“Repsol”**

Convocado pola compañía Repsol e dirixido a estudiantes de BUP, COU e FP de Galicia. Está dotado cun primeiro premio de 100.000 ptas. e un segundo de 50.000 para cada unha das categorías (galego e castelán). Ademais, os centros, ós que pertezan os escolares galardoados, recibirán un premio pola súa colaboración. Os traballos deberán ser orixinais e inéditos e a súa extensión non superará os seis folios mecanografados a dobre espacio por unha cara. O prazo de admisión remata o 13 de febreiro en cada un dos centros de ensino e, a partir de aquí, cada un seleccionará ata un máximo de tres contos que pasarán á fase provincial. Os nomes dos gañadores coñécese no mes de maio. Nesta edición, na modalidade en lingua galega, foron galardoados María da Gloria David de Sousas polo relato *O segredo de Manola,* que obtivo o primeiro premio, e Alberto Dafonte Gómez, que conseguiu o segundo por *Noite de muiñada*. Na modalidade de contos en castelán, o primeiro premio foi para Silvia Murias Gómez polo relato*Siempre estaré a tu lado* e o segundo para Paula Pérez André por *El nacimiento de un nuevo sol*. En decembro de 1999, convocouse a decimoterceira edición que establece para o primeiro premio a contía de 150.000 ptas. e para o segundo 75.000.

IIIº Certame Galego de Ensaio Xuventude 99 **“Roberto Blanco Torres”** Ver este premio no apartado X. 4, nestas páxinas.

XIIº Premio de Narracións Xuvenís **“Rúa Nova”**

Premio de creación literaria convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Establecen un primeiro premio para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para os presentados en lingua galega por autores que non cumprisen 18 anos o día 1 de abril de 1999. Estes textos poden ter unha extensión de 25 a 125 folios e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, antes do 1 de marzo, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º, 15705 Santiago / Apartado de Correos 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. Outórgase un primeiro premio e un accésit para traballos presentados en lingua galega e castelá e cada un dos dous primeiros premios constará dunha dotación económica de 250.000 ptas. e a publicación do texto na colección “Nova 33”, mentres que cada un dos dous accésits conlevará a publicacion do texto na citada colección. O dictame do xurado deuse a coñecer o día 13 de abril. Nesta edición, o xurado estivo composto por Carlos Casares, Rosa Castro, Felipe Riola Parada, Paulino Novo e Xosé Victorio Nogueira. Na modalidade de castelán, otorgóuselle o premio a Eva Moreda Rodríguez pola obra *Mitología Contempóranea: Parte I*. As mencións especiais foron para Cristina Barba Cubelos por *Al final de las Alamedas*, Alejandro Roque Cameselle por *En la luz frenada de la tarde* e Alicia Albares Martínez por *La guerra de los dragones*. Na modalidade de galego o xurado decidiu declaralo deserto.

Referencias varias:

- D. P., “Premio Rúa Nova 1999”, *Diario de Pontevedra*, 11 xaneiro 1999, p. 8.
Anúnciase a convocatoria da duodécima edición do premio.

Iº Certame de Poesía Infantil sobre a “**Ruta Xacobea**”

Convocado pola Asociación Cultural de Tempo Libre Medioambiental Asteme de Lugo. Poden participar nenos e mozos ata 16 anos. O tema é o Camiño de Santiago. Os poemas inéditos en galego deberán ter unha extensión máxima dun folio a dobre espacio. O prazo remata o 15 de abril. Nesta edición resultaron gañadores David Celeiro López, na primeira categoría para menores de dez anos por “Do Cebreiro a Triacastela”; Iago Rodríguez-Letegás Tizón, na segunda categoría correspondente a nenos entre once e trece anos, por “Deitados sobre o camiño”; e Tania Lareo López, na terceira categoría de catorce a dezaseis anos, por “O noso camiño”.

VIIIº Certame Municipal de **"Teatro para Centros de Ensino da Cidade"**

Convócao a Delegación de Cultura e Educación do Concello de Monforte de Lemos para os centros de ensino da cidade. Cada centro poderá participar pondo en escena unha soa obra de teatro e tódolos participantes pertencerán obrigatoriamente ó centro que representan. Antes do 18 de febreiro de 1999, os centros participantes enviarán á Casa da Cultura do Concello a seguinte documentación: título, autor, reparto, nome do director, sipnose e duración da obra, todo presentado nun díptico tamaño folio. As postas en escena levaranse a cabo, entre o 7 de abril e o 6 de maio, no salón de actos da Casa de Cultura e terán unha duración mínima de media hora. O concello subvencionará os centros de ensino participantes cunha achega económica de 60.000 ptas. e os premios consistirán nunha placa e 70.000 ptas. para cada un dos centros participantes. A entrega dos premios será no salón de actos da Casa de Cultura o 7 de maio. Nesta edición, os centros participantes foron os seguintes: o IES Daviña Rey coa obra *A carreira do Manuel*; o IES Río Cabe con *O derradeiro poema*, de Diego López Rodríguez; o Colexio A Gándara con *Un grande invento para salir do abourimento*, de Xoán Babarro e Ana Mª Fernández; o Colexio PP. Escolapios con *Andanzas do cego de Fornelos*, de Manuel Varela Buxán; o Colexio Novo con *A Bela durminte*, de Thomas Joseph e Norbert Landa; o Colexio Divina Pastora con *A vinganza de Don Mendo*, de Pedro Muñoz Seca; o IES A Pinguela con *Arsénico e encaixe antigo*, de Joseph Kesserhing; e o Colexio Ferroviario con *Un xoguete para Goldoni*, de Goldoni. As asociacións invitadas foron Auxilia e Promede, que representou a *Espiña de toxo*, de Manuel María.

Xº Certame Galego de **"Teatro Xuventude 1999"** Ver este premio no apartado X. 3, nestas páxinas.

Iº Certame Literario **“Terra de Lobos”** Ver

este premio no apartado X. 1, nestas páxinas.

Vº Certame de Contos **“Trapero Pardo”**

Convocado polo Padroado de Cultura do Concello de Lugo e dirixido a alumnos dos centros escolares desa cidade, que teñan entre 12 e 18 anos, divididos en dúas categorías. Os contosserán inéditos, de tema e extensión libres, e deberán enviarse á Área de Xuventude e Educación, situada na Rúa Quiroga Ballesteros. Entregaranse nun sobre pechado cun lema, que conterá, á súa vez, outro sobre cos datos persoais do autor. Haberá tres premios por categoría. En 1999, na categoría de 12 a 14 anos resultou gañadora Cristina Meijome Rivera, o segundo foi Nereo Couso Fernández e a terceira Margarita González González. Na de 15 a 18, o primeiro premio concedéuselle a Ismael Rodríguez Cal, o segundo a Rocío Otero López e o terceiro a Lucía Vázquez. A entrega dos premios tivo lugar o día 16 de decembro.

IVº Premio de Relato Curto **“Varela Buxán”**

O concello de Lalín organiza este premio que está dirixido ó alumnado de 6º de Primaria, 1º, 2º e 3º de ESO, BUP, COU e FP da comarca do Deza. Presenta dúas categorías: A) para 6º de Primaria, 1º, 2º e 3º da ESO, con tres premios de 20.000, 10.000 e 5.000 ptas; e B) para BUP, COU e FP, tamén con tres premios coa mesma contía sinalada. Os traballos de temática libre deben estar escritos en galeco e ter unha extensión mínima de tres follas e máxima de dez, mecanografadas a dobre espacio por unha soa cara. Deben entregarse asinados con pseudónimo, xunto a un sobre pechado no que se indiquen os datos do autor, na Biblioteca Municipal do Concello ou enviarse á Concellería de Cultura, co seguinte enderezo: “Premio Varela Buxán” (Praza do Concello, s/n., 36500 Lalín). O dictame do xurado, formado por Manuel Gómez Estévez, Gonzalo Navaza, Anxos Sumai, Xosé Luma e Damián Salvador Payo Cangado, fíxose público o 22 de maio. Na categoría A, o primeiro premio foi para Iago Mouriño Román por *Aviseite*, o segundo para Naomín Fernández González por *Asasinato na idade media* e o terceiro para Patricia Castro Vázquez por *O roubo das campás*. Así mesmo, nesta categoría, outorgóuselles un primeiro accésit a Marta Vilariño Pallarés por *Un gran cambio de traballos* e un segundo a Iago Payo Froiz por *I é verdade i é mentira*, mentres que recibiron mención e trofeo Mª Pilar Vence Santórum por *As matemáticas non existen*, Patricia Otero García por *A fuxida de Alexandra*, Mª Xosé Fernández Ledo por *A desolación ten consolo* e a Vanessa Loureiro Fernández. Polo que se refire á categoría B, o primeiro premio foi para Alba Payo Froiz por *Porca miseria*, o segundo para María Taboada Baliño por *Medrando en público* e o terceiro para José Manuel González García por *Recordos*.

IXº Certame de Contos **“Vila de Pontedeume”**

Organízao o Concello de Pontedeume e está restrinxido a estudiantes de BUP, 2º ciclo de ESO, Bacharelato, COU e Formación Profesional. Os contos serán orixinais e inéditos en galego, cunha extensión entre 4 e 6 folios mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara. Deberán entregarse por correo certificado ó Rexistro Xeral da secretaría da Casa do Concello de Pontedeume (Rúa Real, 13, 15600 Pontedeume-A Coruña), en sobre pechado co título da obra e lema do autor, acompañado doutro pequeno sobre, tamén pechado, no que consten os datos do autor. O prazo de presentación remata o 16 de abril de 1999. Establécense tres premios de 50.000, 20.000 e 15.000 ptas. e o concello resérvase a posibilidade de publica-los premios do concurso no momento que o considere conveniente. Nesta ocasión, o xurado estivo formado por Agustín Fernández Paz, Henrique Dacosta, Mar Fontela, Marcos Vázquez Fernández e Esther Leira Penaba. O primeiro premio foi para Eva Moreda Rodríguez por *O amor de Galván*, o segundo para Beatriz Lorenzo López por *Intercambio* e o terceiro para Adrián Martín Prieto por*Tres ou catro vacas mortas, estiñadas e cheas de formigas na beira da corredoira nova*. Así mesmo, recibiron mención especial Tania Ruano Iglesias por *Unha vida de...* e Beatriz Lorenzo López por *Consecuencias dunha espera*.

VIIº Concurso Literario **"Xaime Isla Couto"** de Narrativa e Poesía

Organizado polo Concello de Poio e as asociacións SCD Raxó, Samieira, Vides Novas, Boureante e Ateneo Corredoira. Poden participar tódolos alumnos dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre os 6 e 18 anos. O 12 de maio decídense os gañadores. O xurado está composto polo Concelleiro de Cultura, un representante de cada entidade cultural e mais Xaime Isla, que ademais de presidir é a persoa que dá nome ó concurso. A entrega de premios na edición correspondente a 1999 tivo lugar o día 16 de maio. Na categoría A, os gañadores foron Ana María García Lores, na modalidade de narrativa, e Cristián Serén Rodríguez, na de poesía. Na categoría B, María Teresa Torres Guimeráns en narrativa e Olalla Pérez Rodríguez en poesía. Na categoría C, Roy Pazos Portela en narrativa. Finalmente, na categoría E, Ana María Outón Barral gañou na modalidade de narrativa.

Referencias varias:

D. P., "Fallados os premios de poesía e narrativa "Xaime Isla Couto", *Diario de Pontevedra*, 13 maio 1999, 21.

Anuncia a entrega de premios correspondente á VII[a] edición do concurso e cita os nomes dos gañadores e gañadoras nas diferentes categorías. Así mesmo, informa que a entrega de premios levarase a cabo nun acto consistente na lectura dos traballos premiados e na conferencia a cargo do profesor Henrique Costas.

VIº Certame de Poesía **“Xosé Carlos Caneiro Pérez”**

Convócao o Concello de Verín e nel poden participar tódolos autores matriculados na ESO en calquera centro docente da comarca de Verín. A temática e o estilo é totalmente libre e o poema será orixinal, inédito e escrito en galego, á máquina ou en letra manuscrita lexible. O traballo que presente cada centro á fase intecentros irá asinado cun lema e no interior dun sobre á parte, que se entregará co mesmo lema que se asine o traballo, dará conta o autor dos seus datos. O traballo seleccionado en cada centro participante para a fase intercentros entregarase na Casa do Concello de Verín, antes das 12:00 horas do día 12 de maio. A organización da fase de preselección é a criterio de cada centro participante. Establécese un primeiro premio de 15.000 ptas. e lote de libros, un segundo de 10.000 ptas. e lote de libro e un terceiro de 5.000 ptas. e lote de libros. Tamén haberá, para cada un dos traballos que concorran á fase intercentros e que non acaden algún dos tres premios, lotes de libros, ademais de entregarénselle libros a cada centro participante para sortear entre os alumnos concursantes ou para a biblioteca do centro. En 1999,

o primeiro premio foi para Tamara Fernández Alonso por *No Kosovo*, que presentou baixo o lema “Cabaliño do demo”; o segundo para Carmen Castillo de Castro polo traballo presentado baixo o lema “Vilaboa de Valoiro”; e o terceiro para Fernán Rolán Fernández por *A discusión da guerra*, que concursou baixo o lema “Flor de Lotto”. O xurado estivo formado por Serafín Vázquez Álvarez, Xesús Lantes Vitureira e Marcos Aparicio Francisco.

X. Premios

X. 9. Relación doutros premios escolares

Á parte dos xa citados, por coincidir con outros premios dos glosados anteriormente, sabemos da existencia dos que a continuación relacionamos:

-Concurso Literario Letras Galegas de Narración e Poesía **"Os Irmandiños de Oroso"**

Organizado pola Asociación Cultural Os Irmandiños en colaboración coa APA A Nosa Escola. O concurso está dividido nun certame de narrativa e outro de poesía e en tres categorías distintas: entre os 10 e os 14 anos, entre os 15 e 18 anos e dos 18 anos en diante. Os orixinais, escritos en galego, deben presentarse antes do 7 de maio no Punto de Información Xuvenil ou no colexio de Sigüeiro.

Referencias varias:

- Manuel A. Calvo, "Os Irmandiños de Oroso convoca un concurso literario para el Día das Letras", *La Voz de Galicia*, 22 abril 1999, p. 47.

Destaca a organización dun concurso literario para escolares pola Asociación Cultural Os Irmandiños en colaboración coa APA A Nosa Escola e dá a coñece-las súas bases.

IIº Certame de Poesía para a Xuventude **“María Baña”** do Departamento de Cultura de Cabana

IIº Premio de Poesía **“Sete Naos”**

Convocado polo colectivo poético Sete Naos e dirixido a estudiantes de Ensino Secundario da comarca do Salnés. A extensión dos orixinais non será inferior a vinte versos nin superior a cincuenta. Establécense dúas modalidades: unha en prosa e outra en verso. Cada unha está dotada cun primeiro premio de 25.000 ptas. e un accésit de 10.000. A extensión dos orixinais, na modalidade de prosa non será inferior ós tres folios nin superior ós dez; mentres que na de poesía non será inferior ós vinte versos nin superior ós cincuenta. Os orixinais presentaranse baixo lema, cun sobre pechado no que debe figurar tamén o lema no seu exterior e os datos do autor no seu interior, antes do 1 de maio de 1999 no IB Ramón Cabanillas (R/Rosalía de Castro, 16, 36630 Cambados).

XI. Literatura medieval

XI. 1. Monografías e libros colectivos

Couceiro, Xosé Luís, Mª Teresa **García-Sabell Tormo**, Manuel **Míguez Ben**, Emilio **Montero Cartelle**, Manuel Enrique **Vázquez Buján** e José M.ª **Viña Liste** (coords.), *Homenaxe ó profesor Camilo Flores*, 2 vols., limiar de Darío Villanueva, presentación de Emilio Montero Cartelle, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, col. Homenaxes, 1999, 746 pp. (ISBN Tomo I: 84-8121-787-5) (ISBN Tomo II: 84-8121-788-3) (ISBN Obra Completa: 84-8121-789-1). ¤

Como xa anunciamos no apartado V.1 deste *Informe*, onde se deu conta dos traballos desta obra dedicados á literatura galega en xeral, describimos agora os correspondentes á literatura medieval, que se atopan no volume segundo:

- Mercedes Brea, “Cantar e cantiga idem est”, pp. 93-108.

Estudio do emprego dos termos “cantar” e “cantiga” no corpus da lírica profana galego-portuguesa, tendo en conta, ó respecto, as notas do humanista Angelo Colocci. A autora constata como, fronte a outras escolas líricas románicas, a portuguesa non empregou os termos “canción”ou “canços” para referirse ás composicións poéticas que nela se cultivan e como no seu lugar se habilitaron “cantar” e “cantiga”. Dentro deste par establece, así mesmo, algunha distinción. Sinala que as primeiras xeracións de trobadores utilizarían preferentemente “cantar”, aínda que durante o período afonsí comeza a ser desprazado por “cantiga”, proceso que culmina no período dionisíaco. Entre as causas desta substitución, considera que estaría a indefinición inherente a “cantar”, que designaba por igual obras líricas ou épicas, o que levou a buscar un termo cun significado máis preciso.

- Ramón Lorenzo e Xosé Luís Couceiro, “Correccións á Edición da *General Estoria* de Ramón Martínez López”, pp. 209-233.

Revisión da edición realizada por Ramón Martínez López da versión galega da *General Estoria* contida no manuscrito O. I. I. da Biblioteca do Mosteiro de El Escorial e que publicou a Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Oviedo en 1963. Segundo se informa, o presente traballo é complementario doutro de similares características que a Universidade de Santiago de Compostela publicará no ano 2000, *Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*. Por unha parte, destácase o mérito de Martínez López, ó emprende-la edición dunha obra ata o de entón inédita, e sinálanse unha serie de aspectos que desvalorizan o seu traballo, entre eles, erros de lectura e criterios de transcrición discutibles. Por estas circunstancias, cualifícase a edición de Martínez López de “deplorable”, non apta para ter en conta segundo criterios filolóxicos, polo que se fai aconsellable a elaboración dunha nova edición do texto. Finalmente, sinálase que Ramón Lorenzo iniciou hai tempo a devandita tarefa.

-Elvira Fidalgo, “Joculatores qui cantant gesta principum et vitas sanctorum: as *cantigas de Santa María*, entre a lírica e a épica”, pp. 318-334.

A través desta análise das fórmulas que denotan oralidade dentro das *Cantigas de Santa María*, reflexiónase sobre o acto da escritura e a *performance* oral que estarían detrás deste tipo de composicións, transcritas coidadosamente en códices de gran valor, pero denominadas “cantigas”. Do mesmo xeito, ponse de manifesto o carácter narrativo do corpus mariano afonsí, o que permite emparentalo con outros xéneros que empregan fórmulas deste tipo, como as vidas de santos e os cantares de xesta. Por último, saliéntanse as diferencias e as similitudes existentes entre a producción trobadoresca profana de Afonso X e as *Cantigas de Santa María*. Nestas últimas, coméntase que o rei loaría á Virxe da mesma maneira que fai o trobador coa súa dama na lírica profana. Conclúese apuntando que todo isto leva a considera-las cantigas marianas afonsís como unha obra eclética que participa das características propias de varios xéneros.

- Teresa García-Gallarín Tormo, “Compostela y los trovadores”, pp. 364-378.

Repaso polas alusións a Santiago de Compostela que fan os trobadores das escolas occitana e galego-portuguesa. Destácase a importancia de Santiago como centro de peregrinación, así como o papel do camiño a Compostela como vía de entrada de influencias culturais, especialmente, literarias. Tamén se sinala que esta condición de destino de peregrinos é a que xustifica este tipo de mencións, moitas veces, simple referencia xeográfica cun papel moi anecdótico dentro das composicións.

- José Luis Rodríguez, “Um precursor de Rocinante nos cancioneiros? (Notas sobre umha cantiga de Fernam Soarez de Quinhones)”, pp. 626-645.

Análise da cantiga de escarnio *Contar vos ei costumes e feituras* de Fernan Soarez de Quiñones. Sinala que a cantiga se configura como unha sátira á clase dos infanzóns pobres, gracias ó tratamento caricaturesco que se dispensa á montura dun destes personaxes. Organiza o traballo en dúas partes: nunha primeira, que é unha análise verso a verso da citada composición, na que se abordan aspectos lingüísticos e literarios que axuden na correcta interpretación da composición; e unha segunda, na que destaca o tratamento marxinal que merecen os cabalos na literatura medieval, así como a ausencia de descricións ó respecto. Para desmostrar tal aspecto realiza un breve percorrido polos cantares de xesta e as narracións cabaleirescas. Como conclusión insiste na orixinalidade da cantiga de Fernan Soarez, só comparable, na súa opinión, á descrición que no século XVI fará Cervantes de Rocinante.

- Carlos Pérez Varela, “Cartuxo”, pp. 698-703.

Aproximación ó termo “Cartuxo”, que o humanista italiano Angelo Colocci escribiu na marxe do folio 68v do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (Colocci-Brancuti), precedendo á cantiga 266, *Pois minha senhor me manda*, atribuída a Roi Queimado. Emparenta a palabra galega coa italiana “cartoccio” e a castelá “cartucho” e propón o significado de “cartela”, elemento ornamental propio das Belas Artes que ten forma de voluta, pergamiño ou cinta e no que se insire algún tipo de inscrición. O termo, daquela, indicaría que a citada cantiga debía ir precedida dunha rúbrica explicativa. A nota colocciana permite supoñer dúas

hipóteses: ou ben había unha rúbrica no exemplar co que o humanista cotexaba o Cancioneiro, ou ben era un sinal de atención ó copista para que incluíse unha rúbrica. Por último, relaciona a letra inicial da palabra en cuestión co calderón, que o autor interpreta como un C, que marca o encabezamento doutras cantigas do mesmo Cancioneiro.

Cunha, Celso Ferreira da, *Cancioneiros dos Trovadores do Mar*, ed. de Elsa Gonçalves, Lisboa: Imprensa Nacional/Casa da Moeda, 1999, 534 pp. (ISBN: 972-27-0958-5). ¤

Volume a cargo de Elsa Gonçalves no que se recollen tres edicións críticas que de tres trobadores galego-portugueses realizara C. Ferreira da Cunha. O libro ábrese cunha breve "Apresentação", na que se glosa a figura do filólogo brasileiro, á que segue a primeira das edicións, *O Cancioneiro de Paay Gômez Charinho. Trovador do Século XIII*, reproducción facsimilar da "Tese de Concurso" que Cunha defendera no ano 1945 e que permanecía inédita. A segunda parte reflicte *O Cancioneiro de Joan Zorro*, publicado en Río de Janeiro en 1949. A editora encárgase de completa-lo traballo do filólogo brasileiro con engadidos que completan as diferentes seccións en que este dividiu a súa edición. A terceira sección do libro está formada por *O Cancioneiro de Martin Codax*, editado en Río de Janeiro en 1956, tamén reproducido de forma facsimilar. Cada edición vai encabezada por unha breve introducción na que se explican as dificultades coas que se atopou Celso F. Cunha na elaboración destes tres traballos. Péchase o volume cun artigo de Cunha titulado "Sobre o texto e a Interpretação das Cantigas de Martin Codax", que aparecera orixinariamente nas *Actes du Colloque Critique Textuelle Portugaise(Paris, 20-24 octobre 1981)*, publicadas polo Centre Culturel Portugaise (1986).

Fernández, Camilo (coord.), *A lingua e a literatura galegas nos alicerces do Terceiro Rexurdimento. Monográfico Cursos de Lingua e Culturas galegas*, Terrassa-Barcelona: Camilo Fernández, 1999, 119 pp. (D. L.: B-27.224-99). Como xa anunciamos no apartado V.1 deste *Informe*, no que se describiron os traballos desta obra sobre a literatura galega en xeral, damos conta agora do artigo referido á literatura medieval, que recolle nas súas páxinas.

- Carlos Paulo Martínez Pereiro, “Unha viaxe dos séculos recuados en nós. Da lírica medieval galego-portuguesa e da súa vixencia”, pp. 97-100.

Saliéntase o interese que a lírica galego-portuguesa ten espertado nos últimos anos en Galicia, en especial, a aproximación ó universo “complexo e plural” do discurso lírico e tamén ó labor de divulgación emprendido por moitos estudiosos. Sinálanse os dous eixos temáticos arredor dos que se di que xiran as cantigas medievais e explícanse polo miúdo as súas características máis sobranceiras, porque se o amor é o tema central nas *cantigas d’amor* e *d’amigo*, caracterizadas formalmente polo paralelismo das formas e a análise psicolóxica da coita de amor, nas *cantigas de escarnho e mal dizer* será a sátira, dende a burlesca e a sarcástica ata a obscena e humorística, a que as defina, caracterizándose formalmente por un modo máis narrativo e a secundarización dos esquemas reiterativos da anterior, ademais dunha explotación sistemática de tódalas posibilidades semánticas e expresivas da linguaxe, xogando con recursos como a ironía ou o equívoco. Tamén se fai referencia, entre outros aspectos, á súa actualidade malia os séculos transcorridos, á busca nelas dun “autorecoñe-cimento” e á memoria daqueles que expresaron a súa vontade de transmisión a través do espacio e o tempo fixándoas por escrito.

Frateschi Vieira, Yara, *En cas dona Maior. Os trovadores e a corte senhorial galega no século XIII*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, Col. Vento do Sul, 1999, 171 pp. (ISBN: 84-89896-53-4).

Estudio do papel desenvolvido pola corte señorial de Don Rodrigo Gomez Barroso, conde de Trastámara, na irradiación da cultura e a lírica trobadorescas no Occidente peninsular durante a primeira metade do século XIII. Yara Frateschi reconstrúe as vidas de Don Rodrigo Gomez e da súa muller, Dona Maior Afonso de Meneses, así como o contexto histórico no que viviron estes personaxes. Por tal motivo, analiza a estructura social da Galicia da época e o ambiente cultural de Santiago de Compostela, os feitos relacionados coa vida do conde de Trastámara e os seus trobadores da escola galego-portuguesa, como Pero Garcia d'Ambroa, Pero d'Ambroa, Nuno Fernandez de Mirapeixe, Johan Lopez de Ulloa, Nuno Rodriguez de Canderei, Fernan Velho, Nun' Eanes Cerzeo, Pai Soarez de Taveiros, Pero Vello de Taveiros, Pedr'Amigo de Sevilla, Pero d'Armea, Xohan Baveca e Osoir' Eanes. Entre as conclusións do presente traballo, destaca a evidencia de que, a pesar da intensa actividade trobadoresca desenvolvida arredor da figura de Rodrigo Gomez, non se documenta un só indicio que demostre un posible labor de mecenado por parte do conde de Trastámara.

Recensións:

- Xosé M. Eiré, "Compostela: sábia, nobre e poeta", *A Nosa Terra*, nº 902, "Guieiro Cultural", 30 setembro 1999, pp. 27-28.

Tras louva-la valentía tanto da súa autora coma dos editores que publican traballos que non son “atractivos” para o público en xeral, centrando as súas felicitacións na editorial Laiovento, fai unha aproximación ó libro de Yara Frateschi Vieira, centrado na corte de Rodrigo Gomez de Trastámara e da súa muller Maior Afonso de Meneses. Resalta o descoñecemento que hai con respecto ás cortes señoriais galegas e máis concretamente no caso de Rodrigo Gomez de Trastámara, xa que ó non poder identificar un castelo seu é moi difícil imaxinar unha corte literaria estable. Tamén alude á importancia que Compostela, onde Maior Afonso tiña residencia, posuía como “ centro cultural”, indicando que se dedica un capítulo no libro a este aspecto. Así mesmo, defende a tese de que en Santiago de Compostela se producía unha lírica de calidade que estaría en relación coa súa cultura musical e lamenta que a autora do libro non afonde máis neste aspecto, se ben é consciente de que ese non era o seu obxectivo central nesta publicación. Finalmente, fala dos trobadores cos que Rodrigo Gomes tivo relación e presenta a interrogante de se haberá que “reconsiderar o papel da muller na lírica trobadoresca”, pois considera que non foi só un “obxecto ou destinatario”.

-M. Blanco Rivas, “Os trobadores e a corte galega no século XIII”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 127, 16 outubro 1999, p. 5.

Comentario da obra *En cas dona Maior*, de Yara Frateschi Vieira, na que se procura reconstruí-la vida de Rodrigo Gomez de Trastámara e da súa dona Maior Afonso de Meneses, dos trobadores cos que estaban relacionados ou do ambiente cultural de Santiago de Compostela coa finalidade de descubri-la importancia que a corte de Trastámara tivo no desenvolvemento da Lírica galego-portuguesa. A seguir, considera esta corte como “un dos primeiros focos de difusión do novo modelo poético-musical na Península Ibérica”. Finalmente, fai unha especial referencia ós traballos da estudiosa brasileira Yara Frateschi Vieira.

-Xosé Ramón Pena, “Sempre no tempo de trobar”, *Guía dos libros novos*, nº 12, “Estudios Literarios”, novembro 1999, p. 15.

Alusións á temática e contido desta obra de Yara Frateschi Vieira, de quen se facilitan certos datos bibliográficos. Estima necesario solventar varias dúbidas e lagoas arredor das verdadeiras orixes da nosa lírica medieval para dar resposta á pregunta sobre o papel desenvolvido polas cortes señoriais na lírica galego-portuguesa coa que abre, a citada estudiosa, este traballo. Resume os criterios defendidos por Resende de Oliveira e Erich Köhler sobre a imposición do código do fin'amors na nosa lírica, ó ser un dos alicerces nos que se basea este estudio. A pesar de non comparti-las teorías deste estudioso, renega analiza-la fiabilidade da tese de Oliveira e a súa teoría da procedencia ultrapirenaica do noso lirismo. Louva o esforzo investigador e a nitidez expositiva desta investigadora e tilda de agridoce as conclusións que presenta ó final. Así mesmo, resalta os principais temas tratados e non desbota a posible influencia eclesiástica, exercida pola cidade de Compostela, na lírica dos trobadores das cortes.

Referencias varias:

- D. J., "Unha corte literaria", *O Correo Galego*, 3 decembro 1999, p. 30.

Infórmase do acto de presentación do libro *En cas dona maior*, de Yara Frateschi no decurso do cal interviron, segundo indica, José Luís Rodríguez e Mercedes Brea. Recóllense palabras desta última, nas que fai referencias á época histórica medieval, da creación da lírica que se levou a cabo nese momento e da relevancia que como "corte galega" tivo o reino de León.

O Lai de Graelent. A castelá de Vergy, introd. e trad. Manuel García Fernández, Santiago de Compostela/Vigo: Xunta de Galicia (Servicio Central de Publicacións)/Galaxia, col. Clásicos en Galego, nº 17, marzo 1999, 123 pp. (ISBN Xunta de Galicia: 84-453-2196-X)/(ISBN Galaxia: 84-8288-264-3). ¤

Traducción ó galego destes dous relatos breves da literatura medieval francesa. Conta cunha introducción dividida en duás grandes seccións, dedicadas, respectivamente, a cada unha das obras traducidas. A que estudia o *Lai de Graelent* estructúrase nos seguintes apartados: o concepto de lai, argumento de *Graelent*, posible autoría e data de composición e motivos literarios, como o da fada amante ou o animal guía de tradición celta, que se atopan no relato. Pola outra banda, a introducción da *Castelá* de Vergy aborda as seguintes cuestións: relacións da obra co xénero dos lais, argumento, manuscritos e adaptacións posteriores, elementos históricos contidos no relato, estudio dos personaxes, motivos narrativos e orixinalidade da obra. O estudio preliminar remata cun breve capítulo bibliográfico. Por último, e como é costume nesta colección de edicións bilingües, as traduccións ó galego van acompañadas dos textos na lingua de orixe, aínda que non se especifica qué edicións son as que se reproducen.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “Lais marabillosos, novelas tráxicas”, *O Correo Galego, “Revista das Letras, Artes e Ciencias*”, nº 70, 15 xullo 1999, p. 9.

Tras indica-la idoneidade que supón facer traduccións á lingua galega de obras de “gran significación literaria” para facer dela “un vehículo dúctil dos pensamentos e dos sentimentos humanos”, preséntanse os dous textos de finais dos séculos XII e XIII editados por Galaxia: *O Lai de Graelent* e *A castelá de Vergy*. Faise unha aproximación a ambos dende diversos puntos de vista –temática, versificación ou estructura–, para logo indicarse que nestes textos atoparemos “os motivos literarios comúns ós lais marabillosos e ós románs medievais da materia de Bretaña”.

Carlos L. Bernárdez, “Dous clásicos medievais”, *Guía dos libros novos*, nº 9, “Narrativa”, xullo-agosto 1999, 26.

Comentario sobre estes dous textos medievais franceses. Destaca a importancia destas obras ó se-lo punto de orixe da tradición narrativa moderna inaugurada con *Romans*, de Chrétien de Troyes, considerado o pai da novela francesa e europea do século XII. A seguir, dá conta da temática, contido e xénero das citadas obras, explica o significado do termo “lai”, co que se denomina o xénero ó que pertence o primeiro texto, e subliña a ruptura do segredo do amor cortés e o retomar do amor tráxico do segundo. Cualifica de “magnífica” a traducción deste libro, realizada por Manuel García Fernández, e sinala a presencia neste exemplar das versións orixinais e dunhas notas clarificadoras que, na súa opinión, non interrompen a lectura.

Lancastre, Maria José de, Silvano **Peloso** e Ugo **Serani** (eds.), *E vos, Tágides minhas. Miscellanea in onore di Luciana Stegagno Picchio*, Viareggio-Luca: Mauro Baroni Editore, 1999, 718 pp. (ISBN: 88-8209-099-X). .

Como xa se indicaba no apartado V.1 deste *Informe*, onde se daba conta do traballo desta obra referente á literatura galega en xeral, presentamos agora os concernentes á literatura medieval:

- Mario Barbieri, "Les *cantigas d'amigo* di Fernan Froyaz", pp. 81-99.

Edición crítica da producción poética de Fernan Froyaz, composta por catro cantigas de amigo. O autor propón unha orixe portuguesa para este trobador, segundo se desprende da situación das súas cantigas nos cancioneiros, agrupables no denominado *Segundo Cancioneiro Aristocrático*. Polo demais, sinala que a existencia dunha composición de Afonso X o Sabio, *Don Airas, pois me rogades*, *contrafactum* dunha das cantigas de Froyaz, *Juravades-mi vós, amigo*, permite encadra-lo trobador no derradeiro cuarto do século XIII e no ambiente cortesán de Castela.

- Valeria Bertolucci Pizzorusso, "*L'amigo* poeta", pp. 105-116.

Análise do eu lírico feminino que aparece no xénero das cantigas de amigo. A autora establece que a variedade de rexistros no que se emprega este motivo desborda as consideracións que tradicionalmente o vinculaban co campo sémico do panexírico e, en particular, co do subcampo do autoeloxio do poeta. A continuación, observa a longa vixencia do recurso, xa que o seu emprego se estende dende as primeiras xeracións trobadorescas ata a etapa dionisíaca, ó mesmo tempo que relaciona este tipo de enunciación lírica coa compoñente dramática inherente ó xénero das cantigas de amigo.

Martínez Pereiro, Carlos Paulo, *A indócil liberdade de nomear. (Por volta da "interpretatio nominis" na literatura trovadoresca)*, IIº Premio Espiral Maior de Ensaio 1999, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, nº 17, 1999, 226 pp. (ISBN: 84-89814-82-1).

Traballo no que afronta o estudio do recurso retórico da *Interpretatio Nominis* na lírica trobadoresca galego-portuguesa. O volume ábrese cun limiar no que o autor, a través da *Captatio Benevolentiae*, fai unha serie de observacións acerca dos niveis discursivos nos que se estructura a obra (o corpo do ensaio, os rodapés e os títulos e subtítulos), dos obxectivos que a xestaron e das lecturas que propón: unha horizontal, que permita entender mellor os mecanismos da lírica medieval, e unha vertical, que ligue as consideracións feitas para este período a fases literarias posteriores. A seguir, inclúe unha "nota" para filólogos sobre fontes bibliográficas e sobre a representación textual. O corpo fundamental do libro, que vén a continuación, consta de sete capítulos nos que se trata de revela-la arte de agochar significados baixo antropónimos e topónimos nas cantigas de escarnio, abrindo así a lectura a posibilidades humorísticas e denigratorias. Deste xeito, o autor ofrece solucións para diferentes nomes (Elvira, Mariña, Alfonso, Beeito ou Crunna), xa que todos encerran dous entendementos. Posteriormente, nun "adeus ao leitor", o autor despídese explicando que tentou reactualizar e apropia-las cantigas medievais e construír un discurso ameno. Finalmente, inclúe uns apéndices de grande utilidade sobre os nomes interpretados, os primeiros versos das cantigas referidas e os trobadores.

Referencias varias:

- A. V., “Un estudio do significado dos nomes da poesía medieval, Premio Espiral Maior”, *La Voz de Galicia*, 25 novembro 1999, p. 92.

Céntrase na novidade que achega a obra gañadora do segundo Premio “Espiral Maior” de Ensaio, *A indócil liberdade de nomear*, ó campo de estudio da poesía medieval galega. Recóllense as palabras de Eduardo López Pereira, presidente do xurado, que a cualificou de “revolución” nas letras galego-portuguesas. Fálase tamén da tese do libro, que, a través do estudio dos nomes das cantigas, analiza os xogos de significados ocultos que estes encerran, maliciosos e denigrantes as máis das veces.

-C. V., “O insidioso e xenial don de nomear dos medievais”, *A Nosa Terra*, nº 914, “Guieiro Cultural”, 23 decembro 1999, p. 33. Sintetízanse os contidos do volume de Carlos P. Martínez Pereiro, que xiran arredor da utilización dos nomes na literatura medieval. Saliéntase a súa vontade de fuxir do academicismo e profúndase nalgúns aspectos da análise reproducindo as palabras do escritor. Coméntase o feito de que a obra merecera o Premio de Ensaio Espiral Maior e recóllese a seguinte reflexión do autor respecto á transcendencia do seu traballo: “sabermos da efectividade altamente simbólica ou o rebaixantemente denigradora da escrita trovadoresca medieval, pode ser máis outro pequeno elemento para nos achegarmos con outra perspectiva avaliadora á riqueza e ao mérito do noso pasado literário”.

Montoya Martínez, Jesús e Ana **Domínguez Rodríguez** (coords.), *El Scriptorium alfonsí: de los Libros de Astrología a las "Cantigas de Santa María"*, Madrid: Editorial Complutense, 1999, 359 pp. (ISBN: 84-89784-82-5, 359). ¤

Volume que recolle as clases dictadas durante un dos Cursos de Verán que a Universidad Complutense organizou en 1997 no Mosteiro de El Escorial e que estaba dedicado ó labor intelectual desenvolvido por Afonso X o Sabio. As dedicadas ás *Cantigas de Santa María* constituíron a parte máis importante do devandito curso.

- Martha E. Schaffer, "Los códices de las *Cantigas de Santa María*: su problemática", pp. 127-148.

Aproximación ós problemas suscitados no estudio dos códices afonsís, tendo en conta o novo enfoque interdiciplinar que se está a aplicar na disciplina codicolóxica. A autora distingue, tres tipos de códices entre os que conteñen as obras afonsís: os contemporáneos ó reinado de Afonso X e que se lle atribúen, os elaborados baixo a dirección do rei e os que foron patrocinados polo monarca pero nos que non houbo intervención real. A partir desta clasificación, aborda o papel dos *scriptoria* afonsís, destacando que non había un só centro de elaboración. Do mesmo xeito, salienta as dificultades para establecer unha cronoloxía fiable na producción codicolóxica. Estes problemas sonlles aplicados ás *Cantigas de Santa María*, tocando aspectos xerais, como o da transmisión e a circulación dos exemplares, ós que se engaden outros particulares, xurdidos pola inclusión da notación musical.

- Valeria Bertolucci Pizzorusso, "Alfonso X el Sabio, poeta profano e mariano", pp. 149-158. Comparación entre a producción lírica profana de Afonso X e a poesía relixiosa constituída polas *Cantigas de Santa María*. A autora establece unha serie de puntos de contraste entre un e outro xénero poético, como as peculiaridades textuais de cada un deles, a disparidade na cantidade dun e doutro cancioneiro, a cuestión da

autoría –que non admite debate na producción profana–, a cronoloxía –no que destaca un período no que Afonso compaxinaría a composición de cantigas profanas e marianas– ou a disparidade temática – convencionalidade na lírica profana, fronte a variedade nas *Cantigas de Santa María*.

- Josep T. Snow, “Alfonso X y las “Cantigas”: documento personal y poesía colectiva”, pp. 159-172.

Achegamento á personalidade de Afonso X en tanto que monarca “*fazedor de cantigas*”, no que se consideran as implicacións derivadas de expresións coma a que declara que “*el rey faze un libro”*. O autor aborda a cuestión da autoría e aplícaa ás *Cantigas de Santa María*, a obra onde máis evidente é a intervención directa do monarca. Destaca a intención por parte de Afonso de legar á posteridade un retrato seu por medio das cantigas relixiosas e o seu proceso de elaboración. Para este fin, o autor ten en conta as aparicións do rei poeta nas *Cantigas* e analiza as actitudes do “eu lírico”. Afonso aparece inserto nunha narrativa orgánica; o seu papel é o de trobador entendedor que ten por señora á Virxe. Unha primeira compilación de cen composicións esbozaría xa este esquema narrativo, que foi logo completado e perfeccionado con sucesivas reelaboracións do corpus mariano.

-Ana Domínguez, “La Virgen, rama y raíz. De nuevo con el árbol de Jesé en las *Cantigas de Santa María*”, pp. 173-214.

Estudio iconográfico das miniaturas que representan no manuscrito Escorial T. I. 1 das *Cantigas de Santa María* a árbore de Iesé. A autora comeza cun repaso polo contexto europeo no que se ocupa dos diferentes modos en que se reproduce o devandito motivo. A análise céntrase nas cantigas nº 20, 80 e 70 e nel saliéntanse as coincidencias e, sobre todo, as innovacións de cada miniatura. A autora remata o traballo recoñecendo a imposibilidade de ofrecer respostas definitivas, aínda que destaca a orixinalidade da obra pictórica das *Cantigas* e, dun xeito máis xeral, de toda a obra artística do Rei Sabio.

-Gerardo V. Huseby, “El parámetro melódico en las *Cantigas de Santa María*: Sistemas, estructuras, fórmulas y técnicas compositivas”, pp. 215-270. Dáse conta dos puntos fundamentais do sistema teórico octomodal, no que se fundamentaba a música medieval e que foi así mesmo empregado na composición das *Cantigas de Santa María*. A parte central do traballo achégase a diversas cuestións musicais do corpus mariano: a modal, o uso do bemol e da transposición, as melodías do corpus que non seguen este sistema, así como certos aspectos da configuración melódica que poden interpretarse en termos da retórica clásica.

-Francisco Corti, “La guerra en Andalucía: Aproximación a la retórica visual de las «Cantigas de Santa María»”, pp. 301-326.

Achegamento á relación entre o texto e a imaxe nas *Cantigas de Santa María* e dos recursos retóricos que se desprenden do tratamento destas. A introducción do traballo verte algunhas consideracións arredor da imaxe como complemento dos discursos oral e escrito, e aborda os principios organizativos da narrativa pictórica que desvelan algunhas das normas retóricas propias do discurso visual. Unha vez centrado no cancioneiro relixioso de Afonso X, aplica eses principios xerais ás cantigas nº 99, 181 e 185, ambientadas nas campañas andaluzas contra os mouros. Os aspectos tratados na análise destas composicións son: os textos das cantigas, os tópicos da narración, a duración, a imaxe marial, o tratamento de mouros e cristiáns e a centralidade en tanto que recurso expresivo. Por último, e tomando como punto de partida a *Rethorica ad Herennium*, analiza diversos recursos retóricos empregados nelas, como a repetición, a *transitio*, a sinécdoque, a *descriptio*, a etopea e a antítese.

- “Informe sobre la mesa redonda moderada por Francisco Corti”, pp. 327-330.

Resumo das intervencións que tiveron lugar durante a mesa redonda organizada no citado encontro e que foi moderada por Francisco Corti. Os diferentes temas tratados foron: a clasificación de letras capitais nos códices afonsís, a difusión das *Cantigas de Santa María* á morte de Afonso X, o emprego de manuscritos en

papel nos *scriptoria* afonsís, a distribución de textos e miniaturas, a vinculación da liñaxe dos Lara nas *Cantigas* a partir da súa posible aparición nunha das miniaturas marianas, a relación entre o texto e a imaxe, a función das *Cantigas de Santa María*, e a sinatura topográfica das *Cantigas* na biblioteca do mosteiro de El Escorial.

- Connie L. Scarborough, “Autoría o autorías”, pp. 331-337.

Aproximación ó debatido tema da participación de Afonso X nas obras literarias que a crítica adoita atribuírlle, con especial atención ó caso das *Cantigas de Santa María*. A autora advirte das diferencias entre o concepto de autoría, tal e como se entende hoxe en día, e como o entendían na Idade Media, o que a leva a distinguir entre as figuras do compositor e a do autor. A resposta á cuestión da participación de Afonso X nas *Cantigas* vese mediatizada polo complicado proceso de elaboración destas nos *scriptoria* afonsíes. Para exemplificar, analiza as composicións que mencionan enfermidades do rei e as que refiren asuntos políticos, onde a relación do monarca coa Virxe é manifestación do seu poder político.

- “Coloquio”, pp. 338-345.

Coloquio desenvolvido durante as sesións do Curso de Verán dedicado á figura de Afonso X e ó labor dos seus *scriptoria*. Abórdanse aspectos moi variados da obra do Rei Sabio relacionados coas intervencións que tiveron lugar durante as sesións previas, entre eles os que atinxen ás *Cantigas de Santa María*. Interviñeron neste coloquio, entre outros, V. Bertolucci, I. Fernández-Ordóñez, A. Domínguez, A. García Avilés e J. Montoya.

- Ismael Fernández de la Cuesta, “Las «Cantigas de Santa María». La música y su interpretación”, pp. 347 359.

Intervención destinada a abrir unha mesa redonda dedicada á música das *Cantigas de Santa María*. O autor distingue entre a música e a partitura, analiza, dentro do marco ofrecido polo cancioneiro mariano afonsí, a natureza da transcrición musical e destaca a importancia da técnica interpretativa. Cualifica as *Cantigas* coma unha obra complexa, que reúne a un tempo poesía, música e narrativa e establece unha serie de relacións derivadas desta triple dimensión das *Cantigas*. Interviron nesta mesa redonda: I. Fernández de la Cuesta, J. T. Snow, J. Sierra, A. Domínguez. G. V. Huseby e J. Montoya, entre outros.

Paredes, Juan e Eva **Muñoz Raya** (eds.), *Traducir la Edad Media. La traducción de la literatura medieval románica*, Universidad de Granada: Granada, 1999, 465 pp. (ISBN: 84-338-2635-2). ¤

Volume que recolle os traballos presentados no congreso dedicado a estudios de traducción medieval, organizado pola Universidade de Granada no ano 1997. A seguir, damos conta das comunicacións referentes á literatura galega medieval.

- Juan Paredes, "La traducción crítica: la cantiga *Non me posso pagar tanto* de Alfonso X", pp. 207-223.

Edición crítica da cantiga afonsí e estudio dos problemas que emerxeron á hora de traducila. Entre estas cuestións, suscítase a do eu lírico, que constitúe unha das claves interpretativas da composición. Para a fixación do texto ten en conta pezas doutros trobadores galego-portugueses, como Pai Gomez Charinho, e de varios trobadores occitanos, entre eles Guilhem de Berguerác, Guiraut de Borneilh e Cerverí de Girona. O traballo conclúe co texto de *Non me posso pagar tanto* traducido ó castelán.

-Joaquim Ventura, "*Cantigas de escarnho e mal dizer en català*: un cas empíric de traducció de literatura medieval gallego-portuguesa", pp. 397-404.

Repaso dos diferentes problemas que lle xurdiran ó autor durante a traducción ó catalán das cantigas de escarnio e maldizer galego-portuguesas. Trala análise de cuestións relacionadas con este tema, o autor escolle a cantiga *Don Beeito, ome duro,* de Johan Airas de Santiago, como exemplo paradigmático no que se exemplifican boa parte das consideracións tratadas na primeira parte do traballo.

- José António Souto Cabo, "A *Crónica de Santa María de Iria*: entre tradução e (re)creação", pp. 405-421.

Análise do proceso de composición da *Crónica de Santa María de Iria*, tendo en conta a súa condición de obra xurdida a partir da traducción de obras historiográficas latinas: o *Cronicón Iriense* e a *Historia Compostelana*. Ademais das relacións textuais entre a *Crónica* e as súas fontes, o autor somete a consideración o papel propagandístico que podía ter unha traducción deste xénero dentro da literatura producida na sede compostelá, a súa vinculación cos círculos catedralicios de Santiago e a función dalgúns dos elementos incluídos na nova obra, coma o motivo do Voto de Santiago, na época de composición da *Crónica*.

-Xosé Xabier Ron Fernández, “Entre traducción e intertextualidad: reflexiones sobre los *lais de Bretanha* gallego-portugueses”, pp. 423-449.

Consideracións arredor dos *lais de Bretanha* galego-portugueses considerados coma unha recreación, mellor que coma simple traducción, dunhas posibles fontes francesas. O autor intenta responder a varias cuestións: qué se traduce, por qué, quén o fai e cándo. Inclínase por situa-la traducción dos *lais* na corte de Afonso III o Bolonhês, pero finalmente admite a posibilidade de que o proceso traductor tal vez tivese lugar na corte de Afonso X. Entre os trobadores que intervirían na elaboración dos *lais de Bretanha* postula unha hipotética adscrición a Gonçal Eanes do Vinhal, debido á atribución duns *cantares de Cornoalha* non conservados, ó conde Don Pedro de Aragón, ó conde Don Pedro de Barcelos ou a calquera dos trobadores que fan mención nas súas cantigas a elementos de literatura artúrica.

Polín, Ricardo, *As cantigas mariñas no país de Breogán*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Ensaio/Filoloxía, 1999, 133 pp. (ISBN: 84-7492-935-0).

Estudio da lírica medieval, que, tralos versos de Bernardino Graña e as últimas palabras atribuídas a Rosalía de Castro antes de morrer, se abre cun prefacio do autor no que se explica que estamos ante un estudio da concepción e influencia do mar na cultura occidental a través das cantigas recollidas nos cancioneiros profanos galego-portugueses, apuntándose nunha nota editorial que se reproduce o corpus fundamental das cantigas mariñas e barcarolas, constitutivas do “máis fermoso dos xéneros de amor da lírica medieval de occidente”. Estructurado en breves capítulos sen numerar e introducidos por versos, na súa maioría de autores galegos, con referencias ó mar, estúdiase a relación que a cultura occidental, en xeral, e Galicia en particular, mantivo co mar, dende a forte pegada relixiosa das deidades mariñas ou dos ríos; os moitos cultos, ritos e supersticións, así como a cristianización de lugares sagrados preto do mar con ermidas, ata o cambio de concepción experimentado coa descuberta de América e coas rutas trasatlánticas, ou a gran diferencia entre a cultura galega do interior e a mariñeira, entre outros moitos aspectos culturais relacionados co mar. Tómanse como base moitos estudios tanto de intelectuais galegos coma de fóra. Entre os primeiros, atópanse figuras como Otero Pedrayo, X. Filgueira Valverde ou Luz Pozo. As cantigas dos trobadores do mar, como Johan Zorro, Martin Codax ou Pai Gomez Charinho, reprodúcense en negriña dentro dun recadro escuro á beira de moitas páxinas e son obxecto de atención en moitos dos capítulos da obra, ademais de recollérense ó final nun índice de primeiros versos.

Tavani, Giuseppe, *Arte de Trovar do Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa. Introdução, edição crítica e fac-símile*, Lisboa: Edições Colibri, col. Viator, nº 2, 1999, 57 pp. (ISBN: 972-772-099-4). .

Como o seu título indica, o volume artículase en tres seccións. A introducción é un estudio comparativo entre dous aspectos da literatura medieval: a *Arte de Trovar* galego-portuguesa e outros tratados poéticos similares do ámbito catalano-provenzal. Séguelle a reproducción facsimilar do texto editado. O libro remata cunha breve nota bibliográfica que recolle tódalas edicións previas da *Arte de Trovar*.

VV. AA., *Tres pezas cómicas medievais*, introd., notas e trad. de Henrique Harguindey Banet, A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor/Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña, nº 8, decembro 1999, 235 pp. (ISBN: 84-95322-29-3). ¤

Traducción e edición bilingüe de tres pezas dramáticas da literatura medieval francesa: o *Dito da Herbaría* de Rutebeuf, o *Monólogo do Arqueiro Franco de Baignollet* e a *Farsa do AvogadoPathelin*. O volume ábrese cunha introducción na que se tratan aspectos como o nacemento e evolución do teatro medieval, o teatro cómico e os seus xéneros ou a presencia de Galicia na literatura medieval francesa. Do mesmo xeito, cada obra vai precedida duns breves apuntamentos sobre a autoría dos textos, a súa fortuna editorial e o argumento. Os textos de referencia empregados son: *Dit de l'Herberie*, en *Oeuvres Complètes* de Rutebeuf (1959-1960) –edición de E. Faral e J. Bastin–, *"Le Franc Archier de Baignollet" suivi de deux autresmonologues dramatiques: "Le Archier de Cherré", "Le Pionnier de Seurdre"* (1966) –edición de L. Polack–, *Farce de Maistre Pathelin*, en *Jeux et sapience du Moyen Âge* (1960) –edición de A. Pauphilet.

Vallín, Gema, *Cantigas de amigo*, introd. Francisco Rico, ilust. A. García Patiño, Barcelona: Moleiro Editor, 1999, 154 pp. (ISBN: 84-88526-46-6).

Edición de dezanove cantigas de amigo. A primeira parte do volume contén un estudio introductorio de Francisco Rico dedicado á obra gráfica de García Patiño, contida no presente libro, destacando as súas vinculacións co mundo galego e o seu valor literario. A edición dos textos vai seguida dunha sección na que Gema Vallín ofrece unha escolma bibliográfica, traduce ó castelán as composicións e proporciona notas textuais e retóricas das cantigas, así como breves notas biográficas dos diferentes trobadores. O volume péchase cun índice de trobadores e outro de primeiros versos.

Recensións:

-Carina Regueiro, “As cantigas de García Patiño”, *El Correo Gallego*, “*Correo das Culturas*”, nº 5, 10 decembro 1999, p. 3.

Refírese a este libro, luxosamente editado por Manuel Moleiro, como un “capricho para bibliófilos”. Describe o contido do volume, 19 cantigas de amigo ilustradas por García Patiño, e dá conta dos responsables da edición. Finalmente, comenta as ilustracións das que salienta a súa expresividade á hora de plasma-lo universo simbólico que agocha cada cantiga. Finalmente, reproduce as palabras de Francisco Rico nas que afirma que a obra é “unha oportunidade única de revivir un episodio sobresaliente na arte galega”.

Referencias varias:

- Gamir Chinny, “Una vuelta al pasado a través de la “literatura”, *La Región*, 30 novembro 1999, p. 16.

Noticia da exposición celebrada na Casa de Madrid, na que se amosan 18 manuscritos “case orixinais” de Manuel Moleiro, editor especializado en códices medievais. Faise referencia á súa inauguración polo director da Casa, Manuel Ferreiro. Por outra banda, anúnciase tamén a presentación do libro *Cantigas de amigo*, ilustrado por Antonio García Patiño, e unha conferencia de Francisco Rico, reponsable da introducción da publicación.

XI. Literatura medieval

XI. 2. Actas

Fortuño Llorens, Santiago e Tomás **Martínez Romero** (eds.), *Actes del VII Congrés de l'Associació Hispànica de Literatura Medieval (Castelló de la Plana, 22-26 de setembre de 1997)*, 3 vol. Castelló de la Plana: Universitat Jaume I, 1999, 446 pp./480 pp./502 pp. (ISBN Volume I: 84-8021-279-9) (ISBN Volume II: 84-8021-280-2) (ISBN Volume III: 848021-281-0) (ISBN Obra Completa 84-8021-278-0). **€**

En tres volumes, preséntanse as ponencias e comunicacións dedicadas á literatura medieval galega, que foron expostas no Congreso da Asociación Hispánica de Literatura Medieval celebrado na súa séptima edición na cidade de Castellón.

Volume I:

- M. A. Ramos, "*Invoco el rrey Dom Denis...* Pedro Homem e o *Cancioneiro da Ajuda*", pp. 127-185.

Reconstrucción da historia do códice no que se transcribiu o *Cancioneiro da Ajuda*, durante os últimos séculos da Idade Media, a partir dunha firma que aparece nos folios 86v e 87v. O autor desa firma corresponde a un dos posuidores do códice, de nome Pedro Homem, que foi estribeiro maior do rei Don Manuel de Portugal e autor de varias composicións recollidas no *Cancioneiro Geral de Garcia de Resende*. O perfil biográfico deste personaxe, así como a súa relación con outro poeta do *Cancioneiro Geral*, Don Joam Manuel, camareiro maior de Don Manuel, trazan un panorama moi exacto da corte portuguesa no século XV, das modas literarias que alí imperaban

e, en definitiva, dos ambientes por onde debeu circular o *Cancioneiro da Ajuda*.

- Mercedes Brea, “Las “cantigas de romería” de los juglares gallegos”, pp. 381-396.

Achegamento ó subxénero lírico das cantigas de romaría, que pretende subministrar novos datos a traballos precedentes, como os de X. Filgueira Valverde e A. Correia. A autora estructura a súa investigación en cinco grandes seccións: a coordenada espacial onde se sitúa este tipo de composicións (santuarios ou ermidas), o motivo literario do encontro entre a amiga e o amigo durante a romaría, os esquemas métricos empregados, as características temáticas e a transmisión manuscrita. Entre as conclusións, destaca o feito de que tódalas cantigas deste subxénero estean emprazadas, dentro dos cancioneiros, na sección das cantigas de amigo e moitas delas no denominado “cancioneiro de xograis galegos”. O traballo remata cunha relación de tódalas cantigas susceptibles de incluírense neste subxénero lírico.

- María Begoña Campos Souto, “La revisión de un texto perdido en la memoria: el *Libro dos Cambeadores da cidade de Santiago*”, pp. 421-430.

Descrición codicolóxica do *Libro dos Cambeadores da Cidade de Santiago*, obra inédita que se custodia no Arquivo Histórico do Reino de Galicia, integrada na colección documental “Vaamonde-Loores”. O libro adopta a forma de rexistro e abrangue dende o 5 de decembro de 1385 ata o 24 de marzo de 1691. Como observa a autora, o interese desta obra radica non só no seu valor documental, testemuño de tres séculos de historia compostelá, senón tamén no lingüístico, pois constátase nel a substitución do galego polo castelán como lingua oficial e de prestixio.

Volume II:

- Santiago Fortuño Llorens, “La cantiga de amigo en las revistas literarias gallegas de posguerra (19451960)”, pp. 167-173.

Repaso a varias das revistas literarias galegas da posguerra –*Alba*, *Aturuxo*, *Gelmírez, La Noche* e *Posío*– destacando a publicación de cantigas de amigo pertencentes tanto á escola lírica galego-portuguesa como á corrente poética neotrobadoresca. A parte final do traballo detense en tres composicións deste segundo grupo: a "Cantiga do abalamento", de Manuel María, a "Cantiga dun morto", de Dictinio de Castillo-Elejabeytia e a "Cantiga do mar de Vigo", de José Díaz Jácome, ademais de prestar breve atención ó poema "Adeus" de Xosé Luis Méndez Ferrín, no que se empregan elementos propios da cantiga de amigo.

- Carmen Mejía Ruiz, "Recreación medieval en la obra de Darío Xohán Cabana", pp. 471-480.

Achegamento á recreación de elementos e motivos medievais nas novelas de Darío Xohán Cabana. A autora céntrase en tres obras: *Galván en Saor* (1989), *As aventuras de Breogán Folgueira* (1990) e *Cándido Branco e o Cabaleiro Negro* (1992). Do primeiro dos relatos salienta o predominio do universo fantástico sobre o real nunha conxunción que leva á fusión de ambos mundos, así como o emprego da intertextualidade, da oralidade e da retórica como recursos que permiten a recreación do medieval, tinxido todo de humorismo. En *As aventuras de Breogán Folgueira* e *Cándido Branco*, a Idade Media converteuse nun simple decorado que serve de fondo á narrativa, especialmente nesta segunda obra, onde cobra máis importancia o aspecto ideolóxico. Esta característica atopámola exemplificada na figura do rei García, arredor de quen se articulan os motivos do rei cervo e da *terre gaste* (a terra devastada).

Volume III:

- Juan Paredes Núñez, "*Caboudanha*. En torno a la cantiga B 481, V 64 alfonsí", pp. 125-131.

Interpretación da cantiga de Afonso X *Joan Rodrigues foi osmar a Balteira*, tomando como punto de referencia a expresión *caboudanha* coa que remata o derradeiro verso da composición. O autor descobre dous niveis de lectura no citado escarnio: un literal, con sentido de seu, que describe unha situación da vida

cotiá e que non parece ter connotacións satíricas, e outro interpretativo, que agocha un xogo verbal baseado na *equivocatio* e que permite unha decodificación con continuos envíos ó campo semántico do obsceno. Ofrece Paredes Núñez varias posibilidades de lectura para o termo *cabodanha* (*cab[e] ou danha*, *cab'ou danha* ou *cab[e], [n]on danha*).

Ignacio Rodiño Caramés, "Escarnio de amor. Caracterización e corpus", pp. 245-262. Estudio do escarnio de amor, subxénero satírico que emprega as formas da cantiga de amor. Logo de destacar como este tipo de composicións rompe coa ríxida homoxeneidade textual que caracteriza a escola lírica galego-portuguesa, o autor delimita as características que definen o devandito subxénero, relaciónao con outras líricas románicas –a provenzal e a escola cómico-realista toscana– e establece un corpus constituído por corenta e seis cantigas. A segunda parte do traballo estudia os diferentes procedementos irónicos sobre os que se constrúen este tipo de parodias, que son basicamente tres: a transgresión, a recontex-tualización das normas da *fin'amors* e a inversión deses mesmos preceptos. Por último, un apéndice ofrece o incipitario das composicións encadrables neste subxénero, a súa colocación nos cancioneiros e o nome dos diversos autores.

María del Carmen Rodríguez Castaño, "A *palavra perduda*: da teoría á práctica", pp. 263-285.

Estudio do recurso retórico da *palavra perduda*, que toma como punto de partida a definición ofrecida pola *Arte de trovar* que precede o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa*. Tras unhas consideracións teóricas, a autora establece un corpus de setenta e seis cantigas nas que é posible identifica-lo citado artificio e analiza nelas as variantes sinaladas pola *Arte de trovar*. Á hora de establecer conclusións, destácase o seu emprego maioritario nas cantigas de mestría, dende un punto de vista formal, e nas de amor, dende o punto de vista do xénero. A delimitación cronolóxica non permite afirmacións tan concluíntes, xa que foi cultivado por trobadores de tódalas xeracións poéticas. Sen embargo, si que cabe aprecia-lo uso insistente que fan dous autores das primeiras etapas da escola, Fernan Rodriguez de Calheiros e Vasco Fernández de Sandin, pertencentes ámbolos dous á mesma liñaxe. Un esquema final ofrece información sobre o recurso nas diferentes composicións.

- María del Mar Sueiro Pena, “Las bibliotecas monásticas en la Galicia medieval: testimonios documentales”, pp. 429-445.

Repaso pola documentación medieval dos mosteiros galegos, con especial atención ós séculos X e XI, nun intento de reconstruí-lo ambiente cultural dos establecementos monacais. A carencia de inventarios ou catálogos obrigou á autora a partir de referencias indirectas contidas na documentación: citas literarias, alusións xenéricas ou listas de bens. As conclusións revelan que a eclosión do movemento monacal non levou aparellado en Galicia un esplendor cultural paralelo. Sen rastros de literatura pagana, as bibliotecas monacais destacan pola súa pobreza, destacando o seu marcado carácter instrumental. Daquela, a gran parte dos seus fondos constitúeno libros relacionados co culto e a formación espiritual dos fieis. Como conclusión ó traballo ofrécese un apéndice documental.

- Louise O. Vasvári, “La madeira certeira... a midida d’España” de Alfonso X: un *gap* carnavalesco”, pp. 459 469.

Interpretación da cantiga *Joan Rodrigues foi osmar a Balteira* de Afonso X, aplicando un enfoque folclórico comparatista. O autor comeza por destaca-la postergación que as cantigas galego-portuguesas de temática obscena, entre elas varias de Afonso X, sufriron por parte da crítica. A análise textual da cantiga afonsí revélalle a existencia de diversos motivos eróticos estereotipados, expresados a través dun xogo de dobre sentido. Isto permítelle adscribi-la composición ó xénero dos contratextos carnavalescos e, dentro deste, ó subxénero do *gap* ou *vanto*, no que se amosa a ledicia ante unha sexualidade hipertrofiada. A partir desta nova clave interpretativa, propón unha nova lectura do termo *Abondanha*, que emparenta coas meigas benéficas do folclore, símbolos da fertilidade.

- María del Carmen Vázquez Pacho, “A *sanha* nas cantigas de amigo”, pp. 471-487.

Estudio do motivo da *sanha*, no que se pretende, basicamente, o establecemento dunha tipoloxía que contemple, dende un punto de vista intradiexético, as causas que a orixinan, así como as reaccións que provoca. O corpus escollido pola autora é o das cantigas de amigo, xa que é nestas onde se manifesta tanto a *sanha* masculina coma a feminina. Tras unha breve introducción na que se aborda a etimoloxía do termo, analízase unha serie de situacións que serven para xustifica-la introducción do motivo: a partida dun dos amantes, a tardanza, a entrega do favor amoroso, o comportamento da amiga, a infidelidade, a mentira ou a ruptura do segredo. Como conclusións establécense tres tipos de *sanha*, segundo o contexto no que se sitúe: a recente, que vai acompañada de tristeza e contempla a posibilidade dun perdón; a vella, froito da xenreira gardada e que pode provocar unha vinganza; e a *sanha* como *manha*, subterfuxio co que se pretende acadar un propósito. Como cesare, dous estudos adicados a Afonso X e Sancho IV de Fernando III de Castela e

-Joaquim Ventura, “La *Gesta de mal-dizer* d’Afonso Lopes de Baian: recepció i paròdia dels cantars de gesta”, pp. 489-502.

Detense na análise da transmisión peninsular da *Chanson de Roland* a partir da parodia que dos cantares carolinxios leva a cabo Afonso Lopes de Baião na súa x*esta de maldizer*. Joaquim Ventura considera as posibles canles de introducción da materia carolinxia na Península Ibérica, para, a continuación, centrarse nos indicios textuais que esclarezan unha posible filiación cos orixinais franceses. A clave constitúea o termo EOI, de controvertido significado, que só se atopa no *Roland* contido no manuscrito de Oxford. O autor considera que a mediados do século XIII, cando escribía Afonso Lopes, esta expresión estaba fosilizada e carente de sentido, polo que a súa presencia na cantiga galego-portuguesa se debe a que actuaría como marca xénerica, que axudaría nos efectos paródicos. A falta de datos impídelle chegar a unha conclusión definitiva, aínda que salienta a procedencia miñota de Afonso Lopes, o que faría improbable que coñecese directamente un manuscrito rolandiano que tivese chegado á Península por Portugal, toda vez que o punto de penetración, o porto de Lisboa, se atopaba demasiado lonxe de onde vivía o trobador.

Kremer, Dieter (ed.), *Actas do V Congreso Internacional de Estudios Galegos*, 2 vols., Sada-Coruña: Ediciós do Castro, 1999, 1181 pp. (ISBN Volume I: 84-7492-939-3) (ISBN Volume II: 84-7492-940-7) (ISBN Obra Completa: 84-7492-938-5). .

No apartado V.I deste *Informe* aparecen os artigos sobre literatura galega en xeral. Agora dáse conta do que recolle dedicado á literatura medieval:

- Xulio Viejo Fernández, “Apuntes para a biografía do trobador Fernán Suárez de Quiñones”, pp. 937-953.

Aproximación á vida e obra do trobador Fernán Suárez de Quiñones, coñecido como autor de catro cantigas de escarnio e un serventés, recollidos nos cancioneiros galego-portugueses. Das composicións sobrancea a súa temática arredor da sátira contra a idealización poética do amor cortés, do ataque persoal con acusacións de roubo ou a luxuria desmedida de personaxes coñecidos, salientando tamén a riqueza léxica presente en todas elas, o ritmo áxil, as estructuras estróficas orixinais, así como os abundantes galicismos. Tenta a través dun bo número de documentos e das referencias que fai nas súas cantigas conservadas, e mesmo peculiaridades da lingua que emprega, dilucida-la orixe deste trobador entre Asturias e León. Finalmente, reproduce nun apéndice aqueles documentos dos que se serviu para establece-la orixe deste trobador.

XI. Literatura medieval

XI. 3. Publicacións en revistas

Brea, Mercedes, “Os trobadores de Taveirós”, *A Estrada*, nº 2, 1999, pp. 151-155.

Estudio das relacións familiares entre Pero Velho de Taveirós e Pay Soarez de Taveirós, a partir da rúbrica explicativa que encabeza a composición *Vi eu donas encelado*. As relacións de ámbolos dous con outros trobadores, como Pai Moniz e Martin Soarez, así como as fontes documentais permiten afirmar que Pero Velho e Pay Soarez eran irmáns e procedían da bisbarra galega de Taveirós. Como representantes da pequena nobreza galega, posiblemente estarían ligados á corte de Don Rodrigo Gomez de Trastámara, Conde de Traba, a primeira corte poética galega da que se ten noticia.

Ferreira, Manuel Pedro, “Codax revisitado”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Comunicacións”, xuño 1999, pp. 157-168.

Co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas a Martin Codax, entre os outros trobadores da Ría de Vigo, incorpora unha “Adenda e corrigenda” á obra da súa propia autoría *O som de Martin Codax* (1986), entendendo ademais que a execución musical das cantigas, con tódalas precaucións posibles, segue a ser esquecida en moitas ocasións. A seguir, introduce as citadas correccións e remata cun epílogo no que fai unha serie de consideracións respecto ás cuestións técnicas das cantigas tales como a acentuación e a métrica para favorece-lo estudio conxunto das dimensións poética e musical da lírica medieval galego-portuguesa.

González Rodríguez, Mª Teresa, "Xosé Ramón Pena Sánchez, *Xograres do mar de Vigo, Johán de Cangas, Martín Códax e Meendinho*", *Lucensia*, nº 19, "Libros", 1999, pp. 397-398.

Comenta brevemente o libro de Xosé Ramón Pena Sánchez publicado en 1998 con motivo da homenaxe ós tres trobadores co gallo da celebración do Día das Letras Galegas dese ano. Presenta os contidos fundamentais do volume, salienta moi sucintamente a importancia da tradición manuscrita medieval galego-portuguesa e céntrase na temática das cantigas, ás que define como "stampas cheas de paixón" que sorprenden pola sinxeleza e vitalidade, así como pola súa brillantez dende o punto de vista técnico.

Hart, Thomas R., “Alfonso X’s ‘Non me posso pagar tanto”, *Portuguese Studies*, nº 15, 1999, pp. 1-10.

Reinterpretación da coñecida composición de Afonso X o Sabio, tendo en conta a súa condición de cantiga de escarnio. O autor comeza cunha análise estructural da composición, destacando o emprego recorrente da metáfora dos alacráns. Continúa cun repaso das diferentes interpretacións que a crítica ofreceu do poema, destacando a insistencia en considerala unha sincera confesión do monarca, que estaría a reflectir nel as súas inquedanzas vitais. Desbota a identificación do eu lírico co autor e propón unha lectura máis acorde co ton dunha cantiga de escarnio. O monarca poñería a cantiga en boca dun nobre que se ve incapaz de soporta-las responsabilidades da súa posición, de tal maneira que constituiría unha crítica por parte de Afonso X á covardía de moitos nobres da súa corte, ós mesmos ós que dedicou severas condenas poéticas polo seu comportamento durante as guerras contra os musulmáns.

Kinkade, Richard J. e John E. **Keller**, “Myth and Reality in the Miracle of *Cantiga* 29”, *La Corónica*, vol. XXVIII, nº 1, 1999, pp. 35-69.

Estudio da cantiga nº 29 das *Cantigas de Santa María* tendo en conta o tratamento que se dispensa ó milagre relatado nela, segundo o cal a Virxe converteu unhas pedras en imaxes coa súa figura. Os autores teñen en conta no seu traballo os relatos latinos anteriores á composición do cancioneiro afonsí e que constatan a ampla difusión do motivo. Igualmente, analizan as singularidades que presentan as miniaturas que acompañan á cantiga, identifican os animais que alí se representan e relacionan coas correntes artísticas da época. Por último, poñen de relevo as tradicións arredor do xardín de Getsemaní e do Edén que circulaban daquela e que deberon ter grande importancia á hora de compoñe-la cantiga e ilumina-las miniaturas correspondentes.

López Castro, Armando, “El cancionero de Pero Meogo: poética y tradición”, *Revista de Poética Medieval*, vol. III, 1999, pp. 85-106.

Céntrase no estudio das nove Cantigas de Amigo que se conservan de Pero Meogo. Tras situalo cronoloxicamente no terceiro cuarto do século XIII, afirma que este xénero se afasta da Escola Provenzal, ó beber das raíces tradicionais, sobre todo, das formas repetitivas: refram e leixapren. A seguir, indica que este trobador foi o que mellor expresou a supremacía do ritualismo erótico que arrinca da canción da muller do latín vulgar. Así mesmo, comenta as cantigas, destacando o que nelas hai de elaboración artística e individual da forma poética. Considera que na cantiga de amigo se dan as tres modalidades básicas da relación entre os dous amantes: diálogo, diálogo truncado e monólogo. Tamén sinala os trazos específicos da lírica galegoportuguesa: a voz de amante de muller namorada, de comportamento intuitivo, pasivo e inseparable do desexo; a forma paralelística; a linguaxe gramatical lóxica e a linguaxe poética analóxica; e a ambigüidade e indeterminación que se deriva do fragmentarismo tradicional. Por último, por riba da unidade das cantigas, sobrancea tres recursos expresivos: o ton elexíaco, o ritmo flexible e as analoxías que establecen relacións intertextuais.

López Martínez-Morás, Santiago, "*Cantigas do mar de Vigo. Edición crítica das cantigas de Meedinho, Johan de Cangas e Martin Codax*", *Revista Galega do Ensino*, nº 23, "Recensións", maio 1999, pp. 303-305.

Recensiona o volume publicado polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, *Cantigas do mar de Vigo* realizado por A. Fernández Guiadanes, F. Magán Abelleira, Ignacio Rodiño Caramés, M. C. Rodríguez Castaño, X. X. Ron Fernández e M. C. Vázquez Pacho co gallo do Día das Letras Galegas de 1998. Describe a composición do volume, que presenta unha serie de cuestións teóricas sobre as mariñas e romarías, uns comentarios relativos á personalidade dos tres trobadores, Meendinho, Johan de Cangas e Martin Codax, co apoio dun detallado compendio bibliográfico, a edición crítica das cantigas e, para rematar, un glosario no que se recollen as palabras que teñen "un certo interese como termo empregado na lírica, así como unha referencia numérica das composicións".

Magán Abelleira, Fernando e Xosé Xabier **Ron Fernández**, "Algunhas consideracións ecdóticas e hermenéuticas sobre a cantiga «Don Gonçalo, pois queredes ir daqui pera Sevilha» (B 466) de Alfonso X o Sabio", *Revista de Poética Medieval*, vol. III, 1999, pp. 131-145.

Reinterpretación da cantiga de Afonso X o Sabio, á luz da disputa xurdida co trobador portugués Gonçal' Eanes do Vinhal por mor do comportamento do irmán do rei, o infante don Henrique. Os autores propoñen unha nova lectura dalgunhas das pasaxes da composición, con especial atención ó remate do verso 30, onde identifican unha fórmula de orixe xurídica empregada polo rei trobador con dobre sentido.

Montoya Martínez, Jesús, “La caballería blanca o caballería “celeste” en la literatura hispánica”, *La Corónica*, vol. XXVII, nº 2, 1999, pp. 7-19.

Análise de varias *Cantigas de Santa María* onde se comproba a aparición dos cabaleiros anxos que axudan ós devotos. O autor parte das concepcións da cabaleiría medieval como estamento encamiñado á protección dos débiles que se foi cristianizando progresivamente. Froito deste proceso foi a proxección no plano escatolóxico das propias estructuras cabaleirescas, que callou na crenza dunha milicia celestial ó servicio de Deus, a Virxe e os seus fieis. Dende este presuposto, escolma as cantigas 15, 63 e 165 para demostra-la presencia do motivo no cancioneiro mereolóxico afonsí. Nas conclusións traza a dobre tradición cristiá que nutre este tipo de relatos, remontable a San Agustín e ó Pseudo-Areopagita, así como a importancia da cor branca na caracterización dos cabaleiros celestiais.

Nicolás, Ramón, "Contribucións ó estudio de literatura medieval", *Guía dos libros novos*, nº 8, "Estudios Literarios", xuño 1999, p. 29.

Dá conta da publicación das Actas do Congreso arredor das tres figuras homenaxeadas o Día das Letras Galegas de 1998: Meendinho, Martín Codax e Johán de Cangas, salientando a importancia das sinaturas que aparecen no volume, entre elas a de Henrique Monteagudo, Xosé Ramón Pena, Xesús Alonso Montero, Luz Pozo Garza, Camiño Noia ou Manuel Ferreiro, sinalando algunha das achegas destes autores e destacando que estamos ante un "rico, rigoroso e denso volume que aborda parte do noso discurso literario medieval", e mellorando o noso coñecemento da literatura medieval galego-portuguesa.

O'Callaghan, Joseph O., "Keller, John E., and Annette Grant Cash. *Daily Life Depicted in the Cantigas de Santa María*", *La Corónica*, vol. XXVII, nº 2, 1999, pp. 263-264.

O autor insiste na importancia desta obra para o adecuado coñecemento histórico da época na que se compuxeron as *Cantigas de Santa María* e, indirectamente, para a revalorización do corpus mariolóxico afonsí en tanto que fonte documental dunha época. Destaca, así mesmo, como a elaboración dun exhaustivo apéndice temático converte a obra nunha ferramenta de grande utilidade para os estudiosos da materia.

Parkinson, Stephen, “As *Cantigas de Santa María*: estado das relacións textuais”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Comunicacións”, xuño 1999, pp. 179 205.

Revisa algún dos problemas que presenta o cancioneiro mariano de Afonso X. Ofrécese unha breve descrición dos manuscritos e as relacións entre eles, abórdase o problema da autoría textual e os problemas métricos das cantigas, así como a disposición en versos curtos e longos. Finalmente, establece as relacións entre os textos e as compoñentes extratextuais que os acompañan (número, rúbrica, miniaturas, prosificación, etc.), apunta unhas breves notas sobre a lingua das cantigas e indica posibles vías para a edición das *Cantigas de Santa María*.

_____, “*Meestria Métrica*: Metrical Virtuosity in the *Cantigas de Santa María*”, *La Corónica*, vol. XXVII, nº 2, 1999, pp. 21-35.

Estudio da métrica nas *Cantigas de Santa María*, tomando como punto de referencia os recursos empregados ó respecto na lírica profana galego-portuguesa. Na primeira parte do traballo o autor destaca a importancia estilística da métrica no cancioneiro mariano e constata unha serie de diverxencias respecto á producción profana. Unhas veñen propiciadas polo uso de estrofas como o virelai/zéxel, que non atopan correspondencia na lírica profana, e outras pola estructura narrativa de moitas das composicións, o que impón un maior número de estrofas e condiciona o tipo de artificios retóricos a empregar. A segunda parte do estudio está dedicada a varios dos recursos métricos utilizados nas *Cantigas de Santa María*, algúns exclusivos e outros comúns coa producción secular. A conclusión á que chega é que un mesmo virtuosismo métrico atopa diferentes manifestacións nun cancioneiro ou noutro.

Pena, Xosé Ramón, “¡Edoi lelia doura!”, *Guía dos libros novos,* nº 3, xaneiro 1999, p. 29.

Comezando cuns versos dunha cantiga de amigo Xosé Ramón Pena comenta a obra publicada polas profesoras da Universidade compostelá Mercedes Brea e Pilar Lorenzo Gradín, *A cantigade amigo* (1998). En primeiro lugar analízase moi brevemente a historia das cantigas. Para estas dúas estudiosas a cantiga de amigo gozou dun importante éxito nos reinados de Afonso X de Castela-León e de D. Dinís de Portugal. Falan da grande actividade artística que tivo lugar naquelas épocas e apuntan a posibilidade do nacemento da cantiga de amigo na época do cantar de amor, posto en boca dunha muller incluíndo motivos folclóricos galegos. Analízase tamén a narración da obra tanto dramática coma diexemática e tamén a narración mixta, ó mesmo tempo tense en conta os aspectos métricos-formais e as modalidades xenéricas (albas, pastorelas...). Finalmente faise unha crítica moi positiva sobre este volume que invita a le-la obra, e sinálase que a súa lectura poderá ser feita non só por filólogos especialistas en literatura medieval senón tamén por persoas interesadas nesta materia, que teñan interese en coñecer máis sobre ela, a isto axuda que estea escrita con claridade e sinxeleza.

Pérez Barcala, Gerardo, "*A cantiga de amigo*", *Revista Galega do Ensino*, novembro 1999, pp. 205-209.

O autor expón os diferentes apartados que conforman o libro realizado por M. Brea e P. Lorenzo Gradín en 1998, sinalando que aínda podería engadirse un capítulo dedicado á execución musical das cantigas. Engade que a ausencia se xustifica pola perspectiva exclusivamente literaria do estudio, o que deixaría fóra un aspecto que é competencia máis propia da musicoloxía. Apunta, así mesmo, outras vías de investigación que quedan pendentes trala visión global ofrecida en *A cantiga de amigo*, como a elaboración dun repertorio temático ou dun estudio dos artificios métricos. Estas suxestións non impiden unha valoración moi positiva da obra, á que atribúe un grande equilibrio e exhaustividade.

Resende de Oliveira, António, “Galicia trobadoresca”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Comunicacións”, xuño 1999, pp. 207-229.

Estudia o movemento cultural trobadoresco galego-portugués no marco sociocultural no que se deu a súa producción incorporando o estudio específico da contribución galega. Estructura o traballo en tres partes. Na primeira parte, atende ó marco xeral, indicando os períodos de desenvolvemento, os xéneros predominantes e as orixes das cantigas, que teñen na ocultación da muller na sociedade medieval a súa principal causa. A seguir, analiza a contribución galega seguindo o mesmo esquema. Por último, conclúe que a especifidade galega baséase no aspecto cronolóxico (período central: 1220-1300), no menor peso nobiliario na orixe dos autores, no predominio dos xograres e da cantiga de amigo. Ademais, inclúe unha serie de apéndices coa lista dos autores, a producción poético-musical por xéneros e unha cartografía galega na que especifica a procedencia xeográfica dos autores e os centros culturais existentes.

Rossell, Antoni, “Publicación co gallo do Día das Letras Galegas”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1998*, “Panorámicas”, xuño 1999, pp. 241-253.

Relatorio exhaustivo das obras que se publicaron en 1998 baixo esta celebración, que supuxo novos estudios, revisións e edicións dos trobadores da Ría de Vigo, onde o autor bota en falta a presencia de traballos musicolóxicos, sobre todo, no tocante a Martin Codax, onde texto e música nos aproximan á dimensión real do trobador. Despois de enumerar tódolos estudios publicados, contrástaos atendendo á novidade dos datos que achegan, á aproximación á tradición manuscrita, ás lecturas realizadas, ó comentario filolóxico e literario e, finalmente, ó aspecto musical.

Schaffer, Martha, “New Studies on the Metrics and Motifs of the *Cantigas de Santa María*”, *La Corónica*, vol. XXVII, nº 2, 1999, pp. 5-6.

Introducción á serie de artigos recollidos no volume XVII, 2 de *La Corónica* dedicados ás *Cantigasde Santa María*. A autora, en calidade de coordinadora, fai un breve percorrido por cada un dos catro traballos recollidos: “La caballería blanca o caballería “celestial” en la literatura hispánica”, de Jesús Montoya Martínez; “*Meestria métrica*: Metrical Virtuosity in the *Cantigas de SantaMaria*”, de Stephen Parkinson; “A Nexus Between the *cantiga de amor* and the *Cantigas de Santa Maria*: the *cantiga ‘de change”*, de Martha Schaffer; e “Cantando e con dança’: Afonso X, King David, the *Cantigas de Santa Maria*, and the Psalms”, de Joseph Snow. Todos estes traballos foron presentados no congreso celebrado en Vancouver en 1998 pola International Courtly Literature Society.

_____, “A Nexus between *Cantiga de Amor* and *Cantiga de Santa María*: the *Cantiga ‘de Change*”, *La Corónica*, vol. XXVII, nº 2, 1999, pp. 37-60.

A partir do estudio de Valeria Bertolucci sobre o súbxénero da *chanson de change*, a autora establece unha serie de analoxías entre a lírica profana galego-portuguesa e o cancioneiro mariano de Afonso X. Salienta a interrelación entre ambas producción poéticas —a profana e a relixiosa—, insistindo na dificultade de establecer nun e noutro caso divisións xenéricas operativas. Unha vez centrada nas *Cantigas de Santa María*, percibe unha serie de analoxías coa *chanson de change*, de tal maneira que o amor pola dona se ve substituído polo amor á Virxe e a inconstancia do trobador por unha crise de fe por parte do protagonista. O traballo vai acompañado de varias miniaturas do Ms. T, que serven de apoio ás súas afirmacións.

Seres, Guillermo, "*Las cantiga de Pay Soarez de Taveirós*. Por Gemma Vallín. Alcalá de Henares: PU de Alcalá de Henares, 1996, 318 páginas", *Hispanic Review*, vol. LXVII, nº 4, 1999, pp. 549-551.

Salienta o valor da devandita edición, da que destaca a metodoloxía, a minuciosa documentación empregada, o estudio histórico con que se abre o volume ou a edición dos textos. O rigor e a minuciosidade serían as dúas características esenciais deste traballo que lle merece os máis encendidos eloxios ó autor da recensión.

Snow, Joseph T., “Cantando e con dança’: Alfonso X, King David, the *Cantigas de Santa María* and the Psalms”, *La Corónica*, vol. XXVII, nº 2, 1999, pp. 61-73.

Comparación entre a figura de Afonso X, en tanto que monarca e trobador da Virxe, e David, rei de Israel e cantor da gloria de Deus. O autor traza unha serie de paralelos entre ambas personalidades e as súas obras poéticas e toma como principal punto de contacto as *Cantigasde Santa María*, de Afonso e o libro dos *Salmos*, atribuído a David. Unha e outra obra estarían compostas para exalta-la figura de Deus (e a través del, a da Virxe) fronte á ameaza dos infieis: os sarracenos no primeiro caso e os inimigos de Israel no outro. Por último, céntrase no acto de acción de gracias a Deus (e a Virxe) pola súa protección, que en ambas obras adopta idéntica expresión xestual e musical.

_____, “Iª Semana de Estudios Alfonsís. Inauguración de la «Cátedra Alfonso X El Sabio». Patrocinado por Luis Caballero, S. A. El Puerto de Santa María, 16-18 diciembre de 1998”, *La Corónica*, vol. XXVII, nº 2, 1999, pp. 269-274.

Resumo das actividades desenvolvidas co gallo da inauguración da Cátedra Alfonso X El Sabio en El Puerto de Santa María. O autor destaca que este novo centro de estudios afonsís é digno continuador do labor emprendido dende hai setenta anos polo Hispanic Seminary of Medieval Estudies, fundado por Antonio García Solalinde na Wisconsin University, e observa as diferentes actividades culturais que a nova cátedra ten previsto aglutinar: a creación dunha biblioteca de estudios afonsís, a organización anual de Semanas de Estudios e a publicación dunha revista de estudios alfonsís, *Alcanate*, que recollería no seu primeiro número as ponencias do presente encontro. A continuación, pasa a desglosa-los diferentes apoios institucionais e empresariais que permitiron a creación da cátedra, así como as diferentes actividades que tiveron lugar no primeiro encontro, celebrado no castelo de San Marcos entre o 16 e o 18 de decembro de 1998. Dende o punto de vista filolóxico merecen especial atención as xornadas de traballo que tiveron lugar durante eses tres días, a razón de dúas ponencias diarias. Na primeira, Manuel González Jiménez leu a ponencia “Una ‘noble çibdat e bona’: Fundación y poblamiento de El Gran Puerto de Santa María por Afonso X el Sabio”, na que resumiu, a partir dos datos fornecidos polas*Cantigas de Santa María*, o período histórico no que tivo lugar a conquista da cidade árabe de Alcanate e a fundación da localidade moderna, á que Afonso X denominou El Puerto de Santa María. Connie L. Scarborough, pola súa parte, presentou o traballo titulado “Las *Cantigas de*Santa María, poesía de santuarios”, onde analizou as vintecatro composicións marianas que se desenvolven no santuario de Santa María del Puerto. Na segunda xornada, Stephen Parkinson leu o seu traballo “Santuarios portugueses en las *Cantigas de Santa María*”, no que analiza os diversos santuarios mencionados no cancioneiro mariano e constata un desprazamento xeográfico de norte a sur, de tal maneira que os milagres portugueses se agrupan na segunda

metade do cancioneiro, do mesmo xeito que os situados no santuario de Terena, en Badajoz (xa que se di Lleida e Girona...), aparecen a partir da cantiga nº 300 e os de El Puerto despois da nº 400. A segunda ponencia do día, correu a cargo de Joseph T. Snow e titulouse “El cronista lírico del Puerto”. Nela estudiou o ciclo de composicións dedicadas a El Puerto coma unha homenaxe do rei á cidade, a raíz da concesión da carta de poboamento en 1281. Na derradeira xornada Ana Domínguez Rodríguez leu “Arte alfonsí en las *Cantigas de Santa María*”, ponencia na que analizou as técnicas de construcción medieval a partir dos datos proporcionados polas miniaturas do Códice Rico, destacando o empeño de Afonso X por remata-la obra do Castelo de San Marcos e por facer de El Puerto un lugar de peregrinación. Jesús Montoya Martínez, pola súa banda, titulou a súa disertación “El Puerto de Santa María, ex-voto de Alfonso a María” e nela interpreta o Castelo de San Marcos coma un exvoto que o rei presentou á Virxe de El Puerto, ó tempo que destacou a inspiración mariana que impregnou a empresa de colonización desa bisbarra por parte do rei Sabio. As sesións foron clausuradas cun concerto de música antiga a cargo do Grupo Eduardo Paniagua e unha recepción nas adegas do Castelo de San Marcos.

VV. AA., “Letters on “New Studies on the Metrics and Motifs of the *Cantigas de Santa María*”, *La Corónica* 27.2 (Spring 1999)”, *La Corónica*, vol. XXVIII, nº 1, 1999, pp. 185-228.

Debate sobre as novas liñas de investigación abertas no estudio das *Cantigas de Santa María*, que foran recollidas nos artigos de *La Corónica*, XXVII, 2 (1999). Valeria Bertolucci expón a necesidade de elaborar ó respecto un repertorio métrico e musical, unha análise lingüística e unha edición das *Cantigas* que denomina “cronolóxico” e que contemplaría as sucesivas redaccións da obra. James E. Burke postula a aplicación das novas teorías literarias ó estudio do corpus mariano afonsí, de maneira que se revele a importancia da estructura meta-narrativa dos textos. Fernando Gómez Redondo repasa os tres aspectos esenciais que todo estudio das *Cantigas de Santa María* debe abordar: a versificación, a música e os contidos narrativo e icónico. Tendo en conta a producción prosística do rei Sabio, trata a continuación a poeticidade das *Cantigas*, o significado do termo “entendemento” que aparece no prólogo da obra, aplicado á mestría na arte de trobar, o significado da relixiosidade do corpus mariano e as súas relacións co xénero haxiográfico, así como a mentalidade cortesá que reflicten as composicións postas en boca do monarca. Robert A. MacDonald fai unha valoración dos artigos publicados no número XXVII, 2 de *La Corónica* e expón unha serie de consideracións sobor da composición das*Cantigas* dentro do conxunto da producción alfonsí. A estas interven-cións séguenlle-las puntualizacións e agradece-mentos dos autores dos catro artigos publicado no número XXVII, 2: Jesús Montoya, que matiza as observacións de Gómez Redondo e que se manifesta de acordo coa elaboración dunha edición do corpus mariano, Stephen Parkinson, quen achega novas observacións sobre o concepto de *meestria* poética nas *Cantigas*, Martha Schaffer e Joseph T. Snow.

Vallín, Gema, “La realidad poética de las cantigas de amigo (un libro de Stephen Reckert), *Ínsula. Revista de Letras y Ciencias Humanas*, nos 625-626, xaneirofebreiro 1999, pp. 3-4.

Recensiona a terceira edición da obra *Do cancioneiro de amigo* (1998), de Stephen Reckert e Helder Macedo, da que di que ofrece unha representación importante do corpus do xénero de amigo e unha lectura anovadora da literatura medieval galego-portuguesa. A seguir, sostén que a primeira vía se substenta no “armazón paralelístico” das cantigas de amigo, na que o medievalista segue a Jakobson e a Dámaso Alonso ó considerar fundamental o recurso da repetición. Por outra banda, considérao orixinal por non segui-la postura formalista de romanistas como Robert Guieutte ou Paul Zenther porque demostra que os aspectos formais filtran significados antropolóxicos. Outros puntos destacables son a explicación da asunción de voces femininas por varóns, no que se agocha o primeiro caso da literatura occidental de fuxir do *eu* como identidade sexualmente definida e as “valientes e innovadoras interpretaciones” das imaxes simbólicas e ata dos motivos cotiáns e anecdóticos. Finalmente, fundamenta o seu éxito na aplicación dunha perspectiva histórica e literaria, tanto na expresión coma na temática, que abarca diferentes tradicións literarias, dende a peninsular ata a lírica chinesa e nipona.

_____, “El deán y el villano: un poema de Alfonso el Sabio y una canción tradicional”, *Madrygal*, nº 2, “Artigos”, 1999, pp. 133-138.

Achegamento á cantiga de Afonso X o Sabio “Penhoremos o dayan”, incluída no *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* (nº 459), reproducindo e traducindo despois o contido desta. Caracterizada pola peculiaridade case única da súa forma, analiza polo miúdo o contido desta nas súas coordenadas temporais e as posibles significacións que admitirían os termos principais cargados de ironía.

_____, “La poética de Paz y Soarez de Taveirós”, *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, II, 1999, pp. 157-164.

Análise da poética de Pay Soarez de Taveirós a partir dos datos fornecidos por varias composicións deste trobador. A autora destaca a importancia que os detalles concretos adquiren nas cantigas de Pay Soarez, fronte á vaguidade que a este respecto caracteriza a escola lírica galego-portuguesa. Tal e como reflicte a denominada *cantiga da garvaia*, é precisamente a ruptura das convencións poéticas do lirismo trobadoresco o trazo máis salientable da producción de Pay Soarez. Remata destacando a orixinalidade deste trobador e o gran valor que por esta razón ten dentro da tradición galego-portuguesa.

XI. Literatura medieval

XI. 4. Publicacións en xornais: estudios e recensións

Publicacións en xornais: estudios e recensións

Blanco Rivas, M., “Novas aportacións ao estudio da cantiga de amigo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 91, 23 xaneiro 1999, p. 4.

Presentación do novo estudio crítico editado por Xerais e da autoría de Mercedes Brea e Pilar Lorenzo titulado *A cantiga de amigo* (1998). Achega algunhas notas sobre os contidos do libro, nos que se salienta a riqueza conceptual expresiva do xénero estudiado, así como as pretensións do volume por achega-la lírica medieval galego-portuguesa a un público lector amplo aínda que especializado. Remata cunha nota sobre a traxectoria profesional das dúas autoras.

XI. Literatura medieval

XI. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

Alonso Montero**, Xesús, "Un poeta cuestiona o Xacobeo",** ***La Voz de Galicia*****, "Beatus qui legit", 11 xuño 1999, p. 14.**

Bota man dun sirventés moral de Airas Nunes, "Porque no mundo menguou a verdade", para suxerir que as críticas ó Xacobeo non mudaron dende a Idade Media.

Seixas, Miguel A., “Cantigas de amigo”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 11 xaneiro 1999, p. 3.

Alude ó traballo titulado *A cantiga de amigo* (1998), da autoría de Mercedes Brea e Pilar Lorenzo, que está na colección de Xerais “História crítica da literatura medieval”. Miguel A. Seixas repasa a tradición manuscrita do xénero de muller galego-portugués ó tempo que descobre a súa complexidade e louva o feito de ter conseguido con este libro “unha monografía (sobre o noso xénero medieval) feita desde aquí”.

Vázquez, Pura, “Unha lingua para a lírica”, *La Región*, 14 novembro 1999, p. 34.

Aproximación e comentarios sobre a xénese da lírica trobadoresca situándoa no século XIII, cunha estética e temática probablemente influenciada pola paisaxe galega e dentro dun contexto cultural no que a lingua empregada era o galego portugués.

_____, “Gloria, morte e poesía (de Paio Gómez Charinho, señor de Rianxo)”, *La Región*, 4 decembro 1999, p. 2.

Percorrido polo perfil biográfico do trobador galego Paio Gómez Charinho, facendo referencia ó seu lugar e data de nacemento, á súa participación na Reconquista ou ó seu quefacer no mundo da política ata chegar á súa tráxica morte.

XI. Literatura medieval

XI. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

Fraga, Jesús, “La devoción del rey sabio”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 87, 20 xullo 1999, pp 4-5.

Aproximación ó proxecto levado a cabo por Eduardo Paniagua de grava-las Cantigas de Santa María, facendo referencia a unha serie de aspectos como a temática que estas presentan, o feito de rexistra-las Cantigas íntegras, tendo en conta a “contextualización” e a “recreación histórica”. Indícanse as fontes das que Paniagua se serviu, “no sólo (...) de las fuentes musicales”, senón tamén da literatura e da historia coetánea a Afonso X. Saliéntase a importancia que as miniaturas dos códices tiveron para a construcción dos instrumentos que se utilizaron nas gravacións, indicando asemade a importancia que estes, coa súa sonoridade e coa ambientación con eles conseguida, tiveron no resultado final. Coméntase tamén a influencia que puido ter Afonso X na composición das súas Cantigas, e fanse unha serie de reflexións sobre a causa pola que utiliza o galego como lingua de expresión. Coméntase cales son os proxectos de Eduardo Paniagua e conclúese preguntando se realmente “es necesaria esa gran biografía sobre Afonso X”.

XII. Folletos de novidades editoriais

Galaxia

(D. L.:VG-262-1987)

A editorial Galaxia sacou á luz o número 30 e 31 do seu boletín, que corresponden ó inverno e verán de 1999, respectivamente. O número 30 presenta, sen asinar, ademais dunha entrevista a Vítor Vaqueiro pola publicación da *Guía da Galiza máxica* en 1998, unha serie de comentarios das seguintes obras do citado ano: *O peregrino a Compostela*, de Paulo Coelho; *Viaxe por Galicia*, de Josep Plá; *Un país de palabras*, de Carlos Casares; *Alén de desventura*, de Xavier Alcalá; *As grandes carballeiras*, de Xesús Manuel Varcárcel; *Setembro*, de Marta Dacosta; *La Habana Flash*, de Xavier Alcalá; *Voces de vacas*, de Xavier López Rodríguez; *A ermida do Diaño*, de Xelucho Abella Chouciño; *As ruínas da cidade amada*, de Manuel Veiga e *O home que inventou unha maneira de andar*, de Xabier P. Docampo. Correspondente a 1999, refírese a *Menú de degustación*, de Ana María Arellano. Nun apartado titulado “Noticieiro”, fai referencia ó premio Abril e algunhas publicacións desta editorial viguesa, como son as que elaborou ó redor do homenaxeado no Día das Letras Galegas, a *Historia da Literatura Galega* (1999), de Dolores Vilavedra e a traducción de catro títulos máis das aventuras protagonizadas por Astérix, entre outras. Seguindo a mesma estructura e tamén sen asinar, o número 31 inclúe unha entrevista realizada a Manuel Rivas, na que, ademais de falar doutros aspectos relacionados coa súa obra, comenta *Ela, maldita alma* (1999). A seguir, ofrécense unha serie de comentarios sobre certas obras publicadas por Galaxia no ano 1999: *Os xenerais de África*, de Vítor Vaqueiro; *A quinta de Saler*, de Antón Riveiro Coello; *Sereno e grave*

gozo. Ensaios sobre a paisaxe, de María Cuquejo; *Olo-Iepu-Iepu*, de Paula Carballeira; *O día que Miguel Induráin pasou por Gonderande*, de Carlos Mosteiro; *Siddhartha*, de Hermann Hesse e *O galeón das illas Cíes*, de Josep Lorman. Dentro do apartado “Noticieiro”, informa de diferentes cuestións relacionadas con Galaxia, como é a publicación que vai facer da *Obra literaria completa de Castelao*, a obtención do Premio da Crítica Galega 1999 por parte do seu presidente, Carlos Casares, gracias á obra *Un país de palabras* (1998) ou a estrea da páxina web desta editorial.

Ir Indo
(Sen ISBN nin D. L.)

Baixo o título de *Ex Libris Ir Indo*, a editorial deste nome publica o seu primeiro folleto no outono de 1999. Sen asinar, dáse conta nel das características da *Enciclopedia Galega Universal* e ofrécese unha entrevista realizada ó seu editor, Bieito Ledo, na que fala desta obra. Ademais disto, tamén sen firmar, achégase o resumo de obras publicadas por Ir Indo para os lectores máis novos en 1998: *Glub contra Blef*, de Isabel Freire Bazarra; *A Cirurxiá*, de Azucena Arias Correa e *O cumpreanos do Rei Pericón*, de Mª Dolores Rial. Así mesmo, faise unha breve sipnose das que publicou en 1999: *O Calasas, o Curuxas e a pantasma*, de Stephen Ryan Oliver; *A verdadeira historia do pirata Xocas*, de Milagros Oya Martínez; *O rei Kabul*, de Max Jacob; *Os amigos de Martiño*, de Xesús Santos Suárez e *A brétema*, de Mª Victoria Moreno. Polo que se refire a obras de narrativa, coméntase *Nova Crónica das Indias* (1998), de Antón Avilés de Taramancos; *Lume esmorecido* (1999), de Xavier Costa Clavell e *As plumas do moucho* (1999), de Luís García Mañá; mentres que sobre biografías preséntanse as tituladas, *Antonio Fraguas. Profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben*, de Clodio González Pérez e *Valentín Paz-Andrade. Escritor, xornalista e poeta. Avogado, político e empresario*, de Charo Portela Yáñez, ámbalas dúas de 1998. Alén disto, dentro da colección “As vilas galegas”, refírese a *Celanova* (1999), de X. L. Méndez Ferrín, Xosé Benito Reza e Vítor Vaqueiro.

Laiovento Edicións
(D. L.: C-1920-1999)

Tirou do prelo en 1999 un *Catálogo xeral*, que inclúe no seu inicio un texto de François-Marie Arouet (Voltaire), no que, baixo o encabezamento de "Do horríbel perigo da leitura (1765)", se recollen as causas polas que considera "pertinente condenar" a imprensa. A continuación, dividido por coleccións, aparece unha ficha de cada un dos libros que ten publicado esta casa editora, na que se achegan diversos datos da obra (ano de publicación, páxinas ou o formato), un resumo do seu argumento e algún comentario sobre ela. Tamén anuncia os libros de próxima publicación e reproduce, xa para pecha-lo libro, un fragmento da *Obra selecta* do Padre Feixóo, feita por Eduardo Blanco Amor, titulado "Novo caso de conciencia" e no que fala da utilidade dos libros e do escritor "inhábil". Finalmente, aparece un índice de autores e títulos das obras que ten publicado Laiovento Edicións.

Sotelo Blanco Edicións
(D. L: C-1943-1995)

Esta editora sacou no verán de 1999 o número 8 do seu boletín de información editorial, no que, polo que respecta á literatura galega, achega o argumento e certos comentarios sobre as seguintes obras, publicadas no citado ano: *Por tras dos meus ollos*, de Nacho Taibo; *Malaria sentimental*, de Xavier Queipo; *Doutor Deus*, de Xabier López López; e as segundas edicións de *Antón e os inocentes*, de X. L. Méndez Ferrín e *Conversas con X. L. Méndez Ferrín*, de X. M. Casado e X. M. Salgado. Tamén neste boletín se mostra un extracto do índice do número 37 de *A Trabe de Ouro*. Ademais disto, Sotelo Blanco Edicións editou en 1999 o *Catálogo razoado 1999 da literatura infantil e xuvenil*, que recolle tódolos títulos que sacou do prelo, ata outubro do devandito ano, agás aquelesagotados nese momento. Ábrese este catálogo cun limiar, no que se dá conta dos obxectivos das coleccións da citada editorial dirixidas ó lectorado infantil e xuvenil, as características fundamentais dos libros mostrados e o contido que ofrece este catálogo. A seguir, reprodúcense dous índices, nos que aparecen propostas de lectura segundo a idade e nivel de estudios, para logo dar paso a toda unha serie de “recensións” de cada un dos títulos presentados.

Xerais
(D. L.: VG-494-93)

No ano 1999, Edicións Xerais de Galicia publicou catro números do seu boletín de novidades: o número 35 (Letras Galegas 1999), 36 (verán), 37 (outono) e 38 (nadal), nos que teñen especial relevancia os libros que ten tirado do prelo ultimamente esta editorial e o seus Premios Xerais e Merlín. Este ano tamén cabe destaca-la aparición dunha separata, xunto co nº 37, co gallo da celebración dos seus vinte anos de historia. A continuación, dáse conta de todos aqueles artigos, entrevistas ou comentarios asinados:

-Álvarez Carregal, Marianela, "*Pensa nao*. Anxo Angueira", *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 6.

Comenta que a novela *Pensa nao* de Anxo Angueira é unha das obras máis atraíntes das publicadas en galego nos días de hoxe, posto que está moi ben ideada e estructurada e presenta un léxico "riquísimo" e unha entoación da frase galega nos diálogos pouco habitual na literatura actual. Por riba de todas estas "virtudes", apunta que o gran valor da obra é presentarnos unha Galicia rural incardinada na modernidade. Tamén sinala que nela hai unha serie de homenaxes a escritores, como Manuel Antonio ou Rosalía, e a moitas iniciativas que foron semente do progreso de Galicia. Por último, destaca o magnífico xeito

con que Anxo Angueira trata certas cuestións que poden ser consideradas tópicas, como son a emigración, a igrexa ou a solidariedade.

-Arnáiz, Alejandro, “*A Canción de Concerto*”: primeiro volume da antoloxía da canción lírica sobre textos literarios galegos”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 14.

Detense no comentario de *A Canción de Concerto*, que supón o primeiro dos volumes de gravacións discográficas de Xerais Media. Sinala que nel a soprano Laura Alonso e o pianista Manuel Burgueras abordan un recital de cancións que teñen “un denominador común ó emprega-la lírica galega como única fonte literaria”. Explica o que é a canción de concerto e cita o nome de personalidades musicais que crearon cancións recollidas no volume, como son os galegos Juan Montes ou Jesús Bal y Gay. Tamén apunta que a gravación vai acompañada dun libreto, que contén seis ensaios musicais, e ofrece unha biografía da soprano mentada.

-Bragado, Manuel, “O compromiso de Xerais: entre o 23 de abril e o 17 de maio”, *Novidades Xerais*, nº 35, Letras Galegas 1999, p. 2.

Ademais de presentar unha serie de cifras que amosan o crecemento conseguido polo sector editorial galego nos últimos anos, cita aquelas dificultades coas que se atopa no seu traballo, como son os baixos índices de lectura e de consumo de libros ou o lento

proceso de normalización lingüística na sociedade galega. Centrándose en Edicións Xerais, comenta que esta editorial leva contribuíndo de forma decisiva dende hai vinte anos no sector editorial galego, ocupándose, polo que respecta á literatura, da edición de tódolos xéneros. Por último, afirma que, entre o 23 de abril, Día Internacional do Libro e dos Dereitos do Autor, e o 17 de maio, Día das Letras Galegas, Xerais reitera o seu compromiso coa normalización do libro galego.

- Cabana, Darío Xohán, “O Premio Nobel: todos somos Ferrín”, *Novidades Xerais*, nº 35, Letras Galegas 1999, p. 7.

Sinala que a decisión de propor a Xosé Luís Méndez Ferrín para o Premio Nobel é unha “bela decisión” e que este autor é o “maior noso”, polo que “queremos que Ferrín reciba o premio sueco prá si e prá nación galega”. Sitúase nos comezos de Méndez Ferrín como escritor e comenta que, dende aquela, vén compoñendo a obra máis grandiosa que as letras novas de Galicia teñen creado. Remata apuntando que o escritor ourensán non medrará co premio Nobel, aínda que “medraremos, os galegos, na consideración de todo o mundo”.

- Carlos, Helena de, “*O estadio do espello*. María do Cebreiro”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 4.

Nesta análise do primeiro poemario de María do Cebreiro, *O estadio do espello* (1998), define os versos que conforman o texto como “seguros e fortes, ás veces sentenciosos, outras desexosos de xogar, se é que atopan un lector disposto”. Apunta que esta autora santiaguesa manifesta en cada palabra, en cada verso, as dotes máis esenciais do creador e que destaca e se impón con forza, “en canto configuradora dun mundo de seu, dun mundo completo e trabado, todo el creación súa”. Tamén alude a aqueles elementos que aparecen nos seus poemas e indica que a súa lectura é o mellor xeito de honralos.

- Conde, Alfredo, “No recordo de Luís Mariño”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 2.

Achega toda unha serie de comentarios sobre a figura e labor do falecido, Luís Mariño, a quen define como “humanista sensible e culto, un dinamizador dos creadores e das xentes da cultura como moi poucos se dan nas épocas finiseculares”. Recorda a anécdota que tivo con Manolo Quintana, a quen lle fixo debuxa-lo tumor que lle acabou coa vida, e pide que o seu recordo siga a inducir en nós todo canto “soubo provocar e irritar, entenrecer ou incordiar con mordacidade crítica e arroutada, pero tamén coa inxenuidade cariñosa e desvalida que acabou por facelo tan noso”.

-Cuba, X., X. Miranda e Antonio Reigosa, “Primeiro *Diccionario dos seres míticos galegos*”, *Novidades Xerais*, nº 35, Letras Galegas 1999, p. 3.

A través dunha longa enumeración, citan moitos dos seres, animais, plantas ou lugares míticos que conforman o volume da súa autoría, *Diccionario dos seres míticos galegos* (1999). Tamén ofrecen certos comentarios sobre esta publicación, da que sinalan que achega moitos pormenores e noticias sobre a vida de centos de seres que residen nun pazo que "poderíamos chamar o noso imaxinario colectivo" e que quere ser "un libro ameno e asequible, literariamente coidado, e susceptible de moi diversos niveis de lectura".

-Díaz Martínez, Carlos, "*A memoria de Ourense*": un centenar de postais sobre "A Terra da Chispa" no alborexar do século XX", *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 4.

Achega unha serie de comentarios sobre a nova entrega dos "Álbums de postais" de Xerais, baixo o título *A Memoria de Ourense*, que foi preparada por Carlos Díaz Martínez. Informa que polo que se refire á literatura galega, recolle dous ensaios literarios: "Ourense, a gran cidade literaria", de Marcos Valcárcel e "Ourense, a metáfora e o mar", de Xosé Carlos Caneiro.

- Docampo, Xabier P., "*A banda sen futuro*. Marilar Aleixandre", *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 13.

Detense no comentario do que considera o cerne de *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre, que non é outro que as conversas que a súa protagonista, Carlota, mantén con Poch, un músico morto, posto que será el quen lle dea as claves polas que concluí-las súas reflexións. Tamén se refire a outros elementos que aparecen na novela citada, como son o amor ou o desexo, e sinala que os seus diálogos son brillantes e moi cribles, "como todo nesta novela da que cómpre destacar a súa verosimilitude".

- Fausto, "Como peixes na auga", *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 9.

Comenta que, dende que se pode lembrar, é afeccionado ós tebeos e que desta temperá afección lle quedou un gran respecto polos artistas que facían historietas para nenos. Sinala que *Golfiño* é unha revista dirixida fundamentalmente ós nenos, pero que pola súa calidade estética e literaria pretende chegar a calquera adolescente ou adulto. Tamén apunta que para iso conta cun grupo excepcional de ilustradores e escritores de distintas xeracións.

- Fernández Naval, Francisco, "*Paisaxes do baleiro*. Eva Veiga", *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 6.

Ofrece a súa propia lectura sobre *Paisaxes do baleiro*, de Eva Veiga, que publica a colección “Ablativo Absoluto” de Xerais. Comenta que se trata dun libro “esencial, que nos

inicia nunha experiencia extrema, que nos sitúa no vértice entre a luz e a sombra...” e que é un canto de esperanza, “que nos devolve a fe no ser humano e nos afirma na certeza de que a volvoreta sabe retornar”.

-Fernández Paz, Agustín, “Os relatos fantásticos e de terror de Lovecraft”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 11.

Dá conta de como foi coñecendo a obra de Howard Philips Lovecraft e como descubriu que, a través dos seus relatos, había outras maneiras de narra-lo terror. Tamén sinala que en 1999, case trinta anos despois da súa publicación, ten a oportunidade de ler en galego os relatos de Lovecraft, gracias á selección e traducción que Anxo Romero Louro presenta en Xerais, na súa colección “Xabarín”, baixo os títulos de *Relatos de terror* e *Relatos fantásticos*.

- Fernández Paz, Agustín, “Orgulloso da andaina de Xerais”, *Novidades Xerais*, separata nº 37, outono 1999, p. 4.

Lembra como empezaron as súas relacións con Xerais no ano 1978 e como, a través do colectivo Avantar, do que formou parte, lle achegaron materias didácticos en lingua galega, tan escasos ata o momento. Tamén apunta que, a partir de aquí, comezou a escribi-los

seus primeiros relatos de literatura infantil e xuvenil, dos que dá conta. Finalmente, manifesta o seu orgullo por ter axudado a construí-la “vizosa realidade” que hoxe é Xerais.

- Fernández Paz, Agustín, “*O brillo dos elefantes*. Fran Alonso”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 13.

Comeza indicando que moitas das palabras lidas por Günter Grass na entrega de cerimonia dos premios Nobel parecían pensadas para o “emotivo e intenso” libro de Fran Alonso, *O brillo dos elefantes*. Sinala que este libro ten como pano de fondo a oposición entre a sociedade occidental e o chamado Terceiro Mundo e ofrece un resumo do seu contido, para, por último, afirmar que nel “a dureza da historia se xunta coa lúcida fermosura da palabra”.

- Freixanes, Víctor F., “Novos tempos, novos desafíos”, *Novidades Xerais*, separata nº 37, outono 1999, p. 5.

Comeza sinalando que a razón principal do éxito de Xerais está nos vinte anos nos que estivo facendo e promovendo libros coa consciencia de estar axudando a construí-lo futuro do país. A seguir, fai memoria da historia de Xerais, dando conta do labor feito por esta editorial e por algunha das súas figuras máis destacadas, como é o caso do xa falecido Luís Mariño. Fala tamén do presente de Xerais e do seu futuro no novo século.

- Iglesias, Mateo, “O percorrido fotobiográfico e vital de Roberto Blanco Torres”, *Novidades Xerais*, nº 35, Letras Galegas 1999, p. 5.

Ofrece certos datos biobibliográficos sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 1999 e presenta a obra realizada por Juan L. Blanco Valdés, *Roberto Blanco Torres 1891-1936. Unha fotobiografía* (1999). Dá conta das etapas vitais do autor homenaxeado, a través das cales está organizada esta obra, e do contido que nelas se presenta. Tamén sinala que conta con máis de 200 documentos (fotografías) e catro colaboracións literarias da autoría de Francisco Fernández del Riego, Xosé Manuel Núñez Seixas, Marcos Valcárcel e Claudio Rodríguez Fer, que tocan diferentes dimensións do escritor de Cuntis.

- Iglesias, Mateo, “*Toxos e flores*”, *Novidades Xerais*, nº 35, Letras Galegas 1999, p. 7.

Con motivo da aparición da segunda edición revisada de *Toxos e flores* en 1998, sinala que se trata dun libro abertamente romántico e enxebre, ademais de comentar que na prosa de Manuel Rivas “hai rebeldía e hai humor, hai heterodoxia e espírito anovador ao tempo que un fondo amor polas boas herdanzas”. Sinala que esta segunda edición contén, con respecto á súa primeira publicación, catro novos traballos, que chega a citar, e o texto “O pregón de Monte Alto”, que o escritor coruñés recitou na compaña de “Os Diplomáticos de Monte Alto”, na noite do 4 de setembro de 1998, e que tamén se recolle nun CD que acompaña o libro.

-Iglesias, Mateo, “*O home de pau*”: as eivas crónicas das cidades actuais”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 6. Sinala que os quince contos de *O home de pau* foron escritos en 1988 en La Habana e que foron reescritos en Galicia no inverno de 1993, para aparecer na súa versión definitiva no comezo de 1999. Explica que a pretensión do seu autor con tales fabulacións é reflexionar sobre o previsible destino das cidades actuais e das xentes que viven nelas. Cita aqueles elementos que aparecen nas urbes destes relatos e remata indicando que a súa “prosa limpa e depurada, a investigación léxica sorprendente, o experimentalismo alegórico na construcción das tramas, apoiado no expresionismo das magníficas ilustracións de Siro López”, fan de *O home de pau* unha das máis “orixinais e valiosas” achegas de Neira Vilas.

- Iglesias, Mateo, “Os XERAIS en Mondariz-Balneario”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 3.

Co gallo da entrega dos premios Xerais 1999 en Mondariz Balneario, realiza un percorrido a través da historia desta vila que foi durante os anos vinte e trinta sede dunha importante actividade cultural e dunha editorial galeguista, pois alí celebrouse a toma de posesión de Antonio Rey Soto e Ramón Cabanillas, como membros numerarios da Real Academia Galega. Tamén dá conta dos actos programados para o día da entrega do premio Merlín e do premio Xerais de novela, que este ano coinciden co vixésimo aniversario da fundación da editorial. Achega tamén o nome dos compoñentes do xurado e o título das obras

finalistas. Nunha columna á parte, ofrece o nome dos gañadores destes premios dende que se convocaron.

- Iglesias, Mateo, “O teatro chega a Merlín”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 10.

Anuncia que a colección “Merlín”, que está chegando ós seus cen títulos, prepara tres novas obras para 1999: o poemario de Helena Villar Janeiro, *A campá da lúa*, ilustrado por Ánxeles Ferrer, a peza teatral *Treatro ás tres pancadas*, de Antonio Torrado e ilustrado por Xosé Cobas e *A princesiña Socorro, o trobeiro Carolo e o demo dos cornos*, de Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire con ilustracións de Xan López Domínguez. A seguir, describe a obra do autor portugués António Torrado, que recolle sete pezas para representar por grupos de teatro escolares e que pretende responder dunha soa vez a preguntas que en diversas ocasións lle teñen feito. Finalmente, dá conta dos elementos que conforman a obra do tándem formado por Gloria Sánchez e Miguel Vázquez Freire.

- Iglesias, Mateo, “Cabalo buligán”: “novos contos marabillosos”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 10. Presenta os dous novos volumes da colección Cabalo buligán, *Contos marabillosos III* e *Contos marabillosos IV*, e dos que son autores Xoán Ramiro Cuba, Antonio Reigosa e Xosé Miranda. Sinala que a citada colección é testemuña da vixencia do conto oral galego na actualidade e que cada volume publicado reúne tres relatos reelaborados e adaptados.

Cita algunhas das compoñentes máis habituais dos contos marabillosos e explica o que estes relatos supoñen para os nenos. Finalmente, anuncia que as próximas entregas da colección "Cabalo buligán" serán *Os contos de maxia I* e *II*, e adianta os títulos dos contos e os nomes dos responsables das ilustracións.

-Iglesias, Mateo, "*Estrema* e *Derrota*": Dúas pezas teatrais inéditas de Raúl Dans", *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 11.

Faise eco da aparición dun volume da autoría de Raúl Dans, que recolle as pezas teatrais: *Estrema*, premio Rafael Dieste 1998, e *Derrota*, Premi Born de Teatre da Ciutadella de Menorca 1997. Refírese sobre todo á temática que presentan estas dúas obras e indica que, dentro da colección "Libros do CDG", tamén se vén de publicar un volume no que Manuel Vieites García fai a traducción de *Vellos Tempos* e *A festa de aniversario*, dúas das pezas máis representativas de Harold Pinter, considerado un dos autores máis "trascendentais" da dramaturxia inglesa contemporánea, do que comenta brevemente a súa obra.

- Iglesias, Mateo, "En *grupo abeliano*, o que debería situarse na clandestinidade aparece á vista de todo o mundo", *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 7.

Entrevista a Xosé Cid Cabido, na que fala da súa peza narrativa, *grupo abeliano*, coa que gañou o premio Blanco Amor de novela 1999. Comeza explicando o que é un grupo abeliano e expondo as razóns polas que non dá a coñece-los nomes dos protagonistas da súa novela e non os caracteriza psicoloxicamente. A seguir refírese, entre outros aspectos, á forma en que está narrada esta obra e dá conta dalgúns dos poderes establecidos que nela se cuestionan. Tamén mostra a súa opinión sobre o papel que desempeñan os premios no noso sistema literario e, nun recadro á parte, achega un resumo do contido de *grupo abeliano*.

-Iglesias, Mateo, “Concédolle un papel moi destacado á literatura no proceso de recuperación da nosa identidade nacional”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 9.

Mantén unha conversa con Anxo Angueira, na que comeza falando do que supuxo para el recibi-lo Premio “Xerais” de Novela 1999 por *Pensa nao* e afirma que os premios literarios cumpren unha función de suma importancia en tódolos sistemas literarios. Expón os motivos polos que escribiu unha novela como a galardoada, entre os que se atopa o de ofrecer unha “perspectiva contracanónica da aldea”, ademais de referirse á presencia da Galicia emigrante nela e ás relacións que mantén coas súas obras anteriores. Tamén sinala que nesta obra fixo un mergullamento na literatura galega, especialmente na obra de certos autores que lle interesaron por diferentes razóns, e detense no comentario da lingua coa que está escrita. Ademais disto, ofrece un resumo do argumento de *Pensa nao*, da que se di que está narrada cunha “lingua ríquísima e viva e nun estilo inusitadamente épico”.

- Iglesias, Mateo, “Busco a complicidade das persoas adultas, porque creo que os meus libros teñen algo que lles dicir”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 11.

Agustín Fernández Paz comenta nesta entrevista que a súa obra gañadora do Premio “Raíña Lupa” 1998, *Cos pés no aire*, supón un avance con respecto ós seus títulos anteriores. Fala do seu gusto por mesturar elementos fantásticos nun contexto realista, procedemento que emprega na novela citada, da que sinala que “é unha loanza da diferencia e unha invitación á autoestima, a aceptarnos como somos”. Tamén apunta que lle gusta encadrarse dentro da literatura para a mocidade, aínda que do mesmo xeito busca a complicidade das persoas adultas. Mostra a súa opinión sobre o papel dos premios na nosa literatura infantil e xuvenil e o momento de saúde que está vivindo esta, ademais de referirse ó traballo de Miguelanxo Prado nesta súa última entrega. Para rematar, ofrécese un breve resumo e comentarios de *Cos pés no aire*.

- López, Sonsoles, “A novela de Méndez Ferrín”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 2.

Fai un resumo da novela de Xosé Luís Méndez Ferrín, *No ventre do silencio* (1999), e sinala que o primeiro que nos chama a atención é a súa portada, que reflicte a catedral de Santiago “como delirio”. Apunta que o seu título forma parte do texto e analiza a súa estructura, tempo e espacio, ademais de indicar que o lector é o que debe ir “reconstruíndo” para poder alcanzar diferentes niveis de lectura. Tamén comenta que, nesta

entrega, o autor ourensán continúa e avanza a súa indagación sobre as múltiples posibilidades da linguaxe e que nela hai “moitos espacios de sentido que serviron para construír o mundo literario de Méndez Ferrín”.

- Lopo, Antón, “*Os teus dedos na miña braga con regra*. Lupe Gómez”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 4.

Achega unha serie de comentarios sobre os recitais de Lupe Gómez, nos que conmove co estrondo da súa voz, pois os seus versos “caen ó aire desde un abismo candente” e son “Revelacións espontáneas da linguaxe”. Tamén sinala que a autora indaga en si mesma e “indaga nun Eu sen nome nin destinatario” e que agora é muller “en axitación perpétua”.

-Martín Garzo, Gustavo, “Contos de Andersen”: O que garda un chícharo”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 14.

Refírese ós conceptos de imaxinación e do humor, como dúas compoñentes que non poden faltar nos contos. Céntrase nos personaxes que aparecen nos contos de Andersen e cita algúns dos temas que se poden atopar nel, como é o do perigo de perde-lo contacto co real. Por último, explica o significado que ten o chícharo nos contos do autor dinamarqués.

-Martínez Bouzas, Francisco, “*Cos pés no aire*. Agustín Fernández Paz”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 13.

Achega toda unha serie de comentarios sobre a peza narrativa de Agustín Fernández Paz, *Cos pés no aire*, da que sinala que é “na súa sobriedade un fresco e precioso relato de brevísima feitura”. Tamén alude ó coidado da prosa que presenta e sinala que o seu autor, como en obras anteriores, “nunca engana con trampas fantasiosas ateigadas de imaxinacións inverosímiles, nin se converte en simple pretexto para exercer didactismos”.

- Martínez Oca, Xosé Manuel, “*O atentado*”: o Fernández Ferreiro de sempre”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 7.

Ofrece un resumo do argumento da novela *O atentado* (1999), de Xosé Fernández Ferreiro, na que se nos narra a historia de Cándido, un labrego do Val de Lemos que abandona a aldea, que é o seu “paraíso”, para ir en busca de sustento a Madrid, dende onde o soñará. Apunta que Cándido é o prototipo dese “homiño ruín, machista, tan común (poñamos que polo menos ata hai ben pouco) na nosa sociedade”, pero que tamén é bondadoso, non ten vicios e ama a súa filla. Afirma que por medio desta historia vémo-lo éxodo que deixa as aldeas baleiras e sen vida, “unha das obsesións do autor”, e que a súa marca tamén está neses diálogos curtos e insubstanciais da novela, que non comunican

nada, e nas “pinceladas” maxistrais coas que narra, por exemplo, os últimos momentos do pai.

- Mato Fondo, Xosé, “A gardada obra periodística de Manuel Rivas: “*Galicia, Galicia*”. A inquedanza polo futuro a cargo dun gaiteiro solitario”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 5.

Refírese á obra de Manuel Rivas, *Galicia, Galicia* na que se recollen os artigos que escribiu nesta última década e que viron a luz en diferentes xornais. Comenta que a sensación que queda ó ler este libro é a “do conto que nos conta outro na escuridade”. Refírese ó que falan estes escritos e alude ó seu método de elaboración e estilo. Tamén apunta que a edición correu a cargo de Xosé Mato Fondo, que a organizou en series, que chega a citar.

-Maure Rivas, Xulián, “Empresa cultural de capital humano galego”, *Novidades Xerais*, separata nº 37, outono 1999, p. 1.

Realiza un percorrido a través da historia do proxecto cultural de Edicións Xerais de Galicia, partindo de Ramón Piñeiro ata chegar a Manuel Bragado. Recorda o traballo do equipo humano que puxo en marcha Xerais e destaca a importancia dos que traballaron na distribución dos libros. Tamén apunta que, a pesar de que neste século XXI aínda non temos unha sociedade galega xestionada libremente polos galegos, o certo é que estamos

máis preto dela que hai vinte anos, e que neste traballo de promoción sociocultural teñen o seu mérito tódolos colaboradores deste mundo editorial.

- Méndez Ferrín, X. L., “Vinte anos con Xerais”, *Novidades Xerais*, separata nº 37, outono 1999, p. 7.

Fala das relacións que mantivo con Xerais, dende a súa fundación ata a actualidade, e sinala que non se pode pór en dúbida o feito de ter revolucionado o mundo da edición en Galicia. Apunta toda unha serie de cambios que houbo nos vinte anos de vida e que a pesar diso, soubo garda-lo equilibrio e manter unha idea, “ó servizo a unha cultura nacional monolingüe”.

- Meyer, Franck, “*Zona gris á mañá*. Durs Grünbein”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 4.

Refírese á situación na que vivía Durs Grünbein cando escribiu os versos de *Zona gris á mañá* (1988), e considera este libro o “máis pegado a unha realidade concreta” na traxectoria poética deste autor e do que di que tivo un éxito “fulminante”. Tamén sinala que, baixo este mesmo título, publícase en 1999 unha antoloxía que recolle ademais poemas dos seus libros *Leccións de base cranial* (1991), *Engurras e trampas* (1994) e *Aos queridos mortos* (1994), dos que achega algún breve comentario. Por último, louva a figura

de Durs Grünbein, que, entre os premios que conseguiu, está un dos máis prestixiosos de Alemaña, o Georg Büchner.

- Miranda, Xosé, “Detrás da chuvia estaba a estrela da fortuna”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 4.

Comenta como se sentiu o día que lle comunicaron que era gañador do Premio “Xerais” de Novela por *Morning Star* (1998) e achega toda unha serie de motivos polos que considera favorables os premios literarios, especialmente o “Xerais” de Novela, como é o feito de serviren para descubrir novos escritores e para abrir camiños.

- Morán Fraga, César C., “*Río de son e vento*” compendia a poesía toda que o pobo galego foi xerando, no decurso dos séculos”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 3.

Comeza presentando a súa antoloxía titulada, *Río de son e vento* (1999), e afirma que pretende ser un libro onde o lector poida “ollar o todo desde a parte, e onde poida encontrar os camiños para se mergullar no pormenor da parte desde a perspectiva global do todo” e que a este obxecto contribúen algúns criterios levados á práctica, que cita a seguir. Entre eles, están o desexo de consegui-la máis ampla representación poética, dentro dunha especial preferencia pola poesía contemporánea, a elección dos textos e poetas medievais feita dende prioridades estéticas persoais e a elaboración dunha breve explicación teórica abrindo cada un dos principais apartados, mediante a cal se queren

aborda-los textos dende parámetros estéticos e socioculturais. Por último, dá conta dos criterios de edición seguidos.

- Narón, Xavier, “*O sangue dos árabes*. Lino Braxe”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 5.

Dá conta da aparición de *O sangue dos árabes* de Lino Braxe, dentro da colección “Ablativo Absoluto”. Achega certos comentarios sobre este libro, por medio do cal o seu autor lle rende unha solitaria homenaxe á poesía e cultura árabes. Tamén sinala que os seus poemas se erguen “como unha concepción estética e vital a un tempo” e se materializan a través duns versos, nos que o poeta lle entrega solidariamente o seu sangue a unha cultura á que admira e á que debe.

- Pereiro, Xosé Manuel, “*Bailarina*”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 5.

Achega unha serie de comentarios sobre a escritura de Manuel Seixas e sobre a súa última novela, *Bailarina*, da que sinala que non ten un deses estilos chamados cinematográficos, que conveñen actualmente ós autores novos, e que é “unha traxedia clásica”.

- Queiro Suárez, Teresa, “*O retorno dos homes mariños*”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 6.

Dá conta dalgúns dos protagonistas da obra de Xurxo Souto, *O retorno dos homes mariños*, e comenta que con eles podemos revisar a costa coruñesa, buscándolle os sentidos ós seus nomes, “antes de que o cemento agoche as pedras”. Tamén sinala que o autor nos achega unha parte do “punkismo máxico que presenta a beleza da Galicia nesta fin de século”.

- Reigosa, Antonio, “O raposo Afonso e o mago Merlín”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 4.

Conta que Afonso Alfonso lle fixo escribi-las súas historias e envialas ó premio Merlín, ademais de relatar como celebrou co raposo o feito de que a súa obra, *Memorias dun raposo* (1998), chegara ás semifinais e como viviu o día no que se deu a resolución do premio. Finalmente, pregúntase se Afonso e o Merlín xa se coñecían de antes.

- Rivas, Manuel, “O tesouro de Braxe”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 13.

Define a Lino Braxe como un “tipo romántico”, é dicir, entregado ó “dictado do corazón, da paixón, do desinterese, da beleza, da tenra bravura, da entrega sen agardar compensación”. A seguir, apunta que así tamén son as historias de *A cor do ceo* e sinala que son relatos que “emocionan, conmoven, e, sobre todo, animan”.

- Santamarina, Antón, “O milagre dun libro”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 4.

Mostra o seu agradecemento á editorial Xerais por toma-la decisión de entregarlle á institución que el preside, o ILGA, o Premio Xerais á colaboración no labor editorial 1998 e considera que a creación deste premio é oportuna e necesaria porque na elaboración dun libro intervén máis xente có autor e editor. A seguir, bota man dos seus recordos de neno, de cando a súa nai metía o pan no forno, para explicar que “detrás de cada libro que abrimos riba da mesa hai tantas operacións como detrás dun pan que encetamos”.

- Santamarina, Antón, “Un éxito para a lingua galega”, *Novidades Xerais*, separata nº 37, outono 1999, p. 3.

Alude ás súas relacións con Xerais e ó traballo feito por esta editorial, á que considera “un dos feitos máis salientables na historia lingüística (e, en xeral, cultural) de Galicia nos últimos 20 anos”. Fala da importancia do libro para a normalización da lingua galega, apuntando que para que a lingua se recupere é necesario devolverlle o prestixio, mediante creacións artísticas. Lembra que Rosalía, Cabanillas ou Castelao son exemplos paradigmáticos desta actitude.

- Sende, Sechu, “*Lúa gris*. Eduardo Estévez”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 4.

Achega ó poemario *Lúa Gris* (1999), de Eduardo Estévez, ó que cualifica como unha busca da orientación nas viaxes polas tres dimensións do ser humano: “o interior sentimental adentro; o físico, erotismo, corpo; o exterior revestido polo mundo, os cinco sentidos, afora”. A seguir, considera que neste libro se quere falar coas palabras máis directas e que “é unha busca do esencial das cousas que se ven e das que non se ven”. Opina que a través da lectura do texto prodúcese un efecto extraño: “a facilidade con que o lector pode asumir a experiencia vital da voz poética”; e que é un poemario para sentir nosas as cousas que xa non temos.

- Soneira, Paula, “*O brillo dos elefantes* é un libro profundamente tenro no que coexisten sentimentos encontrados como o amor e o odio”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p.

10.

Nesta entrevista, Fran Alonso refírese ó argumento de *O brillo dos elefantes*, co que foi finalista do IIº Premio "Raíña Lupa" 1999 e que considera "un alegato á ilusión escrito cun intenso alento poético". Apunta que a través del os nenos galegos poden facerse unha visión máis completa e certeira do mundo, pois fala dunha realidade que lles é allea. Comenta que trata de escribir con naturalidade e que o politicamente correcto na literatura infantil lle resulta "exhasperante", ademais de apuntar que na súa novela transmite valores que remiten á paz, á tolerancia e á solidariedade e de asegurar que un bo libro de literatura infantil é aquel que resiste a lectura dun adulto. Nuns recadros á parte, tamén se dá conta do contido de *O brillo dos elefantes* e reprodúcese un fragmento.

- Toro, Xelís de, “*Manual de instruccións*”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 7.

Ofrece certos comentarios sobre *Manual de instruccións* (1999), de Xavier Queipo, que nos presenta un texto que “deixa un pouso da escola patafísica e aos escritores da escritura potencial (OULIPO)”. Tamén sinala que nel aparecen “influencias francesas, querencias por parábolas de palabras e definicións que transpiraban” en moitos dos seus textos anteriores, aínda que neste *Manual* desbota os tons que presentaba neles e ollános “fite a fite”. Por último, comenta que, nesta obra citada, unha voz inusual chámanos a descubri-lo feitizo das cousas e das nosas vidas e invítanos a levar este manual como cómplice das nosas viaxes a lugares os que temos de chegar.

- Torres, Celia, “*Con Bailarina* quería demostrarme que son capaz de seguir escribindo”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, p. 5.

Conversa con Manuel Seixas, na que comenta que con *Bailarina* quixo demostrarse que era capaz de “seguir sentindo ao escribir”, ademais de afirmar que a súa é unha novela de ciencia-ficción ou de ficción científica, en canto hai un mundo futuro inventando, e que o que o levou a probar con este xénero foi a súa paixón pola ciencia-ficción. Tamén se refire a outras cuestións relacionadas con esta súa última entrega, como son a temática, o “Universo Bailarina” e a problemática do enfrontamento “Realidade/Realidade Virtual”, que aparece na sociedade que presenta.

- Torres París, Mª Dolores, "A Compostela que vivín é só un pretexto para construír esta ficción de cuxo realismo dubido dabondo", *Novidades Xerais*, nº 35, Letras Galegas 1999, p. 6.

Esta entrevista con Xosé Luís Méndez Ferrín xira ó redor de *No ventre do silencio* (1999), novela coa que gañou o premio de narrativa Eixo Atlántico, o que lle supuxo unha "boa satisfacción". Sinala o autor que o ambiente real de 1955-56 en Compostela, tal e como o viviu, é só un pretexto para construír esta ficción "de cuxo realismo" dubida e apunta que a figura de Ramón Otero Pedrayo sobre el foi tal, que non foi capaz de convertelo en personaxe literario desta novela. Tamén comenta, entre outros aspectos, que esta obra vai camiñando cara a unha triloxía con *Antón e os inocentes* (1976) e que nela non existe unha "chiscadela deliberada" a Torrente Ballester. Por último, comenta que a elaboración dunha novela pide moito "traballo de peonaxe manual" e que o xornalismo que el fai "ligaría mellor" co ensaio que non fai.

- Torres París, Mª Dolores, "*Elucidario*", *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 6.

Refírese ó traballo feito por Gonzalo Navaza como filológo, lexicógrafo e escritor de relatos e poemas, deténdose, a continuación, no comentario do seu *Elucidario* (1999). Sinala que nel, Fermín Casemelle, émulo dos frades silenses, fai asisados comentarios das distintas palabras que escolma da edición do primitivo *Ficcionario*. Dá conta dunha serie de entradas que aparecen en *Elucidario*, das que ofrece a súa definición e os comentarios que Fermín Casemelle fai sobre elas. Por último, sinala que a citada publicación remata co

“ZOO DA DESMADROA”, que é unha “relación sumeria dos bichos que esperamos recibir nos vindeiros días”, que vai dende a pita da veiga a faco vázquez.

- Val, Marta do, “Contar unha historia sen facer idioma non ten sentido”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 6.

Nesta conversa con Xosé Neira Vilas, fálase da obra que vén de publicar neste ano de 1999, *O home de pau*. Comenta o autor de Gres que as cidades non son tan “labirínticas e atafegantes”, como as que poden aparecer no seu libro, pero que ese gran depredador que é o home vainas facendo cada vez máis incómodas. Apunta todo aquilo que el considera que “eses homes de pau” deben facer para atoparlles unha saída ás cidades desta fin de milenio e sinala que os contos que el presenta nesta entrega “son outras tantas alegorías”, pois amosan “situacións posibles mediante un algo de farsa, de caricatura, para que nos sirva de alerta”. Tamén afirma que cando escribe trata de enriquece-la nosa lingua, xa que, na súa opinión, “contar unha historia sen facer idioma non ten sentido”, e que é a narración breve o xénero que o “axeita”. Menciona parte dos artistas que teñen ilustrado os seus libros e, no referente a *O home de pau*, indica que Siro lle fixo quince debuxos “de enfoque surrealista que se axeitan moi ben á atmosfera do libro”. Remata dando conta do que fai actualmente.

-Val, Marta do, “*O atentado* é unha historia de amor e morte”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 7.

Entrevista con Xosé Fernández Ferreiro, trala publicación de *O atentado* (1999), na que comenta que a súa relación con *A ceo aberto* (1981) é evidente, xa que os personaxes e os espacios son os mesmos, aínda que non se trata dunha primeira e unha segunda parte, pois a súa focalización e ritmo narrativo son diferentes. Analiza o personaxe principal, Cándido, quen odia Madrid porque procede da aldea, o único lugar onde foi ou pensa que foi feliz, e que se retornase a el, tampouco lograría a felicidade. Apunta que o que leva a Madrid a Cándido é o amor e manifesta a súa total identificación con este personaxe pois lembra que sentiu a mesma anguria e saudade cando chegou á capital española en 1954. Tamén se refire á modalidade narrativa empregada nesta novela de "amor e morte" e sinala que é "unha homenaxe á aldea perdida de Cándido e á miña propia".

- Val, Marta do, "A literatura xuvenil edificante é completamente prescindible. A literatura é unha forma de felicidade", *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 8.

Conversa con Bieito Iglesias que vén de gaña-lo premio Merlín 1999 con *A noite das cabras do aire*. Ademais de comenta-lo que supuxo para el conseguir este premio e expola súa opinión sobre o papel dos premios no noso sistema literario, dá conta dalgunha das súas lecturas infantís e xuvenís, que foron "bastante terroríficas" e das que, posiblemente, se xestou a súa obra gañadora. Apunta que a "literatura xuvenil edificante é por completo prescindible" e refírese a aquelas fontes das que é debedora *A noite das cabras do aire*, para, por último, explicar como se sente enfrontándose por vez primeira ós lectores novos.

- Val, Marta do, “Foi un reto escribir unha novela máis centrada na vida interior dun personaxe que nun misterio ou nunha intriga”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 12.

Marilar Aleixandre sinala nesta conversa que obte-lo Premio “Lazarillo” por *A banda sen futuro* é un recoñecemento á calidade da literatura infantil e xuvenil galega. Fala do “reto” que supuxo para ela escribir unha novela máis centrada na vida interior dun personaxe e afirma que esta súa última entrega parte dunha situación que viviu de nena. Refírese ó papel que xogan as conversas que mantén a protagonista con Poch, o cantante morto de “Derribos Airas”, ademais de mostra-la súa valoración sobre a función que cumpren os premios literarios. Achéganse, nunha columna á parte, varios trazos definidores desta novela premiada.

- Varela Jácome, Benito, “*Homes do país*”: novo álbum de tipos e costumes na procura do xenoma colectivo galego”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 3.

Faise eco da aparición de *Homes do país*, da autoría de Ricardo Gómez Polín, que supón o segundo volume da serie “Álbum de Galicia. Os galegos pintados por si mesmos”. Describe o traballo que nesta entrega fai Gómez Polín e o contido que nel presenta, ademais de explicar como xurdiu este proxecto.

- Vázquez Freire, Miguel, “Tiña que ser. E foi. É!”, *Novidades Xerais*, nº 37, outono 1999, pp. 8-9.

Presenta a revista humorística de banda deseñada *Golfiño*, que vén de publica-lo seu número cero e que está destinada a lectores de entre 8 e 12 anos. A seguir, comenta que esta revista cobre un inmenso oco no espacio cultural galego e que nace a contracorrente das tendencias máis visibles no seu campo, pois parece que se esqueceron nos últimos anos as revistas humorísticas para pequenos lectores. Tamén dá conta da xente que participa nesta publicación e das diferentes seccións que contén, para, por último, sinalar que con ela se pretende conquista-lo interese espontáneo dos máis pequenos mediante a invención de historias e a creación de personaxes que os divirtan.

- Vázquez Freire, Miguel, “Para os que gusten de emocións fortes”, *Novidades Xerais*, nº 38, nadal 1999, p. 8.

Achégase ó argumento de *A noite das cabras do aire*, coa que Bieito Iglesias gañou o premio Merlín 1999. Comenta que se trata dunha anovadora contribución ó xénero de misterio e de terror, que conta aínda con escasa tradición entre nós, e que presenta un galego magnífico. Tamén dá conta daqueles aspectos cos que este relato entronca con Poe e Lovecraft.

- Vilavedra, Dolores, “*O desintegrista*”, *Novidades Xerais*, nº 36, verán 1999, p. 7.

Referíndose á cuestión da adscrición xenérica da obra de Xurxo Borrazás, *O desintegrista* (1999), indica que posiblemente a supresión das fronteiras xenéricas é o trazo máis característico do actual discurso literario do primeiro mundo, que fai da subversión artística unha maneira de limpa-la mala conciencia. Afirma que na obra citada o seu autor non ten reparos en recoñecer que nos está a propor unha nova poética, “baseada na contradicción, no malentendido, na disención e na negación”, ademais de indicar que nela combina a reflexión cunha peculiar praxe de relato, as referencias intertextuais co humor, “para elaborar unha proposta (meta)literaria coherente”. Remata agradecendo “a desinhibición e a vontade de altura” con que Borrazás nos convida á reflexión.

XIII. Páxinas Web

Alquimia

(members.xoom.com/alchimia)

Reproduce o primeiro número da revista *Alquimia*, que saíu do prelo en 1999. Ademais de recolle-la súa portada e as palabras da Editorial, mediante as que se dá conta deste proxecto e se fai unha invitación a participar nel, presenta o sumario e indica o contido das seccións de “Poesía”, “Traducción”, “Narrativa”, “Cómic” e “Actualidade”.

Batallón Literario da Costa da Morte
(www.finisterrae.com/batallon)

Páxina oficial do colectivo Batallón Literario da Costa da Morte, que se insire dentro dunha web máis ampla que contén información económica e turística sobre a Costa da Morte. No ano 1999, esta páxina non presentou nada novidoso con respecto ó ano anterior, recensionada no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

El Caserón de Milagros Oya
(www.encomix.es/~milaoya/index.htm)

Entre toda a información que ofrece da obra de Milagros Oya, no concernente á súa producción galega, achega breves resumos dos argumentos dos seus libros: *Un conto abraiante* (1995), *Viaxe á terra negra dos pancos* (1995), *Desembarco Blablix* (1996), *Ochir* (1997), *O Dado de Lume* (1997) e *A verdadeira historia do pirata Xocas*.Tamén contén outros apartados, como o da revista *Máis cousas*, que non ofrece nada de literatura galega, e o titulado “Contos”, que recolle varias composicións ilustradas, entre as que se atopan, as tituladas “Pepa e pampurriña”, “Unha estraña pantasma” e “Xan o flan”. Ademais disto, mostra unha serie de xogos, actividades e datos de interese para os máis pequenos.

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
(www.cirp.es)

Ademais de achegar diversa información sobre o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dá conta daqueles proxectos que nel se desenvolven sobre literatura galega. Entre eles, están “Informe de Literatura”, que está dirixido por Blanca-Ana Roig Rechou; “Arquivo Galicia Medieval”, coordinado por Mercedes Brea e que conta, á súa vez, cos proxectos “Lírica galego-portuguesa”, “Cantigas Santa María”, “Prosa literaria medieval” e “Prosa documental”; “Diccionarios de Literatura” dirixidos por Anxo Tarrío; “Narrativa recuperada”, baixo responsabilidade de Modesto Hermida, ou “Revistas culturais”, dirixido por Luís Alonso Girgado. Tamén cabe salienta-la súa base de datos da lírica profana galego-portuguesa (MedDB), que desenvolve un equipo dirixido por Mercedes Brea e que permite acceder ó corpus da lírica profana galegoportuguesa a través de toda unha serie de buscas por números de cantiga, incipit, trobador, relacións interestróficas, etc. Así mesmo, dá conta de tódalas publicacións que o Centro ten sacado do prelo ata o momento.

Referencias varias:

- E. Neira, “Manuscritos dixitais”, *El Correo Gallego*, “Océano internet”, nº 28, 1 maio 1999, p. 1.

Dáse conta, entre outros proxectos de dixitalización de documentos, dos levados a cabo polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, nos que se pon á disposición dos investigadores documentos redactados en latín en Galicia entre os séculos VIII e XV, como o coordinado por Eduardo López Pereira, ou o dirixido por Mercedes Brea, “A lírica profana galego-portuguesa”.

Çopyright
(www.udc.es/dep/lx/cac/sopirrait/)

Páxina presentada a modo de revista de pensamento, crítica e creación en galego-portugués, promovida por Celso Álvarez Cáccamo. No ano 1999, publicáronse as entregas que van do número 68 ó 76, nas que non se recolle nada relacionado coa literatura galega. Para coñece-los contidos dos números anteriores, ve-lo *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

O Correo Galego/*El Correo Gallego*
(www.elcorreogallego.es/periodico/letras)

Co gallo da homenaxe a Roberto Blanco Torres no Día das Letras Galegas 1999, *O Correo Galego* e *El Correo Gallego* súmanse á celebración da memoria do que fora o seu director, a principios dos anos vinte, coa edición destas páxinas elaboradas a partir do suplemento especial coordinado por Antón Rodríguez e titulado “O instinto cósmico ensaia nova vida”, que se publicou o 17 de maio nos xornais mentados e que se pode ver neste *Informe*, apartado IV. 4. Este espacio web foi creado por Pedro de la Iglesia, Francisco Domínguez e Darío Janeiro e contén os seguintes apartados: “Cronoloxías”, no que se realiza un percorrido biobibliográfico de Roberto Blanco Torres; “Achegas” e “Orballo da media noite”, que reproduce os artigos de Xosé Neira Vilas, X. C. Alberte, J. L. Blanco Valdés, Lupe Gómez, Miro Villar e A. R. López, que aparecen no citado suplemento; “Alerta e agonía”, no que se reproduce un fragmento de *Disto e do outro* e se fai referencia ó labor de Blanco Torres como literato e xornalista; “A vixencia de B.T.”, que expón a opinión de xornalistas, escritores ou editores sobre a figura do homenaxeado; “B.T. no Correo”, que reproduce un artigo publicado por Blanco Torres en *El Correo Gallego*, o 6 de abril de 1921; “Esquecidos”, no que se glosa o parecer do académico Xosé Ramón Barreiro sobre o escritor de Cuntis e o feito de terlle dedicado o Día das Letras Galegas; e “Víctimas dos bárbaros”, que mostra unha entrevista de Soedade Noia e Darío Janeiro a Mario Blanco, sobriño da figura homenaxeada.

Día das Letras Chairegas
(www.letraschairegas.com)

Elaborada polos alumnos do IES José Trapero Pardo, da Terra Cha, baixo a dirección de J. Luís Fernández Souto e Xabier Cordal Fustes. Nace de forma paralela ó Día das Letras Chairegas, que acaba de ser instituído, e ten como obxectivo homenaxear, tódolos 21 de marzo, a un escritor vivo da comarca da Terra Cha. Achega tamén información sobre algúns dos autores da comarca citada, a través do índice de autores da Editorial Xerais de Galicia.

Día das Letras Galegas 1998
(personal.redestb.es/iblagoas/lega98.htm)

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas 1998, no que se homenaxeou ós tres trobadores do mar de Vigo, o Departamento de Lingua e Literatura Galegas do IES As Lagoas elaborou esta páxina web, da que xa se deu conta no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII. Polo que se refire ó Día das Letras Galegas 1999, non elaborou ningunha páxina dedicada ó homenaxeado do citado día, Roberto Blanco Torres.

Edicións do Cumio
(www.cumio.com)

Ademais de dar conta das novidades desta editorial, recomenda algúns dos seus libros e presenta as súas guías. Así mesmo, achega unha relación bibliográfica dos autores ós que lle ten publicado algunha obra e describe as coleccións que posúe.

Edicións Xerais de Galicia
(www.xerais.es)

A través dunha serie de apartados, ofrece unha biografía desta editorial, acompañada de varios artigos, e información sobre as súas coleccións, novidades, autores ou distintas edicións do premio “Xerais” de Narrativa e o Premio “Merlín” de Literatura Infantil. Cabe destaca-lo apartado titulado “Xerais Online”, que, ademais de conte-los últimos números dos *Folletos de Novidades*, recolle unha biobibliografía e fotobiografía de Roberto Blanco Torres e reproduce o texto da edición, feita en 1998 por Miro Villar, de *Orballo da Medianoite*. Así mesmo, presenta traballos extraídos de certas publicacións de Xerais, centrados na figura de Roberto Blanco Torres, como son “Memoria dun grande escritor e bo amigo”, de Francisco Fernández delRiego; “Os escritores galegos da Segunda República: Blanco Torres”, de Xosé Luís Méndez Ferrín; “Ámbito cubano de Roberto Blanco Torres”, de Xosé Neira Vilas; “Os periodistas que padeceron a historia”, de Isaac Díaz Pardo e unha referencia ó “paseo” de Blanco Torres, de Claudio Rodríguez Fer.

Editorial Galaxia
(www.editorialgalaxia.es/)

Presenta unha breve historia da Editorial Galaxia, nada en 1950, e dá conta das coleccións, títulos e autores que ten publicado ata o momento. Baixo o título de “Noticieiro” recolle aquelas novas relacionadas con esta editorial viguesa e baixo o de “Novidades”, as súas últimas publicacións. Ademais disto, reproduce as portadas e posibilita a consulta dos índices das súas revistas *Grial*, *InteresArte* e *Anuario de Estudios Literarios Galegos*.

Editorial Kalandraka
(www.kalandraka.com)

Ábrese esta páxina cun apartado chamado “Proxecto Kalandraka”, no que se dá conta do nacemento, traxectoria e filosofía desta casa editora de Pontevedra. A seguir, nunha serie de novos apartados, presenta as súas coleccións e os títulos publicados en cada unha delas e anuncia as súas próximas entregas. Tamén contén o “Boletín Kalandraka”, no que se recolle información sobre a editorial e o ámbito da literatura infantil, e unha sección de “Actividades”.

Editorial Laiovento
(www.laiovento.com)

Esta páxina web comezou a funcionar no ano 1997 e, actualmente, ademais de ofrecer certos datos descritivos e relevantes sobre a editorial Laiovento, mostra un catálogo, onde están os libros que leva publicado, e a nómina de autores, ós que lle ten editado algún libro. Tamén anuncia as súas últimas e próximas publicacións.

Editorial Toxosoutos
(www.terradixital.com/toxosoutos/)

Despois da presentación da editorial Toxosoutos, que vén traballando dende 1988 na investigación, recuperación e difusión do patrimonio cultural galego en tódalas súas manifestacións, presenta as súas coleccións e unha listaxe dos títulos que ten publicado e dos seus autores.

Escritoras
(www.escritoras.com)

Elaborada integramente en castelán está concibida como “Centro de servicios dedicado a la promoción de escritoras y sus obras”, nun proxecto levado a cabo por Sandra Pazos e Micky Mourelo. Conta coa mesma información que ofrecía no ano anterior e que se pode ver no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII, engadindo unicamente, polo que se refire á literatura galega de mulleres, a Cristina Amenedo e Yolanda Castaño no índice de autoras.

El Extramundi
(celafund.es/extramundi.html)

Entre a información que mostra sobre *El Extramundi*, revista de creación literaria fundada e dirixida por Camilo José Cela dende o outono de 1994, fai un percorrido pola historia da publicación e presenta as portadas dos vinte números publicados, e un índice de traballos e colaboradores do seu último número.

E ti o navío na noiva noite
(www.ctv.es./USER/gnavaza)

Presentada como “gabinete virtuoso e virtual”, funciona dende 1996, da man de Gonzalo Navaza. No ano 1999, non ofreceu ningunha novidade con respecto ó que se recolle no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

Referencias varias:

- Susa Argul Muniz, “El galego de Asturias na rede”, *A Freita*, nº 14, decembro 1999, pp. 43-45.

Repertorio comentado de páxinas web. Dedícaselle atención preferencial ás que prestan atención ou se dedican exclusivamente á literatura galega como: “Proxecto Tomiño”, “O Ximnasio de Academo” e a páxina persoal de Gonzalo Navaza.

Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Chantada
(web/jet.es/flix)

Esta páxina web, que ofrece información sobre a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Chantada, non presenta nada novidoso con respecto ó que se recensiona no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

Fina Casalderrey

(www.eldorado.es/mariano2/fina.htm) Esta páxina web amosa información relativa á biografía, bibliografía e premios de Fina Casalderrey.

Galego 21.org
(galego 21.org)

Páxina dedicada á difusión e promoción da cultura galega na rede e, con respecto á literatura galega, presenta o "Proxecto Tomiño", que está coordinado por Manuel Forcadela. Esta iniciativa está a poñe-los textos da literatura galega en formato dixital na rede, para que toda a literatura galega estea dispoñible para a xente. Dá conta dos textos que xa ten incorporados, entre os que se atopan os de Rosalía de Castro e Afonso X, O Sabio. Tamén anuncia que se lle está pasando a segunda revisión á obra de autores como Eduardo Pondal, Manuel Antonio ou Roberto Blanco, e que se comezou a traballar na de Castelao. Alén disto, conta con seccións nas que se indica como se pode participar en Galego 21.org, se informa doutros proxectos ou se pide a opinión sobre esta páxina.

Referencias varias:

- Susa Argul Muniz, "El galego de Asturias na rede", *A Freita*, nº 14, decembro 1999, pp. 43-45.

Ver "E ti o navío na noiva noite", nestas páxinas.

Galicia Viva
(www.terra.es/personal/galiviva)

Esta páxina web está editada por Luís Ordóñez Gonçalves e presenta varias seccións. A primeira, titulada “Este mes presentamos”, recolle colaboracións diversas que se renovan temporalmente. A seguir, apareceun “Índice xeral de autores”, no que se reproducen poemas, artigos ou traballos, ademais das biografías dos seus autores, entre os que se atopan Borobó, Manuel Dourado Deira ou Xesús Santos Suárez. Tamén contacun “Índice xeral temático”, no que se poden busca-las distintas achegas por temas como narrativa, poesía ou editoriais, e coa sección “Galiviva”, que é un foro de debate de todos aqueles artigos publicados en “Galiviva” ó redor de asuntos de actualidade. No apartado “Colabora con nós”, os usuarios poden manda-los seus traballos. Finalmente, están os “Enlaces de interés”, dende onde se poden consultar outras páxinas web, ou “Galeria virtual”, que reproduce láminas ou debuxos.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, “Galicia viva”, *El Correo Gallego*, “Notas de actualidade”, 15 xaneiro 1999, p. 3. Anúnciase a posta en marcha na rede dunha revista e dunha lista de discusión chamada “Galicia viva” que non é máis que a apertura para o gran público do faladoiro que un grupo de amigos e intelectuais galegos comezaron a facer no restaurante Feliciano de Rianxo.

Grupo Edelvives
(www.edelvives.es)

Dende esta páxina web, pode consultarse o fondo editorial completo de Edelvives, ó que pertence a editorial galega Tambre, ou ben dende as diferentes linguas da península. Ademais de achegar certa información referente ó mundo escolar, presenta as bases do seu premio de literatura infantil “Ala Delta” e a revista *El patio escolar*. Tamén contén outra información referente a esta editorial e anuncia as súas novidades.

Instituto da Lingua Galega
(www.sansecus.usc.es/~ilgas)

Ademais de tratar certos aspectos relacionados coa lingua, no referente á literatura galega, só engade ó existente no ano anterior, que se pode ver no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII, o Cancioneiro relixioso medieval.

Kiko Neves
(www.arrakis.es/~kikoneves/)

Creada polo propio escritor de Ponteareas, que non achega nada novo con respecto a información que se daba no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

Letras 99
(vieiros.com/letras99)

Web realizada por Vieiros e que conta cos apartados seguintes: “Axenda de actos”, que ofrece información dos actos celebrados ó redor da figura de Roberto Blanco Torres en Galicia e no resto do mundo; “Especiais anteriores”, que mostra o que ten feito Vieiros, dende o ano 1996 a 1998, no Día das Letras Galegas; “Historia do 17 de Maio”, no que se explica o nacemento e se citan os autores a quen lles ten sido dedicada esta data; “Letras na rede”, dende onde se permite enlazar con outras páxinas web creadas sobre o Día das Letras Galegas 1999, por entidades, medios de comunicación ou institucións; “Mil primaveiras máis”, no que se poden ler en 40 linguas, dende o alemán ó vietnamita, o texto do mesmo título de Álvaro Cunqueiro; “O xornalismo en galego”, que ofrece un breve panorama histórico da prensa escrita en galego” e “Pola lingua nos une”, no que se recollen noticias daquelas zonas nas que se fala galego exterior. Dende esta web tamén se pode acceder directamente a vieiros.com.

A Lingua das Cantigas. Congreso da Lingua Galego-Portuguesa na Rede
(www.vieiros.com/galego.org/linguadascantigas/index.html)

Baixo a coorganización de Vieiros e galego.org, recolle os relatorios e comunicacións dos especialistas en literatura medieval presentadas no congreso, entre os días 15 e 22 de maio de 1998. Se se queren coñecelos traballos máis relacionados co eido literario, ver *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

Murguía 2000
(www.educar.org/murguía)

Trátase da primeira páxina web sobre Manuel Murguía posta en liña, que consta de diferentes apartados. Ofrece unha cronoloxía, na que se citan os fitos máis importantes da súa traxectoria vital e as publicacións que ten feito, e unha entrevista que lle fixo Wenceslao Fernández Flórez publicada en *El Noroeste* no ano 1913. Tamén achega información sobre a Real Academia Galega e o labor que nela desenvolveu Manuel Murguía, ademais de referirse ó nacemento do Rexionalismo e ó papel que nel desempeñou. No apartado "Visións", recolle unha caricatura de Murguía feita por Castelao; o artigo "O racismo de Murgúa", de Alfredo Iglesias Diéguez; a análise titulada "O ideario político de Murguía", de Fermín Bouza Brey e a homenaxe "Murguía na BBC", que tivo lugar nesa emisora no ano 1948, Por outra banda, en "Textos", recolle diversos escritos de Murguía. Na sección "Rosalía", na que aparece a acta do seu casamento coa escritora, fragmentos de cartas que se teñen enviado, un texto seu sobre *Cantares Gallegos* e un poema breve de Rosalía, entre outra información. A seguir, dá conta dalgunhas cartas nas que queda reflectida a relación de Pondal e Murguía e un texto deste sobre o poeta de Ponteceso. Finalmente, destacan os apartados nos que se ofrece unha lista dos autores homenaxeados no Día das Letras Galegas e unha bibliografía sobre Manuel Murguía.

Nadir

(www.arrakis.es/~rojea/nadir.htm) Recolle esta páxima web o mesmo contido que se describía no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

Ómnibus
(www.revistaomnibus.com)

Esta revista creouse, baixo a dirección de Antón Santamarina e Manuel Rivas, en 1999. Conta con varias seccións como son a de política, economía, ecoloxía e literatura, esta última coordinada por Dolores Vilavedra. Nos dous primeiros números, e no que atinxe á literatura galega, publicáronse os artigos "A literatura galega no 2000", de D. Vilavedra; "Xornadas para a residencia do teatro", de Iolanda Ogando; e "Xelmírez, ¿por que?", de Inma López Silva, ademais dun traballo de Alba Mª Ferrete Mariño titulado "A construcción dunha ortografía nacional. Manuel Murguía". No número 3, recóllense as impresións de Suso de Toro sobre o Iº Encontro de Escritores Trasatlántico e preséntase unha sección de libros, que consiste no enlace coa páxina web da editorial Laiovento.

Referencias varias:

-A. R. López, "Omnibus"/"Nace en Internet 'omnibus', un espacio creado para o debate de actualidade cultural e política en Galicia", *O Correo Galego*, "AFA"/*El Correo Gallego*, 5 maio 1999, p. 35/p. 76. Anuncia a presentación dun novo espacio para o debate e a información, a revista electrónica *Omnibus*, que foi concibida pola empresa Imaxín da Coruña e que está codirixida por Antón Santamarina. Indica as partes nas que está dividida e a apertura dos exemplares sucesivos a colaboracións espontáneas. Finaliza sinalando que o tema monográfico do número inicial é o dos desafíos de Galicia na entrada no novo milenio e recolle parte dos fragmentos dos textos que a Editorial e Dolores Vilavedra van publicar no número citado.

- María Cedrón, "Omnibus" nace con el fin de fomentar el debate en la sociedad", *La Voz de Galicia*, 7 maio 1999, p. 93.

Refírese á presentación de *Omnibus*, “la primera revista electrónica de carácter periódico que se confecciona en Galicia” e que está codirixida por Antón Santamarina e Manuel Rivas. Dá conta das seccións coas que conta e entre as que está a de literatura, dirixida por Dolores Vilavedra. Tamén indica que neste número cero inclúe un debate con reflexións sobre as que os internautas poden opinar.

- D. Janeiro, “A lingua de Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “AFA”/*El Correo Gallego*, 6 agosto 1999, p. 31 / p. 75.

Céntrase no contido do breve manuscrito inédito de Murguía que publica *Omnibus* e no que se recollen as súas reflexións sobre a lingua galega, en especial, sobre a ortografía, e nas que reclamaba un maior interese no portugués como exemplo a seguir, na medida do posible, para a ortografía galega. Tamén se recolle a petición de respecto para a figura de Murguía incluída na sección de Lingua coordinada por Henrique Monteagudo e Freixeiro Mato. Remátase dando conta doutros artigos incluídos neste novo número, como “Xelmírez, ¿por que?”, de Inma López.

Por conto alleo
(www.vieiros.com/rlts.asp)

Páxina web, posta en marcha por Camilo Franco e Vieiros, na que se realiza unha experiencia pioneira en Galicia. Trátase de que os internautas envíen dúas palabras ó longo do día, para logo, facerse unha selección entre as recibidas e, a partir das cales Camilo Franco elabora a diario un relato, que aparecerá reproducido na páxina á primeira hora da mañá. Tamén se dá conta dos relatos feitos ata o momento e achégase unha biografía de Camilo Franco, que parte dunha entrevista feita por Pancho Tristán. Así mesmo, os que consulten a páxina poden achega-la súa opinión sobre cada un dos relatos publicados.

Referencias varias:

- D. J., “Contos de encargo”/“Camilo Franco escribe un relato diario en ‘Vieiros’ a proposta dos internautas”*O Correo Galego* “AFA”/*El Correo Gallego*, 8 outubro 1999, p. 33/p. 75.

Ademais de referirse á dinámica da propia páxina web e do proxecto, Camilo Franco salienta a importancia do relato curto fronte ás grandes novelas como a forma máis axeitada ó momento actual da rede, sinalando tamén o seu esforzo por facer un bo traballo neste xogo literario. Remátase falando de *Vieiros* como “fonte de referencia”, ó ser unha gran base de datos que conforma a “comunidade virtual de tódolos galegos e galegas”.

-Carlos Crespo, “O libro poderá desaparecer pero a literatura non”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 127, 16 outubro 1999, p. 6.

Abórdase esta nova experiencia a través dunha entrevista con Camilo Franco, na que destaca o carácter experimental do proxecto, a súa visión de Internet como comunicación, a inmediatez e a interacción entre escritor e lector, así como a súa confianza en que se desaparecen os libros, só significará un cambio de soporte, pero non da literatura. Tamén se ofrece, á parte, unha achega á obra do escritor ourensán con *A lúa no cénit e outros textos* (1988), *Ribadavia* (1993) ou *E malos pasos (*1995), ademais de salienta-la presencia constante da brevidade na súa obra, coa que di busca-la concreción e a intensidade.

- Camilo Franco, “En favor da urxencia”, *La Voz de Galicia*, “Reserva india”, 13 decembro 1999, p. 84.

Camilo Franco afirma, despois de rematar *Por conto alleo*, experiencia auspiciada por Vieiros, que a literatura non depende do soporte e que a inmediatez que esta iniciativa propuña só se podía acadar coa Internet. Comenta ademais que este feixe de contos atacou un tabú: a literatura de encarga.

- Carlos Pena, “Camilo Franco conclúe en Vieiros o primeiro libro virtual galego en Internet”, *La Voz de Galicia*, 13 decembro 1999, p. 84. Coméntase a experiencia que durante dous meses realizaron a revista electrónica Vieiros e o escritor Camilo Franco e na que os “internautas” propuñan dúas palabras que o autor incluía no relato que posteriormente aparecía na revista. Saliéntanse, entre outras cousas, o feito de ofrecer ós lectores a oportunidade de seren
o “punto de partida” do relato e de expresaren, posteriormente, as súas opinións verbo das narracións. Saliéntase a boa participación e a diversidade na procedencia das propostas. Explícase que os cincuenta relatos creados formarán parte do primeiro libro virtual galego que levará o mesmo título que a páxina, *Por*

conto alleo. Anúnciase, finalmente, un novo proxecto na mesma liña, consistente nunha novela colectiva na que cada autor redactará un capítulo.

-Antonio Rodríguez López, “Camilo”, *O Correo Galego*, “*Revista de Letras*”, nº 295, 30 decembro 1999, p. 11.

Comeza cunha alusión ó carácter inquedo e novidoso de Camilo Franco, patente xa dende o seu primeiro libro, *A lúa no cénit*, e que se segue a manifestar na actualidade a través da sección “Por conto alleo”, que este escritor creou en “Vieiros”. Agrupa tamén nesta “xeración de escritores galegos que se moven ‘en terras de ninguén” a Xosé Carlos Caneiro, Cid Cabido, Gonzalo Navaza e Xavier Queipo. De Caneiro destaca o manexo das modernas linguaxes e estructuras narrativas, de Cid Cabido a creación do “evidencialismo”, de Navaza a construcción de “atmosferas, personaxes e situacións de impecable factura e engaiolantes recursos literarios”.

O Q do mundo
(www.ctv.es/USERS/luz)

Esta páxina web preséntase como “Páxinas da Asociación Cultural Saudades de Moneixas de Sidney. Elaboradas gratuitamente por BIOSBARDOS GALEGOS”. Ademais de mante-lo mesmo contido que presentaba no ano anterior, que se pode ver no *Informe de literatura 1998*, apartado XIII, ofrece un “Servidor de textos literarios galegos”, que recolle poemas de diversos autores, dende a época medieval ata a actualidade.

Compañía de **Radio-Televisión de Galicia** (www.crtvg.es)

A páxina da Compañía de Radio-Televisión de Galicia conta cun apartado destinado á literatura galega, no que se achegan traballos e información sobre o Día das Letras Galegas dende o ano 1997. Polo que se refire ó ano 1999, dedicado a Roberto Blanco Torres, presenta os artigos “Xornalista, poeta e pensador”, de Juan L. Blanco Valdés e “Vida e obra”, do CP Don Aurelio de Santa María dos Baños de Cuntis, ademais dunha bibliografía sobre o autor homenaxeado e información do congreso “Blanco Torres”. Tamén dá conta doutras páxinas sobre o Día das Letras Galegas.

Residente en Memoria
(www.arrakis.es/~c67/resident-htm)

Autodenomínase como o “Lugar da poesía máis nova” e presenta varias seccións. A primeira recolle o “Discurso de ingreso de Xabier Cordal Fustes na poesía dos 90”, que este autor pronunciara en maio de 1999. Inclue ademais outras preguntas relacionadas con este tema. A continuación, en “Panfleto sobre os Poetas Novos”, está o artigo publicado no número 6 da revista *Animal,* baixo o título de “Pantomina do Tirano Edipo ou Panfleto sobre os Poetas Novos”, de Carlos Santiago. Tamén presenta un índice dos contidos do número 140 de *Grial* e outra información relativa a esta revista e o titular “A derradeira lección do mestre (TARAMANCOS)”, que contén o poema, sen asinar, “A morte de Antón Avilés de Taramancos”. Por outra banda, recóllese o traballo “Dúas xeracións de poesía galega”, de Carlos L. Bernández, dende onde se pode acceder á páxina de “O Ximnasio do Academo”. Ademais disto, reproduce poemas da autoría de Víctor Campio, Helena de Carlos, Olga Novo e Martín Veiga, entre outros, e “O manifesto de Rafa Villar”, que vén a se-lo relatorio que leu no Encontro de Escritores/as Nov@s, en decembro de 1996. As seguintes seccións son “Cota láctea (sen “grupo lácteo galego”), que mostra un poema sen firmar; “Movida nocturna”, que presenta un de María Xosé Queizán; “O CAL VIVO”; “VALERYANA (infusión para poetas)”, na que se fai unha reflexión sobre a poesía; e “Concurso”, onde se pode gañar un libro de poesía.

Rosalía de Castro. Símbolo da Nación Galega
(www.geocities.com/Athens/Academy/9726/indice.html)

Promovida por “Aga Eme Pe” e centrada de forma exclusiva na poetisa de Padrón, presenta os seguintes apartados, que variaron minimamente con respecto ó ano anterior: “Rosalía de Castro”, “Rosalía e a súa vida”, “Rosalía e a súa personalidade”, “Rosalía e a muller dentro do seu tempo”, “Rosalía e o seu compromiso coa Nación” e “Rosalía e o qué significa hoxe para os galegos”.

Sargadelos
(www.sargadelos.com/ga/index.shtml)

Informa do conxunto de empresas que hoxe se agrupan baixo o nome de Sargadelos e, no referente á súa editorial, Edicións do Castro, refírese á súa xénese no ano 1963 e ás pretensións que se marcou no seu inicio. Así mesmo, dá conta das coleccións que ten, dos dous primeiros libros que publicou e dalgún dos autores, ós que posteriormente lle editou algunha obra, como é o caso de Xosé Neira Vilas.

Compañía Disidente **“Teatro Bruto”** (www.corevia.com/teatrobruto/)

Recolle o contido presentado no *Informe de literatura 1998*, (apartado XIII) e mostra como novidade o anuncio da montaxe do texto de Miguel Sande, *Ninguén chorou por nós* (1999).

Tempus Naturae
(www.geocities.com/Paris/Rue/8653/index2.htm)

Web que naceu baixo a idea e dirección de Forza 4, que, na presentación da editorial, dá a coñecer a Belén Torrente, unha "nova promesa da poesía" da que recolle os poemas "Galicia", "O bolígrafo" e "Espera e decepción". Tamén reproduce o poema "Folerpas" de Alberte Momán e ofrece outros enlaces, como o de "Poesía Galega", no que ademais de facerse eco da filosofía desta páxina, permite a consulta da revista de música, poesía e cultura galega en xeral, *Tempus Naturae*, reproduce varias composicións poéticas de Roi Caamaño baixo o título de "Poemas para Lis" e "Un poema para Gilmar", achega a dirección doutras "Páxinas amigas" e, finalmente, no apartado "A páxina, día a día", faise unha breve historia desta.

O Ximnasio do Academo
(www.ctv.es/mforca/home.htm)

Esta revista virtual de literatura galega está impulsada polo profesor e escritor Manuel Forcadela e conta con diferentes apartados dos que, a continuación, damos conta. O primeiro deles, denomínase “Textos”, no que ademais de recoller cantigas de amigo, contén poemas de Rosalía de Castro e a súa obra galega completa, unha selección de textos de Manuel Curros Enríquez e Ramón Cabanillas e a poesía completa de Amado Carballo; *Os seis poemas galegos*, de Federico García Lorca; poemas de Pura Vázquez, Xosé Luís Méndez Ferrín, Xabier Rodríguez Baixeras e Rexina R. Vega; un fragmento de *A armada invencible*, de Manuel Forcadela; *A torre da derrota*, de Gonzalo Navaza; *A linguaxe das mapoulas*, de Beatriz da Costa, *Ortegal*, de Xiao Roel e *Rota ao interior do ollo*, de Luísa Villalta. A seguir, está o titulado “Crítica”, no que se presentan os traballos “A Cantiga de Amigo á luz da teoría da comunicación”, “O problema da ubicación da obra de Eduardo Pondal no marco histórico-literario da súa época” e “O heroe contempla o mar”, de Manuel Forcadela; “O corpo da amiga”, “Dúas xeracións de poesía galega”, no que fala da poesía dos 90, “Comentario dun poema de Luís Amado Carballo”, “Blanco-Amor poeta, entre a renovación e a tradición” e “Vicente Risco, poeta futurista”, de Carlos L. Bernárdez; e “Entre o mundo e o trasmundo. Un achegamento á literatura fantástica galega”, de Rexina R. Vega. Ademais disto, esta revista segue mantendo unha selección de cantigas de amigo e as seccións “Debates” e “Informes”, que ofrecen os mesmos contidos que no ano 1998, a excepción dunha biobibliografía sobre Castelao que se engadiu nesta última. Para coñecer máis polo miúdo tales contidos, ver *Informe de literatura 1998*, apartado XIII.

Referencias varias:

- Susa Argul Muniz, “El galego de Asturias na rede”, *A Freita*, nº 14, decembro 1999, pp. 43-45.

Ver “E ti o navío na noiva noite”, nestas páxinas.

Xornal Electrónico da Universidade de Santiago de Compostela

(www.usc.es)

En 1999 a Universidade de Santiago de Compostela puxo na rede este “Xornal Electrónico”, que sacou ó longo do ano 60 números. Presenta as seccións tituladas “Acontece”, “Axenda”, “Investigación”, “Opinión”, “Publicacións”, “O taboleiro” e “15 días”, nas que achega información relativa á Universidade compostelá. Así mesmo, faise referencia á literatura galega cando ten algunha relación coa universidade.

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

(www.xunta.es/conselle/cultura/index.htm)

Entre os varios servicios que presta a páxina da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, están o acceso na rede á *Guía de teatro, música e danza* e a unha sección específica do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais. Tamén recolle os programas dos congresos organizados pola Xunta no ano 1999, sobre Rafael Dieste, Roberto Blanco Torres e Valentín Lamas Carvajal. Polo que se refire á páxina da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, presenta, no apartado de Dirección Xeral de Política Lingüística, os contidos da *Revista Galega de Ensino* e conta cuns buscadores por temas, autores e seccións.